

Informe de Literatura 2013

Directora e Coordinadora: Blanca-Ana Roig Rechou
Bolseiras do proxecto: Laura Blanco Casás e Cristina Fernández Santomé

Equipo redactor

Rafael Adán Rodríguez
Eulalia Agrelo Costas
Laura Blanco Casás
María José Canedo Souto (L. Medieval)
Silvia Capelo Álvarez (Ilustración)
Verónica Casais Vila
Alba Cid Fernández
María Crespo Vázquez
Berta Dávila Fernández
Cristina Fernández Santomé
Mar Fernández Vázquez
Carmen Franco Vázquez (Ilustración)
M^a del Carmen Ferreira Boo
Isabel Mociño González
Marta Neira Rodríguez
Miguel A. Pousada Cruz (L. Medieval)
Iria Pérez Mariño (L. Medieval)
Inés Rodo Montes
Blanca-Ana Roig Rechou
Alba Rozas Arceo
Lourdes Erea Salgado Viñal
Diego Seoane Casás (L. Medieval)
M^a Isabel Soto López

Colaboradores

María Jesús Agra Pardiñas (Ilustración)
Mónica Álvarez Pérez
Paloma Cons de la Fuente
Rocío Daza Rodríguez
Rebeca Ferrín Castro
Irene Freire Casal
Sara Filgueira Lorenzo
Marta González Porto
Mónica Molanes Rial
Valeria Ribeiro Soares
Xavier Senín Fernández
Tania Vázquez García
Raquel Vila Amado

Edita:
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES

Secretario Xeral de Política Lingüística
VALENTÍN GARCÍA GÓMEZ

Coordinador Científico
MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Director Técnico de Literatura
ANXO TARRÍO VARELA

ISBN: 978-84-453-5171-0

Dep. Legal: C 2043-2014

Índice Xeral

Nota previa.....	7
-------------------------	----------

Estatísticas

<i>I. Narrativa.....</i>	9
---------------------------------	----------

I. 1. Narradores galegos.....	9
I. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....	75
I. 3. Traducións, versións e reedicións.....	77
I. 4. Antoloxías.....	110

<i>II. Poesía.....</i>	112
-------------------------------	------------

II. 1. Poetas galegos.....	112
II. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....	149
II. 3. Traducións e versións.....	158
II. 4. Antoloxías.....	161

<i>III. Teatro.....</i>	168
--------------------------------	------------

III. 1. Dramaturgos galegos.....	168
III. 2. Traducións e versións.....	172
III. 3. Postas en escena.....	174
III. 3. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, salas alternativas e semanas.....	174
III. 3. 2. Estreas:.....	227
III. 3. 2. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....	227
III. 3. 2. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias.....	271
III. 3. 3. Postas en escena que continúan en cartel.....	291
III. 3. 3. 1. Grupos estábeis ou profesionais.....	291
III. 3. 3. 2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias.....	316

<i>IV. Día das Letras Galegas: Roberto Vidal Bolaño.....</i>	330
---	------------

IV. 1. Creación: Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....	330
IV. 2. Monografías, edicións críticas e libros colectivos. Antoloxías.....	337
IV. 3. Publicacións en revistas.....	345
IV. 4. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....	350
IV. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....	353
IV. 6. Publicacións en xornais: entrevistas.....	360
IV. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....	363

<i>V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.....</i>	396
---	------------

V. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....	396
V. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....	478

V. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....	482
V. 4. Antoloxías.....	487
V. 5. Publicacións en revistas.....	488
V. 6. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....	540
V. 7. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....	572
V. 8. Publicacións en xornais: entrevistas.....	636
V. 9. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....	657
VI. Clásicos greco-latinos traducidos.....	816
VI. 1. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....	816
VI. 2. Publicacións en xornais: artigos de opinión ou colaboracións fixas.....	817
VII. Literatura Infantil e Xuvenil.....	818
VII. 1. Narrativa.....	818
VII. 1. 1. Narradores galegos.....	818
VII. 1. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....	868
VII. 1. 3. Adaptacións.....	870
VII. 1. 4. Traducións e versións e reedicións.....	872
VII. 1. 5. Antoloxías.....	920
VII. 2. Poesía.....	921
VII. 2. 1. Poetas galegos.....	921
VII. 2. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....	927
VII. 2. 3. Traducións e versións.....	929
VII. 2. 4. Antoloxías.....	931
VII. 3. Teatro.....	938
VII. 3. 1. Dramaturgos galegos.....	938
VII. 3. 2. Reedicións comentadas e facsímiles. Textos recuperados.....	943
VII. 3. 3. Postas en escena.....	945
VII. 3. 3. 1. Ciclos, encontros, festivais, mostras, salas alternativas e semanas.....	945
VII. 3. 3. 2. Estreas:.....	989
VII. 3.3.2.1. Grupos estábeis ou profesionais.....	989
VII. 3.3.2.2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias.....	1022
VII. 3. 3. 3. Postas en escena que continúan en cartel:.....	1029
VII. 3.3.3.1. Grupos estábeis ou profesionais.....	1029
VII. 3.3.3.2. Grupos escolares, de asociacións ou agrupacións varias.....	1050
VII. 4. Cómic.....	1051
VII. 4. 1. Galegos.....	1051
VII. 4. 2. Cómicos traducidos ou versionados.....	1057
VII. 5. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica. Biografías. Crónicas.....	1062
VII. 5. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....	1062
VII. 5. 2. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....	1085
VII. 5. 3. Publicacións en revistas.....	1086
VII. 5. 4. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....	1097
VII. 5. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....	1124

VII. 5. 6. Publicacións en xornais: entrevistas.....	1128
VII. 5. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....	1135
VIII. Literatura de transmisión oral.....	1219
VIII. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos.....	1219
VIII. 2. Reedicións. Textos recuperados.....	1233
VIII. 3. Publicacións en xornais: estudos e recensións.....	1234
VIII. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....	1235
VIII. 5. Publicacións en xornais: entrevistas.....	1236
VIII. 6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....	1237
IX. Revistas.....	1242
X. Premios.....	1261
X. 1. Narrativa.....	1261
X. 2. Poesía.....	1304
X. 3. Teatro.....	1329
X. 4. Investigación.....	1346
X. 5. Mixtos (varias modalidades).....	1353
X. 6. Premios a unha vida.....	1388
X. 7. Literatura infantil e xuvenil.....	1405
X. 8. Premios escolares e xuvenís.....	1428
XI. Literatura medieval.....	1463
XI. 1. Monografías e libros colectivos.....	1463
XI. 2. Actas.....	1470
XI. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....	1475
XI. 4. Publicacións en revistas.....	1477
XI. 5. Publicación en xornais: estudos e recensións.....	1480
XI. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas.....	1481
XI. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios.....	1482
XII. Apéndice: entradas non recollidas en Informes anteriores.....	1485
XII. 1. Narrativa.....	1485
XII. 1. 1. Narradores galegos.....	1485
XII. 1. 2. Traducións e versións.....	1487
XII. 1. 3. Antoloxías.....	1490
XII. 2. Poesía.....	1491
XII. 2. 1. Poetas galegos.....	1491
XII. 2. 2. Traducións e versións.....	1494
XII. 2. 3. Antoloxías.....	1495
XII. 3. Día das Letras Galegas: Roberto Vidal Bolaño.....	1497
XII. 3. 1. Monografías, edicións críticas e libros colectivos. Antoloxías.....	1497

XII. 4. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica.....	1498
XII. 4. 1. Monografías, biografías, crónicas e libros colectivos.....	1498
XII. 4. 2. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....	1502
XII. 4. 3. Publicacións en revistas.....	1503
 XII. 5. Literatura de transmisión oral.....	 1504
XII. 5. 1. Recompilacións, monografías e libros colectivos.....	1504
XII. 5. 2. Reedicións. Textos recuperados.....	1505
 XII. 6. Literatura medieval.....	 1506
XII. 6. 1. Actas.....	1506
XII. 6. 2. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas.....	1507

Nota previa

Un ano máis, e van xa dezanove, achegamos aos interesados en coñecer como se desenvolveu a Literatura galega en Galicia e fóra dela, o *Informe de literatura* correspondente ao ano 2013, o único observatorio literario galego con características que van máis alá dunha base bibliográfica, xa que non só achega a creación senón tamén a recepción de todo tipo de obras literarias, así como doutros elementos sistémicos, acompañados todos eles dunha descrición do seu contido, e mesmo da súa historia cando de revistas e premios se fala. Este *Informe* poderase consultar no CD-ROM, como en anos anteriores, e tamén na web do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (<http://www.cirp.es/rec2/informes>) en formato PDF, onde ademais se poden consultar todos os Informes dende o ano 1995.

Como é habitual, no traballo acollemos todas as informacións e reflexións que, atinxindo directa ou indirectamente ao ámbito da Literatura galega, apareceron por unha parte en soporte impreso durante o ano 2013 e, dentro deste tipo de soporte, nas súas máis diversas manifestacións: monografías, libros colectivos, revistas, xornais etc.

Ofrecemos un comentario descriptivo, non valorativo nin crítico, de cada unha das entradas rexistradas, é dicir, tanto dos libros relacionados coa literatura que viron a luz ao longo do ano 2013 (e tan só deses) coma das recensións que sobre eles apareceron nas revistas e nos xornais durante ese mesmo período de tempo. Con estes comentarios tratamos tan só de informar o lectorado do contido das diferentes publicacións, sen entrar en análises minuciosas, cousa que sería de todo punto imposíbel, nin en excesivos tecnicismos que puidesen obstaculizar a comprensión a un lectorado non suficientemente especializado.

Respecto dos xornais, os consultados seguen a ser, fundamentalmente, de ámbito galego, aínda que tamén son obxecto de atención aqueloutros foráneos que moi esporadicamente achegan algún dato sobre a Literatura galega. Así, poderán atoparse ao longo deste *Informe* algunhas entradas de *ABC*, *Diario de León*, *Bierzo* 7, *El Mundo* e *El País*. Doutra banda, apreciarase que, polo que se refire a este tipo de publicacións, diferenciamos entre “Recensións” e “Referencias varias”, por considerar que estas últimas, de importancia menor, evidentemente, achegan xa algunha alusión ou información secundaria respecto do obxecto principal do escrito (artigos de opinión, entrevistas), xa simples nótulas que non alcanzan o rango de recensións nin de análises críticas con pronunciamentos valorativos de interese, na maioría dos casos. Se decidimos mantelas foi por considerar que proporcionan unha información colateral valedoira, cando menos, para sabermos o grao relativo de atención que prestan ao ámbito literario, en xeral, os diferentes xornais consultados, cousa que se reflicte elocuentemente nos gráficos estatísticos que presentamos.

Polo que atinxe ás revistas, cómpre ter en conta que as consultadas son case todas galegas, por máis que apreciamos e rexistramos a atención que lle prestan a esta literatura outras como *AILIJ* (*Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*), *Crítica del texto*, *Cultura neolatina*, *CLIJ* (*Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*), *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*. Tamén nesta orde de cousas, queremos avisar o lectorado de que, case exclusivamente, nos temos dedicado a consultar as revistas de maior difusión, pero que somos conscientes da existencia de gran cantidade de publicacións por parte de Centros de ensino, Agrupacións e Asociacións culturais e

outros Centros, de dentro e de fóra de Galicia, que poden ter interese para os nosos fins pero que non nos foron asequíbeis na súa maior parte. Neste sentido queremos manifestar a nosa vontade de apertura e o noso interese cara a todas aquelas contribucións que o lectorado desexe facernos chegar ao Centro para paliar o noso descoñecemento, nalgúns casos, e noutros a escasa difusión de certos materiais.

No apartado IX Revistas, no que se fai unha biografía da publicación, non dos traballos que contén, a non ser as achegas de creación, dado que se describen no apartado anterior, só biografaremos aquelas que teñen ISSN, as demais que chegan ás nosas mans, como xa dixemos, serán descritas por medio dos seus traballos en Publicacións en Revistas. Os *Anuarios* que non teñan ISSN e si ISBN serán descritos como monografías (Apartado V.1). Tamén neste apartado acollemos as revistas que se ofrecen en edición facsimilar.

Noutra orde de cousas, cómpre salientar que, como xa se ten feito en edicións anteriores, dedicamos un apartado especial (IV) a todo o que se publicou arredor da figura homenaxeada no Día das Letras Galegas, neste caso, Roberto Vidal Bolaño. Entre outras cousas, esa decisión serviunos para que a bibliografía que se produciu no ano 2013 sobre esta figura non repercutise, desvirtuándoos, nos parámetros relativos ao recuento estatístico da produción literaria total do ano.

Doutra banda, o lectorado apreciará que a Literatura Infantil e Xuvenil é obxecto, así mesmo, de atención diferenciada (Apartado VII), respecto da que podemos denominar institucionalizada, ou dirixida aos adultos. Incorporamos a este apartado a sección denominada “Cómic” polas súas características gráficas e narrativas, aínda que somos conscientes de que hai distintos tipos de cómic, con intencións diferentes e lectorado ideal non infantil e xuvenil. Polo mesmo, coidamos que os traballos rexistrados sobre a Literatura de transmisión oral, pola especial metodoloxía que o obxecto de estudo impón, debían considerarse á parte (Apartado VIII), tal e como se fai asemade coa Literatura medieval (Apartado XI), por constituír esta un corpus con perfil de seu, practicamente xa pechado, e dispoñer, así mesmo, dunha metodoloxía de investigación ben diferenciada respecto do resto da literatura.

Para unha mellor matización na análise dos aspectos que definen o sistema literario galego seguimos a consignar a porcentaxe de obras que se beneficiaron dunha subvención pública para a súa edición (marcadas no texto con ■), así como a daquelas que foron directamente editadas por institucións oficiais, xa sexan de ámbito local, provincial ou autonómico (marcadas no texto con ◆), para contribuír a unha mellor interpretación da realidade cultural galega.

Nos *Informes* anuais, como ocorre neste, seguimos a engadir un “Apéndice”.

Finalmente, queremos manifestar como sempre o noso agradecemento a todas aquelas persoas que ou ben realizaron a descrición dalgunha entrada ou ben colaboraron neste proxecto nalgún momento do proceso de elaboración ou nalgún aspecto puntual.

Blanca-Ana Roig Rechou

*Informe
de
Literatura*

2013

I. NARRATIVA

I. 1. NARRADORES GALEGOS

Acuña, Xosé Enrique, *O café do idioma*, A Coruña: Federación Galega de Emigrantes Retornados, 2013, 175 pp. (ISBN: 978-84-616-6102-2). ◆

Thriller político e con fondo social de Xosé Enrique Acuña (Pontevedra, 1956) de temática policial que se situa nunha Galicia futura anexionada a Portugal. Ao longo de vinte e dous capítulos un narrador en terceira persoa vai contando o pasado franquista e as vivencias de dúas personaxes principais: Zélia Ogando, unha escritora que está a redactar unha novela na que o seu pasado e o dos camaradas de loita clandestina antifranquista se fan cruciais, e Venerando Ucha. Aparecen moitas outras personaxes, algunhas delas reais e incorpora na trama argumental epitextos como cartas, informes políticos, anacos de diarios... Péchase cunha cita de Juan Marsé de *Si te dicen que caí*: "...y se dijo ya soy mayor ya soy memoria, y no podreis conmigo, brujas".

Recensións:

- XGG, "Unha novela política", *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 200, "O espello das letras", outubro, novembro e decembro 2013, pp. 89-90.

Destácase que a historia desta obra se desenvolve en 2020, despois dunha gran crise da Unión Europea, que provoca a anexión de Galicia a Portugal. Sinálase que o inicio da novela é a historia dos independentistas, unida á da loita contra o franquismo dos Grapo. Apúntase que se trata de historias narradas por diferentes voces, que constitúen unha trama da loita de clases con alusións aos boicots a Álvaro Cunqueiro e a Ramón de Valenzuela. Saliéntase a desorde narrativa producida polos anacronismos e a variedade de voces narrativas, debido á necesidade de contar a historia dende o punto de vista dos vencidos. Destácase que constitúe unha novela política e realista, grazas á cohesión entre os planos narrativos e ao ritmo de acción incesante, e que o estilo sinxelo agocha a ironía. Por último, reflexiónase sobre a necesidade da publicación desta novela no momento histórico actual posto que constitúe unha crítica á orde.

- Xosé Manoel Rodríguez, "Os mitos (positivos e negativos) dunha xeración", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 550, "Letras en galego", 14 decembro 2013, p. 9.

Coméntase esta primeira novela de Xosé Enrique Acuña ambientada na cidade de Pontevedra e inserida nun tempo futuro, mais sen concrecións temporais precisas. Sinálase que a personaxe principal Zélia Ogando vai publicar a súa primeira novela e que se intenta adaptar á realidade despois de pasar tempo no cárcere. Indícase que malia a novela ser de ficción aparecen moitos personaxes reais e moitos recursos para que o lector non se afaste da realidade. Entre os temas da novela saliéntanse as historias de amor e desamor, as liortas do nacionalismo galego, as traizóns políticas, os seareiros do Pontevedra, que teñen como punto de encontro un café.

Alonso, Julio, *Un ovo para un capricho sexual*, Vigo: Editorial Elvira, decembro 2013, 135 pp. (ISBN: 978-84-939564-8-6).

Novela de Julio Alonso que se abre cunha breve nota biográfica súa, á que segue un texto preliminar asinado polo autor no que explica como e onde xurdiu a historia que vai contar e publicar. Mediante un narrador en primeira persoa, trasunto do autor, relátanse as aventuras sexuais de Emeka, protagonista principal da novela, inmigrante negro que se prostitúe para sobrevivir e que se ve inmerso nun gran enredo. Os feitos, verídicos, acontecen no Casco Vello de Vigo, cuxas rúas e recantos se describen detalladamente, sendo facilmente identificábeis. Emeka vese envolto, xunto a Leti, Txomy, Pepe, Sergio Pajares, Bardallás (personaxes na ficción e no mundo real, dos que se adxunta fotografía ao final da obra) e o mesmo Julio Alonso, en aventuras misteriosas e surrealistas, co sexo como tema central, rozando o pornográfico. A lingua empregada é coloquial e núa de artificios, aínda que contén incorreccións ortográficas.

Referencias varias:

- Ana Baena, “É un libro irreverente, con varios capítulos non só eróticos, senon tamén pornográficos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 17 decembro 2013, p. 12.

Entrevístase a Julio Alonso pola publicación desta súa nova novela que define como unha obra escandalosa con capítulos que se achegan ao erotismo e incluso á pornografía. Sinala, ademais que está traballando en novos proxectos.

Álvarez Domínguez, Bautista, *Retallos daquela infancia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 340, xullo 2013, 199 pp. (ISBN: 978-84-9914-530-3).

Primeira obra de ficción de Bautista Álvarez (Loucí, Santo Amaro, Ourense, 1933) que comeza cun “Limiar” onde reflexiona sobre a función lúdica da escrita e no que explica que a razón desta obra é a de “refuxiarse no pasado cando o futuro é tan escuro que parece incerto”. Componse de dezaseis pezas narrativas tituladas, ambientadas nos anos da infancia do autor e no seu espazo natal, o concello ourensán de Santo Amaro. O conxunto destes retratos e relatos populares céntrase en acontecementos salientábeis daquela comunidade aldeá dos anos trinta e corenta do século XX recuperados polo escritor e inzados de reflexións políticas e tamén filosóficas. Así, en “O cadáver descoñecido” describe a tradición de carrexar os cadáveres e amosa as consecuencias de atopar o cadáver dun mozo acoitelado no linde das parroquias de Eiras e de Las, mentres que a relixión está presente en “A procesión de santo Antonio”, onde detalla como esta procesión remata nunha festa colectiva e con San Roque sen perna, o cura sen parroquia e a parroquia sen cura. En “Os amores de Mourego” fala dos amores do cabalo Mourego e a mula do Hixinio de Alemparte, que chegaron a compartir a morte; “Memorias dun aprendiz malandro” son as lembranzas dunha escola falanxista; en “O pito do Severo” traza os puntos máis salientábeis da traxectoria vital de Severo, un estudante de medicina, e mais do seu chifre. “O carnicero de Figueroa” é a historia do carnicero falanxista de Figueroa, chamado Gaudesio e natural de Covelo do Gerês, mentres que en “O Perico dos Zocos” debulla as aventuras de Quintián Coello da Costa, o Perico dos Zocos, até que o seu alcuño ficou como o Perico do Espírito Santo. En “A fábula da lavandeira e mais o gaio” cóntase as aventuras dunha lavandeira e dun gaio ou

pega marza e as leccións que o autor recibiu destes paxaros; en “Viacrucis interruptus” descríbense as xornadas relixiosas das misións nas parroquias do rural galego, exemplificando con anécdotas de Ourantes; en “A ruta da Estadea” amósanse as relacións entre Froilán de Maraños e mais Amelia de Amear; en “O Paspallás” cóntase a historia de Delmiro, alcumado o Paspallás, o seu matrimonio, as súas dúas fillas, Rosaura e Otilia, até a súa morte; en “O pasaporte da VI Internacional”, con referencias á revolución dos Cravos, o narrador recibe un pasaporte e describe as súas viaxes a Portugal; en “O panteón das Martiñas” descríbese a historia de catro mulleres, as Martiñas, e as experiencias do narrador ao levantar a tampa do nicho das Martiñas para un enterro; en “As aventuras do Padriño” nárranse as fazañas do tío Eladio, o padriño, que é cualificado de “bravo, fornicador e carpinteiro”; en “O sancristán de Loeda” repásase a biografía do sancristán Adolfo; mentres que no relato que pecha este libro, titulado “O cadaleito branco”, reflexiónase sobre a morte dende a experiencia de ver o cadaleito dunha nena morta por un ataque ao corazón.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Máis que un libro de contos”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 795, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 795, p. 30, 22 setembro 2013.

Preséntase o libro de Bautista Álvarez editado en Xerais, valorando o pouso memorístico (a riqueza argumental, o retrato humano, o respecto pola natureza e os costumes...) e criticando as intromisións do narrador, que parecen máis un modo de introducir teimas persoais no canto salpementaren anécdotas. Coméntase igualmente o prólogo e a traxectoria do autor, como fundador e presidente da UPG, membro do Parlamento Galego etc.

Ameixeiras, Diego, *Matarte lentamente*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 345, outubro 2013, 167 pp. (ISBN: 978-84-9914-567-9).

Novela negra de Diego Ameixeiras (Lausanne, Suíza, 1976), ambientada en Santiago de Compostela, que se divide en cincuenta e seis breves capítulos numerados en arábigos nos que se relatan os fatais acontecementos que lles acaecen de maneira simultánea a diferentes personaxes de condicións sociais distintas que van a entrecruzar as súas vidas nalgún momento da trágica trama na que se suceden mortes e asasinatos, provocados polo tráfico de drogas, as participacións preferentes, os embarazos adolescentes etc, problemas sociais todos eles moi de actualidade. Entre os recursos son de salientar a dosificación da información, a economía da linguaxe co emprego da frase curta e directa e a coidada estrutura das diferentes historias que se contan, coa que consegue manter o suspense até o final.

Recensións:

- Montse Dopico, “Ollar na trastenda”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 475, “Libros”, 31 outubro 2013, p. VII.

Coméntanse tres novos títulos da novela negra galega, considerando que as consecuencias da crise actual son retratadas con maior realismo neste tipo de obras. Dise que en *Matarte lentamente* Diego Ameixeiras escolle como tema a estafa das preferentes, conectando novamente o relato con diversas vidas cruzadas que reflicten unha sensación de timo e frustración. Indícase que Francisco Castro, que xa introduciara algunhas das características do xénero en *In vino veritas*, apunta á pobreza e aos crimes dos que son vítimas os inmigrantes sen papeis ou á violenta imposición dun código de beleza por medio do inspector Hermida, “un tipo normal”, en *O corazón da Branca de Neve*. Finalmente, *Bícame, Frank* constitúe unha nova entrega da serie protagonizada por Frank Soutelo, arredor do tráfico ilegal de obras de arte. Tras a presentación das obras, e malia ás inquiredanzas sociais expresadas, sublíñase que a crítica non as valora da mesma maneira, interpretando que o que se fai é literatura detectivesca e non literatura negra, unha fórmula máis rica e complexa, na que o retrato crítico da sociedade prevalece sobre a resolución do enigma.

- Xosé Carlos Caneiro, “Dejà vu”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 549, “A outra mirada”, “Club dandi”, 7 decembro 2013, p. 12.

Faise unha crítica a dúas obras: *Matarte Lentamente*, de Diego Ameixeiras e *A memoria da choiva*, de Pedro Feijoo. En canto á primeira, dise que a pesar de ser Ameixeiras un autor diferente na súa literatura, esta última obra non chegou a seducir producíndose un déjà vu na personaxe de Diego. A segunda preséntase como un libro “orixinal, sorprendente, imaxinativo, magnífico”. En xeral, as dúas defínense como “voces soberbias”.

- Ramón Nicolás, “Crónicas de derrotas”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 550, “Letras en galego”, 14 decembro 2013, p. 8.

Dise que esta novela é unha radiografía da situación actual, pero sen deixar de lado a ficcionalidade. Coméntase que están presentes varias liñas argumentais que se contan de maneira simultánea e que se van entrecruzando. Indícase que o lector debe ir avanzando sen perder de vista as personaxes e que o fio argumental vai *in crescendo*.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Novela negra: outros tempos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 532, “Letras en galego”, 24 agosto 2013, p. 8.

Realízase un percorrido polos títulos máis salientábeis de novela negra galega nos últimos anos, salientando a súa vontade de renovación e superación de estereotipos, dende Domingo Villar con *A praia dos afogados* (2009), Ramón Caride con *Sarou/Louzós* (2012), Fran Alonso con *A punta de pistola* (2012), até a última entrega de Miguel Anxo Fernández, *Bícame, Frank e Todo OK* (2012) e o próximo *Matar lentamente*, de Diego Ameixeiras.

- Sara Vila, “A falta de acción social xera accións de supervivencia persoal”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 695, “mil primaveras máis”, “Reportaxe”, 10 novembro 2013, pp. 6-7.

Entrevístase a Diego Ameixeiras, narrador instalado en Ourense, que está moi presente na súa narrativa baixo o falso nome de Oregón, con motivo da súa volta ás librarías con *Matarte lentamente*, que de novo mestura o realismo máis cru e a novela negra, agora á luz do conflito das participacións preferentes. Di que o contexto da crise económica, a mocidade e os embarazos non desexados, un espazo sen unha ética clara e a desesperación das persoas son temas clave nesta obra. Alén dela, convérsase sobre a ligazón entre a práctica xornalística e a narradora, sobre narcotráfico e poder en Galicia como historia non contada e sobre o éxito dunha novela anterior, *Asasinato no Consello Nacional*. Remata cunha listaxe de pecados confesábeis.

- Sara Vila, “Se les o xornal, o raro é que non che saia unha novela negra”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 14 novembro 2013, p. 49.

Entrevístase a Diego Ameixeiras presentándoo como un dos nomes recorrentes da nova novela negra galega, co motivo da presentación de *Matarte lentamente*. Inclúese un test final de “Pecados confesables”.

- Jaureguizar, “Catro vellos mariñeiros”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 16 novembro 2013, p. 58.

Coméntase a publicación desta obra por Edicións Xerais de Galicia. Sinálase ademais que reflicte a realidade na que se fai referencia aos “preferentistas e os embarazos indeseados adolescentes”.

- Ana López, “A cultura facémola nós”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Feira das Industrias Culturais 2013”, 1 decembro 2013, p. 82.

Dá conta das actividades que tiveron lugar na nova edición do Culturgal, entre as que se encontra a presentación de varias novelas como *Matarte lentamente*, de Diego Ameixeiras; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila; o volume colectivo *Contos no Nicho*; *Eu violei o lobo feroz*, de Teresa Moure; *A memoria da choiva*, de Pedro Feijoo; e *Acordes Náufragos*, de Antón Riveiro Coello. Indícase tamén, a promoción do disco “Pan de Millo” de Migallas.

- Montse Dopico, “E entón houbo país”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 480, “Reportaxe”, 5 decembro 2013, p. VII.

Fai referencia á sexta edición do Culturgal que contou cun amplo abano de actividades culturais, entre as que se encontran varias presentacións de libros como *Matarte Lentamente*, de Diego Ameixeiras; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila; *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro; *Ámote Leo*, de Rosa Aneiros; *Todos Somos*, de Marcos Calveiro; *Días de que non foron*, de Luís Rei Nuñez; *A lúa da colleita*, de Anxos Sumai; e *Acordes Náufragos*, de Antón Riveiro Coello, entre outros.

Ameixide, Puri, *Nada se esquece*, Pontevedra: Redelibros edicións, col. “Autores Independentes”, marzo 2013, 204 pp. (ISBN 978-84-940538-1-8).

Precedida dunha cita de *Ao leste do Edén*, de John Steinbeck que adianta a temática, esta novela de aprendizaxe ou iniciación de Puri Ameixide está narrada en primeira

persoa e consta de trinta e nove entradas escritas a modo de diario íntimo. Cóntase a historia de Laura, unha nena de dez anos que vive coa súa nai e a súa irmá maior, cuxas aspiracións son diferentes ás do resto das súas amigas: soña con ser directora de cine e non lle gusta xogar ás mamás. Coa anguria como fondo ante a inminente marcha á cidade de Vigo, relátase o día a día de Laura dende a perspectiva dos anos do inicio da adolescencia: a incompreensión por parte dos adultos, sobre todo da súa nai, que intenta prolongar ao máximo a súa nenez; a admiración polo seu profesor don Pedro, que lle conta a historia de Inés de Castro que a fascina; a falta de afecto da familia, que só señora Lucinda compensa, quen a escoita e fala con ela de temas de adultos, como de política; as primeiras relacións sentimentais e sexuais co seu compañeiro de escola, Xosé Manuel, que a levan ao primeiro desengano amoroso. Ao final da novela albíscase a evolución intelectual e persoal de Laura, quen marcha á cidade asimilando o paso da adolescencia.

Referencias varias:

- Lucía Larios, “El arte de la narrativa”, *La Opinión*, “A Coruña”, 9 agosto 2013, pp. 10-11.

Anúnciase a cuarenta e dúas edición da Feira do Libro da Coruña na que se presentarán as últimas novidades, entre elas, esta novela de Puri Ameixide, se realizará a exposición fotográfica “Tiempo de recreo”, obradoiros e contacontos.

Bóveda, Jorge Emilio, *Divina de la muerte. Asasinato no centro comercial*, Santiago de Compostela: Enxebrebooks, agosto 2013, 88 pp. (ISBN: 978-84-15782-46-9).

Novela curta na que Jorge Emilio Bóveda (Ourense, 1975) mestura a intriga co humor, baixo a aparencia de novela policial, e fai unha crítica da sociedade de consumo sen valore. Escrita en terceira persoa, conta unha inusual xornada de traballo de Leopoldo Pardo, un vixiante de seguridade dun centro comercial situado nunha cidade pequena a quen ninguén toma en serio, mentres espera unha oportunidade para demostrarlle a todo o mundo que vale para algo máis que para ese traballo ou que o cacique da cidade lle dea un mellor posto. A ocasión que el xulga perfecta chégalle cando está facendo a inspección da mañá xa que atopa o cadáver dunha das dependentas de Mara, unha tenda de roupa moi prestixiosa, nos servizos do centro comercial. En lugar de chamar a policía decide intentar resolver el o caso para demostrar a súa valía. Así, o lector vai descubriendo como Leopoldo busca pistas no centro comercial e intenta obter información doutros traballadores sen que ninguén saiba que a rapaza está morta nos servizos.

Referencias varias:

- Ana López, “O Culturgal e o Salón do Libro irmánanse”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 2 decembro 2013, p. 50.

Infórmase da celebración do Culturgal na cidade de Pontevedra. Dá conta ademais, da entrega do recoñecemento ao Salón de Libro e das novas publicacións como *Divina da*

morte, de Jorge Emilio Bóveda; *Historia de Galicia*, de Anselmo López Carreira; *Vento e Chuvia*, de Manuel Gago e Manel Craneo; e *Apocalypse Zombie*, de Manuel Loureiro.

Branco Casal, Alberte, *Arcadia. Os gardiáns do segredo*, España: Editorial Círculo Rojo, abril 2013, 431 pp. (ISBN 978-84-9050-193-1).

Trala dedicatoria, Alberte B. Casal (Pontevedra, 1951) encabeza a novela cun paratexto de grande significado para a historia, unha cita do Primeiro Ministro de Reino Unido Benjamin Disraeli: “O mundo está gobernado por personaxes moi diferentes aos que cren os que non ven máis alá dos seus ollos”. A seguir, un trepidante relato en terceira persoa, dividido en oitenta e tres breves capítulos encabezados por números romanos e separados a modo de breves escenas. A acción comeza cando Roi Pereira, corresponsal dun xornal francés, é enviado a Guiza e Alexandría para escribir unha serie de artigos sobre as excavacións arqueolóxicas que se están a realizar. Esta historia entrecrúzase coa do achado duns manuscritos asinados por Xesús de Xudea no Arquivo Secreto do Vaticano. Os asasinatos en similares circunstancias de Carol Ardent, encargada dos traballos en Alexandría, e Adelmo Castigliani, cardeal ao que lle rouban un maletín cos documentos, fan que as dúas liñas do relato converxan nunha soa. Tras estes feitos atópase unha poderosa sociedade secreta, con interese no control dos mercados internacionais e na obtención do poder mundial. O contexto narrativo permite que se insiran reflexións sobre a crise económica e a situación política e social da actualidade. Remata cunha reflexión de Bernard Alighieri, xefe de Roi Pereira, sobre os plans financeiros e o mundo do futuro, discurso que se pecha coa exclamación, salientando en negriña: “ou eles ou nós!” (p. 431).

Referencias varias:

- Ángeles Pazos, “Intercambio de libros usados no Multiusos”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 7 decembro 2013, p. 4.

Refírese á celebración da feira do libro realizada polo BNG na que tiveron lugar moitas actividades, entre as que se destaca a presentación do libro *Arcadia*, de Alberte Blanco Casal, e a entrega de premios dun certame de microrrelato para nenos e adultos.

Campos Rodríguez, Francisco, *O fillo de Maciste*, A Coruña: Edicións Galebook, col. Novel, outubro 2013, 223 pp. (ISBN: 978-84-940735-3-3). Inclúe CD.

Conxunto de relatos de Francisco Campos Rodríguez (Valdeorras, 1955) dedicado ao seu pai Miguel (*in memoriam*) é á xente de Valdeorras, “en especial ás que moran no triángulo máxico de Baxeles-Córgomo-Portela, onde está a miña raíz”. Inclúe un limiar do propio Campos, dúas citas de Borges e de Antonio Lobo Antunes e os agradecementos pola colaboración a Xosé Taboada, Gustavo Docampo, Jorge Vázquez Carmona, Jonathan Voysey e Miguel Bujía. O centro neurálxico da obra é a bisbarra de Valdeorras, que tamén funciona como fio que pon en común os nove relatos, e da cal se narra a súa historia (dende a época dos romanos), unhas veces con relatos de propia creación literaria e outras a partir de lendas orais recollidas na comarca (como o relato “A ponte do porco”). Os relatos, traducidos ao castelán e ao inglés por Jonathan

Voysey, son narrados tanto polo propio autor como por Voysey no CD que se inclúe. Acompáñanse das ilustracións de Jorge Vázquez Carmona e de fotografías da zona.

Referencias varias:

- M. Varela, “Un día de cuento en las bibliotecas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 25 outubro 2013, p. 10.

Infórmase da celebración do Día da Biblioteca na rede de bibliotecas municipais e na Biblioteca Provincial. Dise que tiveron lugar diversas actividades e que se contou coa presenza de autores como Paco Campos, que presentou a súa primeira obra *O fillo de Maciste* “colección de relatos curtos en edición trilingüe”.

Castro, Francisco, *O corazón da Branca de Neve*, XIII premio de Novela por Entregas La Voz de Galicia 2013, Vigo: Editorial Galaxia, col. Narrativa, n.º 318, outubro 2013, 132 pp. (ISBN: 978-84-9865-498-1).

Novela policial e de suspense de Francisco Castro (Vigo, 1966) na que se conta como a parella formada por Sonia e Alberto recorren a unha banda criminal (a organización do Branco) para teren un fillo quen resulta ser unha meniña roubada á súa nai marroquí que se chama Leila. Descríbese a historia da nai e pai biolóxicos da nena (Leila e Nadim), como chegan nun caiuco a Europa e como Leila, ao estar embarazada, é levada enganada a Vigo onde lle roubarán o seu naipele e onde a abandonarán dándoa por morta. A investigación do roubo do naipele comeza co inspector Hermida, que está a piques de se xubilar, pero as persoas claves na resolución do caso son Sonia (cando se arrepiante de ter conseguido así unha filla e busca e atopa nun hospital, grazas a un lunar, a nai biolóxica da criatura) e mais Xosé Rubiáns (alcumado o Branco, heroinómano, confidente da policía e contacto da mafia dos roubos de naipeles en Vigo). Están implicados no roubo de nenos unha banda criminal e un médico que son culpábeis e que busca a policía (o xefe Alonso, o inspector Hermida ou o subinspector Losada). Descóbrese tamén a corrupción policial, agás o inspector Hermida. Finaliza co reencontro de Leila coa súa filla e mais coa condena dos implicados.

Recensións:

- Montse Dopico, “Ollar na trastenda”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 475, “Libros”, 31 outubro 2013, p. VII.

Coméntanse tres novos títulos da novela negra galega, considerando que as consecuencias da crise actual son retratadas con maior realismo neste tipo de obras. Dise que en *Matarte lentamente*, Diego Ameixeiras escolle como tema a estafa das preferentes, conectando novamente o relato con diversas vidas cruzadas que reflicten unha sensación de timo e frustración. Indícase que Francisco Castro, que xa introducira algunhas das características do xénero en *In vino veritas*, apunta á pobreza e aos crimes dos que son vítimas os inmigrantes sen papeis ou á violenta imposición dun código de beleza por medio do inspector Hermida, “un tipo normal”, en *O corazón da Branca de Neve*. Finalmente, *Bícame, Frank* constitúe unha nova entrega da serie protagonizada

por Frank Soutelo, arredor do tráfico ilegal de obras de arte. Tras a presentación das obras, e malia ás inquiredanzas sociais expresadas, sublíñase que a crítica non as valora da mesma maneira, interpretando que o que se fai é literatura detectivesca e non literatura negra, unha fórmula máis rica e complexa, na que o retrato crítico da sociedade prevalece sobre a resolución do enigma.

- Ramón Nicolás, “Novela policial para espellar a realidade”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 546, “Letras en galego”, 16 novembro 2013, p. 8.

Fálase desta obra que comezou sendo unha novela por entregas no xornal *La Voz de Galicia* e que contou cun total de trinta e unha entregas. Sinálase que é de xénero policial e que segue unha estrutura prototípica. Coméntase o argumento que xira ao redor do roubo dun bebé, o culto ao corpo e as drogas. Dise que os acontecementos suceden con rapidez e as personaxes son diversas, destacando o inspector Hermida quen non entra dentro do canon do xénero.

- Dolores Martínez Torres, “Un folletín ‘noir’”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 479, “Libros”, 28 novembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 430, “Letras galegas”, 30 novembro 2013, p. 10.

Coméntase que esta obra gañou o Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia*. Sinálase que é un folletín noir no que o inspector Hermida se enfrenta a un caso de roubo de bebés. Indícase que a obra engacha o lector, ofrecéndolle en cada entrega moita información e suspense para crear esa necesidade de continuar. Faise referencia que, malia ser unha obra nun inicio presentada en entregas, ao lela enteira non crea esa sensación de repetición, senón que en cada capítulo hai unha escena completa e ben resolta. Apúntase que trata problemas actuais, realidade social, corrupción, abuso... así como tópicos como o “lunar de nacemento” e “o momento de entregar a placa”.

- Vicente Araguas, “Aquí hai moito boureo”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 805, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 805, p. 30, 1 decembro 2013.

Refírese a que Francisco Castro xa publicara *Spam* en 2005 coa que gañou o Premio Blanco Amor do Concello de Neda. Sinálase que esta última publicación sitúase entre o xénero negro e a crónica-denuncia. Dise que a novela inclúe sangue, morte e policía nun escenario de burdeis ubicado na cidade de Vigo. Coméntase que non pode ser clasificada propiamente como unha novela polas súas dimensións e pola súa publicación en entregas tan típicas dos xornais.

Referencias varias:

- Francisco Castro, “Ou colles ou quedas sen el”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 1”, “O corazón da Branca de Neve”, 1 agosto 2013, p. 36.

Reprodúcese o primeiro capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha breve nota biobibliográfica do autor e unha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “Un futuro para nosoutas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 2”, “O corazón da Branca de Neve”, 2 agosto 2013, p. 37.

Reprodúcese un resumo do capítulo un da novela e o segundo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abralles.

- Francisco Castro, “Hermida está canso. Moi canso”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 3”, “O corazón da Branca de Neve”, 3 agosto 2013, p. 37.

Reprodúcese un resumo dos capítulos xa publicados e o terceiro capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abralles.

- Xosé Carlos Caneiro, “Agosteando”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 529, “A outra mirada”, 3 agosto 2013, p. 10.

Realízase un repaso persoal polas posíbeis lecturas de agosto do columnista, comezando por *O corazón da branca neve*, de Francisco Castro, seguindo por *Bícame, Frank*, de Miguel Anxo Fernández e celebrando a traxectoria tradutora da editorial Rinoceronte.

- Francisco Castro, “Unha nena roubada”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 4”, “O corazón da Branca de Neve”, 4 agosto 2013, p. 41.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o cuarto capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abralles.

- Francisco Castro, “Todo está moi ben pensado”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 5”, “O corazón da Branca de Neve”, 5 agosto 2013, p. 35.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o quinto capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abralles.

- Francisco Castro, “Quen che dixo todo isto?”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 6”, “O corazón da Branca de Neve”, 6 agosto 2013, p. 31.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o sexto capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abralles.

- Francisco Castro, “Ás veces non se pode”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 7”, “O corazón da Branca de Neve”, 7 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o sétimo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “Un traballo sen rematar”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 8”, “O corazón da Branca de Neve”, 8 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o oitavo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “A intuición de Hermida”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 9”, “O corazón da Branca de Neve”, 9 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o noveno capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “As feridas que non cicatrizan”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 10”, “O corazón da Branca de Neve”, 10 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “Fóra de horas de visita”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 11”, “O corazón da Branca de Neve”, 11 agosto 2013, p. 37.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o undécimo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “Alberto non entende nada”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 12”, “O corazón da Branca de Neve”, 12 agosto 2013, p. 30.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo segundo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección

de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “Benvido ao inferno, Hermida”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 13”, “O corazón da Branca de Neve”, 13 agosto 2013, p. 31.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo terceiro capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “Tres mulleres mortas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 14”, “O corazón da Branca de Neve”, 14 agosto 2013, p. 31.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo cuarto capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “Satanás sae de noite”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 15”, “O corazón da Branca de Neve”, 15 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo quinto capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “Un SMS”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 16”, “O corazón da Branca de Neve”, 16 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo sexto capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “Tres cadáveres e tres bebés”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 17”, “O corazón da Branca de Neve”, 17 agosto 2013, p. 37.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo sétimo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “No puño viña un segredo”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 18”, “O corazón da Branca de Neve”, 18 agosto 2013, p. 37.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo oitavo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abalde.

- Francisco Castro, “Un lunar e moitas preguntas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 19”, “O corazón da Branca de Neve”, 19 agosto 2013, p. 33.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o décimo noveno capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abalde.

- Francisco Castro, “Teño un amigo policía”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 20”, “O corazón da Branca de Neve”, 20 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abalde.

- Francisco Castro, “Ola Leila, son Sonia”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 21”, “O corazón da Branca de Neve”, 21 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo primeiro capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abalde.

- Francisco Castro, “Un secuestro”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 22”, “O corazón da Branca de Neve”, 22 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo segundo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abalde.

- Francisco Castro, “Cómpre facer o correcto”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 23”, “O corazón da Branca de Neve”, 23 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo segundo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abalde.

- Francisco Castro, “Un médico sen carauta”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 24”, “O corazón da Branca de Neve”, 24 agosto 2013, p. 36.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo terceiro capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abralles.

- Francisco Castro, “Eu non as matei”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 25”, “O corazón da Branca de Neve”, 25 agosto 2013, p. 38.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo quinto capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abralles.

- Francisco Castro, “¿Un ‘confite’?”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 26”, “O corazón da Branca de Neve”, 26 agosto 2013, p. 28.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo sexto capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abralles.

- Francisco Castro, “Atoparon á nosa nena?”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 27”, “O corazón da Branca de Neve”, 27 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo sétimo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abralles.

- Francisco Castro, “O peor dos pesadelos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 28”, “O corazón da Branca de Neve”, 28 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo oitavo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abralles.

- Francisco Castro, “Crebacabezas completado”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 29”, “O corazón da Branca de Neve”, 29 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o vixésimo noveno capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección

de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “Hermida, preparado para morrer”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 30”, “O corazón da Branca de Neve”, 30 agosto 2013, p. 32.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o trixésimo capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Francisco Castro, “Como a Branca de neve”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Novela por entregas”, “Capítulo 31”, “O corazón da Branca de Neve”, 31 agosto 2013, p. 36.

Reprodúcese un resumo do xa publicado e o trixésimo primeiro capítulo da “Novela por entregas” *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro, publicada nesta sección de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto. Acompáñase dunha ilustración, a cor, de Abraldes.

- Camilo Franco, “Abrales faise oco no cómic de terror norteamericano”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 setembro 2013, p. 28.

Coméntase que o ilustrador desta novela, Juan Carlos Abrales, vai participar na revista norteamericana *Bloke's Terrible Tomb of Terror*. Indícase ademais, que dado o éxito das súas historias en Norteamérica vai “poñer á venda algunhas dos orixinais publicados” e afirma que “Non é un mercado grandísimo, pero si que é interesante”. Por último, salientase que Abrales non quere renunciar ao dixital, pero gustaríalle retornar ao cómic.

- Héctor J. Porto, “A miña cabeza xa traballa noutra aventura do inspector Hermida”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 outubro 2013, p. 28.

Entrevista a Francisco Castro, gañador do Premio de Novela por entregas de *La Voz de Galicia* con *O corazón da Branca de Neve*. Coméntase que a novela se publica en forma de libro.

- Montse Dopico, “E entón houbo país”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 480, “Reportaxe”, 5 decembro 2013, p. VII.

Fai referencia á sexta edición do Culturгал que contou cun amplo abano de actividades culturais, entre as cales se encontran varias presentacións de libros como *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro; *Matarte Lentamente*, de Diego Ameixeiras; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila; *Ámote Leo*, de Rosa Aneiros; *Todos Somos*, de Marcos Calveiro; *Días de que non foron*, de Luís Rei Nuñez; *A lúa da colleita*, de Anxos Sumai; e *Acordes Náufragos*, de Antón Riveiro Coello, entre outros.

Castro Alvaredo, Paco, *Nunha presa de terra*, pról. Teresa Bermúdez Montes, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, n.º 307, decembro 2013, 183 pp. (ISBN: 978-84-8487-236-8).

Novela de Paco Castro Alvaredo (*O Incio*, 1953) dedicada a todas aquelas persoas e amizades do autor que se inicia cun poema de John Berger co título homónimo á novela “Nunha presa de terra”. No prólogo Teresa Bermúdez Montes introduce e sitúa esta novela de tendencia realista, dividida en secuencias de extensión variábel que carecen de título. O narrador-protagonista, Cándido, fica accidentalmente pechado nun pequeno cuarto durante uns días. Na súa reclusión rememora de maneira fragmentaria o seu pasado, a vida labrega nunha aldea do Incio, alternando o tempo actual coa última metade do século XX nos recordos do protagonista. As secuencias narrativas van construíndo ambos os espazos de forma alternativa. As personaxes xiran ao redor do protagonista: a súa familia, a súa ex-muller, os seus fillos e tamén Carme, un antigo amor dos anos mozos.

Corral Iglesias, José Alberte, *Janela Aberta*, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Das Letras, n.º 9, abril 2013, 122 pp. (ISBN: 978-84-87305-69-6).

Compilación de vinte relatos curtos de José Alberte Corral Iglesias (*A Coruña*, 1946) cuxa orixe é a observación do mundo. O volume iníciase cuns agradecementos a Bernardo Penabade Rei, a Carlos Quiroga e a Fernando Vasques Corredoira e cunha dedicatoria: “A Lola. / A todos os homens e mulheres que lútam e lúitárom contra a barbárie capitalista”. Segue un prefacio asinado por Carlos Quiroga e titulado “Do céu dos ursos”, no que se fala do autor e da obra. Así, realízase un percorrido pola traxectoria creadora de Corral e destácase o seu labor na AGAL e no Facho, ademais de salientar que o libro recolle as observacións sociais que permite unha xanela aberta. Quiroga establece un paralelismo entre a constelación da Osa Maior ou Carro de Artur e o autor: o guerreiro Artur (arth é orixe etimolóxica de oso) guía o seu carro no ceo, do mesmo xeito que o guerreiro Corral (quen Quiroga relaciona cun oso) é guía do libro. O texto estrutúrase en vinte relatos cun narrador omnisciente en terceira persoa ou cun en primeira persoa, e a meirande parte inclúe unha dedicatoria e / ou un epígrafe. Os principais temas tratados son: a pobreza, a infancia, as críticas ao sistema capitalista, a soidade, o paso do tempo, a violencia, o amor e a emigración. Finalmente, engádese un índice e unha biobibliografía do autor.

Referencias varias:

- J. M. R., “Corral Iglesias presentó ‘Janela aberta’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 769, 14 decembro 2013, p. 6.

Infórmase da presentación do novo libro de Corral Iglesias composto por vinte relatos que contan a vida dos humildes.

Darriba, Manuel, *O bosque é grande e profundo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 343, setembro 2013, 141 pp. (ISBN: 978-84-9914-540-2).

Novela apocalíptica, utópica e experimentalista de Manuel Darriba (Sarria, 1973) dividida en dúas partes, “Hansel” e “Gretel”, un epílogo que acolle unha “Entrevista” de Homiño a Hans Meyer e un posfacio “Antes” que narra unha escena anterior á historia principal. Protagonizada por dous irmáns, Hans e Greta, relátanse cunha atmosfera de afogo e desesperanza e diferentes voces narrativas as vivencias deles na súa loita pola supervivencia despois da guerra que asola a Cidade na que viven. Hans foxe cara ao bosque no que chega a unha aldea, se atopa con diferentes personaxes (o destilador, o cazador etc) e hordas de refuxiados, e se adapta ás normas de vida. Mentres na cidade que é bombardeada, Greta escóndese cunha profesora en diferentes lugares á espera do regreso de seu irmán e teñen que buscar alimento.

Recensións:

-Xabier Cordal, “*O bosque é grande e profundo*”, *A Trabe de Ouro*, n.º 96, “Publicacións”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 543-546.

Recóllese o texto lido na presentación da novela *O bosque é grande e profundo*, de Manuel Darriba. Comézase analizando o título, as palabras que se repiten ao longo da novela para crear un ambiente de afogo e estrañamento. Pásase logo a analizar o estilo, centrándose no desdoblamento en varias voces narrativas e a influencia da distopía na narración. Finalmente, salientase o carácter actual da obra, facendo un paralelismo entre a degradación existente na ficción e a degradación presente na realidade.

- Ramón Rozas, “Unha machada como pluma”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 9 novembro 2013, p. 69.

Coméntase esta obra que lle recorda a situación de apocalipse que se está a vivir nos medios de comunicación e ámbitos culturais. Cóntase o retorno do home á natureza, ás súas orixes tras unha situación de guerra. Indícase que, cunha estrutura dividida en bosque, ente natural, e cidade, o lector ao igual que as personaxes vive nunha situación de incerteza. Dáse conta ademais da relación da obra con outras como *En la cattera*, de Kerouac, e *15.724*, de Xesús Constenla. Engádese a desesperanza que está patente nas personaxes e a frustración do acontecido e reclámase “a súa posición no eido literario dende esa condición futurista”.

- Armando Requeixo, “A narrativa inmisericorde de Manuel Darriba”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, “Letras atlánticas”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 803, “Letras atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 803, “Letras atlánticas”, p. 33, 17 novembro 2013.

Apúntase que dúas personaxes, Hansel e Gretel, foxen da guerra cara á un bosque que se converte nun refuxio para eles. Coméntase que temas como a supervivencia e a violencia extrema das situacións están presentes en toda a narración. Analízase tamén a estilística da novela na que prevalecen frases curtas, o uso de substantivo e do verbo de acción. Faise referencia ao simbolismo e á plasticidade da novela, así como á amizade, a solidariedade e o amor. Por último, defínese a novela como “brutal, terríbel e inmisericorde” na súa temática.

- Jaureguizar, “Darriba revisa Hansel e Gretel para ‘cuestionar’ as normas sociais”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 21 novembro 2013, p. 49.

Faise referencia a esta obra que recorda o conto dos irmáns Grimm *Hansel e Gretel*. Nela exprésase a dialéctica entre a civilización e a barbarie. Dise que Hans e Greta, as personaxes principais, procuran a supervivencia tras unha guerra que destruíu unha cidade e ambas as dúas deben sobrevivir adaptando normas alleas. Coméntase que o autor gusta de introducir elementos metaliterarios mediante os que lanza unha crítica ás novelas de iniciación. Indícase tamén que o autor traduciu a novela ao castelán por non quedar contento con dúas traducións feitas anteriormente nesta lingua.

- Francisco Martínez Bouzas, “Orixinal e innovador”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 480, “Libros”, 5 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 431, “Letras galegas”, 7 decembro 2013, p. 10.

Coméntase esta novela de relatos incrustada no xénero apocalíptico, na postapocalipte e a utopía, un fenómeno literario habitual nas épocas de crise. Dise que se compón de dous relatos: o primeiro trata sobre un viaxeiro que foxe da guerra e da cidade e se insire nun bosque que semella épocas pasadas e mundos desolados; e o segundo relato ambiéntase na cidade apocalíptica onde unha rapaza e a súa profesora sobreviven refuxiadas nun soto. Sinálase que a obra presenta oracións curtas, carece de recursos lingüísticos e presenta unha técnica obxectivista, mostrando a relación do medio co mundo.

Dávila, Berta, *O derradeiro libro de Emma Olsen*, VII Premio de Narrativa Breve Repsol, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 319, 2013, 117 pp. (ISBN: 978-84-9865-507-0).

Novela de Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987) na que a protagonista, Emma Olsen, escritora de éxito e gañadora do Premio Pulitzer, contra o final prematuro da súa vida por mor dun cancro decide retornar á súa vila natal, Faith, para escribir sobre un episodio trágico da súa adolescencia. Presentada en forma de obra póstuma, a narración presenta unha nota do editor de Emma Olsen no que se explica o contexto en que lle chega o mecanoscrito póstumo. Os dez capítulos que seguen a ese preliminar supoñen o relato autobiográfico de carácter confesional de Emma Olsen no que, intercalando o recordo de episodios da súa nenez e adolescencia en Faith cos da súa vida posterior alén desa vila que xulga opresiva, se van misturando unha diversidade de temas entre os que se poden citar: a reflexión crítica das relacións interpersoais e, en especial, as familiares, a forza uniformadora da sociedade e o seu efecto na configuración da identidade persoal e sexual, o amor, a amizade, a morte, a felicidade e tamén a reflexión metaliteraria sobre o proceso de escrita, con especial referencia á consideración da escrita como resistencia. Ademais da protagonista, outros personaxes destacados son a familia de Emma, Clarissa e a súa familia e os veciños da vila, cuxas vivencias individuais súmanse para darlle categoría de personaxe colectivo a Faith.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “O misterio de Emma”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 552, “Letras en galego”, 28 decembro 2013, p. 10.

Infórmase sobre esta novela de Berta Dávila que dá conta das memorias da personaxe principal, unha biografía persoal e literaria co obxectivo de explicarse a ela mesma. Indícase que as personaxes están ben estruturadas e deseñadas e que dan conta de temas como o amor, o desamor, as deslealdades e a cuestión da familia. Sinálanse outros contidos como a supervivencia e a morte e coméntase que a obra presenta un “xogo de equilibrios”.

Referencias varias:

- Ana López, “A cultura facémola nós”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Feira das Industrias Culturais 2013”, 1 decembro 2013, p. 82.

Dá conta das actividades que tiveron lugar na nova edición do Culturgal. Entre as que se encontra a presentación de varias novelas como *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila; *Matarte lentamente*, de Diego Ameixeiras; o volume colectivo *Contos no Nicho*; *Eu violei o lobo feroz*, de Teresa Moure; *A memoria da choiva*, de Pedro Feijoo; e *Acordes Náufragos*, de Antón Riveiro Coello. Indícase tamén, a promoción do disco “Pan de Millo” de Migallas.

- Montse Dopico, “E entón houbo país”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 480, “Reportaxe”, 5 decembro 2013, p. VII.

Fai referencia á sexta edición do Culturgal que contou cun amplo abano de actividades culturais, entre as cales se encontran varias presentacións de libros como *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila; *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro; *Matarte Lentamente*, de Diego Ameixeiras; *Ámote Leo*, de Rosa Aneiros; *Todos Somos*, de Marcos Calveiro; *Días de que non foron*, de Luís Rei Nuñez; *A lúa da colleita*, de Anxos Sumai; e *Acordes Náufragos*, de Antón Riveiro Coello, entre outros.

Eiré, Afonso, *Infiltrados. Os servizos secretos, a UPG e outras historias do nacionalismo*, Cesuras: Biblos Clube de Lectores, 2013, 192 pp. (ISBN: 978-84-15086-36-9).

Novela de non ficción ou testemuñal de Afonso Eiré (Chantada, 1955) de tema político que recrea a historia do nacionalismo galego contemporáneo e, máis concretamente, da UPG, a través do seu protagonista, Xosé Torga, un histórico militante desta organización especialista na historia do nacionalismo galego que investiga a infiltración dos servizos secretos españois e as súas consecuencias. Estruturada en vinte e tres capítulos, dáse conta de como os servizos secretos se infiltraron no nacionalismo, propiciando numerosos conflitos e rupturas, e ofrécense os nomes propios dos infiltrados. Ao longo da obra créanse algúns episodios concretos ocorridos no seo do nacionalismo durante os tempos da clandestinidade e nos anos sucesivos, tentando buscar unha explicación a estes feitos. Entre outros acontecementos, dáse conta dos conflitos internos da UPG e outras formacións nacionalistas; da campaña contra o BNG que acusaba ao partido de ser o responsábel de varios incendios forestais en 1979; da introdución da droga nos territorios de referencia do nacionalismo co obxectivo de

evitar que callase o movemento; das relacións entre o nacionalismo galego e o vasco; da sabotaxe dos servizos secretos españois ao intento do nacionalismo galego de iniciar relacións comerciais co goberno libio; das consecuencias políticas do golpe de Estado do 23-F; do enforntamento entre o alcalde do BNG de Noia, Pastor Alonso, o responsábel da Garda Civil no municipio e o xefe da policía local; e das relacións entre o narcotráfico e a política en Galicia. Para relatar todos estes episodios, o autor emprega un narrador en terceira persoa omnisciente e unha linguaxe accesíbel, valéndose nalgúns ocasións doutros xéneros como a crónica ou o ensaio.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Hibridismo narrativo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 524, “Letras en galego”, 29 xuño 2013, p. 10-11.

Preséntase a última novela de Alfonso Eiré publicada en Biblos que se colocou como un dos libros máis vendidos en lingua galega. Defínese como novela de non ficción, que beireira o ensaio, a crónica ou o memorialismo para explicar como os servizos secretos se infiltran no nacionalismo galego e cales son as consecuencias deste feito.

- Alfredo Conde, “Apaixoante ‘Infiltrados’”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 17 setembro 2013, p. 4.

Di que a pesar da obra inserirse na etiqueta de novela de non ficción presenta certos trazos novelísticos, pero que non son suficientes para catalogala como tal. Sinala que hai momentos que a personaxe Xosé Torga se confunde co autor “coma un trasunto do propio Eiré”. Comenta ademais que o lector ás veces se pode sentir confuso coa lectura. Aínda así, valora a obra como “lectura apaixonante”.

- Francisco Martínez Bouzas, “Fendas no nacionalismo”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 469, “Libros”, 19 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 421, “Letras galegas”, 28 setembro 2013, p. 10.

Sínálase que se trata dunha obra de non ficción de Alfonso Eiré con trazos de crónica e certos matices ficcionais escrita dun xeito documentado. Indícase que o argumento xira ao redor da infiltración dos servizos de intelixencia no sector nacionalista de ideoloxía marxista leninista co obxectivo de crear fendas na UPG, redirixindo así o galeguismo soberanista. Se ben o realismo crítico e a vontade etnográfica son algúns dos trazos recorrentes, ponse en dúbida o realismo crítico e considérase errada a escolla de xénero, xa que a crónica xornalística permitiría ao autor amosar a base documental coa que supostamente contou e exercer a autocrítica. Coméntanse algunhas das estratexias e feitos históricos recollidos, nomeando tamén algún famoso enfrontamento non recollido na obra.

Referencias varias:

- Fernando Franco, “Eiré, la UPG y los infiltrados”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 16 maio 2013, p. 12.

Coméntase a curiosidade que *Infiltrados*, o novo libro do xornalista Alfonso Eiré, suscitou na súa presentación na Casa del Libro de Vigo. Acompañado do avogado Nemesio Barxa e o médico e concelleiro Cayetano Rodríguez, falou-se da trama de intrigas do volume.

- Isabel Bugallal, “Os servizos secretos infiltráronse no nacionalismo para debilitalo”, *La Opinión*, 28 maio 2013, contracuberta.

Entrevístase a Afonso Eiré, xornalista e escritor, con motivo da publicación da súa última obra, que define como “novela de non ficción” e na que se mestura a historia da UPG, o nacionalismo galego e os servizos secretos centrais.

- Jaureguizar, “A longa novela da vida allea”, *El Progreso*, “De Re Varia”, 20 xuño 2013, contracuberta.

Saliéntase a última achega de Alfonso Eiré ao eido da novelística, facendo referencia ao seu sorprendente argumento e ao seu éxito de vendas, que considera proporcional ao número de persoas reais citadas.

- Carlos Luis Rodríguez, “De Castelao a Al-Asad”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Abordo”, 4 setembro 2013, p. 2.

Noméase a Afonso Eiré e súa obra *Infiltrados* en relación coas artimañas que o Estado ten para “desestabilizar o nacionalismo galego”.

Feijóo, Pedro, *A memoria da choiva*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, n.º 342, 2013, 469 pp. (ISBN: 978-84-9914-570-9).

Novela policial de xénero negro de Pedro Feijóo (Vigo, 1975) dedicada a Marta que se abre cun poema de Rosalía de Castro e outro de Jeff Tweedy, ademais dun fragmento do blog “Botella ao mar” de Suso de Toro. Divídese en catro “actos”, á maneira teatral, titulados “O Sangue”, “O Ruído”, “O Vento” e “O Mar”, cun número variábel de capítulos (trinta) de extensión desigual; e o epílogo “A Luz”, que trascribe unha estrofa dun poema de Rosalía de Castro e inclúe imaxes de correos electrónicos e reproducións de poemas de *Follas Novas* tomados da *editio princeps*. Debaixo do título de cada acto inclúese unha estrofa dun poema de Aurelio Aguirre. Está ambientada en Santiago de Compostela e outros lugares próximos coma Padrón e sitúase cronoloxicamente no ano 2013, entre o 7 e o 16 de maio. Os narradores en primeira persoa son, alternativamente, os dous protagonistas da historia; Adriano, un xornalista fracasado, e Sofía, profesora de literatura galega na Universidade; e o antagonista, en moita menor medida e ocultando sempre a súa identidade. Relátase cun ritmo rápido a investigación que Adriano e Sofía realizan sobre unha serie de brutais asasinatos que parecen gardar relación coa vida e obra de Rosalía de Castro. As súas pesquisas levaráos a coñecer un dos segredos mellor gardados de Manuel Murguía, relacionado coa descendencia da poeta. Remata nun final aberto.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Thriller con teselas literarias”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 547, “Letras en galego”, 23 novembro 2013, p. 9.

Coméntase esta obra que converteu o autor nun dos “máis interesantes e innovadores creadores narrativos”. Sinálase a intensa lectura da novela, así como a súa reflexión ao finalizala. Exponse que nesta novela de xénero policial se lle acrecenta “referencias de corte literario, mesmo identitario”. Indícase que o escenario é Santiago de Compostela, que comeza cunha personaxe anónima que irá construíndo a novela e que utiliza un xogo sutil entre a realidade e a ficción.

- Ramón Rozas, “A madeira dos vosos santos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 2 decembro 2013, p. 51.

Dáse conta da publicación desta obra que continua co rexistro do suspense iniciado en *Os fillos do mar*. Faise referencia ao argumento da obra que trata dunha profesora e un xornalista que tentan aclarar un crime “que teñen unha sobranceira figura da nosa patria no eixo dos acontecementos, nin máis nin menos ca Rosalía de Castro”. Coméntase que na obra o autor involucra o lector ao longo da narración, que os escenarios son moi importantes e que o thriller non se esquece da retranca.

- Xosé Carlos Caneiro, “Dejà vu”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 549, “A outra mirada”, “Club dandi”, 7 decembro 2013, p. 12.

Faise unha crítica a dúas obras, *Matarte Lentamente*, de Diego Ameixeiras e *A memoria da choiva*, de Pedro Feijoo. En canto á primeira, dise que a pesar de ser Ameixeiras un autor diferente na súa literatura, esta última obra non chegou a seducir producíndose un déjà vu na personaxe Diego. A segunda preséntase como un libro “orixinal, sorprendente, imaxinativo, magnífico”. En xeral, as dúas defínense como “voces soberbias”.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, “Un ‘thriller’ con Rosalía ao fondo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 novembro 2013, p. 46.

Fálase desta obra de Pedro Feijoo publicada por Xerais. Sinálase que tras o éxito de *Os fillos de Mar*, o autor aposta polo “thriller” literario con Santiago de Compostela como escenario e “con Rosalía de Castro ao fondo”.

- Ana López, “Calquera día chántovos unha historia na igrexa da Peregrina”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 19 novembro 2013, p. 77.

Entrevístase a Pedro Feijoo pola presentación da súa novela en Pontevedra. Comenta que esta obra catalogada como “thriller” está ambientada na cidade de Santiago, coa choiva e Rosalía como plano de fondo. Tras o éxito da obra *Os fillos do Mar* agarda que esta acade o mesmo suceso. Sinala que vai continuar co xénero de misterio, que segundo o autor “aquí non se practica tanto”.

- Rafa Fariña, “Pedro Feijoo presenta en Pontevedra ‘A memoria da choiva’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, 20 novembro 2013, p. 71.

Fai referencia á presentación desta obra na cidade de Pontevedra na que tivo lugar encontros cos lectores e se contou coa participación do editor Manuel Bragado.

- Lourdes Varela, “Todo o meu traballo ten un único obxectivo: entreter o lector”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 478, Entrevista”, 21 novembro 2013, p. V.

Entrevístase a Pedro Feijoo por mor da publicación da súa última novela *A Memoria da Choiva*. Afirmar que a súa novela sería unha obra que el elixiría para ler, considérase lector de *best sellers*, comenta ademais que a comezou a escribir despois de entregar a súa última publicación *Os fillos do mar*. Sinala que a escolla das personaxes, home e muller, se debe a que se complementan e que non están inspirados en ningún proximo. Indica que non se considera lector nin autor de novela negra pero que entre os seus favoritos está Diego Ameixeiras, Eduardo Mendoza con *O misterio da cripta embruxada* e Woody Allen con *Misterioso asasinato*. Por último, afirma que o que busca é “contar historias sobre nós mesmos” e “que che deixen con ganas de máis”.

- Ana Baena, “Non me gustan os héroes capaces de facelo todo, os meus personaxes teñen defectos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 23 novembro 2013, p. 13.

Con motivo da presentación desta novela en Vigo na librería Librouro, realízase unha entrevista ao autor quen afirma que escolleu Santiago por ser esta a cidade a que máis vinculado está, xunto á súa terra natal. Sinala ademais que lle gusta escribir cando “o lector é o que manda”.

- Ramón Nicolás, “Adriano é un Hannibal Lecter do país”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 547, “Letras en galego”, 23 novembro 2013, p. 9.

Entrevístase a Pedro Feijoo para falar da súa última obra. Coméntase principalmente o porqué da figura de Rosalía como factor de fondo na obra.

- Ana López, “A cultura facémola nós”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Feira das Industrias Culturais 2013”, 1 decembro 2013, p. 82.

Dá conta das actividades que tiveron lugar na nova edición do CulturGal. Entre as que se encontra a presentación de varias novelas como *A memoria da choiva*, de Pedro Feijoo; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila; *Matarte lentamente*, de Diego Ameixeiras; o volume colectivo *Contos no Nicho*; *Eu violei o lobo feroz*, de Teresa Moure; e *Acordes Náufragos*, de Antón Riveiro Coello. Indícase tamén, a promoción do disco “Pan de Millo” de Migallas.

Fernández, Miguel Anxo, *Bícame, Frank*, Vigo: Editorial Galaxia, col.Literaria. Narrativa, n.º 316, agosto 2013, 272 pp. (ISBN: 978-84-9865-492-9).

Novela detectivesca de Miguel Anxo Fernández (O Carballiño, 1955) que é a quinta entrega das aventuras do investigador Frank Soutelo, detective fillo de emigrantes galegos en Los Ángeles, despois d’*Un nicho para Marilyn* (2003), premio de novela Miguel García Barros 2002, *Un luar no inferno* (2006), *Tres disparos e dous friames* (2008), *Frank Soutelo e o manuscrito de Cabanillas* (2010) e *Lume de cobiza* (2011).

Ábrese cun paratexto en forma de dedicatoria: “Aos bos, aos decentes, aos dignos, aos honestos, aos solidarios, aos xenerosos. Todos, indignados”, á que segue unha cita da tía de Muros de Soutelo, Castora: “Quen madruga... atopa todo pechado”, quen transmite a Frank unha sabiduría que o axudará ao longo da novela. O detective Soutelo, de novo en Muros, debe resolver un caso que principia coa aparición do cadáver dunha muller sen mans na praia da Lanzada e que continúa co turbio asunto do roubo do manuscrito de *Vento mareiro*, de Ramón Cabanillas, e dun valioso papiro vinculado ás revoltas da primavera árabe, ansiado por moitos. Toda a súa investigación, na que axudan o ex-garda civil Poncio e Dalia Maxino, está narrada en primeira persoa e mesturada con descrições de costumes e de vivencias que experimenta na súa terra nativa, Galicia, sobre todo en Cambados, O Grove, Muros e Vigo en particular. No transcurso desta, aparecen referencias á vida deste detective en Hollywood e a outros personaxes da novela anterior como, por exemplo, o doutor Hyeronimus Jones, peza chave para a resolución do caso. Emprégase unha linguaxe culta que agocha xiros e expresións propias da clase social de cada personaxe.

Recensións:

- Alexandre Román Vázquez, “Novas pescudas de Frank Soutelo”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 79-80.

Destácase que esta novela constitúe a nova entrega da saga de aventuras do detective californiano Frank Soutelo en Galicia. Apúntase que o autor recupera personaxes e escenarios da anterior entrega para afondar nun repaso da situación económica e social actual. Saliéntase que a aparición do cadáver dunha muller sen mans e o roubo do manuscrito de *Vento mareiro*, de Ramón Cabanillas son as chaves da trama. Achégase a caracterización do protagonista destacando o seu bo padal e sentido do humor. Sinálase a importancia das referencias ao mundo do cine. Apúntase que a novidade é a incógnita sobre as conquistas amorosas do protagonista e anótase a necesidade de mellorar a redacción da novela.

- Eduardo Galán, “Frank Soutelo contra a crise”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 528, “Letras en galego”, 27 xullo 2013, p. 9.

Preséntase a nova entrega do personaxe creado por Miguel Anxo Fernández editada en Galaxia. Indícase que a nova aventura do detective Frank Soutelo se inicia co achado dun cadáver, unha muller coas mans cortadas na praia da Lanzada, que motiva súa volta a Galicia. Desenvólvese unha comparativa mínima deste volume con películas e novelas negras americanas, dende *O falcón maltés* até *O sono eterno*; pasando por *Crónica sentimental en rojo*, de González Ledesma; ou o detective grego Jaritos. Considéranse xeniais a consistencia visual, as achegas á realidade social e á radiografía de Galicia.

- Armando Requeixo, “Frank Soutelo de novo por terras galegas”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “letras Atlánticas”, p. 25/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 792, “letras Atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 792, p. 33, 1 setembro 2013.

Saúdase a nova entrega policial de Miguel Anxo Fernández, publicada en Galaxia que vén a continuar a traxectoria do detective privado Frank Soutelo, quen protagonizara *Un nicho para Marilyn* (2002), *Luar no inferno* (2006), *Tres disparos e dous friames* (2008) e *Lume de cobiza* (2011). Indícase que, nesta ocasión, o investigador radicado nos EUA ten que volver a Cambados e outras terras da contorna arousá para resolver unha intriga pródiga en crítica social, descrições gastronómicas e patrimonio, na que a poesía de Ramón Cabanillas xoga un papel decisivo. Saliéntase a autorreferencialidade da entrega, que vai enfiando a arquitectura macrotectual da serie ao recuperar personaxes e casos anteriores, e cítase a dubidosa verosimilitude de certas pasaxes sen entrar en detalles.

- Montse Dopico, “Ollar na trastenda”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 475, “Libros”, 31 outubro 2013, p. VII.

Coméntanse tres novos títulos da novela negra galega, considerando que as consecuencias da crise actual son retratadas con maior realismo neste tipo de obras. Dise que en *Matarte lentamente*, Diego Ameixeiras escolle como tema a estafa das preferentes, conectando novamente o relato con diversas vidas cruzadas que reflicten unha sensación de timo e frustración. Indícase que Francisco Castro, que xa introducira algunhas das características do xénero en *In vino veritas*, apunta á pobreza e aos crimes dos que son vítimas os inmigrantes sen papeis ou á violenta imposición dun código de beleza por medio do inspector Hermida, “un tipo normal”, en *O corazón da Branca de Neve*. Finalmente, *Bícame, Frank* constitúe unha nova entrega da serie protagonizada por Frank Soutelo, arredor do tráfico ilegal de obras de arte. Tras a presentación das obras, e malia ás inquiredanzas sociais expresadas, sublíñase que a crítica non as valora da mesma maneira, interpretando que o que se fai é literatura detectivesca e non literatura negra, unha fórmula máis rica e complexa, na que o retrato crítico da sociedade prevalece sobre a resolución do enigma.

- Laura Blanco Casás, “Vertixinoso ritmo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 477, “Libros”, 14 novembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 428, “Letras galegas”, 16 novembro 2013, p. 10.

Faise referencia a esta obra, continuación da serie do detective Frank Soutelo. Desta vez e ao igual que en entregas anteriores, localízase en terras galegas o que provoca unha maior recepción por parte do lectorado. Recóllese a trama que xira ao redor dun acontecemento marcado polo achado dun cadáver na Lanzada, o roubo do manuscrito de *Vento mareiro* e dun papiro exipcio de alto valor. Sinálase que o autor dá conta da actualidade do país cun toque de retransca “que converte en singular o estilo do autor”.

Referencias varias:

- Miguel Anxo Fernández, “Bícame, Frank”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 523, “Adianto editorial”, 22 xuño 2013, p. 11.

Reprodúcese un fragmento desta novela protagonizada polo detective Frank Soutelo, creado por Miguel Anxo Fernández.

- Ana González Liste, “Con los libros a la playa”, *Faro de Vigo*, “*Sociedad*”, 7 xullo 2013, p. 48.

Anúnciase o remate da Feira do Libro de Vigo e con ela, preguntando ás librerías e libeiros, propóñense algúns posibles títulos para gozar da lectura nos meses de verán, como as novelas *Bícame, Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Faneca Brava*, de Manuel Portas; *As vidas de Nito*, de Xabier Paz; *En vías de extinción*, de María Reimóndez; *Os xornalistas utópicos*, de Manuel Veiga; e de Literatura Infantil e Xuvenil a antoloxía *Un rato díxolle á Lúa*, de Antonio García Teijeiro e *A nena á que non deixaban ser feliz*, de Miguel Ángel Alonso Díez.

- María Ordóñez, “Dan Brown y Joël Dicker, dos de los autores preferidos del verano”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 xullo 2013, p. 35.

Revísanse as listaxes de libros máis vendidos das librerías santiaguesas, entre os que figuran en galego *Bícame, Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Raíz da fenda*, de Berta Dávila e *Rosalía pequeniña*, de Uxía.

- María Bragado, “Las lecturas del verano”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 xullo 2013, p. 40.

Repásanse os libros máis vendidos e populares da época estival en Galicia, preguntando aos libeiros vigueses. Saliéntanse, ofrecendo un breve argumento, *Os fillos do mar*, de Pedro Feijóo; *Bícame, Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Inmateriais*, de Suso de Toro; *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly (editado en Faktoría K); *Rosalía pequeniña*, de Uxía; e *María Fumaça...* de varios autores.

- L. R., “El detective literario más activo resuelve un caso en O Salnés”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 25 xullo 2013, p. 15.

Infórmase da presentación no Pazo de Torrado do novo volume das aventuras do detective Frank Soutelo, titulado *Bícame, Frank*, da autoría de Miguel Anxo Fernández. Dise que o acto foi organizado polas librerías cambadesas Contos e Ramón Cabanillas.

- Rodri García, “Los libros salen en busca de lectores”, *La Voz de Galicia*, “Especial Fiestas de María Pita 2013”, 1 agosto 2013, pp. 28-29.

Anúnciase o inicio da Feira do Libro da Coruña, que se celebrará durante once días nos xardíns de Méndez Núñez, tras o pregón da poeta Yolanda Castaño. Dise que se presentarán volumes como *Noite branca*, de Francisco Fernández Naval; *Laura no deserto*, de Antón Riveiro Coello; *Bícame, Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Cancela aberta* e *Aquel neno*, de Xosé Neira Vilas; *Nicomedes o pelado*, de Pinto&Chinto; *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*, de Ramón Nicolás; ou *Fadita Fosca*, de Miguel Vázquez Freire.

- Xosé Carlos Caneiro, “Agosteando”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 529, “A outra mirada”, 3 agosto 2013, p. 10.

Realízase un repaso persoal polas posibles lecturas de agosto do columnista, comezando por *O corazón da branca neve*, de Francisco Castro, seguindo por *Bícame, Frank*, de Miguel Anxo Fernández e celebrando a traxectoria tradutora da editorial Rinoceronte.

- Lucía Larios, “El arte de la narrativa”, *La Opinión*, “A Coruña”, 9 agosto 2013, pp. 10-11.

Anúnciase a cuarenta e dúas edición da Feira do Libro da Coruña na que se presentarán as últimas novidades, entre elas, esta novela de Miguel Anxo Fernández, se realizará a exposición fotográfica “Tiempo de recreo”, obradoiros e contacontos.

- Ramón Nicolás, “Novela negra: outros tempos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 532, “Letras en galego”, 24 agosto 2013, p. 8.

Percórrense os títulos máis salientábeis de novela negra galega nos últimos anos, entendendo a súa vontade de renovación e superación de estereotipos: dende Domingo Villar con *A praia dos afogados* (2009), Ramón Caride con *Sarou/Louzos* (2012) ou Fran Alonso con *A punta de pistola* (2012), até a última entrega de Miguel Anxo Fernández, *Bícame, Frank* e *Todo OK* (2012) e o próximo *Matar lentamente*, de Diego Ameixeiras.

- Jacobo Álvarez, “A educación é un servizo intocable”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 685, “mil primaveras máis”, “Reportaxe”, 1 setembro 2013, pp. 6-7.

Entrevístase a Miguel Anxo Fernández por mor da recente publicación dunha nova entrega da saga das aventuras do detective Frank Soutelo, que cumpre xa máis dunha década. Convérsase longamente sobre cine, as implicacións da dixitalización, a deriva dos guións, a situación da industria literaria ou a xestión do ministro Wert, entre outras cousas, con moita retranca e un “test de verán” final, interrogándoo sobre os seus gustos.

- Sergio Rodríguez, “Durante años soñaba que tiña que volver ao cuartel no que fixen a mili”, *El Progreso*, “Xente de aquí”, “Moi persoal”, 3 novembro 2013, p. 16.

Cítase a nova entrega de Miguel Anxo Fernández *Bícame, Frank* no curso dunha entrevista ao actor Antonio Mourellos, ao preguntarlle que libro ten enriba da mesiña de noite.

- T. M., “Presentan *Bícame, Frank* en la Galería Besada”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 14 novembro 2013, p. 14.

Infórmase da presentación da novela de Miguel Anxo Fernández, *Bícame, Frank*, editada por Galaxia na galería Besada. Dise que estará acompañado de Carlos Álvarez y Dunia Álvarez.

Fonitoira Surís, Rafael, *Farruco e a gasoleneira*, Santiago de Compostela: Edicións Correo, Colección Narrativa, agosto 2013, 159 pp. (DL: C 1563-2013).

Novela en terceira persoa de Rafael Fonitoira Surís (1946) na que a través do personaxe de Farruco se abordan, en vinte e un capítulos sinalados en números romanos máis un prólogo e un epílogo, temas e situacións propios da vida cotiá relacionados coa crise económica actual, coma os desafuzamentos, os avós obrigados a exercer de neneiras ou os recortes. Está ambientada na costa da Ría de Pontevedra e nárrese en gran parte a

través do diálogo das personaxes, que aparece resaltado en cursiva, aínda que a perspectiva dominante é a de Farruco, que dende a súa gasoleira observa os problemas actuais da xente da ría, comentando aspectos como a droga, as eleccións ou o divorcio, dedicándolle a cada un dos temas un capítulo. Emprega unha lingua sinxela que tenta reproducir a linguaxe oral nos diálogos.

Referencias varias:

- J. C., “La nueva novela de Rafael Fontoira Surís”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Gente a diario”, 12 decembro 2013, p. 71.

Infórmase da presentación desta novela en Pontevedra.

González Ahola, Tomás, *Galiza mutante. Poder nuclear!*, Santiago de Compostela: Urco Editora, Contos Estraños Editora, col. Alcaían, 2013, 315 pp. (ISBN: 978-84-940935-1-7).

Primeira novela do tradutor Tomás Gonzalez Ahola (Vilaboa, 1981), onde se narra a historia de catro mutantes de diversas partes do territorio galego, o Pastor, Rocho, Holifoz e Costenla, que despois de sobrevivir á apocalipse provocada pola baixada do Froilán, o Santo Vingador, chegan a Cmph'sthulhu, a Cidade dos Sete Círculos, que está gobernada por sete bispos mutantes descendentes de Précilo pai deste novo mundo, na que se enfrontan aos máis estraños perigos e misterios que se remontan á época do Caos. Os muros desta urbe agochan enxendros nados neste novo mundo, como o capitán Xacho-beu, semente dunha nova civilización que comeza a agromar. Trátase dunha historia satírica na que se recorre ao humor negro e se establece un xogo no que os lectores poderán identificar cidades e personaxes cuxos nomes deformados refíren a realidades coñecidas.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Lovecraft en Compostela”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 781, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 781, p. 33, “letras Atlánticas”, 16 xuño 2013.

En primeiro lugar, realízase un repaso pola traxectoria literaria de Tomás González, recoñecendo a súa labor tradutora de Arto Paasilinna, William Hope Hodgson, T. W. Higginson etc. e a súa faceta de editor, á fronte de Urco Editora, o selo santiagués especializado en literatura gótica, fantástica e de ciencia ficción. Polo que á obra respecta, dise que González Ahola idea unha alegoría postapocalíptica, na que un culto demoníaco conecta cunha sociedade que adora á momia Fragal, evidente xogo de significación que nos achega as claves socioideolóxicas da novela. Saliéntanse algunhas influencias detectables, dende Edgar Allan Poe a J. R. Tolkien ou H. P. Lovecraft.

- Laura Blanco Casás, “Entretido xogo”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 472, “Libros”, 10 outubro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 424, “Letras galegas”, 19 outubro 2013, p. 10.

Indícase que o autor destaca tamén como tradutor, como fundador de Urco Editora, referente galego da literatura fantástica, ciencia ficción e terror, e o proxecto *Contos Estraños*. Sinálase que se trata dunha obra fantástica que inclúe doses de humor negro, sátira e retranca e que o autor mostra un bo dominio do galego.

Janeiro, Manuel, *O sexo masculino dos anxos*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria. Narrativa, n.º 321, 2013, 244 pp. (ISBN: 978-84-9865-513-1).

Novela de Manuel Janeiro (Madrid, 1951) que comeza cunha cita de Tareixa de Xesús, “Xa non quero conversas cos homes, só cos anxos”, e que conta a historia de dous amigos con personalidades opostas no Madrid estudiantil dos anos setenta, cunha amizade que se alonga no tempo e na distancia xa que as súas personalidades se complementan de maneira que non poden vivir un sen o outro. A procura do verdadeiro amor está presente ao longo de toda a novela, dividida en dúas partes que se corresponden con dous momentos diferentes da narración: “O gabinete azul”, composta por quince capítulos, e “O verdadeiro amor”, de catorce capítulos. A primeira parte, narrada en primeira persoa, reflicte a vida estudiantil de ambas as personaxes principais, Chichi e o narrador; e a segunda dá conta cun narrador en terceira persoa da vida do narrador moitos anos despois, cando o Chichi xa non está e el recorda anécdotas da súa infancia e xuventude. É frecuente o uso dos diálogos e a metaliteratura, debido a que o narrador da primeira parte é estudante e, máis tarde, profesor de literatura na universidade ademais de poeta. Tamén se recorre á psicoloxía e á metafísica, xa que Chichi é un estudante de psicoloxía que acabará converténdose nun psicólogo frustrado.

Labranha, Antom; Xaime **Domínguez**, Clara do **Roxo**, Chelo **Suárez**, Mercedes **Leobalde**, Roberto A. **Rodrigues**, *Outra rolada*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2013, 151 pp. (ISBN: 978-84-9812-201-5). ♦

Volume publicado en conmemoración do vixésimo segundo aniversario do Certame de narracións breves Manuel Murguía. Despois dunha breve nota bio-bibliográfica dos autores, acolle os seis relatos gañadores e finalistas das dúas últimas edicións do premio.

- Antom Labranha, “Eu xogo a que se crean que lles creo”, pp. 13-38.

Abtom Labranha mostra o lector como testemuña de todos os pensamentos, alleos ao resto dos personaxes, da protagonista aqueixada dun cancro en fase terminal. O lector vive o día a día con ela até o mesmo momento da súa morte.

- Xaime Domínguez Toxo, “Unha viaxe de inverno”, pp. 39-64.

Xaime Domínguez Toxo (Bueu, 1955) narra o xeito en que a vida monótona dunha profesora de matemáticas se troca nunha apaixonada aventura, cando decide abandonar a súa familia idílica e marchar na procura doutra vida menos protocolaria. Na súa viaxe coñece a Hansem, vello mariñeiro do que namora perdidamente e co que vive esa vida procurada. O círculo da trama péchase cando se separan e ela volta cos seus.

- Clara do Roxo, “A muller que deu a volta arredor de si mesma”, pp. 65-86.

Clara do Roxo relata a viaxe da protagonista até unha praia nudista da costa galega na procura da liberdade que no tén na casa e alí coñece a un home co que traba unha fermosa amizade. No Nadal dese mesmo ano, unha tarde chega á súa casa e atópao sentado no salón mais o seu home, descoñecedor desa amizade e cheo de ciúmes, arremete contra ela pero xa é tarde, ela ri mentres pensa que se achega o principio do fin.

- Chelo Suárez, “Momentos de néboa e luz”, pp. 87-112.

Relato de Chelo Suárez dividido en catorce microrrelatos, cada un deles dedicado a momentos cotiáns da vida. Neles móstrase a face máis espiritual e reflexiva de cada un dos personaxes, os seus diferentes estados de ánimos reflectidos nun intre non importante do día.

- Mercedes Leobalde, “Taxi driver”, pp. 113-131.

Microrrelato de Mercedes Leobalde (A Coruña, 1967) no que o protagonista vai contando, a modo de diario, o seu día a día, durante os quince días que dura temporalmente a historia. O home, taxista de profesión, bipolar e influído polos filmes de acción, vive nun mundo irreal compartido cun amigo imaxinario chamado Ramiro ao que mata ao final da narración.

- Roberto A. Rodrigues, “O home que falaba na lingua do océano”, pp. 133-151.

Roberto A. Rodrigues (Matamá, Vigo, 1977) narra o devir dun home que falaba co mar. O autor describe minuciosamente a paisaxe, o mar, as cunchas, a area, o ceo, o home, os seus pensamentos e, un por un, cada acto ou movemento. Pouco a pouco o home vaise mimetizando cos elementos do mar até ser engulidos por eles.

Lema, Xosé M^a, *Costa do Solpor*, Finalista Premio Xerais de Novela 2011, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, n.º 330, xaneiro 2013, 663 pp (ISBN: 978-84-9914-478-8).

Novela de aventuras de Xosé María Lema (Vimianzo, 1950) ambientada na Galicia do século XVIII, onde se traslada o lector á vida cotiá daquela época de batallas navais, abordaxes, historias de amor e personaxes nos que se poden descubrir figuras lendarias e reais. A historia comeza cun manuscrito dun descoñecido escritor británico do século XIX onde narra as súas experiencias na viaxe realizada nunha goleta que agochaba un misterioso tesouro até que unha tormenta a levará a refuxiarse na Costa do Solpor e será neste mesmo lugar onde un bergantín pirata tratará de facerse co tesouro. Mais a pericia do rapaz inglés que viaxaba na goleta, axudado por dous mozos da beiramar, liberará a embarcación e os seus tripulantes da ameaza pirata.

Recensións:

- Francisco Fernández Rei, “Aventuras de mar e de terra en *Costa do Solpor*”, *A Trabe*

de Ouro, n.º 93, “Publicacións”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 99-104.

Faise unha presentación desta novela de Xosé Mª Lema, facendo primeiramente unha breve descripción do libro como obra de corsarios, situada na Costa da Morte no século XVIII, na que se salienta a resonancia dos feitos narrados do libro coa catástrofe do *Prestige*. Despois explica detalladamente o argumento e encadra a novela dentro da “literatura” de mar. Coméntase o léxico marítimo e destácase a capacidade de Lema para volcar o seu coñecemento da historia, etnografía, onomástica e lingua de Galicia na súa obra.

- Ramón Nicolás, “Aventura en estado puro (e algo máis)”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 505, “Letras en galego”, 9 febreiro 2013, p. 9.

Coméntase a primeira entrega narrativa de Xosé Mª Lema, profesor e ensaísta vigués, que resultou finalista do Premio Xerais 2011. Saliéntanse o coidado minucioso na ambientación e contextualización da novela, a escolla léxica viva, un argumento con forza propia e a convicción e singularidade dos personaxes. Indícase que a novela é quen de internar inmediatamente o lectorado, funcionando como digno exemplo da mellor novela de aventuras ao estilo Stevenson, á que se engadiu unha intelixente galeguización de espazos e personaxes da vida cotiá de mediados do século XVIII nos ámbitos costeiros e mariñeiros galegos. Considerando tarefa imposible sintetizar o argumento, repárase no inicio ideado cun manuscrito encontrado e a plasticidade e forza de certas pasaxes.

- Xosé Carlos Caneiro, “Stevenson”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 508, “A outra mirada”, 2 marzo 2013, p. 10.

Celébrase a aparición e a lectura de *Costa do Solpor*, de Xosé María Lema, considerando a súa documentación, o seu bo pulso e a súa mestura de aventura, acción, tensión e tenrura. Alcumándoa de “coloso narrativo”, reflexiónase sobre a súa posíbel pouca incidencia dentro do sistema literario galego, considerando que hai moitos anos que se hiperbolizan as medianías e se cala diante do exceso, un exceso digno de loubanza, co que Stevenson coincidiría.

- Gracia Santorum, “O novo Xerais”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, pp. 86-87.

Recensiónase *Costa do Solpor*, de Xosé María Lema, contextualizando a obra como unha homenaxe á *Illa do tesouro*, de Robert Louis Stevenson. Descríbese brevemente a ambientación da novela, na Costa da Morte do século XVIII, entre a ralea máis baixa da sociedade. Saliéntanse a orixinalidade e o recurso narrativo do manuscrito esquecido. Críticase a mestura de digresións que dificultan a lectura coa acción trepidante.

- Montse Pena Presas, “O peso da historia”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 455, “Libros”, 25 abril 2013, p. VI.

Principiase por manifestar que se botaba en falta no sistema literario galego unha gran novela de aventuras e unha gran novela do mar. Coméntase que, botando man da célebre trapela do manuscrito encontrado, se propón unha novela que mestura a ficción de piratas coa historia de Galicia no século XVIII. Indícase que a condición de

historiador do autor xoga aquí un papel non menor que as tradicións e lendas. Dise que se adobia con notas a rodapé e un longo apéndice e que a pegada do xénero amoroso-sentimental alivia a lectura.

Referencias varias:

- Xosé Lois Vilar Pedreira, “Aceite, madeira e boinas. Talasonimia dos naufraxios no mar dos galegos”, *Escrita contemporánea. Actas da IV xornada de literatura e tradición oral*, letra U, 2013, pp. 13-51.

Co gallo de reflexionar sobre os naufraxios e a talasonimia en Galicia, faise referencia a varias obras literarias que tratan estes temas e que poderían usarse como fontes documentais. Entre elas están *Iria* (2012), de Anxo Angueira; *Voces da Groba, voces de Berlín* (2010), de Fran Alonso; *Acordes náufragos*, de Antón Riveiro Coello; *Costa do Solpor*, de Xosé María Lema Suárez; e *A praia dos afogados*, de Domingo Villar. Ademais, recóllense en anexo cantares e cantigas relativas a esta temática.

- José M. Ramos, “Lema Suárez publica la novela ‘Costa do solpor’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 436, 13 xaneiro 2013, p. 7.

Coméntase a chegada ás librarías da novela finalista do Premio Xerais 2011, *Costa do Solpor*, de Xosé Mª Lema, unha novela de mar e aventuras, cunha importante compoñente histórica.

- Mar Toledo, “Unha truncada viaxe de volta que remata na Costa do Solpor”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 503, 21 marzo 2013, contracuberta.

Relátase a presentación de *Costa do Solpor*, novela de ficción do autor vimiancés Xosé María Lema, presentada na librería Couceiro de Santiago de Compostela da man do académico Xesús Ferro Ruibal.

- Marta Becerra, “Lugo cuenta con una centenaria más”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 12 abril 2013, p. 10.

Infórmase no apartado “Presentaciones de novelas en las librerías Trama y Biblos” da presentación de *Laberinto da Saudade* (2012), de Luís García Soto, na librería Trama, e de *Costa do Solpor*, de Xosé María Lema, na librería Biblos.

- J. M. Ramos, “Presentación da novela ‘Costa do Solpor’ en Soneira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 550, 8 maio 2013, p. 7.

Infórmase da presentación no auditorio de Soneira da última novela de Xosé Mª Lema.

- J. M. R., “Presentación de ‘Costa do Solpor’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 590, 17 xuño 2013, p. 6.

Anúnciase a presentación na librería A Lus do Candil, rexentada polo poeta fisterrán Modesto Fraga, da novela *Costa do Solpor*, de Xosé Mª Lema, acompañado do filólogo Chema Rei.

- J. Trillo, “Muxía presenta ‘Costa do Solpor’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 592, 19 xuño 2013, p. 5.

Faise eco da presentación no salón de plenos do concello de Muxía desta novela de Xosé M^a Lema.

- José M. Ramos, “Neira Vilas será pregonero en la Feira do Libro de Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 641, 7 agosto 2013, p. 6.

Infórmase da inauguración e das actividades da Feira do Libro de Cee, entre as que salienta a presentación desta novela.

- J. M. Ramos, “Una semana de literatura con la Feira do Libro 2013”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 647, 13 agosto 2013, p. 9.

Infórmase da celebración da Feira do Libro na localidade de Cee que contará entre outras actividades, coa presenza de Xosé Neira Vilas, quen presentará as obras *Cancela Aberta* e *Aquel Neno*. Dise que tamén se contará con Xosé María Lema Suárez quen presenta *Costa de Solpor*; Seixo Iglesias con *Viaxe ao interior da fenda*; Miguel Vázquez Freire con *Fadita Fosca* e César Ariza con *Contos de sonhos e sombras* (2012). Indícase tamén que se realizará unha sesión de contacontos con Ana María Martínez, Jesús Toba e María José Rey que presentarán *O corvo de Roque*.

Lobato Martínez, José Manuel, *As dúas ourelas*, presentación Ovidio Rodeiro, Silleda: Edicións Fervenza, 2013, 72 pp. (ISBN: 978-84-930917-1-2).

Libro homenaxe de Xosé Manuel Lobato (Lestedo-Boqueixón, 1958) ao escritor Xosé Neira Vilas que principia cunha presentación de Ovidio Rodeiro na que fala da memoria e historia dos pobos e salienta a importancia da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio de Lestedo, que se encargou sempre de recuperar e pór en valor as tradicións galegas. Logo do limiar institucional de Xesús Alonso Montero, nos textos “A dúas bandas” e “Involución” Lobato Martínez trata a historia da emigración galega dende as dúas beiras do Atlántico. A seguir reproducense os textos premiados no I Certame Literario Mestre Manuel Gacio: “A raíña Lupa e o conxuro”, de Rubén Canabal, e “Laura e a raíña”, de Antía Canicoba.

López, Xabier, *1989 (Alegoría)*, Cesuras: Biblos Clube de lectores, 2013, 101 pp. (ISBN: 978-84-15086-38-3).

Novela curta de Xabier López López (Bergondo, A Coruña, 1974), que está dedicada “aos que se lembran” do momento histórico no que se ambienta: o final da década dos anos oitenta nas Mariñas coruñesas. O título remite cara á novela de George Orwell, *1984*, aínda que a lectura dos catorce capítulos breves rompe as expectativas do lectorado, ao non tratarse dunha alegoría futurista ou política ficción distópica, como consta no subtítulo, senón dun retrato social da crise que afectou o sector naval e a industria en xeral na zona do Ferrol. O punto de partida é a chegada do xaponés Takuboku, para uns enviado da directiva dunha empresa para elaborar un informe, para outros un espía e para todos, un elemento que altera a vida cotiá do lugar. Estas

reaccións plásmanse a través de cinco voces narrativas anónimas, que representan diferentes sectores sociais e que dende a primeira persoa revelan as particularidades das súas circunstancias vitais e a impresión que lle causa o visitante. Unha novela coral, cuxas voces configuran o retrato dunha xeración marcada polo desmantelamento social, que se aborda a través dun discurso cargado de retranca e moito humor.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Pechar e abrir un tempo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 14 setembro 2013, p. 51/ *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, n.º 687, “mpm”, “Anaquel dos libros”, 15 setembro 2013, p. 8.

Infórmase desta novela de Xabier López, editada por Biblos, que está espazada nun lugar imaxinario chamado Vilar, pero que se parece a calquera aldea galega. Indícase que na aldea vai acontecer un feito que acabará coa apacible vida do lugar, a chegada dun home de orixe xaponés, e que permite mostrar diferentes perspectivas dunha mesma realidade. Afirmase que o lector se integra na obra de tal forma que se coloca entre os personaxes. Sinálase que a obra presenta unha temática costumista chea de humor. Alcúmase de divertida, nostálgica e feroz nas críticas a algunhas situacións dos anos 80 por medio de cinco voces diferentes.

- Ramón Nicolás, “Polos camiños da evocación”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 538, “Letras en galego”, 12 outubro 2013, p. 9.

Preséntase esta obra como unha novela breve na que se revisa como eramos hai máis de vinte anos e que se subtitula *Alegoría*. Indícase que os sucesos acontecen nun lugar chamado “O Vilar”, que semella trasunto de Bergondo e Betanzos, lugares que o autor coñece. Apúntase que, tras a chegada á aldea dun xaponés enigmático, cinco voces proxectan caleidoscopicamente a realidade dun tempo condensado en quince días reais, reclamando un receptor atento á voz e aos temas salientados.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Xabier López López achégase en ‘1989’ á novela xeracional”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 agosto 2013, p. 34.

Coméntase *1989*, obra de Xabier López López, informando de que en setembro o escritor publicará a novela coa que acadou o Premio Xerais do presente ano, *Cadeas*.

López López, Xabier, *Cadeas*, Premio Xerais de Novela 2013, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, n.º 344, 2013, 401 pp. (ISBN: 978-84-9914-564-8).

Novela de novelas de Xabier López López (Bergondo, 1974) que se abre con senllas citas de Joseph Addison e Sigmund Freud, que fan referencia á obsesión polo poder do home e á desaparición da percepción do azar a causa da acumulación, respectivamente, adiantando a natureza mesma da obra. Complexa e fragmentaria, a novela decorre a través de múltiples historias paralelas que remiten cara a diferentes escenarios, personaxes e tempos, artellando un retrato poliédrico da sociedade, a cultura e o propio

feito literario. Así, a obsesión dun escritor por sentirse recoñecido polos seus lectores e a percepción que na sociedade hai del e da súa obra, pasando pola vida dun estudante vividor na Compostela de inicios do século XX, até as consecuencias das colonizacións europeas ou as consecuencias da guerra civil en Galicia son algúns dos asuntos que se desenvolven, integrándose nos textos elementos de carácter epitextual que se converten en recursos imprescindíbeis para a comprensión da trama, como cadros, documentos, pegadas, liñas riscadas, subliñados, necrolóxicas... ademais de lle imprimir un aspecto máis espontáneo e realista ao narrado. Un complexo xogo metaliterario e intertextual con autores da literatura galega (Rafael Dieste, Manuel Antonio) e universal, que se apoia tamén en diferentes estilos, dende a crónica, o monólogo interior ou o epistolar, que reflicten as múltiples lecturas do creador, como manifesta no prólogo que pecha a obra e no que expresa o seu agradecemento ás persoas que lle proporcionaron documentación ou o apoiaron durante a súa dedicación á escrita desta novela.

Recensións:

- Dolores, Vilavedra, “Unha novela difícil?”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 200, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 86-87.

Saliéntase a deconstrución do modelo clásico de novela, o cuestionamento da condición de xénero e o afán desmitificador que implica a obra. Destácanse as influencias de Rafael Dieste e Manuel Antonio e tamén da memoria da guerra nos dous fíos da historia: os naufraxios, nomeadamente o do *HMS Serpent*, do que sobreviven diversos obxectos condutores doutras historias; e o encontro fortuíto dun novelista cunha lectora, que descobre as inseguridades do proceso creativo. Dáse conta de que a novela consta de dezanove capítulos e que a trama pon en evidencia as dificultades da comunicación literaria.

- Ramón Nicolás, “Labirintos de vida e literatura”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 543, “Letras en galego”, 26 outubro 2013, p. 10.

Compréndese esta novela como un paso adiante na concepción narrativa que o autor viña defendendo en títulos como *Os libros prestados*, creando un edificio narrativo cun amplo abano de recursos técnicos, de asuntos e perspectivas, que van dende epístolas e fragmentos de guión cinematográfico a relatos e informes literarios na pretensión de elaborar os ecos dun naufraxio na Costa da Morte, a historia dun universitario en Compostela a inicios do século XX ou vivencias de galegos nos tempos de Abd-el-Krim. Saliéntase a deconstrución e reconstrución do concepto de novela, a ironía e o atrevemento como trazos destacábeis.

- Armando Requeixo, “Narrativa helicoidal”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 476, “Libros”, 7 novembro 2013, p. VI.

Saúdase a aparición de *Cadeas*, título co que Xabier López López obtivo o Premio Xerais de Novela 2013. Trátase dunha novela que pode lerse como un conxunto de relatos arrexuntados ao redor dunha trama metaliteraria: a visita dun escritor á casa duns fans lectores que o convidan a pasar unha velada. Indícase que vinte narracións alleas á trama central recollen a máis variada temática, protagonizadas por músicos de orquestra, soldados británicos, Rafael Dieste ou Manuel Antonio.

- Ramón Rozas, “Cando emerxe o risco”, *El Progreso*, “Vivir”, “Café pombo”, 30 novembro 2013, p. 81/ *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, n.º 698, “Anaquel dos libros”, 1 decembro 2013, p. 8.

Coméntase que este autor xa escribiu outras obras como *A estraña estrela* ou *A vida que nos mata* e infórmase de que está procurando o seu estilo propio co que xa comezara nos primeiros textos. Dáse conta de que *Cadeas* “arrinca coa visión dun autor dunha muller na praia lendo un libro seu” e de que a partir de aí hai unha relación entre ambos os dous no que se debate o significado da novela hoxe en día. Refírese que o lector non permanecerá alleo a ese debate. Recóllese tamén a sucesión de relatos nunha cadea que engancha o lector até o final.

Referencias varias:

- Miguel Rodríguez, “Una cita más con el libro”, *La Opinión*, “A Coruña”, 23 xullo 2013, p. 12.

Anúnciase a XLII Feira do Libro nos xardíns de Méndez Núñez do 1 ao 11 de agosto, que contará con trinta e sete casetas e unha mancha de citas cos escritores máis activos do panorama galego actual. Ademais indícanse que se presentarán *Todos os días*, de Alberto Ramos; *Faneca brava*, de Manuel Portas; *Cadeas*, de Xabier López; *Retallos dunha infancia*, de Bautista Álvarez; *Cancela aberta* e *Aquel neno*, de Xosé Neira Vilas.

- Camilo Franco, “Xabier López López achégase en ‘1989’ á novela xeracional”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 agosto 2013, p. 34.

Coméntase *1989*, obra de Xabier López López, informando de que en setembro o escritor publicará a novela coa que acadou o Premio Xerais do presente ano, *Cadeas*.

- Lourdes Varela, “Para os lectores, o mundo reinvéntase en cada libro aberto”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 474, “Entrevista”, 24 outubro 2013, p. V/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 428, 16 novembro 2013, p. 11.

Conversa con Xabier López López gañador do Premio Xerais de Novela 2013 con esta obra na que fala sobre a súa historia, estrutura, personaxes, referencias etc. na que se deixa sentir a prudencia do autor e o desexo de deixar unicamente entrever o contido principal da obra. Comenta que sigue unha estrutura de historia en historias e que a temática xira ao redor do mar, a praia e as navegacións. Tamén se revisa a súa traxectoria autorial, con quince anos publicando e premios coma o Lueiro Rey, o García Barros, o Vicente Risco ou o premio da Crítica española.

Lugrís Freire, Manuel, *O penedo do crime*, estudo introdutorio Xabier Campos Villar, Sada (A Coruña): Editorial A. C. Irmáns Suárez Picallo/ Concello de Sada, 2013, 74 pp. (ISBN: 978-84-9812-225-1). ■

Primeira novela escrita en galego por Manuel Lugrís Freire (Sada, 1863-A Coruña, 1940), ambientada na Sada de 1790 e na que narra en forma de lenda unha historia de

paixóns, ciumes e prexuízos sociais, tinxidos dun carácter trágico. Esta edición é fiel á época e por iso, non se modificaron os xiros coloquiais, respectando como os escribira Lugo no ano 1884. No limiar, Xabier Campos Villar realiza unha análise literaria sobre o narrador, o espazo, o tempo, os personaxes, a temática e sobre todo a lingua escrita segundo as características da falada na época na que se escribe a novela. A historia localízase na baía de Samoeiro e comeza un día concreto, unha fría noite de febreiro do ano 1790. O autor onisciente narra como Marica, unha moza de cariz branco e “feituquiño”, trae ao mundo e ás agachadas, o seu primeiro fillo, froito dunha relación extramatrimonial con Mingo, un señorito da vila, de carácter máis ben misterioso e autoritario. Mingo obriga a criada Xoana a desfacerse do neno e convídala a tiralo dende un penedo cara ao mar pero ela, aproveitando a negrura da noite, deixo alí para recollelo unhas horas despois. Pasan os anos e Rosiña, sobriña de Mingo e Marica, namórase dun rapaz chamado Manuel, de quen se sabe que foi criado por Xoana. A intención de Mingo é casar a rapaza con seu sobriño Aleixandre mais, como sabe dos amoríos da súa sobriña con Manuel, fai uso das súas máis perversas accións para que deixe a Rosiña. O desenlace da novela concéntrase no momento no que Aleixandre, cego de ciumes e animado polo seu tío, decide acabar coa vida de Manuel. Nese intre Xoana confésalle a Marica que Manuel é o seu fillo e, cando sae correndo na súa busca, descobre que foi ferido de morte polo seu marido Mingo, pai do rapaz. Mingo é consciente de que acaba de matar o seu propio fillo, o rapaz do que tentara desfacerse uns anos antes, e, sumido nun sentimento de culpabilidade, decide rematar coa súa vida, no mesmo lugar no que comezara a acción da novela, no penedo do Crime.

Referencias varias:

- D. R., “El viernes tendrá lugar un nuevo acto para conmemorar el Año Lugo”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 27 novembro 2013, p. 21.

Fálase da celebración dun novo acto por motivo da conmemoración do cento cincuenta aniversario do nacemento de Lugo Freire, “Año Lugo” en Sada, concretamente na Capela de San Roque, onde se presentará esta obra.

Mayoral, Marina, *O anxo de Eva*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, n.º 338, maio 2013, 348 pp. (ISBN: 978-84-9914-516-7).

Novela de carácter fantástico-realista de Marina Mayoral (Mondónedo, Lugo, 1942) que se inicia con dúas citas, tiradas, respectivamente, de *Sobre los ángeles*, de Rafael Alberti, e de *Aquí*, de Wisawa Szymborska. Está protagonizada por Eva, unha rapaza moi intelixente e en proceso de maduración que busca a súa identidade mentres trata de entender a razón da separación dos seus pais e da marcha do pai, con quen tiña unha gran complicidade e recibía agarimo e comprensión. Ten boa relación co seu irmán e apóiala na relación amorosa que mantén cunha rapaza que non é do agrado da nai, e sobre todo refúxiase na comprensión que atopa na súa avoa, que trata de restar importancia ao seu comportamento rebelde e ás amigas imaxinarias que a nai, abrumada pola educación dos fillos e o seu futuro persoal, sospeita que ten ás súas costas. Nárranse as vivencias de Eva e o resto da súa familia durante as vacacións de verán no ático que posúen na costa e achégase luz sobre os amigos imaxinarios que o pai e o avó paterno de Eva mantiveron ocultos para que os demais non pensasen que tiñan

problemas psiquiátricos. A maior parte da trama céntrase na razón da estraña relación de amizade e desexo que nace en Eva respecto a un anxo que a visita na súa habitación antes do mencer e nas mentiras que a rapaza inventa para que os seus pais non saiban da súa existencia e pensen que imaxina falar coa súa irmá morta. Ademais Eva oculta esta relación mesmo á súa mellor amiga, unha rapaza moi extrovertida que lle axuda a vencer a súa timidez diante dos rapaces.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Un anxo na vida”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 29 xuño 2013, p. 55/ *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 677, “mpm”, “Anaquel dos libros”, 7 xullo 2013, p. 8.

Preséntase a última novela de Marina Mayoral, editada en Xerais, como unha novela chea de sensibilidade e descubrimentos vitais. Dise que Eva ten case trece anos, unha familia inestábel e un anxo co que inicia unha relación até un punto de non retorno. Indícase que reflicte a necesidade de Eva de artellar o seu propio mundo, rodeada dun mundo imperfecto de adultos: pais separados, nai cun home namorado dela, pai do que leva tempo afastada e avoa que fala co marido falecido. Apúntase que retrata un mundo entre a imaxinación e a realidade con posíbeis tintes autobiográficos.

- Xosé Luis Franco Grande, “A mestría de Marina Mayoral”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 529, “Letras en galego”, 3 agosto 2013, pp. 8-9.

Celébrase a nova novela de Marina Mayoral, cualificándoa como densa, ben traballada e artellada. Saliéntase a exploración do carácter ilusorio da realidade por medio de Eva, a naturalidade coa que coexisten os personaxes e o retrato fiel das miserias e servidumes cotiás. Recoñécese a mestría existente neste enfiado de realidades que poderían chegar a semellar contraditorias, sen esquecer unha prosa clara e suxerente, cun ritmo sostido.

- Ramón Nicolás, “Cando os sonos poden ser reais”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 523, “Letras en galego”, 22 xuño 2013, p. 8.

Saliéntase o necesario pacto de complicidade que o lectorado debe asinar de entrada para poder avanzar nunha novela de filiación realista que non deixa de sorprenden: un anxo dialoga cunha protagonista adolescente chamada Eva. Indícase que o traballo coa materia fantasiosa acompaña a vehiculización dos problemas dunha sociedade actual, como as relacións que xermolan en certos ámbitos familiares. Apúntase o emprego do diálogo e os monólogos que serven case como diario.

- Dolores Martínez Torres, “Impostado realismo”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 425, “Letras galegas”, 26 setembro 2013, p. 10/ *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 473, “Libros”, 17 outubro 2013, p. VI/

Refírese ao argumento, personaxes, estrutura e linguaxe desta obra de Marina Mayoral. Destácase o ornamento máxico que incorpora a autora a unha novela de cariz realista que trata dunha rapaza chamada Eva que se namora dun anxo, un amor que acaba en desilusión. Saliéntase o acerto das inexplicadas visións nun contexto de “impostado realismo”, reincidente nos problemas dunha familia moderna do estado de benestar.

Críticase a superficialidade e convencionalidade de personaxes e ambientes e a simplicidade e descoidos lingüísticos, chegando a cuestionar que a obra sexa unha tradución ao galego feita descoidadamente sobre un orixinal castelán. Finalmente defínese como “unha verdadeira acumulación de tópicos”.

- Marta Veiga, “Marina Mayoral novela amor e sexo a través dos ollos dunha nena de 13 anos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 15 novembro 2013, p. 54.

Coméntase a presentación desta novela en Lugo na librería Biblos. Refírese a *La sombra del Ángel*, unha obra anterior da mesma autora na que introduce un anxo no relato. Indícase que esta nova novela tamén incorpora un anxo, aínda que nunca se refire a el como tal, senón como “ser alado” para deixalo á imaxinación do lector. Apúntase que se introducen temas como o amor ou o sexo, a través dunha personaxe principal de trece anos. Saliéntase que reabre o debate do consentimento sexual en España, que as personaxes femininas son fundamentais e que introduce temas como a amizade íntima entre rapazas e os malos tratos contra as mulleres.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, “Gústame que sexa o lector quen decida o que quere crer”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 xuño 2013, p. 43.

Recóllense algunhas consideracións de Marina Mayoral sobre a súa última obra que presentou onte na Librería Couceiro de Santiago, considerándoa unha narración sobre o amor nas fronteiras do real.

- Lourdes Varela, “As miñas novelas adoitan ser relatos que van medrando”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 464, “Entrevista”, 27 xuño 2013, p. V/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 416, “Entrevista”, 29 xuño 2013, p. 11.

Entrevístase a Marina Mayoral, escritora e catedrática de literatura española, con motivo da súa última novela, *O anxo de Eva*, da que analiza a personaxe protagonista, o uso do humor, a tradución a castelán, entre outras cuestións literarias.

- Ramón Rozas, “Sempre levo a nube comigo”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 676, “Mil primaveras máis”, “Entrevista”, 30 xuño 2013, pp. 6-7.

Realízase unha entrevista a Marina Mayoral, con motivo da recente publicación da novela *O anxo de Eva* en Xerais, un texto sobre o amor, a imaxinación e a realidade. Ofrécese un perfil da autora mindoniense, catedrática de literatura española.

- Nicolás Vidal, “Temos que permanecer abertos aos misterios da nosa existencia”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 1 agosto 2013, p. 16.

Entrevístase á escritora mindoniense Marina Mayoral, aproveitando a súa visita á exposición “Perfis de realidade” de José Loureiro, que acolle o Centro Torrente Ballester. Fálase da súa relación coa plástica e da súa última novela, *O anxo de Eva*.

Muñiz, Sabela, *A porta de Europa*, Vigo: Ediciones Redelibros, decembro 2013, 274 pp. (ISBN 978-84-940538-4-9)

Novela de xénero negro de Sabela Muñiz (Vilagarcía de Arousa, 1985), relatada por un narrador omnisciente e dividida en trinta capítulos, que versa sobre o enfrontamento entre clans galegos que se dedican ao negocio da droga. Bernardo Soutomaior, o capo máis grande do país, sae do cárcere e comeza a pescudar quen foi a persoa que o traizoou. Pedro, fillo de Nito, o antagonista de Soutomaior, descobre os homes do capo que están de volta na cidade e comeza o enfrontamento entre familias. Os narcos colombianos queren introducirse en Galicia e facerse co mercado. Belinda Olivares capta a Toniño, fillo de Nito, para tal fin. Súa irmá, Rosa, mantén unha relación sentimental con David, policía especialista en narcotráfico, que se involucrará na loita que acabará con mortes e desenlaces fatídicos. A trama principal corre parella a outros episodios, escritos en cursiva, que se intercalan cada dous capítulos e que ofrecen datos e perspectivas doutros personaxes que non figuran nela, como o home da chave pendurada no pescozo, que aporta suspense. Inclúe os agradecementos e unha nota expiatoria ao final na que Muñiz deixa claro que, malia basearse en feitos reais, se trata dunha historia de ficción e descúlpase por certos comentarios que hai no texto e que poden danar a sensibilidade das persoas afectadas polo problema do narcotráfico.

Neira Vilas, Xosé, *Aquel neno*, Ferrol: Edicións Embora, xullo 2013, 174 pp. (ISBN: 978-84-92644-62-9).

Compilación de historias de corte autobiográfico de Xosé Neira Vilas (Vila de Cruces, Pontevedra, 1928) ilustradas por Xosé Vizoso, que se abre co paratexto en forma de dedicatoria: “A todos os veciños da parroquia de Gres e arredores que foron nenos e nenas canda min. A todos e a todas, ós que siguen vivindo no eido orixinario, ós que morreron, e ós que están lonxe. Caben xuntos nesta evocación dunha infancia máis ou menos compartida”. Segue unha “Motivación”, na que o autor destaca a relevancia da infancia no resto da vida e explica que o neno do que escribe non só é el, senón que coincide con “todos os nenos e nenas veciños meus, e os de centos de parroquias dos arredores, e os de toda Galicia, e máis alá de Galicia”. Ademais, expresa Neira Vilas o seu agradecemento a Miguel Toval, de Edicións Embora, e ao ilustrador. O texto componse de cento sesenta e cinco historias intitoladas e complementadas con cadanseu debuxo, nos que un narrador omnisciente e en terceira persoa conta a vida cotiá dun neno, dende o momento do seu nacemento e ao longo da súa nenez. Na obra están presentes diferentes temas, como a infancia, o mundo rural, a familia, a pobreza, a emigración, a escola, a relixión, as tradicións, a morte, a guerra, os sonhos e o descubrimento do mundo.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Aqueles anos de Neira”, *Atlántico Diario*, “La Revista”, n.º 89, “Con texto”, 1 setembro 2013, p. 12.

Sáúdase o último libro de Xosé Neira Vilas, en Edicións Embora, que conta cun transfondo aldeán, a salvación de costumes, oficios, hábitos, músicas e letras, acompañados dun delicado emprego do idioma e de ilustracións de Xosé Vizoso.

Considerándoo paráfrase e explicación e celebrando ao autor por contar cun dos “long long sellers” da historia da literatura galega –*Memorias dun neno labrego*–, péchase a reseña.

- Ramón Loureiro, “Memorias daquela infancia tan distinta”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, nº 530, “Lembranzas”, 10 agosto 2013, p. 9.

Saúdase o novo título da editorial ferrolá Embora, de Xosé Neira Vilas, considerándoo unha recompilación das lembranzas dos seus primeiros anos coherentemente ilustrado por Xosé Vizoso. Saliéntanse o valor documental ou de testemuño da Galicia da primeira metade do século pasado, o valor estético no seu conxunto e a súa engrenaxe no universo Neira Vilas. Sublíñase a poeticidade e delicadeza emotiva dalgunhas escenas, como a da noite de Reis.

Referencias varias:

- Miguel Rodríguez, “Una cita más con el libro”, *La Opinión*, “A Coruña”, 23 xullo 2013, p. 12.

Anúnciase a XLII Feira do Libro nos xardíns de Méndez Núñez do 1 ao 11 de agosto, que contará con trinta e sete casetas e unha mancha de citas cos escritores máis activos do panorama galego actual. Ademais indícanse que se presentarán *Todos os días*, de Alberto Ramos; *Faneca brava*, de Manuel Portas; *Cadeas*, de Xabier López; *Retallos dunha infancia*, de Bautista Álvarez; *Cancela aberta* e *Aquel neno*, de Xosé Neira Vilas.

- Rodri García, “Los libros salen en busca de lectores”, *La Voz de Galicia*, “*Especial Fiestas de María Pita 2013*”, 1 agosto 2013, pp. 28-29.

Faise eco do inicio da Feira do Libro da Coruña, que se celebrará durante once días nos xardíns de Méndez Núñez, tras o pregón da poeta Yolanda Castaño. Presentaranse volumes como *Noite branca*, de Francisco Fernández Naval; *Laura no deserto*, de Antón Riveiro Coello; *Bícame, Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Cancela aberta* e *Aquel neno*, de Xosé Neira Vilas; *Nicomedes o pelado*, de Pinto&Chinto; *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* (2012), de Ramón Nicolás; ou *Fadita Fosca*, de Miguel Vázquez Freire.

- Alberto Martínez, “Se abre la Feira do Libro de A Coruña, con caseta ‘outlet’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 agosto 2013, p. 38.

Infórmase da apertura da 42ª Feira do Libro da Coruña, que durará once días nos xardíns de Méndez Núñez e que contará con trinta e sete casetas e cunha mancha de presentacións da man de escritores como *Aquel neno*, de Xosé Neira Vilas, etc.

- José M. Ramos, “Neira Vilas será pregonero en la Feira do Libro de Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 641, 7 agosto 2013, p. 6.

Anúncianse a inauguración e as actividades da Feira do Libro de Cee, entre as que salienta a presentación das obras *Cancela aberta* e *Aquel neno*, de Xosé Neira Vilas, quen será encargado do pregón da semana literaria.

- J. M. Ramos, “Una semana de literatura con la Feira do Libro 2013”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 647, 13 agosto 2013, p. 9.

Infórmase da celebración da Feira do Libro na localidade de Cee que contará entre outras actividades, coa presenza de Xosé Neira Vilas, quen presentará as obras *Cancela Aberta* e *Aquel Neno*. Dise que tamén se contará con Xosé María Lema Suárez quen presenta *Costa de Solpor*; Seixo Iglesias con *Viaxe ao interior da fenda*; Miguel Vázquez Freire con *Fadita Fosca* e César Ariza con *Contos de sonhos e sombras* (2012). Indícase tamén que se realizará unha sesión de contacontos con Ana María Martínez, Jesús Toba e María José Rey que presentarán *O corvo de Roque*.

- José M. Ramos, “Literatura, música y pan a pie de calle en Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 649, 15 agosto 2013, p. 6.

Faise eco da celebración en Carballo da Praza dos Libros onde asistirá Xosé Neira Vilas para presentar dúas das súas novelas *Aquel neno* e *Cancela Aberta*. Indícase que tamén se presentan os discos de Najla Shami *A lingua que eu falo* e Uxía con *Rosalía Pequeniña*.

- José M. Ramos, “Rivas y Neira Vilas visitan la Praza dos Libros de Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 345, 25 agosto 2013, p. 6.

Alúdese á presenza de Manuel Rivas e Xosé Neira Vilas na Praza dos Libros de Carballo. Sinálase que Rivas asinou exemplares de *As voces baixas* e Neira Vilas presentou *Aquel neno* e *Cancela aberta*.

- C. G., “Neira Vilas e Rivas visitaron a Praza dos Libros de Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 660, 26 agosto 2013, p. 7.

Fálase da última xornada da Praza dos Libros de Carballo na que asistiu Manolo Rivas para presentar a súa obra *As voces baixas*. Dise que Neira Vilas tamén participou falando de dúas das súas obras: *Aquel Neno* e *Cancela Aberta*.

Parga, Concha, *Viaxe en círculo*, pról. Miguel Anxo Fernán-Vello, A Coruña: Edicións Galebook, col. Novel, 2013, 102 pp. (ISBN: 978-84-940735-4-0).

Conxunto de trece relatos breves de Concha Parga nos que se narran fragmentos da realidade dos seus protagonistas, alternando nas diferentes historias entre un narrador en primeira persoa protagonista e un narrador en terceira persoa omnisciente e empregando un estilo caracterizado polo uso dunha linguaxe sinxela. Iníciase con dúas citas de Heráclito de Éfeso e Silvio Rodríguez, seguidas dunha dedicatoria da autora. A continuación reproducése o “Prólogo” de Miguel Anxo Fernán Vello, no que se anuncian as liñas mestras da prosa de Parga e se felicita á autora pola súa obra. Seguidamente, reproducense os trece relatos diversos dende o punto de vista temático, pero caracterizados todas eles por afondar no mundo interior dos personaxes. No primeiro relato, “Recendos”, unha muller evoca a súa infancia durante a posguerra. “Rosas amarelas” recrea o último día dunha xubilada que decide poñerlle fin á súa vida para reencontrarse co seu defunto marido. En “Quixera ser pianista” cóntase a historia

dun home que ve realizado na súa filla o seu soño de ser pianista. “A acacia” relata unha fugaz historia de amor. “Non usarás o nome da liberdade en van” dá conta da relación amorosa entre unha moza dunha familia acomodada e un activista político que remata cun tráxico final. “Avaría” achégase á vida dunha muller independente e profesional que ten que decidir como afrontar a grave enfermidade que lle acaban de diagnosticar. En “Arañeiras” o protagonista decide cambiar de vida despois de demasiados anos compracendo os demais. “Depredadores” dá conta da historia dun home que atopou na caza unha vía de escape á súa monótona existencia. “Abismo” achégase á vida dunha muller cunha infancia trágica que condicionou o resto dos seus días. “Ao outro lado do tempo” narra a reconciliación de dous amantes logo de que un deles sufrise un accidente que case acaba coa súa vida. En “Viaxe ao infinito” a protagonista é unha muller con problemas mentais. “A derradeira oportunidade” recrea un fragmento da vida dun enfermo terminal. Por último, “Viaxe en círculo”, conta os pensamentos dunha muller encerrada nun corpo de home. Pecha cuns “Agradecementos” da autora, que van seguidos dos epígrafes “Concha Parga” e “Publicacións”, nos que se ofrecen datos sobre a súa vida e obra.

Paz, Xabier, *As vidas de Nito*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, n.º 335, abril 2013, 398 pp. (ISBN: 978-84-9914-487-0).

Novela de Xabier Paz (A Coruña, 1949) sobre a complexidade vital, dedicada “A Carme, luzada; a Merce madriña e a Vitor padriño de Nito”. Preceden o texto dúas citas de *Eclesiastés* e *Teses sobre a filosofía da Historia*, de Walter Benjamín, verbo do tempo e o pasado. Cun predominio dun narrador omnisciente en terceira persoa, estrutúrase en trinta e sete capítulos intitúlados, nos que Casiano Cendán Rocha (Nito) lle relata á súa neta Aldara as múltiples historias que compoñen a súa biografía, que non son senón un conxunto de vidas. As conversas entre o avó e a neta desenvólvense na residencia en que o home, enfermo, pasa os seus últimos días, e nelas están presentes a evocación dos anos pretéritos, o amor, a familia, a importancia das decisións, as dificultades nas relacións humanas e o peso dos erros cometidos. As referencias á Historia e á Bioloxía son unha constante no volume.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Memorias da existencia”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 520, “Letras en galego”, 1 xuño 2013, p. 8.

Saúdase o retorno de Xabier Paz á narrativa cinco anos despois da súa última novela con *As vidas de Nito*, na que volve apostar polo esforzo estilístico. Indícase que a obra trata os derradeiros días de Casiano quen interno nunha residencia, rememora a súa vida a través do diálogo coa neta, Aldara, e das conversas co seu amigo Valentín e dunha corrente de consciencia. Reflexiónase sobre o motivo clásico do pasar do tempo nunha novela-río pródiga en personaxes e en saberes.

- Xosé Carlos Caneiro, “Literatura e luz”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 521, “A outra mirada”, 8 xuño 2013, p. 10.

Recoméndase e coméntase, de modo moi persoal, a obra de Xabier Paz, especialmente a súa última achega novelística, *As vidas de Nito*, “ensarillada na memoria e na nostalxia”, circunstancia que aproba e celebra, así como o ton diferenciador da prosa do autor.

- Montse Pena Presas, “Palabras sandadoras”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 464, “Libros”, 27 xuño 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 416, “Letras galegas”, 29 xuño 2013, p. 10.

Coméntase que esta novela do biólogo Xabier Paz trae ao primeiro plano a temática do paso do tempo. Dise que se inicia a modo de monólogo intimista, permitindo ver as conversas de Casiano Cendán, a súa neta Aldara e, por veces, o seu amigo Valentín, cos que se vai facendo memoria. Formúlase que a única pexa é a intercalación de numerosas digresións eruditas de moi diferente signo, que se sobrepoñen a unha novela xa calmada de por si.

Referencias varias:

- Ana González Liste, “Con los libros a la playa”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xullo 2013, p. 48.

Anúnciase o remate da Feira do Libro de Vigo e con ela, preguntando ás librerías e libeiros, propóñense algúns posíbeis títulos para gozar da lectura nos meses de verán, como as novelas *Bícame*, *Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Faneca Brava*, de Manuel Portas; *As vidas de Nito*, de Xabier Paz; *En vías de extinción*, de María Reimóndez; *Os xornalistas utópicos*, de Manuel Veiga; e de Literatura Infantil e Xuvenil a antoloxía *Un rato díxolle á Lúa*, de Antonio García Teijeiro e *A nena á que non deixaban ser feliz*, de Miguel Ángel Alonso Díez.

Portas, Manuel, *Faneca brava*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, n.º 336, 2013, 276 pp. (ISBN: 978-84-9914-503-7).

Novela de Manuel Portas (Barcelona, 1960) na que o personaxe de Fernando reconstrúe a vida da súa curmá, Concha, alcumada “Faneca Brava” e que é considerada como a ovella negra dos Pereira, unha familia dominada pola fachenda e pola preocupación polas aparencias. O periplo vital da protagonista desenvólvese entre Galicia e Barcelona, lugar onde a familia deixa de ter noticias dela. No proceso de busca da verdade a imaxe social dos Pereira queda seriamente danada, afectando ao propio narrador. O relato componse de vinte capítulos distribuídos en tres partes (“Estirpe”, “A obsesión” e “A vinganza pola man”) aos que se engade unha Coda. Trátanse o cuestionamento das actitudes hipócritas no plano social, a reivindicación da fidelidade ao ser esencial, o feminismo, a dignidade, a precariedade das relacións interpersoais dentro do ámbito familiar, a herdanza atávica e o seu influxo na construción da personalidade.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Contra as aldraxes”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 518, “Letras en galego”, 18 maio 2013, p. 8.

Preséntase a terceira novela de Manuel Portas, autor que asume que cada obra ha de ser distinta. Indícase que opta pola historia dunha muller inconformista e rebelde dende pequena que debe superar unha serie de dificultades. Saliéntase a meditada arquitectura da novela, o deseño perfectamente individualizado dos personaxes, o esquema coral da saga familiar, a sensibilidade do rexistro literario e o convincente papel da protagonista.

- Xosé Carlos Caneiro, “Doutrina”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 523, “A outra mirada”, 22 xuño 2013, p. 10.

Lamenta a falta de imparcialidade na narrativa galega á hora de asignar grupos de valores de modo maniqueo, pois o “falso” está sempre ligado aos personaxes de dereitas, conservadores, católicos e de escasas luces; mentres que a liberdade, a creatividade ou a xenerosidade están sempre ligados ás esquerdas. Apunta como exemplo, con desgusto, *Faneca brava*, de Manuel Portas, que sitúa na mesma fileira doutros libros “menores” como *Os libros arden mal*, de Manuel Rivas, paradigma deste tratamento doutrinario.

- Dolores Vilavedra, “Narrativa de calidade”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 199, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 78-79.

Destácase o estilo propio da obra, cun alto grao de elaboración, e a calidade da historia, baseada nunha desaparición. Sinálase que a acción e a intriga se combinan con apuntamentos introspectivos e sociolóxicos. Destácase a importancia das personaxes femininas nesta e noutras obras do autor como *Un dedo manchado de tinta* e *Denso recendo a salgado* (2010). Saliéntase que o papel da protagonista se ve potenciado polo da súa irmá. Apúntanse outros aspectos da obra coma os trazos metaliterarios, as liortas familiares pola herdanza, a dimensión de novela xeracional, o dominio do estilo indirecto do autor e o inesperado final.

- Vicente Araguas, “As fanecas bravas traban”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 788, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 788, p. 30, 11 agosto 2013.

Coméntase a complexidade argumental e o importante censo de personaxes desta novela, finalista do Premio Xerais. Agradécese a historia realista e dura, baseada na traxectoria de Concha, que deixa a vila galega na que transcorre a historia para marchar a Barcelona, cansa do ambiente pechado e opresivo da aldea. Saliéntase tamén a “Coda”, cunha elipse moi cinematográfica.

- Armando Requeixo, “Segredos de familia”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 467, “Libros”, 5 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 419, “Letras galegas”, 14 setembro 2013, p. 10.

Salienta que esta obra foi finalista do Premio Xerais 2012 e que o título se refire ao pseudónimo da protagonista. Indica que é unha historia de segredos familiares “arquitecturizada a partir dunha xenuína ensamblaxe subxenérica” entre o introspectivo psicolóxico e o detectivesco. Apunta o “intelixente manexo” das voces narradoras que

entrelazan a primeira e terceira persoa. Tamén comenta que ofrece unha viaxe espazotemporal pola Galicia e a España da Posguerra, a Transición até os nosos tempos; e que a trama está “inzada de referencias metaliterarias e multiartísticas”.

Referencias varias:

- Joel Gómez, “Fago a biografía dunha muller demonizada”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 20 abril 2013, L2.

Entrevista a Manuel Portas, profesor e director do IES Xelmírez I de Santiago de Compostela con motivo da publicación da súa terceira novela, *Faneca brava*. Fala do seu argumento e dos protagonistas.

- C. G., “Manuel Portas presentó el libro ‘Faneca Brava’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 maio 2013, p. 28.

Infórmase da presentación, no marco da Feira do Libro de Santiago de Compostela, da obra *Faneca Brava*, editada por Xerais, que constitúe o terceiro libro de narrativa longa de Manuel Portas.

- Ana Calvo, “El público infantil fue ‘culpable’ del éxito de la Feira do Libro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 maio 2013, p. 16.

Realízase unha valoración da Feira do Libro recén pechada no parque da Alameda compostelá, salientando como máis vendidas *Faneca Brava*, de Manuel Portas, e algúns dos libros da efeméride dedicada a Roberto Vidal Bolaño, como as súas obras completas e o audiovisual *Un chapeu negro e un nariz de paiazo. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño*, con textos de Montse Pena Presas e imaxes de Gonzalo Enríquez Veloso.

- J. Gómez, “La feria del libro ganó público pero las ventas se mantuvieron”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 6 maio 2013, L3.

Realízase unha valoración, en termos de público e vendas, da Feira do Libro de Santiago de Compostela. Dise que foi un éxito de vendas a última novela de Manuel Portas, Alfonso Eiré e Miguel Anxo Prado, entre outros.

- M. M. O., “A novela de Portas chega ó Milladoiro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 569, 27 maio 2013, p. 4.

Anúnciase a presentación da nova novela de Manuel Portas, no café Babia do Milladoiro, que contou coa presenza de Pilar Candocia e Dolores Vilavedra.

- Ana González Liste, “Alameda de letras y sombras”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 3 xullo 2013, p. 8.

Infórmase da apertura da 39 edición da Feira do Libro en Vigo, situada na Praza de Compostela. Dise que Manuel Portas presentará a súa última obra.

- Ana González Liste, “Con los libros a la playa”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xullo 2013, p. 48.

Anúnciase o remate da Feira do Libro de Vigo e con ela, preguntando ás librerías e librerías, propóñense algúns posibles títulos para gozar da lectura nos meses de verán, como as novelas *Bícame*, *Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Faneca Brava*, de Manuel Portas; *As vidas de Nito*, de Xabier Paz; *En vías de extinción*, de María Reimóndez; *Os xornalistas utópicos*, de Manuel Veiga; e de Literatura Infantil e Xuvenil a antoloxía *Un rato díxolle á Lúa*, de Antonio García Teijeiro e *A nena á que non deixaban ser feliz*, de Miguel Ángel Alonso Díez.

- Miguel Rodríguez, “Una cita más con el libro”, *La Opinión*, “A Coruña”, 23 xullo 2013, p. 12.

Dáse conta da XLII Feira do Libro nos xardíns de Méndez Núñez do 1 ao 11 de agosto, que contará con trinta e sete casetas e unha mancha de citas cos escritores máis activos do panorama galego actual. Ademais indícanse que se presentarán *Todos os días*, de Alberto Ramos; *Faneca brava*, de Manuel Portas; *Cadeas*, de Xabier López; *Retallos dunha infancia*, de Bautista Álvarez; *Cancela aberta* e *Aquel neno*, de Xosé Neira Vilas.

Puentes, Hixinio, *Winnipeg*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 334, febreiro 2013, 236 pp. (ISBN: 978-84-9914-102-2).

Novela histórica de Hixinio Puentes (Porto do Barqueiro, 1952) que xira arredor da fuxida duns republicanos españois ao continente americano a bordo do barco Winnipeg, nun contexto de violencia e coerción orixinado na sublevación militar de 1936 e a piques de comezar a Segunda Guerra Mundial. Unha voz narrativa en primeira persoa conta a historia da vida de Manuel Pita Armada, que é tamén a historia da vila de Cariño durante a represión franquista. Manuel e os seus irmáns, Vicente e Pepe, vense obrigados a marchar da terra debido á súa relación cun sindicato anarquista. Estando nun campo de concentración francés teñen noticia de que o Winnipeg, un cargueiro canadense, vai ser fretado (entre outros, por Pablo Neruda) e collerá rumbo a Valparaíso, en Chile. Finalmente, conseguen embarcar xunto a outros moitos exiliados que escapan da dura situación derivada do levantamento nacional en España. Non obstante, naquel país da outra beira do Océano Atlántico agardará unha nova etapa de ameazas e violencia e serán moitas as represalias, como o asasinato do presidente Salvador Allende.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Mares de fuga”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 456, “Libros”, 2 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 408, “Letras galegas”, 4 maio 2013, p. 10.

Preséntase a nova obra de Hixinio Puentes, publicada en Xerais, cun claro protagonista do mar e a historia. Indícase que a odisea do Winnipeg, vello cargueiro fretado por Pablo Neruda, que zarpou de Burdeos a Valparaíso cargado de refuxiados españois

procedentes dos campos de concentración franceses, se liga coa historia dunha familia, a dos Pita Armada, fundadores do sindicato pesqueiro de Cariño. Malia recoñecerlle a veracidade e o seu carácter histórico e memorialístico, láméntase minimamente o exceso detallista dalgunhas páxinas, que queren converter o traballo de Hixinio Puentes nunha crónica minuciosa de experiencias vitais.

- Ramón Nicolás, “Guerra, memoria e mar”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 522, “Letras en galego”, 15 xuño 2013, p. 9.

Coméntase a nova achega novelística do escritor Hixinio Puentes, editada en Xerais. Indícase que, a modo de memorias ou crónicas, a novela conta as vivencias da familia de Manuel e Pita Armada, que inclúen as vicisitudes na Guerra Civil até o exilio chileno e a morte de Allende. Saliéntase a tonalidade do discurso para testemuñar acontecementos históricos e a rigorosa documentación previa, mostrada con axilidade e fluidez.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, “Hixinio Puentes relata a odisea da familia Pita Armada e a axuda de Pablo Neruda”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 3 marzo 2013, p. 11.

Entrevístase a Hixinio Puentes, con motivo da aparición da súa última novela en Xerais, *Winnipeg*, que conta a historia da familia Pita Armada, de Cariño, e a súa viaxe en barco até Chile.

Ramos, Alberto, *Todos os días*, XIII Premio Risco de Creación Literaria, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa, 2013, 263 pp. (ISBN: 978-84-7824-630-4). ■

Novela de Alberto Ramos (Santiago de Compostela, 1986) que presenta dúas dedicatorias: “A todos os compañeiros e a todas as compañeiras que traballaron nese delirio chamado *Xornal*” e “A todos os traballadores, con ou sen emprego, que se erguen todos os días”. Os dezasete capítulos que compoñen a obra divídense en oito seccións, que levan por título o día en que se desenvolve a acción narrativa até completar a semana enteira e o principio da seguinte na que suceden os feitos relatados. A ficción narrativa toma como protagonista a Iván, un xornalista novo desempregado tras ter pechado o xornal no que traballaba. O narrador relata en terceira persoa e cunha perspectiva identificada co protagonista as vivencias deste durante unha semana na que fai fronte á súa situación persoal e laboral. Os temas presentes son o fracaso, a alienación laboral do individuo como eixo dunha derrota íntima, o desemprego, as circunstancias vitais da chamada “xeración perdida”, o cuestionamento da febleza das relacións persoais en momentos críticos e o deterioro da profesión xornalística. En canto ao estilo, hai un uso elaborado da retranscrición e do humor amargo para sinalar o fracaso do personaxe e da sociedade nun contexto de crise.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “A vida como unha montaña rusa”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 525, “Letras en galego”, 6 xullo 2013, p. 9.

Reséñase a publicación do Premio Risco de Creación literaria 2012, *Todos os días*, novela de Alberto Ramos que recolle a desacougante realidade dun xornalista desempregado. Dise que o autor, que se dera a coñecer na canteira do Premio Biblos-Pazos de Galicia, e posteriormente obtivera o premio de Novela por Entregas de La Voz de Galicia, espella aquí as vivencias dun xornalista que vén de quedar no paro, debuxando o seu espiral proceso de autodestrución. Entre documento ficcional ou crónica novelada, salientase o acerto na descrición do estado de desorientación, frustración e cansazo.

- Laura Blanco Casás, “Colectiva depresión”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 469, “Libros”, 19 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 424, “Letras Galegas”, 28 setembro 2013, p. 10.

Faise referencia á última obra de Alberto Ramos, onde se trata a xeración perdida, representada a través da personaxe principal, Iván, un xornalista en paro debido a un ERE de extinción, quen relata o seu día nun catre, sen atopar modo de saír dun círculo depresivo e destrutivo. Sinálase a posibilidade de ser o protagonista un trasunto do propio autor, o que achegaría a obra á autoficción, para despois lembrar que Alberto Ramos a considera ficción novelística. Remátase facendo referencia á situación actual, e á lectura da novela dende a “depresión colectiva”, un pesimismo instalado na sociedade.

- Inma Otero Varela, “Dous xornalistas, dúas aproximacións á soidade”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 200, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 88-89.

Coméntanse *Todos os días*, de Alberto Ramos, gañadora do Premio Risco de Creación Literaria, e *Fin de poema*, de Juan Tallón, galardoada co Premio Loureiro Rey de Novela Curta, ambas as dúas obras publicadas pola editorial Sotelo Blanco. Sinálase que a obra de Alberto Ramos integra a corrente literaria do realismo indignado, xunto coa doutros autores como Samuel Solleiro, Alberto Lema e Diego Ameixeiras. Apúntase que a obra trata o labor xornalístico e o desmantelamento dos medios galegos e en galego, coma *Os xornalistas utópicos*, de Manuel Veiga. Destácase que a historia principal é o despido por peche dun xornal e a anulación do traballador, que se artella a través dunha estrutura circular baseada na repetición de motivos, frases, prototipos de personaxes, tempo interno e linguaxe. Sinálase que *Fin de poema* é unha obra metaliteraria que recrea os últimos días de catro escritores suicidas, reproducindo estilisticamente as poéticas de cada un, na que o desencontro coa escrita remite á morte. Indícase que os capítulos da obra alternan dun personaxe a outro e que os obxectos do cotián serven para situar os autores. Por último, destácase que as dúas novelas afondan na renuncia e na ruptura interior, razón pola cal comparten espazos pechados e unha narración en estilo indirecto libre, ademais de presentar a sociedade actual coma un lugar inhóspito e unha fuxida cara ao esvaecemento.

- Diego Ameixeiras, “A gran broma final”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 538, “Letras en galego”, 12 outubro 2013, p. 9.

Coméntase que esta novela se centra no xornalista Iván Regueira, quen recibe a noticia do peche do xornal onde traballa e decide “deixarse morrer”. Dise que é a terceira obra do autor compostelán e que afianza unha traxectoria literaria, iniciada cando aínda era estudante de xornalismo e subliñada con premios coma o Biblos-Pazos de Galicia, o Premio de Novela por entregas de La Voz de Galicia e o Vicente Risco de Creación literaria.

Referencias varias:

- Miguel Rodríguez, “Una cita más con el libro”, *La Opinión*, “A Coruña”, 23 xullo 2013, p. 12.

Anúnciase a XLII Feira do Libro nos xardíns de Méndez Núñez do 1 ao 11 de agosto, que contará con trinta e sete casetas e unha mancha de citas cos escritores máis activos do panorama galego actual. Ademais indícanse que se presentarán *Todos os días*, de Alberto Ramos; *Faneca brava*, de Manuel Portas; *Cadeas*, de Xabier López; *Retallos dunha infancia*, de Bautista Álvarez; *Cancela aberta* e *Aquel neno*, de Xosé Neira Vilas.

Reigosa, Carlos G., *A vitoria do perdedor*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, n.º 324, febreiro 2013, 236 pp. (ISBN: 978-84-9914-398-9).

Novela histórica de Carlos G. Reigosa (*A Pastoriza*, 1948) que se abre cunha cita de Albert Camus sobre a represión sufrida en España debido ao levantamento dos nacionais e o posterior franquismo: “Foi en España onde a miña xeración aprendeu que un pode ter razón e ser derrotado, que a forza pode destruír a alma, e que ás veces a coraxe non obtén recompensa. Isto explica sen dúbida por que tantos homes no mundo consideran o drama español como unha traxedia persoal”. Estrutúrase en vinte e tres capítulos, ao longo dos cales un narrador omnisciente e en terceira persoa conta os acontecementos vividos polo guerrilleiro Arcadio Macías dende que a moza Eulalia o salva da morte nun ataque en Regueirón. Agochado na casa familiar de Eulalia, en Abeledo de Valterra, o protagonista decide vingar as inxustizas silenciadas que foron cometidas na comarca. Finalmente, emprende unha viaxe a Santiago de Compostela, cidade á que se dirixe co obxectivo de seguir a tomar a xustiza pola súa man. Trátase da historia dun loitador que perdeu na Guerra Civil, pero que non asume a derrota, senón que continúa a batalla na procura da vitoria. A obra recolle o ambiente de desconfianza, violencia e coerción durante a posguerra.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Libre ou morto”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 510, “Letras en galego”, 16 marzo 2013, p. 10.

Preséntase a última novela de Carlos G. Reigosa, *A vitoria do perdedor*, editada en Xerais, indicando que non é estraño que o autor quixese recuperar un capítulo substancial da historia galega como é a resistencia armada ao franquismo. Apúntase que o motivo escollido é un enfrontamento armado entre membros da guerrilla antifranquista e a Garda Civil que sucedeu o 20 de abril de 1949 entre dúas parroquias

de Monforte de Lemos e a Pobra do Brollón. Dise que a espera, as contradicións internas ou conflitos morais son algúns dos temas dun libro que se intúe documental na súa xusta medida.

- Armando Requeixo, “O último anarquista”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, n.º 768, “letras Atlánticas”, p. 31/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 768, “letras Atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 768, “letras Atlánticas”, p. 33, 17 marzo 2013.

Sáúdase o novo libro do narrador e ensaísta pastoricense Carlos G. Reigosa, explicando a conexión de escenarios e motivos cos escenarios e motivos de toda a súa obra anterior, dado que a novela escolle a loita dun dos derradeiros maquis galegos, Arcadio Macías Albite, que acaba por ver morrer os seus compañeiros de agrupación no casal montañés dunha moza da que se namora, e decide, como guerrilleiro, rematar cuns falanxistas locais. Saliéntase a construción do personaxe, o tratamento do amor e os dilemas, disculpando a elevación sapiencial dalgúns personaxes e certos lugares comúns.

- Francisco Martínez Bouzas, “Sangue por sangue”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 457, “Libros”, 9 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 409, “Letras galegas”, 11 maio 2013, p. 10.

Comézase presentando a intriga principal: Arcadio Macías, anarquista fuxido, sálvase dunha fatal emboscada e, mentres prepara a súa escapada a Francia, decide erixirse “en asasino benéfico” dun grupo de falanxistas do lugar. Laméntase a univocidade e previsibilidade dalgúns personaxes, que pode afectar a empatía dos lectores, así como a sinxeleza da situación e de certas frases; se ben se recoñecen valores coma o de ilustrar a cronoloxía do movemento anarquista na periferia da Guerra Civil por medio da traxectoria de Arcadio, ou o contrapunto reflexivo.

Referencias varias:

- Enrique Clemente, “Cuando empieza la violencia, ya no se puede ser inocente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 marzo 2013, p. 27.

Entrevístase a Carlos G. Reigosa, xornalista e escritor, con motivo da publicación da súa última novela en Xerais, situada en 1950 e protagonizada por un anarquista que decide exercer a vinganza.

- María L. Viñas, “O marxismo foi absolutamente despectivo cos campesinos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 13 marzo 2013, p. 47.

Realízase unha entrevista ao escritor e xornalista Carlos G. Reigosa, que vén de publicar *A vitoria do perdedor* en Xerais. Infórmase, á súa vez, da presentación, no Círculo das Artes de Lugo, desta novela, na que o autor estará acompañado de José de Cora e Manuel Bragado.

- Marta García Márquez, “Hay ciudades que no se pueden disfrazar y Santiago de Compostela es una de ellas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 13 marzo 2013, p. 15.

Infórmase da presentación da última novela de Carlos G. Reigosa na librería Arenas da cidade da Coruña. Recóllense e enfiñanse algunhas das aclaracións do autor sobre esta peza de suspense e memoria histórica.

- María L. Viñas, “Reigosa reflexiona sobre o xerme da violencia en ‘A vitoria do perdedor’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 14 marzo 2013, p. 53.

Relátase o transcurso da presentación da última novela de Carlos G. Reigosa no Círculo das Artes de Lugo, recollendo palabras de Manuel Bragado e José de Cora, que acompañaron ao autor no acto.

- Lourdes Varela, “Desde que se mata a primeira vez, xa nunca máis se volve ser inocente”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 451, 28 marzo 2013, p. V/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 404, “Entrevista”, 6 abril 2013, p. 11.

Entrevístase ao xornalista e escritor pastoricense Carlos G. Reigosa, con motivo da publicación do seu último libro, onde se aproxima a temas como a vinganza, a xustiza ou a violencia dende a perspectiva dun membro da guerrilla antifrancista.

- F. Franco, “Reigosa: ‘La historia de la guerrilla contra Franco no dejó más que tragedia y muerte’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 6 abril 2013, p. 45.

Recóllese parte do contido da intervención de Carlos G. Reigosa no auditorio vigués do Areal falando sobre a historia dos guerrilleiros e fuxidos do franquismo, tema tamén tratado por el na súa última novela, *A vitoria do perdedor*.

- Xosé Carlos Caneiro, “Pericia”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 514, “A outra mirada”, 20 abril 2013, p. 9.

Recoméndanse algunhas das lecturas últimas do articulista, comezando por *Abecedario das mantenzas* de Fausto Galdo, coñecedor da ciencia culinaria do país, e continuando polo último libro de Carlos Reigosa, *A vitoria do perdedor*, a quen considera novelista todo terreo, periodista da vella escola.

Rei Núñez, Luís, *Días que non foron*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa: Literaria, n.º 339, xullo 2013, 144 pp. (ISBN: 978-84-9914-529-7).

Volume de sete relatos de Luís Rei Núñez (A Coruña, 1958) de diferente xorne e extensión, aínda que con varios denominadores comúns. Dende o punto de vista temporal e actitudinal, beirean todos eles a contemporaneidade galega e deixan espazo á crítica sociopolítica en moitos casos, ora sexa asentándose de modo realista nos anos da posguerra, ora revivindo o clima de convivencia e rexeneración posterior ao Prestige. Dende o punto de vista temático, todos eles convocan oportunidades perdidas, todos colocan os protagonistas –e a lectorado cómplice– no ángulo de visión preciso para observar os interrogantes da conduta humana. Este último apuntamento semella recollerse e anticiparse no paratexto inicial, a cita de Joseba Sarrionandia que reza “As cousas que non son tamén son”. “O corvo de chapapote”, o primeiro e máis longo de todos os relatos, presentan un xornalista inmerso nunha crise persoal que decide ir axudar na costa, converterse en “marea branca” logo do afundimento do Prestige.

Entrefebradas con acontecementos de índole persoal, van aparecendo as mentiras dunha prensa ao servizo do goberno e os necesarios posicionamentos. “Báñate comigo (teoría e práctica)” é unha historia de puberdade, marcada polo misterio e a tensión das primeiras experiencias, que resulta á súa vez unha aprendizaxe da decepción. Algo semellante acontece en “A proba no deportivo”, malia a que nesta última, os ritos iniciáticos da adolescencia partan do prezo de mercado dun balón asinado por un futbolista, pasando así do anecdótico ao significativo. “Unha voda por poderes” practica, en poucas páxinas, un modo de converter o anecdotario popular en literatura, explicando o acontecido cunha voda amañada e un fillo temperán en tempos migratorios. Mentres “Coridón” fabula coas últimas novas sobre o Foucellas, “Con Franco na Zapateira” ofrece a historia dun rapaz de trece anos, orfo dun pai con ideas contrarias ao réxime que se converte, azarosamente, no caddie favorito de Franco. A encrucillada, nesta volta, reside na difícil decisión entre unha posíbel nova vida de facilidades e a lealdade á memoria do seu pai. O relato é destacábel en verosimellanza grazas aos diálogos e á sensibilidade. “A lancha dos segredos sucios” é o último dos relatos, que mostra a preguiza moral, a covardía ou impasibilidade nos tempos da “xustiza de Franco”. Trátase dun monllo de relatos que colocan permanentemente o lectorado na fronteira daquilo que puido ser diferente.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “No fondal da memoria e das persoas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 529, “Letras en galego”, 3 agosto 2013, pp. 8-9.

Indícase que é unha suxestiva compilación de relatos sobre a memoria e as condutas humanas asinada por Luis Rei Núñez e publicada en Xerais. Cartográfanse historias humanas ao longo do século XX, con especial querenza polo protagonismo adolescente e as vivencias e experiencias que nacen na Guerra Civil ou se sitúan nos días do afundimento do *Prestige*, e facendo o lectorado reflexionar naquilo que “foi” pero parece que non existiu nunca. Saliéntase a usurpación da personalidade, a confesión, o amor... acompañados dunha boa composición narrativa, coidado na descrición e no acceso á memoria.

- Xosé Carlos Caneiro, “Inxenua proposición”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 531, “A outra mirada”, “Club dandi”, 17 agosto 2013, p. 10.

Faise referencia a algunhas proposicións literarias apropiadas para ler durante o mes de agosto, entre as que se atopan os relatos do inspector Hermida que Francisco Castro escribe para *La Voz de Galicia*. Ademais, faise fincapé noutras obras como *Días non foron* de Luis Rei Núñez, un conxunto de breves historias que “son grolos de frescura estes contos, galegos até a médula e tamén cosmopolitas na súa esencia; porque no fondo falan da alma humana”.

- Jaureguizar, “O ‘caddie’ do Xeneralísimo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Libros”, 7 setembro 2013, p. 48.

Coméntase que nesta obra se narra a “a reivindicación do padecido nas posguerra” ao igual que fixo Michael Foucault en *Tiempo de libertad*. Sinala que esta primeira supera á segunda ao incorporar o humor no seu relato, dotándoa dunha certa agudeza.

- Ramón Rozas, “Os días que non foron”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Café Pombo”, 7 setembro, p. 49/ *Diario de Pontevedra*, “Revista”, n.º 686, “mpm”, “Anaquel dos libros”, 8 setembro 2013, p. 8.

Apúntase que esta obra é unha escolma de relatos que dá conta da historia dos nosos antepasados e explícase que sete son os relatos que compoñen o libro. Indícase que comeza cun dos feitos históricos que máis marcou a sociedade galega, o afundimento do Prestige e a marea negra que azoutou as costas, todo isto provocado por unha “caste política tan afastada do seu pobo que non soubo –o máis triste é que nin sabe– entender a esa poboación”. Infórmase de que se suceden outras historias como “Báñate comigo”, “A proba Deportivo” ou “A lancha dos segredos sucios”, do que se comenta que conta as consecuencias da Guerra Civil e os tempos do franquismo. Dáse conta de que todas estas historias incitan á reflexión daqueles tempos que sucederon, a través dos feitos e das personaxes.

Referencias varias:

- Belén López, “A realidade falséase na ficción, no xornalismo e ata na vida”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 24 outubro 2013, pp. 60-61.

Entrevístase a Luís Rei, xornalista e escritor, con motivo da súa presentación en Pontevedra (na Casa das Campás) da obra *Días que non foron*, o seu último libro de relatos.

- Montse Dopico, “E entón houbo país”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 480, “Reportaxe”, 5 decembro 2013, p. VII.

Fai referencia á sexta edición do Culturгал que contou cun amplo abano de actividades culturais, entre as cales se encontran varias presentacións de libros como *Días que non foron*, de Luís Rei Nuñez; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila; *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro; *Matarte Lentamente*, de Diego Ameixeiras; *Ámote Leo*, de Rosa Aneiros; *Todos Somos*, de Marcos Calveiro; *A lúa da colleita*, de Anxos Sumai; e *Acordes Náufragos*, de Antón Riveiro Coello, entre outros.

Riveiro Coello, Antón, *Acordes náufragos*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 317, 1 outubro 2013, 138 pp. (ISBN: 978-84-9865-497-4).

Compilación de nove relatos de Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, Ourense, 1964) con compoñente fantástica e coa presenza constante de dous temas principais: o naufraxio e o amor. O volume abre cunha nota do autor na que se explica que os textos foron escritos en distintas épocas vitais e que se incluíron en publicacións de difícil acceso (un deles no desaparecido selo A Nosa Terra). Engádese que algúns recibiron premios, o Manuel Murguía e o Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro, así como se destaca a vinculación da obra coa terra. Os relatos levan cadanseu título (“A canción de Sálvora”, “Pirula ou un punto no ceo”, “O caderno de Alicia”, “O afogado de Baronzás”, “O nome no espello”, “O náufrago irlandés”, “As memorias do río”, “Triste ledicia” e “Bruca manigua”) e son de extensións variadas. Entre a temática tratada, a maiores dos xa indicados naufraxio e amor, cómpre salientar a morte, a desgraza, a vida

cotiá, os sonhos e o sufrimento. Son relevantes as frecuentes descrições, a definición dos personaxes e a narración de acontecementos históricos e lendarios.

Recensións:

- Patricia Penelas Devesa, “A madurez inicial do relato breve en Riveiro Coello”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 200, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 87-88.

Saliéntase que a obra se sitúa na liña das novelas do autor *As regras de Bakunin* (2000) e *Laura no deserto* (2011) e dos relatos “Bruca Manigua” (1995) e “Sete traxes” (1997), que mereceron o premio de narrativa breve Modesto R. Figueiredo. Apúntase que a obra publicada consta de nove contos de épocas diferentes, os cales presentan unha trama ascendente a través da sorpresa e dos finais, que rompen a liña argumental para captar o lector. Apúntase que o mar actúa como un mecanismo destrutor e antagonista fronte á música, que funciona como elemento unificador e salvador.

- Vicente Araguas, “Mar e ceo”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 804, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 804, p. 30, 24 novembro 2013.

Faise referencia a esta obra e manifesta que non todos os contos teñen que ver co mar. Apúntase que se divide en relatos, como “A canción de sálvora” que abre o libro e dá conta dun naufraxio que tivo lugar en Santa Isabel. Coméntanse outros contos como “O afogado de Baronzás”, no que o autor é quen de utilizar as súas “dotes de narración de fondo”, e “Triste Leticia” cun rexistro máis humorístico. Sinálase que hai máis contos do autor, mais que non nomea para desfrute do lector.

- Ramón Nicolás, “Un naufraxio alén da traxedia”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 548, “Letras en galego”, 30 novembro 2013, p. 8.

Indícase que este libro de relatos se define pola súa temática suxestiva e a súa boa calidade literaria. Coméntase que a iniciativa era compilar relatos de diferentes épocas e en soportes distintos. Apúntase que en todos os relatos está o tema fantástico inserido na realidade cotiá “converxendo no tema trágico do naufraxio”. Sinálase que é unha obra cunha prosa limpa e fluída e que as personaxes aparecen marcadas “pola desventura e o infortunio”.

- Laura Blanco Casás, “Para calquera paréntese”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 481, “Libros”, 12 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 432, “Letras galegas”, 14 decembro 2013, p. 10.

Faise eco desta obra, un conxunto de nove relatos escritos en diferentes épocas da vida do autor. Sinálase que existe un elemento común, o naufraxio, e que á vez incorpora outras temáticas que aparecen en repetidas ocasións como a morte, o amor e a senectude. Coméntanse algúns relatos como “As memorias do río”, “Pirula ou un punto no ceo”, “O naufrago irlandés”, “O nome no espello”, “A canción de Sálvora” e “O caderno de Alicia”. Indícase que en case todos eles as personaxes son memorábeis e a compoñente fantástica está presente con lendas da terra galega. Sinálase o “estilo

camaleónico” do autor, así como os “sorprendentes finais” e as temáticas e tons diferentes.

Referencias varias:

- Xosé Carlos Caneiro, “A diferenza”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 547, “A outra mirada”, “Club dandi”, 23 novembro 2013, p. 10.

Coméntanse tres obras de tres escritores distintos: a novela xuvenil *Ámote Leo*, de Rosa Aneiros, “que será triloxía”; o libro de relatos breve e fantástico *Acordes Náufragos*, de Riveiro Coello e por último, o libro de poemas *O embigo do mar*, de Luis Pousa.

- Ana López, “A cultura facémola nós”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Feira das Industrias Culturais 2013”, 1 decembro 2013, p. 82.

Dá conta das actividades que tiveron lugar na nova edición do Culturgal, entre as que se encontra a presentación de varias novelas como *Acordes Náufragos*, de Antón Riveiro Coello; *A memoria da choiva*, de Pedro Feijoo; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila; *Matarte lentamente*, de Diego Ameixeiras; o volume colectivo *Contos no Nicho*; e *Eu violei o lobo feroz*, de Teresa Moure. Indícase tamén, a promoción do disco “Pan de Millo” de Migallas.

- Montse Dopico, “E entón houbo país”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 480, “Reportaxe”, 5 decembro 2013, p. VII.

Fai referencia á sexta edición do Culturgal que contou cun amplo abano de actividades culturais, entre as cales se encontran varias presentacións de libros como *Acordes Náufragos*, de Antón Riveiro Coello; *Días que non foron*, de Luís Rei Nuñez; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila; *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro; *Matarte Lentamente*, de Diego Ameixeiras; *Ámote Leo*, de Rosa Aneiros; *Todos Somos*, de Marcos Calveiro; e *A lúa da colleita*, de Anxos Sumai, entre outros.

- Xosé Lois Vilar Pedreira, “Aceite, madeira e boinas. Talasonimia dos naufraxios no mar dos galegos”, *Escrita contemporánea. Actas da IV xornada de literatura e tradición oral*, letra U, 2013, pp.13-51.

Co gallo de reflexionar sobre os naufraxios e a talasonimia en Galicia, faise referencia a varias obras literarias que tratan estes temas e que poderían usarse como fontes documentais, entre elas *Iria* (2012), de Anxo Angueira; *Voces da Groba, voces de Berlín* (2010), de Fran Alonso; *Acordes náufragos*, de Antón Riveiro Coello; *Costa do Solpor*, de Xosé María Lema Suárez; e *A praia dos afogados*, de Domingo Villar. Ademais, recóllense en anexo cantares e cantigas relativas a esta temática.

Solla, Carlos, *O crime de Pardesoa*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, col. Cerdedo in voyager, 2013, 205 pp. (ISBN: 978-84-15166-49-8).

Novela de Carlos Solla (Pontevedra, 1971), que toma como asunto nuclear un crime acontecido en 1897 no concello pontevedrés de Forcarei. Os paratextos iniciais

combinan coa temática da obra e preparan o lectorado para as descubertas que se sobrevivirán na trama. Conta cunha dedicatoria “aos mortos, por termos perturbado o seu descanso” e unha cita preliminar de Raymond Chandler, quen afirma que boa parte da literatura que sobrevive está ligada ás mortes violentas. A novela preséntase, dende o Limiar, como unha demorada investigación hemerográfica pola prensa galega de finais do século XIX, especialmente apoiada en dous xornais pontevedreses de referencia, hoxe desaparecidos: *El Diario de Pontevedra* e *La Correspondencia Gallega*. É o propio narrador o que confesa, dende o inicio, o seu desexo de elaborar unha novela negra, e o que avisa de que o hermetismo e a “idiosincrasia” da Galicia profunda son un elemento imprescindíbel para a comprensión do acontecido. Antes de entrar en materia, ofrécese unha sinopse do caso, que acolle dende “A denominación” (que nomes foi recibindo o crime), até o escenario, a data e hora, o botín, os protagonistas (principais e secundarios), as testemuñas, a prensa da época (onde se expoñen as fontes e o lugar de edición destas) e a época (que se circunscribe ao trienio 1897-1900). É común a todas estas subepígrafes a precisión e a profusión de datos concretos, que semellan querer trasladar ao lectorado todo o coñecíbel sobre cada aspecto para que sexan as conciencias receptoras as que interpreten, paso a paso, os condicionantes e escenarios. Isto é o que acontece, non só neste momento alboral do relato, coas noticias da época, que son as balizas reais do caso de Pardesoa: dende a perda das últimas colonias de ultramar para España até a irrupción do cinematógrafo, pasando pola febre milenarista, que profetizaba unha apocalipse na transición de século. Todas elas, malia botaren man das fontes en estilo citado, adobíanse tamén dos comentarios moito máis libres do narrador. A parte central do libro inicia na páxina 35 e consta de diferentes “capítulos” nos que se aglutinan e transcriben noticias dos xornais da época (91 concretamente). Son “capítulos” ou de pequenas compilacións de noticias referidas ao caso porque a voz do narrador se insire sempre en folla exenta entre elas, presentando o material que vén a continuación e levando da man a quen revisa este encadeamento de noticias. Debullando a trama do modo máis conciso, é este o caso do asasinato de Xoán Rei Prado, home de avanzada idade e prestamista, un 23 de novembro de 1897, e a violación da súa segunda muller, Perfecta Espiña Alén, por unha suposta banda de malféitores que asaltaran a vivenda na procura das súas pertenzas. Posteriormente, a cónxuxe é considerada sospeitosa pola modificación do testamento efectuada, e outros dous naturais do lugar, de complicidade. Será a “omertà” imposta polo caciquismo local a que dificulte as investigacións. O caso transcende as fronteiras galegas e o xuíz de primeira instancia da Estrada dedícase a el en exclusiva, concluíndose en decembro a instrución do sumario cun documento de setecentos folios. En febreiro realízase o xuízo, cun xurado popular que deixa en liberdade aos procesados (Perfecta Espiña e Filipe Fírvida). No epílogo recupérase a voz do narrador, e en “Fundanzas da ambigüidade”, “No eido das hipóteses”, “Hipóteses en presenza de cuadrilla”, “O caciquismo” e “As nosas conclusións provisionais”, revísanse posíbeis fallos, a situación real da parella, os intereses que a muller puido ter ou o desexo caciquil de que o crime non transcendese. Trátase, en definitiva, de reconstruír unha historia desagrazada que suscitou un extraordinario interese por parte da opinión pública. O volume péchase cunha cumprida biobibliografía do autor, que informa da súa labor como mestre, escritor e etnógrafo, e dos éxitos acadados en cada unha destas vertentes.

Recensións:

- Héitor Mera, “Crimes doutroa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 483, “Libros”, 19 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 434, “Letras galegas”, 28 decembro 2013, p. 10.

Comenta que Carlos Solla reconstrúe nesta obra as complicacións e atrancos caciquís dun crime de finais do século XIX na aldea de San Marcos que se converteu nun “verdadeiro enigma”. Sinala que non se trata dunha novela, senón dun roteiro que conta co apoio da prensa, “un aparato crítico literaturizado”, e cunha breve explicación do autor. Nomea as partes da obra, entre elas o epílogo.

Referencias varias:

- Belén López, “Nin a mellor novela de Dashiell Hammett”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 15 outubro 2013, p. 77.

Entrevístase a Carlos Solla para conversar sobre *O crime de Pardesoa*, publicada por Morgante. Aclárase, entre outras cousas, que non é unha novela, non é un relato de ficción senón a recompilación e ordenación da información sobre un crime en Forcarei ligado ao caciquismo, as cuadrillas de foraxidos etc., que tivo unha enorme acollida na prensa e na opinión popular da época.

Sumai, Anxos, *A lúa da colleita*, XXV Premio García Barros, Premio da Crítica Española, Premio da AELG á mellor obra narrativa, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 320, novembro 2013, 240 pp. (ISBN: 978-84-9865506-3).

Novela que narra o tránsito da adolescencia á idade adulta de Anxos Sumai (Catoira, 1960) que principia con dúas citas extraídas de *Harvest moon*, de Bedlam e do poemario *Ningún precipicio*, de Olalla Cociña. Narrada dende o punto de vista dunha terceira persoa omnisciente, conta a historia de Nuria (e de Bet, pois sofre bipolaridade), quen volve no ano 1992 ao territorio da súa infancia, un apartamento dunha praia de Arousa, na procura dun pasado no que só atopa hostilidade e situacións estrañas. A protagonista deixa de saber o que realmente está ocorrendo e vese inmersa nunha permanente situación de desacougo e opresión que converte esta narración nunha historia de vida e de loita pola vida mesma. Deberá resolver un conflito interior que a afoga e non lle deixa vivir. Son moitas as referencias artísticas e pictóricas que inundan a narración, dunha alta calidade estilística.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “A maneira de percibir as cousas pode converterse nun límite”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xullo 2013, p. 46.

Entrevístase a Anxos Sumai con motivo da súa nova novela, *A lúa da colleita*, gañadora do premio García Barros da Estrada. Di que intriga, percepción da realidade e cambio de rumbo son as palabras clave para definir este libro.

- Montse Dopico, “E entón houbo país”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 480, “Reportaxe”, 5 decembro 2013, p. VII.

Fai referencia á sexta edición do Culturgal que contou cun amplo abano de actividades culturais, entre as cales se encontran varias presentacións de libros como *A lúa da colleita*, de Anxos Sumai; *Días que non foron*, de Luís Rei Nuñez; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila; *O corazón da Branca de Neve*, de Francisco Castro; *Matarte Lentamente*, de Diego Ameixeiras; *Ámote Leo*, de Rosa Aneiros; *Todos Somos*, de Marcos Calveiro; e *Acordes Náufragos*, de Antón Riveiro Coello, entre outros.

- Víctor F. Freixanes, “25 anos de novela”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 22 decembro 2013, p. 23.

Realiza un histórico do premio García Barros, dende Paisaxe con muller e barco (1989), de Manuel Forcadela até a novela de Anxos Sumai. Salienta o protagonismo das escritoras na produción literaria galega. Logo fai unha viaxe histórica polo premio Xerais e o Blanco Amor para afirmar a súa importancia e incidencia no corpus narrativo.

Tallón, Juan, *Fin de poema*, XIX Premio Lueiro Rey de Novela Curta 2012, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa narrativa, 2013, 134 pp. (ISBN: 978-84-7824-634-2). ■

Novela de Juan Tallón (Vilardevos, Ourense, 1975), dedicada a Mariña Folgueira, na que aborda a fenda vital que senten algúns poetas, por mor da súa profunda soidade e baleiro existencial, da que só logran fuxir a través do suicidio. Enfoca esta temática dende o derradeiro día da vida de catro poetas: Cesare [Pavese], Anne [Sexton], Gabriel [Ferrater] e Alejandra [Pizarnik]. Constrúe unha historia na que un narrador omnisciente insire algúns aspectos biográficos e fragmentos da produción poética dos catro personaxes, previos ao momento no que se dan conta internamente de que chegou o momento de deixar de vivir. O desorde da vida deses poetas reflíctese na estrutura da novela, artellada como capítulos fragmentados e alternos que intitula como o lugar onde residían: Turín, no caso de Cesare Pavese; Bos Aires, Alejandra Pizarnik; Boston, Anne Sexton; e San Cugat, Gabriel Ferrater. En todas as historias se plasma a sensación que teñen os personaxes de estar acurralados, ser pantasmas en vida, non lograr mudar a súa vida cotiá e a constatación de que a súa produción poética está rematada e que só lles resta o suicidio, como única vía posible para fuxir do caos que foi sempre a súa existencia.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “As noites e as fendas da vida”, *A Trabe de Ouro*, n.º 94, “Publicacións”, abril, maio e xuño 2013, pp. 275-279.

Recóllese, con algunhas modificacións, o texto da presentación da novela *Fin de poema*, de Juan Tallón. Descríbese como “innovadora, vangardista, fragmentaria, minimalista e metaliteraria”. Resúmese brevemente o argumento, no que se ficcionalizan as últimas horas de vida de catro poetas (Cesare Pavese, Gabriel Ferrater, Alejandra Pizarnik e Anne Sexton). Saliéntase o uso da experiencia vital humana como fio condutor, así coma a organización estrutural de cada parte, e o uso da técnica minimalista. Tras estas

consideracións, analízanse en apartados separados os personaxes, o ritmo, e a lingua. Nun último apartado de “Consideración final”, sitúase a novela no contexto doutras obras que ficcionalizan personaxes literarios.

- Armando Requeixo, “Sen palabras”, *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 778, “letras Atlánticas”, 26 maio 2013, p. 33.

Preséntase a novela do xornalista Juan Tallón, que gañou por unanimidade o último Premio Manuel Lueiro de Narrativa Curta. En primeiro lugar, apúntanse os principais trazos de identidade da escrita: “metaficción, fragmentariedade discursiva, humorismo e ironía, disección psicolóxica dos personaxes, autobiografismo deformante e proxección cosmopolita”. En segundo lugar, recoméndanse outras obras de Tallón, como *El váter de Onetti* ou *Jacinto Santiago. Escenario grotesco e exemplar*. Finalmente, concrétese a temática da novela: as últimas horas anteriores ao suicidio de catro poetas chave do século XX, Cesare Pavese, Anne Sexton, Gabriel Ferrater e Alejandra Pizarnik.

- Francisco Martínez Bouzas, “Novela fragmentaria”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 465, “Libros”, 4 xullo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 417, “Letras galegas”, 6 xullo 2013, p. 10

Tras facer unha nota breve e positiva sobre o estilo de Juan Tallón, considerado innovador, vangardista, fragmentario, minimalista e metaliterario, coméntase que a trama da novela se centra nas últimas horas de vida, antes do suicidio, de Cesare Pavese, Gabriel Ferrater, Alejandra Pizarnik e Anne Sexton, facendo comunidade con todos aqueles autores que opinan que os escritores e artistas ben poden converterse en personaxes de ficción. Apúntase que anacos da vida literaria ou editorial, medos, adicións e experiencias vitais angustiosas van propocionando máis e máis forza á narración dos catro relatos dos suicidas.

- Inma OteroVarela, “Dous xornalistas, dúas aproximacións á soidade”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 200, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 88-89.

Recensiónanse as obras *Todos os días*, de Alberto Ramos, gañadora do Premio Risco de Creación Literaria, e *Fin de poema*, de Juan Tallón, galardoada co Premio Loureiro Rey de Novela Curta, ambas as dúas publicadas pola editorial Sotelo Blanco. Sinálase que a obra de Alberto Ramos integra a corrente literaria do realismo indignado, xunto coa doutros autores como Samuel Solleiro, Alberto Lema e Diego Amexeiras. Apúntase que a obra trata o labor xornalístico e o desmantelamento dos medios galegos e en galego, coma *Os xornalistas utópicos*, de Manuel Veiga. Destácase que a historia principal é o despido por peche dun xornal e a anulación do traballador, que se artella a través dunha estrutura circular baseada na repetición de motivos, frases, prototipos de personaxes, tempo interno e linguaxe. Sinálase que *Fin de poema* é unha obra metaliteraria que recrea os últimos días de catro escritores suicidas, reproducindo estilisticamente as poéticas de cada un, na que o desencontro coa escrita remite á morte. Apúntase que os capítulos da obra alternan dun personaxe a outro e que os obxectos do cotián serven para situar os autores. Por último, destácase que as dúas novelas afondan na renuncia e na ruptura interior, razón pola cal comparten espazos pechados e unha narración en estilo indirecto libre, ademais de presentar a sociedade actual coma un lugar inhóspito e unha fuxida cara ao esvaecemento.

Referencias varias:

- C. Villar, “Un premio no empeora ni mejora una obra”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 3 xuño 2013, p. 16.

Entrevístase ao xornalista ourensán Juan Tallón, recente gañador do premio Manuel Murguía de relatos con “Consanguíneo” e do Lueiro Rey de novela curta con *Fin de poema*.

- ECG, “Tallón presenta hoy en Santiago su novela corta ‘Fin de poema’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 xuño 2013, p. 43.

Anúnciase a presentación en Santiago de Compostela, na librería Couceiro, da novela curta de Juan Tallón, *Fin de poema*, que foi premio Manuel Lueiro Rey e recolle as derradeiras horas de Gabriel Ferrater, Anne Sexton, Alejandra Pizarnik e Cesare Pavese.

- X. L. D., “Tallón baja al infierno de cuatro poetas suicidas en su galardonado ‘Fin de poema’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 xuño 2013, p. 41.

Infórmase do pasado acto de presentación da novela curta *Fin de poema*, de Juan Tallón en Santiago de Compostela, na librería Couceiro.

- Nacho Mirás, “O suicidio é algo moi serio, pero tamén material narrativo”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 25 xuño 2013, p. L2.

Entrevístase ao xornalista e escritor ourensán Juan Tallón con motivo da publicación de *Fin de poema*, premio Manuel Lueiro Rey de Novela Curta 2012. Coméntase a temática do suicidio, a escolla dos autores implicados a modo de protagonistas e certa recepción crítica.

Veiga, Manuel, *Os xornalistas utópicos*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 2013, 269 pp. (ISBN: 978-84-9914-515-0).

Novela de Manuel Veiga (Monforte de Lemos, 1960), ben ritmada, que fai ás veces de ollada á profesión xornalística e ás veces de retrato cronolóxico. Da man do xornalista Obdulio Somoza, o lector entra nun local, a redacción dun xornal, incendiado. Cun ritmo rápido, áxil e practicamente cortante de caderno de notas escrito mentalmente, o protagonista amosa o seu modo de enfrontarse ao mundo, ora sexa á xefa Lourdes Bonet, ora aos rescaldos da sociedade campesina en Prado de Buxán. Polo medio, o pensamento de Obdulio xoga coa metaliteratura e cos procederes dalgúns dos referentes da autoficción moderna, nomeadamente, Vila-Matas, reflexionando sobre o seu modo de contar. Pero tamén Canetti, Tolstoi ou Fleur Jaeggy repousan nun libro cheo de tantas lecturas como anécdotas cotiás, e traspasado pola ironía. Obdulio deixa ver un xornalismo permeábel coa idea de ficción, e ao tempo, debuxa o retrato de case trinta anos de “transición” cara á democracia, posto que o período relatado remóntase a 1977 coas primeiras eleccións democráticas e acaba sobre o 2008, a pé da crise económica. A “Transición” é explorada dende diferentes escenarios e perspectivas, sendo a primeira delas a perspectiva dun estudante que muda a Madrid para estudar a carreira de

xornalismo, época que acaba reflectindo coa viveza e verosemellanza propia dunha crónica. O volume xoga cos hábitos que a posmodernidade mostrou comúns na escrita narrativa, como a hibridación e a mestura estilística, que incluso se podería chamar xenérica. Aínda que o inicio resulte confesional e permita unha aproximación á mente do protagonista, outras partes son absolutamente documentais e multiperspectivistas, en terceira persoa, recollendo discurso directo sen profusión de marcas gráficas –tal e como o xornalismo faría a pé de noticia ou testemuño, por outra banda–. Xa que logo, as vicisitudes da profesión, a loita pola supervivencia dos medios ou a “liña editorial” do xornal do que Obdulio fala son explotadas dende múltiples puntos de vista, incluíndo sutilezas. A ironía, trazo en absoluto alleo os postulados posmodernos, resulta tamén unha constante.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Os xornalistas utópicos”, *Festa da palabra silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 29, “Actualidade”, 2013, pp. 112-113.

Indícase que esta obra se atopa a medio camiño entre o autobiográfico e a ficcionalidade. Sinálase que a ironía é unha das facetas que máis domina o libro. Coméntase o argumento que xira ao redor do personaxe Obdulio Somoza, director dun xornal durante a etapa da transición española.

- Vicente Araguas, “Nachos ou ghichos”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, n.º 792, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 792, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 792, p. 30, 1 setembro 2013.

Saliéntase a Manuel Veiga como xornalista e director de *A Nosa Terra* en momentos complicados e considérase *Os xornalistas utópicos* como unha obra amena e instrutiva que recrea o último cuarto do pasado século coralmente e en movemento por distintos lugares: os máis próximos ao autor, Monforte e Madrid. Indícase que o realismo é nítido e revigoriza o libro en tanto crónica, que pode servir para adentrarse na Transición, a Movida e as dinámicas da posmodernidade.

- Armando Requeixo, “Manuel Veiga, entre o silencio e o ruído”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 794, “letras Atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 794, “letras Atlánticas”, p. 33, 15 setembro 2013.

Coméntase que constitúe un exemplo de “literatura do eu”, unha ficción autorreferenciada, que permitirá aos coñecidos do autor intuír que personaxes se agochan detrás dalgúns nomes ou que anécdotas están a novelarse. Indícase que as andainas de Obdulio Somoza no Madrid da Transición e no Vigo dos anos 80 van tecéndose a base de minirrelatos, microensaio, diarística, reflexións metanarrativas, aforismos ou consideracións filosóficas. Saliéntase que, con clara vontade polifónica e variedade argumental, a novela é, ao cabo, a solitaria proeza dun xornalista que testemuña a velocidade do mundo.

- Xosé Carlos Caneiro, “Debate”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “A outra mirada”, “Club dandi”, 28 setembro 2013, p. 10.

Comeza falando da necesidade de diálogo e discusión literaria en Galicia. Ademais, fala de dúas obras literarias atractivas para os lectores: *Os xornalistas utópicos*, de Manuel Veiga, unha novela chea de suxestións que mestura personaxes reais con personaxes fascinantes. Tamén recomenda *Mocidade*, de Coetzee para rematar dicindo que “a nosa literatura non poderá medrar sen debate nin controversia”.

- Laura Caveiro, “Realidade e humor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VI/ *Saberes*, n.º 423, “Letras galegas”, 12 outubro 2013, p. 10.

Indica que o título combina “a ironía e mais a suxestión” e que Manuel Veiga se caracteriza pola súa “versátil traxectoria”. Resume o argumento da novela que decorre dende as primeiras eleccións de 1977 até o inicio da crise en 2008, con diferentes mudanzas que achegan “variedade de ritmo, de ton e de perspectiva” ademais de humor. Salienta o uso do diario, da metaliteratura e da autobiografía, ademais do interese sociolóxico dos microrrelatos e o multiperspectivismo das testemuñas que fan que o autor “atine literariamente”.

- Ramón Rozas, “Os amenceres da realidade”, *Diario de Pontevedra*, “*Revista!*”, n.º 693, “mpm”, “Anaquel dos libros”, 27 outubro 2013, p. 8.

Tras resumir o argumento desta novela, comenta que se ambienta nos anos da Transición, un tempo “efervescente e cheo de esperanzas”, e que reflicte o “estado de frustración dunha xeración”. Expón as tripas dunha profesión dende o lado máis marxinal e honesto, achegándose talvez ao autobiográfico ou autoficcional. Salienta o vencello que se realiza entre prensa e literatura, cun “torrente de datos e sensacións” que seducen o lector. Indica que presenta certo ton autobiográfico e que mostra a etapa de transición española, etapa na que o autor comezou a ser xornalista. Apunta a forza da comprensión lúcida, que non deixa lugar á utopía.

Referencias varias:

- Ana González Liste, “Con los libros a la playa”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xullo 2013, p. 48.

Anúnciase o remate da Feira do Libro de Vigo e con ela, preguntando ás librerías e libeiros, propóñense algúns posíbeis títulos para gozar da lectura nos meses de verán, como as novelas *Bícame*, *Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Faneca Brava*, de Manuel Portas; *As vidas de Nito*, de Xabier Paz; *En vías de extinción*, de María Reimóndez; *Os xornalistas utópicos*, de Manuel Veiga; e de Literatura Infantil e Xuvenil a antoloxía *Un rato díxolle á Lúa*, de Antonio García Teijeiro e *A nena á que non deixaban ser feliz*, de Miguel Ángel Alonso Díez.

- Ana Baena, “Xornalismo é vocación, hai que ter curiosidade por moitas cousas e o gusto de comunicar”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 xullo 2013, p. 14.

Entrevístase ao xornalista Manuel Veiga Taboada con motivo da publicación da súa última novela, da que fala do protagonista, as localizacións, o estilo e as ideas que plantexa.

- Jaureguizar, “O Hotel Ritz, liberado”, *El Progreso*, “*de Verano*”, 23 xullo 2013, p. 41.

Considérase a última novela de Manuel Veiga como unha ficción paralela ao seu pasado de estudante en Madrid.

- Jaureguizar, “Asistín a un mitin de Blas Piñar porque me interesan os extremos”, *El Progreso*, “*de Verano*”, “entrevista”, 5 agosto 2013, p. 34.

Entrevista a Manuel Veiga, escritor e xornalista, con motivo da publicación da súa última novela, *Os xornalistas utópicos*, na que fala da Transición, de costumes na escrita, do desencanto e de pasaxes concretas do libro.

- Sergio López, “La feria del libro de Monforte quiere fomentar la lectura entre los niños”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 17 agosto 2013, p. 12.

Infórmase da celebración da feira do libro en Monforte na que se realizarán varias actividades, entre elas, a presentación d’*Os xornalista utópicos*, de Manuel Veiga.

- A. A., “El pintor Antón Patiño abre hoy en Monforte de Lemos la Feria del Libro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 agosto 2013, p. 37.

Faise eco da apertura da Feira do Libro de Monforte, con pregón a cargo do polifacético artista Antón Patiño. Dise que a feira contará con presentacións como a de Manuel Veiga, coa súa última novela *Os xornalistas utópicos*.

- Ana Rodil, “La feria del libro de Monforte salva el tipo en un año crítico para el sector”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 25 agosto 2013, p. 16.

Coméntase que entre as obras máis vendidas na Feira do Libro de Monforte estaba *Os xornalistas utópicos*, de Manuel Veiga, que foi presentada alí polo seu autor.

- A. Precedo/J. C., “Reinventarse para emprender en psicología”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 26 setembro 2013, contracuberta.

Sínálase a presentación na librería Couceiro desta obra que mestura xornalismo e utopía e que recolle “desde as primeiras eleccións democráticas de 1977 até o ano 2008”. Apúntase que acudiron á presentación Manuel Bragado e Mario Regueira.

- Lourdes Varela, “O maior perigo que corre un xornalista é caer no cinismo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 433, “Entrevista”, 19 decembro 2013, p. V.

Entrevista na que Manuel Veiga fala sobre o inicio da novela, explica o sentido de “utópico”, relaciona a literatura e xornalismo mediante a “biografía ficcionada” e reflexiona sobre o xornalismo na actualidade e sobre algúns episodios históricos relatados na novela. Comenta que cando escribe non planifica o libro senón que lle deixa espazo ao inconsciente.

- Montse Pena Presas, “Caleidoscopio narrativo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 483, “Libros”, 19 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 434, “Letras galegas”, 28 decembro 2013, p. 10.

Sínálase a calidade das novelas de Diego Ameixeiras, así como o dominio da novela negra. Coméntase que nesta obra Ameixieras manexa a arte do caleidoscopio. Faise referencia a varias personaxes que amosan un mosaico social sen esquecer “ningunha idade nen condición”. Indícase que a estrutura en cadros fai que se fale de cada personaxe. Por último, engádese que as imprevistas reaccións das personaxes conducen a idea de que “todos nos contradicimos”.

Vidal Portabales, Ignacio, *Dióxenes en Dolorida*, Premio Blanco Amor 2012, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 341, setembro 2013, 293 pp. (ISBN: 978-84-9914-563-1).

Primeira novela de Ignacio Vidal Portabales (Santiago de Compostela, 1958), profesor titular de Dereito mercantil na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, dedicada á súa dona, “A Mari Carmen. E sei que é unha pobre dedicatoria en comparación coa que ti escribes na miña pel todos os días”. De ton humorístico, crítico e paródico, estrutúrase en dúas partes claramente diferenciadas. A primeira delas, “Cadernos de Dolorida I”, cuxos capítulos van encabezados por citas tiradas do Libro III de D. Laercio, serve de presentación do personaxe principal, ao redor do que se artella a trama, Dióxenes, un home extremo que chega á cidade costeira de Dolorida nunha sorte de exilio interior que lle posibilita fuxir do seu fracaso amoroso con Marta; e así mesmo de tres homes, Fran, Ernesto e Guti, que, por ter sufrido tamén penas de amor, se converten nos seus discípulos e copartícipes nas súas duras críticas aos comportamentos femininos nesa nova etapa da súa vida na que se converteu “nun tipo repulsivo” (p. 13) que ansía desesperadamente que ninguén teña poder sobre el. Na segunda parte, “Cadernos de Dolorida II”, explícase a vida dos diferentes personaxes cos que se relacionan Dióxenes e os seus acompañantes, sobre todo a das mulleres do prostíbulo Praceres onde eles pasan moitas horas e por envexa algúns habitantes incendian; a dun conserxe intrigado pola singularidade de Dióxenes; e as razóns da simbólica peregrinación aos infernos que leva a cabo o protagonista, a xeito dun filósofo gurú, para se liberar das súas teimas. No desenlace da trama, tras saír Dióxenes do tonel (un símbolo de romper coas normas impostas na realidade da que fuxía), detállanse os seus sentimentos ocultos e enfrontados que permanecían agochados ao longo da narración e amósase a súa dependencia e inferioridade respecto a Marta.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Dióxenes: un gurú perigoso”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 545, “Letras en galego”, 9 novembro 2013, p. 8.

Salienta o hábil manexo de ferramentas textuais, como a reprodución de cadernos de diversa autoría, e o sentido paródico e esperpéntico; mentres sorprende a crítica ao suposto dominio que exercen as mulleres respecto dos protagonistas masculinos. Numera, a continuación, exemplos da visión misóxina que as súas páxinas recollen e que considera ideoloxicamente pasmosa en pleno século XX. Non atopa un sentido final a esta proposta e a empatía que suscitan os personaxes resulta feble.

- Xesús Rábade Paredes, “Viaxe á fronteira do delirio”, *El Correo Gallego*, “2 Domingo”, 10 novembro 2013, p. 6.

Preséntase a primeira novela publicada de Ignacio Vidal Portabales en Xerais, aínda que se ten boa conta subliñando que non é, ás claras, a súa primeira aventura narrativa. Dise que se pode ler como narración de aventuras ou como acceso á psicoloxía humana, dado que se aborda o fracaso sentimental dunha parella, a fuxida do home en busca de autoestima, a autoterapia e o regreso final, que se efectúa recuperando o nome, Lucas. Dise que se entrefebran os terapéuticos “Cadernos de Dolorida”, se escolle unha narración polifónica e se opta polo humor como estratexia, administrándoo coa debida prudencia, sen dramas efectistas ou momentos sobreactuados.

I. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Cimadevila Botana, Fernando M., *O mundo secreto de Basilius Hoffman. O ladrón de soños*, Santiago de Compostela: Urco Editora, 2013, 348 pp. (ISBN: 978-84-15699-27-9).

Reedición en formato de peto desta primeira entrega da pentalexía novelesca de Fernando M. Cimadevila Botana (Santiago de Compostela, 1977) que fora publicada no ano 2010 e da que se pode ver a descrición no Apéndice do *Informe de literatura 2011*.

Queizán, María Xosé, *O solpor da cupletista*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, n.º 346, outubro 2013, 117 pp. (ISBN: 978-84-9914-568-6).

Volume de María Xosé Queizán (Vigo, 1939) que contén a novela curta titulada “O solpor da cupletista” e o ensaio “Carolina Otero, a liberdade arrogante”, centradas na vida de Agustina Carolina Otero Iglesias (Valga, 1868-Niza, 1965), coñecida como a “Bela Otero”, quen chegou a ser unha das mulleres máis ricas, fermosas e famosas da “Belle Époque”. A novela “O solpor da cupletista” xa fora editada en 1995 por Edicións Nigra e reeditada por Edicións Xerais de Galicia en 1998 nunha edición non venal. Nárrase a vida da “Bela Otero” con evocacións ao pasado, cheo de recordos e impresións: desencanto e pobreza da infancia, esplendor da xuventude, éxito, elegancia trasnoitada, ocase etc., e asemade aproveita esta pequena biografía da “Bela Otero” para incluír nas súas liñas un alegato contra a violación, provocadora, neste caso, dunha falta de memoria paterna e dun sentimento de odio á sexualidade masculina. Inclúese nesta edición o ensaio de investigación “Carolina Otero, a liberdade arrogante”, datado en abril de 2012, no que a autora amosa as súas experiencias despois de ter viaxado en 2011 a Niza para coñecer esta vila na que a “Bela Otero” morou cincuenta anos da súa madurez e vellez. Tamén se detén na súa humilde infancia en Valga, na súa violación por un zapateiro de Padrón e na súa fuxida de Valga aos once anos. Comenta como cambiou de identidade na súa rocambolesca vida —será andaluza, xitana ou rusa— e describe a súa estancia en Marsella e en París e Niza así como os seus numerosos amoríos —co millonario William Vanderbilt, co príncipe Nicolás de Montenegro, con Leopoldo II de Bélxica, con Nicolás II de Rusia, co káiser Guillerme II, co banqueiro Ernest Jurgens, co explorador Jacques Playen ou co millonario inglés Balbit etc.— ou as súas amizades co político francés Aristide Briand, co banqueiro Berguen ou con, entre outros, José Martí, Marcel Proust, D’Annunzio, Jean Cocteau ou Auguste Renoir. Debulla a vida da “Bela Otero” e recalca que foi unha estrela parisiense nos seus principais cabarés, cafés e teatros, que foi vestida polos mellores modistos daquela altura e que tamén triunfou nos mellores locais de Europa, América e incluso de Xapón e Sydney. Cómpre sinalar que este traballo está ilustrado con fotografías, en branco e negro, de M.^a Xosé Queizán, así como con carteis elaborados para as actuacións da “Bela Otero” e mais con tarxetas postais tamén con ela como protagonista.

Recensións:

- Jaureguizar, “O peso do Lamborghini”, *El Progreso*, “Vivir”, “Libros”, 30 novembro 2013, p. 80.

Refírese a que esta obra conta a historia da Bela Otero. Faise unha comparación co Ferruccio Lamborghini que conseguiu ascender ao luxo ao igual que aconteceu coa Bela Otero que pasou de vivir en Valga a ser unha cabareteira que se enriqueceu convencendo os homes ricos que lle entregasen a súa fortuna a cambio de amor.

Referencias varias:

- Fernando Franco, “La Otero de la Queizán”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 13 decembro 2013, p. 15.

Coméntase a presentación desta obra de María Xosé Queizán, que acudirá xunto a Monica Bar e Manuel Bragado á Librería Andel. Indícase que ten como protagonista a Bela Otero e que busca despoxala dos seus mitos.

Risco, Vicente, *Do caso que ll'aconteceu ô Dr. Alveiros*, Ourense: Fundación Vicente Risco, 2013, [32] pp. (ISBN: 978-84-939378-7-4). ◆

Edición facsímile da primeira impresión do volume *Do caso que ll'aconteceu ô Dr. Alveiros* (1919), de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), publicada co gallo dos cincuenta anos do pasamento de Vicente Risco. Neste relato marabilloso, baseado no ocultismo e no esoterismo, e centrado na figura do faraón exipcio Thotankhamón vemos como Roberto Dehmél lle encarga ao doutor Bieito Alveiros a misión de atopar un escrito máxico para devolver o movemento a unha momia embalsamada polos antigos exipcios.

I. 3. TRADUCIÓNS, VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Achebe, Chinua, *A frecha de Deus* (*Arrow of God*, Penguin Classics, 2013), trad. Saleta Fernández, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 50, 2013, 331 pp. (ISBN: 978-84-92866-59-5).

Terceiro volume da “Triloxía africana” de Chinua Achebe (Ogidi, 1930-Boston, Massachusetts, 2013), que converteu ao seu escritor nun referente fundamental da narrativa africana. A historia ten lugar a comezos do século XX na aldea de Umuaro, no interior de Nixeria cando a coroa inglesa enviara tropas pacificadoras, catequistas, misioneiros e construtores para tratar de “occidentalizar” a rexión que eran vistos como xente estranxeira poderosa e con costumes estraños. A aldea da historia está rexida por un sacerdote, Ezeulu, quen non conta co apoio de todos os seus habitantes, o que deriva en conflitos internos que se suman ás diferenzas con outras aldeas. Altréñase a visión inglesa dos colonizadores e a visión interna da aldea, intercalando temas universais como os ciúmes, a envexa ou a ambición de poder. Dende o mesmo comezo da novela Achebe busca facer o lector testemuña de sacrificios, normas, rituais, crenzas e conversas con alusións que remiten a unha realidade diferente e, desta maneira, pode ter empatía e comprender os nativos, á diferenza dos ingleses, pois a comunicación entre eles e os membros da comunidade *igbo* é complicada. Tamén salienta a importancia da oralidade, presente nos contos que aparecen ao longo da novela, a narración elocuente, a beleza dos diálogos e a introdución de termos na lingua da comunidade africana.

Achebe, Chinua, *Todo se esfarella* (*Things Fall Apart*, William Heinemann Ltd., 1958), trad. Saleta Fernández, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 42, 2013, 212 pp. (ISBN:978-84-92866-55-7).

Novela de Chinua Achebe (Ogidi, 1930-Boston, Massachusetts, 2013) que narra en vinte e cinco capítulos, empregando unha terceira persoa omnisciente, a historia dun gran guerreiro *ibo* chamado Okonkwo, na Nixeria do século XIX. Principia cunha cita dun verso de W.B. Yeats, máis concretamente de *A segunda vida*. Este guerreiro verá trocados os seus soños e esperanzas debido á chegada do colonialismo británico e, xunto con este, unha nova relixión, orde social e novos valores. Así é como contemplará que o seu mundo esmorece. A obra divídese en tres partes: na primeira o ritmo narrativo é tranquilo e acompasado á normalidade do pobo *ibo*. Na segunda, comezan a entreverse algúns problemas e na terceira asístese ao cambio trágico que supón a colonización. Péchase cun glosario de termos en *ibo*.

Recensións:

- Luís González Tosar, “O que se esfarella permanece”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 532, “Letras en galego”, 24 agosto 2013, p. 8.

Celébrase a tradución de Saleta Fernández de *Things fall apart, Todo se esfarella* en versión galega, do narrador Chinua Achebe. Coméntase que a acción se desenvolve a finais do XIX na aldea de Umoufia e ten como protagonista principal a un guerreiro que regresa ao fogar tras sete anos de exilio. Trázanse algúns recordos persoais do escritor,

nado en 1930 no sureste da actual Nixeria, salientando a súa capacidade para artellar un estilo singularísimo entrefebrado dunha rica fraseoloxía na lingua ibo ou igbo. Revisando algúns dos nomes da xeración de intelectuais do postcolonialismo, fálase tamén sobre W. Soyinka, que recibiu o Nobel e centrou a súa obra na guerra político-étnica que coñeceu.

- Javier Nogueira, “Achebe en galego”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Gotas de tinta”, 1 setembro 2013, p. 40.

Coméntase primeiramente o falecemento de Chinua Achebe. Dáse conta da publicación da tradución ao galego desta obra pola editorial Rinoceronte. Indícase que se trata dunha novela curta e de fácil lectura. Sinálase que a obra “amosa a verdadeira faciana dos colonos europeos” a través de Onkonkwo, líder do pobo, quen ve como os colonizadores brancos invaden as súas terras traendo con eles o evanxeo. Destácase ademais que na actualidade o etnocentrismo europeo continúa a estar presente intentando trasladar as súas ideas a outras culturas. Por último, faise referencia a que a obra é capaz de transmitir “unha fonte de mensaxe ideolóxica”.

- Héitor Mera, “Invitación a pensar”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 473, “Libros”, 17 outubro 2013, p. VII.

Apúntase que esta obra, traducida ao galego por Saleta Fernández, presenta unha boa calidade literaria e estilística. Indícase que nela atopamos reflexións tanto históricas como identitarias e antropolóxicas e que son contadas a través da personaxe principal, Okonkwo. Dáse a coñecer o proceso de colonización a finais do s. XIX nunha aldea de Nixeria e faise referencia á cristianización e occidentalización dos pobos que sofren “abandono identitario”, presente ao longo desta novela.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Excelentes novelas tamén en galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 526, “Letras en galego”, 13 xullo 2013, p. 8.

Coméntase que as editoras Rinoceronte e Hugin e Munin apostan pola tradución en galego ao igual que Edicións Xerais de Galicia. Dise que a primeira traduciu neste ano: *Todo se esfarela*, de Chinua Achebe; *Infancia*, de J. M. Coetzee, “a segunda entrega da triloxía desas memorias ficticias baixo o título de *Mocidade*”; e dúas novelas negras de Jim Thompson, *Os caloteiros* e mais *O asasino que hai en min*. Apúntase que Hugin e Munin traduciu: *Maria*, de Mary Wollstonecraft; *O afundimento de Titán*, de Morgan Robertson; e *A asasina*, de Alexandro Papadimandis. Edicións Xerais de Galicia publicou as obras *Reckless. A vida nas sombras*, de Cornelia Funke e *Soños de Fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly. Sinálase ademais que algunhas obras publicadas por Faktoria K de Libros foron *Un ianqui na corte do rei Artur*, de Mark Twain; *Pastoral Americana*, de Philip Roth; *Tantos cabaliños lindos*, de Cormac McCarthy; e tamén *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly.

Achebe, Chinua, *Xa non hai acougo*, trad. ao inglés Saleta Fernández, Cangas do Morrazo: Rinoceronte, 2013, 194 pp. (ISBN 978-84-92866-60-1).

Segunda entrega da “Triloxía africana” de Chinua Achebe (Ogidi, Nixeria, 1930-Boston, Massachusetts, 2013), na que Obi Okonkwo volve a Umuofia, aldea igbo de Nixeria Oriental, cun posto de funcionario na administración, despois de estudar Filoloxía Inglesa en Londres becado pola Unión Progresista do seu pobo. A voz narradora omnisciente relata nos dous primeiros capítulos o xuízo ao que é sometido Obi, acusado de corrupción, e a reflexión do seu xefe, Mr. Green, sobre a súa culpabilidade dos feitos que resume boa parte do argumento. A partir do terceiro dos dezanove capítulos, e a modo de *flashback*, relátase de xeito lineal e con alternancia de espazos a historia de Obi e os feitos que o levaron ante o xuíz: a estancia académica en Inglaterra, onde estuda Filoloxía Inglesa e imparte conferencias sobre a corrupción na administración nixeriana que rexeita; a volta a Nixeria cun posto de funcionario, as discusións coa súa familia por querer casar con Clara, membro da tribu osu; a morte da súa nai ou as dificultades económicas que pasa por ter que axudar a súa familia; e os problemas sentimentais e económicos con Clara, que o levan a ceder ao soborno no ámbito laboral, motivo polo que será xulgado.

Aira, César, *Festival*, trad. Juan Tallón, Iñás-Oleiros: Editorial Trifolium, col. Litterae, 2013, 98 pp. (ISBN: 978-84-940297-7-6).

Nesta novela César Aira (Coronel Pringles, Bos Aires, Arxentina, 1949) narra empregando un narrador en terceira persoa omnisciente a historia dun director de cine belga chamado Sterix, que fai unha aparición nun coñecido festival de cine en Bos Aires cunha compañía algo singular, a súa nai, quen día tras día lle fará máis complexa a tarefa que lle foi encomendada debido as súas constantes queixas e tardanzas. Cun ritmo narrativo áxil, excepto cando se realizan descrições físicas da cidade, natureza ou se fala de cuestións cinematográficas, Aira narra esta historia con toques de humor, empregando unha linguaxe cinematográfica coidada.

Recensións:

- Armando Requeixo, “O absurdo irónico de César Aira”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “letras Atlánticas”, p. 23/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 773, “letras Atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 773, “letras Atlánticas”, p. 33, 21 abril 2013.

Preséntase a tradución do xornalista ourensán Juan Tallón en Trifolium da obra de César Aira, considerado un dos escritores hispanoamericanos máis lidos na actualidade, con máis de medio cento de títulos publicados. Dise que é a primeira vez que un volume do arxentino se traduce ao galego e que esta obra, se ben non é un inédito, nunca foi editada nin impresa fóra de Arxentina, o que fai descoñecida para o público aquí do Atlántico. Coméntanse o argumento, o estilo e a meritosa transparencia do verquido de Tallón, salientando que non en van o autor fixo del unha ficción metaliteraria, destacándoo xunto co chileno Roberto Bolaño na súa novela *A pregunta perfecta (O caso Aira-Bolaño)*.

Referencias varias:

- Rodri García, “César Aira estrea en galego a súa novela ‘Festival’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 abril 2013, p. 28.

Anúnciase a tradución ao galego en Trifolium de *Festival*, de César Aira. Dise que o narrador, neto dun galego natural do lugar de Sobradelo, quería facer unha homenaxe ao seu avó, que realizou por medio de Juan Tallón e a mentada editora.

Al Aswany, Alaa, *O edificio Yacoubian* (*‘Imarat Ya‘qubyan*, American University Press, 2002), trad. Fátima Tourari, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 49, 2013, 252 pp. (ISBN: 978-84-92866-58-8).

Novela de Alaa Al Aswany (O Cairo, 1957) que retrata a actual sociedade exipcia da cidade do Cairo por medio de distintos personaxes e facendo uso da terceira persoa omnisciente. Así un mozo islamista, un vello aristócrata e un xornalista homosexual comparten un edificio homónimo ao título da novela no que cada piso representa distintas clases sociais. Este cruzar de persoas crea o espazo, lonxe de calquera tipo de prexuízo ou tabú, para establecer a crítica social contra a corrupción política, o fundamentalismo relixioso, as ditaduras dos países árabes ou a falta de liberdade sexual. Esta galería de personaxes, retratados de maneira humana e real, consegue representar a complexidade dunha sociedade como a exipcia nun período presente tan convulso.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “Publican la primera novela traducida del árabe al gallego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 17 novembro 2013, p. 47.

Coméntase a tradución ao galego da obra de Alaa Al Aswany, *O edificio Yacoubain*, traducida por Fátima Tourari. Sínálase ademais que o motivo da publicación se debe á súa calidade literaria e á actualidade dos temas que trata, como a ausencia de liberdade sexual ou as desigualdades sociais.

Cano, Harkaitz, *Pasaia blues* (*Pasaia blues*, 1999), trad. Isaac Xubín, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 18, 2013, 202 pp. (ISBN: 978-84-941211-7-3).

Novela psicolóxica que presenta numerosos recursos e acenos do xénero negro do autor vasco Harkaitz Cano (Lasarte-Oria, Guipúscoa, 1975) que se desenvolve na localidade portuaria guipuscoana de Pasaia na década dos noventa, nunha sociedade marcada por unha fonda depresión económica e polo terrorismo. A liña argumental vai alternando diferentes escenas a través das cales coñécese a constante labor de axexo e de persecución de posíbeis terroristas que leva a cabo o espía César Tellería, un agudo fisionomista, e que o obriga a vagar dun lugar a outro coa compañía das súas reflexións e teimas persoais; as torturas, a corrupción e a violencia que se describe a través das actuacións do escuro comisario, Roberto –afeccionado ás pelexas de cans e aos combates de boxeo–, e do seu axudante; e a vida dun comando composto por Marta e Olatz, agochadas nun piso franco, ás que se une un novo integrante sobre o que axiña recaerán os receos. O predominio dos espazos pechados, as detalladas descrições, os

saltos na temporalización, o recurso ao fragmentarismo e ao diálogo, salpicados con escenas meramente reflexivas e mesmo líricas en ocasións, contribúen en distinta medida á creación dun ambiente abafante, nunha narración que presenta ademais unha postura aséptica, sen xuízos morais de ningún tipo, un bo conxunto de referencias musicais e cinematográficas e unha estrutura en seis partes –“A espera”, “O combate”, “O corvo”, “A arma”, “O disparo” e “O blues”.

Casellas, Raimon, *As valgadas bravas* (*Els sots feréstecs*, editor Francesc Puig, 1901), trad. do catalán Eduard del Castillo Velasco, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 12, 2013, 167 pp. (ISBN: 978-84-941211-1-1).

Novela considerada fundamental na historia da literatura catalá pola súa adscrición ao modernismo, así como unha obra mestra, e única no xénero narrativo, de Raimon Casellas (Barcelona, 1855-Sant Joan de las Abadesses, 1910). O autor desprega no relato trazos dese movemento como a ambientación rural dende unha perspectiva contraria a calquera clase de idealización –centrándose en aspectos como as duras condicións de vida nese medio, as inclemencias do clima ou as características dunha paisaxe agreste, a carón da ignorancia e do fanatismo– e contrapón dúas visións: a do home letrado e a do grupo social. O padre Lázaro é destinado a rexentar a igrexa dos vales de Montmany, un lugar que atopa abandonado e destruído. Os seus propósitos de reconstruíla e rexenerar a contorna baterán co tenaz rexeitamento e oposición dos seus fregueses, aferrados aos seus costumes e cun carácter que o crego percibe túzaro e propio de cazurros. Personaxes como o Cacholas, o Aleix, o avó Pugna, Cosme de La Rovira, o Bepus de L’Uià ou os vellos caseiros do crego, Josep e Mariagna, son algúns dos veciños cos que se terá que enfrontar o crego, aínda que a suprema encarnación do mal aparece para el na Moinante, que representa o vicio e as tentacións do corpo que dominan nunha sociedade entregada ao pecado que acabará vencéndoo.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, “Hugin e Munin cumpre doce títulos na súa valente aposta pola narrativa”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 abril 2013, p. 43.

Celébrase a continuada e forte aposta tradutora da editora Hugin e Munin, que presenta na librería Couceiro de Santiago de Compostela *A asasina*, de Alexandros Papadiamandis, publicada orixinalmente en 1903, e *As valgadas bravas*, de Ramón Casellas, un documento histórico e a primeira novela modernista das letras catalás.

Coetzee, J. M., *Infancia. Escenas da vida de provincias* (*Boyhood*), trad. do inglés Rafael Salgueiro, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 44, 2013, 188 pp. (ISBN: 978-84-92866-50-2).

Primeira parte da autobiografía novelada en forma de triloxía de J. M. Coetzee (Cidade do Cabo, 1940), á que seguirán *Mocidade* e *Verán*. A *Infancia*, que coma explica Coetzee adulto debería ser “unha época de alegría que se ha de pasar en praderías xogando entre ranúnculos e coelliños ou á calor do fogar lendo un conto”, convértese para o pequeno Coetzee nunha época chea de experiencias, segredos, dúbidas e medos

que provoca que actúe coma un pequeno tirano na súa casa, a pesares de ser o número un na clase. O sudafricano, apaixonado polo críquet, amante dos comunistas rusos e católico por un arrebatado, transita entre a nenez e a mocidade nunha pequena vila ao norte de Cidade do Cabo, Worcester, e mediante a súa historia coñécese a tensión na que se atopa Sudáfrica no que se refire á convivencia entre as diversas castas, que o protagonista padece.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, “Memorias con paixón”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 468, “Libros”, 12 setembro 2013, p. VII.

Indícase que a tradución da obra *Infancia*, de Coetzee por Rinoceronte Editora se pode considerar unha “autobiografía novelada” que conta as peripecias dun neno sudafricano, as súas experiencias, medos, dúbidas e segredos.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Hai que ler as advertencias”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 22 xuño 2013, p. 64.

Coméntase *Infancia*, de J. M. Coetzee, publicado en Rinoceronte, ao tempo que se presenta minimamente o contexto da Suráfrica dos anos 50, marcado polo apartheid e a teimosía bendita de Mandela.

- Ramón Nicolás, “Excelentes novelas tamén en galego”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 526, “Letras en galego”, 13 xullo 2013, p. 8.

Coméntase que as editoras Rinoceronte e Hugin e Munin apostan pola tradución en galego ao igual que Edicións Xerais de Galicia. Dise que a primeira traduciu neste ano: *Infancia*, de J. M. Coetzee, “a segunda entrega da triloxía desas memorias ficticias baixo o título de *Mocidade*”; *Todo se esfarela*, de Chinua Achebe; e dúas novelas negras de Jim Thompson, *Os caloteiros* e mais *O asasino que hai en min*. Apúntase que Hugin e Munin traduciu: *Maria*, de Mary Wollstonecraft; *O afundimento de Titán*, de Morgan Robertson; e *A asasina*, de Alexandro Papadimandis. Edicións Xerais de Galicia publicou as obras *Reckless. A vida nas sombras*, de Cornelia Funke e *Soños de Fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly. Sinálase ademais que algunhas obras publicadas por Faktoria K de Libros foron *Un ianqui na corte do rei Artur*, de Mark Twain; *Pastoral Americana*, de Philip Roth; *Tantos cabaliños lindos*, de Cormac McCarthy; e tamén *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly.

Coetzee, J. M., *Mocidade. Escenas da vida de provincias (II)* (*Youth. Scenes from Provincial Life II*, Mondadori, 2002), trad. Iolanda Mato, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 45, 2013, 194 pp. (ISBN: 978-84-92866-53-3).

Novela autobiográfica de J. M. Coetzee (Cidade do Cabo, 1940) estruturada en vinte capítulos precedidos dunha cita de Goethe onde, empregando un narrador omnisciente

en terceira persoa, se relata a historia de John, un mozo surafricano estudante de Matemáticas e apaixonado pola literatura que abandona o seu país natal para marchar a Europa e converterse en artista. Os feitos desenvólvense a finais da década de 1950 e principios da década seguinte. A historia comeza en Suráfrica, no momento no que John está cursando o seu último ano de estudos. Fuxindo da complexa situación pola que atravesa o seu país e dunha serie de circunstancias persoais, John decide marchar a Londres coa intención de ter unha nova vida chea de experiencias intensas que o axuden a converterse en poeta. Porén, unha vez en Londres non atopa o que busca e vese obrigado a aceptar un traballo como programador informático e a levar unha vida monótona. Neste tempo, ten unha serie de amoríos, pero a súa relación coas mulleres é fría e complexa e non logra coñecer a musa que desate a súa vea poética. Tampouco logra facer amigos. Para fuxir da soidade e dunha vida infeliz e atormentada refúxiase no cine e na literatura, pero xa non é capaz de escribir bos textos. Durante este tempo reflexiona sobre a condición do artista e soña cun futuro esperanzador que o axude a esquecer o presente. Cando xa levaba máis dun ano no seu emprego, decide que non pode seguir sacrificando a súa vida e deixa a empresa. Quere vivir un tempo sen traballar, improvisar e ver se a sorte o acompaña e coñece a muller que anhela. Porén, segue sen ser capaz de escribir e as súas ambicións comezan a minguar. Os aforros dúranlle pouco e recibe unha carta do ministerio que o obriga a abandonar o país se non renova o permiso de traballo, polo que se ve forzado a buscar emprego de novo como programador informático. O novo traballo obrígao a deixar Londres e trasladarse ao campo. Alí John séntese máis a gusto e esfórzase por ser un bo programador informático, renunciando ás súas aspiracións. John sabe que é o único responsábel do seu destino e que debe esforzarse por cumprir os seus soños en lugar de agardar que as cousas sucedan por si soas. Porén, ten medo e tan só espera a que o tempo pase.

Recensións:

- Jaureguizar, “Tes moito que madurar”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Libros”, 28 setembro 2013, p.64.

Coméntase a lectura de *Mocidade*, de J. M. Coetzee, segundo volume da triloxía, e reflexiona sobre o tema abordado nelas a partires da propia experiencia.

- Xosé Carlos Caneiro, “Debate”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “A outra mirada”, “Club dandi”, 28 setembro 2013, p. 10.

Comeza falando da necesidade de diálogo e discusión literaria en Galicia. Ademais, cita dúas obras literarias atractivas para os lectores: *Os xornalistas utópicos*, de Manuel Veiga, e *Mocidade*, de Coetzee, unha obra metaliteraria que foi traducida ao galego por Iolanda Mato, que dá conta dun artista que ao chegar á idade adulta deixa de selo e que seduce o lector. Remata dicindo que “a nosa literatura non poderá medrar sen debate nin controversia”.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Excelentes novelas tamén en galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 526, “Letras en galego”, 13 xullo 2013, p. 8.

Coméntase que as editoras Rinoceronte e Hugin e Munin apostan pola tradución en galego ao igual que Edicións Xerais de Galicia. Dise que a primeira traduciu neste ano: *Infancia*, de J. M. Coetzee, “a segunda entrega da triloxía desas memorias ficticias baixo o título de *Mocidade*”; *Todo se esfarela*, de Chinua Achebe; e dúas novelas negras de Jim Thompson, *Os caloteiros* e mais *O asasino que hai en min*. Apúntase que Hugin e Munin traduciu: *Maria*, de Mary Wollstonecraft; *O afundimento de Titán*, de Morgan Robertson; e *A asasina*, de Alexandro Papadimandis. Edicións Xerais de Galicia publicou as obras *Reckless. A vida nas sombras*, de Cornelia Funke e *Soños de Fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly. Sinálase ademais que algunhas obras publicadas por Faktoria K de Libros foron *Un ianqui na corte do rei Artur*, de Mark Twain; *Pastoral Americana*, de Philip Roth; *Tantos cabaliños lindos*, de Cormac McCarthy; e tamén *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly.

Coetzee, J. M., *Verán. Escenas da vida de provincias (III)* (*Summertime. Scenes from provincial life II*, Mondadori, 2009), trad. Susana Collazo, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, nº 46, 2013, 290 pp. (ISBN: 978-84-92866-52-6). ■

Novela autobiográfica de J. M. Coetzee (Cidade do Cabo, 1940) que reflicte a vida do autor entre 1972 e 1977 e que supón a continuación de *Mocidade*. Ábrese cunha “Nota do autor”, que recolle uns agradecementos, á que lle segue o apartado “Cadernos de notas 1972-1975”, no que se reproducen unha serie de comentarios estruturados coma un diario, pero empregando un narrador en terceira persoa, escritos polo protagonista da novela durante eses anos. O protagonista da obra é John Coetzee, un escritor surafricano que regresa ao seu país logo de vivir durante anos en Londres e nos Estados Unidos, mais na ficción está xa morto e a súa historia reconstrúese a través das conversas que un biógrafo inglés, o señor Vincent, mantén con cinco personaxes que coñeceran ao autor. Vincent está interesado en facer un libro sobre a vida de Coetzee durante os anos previos a que este se convertera nun escritor de éxito e gañara o Premio Nobel de Literatura. Nos cinco capítulos reproducense as conversas que Vincent mantivo con cada un dos cinco personaxes. As entrevistas foron feitas entre os anos 2007 e 2008 en diferentes países e recrean a vida de Coetzee en Suráfrica entre os anos 1972 e 1977. O primeiro capítulo, “Julia”, reproduce a conversa que o biógrafo mantivo cunha antiga amante de Coetzee. Nela, Julia conta como se coñeceron ela e o escritor e como foi a súa relación. O segundo capítulo, “Margot”, céntrase na entrevista a unha curmá do protagonista. A partir dos comentarios de Margot, Vincent elabora un relato narrado en terceira persoa que reflicte a complexa relación que John mantiña coa súa familia. En “Adriana”, reproducese a entrevista a unha bailarina brasileira da que Coetzee se namorara, sen ser correspondido, e que convertira na protagonista dun dos seus libros. A muller era a nai dunha rapaza á que John lle impartía clases extraescolares de inglés. No cuarto capítulo, “Martin”, reproducese a conversa cun colega de Coetzee que coñecera nunha entrevista de traballo. Martin fala da vida de John e dá conta da súa faceta como profesor. Finalmente, en “Sophie”, recóllese a entrevista a unha compañeira de traballo de Coetzee coa que mantivo unha relación sentimental. A través do seu testemuño coñécese cales eran as ideas políticas e filosóficas do protagonista. A obra remata co apartado “Cadernos de notas: fragmentos sen data”, no que se reproducen unha serie de comentarios escritos por Coetzee similares aos do comezo. O ritmo da narración empregado é pausado.

Recensións:

- Héitor Mera, “Dinamismo narrativo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 480, “Libros”, 5 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 431, “Letras galegas”, 7 decembro 2013, p. 10.

Indícase que se trata da terceira entrega da biografía de J. M. Coetzee e que se sitúa na década dos setenta. Sinálase a trama que xira ao redor dunhas entrevistas que un investigador da obra de Coetzee fai a diferentes personaxes. Faise referencia a que o Coetzee que aparece na obra é mesquiño e insulso. Por último, indícase que é unha narración intensa cun estilo impecable.

Conan Doyle, Arthur, *Sherlock Holmes anotado. Volume I. Un estudo en escarlata. O signo dos catro. As aventuras de Sherlock Holmes. As memorias de Sherlock Holmes* 532 pp. (ISBN: 978-84-15166-46-7)/ *Sherlock Holmes anotado. Volume II. O regreso de Sherlock Holmes. O can dos Baskerville. O val do terror. O último adeus. O arquivo de Sherlock Holmes*, 704 pp. (ISBN: 978-84-15166-47-4), trad. do inglés Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, notas Xesús Fraga, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, 2013.

Edición en dos volumes con introdución e anotacións de Xesús Fraga, que contextualiza a obra e o autor, na que se recolle parte da produción narrativa de Arthur Conan Doyle (Edimburgo, 1859-Crowborough, 1930). O primeiro volume acolle catro relatos protagonizados polo detective Sherlock Holmes. *Un estudo en escarlata* (1887), narrado en primeira e terceira persoa, sitúase na Inglaterra do século XIX e está dividido en dúas partes. Na primeira, “Reimpresión das memorias de John H. Watson”, nárrese a historia dun detective chamado Sherlock Holmes que coñece ao que, co tempo, se convertirá no seu mellor amigo, John H. Watson, quen doente polo seu pasado na guerra decide compartir con el o apartamento 221B na rúa Baker. Un día, ambos os dous son informados dun asasinato, polo que deciden comezar unha investigación. O máis significativo da análise do cadáver e a escena do crime é o achado dunha pintada ofensiva e, especialmente, dun anel de voda, que será o obxecto que os levará a dar co asasino. Na segunda parte, “O país dos santos”, o asasino que apareceu na primeira parte volve facer acto de presenza para mergullarse nunha historia completamente distinta onde a vinganza e a morte son os temas principais, e que, como é habitual, vaise saldar co éxito dos dous protagonistas: Sherlock Holmes e Watson. *O signo dos catro* (1890) está ambientado na Inglaterra do século XIX. Nesta ocasión, Sherlock Holmes e Watson siguen coas súas vidas despois de resolver o misterio de *Un estudo en escarlata*, até que un día aparece na súa casa unha muller, a señorita Morstan, quen lle pide axuda ao detective co gallo da desaparición do seu pai, ao que levaba dez anos sen ver. Ademais, a muller revélalle un estraño suceso relacionado co misterio: a recepción dunha carta que a citaba nun lugar e a alentaba a buscar xustiza. Este feito fai que os dous amigos decidan mergullarse na trama. Despois de varios encontros, Morstan coñece como morreu o seu pai e as circunstancias que rodearon a defunción. Os detectives tamén resolven o misterio que envolvía o tesouro de Agra, que estaba relacionado co pai da señorita Morstan. *As aventuras de Sherlock Holmes* (1891-92) é unha serie de relatos protagonizados por Sherlock Holmes e Watson, nos que ambos intentarán descifrar os misterios que se lles presentan. En “Escándalo en Bohemia” ofrécese unha historia que mestura desamor, traizón e realeza, onde Holmes debe

facerse cunha fotografía comprometida. En “A liga dos Cabezas Rubias” Holmes debe destapar unha estafa que en realidade agocha un delito de maior calado, ideado por un delincente de notábel intelixencia. “Un caso de identidade” amosa unha trama cruel, onde o misterio principal son as desaparicións e as relacións familiares. No relato “O misterio do val de Boscombe” aparece un asasinato cun falso culpable, feito que proban Holmes e o seu axudante. En “As cinco pebidas de laranxa” aparecen elementos comúns a outras obras protagonizadas polo detective: sucesos remotos ubicados en Norteamérica e a asasina man dunha sociedade secreta. “O home do labio torto” sitúase no Londres máis exótico nunha trama onde salienta unha desaparición en misteriosas circunstancias. “A aventura do carbúnculo azul” céntrase no roubo dunha pedra de gran valor, mentres que “A aventura da banda de lunares” remite ao ano 1883 cun misterio onde as relacións familiares teñen un papel fundamental, xa que os detectives investigan a morte dunha filla a mans do seu padrastró. “A aventura do polgar do enxeñeiro” presenta unha historia no que un falso coronel estafa a un inocente mozo que a piques está de perder a vida. “A aventura do solteirón aristócrata” relata a historia dunha estraña desaparición relacionada coa aristocracia inglesa, cunha presenza importante do amor. En “A aventura do diadema de berilos” destaca a trama do roubo dun diadema de ouro de valor incalculable, pertencente á casa real, que resolve Holmes, non sen antes vivir estraños acontecementos. O último relato, “A aventura da quinta de Copper Beeches”, é unha historia de amores imposíbeis onde os personaxes non son as persoas que aparentan ser. *As memorias de Sherlock Holmes* (1892-93) acolle unha serie de relatos curtos que narran as aventuras e peripecias de Sherlock Holmes. En “Estrela de Prata” reflicte a paixón inglesa polas carreiras de cabalos, a desaparición dun deles (Estrela de Prata) e o asasinato da persoa encargada de preparar as súas carreiras. “A aventura da face amarela” amosa o perigo que ten chegar a conclusións precipitadas por mor da falta de información, xa que o que parecía ser unha historia de agresividade e vinganzas convértese en todo o contrario. En “A aventura do escribente do corredor de bolsa” debuxa o mundo das finanzas como un escenario propicio para o beneficio económico de calquera tipo. Trátase dunha historia de traizóns e roubos na que Holmes debe desenmascarar aos culpábeis. “A aventura do Gloria Scott” amosa como o detective descifra o misterio que rodeaba a morte do pai dunha das súas amizades e achega información sobre a mocidade de Holmes. “A aventura do ritual dos Musgrave” trata sobre unhas estrañas desaparicións que agochan un misterioso ritual. “O enigma de Reigate” fala da vida no campo e un misterio relacionado cun roubo e un asasinato, finalmente resoltos polo detective. “A aventura do corcovado” trata sobre o falecemento dun militar e a esposa deste, que se mesturará cunha trama onde imperan o amor e os ciúmes. En “A aventura do doente internado” reflíctense as circunstancias que vive un prestixioso doutor pouco tempo despois de coñecer o seu estraño socio. “A aventura do intérprete grego” destaca pola presenza do irmán do detective. “A aventura do Tratado Naval” narra a desaparición dun prezado documento e as pescudas que os detectives fan para coñecer o seu paradiro. O último relato, “O problema final”, Holmes é o obxectivo dun coñecido asasino e, tras unha disputa entre eles, ambos serán vítimas dun fatal desenlace. O segundo volume acolle cinco obras protagonizadas polo detective Sherlock Holmes. *O regreso de Sherlock Holmes* (1903-1904) acolle trece das aventuras de Holmes, nas que o detective se verá envolto nunha serie de misterios que deberá resolver, mesturando a primeira coa terceira persoa, xa que en ocasións é o propio Watson o que narra os feitos. En “A casa baleira”, relato clave na produción de Conan Doyle, debido á presión do público lector, “resucitou” a Holmes despois de que rematase coa súa vida para narrar un asasinato que parece non ter autor. En “O construtor de Norwood” como Holmes consegue que non condenen a un inocente grazas

ás impresións dixitais. En “A aventura dos bailaríns” a presenza dos códigos cifrados é o fito máis importante á hora de resolver o misterio dunhas estrañas mortes. “A ciclista solitaria” reflicte que a codicia e os negocios poden arruinar a vida de quen se mergulla neles. En “A aventura da escola Priory” Holmes deberá capturar ao causante da desaparición dun membro da nobreza, mentres que en “A aventura de Peter o negro” o detective resolve o violento crime dun mariñeiro, chegando a disfrazarse para así poder pasar desapercibido. Holmes volve usar a técnica do disfraz para desentrañar o misterio dun cruel asasinato en “O caso de Charles Augustus Milverton” e un roubo de xoias, que, en realidade, agocha un horrible suceso é a trama de “Os seis napoleóns”. En “Os tres estudantes” un exame de grego nun prestixioso colexio desencadeará un singular caso que Holmes tratará de descifrar; en “As lentes de ouro” destaca o total misterio e a falta de datos que rodean un terrible crime, que obrigará a Holmes a ter que botar man das súas armas como detective; en “O xogador desaparecido” a rivalidade entre dúas universidades dará lugar á desaparición dun dos mellores xogadores de rugby do centro académico; en “O crime de Abbey Grange” o inspector Hopkins pídelles axuda a Holmes a través dunha carta para resolver un desgraciado crime, que fará que o protagonista imparta xustiza segundo as súas conviccións; e “A segunda mancha” xira ao redor dun misterio relacionado coa alta clase política, onde a desaparición dun documento fará que tremen todos os estamentos da sociedade. “O can dos Baskerville” (1901-1902) sitúase na Inglaterra do século XIX e comeza a historia coa visita do doutor Mortimer a Holmes e Watson. Este aproveitará a visita para facelos partícipes dunha estraña maldición que envolve á familia Baskerville: todos os seus membros están morrendo a consecuencia dos ataques dun can. Os detectives deciden investigar o suceso. Para iso, coñecen ao herdeiro dos Baskerville, Sir Henry, cuxa vida, segundo a maldición, corría serio perigo. A situación empeora cando o herdeiro recibe unha carta ameazante onde o advirten dunha hipotética morte. Os investigadores continúan coas pescudas, que os levan a descubrir a existencia dun preso fugado nos arredores da mansión. Amais, saben que as persoas encargadas do servizo da mansión familiar agochan un enorme secreto que garda relación con estraños sucesos acontecidos no seo da familia Baskerville. As relacións afectivas, a superstición, as pistas falsas, os personaxes enigmáticos e as persecucións serán as claves da historia na que se mergullan Holmes e Watson, os que, grazas as súas investigacións, lograrán darlle respostas a todas as incógnitas que rodean á maldición da familia Baskerville. *O val do terror* (1914-1915) é unha novela, ambientada na Inglaterra do século XIX, que se divide en dúas partes. Na primeira, “A traxedia de Birlstone”, Holmes recibe na súa casa unha enigmática carta que informa do perigo que está a correr un coñecido cabaleiro. Os detectives que non poden por impedir a súa morte, comezan a investigar o crime, do que pensan que puido estar realizado por unha secta, achegando teorías, investigando os sospeitosos e intentando reconstruír o asasinato até que Holmes descubre o que realmente pasou. A segunda parte, titulada “Os vingadores”, reconstrúe os feitos que provocaron a situación vivida na primeira parte, con gran importancia da suplantación de identidades. *O último adeus* (1908-1913, 1917) é un conxunto de relatos onde Holmes e Watson deben resolver os misterios que se lles presentan na Inglaterra do século XIX e principios do XX, relatados por Watson. Comeza a obra cun “Prefacio”, onde Watson informa do lugar onde vive o detective, dos seus costumes diarios e da súa saúde. Os misterios xorden a partir do relato “A aventura da Vila Wisteria. A estraña experiencia de John Scott Eccles” no que os detectives reciben un telegrama que os mergullará nuns estraños sucesos relacionados co mundo criminal, que continúan en “O tigre de San Pedro” coa resolución do caso e as conclusións extraídas da investigación. “A caixa de cartón” comeza coa entrega a Susan Cusbing dunha caixa de cartón con dúas orellas humanas no seu interior. No

suceso, Sherlock Holmes é quen de ver o que os inspectores pasan por alto, até chegar á resolución do conflito. En “O círculo vermello” resólvese o misterio que rodeaba a un estraño hóspede grazas ás mensaxes cifradas. En “Os planos de Bruce-Partington” é unha historia que afecta á seguridade nacional na que os detectives deberán desentrañar o misterio que rodea o roubo dos planos dun moderno submarino. En “O detective agonizante” a vida de Holmes corre serio perigo, ao estar sufrindo unha estraña enfermidade que non impedirá que o detective capture a un cruel criminal. En “A desaparición de lady Frances Carfax” os detectives tratarán de resolver en Suíza a desaparición dunha dama moza. “O pé do diaño” ofrece a resolución dunha serie de crimes, onde tamén teñen presenza os amores imposíbeis e os envelenamentos. Por último, “O último adeus. Un epílogo de Sherlock Holmes”, é unha historia de misterio, espías e recompensas, da que Holmes, como é habitual, sairá vencedor. *O arquivo de Sherlock Holmes* (1921-1927) acolle doce relatos nos que Sherlock Holmes e Watson teñen que desentrañar diferentes misterios na Inglaterra do século XX, relatados maiormente por Watson agás dous nos que o propio Holmes asume a primeira persoa. A obra comeza cun “Limiar” onde se fai un repaso da carreira de Holmes e se anuncia a fin do personaxe literario. O primeiro relato, “O cliente ilustre” é unha historia de amores e vinganzas que implica á alta nobreza. “O soldado esbrancuxado”, narrado por Watson, amosa unha trama onde as enfermidades contaxiosas teñen unha enorme importancia. En “A pedra Mazarino” Holmes resolve cunha enorme brillantez o roubo dunha valiosa xoia. “A aventura dos tres Gabletes” reflicte unha historia criminal que en realidade agocha a querenza que tiña a sociedade polo factor económico. “O vampiro de Sussex” ofrece unha historia familiar onde o esotérico levará a Holmes a amosar a súas mellores armas para chegar á resolución do caso. En “A aventura dos tres Garrideb” e “O problema da ponte de Thor” os detectives terán que resolver sendos crebacabezas onde a morte será a protagonista. En “O home que andaba ós catro pés” resólvese un caso onde os avances médicos da época teñen unha importancia transcendental. En “A cabeleira do león” aparece un cadáver con estrañas pegadas no seu torso e resólvese que o responsable da morte non é un humano. “A inquilina do veo” trata brevemente traizóns e vinganzas no mundo do circo. “A vella mansión de Shoscombe” é a historia dunha estraña familia relacionada coas carreiras de cabalos. Finalmente, “O fabricante de cores retirado” ofrece unha sádica historia onde a deslealdade ten un papel fundamental.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Elemental, querido Doyle”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “letras Atlánticas”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 775, “letras Atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 775, “letras Atlánticas”, p. 33, 5 maio 2013.

Saúdase a aparición do primeiro volume de *Sherlock Holmes (anotado)*, en Edicións Morgante, traducido por Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, e profusa e minuciosamente anotado por Xesús Fraga. Realízase unha mínima introdución biográfica de Arthur Conan Doyle, salientando as novelas de corte histórico que el consideraba superiores e a colección de relatos que o farían mundialmente coñecido: os protagonizados por Sherlock Holmes e o doutor Watson. Apúntase que está formado por catro novelas e cincuenta e seis contos, acompañados de ilustracións e capa dura que dan aínda máis prestancia ao conxunto.

- Estro Montaña, “Intelixencia analítica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 469, 19 setembro 2013, cuberta.

Preséntase a edición anotada de *Sherlock Holmes* en galego a cargo de Bieito Iglesias e Manuel Vázquez. Publicada en dous volumes por Edicións Morgante, destácanse as numerosas aclaracións dos editores que enriquecen o texto e unha erudición meritoria. Anótanse os acertos da novela de Arthur Conan Doyle que explican o seu éxito e repásanse as obras de escritores galegos que inclúen a personaxe de Holmes nas súas historias como *O mellor francés de Barcelona* (1999), do propio Bieito Iglesias; *O violín de Sarasate* (2002), de Alberto Fortes; ou o artigo de Álvaro Cunqueiro publicado en *Destino*: “Unos papeles inéditos de Sherlock Holmes. El crimen del palomo buchón”.

- Xosé Carlos Caneiro, “Holmes e a maxia”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 543, “A outra mirada”, 26 outubro 2013, p. 11.

Partindo da idea de que se está a perder a maxia na literatura —a maxia que proporcionaban Jorge Luis Borges, Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Ánxel Fole ou Ramón Otero Pedrayo—, recupéranse dúas obras contrarias a esta tendencia, e xa que logo, teluricamente emocionantes, imaxinativas, poéticas. Trátase de *A Galicia máxica de García Márquez*, obra de Carlos G. Reigosa, onde se exploran as raíces nosas do realismo máxico antes de que o boom hispanoamericano acontecese, e *Sherlock Holmes anotado*, que vén a ser a edición de catro das súas novelas e cincuenta e seis contos. Indícase que as aventuras de Holmes e Watson se desenvolven en galego grazas á tradución de Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, acompañada das anotacións de Xesús Fraga, en Morgante Edicións.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “As mil caras de Sherlock Homes”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 512, “Adianto editorial”, 6 abril 2013, p. 8.

Preséntase, a modo de adianto editorial, a edición *Sherlock Holmes anotado*, en dous volumes, da editorial Morgante. Dise que a versión galega corresponde a Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, e o corpo de notas a un coidadoso X. Fraga, que reflexiona nelas sobre a pervivencia do personaxe creado por Conan Doyle e sobre outras particularidades.

- Nacho Mirás, “Morgante navega en el mundo fascinante de Sherlock Holmes con una reedición anotada”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 25 abril 2013, p. 34.

Faise eco da presentación na Librería Couceiro de Santiago dos dous volumes de *Sherlock Holmes anotado*, editados por Morgante Edicións, e traducidos por Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, coas anotacións do xornalista e escritor Xesús Fraga, que quixo aclarar información curiosa e facer notar a influencia deste personaxe na obra de autores galegos coma Álvaro Cunqueiro ou Alberto Fortes.

Deledda, Grazia, *Elias Portolu* (*Elias Portolu*, Casa Editrice Nazionale, 1903), trad. do italiano Isabel Soto, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 10, xaneiro 2013, 176 pp. (ISBN: 978-84-939647-9-5).

Novela de Grazia Deledda (Nuoro, Sardeña, 1871-Roma, 1936) estruturada en vinte capítulos que relata, empregando un narrador en terceira persoa omnisciente e un ritmo da narración pausado, a historia dun amor imposíbel entre o protagonista, Elias Portolu, e a súa cuñada, Maria Maddalena Scada. Os feitos desenvólvense en Nuoro nos comezos do século XX, converténdose a novela nun retrato da sociedade sarda do momento, enriquecido polas continuas descrições da paisaxe. A historia comeza cando Elias Portolu regresa á casa familiar logo de pasar uns anos na cadea e decide cumprir unha promesa feita no cárcere participando coa súa nai e outros veciños nunha procesión á igrexa de San Francisco, onde permanecen durante os días que dura a novena previa á festa en honra do santo. Na antevéspera da festa, chegan ao lugar o pai de Elias e o seu irmán maior, Pietro, acompañado da súa prometida, Maria Maddalena, da que se namora. Dende aquela vive atormentado polo recordo da súa amada e polo sentimento de culpabilidade. Os meses seguintes no campo foron un martirio para el, especialmente ao descubrir que Pietro, xa casado con Maddalena, maltratábaa. Chega un momento en que cometen adulterio e, aconsellado polo Padre Porcheddu, faise cura ao tempo que se entera que Maddalena queda preñada. Xa sacerdote, a súa dor aumenta ao saber que o seu fillo está enfermo e que un parente pediu a man de Maddalena; consómese por non poder estar ao lado do seu fillo durante a enfermidade. Finalmente, o neno morre e Elias poder estar só co seu cadáver.

Dragomán, György, *O rei branco* (*A fehér király*, Magveto: Budapest, 2005), trad. do húngaro Jairo Dorado Cadilla, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 47, 2013, 228 pp. (ISBN: 978-84-92866-56-4).

Novela de György Dragomán (Transilvania, 1973) ambientada no réxime ditatorial de Ceausescu quen atemorizou a Romanía durante máis de dúas décadas. O protagonista é Djata, un neno que medra entre o medo e a violencia dun réxime corrupto en descomposición que se levou a seu pai, un profesor universitario anulado por un goberno opresor que o obrigaba a facer traballos forzados na faraónica obra do canle do Danubio. Trátase dunha narración en primeira persoa nerviosa, de parágrafos extensos e marcada pola ausencia de diálogos que desvela tristes estampas provocadas pola ditadura.

Recensións:

- Jaureguizar, “Internacional de gabardinas”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Libros”, 14 decembro 2013, p. 58.

Primeiramente faise unha primeira alusión ás ditaduras. Despois, coméntase a tradución desta obra de György Dragoman pola editora Rinoceronte, tras o éxito de Herta Müller con *Randea o alento* (2011). Indícase que se trata dun conxunto de dezaoito relatos que conta a historia dun neno de once anos que ve como uns homes con gabardina levan ao seu pai e que, tras o acontecemento, prefere romper os nocellos a ir á escola.

Fante, John, *A irmandade da uva* (*The Brotherhood of the Grape*, 1977), trad. Adrián Estévez, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 15, outubro 2013, 228 pp. (ISBN: 978-84-941211-4-2).

Primeira tradución ao galego dunha novela de John Fante (Colorado, 1909-California, 1983), un dos creadores do denominado *realismo sucio*. Narrada cun estilo directo e escasos enfeites estilísticos, a voz narrativa de Henry Molise, o alter ego de John Fante, aborda a súa historia familiar cunha mirada retrospectiva. Henry, un escritor de Colorado que vive en California como guionista, vese obrigado a volver á casa dos pais, de orixe italiana, para poñer paz entre eles, logo de que a nai ameace con divorciarse por causa da enésima infidelidade do pai. Unha vez alí, Henry acepta compracer o pai, albanel de profesión noutroa, axudándoo na construción dun fumeiro de pedra nun lugar perdido entre as montañas. Mais as discrepancias entre pai e fillo, os enfrontamentos cos irmáns ou os problemas de alcolismo farán desta estadia un tempo de continuos conflitos, que tamén poñen de manifesto gran parte dos temas que obsesionaban a Fante, coma tal, a pobreza, a incomunicación, o peso abafante do catolicismo ou as dificultades para se facer un nome no mundo das letras. De feito, a novela está cargada de experiencias autobiográficas, coma tal, un pai alcólico, a fuxida da casa na mocidade, as penurias e os axustes de contas literarios, a redacción de guións cinematográficos, algunhas experiencias amorosas e sexuais ou as súas orixes italianas, e destaca polo predominio do diálogo e a brevidade das descrições e das caracterizacións dos personaxes.

Recensións:

- Armando Requeixo, “A Irmandade Fante”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “letras Atlánticas”, p. 25/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 800, “letras Atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 800, “letras Atlánticas”, p. 33, 27 outubro 2013.

Preséntase o novo título traducido da editorial Hugin e Munin, explicando que o seu tempo non lle fixo xustiza ao escritor, John Fante, cunha vida ligada aos ambientes cinematográficos e autor de relatos, novelas curtas e unha tetraloxía novelística que pasou desapercibida até que Charles Bukowski dixo que el era o seu autor de referencia. Dise que a novela, escrita en 1977, presenta unha historia de violencia nas relacións interpersoais encarnada por Henry Molise, *alter ego* do propio Fante, quen teima en construír un fumeiro nas montañas de noroeste de California. Saliéntase que a obra é directa, incisiva e consciente das calamidades humanas.

Gómez de la Serna, Ramón, *Ninfas e Caveiras e outras elucubracións de Ramón Gómez de la Serna*, selección e ilust. David Vela, pról. Jesús Rubio Jiménez, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, n.º MMXIII, 2013, 95 pp. (ISBN: 978-84-941109-3-1).

Este volume, que peneira e traduce greguerías e fragmentos de Ramón Gómez de la Serna (Madrid, 1888- Bos Aires, 1963) para acompañalos das ilustracións de David Vela (Zaragoza, 1967), divídese en tres epígrafes: “Prólogo”, “Hiperestésicas” e “Os mortos e as mortas”. O prólogo, de man de Jesús Rubio Jiménez, leva por título “David Vela e

Ramón Gómez de la Serna: xogo de espellos”. O catedrático de literatura española na Universidade de Zaragoza presenta este libro tendo en conta o diálogo entre o debuxante David Vela e o célebre escritor e debuxante afeccionado, Ramón Gómez de la Serna, a modo de afinidade electiva. Considera que comparten unha visión plástica da realidade, valora a ironía e o humor como elementos imprescindíbeis da mentalidade moderna, a tradición romántica dende unha perspectiva xeral e a súa realización en España. A continuación, detense na vertebración do volume, efectuando unha chamada ante o dualismo “Ninfas e caveiras” como “vida e morte”, coma un canto vitalista encarnado no mundo feminino e a meditación sobre o que morre. A vida penetrada pola morte, na que “tras o vestiario vén o esqueletario”, na que as fábulas da vida son unha constante. Como na tradición galega, o vivo ten a morte a carón del, mentres hiperestésicas son as ninfas, pola complexa e ambigua visión da condición feminina da que se nutriu a concepción da muller de Gómez de la Serna. Xa que logo, esta primeira parte de creación, “Hiperestésicas”, recolle greguerías ilustradas arredor do medo, o paso do tempo, ninfas, sereas, harpistas ou bailadoras. “Os mortos e as mortas” afina aínda máis o enfoque para centrarse no fin da vida: a luva caída que recollemos é o modo de darlle a man á morte; vemos a morte ao escribir no chan o noso nome, coma quen traza a lápida; os nenos de dous viúvos visten de loito e a pá é o noso primeiro e último xoguete. Alén da conseguida adecuación entre fondo e forma -xa que as ilustracións son sorprendentes e turbadoras, expresionistas, pero conservan un aire infantil e tenro, como as propias greguerías-, salienta a coherencia conseguida na recompilación e escolla, o mantemento do ton. Antes da nota biográfica de David Vela, o libro incorpora unhas palabras del sobre a aparición destes debuxos en diferentes exposicións e o anterior proxecto compartido con Ángel Laín, “Ninfas e sereas”.

Hope-Hodgson, William, *Os botes do Glen Carrig (The boats of the Glen Carrig)*, trad. Tuula Ahola Rissanen, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Gótica, 2013, 217 pp. (ISBN: 978-84-15699-12-5).

Primeira novela de William Hope Hodgson (Essex, Gran Bretaña, 1877-Ypres, Bélxica, 1918) que narra empregando unha terceira persoa omnisciente o relato arrepiante dos náufragos do buque Glen Carrig, que vagan polo océano en botes salvavidas na procura de terra firme. Ese é o seu único desexo, que desgraciadamente os leva a arribar a unha costa descoñecida e chea de misterios na que vivirán unha infernal viaxe onde se enfrontarán aos máis estraños perigos e ao imprevisible océano. Destaca a prosa precisa, efectista e angustiosa con ritmo pausado sobre uns náufragos que tentan agarrarse á vida nunha loita contra elementos naturais e sobrenaturais que dificultan o seu principal obxectivo: chegar a terra firme.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, “Angustioso relato”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 473, “Libros”, 17 outubro 2013, p. VII.

Infórmase da publicación desta obra de Hope Hodgson, traducida ao galego por Tuula Ahola para Urco Editora. Defínese como “unha historia arrepiante” que conta a viaxe imprevisíbel duns náufragos e salientase o estilo do autor, explicando que se converteu no máis alto “expoñente do terror mariño”.

Howard, Robert E., *Almuric (Almuric)*, trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Fantasía, 2013, 239 pp. (ISBN: 978-84-15699-23-1).

Novela fantástica de Robert E. Howard (Texas, 1906-1936) que se abre cunha breve introdución do tradutor onde fala do autor e da versión orixinal de Almuric. O narrador é unha primeira persoa, Essau Cairn, un home primitivo, violento, intelixente e forte que é transportado polo científico Hildebrand a un planeta estraño e ignoto, o que dá nome á novela, poboado por salvaxes, demos e demais criaturas que empregan a cotío e até o extremo a violencia. Alí verase envolto nunha serie de enfrontamentos que aportarán un ritmo trepidante á historia, unha fantasía heroica marcada por un fondo filosófico e, en ocasións, relixioso, que é común a toda a obra do autor.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, “Fantasía heroica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 478, “Libros”, 21 novembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 429, “Letras galegas”, 23 novembro 2013, p. 10.

Dá conta desta novela que narra o traslado dun home a un planeta estraño habitado por salvaxes que empregan a violencia. Indica que a calidade literaria non é moi boa, pero suficiente para pasar un “bo anaco deixándose levar pola fantasía”. Sinala tamén que o xénero da obra é a fantasía heroica.

Howard, Robert Ervin, *Máis relatos de terror sobrenatural (The thing on the Roof, The valley of the worm, The cairn on the headland, Pigeons from hell, The horror from the mound)*, trads. Pablo Amado Fuentes e Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Urco Gótica, 2013, 190 pp. (ISBN: 978-84-15699-24-8).

Recompilación de relatos de Robert E. Howard (Texas, Estados Unidos, 1906-1936) que suma un novo volume, con cinco novas narracións (“A cousa no tellado”, “O val do verme”, “A mámoa do viso”, “Pombas do inferno” e “O horror do montículo”) á biblioteca que Urco Editora dedica a este escritor. Nestes textos percíbese a influencia de H. P. Lovecraft ou Bram Stoker e amosan imaxes e situacións de horror ou tolemia, xa sexa pola actuación do vudú, do vampirismo ou de antigos deuses que camiñan sobre a terra dende tempos inmemoriais.

Joyce, James, *Ulises*, trad. Eva Almazán, María Alonso Seisdedos, Xavier Queipo e Antón Vialle, limiar Víctor F. Freixanes, Vigo: Editorial Galaxia, col. Clásicos Universais, n.º 24, outubro 2013, 1001 pp. (ISBN: 978-84-9865-503-2).

Tras un retrato de James Joyce (Dublín, 1882–Zúrich, 1941) e unha fotografía da edición de 1925, pertencente a Ramón Otero Pedrayo, o editor e escritor Víctor F. Freixanes en “James Joyce en lingua galega” explora as circunstancias da célebre tradución dalgúns fragmentos da novela do irlandés no número 32 da revista *Nós*. Discute sobre a fonte

máis certa e reconece o tratamento da cuestión ao longo das achegas de Luís Mariño, Xoán-González Millán, María Camiño Noia ou Joaquim Ventura, entre outros. Argumento, estrutura e posta en xogo de recursos literarios –nomeadamente, o monólogo interior– son recursos ben coñecidos desta obra na que, facendo un paralelismo coa *Odisea* homérica, se narran as peripecias de Leopold Bloom o 16 de xuño de 1904 en Dublín. Esta tradución demorada e complexa non é metódica e literal, senón que conserva a capacidade de producir as mesmas sensacións de estrañamento e as mesmas dificultades que a un angloparlante lle produce a versión orixinal. Son de salientar os xogos de palabras e a importante carga de erudición e referencias culturais que se trasvasan ao galego con total naturalidade, sen cargar o texto de notas a rodapé.

Recensións:

- Carlos Lema, “*Ulises*, de James Joyce en lingua galega”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 200, “O rego da cultura”, outubro, novembro e decembro 2013, p. 10-11.

Dáse conta da publicación da primeira tradución galega completa de *Ulises* na colección Clásicos Universais de Editorial Galaxia. Saliéntase a influencia desta obra na tradición literaria moderna. Despois de reflexionar sobre a necesidade de incorporar a obra a calquera tradición literaria mediante a tradución e o proceso complexo que esta última implica, achégase unha sucinta información profesional sobre o equipo tradutor, salientando ao escritor Xavier Queipo. Achéganse os datos de publicación da novela orixinal e alúdese á variedade de técnicas narrativas que presenta, destacando o emprego da corrente de consciencia, a parodia e os xogos de palabras. Reflexiónase sobre o necesario paralelismo da historia coas unidades clásicas de tempo lugar e acción para garantir a verosimilitude. Por último, alúdese ao texto “*Dedalus en Compostela*” (1929) de Vicente Risco e ao feito de que Ramón Otero Pedrayo traducise e publicase na revista *Nós* uns fragmentos da novela en 1926, reeditados por Galaxia na colección Illa Nova, para resaltar a importancia da tradución completa da obra.

- Joaquim Ventura, “*Ulises* (por fin!) canda nós”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 475, “Libros”, 31 outubro 2013, cuberta.

Celébrase a aparición desta novela de James Joyce como un exemplo da necesaria incorporación de clásicos universais ao sistema literario galego. Indícase que nin os iniciais atrancos por parte do herdeiro, nin a denegación pola Xunta da subvención solicitada pararon un proxecto necesario, que se engade ás xa traducidas *Dublineses* (Xerais, 1990) e *Retrato do artista cando novo* (Laiovento, 1994). A continuación, realízase unha revisión da ligazón do galeguismo histórico con Joyce, lembrando o paradoxo histórico de que o galego foi o primeiro idioma ibérico ao que foron verquidos os primeiros anacos da novela da man de Ramón Otero Pedrayo, que os publicara en *Nós* en 1926. Apúntase que a crítica galega reviviu o paradoxo en 1976, rescatado por Luís Mariño, mentres X. González Millán e Antón de Toro continuaron as pesquisas, até que dúas persoas externas deron luz ao asunto: McKeivitt en *Fragmentos de Ulises*, en 1926, quen demostrou que Otero Pedrayo só verquera ao galego a versión francesa; e posteriormente, Vicente Risco redimiríao con *Dedalus en Compostela*.

- Jaureguizar, “*Ulises*’ aparece en galego aos 87 anos da publicación de só uns fragmentos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 14 decembro 2013, p. 49.

Infórmase da tradución da obra de James Joyce, *Ulises*, ao galego por Eva Almazán e María Alonso Seisdedos. Indícase que fragmentos desta obra xa foran traducidos por Ramón Otero Pedrayo na revista *Nós* en 1926. Sinálanse os motivos desta tradución que se basean no feito de ser a novela máis importante da literatura en lingua inglesa. Coméntase o tema principal da obra, o transcurso da vida dun home, unha viaxe interior que “traspasa o literario” e ofrece unha “psicanálise do ser humano”.

- Francisco Martínez Bouzas, “Ulises fala galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 26 decembro 2013, p. 42.

Primeiro faise referencia a tradución que Ramón Otero Pedrayo fixo dalgúns fragmentos do *Ulises*, de James Joyce e que foron publicados na revista *Nós*. Despois alúdese á tradución que un equipo de catro persoas fixeron desta obra para a Editorial Galaxia. Dáse conta do carácter caótico e desestruturado da obra, así como do monólogo interior de cada unha das personaxes. Por último, sinálase a importancia da tradución de obras da literatura universal ao galego para “formar parte do noso patrimonio cultural”.

Referencias varias:

- X. M. R., “A Cámara de Amarante intégrase no padroado da Fundación Risco”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 13 marzo 2013, p. 9.

Comenta que o 7 de marzo de 2013 tivo lugar a sinatura oficial do acordo no que o concello portugués de Amarante se integra ao padroado da Fundación Risco e anúnciase que esta fundación apresentará o 15 de marzo o libro de Pere Tabaruela *O código do lugar Santo* e mais que no mes de abril celebrará o curso “A creación da vangarda en Galicia no século XXI”.

- Camilo Franco, “Galaxia publicará en outono a tradución galega do ‘Ulises’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 agosto 2013, p. 35.

Anúnciase a publicación da tradución galega completa do *Ulises* da man de catro persoas: Eva Almazán, Xavier Queipo, María Alonso Seisdedos e Antón Vialle. Coméntase a carga simbólica da obra para a cultura universal e para a galega.

- Ana Baena, “Galaxia supera o seu maior reto coa traducción de ‘Ulises’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 agosto 2013, p. 8.

Infórmase da publicación desta obra traducida ao galego pola Editorial Galaxia. Coméntase ademais que a editora iniciará outro proxecto levando fóra de Galicia obras en castelán de autores como Rosalía de Castro, Eduardo Blanco Amor ou Álvaro Cunqueiro e que, nalgúns casos traducirán, as obras orixinais ao galego.

- Rosa Enríquez, “Traducións”, *La Región*, “Opinión”, 17 outubro 2013, p. 22.

Fálase do que significa o labor de tradución a respecto da formación dun escritor. Cítanse dúas obras traducidas ao galego: *Ulises*, de Joyce, traducida por Xabier Queipo, Eva Almazán, María Alonso Seisdedos e Antón Vialle para Galaxia, e *Con barqueira e*

remador, tradución de poetas eslovenas, letóns, islandesas, finlandeses e catalás feita por Yolanda Castaño.

- Jaureguizar, “Durmir nunha inmobiliaria”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Libros”, 21 decembro 2013, p. 62.

Comenta a peripecia que sufriu o *Ulises*, de James Joyce na súa tradución ao galego, pois algúns fragmentos xa foran traducidos por Ramón Otero Pedrayo.

- G. N., “El regreso de Bowie o el talento de cine gallego, entre lo mejor del 2013”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 decembro 2013, p. 33.

Entre outras cuestións, salienta como fito a tradución deste texto clave da literatura.

Lindgren, Torgny, *Mel de abellón* (*Hummelhonung*, 1995), trad. Marta Dahlgren, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 17, 2013, 132 pp. (ISBN: 978-84-941211-6-6).

Tradución ao galego dunha das principais obras narrativas do autor en lingua sueca Torgny Lindgren (Norsjö, 1938). A historia ten lugar en Västerbotten, unha localidade do norte de Suecia, durante un inverno especialmente frío. Os protagonistas son dous vellos irmáns de carácter agre, Hadar e Olof, que malia viviren un cabo do outro, non se dirixen a palabra. Un dos temas é polo tanto a soidade, afrontada dende unha perspectiva realista que linda co naturalismo; unha soidade interrompida en parte pola chegada ao lugar dunha muller, consagrada á haxiografía, concretamente á vida e obra de san Cristovo. Sucede que, por mor da crueza meteorolóxica, esta muller debe quedar cas Hadar algún días. O ton da narración é escuro e descarnado, como corresponde ao estado de ambos os vellouqueiros, que non fan senón esperar a morte, feito que lle pon o ramo á novela, logo de varias regresións que facilitan que o lector coñeza a orixe dos conflitos entre ambos os personaxes. De estrutura complexa e diálogos fluídos, esta novela narrada en terceira persoa, foi galardoada co premio August, que con carácter anual entrega a Asociación de Editores de Suecia.

London, Jack, *A expedición do pirata* (*The cruise of the Dazzler*), Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2013, 151 pp. (ISBN: 978-84-15400-85-1).

Novela breve de Jack London (San Francisco, 1876-1916) dividida en dúas partes de sete e catorce capítulos respectivamente, sinalados por un número e un título. O autor recrea as andanzas marítimas de Joe, un rapaz de boa familia con problemas na escola que, desexoso de aventuras e de ser libre, escapa da casa como resposta a un ultimatum do seu pai: ou estuda ou será internado nunha academia militar. Xa fóra da casa, Joe embarca, sen ningún tipo de experiencia, no primeiro barco que atopa, o Dazzler, e coñece a Frisco Kid, quen se converterá no seu amigo. Tom quere vivir a súa propia historia e conségueno grazas á súa seguridade e á súa persistencia até acadar o seu obxectivo.

Lovecraft, Howard Phillips, *As ratas nas paredes e outras historias de medo*, trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Gótica. Biblioteca Lovecraft, n.º XII, 2013, 215 pp. (ISBN: 978-84-15699-33-0).

Volume de seis relatos de semellante extensión da Biblioteca dedicada a Howard Phillips Lovecraft (Providence, EE. UU., 1890-1937), mestre da literatura de terror, no que aparecen as súas marcas de estilo. “O horror oculto” mora na deserta mansión Martense, situada na Montaña das Tempestades, e conduce o lectorado até seres nauseabundos, produtos últimos da dexeneración mamífera, o illamento e a alimentación caníbal. “As ratas nas paredes” inicia coa historia dunha mudanza a Exham Priory, lugar maldito e abandonado, construído sobre un templo druídico, a onde se muda o narrador co seu fillo inválido das pernas, onde descubrirá covas horríbeis, cheas de ósos crebados e cranios abertos, que xa lle foran presaxiadas en soños. “O innomeable” é unha historia de conversas de escritores sobre libros en cemiterios. En “A casa maldita” o horror maniféstase nunha construción urbana da cidade de Providence por diante da que Edgar Allan Poe tiña que pasar. A penúltima historia, “O horror de Red Hook” é unha historia de traumas, soños e edificios; mentres que a última, “El”, funciona como fascinante retrato de Nova York dende unha fiestra, retrato que un home é capaz de alterar mudando a época da visión ou ofrecendo a contemplación de estratos infernais. Malia presentar algúns problemas lingüísticos (erros de concordancia e colocación de pronomes), a tradución é sinxela e lixeira en termos xerais, permitindo o lectorado desfrutar do argumento e as descrições lovecraftianas e imitando, cando cómpre, a súa brusquidade exclamativa ou exaltada.

Lovecraft, Howard Phillips, *Tras o muro do soño e outros contos macabros*, trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Gótica. Biblioteca Lovecraft, n.º X, 2013, 193 pp. (ISBN: 978-84-15699-31-6).

Décima entrega da Biblioteca de Howard Phillips Lovecraft (Providence, EE. UU., 1890-1937) que recolle trece contos. “A tumba”, enunciado dende un asilo para enfermos mentais, centra parte da intriga na apertura dunha cripta entreaberta, cun final sorpresivo, circular e escuro. “Dagon” presenta unha personaxe-narradora adicta á morfina e ao borde do límite, consciente de que esa noite porá fin á súa vida, antes do cal decide relatar algunhas peripecias vitais, nas que é decisivo o encontro co mitolóxico-grotesco. En “Máis aló do muro do soño”, un traballador dunha institución psiquiátrica relata unha historia na que a importancia do mundo onírico, as fendas enigmáticas do mundo onírico, pero tamén o cosmos, son centrais. Seguen relatos como: “Un relembro do doutor Samuel Johnson”, “O vello Bugs”, “A transición de Juan Romeo”, “A declaración de Randolph Carter”, “A Rúa”, “O ancián terríbel”, “Desde o alén”, “O templo”; algúns moi curtos, coma “Memoria”; e outros que poderían denominarse microrrelatos, coma “Nyarlathotep”. As reflexións sobre a distinción entre o real e o irreal, a crítica ao prosaico materialismo da maioría, a animación e metaforización da Humanidade ou do Mal son constantes marcas do autor, igual que o ton tenso, certas elipses ou a exclamación sorpresiva. Do mesmo xeito, unha escenografía profusa en criptas de vello granito, humidades, vales boscosos, casas que velan múltiples mortes, osarios, patios arruinados, calquera lugar na quietude da medianoite, calquera lugar marcado polo paso do tempo e a ruína. Aínda que se detectan algúns erros lingüísticos na tradución, está executada con limpeza e unha claridade sintáctica case propia da lingua de orixe, permitindo unha lectura fluída.

Mann, Heinrich, *Profesor Unrat (Professor Unrat)*, trad. do alemán Paz Huete Iglesias, Allariz: Fundación Vicente Risco, 2013, 200 pp. (ISBN: 978-84-939378-3-6). ◆

Novela ambientada a comezos do século pasado nunha cidade do norte de Alemaña, na que Heinrich Mann (Lübeck, Alemaña, 1871-California, Estados Unidos, 1950) narra a historia do profesor Raat, chamado polos seus alumnos profesor Unrat (que significa lixo en alemán), obsesionado coa disciplina e coa moral. Porén, tras ler un poema dun dos seus alumnos coñece a Rosa coa que acaba tendo un pequeno desliz que fai que a súa vida cambie por completo, ao igual que o de toda a cidade. Escrita cun estilo irónico e botando man do grotesco, Mann realiza unha crítica contra a burguesía alemá da época do Kaiser Guillerme II mostrando como a obsesión co autoritarismo pode converterse en anarquismo destrutivo. Así, o lector aprecia como Unrat pasa de ser un tirano autoritario a levar a cabo unha revolución anarquista contra a sociedade burguesa da época. Trata de reflectir o declive dunha época e dunha sociedade na que moitos predican pero non dan exemplo.

McCarthy, Cormac, *Tantos cabaliños lindos (All the pretty horses)*, trad. Eva Almazán, Pontevedra: Factoría K de Libros, col. Narrativa K, n.º 18, marzo 2013, 301 pp. (ISBN: 978-84-15250-44-9).

Primeira novela de aprendizaxe da “Triloxía da fronteira”, escrita polo autor estadounidense Cormac McCarthy (Providence, Rhode Island, 1933). Situada en 1949 na fronteira entre Texas e México, metáfora do desarraigamento e da viaxe, relátase a historia de amizade e lealdade entre dous mozos, John Grady, rapaz de dezaseis anos que despois da morte do seu avó decide fuxir a México co seu amigo Lacey, cun estilo narrativo seco e coidado, con diálogos directos e frases curtas que contrastan con parágrafos longos e poucos signos de puntuación. Os personaxes, que carecen de adornos, son libres pero aínda novos para darse conta do prezo que teñen que pagar por iso, non xulgan e limítanse a vivir a súa historia. A natureza tamén é protagonista con presenza de tormentas, estrelas, cabalos galopando en espazos sen fin que provocan un sentimento de liberdade.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Iniciación no camiño”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 463, “Libros”, 20 xuño 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 813, “Letras galegas”, 22 xuño 2013, p. 10.

Celébrase a aparición do primeiro dos volumes que compoñen a “Triloxía da Fronteira” de Cormac McCarthy en tradución de Eva Almazán, e en Factoría K. Coméntase que é unha historia de fronteira, ambientada en 1949 nas terras entre Texas e México, e que está protagonizada por John Grady, mozo de dezaseis anos que decide fuxir a cabalo cara México acompañado do seu mellor amigo, Rowlin. Trátase dunha novela de camiño e aprendizaxe con resonancias épicas, escenarios do oeste, diálogos parcos e potentes e esperanza.

- Paz Orois “Traducións de literatura estadounidense contemporánea”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 199, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 84-85.

Dáse conta da publicación das obras *Tantos cabaliños lindos* e *Pastoral americana* que constitúen os primeiros volumes da *Triloxía da fronteira* de Cormac McCarthy e da *Triloxía americana* de Philip Roth. Sinálase que a primeira obra constitúe un *western* e destácase a correspondencia entre a violencia argumental, a dureza expresiva dos diálogos curtos e os personaxes ásperos, fronte á riqueza léxica na descrición de paisaxes. Apúntase que os cabalos serven de fío condutor da trama principal, centrada na forma en que a toma de decisións forxa o destino dunha persoa. Saliéntase que a segunda obra amosa unha análise do esquema de familia estadounidense dende finais da Segunda Guerra Mundial até a actualidade. Anótase que a novela se divide en tres partes “O paraíso lembrado”, “A caída” e “O paraíso perdido”. Destácase que a novela constitúe unha crítica da sociedade estadounidense na que se tratan cuestións como o modelo de familia, a incompreensión entre xeracións, as relacións de parella, os problemas de identidade, a relixión, os cambios políticos, o patriotismo ou os prexuízos raciais.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Excelentes novelas tamén en galego”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 526, “Letras en galego”, 13 xullo 2013, p. 8.

Coméntase que as editoras Rinoceronte e Hugin e Munin apostan pola tradución en galego ao igual que Edicións Xerais de Galicia. Dise que a primeira traduciu neste ano: *Infancia*, de J. M. Coetzee, “a segunda entrega da triloxía desas memorias ficticias baixo o título de *Mocidade*”; *Todo se esfarela*, de Chinua Achebe; e dúas novelas negras de Jim Thompson, *Os caloteiros* e mais *O asasino que hai en min*. Apúntase que Hugin e Munin traduciu: *Maria*, de Mary Wollstonecraft; *O afundimento de Titán*, de Morgan Robertson; e *A asasina*, de Alexandros Papadiamandis. Edicións Xerais de Galicia publicou as obras *Reckless. A vida nas sombras*, de Cornelia Funke e *Soños de Fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly. Sinálase ademais que algunhas obras publicadas por Faktoria K de Libros foron *Tantos cabaliños lindos*, de Cormac McCarthy; *Un ianqui na corte do rei Artur*, de Mark Twain; *Pastoral Americana*, de Philip Roth; e tamén *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly.

Papadiamandis, Alexandros, *A asasina* (*Ἡ φόνισσα*, 1903), trad. do grego Susana Losada e Margarita Olivar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, 2013, 144 pp. (ISBN: 978-84-941211-0-4).

Novela de Alexandros Papadiamandis (Skiathos, 1851-1911), considerada unha obra mestra das letras gregas, que mestura trazos do realismo, polas completas descricións que achega tanto do contorno paisaxístico de sorprendente beleza coma dos costumes da sociedade que describe, e do naturalismo, visíbel no tratamento da psicoloxía dos personaxes, en particular da protagonista, e na inserción de temas que levan o lector a se cuestionar o concepto de xustiza, nun contexto dominado pola angustia en circunstancias extremas. Deste xeito, a extrema miseria e as actitudes de dominio das mulleres fan que o asasinato chegue a barallarse como opción. Ambientada na illa de

Skiathos, a trama desenvólvese nunha sociedade rural na que domina a penuria e o desespero ante a falta de recursos, unha situación que afecta de maneira especial á muller. A anciá de sesenta anos Ianis Frangos (coñecida como a tía Khadula) acorda acabar de vez co trastorno económico que supón para as familias labregas da súa terra ter que manter e casar as fillas, por mor do tiránico costume do dote, e coa súa situación de sometemento, pois a sociedade machista obrigaas a se ocupar da casa e do coidado dos maiores. Khadula decide asasinar meniñas, comezando pola súa propia neta. A súa espiral homicida ten momentos de delirio, pois ao tempo que a anciá está convencida de que a súa intervención é necesaria para rematar cos padecementos femininos, os seus remorsos polos asasinatos non deixan de atormentala. Ao se ver implicada en varias mortes, axiña xorde a desconfianza, e Khadula, até daquela unha muller amábel e querida, é perseguida polas autoridades xudiciais. Na súa agónica fuxida por toda a illa residen os momentos de maior tensión do relato. O narrador omnisciente consegue captar a psicoloxía da personaxe dende a neutralidade dunha terceira persoa que se limita a expor os feitos, e converter o texto nun alegato a prol das mulleres que ao tempo expón un debate moral.

Recensións:

- Armando Requeixo, “A infanticida”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 772, “letras Atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 772, “letras Atlánticas”, p. 33, 14 abril 2013.

Preséntase a tradución *A asasina*, de Alexandros Papadiamandis, a cargo de Susana Losada Soto e Margarita Olivar Roldán. En primeiro lugar realízase un retrato mínimo de Alexandros Papadiamandis, referente inescusábel da literatura grega contemporánea. Logo coméntase que a novela é unha narración naturalista con fonda prospección psicolóxica, incluso tremendista *avant la lettre*, que relata a historia dunha infanticida anciá, Ianis Frangos, para a maioría tía Khadula, que á vista das míseras condicións de vida das familias labregas, decide acabar coa vida de varias pequenas. Este feito convértese en espiral homicida, e a tía Khadula será dende cedo perseguida polas autoridades xudiciais, o que provoca unha fuxida física por toda a illa de Skiathos (a illa natal do autor, debuxada a base de descrições paisaxísticas) e unha imposíbel fuxida da súa conciencia. Laméntanse, unicamente, algúns excesos na presenza do autor implícito e o superfluo doutros tramos.

- Susana Losada Soto, “*A asasina*. A. Papadiamandis. Hugin e Munin, Colección XX”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 57, “Outras lecturas”, novembro 2013, pp. 99-100.

Coméntase que esta obra forma parte dun proxecto editorial que tenta introducir no mercado literario galego literatura estranxeira con menor difusión. Faise referencia de xeito sucinto ao argumento desta novela e destácase que, ao igual que na traxedia grega, nela todo xira ao redor da dor e do sufrimento. Porén, indícase que o autor non xulga a súa criatura e non aclara se consegue redimirse co castigo final. Lóuvase a beleza da natureza descrita que, ao mesmo tempo, se converte en cárcere do que a protagonista non pode fuxir. Finalmente, salientanse as citas á relixión e liturxia ortodoxa e aos referentes clásicos.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, “Hugin e Munin cumpre doce títulos na súa valente aposta pola narrativa”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 abril 2013, p. 43.

Celébrase a continuada e forte aposta tradutora da editora Hugin e Munin, que presenta na librería Couceiro de Santiago de Compostela *A asasina*, de Alexandros Papadiamandis, publicada orixinalmente en 1903, e *As valgadas bravas*, de Ramón Casellas, un documento histórico e a primeira novela modernista das letras catalás.

- Ramón Nicolás, “Excelentes novelas tamén en galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 526, “Letras en galego”, 13 xullo 2013, p. 8.

Coméntase que as editoras Rinoceronte e Hugin e Munin apostan pola tradución en galego ao igual que Edicións Xerais de Galicia. Dise que a primeira traduciú neste ano: *A asasina*, de Alexandros Papadiamandis; *Infancia*, de J. M. Coetzee, “a segunda entrega da triloxía desas memorias ficticias baixo o título de *Mocidade*”; *Todo se esfarela*, de Chinua Achebe; e dúas novelas negras de Jim Thompson, *Os caloteiros* e mais *O asasino que hai en min*. Apúntase que Hugin e Munin traduciú: *Maria*, de Mary Wollstonecraft; *O afundimento de Titán*, de Morgan Robertson. Edicións Xerais de Galicia publicou as obras *Reckless. A vida nas sombras*, de Cornelia Funke e *Soños de Fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly. Sinálase ademais que algunhas obras publicadas por Faktoria K de Libros foron *Tantos cabaliños lindos*, de Cormac McCarthy; *Un ianqui na corte do rei Artur*, de Mark Twain; *Pastoral Americana*, de Philip Roth; e tamén *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly.

Redondo, Dolores, *O gardián invisible* (*El guardián invisible*, Destino, 2013), trad. Héctor Cajaraville, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, n.º 333, 2013, 456 pp. (ISBN: 978-84-9914-479-5).

Novela de misterio, policial e mitolóxica de Dolores Redondo (Donostia, 1969), na que Amaia Salazar, inspectora da sección de homicidios da Policía Foral, é destinada á súa poboación natal, Elioondo, para dirixir unha investigación arredor do asasinato dunha rapaza, cuxo corpo aparece ás marxes do río. Durante as indagacións, a protagonista terá que facer fronte a amargos recordos do pasado, mentres aparecen máis nenas asasinadas, aparentemente a mans do mesmo agresor, pois en todos os crimes presentaba un comportamento similar. A análise dos pelos atopados sobre os corpos das vítimas confunde á policía e condúceos a relacionar os crimes cun ser mitolóxico propio de Navarra. Non obstante, a investigación dá un xiro cara ao final da obra e Amaia consegue descubrir que o responsábel dos crimes é o seu cuñado. Os seus actos pretendían asegurar a pureza do Val do Baztán (Navarra) e libéralo de todas as mozas que segundo el se axustaban ao perfil dunha prostituta. No momento no que a inspectora o vai deter, morre vítima dun disparo perpetrado pola súa dona.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “E no principio era o val do Baztan”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 502, “Letras en galego”, 19 xaneiro 2013, p. 10.

Preséntase, en tradución galega de Héctor Cajaraville para Edicións Xerais, *O gardián invisible*, de Dolores Redondo, escritora con pai galego e nai de ascendencia galega. Coméntase que a novela propón unha trama criminalística: unha adolescente aparece morta nunha fraga, cos zapatos ao seu carón e un txatxingorri enriba da pube. Cun ritmo narrativo ora vertixinoso, ora amansado, recupera a crenza no “basajaun”, un homínido enorme da mitoloxía vasco-navarra, mesturándoa coa criminalística ou coa psicoloxía, na primeira entrega dunha triloxía que ofrece garantías.

- Xosé Carlos Caneiro, “Desexo e realidade”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 506, “A outra mirada”, 16 febreiro 2013, p. 12.

Reséñase, coa persoal ollada crítica habitual, *O gardián invisible*, obra de Dolores Redondo desbordante en acción, escrita a golpe de diálogo e versada nos trucos que Hammet, Chandlet ou Simenon ensinaron para a novela negra, confesando a diversión pero lamentando a falta de “literatura”.

- Montse Pena Presas, “Intensidade narrativa”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 453, “Libros”, 11 abril 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 407, “Letras galegas”, 27 abril 2013, p. 10.

Coméntase que este texto inicia unha triloxía e combina calidade literaria e condicións para converterse nun best-seller, elementos propios do xénero negro e tradición mitolóxica. Indícase que o argumento se centra en Amaia Salazar, que viaxa a Elizondo para tentar atrapar a un asasino en serie que acaba coa vida de mozas moi novas, efectuando o crime cun coidado ritual que resalta a súa pureza. Destácase o intimismo psicolóxico, o envolvente espazo do val de Baztán e a sorpresa constante.

Referencias varias:

- Irene Dalmases, “Dolores Redondo publica la novela ‘El guardián invisible’ en quince lenguas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 16 xaneiro 2013, p. 58.

Infórmase da espectacular saída do prelo da primeira novela dunha triloxía de intriga criminal de Dolores Redondo, *O gardián invisible*, traducida e editada por Xerais, en castelán por Destino, en catalán por Columna e en euskera por Erein Argitaletxea.

- J. M. Plaza, “Dolores Redondo o el ‘best seller’ de una escritora (aún) desconocida”, *El Mundo*, “Cultura”, “EM2”, 16 xaneiro 2013, p. 41.

Coméntase, dende o punto de vista da mercadotecnia editorial, a sorprendente saída do prelo da primeira obra da “Trilogía del Baztán” de intriga criminal, neste caso, *El guardián invisible*, de Dolores Redondo, que saíu á venda nas catro linguas oficiais e foi contratada por dez editoras estranxeiras antes de ser publicada, ao tempo que se adquiriron os dereitos para levala ao cine.

- Xesús Fraga, “La literatura y su vocación centran las novedades editoriales”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xaneiro 2013, p. 27.

Realízase unha panorámica polas novidades editoriais, pasando por obras de Mo Yan, Murakami, Caballero Bonal ou Edwards, e facendo un alto na novela negra feminina, remontándose ao boom do policial nórdico e chegando até *O gardián invisible*, novela de Dolores Redondo publicada en Xerais, que mestura intriga criminal e achegamento esotérico á mitoloxía vasca.

Redondo, Dolores, *Legado nos ósos* (*Legado en los huesos*), trad. Ramón Nicolás, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Literaria. Narrativa, n.º 348, 2013, 554 pp. (IBN 978-84-9914-592-1)

Segunda entrega da triloxía policíaca de Dolores Redondo (Donostia, 1969) ambientada no val do Baztán. Ten como protagonista a Amaia, policía foral, que na primeira entrega da triloxía fora a encargada de investigar o crime de Jason Medina, asasino que, imitando o *modus operandi* do basajaun, ser da mitoloxía vasca, violara, matara e mutilara á súa fillastra. A inminencia do xuízo a Medina sitúa a unha Amaia embarazada na trama: o asasino suicídase no cárcere e deixa escrita unha nota para ela coa palabra, “tarttalo”, un ser da mitoloxía vasca que devora persoas, a partir da que a investigadora comenza a indagar. Descubre que en asesinatos anteriores aparece a mesma firma e atopa un patrón de conducta claro que a leva á búsqueda dun asasino en serie: trátase dun inductor, unha persoa capaz de convencer a outros para que maten as súas mulleres, ás que sempre lles corta un antebrazo, e despois se suiciden. Os acontecementos rematan por relacionar a Amaia cos crimes e a verse ameazada polas circunstancias. Terá que enfrontarse ao seu difícil pasado e á súa nai, o maior dos seus medos, para protexer o fillo que acaba de nacer. A voz narradora omnisciente relata os feitos de xeito non lineal: comeza a novela cun breve episodio titulado “Itxusuria” que relata o final da trama. A partir de aí, a modo de *flashback*, relátanse os acontecementos situados en dúas temporalidades diferentes: a maior parte dos corenta e dous capítulos que compoñen a trama sitúanse no presente, agás tres episodios cuxos acontecementos se trasladan a 1980 para relatar a infancia de Amaia. Ao final inclúese un glosario das voces en eúscaro que aparecen ao longo da novela e unha nota de agradecementos.

Robertson, Morgan, *O afundimento do Titán ou Futilidade* (*Futility, or the Wreck of the Titan*, 1898), trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, n.º 14, xullo 2013, 100 pp. (ISBN: 978-84-941211-3-5).

Novela curta en tradución ao galego do norteamericano Morgan Robertson (Oswego, 1861-Nova Jersey, 1915) que fora publicada orixinalmente en lingua inglesa en 1898. É un texto áxil que gañou fama anos despois de aparecido grazas á enorme similitude da historia aquí narrada coa traxedia acontecida en 1912 co buque transatlántico *Titanic*. É un caso do que se denomina *serendipia literaria*, mais a narración aborda tamén outros temas amais do naufraxio dun paquebote de luxo, aquí chamado *Titán*: o servilismo dos homes ante o poder, a crueza dos mercados bolsistas ou a avaricia das compañías aseguradoras, asuntos todos eles que capitalizan a segunda parte da novela. A historia está narrada en terceira persoa e fiada a través dun personaxe protagonista, o mariñeiro John Rowland, que, como parte da tripulación enrolada, se revela como testemuña esencial para aclarar os motivos do afundimento do barco. Rowland, que será tachado de alcólico, sobreviviu ao quedar varado, canda unha meniña, na superficie dun iceberg, lugar do que máis tarde serán rescatados, non sen complicacións (mesmo ten lugar unha

inverosímil batalla entre o home e un oso polar). Entre medias, existe unha suxestiva historia de amor que vén de lonxe entre o mariñeiro e a señora Selfridge, unha distinguida dama que resulta ser a nai de Myra, que así se chama a pequena que tras o fatal incidente queda ao coidado de Rowland. A resolución de todos os conflitos, tanto amorosos coma financeiros e loxísticos, chegará da man do xuíz encargado de ditar sentenza. Cabe salientar que a tensión da novela se mantén de principio a fin, e que nada está claro até lida a última liña.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Excelentes novelas tamén en galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 526, “Letras en galego”, 13 xullo 2013, p. 8.

Coméntase que as editoras Rinoceronte e Hugin e Munin apostan pola tradución en galego ao igual que Edicións Xerais de Galicia. Dise que a primeira traduciu neste ano: *Infancia*, de J. M. Coetzee, “a segunda entrega da triloxía desas memorias ficticias baixo o título de *Mocidade*”; *Todo se esfarela*, de Chinua Achebe; e dúas novelas negras de Jim Thompson, *Os caloteiros* e mais *O asasino que hai en min*. Apúntase que Hugin e Munin traduciu: *O afundimento de Titán*, de Morgan Robertson; *Maria*, de Mary Wollstonecraft; e *A asasina*, de Alexandro Papadimandis. Edicións Xerais de Galicia publicou as obras *Reckless. A vida nas sombras*, de Cornelia Funke e *Soños de Fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly. Sinálase ademais que algunhas obras publicadas por Faktoria K de Libros foron *Pastoral Americana*, de Philip Roth; *Tantos cabaliños lindos*, de Cormac McCarthy; *Un ianqui na corte do rei Artur*, de Mark Twain e tamén *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly.

Solzhenitsyn, Aleksandr, *Un día na vida de Iván Denísovich (Odín den Ivana Desísovicha*, Moskvá, Sovietski Pisátel, 1963), trad. Martin Andor, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Clásica, n.º 9, 2013, 166 pp. (ISBN: 978-84-92866-54-0).

Novela de Aleksandr Solzhenitsyn (1962-1973), Premio Nobel de Literatura, na que relata a vida dos presos, *zek*, nos campos de traballos forzados soviéticos durante o stalinismo. O protagonista ao redor do cal se centra a narración é Iván Denísovich, un labrego procedente dunha familia pobre, que pertence á brigada 104. A obra comeza no momento en que toca a diana, ás cinco da mañá, e comeza o día para os presos, e remata no momento do final da xornada, ás dez da noite, cando por fin, despois dos duros traballos e pesares, volven ao descanso. A historia conta como se desenvolve a vida diaria destes presos e vai seguindo os movementos de Iván Denísovich para retratar as situacións de penuria, as relacións de poder, as estratexias de supervivencia, o enxeño para conseguir unha ración dobre de comida ou algo de tabaco, nun ambiente dominado polo frío extremo, o traballo forzado e a escaseza de comida. A pesar da dureza da vida neste campo de traballo, o autor mostra o lado máis humano dos personaxes, que se comportan segundo un código ético de valores no que destaca a solidariedade e que contrasta coa deshumanización, a crueldade e a inxustiza da prisión. Unha voz narrativa en terceira persoa omnisciente, que ás veces se move á primeira persoa ou ao estilo indirecto libre, vai desvelando, a medida que narra os distintos momentos da xornada dos presos, todo un sistema de alianzas entre xerarquías e presos para, dentro da situación dramática que viven, poder ir sacando algo cada quen ao longo do día. Desta

maneira, o protagonista, aínda que se move na máis mísera pobreza e pasa a xornada traballando nun frío extremo de menos vinte e sete graos, mollado e con febre, déitase feliz polas ganancias que conseguiu ao longo da súa xeira de traballo, grazas á astucia e ao servizo a compañeiros e outros cargos: dobre ración de comida, tabaco, unha folla de coitelo útil para facer algún traballo, un chourizo etc.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Contra a barbarie”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “letras Atlánticas”, p. 25/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 801, “letras Atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 801, “letras Atlánticas”, p. 33, 3 novembro 2013.

Realízase primeiro unha semblanza do escritor ruso Aleksandr Solzhenitsyn, Premio Nobel en 1970, cunha ducia de textos moi destacábeis, como *Arquipélago Gulag* ou *Pavillón do cancro*. A continuación preséntase a obra traducida, que viu a luz en 1962 por man do poeta Aleksandr Tvardovski na máis prestixiosa revista literaria rusa, *Novy Mir*. Indícase que a novela narra as vivencias dun preso ao longo dunha xornada nun campo de concentración da estepa siberiana, describindo tanto o estilo ou a súa capacidade documental, como a súa popularidade.

- Héitor Mera, “Tensións comportamentais”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 479, “Libros”, 28 novembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 430, “Letras galegas”, 30 novembro 2013, p. 10.

Faise referencia a esta obra traducida por Rinoceronte Editora na que a acción xira ao redor dun día no gulag e as reaccións e tensións que existen entre unha serie de personaxes. Finalmente, indícase que se recomenda a obra a todos aqueles que estean en contra das barbaridades escusadas baixo o comunismo e que non teñen que ver coa situación.

Thompson, Jim, *Os caloteiros*, trad. Eva Almazán, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editoria, 2013, 212 pp. (ISBN 978-84-92866-51-9).

Novela negra de Jim Thompson (Oklahoma, 1906-California, 1977), composta de vinte e catro capítulos, na que unha voz narradora omnisciente conta a historia de Roy Dillon, un mozo que leva unha dobre vida: en aparencia é vendedor de Webb&Sarber pero a súa verdadeira profesión é o calote. Escapado do lado da súa nai, Lilly Dillon, que nunca tivo conta del como é debido, non lle queda máis remedio que aceptar a súa axuda cando esta aparece no hotel onde reside e descobre que está gravemente ferido por causa dun golpe que unha das súas vítimas lle propinou ao descubrir que o estaba estafando. Baixo o coidado de Lilly, Roy ten problemas coa súa amante, Moira, a quen súa nai non aproba. Decide contratar unha enfermeira, Carol, para que o coide, unha rapaza boa e inocente, da que Roy se aproveitará e que será un dos motivos polos que marche da casa de Lilly. Unha vez recuperado volve ao calote, marcha unha fin de semana coa súa amante e descobre que tamén Moira se dedica ao calote a grande escala e lle proporá aliarse para traballar xuntos. Ante a negativa de Roy e o consecuente iracundo enfado de Moira, rómpese toda relación entre eles. Entrementres, chégalle a

Roy a nova do suicido da súa nai. Extrañado, acode ao lugar dos feitos e comproba que o cadáver non é o de Lilly. Horas máis tarde Lilly preséntase na casa e Roy confirma as súas sospeitas: Moira, de rasgos físicos semellantes á nai, tendeu unha trampa e tentouna asasinar. A nai de Roy puido defenderse, pegoulle un tiro na cara a amante do seu fillo e preparou a escena coma se fose un suicidio. Dada por morta por todo o mundo, brindábaselle a oportunidade de comezar unha nova vida. Así que Lilly acude ao apartamento de Roy, para pedirlle cartos. Este non llos dá e Lilly mátao e marcha con eles.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Un fillo do lado escuro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 461, “Libros”, 6 xuño 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 414, “Letras galegas”, 15 xuño 2013, p. 10.

Preséntase a terceira obra de Jim Thompson verquida ao galego pola editora Rinoceronte, en tradución de Eva Almazán, despois de *Pop. 1280* e *O asasino que hai en min*. Indícase que ofrece un trío de seres solitarios mortos para o amor ou a alegría, acompañados de policías, caloteiros, rexedores de hoteis e un longo etcétera, nunha disposición que non defrauda a liña dun dos grandes mestres da novela negra.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Excelentes novelas tamén en galego”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 526, “Letras en galego”, 13 xullo 2013, p. 8.

Coméntase que as editoras Rinoceronte e Hugin e Munin apostan pola tradución en galego ao igual que Edicións Xerais de Galicia. Dise que a primeira traduciu neste ano: dúas novelas negras de Jim Thompson, *Os caloteiros* e mais *O asasino que hai en min*; *Infancia*, de J. M. Coetzee, “a segunda entrega da triloxía desas memorias ficticias baixo o título de *Mocidade*”; e *Todo se esfarela*, de Chinua Achebe. Apúntase que Hugin e Munin traduciu: *O afundimento de Titán*, de Morgan Robertson; *Maria*, de Mary Wollstonecraft; e *A asasina*, de Alexandro Papadimandis. Edicións Xerais de Galicia publicou as obras *Reckless. A vida nas sombras*, de Cornelia Funke e *Soños de Fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly. Sinálase ademais que algunhas obras publicadas por Faktoria K de Libros foron *Pastoral Americana*, de Philip Roth; *Tantos cabaliños lindos*, de Cormac McCarthy; *Un ianqui na corte do rei Artur*, de Mark Twain e tamén *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly.

Twain, Mark, *Un ianqui na corte do rei Artur* (*A Connecticut Yankee in King Arthur's Court*, 1889), trad. Carlos Acevedo, Pontevedra: Factoría K de Libros, col. Narrativa K, n.º 20, marzo 2013, 433 pp. (ISBN: 978-84-15250-50-0). ■

Novela de Samuel Langhorne Clemens (Florida, 1835-Redding, Connecticut, 1910), coñecido polo pseudónimo de Mark Twain, na que se narran as peripecias dun americano na corte do rei Artur, despois de sufrir unha viaxe no tempo. Conta cun prefacio asinado en Hartford o 21 de xullo de 1889, no que se xustifican como históricas as leis e costumes que figuran no relato e se explica que nel non se dirime a

existencia do dereito divino dos reis, senón que iso ficará para outra obra. A seguir inclúese unha “Nota explicativa”, na que o autor narra como atopou no castelo de Warwick un forasteiro que chamou a súa atención e que durante unha conversa lle contou como sufriu unha translación no tempo que o levou de 1889 en Hartford (Connecticut, Estados Unidos) até Camelot, na Inglaterra do século VI. O forasteiro explica que foi durante unha liorta cando recibiu un golpe na cabeza e ao acordar estaba sentado debaixo dun carballo nun lugar descoñecido, por onde pasou un estraño cabaleiro que o levou con el a Camelot. A partir deste momento o informante convértese en narratorio e baixo o título de “Historia da Terra Perdida” créanse en corenta e catro capítulos as peripecias que vive durante a súa estadía na Corte do rei Artur e os Cabaleiros da Táboa Redonda, onde se pon en evidencia o contraste entre a sociedade medieval e os seus coñecementos, que o levan a liderar un grupo de homes que acaba coa cabalería de Inglaterra. Rematada a batalla, sente que non ten saída e cae sumido nun profundo sono, polo que o remate do manuscrito o fai un dos seus homes, Clarence, quen explica o acontecido. A obra péchase cun epílogo final de Mark Twain no que tamén dá conta da morte do forasteiro á mañá seguinte de ler o seu manuscrito.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Perspectivismo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 459, “Libros”, 23 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 411, “Letras galegas”, 25 maio 2013, p. 10.

Anúncianse os vinte títulos de “Narrativa K”, colección de Faktoria K, coa tradución de Mark Twain *Un ianqui na corte do Rei Artur*, a cargo de Carlos Acevedo. Considérase que esta obra inaugurou en 1889 o xénero da ficción na literatura norteamericana, levando ao protagonista do século XIX ao século V para poñer de manifesto ambas as épocas. Perspectivismo, humor fino e crítica social son algúns dos aspectos salientados.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Excelentes novelas tamén en galego”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 526, “Letras en galego”, 13 xullo 2013, p. 8.

Coméntase que as editoras Rinoceronte e Hugin e Munin apostan pola tradución en galego ao igual que Edicións Xerais de Galicia. Dise que a primeira traduciu neste ano: dúas novelas negras de Jim Thompson, *Os caloteiros* e mais *O asasino que hai en min*; *Infancia*, de J. M. Coetzee, “a segunda entrega da triloxía desas memorias ficticias baixo o título de *Mocidade*”; e *Todo se esfarela*, de Chinua Achebe. Apúntase que Hugin e Munin traduciu: *O afundimento de Titán*, de Morgan Robertson; *Maria*, de Mary Wollstonecraft; e *A asasina*, de Alexandro Papadimandis. Edicións Xerais de Galicia publicou as obras *Reckless. A vida nas sombras*, de Cornelia Funke e *Soños de Fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly. Sinálase ademais que algunhas obras publicadas por Faktoria K de Libros foron *Un ianqui na corte do rei Artur*, de Mark Twain; *Pastoral Americana*, de Philip Roth; *Tantos cabaliños lindos*, de Cormac McCarthy; e tamén *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly.

Verne, Jules, *O castelo dos Cárpatos* (*Le Château des Carpathes*, 1892), trad. Alejandro Tobar, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XIX, n.º 16, outubro 2013, 186 pp. (ISBN: 978-84-941211-5-9).

Novela traducida ao galego do autor bretón en lingua francesa Jules Verne (Nantes, 1828-Amiens, 1905) publicada orixinalmente pola revista *Magasin d'Education et de Récréation*. Aínda que o estilo de Verne é perfectamente recoñecíbel nesta popular novela, trátase dunha peza atípica no conxunto da súa obra, na medida na que non pertence tanto ao xénero de anticipación científica (malia amosar elementos tecnolóxicos da época, tal que o fonógrafo ou o fio telefónico) como á parodia das crenzas e supersticións populares, máis fondas, sinala Verne, canto máis ignorante é o pobo. A novela conta con dúas partes claramente diferenciadas. Ao primeiro, a historia céntrase nos habitantes de Werst, unha pequena vila na aba da serra dos Cárpatos. Por medio do pastor Frik coñécense diversos persoeiros locais: o xuíz Koltz; o mestre Hermond; o doutor Patak; a fermosa Miriota; o seu amado Nic Deck, que é o gardamontes; e o rexente da pousada do Rei Matías, o xudeu Jonas (cabe salientar algúns comentarios que Verne pon na boca do narrador en terceira persoa ao respecto da íntima relación entre semitismo e usura). As xentes de Werst vén saír fume das torres do castelo situado na veciña meseta de Orgall, deshabitado e que antano fora a residencia da familia dos Gortz. Logo de diversas vicisitudes deciden enviar unha expedición composta polo aguerrido Nic Deck e o seu covarde acompañante, o doutor Patak. A incursión resulta un fracaso, ao sufrir Nic unha caída que o obriga a gardar repouso tras o seu dificultoso regreso á vila. A esta altura, a hipótese dunha presenza fantasmal na fortaleza gaña peso. É entón cando dá comezo a segunda parte da novela, dividida en dezaioito episodios e concibida dende unha óptica distinta: a acción céntrase en Franz de Télek, un nobre cosmopolita que viaxa por Europa na compañía do fiel Rotzko, un antigo soldado romanés. É así como coñece e se namora de Stilla, unha cantante de ópera de gran beleza e magnífica voz. Non é el o seu único pretendente; tamén Rodolphe de Gortz, sempre acompañado do misterioso Orfanik, bebe os ventos pola artista. A rapaza, xa prometida a Télek, morre durante unha interpretación, xustamente no derradeiro acto. O desespero apodérase do conde, mentres que o barón de Gortz desaparece sen máis. Tempo despois, Fran de Télek e Rotzko hospédanse na pousada de Werst, onde os vilegos lles narran os inexplicábeis acontecementos do castelo dos Cárpatos. Coa vontade de dar coa explicación lóxica, o nobre diríxese alí, onde se verá sorprendido tanto pola presenza do barón de Gortz como por unha voz, a da Stilla, que emana do interior da fortaleza. A partir de aquí, o conde e o ex-soldado trazan un arriscado plan para aclarar a situación: todo era unha intrincada argallada con base científica do barón de Gortz e de Orfanik, que coa axuda da tecnoloxía do momento foran quen de gravar a voz da cantante e mesmo de proxectar a súa figura á maneira que hoxe se entende como un holograma.

Wollstonecraft, Mary, *Maria ou Os males da muller* (*Maria, or The Wrongs of the Woman*, 1798), trad. María Fe González Fernández, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XVIII, n.º 13, xullo 2013, 178 pp. (ISBN: 978-84-941211-2-8).

Mary Wollstonecraft (Spitalfields, 1759-Londres, 1797), unha das primeiras feministas e precursoras do movemento feminista universal, é a autora desta novela de tipo psicolóxica inacabada, publicada de maneira póstuma, e que ten sido considerada a súa

obra máis radical na súa intención de denunciar a situación das mulleres na sociedade inglesa do século XVIII e as inxustizas que sufrían. Nela a protagonista, Maria, unha muller de clase alta, narra en primeira persoa e *in media res* como é obxecto de abusos por mor da autoridade absoluta do seu pai e do seu irmán maior, como é encerrada no alxube dun manicomio polo seu marido, George Venables. Nestes anos da súa vida, Maria tan só recibe o apoio dun seu tío, un home rico, ilustrado e filántropo, que trata de axudala e de rematar con esta situación de total asoballamento da muller. Durante o seu encerro, Maria coñece e comeza a namorarse doutro home chamado Darnford, mais non queda claro o desenlace desta relación pola interrupción do relato. Ademais, Maria principia unha amizade cunha das enfermeiras, Jemima, quen comparte coa protagonista unha historia personal ateigada de desgrazas ao longo da súa vida de casada e accede a conseguirlle os libros que Maria solicita, ao decatarse de que non é unha enferma mental. A través das notas escritas nos libros por Henry Darnford, comezan a comunicarse e xorde un vínculo afectivo entre eles. Jemima, a enfermeira, expón o relato da súa vida de orfandade, matrato e prostitución. Maria, dende o capítulo sete até o catorce, conta historia da súa vida en forma de relato que escribira para a súa filla: de cómo seu tío rico lle arreglara un matrimonio con Venables, a quen só lle importara a cuantiosa dote obtida; o seu interese por cultivarse literaria e artisticamente mentres o Venables pasaba mala vida gastando os cartos e enganándoa; o seu embarazo non desexado, obrigada a ter relacións sexuais co seu marido, que remata vendéndoa a un amigo seu, de quen non logra escapar. No seu intento de escapar de Inglaterra coa súa filla, o seu marido apodárase da nena e intérnaa no psiquiátrico. A novela interrómtese neste punto e o editor póstumo ofrece unha serie de notas da autora mediante as cales se pode reconstruír o final do relato. Con trazos comúns coa novela sentimental, de moda no momento no que foi escrita, o texto contén ademais moitas pasaxes autobiográficas que permiten comprender a ideoloxía e a personalidade da autora.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Excelentes novelas tamén en galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 526, “Letras en galego”, 13 xullo 2013, p. 8.

Coméntase que as editoras Rinoceronte e Hugin e Munin apostan pola tradución en galego ao igual que Edicións Xerais de Galicia. Dise que a primeira traduciu neste ano: dúas novelas negras de Jim Thompson, *Os caloteiros* e mais *O asasino que hai en min*; *Infancia*, de J. M. Coetzee, “a segunda entrega da triloxía desas memorias ficticias baixo o título de *Mocidade*”; e *Todo se esfarela*, de Chinua Achebe. Apúntase que Hugin e Munin traduciu: *Maria*, de Mary Wollstonecraft; *O afundimento de Titán*, de Morgan Robertson; e *A asasina*, de Alexandro Papadimandis. Edicións Xerais de Galicia publicou as obras *Reckless. A vida nas sombras*, de Cornelia Funke e *Soños de Fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly. Sinálase ademais que algunhas obras publicadas por Faktoria K de Libros foron *Un ianqui na corte do rei Artur*, de Mark Twain; *Pastoral Americana*, de Philip Roth; *Tantos cabaliños lindos*, de Cormac McCarthy; e tamén *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly.

I. 4. ANTOLOXÍAS

Caneiro, Xosé Carlos, *A máscara de Ulises*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Literaria, n.º 315, 2013, 215 pp. (ISBN: 978-84-9865-481-3).

Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) reúne nesta obra unha antoloxía de contos da súa autoría que xa foran publicados anteriormente. Concretamente, esta edición acolle os seguintes relatos: “A última memoria de Oliverio Twist”, “As flores de Irlanda”, “A metamorfose de Adelino Prim”, “Zapatos de cristal, blues”, “Trinta e sete días sen verte, Laura”, “E Polifemo quixo ser poema”, “Bette Davis, por favor”, “Onde se conta a increíble historia de Penélope e Ernesto Flores Gándara, o seu primeiro marido”, “Eu son salvador”, “O caso de Horacio Solveira, que quería ser neno e non o deixaron”, “As cartas marcadas de Dolores a Morte”, “Carmela Vijande, miña bolboreta”, “A penúltima viaxe de Lupe”, “E Melchor bailaba tango”, “Perseo x 2 = Perseo” e “Tombstone blues”. Nunha nota do escritor, este sinala que os contos escritos entre 1984 e 1987 foran publicados nos volumes da súa autoría *Historias no fío de Monterrei* (1988) e *Loias, lucérnulas e outras historias no fío de Monterrei* (1995), editados polo Concello de Verín e a Mancomunidade de Municipios de Verín. Os escritos entre 1995 e 1997 incluíranse en *Estado Permanente de fracaso* (Vía Láctea, 1997); *A última memoria de Oliverio Twist* fora (Galaxia, 2001); “Tombstone Blues” aparecera en *Materia Prima* (Xerais, 2002) e os demais relatos foran editados en publicacións diversas promovidas por institucións públicas, asociacións, fundacións culturais etc. Ábrese cunha fotografía do tío do autor, Gerardo Pérez Chaves, vestido de cigarrón e acompañado da duquesa de Alba en Monterrei en 1960, xunto a unha dedicatoria a este familiar. A continuación, reproducése unha cita de Albert Camus: “A felicidade e o absurdo son dous fillos da mesma terra” e, xa a seguir, sucédense os contos anteriormente mencionados. Os temas que presentan son tan variados como o poder do destino, o amor, a loucura, a bebida, o suicidio, a confusión entre literatura, imaxinación e realidade, a ausencia, o delito etc. Aparecen referencias á mitoloxía e á literatura, así como ao cinema e á música. Domina a presenza de personaxes antiheroicos, loucos, bébedos, delinquentes e suicidas, que achegan as súas vivencias a través de longos monólogos interiores en primeira persoa ou da técnica narrativa do estilo indirecto libre, ou tamén por medio dunha terceira persoa omnisciente. Psiquiátricos, noites de alcoholismo, amores loucos non correspondidos e viaxes en tren son elementos que se reiteran ao longo destes contos. Destaca o coidado da linguaxe, en numerosos casos poética, que enche de lirismo as narracións.

Recensións:

- R. N., “Unha cartografía literaria”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 524, “Letras en galego”, 29 xuño 2013, p. 10-11.

Dise que neste volume da autoría de Xosé Carlos Caneiro se recollen relatos dispersos dun período de case vinte anos. Coméntase que o libro cartografa o percorrido do verinés como narrador, empeñado en dar voz a personaxes perdedores que buscan o sentido da súa existencia.

- Dolores Martínez Torres, “Sen sorpresas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 462, “Libros”, 16 xuño 2013, p. VI.

Coméntase que este volume recolle os relatos de X. L. Caneiro escritos de 1984 até a actualidade, lamentando a falta de novidades nun esquema moi coñecido polo seu lectorado galego: novas paráfrases das grazas e desgrazas do protagonista-narrador habitual, co seu invariábel discurso de perdedor, constante nos xogos literarios ou eróticos, abrumadoramente adobiado e alcoholizado.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Sigo escribindo sobre personaxes límite que viven en situacións límite”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 xuño 2013, p. 39.

Entrevístase a Xosé Carlos Caneiro, escritor e columnista de *La Voz de Galicia*, con motivo da presentación do seu derradeiro libro, que reúne textos seus de narrativa breve. Fálase da complexa relación cos lectores e da evolución estilística, recoñecendo o autor o seu desexo de depurar a súa escrita.

II. POESÍA

II. 1. POETAS GALEGOS

Araguas, Vicente, *Cando fóramos nevar*, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Soláster, n.º 24, 2013, 67 pp. (ISBN: 978-84-92597-28-4). ◆

Poemario de Vicente Araguas (Xuvia-Neda, 1950) dividido en catro seccións (“Cando fóramos nevar”, “O berro primal de Yoko Ono”, “Ondequeira que esteades” e “Tres”) no que o título, como sinala a contracapa do volume, remite a unha excepcional nevada caída en Ferrol en 1963. A presenza da neve en todo o libro está vencellada á fotografía como testemuño perdurábel dunha xuventude xa ida que o suxeito lírico evoca seguindo a estrutura retórica do tópico literario do *ubi sunt*, que se ve actualizado polas referencias de carácter culturalistas á música de The Beatles ou Leonard Cohen e a outras artes. Agás a última sección, que está composta por tres textos en prosa, os poemas presentan unha métrica de verso libre e unha tendencia a incrementaren o seu corpo poético dende os textos máis breves da primeira sección até os máis extensos da terceira.

Recensións:

- Román Raña, “Preciosa entrega”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 454, “Libros”, 10 xaneiro 2013, p. VI.

Faise referencia á estrutura externa do libro e sinálanse como aspectos destacados a simboloxía da dor e do frío asociados á neve, a reflexión sobre o paso do tempo e a concisión verbal que sitúa aos textos na liña do haiku.

Referencias varias:

- M. J. R., “Araguas saca á luz un poemario ‘ferrolán por todos lados’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 3 maio 2013, p. 13.

Recóllese a noticia da presentación desta obra na biblioteca da Praza de España de Ferrol, á que asistiron o autor e o editor Fernando Bores. Coméntase como foi o proceso de escrita, incidindo no recordo infantil dunha nevada na cidade que dá nome ao poemario.

- Alfredo Conde, “Unha voz inconfundible”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 7 xuño 2013, p. 4.

Con motivo da publicación deste poemario, reflexiona sobre o estilo literario propio e inconfundíbel que, ou se ten ou non se ten, afirmando que Vicente Araguas si ten unha voz única, “inconfundible con calqueira outra”, que se demostra na lectura deste *Cando fóramos nevar*. Comenta que é “o gran escritor ferrolán do noso tempo”, o máis singular.

Barreiro, Ricardo de, *Sobre o desamor e outras mariconadas*, pról. Andrea Nunes Brións, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Letra inversa, 2013, 69 pp. (ISBN: 978-84-15400-92-9).

Poemario de Ricardo de Barreiro (Lousame, 1974) que se abre cunha dedicatoria, dúas citas iniciais e un prólogo de Andrea Nunes Brións. Componse de vinte e un poemas nos que se traza, a través do uso irónico das linguaxes poética e cotiá, unha historia amorosa protagonizada polo eu lírico dende a fascinación amorosa inicial até a ruptura e o posterior reencontro. Acompañan as composicións unha serie de dezaseis acuarelas en cor cuxa iconografía dialoga co discurso poético.

Referencias varias:

- C. Crespo, “Un xoguete escénico para cicatrizar feridas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 8.

Fálase do espectáculo coprotagonizado por Ricardo Barreiro e o guitarrista Guillermo Fernández, baseado no poemario de Barreiro, *Sobre o desamor e outras mariconadas*, no que se mestura teatro, monólogo e concerto.

Cao Martínez, Camilo, *Amenceres e gromos enxebres*, Santiago de Compostela: Edizer SCP, 2013, 399 pp. (ISBN: 978-84-941648-3-5).

No texto introdutorio da lapela primeira, Emilio Cao Martínez (Ansemil, Celanova, 1945) reconece como fontes a autores canónicos da poesía española da modernidade: Gustavo Adolfo Bécquer, Antonio Machado, Juan Ramón Jiménez, Federico García Lorca e Miguel Hernández; e escolle como tríada predilecta da historia literaria galega a Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro. Por último, perfila unha esquemática autopoética, que condensa o quefacer creador en tres coordenadas conexas: “chencha, realismo imaxinativo e emoción”, sempre pendentes da beleza e a completitude. Tras o texto e a fotografía da lapela, sen limiares nin textos introdutorios de ningunha caste, o único paratexto que beireira esta vasta colección de poemas é a dedicatoria, plenamente familiar e directa. Non se conta tampouco cun índice, por máis que a disposición dos poemas sexa denotativa das áreas temáticas nas que o autor afonda. O volume ábrese cunha serie de textos dedicados a momentos do día e fenómenos naturais (“Amencer”, “Noite”, “Recío”, “Xeada”, “Saraiba”, “Chuvieira”, “Carazo”, “Calor”, “Vento”, “Néboa”, “Nordesía”...) que van mudando o ton e os referentes, dun “Himno á lúa” a un “Himno á patria galega”, ou a composicións de cariz descritivo sobre festividades tradicionais galegas coma o “Entroido”. A fugacidade da vida, a dor e a ledicia, a envexa e o sentimento de pertenza, o desexo e o amor son algúns dos sentimentos explorados nos máis de cen poemas. Os animais da fauna galega, as labours agrícolas e outros aspectos como “A xeración Nós”, “O bar da praza maior de Celanova” e “Un pleno de concello” poden darnos unha idea do presentismo, realismo e ironía co que se exploran outros temas, mesturados por veces cos referentes do mundo grecolatino. Do oufano e localista “O folión do San Roque en Celanova” ás composicións pola festa da patroa até “Oración duns peregrinos” e “Gabanza á Virxe María”, que son algúns dos poemas relixiosos cos que se pecha o volume. Emprega

constantemente heptasílabos, hendecasilabos e alexandrinos, reservando o soneto para composicións como “Miña nai” ou “Meu irmán” e mesturando versos de diferente metro en “Breogán”, por exemplo. Así mesmo, ensaia rimas consonantes e asonantes ao longo das composicións. Trátase dunha dicción sinxela, cun oído que se adiviña afeito ás feitura clásicas, con recursos estruturais recorrentes como as enumeracións, paralelismos e hipérbatos; e recursos expresivos constantes como as preguntas retóricas e as exclamacións da poesía fondamente sentimental.

Carballo García, Juan Ramón, *Outlet: versos en stock*, Pontevedra: autor-editor, maio 2013, 59 pp. (ISBN: 978-84-616-4081-2).

Poemario de Juan Carballo (Basauri, 1981) composto por vinte e cinco textos en verso libre e de extensión breve. A partir do concepto, presente no título, de outlet fai un xogo entre as relacións comerciais propias do mercado téxtil e as emocións persoais asociadas á propia identidade e ao sentimento amoroso, como se reflicte no carácter anfibolóxico dos títulos dos poemas: “prezo mínimo”, “fin de existencias”, “pasado de moda”.

Cebreiro, María do e Daniel **Salgado**, *A guerra*, Cangas do Morrazo: Edicións Barbantesa, xullo 2013, 83 pp. (ISBN: 978-84-940302-2-2).

Obra poética escrita a catro mans por María do Cebreiro (Santiago de Compostela, 1976) e Daniel Salgado (Monterroso, 1981) na que se produce un intercambio textual onde non se identifica a autoría das trinta e sete composicións e que, segundo sinala a lapela do volume, nace dunha serie de correos electrónicos cruzados entre ambos escritores. O discurso lírico avanza en clave dialéctica e reflexiona sobre a propia palabra poética e a súa conflictiva relación cos condicionantes do tempo histórico en que se produce esa escrita.

Recensións:

- Héitor Mera, “Quedar no panfleto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 481, “Libros”, 12 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 432, “Letras galegas”, 14 decembro 2013, p. 10.

Como o título indica, asóciase este poemario cun planfleto desesperanzado. Descríbese o seu contido como un “canto a alinenación e mais a incapacidade de reacción colectiva”. Laméntase a ausencia de recursos retóricos en favor da mensaxe política.

Cociña, Olalla, *Ningún precipicio*, pról. Ildefonso Rodríguez, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2013, 77 pp. (ISBN: 978-84-15400-93-6).

Poemario de Olalla Cociña (Viveiro, 1979) composto por corenta e tres textos, escritos en verso libre e de extensión variábel, e un apéndice, “Voces confeitadas”, no que se recollen sete prosas poéticas. No reverso da páxina que reproduce o primeiro poema do libro dispónse a cita “Me cuentan / Que te volviste atrás / A las puertas de tu Shangri-La” (*Los Reyes que traigo*, El Hijo) e na seguinte páxina o debuxo dunha randeeira.

Tras o apéndice hai outro paratexto cunha cita de *Los conjurados*, de Jorge Luis Borges que acompaña á dedicatoria da autora dirixida aos amigos e amigas “nas palabras silvestres, nos conxuros”. No prólogo en castelán, Ildefonso Rodríguez destaca que o libro é dunha poesía tan aberta “que soporta el paso a la lengua de este lector” e sinala como valores a combinación do realismo coa ritualidade, a forza convocante das palabras e o carácter interlocutivo do dicir poético. O tema principal das composicións é a memoria evocada por unha sensación de perda, que implica a constatación da ausencia na realidade presente. Ademais trátanse outros temas como a indagación sobre a propia identidade, o paso do tempo, a lembranza da infancia perdida, a morte, a soidade e o amor.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Coma un bosque de faias”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “letras Atlánticas”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 799, “letras Atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 799, p. 32, 20 outubro 2013.

Tras describir o libro como un “calidoscopio da memoria sentimental”, pasa a salientar o seu carácter de “autoindagación poética”, así como a presenza de reflexións sobre a propia escrita. Entre os aspectos formais destacan o uso da anadiplose ou as elisións e elipses. Pecha a recensión recollendo algúns versos do poemario, dos que se extrae o título “coma un bosque de faias”.

- M. Sande, “Os detalles en Olalla Cociña e o arrepío”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 552, “Letras en galego”, 28 decembro 2013, p. 11.

Fálase deste poemario de Olalla Cociña e do tipo de poesía que contén, que se basea en feitos e experiencias cotiás. Saliéntase a atención aos detalles e a capacidade para atopar a fondura nas cousas máis sinxelas.

Referencias varias:

- Jessica Amado, “Noto a falta de risco das editoriais á hora de publicar a novos autores”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “A pie de calle”, 20 agosto 2013, contracuberta.

Acóllese unha entrevista á autora na que fala do libro con motivo da súa presentación en setembro, da súa percepción sobre a falta de risco das editoras, agás as independentes, na aposta por publicar a novos poetas e autores consolidados.

- J. G., “Olalla Cociña aborda a perda da inocencia no seu cuarto poemario”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 7 novembro 2013, p. L4.

Entrevístase á Olalla Cociña quen fala do carácter diferente deste novo libro con respecto aos precedentes, da condición da perda da inocencia e doutros proxectos, como a organización dos recitais Picaversos no pub Modus Vivendi de Santiago de Compostela.

Correa Corredoira, Xabier, *Resina de poliéster*, pról. Lino Braxe, A Coruña: Baía Edicións, col. Baía Branca, n.º 15, 2013, 107 pp. (ISBN: 978-84-9995-062-4).

Libro de poemas de Xabier Correa Corredoira (A Coruña, 1952) con limiar en dúas partes de Lino Braxe. Na primeira destácase a condición de pintor do autor e a presenza da pintura no libro; na segunda realízase, por medio dun poema, un diálogo cos textos do poemario. O volume componse de corenta e sete textos en verso libre e de extensión variábel que se acompañan da reprodución en branco e negro de cinco acuarelas de iconografía diversa. O tema dominante é a reflexión metaliteraria e interartística con referencias á creación pictórica e á obra literaria de diferentes figuras como Rosalía de Castro, Anxo Rei Ballesteros ou Joan Margarit.

Dávila, Berta, *Raíz da fenda*, XV Premio Johán Carballeira de Poesía do Concello de Bueu, pról. Marilar Aleixandre, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 30, 2013, 134 pp. (ISBN: 978-84-9914-527-3). ■

Poemario de Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987) que presenta un limiar a cargo de Marilar Aleixandre, intitulado “A pluma fendida”, no que se afirma que as capturas da autora desacougan: “Ese, non outro, é o papel da poesía, apañar o óso da cereixa, termar dun fermoso intre, desacougar”. Tras o limiar dispónse unha dedicatoria dirixida á nai da autora, unha cita inicial de Antonio Gamoneda e un breve texto (“Porque somos as fillas dunha lingua dura forte, como a améndoa, e por iso inventamos tantos nomes para convocar a fenda”). A seguir, aparece un poema limiar, co número 0, e logo os cento un poemas, numerados e distribuídos en cinco partes intituladas: “primeira fisura: fogar”, “segunda fisura: oco”, “terceira fisura: simetrías”, “cuarta fisura: derrota” e “última fisura: verbo”. Acompañando os títulos das seccións primeira a cuarta, aparecen citas de L. Tolstói, Jaime Sabines, Pilar Pallarés e Bob Dylan, respectivamente. O motivo literario central do poemario é o da perda, asociada en cada sección á familia e a herdanza, á morte, ao amor, á amizade e á reflexión metapoética.

Recensións:

- Diego Ameixeiras, “Os segredos da penumbra”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 531, “Letras en galego”, 17 agosto 2013, p. 8.

Céntrase a análise na cuestión do tema da morte e da enfermidade e faise a consideración da escrita deste poemario “como un hipotético paliativo contra a morte, o desamor e a enfermidade”.

- Miguel Sande, “Unha poesía que enche e fai sentir”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 532, “Letras en galego”, 24 agosto 2013, p. 5.

Tras facer mención a que o coñecemento do libro se produciu por medio das redes sociais, resáltase a sensibilidade espida e por veces crúa. Faise referencia á división en cinco partes e ao seus eixos temáticos e, finalmente, califícase o texto de “espléndido poemario”.

- Armando Requeixo, “Limiar da quebra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 470, “Libros”, 26 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 422, “Letras galegas”, 5 outubro 2013, p. 10.

Realiza un breve repaso da traxectoria creativa da autora e lembra que en 2004 foi galardonada nos Premios Minerva con *Tres asaltos*. Sinala que *Raíz da fenda* gañou o Premio Johán Carballeira, organizado polo concello de Bueu, e informa que a dor xerada pola morte da avoa, o baleiro ocasionado en consecuencia e a indefensión ante a enfermidade son algúns dos aspectos máis importantes que constitúen o eixe no que xira o seu contido. Dá noticia, ademais, da recente obtención do Premio Repsol de Narrativa Curta con *O derradeiro libro de Emma Olsen*.

- Montse Dopico, “Sandar as fendas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 476, “Reportaxe”, 7 novembro 2013, p. VII.

Sínálase que a morte dun ser querido pode converterse en tema sobre o que escribir, e faise referencia a dous cantos elexíacos (non moi frecuentes no sistema literario) publicados recentemente: *Raíz da fenda* e *Sol de medianoche*, de Berta Dávila e Luz Pozo Garza, respectivamente. Indícase que a orixe das obras foi, no primeiro caso, a morte da avoa, a enfermidade da amiga e o desamor, e no segundo, o falecemento da neta. Explicase que para a autora a perda supón a redefinición da propia identidade. Achéganse outros exemplos de elexías dentro da literatura galega, e indícase que, segundo o crítico Xosé Manuel Eyré e o profesor Xosé Antonio López Silva, as elexías non sempre se constrúen arredor da perda dun ser querido, ofrecéndose títulos que cumpren iso.

Referencias varias:

- María Ordóñez, “Dan Brown y Joël Dicker, dos de los autores preferidos del verano”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 xullo 2013, p. 35.

Revisanse as listaxes de libros máis vendidos das librarías santiaguesas, entre os que figuran en galego *Bícame*, *Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Raíz da fenda*, de Berta Dávila e *Rosalía pequeniña*, de Uxía.

Estévez, Asun, *Medrar nas mans*, limiar Xosé Neira Vilas, Vigo: Ir Indo Edicións, 2013, 139 pp. (ISBN: 978-84-7680-707-1).

Poemario de Asun Estévez (Bueu, 1966) que principia coa dedicatoria “Para o meu fillo, sempre luz”, á que segue un limiar de Xosé Neira Vilas no que salienta o amor pola vida e a natureza da autora e o sutil erotismo que caracteriza a súa poesía. Unha cita da mesma autora, que di que “mentres teñamos voz, nada está perdido”, dá paso aos poemas, que, en versos de extensión variable e empregando diversos moldes métricos, cun gran dominio do idioma, transmite o seu amor pola natureza, o mar, a patria e a lingua e fala de soidade, dos dereitos da muller e do amor, entre outros temas menores. Pecha a obra un poema que Estévez dedica ao autor do limiar, Xosé Neira Vilas, e un índice final.

Referencias varias:

- Cecilia Martínez, “Cando era nena pasei moita fame de libros... Agora cumprín un soño”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Morrazo*”, n.º 275, “O Morrazo”, “Bueu”, “Cangas”, 26 outubro 2013, p. 6.

Entrevístase a Asun Estévez co motivo da presentación do seu poemario *Medrar nas mans* no Centro Social do Mar de Bueu, acompañada ao piano por Jezabel Argüelles. Adiántanse algúns datos do acto e reflexiónase sobre a poesía en xeral (a forza, o sentimento) e sobre a súa produción en particular (evolución artística, temáticas tratadas).

Estévez López, José, *Naír*, Vigo: Ediciones Redelibros, marzo 2013, 130 pp. (ISBN: 978-84-940538-3-2).

Extenso poema de amor de José Estévez López (Pacios, Lugo, 1954) que, como o mesmo autor indica nunha breve introdución que antecede aos poemas, é “unha excursión que moitos alucinarán de ridículo poema de amor ridículo”. Nel, empregando o verso libre en longas estrofas, o eu poético invoca con forza a Naír, a suposta amada, e mendiga as súas respostas, aínda que non as recibe. Trátase da narración en verso –chea de citas intertextuais de Rosalía de Castro, X. L. Méndez Ferrín ou Manuel María, entre outros– do sufrimento deste eu poético, que non acougará até recibir unha contestación.

Fabeiro Gómez, Manuel, *Intres (Poemas)*, ed. e est. Xavier Castro Rodríguez, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2013, 103 pp. (ISBN: 978-84-15400-94-3).

Obra poética inédita de Manuel Fabeiro Gómez (Muros, 1916-Noia, 1992), a cargo de Xavier Castro Rodríguez, quen asina os paratextos críticos que anteceden ao poemario: “Biografía”, “Contexto” e “Estudio crítico”, no que se analizan a estrutura externa e interna, os temas e motivos literarios e os referentes estéticos. A edición consta de: dedicatoria, limiar (no que se explica a escolla do título e se sinalan os conceptos clave do poemario) e trinta e cinco textos poéticos en verso de extensión variábel nos que se combinan diferentes moldes métricos (tomados da tradición popular oral ou da tradición lírica medieval galaico-portuguesa), con predominio da rima asonante. Os temas presentes son: o amor, a morte e a reivindicación patriótica.

Referencias varias:

- M. G., “El sábado será presentado el libro *Intres* de Fabeiro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 607, 4 xullo 2013, p. 6.

Infórmase do acto de presentación deste libro ás 12:30 no salón de plenos do concello de Noia.

Fernández Rodríguez, José Julio, *Feitizo crepuscular*, limiar Anxo Tarrío Varela, Santiago de Compostela: Tórculo, decembro 2013, 96 pp. (ISBN: 978-84-616-7756-6).

Segundo poemario de José Julio Fernández Rodríguez (A Rúa de Valdeorras, 1970), profesor na Universidade de Santiago de Compostela e, actualmente, Valedor do Pobo, con ilustracións do propio autor e composto por setenta poemas, precedidos dun “Limiar” do profesor Anxo Tarrío Varela no que reflexiona sobre os posibles puntos de encontro entre a valeduría de dereitos e a escrita de poesía, considerando o autor unha *rara avis* que sabe manter incontaminadas e independentes as súas actividades vitais, lembrando a súa pericia como director e guionista de traballos audiovisuais e as súas anteriores achegas poéticas das que salienta o seu exercicio de introspección descargado de pretenciosidades, a súa mirada emparentada coa serenidade oriental dos construtores de haikai ou coa “meditación poética” proposta por Octavio Paz, que aproxima algunhas imaxes a Arthur Rimbaud ou Ezra Pound, tocando os catro elementos primordiais, fontes esenciais da imaxinación poética. Tras o limiar, succédense os poemas, iluminados sempre por un título esencial e claro (normalmente, un só substantivo), e centrados na contemplación dos elementos naturais ou humanos: o campo, a cidade, a neve, un satélite ou a noite. O verso é libre e curto, dunha dicción contida, que prefire a metáfora transparente ao enfeite, a enumeración e a estrutura sintáctica simple. Péchase co índice e o colofón que refire a data de impresión.

Fernán Vello, Miguel Anxo, *Habitación do asombro*, XXVIII Premio de Poesía Cidade de Ourense, Culleredo: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 253, 2013, 64 pp. (ISBN: 978-84-9264678-4). ■

Conxunto de poemas de Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, Lugo, 1958) que presenta dúas citas iniciais: a primeira de Alejandra Pizarnik, “Escribes poemas / porque necesitas un lugar /en donde sea lo que no es”; a segunda de Friedrich Nietzsche, “Só podemos escribir sobre o que xa está morto nos nosos corazóns”. Nos vinte e cinco poemas, de extensión variábel e escritos en verso libre, predomina a reflexión sobre a linguaxe poética e a creación. Varios poemas realizan un eloxio de figuras históricas da cultura galega, como é o caso de “Juana Capdevielle” ou “Rosalía de Castro dialoga con Emily Dickinson”. Outros temas presentes son a soidade, o sufrimento, a morte, a condición corporal da existencia, a rebeldía e a resistencia en tempos difíciles.

Recensións:

- Vicente Araguas, “As fábricas perdidas”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 784, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 784, p. 30, 7 xullo 2013.

Tras unha referencia ao contexto que afectou á editorial que dirixe o poeta e de destacar a importancia da súa figura na lírica galega, sinálase que o poemario realiza un percorrido dramático por un panorama desolador no que se significa a presenza constante da chuvia. Incídese tamén no emprego, a modo de bandeira, de figuras senlleiras como César Vallejo, Emily Dickinson, Rosalía de Castro e, sobre todo, Juana Capdevielle, a quen se identifica como símbolo ético contra a barbarie.

- Armando Requeixo, “Miguel Anxo Fernán Vello, oración pola Beleza”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 787, “*Letras Atlánticas*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 33, 28 xullo 2013.

Iníciase cunha referencias ás ganas que tiña de ler este novo poemario de Fernán Vello, tras un lustro sen publicar, e á felicidade que causa o rexurdir de Espiral Maior. Gábase a imaxe de portada a cargo de Isabel Pintado. A seguir, resáltase a presenza da chuvia, o diálogo poético con César Vallejo, Rosalía de Castro e Emily Dickinson e a plasticidade na imaxinería.

- Román Raña, “Inercia invernal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 470, “*Libros*”, 26 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 422, “*Letras galegas*”, 5 outubro 2013, p. 10.

Fai un breve repaso da traxectoria artística do autor, indicando os títulos *Memorial de brancura* (1985), *As certezas do clima* (1996) e *Territorio da desaparición* (2004) e explicando a súa evolución dende o erotismo até a busca do eu e a relación co tempo e a morte, pasando polo pesimismo existencial. Indica que *Habitación do asombro* gañou o Premio Cidade de Ourense e que é unha obra de madurez na que a desolación está moi presente. Analiza a súa forma, comentando a métrica variada, os comezos libres, a tendencia ao alexandrino e os finais curtos; e o seu contido, salientando o simbolismo que crea desolación e a presenza da chuvia invernal que afecta negativamente ao ánimo do protagonista poemático.

- Miguel Sande, “Verdade fronte ao acomodo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 537, “*Letras en galego*”, 5 outubro 2013, p. 9.

Destácanse do autor a madurez inherente á súa poética e a súa conciencia crítica perante a realidade presente; e obsérvase que parece que o seu mirar co tempo fose gañando “aínda máis fondura”. Remátase reflexionando sobre o carácter acomodaticio da maior parte da poesía actual.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “A colección poética de Espiral Maior supera xa os 250 títulos”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 17 xuño 2013, p. 25.

Infórmase das novidades editoriais de Espiral Maior, que chega aos douscentos cincuenta títulos publicados coa aparición de *Ata o corazón da mazá*, á que seguen outros títulos entre os que está este poemario, *Habitación do asombro*.

Ferreiro Real, Cristina, *Abecedario póstumo*, XII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño, Culleredo: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 251, 2013, 48 pp. (ISBN: 978-84-92646-76-0). ■

Libro de poemas de Cristina Ferreiro Real (Lugo, 1983) que se abre cunha dobre cita inicial: a primeira, de Miguel González Garcés (“Pasan homes / coa súa carga cotián de mesta sombra”); e a segunda, de Jean Paul (“A cidade vaise inundar”). Compoñen o poemario trinta e un textos en verso libre e de extensión variábel e dúas prosas poéticas.

Os temas do libro son: a lembranza do amor perdido, o sentimento de soidade e a presenza cotiá da ausencia, así como a reflexión sobre a propia linguaxe como medio de transmisión da experiencia íntima.

Recensións:

- Antía Marante, “Da necesidade da poesía”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 199, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 88-89.

Coméntanse as obras *Ata o corazón da mazá*, de Marisol Gándara, gañadora do XXV Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé; e *Abecedario póstumo*, de Cristina Ferreiro Real, gañadora do XII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Destácase que a primeira é un poemario, cun total de once composicións, que xorde da homenaxe e do diálogo coa poeta Eva Veiga e que se concibe coma un proceso de aprendizaxe. Apúntase que os versos apelan a rachar as convencións para avanzar cara á contemplación do esencial da realidade. Saliéntase que o segundo poemario se sitúa nos límites dunha casa dende onde se contempla o mundo en decadencia, constituíndo un diario da inacción a través do illamento do eu poético interior.

- Vicente Araguas, “O ventanal ruído”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 786, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 786, p. 30, 21 xullo 2013.

Tras unha reflexión sobre a traxectoria do Premio Fiz Vergara Vilariño, do que se di que é un certame honesto e que aposta pola modernidade, faise a consideración de que a autora pertence á tradición de poetas mulleres que falan do íntimo dende unha postura radical.

- Miguel Sande, “A poesía fresca, nova, de Cristina Ferreiro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 528, “Letras en galego”, 27 xullo 2013, p. 9.

Recoñécese a debilidade pola poética de Cristina Ferreiro Real apoiando o criterio en dous aspectos presentes na obra: a presenza do audiovisual nos textos e a sinxeleza coa que se ofrece un modo persoal de ver a realidade, converxente coa opinión do crítico segundo a cal considera que a esencia da poesía é asumir “un mirar propio e acaso tamén unha actitude”.

- Román Raña, “Primorosos naufraxios”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VI.

Descríbense os versos de *Abecedario póstumo* como poderosos, que fan tremer ao lector. Saliéntanse o impudor e a aspereza nun poemario no que se escribe sobre o suicidio. Remata relacionando a forza expresiva da obra con “Silencio”, de Rosalía de Castro.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “A colección poética de Espiral Maior supera xa os 250 títulos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xuño 2013, p. 25.

Infórmase das novidades editoriais de Espiral Maior, que chega aos douscentos cincuenta títulos publicados coa aparición de *Ata o corazón da mazá*, á que seguen outros títulos entre os que se sitúa este poemario, *Abecedario póstumo*.

García, Xosé Lois, *Remitencias*, pról. Xesús Alonso Montero, Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos/Deputación de Lugo, col. Lembradoira, n.º 1, 2013, 218 pp. (ISBN: 978-84-932199-9-4). ◆

Volume poético de Xosé Lois García (Lugo, 1945) precedido dun prólogo de Xesús Alonso Montero no que se define o poemario como unha “reflexión cívica” sobre os efectos da construción de encoros en Galicia durante o franquismo. Componse de oitenta e seis poemas acompañados doutras tantas reproducións fotográficas das beiras do río Miño e das poboacións que quedaran mergulladas pola construción do encoro de Belesar. Os textos distribúense en dezasete seccións que levan por título o topónimo dos lugares asolagados aos que pertencen as imaxes. No discurso poético a reflexión sobre o que lle suxire á voz lírica a visión deses espazos conecta coa denuncia de carácter social e económica, pero tamén cultural e ecolóxica, e coas lembranzas dunha infancia sen ruínas e imposíbel de recuperar.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Os días asolagados”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 793, “letras Atlánticas”, p. 33, 8 setembro 2013.

Fálase deste poemario de Xosé Lois García, no que o autor percorre as terras, actualmente asolagadas, dalgunhas das paisaxes das súas lembranzas. Indícase que os versos se asocian cun “tremor épico”, grazas a “unha selección léxica de primor culto e luminosa retórica”. Saliéntase o diálogo que se establece entre a escrita e a fotografía.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Xosé Lois García: ‘Mirar Porto no encoro baleiro foi como mirar Hiroshima’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 28 xuño 2013, p. 63.

Dáse conta da presentación desta obra, na que o autor comenta algunha fase do proceso de escrita, como por exemplo a descrición da imaxe que a motivou: a visión, anos despois, do lugar que visitaba de pequeno con seus pais tras ser desecado o encoro que o inundara.

Iglesias, Serxio, *Viaxe ao interior da fenda*, XXV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, limiar Xabier Cordal, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2013, 61 pp. (ISBN: 978-84-7824-632-8).

Poemario de Serxio Iglesias (Bos Aires, 1966) que presenta un limiar de Xabier Cordal no que se gaba a conexión desta obra coa realidade, o compromiso do autor coa verdade e a condición de “relato fundacional” do discurso poético. Componse de trinta poemas,

precedidos de dúas breves citas iniciais: unha de Herberto Helder (“sou um lugar que transborda”) e outra de José Ángel Valente (“Voltei. Nunca marchara”). Os temas tratados son: a indagación na busca da propia identidade, a rememoración de experiencias persoais, a denuncia social e a dor existencial. Acompañando os textos poéticos dispóñense unha serie de imaxes que retratan espazos naturais e humanos da realidade cotiá.

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Neira Vilas será pregonero en la Feira do Libro de Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 641, 7 agosto 2013, p. 6.

Infórmase da inauguración e das actividades da Feira do Libro de Cee, entre as que salienta a presentación deste poemario e doutras obras.

- J. M. Ramos, “Una semana de literatura con la Feira do Libro 2013”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 647, 13 agosto 2013, p. 9.

Infórmase da celebración da Feira do Libro na localidade de Cee que contará entre outras actividades, coa presenza de Serxio Iglesias quen presentará *Viaxe ao interior da fenda*.

Iglesias Míguez, Moncho, *Abuelita-Avoíña*, Barcelona: Parnass Ediciones, col. Poetikas, 2013, 104 pp. (ISBN: 978-84-941889-2-3).

Libro de poemas de Moncho Iglesias Míguez (Vigo, 1974) que se abre cunha breve reseña biográfica do autor na lapela primeira. A continuación, aparece un breve “Prólogo” en castelán, de carácter prosopográfico sobre a persoa en torno á que xiran os textos do poemario, a súa avoa. Alén do puramente vital e descritivo, engádense uns parágrafos a modo de adeus, de modo que este paratexto, asinado por Berta Iglesias Míguez, permite entender o volume como unha homenaxe póstuma. O corpo do libro está constituído por unha serie de poemas en versión bilingüe, comezando a versión galega na páxina 53. Nos poemas débuxase a vellez e os seus condicionantes (“Habitación 727-II”), o parto e a idea de pertenza a un lugar (“28 de xullo”), o mundo da aldea (Xendive, Nogueiroá), a sinxeleza e implicacións das conversas telefónicas, e toda unha miríade de obxectos ligados con esa persoa: o betume, os lavadoiros de xabón Lagarto, as alpargatas, o carmesí ou o azafrán. Son poemas de verso libre, sen rima, que recuncan formalmente nas anáforas e noutras estruturas paralelísticas, por veces a modo de refrán, o que confire a algúns dos textos certo ton de ladaíña. O material sensíbel dos poemas está permeado de referencias á cultura popular, á música tradicional (en “Flores de toxo albinas”), á historia (especialmente á guerra e á posguerra, “No 48”, “Poñamos que non chove”), ou a iconas da contemporaneidade máis absoluta, sexan donuts ou combinacións de teclas (Del+Alt+Ctrl en “En mes e medio de internado”). Formulismos, onomatopeas e un delicado manexo da ironía alixeiran, por veces, o ton e o ritmo dos poemas, densos en imaxes e información, cun leve latexo a Jaime Gil de Biedma (“Que a vida é un iogur/ con data de caducidade incerta / comezamos a descubri-lo nas manchas da pel”) e a súa poética cómplice e consciente do día a día, ou a Ángel González. Péchase cun poema que inicia por “Abuelita que estás en los cielos” e

remata con “Descansa en paz”, un índice e a mesma reseña biobibliográfica de Moncho Iglesias Míguez das lapelas.

Referencias varias:

- A. Baena, “Moncho Iglesias volve dende Palestina con versos a súa avoa”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 28 decembro 2013, p. 14.

Fálase do poemario *Abuelita/Avoíña*, que Moncho Iglesias publica como homenaxe á vida da súa avoa.

Iglesias Pazos, Arsenio, *Ático*, Premio de Poesía Avelina Valladares 2006, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, xullo 2013, 50 pp. (ISBN: 978-84-941204-3-5).

Poemario de Arsenio Iglesias Pazos (Maniños, Fene, 1978) que se abre con varios paratextos en forma de dedicatorias: “Unha vez hai vinte anos, cando aínda estaba na escola, / alguén contou unha conversa que lembro ás veces: / -Avó, a avoa de nova era guapa? / -Bueno, a min gustáballe”; “A Bea, a Rosa e a Sonia, / que no último outubro de Compostela / me regalaron un chaleco encarnado / e un sombreiro de copa / e debían insinuar / que me metese a domador de elefantes ou algo”; “A Edu, a Esther e a todas e todos / os que nalgún momento atravesaron / aquela porta por primeira vez / e só traían unhas poucas moedas no peto. / Haizeari, oraindik bertan ez zegoenari. / Pero especialmente a Diana, por cen motivos innumerables / e, sobre todo, polo grandísimo valor/ daquel tempo previo a irme” e “A todas vós, / esta mirada de lonxe a un paquidermo”, ás que seguen dúas citas, unha de L. Frank Baum e outra de Antón Avilés de Taramancos. Os vinte e tres poemas deste volume, sen rima nin metáfora, divídense en tres partes e distribúense en versos libres cos que o poeta debuxa o ático de Andrea ao que se dirixe o eu poético. Por mor desta parella o poeta transmite sensacións referentes á infancia, ao amor, á familia, á viaxe e á partida, temas que sobresaen polo seu tratamento e que se mesturan coas citas de Leonard Cohen, Ernesto Sábato e Caetano Veloso, que aportan un toque cosmopolita a este conxunto lírico.

Recensións:

- M. Sande, “Ático”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 546, 16 novembro 2013, p. 9.

Gábase a frescura do poemario, que presenta a mirada característica de Iglesias Pazos. Saliéntase a súa capacidade para atopar a poesía nos momentos máis sinxelos ou simpáticos.

- Román Raña, “Deitando turbulencias”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 481, “Libros”, 12 decembro 2013, p. VII/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 433, “Letras galegas”, 21 decembro 2013, p. 10.

Fálase do poemario a partir do último poema, que narra a anécdota dunha nai que recolle o seu fillo despois dunha viaxe a Tenerife. A partir dun verso deste poema

saliéntase a capacidade do autor para atopar elementos expresivos e pegadas líricas en espazos domésticos ou escenas subtís.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, “Edítase ‘Ático’, o libro premiado de Arsenio Iglesias Pazos que ninguén quería publicar”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 8 outubro 2013, p. 12.

Fálase das dificultades que o autor fenés Arsenio Iglesias Pazos atopou para publicar o seu poemario *Ático*, a obra premiada no X Certame Avelina Valladares do Concello da Estrada no ano 2006. Fanse algunhas referencias ao contido do libro e anúnciase a súa presentación.

Láuzara, Alfonso, *Noite~Día*, limiar Rosa Enríquez, Vigo: A porta verde do sétimo andar, col. Q de Vián Cadernos, n.º 16, 2013, 61 pp. (ISBN: 978-84-15164-86-9).

Conxunto de trinta poemas de Alfonso Láuzara con limiar de Rosa Enríquez no que se afirma que existe no poemario un “certo subtrato ferriniano do procaz” que non impide, porén, un tratamento máis delicado da temática erótica, de raíz baudelairiana. Tras o limiar aparece a letra da canción “Os días são à noite”, de Madreus. O tema predominante das composicións poéticas é, como se sinala no limiar e suxire a cita inicial, un erotismo que vai máis alá da recreación do desexo sexual. A mirada erotizadora do suxeito lírico pousa en toda a realidade erotizándoa como sucede, por exemplo, no poema “Hórreo”.

Lema Mouzo, Rafael, *Alturas do Monte Pindo*, I Certame de Poesía Xosé Manuel López Ardeiro, Negreira: Concello de Negreira, 2013, 38 pp. (DL: C 887-2013).◆

Obra poética de Rafael Lema (Ponte do Porto, Camariñas, 1967) composta por máis de cincocentos versos distribuídos en media ducia de poemas narrativos escritos en verso libre e de extensión variábel, nos que se recrea unha ascensión ao monte da Costa da Morte que dá título ao libro. O texto acompáñase dunha selección de fotografías en branco e negro, tratadas dixitalmente, de partes recoñecibles do monte e tamén de espazos da contorna realizadas dende as súas alturas ou da cascada do Ézaro.

Recensións:

- Miro Villar, “A poesía como cicatriz da ferida”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 200, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 92-93.

Despois de dar noticia do incendio do monte Pindo e da publicación do volume *Versos no Olimpo. O monte Pindo na poesía galega* (2013), con composicións de Francisco Añón, entre outros, a prol da súa consideración como Parque Natural, alúdese ás consideracións de autores como Francisco Fernández Naval, Ramón Otero Pedrayo, o Padre Sarmiento e Miro Villar, como monte sacro para dar conta da publicación do libro *Alturas do Monte Pindo*, de Rafael Lema, gañador do I Concurso de Poesía Xosé María López Ardeiro. Destácase que constitúe un longo poema narrativo, estruturado en seis

partes, coma un caderno no que a voz poética en primeira persoa do plural anota as evocacións e as suxestións dunha xornada de ascenso e descenso ao monte Pindo, a xeito das antigas “sergas” medievais, recollendo os pormenores do roteiro e tamén as lendas e os mitos. Sinálase a influencia das tradicións filosóficas e literarias modernas e a adecuación estilística do verso longo para a progresión do discurso, interrompida coas interrogacións retóricas e no que abundan os cultismos.

Referencias varias:

- C. G., “Premio Ardeiro para Rafael Lema en Negreira el 29”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 569, 27 maio 2013, p. 7.

Infórmase do acto de presentación do poemario na Casa da Cultura do Concello de Negreira o mércores 29 de maio ás 11 da mañá.

- M. Manteiga, “Rafael e Xosé Manuel Lema presentan obras”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 693, 29 setembro 2013, p. 7.

Fálase de dúas presentacións de libros que acollerá a librería Ler de Santa Comba: *Alturas do Monte Pindo*, de Rafael Lema, e *Cartafol de Néboas*, de Xosé Manuel Lema.

- C. B., “Rafael y Xosé M. Lema presentan sendos poemarios”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 697, 3 outubro 2013, p. 6.

Anúnciase a presentación dos poemarios dos irmáns Lema, de Ponte do Porto: *Alturas do Monte Pindo*, de Rafael, e *Cartafol de Néboas*, de Xosé Manuel.

- C. G., “Los hermanos Lema reivindican en Xallas la poesía como género y su potenciación”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 701, 7 outubro 2013, p. 6.

Infórmase da presentación dos libros *Alturas do Monte Pindo* e *Cartafol de Néboas*, dos irmáns Rafael e Xosé Manuel Lema Mouzo, respectivamente. Coméntanse as liñas líricas de ambos os libros.

Leobalde García, Mercedes, *Chamádeme Eva*, VII Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas, Malpica: Caldeirón, novembro 2013, 64 pp. (ISBN: 978-84-616-6956-1).

Poemario de Mercedes Leobalde (A Coruña, 1967) no que se desenvolve a historia amorosa de corte erótico dunha personaxe feminina que se identifica co nome que dá título ao libro. A autora agrupa os vinte e oito textos, en verso libre e de extensión variábel, en catro seccións. Nas dúas primeiras, “Triplo insomnio mortal con pirueta” e “Eva ri ás gargalladas cara a dentro (in crescendo)”, céntrase na presenza do motivo literario erótico que caracteriza o premio literario; mentres que nas dúas seccións últimas, “O aire vólvese de noces espantando dos teus abismos” e “Eva ouveando á lúa”, predomina o tema do desamor, a morte e a dor, respectivamente. Acompañan aos poemas cinco ilustracións, de iconografía tamén erótica, obra de Viki Rivadulla.

López, Ofelia, *Fume de cerna*, pról. Xulio L. Valcárcel, A Coruña: Galebook, 2013, 95 pp. (ISBN: 978-84-940735-2-6).

Obra poética de Ofelia López (Aguías, Muras, 1952) que se abre cun prólogo de Xulio L. Valcárcel, intitulado “As razóns de Ofelia”, no que se identifica a liña poética da autora e os aspectos formais e temáticos máis destacados do libro. Os sesenta e cinco poemas, en verso libre e extensión variábel, distribúense en cinco seccións, das cales só as tres intermedias teñen título: “Cerna”, “Fume”, “Estima”. O motivo literario dominante é o da recreación da paisaxe rural e natural, cuxo retrato é asociado ao paso do tempo e aos conceptos de abandono e esquecemento. Tamén están representados outros temas como: o amor, a perda, a nostalxia e a soidade. Acompañan os textos unha serie de cinco imaxes (fotográficas e reproducións pictóricas) realizadas pola autora, cuxa iconografía está dominada polas estampas invernais e pola vida rural.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Noveis en Galebook”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “letras Atlánticas”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 805, “letras Atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 805, p. 32, “letras Atlánticas”, 1 decembro 2013.

Fálase dos dous últimos libros publicados por Galebook: o poemario *Fume de cerna*, de Ofelia López, e a obra de relatos *Viaxe en círculo*, de Concha Parga. De *Fume de cerna* salientase a sonoridade coa que presenta tanto a paisaxe da ánima interior como a paisaxe referencial. No seu estilo, que se describe como neovirxilianista modernizado, atópanse ecos de Noriega Varela ou Iglesia Alvariño.

Referencias varias:

- Lara Lozano, “La Casa Dopeso acoge mañana la presentación del primer libro de Ofelia López”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 xullo 2013, p. 19.

Recóllese a noticia da presentación deste libro nas Pontes e faise unha breve descrición do mesmo.

López López, Yolanda, *Moralla*, Santiago de Compostela: Follas Novas Edicións, col. Os libros do loureiro, n.º 5, 2013, 90 pp. (ISBN: 978-84-616-6743-7).

Poemario de Yolanda López López (Ourense, 1976) que presenta unha dedicatoria e unha cita inicial na que se le “E foi o vento quen trouxo a coraxe de vivir, aló dentro, moi dentro, na profundidade abraiante da túa forza ruda, como a besta de mundos atrapando a morte nauseabunda e circular...”, tras da cal dispóñense os poemas do libro en tres partes. A primeira, “O levitar das sombras”, presenta dezanove poemas; a segunda, “Puño e cazador”, doce; e a terceira, “Caravana cósmica”, vinte. Os textos, de extensión variábel, están maioritariamente escritos en verso libre, agás catro da segunda sección escritos en prosa. A temática predominante é a amorosa de carácter erótico, aínda que tamén se tratan outros temas como o recordo da infancia, a natureza e o espazo galegos, a relixión e a mitoloxía clásica. Acompañan os textos tres imaxes en branco e negro dun estanque, dun parque e das copas nús dunhas árbores.

Martínez Delgado, Verónica, *Refuxio*, limiar Alberte Momán, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2013, 85 pp. (ISBN: 978-84-15400-97-4).

Verónica Martínez Delgado (Valdoviño, 1976) abre este poemario cun paratexto inicial en perfecta simbiose co volume, unha dedicatoria a unha serie de persoas consideradas ora forza inspiradora, ora “refuxios incondicionais”, e tamén ao alumnado de Integración Social. A continuación, o “Limiar” de Alberte Momán presenta algunha das claves do poemario, que define coma un acubillo onde gorecerse das inclemencias da vida, un libro necesario pola fervenza de sentimentos que implica e que transparenta a necesidade docente de quen, “alén de sinalar ao verdugo”, fai cuestionar a complicidade silenciosa coa inxustiza. Tras unha cita de Antón Tovar e a presentación das tres acepcións da palabra “refuxio”, preséntase a primeira parte, titulada “I. O terreo e os planos”, que responde, precisamente, á primeira das acepcións do substantivo que dá título ao poema. Os poemas enfocan a dor, a soidade, o medo, o abuso, a humillación e tamén as súas consecuencias, como a parálise, o silencio, o sentimento de culpa etc. A segunda parte, “II. A Casa e a Derruba”, ábrese cunha cita de Celso Fernández Sanmartín que ben podería resumir as tensións que esta epígrafe transparenta: “Custa tanto construír unha casa e tan pouco derrubala”, posto que se centra no regreso, nos camiños de volta, nas desposesións e nas reiteracións. A epígrafe final, “III. Refuxio”, enténdese como a axuda que se dá ou recibe, o amparo; e percorre as imperfeccións humanas e o movemento, o amor ou o corpo como esperanza última. Ao longo de todo o poemario, a dicción é limpa e sen enfeites, dunha nitidez e crueza que lembra, por veces, a poética de Lupe Gómez e se apoia en diferentes paratextos para reforzar o discurso: citas e fragmentos de Julio Llamazares, Pablo Guerrero, Claudia Villar etc. Intertextualmente, o poemario garda chiscadelas de ollo a Yolanda Castaño e Lupe Gómez.

Maseda Lozano, Martiño, *Entre as paredes do silencio*, II Premio XXVII Edición do Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo), limiar María Xosé Lamas, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora/Concello de Vilalba, col. Libros ao Sarela, 2013, 64 pp. (ISBN: 978-84-89323-46-9). ■

Libro de poemas en verso libre de Martiño Maseda Lozano (Vilalba, 1970) que se abre cun limiar de María Xosé Lamas no que se sinala que “o poemario nace da antítese diálogo *versus* silencio”, se valora a diversidade rítmica das composicións e se destaca o emprego dunha linguaxe desprovista de artificios. Ofrecense cincuenta e oito poemas de extensión variábel, pero con tendencia ao texto breve, nos que se emprega unha linguaxe clara e sen artificios e imaxes expresivas. O tema central, como se reflicte no título do libro, é o silencio en relación á creación poética, mais tamén aparecen pezas nas que se desenvolve unha temática de corte intimista, con especial presenza do recordo do tempo pasado visto con nostalxia e esperanza, do amor, da ausencia e da soidade. Ademais o eu poético fai partícipe ao lector dos seus medos e das súas vivencias máis desacougantes. Tamén destacan certas composicións próximas á poesía social, nas que se fai unha total defensa da lingua propia.

Recensións:

- Román Raña, “Lirismo intimista”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 476, “Libros”, 7 novembro 2013, p. VI.

Sínálase que os poemas parten da mesma base (a reflexión íntima do eu lírico sobre aspectos diversos do día a día) e resáltase a natureza limpa e emocionada do estilo presente no libro.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Poesía galardoada”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 534, “Letras galegas”, 28 setembro 2013, p. 9.

Tras incidir en que a edición de textos premiados está a vivificar o panorama literario nestes tempos de crise, comenta dous poemarios para exemplificar este fenómeno: *As uñas crecen* e *Río Alzheimer*; e menciona *Entre as paredes do silencio*.

Maseda Lozano, Martiño, *Fotogramas da desfeita*, Vilalba: Instituto de Estudos Chairegos “Pena do Encanto”, col. Biblioteca Chairega, n.º 22, novembro 2013, 59 pp. (ISBN: 978-84-940442-4-3). ◆

Martiño Maseda Lozano (Vilalba, 1970), filólogo e colaborador en varios xornais galegos, abre o seu novo poemario cun “Exordio”, xusto a continuación do paratexto inicial da dedicatoria e dúas citas. Este limiar, disposto en dous parágrafos de prosa notabelmente poética, dá conta das preocupacións e intereses do autor: a dor allea, as imaxes da desfeita polo mundo, a modo de fotogramas reiterados, e o sentimento de culpa inherente á condición do observador. Con máis ou menos veladuras, os textos que seguen preséntanse coma un exercicio de catarse co fin último da rexeneración. O poemario divídese en dúas partes similares en extensión: “I. A casa das sombrías paredes” e “II. O sangue que nos constitúe”, que se abren cada unha delas cun poema pequeno, en letra cursiva, que serve de guieiro ou explicación do contido das partes. “I. A casa das sombrías paredes” presenta un conxunto de escenas cun fío común: as feridas ou o cataclismo, a traizón ou a angustia, no que a presenza das cámaras que filman e das canles televisivas que retransmiten escenas é tamén notábel. En “II. O sangue que nos constitúe” ofrécese unha ollada máis concreta sociopoliticamente, que semella, talvez por iso, máis directamente comprometida, tratando a corrupción daqueles que ocupan ou detentan o poder e os cargos, as implicacións do imperialismo, as ditaduras, a prostitución, a violencia de xénero, a sumisión e a exclusión social. En termos xerais, a poética de Martiño Maseda Lozano recorre á interrogación retórica, ao verso proverbial, á enumeración e a certas estruturas paralelísticas, sen deixar de empregar un ton máis narrativo cando lle acae ao poema. Son estratexias todas elas moi axeitadas a un contido de descrición e denuncia. Pechan o volume o índice e un colofón.

Moral, Santi del, *Instantes detidos*, pról. Eduardo Estévez, Mandaio-Cesuras: Biblos Clube de Lectores, 2013, 64 pp. (ISBN: 978-84-15086-32-1).

Conxunto de corenta e nove poemas de Santi del Moral (As Pontes de García Rodríguez, 1951) que se agrupan en catro seccións: “Paisaxe”, “Paisaxe íntima”,

“Íntimo”, “Silencio”. Precede á edición dos textos a seguinte cita de Lêdo Ivo: “O instante é un insecto inmóvel / na grama que cobre a erosão /do tempo sempre desnudo”. No prólogo Eduardo Estévez afirma que este poemario “é unha atractiva reconstrución das iconas clásicas da poesía galega desde unha perspectiva actual” e, aínda que os textos tenden ao versolibrismo, observa unha “conciencia fonda das formas medidas da poesía popular”. Dende un punto de vista temático, sinálase que hai un “xeito de mirar a paisaxe pasándoa pola peneira da poesía oriental”, da que di o prologuista é empregada con dominio de todos os detalles do xénero do haiku.

Moure, Teresa, *Eu violei o lobo feroz*, Santiago de Compostela: Através Editora, col. Através das Letras, n.º 12, xullo 2013, 75 pp. (ISBN: 978-84-87305-73-3).

Poemario de Teresa Moure (Monforte de Lemos, 1969) no que, partindo da lectura subvertida do conto clásico ao que fai referencia o título, faise unha lectura reivindicativa da condición feminina. Nos corenta e nove poemas e o post-scriptum que pecha o volume aparece como constante a vontade hedonista e subversiva de pasar por riba dos límites do socialmente admisíbel e das fronteiras xenéricas en relación aos temas do amor, da identidade, da sexualidade, da lingua e da propia condición lírica do discurso poético.

Recensións:

- Beatriz Suárez Briones, “Poesía radicalmente antipoética”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 200, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 91-92.

Saliéntase que con esta obra a autora traspasa as liñas da lingua oficial e do circuíto de publicación oficial presentando tamén unha nova temática. Despois de apuntar que a liña clásica da literatura feminista dende o século XX implica a reescritura da historia de personaxes femininos da literatura canónica, destácase que a obra racha estereotipos literarios, sociais e sexuais. Apúntase que o texto narra a historia dunha Caperuça independentista encarcerada e sometida por terrorismo á que tamén se acusa de ser pornoterrorista, de maneira que a súa confesión dá lugar a unha voz poética cunha dobre dimensión, íntima e política. Achéganse algúns dos trazos que rompen cos estereotipos sexuais marcados na cultura galega e sinálase a súa unión coa postura política. Por último, saliéntase a novidade que supón dentro da produción da autora.

Referencias varias:

- Lucía Larios, “El arte de la narrativa”, *La Opinión*, “A Coruña”, 9 agosto 2013, pp. 10-11.

Falase da 42 edición da Feira do Libro nos Xardíns Méndez Núñez da Coruña, que neste ano coincide coa mostra de cómic Viñetas dende o Atlántico. Figuran comentarios de diversos libeiros que se atopan na feira e cítanse diferentes obras que se poden atopar alí, entre elas, *Eu violei ao lobo feroz*.

- Ana López, “A cultura facémola nós”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Feira das Industrias Culturais 2013”, 1 decembro 2013, p. 82.

Dá conta das actividades que tiveron lugar na nova edición do Culturgal. Entre as que se encontra a presentación de *Eu violei o lobo feroz*, de Teresa Moure e de varias novelas como *Matarte lentamente*, de Diego Ameixeiras; *O derradeiro libro de Emma Olsen*, de Berta Dávila; o volume colectivo *Contos no Nicho*; *A memoria da choiva*, de Pedro Feijoo; e *Acordes Náufragos*, de Antón Riveiro Coello. Indícase tamén, a promoción do disco “Pan de Millo” de Migallas.

Nóvoa, Rochi, *Farrapos de boneca*, [s. l.]: autoedición e Abooks, 2013, 87 pp. (ISBN: 978-84-15045-36-6). Inclúe CD.

Rochi Nóvoa (Ourense) debuta na poesía con este volume que se acompaña de abundosas fotos e dun CD con recitado e música e que se abre con dous paratextos iniciais: a dedicatoria aos fillos e “Soleira”, onde un amigo presenta os versos de Nóvoa como firmes e sinceros, coa “verdade dunha resucitada”, de quen coñece o valor de vivir. Antes do índice cos trinta e sete poemas que conforman o poemario, aparecen dous poemas curtos de Miguel Ángel Alonso Diz e María José Fernández López dedicados á autora. Despois sucédense os poemas, xeralmente acompañados dunha fotografía. As composicións, de verso libre e sen esquemas recoñecíbeis, recuncan en temas bastante lóbregos, como a soidade, o amor, a noite, o pranto etc. Os únicos recursos estilísticos que emprega son as anáforas, algún paralelismo e exclamacións. Por veces, os poemas –ou as imaxes– apóianse en citas de autores como Carlos Caneiro, Antonio Porchia, Edgar Allan Poe... Todas as fotografías, protagonizadas pola autora, xogan cunha estética gótica e escenarios naturais ou medievais, sen saíren nunca do branco e negro. Chaman a atención os numerosos erros lingüísticos do volume (castelanismos, grallas), que se pecha cos “Agradecementos” aos amigos incondicionais que posibilitaron a realización dun soño, entre eles, os colegas da Porta Verde do sétimo andar e os padriños artísticos, Xosé Rivada e Chús Lauzara.

Otero Canto, Xosé, *Nenias chairegas*, 2º Premio XXXVIII Edición Certame Literario Concello de Vilalba, pról. Xosé Manuel Carballo Ferreiro, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Libros do Sarela, 2013, 74 pp. (ISBN: 978-84-89323-48-3).

Poemario de Xosé Otero Canto (Ponte de Outeiro, Castro de Rei) con limiar de Xosé Manuel Carballo Ferreiro e epígonos de Alfonso Blanco Torrado que se divide en cinco seccións. Na primeira, “Espírito da fatalidade”, o suxeito lírico diríxese nos dous poemas que a compoñen á morte para denostala. Na segunda sección, “A campaña da agonía”, recrease o paso da vida á morte, mentres que na terceira e cuarta, “Eran eles” e “Acaríñame coa escuma suave do outro mundo”, o discurso lírico adopta a forma elexíaca de canto dos seres xa idos. Na última sección, “A casa agarda, vestida de silencios”, as imaxes poéticas céntranse na presenza do silencio como manifestación da ausencia dos seres queridos.

Recensións:

- Román Raña, “Pranto polo renacemento”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 474, “Libros”, 24 outubro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 427, “Letras galegas”, 9 novembro 2013, p. 10.

Infórmase de que esta obra gañou o segundo premio do Certame Literario de Vilalba e que o autor realiza unha conmemoración da súa terra, a comarca chairega, así como lamenta o pasamento dalgúns familiares. Explicase que o termo “nenias”, incluído no título, fai referencia a Nenia, unha divindade mortuoria na antiga Roma, e polo tanto, xa se anticipa a temática tratada, presente tamén noutro escritor da Terra Chá: Aquilino Iglesia Alvariño. Engádese que as nenias se poden relacionar cos choros dos bebés ao nacer, o que constituiría un “pranto polo renacemento”. Dáse conta de que no libro, elexíaco, se conxugan ambos os dous aspectos: a morte e “a tímida luz da resurrección”.

Pato, Chus, *Carne de Leviatán*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Dombate, n.º 63, 2013, 125 pp. (ISBN: 978-84-9865-486-8).

Obra poética de Chus Pato (Ourense, 1955) composta por cincuenta e sete textos nos que se combina o uso do verso breve co versículo e coa prosa poética. O tema predominante é a reflexión metapoética e metalingüística nun ámbito creativo inserto no discurso do mito de ascendencia bíblica. Os poemas presentan, con frecuencia, referencias a diversas culturas, dende a zoroástrica até a galega, pasando pola antigüidade grecolatina ou o mundo xermánico. A obra acompáñase dun texto final, “Sobre este libro”, no que a autora explicita as dedicatorias dunha serie de poemas e o contexto no que tivo lugar o proceso creativo citando, nomeadamente, un fragmento do ensaio *L’aperto, l’uomo e l’animale*, de Giorgio Agamben.

Recensións:

- Miguel Sande, “E din que a poesía morre”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 520, “Letras en galego”, 1 xuño 2013, p. 9.

Tras realizar unha defensa da vivacidade e creatividade do xénero lírico nas letras galegas do presente, sinálase como exemplo do anteriormente dito a Chus Pato da que se destaca a súa singularidade rebelde e o seu esforzo por conquistar novos espazos de expresión.

- Vicente Araguas, “As épicas de Chus Pato”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 782, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 782, p. 30, 23 xuño 2013.

Tras incidir no grao de recoñecemento fóra de Galicia á traxectoria de Chus Pato, faise unha lectura do libro no que se destaca o pouso cultural e distanciado á par que próximo, a oralidade intrínseca dos versos e o intento da autora por romper cos convencionalismos estéticos.

- Helena González Fernández, “Palabras núas, sen traxe de gloria, sen obediencia”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 199, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 87-88.

Lévase a cabo un breve percorrido polas características dos seus poemarios *Uránia e m-Talá*, de Chus Pato, salientando a temática referida á nación e ao feminismo, a interdiscursividade do primeiro e a lectura do poema como hipertexto no segundo. Destácase que en *Carne de leviatán* se combina a teoría política coa ficción fantástica. Anótase que a linguaxe e os corpos, a vida e a política, o ser humano desdoblado e os vestixios das cidades en ruínas, o afirmado e a súa negación, o muro a fronte á súa superación son algúns dos temas do poemario. Saliéntanse a referencia ao xogo dende os discursos de poder e como evidencia da ruptura coas convencións formais, a importancia das imaxes que actúan no texto e as referencias á música. Apúntase que a primeira parte trata sobre a vida e os límites do humano mentres que a segunda sobre o límite do eterno.

- Román Raña, “Para a sagacidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 468, “Libros”, 12 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 420, “Letras galegas”, 21 setembro 2013, p. 10.

Indica que neste poemario se tratan temas que xa aparecían noutras creacións de Chus Pato, como a metalinguaxe e a metapoesía que se reflicten en reflexións de eido lingüístico, ou a dimensión do eu corporal que outorga o ton máis intimista á obra. Fai referencia á dor polos desaparecidos (carácter elexíaco) e á conseguinte constatación da insignificación das persoas en comparación coa grandeza do universo. Resalta a influencia de poetas de diversa procedencia (xeográfica e cronolóxica) e tamén a importante presenza de referencias culturais (malia que non tantas como noutras obras da autora). Finalmente, afirma que a lectura das composicións “pon a proba a sagacidade e a intelixencia do lector”, aínda que informa de que se trata dun poemario menos hermético ca outros anteriores.

Referencias varias:

- Elvira Ribeiro, “Entrevista a Chus Pato co gallo da publicación de *Carne de Leviatán*”, *A Trabe de Ouro*, n.º 96, “Crónica”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 547-554.

Faise unha entrevista a Chus Pato por mor da publicación do seu poemario *Carne de Leviatán*. Tras una breve explicación sobre o título do libro, trátanse, a través de diversos poemas, temas como a forza da palabra poética, e a súa relación coa música e o pensamento ou a tensión entre animalidade e humanidade.

Penas, Silvia, *As uñas crecen*, I Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey, pról. Mercedes Queixas Zas, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, 2013, 42 pp. (ISBN: 978-84-7824-633-5).

Volume poético de Silvia Penas (1980), filóloga, profesora e membro do colectivo Redes Escarlata, que vai precedido dun prólogo de Mercedes Queixas Zas no que, efectuando un xogo e alegoría demorada coas uñas, revisa poeticamente algunhas das claves desta obra, salientando a ousadía coa que se pasa da individualidade do eu lírico ao monte comunal do nós plural, ao tempo que se acolle tamén a voz da autora. Tras o paratexto mínimo da dedicatoria, dispóñense os poemas na serie titulada “Epílogo”, na

que o eu poético reflexiona dende o futuro sobre o tempo, o amor e a causalidade. Despois sucédense as series que compoñen “Prólogo I”, “Prólogo II”, aquelas arredor dun continente significativo, “A casa”; e as referidas a “Ela” e “Elas”. O rol e a forza repregada da muller, as feitura do cotián transcendidas, algúns retratos femininos, a continuidade entre habitantes e casa ou acontecementos e casa son algunhas das liñas de forza do libro. Trátase dunha poética consciente das posibilidades rítmicas do verso libre e dos paralelismos, afeita á dicción proverbial e potente como inicio das composicións e coidada nas imaxes, que adoitan explorar a delicadeza ou as implicacións do mundo natural, do tanxíbel. Circularmente, “Prólogo (ela e eu)” é a composición encargada de rematar o poemario que se pecha cun “Índice”.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Poesía galardoada”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “Letras galegas”, 28 setembro 2013, p. 9.

Tras incidir en que a edición de textos premiados está a vivificar o panorama literario nestes tempos de crise, comenta dous poemarios para exemplificar este fenómeno: *As uñas crecen* e *Río Alzheimer*; e menciona *Entre as paredes do silencio*. Así, indica que *As uñas crecen* se articula “como unha metáfora que orbita arredor do concepto do progreso, do paso do tempo, da mutación e a evolución” e que conta cunha estrutura circular na que dialoga coa tradición e modernidade, reivindicando a poesía *per se*.

Pereira Martínez, Carlos, *Río Alzheimer*, 1º Premio XXXVII Edición Certame Literario Concello de Vilalba, limiar Eva Veiga, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Libros do Sarela, 2013, 73 pp. (ISBN: 978-84-89323-44-5).

Libro de poemas de Carlos Pereira Martínez (Montevideo, 1959) composto por corenta e sete poemas en verso libre e de extensión variábel que se distribúen en tres seccións: “Diario de avisos”, “O dominio da sombra” e “Ner Tamid”. O poemario, que, como sinala Eva Veiga no texto preliminar, ten como eixe temático a tensión entre a lembranza e o esquecemento, relata o avance da enfermidade padecida pola nai. Outros temas do libro son a dor causada polo deterioro dun ser querido, a reflexión sobre a identidade persoal e a morte.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Poesía galardoada”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “Letras galegas”, 28 setembro 2013, p. 9.

Tras incidir en que a edición de textos premiados está a vivificar o panorama literario nestes tempos de crise, comenta dous poemarios para exemplificar este fenómeno: *As uñas crecen* e *Río Alzheimer*; e menciona *Entre as paredes do silencio*. Así, comenta que en *Río Alzheimer*, definido como “intenso, emocionante e transparente”, unha voz poética directa “de ton confesional e descarnado” reflicte o proceso de descuberta, evolución e desenlace desta enfermidade dunha maneira descritiva e emocional ao

longo das tres partes do poemario, a modo de viaxe “que se mergulla na memoria e na dor”. Tamén salienta a “lección interpretativa” que fai Eva Veiga no limiar.

- Román Raña, “Intensos escombros”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 475, “Libros”, 31 outubro 2013, p. VI.

Sinala que este poemario gañou o primeiro premio do Certame Literario de Vilalba e destaca que se trata dunha elexía cun carácter fortemente emocional construída con “intensos escombros”, debido a que se centra no proceso de perda de memoria dun ser querido con todo o sufrimento que a enfermidade trae como consecuencia. Fai referencia ao planeta creado polo polaco Stanislaw Lem, o cal facía emerxer as lembranzas. Finalmente, louva o prólogo realizado por Eva Veiga, do cal salienta a súa fermosura.

Referencias varias:

- Alfredo Conde, “O noso destino”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 14 setembro 2013, p. 4.

Faise referencia a que nesta obra figuran poemas que considera entre os mellores da lírica galega actual.

Pereiras Gómez, Tomás Antón, *Tentando ir ás cegas, non se chega a ningures*, Vigo: Editorial Galaxia, 2013, 127 pp. (ISBN: 978-84-9865-515-5).

Volume poético de Tomás Pereiras publicado postumamente que consta de vinte e seis poemas longos en verso de arte maior con tendencia ao emprego da rima asonante nos que, por medio dun estilo no que abundan expresións tiradas da fraseoloxía patrimonial galega, o suxeito lírico ofrece as súas experiencias biográficas como leccións de vida. Complétase cun glosario no que se aclaran expresións presentes no poemario.

Piñeiro, Xoán X., *Quenda da catividade*, 1º Premio XXXVIII edición Certame literario Concello de Vilalba, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Libros do Sarela, 2013, 46 pp. (ISBN: 978-84-89323-47-6).

Poemario de Xoán X. Piñeiro (San Martiño de Salcedo) composto por corenta textos suxeitos á métrica clásica do soneto que supoñen sucesivas variacións do igualmente clásico motivo literario do amor que volve cativo ao amante. En cada composición a voz lírica diríxese á persoa amada para expresar, a través dunha serie de procedementos formais de reminiscencia barroca (tales como o hipérbato, a paradoxa e a antítese), que o amor que sente por ela faino refén das súas vontades.

Rábade Paredes, Xesús, *Sobre ruínas (2007-2013)*, limiar María do Cebreiro, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Libros ao Sarela, 2013, 101 pp. (ISBN: 978-84-89323-50-6). ■

Libro de poemas de Xesús Rábade Paredes (Cospeito, 1949) que se abre cunha fotografía en branco e negro a dobre páxina da Aldea Vella de Abuín, en Leiro (Rianxo), tomada por Helena Villar Janeiro. Acompáñase dun limiar de María do Cebreiro no que se realiza unha reflexión sobre os conceptos de herdanza e vida asociados á conexión paterno-filial que a une co autor do libro. A seguir dispónse unha cita inicial de Doris Lessing, “Vivimos sempre dentro das ruínas”, e os sesenta e dous poemas que se distribúen en catro seccións. “Poética(s)” é a primeira sección e nela, como o seu nome anticipa, domina a reflexión de carácter metapoético na que se asocia a escrita coa denuncia e a resistencia de raigame ética. A segunda, “Soñar no exilio”, toma como fío a consideración da deturpación do sentido das palabras e a reivindicación da resemantización íntima da linguaxe. Na terceira, “Recadeiros de luces e de sombras”, o discurso lírico céntrase no concepto da memoria e ínzaase de referencias culturais e espaciais específicas da realidade galega, tal é o caso do poema “Esteos da memoria” ou “A dama e o unicornio”. Finalmente, na última sección, que dá nome a todo o poemario, emprégase a ruína como símbolo da circunstancia presente para, por unha banda, fixar unha ollada dominada polo sentimento de devastación e de perda irrecuperábel e, por outra banda, reivindicar a necesidade da memoria como procedemento para non esquecer as penurias de tempos pretéritos (“Paseados” ou “20 de novembro”).

Referencias varias:

- M. R., “Helena Villar y Xesús Rábade presentan el día 22 en Vilalba sus nuevas obras”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 novembro 2013, p. 21.

Fálase do acto que se celebrará en homenaxe ao matrimonio formado por Helena Villar Janeiro e Xesús Rábade Paredes na casa da cultura de Vilalba. Dise que o libro que se presentará no acto, *Sobre ruínas*, é un conxunto de poemas reivindicativos “para o combate neste tempo de vencidos e derrotas”.

- C. P. R., “Reflexións dun poeta”, *El Progreso*, “A Chaira”, 23 novembro 2013, p. 19.

Infórmase da presentación deste poemario de Xesús Rábade Paredes que correu a cargo da súa dona, Helena Villar Janeiro, tendo como telón de fondo unha mostra fotográfica da propia Villar Janeiro titulada “Soños da auga”.

- Fran P. Lorenzo, “Xesús Rábade deita en ‘Sobre ruínas’ a súa lírica en rebeldía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 novembro 2013, p. 40.

Coméntase esta obra poética de Xesús Rábade Paredes, con motivo da súa presentación no Paraninfo da Universidade de Xeografía e Historia. Esbózanse as liñas dalgúns dos poemas do libro e fanse referencias ao tipo de poesía do libro.

- J. F., “Construyendo ruinas a golpe de verso”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, 29 novembro 2013, contracuberta.

Anúnciase a presentación deste libro de Xesús Rábade no Paraninfo da Universidade e cítanse algúns dos asistentes ao acto.

Reimóndez, María, *Presente continuo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 31, 2013, 45 pp. (ISBN: 978-84-9914-538-9).

Conxunto de textos poéticos de María Reimóndez (Lugo, 1975) composto por sete longos poemas en verso libre precedidos dunha cita inicial na que se le: “O presente continuo é o único tempo verbal do compromiso”. Os poemas tratan o tema do amor apoiando o discurso poético en símiles lingüísticos (a experiencia amorosa coma un presente continuo; a conxunción copulativa como símbolo do vencello amoroso; as categorías gramaticais como símbolo das convencións ou tópicos sociais) e na presenza de dúas protagonistas femininas, unha galega e outra india. Outras liñas temáticas presentes son: a crítica aos estereotipos como representación da colonización cultural, a reivindicación da sensibilidade sobre a intelixencia, a asociación do feminismo coa resistencia social e a rebeldía contra o sistema patriarcal.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Un bosque de diversidade”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 544, “Letras en galego”, 2 novembro 2013, p. 8.

Destácase o carácter infrecuente de que unha autora publique tres poemarios á vez e en editoras distintas: *Kleinigkeiten/cousiñas* (Fabulatorio), *Presente continuo* (Xerais) e *Moda galega reloaded* (Positivas). Do primeiro sinalase que non é a primeira vez que a autora escribe en alemán e resáltase a súa vontade por reflectir a outredade en lingua allea, do segundo faise a consideración de que parten das experiencias vividas pola autora na súa viaxe á India,, e do terceiro resáltase o diálogo que se establece con outra obra anterior da propia autora (*Moda galega*).

Rial, Cecilio, *Romaría dos sonhos. Cecilio Rial (1925-2000)*, Cangas do Morrazo: Fernando Cuñarro Pintos, col. Poetas Populares, n.º 3, 2013, 116 pp. (ISBN: 978-84-616-3848-2).

Poemario póstumo de Cecilio Rial (Cangas do Morrazo) que se abre cunha presentación de Fernando Cuñarro Pintos, presidente da Asociación Cultural a Cepa, na que explica a concepción da obra, á que segue unha biografía do poeta feita por Fátima Juncal Rial, neta do autor, a encargada de facilitar os textos e as fotografías incluídas no volume, que conta igualmente con ilustracións de Castelao e Camilo Camaño. Deseguido veñen os poemas, a maioría en galego e algún en castelán, nos que Cecilio Rial emprega estrofas populares para cantar ao seu pobo amado, Cangas do Morrazo, á súa aldea, Outeiro de Balea e ás súas xentes, mariñeiras, traballadoras da conserva, curandeiras, náufragas e peixeiras. Non se esquece da vista que perdera, da súa muller Amalia, e tampouco da morte, que se levou a moitos compañeiros de vida, nin da súa parroquia de Darbo, da que lembra con fervor as súas festas e das que o lector é testemuña visual grazas ás fotografías que acompañan os poemas. Pechan a obra textos e poemas de, entre outros, Camilo Camaño Gestido e Xosé Vázquez Pintor sobre Cecilio, un índice de títulos, agradecementos e o índice final.

Ríos, Eli, *Maria*, pról. Carlos Quiroga, Vigo: O Figurante Edicións, 4 novembro 2013, 103 pp. (ISBN: 978-84-941648-6-6).

Obra poética escrita en reintegrado que comeza cunha dedicatoria “Ao grupo Lótus e a Mari por reintegrar a historia” e cun prólogo de Carlos Quiroga, “antes de comezar” que dan paso á proposta lírica de Eli Ríos (Londres, 1967) que ten coma base a lenda de María Soliño, de Cangas do Morrazo. Os textos amosan unha tendencia experimental tanto no verso como na disposición gráfica dos mesmos: xógase co tamaño e o tipo de letra, inclúe símbolos ou fotografías etc. A voz poética en primeira persoa expresa a asfixia, desespero ou o rexeitamento social que unha vez superados permiten restituír a propia existencia e atopar a identidade.

Riveiro Tobío, Elvira, *Corpos transitivos*, XVII Premio Avelina Valladares, pról. Iago Costa, A Estrada: Edicións Fervenza, col. O cartafol de Vilancosta, n.º 16, novembro 2013, 47 pp. (ISBN: 978-84-96368-83-5).

Poemario de Elvira Riveiro (Cerponzóns, Pontevedra, 1971) que se abre cunha dedicatoria “na memoria de Fernando Pérez, sarrián pola lucidez e a amizade”, que inclúe citas dos poetas Wislawa Szymborska, Alexandre Teixeira Mendes e Antonio Gamoneda e mais un prólogo asinado por Iago Castro. Ao longo das trinta composicións líricas, todas elas en verso libre e con distinta extensión, a poeta sitúa no centro os desprazados e expulsados do seu propio territorio, lugar convertido en cascallos, e faino mesturando os recursos da sátira e do humor. A linguaxe empregada adquire un valor político e crítico que expresa tanto a intimidade como o espazo público do colectivo.

Referencias varias:

- Susana Formoso, “Preto de 200 voces unidas na Festa da Poesía de A Estrada”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 769, 14 decembro 2013, p. 5.

Infórmase da celebración da Festa da Poesía, celebrada no Teatro Principal da Estrada. Menciónanse os actos realizados, entre eles a entrega do Premio Avelina Valladares de Poesía, outorgado a Elvira Riveiro Tobío pola súa obra *Corpos transitivos*. Cítase a obra *Estrelas de azucre*, con motivo da lectura dalgúns dos seus versos.

Salgado, Daniel, *Dos tempos sombrizos*, I Premio de Poesía López Abente, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 33, novembro 2013, 70 pp. (ISBN: 978-84-9914-598-3).

Libro de poemas de Daniel Salgado (Monterroso, 1981) composto por corenta textos en verso libre e extensión variábel aos que acompañan unha dedicatoria, citas iniciais de José Emilio Pacheco, Bob Dylan e Lorenzo Varela; e unha cita final de Ilse Aichinger así como un breve texto no que se especifican as dedicatorias individualizadas dalgúns poemas do libro. Escrito en forma de diario no que cada poema está vencellado a unha data que aparece ao final do texto e a un espazo real (rúas de Compostela, lugares e poboacións de Galicia ou Europa), o discurso poético desenvolve a idea da escrita como

resistencia e supervivencia ao tempo histórico e ás consecuencias cotiás e existenciais da crise actual, entendida como una repetición doutros períodos históricos.

Sánchez Iglesias, Cesáreo, *Caderno do Nilo*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Poesía, n.º 32, 2013, 142 pp. (ISBN: 978-84-9914-539-6).

Poema-libro de máis de dous mil cincocentos versos de Cesáreo Sánchez Iglesias (Dadín, O Irixo, 1951) no que se recrea en clave lírica unha viaxe polo río Nilo protagonizada pola figura do poeta. Dividido en secuencias de extensión variábel e separadas entre si pola presenza dun asterisco, cada unidade poética recrea unha pequena estampa do periplo que convida á voz lírica a establecer unha reflexión de índole filosófica ou estética e na que se combinan conceptos de carácter existencial, metapoético e histórico. Ademais dos poemas, dispónse a reprodución de once bocetos nos que se identifican espazos asociados á cultura exipcia e ao río Nilo. Antecedendo aos textos poéticos unha breve nota do propio autor, con cita inicial de Borges (“Nas letras da *rosa* está a rosa e todo o Nilo na palabra Nilo”), na que se sinala que o poemario é froito das experiencias vividas polo poeta durante as súas viaxes a Exipto en 1989, 2003 e 2007.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Nubia, a Luz sen Tempo”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, p. 32/*El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 806, “letras Atlánticas”, p. 32, 8 decembro 2013.

Tras aclarar o xurdimento da obra a partir das viaxes do autor, descríbense as partes do poemario, facendo fincapé nos lugares que trata e nos seus modelos literarios, como Flaubert, Herodoto ou José Ángel Valente. Saliéntase a capacidade sensorial dos versos, que tran “os recendos do té con hibisco”.

- Miguel Sande, “Emotivo regreso ao deserto”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 550, “Letras en galego”, 14 decembro 2013, p. 9.

Fálase do poemario de Césareo Sánchez Iglesias: *Caderno do Nilo*. Bosuquéxanse algúns trazos dos contidos do libro, entre os que destaca o deserto como inspiración ou o libro como reconto dunha transformación vital, como o “diario dun poeta navegando polo Nilo”. Saliéntase, ademais, o uso dunha escrita poética moi propia.

Sandoval Pérez, Ramón, *Territorios estraños*, VI Premio de Poesía Victoriano Taibo-Entidade Local de Morgadáns, prólogo de Urbano Esmerode Domínguez, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos, 2013, 86 pp. (ISBN: 978-84-616-6603-4). ♦

Poemario de Ramón Sandoval (Sober, 1961) que vai precedido da acta da reunión do xurado do premio e do prólogo de Urbano Esmerode Domínguez, presidente da entidade convocante. Os trinta e cinco poemas que o compoñen distribúense en tres seccións (“Interferencias”, “De amores e ausencias” e “Principios de incerteza”) e neles o suxeito lírico emprega un estilo de carácter irracionalista e de raíz paródica na construción das imaxes poéticas e un discurso no que se insiren varias referencias

tomadas da cultura audiovisual (filmes e series de televisión) para expresar os seus desasosegos existenciais asociados a motivos literarios tales como a soidade, a sensación de desorientación con respecto á realidade cotiá ou o desamor.

Seoane, Xabier, *Espiral de sombras*, Pontevedra: Faktoría K de Libros, col Tambo, 2013, 144 pp. (ISBN: 978-84-15250-56-2).

Poemario de Xabier Seoane (A Coruña, 1954) dividido en tres libros. O primeiro, titulado “Corazón de maiola”, presenta vinte e tres poemas de verso libre e extensión variábel que se organizan arredor do binomio creación-destrución. Os textos distribúense en cinco seccións: “Raíz de destrución”, “As contas da derrota”, “Fogazas de esperanza”, “Todo cáliz” e “Heera para unha maia longa”. O libro segundo, titulado “Pan de raposo”, presenta tamén vinte e tres poemas compostos en verso libre e de extensión variábel, que se dispoñen en tres seccións: “Ur”, “Para unha estirpe morta” e “Ara selenis”. O libro terceiro leva por título “Pedra da serpe” e distribúe en tres seccións os vinte e dous poemas, que o compoñen: “Eidos de sombra”, “Dunha escura milicia” e “Dunha ara salvaxe (Arou! Arou!)”. Son recorrentes aos tres libros as referencias culturais e históricas conectadas coa tradición galega e a mitoloxía de ascendencia atlántica.

Recensións:

- Armando Requeixo, “A espiral poética de Xavier Seoane”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “letras Atlánticas”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 796, “letras Atlánticas”, p. 33/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 796, “letras Atlánticas”, p. 33, 29 setembro 2013.

Comeza salientando o labor editorial de Luís Rei Núñez na colección Tambo, para pasar a describir o volume asinado por Xavier Seoane que se cualifica como “torrencial, inzado de alusións metaliterarias, históricas e culturais”. Saliéntase o carácter simbólico dos seus versos e o seu diálogo coa cultura galega, a partir da retroalimentación coa tradición popular e a homenaxe a figuras como Xosé Luis Méndez Ferrín, Manuel Curros, Ramón Cabanillas ou Manuel Antonio.

- Henrique, Rabuñal, “Ese ronsel perdido no solpor”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 200, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 93-94.

Destácase que a obra constitúe, a partir da experiencia persoa, un canto colectivo en defensa da lingua e da cultura galegas. Sinálase que as composicións percorren a literatura e a historia galegas dende o período medieval até a actualidade. Apúntase a interacción destes temas coa paisaxe e destácase que os poemas están artellados en base a diferentes oposicións dialécticas. Por último, reflexiónase sobre a necesidade de que as actuacións políticas non vaian en contra da cultura galega.

- Ramón Rozas, “Tebras na espiral”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Café Pombo”, 5 outubro 2013, p. 59/ *Diario de Pontevedra*, “Revista”, n.º 691, “mpm”, “Anaquel dos libros”, 13 outubro 2013, p. 8.

Tras gabar o traballo editorial de Luís Rei na dirección da colección Tambo de Factoría K de Libros, resáltase a intensidade e complexidade poética da nova achega de Xavier Seoane, así como o ton panteísta das composicións e a vontade crítica aínda que esperanzada que se transmite nos versos do poemario.

- Román Raña, “Elexía épica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 480, “Libros”, 5 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 431, “Letras galegas”, 7 decembro 2013, p. 10.

Fálase do poemario *Espiral de sombras*, de Xavier Seoane suxerindo que “A súa lectura emociónanos terriblemente”, para pasar a describir a escrita do poemario como vigorosa e melancólica. Saliéntanse o panteísmo ateo e o heroísmo derrotado, contidos nun texto de gran lirismo.

- Miguel Sande, “Poemas necesarios sobre o noso”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 552, “Letras en galego”, 28 decembro 2013, p. 11.

Tras unha breve referencia ao autor e aos contidos do poemario, que pretende lembrar o lento e custoso proceso de cambio até a actualidade e subliñase a súa necesidade e afán reivindicativo.

Referencias varias:

- R. G., “Este é un libro que ten moito de lírico e moito de épico, cheo de mitos e claves de Galicia”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 3 outubro 2013, p. 33.

Entrevístase a Xavier Seoane, con motivo da publicación do seu poemario *Espiral de sombras* en Factoría K. Fálase dos contidos do libro, que o autor entende como reivindicación e protesta.

- Manuel Vidal Villaverde, “Sol de outono”, *Atlántico Diario*, “*Opinión*”, “*Mar de fóra*”, 12 outubro 2013, p. 24.

Con motivo da chegada do outono, lembra versos dos poemarios *Os ángulos da brasa* e *Espiral de sombras*, de Manuel Álvarez Torneiro e Xavier Seoane, e apunta algunhas anécdotas persoais cos dous amigos escritores. Tamén se alegra da concesión do Premio Nacional de Poesía a Álvarez Torneiro, que recoñece a literatura nacionalista periférica.

Shami, Najla, *Na lingua que eu falo*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Libros singulares e fóra de colección, 2013, 36 pp. (ISBN: 978-84-9865-485-1). Inclúe CD.

Libro-CD no que se reproducen a letra das dez cancións compostas por Najla Shami e outros artistas e que se basean en textos de Rosalía de Castro: “Aló nas tardes”, “Lévame pola man”, “Na lingua que eu falo”, “Camiño branco”, “Negra sombra”, “Ora en ti penso”, “Tecín soia”, “Quero ver o mar”, “Pasa río, pasa río” e “Tempo de inverno”. Acompañando estes textos dispónse un texto preliminar de Comba Campoy no que rememora a intervención da cantante na homenaxe realizada a Rosalía en Santiago de Compostela o 21 de marzo de 2006 e que, sinala, foi o punto de partida do

diálogo entre a cantante e os textos rosalianos. O volume péchase con textos de Xurxo Nóvoa Martins e a propia Najla Shami, no que explica o proceso de gravación do disco.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Rosalía: Outra volta”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 801, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 801, p. 30, 3 novembro 2013.

Tras recoñecer o pouco gusto que lle producen as adaptacións musicais a partir de textos poéticos e de facer un repaso polas creacións musicais de versos de Rosalía de Castro, fai unha consideración positiva da obra destacando a calidade vocal da cantante galego-palestina e a novidade da base musical das pezas.

- Dolores Vázquez, “Shami, a última voz rosaliana”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 537, 5 outubro 2013, p. 11.

Sitúase a edición deste libro-cd no contexto do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos* outorgándolle un lugar destacado entre todos os proxectos que recuperaron a obra rosaliana. Destácase a vontade da cantante por afastar a “imaxe de laios que arrodea tradicionalmente” a Rosalía e a importancia dos colaboradores no proxecto musical, nomeadamente, a fotógrafa Ainoa Calvo e os músicos Sérgio Tannus, Pedro Pascual e Narci Rodríguez.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “A poesía de Rosalía de Castro achégase ás novas músicas”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 19 agosto 2013, p. 27.

Anúnciase que os artistas Narf e Najla Shami veñen de publicar os discolibros *Nas tardes escuras* e *Na lingua que eu falo*, respectivamente, nos que versionan poemas de Rosalía de Castro. Sinálanse outros tres traballos recentes que lle puxeron música aos poemas da autora: o discolibro *Rosalía pequeniña*, de Uxía, o disco *Rapoemas*, de Aid, e o audiovisual *A rosa d’Adina*, do cuarteto ACadaCanto.

- Ramón Nicolás, “Rosalía: libros e música”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 534, “*Letras en galego*”, 7 setembro 2013, p. 4.

Cítanse algunhas publicacións, de diverso carácter, relacionadas con Rosalía de Castro e xurdidas a raíz do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, entre elas *Na lingua que eu falo*, un libro-CD no que a cantante galego-palestina Najla Shami interpreta poemas de Rosalía de Castro.

- Óscar Losada, “Este traballo fixo que me coñecese mellor a min mesma”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 421, “*Música de raíz*”, 28 setembro 2013, p. 11.

Acóllese unha entrevista á cantante con motivo da publicación deste libro-cd na que se lle pregunta pola causa de apostar pola obra de Rosalía de Castro e polo proceso de realización do disco, así como polas consecuencias na súa traxectoria deste proxecto.

- Óscar Losada, “Cantar a Rosalía de Castro fíxome coñecer mellor a min mesma”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 472, “Libros”, 10 outubro 2013, p. VI.

Trátase dunha entrevista a Najla Shami, a cantante galega de orixe palestina que canta poemas de Rosalía de Castro, con motivo da publicación do seu libro-disco *Na lingua que eu falo*. Fálase do disco e da traxectoria profesional da cantante.

Silva García, Manuel, *Haikus de acá e de acolá*, Santiago de Compostela: Andavira Editora, 2013, 109 pp. (ISBN: 978-84-8408-713-7).

Volume de Manuel Silva García (Moldes, Melide, 1943) composto por dous centos vinte e tres haikus, aos que anteceden un texto de agradecementos e un “Introito” no que o autor sinala que tentou “abranguer un amplo horizonte” temático, espacial e temporal. Os poemas, como o propio autor sinala nese texto preliminar, tentan seguir o precepto xaponés de reflectir o que está a ocorrer “neste lugar, neste momento”, sen necesidade de manterse nas marxes estritas en canto a métrica e motivos literarios. Dese xeito os textos versan sobre a natureza e a tecnoloxía da modernidade, sobre a sinxeleza da vida cotiá e a matanza na illa norueguesa de Utoia. En canto ao estilo, mantense a vontade da busca da nudez expresiva propia do xénero.

Recensións:

- Manuel Rodríguez Sánchez, “O xénero poético xaponés ‘haikus’ en Lugo. Manuel Silva García, poeta formdo no seminario”, *Lycensia*, n.º 47, vol. XXIII, 2013, pp. 369-380.

Recensiona os libros de poemas *Haikus con silvas* (2010) e *Haikus de acá e de acolá*. Comeza por definir o haiku como forma poética que conta con dezasete sílabas repartidas en tres versos de 5-7-5 sílabas. Pasa a destacar algúns dos recursos poéticos empregados nos haikus, como son a metáfora e a aliteración, exemplificando con haikus de Manuel Silva. Indica que a pequena introdución está seguida dunha escolma de composicións poéticas, tanto haikus coma silvas.

Referencias varias:

- M. Torres, “O Clásico de Sun Zi xa é bilingüe”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 523, 22 xuño 2013, p. 9.

Falase da publicación da edición bilingüe do libro *A Arte da guerra*, de Sun Zi. Explícase a estrutura e os contidos da citada obra. Noméase o poemario de Manuel Silva García, *Haikus de acá e de acolá*.

- M. G. M., “Los haikus son experiencias espirituales que trascienden el propio lenguaje”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 24 febreiro 2013, p. 7.

Acóllese unha entrevista ao autor con motivo da publicación deste poemario na que se lle pregunta pola escolla do molde estrófico de orixe xaponés e polas similitudes entre

esta cultura e a galega. Complétase a noticia cunha columna dedicada a repasar a traxectoria profesional do autor.

Sisto Deibe, Marcelino, *Loira serodia*, limiar Antón Cortizas, A Coruña: Deputación da Coruña, 2013, 159 pp. (ISBN: 978-84-9812-200-8). ◆

Volume recompilatorio de poemas de Marcelino Sisto Deibe (Ferrol, 1932), recoñecidos varios deles en certames literarios de diferentes institucións galegas. Ao inicio do libro aparecen os “Datos biográficos” escritos polo propio autor e un “Limiar” de Antón Cortizas, no que se destaca a riqueza léxica do poemario. Tras estes paratextos reproducense as vinte e sete composicións poéticas, acompañadas por una introdución aclaratoria do propio autor. Os temas presentes son: o amor, a melancolía, o feminismo, o enxalzamento da natureza galega e a reivindicación ecolóxica. Os poemas, de extensión variábel, presentan diversidade de modelos estróficos, con predominancia da estrofa de catro versos, e combinación das rimas asonante e consonante. Na parte final do volume reproducese o currículo do autor, distribuído en “Publicacións” e “Premios”.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Poemas serodios”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 787, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 787, p. 30, 28 xullo 2013.

Gábase a intención do autor de facer poesía popular con plena consciencia dos condicionantes rítmicos, musicais e léxicos. Faise a consideración do autor como continuador do labor de Pérez Pallaré e de que onde maiores éxitos líricos acada é na poesía de corte intimista. Remátase facendo unha valoración positiva da materialidade da edición e do esforzo institucional por publicar a un autor que “está fóra dos circuitos editores habituais”.

Sixto García, José, *Tirizó*, Santiago de Compostela: Follas Novas, col. Libros do Loureiro, n.º 6, novembro 2013, 103 pp. (ISBN: 978-84-616-6742-0).

Poemario de José Sixto García (Friol, 1984) composto por once longos textos nos que se combina o verso libre coa prosa poética. Neles o autor experimenta coa súa disposición espacial na páxina, incluíndo a inserción de imaxes xeométricas, e xoga co tamaño e tipos de letra. O discurso lírico combínase con outros códigos comunicativos como o informático ou simboloxía propia do ámbito das ciencias experimentais, de tal xeito que esa exploración dos límites expresivos da linguaxe verbal até se converte no eixe temático.

Solleiro, Samuel, *Punk*, Santiago de Compostela: Corsárias Editora, col. Creación, n.º 4, decembro 2013, 108 pp. (ISBN: 978-84-94164-9-7).

Libro de poemas que se presenta dividido en tres partes: “Nubes de Botswana”, “Punk” (subdividido en “Ela&el”, “os anos despois” e “Punk”) e “Segunda vida deste libro” do

autor Samuel Solleiro (Tui, 1982). A obra mestura poesía, reflexións, prosa lírica e fotografía onde se deixa espazo ao absurdo e ao experimentalismo, ás veces dende personaxes en terceira persoa (Aleksandr Morozov) e outras dende o propio eu lírico no que se percibe o pouso da nostalxia xerada polo paso do tempo. Na última parte Solleiro narra o proceso de elaboración e edición do libro a partir da súa estancia en illa Guadalupe, no Caribe.

Vidal, Roi, *Teatro*, XV Premio de Poesía Concello de Carral, Culleredo: Edicións Espiral Maior, col. Poesía, n.º 252, 2013, 54 pp. (ISBN: 978-84-92646-77-7) ■

Obra poética de Roi Vidal (Santiago de Compostela, 1982) no que se reproducen tres citas iniciais: a primeira, de Alejandra Pizarnik; a segunda, de Heiner Müller; e a terceira, de Lois Pereiro. Composto por corenta e dous textos en verso libre e de extensión variábel, o motivo literario dominante é a manifestación do amor erótico en analogía coa antropofaxia. O verso inicial, que dá tamén título ao poema, é sempre un verbo pronominal, en modo imperativo na maioría dos casos, relacionado co campo semántico propio da linguaxe erótica que non evita os eufemismos, tales como: “Crávame”, “Íspote”, “Mórdeme”, “Pégame” ou “Orxíame”.

Recensións:

- Alberte Valverde, “Monólogo de mitos”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 88-89.

Coméntase esta obra gañadora do XV Premio de Poesía Concello de Carral, sinalando que constitúe unha peza performática na que a poesía se mestura coa dramaturxia, conformando un soliloquio entre dous espazos do mesmo corpo. Apúntase que o tema central é o amor, se ben se borran as distincións xenéricas, facendo referencia a un sexo homosexual. Anótase que o tempo pasado non remata e se confronta cun presente marcado pola poética da vida cotiá e do sexo e que, a partir desta última, xorde a sociedade do espectáculo. Destácanse entre os recursos do poemario a introdución de paradoxos e o discurso intertextual. Sínálase que a obra se sitúa á par de voces innovadoras como Lorena Souto, Berta Dávila e Dores Tembrás, caracterizadas por deconstruír o corpo e a psique.

- Román Raña, “De breve feitura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 465, “Libros”, 4 xullo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 417, “Letras galegas”, 6 xullo 2013, p. 10.

Fálase da publicación desta obra de Roi Vidal, gañadora do XV Premio do Concello de Carral. Esbózanse os contidos da obra e descríbese a súa singular estrutura, que adxudica uns rasgos determinados aos poemas de número impar e outros aos de número par. Esta distribución vén xustificada polo carácter do poemario: un diálogo entre o suxeito lírico e o suxeito amoroso, cheo de peticións. Saliéntanse as composicións breves que aumentan “a conmoción do lector”.

- Armando Requeixo, “A máscara poética de Roi Vidal”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, n.º 790, “Letras Atlánticas”, p. 25/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 790, p. 32, 18 agosto 2013.

Tras facer un repaso á traxectoria do autor, incidindo no carácter polifacético da súa produción e de saudar a recuperación da editorial Espiral Maior, faise mención ao carácter imperativo dos poemas e establécese a consideración de que a poética de Roi Vidal é unha “poética de gume de navalla”.

Referencias varias:

- Xesús Fraga, “A colección poética de Espiral Maior supera xa os 250 títulos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xuño 2013, p. 25.

Infórmase das novidades editoriais de Espiral Maior, que chega aos douscentos cincuenta títulos publicados coa aparición de *Ata o corazón da mazá*, á que seguirán outros títulos entre os que se sitúa este poemario, *Teatro*.

Vidal Collazo, Marisa, Baldomero **Iglesias Dobarrío**, Rubén **Aramburu Molet** (eds.), *Unha alborada nova. Homenaxe na memoria de Bernardo García Cendán*, Santiago de Compostela: Asociación Encrucillada, col. Encrucillada Monografías, febreiro 2013, 257 pp. (ISBN: 978-84-616-3063-9). ◆

Volume colectivo de homenaxe a Bernardo García Cendán (Vilalba, Lugo, 1941-2012), que se abre cuns agradecementos dos editores aos que segue unha breve presentación, a cargo de Marisa Vidal Collazo, na que refire o xeito no que xurde esta monografía e explica o seu contido. Tras o traballo de carácter biobibliográfico de Xulio Xiz, “Bernardo, onde vas?” (pp. 13-27), reproducése a escolla de textos de Bernardo García Cendán realizada polos editores que se transcriben e se reproducen manuscritos, estruturados nos seguintes apartados:

- “Primeiros escritos”, onde se acollen dous poemas en castelán do tempo no que residíu en París (1971-1973).

- “Xurdirá”, un conxunto de cantigas en forma de xotas, panxoliñas, alalás ou alboradas, nas que xa fala da fe, de Cristo, da vida e da salvación; cantigas ás que lle puxeron música Miguel Varela e Xabier Méndez. Complementáanse cun texto de Xaquín Campo Freire, intitulado “Falando de Bernardo García Cendán”, que comeza cun agradecemento para toda a súa familia e sobre todo para a súa nai antes de se centrar na súa figura e rematar aludindo á súa produción; e péchase co poema “O poema que esperas”, da autoría de Helena Villar Janeiro.

- “Pregos”, unha serie de oracións a temas recorrentes na misa: a piedade, a paz, o amigo, o casamento, a morte, o hosanna. Complementáanse co texto “Benquerido Bernardo”, de Manolo Regal Ledo, no que, a modo de carta, lembra a súa figura.

- “Renazo galego”, composicións ás que lles puxeron música para seren cantadas na Romaxe dos Crentes Galegos, entre as que destacan o *Credo Galego*, adaptación do orixinal e *Fillo e Señor da terra* pola súa complexidade poética; en “Vilalba e a Terra

Chá”, fala da súa terra natal, as súas xentes, a Chaira, lembra a nenez, os amigos e Irimia. Complementábase co texto “Bernardo e as romaxes”, de Xabier Blanco Vilar, no que loa a súa figura.

- “Outros poemas”, composicións dedicadas a seres queridos, xa mortos, e que foron parte importante nas súas andainas e poemas, nos que deixa constancia das súas inqedanzas (“25 anos atrás” e “No eclipse da lúa”). Complementáanse cos textos “Terra e compromiso”, de Xosé María Felpeto, no que refire aspectos da súa vida e inqedanzas; e “A conversa incesante”, de Agustín Fernández Paz, no que relembra vivencias de ambos os dous, por separado e en común, e alude ao texto co que Bernardo García Cendán presentou en Lugo a súa obra *O centro do labirinto* e a que lle facilitou moita información sobre París que lle serviu mentres se estivo a documentar para escribir *Non hai noite tan longa* e para caracterizar o protagonista desta novela.

- “Paxoliñas”, poemas e textos en prosa dedicados na súa maior parte a amigos seus. Complementáanse co texto “O peto do santo Antón”, de Rubén Aramburu Molet, onde explica a súa saída á rúa para homenaxealo exercendo de “sociólogo pasivo”; e o poema “A Bernardo, irmán nos sonhos!”, de Baldomero Iglesias.

- “Felicitacións de Nadal”, onde reproducen catro, dos anos 2005, 2006, 2010 e 2011, dando pé esta última ao poema posterior, “A Bernardo García Cendán, *in memoriam*”, da autoría de Marica Campo. Ademais acóllense dúas semblanzas da súa figura: “Bernardo, un oco no corazón”, a cargo de Andrés Torres Queiruga; e “Bernardo, un home de paz e de ben... pero no só”, de Engracia Vidal Estévez.

Péchase o volume cun apartado intitulado “A xeito de epílogo”, que se compón de tres: textos “Bernardo: un cristián libre e coherente”, de Xesús Mato e Mato; “Querido Bernardo”, de Rubén Aramburu Molet; e “Conta comigo, tío Bernardo”, de Martín Seco García, textos todos eles de loubanza a Bernardo García Cendán, e un poema final do propio autor, intitulado “Morrer é descansar”, que compuxo para o enterro de seu pai.

Tamén está descrito no apartado V. 1. Ensaio, monografías, biografías e libros colectivos

Villar, Miro, *Breizh*, limiar Xosé María Lema Suárez, prefacio Antón Jacinto Pascoal, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2013, 70 pp. (ISBN: 978-84-15400-73-8).

Libro de poemas de Miro Villar (Cee, 1965) que presenta dous textos preliminares. O primeiro, asinado por Xosé María Lema, no que o prologador rememora unha viaxe conxunta co autor dende Rens (Laxe) até Rennes (Bretaña) e conecta a condición de *finisterrrae* dos lugares visitados. O segundo texto é de Antón Jacinto Pascoal, quen realiza unha reflexión sobre as características poéticas do *haiku*. A seguir sitúanse seis *haikai* de Matsuo Bashô, Kobayashi Issa (ambos en versión bilingüe xaponés-galego), Jorge Luis Borges, Mario Benedetti, Casimiro de Brito e Alain Kervner. O libro componse de trinta e oito poemas que manteñen a estrutura estrófica e os motivos literarios da tradición do *haiku* e cada un dos títulos remite a espazos e a personaxes vencellados ao ámbito da Bretaña francesa. Súmanse a estes poemas outros catro *haikai* de ambientación parisina, que se agrupan nun epílogo que leva por título “Último tango en París”.

Recensións:

- Román Raña, “Abismais profundezas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 446, “Libros”, 21 febreiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 400, “Letras galegas”, 2 marzo 2013, p. 6.

Considérase que o libro é froito dunha excentricidade espacial, pois os textos inspíranse no Fisterre da Bretaña; e estética, dado que as composicións imitan o molde estrófico do haiku.

Referencias varias:

- M. R. N., “La librería Á Lus do Candil presentará el viernes ‘Breizh’ de Miro Villar”, *El Ideal Gallego*, “Arteixo”, 27 febreiro 2013, p. 18.

Anúnciase a presentación de Breizh, novo libro de Miro Villar editado por Toxosoutos, na librería Á Lus do Candil. Dise que o autor estará acompañado de Xosé María Lema Suárez, escritor e presidente de Semescom.

Villar Janeiro, Helena, *Remontar o río*, Rianxo: Tirar do Fío Edicións, 28 setembro 2013, 35 pp. (ISBN: 978-84-616-6508-2).

Poemario de Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940) que se presenta nunha edición limitada a cincocentos exemplares numerados e nun formato innovador pois lese segundo se despregan as páxinas acartonadas de maneira horizontal a xeito de acordeón. Dedicado a Helane avoa e neta, nace a partir dunha viaxe polo Danubio (que ten presenza por medio da paisaxe nos versos) e pretende expresar o tecer e destecer que fan as persoas ao longo da vida dende unha perspectiva íntima onde se ofrece un espazo á memoria.

II. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Bermúdez Arias, José Manuel e M^a Carme **Pernas Bermúdez**, *Escolma da obra de Caetano Arias López, “o Gaiteiro de Santaballa”*, limiar Mercedes Salvador Castañer e Xoán Ramiro Cuba Rodríguez, [Lugo]: Patronato Pro-Escuela Santaballesa Liga Santaballesa, 2013, 152 pp. (ISBN: 978-84-616259-0-1). ◆

Volume da autoría dupla de José Manuel Bermúdez Arias e M^a Carme Pernas Bermúdez (Vilalba, Lugo, 1976) no que recuperan e recompilan, como homenaxe a Caetano Arias López (Piñeiro-Santaballa-Vilalba, Lugo, 1881-Madrid, 1952), textos poéticos publicados en xornais vilalbeses de comezos do século XX e outros da súa autoría aínda que coñecidos por medio da transmisión oral. Está dedicado a Josefa Arias Castelo, tía e avoa, respectivamente, dos autores e así mesmo “e como ela, a todas as testemuñas do legado poético de Caetano”. Comeza cun limiar de Mercedes Salvador Castañer e Xoán Ramiro Cuba Rodríguez (pp. 7-9) no que refiren que “o Gaiteiro de Santaballa” fora descuberto como poeta-autodidacta a raíz da publicación dunhas composicións súas no volume *Seis escritores de Vilalba. Escolma poética* (1986), coordinado por Antón Castro Rodríguez e Xosé González Barcia, mestres do colexio público vilalbés Insua Bermúdez, e así mesmo grazas ás pesquisas dos traballos de campo do equipo Chaira que localizaron á súa sobriña Josefa Arias Castelo, “a depositaria da súa memoria”. Apuntan que os autores lograron realizar case “unha verdadeira obra completa” aínda que se subtitule como “escolma”. Destacan que reúnen composicións descoñecidas até agora, impresos de rifas, pezas que viran a luz na prensa vilalbesa e fotografías inéditas e que o analizan dende o contexto histórico e os valores lingüísticos e etnográficos da lírica de Caetano Arias López. No primeiro capítulo, “Introdución” (pp. 13-15), os autores precisan que, con motivo do sesenta aniversario do falecemento de Caetano Arias López, era “de xustiza honrar a súa figura e o seu quefacer creador”, lembran o labor de distintas asociacións e colectivos para amosar a súa valía e puntualizan que reproducen corenta e un poemas, “extraídos da prensa, da transmisión oral e de documentación conservada pola familia” e recoñecen que puidera “quedar algún no tinteiro”. A seguir acóllense dous capítulos: unha breve “reseña biográfica” (pp. 17-21) e unha “reseña literaria” (pp. 23-36) na que salientan dúas liñas na súa poética: a costumista e realista, na que se inscribe un bo número de poemas autobiográficos; e a combativa e reivindicativa, que abrangue poemas de carácter social e patriótico, outros referidos á emigración e outros descritivos e paisaxísticos, sendo estes últimos unha exaltación da singularidade da fala, a loubanza de poetas precedentes e o “fiel reflexo do galego coloquial e a fala popular” e de “estampas da sociedade rural e campesiña de hai un século”. Rematan cun puntual comentario estilístico e métrico, ao que segue o cuarto capítulo, “Compendio da obra poética de Caetano” (pp. 39-146) que se coñece até a actualidade se ben apuntan que é máis extensa pero non puideron acceder á súa totalidade polas dificultades de acceso á “prensa local vilalbesa de principios do século XX”. Detallan os traballos de investigación previos referidos a Caetano Arias López, antes de reproducir os corenta e un poemas, dos que indican en nota a rodapé a súa cronolóxica aparición e/ou publicación en prensa ou por medio de rifas. Varios poemas están protagonizados por gaiteiros; noutros salientanse aspectos vinculados a tradicións e costumes galegos como a muiñada, o Entroido, o amor á terra e á lingua galega, o fenómeno da emigración, a romaxe, a feira, a malla e o arado, entre outros. Como complemento achegan un capítulo final de “Conclusións” (pp. 147-148),

onde resaltan “o espallamento da súa obra de boca en boca das xentes labregas e dos cegos que predicaban nas festas de antano” e que Caetano Arias López “creaba, asinaba e publicaba conscientemente a súa poesía co fin de dala á luz, a través de xornais e rifas”, unha vez revisados o ritmo e a rima; e así mesmo a “Bibliografía”, distribuída en “Libros e multimedia” e “Webgrafía”.

Castro, Rosalía de, *Cantares gallegos*, ed. e estudo introdutorio Anxo Angueira, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xerais. Clásicos, n.º 18, 2013, 466 pp. (ISBN: 978-84-9914-504-4).

Volume poético reeditado co gallo do sequiscentenario da publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela 1837-Padrón 1885) e que conta cun estudo, edición, notas e comentarios de Anxo Angueira (Dodro, 1961). Tras dunha nota introdutoria, Anxo Angueira no “Estudo introdutorio” (pp. 7-114) defende a importancia deste poemario por distintos motivos: feminismo, denuncia social, musicalidade, Galicia como categoría política etc. Tamén dedica unha especial atención á relación literaria co *Coloquio* de Sarmiento e trata de establecer a semellanza entre ambas obras que el encaixa dentro do Rexurdimento. Contra o final recóllense comentarios a partir de cada poema no apartado titulado “Fixación, notas e comentarios” (pp. 309-443), uns “Manuscritos autógrafos de Rosalía de Castro” (pp. 446-447) e unha extensa bibliografía (pp. 451-464).

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, “Cinco versos de Rosalía: autocensurados?”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 525, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 6 xullo 2013, p. 10.

Gábase o labor ecdótico desta edición e céntrase a análise na cuestión editorial de cinco versos do poema número trece, ausentes nas versións publicadas en vida da autora. Remátase incidindo que, sexa por censura ou por autocensura, toda edición futura do poemario debería incluír unha nota na que se reproduzan eses versos suprimidos.

- Vicente Araguas, “Tan clásica como a chuvia”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 775, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 775, p. 30, 12 maio 2013.

Faise a consideración do carácter inesgotábel de lecturas da obra rosaliana. Gábase o labor editor de Anxo Angueira, calificándoo de rigoroso, argumentativamente contrastado. A seguir, incídese nos textos combativos do poemario e anúnciase o proxecto de Xerais de reeditar a obra completa da autora en oito tomos.

- Armando Requeixo, “Angueira de Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 459, “Libros”, 23 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 411, 25 maio 2013, p. 10.

Gábase o esforzo e o resultado do traballo ecdótico de Anxo Angueira recomendándose esta edición a quen desexe saber máis sobre a obra e o contexto histórico de Rosalía de Castro. Faise finalmente mención ao proxecto de Xerais de publicar outros sete tomos coas obras restantes da autora santiaguesa.

Referencias varias:

- Ana Baena, “Angueira fala da Rosalía ‘rebelde e dinámica, fora do rol de naiçiña”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 24 abril 2013, p. 6.

Recóllese a noticia da presentación da reedición de *Cantares Gallegos* e reproducense algunhas das intervencións do editor, Anxo Angueira, quen destaca a condición rebelde de boa parte da produción poética de Rosalía e fai a consideración de que a importancia da obra radica no uso polifónico da lingua.

- Jorge Lamas, “Cantares gallegos’ ten unha nova edición crítica”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 abril 2013, p. 34.

Infórmase do acto de presentación do libro, coincidindo co cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, e recóllense as verbas do editor sobre o enfoque filolóxico da reedición.

- Mar Mato, “Una reedición de ‘Cantares gallegos’ revive la obra como feminista y crítica”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 abril 2013, p. 41.

Dase conta da presentación da nova edición de *Cantares gallegos*, a cargo de Anxo Angueira, e reproducense afirmacións deste nas que destaca a necesidade de modificar a imaxe chorona de Rosalía de Castro pola de feminista e social.

- Marta Veiga, “Anxo Angueira edita o produto de 30 anos de ler ‘Cantares gallegos’ na aula”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 10 maio 2013, p. 56.

Recóllese a noticia da presentación do libro na librería Biblos de Lugo e reproducense fragmentos das intervencións do editor, Anxo Angueira, e da profesora María Xesús Nogueira da USC, nas que se destacan o fondo feminista do pensamento de Rosalía de Castro e o carácter inesgotábel da cuestión ecdótica arredor das súas obras, respectivamente.

- Ramón Nicolás, “Rosalía: libros e música”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “Letras en galego”, 7 setembro 2013, p. 4.

Cítanse algunhas publicacións, de diverso carácter, relacionadas con Rosalía de Castro e xurdidas a raíz do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*: *Cantares gallegos*, edición anotada de Anxo Angueira; *Cantares gallegos, hoxe*, ensaio de María Pilar García Negro sobre a figura e a obra de Rosalía; *Grial*, revista que tentou dar a coñecer unha serie de ensaios sobre a autora baixo o subtítulo *Novas olladas sobre Rosalía de Castro*; *Rosalía, pequeniña*, un álbum ilustrado por Marina Seoane que inclúe un CD con numerosas interpretacións musicais a cargo de Uxía Senlle, e *Na lingua que eu falo*, un libro-CD no cal a cantante galego-palestina Najla Shami interpreta poemas de Rosalía de Castro.

Castro, Rosalía de, *Cantares gallegos*, Vigo: Concello de Vigo, 2013, 171 pp. (ISBN: 978-84- 941165-0-6). ◆

Edición a cargo do Concello de Vigo polo sesquicentenario da publicación desta obra aparecida en 1863 nesta cidade, feita por Mercedes Pacheco, que contra o final redacta os criterios de edición, e inclúe tamén unhas ilustracións de Ana Costas. Ábrese cun artigo de presentación titulado “150 anos de historia” asinado polo alcalde, Abel Caballero. Esta edición segue a de 1872 e deixa fóra o glosario que aparecía na primeira edición.

Castro de Murguía, Rosalía, *Cantares Gallegos*, ed. facsimilar, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Parlamento de Galicia/Consello da Cultura Galega, marzo 2013, 189 pp. (DL: C 424-2013). ◆

Edición facsímile da primeira impresión do poemario *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, A Coruña, 1885), que fora publicado en Vigo na imprenta de Juan Compañel en 1863 e que se conserva na Biblioteca Pública Nodal de Pontevedra. Tras un limiar institucional de autoría tripla, que fala de Rosalía de Castro como escritora vocacional e que subliña a publicación de *Cantares gallegos* como “unha defensa da dignificación da lingua e da patria galega”, reproducense unha dedicatoria a Fernán Caballero, datada o 17 de maio de 1863, un prólogo sen título, da propia Rosalía de Castro; e os trinta e un poemas de *Cantares Gallegos*, poemario no que a autora plasmou a súa interpretación sociocultural dos costumes galegos da época, tinxidos por unha exaltación da beleza xeográfica e costumista que a conmovía. Os poemas constitúen unha reafirmación do carácter autóctono, baseándose, por unha banda, nunha loa a Galicia e, pola outra, no rexeitamento dos prexuízos contrarios á terra galega, comparando a súa beleza coa doutras rexións. Así mesmo plasman unha dura crítica social cara aos estamentos políticos centrais e o trato recibido polos galegos fóra da súa terra. Prima neles a reivindicación da lingua e cultura galegas e márcase o comezo dunha nova xeira para a poesía galega. Despois engádese un “Glosario”, as “Erratas notables”, o “Índice” e a reprodución facsímile dos catro poemas engadidos na segunda edición de *Cantares gallegos*, publicada en Madrid en 1872 e que se conserva na biblioteca do Consello da Cultura Galega.

López Abente, Gonzalo, *Poesía completa*, ed. e estudo introdutorio Miro Villar, Culleredo: Edicións Espiral Maior/Fundación Gonzalo López Abente, col. Espiral Maior Opera Omnia, 2013, 620 pp. (ISBN: 978-84-92646-79-1). ■

Edición recompilatoria da obra poética de Gonzalo López Abente (Muxía, 1878-1963) a cargo de Miro Villar, quen asina o estudo introdutorio no que se fai un breve comentario de cada un dos poemarios de López Abente. Tras a introdución aparece unha nota aclaratoria dos criterios de edición, unha bibliografía básica e un breve texto intitulado “Poética”, do propio López Abente. A seguir reproducense as edicións orixinais dos poemarios, seguindo a orde cronolóxica de creación: *Escumas da ribeira*, *Alento da raza*, *Bretemada*, *D’outono*, *Nemancos*, *Centileos nas ondas*, *Decrúa*. *Poemas*, *Monza de frores bravas para Nosa Señora da Barca*. Ademais dos poemarios publicados, a edición complétase con tres seccións máis que recollen “Dispersos e inéditos”, “Poemas traducidos a outros idiomas” e “Anexo. Poesía en castelán”. Por último, o volume presenta tres apéndices finais: “Poemas dedicados a Gonzalo López

Abente”, “A obra poética de López Abente en revistas e xornais” e “Partitura orixinal de Miguel Brotóns sobre o poema *O meu lar*”.

Referencias varias:

- J. M., “Muxía diseña un verano cargado de historia, literatura, música y deporte”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 603, 5 xullo 2013, p. 5.

Sínálase que entre os actos conmemorativos do pasamento de López Abente programados polo concello entre os días 13 e 20 de xullo figura a presentación da *Obra poética* do autor.

- J. M. Ramos, “Divulgan el libro ‘Poesía completa’ de López Abente”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 739, 14 novembro 2013, p. 7.

Anúnciase a presentación do libro *Poesía completa*, do poeta Gonzalo López Abente.

- Rodri García, “Un libro recolle a obra poética de López Abente, ‘a alma de Muxía’”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 16 novembro 2013, p. 45.

Fálase da presentación do libro *Poesía completa*, editado pola fundación Gonzalo López Abente con toda a obra do poeta. Recóllense comentarios dos participantes na presentación ou dos colaboradores na edición, como por exemplo: Rivadulla Corcón, Miguel Anxo Fernán Vello, Xosé Luís Vilela, Miro Villar ou Vicente Risco. Citanse algúns poemas do autor, como *Muxía*, *A fouce* ou *Escumas na Ribeira*.

López Valcárcel, Xulio, *Se envellecemos xuntos*, ilustr. Xurxo Gómez Chao, A Coruña: Edicións Galebook, 2013, 88 pp. (ISBN: 978-84-940735-5-7).

Poemario de Xulio López Valcárcel (Lugo, 1953) xa descrito no *Informe 2007* co gallo do trinta aniversario da escrita do poema “Se envellecemos xuntos”, que nesta nova edición introduce diversos cambios. O primeiro, a editora que o publica; o segundo, máis linguas ás que se traduce o poema (finés e ucraíno) e a terceira, a achega plástica de Xurxo Gómez Chao (A Coruña, 1960).

Recensións:

- Armando Requeixo, “Xulio López Valcárcel, poeta icolingüe”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, n.º 788, “letras Atlánticas”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 788, “letras Atlánticas”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 788, “letras Atlánticas”, p. 33, 11 agosto 2013.

Infórmase de que o libro fora composto en 1978 e posteriormente esquecido polo propio autor. Tras enxalzar o proxecto editorial mixto de Galebook, sínálase o punto de partida da composición para logo incidir en que a edición presenta xunto coa versión orixinal en galego as vinte versións a outros tantos idiomas, dende as outras linguas peninsulares

até o húngaro ou armenio. Remátase recomendando vivamente a lectura “dun dos mellores poemas de amor endexamais escritos”.

- Vicente Araguas, “Xulio colleu a pluma”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 20/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 790, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 791, p. 30, 25 agosto 2013.

Gábase a figura do autor, que se reivindica non só como poeta, senón tamén como escritor de narrativa erótica, crítico literario, activista cultural e estudoso. Do libro a tratar, salientase o seu carácter heterodoxo. Sublíñase, ademais, a beleza da edición realizada por Fernando Bores.

Otero Pedrayo, Ramón, *Xeórxicas do pan*, ed. e pról. Silvia Penas, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Otero Pedrayo, n.º 7, 2013, 93 pp. (ISBN: 978-84-9865-473-8).



Obra poética de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976) editada e prologada por Silvia Penas, promovida pola Fundación Penzol e patrocinada polo Consello Social da Universidade de Vigo. No prólogo intitulado “Otero, poeta” explícase que a presente edición é froito do traballo de investigación na documentación que conserva do autor ourensán a Fundación Penzol. Ademais, faise unha contextualización do xénero poético que dá título ao conxunto e un resumo da historia editorial das tres versións do poemario. A continuación reproducense en tres columnas distintas cada unha das versións: na da esquerda “O centeo. As geórgicas galegas”, na central “Geórgicas do pán” e na da dereita “Geórgicas do pan galego. O puro e grave xénio do centeu”. Na parte final ofrécense as reproducións facsimilares do manuscrito da primeira das versións citadas.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “O valor da palabra”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 514, “Letras en galego”, 20 abril 2013, p. 8.

Comenta a publicación dunha edición conxunta das tres versións existentes das coñecidas como *Xeórxicas do pan*, un resultado dun proxecto de investigación que dirixe Manuel Forcadela. Matiza que nesta monografía se “redimensiona” o valor de Ramón Otero Pedrayo como poeta, ao tempo que se exalta “a vida do agro” e se aposta por achegar unha visión “pouco menos que sagrada sobre o pan de centeo”. Remata indicando que así mesmo se reproducen “algúns marabillosos manuscritos e deseños da man do propio Otero”.

- Dorinda Castro Soliño, “Otero, poeta”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 461, “Libros”, 6 xuño 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 414, 15 xuño 2013, p. 10.

Tras describirse o contido do volume e a circunstancia editorial na que se desenvolveu o proceso de investigación que conduciu á súa aparición, afirmase que é unha achega importante para afondar na faceta poética de Otero Pedrayo.

Referencias varias:

- E. Ocampo, “La Fundación Penzol cumple medio siglo y edita poemas inéditos de Otero Pedrayo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 46/ “Poemas inéditos de Otero Pedrayo en el 50º aniversario de la Fundación Penzol”, *La Opinión*, “Cultura”, 15 febreiro 2013, p. 55.

Anúnciase o acto de presentación deste libro no cincuenta aniversario da Fundación Penzol e explícase o proceso de investigación realizado baixo a coordinación de Manuel Forcadela. Sinálase tamén que a edición é froito da colaboración conxunta da propia fundación, o Consello Social da Universidade de Vigo e a editorial Galaxia.

- Ana Baena, “A poesía de Otero Pedrayo, ao descuberto na Penzol”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 febreiro 2013, p. 12.

Infórmase da publicación da obra e detállase o proceso de investigación realizado coa documentación de Otero Pedrayo conservada na Fundación Penzol que deu lugar á edición do poemario, do que se afirma que supón “unha revolución para toda a literatura galega”.

- Fran P. Lorenzo, “Galaxia edita as ‘Xeórxicas do pan’ de Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 febreiro 2013, p. 42.

Infórmase do arduo traballo de investigación desenvolvido polo equipo dirixido por Manuel Forcadela, composto por Silvia Penas e Ana Belén Crespo, e descríbese en que consiste o achado e a súa importancia na reivindicación da faceta poética de Otero Pedrayo.

Rodríguez Yáñez, Yago (ed.), *A peito descuberto. Análise e edición da obra poética de Fiz Vergara Vilariño*, pról. Irene Vergara Vilariño, Guitiriz: Asociación Cultural Xermolos/Irmandade Manuel María, 2013, 978 pp. (ISBN 978-84-932199-6-3). ◆

Edición anotada da obra poética de Fiz Vergara Vilariño (Santalla, Samos, Lugo, 1953-1997) que recolle sete poemarios do autor, acompañados de abondosa información sobre as circunstancias persoais, políticas e literarias que marcaron a traxectoria deste persoeiro. Ademais inclúese unha cronobiografía do poeta lucense, un vocabulario coma apéndice léxico e unha bibliografía exhaustiva, así como unha serie de apéndices finais nos que se recompilan ilustracións de dedicatorias e cubertas de libros, unha colección numerosa de fotografías do poeta e amigos e un conxunto de textos que outros escritores dedicaron a Fiz Vergara Vilariño.

Recensións:

- Xesús Alonso Montero, “Fiz Vergara Vilariño”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 548, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 30 novembro 2013, p. 10.

Dáse conta da publicación da monografía de Yago Rodríguez Yáñez sobre a obra de Fiz Vergara Vilariño. Acerca do poeta, destácase a riqueza do seu galego literario, así como

o conmovedor dos seus versos. Explicase a relación literaria do articulista co poeta e descríbese o contido da monografía, a meticulosidade e amplo labor de Rodríguez Yáñez e destácase o seu esforzo por localizar poemas inéditos, así como a calidade da súa erudición.

- Armando Requeixo, “Fiz Vergara Vilariño ao completo”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 808, “letras Atlánticas”, p. 36/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 808, “letras Atlánticas”, p. 37, 22 decembro 2013.

Dáse noticia da publicación do ensaio de Yago Rodríguez Yáñez editado baixo os auspicios da Asociación Xermolos e a Irmandade Manuel María. Destácase que a monografía ofrece unha moi completa biografía do poeta, a edición rigorosa de toda a produción poética de Fiz Vergara Vilariño con pertinentes anotacións, un apéndice léxico moi elaborado e unha exhaustiva bibliografía. Saliéntase a posibilidade de acceder a obras que eran inaccesíbeis, así como ás noticias sobre a súa fortuna crítica, e o acopio por parte de Rodríguez Yáñez de ilustracións, cartas, cubertas de libros ou fotografías do poeta. Remárcase o valor de profundizador do investigador acerca das relacións que establece entre Fiz Vergara e outros poetas amigos, como os compañeiros do grupo Cravo Fondo. Remátase coa felicitación ao autor e ás institucións que contribuíron á súa publicación.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Presentación del libro de Yago Yáñez sobre Fiz Vergara Vilariño”, *El Progreso*, “Lugo”, “El Despertador”, 18 outubro 2013, p. 14.

Entre outras cousas, dáse noticia da presentación deste libro sobre o poeta Vergara Vilariño.

- L. P., “Agardo que lle concedan canto antes a Fiz Vergara o Día das Letras Galegas”, *El Progreso*, “Sarria”, 26 novembro 2013, p. 18.

Entrevístase a Yago Rodríguez Yáñez, estudoso da obra de Fiz Vergara Vilariño co gallo da publicación do seu libro *A peito descuberto. Análise a edición da obra poética de Fiz Vergara Vilariño*.

Solla, Calros, *ReGaliza e outras chuches. Apoteose da retrónica*, Cangas do Morrazo: Edicións Barbantesa, col. Poesía, n.º 21, abril 2013, 109 pp. (ISBN: 978-84-940302-1-5).

Segunda edición aumentada deste poemario de Calros Solla Varela (Pontevedra, 1971) xa descrito no *Informe 2008* que introduce diversos cambios, entre os que salienta o cambio de editora e a adición dunha última parte na que o xogo de palabras se converte en elemento fundamental, “Ras e tritongos”, que sucede ás dúas establecidas na primeira edición, “ReGaliza e outras chuches” e “Libro de reclamacións”.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Apoteose da retrónica”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 779, “*Letras Atlánticas*”, p. 36/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 779, “*Letras Atlánticas*”, p. 33, 2 xuño 2013.

Considérase que o autor do libro é un dos mellores poetas satíricos das letras galegas actuais e dise que a ironía presente no poemario busca “subverter a visión acomodaticia e inxenua do real”. Sinálase o continuado recurso a procedementos lingüísticos baseados nos equívocos e dobres sentidos e a voluntaria condición mixta, en termos xenéricos, do volume.

- Pilar Ponte, “Volverse larpeir@”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 468, “*Libros*”, 12 setembro 2013, p. VII.

Saliéntase o frescor das composicións recollidas, que permiten que o libro siga a ter éxito. Considérase que Carlos Solla traballa a lingua até acadar unha beleza sinxela. Entre as características da súa poesía menciónanse a retrónica e un compromiso social cristalizado na ecoloxía, a defensa da muller e o pacifismo.

Taibo, Victoriano, *Lembranza da tecedeira*, Gondomar: Instituto de Estudos Miñoranos, col. Os facsímiles do iem, 16 maio 2013, 46 pp. (ISBN: 978-84-616-4534-3). Inclúe CD. ◆

Facsímile da obra poética datada en 1947 de Victoriano Taibo (Compostela, 1885-Vigo, 1966) que edita o IEM xunto a un CD co recitado de Anxo Angueira e música de Antón Seoane. Tamén inclúe un volume independente cunha introdución asinada polo propio Instituto de Estudos Miñoranos e varios traballos que se titulan “Breve historia do manuscrito”, de Antonio Valverde Alonso; “A dor do ceo e da terra. Sobre o poema *Lembranza da Tecedeira* de 1947”, de Marta Dacosta; e “Con tino aloumiñante”, de Miguel Anxo Mouriño no cal analiza o galego escrito do poeta. O longo romance de Victoriano Taibo, dedicado a Juan Novás Guillán, resulta unha elexía ou pranto pola morte dunha muller tecedeira da cal describe a súa vida, vestimenta ou costumes como unha sorte de homenaxe e exaltación.

II. 3. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS

Arif, Ahmed, *Desgastei cadeas estrañándote (Hasretinden prangalar eskittim, 1968)*, trad. M^a Xosefa Baamonde García e Irfan Güller, Culleredo: Edicións Espiral Maior, col. Poetas do Mundo, n.º 1, xullo 2013, 95 pp. (ISBN: 978-84-92646-80-7).

Poemario en edición bilingüe turco-galego do escritor de orixe kurda Arif Ahmed (Diyarbakir, 1927-Ankara, 1991) que expresa a violencia e a intimidade vivida polo escritor ao longo da súa vida. Esta obra, que ten xa máis de sesenta edicións na súa lingua orixinal, é considerada un elo entre a mellor tradición literaria turca e o vangardismo de influencia europea.

Bertels, Helen, *Diario de Nimiedades/Buch bedeutender Belanglosigkeiten*, pról. Lupe Gómez, trad. ao galego Martiño Picallo, Europa: Nympharum, xullo-agosto 2013, 205 pp. (ISBN: 978-84-616-6047-6).

Obra poética escrita en tres idiomas (alemán, castelán e galego) por Helen E. Bertels (Cottbus, Alemaña, 1978), afincada en Santiago de Compostela dende os dez anos e dedicada case exclusivamente ás artes escénicas. A dedicatoria “A Geni, aos meus pais e a tódalas mulleres da miña familia” precede ao prólogo titulado “Carta para unha actriz estranxeira ao galego” da poeta Lupe Gómez. Os poemas, que en ocasións se transforman en prosa lírica, van acompañados de fotografías da propia escritora que funcionan como elementos integrados na composición, incluso ás veces xogando de forma estética cos propios versos como en “Síntoo, non volverá pasar” ou “pasou outro día”. O estilo intimista trata de expresar as sensacións persoais da escritora e a vontade de compartilas cos lectores.

Castaño, Yolanda (coord. e trad.), *Con barqueira e remador*, Pontevedra: Deputación de Pontevedra, col. Cíes, 2013, 158 pp. (ISBN: 978-84-8457-405-7). ◆

Volume coordinado por Yolanda Castaño (Santiago de Compostela, 1977) nos que se presentan en versión orixinal e galega, a cargo da propia coordinadora, unha serie de poemas de sete autores pertencentes a outras tantas tradicións líricas europeas que participaron no I Obradoiro Internacional de Tradución Poética, titulado como o propio volume e desenvolvido entre o 29 de outubro e o 3 de novembro de 2012 na illa de San Simón. No prólogo que precede á recompilación poética a coordinadora explica como se xestou o proxecto intercultural, sinalando as potencialidades creativas deste tipo de encontros e gabando a produtividade estética e cultural da experiencia. Tras el dispóñense os textos poéticos e, ao final, as biobibliografías de cada poeta. Os autores son, segundo a orde de aparición no libro: Marko Pogačar (Split, 1984), Txema Martínez (Lleida, 1972), Margrét Lóa Jónsdóttir (Reiquiavik, 1967), Brane Mozetič (Ljubljana, 1958), Merja Virolainen (Lapua, 1962) e Sergej Timofejev (Riga, 1970).

Recensións:

- Ramón Nicolás, “A porta a outros mundos líricos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 542, “Letras en galego”, 19 outubro 2013, p. 8.

Fálase de dúas obras en que participou Yolanda Castaño como tradutora: *Con barqueira e remador* e *Babelia en galego*. Achégase información sobre ambas as dúas obras. Saliéntase a heteroxeneidade de *Con barqueira e remador* e a capacidade da tradución para facilitar o acceso a outros mundos líricos.

Referencias varias:

- Rosa Enríquez, “Traducións”, *La Región*, “Opinión”, 17 outubro 2013, p. 22.

Fálase do que significa o labor de tradución a respecto da formación dun escritor. Cítanse dúas obras traducidas ao galego: *Ulises*, de James Joyce, traducida por Xabier Queipo, Eva Almazán, María Alonso Seisdedos e Antón Vialle para Galaxia, e *Con barqueira e remador*, tradución de poetas eslovenas, letóns, islandesas, finlandeses e catalás feita por Yolanda Castaño.

Danko, Jane, *De amor y vida/De amor e vida/Of Love and Life (Amor e vida / Of love and life*, 2006), trad. Vicente Araguas, Ferrol: Sociedad Cultural Valle-Inclán, col. Soláster 2013, 132 pp. (ISBN: 978-84-92597-27-7).◆

Poemario da escritora estadounidense Jane Danko (Texas, 1951), residente en Galicia, que se presenta en formato trilingüe: castelán (traducido por ela mesma coa axuda de Antonio Loureiro, Chema Sanz e Fernando Bores), inglés e galego (traducido por Vicente Araguas) e que inclúe unhas ilustracións da propia autora. Abre o libro unhas palabras previas de Jane Danko, “De amor e vida”, en que explica a orixe e preparación do libro. Os poemas, estruturados en tres partes tituladas “Galicia benquerida”, “Enigmas” e “...e tres dende Texas”, teñen un claro contido autobiográfico dentro dunha liña realista que a escritora recoñece dende o inicio. O verso libre domina todas as composicións onde a presenza da Galicia máxica, mística e lexendaria se mestura decote coas grandes inxedanzas da humanidade: a morte, a soidade ou o amor.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Unha texana por terras de Cedeira”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 796, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 796, p. 30, 29 setembro 2013.

Fálase deste poemario de Jane Danko, escrito en castelán, galego e inglés. Recóllense algúns dos elementos presentes nos poemas como o eros, a terra, o folclore, o costumismo e a belixerancia. Saliéntanse a dimensión ampla do libro e o labor editorial de Fernando Bores.

Reimóndez, María, *Kleinigkeiten/Cousiñas*, trad. do alemán María Reimóndez, Ames: Fabulatorio, SETEMBRO 2013, 64 pp. (ISBN: 978-84-940115-2-8).

Conxunto de poemas, editados nun papel en cor e sen cortar os pregos, escrito por María Reimóndez (Lugo, 1975) durante a súa estancia en Múnic (Alemaña). Na introdución do libro, “o reverso das cousiñas pequenas”, a autora confesa que os poemas foron escritos orixinariamente en alemán e logo traducidos por ela mesma ao galego. O verso libre e os poemas curtos, onde se permite a experimentación lírica, dominan toda a obra que está dividida en capítulos (“*socken/calcetíns*”, “*Die stadt/a cidade*”, “*Sprachtherapie/Logoterapia*”, “*Politische auseinandersetzungen/declaracións políticas*”) e na cal se mesturan palabras en alemán. Reimóndez fala da súa propia experiencia en Alemaña dende o íntimo (con textos en primeira persoa) e describe tamén a percepción que teñen da vida os propios alemáns.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Un bosque de diversidade”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 544, “Letras en galego”, 2 novembro 2013, p. 8.

Destácase o carácter infrecuente de que unha autora publique tres poemarios á vez e en editoras distintas: *Kleinigkeiten/cousiñas* (Fabulatorio), *Presente continuo* (Xerais) e *Moda galega reloaded* (Positivas). Do primeiro sinalase que non é a primeira vez que a autora escribe en alemán e resáltase a súa vontade por reflectir a outredade en lingua allea, do segundo faise a consideración de que parten das experiencias vividas pola autora na súa viaxe á India e do terceiro resáltase o diálogo que se establece con outra obra anterior da propia autora (*Moda galega*).

II. 4. ANTOLOXÍAS

Castro, Rosalía de, *Nas tardes escuras*, ilust. Fausto Isorna e música Narf, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, col. Rosalía de Castro. Poesía completa ilustrada, n.º VI, abril 2013, 28 pp. (ISBN: 978-84-941109-6-2). Inclúe CD. ■

Escolma de poemas de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885) da obra *Follas novas* musicados por Narf (Fran Pérez, Silleda, 1968) e acompañados de cadansúa ilustración de Fausto Isorna. Trátase de doce composicións líricas musicadas e un texto recitado.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “A poesía de Rosalía de Castro achégase ás novas músicas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 agosto 2013, p. 27.

Anúnciase que os artistas Narf e Najla Shami veñen de publicar os discolibros *Nas tardes escuras* e *Na lingua que eu falo*, respectivamente, nos que versionan poemas de Rosalía de Castro. Sinálanse outros tres traballos recentes que lle puxeron música aos poemas da autora: o discolibro *Rosalía pequeniña*, de Uxía, o disco *Rapoemas*, de Aid, e o audiovisual *A rosa d’Adina*, do cuarteto ACadaCanto.

Fernández Naval, Francisco X. e Miro **Villar** (eds. e coords.), *Versos no Olimpo. O monte Pindo na poesía galega*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Esmorga, 2013, 118 pp. (ISBN: 978-84-15400-90-2).

Antoloxía composta por cincuenta e seis autores e setenta e nove poemas. O máis antigo é de Francisco Añón e está datado en 1861. Os textos son poemas, publicados ou inéditos, que os autores dedicaron ao Monte Pindo e que ceden respondendo ao chamamento que Miro Villar e Francisco X. Fernández Naval facían no outono de 2011. Os poemas aparecen ordenados por orde alfabética dos apelidos dos autores, cuxa relación é a seguinte: Marilar Aleixandre, Fran Alonso, Francisco Añón, Carlos Arias, Pilar Beiro, Concha Blanco, Darío Xohán Cabana, Ramón Cabanillas, Francisco Castro, Xulio Cid Neira, José Alberte Corral Iglesias, Diego Cousillas, David Creus, Estevo Creus, Manuel Curros Enríquez, Marta Dacosta, Berta Dávila, Francisco María de la Iglesia, Xoán Carlos Domínguez Alberte, Francisco Domínguez Romero, Francisco X. Fernández Naval, Rosalía Fernández Rial, Nieves García Centeno, Gonzalo López Abente, Evaristo Martelo, Xosé Luís Martínez Pereiro, Cruz Martínez Vilas, Rosanegra (Rosa María Vilas), Anxo Mena, César Antonio Molina, Alexandre Nerium, Manuel Oliveira Gómez “Manolín”, Lois Oreiro, Olga Patiño, Emma Pedreira, Xavier Queipo, Xavier Rábade Paredes, Baldo Ramos, Luís Rei Núñez, X. H. Rivadulla Corcón, Manuel Rivas, Xavier Rodríguez Baixeiras, Arturo Romaní, Xabier Ron, Cesáreo Sánchez Iglesias, Isolda Santiago, José Antonio Santos, Xavier Seoane, Obdulía Seoane, Paco Souto, Manuel Suárez Sampedro, Alberte Suras, Miguel Vázquez Freire, Helena Villar, Miro Villar, Rafa Vilar.

Referencias varias:

- Xosé Feixó, “Olimpo de noso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 455, “Libros”, 25 abril 2013, p. VII.

Sínálase que esta edición parte dunha iniciativa da Asociación Monte Pindo Parque Natural e que foi coordinada por Miro Villar e Fernández Naval. Infórmase tamén de que a finalidade principal que se persegue é a de reclamar a declaración de Parque Natural para o espazo.

- Miro Villar, “A poesía como cicatriz da ferida”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 200, Tomo LI, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 92-93.

Despois de dar noticia do incendio do monte Pindo e da publicación do volume *Versos no Olimpo. O monte Pindo na poesía galega* (2013), con composicións de Francisco Añón, entre outros, a prol da súa consideración como Parque Natural, alúdese ás consideracións de autores como Francisco Fernández Naval, Ramón Otero Pedrayo, o Padre Sarmiento e Miro Villar, como monte sacro para dar conta e comentar a publicación do libro *Alturas do Monte Pindo*, de Rafael Lema, gañador do I Concurso de Poesía Xosé María López Ardeiro.

Novo, Olga, *Los líquidos íntimos*, trad. Olga Novo, Palencia: Ediciones Cálamo, col. Poesía , n.º 13, 2013, 137 pp. (ISBN: 978-84-96932-76-0).

Antoloxía de poemas de Olga Novo (Vilarmao, Lugo, 1975) en edición bilingüe galego-castelán, que contén algúns inéditos que nunca viran a luz en edicións anteriores. Estrutúrase en catro partes principais (“Raíz”, “Volcán vivo”, “Salvaje mente” e “Antes la vida”) onde feminismo e erotismo son elementos de importancia, que se abren con citas de Uxío Novoneyra e Olga Orozco, Emily Dickinson e Francisco de Quevedo, Juana de Ibarbourou e André Breton respectivamente. É de salientar as propostas poéticas radicais surrealistas e libertarias.

Ricardo Losada, X., *Faustino Rey Romero. Obra poética e teolóxica*, ed., limiar e ensaios introdutorios de X. Ricardo Losada, Noia: Concellos de Catoira, Tomiño e Rianxo, co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística, 2013, 335 pp. (D. L.: C 956-2013). ◆

Antoloxía da produción poética e teolóxica de Faustino Rey Romero (Isorna-Rianxo, A Coruña, 1921-Bos Aires, Arxentina, 1971) nunha edición ao cargo de Xosé Ricardo Losada (Rianxo, A Coruña, 1961), encargado tamén do limiar e os ensaios introdutorios. Iníciase co limiar onde describe a Faustino Rey Romero como crego, galeguista e antifranquista, resaltando que este perfil define a súa produción, que considera que non é importante pola súa relevancia compositiva pero si de contido. Recóllese a seguir a obra poética e prosística, escritas en galego e mais en castelán, introducidas ambas as dúas partes polo contexto vital do autor que marcará dalgún xeito a evolución das súas composicións literarias. A condición de crego do autor reflíctese en case todas as creacións poéticas, enmarcadas nun contexto relixioso, no que fala a Xesús, a Deus, á Virxe, da alma, do espírito, da redención, da morte e da resurrección,

entre outros aspectos. Nos “Poemas non recollidos en libro” e “Poemas de circunstancias” mestúrase o relixioso co profano, o terrenal co espiritual, e sempre está presente Galicia. A obra en prosa está composta por “La angustia ensanchada en el templo místico”, “Fragmento: A comunicabilidade no ben e o problema da finalidade” e “Teoría general de la existencia”, narracións todas elas de carácter filosófico e ensaístico.

Recensións:

- X. L. Franco Grande, “Situando a Faustino Rey Romero”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 2 setembro 2013, p. 2.

Celébrase a publicación da obra completa de Rey Romero. Gábanse a introdución erudita e o uso oportuno das notas por parte de Ricardo Losada, que axudan a comprender a obra do autor. Faise referencia á próxima publicación dunha biografía do escritor que, xunto con este volume, servirá para aclarar a súa figura e a súa obra.

Referencias varias:

- M. Angueira, “La Vikinga otorga protagonismo a Xelmírez y Rey Romero con la presentación de dos libros”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 19 xullo 2013, p. 21.

Explica a programación da Romería Vikinga, na que, entre outras cousas, se presentan dous libros: *Xelmírez*, de Francisco Singul; e *Faustino Rey Romero. Obra poética e teolóxica*, editado por X. Ricardo Losada.

- M. Angueira, “Faustino Rey Romero, un vikingo de Isorna”, *Diario de Arousa*, “53 Edición Romería Vikinga”, 2 agosto 2013, p. 24.

Sinala que Xosé Ricardo Losada reedita a obra poética (seis obras, en galego e castelán) e teolóxica (tres volumes unicamente en castelán) do crego Faustino Rey Romero. Destaca que Rey Romero é unha figura esquecida na literatura galega e agárdase que sexa homenaxeado no Día das Letras Galegas para acadar un maior recoñecemento na sociedade. Engade que o seguinte ano Losada publicará unha biografía do autor, na cal explicará, entre outros aspectos, a relación do sacerdote co concello de Catoira.

Valcárcel Guitián, Dolores, María **Valcárcel Ares** e Maximino **Cacheiro Varela**, *Flora e fauna na poesía galega*, limiar Francisco Fernández del Riego, pról. Dolores Valcárcel Guitián, Noia: Editorial Toxosoutos, 2013, 219 pp. (ISBN: 978-84-15400- 57-8).

Antoloxía que se abre con dous paratextos en forma de dedicatoria: “A Xosé Alberte Corral Iglesias” e “Na lembranza, a nosa estirpe de Penacova e Remesar coas súas Rosas damascenas”, ás que segue o limiar asinado por Francisco Fernández del Riego, “A flora e a fauna na paisaxe galega” (pp. 7-10), entregado en vida a Maximino Cacheiro Varela, colaborador do volume, no que se detén na importancia da panorámica visual do mundo paisaxístico de Galicia, facendo un breve percorrido polas variadas paisaxes galegas, adobiadas “coa riqueza vexetal e coa existencia faunística de tan significativa variedade”. Deseguido no prólogo, asinado por Dolores Valcárcel Guitián,

titulado “A flora e a fauna na poesía galega, marcadores de galeguidade” (pp. 11-12), faise un breve repaso do patrimonio vexetal e animal que constituíu dende sempre o “repertorio metafórico” de moitos poetas galegos, e que na actualidade non ten tanta importancia. Remata esta introducción cunha cita d’*O natural é político*, de Teresa Moure, coa que recorda que quizáis esta perda de importancia se deba a que a literatura que está de moda evita cuestións subversivas coma a natureza. A continuación reproducése a escolma (pp. 13-141), dividida en dúas partes: “Flora terrestre e acuática” e “Fauna terrestre e acuática”, onde por orde alfabética se van sucedendo a escolma de elementos da natureza que se rexistran en poesías galegas, acompañados dos exemplos, é dicir, dos poemas nos que aparecen; a roseira en “A rosa que sangra”, de Ramón Cabanillas ou o cervo nas cantigas de Pero Meogo. Complétase cun amplo glosario no que se explica o significado de cada termo e se comenta o uso do mesmo no conxunto da lírica galega.

Vilavedra, Dolores e **María do Cebreiro Rábade** (coords.), *Cantares para Rosalía*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2013, 81 pp. (ISBN: 978-84-92923-27-4). Inclúe CD. ◆

Volume que conta coa colaboración de nove poetas galegas como homenaxe a Rosalía de Castro polo sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos* (1863) e que son o resultado do recital poético do 21 de marzo de 2013. Ábrese cun texto de presentación do presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares, baixo o título “Cantares novos con Rosalía”. O adro que antecede os textos poéticos está escrito pola xornalista Comba Campoy no cal explica a orixe do libro e sinala brevemente cada un dos poemas que o integran, feitos a partir de versos da propia Rosalía de Castro. As poetas que colaboraron son Lupe Gómez (“Carta-chaqueta de farrapos vellos para Rosalía”), Luz Pozo Garza (“Tempos menesterosos Rosalía”), María Xosé Queizán (“Rap repoludo”), Olalla Cociña (“Sentada nun soportal”), Xiana Arias Rego (“Carretera erótica”), Yolanda Castaño (“Que é dor/ a dor que de veras sente”); Estíbaliz Espinosa (“O transvisible”), Lorena Souto (“Un suspiro alenta baixo a pel cuarteada das paredes”) e Ana Romaní (“Non todas cantan. Non todas cantan”).

Referencias varias:

- Lorena Rodríguez, “O CCG certifica, no sesquicentenario de ‘Cantares’, a vixencia de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 27 decembro 2013, p. 40.

Infórmase da presentación do balance do ano Rosalía de Castro por parte do Consello da Cultura Galega (CCG). Sinálanse os participantes no acto: Ramón Villares, Rosario Álvarez Blanco, Dolores Vilavedra, María do Cebreiro Rábade e Anxo Angueira. Coméntanse as accións levadas a cabo polo CCG para conmemorar o ano rosaliano, entre as que destaca a coedición da primeira edición de *Cantares Gallegos*. Presentouse tamén neste acto o libro *Cantares para Rosalía*, unha publicación con CD de audio no que nove poetas galegas de diferentes xeracións dialogan coa obra de Rosalía de Castro.

VV. AA., *XXV Aniversario do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 1988-2012*, Dodro: Concello de Dodro/Edizer Livros, decembro 2013, 189 pp. (ISBN: 978-84-941648-8-0). ◆

Volume conmemorativo do XXV aniversario do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón que convoca o concello de Dodro. Sitúanse ao inicio do libro textos asinados por Valentín Alfonsín Somoza, alcalde de Dodro; Xesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; e Diego Calvo, presidente da Deputación da Coruña, nos que se explica o sentido conmemorativo da edición e nos que se presenta a figura de Eusebio Baleirón como un poeta destacado da lírica galega. A seguir, aparece unha serie de textos asinados por persoeiros vencellados persoalmente ao poeta que se achegan á biografía do autor e analizan a súa poética. Tras estes ensaios, reproducése unha escolma de textos poéticos de Eusebio Lorenzo Baleirón e unha cronoloxía biográfica. A seguir, aparecen dúas seccións centradas na celebración dos vinte e cinco premios de poesía: a primeira dedicada ás vinte e cinco persoas gañadoras do premio no que se fai un breve repaso á súa traxectoria acompañando unha pequena escolma do texto galardoado; a segunda, á composición dos xurados.

Tamén aparece descrito no apartado V. 1. Ensaio, Monografías, biografías e libros colectivos

Recensións:

- Román Raña, “De abalo en abalo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 442, “Libros”, 24 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 395, “Letras galegas”, 26 xaneiro 2013, p. 6.

Refírese que a aparición do volume certifica a vixencia do certame poético polo feito de ter cumprido vinte e cinco convocatorias e a súa relevancia pola nómina de poetas que aparecen escolmados no libro. A seguir, valórase a diversidade de poéticas recoñecidas co galardón e, por último, faise unha estimación positiva da calidade material do libro, destacándose as ilustracións.

VV. AA., *Aqueles doces cantares. Unha ofrenda musical a Rosalía de Castro*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Autores&textos, 2013, 223 pp. (ISMN 979-0-9013197-2-1/DL: C-776–2013). ◆

Libreto musical que consta da reprodución de todos os poemas de *Cantares gallegos* (1863), de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885), acompañados de cadansúa partitura musical. Comeza con dúas presentacións: “Palabra e música para Rosalía”, de Ramón Villares, e mais “As de cantar, que me morro de pena...!” de Maximino Zumalave Caneda. Na primeira fálase da centralidade da figura de Rosalía de Castro e mais do poemario *Cantares gallegos* dentro da literatura galega, e indícase que coa publicación de *Aqueles doces cantares. Unha ofrenda musical a Rosalía de Castro*, que nace dun recital poético-musical, se procura a converxencia da palabra e da música, mentres que na segunda se detalla que este libreto musical xorde cando se lles propón aos músicos que integran a Asociación Galega de Compositores que realicen a composición dunha obra musical para cada un dos poemas de *Cantares*

gallegos. Esta obra baséase na segunda edición, corrixida e aumentada, de *Cantares gallegos*, publicada en Madrid en 1872 pola librería do editor Leocadio López, na imprenta Rivadeneyra. A seguir indícanse o título do poema de Rosalía de Castro e mais o nome do compositor ou compositora da partitura musical que aparece reproducida no libreto musical: “As de cantar” de Joám Trillo; “Nasin cand’ as prantas nasen” e “Dios bendiga todo, nena” ambas de Luís Carro; “Cantan os galos pr’ ó dia” e “Miña Santiña” ambas de Miguel Brotóns; “Nosa Señora da Barca” de Octavio Vázquez; “Fun un domingo” de Paulino Pereiro; “Un repoludo gaitero” de Joám Trillo; “Dixome nantronte ó Cura” e “Quíxente tanto, meniña” ambas de Julio Montero; “Campanas de Bastabales” de Xabier Comesanha Pereira; “Vint’ unha crara noite” de Margarita Viso; “San Antonio bendito” de Xabier Comesanha Pereira; “Acolá enriba” de Manuel Alejandro Prada; “Adios rios, adios fontes” de Karolis Biveinis; “Eu ben vin estar ó moucho” de Octavio Vázquez; “Airiños, airiños aires” de Xoán Antón Vázquez Casas; “Roxiña cál sol dourado” de Antonio Peña; “Pasa rio, pasa rio” de Manuel Alejandro Prada; “Hora meu meniño, hora” de Antonio Peña; “Non che digo nada...” de Juan Durán; “Mais ó que ben quixo un dia” e “Castellana de Castilla” ambas de Julián Rodríguez Rodríguez; “Queridiña d’ os meus ollos” de Javier Ces; “Aló no currunchiño mais hermoso” de Paulino Pereiro; “Meniña, ti á mais hermosa” de Carlos Cambeiro; “¿Qué ten ó mozo?” de Gloria Rodríguez Gil “Castellanos de Castilla” de Jesús González “La gaita gallega (por V. Ruiz Aguilera). A gaita gallega. Resposta” de María Mendoza; “Vente, rapasa” de Xoán Antón Vázquez Casas; “Cando á luniña aparece” de Javier Ces; “Si á vernos, Marica, nantronte viñeras” de Jesús González; “Como chove mihudiño” de María Mendoza; “Miña santa Margarida” de Gloria Rodríguez Gil; “Alborada” de Carlos Cambeiro e finalmente “Eu cantar, cantar, cantei” de Juan Pérez Berná. O libro péchase cos currículos de todas as compositoras e compositores que elaboraron as partituras deste volume.

VV. AA., *Dez anos de poesía nas Pontes*, pról. Anabel Alonso, A Coruña: Edicións Galebook, col. Antoloxía, 2013, 175 pp. (ISBN: 978-84-940735-7-1).

Antoloxía poética co gallo do décimo aniversario do Grupo Poético Alalá (creado en 2003 ao abeiro da convocatoria do premio de poesía Uxío Novoneyra convocado polo Concello das Pontes de García Rodríguez) que, nunha nota previa ao texto, agradece de xeito xeral a colaboración prestada por distintas persoas e, especialmente, ao Departamento de Cultura do Concello das Pontes e a Anabel Alonso, encargada de redactar o prólogo ao presente libro. Os dezaioito autores que participan teñen unha pequena biografía acompañada dunha fotografía ou ilustración que alude a algún aspecto da súa produción artística. A relación de poetas é a seguinte: Medos Romero, Xosé Vázquez Pintor, Daniel Salgado, Suso Pensado, Xulio López Valcárcel, Carlos Blanco, Antón Fortes, Eduardo Estévez, Darío Xohán Cabana, Xosé Luis Sobrino, Isabel Fresco, Diana Varela, Gema Bermúdez, Ofelia López, Santiago Del Moral, Gloria David, Aníbal Ánxel e M^a Carmen Freire.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Un libro casual”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/
Diario de Ferrol, “Nordésia”, n.º 803, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 803, p. 30, 17 novembro 2013.

A obra, da que se salienta o seu nacemento de xeito “informal”, descríbese como heteroxénea e irregular, debido á conxunción de autores consagrados e noveis, a pesares das distincións editoriais. Conclúese cun breve repaso dalgúns dos autores máis destacados do volume, como Xosé Vázquez Pintor, Diana Varela Puñal, Darío Xohán Cabana, Eduardo Estévez e Carlos Blanco.

Referencias varias:

- M. M., “El grupo Alalá presenta mañana en el Cine Alovi la antología ‘Dez anos de poesía nas Pontes’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 3 outubro 2013, p. 19.

Fálase da presentación que fará o grupo poético Alalá da antoloxía *Dez anos de poesía nas Pontes*, con motivo da conmemoración dunha década de historia da agrupación. Achégase información sobre a antoloxía, que será publicada por Galebook.

VV. AA., *Sentimentalismo. Antoloxía de referencia. Etapa de Expansión*, limiar Xavier Lama, epílogo Branca Novoneyra, Santiago de Compostela: Bubela Editorial, 2013, 83 pp. (ISBN: 978-84-941864-0-0).

Volume no que se antologan textos poéticos de sete autores novos: Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987), Cristina Ferreiro (Lugo, 1983), Xurxo Martínez González (Vigo, 1984), Celia Parra (Ourense, 1990), Elías Portela (Cangas do Morrazo, 1981), Ismael Ramos (A Picota, Mazaricos, 1994) e Helena Salgueiro (Santiago de Compostela, 1995). Acompañando os textos poéticos dispónse un breve texto de presentación de cada poeta. A edición complétase cun limiar de Xavier Lama no que explica os criterios de selección dos autores e cun epílogo de Branca Novoneyra no que ofrece a súa interpretación da lectura do libro.

III. TEATRO

III. 1. DRAMATURGOS GALEGOS

Abalde Covelo, Marcos, *A cegueira*, Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2011, Vigo: Edicións Xerais de Galicia / Xunta de Galicia, 2013, 50 pp. (ISBN Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9914-571-6, ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-5110-9). ◆

Peza de teatro poético na que Marcos Abalde Covelo (Vigo, 1982) trata o mal. Ábrese con dous fragmentos: un tirado de *Nascera umha estrela*, de Jenaro Marinhas del Valle (“MESTRE: Nom podo aceptar a tua proposta. Vai-te embora, porque nom aceito que outrem seja sacrificado por mim. / JUDASIO: Insistes em nom querer perceber. Nom é por ti, Mestre. Hai bocado admitiche ser apenas umha ideia, pois é por isso, pola ideia, polo que eu quero salvar-te.”) e outro d’*A Boa Nova*, de Xesús Pisón (“CRISTO-CAN: Tes medo? / SOLDADO: Son un home / CRISTO-CAN: Mata o teu fillo e serás igual que Deus / SOLDADO: (*Pilla o fusil*) Camaradas, escoitade a Boa Nova!”). Estrutúrase en dez partes numeradas (“Ninguén”, “Álbum familiar”, “O ramo de ouro”, “Hossana”, “O froito da oliveira”, “A carne sagrada”, “Fundarmos o quilombo”, “Ónfalos”, “O sacrificio”, “Trinta moedas” e “O ollo de Deus”), nas que interveñen seis personaxes: Barrabás, Padre, Marta, María, Rei Nu e Xudas. Esta peza carece de precisións espazo-temporais e presenta escasas acoutacións e diálogos conformados por intervencións breves. O autor actualiza figuras bíblicas, reitera como constantes a maldade, a violencia, a tortura, a morte, a desesperanza, o martirio, o medo, o desasosego, o desagrado e a destrución, e salienta a inacción fronte a situacións de grande atrocidade.

Recensións:

- MV García, “Ritual orxiástico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 483, “Teatro”, 19 decembro 2013, p. VIII.

Coméntase polo muído esta peza de Marcos Abalde Covelo, que mereceu o Premio Álvaro Cunqueiro en 2011. Refírese que vai encabezada por citas de Jenaro Marinhas del Valle e de Xesús Pisón, que serven para encadrar o contido d’*A cegueira*. Indícase que esta peza é un poema dramático sobre a morte e a barbarie e matízase que ten como pano de fondo o momento tráxico de Palestina. Infórmase que as imaxes poéticas que crea Abalde son apocalípticas e que converxen nunha sorte de “antífona eucarística na que cada personase enlea o seu monólogo”. Lémbrese que Heiner Müller afirmara, hai xa anos, que é imposible o diálogo na sociedade actual, xa que cada quen reforza o seu “canto propio”. Así mesmo cítase a obra de Miguel Sande Corral *Á alba pide conmigo vivir* (1986).

Referencias varias:

- Irene Jiménez, “Editan catros obras dramáticas dos premios de Agadic”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 decembro 2013, p. 42.

Infórmase da publicación e presentación na compostelá librería Couceiro das últimas catro obras galardoadas cos premios de literatura dramática convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través de Agadic: *Isóbaras*, de Gustavo Pernas Cora; *A cegueira*, de Marcos Abalde Covelo; *Un mosquito de nome Henri*, de Raúl Dans; e *O refugallo*, de Paula Carballeira. Ademais noméanse os participantes no acto.

Novoneyra, Uxío e **Fantoches Baj**, *O Asombro*, O Courel: Fundación Uxío Novoneyra, col. Libros do vento, marzo 2013, 36 pp. (ISBN:978-84-941161-0-0). Contén CD. ◆

Audiolibro no que se acolle a peza *O asombro*, de Fantoches Baj, preparada a partir de poemas de Uxío Novoneyra (Parada de Moreda-O Courel-Lugo, 1930-Santiago de Compostela, 1999) e dunha entrevista que concedera a Emilio Araújo e se inserira en *Dos soños teimosos* (1999). O texto teatral e os elementos visuais que o complementan están impresos en cores vermella e negra, amosándose en vermello as palabras de Novoneyra na entrevista e tamén fragmentos destacados, mentres que o negro se reserva para a maioría dos seus poemas. O texto combínase con fotografías de M. J. Méijome, nun forte claroscuro, e debuxos realizados a man alzada, con liñas curvas e formas de mans, libros e palabras. Entre as palabras escritas a man, destacan en cor vermella a letra “A” e o sintagma “HOME – POBO”. Nos poemas abórdanse temas como a Guerra Civil, o nacionalismo galego e a vontade de comunicación do autor. Como peche da peza reproducése un retrato de Uxío Novoneyra realizado por Lavandeira en 1964. No colofón explícitase que o libro saíu do prelo o día 10 de marzo de 2013, no corenta e un aniversario do asasinato de dous obreiros a mans da policía, aos que Uxío Novoneyra lles dedicou un dos poemas que se recollen.

Pena, Olivia, *Plastic Dolls Show: cabaré en clave metaliteraria*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, 2013, 115 pp. (ISBN: 978-84-8487-231-2).

Peza de Olivia Pena (Carballo, A Coruña) que se localiza nun cabaré a medio camiño entre a realidade e a fantasía. Comeza cun paratexto en forma de dedicatoria: “A Xesús Pisón, porque creu en Verónika mesmo desde antes de coñecela; porque, sen el, Juliette non existiría; e porque, da súa man, puiden entrar ao cuarto de Ofelia e mergullarme nun universo ao que, sen eu saber, sempre pertencera”. Estrutúrase nunha “Intro ou debut”; un “Núcleo ou medulla”, subdividido en catro actos de sete breves escenas cada un deles (“Acto primeiro / post”, “Acto segundo / homogenic”, “Acto terceiro / metamorphoses” e “Acto cuarto / telegramm”); un “Clímax ou chaos”; un “Anticlímax ou volta”; e un “Epílogo ou vespertine”. Polo inframundo do cabaré deambulan personaxes imposíbeis, persoas denigradas que finxen outras vidas tan só para esqueceren as súas propias. De entre os personaxes salientan figuras con referentes literarios claramente identificábeis, que falan de realidade e ilusión, é dicir, das súas vidas de mentira: dúas avelaíñas, Casandra, Inés, Stephen Dedalus, Casandra, Ulises, Juliette, o minotauro, a nena-índigo e Romeo Guadalupe, se ben presiden ese cabaré unhas “bonecas de plástico que observan con noxo -recreándose morbosamente na dor allea- o devir da traxedia”.

Peleteiro, Fran, *Os clocló: a arte de vivir pola cara*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, col. Mudanzas, n.º 27, 2013, 87 pp. (ISBN: 978-84-15166-50-4).

Comedia de Fran Peleteiro (Vigo, 1979) a partir da idea orixinal do colectivo A Casa da Collona. Divídese en tres actos, que suman trece escenas, nas que se contan as peripecias dunha familia actual que só aspira a sobrevivir. Clodomira, Clotario, Clodoteo, Mari Clo e Acisclo son os clocló, denominación aplicada aos que van pola vida de moca, de balde, de gorra ou propiamente de clocló. As argucias e estafas que levan a cabo estes protagonistas dan lugar a situacións rocambolescas.

Pernas Cora, Gustavo, *Isóbaras*, Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais 2012, Vigo / Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia / Xunta de Galicia. Agadic, col. Biblioteca Dramática Galega, 2013, 85 pp. (ISBN: 978-84-9914-572-3). ■

Peza de Gustavo Pernas Cora (Viveiro-Lugo, 1959), que se inicia coa listaxe de personaxes, oito homes e mulleres descritos con cadansúa liña esquemática e “celosos defensores da súa individualidade”, que irán desvelando a súa interioridade a base de monólogos interiores, e converxendo nalgún momento a modo de coro clásico. Antes do texto teatral, o autor insire un parágrafo “aclimatador”, oito liñas sobre as isóbaras e a súa translación a escena, nas que se reflicten a poética do dramaturgo e o modo de presentar acotacións ao longo do texto. A seguir reproducése a peza, dun só acto e ambientada nun frío espazo de tránsito urbano, definido primeiramente por un muro de formigón grafiteado, no que se sitúan por vez primeira as oito personaxes, que realizan un alto nas súas rotinas para gozar dunha raiola de sol. Como pano de fondo, comezan a sucederse ruídos, estoupidos, sen que os presentes sexan quen de facer máis nada que continuar movéndose minimamente, monologando ou intervindo exclamativamente, sen chegar a conformar un verdadeiro diálogo. Estes personaxes constitúen un grupo parcialmente consciente das realidades do seu tempo mais perdido ou presionado, incapacitado para a reacción verdadeira.

Referencias varias:

- Irene Jiménez, “Editan catros obras dramáticas dos premios de Agadic”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 decembro 2013, p. 42.

Infórmase da publicación e presentación na compostelá librería Couceiro das últimas catro obras galardoadas cos premios de literatura dramática convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través de Agadic: *Isóbaras*, de Gustavo Pernas Cora; *A cegueira*, de Marcos Abalde Covelo; *Un mosquito de nome Henri*, de Raúl Dans; e *O refugallo*, de Paula Carballeira. Ademais noméanse os participantes no acto.

VV. AA., *VII Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico*, limiar Mariana Carballal, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2013, 67 pp. (ISBN: 978-84-9914-566-2).

Volume dramático que acolle as pezas galardoadas na VII edición do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico. Ábrese cun brevísimo paratexto onde se informa da

composición do xurado e se indica qué peza mereceu o premio do xurado; ao que segue o “Limiar”, de Mariana Carballal, onde reflexiona sobre o seu propio posicionamento e experiencias no mundo do audiovisual, e sobre as posibilidades e ritmos do espazo sonoro e da “posta en escoita”, que ten en conta a capacidade dos oíntes para reinventar unha realidade. As pezas que se acollen neste volume son:

- *#Chovencartos*, de Raquel Marco Mejuto, Premio do xurado.

Enmarcada pola canción de Juan Luis Guerra “Ojalá que llueva café en el campo”, confórmana as intervencións dunha locutora e un locutor radiofónicos informando que o avión que transportaba o segundo rescate económico a Portugal perdeu cento cincuenta toneladas de billetes soltos da súa carga cando sobrevoaba Galicia. Despois dáse paso á rolda de prensa da compañía aérea en Lisboa e a un metereólogo de Meteogalicia, que van afinando as informacións e concretando o tempo necesario para que toquen terra e as zonas nas que se agardan. Destaca a rapidez extremada da peza, a verosemellanza nas intervencións e o ton actual e irónico desta “ficción”, que tiraría da crise a España, sendo Galicia o motor do progreso económico de Europa, e afundiría os bancos alemáns que amparan as aseguradoras da compañía.

- *O demo nunca dorme*, de Jesús Lista (Suso Lista), Premio da Audiencia.

Peza marcadamente tradicional e social, que beirea as mortes nas aldeas con porto de mar, as traxedias humanas e o peso inescrutábel dos azares.

- *Despois do sinal*, de Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, Finalista.

Construída como unha sucesión de quince mensaxes de voz nun contestador, que o protagonista, Mario, vai borrando sucesivamente até facer unha chamada telefónica a unha pizzería. Destaca pola versosimilitude ao abordar conflitos sociais e interpersoais de vixencia na actualidade, soidade e dependencias.

- *Suite en tres movementos para unha época de noxo, carraxe e indignación*, de Irma Amado.

Encabezada por unha cita de Pau Casals e co preludio dunha das súas suites, divídese en “Preludio”, “Sarabanda” e “Coda”. Nela reflexiónase sobre a indiferencia a través dun pai e un neno, que miran o mundo por medio dun cristal, e de dúas mulleres que se sobreentenden fóra na realidade.

III.2. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS

Müller, Heiner, *Máquina Hamlet e outras pezas*, introd. Afonso Becerra de Becerreá, trad. Catuxa López Pato, revisión trad. Ana Salgado, Vigo / Santiago de Compostela: Editorial Galaxia / Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística, col. Biblioteca ESAD, n.º 10, 11 marzo 2013, 268 pp. (ISBN: 978-84-9865-482-0). ■

Primeira escolma dramática en lingua galega de Heiner Müller (Eppendorf-Saxonia, antiga República Democrática Alemana, 1929-Berlín, 1995), cuxa publicación contou coa axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011. Iníciase co amplo estudo “A dramaturxia posdramática de Heiner Müller”, a cargo de Afonso Becerra de Becerreá, quen contextualiza brevemente a produción dramática do autor alemán; salienta a importancia de *Die Hamletmaschine* (*Máquina Hamlet*) pola súa dramaturxia, concepción “posdramática” e dimensión semántica e política; e esmiúza o argumento e trazos máis sobresalientes das cinco pezas seleccionadas, ao tempo que enfatiza as posibilidades de poder ser representadas, como acontecera por exemplo en lingua galega en 1987 grazas á tradución de *Quartett* por parte de Manuel Lourenzo para Teatro do Atlántico. A seguir acóllense as traducións das cinco pezas: *Xermania. Morte en Berlín* (*Germania Tod in Berlin*, 1956-1971), na que se critican duramente a Primeira Guerra Mundial e as consecuencias que ocasionou para os combatentes e o resto da poboación, e así mesmo se parodia o comportamento de distintos dirixentes e políticos implicados nese conflito bélico; *Cemento segundo Gladkov* (*Zement*, 1972), na que se frivoliza sobre o comportamento e forma de vida actual dun heroe durante a guerra civil e ademais se realiza unha parodia súa ao comparalo con heroes e seres mitolóxicos gregos como Prometeo, Heracles, a hidra, Medea, as sereas; *Máquina Hamlet* (*Die Hamletmaschine*, 1977), unha breve reescrita ideolóxica da peza de Shakespeare, caracterizada por reflectir unha dura crítica social; *Cuarteto segundo Lacros* (*Quartett*, 1980-1981), unha parodia do seductor Valmont po parte de Merteuil, localizada nun tempo posterior ao fin da Terceira Guerra Mundial; *Marxe espoliada. Medeamaterial. Paisaxe con argonautas* (*Verkommenes Ufer Medeamaterial Landschaft mit Argonauten*, 1982), tres fragmentos dramáticos nos que se reescribe o mito de Medea, quen recrimina a actitude de Xasón. Todas as pezas seleccionadas se caracterizan pola férrea crítica social, pola subversión dos trazos definitorios dos personaxes e figuras históricas coas que se intertextualiza para reescribilos, por explícitas alusións sexuais e escatolóxicas e pola tentativa de buscar novos camiños de expresión e representación escénicas, afastados da dramaturxia vixente con anterioridade.

Recensións:

- MF Vieites, “Heiner Müller entre nós”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 453, “Teatro”, 11 abril 2013, p. VIII.

Menciónase a evolución da creación artística segundo as pautas evolutivas do pensamento científico, filosófico e mesmo relixioso, especialmente nos séculos XIX e XX. Céntrase no volume dramático, *Máquina Hamlet e outras pezas*, de Heiner Müller, onde se propón unha fonda revisión formal do texto dramático e se reflicten as

convulsións vividas en Europa na segunda metade do século XX. Coméntase que Catuxa Pato versiona, en galego, algúns dos textos máis representativos de Müller.

- Manuel, Xestoso, “As ruínas de Europa”, *Grial. Revista galega de cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 90-91.

Recensiona a compilación *Máquina Hamlet e outras pezas*, sinalando as características das pezas, entre as que salienta a dialéctica; o desenvolvemento das pezas nunha Europa en ruínas, resultado do Holocausto nazi; o consumismo capitalista ou a supresión do individualismo. Apunta a pertinencia da selección, sinalando que permite apreciar as características dunha poética que revolucionou a escena europea. Indica que este autor pretendía transformar o herdo cultural de Occidente a través dunha lectura emancipadora e da asunción das estratexias posmodernas de ruptura do suxeito. Destaca o alento poético da escrita de Müller, o seu uso do humor e a ironía, así coma a temática política presente nas pezas reunidas neste volume.

III.3. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en “Referencias varias”.

III.3.1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

Agarimo, Iº Certame de Teatro Afeccionado de Outono

Organizado pola sociedade Agarimo de Sillobre (Fene, A Coruña) dende 2013. A primeira edición celebrouse entre os días 19 de outubro e o 7 de decembro. Contou coa participación da Agrupación Teatral Agarimo, coa peza *Non me podo divorciar*; Teatro Ateaco, con *Cóncavo-convexo*; a Asociación Cultural e Teatral El Biombo, con *Comedias Chejovianas*; o grupo A Pombiña de Pedroso, con *As feas tamén casan*; o grupo Arruallo, con *Historias dun banco*; o grupo Xosé María Pérez Parallé, con *Que facemos coa herdanza?*; Quemaisten Teatro, con *As herdeiras do sol*; e a Escola de Teatro Agarimo, con *Mamá, quero ser artista*.

Aguiño, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño

Organizada pola asociación cultural, recreativa e veciñal Francisco Lorenzo Mariño de Aguiño (A Coruña) dende 2011. A edición de 2013 celebrouse os catro sábados do mes de novembro. Contou coa participación de Ad Libitum, coa peza *Vaia tropa*; Teatro Charamela, con *Paco Jones, detective privado*; Aturuxo de Melpómene, con *Café*; e o Grupo de Teatro A Pombiña, con *As feas tamén se casan*.

Referencias varias:

- S. S., “A Mostra de Teatro reúne a catro compañías en Aguiño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 721, 27 outubro 2013, p. 6.

Infórmase da Mostra de Teatro Afeccionado de Aguiño e anúncianse as representacións que compoñen o seu cartel: *Paco Jones, detective privado*, por parte de Teatro Charamela; *Vaia tropa*, a cargo de Ad Libitum; *Café*, escenificada por O Aturuxo de Melpómene; e *As feas tamén se casan*, por parte d’A Pombiña de Pedroso.

Agustín Magán, XIIº Festival de teatro afeccionado

Organizado dende 2002 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e a Federación de Teatro Afeccionado (FEGATEA) para lembrar e homenaxear a Agustín Magán, ademais de servir de intercambio de experiencias entre grupos afeccionados. Na

edición de 2013, celebrada entre os días 5 e o 8 de decembro, participaron as compañías Carfax Teatro, con *As troianas*; O Trasno Novo Teatro, con *Consuelo*; Nostrum Cai, con *Radio Universo*; Andaravía Teatro, con *República de Gundián*; NNC Teatro, con *Santa Perpetua*; e O Aturuxo de Melpómene, con *A ratoeira*.

Referencias varias:

- A. I. S., “Doble sesión en la agenda de hoy del Festival Agustín Magán”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 decembro 2013, p. 29.

Informa da representación das pezas *As Troianas* no Teatro Principal, por Carfax Teatro, e de *República Gundián*, de Andaravía Teatro no Salón Teatro, no marco do XII Festival Amador Agustín Magán. Precisa que neste festival se ofrecerán seis espectáculos até o 8 de decembro. Dá noticia, tamén, de que a compañía NCC Teatro inaugurou esta edición.

ALT.13, XIIº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

Iniciado no ano 2003, este festival está organizado pola Concellaría de Cultura e Animación Sociocultural do concello de Vigo, e pola Asociación Cultural Noescafé Teatro. Patrocinado pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural e pola Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conta ademais coa colaboración de entidades tanto públicas coma privadas, así como da Concellaría de Xuventude, Igualdade e Normalización Lingüística. Os diversos espectáculos teñen lugar tanto nas rúas de Vigo como en espazos cubertos, tales como o Auditorio Municipal, a Casa das Arte, o Marco ou a Casa Arines, sé do Instituto Camoes. A edición de 2013 celebrouse dende o 6 até o 10 de marzo e contou coas actuacións de compañías galegas como Voadora, que levou a escena a micropeza teatral *Happy End*; a Aula da Escola Municipal de Teatro de Vigo, con *Manipulación*; ademais das foráneas Karla Kracht e Andrés Beladiez (Alemania-España); Senza Tempo (Cataluña); Amaranta Velarde (Cataluña-Holanda); David Espinosa (Cataluña); Roberto Gª de Mesa (Illas Canarias) e My!Laika (Francia). Ademais, a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo, que patrocina o festival, quixo completar a exhibición de traballos de creadoras galegas con un programa de acompañamento e apoio á creación, ALT.PROCREA, que en 2013 deu cabida a Nuria Sotelo, coa posta en escena *Silencio, por favor*; Mercé de Rande, con *Saíndo das tebras por treboada*; Estela Lloves, con *Doce apertas para cre(c)er* e Diego Anido, con *Symon Pédicrí*.

Recensións:

- Manuel Xestoso, “Alt 2013. Alternativas en tempos de austeridade”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “Festivals”, primavera 2013, pp. 31-33.

Coméntase que, aínda que reducido pola austeridade, este festival mantense como o único encontro galego dedicado ás novas tendencias escénicas. Saliéntase que moitos dos espectáculos presentados eran bocexos e outros, proxectos que vían a luz en condicións minimamente profesionais. Entre outras representacións de grupos de fóra

de Galicia, menciónase a presentada por Voadora, *Happy End*, da que se destacan os desprazamentos introducidos en circunstancias cotiás ás que substraen algún elemento para resaltar o sublime e ridículo. Finalmente, reflexiónase sobre o feito de que este ciclo, malia a falta de apoio institucional, é un escaparate inescusábel para coñecer as novas tendencias que constituirán o teatro do futuro.

Referencias varias:

- Mar Mato, “Los festivales Alt y Sinsal se plantean no continuar ante la falta de apoyos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 xaneiro 2013, p. 16.

Comenta que os organizadores dos festivais ALT e Sinsal denuncian a tardanza das institucións en confirmar con tempo a dotación económica que destinarán a estes eventos. Sinala que a incerteza sobre a contía lles impide preparar a programación, polo que barallan a idea de abandonar a celebración dos festivais. Tamén indica que reclaman que unha mesma iniciativa poida recibir apoios de máis dunha administración e que as institucións axuden os promotores culturais buscando patrocinio privado. Finalmente, informa que o sector cultural se ve afectado negativamente polas malas relacións internas entre os partidos de distinta ideoloxía política e que deberían ser conscientes de que a cultura xera riqueza e postos de traballo.

- C. F., “El Festival Alt inicia la edición más corta, pero mantiene su apoyo a la creación gallega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2013, p. 27.

Coméntase que este festival inicia unha nova edición cun presuposto de corenta mil euros, con quince mil de déficit, o que obrigou a renunciar a algunhas actuacións, aínda que permitiu manter mostras de todas as artes. Exponse o programa dos espectáculos.

- Camilo Franco, “Miniaturas e fragmentos para a versión concentrada do ALT”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 8 marzo 2013, p. 8.

Dáse conta da programación do festival alternativo vigués ALT.

- Belén López, “Cultura reparte 131.000 euros entre sete festivais pontevedreses”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 13 setembro 2013, p. 62.

Informa que a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) fixo pública a resolución pola que subvenciona diferentes espectáculos galegos, sete deles na provincia de Pontevedra. Precisa que no ámbito escénico beneficianse de axudas a Mostra de Teatro Cómico de Cangas, o Festival de Títeres de Redondela, e o Alt 13 de Vigo. Matiza que noutras provincias destacan o Festival de Teatro de Carballo e a Mostra de Ribadavia, por obteren un alto financiamento.

- A. Mauleón, “Diecisiete festivales gallegos se reparten los 360.000 euros de las ayudas de Agadic”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 13 setembro 2013, p. 55.

Indica que o XXIII Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo e a Mostra de Teatro de Ribadavia foron os festivais escénicos máis favorecidos polas axudas da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), que repartiu 360.000 euros entre nove festivais de artes escénicas e oito de teatro. Engade que o Alt de Vigo, a Mostra

Internacional de Teatro de Cangas, o Galicreques de Santiago e o Festival de Títeres de Redondela tamén se viron beneficiados por estas subvencións.

Ames, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Mostra de teatro afeccionado celebrada no concello de Ames. A edición de 2013 celebrouse dende o 4 até o 25 de outubro. Representáronse as pezas *A República de Gundián*, a cargo de Andaravía Teatro; *Nun tren*, da Escola Municipal de Teatro de Negreira; *Integral*, de Aquelando Teatro e *Véndese*, do Grupo Municipal de Teatro de Ames.

Referencias varias:

- Mar Toledo, “El teatro aficionado vuelve a Ames y Vedra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 695, 1 outubro 2013, p. 7.

Alude a que nesta mostra actuarán Andaravía con *A República de Gundián*, Teatro de Negreira con *Nun tren* e Aquelando Teatro con *Integral*. Engade que Vedra acollerá en outubro o ciclo teatral “Fegatea Móvete”.

- M. M./ J. M. R./ S. F., “Teatro para Vimianzo, Lalín, Ames, Fisterra, Teo y Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 711, 17 outubro 2013, p. 6.

Anúnciase a posta en escena de varias obras teatrais en distintos concellos dos arredores de Santiago. Destácanse, entre outras, a representación da obra *Hámster*, polo grupo Triatrerros, no marco do ciclo OTNI do FIOT de Carballo e a posta en escena da peza *Integral*, por Aquelando Teatro, no marco da VIII Mostra de Teatro Afeccionado de Ames.

- C. B./ M. M./ M. T., “Acercan el mejor teatro hasta Ames, Arzúa, Brión y Tabeirós”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 718, 24 outubro 2013, p. 7.

Dáse conta da presentación do Certame de Teatro da Estrada e anúnciase tamén a clausura da VIII Mostra de Teatro Afeccionado de Ames, coa representación da peza *Véndese*, a cargo do grupo de teatro municipal, entre outros temas.

Arteixo, XIVª Mostra de Teatro Afeccionado de

Organizada pola Concellería de Educación e Cultura de Arteixo, con emprazamento no Auditorio da localidade. A edición de 2013 celebrouse entre os días 1 e 30 de abril. Leváronse a escena as pezas *Comedia bífida*, por parte do Grupo de Teatro Xuvenil Pasapadentro da Asociación Melandrainas; *Bicos para a bela durminte*, polo Grupo de Teatro Xuvenil ES3HA2 da Asociación Melandrainas; *Cóncavo-Convexo*, pola Asociación de Teatro Afeccionado Coruñés (ATEACO); *O merliño branco*, por Runxe, Runxe e *Reality Theatre*, do Grupo de Teatro Cultural Faíscas.

Arzúa, VIIº Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono

Organizado pola Concellería de Cultura de Arzúa. A edición de 2013 celebrouse os días 13, 20 e 26 de outubro e o 3 de novembro, durante tres domingos en diferentes lugares do municipio. Representáronse as pezas *Café*, d'O Aturuxo de Melpómene; *Para que serven os homes?*, a cargo de Ti e mais eu Teatro; e *Menciñeiros*, de Volta e Dalle Teatro. Tamén se representou, para público infantil, a peza *Chincha Rabincha*, a cargo da compañía A Xanela do Maxín.

Referencias varias:

- J. Rodríguez, “La programación del mes en Arzúa ofrece ecología, artes escénicas y literatura”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 697, 3 outubro 2013, p. 6.

Dá noticia de que, no mes de outubro, terá lugar, no concello de Arzúa, entre outros eventos, a sexta edición do Ciclo de Teatro no Outono coas postas en escena: *Chincha Rabincha*, d'A compañía do Maxín; *Café*, d'O Aturuxo de Melpómene e *Menciñeiros*, de Volta e Dalle Teatro.

- C. B./ M. M./ M. T., “Acercan el mejor teatro hasta Ames, Arzúa, Brión y Tabeirós”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 718, 24 outubro 2013, p. 7.

Cómentase que o VII Ciclo de Teatro no Outono de Arzúa continúa a súa programación coa posta en escena de *Menciñeiros*, por Volta e Dalle, e apúntanse outras cuestións relacionadas con outras mostras teatrais do panorama galego.

- S. F., “El ciclo de teatro de Arzúa baja el telón tras registrar un gran éxito de público en las funciones”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 730, 5 novembro 2014, p. 7.

Coméntase o éxito de público desta edición da mostra e achéganse datos e declaracións do alcalde de Arzúa, José Luis García.

Begonte, Iº Ciclo de Teatro de Begonte

Organizado dende 2013 por Castiñeiro Milenario en colaboración coa Asociación Cultural de Illán e dentro do proxecto Buxiganga da Deputación Provincial de Lugo. A edición de 2013 celebrouse entre os días 20 de agosto e 21 de setembro na Casa da Cultura de Pacios e na Escola de Illán. Contou coa representación de *Radio Universo*, por Nostrum Cai e *Os miserables*, por Palimoco Teatro. Tamén se representou a peza infantil *Os caprichos do teatro*, a cargo d'Os Quinquilláns.

Referencias varias:

- M. M., “Castiñeiro Milenario organiza un ciclo de teatro en Begonte”, *El Progreso*, “A Chaira”, 28 agosto 2013, p. 12.

Infórmase da presentación deste ciclo de Teatro do Concello de Begonte que acollerá a posta en escena das pezas *O capricho do teatro*, do grupo Os Quinquilláns; *Radio Universo*, representada por Nostrum Cai Teatro; e *Os miserables*, por Palimoco Teatro.

Betanzos, IVº Encontro de Teatro Afeccionado de

Organizado pola Agrupación Teatral Mariñán e o Concello de Betanzos. A edición de 2013 celebrouse no mes de febreiro na Aula Municipal de Cultura do Edificio Liceo desa localidade. Contou coa participación d'O Aturuxo de Melpómene, coa peza *A ratoeira*; Axóuxere Teatro, con *A rúa do inferno*; Farandoleiras Cabaret, con *Apocacripse* e a Escola Municipal de Teatro de Vigo, con *O rapto da bibliotecaria*.

Referencias varias:

- L. T., “El Encontro de Teatro de Mariñán se afianza como un referente en Galicia”, *El Ideal Gallego*, “Betanzos”, 1 febreiro 2013, p. 23.

Infórmase que o Encontro de Teatro Mariñán duplicou o número de ofertas presentadas por grupos afeccionados de Galicia e mesmo de España. Dáse conta do programa do festival, da temática das pezas seleccionadas e da hora de cada representación.

Boqueixón, Iº Ciclo de Teatro de Outono de

Organizado polo Concello de Boqueixón. A edición de 2013 tivo lugar na Casa da Cultura de Camporrapado entre os días 3 e 9 de novembro. Participaron os grupos Tira e afloxa, con *Ó pé da lareira* e o Grupo de Maiores de Boqueixón, con *Caldo de galiña*.

Buxiganga, Vº Circuitos

Organizado dende o ano 2008 polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa cooperación do Consello Asesor de Teatro, co obxectivo de achegar o teatro aos diversos concellos da provincia e realizar tamén accións formativas. Na edición de 2013 representáronse as pezas *As alegres comadres*, a cargo de Achádego Teatro; *Atoados*, do Grupo Teatral A Adala; *Acernos*, de Ardora; *Cambadelas*, de Batán; *A vida de Brian*, Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla; *Fume de carozo*, de Bordelo; *Crimes exemplares*, de Falcatrueiros; *Operación Voltarem*, de Faro-Miño; *As mañás das mozas*, de Teatro Lucho Hospital Xeral-Calde de Lugo; *Oniromancia* e *Avelaiñas*, de Metátese; *Non son d'acó (nin d'acólá)*, d' O Miolo e Cía; *Radio Universo*, de Nostrum Cai; *2155*, a cargo do Grupo Nova Escena Teatro; *Os vellos non deben de namorarse*, de Ollomao; *Real... ou non?*, de Palimoquiños; *A criada*, de Parápono; *Os perseguidores de soños*, de Pinchacarneiro; *Miña sogra é increíble*, d'A Rabela; *Ruídos na casa*, de Raiolas; *Farsa plautina*, de Rebuldeira; *Os putativos*, do Grupo de Teatro de Ribadeo; *Falamos de cartos*, d'Os Trocos; *Érase unha vez*, de Xoldra e *Borralliña*, de Zampalladas. Para o público infantil escenificáronse *Terra* e *Lambetadas de fantasía*, de Alentía Teatro; *Véndese mula* e *A Pousada*, de Axóuxeres; *Unha historia con pau*, de Hipócrita Teatro; *Folie á trois*

(*Paranoia Compartida*) de Mequetrefes; *Contos ben dispare*s, de Teatro Monart e *Butaca 16*, de TeatroCrea.

Referencias varias:

- Francisco García, “Buxiganga espera superar este año las casi 70 actuaciones teatrales del 2012”, *El Progreso*, “Comarcas”, 23 febreiro 2013, p. 15.

Anúnciase a apertura dun prazo de quince días para que grupos de teatro afeccionado se inscriban no programa Buxiganga da Deputación de Lugo e os concellos que o desexen poidan requirir as súas representacións. Sinálase que Buxiganga achega o teatro ao rural e a pequenas comunidades, impulsando a creación de novos grupos teatrais, ao mesmo tempo que proporciona opcións de formación.

- Hipócrita Teatro, “Mario Outeiro: ‘Buxiganga debería ser un programa que houbese en cada Deputación galega’”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “Entrevistas”, primavera 2013, pp. 58-60.

Entrevista a Mario Outeiro, responsábel político do Programa Buxiganga da Deputación Provincial de Lugo, Hipócrita Teatro, con motivo da concesión do Premio FEGATEA. Nesta conversa reflexiónase sobre como xurdiu a idea, as múltiples ramificacións, a necesidade de implantar este proxecto noutras administracións e entidades públicas e sobre as accións previstas para os anos futuros.

- Francisco García, “Buxiganga contará con 30 grupos de teatro, oito máis que en la pasada edición”, *El Progreso*, “Comarcas”, 2 abril 2013, p. 12.

Infórmase que o ciclo Buxiganga levará, por concellos e asociacións culturais de toda a provincia de Lugo, ao redor de setenta representacións subvencionadas nun oitenta por cento pola Deputación desa provincia. Coméntase que este programa promove a arte dramática galega, ao tempo que vai incrementando as compañías participantes. Sinálase que de forma paralela ás representacións, o programa inclúe cursos formativos en arte dramática.

- Pilar Cheda, “O circuito de teatro Buxiganga arranca esta semana coa participación de 30 grupos de Lugo”, *El Progreso*, “Comarcas”, 7 marzo 2013, p. 13.

Refire que Mario Outeiro presentou unha nova edición do circuío de teatro Buxiganga no que participarán trinta grupos teatrais que realizan oitenta e unha representacións subvencionadas nun oitenta por cento pola Deputación de Lugo. Comenta que este ciclo teatral axuda a impulsar o teatro entre o público, por medio de pezas de temática variada. Achega o programa detallado das representacións que terán lugar en cada localidade.

- Marta Becerra, “Buxiganga levanta el telón en Lugo”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 22 xuño 2013, pp. 14-15.

Dáse noticia do comezo da quinta edición de Buxiganga, sinalando que a actividade arrincou cun circuío de actuacións teatrais na rúa por grupos de teatro afeccionado.

Coméntase tamén que nesta primeira sesión tivo lugar a posta en escena da peza *Perseguidores de soños*, polo grupo Pinchacarneiro.

- Sergio López, “El teatro aficionado toma las calles”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 6 xullo 2013, p. 23.

Coméntase que, no marco do proxecto Buxiganga, nove grupos teatrais levaron a cabo breves representacións nas rúas de Monforte para presentar as obras que executarán durante a mostra.

- Sergio Rodríguez, “Los asistentes al curso de teatro representan en Sarria mañana la obra ‘Antígona’”, *El Progreso*, “Sarria”, 20 xullo 2013, p. 19.

Indica que o proxecto teatral educativo Buxiganga, da Deputación de Lugo, levará a Sarria a representación da peza teatral *Antígona*, a cargo dos asistentes ao curso de interpretación que impartirá Evaristo Calvo.

- Jose Carlos Pedrouzo, “Teatro de Vidal, música y compromiso”, *El Progreso*, “De verano”, 3 agosto 2013, p. 38.

Indica que os grupos integrados dentro do proxecto teatral Buxiganga homenaxearán a Roberto Vidal Bolaño dentro do programa Cultural Cultura Aberta.

Candilejas Don Bosco, XVIº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Organizado polo colexio Calvo Sotelo da Coruña. Na edición de 2013, que tivo lugar dende o 12 de abril até o 15 de xuño, representáronse, para o público adulto, as pezas *Mesa para dous*, do Grupo FAS-QUE-FAS da Fundación Wenceslao Fernández Flórez; *Kalinka, conflito na embaixada*, de Vinde Ver Producións; *O anel máximo*, do Grupo Valverde Teatro de Cedeira e d’A Fiestra Teatro; *Cena de 5 crímenes e Cóncavo-convexo*, do Grupo de Teatro Ateaco; *Sánatos*, da Asociación Teatral Paso de Valverde; *Con premeditación e alevosía*, do Grupo de Teatro ASCM; *Inés, desapercibida*, de Caruncho Teatro; *A cea dos idiotas*, do Liceo de Noia; *¡Aquí non paga ningún!*, de Porta Aberta; *Hamster*, de Triatreros; *Facer o sueco*, de Teatro Badius e *A ópera do patacón*, do Grupo de Teatro Alexandre Bóveda. Ademais representaron as súas pezas, en castelán, o alumnado de distintos centros educativos, a través dos seus grupos teatrais, como foi o caso do CEIP Curros Enríquez -Grupo Currantes-, do IES Salvador de Madariaga -Grupo Talía-, do CPR Jorge Juan, do Centro Social Sagrada Familia, do Fogar de Santa Margarida, do grupo Papaventos do CEIP Zalaeta, da Agrupación Fuera de Serie, do Colexio Hijas de Jesús, do Centro Liceo La Paz, do CEIP Ponte dos Brozos, do grupo Arjé Teatro do Instituto Bremao, do Colexio María Barbeito, do CEIP Novo Arteixo, da Asociación Melandrainas -Grupo COMEDY2-, do Grupo de Teatro Aspronaga, d’El Biombo Teatro, do Colexio Ramón de la Sagra, do IES Urbano Lugrís -Grupo Ardora e Grupo Pocholiños-, do CEIP Eusebio da Guarda, da Casa de Castilla-La Mancha -Grupo Los Cigarrales- e do CEIP Rosalía de Castro. Así mesmo representáronse, para o público infantil, as pezas *Enleando os contos*, do alumnado do CEIP Sanjurjo de Carricarte; *Recobrou o sorriso o Eleuterio* e *Unha cousa pola outra*, do Colexio Nosa Señora dos Remedios; *O caso da rúa de Lourcine*, de Raiola Escola Compañía de María; *Zapping*, do Grupo de

Teatro do Clube de Campo de Ferrol; *O merlo branco* e *A vía fantástica*, de Casahamlet; *A comedia dos erros*, do Grupo Teatro do Ar do CPI de Panxón; *On air*, do IES Elviña; *O punto da escarola*, do Colexio Labarta Pose de Baio; *Parella 2.0*, do IES Maximino Romero Lema de Baio; *Rosiña caramelo*, do CEIP Novo Arteixo; *Tonucci*, do CEIP Raquel Camacho; *Polgariño*, do colexio Ramón de la Sagra; *O club anti-machotes* e *Monsters Vs. Addams*, do Grupo de Teatro Vagalume Animación e *O crebanoces*, do CEIP Emilia Pardo Bazán. Tamén se levaron a escena para o público adulto

Referencias varias:

- Manuel Gil, “El teatro del Liceo de Noia recibe un nuevo premio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 599, 26 xuño 2013, p. 5.

Informa que no XVI certame de teatro afeccionado Candilejas Don Bosco mereceu o terceiro premio *A cea dos idiotas*, unha peza dirixida por Ramón Carredano e interpretada polo grupo de teatro do Liceo de Noia. Apunta que esta edición foi a máis numerosa en canto a participantes, xa que se presentaron sesenta e oito centros educativos e agrupacións, nas que participaron un total de mil catrocentos noventa e dous artistas.

Cangas, XXXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Organizada polo colectivo do Centro Recreativo Cultural Xiria, o Concello de Cangas e Teatro de Ningures, baixo a dirección de Mª Xosé Mariño, conta co patrocinio da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), do Concello de Cangas, da Deputación Provincial de Pontevedra, Frigoríficos do Morrazo e o Cupón do Minusválido. Durante esta mostra entrégase anualmente o Premio “Xiria”, co que se destaca o labor teatral dunha persoa; este ano recaeu na empresa local Frigoríficos do Morrazo, polo seu apoio incondicional ao evento. A edición de 2013, que deu comezo o 28 de xuño e rematou o 7 de xullo, contou coa participación das compañías galegas Ibuprofeno Teatro, con *Pequenos actos pseudorrevolucionarios que non serven para cambiar o mundo pero que fan que quedemos máis tranquilos*; Teatro do Aquí, con *Criaturas*; Teatro Antroido, con *Bailadelas. Mulleres bolañasas*; Sarabela Teatro, con *Viaxe a ningunha parte*; Abrapalabra Creacións Escénicas, con *Decamerón, historias para tempos ruíns*; Triatrerros, con *Hamster*; Chévere, con *Eurozone*; Mónica de Nut, con *Non te cortes coa ópera*; Maribolheras precárias, con *Maribingo*; Iolanda Muíños e Camila Bossa, con *Malos hábitos*; e das compañías foráneas Le Cirque Hirsute (Bruxelas), Traspasada e Centro Dramático Nacional, Ale Risorio (Arxentina), Capitán Maravilla e Ángel Simón. Esta mostra dedicou un pequeno espazo ao microteatro, por medio da representación d’*A fronteira*, do colectivo A Claque; *Micro cabaré. Caligrafías torcidas dun neno perdido*, a cargo de Nelson Quinteiro; e d’*A coincidencia cósmica* e *Os tres presidentes*, por parte de Microteatro por casa. Representáronse así mesmo, para o público infantil, as pezas *Kafka e a boneca viaxeira*, de Eme2; *O refugallo*, de Berrobambán e Bichakadela; *Bon Appétit*, de Ghazafellos Teatro.

Recensións:

- Manuel Xestoso, “XXX Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 75, “Festivais”, verán 2013, pp. 63-65.

Comézase indicando que os responsábeis da organización deste festival decidiron dar prioridade a aqueles espectáculos galegos que non puideran ver a luz na Rede Galega de Teatros e Auditorios, por enriba doutras propostas internacionais. Coméntase que *Pequenos actos pseudorrevolucionarios*, de Ibuprofeno Teatro, é unha proposta audaz e penetrante que explora os recursos do *agit-prop* nun marco de comedia de costumes. De *Eurozone*, de Chévere, salientase que une a parodia e a reflexión, propiciando que o espectáculo resulte pedagóxico sen caer no didactismo. Asemade, faise referencia á reflexión sobre a profesión teatral e o trato que recibe pola sociedade presentes n’*A viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro. Do *Decamerón*, de Cándido Pazó, destácase a súa mestura de crítica social e humor; e, finalmente, menciónanse os dous espectáculos que homenaxearon a Roberto Vidal Bolaño, *Criaturas* e *Bailadelas*.

Referencias varias:

- María, Armesto “Mulleres a pé de escena”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 75, “Temas”, verán 2013, pp. 7-13.

Ponse en valor o labor da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas xa que visibiliza o traballo das mulleres neste eido, tanto no terreo artístico coma no organizativo e directivo. Tamén se analiza a presenza feminina á fronte do Centro Dramático Galego e en escena, tanto como actrices coma no papel de directoras; e menciónanse os premios recibidos por mulleres coa tentativa de reflexionar sobre o traballo que queda pendente en materia de igualdade.

- Mar Mato, “Más de 48 actuaciónes de teatro en las dos ferias claves del verano en Galicia”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 26 xuño 2013, p. 59.

Anúnciase o comezo da Mostra de Teatro Cómico de Cangas e da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, sinalando que entre as dúas acolleran un total de corenta e oito espectáculos. Dáse conta dalgunhas das obras que se van representar e destácase que a figura de Roberto Vidal Bolaño estará presente en ambas as dúas mostras coa posta en escena de varias das súas obras.

- Camilo Franco, “A Mostra de Cangas cumple 30 anos co humor como reclamo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 xuño 2013, p. 36.

Dáse conta da presentación da programación da trixésima edición da Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas, sinalando que o festival se centrará en facer unha revisión do humor. Anúncianse as compañías que compoñen o cartel desta edición e coméntase que o festival acollerá homenaxes a Roberto Vidal Bolaño e Marisa Soto e a entrega dos dous premios que concede a Mostra.

- C. S., “Arranca la 30 Mostra de Teatro Cómico y Festivo de Cangas”, *Atlántico Diario*, p. 52 / *La Región*, p. 60, “Sociedad”, “Galicia: Agenda cultural”, “Teatro”, 27 xuño 2013.

Anúnciase o comezo da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas coa posta en escena da peza *Pequenos actos pseudorevolucionarios*, da compañía Ibuprofeno Teatro.

- Cecilia Martínez, “La Mostra de Teatro de Cangas abre hoy su 30 edición con múltiples actuaciones”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Cangas”, “Moaña”, 28 xuño 2013, p. 19.

Comenta que terá lugar a inauguración deste ciclo, do que se destaca que acollerá na súa primeira xornada a estrea de *Caligrafías torcidas dun neno perdido*, de Micro Cabaré, así como as postas en escena das pezas *Pequenos actos pseudorevolucionarios*, por Ibuprofeno Teatro, e *A xira senlleira de Os da Ría*, pola agrupación Os da Ría.

- Camilo Franco, “A Mostra de Cangas cumpre 30 anos repasando algúns dos oficios do humor”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escenarios”, 28 xuño 2013, p. 7.

Fálase do comezo da trixésima edición da Mostra de Cangas. Anúncianse as compañías que compoñen o cartel e sinálase que a Mostra acolle actos de homenaxe a Roberto Vidal Bolaño e a Marisa Soto.

- Belén López, “Cultura reparte 131.000 euros entre sete festivais pontevedreses”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 13 setembro 2013, p. 62.

Informa que a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) fixo pública a resolución pola que subvenciona diferentes espectáculos galegos, sete deles na provincia de Pontevedra. Comenta que no ámbito escénico beneficiáronse de axudas a Mostra de Teatro Cómico de Cangas, o Festival de Títeres de Redondela e o Alt 13 de Vigo. Precisa que noutras provincias destacan o Festival de Teatro de Carballo e a Mostra de Ribadavia, por obteren un alto financiamento.

- A. Mauleón, “Diecisiete festivales gallegos se reparten los 360. 000 euros de las ayudas de Agadic”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 13 setembro 2013, p. 55.

Indica que o XXIII Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo e a Mostra de Teatro de Ribadavia foron os festivais escénicos máis favorecidos polas axudas da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), que repartiu 360.000 euros entre nove festivais de artes escénicas e oito de teatro. Engade que a Mostra Internacional de Teatro de Cangas, o Galicreques de Santiago, o Alt de Vigo e o Festival de Títeres de Redondela tamén se viron beneficiados por estas subvencións.

Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Ciclo teatral organizado pola Concellaría de Cultura de Ferrol e a compañía ferrolá Teatro Ad Libitum dende o mes de novembro do ano 2000. Celebrado no Centro Cívico de Caranza e no auditorio FIMO, conta asemade coa colaboración da Asociación Max de Teatro e co patrocinio da Deputación Provincial da Coruña e da Fundación Caixa Galicia. Durante a celebración de cada edición outórgase o Premio do Público. As postas en escena teñen lugar os domingos ás 19:00 horas. Na edición de 2013 participaron as compañías Ti e Máis Eu Teatro, con *A herdanza da nai*; Navia Escola de

Teatro con *O meigo de Fisterra*; De Nostrum Cai Teatro con *Radio Universo*; Teatro Escoltado do Centro Veciñal e Cultural de Valladares con *A fatídica festa do ano da serpe*; Atlántida, de Matamá, con *Visións dun cego*; Teatro Ultreia de Ortigueira con *La venganza de Don Mendo*; Porriño Teatro con *Qué familia!*; Gargallada Teatro con *Cincenta: teatro on the rock*; Aturuxo de Melpómene con *A ratoeira*; El Biombo Teatro con *Entremeses Entreamores*; Atrezo Teatro con *Eloxio da loucura*; Donas-Amistad, con *In memoriam de Agapito Salido*; El Ruiseñor con *Troyanas*; Grupo de Teatro ASCM con *Con premeditación e alevosía*; Asociación cultural Quemáisten Teatro con *As herdeiras do sol*; Grupo de Teatro Valacar con *Médico á forza*; Farandoleiras Cabaret con *Apocripse*; Cadro Artístico Airiños con *Nin rico nin pobre senon todo o contrario*; Carfax Teatro, con *Transilvania*; Marañao Teatro con *Ópera pánica*; Triatrerros con *Hamster*; A Fiestra Teatro con *No hay ladrón que por bien no venga*; Escola Municipal de Teatro de Vigo con *O rapto da bibliotecaria*; Grupo de Teatro Fume con *A herdanza de Xan*; Grupo de Teatro Noite Bohemia con *Ifixenia en Áulide*; Grupo de Teatro Esteparío con *Diálogos*; Grupo da Escola Municipal de Teatro de Ames con *Véndese*; Tangatutanga Teatro con *Urraca*; Axóuxere Teatro con *A túa tenrura, MOLOTOV*; Asociación Teatral Paso de Valverde con *Sánatos*; Sal-monela Teatro con *El non faría iso*; Metátese Teatro con *Bolboretas*; Ateaco Teatro con *Cóncavo-Convexo* e Teatro do Peto con *En té de guerra*.

Carballiño, XXIVº Festival de Teatro Galego (FETEGA) do

Organizado pola compañía Nove-Dous Teatro e Arteficción en colaboración co Concello do Carballiño e con subvencións da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), Novagaliciabanco e Caja Madrid. Na edición de 2013 entregáronse os galardóns ao mellor actor, Luís Iglesia Besteiro, quen tamén mereceu o galardón ao espectáculo máis valorado polo público, *Gaivotas subterráneas*, que coprotagoniza con Xabier Deive. Participaron as compañías Talía Teatro coa citada peza galardoada, *Gaivotas subterráneas*, e con *O método Grönholm*; e Mofa e Befá, con *Románticos*.

Referencias varias:

- Juan Llano, “El auditorio carballiñés será la pasarela des teatro gallego”, *La Región*, “Carballiño”, 3 setembro 2013, p. 15.

Informa da presentación da vixésimo cuarta edición do Festival de Teatro Galego (FETEGA), na que se representarán os espectáculos *Románticos*, de Mofa e Befá; *Gaivotas subterráneas*, a cargo dos actores Luís Iglesia e Xabier Deive; e *O método Grönholm*, de Talía Teatro. Refíre a entrega dos Premios Fetega 2013 e a relaización doutras actividades no marco deste ciclo, como foron ludotecas e actuacións de teatro na rúa, maxia e obradoiros de malabares e instrumentos musicais.

- C. Andaluz, “Mofa e Befá inauguran hoxe Fetega en O Carballiño, o único festival de teatro en galego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 setembro 2013, p. 32.

Sinala que o Festival de Teatro Galego (Fetega) do concello d’O Carballiño comeza unha nova edición, na que se representarán as pezas *Románticos*, de Mofa e Befá; *Gaivotas subterráneas*, de Voz Audiovisual; e *O método Grönholm*, de Talía Teatro.

Precisa que así mesmo haberá teatro de rúa, espectáculos para o público infantil, obradoiros e a entrega dos Premios Fetega 2013.

- F. D., “Fetega pone su broche de oro con el humor de Carlos Blanco”, *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, “Teatro”, 5 setembro 2013, p. 52.

Sinala que no Festival de Teatro Fetega d' O Carballiño participarán A ludoteca Xiramundos, con *A casa dos xogos*; e Talía Teatro, con *O método Grönholm*. Informa da data da entrega dos premios Fetega.

- I. F., “O Carballiño entrega os premios”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 6 setembro de 2013, p. 6.

Dáse noticia da entrega de premios do Festival do Teatro de Carballiño e infórmase dalgunhas das pezas da programación.

Cariño, XXXV^a Mostra de Teatro Galego de

Mostra teatral para compañías profesionais e afeccionadas e para diversos tipos de público, que ten lugar no Auditorio Municipal do concello ferrolán. Na edición de 2013, celebrada entre o 20 e o 23 de agosto, tiveron lugar oito representacións, catro para o público adulto e catro para o infantil. Participaron as compañías Talía Teatro, en colaboración con Voz Audiovisual, coa peza *Gaivotas subterráneas* e así mesmo con *O método Grönholm*; Teatro do Morcego, con *Misterio cómico*; e Redrum, con *Curriculum vitae*. Para o público infantil, representáronse *Jiñol*, de Títeres Trompicallo; *A maleta viaxeira*, de Maxia e Teatro; *Centacontos contapés*, de Marisa Irimia e *Contos do azar*, de Baobab.

Cee, I^a Semana das Artes Escénicas

Mostra que substitúe á Mostra de Teatro de Cee, que no ano 2012 celebrou a súa XXV^a edición e última. Na edición de 2013, o Concello ceense incluíu, na súa programación do mes de agosto, unha Semana das Artes Escénicas, que contou coa participación das compañías Talía Teatro, con *Gaivotas subterráneas* e *O método Grönholm* e Abrapalabra Creacións Escénicas, con *Decamerón*.

Referencias varias:

- M. G. M., “La programación cultural del IMCE “adelgaza” en el primer mes de 2013”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 5 xaneiro 2013, p. 17.

Explicase que a programación cultural do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) redúcese no comezo do 2013, mentres o concello asegura que a situación é circunstancial e que a actividade aumentará segundo avance o ano. Fálase da próxima edición de Poetas di(n)versos, dun espectáculo de Lino Braxe e das postas en escena d' *O botín da miseria* e *Gaivotas subterráneas*.

- J. M. Ramos, “Gaivotas subterráneas’ iza el telón de la Semana das Artes Escénicas de Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 640, 6 agosto 2013, p. 4.

Expón que a Semana das Artes Escénicas de Cee contará coas representacións de *Decamerón*, *O método Grönholm* e *Gaivotas subterráneas* e ademais recalca que ao seu remate se inaugurará a Feira do Libro.

- J. M. R., “El ‘Decamerón’ de Cándido Pazó en la villa ceense”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 642, 8 agosto 2013, p. 6.

Breve nota na que se informa que a Semana das Artes Escénicas de Cee contará coa actuación de Cándido Pazó, con *Decamerón*, e mais de Talía Teatro con *O método Grönholm*.

- José M. Ramos, “Circo na rúa, música, títeres y teatro darán continuidade a la fiesta”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 647, 13 agosto 2013, p. 10.

Informa que as festas de Cee terán continuidade en forma de oferta lúdica e cultural. Precisa que, despois dunha semana de circo e música, haberá representacións de marionetas e teatro na rúa entre os días 26 e 30.

Chámalle X 2012, IX^{as} Xornadas de Arte de Acción

Xornadas de *performance* teatral organizadas pola Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo e celebradas anualmente dende 2004. A edición de 2013 tivo lugar entre os días 13 e 27 de setembro en diferentes prazas de Pontevedra e Ourense e no Museo MARCO de Vigo. Contou coa representación de *Alegoría*, de Amaya González Reyes; *Chumba, 3*, de Alba Blanco; *Instintos en duelo*, de María Marticorena; *Gesto é sombra*, de Ana Gesto; *Camiños*, de Belén Choren e *Poema biolento* de Ad-Hoc, entre outras actuacións en lingua castelá.

Chantada, XXIIIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Organizada polo colectivo teatral Faro-Miño do concello lucense de Chantada. Na edición de 2013, celebrada do 19 ao 22 de agosto, participaron as compañías galegas Charamela Teatro, con *Paco Jones detective privado*; o grupo de teatro do Centro Teatral Faro-Miño, con *As berzas non minten*; e a compañía madrileña Máquina mecánica. Así mesmo representouse, para o público infantil, a peza *Contos ben dispares*, de Teatro Monart.

Referencias varias:

- A. L., “La muestra de teatro Maruxa Villanueva será del 19 al 22 de agosto”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 24 xullo 2013, p. 17.

Informa que a programación da XXIIIª edición desta mostra aínda está sen pechar mais que se agarda a presenza de media ducia de compañías.

- A. L., “Faro Miño inaugura hoy su muestra de teatro popular con la actuación de cuatro grupos”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 19 agosto 2013, p. 13.

Dáse noticia do comezo desta mostra e coméntase que o ciclo acollerá as actuacións de catro grupos.

Coruña, IIª Mostra de Teatro Afeccionado da

Celebrada os martes do mes de outubro no Teatro Colón da Coruña. Na edición de 2013, participaron as compañías galegas Caruncho Teatro, con *Inés, desapercibida*; Farandoleiras, con *Un cabaré de película* e o grupo da Escola Municipal de teatro de Sada, ademais da compañía foránea Vestalia Teatro. Ademais homenaxeouse ao grupo de teatro Candilejas Don Bosco.

Referencias varias:

- Adrián Boo, “Martes de teatro aficionado en el Colón”, *La Opinión*, “A Coruña”, 30 setembro 2013, p. 6.

Explica que a II Mostra de Teatro Afeccionado da Coruña contará coas actuacións de compañías foráneas como Vestalia Teatro, e galegas como Caruncho Teatro, con *Inés desapercibida*, e Farandoleiras, con *Un cabaré de película*, que pechará a mostra. Indícanse os días das funcións.

Cultura no Camiño

Programa escénico e musical organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Axencia de Turismo de Galicia. A primeira edición de 2013 desenvolveuse nos concellos das rutas xacobeas durante o mes de outubro como parte da programación conmemorativa do oitavo centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago. Ofrecéronse un total de vinte e catro postas en escena de compañías galegas para público adulto e vinte e dúas para público infantil. Para o público adulto representáronse as pezas *A tixola polo mango (muller, non é para tanto)*, de Teatro do Noroeste; *As mil vidas de Matías Houseman*, de Teatro do Adro; *Chapuzas a domicilio*, de Expresións Producións; *Rosa de dous aromas*, de Teatro Proscrito; *Menciñeiros*, de Volta e Dalle Teatro; *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro; *Historias camiñantes*, de Abrapalabra Creacións Escénicas; *Curriculum vitae*, de Redrum Producciones; e *Familia? Non grazas*, de DINAMOteatro.

Referencias varias:

- Alberto Nova, “Cultura no Camiño’ lleva más de cien espectáculos a 42 municipios de la Ruta”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 outubro 2013, p. 27.

Dá noticia de que o programa Cultura no Camiño ofrece cento cinco actuacións de teatro, maxia, música e circo en corenta e dúas localidades galegas situadas nalgunha das rutas dos Camiño de Santiago. Indica que haberá vinte e catro representacións dirixidas a público adulto, e vinte e dúas para o público infantil. Explica que inaugurarán a programación *A historia de Martín*, a cargo de Animar-T, *O umbral da estupidez humana*, por parte de Rober Bodegas e *Maxia de aquí e acolá*, que ofrecerá Creacións Máxicas Lirorai.

Daniel Cortezón, Xª Mostra de Teatro Afeccionado

Organizado no municipio de Ribadeo e celebrado durante unha fin de semana. A edición de 2013, que tivo lugar entre os días 27 e 29 de decembro, contou coas postas en escena do Grupo de Teatro da Asociación Cultural Francisco Lanza, con *O cego*; o Grupo A Rabela, con *A miña sogra é increíble*; Disfunción Continua Teatro, con *Eran outros tempos, ou non?*; e o Grupo O Bordelo, con *Fume de carozo*.

Enrique Landesa, IIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Certame teatral que dá continuación ao organizado con anterioridade polo Centro Cultural Rueiro e que se denomina como un dos compoñentes d’O Trasno Novo Teatro, recentemente falecido. A edición de 2013 celebrouse os sábados do mes de outubro. Participaron as compañías galegas Teatrino, coa peza *A tola do barrio*; Chumpa Teatro, con *Maribel e a estraña familia*; Andaravía Teatro, con *República de Gundián*; e Rueiro, con *Comedia bífida*.

Referencias varias:

- N. Álvarez, “El centro cultural Rueiro celebra en octubre el II Ciclo de Teatro Afeccionado”, *Faro de Vigo*, “Vigo 4 costados”, 24 setembro 2013, p. 6.

Enuméranse as representacións deste II Ciclo de Teatro Afeccionado de Coia e explícase o cambio de denominación. Precísase o horario das postas en escena e resúmense as tramas das pezas.

Entredous, Ciclos de Teatro Afeccionado

Organizado polo Concello de Culleredo e pola compañía Carfax Teatro. A edición de 2013 tivo lugar entre os días 16 e 30 de marzo no Edificio de Servizos Múltiples do Burgo. Contou coa representación de *Eloxio da loucura*, de Atrezo Teatro; *Baile de sombras*, de Teatro no Aramio; e *Quimera*, de Gargallada Teatro.

EstéNarúa, Festival Galego de Teatro Amador

Festival organizado por Ti e mais eu teatro. A edición de 2013 celebrouse o 21 de setembro en Ferrol. Participaron Metátase Teatro, con *O país da auga*; Moreashow, con *Spaghetti con chourizo western*; A Fiestra Teatro, con *A terra de xauja*; Teatro Estepario, con *Kabuki dance*; Folerpas Teatro con *A raíña da escuma*; 5 Donas e un Guedellas, con *Amor divino, amor humano*; Quemaisten Teatro, con *Traballo e imaxinación* e Parápono Teatro, con *Mar revolto*.

Fegatea Móvete, VIIIº Festival Galego de Teatro Afeccionado

Organizado pola Federación Fegatea e promovido pola Asociación Cultural Papaventos. A edición de 2013 desenvolveuse durante os días 4, 5, 6 e 11 de outubro na casa da cultura de Santa Cruz de Ribadulla, no municipio de Vedra. Actuaron as compañías galegas Trasno Novo Teatro, con *Consuelo*; Andaravía Teatro, con *República de Gundián*; Antas de Ulla, con *A vida de Brian*; e Falcatrueiros, con *Crimes exemplares*.

Referencias varias:

- ECG, “Cuatro obras de teatro en los centros vecinales”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 14 setembro 2013, p. 21.

Breve nota na que se anuncia que nos centros socioculturais compostelás do barrio de Santa Marta e mais de Vite terá lugar un ciclo de representacións teatrais dedicado a Roberto Vidal Bolaño. Infórmase dos días das postas en escena.

- C. G., “Vedra acogerá en octubre un ciclo teatral de Fegatea”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 683, 18 setembro 2013, p. 6.

Dá noticia de que catro grupos de artes escénicas actuarán en outubro na casa da cultura da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla dentro do ciclo teatral Fegatea Móvete. Explica que esta iniciativa a promove a Asociación Cultural Papaventos.

- Mar Toledo, “El teatro aficionado vuelve a Ames y Vedra”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 695, 1 outubro 2013, p. 7.

Alúdese a que Vedra acollerá en outubro o ciclo teatral “Fegatea Móvete”, no que se representarán as pezas *Tres*, *República de Gundián*, *A vida de Brian* e mais *Crimes exemplares*.

FIOT, XXIIº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo

Organizado pola Asociación Cultural Telón e Aparte, baixo a dirección do seu presidente, Alberto Sueiro, e a Concellaría de Cultura do Concello de Carballo. A partir da edición de 2002 pasou a se denominar “FIOT”. Acolle representacións teatrais, contacontos, actuacións musicais e distintos tipos de *shows*. Na edición de 2013, celebrada dende o 3 até o 31 de outubro, concedeuse o galardón honorífico “Xogar de Outono” á familia de Xosé Manuel Olveira, “Pico”, e participaron as compañías galegas

Chévere, con *Eurozone*, e Teatro do Aquí, con *Criaturas*; e as compañías foráneas Kulunka Teatro (País Vasco), La Mona Ilustre (Chile), Titzina Teatre (Cataluña), Ron Lalá (Madrid), Producciones Cristina Rota e Teatro Español (Madrid), Teatro de la Abadía (Madrid) e Producciones Teatrales Contemporáneas (Madrid). Asemade, no marco deste festival, tivo lugar o Ciclo OTNI, unha mostra teatral destinada a proxectos de carácter máis contemporáneo, na que participaron a compañía galega Triatrerros, con *Hámster* e as catalanas Diego Anido Co. e Producciones Prismata.

Referencias varias:

- Belén López, “Cultura reparte 131.000 euros entre sete festivais pontevedreses”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 13 setembro 2013, p. 62.

Informa que a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) fixo pública a resolución pola que subvenciona diferentes espectáculos galegos, sete na provincia de Pontevedra. Explica que, con respecto ao ámbito escénico, beneficiáronse de axudas, na provincia de Pontevedra, a Mostra de Teatro Cómico de Cangas, o Festival de Títeres de Redondela, e o Alt 13 de Vigo. Destaca doutras provincias o Festival de Teatro de Carballo e a Mostra de Ribadavia, por obteren un alto financiamento.

- A. Mauleón, “Diecisiete festivales gallegos se reparten los 360. 000 euros de las ayudas de Agadic”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 13 setembro 2013, p. 55.

Indica que o XXIII Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo e a Mostra de Teatro de Ribadavia foron os festivais escénicos máis favorecidos polas axudas da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), que repartiu 360.000 euros entre nove festivais de artes escénicas e oito de teatro. Engade que a Mostra Internacional de Teatro de Cangas, o Galicreques de Santiago, o Alt de Vigo e o Festival de Títeres de Redondela tamén se viron beneficiados por estas subvencións.

- José M. Ramos, “El FIOT ofrecerá este año 50 espectáculos teatrales en Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 686, 22 setembro 2013, p. 7.

Dáse conta da presentación da programación da vixésimo segunda edición do FIOT de Carballo, anunciando algunhas das compañías e actores que participarán no festival, así como as obras que van inaugurar e clausurar a mostra.

- José M. Ramos, “La XV Rúa dos Contos traerá a Carballo el cabaré ‘Ultranoite’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 698, 4 outubro 2013, p. 7.

Informa da participación do grupo Chévere na XV Rúa dos Contos do Festival Internacional de Teatro (FIOT) de Carballo. Precisa que representará o cabaré *Ultranoite* o día 6, participará nun obradoiro sobre o espectador o día 10 e escenificará a peza *Eurozone* o día 12.

- M. V. M., “Doce noches disfrutando del mejor teatro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 11 outubro 2013, p. 9.

Dáse conta da apertura deste festival, informando das postas en escena máis importantes e dalgunhas das compañías participantes. Infórmase tamén doutras actividades paralelas á mostra, como son a Rúa dos Contos e o ciclo OTNI, e coméntase que para a maioría de espectáculo xa non hai entradas dispoñíbeis.

- José M. Ramos, “Primer lleno teatral en el FIOT’13 de Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 709, 15 outubro 2013, p. 7.

Dáse noticia da inauguración do FIOT coas postas en escena das pezas *André e Dorine*, por Kulunka Teatro, e *Eurozone*, polo Grupo Chévere. Infórmase tamén do comezo do ciclo OTNI, coa estrea de *Symon Pédicri*, e anúncianse as próximas representacións.

- M. M./ J. M. R./ S. F., “Teatro para Vimianzo, Lalín, Ames, Fisterra, Teo y Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 711, 17 outubro 2013, p. 6.

Anúnciase a posta en escena de varias pezas teatrais en distintos concellos dos arredores de Santiago. Destácanse, entre outras, a representación da obra *Hámster*, polo grupo Triatrerros, no marco do ciclo OTNI do FIOT de Carballo e a posta en escena da peza *Integral*, por Aquelando Teatro, no marco da VIII Mostra de Teatro Afeccionado de Ames.

- José M. Ramos, “Carballo, Vimianzo y Brión apuestan por un otoño con teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 714, 20 outubro 2013, p. 5.

Informa da celebración do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) en Carballo, da entrega do premio Xograr de Outono 2013 a Xosé Manuel Olveira “Pico” a título póstumo, entre outras actividades teatrais celebradas noutras localidades galegas.

- J. M. R., “Lleno para ver a Juan Diego Botto y Astrid Jones en el Outono de Teatro de Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 716, 22 outubro 2013, p. 7.

Coméntase a posta en escena da peza *Un trozo de mundo invisible*, no marco do FIOT, e indícase que a mostra continuará coa representación de *Sé de un lugar*, por Producciones Prismata, dentro do ciclo OTNI. Anúncianse tamén as postas en escena de *Gaivotas subterráneas*, pola compañía RTA, en Vimianzo e de *Morgana e Artur e Capricho de teatro*, por Os Quinquilláns, en Muxía.

- J. M. Ramos, “El FIOT acoge un estreno nacional de Titziana Teatre”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 718, 24 outubro 2013, p. 7.

Anúnciase a estrea nacional da peza *Distancia siete minutos*, da compañía Titziana Teatre, no marco do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo.

- J. M. Ramos, “La compañía madrileña Ron Lalá se lleva el premio del público del FIOT”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 756, 1 decembro 2013, p. 7.

Dá noticia de que o premio do público do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) recaeu na compañía foránea Ron Lalá por *Siglo de Oro*, *Siglo de Ahora*. Ademais, destaca que os organizadores do FIOT consideraron que o desenvolvemento desta edición fora moi positivo.

Fisterra, Outono Teatral de

Organizado polo Departamento de Cultura do Concello de Fisterra. Na edición de 2013, que tivo lugar entre os días 18 de outubro e 28 de decembro, leváronse a escena, para o público adulto, as pezas *Curriculum vitae*, de Redrum Producciones e *Go on*, de Malasombra; e para o público infantil *Contos para escagarriñarse*, de Ghazafellos; *Ñam e Lazarillo*, de Caramuxo Teatro; e *Dous pallasos en apuros*, de Teatro Clown.

Referencias varias:

- J. Trillo, “Títeres en Cee y música medieval en la villa de Muxía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 779, 24 decembro 2013, p. 7.

Entre outras actividades integradas nos programas de Nadal dos distintos concellos da Costa da Morte, infórmase que en Fisterra o grupo Malasombra porá en escena *Go On*, para público adulto, e que no Concello de Cee Títeres Duende Sico ofrecerá a peza *A casiña de chocolate*.

- J. M. R., “Misterio en forma de ‘Contos para escagarriñarse’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 752, 27 novembro 2013, p. 7.

Dá noticia da representación de *Contos para escagarriñarse* a cargo de Teatro Ghazafellos, espectáculo do que refire que está composto por tres historias de misterio que antano contaban os avós aos netos.

- J. M. R., “Malasombra trae su obra ‘Go on’ a Fisterra el sábado”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 780, 26 decembro 2013, p. 6.

Dá noticia de que o Outono Teatral de Fisterra finalizará o sábado 28 coa representación de *Go on*, por parte da compañía Malasombra.

FITEU, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Celebrado dende 1995, está dirixido por Roberto Salgueiro ao abeiro do Convenio Lugo Cultural, asinado pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), o Concello de Lugo, a Deputación Provincial e a Fundación Caixa Galicia. Desenvólvese nos dous campus da Universidade de Santiago de Compostela e ten como coordinadores a Pablo Rodríguez no campus de Lugo e a Cecilia Carballido no de Santiago. Na edición de 2013, celebrada entre os días 4 e 9 de marzo, representáronse, para o público adulto, *Agamenón. Volvín do supermercado e dinlle unha malleira ao meu fillo*, a cargo da Aula de Teatro da USC; e as pezas das compañías foráneas Nie Ma, da Universidade de Szczecin (Polonia); o grupo de teatro da Universidade do Minho (Portugal); e a Aula de Teatro da Universidade de Murcia. Para o público infantil representouse a peza *Pim Pam Clown*, a cargo da compañía NNC.

Referencias varias:

- A. I. S., “Arranca el XIX Festival de Teatro Universitario”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 marzo 2013, p. 28.

Dá conta da inauguración da XIX edición deste festival coa representación de *Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira ao meu fillo*, por parte de Rodrigo García. Nomea o resto de grupos teatrais participantes.

- Marta Becerra, “Una matriarca en Lugo”, *El Progreso*, “El despertador”, 8 marzo 2013, p. 9.

Entre outras informacións, dáse conta da representación da peza *Magic Night*, por parte da compañía teatral da universidade polaca de Szczecin, no marco do XIX Festival Internacional de Teatro Universitario organizado pola aula de Teatro da USC.

- Marta Becerra, “Tras la pista de la sidra perfecta”, *El Progreso*, “El despertador”, 13 marzo 2013, pp. 10-11.

Infórmase da clausura da XIX edición deste festival con dous pases da peza *Animaliños*, de Roberto Vidal Bolaño.

FITEUC, XXº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña

Festival internacional de teatro universitario organizado pola Concellería de Cultura en colaboración coa Aula de Teatro e Danza da Universidade. Na edición de 2013, que tivo lugar do 19 de marzo ao 7 de maio, representáronse as pezas *Suicidio colectivo con encanto*, a cargoda Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña; *Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira a meu fillo*, pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela; *Animaliños*, pola Aula de Teatro da USC-Lugo e tamén pola Aula de Teatro da Universidade de Vigo; *A burla do galo*, pola Aula de Teatro Universitario da Coruña, Teatro Normal; *Vidal Bolaño 2013*, pola Aula de Teatro Universitario de Ourense, Cordelia; *Integral*, por Corifeo Teatro, da Universidade da Coruña e *No espello*, por Teatro Universitario de Ferrol.

Referencias varias:

- M. V., “El teatro universitario se acuerda de Bolaño”, *La Opinión*, “A Coruña”, 20 marzo 2013, p. 9.

Apúntase que a vixésima edición deste festival acolle dezasete espectáculos nos que o protagonista é Roberto Vidal Bolaño, o autor homenaxeado o Día das Letras Galegas 2013.

- Manuel Varela, “O Galo titúlase na Universidade”, *La Opinión*, “A Coruña”, 1 abril 2013, p. 8.

Coméntase que a compañía *Normal* representa, na vixésima edición desta mostra, a peza teatral *A burla do Galo*, unha adaptación dunha peza de Roberto Vidal Bolaño que o autor crea a partir dunha historia de *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro. Expóñense as diferenzas entre a peza de Vidal Bolaño e a adaptación, así como as dificultades coas que conta a compañía para ensaiar e representar a obra fóra de Galicia.

FITO, VIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Este festival naceu da man de Teatrauria, programa de accións para a xestión, produción e difusión das artes escénicas para as cidades. Está organizado pola compañía teatral ourensá Sarabela Teatro –dirixida por Ánxeles Cuña–, co apoio institucional da Consellería de Cultura, a Deputación Provincial, o Concello de Ourense e o Teatro Principal e a Universidade de Vigo. A edición de 2013 tivo lugar dende o 5 até o 18 de outubro. Contou coas representacións das pezas *Tiéboro*, de Trécola Teatro; *Imprudently deseé*, de Teatro Ensalle; *Oiseau rebelle*, de Funboa Escénica; *Staying alive*, de Matarile Teatro; *A charca inútil*, de Teatro do Atlántico; *As do peixe*, de Abrapalabra Creacións Escénicas e *Eurozone*, de Chévere. Participaron tamén as compañías foráneas La mona Ilustre (Chile), Producciones Trapa (Cataluña), Adentro Teatro (Madrid-Arentina), Granhøj Dans (Dinamarca), G. L. Producciones (Andalucía), Markeliñe (Euskadi) e Residual Gurus (Cataluña).

Referencias varias:

- Lalo Pavón, “El teatro es negocio”, *La Región*, “Buenos días”, “O afador”, 12 xullo 2013, p. 13.

Informa que a compañía ourensá Sarabela Teatro renuncia á organización da Feira Internacional de Teatro de Ourense por mor da falta de apoio da concelleira de Cultura, Ana Garrido, do Concello de Ourense. Lamenta un maior apoio institucional na cultura ourensá dado que Ourense é unha referencia teatral en Galicia.

- X. M. R./ Candela Valle, “Sarabela suspende el Festival de Teatro de Ourense por la falta de apoyo del Concello”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 xullo 2013, p. 34.

Salienta que non se poderá celebrar o Festival Internacional de Teatro de Ourense pola falta de apoio do Concello de Ourense e nomeadamente da súa concelleira de Cultura, Ana Garrido.

- Juan Llano, “Crítica y austeridad protagonizarán el Fito”, *La Región*, “Ciudad”, 26 setembro 2013, p. 9.

Dáse noticia da realización do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO), o cal estivo a piques de suspenderse por cuestións de financiamento. Indícase que se desenvolverá entre os días 5 e 18 de outubro e contará coa presenza de seis compañías galegas e outras de Arxentina, Chile, Dinamarca, Cataluña, País Vasco e Andalucía. Salientase que na presentación do Festival, a directora artística do mesmo, resaltou a función crítica do teatro.

- X. M. R., “El FITO traerá a Ourense el primer montaje de Tristán Ulloa como director”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 setembro 2013, p. 38.

Salienta que o Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) se celebrará malia que fora suspendido por problemas co financiamento municipal. Indica que entre o 5 e o 18 de outubro se representarán varias pezas, entre as que nomea *Automatàrium*, de Produccions Trapa (Cataluña); *Las cosas también tienen mamá*, por La Mona Ilustre (Chile); *En Construcción*, de Adentro Teatro (España- Arxentina) e dirixida por Tristán Ulloa; e *Men&Mahler*, de Granhoj Dans (Dinamarca).

- Montse Dopico, “Facer teatro”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 471, “Libros” 3 outubro 2013, p. VII.

Refírese a mala situación que atravesan as compañías de teatro en Galicia. Anúnciase que se mantén o FITO e que acollerá as representacións de *Eurozone*, de Chévere; *Imprudently desée*, de Teatro Ensalle; *As do peixe*, de Cándido Pazó e *Staying alive*, de Matarile, entre outras.

- J. L., “El FITO lanza al teatro como alternativa de ocio”, *La Región*, “Ourense”, 6 outubro 2013, p. 6.

Indica que a sexta edición do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) deu comezo o 5 de outubro coa representación das pezas *Las cosas también tienen mamá*, do grupo chileno La mona ilustre e *Automatàrium*, da compañía catalá Produccions Trapa. Informa que o día 6 se representará *En construcción*, dirixida por Tristán Ulloa.

-S. N., “El FITO lleva la ‘A charca inútil’ al Teatro Principal”, *Atlántico Diario*, p. 60/
La Región, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, “Teatro”, 10 outubro 2013, p. 52.

Comenta que o Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) continúa a se celebrar que nel se representarán as pezas *Cena con amigos*, da compañía andaluza GL Producciones, o xoves día 10; *Staying alive*, de Matarile Teatro, o venres día 11; *A charca inútil*, de Teatro do Atlántico, o sábado día 12; e *Makinista*, o domingo día 13.

- Juan Llano, “EL FITO acaba con un 30% más de público que en 2012”, *La Región*, “Ciudad”, 19 outubro 2013, p. 9.

Indica que os organizadores do Festival Internacional de Teatro de Ourense (FITO) consideraron que o evento, caracterizado pola diversidade e a austeridade, transcorreu de maneira positiva e cun aumento de asistentes dun 30% con respecto á edición pasada. Dá noticia, tamén, de que a derradeira representación, *The trash converts mantra trip band*, de Residual Gurus, en lugar de celebrarse na rúa, por mor das adversas condicións climatolóxicas, se escenificou no Centro Cultural “Marcos Valcárcel”.

- Xabier Limia de Gardón, “Ilustradores de cómic en escena”, *La Región*, “Ourense”, 21 outubro 2013, p. 8.

Sinala que esta tempada teñen lugar en Ourense, ademais do Festival Internacional de Teatro e o Outono Fotográfico, as XXV Xornadas de Banda Deseñada. Indica que está

aberta unha exposición de cómic no Museo Municipal, na que se poden ver as obras galardoadas no I Certame Benito Losada e “Historias de Galiza”, un proxecto coordinado e dirixido polo propio Benito Losada.

Fontevella, Ciclo de Teatro Afeccionado do Porriño

Organizada pola Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) en 2013 para conmemorar os dezaioito anos que cumpriu a agrupación teatral Fontevella de Porriño. Celebrouse dende o 14 até o 17 de febreiro nesa localidade pontevedresa. Participou o homenaxeado grupo Fontevella, coa peza *Prohibido casar*; e Trasnó Novo Teatro, con *Consuelo*. Para o público infantil representouse *Unha historia con pau*, a cargo de Hipócrata Teatro.

Referencias varias:

- V. P., “Porriño acoge un ciclo de teatro en el 18 aniversario de Fontevella”, *Faro de Vigo*, “Louriña”, “Condado”, 13 febreiro 2013, p. 17.

Dá noticia da celebración dos dezaioito anos da creación da agrupación teatral Fontevella do Porriño coa posta en marcha dun ciclo teatral, no que se representarán as pezas *Prohibido casar*; *Consuelo*, a cargo de O Trasnó Novo Teatro; e *Unha historia con pau*, por parte de Hipócrata Teatro.

Galicia Escena Pro, Iª Mostra de artes escénicas

Organizada dende 2013 pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) en cinco espazos de Santiago de Compostela: o Salón Teatro, o Auditorio da Universidade, o Teatro Principal, a Fundación SGAE e o Auditorio Novacaixagalicia. Na primeira edición de 2013, celebrada do 4 ao 6 de novembro, participaron as compañías Matarile Teatro, con *Staying alive*; Sarabela Teatro, con *A idade da pavía*; Catro Cadeiras, con *O feo*; Obras públicas, con *Bye, Bye, Honey*; Producións Teatrais Excéntricas, con *Da Vinci tiña razón!* e Teatro Galileo, con *Desfeitos*. Así mesmo se representaron, para o público infantil e familiar, as pezas *Bon appétit*, por parte de Teatro Ghazafellos; *Xan Perillán e a maleta máxica*, d’Os Monicreques de Kukas e *Xango: A moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*, de Talía Teatro.

Referencias varias:

- Irene Jiménez, “O espectáculo ‘Bon Appétit’ da saída a Galicia Escena Pro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 novembro 2013, p. 42.

Refírese que Galicia Escena Pro se inaugurará co espectáculo infantil *Bon appétit*, da compañía Ghazafellos. Precisa os cinco espazos nos que se desenvolverá este festival e anuncia que continuará coas últimas montaxes de Matarile Teatro e Sarabela Teatro.

Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Mostra de teatro universitario celebrada na cidade de Santiago de Compostela. A edición de 2013, que tivo lugar entre o 23 de abril e o 8 de maio, acolleu as representacións das pezas *Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira ao meu fillo*, da Aula de Teatro da USC; *Suicidio colectivo con encanto*, da Aula de Teatro Universitaria de Ourense. Grupo Maricastaña; *Instrucións para ferver un ovo*, da Santa Compañía; *Anxeliños. Comedia satánica*, do Grupo Arte Maior; *Vidal Bolaño 2013*, da Aula de Teatro Universitario de Ourense. Cordelia; *Soños dun sedutor*, de Tolemia Teatro; *Noite na terra*, de Teatro da Falúa; *A burla do galo*, da Aula de Teatro da Universidade da Coruña; *Nefelococigia: A cidade das nubes e dos cucos*, de Espírito Áspero Teatro; *Exercicios para escorrentar pantasma*s, de Tiktak Teatro; *Dixo pene (nai que os pariu!)*, de Artías Teatro; *En-caixa-dos*, de Sigillatos Galaicos; *Animaliños*, da Aula de Teatro USC-Lugo; *Proxecto 45*, do Grupo de Teatro Pinchacarneiro; *XX*, do Grupo Las Civas e *Santa Perpetua*, de NNC Teatro.

Referencias varias:

- J. Gómez, “Los universitarios ganan con Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 10 maio 2014, contracuberta.

Indícase que a peza teatral *Animaliños*, de Roberto Vidal Bolaño, mereceu numerosos galardóns nesta mostra. Noméase o resto de compañías e actores premiados.

Isto Ferve, IXº Encontro Contemporáneo de Teatro e Danza

Organizado polo Teatro Ensalle, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e o Concello de Vigo, celébrase na Sala de Teatro Alternativo Teatro Ensalle. Na edición de 2013, que tivo lugar no mes de abril, participaron as compañías de Carlos Marquerie e Camille Hanson, ademáis de Mónica de Nut, acompañada de Virxilio da Silva e Elena Córdoba.

Referencias varias:

- Ana Baena, “Carlos Marquerie abre ‘Isto Ferve’ en el Ensalle”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 4 abril 2013, p. 11.

Dáse conta de que Carlos Marquerie abre o festival “Isto Ferve”, que se enfronta a graves problemas económicos, coa peza *28 buitres vuelan sobre mi cabeza*. Noméase o resto de participantes no festival.

- A. S., “El festival ‘Isto Ferve’ trae por primera vez a Vigo a Carlos Marquerie”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 4 abril 2013, p. 59.

Sínálase que o festival “Isto Ferve”, a pesar dos recortes nas axudas económicas, consegue traer a Carlos Marquerie por primeira vez a Vigo, onde interpretará a súa peza *28 buitres vuelan sobre mi cabeza*. Dáse noticia do resto do programa do festival.

- Ana Baena, “Yo, como autor, soy una fusión de las artes, en el teatro uso tanto dibujo o pintura como escritura”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 abril 2013, p. 9.

Entrevista a Carlos Marquerie na que o autor explica o significado da súa peza *28 buitres vuelan sobre mi cabeza*, que forma parte do programa deste festival; e reflexiona sobre a necesidade de desenvolver o espectáculo durante tres horas, conxugando distintas artes e facendo uso da totalidade do corpo para comunicar.

- Fernando Franco, “El ‘isto ferve’ del Ensalle”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 6 abril 2013, p. 11.

Faise eco de varias actividades realizadas na cidade de Vigo, entre elas o festival “Isto Ferve” de Teatro Ensalle.

Laracha, Venres Teatrais 2013 da

Ciclo de teatro organizado polo Concello da Laracha en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2013 tivo lugar entre os días 8 e 29 de novembro na Casa da Cultura desa localidade. Participaron as compañías galegas Talía Teatro con *Gaivotas subterráneas*; Malasombra Producións, con *Operación comedia (misión sapiens)* e a foránea El Ruiseñor. Para o público infantil representouse a peza *Chapuzas a domicilio*, a cargo de Maxia e Teatro A illa dos nenos.

Lauro Olmo, IIIº Ciclo de Teatro Afeccionado Lauro Olmo

Organizado polo concello ourensán d'O Barco de Valdeorras, en colaboración coa Xunta de Galicia, a Federación Galega de Teatro Afeccionado e Gargallada Teatro. Na edición de 2013, celebrada entre os días 15 e 22 de febreiro, participaron os grupos NNC, con *Esperando a Godot*; Nova Escena Teatro, con *2155*; Gargallada Teatro, con *Quimera* e Porta Aberta, con *Aquí non paga ningún*.

Laxe, VIIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Laxe, ten lugar durante os domingos do mes de outubro e novembro. A edición de 2013 contou coa presenza dos grupos Teatro Solidario As Ínsuas, coa peza *UniverSOS paraLELOS*; Teatro Badius, con *Facer o sueco* e Metátese Teatro, con *Oniromancia*. Para o público infantil representáronse *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e venres*, a cargo de Bandullo Azul; *Rosalía pequeniña*, de Uxía Senlle; e *O anel máximo*, por parte d'A Fiestra Teatro.

Lugo, XIIIª Mostra de Teatro Clásico de

Organizada no marco dun convenio entre o Concello de Lugo e Caixanova destinado a rememorar as figuras de recoñecidos autores do século XX. As diferentes actuacións

desenvólvense no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo. Na edición de 2013, que tivo lugar entre os días 17 e 26 de febreiro, representáronse, para público adulto, *Decamerón*, por parte de Abrapalabra Creacións Escénicas; e para o público infantil, *Lazarillo*, da compañía galega Caramuxo Teatro; e as pezas das compañías foráneas Histrión Teatro (Andalucía); Teatro Corsario (Valladolid); Metrópolis Teatro (Madrid); Producciones El Brujo (Córdoba) e Pentación (Madrid).

Referencias varias:

- Ruth López, “Lugo acompañou a El Brujo na súa persoal visión de ‘La odisea’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 25 febreiro 2013, p. 73.

Anúnciase a representación de *La Odisea* por Rafael Álvarez El Brujo no teatro municipal de Lugo, dentro da Mostra de Teatro Clásico. Infórmase do sentido da obra e dos feitos máis destacábeis da vida deste actor.

- Jaureguizar, “José Sacristán e El Brujo na Mostra de Teatro Clásico”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Teatro”, 12 febreiro 2013, p. 47.

Refírese o comezo da Mostra de Teatro Clásico na que se representarán sete pezas. Dáse conta do programa, das horas das representación e do prezo das entradas.

- Marta Veiga, “La Juana de Histrión abre la Mostra de Teatro Clásico”, *El Progreso*, “*d_finde*”, 15 febreiro 2013, p. 5.

Dá conta do inicio da Mostra de Teatro Clásico coa representación de *Juana. La reina que no quiso reinar*, de Histrión Teatro. Explicase o sentido da obra e infórmase dos prezos das entradas, así como da hora de representación e do lugar da posta en escena.

- R. L., “El drama de Juana la Loca abre hoy la Mostra de Teatro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 17 febreiro 2013, p. 57.

Infórmase da inauguración desta mostra a cargo da compañía Histrión. Sinálanse as bases nas que se asenta a súa representación da peza *Juana. La reina que no quiso reinar*. Preséntase o programa completo deste ciclo.

- Suso Varela, “Clásicos en vida que vienen a Lugo a revisar los clásicos universales”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, 22 febreiro 2013, p. 4.

Dá conta da continuidade da Mostra de Teatro Clásico, incidindo en que todas as pezas representadas son versións e adaptacións que pretenden ser máis próximas ao público. Achega o programa deste ciclo.

- Marta Becerra, “Píldoras de cultura para los pequeños”, *El Progreso*, “Lugo”, “El Despertador”, 24 febreiro 2013, p. 8.

Refírese a representación dunha adaptación do *Lazarillo* a cargo do grupo Carumuxo, que se integra nesta Mostra de Teatro Clásico. Precísase que se trata dunha versión que tenta achegar o personaxe clásico á cultura e gastronomía galegas co fin de ser unha

obra próxima ao público adulto e así mesmo ao infantil, pois o ton cómico complementábase con fins educativos.

- Jaureguizar, “Hemos perdido el norte: hay un choriceo ambiental y general”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 24 febreiro 2013, p. 51.

Entrevista ao actor Rafael Álvarez, El Brujo, con motivo da súa participación nesta mostra. Explica os motivos que o conducen a actuar só en escena e a importancia de comentar e achegar os textos antigos á actualidade empregando personaxes famosos.

Lugo, Mostra de Teatro Grecolatino

Organizada pola asociación Prósopon, a sección galega da Sociedade Española de Estudos Clásicos e o Concello de Lugo, ten como obxectivo achegar o teatro grecolatino á mocidade de Ensino Secundario e Bacharelato. Na edición de 2013, que se celebrou do 4 ao 6 de marzo no Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo, participaron as compañías o Grupo Noite Bohemia, coas pezas *Ifixenia en Áulides*, de Eurípides, *Cásina* e *Aulularia*, de Plauto; e *Electra*, de Sófocles; e a compañía de teatro e danza El Ruiseñor, con *Agamenón*, de Esquilo, e con *Tesmoforias*, de Aristóteles. No marco deste festival concedeuse o premio Odisea, unha competición *online* sobre cultura clásica.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Una ciudad muy teatral”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 5 marzo 2014, p. 6.

Destácase que Lugo é unha cidade amante do teatro, algo que se traduce na celebración de múltiples mostras. Fálase dos organizadores e do obxectivo desta mostra: achegar o teatro á mocidade do ensino secundario e Bacharelato. Dáse conta das primeiras representacións.

- Marta Becerra, “Más teatro, cine y Rosalía de Castro”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 6 marzo 2014, p. 10.

Dá conta das actuacións programadas para a última xornada da Mostra de Teatro Grecolatino, protagonizadas polo grupo Noite Bohemia.

- C. G., “El IES Pontepedriña gana el concurso ‘on line’ Odisea”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 marzo 2013, p. 23.

Infórmase da concesión do premio Odisea, unha competición *online* sobre cultura clásica, que se entregou no marco deste festival.

Lugo, Festival Galego de Teatro Afeccionado de

Organizado pola Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo e a Federación Galega de Teatro Afeccionado co obxectivo de facilitar o intercambio de compañías lucenses con outras de diferentes localidades galegas. A edición de 2013 tivo lugar os días 14, 15, 28 e 29 de setembro no Auditorio Gustavo Freire da localidade lucense e contou coa participación d'O Aturuxo de Melpómene, con *Café*; *Asasinato no parque de atraccións*, por parte de Axóuxere Teatro; *Ave Mundi Luminar*, con Inquedanza; e de Trasno Novo Teatro con *Consuelo*.

Lugo, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da USC de

Mostra internacional de teatro universitario celebrada na cidade de Lugo. A edición de 2013, que tivo lugar entre o 3 e o 12 de marzo, acolleu as representacións das pezas *Animaliños*, da Aula de Teatro da USC-Lugo; *Suicidio colectivo con encanto*, do Grupo Maricastaña. Aula de Teatro Universitaria de Ourense; e *Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira ao meu fillo*, por parte da Aula de Teatro da USC; e dunha peza da compañía foránea Nie Ma, da Universidade de Szczecin (Polonia). No marco desta mostra desenvóléronse unha serie de microproxectos de actores galegos en formación, denominados *Teselas*.

Referencias varias:

- A. C., “É unha obra actual, aborda a realidade da crise”, *El Progreso*, “Lugo”, “Emergentes”, 3 marzo 2013, p. 10.

Entrevista á coordinadora da Aula de Teatro do campus de Lugo, quen apunta a temática de *Animaliños*, peza coa que se abre este Festival Internacional de Teatro Universitario. Menciónanse outros participantes neste festival.

- Marta Becerra, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 4 marzo 2013, p. 4.

Infórmase da apertura deste festival coa peza *Animaliños*, de Roberto Vidal Bolaño. Sinalase que tamén se representarán outras pezas deste autor.

Maio Escénico

Ciclo teatral e musical organizado pola Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua en colaboración co Concello de Lugo. Celébrase no lucense Auditorio Gustavo Freire entre o 16 e o 30 de maio. A edición de 2013 acolleu as representacións *O home almofada*, por parte de Ilmaquinario; *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro; *Sexo, por que non?*, de Eme2; e, para público infantil, *Contos do vento acatarrado*, de Monicreques de Kukas.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Teatro, magia y música al alcance”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 19 maio 2013, p. 10.

Coméntase que o ciclo Maio Escénico acolleu unha sesión de teatro infantil a cargo da compañía Kukus. Anúnciase a posta en escena da peza *Viaxe a ningunha parte*, por parte de Sarabela Teatro.

- Marta Becerra, “Una ciudad para los artistas”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 20 maio 2013, p. 7.

Entre outras actividades, dáse conta da presentación da peza *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro, dentro do ciclo Maio Escénico. Anúnciase a estrea, no marco desta mostra, da peza *O barco sen mariñeiro*, do grupo Achádego.

- Xoán C. Vidal, “Otra ayuda al Lugo”, *El Progreso*, “Lugo”, “La semana por delante”, 27 maio 2013, p. 5.

Anúnciase a clausura do ciclo Maio Escénico coa representación da peza *Sexo, por que non?*.

Mámoa de Luou, XVIº Mes do Teatro da

Ciclo organizado pola Asociación Cultural A Mámoa de Luou, Teo. A edición de 2013 tivo lugar durante os domingos do mes de novembro. Participaron o Obradoiro de Teatro de Teo, con *Farsa plautina*; o Grupo de Teatro Municipal de Ames, con *O médico a paus*; Chumpá Teatro, con *Wellcome to Cuntisville, cidade sen lei*; e A Moura, con *Tecendo mentiras*.

Referencias varias:

- C. G., “El Obradoiro de Teatro de Teo abriu el mes de las artes escénicas en Luou”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 730, 5 novembro 2013, p. 6.

Dáse noticia da inauguración do Mes do Teatro de Luou e coméntase que o programa acolle as seguintes postas en escena: *Farsa Paulatina*, a cargo do Obradoiro de Teatro de Teo; *O médico a paus*, do Grupo de Teatro Municipal de Ames; *Wellcome to Cuntisville, cidade sen lei*, por Chumpá Teatro; e *Tecendo mentiras*, por A Moura.

Meaño, Mes do Teatro de

Organizado pola Concellaría de Cultura e Educación e a Oficina Municipal de Información Xuvenil de Meaño. A edición de 2013 celebrouse no centro social de Dena os domingos dos meses de febreiro e marzo. Contou coa presenza de expresións teatro Os Carballiños, con *O cacique*; Chumpá Teatro, con *Maribel e a estraña familia*; e NÓS e VÓS Teatro, con *Estación MIR*.

MIT, XXIXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia, está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega no último día da mostra e que supón a invitación para participar na seguinte edición. Na edición de 2013, celebrada entre os días 19 e 27 de xullo, homenaxeouse a Roberto Vidal Bolaño, figura recoñecida ese ano no Día das Letras Galegas. Participaron as compañías Teatro do Vilar, coa peza *Baixarse ao moro*; Teatro do Aquí, con *Criaturas*; Teatro Antroido, con *BailadELAS*; Talía Teatro, RTA e Voz Audiovisual, coa peza *Gaivotas subterráneas*; e Il Maquinario, con *O home almofada*; e as compañías foráneas Viaje inmóvil (Chile); Metaproducciones, Teatro Circo Murcia e Festival de Mérida (España); Xarxa Teatre (Valencia); arkeliñe (Euskadi); Timbre 4 (Arxentina); La Zaranda (Andalucía), El Patio (La Rioja); Teatro do Mar (Portugal); Les Ballets C de la B (Bélxica) e T de Teatre (Cataluña). Ademais representáronse, para o público infantil, as pezas *Romance dos figos de ouro*, por parte de Títeres Cachirulo; *Fábula galénica e Rei, rei?*, de Fantoques Baj.

Referencias varias:

- Sabela Pinal, “La Mostra de Teatro reduce 35.000 euros su presupuesto”, *La Región*, “Ribeiro”, 28 maio 2013, p. 16.

Infórmase que a organización da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, por mor de contar cun presuposto reducido, ofrecerá un festival centrado na estrea de obras de compañías galegas.

- Camilo Franco, “Todas as historias do mundo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escena”, 18 xuño, p. 8.

Comenta que, na programación da Mostra de teatro de Ribadavia, terá cabida unha gran variedade de representacións, entre as que subliña as de Abrapalabra con *As do peixe*, Teatro do Aquí con *Criaturas* e mais Teatro Antroido con *Bailadelas*.

- Sabela Pinal, “La Mostra de Teatro apuesta por obras de denuncia social”, *La Región*, “Ribeiro”, 22 xuño 2013, p. 18.

Dáse conta da presentación do programa da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, sinalando que a edición deste ano ten como obxectivo reflectir a realidade actual, tratando temas como a crise ou a corrupción. Coméntase que o festival acollerá trece estrease e achégase o programa da mostra.

- Cándida Andaluz, “La Mostra de Teatro de Ribadavia estrenará trece obras en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xuño 2013, p. 54.

Coméntase que a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia vai acoller a estrea en Galicia de trece obras. Sinálase que a figura de Roberto Vidal Bolaño estará presente no

festival por ser un dos fundadores da Mostra Abrente e que se celebrará un acto de homenaxe a esta mostra con motivo do seu corenta aniversario.

- Mar Mato, “Más de 48 actuacións de teatro en las dos ferias claves del verano en Galicia”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 26 xuño 2013, p. 59.

Anúnciase o comezo da Mostra de Teatro Cómico de Cangas e da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, sinalando que entre as dúas acolleran un total de corenta e oito espectáculos. Dáse conta dalgunhas das obras que se van representar e destácase que a figura de Roberto Vidal Bolaño estará presente en ambas as dúas mostras coa posta en escena de varias das súas pezas.

- S. N., “Comienza en Ribadavia la MIT más comprometida”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 18 xullo 2013, p. 52.

Comenta que dentro desta mostra, que contará con Antón Reixa como pregoeiro, representaranse trece espectáculos galegos e que haberá unha exposición centrada na figura de Roberto Vidal Bolaño.

- Xosé Manoel Rodríguez, “A Mostra Internacional de Teatro converte a Ribadavia na capital da escena galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 xullo 2013, p. 41.

Dá noticia da participación do conselleiro de Cultura na inauguración da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (MIT), onde salientou a importancia do evento para a promoción das artes escénicas galegas; e na apertura dunha exposición sobre Vidal Bolaño, autor de dúas obras que se representarán na Mostra: *Criaturas*, de Teatro do Aquí e *Romance dos figos de ouro*, de Cachirulo. Sinálase que Antón Reixa foi o encargado do pregón co discurso *O valor engadido do teatro do século XXI*: unha defensa do teatro galego e unha crítica ás novas políticas culturais, respecto ao elevado IVE e á Lei de Propiedade Intelectual.

- Sabela Pinal, “La MIT llega a su ecuador con un total de 5.856 espectadores”, *La Región*, “Ribeiro”, 24 xullo 2013, p. 17.

Fala das boas perspectivas da mostra de teatro de Ribadavia e subliña que fican sen representar algunhas das obras máis agardadas: *As do peixe*, de Cándido Pazó e *Aventura*, de T de Teatro.

- ECG, “A feira de Ribadavia pecha cunha recadación que chega a 30000€”, *El correo gallego*, “Tendencias”, 29 xullo 2013, p. 27.

Anuncia que se pechou de xeito satisfactorio a XXIX edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia de 2013 e indica que a peza *As do peixe* é a gañadora do premio do público.

- Belén López, “Cultura reparte 131.000 euros entre sete festivais pontevedreses”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 13 setembro 2013, p. 62.

Informa que a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) fixo pública a resolución pola que subvenciona diferentes espectáculos galegos, sete na provincia de

Pontevedra. Precisa que, con respecto ao ámbito escénico da provincia de Pontevedra, se benefician de axudas a Mostra de Teatro Cómico de Cangas, o Festival de Títeres de Redondela, e o Alt 13 de Vigo; e noutras provincias, acadaron un alto financiamento o Festival de Teatro de Carballo e a Mostra de Ribadavia.

- A. Mauleón, “Diecisiete festivales gallegos se reparten los 360. 000 euros de las ayudas de Agadic”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 13 setembro 2013, p. 55.

Indica que o XXIII Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo e a Mostra de Teatro de Ribadavia foron os festivais escénicos máis favorecidos polas axudas da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), que repartiu 360.000 euros entre nove festivais de artes escénicas e oito de teatro. Engade que a Mostra Internacional de Teatro de Cangas, o Galicreques de Santiago, o Alt de Vigo e o Festival de Títeres de Redondela tamén se viron beneficiados por estas subvencións.

MITEU, XVIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Mostra que tivo a súa orixe en 1994, organizada pola Aula de Ourense baixo o nome de I Mostra de Teatro Galego Universitario de Ourense. En 1996 pasou a constituírse na I MITEU (Mostra Ibérica/Internacional de Teatro Universitario). Entre os seus obxectivos están potenciar o intercambio artístico entre grupos galegos e grupos da Península ou de fóra dela. Celébrase anualmente no Teatro Principal, aínda que tamén sae por veces a outros lugares. Ao remate das funcións establécese un coloquio sobre a obra e sobre as distintas xestións dos grupos universitarios. As datas de celebración son sempre na segunda quincena de abril. Está organizada pola compañía Sarabela Teatro xunto coa Aula de Teatro Universitario de Ourense Maricastaña, baixo a dirección de Fernando Dacosta e a coordinación de Elena Seijo. Conta tamén co patrocinio da Universidade de Vigo, a Área de Cultura do Concello de Ourense e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Dende 1999 celébrase tamén o “Premio de Dramaturxia Carlos Couceiro”, que na edición de 2011 engadiu a figura de Begoña Muñoz ao seu nome, para premiar con 600 euros unha das compañías participantes, ademais dos premios do público e da MITEU de cada edición; e que se incluíu un novo premio, á mellor resolución técnica, denominado “Susó Díaz”. Na edición de 2013, que se celebrou entre o 12 e o 27 de abril, participaron as compañías galegas Producións Acontrabutaca, con *O asasino é o Mordomo*; Teatro de Ningures, con *Pegadas*; Teatro do Adro, con *As mil vidas de Matías Houseman*; Os irmáns Lumieira, con *O fantabuloso cine ambulante dos Irmáns Lumieira*; Rosaura, Aula de Teatro Universitaria de Ourense, con *Entre lusco e fusco*; Cordelia, Aula Universitaria de Teatro de Ourense, con *Vidal Bolaño 2013*; a Aula Universitaria de Santiago, con *Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira ao meu fillo*; a Aula de Teatro da USC-Lugo, con *Intervención nas rúas e Animalións*; o grupo Pinchacarneiro Teatro da USC, con *Proxecto 45*; a Aula de Teatro da Universidade da Coruña, con *A burla do galo*; a Aula de Teatro Universitaria de Vigo, con *Propietarios*; e OUA Aula de Teatro Universitaria de Ourense Maricastaña, con *Suicidio colectivo con encanto*, ademais das compañías foráneas Teatr’Ubi (Portugal) e Jango Edwards (Estados Unidos). A mostra acolleu, para o público infantil, a representación de *Pés de cristal*, a cargo de Geppetto e da Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense. Así mesmo, contou coa participación das compañías foráneas Charla (Tunisia), Alba Sarraute (Cataluña), Fanni Raghman Anni-Mon Art Malgré Moi (Tunisia), Teatro da Universidade Técnica de Lisboa, Gretua de Aveiro

(Portugal), Fervor de Buenos Aires (Arxentina), Aula Universitaria de Pamplona, Gruppo Limpido-Banda Kurenai (Italia), Eduardo Okamoto (Brasil), Teuc de Coimbra (Portugal), Chokilla (Ecuador), o grupo teatral La Charanga, da Universidade Complutense de Madrid, a Aula universitaria de Burgos e Yllana (Madrid).

Referencias varias:

- C. R. , “Mañá arranca a Miteu con 34 espectáculos para soñar”, *Atlántico Diario*, p. 35/ *La Región*, “*Universitas*”, 11 abril 2013, p. 7.

Dáse conta do comezo dunha nova edición da Mostra Internacional de Teatro Universitario, na que se representarán trinta e catro espectáculos. Infórmase de parte da programación e do prezo das entradas.

- Carolina A. Piñeiro, “O ritual do teatro cambia de cor o ánimo dos cidadáns”, *La Región*, “*Ciudad*”, 13 abril 2013, p. 8.

Descríbese o primeiro día deste festival e as actuacións dos días seguintes. Dáse conta, igualmente, do incidente que impediu a inauguración da xornada coa conferencia “As outras realidades de Tunisia”.

- Xosé Manoel Rodríguez, “Ourense amosa o teatro universitario”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Teatro*”, 12 abril 2013, p. 3.

Infórmase da inauguración desta mostra coa representación de *Entre lusco e fusco*, de Rosaura. Sinálase que nos seguintes días terán lugar diferentes actividades culturais a cargo de dezasete compañías de teatro universitario e doce grupos profesionais. Destácase o importante papel que xogarán na mostra as obras de Roberto Vidal Bolaño.

- C. S., “El grupo brasileño Eduardo Okamoto actúa en la Miteu”, *Atlántico Diario*, p. 61 / *La Región*, “*Sociedad*”, “*Galicia: agenda cultural*”, 18 abril 2013, p. 52

Dá conta da representación da peza *Agora e na hora de nossa hora* por parte do grupo brasileiro Eduardo Okamoto. Detalla o argumento da obra, o lugar, a data e a hora de representación, así como o prezo das entradas.

- Marta Becerra, “El invierno blanquea Lugo a traición”, *El Progreso*, “*Lugo*”, “*El Despertador*”, 29 abril 2013, p. 6.

Informa, entre outras noticias, da participación do grupo de teatro da USC de Lugo coa peza *Animaliños*, que mereceu un dos principais premios.

MOSTRA(TE), XIIª Mostra de Teatro Afeccionado do Condado

Organizado por AC Solpor, coa colaboración do Concello de Salvaterra do Miño e a Deputación de Pontevedra. A edición de 2013 tivo lugar na Carballeira das Fraguíñas os días 25, 26 e 27 de xullo. Contou coa participación d’Os catro de sempre, con *Para*

Brasil me vou roubando; Disfunción Continua Teatro, con *Eran outros tempos, ou non?*; e Axóuxere Teatro, con *A rúa do inferno*.

Referencias varias:

- V. P., “Grupos de teatro de Narón, Cangas e Monção actúan en la 22 edición de Móstrate”, *Faro de Vigo*, “Condado”, “Paradanta”, “Área metropolitana” 24 xullo 2013, p. 12.

Informa da apertura da XII Mostra de Teatro Afeccionado de Salvaterra e dá conta das pezas que se van representar.

Mourente, Ciclo de Teatro da Sociedade Cultural e Deportiva de

Organizado pola Sociedade Cultural e Deportiva de Mourente. Na edición de 2013 participaron a compañía de Miro Magariños, con *75 puñaladas, un suicidio sospeitoso*; o grupo Fonte da Tella, con *Tratamento de choque*; o grupo Alecrín, con *O cacique*; e Aturuxo con *Quen atopou o número da lotaría?*.

Narón, Vª Mostra de Teatro Amador de

Organizada polo Padroado de Cultura de Narón e celebrada no local social da Asociación de Veciños de San Xiao entre os días 17 de novembro e 14 de decembro. Participaron os grupos A Pombiña, con *As feas tamén casan*; Mesturas, con *Ménteme, ménteme*; o grupo da Asociación de Veciños Casas da Mariña, con *Unha tarde no parque*; e os Amigos do Teatro, con *San Bancraccio*.

Negreira, IVº Ciclo Teatral de

Organizado polo Concello de Negreira en colaboración coa Deputación da Coruña. A edición de 2013 desenvolveuse durante nove xornadas teatrais que teñen lugar entre o venres 3 de maio e o venres 7 de xuño. Participaron os grupos de teatro do Liceo de Noia, con *A cea dos idiotas*; Teatro Trangalleiro de Brión con *O enfermo imaxinario*; a escola municipal de teatro de Negreira, con *Nun tren...*, *O principião* e *A Cafetería Bonamour*; Algarabía, con *Asemblearias* e Malasombra Teatro, con *Operación Comedia*. Tamén se representaron, para público infantil, as pezas *Residuo*, de Malabaranda; *O gordo e o calvo van ao médico*, d’Os 7 magníficos+1; e *As Pombas do Carboeiro*, de Fantoches Baj.

Referencias varias:

- E. F., “El teatro copa la oferta cultural de la comarca de Barcala en mayo”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Comarcas”, 20 abril 2013, p. L9.

Dáse conta da celebración do cuarto ciclo de teatro no auditorio do Negreira con grupos da localidade, de Brión e Noia. Infórmase do programa e das compañías participantes.

- M. M. O., “Negreira despide la primavera con un ciclo de teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 535, 23 abril 2013, p. 6.

Infórmase da celebración deste ciclo teatral e de parte do seu programa.

Outonoteatro

Organizado polo Concello de Redondela e celebrado no Multiusos da Xunqueira, do 5 de outubro ao 9 e novembro. Na edición de 2013 participarán as compañías galegas Talía Teatro, con *O método Grönholm*; Malasombra, con *Misións sapiens*; Teatro do Noroeste, con *A tixola polo mango*; Teatro Galileo, con *Desfeitos*; Sarabela Teatro, con *Viaxe a ningunha parte*, así como a compañía foránea Producciones el Zurdo.

Referencias varias:

- Antonio Pinacho, “Seis compañías protagonizarán un ciclo de teatro en Redondela”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área Metropolitana”, 28 setembro 2013, p. 14.

Infórmase que se vai desenvolver en Redondela o ciclo Outonoteatro, que acollerá seis funcións da man das compañías Talía Teatro, Malasombra, Teatro do Noroeste, Teatro Galileo, Sarabela Teatro e Producciones El Zurdo. Anúnciase que o ciclo dará comezo coa posta en escena d’*O método Grönholm*, por parte de Talía Teatro.

Palas de Rei, XIVª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural “Orden de donas e cabaleiros do priorado de Vilar de Donas: Os lobos”. Levada a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra, que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos, conta asemade coa colaboración do Concello, a Concellería de Cultura e a Deputación. Na edición de 2013, celebrada entre os días 22 de agosto e 8 de setembro, participaron os grupos do Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei con *Comedia bífida*; Disfunción Continua Teatro, con *Eran outros tempos, ou non?*; Grupo de Teatro A Fiestra, con *O anel máximo*; Teatro Solidario As Insuas, con *UniverSOS paraLELOS*; Metátese Teatro, con *Oniromancia*; Grupo de Teatro Fas –Que-Fas, da Fundación Wenceslado Fernández Flórez, con *Mesa para dous*; Folerpas Teatro, con *A raíña de escuma*; Grupo de Teatro Ajidahna, con *A deriva*; Ti e mais eu Teatro, con *Os seres míticos dos bosques*; e Argalladas con *A carreira do Manuel e Parellas*. Para o público infantil levouse a escena a peza *O capricho do teatro*, por parte d’Os Quinquilláns Teatro.

Referencias varias:

- Lucía García, “Más de 250 actores se reunirán en la muestra de teatro de Palas de Rei”, *El Progreso*, “Comarcas”, 17 agosto 2013, p. 9.

Dáse conta da presentación da XIV Mostra Internacional de Teatro de Palas de Rei e anúncianse as postas en escena e as compañías que compoñen o programa. Coméntase que, no marco da mostra, terá lugar a entrega do VIII Premio Careón a Manuel Núñez Singala e do XIII Premio Mácara a Paula Carballeira.

- Francisco García, “Metátese interviene hoy en la XIV Mostra de Teatro de Palas”, *El Progreso*, “Comarcas”, 30 agosto 2013, p. 12.

Infórmase que, no marco da XIV Mostra de Teatro Amador de Palas de Rei, o grupo Metátese Teatro vai representar a peza *Oniromancia*. Anúnciase a posta en escena das restantes pezas que figuran no programa e outras actividades do festival.

- F. C., “Grupos de teatro aficionado actuarán en Palas los tres próximos domingos”, *El Progreso*, “A Ulloa”, 15 outubro 2013, p. 13.

Dá noticia de que o grupo Metátese Teatro organiza tres representacións en Palas de Rei dentro do Circuito Galego de Teatro Amador: *Para que sirven os homes*, do grupo Ti e mais eu; *O Mago de Fisterra*, a cargo de Navia Teatro; e *Oniromancia*, de Metátese Teatro. Informa que a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e a Xunta ofrecerán no mesmo concello o espectáculo *Camiño de ilusións*.

Poio Escena, IVº Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola SCD de Raxó, a SCD de Samieira e a asociación Armadiña de Combarro, en colaboración co Concello de Poio. Na edición de 2013 pasou de se celebrar durante un mes a se desenvolver durante a metade do ano con representacións o último venres de cada mes. Participaron o grupo Lúa Chea, con *Como está o servizo!*; Orquídeas Pantasma, con *Nataxa Retrankosky*; Teatro Carauta, con *Segredos de familia (e licor café)*; o grupo Tolemia, con *Soños dun sedutor*; e O Tarabelo, con *Homes, mulleres e viceversa*. Para o público infantil representáronse *Unha noite de medo*, do Grupo Miúdo, e *O bufón do reino*, de Pinga Teatro.

Referencias varias:

- M. A. C., “Poio Escena amplía su oferta con una obra de teatro al mes gracias a la cooperación”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 24 xaneiro 2013, p. 11.

Infórmase que o concello de Poio, para tentar achegar o teatro galego a todos os públicos durante todo o ano, promoverá unha representación teatral semanal que se poderá visualizar nunha parroquia do concello, previo pago dun prezo simbólico que permitirá sacar adiante o proxecto. Achégase a programación correspondente ao primeiro semestre do ano.

- M.A.C., “Teatro de Peto’ ofrece este viernes la obra ‘En té de guerra’”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 22 maio 2013, p. 11.

Anúnciase a posta en escena da peza *En té de guerra*, por Teatro de Peto, dentro do ciclo Poio Escena.

- M. A. C., “Teatro Carauta interpretará este domingo ‘Segredos de familia... e licor café’ en Combarro”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 26 setembro 2013, p. 12.

Informa da representación da comedia de intriga *Segredos de familia... e licor café*, por Teatro Carauta o día 29 dentro do ciclo teatral Poio Escena.

- M. A. C., “Teatro O Tarabelo interpretará una obra en Poio el día 29”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 22 novembro 2013, p. 13.

Sinala que o ciclo de Teatro Poio Escena ofrecerá a representación de *Homes, mulleres... e viceversa*, a cargo da compañía Teatro O Tarabelo. A función será o vindeiro venres e celebrárase no Centro Cultural Xaime Illa de Raxó.

Ponteatro, Os xoves bótalle teatro á vida

Ciclo teatral organizado polo Concello de Pontevedra que se desenvolve no Teatro Principal e no Pazo da Cultura durante sete xoves de outono: 17 e 24 de outubro, 7, 21 e 28 de novembro e 12 e 19 de decembro. Na edición de 2013 participaron as seguintes compañías: Voadora, con *Tokio 3*; Chévere, con *Eurozone*; Talía Teatro, con *O método Grönholm*; Ilmaquinario Teatro, con *O home almofada*; Espello Cóncavo, con *Anxeliños* e Redrum Producciones, con *Curriculum Vitae*. Tamén se levou a escena a obra para público infantil *As pombas de Carboeiro*, de Fantoques Baj.

Referencias varias:

- Ana López, “A triunfadora dos María Casares de teatro, ‘Tokio 3’, chega a Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 13 setembro 2013, p. 61.

Dá noticia das obras que conforman a oferta teatral de outono do Concello de Pontevedra: *Tokio 3*, da compañía Voadora (gañadora de cinco premios María Casares e finalista nos galardóns Max); *Eurozone*, do Grupo Chévere; *O método Grönholm*, de Talía Teatro; *O home almofada*, de Ilmaquinario Teatro; *Anxeliños* e *As pombas de carboeiro*, de Fantoques Baj e Banda de Música de Pontevedra; e *Curriculum Vitae*, de Redrum Producciones.

- Belén López, “Talía encara o final do seu 25º aniversario en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 16 outubro 2013, p. 61.

Dáse conta da presentación da posta en escena en Pontevedra d'*O método Grönholm* pola compañía Talía Teatro, sinalando que a obra é a encargada de abrir o ciclo Ponteatro. Coméntase que a peza é unha adaptación ao galego de Artur Trillo, un dos actores da obra, dun texto de Jordi Galcerán para celebrar o vixésimo quinto aniversario da compañía e indícase que foi estreada o 31 de xaneiro no Salón Teatro de Santiago.

- Nuria Martínez, “Ilmaquinario Teatro achega hoxe á cidade a súa ópera prima, ‘O home almofada’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 7 novembro 2013, p. 60.

Coméntase que este ciclo continúa a súa programación coa posta en escena d'*O home almofada*, por parte da compañía Ilmaquinario Teatro. Sinálase que nesa peza se tratan temas como a violencia, a cultura e o maltrato infantil.

- B. L., “O Concello renovará a aposta por Ponteatro o ano que vén”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 6 decembro 2013, p. 70.

Infórmase que *As pombas do Carboeiro*, de Fantoques Baj e *Curriculum vitae*, de Redrum Producións pecharán esta edición de Ponteatro.

Ponteceso, XXº Ciclo de Teatro

Organizado pola Concellaría de Cultura de Ponteceso, en colaboración coa Asociación Cultural Monte Branco. A edición de 2013 tivo lugar os sábados do mes de novembro no local desta Asociación. Representáronse as pezas *O método Grönholm*, de Talía Teatro; *Operación comedia (misión sapiens)*, de Malasombra Producións; e *Dous son parella*, de Producións Acontrabutaca. Así mesmo Talía Teatro levou a escena, para o público infantil, *Valentino Ruffini* e *Mundos contados*.

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Carballo, Vimianzo y Brión apuestan por un otoño con teatro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 714, 20 outubro 2013, p. 5.

Informa da celebración do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) en Carballo, coa posta en escena d'*Un trozo invisible de este mundo*, a entrega do premio Xograr de Outono 2013 a Xosé Manuel Olveira “Pico” a título póstumo e unha función de Teatro do Aquí. Dá noticia, tamén, de que en Vimianzo Ditea Teatro leva ao escenario *Acto imprevisto*, e que en Ponteceso se celebra o XX Ciclo de Teatro coas representacións *O método Grönholm*, *Operación comedia*, *Dous sen parella*, *Mundos contados* e *Valentino Ruffini*. Finalmente, indica que en Brión continúan as actividades ao redor da figura de Vidal Bolaño (*Anxeliños*, a cargo de Espello Cóncavo, e *Tres de Bolaño*, por Teatro O Manolo) e que o día 30 Bartoleta Teatro ofrecerá a posta en escena *Macki o navallas*.

Pontes, VIª Mostra de Teatro Afeccionado das

Organizada polo Grupo Empresa-Endesa, coa colaboración do Concello das Pontes. Representáronse as obras *Para que serven os homes?*, da compañía Ti e Máis Eu; *As feas tamén casan*, da Sociedade Cultural e Recreativa A Pombiña; e *Cincenta on the rock*, de Gargallada Teatro.

Referencias varias:

- M. M., “El Lar acoge desde hoy la Mostra do Teatro Aficionado del Grupo Empresa”, *El Progreso*, “A Chaira”, 23 novembro 2013, p. 22.

Dá noticia de que a sexta edición da Mostra de Teatro Aficionado, organizado polo Grupo Empresa-Endesa e o Concello de As Pontes, se inaugurará con *Para que serven os homes?* da compañía Ti e Mais Eu. Informa que a seguinte fin de semana será a quenda de *As feas tamén casan* e *Cinquenta on the rock*.

Ponte... na escena, Iª Edición do Festival Internacional de Teatro

Organizado pola asociación Ponte... nas ondas, Limiar Teatro e a Concellaría de Cultura do Concello de Gondomar. A edición de 2013, celebrada do 24 ao 26 de maio, contou coa participación das compañías galegas Limiar Teatro, con *Verbum Fahrenheit*; e 8mm., con *Unha historia de amor ao Tarantino*; das portuguesas Fafe Cidade das Artes e Teatro Invisible; e das brasileiras Farandula-Fafe Cidade das Artes e Teatro Andante.

Riveira, Mostra de Teatro de

Organizada pola Concellería de Cultura e Festexos, coa colaboración da Deputación da Coruña, e celebrada en Riveira. Na edición de 2013, que tivo lugar no auditorio da localidade dende o 31 de outubro até o 6 de decembro, representáronse as pezas *Cipriano de Bequelar (Historia de amor e morte)*, por parte de Carrachanaca; *A procura dos sentidos*, de Xoré Teatro; *Desfeitos*, de Teatro Galileo; *Gaivotas subterráneas* e *O método Grönholm*, de Talía Teatro; *Dous son parella*, de Acontrabutaca Produccións; e *Curriculum Vitae*, de Redrum Produccións.

Referencias varias:

- M.G., “La Mostra de Teatro de Ribeira incluye siete representaciones desde el jueves en el auditorio”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 723, 29 outubro 2013, p. 7.

Anúnciase o comezo da Mostra de Teatro de Ribeira, sinalando que o programa acolle as postas en escena das pezas *Cipriano de Bequelar*, por parte de Carrachanacacha; *A procura dos sentidos*, por Xoré Teatro; *Desfeitos*, por Teatro Galileo; *Dous son parella*, por Acontrabutaca Produccións; *Gaivotas subterráneas* e *O método Grönholm*, por Talía Teatro; e *Curriculum Vitae*, por Redrum Produccións S. L.

Sábados Teatrais, Ciclo de Teatro Amador de Arteixo

Organizado pola Asociación Teatral Paso de Valverde, coa colaboración do Concello de Arteixo, a Federación Galega de Teatro Afeccionado e a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, celébrase no Auditorio de Arteixo durante as fins de semana do mes

de xaneiro. Na edición de 2013, que tivo lugar dende o día 12 até o 26 de xaneiro, representáronse as pezas *A herdanza da tía Constanza*, a cargo de Nova Escena Teatro; *Quimera*, de Gargallada Teatro; e *Sánatos*, da Asociación Teatral Paso de Valverde.

Sada, IXª Mostra de Teatro Afeccionado

Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Sada que, ademais das diversas representacións teatrais, presenta outras actividades de xeito paralelo, tales como coloquios ou cursos monográficos. Concédese ademais o premio Lugrís Freire a aquelas obras mellor valoradas, podendo participar grupos de toda Galicia e norte de Portugal. Na edición de 2013, celebrada entre os días 14 e 28 de abril, participaron a Compañía Ateaco, con *Cóncavo-Convexo*; Mequetrefes Teatro, con *Folie á trois*; O Aturuxo de Melpómene, con *Café*; Axóuxere Teatro, con *A rúa do inferno*; e Gargallada Teatro, con *Non me chames cariño se non o sintes*.

Referencias varias:

- D. R., “La IX Mostra de Teatro se celebrará del 6 al 21 de abril en la Casa de la Cultura”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 7 marzo 2013, p. 17.

Infórmase que se vai celebrar a IX Mostra de Teatro de Sada e indícase que, entre os grupos de teatro afeccionado participantes, se realizará unha selección dos mellores e estes poderán optar a premios cos que se distinguirán os mellores actores e representacións. Sinálase como se debe levar a cabo a inscrición.

- Daniel Romero, “Cultura destaca la calidad de la Mostra de Teatro Aficionado que se inicia mañana”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 13 abril 2013, p. 19.

Dáse conta da celebración desta mostra e infórmase das obras participantes, da súa temática, do programa e dos premios aos que poden aspirar as diversas postas en escena e os autores.

- Víctor Castro, “Mequetrefes Teatro pone en escena la obra ‘Folie á trois’”, *El Ideal Gallego*, “Área Metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 18 abril 2013, p. 18.

Infórmase da posta en escena da peza *Folie á trois* de Mequetrefes Teatro. Refírese que esta compañía da Universidade de Santiago xa recibiu diferentes distincións pola calidade das súas representacións.

San Andrés de Comesaña, VIIº Encontro Teatral de

Mostra de Teatro afeccionado organizada pola compañía teatral O Trasno Novo Teatro. Na edición de 2013, que tivo lugar entre o 7 e o 28 de setembro, participaron as compañías Axóuxere Teatro, con *Asasinato no parque de atraccións*; Parápono Teatro, con *A criada*; Trécola Teatro, con *A verdadeira historia do corazón reloxo*; e NNC Teatro, con *Santa Perpetua*.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, “Tensión entre comedia y drama en el Encontro Teatral San Andrés de Comesaña”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 costados*”, 10 setembro 2013, p. 3.

Dá noticia de que no sétimo Encontro Teatral San Andrés de Comesaña, organizado polo grupo de teatro O Trasno, actúan catro compañías de fóra de Pontevedra: Axóuxere, o día 7; Parápono, o 14; Trécola, o 21; e NCC, o día 28.

- Fernando Franco, “Y en Comesaña, teatro”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 13 setembro 2013, p. 10.

Faise referencia ao VII Encontro Teatral de San Andrés de Comesaña e indícase que o vindeiro sábado se representará *A criada* na Sociedade Cultural Nautilus, a cargo de Parápono.

Salvaterra do Miño, VIIIª Xornadas de Teatro

Organizadas pola Federación Galega de Teatro Afeccionado (FETEGA). Na edición de 2013, que se celebrou entre os días 4 e 6 de outubro, participaron as compañías Hipócrita Teatro, con *Unha historia con Pau*; e Paso de Valverde, con *Sánatos*.

Sarria, Iª Mostra de Teatro Municipal

Organizada pola Consellería de Cultura de Sarria e producida pola compañía Teatro do Miolo, celébrase na casa da cultura do municipio. Na primeira edición de 2013 representáronse *O velorio*, por parte da Aula de Teatro do Concello de Sarria; *A proba*, da Escola Municipal de Teatro de Bretoña; *Falamos de cartos*, da Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei; e *O enfermo imaxinario*, da Escola Municipal de Teatro de Vilalba.

Referencias varias:

- L. P., “Cuatro escuelas participan en una muestra de teatro en Sarria”, *El Progreso*, “Sarria”, 23 febreiro 2013, p. 18.

Faise eco da organización desta primeira mostra de teatro municipal, na que participarán catro compañías diferentes. Sinálanse as obras e horario das postas en escena.

Sen Numerar

Ciclo de teatro organizado pola Concellaría de Cultura da Coruña, en colaboración coa Rede Galega de Teatros e Auditorios, co obxectivo de reforzar a programación do Fórum Metropolitano e apoiar o traballo de compañías locais e galegas. Na edición de 2013, celebrada entre setembro e decembro, representáronse as pezas *O cabaré da*

muller paxaro, a cargo de Tirita Producións; *Ultranoite*, de Chévere; *BailadELAS*, *mulleres bolañesas*, de Teatro do Antroido; e *Tokio 3*, de Voadora, ademais doutras obras de compañías foráneas como Histrión Teatro ou Arte Promociones Artísticas.

Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, XXIVª Xornadas de Teatro da

Ciclo escénico organizado pola Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega en colaboración co Concello de Mugar dos Seguros, a Deputación da Coruña e Novacaixagalicia. Na edición de 2013, celebrada do 30 de novembro até o 8 de decembro, participaron as compañías Xábrega Teatro, coa peza *Filomeno búscame un neno*; o obradoiro municipal de teatro de Ares, Armelinda, con *Viva o duque noso amor!*; o grupo local Teruca Bouza, con *Fóra de lugar* e a agrupación Xosé María Pérez Parallé, con *Que facemos coa herdanza?*. Para o público infantil, representouse *Bon appetit*, por parte de Ghazafellos.

Teatro á feira, Iª Festa de Teatro Emerxente

Festival promovido pola Asociación de titulados en Estudos Superiores de Arte Dramática de Vigo, en colaboración coa Consellería de Cultura e Festas dese concello, e celebrado no auditorio municipal. A primeira edición de 2013, que tivo lugar os días 1, 2 e 3 de febreiro de 2013, contou coa participación das compañías galegas EscénaTe, con *Mambo*; Artefakto, con *Laranxus 7*; Triatreros, con *Improperio* e *Hámster* e do alumnado da Fundación Igualarte, con *Con moito conto*; e das compañías foráneas Artmonium, Anónimo Teatro e a Compañía das Marias.

Referencias varias:

- M. M. / A. M., “El teatro improvisado de Triatreros se sube al escenario del Auditorio Municipal”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 1 febreiro 2013, p. 59.

Dáse conta da posta en escena desta obra dentro do Festival Teatro á feira organizado pola Asociación de Titulados en Estudos Superiores en Arte. Recóllese a programación e achéganse datos da compañía Provisional Danza.

- Mar Mato, “El sector teatral crea una nueva asociación y una feria con siete espectáculos en Vigo”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 25 xaneiro 2013, p. 63.

Faise eco da celebración desta Festa de Teatro Emerxente, organizada polos titulados en Arte Dramática en colaboración co concello de Vigo. Refírese que nela se acollerán as seguintes representacións: *Mambo*, por parte de EscénaTe; *Laranxus 7*, de Artefakto; *Igual que los tuyos*, de Artmonium; *Julieta Virtual*, de Anónimo Teatro; *Malena, llena eres de gracia*, de Das Marias; *Improperio*, de Triatreros; *Con moito tino*, da Fundación Igualarte; e *Hámster*, de Triatreros.

Teatro Colón, IIª Mostra de Teatro Afeccionado do

Organizada dende 2012 por Artestudio, baixo a dirección de Ramiro Neira, e celebrada

no Teatro Colón da Coruña todos os martes de outubro. A edición de 2013 contou coa participación das compañías galegas Caruncho Teatro, con *Inés desapercibida*; e Farandoleiras, con *Un cabaré de película*, ademais da compañía foránea Vestalia Teatro.

Teatro&Danza

Mostra realizada en coprodución da compañía Contra2 e o Centro Coreográfico Galego. A edición de 2013 tivo lugar en Santiago de Compostela a partir do mes de xaneiro. Nela participaron, entre outras, as compañías galegas Voadora, con *Waltz*; Talía Teatro en coprodución con Voz Audiovisual e RTA, con *Gaivotas subterráneas*; Lagarta Lagarta con *O país do Pato Donald*; Funboa Escénica, con *Sigue buscando*; e Teatro do Atlántico, con *A charca inútil*.

Referencias varias:

- R. M., “El principal levanta de nuevo el telón”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 15 xaneiro 2013, p. L6.

Coméntase que dará comezo unha nova edición deste festival que acolle no seu seo diferentes espectáculos que suman un total de trinta e catro funcións. Menciónanse algunhas das postas en escena.

- C. G., “Presentado na Zona C o espectáculo ‘Mornings’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 setembro 2013, p. 24.

Comenta a presentación, o día anterior, do espectáculo *Mornings. Guateque global*, na Zona C, precisando que a estrea absoluta terá lugar dentro do ciclo Teatro&Danza. Precisa os días das funcións e o horario das mesmas. Achega unha síntese da trama.

Sinala que o director-xerente do Auditorio de Galicia, Blanca Cendán e Suso Alonso presentaron na Zona C *Mornings. Guateque global*. Precisa que este espectáculo mestura teatro e música e que se inspira nos anos sesenta. Indica os días das funcións e o horario das mesmas, dentro do ciclo Teatro&Danza.

- A. Precedo, “Viaje a los años 60 con ‘Mornings’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 19 setembro 2013, contracuberta.

Faise eco da estrea de *Mornings. Guateque total* na Zona C de Bonaval, unha obra protagonizada por Blanca Cendán e Suso Alonso que recolle a esencia dos anos sesenta. Refire os días das funcións, no marco do ciclo Teatro & Danza. Sinala que a compañía de teatro da Universidade de Santiago continúa as probas para completar o elenco de *Apnea (Variación segunda)*.

- Alberto Nova, “Teatro&Danza porá en escena 41 funcións ate final deste ano”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 outubro 2013, p. 30.

Indica que, até finais do ano 2013, o programa do ciclo Teatro & Danza ofrecerá corenta e unha funcións de catorce propostas teatrais galegas e foráneas, que se desenvolverán no Auditorio de Galicia, no Teatro Principal, na Zona C e na Sala Agustín Magán de Santa Marta. Nomea cales son esas postas en escena.

- R. M., “Teatro&Danza cierra el año con 14 obras y unas 40 funciones”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 3 outubro 2013, p. L6.

Dá noticia do cartel do programa compostelán Teatro & Danza, conformado por catorce obras e corenta e unha funcións que se desenvolverán no Auditorio, no Teatro Principal, na Zona C e na sala Agustín Magán do centro sociocultural de Santa Marta. Recolle algúns dos espectáculos: *Imprudently desee*, por parte de Ensalle; *Gil Vicente na horta*, polo Teatro Nacional Dona Maria II; *Sabe Deus pintar ao diabo*, a cargo da Compañía de Teatro de Braga; *Adivinhe quem vem para rezar*, de Seiva Trupe; *Sexpearamente*, de Producciones Sexpeare; *O país do Pato Donald*, de Lagarta Lagarta; *Sigue buscando*, por Funboa Escénica; *El chico de la última fila*, de La fila de al lado; e *A charca inútil*, de Teatro do Atlántico.

Teatrofilia, Xª Mostra de Teatro Amador

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Ullán Teatro. Na edición de 2013, celebrada dende o 8 até o 24 de marzo, participaron as compañías Tira e Afloxa, con *Ao pé da lareira*; o grupo da Asociación Cultural San Campio, con *A tía Asunción vén da Arxentina*; Ullán Teatro, con *Ghrellos Crest*; Talía Teatro, con *Pelos na lingua*; Teatro Avento, con *Fantasticks*; Avelaíña Teatro, con *María Castaña* e a Aula de Teatro da USC, con *Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira a meu fillo*. Tamén se representou, para o público infantil, *Pim, pam, clown*, por parte de NNC Teatro.

Referencias varias:

- J. R., “Andrea Valado, ganadora del concurso de carteles de la X Mostra Teatrofilia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 438, 15 xaneiro 2013, p. 7.

Dáse conta do fallo do xurado do concurso de carteis da X Mostra Teatrofilia, indicando que a gañadora dos douscentos cincuenta euros do premio foi a ourensá Andrea Valado. Infórmase das novidades coas que contará esta edición deste festival, así como a súa duración e os días nos que terán lugar as representacións.

- S. Formoso, “Teatrofilia sube el telón el día 8 con las compañías de teatro locales”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 481, 27 febreiro 2013, p. 6.

Infórmase do comezo dunha nova edición desta mostra que terá lugar todos os venres e sábados até o 24 de marzo. Explicase que a diferenza doutros anos, nesta ocasión son as compañías locais as que inauguran o festival. Dáse conta tamén das compañías participantes e das obras que se representarán os tres primeiros días do festival.

- Susana Formoso, “Teatrofilia sube el telón con piezas cómicas vedresas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 493, 11 marzo 2013, p. 6.

Dáse conta da inauguración do ciclo Teatrofilia polas compañías locais, que se encargan da representación de obras cómicas adaptadas ou de creación propia. Infórmase das compañías participantes e dalgunhas obras representadas. Destácase especialmente a boa acollida que tivo entre o público a xornada do sábado e sinálase que a Estrada tivo ás artes escénicas como protagonistas esa fin de semana, na que Matrioshka Teatro levou a escena *C’est la vie*.

- M. T., “Continúa en Vedra a X edición da mostra de teatro amador”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 496, 14 marzo 2013, p. 7.

Infórmase da continuidade da X mostra de Teatro Amador do concello de Vedra, da man de tres compañías que representarán cadansúa obra.

- Susana Formoso, “Gala dos Teatrofilias para celebrar a década do festival”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 504, 22 marzo 2013, contracuberta.

Coméntase o décimo aniversario da Mostra de teatro afeccionado de Vedra, que apoia a asociación Papaventos. Indícase que, para celebralo, se organizou unha gala na que se premiarán as mellores obras que se representaron dentro da Mostra durante esta década. Apúntanse as dificultades ás que tivo que facer fronte este festival dende a súa creación.

- M. T., “Teatrofilia finaliza con unos originales premios que resumen sus diez años”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 507, 25 marzo 2013, p. 6.

Dáse conta do remate da Mostra Teatrofilia coa Gala X aniversario, na que, a imitación dos Óscar, pretendíase premiar o mellor drama, cartel, obra profesional, obra infantil, comedia e musical das dez edicións. Noméanse os premiados e tamén as compañías e obras que clausuraron esta edición.

Teo, VIº Mes do Teatro

Organizada polo Concello de Teo en colaboración coa Deputación da Coruña e AGADIC. A edición de 2013, que tivo lugar do 5 ao 20 de outubro, contou coa participación das compañías Malasobra Teatro, con *Go on!*; Cadro Artístico Airiños, con *Cabaré dos 80 anos de Airiños*; e o grupo do Obradoiro Municipal de Teatro, con *Farsa plautina*. Tamén se levaron a escena, para o público infantil, as pezas *Refugallo*, a cargo de Berrobambán Teatro; *Merlín e Contos de Morgana e Artur*, d’Os Quinquilláns Teatro e *Bailando cos contos*, de Baobab Teatro.

Referencias varias:

- C. B., “El Mes do Teatro de Teo apuesta en su oferta por el público familiar”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 700, 6 outubro 2013, p. 7.

Dá noticia de que Malasombra Teatro inaugurou a sexta edición do Mes do Teatro de Teo, centrado nesta ocasión no público familiar coa representación das pezas *Refugallo*, a cargo de Berrobambán Teatro; *Merlín*, de Quinquilláns Teatro e *Bailando cos contos*, a cargo de Baobab Teatro. Refíre tamén a representación de *Contos de Morgana e Artur*, de Quinquilláns Teatro nos colexios teenses de Calo, A Ramallosa e Os Tilos. Sinala que así mesmo haberá espectáculos dirixidos ao público adulto: *Cabaré dos 80 anos de Airiños*, polo Cadro Artístico Airiños; *Farsa Paulina*, que ofrecerá o obradoiro municipal de Teatro; e *Aneis*, de Branca Novo Neyra-Danza.

Terras de Orcellón, VIª Mostra de Teatro Amador

Organizada polo grupo Tirule, co apoio da Deputación Provincial de Ourense e do Concello do Carballiño. A edición de 2013 celebrouse entre os días 3 de novembro e o 1 de decembro. Representáronse as pezas *A rúa do inferno*, por parte de Axóuxere Teatro; *Cóncavo-convexo*, de Ateaco; *O cadáver do señor García*, de Tarantela; *Fantasticks*, de Teatro Avento; e *Un estudante de categoría*, da Cofradía San Miguel de Piteira.

Tomiño Humor

Ciclo organizado pola Concellería de Cultura de Tomiño. Na edición de 2013, celebrada no Auditorio de Goián entre os días 26 de xaneiro e o 23 de marzo, participaron as compañías Fulano, Mengano e Citano, coa peza *Top manta*; e Mofa e Befá con *Sempre ao lonxe*.

Referencias varias:

- E. G., “Tomiño programa un ciclo de humor galego como un antídoto para ‘tiempos difíciles’”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 18 xaneiro 2013, p. 16.

Dá conta do inicio deste ciclo de humor galego en Tomiño, que ten a finalidade de poñer unha nota de humor a estes tempos difíciles. Inclúe o programa da mostra.

- A. Ferreira, “Los tres mejores humoristas en Tomiño como antídoto a la crisis”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 15 febreiro 2013, p. 18.

Infórmase da boa acollida das dúas primeiras actuacións dentro deste ciclo de humor de Tomiño. Inclúese a programación das representacións seguintes e faise referencia ás actividades culturais que o concello ten pensado levar a cabo no inverno.

Touro, IVª Festa do Teatro de

Organizada polo Concello de Touro. Na edición de 2013 participaron os grupos da Escola Municipal de Teatro de Palas de Rei, a Aula de Teatro do CPI de Vedra e a Escola Municipal de Teatro de Laxe.

Referencias varias:

- S. E., “La escuela de Laxe abre hoy el festival de teatro de Touro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 553, 11 maio 2013, p. 6.

Dáse conta da apertura do festival de teatro de Touro e das actividades que se levarán a cabo no seu marco.

- J. Rodríguez, “El Festival de Teatro de Touro bajó el telón con gran éxito”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 556, 14 maio 2013, p. 7.

Infórmase da gran acollida que tivo o Festival de Teatro de Touro. Sinálase tamén a procedencia dos grupos participantes.

Troco X Troco, Iº Intercambio Teatral Portugal-Galicia

Circuíto de difusión teatral organizado pola Xunta de Galicia dende 2013, a través do que se busca potenciar o intercambio entre Galicia e Portugal, ao tempo que se favorece a comunicación intercultural e a proxección no ámbito da lusofonía. Consiste en traer o teatro portugués a Galicia e de levar o teatro galego a Portugal. Na edición de 2013 representáronse as pezas *Os cantares das musas*, de Sarabela Teatro; *A charca inútil*, de Teatro do Atlántico; e *A función do Tequila*, de Teatro do Morcego. Tamén se levou a escena, para o público infantil, a peza *Touporroutou da lúa e do sol*, de Teatro do Noroeste, en coprodución co Centro Dramático Galego.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Portugal e Galicia inician un novo intercambio escénico”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xuño 2013, p. 41.

Fálase do programa de intercambio teatral entre Galicia e Portugal Troco x Troco. Infórmase de que na iniciativa participan catro compañías teatrais de cada país e indícase que os grupos galegos seleccionados son: Sarabela Teatro, con *Os cantares das musas*; Teatro do Atlántico, con *A charca inútil*; Teatro do Morcego, con *A función do tequila*; e Teatro do Noroeste, con *Touporroutou da lúa e do sol*.

- A. Ferreira, “Troco x Troco’ incluye el teatro municipal de Tui”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 21 xuño 2013, p. 14.

Dáse noticia da presentación do programa Troco x Troco e destácase que é o primeiro circuíto de intercambio teatral entre Galicia e Portugal. Precísase que oito compañías galegas e portuguesas ofrecerán trinta e dúas representacións en oito teatros dos dous países, entre eles, o teatro municipal de Tui.

- E. G., “La compañía del Teatro de Braga ofrece en Tui el monólogo mudo ‘Concerto à la carte’”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 24 outubro 2013, p. 17.

Infórmase que a compañía de Teatro de Braga vai presentar en Tui o monólogo mudo *Concerto à carte* no marco da iniciativa Troco x Troco.

Tui, Vª Semana de Teatro Afeccionado de San Telmo

Organizada pola Concellería de Cultura de Tui, coincidindo coas festas de San Telmo dese concello pontevedrés. Na edición de 2013, celebrada entre o 1 e o 6 de abril, participaron as compañías Garabullada Teatro, con *Un día de espías*; o grupo de teatro San Fins, con *Ratibrom*; Atalaia, con *O cianuro, só ou con leite*; Caldemiños, con *O Ciridonio*; Aloia Teatro, con *A vinganza de Petra*; e Chirlomirlo Teatro, con *O enfermo imaxinario*.

Valadouro, XXVIIIª Semana do Teatro

Xornadas de teatro afeccionado celebradas no concello do Valadouro. A edición de 2013 tivo lugar no mes de setembro e contou coa representación das pezas *Deusas*, do Grupo de Teatro Xuvenil A Maseira de Alfoz-O Valadouro; *Imos para Benidorm*, a cargo dos Irmáns Vilar Ponte de Ouro; *Abordelar*, d'O Bordelo de Cervo; *Sen seu amor*, do Grupo de Teatro A Adala de Fazouro; e *Ruídos na casa*, do Grupo Teatral Raiolas de Alfoz.

Valladares teatral, VIIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Organizado polo centro veciñal e cultural de Valladares, en Vigo, apoiado pola compañía Platta, a Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) e co patrocinio da Xunta de Galicia. Na edición de 2013, celebrada os días 26 e 27 de outubro e 2 de novembro, representáronse *María Castaña*, a cargo do grupo Avelaíña Teatro, *Ti cantos contos contos*, de Fanfarria dos Soños; e *A tola do barrio*, de Teatrino Teatro.

Veladas de teatro cabaré

Ciclo teatral en pequeno formato organizado con motivo do vinte e cinco aniversario do Pub Atlántico de Santiago de Compostela. Na edición de 2013 participaron, entre outros actores, Iolanda Muíños e Camila Bossa, coa peza *Malos hábitos*.

Referencias varias:

- E. C. G., “Veladas de teatro cabaré en el pub Atlántico”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 febreiro 2013, p. 28.

Infórmase da celebración dun ciclo de teatro no pub Atlántico de Compostela, co fin de celebrar os seus vinte e cinco anos. Ademais, dáse conta da programación das primeiras representacións.

Vente a ver teatro, IIIº Ciclo

Ciclo de teatro promovido pola Concellaría de Cultura da Laracha e celebrado no centro sociocultural de Paiosaco. Na terceira edición de 2013 participaron Camila Bossa e Iolanda Muíños, con *Malos hábitos*; Isabel Risco, co monólogo *Nabiza Girl*; e así mesmo representouse para o público infantil *O gordo e o calvo van ao médico*, a cargo d'Os Sete Magníficos máis un.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Isa Risco izará en Paiosaco el telón del ciclo teatral”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 515, 3 abril 2013, p. 5.

Dá conta da programación deste ciclo larachés así como da hora á que comezan as representacións.

- J. M. Ramos, “Isabel Risco llega con la Nabiza Girl”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 523, 11 abril 2013, p. 6.

Anúnciase o comezo do ciclo Vente a ver teatro coa representación do monólogo *Nabiza Girl* da humorista Isabel Risco. Dáse conta do argumento da peza, da hora á que terá lugar a representación e da gratuidade das entradas para todos aqueles laracheses que queiran asistir.

Vigo, Semana de Teatro Afeccionado de

Ciclo organizado pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo. Na edición de 2013 as representacións tiveron lugar os sábados 9, 16, 23 e 30 do mes de novembro e o primeiro domingo de decembro, día 1. Participaron o grupo Tarantela de Beade, coa peza *O achado do castro*; Teatro Rueiro de Coia, con *Comedia bífida*; Porta Aberta, de novo con *O achado do castro*; e o grupo Valladares, con *A fatídica Festa do ano da serpe*.

Vigo en bruto

Programa ideado polos responsábeis de Teatro Ensalle para dar saída ao traballo de novos creadores escénicos. A edición de 2013 contou coa participación de Aporía, con *Muller nº 9*, e doutras compañías foráneas.

Vila de Sarria, IIIª Semana de Teatro Cómico

Xornada teatral celebrada na Casa da Cultura da vila de Sarria. Na edición de 2013, celebrada os días 3, 9, 10 e 11 de agosto, representáronse as pezas *Camping gas*, por parte d'Os Trocos; *A pantofo do pazo de Tumbiadoiro*, de Rebuldeira Teatro; e outras pezas a cargo de Andaravía, Axóuxere Teatro e Os 7 magníficos máis un.

Referencias varias:

- Sergio Rodríguez, “Seis compañías actuarán desde hoy en la Semana de Teatro Cómico de Sarria”, *El Progreso*, “Sarria”, 3 agosto 2013, p. 15.

Alude a que na IIIª Semana de Teatro Cómico de Sarria actuarán Rebuldeira Teatro con *A pantasma do pazo Tumbiadoiro* xunto con outras compañías como Os Trocos, Andaravía ou Os sete magníficos máis un.

Vilalba, XVª Mostra de Teatro de

Organizada por Hipócrita Teatro, coa colaboración da Concellería de Cultura, e celebrada no auditorio municipal Carmen Estévez todos os venres do mes de novembro. A edición de 2013 contou coa participación da Escola Municipal de Teatro da Pontenova, con *Un lugar axeitado para criminais*; a Escola Municipal de Teatro de Castro de Rei, con *Camping Gás*; a Escola Municipal de Teatro de Vilalba, con *Veteranas*; e Quemaisten Teatro, con *As herdeiras do Sol*.

Referencias varias:

- M. M., “El auditorio vilalbés acoge la representación de la obra teatral ‘María Castaña’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 27 novembro 2013, p. 18.

Dá noticia de que a compañía Avelaiña Teatro representará *María Castaña* o día 29 de novembro no auditorio vilalbés, no marco da XV Mostra de Teatro desta localidade. Refire que esta edición se pechará o día 30 coa representación da peza *Un lugar axeitado para criminais*, a cargo da escola municipal de teatro da Pontenova.

Vilamarín, XXVIª Noites Teatrais de

Organizadas polo Concello de Vilamarín e celebradas no auditorio municipal desa localidade. A edición de 2013 tivo lugar na segunda quincena do mes de xullo e contou coa participación das compañías galegas Malasombra Teatro, con *Misión Sapiens*; Producións Acontrabutaca, con *Dous son parella (e o demais son calumnias)*; e Fulano, Mengano e Citano, con *Top manta*; e da compañía foránea Producciones Fauno.

Referencias varias:

- S. N., “Misión Sapiens’ despide las Noites Teatrais en Vilamarín”, *La Región/Atlántico Diario*, “Sociedad”, 18 xullo 2013, p. 52.

Destaca que a XXIVª edición deste ciclo se pechará con *Top Manta*, de Fulano, Mengano e Citano, e mais cos monólogos de *Misión Sapiens*.

- Mariluz Villar, “Vilamarín y el teatro”, *La Región*, “Opinión”, “Mujeres”, 25 agosto 2013, p. 20.

Reflexiona sobre as Noites teatrais do concello de Vilamarín, que subliña como foi unha iniciativa súa ante o propio consistorio e que estivo apoiada polo Estudo de Artes Escénicas de Ourense. Anota varias cuestións persoais da súa traxectoria artística e en relación coa citada mostra.

Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

Organizado polo Concello de Vimianzo, desenvólvese no auditorio municipal da localidade durante os meses de outubro e novembro. Na edición de 2013 participaron as compañías Talía Teatro, con *Gaivotas subterráneas*; Teatro do Aquí, con *Criaturas*; e Teatro de Cámara Ditea, con *Acto imprevisto*. Para o público infantil, Talía Teatro estreou *Xango, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Teatro y música para amenizar el otoño cultural en Terra de Soneira”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 701, 7 outubro 2013, p. 6.

Dá noticia de que, dentro do outono cultural en Vimianzo, Teatro do Aquí ofrecerá a obra *Criaturas*, Teatro de Cámara Ditea levará a escena *Acto Imprevisto* e, por último, Talía Teatro representa *Gaivotas subterráneas*. Tamén informa de que Talía Teatro porá en escena o espectáculo infantil *Xango, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*.

Xosé Agrelo, VIIª Mostra de Teatro

Mostra de teatro escolar organizada polo Concello de Muros. A edición de 2013 tivo lugar dende o 3 de abril até o 17 de maio e estivo dedicada a Roberto Vidal Bolaño. Nela representáronse as pezas *Gaivotas subterráneas*, a cargo de Talía Teatro; *Baile de sombras*, da Asociación Cultural A Turbina; *Desfeitos*, de Teatro Galileo; *Criaturas*, de Teatro do Aquí; *Fervenza onírica*, de Avelaíña Teatro; *Berenguela*, do Obradoiro de Teatro Ricardo Tobío de Esteiro; *Todo é un conto* e *O máxico e tolo Camiño a Compostela*, a cargo do Obradoiro de Teatro Ramón de Artaza; *Aventuras dunha espiña de toxo*; do Obradoiro de Teatro de Louro; *Textos de Pepe Agrelo*, d’O Xeito Teatro; *O médico a paus*, do Grupo de Teatro Municipal de Ames; *A boneca esquecida*, a cargo do Centro de Valadares; *O circo*, do Obradoiro de Teatro de Muros; *UniverSOS paraLELOS*, de Teatro Solidario as Ínsuas e *Integral*, de Aquelando Teatro. Así mesmo representáronse, para o público infantil, *O kikirixote*, a cargo de Monicreques de Kukus; *Nuncabunga*, de Elefante Elegante; e *Pequena*, de Talía Teatro.

Referencias varias:

- Suso Souto, “Muros continúa con la Mostra de Teatro Xosé Agreló”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 551, 9 maio 2013, p. 7.

Infórmase da continuidade da Mostra de Teatro Xosé Agreló en Muros e de dúas das obras que se representarán, así como da gratuidade das entradas.

III.3.2. ESTREAS

III.3.2.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

A Artística: *Arquitectura da emoción*

Recensións:

- Camilo Franco, “A difícil xestión dos sentimentos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 12 abril 2013, p. 3.

Infórmase que esta compañía resulta da fusión de Factoría Teatro e Disque Danza co fin de complementarse. Indícase que o obxectivo da compañía é afondar nos sentimentos e dáse conta da estrea da súa nova montaxe en Vigo, da que sinala a relación da importancia dos obxectos e do material cos aspectos fundamentais da peza.

Abrapalabra Creacións Escénicas (1): *As do peixe*, texto e dirección Cándido Pazó

Ver FITO, VIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Recensións:

- Inma, López Silva, “O teatro cando é bo”, *Tempos Novos*, n.º 199, “Crítica”, “Teatro”, decembro 2013, p. 80.

Ofrécese a recensión desta peza teatral de Cándido Pazó. Sinálase que constitúe unha historia sobre a vida de catro mulleres en paro que traballaron na industria conserveira galega e que se reúnen para ensaiar unha obra de teatro sobre elas mesmas. Saliéntase que a conserveira serve de pretexto para expresar dramas sociais que parten do laboral: o acoso sexual, o fracaso escolar entre as rapazas, os embarazos a destempo e a diglosia. Destácase que a obra convida a levar o teatro ás fábricas para a reflexión e a actuación. Apúntase que a posta en escena procura a aparencia de realidade e atraer a atención do espectador sobre as historias.

Referencias varias:

- Beni Yáñez, “Cándido Pazó estrena en la villa su obra teatral sobre las mujeres de la conserva”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 16 xullo 2013, p. 11.

Anúnciase a estrea na Illa de Arousa desta peza teatral de Cándido Pazó, indicando que é unha homenaxe ás traballadoras do sector conserveiro.

- Montse Dopico, “Facer teatro”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VII.

Recóllense as palabras de diferentes persoeiros, entre eles o dramaturgo, actor e director Manuel Lourenzo, o presidente de Escena Galega, Salvador del Río, ou Pedro Fresneda, de Ensalle, en relación coa situación do teatro galego. Apúntase que en 2013 a situación das compañías é peor que “extremadamente difícil”. Coméntase que, segundo denunciou a Plataforma das Artes Escénicas, a Rede Galega de Teatros e Auditorios “estivo varios meses parada”; que a AGADIC reduciu o orzamento en relación con outros anos e que a Rede funciona a niveis moi baixos porque as institucións non están pola labor de apoiar o teatro. Infórmase que Casahamlet distribuirá *Eclipses* e traballa na creación dun novo espectáculo arredor do Rexurdimento, pero que ten dificultades pola perda do proxecto de realización dun laboratorio teatral da Deputación da Coruña do que se viña encargando. Sinálase que Lagarta Lagarta xa desapareceu e que Teatro do Atlántico, malia estrear *A charca inútil*, de David Desola, non sabe se continuará. De Sarabela coméntase que mantén en cartel *Os cantares das musas* e *Viaxe a ningunha parte*, que estreará este ano unha obra de Arístides Vargas e que conseguiu manter o festival FITO, que terá lugar entre o 5 e 18 de outubro grazas a diferentes institucións que se nomean e no que se poderán ver *Eurozone*, de Chévere, ou *Imprudentemente deseé*, de Teatro Ensalle, *Ás do peixe*, de Cándido Pazó, ou *Stayingalive*, de Matarile.

Abrapalabra Creacións Escénicas (2): *Historias camiñantes*

Ver Cultura no Camiño

Achádego Teatro (1): *Achádego 25 anos despois*, dirección tareixa Campo

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Achádego rinde homenaje al teatro en Lugo con motivo de sus 25 años”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 6 decembro 2013, p. 11.

Dá noticia, entre outras cousas, das actividades que organizou a compañía Achádego con motivo do seu vixésimo quinto aniversario: unha mesa redonda (xoves 12), unha xornada de portas abertas do seu local de ensaio (venres 13) e a representación de *Achádego 25 anos despois*, unha obra humorística sobre a súa forma de traballar (sábado 14).

- Jaureguizar, “O alcalde de Lugo actuará con Achádego Teatro pola celebración dos seus 25 anos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 11 decembro 2013, p. 48.

Fai referencia a que José López Orozco, alcalde de Lugo, participará como actor na obra *Achádego, 25 anos despois*, espectáculo que conmemora que a compañía cumpre un cuarto de século. Unha das fundadoras, Tareixa Campo, indicou que o venres 13 o local de traballo de Achádego permanecerá aberto para aqueles que queiran coñecerlos.

- Marta Veiga, “A política non só pode ser teatro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Teatro”, 15 decembro 2013, p. 57.

Dá noticia da participación de José López Orozco, alcalde de Lugo, na representación de *Achádego 25 anos despois*, obra conmemorativa do cuarto século de vida da compañía e que contou coa presenza de numerosos actores que se interpretaban a si mesmos. Informa de que o alcalde destacou a complexidade da profesión de actor e afirmou que na política non podía ser todo teatro.

Achádego Teatro (2): *O barco sen mariñeiro*

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Una ciudad para los artistas”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 20 maio 2013, p. 7.

Entre outras actividades, dáse conta da presentación da obra *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro, dentro do ciclo Maio Escénico. Anúnciase tamén a estrea, no marco da mostra, da peza *O barco sen mariñeiro*, do grupo Achádego.

Achádego Teatro (3): *Recortar recortarei*

Producións **Acontrabutaca**: *O asasino é o Mordomo*, texto Xosé Lueiro, dirección David Ottone

Ver MITEU, XVIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Teatro do **Adro**: *As mil vidas de Matías Houseman*, texto e dirección José Prieto

Ver Cultura no Camiño

Ver MITEU, XVIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Áncora Producións: *Isobaras*, texto Gustavo Pernas, dirección Ánxela G. Abalo

Referencias varias:

- Montse Dopico, “Facer teatro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VII.

Recóllense as palabras de diferentes persoeiros, entre eles o dramaturgo, actor e director Manuel Lourenzo, o presidente de Escena Galega, Salvador del Río, ou Pedro Fresneda, de Ensalle, en relación coa situación do teatro galego. Apúntase que en 2013 a situación das compañías é peor que “extremadamente difícil”. Coméntase que, segundo denunciou a Plataforma das Artes Escénicas, a Rede Galega de Teatros e Auditorios “estivo varios meses parada”; que a AGADIC reduciu o orzamento en relación con outros anos e que a Rede funciona a niveis moi baixos porque as institucións non están

pola labor de apoiar o teatro. Infórmase que Casahamlet distribuirá *Eclipses* e traballa na creación dun novo espectáculo arredor do Rexurdimento, pero que ten dificultades pola perda do proxecto de realización dun laboratorio teatral da Deputación da Coruña do que se viña encargando. Sinálase que Lagarta Lagarta xa desapareceu e que Teatro do Atlántico, malia estrear *A charca inútil*, de David Desola, non sabe se continuará. De Sarabela coméntase que mantén en cartel *Os cantares das musas* e *Viaxe a ningunha parte*, que estreará este ano unha obra de Arístides Vargas e que conseguiu manter o festival FITO, que terá lugar entre o 5 e 18 de outubro grazas a diferentes institucións que se nomean e no que se poderán ver *Eurozone*, de Chévere, ou *Imprudentemente deseé*, de Teatro Ensalle, *Ás do peixe*, de Cándido Pazó, ou *Stayingalive*, de Matarile.

Teatro **Antroido**: *BailadELAS. Mulleres bolañesas*, adaptación Roi Vidal Ponte, dirección Xavier Estévez

Ver Cangas, XXXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo
Ver MIT, XXIXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia
Ver Sen Numerar

Recensións:

- Camilo Franco, “Historias dos personaxes”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, “Crítica”, 24 maio 2013, p. 10.

Fálase da peza *Bailadelas*, de Teatro Antroido, sinalando que a obra está protagonizada por cinco personaxes femininos de distintas obras de Roberto Vidal Bolaño. Dise que a montaxe busca ofrecer unha explicación de conxunto da obra do autor e coméntase que a forza dos personaxes logra compensar a carencia dun fío argumental da obra.

- Inma López Silva, “Lección de interpretación”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Crítica. Teatro”, maio 2013, p. 88.

Detense na análise de *BailadElas. Mulleres bolañesas* da compañía Teatro Antroido, de Roberto Vidal Bolaño e mais Roi Vidal, e comenta que está interpretada por Laura Ponte e mais que conta con bonecos e Kukas e Matarile.

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, “Día das Letras Galegas 2013. Roberto Vidal Bolaño”, *Grial*, n.º 197, Tomo LI, “O rego da cultura”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 8-9.

Trátanse os actos culturais ao redor da figura de Roberto Vidal Bolaño con motivo de que se lle dedicara o Día das Letras Galegas 2013. Dáse noticia da edición da súa *Obra completa*, en seis volumes coordinados por Xosé Manuel Fernández Castro. Recóllese a posta en escena de varias obras de Vidal Bolaño: *Animaliños*, realizada pola Aula de Teatro do Campus de Lugo da Universidade de Santiago; *Criaturas*, representada por Teatro do Aquí; *Bailadelas (seis mulleres bolañesas)*, montaxe de Roi Vidal e Laura Ponte; *Días sen gloria*, posta en marcha por Farao; e *Touporroutou da lúa e do sol*, que se está a preparar no Centro Dramático Galego. Recóllense tamén a preparación da

edición facsímile do manuscrito de *Ruada das papas e do unto* e a convocatoria do I Premio Roberto Vidal Bolaño. Conclúese cunha mención á posta en marcha da Asociación Roberto Vidal Bolaño co obxectivo de promover a figura e obra do autor.

- Pedro P., Riobó, “Presenza de Roberto Vidal Bolaño”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “RVB: Furia e razón”, primavera 2013, pp. 13-18.

Coméntase que, con motivo da produción en 2003 de *Daquel Abrente* por parte do Centro Dramático Galego, encomendáraselle a Pedro P. Riobó un estudo sobre Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes. Indícase que, naquela época, xa se contaba cun conxunto de traballos sobre Vidal Bolaño, algúns deles incluídos en libros dos espectáculos do Centro Dramático Galego. A continuación, realízase un repaso polas principais obras que analizan a figura deste persoeiro. Asemade, menciónanse as numerosas iniciativas para a posta en escena das súas obras, entre as que se destaca *Días sen gloria*, do Centro Dramático Galego; *Criaturas*, de Teatro do Aquí; *Bailadelas*, de Teatro Antroido; *Animaliños*, da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela-Compañía de Teatro do Campus de Lugo; e *A burla do galo*, da Aula de Teatro da Universidade da Coruña-Compañía Teatro Normal. Finalmente, faise referencia ao ciclo “Vidal Bolaño recuperado: citas audiovisuais”, organizado polo Centro Dramático Galego, creador tamén do Premio Roberto Vidal Bolaño ao Espectador; á fundación en 2012 da Asociación Roberto Vidal Bolaño ou as biografías dispoñíbeis para a súa consulta nas páxinas en liña da Real Academia Galega e da AGADIC, entre outros proxectos.

- Roi Vidal, “Ascensión, caída e resurrección de Antroido”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “RVB: Furia e razón”, primavera 2013, pp. 19-21.

Comeza indicando que Antroido parte do contacto de Roberto Vidal Bolaño co Equipo Lupa. Sinala que, xunto con Xaquín García Marcos, funda en 1974 o grupo, que parte dunha experiencia previa, o Grupo Obradoiro, posto en marcha por Lupa. Comenta que a primeira produción foi *Amor e crimes de Xan o Panteira* (1975), tomada do *Teatro para a xente*, de Eduardo Blanco-Amor, que compartía o estilo da farsa co Teatro Independente peninsular. Asemade, destaca que *Laudamuco, señor de ningures* (1976) foi o primeiro espectáculo de teatro profesional galego e que, a partir dese momento, a compañía comeza a explorar novos formatos, coma o teatro de rúa e o de monicreques. Pon de manifesto que, ao longo deses anos, vai configurando unha estética propia, baseada no grotesco, o metateatro, a investigación do teatro popular e o emprego de códigos teatrais e audiovisuais. Finalmente, fai referencia ao desencontro de Vidal Bolaño co conselleiro de cultura, Manuel Vázquez Portomeñe, e á resposta de Antroido en forma de peza teatral, *Caprice de Dieux* (1985), a derradeira da compañía; ao tempo que menciona a estrea de *Bailadelas (seis mulleres bolañesas)* como homenaxe a Vidal Bolaño.

- M. J. R., “Marián Rey e Abigail Montiel estrean en Narón ‘O sexo que sucede’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 2 abril 2013, p. 15.

Infórmase da estrea de *O sexo que seduce* no café-teatro do Pazo da Cultura, espazo que tamén acollerá outros espectáculos como *A tixola polo mango (muller, non é para tanto)*, de Teatro do Noroeste e *BailadELAS*, de Teatro Antroido. Dáse conta de que a compañía encargada da representación d’*O sexo que seduce* é Galerna Crúa, creada

recentemente e dirixida por Bucanero. A finalidade desta obra é render unha homenaxe ás mulleres e á ópera.

- Carmen Villar, “Vidal Bolaño acapará a programación deste ano do Centro Dramático Galego”, *Faro de Vigo*, p. 38. / *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 31, “Sociedad”, 16 abril 2013.

Expóñense pormenorizadamente os distintos actos culturais que teñen como figura de referencia o dramaturgo Vidal Bolaño no ano no que se lle adican as Letras Galegas, entre os que se atopa a posta en escena desta obra.

- I. Jiménez, “ ‘BailadELAS’ ou un tributo ás mulleres na obra de Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 abril 2013, p. 52.

Infórmase do comezo dunha xira teatral da man da compañía Teatro Antroido, creada por Vidal Bolaño, que representará, *BailadELAS*, espectáculo conformado a partir de distintas obras do dramaturgo que foron adaptadas por Roi Vidal. Sinálase que na obra cobran importancia os personaxes femininos recollidos das distintas postas en escena do autor. Infórmase igualmente das distintas vilas e cidades nas que se representará a obra.

- Javier García, “Teatro, exposicións e novas edicións lembrarán a Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 abril 2013, p. 40.

Dá conta de que con motivo do ano dedicado a Vidal Bolaño, terán lugar numerosas representacións teatrais, exposicións e unha mostra itinerante sobre o autor. Entre as obras están: *Días sen gloria*, do CDG; *Criaturas*, do Teatro do Aquí; *BailadELAS*, de Teatro do Antroido; *Touporroutou da lúa e do sol*, do Teatro do Noroeste e da Escola Superior de Arte Dramática; *Animaliños*, da Aula de Teatro da USC; *A burla do Galo*, da Aula de Teatro da UDC e o espectáculo *Vidal Bolaño 2013*, composto a partir de pasaxes do dramaturgo. Ademais, realízanse novas edicións de *Doentes* e das *Obras completas* de Vidal Bolaño e de *Un chapeu negro e un nariz vermello*.

- M. M., “ ‘Esta é unha obra cargada do intento de remexer as conciencias’ ”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 9 maio 2013, contracuberta.

Infórmase das representacións desta peza teatral no Teatro Principal de Santiago e destácase o gran carácter crítico da obra e o desexo de Xavier Estévez, o seu director, de que os mozos coñezan o traballo de Roberto Vidal Bolaño.

- M. F., “Roberto Vidal Bolaño é un autor fundamental e indiscutible dos últimos tempos”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 22 / *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 775, p. 33 / *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 775, p. 29, “La Entrevista”, 12 maio 2013.

Acóllese unha entrevista a Laura Ponte, actriz da compañía Teatro Antroido e primeira muller de Roberto Vidal Bolaño, centrada na emocionante estrea de *BailadELAS*. Nela descríbense as mulleres bolañesas da obra como moi particulares, tentando prestar especial atención ás marxinadas e ás menos favorecidas; infórmase de que ela mesma é a responsábel de todas as interpretacións femininas e do seu desexo particular de continuar co Teatro Antroido; reflexiónase sobre a homenaxe da RAG a Vidal Bolaño e

sobre outros proxectos teatrais e menciónanse os lugares onde se representará a obra na que está traballando neste momento.

- ECG, “Última función de ‘BailadELAS’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 maio 2013, p. 26.

Anúnciase a última representación no Teatro Pincipal de Santiago de Compostela da obra *BailadELAS. Seis mulleres bolañesas*, de Teatro do Antroido.

- Camilo Franco, “O cro-magnon segue aquí”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Vai por aí”, 23 maio 2013, p. L7.

Anúnciase a posta en escena de *Bailadelas*, por Teatro do Antroido, e *Criaturas*, por Teatro do Aquí. Partindo disto, fanse unha serie de reflexións sobre a sociedade e fálase da figura de Roberto Vidal Bolaño.

- L.T., “Teatro do Antroido presenta ‘BailadELAS’ en el Liceo”, *El Ideal Gallego*, “Betanzos”, 26 maio 2013, p. 16.

Infórmase da posta en escena da obra *BailadELAS. Seis mulleres Bolañesas* pola compañía Teatro do Antroido no Arquivo-Liceo de Betanzos.

- M. Gil, “El Liceo de Noia tendrá una programación este octubre llena de danza, música y teatro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 703, 9 outubro 2013, p. 7.

Sinala que dentro da programación cultural do Liceo noiés do mes de outubro se inclúen as obras *Cociña económica* de Mofa e Befá e *Bailadelas, mulleres bolañesas*, de Teatro Antroido.

- Suso Souto, “O centro cultural de Muros acolle durante este Nadal tres espectáculos teatrais”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 772, 17 decembro 2013, p. 5.

Dá noticia da representación de tres obras no concello de Muros que renden homenaxe a Vidal Bolaño: *O capricho do teatro. RVB*, de Os Quinquilláns; o espectáculo infantil *Uxío no país de Patadecabra*, a cargo de Expresión producións; e *BailadELAS*, de Teatro Antroido. Infórmase que as dúas primeiras obras están incluídas na programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Teatro **Antroido**: *Vida e obra de Roberto Vidal Bolaño*, adaptación Laura Ponte e Roi Vidal Ponte

Aporía Teatro: *Muller n.º 9*, texto e dirección Diana Mera

Ver Vigo en bruto

Recensións:

- M. V. García, “Muller número 9”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 466, “Teatro”, 11 xullo 2013, p. 8.

Reflexiónase sobre o teatro posmoderno, afirmando que non logrou cuestionar as convencións do teatro á italiana e que está instalado nun paradoxo que consiste en facer teatro pero renunciando ao teatro. Partindo disto, fálase da obra *Muller n.º 9*, da compañía Aporía, sinalando que a peza é un bo exemplo deste paradoxo. Coméntase que a obra foi escrita e dirixida por Diana Mera e elóxiase o traballo das actrices que compoñen o elenco.

Referencias varias:

- M. Mato, “Teatro Ensalle estrena ‘Muller n.º 9’, obra con la que nace la compañía Aporía”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 22 xuño 2013, p. 63.

Fálase do nacemento da compañía de teatro Aporía e dáse conta da estrea no Teatro Ensalle da súa primeira obra, *Muller n.º 9*. Coméntase que a peza fala da represión mental das mulleres-personaxes.

Teatro **Arte Livre**: *Divina Garbo*, dirección Roberto Cordovani e Bruno Portela

Ver Teatro&Danza

Referencias varias:

- A. Iglesias, “Arte Livre do Brasil recrea el mito de Greta Garbo en el Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 febreiro 2013, p. 28.

Infórmase de que a Compañía Internacional de Teatro Arte Livre estrea *Divina Garbo* dentro do ciclo Teatro&Danza no Teatro Principal. O obxectivo da representación é homenaxear a Greta Garbo, cualificada polos directores do espectáculo como o “maior mito do cinema”. Tamén se fai referencia a como conseguir as entradas e a que prezo.

- R. M., ““Nos anos trinta Greta Garbo acabou vindo a Galicia”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 20 febreiro 2013, contracuberta.

Dáse conta dunha nova posta en escena por parte do autor Roberto Cordovani arredor de Greta Garbo que se escenificará tres días no Teatro&Danza co fin de homenaxear á actriz que lle dá nome á representación nos setenta anos da súa retirada. Destácase que un dos actores sinalou que a protagonista visitou nos anos trinta Galicia.

Teatro do **Atlántico**: *A charca inútil*, texto de Davil Desola

Ver FITO, VIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Ver Teatro&Danza

Ver Troco X Troco, Iº Intercambio Teatral Portugal-Galicia

Referencias varias:

- Luis Montero, “Galicia, o grande escenario do último cuatrimestre con 368 actuacións”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 28 agosto 2013, p. 34.

Infórmase de que entre os meses de setembro e decembro se van representar en Galicia un total de trescentas sesenta e oito actuacións escénicas e musicais. Indícase que entre os espectáculos ofrecidos destacan as obras teatrais galegas e en galego, sendo *A charca inútil*, de Teatro do Atlántico, a obra que conta cun maior número de funcións.

- J. A. Martínez Sevilla, “La cuerda locura”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La columna”, 12 novembro 2013, p. 24.

Dá conta da escenificación desta peza no coruñés teatro Rosalía, da que destaca a “impecable dirección”, os personaxes deste “drama cuadrado”, en palabras do seu autor, así como no “análisis de sentimientos acerca del amor, la amistad y la gramática dedicada a golpes de corazón”. Remata salientando o labor interpretativo de Gonzalo M. Uriarte, Marcos Vieitez e María Barcala.

- P. Calveiro, “EL Principal ofrece ‘La charca inútil’, un drama al cuadrado lleno de ternura y humor”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, 12 decembro 2013, p. L6.

Dá noticia de que o Teatro Principal acolle *A charca inútil*, obra de David Desola e representada por Teatro do Atlántico. Trátase de personaxes que viven dramas (unha nai polo fillo e un profesor pola súa autoestima) pero que loitan por atopar a luz ao final do camiño.

Blanca Cendán e Suso Alonso: *Mornings. Guateque global*

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Queremos levar aos espectadores aos anos 60”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escena”, 13 setembro 2013, p. 9.

Conversa con Blanca Cendán na que fala sobre o seu espectáculo *Mornings*, realizado en compañía de Suso Alonso. Afirmar que se trata de teatro musicalizado que supón unha visión retrospectiva até os anos sesenta.

- C. G., “Presentado na Zona C o espectáculo ‘Mornings’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 setembro 2013, p. 24.

Sinala que o director-xerente do Auditorio de Galicia, Blanca Cendán e Suso Alonso presentaron na Zona C *Mornings. Guateque global*, un espectáculo que mestura teatro e música e que se inspira nos anos sesenta. Indica que haberá catro funcións, dende o xoves 19 até o domingo 22, incluídas no ciclo Teatro & Danza.

- A. Precedo, J. C., “Viaje a los 60 con 'Mornings'”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 19 setembro 2013, contracuberta.

Faise eco da estrea de *Mornings*. *Guateque total* na Zona C de Bonaval, unha obra protagonizada por Blanca Cendán e Suso Alonso que recolle a esencia dos anos sesenta. Refire os días das funcións, no marco do ciclo Teatro & Danza. Sinala que a compañía de teatro da Universidade de Santiago continúa as probas para completar o elenco de *Apnea (Variación segunda)*.

Bucanero Teatro (1): *A delgada liña boba*, dirección Lino Braxe

Referencias varias:

- N. V., “O teatro de Ferrol e Narón convértese en paso obrigado dos artistas máis populares”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 3 febreiro 2013, p. 12.

Dá conta, entre outras cousas, da representación desta peza do dúo Bucanero, no Pazo da Cultura de Narón e infórmase da súa temática, incluíndo opinións do mesmo director.

- Nicolás Vidal, “Bucanero estrea ‘A delgada liña boba’, comedia con mensaxe sobre a inutilidade das guerras”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 23 febreiro 2013, p. 18.

Acóllese unha pequena entrevista á parella de actores que conforman o dúo Bucanero, na que se explica como afectou o accidente do seu director Lino Braxe á representación da obra *A delgada liña boba*. Nela coméntase que se trata dunha peza moi diferente ás que estaban afeitos a realizar e salientanse as dificultades coas que contan para representar en tempos de crise.

- M. G. M., “A inactividade do Agadic reflíctese na escasez de teatro galego no IMCE”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 4 marzo 2013, p. 10.

Infórmase da escaseza de teatro galego no IMCE (Instituto Municipal Coruña Espectáculos) e noménase algunhas das súas postas en escena, entre outras, *A delgada liña boba*, de Bucanero Teatro. Tamén se sinala que o Teatro Colón, ante a dificultade para encontrar representacións de fóra de Galicia, apoia aos profesionais galegos.

- Manuel Varela, “Las heridas del teatro bélico”, *La Opinión*, “A Coruña”, “ciudad y Cultura”, 8 marzo 2013, p. 12.

Infórmase do accidente laboral sufrido por Lino Braxe que impide a súa participación nesta peza teatral que dirixe. Sínálase como se suple a súa falta en escena e cal é a temática da obra.

Camila Bossa e Marcos Correa: *Teatro X2*

Referencias varias:

- M. M., “Correa y Bossa difunden el teatro entre los jóvenes de Negreira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 523, 11 abril 2013, p. 6.

Dáse conta da representación da obra *Teatro X2* no auditorio do centro sociocultural de Negreira.

Catro Cadeiras: *O feo*, adaptación do texto de Marius Von Mayenburg, dirección Juan Carlos Corredoira

Ver Galicia Escena Pro

Centro Dramático Galego (1): *Criaturas*, texto Roberto Vidal Bolaño, dirección Evaristo Calvo, coprodución con Teatro do Aquí

Ver Cangas, XXXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo
Ver FIOT, XXIIº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo
Ver MIT, XXIXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia
Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de
Ver Xosé Agrelo, VIIª Mostra de Teatro

Recensións:

- Camilo Franco, “As ‘criaturas’ de Vidal Bolaño volven aos escenarios”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Teatro”, 19 abril 2013, p. 12.

Dáse conta da recuperación da compañía Teatro do Aquí e da representación desta peza teatral, unha comedia sarcástica sobre unha realidade que ten un comportamento cruel, pero disimulado. Infórmase do reparto da compañía e dos lugares nos que representarán a peza,

- Camilo Franco, “As criaturas somos nós”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, 22 abril 2013, p. 28.

Infórmase do regreso de *Criaturas* aos escenarios e explícanse as claves que permiten comprender o tipo de humor co que xoga o autor e o obxectivo que se persegue: aproximar o teatro aos espectadores sen que estes crean que existe unha gran distancia entre o representado e a realidade. Saliéntanse os diversos cadros que conforman a obra e que axudan a manter o xogo que Bolaño propón.

- J. A. Martínez Sevilla, “Criaturas”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La columna”, 12 decembro 2013, p. 24.

Gabanza das dúas representacións que a compañía Teatro do Aquí ofreceu da obra *Criaturas* no Rosalía da cidade coruñesa. Destácase a mestría en diversos eidos, como o

traballo dos actores, a dirección, a música ou o vestiario. Sinala que se trata dun espectáculo que leva á reflexión.

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, “Día das Letras Galegas 2013. Roberto Vidal Bolaño”, *Grial*, n.º 197, Tomo LI, “O rego da cultura”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 8-9.

Trátanse os actos culturais ao redor da figura de Roberto Vidal Bolaño con motivo de que se lle dedicara o Día das Letras Galegas 2013. Dáse noticia da edición da súa *Obra completa*, en seis volumes coordinados por Xosé Manuel Fernández Castro. Recóllese a posta en escena de varias obras de Vidal Bolaño: *Animaliños*, realizada pola Aula de Teatro do Campus de Lugo da Universidade de Santiago; *Criaturas*, representada por Teatro do Aquí; *Bailadelas (seis mulleres bolañesas)*, montaxe de Roi Vidal e Laura Ponte; *Días sen gloria*, posta en marcha por Farao; e *Touporroutou da lúa e do sol*, que se está a preparar no Centro Dramático Galego. Recóllense tamén a preparación da edición facsímile do manuscrito de *Ruada das papas e do unto* e a convocatoria do I Premio Roberto Vidal Bolaño. Conclúese cunha mención á posta en marcha da Asociación Roberto Vidal Bolaño co obxectivo de promover a figura e obra do autor.

- Pedro P., Riobó, “Presenza de Roberto Vidal Bolaño”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “RVB: Furia e razón”, primavera 2013, pp. 13-18.

Coméntase que, con motivo da produción en 2003 de *Daquel Abrente* por parte do Centro Dramático Galego, encomendáraselle a Pedro P. Riobó un estudo sobre Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes. Indícase que, naquela época, xa se contaba cun conxunto de traballos sobre Vidal Bolaño, algúns deles incluídos en libros dos espectáculos do Centro Dramático Galego. A continuación, realízase un repaso polas principais obras que analizan a figura deste persoeiro. Asemade, menciónanse as numerosas iniciativas para a posta en escena das súas obras, entre as que se destaca *Días sen gloria*, do Centro Dramático Galego; *Criaturas*, de Teatro do Aquí; *Bailadelas*, de Teatro Antroido; *Animaliños*, da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela-Compañía de Teatro do Campus de Lugo; e *A burla do galo*, da Aula de Teatro da Universidade da Coruña-Compañía Teatro Normal. Finalmente, faise referencia ao ciclo “Vidal Bolaño recuperado: citas audiovisuais”, organizado polo Centro Dramático Galego, creador tamén do Premio Roberto Vidal Bolaño ao Espectador; á fundación en 2012 da Asociación Roberto Vidal Bolaño ou as biografías dispoñíbeis para a súa consulta nas páxinas en liña da Real Academia Galega e da AGADIC, entre outros proxectos.

- Camilo Franco, “Teatro do Aquí recupera a lucidez das ‘Criaturas’ de Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 marzo 2013, p. 46.

Dáse conta da presentación da obra *Criaturas* pola compañía Teatro do Aquí. Infórmase do reparto da obra, cuxa historia e personaxes se relacionaron cos de *Frankenstein*, de Mary Shelley.

- Javier García, “Teatro, exposicións e novas edicións lembrarán a Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 abril 2013, p. 40.

Dá conta de que con motivo do ano dedicado a Vidal Bolaño, terán lugar numerosas representacións teatrais, exposicións e unha mostra itinerante sobre o autor. Entre as obras están: *Días sen gloria*, do CDG; *Criaturas*, do Teatro do Aquí; *BailadELAS*, de Teatro do Antroido; *Touporroutou da lúa e do sol*, do Teatro do Noroeste e da Escola Superior de Arte Dramática; *Animaliños*, da Aula de Teatro da USC; *A burla do Galo*, da Aula de Teatro da UDC e o espectáculo *Vidal Bolaño 2013*, composto a partir de pasaxes do dramaturgo. Ademais, realízanse novas edicións de *Doentes* e das *Obras completas* de Vidal Bolaño e de *Un chapeu negro e un nariz vermello*.

- Carmen Villar, “Vidal Bolaño acapará a programación deste ano do Centro Dramático Galego”, *Faro de Vigo*, p. 38 / *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 31, “Sociedad”, 16 abril 2013.

Expóñense pormenorizadamente os distintos actos culturais que teñen como figura de referencia o dramaturgo Vidal Bolaño no ano no que se lle adican as Letras Galegas, entre os que se atopa a posta en escena desta obra.

- O. B., “Criaturas’ regresa a Vilagarcía para homenaxear a Vidal Bolaño”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 7 maio 2013, p. 8.

Dá conta da próxima representación de *Criaturas* en Vilagarcía e inclúese unha sinopse da obra na que se comproba que trata temas de plena vixencia.

- C. F., “A criatura que chegou de lonxe”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 517, “Letras Galegas 2013”, “Roberto Vidal Bolaño”, 12 maio 2013, p. 13.

Infórmase de que como homenaxe a Roberto Vidal Bolaño, *Criaturas* regresa aos escenarios da man da compañía Teatro do Antroido. Trátase dunha adaptación na que se coñecen os personaxes femininos de distintas etapas do autor. Ademais, dáse conta doutras actividades culturais que están en relación coa figura de Roberto Vidal Bolaño.

- C. F., “Era un grande observador dos personaxes populares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 maio 2013, p. 27.

Conversa con Evaristo Calvo, director de *Criaturas*, na que reflexiona sobre o gran traballo que levou a cabo Roberto Vidal Bolaño e sobre a influencia que a súa figura tivo para el a nivel profesional.

- Camilo Franco, “O cro-magnon segue aquí”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Vai por aí”, 23 maio 2013, p. L7.

Anúnciase a posta en escena de *Bailadelas*, por Teatro do Antroido, e *Criaturas*, por Teatro do Aquí. Partindo disto, fánse unha serie de reflexións sobre a sociedade e fálase da figura de Roberto Vidal Bolaño.

- J. Trillo “El FIOT reconoció ayer a Roberto Vidal Bolaño y Pico”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 721, 27 outubro 2013, p. 7.

Comenta que o FIOT homenaxeou a Roberto Vidal Bolaño e mais a Xosé Manuel Oliveira “Pico” e asemade indica que se representou a obra *Criaturas* a cargo de Teatro do Aquí.

- E. Álvarez, “O teatro norteamericano chega por primeira vez ao CDG con Eugene O’Neill”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 28 setembro 2013, p. L6.

Fai referencia á programación da nova tempada do CDG, que proximamente cumpre trinta anos. Indica que no campo da produción propia se achega ao teatro norteamericano coa obra *Longa viaxe cara á noite*, de Eugene O’Neill, e recupera *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares, xa estreada por esta compañía en 2004. Ademais, o CDG coproduce coa compañía do Noroeste *Touporroutou da lúa e do sol*, de Vidal Bolaño. A maiores, destaca a participación no proxecto internacional P-Stage e no circuito Troco por Troco, o cal tenta aproximar Galicia e Portugal. Dá noticia, finalmente, de que o Salón Teatro neste ano dedicado a Vidal Bolaño, inclúe representacións do autor: *Touporroutou*, e mais *Criaturas*, obra a cargo do Teatro do Aquí.

- P. Calveiro, “La gira de ‘Criaturas’ se despide en Compostela con cuatro últimas funciones en el Salón Teatro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Para todos los públicos”, 12 decembro 2013, p. L6.

Sinala que no Salón Teatro se ofrecerán catro funcións da obra de Vidal Bolaño *Criaturas*, unha coprodución de Teatro do Aquí e do Centro Dramático Galego. Os actores saíran caracterizados polas rúas compostelás para promocionar o espectáculo e repartirán entradas gratis.

Centro Dramático Galego (2): *Días sen gloria*, texto Roberto Vidal Bolaño, dirección Fefa Noia

Recensións:

- Manuel Xestoso, “Ambigüidade esteticista”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 75, “Espectáculos”, verán 2013, pp. 45-46.

Comeza sinalando a ambigüidade da posta en escena de *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño, por parte do Centro Dramático Galego. Comenta que se trata dunha proposta máis lírica que dramática e máis formal que comprometida que non atribúe as transformacións dos personaxes á experiencia vivida no Camiño de Santiago. Asemade, indica que a visión pesimista da sociedade queda reducida a unas cantas anécdotas picarescas. Fai fincapé en que a escenografía, o espazo sonoro e a iluminación contribúen a crear un esteticismo que non figuraba no texto orixinal. Finalmente, destaca que a chamada á conciencia é substituída pola ritualización estética e que a mestura de formalismo e romance conforman un espectáculo fácil de seguir, pero que constitúe “un Vidal Bolaño descafeinado”.

- Camilo Franco, “A gloria que queda”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 29 marzo 2013, pp. 2-3.

Dáse conta da estrea da obra *Días sen gloria* por parte do CDG co fin de conmemorar o ano das letras dedicado a Roberto Vidal Bolaño. Ademais de informar do reparto, resúmese o contido da obra e a visión que ten da mesma o director do CDG.

- Camilo Franco, “O que pode ser e o que é”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 abril 2013, p. 38.

Crítica teatral da obra *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño, na que se informa da súa trama e do cambio de punto de vista ao que o CDG somete á peza, na que os personaxes -interpretados por Eva Souto e Manuel Manquiña-, permancecen coas circunstancias en contra. Fálase das dúas viaxes da obra, física e anímica, chegando á conclusión de que a compañía resolve mellor a primeira e coméntase que a escenografía é impecábel.

- Inma, López Silva, “A volta de Vidal Bolaño ao CDG”, *Tempos Novos*, n.º 191, “Crítica”, “Teatro”, abril 2013, p. 70.

Ofrécese unha recensión da peza *Días sen gloria* de Roberto Vidal Bolaño. Sinálase que a obra, sobre o camiño de Santiago, aproveita a mitoloxía nacional galega e amosa unha teoría sobre as relación humanas. Apúntase que os personaxes aparentemente perdedores dan leccións de dignidade e que a viaxe a Compostela non remata como comeza. Anótase que a obra foi representada polo Centro Dramático Galego e que este resolveu a tendencia á fragmentariedade textual e argumental a través do recurso á música e ao dobre nivel escenográfico. Destácase a capacidade dos actores para a autotransformación e a interpretación da evolución da personalidade.

- Mar Mato, “O CDG, á procura da nova gloria”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 9 abril 2013, p. 67.

Elabórase unha crítica da obra *Días sen gloria*, levada á escena polo CDG baixo a dirección de Fefa Noia. Sinálase a dificultade da representación desta obra, debido impecable que o público aínda lembra a feita por Vidal Bolaño. A continuación, coméntase o traballo dos actores e conclúese que o CDG, desta vez, “aporta algo valioso”.

- C. S., “Días sen gloria’, la obra más audaz de Roberto Vidal Bolaño”, *Atlántico Diario*, p. 60. / *La Región*, p. 52, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, 2 maio 2013.

Infórmase da representación desta obra do Centro dramático Galego e explícase que se trata dun traballo que resume moi ben as postas en escena do autor, os seus personaxes prototípicos, a épica da derrota como temática e as referencias cinematográficas. Dáse conta da trama da obra e sinálase a data, o horario e o prezo das entradas da representación que terá lugar no Teatro Principal de Ourense.

- M. G. M., “O Centro Dramático Galego leva o universo bolañano ao Rosalía”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 14 maio 2013, p. 14.

Infórmase de que o CDG leva a escena *Días sen gloria*, baixo a dirección de Fefa Noia, elixida polo desexo de que o escollido non coñecese a representación levada a cabo vinte anos antes por Vidal Bolaño. Explicase que na representación participan cinco actores que interpretan vinte e cinco personaxes diferentes, repartidos en cincuenta espazos que convidan ao espectador a viaxar emocionalmente. Coméntase que a trama da obra está ambientada nunha peregrinación a Santiago na que hai espazo para o amor e para a música popular.

- J. A. Martínez Sevilla, “Días sen gloria”, *Diario de Arousa*, p. 22/*El Ideal Gallego*, p. 24, “Opinión”, “La columna”, 21 maio 2013.

Infórmase de que o Centro Dramático Galego representou no teatro Rosalía de Castro a obra *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño, para conmemorar o Día das Letras Galegas. Achégase información sobre o argumento da obra e elóxiase a súa dirección, a escenografía, a música e as actuacións de Manuel Manquiña e Eva Souto.

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, “Día das Letras Galegas 2013. Roberto Vidal Bolaño”, *Grial*, n.º 197, Tomo LI, “O rego da cultura”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 8-9.

Trátanse os actos culturais ao redor da figura de Roberto Vidal Bolaño con motivo de que se lle dedicara o Día das Letras Galegas 2013. Dáse noticia da edición da súa *Obra completa*, en seis volumes coordinados por Xosé Manuel Fernández Castro. Recóllese a posta en escena de varias obras de Vidal Bolaño: *Animaliños*, realizada pola Aula de Teatro do Campus de Lugo da Universidade de Santiago; *Criaturas*, representada por Teatro do Aquí; *Bailadelas (seis mulleres bolañesas)*, montaxe de Roi Vidal e Laura Ponte; *Días sen gloria*, posta en marcha por Farao; e *Touporroutou da lúa e do sol*, que se está a preparar no Centro Dramático Galego. Recóllense tamén a preparación da edición facsímile do manuscrito de *Ruada das papas e do unto* e a convocatoria do I Premio Roberto Vidal Bolaño. Conclúese cunha mención á posta en marcha da Asociación Roberto Vidal Bolaño co obxectivo de promover a figura e obra do autor.

- Javier García, “O CDG producirá a obra ‘Días de gloria’ de Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 febreiro 2013, p. 43.

Dáse conta da presentación dos espectáculos que o CDG realiza para conmemorar a figura de Roberto Vidal Bolaño, a saber, *Días sen gloria*, dirixida por Fefa Noia e a coprodución de *Criaturas*, *BailadELAS* e *Touporroutou da lúa e do sol*, esta última para o público infantil.

- Elisa Álvarez, “O CDG rende homenaxe a Vidal Bolaño no seu ano”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 febreiro 2013, p. 39.

Infórmase de que, con motivo do ano dedicado a Roberto Vidal Bolaño, o CDG estrea *Días sen gloria* e coproduce *BailadELAS-Seis mulleres bolañesas* con Teatro Androido; *Criaturas*, co Teatro do Aquí e *Touporroutou da lúa e do sol*, co Teatro do Noroeste e a Escola de Arte Dramática. Ademais, dáse conta de que o CDG colabora coas aulas de teatro universitarias con traballos escénicos baseados nas obras dese autor.

- Pedro P., Riobó, “Presenza de Roberto Vidal Bolaño”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “RVB: Furia e razón”, primavera 2013, pp. 13-18.

Coméntase que, con motivo da produción en 2003 de *Daquel Abrente* por parte do Centro Dramático Galego, encomendáraselle a Pedro P. Riobó un estudo sobre Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes. Indícase que, naquela época, xa se contaba cun conxunto de traballos sobre Vidal Bolaño, algúns deles incluídos en libros dos espectáculos do Centro Dramático Galego. A continuación, realízase un repaso polas principais obras que analizan a figura deste persoeiro. Asemade, menciónanse as numerosas iniciativas para a posta en escena das súas obras, entre as que se destaca *Días sen gloria*, do Centro Dramático Galego; *Criaturas*, de Teatro do Aquí; *Bailadelas*, de Teatro Antroido; *Animaliños*, da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela-Compañía de Teatro do Campus de Lugo; e *A burla do galo*, da Aula de Teatro da Universidade da Coruña-Compañía Teatro Normal. Finalmente, faise referencia ao ciclo “Vidal Bolaño recuperado: citas audiovisuais”, organizado polo Centro Dramático Galego, creador tamén do Premio Roberto Vidal Bolaño ao Espectador; á fundación en 2012 da Asociación Roberto Vidal Bolaño ou as biografías dispoñíbeis para a súa consulta nas páxinas en liña da Real Academia Galega e da AGADIC, entre outros proxectos.

- Camilo Franco, “O texto está pensado, construído e escrito pensando no espectador”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 29 marzo 2013, p. 3.

Acóllese unha entrevista a Fefa Noia, directora desta peza teatral, onde describe o seu traballo feito a partires do texto e baseado en claves cinematográficas. Reflexiónase sobre a representación da viaxe no escenario, sobre o compoñente emocional que supón o itinerario, sobre a pouca permeabilidade do teatro galego cara ao exterior e sobre as diferenzas que observou no teatro ao longo da súa traxectoria profesional, entre outras cuestións.

- Mar Mato, “El Centro Dramático ensaya su gloria”, *Faro de Vigo*, p. 42/ *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 37, “Sociedad”, 31 marzo 2013.

Descríbese un dos últimos ensaios de *Días sen gloria*, antes da súa estrea o cinco de abril. Dáse conta do reparto da obra e inclúense as opinións da súa directora, Fefa Noia, ao respecto da mesma.

- Fran P. Lorenzo, “Fefa Noia revisa a ‘épica da derrota’ da obra ‘Días sen gloria’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 abril 2013, p. 41.

Dáse conta da superación das dificultades do CDG para levar a escena *Días sen gloria* e resúmese a trama da obra, informando de que a posta en escena se representará en dezaioito sesións para público xeral e para estudantes en horarios diferentes. Tamén se sinala a forma de conseguir as entradas.

- Camilo Franco, “RVB contra o universo mundo”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Vai por aí”, 4 abril 2013, p. L6.

Resúmese a traxectoria profesional de Roberto Vidal Bolaño e dáse conta da finalidade da maioría das súas obras: amosar que o progreso non é sempre positivo. Infórmase das

representacións de *Días sen gloria* no Salón Teatro e no Auditorio da Ramallosa e do horario, días das representacións e custo das entradas.

- Camilo Franco, “O CDG estrea unha das pezas centrais de Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 abril 2013, p. 35.

Infórmase da estrea de *Días sen gloria*, baixo a dirección de Fefa Noia, que nun primeiro momento pensaba que se trataba dun proxecto difícil de levar aos escenarios. Dáse conta do inicio das representacións no Salón Teatro en Compostela e da súa continuidade até finais de abril.

- Javier García, “Teatro, exposicións e novas edicións lembrarán a Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 abril 2013, p. 40.

Dá conta de que con motivo do ano dedicado a Vidal Bolaño, terán lugar numerosas representacións teatrais, exposicións e unha mostra itinerante sobre o autor. Entre as obras están: *Días sen gloria*, do CDG; *Criaturas*, do Teatro do Aquí; *BailadELAS*, de Teatro do Antroido; *Touporroutou da lúa e do sol*, do Teatro do Noroeste e da Escola Superior de Arte Dramática; *Animaliños*, da Aula de Teatro da USC; *A burla do Galo*, da Aula de Teatro da UDC e o espectáculo *Vidal Bolaño 2013*, composto a partir de pasaxes do dramaturgo. Ademais, realízanse novas edicións de *Doentes* e das *Obras completas* de Vidal Bolaño e de *Un chapeu negro e un nariz vermello*.

- Carmen Villar, “Vidal Bolaño acaparará a programación deste ano do Centro Dramático Galego”, *Faro de Vigo*, p. 38. / *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 31, “Sociedad”, 16 abril 2013.

Expóñense pormenorizadamente os distintos actos culturais que teñen como figura de referencia o dramaturgo Vidal Bolaño no ano no que se lle adican as Letras Galegas, entre os que se atopa a posta en escena desta obra.

- C. Botrán, “O CDG leva á Estrada ‘Días sen Gloria’ e salienta a vinculación de Vidal Bolaño co municipio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 551, 9 maio 2013, p. 7.

Dáse conta da presentación de *Días sen gloria* na Estrada polo director do CDG e Manuel Manquiña. Resúmense as súas intervencións e infórmase dos horarios e días das representacións, así como do prezo das entradas.

- E. G., “El Centro Dramático Galego lleva al escenario de Tui ‘Días sen gloria’”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 9 maio 2013, p. 14.

Dáse conta da presentación de *Días sen gloria* en Tui por parte de M. Guede, M. Manquiña e Moisés Rodríguez, alcalde da cidade. Infórmase do horario da representación, da dirección e do reparto.

- Antón Ferreira, “Tui recibe ‘Días sen gloria’ del Centro Dramático”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 10 maio 2013, p. 18.

Infórmase da presentación e posterior representación de *Días sen gloria* no Teatro Municipal de Tui. Resúmense as intervencións dos participantes no acto: M. Guede, M. Manquiña e Vanesa Rodríguez, concelleira de Cultura e Moisés Rodríguez, alcalde de Tui. Tamén se dá conta do prezo das entradas e da forma de conseguilas.

- C. F., “O retorno do clásico ao CDG”, *La Voz de Galicia*, “Letras Galegas”, “Roberto Vidal Bolaño”, “*Culturas*”, n.º 517, 11 maio 2013, p.12.

Sinálase que con motivo do ano de Roberto Vidal Bolaño, as súas obras serán representadas nas principais vilas e cidades de Galicia. Destácase a representación de *Días sen gloria*, do CDG, da que a súa directora, Fefa Noia, dá o seu parecer e *Touporroutou da lúa e do sol*, obra que o CDG destina, especialmente, ao público infantil e que se basea nunha sucesión de fábulas.

- C. B. “Moi boa acollida na Estrada á obra teatral ‘Días sen gloria’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 555, 13 maio 2013, p. 7.

Dá conta da primeira representación de *Días sen gloria* na Estrada. Infórmase da dirección da obra e dos actores protagonistas

- Manuel Varela, “A cidade apaña o chapeu bolañiano”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 14 maio 2013, p. 11.

Infórmase de todos os actos culturais que se levaron a cabo con motivo do ano de Roberto Vidal Bolaño na Coruña: obras teatrais, coloquios, actuacións musicais, sorteos de libros ou recitais en lingua galega, entre os que se sitúa a representación de *Días sen gloria*.

- Manuel Varela, “Vidal Bolaño creou temas universais a partir do próximo”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Días das Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 13.

Con motivo da posta en escena de *Días sen gloria* polo CDG no teatro Rosalía de Castro, acóllese unha entrevista á directora da montaxe, Fefa Noia, na que se fala, entre outras cousas, de como abordou a obra e do teatro de Roberto Vidal Bolaño.

- Ana López, “A obra estrela de Vidal Bolaño chega a Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 29 maio 2013, p. 59.

Anúnciase a posta en escena desta peza teatral no centro social Novacaixagalicia de Pontevedra. Coméntase que á presentación da peza acudiron o director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede, e Manuel Manquiña, protagonista da obra.

- C. S., “Días sen gloria’, la obra más audaz de Roberto Vidal Bolaño”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Sociedad”, “Galicia: Agenda cultural”, “Teatro”, 30 maio 2013, p. 60.

Fálase da obra *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño, destacando que a peza é un relato do Camiño Francés. Coméntase que a obra foi adaptada polo CDG baixo a dirección de Fefa Noia e anúnciase a súa posta en escena en Pontevedra.

- A. S., “El Centro Dramático acerca ‘o mellor’ de Vidal Bolaño a Rianxo”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 1 xuño 2013, p. 24.

Dáse conta da presentación en Rianxo da obra *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño, que será posta en escena polo CDG no Auditorio da vila.

- C. S., “Días sen gloria’, amor y muerte en el Camino de Santiago”, *Atlántico Diario/La Región*, “Sociedad”, “Galicia: Agenda cultural”, “Teatro”, 6 xuño 2013, p. 52.

Fálase da obra *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño, sinalando que a peza é un relato do Camiño Francés. Coméntase que a obra está adaptada polo CDG baixo a dirección de Fefa Noia e anúnciase a súa posta en escena no Auditorio Novacaixagalicia en Vigo.

- Ana Baena, “Manquiña e Eva Souto reviven a Vidal Bolaño sobre as táboas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 7 xuño 2013, p. 8.

Infórmase de que o CDG vai representar *Días sen gloria* no teatro García Barbón de Vigo. Coméntase que á presentación da obra acudiron Manuel Manquiña, protagonista masculino da montaxe, e Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego, que eloxiaron o traballo da directora, Fefa Noia, e falaron da obra de Roberto Vidal Bolaño.

- Mar Mato, “La versión canalla de la Ruta Jacobea de ‘Días sen gloria’ llega a Vigo”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 7 xuño 2013, p. 67.

Anúnciase a posta en escena desta peza no teatro Novacaixagalicia de Vigo. Achégase información sobre o argumento da peza e coméntase que o elenco está satisfeito co seu traballo. Sínálase tamén que durante a presentación da obra o director do Centro dramático Galego lembrou a figura de Roberto Vidal Bolaño.

- Jaureguizar, “Manquiña: ‘Tiven diferenzas con Roberto Vidal Bolaño e estará revolvéndose no Ceo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 12 xuño 2013, p. 55.

Dáse noticia da presentación en Lugo da montaxe que realizou o CDG da obra *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño. Indícase que é a primeira vez que o CDG dedica a súa programación a un só autor.

Chévere Teatro (2): Eurozone

Ver Cangas, XXXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo
Ver FIOT, XXIIº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo
Ver FITO, VIº Festival Internacional de Teatro de Ourense
Ver Ponteatro

Recensións:

- Camilo Franco, “Os que aguantan o saco”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Vai por aí”, 28 febreiro 2013, p. L6.

Dáse conta do argumento da obra *Eurozone*, de Chévere e apórtase unha visión crítica sobre a obra, a sociedade e sobre aqueles que aguantan o saco, é dicir, dos cómplices do roubo, os políticos, que contribúen ao roubo dos banqueiros.

- Camilo Franco, “O gran atraco que desfondou a Europa”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Teatro”, 22 febreiro 2013, p. 5.

Infórmase dos obxectivos que persegue Chévere con *Eurozone*, que non son outros que exemplificar a fin de Europa provocada polos “animais das finanzas” e que existe unha relación clara entre “cantidade de diñeiro e cantidade de violencia”. Tamén apórtase información sobre as horas, días e lugar das representacións, así como o prezo das entradas.

- José Henríquez, “Gángsters no Troikasino”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “Espectáculos”, primavera 2013, pp. 41-43.

Logo de facer referencia a espectáculos semellantes estreados por grupos portugueses e italianos, indícase que *Eurozone*, de Chévere, inspírase en *Reservoir Dogs* (1992), de Quentin Tarantino. Destácase que o traballo dos actores transmite unha gran enerxía e que o desdobraemento en figuras gansteristas e políticas é áxil e equilibrado. Finalmente, coméntase que a parte máis fráxil do espectáculo reside na transición desde a parodia da película ao xogo do “Troikasino”, no que se convida aos espectadores a manifestar o seu descontento.

- Camilo Franco, “Estomballados na escaleira”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Teatro”, 15 marzo 2013, p. 8.

Faise unha crítica teatral á obra *Eurozone*, de Chévere, cuxo obxectivo é servirse do teatro político para facer rir. Refírese que en ocasións abusan das autorreferencias á obra e do seu proceso de traballo e reflíctese a escena final, onde os personaxes aparecen abatidos, “estomballados na escaleira”.

- Inma, López Silva, “Entre o condescendente e o irreverente”, *Tempos Novos*, n.º 190, “Crítica”, “Teatro”, marzo 2013, p. 82.

Ofrécese a recensión da peza *Eurozone*. Sinálase que constitúe unha farsa arredor da crise e da Unión Europea que inclúe unha crítica dirixida aos seus mandatarios. Saliéntase que, a través do discurso da indignación contra os excesos da economía de mercado e da desafección política, se destacan as causas e consecuencias da crise. Apúntase que cada mandatario europeo é un gángster, mentres que España é un moribundo. Anótase que este último referente constrinxen as posibilidades argumentativas, estruturais e interpretativas do espectáculo. Sinálase que se trata dunha peza da compañía Chévere, que se caracteriza polo teatro cómico de crítica sociopolítica.

Referencias varias:

- Emma Araújo, “Menos mal que nos forzaron a saír de Santiago”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 21 febreiro 2013, p. L2.

Acóllese unha entrevista na que Xesús Ron, director artístico de Chévere, fala do proxecto *Eurozone* que leva a compañía que dirixe, despois de superar unha época de crise económica. Igualmente dá conta da importante actualidade nas súas postas en escena e da temática desta obra.

- ECG, “Los actores Chévere se implican para promover la donación de sangre”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 7 marzo 2013, p. 16.

Sínálase que os actores de Chévere, caracterizados como personaxes de *Eurozone*, dirixíronse ao Centro de Transfusións de Galicia a doar co fin de concienciar á cidadanía da importancia deste xesto.

- Belén López, “De Els Joglars aos Chévere”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Verano”, 23 agosto 2013, pp. 58-9.

Infórmase, entre outras cousas, da posta en escena no Pazo da Cultura de Pontevedra da última montaxe de Chévere, enmarcada dentro do Outono Cultural de Pontevedra.

- Montse Dopico, “Facer teatro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 471, “Libros” 3 outubro 2013, p. VII.

Recóllense as palabras de diferentes persoeiros, entre eles o dramaturgo, actor e director Manuel Lourenzo, o presidente de Escena Galega, Salvador del Río, ou Pedro Fresneda, de Ensalle, en relación coa situación do teatro galego. Apúntase que en 2013 a situación das compañías é peor que “extremadamente difícil”. Coméntase que, segundo denunciou a Plataforma das Artes Escénicas, a Rede Galega de Teatros e Auditorios “estivo varios meses parada”; que a AGADIC reduciu o orzamento en relación con outros anos e que a Rede funciona a niveis moi baixos porque as institucións non están pola labor de apoiar o teatro. Infórmase que Casahamlet distribuirá *Eclipses* e traballa na creación dun novo espectáculo arredor do Rexurdimento, pero que ten dificultades pola perda do proxecto de realización dun laborario teatral da Deputación da Coruña do que se viña encargando. Sínálase que Lagarta Lagarta xa desapareceu e que Teatro do Atlántico, malia estrear *A charca inútil*, de David Desola, non sabe se continuará. De Sarabela coméntase que mantén en cartel *Os cantares das musas* e *Viaxe a ningunha parte*, que estreará este ano unha obra de Arístides Vargas e que conseguiu manter o festival FITO, que terá lugar entre o 5 e 18 de outubro grazas a diferentes institucións que se nomean e no que se poderán ver *Eurozone*, de Chévere, ou *Imprudentemente deseé*, de Teatro Ensalle, *Ás do peixe*, de Cándido Pazó, ou *Stayingalive*, de Matarile.

- Dolores Vázquez, “Miguel de Lira: Buscamos o pensamento diverxente da realidade”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, “Entrevista”, 4 outubro 2013, pp. 2-3.

Conversa con Miguel de Lira sobre os espectáculos de Chévere *Ultranoite* e *Eurozone*, da traxectoria da compañía e dos proxectos cinematográficos nos que participa.

- Montse Dopico, “Cultura nas marxas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 474, “Reportaxe”, 24 outubro 2013, p. 7.

Faise un percorrido pola historia das compañías Teatro Ensalle e Teatro do Andamio con motivo do décimo aniversario. Sinálase que o grupo Chévere vai representar a súa obra *Eurozone* no Teatro Valle Inclán do Centro Dramático Nacional, e anúnciase a volta á escena de Matarile Teatro coa obra *Staying alive*. Fálase, ademais, de salas de teatro privadas como A Artística de Vigo.

- X. V., “Una apertura de curso universitario de cine”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 31 outubro 2013, contracuberta.

Infórmase que o grupo Chévere presentou en Madrid a súa montaxe *Eurozone*, da que se sinala que podería ser a primeira produción galega programada nesa tempada polo Centro Dramático Nacional.

- M. G. M., “Chévere Teatro convertirá el Rosalía en un tablero llamado ‘Eurozone’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 17 decembro 2013, p. 17.

Indica que Chévere Teatro representará no Rosalía da cidade coruñesa *Eurozone*. Apunta que esta peza versa sobre as razóns de que Europa se convertese nalgo diferente ao que se concibira.

- Manuel Varela, “A ‘troika’ viste de negro”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 19 decembro 2013, p. 11.

Informa que o Teatro Colón acolle na fin de semana dúas funcións de *Eurozone*, a cargo de Chévere e coa participación de Mónica García, Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Arantza Villar, Iván Marcos, Pepe Penabade e Borja Fernández. Comenta que o director, Xesús Ron, atopou inspiración no filme *Reservoir Dogs*, de Tarantino, e que nesta peza trata sobre a “estafa a escala continental que axitou os alicerces” de Europa.

- Dolores Vázquez, “A eurozona vista baixo o prisma tarantaniano de ‘Reservoir Dogs’”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Teatro”, 20 decembro 2013, p. 12.

Dá noticia de que esta fin de semana a compañía teense Chévere representa na Coruña *Eurozone*, unha obra sobre a crise económica de Europa, na que se realiza unha crítica politicamente incorrecta da situación actual. Destaca que se fundamentou na estética do filme *Reservoir Dogs*, de Tarantino.

Chévere Teatro (3): *Relaxing Ultranoite*

Referencias varias:

- Manuel Varela, “A relaxing cup of humor galego”, *La Opinión*, “A Coruña”, 23 setembro 2013, p. 6.

Comenta que o Fórum Metropolitano da Coruña acollerá en outubro o espectáculo *Relaxing Ultranoite*, da compañía Chévere, que foi estreado en setembro na Ramallosa

de Teo. Sinala as críticas plasmadas na peza, caso da lei do aborto, os incendios e as touradas.

- Marta García Márquez, “Vinte anos das ‘Ultranoites’ de Chévere”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 3 outubro 2013, p. 13.

Informa do espectáculo *Relaxing Ultranoite* de Chévere, que se representará o venres e o sábado no Fórum Metropolitano. Comenta que se contará con servizo de bar para recordar as *Ultranoites* (humor retranqueiro en bares e a deshora) que a compañía realizara vinte anos atrás. Apunta que a peza ofrece unha crítica da actualidade.

- Dolores Vázquez, “Miguel de Lira: Buscamos o pensamento diverxente da realidade”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, “Entrevista”, 4 outubro 2013, pp. 2-3.

Conversa con Miguel de Lira sobre os espectáculos de Chévere *Ultranoite* e *Eurozone*, da traxectoria da compañía e dos proxectos cinematográficos nos que participa.

Chévere Teatro (4): *Sexo, mentiras e códigos*

Referencias varias:

- Camilo Franco, “A verdade e unha chave Allen”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Vai por aí”, 20 xuño 2013, p. L7.

Coméntase que o grupo Chévere levou a escena a peza *Sexo, mentiras e códigos...*, que ten como tema o roubo do *Código Calixtino*, n’A regadeira de Adela, en Santiago de Compostela.

Chévere Teatro (5): *Ultranoite*, homenaxe a Roberto Vidal Bolaño

Ver Sen Numerar

Referencias varias:

- Belén López, “Chévere trae a súa Ultranoite ‘bolañiana’ a Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 11 abril 2013, p. 61.

Dáse conta da presentación de *Ultranoite do Aquí* por parte do actor Miguel de Lira e dos seus compañeiros do grupo Chévere. Achéganse datos de parte do cadro de actores e dos días nos que se representará no vestíbulo do Pazo da Cultura.

- Manuel Varela, “Dúas décadas de ‘ultranoites’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 19 abril 2013, p. 8.

Infórmase da posta en escena de *Ultranoite do Aquí* no Fórum Metropolitano. Apúntase que se trata dun espectáculo retranqueiro, que se serve de personaxes de actualidade para mover o riso dos espectadores.

- Belén López, “Chévere recunca en Pontevedra ocupando os escaparates dos comercios”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 3 maio 2013, p. 68.

Infórmase da posta en escena de *Ultranoite do Aquí*, de Chévere e así mesmo dunha versión ampliada do seu proxecto “Escapárate”, que consiste nun conxunto de pequenas montaxes teatrais de menos de quince minutos cada unha que lle permiten á compañía abrirse a espazos diferentes aos habituais.

Confetti Brothers Productions: *Os magníficos Confetti Brothers*

Ver Manicómicos, Festival Internacional de Teatro Cómico

Teatro Ensalle: *Imprudentemente deseé*

Ver FITO, VIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Referencias varias:

- Montse Dopico, “Facer teatro”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 471, “Libros” 3 outubro 2013, p. VII.

Recóllense as palabras de diferentes persoeiros, entre eles o dramaturgo, actor e director Manuel Lourenzo, o presidente de Escena Galega, Salvador del Río, ou Pedro Fresneda, de Ensalle, en relación coa situación do teatro galego. Apúntase que en 2013 a situación das compañías é peor que “extremadamente difícil”. Coméntase, entre outras novas, que Sarabela mantén en cartel *Os cantares das musas* e *Viaxe a ningunha parte*, que estreará este ano unha obra de Arístides Vargas e que conseguiu manter o festival FITO, que terá lugar entre o 5 e 18 de outubro grazas a diferentes institucións que se nomean e no que se poderán ver *Eurozone*, de Chévere, ou *Imprudentemente deseé*, de Teatro Ensalle, *Ás do peixe*, de Cándido Pazó, ou *Stayingalive*, de Matarile.

Espello Cóncavo (1): *Anxeliños. Comedia satánica*, texto Roberto Vidal Bolaño, dirección Arturo López

Ver Ponteatro

Referencias varias:

- Ana Baena, “60.000 espectadores apoyaron las artes escénicas este año”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 agosto 2013, p. 8.

Fai referencia a que no Auditorio Mar de Vigo e no García Barbón se superaron os sesenta mil espectadores no primeiro semestre do ano, que acudiron, principalmente, a espectáculos de circo teatralizado e musicais. Sinala, tamén, que no auditorio municipal se representaron obras como *Anxeliños*, de Roberto Vidal Bolaño.

- Margarito Flowers, “Gente”, *El Correo Gallego*, 10 setembro 2013, contracuberta.

Informa das representacións que terán lugar no Teatro Colón da Coruña a próxima fin de semana: o venres, *Cabaret sin piedad*, de Inquietas Compañía Artística e Bágoas Danza Contemporánea, e o sábado *Anxeliños*, obra de Vidal Bolaño a cargo de Espello Cóncavo e protagonizada por Fernando Morán, Rodrigo Roel, Estíbaliz Veiga, Manu Fernández e Isabel Risco.

- Daniel Romero, “Fernando Morán: Gústame sempre actuar na Coruña pola súa tradición e gran paixón polo teatro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 10 setembro 2013, p. 14.

Conversa con Fernando Morán con motivo do seu papel protagonista en *Anxeliños*, unha obra de Roberto Vidal Bolaño que se representará no Teatro Colón o sábado 14. Refíre a ledicia de Fernando Morán por actuar na súa cidade natal, e fai referencia á obra, ao autor e á crise económica.

- Manuel Varela, “Estíbaliz Veiga e Fernando Morán: A obra de Vidal Bolaño ten moito en común coa de Valle Inclán”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 10 setembro 2013, p. 10.

Conversa cos actores Estíbaliz Veiga e Fernando Morán con motivo da estrea o sábado no Teatro Colón de *Anxeliños*, peza de Vidal Bolaño na que participan, e que a mesma compañía (Espello Cóncavo) xa adaptara cinco anos atrás. Falan das creacións do autor e afirman que se pode comparar con Ramón María del Valle Inclán, pois “tiñan unha visión máis cinematográfica que teatral”.

- C. F., “Xente boa con malas intencións”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 13 setembro 2013, p. 9.

Infórmase que Espello Cóncavo leva a escena *Anxeliños*, de Roberto Vidal Bolaño, a cal ten por subtítulo *Comedia Satánica*. Coméntase que esta peza, que xa representara en 2008 esta mesma compañía, é un retrato crítico da sociedade, se ben presenta un ton cómico.

- Belén López, “O de Bolaño é un teatro universal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 20 novembro 2013, p. 61.

Comenta a presentación en Pontevedra da peza *Anxeliños*, de Vidal Bolaño, na que participaron o director Arturo López e os actores Estíbaliz Veiga, Fernando Morán e Isabel Risco, da compañía Espello Cóncavo. Refíre que no acto gabaron o autor e a calidade das súas creacións. Precisa que a representación do espectáculo na cidade pontevedresa terá lugar o día 21 no Teatro Principal.

Espello Cóncavo (2): *Azos de esguello*, adaptación do texto de Euloxio Ruibal, dirección Arturo López

Recensións:

- J. A. Martínez Sevilla, “Azos de Esguello”, *Diario de Arousa/ El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La columna”, 7 maio 2013, p. 24.

Sínálase que a compañía Espello Cóncavo leva a escena a peza *Azos de esguello*, de Euloxio Ruibal, no teatro Rosalía de Castro. Dáse conta do reparto e da temática da obra.

Espello Cóncavo (3): *Occidente, os alaridos dunha civilización enferma*, texto e dirección Lino Braxe, a partir da peza de microteatro *Inverno en Occidente*

Referencias varias:

- M. G. M., “Espello Cóncavo comeza una nova etapa con ‘Occidente’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 22 novembro 2013, p. 15.

Indica que Espello Cóncavo inicia unha nova andaina coa posta en escena da peza *Occidente*, na que trata os problemas sociais de maneira realista. Refire que, baixo a dirección de Lino Braxe, participarán Manuela Varela, Xoán Carlos Mejuto, Xosé Bonome e Pedro Picos. Matiza que o espectáculo, que se estreará o día 23 no Fórum coruñés, ten a súa orixe na peza de microteatro *Inverno en Occidente*. Engade que en xaneiro se porá en escena unha nova entrega de Braxe, *Romano*, de carácter autobiográfico.

- Manuel Varela, “Braxe se ríe de la crisis”, *La Opinión*, “Ciudad y Cultura”, “A Coruña”, 22 novembro 2013, p. 10.

Atende á estrea de *Occidente, os alaridos dunha civilización enferma* no Fórum Metropolitano. Indica que está dirixida por Lino Braxe e que participan nela Manuela Varela, Xoán Carlos Mejuto, e mais o dúo da compañía Bucanero Xosé Bonome e Pedro Picos. Refire que se trata dun espectáculo de crítica social, sen música e dividido en *sketches*.

Producións Teatrais **Excéntricas**: *Da Vinci tiña razón!*, texto Roland Topor, dirección Quico Cadaval

Ver Galicia Escena Pro

Referencias varias:

- Fernando Franco, “Da Vinci tenía razón”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 12

outubro 2013, p. 8.

Comenta que o argumento da obra *Da Vinci tiña razón*, de Quico Cadaval, que Mofa e Befá estreará en xaneiro, xira arredor das conversas entre un anfitrión e o seu convidado.

Expresións Producións: *Chapuzas a domicilio*

Ver Cultura no Camiño

Fantoques Baj: *Rei Rei*

Farandoleiras Cabaré: *Un cabaré de película*

Ver Coruña, IIª Mostra de Teatro Afeccionado da
Ver Teatro Colón, IIª Mostra de Teatro Afeccionado do

Fulano, Mengano e Citano (1): *A louca historia de Galicia*

Fulano, Mengano e Citano (2): *Top manta*

Ver Ponteceso, XXº Ciclo de Teatro
Ver Tomiño Humor

Referencias varias:

- Ágatha de Santos, “Fulano, Mengano y Citano saca punta a la crisis”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 29 novembro 2013, p. 67.

Alude a *Top Manta*, peza que a compañía Fulano, Mengano e Citano representará no Auditorio Municipal do Concello de Vigo. Matiza que esta comedia crítica e sarcástica xira arredor de dous actores que quedan sen emprego por mor da crise económica e pasan a dedicarse ao top manta na rúa.

Galerna Crúa: *O sexo que sucede*, texto Fernando J. López, dirección Bucanero

Referencias varias:

- M. J. R., “Marián Rey e Abigail Montiel estean en Narón ‘O sexo que sucede’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 2 abril 2013, p. 15.

Faise eco da estrea d’*O sexo que seduce*, unha peza da recién creada compañía Galerna Crúa, dirixida por Bucanero, na que se rende homenaxe ás mulleres e á ópera. Precisa que nese mesmo espazo do café-teatro do Pazo da Cultura tamén se porán en escena *A tixola polo mango (muller, non é para tanto)*, de Teatro do Noroeste e *BailadELAS*, de Teatro Antroido.

Ghazafellos: *Contos para escagarriñarse*

Inestable Teatro: *Ubú Rei*, texto de Alfred Jarry

Inquietas Compañía e Bágoas Danza Contemporánea: *Cabaret sin Piedad*

Inversa Teatro: *Té con Kant*, texto e dirección María Caparrini e Marta Pérez

Kambaiotha: *Nocturna*

Lagarta Lagarta: *O país do Pato Donald*, dirección Xulio Lago, a partir do texto *Le ultime lune*, de Furio Bordon

Ver Teatro&Danza

Referencias varias:

- Luis Montero, “Galicia, o grande escenario do último cuatrimestre con 368 actuacións”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 28 agosto 2013, p. 34.

Anúnciase que entre setembro e decembro se van representar en Galicia trescentas sesenta e oito actuacións escénicas e musicais. Destácanse, entre as obras teatrais galegas e en galego *A charca inútil*, de Teatro do Atlántico, polo maior número de funcións, e en segundo lugar, *O país do Pato Donald*.

- Nicolás Vidal, “O IVE que xera o teatro supera con moito as subvencións que recibe”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 10 outubro 2013, p. 12.

Conversa con Ernesto Chao sobre as consecuencias que ten para o teatro a crise económica e sobre o carácter intimista d’*O país do pato Donald*, peza que se representará os días 10 e 11 de outubro no café-teatro do Pazo da Cultura de Narón. Recolle que Ernesto Chao asegura que se elixiu ese espazo, e non un escenario principal, pola vontade de aproximarse ao público. Indica que esta peza da compañía Lagarta Lagarta está dirixida por Xulio Lago e interpretada polo propio Ernesto Chao e Rosa Álvarez.

- Montse Dopico, “E entón houbo país”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 480, “Reportaxe”, 5 decembro 2013, p. VII.

Comenta a sexta edición de Culturgal, reparando na presentacións de obras narrativas para adultos e para a infancia e xuventude, e citando as postas en escena d’*O país do Pato Donald*, a cargo da compañía Lagarta Lagarta; *Snakizados*, de Áncora; e *Happy end*, de Voadora.

- C. S., “O país do Pato Donald”, la última estación de la vida”, *Atlántico Diario*, p. 45 / *La Región*, p. 52, “Sociedad”, 12 decembro 2013.

Infórmase sobre o lugar, data, hora e prezo da posta en escena *O país do Pato Donald*, baseada no texto *Le ultime lune*, de Furio Bordon. Explicase que se trata dunha reflexión sobre a derradeira estación vital dun profesor de literatura nun contexto melancólico, vivindo entre o mundo do presente e o mundo das memorias. Afirmase que esta peza aposta por facer transcender as emocións dos personaxes para lograr a identificación dos espectadores. Precísase que está protagonizada por Ernesto Chao e Rosa Álvarez.

Malasombra Teatro: *Operación Comedia (Misión Sapiens)*

Ver Laracha, Venres Teatrais 2013 da

Ver Vilamarín, XXVIª Noites Teatrais de

Ver Negreira, IVº Ciclo Teatral de

Ver Outonoteatro

Ver Ponteceso, XXº Ciclo de Teatro

Referencias varias:

- M. Manteiga, “Teatro en Negreira y reconocimiento para Sandra Lesta”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 577, 4 xuño 2013, p. 7.

Faise eco da homenaxe que o Concello de Negreira lle rendeu á actriz Sandra Lesta e anúnciase a fin do ciclo local de teatro coa posta en escena de *Operación comedia (Misión Sapiens)*, da compañía Malasombra.

- C. Botrán, “Malasombra Teatro: 11 años de comicidad”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 704, 10 outubro 2013, p. 7.

Sintetízase a traxectoria teatral da compañía estradense Malasombra Teatro e indícase que a súa nova peza, *Misión Sapiens*, se porá en escena o día 11 de outubro no Teatro Principal da Estrada. Apúntase que nesta obra cómica participan Jouse García, Javier Deive, Luis Iglesia, Marcos Orsi e Xoque Carbajal.

- A. R., “O concello de Antas de Ulla goza dunha variada oferta deportiva e cultural”, *El Progreso*, “*Antas de Ulla. Oficina municipal de información xuvenil*”, 27 outubro 2013, p. 20.

Fálase das iniciativas deportivas e culturais que ofrece o Concello de Antas de Ulla. Entre outras actividades, anúnciase a estrea de *Operación comedia (Misión Sapiens)*, pola compañía Malasombra Produccións.

- M. M./ M. Gil/ J. M. Ramos, “Obras de teatro para Ames, Boiro, Rianxo y A Laracha”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 739, 14 novembro 2013, p. 7.

Dá noticia de varias representacións en distintas localidades da provincia coruñesa: en Ames, a obra infantil *Titiricircus*, de Tanxarina; en Rianxo, *A filla de Woody Allen*, de Ibuprofeno Teatro; en Outes, a peza xuvenil *Smoke City*, de Malasombra Produccións; e en A Laracha, *Operación comedia (Misión Sapiens)*, protagonizada por Xoque Carbajal, Jouse García, Xabier Deive, Marcos Orsi e Luis Iglesia.

Mamá Cabra: *Ola, ola, la*

Manicómicos: *Ilusións*

Matarile Teatro: *Staying alive*, texto e dirección Ana Vallés

Ver FITO, VIº Festival Internacional de Teatro de Ourense
Ver Galicia Escena Pro

Recensións:

- Afonso Becerra de Becerreá, “Afirmación do ser e o estar escénicos de *Staying alive*”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 76, “Espectáculos”, outono 2013, pp. 71-73.

Coméntase que *Staying alive*, de Matarile Teatro, se podería encadrar dentro do teatro performativo posdramático, máis sensorial que intelectual. Indícase que a peza está formada por monólogos, escenas conversacionais metateatrais e números circenses, nunha amalgama de teatro-danza, *performance*, novo circo e cabaré. Saliéntase que se trata dun espectáculo vitalista cheo de humor, amor, reflexión, ironía e “física arrolladora”.

Matrioshka Teatro: *C’est la vie*, dirección Marta Pazos

Recensións:

- Camilo Franco, “Amor e cancións francesas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, 31 maio 2013, p. 3.

A partir dunha reflexión sobre o amor, fálase da peza *C’est la vie*, da compañía Matrioshka, sinalando que trata o tema das cicatrices que quedan despois dun fracaso

amoroso. Coméntase que a peza xira arredor da inxenuidade e destácase a audacia coa que están contadas as historias.

Referencias varias:

- S. F., “Música y teatro centran el cartel en el Principal de A Estrada”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 478, 24 febreiro 2013, p. 7.

Infórmase da presentación que o edil da Estrada fixo da programación musical e teatral para os seguintes cinco meses. Noméanse, entre as postas en escena, *C’est la vie*, de Matrioska Teatro; *Rosa de dous aromas*, de Teatro Proscrito; *Linda e Freddy*, de Teatro do Noroeste; e *Río*, de Caramuxo Teatro. Saliéntanse, para o público infantil, as postas en escena *Fíos*, de Baobab Teatro e así mesmo *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, da Compañía Bandullo Azul.

- ECG, “Gago y Conde levan o Salón Teatro a obra ‘C’est la vie’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 maio 2013, p. 41.

Coméntase que a compañía Matrioshka vai ofrecer tres funcións da obra *C’est la vie* na sé do Centro Dramático Galego en Santiago.

- Montse Dopico, “Cultura nas marxes”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 474, “Reportaxe”, 24 outubro 2013, p. 7.

Faise un percorrido pola historia das compañías Teatro Ensalle e Teatro do Andamio con motivo do seu décimo aniversario. Sinálase que o grupo Chévere vai representar a súa obra *Eurozone* no Teatro Valle Inclán do Centro Dramático Nacional, e anúnciase a volta á escena de Matarile Teatro con *Staying alive*. Fálase, ademais, de salas de teatro privadas como A Artística de Vigo.

- C. S., “Matrioshka reflexiona sobre el tiempo en la obra ‘C’est la vie’”, *La Región*, p. 68 / *Atlántico Diario*, p. 52, “Sociedad”, 31 outubro 2013.

Opina que a obra *C’est la vie* de Matrioshka Teatro é unha reflexión intensa sobre o tempo e os seus rastros e asemade apunta que se representará no Auditorio de Ourense o 31 de outubro de 2013.

- S. L., “Matrioshka Teatro presenta una divertida reflexión sobre el tiempo en ‘C’est la vie’”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 5 novembro 2013, p. 8.

Comenta que Matrioshka Teatro levará o 8 de novembro de 2013 a obra de humor *C’est la vie* ao Auditorio Municipal de Vilagarcía de Arousa e recalca que ademais haberá unha sesión matinal para os centros escolares. Recolle as declaracións das actrices, e os prezos e lugares de venda das entradas.

- C. V., “Teatro, música, gastronomía y deporte en el programa cultural de noviembre”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 5 novembro 2013, p. 9.

Comenta que, no marco das actividades do Outono Micolóxico de Vilagarcía de Arousa, actuará a compañía Matrioshka Teatro con *C’est la vie*.

Metátese Teatro: *Oniromancia*

Ver Laxe, VIIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Teatro de **Ningures**: *Pegadas*, adaptación de Casilda Alfaro de textos de Suso de Toro, Anxos Sumai, Benito Pérez Galdós, Manuel Pazos, Eurípides e Laila Ripio; dirección Etelvino Vázquez

Ver MITEU, XVIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Teatro do **Noroeste** (1): *Linda and Freddy, ilusionistas*, texto e dirección Eduardo Alonso

Recensións:

- Inma, López Silva, “Fábula da crise”, *Tempos Novos*, n.º 188, “Crítica”, “Teatro”, xaneiro 2013, p. 82.

Sínálase que a peza *Linda and Freddy, ilusionistas* trata sobre un par de fabuladores que foxen dunha realidade, na que pasan fame e remexen no lixo, ilusionándose cunha radio e cun teléfono que funcionan cando xa lles cortaran a liña e a electricidade. Apúntase que esta última peza de Teatro do Noroeste presenta unha feitura simple, debido á pretensión de remitir á crise da cultura galega e tamén da compañía. Anótase que a obra está interpretada por Eduardo Alonso, quen oscila entre carraxento desmemoriado e aloucado optimista, e Luma Gómez, quen vacila entre a comicidade e a afectación.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “O ilusionismo e a crise”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, 4 xaneiro 2013, p. 7.

Faise eco da estrea da comedia *Linda and Freddy ilusionistas*, que ten como tema a crise europea e as súas solucións. Precisa o horario das representacións no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- Luís Montero, “O Salón Teatro estrea ‘Linda and Freddy, ilusionistas’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 xaneiro 2013, p. 40.

Infórmase da estrea de *Linda and Freddy ilusionistas* no Salón Teatro compostelán. Sínálase a temática da obra, a definición da mesma por parte da propia compañía e o horario das postas en escena.

- Camilo Franco, “Repregámonos ao mínimo: cada un dirixiu ao outro”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 9 xaneiro 2013, p. L2.

Recolle as opinións de Luma Gómez e Eduardo Alonso sobre *Linda and Freddy, ilusionistas*. Apunta que esta peza aborda a crise e os problemas que sofre o teatro en Galicia.

- M. G. M., “Teatro do Noroeste busca saídas ao caos en ‘Linda & Freddy, ilusionistas’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 14 febreiro 2013, p. 12.

Dá conta da presentación de *Linda & Freddy, ilusionistas* antes da súa representación no Teatro Rosalía da Coruña. Infórmase da temática da obra e das queixas de Luma Gómez referentes á difícil situación do teatro na actualidade.

- S. F., “Música y teatro centran el cartel en el Principal de A Estrada”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 478, 24 febreiro 2013, p. 7.

Infórmase da presentación que o edil da Estrada fixo da programación musical e teatral para os seguintes cinco meses. Noméanse, entre as postas en escena, *C’est la vie*, de Matrioska Teatro; *Rosa de dous aromas*, de Teatro Proscrito; *Linda e Freddy*, de Teatro do Noroeste; e *Río*, de Caramuxo Teatro. Saliéntanse, para o público infantil, as postas en escena *Fíos*, de Baobab Teatro e así mesmo *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, da Compañía Bandullo Azul.

NÓS e VÓS Teatro: *Estación MIR*, texto Santiago Jaureguizar, dirección Joaquín Parada

Ver Meaño, Mes do Teatro de

Obras Públicas: *Bye, Bye, Honey*, texto e dirección José Prieto

Ver Galicia Escena Pro

Referencias varias:

- B. Y., “Una obra teatral para adultos explora la vida de una joven en un mundo de hombres”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, “A Illa”, 25 outubro 2013, p. 12.

Comenta a presentación na Illa de Arousa da peza *Bye Bye Honey*, unha obra para público adulto sobre a vida dunha moza nun mundo marxinal que levará á escena a compañía Obras Públicas. Recolle que o director e os actores César Goldi, Iolanda Muíños e Carlos Mosquera falan da música incluída neste espectáculo, de que non vai dirixida á nenez e precisaron que a estrea terá lugar no auditorio dese concello o sábado 26.

- Carlos Crespo, “E despois do paripé, lumpem, pachanga e rock and roll”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, “Carabela”, p. 8.

Anúnciase a estrea de *Bye, bye, honey*, da compañía Obras Públicas, no auditorio da Illa de Arousa. Sinálase que os protagonistas son persoas da clase baixa urbana e que se emprega unha linguaxe directa e crúa.

Grupo de Teatro **Ollomao**: *Os vellos non deben de namorarse*, revisión do texto de Castelao, dirección Ramón Casas

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Referencias varias:

- J. M. R., “Ollomao presenta ‘Os vellos non deben namorarse’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 549, 7 maio 2013, p. 7.

Dá conta da representación d’*Os vellos non deben namorarse* por parte do Colectivo Cultural Ollomao en Vimianzo, dentro da programación Cultural do Mes das Letras.

- S. N., “Deporte, teatro y animación infantil”, *La Región*, “*Navidad en la comarca de Valdeorras*”, “A Rúa”, “Programa”, 21 decembro 2013, p. 82.

Infórmase, entre outras novas, que o Centro Cultural Avenida acollerá unha posta en escena d’*Os vellos non deben de namorarse*.

Orquídeas pantasma: *Nataxa Retrankosky*

Ver Poio Escena

Parápono Teatro: *A criada*

Ver San Andrés de Comesaña, VIIª Mostra de

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Ver San Andrés de Comesaña, VIIº Encontro Teatral de

Referencias varias:

- Fernando Franco, “Y en Comesaña, teatro”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 13 setembro 2013, p. 10.

Coméntase que, dentro do VII Encontro Teatral de San Andrés de Comesaña, o próximo sábado se representará *A criada*, a cargo de Parápono, na Sociedade Cultural Nautilus.

Produccións do Horizonte: *Hamlet, é ou non é?*

Referencias varias:

- ECG, “Una nueva y divertida versión del clásico ‘Hamlet’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 11 decembro 2013, p. 30.

Comenta unha nova representación da obra *Hamlet, é ou non é?*, protagonizada por Yelena Molina e Ana Ponte, que terá lugar no pub Atlántico.

Quico Cadaval: *Complexo de Edipo*

Sarabela Teatro: *O cabaleiro das botas azuis*

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, “A programación do Teatro Jofre ábrese a outros ámbitos no próximo trimestre”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 27 marzo 2013, p. 16.

Coméntase a programación do Teatro Jofre para o segundo trimestre de 2013, no marco da que se representarán, entre outras pezas teatrais, *O cabaleiro das botas azuis*, de Sarabela Teatro, e obras clásicas por parte de Teatro Clásico de Sevilla e Gorakada.

Sarabela Teatro: *A idade da pavía*, texto Arístides Vargas, adaptación e dirección Ánxeles Cuña

Ver Galicia Escena Pro

Referencias varias:

- Montse Dopico, “Facer teatro”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VII.

Recóllense as palabras de diferentes persoeiros sobre a penosa situación do teatro galego. Coméntase que Sarabela mantén en cartel *Os cantares das musas* e *Viaxe a ningunha parte*, que estreará este ano unha obra de Arístides Vargas e que conseguiu manter o festival FITO, que terá lugar entre o 5 e 18 de outubro grazas a diferentes institucións que se nomean e no que se poderán ver *Eurozone*, de Chévere, ou *Imprudentemente deseé*, de Teatro Ensalle, *Ás do peixe*, de Cándido Pazó, ou *Stayingalive*, de Matarile.

- Juan Llano, “Sarabela estrena esta tarde su nueva obra, ‘A idade da pavía’”, *La Región*, “Ciudad”, 29 novembro 2013, p. 8.

Precisa as representacións que terán lugar no Auditorio os días 2, 3, 4 e 5 de decembro da peza *A idade da pavía*, de Sarabela. Matiza que haberá sesións dirixidas a estudantes os catro días, mentres que os dous últimos se contará con funcións para o público en

xeral. Apunta que neste espectáculo participan Fina Calleja, Nate Borrajo, Sabela Gago e Fernando Dacosta, baixo a dirección de Ánxeles Cuña.

Talía Teatro: *Gaivotas subterráneas*, adaptación do texto de Alfonso Vallejo, dirección Artur Trillo

Ver Carballiño, XXIIIº Festival de Teatro Galego (FETEGA) do

Ver Cariño, XXXVª Mostra de Teatro Galego de

Ver Cee, Semana das Artes Escénicas

Ver Laracha, Venres Teatrais 2013 da

Ver MIT, XXIXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Ver Teatro&Danza

Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

Ver Xosé Agrelo, VIIº Mostra de Teatro

Recensións:

- J. A. Martínez Sevilla, “Gaviotas subterráneas”, *Diario de Arousa*, p. 24 / *El Ideal Gallego*, p. 25, “Opinión”, “La columna”, 26 xaneiro 2013.

Dá conta do reparto da obra, da súa temática, da ben deseñada escenografía e do argumento da peza, que resume detalladamente, especificando que os parlamentos dos autores non chegan moi nítidos ao público.

- Manuel Xestoso, “Factura de ‘qualité’”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “Espectáculos”, primavera 2013, pp. 39-40.

Coméntase que, aínda que *Gaivotas subterráneas* parte da alianza entre Talía Teatro e Voz Audiovisual, é unha peza adaptada ao gusto imperante, mais sen caer no populismo. Logo dunha sucinta referencia ao argumento, sinálase que a obra apóiase fundamentalmente nuns diálogos nos que dous personaxes, un triunfador e un perdedor natos, reflexionan sobre os paraísos perdidos da infancia e mocidade e sobre a amizade entre dous individuos antagónicos. Saliéntase que a escenografía cumpre unha función fundamental, a de encher de matices a montaxe. Finalmente, lóuvase a eficacia narrativa e censúranse certas chiscadelas á actualidade ao considerar que o texto xa resulta suficientemente explícito.

Referencias varias:

- Nacho Mirás Fole, “Ofrecemos unha obra honesta”, *La Voz de Galicia*, 20 xaneiro 2013, contracuberta.

Anúnciase a posta en escena da obra *Gaivotas subterráneas* na Coruña e en Santiago. Reprúdcese a conversa cos actores Xabier Deive e Luís Iglesia, na que describen os seus personaxes, resumen o contido da obra e reflexionan sobre a axuda que lles confire a televisión e sobre as adaptacións que tivo que sufrir o texto.

- Camilo Franco, “Gaviotas subterráneas”, dous personaxes e unha intriga”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xaneiro 2013, p. 35.

Infórmase do acentuado suspense de *Gaivotas subterráneas*, do seu reparto e da opinión que ten dela o director, Artur Trillo.

- Camilo Franco, “Entrando en calor”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 xaneiro 2013, p. 37.

Dá conta dos preparativos que o reparto de *Gaivotas subterráneas* leva a cabo nun ensaio xeral, previo á súa posta en escena no Teatro Rosalía da Coruña.

- Rodri García, “Deive e Luís Iglesia representan ‘Gaivotas subterráneas’ co ‘formigo da estrea”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 xaneiro 2013, p. 38.

Recóllense as opinións que os actores e o director de *Gaivotas subterráneas* teñen ao respecto da súa estrea na Coruña. Inclúese ademais o agrado da concelleira de Cultura, Ana Fernández, por acoller no Teatro Rosalía esta posta en escena.

- Camilo Franco, “Gaivotas subterráneas”, dous personaxes e moito suspense”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 25 xaneiro 2013, p. 2.

Dá conta do reparto da representación de *Gaivotas subterráneas* e da opinión que ten sobre ela o seu director, Artur Trillo. Deixa constancia de que Trillo tivo que facer modificacións ao texto e actualizalo para achegalo ao público contemporáneo.

- Camilo Franco, “A desconfianza como estado de ánimo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 xaneiro 2013, p. 40.

Dáse conta da temática de *Gaivotas subterráneas* e do carácter misterioso da mesma, que se mestura co suspense e con doses de humor. Saliéntanse as contas pendentes entre os personaxes e o “destape” dos mesmos durante a peza.

- Camilo Franco, “Talía Teatro estrea en Santiago ‘Gaivotas subterráneas’ ”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 27 xaneiro 2013, p. L7.

Infórmase da posta en escena de *Gaivotas subterráneas* no Teatro Principal de Santiago de Compostela. Dáse noticia de que o director, Arthur Trillo, amósase contrario a adiantar o contido da obra e menciona a necesidade das adaptacións.

- E. C. G., “Talía Teatro y sus ‘Gaviotas subterráneas’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 xaneiro 2013, p. 17.

Anúnciase a representación de *Gaivotas subterráneas* no Teatro Principal. Sinálase a hora da representación, a forma de conseguir as entradas e cales son os actores.

- Camilo Franco, “A historia non para quieta un momento”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 28 xaneiro 2013, p. L4.

Conversa co director desta peza, quen a cualifica como un *thriller* e describe a montaxe como unha aposta polo teatro comercial, preocupándose polo resultado artístico e, especialmente, pola “taquilla”.

- Camilo Franco, “O suspense conquista o Principal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 29 xaneiro 2013, p. L5.

Infórmase da temática de *Gaivotas subterráneas* e dos actores que, segundo o director, encaixan ben no perfil dos personaxes.

- Ana López, “Luis Iglesia e Xabier Deive, enfrontados en ‘Gaivotas subterráneas’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 30 xaneiro 2013, p. 59.

Anúnciase a próxima representación de *Gaivotas subterráneas* ao Pazo da Cultura de Pontevedra e infórmase de que se trata dunha obra de suspense que aposta pola posta en escena con dous actores coñecidos. Recóllese que o director deixa claro que o texto de Alfonso Vallejo tivo que sufrir modificacións e menciona a crise que sofre o teatro.

- S. C., “El teatro Principal acoge ‘Gaivotas subterráneas’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 30 xaneiro 2013, p. 21.

Apúntase que o Teatro Principal acollerá a representación de *Gaivotas subterráneas*, de Talía Teatro. Dáse conta da temática da obra, do prezo das entradas e do horario das distintas representacións.

- L. Fernández, “Gaivotas subterráneas’ llena el Principal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 30 xaneiro 2013, contracuberta.

Faise eco da representación, con gran afluencia de público, de *Gaivotas subterráneas* no Teatro Principal, informando de que haberá unha nova sesión no mesmo teatro.

- A. Ferreira, “Tomiño centra su oferta cultural de primavera en el teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 4 abril 2013, p. 20.

Dáse conta da presentación da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que centrará a súa atención no teatro. Saliéntase, entre outras postas en escena, a representación desta peza teatral por parte de Talía Teatro.

- E. G., “La afición al teatro se consolida en Tomiño con la actuación de seis grupos”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 4 abril 2013, p. 16.

Infórmase da programación cultural de primavera do concello de Tomiño, que acolle mostras de escultura, pintura e un festival de cinema. Destácase da oferta teatral, entre outras postas en escena, *Gaivotas subterráneas*.

- J. M. Ramos, “Excéntricas y Mofa e Befa izan los Venres Culturais de Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 345, 5 abril 2013, p. 7.

Infórmase da inauguración do ciclo Venres Culturais de Carballo coa representación de *Románticos*, de Producións Teatrais Excéntricas e Mofa e Befa. Infórmase da temática

da obra e menciónanse que, entre outros espectáculos, se poderá ver *Gaivotas subterráneas*, de Talía Teatro.

- Camilo Franco, “Non hai ninguén inocente”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 19 xullo 2013, p. 9.

Reflexiona sobre esta peza teatral, afirmando, entre outras cuestións, que os seus protagonistas, Xavier Deive e Luís Iglesia, reparten tensión no enfrontamento dos seus personaxes. Inclúe declaracións do director, que desvela as súas intencións na dirección da peza.

- Dolores Vázquez, “Duelo actoral entre Iglesia y Deive”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 18 outubro 2013, p. 10.

Sinala que a obra *Gaivotas subterráneas* é un thriller psicolóxico que mestura ironía, suspense e humor negro. Refíre que se trata dunha coprodución de Voz Audiovisual, RTA e Talía Teatro, protagonizada por Luis Iglesia e Xavier Deive.

- Manuel Varela, “Luis Iglesia: A dobraxe en galego é unha ferramenta normalizadora brutal”, *La Opinión*, “A Coruña”, 19 outubro 2013, p. 11.

Conversa con Luis Iglesia, protagonista, xunto a Xabier Deive, de *Gaivotas Subterráneas*, obra que se representará novamente no Teatro Colón. O actor fala do espectáculo, da súa traxectoria profesional e da dobraxe, que considera unha “ferramenta de normalización e normativización lingüística brutal”.

- J. M. R., “Lleno para ver a Juan Diego Botto y Astrid Jones en el Outono de Teatro de Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 716, 22 outubro 2013, p. 7.

Dáse conta da posta en escena da obra *Un trozo de mundo invisible* no marco do FIOT e coméntase que a mostra continuará coa representación de *Sé de un lugar*, por Producciones Prisamata, dentro do ciclo OTNI. Anúncianse tamén as postas en escena de *Gaivotas subterráneas*, pola compañía RTA, en Vimianzo e de *Morgana e Artur e Capricho de teatro*, por Os Quinquilláns, en Muxía.

- F. F., “O Auditorio acolle o domingo a peza teatral ‘Gaivotas subterráneas’”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 10 decembro 2013, p. 8.

Dá noticia da representación da obra *Gaivotas subterráneas*, no Auditorio Municipal de Vilagarcía, protagonizada por Luis Iglesia e Xabier Deive. Precísase que aborda a historia de dous amigos da infancia que se atoparán anos despois, momento no que un propón un “trato truculento” ao outro.

Tirita Producións: *O cabaré da muller paxaro*

Ver Sen Numerar

Referencias varias:

- J. Rodríguez, “Una muestra de Carmen Domínguez abrirá las citas culturales lalinenses”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 697, 3 outubro 2013, p. 6.

Fálase do programa cultural previsto para o mes de outubro no concello de Lalín, no que se representarán *O cabaré da muller paxaro*, de Tirita Producións, e *Método de Grönholm*, de Talía Teatro, e se celebrará o ciclo Outubro Literario.

Asociación Cultural **Triatrerros** Teatro: *Matanza*

Referencias varias:

- Marta Filgueira, “Estética teatral en *Matanza*”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 76, “Espectáculos”, outono 2013, pp. 67-69.

Comeza destacando que *Matanza*, de Triatrerros, partindo do clasicismo, integra á perfección todos os elementos. Con respecto á escenografía, comenta que se consegue o equilibrio entre elementos mobles, luz e cor, en conexión coa vestimenta e cos movementos dos personaxes; e que mestura expresionismo, clasicismo e realismo barroco.

Tuerka Teatro: *O xardín das pernas roubadas*, dirección Xoán Carlos Mejuto

Recensións:

- J. A. Martínez Sevilla, “Una tuerca que se ajusta”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, 2 novembro 2013, p. 24.

Afirmase que é unha proposta entre a ilusión e a realidade pura e dura que ispe a intimidade e coméntase que o seu argumento está “moi manido”. Insístese en que as entradas están agotadas, e en que o texto reflexiona sobre problemas da vida cotiá aos que non dá resposta.

Referencias varias:

- Marta García Márquez, “La Tuerka 27 traspasará las paredes de su sala para estrenarse en el gran formato”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 11 maio 2013, p. 13.

Sínálase que La Tuerka 27 pretende levar á escena no Rosalía a súa obra *O xardín das Pernas Roubadas* sen recibir subvencións, polo que intentan recadar fondos en Internet coa organización de diversas actividades culturais.

- Manuel Varela, “A por la ‘tuerka’ que faltaba”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 12 maio 2013, p. 10.

Infórmase do esforzo que La Tuerka 27 está levando a cabo co fin de recadar fondos para crear a súa propia compañía de teatro coa produción desta peza. Dáse noticia de que comezaron unha recadación de fondos con varios espectáculos, como a representación de *Tres, Tres, Tres*, unha gala de monólogos e outra de comedia e a posta en escena de *Gran festa do xardín das pernas roubadas*, na que teñen cabida a música, os monólogos e os microrrelatos.

- Lucía Larios, “Se buscan mecenas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 22 xullo 2013, p. 7.

Afirma que a obra *O xardín das pernas roubadas*, da compañía Tuerka Teatro, é unha comedia de amor absurdo e de compromiso social, que será financiada mediante micromecenazgo. Coméntase polo miúdo a peza e infórmase da súa representación no teatro Rosalía de Castro da Coruña.

- Lino Braxe, “O Xardín das Pernas Roubadas”, *La Opinión*, “Opinión”, 28 outubro 2013, p. 13.

Fálase do nacemento da compañía Tuerka Teatro e do seu primeiro espectáculo, *O xardín das pernas roubadas*. Sinálase que obra é da autoría de Xoan Carlos Mejuto e anúnciase a súa estrea no Teatro Rosalía de Castro. Fálase tamén da situación actual do teatro galego.

- R. L., “LaTuerka 27 cambia de ambiente para presentar su primera obra”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 31 outubro 2013, p. 14.

Indica que a primeira obra teatral da compañía LaTuerka 27, intitulada *O xardín das pernas roubadas*, será estreada o 31 de outubro de 2013 no teatro Rosalía de Castro da Coruña. Refíre declaracións do director deste teatro.

Asociación Teatral **Paso de Valverde**: *O anel máximo*, texto Carlo Goldoni

Escola de Teatro **Valle-Innova** (1): *Adega*, adaptación da obra de Valle-Inclán *Flor de Santidad*

Referencias varias:

- Beni Yáñez, “La Escuela de Teatro adapta una centenaria novela de Valle para su sexta gira estival”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 2 xuño 2013, p. 14.

Dáse conta da presentación de “Fablas de Ruada”, a sexta xira de verán da Escola de Teatro da Fundación Valle-Inclán. Coméntase que a obra escollida para esta xira é *Adega*, unha adaptación da novela *Flor de Santidad*, de Valle-Inclán, e achégase información sobre o seu argumento.

- Laura Díaz, “Adega’, obra adaptada de un texto de Valle Inclán, en Vilanova”, *Diario de Pontevedra*, “Cambados”, “Vilanova”, “O Salnés”, 19 xullo 2013, p. 21.

Informa que a Escola de Teatro Valle Innova representará un texto de Ramón María del Valle-Inclán intitulado *Adega* na localidade de Vilanova de Arousa. Explica que o éxito da adaptación foise consolidando paseniñamente e que continuará a xira. Dáse conta da problemática existente entre a Fundación Valle-Inclán e o concello vilanovés.

Teatro do **Vilar**: *Baixarse ao moro*, texto José Luis Alonso de Santos, dirección Elena Seijo

Ver MIT, XXIXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Voadora (1): *Waltz*, dirección Marta Pazos

Ver Teatro&Danza

Recensións:

- Inma López Silva, “Hai futuro”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “Espectáculos”, primavera 2013, pp. 45-46.

Coméntase que o teatro de Voadora, en xeral, e *Waltz*, en particular, son herdeiros do teatro contemporáneo con toques de posdrama. Indícase que esta obra está conformada por tres pezas de microteatro independentes. Saliéntase que a mellor das tres é a que dá título ao conxunto e que combina a linguaxe de obxectos, o mimo e o emprego da metáfora e o lirismo escénico. Faise referencia ás outras dúas, unha farsa que integra a linguaxe do musical e unha obra xa estreada, *Happy end*, e sinálase que as tres comparten unha escenografía adaptábel, vistosa e minimalista que tenta involucrar o espectador.

Referencias varias:

- Xosé Valiña, “Voadora estrena ‘Waltz’ en Compostela”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 9 febreiro 2013, contracuberta.

Infórmase, entre outras novas, da presentación desta peza teatral por parte dos integrantes da compañía Voadora, que a estreará na Zona C de Bonaval, dentro do ciclo Teatro&Danza. Coméntase o contido da obra.

- A. I. S., “A la venta las entradas para Waltz”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 12 febreiro 2013, p. 28.

Dá conta da estrea da obra *Waltz*, enmarcada no ciclo Teatro&Danza, que se representará na Zona C de Bonaval. Infórmase do prezo das entradas.

- Vanesa Sotelo, “Marta Pazos: ‘Desde Voadora facemos teatro para os sentidos’”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “Entrevistas”, primavera 2013, pp. 61-66.

Con motivo da consecución de cinco premios María Casares por parte de Voadora e da estrea da súa nova proposta, *Waltz*, reproducése unha conversa con Marta Pazos, na que reflexiona sobre as claves do proceso de traballo da compañía, a influencia da súa formación como pintora á hora de escribir, o papel da música en Voadora ou o gusto pola posta en valor do cotián, entre outros asuntos.

- R. S., “Os Premios da Crítica reloca en Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, p. 6/ “Vigo acolleu o acto de entrega dos Premios da Crítica 2013”, *La Región*, “Sociedad”, p. 57, 20 outubro 2013.

Dáse conta da entrega dos Premios da Crítica en Vigo, nun acto ao que asistiron preto de catrocentas persoas. Recóllense os galardóns concedidos: Creación literaria, a Xabier Cordal, por *Transmuta* (2012); Premio de Investigación, a Xosé Ramón Barreiro, por *Murguía* (2012); Premio de Música, a Taller Atlántico Contemporáneo; Premio de Iniciativas culturais, a Culturgal; Premio de Artes plásticas, a Xulio Xil; e Premio de Artes escénicas e audiovisuais, a compañía Voadora, polas representacións *Waltz* e *Tokio 3*.

- Ágatha de Santos, “Xabier Cordal, Xosé Ramón Barreiro, Xulio Xil y Culturgal, entre los premios da Crítica Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 outubro 2013, p. 43.

Dáse conta da entrega dos Premios da Crítica Galicia. Recóllese que os premiados foron: Xabier Cordal, co Premio de Creación literaria por *Transmuta* (2012); Xosé Ramón Barreiro, co Premio de Investigación, por *Murguía* (2012); Taller Atlántico Contemporáneo, co Premio de Música; Culturgal, co Premio ás Iniciativas culturais; a compañía Voadora, co Premio de Artes escénicas e Audiovisuais, polas representacións *Tokio 3* e *Waltz*; e Xulio Xil, co Premio de Artes plásticas.

- Ana Baena, “El teatro de la generación “link” llega con Voadora”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 20 novembro 2013, p. 9.

Dá noticia da representación de *Waltz*, de Voadora, dentro da programación cultural da Universidade de Santiago de Compostela. Indica que esta compañía santiaguesa, premiada recentemente co María Casares e co Premio da Crítica, presentará o mércores esta peza de temática amorosa. Destaca que a directora Marta Pazos asegurou a relación do teatro cos “link”, os cales conteñen grande información.

Ymedioteatro: *Sie7e*

III.3.2.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓN OU AGRUPACIÓN VARIAS

Grupo de Teatro **Agarimo** (1): *Mamá, quero ser artista*

Ver Agarimo, Iº Certame de Teatro Afeccionado

Grupo de Teatro **Agarimo** (2): *Non me podo divorciar*

Ver Agarimo, Iº Certame de Teatro Afeccionado

Cadro Artístico **Airiños** (1): *Anacos de Castelao*, texto Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Esther F. Carrodegua, dirección Esther F. Carrodegua

Referencias varias:

- S. Souto, “Poesía, teatro, exposiciones y folk en los Actos Castelao”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 439, 16 xaneiro 2013, p. 6.

Dáse conta da programación cultural que organizou o concello de Rianxo. Explicita que nela ten cabida a poesía, exposicións, a música folk, un recital, presentacións de obras e a representación teatral de *Anacos de Castelao*, por parte do Cadro Artístico Airiños.

- A. S., “Rianxo recuerda a Castelao por su aniversario”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 24 xaneiro 2013, p. 22.

Preséntase o programa de actos que conmemoran en Rianxo o aniversario do nacemento de Castelao. Entre eles, destaca a presentación de libros e a representación da peza *Anacos de Castelao* baixo a dirección de Esther F. Carrodegua; un concerto de Roi Casal ou a asemblea anual da Fundación Castelao.

Cadro Artístico **Airiños** (2): *O cabaré dos 80... anos de Airiños*

Ver Teo, VIº Mes do Teatro

Referencias varias:

- Suso Souto, “La compañía Airiños de Rianxo estrena una obra sobre sus 80 años”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 731, 6 novembro 2013, p. 7.

Dáse conta da presentación en Rianxo da obra *O cabaré dos 80... anos de Airiños*, da compañía local de teatro Airiños. Coméntase que a obra foi creada para celebrar o octoxésimo aniversario do grupo e que está inspirada nas anécdotas dos seus integrantes.

Grupo de Teatro Xuvenil Alfoz-O Valadouro **A Maseira**: *Deusas*, texto Pepe Peinó

Ver Valadouro, XXVIIIª Semana do Teatro

Grupo de Teatro Municipal de **Ames**: *Con fíos na prata*

Grupo de Teatro **A Moura**: *Tecendo mentiras*

Ver Mámoa de Luou, Mes do Teatro da

Andaravía Teatro: *República de Gundián. Un sainete futurista*, texto e dirección Carlos Santiago

Ver Agustín Magán, XIIº Festival de teatro afeccionado

Ver Ames, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Ver Enrique Landesa, Ciclo de Teatro Afeccionado

Ver Fegatea Móvete, VIIIº Festival Galego de Teatro Afeccionado

Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de **Antas do Ulla**: *A vida de Brian*

Ver Fegatea Móvete, VIIIº Festival Galego de Teatro Afeccionado

Aquelando Teatro: *Integral*

Ver Ames, VIIIª Mostra de Teatro Afeccionado de

Ver FITEUC, XXº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña

Ver Xosé Agrelo, VIIª Mostra de Teatro

Arte Maior Teatro, alumnos e exalumnos de IV Ciclo USC: *Anxeliños. Comedia satánica*, texto Roberto Vidal Bolaño

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Referencias varias:

- A. I. S., “Arte Maior Teatro en el CSC de Santa Marta”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 18 maio 2013, p. 26.

Anúnciase a representación desta peza teatral no Centro Sociocultural de Santa Marta de Santiago de Compostela.

Artías Teatro (1): *Dixo pene (nai que nos pariu!)*, textos Sergi Belbel, David Plana ou Paco Mir, entre outros, dirección Daniel Baamonde

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Referencias varias:

- A. I. S., “Artías Teatro, a favor del nuevo proyecto de Anaco”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 xuño 2013, p. 32.

Anúnciase a estrea desta obra no Teatro Principal de Santiago de Compostela e sinálase que a recadación da función irá destinada a fins solidarios.

Ateaco Teatro: *Concavo-convexo*

Ver Agarimo, Iº Certame de Teatro Afeccionado
Ver Arteixo, XIVª Mostra de Teatro Afeccionado de
Ver Sada, IXª Mostra de Teatro Afeccionado
Ver Terras de Orzellón, VIª Mostra de Teatro Amador

Atrezo Teatro: *Consello de nai*

Referencias varias:

- J. C., “Mos denuncia la violencia machista por medio del teatro”, *Faro de Vigo*, “Louriña”, “Área Metropolitana”, “Porriño-Mos”, 22 novembro 2013, p. 17.

Destaca que, dentro dos actos para o Día pola Eliminación da Violencia de Xénero, o Concello de Mos inclúe a representación da obra *Consello de nai*.

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (1): *Nau de amores*, dirección Flor Maceiras

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “A Escola de Teatro de Narón presenta ‘Nau de Amores’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, nº 547, 5 maio 2013, p. 6.

Dá conta de que a Escola de Teatro de Narón presenta na capital de Soneira a obra *Nau de amores*, dirixida por Flor Maceiras. Infórmase do reparto e da hora á que se representará na casa de cultura.

Axóuxere Teatro: *Asasinato no parque de atraccións*

Ver Lugo, Festival Galego de Teatro Afeccionado de
Ver San Andrés de Comesaña, VIIº Encontro Teatral de

O Baile de Óscar Wilde: *O botín da miseria*, texto Lino Braxe

Batán: *Retirativos*

Asociación Cultural e Teatral El **Biombo:** *Comedias chejovianas*

Ver Agarimo, Iº Certame de Teatro Afeccionado

Asociación Cultural e Teatral El **Biombo:** *Entremeses entreamores*

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Bradomín Teatro: *Oito*, dirección Gustavo García Dieste

Teatro **Carauta:** *Segredos de familia (e licor café)*

Ver Poio Escena

Carrachanacacha: *Cipriano de Bequelar (Historia de amor e morte)*, texto e dirección
Leandro Lamas

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Caruncho Teatro: *Inés, desapercibida*

Ver Coruña, IIª Mostra de Teatro Afeccionado da
Ver Teatro Colón, IIª Mostra de Teatro Afeccionado do

Chumpá Teatro: *Wellcome to Cuntisville*

Ver Mámoa de Luou, Mes do Teatro da

Referencias varias:

- A. P., “Chumpateatro leva ‘Wellcome to Cuntisville’ hoxe á Azucreira”, *Diario de Pontevedra*, “Caldas”, “Deza”, “Tabeirós”, 28 abril 2013, p. 22.

Dáse conta de que a Escola artística de Cuntis Chumpateatro representa na Azucreira *Wellcome to Cuntisville, cidade sen lei*, obra ambientada no oeste co fin de homenaxear as películas deste xénero.

Cinco donas e un guedellas: *Amor divino, amor humano*

Ver EstéNarúa, Festival Galego de Teatro Amador

Cordelia, Aula de Teatro Universitario de Ourense: *Vidal Bolaño 2013*

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Ver MITEU, XVIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Disfunción Continua Teatro: *Eran outros tempos, ou non?*

Ver Daniel Cortezón, Xª Mostra de Teatro Afeccionado

Ver MOSTRA(TE), XIIª Mostra de Teatro Afeccionado do Condado

Referencias varias:

- C. B., “Disfunción continua Teatro estrea con éxito en Mostrar(Te) a súa nova obra”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 634, 31 xullo 2013, p. 6.

Sostén que a peza *Eran outros tempos, ou non?*, da compañía Disfunción Continua Teatro da Estrada, foi apresentada dentro da mostra de teatro afeccionado “Mostrar(Te)” de Fornelos a Ribeira, en Salvaterra do Miño. Explica o seu argumento.

Do Miolo e Cía (1): *Non son d’acó nin d’acolá*

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Donas-Amistad: In memoriam de Agapito Salido

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Espírito áspero teatro: *Nefelococigia: A cidade das nubes e dos cucos*, dirección Constance Hurlé

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Escola de Teatro Os **Falcatrueiros**: *Crimes exemplares*, adaptación texto Max Aub, dirección Jouse García

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Ver Fegatea Móvete, VIIIº Festival Galego de Teatro Afeccionado

Teatro da **Falúa**: *Noite na terra*

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

A **Fiestra** Teatro: *A terra de jauja*

Ver EstéNarúa, Festival Galego de Teatro Amador

Folerpas Teatro: *A raíña da escuma*

Ver EstéNarúa, Festival Galego de Teatro Amador

Laboratorio Teatral do Teatro Colón: *As marxes da desgraza*, adaptación de fragmentos de textos Roberto Vidal Bolaño, dirección Santiago Cortegoso

Referencias varias:

- Manuel Varela, “O mundo de Bolaño resucita no Colón”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 16 maio 2013, p. 12.

Anúnciase a posta en escena no teatro Colón desta peza teatral creada por Santiago Cortegoso a partir de fragmentos da obra de Roberto Vidal Bolaño e que está protagonizada por un conxunto de personaxes marxinais extraídos das pezas deste autor.

Grupo **Las Civas**: *XX*, adaptación dalgúns capítulos de *Ella imagina* de Juan José Millás y de *Flúor* de Ana Laura Aláez

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Liceo de Noia: *A cea dos idiotas*

Ver Negreira, IVº Ciclo Teatral de

Grupo de teatro afeccionado de **Lousame**: *Comedia*, texto e dirección Gustavo García Dieste

Referencias varias:

- M. Gil, “Música y teatro para acabar la semana en Noia y O Son”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 782, 28 decembro 2013, p. 7.

Apunta que na casa da cultura de Porto do Son se representará a obra *Comedia*, a cargo do grupo de teatro afeccionado de Lousame. Comenta que o director do grupo, Gustavo García Dieste, se inspirou nos xograres italianos do século XVII.

Escola de Teatro da Asociación Teatro do **Mar**: *Pepe e Maruja*

Referencias varias:

- J. Casal, “Teatro do Mar’ se pasa a la danza”, *Diario de Pontevedra*, “Sanxenxo”, “O Salnés”, 8 novembro 2013, p. 19.

Destaca, entre outras cuestións, que esta compañía levará a escena o 10 de novembro de 2013 a peza *Pepe e Maruxa* no Auditorio Municipal de Ribadumia.

Maricastaña, Aula de Teatro Universitaria de Ourense: *Suicidio colectivo con encanto*, adaptación do texto *Delicioso suicidio en grupo*, de Arto Paasilinna

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Ver FITEUC, XXº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña

Ver Lugo, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da USC de

Ver MITEU, XVIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Medulio, Sociedade Cultural de Ferrol (1): *O mundo segundo Rosalía*

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “A Universidade Popular promove o Maio das Letras”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 550, 8 maio 2013, p. 7.

Infórmase que a Universidade Popular de Corcubión inaugura o Maio das Letras coa presentación do libro de Carlos Callón: *Como defenderes os teus dereitos lingüísticos*. Por outra banda, dáse noticia de que a Sociedade Cultural Medulio porá en escena *O mundo segundo Rosalía*.

Medulio, Sociedade Cultural de Ferrol (2): *Digo Viet Nam e basta*, adaptación do texto de Celso Emilio Ferreiro

Melide, Escola Municipal de Teatro de: *O hostel do anxo*, dirección María del Carmen Gómez Neira

Referencias varias:

- Arturo Reboredo, “Variado programa de actividades navideñas, en concellos de A Ulloa”, *El Progreso*, “Comarcas”, 26 decembro 2013, p. 11.

Sinala que, dentro da programación de Nadal dos concellos da Ulloa, se inclúe a representación d’*O hostel do anxo*, a cargo da escola municipal de teatro de Melide, que terá lugar na Casa da Cultura dese concello.

Morea, Asociación de familiares e enfermos mentais do Barco de Valdeorras: *Spaguetti con chourizo Western*

Referencias varias:

- José Cruz, “Morea convierte el teatro en terapia”, *La Región*, “Valdeorras”, 3 outubro 2013, p. 18.

Explica que a asociación de familiares e enfermos mentais Morea, de O Barco, conta cun grupo teatral que vén de gañar o premio Igual Arte coa obra *Spaguetti Western*. Informa que o espectáculo se representará o día 4 no teatro Lauro Olmo de O Barco e a próxima semana en Vigo. Recolle afirmacións da psicóloga Nuria Fernández sobre os beneficios que se conseguen co teatro, en canto a expresión, movemento, motivación e memoria.

Asociación de **Mulleres Amistad**: *A aula de tócame-roque*

Grupo de Teatro **Mulleres na igualdade**: *Cando as mulleres calan*

Escola Municipal de Teatro de **Muxía**: *O crime de Aldea Vella*

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Teatro, juegos, música y una motofesta en la Semana Cultural da Barca de Muxía”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 669, 4 setembro 2013, p. 6.

Dá noticia de que, dentro da programación da Semana Cultural da Barca de Muxía, se porá en escena, a peza *O crime de Aldea Vella*, da Escola Municipal de Teatro, o sábado 7 e o domingo 8.

Navia Teatro Escola: *O meigo de Fisterra*

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Negreira, Escola Municipal de Teatro de: *Nun tren*

Ver Negreira, IVº Ciclo Teatral de

NNC Teatro: *Santa Perpetua*

Ver Agustín Magán, XIIº Festival de teatro afeccionado

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Ver San Andrés de Comesaña, VIIº Encontro Teatral de

Non si? Teatro. Aula de Teatro de Baiona: *Turandot*, texto Bertolt Brecht

Nova Escena Teatro (1): *In pacem*

Referencias varias:

- Marta Becerra, “¡Al fin es tiempo de un buen baño!”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 1 xullo 2013, p. 4.

Dáse conta da representación da obra *In Pacem* pola compañía Nova Escena no Auditorio de Lugo.

Oquetiqueiras: *As raíñas*

Expresións Teatro **Os Carballiños**: *O cacique*

Ver Mámoa de Luou, Mes do Teatro

Os catro de sempre: *Para Brasil me vou roubando*

Ver MOSTRA(TE), XIIª Mostra de Teatro Afeccionado do Condado

Teatro **O Tarabelo**: *Homes, mulleres e viceversa*

Ver Poio Escena

Grupo de Teatro Xuvenil **Pasapadentro**: *Comedia bífida*

Ver Arteixo, XIVª Mostra de Teatro Afeccionado de

Teatro do **Peto**: *En té de guerra*,

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Grupo de Teatro **Pinchacarneiro**: *Proxecto 45*

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Ver MITEU, XVIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Grupo de Teatro **Pisabarros**: *Vila das donas*

Referencias varias:

- M. V., “Demostracións, música e teatro”, *La Región*, “X Mercado Medieval”, 19 xullo 2013, p. 19.

Comenta que a aldea valdeorresa de Tremiñá contará o 20 de xullo de 2013 cun mercado medieval, no que o grupo Pisabarros representará a peza *Vila das donas*.

Sociedade Cultural e Recreativa A **Pombiña de Pedroso**: *As feas tamén casan*

Ver Agarimo, Iº Certame de Teatro Afeccionado

Ver Aguiño, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño

Ver Narón, Vª Mostra de Teatro Amador de

Ver Pontes, VIª Mostra de Teatro Afeccionado

Escola Municipal de Teatro da **Pontenova**: *Un lugar axeitado para criminais*

Ver Vilalba, XVª Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- M. M., “El auditorio vilalbés acoge la representación de la obra teatral ‘María Castaña’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 27 novembro 2013, p. 18.

Dá noticia de que a compañía Avelaiña Teatro presentará a peza *María Castaña* o día 29 de novembro no auditorio vilalbés, lugar no que se celebrará o día 30 a última

representación da XV Mostra de Teatro da localidade, *Un lugar axeitado para criminais*, a cargo da escola municipal de teatro de A Pontenova.

Portasabertas Teatro: *Tres de tres*

Grupo Teatral **Raiolas**: *Ruídos na casa*

Ver Valadouro, XXVIIIª Semana do Teatro

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Rebuldeira Teatro, Aula de Teatro do Concello de Sarria: *O misterio do pazo de Tumbiadoiro*, texto e dirección Guillermo Cancelo

Ver Vila de Sarria, IIIª Semana de Teatro Cómico

Referencias varias:

- A. R., “A Praza da Vila converterase nun divertido escenario teatral”, *El Progreso*, “Especial Festas de San Xoán”, “Sarria”, 21 xuño 2013, p. 58.

Anúnciase a estrea da comedia *A pantasma do pazo do Tumbiadoiro*, da Aula de Teatro do Concello de Sarria. Coméntase que a obra está ambientada a mediados do século XIX no Pazo de Tumbiadoiro e achégase información sobre o seu argumento. Indícase que a montaxe xurdiu nun dos talleres de improvisación que realiza a Aula de Teatro e foi escrita polo seu director, Guillermo Cancelo. Ofrécese ademais información sobre a historia da Aula Teatro e sobre a súa actividade.

- A. C. V., “Os Tamborileiros anuncian San Xoán”, *El Progreso*, “Sarria”, 22 xuño 2013, p. 21.

Entre outras actividades, anúnciase a representación desta peza teatral no marco das festas de San Xoán de Sarria nunha das prazas da vila.

Grupo de Teatro de **Ribadeo**: *Lisístrata*, dirección Toni Deaño

Grupo de Teatro de **Ribadeo**: *Os putativos*

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

A **Rocha**: *A culpa foi do cha-cha-cha*

Referencias varias:

- E. C. G., “Nuevo montaje del grupo de teatro de A Rocha”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 abril 2013, p. 27.

Infórmase da posta en escena d’*A culpa foi do cha-cha-cha* no centro sociocultural de Fontiñas, en Santiago de Compostela e de que o fin desta actividade é o intercambio de experiencias e a visualización dos traballos de grupos teatrais dos centros socioculturais.

Teatro do **Rueiro** (1): *Comedia bífida*

Ver Enrique Landesa, Ciclo de Teatro Afeccionado
Ver Vigo, Semana de Teatro Afeccionado de

Teatro do **Rueiro** (2): *A miña muller e o fontaneiro*, texto Hugo Daniel Marcos

Sal-monela Teatro: *El non faría iso*, texto Antonio Ruíz Negre, dirección Modesto Gómez

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Asociación de Dano Cerebral **Sarela**: *Sarela Televisión*

Referencias varias:

- A. I., “El grupo de teatro de la Asociación de Dano Cerebral se estrena en una gala”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 xuño 2013, p. 27.

Anúnciase a presentación no Auditorio de Galicia de *Sarela Televisión*, a primeira obra do grupo de teatro da Asociación de Dano Cerebral Sarela.

Santa Compañía: *Instrucións para ferver un ovo*, texto e dirección Laura Porto Crabeiro e Miguel Santomé Regueira

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Aula de Teatro de **Sarria**: *Improvisación: oito escenas sobre a violencia de xénero*, dirección Lorena Doval

Referencias varias:

- L. P., “El Aula de Teatro amplía sus horarios y estrena directora”, *El Progreso*, “Sarria”, 22 novembro 2013, p. 15.

Sinala que a Aula de Teatro do concello de Sarria conta cunha nova directora, a actriz Lorena Doval, e que as clases se imparten dous días á semana. Indica que os alumnos participarán en tres representacións: nas festas de San Xoán, no ciclo de teatro cómico e no ciclo de teatro de adultos. Destaca que o sábado se pon en escena a obra *Improvisación: oito escenas sobre a violencia de xénero*, incluída no ciclo de teatro de adultos.

Os **sigillatos galaicos**: *En-caixa-dos*

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Grupo de Teatro **Tarantela**: *O achado do castro*

Ver Vigo, Semana de Teatro Afeccionado de

Teatrino Teatro: *A tola do barrio*

Ver Enrique Landesa, Ciclo de Teatro Afeccionado

Ver Valladares teatral, VIIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Teatro solidario As Ínsuas: *UniverSOS paraLELOS*

Ver Laxe, VIIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Ver Xosé Agrelo, VIIª Mostra de Teatro

Teruca Bouza: *Fóra de lugar*

Ver Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, XXIVª Xornadas de Teatro da

Tik Teatro: *Berro*, dirección Laura García Recio

Referencias varias:

- Marta Becerra, “El Lucus Augusti corre por una buena causa”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 13 abril 2013, pp. 14-15.

Entre outras novas, infórmase dun ensaio, aberto a todo o público interesado, da obra *Berro*, do grupo de teatro aficionado Tik Teatro, que tivo lugar na residencia Bal y Gay.

- Arsenio Coto, “Laura García: Tenemos que dar voz a los que sufren la crisis”, *El Progreso*, “Lugo”, “Emergentes”, 14 abril 2013, p. 14.

Conversa con Laura García, directora desta formación teatral, onde define o grupo e o simbolismo que ten *Berro*. Ademais, informa do número de actores que compoñen a compañía e da importancia que lle dan ao teatro xestual.

- Marta Becerra, “Un ‘Berro’ por los que más sufren”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 15 abril 2013, p. 6.

Entre outras cousas, dá conta da representación desta peza teatral por parte da compañía de teatro universitario Tik Teatro, incluíndo declaracións da súa directora sobre a finalidade da mesma.

TikTak: *Ejercicios para escorrenar fantasmas*

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Tira e Afloxa Teatro: *Ó pé da lareira*

Ver Boqueixón, Ciclo de Teatro de Outono de
Ver Teatrosfilia, Xª Mostra de Teatro Amador

Tolemia Teatro: *Sños dun sedutor*

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de
Ver Poio Escena

Escola Municipal de Teatro de **Tomiño** (1): *O nacemento do dragón*

Referencias varias:

- A. Ferreira, “Tomiño centra su oferta cultural de primavera en el teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 4 abril 2013, p. 20.

Dáse conta da presentación da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que centrará a súa atención no teatro. Saliéntase, entre outras postas en escena, a representación desta peza teatral, por parte da Escola Municipal de Teatro de Tomiño.

- E. G., “La afición al teatro se consolida en Tomiño con la actuación de seis grupos”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 4 abril 2013, p. 16.

Infórmase da programación cultural de primavera do concello de Tomiño, que acolle mostras de escultura, pintura e un festival de cinema. Dáse conta da programación teatral, destacando, *O nacemento do dragón*, entre outras postas en escena.

Escola Municipal de Teatro de **Tomiño** (2): *O pano da avoa*

Referencias varias:

- A. Ferreira, “Tomiño centra su oferta cultural de primavera en el teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 4 abril 2013, p. 20.

Dáse conta da presentación da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que centrará a súa atención no teatro. Saliéntase, entre outras postas en escena, a representación desta peza teatral, por parte da Escola Municipal de Teatro de Tomiño.

- E. G., “La afición al teatro se consolida en Tomiño con la actuación de seis grupos”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 4 abril 2013, p. 16.

Infórmase da programación cultural de primavera do concello de Tomiño, que acolle mostras de escultura, pintura e un festival de cinema. Dáse conta da programación teatral, destacando, *O pano da avoa*, entre outras postas en escena.

Asociación Cultural **Triatrerros** Teatro: *Improperio*

Ver Teatro á feira, Iª Festa de Teatro Emerxente

Trécola Teatro (1): *As aureanas*

Trécola Teatro (2): *Tiéboro*

Ver FITO, VIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Tremoia Teatro: *Os impresentables*

Aula Municipal de Teatro de Castro de Rei, Os **Trocos** (1): *Camping gas*

Ver Vila de Sarria, IIIª Semana de Teatro Cómico

Ver Vilalba, XVª Mostra de Teatro de

Aula Municipal de Teatro de Castro de Rei, Os **Trocos** (2): *Falamos de cartos*

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Ver Sarria, Iª Mostra de Teatro Municipal

Aula de Teatro Universitario **USC-Lugo**: *A burla do galo*

Ver FITEUC, XXº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de
Ver MITEU, XVIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Referencias varias:

- Pedro P., Riobó, “Presenza de Roberto Vidal Bolaño”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “RVB: Furia e razón”, primavera 2013, pp. 13-18.

Coméntase que, con motivo da produción en 2003 de *Daquel Abrente* por parte do Centro Dramático Galego, encomendáraselle a Pedro P. Riobó un estudo sobre Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes. Indícase que, naquela época, xa se contaba cun conxunto de traballos sobre Vidal Bolaño, algúns deles incluídos en libros dos espectáculos do Centro Dramático Galego. A continuación, realízase un repaso polas principais obras que analizan a figura deste autor. Asemade, menciónanse as numerosas iniciativas para a posta en escena das súas obras, entre as que se destaca *Días sen gloria*, do Centro Dramático Galego; *Criaturas*, de Teatro do Aquí; *Bailadelas*, de Teatro Antroido; *Animaliños*, da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela-Compañía de Teatro do Campus de Lugo; e *A burla do galo*, da Aula de Teatro da Universidade da Coruña-Compañía Teatro Normal. Finalmente, faise referencia ao ciclo “Vidal Bolaño recuperado: citas audiovisuais”, organizado polo Centro Dramático Galego, creador tamén do Premio Roberto Vidal Bolaño ao Espectador; á fundación en 2012 da Asociación Roberto Vidal Bolaño ou as biografías dispoñíbeis para a súa consulta nas páxinas en liña da Real Academia Galega e da AGADIC, entre outros proxectos.

- Javier García, “Teatro, exposicións e novas edicións lembrarán a Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 abril 2013, p. 40.

Dá conta de que, con motivo do ano dedicado a Vidal Bolaño, terán lugar numerosas representacións teatrais, exposicións e unha mostra itinerante sobre o autor. Noméanse, entre as obras, *Días sen gloria*, do CDG; *Criaturas*, do Teatro do Aquí; *BailadELAS*, de Teatro do Antroido; *Touporroutou da lúa e do sol*, do Teatro do Noroeste e da Escola Superior de Arte Dramática; *Animaliños*, da Aula de Teatro da USC; *A burla do Galo*, da Aula de Teatro da UDC e o espectáculo *Vidal Bolaño 2013*, composto a partir de pasaxes do dramaturgo. Cítase a realización de novas edicións de *Doentes*, das *Obras completas* de Vidal Bolaño e d’*Un chapeu negro e un nariz vermello*.

- Carmen Villar, “Vidal Bolaño acapará a programación deste ano do Centro Dramático Galego”, *Faro de Vigo*, p. 38/ *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 31, “Sociedad”, 16 abril 2013.

Expóñense pormenorizadamente os distintos actos culturais que teñen como figura de referencia o dramaturgo Vidal Bolaño no ano no que se lle dedica o Día das Letras Galegas, entre os que se atopa a posta en escena desta obra.

Aula de Teatro da **Universidade de Santiago de Compostela**: *Apnea (Variación segunda)*

Referencias varias:

- A. Precedo, “Viaje a los años 60 con ‘Mornings’”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 19 setembro 2013, contracuberta.

Informa da estrea de *Mornings. Guateque total* na Zona C de Bonaval, unha obra protagonizada por Blanca Cendán e Suso Alonso que recolle a esencia dos anos sesenta. Indica que se representará, dende o xoves até o domingo, incluída no ciclo Teatro & Danza. Tamén sinala que a compañía de teatro da Universidade de Santiago continúa as probas para completar o elenco de *Apnea (Variación segunda)*.

Úrsula Teatro (1): *Loita*

Referencias varias:

- M. Angueira, “Cando o xamón e os chourizos tiran máis que a muller e os fillos”, *Diario de Arousa*, “Ulla”, “Umia”, 17 maio 2013, p. 23.

Coméntase que a Escola Municipal de Catoira Úrsula Teatro vai homenaxear a Roberto Vidal Bolaño con motivo do Día das Letras Galegas e que, no marco da Romaría Vikinga, levará a escena *A saga de Iacobsland* e *O bosque dos poderes*.

- M. Angueira, “La Vikinga otorga protagonismo a Xelmírez y Rey Romero con la presentación de dos libros”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 19 xullo 2013, p. 21.

Infórmase, entre outras novas, da programación da Romería Vikinga, na que Úrsula Teatro levará a escena *Loita* e *Saga de Iacobsland: a revolta do Clan da Loba*.

- M. Angueira, “Dúas noites de revolta nas Torres de Oeste”, *Diario de Arousa*, “53 edición Romería Vikinga”, 2 agosto 2013, p. 22.

Infórmase de que, no marco da Semana do Teatro celebrada en Catoira, a Escola Municipal Úrsula Teatro vai representar nas Torres do Oeste as pezas *A saga de Iacobsland: a revolta do clan da Loba*, *Loita* e *Bosque dos poderes*.

Úrsula Teatro (2): *Saga de Iacobsland: a revolta do Clan da Loba*

Referencias varias:

- M. Angueira, “Cando o xamón e os chourizos tiran máis que a muller e os fillos”, *Diario de Arousa*, “Ulla”, “Umia”, 17 maio 2013, p. 23.

Coméntase que a Escola Municipal de Catoira Úrsula Teatro vai homenaxear a Roberto Vidal Bolaño con motivo do Día das Letras Galegas e que, no marco da Romaría Vikinga, levará a escena *A saga de Iacobsland* e *O bosque dos poderes*.

- M. Angueira, “La Vikinga otorga protagonismo a Xelmírez y Rey Romero con la presentación de dos libros”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 19 xullo 2013, p. 21.

Infórmase, entre outras novas, da programación da Romería Vikinga, na que Úrsula Teatro levará a escena *Loita e Saga de Iacobsland: a revolta do Clan da Loba*.

- M. Angueira, “Dúas noites de revolta nas Torres de Oeste”, *Diario de Arousa*, “53 edición Romería Vikinga”, 2 agosto 2013, p. 22.

Infórmase que, no marco da Semana do Teatro celebrada en Catoira, a Escola Municipal Úrsula Teatro vai representar nas Torres do Oeste as pezas *A saga de Iacobsland: a revolta do clan da Loba*, *Loita* e *Bosque dos poderes*.

Aula de Teatro Universitario **USC-Lugo**: *Animaliños*, texto Roberto Vidal Bolaño

Ver FITEUC, XXº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario

Ver Lugo, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da USC de

Ver MITEU, XVIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Referencias varias:

- Dolores Vilavedra, “Día das Letras Galegas 2013. Roberto Vidal Bolaño”, *Grial*, n.º 197, Tomo LI, “O rego da cultura”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 8-9.

Trátanse os actos culturais ao redor da figura de Roberto Vidal Bolaño con motivo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas 2013. Dáse noticia da edición da súa *Obra completa*, en seis volumes coordinados por Xosé Manuel Fernández Castro. Recóllese a posta en escena de varias obras de Vidal Bolaño: *Animaliños*, realizada pola Aula de Teatro do Campus de Lugo da Universidade de Santiago; *Criaturas*, representada por Teatro do Aquí; *Bailadelas (seis mulleres bolañesas)*, montaxe de Roi Vidal e Laura Ponte; *Días sen gloria*, posta en marcha por Farao; e *Touporroutou da lúa e do sol*, que se está a preparar no Centro Dramático Galego. Dáse conta da preparación da edición facsímile do manuscrito de *Ruada das papas e do unto* e da convocatoria do I Premio Roberto Vidal Bolaño. Conclúese cunha mención á posta en marcha da Asociación Roberto Vidal Bolaño co obxectivo de promover a súa figura e obra.

- Pedro P., Riobó, “Presenza de Roberto Vidal Bolaño”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “RVB: Furia e razón”, primavera 2013, pp. 13-18.

Coméntase que, con motivo da produción en 2003 de *Daquel Abrente* por parte do Centro Dramático Galego, encomendáraselle a Pedro P. Riobó un estudo sobre Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes. Indícase que, naquela época, xa se contaba cun conxunto de traballos sobre Vidal Bolaño, algúns deles incluídos en libros dos espectáculos do Centro Dramático Galego. A continuación, realízase un repaso polas principais obras que analizan a figura deste autor. Asemade, menciónanse as numerosas iniciativas para a posta en escena das súas obras, entre as que se destaca *Días sen gloria*,

do Centro Dramático Galego; *Criaturas*, de Teatro do Aquí; *Bailadelas*, de Teatro Antroido; *Animaliños*, da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela-Compañía de Teatro do Campus de Lugo; e *A burla do galo*, da Aula de Teatro da Universidade da Coruña-Compañía Teatro Normal. Finalmente, faise referencia ao ciclo “Vidal Bolaño recuperado: citas audiovisuais”, organizado polo Centro Dramático Galego, creador tamén do Premio Roberto Vidal Bolaño ao Espectador; á fundación en 2012 da Asociación Roberto Vidal Bolaño ou as biografías dispoñíbeis para a súa consulta nas páxinas en liña da Real Academia Galega e da AGADIC, entre outros proxectos.

- Javier García, “Teatro, exposicións e novas edicións lembrarán a Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 abril 2013, p. 40.

Dá conta de que, con motivo do ano dedicado a Vidal Bolaño, terán lugar numerosas representacións teatrais, exposicións e unha mostra itinerante sobre o autor. Noméanse, entre as obras, *Días sen gloria*, do CDG; *Criaturas*, do Teatro do Aquí; *BailadELAS*, de Teatro do Antroido; *Touporroutou da lúa e do sol*, do Teatro do Noroeste e da Escola Superior de Arte Dramática; *Animaliños*, da Aula de Teatro da USC; *A burla do Galo*, da Aula de Teatro da UDC e o espectáculo *Vidal Bolaño 2013*, composto a partir de pasaxes do dramaturgo. Cítase a realización de novas edicións de *Doentes*, das *Obras completas* de Vidal Bolaño e d’*Un chapeu negro e un nariz vermello*.

- Carmen Villar, “Vidal Bolaño acapará a programación deste ano do Centro Dramático Galego”, *Faro de Vigo*, p. 38/ *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 31, “Sociedad”, 16 abril 2013.

Expóñense pormenorizadamente os distintos actos culturais que teñen como figura de referencia o dramaturgo Vidal Bolaño no ano no que se dedica o Día das Letras Galegas, entre os que se atopa a posta en escena desta obra.

- J. Gómez, “Los universitarios ganan con Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 10 maio 2014, contracuberta.

Indícase que esta peza teatral foi a máis premiada na XIVª Mostra de Teatro Universitario de Galicia, recibindo numerosos galardóns. Infórmase do resto de compañías e actores premiados.

Vamolando Teatro: Rosiña solteira

Aula de Teatro Universitaria de **Vigo**: *Propietarios*, adaptación do texto *Animaliños* de Roberto Vidal Bolaño, dirección Pepa Barreiro

Ver MITEU, XVIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Escola Municipal de Teatro de **Vilalba**: *A escada*, dirección Cristina Mariño

Grupo de Teatro da Asociación Cultural **Xábrega**: *Filomeno búscame un neno*

Ver Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, XXIVª Xornadas de Teatro da

Xerpo Cultural: *Os mortos factúranse*

Xoré Teatro: *A procura dos sentidos*

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Escola de Teatro **Xosé María Pérez Parallé**: *Que facemos coa herdanza?*, dirección Carlos Basoa

Ver Agarimo, Iº Certame de Teatro Afeccionado

Ver Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, XXIVª Xornadas de Teatro da

Zampalladas: *Borralliña*, adaptación do conto popular *Cenicienta* por Xoán Carlos Laxe, dirección Paloma Lugilde

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Escola de Teatro de **Zas**: *O Testamento*

Referencias varias:

- J. M. R., “La escuela de teatro de Zas baja el telón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 579, 6 xuño 2013, p. 6.

Infórmase que o curso da Escola de Teatro de Zas finalizou coa posta en escena d’*O Testamento*.

III.3.3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINUÁN EN CARTEL

III.3.3.1. GRUPOS ESTÁBEIS OU PROFESIONAIS

Abrapalabra Creacións Escénicas (1): *Decamerón, historias para tempos ruíns*, texto Boccaccio, adaptación, dirección e interpretación Cándido Pazó

Ver Cangas, XXXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Ver Cee, Semana das Artes Escénicas

Ver Lugo, XIIIª Mostra de Teatro Clásico de

Referencias varias:

- N. M., “Cándido Pazó imprime nuevos aires a Boccaccio con su ‘Decamerón’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 23 xaneiro 2013, p. L7.

Infórmase da presentación dunha adaptación do *Decamerón* de Boccaccio, que levará a escena Cándido Pazó no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Sinálase que terán lugar cinco representacións, das cales unha será para escolares.

- Camilo Franco, “Vota neanderthal”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Vai por aí”, 24 xaneiro 2013, p. L7.

Dá conta da representación do *Decamerón* por Cándido Pazó no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Infórmase dos días de representación, do horario e do custo das entradas.

- Camilo Franco, “Nos malos tempos é cando a xente está máis ávida de rir”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Teatro”, 25 xaneiro 2013, p. 3.

Conversa con Cándido Pazó, quen reflexiona sobre o humor nos tempos de crise, sobre a produtividade de ofertar unha obra baseada nun clásico, sobre a boa aceptación da obra polo público e sobre o seu desexo de continuar actuando só nos escenarios.

Abrapalabra Creacións Escénicas (2): *Memoria das memorias dun neno labrego*, texto Xosé Neira Vilas, adaptación, dirección e interpretación Cándido Pazó

Referencias varias:

- S. B., “Cándido Pazó presenta ‘Memorias dun neno labrego’ en el Bergidum”, *La Crónica*, “El Bierzo”, 20 marzo 2013, p. 20.

Infórmase que a Asociación Berciana da Lingua Xarmenta e mais a Escola Oficial de Idiomas de Ponferrada levarán ao teatro Bergidum de Ponferrada o monólogo teatral de *Memorias dun neno labrego*, a cargo de Cándido Pazó, o 21 de marzo de 2013.

- Carlos Crespo, “Cada vez hai máis Balbinos nas leiras de asfalto”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 9.

Conversa con Cándido Pazó, actor que representará por centésima vez *Memorias dun neno labrego*, adaptación ao teatro da novela homónima de Xosé Neira Vilas, publicada hai cincuenta anos. Pazó reflexiona sobre o espectáculo e afirma que os Balbinos actuais son nenos das cidades, fillos de inmigrantes ou cos pais no paro.

Producións **Acontrabutaca**: *Dous son parella (e o demais son calumnias)*, dirección Xosé Lueiro

Ver Vilamarín, XXVIª Noites Teatrais de
Ver Ponteceso, XXº Ciclo de Teatro
Ver Riveira, Mostra de Teatro de
Ver Ponteceso, XXº Ciclo de Teatro

Referencias varias:

- A. Ferreira, “Tomiño centra su oferta cultural de primavera en el teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 4 abril 2013, p. 20.

Dáse conta da presentación da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que centrará a súa atención no teatro. Saliéntase, entre outras postas en escena, a representación desta peza teatral, por parte de Produccións Acontrabutaca.

- E. G., “La afición al teatro se consolida en Tomiño con la actuación de seis grupos”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 4 abril 2013, p. 16.

Infórmase da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que acolle mostras de escultura, pintura e un festival de cinema. Dáse conta da programación teatral, destacando, entre outras postas en escena, *Dous son parella (e o demais son calumnias)*, de Produccións Acontrabutaca.

Áncora Producións (1): *Pisados*, texto Gustavo Pernas, dirección Ánxela G. Abalo

Referencias varias:

- Montse Dopico, “Facer teatro”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VII.

Recóllense as palabras de diferentes persoeiros sobre a penosa situación do teatro galego. Dise que en 2013 a situación das compañías é peor que “extremadamente

difícil”. Coméntase que, segundo denunciou a Plataforma das Artes Escénicas, a Rede Galega de Teatros e Auditorios “estivo varios meses parada”; que a AGADIC reduciu o orzamento en relación con outros anos e que a Rede funciona a niveis moi baixos porque as institucións non están pola labor de apoiar o teatro.

Áncora Producións (2): *Snakizados*, texto Gustavo Pernas, dirección Ánxela G. Abalo

Recensións:

- Ánxeles Penas, “Snakizados”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, 3 marzo 2013, p. 23.

Destácase a calidade superior da obra *Snakizados*, que conforma unha triloxía con *Colgados* e *Pisados*, sobre as outras postas en escena contemporáneas. Ademais, explícase o sentido da obra, coméntase a razón de ser do seu protagonista sen nome e salientase a escenografía e a montaxe da mesma. Apúntase que é un “espectáculo total” cun texto de base revolucionario co que o único actor do mesmo pode lucirse.

Referencias varias:

- M. G. M., “A inactividade do Agadic reflíctese na escasez de teatro galego no IMCE”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 4 marzo 2013, p. 10.

Infórmase da escaseza de teatro galego no Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) e noméanse algunhas das súas postas en escena, entre outras, *Snakizados*, de Ancora Producións. Tamén se sinala que o Teatro Colón, ante a dificultade para encontrar representacións de fóra de Galicia, apoia os profesionais galegos.

- Montse Dopico, “Facer teatro”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VII.

Recóllense as palabras de diferentes persoeiros sobre a penosa situación do teatro galego. Dise que en 2013 a situación das compañías é peor que “extremadamente difícil”. Coméntase que, segundo denunciou a Plataforma das Artes Escénicas, a Rede Galega de Teatros e Auditorios “estivo varios meses parada”; que a AGADIC reduciu o orzamento en relación con outros anos e que a Rede funciona a niveis moi baixos porque as institucións non están pola labor de apoiar o teatro.

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Música”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa que esta edición do Culturgal solicita a presenza activa do público, dado que o micromecenazgo é moi importante en tempos de crise e porque se desenvolverán cento corenta e cinco actividades dos sectores cinematográfico e musical, entre outros. Precisa que, para o público adulto, poñeranse en escena *Happy end*, por parte de Voadora; *Snakizados*, de Áncora Producións; e *Fitness*, de Ibuprofeno Teatro.

- Montse Dopico, “E entón houbo país”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 480, “Reportaxe”, 5 decembro 2013, p. VII.

Comenta a sexta edición de Culturgal, reparando na presentacións de obras narrativas para adultos e para a infancia e xuventude, e citando as postas en escena d'*O país do Pato Donald*, a cargo da compañía Lagarta Lagarta; *Snakizados*, de Áncora; e *Happy end*, de Voadora.

Ardora Teatro: *Acernos*

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Axóxere Teatro: *A túa tenrura. Molotov*, texto Gustavo Ott, dirección Alejandro Albaiceta

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

O Bordelo de Cervo: *Fume de carozo*, texto e dirección Paco Piñeiro

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Ver Daniel Cortezón, Xª Mostra de Teatro Afeccionado

Casahamlet: *Eclipses*, texto e dirección Manuel Lourenzo

Referencias varias:

- Montse Dopico, “Facer teatro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VII.

Recóllense as palabras de diferentes persoeiros, entre eles o dramaturgo, actor e director Manuel Lourenzo, o presidente de Escena Galega, Salvador del Río, ou Pedro Fresneda, de Ensalle, en relación coa situación do teatro galego. Dise que en 2013 a situación das compañías é peor que “extremadamente difícil”. Coméntase que, segundo denunciou a Plataforma das Artes Escénicas, a Rede Galega de Teatros e Auditorios “estivo varios meses parada”; que a AGADIC reduciu o orzamento en relación con outros anos e que a Rede funciona a niveis moi baixos porque as institucións non están pola labor de apoiar o teatro. Infórmase que Casahamlet distribuirá *Eclipses* e traballa na creación dun novo espectáculo arredor do Rexurdimento, pero que ten dificultades pola perda do proxecto de realización dun laboratorio teatral da Deputación da Coruña do que se viña encargando.

Chévere Teatro: *Escápate*

Referencias varias:

- Belén López, “Un 8 de marzo do máis ‘chévere’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí / Día Mundial da muller”, 8 marzo 2013, p. 72.

Infórmase que Chévere desenvolve o proxecto “Escapárate”, que xa nacera hai dous anos co fin de dinamizar o comercio en Pontevedra con motivo do día da Muller, con varias representacións levadas a escena por tres actrices. Dáse conta de que, nesta ocasión, se serve de pequenas pezas de entre dez e quince minutos, nas que se reflexiona sobre a desigualdade da muller.

- Belén López, “Chévere recunca en Pontevedra ocupando os escaparates dos comercios”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 3 maio 2013, p. 68.

Infórmase da posta en escena de *Ultranoite do Aquí*, de Chévere e dunha versión ampliada do seu proxecto “Escapárate”, conxunto de pequenas montaxes teatrais de menos de quince minutos cada unha que lle permiten á compañía abrirse a outros espazos diferentes aos habituais.

- Ana López, “Tres, dous, un... acción! Os comercios cobran vida co Escapárate de Chévere”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 4 maio 2013, p. 58.

Dá conta da realización de “Escapárate” por parte dos actores de Chévere coa colaboración de intérpretes como Mariam Bañobre. Informa de que se puideron visualizar as obras *Percheiro e corcheiro*, *O retrete de Dorian Gray*, *Cambio de tempada*, *Pernas* e *Os tres tenores* en seis comercios. Comenta que os organizadores cualifican esta experiencia como moi positiva para o teatro e para os comerciantes.

Teatro de Cámara **Ditea**: *Acto imprevisto*

Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Carballo, Vimianzo y Brión apuestan por un otoño con teatro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 714, 20 outubro 2013, p. 5.

Informa da celebración do Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) en Carballo, coa posta en escena d’*Un trozo invisible de este mundo*, a entrega do premio Xograr de Outono 2013 a Xosé Manuel Olveira “Pico” a título póstumo e unha función de Teatro do Aquí. Dá noticia, tamén, de que en Vimianzo Ditea Teatro leva ao escenario *Acto imprevisto*, e en Ponteceso se celebra o XX Ciclo de Teatro coa posta en escena d’*O método Grönholm*, *Operación comedida*, *Dous sen parella*, *Mundos contados* e *Valentino Ruffini*. Finalmente, indica que en Brión continúan as actividades arredor da figura de Vidal Bolaño (*Anxeliños*, a cargo de Espello Cóncavo, e *Tres de Bolaño*, por Teatro O Manolo) e que o día 30 Bartoleta Teatro ofrece a obra *Macki o navallas*.

Eme2 Producións: *Sexo, por que non?*, texto Dario e Jacobo Fo e Franca Rame, dirección Álvaro Lavín

Ver Maio Escénico

Referencias varias:

- Xoán C. Vidal, “Otra ayuda al Lugo”, *El Progreso*, “Lugo”, “La semana por delante”, 27 maio 2013, p. 5.

Anúnciase a clausura do ciclo Maio Escénico coa representación da peza *Sexo, por que non?*.

EscénaTe: *Mambo*, texto Juan Antonio Castillo, dirección Xoán Abreu

Ver Teatro á feira, Iª Festa de Teatro Emerxente

Producións Teatrais **Excéntricas:** *O turista madrileño*

Referencias varias:

- M. G., “Evaristo Calvo actuará en Muros tras un accidente”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 439, 16 xaneiro 2013, p. 7.

Infórmase da representación d’*O turista madrileño*, de Evaristo Calvo que fora aprazada polo accidente que sufrira este actor en decembro. Sinálase a hora do espectáculo e o custo das entradas.

Farandoleiras Cabaré: *Apocacypse*, dirección Clara Gayo

Ver Betanzos, IVº Encontro de Teatro Afeccionado de

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Funboa Escénica: *Oiseau rebelle*

Ver FITO, VIº Festival Internacional de Teatro de Ourense

Fulano, Mengano e Citano: *Viva a crise*, dirección Manuel Pombal

Teatro **Galileo:** *Desfeitos*, texto Febe Chaves, dirección Pedro Rubín

Ver Galicia Escena Pro

Ver Outonoteatro

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Ver Xosé Agrelo, VIIª Mostra de Teatro

Teatro no **Garaxe**: *A boa persoa de Sezuán*, adaptación da obra de Bertold Brecht, dirección Noelia Toledano

Gargallada Teatro: *Cincenta: teatro on the rock*

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Ver Pontes, VIª Mostra de Teatro Afeccionado das

Ibuprofeno Teatro (1): *A filla de Woody Allen*, texto e dirección Santiago Cortegoso

Referencias varias:

- M. M./ M. Gil/ J. M. Ramos, “Obras de teatro para Ames, Boiro, Rianxo y A Laracha”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 739, 14 novembro 2013, p. 7.

Dá noticia de varias representacións en distintas localidades coruñesas: en Ames, a peza infantil *Titiricircus*, de Tanxarina; en Rianxo, *A filla de Woody Allen*, de Ibuprofeno Teatro; en Outes, a peza xuvenil *Smoke City*, de Malasombra Producións; e en A Laracha *Operación comedia (Misión Sapiens)*, protagonizada por Xoque Carbajal, Jouse García, Xabier Deive, Marcos Orsi e Luis Iglesia.

Ibuprofeno Teatro (2): *Fitness*

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “*Música*”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa que esta edición do Culturgal solicita a presenza activa do público, dado que o micromecenazgo é moi importante en tempos de crise e porque se desenvolverán cento corenta e cinco actividades dos sectores cinematográfico e musical, entre outros. Precisa que, para o público adulto, poñeranse en escena *Happy end*, por parte de Voadora; *Snakizados*, de Áncora Producións; e *Fitness*, de Ibuprofeno Teatro.

Ibuprofeno Teatro (3): *Pequenos actos pseudorrevolucionarios que non serven para cambiar o mundo pero fan que quedemos máis tranquilos*

Ver Cangas, XXXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Recensións:

- Inma, López Silva “Un novo teatro político”, *Tempos Novos*, n.º 189, “Crítica”, “Teatro”, febreiro 2013, p. 80.

Saliéntase que na peza *Pequenos actos pseudorrevolucionarios*, baixo a aparencia dunha historia de amor e convivencia, abórdanse as contradicións dunha esquerda presa entre as utopías e as comodidades da sociedade do benestar. Sinálase que constitúe unha posta a cargo de Ibuprofeno Teatro na que dous creadores-intérpretes mesturan o teatro de obxectos coas liñas de interpretación clásicas e realistas para intensificar a mensaxe. Destácase a estrutura fragmentaria da peza.

- Camilo Franco, “Quedar máis tranquilos”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 19 abril 2013, p. 12.

Infórmase de que nesta peza, Ibuprofeno Teatro fai sarcasmos “coas rarezas do presente” coa tentativa de que os espectadores se recoñezan e identifiquen co relatado e se distraian “na inxenuidade”.

Referencias varias:

- Nuria Martínez, “Os teatreiros non só falamos de política cando saímos na tele”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 6 abril 2013, p. 67.

Conversa con Marián Bañobre e Santiago Cortegoso, actores de Ibuprofeno, despois de ser homenaxeados nos Premios María Casares. Infórmase da representación da súa obra humorística e reivindicativa no Teatro Principal. Reflexiónase sobre o sentido da escenografía e dan conta dunha nova edición do obradoiro “Descobre o teatro por dentro” que levan a cabo.

Il Maquinario Teatro: *O home almofada*, texto Martin McDonagh, dirección Tito Asorey

Ver Maio Escénico

Ver MIT, XXIX^a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia
Ver Ponteatro

Recensións:

- Damián Villalaín, “O home almofada”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 75, “Espectáculos”, verán 2013, pp. 39-41.

Comeza indicando que Il Maquinario é unha compañía formada por antigos alumnos da ESAD de Galicia, que se caracterizan por teren abordado proxectos escénicos difíciles e esixentes. Logo de facer unha referencia sucinta ao argumento d’*O home almofada*, baseada nunha peza de Martin McDonagh, comenta as súas liñas temáticas fundamentais: a denuncia da violencia contra os nenos, os experimentos pedagóxicos, as aprendizaxes familiares, a creación artística como camiño de redención, a omnipresenza da dor e as relación entre arte e moral e entre ficción e realidade. Salienta que o director,

Tito Asorey, crea, con escasos elementos, un espazo claustrofóbico e que a narración escénica é directa, intensa e sutil ao mesmo tempo.

Referencias varias:

- A. Iglesias, “Il Maquinario Teatro trae hoy al Principal un thriller ‘malvadamente cómico’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 febreiro 2013, p. 27.

Dáse conta da representación desta primeira posta en escena d’Il Maquinario Teatro, compañía creada por titulados pola Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD). Explicase que se trata dunha obra de contido social que dá cabida á intriga, ao misterio e ao humor negro e infórmase do sentido da mesma e do prezo das entradas.

- Raquel Blanch, “Humor negro en el Teatro Principal”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 27 febreiro 2013, contracuberta.

Infórmase da representación desta peza na que o humor negro se emprega como arma contra os obstáculos da vida e para facer reflexionar aos espectadores. Tamén se dá conta do horario e lugar das representacións.

- J. M. Ramos, “Excéntricas y Mofa e Befá izan los Venres Culturais de Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, nº 345, 5 abril 2013, p. 7.

Infórmase da inauguración do ciclo Venres Culturais de Carballo coa representación de *Románticos*, de Producións Teatrais Excéntricas e Mofa e Befá. Infórmase da temática da obra e menciónanse outros espectáculos que se poderán ver, caso d’*O home almofada*, d’Il Maquinario Teatro.

- A. Arca, “O Home da Almofada’ chegou a Lalín”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, nº 524, 12 abril 2013, p. 5.

Infórmase da representación desta peza teatral no teatro lalinense.

- Marta Becerra, “...Y para cestos, los de Idoia Cuesta”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 6 maio 2013, p. 9.

Dáse conta, entre outras novas, de que esta peza inaugura o programa Maio Escénico no Auditorio lucense. Ademais, cítanse outros grupos que tamén participarán no ciclo.

- Nuria Martínez, “Il maquinaria Teatro achega hoxe á cidade a súa ópera prima, ‘O home almofada’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 7 novembro 2013, p. 60.

Coméntase que este ciclo continúa a súa programación coa posta en escena da obra *O home almofada*, por parte da compañía Il Maquinario Teatro. Sinálase que nesta peza se abordan temáticas como a violencia, a cultura e o maltrato infantil.

- C. B./ M. G., “Apuesta por el teatro en Padrón y Noia como plato fuerte de la programación de otoño”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, 7 novembro 2013, p. 7.

Anúnciase a posta en escena no Liceo de Noia desta peza teatral e infórmase igualmente de que Teatro Badius e Talía Teatro representarán *Facer o Sueco* e *O método Grönholm*, respectivamente, en Padrón, onde tamén se levará a escena algunha obra dirixida ao público infantil.

Inquedanza: *Ave Mundi Luminar*, textos Pilar Murias e Juan Moredo, dirección Dolores Seijas

Ver Lugo, Festival de Teatro Afeccionado de

Os **Irmáns Lumieira:** *O fantabuloso cine ambulante dos Irmáns Lumieira*, texto Irmáns Lumieira, dirección Víctor Mosqueira

Ver MITEU, XVIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Referencias varias:

- C. S., “La llegada del cine a Galicia vista por los ‘irmáns Lumieira”, *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, “Teatro”, 12 abril 2013, p. 60.

Dá conta da posta en escena do último montaxe dos irmáns Lumieira, co que pretenden amosar a evolución do cinema: *O fantabuloso cine ambulante dos irmáns Lumieira*. Ademais, infórmase do horario no que se representará no Auditorio de Ourense.

Inversa Teatro: *Kamouraska*, texto e dirección Vanesa Sotelo a partir da peza *Le langue-à-langue des chiens de roche*, de Daniel Danis

Referencias varias:

- Belén López/ Ricardo Maldonado Rozo, “Kamouraska’ en Cartagena”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 8 abril 2013, p. 59.

Dáse conta da clausura do Festival de las Artes Escénicas del Gran Caribe en Cartagena coa representación de *Kamouraska*, da compañía pontevedresa Inversa. Infórmase da temática da obra e do seu reparto, así como doutras actividades que se levaron a cabo durante o Festival.

- E. P., “Kamouraska’ de Inversa Teatro chega a Santiago”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 maio 2013, p. 40.

Anúnciase que a obra *Kamouraska* de Inversa Teatro chega a Santiago despois dunha xira por Venezuela, México e Colombia. Coméntase cómo xurdiu a peza e infórmase de que a compañía manterá unha residencia artística no Centro Dramático Galego para preparar a súa próxima estrea, *Femina Sapiens*.

Iolanda Muíños e Camila Bossa: *Malos hábitos*

Ver Cangas, XXXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Ver Veladas de teatro cabaré

Ver Vente a ver teatro

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, “Iolanda Muíños: ‘Se aquí non hai traballo collemos a furgoneta e tiramos para fóra’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 17 maio 2013, p. 15.

Infórmase da representación desta peza teatral na taberna Cantón Vello de Ferrol e posteriormente en Narón. Sinálase o tema da posta en escena e as dificultades polas que está pasando o mundo escénico e anímase ás actrices a pensar en actuar fóra das fronteiras galegas.

- E. C. G., “Monjas dospuntocero en A Regadeira de Adela”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 23 xaneiro 2013, p. 24.

Dá conta da representación desta obra nun novo espazo dedicado ao microteatro, chamado A Regadeira de Adela, en Tras San Fiz de Solovio. Infórmase do tema da peza e doutras funcións que se representarán no mesmo lugar: *Ne Me Quitte Pas*, d’El retrete de Dorian Gray; e *Fina y Pura hasta la sepultura*, de Penthouse.

- ECG, “Teatro cabaré con ‘Malos hábitos en el pub Atlántico’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 febreiro 2013, p. 28.

Anúnciase a inauguración dun ciclo de teatro no pub Atlántico coa posta en escena de *Malos hábitos*.

Koilon Teatro: *Parella aberta*, texto Dario Fo e Franca Rame, adaptación Cándido Pazó

Limiar Teatro: *Verbum Fahrenheit*

Ver Ponte... na escena, Iª Edición do Festival Internacional de Teatro

Referencias varias:

- M. M., “Limiar Teatro presentará en As Pontes su proyecto ‘Verbum Farenheit’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 13 abril 2013, p. 21.

Faise eco da representación de *Verbum Fahrenheit* nas Pontes, destacando que nesta peza se mesturan a poesía, a música e a interpretación. Dáse conta do agradecemento que o

actor Pepe Soto lle fixo ao concello e da promesa do alcalde de seguir investindo en cultura, como feito indispensable para a evolución da sociedade actual.

Teatro do **Lume**: *A que non podes dicir cocacola?*

Lusco e Fusco: *Encontros*

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Circo na rúa, música, títeres y teatro darán continuidade a la fiesta”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 647, 13 agosto 2013, p. 10.

Fai un amplo repaso da programación cultural de Cee no mes de agosto, nomeando os ciclos teatrais e as compañías participantes, e detallando os horarios das representacións.

- J. M. R., “Lusco & Fusco presenta esta noite ‘Encontros’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 658, 24 agosto 2013, p. 6.

Infórmase que a compañía Lusco & Fusco vai presentar en Cee o espectáculo de animación de rúa *Encontros*.

Malasombra Teatro: *Go on!* (1), texto Xosé Luis Prieto, dirección Marcos Orsi

Ver Fisterra, Outono Teatral de
Ver Teo, VIº Mes do Teatro

Malasombra Teatro (2): *Smoke city. A cidade do fume*, texto José Luis Prieto, dirección Marcos Orsi

Referencias varias:

- M. M./ M. Gil/ J. M. Ramos, “Obras de teatro para Ames, Boiro, Rianxo y A Laracha”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 739, 14 novembro 2013, p. 7

Dá noticia de varias representacións en distintas localidades coruñesas: en Ames, a peza infantil *Titiricircus*, de Tanxarina; en Rianxo, *A filla de Woody Allen*, de Ibuprofeno Teatro; en Outes, a peza xuvenil *Smoke City*, de Malasombra Producións; e en A Laracha *Operación comedia (Misión Sapiens)*, protagonizada por Xoque Carbajal, Jouse García, Xabier Deive, Marcos Orsi e Luis Iglesia.

Miro Magariños: *75 puñaladas, un suicidio sospeitoso*

Ver Mourente, Ciclo de Teatro da Sociedade Cultural e Deportiva de

Mofa e Befá (1): *Cociña económica*

Referencias varias:

- M. G., “El dúo Mofa & Befá actuará en el auditorio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 474, 20 febreiro 2013, p. 6.

Sínálase que o dúo Mofa e Befá representará no auditorio de Muros o espectáculo *Cociña económica*. Sínálase como se poden conseguir as entradas e o seu prezo.

- M. Gil, “El Liceo de Noia tendrá una programación este octubre llena de danza, música y teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 703, 9 outubro 2013, p. 7.

Refírese que, dentro da programación cultural do Liceo noiés do mes de outubro, se inclúen as obras *Cociña económica* de Mofa e Befá e *Bailadelas, mulleres bolañesas*, de Teatro Antroido.

Mofa e Befá (2): *Complexo de Edipo*

Referencias varias:

- M. G. M., “O Colón celebrará a semana do libro cun pack ‘excéntrico’ e José Sacristán”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 19 marzo 2013, p. 13.

Dáse conta da presentación da programación do Teatro Colón e dos espectáculos que integra, entre os que se inclúe *Complexo de Edipo*.

- Manuel Varela, “El teatro monopoliza abril en el Colón”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 19 marzo 2013, p. 10.

Infórmase da presentación da programación do Teatro Colón para a Semana do Libro, na que se menciona, entre outras representacións de pezas teatrais, a posta en escena *Complexo de Edipo*.

Mofa e Befá (3): *Oeste solitario*

Referencias varias:

- M. G. M., “O Colón celebrará a semana do libro cun pack ‘excéntrico’ e José Sacristán”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 19 marzo 2013, p. 13.

Dáse conta da presentación da programación do Teatro Colón e dos espectáculos que integra, entre os que se inclúe *Oeste solitario*

- Manuel Varela, “El teatro monopoliza abril en el Colón”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 19 marzo 2013, p. 10.

Infórmase da presentación da programación do Teatro Colón para a Semana do Libro, na que se menciona, entre outras representacións de pezas teatrais, a posta en escena *Oeste solitario*.

- Manuel Varela, “A ponte do ‘Oeste’ morre na Coruña”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 20 abril 2013, p. 13.

Informa da suspensión de dúas representacións de *Oeste Solitario*, despois de que o actor Evaristo Calvo sufrise un incidente durante unha posta en escena. Quico Cadaval dá conta das enormes similitudes entre Galicia e Irlanda que se ven reflectidas na obra.

Mofa e Befá (4): *O peor de Mofa e Befá*

Referencias varias:

- ECG, “Magostos no Gaiás’ coas actuacións de Milladoiro, Marful e Mofa e Befá”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 11 outubro 2013, p. 23.

Anúnciase a posta en escena do espectáculo *O peor de Mofa e Befá*, no marco do ciclo Magostos no Gaiás, en Santiago de Compostela.

Mofa e Befá (5): *Románticos!*

Ver Carballiño, XXIIIº Festival de Teatro Galego do (FETEGA)

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, “Mofa & Befá: ‘Faise necesaria a creación dun Ministerio da Felicidade’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 31 xaneiro 2013, p. 19.

Dáse conta da representación de *Románticos* no Jofre e acóllese unha entrevista a Mofa e Befá, que agradecen a boa acollida do público, explican o que é para eles esta obra, afirman continuar co ton didáctico no espectáculo e gozar facendo o seu traballo. Ademais, reflexionan sobre como afecta a crise ao mundo escénico, sobre a súa intención de representar a obra fóra de Galicia e sobre os seus novos proxectos.

- M. G. M., “O Colón celebrará a semana do libro cun pack ‘excéntrico’ e José Sacristán”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 19 marzo 2013, p. 13.

Dáse conta da presentación da programación do Teatro Colón e dos espectáculos que integra, entre os que se inclúe *Románticos!*.

- Manuel Varela, “El teatro monopoliza abril en el Colón”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 19 marzo 2013, p. 10.

Infórmase da presentación da programación do Teatro Colón para a Semana do Libro, na que se menciona, entre outras representacións de pezas teatrais, a posta en escena de *Románticos!*.

- J. M. Ramos, “Excéntricas y Mofa e Befá izan los Venres Culturais de Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 345, 5 abril 2013, p. 7.

Infórmase da inauguración do ciclo Venres Culturais de Carballo coa representación de *Románticos*, de Producións Teatrais Excéntricas e Mofa e Befá. Infórmase da temática da obra e menciónanse outras representacións: *Gaivotas subterráneas*, de Talía Teatro; *Curriculum Vitae*, de Redrum Producións; *O home almofada*, d’Il Maquinario Teatro e *Bon Appetit*, de Ghazafellos Teatro.

Mofa e Befá (6): *Sempre ao lonxe*

Ver Tomiño Humor

Mofa e Befá (7): *Shakespeare para ignorantes*

Referencias varias:

- M. G. M., “O Colón celebrará a semana do libro cun pack ‘excéntrico’ e José Sacristán”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 19 marzo 2013, p. 13.

Dáse conta da presentación da programación do Teatro Colón e dos espectáculos que integra, entre os que se inclúe *Shakespeare para ignorantes*.

- Manuel Varela, “El teatro monopoliza abril en el Colón”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 19 marzo 2013, p. 10.

Infórmase da presentación da programación do Teatro Colón para a Semana do Libro, na que se menciona, entre outras representacións de pezas teatrais, a posta en escena de *Shakespeare para ignorantes*.

Teatro do **Morcego** (1): *A función do tequila*, texto Manuel Guede, dirección Antonio Simón

Ver Troco X Troco, Iº Intercambio Teatral Portugal-Galicia

Teatro do **Morcego** (2): *Misterio cómico*, texto Darío Fo, dirección Júlio Cardoso

Ver Cariño, XXXVª Mostra de Teatro Galego de

Teatro do **Morcego** (3): *Os patios da memoria*

Noite Bohemia (1): *Aulularia*, texto Plauto

Ver Lugo, Mostra de Teatro Grecolatino

Noite Bohemia (2): *Cásina*, texto Plauto

Ver Lugo, Mostra de Teatro Grecolatino

Noite Bohemia (3): *Ifixenia en Áulide*, texto Eurípides, dirección Javier Fernández

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Ver Lugo, Mostra de Teatro Grecolatino

Referencias varias:

- M. G. M. “El Colón atenderá las peticiones de los artistas en su ciclo ‘Noites Galegas’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 22 xaneiro 2013, p. 12.

Infórmase da programación coa que contará o Colón no seu ciclo Noites Galegas. Entre as representacións teatrais noméase *Ifixenia en Áulide*, de Noite Bohemia.

Teatro do **Noroeste**: *A tixola polo mango (muller, non é para tanto)*, texto e dirección Eduardo Alonso

Ver Cultura no Camiño

Ver Outonoteatro

Referencias varias:

- M. J. R., “Marián Rey e Abigail Montiel estrean en Narón ‘O sexo que sucede’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 2 abril 2013, p. 15.

Infórmase da estrea d’*O sexo que seduce* no café-teatro do Pazo da Cultura, espazo que tamén acollerá as postas en escena d’*A tixola polo mango (muller, non é para tanto)*, de Teatro do Noroeste; e *BailadELAS*, de Teatro Antroido. Dáse conta de que a compañía encargada da representación d’*O sexo que seduce* é Galerna Crúa, recién creada e

dirixida por Bucanero. Precísase que a finalidade desta peza é homenaxear ás mulleres e á ópera.

Obras Públicas: *Life is a paripé*, texto José Luis Prieto

Teatro **Proscrito:** *Rosa de dous aromas*, texto Emilio Carballido, dirección Lino Braxe

Ver Cultura no Camiño

Referencias varias:

- M. M., “Isabel Blanco e Sabela Hermida, actrices no Xallas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 429, 6 xaneiro 2013, p. 5.

Dá conta de que Teatro Proscrito representará a *Rosa de dous aromas* no Multiusos de Santa Comba.

- M. M., “Éxito teatral de Isabel Blanco y Hermida en Santa Comba”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 439, 16 xaneiro 2013, p. 7.

Infórmase da representación de *Rosa de dous aromas* no Multiusos de Santa Comba por parte de Isabel Blanco e Sabela Hermida.

- S. F., “Música y teatro centran el cartel en el Principal de A Estrada”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 478, 24 febreiro 2013, p. 7.

Infórmase da presentación que o edil da Estrada fixo da programación musical e teatral para os seguintes cinco meses. Noméanse, entre as postas en escena, *C'est la vie*, de Matrioska Teatro; *Rosa de dous aromas*, de Teatro Proscrito; *Linda e Freddy*, de Teatro do Noroeste; e *Río*, de Caramuxo Teatro. Saliéntanse, para o público infantil, as postas en escena *Fíos*, de Baobab Teatro e así mesmo *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, da Compañía Bandullo Azul.

Redrum Producciones: *Curriculum vitae*, texto Álex Sampayo, Borja F. Caamaño, Diego Ameixeiras, Araceli Gonda, Avelino González, Manolo Cortés e José Prieto, dirección Álex Sampayo

Ver Cariño, XXXVª Mostra de Teatro Galego de

Ver Cultura no Camiño

Ver Fisterra, Outono Teatral de

Ver Ponteatro

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Excéntricas y Mofa e Befá izan los Venres Culturais de Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 345, 5 abril 2013, p. 7.

Infórmase da inauguración do ciclo Venres Culturais de Carballo coa representación de *Románticos*, de Producións Teatrais Excéntricas e Mofa e Befá. Infórmase da temática da obra e menciónanse outros espectáculos que se poderán ver, entre outros, *Curriculum vitae*, de Redrum Producciones.

- C. V., “Curriculum Vitae’ abordará en el Auditorio la situación laboral actual”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 30 abril 2013, p. 8.

Dá conta da representación de *Curriculum Vitae* en Vilagarcía. Infórmase da temática da obra e de cómo e a qué prezo se poden conseguir as entradas.

- C. S., “Curriculum vitae’ analiza con humor las entrevistas de trabajo”, *Atlántico Diario*, p. 52/ *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: Agenda cultural”, “Teatro”, p. 60, 13 xuño 2013.

Anúnciase a posta en escena no Teatro Principal de Ourense de *Curriculum vitae*. Coméntase que a obra é unha comedia que trata o tema das entrevistas laborais.

- Camilo Franco, “As liñas son cada vez máis delgadas”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro y tendencias”, “Carabela”, 14 xuño 2013, p. 10.

Fálase, entre outros espectáculos, da obra *Curriculum vitae*, sinalando que se trata dunha comedia sobre as entrevistas de traballo.

- Nicolás Vidal, “Mónica García: A comedia ten un elemento de ritmo que non existe noutros xéneros”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 14 setembro 2013, p. 13.

Conversa coa actriz Mónica García con motivo do seu papel protagonista en *Curriculum Vitae*, de Redrum, dirixida por Álex Sampayo e coprotagonizada por Guillermo Carbajo, que se representa no Teatro Jofre. Fala, principalmente, sobre o espectáculo, o éxito de crítica e público que conseguiu, e os límites entre o drama e a comedia. Indícase que a obra se compón de cinco historias de entrevistas de traballo escritas por Diego Ameixeiras, Araceli Gonda, Avelino González, Manolo Cortés e José Priteo.

- B. L., “O Concello renovará a aposta por Ponteatro o ano que vén”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 6 decembro 2013, p. 70.

Infórmase que *Curriculum vitae*, de Redrum Producións, pechará esta edición de Ponteatro.

Sarabela Teatro (1): Rosalía, os cantares das musas

Ver Troco X Troco, Iº Intercambio Teatral Portugal-Galicia

Referencias varias:

- C. S., “El grupo ourensano Sarabela presenta ‘Os cantares das musas’”, *Atlántico Diario*, p. 60/ *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: Agenda cultural”, “Teatro”, p. 52, 23 maio 2013.

Anúnciase que o grupo teatral Sarabela presenta a montaxe *Os cantares das musas*, baseada na obra de Rosalía de Castro. Coméntase o argumento da peza e infórmase sobre o seu elenco.

- Camilo Franco, “Sarabela cruza a narrativa e a poesía de Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 24 maio 2013, p. 10.

Dáse conta da estrea d’*Os cantares das musas*, por Sarabela Teatro, sinalando que a peza está inspirada nas obras *Cantares gallegos* e *El caballero de las botas azules*.

- Marta Becerra, “Un día para lucirse y exhibir talento”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 3 xuño 2013, p. 4.

Entre outras actividades, coméntase que o grupo Sarabela Teatro representou no Auditorio de Lugo a obra *Rosalía, os cantares das musas*.

- Belén López, “Rosalía como nunca antes se viu”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 4 xuño 2013, p. 69.

Dáse noticia da presentación da posta en escena en Pontevedra d’*Os cantares das musas*, do grupo Sarabela Teatro, destacando que é a primeira obra teatral que se fai da prosa de Rosalía de Castro. Sinálase que a montaxe forma parte da programación da celebración do 150 aniversario de *Cantares gallegos* e indícase que Ánxeles Cuña se encarga da dirección e dramaturxia da obra.

- María Varela, “Ánxeles Cuña: Pontevedra é pura escenografía”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, n.º 673, “Mil primaveras máis”, “Entrevista”, 9 xuño 2013, pp. 6-7.

Con motivo da estrea en Pontevedra da obra teatral *Os cantares das musas* por Sarabela Teatro, convérsase coa autora e directora da montaxe, Ánxeles Cuña. Entre outros temas, pregúntaselle sobre os motivos que a levaron a crear unha peza baseada na obra de Rosalía de Castro, o porqué do seu gusto polos personaxes femininos e os seus inicios no teatro.

- R. L., “Las musas suben a escena para rendir tributo a la obra de Rosalía”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 13 xuño 2013, p. 14.

Anúnciase a posta en escena d’*Os cantares das musas*, de Sarabela Teatro, no teatro Rosalía da Coruña. Destácase que a montaxe está baseada en dúas obras de Rosalía de Castro, *Cantares Gallegos* e *El caballero de las botas azules*, e que forma parte da programación para celebrar os 150 anos de *Cantares Gallegos*.

- Camilo Franco, “Os escenarios do verso”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Vai por aí”, 13 xuño 2013, p. L7.

Con motivo da posta en escena da obra *Rosalía, os cantares das musas* no Teatro Principal de Santiago, fálase sobre Rosalía de Castro como símbolo de Galicia.

- Montse Dopico, “Facer teatro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VII.

Recóllense as palabras de diferentes persoeiros, entre eles o dramaturgo, actor e director Manuel Lourenzo, o presidente de Escena Galega, Salvador del Río, ou Pedro Fresneda, de Ensalle, en relación coa situación do teatro galego. Dise que en 2013 a situación das compañías é peor que “extremadamente difícil”. Coméntase que, segundo denunciou a Plataforma das Artes Escénicas, a Rede Galega de Teatros e Auditorios “estivo varios meses parada”; que a AGADIC reduciu o orzamento en relación con outros anos e que a Rede funciona a niveis moi baixos porque as institucións non están pola labor de apoiar o teatro. Coméntase de Sarabela que mantén en cartel *Os cantares das musas* e *Viaxe a ningunha parte*, que estreará este ano unha obra de Arístides Vargas e que conseguiu manter o festival FITO, que terá lugar entre o 5 e 18 de outubro grazas a diferentes institucións que se nomean e no que se poderán ver *Eurozone*, de Chévere, ou *Imprudently deseé*, de Teatro Ensalle, *Ás do peixe*, de Cándido Pazó, ou *Stayingalive*, de Matarile.

- F. D., “Sarabela lleva a O Barco la obra “Os cantares das musas”, *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, 17 outubro 2013, p. 52.

Dá noticia da representación d’*Os cantares das musas*, de Sarabela, no teatro Lauro Olmo de O Barco o día 18 de outubro. Refire que a obra está inspirada en *Cantares gallegos* e *El caballero de las botas azules* e que nela interveñen os actores Nate Borrajo, Elena Seijo, Fina Calleja e Fernando Dacosta.

Sarabela Teatro (2): *Viaxe a ningunha parte*, texto Fernando Fernán-Gómez, dirección Ánxeles Cuña Boveda

Ver Cangas, XXXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo
Ver Cultura no Camiño
Ver Maio Escénico
Ver Outonoteatro

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Teatro, magia y música al alcance”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 19 maio 2013, p. 10.

Coméntase que o ciclo Maio Escénico acolleu unha sesión de teatro para nenos a cargo da compañía Kukas e anúnciase a posta en escena da obra *Viaxe a ningunha parte*, por parte de Sarabela Teatro.

- Marta Becerra, “Una ciudad para los artistas”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 20 maio 2013, p. 7.

Entre outras actividades, dáse conta da presentación da obra *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro, dentro do ciclo Maio Escénico. Anúnciase tamén a estrea, no marco desa mostra, da peza *O barco sen mariñeiro*, do grupo Achádego.

- Camilo Franco, “Non hai metas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Vai por aí”, 30 maio 2013, p. L7.

Con motivo da posta en escena de *Viaxe a ningunha parte* no Teatro Principal de Santiago, reflexiónase sobre o futuro e as metas, afirmando que estas son trampas que a sociedade pon aos individuos.

- Montse Dopico, “Facer teatro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VII.

Recóllense as palabras de diferentes persoeiros, en relación coa difícil situación do teatro galego. Apúntase que Sarabela mantén en cartel *Os cantares das musas* e *Viaxe a ningunha parte*, que estreará este ano unha obra de Arístides Vargas e que conseguiu manter o festival FITO, que terá lugar entre o 5 e 18 de outubro grazas a diferentes institucións que se nomean e no que se poderán ver *Eurozone*, de Chévere, ou *Imprudentemente deseé*, de Teatro Ensalle, *Ás do peixe*, de Cándido Pazó, ou *Stayingalive*, de Matarile.

Os Sete Magníficos+1: *O gordo e o calvo van ao médico*

Ver Negreira, IVº Ciclo Teatral de

Talía Teatro (1): *O método Grönholm*, texto Jordi Galcerán, adaptación Artur Trillo, dirección Xúlio Lago

Ver Carballiño, XXIVº Festival de Teatro Galego (FETEGA) do

Ver Cariño, XXXVª Mostra de Teatro Galego de

Ver Cee, Semana das Artes Escénicas

Ver Outonoteatro

Ver Ponteatro

Ver Ponteceso, XXº Ciclo de Teatro

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Recensións:

- Manuel Xestoso, “Un xoguete dramático para remover conciencias”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 75, “Espectáculos”, verán 2013, pp. 43-44.

Comeza indicando os riscos de poñer en escena *O método Grönholm* polas múltiples versións escénicas nos últimos anos. Comenta que Talía Teatro transmuta en farsa cruel a iniquidade da situación plantexada a través de mecanismos cómicos clásicos coma os engaños, as duplicidades e os diálogos ambiguos. Aprecia unha evocación temática de

títulos como *Morte dun viaxante* ou *Glengarry Glen Ross*, ademais da atmosfera sartriana. Salienta o virtuosismo do diálogo e o racionamento da información. Lóuvase o manexo do estilo realista por parte do director, Xulio Lago, e o acerto dos actores á hora de non acentuar a dureza dos seus personaxes. Finalmente, comenta que se trata dunha peza sen estridencias, correcta e sen xenialidades.

- J. A. Martínez Sevilla, “O método Gronholm”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “La columna”, p. 23 / *El Ideal Gallego*, p. 24, “Opinión”, “La columna”, 19 marzo 2013.

Califícase como excelente o conxunto de actores que participan na obra *Gaivotas subterráneas* mais, para calificar o argumento e a realidade da obra, bota man de termos como “relativismo barato” e “populismo cínico”.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “O ánimo da clase obreira”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Vai por aí”, 31 xaneiro 2013, p. L6.

Dá conta da temática d’*O método Grönholm*, de Talía Teatro, que se representará no Salón Teatro. Infórmase das sesións e do prezo das entradas.

- ECG, “Dúas representacións de Talía no Salón Teatro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 xaneiro 2013, p. 39.

Infórmase que Talía Teatro ofrecerá no Salón Teatro de Santiago de Compostela dezaoto funcións dos seus espectáculos *O método Grönholm* e *Pelos na lingua*.

- M. G. M., “A inactividade do Agadic reflíctese na escasez de teatro galego no IMCE”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 4 marzo 2013, p. 10.

Infórmase da escaseza de teatro galego no Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE) e noméanse algunhas das súas postas en escena, entre outras, *O método Grönholm*, de Talía Teatro. Tamén se sinala que o Teatro Colón, ante a dificultade para encontrar representacións de fóra de Galicia, apoia os profesionais galegos.

- Belén López, “De Els Joglars aos Chévere”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Verano”, 23 agosto 2013, pp. 58-59.

Infórmase, entre outras novas, da posta en escena no Pazo da Cultura de Pontevedra da última montaxe de Talía Teatro, enmarcada dentro do Outono Cultural de Pontevedra.

- J. Rodríguez, “Una muestra de Carmen Domínguez abrirá las citas culturales lalinenses”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 697, 3 outubro 2013, p. 6.

Fálase do programa cultural previsto para o mes de outubro no concello de Lalín, no que se representarán *O método de Grönholm*, de Talía Teatro, e *O cabaré da muller paxaro*, de Tiritá Producións, e se celebrará o ciclo Outubro Literario.

- Belén López, “Talía encara o final do seu 25º aniversario en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 16 outubro 2013, p. 61.

Dáse conta da presentación da posta en escena en Pontevedra d' *O método Grönholm* pola compañía Talía Teatro, sinalando que a obra é a encargada de abrir o ciclo Ponteatro. Coméntase que a peza é unha adaptación ao galego de Artur Trillo, un dos actores da obra, dun texto de Jordi Galcerán para celebrar o vixésimo quinto aniversario da compañía e indícase que foi estreada o 31 de xaneiro no Salón Teatro de Santiago.

Talía Teatro (2): *Pelos na lingua*, dirección Avelino González

Ver Teatrofilia, Xª Mostra de Teatro Amador

Referencias varias:

- ECG, “Dúas representacións de Talía no Salón Teatro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 xaneiro 2013, p. 39.

Infórmase que Talía Teatro ofrecerá no Salón Teatro de Santiago de Compostela dezaoto funcións dos seus espectáculos *Pelos na lingua* e *O método Grönholm*.

- Camilo Franco, “Prestixio de lingua morta”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Vai por aí”, 7 febreiro 2013, p. L6.

Destácase a importancia das linguas mortas e a riqueza que o seu coñecemento lle confire á sociedade. Reivindícase a importancia do galego e infórmase das distintas sesións desta peza teatral no Salón Teatro de Santiago de Compostela e do prezo das entradas.

Ti e máis eu Teatro (1): *A herdanza da nai*

Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Ti e máis eu Teatro (2): *Para que serven os homes?*

Ver Pontes, VIª Mostra de Teatro Afeccionado das

Aula de Teatro da USC: *Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira a meu fillo*, texto Rodrigo García, adaptación literaria e dirección Roberto Salgueiro

Ver Galicia, XIVª Mostra de Teatro Universitario de

Ver FITEU, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela

Ver FITEUC, XXº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña

Ver MITEU, XVIIIª Mostra Internacional de Teatro Universitario Galego

Ver Lugo, XIXº Festival Internacional de Teatro Universitario da USC de

Ver Teatrofilia, Xª Mostra de Teatro Amador

Referencias varias:

- R. Blanch, “Agamenón’ combina violencia grotesca y humor desgarrado”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 6 marzo 2013, contracuberta.

Infórmase que a Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela abriu a novena edición do Festival internacional de Teatro Universitario con esta peza teatral de Rodrigo García. Dáse conta do carácter da obra e de que ten como finalidade reflexionar sobre a sociedade de consumo.

Voadora (1): *Happy end*, dirección Marta Pazos

Ver ALT.13, XIIº Festival Alternativo de Teatro e Danza de Vigo

Referencias varias:

- Montse Dopico, “E entón houbo país”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 480, “Reportaxe”, 5 decembro 2013, p. VII.

Comenta a sexta edición de Culturgal, reparando na presentacións de obras narrativas para adultos e para a infancia e xuventude, e citando as postas en escena d’*O país do Pato Donald*, a cargo da compañía Lagarta Lagarta; *Snakizados*, de Áncora; e *Happy end*, de Voadora.

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Música”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa que esta edición do Culturgal solicita a presenza activa do público, dado que o micromecenazgo é moi importante en tempos de crise e porque se desenvolverán cento corenta e cinco actividades dos sectores cinematográfico e musical, entre outros. Precisa que, para o público adulto, poñeranse en escena *Happy end*, por parte de Voadora; *Snakizados*, de Áncora Producións; e *Fitness*, de Ibuprofeno Teatro.

Voadora (2): *Tokio 3*, texto Voadora, baseado na *Divina Comedia* de Dante, dirección Marta Pazos

Ver Ponteatro

Ver Sen Numerar

Referencias varias:

- Camilo Franco, “A memoria no calzado”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Vai por aí”, 17 xaneiro 2013, p. L7.

Dáse conta do argumento desta peza teatral que Voadora levará a escena no Teatro Principal de Santiago de Compostela.

- R. S., “Os Premios da Crítica reločen en Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, p. 6/ “Vigo acolleu o acto de entrega dos Premios da Crítica 2013”, *La Región*, “Sociedad”, p. 57, 20 outubro 2013.

Dáse conta da entrega dos Premios da Crítica en Vigo, nun acto ao que asistiron preto de catrocentas persoas. Recóllense os galardóns concedidos: Creación literaria, a Xabier Cordal, por *Transmuta* (2012); Premio de Investigación, a Xosé Ramón Barreiro, por *Murguía* (2012); Premio de Música, a Taller Atlántico Contemporáneo; Premio de Iniciativas culturais, a Culturgalon; Premio de Artes plásticas, a Xulio Xil; e Premio de Artes escénicas e audiovisuais, a compañía Voadora, polas representacións *Waltz* e *Tokio 3*.

- Ágatha de Santos, “Xabier Cordal, Xosé Ramón Barreiro, Xulio Xil y Culturgal, entre los premios da Crítica Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 outubro 2013, p. 43.

Dáse conta da entrega dos Premios da Crítica Galicia. Sinálase que os premiados foron: Xabier Cordal, co Premio de Creación literaria por *Transmuta* (2012); Xosé Ramón Barreiro, co Premio de Investigación, por *Murguía* (2012); Taller Atlántico Contemporáneo, co Premio de Música; Culturgal, co Premio ás Iniciativas culturais; a compañía Voadora, co Premio de Artes escénicas e Audiovisuais, polas representacións *Tokio 3* e *Walz*; e Xulio Xil, co Premio de Artes plásticas.

- Ana López, “Pontevedra é moi boa praza, cunha programación teatral moi potente”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 27 novembro 2013, p. 58.

Informa da representación en Pontevedra o día 28 de novembro de *Tokio 3*, obra de Voadora baseada na *Divina Comedia* de Dante que foi presentada pola concelleira de Cultura da cidade e os actores Hugo Torres e Marta Pazos. Indica que a compañía foi finalista dos Premios Max 2013 con este espectáculo, recibiu cinco María Casares, quedou en terceiro lugar no Certame Nacional de Directores Teatrais e vén de obter o premio da Crítica de Galicia na categoría de artes escénicas por esta peza e por *Waltz*.

- Cuca M. Gómez, “¡Que viva el teatro gallego!”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “Gente de aquí”, 30 novembro 2013, p. 70.

Gabanza do teatro en xeral e, nomeadamente, da obra *Tokio 3*, representada por Voadora nesa mesma semana no Pazo da Cultura. Indica que este espectáculo, galardoado con cinco dos Premios María Casares, versa sobre o paraíso.

Volta e Dálle Teatro: *Menciñeiros*, texto Álvaro Cunqueiro, adaptación Lucho Penabade, dirección Lucho Penabade e Comba Campoy

Ver Arzúa, Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono
Ver Cultura no Camiño

III.3.3.2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓNS OU AGRUPACIÓNS VARIAS

Achádego Teatro: *As alegres comadres de Windsor*, texto William Shakespeare, dirección Antón Sampaio

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Teatro **Ad Libitum**: *Vaia tropa*, adaptación da obra de Hugo Daniel, dirección Yuyi Bastida

Ver Aguiño, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño

Grupo de Teatro **A Adala** (1): *Atoados*, texto Francisco Piñeiro

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Grupo de Teatro **A Adala** (2): *Sen seu amor*

Ver Valadouro, XXVIIIª Semana do Teatro

Cadro Artístico **Airiños**: *Nin pobre nin rico, senón todo o contrario*, texto Miguel Mihura e Antonio Lara, “Tono”

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Grupo de Teatro **Alecrín**: *O cacique*

Ver Mourente, Ciclo de Teatro da Sociedade Cultural e Deportiva de

Aloia Teatro, Grupo de Teatro Afeccionado: *A vinganza de Petra*

Referencias varias:

- A. Ferreira, “Tomiño centra su oferta cultural de primavera en el teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana”, “Baixo Miño”, 4 abril 2013, p. 20.

Dáse conta da presentación da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que centrará a súa atención no teatro. Saliéntase, entre outras postas en escena, a representación desta peza teatral por parte de Aloia Teatro.

- E. G., “La afición al teatro se consolida en Tomiño con la actuación de seis grupos”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 4 abril 2013, p. 16.

Infórmase da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que acolle mostras de escultura, pintura e un festival de cinema. Dáse conta da programación teatral, destacando *A vinganza de Petra*, entre outras postas en escena.

Escola de Teatro do Concello de **Ames**: *O médico a paus*, texto Molière, adaptación e dirección Manuel Basoa

Ver Mámoa de Luou, Mes do Teatro da
Ver Xosé Agrelo, VIIª Mostra de Teatro

Andaravía Teatro: *Asamblearias*

Aquelando Teatro: *Allan*, dirección Lucho Penabade

Escola de Teatro do Concello de **Ares**: *Viva o duque noso amo!*

Ver Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, XXIVª Xornadas de Teatro da

Arruallo Teatro: *Historias dun banco*

Ver Agarimo, Iº Certame de Teatro Afeccionado

Grupo de Teatro **ASCM** (Asociación Sociocultural de Minusválidos): *Con premeditación e aleivosía*

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Teatro do **Asteleiro**: *Oé, oé, oé*, texto Maxi Rodríguez, dirección Luis Ramos

Teatro **Atlántida**: *Visións dun cego*

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Aturuxo de Baión: *Quen atopou o número da lotaría?*

Ver Mourente, Ciclo de Teatro da Sociedade Cultural e Deportiva de

Teatro no **Aramio**: *Baile de sombras*

Ver Entredous, Ciclos de Teatro Afeccionado

Atrezzo Teatro: *O eloxio da locura*

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Ver Entredous, Ciclos de Teatro Afeccionado

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (1): *Café*, texto Susana Sánchez, Luís García Araus e Javier García Yagüe, dirección Iolanda Muíños

Ver Aguiño, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño

Ver Arzúa, Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono

Ver Lugo, Festival Galego de Teatro Afeccionado de

Ver Sada, IXª Mostra de Teatro Afeccionado

Aturuxo de Melpómene, Teatro Escola de Narón (2): *A ratoeira*, texto Agatha Christie

Ver Agustín Magán, XIIº Festival de teatro afeccionado

Ver Betanzos, IVº Encontro de Teatro Afeccionado de

Referencias varias:

- M. T., “A semana cultural orosá segue con teatro e maxia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 661, 27 agosto 2013, p. 5.

Fálase da semana cultural do Concello de Oroso, destacando, entre outras actividades, a representación da obra *A ratoeira* pola compañía O aturuxo de Melpomene.

Avelaíña Teatro: *Fervenza onírica*

Ver Xosé Agrelo, VIIª Mostra de Teatro

Avelaíña Teatro: *María Castaña*, texto Manuel Ayán, dirección Antón Lamapereira

Ver Teatrofilia, Xª Mostra de Teatro Amador

Ver Valladares teatral, VIIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Una comida que abre la temporada”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 20 xaneiro 2013, p. 10.

Dáse conta da representación teatral de *María Castaña* no Auditorio Gustavo Freire de Lugo, a cargo da compañía Avelaiña Teatro. Infórmase que a posta en escena se enmarca dentro do programa que organizou a Concellería de Cultura co fin de que todas as fins de semana os lucenses puideran contar con espectáculos de ocio e cultura.

- M. M., “El auditorio vilalbés acoge la representación de la obra teatral ‘María Castaña’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 27 novembro 2013, p. 18.

Dá noticia de que a compañía Avelaiña Teatro presentará a peza *María Castaña* o día 29 de novembro no auditorio vilalbés, lugar no que se celebrará o día 30 a última representación da XV Mostra de Teatro da localidade, *Un lugar axeitado para criminais*, a cargo da escola municipal de teatro de A Pontenova.

Teatro Avento: *Fantasticks*, adaptación de *Les romanesques* de Edmond Rostand

Ver Teatrofilia, Xª Mostra de Teatro Amador
Ver Terras de Orzellón, VIª Mostra de Teatro Amador

Referencias varias:

- Ana Baena, “El auténtico musical americano, a cargo de una compañía amateur”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 10 xaneiro 2013, p.11.

Dá conta da estrea de *Fantasticks*, unha versión de “Off Broadway”, baseada no libro *Les romanesques*, de Edmond Rostand, que á súa vez é unha parodia de *Romeo e Xulieta* de Shakespeare. Infórmase que o grupo que a representa é unha compañía amateur independente, Teatro Avento, que leva a escena as súas obras principalmente fóra de Galicia.

Axóuxere Teatro (1): *A rúa do inferno*, adaptación do texto de Antonio Onetti, dirección Alejandro Albaiceta

Ver Betanzos, IVº Encontro de Teatro Afeccionado de
Ver MOSTRA(TE), XIIª Mostra de Teatro Afeccionado do Condado
Ver Sada, IXª Mostra de Teatro Afeccionado
Ver Terras de Orzellón, VIª Mostra de Teatro Amador

Axóuxere Teatro (2): *Véndese mula / A pousada*

Badius Teatro: *Facer o sueco*, dirección Alberte Villar

Ver Laxe, VIIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Referencias varias:

- C. B./ M. G., “Apuesta por el teatro en Padrón y Noia como plato fuerte de la programación de otoño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, 7 novembro 2013, p. 7.

Anúnciase a posta en escena en Padrón das pezas *Facer o Sueco*, por Teatro Badius e *O método Grönholm*, por Talía Teatro, entre outras para o público infantil. Infórmase tamén de que Il Maquinario Teatro vai representar *O home almofada*, no Liceo de Noia.

Os **Baluros**: *Vaise pechar outra casa máis*, dirección Xosé Manuel Carballo Ferreiro

Referencias varias:

- C. A., “El grupo teatral Os Baluros estrena nueva obra el domingo 27 en el teleclub”, *El Progreso*, “A Chaira”, 9 xaneiro 2013, p. 16.

Infórmase que o grupo Os Baluros leva a escena a súa representación número cen desta peza, no teleclub municipal de Castro de Rei. Resúmese a historia do grupo, que, tras moitos éxitos, se extinguiu para reaparecer en 2011.

- C. P. R., “Centenario sobre las tablas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 16 xaneiro 2013, p. 20.

Dáse conta de que Os Baluros alcanzan as cen representacións da súa obra máis popular: *Vaise pechar unha casa máis*, no teleclub municipal de Castro de Rei, tras esgotarse axiña as entradas.

- C. P. R., “Os Baluros representan ‘Vaise pechar outra casa máis’ el 3 de marzo”, *El Progreso*, “A Chaira”, 20 febreiro 2013, p. 18.

Infórmase dunha nova posta en escena desta peza no teleclub de Castro de Rei, por mor de que na última representación moitos veciños quedaran sen entrada.

Batán: *Cambadelas*

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Boqueixón, Grupo de teatro de maiores de: *Caldo de galiña*

Ver Boqueixón, Ciclo de Teatro de Outono de

O **Bordelo** de Cervo: *Abordelar*, texto Francisco Piñeiro

Ver Valadouro, XXVIIIª Semana do Teatro

Escola Municipal de Teatro de **Bretoaña**: *A proba*, dirección Guillermo Cancelo

Ver Sarria, Iª Mostra de Teatro Municipal de

Carfax Teatro: *Transilvania*, dirección Manuel Lourenzo

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Carfax Teatro: *As troianas*

Ver Agustín Magán, XIIº Festival de teatro afeccionado

Carrachanacacha: *Cipriano de Bequelar (Historia de amor e morte)*, texto e dirección Leandro Lamas

Ver Riveira, Mostra de Teatro de

Escola Municipal de Teatro de **Cee**: *Non lle busques tres pernas ó alcalde*, dirección Artur Trillo

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Doble función de artes escénicas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 600, 27 xuño 2013, p. 6.

Anúnciase a posta en escena desta peza teatral no salón de actos de Cee.

Teatro **Charamela**: *Paco Jones, detective privado*

Ver Aguiño, IIIª Mostra de Teatro Afeccionado Francisco Lorenzo Mariño

Ver Chantada, XXIIIª Mostra de Teatro Popular Maruxa Villanueva

Chumpá Teatro: *Maribel e a estraña familia*, texto Miguel Mihura

Ver Enrique Landesa, Ciclo de Teatro Afeccionado

Ver Meaño, Mes do Teatro de

Crucía Teatro: *Os profesionais*

Devanceiro Teatro: *Preguntas sobre o meu pai*, texto e dirección Silvia Romaus

Referencias varias:

- J. M. R., “Devanceiro Teatro formula ‘Preguntas sobre o meu pai’ ”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 523, 11 abril 2013, p. 6.

Infórmase da representación de *Preguntas sobre o meu pai*, a cargo da compañía Devanceiro Teatro, dentro do programa cultural municipal. Coméntase que se trata dunha obra ambientada nos comezos da Guerra Civil española.

Grupo de Teatro da Asociación Cultural **Enxebre**: *Tres*, texto Juan Carlos Rubio, dirección Jacobo Otero

Referencias varias:

- T. M., “Enxebre estrena su nueva obra de teatro ‘Tres’”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 17 abril 2013, p. 16.

Infórmase da estrea de *Tres* por parte da Asociación Cultural Enxebre. Dáse conta da temática da obra así como dos lugares e das horas nas que se representará e do prezo das entradas. Tamén se adianta a próxima celebración doutro evento cultural, Artenxebre, organizado por esta asociación en colaboración do Concello.

Escoitade Teatro: *A fatídica festa do ano da serpe*, dirección Doro Piñeiro

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”
Ver Vigo, Semana de Teatro Afeccionado de

Fonte da Tella: *Tratamento de choque*

Ver Mourente, Ciclo de Teatro da Sociedade Cultural e Deportiva de

Fontevella, Grupo de Teatro: *Prohibido casar*

Ver Fontevella, Ciclo de Teatro Afeccionado do Porriño

Gargallada Teatro (1): *Non me chames cariño se non o sintes*

Ver Sada, IXª Mostra de Teatro Afeccionado

Gargallada Teatro (2): *Quimera*, texto Gabriel Prada, dirección Francisco González

Ver Entredous, Ciclos de Teatro Afeccionado
Ver Lauro Olmo, IIIº Ciclo de Teatro Afeccionado Lauro Olmo
Ver Sábados Teatrais, Ciclo de Teatro Amador de Arteixo

Hipócrita Teatro: *Unha historia con pau*

Ver Salvaterra do Miño, VIIIª Xornadas de Teatro

Escola de Teatro da **Illa de Arousa**: *Historia dunha Praza*

Grupo de Teatro **Lúa Chea**: *Como está o servizo!*, dirección Manuel Solla

Ver Poio Escena

Referencias varias:

- M. A. C., “O grupo de teatro da Casa Rosada actuará mañá na Illa de Arousa”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 7 marzo 2013, p. 12.

Dá conta de que o grupo de teatro Lúa Chea representará no auditorio municipal da Illa de Arousa *Como está o servizo!*, unha unión de tres pezas cómicas que trata sobre o traballo doméstico dende un punto de vista humorístico. Tamén se achegan uns breves datos sobre a historia da compañía.

Marañao Teatro: *Ópera pánica (cabaret trágico)*

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Referencias varias:

- María Rodríguez, “Marañao Teatro”, *La Región*, “Vida”, n.º 2077, 7 abril 2013, pp. 2-3.

Achéganse uns datos sobre a historia da compañía Maraño Teatro e fáiselle unha entrevista na que se reflexiona sobre a súa orixe, os seus integrantes na actualidade, os obxectivos, a resposta do público, o método de traballo, o lugar de reunión, os espectáculos que están levando a escena, entre os que destaca *Ópera Pánica* e outras actividades previstas para o ano 2013.

Maruxía, Grupo Teatral do Clube de Xubilados e Pensionistas de Portonovo: *A consulta do doutor* (1)

Referencias varias:

- J. C., “El teatro no entiende de edades en Portonovo”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés”, “Sanxenxo”, 15 novembro 2013, p. 19.

Informa que o colectivo Maruxía, do club de xubilados e pensionistas de Portonovo, leva moitos anos ofrecendo representacións teatrais, maioritariamente de creación propia e con ton humorístico.

Maruxía, Grupo Teatral do Clube de Xubilados e Pensionistas de Portonovo: *A primeira a escoba e a segunda a señora* (2)

Referencias varias:

- J. C., “El teatro no entiende de edades en Portonovo”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés”, “Sanxenxo”, 15 novembro 2013, p. 19.

Informa que o colectivo Maruxía, do club de xubilados e pensionistas de Portonovo, leva moitos anos ofrecendo representacións teatrais, maioritariamente de creación propia e con ton humorístico.

Maruxía, Grupo Teatral do Clube de Xubilados e Pensionistas de Portonovo: *A taberna sen dono* (3)

Referencias varias:

- J. C., “El teatro no entiende de edades en Portonovo”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés”, “Sanxenxo”, 15 novembro 2013, p. 19.

Informa que o colectivo Maruxía, do club de xubilados e pensionistas de Portonovo, leva moitos anos ofrecendo representacións teatrais, maioritariamente de creación propia e con ton humorístico.

Maruxía, Grupo Teatral do Clube de Xubilados e Pensionistas de Portonovo: *O testamento de Nacho* (4)

Referencias varias:

- J. C., “El teatro no entiende de edades en Portonovo”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés”, “Sanxenxo”, 15 novembro 2013, p. 19.

Informa que o colectivo Maruxía, do club de xubilados e pensionistas de Portonovo, leva moitos anos ofrecendo representacións teatrais, maioritariamente de creación propia e con ton humorístico.

Maruxía, Grupo Teatral do Clube de Xubilados e Pensionistas de Portonovo: *Os tratos do Sindo* (5)

Referencias varias:

- J. C., “El teatro no entiende de edades en Portonovo”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés”, “Sanxenxo”, 15 novembro 2013, p. 19.

Informa que o colectivo Maruxía, do club de xubilados e pensionistas de Portonovo, leva moitos anos ofrecendo representacións teatrais, maioritariamente de creación propia e con ton humorístico.

Mequetrefes Teatro: *Folie á trois*

Ver Sada, IXª Mostra de Teatro Afeccionado

Metátase Teatro (1): *Bolboretas*

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Metátase Teatro (2): *O país da auga*

Ver EstéNarúa, Festival Galego de Teatro Amador

Moaña, Grupo de Teatro da Asociación de Mulleres de: *A balada do cárcere de Circe*

NNC Teatro: *Esperando Godot*, adaptación texto Samuel Beckett, dirección Beatriz Méndez

Ver Lauro Olmo, IIIº Ciclo de Teatro Afeccionado Lauro Olmo

Nostrum Cai Teatro: *Radio Universo*, adaptación dun guion de Chévere, dirección Lola Fernández

Ver Agustín Magán, XIIº Festival de teatro afeccionado

Ver Begonte, Iº Ciclo de Teatro de Begonte

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Referencias varias:

- Sabela Corbelle, “Fixemos unha adaptación dun guión de Chévere”, *El Progreso*, “Lugo”, “Emergentes”, 21 abril 2013, p. 10.

Conversa con Lola Fernández, directora do grupo Nostrum Cai Teatro, que representará *Radio Universo* no Míhl. Nela, afirma que a obra é unha adaptación dun guión de Chévere, sinala a temática da obra e refire a gratuidade da entrada. Afirma por último que, ademais do teatro, a compañía tamén fai espectáculos de teatro-danza e dá conta da antigüidade da agrupación.

- Marta Becerra, “La compañía Nostrum Cai Teatro actuó en el MIHL”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 28 abril 2013, p. 12.

Dá conta da representación desta peza teatral no Museo Interactivo da Historia de Lugo

Nova Escena Teatro (1): *A herdanza da tía Constanza*, texto Juan Carlos Hernández, dirección e adaptación Xoán Carlos Laxe

Ver Sábados Teatrais, Ciclo de Teatro Amador de Arteixo

Nova Escena Teatro (2): *2155. Unha utopía futurista*, texto e dirección Xoán Carlos Laxe González

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Ver Lauro Olmo, IIIº Ciclo de Teatro Afeccionado Lauro Olmo

Teatro **Orballo** (1): *O barreño de cola*

Referencias varias:

- C. M., “Teatro Orballo presenta hoy tres comedias en la Casa Mariñeira de Portonovo”, *Diario de Pontevedra*, “Sanxenxo. O Salnés”, 18 xullo 2013, p. 20.

Explica que a compañía Teatro Orballo representará na vila de Portonovo tres comedias curtas, entre elas *O barreño de cola*.

Teatro **Orballo** (2): *Casados de pouco*

Referencias varias:

- C. M., “Teatro Orballo presenta hoy tres comedias en la Casa Mariñeira de Portonovo”, *Diario de Pontevedra*, “Sanxenxo. O Salnés”, 18 xullo 2013, p. 20.

Explica que a compañía Teatro Orballo representará na vila de Portonovo tres comedias curtas, entre elas *Casados de pouco*.

Teatro **Orballo** (3): *Picadura mortal*

Referencias varias:

- C. M., “Teatro Orballo presenta hoy tres comedias en la Casa Mariñeira de Portonovo”, *Diario de Pontevedra*, “Sanxenxo. O Salnés”, 18 xullo 2013, p. 20.

Explica que a compañía Teatro Orballo representará na vila de Portonovo tres comedias curtas, entre elas *Picadura mortal*.

Palimoco Teatro: *Os miserables*, adaptación da novela de Víctor Hugo e dirección Paloma Lugilde

Ver Begonte, Iº Ciclo de Teatro de

Asociación Teatral **Paso de Valverde**: *Sánatos*

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”

Ver Ciclo de Teatro Amador de Arteixo

Ver Salvaterra do Miño, VIIIª Xornadas de Teatro

Grupo de Teatro **Pinchacarneiro**: *Os perseguidores de sonhos*, texto Lois Pérez

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Grupo de Teatro **Porta Aberta**: *Aquí non paga ningún*, texto Darío Fo, dirección Froiña García

Ver Lauro Olmo, IIIº Ciclo de Teatro Afeccionado

Quemaisten Teatro (1): *Cinema*

Quemaisten Teatro (2): *As herdeiras do sol*, texto Ricardo López Aranda, dirección Xosé Bonome

Ver Agarimo, Iº Certame de Teatro Afeccionado

Ver Caranza, XIIIº Ciclo de Teatro Afeccionado “Domingos a escena”
Ver Vilalba, XVª Mostra de Teatro de

Quemaisten Teatro (3): *Traballo e imaxinación*

Ver EstéNarúa, Festival Galego de Teatro Amador

Grupo de Teatro A **Rabela**: *Miña sogra é increíble*

Ver Buxiganga, Circuitos 2013
Ver Daniel Cortezón, Xª Mostra de Teatro Afeccionado

Grupo Teatral **Raiolas**: *O chufón*

Rebuldeira Teatro, Aula de Teatro do Concello de Sarria (1): *O misterio do pazo de Tumbiadoiro*, texto e dirección Guillermo Cancelo

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Rebuldeira Teatro, Aula de Teatro do Concello de Sarria (2): *O velorio*, adaptación do texto *Os cravos de prata*, de Nicolás Bela

Ver Sarria, Iª Mostra de teatro Municipal

Grupo **Runxe Runxe**-Servicios Sociais de Arteixo: *O merliño branco*

Ver Arteixo, XIVª Mostra de Teatro Afeccionado de

Grupo de Teatro **Tarantela**: *O cadáver do señor García*

Ver Terras de Orrellón, VI Mostra de Teatro Amador

Trangalleiro Teatro: *O enfermo imaxinario*, texto Molière

Ver Negreira, IVº Ciclo Teatral de

O **Trasno Novo** Teatro: *Consuelo*

Ver Agustín Magán, XIIº Festival de teatro afeccionado
Ver Fegateira Móvete, VIIIº Festival Galego de Teatro Afeccionado
Ver Fontevella, Ciclo de Teatro Afeccionado do Porriño

Ver Lugo, Festival Galego de Teatro Afeccionado de

Trécola Teatro: *A verdadeira historia do corazón reloxo*, texto María Díaz a partir d' *A mecánica do corazón*, de Mathias Malzieu, dirección Fernando Dacosta

Ver Fegateá Móvete, VIIIº Festival Galego de Teatro Afeccionado

Ver San Andrés de Comesaña, VIIº Encontro Teatral de

Asociación Cultural **Triatrerros** Teatro: *Hámster*, texto Santiago Cortegoso

Ver Cangas, XXXª Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo

Ver FIOT, XXIIº Festival Internacional “Outono de teatro” de Carballo

Ver Teatro á feira, Iª Festa de Teatro Emerxente

Asociación de **Xubilados** de Caldas de Reis: *Camiño longo*

Teatro da **Zarabándula**: *Xenitais*, dirección Toño Pena

Referencias varias:

- Avelino Arca, “Charlas e teatro no peche das xornadas de violencia de xénero”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 587, 14 xuño 2013, p. 6.

Dáse conta da posta en escena de *Xenitais*, pola compañía Teatro da Zarabándula, no acto de clausura das III Xornadas sobre Violencia de Xénero do Concello de Ames.

Escola Municipal de Teatro de **Vilalba** (1): *O enfermo imaxinario*

Ver Sarria, Iª Mostra de Teatro Municipal

Escola Municipal de Teatro de **Vilalba** (2): *Veteranas*

Ver Vilalba, XVª Mostra de Teatro de

IV. DÍA DAS LETRAS GALEGAS: Roberto Vidal Bolaño

IV. 1. CREACIÓN: REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Vidal Bolaño, Roberto, *Doentes*, ed. Francisco Macías, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2013, 97 pp. (ISBN: 978-84-941204-0-4).

Nesta peza de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002), en edición a cargo de Francisco Macías, reflíctese o ambiente da cidade de Santiago de Compostela a finais dos anos cincuenta do século XX. O volume abre cunha dedicatoria, “Á memoria de Delfín García Guerra: médico, historiador e amigo”, que dá paso ao texto, estruturado en trinta e dúas partes, correspondentes con cadansúa escena. Inclúense acoutacións referidas, entre outros aspectos, ao espazo, ao tempo e á descrición dos personaxes. A historia iníciase no momento en que don Valeriano, un crego castrense en excedencia forzosa, de ideoloxía carlista, co chumbo que lle percorre o corpo dende a guerra de África, recibe a alta forzosa do Hospital Real. O mesmo acontécelle ao resto de doentes, dado que o centro sanitario mudará a súa función para converterse en hotel. Don Valeriano coñece entón a outro dos enfermos, un tísico chamado Cañete, pai dun comunista confeso, que precisa ver a Franco. Nas súas andainas durante a noite procuran a solución dos seus problemas, ao tempo que se atopan con diversos individuos da sociedade, como xornalistas, limpabotas, garda civil, monxas e militares.

Referencias varias:

- Javier García, “Teatro, exposicións e novas edicións lembrarán a Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 abril 2013, p. 40.

Dá conta de que con motivo do ano dedicado a Vidal Bolaño, terán lugar numerosas representacións teatrais, exposicións e unha mostra itinerante sobre o autor. Infórmase igualmente das novas edicións de *Doentes* e das *Obras completas*, de Vidal Bolaño e de *Un chapeu negro e un nariz vermello*.

Vidal Bolaño, Roberto, *Obras completas. Volume I. Integral. Animalións. Anxeliños! Criaturas. Rastros. Saxo Tenor*, ed. Francisco Macías, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2013, 336 pp. (ISBN obra completa 978-84-939812-4-2, ISBN volume I: 978-84-939812-5-9).

Inclúe seis pezas teatrais de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002). Na “Nota introductoria” (pp. 7-8) describíense as características principais do volume; dáse conta do conxunto de obras seleccionadas (“Integral” (pp. 9-49), “Animalións” (pp. 51-93), “Anxeliños!” (pp. 95-163), “Criaturas” (pp. 165-207), “Rastros” (pp. 209-261), e, “Saxo Tenor” (pp. 263-327) e dise que están seleccionadas de entre o conxunto de obras editadas, conservadas no ordenador do autor ou anotadas

nos libretos das compañías. Coméntase que están adaptadas as normativas vixentes estandarizándose os campos ortográficos, fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O volume carece de aparato crítico, ofrécese unicamente unha ficha técnica e artística de cada obra seleccionada. Así de “Integral” dise que foi escrita por encargo do Padroado de Cultura do Concello de Narón e estreada pola Escola de Teatro de Narón o 17 de maio de 2003 no Auditorio Municipal da mesma localidade. De “Animaliños” que foi estreada polo Teatro do Aquí o 15 de marzo de 2002 no Auditorio Municipal de Narón. De “Anxeliños!” que foi estreada polo Teatro do Aquí o 17 de xaneiro de 1997, na Casa da Cultura de Vilagarcía de Arousa. De “Criaturas” que se estreou, da man do Teatro do Aquí o 25 de febreiro do 2000, no Auditorio Municipal de Narón. De “Rastros” que foi representada polo Teatro do Aquí o 19 de marzo de 1998 na Casa da Cultura de Vilagarcía de Arousa. E, finalmente, de “Saxo Tenor”, que a estreou Teatro do Aquí o 12 de xaneiro de 1993 no Teatro Colón de A Coruña. Dise que as pezas se caracterizan polo ton derrotista e a crítica á modernidade, aspectos típicos na obra teatral do autor. Finalmente no “Glosario” (pp. 329-336) inclúense explicacións aos termos específicos empregados polo autor.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Os escenarios protagonizan o inicio do ano Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 xaneiro 2013, p. 35.

Con motivo da homenaxe das Letras Galegas 2013 a Roberto Vidal Bolaño, coméntanse distintas actividades que se farán e anúncianse os espectáculos que terán lugar en 2013 sobre textos do autor: *Criaturas*, *Días sen gloria* e *Touporroutou da lúa e do sol*. Cítase a edición facsimilar preparada por Edicións Positivas, *Obras completas de Roberto Vidal Bolaño*, e o estudo de Xosé Manuel Fernández Castro, *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*.

- Fran P. Lorenzo, “A Asociación Vidal Bolaño fará pervivir o legado do dramaturgo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 febreiro 2013, p. 41.

Fálase da Asociación Vidal Bolaño e das actividades que esta desenvolverá ao longo de 2013. Cítanse algunhas das súas obras, ademais do volume *Obras Completas*, editado por Francisco Macías en Edicións Positivas.

- Montse Pena Presas, “Redescubrir a RVB”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 448, “Libros”, 7 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 402, “Letras galegas”, 16 marzo 2013, p. 6.

Coméntanse brevemente as obras, *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño* e *Obras completas*, publicadas con motivo de ser o autor homenaxeado no Día das Letras de 2013. Destácase que a saída á luz destes volumes facilita o acceso a toda a súa composición dramática.

- Francisco Martínez Bouzas, “Vidal Bolaño, ‘Obras Completas’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 24 maio 2013, p. 41.

Comenta o libro *Obras completas*, editado por Francisco Macías e Xosé Manuel Fernández Castro sobre Roberto Vidal Bolaño, cita algunhas das pezas que se inclúen na obra e fai unha valoración crítica da edición.

- Javier García, “Teatro, exposicións e novas edicións lembrarán a Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 abril 2013, p. 40.

Dá conta de que con motivo do ano dedicado a Vidal Bolaño, terán lugar numerosas representacións teatrais, exposicións e unha mostra itinerante sobre o autor. Infórmase igualmente das novas edicións de *Doentes* e das *Obras completas* de Vidal Bolaño e de *Un chapeu negro e un nariz vermello*.

- Francisco Macías, “Roberto, esa é outra historia”, *Diario de Pontevedra*, p. 11/ *El Progreso*, p. 5, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2013.

Coméntase a decisión editorial de publicar as *Obras completas* de Roberto Vidal Bolaño, debido a que “é un dos mellores escritores da historia da literatura galega, un dos grandes dramaturgos europeos”, segundo o editor Francisco Macías.

Vidal Bolaño, Roberto, *Obras completas. Volume II. Mar revolto. A burla do galo. Doentes. As actas escuras. Días sen gloria. Agasallo de sombras*, ed. Francisco Macías, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2013, 396 pp. (ISBN obra completa: 978-84-939812-4-2, ISBN volume II: 978-84-939812-6-6).

Volume que inclúe seis pezas teatrais da obra de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002). Na “Nota introductoria” (pp. 7-8) descríbense as características principais do volume; o conxunto de obras seleccionadas: “Mar revolto” (pp. 9-55), “A Burla do Galo” (pp. 57-131), “Doentes” (pp. 133-211), “As actas escuras” (pp. 213-276), “Días sen gloria” (pp. 277-343), e, “Agasallo de sombras” (pp. 345-389); e finalmente, no “Glosario” (pp. 391-394) inclúense explicacións aos termos específicos empregados polo autor. Dise que as obras recollidas no volume están seleccionadas de entre o conxunto de obras editadas, conservadas no ordenador do autor ou anotadas nos libretos das compañías. Caracterízanse principalmente por estar adaptadas as normativas vixentes estandarizándose os campos ortográficos, fonéticos, morfolóxicos e sintácticos. O volumen carece de aparato crítico, só se inclúe a escolma das pezas teatrais coas fichas técnicas e artísticas. De “Mar revolto” especificase que foi estreada polo Centro Dramático Galego o 9 de xuño de 2001 no Teatro de Campo Alegre de Porto. De “A Burla do Galo” dise que foi estreada polo Centro Dramático Galego o 31 de marzo de 200 no Salón Teatro de Santiago de Compostela. De “Doentes” coméntase que foi estreada polo Teatro do Aquí o 13 de outubro de 1998, no Teatro Colón de A Coruña. De “As actas escuras” dise que foi estreada polo Centro Dramático Galego o 15 de xaneiro de 2010 no Teatro de Compostela. De “Días sen gloria” coméntase que foi representada polo Teatro do Aquí o 6 de Agosto de 1993 na Casa da Cultura de Muros. E, finalmente, de “Agasallo de sombras” dise que foi estreada polo Centro Dramático Galego o 2 de outubro de 1984 no Teatro García Barbón de Vigo. Destácase que estas pezas se caracterizan polo ton derrotista e a crítica á modernidade, aspectos xa típicos na obra teatral do autor.

Referencias varias:

- Javier García, “Teatro, exposicións e novas edicións lembrarán a Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 abril 2013, p. 40.

Dá conta de que con motivo do ano dedicado a Vidal Bolaño, terán lugar numerosas representacións teatrais, exposicións e unha mostra itinerante sobre o autor. Infórmase igualmente das novas edicións de *Doentes* e da publicación das *Obras completas* de Vidal Bolaño e de *Un chapeu negro e un nariz vermello*.

- Francisco Macías, “Roberto, esa é outra historia”, *Diario de Pontevedra*, p. 11/ *El Progreso*, p. 5, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2013.

Coméntase a decisión editorial de publicar as *Obras completas* de Roberto Vidal Bolaño, debido a que “é un dos mellores escritores da historia da literatura galega, un dos grandes dramaturgos europeos”, segundo o editor Francisco Macías.

Vidal Bolaño, Roberto, *Obras completas. Volume III. Sen ir máis lonxe. Caprice des Dieux. Cochos. Bailadela da morte ditosa. Memoria de mortos e de ausentes. Laudamuco, señor de ningures*, ed. Francisco Macías, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, 2013, 273 pp. (ISBN obra completa: 978-84-939812-4-2, ISBN volume III: 978-84-939812-7-3).

Volume que recolle parte da produción dramática da figura homenaxeada polo Día das Letras Galegas dentro do proxecto de publicación da súa obra completa, que está baixo dirección e coordinación de Xosé Manuel Fernández Castro. O libro ábrese cunha “Nota introdutoria. Sobre a nosa edición”, na cal Fernández Castro e Francisco Macías explican o proceso de edición, a vontade de crear unha Biblioteca Vidal Bolaño e que o plan xeral desta iniciativa se axusta ao volume *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño* editada por Laiovento en 2011. As pezas teatrais que recolle este volume son *Sen ir máis lonxe* (pp. 10-31); *Caprices des Dieux* (pp. 34-67); *Cochos* (pp. 70-111); *Bailadela da morte ditosa* (pp. 114-181); *Memoria de mortos e ausentes* (pp. 184-237); *Laudamuco, señor de ningures* (pp. 240-267).

Referencias varias:

- Javier García, “Teatro, exposicións e novas edicións lembrarán a Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 abril 2013, p. 40.

Dá conta de que con motivo do ano dedicado a Vidal Bolaño, terán lugar numerosas representacións teatrais, exposicións e unha mostra itinerante sobre o autor. Infórmase igualmente das novas edicións de *Doentes* e das *Obras completas* de Vidal Bolaño e de *Un chapeu negro e un nariz vermello*.

- Francisco Macías, “Roberto, esa é outra historia”, *Diario de Pontevedra*, p. 11/ *El Progreso*, p. 5, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2013.

Coméntase a decisión editorial de publicar as *Obras completas* de Roberto Vidal Bolaño, debido a que “é un dos mellores escritores da historia da literatura galega, un dos grandes dramaturgos europeos”, segundo o editor Francisco Macías.

Vidal Bolaño, Roberto, *Roberto Vidal Bolaño. Acoutacións e diálogos. Antoloxía*, A Coruña: La Voz de Galicia, col. Biblioteca Gallega. Letras galegas, 2013, 79 pp. (ISBN: 978-84-9757-279-8).

Volume conmemorativo do Día das Letras Galegas 2013 dedicado a Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002) cuxos textos se toman das *Obras completas de Roberto Vidal Bolaño*, que prepararan Xosé Manuel Fernández Castro e Francisco Macías para Edicións Positivas. Reprodúcese unha selección tanto das acoutacións que Vidal Bolaño foi escribindo nas súas pezas como de fragmentos de diálogos das mesmas. A primeira parte, na que se acollen acoutacións, vai antecedida por textos dos citados editores nos que resaltan a importancia que esas acoutacións teñen nos textos, indicando que están manexadas dun xeito case lírico, que son unha parte moi importante do texto puramente teatral e que deixan a historia entre o ficticio e o real. Explican que cada unha das escenas das súas pezas van introducidas por unha descrición ambiental co fin de darlle á paixase un carácter psicolóxico e introducir o lector na contextualización dos espazos, ligados coa trama e co estado de ánimo dos personaxes. Na segunda parte, onde se reproducen fragmentos de diálogos, os citados editores explican que están moi ben desenvolvidos na súa obra, xa que Roberto Vidal Bolaño era un contador de historias e, como tal, a palabra era de vital importancia para el. Para reflectir esta importancia optaron por reproducir diálogos das pezas *Saxo tenor*, *Animaliños*, a escena 11 de *Criaturas*, o tempo 3 de *Rastros*, a escena XVII e o final de *Doentes*, a escena V d’*As actas escuras* e a escena 14 de *Laudamuco señor de ningures*.

Recensións:

- Camilo Franco, “Un autor de palabra”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 517, “Letras Galegas”, 11 maio 2013, pp. 8-9.

Con motivo do Día das Letras Galegas, fálase de Roberto Vidal Bolaño como autor homenaxeado en 2013, e infórmase sobre o libro *Roberto Vidal Bolaño. Acoutacións e diálogos. Antoloxía*, unha selección preparada por *La Voz de Galicia*, onde se atopa o estilo representativo do dramaturgo.

Vidal Bolaño, Roberto, *Ruada das papas e o unto por Roberto Vidal Bolaño. Homenaxe do Consello da Cultura Galega*, estudos Camilo Franco e Inmaculada López Silva, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, abril 2013, 63+[65] pp. (ISBN: 978-84-92923-48-9). ◆

Edición facsímile da peza *Ruada das papas e o unto* de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002), que se inicia con estudos introdutorios de Camilo Franco e Inmaculada López Silva. No primeiro deles, “Todo é transición” (pp. 13-31), Camilo Franco traslada a máxima do título á vida do mesmo Vidal Bolaño e explica o que este supuxo para o teatro nos anos setenta, cando todo aínda estaba por facer. Tamén

comenta a fundación de Teatro Antroido, a decisión de empregar as fórmulas de representación popular e os cambios e oscilacións que vai sufrindo o seu teatro no tempo. Inmaculada López Silva, no segundo estudo, “O espectáculo total que nutre a literatura. Unha lectura da *Ruada das papas e o unto*” (pp. 33-63), desgaxa por completo esta peza para a infancia e a mocidade, fixándose nos elementos populares do teatro de Vidal Bolaño e na dobre vertente do texto dramático -lectura e representación-. De seguido vén a reprodución facsímile da obra, na que Vidal Bolaño, no comezo, avisa os nenos lectores de que é unha obra de teatro cavilada “para facer na rúa con mómaros e con actores, con música e con cantigas”. Está escrita ao xeito dos contos, cunha salientábel compoñente narrativa que se mestura con ilustracións e ornamentacións en forma de letras capitais que adornan o texto e a converten nunha peza de carácter singular, marcada por unha estrutura complexa. Aparecen en escena os personaxes do demo, a beata, o bululú, o cego das coplas, Lola Flores, Luís Cochón, un caldeiro de auga suxa, entre moitos outros. Os seus parlamentos son xeralmente breves e en escenas violentas nas que os monifates ou mómaros de rúa recorren a elementos un tanto groseiros, escatolóxicos e humorísticos. No facsímile desta edición coidada, que se presenta nun estoxo de cartón atado cunha cinta, ofrécense os deseños e gráficos para a representación da obra. Tamén está descrito no apartado VII. 3. 2.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, “Ruada das papas e o unto”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 12 decembro 2013, p. 42.

Saliéntase que Roberto Vidal Bolaño contribuíu a enriquecer o panorama do teatro galego do último cuarto de século cunha obra variada e extensa dunha calidade literaria elevada que trata múltiples temáticas, entre as que se destaca a crítica á modernidade e o forte compromiso coa lingua galega e co seu tempo. Sinálase que unha das súas pezas de teatro infantil, a *Ruada das papas e o unto*, vén de ser publicada en edición facsímile polo Consello da Cultura Galega e que é unha peza para “facer na rúa con mómaros e con actores, con música e con cantigas”. Infórmase igualmente de que o elenco de personaxes é amplo e as súas intervencións pequenas, e de que ás veces recorre o autor a elementos un tanto groseiros e escatolóxicos que dan moi bo resultado escénico. Destácase sobre todo algo aplicábel a todas as súas pezas infantís: a influencia da tradición popular e o carácter narrativo das acoutacións do texto, así como o tinte humorístico que impregna a peza, entre outras cousas.

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, “Donovan”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 20 maio 2013, p. 56.

Infórmase da edición de luxo que fixo o Consello da Cultura do texto de Roberto Vidal Bolaño *Ruada das papas e o unto*, con motivo da conmemoración do Día das Letras Galegas.

- J. G., “O facsímile de ‘Ruada das papas e o unto’ amosa a escrita de Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 maio 2013, p. 40.

Fálase da edición facsímile da obra de Roberto Vidal Bolaño *Ruada das papas e o unto*, elaborada polo Consello da Cultura Galega, coa participación de Inma López Silva e Camilo Franco, e recolle unhas declaracións de Ramón Villares durante a presentación deste libro.

IV. 2. MONOGRAFÍAS, EDICIÓNS CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS. ANTOLOXÍAS

Cochón, Luís (ed.), *Roberto Vidal Bolaño. Escritos sobre teatro (Posicións e teoría)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia / Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro (Cadernos galegos de pensamento e cultura), n.º XXV, 2013, 147 pp. (ISBN: 978-84-453-5085-0). ◆

Volume de autoría colectiva sobre os escritos teatrais de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002) nunha edición de Luís Cochón. Componse dos seguintes traballos:

- Luís Cochón, “Que quedará do cómico?”, pp. 9-11.

Describe a Vidal Bolaño como cómico, poeta, santiagués do arrabaldo mais ante todo dedicado en corpo e alma ao teatro. Resalta que era capaz de sacar de cada actor o mellor de si mesmo.

- Gustavo Luca, “Fábula do poeta na cadea”, pp. 13-15.

Destaca o carácter popular das obras do autor compostelán, sempre na procura de recuperar as tradicións populares.

- Manuel Quintáns, “O tratamento do mito no teatro de Roberto Vidal Bolaño: ‘Días sen gloria’”, pp. 17-26.

Retoma os contos e tradicións populares nas pezas teatrais de Vidal Bolaño, fundamentadas no mito e na lenda. Fala do mito como portador sacro do destino individual e afirma que xa os gregos viran nel o poder catártico purificador do espírito, da alma do espectador. Apunta que Vidal Bolaño quixo amosar o verdadeiro sentido de nós mesmos, espindo as historias de sempre de falsos atavíos, o que moitos chamaron “desmitificación do mito”, cando en realidade fai uso do mito adaptado á Galicia actual, sempre presente na súa obra.

- Xan Vieito, “A querer ser cómicos”, pp. 27-34.

Relata de qué xeito comeza a súa relación profesional con Vidal Bolaño e os primeiros anos do grupo teatral Antroido sen case recursos económicos.

A seguir, acóllense os seguintes textos de Roberto Vidal Bolaño: “[Des que, non sen poucas dificultades...]”, “O espacio teatral. Unha viaxe arredor do círculo. [Unidade didáctica para alumnado adolescente, ó que o autor sempre quixo chegar]”, “O teatro (1900-1990)”, “Perspectivas do teatro galego actual (Actas das Primeiras Xornadas das Letras Galegas en Lisboa)”, “Teatro con T maiúsculo (Arredor do teatro de don Ramón Otero Pedrayo)”, “Se ademais creo algo de beleza, mellor”, “Ribadavia era un crisol”, “A propio intento (Texto testamentario do autor a prol da promoción da escrita e a posta en escena de novos textos dramáticos en galego)”, “Fóra de texto (sen ano): Retallo dunha conversa nocturna inacabada entre o dramaturgo e alguén máis, a telón baixado”.

Neles trátase o espazo teatral físico, diferente ao longo da historia e faise unha retrospectiva que vai dende o teatro clásico (grego e romano), pasando polo medieval, renacentista, século de ouro, isabelino e mesmo o oriental até chegar ao actual, caracterizando a cada un deles por un contexto e un espazo condicionado ás necesidades da época. Escribe así mesmo sobre o teatro do século XX que, no Rexurdimento, volve xerar interese en moitos dos autores galegos máis destacados. Subliña a importancia do Padre Feijóo e o labor das Irmandades da Fala, do teatro Nós e de autores como Vicente Risco, Alfonso Daniel R. Castelao e Ramón Otero Pedrayo que escriben pezas tan coñecidas como o son *Os vellos non deben de namorarse* e *O desengano do prioiro*. Analiza as perspectivas do teatro galego actual, entendido non só como unha corrente literaria senón dende o punto de vista da escrita dramática e escénica. Segundo Vidal Bolaño, o teatro galego actual ten unhas orixes próximas no tempo; xorde da necesidade de romper coas normas que regulaban o teatro do estado, orixinando un teatro independente, de carácter nacionalista e moi comprometido coa lingua galega. Apunta que se continúa sen ter un ensino regrado de dirección, interpretación e escenografía nas universidades galegas. Fala da influencia na súa obra de Ramón Otero Pedrayo e da súa mestría para manexar o conto, o máxico, o mito e as lendas de tradición oral. Remata cun anteproxecto no que describe as características artísticas e escénicas do espazo teatral.

Referencias varias:

- C. F., “Os cadernos do Centro Ramón Piñeiro rescatan a obra teórica de Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 maio 2013, p. 38.

Refírese á presentación do número 25 dos Cadernos do Centro Ramón Piñeiro que reúne os escritos teóricos de Roberto Vidal Bolaño, incluído un texto inédito “A propio intento”. Fálase tamén da posíbel ocultación de Vidal Bolaño coa celebración do sesquicentenario de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

- Luís Cochón, “Na presentación de ‘Escritos sobre teatro’ de Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 maio 2013, p. 43.

Co gallo da presentación do volume *Escritos sobre teatro* reflexiona sobre a vida e obra de Roberto Vidal Bolaño. Destaca que pertenceron á mesma xeración, que o autor posuía talento, unha visión crítica da realidade e unha rebeldía que incomodaba ao poder.

Pascual, Roberto, *Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Libros, 2013, 133 pp. (ISBN: 978-84-9914-495-5).

Roberto Pascual (O Carballiño, 1981) abre este volume cun “Limiar” que explica o porqué deste libro: dar a coñecer a paixón e profesións ás que dedicou a súa vida Roberto Vidal Bolaño, evocando unha temperá escena na VII Mostra do teatro galego de Abrente, en 1979, na que o autor defendeu uns circuitos, políticas e garantías propias para o teatro profesional. Exponse tamén o desexo de fuxir dunha presentación meliflua, eufemística ou politicamente correcta da obra do dramaturgo, posto que a intención é

transmitir a paixón polo teatro. Logo desta parte introdutoria, encontramos catro epígrafes. A primeira, “Do Antroido ao Aquí” resulta un percorrido biográfico e creador dende o nacemento mesmo de Roberto Vidal Bolaño en Santiago de Compostela (1950) até a súa derradeira obra, *Integral*, presentada logo da súa morte aos 52 anos como unha metáfora da existencia. A segunda, “Os monólogos e o oficio do bufón”, toma os exemplos de Darío Fo ou Leo Bassi para explicar a validez do bufón, que reta e loita contra o pensamento uniforme e funciona como arma de revolución cívica, como tan ben soubo facer o autor que nos ocupa. A terceira, “O oficio do escenógrafo e do director de escena” fálasenos dunha ocupación típica do autor, xa que era el quen adoitaba encargarse do deseño escenográfico, o que lle valeu a definición de “arquitecto e peón do noso teatro” en boca de Henrique Rabuñal. Tan consciente era da importancia do espazo o dramaturgo que chegou a publicar un sintético manual de historia do espazo da representación, titulado *O espacio teatral. Unha viaxe arredor do círculo* (1993). Alén das didascalias ou da información implícita contida nas obras, non debe esquecerse que director e escenógrafo son creadores con autonomía que poden facer súa unha dramaturxia allea. Dáse unha sucinta revisión por algunhas das súas propostas estéticas, dende as máis cargadas de suciedade, caos, suburbio ou esaxeración e grotesco... até a depuración da escena e unha utilización moi consciente dos recursos lumínicos. Por último, exponse “O oficio da crítica”, isto é, ao Vidal Bolaño que asinou artigos xornalísticos en *El Ideal Gallego* de 1974 a 1975. Mediador entre emisores e receptorado potencial das obras, divulgador, pero tamén intérprete son algunhas das funcións exercidas no desempeño deste traballo. Para revisar as achegas críticas do dramaturgo, explícasenos a súa valoración do entretemento ou o seu posicionamento ideolóxico; e lémbrense algún dos recursos por el ensaiados, coma o de comparar outras postas en escena. Péchase esta parte mostrando algunhas das críticas que sobre obras de Roberto Vidal Bolaño se escribiron. Superado o ecuador do libro, realízase unha escolma de cinco escenas que se consideran “útiles para a análise, para o debate” ou para o ensaio da súa escenificación, que pode responder a moi diferentes intereses, públicos e discursos: “Ledaíñas pola morte do meco”, “Criaturas”, “A burla do galo”, “Doentes” e “Animaliños. O volume péchase cunha “Presentación diacrónica das obras teatrais de Roberto Vidal Bolaño”, expostas nunha táboa seguida, o que ofrece unha óptima revisión visual. A continuación inclúense as notas e lecturas recomendábeis para ampliar o estudo sobre o autor.

Recensións:

- MV García, “Teatro tenor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 464, “Teatro”, 27 xuño 2013, p. VIII.

Fala de maneira xeral da obra teatral de Roberto Vidal Bolaño e detense na análise do volume *Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro* que publicou Edicións Xerais, deténdose a explicar a súa estrutura e os principais apartados da monografía, que se pecha cunha táboa cronolóxica de “enorme valor por canto traza un percorrido histórico dos espectáculos todos nos que Roberto Vidal Bolaño fixo teatro”.

- Xosé Manuel Pazos Varela, “Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 76, “Libros”, outono 2013, pp. 39-40.

Salienta que o acerto principal desta publicación reside no multiperspectivismo co que se aborda o papel de Roberto Vidal Bolaño dentro do sistema escénico galego. Comenta que non se trata dun estudo académico exhaustivo sobre a obra deste autor, senón un achegamento á súa figura a través dos distintos oficios que exerceu. Achega un sucinto resumo dos asuntos principais que aborda cada capítulo e conclúe afirmando que se trata dunha obra imprescindible para o público/lectorado máis novo.

Referencias varias:

- Roberto Pascual, “Modernización e honestidade, a ética e a estética de Roberto Vidal Bolaño”, *Diario de Pontevedra*, p. 10/ *El Progreso*, p. 8, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2013.

Comenta a traxectoria profesional de Roberto Vidal Bolaño, salientando certos fíos de importancia no referente á profesionalización do teatro galego, na que o dramaturgo tivo moito que ver, e cita a súa monografía sobre o autor, animando a lela.

Pena Presas, Montse e Gonzalo **Enríquez Veloso**, *Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Letras Galegas, 2013, 76 pp. (ISBN: 978-84-9865-480-6). Inclúe DVD.

Montse Pena Presas (Sada, 1981), profesora de didáctica da lingua e especialista en literatura infantil e xuvenil galega e Gonzalo Enríquez Veloso (A Coruña, 1985), filólogo, doutorando e documentalista, son os dous impulsores deste libro-DVD. A parte audiovisual, a cargo de Gonzalo Enríquez Veloso, procura que familia, amizades, compañeiros de profesión e investigadoras ofrezan a súa visión sobre Roberto Vidal Bolaño. A parte escrita, na que repararemos aquí con maior detemento, está composta polo texto de Montse Pena Presas. O volume físico ábrese, tras a dedicatoria, con dúas citas, unha do propio homenaxeado e outra que o retrata como bufón das verdades, de César Lombera. “Adro”, a primeira epígrafe, fai as veces de limiar presentador das pretensións do volume ao tempo que acolle os agradecementos oportunos. A partir de aquí, a vida e obra de Roberto Vidal Bolaño distribúese ao longo de “Antes”, “O nariz de pallaso”, “(A paréntese)”, “O chapeu negro” e “Un nariz e mais un chapeu”, epígrafes sempre precedidas de cita inicial, con corpo de letra grande e un estilo próximo, interpelador, humano, plenamente divulgador, non exento de certas licencias literarias. Por veces, dialoga con algunhas das opinións verquidas no documental, complementándoo, ou puntualiza outras. “Despois” é a última epígrafe propiamente biográfica, aquela que contextualiza minimamente o seu pasamento. O volume péchase cunha recompilación da súa obra ordenada pola data de posta en escena e de publicación, titulada “O que ficou: a obra dramática de Roberto Vidal Bolaño” e cunha bibliografía de títulos recentes.

Recensións:

- Mar Mato, “Editoriales exploran el universo teatral de Vidal Bolaño con libros sobre su obra”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 15 abril 2013, p. 17.

Fálase dos últimos libros publicados sobre a figura e a obra de Roberto Vidal Bolaño con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas. Céntrase no comentario do libro *Un chapeu negro e un nariz de pallaso*, de Gonzalo Enríquez Veloso e Montse Pena.

- Pilar Ponte, “Experimentar o calafrió”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 458, “Libros”, 17 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 410, “Letras galegas”, 18 maio 2013, p. 10.

Fálase do libro+DVD de Montse Pena Presas e Gonzalo Enríquez Veloso: *Un chapeu negro e un nariz de pallaso*, do cal destaca por ser “un texto atractivo de iniciación no coñecemento do autor”.

- Armando Requeixo, “Visolectura bolañesa”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 777, “Letras Atlánticas”, 19 maio 2013, p. 32.

Trata do libro-CD *Un chapeu negro e un nariz de pallaso*, da crítica e estudosa Montse Pena Presas e do ensaísta e director de documentais Gonzalo Enríquez Veloso. Alude á accesibilidade do texto para calquera lector, a boa organización por capítulos e o ton difusor e informativo do documental.

Referencias varias:

- Javier García, “Teatro, exposicións e novas edicións lembrarán a Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 abril 2013, p. 40.

Dá conta de que con motivo do ano dedicado a Vidal Bolaño, terán lugar numerosas representacións teatrais, exposicións e unha mostra itinerante sobre o autor. Infórmase igualmente das novas edicións de *Doentes* e das *Obras completas* de Vidal Bolaño e de *Un chapeu negro e un nariz vermello*.

- A. Rodríguez, “De Quico Cadaval a Vidal Bolaño”, *La Opinión*, “A Coruña”, 17 abril 2013, p. 9.

Informa da iniciativa de Quico Cadaval consistente en ofrecer conversas nun escaparate con todo aquel que o desexase e dá conta da presentación desta monografía sobre Vidal Bolaño e do documental homónimo de Gonzalo Enríquez Veloso.

- Iñaki, Ramis, “Nadando en un mar de libros”, *La Voz de Galicia*, “Patio de Vecinos”, “*La Voz de Santiago*”, 2 maio 2013, contracuberta.

Co gallo da celebración da Feira do Libro na Alameda de Santiago de Compostela dáse conta de que tivo lugar a presentación do libro adicado a Vidal Bolaño, con motivo da conmemoración deste autor polo Día das Letras Galegas, intitulado *Un chapeu Negro e un nariz de paiaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño* publicado por Editorial Galaxia.

- Manuel Varela, “Un retrato de Bolaño a dúas cores”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 15 maio 2013, p. 14.

Fálase da presentación en Fnac do libro-DVD *Un chapeu negro e un nariz de pallaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño*, de Gonzalo Enríquez e Montse Pena, do cal comenta que foi argallado a partir de entrevistas e diálogos.

- Gonzalo Enríquez Veloso, “O nariz...”, *Diario de Pontevedra*, p. 8/ *El Progreso*, p. 10, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2013.

Saliéntanse diversos aspectos da vida persoal profesional de Roberto Vidal Bolaño e coméntase este traballo, editado como libro-DVD por Galaxia.

- Montse Pena Presas, “... e o chapeu”, *Diario de Pontevedra*, p. 8/ *El Progreso*, p. 10, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2013.

Faise referencia a esta monografía, “relato rigoroso e contrastado”, escrita despois da lectura de *Doentes*, a primeira que a autora deste traballo fixo da obra de Vidal Bolaño. Anímase aos lectores a que se acheguen a este estudo “ameno e literaturizado” da traxectoria do dramaturgo.

Tarrío Varela, Anxo (coord.), *Roberto Vidal Bolaño. Día das Letras Galegas 2012*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela. Departamento de Filoloxía Galega. Servizo de Publicacións e Intercambio Científico, primavera 2013, 142 pp. (ISBN: 978-84-9887-866-0). ♦

Volume recompilatorio dos ensaios de varios autores sobre a escrita e a dramaturxia de Roberto Vidal Bolaño co gallo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas 2013. O primeiro, asinado polo coordinador da obra, Anxo Tarrío Varela (Santiago de Compostela, 1945), actúa a xeito de introdución preliminar da mesma, introducindo os seguintes artigos:

- Laura Tato Fontaiña, “*Percival* na obra de Roberto Vidal Bolaño”, pp. 11-88.

Sitúa a obra de teatro de Vidal Bolaño, adaptación da narración de Xosé Luís Méndez Ferrín, no seu contexto e explica que para a traxectoria profesional do dramaturgo foi un verdadeiro fito e un éxito de público e crítica. De seguido, inclúese o facsímile de *Percival. Celebración chocleira, ceibe e maiormente irrespeitosa, arredor de; xestos, contos, ditos, poemas, panfletos e pintadas de... X. L. Méndez Ferrín, acomodada pra teatro por Roberto Vidal Bolaño*, que precede a unha edición crítica do texto, sen antes explicar os criterios seguidos na edición.

- Carme Silva, “O *Percival* no espello. Apuntamentos de lingua”, pp. 89-99.

Fai un estudo lingüístico do orixinal do *Percival* tendo en conta en todo momento a narración de Méndez Ferrín.

- Roi Vidal Ponte, “Dez claves para unha aproximación á estética de Teatro Antroido”, pp. 101-110.

Elabora un esquema a partir do que establece algunhas posíbeis definicións da estética de Teatro Antroido, compañía pioneira do teatro profesional galego. Salienta o

comentario dalgunhas das obras cabeceira de Vidal Bolaño no eido da teoría teatral, entre os que se atopan textos de Meyerhold ou Brecht.

- Iolanda Ogando, “Galiza *on the move*: mobilidade e estatismo no teatro de Roberto Vidal Bolaño”, pp. 111-148.

Atende á ‘mobilidade’ no teatro do dramaturgo, fixándose nas figuras dos viaxeiros ou, se non queda máis remedio, emigrantes.

- Roberto Pascual, “Análise da obra de Roberto Vidal Bolaño. Metateatro e existencialismo en *Integral*”, pp. 149-168.

Detense na última etapa de Roberto Vidal Bolaño, dende a fundación da compañía Teatro do Aquí e analiza a súa última obra, *Integral*, unha “peza de despedida, quizais, e tamén de resumo dunha vida adicada ao espectáculo”.

- Anxo Abuín, “*Doentes*, o filme. Notas sobre unha adaptación”, pp. 169-186.

Analiza a adaptación fílmica de *Doentes* (peza gañadora do Rafael Dieste no ano 1998), protagonizada por Xosé Manuel Olveira “Pico” e Antonio Durán “Morris”. Salienta os engadidos e as supresións

Tato Fontaíña, Laura, *Roberto Vidal Bolaño. Unha vida para o teatro*, limiar Manuel Quintás Suárez, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Esmorga. Ensaio, 2013, 82 pp. (ISBN: 978-84-15400-80-6).

Monografía de Laura Tato Fontaíña (Vigo, 1951), baseada na actividade teatral de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002). No limiar, “Roberto Vidal Bolaño: un teatro nacional ou un teatro popular”, Manuel Quintás denomina o seu teatro como “popular” nos mesmos termos que xa o fixera o autor e fala dun teatro nacional galego definido coma un compromiso ideolóxico de carácter didáctico e eficaz instrumento ao servizo da lingua galega, da súa cultura e dos sinais de identidade do seu pobo. A monografía estrutúrase en tres capítulos: no primeiro, “O contexto”, faise un percorrido, en liñas xerais, do teatro dende a metade do século XX até a actualidade, deténdose no Centro Dramático Galego (CDG). Nos outros dous capítulos, “Roberto Vidal Bolaño: unha vida para o teatro” e “Obra dramática de Roberto Vidal Bolaño”, céntrase na dedicación ao teatro do autor compostelán e na súa obra dramática, marcada por dúas tendencias: unha popular, na que se inclúen obras coma *Ledaíñas pola norte do Meco* (1976), *Ruadas das papas e o unto* (1981) ou *Touporroutou da lúa e o sol*; e outra de maior complexidade, que amosa unha visión pesimista da existencia humana con pezas como *Laudamuco, señor de ningures*, *Bailadela da norte ditosa*, *Cochos* ou *Saxo tenor*. Salienta de Roberto Vidal Bolaño o seu compromiso coa lingua, a mestura entre o popular e o vangardista e a proxección do seu teatro a través de todos os medios de comunicación. Péchase a monografía coa bibliografía primaria e citada

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, “Por un teatro comprometido”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 451, “Libros”, 28 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 405, “Letras galegas”, 13 abril 2013, p. 10.

Fálase da obra de Laura Tato Fontaiña publicada en 2013 pola Editorial Toxosoutos: *Roberto Vidal Bolaño, unha vida para o teatro*. Saliéntase o limiar do libro, escrito por Manuel Quintáns Suárez que volve sobre o debate do teatro nacional, teatro popular e teatro comprometido.

Referencias varias:

- Mario Álvarez, “A Revista’ visita en Tui as festas de San Telmo”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 8 abril 2013, p. 53.

Coméntase a programación prevista para o programa da TVG “A Revista de Tarde”. Fálase da publicación do libro de Laura Tato Fontaiña: *Roberto Vidal Bolaño. Unha vida para o teatro*.

- Xosé Valiña, “Bodas de oro de ex alumnos del Peleteiro”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 9 maio 2013, contracuberta.

Entre outros temas, fálase da presentación do libro de Laura Tato Fontaiña: *Roberto Vidal Bolaño. Unha vida para o teatro* na librería Mulleres Lila de Lilith.

- Pedro P., Riobó, “Presenza de Roberto Vidal Bolaño”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “RVB: Furia e razón”, primavera 2013, pp. 13-18.

Coméntase que, con motivo da produción en 2003 de *Daquel Abrente* por parte do Centro Dramático Galego, encomendáraselle a Pedro P. Riobó un estudo sobre Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes. Indícase que, naquela época, xa se contaba cun conxunto de traballos sobre Vidal Bolaño, algúns deles incluídos en libros dos espectáculos do Centro Dramático Galego. A continuación, realízase un repaso polas principais obras que analizan a figura deste persoeiro, dende *Do novo teatro á nova dramaturxia* (1988), editado por Manuel Vieites; até a publicación da súa obra completa por Edicións Positivas, pasando por *Un Abrente teatral. As Mostras e o Concurso de Ribadavia* (2002), de Inma López Silva e Dolores Vilavedra; *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño* (2011), de Xosé Manuel Fernández Castro; *Dez obras na vida de Vidal Bolaño* (2012), de Camilo Franco; *Roberto Vidal Bolaño e o xogo do teatro* (2013), de Afonso Becerra e *Roberto Vidal Bolaño. Unha vida para o teatro* (2013), de Laura Tato. Asemade, menciónanse as numerosas iniciativas para a posta en escena das súas obras, entre as que se destaca *Días sen gloria*, do Centro Dramático Galego; *Criaturas*, de Teatro do Aquí; *Bailadelas*, de Teatro Antroido; *Animaliños*, da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela-Compañía de Teatro do Campus de Lugo; e *A burla do galo*, da Aula de Teatro da Universidade da Coruña-Compañía Teatro Normal. Finalmente, faise referencia ao ciclo “Vidal Bolaño recuperado: citas audiovisuais”, organizado polo Centro Dramático Galego, creador tamén do Premio Roberto Vidal Bolaño ao Espectador; á fundación en 2012 da Asociación Roberto Vidal Bolaño ou as biografías dispoñíbeis para a súa consulta nas páxinas en liña da Real Academia Galega e da AGADIC, entre outros proxectos.

IV. 3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Abalo, Anxela G., “Tempos de crise, tempos de esperanza”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Tres en raia”, maio 2013, pp. 47-48.

Celebra que o Día das Letras Galegas de 2013 se lle dedique a Roberto Vidal Bolaño xa que así se dimensiona non só a súa obra senón tamén a escena galega. Asemade indica o papel secundario da muller nalgúns aspectos da sociedade e avoga pola unión das diferentes tendencias dentro dos académicos da RAG.

Álvarez Pousa, Luís, “RVB e nós, sen formol”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Carta do director”, maio 2013, pp. 8-9.

Denuncia que o labor do actual presidente da Xunta de Galicia é o dun “perigosísimo deconstrutor cultural e lingüístico” e fronte a isto contrapón a figura de Roberto Vidal Bolaño. Indica que sufriu en vida a censura do poder e cualifícao de “rebelde con causa” e recalca que dende o seu teatro se provoca, sensibiliza e interioriza “estados de catarse colectiva”.

Becerra de Becerreá, Afonso, “A dramaturxia das crebas”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas”, “Día das Letras Galegas”, maio 2013, pp. 71-72.

Indaga nos puntos esenciais da dramaturxia de Roberto Vidal Bolaño centrándose no modelo clásico, na súa actualización realista e na creba espacial e temporal. Exemplifica a creba dos soños e dos ideais presentes en *Rastros* (1998), o monólogo posdramático en *Sen ir máis lonxe* (2002) e conclúe falando da súa imaxe icónica cun nariz vermello de pallaso, con chapéu e co cigarro.

Bernárdez Vilar, Xoán, “8 de marzo: Día internacional da muller”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 182, “Crónicas”, “Rolda da cultura”, marzo-abril 2013, pp. 107-117.

Neste artigo lévase a cabo unha “Rolda da cultura”, polo que se fai referencia a distintas manifestacións artísticas en varios apartados. No apartado “As letras” fai referencia á conmemoración do nacemento de Francisco Fernández del Riego no Panteón de Galegos Ilustres de Compostela e a presentación, na Casa da Cultura de Vigo do libro *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*. Na sección “Banda deseñada” cítase a publicación de *Ardalén*, de Miguelanxo Prado. No apartado “Premios” recóllense os gañadores de varios certames literarios. O premio Álvaro Cunqueiro de Teatro e Barriga Verde para público infantil foron para, respectivamente, Gustavo Pernas Cora, coa obra *Isobaras* e Raul Dans con *Un mosquito de nome Henri*. Segue o fallo do Premio Blanco Amor de novela longa, no que foron finalistas as obras *Dióxenes en Dolorida* e *Tara*, resultando vencedora a primeira, escrita por Ignacio Vidal Portabales. Na XII Edición do Premio R. Piñeiro de Ensaio resultou gañador, coa obra *Para que nos serve Galiza?*, Xaime Subiela Pérez. O Premio Otero Pedrayo, na súa XXX Edición foi a parar a mans de Basilio Losada Castro. Por último, cítanse os

gañadores dos premios Modesto R. Figueiredo de narración breve, sendo o primeiro para *As casas baratas* de Miguel Anxo Martínez Oubiña, e os accésits para María Alonso por *A Lobiqueira*, e Alberto Gómez Aneiros por *Contos dun representante artístico*.

López Silva, Inma, “Vidal Bolaño, o visionario”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas”, “Letras Galegas”, maio 2013, pp. 67-70.

Subliña o rol de Roberto Vidal Bolaño como dinamizador do nacente teatro galego a finais dos anos setenta do século XX. Asemade repasa os diferentes premios que acadou e valora a súa traxectoria no teatro galego dende diversos ángulos da súa actividade como en *Antroido* ou *Teatro do Aquí*. Remata afirmando que asumiu o teatro dende unha vocación política e de compromiso.

López Silva, Inma, “Lección de interpretación”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Crítica”, “Teatro”, maio 2013, p. 88.

Detense na análise de *BailadElas. Mulleres bolañesas* da compañía Teatro Antroido, de Roberto Vidal Bolaño e mais Roi Vidal, e comenta que está interpretada por Laura Ponte e que conta con bonecos, Kukas e Matarile.

Pascual, Roberto, “(Con)texto e espectáculo. Recepción crítica de Vidal Bolaño”, *Grial*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 108-109.

Faise unha recensión da obra divulgativa *Dez obras na vida de Roberto Vidal Bolaño* (Biblios, 2012), de Camilo Franco. Describese a obra como unha reflexión sobre dúas etapas, “antes e despois de *Saxo tenor*”, que pasa do teatro máis popular e de tradición propia ao teatro do realismo sucio. A elección “personal” das dez obras considérase un intento por representar cada treito desa evolución. Destácase o tratamento da triloxía formada por *Anxeliños*, *Criaturas* e *Animaliños*, así como de *Rastros*. Considérase que o libro é “unha boa obra para entender a globalidade cívica e artística” de Roberto Vidal Bolaño.

Pascual, Roberto, “Discurso e retórica da imaxe. Roberto Vidal Bolaño, escenógrafo”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas. Dossier Día das Letras Galegas”, maio 2013, pp. 75-78.

Reflexiona sobre a dimensión como escenógrafo de Roberto Vidal Bolaño dende a súa primeira etapa do *Antroido*, do Abrente ribadaviense onde destaca a parateatralidade e o grotesco até a chegada de Teatro do Aquí marcada pola posta en escena de *Saxo tenor*. Conclúe indicando que ler o teatro de Roberto Vidal Bolaño é ler a dramaturxia dun escenógrafo, dun artesán teatral.

Portas Ferro, Xesús, “Sombras e pouquidade na dramaturxia de Vidal Bolaño”, *Encrucillada*, n.º 182, “Estudos”, marzo-abril 2013, pp. 66-85.

Estúdase dramaturxia de Roberto Vidal Bolaño, centrándose en aspectos da súa obra coma a “pouquidade” e a innovación formal. Está dividido en cinco apartados, que tratan diferentes aspectos. No primeiro, “Un dramaturgo para as Letras”, preséntase a figura de Vidal Bolaño, enumerando as súas obras máis importantes, e concréntanse sucintamente as características da súa obra que se van analizar: a singularidade do mundo recreado, a innovación formal e a creación dun teatro popular galego de vangarda. O segundo apartado, “Un teatro popular galego de vangarda”, fai un repaso polo teatro galego até chegar ao teatro vangardista do “Grupo Abrente”. Menciónanse como precursores a Rafael Dieste, Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, Castelao e Otero Pedrayo; así coma as achegas menores dos Carré Alvarellos, Luguís Freire, Cotarelo e Varela Buxán. Sínálase o obxectivo de Vidal Bolaño, compartido con Otero e Castelao, de crear un teatro con elementos populares e innovadores. Faise tamén unha comparación entre os recursos utilizados en pezas de Otero e os recursos utilizados por Vidal Bolaño. No terceiro apartado, “Sombras e espectros: a innovación formal”, analízase polo miúdo a presenza de sombras e espíritos nas obras *Agasallo de sombras*, seguindo a Manuel Quintáns, aínda que tamén se mencionan brevemente outras obras como *A burla do galo*, *Bailadela da morte ditosa*, *Días sen gloria*, *Doentes* e *As actas escuras*. Recóllense asemade os paralelismos das obras de Vidal Bolaño con outros autores, como Gustave Flaubert ou Bertolt Brecht. O cuarto apartado, “Un mundo de pouquidad”, trátase o mundo da crueza presentado por Vidal Bolaño que se identifica co mundo “da pouquidade”, no que abundan o grotesco e o escatolóxico. Considérase a relación das obras de Vidal Bolaño co “dirty realism” e co teatro de Bertolt Brecht e Valle-Inclán. No último apartado, “E Santiago, unha rexión dese mundo”, analízase o papel da cidade de Santiago, e como aparece caracterizada, nun conxunto de dramas históricos: *Xubileu*, *Días sen gloria*, *As actas escuras*, *A burla do galo*, *Doentes*, *Agasallo de sombras* e *Rastros*. Conclúese coa explicación pormenorizada das cinco primeiras.

Ruibal, Rubén, “A propio intento”, *A Xanela*, n.º 35, primavera 2013, p. 21.

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 2013 subliña que aínda non pasou tempo abondo como para ser consciente da dimensión de Roberto Vidal Bolaño. Recalca que ao estudarmos “como é debido” a Roberto Vidal Bolaño teremos todos os recursos para “producir un teatro de calidade” e remata subliñando que é un dos autores literarios galegos do máis alto nivel.

Vidal Ponte, Roi, “Fáltame a distancia”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas”, maio 2013, p. 66.

Rememora a súa iniciación teatral da man de seu pai Roberto Vidal Bolaño, partindo dos ensaios “que papei” de neno na compostelá rúa do Vilar onde tiña a súa sede o CDG e que despois pasou á tamén compostelá rúa Nova. Asemade lémbrese doutros momentos acompañando a Roberto Vidal Bolaño dende un punto de vista privado e profesional

Vieites, Manuel F., “Vidal Bolaño e os estudos escénicos en Galicia”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas”, maio 2013, pp. 78-81.

Amósanos as múltiples posibilidades de estudo e investigación da dramaturxia de Roberto Vidal Bolaño e indica que en Teatro do Antroido hai unha aposta pola cultura do país. Tamén expón que sería interesante coñecer os procesos de traballo de Roberto Vidal Bolaño como director de escena.

Vilavedra, Dolores, “Día das Letras Galegas 2013. Roberto Vidal Bolaño”, *Grial*, n.º 197, Tomo LI, “O rego da cultura”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 8-9.

Trátanse os actos culturais arredor da figura de Vidal Bolaño con motivo de que se lle adicara o Día das Letras Galegas 2013. Dáse noticia da edición da súa *Obra completa*, en seis volumes coordinados por Xosé Manuel Fernández Castro. Recóllese a posta en escena de varias obras de Vidal Bolaño: *Animaliños*, realizada pola Aula de Teatro do Campus de Lugo da Universidade de Santiago; *Criaturas*, representada por Teatro do Aquí; *Bailadelas (seis mulleres bolañesas)*, montaxe de Roi Vidal e Laura Ponte; *Días sen gloria*, posta en marcha por Farao; e *Touporroutou da lúa e do sol*, que se está a preparar no Centro Dramático Galego. Recóllense tamén a preparación da edición facsímile do manuscrito de *Ruada das papas e do unto* e a convocatoria do I Premio Roberto Vidal Bolaño. Conclúese cunha mención á posta en marcha da Asociación Roberto Vidal Bolaño co obxectivo de promover a figura e obra do autor.

Vilavedra, Dolores, “Dramaturgos, teatro, letras galegas”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas”, “Día das Letras Galegas”, maio 2013, pp. 73-75.

Debulla a relación entre o teatro galego e o Día das Letras Galegas e sinala que con Roberto Vidal Bolaño se lle dedica por primeira vez esta celebración a un home de teatro. Repasa as obras dramáticas escritas por membros da RAG, subliñando a desvalorización da produción teatral destes autores, e de entre eles destaca a Lúgris Freire. Finalmente reclama que nas institucións culturais galegas haxa unha meirande presenza do mundo teatral.

Villalaín, Damián, “Roberto Vidal Bolaño, un escritor de teatro”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas”, maio 2013, pp. 64-65.

Fai un repaso polas características dos artigos que integran o monográfico centrado en Roberto Vidal Bolaño e que publica a revista *Tempos Novos* no seu número 192. Sinala que os seus diferentes artigos brindan moitas pistas do quefacer de Roberto Vidal Bolaño e sobre todo salientan a peculiar condición dende a que o mundo teatral se relaciona co mundo das letras galegas.

Xestoso, Manuel, “Ambigüidade esteticista”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 75, “Espectáculos”, verán 2013, pp. 45-46.

Comeza sinalando a ambigüidade da posta en escena de *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño, por parte do Centro Dramático Galego. Comenta que se trata dunha proposta máis lírica que dramática e máis formal que comprometida que non atribúe as transformacións dos personaxes á experiencia vivida no Camiño de Santiago. Asemade, indica que a visión pesimista da sociedade queda reducida a unhas cantas anécdotas picarescas. Fai fincapé en que a escenografía, o espazo sonoro e a iluminación contribúen a crear un esteticismo que non figuraba no texto orixinal. Finalmente, destaca que a chamada á conciencia é substituída pola ritualización estética e que a mestura de formalismo e romance conforman un espectáculo fácil de seguir, pero que constitúe “un Vidal Bolaño descafeinado”.

IV. 4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Dobao, Antón, “Roberto Vidal Bolaño, unha vida para o teatro”, *El Correo Gallego*, “Especial Letras Galegas”, 17 maio 2013, pp. 2-12.

Faise un estudo detallado sobre a vida e a obra de Roberto Vidal Bolaño, dramaturgo homenaxeado no Día das Letras Galegas en 2013. Coméntanse polo miúdo algunhas das súas obras, como *Bailadela da morte ditosa*, *Laudamuco*, *señor de ningures*, *Ruada das papas e do unto*, *Touporroutou da lúa e do sol* ou *Romance dos figos de ouro*. Saliéntase o compromiso de Vidal Bolaño con Galicia, cerna das súas preocupacións e dedicacións.

Franco, Camilo, “O escritor que retratou a Galicia do século XX”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 517, “Letras galegas”, 11 maio 2013, pp. 2-3.

Aborda a traxectoria profesional de Roberto Vidal Bolaño e explica as diferentes etapas polas que atravesou a súa vida e carreira. Cita as compañías en que traballou (Teatro Antroido ou Teatro do Aquí) e algunhas das súas obras.

García, MV, “Oficio de escena”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 458, “Letras Galegas 2013”, 17 maio 2013, p. I.

Fálase do que supuxo Roberto Vidal Bolaño nas orixes do teatro independente galego a través de compañías como Teatro Antroido ou a Cooperativa de Teatro do Estaribel e de obras como *Ledaíñas pola morte do meco* ou *Bailadela da morte ditosa*, entre outras.

García, MV, “As desgrazas dos días todos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 458, “Teatro”, 9 maio 2013, p. VIII.

Trata de dúas das obras de Roberto Vidal Bolaño: *Doentes* (levada ao cine baixo a dirección de Gustavo Balza) e *Días sen gloria* (levada ao teatro polo Centro Dramático Galego). Figuran os argumentos das dúas historias e os antecedentes en que se inspira o seu tipo de teatro.

García, MV, “Defensa do teatro popular”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 423, “Espectáculos da terra”, 12 outubro 2013, p. 9.

Fálase da homenaxe a Roberto Vidal Bolaño por parte do Centro Dramático Galego coa obra *Touporroutou da Lúa e do Sol*, dirixida por Eduardo Alonso. Sinálase que esta obra é a mellor homenaxe que se lle podía facer porque recupera o teatro popular polo que Vidal Bolaño sempre apostou. Recórdase que nas representacións das obras deste autor non se buscaba realismo nin verosimilitude, só contar historias utilizando moita imaxinación e poucos elementos.

Pascual, Roberto, “Compostela, escenario”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 458, “Letras Galegas 2013”, 17 maio 2013, p. V.

Fálase de diversas obras que Roberto Vidal Bolaño levou á escena na cidade de Compostela ao longo da súa vida profesional, como *Laudamuco*, *señor de ningures*, *Saxo Tenor*, *Días sen gloria*, *Doentes* ou *As actas escuras*, entre outras.

Requeixo, Armando, “Prontuario Vidal Bolaño”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 760, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 760, p. 33, “Letras Atlánticas”, 20 xaneiro 2013.

Fálase do libro de Xosé Manuel Fernández Castro: *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*, con motivo da dedicatoria do día das Letras Galegas ao autor teatral. Bosquéxanse os contidos e a estrutura do libro que califica de “modélico”.

Vidal, Roi, “Fetichismo Santiago”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 458, “Letras Galegas 2013”, 17 maio 2013, p. IV.

Fai unha relación biográfica e bibliográfica que se estableceu entre Roberto Vidal Bolaño e a cidade de Compostela. Figuran referencias á súa familia e a algúns dos personaxes das súas obras. Así mesmo alude á súa relación co Centro Dramático Galego.

Vieites, MF, “Variacións sobre Roberto Vidal Bolaño (I)”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 445, “Teatro”, 14 xaneiro 2013, p. VIII.

Fálase da obra de Camilo Franco *Dez obras na vida de Roberto Vidal Bolaño*, publicada en 2012 co gallo da homenaxe ao autor ao que se lle dedican este ano o Día das Letras Galegas, e explícase a estrutura máis os contidos da obra.

Vieites, MF, “O xogo do teatro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 449, “Teatro”, 14 marzo 2013, p. VIII.

Preséntase a obra de Afonso Becerra de Becerreá: *Roberto Vidal Bolaño e o xogo do teatro*. Explícase a estrutura do libro e fanse referencias ao papel de Vidal Bolaño como dramaturgo e dramaturxista. Cítanse diferentes obras, como a *Gramática da fantasía*, de Gianni Rodari, ou *Elementos de retórica literaria*, de Heinrich Lausberg, e explícase a orixe do uso do nariz de pallaso por parte de Vidal Bolaño.

Vieites, Manuel, “Roberto Vidal Bolaño, una vida para o teatro”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, n.º 826, 21 setembro 2013, p. 2/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 426, “Literatura dramática”, 2 novembro 2013, p. 10.

Fálase da notábel dimensión literaria das pezas dramáticas de Vidal Bolaño, que conteñen historias magníficas, imaxinadas e recreadas seguindo os seus dous grandes mestres: Otero Pedrayo e Valle-Inclán. Tamén se di que na súa obra influíron autores e directores de cine como John Ford, Bertolt Brecht ou Michel de Ghelrode. Sinálase que Roberto Pascual e Antonio Mourelos afirman que tiña tamén vocación cinéfila pero o escaso desenvolvemento do noso cine frustrou as súas ilusións e proxectos. Finalmente destácanse as dúas fontes principais das que Vidal Bolaño recolle a súa materia dramática: por un lado están os temas e motivos presentes na cultura tradicional (é o caso de *Ruada das papas e do unto*); por outro lado a temática baseada en historias actuais (como acontece en *Anxeliños* ou en *Criaturas*). Ademais destas dúas fontes temáticas, sinálase a importancia de Santiago de Compostela como fonte de creación dalgunhas das obras dramáticas máis destacadas do século XX (*As actas escuras*, *Doentes e Días sen gloria*).

IV. 5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Alonso Montero, Xesús, “Abrente e R. Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 517, “Letras Galegas 2013”, “Roberto Vidal Bolaño”, “Beatus qui legit”, 12 maio 2013, p. 9.

Fálase da relación entre Vidal Bolaño e a Asociación Cultural Abrente de Ribadavia, constituída en 1973, e para a cal o autor pide unha homenaxe para a asociación polos seus corenta anos. Referencia a obra *Un abrente teatral. As mostras e o concurso de teatro de Ribadavia* (2002), de Inma López Silva e Dolores Vilavedra.

Araguas, Vicente, “Un día máis, un ano máis...”, *Diario de Ferrol*, “Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 34.

Coméntase a celebración deste día, salientando a necesidade de implicarse na cultura galega e criticando que as efemérides non servirán de nada sen a implicación da cidadanía.

Bragado, Manuel, “De Rosalía a Vidal Bolaño”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 13 maio 2013, p. 13.

Con motivo da dedicatoria do Día das Letras Galegas deste ano a Roberto Vidal Bolaño, Bragado explica a orixe desta celebración impulsada por Francisco Fernández del Riego ante a Real Academia Galega (canda Gómez Román e Ferro Couselo) e o valor que ten para a cultura galega. Lembra que en 1963 a RAG entregou un primeiro exemplar dos *Cantares gallegos* ao Concello de Vigo e remata pulando por unha reinvencción do “día da lingua, da literatura e do libro galegos do século XXI”.

Braxe, Lino, “Roberto Vidal Bolaño”, *La Opinión*, “Opinión”, 13 maio 2013, p. 13.

Trata da figura de Roberto Vidal Bolaño como actor, como autor teatral e como impulsor do teatro profesional, entre outros trazos da súa traxectoria vital. Cita algúns dos autores galegos que influíron na súa produción artística (Dieste, Cunqueiro, Valle-Inclán etc.) e tamén algúns autores da literatura universal (Shakespeare, Tennessee Williams ou Albee).

Campo, Tareixa, “Teatro e identidade”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 6.

Fálase do teatro galego con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas 2013 ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño. Saliéntase a necesidade de reafirmar a identidade do pobo galego a través deste xénero, o teatro.

Campo Freire, Xaquín, “Reflexións para o día das nosas letras”, *Diario de Ferrol*, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2013, p. 42.

Con motivo do Día das Letras Galegas, reflexiónase acerca do desmantelamento que está a sufrir a cultura galega. Coméntase a programación preparada polo Concello de Ferrol para celebrar o Día das Letras, na que destaca a actividade “Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño”, unha iniciativa que achega a figura e a obra do dramaturgo aos máis pequenos.

Casal, César, “Las tablas de Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Corazonadas”, 16 maio 2013, p. 15.

Describe a figura de Roberto Vidal Bolaño, homenaxeado nas Letras Galegas no ano 2013, como un home serio, moi alto, con chapeu e cigarro. Aplauda a súa elección e colócaa na liña de Lois Pereiro.

Cochón, Luís, “De como Vidal Bolaño non puido ser director do Centro Dramático Galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 16 maio 2013, p. 42.

Explícase, de man do escritor Luís Cochón, como o teatro e os seus principais valedores, como Roberto Vidal Bolaño, se ven sacrificados en función de intereses políticos e publicitarios en lugar de atender os intereses propios.

Cochón, Luís, “Cantata en Compostela en loor do escritor”, *Diario de Arousa*, p. 30/ *El Ideal Gallego*, p. 34/ “Cantata en Compostela en loor de Vidal Bolaño”, *Diario de Ferrol*, p. 38, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2013.

Gábase a súa traxectoria profesional de Roberto Vidal Bolaño, ademais do seu valor como persoa. Cítanse e coméntanse datos dalgunhas das súas obras, como *Días sen gloria*.

Cochón, Luís, “Vidal Bolaño e Méndez Ferrín. A propósito de ‘Percival’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 maio 2013, p. 39.

Fálase da adaptación teatral que Roberto Vidal Bolaño fixo da obra de Méndez Ferrín: *Percival e outras historias*, e particularmente do relato “O dique de area”, que considera como a trama central da obra. Tamén se cita a relación de Vidal Bolaño con *Retorno a Tagen Ata*.

Currás, Anxo F. e Rosa **Cal**, “¡Un berro pola nosa propia identidade!”, *Diario de Ferrol*, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2013, p. 39.

Faise referencia á actual corrupción que asolaga Galicia. Infórmase da necesidade de manernos como pobo galego e salientase que os políticos galegos deben sobresaír pola

capacidade e o esforzo por defender a esencia do galego, que se amosa en varios paradigmas, dos que o máis evidente é a lingua.

Dobarro, Xosé María, “Letras e palabras galegas”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Estrebillando”, 17 maio 2013, p. 24.

Coméntase a dedicatoria do Día das Letras Galegas do ano 2013 a Roberto Vidal Bolaño. Cítanse as efemérides (aniversario de *Cantares Gallegos* e de Murguía) que se conmemoran nesta data e considera que a celebración pasou de ter un pouso reivindicativo para converterse nun rito.

Estévez-Saá, José Manuel, “Un soño e unha festa que é de todos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Políticas de Babel”, 20 maio 2013, p. 3.

Fálase dos distintos actos conmemorativos organizados por toda Galicia con motivo do Día das Letras Galegas de 2013 en honra de Roberto Vidal Bolaño. Destácase o celebrado pola Xunta de Galicia e alúdese ás intervencións de Xesús Vázquez (concelleiro de Cultura), Belén Quintáns (viúva de Vidal Bolaño) e de Núñez Feijóo (presidente da Xunta de Galicia).

Franco, Camilo, “Un home que escribiu aquí”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 maio 2013, p. 27.

Fálase da traxectoria vital e profesional de Roberto Vidal Bolaño, e o que este supuxo para o teatro galego, adaptándose, el e a súa obra, ao que a sociedade e os tempos esixían, sen deixar de escribir un teatro profundamente comprometido.

Freixanes, Víctor F., “Dúas celebracións”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 12 maio 2013, p. 17.

Fálase dos diferentes enfoques con que se pode encarar o Día das Letras Galegas: ben como unha homenaxe nostálgica ao pasado ou ben como un acto de creación de futuro para a lingua, manténdoa como algo vivo e contemporáneo.

Freixanes, Víctor F., “Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 19 maio 2013, p. 17.

Reflexiona, con motivo da dedicatoria do Día das Letras Galegas no ano 2013 a Roberto Vidal Bolaño, sobre a importancia que ten o teatro no ámbito do diálogo social como área de debate. Considera que o teatro galego desenvolveu unha importante cultura de fondo dende os anos 70.

García-Bodaño, Salvador, “Letras galegas para sermos nós”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 19 maio 2013, p. 3.

Fálase da degradación do galego e do castelán falado nos medios de comunicación, e cita unhas declaracións de Javier Marías (membro da Real Academia Española). Deféndese a necesidade de continuar a protexer o galego, que debe ser considerado unha riqueza e non unha carga ao tratarse dunha singular manifestación cultural.

García López, Xoán A., “Letras Galegas / Fala Galega”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La Ventana”, 14 maio 2013, p. 14.

Fálase do Día das Letras Galegas, do seu medio século de vida, e do autor homenaxeado no 2013, Roberto Vidal Bolaño, a que lle dedicou un poema do cal reproduce algúns versos. Coméntase a importancia de manter vivo o galego como parte do noso legado cultural.

Giráldez, José Miguel, “Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Radio&Tv”, “Los reyes del mando”, 17 maio 2013, p. 51.

Describe a Roberto Vidal Bolaño, con quen coincidía a miúdo na rúa, e aínda que nunca falasen recoñecía a importancia artística. Destaca a importancia que o teatro ten na conformación da identidade cultural dun país e pon o exemplo do caso de Irlanda.

González Macías, Fernando, “Aquellos diecisiete de mayo”, *La Opinión*, “Opinión”, “Al trasluz”, 16 maio 2013, p. 25.

Analiza as diferenzas na celebración do Día das Letras Galegas nos seus comezos, nos anos setenta e co activo papel das asociacións culturais, e na actualidade. Comenta que no presente este acontecemento se converteu nun acto institucional que raramente atrae a atención do público.

González Martínez, Xosé, “O valor da coherencia”, *Diario de Pontevedra*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 9/ *El Progreso*, p. 11/ *La Región*, “Día das Letras Galegas 2013”, , p. 18, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2013.

Comenta o Día das Letras Galegas, “instituído para avivar o sentimento colectivo da galegitude” e salienta a necesidade de concienciar a cidadanía de que asuma de xeito consciente o galeguismo. Informa da importancia da galeguización do sector económico, entre outros, con respecto da conservación e do futuro da lingua galega.

López Silva, Inma, “O aplauso”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Caleidoscopio”, 17 maio 2013, p. 19.

Fálase do recoñecemento que supón o aplauso do público teatral para o autor, un recoñecemento inmediato que non está ao alcance dos outros escritores e que semella máis impactante que a homenaxe do Día das Letras Galegas.

Martínez Sevilla, J. A., “Vidal Bolaño 2013”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La columna”, 18 abril 2013, p. 23.

Comenta algunhas das representacións realizadas con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas do ano 2013, dedicado a Roberto Vidal Bolaño, primeiro dramaturgo en recibir este recoñecemento. Aplauda as representacións feitas dende o mundo universitario

Martínez Sevilla, J. A., “Más sobre Vidal Bolaño”, *El Ideal Gallego*, “Opinión”, “La columna”, 2 maio 2013, p. 24.

Alude a importancia que tivo Roberto Vidal Bolaño na conformación da realidade teatral galega e relaciónao con autores internacionais (Shakespeare, Molière ou Valle-Inclán). Cita algunhas das súas obras como *Saxo tenor* ou *Animaliños*.

Méndez Ferrín, X. L., “RVB: Radical e benquerido”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 809, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 411, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 25 maio 2013.

Fálase das particularidades do xénero teatral e do que para este supuxo a figura de Roberto Vidal Bolaño. Contén referencias ás influencias que axudaron a conformar o estilo teatral de Vidal Bolaño, que conxuga compromiso social e nacionalismo.

Nogueira, María Xesús, “A hora do teatro?”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31 “Un falar”, 26 xaneiro 2013.

Aborda a homenaxe deste ano 2013 a Roberto Vidal Bolaño (que considera un acerto) e, a través del, os diferentes aspectos do teatro como a escritura, a interpretación ou a dirección. Reflexiona sobre o propio valor do Día das Letras Galegas e a importancia para o teatro de ter sido escollido un dramaturgo.

Nogueira, María Xesús, “Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 15/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 25 “Un falar”, 18 maio 2013.

Fálase da crise que está a atravesar a celebración institucional do Día das Letras Galegas neste ano 2013. Coméntanse as dificultades para a cultura, especialmente para o teatro, neste ano en que se homenaxea por primeira vez a un dramaturgo: Roberto Vidal Bolaño.

Porto, Ramón R., “O Día das Letras, Bolaño e o teatro”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 20 maio 2013, p. 16.

Reflexiona sobre o que supuxo a escolla da figura de Roberto Vidal Bolaño para o teatro galego, co gallo de ser o homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2013.

Dá algúns datos biográficos e sinala algúns trazos da súa produción teatral, como a estética da derrota e a crítica da modernidade.

Pousa, Luís, “A necesidade de reinventar unha data sorprendentemente descafeinada”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 maio 2013, p. 38.

Fálase do escaso impacto que tivo a celebración das Letras Galegas do ano 2013, dedicadas a Roberto Vidal Bolaño. Alúdese a Belén Quintás, a súa viúva, que argumenta a que se debe á escasa profundidade dos actos previstos e á non-participación do sector teatral.

Ruibal, Rubén, “Murallas e Bolaños”, *El Progreso*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 4.

Con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, gábase a figura do homenaxeado e a súa curiosidade á hora de aprender e facer teatro, así como a posta en escena que facía das clases máis desfavorecidas.

Quintás, Manuel, “Vidal Bolaño e o novo Teatro Galego”, *Diario de Arousa*, p. 30/ *El Ideal Gallego*, p. 34, “Letras Galegas”, 17 maio 2013.

Saliéntase o xenio creador do dramaturgo ao que se lle adica este día. Cítanse algunhas das súas obras, como *Bailadela da morte ditosa*, *Ruada das papas e o unto*, *Touporroutou da lúa e do sol* e *O romance dos figos de ouro* e coméntase a súa importancia.

Sertal, Carolina, “Sopa de letras”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 363, “Nin subo nin baixo”, 22 maio 2013, contracuberta.

Fai unha repaso breve pola historia do Día das Letras Galegas e cita algúns dos persoeiros homenaxeados con algunha breve nota sobre eles: Rosalía (1963), Castelao (1964), Lois Pereiro (2011), Paz Andrade (2012) e Vidal Bolaño (2013).

Trigo, Xosé Manuel G., “Día dos desletrados”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Á beira do Sar”, 17 maio 2013, p. 37.

Con motivo do Día das Letras Galegas, fálase da politización da lingua, que se está a converter nunha ferramenta a disposición dos intereses duns poucos en lugar de ser parte do legado cultural do pobo, como foi até hai pouco tempo.

Vázquez Gil, Lalo, “Laíos e vaguedás de Rosalía, para o infinito e o futuro, preto da morte”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “No Día das Letras Galegas”, 18 maio 2013, p. 22.

Trátase dun poema que se compón a partir de versos e alusións da obra de Rosalía de Castro, e que comeza co verso “Non pechedes, non pechedes”.

Veiga, Abel, “Amor a unha lingua”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”/ *El Progreso*, “Opinión”, 17 maio 2013, p. 29.

Fálase da necesidade de respectar e transmitir a lingua e a cultura galegas, pero sempre dende o respecto ás outras posíbeis tradicións culturais a disposición dos falantes, porque o galego non é unha realidade illada.

Vence, Ánxel, “Festa das Letras e do Optimismo”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, p. 33/ *La Opinión*, “Galicia”, p. 26, “Crónicas galantes”, 17 maio 2013.

Coa excusa da celebración do Día das Letras Galegas, recóllense algúns aspectos tanto positivos (a introdución do galego en ámbitos institucionais) como negativos (perda de falantes) para o futuro da lingua, valora a festividade da data e a referencialidade dentro do calendario galego.

Vidal Villaverde, Manuel, “Retallos da vida e a morte”, *Atlántico Diario*, “Día das Letras Galegas”, “Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 47.

Coméntase a vida e a obra de Roberto Vidal Bolaño e relátanse algúns dos feitos levados a cabo polo autor, como a fundación da primeira compañía teatral galega, o Grupo Antroido, ou a súa participación na Mostra de Teatro de Ribadavia.

Villar Janeiro, Helena, “Letras antes das Letras”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 24 maio 2013, p. 3.

Fálase dun certame literario celebrado en Barcelona en 1950 e organizado polo Centro Galego da cidade, logo de ser convidada a falar dos 150 anos de *Cantares gallegos* pola Federación de Entidades Galegas en Cataluña. Cítanse os autores e as obras premiadas nas súas modalidades de poesía e prosa (Cuña Novás, Álvaro Cunqueiro, Bouza Brey ou Fernández del Riego).

IV. 6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Carrera, Rosé, “Hai que facer a revolución”, *Atlántico Diario*, “Día das Letras Galegas”, “Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 34.

Acóllese unha entrevista a Xesús Alonso Montero con motivo da súa elección o pasado mes como presidente da Real Academia Galega, na que se comenta a celebración do Día das Letras Galegas e se fala da figura do homenaxeado de 2013 e da lingua galega en xeral.

C. F., “Agora que o teatro está abandonado enténdese mellor a Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 maio 2013, p. 37.

Entrevista feita á actriz Mónica Camaño na que se fala do traballo que Roberto Vidal Bolaño realizou como director de teatro, da súa importancia para o teatro galego. Comenta o carácter que transmitía: seguridade e esixencia.

F. D., “Era unha persoa sensata”, *La Región*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 4.

Acóllese unha entrevista a José Luis Chao Rey, un dos principais impulsores e creadores da Mostra de Teatro de Ribadavia, onde se comenta a participación de Vidal Bolaño neste festival.

Franco, Camilo, “O aniversario de ‘Cantares’ está restando protagonismo a Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 maio 2013, p. 33.

Trátase dunha entrevista a Xosé Manuel Fernández Castro, primeiro estudoso da obra de Roberto Vidal Bolaño, editor das *Obras completas* do dramaturgo e autor do libro *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño*. Fálase sobre a interpretación da obra de Vidal Bolaño, sobre as Letras Galegas e sobre a coincidencia destas co aniversario dos 150 anos de *Cantares gallegos*.

Fraga, Gabriel, “Neste instituto os alumnos cultivan a ligazón coas súas raíces”, *La Voz de Galicia*, “Letras Galegas 2013. Bolaño no ensino”, “Entrevista”, 17 maio 2013, p. 8.

Acóllese unha entrevista a Xaime Varela, profesor de galego no Instituto Cañada Blanch de Londres, onde se fala do papel do instituto como difusor da lingua e a cultura galegas e tamén da celebración do Día das Letras galegas no centro.

Franco, Camilo, “Hai un esforzo por crear unha nebulosa e deixar a Bolaño na superficie”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 maio 2013, pp. 42-43.

Trátase dunha entrevista a Belén Quintás, esposa de Roberto Vidal Bolaño e cofundadora de Teatro do Aquí, con motivo das Letras Galegas de 2013, dedicadas a el. Fálase do tratamento que está a recibir o autor por parte dos grupos vinculados co teatro que abala entre o positivo pola difusión e o negativo por non afondar na súa obra. Valora a importancia de Vidal Bolaño para o teatro galego e insiste nas poucas posibilidades que existen para representar a súa obra.

Macías, Francisco, “Sempre fun de perder nas asembleas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 517, “Letras Galegas 2013”, “Entrevista inédita”, 11 maio 2013, pp. 4-6.

Publícase unha entrevista inédita de Francisco Macías a Roberto Vidal Bolaño onde este explica os seus comezos no teatro (o Equipo Lupa ou a Compañía Antroido), a súa experiencia laboral nun banco, a súa participación na política, aínda que nunca chegase a militar en ningunha organización, a polémica coa obra *Agasallo de sombras* co Centro Dramático Galego ou o seu gusto polo cinema.

Macías, Francisco, “Vista Alegre era un barrio combativo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 17 maio 2013, p. L5.

Trátase dunha entrevista inédita de Francisco Macías a Roberto Vidal Bolaño na que se fala sobre as orixes do autor, como foi a súa infancia en Santiago e os primeiros anos escolares.

Mirás Fole, Nacho, “Meu pai era un pallaso incómodo”, *La Voz de Galicia*, 12 maio 2013, contracuberta.

Trátase dunha entrevista a Roi Vidal Ponte, fillo de Roberto Vidal Bolaño, con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas ao seu pai na que fala da relación persoal entre eles

M. F., “É importante que se coñeza a actitude vital de Vidal Bolaño”, *Diario de Arousa*, p. 32/ *Diario de Ferrol*, p. 40/ *El Ideal Gallego*, p. 36, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2013.

Acóllese unha entrevista a Roi Vidal Ponte, fillo de Roberto Vidal Bolaño, con motivo da homenaxe a seu pai polo Día das Letras Galegas na que se comenta, entre outras cousas, a presentación do espectáculo *BailadELAS*, de Roi Vidal, no que homenaxea as mulleres protagonistas da obra do seu pai. Anúnciase a creación da Asociación Cultural Roberto Vidal Bolaño e coméntase o legado do dramaturgo.

Varela, Lourdes, “Como dicía Roberto, o teatro sempre estará en guerra co poder”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 466, 11 xullo 2013, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 418, 13 xullo 2013, p. 7, “Entrevista”.

Conversa na que Belén Quintás, presidenta da Asociación “Roberto Vidal Bolaño”, reflexiona sobre a celebración do Día da Letras Galegas na honra de Roberto Vidal

Bolaño e sobre a citada asociación. Comenta que a Xunta de Galicia intentou silenciar a este autor teatral coa celebración do sesquicentenario da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, e fala dos problemas no seo da RAG e mais das diferenzas entre os actores galegos e o goberno autonómico.

IV. 7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. B., “La entrega del Lueiro Rey será el inicio de la celebración de las Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 8 maio 2013, p. 16.

Fálase dos actos que terán lugar no concello do Grove con motivo da celebración das Letras Galegas, entre os que terá lugar unha exposición bibliográfica sobre Roberto Vidal Bolaño. Tamén se comenta a entrega do premio de novela curta Manuel Lueiro Rey ao escritor Juan Tallón.

Acuña, Xoán, “Crónica dunha frustración anunciada”, *Atlántico Diario*, “Letras Galegas”, p. 45/ *La Región*, “Día das Letras Galegas 2013”, p. 16, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2013.

Coméntase a prometedora carreira que puido ter Roberto Vidal Bolaño no cinema. Menciónase o debut do dramaturgo como actor na película “Sempre Xonxa”. Cítanse os dous telefilmes que dirixiu: *Novo de Parmuíde* (1987) e *Morosos* (1990).

A. D., “A obra de meu pai é teatro da dignidade”, *La Región*, “Día das Letras Galegas” “Día das Letras Galegas 2013”, 17 maio 2013, p. 10.

Reflictese as opinións, impresións e vivencias de Roi Vidal, fillo de Roberto Vidal Bolaño, sobre o dramaturgo e a homenaxe a este polo Día das Letras Galegas. Coméntase a preocupación do autor por asuntos que concernían a diferentes ámbitos da sociedade dos que non se falaba.

A. D., “Era unha persoa moi positiva e incansable”, *La Región*, “Día das Letras Galegas”, “Día das Letras Galegas 2013”, 17 maio 2013, p. 10.

Recóllense as opinións de Laura Ponte, primeira muller de Roberto Vidal Bolaño, sobre o dramaturgo e a súa homenaxe polo Día das Letras Galegas. Menciónase a obra *Bailadelas*, peza teatral creada a partir dun texto de Roi Vidal, fillo de Roberto Vidal Bolaño.

A. F., “Tomiño traslada los actos de las Letras Galegas por el tiempo”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 17 maio 2013, p. 22.

Infórmase das actividades previstas para a celebración do Día das Letras Galegas no concello de Tomiño, e do aprazamento de parte dos actos por mor do mal tempo.

A. F., “Inaugurada la exposición de Vidal Bolaños en Tui”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 6 xullo 2013, p. 18.

Indica que a mostra “Roberto Vidal Bolaño, letras galegas 2013”, promovida polas secretarías xerais de Cultura e de Política lingüística, se poderá visitar até o 18 de xullo de 2013 na Sala Municipal de Exposicións de Tui.

A. S., “O Maio Cultural de Aguiño reuniu a 300 persoas”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 27 maio 2013, p. 10.

Dá conta das actividades que a Asociación Francisco Lorenzo Mariño organizou con motivo da celebración do Día das Letras Galegas: a entrega de premios literarios ou a representación do espectáculo *Os sete magníficos máis un*.

Abilleira, Marina, “Música, actividades infantís e literatura animarán o Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Poio. Comarca”, 11 maio 2013, p. 14.

Explicanse os actos previstos para a celebración do Día das Letras Galegas en 2013 no Concello de Poio, coa colaboración da Sociedade Cultural e Deportiva de Raxó.

Agulla, A., “Almuinha incluírá unha foliada no programa da Festa da Lingua”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 24 marzo 2013, p. 16.

Anúnciase a cuarta edición da Festa da Lingua que organiza a Asociación Cultural Almuinha, con motivo do Día das Letras Galegas en Marín.

Albarenga, C., “La vida y obra de Roberto V. Bolaño, en versión reducida y popular”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño / Louriña”, “Especial”, 25 maio 2013, p. 5.

Coméntanse as actividades organizadas no Concello de Salceda con motivo da celebración do Día das Letras Galegas: lectura continuada na praza ou concerto de corais.

Almagro, Alfonso e **E. P.**, “Roi Vidal: ‘A elección de Bolaño premia ó teatro’”, *El Correo Gallego*, “Especial Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 18.

Achéganse opinións de Roi Vidal, fillo do homenaxeado polas Letras Galegas, sobre o seu pai. Coméntase a traxectoria vital e profesional do dramaturgo e menciónanse algunhas das obras do autor.

Álvarez, Mario, “García ve en Bolaño a ‘modernización’ do teatro galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 maio 2013, p. 41.

Fálase da renovación para o teatro galego que supuxo o enfoque de Roberto Vidal Bolaño, en opinión do responsábel de Política Lingüística Valentín García.

Arca, A., “Lectura, sorteos y telexornal Vidal Bolaño entre los actos del ‘Café con letras’ de Rois”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 573, 31 maio 2013, p. 6.

Fala dos diferentes actos que terán lugar en Rois, dentro do programa “Rois. Camiño das Letras Galegas 2013” e mais en Lalín, nos que o protagonista será a figura de Roberto Vidal Bolaño.

Baena, Ana, “60.000 espectadores apoyaron las artes escénicas este año”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 agosto 2013, p. 8.

Fai referencia a que no Auditorio Mar de Vigo e no García Barbón se superaron os sesenta mil espectadores no primeiro semestre do ano, que acudiron, principalmente, a espectáculos de circo teatralizado e musicais. Sinala, tamén, que no auditorio municipal se representaron obras como *Anxeliños*, de Vidal Bolaño.

Becerra, Marta, “A Piringalla se vuelca con su patrón”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 14 maio 2013, p. 6.

Entre outros temas fálase das actividades organizadas polo profesorado e o alumnado do CEIP Illa Verde, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas.

Becerra, Marta, “Lugo celebra ya las Letras Galegas”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 16 maio 2013, p. 10.

Infórmase dos actos organizados por diferentes centros formativos lucenses co motivo do Día das Letras Galegas. Entre eles unha representación teatral dunha obra de Dora Vázquez: *Don Rato busca un obreiro*.

Becerra, Marta, “La fiesta de las Letras Galegas”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 17 maio 2013, p. 10.

Fálase das actividades organizadas en Lugo con motivo da homenaxe a Roberto Vidal Bolaño no Día das Letras Galegas 2013 e coméntase un acto organizado polo 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro.

Bermúdez, S., “Unha novela con trama de misterio para celebrar a maxia da literatura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 15 maio 2013, p. 40.

Fálase da iniciativa de Gadis para celebrar o Día das Letras Galegas dedicado a Roberto Vidal Bolaño: obsequiar os seus clientes con exemplares da novela *Sopa de Letras en Gadis*, escrita por Xosé A. Perozo e ilustrada con debuxos de Suso Cubeiro.

Blanch, Raquel, “El Salón Teatro pone la lupa a las obras de Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 20 febreiro 2013, p. L8.

Informa das actividades organizadas pola Consellería de Cultura como parte do ciclo audiovisual “Vidal Bolaño recuperado: citas audiovisuais” no Salón Teatro de Santiago. Forma parte da programación que o Centro Dramático Galego dedica ao autor homenaxeado no Día das Letras Galegas e cita as obras que se visualizarán: *Anxeliños!* e *Animaliños*.

Botrán, Cristina, “Homenaxe dos Dices ao autor de ‘Doentes’, en YouTube”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 522, 10 abril 2013, p. 6.

Fálase da iniciativa do CPI dos Dices (Rois), que colgou en YouTube un documental sobre a vida e a obra de Roberto Vidal Bolaño, e infórmase que xa están elaborando dous novos proxectos audiovisuais.

Botrán, Cristina, “Cándido Pazó ‘enchúfase’ o nariz vermello para louvar ao xénero teatral”, *El Correo Gallego*, 18 maio 2013, p. 8.

Fálase do discurso de Cándido Pazó na Estrada, con motivo da homenaxe do Día das Letras Galegas a Roberto Vidal Bolaño. Recóllese a proposta de Carlos Casares como candidato para as letras 2014.

Botrán, Cristina, “Vidal Bolaño, ou o home que artellou un teatro de conciencia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 562, 20 maio 2013, p. 4.

Fálase de Roberto Vidal Bolaño, autor homenaxeado na 51 edición das Letras Galegas, e da súa importancia para o teatro.

Botrán, C., “Só 9 autores homenaxeados son oriúndos de Terras”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 562, 20 maio 2013, p. 5.

Fálase da procedencia dalgúns dos persoeiros homenaxeados polas Letras Galegas. Coméntase que dos cincuenta e un autores homenaxeados dende 1963, catorce están vinculados con concellos próximos a Santiago e só nove naceron nos municipios vencellados á capital galega.

B. Y., “Flores, música, contos, mostras, formación e ocio coparán o mes adicado ás Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 1 maio 2013, p. 11.

Fálase das actividades que o Concello de Cambados ten previstas para a celebración do Día das Letras Galegas en honra de Roberto Vidal Bolaño que van dende actos infantís até actividades de formación.

C. A., “La plaza del Concello propone libros y talleres para unas ‘Letras’ renovadas”, *Faro de Vigo* “*Baixo Miño / Louriña*”, “Especial”, 25 maio 2013, p. 8.

Fálanse das actividades do Día das Letras Galegas que o Concello de Tomiño aprazou até o día 26 de maio de 2013 por mor do mal tempo. Coméntase a campaña de fomento da lectura que organizou a asociación veciñal de Vilachán O Árbol.

Castro, Víctor, “Brión rindió homenaje a su vecino Roberto Vidal Bolaño”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya Mariñana”, 3 xullo 2013, p. 20.

Comenta que a viúva de Roberto Vidal Bolaño descubriu unha placa conmemorativa na honra de Roberto Vidal Bolaño e que presidirá a sala de exposicións de Brión.

C. B., “Exposición, baile e música polo Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 543, 1 maio 2013, p. 7.

Entre outros temas, anúnciase a presentación do programa de actividades do Concello de Rois para o Mes das Letras, que comezará cunha exposición sobre Roberto Vidal Bolaño.

C. B., “Velada poético-musical en Teo para homenaxear ao dramaturgo Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 550, 8 maio 2013, p. 7.

Fálase dos actos organizados polo Concello de Teo e as asociacións culturais para celebrar o Día das Letras Galegas en honra de Roberto Vidal Bolaño, entre eles a representación da peza do homenaxeado *Agasallo de sombras*.

C. B., “Ximcana literaria para conmemorar as Letras en Dodro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 555, 13 maio 2013, p. 6.

Anúnciase a ximcana literaria que organiza o Concello de Dodro con motivo das Letras Galegas, dirixida a nenos de entre seis e doce anos.

C. B., “Laura Ponte fala de Bolaño en Padrón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 564, 22 maio 2013, p. 7.

Fálase da mostra escenificada sobre a vida de Roberto Vidal Bolaño que a actriz Laura Ponte levou a cabo en Padrón.

C. F., “O escritor que deu prestixio ao galego como lingua dita”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 maio 2013, p. 43.

Fálase de Roberto Vidal Bolaño e da súa importancia para conseguir o recoñecemento para a lingua galega.

C. G., “Actividade infantil sobre Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 560, 18 maio 2013, p. 5.

Infórmase da actividade dirixida a nenos que o Concello de Touro organizou en honra de Roberto Vidal Bolaño, con motivo do Día das Letras Galegas.

C. L., “Grande estrea de ‘O que hai que ver!’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 562, 20 maio 2013, p. 4.

Fálase da estrea do musical *O que hai que ver!*, como parte das actividades do Día das Letras Galegas en Lalín.

Coto, Arsenio, “La fiesta de las letras”, *El Progreso*, “Lugo”, “La semana por delante”, 13 maio 2013, p. 5.

Anúncianse as actividades previstas para a semana do 13 ao 20 de maio en Lugo, en recoñecemento de Roberto Vidal Bolaño, homenaxeado en 2013 no Día das Letras Galegas.

Creo, C., “O Mes das Letras de Lalín contará cun recital na honra da poetisa do Sar”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 473, 19 febreiro 2013, p. 7.

Informa das actividades previstas para a celebración do Día das Letras Galegas nos concellos de Lalín e A Estrada e Destaca a representación de obras teatrais: *BailadElas. Seis mulleres bolañesas* (Lalín), de Roberto Vidal Bolaño, e *O Mundo segundo Rosalía* (A Estrada).

Creo, C., “A Bienal Pintor Laxeiro abrirá o programa das Letras Galegas en Lalín”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 546, 4 maio 2013, p. 6.

Dá conta das actividades que o Concello de Lalín organiza para celebrar o Día das Letras Galegas, entre as que se inclúe a estrea de *BailaDelas –mulleres bolañesas–*, unha adaptación sobre textos de Roberto Vidal Bolaño.

C. S., “Imprescindible para o teatro galego”, *Atlántico Diario*, “Letras Galegas”, p. 40/*La Región*, “Día das Letras Galegas 2013”, p. 2, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2013.

Coméntase a elección de Vidal Bolaño por parte da Real Academia Galega para ser o homenaxeado polas Letras Galegas 2013. Saliéntase a constante preocupación do dramaturgo pola experimentación e por dialogar coa tradición culta e popular.

C. S., “Espacio divulgativo sobre Vidal Bolaño”, *La Región*, “*Día das Letras Galegas*”, “Día das Letras Galegas 2013”, 17 maio 2013, p. 9.

Infórmase da sección sobre Roberto Vidal Bolaño que inaugura a Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Saliéntase a importancia do material educativo, que se pode baixar da web www.esadgalicia.com, composto por dez carteis e unha unidade didáctica.

Cuiña, S., “Celebración das Letras Galegas nos centros culturais”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 abril 2013, p. 29.

Informa da proposta de actividades para os meses de abril e maio que o Concello de Santiago organiza baixo o lema “Ler, contar e gozar coas Letras”, que ten como fío condutor a figura de Roberto Vidal Bolaño, homenaxeado do Día das Letras Galegas 2013.

C. V., “Contacontos con Vidal Bolaño de fondo”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 17 maio 2013, p. 10.

Fálase da exposición sobre Roberto Vidal Bolaño que se organiza na Casa da Cultura do Concello de Vilagarcía, con motivo da celebración das Letras Galegas.

Dacosta, Henrique, “Un saxo na néboa”, *Diario de Ferrol*, “Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 36.

Céntrase no comentario dunha das principais obras do dramaturgo homenaxeado no Día das Letras: *Saxo tenor*. Cítanse outras pezas, como *Anxeliños*, *Criaturas* e *Animaliños*. Saliéntase a universalidade do teatro do autor..

David, Juan, “Vidal Bolaño, eixe dun congreso con 25 expertos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 setembro 2013, p. 45.

Infórmase da realización do Primeiro Congreso de Investigacións Escénicas Escénika, que foi presentado polo director da ESAD e no que intervirán 25 expertos. Sinálase que haberá tres expertos de fóra de Galicia, como son José Romera Castillo, Marcelino de Sousa Lioes e Eduardo Pérez Rasilla, e que a figura de Vidal Bolaño terá un importante papel neste congreso. Ademais, sinálase que o director da ESAD declarou que é optimista de cara a que este centro poida chegar a ser adscrito á Universidade de Vigo.

ECG, “El mes de Roberto Vidal Bolaño en Ánxel Casal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 1 maio 2013, p. 27.

Anúncianse as actividades do mes de maio programadas pola biblioteca Ánxel Casal, entre as que se encontra unha mostra sobre Vidal Bolaño.

ECCG, “Rosalía e Vidal Bolaño no Museo do Pobo Galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 maio 2013, p. 43.

Anúncianse dúas mostras bibliográficas organizadas polo Museo do Pobo Galego: unha para Roberto Vidal Bolaño e outra para Rosalía de Castro.

ECCG, “Os Bolechas’ convocan un concurso nas redes sociais polo Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 maio 2013, p. 43.

Fálase do concurso convocado polos Bolechas nas redes sociais con motivo do Día das Letras Galegas, explícase en que consiste o concurso e coméntanse os premios para os participantes.

ECCG, “Bolaño se cuela en los premios de Compañía de María”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 maio 2013, p. 25.

Fálase da presenza, por medio de máscaras, de Roberto Vidal Bolaño no Certame Artístico-Literario que organiza o colexio Compañía de María.

E. G., “Tomiño organiza una feria del libro, teatro y música para celebrar las Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 25 maio 2013, p. 13.

Anúncianse algunhas actividades organizadas polo Concello de Tomiño para celebrar o Día das Letras Galegas como a representación da peza *Antía*, *Wamba e o regato pequeno* ou a feira do libro.

Eiré, Lara, “El teatro clásico regresa a cartel con obras de Valle-Inclán y Lorca”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 xaneiro 2013, p. 27.

Anúncianse algunhas das obras de teatro que están previstas ofrecer en diferentes locais de Compostela entre os meses de xaneiro e maio. Algunhas das obras son *Luces de Bohemia*, *Bodas de sangre*, *Tokio3* ou *BailadElas*, *seis mulleres bolañesas*, esta última de Roberto Vidal Bolaño.

ELOS, “Roberto Vidal Bolaño (Santiago, 1950-2002)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 15 maio 2013, p. 43.

Saliéntase o homenaxeado no Día das Letras Galegas quen contribuíu ao teatro infantil con catro pezas estreadas polo seu grupo Teatro Antroido: *Xáxara*, *Peituda*, *Paniogas*, *Tarelo, o Rapaz e o Cachamón*, ou como trocar en rato pequeno ao meirande xigantón; o auto para monicreques *Romance dos figos de ouro*; *Ruada das papas e o unto* (CCG, 2013); e *Touporroutou da lúa e do sol* (AS-PG, 1996).

Elvira, Sonia “Brión lembra a Bolaño cunha morea de actos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 549, 7 maio 2013, p. 7.

Fálase das actividades que o concello compostelán de Brión organizou en honra de Roberto Vidal Bolaño, quen residiu neste municipio nos últimos anos da súa vida.

Elvira, S., “Vidal Bolaño pervive no espazo da arte de Brión”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 603, 30 xuño 2013, p. 7.

Informa de que a figura de Roberto Vidal Bolaño estará presente para sempre en Brión grazas a unha placa conmemorativa descuberta dentro dos III Encontros coa Arte.

Enríquez, Andrea, “Roi Vidal: ‘O 2013 está a ser o ano do antiteatro’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, p. 61/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, p. 47, 9 maio 2013.

Fálase do paradoxo que supón que no 2013, ano en que o Día das Letras Galegas se dedica por primeira vez a un dramaturgo (neste caso a Roberto Vidal Bolaño), as iniciativas institucionais estean a traballar en contra dos intereses do sector teatral en lugar de favorecerlo. No *Diario de Pontevedra* cítanse tamén as actividades que se levarán a cabo no Local Social do Burgo con motivo das Letras Galegas.

E. O., “Multitudinaria defensa do idioma galego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 maio 2013, p. 39.

Fálase da manifestación convocada pola plataforma “Queremos Galego!”, que protesta pola política lingüística que se está a desenvolver por parte das institucións e que parece estar máis en contra que a favor da lingua. Fálase do labor de Roberto Vidal Bolaño con motivo da súa homenaxe nas Letras Galegas 2013 e homenaxéase tamén a figura de Rosalía de Castro, co gallo do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*.

E. P., “Non me sorprende que o fillo chegase a intelectual”, *El Progreso*, “Vivir”, 18 maio 2013, p. 39.

Informa da descuberta dunha placa na casa natal de Roberto Vidal Bolaño, en Santiago de Compostela, e recolle declaracións de distintas persoas que asistiron ao acto como o alcalde compostelán, o conselleiro de cultura e a nai do homenaxeado.

E. P./ ECG, “Vidal Bolaño centra un foro que se celebrará el martes 17 en A Coruña”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 decembro 2013, p. 42.

Dáse conta da celebración o 17 de decembro dun simposio sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas. O foro, creado en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña, terá lugar nos salóns da Facultade de Filoloxía da devandita universidade e será aberto coa exposición

Roberto Vidal Bolaño na Biblioteca-Arquivo Teatro Francisco Pillado Mayor. Este simposio estará conformado por conferencias, mesas redondas e un documental sobre o autor. Sinálase tamén que é un autor que acadou unha ducia de distincións e que diversas personalidades do mundo da cultura remarcaron a súa importancia no fomento da profesionalización do teatro galego.

F. D., “Bolaño conseguiu dous premios de director na Mostra”, *La Región*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 4.

Coméntanse dous premios Abrente que conseguiu Roberto Vidal Bolaño na Mostra de Teatro de Ribadavia: o primeiro na cuarta edición da Mostra en 1976 por *Laudamuco, señor de ningures*, e o segundo en 1980 por *Bailadela da morte ditosa*.

F. F., “Flores, música e loita co gallo do Día das Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 18 maio 2013, p. 7.

Fálase dos actos organizados no Día das Letras Galegas en Vilagarcía de Arousa, dedicados a Roberto Vidal Bolaño, e cítase a manifestación da Plataforma Queremos Galego do Salnés.

Ferreira, Antón, “Música, libros y juegos animarán Tomiño”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana” “Baixo Miño”, 26 maio 2013, p. 18.

Fálase dos actos polo Día das Letras Galegas organizados polo Concello de Tomiño tras o seu aprazamento e explícase a iniciativa “Contádenos contos, por favor” da Asociación de Veciños O Árbol de Vilachán.

Formoso, Susana, “As verbas máis fermosas faranse eternas en Silleda”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 558, 16 maio 2013, pp. 4-5.

Coméntase a iniciativa da Asociación de Veciños Olaia de Silleda para celebrar o Día das Letras Galegas, dedicado a Roberto Vidal Bolaño e cítanse outras actividades organizadas por diversos concellos: Melide, Val do Dubra, Ames, Arzúa, Boiro, Brión, Carballo, Negreira e Teo, entre outros.

Formoso, S., “Mostra de traxes galegos e actuacións na honra das Letras no CEIP de Calo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 559, 17 maio 2013, p. 3.

Fálase dos actos que organiza o Centro de Educación Infantil e Primaria de Calo, en Teo, para celebrar o Día das Letras Galegas.

Formoso, S., “Os recunchos máis prezados por Vidal Bolaño en Brión”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 561, 19 maio 2013, contracuberta.

Infórmase dun documental elaborado polos alumnos do CEIP de Pedrouzos, en Brión, que recolle imaxes dos lugares que máis lle gustaban a Roberto Vidal Bolaño da localidade en que residiu nos últimos anos da súa vida.

Franco, Camilo, “Vidal Bolaño en pantalla”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 30 xaneiro 2013, p. L2.

Dáse nota do ciclo *Vidal Bolaño recuperado: citas audiovisuais*, que terá lugar entre os días 6 e 21 de febreiro 2013, explícase en que consistirá o ciclo e cales son os seus obxectivos.

Franco, Camilo, “As moitas caras dun autor libre”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 maio 2013, p. 37.

Trata os últimos libros publicados sobre a obra e a figura de Roberto Vidal Bolaño: *Unha vida para o teatro*, de Laura Tato Fontaiña; *Os oficios do teatro*, de Roberto Pascual; *O xogo do Teatro*, de Alfonso Becerra de Becerreá; e *Un chapeu negro e un nariz de pallaso*, de Montse Pena.

Franco, Camilo, “¿Por que un nariz de pallaso?”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 2013, contracuberta.

Fálase da percepción de Roberto Vidal Bolaño entre o estudantado que se achega a el a través da homenaxe deste ano no Día das Letras Galegas. Coméntase a icona que creou ao poñer un nariz de pallaso e o seu labor nos inicios da profesionalización do teatro.

Franco, Camilo, “Unha vida e unha obra contada desde as paredes”, *La Voz de Galicia*, “Letras Galegas 2013. Bolaño no ensino”, 17 maio 2013, p. 4.

Refírese a exposición organizada pola Asociación Roberto Vidal Bolaño para a Secretaría Xeral de Política Lingüística sobre a vida e a obra do dramaturgo. Coméntase que a mostra, destinada aos centros de secundaria, tenta ofrecer unha imaxe completa da actividade e dos logros de Vidal Bolaño. Cítanse algunhas das súas obras, que aparecen comentadas na mostra: *Anxeliños!*, *Saxo Tenor*, *Criaturas* ou *Animaliños*. Saliéntase que o dramaturgo traballou dende os doce anos e que obtivo inspiración para as súas obras das lembranzas dos seus traballos.

Franco, Camilo, “As Letras Galegas recoñecen a Vidal Bolaño como un clásico”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 maio 2013, p. 32.

Fálase do acto organizado pola Real Academia Galega para celebrar a dedicatoria deste ano a Roberto Vidal Bolaño e coméntanse as intervencións de Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, Margarita Ledo, Arquiteira-bibliotecaria da Academia, Euloxio Rodríguez Ruibal, académico e dramaturgo, e Francisco Fernández

Rei, académico e catedrático de Filoloxía. Fálase tamén da colocación da placa que conmemora o nacemento de Roberto Vidal Bolaño.

Franco, Camilo, “Asignaturas pendentas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 maio 2013, p. 38.

Coméntase a situación do teatro no ano en que o Día das Letras Galegas se dedica a Roberto Vidal Bolaño e cítanse algunhas representacións previstas para o 2013. Coméntase a visión de Belén Quintáns das perspectivas do futuro do teatro. Reclámase unha revisión da figura do autor máis aló do teatro como literato e no audiovisual.

Franco, Camilo, “A RAG será ‘máis rigorosa’ para escoller ao autor do Día das Letras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 xuño 2013, p. 24.

Informa que a Real Academia Galega organizará mellor a escolla do homenaxeado polo Día das Letras Galegas aplicando de xeito máis estrito o propio regulamento interno. Mencionase un acto conmemorativo pola publicación de *Nimbos* de Xosé Díaz Castro, nome que soa para o vindeiro Día das Letras Galegas.

Franco, Camilo, “Unha mostra visual para Roberto Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 xuño 2013, p. 39.

Comenta que a mostra sobre Roberto Vidal Bolaño, que se vén de presentar en Santiago de Compostela, ofrece unha visión de conxunto da vida e obra sobre o homenaxeado no Día das Letras Galegas de 2103. Indica os lugares (Vigo, Tui, Burela, Ourense etc.) polos que pasará a mostra.

Franco, Camilo, “Unha década de esquecemento para a obra de Francisco Taxes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 setembro 2013, p. 38.

Recórdase a figura de Francisco Taxes, autor galego que quizais foi o primeiro en ter un éxito público con *Velorio* e que faleceu seis meses despois de Vidal Bolaño, autor ao que estaba moi próximo. Recóllense as palabras do fillo de Taxes quen, aínda que apoia e festexa a elección de Vidal Bolaño como homenaxeado no Día das Letras, lamenta que o seu pai non sexa nomeado na maioría das achegas bibliográficas e xornalísticas ao autor homenaxeado malia a amizade e os vencellos entre os dous dramaturgos. Sinala tamén que dende o pasamento do seu pai non recibiu ningunha proposta para a montaxe das súas obras por parte do teatro institucional e profesional, situación que lamenta porque Taxes foi defensor do teatro galego, criticando un abusivo recurso ás traducións e adaptacións por parte do CDG.

Franco, Camilo “Algunhas das máis poderosas historias”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 setembro 2013, p. 38.

Texto lido por Roberto Vidal Bolaño na homenaxe a Francisco Taxes no Pub Dublín o 26 de xullo de 1999 no que fala do autor homenaxeado. Comeza dicindo que están unidos por moitas cousas e pasa a describir a Taxes, sinalando que o teatro non lle dá moita importancia ás voces do momento e que o autor aposta pola ficción televisiva e cinematográfica.

Franco, Camilo, “Cúmprense once anos da morte de Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 setembro 2013, p. 32.

Recórdase que se cumpren once anos dende o pasamento de Vidal Bolaño. Recóllense declaracións da súa viúva, Belén Quintáns, quen cre que a coincidencia das celebracións dos Día das Letras Galegas cos actos relacionados co sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos* foi prexudicial en canto ao número de actividades que se poderían ter feito con Vidal Bolaño e á súa promoción. Sinala ademais que habería que ter en conta a relación literaria existente entre o homenaxeado e Rosalía e que aínda queda espazo para afondar na súa obra. Infórmase tamén da celebración de Escénika, un congreso de investigacións teatrais no que, nesta ocasión, a figura de Vidal Bolaño será unha peza importante e da representación de *Anxeliños!* por parte de Espello cóncavo no Teatro Colón da Coruña.

Franco, F., “Roi Vidal: ‘Bolaño foi o primeiro indignado e un loitador pola dignidade do cómico’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 maio 2013, pp. 40-41.

Infórmase sobre o acto no Club Faro de Vigo onde se fala de Roberto Vidal Bolaño e no cal participaron Roberto Pascual, Manuel Bragado, Xosé Luís Méndez Ferrín e Roi Vidal. Fanse comentarios sobre a súa forma de actuar, o seu enfoque do teatro como unha forma de crítica e reivindicación e o impacto dalgunhas das súas obras, como *Agasallo de Sombras*, *Saxo Tenor*, *Percival* ou *Laudamuco, señor de ningures*.

Frieiro, Fátima, “A música de autor e a poesía máis auténtica danse a man na gran festa das Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 10 maio 2013, p. 8.

Fálase das actividades que o Concello de Vilagarcía organiza para a celebración das Letras Galegas, entre elas a representación da peza de Vidal Bolaño *Criaturas*. Anúnciase o concerto que ten previsto celebrarse o día 14 no Auditorio.

Frieiro, F., “A música de estrea deu o pistoletazo de saída á gran festa das Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 15 maio 2013, p. 7.

Fálase das actividades que o Concello de Vilagarcía organiza para celebrar o Día das Letras Galegas e daquelas outras que teñen previsto celebrar na biblioteca municipal.

García, Ana, “Actuación da Banda de Isabel II”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 562, 20 maio 2013, p. 5.

Infórmase do concerto da Banda de Música Isabel II de Touro, que o ofreceu co gallo do Día das Letras Galegas.

Gayarre, J., “El Día das Letras plasmado en una exposición hecha por funcionarios”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 maio 2013, p. 42.

Dáse noticia da mostra que a administración autonómica organiza con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, dedicado a Roberto Vidal Bolaño.

Gil, M., “Noia lembra a Antón Avilés e a María Mariño”, *El Correo Gallego*, 18 maio 2013, p. 8.

Fálase dos actos organizado en Noia para celebrar o Día das Letras Galegas: as ofrendas florais aos poetas María Mariño e Antón Avilés e ao homenaxeado Roberto Vidal Bolaño.

Gil, M., “Poñen en circulación un mataselos de Bolaño”, *El Correo Gallego*, 18 maio 2013, p. 8.

Fálase da exposición de selos organizada polo Grupo Filatélico e Numismático de Noia e coméntase a estrea dun mataselos especial para lembrar a Bolaño que se utilizará durante toda unha semana nunha oficina local de Correos.

G. N., “El regreso de Bowie o el talento de cine gallego, entre lo mejor del 2013”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 decembro 2013, p. 33.

Na columna “De Álvarez Torneiro a Chirbes”, fálase do posíbel escurecemento de Roberto Vidal Bolaño ao coincidir cos 150 anos de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

González, José, “Principian os actos do Día das Letras adicado o compostelá Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 15 maio 2013, p. 40.

Fálanse dos actos organizados para festexar a dedicatoria das Letras Galegas a Roberto Vidal Bolaño por parte da USC, a Cidade da Cultura, a Fundación NovaCaixaGalicia, o Teatro do Aquí e o Teatro Colón. Cítase a obra *Criaturas*, que representará Teatro do Aquí.

González, José, “Feijóo: ‘Vidal Bolaño prestixiou o galego como palabra dita nos escenarios’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 17 maio 2013, pp. 36-37.

Infórmase da dedicatoria do Día das Letras Galegas a Roberto Vidal Bolaño, polo seu labor en todos os campos do teatro. Coméntase o acto celebrado pola USC na súa honra

e o acto central da Real Academia Galega que contou coa participación da viúva de Roberto Vidal Bolaño, Belén Quintáns e do presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo.

Iglesias, Óscar, “Homenaje al bufón”, *El País*, “Vida&Artes”, “Cultura”, 17 maio 2013, p. 44.

Dáse noticia dalgúns datos biográficos e da obra de Roberto Vidal Bolaño, homenaxeado de 2013 para o Día das Letras Galegas. Fanse algúns comentarios sobre o que supuxo o dramaturgo para o teatro e o que o seu teatro tivo de crítica e reivindicación da sociedade galega.

Jaureguizar, “O fillo de Vidal Bolaño cre que o pai ‘tomaría con calma’ o Día das Letras”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 15 maio 2013, p. 56.

Fálase do posíbel enfoque con que Roberto Vidal Bolaño tomaría a homenaxe do Día das Letras. O seu fillo, Roi Vidal, lembra algunhas das opinións do pai sobre a actual situación do teatro.

J. F., “Un repaso a los mejores de las letras gallegas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 3 decembro 2013, contracuberta.

Faise referencia, entre outras cousas, á inauguración no Parlamento de Galicia da exposición *51 páxinas das nosas letras*, mostra que busca poñer en valor ós escritores galegos que foron homenaxeados no Día das Letras dende 1963. Indícase que a este acto acudiron o presidente da RAG, Alonso Montero; a presidenta do Parlamento, Pilar Rojo; e o presidente da Xunta, Núñez Feijóo.

J. G., “Músicos y actores honran a Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, 16 abril 2013, p. L6.

Infórmase dos actos organizados polo Conservatorio Profesional de Música de Santiago e pola Escola Superior de Arte Dramática de Vigo en homenaxe a Roberto Vidal Bolaño.

Jiménez, I., “O CDG analizará 12 gravacións de pezas de Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 xaneiro 2013, p. 41.

Fálase do ciclo organizado polo Centro Dramático Galego para homenaxear a Roberto Vidal Bolaño. Explicase en que consistirá o ciclo e a data de inicio das sesións.

Jiménez, Irene, “Cultura defende o lugar de Roberto Vidal Bolaño na literatura universal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 maio 2013, p. 40.

Dáse conta do valor que Roberto Vidal Bolaño ten no conxunto da literatura galega, especialmente na conformación dun teatro social comprometido, e coméntase a publicación da obra *Doentes*.

Jiménez, Irene, “Fausto Isorna habla de Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 18 maio 2013, p. 49.

Fálase da aparición de Fausto Isorna no programa “El sábado libro”, de Radio Obradoiro, para falar das súas lembranzas sobre Roberto Vidal Bolaño.

J. M. R., “O maratón ‘As letras en voces’ regresa ao xardín municipal de Carballo o 17 de maio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 553, 11 maio 2013, p. 6.

Anúncianse os actos conmemorativos que están previstos realizar en Carballo co gallo do Día das Letras Galegas, entre eles o maratón *As letras en voces* e a lectura dramatizada da obra de Vidal Bolaño *Criaturas*.

Leiro, Xaime, “Unha mostra de carteis teatrais como homenaxe a Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 499, 17 marzo 2013, contracuberta.

Fálase das actividades organizadas polo IES de Brión para festexar o seu veciño Roberto Vidal Bolaño, homenaxeado de 2013 polas Letras Galegas, entre as que destaca unha exposición de carteis das obras teatrais do dramaturgo.

L. F., “Vilagarcía cierra el ciclo dedicado a Roberto Vidal Bolaño con una muestra de su obra en el Auditorio”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 24 xullo 2013, p. 7.

Informa de que até o 31 de xullo se poderá visitar no Auditorio de Vilagarcía de Arousa unha exposición sobre Roberto Vidal Bolaño que despois irá a Ribeira.

López, Belén, “Un almanaque para xente lida”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí!”, 10 xaneiro 2013, contracuberta.

Fálase do *Calendario do libro e da lectura 2013*, que edita a Asesoría de Bibliotecas Escolares e a Consellería de Cultura, que inclúe imaxes de Roberto Vidal Bolaño, o protagonista do Día das Letras Galegas de 2013.

López, Belén, “Reivindicación de Roberto”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí!”, 17 maio 2013, p. 80.

Infórmase dos actos organizados en Pontevedra para a celebración do Día das Letras Galegas e coméntanse as protestas de diversos colectivos relacionados coa cultura con

motivo desta data. Menciónase o enfoque do presidente do Consello da Cultura Galega para esta celebración.

López, Belén, “O de Bolaño é un teatro universal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 20 novembro 2013, p. 61.

Fai referencia á presentación en Pontevedra da obra *Anxeliños*, de Vidal Bolaño, na que participaron o director Arturo López e os actores Estíbaliz Veiga, Fernando Morán e Isabel Risco, da compañía Espello Cóncavo. No acto gabaron o autor e a calidade das súas creacións. A representación do espectáculo na cidade terá lugar o día 21 no Teatro Principal.

López, Chechu, “La Romaría das Letras Galegas convertirá la ‘cultura en festa”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 7 maio 2013, p. 21.

Fálase dos actos para festexar o Día das Letras Galegas, dedicado a Roberto Vidal Bolaño, no Barbanza e cítanse algúns dos organizadores e grupos participantes no evento.

Lorenzo, Fran P., “A literatura de RVB non é cómoda para ninguén”, *El Correo Gallego*, “Especial Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 14.

Achéganse opinións de Francisco Macías sobre a calidade da obra do dramaturgo, onde se denuncia o ostracismo que recaeu sobre a figura do Vidal Bolaño escritor. Saliéntase a querenza do dramaturgo polos desfavorecidos e menciónanse as *Obras Completas* do dramaturgo, que edita Francisco Macías para a editorial Positivas.

L. R., “La celebración de las Letras arranca con el estreno del nuevo espacio sobre Cabanillas”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 16 maio 2013, p. 11.

Anúncianse os diferentes actos de celebración do Día das Letras Galegas no Concello de Cambados, gran parte deles vinculados con Ramón Cabanillas, e fálase tamén do disco “Alén do Mar”, do gaiteiro Oscar Ibáñez.

L. T., “Cultura abre el programa de actos del Día das Letras Galegas 2013”, *El Ideal Gallego*, “Betanzos”, 1 maio 2013, p. 19.

Fálase dos actos organizados en Betanzos para celebrar o Día das Letras Galegas e o primeiro de maio co “Canto do Maio”. Anúnciase a terceira edición do Concurso de Creación Literaria Letras Galegas.

M. A. C., “A Casa Rosada recibe ós nenos das unitarias con motivo das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 15 maio 2013, p. 12.

Fálase dos actos organizados no Concello de Poio para celebrar o Día das Letras Galegas, entre eles a celebración de “O gran xogo das letras” e a entrega dos premios do Concurso Literario Xaime Illa.

Maira, Ángeles F., “A festa das flores e da palabra”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, 18 maio 2013, cuberta.

Infórmase dos actos que o CEIP Illa Verde de Lugo organiza para celebrar a festa dos Maíos e homenaxear a figura de Roberto Vidal Bolaño. Explicanse os actos de celebración dos Maíos con especial detalle.

Malvido, Gemma, “Más museos que letras”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 19 maio 2013, p. 11.

Fálase da celebración do Día Internacional dos Museos e a Noite Europea dos Museos, que chegan a desprazar os actos conmemorativos en honra a Roberto Vidal Bolaño, homenaxeado no Día das Letras Galegas 2013.

Manteiga, M., “El IES negreirés anticipa el Día das Letras con un vídeo sobre Celso Emilio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 439, 16 xaneiro 2013, p. 7.

Dáse noticia do vídeo de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro, realizado polo IES Xulián Magariños de Negreira, e anúncianse os actos de celebración do Día das Letras Galegas, dedicado a Roberto Vidal Bolaño.

Manteiga, M., “Conferencia sobre la técnica de Vidal Bolaño en Negreira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 442, 19 xaneiro 2013, p. 7.

Fálase da conferencia “A técnica teatral de Roberto Vidal Bolaño”, impartida no IES de Negreira polo catedrático de literatura Manuel Quintáns Suárez.

Manteiga, Marcos, “Gastronomía, teatro e vida sa para os amienses na primavera”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 513, 1 abril 2013, p. 3.

Fálase dos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas para os concellos de Ames, Bertamiráns e Milladoiro e anúnciase a décima edición do Certame Literario do Concello de Ames e do V Certame Artístico-Literario Intercentros.

Manteiga, M., “Programa das Letras Galegas 2013 para Ames e Negreira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 553, 11 maio 2013, p. 6.

Anúncianse os actos de celebración do Día das Letras Galegas nos concellos de Ames e Negreira, entre os que se encontra a entrega de premios do X Certame Literario e o V Certame Intercentros, e a representación de *As pombas de Carboeiro*.

Martínez, Ana, “O premio García Barros celebra os 25 anos cun recado para o Día das Letras”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 17 novembro 2013, p. 48.

Informa da celebración do cuarto de século do premio de narrativa García Barros dentro do contexto do Día das Letras Galegas dedicado a Roberto Vidal Bolaño.

Martínez, Cecilia, “Bueu celebrará las Letras Galegas con múltiples actos”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, 10 maio 2013, p. 17.

Fálase dos actos de celebración do Día das Letras Galegas no Concello de Bueu, entre os que destacan unha exposición sobre a vida de Roberto Vidal Bolaño, a presentación do libro *Banqueiros*, a proxección do audiovisual *Un chapeu negro e un nariz de pallaso* e a representación do espectáculo musical *A nena e o grilo nun barquiño*.

Mato, M., “Unas Letras Galegas duales”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 14 maio 2013, p. 31.

Infórmase da coincidencia da celebración do 150 aniversario da publicación do libro *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, e a homenaxe de 2013 a Roberto Vidal Bolaño. Coméntase o gran número de actos previstos, entre eles a representación de varias obras de Vidal Bolaño, como *Criaturas* e *Días sen gloria*.

Mato, Mar, “Galicia celebra con más de 20 actos las Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 maio 2013, p. 40.

Fálase dos actos que se organizan en Santiago e Vigo para conmemorar as Letras Galegas de 2013, dedicadas a Roberto Vidal Bolaño. Tamén se fala dos actos arredor do 150 aniversario da publicación do libro de Rosalía *Cantares gallegos*.

Mato, Mar, “Manuel Guede: ‘Vidal Bolaño era el mejor, era una garantía de profesionalidad’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 setembro 2013, p. 40.

Coméntase o peche do Congreso Escénika, no que Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego, valora moi positivamente ao persoeiro homenaxeado, acompañado de Manuel Vieites, director da ESAD, e de Damián Vilallain.

M. C. S., “Letras, música e gastronomía”, *La Opinión*, “Carballo. Costa da Morte”, 17 maio 2013, p. 22.

Fálase das actividades previstas para celebrar o Día das Letras Galegas nos concellos de Carballo, Vimianzo e Ponteceso, entre as que destaca o maratón “As Letras son Voces”.

M. G., “Concerto de corais en San Francisco”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 562, 20 maio 2013, p. 4.

Anúnciase un concerto que ofreceron as corais polifónicas Agarimo de Porriño, Cariño e Noia na igrexa de San Francisco de Noia para conmemorar as Letras Galegas.

M. G. M., “O Grupo Eulen convoca un cásting para participar no proxecto de formación ‘Laboratorio Teatral’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 23 febreiro 2013, p. 15.

Informa sobre a proposta de formación teatral por parte do grupo Eulen e co patrocinio da Deputación da Coruña. Destaca que a se traballarán os textos de Roberto Vidal Bolaño, homenaxeado neste ano polo Día das Letras Galegas.

M. G. M., “O Colón será un ‘after’ na semana das Letras Galegas para recibir ás criaturas de Vidal Bolaño”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 17 abril 2013, p. 13.

Indícase que o traballo feito no Laboratorio Teatral se verá en seis pases, un recital e un concerto onde o protagonismo será para Roberto Vidal Bolaño.

M. G. M., “La celebración del Día das Letras Galegas desborda la oferta cultural de la ciudad”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 14 maio 2013, p. 15.

Fálase dalgunhas das actividades previstas na cidade da Coruña para celebrar o Día das Letras Galegas, entre elas algunhas representacións teatrais, como *As marxes da desgraza*, *Serán!* e *Canto nas marxes*, ou o taller de cómic *A debuxar con Marcopola*.

M. G. M., “Do que entendeu a dramaturxia como unha forma de dar gritos na praza”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 15 maio 2013, p. 13.

Fálase da presentación que Manuel Lourenzo fixo de Roberto Vidal Bolaño na homenaxe polo Día das Letras Galegas que se lle tributou no Chuac.

M. G. M., “Alonso Montero confesa que pasou a ser ‘vidalbolañista’ despois de ler a súa obra”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 16 maio 2013, p. 15.

Informa da opinión de Xesús Alonso Montero sobre o que supuxo Roberto Vidal Bolaño e a súa obra para todos os aspectos do teatro.

M. G. M., “A lembranza de Vidal Bolaño achégalle ao Día das Letras Galegas algo máis que discurso”, *El Ideal Gallego*, 18 maio 2013, p. 12.

Fálase dalgunhas das actuacións musicais e espectáculos teatrais que se celebraran na Coruña con motivo do Día das Letras Galegas, dedicado a Roberto Vidal Bolaño.

Miguel Ángel, “A homenaxe ao poeta do espazo”, *La Región*, “Ourense”, 12 maio 2013, pp. 6-7.

Fala da traxectoria vital de Roberto Vidal Bolaño e o que supuxo este para o teatro e figura unha cronoloxía da súa vida e as súas obras. Comenta o que supón o Día das Letras Galegas de conmemoración sobre o pasado e reflexión sobre o presente da lingua.

Mirás, Nacho, “A cidade reivindica a Roberto Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 16 maio 2013, p. L6.

Anúncianse algúns dos actos conmemorativos en honra de Roberto Vidal Bolaño, que teñen lugar na cidade de Santiago e noutras vilas: Touro, Arzúa, Melide, Teo, Ames e Brión.

Mirás, Nacho, “Roberto, veciño de honra”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 17 maio 2013, p. L4.

Infórmase dalgúns dos actos organizados para o Día das Letras Galegas en honra de Roberto Vidal Bolaño en Santiago, Ordes e Negreira e anúncianse máis actividades en Santiago e Dodro para o día 17.

Mirás, Nacho, “En galego imos como motos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 18 maio 2013, p. L5.

Fálase dalgúns dos actos de homenaxe a Roberto Vidal Bolaño, entre eles o Concurso Gústame o Galego, a Ruta Rosaliana de Motos Clásicas ou o Concerto Tic-Tac. Cítanse os premiados pola Concellería de Cultura no concurso de redacción As Nosas Letras.

Mirás Fole, Nacho, “Desahucio en el Hospital Real”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 30 xuño 2013, p. L7.

Detalla que Roberto Vidal Bolaño aborda o cambio do Hospital en Hostal dos Reis Católicos en Santiago de Compostela na obra *Doentes*.

M. M., “Teatro e mostra hoxe no multiusos de Santa Comba”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 564, 22 maio 2013, p. 7.

Anúncianse os actos do día 22 de maio no Multiusos de Santa Comba: unha mostra sobre Vidal Bolaño e a estrea dunha obra de teatro da escola municipal.

M. M., “Teatro e literatura para Santa Comba”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 566, 24 maio 2013, p. 5.

Coméntanse os actos celebrados no Multiusos de Santa Comba: unha representación a cargo da escola de teatro infantil do concello, a proxección dun vídeo biográfico sobre Vidal Bolaño e a entrega dos premios do concurso As nosas letras.

M. M., “Documental y coloquio sobre Vidal Bolaño y Rosalía en el MARCO de Vigo”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 29 maio 2013, p. 63.

Coméntase que no MARCO de Vigo se proxectou o documental *Recuperando o Roberto Vidal Bolaño* que foi editado pola editorial Galaxia xunto co volume *Un chapeu negro e un nariz de pallaso*.

Montero, Luis, “Conta atrás en Santiago para o día da gran homenaxe a Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 9 maio 2013, p. 40.

Fálase da homenaxe a Roberto Vidal Bolaño organizado pola Real Academia Galega, a Xunta e o Concello de Santiago e coméntanse algunhas das intervencións dos participantes no acto. Recóllense uns comentarios de Roi Vidal, fillo de Roberto Vidal Bolaño, sobre o tratamento que o teatro está a recibir no ano en que se homenaxea unha das grandes figuras desta arte.

Montero, Tamara, “Entre bufandas y narices rojas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 23 maio 2013, contracuberta.

Fálase do acto organizado polas escolas católicas de Santiago como homenaxe a Roberto Vidal Bolaño.

M. R., “La biblioteca de Xermade acoge el jueves un taller infantil por las Letras Galegas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 maio 2013, p. 25.

Fálase dos actos que se organizan en Xermade para conmemorar o Día das Letras Galegas, dedicado a Roberto Vidal Bolaño, entre eles o taller “Letras na corda” e o certame de narración e debuxo infantil baixo o lema “A toda máquina”.

M. T., “Xogos e obradoiros arredor da figura de Vidal Bolaño en Frades, O Pino e Ordes”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 555, 13 maio 2013, p. 7.

Trata das actividades organizadas nos concellos de Frades, O Pino e Ordes en honra de Roberto Vidal Bolaño, que inclúen diversos talleres de manualidades dirixidos a nenos.

M. T., “Personaxes teatrais nas escolas do Pino”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 560, 18 maio 2013, p. 6.

Fálase da visita dos escolares do Pino á casa da Cultura, onde se atoparon con diversos personaxes teatrais que lles falan de Roberto Vidal Bolaño.

M. T., “Ordes realizou obradoiros creativos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 560, “Ordes”, 18 maio 2013, p. 6.

Infórmase dos obradoiros de plastilina e marcapáxinas na Biblioteca Municipal de Ordes, como parte das actividades en honra de Roberto Vidal Bolaño.

M. T., “Actuacións para os escolares de Brión”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 560, 18 maio 2013, p. 6.

Fálase da combinación de actividades que o Concello de Brión ofrece para homenaxear a figura de Roberto Vidal Bolaño, con motivo das Letras Galegas.

M. T., “Un contacontos musicado sobre Bolaño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 566, 24 maio 2013, p. 5.

Infórmase da representación *Lembranzas de Roberto Vidal Bolaño*, organizada por Xandobela, á que asistiron alumnos do IES de Brión.

M. V., “Unha vida arredor do teatro”, *Atlántico Diario*, “Letras Galegas”, p. 42/ *La Región*, “Día das Letras Galegas”, “*Día das Letras Galegas*”, p. 3, 17 maio 2013.

Achégase información sobre o homenaxeado este ano nas letras, a súa, a súa obra, a súa filmografía e o seu compromiso co país e coa lingua.

M. V., “Unha forma de por en valor a obra do autor santiagués”, *La Región*, “Día das Letras Galegas”, “Día das Letras Galegas 2013”, 17 maio 2013, p. 9.

Dáse noticia da páxina web que creou a Asociación Cultural Roberto Vidal Bolaño de Santiago de Compostela: robertovidalbolano.org. Achéganse as razóns desta creación: pór en valor a obra de Roberto Vidal Bolaño, dar a coñecer os aspectos menos divulgados, realizar labores de orientación e asesoría sobre a figura do escritor e fornecer de materiais para o ensino.

N. A., “La Sociedad Nautilus homenajea a Roberto Vidal Bolaño con un novedoso espectáculo teatro-musical”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 costados*”, 21 maio 2013, p. 6.

Fálase da representación organizada pola Sociedad Cultural Recreativa y Deportiva Nautilus de Santo André de Comesaña, como homenaxe a Roberto Vidal Bolaño.

Ocampo, Carlos, “Vidal Bolaño no Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1061, “Literatura”, 15 maio 2013, p. 6.

Explícase brevemente a vida e a traxectoria profesional de Roberto Vidal Bolaño, homenaxeado no Día das Letras Galegas. Cítanse algunhas das obras do dramaturgo, como *Laudamuco*, *señor de ningures*, *Saxo Tenor* ou *O xogadeiro*.

Ocampo, E., “As Letras Galegas reivindicán a Vidal Bolaño”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 maio 2013, p. 38.

Fálase dos aspectos máis críticos, reivindicativos e comprometidos de Roberto Vidal Bolaño e o que supuxo para o teatro a súa acción. Cítanse algunhas das súas obras, como *Saxo Tenor* e *Criaturas* e recóllese a proposta de nomear unha praza de Vista Alegre como *Saxo Tenor*.

Otero, Marta, “Vidal Bolaño visto polos nenos”, *La Voz de Galicia*, “*Letras Galegas 2013. Bolaño no ensino*”, 17 maio 2013, p. 2.

Coméntase o traballo gañador no Concurso-Exposición Letras Galegas 2013, que convoca anualmente a Consellería: *Autor, actor e público do aquí*, do CEIP Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, de Rianxo, así como a implicación do alumnado na celebración das Letras Galegas a través do xogo.

Otero, Marta, “Vidal Bolaño: o gran dramaturgo galego”, *La Voz de Galicia*, “*Letras Galegas 2013. Bolaño no ensino*”, “Día das Letras 2013”, 17 maio 2013, p. 5.

Saliéntase que Bolaño é dramaturgo por excelencia do teatro galego e coméntase unha mostra adicada ao autor que se difunde polos centros galegos de secundaria.

Otero, Marta, “Cando as letras traspasan fronteiras”, *La Voz de Galicia*, “*Letras Galegas 2013. Bolaño no ensino*”, 17 maio 2013, pp. 6-7.

Refírese a homenaxe que lle fan a Roberto Vidal Bolaño con motivo do Día das Letras Galegas nos Centros de Estudos Galegos da Xunta de Galicia no resto de España. Menciónanse algunhas das actividades levadas a cabo na Universidade Complutense de Madrid, na Universidad de Deusto e na Universidad del País Vasco, entre as que destacan algunhas proxeccións audiovisuais e conferencias sobre Vidal Bolaño. Cítanse algunhas das monografías publicadas este ano sobre o autor.

Pazos, Ángeles, “Poesía e dragóns no Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Morrazo*”, n.º 252, “O Morrazo”, “Marín”, 18 maio 2013, p. 2.

Fálase dos actos realizados polo Concello de Marín para o Día das Letras Galegas, entre eles a entrega de premios aos galardoados polo XVII Certame de Poesía Concello de Marín e a presentación da Triloxía *Dragal*, da escritora Elena Gallego.

Pedrouzo, José Carlos, “Teatro de Vidal, música y compromiso”, *El Progreso*, “De verano”, 3 agosto 2013, p. 38.

Indica que dentro do programa cultural “Cultura Aberta” será homenaxeado Roberto Vidal Bolaño grazas aos grupos integrados dentro do proxecto teatral Buxiganga.

Pena, Álvaro, “A elección de Vidal Bolaño faille xustiza ao teatro galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 maio 2013, p. 45.

Recóllense diversos comentarios de Roi Vidal, fillo de Roberto Vidal Bolaño, sobre o seu pai e as homenaxes que lle están a dedicar con motivo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas.

Pereira, Sonia, “Vidal Bolaño, vida e obra nunha mostra a percorrer Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 xuño 2013, p. 38.

Comenta que unha exposición itinerante de dez paneis centrados na figura de Roberto Vidal Bolaño percorreren Santiago de Compostela, Tui, Vilagarcía de Arousa, Ribeira e A Coruña.

Peteiro, Rosa, “Homenaje a los autores del Día de las Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 2 decembro 2013, p. 42.

Fálase da inauguración da exposición *51 páxinas das nosas letras* que pretende poñer en valor aos escritores homenaxeados no Día das Letras Galegas dende 1963. Esta mostra, que foi organizada polo Parlamento galego en colaboración coa RAG e a Xunta, está composta por un perfil biográfico de cada homenaxeado, por un vídeo divulgativo e a súa correspondente medalla. Ademais sinálase que ten vocación itinerante polo que se poderá visitar en distintas localidades galegas.

Plaza, Vicente, “Correo TV lembra no Día das Letras a Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 17 maio 2013, p. 49.

Infórmase da programación especial que a canle de televisión Correo TV de Santiago organizou en torno ao homenaxeado das Letras Galegas, Roberto Vidal Bolaño.

Quintáns, Manuel, “Vidal Bolaño e o novo Teatro Galego”, *Diario de Ferrol*, “Letras Galegas”, 17 maio 2013, p. 44.

Fálase de Roberto Vidal Bolaño como unha das figuras claves na conformación do novo teatro galego, profundamente enraizado nos elementos parateatrais, moitos deles vinculados co entroido, que perduraron na cultura galega. Saliéntase a figura de Vidal Bolaño como autodidacta.

Ramos, J. M., “Manolín recita hoy ‘Realidades, sueños y saudades’ en Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 544, 2 maio 2013, p. 7.

Anúnciase o recital *Realidades, sueños e saudades*, do corcubionés Manuel Oliveira, Manolín, en Cee como parte da programación das Letras Galegas 2013 dedicadas a Roberto Vidal Bolaño.

Ramos, José M., “Festiletras rendirá homenaxe este ano a 8 autores galegos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 544, 2 maio 2013, p. 6.

Fálase dos outros homenaxeados pola aldea do Couto, Ponteceso, como parte das celebracións do Día das Letras Galegas: Xaquín Marín, Manuel María, Isidro Parga Pondal, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Roberto Vidal Bolaño e Álvarez de Sotomayor.

R. G., “A cultura e a política enxalzan o labor de Vidal Bolaño para reivindicar o idioma”, *Diario de Ferrol*, p. 29/ *El Ideal Gallego*, p. 38,. “Galicia”, 17 maio 2013.

Infórmase das diferentes perspectivas con que institucións e políticos, por unha banda, e diferentes representantes do teatro e o sector cultural, pola outra, enfocan a dedicatoria deste ano do Día das Letras Galegas a Roberto Vidal Bolaño.

Rodil, Juan, “Veño a servir ao idioma galego”, *La Región*, “*Día das Letras Galegas*”, “Día das Letras Galegas 2013”, 17 maio 2013, p. 17.

Acóllese unha entrevista a Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, na quen fala da súa candidatura e posterior elección para presidir a Academia e da necesidade de difundir os labores da RAG entre a sociedade.

Rodríguez, Lorena, “A RAG pecha o ano de Vidal Bolaño cun simposio arredor do dramaturgo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 18 decembro 2013, p. 40.

Infórmase de que a RAG clausurou o ano de Vidal Bolaño con relatorios, mesas redondas e un documental nun simposio celebrado na Coruña. O acto foi inaugurado polo presidente da Academia, Alonso Montero, e por Xesús Vázquez Abad, conselleiro de Cultura e Educación, quen salientou o espírito crítico do autor e o acerto da Academia ao dedicarlle o Día das Letras. Neste simposio participaron, entre outros, Iolanda Ogando, Anxo Abuín, Roberto Pascual, Gustavo Pernas e Gonzalo Enríquez Veloso.

Rodríguez, Xosé Manoel, “Salientan a vixencia da obra e o proxecto de Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 maio 2013, p. 33.

Fálase da singularidade e da importancia que a obra de Roberto Vidal Bolaño ten para o teatro galego, ao que axudou a dar forma e cítanse as *Conversas en torno a Vidal Bolaño*, celebradas no Liceo de Ourense dentro dos actos polas Letras Galegas.

Romero, Daniel, “Gústame sempre actuar na Coruña pola súa tradición e gran paixón polo teatro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 10 setembro 2013, p. 14.

Entrevista ó actor Fernando Morán co motivo da representación de *Anxeliños* no Teatro Colón da Coruña. O actor cualifica a obra de Vidal Bolaño de imprescindible debido á súa calidade. Sobre o autor, a quen coñeceu persoalmente, afirma que era un home de teatro en todos os sentidos e que tiña unha formación extraordinaria e moita calidade. Dise tamén que as representacións que tiveron lugar noutras localidades foron un éxito.

Romero, Daniel, “Gústame sempre actuar na Coruña pola súa tradición e gran paixón polo teatro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 10 setembro 2013, p. 14.

Entrevista a Fernando Morán con motivo do seu papel protagonista en *Anxeliños*, unha obra de Roberto Vidal Bolaño que se representará no Teatro Colón o sábado 14. Morán amosa alegría por actuar na súa cidade natal e fai referencia á obra, ao autor e á crise económica.

Sánchez, Rebeca, “Os venres xa son de Vidal Bolaño”, *El Progreso*, “deVerano”, “Culturetadas”, 10 agosto 2013, p. 51.

Comenta que dentro dos “Venres de Teatro”, que forma parte da programación de “Cultura Aberta”, se homenaxeará a Roberto Vidal Bolaño coa celebración de conferencias e coa representación de *Doentes*.

Sangiao, “Cantos tradicionais no concello vedrés”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 562, 20 maio 2013, p. 5.

Fálase do Certame de Cantos Tradicionais do Día das Letras Galegas que se organiza no Concello de Vedra.

Sanmartín Cuevas, Xabier, “Sopas de letras’ gusta a lectores de todo tipo de idade”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 maio 2013, p. 41.

Fálase da novela *Sopas de letras en Gadi*, de Xosé Antón Perozo, que obsequia este supermercado con motivo da celebración do Día das Letras Galegas.

Sanmartín Cuevas, Xabier, “Feijóo: ‘Ser un pobo de palabras xa nos predispón á democracia’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 3 decembro 2013, p. 40.

Infórmase da inauguración da exposición *51 páxinas das nosas letras* aberta no Parlamento, recollendo as palabras do presidente da Xunta quen salientou a fala dicindo que “ser un pobo de palabras xa nos predispón á democracia”. Recóllense tamén as declaracións de Alonso Montero, presidente da RAG; e de Pilar Rojo, presidenta do Parlamento. O primeiro deles mostrou o seu desexo de que o Parlamento continúe a facer actividades parecidas a esta exposición; pola súa banda, Pilar Rojo mostrou o seu desexo por levar a cabo iniciativas culturais para poñer en valor a lingua e cultura galegas, especialmente entre os máis novos.

Santos, Teresa, “Vidal Bolaño non dirixiu teatro con liberdade, sostén a súa viúva”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 11 maio 2013, p. 54.

Recolle as lembranzas e a opinión de Belén Quintáns, viúva de Roberto Vidal Bolaño, sobre o que supuxo o homenaxeado polas Letras Galegas para a dramaturxia en Galicia e o esforzo que dedicou a crear un público para o teatro galego.

Santos, Teresa, “Roberto non dirixiu teatro con liberdade”, *Atlántico Diario*, “Letras Galegas”, p. 43/ *La Región*, “Día das Letras Galegas”, p. 8/ “Belén Quintáns: “Non dirixiu con liberdade”, *El Correo Gallego*, “Especial Letras Galegas”, p. 16, 17 maio 2013.

Reflicítese as opinións e vivencias de Belén Quintáns, segunda muller de Roberto Vidal Bolaño, sobre o dramaturgo. Fálase das diferentes facetas do homenaxeado, tanto da de actor como de autor ou director e salientase a súa obra predilecta: *Días sen gloria*.

S. E., “Xornada de títeres dentro dos actos da semana das Letras Galegas en Dodro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 547, 5 maio 2013, p. 6.

Anúnciase a xornada de monicreques, enmarcada dentro das actividades do Día das Letras Galegas: *Alicia no país das marabillas*. Coméntanse outras actividades organizadas polo Concello de Dodro, como a ximcana literaria.

S. E., “Concerto didáctico para conmemorar as Letras en Frades”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 909, 7 maio 2014, p. 6.

Dáse conta da participación de máis de 70 veciños de Frades ao concerto didáctico a cargo da Asociación Antonio Gandoy *O son que me arrola*, programado polo concello para o Día das Letras Galegas, no CPI Pontecarreira.

S. E., “Musicadas para Vidal Bolaño en Rois”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 570, 28 maio 2013, p. 6.

Fálase do acto polas Letras Galegas en honra de Rosalía e Vidal Bolaño, organizado pola escola municipal de músicos de Rois: *Palabras musicadas a Vidal Bolaño e a Rosalía de Castro*.

Sequeiro, Natalia, “A RAG apela a Vidal Bolaño para pedirlle a Feijóo o apoio ás voces críticas da cultura”, *El Correo Gallego*, “Día das Letras”, 18 maio 2013, p. 6.

Fálase de diferentes conferencias sobre Roberto Vidal Bolaño e o teatro durante a homenaxe da Real Academia Galega. Saliéntase o valor de crítica, reflexión e compromiso que o teatro de Vidal Bolaño representa para a sociedade galega.

Sertal, Carolina, “Feron Robertos e Robertas”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 363, 22 maio 2013, contracuberta.

Infórmase das actividades que organiza o Concello de Caldas de Reis con motivo do Día das Letras Galegas, con especial énfase nas dedicadas aos nenos.

S. F., “La Semana Cultural del CPI Orza Couto ofrece una variada programación”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 556, 14 maio 2013, p. 6.

Fálase das actividades organizadas polo CPI Orza Couto, con motivo do Día das Letras Galegas, como un concurso literario e unha conferencia.

S. F./ C. B., “Exposicións, baile e música polo Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 543, 1 maio 2013, p. 7.

Infórmase dos actos organizados con motivo da celebración das Letras Galegas no mes de maio nos concellos de Arzúa, A Estrada, Rois e Silleda.

Silva, P., “O Liceo noiés acolleu unha obra teatral”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 562, 20 maio 2013, p. 5.

Coméntase a programación do sábado do Liceo de Noia para conmemorar o Día das Letras Galegas.

Souto, S., “Exposición en la biblioteca de Ribeira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 566, 24 maio 2013, p. 5.

Fálase da inauguración dos actos da biblioteca municipal de Ribeira, dunha exposición de libros e carteis de Roberto Vidal Bolaño.

Souto, Suso, “Ribeira complementa cun programa de charlas a mostra adicada a Bolaño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 640, 6 agosto 2013, p. 4.

Dáse conta da inauguración dunha exposición sobre Roberto Vidal Bolaño na Biblioteca do Centro Cultural Lustres Rivas de Ribeira e infórmase de que se poderá visitar até o 16 de agosto.

Suárez, Manuel, “Obras completas e achegamentos”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 517, “Letras Galegas 2013”, “Novedades editoriais”, 11 maio 2013, p. 10.

Fálase da escasa edición de teatro en Galicia e cítanse as diferentes obras publicadas en 2013 sobre Roberto Vidal Bolaño, con motivo da súa homenaxe no Día das Letras Galegas.

Tébar, Roma, “Colexios, concellos e asociacións celebran As Letras Galegas”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, 14 maio 2013, p. 16.

Dáse conta dos actos organizados polas Letras Galegas nos concellos de Ponteareas e no Porriño, entre os que destaca a escenificación dun dos cadros de *Saxo Tenor* e un taller creativo do Teatro Babaluva titulado “Letras na corda”.

Timoneda, Mariano, “Homenaxe na Quintana á lingua galega e Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 maio 2013, p. 42.

Fálase dos actos organizados na praza da Quintana, en Santiago de Compostela, en honra do dramaturgo Roberto Vidal Bolaño e coméntanse tamén os actos organizados polo Concello de Narón con motivo do Día das Letras Galegas, entre eles a representación de *Días sen gloria*.

Toledo, M., “A biblioteca de Ordes acollerá unha mostra da vida de Vidal Bolaño no Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 545, “3 maio 2013”, p. 5.

Infórmase dos actos que organiza o Concello de Ordes con motivo do Día das Letras Galegas, especialmente dos dirixidos aos nenos, como os talleres de marcapáxinas.

Trillo, J., “A Banda de Música soou na vila de Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 560, 18 maio 2013, p. 6.

Coméntase o concerto de homenaxe ofrecido pola banda de música local, con motivo do Día das Letras Galegas, celebrado no salón de actos do Concello de Cee.

Trillo, J., “As Letras en Voces’, onte en Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 560, 18 maio 2013, p. 6.

Fálase da sesión de lectura ininterrompida “As letras en Voces”, celebrada no mercado de abastos de Carballo.

Trillo, J., “A Costa da Morte continúa cos actos arredor da lingua”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 562, 20 maio 2013, p. 4.

Dáse nota dalgúns actos organizados polas Letras Galegas nos concellos de Cee, Vimianzo e Fisterra, entre os que destaca a exposición *Querido Balbino, 1961-2012. 50 anos de memorias dun neno labrego*.

Trillo, J., “Novo espectáculo de teatro en Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 564, 22 maio 2013, p. 6.

Fálase do espectáculo *Con dez poemas por Barba*, do grupo Aldaolado, que se celebrou no salón de actos do Concello de Cee co gallo do Día das Letras Galegas.

Trillo, J., “El FIOT reconoció ayer a Roberto Vidal Bolaño y Pico”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 721, 27 outubro 2013, p. 7.

Comenta que o FIOT homenaxeou a Roberto Vidal Bolaño e mais a Xosé Manuel Oliveira “Pico” e asemade indica que se representou a obra *Criaturas* a cargo de Teatro do Aquí.

Valcárcel, Xulio, “Autor, actor, director, iluminador... Bolaño é sinónimo de teatro”, *Diario de Arousa*, p. 31/ *Diario de Ferrol*, p. 41/ *El Ideal Gallego*, p. 35, “*Letras Galegas*”, 17 maio 2013.

Coméntase a traxectoria profesional do homenaxeado e salientáanse as súas diferentes facetas no mundo do teatro.

Varela, Manuel, “As táboas do Colón ábreanse a futuros artistas no Día das Letras Galegas”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 23 febreiro 2013, p. 11.

Informa que o teatro acollerá unhas xornadas de homenaxe a Roberto Vidal Bolaño e que dez persoas, escollidas tras unha proba, recibirán un obradoiro de formación e participarán na representación da obra.

Varela, Manuel, “Un mes para Bolaño y el humor”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 17 abril 2013, p. 10.

Fálase das diferentes representacións teatrais e musicais que terán lugar durante o mes de maio, con motivo do Día das Letras Galegas no teatro Colón da Coruña.

Varela, Manuel “A cidade apaña o chapeu bolañiano”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 14 maio 2013, p. 11.

Infórmase de todos os actos culturais que se levaron a cabo con motivo do ano de Roberto Vidal Bolaño na Coruña: obras teatrais, coloquios, actuacións musicais, sorteos de libros ou recitais en lingua galega, entre os que se sitúa a representación de *Días sen gloria*.

Vázquez, S., “Cambre ofrecerá un taller de Galipedia por las Letras Galegas”, *La Opinión*, “Cambre”, “Culleredo”, 8 maio 2013, p. 14.

Fálase de diversos actos organizados no Concello de Cambre, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, entre os que destaca a conferencia sobre Roberto Vidal Bolaño que impartirá o profesor e xefe de estudos da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia na biblioteca de Cambre.

Vidal, Nicolás, “Ferrol súmase ás actividades do CDG en homenaxe a Roberto Vidal Bolaño”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 12 marzo 2013, p. 15.

Fálase da extensión do ciclo compostelán *Vidal Bolaño recuperado: citas audiovisuais*, que celebra a Asociación de Amigos do Teatro Jofre. Cítanse as obras que se proxectarán: *Agasallo de sombras* (1984) e *Rosalía* (2001). Saliéntase o que supuxo Roberto Vidal Bolaño para o teatro galego.

Vila, Sara, “Picnic divertido de Letras Galegas!”, *Diario de Pontevedra*, “Minidiario”, n.º 380, 12 maio 2013, pp. 2-3.

Coméntanse as actividades que elaboran o alumnado do CEIP Froebel con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e o concurso que se celebra dentro destas actividades, que se trata de encher unha ficha sobre o autor homenaxeado e as súas obras, dirixido a nenos de 5º e 6º de Primaria.

Vila, Sara, “Radiando as letras galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Minidiario”, n.º 381, 19 maio 2013, pp. 2-3.

Fálase da participación do alumnado de primaria do CEIP San Martiño de Salcedo nun programa de Onda Cero, no que falan de Roberto Vidal Bolaño con motivo do Mes das Letras. Coméntase o transcurso do programa, no cal explicaron a biografía do autor e representaron fragmentos dalgúñas obras, como *Touporroutou!*

Viñas, María, “Cultura Aberta chega en clave feminina e homenaxeará a Bolaño”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 28 xuño 2013, p. 62.

Repasa a programación cultural da Deputación de Lugo para este verán que inclúe homenaxes a Roberto Vidal Bolaño, actuacións dos 30 grupos teatrais da rede Buxiganga así como diferentes actuacións como a de Leo i Arremecaghoná.

X. G., “Novo galardón para o colexio Castelao”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 560, 18 maio 2013, p. 6.

Fálase da entrega do premio do “Concurso-Exposición Letras Galegas 2013. Roberto Vidal Bolaño” ao CEIP Alfonso Daniel Rodríguez Castelao de Rianxo.

Yáñez, B., “Carlos Blanco lerá no Día das Letras o artigo que Bolaño publicou en Dorna”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 10 maio 2013, p. 13.

Fálase das actividades organizadas polo Concello da Illa de Arousa para festexar o Día das Letras Galegas, entre as que destaca a representación da obra *Criaturas*.

Yáñez, B., “Galeóns, poesía, xantares e homenaxes no Día das Letras”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 18 maio 2013, p. 12.

Infórmase dos actos organizados na comarca do Salnés para festexar o Día das Letras Galegas, entre os que destacan a lectura dun artigo de Bolaño e a representación da peza teatral *Criaturas* na Illa de Arousa.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Alonso Montero, Xesús, *Ricard Salvat (1934-2009) e o teatro galego*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, 2013, 80 pp. (ISBN: 978-84-453-5121-5). ◆

Volume de Xesús Alonso Montero que se abre cun “Prólogo necesario” no que destaca a importancia do traballo da agrupación Abrente na historia do teatro e no que xa se presenta a figura de Ricard Salvat, director e estudoso do teatro europeo. Deseguido, ademais de comentar a biografía de Salvat, compílase un epistolario no que se inclúen as cartas de Ricard a Xesús Alonso Montero. Nelas, sucédense reflexións literarias, referencias ao seu traballo, felicitacións de Nadal ou preocupacións pola tradución das súas obras. Outras cartas que se recollen son as de Núria Galobardes, viúva de Ricard Salvat, a Xesús Alonso Montero, nas que se fai alusión ao intercambio de colaboracións e publicacións que ambos mantiveron e unha carta de Salvat dirixida a Modesto Hermida na que lle agradece o envío dalgunha das súas publicacións, expresa a gratitude de telo coñecido e promete correspondelo de igual forma. Tamén se inclúen na obra dous textos de Ricard Salvat sobre o teatro galego, o segundo deles en edición facsimilar. Trátase de *Figurins i decorats de Luis Seoane per a Castelao e a sua época de Ricard Salvat*, que elaborou con motivo dunha exposición sobre Castelao, e de “Las formas parateatrales propuestas por Isaac Díaz Pardo”, no que presenta a figura deste autor e alude á publicación de tres carteis de cego e á relevancia desta tipoloxía. Tamén se resume a temática do cartel de cego *La historia de Paco Pixiñas* coa inclusión dalgúns fragmentos da obra. Péchase o volume cunha ficha técnica de A. Iglesias Mira, na que Salvat aparece como responsábel da “escenación” e con distintos documentos iconográficos, como fotos do protagonista da monografía, artigos xornalísticos e reproducións de cartas e carteis.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, “Ricard Salvat e o teatro galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 549, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 7 decembro 2013, p. 12.

Infórmase da presentación dun volume coas dez obras galardoadas entre 1973 e 1980 nos “Premios Abrente de Textos Teatrais”, nunha edición a cargo de Inma López Silva, Roberto Pascual e Dolores Vilavedra, co gallo da conmemoración dos corenta anos do certame.

Angueira, Anxo, *Das copras de Sarmiento ós Cantares de Rosalía de Castro. Cara a unha periodización do Rexurdimento*, Berlín: Frank & Timme, col. “iBroLiT - Estudios Ibero-románicos de Literatura e Tradutoloxía”, 2013, 208 pp. (ISBN: 978-3-86596-494-6).

Estudo no que se realiza unha revisión crítica do Rexurdimento e se ofrece unha nova periodización, ao iniciarse co *Coloquio* de Martín Sarmiento no contexto da Ilustración e dun emerxente galeguismo. Nel Anxo Angueira estuda as características do *Coloquio* (metro, xénero, estilo ou galeguización do xénero) e establece unha ligazón comparativa cos trazos principais dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, polo cal conclúe que existe un diálogo entre ambas as obras. Un capítulo dedícaa ao impacto da obra sarmentina nos autores e autoras do Rexurdimento e a influencia a partir de recursos como a *accumulatio*, o dialoxismo, a música ou a lírica popular na produción literaria decimonónica. Finalmente, considera necesaria unha nova proposta cronolóxica do Rexurdimento a partir do *Coloquio* de Sarmiento e dende as novas perspectivas da historia da literatura, que movería os marcos do sistema literario galego.

Araguas, Vicente, *Miudiño. Escolma 2001-2012*, Ferrol: Edicións Embora, col. Biblioteca de Ferrolterra, 2013, 118 pp. (ISBN: 978-84-92644-59-9).

Escolma dos artigos publicados por Vicente Araguas en *Diario de Ferrol*; cento cincuenta artigos que foron escolleitos entre máis de tres mil cincocentos e que, coma o mesmo autor indica na introdución que antecede á selección, se publican agora revisados “lonxe da vida efémera dun xornal”. As temáticas son moi diversas, dende a paisaxe de Ferrolterra até cuestións lingüísticas varias, pasando por acontecementos históricos memorábeis, ademais dun repaso polas festas e todo tipo de citas gastronómicas e culturais da bisbarra. Tamén está presente a literatura, a arte e a música, ás que Araguas dedica artigos varios e representativos da súa escrita, cuxo estilo é marcadamente literario rozando, en ocasións, o poético.

Recensións:

- Ana Acuña, “Os traballos e os días de Ferrolterra”, *Grial. Revista Ggalega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 82-83.

Explícase o contido do volume e faise unha achega aos textos atendendo aos temas, como a paisaxe de Ferrol e da súa bisbarra; os habitantes da comarca; os acontecementos históricos; a literatura oral, de autor e de masas; os artistas da plástica e da música; as festas cíclicas, gastronomía e deportes; e cuestións lingüísticas diversas. Apúntase que parte desta escolma fora reelaborada por Vicente Araguas na súa obra de ficción e sinálanse as características do seu xornalismo, do que destaca que convida ao compromiso e obriga á reciclaxe do escritor. Saliéntase o estilo literario e, en ocasións, poético dos seus artigos e anótase a necesidade doutra selección de artigos cun índice onomástico e datación.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, “Escribir estes artigos en *Diario de Ferrol* aforroume unha consulta ao psicoanalista”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 7 marzo 2013, p. 13.

Conversa con Vicente Araguas con motivo da publicación desta escolma das súas colaboracións xornalísticas no *Diario de Ferrol*, na que explica que o criterio de selección elixido foi o “cariño por Ferrol e por Neda e as xentes”, que o seu mundo de

Ferrolterra está mellor plasmado nos artigos de amor e de morte, que vivir en Madrid e ter gañas de estar en Ferrol é o que lle permitiu escribir os *miudiños* e que cando ao comezo os escribía na máquina de escribir “era máis barroco” e cando pasou a facelos en ordenador pasou a ir “ao gran”. Remata aludindo ás novidades editoriais da súa autoría que verán a luz: os contos de *Xuvia-Neda* traducidos ao castelán, a escolma *Los mejores poemas de amor* e o poemario *Cando fóramos nevar*.

Bouzas, Pemón, *Novos pasos por Bretaña*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Crónica, 2013, 95 pp. (ISBN: 978-84-9914-590-7).

Pemón Bouzas (Santiago de Compostela, 1957) ofrece as experiencias das súas viaxes á Bretaña da man dos textos –ou das viaxes anteriores– que Alfonso D. Rodríguez Castelao e Álvaro Cunqueiro dedicaron a estouta rexión céltica. Trátase dun libro testemuñal e persoal, pero á súa vez reflexivo e informado, no que tras senllas citas dos autores citados, reproduce un mapa da Bretaña cos seus cruceiros, calvarios, menhires, dolmens, faros, castelos e fortificacións. A seguir, na “Introdución” dá conta das intencións do viaxeiro e revísase o sentido da itinerancia na actualidade, alúdese aos tópicos de Breizh, ás expectativas postas nas viaxes e a como foron superadas. En “As cruces de pedra de Castelao” refírese a cuestións como o mar e as embarcacións, as paradas en cada calvario, cruz, menhir ou dolmen e reproduce un pequeno álbum fotográfico no que amosa os lugares e unha imaxe actual acompañada da ilustración respectiva de Castelao embaixo, de modo que actualiza a obra do rianxeiro dende a ollada do camiñante do século XXI. No apartado “O mar” cita algúns dos autores que reflectiron o mar bretón nas súas obras (desde Gustave Flaubert ou Pierre Loti a Apollinaire), relacionando portos galegos e bretóns, paisaxes, batallas navais, fortificacións, illas, mareas e camiños e rutas tradicionais. En “Menhires e dolmens” revísase o megalitismo, que ten a Bretaña como paradigma, cuns seis mil menhires en toda Armórica, numerosos aliñamentos e enterramentos funerarios de indubidábel monumentalidade. “O Ciclo Bretón. A Bretaña de Cunqueiro” é unha das epígrafes máis literarias do conxunto, ao centrarse na viaxe real pola Bretaña, escenario do sochantre de Pontivy ou o mago Merlín. Por último, péchase a obra cunha achega a cuestións de actualidade, como os símbolos de identidade, as construcións ou a “música celta”.

Bóveda, Jorge Emilio, *A xanela insólita*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaían, 2013, 211 pp. (ISBN: 978-84-15699-25-5).

Nesta obra Jorge Emilio Bóveda presenta un amplo percorrido pola historia xeral da ciencia ficción na literatura, dedicándolle un apartado especial á feita en Galicia (“Soños eléctricos”. Literatura de ciencia ficción na Galiza). Para iso retrocede séculos atrás, a pesar de que afirma que probablemente a ficción científica sexa o resultado da revolución industrial e as súas consecuencias, chegando até os autores de obras fantásticas que se poden considerar como os precursores deste xénero literario. A través do percorrido realizado por Bóveda podemos coñecer aspectos desta modalidade literaria nos países máis importantes na súa consolidación, autores clave como Verne ou Wells e subxéneros, así como feitos determinantes nas diferentes etapas que marca dende as orixes até a época da revolución industrial. A seguir, dedícalle un capítulo ao “pulp” americano, movemento grazas ao que a ficción científica pasou a ser un xénero

en si mesmo e con nome propio, aínda que as orixes ideolóxicas estean en Europa. Detense tamén na análise da evolución deste xénero na literatura soviética e noutros países. Escrito nun ton distendido e acompañado de táboas cronolóxicas, fragmentos de obras e bibliografía, este ensaio permite que nos fagamos a nosa propia perspectiva do xénero e poidamos coñecer a resposta a preguntas como cando foi a primeira vez que apareceron os ovnis, en que obra aparecen ou en que momento se comezou a escribir sobre viaxes a outros mundos.

Recensións:

- Dolores Martínez Torres, “Obxectos fabulosos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 481, “Libros”, 12 decembro 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 433, “Letras galegas”, 21 decembro 2013, p. 10.

Dáse conta da publicación de *A xanela insólita* de Jorge Emilio, na editorial Urco, un estudo sobre o multiuniverso literario da ficción científica. Indícase que o libro supón un percorrido que se inicia co rastrexo das orixes históricas do xénero ata o século vinte e engádese que logo dunha análise en contraste co modelo soviético, se presenta unha rápida visión doutras literaturas noutras linguas. Destácase o estilo case familiar, rigoroso e nada pedante, aínda que erudito e con moita información bibliográfica, co que está escrito o libro.

Cabrera Iglesias, María Dolores e María Dolores **Villanueva Gesteira** (ed.), *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*, Vigo: Editorial Galaxia/ Fundación Penzol, xaneiro 2013, 133 pp. (ISBN: 978-84-9865-472-1). ■

Volume colectivo de homenaxe a Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá-Lugo, 1913-Vigo, 2010), composto por colaboracións de amigos, coñecidos e familiares vinculados coa cidade viguesa e por textos do propio homenaxeado sobre esa cidade, na que residiu dende 1939, todos eles acompañados de fotografías, fondos documentais cedidos pola Biblioteca Francisco Fernández del Riego, a Biblioteca da Fundación Penzol e o Arquivo da Editorial Galaxia. Publicado o día no que se cumpre o centenario do seu nacemento, iníciase con dúas colaboracións institucionais, ás que segue o apartado “Sempre a pé de obra. Unha cronobiografía” (pp. 13-39) no que se recollen “as luces iniciais” dos seus primeiros anos (1913-1929), o seu “ideario nas aulas”, tanto en Madrid coma en Santiago de Compostela, entre 1930 e 1936, a década 1939-1949 na que estableceu en Vigo e furou “nas tebras”, os inicios da Editorial Galaxia e da Fundación Penzol entre 1950-1959, as numerosas actividades culturais que realizou entre 1970 e 1989, as homenaxes e distincións das que foi obxecto na década dos anos 90 e o remate do seu camiño “(ben) andado” entre 2000 e 2010. A seguir acóllese o apartado “Volver sobre o camiño andado” composto polas seguintes achegas de amigos, coñecidos e familiares resaltando a súa figura e vinculación coa cidade viguesa:

- X. L. Méndez Ferrín, “Don Paco na Penzol”, pp. 42-44.

Salienta o labor desenvolvido por Fernández del Riego dende a creación da Fundación Penzol e da Biblioteca homónima e remata reflectindo o seu recoñecemento para un

“home de espírito amplo e de xenerosidade torrencial” que lle brindou a súa amizade e consello pese a que ambos os dous se movían “en posicións políticas diferentes”.

- X. L. Franco Grande, “Dende Policarpo Sanz, 24-1^o”, pp. 45-48.

Comeza loando a Fernández del Riego, destacando que “Paco era unha presenza constante da cultura galega no interior e no exterior” e que o “máis sobresaínte” foi a súa dirección da Fundación Penzol. Repara nas “xuntanzas políticas e diversas iniciativas culturais” que tiveron lugar primeiro na súa antiga casa de verán en Coruxo e despois na da praia América, resultado do labor de Fernández del Riego a prol da cultura galega que, en palabras de Franco Grande, “percibía como proxección de futuro, como loita ferreña por unha causa, como unha actitude ética coa colectiva”. Remata resumindo a variedade de actividades culturais emprendidas por Fernández del Riego.

- Marián Vidal Fraile e Francisco Domínguez Martínez, “A Fundación Penzol na Casa Galega da Cultura”, pp. 48-53.

Realizan un breve percorrido pola historia da Fundación Penzol, no que explican o aumento da dotación e o funcionamento da súa biblioteca a partir de convenios con distintas institucións galegas, a informatización e incremento dos fondos, a rehabilitación da sede e actualización do primitivo convenio asinado entre a Fundación Penzol e o concello vigués, a relevancia desta Fundación e da súa Biblioteca, o relevo na dirección e presidencia da Fundación, así como as actuacións emprendidas pola Fundación na actualidade: a dixitalización dos fondos para que poidan consultarse na futura páxina en liña da institución, a edición dun boletín para conmemorar o Día das Letras Galegas, os convenios asinados coas universidades galegas para que o alumnado das carreiras de Humanidades realicen prácticas no seu seo, visibilizala entre a sociedade galega por medio dunha maior presenza nos medios de comunicación, das visitas á sede de alumnado de todos os niveis do ensino, do labor gratuíto que realizan voluntarios e da realización de seminarios, exposicións e outras actividades semellantes.

- Xurxo Martínez González, “A eternidade dos feitos”, pp. 53-56.

Repasa as actividades levadas a cabo polo homenaxeado, que estaba “sempre atento para difundir a cultura galega e mesmo mundializala”, lembra anécdotas de cando o coñeceu e finaliza resaltando a fonda pegada que deixou na cidade viguesa.

- Víctor F. Freixanes, “Pulmón e músculo”, pp. 56-59.

Glosa da significación de Fernández del Riego na Editorial Galaxia, a partir dunha fotografía da xuntanza fundacional, que lle dá pé para atender á creación da editora e da revista *Grial*, ao aumento do catálogo editorial, á importancia que tiveron na conformación desa editorial Ramón Piñeiro, Xaime Isla e Francisco Fernández del Riego, este último como “o pulmón, a xerencia, o músculo executivo, o dinamizador”, ademais de destacar a súa “enorme capacidade de traballo” e así mesmo “unha frase que sempre repetía: ‘Nunca vos desanimedes. Nunca’”.

- Henrique Monteagudo, “Francisco Fernández del riego e *Grial*”, p. 60.

Dá entrada ao artigo que se reproduce a seguir do propio Fernández del Riego, incidindo en varios aspectos do mesmo, e remata apuntando que, no momento en que se escriba “a *historia de Grial*”, será cando se porá “de vulto a verdadeira dimensión tanto da importancia da publicación como elemento vertebrador, dinamizador e difusor da cultura literaria e humanística galega durante décadas, canto o papel insubstituíbel que na súa andaina xogou Francisco Fernández del Riego”.

- Francisco Fernández del Riego, “Colección Grial e revista galega de cultura”, pp. 61-63.

Reprodúcese este artigo de Fernández del Riego que vira a luz no volume *Homenaxe a Ramón Piñeiro* (1991).

- Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa, “O *Alevín*”, pp. 64-66.

Repasa o inxente labor (como único redactor, editor, corrector e maquetador) levado a cabo polo homenaxeado na revista *Industria Conservera*. Apunta os temas e ilustradores desta revista, así como outras actividades realizadas polo homenaxeado a prol da Unión de Fabricantes de Conserva de peixes e mariscos de Galicia.

- Camiño Noia Campos, “Fernández del Riego, universitario *Honoris et Laboris Causa*”, pp. 66-70.

Percorre brevemente os anos como universitario do homenaxeado, deténdose no seu “inmenso” labor en favor da “galeguización da universidade durante os anos da II República”, no seu nomeamento como primeiro *Doutor Honoris Causa* da Universidade de Vigo, recoñecemento a quen era “un auténtico universitario”.

- José Elissetxe Lama, Benigno Fábregas Ferreiro, Antonio Lago Díaz e Rafael Lorenzo López, “Profesor do colexio Mezquita”, pp. 70-72.

Lembran anécdotas de Fernández del Riego, o *Rabioli*, como profesor seu no colexio vigués Mezquita.

- Alfonso Álvarez Gándara, “Francisco Fernández del Riego, político”, pp. 73-77.

Comeza definindo o homenaxeado como “republicano federalista, europeísta radical, progresista, de ideario socialdemócrata e, por riba de todo, antifascista”. Aborda o seu labor no partido galeguista, centrándose nas súas publicacións e postos destacados en xornais de carácter político durante a república, na época da guerra civil, na reconstrución do partido galeguista, na súa detención, na “teimuda recuperación cultural”, nas etapas cultural, económica e política da “doutrina piñeirá”, no Consello da Mocidade e na creación de partidos políticos, na relación que mantivo Fernández del Riego “co galeguismo da emigración”, sobre todo da Arxentina, e nos cambios producidos no partido galeguista durante a transición e a era constitucional. Remata incidindo en que “ata a última hora, Del Riego foi fiel á disciplina de creación e de axitación cultural patriótica que desde tan cedo se impuxera”.

- Xesús Alonso Montero, “*Peregrinatio ad loca docta*. Viaxar a Vigo, nos meus anos mozos, á procura de Francisco Fernández del Riego”, pp. 78-84.

Relembra os seus anos mozos nos que tivo un primeiro e segundo encontro co homenaxeado, así como outros encontros, ao fio dos cales destaca o labor de Fernández de Riego e doutras figuras da cultura galega que coñeceu nas súas conversas con el.

- Ceferino de Blas, “*Salvador de Lorenzana*, periodista vigués”, pp. 84-87.

Fai un repaso pola vinculación do homenaxeado co xornal *Faro de Vigo*, establecendo tres períodos nas súas colaboracións, que asina como *Salvador de Lorenzana*: dende o seu primeiro artigo neste xornal en outubro de 1949 até 1961, entre o verán de 1961 e 1979, e entre maio de 1980 e 1982. Remata cunha alusión a outras colaboracións súas na prensa viguesa e á data a partir da cal inventa o pseudónimo de *Salvador de Lorenzana*.

- Rosa Aneiros, “Unha centola á saúde de don Paco”, pp. 88-90.

Resalta a relevancia “imprescindible” de Fernández del Riego á hora de “comprender esta longa historia de presenzas e ausencias da lingua galega nos xornais e radios” xa que “xogou un papel fundamental” xa sexa como “promotor” ou como “asinante de milleiros de textos que ofreceron palabras contra os muros da censura”. Cita a súa “prolífica obra xornalística” e os premios que levan o seu nome, lembrando que presentou o seu artigo “A última vaca” ao premio de Periodismo en Lingua Galega Francisco Fernández del Riego para poder “compartilo con el”, o que puido facer xa que resultou gañadora.

- Bieito Ledo, “Un anel de ouro”, pp. 90-91.

Comeza apuntando que dende os anos setenta Fernández del Riego se converte “no referente máis senlleiro para as novas xeracións” ademais de servir de apoio a numerosas actividades culturais, entre as que nomea as desenvolvidas polo Círculo Ourenán-Vigués, os Premios da Crítica Galicia e a creación da Fundación homónima. Remata definíndoo como “unha persoa que amaba o seu país ao punto de dedicar a vida enteira a traballar por Galicia”.

- Alfonso Paz-Andrade, “Paco del Riego na miña lembranza”, pp. 92-93.

Lembra trazos do homenaxeado, a quen coñeceu na súa nenez, porque era amigo de seu pai. Explica que era un “home con sentido do humor e fina rexouba”, “erudito e sabedor” e “persoa atenta e servizal”. Remata mencionando a razón da chegada do homenaxeado a Vigo e o seu labor na revista *Industrias Pesqueras*.

- María Xosé Queizán, “Lembrando a Paco del Riego”, pp. 94-97.

Alude ao vigués café Derby, onde o homenaxeado mantivo “faladoiros ao mediodía e á noite” e menciona que a partir do día da inauguración da Fundación Penzol, cando o coñeceu, “tivemos longas conversas en diferentes ocasións no transcurso dos moitos anos, nas que me refería o labor, o traballo arduo e ao tempo sutil, de reconstrución do nacionalismo na odiosa posguerra”. Destaca que “desprendía afabilidade, daba confianza e tiña sentido do humor” e detense en tres fitos culturais nos que participou: a Editorial Galaxia, na que ela publicou a súa primeira novela, *A orella no buraco* (1965);

a Fundación Penzol e a revista *Grial*, onde deu lume o conto “Tolería para unha desmitificación” en 1972.

- Gabriel Fernández Méndez, “Paco era para min un irmán. Era Breogán”, pp. 97-99.

Explica a súa amizade de case cincuenta anos co homenaxeado, nacida despois de coñecer a seu irmán Xaquín nos anos de carreira en Compostela. Apunta que fora moi protector cos irmáns, á morte do pai; que lle gustaba xantar acompañado de amigos; que compartían a “paixón celtista”; que era un amigo “xeneroso e sempre pendente” ademais de bo paciente e que, en definitiva, era “un gran home, era Breogán, amaba a Galicia”.

- Salvador Cervantes de la Torre, “Ao entrañable amigo”, pp. 100-101.

Destaca que Fernández del Riego deixou un legado duplo: “o de intelectual comprometido e o dun home bo, de profunda honestidade e xenerosidade”, ao que se sumaba “un gran sentido da amizade”. Comenta a súa atracción polo mar, lembra o seu noventa e cinco aniversario na súa casa e a dor que lle provocou o seu falecemento.

- Gerardo González Martín, “Unha familia numerosa moi unida”, pp. 102-105.

Fai un repaso polas biografías de todos os irmáns Fernández del Riego.

- Ana María Fernández del Riego, “Paco e a familia”, pp. 106-107.

Comeza referindo que “Paco elixiu Vigo para vivir, traballar e desde aquí irradiar a súa influencia persoal e intelectual ó seu redor”. Explica que esta cidade o engaiolou axiña “polo seu talante liberal, as súas posibilidades de poder traballar en liberdade e pola súa xente de actitude aberta e desenfadada”. Precisa que, ao falecer o pai, “dalgún xeito, sentiuse sempre responsable de todos nós”, que foi o “amanuense da familia” e que logrou ver reunida a “toda a nosa familia arredor da nosa nai en Vigo”.

- María Dolores Villanueva Gesteira, “As amizades que fixeron latexar un corazón nacionalista”, pp. 108-111.

Comeza afirmando de Fernández del Riego que “a súa única maneira de estar no mundo dende os anos mozos ata o derradeiro alento foi como nacionalista”, que lle gustaba “rodearse de xente nova, porque naqueles ollos gacios só había unha mirada para o futuro”, que lle molestaba “moito que se contrapuxesen os exiliados á xente que quedara no país”, que nos seus últimos anos “sempre había tempo e alento para a Fundación Penzol e para Galaxia, os pulmóns polos que seguía respirando, e facíao con tranquilidade”, que mantiña “lazos de unión coas persoas que traballaban no almacén de Galaxia, eran parte da súa familia afectiva, a columna vertebral” e que “a súa mente non podía parar, a súa inquietude polas cousas, o constante aguilloamento en todos nós para que traballásemos, era un estímulo”.

- Antón Vidal Andión, “Un capital cultural e humano para Vigo”, pp. 111-114.

Comeza afirmando que “quizais non houbo galego na historia contemporánea máis recoñecido e respectado na sociedade galega” que o homenaxeado, que era xeneroso

ademais de altruísta e desprendido. Explica o proceso de doazón da súa biblioteca, arquivo e colección de arte ao concello de Vigo e detalla o contido dese legado.

O volume péchase co apartado “Vigo nos textos de Del Riego” (pp. [117]-130), no que se reproducen nove artigos seus que teñen como vínculo a cidade viguesa, aos que se engade un texto e *ex-libris* da autoría de Urbano Lugrís.

Recensións:

- Lucía Seoane, “Acordanza de Don Paco”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 443, “Libros”, 31 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 396, “Letras galegas”, 2 febreiro 2013, p. 6.

Refírese á publicación desta monografía e sinala que nela se aborda a traxectoria política, literaria e humana de Fernández del Riego e a importancia da cidade de Vigo no seu decorrer cultural. Sínálase que Méndez Ferrín, Víctor Freixas ou María Xosé Queizán son algunhas das personalidades que colaboran neste libro.

- Ramón Nicolás, “Homenaxe a Don Paco”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 504, “Letras en galego”, 2 febreiro 2013, p. 8.

Comentario desta obra, no que se explica que presenta un repaso da traxectoria do intelectual e pon en primeiro plano a súa figura. Explicase que está estruturado en tres bloques, nos que se aborda a cronobiografía de Del Riego, con elementos documentais e fotográficos; se amosan as diferentes evocacións individuais que se centran nos aspectos máis variados do intelectual; e se reflicte a visión que Del Riego tiña sobre a cidade de Vigo a través de diferentes textos xornalísticos.

- Armando Requeixo, “Laurentino do Sur”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 25/ *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 762, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 765, p. 33, “letras Atlánticas”, 3 febreiro 2013.

Dáse conta da publicación desta homenaxe e explícase que a obra foi creada con motivo do cabodano de Francisco Fernández del Riego, persoa á cal van dedicados os traballos existentes neste libro. Salienta a multitude de colaboracións, material gráfico, referencias bibliográficas e informacións complementarias e destaca unha escolma de textos do homenaxeado sobre temática viguesa e achegas de intelectuais como Alonso Montero, Méndez Ferrín ou Víctor Freixanes.

- Prudencio Viveiro Mogo, “Don Paco ou como enxergar Galiza enteira”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 93-94.

Saliéntase que no libro se analizan todas as contribucións á cultura galega de Fernández del Riego que partiron da cidade de Vigo. Apúntase que constitúe un libro coral, no que múltiples voces ofrecen visións diferentes da vida intelectual e persoal do protagonista. Sínálase que a obra comeza cunha cronobiografía que recolle os principais trazos da vida e da obra do protagonista e que o corpo da obra recolle achegas sobre a súa traxectoria, incluíndo colaboracións sobre a vida persoal de Fernández del Riego.

Apúntase que na terceira parte o libro inclúe unha escolma de textos do protagonista sobre a cidade de Vigo e que a obra remata cuns versos de Xaime Isla Couto.

Referencias varias:

- Ana Baena, “Don Paco, das bancadas de Balaídos ao Casino”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 9 xaneiro 2013, p. 11.

Anúnciase a presentación desta obra e sinálase o seu contido.

- Mar Mato, “Del Riego, dende o corazón de Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 xaneiro 2013, p. 41.

Infórmase da publicación desta monografía e anúnciase que será presentada na Casa Galega da Cultura olívica. Tamén se explica que nela se recollen as visións de vinte e seis persoas da cultura sobre a figura do homenaxeado: Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús Alonso Montero, Rosa Aneiros, Víctor F. Freixanes etc.

- Ana Baena, “Saudades e emocións con Don Paco”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 11 xaneiro 2013, p. 11.

Dáse conta do acto na Casa Galega da Cultura de Vigo para homenaxear a Francisco Fernández del Riego no centenario do seu nacemento e a presentación deste volume. Explicase que o acto congregou a amizades, alumnado e admiradores do galeguista e foi oficiado polo emocionado presidente da Fundación Penzol, Alfonso Zulueta de Haz, por Xosé Luís Franco Grande e por Malores Villanueva, coordinadora da publicación.

- Mar Mato, “Franco Grande: ‘Del Riego foi o intelectual galego máis visible despois de Pedrayo’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 11 xaneiro 2013, p. 44.

Descríbese o desenvolvemento da presentación do libro que inaugurou os actos de conmemoración do centenario do nacemento do escritor, profesor, editor e presidente da Fundación Penzol. Sinálase tamén que se agarda unha reunión coa Xunta de Galicia para conseguir financiamento para o programa de actividades.

- X. L. Méndez Ferrín, “Del Riego en política”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 793, “No fondo dos espellos”, 26 xaneiro 2013, p. 4.

Dáse conta da publicación dende unha postura laudatoria desta monografía e comenta da compilación de textos o de Alfonso Álvarez Gándara, “Francisco Fernández del Riego, político”.

Castro, Olga e María Reimóndez, *Feminismos*, limiar Belén Martín Lucas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2013, 292 pp. (ISBN: 978-84-9914-500-6).

Traballo de Olga Castro e María Reimóndez que realiza unha panorámica xeral dos feminismos e da súa contribución á mellora da sociedade e do mundo. Conta cun prólogo das autoras e unha introdución, “A modo de introdución: feminista?”, e a continuación estrutúrase en catro bloques: “Os feminismos”; “As voces múltiples dos

feminismos”, “Temas planetarios” e “Os feminismos e as disciplinas”. De interese para este *Informe* son as referencias que se realizan ás escritoras galegas e ás relacións entre feminismo e literatura e crítica literaria. Dentro do segundo bloque, “As voces múltiples dos feminismos”, hai un subapartado, “Galiza”, onde se trata a presenza e o desenvolvemento do feminismo nesta parte do mundo e alúdese á figura de Rosalía de Castro como unha autora que contribuíu ao proceso de concienciación sobre a situación de discriminación das mulleres, nomeadamente as escritoras. Tamén se mencionan outras autoras daquel tempo que conformaron voces feministas illadas, como o caso de Filomena Dato Muruais, de quen se sinala que o seu poema “Defensa d’as mulleres” é considerado o primeiro poema explicitamente feminista da Literatura galega. Comentan tamén as autoras deste estudo como era o tratamento das mulleres en publicacións como *A Nosa Terra* ou a revista *Nós*, na primeira parte do século XX. Atención especial recibe a revista *A Festa da Palabra Silenciada*, que se publica dende os anos oitenta até a actualidade, e da que se sinala que entre os seus obxectivos está “espallar o pensamento feminista e potenciar a creación das mulleres”. Por outro lado, menciónase o labor da directora desta publicación, María Xosé Queizán, na evolución e consolidación do pensamento feminista galego a través dos seus ensaios. Alúdese tamén ás traducións ao galego de obras referenciais do pensamento feminista como *O segundo sexo*, de Simone de Beauvoir, ou á colección de literatura feminista “As literatas”, de Edicións Xerais de Galicia, coordinada por María Xosé Queizán. Coméntase tamén o traballo de Helena González e de Carmen Blanco dentro da crítica literaria galega dende unha perspectiva feminista. E, por último, refírense casos concretos onde se percibe o tratamento patriarcal dalgunhas autoras galegas en momentos actuais, como as referencias a María Mariño como unha muller inculta cando lle foi dedicado o Día das Letras Galegas ou a incompreensión da obra *Tigres coma cabalos* de Xela Arias, que foi considerada escandalosa e indigna por presentar fotografías do corpo nu da autora en diálogo cos textos.

Recensións:

- Montse Dopico, “Feminismo nun mundo global”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 452, “Reportaxe”, 4 abril 2013, p. VII.

Comeza referíndose ao termo *feminismo* e ao carácter divulgativo da obra, que percorre “as principais correntes de pensamento e acción feminista mundiais”. Recolle palabras de Amelia Valcárcel, autora de *Feminismo no mundo global*, onde afirma que as mulleres son conscientes de que “precisan outro lugar e que poderían conseguilo”, unha idea que considera tratan de plasmar Olga Castro e María Reimóndez ao analizar unha multiplicidade de voces femininas de todos os continentes. Despois de lembrar que en lingua galega hai pouca bibliografía, sinala que esta obra fai unha revisión da “historia do propio feminismo galego”, que serve de complemento á análise de Mónica Bar en *Feministas galegas. Claves dunha revolución en marcha*. Resalta os capítulos referidos aos feminismos na India e no mundo árabe e apunta que se abordan detidamente temáticas actuais como o ciberfeminismo, o ecofeminismo, a globalización e a violencia de xénero. Nun á parte intitulado “Os retos da actualidade” reproducése unha das conclusións das autoras sobre o feminismo en Occidente, as súas propostas de acción e os retos actuais.

- Ramón Nicolás, “Un ensaio luminoso”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 516, 4 maio 2013, p. 8.

Comeza definindo esta monografía como “un percorrido innovador, pioneiro, globalizador e aberto ao mundo”. Indica que a lectura fluída e áxil se debe a que as autoras adoptan “unha perspectiva que harmoniza as amenidades, o espírito didáctico e o divulgativo” para establecer “un marco amplo que posibilite outras propostas posteriores”. Explica a estrutura da obra e salienta o “espírito totalizador”, a “abundantísima documentación”, o “case oceánico traballo de investigación, sintetizado aquí útil e acaidamente” e o “percorrido itinerante por moitos espazos do mundo” para abordar problemas da humanidade. Precisa que nesta monografía se amosa que os feminismos “traballan desde a pluralidade, falan do mundo e tamén das persoas” e que posibilita “escorrentar preconceitos tan arraigados”, como que, hoxe en día, perviva a estigmatización e o descoñecemento respecto ao feminismo. Remata recomendando a súa lectura “para reflexionar, para avanzar en tantos camiños que quedan por percorrer”.

- Pilar Ponte, “Aprender a estar”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 460, “Libros”, 30 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 412, “Letras galegas”, 1 xuño 2013, p. 10.

Comeza comparando a ensinanza que lle transmitiu a visión do filme *A onda* (2008), de Denis Gansel, coa lectura desta monografía, que cualifica como “un ensaio divulgativo, rigoroso e ameno”. Nomea os catro bloques que o conforman, dos que expón brevemente os aspectos abordados neles, e o índice analítico e unha bibliografía “moi actualizada” que o completan. Remata precisando que *Feminismos* reflicte “a experiencia de aprender a estar na vida como muller” e a vivencia de “se saber pertencente a esa inmensa revolución pacífica que cada día muda as sociedades para facelas máis democráticas”.

- Andrea Ruthven, “Reivindicar a pluralidade”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, pp. 97-98.

Comentario no que se fai un percorrido polos catro bloques do libro, do que se destaca que ofrece unha historia dos movementos feministas, presentados de xeito profundo e comprensíbel para o público xeral. Saliéntase a universalidade das perspectivas que se presentan, universalidade da que “dan exemplo” as dúas autoras.

- Belén Puñal, “Cartografía dos feminismos”, *Tempos Novos*, n.º 198, “Crítica. Libros”, novembro 2013, pp. 74-75.

Descríbese a estrutura da obra, que vertebra as diferentes voces feministas en tres eixos: o feminismo en diferentes espazos territoriais, o feminismo en diversas disciplinas académicas e o feminismo en relación con temas de carácter global. Repásanse as contribucións ao feminismo dende a súa saída á luz coa fin do franquismo, entre as que se citan *O contradiscurso das mulleres. Historia do feminismo*, de Carmen Blanco; *Feministas galegas. Crónica dunha revolución en marcha*, de Elvira Fente; e *Parir a liberdade: o movemento feminista en Galicia*. Destácase o carácter plural da obra e a súa aceptación do concepto de xénero como construción sociocultural.

- Sonia Fernández, “Feminismos Castro/Reimóndez”, *Aulas libres. Revista de pensamento, información e debate do STEG*, n.º 1, novembro 2013, p. 29.

Comenta que esta obra é unha boa ferramenta educativa para pór no lugar onde lle corresponde no currículo escolar a loita polo dereito das mulleres. Asemade destaca que é unha obra exhaustiva e rigorosa que dá a coñecer a grande variedade de pensamentos que procuran a superación da discriminación das mulleres en todo o mundo.

Referencias varias:

- ECG, “Presentación de ‘Feminismos’ en A Lila de Lilith”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 abril 2013, p. 28.

Informa da presentación desta monografía ao día seguinte na citada librería da compostelá rúa Travesa e comenta que un día despois será obxecto dun Clube de Lectura organizado por Implicadas no Desenvolvemento.

- Amaia Mauleón, “El feminismo defiende a todas las personas, hay que acabar con los prejuicios”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 abril 2013, p. 47.

Conversa coas autoras desta obra sobre as diferenzas e semellanzas entre os feminismos dos distintos países e sobre o proceso de dous anos de documentación para acceder a textos noutras linguas sobre o pensamento feminista.

- Patricia Blanco, “Nas marxes está a visión ampla”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 516, “Escritora do mes”, 4 maio 2013, p. 9.

Conversa con María Reimóndez ao redor da súa última monografía, publicada en coautoría con Olga Castro. Tras aludir á súa produción narrativa, poética e ensaística, manifesta a súa postura activa ante a vida, reflexiona sobre a necesidade de recuperar o termo “feminismo” porque é subversivo e porque estes movementos son os “que máis transformacións sociais provocaron de cara a unha mellora da vida das persoas”, e que “a escritura, pois, é unha forma de comunicación coa sociedade”. Define a literatua como creadora de imaxinarios máis xustos, manifesta que lle interesan as historias que nunca foron contadas por se situar nas marxes e reflexiona sobre as fortalezas e feblezas do sistema literario galego. Remata aludindo ao seu labor na onegué Implicadas no Desenvolvemento e reivindicando o labor de tradutora.

- Jaureguizar, “Reimóndez afirma que ‘o feminismo trata problemas da humanidade’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 16 maio 2013, p. 47.

Recolle palabras pronunciadas por María Reimóndez na presentación en Lugo desta obra, nas que refire que, para rebater a opinión xeneralizada de que o feminismo occidental é o coñecemento máis estendido, as autoras presentan teorías feministas a nivel mundial, que o feminismo é unha consecuencia do “capitalismo, o patriarcado, o racismo” e que o feminismo, a diferenza doutros movementos sociais, ten “capacidade de artellar estratexias conxuntas” á hora de reivindicar dereitos das mulleres. Remata indicando que Encarna Otero, encargada de presentar esta obra en Lugo, resaltou que “foi produto dunha loita que debe continuar” e que está elaborada “con rigor científico”.

Cochón, Luís (ed.), *Cartas a Fermín Penzol*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro, n.º XXVII, 2013, 166 pp. (ISBN: 978-84-453-5120-8). ◆

Volume editado por Luís Cochón que contén a reprodución de cincuenta e oito cartas escritas por diferentes persoas a Fermín Penzol e nas que se deixa entrever o panorama intelectual da época. A correspondencia estrutúrase da seguinte forma: “Cartas de Ramón Piñeiro (pp. 23-77), que inclúe trinta e nove cartas; “Cartas de Ramón Cabanillas” (pp. 81-96), que inclúe oito cartas; “Cartas de Ben-Cho-Shey” (pp. 99-113); e unha única carta de Ramón Otero Pedrayo no apartado “Carta de Otero Pedrayo” (pp. 119- 121). Reprodúcense as misivas na súa escrita orixinal e incorpóranse anotacións ao pé de páxina onde se indican datos de persoas, títulos ou circunstancias aos que se fan referencia nos escritos. Engade ademais, dous apéndices: “Apéndice I: Carta de Rodolfo Prada a Ramón Otero Pedrayo” (pp. 123- 134); e “Apéndice II: Cartas de Ramón Piñeiro a Isidoro Millán González- Pardo” que inclúe un total de dez cartas.

Cochón, Luís, Luís **Alonso Girgado** e Lorena **Domínguez** (coords.), *Rosalía na cobiza do lonxe*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, col. Cadernos Ramón Piñeiro, n.º XXVI, 2013, 166 pp. (ISBN: 978-84- 453-5101-7). ◆

Volume que se abre cunha “Nota de edición” na que se explica a efeméride que o motivou, como é o sesquicentenario da edición de *Cantares Gallegos* na imprenta de Juan Compañel, e agradécese ás trece colaboradoras e colaboradores a consecución dun ramallete de novas olladas sobre a vida, obra, tempo e pervivencia de Rosalía. O texto de Álvaro Cunqueiro “Por la mañana, la alondra”, que equipara a milagrosa aparición de *Cantares Gallegos* co canto desta ave, serve como prólogo aos restantes traballos. Os trece artigos, de corte académico, acompañados de bibliografía e ricos en citacións, poden dividirse, fundamentalmente, entre aqueles referidos á obra –ora temáticos, ora críticos– e aqueles referidos á súa pervivencia ou á súa recepción. Entre os primeiros, sitúanse uns máis historiográficos, “O Rexurdimento dende Vigo”, de Xurxo Martínez González; outros socio-históricos, como o de Ana Acuña, “Os achadizos, ou da arquíña, e os fillos de solteira. A orfandade en Xoán Manuel Pintos, Rosalía de Castro e nas enquisas sobre o galego falado de Xesús Alonso Montero”; e outros máis pegados á obra. Un exemplo disto último é “Os paratextos de *Cantares gallegos*” de Manuel Rodríguez Alonso; outros, partindo da exploración dos símbolos, o de María Pilar García Negro en “Arredor da ‘Negra sombra’”, Anxo González Fernández en “A ‘negra sombra’ e a negrura da soidade (Experiencia rosaliana da continxencia)” e Arcadio López Casanova en “Creación lírica, pragmática do poema e simbolización (Unha achega a *En las orillas del Sar*)” ou aínda o textual “A imaxe física do home amado na poesía de Rosalía de Castro”, de Marina Mayoral. Entre os artigos do segundo gran grupo, aqueles centrados na recepción ou na “continuidade” da poética rosaliana, figuran o de Luís Cochón, “Presenza de Rosalía en Novoneyra”; o de José Ángel García López, “Rosalía de Castro na obra de Emilio Pita”; o de Armando Requeixo, que bota un cabo ao autor homenaxeado nas Letras Galegas do ano en curso con “Presenza de Rosalía na obra de Xosé María Díaz Castro”; o de Claudio Rodríguez Fer, “Nota sobre Rosalía de Castro considerada por Borges”; o de Carmen Blanco, estudando os entrelazamentos entre varios autores, o poeta ourensán José Ángel Valente, o poeta

xudeu sefardí Edmond Jabès e Rosalía, en “Valente Rosalía: Cantares gallegos no Diario Anónimo” e o artigo conclusivo de Andrés Torres Queiruga, “Rosalía: Clásico universal e saudade encarnada. Dous apuntes sobre os Cantares”. O colofón, como paratexto final, rubrica o libro en maiúsculas cun significativo “SEMEL PRO SEMPER”.

Referencias varias:

- V. Plaza/ E. P., “Rosalía na cobiza do lonxe”, tributo coral del centro Ramón Piñeiro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 xullo 2013, p. 35.

Informa da presentación, na biblioteca compostelá Ánxel Casal, dunha nova edición dos Cadernos que se realizan no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Explica que esta obra de autoría colectiva salienta pola “diversidad” e polo seu “carácter misceláneo” e recolle as palabras de Armando Requeixo destacando o seu valor por tres aspectos: a pluralidade dos autores que interveñen, a variedade deses colaboradores e a diversidade de enfoques que achegan sobre a obra rosaliana. Recolle palabras do Secretario Xeral de Política Lingüística e do coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro loando a figura de Rosalía de Castro e refire que Luís Cochón, coordinador do proxecto, leu fragmentos do libro nos que se facía referencia á escritora de Padrón.

Cunqueiro, Álvaro, *O mundo que teño de meu. Artigos en lingua galega. Prensa e revistas 1930-1980*, eds. Xosé-Henrique Costas e Iago Castro Buerger, Vigo: Editorial Galaxia, col. Biblioteca Álvaro Cunqueiro, n.º 11, 2013, 267 pp. (ISBN: 978-84-9865-477-6).

Volume editado por Xosé-Henrique Costas e Iago Castro Buerger no que recollen diversos artigos escritos en galego por Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) publicados entre 1930 e 1981 en xornais e revistas periódicas como *Vallibria*, *Galiza*, *Yunque*, *A Nosa Terra*, *Nordés* ou *Grial*, entre outros. Cómpre destacar que neste volume non se inclúen os artigos publicados no *Faro de Vigo*, pois poden formar un libro por eles mesmos; tampouco os discursos, conferencias, limiares ou outro tipo de colaboracións, fragmentos ou proxectos de obras literarias. Grazas a esta escolma podemos comprender mellor a ideoloxía e a obra de Cunqueiro. Entre os traballos aquí recollidos atopamos artigos políticos ou político-culturais nos que, antes do 36, vemos a un Cunqueiro galeguista reaccionario e ultracatólico que defende a idea da Europa medieval do Camiño de Santiago e da independencia, crítica literaria na que comenta a escritores como Manuel Antonio ou Aquilino Iglesia Alvariño, traducións como por exemplo a que atopamos en “Hölderlin. Traduzóns e nota de A. Cunqueiro” e textos que conforman relatos breves ou recreacións de lugares ou persoas.

Recensións:

-Xosé Antonio López Silva, “Cunqueiro, xornalista en galego”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño de 2013, “O espello das letras”, pp. 89-90.

Comentario desta escolma no que se explica que se reúnen oitenta e cinco artigos que “permiten o uso xeral da lingua galega”. Considérase unha publicación “reveladora”, posto que os artigos recollidos amosan o evolución persoal de Cunqueiro como escritor e poeta que configura a súa identidade por medio do galeguismo, o republicanismo e o vangardismo. Saliéntase que esta escolma permite estudar o desenvolvemento da composición formal e articulística de Cunqueiro antes de 1936.

- Estro Montaña, “Evocador, eterno retratista”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 461, “Libros”, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 413, p. 10, 8 xuño 2013.

Comeza resaltando que sorprende a calidade literaria dos artigos xornalísticos recollidos nesta monografía, “desligada da escravitude da actualidade, e mesmo, da obriga de informar”. Incide en que Álvaro Cunqueiro “foi ante todo un escritor” que aplicou “sempre o seu talento literario a todo tipo de textos”, de aí que os seus artigos sexan “pequenas pezas literarias”, como se constata nos recollidos nesta recompilación e tamén en *Labirinto habitado*, obra na que María Liñeira se encargou da selección. Precisa que *O mundo que teño de meu* acolle os seus artigos publicados en galego entre 1930, en *Vallibria*, e 1980, en *Grial*, agás os que viran a luz no *Faro de Vigo* porque saíran nunha próxima obra. Apunta que nas colaboracións cunqueirianas publicadas en *A Nosa Terra*, *El Pueblo Gallego* e *Nordés* se observa un “Cunqueiro evocador, eterno, gran retratista”.

- Ramón Nicolás, “Enorme Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 521, “Letras en galego”, 8 xuño 2013, p. 9.

Cualifica de “espléndida” esta recompilación das prosas de Álvaro Cunqueiro que viran a luz en xornais e revistas. Destaca a súa relevancia por achegar a súa obra en galego e repasa a cronoloxía, enumera as principais revistas nas que se deran a lume e resalta que esta recompilación permite “iluminar aspectos biográficos do autor e desvelar algunhas claves que dominan a súa obra poética, narrativa e teatral, alén da súa precoz actividade como tradutor”. Puntualiza que se acollen “exercicios de tradución, gromos de novelas ou mesmo artigos de opinión” e salienta que lle sorprenden “as súas filias e fobias literarias”, o seu caudal de “lecturas de todo carácter”. Remata afirmando que desta obra lle gusta “todo”, tanto a elección do título coma os “acaídos criterios de edición”, xa que permiten “facilitar o acceso ás prosas dun dos nosos grandes autores”.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “Las columnas en gallego de Álvaro Cunqueiro se reúnen por primera vez en un libro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 38/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 33, 12 abril 2013.

Comenta o labor que están a desenvolver Iago Castro e Xosé Henrique Costas para recompilar materiais de Álvaro Cunqueiro. Explica que, tras reunir a poesía que vira a luz no *Faro de Vigo*, están a recoller na actualidade as súas colaboracións xornalísticas, das que xa publicaron este primeiro volume. Informa que o segundo verá a luz a finais de 2013 e que nel se reproducirán as súas colaboracións xornalísticas no *Faro de Vigo*. Explica que n’*O mundo que teño de meu* se reúnen por primeira vez os seus artigos en galego, dos que só se publicara unha parte nas súas *Obras completas*, e indica que se organizan polo xornal nos que saíran ao prelo e por orde cronolóxica. Matiza o contido

destes artigos, que achegan aspectos para comprender “el Cunqueiro narrador maduro”; a escolla do título desta obra, a significativa cantidade de artigos que viran a luz en lingua galega no *Faro de Vigo* durante a ditadura franquista e o emprego de distintos pseudónimos. Remata aludindo aos distintos cargos que Álvaro Cunqueiro desenvolveu no *Faro de Vigo*.

- X. F., “Un libro recolle unha achega biográfica e un retrato colectivo de Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 abril 2013, p. 34.

Indica que viu a luz na editorial Galaxia, que dirixiu Carlos Casares e na que se acolle a súa produción, unha obra sobre el, con motivo do décimo aniversario do seu pasamento. Explica que esta monografía contén unha achega biobibliográfica, con textos e fotografías, así como un retrato colectivo, elaborado a partir das respostas de trinta e tres persoas a un cuestionario sobre este autor ourensán. Matiza que a obra comeza cun percorrido biográfico, subdividido en tres etapas, ao que segue unha listaxe da súa produción, na que se inclúen as traducións a outras linguas, e unha selección fotográfica da súa vida privada e das actividades nas que participou como autor e xestor da cultura. Tamén se alude á publicación d’*O mundo que teño de meu*, unha recompilación de artigos de Álvaro Cunqueiro publicados en lingua galega entre 1930 e 1980, que van encabezados por unha introdución dos editores.

- Fran P. Lorenzo, “Un libro de Galaxia rescata o Cunqueiro xornalista en galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 abril 2013, p. 42.

Comeza afirmando que “prosa literaria e prosa xornalística tenden a se confundir no corpus creativo” de Álvaro Cunqueiro. Refíre que esta obra é a primeira “compilación sistemática deses artigos e colaboracións en lingua galega” que ve a luz e explica que o título, *O mundo que teño de meu*, está tirado dun artigo que se publicara en 1976 na revista *Nordés*. Contrasta o pouso de estoicismo dos últimos anos da escrita de Cunqueiro coa “vizosidade” da “expresión literaria” que considera plasmou nas colaboracións que sacou do prelo entre 1930 e 1976 nos xornais e revistas que cita. Remata apuntando que os artigos publicados no *Faro de Vigo*, por constituír un corpus á parte, “merecerían un outro volume”. A nova complementase cun á parte intitulado “La Noche” en 1948: os primeiros textos despois do golpe militar” no que se comenta que no proemio os editores lembran a influencia de Francisco Fernández del Riego na evolución no estándar lingüístico de Cunqueiro.

- Xosé Carlos Caneiro, “Antídoto”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 527, “A outra mirada”, “Club dandi”, 20 xullo 2013, p. 9.

Recoméndase a lectura de varias obras: o ensaio *A arte do imposible*, de Ramón Maiz - premio Ramón Piñeiro 2010- libro de pensamento sobre política; *O mundo que teño de meu. Artigos en lingua galega. Prensa e revistas 1930-1980*, de Álvaro Cunqueiro; e a triloxía do norte de Ramón Loureiro: *El lejano reino de la Vía Láctea*- o último publicado-, *As galeras de Normandía* e *León de Bretaña*.

Domínguez Alberte, Xoán Carlos (ed.), *Actas do IV Congreso Manuel Luís Acuña*, A Pobra de Trives: Concello da Pobra de Trives, 2013, 281 pp. (ISBN: 978-84-616-4231-1). ♦

Volume que recolle as actas do IV Congreso Manuel Luís Acuña, celebrado na Pobra de Trives do 19 ao 21 de novembro de 2009 baixo o tema “As outras armas do franquismo”. Logo dun prólogo institucional, a obra abre cunha “Introdución” do editor, onde se fala da traxectoria dos Congresos Manuel Luís Acuña, das actividades desenvolvidas durante a IV edición e do presente libro. A continuación, reproducense as intervencións dos participantes no congreso, estruturadas en tres bloques, “Conferencias”, “Fírgoas” e “Relatorios”. Pecha o volume a sección “Apéndices”, que recolle o programa do congreso e unha reportaxe fotográfica do mesmo.

O primeiro bloque, “Conferencias”, acolle os seguintes traballos de interese para este *Informe*:

- Xosé Manuel Malheiro Gutiérrez, “Proxectos educativos galeguistas na acción dos emigrantes galegos: Antón Alonso Ríos e a Federación de Sociedades”, pp. 51-70.

Traballo centrado no modelo educativo galeguista impulsado por Antón Alonso Ríos no primeiro terzo do século XX, froito da súa experiencia como docente na Arxentina, e implantado en Galicia pola Federación de Sociedades Galegas, Agrarias e Culturais de Bos Aires. Fálase do labor desenvolvido por Alonso Ríos e a Federación de Sociedades.

- Julio Prada Rodríguez, “A espada de Damocles do novo réxime: represión económica e depuración administrativa no primeiro franquismo”, pp. 71-91.

Abórdanse dous aspectos dos primeiros anos da ditadura franquista, a represión económica e a depuración administrativa. Con respecto ao primeiro, fálase das medidas levadas a cabo polo réxime con afán recadatorio, tales como exaccións ilegais, multas e incautación de bens das organizacións que se opoñían aos sublevados. Con respecto ao segundo, ilústrase como se produciu esta depuración, suspendendo de emprego e soldo a aqueles traballadores que non eran de total confianza e garantía para o réxime e premiando cun posto de traballo a aqueles que apoiasen a sublevación militar.

- Miro Villar, “As cicatrices do réxime na poesía galega nos primeiros anos da posguerra (1940-1955)”, pp. 93-111.

Partindo dunha contextualización sobre a situación socio-política e cultural da época, ofrécese unha panorámica da poesía galega dos primeiros anos da posguerra, distinguindo dous períodos: a poesía galega dende a guerra até a publicación de *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, en 1947 e a poesía galega dende a fundación da colección “Benito Soto” en 1948 até a aparición do poemario *O soño sulagado*, de Celso Emilio Ferreiro, en 1955. Faise tamén mención en cada período á poesía da emigración e do exilio. A continuación fálase dos poemarios publicados en 1955 e das revistas e suplementos literarios da época. Finalmente, incorpórase unha conclusión que dá conta das correntes poéticas existentes na poesía galega de posguerra.

- Luís Martínez-Risco Daviña, “Unha achega ao ensino da historia no franquismo”, pp. 113-127.

Dá conta do desenvolvemento do ensino español durante a ditadura franquista e, concretamente, do ensino da materia de historia. Logo dunha contextualización

histórica, coméntase que o control ideolóxico do ensino foi exercido pola Igrexa, que implantou un modelo confesional, e fálase das medidas levadas a cabo polo réxime para acadar un ensino patriótico e elitista, deténdose en dous elementos fundamentais, a existencia dun profesorado afín ao réxime e o control dos libros de texto. A continuación fálase da importancia da materia de historia na transmisión dos principios do réxime a través da divulgación dunha Historia transformada. Finalmente analízase brevemente o contido dos libros de texto.

- Mercedes Queixas Zas, “Silencio cultural e represión lingüística en Galiza durante o primeiro franquismo”, pp. 129-150.

Trátase a represión lingüística, literaria e cultural sufrida en Galicia nos primeiros anos do franquismo. Comeza cun epígrafe dedicado ao período comprendido entre 1931 e 1936, no que se produciu un segundo renacemento cultural e literario galego, e a continuación céntrase na etapa iniciada en 1939, marcada pola represión. Fálase da actividade cultural galega desenvolvida na emigración e no exilio e da escasa produción literaria en Galicia, así como dos primeiros proxectos editoriais galegos e da censura. Finaliza cun epígrafe que dá conta do aumento da actividade literaria a partir de 1950.

- Ramón Nicolás Rodríguez, “Manuel Luís Acuña: a partitura poética dunha xeración en fuga”, pp. 151-166.

Ofrécese datos biográficos e textos de Manuel Luís Acuña. En primeiro lugar, recóllese un texto pouco coñecido do autor publicado en *La Zarpa* e titulado “A trabajar”. Seguidamente, reproducense, precedidas duns comentarios, dúas recensións realizadas por Acuña como mostra da súa actividade crítica. Finalmente, recóllense datos biográficos e textos do poeta castelán Juan Alcaide, co que Acuña mantivo unha relación literaria, e dúas cartas inéditas de Alcaide a Acuña.

En “Fírgoas” inclúense as seguintes achegas:

- Bieito Alonso Fernández, “O Roteiro do Afranio: un proxecto (inacabado) de base popular”, pp. 167-168.

Breve texto no que se fala da figura de Antón Alonso Ríos e do extenso roteiro que percorreu fuxindo da represión franquista baixo o nome ficticio de Afranio de Amaral, que deu lugar á posta en marcha do Roteiro do Afranio.

- Manuel González Álvarez, “Cine e emigración baixo o franquismo”, pp. 169-185.

Traballo centrado na emigración como tema cinematográfico durante a ditadura franquista. Logo dun comentario inicial sobre o control da industria cinematográfica española durante este período, analízase como abordou o cinema os diferentes procesos relacionados coa emigración, que se presentan organizados nos seguintes epígrafes: “Causas da emigración”, “Saída e viaxe”, “Estancia en América”, “Regreso a casa: indianos, americanos e retornados” e “Cine e emigración”.

- Ramón Luís Acuña Sánchez, “Un prego de cargos mentireiro”, pp. 187-190.

Fálase da destitución dos mestres nacionais da República polo goberno franquista e, concretamente, da destitución de Manuel Luís Acuña Sarmiento. Recóllese o prego de cargos que recibiu Acuña, destacando que a gran maioría destes cargos non eran certos. Finalmente achéganse datos sobre a súa vida e obra.

- Xesús Alonso Montero, “Dúas cartas dun republicano galego condenado a morte: Francisco Lores López (A Coruña, 23 de marzo de 1937)”, pp. 191-198.

Reprodúcense dúas cartas escritas polo republicano galego Francisco Lores López. Os textos van precedidos dun epígrafe no que Alonso Montero explica como e por que conseguiu as cartas, unha sección na que se recolle a biografía de Lores López e un comentario dos textos.

No derradeiro bloque, “Relatorios”, son de interese para este *Informe* os seguintes textos:

- Xoán Carlos Domínguez Alberte, “Marcos Valcárcel: unha presenza constante na historia dos congresos Manuel Luís Acuña”, pp. 209-214.

Fálase do traballo desenvolvido polo profesor e historiador Marcos Valcárcel López para recuperar e divulgar a figura de Manuel Luís Acuña, especialmente dende o ano 1999, no que comezaron a celebrarse os congresos Manuel Luís Acuña.

- Xosé Manuel Cid Fernández, “De Ourense a Trives polos camiños das boas prácticas educativas”, pp. 227-240.

Propóñense catro roteiros histórico-pedagóxicos que percorren os lugares emblemáticos das boas prácticas educativas co obxectivo de dar conta da aposta da II República pola educación e de recuperar a memoria histórica dos mestres republicanos. Os itinerarios propostos son os seguintes: “Polo río Loña arriba”, “De Parada de Sil a Castro Caldelas”, “De San Xoán de Río á Pobra de Trives” e “Unha etapa de volta: Montederramo-Maceda”.

- Raúl Soutelo Vázquez, “Usos didácticos da memoria social da represión franquista: a Lola do Protasio, resistente, exiliada e retornada en Amoeiro”, pp. 241-251.

Traballo que dá conta dunha parte da memoria social da represión franquista como homenaxe aos veciños de Amoeiro que foron represaliados. O texto abre cun limiar introdutorio, ao que lle segue un epígrafe sobre a presenza da muller nos estudos sobre a represión franquista. A continuación fálase dos usos didácticos da memoria social dos represaliados polos franquistas. Finalmente recóllense as lembranzas de Dolores Vilamarín Otero, como exemplo da represión padecida polas mulleres.

- Ana Cebreiros Iglesias, “As outras armas do réxime: control ideolóxico e subordinación feminina na retagarda franquista”, pp. 253-263.

Traballo que ilustra a función das mulleres ourensás durante o período da guerra civil. Dáse conta das distintas actividades realizadas polo sector feminino na retagarda franquista e do afianzamento dun modelo de muller subordinada ao home, nai e ama de casa.

- Marília Julieta Rodrigues Gomes Ruivo, “As escolas do meu tempo. Planos e tipos de escolas do tempo da ditadura”, pp. 265-272.

Traballo que ten como tema o ensino en Portugal durante a ditadura de Salazar. Coméntase que o ditador promoveu un sistema educativo simple ao que só accedía unha parte da poboación e fálase da escaseza de escolas e mestres. Descríbese como eran as escolas e o día a día nelas.

Referencias varias:

- Xoán Carlos Domínguez Alberte, “Actas do IV Congreso Manuel Luís Acuña”, *La Región*, “Opinión”, 20 xuño 2013, p. 23.

Dá conta da saída do prelo destas *Actas* e da celebración dun congreso sobre a obra de Acuña cada tres anos co gallo de recuperala e dala a coñecer. Así, enumera os cinco congresos realizados até o de agora e continúa cunha descrición dos contidos do volume, do que salienta a inclusión de dúas cartas inéditas dun republicano galego e agradece a viabilidade de dita inclusión a Xesús Alonso Montero, así como a colaboración de Xosé Manuel Cid e Ramón Nicolás na organización dos congresos. Conclúe cunha recomendación de propor a figura de Acuña como homenaxeado no vindeiro Día das Letras Galegas.

- Xesús Alonso Montero, “O testamento de Lores López (23-3-1937)”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 532, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 24 agosto 2013, p. 9.

Comeza aludindo ao seu epistolario *Cartas de republicanos galegos condenados a morte (1936-1948)*, publicado hai catro anos e reeditado en 2010 co engadido de seis cartas. Comenta que segue a recompilar material para unha terceira edición, para a que xa conta con dúas cartas do cabo de garda de asalto Francisco Lores López, que acaba de publicar, cunhas notas súas, Xoán Carlos Domínguez Alberte nas Actas do IV Congreso Manuel Luís Acuña, que coordina. Explica a estrutura dese monográfico e refire, como aspectos destacados das cartas de Lores López, como son a “preocupación polo porvir económico dos fillos” e pola “súa condición moral”, ademais de matizar que lega aos descendentes un “nombre inmaculado y una conducta honrada”. Precisa que os orixinais desas cartas os custodia o fillo de Lores López, que non as leu até cumprir os vinte anos e que desa lectura naceu o compromiso coa “loita sindical e política nos duros anos do franquismo”.

Fandiño, Xosé Ramón (coord.), *Unha cesta chea de pombas e mazás*, [Santiago de Compostela]: Academia Real Isaac Díaz Pardo, 2013, 43 pp. (DL: 475-2013).

Colectánea de textos lidos durante a homenaxe a Isaac Díaz Pardo polo seu primeiro cabodano e que toma o título duns versos de Lorenzo Varela. A organización do acto correu a cargo da Academia Real Isaac Díaz Pardo, constituída formalmente un mes e medio despois, baixo a presidencia de Xesús Alonso Montero. Precisamente foi este quen deu introdución ao acto cun texto titulado “Semblanza moi incompleta de Isaac Díaz Pardo (con algunhas propostas)”. Deseguido a obra recolle dous apartados

(prosistas e poetas) cos textos e autores que participaron. No primeiro deles recóllense as seguintes colaboracións: “Isaac Díaz Pardo. Un pequeno motor de grandes cousas”, de Xosé Luís Axeitos; “Honoris”, de Xosé María Dobarro Paz; “Un ano. No cabodano da morte de Isaac Díaz Pardo”, de Inma López Silva; “Pernas, corazón e memoria”, de Martiño Noriega; “Palabras de amigo a amigo”, de Xesús Redondo Abuín”; e “Na morte de Díaz Pardo”, de Fernando Salgado. No apartado dedicado aos poetas atopamos os seguintes textos: “Isaac si: o home da memoria amorosa”, de Carmen Blanco; “Soneto solidario para Isaac Díaz Pardo”, de Xoán Xosé Fernández Abella; “Discurso teu...exemplo...(e na memoria)”, de David Otero; “Isaac”, de Luz Pozo Garza, “Compañeiro ancestral Isaac Díaz Pardo”, de Claudio Rodríguez Fer; e “Renace a primavera por Rianxo”, de Helena Villar Janeiro. O libro péchase cunha foto da campa de Isaac Díaz Pardo.

Referencias varias:

- Begoña Mouriño, “Homenaxes á traxectoria cultural de Díaz Pardo en Monterroso e Lugo”, *El Progreso*, “Comarcas”, 26 marzo 2013, p. 17.

Ademais de mencionar as homenaxes que se lle dedicaron a Isaac Díaz Pardo, menciona a presentación desta obra, na que “se recollen as intervencións dos escritores” que lle renderan unha homenaxe no seu cabodano. Informa que algúns dos participantes na obra tamén asistiron á presentación, caso de Xesús Alonso Montero, Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, Gregorio Ferreiro Fente e Fernando Pensado.

Fernández Ferreiro, Xosé, *Breves reflexións sobre os escritores e os xornalistas*, A Coruña: Real Academia Galega, 2013, 31 pp. (ISBN: 978-84-87987-84-7). ◆

Acóllese o discurso lido o 9 de marzo de 2013 por Xosé Fernández Ferreiro no acto da súa recepción na Real Academia Galega e a resposta de Manuel Rivas Barrós, intitulada “A roda nun mar de centeo”. Fernández Ferreiro reflexiona sobre o labor de Francisco Fernández del Riego, a quen pertencía a cadeira que ocupa, ao tempo que menciona outros nomes de escritores xornalistas, como Manuel Rivas, Carlos G. Reigosa e Carlos Casares. A continuación, Manuel Rivas realiza un sucinto repaso pola vida e obra do autor homenaxeado.

Fundación Vicente Risco, *Quen é Vicente Risco?*, Ourense: Fundación Vicente Risco / Xunta de Galicia / Concello de Ourense, 2013, 22 pp. (DL: OU-53-2013) ◆

Neste opúsculo recóllense os aspectos máis salientábeis da vida e da obra de Vicente Martínez-Risco Agüero, coñecido literariamente como Vicente Risco (Ourense, 1884-1963). Esta aproximación está xebrada en sete apartados: “A vida”, “Quen é realmente Vicente Risco?”, “A obra”, “O escritor” (no que se subliña que foi un escritor total, que cultivou principalmente o ensaio e a crónica periodística), “O pensador”, “O político” e finalmente “Risco hoxe”. Asemade conta con abondo apoio fotográfico, que complementa o texto, tirado da Fundación Vicente Risco.

García Negro, María Pilar, *Cantares gallegos, hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Oeste, 2013, 133 pp. (ISBN: 978-84-89323-88-9).

María Pilar García Negro, con motivo dos 150 anos da publicación de *Cantares Gallegos* (Vigo, 1863), realiza unha nova lectura de Rosalía de Castro, como se indica no subtítulo. O paratexto das dedicatorias, un dos iniciais, convoca a Pilar Pallarés e Marica Campo, pola querenza ou a continuación do xenio de Rosalía de Castro. A continuación, a “Nota inicial” ten o poder de sinalar desde que posicionamento e traxectoria se concibe este volume, que pretende levar ás librerías canto a autora verqueu na “docencia e divulgación continuada”. Aconséllase unha lectura acompañada do poemario ao que se fai referencia, especificanse as edicións empregadas e desvincúlase o libro de calquera proxecto universitario. A partir de aquí, sete epígrafes organizan reflexións, ligazóns e pensamentos sobre *Cantares Gallegos*. A primeira delas, “Á procura dunha muller chamada Rosalía de Castro”, estuda como a trepia muller-patriota galega-intelectual foi falseada ou desfigurada, cales foron os clásicos do rosalianismo ou con que lentitude arrancou a especialización universitaria arredor dela. A segunda, “Un paseo pola avenida dos adxectivos”, atende ás rotinas críticas (“romántica”, “costumista”, “folklórica”) que confinaron á autora no descritivo-interpretativo ou nunha relativa falsía de datos biográficos e bibliográficos. “Cantares e galegos. O porqué dun título” afonda na semántica superficial e profunda desta escolla, tendo en conta os gustos da época e as implicacións. Pola súa banda, “A carga de innovación e de singularidade dos *Cantares*...” revisa a aparición e a recepción do libro, mentres “Unha trepia para comprendermos *Cantares Gallegos*” se vale do prólogo co que a escritora encabeza o volume, de *Follas Novas* (1880) e das reflexións de Murguía en *Los Precursores* (1886) para reler significados. O sexto epígrafe, “O primeiro ensaio da Literatura galega”, detense no prólogo como presentación de credenciais da autora e empeño no emprego e dignificación dunha lingua e cita outros paratextos. “A organización do libro” explora a arquitectura de cantares, procurando establecer unha tipoloxía dos poemas. Tal estruturación serve de pórtico á última das epígrafes, nomeada “Os 36 poemas da 2ª edición”, que contén unha demorada revisión e comentario de cada unha das pezas poéticas da mentada edición de *Cantares Gallegos*. Alén da atención ao aspecto formal, acompáñase o devir dos poemas e aderézase a súa explicación con comentarios socioculturais cando veñen ao caso, expóñense nunha “Recapitulación” as achegas fundamentais do volume rosaliano, desde o seu carácter alboral e de renacemento dunha literatura culta en galego até a incorporación dun prólogo que convertería á autora na “primeira ensaísta da Literatura galega”, pasando polo versátil manexo e imbricación de xéneros diversos ou polo “feminismo raizal” que Pilar García Negro ou Kathleen March encontran na autora. O Apéndice recolle unha versión do segundo e décimo poema de *Cantares Gallegos*, seguido da reprodución de “La gaita gallega. Eco nacional” de Ventura Ruíz Aguilera e a coñecida “A gaita gallega. Resposta” de Rosalía, con estoutras cinco estrofas en resposta ao poeta. Pechan o volume as referencias bibliográficas.

Recensións:

- Román Raña, “Reveladora análise”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 463, “Libros”, 20 xuño 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 813, 22 xuño 2013, p. 10.

Comeza definindo esta obra como “unha reveladora análise acerca da obra rosaliana” xa que Pilar García Negro a enmarca no seu tempo e analiza polo miúdo a súa significación concreta e global. Salienta a transgresión da reivindicación “dunha lingua de noso e dun país” por parte desta autora en *Cantares Gallegos*. Afirma que esta monografía se sitúa “no ronsel de Catherine Davies e Francisco Rodríguez” porque ambos os dous “demostraron que a santiaguesa rompeu con esa imaxe pacata dunha bagaxe intelectual que desafiou a estreiteza da sociedade conservadora de entón”. Resalta que García Negro, no seu prólogo, considera a Rosalía como a primeira ensaísta da nosa lingua e insiste en que sabía de forma consciente que iniciaba “unha andadura sen retorno” e que ademais esta supoña unha dignificación do pobo galego e unha “denuncia da condición explotada da muller”. Remata precisando que esta monografía se alicerza nos conceptos de “significación e dignificación”.

- Vicente Araguas, “A xustiza pola man”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 806, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 806, p. 30, “Más libros”, 8 decembro 2013.

Fálase da presentación de *Cantares gallegos, hoxe*, de María Pilar García Negro, na Casa de Galicia en Madrid. Defínese o libro, publicado en Alvarellos Editora, como unha guía de lectura que analiza polo miúdo o texto de Rosalía de Castro. Saliéntase que o estudo se aborda dende a perspectiva sociolóxica, literaria e histórica e que García Negro desmonta os tópicos que se lle atribúen á poeta tradicionalmente.

Referencias varias:

- Marcos Manteiga, “Literatura dende Xallas e Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 543, “Trasquilator”, 1 maio 2013, p. 3.

Fala sobre a Feira do Libro que está tendo lugar na alameda de Santiago de Compostela. Di que Pedro Feijóo estará hoxe firmando exemplares d’*Os fillos do mar*, que se presentará o espectáculo *O mundo segundo Rosalía*, da Agrupación Cultural Medulio, con textos e poemas da poeta e que se organizará un encontro literario sobre Rosalía, no que terá lugar a presentación da obra de Pilar García Negro presentará *Cantares Gallegos hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro*.

- Marta Veiga, “Pilar García Negro: ‘Rosalía foi a poeta da compaixón, mais non lacrimóxena’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Vivir”, 11 maio 2013, p. 55.

Recóllense palabras da autora, M^a Pilar García Negro, na presentación da obra en Lugo, nas que afirma que “Rosalía foi a poeta da compaixón no sentido etimolóxico da palabra: padecer con, poñerse na pel dos máis febles”, que se levou a cabo unha “desactivación” da poeta de Herbón por unha “motivación ‘misóxina’ e para empequenecer “o símbolo maior de Galicia e das galegas e os galegos”, que “unha parte grandísima da súa obra en prosa está sen ler” e que ela tentou explicar *Cantares Gallegos* “desmusealizándoos” e explicando a escolla da figura totémica do gaiteiro, que encarna “o ideal erótico, o sentimento amoroso, o esforzo verbal da vella esmoleira, o diálogo entre a costureira e a santa...”. Conclúe explicando a historia do gravado que aparece na cuberta da obra.

- Joel Gómez, “María Pilar García Negro: ‘Sen Rosalía non se entende a literatura galega posterior’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 28 maio 2013, p. L2.

Conversa coa autora desta obra na que afirma que Rosalía de Castro é “unha clásica e representa o gran papel de símbolo nacional maior galego”. Salienta a vixencia de *Cantares Gallegos*, que o galego non é unha “lingua normal nos usos sociais e públicos”, que “a patria galega non ten encaixe no marco xurídico-político actual” e que “a igualdade das mulleres é moito máis declamada que existente na realidade material e social”. Afirmar a centralidade de Rosalía, critica a presentación como descuberta de aspectos fundamentais da obra rosaliana que hai décadas foron xa expostos, explicados e divulgados, nunha omisión interesada de bibliografía rosaliana central como a de Francisco Rodríguez de 1988, ou outra anterior de Carvalho Calero. Reivindica que é preciso que Rosalía de Castro ocupe “o lugar que merece nos planos de estudo, porque se se ignora, sen Rosalía non se entende toda a literatura galega posterior” e que se lea e se explique ben a súa produción de forma continua, non como un labor “limitado a un ano”.

- A. Iglesias, “Homenaje del Ateneo a Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 maio 2013, p. 31.

Dáse conta dunha conferencia no centro NCG en homenaxe a Rosalía de Castro a cargo de María Pilar García Negro, que leva por título “*Cantares gallegos hoxe: unha lectura actualizada da obra de Rosalía de Castro*”.

- Salvador García-Bodaño, “Entre visións fóra do tempo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “No pasar dos días”, 2 xuño 2013, p. 3.

Comeza afirmando que “lembrar fuxidíos intres da nosa existencia é como soñarmos espertos”, algo que lle sucedeu no relatorio de María Pilar García Negro pronunciado no ateneo compostelán dentro dos actos conmemorativos do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*. Precisa que o relatorio se intitulaba igual que a monografía, a terceira desta autora sobre a poeta de Herbón, estudos todos eles cos que García Negro “vén contribuir a liberar, de xeito inequívoco, a Rosalía da longamente sufrida opresión dunha depreciada e distorsionada consideración oficialista a respecto da súa vida e da súa obra”. Rememora así mesmo a primeira conmemoración do Día das Letras Galegas cunha conferencia de Carballo Calero, a lectura de poemas a Rosalía por parte de Xohana Torres, Carlos Casares, Arcadio López Casanova e el mesmo. Remata precisando que eses poemas despois se recolleron no primeiro número de *Grial. Revista Galega de Cultura*, que se iniciaba cun limiar no que se salientaba que “En 1863, Rosalía abre con ese libro o camiño da dignificación cultural da nosa lingua”.

- Ramón Nicolás, “Rosalía: libros e música”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 534, “Letras en galego”, 7 setembro 2013, p. 4.

Dáse conta da publicación de varios traballos editoriais, académicos e musicais sobre a obra de Rosalía de Castro co gallo da celebración dos cento cincuenta anos da aparición de *Cantares Gallegos*: a edición deste poemario en Xerais a cargo de Anxo Angueira; “*Cantares Gallegos, hoxe*”, a monografía de María Pilar García Negro sobre a figura e a obra da escritora galega; *Novas olladas sobre Rosalía de Castro*, o conxunto de ensaios

de varias investigadoras aparecidos no número 194 de *Grial. Revista de cultura*; o traballo musical de Uxía Senlle, *Rosalía pequeniña*, un álbum ilustrado que inclúe numerosas interpretacións musicais da artista; e *Na lingua que eu falo*, o libro-cd da cantante galego-palestina Najla Shami.

- Suso Souto, “Pilar García Negro presenta su libro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 683, 18 setembro 2013, p. 6.

Infórmase da presentación do libro de Pilar García Negro, *Cantares Gallegos hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro*, en Ribeira.

- Marica Campo, “Galegos e Madrid”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”,/ *El Progreso*, “Opinión”, “A tecelá en outono”, 22 novembro 2013, p. 29.

Comenta, ademais doutros eventos, o acto de presentación na Casa de Galiza en Madrid do volume de María Pilar García Negro ao redor da obra de Rosalía de Castro. Indica a participación na clausura do director de dita institución, José Ramón Ónega, para despois tratar a cuestión do pasamento de Doris Lessing, autora d’*O caderno dourado* (1962).

Gegúndez López, Carlos, *Canitrot. Cen anos de esquecemento*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Oeste, 2013, 156 pp. (ISBN: 978-84- 9323-87-2).

Neste ensaio de Carlos Gegúndez, que adica a Eduardo Canitrot e conta con distintas citas a propósito do persoeiro tratado, faise un repaso pola vida e obra de Prudencio Canitrot (1883-1913). Ábrese o volume cunha presentación do traballo realizado por Carlos Gegúndez a cargo de Xulio Pardo de Neyra, que precede a “Dúas verbas do autor”. O corpo central do libro consta de tres partes: unha que fala sobre a vida de Canitrot, unha escolma de contos do autor e un apéndice documental. Na primeira parte, abórdase a curta pero intensa vida do autor pontevedrés Prudencio Canitrot, que foi escritor, pintor, ilustrador e promotor cultural, politicamente activo e vencellado ao movemento rexionalista, bebendo de Manuel Murguía e Ramón del Valle-Inclán e establecendo relacións co mesmo Alfonso Castelao. Así mesmo salientase que é o promotor da primeira Exposición de Pintura Gallega (1912) en Madrid e fundador da Biblioteca de Escritores Gallegos (1910). A medida que a obra avanza, vanse intercalando fotos das obras e dos acontecementos importantes que arrodean a este personaxe. A segunda parte está composta por unha escolma de dez contos considerados os máis importantes do autor. Por último, hai un apéndice documental no que agroman escritos, notas, cartas e dedicatorias da propia man de Canitrot.

Recensións:

- Estro Montaña, “No cambio de século”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 467, “Libros”, 5 setembro 2013, p. VI/*La Opinión*, “Saberes”, n.º 419, “Letras galegas”, 14 setembro 2013, p. 10.

Detense en resaltar o labor de Canitrot a prol da Literatura galega dende distintas vertentes literarias e culturais. Remata apuntando que con motivo do centenario do seu

pasamento se publica este monográfico que contén a súa biografía, unha selección de contos e cadros de e sobre Canitrot ademais de abondosos documentos.

Referencias varias:

- Belén López, “Alvarelos recupera a vida e a obra de Prudencio Canitrot”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, “Vivir aquí”, 25 xaneiro 2013, p. 67.

Anuncia a publicación dunha biografía de Prudencio Canitrot por parte da editorial compostelá Alvarelos, na que colaborará Carlos Gegúndez, especialista en Canitrot, e na que se inserirá unha antoloxía da súa obra. Sintetiza trazos da bibliografía de Canitrot e recolle palabras de Quique Alvarelos, nas que salienta que Canitrot, no momento da súa morte, xa era considerado “fillo literario de Valle-Inclán” e “artífice dos movementos culturais galegos que entre o Rexurdimento e Xeración Nós se desenvolven en Madrid e na diáspora”. Remata apuntando que esta mesma editorial tamén sacará do prelo a obra completa de Canitrot, composta por contos, novelas e textos xornalísticos e na que tamén participará Carlos Gegúndez.

Iglesias González, Xaime, *José Silvent Martínez, o mítico Barriga Verde*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Biblioteca Niké, 2013, 235 pp. (ISBN: 978-84-15699-28-6). ■

Volume sobre a figura de José Silvent Martínez (Santa Marta, Badajoz, 1886-1970), o bonequeiro máis popular de Galicia durante o século XX, que lle deu vida ao monicreque Barriga Verde. A obra, subvencionada polo Concello de Pontevedra, abre cunha dedicatoria do autor. A continuación preséntase o “Prólogo” de Jorge Rey, director de Títeres Cachirulo, onde se eloxia este traballo. Séguelle a sección “Unhas verbas de obriga”, na que o autor presenta a obra e dálles as grazas a todos os que a fixeron posíbel. A continuación hai unha “Introdución” que dá paso aos nove capítulos dos que se compón o estudo. Neles céntrase na figura de José Silvent dende que marchou da casa en Estremadura sendo un adolescente e chegou a Pontevedra co seu teatro de bonecos a comezos do século XX, logo de pasar un tempo en Portugal; fálase da familia e veciños de Lérez, lugar no que viviron; e abórdanse os primeiros anos de actividade de Silvent, nos que era un artista ambulante, ofrecendo detalles sobre o espectáculo e o seu personaxe principal: Barriga Verde. Tamén se fala do segundo período de actividade, no que o bonequeiro mercou unha barraca e se converteu en empresario cun espectáculo familiar; descríbese a estrutura das funcións, que contiñan unha primeira parte de “variétés” seguida do teatro de bonecos, e dáse conta dalgunhas pezas representadas, das que se ofrecen os posíbeis diálogos. Fálase dos inicios do teatro de bonecos en Galicia e da influencia que tiveron os monicreques portugueses e a *commedia dell’arte* italiana no espectáculo de Silvent, ademais de se referir á actividade durante a tempada de inverno, cando a familia ía polas aldeas e vilas cun espectáculo que ofrecía proxeccións de cine, monicreques e baile. Por último, trátase a popularidade que acadou o espectáculo da familia Silvent, salientando que nunca deixaron de representar as obras en galego, nun momento no que estaba perseguido. Péchase a obra cun apéndice, no que se fala da situación do teatro de bonecos galego dende a retirada de José Silvent en 1964 até a actualidade e ofrécese imaxes dos monicreques, dos instrumentos e da barraca da familia.

Referencias varias:

- Marta Luque, “Volve a Pontevedra o monicreque Barriga Verde”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 28 setembro 2013, p. 60.

Comeza reproducindo unhas palabras do autor nas que explica a orixe de Barriga Verde, que escribiu esta obra para “divulgar e potenciar o monicreque tradicional galego” e porque “presenciei o teatro de pequeno”.

- Belén López, “Barriga Verde plantáballe cara ao rico, ao cura e ao mesmísimo demo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 15 novembro 2013, p. 69.

Fálase sobre a presentación desta obra editada polo Concello de Pontevedra e Urco Editora, unha compilación minuciosa de datos biográficos e fotografías sobre a figura do precursor dos espectáculos de monicreques en Galicia.

Laso Lorenzo, Rafael, *Carlos Casares, o amigo das palabras*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Reportaxe, 15 marzo 2013, 109 pp. (ISBN: 978-84-9865-471-4).

Estudo sobre a biobibliografía de Carlos Casares (Ourense, 1941-Vigo, 2002) realizado por Rafael Laso Lorenzo e artellado en tres capítulos. No primeiro deles, “O amigo das palabras”, repasa, ao longo de tres períodos (de 1957 a 1971, de 1972 a 1987 e de 1988 a 2002) datos da biografía casariana, que mestura con breves valoracións propias e de amigos e familiares sobre a súa obra. No segundo capítulo, “Contar o mundo. Obra literaria”, enumera cronoloxicamente a súa produción poética, narrativa, biografías, literatura infantil e outras obras, así como as traducións que realizou e as obras de crítica literaria, artigos e edicións propias ou de amigos seus. No terceiro capítulo, “Instantáneas da vida”, reproduce unha selección de fotografías en branco e negro de Carlos Casares e da súa familia e amigos, que complementan e dan conta da súa faceta persoal e cultural. Engade un último capítulo, “As palabras dos amigos”, onde se transcriben as respostas de persoas de diferentes profesións relacionadas coa cultura galega e mesmo doutras que non chegaron “a coñecelo en vida nada máis que a través dos seus libros ou por referencias doutros” a unhas preguntas relativas á visión que tiñan de Carlos Casares como escritor e como persoa, ás calidades máis representativas da súa escrita, ás razóns polas que salientarían unha soa obra súa e á pregunta que lles gustaría facerlle a Casares na actualidade. O estudo péchase cunha “Bibliografía” na que inclúe algúns dos estudos, entrevistas, libros e páxinas en liña que dan conta da vida e obra de Carlos Casares.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “O valor da palabra”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 514, “Letras en galego”, 20 abril 2013, p. 8.

Comenta que Rafael Laso revisou a biobibliografía de Carlos Casares como homenaxe a este autor cando se cumpren dez anos do seu pasamento. Refire que Rafael Laso realiza un percorrido memorialístico e “nalgunha medida sentimental” das súas vivencias, no

que traza, “con solvencia e axilidade”, a biografía de Casares e establece unha catalogación cronolóxica e xenérica da súa produción literaria. Alude á fotobiografía que recompila sobre Casares e á sección final da monografía na que amigos e coñecidos do autor ourensán evocan “o papel relevante que Casares desenvolveu na literatura e na cultura galega ao longo da súa vida”, a través das respostas a unha breve enquisa.

- Dorinda Castro Soliño, “Sempre Casares”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 457, “Libros”, 9 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 409, “Letras galegas”, 11 maio 2013, p. 10.

Comeza aludindo ao décimo aniversario do falecemento de Casares e á homenaxe que se lle rende nesta monografía. Explicase que nela se acollen fotografías de Casares, unha “extensa e detallada biografía” na que ademais se refiren “os acontecementos históricos máis importante da época” e así mesmo unha semblanza, realizada por trinta e tres familiares, amigos e persoas vinculadas a Casares. Cítanse os seus nomes e algunhas das preguntas ás que responderon na semblanza, destacando que todos coinciden en resaltar a “bonhomía do autor, a súa alegría de gozar cunha tarde de conversa cos amigos, o seu traballo para conseguir un estilo depurado, a súa capacidade de cultivar todos os rexistros: narrativa longa, breve, ensaio, crónica, columnismo, crítica, tradución, literatura infantil...”.

Referencias varias:

- X. F., “Un libro recolle unha achega biográfica e un retrato colectivo de Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 abril 2013, p. 34.

Indica que viu a luz na editorial Galaxia, que dirixiu Carlos Casares e na que se acolle a súa produción, unha obra sobre el, con motivo do décimo aniversario do seu pasamento. Explica que esta monografía contén unha achega biobibliográfica, con textos e fotografías, así como un retrato colectivo, elaborado a partir das respostas de trinta e tres persoas a un cuestionario sobre este autor ourensán. Matiza que a obra comeza cun percorrido biográfico, subdividido en tres etapas, ao que segue unha listaxe da súa produción, na que se inclúen as traducións a outras linguas, e unha selección fotográfica da súa vida privada e das actividades nas que participou como autor e xestor da cultura. Tamén se alude á publicación d’*O mundo que teño de meu*, unha recompilación de artigos de Álvaro Cunqueiro publicados en lingua galega entre 1930 e 1980, que van encabezados por unha introdución dos editores.

- Xosé Carlos Caneiro, “Don Paco e Carlos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 519, “Club dandi”, 25 maio 2013, p. 9.

Comeza apuntando que a fotografía de Carlos Casares da cuberta da obra llo trae de novo, “sempre, cuco, astuto, sereno, cun sorriso leve que debuxa a felicidade que transmitía a todos os que o quixemos”. Explica que grazas a esta obra se reconforta “na amizade, na literatura, na memoria e no recendo máis certo dos momentos imborrables” e que, a través das trinta e tres entrevistas a amigos seus, percibe que está “vivo aínda na memoria de Nós” e sente que pode escribir sobre Casares “sen sentir a nostalxia (a volta á dor), a melancolía de non poder partillar palabras en sobremesas, contos, e máis contos, e contos outra vez”. Apunta que Carlos Casares é “un dos nomes fundamentais da nosa historia literaria, e tamén social e cultural” e que a súa figura “se engrandece

cada ano que pasa”. Recomenda *O sol do verán* (2002) como “unha novela fundamental do noso corpus literario”, cuxa lectura conduce a ler despois o resto da súa produción, e salienta que, xunto con Francisco Fernández del Riego, exemplifican que Galicia ten “na súa cultura o seu maior patrimonio”. Alude ao libro publicado sobre Fernández del Riego e Vigo, no que colaboran distintos intelectuais e que matiza que se debe “ler por anacos”, como gustaban de ler Casares e Fernández del Riego.

López Carreira, Anselmo, *Historia de Galicia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, xullo 2013, 302 pp. (ISBN: 978-84-9914-532-7).

Anselmo López Carreira fai un repaso pola historia de Galicia dende a Prehistoria até a actualidade incluíndo textos, gráficos, debuxos, mapas, climogramas, fotografías e pirámides de poboación. Céntrase, en cada período, nas mostras culturais e literarias que se conservan mencionando os autores e as obras máis destacábeis do momento. Así, faise alusión á produción lírica medieval, tanto profana como relixiosa, citando autores e transcribindo algunha cantiga e as cartas forais, textos historiográficos e documentos xudiciais e administrativos. No século XV inclúense fragmentos de documentos relixiosos, de documentos redactados por cabidos e da *Crónica de Santa María de Iria*. A resistencia nobiliaria que levou a cabo Pardo de Cela ilústrase coa inclusión dun fragmento do *Pranto da Frouseira*, texto anónimo e de *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas. Do mesmo xeito, o autor recorre a outros poemas que están en relación con feitos históricos relevantes como o saqueo de Cangas polos turcos. En séculos sucesivos, cita os autores máis destacados e as súas obras, das que ás veces inclúe algúns versos ou parágrafos significativos e unha reprodución das cubertas.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Historia e literatura de onte”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 535, “Letras en galego”, 21 setembro 2013, p. 8.

Preséntanse dous ensaios sobre acontecementos históricos e literarios de Galicia: *Historia de Galicia*, de Anselmo López Carreira; e *Historia da Literatura Galega I*, de Xosé R. Pena, ambos editados en Xerais. Apúntase que o primeiro, de ton divulgativo dende unha perspectiva endóxena, informa sobre asuntos como as cultura dos petróglifos e castrexa, os trazos definitorios da Gallaecia romana ou a importancia do reino dos suevos, entre outros. Explícase que o ensaio de Pena, o primeiro volume dos tres que compoñerán esta Historia da Literatura galega, se centra nas orixes da literatura galega até 1853. Cualifícase de achega fundamental para a historia dos estudos literarios polo que supón de actualización e divulgación de patrimonio literario galego.

Referencias varias.

- Ana López, “O Culturgal e o Salón do Libro irmánanse”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 2 decembro 2013, p. 50.

Infórmase da celebración do Culturgal na cidade de Pontevedra. Dá conta ademais, da entrega do recoñecemento ao Salón de Libro e das novas publicacións como *Historia de Galicia* de Anselmo López Carreira, entre outras.

López-Casanova, Arcadio, *A modernidade poética de Rosalía: unha interpretación. Discurso lido o día 9 de novembro de 2013, no acto da súa recepción, polo ilustrísimo señor don Arcadio López-Casanova e resposta do excelentísimo señor don Xesús Alonso Montero*, A Coruña: Real Academia Galega, 2013, 83 pp. (ISBN: 978-84-84-87987-88-5). ◆

Volume que acolle o discurso pronunciado por Arcadio López-Casanova no seu ingreso como Membro de Honra na Real Academia Galega o 9 de novembro de 2013 e a resposta de Xesús Alonso Montero, actual presidente da Real Academia Galega. López-Casanova fai unha análise da modernidade poética de Rosalía de Castro, centrándose en *Follas Novas* (1880). Demostra que a obra é un fito absolutamente illado, por introducir “signos de modernidade” no conxunto lírico da Península. Atende á tipoloxía do suxeito poético, xa non romántico, e á imaxe poética, simbólica, que até entón non existía. Afirma o dobre valor de Rosalía xa que, ademais de grande poeta, é precursora, traendo á lírica galega o que entra nos anos vinte coa xeración da Vangarda. Remata o seu discurso cun poema do libro inédito *As voces da máscara*, un monólogo escénico no que representa o sentir da autora nos derradeiros días da súa vida. Na súa resposta, Xesús Alonso Montero fai unha retrospectiva sobre a vida literaria do novo membro honorario, afirmando que é un home importante no eido da creación poética e peza importante para o desenvolvemento da lírica en lingua galega, achegándose á súa produción. A obra complementase cunha breve bibliografía de Arcadio López-Arcadio, redactada por el mesmo e estruturada en dous grandes apartados: “Creación poética” e “Teoría, Crítica e Historia literarias”.

López García, Xosé, Manuel **Rivas Barrós** e Rosa **Aneiros Díaz** (coords.), *A comunicación en Galicia 2013*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Documentos&informes, 2013, 262 pp. (ISBN: 978-84-92923-47-2). ◆

Informe que se abre cunha presentación dos coordinadores na que salientan que pasaron xa vinte anos dende o primeiro *Informe da comunicación en Galicia* que publicou a Sección de Comunicación do Consello da Cultura Galega e que permitiu abrir unha liña de traballo “fundamental para entender a evolución da comunicación e da cultura nos últimos anos do segundo milenio e nos primeiros do terceiro milenio”. O volume, que se pode consultar tamén na páxina en liña http://www.consellodacultura.org/mediateca/extras/comunicacion_2013.pdf, presenta dezasete achegas, de entre as que é de interese para este *Informe* a que segue:

- Xosé A. Neira Cruz, “Xornalismo e literatura en Galicia 2010-2012: seis W’s ao servizo dos contadores de historias”, pp. 203-214.

Rastrexo polos principais xornais galegos, suplementos de cultura e blogs nos que os diferentes articulistas, columnistas, cronistas e autores de ficción tratan a Literatura galega.

López Silva, Inma, Roberto **Pascual** e Dolores **Vilavedra** (eds.), *40 anos daquel Abrente*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, novembro 2013, 876 pp. (ISBN: 978-84-453-5120-8). ♦

Volume coordinado por Inma López Silva, Roberto Pascual e Dolores Vilavedra que se abre cun limiar de Xesús Alonso Montero intitulado “Hai corenta anos (1973): cando Talía se instalou en Ribadavia” que, entre outras moitas cousas, lembra e resalta a importancia do inicio das actividades teatrais de Abrente, esenciais “no acontecer teatral galego”. A continuación a monografía acolle os dez textos que foron premiados nas diferentes edicións do concurso, cuxos orixinais se atopan no arquivo do Museo Etnolóxico de Ribadavia: *Zardigot*, de Euloxio R. Ruibal (pp. 17-100); *Farsa de Bululú*, de Manuel María (pp. 101-181); *A volta de Edipo*, de Ánxeles Penas (pp. 183-209); *A tola xuizosa*, de Manuel Domínguez Quiroga (pp. 211-262); *O cabodano*, de Euloxio R. Ruibal (pp. 263-291); *Laudamuco, señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño (pp. 293-345); *Progreso e Andrómena de Antroido*, de Camilo Valdehorras (pp. 347-563); *Traxicomedia do vento de Tebas namorado dunha forza*, de Manuel Lourenzo (pp. 565-654); *Os burros que comen ouro (nunca cabalos serán)*, de Bernardino Graña (pp. 655-742); e a *Bailadela da morte ditosa*, de Roberto Vidal Bolaño (pp. 743-864). Para pechar o volume inclúese unha breve nota da vida e datos sobre a obra dramática dos autores dos textos.

López Valcárcel, Xulio, *Raíz e canto. Nomes para unha crónica vital e literaria. I. Exiliados e desterrados. Rosalía e outras luces* (*Antón Avilés de Taramancos / Tomás Barros / Sofía Casanova / Lorenzo Varela / Fiz Vergara Vilariño / Francisco Añón / Rosalía de Castro / Anne Marie Morris / Luís Pimentel*), limiar Armando Requeixo, Ferrol: Sociedade Cultural Valle-Inclán, col. Soláster, 29 xuño 2013, 212 pp. (ISBN: 978-84-92597-29-1).

Compilación de nove biobibliografías de diferentes autores da man de Xulio López Valcárcel, que se inicia cun limiar asinado por Armando Requeixo, no que se destaca a estreita relación de López Valcárcel coas lecturas que realizou e que deron orixe ao presente traballo. Sinálase que o autor se centra na vida e nas principais creacións de case unha decena de poetas relevantes, coa excepción de Sofía Casanova, quen unicamente foi “versificadora de primeira hora”, mentres que na madurez se decantou pola novela e o ensaio. Requeixo explica que a elección dos persoeiros responde a tres razóns: o interese literario de López Valcárcel, o feito de seren estudados con anterioridade e as relacións afectivas co autor. Resalta, tamén, unha característica fundamental da obra: “Todos estes asedios biobibliográficos teñen, amais, a moi grata virtude de desenvolverse alleos ao soporífero academicista. Porque se pode analizar con rigor extremo e asemade deleitar cunha prosa estética e de calidade”. Indica que terá unha segunda entrega que versará sobre escritores “do Aquén”, que “seguen percorrendo os raís da escrita”. O texto estrutúrase en dúas partes principais: “Exiliados e desterrados” e “Rosalía e outras luces”. A primeira parte inclúe: “Antón Avilés de Taramancos, exiliado de dúas patrias”, “Tomás Barros, a arte como refuxio”, “Sofía Casanova, a «babunita» escritora”, “Lorenzo Varela, lonxe e preto” e “Fiz Vergara Vilariño, orfo en terra adentro”. A segunda parte está conformada por: “Francisco Añón, o infortunado”, “Esencial Rosalía”, “Anne Marie Morris, rosaliana de alén mar” e “Luís Pimentel na alameda luguesa”. Os nove textos comezan con cadanseus epígrafe e dedicatoria e complementáanse con retratos feitos por Carlota e Pedro Bueno.

Recensións:

- Miguel Sande, “Marabillosas crónicas vitais e literarias”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 546, 16 novembro 2013, p. 9.

Refírese a esta obra de Xulio L. Valcárcel que se divide en dúas partes nas que revive a memoria de escritores: “Exiliados e desterrados”, que dá conta de figuras como Antón Avilés de Taramancos, Tomás Barros, Sofía Casanova, Lorenzo Varela e Fiz Vergara; e “Rosalía e outras luces”, que se achega a Francisco Añón, Rosalía de Castro, Anne Marie Morris e Luís Pimentel. Destácase a súa prosa coidada e espléndida “marcada polo interese literario”

Referencias varias:

- Xosé Neira Vilas, “Crónicas dun poeta”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 17 novembro 2013, p. 2.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria literaria de Xulio López Valcárcel, co gallo da saída ao prelo de *Raíz e Canto I. Nomes para unha crónica vital e literaria* (2013). Sinala a estrutura bipartita do volume, así como a liña temática e destaca o gran labor de investigación de López Valcárcel. Doutra banda, indica outras escritas do autor coma os poemarios *Solaina da ausencia* (1986), *O sol entre os dedos* (1993), *Memoria de agosto* (1993), *En voz baixa* (1996), *Casa última* (2003); a recompilación de ensaios *No corazón de Galicia: viaxe polas terras de Chantada e a Ulloa* (2001); e os textos de narrativa *Anel de mel* (1991) e *Campo de Marte* (1999). Remata cunha recomendación da súa lectura.

López Vázquez, Ramón, *Domingo García-Sabell e a fenomenoloxía*, Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Secretaría Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia, 2013, 375 pp. (ISBN: 978-84-453-5098-X). ◆

Ensaio sobre as ideas de Domingo García-Sabell (Santiago de Compostela, 1908-A Coruña, 2003) a cargo do doutor en Filosofía Ramón López Vázquez. Abre cunha dedicatoria, “Para Nicolás e Xacobe, con esperanza”, un índice e unha fotografía de García-Sabell. A continuación atópase un exordio no que se sinala que se trata dun libro sobre fenómenos aparentemente diferentes pero relacionados, de maneira que constitúen unha unidade. Indícase que é, ademais, un libro sistémico, que se centra no sentido da expresión ser-no-mundo. Adiántase que “O que corresponde en exclusiva á persoa de Domingo García-Sabell é a atmosfera de optimismo cósmico e o aderezo de esperanza vital”. Finaliza cun agradecemento a Teresa, filla do autor estudado. A introdución que segue destaca o afán polo coñecemento que caracterizou a García-Sabell, así como a súa faceta lectora e a produción dunha ampla e diversa obra. Realízase, tamén, un percorrido pola biografía do intelectual, médico, pensador, ensaísta e crítico literario. O texto estrutúrase en dúas grandes partes, que se complementan con abondosos epígrafes e citas textuais de García-Sabell. A primeira contén os seus principios teóricos, os cales derivan da descrición fenomenolóxica que empregou para a comprensión antropolóxica,

sempre partindo da intuición, cunhas actitudes moi positivas e prestando especial atención aos feitos concretos; explica os seus pensamentos e as súas reflexións e salienta que insistiu na creación de novos referentes para a vida moral. A segunda parte actualiza ese amplo ideario para o caso galego, tendo en conta que Galicia estivo situada no centro da actividade intelectual de García-Sabell. Estúdanse, entre outros aspectos, o galeguismo, os tópicos sobre Galicia e a europeización, mirando dende a perspectiva do intelectual. Finalmente, teñen cabida na obra diversos escritores galegos, na súa meirande parte coetáneos do pensador, ben pola relación que mantiñan entre eles, ben polas análises a que os someteu: Valle-Inclán, Otero Pedrayo, Rosalía de Castro, Castelao, Cunqueiro e Manuel-Antonio. En derradeiro lugar, inclúese un epítome, a bibliografía de García-Sabell e mais outra bibliografía empregada na elaboración da obra.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “O intelectual ante a historia”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 546, 16 novembro 2013, p. 9.

Dáse conta da publicación por parte do Centro Ramón Piñeiro do libro *Domingo García-Sabell e a fenomenoloxía* cuxo autor, Ramón López Vázquez, aborda a significación do pensamento do intelectual galego. Destácase a importancia que a esperanza tiña na reflexión de García-Sabell e a lucidez coa que se achegou á natureza da creatividade.

Referencias varias:

- E. Álvarez, “Unha obra artella ensaios e vida do domingo García-Sabell filósofo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 outubro, 2013, p. 39.

Fálase da presentación da obra e sinálase que son ensaios do médico e humanista compostelán, así como elementos da súa biografía. Explicase a estrutura da obra, que consta dunha primeira parte de principios teóricos e unha segunda que contén a aplicación destes á cultura galega da segunda metade do século XX.

- Alberto Mahía, “Un libro ‘crucial’ réndelle tributo ao Domingo García-Sabell filósofo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 decembro 2013, p. 45.

Achégase información sobre a presentación na sede da Real Academia Galega desta obra e explícase que é un percorrido pola vida e obra deste médico e escritor galego. Sinálase que a publicación está editada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística por medio do proxecto de recuperación de textos de Centro Ramón Piñeiro para a Investigación e Humanidades.

Lorenzo Baleirón, Manuel, *Sen agardar a Ulises. Vida de Rosalía*, Padrón: Fundación Rosalía de Castro, 15 xullo 2013, 208 pp. (ISBN: 978-84-87668-38-0).

Volume biográfico sobre a poeta Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837- Padrón, 1885) de Manuel Lorenzo Baleirón e que aparece traducido a tres idiomas máis

alén do galego: castelán (tradución do propio Lorenzo Baleirón), inglés (John Rutherford) e francés (Christine García). A través de distintos capítulos o autor percorre a vida de Rosalía de Castro, dende a súa infancia até a súa morte, e incorpora datos das últimas investigacións que, en parte, corrixen ou completan a narración tradicional sobre a traxectoria vital e intelectual da escritora. Ao longo das case corenta e cinco páxinas que ocupa a versión completa en galego atopamos unha recompilación moi atinada e didáctica dos sucesos literarios (sobre todo os *Cantares gallegos*) e das pericias vitais co seu home, Manuel Murguía.

Referencias varias:

- A. Agulla, “Queremos Galego presenta hoxe a última biografía de Rosalía de Castro”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 24 outubro 2013, p. 17.

Alude á presentación desta obra na Biblioteca Vidal Pazos, na que intervirán o autor e o presidente da Fundación Rosalía de Castro, Anxo Angueira. Explica que esta biografía foi un encargo da propia Fundación para “actualizar a figura de Rosalía” e que se publicou de forma “multilingüe” para tratar de achegar esta autora a falantes galegos, casteláns, franceses e ingleses.

Lorenzo, Marcos, *Karlotti, un poema crónico*, Rianxo: Editorial Axóuxere, col. Vividores, n.º 1, xullo de 2013, 224 pp. (ISBN: 978-84-941379-0-7).

Empregando a técnica da historia de vida, Marcos Lorenzo fai un repaso pola biografía de Juan Carlos Valle ‘Karlotti’. A obra, estruturada en seis apartados, abre cunha dedicatoria do autor, á que lle segue unha “Introdución” na que se reflexiona sobre a sociedade e o estilo de vida actuais e invítase ao lector a reflexionar sobre a súa propia vida. Explicase que o libro é o primeiro dunha serie que ten por obxecto indagar nas biografías de personaxes que encaixan na categoría de “vividor” para mostrar exemplos de vidas plenas das que o lector poida aprender. A continuación, ofrécese tres apartados sobre a biografía do entrevistado. O primeiro, “Nenez e mocidade”, dá conta dos seus primeiros anos de vida. Fálase da súa infancia en Galicia e da marcha da familia a Valladolid, onde, acompañado dalgúns amigos, Karlotti fundou revistas de poesía e organizou movementos políticos e literarios que o levaron a enfrontarse á censura e a ser detido en numerosas ocasións. Retrátase a vida destes mozos revolucionarios durante o franquismo e os primeiros anos da democracia, ofrecendo comentarios do propio Karlotti sobre o ambiente cultural da época, a violencia policial e os anos da Movida e da expansión das drogas. Fálase tamén dos seus anos como universitario e do seu primeiro amor. Finalmente, dáse conta de como viviu Karlotti a Transición e o episodio do 23 F. En “A viaxe” retrátase unha ruta que o protagonista realizou arredor de 1977 xunto ao seu amigo Javier, movidos polos seus desexos de experimentación. A viaxe levounos a percorrer durante algo máis de dous anos países como Grecia, Italia, Irán ou Afganistán, e a desenvolver diferentes traballos até chegar ao seu último destino, a India, onde atoparon unha nova cultura que os engaiolou. Reprodúcense nesta sección unhas instantáneas recreadas por Karlotti como síntese da viaxe pola India. Finalmente, en “Madurez e algúns saberes”, dáse conta da vida dun Karlotti adulto. Fálase da publicación do seu primeiro poemario, *Todos los jueves salvo la luna* (1983), e céntrase noutros avatares vitais. No final da sección reprodúcese a

composición “Un poema crónico”. Séguelle un “Epílogo” que recolle algunhas reflexións do autor sobre a vida e o discurso de Karlotti e sobre a época e a sociedade nas que lle tocou vivir, en contraposición coa sociedade actual. O libro pecha coa sección “Na vindeira entrega”, na que se adiantan datos sobre o segundo volume da serie “Vividores”.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Retallos de biosofía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 477, “Libros”, 14 novembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 428, “Letras galegas”, 16 novembro 2013, p. 10.

Preséntase este primeiro volume da serie “Vividores” que inicia Marcos Lorenzo en Axóuxere Editora, unha sorte de biografías daquelas vidas máis peculiares, as de personas que foron quen de abrir o seu propio carreiro vital. Explícase que o primeiro libro, que inclúe fotografías e poemas, está dedicado a Juan Carlos Valle por ter sido unha das figuras clave do underground ibérico que resultou decisiva na articulación de movementos políticos e artísticos. Anúnciase que os textos desta colección son de acceso libre para o lectorado.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, “Marcos Lorenzo constrúe coa biografía do poeta Karlotti un modelo vital”, *Diario de Ferrol*, “*Ferrol*”, 17 decembro 2013, p. 11.

Dáse conta da publicación desta obra e explícase que é o primeiro volume dunha serie titulada “Vividores” na que o economista e xestor cultural Marcos Lorenzo reflexiona a través da vida de diversos escritores acerca do que entende que debería ser unha escola de vida emocional e psicolóxica.

Loureiro Rodríguez, Carlos (coord.), *Encontros para un estudo. Manuel García Barros: Unha vida, unha obra, un pensamento*, A Estrada: Concello da Estrada, 2013, 272 pp. (ISBN: 978-84-695-8658-7). ♦

Volume coordinado por Carlos Loureiro Rodríguez que recolle as intervencións realizadas durante os “Encontros para un estudo. Manuel García Barros. Unha vida, unha obra, un pensamento”, celebrados na Estrada en 1992 e organizados pola Delegación de Cultura do Concello da Estrada. O libro ábrese cunhas notas do coordinador e dous prólogos institucionais. A continuación acolle os seguintes traballos:

- Cecilia Alcoba Abril, pp. 11-21.

Cecilia Alcoba, amiga de Manuel García Barros dende o ano 1954, dá conta dos intercambios epistolares que mantivo co intelectual, que sempre asinaba esas cartas co alcume de Ken Keirades. Nelas, ambos comparten impresións sobre a causa galega, os seus costumes e problemas. Alcoba fala del con nostalgia, calificándoo como unha persoa modesta, xovial e moi humana. Por último, faise un breve repaso da obra de García Barros.

- Carlos Loureiro Rodríguez, “García Barros, unha vida nun tempo”, pp. 22-33.

Comeza cunha introdución na que Loureiro amosa a súa admiración por García Barros e deseguido comeza o relatorio loando ao estradense, do cal di que é unha persoa coa que calquera país ou cultura quereda contar. Tras isto, Lourenzo reivindica a figura de Manuel García Barros, de quen manifesta que debería ocupar un lugar na cultura galega que sempre lle foi negado, e fai un estudo aproximativo do decorrer político do intelectual, onde salienta o seu trato co galeguismo.

- Mario Blanco, “Das miñas vivencias con M. García Barros”, pp. 34-43.

Blanco fala da súa amizade con García Barros, do que destaca a sinxeleza e humildade e céntrase especialmente nos seus estudos de mestre, profesión que exerceu dende 1923. Explica que obtivo o título no ano 1905 e pediu escola 20 anos despois. Durante a súa traxectoria docente estivo en localidades como Rubín –onde comezou-, Curantes ou Pepín, até que no ano 1936 foi suspendido de emprego e soldo. Por último, Blanco dá conta dun escrito de Barros que este lle dedicou.

-Xosé Manuel Martínez Oca, “Manuel García Barros. Unha visión subxectiva”, pp. 44-63.

Comeza a intervención cunha descrición física de García Barros, do cal destaca a súa vestimenta labrega, a pel tensa e o naris afiado. A seguir, fai un breve retrato biográfico do intelectual no cal salienta o seu bautismo xornalístico no semanario *Luz y sombra* e o traballo no xornal *El Emigrado*, achegando publicacións do propio García Barros. Tamén fai un breve percorrido pola ideoloxía do estradense, guiándose polo que deixou escrito, para concluír que foi un home politicamente desorientado, posto que defendeu o agrarismo para máis tarde renegar del, e mesmo “saudou con entusiasmo” a chegada da ditadura de Primo de Rivera. Para continuar, Martínez repasa as colaboracións e publicacións do escritor tratado, onde a saída ao prelo de *Contiños da terra* (1930) en Nós tería una vital importancia.

- Manuel María Fernández Teixeiro, “García Barros, unha obra nunha literatura”, pp. 65-72.

Fai un repaso dos fitos máis destacados da vida do estradense, como o remate da carreira de Maxisterio no ano 1905, o casamento en 1906, a colaboración dende 1920 en *El Emigrado*, sendo redactor durante dezaseis anos, e en 1923 gañaría as oposicións ao corpo de maxisterio, exercendo en Ourense e A Estrada. Continúa cun percorrido polas publicacións de García Barros para, finalmente, destacar da súa persoa o seu compromiso co seu tempo e co país.

- David García Ínsua, “Cecilia A. de Abril. A ponte con América de Ken Keirades”, pp. 73-76.

Fálase da relación de García Barros con Cecilia, a cal consideraba a súa neta adoptiva. Coñécense a través da lectura dunhas cartas que engaiolan ao estradense, o cal decide enviarlle uns escritos á persoa que está detrás delas, residente na Arxentina. Co tempo,

comezan a mandarse xornais, libros e mesmo a intercambiar escritos. E grazas a isto, García Barros foi sabedor da produción literaria dos galegos emigrados.

- Xesús Oreiro Pensado, “Unha posible actualización da obra de M. García Barros”, pp. 77-87.

Oreiro comeza a súa intervención explicando que fará una “exposición erudita” da obra de García Barros. A súa ponencia está estruturada en cinco apartados e comeza por “Aclaración previa”, na que afirma que os textos literarios non son soamente produtos individuais, senón que están condicionados polos procesos históricos e, por esa razón, a Literatura galega esixe unha perspectiva histórica. Continúa con “O longo camiño da reivindicación” que caracteriza a lingua como o elemento aglutinante e definidor dun pobo. Na terceira parte, “García Barros e o seu tempo”, aborda distintos aspectos da vida do escritor en relación coa súa época. A cuarta parte, “A súa obra” está centrada na produción literaria con algunhas breves notas descritivas dos trazos que a caracterizaron. E, por último, encontrámonos con “A actualización posible”, unha lectura actual da figura de García Barros.

- Bernardino Graña, “A alma infantil de Ken Keirades”, pp. 88-95.

Na intervención, Graña céntrase na obra de García Barros titulada *As aventuras de Alberte Quiñoi*, un libro escrito “con intelixencia e mais con fonda sensibilidade”. Este amosa a vida nunha aldea dos derradeiros anos do século XIX, onde García Barros se centra na infancia do protagonista, Alberte Quiñoi. Sinala que Galicia ten unha importancia vital no libro, onde se reviven as aventuras dunha contorna que evoca certa nostalxia. Os fíos da novela sérvenlle a Graña para caracterizar ao estradense como un escritor con alma rebelde e infantil.

- Xosé M^a Dobarro Paz, “A poesía de Manuel García Barros”, pp. 96-103.

Trata sobre a publicación poética de García Barros, a cal quedou nas páxinas de publicacións periódicas, e cuestiona por que a súa poesía non foi recollida. Explica que os primeiros poemas se recollen en *El Emigrado* baixo o título “Do tempo pasado” e “Doutro tempo”, e que se caracterizan polo costumismo e estaren moi achegados á obra narrativa do estradense. Por último, dá conta dalgún outro poema escrito que, en palabras de Dobarro, non achegan grandes novidades á Literatura galega da década dos vinte.

- Darío Xohán Cabana, “Apuntes a unha edición de *Aventuras de Alberte Quiñoi*”, pp. 104-105.

Intervén Xohán Cabana afirmando que foi el mesmo quen corrixiu as probas da imprenta da novela de García Barros titulada *As aventuras de Alberte Quiñoi*. Manifesta que o estradense quixo escribir a obra por amor á terra e, amais, salienta o longo proceso de edición debido a cuestións económicas.

- Xoán Carlos Garrido Couceiro, “García Barros: Un pensamento nun país”, pp. 113-130.

Céntrase no pensamento de García Barros, achegándose especialmente á súa evolución ideolóxica no terreo social. Comeza tratando sobre a orientación galeguista do estradense, o cal sempre enxalzou a lingua propia. Esta conciencia é consecuencia dun galeguismo baseado nunha evolución das análises realizadas sobre a socioeconomía e a sociopolítica. Amais, tamén fala da tendencia agrarista, da que o intelectual formou parte, e que está considerada por el como a “palanca que levou ao labrego á categoría de xente”. Este pensamento é o punto de partida que levará a García Barros a achegarse ao nacionalismo e a apoiar a autonomía de Galicia. Por último, tamén se trata a simpatía que espertou nel o golpe de Primo de Rivera.

- Xosé Manuel González Reboledo, “Manuel García Barros, testemuña da etnografía do Ulla”, pp. 131-138.

González fala da importancia da obra de García Barros para a etnografía galega, onde *As aventuras de Alberte Quiñoi* ten unha importancia fundamental, xa que o escritor recolle con fidelidade os xeitos de vivir aldeáns da súa época. Amais, tamén se destaca a fidelidade á lingua, xa que o estradense pretende ser testemuña fiel da cultura do pobo. A seguir, fai unha breve descrición do traballo etnolóxico presente na obra de García Barros e considera ao intelectual como un “etnógrafo fino”, xa que recolle o legado con detalle e con claridade.

- Gumersindo Villamayor, “García Barros, no contexto do movemento de renovación pedagóxica local”, pp. 148-159.

Villamayor intenta encadrar a García Barros no seu contexto histórico, literario e ideolóxico. Historicamente enmárcalo en dous séculos: desde a fin da Restauración á Segunda República até chegar ao franquismo; literariamente, observámolo entre os sucesores de Rosalía até a Xeración Nós; no eido ideolóxico, inclúeo no agrarismo e nacionalismo. A seguir, Villamayor desenvolve estas ideas centrándose especialmente no labor docente e nos círculos intelectuais nos que se mergullaba o escritor. Para sustentar as súas afirmacións, Villamayor apóiase en diferentes escritos publicados nos xornais nos que colaborou García Barros.

- Fuco Barreiro Carracedo, “Notas a unha conciencia idiomática”, pp. 160-167.

Neste escrito, Barreiro reflexiona sobre a actitude ante o idioma de Manuel García Barros e salienta a etapa que rematou na Guerra Civil, onde o escritor se inseriu nunha tendencia colectiva que defendía a unión e a conciencia nacional. Dentro do galeguismo, sinala que avanzou progresivamente, en parte, grazas á influencia de intelectuais como Castelao, Risco ou Villar Ponte, que o levarán a integrarse nun discurso puramente nacionalista. Destácase “Falemos da nosa fala” un denso traballo no que dá conta do seu parecer sobre o idioma e remata co tópico das linguas superiores.

- Esperanza Mariño Dávila, “*As Aventuras de Alberte Quiñoi*, simple costumismo ou compromiso total?”, pp. 170-181.

Mariño achégase á obra de *As aventuras de Alberte Quiñoi* e debate sobre se esta é unha novela puramente costumista ou se atende a outras cuestións, como as ideolóxicas. Considera que a obra narra as memorias intranscendentes dun neno, mais que nelas se agocha unha ideoloxía moi sutil, circunstancia que pasaron por alto moitos dos críticos.

Alberte Quiñoi, en realidade, sería un protagonista colectivo, xa que encarnaría a esa poboación rural galega. Tamén destaca os personaxes progresistas da novela, os anticlericais, onde o libro agocharía parte da súa mensaxe ideolóxica. Amais, considera que a obra emana varios trazos do nacionalismo do autor, perceptíbeis en toda a novela, como as citas literarias, con fragmentos de Manuel Curros Enríquez ou Rosalía de Castro. Finalmente, tamén se centra no chamado espírito da raza e na explotación económica do momento.

-Silvia Gaspar Porras, “As desventuras de Alberte Quiñoi”, pp. 182-187.

Gaspar trata sobre o fracaso da novela *As desventuras de Alberte Quiñoi* no momento da súa edición e considera que a clasificación de García Barros como narrador de prosa popular, o carácter lineal e aberto da obra, a estrutura breve e as características do seu protagonista –xvenil- diminuíron o peso do libro de García Barros. Finalmente, considera ao estradense coma un home “fóra do tempo”.

-David Otero Fernández, pp. 188-193.

Comeza Otero facendo unha loanza das liberdades individuais e afirmando que a liberación dun pobo non é nada sen a súa liberdade. Continúa falando de García Barros, reflexionando acerca da súa convicción global e concluindo que na súa obra atopamos dúas partes coherentes na súa globalidade: a da comunicación aberta e a da comunicación da soidade. Por último, manifesta que nos últimos tempos de García Barros, este fíxoo retomando o mundo do posíbel no que todo poderá facerse e todo poderá dicirse. Acompaña o escrito unha ilustración da cuberta d’*As aventuras de Alberte Quiñoi* (1972).

- Sonia Sánchez Muñoz-Redondo, “O problema da relixión popular”, pp. 194-208.

Afirma Sánchez que n’*As aventuras de Alberte Quiñoi* se observa unha reflexión profunda e importante sobre o fenómeno relixioso, o cal considera clave dentro do pensamento de García Barros. Céntrase nos elementos da obra que reflicten esa cuestión, apoiándose en varias ocasións en distintos parágrafos da novela. Amais, cuestiona a capacidade dos símbolos para expresar as necesidades profundas e sinala unha das acusacións que perseguiron con máis insistencia a Manuel García Barros: a de ser ateo.

- David Otero, “Conclusiones”, pp. 215-217.

Otero, tras rematar as Xornadas sobre a vida e obra de García Barros, chega a unha serie de conclusións sobre a figura do intelectual, entre as que salientan o seu compromiso con Galicia, o seu labor como etnógrafo, a súa crítica ante o fenómeno relixioso e a súa conciencia idiomática. Ademais, reclama o lugar que merece o estradense nas nosas letras.

-Xosé Neira Vilas, pp. 219-227.

Comeza Neira Vilas falando da relación epistolar que mantivo con García Barros durante máis de doce anos. Nelas, o estradense faláballe da súa traxectoria como escritor ou do seu labor como mestre e tamén declaraba con firmeza o seu amor pola

terra. Neira Vilas considérao, ante todo, como “un home de terra, un labrego raigal”. O autor de *Memorias dun neno labrego* tamén fala das colaboracións de García Barros en xornais, centrándose en *El Eco de Galicia* ou *El Emigrado*. A seguir, céntrase en *Contiños da terra* (1930), da que transmite a súa opinión. Tamén fai o propio con *As aventuras de Alberte Quiñoi* e remata facendo unha loanza da figura do estradense.

Referencias varias:

- Cristina Botrán, “Recopilan en un libro ponencias de 1992 sobre García Barros”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 745, 20 novembro 2013, p. 7.

Dáse conta da publicación desta obra e sinálase que recompila as ponencias de expertos sobre a obra deste escritor estradense, como Bernardino Graña, Manuel María ou Mario Blanco expuseron na Estrada en 1992.

Martínez, Francisco F., *Os símbolos de Galicia*, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia, 2013, 108 pp. (ISBN: 978-84-7836-101-4 / DL: C-1846-2013). ◆

Desta obra non venal fíxose unha edición especial numerada de cincocentos exemplares onde se fai unha explicación semiótica desde unha perspectiva histórica dos símbolos institucionais de Galicia: escudo, bandeira e himno. Comeza cun limiar institucional para despois se centrar na explicación do escudo de Galicia. Neste apartado fálase dos seus antecedentes históricos, na súa evolución e transformación, na súa historia recente e na afixación definitiva do escudo. No referente á bandeira explícanse os antecedentes históricos, a problemática da definición, as súas cores e mais a súa consolidación. O apartado referido ao himno é o que presenta meirandes vencellos coa Literatura galega dado que nel se detalla a súa simboloxía ancestral e mais o seu sentido como aglutinador dunha definición colectiva como pobo, con referencias a Ramón Cabanillas, Manuel Antonio, Rosalía de Castro e nomeadamente a Eduardo Pondal e Pascual Veiga. Tamén se detalla a historia de como quedou fíxado oficialmente o himno de Galicia. A seguir temos o “Apéndice lexislativo”, no que se reproduce a Lei de símbolos de Galicia de 1984 e mais o Decreto 73/1985 polo que se establece a especificación técnica das cores da bandeira e do escudo de Galicia, e mais a “Bibliografía”. Esta obra péchase cun resumo en portugués, español, francés e inglés centrado na historia dos símbolos institucionais galegos: escudo, bandeira e himno.

Monteagudo, Henrique (coord.), *Sementar os ares novos. Homenaxe da Universidade de Santiago de Compostela a Francisco Fernández del Riego*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, outubro 2013, [58] pp. (ISBN: 978-84-15876-65-6). ◆

Estudo de Henrique Monteagudo en homenaxe a Francisco Fernandez del Riego (Vilanova de Lourenzá-Lourenzá, Lugo, 1913-Vigo, 2010) polo centenario do seu nacemento e polo oitenta aniversario do discurso inaugural do curso 1933-1934, “La Universidad gallega ante el momento actual” que se reproduce integramente nesta publicación. Despois da presentación oficial do reitor da universidade de Santiago de Compostela, José Casares Long, Henrique Monteagudo dá conta do papel que o

Fernández del Riego desenvolveu no movemento estudantil compostelán durante os primeiros anos da República. A seguir, reproducíase a experiencia universitaria de Del Riego, contada en primeira persoa, e centrada na causa a Galicia. Por último, reproducíase o facsímile do discurso que Francisco Fernández del Riego leu na inauguración do curso 1933-1934 no que dá conta da necesidade da galeguización da universidade compostelá se o que se busca é a súa modernización e progreso. Os textos acompañanse de imaxes que pertencen ao Arquivo Francisco Fernández del Riego, cedidas polo Concello de Vigo.

Mosquera Carregal, Xesús M. (ed.), *Lingua e Tradución. IX Xornadas sobre Lingua e Usos*, A Coruña: Universidade da Coruña. Servizo de Normalización Lingüística. Servizo de Publicacións/ Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, col. Cursos_Congresos_Simposios, n.º 134, 291 pp. (ISBN: 978-84-9749-557-8). ◆■

Monografía de autoría colectiva na que se reproducen os textos presentados nas IX Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Tradución, celebradas na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña en novembro de 2012. Iníciase cun limiar do editor, Xesús M. Mosquera Carregal, no que destaca que esta obra constitúe, non só “unha completa e actual radiografía sobre o panorama tradutivo galego” senón que ademais acolle intervencións de profesionais do mundo editorial, así como doutros profesionais da tradución en Galicia e fóra dela. Despois das presentacións institucionais reproducíense os seguintes traballos referidos á Literatura galega:

- Xosé Luís Méndez Ferrín, “A internacionalización da cultura galega”, pp. 35-39.

Reflexiona sobre o problema da tradución dende e cara ao galego, a partir de feitos como a concesión dos premios Nobel de Literatura a autores que escriben maioritariamente en inglés, a invisibilidade dos autores galegos ou a relativa importancia das literaturas no concerto internacional, o que dificulta a entrada da Literatura galega no mundo de expresión inglesa. Sinala como alternativas dúas posibilidades: incitarmos, producirmos nós as nosas traducións, ou agardarmos ao recoñecemento no estranxeiro dos nosos autores e autoras. Atende ás traducións da produción de Manuel Rivas, Chus Pato e Agustín Fernández Paz e matiza que mentres Rivas aparece traducido nas editoriais máis prestixiosas do mundo alemán, anglosaxón e francés, Chus Pato se traduce “en editoriais de poesía minoritarias mais asemade moi prestixiosas do ámbito canadense, norteamericano e español” e Fernández Paz “é o autor galego traducido a un maior número de linguas da historia” Remata afirmando que “é marabilloso que a nosa literatura salte fronteiras, mais o desexable é que se (re)coñeza como tal, como galega”.

- Silvia Montero Küpper, “As políticas de tradución no caso galego”, pp. 41-62.

Analiza actividades de apoio á tradución que as institucións públicas prestaron nos últimos anos, dende a perspectiva de que “a tradución tanto de textos literarios como non literarios é un elemento imprescindible que incide na reconfiguración da identidade cultural galega” e que funciona tamén como actividade normalizadora. Enumera obxectivos xerais e actividades que deberían contemplarse nas políticas da tradución galega, antes de achegar datos do sector editorial galego dende os anos oitenta. Afirma que para lograr unha exportación competitiva do libro galego traducido

“sería conveniente que as editoras galegas puidesen adquirir os dereitos de tradución das obras que elas publican en versión orixinal”, xa que iso permitiría asegurar un maior número de vendas nas linguas do Estado español, así como unha maior visibilidade no plano internacional. Atende ás axudas para a difusión da cultura e Literatura galegas convocadas tanto polo Ministerio, coma pola Xunta de Galicia e analiza as súas repercusións, así como a representación da Literatura galega en feiras internacionais do libro. Enumera, como apoio loxístico, actividades formativas e informativas e publicacións impulsadas pola Xunta de Galicia, así como o proxecto *Galician Classics* inaugurado en 2011, do que refire que precisaría complementarse “cun programa de internacionalización da cultura e literatura contemporáneas co fin de non restrinxir a recepción da cultura galega a unha cultura petrificada e visibilizar o dinamismo da cultura actual”. Analiza os criterios que se empregan para as traducións (temáticos, estéticos, económicos e ideolóxicos), mentres que a acumulación de capital cultural ou simbólico fica relegado a un segundo plano. Conclúe que as políticas de tradución se deberían enfocar tanto nas tradutoras e os tradutores (formación, bolsas, ‘casa do tradutor’ etc.), como nas editoriais (mercado globalizador vs. diferenciador, elaborar unha ‘bolsa’ de textos que aínda non están traducidos etc.), sen deixar de lado a sociedade destinataria.

- María Jesús Lorenzo Modia, “Políticas de tradución inglés-galego-inglés desde os anos noventa: diálogos de ida e volta”, pp. 63-81.

Comeza afirmando que “calquera tradución que se faga hoxe ou se analice ten que ser realizada desde un punto de vista postestruturalista e posmoderno e tendo en conta, por tanto, os estudos poscoloniais, da recepción literaria e de xénero, ben como as achegas que estes enfoques fixeron para unha epistemoloxía da praxe da tradución”. Sinala o dobre papel da tradución como portadora de elementos innovadores e instrumento fosilizador para afianzar e reforzar un determinado modelo literario. Revisa as políticas de tradución dende a literatura inglesa cara ao galego e á inversa, así como os contextos nos que se produciron dende unha perspectiva diacrónica e da produción poética inglesa en versión galega dende finais do século XX á actualidade. Respecto ás versións de poesía en lingua inglesa ao galego, dá conta da poesía traducida que se recolle n’*A Trabe de Ouro*, da que sinala que a maioría desas traducións foron “realizadas ou auspiciadas por Manuel Outeiriño, quen presenta un canon literario maioritariamente de autores periféricos no sistema anglosaxón pero que acadaron o status de poetas grandemente recoñecidos”; e na *Festa da palabra silenciada*, onde as autoras traducidas son na súa maioría poetas con obra recente e grandes figuras nos seus contextos anglófonos. En relación coas versións de poesía galega ao inglés, menciona antoloxías poéticas publicadas até 2010, que tentan trasladar a poesía galega contemporánea ao inglés; as posteriores, que procuran “plasmar a totalidade da historia da Literatura galega nos seus distintos xéneros”, e así mesmo traducións de poemarios de autoría individual. Remata reclamando “unha política de tradución máis global que encha os grandes ocos de poetas ingleses sen tradución ao galego e realizada tendo en conta as formulacións das teorías críticas tradutolóxicas mencionadas”.

- Gonzalo Constenla Bergueiro, “Evolución das traducións ao galego: das orixes ao século XXI”, pp. 83-100.

Panorámica sobre a traxectoria histórica e a situación actual da tradución literaria ao galego tendo en conta que “o desenvolvemento da tradución literaria, como a propia

literatura, en idioma galego corren parellos ao devir histórico de Galiza e ao papel que representou o galego ao longo dos seus máis de dez séculos de existencia como lingua nacional”. Sintetiza a historia da tradución ao galego, seguindo o marcado por Camiño Noia no artigo “Historia da tradución en Galicia no marco da cultura europea” (*Viceversa*, n.º 1, 1995), antes de deterse nos últimos vinte e cinco anos do século XX, dos que atende á actividade editorial e á vizosidade da produción. Considera que a eclosión na Literatura galega “non produce simultaneamente un notábel incremento das obras traducidas”, feito que explica porque se entendeu a tradución como unha maneira de exercer os dereitos lingüísticos e non como unha necesidade interna do sistema literario para reforzarse e reorganizarse. Marca como características das traducións ao galego nos últimos vinte e cinco anos do século XX que a maioría sexan obras de Literatura Infantil e Xuvenil, o que considera implica que o número de páxinas traducidas “non chega a cen” e que “se traduce sobre todo aquilo que non supón un risco económico e que ten saída segura no ámbito escolar”. Apunta que falta “unha planificación axeitada tanto desde o punto de vista oficial como editorial” e que “a lingua orixinal dos textos traducidos neste período é maioritariamente o español, co dobre de títulos que o inglés e o francés”. Conclúe que a tradución ao galego vai intimamente ligada ao proceso de normalización, que os axentes normalizadores constitúen o principal motor e que a reducida oferta fixo crecer a demanda e que o galego como lingua de tradución doutras literaturas foi medrando.

- Ana Luna Alonso, “Análise da tradución literaria cara ao galego. Fitos e tendencias nos primeiros anos do século XXI”, pp. 101-125.

Comeza sinalando a restrición do sector editorial de gran difusión, fronte á maior diversidade do sector restrinxido. Realiza unha previa “catalogación sistemática e rigorosa das obras traducidas na base de datos BITRAGA” para “analizar os resultados da produción e tirar conclusións sobre os criterios de escolla e da súa evolución”. Entre os datos que apunta figura o feito de que non hai ningunha tradución literaria que superase as vendas dun libro de creación propia, que o xénero máis traducido é a narrativa e a maior parte son obras da literatura infantil e xuvenil. Recolle, como lingua máis importada, o catalán e a forza do castelán e do inglés como linguas de importación e de mediación, e salienta, nos últimos anos, na literatura de adultos, “moitos textos traducidos directamente desde as linguas de orixe”, cun aumento da variedade espacial e cultural dos textos importados e a menos distancia temporal respecto á creación dos orixinais. Indica, como novos espazos de importación, “a frecuencia de edicións bilingües de antoloxías poéticas” e as recompilacións de relatos para o público adulto; que se importa máis do que se exporta, coa excepción do grego moderno e do árabe; e que a comezos do século XXI se dá “o *boom* da literatura de Europa do leste”. Destaca que o oficio de tradutor camiñou cara á normalización profesional, detalla como fitos e tendencias do século XXI a tradución de narrativa de adultos, da escrita en lingua inglesa, o número de obras de LIX sobre todo do mercado ibérico e as apostas editoriais. Apunta que é preciso “corrixir imperfeccións e sermos autónomos”, polo que comenta o interese por “traducir as obras que cubran baleiros e reforcen o sistema, porque eses textos seguen a ser fundamentais no imaxinario da súa constitución e afirmación, pero a planificación dos títulos debe evitar mimetismos baldíos”. Remata incidindo en que é preciso aproveitar que o lectorado en galego está formado “para orientar as políticas de tradución e de promoción da cultura galega”.

- Patricia Buján Otero e Lara Santos Suárez, “A Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación”, pp. 127-140.

Achéganse á fundación da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI), os seus obxectivos, fins, áreas de traballo realizadas e en proceso de realización, colaboración con outras asociacións pertencentes ao sector, o labor de visibilización da tradución e as actividades de formación continua e apoio aos profesionais. Complementábase cunha enquisa e a análise dos resultados e conclusión dos datos obtidos sobre a situación actual do sector da tradución/interpretación.

- María Reimóndez, “Faros na escuridade. Ideoloxía e tradución: os enfoques feministas e poscoloniais”, pp. 163-182.

Comeza expoñendo que a tradución e a interpretación foran até hai uns anos un espazo “de escuridade creada”, por mor da reafirmación de puntos de escuridade nos inicios da teoría da tradución, sobre todo pola inadecuada definición do concepto de ideoloxía, como aconteceu ao aplicar a ideoloxía dominante de “imparcialidade”. Considera como “faros que alumean”, é dicir, que permiten “unha visión crítica do mundo”, os *feminismos* e as *teorías poscoloniais*, dos que presenta “a crítica epistemolóxica e as consecuencias na práctica”, reparando nas metáforas e en “estudos sobre a complicidade entre a tradución e o patriarcado e imperio”. Engade como “faros que nos iluminan”, en relación con Galicia, “a tradución como ferramenta para a ‘normalización’ e para a ‘construción nacional’”. Critica que “a tradutora é interpelada por estes discursos a ser normal, fiel e invisible, aínda máis porque iso permite que a normalización e a nación poidan seguir estando dirixidas por unha ideoloxía patriarcal e en moitos casos encubertamente colonizadora”; que exista unha teima, por parte dos “construtores da nación” galega, de buscar recorrentemente un canon de “literatura universal”, no que insiren listaxes de libros de linguas hexemónicas e que sexan os homes, e non as mulleres, os que realizan “o labor de tradución literaria, que é prestixiado socialmente”, aínda que tamén se dan en Galicia “prácticas tradutivas resistentes ou subversivas”, que amosan que a tradución resulta “unha actividade fundamental para o desenvolvemento de proxectos transnacionais que visibilicen as relacións entre patriarcado, capitalismo e neocolonización”.

- Áurea Fernández Rodríguez, “A tradución galego-portugués-galego a debate. O intercambio cultural, unha fonte de riqueza necesaria”, pp. 183-195.

Consciente de que “a necesidade ou non de traducir textos escritos en galego ou en portugués é un debate que xera opinións encontradas”, lembra que “coñecer a cultura do outro e difundir a propia é unhas das características fundamentais da tradución” e que “unha cultura pode enriquecerse grazas a outras culturas, mais non debe manterse submisa a ningunha”. Estabelece tres características fundamentais da tradución, extraídas da tripla perspectiva dende a que Amparo Hurtado define a tradución en *Traducción y Traductología. Introducción a la traductología* (2001): a tradución como feito textual, como proceso de “interpretar primeiro (o texto, o contexto, a finalidade da tradución) para comunicar despois” e como “acto comunicativo intercultural”. Analiza, a partir dos datos recollidos polo grupo BITRAGA, a demanda de cada obra, como aspecto a ter en conta na recepción dunha obra traducida. Destaca que “importamos de Portugal menos do que exportamos e importamos máis do Brasil do que exportamos” e que en relación con outras culturas “de momento a importación segue a superar a

exportación”, se ben incide en que “a tradución favorece a promoción e pon en valor as autoras e os autores galegos no mercado das comunidades lusas, mentres que a tradución ao galego dos autores e autoras portuguesas os visibiliza no mercado galego que, aínda sendo un mercado pequeno, non deixa de ser atractivo para países como Brasil que lle pode servir de trampolín cara ao resto do país (España) e mesmo a Europa”. Conclúe que “o intercambio entre culturas ten que facerse de ida e volta e resulta necesaria para preservar e promover a diversidade de cada cultura” e que “o poder cultural vai parello co poder económico e político dunha comunidade e mellora as relacións internacionais entre os pobos por distintos motivos (educativos, laborais, profesionais, culturais ou turísticos), favorece o acceso a medios de comunicación e o desenvolvemento das novas tecnoloxías”.

- Carlos Paulo Martínez Pereiro, “Da *demanda* da difícil semellanza e da imposíbel identidade tradutora (a tradución do galego ao portugués e do portugués ao galego a debate)”, pp. 197-202.

Inicia coa afirmación de que “é absolutamente antieconómico e innecesario traducir do portugués para o galego”, xa que considera que “a mediación sociocultural debe facerse por outras vías, incluída a aproximación lingüístico-formal cuxa demanda xa vén de lonxe”, tamén na tradución do galego para o portugués. Incide na falta de entendemento entre portugueses e brasileiros que, ao seu ver, se debe a que “non se queren entender, xa que é obvio que un mínimo esforzo e un progresivo (e non maior) hábito é suficiente para garantir a interoceánica comprensibilidade mutua”, como amosa por medio de tres exemplos. Remata reiterando que “nos parámetros expostos e para nós (galegos e galegas), só vexo máis vantaxes que desvantaxes en non traducir e ás avesas, polos posíbeis inconvenientes, en traducir do portugués para o galego (e do galego para o portugués)”.

- Carlos Quiroga, “Tradução e Jogo de Tronos –entre Culturas de Falares polissimétricos”, pp. 203-215.

Para tentar responder á pregunta Precisamos traducións de galego para portugués para galego?, parte do concepto de “tradución literaria”, reflexiona sobre o significado de “traduzir” e afirma que “nem em Portugal nem no Brasil, com especialistas preparados para a troca mútua, existe uma preparação específica para efectivá-la em relação ao galego-castelhano da Galiza”. Repara en dous factores interrelacionados no labor do tradutor: “a política de tradución (relativa aos factores determinantes na selección de textos para unha lingua en particular) e a dirección (*directness*) da tradución (tradución surgida directamente da lingua de orixe do texto ou através de unha lingua intermediaria)”. Apunta que responder a se debe haber tradución entre galego e portugués é unha decisión eminentemente política e repara en definir “Literatura” e “Literatura(s) Lusófona(s)” e nas súas experiencias como tradutor e autor traducido. Remata cunha “resposta concreta”: considera que “de Camões a Rubem Fonseca qualquer galego ou galega pode beber no original sem que os nossos recursos se gastem nesse atentado ecológico e intelectual”, que “aceitar o galego de base ortográfica castelhana neste território é compatível com tornar oficial o português, se querem, como língua distinta da galega, mas dando maiores oportunidades a esta sociedade” e que “reclamar a oficialidade do português na Galiza ao lado da outra, perante as instituições europeias, a Junta etc., pode ter sentido”.

- Moisés Barcia, “Tradución e Literatura galega (I)”, pp. 217-219.

Indica que Rinoceronte Editora se dedica unicamente á “tradución ao galego co desexo expreso de cubrir ámbitos lingüísticos nada ou escasamente atendidos”. Refire a dificultade de atopar “profesionais da tradución” deses ámbitos lingüísticos, xa que “unha cousa é ter uns coñecementos máis ou menos amplos dun idioma e outra ben distinta afrontar a tradución dunha novela coa calidade e sensibilidade literaria precisas”. Apunta que crearon o selo Pulp Books para inserir traducións de obras “xa publicadas en galego en distintas editoriais e que obtiveron o recoñecemento do público e/ou da crítica”. Dá conta do proceso de edición dunha obra traducida até a súa publicación e remata comentando que o interese de Rinoceronte Editora é “a promoción da literatura do país, da súa lingua e da imaxe que destas se teña fóra de Galicia”.

- Manuel Bragado, “Tradución e Literatura galega (II)”, pp. 221-225.

Comeza achegando porcentaxes sobre as traducións nas linguas de España e extraendo como primeira conclusión que “o estado cuantitativo da tradución é, a pesar dos avances dos últimos anos, carencial respecto do conxunto da edición en galego”. Realiza unha breve análise cualitativa da tradución en galego dende os membros da Xeración Nós até o ano 2011 e remata propoñendo problemas e retos da tradución en galego: carencias cualitativas respecto ao resto da edición en galego, a reducida tiraxe media de títulos literarios, a insuficiencia das axudas concedidas pola Consellería de Cultura, o prexuízo de “lectores, libreiros e mediadores (crítica, bibliotecarios e profesorado) sobre a existencia de textos traducidos suficientes na nosa lingua”, a calidade actual das traducións e da súa edición e a existencia dun cadro de tradutores e tradutoras “moi ben formado que abrangue unha ampla diversidade de linguas”.

- Iolanda Galanes Santos, “A tradución exterior de obra galega. Normalización dunha cultura emerxente?”, pp. 265-290.

Despois de definir a tradución como exercicio de transmisión, apunta outros factores de orde sociolóxica, como os socio-políticos e económicos e o valor simbólico de ben cultural que engade Pierre Bourdieu. Incide no desequilibrio e na tensión entre autonomía e heteronomía que pode existir entre as culturas que se relacionan e enumera catro funcións que realiza a tradución nas culturas de orixe e de chegada. Interroga sobre o significado da tradución para unha cultura minorizada e salienta que “as culturas minorizadas acumulan capital simbólico coa importación de obras literarias doutras comunidades ao demostrar que a súa lingua tamén é válida para esa expresión artística”, que as “importacións contribúen igualmente a ampliar o catálogo de bens, engadindo novos rexistros e xéneros antes ignotos nesa cultura” e que, grazas á acumulación de capital e á ampliación do catálogo, as culturas minorizadas “ofrecen ao seu público un repertorio actual capaz de competir con outras culturas que adoitan funcionar como mediadoras”. Destaca, entre os estudosos que analizaron a tradución en culturas minorizadas como o galego, a González-Millán, quen considera a tradución como “un banco de probas privilexiado para detectar prácticas culturais e a relación de forzas intersistémicas”. Considera necesario cuantificar os fluxos de tradución “para establecer referencias cuantificábeis en termos cualitativos”, que precisarán despois unha “análise cualitativa coas bases metodolóxicas acaídas”. Parte dos datos recollidos no *Catálogo da Tradución Galega*, do grupo BITRAGA, e achega informacións previas e o volume de intercambio da tradución literaria de obra galega, distinguindo tres etapas

na constitución dos sistemas literarios en función do lugar e funcionalidade da tradución neles. Respecto ao volume e fluxos da tradución da Literatura galega, destaca que “a partir da cooficialidade da lingua a produción editorial medra exponencialmente como tamén o fai o volume de traducións” e marca dúas datas clave no eido da tradución; 1981, “cando comeza a importación masiva de obra literaria estranxeira que se traduce a galego” e 1996, por ser o “momento en que se inicia un forte desenvolvemento da tradución de obra galega no exterior”. Afirmar que “existe Literatura galega traducida para 47 comunidades culturais, aínda que nun volume variábel” e identifica tres tipos de mercado para a exportación de obra literaria galega: o ibérico; o das chamadas “linguas de cultura internacionais”, é dicir, as que se expresan en inglés, francés, alemán, italiano etc.; e mercados emerxentes de comunidades minorizadas como o kurdo. Salienta, da análise da produción até 2011 inclusive, a narrativa como “o xénero que máis éxito ten fóra das nosas fronteiras en termos absolutos” e que a retroalimentación “converte a LIX no motor comercial da tradución galega, nomeadamente se falamos da exportación”. Repara nas fases e circuítos da exportación así como nos autores e mercados emerxentes, matizando que “o feito de que un libro galego sexa traducido no exterior non implica en por si que se estea a internacionalizar a Literatura galega, pois para que esta teña lugar cómpre que a obra cause algún impacto na cultura de recepción” e destacando o éxito das traducións de *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas, e d’*O lapis do carpinteiro* (1998), de Manuel Rivas, así como de “autorías recoñecíbeis no exterior como Agustín Fernández Paz, Fina Casalderrey, Marilar Aleixandre, Suso de Toro, Carlos Casares, Alfredo Conde, Luísa Castro, Teresa Moure, Úrsula Heinze, Miguel Anxo Fernán-Vello ou, máis recentemente, Domingo Villar”. Conclúe que “a tradución cumpriu en cada momento da nosa historia unha función importante para a consolidación da cultura galega”, que “funciona xa, xunto cos premios e a crítica, como un factor de canonización de obras e autorías da Literatura galega dentro do propio sistema”, que “a Literatura galega é hoxe emerxente en determinados espazos” e que é preciso “realizar a planificación cultural necesaria para que esa cultura sobreviva”.

Muleiro, Avelino (coord.), *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Crónica, 2013, 393 pp. (ISBN: 978-84-7680-708-8).

Ensaio coordinado por Avelino Muleiro en homenaxe ao escritor Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928) e a unha das personaxes máis coñecidas que creou, Balbino, protagonista de *Memorias dun neno labrego* (1961). A obra comeza coas “Notas do coordinador”, que dan conta da estrutura e estilo das colaboracións. A seguir Dolores Vilavedra en “Todos queremos tanto a Balbino” fala da presenza da figura de Balbino ao longo de todas as colaboracións. E logo o propio Neira Vilas fai referencia á súa propia personaxe en “Carta a Balbino”. A seguir recóllense oitenta e cinco colaboracións de diferentes persoeiros coñecedores do autor e da súa obra e dezasete testemuños de fóra escritos nas linguas foráneas correspondentes. Remata con cinco apéndices nos que aparecen as cubertas de *Memorias dun neno labrego* en diferentes edicións e linguas; “Estudo, ensinos e traducións a outras linguas”; “Balbino no audiovisual e na escena”; “Exposición ‘Querido Balbino’ e “Bibliografía de Xosé Neira Vilas”, nos que se fala da figura de Balbino e do seu creador. Ao longo do libro sucédense imaxes e ilustracións de varios autores. A nómina de colaboradores é a seguinte: Xesús Alonso Montero, Xosé María Álvarez Cáccamo, Anxo Angueira, Valentín Arias, Xosé Luís Axeitos, Xoán Babarro, Xosé Ramón Barreiro Fernández,

Herminio Barreiro, Alfonso Becerra de Becerreá, Xosé Manuel Beiras, Uxía Blanco, Dario Xohán Cabana, Xosé Carlos Caneiro, Pepe Carballude, Ramón Caride Ogando, Fina Casalderrey, Ramón Chao, Perfecto Conde, Suso de Toro, Isaac Díaz Pardo, Xosé María Dobarro Paz, Xabier P. DoCampo, Marga do Val, Afonso Eiré, Miguel Anxo Fernán-Vello, Francisco Fernández del Riego, Francisco X. Fernández Naval, Agustín Fernández Paz, Francisco Fernández Rei, Manuel Ferreiro, Xan Fraga Rodríguez, Víctor F. Freixanes, Emilio C. García Fernández, María Pilar García Negro, Xosé Lois García, Lupe Gómez, Marcial Gondar Portasany, Ismael González Díaz, Eva González Esteban, Bernardino Graña, Baldomero Iglesias, Jaureguizar, Cipriano Luís Jiménez Casas, María do Carmo Kruckenberg, Margarida Ledo Andiñ, Xosé María Lema Suárez, Felipe-Senén López, Basilio Losada, Albino Mallo, Xosé Manuel Martínez Oca, Carlos Mella, Xosé Luís Méndez Ferrín, Mini, Xerardo Moscos Caamaño, Avelino Muleiro García, Alexandre Nerium, Camilo Ogando Vázquez, David Otero, Cándido Pazó, Andrés Pociña, Avelino Pousa Antelo, Victorino Pérez Prieto, Luís Quinteiro Fiúza, Xesús Rábade Paredes, Ramón Regueira, Armando Requeixo, Manuel Rivas, Salvador Rodríguez, Blanca-Ana Roig Rechou, Euloxio R. Ruibal, Marcos Seixo Pastor, Siro, Olegario Sotelo Blanco, Anxo Tarrío, Andrés Torres Queiruga, Xulio Valcárcel, Xosé Vázquez Pintor, Dolores Vilavedra, Miro Villar e Helena Villar Janeiro.

Neira Vilas, Xosé, *Cancela aberta*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xornalismo, xullo 2013, 212 pp. (ISBN: 978-84-9914-514-3).

Recompilación de artigos xornalísticos de Xosé Neira Vilas, na que recollen cen escritos publicados nas páxinas de opinión de *El Correo Gallego*, entre noticias, enfoques e reflexións críticas do propio autor, nos que Galicia, Cuba e Bos Aires se converten en escenarios e protagonistas dos seus escritos. Aparecen textos que afondan en acontecementos históricos cunha gran repercusión, como foron o lanzamento da bomba atómica do aviador Kirk, a mitificación construída en torno á figura do Ché ou as viaxes á lúa; cuestións referentes á produción literaria galega, como o teatro galego en Bos Aires, a poesía de Castelao ou a arte de traducir; ou as súas homenaxes ou perfís xornalísticos de persoeiros como Herminio Barreiro, Rosalía de Castro ou Emilio Pita entre outros moitos máis.

Recensións:

- Denis Vicente, “Dous libros de Neira Vilas”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 80-81.

Comentario das obras *Cancela aberta* e *Cartas e lembranzas*, de Xosé Neira Vilas. Sinálase que a primeira constitúe unha compilación dos artigos escritos polo autor nas páxinas de opinión de *El Correo Gallego*, mentres que a segunda está composta das lembranzas do autor sobre a súa relación con Francisco Fernández del Riego. Saliéntase que na primeira obra o autor trata diversos temas dende a perspectiva da lembranza da súa vida na aldea, da erudición e da crítica social, así como a homenaxe aos persoeiros cos que estivo en contacto no exilio. Apúntase que a segunda obra ofrece unha panorámica da evolución da cultura galega dende os primeiros anos de Galaxia até os

últimos días de Fernández del Riego, amosando as dificultades de reconstrución da cultura galega nos anos do franquismo.

Referencias varias:

- Miguel Rodríguez, “Una cita más con el libro”, *La Opinión*, “A Coruña”, 23 xullo 2013, p. 12.

Anúnciase a XLII Feira do Libro nos xardíns de Méndez Núñez do 1 ao 11 de agosto, que contará con trinta e sete casetas e unha mancha de citas cos escritores máis activos do panorama galego actual. Ademais indícanse que se presentarán *Todos os días*, de Alberto Ramos; *Faneca brava*, de Manuel Portas; *Cadeas*, de Xabier López; *Retallos dunha infancia*, de Bautista Álvarez; *Cancela aberta* e *Aquel neno*, de Xosé Neira Vilas.

- Rodri García, “Los libros salen en busca de lectores”, *La Voz de Galicia*, “Especial Fiestas de María Pita 2013”, 1 agosto 2013, pp. 28-29.

Anúnciase o inicio da Feira do Libro da Coruña, que se celebrará durante once días nos xardíns de Méndez Núñez, tras o pregón da poeta Yolanda Castaño. Anúnciase que se presentarán volumes como *Noite branca*, de Francisco Fernández Naval; *Laura no deserto*, de Antón Riveiro Coello; *Bícame, Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Cancela aberta* e *Aquel neno*, de Xosé Neira Vilas; *Nicomedes o pelado*, de Pinto&Chinto; *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* (2012), de Ramón Nicolás; ou *Fadita Fosca*, de Miguel Vázquez Freire.

- J. M. Ramos, “Una semana de literatura con la Feira do Libro 2013”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 647, 13 agosto 2013, p. 9.

Infórmase da celebración da Feira do Libro na localidade de Cee que contará entre outras actividades, coa presenza de Neira Vilas, quen presentará *Cancela Aberta* e *Aquel Neno*.

- José M. Ramos, “Literatura, música y pan a pie de calle en Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 649, 15 agosto 2013, p. 6.

Infórmase da celebración en Carballo da Praza dos Libros onde asistirá Xosé Neira Vilas para presentar *Cancela Aberta*.

- José M. Ramos, “Rivas y Neira Vilas visitan la Praza dos Libros de Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 345, 25 agosto 2013, p. 6.

Infórmase da presenza de Manuel Rivas e Xosé Neira Vilas na Praza dos Libros de Carballo. Sínálase que Neira Vilas presentou *Aquel neno* e *Cancela aberta*.

- C. G., “Neira Vilas e Rivas visitaron a Praza dos Libros de Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 660, 26 agosto 2013, p. 7.

Fálase da última xornada da Praza dos Libros de Carballo, á que asistiu Neira Vilas, onde participou falando de dúas das súas obras, *Aquel Neno* e *Cancela Aberta*.

Neira Vilas, Xosé, *Cartas e lembranzas. Epistolario con Francisco Fernández del Riego (1959-2007)*, Vigo: Editorial Galaxia, col. Memoria, n.º33, 2013, 269 pp. (ISBN: 978-84-9865-489-9).

Volume de homenaxe ao que fora o presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá-Lourenzá, Lugo, 1913-Vigo, 2010), por parte de Xosé Neira Vilas a modo de epistolario no que se reproducen algunhas das cartas que durante case cincuenta anos se entrecruzaron. O limiar de Neira Vilas comeza no ano 1952, cando xa levaba dous anos en Bos Aires. Relata cómo se fai socio do Centro Galego e sente a necesidade, xunto a outros exiliados galegos, de levar a Literatura galega á capital arxentina. Lembra que foi en 1954 cando coñeceu a Fernández del Riego en Bos Aires, momento dende o que iniciou unha estreita amizade entre ambos, rememora tamén como foi el quen o informou de que a súa obra *Galegos no Golfo de México* (1980) recibira o Premio da Crítica Galicia e que foi en 2009 cando tiveron o derradeiro encontro. Indícase que as cartas que se recollen non son todas as que deberían ter sido, xa que non se puideron recuperar algunhas misivas, aínda que as recollidas son moi significativas da relación que mantiveron Neiras Vilas e Fernández del Riego. O primeiro escribe dende Bos Aires, Habana e Gres e o segundo, sempre dende Vigo. As cartas caracterízanse por un estilo formal aínda que deixan latente moitas das inquedanzas que os unía, o amor polas letras galegas. A correspondencia de Neira Vilas é moito máis fluída cá de Fernández del Riego, as súas misivas máis espaciadas no tempo. As cartas non só eran a vía pola que Neira Vilas facía os pedidos das novas obras que se ían publicando en Galicia, senón que nelas falan de literatura, de política, dos escritores da época, da situación social nese momento, da Real Academia Galega e, sobre todo, da necesidade de fomentar a cultura galega. Pouco a pouco as cartas van deixando o carácter formal e abeirán a un estilo máis coloquial e próximo entre remitente e destinatario. O epistolario remata cunha carta de Neiras Vilas a Fernández del Riego con data 29 de maio de 2007, que comeza cun “ben querido e admirado amigo” que constata a estreita relación de amizade que os uniu durante moitos anos.

Recensións:

- Denis Vicente, “Dous libros de Neira Vilas”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 80-81.

Comentario das obras *Cancela aberta* e *Cartas e lembranzas*, de Xosé Neira Vilas. Sinálase que a primeira constitúe unha compilación dos artigos escritos polo autor nas páxinas de opinión de *El Correo Gallego*, mentres que a segunda está composta das lembranzas do autor sobre a súa relación con Francisco Fernández del Riego. Saliéntase que na primeira obra o autor trata diversos temas dende a perspectiva da lembranza da súa vida na aldea, da erudición e da crítica social, ademais de homenaxear a persoeiros cos que estivo en contacto no exilio. Apúntase que a segunda obra ofrece unha panorámica da evolución da cultura galega dende os primeiros anos de Galaxia até os últimos días de Fernández del Riego, amosando as dificultades de reconstrución da cultura galega nos anos do franquismo.

- Vicente Araguas, “Do pasado recente”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/*Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 788, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 788, “máis Libros”, 4 agosto 2013, p. 30.

Comeza resaltando o mérito de Xosé Neira Vilas e Francisco Fernández del Riego para lograr que a cultura galega dese “ultrapasado o ‘gap’ dictatorial que pretendía deitar no esquezo canto cheirase xa non a nacionalismo, tan sequera a diferencialismo, co que viñese marcado co selo da cultura unificadora, ou sexa, oficial”. Apunta que esta monografía “ten un aquel de novela epistolar, alén do acopio de datos que nos fornecen da actualidade literaria en galego” entre 1959 e 2007, se ben se centra nas décadas dos anos sesenta e setenta e na vida literaria en Cuba. Incide en que Neira Vilas atende principalmente á “actualidade literaria galega”, menciona a súa produción, reflicte unha preocupación pola “súa premura editora” e reflexiona sobre a Literatura Infantil e Xuvenil.

- Lucía Seoane, “Cartas desde tres mundos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 467, “Libros”, 5 setembro 2013, p. VI/*La Opinión*, “Saberes”, n.º 419, “Letras galegas”, 14 setembro 2013, p. 10.

Comeza referindo que esta obra atende a tres mundos na vida de Xosé Neira Vilas: Bos Aires, A Habana e Gres, que se dirixen a un cuarto, a cidade de Vigo, onde residía o destinatario das misivas, Francisco Fernández del Riego. Indica que ambos os dous autores mantiveron correspondencia entre 1959 e 2007 sobre aspectos referidos á “cultura, á Literatura galega, en fin, ao propio tracexar de Galicia en tempos tan difíciles como esperanzados” e coa tentativa de “superar os atrancos na aventura por construír un país de noso”. Salienta que neste monográfico non só se acollen esas cartas senón que ademais Neira Vilas debulla episodios que rescata das súas lembranzas.

Referencias varias:

- Mar Mato, “El epistolario entre Neira Vilas y Del Riego durante 50 años ve la luz”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 5 xuño 2013, p. 42.

Indica que esta correspondencia supón unha fiestra á historia da literatura galega en Sudamérica tras a posguerra. Explica cómo se coñeceron Xosé Neira Vilas e Francisco Fernández del Riego, despois do primeiro contacto de Neira Vilas cos artigos publicados por Fernández del Riego na revista *Galicia*. Refire as conversas que mantiveron ambos os dous respecto á creación da librería Follas Novas en Bos Aires na que se ofrecían novidades en galego. Remata precisando que o último encontro de ambos os dous foi na casa viguesa de Fernández del Riego en 2009, se ben a última carta recollida na obra é de dous anos antes.

Neira Vilas, Xosé, *Galicia en Cuba. Lingua. Rosalía. Loitas*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. Autores&textos, 2013, 463 pp. (ISBN: 978-84-92923-55-7 / DL: C-2312-2013).◆

Volume no que se recompilan tres textos de Xosé Neira Vilas que permiten trazar a historia común de Galicia e Cuba desde mediados do século XIX até a actualidade e que xa foran publicados nos anos noventa do século XX. Esta reedición, revisada e

actualizada, xorde dos libros: *A lingua galega en Cuba* (Consello da Cultura Galega, 1995), *Rosalía de Castro e Cuba* (Padroado Rosalía de Castro, 1992) e mais *Galegos que loitaron pola independencia de Cuba* (Edicións do Castro, 1998). Comeza con dúas presentacións: “Un cronista da Galicia americana”, de Ramón Villares, e mais “Polo amor da Galicia”, de Valentín García Gómez. Na primeira repásase a biografía de Xosé Neira Vilas recalcando a súa relación con Cuba e explícase a decisión de dar a lume estes tres textos, mentres na que segunda presentación se realiza un percorrido biobibliográfico sobre Neira Vilas, que asina, a seguir, o texto “Tres luces no vieiro da emigración”, onde detalla como escribiu os tres libros que se reunen neste volume e que dá paso á reprodución destes. Por último, aparece a “Coda”, na que se recalca que esta triloxía aborda tres temas que vencellan Galicia e Cuba: a presenza da lingua galega en Cuba, a admiración cubana e dos nosos emigrantes por Rosalía de Castro e mais a participación dos galegos nas loitas populares do pobo cubano.

Nicolás, Ramón (coord.), *Manuel Lueiro Rey (1916-1990). A liberdade ferida*, limiar Francisco Lores, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Alternativas. Ensaio, 2013, 224 pp. (ISBN: 978-84-9914-506-8).

Traballo dedicado á figura de Manuel Lueiro Rey (Fornelos de Montes, Pontevedra, 1916- O Grove, 1990) que comeza cun limiar de Francisco Lores, “Lueiro Rey na Arxentina” (pp. 9-12), e unha cronobiografía de Ramón Nicolás, “Manuel Lueiro Rey. Cronobiografía” (pp. 13-30), onde se destacan distintos aspectos da vida deste intelectual. Deseguido recolle traballos de varios autores dedicados ao perfil biográfico: Herminio Barreiro “Sempre me acompañará, sempre” (pp. 33-34); Manuel Bragado Rodríguez “Primeira tarde con Maruxa” (pp. 35-37); Luís Cochón, “Manolo, Manuel”; Ramón Chao “Acordanza de Lueiro” (p. 42); Antonio Chaves, “Co vento amigo de Manuel Lueiro” (pp. 43-48); Isaac Díaz Pardo, “Lembranzas de Manuel Lueiro Rey” (pp. 49-50); Gerardo González Marín, “Canteiro da palabra viva” (pp. 51-52); Francisco López “Chesqui”, “Lembranzas dalgunhas das miñas vivencias con Manolo Lueiro” (pp. 52-53); Basilio Losada, “Lueiro e a claridade” (pp. 61-62); Manuel Lueiro Lores, “Lembranzas ao fondo” (pp. 63-64); Gustavo Luca de Tena, “O poeta que denunciaba a mentira e encendía os corazóns” (pp. 65-68); Modesto Hermida, “Lueiro Rey, aquel amigo e camarada” (pp. 69-70); Xosé Luís Méndez Ferrín, “Lembranza de Lueiro o bon” (p. 71); e de Olegario Sotelo Blanco, “Manuel Lueiro Rey: un home íntegro, sincero e honrado” (p. 72). A seguir, inclúense outros apartados con distintas colaboracións, como “Estudos sobre a obra”, no que aparecen os traballos de Xesús Alonso Montero “Manuel Lueiro Rey, cantor de don Antonio Machado” (pp. 81-89); Francisco Fernández Rei “O mar da Arousa na Literatura galega: a ‘Cantiga de Lueiro Rey’” (pp. 90-97); Luís Mera Naveiras “Con Lueiro Rey, entre libros e dedicatorias do home e poeta” (pp. 98-103); e Ramón Nicolás “Lorenzo Varela e Manuel Lueiro Rey: crónica dunha amizade” (pp. 104-120). En “Varia” inclúense as caricaturas de Gogue, “Caricaturas” (p. 127) e de Siro “Caricatura” (p. 136); as referencias ao premio Manuel Lueiro Rey como a de Xesús Alonso Montero en “Discurso de entrega do premio Manuel Lueiro Rey 2005”; Antonio Chaves, “Ilustración” (p. 124); Manuel Quintáns Suárez, “Sentido e significado dun premio literario” (pp. 132-135); lembranzas persoais como as de Francisco X. Fernández Naval, “Un anaquiño de ceo” (pp. 125-126); e David Otero, “Na súa lembranza sempre viva” (pp. 128-131); e, finalmente, o facsímile “Carta a Luís Mera (22-3-1982)” (p. 137) do propio Manuel Lueiro Rey. Péchase o volume coas creacións poéticas de Anxo Angueira, “Ela barqueira nova” (pp.

141-142); Fran Alonso, “A escrita dun tempo intransixente avanzaba” (p. 143); Delfín Caseiro, “O combate das augas” (p. 164); Francisco Castro, “Escolma ferida” (pp. 165-166); Miguel Dubois, “A Manuel Lueiro Rey, amigo” (pp. 171-173); Antón Lopo “1932” (pp. 193-194); Antón Lopo “[Pervivencias]” (p. 195); Carlos Oroza “La admiración para el poeta” (pp. 196-197); Xesús Rábade Paredes, “Luz dos vencidos” (p. 202); Baldo Ramos, “Espallarei a miña voz doente / Fuxindo dos chacales” (pp. 203-204); Xosé Vázquez Pintor, “Manso” (p. 207); e Miro Villar, “Sete haikus de Breizh” (p. 208). No relato curto colaboran Marilar Aleixandre con “Fronte á illa” (pp. 144-147); Rosa Aneiros con “O rincho do silencio” (pp. 148-152); Xosé Carlos Caneiro con “A última memoria de Oliverio Twist” (pp. 153-161); Ramón Caride Ogando con “R.P.M.” (pp. 162-163); Xoán Carlos Domínguez Alberte con “Arsenal” (pp. 167-170); Xavier Franco con “Axolotl” (pp. 174-176); Xabier López López con “Cartier-París” (pp. 177-181); Xosé M. Eyré con “Un cadáver ou unha mazá” (pp. 182-189); Inma López Silva con “Monólogo da amante dun fascista nun día de abril” (pp. 190-192); Mariña Pérez Rei con “Pongo do Maraño” (p. 198-201); Xurxo Sierra con “A morte incerta” (p. 205) e “Ambigú” (p. 206). Ademais reproducense dous textos inéditos de Manuel Lueiro Rey: o relato “As dúas persoas do meu amigo Carmelo” (p. 213-215) e o poema “Esmeralda, Tucumán” (p. 216-218) reprodución facsimilar dun poema de Lueiro dedicado á filla de Arturo Cuadrado e María Elena Worossylo.

Recensións:

- Ramón Rozas, “Na sutura da ferida”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Café Pombo”, 13 xullo 2013, p. 61.

Comeza afirmando que Manuel Lueiro Rey é “un dos personaxe cos que a historia non foi todo o amable que debera ser” polo que esta monografía funciona, non como “reivindicación”, senón como “xeito de sutura dunha ferida que sempre estivo aberta nun home de compromiso inquebrantable”. Condensa a súa biobibliografía e a seguir nomea os autores que interveñen no volume, indicando que apuntalan a súa figura achegando as persoas coas que se relacionou e analizando aspectos concretos da súa produción, aos que se suman textos creativos inspirados en Manuel Lueiro Rey. Remata afirmando que neste volume se destaca a “profunda humanidade” deste autor e a súa “irrenunciable liberdade individual asentada nese compromiso que moitos quixeron esnaquizar”.

- Ramón Rozas, “Descubrinto a Lueiro Rey”, *Diario de Pontevedra*, “revista!”, n. 679, “Mil primaveiras máis”, “Reportaxe”, 21 xullo 2013, pp. 6-7.

Comeza loando a publicación desta obra, que considera que sorprende pola “miopía” que até agora se mantivo sobre as calidades de Manuel Loureiro Rey. Apunta que a obra supón un canto á liberdade e fai un percorrido pola vida de Lueiro Rey en Pontevedra, no que vai salientando as súas primeiras prosas en lingua galega. Menciona que no volume participan algúns autores coa tentativa de darlle visibilidade e de engrandecer a súa figura e situala “na posición que merece” e que se acollen estudos sobre aspectos concretos da súa produción, así como textos inspirados nel. Matiza que Lueiro Rey optou por unha “irrenunciable liberdade individual asentada nese compromiso que moitos quixeron esnaquizar” e que se enfrontou a eles “con mesura, con paciencia,

sorteando os atrancos do camiño sen perder a cabeza”. Complétase a nova cunha breve semblanza biográfica intitulada “A vida entre Fornelos, Pontevedra e O Grove”.

- Pilar Ponte, “A homenaxe colectiva”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 472, “Libros”, 10 outubro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 424, “Letras galegas”, 19 outubro 2013, p. 10.

Dáse conta da publicación da biografía *Manuel Lueiro Rey (1916-1990). A liberdade ferida*, unha homenaxe artística colectiva dunha vintena de autoras e autores de diferentes xeracións creativas e disciplinas, coordinada por Ramón Nicolás. Destácase a achega de textos inéditos que facilitan a comprensión do feito de que o contacto coa xente da emigración arxentina influíu en que Lueiro pasase do castelán ao galego. Preséntase como un acto de xustiza cun autor que sufriu o exilio interior na época da ditadura franquista.

Referencias varias:

- Iván Leis, “Un espírito comprometido en Fornelos”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área metropolitana”, 10 agosto 2013, p. 15.

Dá conta da presentación desta obra no salón de plenos do concello de Fornelos de Montes. Reproduce palabras de Xesús Alonso Montero, nas que salienta que Manuel Lueiro Rey foi un dos grandes escritores galegos do século XX, que foi intransixente coa realidade brutal do franquismo e que a súa produción sorprende pola actualidade e vixencia que mantén. Recolle así mesmo palabras de Modesto Hermida destacando o seu carácter comprometido e a amplitude e “categoría” da súa obra. Refire que Ramón Nicolás leu fragmentos nos que se reflicte a visión crítica de Lueiro Rey da emigración a Brasil e que Manuel Bragado explicou a xénese desta obra. Remata indicando que se puxo en marcha un premio de poesía en memoria de Lueiro Rey, organizado pola asociación O Cruceiro de Laxe e o concello de Fornelos.

Pena, Xosé Ramón, *Historia da Literatura galega I. Das orixes a 1853*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, setembro 2013, 433 pp. (ISBN: 978-84-9914-551-8).

Primeira entrega da *Historia da Literatura galega*, que estará conformada por catro volumes, realizada por Xosé Ramón Pena Sánchez. Este tomo está dedicado á historia da Literatura galega dende o comezo da lírica galego-portuguesa até a publicación d’*A gaita gallega*, de Xoán Manuel Pintos. Xébrase en dous bloques: “A literatura da Idade Media”, que é o máis amplo e que consta de trece apartados, e mais “A literatura do galego medio”, con dous apartados. O bloque central de *Historia da Literatura galega I. Das orixes a 1853* é “A literatura da Idade Media” e comeza co apartado “Literatura galego-portuguesa / Literatura galega medieval: caracterización”, onde se detén nas controversias do termo galego-portugués para a seguir centrarse na evolución do latín ao romance e na emerxencia do galego-portugués na escrita. O segundo apartado fala do carácter diferencial da *Gallaecia* no *Regnum Christianorum* e da formación da sociedade feudal, do nacemento de Portugal e do reino de Galiza e León e mais do reino de Galiza dento da coroa de Castela e leva por título “A Galiza medieval: as coordenadas históricas”. A seguir aparecen seis apartados nos que se fai un percorrido pola lírica trobadoresca profana e son: “A lírica trobadoresca profana (I): cronoloxía e

ámbito social xeográfico”, que se detén na problemática das orixes da primeira xeración de trovadores, da sociedade feudal, dos trovadores e xograres, do papel da muller nesta altura e mais dos mecenados; “A lírica trobadoresca profana (II): transmisión”, que describe os diferentes textos conservados, así como a constitución da tradición manuscrita; “A lírica trobadoresca profana (III): os xéneros líricos. A cantiga de amor”, que sintetiza a doutrina da *fin’amors* e caracteriza a cantiga de amor centrándose nos seus protagonistas, na vasalaxe, na coita de amor e mais na súa clasificación; “A lírica trobadoresca profana (IV): a cantiga de amigo”, no que realiza unha caracterización temática xunto coa descrición dos seus protagonistas e asemade céntrase na relación amorosa, a natureza e o simbolismo, a súa clasificación e analiza as cantigas de madre e mais de santuario; “A lírica trobadoresca profana (V): a cantiga de escarnio e maldicir”, que fala do escarnio e do maldicir, da súa organización interna, dos seus rexistros temáticos e da tenzón e partimen; e “A lírica trobadoresca profana (VI): os xéneros híbridos ou menores”, que analiza as pastorelas, os lais, as cantigas de tear, as albas, os prantos, as cantiga de seguir ou de vilão, os descordos e mais as cantigas encomiásticas e composicións de circunstancias. O noveno apartado, que se centra na lírica relixiosa, “A lírica trobadoresca relixiosa: as *Cantigas de Santa María*”, debulla as *Cantigas de Santa María* tratando a súa transmisión e datación, autoría, estrutura interna, clasificación e organización temática, fontes, ideoloxía, así como a presenza de Galicia e o galego nestas cantigas relixiosas. O último apartado dedicado ao trobadorismo é o titulado “Os epígonos trobadorescos: a escola galego-castelá e o Cancioneiro Geral de Garcia de Resende” e nel repásase a problemática da denominación de “escola” e analízanse os epígonos en Castela e mais en Portugal, así como o *Cancionero Geral* de Garcia de Resende. Finalmente inclúense tres apartados centrados na prosa medieval: “A prosa medieval (I): o *roman* e a literatura novelesca”, onde se aproxima á novela cortesá, á materia de Troia e mais á materia de Bretaña; “A prosa medieval (II): a haxiografía. *Os miragres de Santiago*”, no que caracteriza a haxiografía no ámbito galego-portugués e describe *Os miragres de Santiago*; e “A prosa medieval (III): a historiografía. Textos xurídicos e didácticos”, que debulla a historiografía peninsular e a galego-portuguesa, xunto con outros textos de orixe galega e portuguesa, ademais de centrarse na prosa xurídica e didáctica. O segundo bloque desta *Historia* leva por título “A literatura do galego medio” e consta de dous apartados. No primeiro, titulado “Galiza no antigo réxime: as coordenadas históricas”, detense nos aspectos históricos dos chamados “Séculos Escuros”, así como na decadencia política e o rol da Igrexa na castelanización, na case total perda da escrita literaria en galego, no longo século XVIII e nos ilustrados coas súas reivindicacións e estudos sobre o galego, na fin do antigo réxime e aparición do provincialismo e mais na guerra da independencia. O segundo e último apartado, “A literatura do galego medio”, fala da Literatura galega entre o século XVI e XIX e estuda os textos conservados na lírica, nos vilancicos, no teatro, nos diálogos e coloquios, na prosa.

Recensións:

- Soraya Domínguez e Alberte Valverde “Nova proposta historiográfica da Literatura galega”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 200, Tomo LI, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 95-96.

Sínálase que o libro se centra no período que vai das orixes da Literatura galega até a data de 1853, cando foi publicada *A gaita gallega*, de X. M. Pintos. Achégase unha

perspectiva global dos manuais de historiografía literaria, salientando que utilizan o criterio filolóxico, se ben os máis recentes pretenden ocupar un espazo no ensino e modernizar os criterios metodolóxicos. Indícase que o libro é o primeiro volume de catro que conformarán a obra e que vai dirixido a un público especialista, ao empregar tanto teorías sociolóxicas coma unha metodoloxía ecdótica, recompilando traballos que recolocan concepcións historiográficas da Literatura galega. Apúntase que os dous grandes períodos que ocupan o volume teñen un tratamento desigual. Reflexiónase sobre a necesidade de incorporar á obra un índice onomástico ou de obras e sinálase a importancia do volume para afondar no coñecemento da Literatura galega.

- Fco. Martínez Bouzas, “Unha obra perdurable”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 outubro 2013, p. 43.

Infórmase da publicación do primeiro volume da *Historia da literatura Galega* de Xosé Ramón Pena na editorial Xerais. Saliéntase as novidades interpretativas do acontecer literario de Galicia ao longo dos séculos, dende as súas orixes no medievo ata 1853 no comezo do Rexurdimento. Descríbese o contido do volume e anúnciase a aparición dos tres volumes restantes nos vindeiro trienio.

- Armando Requeixo, “Letras historiadas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 472, “Libros”, 10 outubro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 424, “Letras galegas”, 19 outubro 2013, p. 10.

Anúnciase a publicación de *Historia da Literatura Galega I. Das orixes a 1853*, a primeira entrega do proxecto do crítico e ensaísta Xosé Ramón Pena. Apúntase que o volume resulta necesario polo traballo de actualización de todo o que as novas investigaciónns e estudos foron achegando sobre o tema. Explicase que o libro se ocupa da literatura galego-portuguesa medieval, bloque que se destaca con gran brillantez por ser o autor especialista na materia, e da literatura do galego medio. Bótase en falta un breve limiar explicativo da organización nas entregas da obra e das súas bases teóricas e metodolóxicas.

- Vicente Araguas, “Volver, volver”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, “máis Libros”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 802, 10 novembro 2013, p. 30.

Comeza afirmando que volverá ler esta obra para aprender tanta materia didáctica hai nela. Apunta que contén unha “sabedora peneira (que non exactamente escolma) de poemas medievais” e que o autor, Xosé Ramón Pena, “fala da impertinencia de inserir na literatura galaico-portuguesa a prosa, cando esta atopaba no Medievo canles separadas en Galicia e Portugal”. Precisa que resulta “discutible” nesta obra “a causa que provoca a desfeita galiciana” e remata afirmando que se trata dun “must” e recomenda lelo e volver a el.

- Vicente Araguas, “Un ‘must’ absoluto”, *Atlántico Diario*, “*La revista*”, n.º 100, “Contexto”, “Rabo de nube”, 17 novembro 2013, p. 14.

Despois de presentar ao autor do libro que se recension, Xosé Ramón Pena, dáse conta da saída do prelo de *Historia da Literatura Galega I*, manual do que se destaca a súa manexabilidade, así como a súa seriedade e rigor nos contidos.

Pérez-Barreiro Nolla, Fernando, *Amada liberdade*, Vigo: Edicións Xerais, col. Crónica. Memorias, 2013, 397 pp. (ISBN: 978-84-9914-338-5).

Memorias do tradutor, escritor e intelectual Fernando Pérez-Barreiro (Ferrol, 1931-Lancaster, 2010). Estas lembranzas están acompañadas de “A vida xuntos”, onde a súa esposa, Teresa Barro, fala sobre a súa relación dende que se coñeceron no ano 1955. Escrita en primeira persoa e dividida en doce capítulos sinalados en negra e maiúscula, Pérez-Barreiro comeza co estoupido da Guerra Civil e rememora a súa infancia e adolescencia en Ferrol e Viveiro, lugar onde nacera o seu pai, un avogado galeguista de dereitas. Nesta etapa de formación intelectual destaca unha figura que tivo unha influencia fundamental no autor: Ricardo Carballo Calero. Despois de falar deste período e de facer unha crónica detallada do Ferrol da posguerra, pasa a relatar as súas vivencias en Santiago de Compostela, lugar onde coñece novas amizades e a Teresa Barro, muller que se converteu na súa esposa, dedicándolle un capítulo á parte aos estudos de Dereito. Continúan as memorias recordando as súas etapas en Madrid, cidade onde asegura que viviu un choque cultural grande debido a que todo lle resultaba alleo e onde tivo relación con Bousquet e Fraga, entre outras persoas; A Coruña e Londres. Dende a capital inglesa, Pérez-Barreiro segue en contacto con proxectos galeguistas a través de colaboracións en *Grial*, a súa relación con Beiras e Piñeiro, así como da tradución ao galego de clásicos universais. Explica que foi en Londres onde comezou a estudar en profundidade a cultura oriental, chegando a licenciarse en Lingua e literatura chinesas. A estes capítulos súmanselle outros dedicados a personalidades como Ramón Piñeiro, sobre quen fai un exercicio de deconstrución, ou Rodrigues Lapa; aos seus estudos de chinés e da China, país que vistou; aos ciclos de Cathay; á década dos 70 e o galeguismo; e, por último, unhas reflexións sobre poesía. Entre as súas memorias e as escritas pola súa dona, nas que fala da súa relación, insírense algunhas fotografías persoais de Pérez-Barreiro Nolla.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Do outro lado do espello”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 29/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 770, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 770, “letras Atlánticas”, p. 33, 31 marzo 2013.

Destaca desta “crónica novelada” o camiño de admirábel coherencia e honorabilidade do intelectual Fernando Pérez-Barreiro e cita algunhas figuras ás que admiraba e tamén ás que cuestionaba, como Ramón Piñeiro por consideralo, entre outras razóns, “o responsable da defunción do PG”. Salienta que nas memorias se amosa o labor pioneiro do autor, que exemplifica con varias das súas traducións, caso de *Alicia no país das maravillas* (1984), que verteu coa súa compañeira Teresa Barro e pola que mereceron, por vez primeira vez na Literatura galega, o Premio Nacional de Tradución de Libros Infantís e Xuvenís. Alude ás últimas páxinas que quedaron inconclusas e ao apéndice “A vida xuntos” da súa compañeira, “unha excepcional docente e brillante tradutora”. Remata recomendando a lectura desta biografía, non só “coma un acto de xustiza coa admirable traxectoria dun dos nosos intelectuais máis lúcidos” senón “sobre todo, para aprender esoutra Historia que non vén nos libros ‘oficiais’”.

- Armando Requeixo, “Unha outra ollada”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 452, “Libros”, 4 abril 2013, p. VI.

Comeza salientando que o título desta obra alude ao ideal de vida de Fernando Pérez-Barreiro Nolla: “independencia para ser verdadeiramente libre, serenidade para discernir con criterio e honestidade e mais coherencia para non se apartar do camiño recto”. Nomea varios aspectos que se plasman da súa biobibliografía, as súas amizades e “as mourísimas sombras que desprendían outras figuras”, por exemplo, Ramón Piñeiro, por varias razóns que cita. Menciona o contido que se mostra nas últimas páxinas e o apéndice da súa compañeira, Teresa Barro. Remata indicando que esta obra deben lela “os que desexen descubrir unha outra ollada á nosa realidade socioliteraria pasada”.

- Francisco X. Fernández Naval, “Amada Liberdade e a Vida Xuntos”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, “Desta Volta”, 7 abril 2013, p. 29.

Rememora a súa amizade con Fernando Pérez-Barreiro Nolla e afirma das súas conversas que “sempre tiven a sensación de que con el descubría unha parte da historia de Galicia que aquí nunca se contara ben”. Explica que as memorias contidas nesta obra son froito dun traballo conxunto de Pérez-Barreiro e a súa compañeira Teresa Barro. Apunta que o título da obra está tirado dun verso de William Blake, “un dos poetas que máis amaba e ao que lía días antes do seu pasamento”. Refire os aspectos abordados por Teresa Barro no apéndice “A vida xuntos” e precisa que na súa lauda de pedra negra aparece o cualificativo “Cabaleiro galego”. Remata salientando que nesta obra se plasma o amor de Pérez-Barreiro a Galicia e o seu sentido crítico.

- Vicente Araguas, “Todo por facer”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 772, “máis Libros”, 14 abril 2013, p. 30.

Comeza referíndose á necesidade de emigrar para “atopar lugares onde bulir”, como lle aconteceu a Fernando Pérez-Barreiro Nolla, “un políglota consecuente (e dotadísimo)”, de quen sintetiza as liñas xerais do seu labor intelectual. Refire que *Amada liberdade* son “as memorias deste home de pensamento (mais tamén de acción) nas que traballaba cando o sorprendeu a morte”. Precisa que, a modo de epílogo, se acolle tamén un capítulo da súa compañeira Teresa Barro, quen achega a imaxe de seu home, de si mesma e de Ramón Piñeiro, “que non sae nada favorecido na instantánea” nin tampouco nun retrato que del fixera Pérez-Barreiro. Explica que neste libro, por ser “autobiográfico mais nada confesional”, presenta unha “desmitificación desde maneiras ben intelectuais das manobras (tal semella inferirse) piñeirananas de ter controladas as tendencias galeguistas”, se ben reconece que Piñeiro foi “un ‘argalleiro’ nato”, non comparte a imaxe que del se amosa nestas memorias de Pérez-Barreiro polo que el o coñeceu “na famosa mesa-braseiro”.

- X. L. Franco Grande, “A memoria e a liberdade”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Crítica. Libros”, maio 2013, p. 84-85.

Comentario no que se subliña a importancia nesta obra da adenda cunhas interesantes páxinas da esposa do autor do volume, así como a relevancia dos primeiros capítulos. Comenta que para el as tres etapas que están no libro sobre a traxectoria vital de Fernando Pérez-Barreiro non existen, á vez que afirma que o protagonista nunca empregou a lingua galega antes do ano 2000.

- Xosé M. Núñez Seixas, “Un galeguista singular”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, nº. 198, abril, maio e xuño de 2013, “O espello das letras”, pp. 98-99.

Considérase de interese esta obra por tres motivos: en primeiro lugar, porque evoca os difíciles anos da guerra e da posguerra, que coincidiron coa infancia do autor, nado en 1931; en segundo lugar, polas súas achegas sobre o galeguismo de posguerra a través da incorporación das relacións cos membros da xeración de *La Noche* e a súa fascinación por Carballo Calero; por último, porque recolle as viaxes de Pérez-Barreiro polo mundo e a súa experiencia no Londres dos anos 60 e 70. Saliéntase o seu estilo áxil e directo.

Referencias varias:

- Nicolás Vidal, “Amada liberdade”, a biografía vital e intelectual de Fernando Pérez-Barreiro”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 17 febreiro 2013, p. 13.

Comeza reproducindo o inicio d’*Amada liberdade*, de Fernando Pérez-Barreiro, de quen afirma que se trata dun “dos intelectuais galegos máis fascinantes do último medio século”. Refire que estas memorias de Pérez-Barreiro “amosan a paisaxe de Galicia durante máis de medio século”, dende o estoupido da Guerra civil española até a “construción polo miúdo dunha personalidade e dunha sensibilidade”. Precisa que estas memorias “percorren a necesidade de fuxir dun país pouco estimulante vital e culturalmente”. Ademais de citar os temas que aborda o autor, sinala que tamén leva a cabo unha deconstrución de personaxes como Ramón Piñeiro e anuncia que no mes de maio terá lugar a presentación desta obra nun acto organizado pola Real Academia Galega, institución da que Pérez-Barreiro e a súa dona Teresa Barro son académicos correspondentes.

- N. V., “Para nós a independencia foi o máis importante”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 17 febreiro 2013, p. 13.

Conversa con Teresa Barro sobre *Amada liberdade*, a obra que ela transcribiu en 2007, ditada polo seu home. Precisa que ambos os dous proxectaron unha vida baseada na independencia e na sinxeleza e que lograron cumprila en Inglaterra porque “en España iso tería sido imposible”. Recoñece que dende Galicia sentiron “certa incompreensión contra nós por parte de certos galeguistas a quen lles molestaba a nosa opción de vida, non cadramos nos seus estereotipos”. Apunta que pode resultar polémica a interpretación que seu home fai nesta obra da figura de Ramón Piñeiro xa que “en Galicia, ou España, non hai interpretación ou crítica senón moito dogmatismo” se ben matiza que o seu home “non tratou de facer unha crítica persoal senón analizar unha situación social, máis xeral, que se vivía no país”.

- X. L. Méndez Ferrín, “A CIA e Galicia”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 801, p. 4/ “Saberes”, nº 403, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 23 marzo 2013.

Comeza apuntando que na súa primeira mocidade viu que amigos maiores seus, entre eles Fernando Pérez-Barreiro Nolla, ao rematar “brillantes carreiras universitarias, fuxían ao estranxeiro en procura de empregos que me parecían fascinantes”. Refire que todos mantiveron o contacto con Galicia, en maior ou menor medida. Precisa que nesta monografía se amosa a participación de Pérez-Barreiro Nolla “no antifranquismo, no

movemento cultural e no nacionalismo galego” e que o apéndice de Teresa Barro “fai o libro aínda máis valioso”. Concorde con Pérez-Barreiro Nolla na imaxe que reflicte de Ramón Piñeiro e ofrece abondosos datos sobre este particular.

- Xosé Carlos Caneiro, “E Rosalía...”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 512, “A outra mirada”, “Club dandi”, 6 abril 2013, p. 11.

Refíre que esta obra permite “sementar sementes de trigo, vizosas, sobre a faciana cultural deste país que vén e vai, que vén e vai”. Salienta a “verdade” plasmada nestas memorias e que conteña “a resposta a moitas preguntas, e a pregunta a tantas respostas que a cotío pronuncian o nacionalismo e o galeguismo patrios, tan acomodados en ocasións e tan inconformistas noutras”. Destaca a súa prosa “preciosa e precisa” e o carácter literario, “como unha novela”, do texto “A vida xuntos”, de Teresa Barros. Recomenda a súa lectura por ser un “documento vivencial, histórico, auténtico, arraigado e necesario nestes tempos de desidia intelectual, anestesia apodíctica”.

- X. L. Franco Grande, “A difícil memoria”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Soleira”, 15 abril 2013, p. 11.

Destaca destas memorias póstumas as páxinas referidas á súa “infancia e primeira mocidade en Viveiro e Ferrol porque son páxinas, ademais, cheas de verdade”. Precisa que nelas hai “unha práctica ausencia de memoria de etapas decisivas no seu decorrer vital, como foron os anos de traballo na BBC de Londres e na Organización Internacional do Café”. Desconcértalo que pese a non ter ningunha relación e moi tardía co grupo galeguista nos anos cincuenta e confesar que non tivo a menor importancia os trate con “distancia e displicencia” e tamén ao “seu mentor máis visible”. Remata afirmando que “a brillante prosa de Fernando déixame algo perplexo” e agardando que Teresa Barros aclare as situacións que considera “anómalas” e cuxa lectura deixa a “impresión de insatisfeitos”.

- Alfredo Conde, “Barreiro Nolla”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 3 maio 2013, p. 4.

Comenta que está a ler este libro de memorias, “tan inhabitual por estes nosos pagos”, por recomendación de Xabier P. Docampo, quen cualificou “se ben o recordo, como definitivo” o que Barreiro Nolla escribiu sobre Ramón Piñeiro. Considera que no que leva lido até a páxina 123, o referido sobre Piñeiro é “duro, a min parécemo, pero probablemente sexa axustado” se ben matiza que iso “non lle resta nin moito nin pouco á integridade persoal ou á valía intelectual do de Láncara” e que ademais “a propia vida era así, naquel entón” e tamén haberá que crer verdadeiros os comentarios de Barreiro Nolla sobre Beiras, Vilas Nogueira e Carballo Calero. Remata matizando que esta obra, da que falará noutra ocasión, son as memorias dun “home libre”, ao tempo que “independente e claro coma un regueiro montesío”.

- Jaureguizar, “Fernando Nolla daba visto o Fujiyama no pico de Ferreira”, *El Progreso*, “Vivir”, 23 maio 2013, pp. 42-43.

Dá conta de aspectos biográficos de Fernando Pérez-Barreiro Nolla que se plasman nestas memorias súas referidos á pervivencia da súa vinculación con Galicia pese a vivir fóra dela, os seus regresos a Viveiro, a súa atracción polo galeguismo, a súa relación

con Ramón Piñeiro, Xosé Manuel Beiras e Teresa Barro, así como o seu traballo en Nova Iorque. Complementábase con dous á partes: un referido á súa dona Teresa Barro, no que ela salienta os coñecementos de distintas linguas que tiña Fernando Pérez-Barreiro Nolla; e outro sobre Eduardo Punset, quen nun artigo do ano 2011 destacou de Fernando Pérez-Barreiro Nolla que “no he conocido a otro pensador ni tan bueno ni tan ignorado”, que sabía obviar “las proezas de la Historia” para contar sólo que “nos hace humanos”, que “era el único exiliado de verdad” e que os seus intereses eran “saber lo que les pasaba a los demás cuando nadie se preocupaba por eso” se ben nunca quixo contar o que lle pasaba no seu interior.

- Rodri García, “O legado de Pérez Barreiro, no libro ‘Amada Libertad’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 maio 2013, p. 41.

Recolle palabras de Teresa Barro na presentación desta obra o día anterior na Real Academia Galega coas que explicou que estas memorias “naceron de moitas conversas con moitos amigos galegos”, conformando así “a biografía vital e intelectual dun cabaleiro galego”, como apuntou o editor Manuel Bragado. Referiu tamén a súa dona que en 2007 Camiño Noia e Xulián Moure os animaron a escribilas e “tódalas tardes el falaba e eu escribía” xa que a el non lle gustaba porque se atrapallaba pero “ditando era fabuloso, o que lle gustaba era falar”. Informa que Xesús Alonso Montero destacou o capítulo da súa infancia intitulado “Viveiro”, que Manuel Bragado incidiu na súa visión sobre a emigración e a educación e na poeticidade destas memorias, e que a súa dona lamentou que non puidera rematar o capítulo dedicado á poesía porque “era o que máis lle importaba e tiña un xuízo rigoroso”.

- Jaureguizar, “Amado Piñeiro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 1 xuño 2013, p. 54.

Recoñece que leu *Amada liberdade* caendo nunha coma se fose unha biografía. Afirma que o primeiro cento de páxinas “parecen unha revisión paródica de Valle Inclán” e que despois o autor “vai contando o que lle peta e como lle peta” con escasas referencias xeográficas e poucas cronolóxicas. Precisa que leu a segunda parte “persuadido de que o xénero memorialístico consiste en explicarse diante da posteridade” e así entendeu a escasa presenza de Xosé Manuel Beiras e Eduardo Punset pese a ser “amigos seus”. Remata matizando que Barreiro Nolla quería publicar esta obra “para deixar constancia do entusiasmo entregado e da posterior decepción que lle causou Ramón Piñeiro”, idea que tamén explica a escolla do título desta obra.

Picallo Fuentes, Héitor, *Coa lingua na terra*, Noia: Editorial Toxosoutos, 2013, 151 pp. (ISBN: 978-84-15400-99-8).

Recompilación de artigos publicados na prensa e outros textos inéditos de Héitor Picallo centrados na defensa da lingua, a cultura e a identidade galegas. A obra abre cunha dedicatoria do autor, á que lle segue unha nota de agradecemento. A continuación, reproducése o “Prólogo” de Xosé María Lema Suárez, no que se exalta o compromiso de Héitor Picallo coa lingua galega e lóanse os artigos cos que gañou o XVII Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela. Séguelle unha “Introdución” na que Picallo explica como xurdiu o libro e fala do seu contido. Seguidamente, reproducése a obra en si, estruturada en seis partes. Na primeira, “Premio Reimóndez Portela de Xornalismo”, recóllese o ditame emitido polo xurado deste certame e as notas de adhesión de Xosé

Lois García, Vicente Araguas, Xosé Vázquez Pintor e María Fernández. Na segunda sección, “Artigos Premiados”, reproducense os catro artigos cos que Picallo gañou o galardón, centrados na defensa da lingua galega, e o discurso de recepción do premio, que xira arredor da defensa do idioma e de Galiza. En “Verbas no alento” inclúense textos xa publicados e outros inéditos nos que, entre outros temas, se fala da necesidade de normalizar o galego no ámbito da Igrexa e felicítase a algúns personaxes públicos por empregar esta lingua. Séguelle “Illas de palabras sobre un mar de terra”, que recolle artigos sobre obras literarias galegas e autores próximos a Picallo, como Anxos Sumai ou Miro Villar. Inclúense nesta sección algúns relatos que xiran arredor da defensa do galego e da diversidade. No quinto bloque, “A palabra no vento: manifestos”, reproducense dous discursos, un sobre Uxío Novoneyra e outro sobre Isaac Díaz Pardo. A derradeira sección, “Contos breves para crianzas e adultos”, recolle dous relatos baseados na defensa da identidade dos pobos e da diversidade lingüística e cultural. Acompañando os artigos recóllense ao longo de toda a obra caricaturas de escritores e persoeiros feitas polo autor. Pecha o volume un “Epílogo” de David Otero no que se fala da figura de Héitor Picallo.

Rei Ballesteros, Anxo, *PRESENZA dunha AUSENCIA. Sobre Maurice Blanchot*, pról. María Xesús Armada Castaño, , introdución e notas dos editores, deseño de cuberta Juan Gallego, Rianxo: Editorial Axóuxere, col. Polimnia, n.º 7 2013, 131 pp. (ISBN: 978-84-941379-1-4).

Ensaio de Anxo Rei Ballesteros (Codeso, Boqueixón, 1952-A Coruña, 2008), centrado na traxectoria literaria da escritora Maurice Blanchot. Abre o volume un prólogo de María Xesús Armada Castaño que, a partires dunha cita tirada do texto *Elexías de Duino*, de Rainer M^a Rilke, sobre o esencial da vida, o que permanece no tempo, apunta a liña narrativo-filosófica seguida por Rei Ballesteros na súa escrita e agradece a Maribel Soto Meijomence a conservación do manuscrito e a Manuel Castelao o seu labor editorial. Aparece a seguir a introdución dos editores, intitulada “Devir nada, devir ninguén”, na que aluden a *L’instant de ma mort* (1994), de Maurice Blanchot, coma idea da morte, da palabra literaria vacua e da necesidade de ficción que leva consigo, para contextualizar a lírica de Rei Ballesteros. Sinalan a continuación as principais liñas temáticas dos seus versos e o carácter inédito e póstumo do volume. Comentan asemade como se atopou o manuscrito que deu orixe a esta publicación e mencionan, doutra banda, un primeiro texto do autor, *Tempo e vinganza* (2003). Con respecto á edición deste manuscrito, destacan a súa tentativa dunha achega arqueolóxica ao texto, un engadido de notas ao final do volume, a decisión de incluír un tríptico de fotografías de Juan Carlos Navarro tirado de *Triloxía para Anxo Rei Ballesteros* (2012), e rematan cunha serie de agradecementos. A seguir reproducese o ensaio, que indaga nos conceptos do ser e da nada, amosando o seu parecer sobre cuestións como as orixes literarias de Blanchot, a Biblioteca ou Literatura universal en canto lugar de expatriación, o paradigma da imaxe fascinante, o *eu* da autora en contraposición ao *eu* do lectorado, o concepto heideggeriano do *Dasein* e seu significado no seo da obra de Blanchot, a reflexión crítica da súa literatura, a posíbel primacía ontolóxica da linguaxe que emprega, a presenza da literatura na memoria cultural, a temporalidade e intemporalidade das súas escritas, o eterno recomenzar da vida literaria, a contemporaneidade entre comunidade e individuo existente na poesía oral, o predominio da mensaxe literaria fronte á forma ou significante, ou o mito de Orfeo e Eurídice e súa relación co esluír do tempo dentro da Literatura. Péchase o volume coas

“Notas da edición” e “Fragmentos do manuscrito orixinal”, que recolle precisamente catro páxinas do texto grafadas a man polo autor. A obra tamén se pode consultar en <http://axouxerestream.com/wp-content/uploads/2013/10/Libro-Web.pdf>.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Para alén do cotián”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 481, “Libros”, 12 decembro 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 433, “Letras galegas”, 21 decembro 2013, p. 10.

Infórmase da publicación póstuma de *Presenza dunha ausencia* de Anxo Rei Ballesteros. Cóntase que a editorial Axóuxere publica este ensaio que foi atopado entre os papeis que Rei Ballesteros deixou no seu estudo. Reivindícase o libro coma necesario por ter o campo da ensaística unha escasa presenza no sistema literario galego. Explicase que o contido do volume, tributo á filosofía e á literatura, comeza cunha reflexión a partir de *L’Espace littéraire* de Maurice Blanchot e continúa pola obra de autores como Foucault, Bataille ou Shakespeare para abordar a cuestión da propia construción do ser humano.

Risco, Antón e Arturo **Lezcano**, *Risco segundo Risco*, Vigo: Editorial Galaxia, novembro 2013, [118] pp. (ISBN: 978-84-9865-512-4).

Ensaio de Arturo Lezcano e Antón Risco, que comeza cunha imaxe de Vicente Risco acompañado do seu fillo Antón Risco e que se divide en nove capítulos : “A Política”, “Dó Nós ao Eu”, “A Escatoloxía”, “Ideas filosóficas e sociais”, “Gustos Estéticos”, “A Obra”, “O Pai, o home”, “Galicia e Castela” e “O Percursor”. Neles reflíctese o pasado político de Vicente Risco, o seu abandono do Partido Galeguista, a súa amizade con Ramón Otero Pedrayo, a súa faceta relixiosa ollando cara ao catolicismo e en contra do modernismo ou tecnicismo, a filosofía e o misticismo relacionados con autores coetáneos a Risco; a súa personalidade e o seu papel como pai. Tamén a literatura se fai notar dando conta dos escritores galegos e estranxeiros preferidos do autor e das propias composicións de Risco. Estrutúrase a modo de entrevista na que Arturo Lezcano pregunta e Antón Risco responde, creando unha biografía do autor.

Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *Informe de literatura 2012*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, 2013, 1434 pp. (ISBN: 978-84-453-5126-0). ◆

Nova entrega do *Informe de Literatura* en formato CD-Rom correspondente ao ano 2012 e elaborado por un equipo de redactores e de colaboradores, tanto do Centro Ramón Piñeiro como externos a el, dirixido e coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou, que contou coa axuda da bolseira do proxecto Cristina Fernández Santomé. Como en edicións anteriores, ábrese o volume cunha breve presentación, na que a coordinadora, ademais de salientar as pretensións da publicación e o afán de mellora que preside o proxecto ano tras ano, fai un repaso de cada un dos apartados que constitúen a obra, referíndose ás fontes consultadas e aos criterios que se empregan para facilitar unha máis produtiva achega á literatura galega recollida en cada entrega deste repertorio

bibliográfico comentado. A continuación, reproducense unha serie de estatísticas nas que se reflicte a produción dos diferentes apartados segundo os xéneros e a presenza que tivo o feito literario galego tanto nos xornais e revistas galegas como en medios foráneos. A seguir, están os apartados do volume estruturados en “Narrativa”, “Poesía”, “Teatro”, “Día das Letras Galegas: Valentín Paz Andrade”, “Ensaio. Teoría Xeral. Crítica”, “Clásicos greco-latinos traducidos”, “A literatura infantil e xuvenil galega”, “Literatura de transmisión oral”, “Revistas”, “Premios”, “Literatura medieval” e “Apéndice. Entradas non recollidas en informes anteriores”.

Sánchez García, Jesús A., *Salón Teatro. Corazón do espectáculo*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, decembro 2013, 201 pp. (ISBN: 978-84-89323-54-4).

Traballo de Jesús A. Sánchez García que, despois dos prólogos institucionais, se vertebra en cinco bloques temáticos sucedidos da bibliografía. Neles, realízase unha exposición da situación social, política e cultural de Galicia no século XX. Tamén se nomean as mudanzas que sufriu o Salón Teatro, centrándose, especialmente, no ano 1920 no que se inaugurou a proposta de Elola de Losada, presidenta da Liga Mutua de Señoras de Beneficiencia ao Concello de Santiago en 1919 co fin de contar cunha instalación destinada aos actos e espectáculos da Casa Social Católica. Explicase que o impulsor do proxecto foi o relixioso Salustino Portela Pazos, que pretendía fomentar a acción social da igrexa. Explicase en que consiste o proxecto, cales son os seus fins e menciónanse os esforzos levados por non romper a harmonía arquitectónica da Rúa Nova. Dáse conta da súa estrea e dos primeiros espectáculos, non só teatrais, senón tamén cinematográficos e doutra condición, que acolleu o Salón Teatro. Constátase a diminución de espectadores despois da Guerra Civil e a súa repercusión, nomeadamente nos anos cincuenta. Con todo, o aumento da competencia tivo como resultado unha degradación do seu estatus. Coméntase a súa época de recuperación, nos anos 70, grazas ao remate da censura e á especialización da sala. Alúdese ao peche que sufriu en 1994, a consecuencia dun incendio e a como se levou a cabo a súa restauración. A obra inclúe numerosas fotos de postas en escena e do edificio, artigos de prensa, planos, debuxos ou anuncios, entre outros documentos, que amosan a realidade do Salón Teatro ao longo da historia.

Sende, Séchu, *Viagem ao Curdistám para apanhar estrelas*, Bertamiráns: Copy ceive, febreiro 2013, 117 pp. (ISBN: 978-84-616-2384-6).

Diario de viaxe de Sechu Sende que se divide en tres partes: “Os desenhos” (pp. 11-62); “As palabras” (pp. 63-95) e “Mais palabras” (pp. 97-117). A primeira recolle os debuxos descritivos da viaxe emprendida polo autor dende Santiago de Compostela ao Kurdistán e inclúe imaxes que teñen un claro trasfondo de denuncia social da situación que están a vivir os Kurdos e, sobre todo, da situación da súa lingua oprimida. Na segunda parte conta como esta viaxe se iniciou no ano 2010 tras a publicación do seu relato “Un lugar sem estrelas”, publicado xunto con outros trinta e sete no libro *Made in Galiza* (2007). Por outra banda, neste mesmo apartado inclúe o seu diario de viaxe onde explica, agora con palabras, as diferentes etapas do percorrido. Por último, na terceira parte, reproduce o texto da conferencia titulada “A conferencia de Istambul e Amed: Todas as linguas son linguas irmás”, onde defende a lingua como vehículo de cambio e creatividade.

Tato, Laura, *Do teatro ao cinema: obras dramáticas e guións de Ramón Otero Pedrayo*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Estudos e Investigacións, 2013, 170 pp. (ISBN: 978-84-7824-635-9).

Ensaio gañador do XVIII Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais, no que Laura Tato Fontaíña analiza dous aspectos da gran figura das Letras Ramón Otero Pedrayo: a súa faceta teatral e cinematográfica. Comeza o ensaio cunha introdución na que se explica o motivo polo que se fixo este estudo, así como o seu contido. No primeiro capítulo, dividido en tres subapartados, preséntase a Otero Pedrayo na historia do teatro enmarcándoo a el e á súa produción literaria dentro da renovación do sistema literario planificada polas Irmandades da Fala e, no terceiro subapartado, analízase a relación que tiña nos anos 50 co cinema, en especial coa produtora cinematográfica Suevis Films, propiedade de Cesáreo Álvarez. Xa no segundo capítulo, a autora ofrece unha revisión historiográfica, na que se inclúen todos os estudos sobre o teatro de Otero Pedrayo feitos con anterioridade, para a continuación facer unha nova proposta de clasificación e unha análise independente de cada unha das súas obras. Tras esta nova proposta e análise, recolle a recepción das obras dramáticas de Otero Pedrayo e o seu proceso de canonización, unha cuestión complexa que debe ser abordada por etapas e que pasou de ser case ignorada a considerarse como un referente indiscutíbel para os dramaturgos que refundaron o teatro galego na década dos 70 e para as xeracións máis recentes. O ensaio péchase cunhas breves conclusións e un anexo co esquema do guión que Otero Pedrayo escribiu nos anos 50 sobre o Camiño de Santiago.

Toro, Suso de, *Inmateriais*, Vigo: Edicións Xerais, col. Crónica. Xornalismo, maio 2013, 141 pp. (ISBN: 978-84-9914-502-0).

Compilación de trinta narracións biográficas de persoeiros galegos realizada por Suso de Toro que se abre cun paratexto en forma de dedicatoria (“A Félix Monteiro, xornalista”), ao que segue un breve limiar asinado polo autor. Nel explica que os textos se publicaron no desaparecido suplemento de letras do xornal *El País*, “Luces”, na sección “Xente de aquí”. Engade tamén os criterios seguidos na elección dos protagonistas dos escritos: que nacesen en Galicia, que fosen do seu interese e que representasen os galegos. Xustifica que moitas das súas escollas son escritores porque “A literatura aprendeume que a vida pode ter sentido e que a mesma literatura axuda a que o teña”. Tras o limiar cita a Vinicius de Moraes: “E a coisa mais divina / que há no mundo / É viver cada segundo / como nunca mais”, precedendo os trinta capítulos en que se estrutura a obra, que se corresponden coas breves biografías de Diego Xelmírez, Afonso X o Sabio, Padre Feixóo e Padre Sarmiento, Domingo Fontán, Concepción Arenal, Antolín Faraldo, Manuel Murguía, Rosalía de Castro, Pablo Iglesias, Emilia Pardo Bazán, Manuel Curros Enríquez, Ramón María del Valle-Inclán, Ramón Cabanillas, Vicente Risco, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Ramón Otero Pedrayo, Ánxel Casal, Eduardo Blanco-Amor, Valentín Paz Andrade, Manoel Antonio, Maruja Mallo, Jesús Bal y Gay, Carlos Velo, Luís Seoane, Gonzalo Torrente Ballester, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, José Suárez e Benito Varela Jácome. No seu conxunto, as biografías amosan unha imaxe das capacidades, problemas e posibilidades do colectivo galego.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Susos de Toro materialízase”, *La Región*, “*La Revista*”, n.º 72, “Con Texto”, 7 xullo 2013, p. 12.

Comeza lamentando que Suso de Toro notificara hai dous anos que “deixaba de escribir”, xa que considera a súa escrita unha das máis brillantes e reflexivas dos últimos anos. Alédase da publicación desta nova obra súa na que “insire semblanzas” de escritores, artistas e persoeiros galegos aos que glosara no suplemento que dedicaba a Galicia anos atrás o xornal *El País*. Apunta que os seus retratos se caracterizan por un “estilo rachado pero contido, valente mais rigoroso, que é o selo da casa”. Menciona os nomes dalgúns dos retratados cos que Suso de Toro consegue “ultrapasar as barreiras temporais” e remata agradecendo que os artigos se recuperen neste volume, evitando así que queden “condenados ao fume diario da prensa escrita”.

- Armando Requeixo, “Sombras tutelares”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 474, “Libros”, 24 outubro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 427, “Letras galegas”, 9 novembro 2013, p. 10.

Explica que os trinta retratos literarios deste volume nacen das colaboracións de Suso de Toro para o extinto suplemento “*Luzes*” da edición galega do xornal *El País*. Apunta que os retratados son “grandes rostros da historia galega, dende o Medievo ata a actualidade”, que “se erixen como guieiros certos”. Salienta a figura de Suso de Toro, a quen cualifica como “un dos escritores máis lúcidos das últimas décadas”. Nomea algunhas das “sombras tutelares” retratadas polo “fotógrafo de ánimas literarias” Suso de Toro, quen interpreta as súas obras e biografías. Remata incidindo en que se trata dun libro “de lectura moi agradecida” grazas ao “exquisito do estilo, marca da casa” e ao “xeito ameno e accesible” de facilitar “con criterio, as augas da nosa historia literaria e non só”.

Referencias varias:

- María Bragado, “Los libros triunfan en la calle”, *Faro de Vigo*, “*Sociedad*”, 4 xullo 2013, p. 39.

Recolle opinións de Agustín Fernández Paz e Suso de Toro respecto á situación actual e o futuro do sector editorial durante a súa presenza na Feira do Libro de Vigo. Para Fernández Paz existen presións sobre o sector editorial que poden arredar aos potenciais lectores da produción galega, fronte á que resalta o incremento da creatividade e concienciación dos autores en épocas de crise. Indica que Suso de Toro considera que a situación actual se debe á falta de instrumentos da sociedade galega para defender o seu e que as Feiras do Libro son un elemento clave para a resistencia del sector. Sinala que nesta edición da Feira do Libro de Vigo presenta a súa obra *Inmateriais*, onde acolle a súa propia idea da historia de Galicia.

- Sara Vila, “Como persoas temos iniciativa, como país fracasamos”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 693, “Mil primaveras máis”, “Entrevista”, 27 outubro 2013, pp. 6-7.

Conversa con Suso de Toro con motivo da publicación desta obra, na que tentou someter a revisión as persoas que incluíu, entre elas Castealo, un símbolo do galeguismo se ben os líderes serían, se non ocorrera a guerra civil española, os integrantes da xeración de Alexandre Bóveda ou Valentín Paz Andrade. Refire que todos os que aparecen no libro “dun modo ou de outro, axudaron a construír un país”; que dende hai catro anos optou por deixar de “facer unha carreira literaria” mais non a escrita porque sentiu que faltaba apoio aos escritores en Galicia e en España; e que lle gusta dar aulas de novo a xente nova “porque tratar a adolescentes alimenta a unha persoa”. Complementábase a nova cunha breve semblanza bibliográfica de Suso de Toro, intitulada “De escritor a mestre” e coas súas respostas a preguntas sobre “pecados confesables”.

VV. AA., *51 páxinas das nosas letras*, ilust. Siro López e Manuel Ferreiro Badía, Santiago de Compostela: Parlamento de Galicia, 2013, [sen paxinación] (DL: C-2351-2013).◆

Catálogo da exposición “51 páxinas das nosas letras”, iniciativa do Parlamento de Galicia, que rende tributo autores e autoras homenaxeados desde a instauración do Día das Letras Galegas en 1963 até o ano 2013. Conta con presentacións institucionais e mais co texto “No principio, as palabras; quizais a Palabra”, de Xesús Alonso Montero, no que se reflexiona sobre a importancia da palabra e sobre a historia e relevancia do Día das Letras Galegas. A seguir inclúense as cincuenta e unha achegas sobre os persoeiros organizados en dúas partes: unha efixie, inscrita nunha medalla, realizada sobre un debuxo de Siro López, obra do escultor Manuel Ferreiro Badía e mais unha pequena biobibliografía redactada por diferentes académicos da Real Academia Galega. A seguir detállanse as achegas, en primeiro lugar coa indicación do nome da persoa académica da RAG que realizou o texto e despois o da persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas, seguido dos datos de nacemento e morte que aparecen neste libro, seguindo a orde cronolóxica de celebración do Día das Letras Galegas: Luz Pozo Garza, “Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885)”; Xosé Neira Vilas, “A. Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950)”; X. L. Méndez Ferrín, “Eduardo Pondal (Ponteceso, 1935-A Coruña, 1917)”; Ana Isabel Boullón Agrelo, “Francisco Añón Paz (Boel, Outes, 1812-Madrid, 1878)”; Xesús Alonso Montero, “Manuel Curros Enríquez (Celanova, 1851-La Habana, 1908)”; Carlos García Martínez, “Florentino López Cuevillas (Ourense, 1886-1958)”; Xosé Henrique Monteagudo, “Antonio Noriega Varela (Mondoñedo, 1869-Viveiro, 1947)”; Antón Santamarina Fernández, “Marcial Valladares Núñez (A Estrada, 1821-A Estrada, 1903)”; Xosé María Lema Suárez, “Gonzalo López Abente (Muxía, 1878-1963)”; Víctor Fernández Freixanes, “Valentín Lamas Carvajal (Ourense, 1849-1906)”; Andrés Torres Queiruga, “Manuel Lago González (Tui, 1865-Santiago, 1925)”; Francisco Cerviño González, “Xoán Vicente Viqueira (Madrid, 1886-Bergondo, 1924)”; Xosé Henrique Costas González, “Xoán Manuel Pintos Villar (Pontevedra, 1811-Vigo, 1876)”; Francisco Fernández Rei, “Ramón Cabanillas (Cambados, 1876-1959)”; Margarita Ledo Andión, “Antón Vilar Ponte (Viveiro, 1881-A Coruña, 1936)”; Pegerto Saavedra Fernández, “Antonio López Ferreiro (Santiago de Compostela, 1837-Vedra, 1910)”; Xosé Luís Axeitos, “Manuel Antonio (Rianxo, 1900-1930)”; David Mackenzie, “Afonso X, o Sabio (Toledo, 1221-Sevilla, 1284)”; John Rutherford, “Vicente Risco (Ourense, 1884-1963)”; Xoán Babarro González, “Luís Amado Carballo (Pontevedra, 1901-1927)”; Xosé Luís Regueira Fernández, “Manuel Leiras Pulpeiro (Mondoñedo, 1854-1912)”;

Euloxio Rodríguez Ruibal, “Armando Cotarelo Valledor (Vegadeo, 1879-Madrid, 1950)”;

Manuel Caamaño Suárez, “Antón Losada Diéguez (Moldes, Boborás, 1884-Pontevedra, 1929)”;

Gonzalo Navaza, “Aquilino Iglesia Alvariño (Seivane, Abadín, 1909-Santiago de Compostela, 1961)”;

Andrés Fernández-Albalat Lois, “Francisca Herrera Garrido (A Coruña, 1869-1950)”;

Ramón Villares Paz, “Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-1976)”;

Alba Nogueira, “Celso Emilio Ferreiro (Celanova 1912-Vigo 1979)”;

Olivia Rodríguez González, “Luís Pimentel (Lugo, 1895-1958)”;

Manuel Rivas, “Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981)”;

Fernando Acuña Castroviejo, “Fermín Bouza Brey (Ponteareas, 1901-Santiago de Compostela, 1973)”;

Craig Patterson, “Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979)”;

Xosé Fernández Ferreiro, “Luís Seoane (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979)”;

Salvador García-Bodaño Zunzunegui, “Rafael Dieste (Rianxo, 1899-Santiago de Compostela, 1981)”;

Francisco Cidrás, “Xesús Ferro Couselo (Valga, 1906-Ourense, 1975)”;

Luís Manuel García Mañá, “Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986)”;

Ramón Lorenzo Vázquez, “Martín Codax, Mendiño e Xoán de Cangas (século XIII)”;

Fernando López-Acuña López, “Roberto Blanco Torres (Cuntis, 1891-Entrimo, 1936)”;

Xosé R. Barreiro Fernández, “Manuel Murguía (Froxel, Arteixo, 1833-A Coruña, 1923)”;

Manuel González González, “Eladio Rodríguez González (Leiro, Ourense, 1864-A Coruña, 1919)”;

Héctor M. Silveiro Fernández, “Frei Martín Sarmiento (Vilafranca do Bierzo, 1695-Madrid, 1772)”;

M.^a Dolores Sánchez Palomino, “Xosé Antón Avilés Vinagre (Taramacos, Noia, 1935-A Coruña, 1992)”;

Xosé Manuel González Reboredo, “Xaquín Lorenzo Fernández (Ourense, 1907-Lobeira, 1989)”;

Fausto Galdo, “Manuel Lorenzo Varela (La Habana, 1916-Madrid, 1978)”;

Xesús Ferro Ruibal, “Manuel Lugrís Freire, (Sada, 1863-A Coruña, 1940)”;

Rosario Álvarez Blanco, “María Mariño (Noia, 1907-O Courel, 1967)”;

Dario Xohán Cabana, “Xosé María Álvarez Blázquez (Tui, 1915-Vigo, 1985)”;

Francisco Díaz-Fierros Viqueira, “Ramón Piñeiro (Láncara, 1915-Santiago de Compostela, 1990)”;

Augusto Pérez Alberti, “Uxío Novoneyra (Parada, O Courel, 1930-Santiago de Compostela, 1999)”;

Xulio Ríos, “Lois Pereiro (Monforte de Lemos, 1958-A Coruña, 1996)”;

Bernardino Graña Villar, “Valentín Paz Andrade (Lérez, 1898-Vigo, 1987)” e finalmente Margarita Ledo Andión, “Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002)”.

VV. AA., *XXV Aniversario do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 1988-2012*, Dodro: Concello de Dodro/Edizer Livros, decembro 2013, 189 pp. (ISBN: 978-84-941648-8-0). ♦

Volume conmemorativo do XXV aniversario do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón que convoca o concello de Dodro. Despois das presentacións institucionais, aparece unha serie de textos asinados por persoeiros vencellados persoalmente ao poeta, que son os que seguen:

- Manuel Lorenzo Baleirón, “A sombra dos meus pasos”, pp. 15-22.

O texto céntrase en reconstruír a biografía do poeta, dende os primeiros anos na casa familiar e o desenvolvemento breve da súa traxectoria literaria e cultural.

- Anxo Angueira, “Cabalos de Corrubedo”, pp. 25-26.

Dáse conta dunha viaxe ás dunas de Corrubedo na compañía de Eusebio Lorenzo Baleirón e incídese no seu modo de ser rexoubeiro como contrapunto á súa poesía.

- David Pérez Iglesias, “A casa da duna”, pp. 29-33.

Céntrase na análise da poética do autor e no comentario de aspectos destacábeis dos seus poemarios, así como a indicación de referentes estéticos, nomeadamente Álvaro Cunqueiro.

- Paulino Vázquez, “Defensa da poesía”, pp. 37-39.

Refírese á importancia da figura literaria de Eusebio Lorenzo Baleirón e á pervivencia da súa obra despois de ter finado.

Tras estes ensaios, reproducése unha escolma de textos poéticos de Eusebio Lorenzo Baleirón e unha cronoloxía biográfica. A seguir, aparecen dúas seccións centradas na celebración do vinte cinco aniversario do premio de poesía: a primeira dedicada ás 25 persoas gañadoras do premio, na que se fai un breve repaso á súa traxectoria acompañando unha pequena escolma do texto galardoadado; na segunda, dedicada á composición dos xurados. Este volume está descrito tamén no apartado II. 4. Poesía, Antoloxías.

VV.AA., *As artes escénicas en Galicia: situación e perspectivas*, introd. Manuel F. Vieites, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, col. “documentos&informes”, decembro 2013, 88 pp. (ISBN: 978-84- 92923-54-0). ◆

Singradura pola situación e perspectivas das artes escénicas galegas, que se abre cunha presentación de Maximino Zumalave Caneda, coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas, na que alude ás orixes da Escola Superior de Arte Dramática de Vigo como unha das achegas do Consello da Cultura Galega, xunto á creación en 2012 dunha comisión de estudo sobre as artes escénicas en Galicia, formada por diversos membros da Sección de Música e Artes Escénicas. A seguir, inclúese unha introdución de Manuel F. Vieites na que alude á creación dunha comisión técnica de traballo que levase á práctica as metodoloxías contidas no documento *Reflexión estratéxica sobre a cultura galega* (2011), menciona outros volumes editados ao longo dos anos, grazas ao labor de diversas comisións, como *Animación teatral. Teorías, experiencias, materiais* (2000), *Galicia e a residencia teatral. Compañías residentes e regularización do tecido teatral* (2001) ou *Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (Proxecto)* (1998), punto basal da fundación de dita institución en 2005. Sinala as propostas de proxectos presentadas pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, o Foro Teatral de Sada, a Asociación de Actores e Actrices de Galicia, Escena Galega, a Asociación Profesional de Danza Escénica de Galicia, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) ou a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). Explica asemade as funcións desempeñadas por cada membro da comisión antedita no estudo das artes escénicas e alude ao limiar de *Reflexión estratéxica sobre a cultura galega* (2011), elaborado polo presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares Paz, e conclúe cun agradecemento a seus compañeiros de comisión. Canto ás seccións que conforman o volume son as que seguen:

-“Situación de partida”, pp. 18- 26.

Dá conta, a través de breves apartados e a partir dunha dimensión cualitativa e unha perspectiva analítica, da incorporación das achegas do informe previo sobre a situación das artes escénicas galegas ao actual volume; a xornada de debate celebrada na sede do Consello da Cultura Galega en abril de 2013 e as ideas del tiradas, coma o concepto de sistema teatral galego, a falta de hexemonía deste sistema no eido da cultura ou os recursos humanos cos que conta e, por último, as recentes implementacións de políticas teatrais en Galicia.

-“Análise Dafo”, pp. 27- 34.

Mostra a realidade da situación das artes escénicas galegas hoxe en día ao longo de varias cuestións, coma por exemplo a precariedade e falta de visibilidade das artes escénicas en Galicia, a ausencia de programas de dinamización da difusión destas artes e, finalmente, as ameazas, fortalezas e oportunidades deste sector.

-“As artes escénicas e os seus sectores”, pp. 35- 45.

Trata da diversidade e posibilidades do campo das artes escénicas en Galicia a partir de aspectos como as prácticas escénicas escolares, comunitarias e asociativas, entre as que destaca a Primeira Mostra de Teatro de Ribadavia de 1973, ou a creación da Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA); o sector profesional no eido das artes escénicas, no que indica un resumo do informe das redes da AGADIC de 2011, isto é, a Rede Galega de Teatros e Auditorios ou a Rede Galega de Salas e Camiños da Cultura; a falta de continuidade na creación de literatura dramática galega; a edición no proceso de normalización das artes escénicas en Galicia; a información e crítica escénicas, a partir das revistas galegas da actualidade como *Revista Galega de Teatro*, *Casahamlet*, *Núa* ou *Fegatea*, *Tempos Novos* ou o suplemento “*Faro da Cultura*” do xornal *Faro de Vigo*; a ausencia de políticas escénicas de promoción da participación cidadá na vida cultural; e finalmente, apunta unha serie de liñas estratéxicas que axuden a mellorar a situación actual deste sector.

-“Formación, investigación, innovación”, pp. 47-53.

Comenta os procesos de formación, investigación e innovación nas artes escénicas galegas a partir da creación do Conservatorio Nazonal da Arte Galega en 1919, ideada por Fernando Osorio Docampo, presidente da Irmandade da Fala da Coruña, e o estudo inaugural de Jesús Bal y Gay, *Hacia el Ballet Gallego* (1924). Destaca, así pois, no proceso de formación, as agrupacións Toxos e Frores, Cantigas e Agarimos, Coral de Ruada, o Ballet Rey de Viana ou Xacarandaina; as compañías Druída, Dobre Xiro ou Nova Galega de Danza; explica o panorama da situación actual das ensinanzas oficiais de música e danza en Galicia e o nacemento da Escola Superior de Arte Dramática (ESAD) de Vigo en 2005 da man da Xunta de Galicia a partir dun informe do presidente do Consello da Cultura Galega, Carlos Casares Mouriño. Como parte dos procesos de investigación e innovación, salienta a creación da Biblioteca Arquivo Francisco Pillado Mayor na Universidade da Coruña ou o Fondo Teatral María Casares da Biblioteca Pública de Cangas, patrocinado polo Concello de Cangas, o Teatro de Ningures e a *Revista Galega de Teatro*, así como unha serie de liñas estratéxicas para a promoción do sector das artes escénicas en Galicia.

-“As institucións escénicas”, pp. 54- 62.

Desenvolve as realidades do sistema institucional das artes escénicas a partir da creación do Centro Dramático Galego en 1984, a Escola Superior de Arte Dramática en 2005, coa Sección de Música e Artes Escénicas, coordinada por Ramón Castromil, o Centro Coreográfico Galego en 2006, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) en 1989, a Axencia Galega das Industrias Culturais en 2008 e a saída ao prelo dos volumes *Centro Dramático Galego. Os vinte primeiros meses* (1986), e *Escola Superior de Arte Dramática de Galicia. Proxecto* (1998). Sinala finalmente as eivas do sistema institucional das artes escénicas e propón unha serie de liñas estratéxicas para fomentar o desenvolvemento e a mellora deste sector en Galicia.

-“Creación e difusión”, pp. 63- 72.

Trata o proceso de comunicación entre os diversos compoñentes do sector das artes escénicas en Galicia tomando como base cuestións como as políticas culturais e seus erros; as redes e organismos pertencentes a AGADIC, como a Rede Galega de Teatros e Auditorios, fundada en 1997, ou o Instituto Municipal Coruña Espectáculos, o Teatro Jofre de Ferrol, o Teatro Rosalía de Castro da Coruña, o Auditorio Municipal de Narón, o Teatro Principal de Ourense ou o Palacio de Congresos de Ourense; as subvencións da Deputación da Coruña ao Programa de Música e Teatro para Grupos non Profesionais e o Programa de Teatro e Marionetas para Compañías Profesionais; o funcionamento das Redes en Galicia; as políticas que doten de independencia os centros artísticos galegos e a enumeración dunhas liñas estratéxicas que implementen este sector.

-“Promoción interna e externa”, pp. 73- 79.

Desenvolve os procesos de promoción interior e exterior do sector das artes escénicas en Galicia, atendendo a aspectos como a produción teatral galega, ou á creación dun instituto de promoción exterior da cultura galega, e menciona o volume tirado do prelo polo IGAEM, *Perfil do público da Rede Galega de Teatros e Auditorios* (2006), seguido dunhas liñas estratéxicas que axuden a acadar eses dous tipos de promoción deste sector.

Pecha o volume unha sección dedicada ás conclusións tiradas dos apartados anteriores e unha bibliografía.

VV. AA., Mariña Folgueira. Unha voz libre da Terra Chá, ilustr. Siro López Lorenzo, Santiago de Compostela: Meubook, xullo 2013, 132 pp. (ISBN: 978-84-941396-5-9).

Volume misceláneo de autoría colectiva en homenaxe á xornalista Mariña Folgueira (1954-2011) que conta na cuberta cun retrato de Mariña, feito por Siro López e unha dedicatoria “A filla de Paco e Josefa, irmá de Antonio, a xornalista de Santiago de Reigosa; a Mariña, a nosa Mariña”. Tamén se insire unha foto sacada por Tino Viz da xornalista, co texto: “Grazas. Quérovos. Mariña”. Na primeira parte ofrécese “Unha moza inqueda e comprometida” (pp. 13-16), unha pequena introdución e explicación a cargo de Xosé López que recorda quen foi Mariña Folgueira e fai un repaso pola súa vida e o seu labor profesional como xornalista. A segunda parte, “Os primeiros adeuses

por escrito” (pp. 17-22), reproduce tres artigos xornalísticos en gabanza a Mariña logo do seu pasamento, de Caetano Díaz (“Integridade insubornable”); Luís Celeiro (“Mariña”) e Rosa Sierra (“A Mariña”), datados o 15, 16 e 19 de agosto de 2011, respectivamente. A terceira parte, “Textos de lembranzas”, mestura textos de amigos e familiares de Mariña, en ton de lounza e co fin de lembrala. As achegas débense a:

- Rosa Aneiros e Ana Cabana, “Mariña da casa de Paco de Carlos”, pp. 23-28.

Rosa Aneiros (Valdoviño, 1976) e Ana Cabana contan a lembranza de Mariña nalgunhas festas do pobo, falan dela como a filla de Paco e Josefa.

- Alba Silva Rodríguez, “Mariña de 1a Reigosa”, pp. 29-30.

Alba Silva Rodríguez (A Pastoriza, 1988) fala da veciñanza coa xornalista na infancia e narra os recordos que garda dela nalgunha festa.

- Xosé Amador López, “O chíó do paxaro amigo”, pp. 31-33.

Recorda cun ton poético a non presenza de Mariña, a quen bota de menos.

- Alba Silva Rodríguez, “Mariña, tan libre coma un mar”, pp. 34-35.

Alba Silva Rodríguez (A Pastoriza, 1988) recorda a xuventude de carácter libre de Mariña e fala da terríbel marca que deixou a súa morte no seu pobo.

- Aida, Cele e Isabel, “Recordos dende A Grandela”, pp. 35-36.

Falan dos poucos recordos que gardan de Mariña, algúns da infancia.

- María de Fausto, “A Mariña”, pp. 36-37.

Lóase a figura da xornalista entre referencias rosalianas.

- Antón Galocha, “Dous da Pastoriza”, pp. 38-39.

Lembra a relación de amizade que gardaba coa protagonista do libro.

- Lois Caeiro, “Mariña é unha figueira”, pp. 39-41.

Lois Caeiro (Sobrado, 1951) recorda o tempo que pasou con Mariña na Reigosa.

- Ánxeles Blanco e Francisco Campos, “Arume da Chaira”, pp. 42-44.

Lembran a Mariña dende o Chaira da Ribeira, tamén o seu espírito libre, sensíbel, tenro e solidario.

- Monserrat Camiña e José Pereira, “A foto que fala”, pp. 45-47.

Falan da foto feita por Antonio Hernández e lembran a súa figura a partir desta.

- Pilar Rojo Noguera, “Cualificada, honesta e leal”, pp. 47-48.

Pilar Rojo Noguera (A Coruña, 1960), compañeira de traballo, fala da relación que mantiña con ela

- Tomás Pérez Vidal, “Unha gran amiga”, pp. 48-50.

Tomás Pérez Vidal (Casaio, 1954) tamén recorda a Mariña como compañeira.

- Xosé Manuel Beiras, “Mariña”, pp. 50-51.

Xosé Manuel Beiras (Santiago de Compostela, 1936) acorda de como Mariña desempeñaba o seu traballo e fala da dor da súa perda.

- Carlos Díaz Abreira, “Unhas letras para Mariña”, pp. 52-54.

Diríxelle en forma de carta unhas palabras de agarimo a Mariña e fala dos seus recordos.

- Pepe Torres Romar, “A chamada do faladoiro”, pp. 54-59.

Inicia cun poema de Brassens, “Une jolie fleur”, e segue cun “convite folgueirán”, un “pranto prosaico” e unhas “máximas portelianas” para lembrar a Mariña.

- Fernando Varela, “Un ser humano excepcional”, pp. 59-61.

Pésalle a súa morte e recórdaa como compañeira de traballo.

- Luís Villamor, “Dúas ameixas de Reigosa”, pp. 61-63.

Salienta o carácter traballador de Mariña.

- Xosé Rúas, “Mariña que fas aí”, pp. 64-66.

Fala dos recordos que garda de Mariña e do sentimento de perda e dor do seu falecemento.

- Juan Tallón, “Tortilla de patacas”, pp. 67-69.

Mostra a admiración cara á figura da xornalista, a súa franqueza e o seu labor no Parlamento.

- Xesús Mato, “Mariña Folgueira: unha amiga entrañable rebelde con causa”, pp. 70-72.

Trata da vida de Mariña e do seu espírito revolucionario.

- María Valle, “Recordos”, pp. 73-74.

Esta amiga da infancia de Mariña recorda como era o seu carácter triunfador dende nena e os seus gustos.

- Mini, “Dous lápis”, pp. 74-76.

Recorda a Mariña enérxica, revolucionaria e libre. Tamén mostra os sentimentos cara á súa perda.

- Ernesto S. Pombo, “Isto non era así”, pp. 76-78.

Fala do tempo en pasado recordando á xornalista.

- Jesús Timoteo Álvarez, “Sobre granito, eternidad y María”, pp. 78-83.

Fala do recordo de Mariña facendo un símil co granito e a eternidade nun xesto de loanza.

- Charo de Mateo, “A la amiga que fué y sigue en mí”, pp. 83-88.

Recorda os momentos compartidos, as viaxes e os libros de Mariña.

- José Manuel de Pablos, “Andoriña”, pp. 89-91.

Comparándoa cunha andoriña que viaxa sen descanso, lémbraa e aprézaa.

- Chus, “A Mariña”, pp. 91-93.

Fala da súa despedida, cando o cancro a venceu e dálle as grazas por todo.

- María Pino, “Para Mariña”, pp. 94-95.

Recorda a última visita que lle fixo no hospital e di que sempre estará nas súas vidas.

- Rosa Sierra, “Amiga sempre estás”, pp. 95-97.

Aborda a relación de amizade que tiñan e a súa querenza pola xornalista.

- Carmen Lourido, “Un lápis para Mariña”, pp. 97-100.

Fala do espírito indomábel da xornalista e nomea a todos os compañeiros do parlamento que se lembran dela.

- Leoncio González, “Nel bluie di pinto di blue”, pp. 100-102.

Céntrase no sentimento de falta que experimenta e lémbraa en todos aqueles momentos nos que xa non vai estar.

- César Casal, “La véis?”, pp. 102-103.

Fala de Mariña e da súa morte, interpelando ao receptor por se a ve, recordando así os momentos que garda dela.

Na cuarta parte do libro dedícanse sete poemas en ton de loanza e pranto a Mariña Folgueira: “Empatía” (p. 105), de Margarita Ledo (Castro de Rei, 1951); “A Mariña miña amiga” (pp. 106-107), de Baldomero Iglesias “Mero”; “A Mariña” (p. 108), de Maria Lozano; “Credo” (pp. 109-111), de Alberto Barciela; “Casa” (p. 112), de Olalla Cociña (Lugo, 1979); “Letanía por Mariña Folgueira” (pp. 113-114), de Xosé Ramón Pousa (Santiago de Compostela, 1953); e “Escuridade” (p. 115), de Esox de Lameiro. Na quinta parte do libro reproducése o poema de Manuel Curros Enríquez “Nouturnio” (p. 117) que tanto lle gustaba a Mariña. Péchase o volume cos agradecementos de José Antonio Folgueira e Xosé López García; e a sección “Imaxes para o recordo” que recolle unha serie de imaxes de Mariña nalgúns momentos da súa vida.

Recensións:

- Marta Otero, “Unha voz libre da Terra Chá”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 530, “En memoria de Mariña Folgueira”, 10 agosto 2013, p. 9.

Comeza resaltando que Mariña Folgueira é unha desas “persoas que, cando marchan, deixan prendida unha luz que nunca se apaga”, de aí que numerosos xornalistas, escritores e políticos a homenaxearan neste volume, na que a define como unha muller “intelixente, divertida, xenerosa e fiel defensora das súas ideas”. Reproduce fragmentos dos artigos de Xosé Manuel Beiras, Xosé Amador López, Alba Silva e Xosé Ramón Pousa nos que loan a amizade que mantiveron con ela.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Medio cento de amigos rememora a xornalista Mariña Folgueira nun libro”, *El Progreso*, “Vivir”, 10 agosto 2013, p. 61.

Dá conta da publicación desta obra e reproduce parte da introdución realizada polo seu compañeiro de traballo Xosé López na que salienta a súa figura. Remata nomeando o resto de participantes do volume e citando que se reproduce un debuxo humorístico que lle dedicara en 1998 Lavandeira.

- ECG, “Homenaxe a Mariña Folgueira, hoxe en Santiago de Reigosa”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 16 agosto 2013, p. 49.

Dá conta do acto que se vai celebrar para homenaxear a Mariña Folgueira, ao se cumprirdous aos do seu pasamento, no centro sociocultural de Santiago de Reigosa (Lugo) que leva o seu nome. Explica que se presentará esta monografía, que ilustra Siro López e que contén textos de lembranzas da autoría de xornalistas e escritores e fotografías de distintos momentos da súa vida. Indica que este acto de homenaxe o presentará a xornalista Alba Silva e que cantarás e recitarán poemas Mini e Mero.

- Cristina Pérez, “Os amigos de Mariña Folgueira réndenlle tributo cun libro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 agosto 2013, p. 14.

Comenta a presentación da monografía na localidade lucense da Pastoriza, indicando que nela se recompila unha selección de textos e imaxes duns cincuenta amigos para lembrar as “diferentes mulleres que era Mariña”. Indica que neste acto interviñeron

Mini e Meco interpretando un poema de Álvaro Cunqueiro que ela non lles escoitara e tamén un “reivindicativo poema de Celso Emilio Ferreiro”. Refire as intervencións de Luís Celeiro, quen leu o texto que aparece na obra; Margarida Ledo, quen recitou o poema “Empatía” que lle compuxo de homenaxe, inspirándose no verso rosaliano “Se cantas son eu quen canta...”; Ánxeles Blanco, lendo o texto que escribiu co home de Mariña Folgueira “Arume da Chaira”; e Xesús Mato, quen a cualificou de “rebelde con causa” e salientou que era “libre, espontánea e aberta”. Remata indicando que tras a presentación da obra se oficiou un acto no cemiterio de Reigosa, conducido así mesmo por Xesús Mato.

- Xosé María Palacios, “Mariña Folgueira, profeta na súa Pastoriza natal”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 agosto 2013, p. 39.

Indica que “Mariña Folgueira conseguiu ser profeta na súa terra”, como se constata porque o centro sociocultural de Reigosa leva o seu nome, dous anos despois do seu pasamento, e pola homenaxe que se lle rende nesta monografía. Explica que nela interveñen moitas voces e variadas, en prosa e en verso, para lembrar a Mariña Folgueira de “nena, rapaza estudante en Lugo, alumna universitaria no Madrid dos anos setenta, xornalista en diversos lugares ata consolidarse no gabinete do Parlamento galego”. Comenta que no acto de presentación desta obra Mini e Mero interpretaron varias cancións que era do gusto da súa amiga, e que a obra, pensada nun primeiro momento como unha homenaxe dun pequeno grupo de amigos, creceu en dimensión para acoller “o afecto dos que lembran a Mariña Folgueira”.

VV. AA., *Morreu o demo, acabouse a peseta*, prólogo Toni Rumbau, Santiago de Compostela: Urco Editora/ Asociación Cultural Morreu o Demo, 2013, 63 pp. (ISBN: 978-84-940366-4-4). Inclúe DVD. ■

Volume no que se recollen as achegas da Asociación Cultural para a recuperación do títere tradicional galego “Morreu o Demo”, que botou a andar en 2012 o Proxecto Barriga Verde, en homenaxe ao principal personaxe do teatro popular galego de títeres do século XX. Trátase, xa que logo, dun traballo plural: Tintimán Audiovisual produce o documental adxunto e Viravolta Títeres devolven a Barriga Verde á escena. O volume está formado por un “Limiar” de Toni Rumbau, titiriteiro, investigador e divulgador da tradición europea de títeres, no que fai un percorrido polos Pulcinellas de Europa e revisa a vinculación entre as cidades europeas e o títere tradicional. Pedro Solla, xornalista e director do documental deste proxecto, explica as particularidades dunha arte de natureza oral, urxente, ritual, nómade e proclive á desaparición, ao tempo que comenta a necesidade de construír unha réplica da barraca orixinal de José Silvent. Marcelo Martínez, profesor da USC e ideólogo orixinal do documental, reflexiona sobre os ritmos que as propias viaxes impoñen e Comba Campoy, que ten en proceso unha tese doutoral sobre a barraca de Barriga Verde como expresión comunicativa comunitaria, realiza unha viaxe pola estirpe de Barriga Verde, a súa influencia da *Commedia dell’Arte* e as súas características, ademais de percorrer diferentes expresións por toda Europa. Germán Ermida refire as dificultades pasadas para restaurar a barraca, para restaurar o argumento e conseguir coherencia no espectáculo final de Viravolta. Pola súa banda, Xaime Iglesias realiza unha pescuda até sacar á luz a figura do creador do personaxe e rastrexar as súas pegadas. De modo reflexivo, o último texto corresponde novamente a Germán Ermida, que se pregunta como puido esvaerse

completamente da memoria colectiva un referente do entretemento durante cincuenta anos.

VV. AA., “*O resplandor primeiro*”. *Estudos en homenaxe a Nicomedes Pastor Díaz*, limiar Xosé R. Barreiro Fernández, A Coruña: Real Academia Galega, 2013, 143 pp. (ISBN: 978-84-87987-87-8). ◆

Volume editado pola Sección de Historia da Real Academia Galega no que se recollen cinco traballos académicos arredor da obra e significación de Nicomedes Pastor Díaz (Viveiro, 1811-Madrid, 1863). Ábrese cun “Limiar” de Xosé R. Barreiro Fernández, director da mentada sección na Real Academia Galega, onde se explica que o volume conmemora o segundo centenario do nacemento do autor e compila as achegas da sesión académica extraordinaria celebrada, xunto a unha ofrenda floral, na rúa da Coruña que leva o seu nome. Lémbrese ao Dr. Fausto Galdo, que non puido ler en letra impresa a súa contribución por causa da demora na publicación do libríño e a el se dedica tamén. A continuación, a “Presentación” recolle as palabras de Xosé Luís Méndez Ferrín, nas que lembra o “político moderantista”, destacado orador, doutrinario, xornalista “de alta voltaxe conceptual” e novelista, salientándoo como poeta, “un paradigma do Romanticismo nórdico e misterioso”. Aquel a quen Murguía alcumou como “El Primero” polo seu poema “Alborada”, que abriu o ciclo da poesía contemporánea en galego, recibe a continuación atención demorada por parte de Fausto Galdo, Emilio Xosé Ínsua López, Henrique Monteagudo, Luis Caparrós Esperante e Xosé R. Barreiro Fernández. O primeiro, membro numerario da Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia e membro correspondente da Real Academia Galega, realiza dende a súa condición de nativo de Viveiro, un repaso biográfico, entrefebrado con poemas do autor e fragmentos de prosa. Emilio Xosé Ínsua López ofrece unha visión sintética sobre o posicionamento historiográfico do autor, a partir da súa obra en galego, da súa condición de discípulo epigonal da escola prerromántica, da relativa celeridade coa que abandonou os versos, da recepción por parte de Murguía ou Emilia Pardo Bazán etc. Inclúense, comparativamente con respecto á “Alborada”, textos de Juan Bautista Alonso, Alberto Camino, Francisco Fernández Anciles, á vez que se lembra que o precursor do Rexurdimento Xoán Manuel Pintos, cita a Pastor Díaz. Henrique Monteagudo, membro da Real Academia Galega, encárgase dunha coidada, anotada e xustificada edición das dúas composicións en galego de Nicomedes Pastor Díaz: “A Alborada”, datada en 1828 e publicada en 1868; e a “Égloga de Belmiro e Benigno”, que permaneceu inédita até caer en mans de Xosé María Álvarez Blázquez. O penúltimo estudioso, Luís Caparrós Esperante, da Universidade da Coruña, debuxa en “Díaz Corbelle contra Nicomedes Pastor” as moitas e nutrias contradicións da súa persoa, como a nacidade da incompatibilidade que o pensamento conservador do XIX español entende entre relixión e introspección, entre catolicismo e indagación ou subxectividade conflitiva, entre moitas outras. Por último, Xosé R. Barreiro Fernández encárgase de revisar “O pensamento político de Nicomedes Pastor Díaz Corbelle”, afondando nos seus escritos para coñecer a filosofía política subxacente, da que subliña os fundamentos e indaga nas posíbeis razóns da escasa repercusión da súa ideoloxía política. Os traballos van acompañados de cadansúa bibliografía, cando é mester. Con paratextos significativos tamén nas capas, a contra do libro acolle unha franxa cunha cita extraída de *Sempre en Galiza*, na que Castelao fala do homenaxeado como un poeta do seu tempo, romántico e liberal, capaz de romper “o silencio literario de Galiza”.

VV.AA., *Premios da Crítica Galicia. 35 anos de cultura*, Vigo: Fundación Premios da Crítica Galicia, 2013, 253 pp. (ISBN 978-84-7680-692-0).

Premios da Crítica Galicia. 35 anos de cultura é unha publicación de carácter conmemorativo co gallo da efeméride que da título ao libro e cuxo obxectivo, explicado no limiar que firma a xunta directiva da Fundación, é recoller a memoria da entidade dende 1978, primeiro ano da celebración dos premios cuxo manifesto tamén se inclúe no libro. O que segue son seis capítulos asinados por diferentes persoeiros do ámbito cultural que dedican as súas verbas, acompañadas de fotografías e documentación, a cada especialidade premiada: sobre “Creación literaria” fala Víctor Freixanes, sobre “Investigación” escribe Manuel Bragado ou sobre os premiados na categoría de “Música”, Carlos Villanueva, entre outros. Engádense, ademais, a listaxe de “Galego egrexio” e dos xurados dos Premios ao longo dos trinta e cinco anos de existencia. Remata o volume cunha serie de ensaios de doce escritores como Xosé Neira Vilas, Xesús Alonso Montero ou Andrés Torres Queiruga, que recollen a memoria, as reflexións ou a historia dos Premios da Crítica Galicia.

Referencias varias:

- Ana Baena, “Premios da Crítica regresou á axenda local coa súa biografía”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 10 marzo 2013, p. 11.

Comeza dando conta da recuperación da vinculación da Fundación Premios da Crítica Galicia coa cidade viguesa por medio da posta en marcha do ciclo “Sábados Culturais”, dos que se explican os obxectivos. Dáse conta tamén da presentación do volume, na que participaron persoeiros como Xesús Alonso Montero, Bieito Ledo, Ramón Nicolás e Modesto Hermida.

- Maite Gimeno, “La ‘tribu’ de los Premios da Crítica: 35 años de apuesta por la cultura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 marzo 2013, p. 42.

Recolle palabras de Xesús Alonso Montero na presentación desta monografía, nas que afirma que os Premios da Crítica de Galicia son unha plataforma cultural, unha institución caracterizada pola pluralidade e que sobrepasou esa vertente cultural para acoller a ciencia, a tecnoloxía ou a economía. A seguir reproducense afirmacións de Bieito Ledo, nas que explica os obxectivos fundacionais do colectivo; e tamén de Ramón Nicolás, quen salientou o poder canonizador deste galardón.

- E. Ocampo, “Los Premios da Crítica cumplen 35 años y promueven ‘sábados culturales’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 marzo 2013, p. 50.

Explica que esta monografía recupera a memoria da Fundación dos Premios da Crítica Galicia e recolle as palabras do seu presidente, Bieito Ledo, na presentación da obra en Vigo. Anuncia a celebración dos “sábados culturais” e dá conta dos actos previstos neste ciclo cultural. Apunta que esta obra se pode consultar na Fundación Penzol e que se presentou o día anterior na viguesa Casa da Cultura Galega con presenza do pintor Antón Pulido, autor da pintura da cuberta da obra, e de Manuel Bragado. Remata indicando que interviñeron na presentación desta obra o alcalde de Vigo, Bieito Ledo,

Ramón Nicolás, Modesto Hermida e Xesús Alonso Montero, quen aludiu á importante incorporación de voces das ciencias, dado que a cultura galega non é só unha cuestión literaria.

Versátil Servizos Editoriais SL, *A grande aventura do libro contada por el mesmo*, Ourense: Deputación de Ourense/Xunta de Galicia/La Región, 2013, 115 pp. (ISBN: 978-84-941165-1-3). ◆

Libro patrocinado pola Deputación Provincial de Ourense e copatrocinado pola Xunta de Galicia e *La Región*, que se repartiu de xeito gratuíto o Día das Letras Galegas de 2013. Nel repásase, dende unha orientación didáctica e divulgativa, a historia do libro dende as súas orixes remotas até o libro electrónico. Neste repaso histórico emprégase a primeira persoa para a narración como un recurso literario de proximidade e está xebrado en once capítulos con numeración romana e título. Comézase polas súas orixes remotas pasando por Mesopotamia, Exipto, Grecia, Roma e a Idade Media. Despois temos capítulos dedicados á historia do libro en Oriente, ao ano de nacemento da imprenta á etapa que abrangue dende a Idade Moderna ao comezo do século XXI. A seguir fálase das novas tecnoloxías, das bibliotecas e dos dereitos de autor e o derradeiro capítulo está dedicado de xeito específico ao libro en Galicia, con referencias á chegada da imprenta a Galicia, subliñando que en Monterrei e na cidade de Ourense están os testemuños máis antigos coñecidos, e onde repasa a historia da edición do libro en Galicia até os nosos días. Cómpre subliñar que nestes once capítulos hai referencias continuas á escrita de cada época, aos diferentes soportes e xeitos do libro e neles defínense e detállanse algúns dos contidos máis sobranceiros como: pictografía, ideograma, Pedra Rosetta, *scriptorium*, incunábel, linotipia, *Códice Calixtino* ou as figuras de Andrés Martínez Salazar ou Ánxel Casal. Este volume presenta un “Apéndice”, onde se fan recomendacións para formar unha boa biblioteca da Literatura galega particular mediante unha proposta de cento corenta títulos, dende as *Cantigas de Santa María* até a actualidade, baixo o título de “Biblioteca dos Imprecindibles” e péchase coa relación de todos os premiados co premio Blanco Amor de novela dende 1981 até 2012, co premio Xerais de novela dende 1984 até 2012, co premio Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil dende 1986 até 2012 e mais coa listaxe do premio Esquíu de poesía galega, dende 1981 até 2008.

Vidal Collazo, Marisa, **Baldomero Iglesias Dobarrío**, **Rubén Aramburu Molet** (eds.), *Unha alborada nova. Homenaxe na memoria de Bernardo García Cendán*, Santiago de Compostela: Asociación Encrucillada, col. Encrucillada Monografías, febreiro 2013, 257 pp. (ISBN: 978-84-616-3063-9). ◆

Volume colectivo de homenaxe a Bernardo García Cendán (Vilalba, Lugo, 1941-2012), que se abre cuns agradecementos dos editores, aos que segue unha breve presentación, a cargo de Marisa Vidal Collazo, na que refire o xeito no que xorde esta monografía e explica o seu contido. A seguir acóllense os seguintes traballos de carácter biobibliográfico:

- Xulio Xiz, “Bernardo, onde vas?”, pp. 13-27.

Reprodúcese o texto que Bernardo García Cendán leu en abril de 2011 no momento de plantar un carballo sobre as cinsas do seu cuñado Martín Seco Cendán; unha breve semblanza da súa vida realizada por Xosé Chao Rego en 1997; e unha “Crónica breve da vida e obra dun home bo”, a cargo de Xulio Diz, na que lembra datos da súa nenez en Vilalba, a súa etapa ferrolá, os camiños que tentou abrir dende a Igrexa, o seu labor cultural e social, así como a súa escrita e os seus anos finais na súa vila de nacencia.

A seguir reprodúcese a escolla de textos de Bernardo García Cendán realizada polos editores e que se transcriben como textos e se reproducen manuscritos, estruturados nos seguintes apartados: “Primeiros escritos”, onde se acollen dous poemas en castelán do tempo no que residiu en París (1971-1973); “Xurdirá”, un conxunto de cantigas en forma de xotas, panxoliñas, alalás ou alboradas, nas que xa fala da fe, de Cristo, da vida e da salvación; cantigas ás que lle puxeron música Miguel Varela e Xabier Méndez. Complementáanse cun texto de Xaquín Campo Freire, intitulado “Falando de Bernardo García Cendán”, que comeza cun agradecemento para toda a súa familia e sobre todo para a súa nai antes de se centrar na súa figura e rematar aludindo á súa produción; e péchase co poema “O poema que esperas”, da autoría de Helena Villar Janeiro. Séguelle “Pregos”, unha serie de oracións a temas recorrentes na misa: a piedade, a paz, o amigo, o casamento, a morte, o hosanna. Complementáanse co texto “Benquerido Bernardo”, de Manolo Regal Ledo, no que, a modo de carta, lembra a súa figura. En “Renazo galego” inclúense composicións ás que lles puxeron música para seren cantadas na Romaxe dos Crentes Galegos, entre as que destacan o *Credo Galego*, adaptación do orixinal e *Fillo e Señor da terra* pola súa complexidade poética; en “Vilalba e a Terra Chá”, fala da súa terra natal, as súas xentes, a Chaira, lembra a nenez, ós amigos e Irimia. Complementáase co texto “Bernardo e as romaxes”, de Xabier Blanco Vilar, no que loa a súa figura. En “Outros poemas” aparecen composicións dedicadas a seres queridos, xa mortos, e que foron parte importante nas súas andainas e poemas, nos que deixa constancia das súas inxedanzas (*25 anos atrás* e *No eclipse da lúa*). Complementáanse cos textos “Terra e compromiso”, de Xosé María Felpeto, no que refire aspectos da súa vida e inxedanzas; e “A conversa incesante”, de Agustín Fernández Paz, no que relembra vivencias de ambos os dous, por separado e en común, e alude ao texto co que Bernardo García Cendán presentou en Lugo a súa obra *O centro do labirinto* e a que lle facilitou moita información sobre París que lle serviu mentres se estivo a documentar para escribir *Non hai noite tan longa* e para caracterizar o protagonista desta novela. En “Panxoliñas” recóllense poemas e textos en prosa dedicados na súa maior parte a amigos seus. Complementáanse co texto “O peto do santo Antón”, de Rubén Aramburu Molet, onde explica a súa saída á rúa para homenaxealo exercendo de “sociólogo pasivo”; e o poema “A Bernardo, irmán nos sonhos!”, de Baldomero Iglesias. En “Felicitacións de Nadal” reprodúcense catro, dos anos 2005, 2006, 2010 e 2011, dando pé esta última ao poema posterior, “A Bernardo García Cendán, *in memoriam*”, da autoría de Marica Campo. Ademais acóllense dúas semblanzas da súa figura: “Bernardo, un oco no corazón”, a cargo de Andrés Torres Queiruga; e “Bernardo, un home de paz e de ben... pero no só”, de Engracia Vidal Estévez. Por último, en “Cartas a Antón”, reúnense varias epístolas de Bernardo García Cendán dirixidas a un veciño seu da Terra Chá, que se complementan co textos “A luz que non esmorece”, de Alfonso Blanco Torrado, no que fai un percorrido por trazos biobibliográficos seus, e “Bernardo García Cendán”, de Susana de la Gala, no que loa a súa figura. Péchase o volume cun apartado intitulado “A xeito de epílogo”, que se compón de tres: textos “Bernardo: un cristián libre e coherente”, de Xesús Mato e Mato; “Querido Bernardo”, de Rubén Aramburu Molet; e “Conta comigo, tío Bernardo”, de Martín Seco García, textos todos eles de loubanza a

Bernardo García Cendán, e un poema final do propio autor, intitulado “Morrer é descansar”, que compuxo para o enterro de seu pai. Este volume está tamén descrito no apartado II. 4. Poesía, Antoloxías.

Referencias varias:

- M. M., “El Iescha presenta una monografía en memoria de Bernardo García”, *El Progreso*, “A Chaira”, 5 marzo 2013, p. 12.

Informa da presentación desta obra o venres na Casa da Cultura de Vilalba e nomea os editores. Explica que acolle textos poéticos, cancións e oracións do escritor vilalbés Bernardo García Cendán, falecido en xullo, así como achegas de Xabier Blanco Vilar, Alfonso Blanco Torrado e Agustín Fernández Paz. Comenta que unha das etapas máis destacadas da vida do homenaxeado, a referida a “Vilalba y a la comarca chairega”, está representada nas composicións que se recollen de García Cendán dedicadas á súa terra de nacencia.

- Nicolás Vidal, “Unha alborada nova’ lembra a figura de Bernardo García Cendán, ‘o cura do muelle”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 18 marzo 2013, p. 4.

Explica que esta obra se suma ás homenaxes das que fora obxecto Bernardo García Cendán o ano anterior e que se compón de recensións biográficas e persoais que dan conta do polifacetismo deste párroco. Nomea os participantes da presentación da obra e no recital poético e musical que terán lugar o 12 de abril. Remata salientando a personalidade polifacética de Bernardo García Cendán.

V.2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Juana López, Jesús de, *Aproximación ao pensamento e ideoloxía de Vicente Risco (1884-1963)*, pról. Xosé R. Barreiro Fernández, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2013, 115 pp. (ISBN: 978-84-92554-70-6 / DL: OU-265-2013). ◆

Edición en galego do volume *Aproximación al pensamiento e ideología de Vicente Risco (1884-1963)* publicado orixinariamente en español por Jesús de Juana López no ano 1984. Publícase esta edición co gallo do 50 aniversario do pasamento de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), que conta cunha presentación institucional e un “Proemio”, de Xosé R. Barreiro Fernández, no que fala do contexto no que se publicou orixinariamente este volume en 1984 e onde se centra na traxectoria investigadora de Jesús de Juana López focalizada nos seus estudos sobre persoeiros ourensáns como Vicente Risco ou Valentín Lamas Carvajal. A seguir, inclúense oito apartados con numeración romana e título, que comezan cunha “Introdución”, e repasan o pensamento e ideoloxía de Vicente Risco. Os capítulos titúlanse: “A crise do ‘novecentismo’”, “A importancia da súa fe relixiosa”, “Os principais soportes intelectuais de Risco”, “Etapas de liderado nacionalista”, “Decadencia política e desánimo persoal”, “O pensamento risquiano cando chega o 1936”, “A etapa franquista” e finalmente “Outras ideas do pensamento risquiano”. Despois aparece un “Epílogo”, a “Bibliografía sobre Vicente Risco”, actualizada desde 1984, e como peche un apartado, que como se sinala está tirado do libro *De provincia a nación. Historia do galeguismo político* publicado en 2007 por X. Beramendi, que leva por título “Obra de Vicente Risco”.

Reigosa, Carlos G., *A Galicia máxica de García Márquez*, Vigo: Edicións Xerais, col. Crónica. Xornalismo, maio 2013, 94 pp. (ISBN: 978-84-9914-482-5).

Reedición deste traballo de Carlos G. Reigosa que fora publicado en 2008 pola Xunta de Galicia nunha edición bilingüe galego-castelán que leva o mesmo título e da que se pode ver a descrición no *Informe de literatura* correspondente. Nesta ocasión a edición é unicamente en lingua galega e cambia o editor, a colección e tamén as páxinas, que aumentan. En canto ao contido do volume monográfico, esta reedición engade un prólogo que non existía na primeira edición, asinado por Dasso Saldívar e intitulado “A avoa indescifrable”, onde o autor explica o método preciso de Reigosa na elaboración da obra. O primeiro artigo que asina o mesmo Reigosa, na primeira edición “A avoa galega de García Márquez/La abuela gallega de García Márquez”, cambia de nome, pasando a intitularse “A Galicia máxica de García Márquez”. O resto mantense igual, cun pequeno engadido final ao que nomea “Posdata (2012)” e que divide en tres partes: “1. Algo máis sobre a maxia da avoa galega”, datos curiosos sobre a biografía do autor; “2. A biografía de Gerald Martín”, apuntes sobre a biografía en inglés deste británico; e “García Márquez en 2012: a noticia da demencia senil”, onde se comenta a triste nova.

Recensións:

- Ceferino De Blas, “La abuela gallega de García Márquez”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, n.º 816, 13 xullo 2013, p. 1.

Comeza apuntando o interese da familia de Gabriel García Márquez por constatar se a súa avoa tiña unha orixe galega, preocupación á que tenta dar resposta Reigosa na súa obra, “que se aproxima a la novela de aventuras, sin que pierda rigor y calidad”. Lembra a viaxe, de incógnito, que realizou García Márquez a Santiago de Compostela e os dous artigos que tratan dela. Explica que aínda que dende os anos oitenta decaeu o interese de Gabo, Reigosa comeza as súas pesquisas nunha conversa que mantivo con el en 1975, se ben continuou a lle preguntar até os anos noventa. Considera que este volume é “un río de personajes con venas gallegas, en torno a García Márquez”, un “relato de ficción bien trabado”.

- Ramón Rozas, “Las raíces gallegas de García Márquez”, *Diario de Pontevedra*, “*reviSta!*”, n.º 678, 14 xullo 2013, p. 9.

Iníciase cunha cita do autor do volume na que apunta que en toda a ficción de Gabriel García Márquez se “esconde algo real”, como acontece cos seus avós en *Cien años de soledad*. Refírese que Reigosa apunta que a admiración de García Márquez respecto a seus avós e a súa devoción por *La metamorfosis*, de Frank Kafka, están na base do realismo máxico da súa obra. Precisa que neste volume se acollen biografías, artigos xornalísticos, declaracións que dan conta do interese do escritor colombiano por constatar a posíbel orixe galega da súa avoa, a “indescifrable” relación entre García Márquez e Álvaro Cunqueiro, dúas literaturas que, en palabras de Reigosa, “se hablan a distancia y se miran de reojo” e fragmentos narrativos que esmiúzan as conversas mantidas por García Márquez e Reigosa para esclarecer datos sobre a orixe galega da súa avoa. Finalízase precisando que Reigosa, a modo de “contador de historias”, nesta obra “no se decanta por la novela ni por el ensayo”.

- Camilo Franco, “Reigosa revisa a ascendencia galega de García Márquez”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 agosto 2013, p. 33.

Comentario sobre esta monografía no que recolle algunhas anécdotas contadas polo autor colombiano, das que Reigosa extrae que ese “mesmo xeito de contar era unha parte fundamental da verosimilitude”. Lembra que García Márquez insistía en que en *Cien años de soledad* “a maneira de contar é galega”, influído pola súa avoa. Explica que Reigosa investigou sobre unha tataravoa, Josefa Vidal, que podía proceder de Ourense. Reproduce que os directores das editoras nas que viu a luz este volume, Manuel Bragado e Xosé Antonio Perozo, o definiron como “un exercicio canónico de xornalismo” e que o propio autor, Carlos G. Reigosa, sinalou que se trata dunha “historia real contada como ficción”.

- María J. Álvarez, “Reigosa descobre a ‘avoa galega’ de García Márquez”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 agosto 2013, p. 41.

Infórmase da presentación no Consello da Cultura Galega desta obra e apúntase que Reigosa explicou que o libro é unha mestura entre xornalismo e literatura que ten como obxectivo descubrir o motivo polo que García Márquez aseguraba que a súa avoa era galega cando non o foi. Indícase que Reigosa sospeita de que Josefina Vidal, tataravoa de García Márquez, si fose de Galicia, e conclúe que a “avoa galega” do escritor era un elemento literario. Destácase que a obra se edita en galego e en castelán e salientase a proxección e valía no eido do xornalismo literario de Reigosa.

- Montse Dopico, “Macondo de noso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 468, “Reportaxe”, 12 setembro 2013, p. IV.

Coméntase o contido da obra e destácase que no limiar do libro Fernando Salgado afirma que as pescudas do xornalista van máis aló das conexións xenéticas e buscan desentrañar a cuestión dos trazos de “galeguidade” de García Márquez.

- Vicente Araguas, “Anacos de Gabo”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 797, “Máis Libros”, 6 outubro 2013, p. 30.

Fálase desta publicación e sinálase que o obxectivo de Carlos Reigosa é recompoñer un percorrido longuísimoo á procura das orixes galegas do escritor colombiano. Reivíndicase a revisión da bibliografía de García Sabell co gallo da súa relación con García Márquez. Saliéntase a habelencia literaria de Reigosa e a combinación que fai entre a reportaxe ou crónica cun bo estilo narrativo.

- Estro Montaña, “Gabo e nós”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 473, “Libros”, 17 outubro 2013, p. VII.

Dáse noticia desta publicación e explícase que é un libro de Carlos G. Reigosa sobre a relación do escritor colombiano con Galicia a través da figura da avoa materna quen, según García Márquez, lle contaba historias sobrenaturais que influirían na creación da estética do realismo máxico. Engádese que no libro se explica tamén a súa amizade con Cunqueiro e outros persoeiros de orixe galega.

Referencias varias:

- R. N., “García Márquez e nós”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 524, “Letras en galego”, 29 xuño 2013, p. 10.

Comeza referindo que a existencia da avoa galega de Gabriel García Márquez case se convertera nun “lugar común entre nós”, de aí o interese de Carlos G. Reigosa por seguir esa xenealoxía perdida nesta obra. Indica que nela se sobardan os límites iniciais xa que, “con rigor e garantías”, se atende a todos os devanceiros galegos do escritor colombiano e se indaga na súa vinculación biobliográfica con Galicia. Precisa que se plasma unha “documentación case obsesiva” e que se ben a conclusión final era a que “se sospeitaba antes de abrir o libro”, a súa lectura permite o lector estar “informado e, en ocasións, conmovido”.

- Samuel Regueira, “Reigosa explora a relación de García Márquez con Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 xullo 2013, p. 45.

Recolle palabras dunha entrevista a Carlos Reigosa na que deu conta que tras a ficción da autobiografía de Gabriel García Márquez hai aspectos reais e que na base do seu realismo máxico están a admiración polo seu avó, que encarnaba “la seguridad, el realismo y el valor”; a fascinación polas historias fabulosas que lle narraba a súa avoa; e a devoción que sentía por *La metamorfosis*, de Frank Kafka. Apunta que Reigosa recolle “biografías, artigos periodísticos y declaraciones” sobre a obsesión de García Márquez por atopar as orixes galegas da súa avoa, e así mesmo a descrición dos

encontros de García Márquez e Álvaro Cunqueiro. Nun á parte intitulado “Una crónica sobre Guardarríos y los últimos días de Hemingway” Reigosa reconece que coincide con García Márquez en considerar *Cien años de soledad* mellor obra que *El otoño del patriarca* e que tivo como referentes a Cortázar e a Juan Rulfo. Remata precisando que Reigosa está a preparar unha “realidad novelada” sobre o guerrilleiro Luís Ríos *Guardarríos* e unha biografía literaria sobre os últimos días de Ernest Hemingway.

- Samuel Regueira, “Carlos Reigosa explora la relación que une a García Márquez con Galicia”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 10 xullo 2013, p. 42.

Conversa na que Reigosa destaca a base real que permanece na ficción de Gabriel García Márquez e recolle declaracións do autor colombiano referidas á súa admiración e fascinación polos seus avós; aspectos estes últimos que Reigosa considera que, unidos á súa admiración por Kafka, están na base do seu realismo máxico. Precisa o material e as conversas entre García Márquez e Reigosa que acolle esta obra, os aspectos da vinculación de García Márquez con Galicia e a relación “indescifrable” entre García Márquez e Álvaro Cunqueiro que, en palabras de Reigosa, foi “de literaturas que se hablan a distancia y se miran de reajo”. Alude a unha anécdota entre García Márquez e a súa irmá Ligia e refire que Reigosa se identifica con García Márquez en considerar unha boa novela *Intramundi*, pese a ser “pouco tratada” por público e crítica. Remata precisando que Reigosa está a elaborar unha “realidad novelada” sobre o guerrilleiro *O Gardarríos* e unha biografía literaria sobre os últimos días de Ernest Hemingway, que engadirá “perspectivas complementarias a la versión oficial de la mujer documentada por los biógrafos oficiales” de Hemingway.

V.3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Blas, Ceferino de, *Fernández del Riego y Faro de Vigo. El guerrero del galleguismo*, Vigo: Faro de Vigo, xaneiro 2013, 197 pp. (ISBN: 978-84-616-2545-1). ■

Volume dedicado a Francisco Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá-Lourenzá, Lugo, 1913-Vigo, 2010) que recolle un traballo de Ceferino de Blas sobre a obra e a relación do galeguista coa cidade de Vigo e o xornal *Faro de Vigo* e, na parte final, artigos do propio Fernández del Riego. O libro está dividido en catro partes: “Biografía de un luchador”, “Los archivos de Don Paco”, “Los últimos años” e “Escritos de Don Paco”. Tan só os textos asinados por Fernández del Riego están en galego fronte ao traballo de Ceferino de Blas que está integramente en castelán. O estudo abrangue a polifacética e monumental obra de Fernández del Riego: a súa militancia galeguista antes e despois da guerra, a súa amizade con Castelao, a súa participación na creación da Editorial Galaxia e da Fundación Penzol, o ingreso na Real Academia Galega e a posterior presidencia, a relación con Álvaro Cunqueiro (director de *Faro de Vigo* no seu día) etc. Por outra parte hai unha especial atención á ligazón de Fernández del Riego co *Faro de Vigo* que inclúe distintas actividades: dende o seu papel como xornalista até as súas colaboracións en galego que se converterían nas primeiras que se facían de xeito habitual, a relación con directores como Landeira Yrago ou Armesto Faginas, ou a súa función de coordinador do suplemento cultural. A obra inclúe fotografías de distintos períodos da súa vida.

Recensións:

- Xosé Ramón Pena, “Aniversarios e guerreiros”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 478, “Libros”, 21 novembro 2013, p. VI.

Infórmase da publicación de dous volumes de Ceferino de Blas: *Rosalía de Castro y Faro de Vigo*, onde indaga sobre a posíbel residencia da escritora en terras viguesas e respecto ao feito de que foi o xornal que dá nome o título do libro o que acolleu a primeira recensión de *Cantates Gallegos* en 1863. O segundo volumen, *Fernández del Riego y Faro de Vigo. El guerrero del galleguismo*, da mesma autoría, é un compendio dos escritos que o intelectual galeguista publicou no decano da prensa española. Destácase o estilo áxil, directo, de nítida narrativa do autor dos libros.

Referencias varias:

- Elena Ocampo, “Faro celebra sus 160 años como un ‘logro colectivo’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “El 160 aniversario del decano”, 6 novembro 2013, p. 42.

Dá conta do primeiro dos actos conmemorativos tras cumprirse os 160 anos da creación de *Faro de Vigo*. Ademais anúncianse as publicacións por parte do xornal de *Rosalía de Castro y FARO* e *Fernández del Riego y FARO*.

- A. Mauleón, “Y Vigo se volcó con la cultura”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “El 160 aniversario del decano”, 8 novembro 2013, p. 43.

Comenta que na celebración de O FARO, co gallo do seu 160 aniversario, se presentou a publicación de dúas obras baseadas en Rosalía de Castro e Francisco Fernández del Riego.

Blas, Ceferino de, *Rosalía de Castro y Faro de Vigo. En el 150 aniversario de Cantares gallegos*, Vigo: Faro de Vigo, xuño 2013, 268 pp. (ISBN: 978-84-616-5429-1). ■

Monografía que sae do prelo co gallo do sesquicentenario da publicación do poemario *Cantares gallegos* e dividida en tres capítulos: “Apuntes de una vida”, “Artículos sobre Rosalía” e “*Cantares gallegos*”. Os apuntamentos iniciais de Ceferino de Blas trazan unha panorámica biográfica da escritora, prestando especial atención á relación que tivo coa cidade de Vigo, onde viviu e publicou os *Cantares gallegos* en 1863. Na segunda parte hai unha escolma de artigos publicados en *Faro de Vigo* entre 1863 e 1963 e que tratan distintos aspectos da vida e obra de Rosalía de Castro. Ofrécese, por exemplo, a que foi a primeira recensión na prensa galega de *Cantares gallegos*, asinada por quen fora director do propio xornal, o tamén poeta en galego José María Posada. Por último, o derradeiro capítulo é unha reedición da obra homenaxeada que inclúe tanto o prólogo como o glosario. O libro inclúe algunhas ilustracións e fotografías, todas elas tomadas do arquivo do propio xornal *Faro de Vigo*.

Recensións:

- Xosé Ramón Pena, “Aniversarios e guerreiros”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 478, “Libros”, 21 novembro 2013, p. VI.

Infórmase da publicación de dous volumes de Ceferino de Blas: *Rosalía de Castro y Faro de Vigo*, onde indaga sobre a posíbel residencia da escritora en terras viguesas e respecto ao feito de que foi o xornal que dá nome o título do libro o que acolleu a primeira recensión de *Cantares Gallegos* en 1863. O segundo volume, *Fernández del Riego y Faro de Vigo. El guerrero del galleguismo*, da mesma autoría, é un compendio dos escritos que o intelectual galeguista publicou no decano da prensa española. Destácase o estilo áxil, directo, de nítida narrativa do autor dos libros.

Referencias varias:

- Elena Ocampo, “Faro celebra sus 160 años como un ‘logro colectivo’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “El 160 aniversario del decano”, 6 novembro 2013, p. 42.

Dá conta do primeiro dos actos conmemorativos tras cumprirse os 160 anos da creación de *Faro de Vigo*. Ademais anúncianse as publicacións por parte do xornal de *Rosalía de Castro y FARO* e *Fernández del Riego y FARO*.

- A. Mauleón, “Y Vigo se volcó con la cultura”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, “El 160 aniversario del decano”, 8 novembro 2013, p. 43.

Comenta que na celebración de O FARO, co gallo do seu 160 aniversario, se presentou a publicación de dúas obras baseadas en Rosalía de Castro e Francisco Fernández del Riego.

Gamoneda, Antonio, *Fonación, palabra e escritura, pensamento poético*, (*Fonación, palabras y escritura, pensamiento poético*), trad. Begoña Combo Castro, Iñás-Oleiros: Editorial Trifolium, col. Musa Pedestris, nº Ñ, 2013, 71 pp. (ISBN: 978-84-940297-5-2).

Volume de tamaño reducido con reflexións metaliterarias e da historia da literatura feitas polo poeta Antonio Gamoneda e que publicou traducido ao galego antes que en calquera outra lingua. O autor fai un percorrido sobre o concepto de arte poética e unha pequena análise histórica da lírica española onde alude ás cantigas medievais en galego-portugués (cita versos da composición “Levou-s’ a louçana” de Pero Meogo) e tamén á poesía máis actual como poden ser os poemas en galego de Federico García Lorca ou o libro *Con pólvora e magnolias*, de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Recensión:

- Pablo Montaña Prieto, “Creación, revelación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 448, “Libros”, 7 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 402, 16 marzo 2013, p. 6.

Informa sobre o segundo libro de Gamoneda en galego, *Fonación, palabra e escritura, pensamento poético*, que expón a idea de que a palabra é xeradora de poesía e achega a opinión sobre a posíbel existencia dunha preescritura iconográfica. Amais, na obra faise un breve percorrido pola creación poética na península ao longo da historia.

Murado, Miguel-Anxo, *Otra idea de Galicia (Otra idea de Galicia, 2008)*, trad. do castelán Miguel-Anxo Murado, Barcelona: Random House Mondadori, setembro 2013, 199 pp. (ISBN: 978-84-9992-346-8).

Ensaio sobre Galicia de Miguel-Anxo Murado, versión galega preparada e actualizada polo autor, que abre cunha dedicatoria a tres mulleres da súa familia: “á miña pequena tía Ana Galicia (1932-1933), que apenas puido vivir uns meses no país do que lle puxeran o nome con tanta ilusión; a Marina (1918-2010), testemuña de case cen anos da súa historia; e á miña nai, Clara”. Segue un índice que dá paso ao prefacio á edición, asinado polo autor en Madrid en maio de 2013. Neste prefacio, Miguel-Anxo Murado comeza indicando que a obra foi pensada para “explicarlle Galicia aos non-galegos” e tamén a si mesmo. Xustifica o uso da terceira persoa para lograr unha certa distancia na escrita, e comenta que o éxito inesperado da obra en castelán en Galicia orixinou unha nova edición en galego, da que el mesmo se encargou e que realizou de maneira fiel ao orixinal, pois unicamente introduciu algunha actualización. Remata cun agradecemento á editorial e mais ao editor Miguel Aguilar. O texto estrutúrase en once capítulos: “O rostro do país”, “A paisaxe inocente”, “Terra sen historia”, “Da galegofobia á galegofilia”, “Netos de Breogán, fillos de Rosalía”, “Nacionalistas”, “Díaspóra”, “O mito do atraso”, “Caciques”, “Lingua de pobres e poetas” e “A patria dos defuntos”.

Neles, adóptanse diferentes perspectivas, como a xeográfica, a histórica e a literaria, para ofrecer unha visión da terra galega e desartellar os tópicos que se cernen arredor dela. No tocante á perspectiva literaria trátase das relacións, creacións e opinións con respecto a Galicia e á súa lingua de diferentes escritores galegos e non galegos, como por exemplo: Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Wenceslao Fernández Flórez, Gonzalo Torrente Ballester, Luís de Góngora, Luís de Camões, Miguel de Cervantes, Juan Valera, Miguel de Unamuno e Ramón del Valle-Inclán. Finalmente, inclúese unha bibliografía e unha expresión de gratitude a diversas persoas que contribuíron á elaboración deste proxecto.

Referencias varias:

- José Miguel Giráldez, “Miguel Anxo Murado, Galicia de outro modo”, *El Correo Gallego*, “*Suplemento del Correo Gallego*”, 3 novembro 2013, p. 4.

Entrevístase a Miguel Anxo Murado co gallo da publicación de *Outra idea de Galicia*, a tradución do libro homónimo que se publicara na editorial Debate en 2008. Cóntase que é un libro de divulgación sobre a destrución dos tópicos sobre Galicia.

Paz-Andrade, Valentín, *Diarios de viaxe. Los itinerarios inéditos de América, 1952-1955*, prólogo Ramón Villares, introd., ed. e notas Emilia García López, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora, col. Rescate, 2013, 176 pp. (978-84-89323-84-1).

Recóllense os diarios de viaxe de Valentín Paz-Andrade (Lérez, Pontevedra, 1898-Vigo, 1987), que permaneceran inéditos durante sesenta anos. A obra encabézase con varios paratextos significativos: unha dedicatoria de Emilia García López, encargada da edición, un fragmento do poema “Soamente o mar te arrola”, de Valentín Paz Andrade e unha foto do autor tomada en Teotihuacan (México) en 1954. Os diarios van precedidos dun prólogo escrito por Ramón Villares, intitulado “El viajero Paz-Andrade”, no que se bosqueja o carácter viaxeiro do autor, facendo fincapé na súa curiosidade cultural e capacidade analítica. Continúa cunha introdución a cargo de Emilia García López, que leva por título “Del aire atlántico al mar Pacífico” e que se divide en varias partes. En primeiro lugar, proporciónase unha breve semblanza biográfica do autor. De seguido, explícanse as razóns e criterios da edición para finalizar cunha sección de agradecementos e unha esquemática “cronobiografía” de Paz-Andrade. O texto dos diarios vai precedido dun mapa dos lugares visitados polo autor, debuxado por Paco Boluda. Divídese en cinco partes, cada unha adicada a unha localización: “I. Por la ribera del aire. Itinerario americano: Nueva York”, “II. Itinerario de ultramar: México”, “III. Colombia”, “IV. Brasil” e “V. Chile”. Os documentos están transcritos coa mínima intervención posíbel, aínda que a editora decidiu destacar en cursiva as palabras que se empregan noutros idiomas. Inclúe algunhas notas a rodapé para aclarar algúns conceptos ou referencias literarias ao lector, pero non son abundantes. O texto intercálase con imaxes de recortes de prensa e fotografías do autor e do manuscrito editado.

Recensións:

- Charo Portela Yáñez, “Un viaxeiro chamado Valentín Paz-Andrade”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, p. 94.

Comentario no que se explica que a obra lembra a figura de Valentín Paz-Andrade, ao que se lle dedicou o Día das Letras Galegas de 2012, como autor de ensaio, biografías e textos de creación literaria. Saliéntase que esta edición completa parte da obra que aínda estaba inédita do autor e estímase o traballo editorial de Henrique Alvarellos.

Descríbese a estrutura da obra e destácase en todos os relatos a “capacidade analítica do viaxeiro” e o labor de recuperación e edición levada a cabo por Emilia García.

Conclúese coa observación de que esta publicación permite descubrir “un novo perfil da poliédrica figura de Paz-Andrade”.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, “Ven a luz nun libro os diarios de viaxe de Paz-Andrade”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 abril 2013, p. 42.

Comeza reproducindo as palabras que Ramón Otero Pedrayo lle dixo a Manuel Puente sobre Valentín Paz-Andrade: “No fundo hai nil un lírico como en todo galego”. Indica que do material custodiado pola súa viúva abrollou este diario de viaxes, que permanecera inédito sesenta anos. Explica que este diario se estrutura en cinco capítulos principais, dedicados ás súas observacións sobre as cidades de Nova Iorque, México, Colombia, Brasil e Chile. Remata apuntando as persoas que intervirán na presentación no Consello da Cultura Galega.

- Mar Mato, “Publicado un diario de viaxes inédito de Valentín Paz Andrade”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 31/ “Un libro saca a la luz un diario de viajes inédito de Valentín Paz Andrade por América”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 39, 3 abril 2013.

Reprodúcense fragmentos tirados deste diario de Valentín Paz-Andrade, que se presentou o día anterior no Consello da Cultura Galega en Santiago de Compostela. Indícase que neste diario se acollen os artigos que Paz-Andrade escribiu durante as súas viaxes para impartir cursos de capacitación e xestión pesqueira como experto da FAO e precísase que deles só saíran a lume os referidos a Nova Iorque. Remátase indicando como se xestou a publicación deste diario e a participación dos autores que interveñen.

V.4. ANTOLOXÍAS

García Cendán, Bernardo, *Cartas a Antón*, coordinación e recompilación Xosé M. Felpeto Enríquez, pról. Agustín Fernández Paz, Vilalba: Instituto de Estudos Chairegos, col. Biblioteca Chairega, n.º 23, 22 novembro 2013, 573 pp. (ISBN: 978-84-940442-3-6).◆

Recompilación de duascentas doce cartas que Bernardo García Cendán (Vilalba, 1941-2012) elaborou para a súa lectura na COPE vilalbesa e nas que trata sobre asuntos concernentes á súa vila. O volume abre cun prólogo de Agustín Fernández Paz, escrito en Vigo o 15 de novembro de 2013, con forma de misiva e baixo o título de “Carta a Bernardo, irmao”. Agustín Fernández Paz fai referencia á longa amizade que o uniu a García Cendán e manifesta a súa honra por asinar o prólogo. Ademais, indica que o destinatario (Antón) ao que se dirixía o autor podería ser imaxinario ou real e resalta que os textos recollen unha crónica da vida do municipio nos albores do século XXI. Finalmente, salienta a variedade temática e inclúe exemplos para cada un dos principais eixes de contido que identifica: a paixón por Vilalba e as súas xentes, a denuncia do que está mal feito e a preocupación pola vida democrática no Concello. A carón destes temas máis recorrentes, atópanse outros como as dificultades da vida das parroquias, a reivindicación da lingua galega e a defensa dos espazos naturais ameazados. As Cartas dispóñense en orde cronolóxica, dende o 10 de outubro de 2002 até o 18 de marzo de 2011. O autor fálalle sempre a Antón do Chamoselo e o seu discurso xira, efectivamente, ao redor dos asuntos que Agustín Fernández Paz adiantaba ao comezo.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.5. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Abalo, Ánxela G., “Tempo de crise, tempos de esperanza”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Tres en raia”, maio 2013, pp. 47-48.

Celebra que o Día das Letras Galegas de 2013 se lle dedique a Roberto Vidal Bolaño, xa que así se dimensiona non só a súa obra senón tamén a escena galega. Asemade indica o papel secundario da muller nalgúns aspectos da sociedade e avoga pola unión das diferentes tendencias dentro dos académicos da Real Academia Galega.

Acuña, Ana, “Xosé Neira Vilas. Escritor e académico”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, “Entrevista”, 2013, pp. 211-222.

Entrevista a Xosé Neira Vilas, na que se tratan temas como a escola, a emigración a Arxentina, as Mocidades Galeguistas, a emigración a Cuba, o retorno a Galicia e actividades relacionadas co galeguismo e a cultura galega. No que atinxe á literatura, alúdese á publicación en Bos Aires do libro de versos *Dende lonxe* e, en 1961, *Memorias dun neno labrego*. Entre as actividades das Mocidades Galeguistas recóllense o estudo de *Sempre en Galiza*, a creación do periódico *Adiante* ou ciclos de conferencias sobre Ramón de Valenzuela, Emilio Pita, Rodolfo Prada, Ramón Suárez Picallo, Rosalía de Castro, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Alexandre Bóveda. Alúdese ás conferencias no Centro Galego de Ramón Otero Pedrayo, Francisco Fernández del Riego, Domingo García-Sabell, Vicente Martínez Risco e Xosé María Álvarez Blázquez. Repásase tamén a actividade da editorial e distribuidora “Follas Novas”, creada entre Neira Vilas e a súa muller, Anisia Miranda. Menciona a creación da revista *Alén Mar* por parte da Asociación Arxentina de Fillos de Galegos e a celebración do Congreso da Emigración Galega en 1956, con motivo do aniversario do Banquete de Conxo. Remítese ao libro *Neira Vilas na Arxentina* e ao tratar da súa estancia en Cuba, fábase das actividades adicadas ao galego organizadas polo Instituto de Literatura e Lingüística. Entre elas menciónanse exposicións sobre Castelao e Seoane e conferencias como “Rosalía de Castro e os cubanos” ou “Presenza de Castelao en Cuba durante a Guerra Civil”. Alúdese ao seu labor como tradutor, á versión teatral de *Memorias dun neno labrego*, realizada por Candido Pazó, e á presentación desta obra en Madrid, á que asistiron Lorenzo Varela, Celso Emilio Ferreiro, Ben-Cho-Sey, Ramón de Valenzuela, Fariña Jamardo, Concha Castroviejo e Laxeiro. Por último, refírese brevemente a labor da Fundación Neira Vilas.

Alonso Montero, Xesús, “Biblioteca Penzol. A memoria do galeguismo”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “Cincuenta anos coa Fundación Penzol”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 22-25.

Co gallo do monográfico que a revista dedica ao cincuenta aniversario da Fundación Penzol, Alonso Montero, despois de facer referencia á inauguración da Biblioteca Penzol e á riqueza do seu patrimonio, sinala o seu estudo “Dos grandes bibliófilos

gallegos del siglo XX: Antonio Rey Soto (1879-1966) y Fermín Penzol (1901-1981)", publicado no volume *Bibliofilia y nacionalismo*, para coñecer o perfil bibliográfico do seu fundador e a *Guía das coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol*, de Olga Gallego e Pedro López, para dar conta do patrimonio galeguista da institución. Por último, destaca a importancia da correspondencia entre Ramón Piñeiro e Fermín Penzol para coñecer o funcionamento e adquisición dos fondos bibliográficos entre os que salienta o volume *Poemas* con composicións de Rosalía de Castro, Eduardo Pondal e Curros Enríquez, a colección completa do *Boletín de la Real Academia Gallega*, o poemario *Da terra e do mar*, de Francisco María de la Iglesia; as *Poesías*, de Juan A. Saco y Arce, a biblioteca e o epistolario de Ramón Piñeiro mais o epistolario de Otero Pedrayo.

Alonso Montero, Xesús, "Adios ríos, adios fontes... A estrofa de 1861 que desapareceu logo", *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 57, "O tema", novembro 2013, pp. 36-37.

Menciónase a existencia dun poema intitulado "Adiós, que eu voume", publicado por vez primeira en *El Museo Universal* en 1861. Sinálase que contén unha estrofa que Rosalía de Castro omite ao incorporalo na primeira e na segunda edición de *Cantares gallegos* (1863) e coméntase que, máis que froito da censura, a autora eliminouna ao considerar que non igualaba esteticamente ás anteriores.

Álvarez, Fernando, "Daqueles primeiros días do Ateneo", *Atenea*, n.º 45 I, "Artigos expresidentes do Ateneo", pp. 36-38.

Faise un repaso pola fundación e as actividades do Ateneo ferrolán, entre as que se mencionan eventos culturais de diversa índole. No que atinxe á Literatura galega, menciónase a conferencia inaugural de Eduardo Blanco Amor sobre "Cabanillas na Literatura galega hoxe".

Álvarez Cáccamo, Xosé María, "Poética da casa na obra de Xulio L. Valcárcel", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2013, pp. 98-99.

Ofrécese unha análise das obras *Solaina da ausencia* (1987) e *Casa última* (2003), de Xulio López Valcárcel. Sinálase que estas obras remiten á vivenda da infancia do poeta e que se configuran desde a perspectiva do recordo coma unha elexía. Achéganse varios fragmentos das obras que poñen de relevo o gusto estético polos ámbitos sensorias e emotivos da desolación e o recurso á memoria para contrarrestar a dor da perda e da ausencia. Destácase que as obras aluden ao paso do tempo e a sensacións contraditorias, coma a nostalxia da dor e o esquecemento, botando man ao recurso da personificación da casa. Apúntanse as influencias da poesía de Álvaro Cunqueiro e Luís Pimentel á hora de abordar a perda do tempo e o espazo onírico da infancia, ao que só é posíbel acceder a través da memoria, e que o silencio da casa remite á morte. Anótase que os poemas se configuran a partir do equilibrio entre a fantasía da recuperación do pasado fronte á evidencia deste imposíbel.

Álvarez Pousa, Luís “Carta do director”, *Tempos Novos*, n.º 192, maio 2013, pp. 8-9.

Denuncia que o labor do actual presidente da Xunta de Galicia é o dun “perigosísimo deconstrutor cultural e lingüístico” e fronte a isto contrapón a figura de Roberto Vidal Bolaño. Indica que sufriu en vida a censura do poder e cualifícao de “rebelde con causa” e recalca que desde o seu teatro se provoca, sensibiliza e interioriza “estados de catarse colectiva”.

Angueira, Anxo, “Unha primeira edición de *Cantares gallegos* con fotografía, autógrafo e carta de Rosalía”, *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 95, “Cuestións”, agosto, setembro e outubro 2013, pp. 333-346.

Co gallo da celebración do cento cincuenta aniversario de *Cantares gallegos*, dáse noticia da saída á luz dun exemplar da edición de 1863. Indícase o engadido de dous pares de follas con respecto a outro exemplar atopado na rúa Real de Vigo por Compañel. No primeiro engadido atópase unha fotografía orixinal da época e un autógrafo cos dezaseis primeiros versos do poema inicial. No segundo engadido aparece o texto manuscrito “Fernán Caballero a Rosalía de Castro”. Analízase cada un destes elementos por separado. Transcríbese o autógrafo, que conta con poucas variantes respecto ao impreso; a carta e o comentario engadido ao final no que se declara que é unha copia. A través de estudos de Bouza Brey, trátase a relación entre Rosalía e Fernán Caballero. Ademais dedícase un apartado á datación e autoría dos engadidos, que baseándose nas cartas entre Rosalía e Ramón Segade Campoamor comentadas por Carballo Calero, se sitúa entre o 25 de xaneiro e o 14 de abril de 1864. No último apartado trátase a figura de Ramón Segade Campoamor, centrándose na súa relación con Manuel Murguía.

Angueira, Anxo, “Actualizar o discurso, modernizar a Fundación”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 57, “O tema”, novembro 2013, pp. 22-24.

Comeza facendo referencia á celebración por parte da Fundación Rosalía de Castro do sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos*. Sinala a pretensión de modernizar a Fundación e contribuír á actualización do discurso sobre esta obra e sobre a autora. Indícase que os dous proxectos principais son a exposición “No principio foi o verso: Rosalía de Castro” e a remodelación interior e do perfil museográfico da Casa-Museo.

Arén, Román e Pastor **Rodríguez**, “Os poetas do Barbanza cantan a Rosalía de Castro. Homenaxe no 150 aniversario de *Cantares Gallegos*”, *Barbantia. Anuario de estudos do Barbanza*, n.º 9, 2013, pp. 249-283.

Ofrécese un breve percorrido biográfico sobre Rosalía de Castro e unha ficha bibliográfica de cada un dos poetas que cantaron á autora, que son os que seguen: Lisardo Rodríguez Barreiro (Noia, 1862-Vilagarcía de Arousa, 1943), Manuel de Marcos Santos (Ribeira, 1860-?), Xosé María Brea Segade (Taragoña-Rianxo, A

Coruña, 1904-1934), Ramón Fernández Mato (Cespón-Boiro, 1889- Vilagarcía de Arousa, 1980), Áurea Lorenzo Abeijón (San Sadurniño de Goiáns-Portosín, Porto do Son, 1904-1995), Manuel Fabeiro Gómez (Muros, 1916- Noia, 1992), Faustino Rey Romero (Isorna-Rianxo, 1921- Bos Aires 1971), Antón Avilés de Taramancos (Boa-Noia, 1935- A Coruña, 1992), Xesús Santos Suárez (Asados-Rianxo, A Coruña, 1936), Ana Romaní Blanco (Noia, 1962), Antonio Paz Míguez (A Pobra do Caramiñal, Pontevedra, 1911- Arxentina, 2005), Fernando R. Lavandeira (Taragoña-Rianxo, 1966), Antonio Piñeiro (Ribeira, 1962), Xosé Agrelo Herme (Barro-Noia, 1937- Santiago de Compostela, 2006), Eva Veiga Torre (Ombre-Pontedeume, 1961), Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, Ourense 1964), Rosa Enríquez (Noia, 1969), Raúl Gómez Pato (Ourense, 1966), Raimundo García Domínguez “Borobó” (Pontecesures, 1916-Santiago de Compostela, 2003), Xesús Rábade Paredes (Seixas-Cospeito, 1949), Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940), Celestino García Romero (Boiro, 1855- Santiago de Compostela, 1929), Ramón María del Valle-Inclán (Vilanova de Arousa, 1866-Santiago de Compostela, 1936), Manuel Antonio Pérez Sánchez (Rianxo, 1900-1930) e Alfonso Daniel Manuel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886-Bos Aires, 1950).

Arias Rego, Xiana, “Crónicas de anos violentos”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 20, “proTagonista”, inverno 2013, pp. 2-3.

Alúdese ao labor de diferentes voces e letristas de Galicia que lle dan vida a cancións que constrúen un “retrato colectivo con letras traballadas, que se asentán, mesmo desde o humor, no profundo do reflexo e ao tempo denuncian, chaman á acción”. Sinala que para Daniel Salgado, autor das letras de Das Kapital, a escrita dunha canción resulta “igual de lenta, laboriosa, neurótica e complexa que cando se trata dun poema”, mentres que para Leonardo Fernández, a voz de Das Kapital, “o poema mantense en pé sen música pero a letra da canción non necesariamente se mantén sen o son”. Tamén anota que este último, coñecido como O Leo, é o responsábel das letras e adaptacións dos cantautores e voces que agrupa en Arremecágonas Produccións, así como que é voz nalgúns outros grupos, nos que adapta poemas doutros autores: Celso Emilio Ferreiro con Labregos do tempo dos Sputniks, Lois Pereiro con Ondas Martenot ou cancións saharauis con Mardarea. Por outra parte, para un dos músicos e letristas de Ataque Escampe, Daniel Solleiro, “un poema é un poema, como di unha canción prehistórica nosa, e unha canción é unha canción”.

Armesto, María, “Mulleres a pé de escena”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 75, “Temas”, verán 2013, pp. 7-13.

Analízase a presenza feminina á fronte do Centro Dramático Galego e en escena, tanto como actrices coma no papel de directoras, así como os premios conseguidos por mulleres para reflexionar sobre o traballo que queda por diante en materia de igualdade. Finalmente, ponse en valor o labor da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas visibilizando o traballo das mulleres neste eido, tanto no terreo artístico coma no organizativo e directivo.

Baceiredo, Rebeca, “O persoal é político”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 20, “proTagonista”, inverno 2013, p. 13.

Achégase á escrita de Alberto Lema, que define como unha “crítica descarnada á composición do mundo que se nos presenta como evidentemente incuestionábel. Tamén apunta que el non ten claro que a orde dos elementos sexa a correcta e narra este desencontro existencial cun humor “perplexo” e cunha dimensión política “que resulta irrenunciábel, cando non é directamente o punto de partida”. Refírese a como representa a clase media e a esa voz narrativa da súa obra cun humor “desconcertado”, así como apunta que esa voz vai “sofisticando” o tapiz literario, sen que desapareza a perplexa observación “de quen sabe que non sabe o suficiente como para levar resoltas as situacións do espírito (colección de átomos) antes de vivilas”.

Baraxeiro, “As novas que nos chegan”, *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 35, “Publicacións”, primavera 2013, pp. 29-30.

Céntrase na saída do prelo de varias publicacións, entre elas o poemario *Breizh* (2012), de Miro Villar; o folleto *Contos da miña terra*, de Rosalía de Castro, no que se recollen en edición facsímile os textos que foran publicados en 1868 no xornal *El eco ferrolano*. Tamén fala dos poemarios *Melíflua moradía* (2012), de Lino García Salgado, e mais *A ansia do lóstrego* (2012), de Medos Romero, este último na colección “Libros da Frouma” en Edicións Follas Novas.

Bar Cendón, Mónica, “As luces só se curan con máis luces”, *Festa da Palabra Silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 29, “Monográfico”, 2013, pp. 19-32.

Analízanse as principais liñas de pensamento dos monográficos da *Festa da Palabra Silenciada*. Antes salientase o propósito de dar voz ao colectivo feminino e feminista co que xorde a publicación. A revisión inclúe a progresión do feminismo vivencial ao feminismo radical, as propostas en torno á sexualidade sobre a necesidade de construción da suxeita erótica, a desvalorización dos argumentos a favor de regulamentar a prostitución, a visión da conquista americana desde o contraste entre a colonización do patriarcado e a escravitude feminina, o mito de Antígona como representación da figura que impugnou a tradición patriarcal cun balance do pensamento ilustrado e unha crítica contra o pensamento *feble* posmoderno, a vixencia dos postulados feministas de Simone de Beauvoir sobre a muller como construción social, a presentación de pensadores que cuestionaron os postulados patriarcais, a violencia contra as mulleres vinculada a outros aspectos, o sexismo na linguaxe e a capacidade da lingua para transformar a realidade.

Becerra de Becerreá, Afonso, “A dramaturxia das crebas”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas. Dossier Día das Letras Galegas”, maio 2013, pp. 71-72.

Indaga nos puntos esenciais da dramaturxia de Roberto Vidal Bolaño centrándose no modelo clásico, na súa actualización realista e na creba espacial e temporal. Exemplifica a creba dos soños e dos ideais presentes en *Rastros* (1998), o monólogo posdramático en *Sen ir máis lonxe* (2002) e conclúe falando da súa imaxe icónica cun nariz vermello de pallaso, con chapeu e co cigarro.

Bernárdez Vilar, Xoán, “Serafín Sotelo Herbello, o último das illas”, *Encrucillada*, n.º 181, xaneiro-febreiro 2013, pp. 91-101.

Traballo no que se leva a cabo unha “Rolda da cultura”, polo que se fai referencia a distintas manifestacións artísticas en varios apartados. No apartado “As letras” fai referencia á conmemoración do nacemento de Francisco Fernández del Riego nun acto que tivo lugar no Panteón de Galegos Ilustres de Compostela e á presentación na Casa da Cultura de Vigo do libro *Francisco Fernández del Riego. Vigo dende o corazón de Galicia*. Na sección “Banda deseñada” cítase a publicación de *Ardalén*, de Miguelanxo Prado. No apartado “Premios” recóllense os gañadores de varios certames literarios, como o Álvaro Cunqueiro de Teatro e Barriga Verde para público infantil outorgados a Gustavo Pernas Cora por *Isobaras* e Raul Dans por *Un mosquito de nome Henri*, respectivamente; o Premio Blanco Amor de novela longa gañado por Ignacio Vidal Portabales con *Dióxenes en Dolorida*, o Premio R. Piñeiro de Ensaio outorgado á obra *Para que nos serve Galiza?*, de Xaime Subiela Pérez; o Premio Otero Pedrayo para Basilio Losada Castro e, por último, cítanse os gañadores dos premios Modesto R. Figueiredo de narración breve, que foron *As casas baratas*, de Miguel Anxo Martínez Oubiña; *A Lobiqueira*, de María Alonso e *Contos dun representante artístico*, de Alberto Gómez Aneiros.

Bernárdez Vilar, Xoán, “8 de marzo. Día internacional da muller”, *Encrucillada*, n.º 182, marzo-abril 2013, pp. 107-117.

Faise unha “Rolda da cultura” na que se repasan diferentes manifestacións artísticas. Nun repaso a personaxes históricas femininas, con motivo do Día Internacional da Muller, entre figuras literarias e políticas menciónanse tamén figuras literarias como Concepción Arenal, Rosalía de Castro ou Emilia Pardo Bazán. No apartado “As letras” menciónase á concesión do Premio Nacional de Mellor Labor Editorial e Cultural á Editorial Kalandraka; e a celebración de recitais de *Cantares gallegos* con motivo dos cincuenta anos da súa publicación. Na sección “Premios” recóllense os gañadores de diversos certames. No que atinxe á Literatura galega cítanse o Premio Cartas de Amor, que foi para Víctor Iglesias Viqueira; o Premio Fernández del Riego á difusión do ámbito editorial e cultural, que foi a parar á Fundación Penzol; os Premios Ánxel Casal, que na modalidade de Edición Histórica foron para Edicións Toxosoutos, Edicións do Cumio e Teófilo Edicións, e na modalidade de ficción para *Morgana en Esmelle* (2012), de Begoña Caamaño Rodríguez e *O rastro que deixamos* (2012), de Agustín Fernández Paz; o Premio Díaz Pardo ao mellor libro ilustrado, que foi para *Cartas de inverno* (2012), de Antonio Seixas; o Premio do Libro Infantil, que gañou Leticia Costas; o Premio X. M. Álvarez Blázquez, outorgado a Fina Casallerrey; e o Premio da Mellor Iniciativa Editorial para OQO films. Dentro da sección “Varia”, no que atinxe á Literatura galega menciónase a presentación do Centro Ramón Piñeiro do libro *Epistolario de Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal* (2012).

Bernárdez Vilar, Xoán, “As outras letras galegas”, *Encrucillada*, n.º 183, maio-xuño 2013, pp. 83-93.

“Rolda da cultura”, na que se comeza sinalando a conmemoración do 50 aniversario do Día das Letras Galegas, dedicado desta volta a Roberto Vidal Bolaño, que coincidiu co 150 aniversario de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, o centenario do nacemento de F. Fernández del Riego e o 50 aniversario do establecemento da Fundación Penzol. Na sección “Cine e teatro” alúdese aos XVI Premios María Casares de Teatro, nos que venceu a obra *Tokio 3* da compañía Voadora. No apartado “Congresos. Comunicaci3ns” faise referencia á dimisi3n de Xosé L. Méndez Ferrín como presidente da Real Academia Galega e á elecci3n do seu duodécimo presidente, Xesús Alonso Montero. Na sección “As letras” aúdesse á estrea, no Día das Letras Galegas, dunha Ruta Literaria dedicada a Paco Fernández del Riego en Vilanova de Lourenz3. Menciónase tamén o descubrimento, por parte de Henrique Alvarellos, dunha obra inédita de Aurelio Aguirre Galarraga, do que se achegan unhas pequenas notas biográficas. No apartado “Premios” cita aos gañadores dos Premios Nacionais da Crítica, Begoña Caamaño por *Morgana en Esmelle* (2012) e Manuel Álvarez Torneiro por *Os ángulos da brasa* (2012). Sinálase que nos XXII premios da Irmandade do Libro da federaci3n de libeiros de Galicia foron galardoados Xosé Queiz3n Vila, co premio á mellor traxectoria, e Francisco Fernández Naval, co premio ao mellor libro por *A Noite Branca* (2012). Recóllese o ditame da Asociaci3n de Escritores en Lingua Galega sobre os mellores libros de 2012: en narrativa, Begoña Caamaño por *Morgana en Esmelle*; en ensaio, Ramón Nicolás por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*; en literature infantil e xuvenil, Leticia Costas por *O corazón de Xúpiter*; en xornalismo cultural, Ana Romani, por blog literario e Ramón Nicolás; en teatro, *Banqueiros*; en poesía, Francisco Salinas Portugal por *Boca da cobra* e Manuel Álvarez Torneiro por *Os ángulos da brasa*; e en traducci3n, *Cancioneiro seguido das rimas dispersas*, de Darío Xohán Cabana. Por último, menciónase tamén o gañador do Premio José Couso á liberdade de informaci3n, Mónica García Prieto.

Bernárdez Vilar, Xoán, “O manuscrito atopado na Coruña”, *Encrucillada*, n.º 184, setembro-outubro 2013, pp. 106-116.

Repaso que na sección “As letras” alude ao acordo, por parte da RAG, de dedicar o Día das Letras Galegas de 2014 a Xosé María Díaz Castro, de quen se dan breves apuntes biográficos e resáltase que só chegou a publicar a obra *Nimbos*. Menciónase o descubrimento de Anxo Angueira dun exemplar autógrafo de *Cantares gallegos* que contén os dezaseis primeiros versos e unha carta de Rosalía de Castro a Fern3n Caballero. Recóllese o ingreso na Real Academia Galega de Pegerto Saavedra Fernández. No apartado “Banda deseñada” fálase da presentaci3n, o 10 de agosto, da revista *Oink!*, da que ser3n respos3beis Marcos Ferreiro, Kiko da Silva e Yolanda Sánchez, e que continúa a estela do Xabarán, club infantil e xuvenil da TVG. Na sección “Premios” recóllese o fallo do Concurso de Teatro Infantil 2013 convocado pola Agrupaci3n Cultural O Facho da Coruña, do que foi vencedor Carlos Labraña, pola súa obra *Espantallo*, o Premio Xerais 2013 para Xabier López López pola novela *Cadeas*, o Premio Merlín, para *O castañeiro de abril*, de Antonio M. Fraga Allegue; o Premio *Voz de liberdade*, gañado por Salvador García-Bodaño; as Medallas Castelao entregadas pola Xunta de Galicia á escritora e poeta Úrsula Heinze; o Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia* a Francisco Castro por *Branca de neve* (2012); as Medallas de Ouro de Galicia que distinguiron á Fundaci3n Penzol; o XXVII Certame de Poesía Feliciano Rol3n convocado pola Agrupaci3n Cultural Guardesa para Jacobo Llamas Martínez por *Dido nas marismas* e menciónase o VII Premio de Narrativa

Breve Repsol concedido a Berta Dávila por *O derradeiro libro de Emma Olsen*.

Bernárdez Vilar, Xoán, “A máquina fabulosa”, *Encrucillada*, n.º 185, novembro-decembro 2013, pp. 86-96.

Rolda na que se repasan as novidades que tiveron lugar en diferentes manifestacións artísticas, como “As letras”, nas que se recolle a organización de actos culturais da Real Academia Galega ou o Centro Ágora. Menciónanse a recepción na RAG das obras traducidas ao galego polo xeneral Juan Beceiro Amado, a xeira do ciclo Poetas Di(n)versos no Centro Ágora, dirixida por Yolanda Castaño, e cítase a publicación da tradución *O edificio de Yacoubian*, novela de Alaa Al Aswany. No apartado destinado a “Cine e teatro”, cítase o espectáculo *Symon Pédicri*, levado á escena no Festival de Outono de Teatro de Carballo. Na sección “Banda deseñada” cítanse o nacemento de *CuCo. Cuadernos de Comic*, publicación dixital e a obtención do Premio Nacional de Cómic por parte de Miguelanxo Prado por *Ardalén*. No apartado “Premios” recóllense os gañadores de diversos certames artísticos. No que atinxe á Literatura galega menciónanse o Premio Nacional de Poesía para *Os ángulos da brasa*, de Manuel Álvarez Torneiro, primeiro autor en galego en conseguilo; os Premios da Crítica Galicia para Xabier Cordal na modalidade de creación por *Transmuta*; a entrega a Xosé Luís Méndez Ferrín do XXXVI Premio Ramón Otero Pedrayo; o Premio de poesía uNovacaixagalicia, gañado por *A segunda lingua*, de Yolanda Castaño; e a entrega do IV Premio de Poesía Victoriano Taibo, conseguido por Ramón Sandoval Pérez co poemario *Territorios Estraños*.

Borobó, A. C., “Actas da homenaxe a Raimundo García Domínguez ‘Borobó’”, *Barbantia. Anuario de estudos do Barbanza*, n.º 9, 2013, pp. 219-240.

Co gallo da homenaxe a Raimundo García Domínguez, achégase unha biografía do escritor, salientando a súa faceta de director do xornal *La noche*, que contaba con Xesús Alonso Montero, Uxío Novoneyra, Manuel María, Xosé Luís Méndez Ferrín e Carlos Casares entre os colaboradores. Saliéntase a obra teatral do autor e infórmase da posta dun fragmento da obra *Quen Matou ao Meco?* a cargo do grupo Teatro do Improviso. Sinálase a temática da súa produción teatral, traducida ao galego, e alúdese ao ensaio *Teatro inaudito e inédito de Borobó*. Reprodúcense as intervencións de Claudio Rodríguez Fer, Xoán Guitián e Xesús Santos Suárez, que destacan o interese do autor por Manuel Antonio, Ramón Cabanillas, Castelao, Otero Pedrayo ou Rosalía de Castro, o seu ensaio *A nacencia do socialismo en Galicia: Pablo Iglesias, o galego* e a súa relación con outros escritores como Aquilino Iglesia Alvariño, Abuín de Tembra, Helena Villar ou Xesús Rábade. Finalmente inclúense tres partituras musicais da suite interpretada polo grupo tradicional Arume.

Borrajo, Nate, “Teatro galego e memoria”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º. 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, pp. 96-97.

Dase conta da saída do prelo de *Textos recuperados. De Galo Salinas a Castelao* (Universidade da Coruña, 2012), escolma realizada por Laura Tato e Iolanda Ogando, que se presenta como nova fonte de coñecemento sobre o xénero teatral. Faise un repaso

polas pezas incluídas, dezanove composicións breves que teñen en común temas como a defensa da lingua, das orixes e da identidade. Saliéntase que o libro permite achegarse ao “noso pasado teatral máis esquecido”, non só por medio da escolma, senón tamén grazas ao estudo introdutorio de Tato Fontaíña e ás notas aclaratorias de Iolanda Ogando.

Bragado, Manuel, “O sector do libro, na UCI”, *Tempos Novos*, n.º 191, “En foco. Informe”, abril 2013, pp. 10-20.

Preséntanse unha radiografía do sector editorial galego e “Un plan estratéxico para o sector do libro”. A primeira parte está dividida nas seguintes seccións: “Un crecemento interrompido”, “Os datos da produción editorial”, “Os datos da produción editorial por tipo de edición”, “A edición en galego e noutras linguas oficiais”, “Os datos de vendas do sector”, “Os datos de edición e venda por ámbitos temáticos”, “Os datos da edición literaria”, “As axudas públicas ao sector” e “O emprego no sector”. Nesta parte, achéganse datos estatísticos que atinxen á produción e venda do libro en galego, tanto xeral coma por tipo de edición, contrastando os distintos xéneros entre si e contrastando a edición en galego coa edición noutros libros oficiais. Trátanse tamén as cuestións das axudas públicas e o emprego no sector. A segunda parte está composta por “Un plan estratéxico para o sector do libro”, documento de traballo da Asociación Galega de Editores, que se divide en tres eixos estratéxicos: o afianzamento sectorial, a cohesión social e a proxección. Cada un destes eixos preséntase con varias liñas de actuación e as súas medidas correspondentes.

Caamaño, Juan, “Para pensar el humorismo con la risa de Castelao”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, 2013, pp. 13-22.

Estudo sobre a presenza do humor na obra de Castelao. Conta con cinco apartados: “1. Introducción. Sobre el *sentido* de humor”, “2. Una lámina del álbum *Nós*”, “3. *Un ollo de vidro*”, “4. Láminas de *Cousas da vida* y una lembranza neoyorquina”, e “5. A modo de conclusión”. No primeiro apartado, establécense uns trazos definitorios do concepto de “humorismo” e introdúcese unha pequena introdución ao humor de Castelao. No segundo, analízase unha das láminas de *Nós*, que leva por texto “Na cadea dan de comer, pero teriamos que facer algún mal para irmos á cadea”. A lámina descríbese detalladamente e contéplase en relación co concepto de “humor” de Mark Twain. No terceiro apartado, desenvólvese o estudo sobre o humor de Castelao centrado n’*Un ollo de vidro: Memorias dun esquelete*. Pónse de relevo a relación entre o humor e a dor, e o humor e o absurdo como mecanismos que permiten reflexionar sobre a sociedade. No cuarto apartado, considéranse dúas imaxes recollidas en *Cousas da vida*, que se describen de xeito pormenorizado, resaltando a capacidade do humor para a crítica social. No quinto apartado conclúese que o humorismo de Castelao permite unha mirada alternativa e reivíndicase a súa importancia.

Cabrera Iglesias, María Dolores, “Xénese da Fundación Penzol a través dos seus documentos”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “Cincuenta anos coa Fundación Penzol”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 13-21.

Despois de dar noticia da elaboración do libro e da exposición *Fermín Penzol. Unha obra para un país* (2010), ofrécese a historia da Fundación Penzol. A través da reprodución de documentos varios, dáse conta do comezo da vocación bibliófila de Penzol, da existencia dun inventario de obras adquiridas até a Guerra Civil e da relación con Ramón Piñeiro, determinante para a doazón da biblioteca persoal de Penzol á Editorial Galaxia. Destácase a función de Fernández del Riego como director da Fundación e dáse conta da formalización da entrega dos fondos, da constitución dunha institución xurídica para velar polos mesmos, da inauguración da biblioteca, da publicación da *Guía das coleccións bibliográficas e documentais da Fundación Penzol* e das características do inventario. Saliéntase o labor de Xaime Isla na adquisición do local e a de Antonio Fernández López como promotor, antes de achegar a nómina de colaboradores da institución. Por último, ofrécese unha breve bibliografía sobre a Fundación. Esta achega estrutúrase nos apartados “Fermín Penzol ou a filantropía do bibliófilo”, “Ramón Piñeiro ou a teimosía do amigo”, “Francisco Fernández del Riego ou a lealdade do director”, “Outros valedores ou benfeitores da Fundación Penzol” e “Outra bibliografía sobre a Fundación Penzol”.

Calvo Teijo, Luís, “O meu acceso á presidencia do Ateneo Ferrolán...”, *Atenea*, n.º 45 I, “Artigos expresidentes do Ateneo”, pp. 50-51.

Faise un repaso polas actividades do Ateneo ferrolán na década dos 90. Recóllense eventos relacionados con diversas artes como a fotografía, o teatro, a poesía ou as artes plásticas. Resáltase a independencia do Ateneo, que non se adscribe a ningún grupo político. No que atinxe á Literatura galega, menciónase a presenza do grupo “Chorima”, Amigos da Poesía, presidido por Mariña Carballal e encargado de organizar recitais. Cítase tamén a publicación dos “Cadernos do Ateneo” e o nacemento da revista *Atenea*, en 1999, da cal se describen as seccións.

Cardalda, Teo e Xabier del **Valle Inclán**, “Gonzalo Bouza-Brey”, *Galegos*, n.º 18, I, 2013, pp. 126-128.

Reivíndicase a figura de Gonzalo Bouza-Brey (Vilagarcía de Arousa, 1952-2002), con especial atención á súa actividade política. Tras dous breves parágrafos introductorios, analízase a súa obra poética. Inclúense tamén unha semblanza biográfica e un poema do autor, que leva por título “Non teño por que dar explicacións”.

Castro Buerger, Iago, “Palabra é metal”, *Tempos Novos*, “Protexta”, n.º 20, “proTagonista”, “Narrativa”, inverno 2013, p. 15.

Menciona os “motores” que fan *Da Máquina* (2011) unha novela trepidante. Sinala que o camiño que segue Alberto Lema ecoa na tradición que parte da narrativa galega de posguerra. Considera que na súa galería de personaxes brilla a escrita do autor, “non sei se mellor na elección dos protagonistas ou na sucesión dos diálogos”, así como explica que o lector reconstrúe a historia desde as súas accións concretas e palabras arreboladas. Tamén apunta que a estrutura fragmentaria confórmana a multitude de voces e rexistros xunto coas rupturas temporais que, lonxe de atrancar a lectura, proporcionan un ritmo de vertixe. Estima que no libro se recoñecen comportamentos individuais e dinámicas

colectivas co pano de fondo dunha revolución en marcha. Di que a rebeldía de Lema “non parte dunha posición política ou ética persoal, parte do coñecemento da existencia dunha guerra e da elección dun bando, o daqueles escritores e escritoras que traballan na construción dun espazo literario propio”.

Castro Buerger, Iago, “Literatura, alerta!”, *Tempos Novos*, “*Protexa*”, n.º 20, “proTagonista”, “Narrativa”, inverno 2013, p. 19.

Coméntase *Gran tiburón branco* (2012), no que Samuel Solleiro ofrece cinco relatos que forman un arquipélago cohesionado a distintos niveis. Sinala que no apartado “Extras” hai unha nota editorial que informa do proceso de edición dos textos despois da desaparición do autor nun xogo metaliterario onde se aproveita a potencia ficcional da autoría. Apúntase que neste apartado tamén se recollen uns “Diálogos innecesarios” que convidan o lector a revisitar historias e personaxes para situar fragmentos, á vez que lle dan pertinencia ao paratexto enteiro, incluída a colaxe fotográfica de “Como se fixo”. Sinala que “Acompasados e elegantes, avanza cal paso de andadura voz e personaxe no devir dos relatos: pensamentos e opinións acaídos na construción da historia”. Refire brevemente o seu argumento e comenta que os narradores e os seus acompañantes tecen unhas relacións marcadas polo fracaso, así como destaca a presenza do sexo e fai anotacións sobre a literatura que sobrevoa uns relatos, nos que abrolla un “humor nunca amable e nunca gratuíto contra a moral dominante”.

Cochón, Luís, “Dúas incisións na obra de Roberto”, *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 94, “Acoutacións”, abril, maio e xuño 2013, pp. 231-233.

Artigo que se divide en dúas partes, “Vidal Bolaño e Méndez Ferrín. A propósito do *Percival*”, na que se comenta a influencia da obra de Xosé Luís Méndez Ferrín no pensamento de Roberto Vidal Bolaño e a realización da súa versión “acomodada para teatro”; e “*Cantata en Compostela* en loor de Roberto Vidal Bolaño”, na que se fai unha breve semblanza do carácter de Vidal Bolaño e da súa relación co autor do texto.

Colmeiro, José, “Visións periféricas, posicións globais. Resituando a cultura galega contemporánea”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “Ensaio”, pp. 131-143.

Preséntase unha panorámica sobre a “resituación” da cultura contemporánea de Galicia, dende a perspectiva da “periferalidade positiva”. Divídese en cinco seccións, que se abren cunha contextualización da cultura galega como a saída da “longa noite de pedra” despois da ditadura franquista e preséntase a proposta como un “intento de encarar a necesidade de abrir Galicia e os estudos galegos ao diálogo co exterior na era global”. Na primeira sección, “Resituando a cultura galega”, trátase a expansión progresiva dos horizontes culturais galegos, así como a dimensión diaspórica da cultura galega moderna. O seguinte apartado, “Falando historicamente: unha saída poscolonial”, identifica Galicia como “unha nación sen estado pero coa súa propia identidade cultural”, polo que se considera un caso positivo de revitalización das linguas minoritarias. Trátase a historia de Galicia dende a perspectiva dunha “colonización” e as

súas consecuencias para a cultura galega e salientase a necesidade dunha “definición máis inclusiva da nación”. Na sección “Saíndo da periferia”, propónse que as posicións periféricas poden “levarnos ás visións globais”. Destácase a influencia de temas atlánticos como a emigración, o desarraigo e a saudade, que dan lugar a unha arte híbrida. Menciónanse as obras literarias *A man dos paños* (2000), de Manuel Rivas, e *Tres trebóns* (2005), de Xurxo Souto. Sinálase que o ideario de Galicia vén marcado pola súa condición de “fistera do continente europeo” e pola súa situación atlántica. No seguinte apartado, “Galicia no mundo global: máis alá/saíndo do local”, fálase de hibridación entre o global e o local, exemplificada en Santiago de Compostela. No campo da literatura, alúdese a esta “hibridade creativa” das obras de Manuel Rivas e Suso de Toro, así como da perspectiva feminista transnacional nas obras de Teresa Moure *Herba moura* (2005) e *Benquerida catástrofe* (2007), e o enfoque *queer* de Antón Lopo en *Ganga* (2001). Salientase o impacto de novos autores non nacionais, como Victor Omgba, que escribiu en Galicia a súa obra, *Calella sen saída* (2001), ou Eirín Moure, que escribiu nunha “lírica linguaxe híbrida transnacional entre o inglés e o galego-portugués” nas súas obras *Little theaters (teatriños)* (2007) e *Cadoiro, poems* (2007).

Colmeiro, José, “Quen somos? De onde vimos? Onde imos? Reflexións sobre os estudos galegos nos Estados Unidos”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, 2013, pp. 131-138.

Faise un repaso pola situación dos estudos galegos nos Estados Unidos a través de cinco apartados: “1. Introducción”, “2. Atomización e falta de estruturas”, “3. A diseminación da cultura galega e a achega dos galicianistas en EE.UU”, “4. A renovación dos estudos galegos” e “5. Referencias bibliográficas”. No que atinxe á Literatura galega, alúdese ao estudo maioritario de Rosalía de Castro no ámbito dos estudos galegos. Destácanse varias publicacións: a escolma poética preparada por Kathleen March, *Festa da palabra: An anthology of Contemporary Galician Women Poets* (Peter Lang, 1989); a antoloxía de relatos galegos *Así vai o conto* (Edwin Mellen, 1991); a tradución *Circling (Arredor de si)*, de Ramón Otero Pedrayo; a tradución *The Likeness (A semellanza)*, de María Xosé Queizán, realizada por M. Spitzmesser; o libro bilingüe de Miguel-Anxo Murado, *Bestiary of Discontent (Bestiario do descontento)*, Edwin Mellen, 1993), preparado por Carys Evans-Corrales; e a tradución *Four to four (De Catro a Catro)*, de Manuel Antonio, feita por John Burns e publicada pola revista Puckerbrush Review da Universidade de Maine. A partir dos datos do *MLA Bibliography*, obsérvase que os autores máis estudados son Rosalía de Castro e Álvaro Cunqueiro, autores bilingües, xunto con Manuel Rivas, Suso de Toro, María Xosé Queizán e Xosé Luís Méndez Ferrín. Destácase tamén que só se recolle un artigo sobre Daniel R. Castelao e outro sobre Ramón Otero Pedrayo.

Costas, Leticia, “De 1983 a 2013, 30 anos de festa”, *Festa da Palabra Silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 29, “Monográfico”, 2013, pp. 46-48.

Presenta un percorrido por varios dos actos que se celebran arredor de cada número de *Festa da Palabra Silenciada*. Salienta as presentacións dos números que destaca a tradutora e asesora lingüística da revista Marga R. Marcuño, recolle a visión do colaborador Manuel Forcadela sobre o proxecto e da ex-concelleira de igualdade Iolanda Veloso sobre a importancia das presentacións para dar a coñecer a revista.

Sinálase a función da revista como vehículo para achegar o feminismo a todo tipo de mulleres.

Coucheiro, Antón, “A Regadeira de Adela”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 76, “Temas”, outono 2013, pp. 15-20.

Logo de facer un repaso polo deterioro do panorama escénico compostelán co peche de todas as salas privadas e a desaparición dos festivais por falta de apoios e financiamento, salientase a creación da Regadeira de Adela, unha sala alternativa que pretende captar novos públicos a través de pezas breves. Coméntase o importante papel que xogou a figura de Adela Steiner Regueiro á hora de darlle unha estética e un concepto ao proxecto. Infórmase de que Adela fundara nos anos cincuenta, xunto co poeta Diego Rego, o movemento La Regadera, co que pretendían abolir as fronteiras entre as artes, e que os creadores da Regadeira de Adela, usándoa como referente, concibiron o proxecto como un espazo de microartes.

Dasilva, Xosé Manuel, “*Longa noite de pedra* en versión inglesa”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 102-104.

Dá conta da publicación da versión inglesa da obra *Longa Noite de Pedra*, de Celso Emilio Ferreiro, dentro da colección “Galician Classics” da editorial Small Station Press a cargo de Jack Hill. Realízase un percorrido polas obras traducidas do autor para corroborar a escasa proxección exterior da súa produción, en contraste coa de Rosalía de Castro. Destácase a maior difusión fóra de Galicia das obras de Celso Emilio Ferreiro a través do castelán, en consonancia co labor de autotradución do escritor. Sinálase a escasa presenza da produción do autor en inglés e as características da edición inglesa de *Longa Noite de Pedra*. Finalmente, indúcese a reflexionar sobre as dificultades de exportación do contido da poesía do autor.

Dasilva, Xosé Manuel, “A prol dunha versión non censurada de *Xente ao lonxe*”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 118-133.

Co gallo do corenta aniversario de *Xente ao lonxe* (1972), de Eduardo Blanco Amor, a través de testemuños epistolares, ofrécese un percorrido polas achegas do autor sobre as datas de elaboración da obra e a posibilidade de concorrência ao premio de novela do Centro Gallego. Recóllense as opinións dos membros do xurado en contra da mesma e a prol da corrección de *Adiós María*, de Xohana Torres, máis as reivindicacións dunha valoración non literaria da obra por parte do autor. Sinálase o requirimento de Editorial Galaxia para publicar a obra e a necesidade de realizar cambios na mesma para evitar a censura, dáse noticia da denegación da obra por parte da censura e da modificación da novela para a súa publicación. Inclúense opinións do autor sobre o labor da censura na primeira edición da obra e infórmase do mantemento da versión censurada da obra na segunda. Descríbense os testemuños que permitirían a elaboración dunha edición non censurada da obra e os distintos tipos de modificacións, achegando unha selección

representativa das mesmas. Reflexiónase sobre a necesidade de restaurar a versión orixinal da novela.

Dasilva, Xosé Manuel, “A xénese do Día das Letras Galegas”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, p. 11.

Co gallo do cincuenta aniversario da celebración do Día das Letras Galegas, repásase a historia desta festividade. Comézase facendo referencias ás memorias de Francisco Fernández del Riego *Unha historia vivida* (1990) e *Camiño andado* (2003), así como no libro *A xeración Galaxia* (1996). Saliéntase o deseño ben perfilado que Fernández del Riego tiña da celebración. Inclúense fragmentos das obras destacadas e dunha carta de Fernández del Riego a Ben-Cho-Shey do 3 de abril de 1963. Conclúese lembrando que a instauración do Día das Letras Galegas se aprobou na Real Academia Galega o 20 de marzo de 1963.

Dasilva, Xosé Manuel, “Domingo Villar traducido para o portugués”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, pp. 91-93.

Dá conta da tradución ao portugués d'*A praia dos afogados* (Sextante Editora, 2013), de Domingo Villar. A saída do prelo desta tradución considérase un “alivio” ante a ausencia doutras traducións no ámbito ibérico. Saliéntase a proxección internacional do autor, pois a súa obra está traducida a trece idiomas. Descríbese amplamente o volume, dende a cuberta até os paratextos, que “poñen de manifesto os méritos do autor”. En canto á tradución, destácase a decisión do creador de “conservar o meirande número de pegadas do universo de partida”.

Dasilva, Xosé Manuel, “A versión inglesa de *Todo é silencio*”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 85-87.

Dáse conta da publicación da tradución inglesa da obra *Todo é silencio* (2010), de Manuel Rivas. Despois de sinalar que a obra do autor é a máis traducida, caso de títulos como *O lapis do carpinteiro* (1998), destácase a importancia dos paratextos da versión inglesa da obra que omiten o retrato das redes de contrabando posteriormente convertidas en bandas de narcotráfico, en contraste coa difusión do tema da Guerra Civil das obras *O lapis do carpinteiro*, *A lingua das bolboretas* (2005) e *Os libros arden mal* (2006), que atrae ao lectorado inglés. Saliéntase que a obra inglesa parte do texto primixenio en galego. Tamén se anuncia a próxima aparición da edición estadounidense e francesa da novela.

Dasilva, Xosé Manuel, “A Colección Grial e a revista *Grial* perante a censura franquista”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 200, outubro, novembro e decembro 2013, “Documentos”, pp. 75-77.

Repásase o nacemento da revista, da man de Francisco Fernández del Riego, que consideraba necesaria a publicación duns Cadernos que visibilizasen a vida cultural

galega. Relátanse as dificultades para preparar o primeiro número, por mor da censura e a vixilancia baixo a que se encontraban Ramón Piñeiro e Fernández del Riego. Recóllese a suspensión da colección a partir do 30 de abril de 1952. Dase conta dos ataques de Juan Aparicio, director do diario madrileño *Pueblo*, contra Ramón Piñeiro, con motivo do primeiro caderno de *Grial*, así como do papel de Aparicio, convertido en Director General de Información na súa prohibición. Xunto co artigo, preséntase o facsímile do documento de “Suspensión da Colección Grial en 1952”, xunto coa súa transcripción.

Dasilva, Xosé Manuel, “Camilo Castelo Branco segundo Bento da Cruz”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 200, Tomo LI, “O espello das letras”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 94-95.

Comentario da obra *Bento da Cruz*, de Camilo Castelo Branco, despois dun breve percorrido polas publicacións do autor salientando as obras *O lobo guerrilheiro* (1996) e *A Loba* (2000), gañadora do premio Eixo Atlántico de Narrativa Galega e Portuguesa, que posúen versións en lingua galega feitas por Edicións Xerais. Destácase a pretensión do libro de fornecer unha lectura da obra de Camilo Castelo Branco a partir das referencias xeográficas do autor ás terras de Barroso. Sinálase que a obra consta de dous apartados “Barroso na obra de Camilo Castelo Branco” e “Epítome biográfica”. Conclúese aludindo á relación de Camilo Castelo Branco con Vicente Risco e incluíndo varios recoñecementos do escritor galego ao portugués.

De Frutos, María Consuelo, “Nova tradución do *Cancioneiro* de Petrarca”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 91-92.

Ofrécese unha análise da edición bilingüe, con tradución ao galego, do *Cancioneiro* (2012) de Petrarca realizada por Darío Xohán Cabana. Dáse conta do material paratextual que acompaña á edición, constituído por un limiar, unhas notas ao final e uns índices. Sinálase que a parte introdutoria remata coa mención da bibliografía utilizada. Destácase o labor erudito do tradutor na profusión de comentarios históricos, literarios, culturais, léxicos e traditolóxicos presentes nas notas para unha mellor comprensión e contextualización dos poemas. Saliéntanse os comentarios relativos ás escollas léxicas que se especifican en nota e nun índice final e os comentarios sobre aspectos puntuais da adaptación ao galego ou sobre diferentes alternativas de tradución.

Diz Villanueva, Alba, “Fernández Paz, Agustín (2012): *O rastro que deixamos...*”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, “Recensións”, 2013, pp. 228-229.

Comentario do libro *O rastro que deixamos* (Xerais, 2012), publicado por Agustín Fernández Paz. Describese o volume, que conta cunha recopilación de textos ensaísticos e algún texto de ficción, coma os contos “Reflexións sobre a precariedade laboral” ou “A mirada de Clara”, divididos en dúas partes: “As paisaxes da memoria” e “O oficio de escribir”. Saliéntase a postura de Fernández Paz de firme defensa da lingua e Literatura galegas.

Domínguez Martínez, Francisco, “Presente e porvir da Fundación Penzol. No seu 50 aniversario”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “Cincuenta anos coa Fundación Penzol”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 26-31.

Co gallo do cincuenta aniversario da Fundación Penzol alúdese á súa constitución e inauguración. Ofrécese unha listaxe das características recoñecidas por Galaxia á institución, salientando a claridade de obxectivos, a conservación de fondos, a xestión de patrimonio, a capacidade de acollida, o emprego de novas tecnoloxías, o trato profesional e o apoio do Concello de Vigo. Baixo o epígrafe “Os cambios experimentados” sinálanse as novidades tecnolóxicas en arquivística e biblioteconomía e o mantemento do obxectivo de afirmar a identidade do pobo galego. No epígrafe “Misión no presente e porvir” abórdase a necesidade de modernización sen abandonar os principios fundadores. Por último, nos apartados “Manter e reforzar a imaxe de seriedade e bo facer”, “Presenza en internet e dixitalización”, “O contacto cos usuarios”, “Apoio á captación dos estudantes”, “Abrirse á sociedade”, “Os medios de comunicación”, “As universidades”, “Os centros de ensino”, “Voluntariado”, “As portas abertas” e “Conclusións” sinálanse as funcións e necesidades actuais, destacando entre as últimas o mantemento de órganos de goberno galeguistas, o emprego de novas tecnoloxías en arquivística e biblioteconomía e unha maior achega á sociedade.

Domínguez Portela, Soraya, “Unha nube con forma de seo”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 94-95.

Analízase a primeira obra de María López Sánchez *A forma das nubes* (Galaxia, 2012). Despois de sinalar que a novela negra serve á análise da realidade e colocar como exemplo a obra *Da máquina* (2012), de Alberto Lema, salientase a función de evasión da novela erótica. Indícanse as principais características temáticas e argumentais da obra *A forma das nubes*. Reflexiónase sobre a visión negativa do erotismo feminino. Salientase que López Sánchez responde ao tratamento libre da sexualidade feminina, cun argumento parcialmente romántico e un proceso de autocoñecemento. Finalmente, sinálase que a figura materna é outro dos piares do texto que remata cunha traxedia.

Domínguez Portela, Soraya, “A loita continúa?”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, pp. 88-89.

Recensión do libro *Da máquina* (Galaxia, 2012), de Alberto Lema. Repásanse as obras previas do autor, *Unha puta percorre Europa* (2008) e *Sidecar* (2009), destacando o seu carácter posmoderno. No contexto destas dúas novelas sitúase *Da máquina* e salientase que as tres obras constitúen un macro-texto que reflexiona sobre a relación entre o público e o escritor. Trátanse as características formais da obra e os seus temas fundamentais. Descríbese como unha novela polifónica e salientase a importancia da novela posmoderna entre as novas voces da narrativa galega.

Fandiño, Xosé Ramón, “Castelao, ventureiro das letras”, *Galegos*, n.º 19, II, 2013, pp. 76-81.

Achega á obra literaria de Castelao, na que despois dunhas notas introdutorias sobre o conto literario, analiza *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete*, da que sinala a sinxeleza narrativa, a aguda crítica social, a identificación cun ideario galeguista e o humorismo. Faise un breve resumo do argumento da obra e céntrase en *Cousas*, que describe como unha colección de corenta e catro prosas ilustradas con debuxos e un prólogo. Destácase o humor, a sensibilidade e a representación da alma galega tradicional, na que se inclúen mariñeiros, labradores ou emigrantes. Conclúese o apartado resaltando a orixinalidade de Castelao, que o leva a crear un novo xénero artístico: o debuxo acompañado dun texto. A seguir detense en *Retrincos*, do que sinala que son cinco contos autobiográficos: “O segredo”, “O inglés”, “Peito de lobo”, “O retrato” e “Sabela”, dos que ofrece breves resumos do argumento e fai apuntamentos do estilo. De *Os dous de sempre* sinala que profundiza na construción dos personaxes protagonistas, Pedro e Rañolas, e remárcase que a novela acadou grande éxito e se converteu nun dos libros máis lidos en Galicia. Canto a *Os vellos non deben de namorarse*, comeza por relatarse a relación de Castelao co teatro para pasar a explicar o argumento da obra. Menciónase a súa estrea en Bos Aires en 1941 e que foi o propio Castelao o encargado dos decorados. Tamén se detén na creación ensaística, con obras como *Sempre en Galiza*, da que sinala algunhas das súas claves, como a “Autonomía integral de Galiza para se federar cos demais pobos de Hespaña”, a “República Federal Hespañola para se confederar con Portugal”, a “Confederación ibérica para ingresar na Unión Europea” e os “Estados Unidos de Europa para constituír a Unión Mundial”. De *Cruces de pedra na Bretaña*, explícase que foi resultado dunha viaxe de catro meses pola Armórica e remátase coa alusión ao discurso de recepción que pronunciou ao ingresar na Real Academia Galega o Día de Galicia de 1934.

Fernández Naval, F. X., “Manuel Álvarez Torneiro Premio Nacional de Poesía 2013 *Cando mozo, escoitaba as historias terribles dos paseos, e iso queda para sempre*”, *Tempos Novos*, n.º 199, “Entreculturas”, “Entrevista”, decembro 2013, pp. 70-75.

Dáse conta de que Manuel Álvarez Torneiro vén de recibir o Premio Nacional de Poesía pola obra *Os ángulos da brasa* (2012) publicado por factoría K na colección “Tambo”. Despois dun breve percorrido biográfico, recóllense as opinións do autor sobre o xornalismo actual e infórmase da súa integración nos grupos Amencer e Atlántida máis da súa relación con Antón Avilés de Taramancos. Sinálanse as referencias a Xosé Luís Méndez Ferrín na súa obra e ao seu propio libro *Memoria dun silencio* (1982), candidato ao Premio nacional de poesía e loado na obra *De Pondal a Novoneyra* (1984). Apúntase que a obra *Fértil corpo de soño* (1985) representa a súa decantación pola escrita en galego. Saliéntanse as referencias ás mulleres en obras e dedicatorias, destacando o caso de *Epicentro* (2003), o seu papel como sostén da memoria e a ausencia da nai. Sinálase o carácter social da súa obra, as referencias á música e aos soños da nación, a recorrencia aos adxectivos, o valor da memoria e o significado do termo “brasa”, xa rexistrado nas obras *Desnudo en barro* e *Setembro Stradivarius*. Apúntase a dificultade dos tempos recreados en *Luz de facer memoria* (1999). Por último, alúdese ás obras pendentes de publicación do autor, á publicación dunha edición bilingüe de *Os ángulos da brasa* e á súa amizade con Xosé Fernández Ferreiro.

Fernández Rei, Francisco, “O premio dos resistentes e dos soñadores dunha Galicia

liberada”, *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 94, “Crónica”, abril, maio e xuño 2013, pp. 293-296.

No contexto da entrega do Premio Vidal Bolaño 2013 ao blog *De volta para Loureda*, que trata sobre a situación dos presos nacionalistas galegos, alúdese ao nomeamento de Vidal Bolaño como membro da Real Academia Galega a título póstumo. Entre os vencedores anteriores, menciónase o grupo de teatro Chévere, que interpretara algunhas das obras do dramaturgo.

Fernández Rial, Rosalía, “Conversa con-versos”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 57, “Entrevista”, novembro 2013, pp. 50-54.

Mini e Mero, Xosé e Xiana Lastra e María Manuela reflexionan sobre o estado actual da lingua e da cultura galegas e sobre as formas de chegar e achegar ao público os autores. Menciónanse proxectos como os libros discos *O meu primeiro Celso Emilio* (2012) e *A miña primeira Rosalía* (2013).

Ferreiro, Alfredo, “Unha heroína por descubrir”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 96-97.

Descríbese o contido da obra *Verde Oliva* (Nowtilus, 2012) de Xavier Alcalá. Sinálase que constitúe unha novela histórica, a autobiografía dunha galega que participou de adolescente nas actividades da revolución cubana, antes de retornar á terra natal. Ofrécese unha análise do argumento da obra destacando o fondo humano do relato e a aliaxe do transcendente e o terreal.

Freixanes, Víctor F., “O valor da memoria”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “Carta do editor”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 5-7.

Repásanse algúns fitos da historia da literatura e da cultura galegas que se conmemoran no ano 2013, destacando a inauguración da Fundación e da Biblioteca Penzol. Sinálase que o número presentado da revista consta de tres partes nas que se dá conta do proceso de formación e do presente da Fundación Penzol máis dos fondos que a conforman. Sinálase o obxectivo da Fundación de configurar un centro documental e de investigación a prol da cultura galega, destacando as contribucións de Fermín Penzol e da súa muller Blanca Jiménez máis o labor de Francisco Fernández del Riego como director da institución.

Freixanes, Víctor F., “50 anos de Grial”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 200, outubro, novembro e decembro 2013, “Carta do editor”, pp. 5-7.

Na carta do editor que encabeza o número, Víctor F. Freixanes reflexiona sobre o medio século da publicación *Grial* e describe o número conmemoratorio. Os cambios na revista asociáanse cos cambios producidos na realidade galega. Por último, salientáanse dúas novas contidas no número que encabeza: o achado dun inédito de Rosalía de Castro e a tradución en galego do *Ulises*, de James Joyce.

Galiano Leis, Beatriz, “*Cara a Times Square* ou o itinerario cara á negación da identidade”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, 2013, pp. 43-51.

Analízase a novela *Cara a Times Square* (Xerais, 1980), de Camilo González Suárez-Llanos, atendendo ao tratamento da identidade personal e nacional. Os sete apartados comezan coa “Introdución”, na que se cita a obra narrativa do autor, composta por: *Cara a Times Square* (1980), *Lonxe de nós e dentro* (1961), reeditada e ampliada en 1985 como *Lonxe de nós e dentro e outras páxinas*; *Como calquera outro día* (1962) e *Desfeita* (1983) e achéganse datos necesarios para contextualizar a obra dentro da Nova Narrativa Galega. Sinálanse dous trazos innovadores na novela, no referente ao tratamento da identidade, a anonimía dos personaxes e a presenza de grandes espazos urbanos. Apúntase tamén a relevancia do tema do estranxeiro e a estranxeiría. No apartado “2. Estrutura e argumento da novela” descríbese a obra analizada dende o punto de vista formal e temático. Proporcióname un breve resumo de cada capítulo, incluíndo un quinto capítulo engadido máis tarde, publicado na revista *Grial* co título “Un epílogo desde fóra”. No apartado terceiro, “3. A anonimía dos personaxes”, analízanse os alcumes cos que o narrador se refire aos personaxes da novela, como “o Belga”, o “Periodista Turco” ou o “Amigo Alemán”. Reflexiónase sobre a individualización dos personaxes a través do xentilicio, así como sobre a abstracción e ambigüidade da súa identidade. No apartado “4. A perda da identidade na grande urbe”, analízase a localización espacial da historia, na que o único escenario identificábel é Nova York. Descríbense detalladamente os tres espazos nos que transcorre a obra, poñendo de relevo as súas características urbanas. No quinto apartado, “5. O protagonismo do tema da estranxeiría”, contéplase o seu vencellamento co concepto de identidade e trátase o tema a partir da presenza de personaxes estranxeiros, nunha historia multicultural. No apartado, “6. Peche”, realízase unha síntese do exposto ao longo do artigo.

García Negro, Pilar, “Á procura dunha muller chamada Rosalía de Castro”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 57, “O tema”, novembro 2013, pp. 12-16.

Comeza reflexionando sobre a dificultade de realizar un volume dedicado á biografía de Rosalía de Castro pola perda-destrución de boa parte do seu epistolario e polo silenciamento interesado de certos aspectos do seu periplo vital. Afirmar que os primeiros documentos a ter en conta son os seus versos e a súa prosa e nomea a análise realizada por Francisco Rodríguez en 1988. A continuación, censura outros achegamentos, como o realizado por Xesús Alonso Montero en 1972, do que afirma que mutila a personalidade e a obra da autora. Sinala que, porén, a bibliografía rosaliana das últimas décadas tenta probar textual e contextualmente a conciencia crítica da escritora. Finalmente, conclúe cuns breves apuntamentos sobre a vida de Rosalía de Castro.

Gómez Alén, José, “O pensamento político de Castelao durante a Guerra Civil”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 111-113.

Descríbese o contido da obra de Xesús Alonso Montero *Castelao na Unión Soviética en 1938* (Xerais, 2012) dedicada á viaxe do escritor á URSS en 1938 e á influencia que esta tivo no seu pensamento e na súa actitude durante a Guerra Civil. Sinálase que o libro recolle as razóns polas que Castelao viaxou á URSS, as actividades que realizou, a imaxe do país que transmitiu e a súa postura política á volta. Explicase que o estudo integra a sistematización dos eixes fundamentais do pensamento de Castelao, a documentación que o escritor deixou sobre a viaxe, entre a cal se destaca unha entrevista a prol do modelo stalinista e, finalmente, a ilustración da súa actividade política durante a guerra. Indícase a inclusión de opinións doutros intelectuais sobre a URSS ao longo da obra.

González Fernández, Helena, “Festa da Palabra Silenciada, ou The Dinner Party á galega”, *Festa da Palabra Silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 29, “Monográfico”, 2013, pp. 8-12.

Alúdese ao monumento *The Dinner Party* co gallo do trinta aniversario da publicación e aos eidos doutras manifestacións escritas de reivindicacións feministas, dende o ámbito europeo ao galego, durante a década dos setenta. Estabelécese un paralelismo entre o monumento e a revista para analizar o labor da publicación, dende o seu xurdimento até a actualidade, reivindicando a presenza da cultura popular na mesma. Esta achega estrutúrase en dous epígrafes “*The Dinner Party á galega*” e “En triángulo: o manifesto, a creación, o pensamento”.

Ibarra Murillo, Amparo, “O teatro, unha ferramenta única na loita pola igualdade”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 75, “Temas”, verán 2013, pp. 15-16.

Reflexiónase sobre o papel do teatro como ferramenta para reflexionar sobre os roles sociais de homes e mulleres. Sinálase que a meirande contribución dos exercicios teatrais orientados á toma de conciencia sobre a desigualdade de xénero é a experimentación das contradicións entre pensamento e acción.

Iglesias, Óscar, “Samuel Solleiro: ‘Todo o que ten que ver co Partido popular é violento’”, *Tempos Novos*, “Protexa”, n.º 20, “proTagonista”, inverno 2013, pp. 18-19.

Despois de referir as razóns polas que non quere ser un escritor posmodernista, Samuel Solleiro explica nesta entrevista que en *dz ou o libro do esperma* (2006) non pretendía construír un mundo coherente, así como anota que as súas páxinas non soportan agora unha segunda lectura. Fai certos comentarios sobre *Gran tiburón branco* (2012) e sinala que lle interesa reivindicar a posibilidade de que algunhas cousas non signifiquen nada, ademais de apuntar que o emprego da primeira persoa sempre é máis fácil en tempos de crise. Fala do campo literario galego e do porqué decidiu “suicidarse nunha nota editorial”. Considera que escribir é un xeito de facerse ver e ter lexitimidade para manter certas conversas, é dicir, “recorrer un pouco á socioloxía de salón”, aínda que tamén opina que é unha pequena “adquisición de capital simbólico”. Alude ao seu poemario *Punk*, que se parece a unha novela, e a cuestións de índole política.

Ínsua, Emilio Xosé, “Entrevista con Xosé Vázquez Pintor”, *Aulas libres. Revista de pensamento, información e debate do STEG*, n.º 1, novembro 2013, pp. 12-19.

Extensa entrevista a Xosé Vázquez Pintor na que comeza indicando que os autores que o marcaron foron Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, as cantigas, Federico García Lorca e Eduardo Blanco Amor, para despois repasar a súa vida escolar en Melide, A Coruña, Madrid e Lugo. Detense na súa vocación xornalística na prensa escrita, na radio e na televisión e detalla os seus comezos poéticos coa publicación de *Gándaras* (1971) ou *Terra e pan* (1975), así como nos títulos da súa consagración como poeta coa tríade *No corazón mancado*, *Rotación violenta* e mais *Bandazos* e que xuntaron no volume *Seara: obra poética (1971-2011)*. Tamén fala da súa faceta como director do grupo de teatro “Ancoradouro”, amosa o seu rexeitamento á Lei Wert e comenta o éxito que tiveron as súas publicacións sobre oficios tradicionais da sociedade galega como *Os vellos oficios* (1996), *A tribo sabe* (1999) ou *Tal era vivir* (2004). Con respecto á súa narrativa céntrase na análise de *Lume de biqueira* (1999), *A memoria do boi* (2001), *Mar de bronce* (2003), *Para dicir abril* (2008) ou *Máis vidas* (2010). Remata anunciando que proximamente sairá en Xerais a novela *Antípodas* e mais o segundo volume de *Columnas de papel (1993-2003)* en edicións Morgante.

Ínsua, Emilio Xosé, “Iria. Anxo Angueira”, *Aulas libres. Revista de pensamento, información e debate do STEG*, n.º 1, novembro 2013, p. 30.

Indícase que a novela *Iria* (2012), de Anxo Angueira, está ambientada nos anos 60 do século XX e que a súa trama é unha visión crítica do “desarrollismo” franquista. Coméntase que nela tamén hai presenza da resistencia popular galega antifranquista e mais que unha das súas principais características é o ritmo pausado da súa dicción.

Iravedra, Marta, “Fernández Rodríguez, Áurea / Iolanda Galanes Santos / Ana Luna Alonso / Silvia Montero Kùpper (2012): *Traducción de una cultura emergente...*”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, “Recensiones”, 2013, pp. 231-232.

Comentario do volume *Traducción de una cultura emergente. La literatura gallega contemporánea en el exterior* (Peter Lang, 2012), no que se explica que consta de dez capítulos, nos que se tratan diversos aspectos sobre a tradución dende a lingua galega: achegas teóricas á tradución de linguas minorizadas no mercado editorial, perspectivas metodolóxicas e aproximación aos espazos receptores. Saliéntase a utilidade do libro como ferramenta de traballo e chámase a atención sobre a necesidade de obras similares sobre o éuscaro ou períodos concretos da literatura española actual.

Lama, María Xesús, “O misterio da poesía posto á cintura”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 99-100.

Descríbese o contido da obra *Poesía completa* (2012), de Valentín Paz-Andrade, publicada con motivo da homenaxe ao autor no Día das Letras Galegas. Indícase que constitúe unha edición da poesía inédita de Paz-Andrade a cargo de Gregorio Ferreiro

Fente e que contén os poemarios publicados polo autor *Pranto matricial* (1955), *Sementeira do vento* (1968) e *Cen chaves de sombra* (1979) e indícase o seu marco histórico. Saliéntase a inclusión dos tres libros inéditos *A serra*, *Cantos do desterro branco*, *Sangue na neve*, *Etopea da serra* e *Cantos da águia e do lobo*, dos que se achegan os principais trazos temáticos, destacando o impacto que ten no escritor a natureza e a ausencia de referencias á guerra. Indícase que completan o volume *Sete salmos da emigración*, *Canto reuncial de Galiza* e *Áurea ora de Galiza*, así coma as súas características temáticas e estilísticas. Apúntase a ausencia dunha explicación sobre a intervención na lingua dos textos e dun resumo de motivos temáticos e recursos poéticos.

Laxe Martiñán, Xosé Antón, “*Iria e o mito fundacional*”, *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 94, “Publicacións”, abril, maio e xuño 2013, pp. 281-286.

Recóllese o texto da presentación da novela *Iria* (Xerais, 2012), de Anxo Angueira. Na primeira parte fala de *Iria*, galeón que dá título á obra, e centráse no carácter de epopea do libro. Na segunda parte, explica polo miúdo os tres relatos que conflúen no libro: o camiño do galeón *Iria* pola Ulla, a construción dun canal de regadío sen trelo que o amarre, o que se compara co AVE ou a Cidade da Cultura, e por último, a dicotomía entre a vida e a morte, onde a vida se identifica co amor e a resistencia, mentres que a morte, coa represión, o silencio e o medo. Remata cunha reflexión sobre a conciencia nacional presente na obra e a bagaxe do autor, “ocupada en boa parte por Rosalía”.

Lema, Alberto, “Alta costura ourensá”, *Tempos Novos*, “*Protexa*”, n.º 20, “proPostas”, “Narrativa”, inverno 2013, p. 4.

Refírese á prosa “barroca na sintaxe e prolixa no léxico” de Bieito Iglesias, que considera unha “alta prosa literaria traballada con paixón de ourive bakhtinián que, porén, provoca, coa súa continua presenza en todas as paisaxes e personaxes, certo efecto de saturación ou de excelsa monotonía”. En canto aos protagonistas de *Contos da terra da tarde* (2011), sinala que a maior parte encaixan na dualidade de tipos sociolóxicos en situación límite e varóns maduros na procura dun pracer fuxidío, aínda que outros relatos tenden máis cara a unha autoficción de tipo memorialista e evocadora dun pasado que non corre o risco de resultar ideal. Detalla os elementos que neles van creando unha atmosfera decadente “afín á de certos filmes de Fellini, Berlanga ou Ferreri”, na que se desenvolven unhas narracións de ritmo demorado e final anticlimático, así como previsíbeis. Anota que, en suma, ofrecen un exemplo do que se pode chamar “escola realista ourensá”, na que se xuntan a paixón polos temas e ambientes populares cunha escrita en arte maior da que Bieito Iglesias é o seu mestre indiscutíbel.

López Pérez, Lucía Flora, “Tempos novos para Rosalía”, *Aulas libres. Revista de pensamento, información e debate do STEG*, n.º 1, novembro 2013, p. 21.

Apoiándose nos versos de Rosalía “Este vaise, aquel vaise, e todos todos de se van” escritos hai cento cincuenta anos, reflexiona sobre o éxodo actual de homes e mulleres.

Recalca que agora Galicia fica tamén sen mulleres e comenta que se hoxe Rosalía publicase *Cantares gallegos* non sabería como chamalo: en castelán-inglés, como o faría Manquña; en galego, como Ferrín, ou en portugués, como Fagim.

López Sáñez, María, “Para unha mellor comprensión de Rosalía”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 107-108.

Descríbese o contido da obra *Canon y subversión*, subtitulada *La obra narrativa de Rosalía de Castro* (Icaria, 2012), editada por Helena González Fernández e María do Cebreiro Rábade. Indícase que constitúe un volume colectivo de artigos sobre a obra narrativa de Rosalía de Castro, nos cales se destaca a situación da produción rosaliana na periferia da cultura castelá e no centro da galega, os aspectos que entran en contradición coa súa poesía, a problematización rosaliana do xénero en relación coa autoría e a coexistencia na obra da autora dos ideais ilustrados coa defensa da especificidade cultural. Saliéntase a preponderancia dos estudos sobre a obra *El caballero de las botas azules* e a proposta de lectura como texto antisistema incluída no volume.

López Silva, Inmaculada, “As artes vivas en Galicia, unha crise anunciada”, *Encrucillada*, n.º 182, marzo-abril 2013, pp. 86-97.

Preséntase unha reflexión sobre as políticas para as artes escénicas en Galicia. No primeiro apartado “A historia, ou de como medrou a burbulla teatral” expóñense os cambios nas artes escénicas dende o Franquismo até a creación do Centro Dramático Galego, repaso histórico no que se menciona a profesionalización das compañías teatrais e a creación da Mostra de Ribadavia. No segundo apartado, “Dos pros e os contras da conversión do IGAEM en AGADIC” analízase o funcionamento da Axencia Galega de Industrias Culturais, organismo que substituíu o IGAEM en 2008, centrándose na viraxe liberal da concepción das artes. No último apartado, “Unha crise ou unha reconversión consciente?”, cuestiónase o papel da crise económica nas novas políticas do AGADIC e a posibilidade de reconverter o modelo de produción, buscando outros modelos de identidade para o panorama cultural das artes escénicas.

López Silva, Inma, “Vidal Bolaño, o visionario”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas. Dossier Día das Letras Galegas”, maio 2013, pp. 67-70.

Subliña o rol de Roberto Vidal Bolaño como dinamizador do nacente teatro galego a finais dos anos setenta do século XX. Asemade repasa os diferentes premios que acadou e valora a súa traxectoria no teatro galego desde diversos ángulos da súa actividade, como en Antroido ou Teatro do Aquí. Remata afirmando que asumiu o teatro desde unha vocación política e de compromiso.

López Silva, Inma, “O teatro galego no medio século”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 200, outubro, novembro e decembro 2013, “50 anos de *Grial*”, pp. 113-121.

Faise un repaso da situación do xénero teatral en Galicia durante os cincuenta anos da publicación da revista *Grial*. Resáltase a produción e consumición de textos escritos que poderían chegar aos escenarios, pero que se escribían máis por un desexo estético que polo interese nunha produción teatral. É o caso das pezas de Álvaro Cunqueiro, Ricardo Carballo Calero, Xohana Torres ou Jenaro Marinhas del Valle. Trátase o rexurdimento chegado con Abrente e as Mostras de Ribadavia, que mudaron os modelos de produción en Galicia. Sinalase a existencia dun grupo de autores que escriben teatro co obxectivo de xestar un espazo artístico galego. Menciónase a Euloxio R. Ruibal e os membros do Grupo dos Cadernos da Escola Dramática Galega, Xavier Lama, Raúl Dans e Miguel Sande, e a escritores esporádicos como Miguel Anxo Murado ou Xosé Cid Cabido. Pola contra, sinálase como autores preocupados por crear un repertorio teatral galego a Candido Pazó, Roberto Vidal Bolaño, Gustavo Pernas, Roberto Salgueiro, Xavier Lama, Raúl Dans, Xesús Ron, Manuel Cortés e Ana Vallés. Por outra banda, amósase o interese polo teatro independente pola tensión que supón entre o compromiso político e a creación dun repertorio culto. Neste sentido alude ás pezas *A estraña señorita Lou* (1982) e *Cuarteto para unha noite de verao* (1989) de Miguel Anxo Fernán-Vello, e *Un cenário chamado Frederico* (1985), de João Guisam Seixas. Saliéntase a creación do Centro Dramático Galego como suceso fundamental. No seguinte apartado, analízanse as tendencias do teatro galego a partir da creación do CDG. Atópase que predomina o xénero da comedia e suxírese que a razón é un intento por atraer o público. Destácanse as propostas nas que se busca unha redefinición étnica ou diferencial de Galicia. Aludése tamén as traducións e adaptacións de obras da literatura universal. A seguir analízanse as “novas tendencias” do teatro dende a crise de 2008. Reflexiónase sobre o teatro galego e a súa relación coa lingua galega, debido á creación de novas semióticas contemporáneas. Saliéntase o triunfo da expresión posdramática e menciónanse entre as características deste teatro a visualidade do suxestivo, a disolución da autoría, a subversión da significación tradicional e a ruptura coas convencións e os elementos estruturais do teatro tradicional. Por último reflexiónase sobre as consecuencias que as novas correntes artísticas teñen na creación dun teatro “nacional” galego. Persiste na definición do teatro galego como “emerxente” e cuestiónase como as próximas tendencias afectarán á súa evolución durante os seguintes cincuenta anos.

López Silva, Xosé Antonio, “Traballos xornalísticos de Cunqueiro”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 82-83.

Dáse noticia da publicación da obra *“Los días” en La Noche (Santiago de Compostela, 1959-1962)* (2012), unha recompilación dos artigos que Álvaro Cunqueiro publicou na sección “Los días” deste xornal compostelán. Saliéntase que a obra pon ao alcance do público e dos estudosos un feixe de textos xornalísticos que contribúen a enriquecer o repertorio para poder abordar a publicación filolóxica da obra xornalística completa do autor. Sinálase que o libro tamén documenta as relacións de Álvaro Cunqueiro con *La Noche*, permitindo analizar a evolución da colaboración do autor. Apúntase a necesidade de incluír o conxunto total dos textos que Cunqueiro publicou no xornal e explícase que esta edición vai acompañada dun estudo preliminar que inclúe a análise externa da traxectoria xornalística do autor, de notas a pé de páxina que axudan a contextualizar o seu culturalismo e dun posludio que contribúe a clarificar a colaboración de Cunqueiro con cabeceiras compostelás na década dos anos cincuenta.

Lourido, Isaac, “Experiencia, poema”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 20, “proPostas”, “Poesía”, inverno 2013, p. 5.

Atende a traxectoria última de Estevo Creus e apunta que na súa creación máis recente e tamén en *Balea2* (2011) se desenvolve o proxecto de crear zonas de transferencia entre experiencia, “como acontecemento puntual de carácter revelador vinculado a accións sociais non especificamente artísticas, e creación lingüística”. Sinala que este poemario e outros de Creus se constrúen en boa medida a partir do ensaio e do erro, da experimentación, da construción dunha comunicación entrañada até o absurdo en que resulta fundamental a idea de variación (lingüística, retórica, discursiva e conceptual). Esmiúza outras cuestións deste libro de “poemas de adultos para nenos e poemas de nenos para adultos” desde o que se pretende destruír certas axialidades: a compensación, a perfección, a transcendencia ou o refinamento lingüístico como valores literarios.

Lucena Muñoz, Eufasio, “... faise teatro ao andar. O teatro de Roberto Vidal Bolaño na República Checa”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 75, “RVB: Furia e razón”, verán 2013, pp. 17-20.

Realízase un achegamento á proxección da obra de Roberto Vidal Bolaño fóra de Galicia e, en particular, á recepción dun dos seus textos, *Días sen gloria*, na República Checa. Coméntase que a adaptación de 2006 mudou o título a *Camiño a Compostela*, co que se facía fincapé, por enriba da historia dos protagonistas, no feito da viaxe ou peregrinación. Saliéntase o acerto da representación ao aire libre, que provocou un efecto de inmersión e participación dos espectadores, e na escolla dos actores, dos que se destaca que imprimiron gran sensibilidade e dramatismo á historia. Finalmente, coméntase que a crítica recibiu moi positivamente esta posta en escena.

Máiz Vázquez, Bernardo, “A noite branca da guerra, do frío e da tristura”, *Festa da Palabra Silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 29, “Actualidade”, 2013, pp. 104-108.

Analízanse os fundamentos históricos da obra *A noite Branca* (2012) de Francisco Fernández Naval, que remiten cara ao contexto histórico dos anos trinta e corenta do século XX no que se sinalan as conexións do franquismo co nazismo e a historia da formación militar galega falanxista na guerra contra Rusia. Indícanse as tramas argumentais da obra baseadas en feitos reais: o ataque á expedición en Francia, o agocho dun opositor do fascismo durante a Guerra Civil española, o cru ataque dos rusos a unha posición divisionaria e o rexeitamento dos seus blindados pola infantería divisionaria. Sinálanse os aspectos temáticos, estruturais e as técnicas narrativas máis destacadas da obra.

Marante Arias, Antía, “De encrucilladas e puntos de encontro”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 114-115.

Dáse noticia da publicación da antoloxía poética plurilingüe *Forked Tongues* (2012), editada por Manuela Palacios para a editorial británica Shearsman Books. Indícase que a obra reúne trece voces poéticas femininas actuais da Literatura galega, vasca e catalá. Sinálanse as anteriores publicacións inseridas no proxecto: *Pluriversos: seis poetas irlandesas de hoxe*, con traducións de Manuela Palacios e Arturo Casas, *To The Winds Our Sails. Irish Writers Translate Galician Poetry*, *Palabras extremas: escritoras gallegas e irlandesas de hoy* e *Writing Bounds: Irish and Galician Contemporary Women Poets*. Indícase a organización estrutural da obra nas seccións “Galician Poets”, “Basque Poets” e “Catalan Poets”, máis o limiar “Women Poets in Translation. An Introduction” e a nota final “Authors and Translators” que inclúen contextos literarios, análises de poéticas e información sobre a obra. Reflexiónase sobre a necesidade de transvasar as achegas poéticas e a contribución da antoloxía neste senso.

Mariño del Río, Manuel, “As fontes na bisbarra do Barbanza”, *Barbantia. Anuario de estudos do Barbanza*, n.º 9, 2013, pp. 167-185.

Despois de facer un breve percorrido polas crenzas desenvolvidas en torno ás fontes dende a antigüidade até os nosos días, ofrécese unha tipoloxía. Seguidamente, sinálanse as tradicións relixiosas e curativas ligadas ás fontes, incluíndo composicións e refráns populares e mais a composición de Manuel Curros Enríquez “A nena da fonte” que se inspira neste patrimonio. Por último, ofrécese unha tipoloxía dos seres mitolóxicos que se asocian cos mananciais, para rematar salientando aspectos sociolóxicos e toponímicos. Esta achega estrutúrase nos apartados “Introdución”, “Tipoloxía das fontes”, “O culto ás augas”, “As fontes na cultura popular”, “Mitoloxía ao redor das fontes” e “Outras consideracións”.

Márquez Gallego, Fernando, “Del porvenir al pasado imaginando un nuevo futuro”, *Atenea*, n.º 45 I, “Artigos expresidentes do Ateneo”, pp. 42-43.

Retoma tres momentos da historia do Ateneo ferrolán: a inauguración da súa se na rúa Magdalena 202-204, a divulgación de “Cuadernos” do Ateneo Ferrolán e, por último, un recital poético *in memoriam* a Lorenzo Varela, Luís Seoane e Rafael Dieste, ao que asistiron figuras da cultura galega como Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego ou Domingo García-Sabell. Conclúese con tres fragmentos poéticos: “Empecinadamente me mantengo...”, de Lorenzo Varela; “No me verás triste...”, de Rafael Dieste; e “Trátase de trocar Galicia, e si se poda aínda outra...”, de Luís Seoane.

Mato, Alfonso, “Homenaxe a Díaz Pardo”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 104-105.

Descríbese o contido da obra *A luminosa mirada dos ollos de Isaac. Isaac Díaz Pardo. Obra dispersa* (2012), publicada con motivo do cabodano do escritor. Indícase que o libro constitúe unha escolma de textos de Isaac Díaz Pardo a cargo de Xosé Ramón Fandiño, editada na colección “Cadernos Ramón Piñeiro”, do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Recóllese a ordenación estrutural da obra de acordo co propósito de esbozar o perfil biográfico do autor a través dos seus escritos. Destácase que se trata da segunda escolma de textos do autor despois da publicada pola

Universidade de Santiago. Apúntase a ausencia dos escritos literarios publicados polo autor nos anos cincuenta e, por último, salientáanse os principais trazos da escrita de Díaz Pardo.

Monteagudo, Henrique, “Tesouros da historia e a cultura galegas na Fundación Penzol”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “Documentos”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 63-77.

Co gallo do cincuenta aniversario da Biblioteca Penzol ofrécese unha mostra dos fondos documentais da Fundación que inclúe os poemas autógrafos “Cartiña a miña sobriña”, de Francisco Añón (1812-78), e “Estreliña do luceiro”, de Rosalía de Castro (1837-85); os autógrafos de 1883 correspondentes á carta de Luís Tobío Campos enviada a Rosalía de Castro e á resposta da autora; a carta mecanografada que o grupo galeguista de Buenos Aires dirixe a Castelao e a resposta autógrafa deste, ambas as dúas de 1939; os poemas “Mañan d’outono” e “Sete estanzas en honra da torre do Reló de Compostela”, acompañadas dos autógrafos correspondentes ás dúas primeiras estrofas e, por último, cinco cartas que representan a correspondencia cruzada entre Ramón Piñeiro e Manuel Rodrigues Lapa entre 1972 e 1973.

Monteagudo, Henrique, “En cadea sen prijon”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “Documentos”, pp. 61-67.

Descríbese a descuberta dun manuscrito con vinte e tres poemas, copiado entre 1433 e 1434. Trátanse de poemas maioritariamente amatorios, aínda que inclúe tamén unha composición burlesca e outra de carácter piadoso. Ofrécese unha pequena mostra, con imaxes e edicións críticas dalgúns dos textos.

Monteagudo, Henrique, “Pegerto Saavedra na Real Academia Galega”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O rego da cultura”, xullo, agosto e setembro 2013, p. 10.

Dáse noticia do ingreso na Real Academia Galega de Pegerto Saavedra coa lectura do discurso *Demarcacións, topónimos, papeis, memoria: sobre a división e o control do territorio na Galicia moderna*. Sinálase que o novo académico é especialista en historia moderna de Galicia, á que dedicou as obras *Economía, política y sociedad en Galicia: la provincia de Mondoñedo, 1480-1830* (1985) e *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850* (1992). Destácase a análise da organización administrativa do territorio galego en función de intereses e estratexias de control e a reivindicación do patrimonio realizada no seu discurso. Apúntase que a resposta foi dada por Ramón Villares, quen subliñou a atención do académico ás condicións de vida do campesiñado no Antigo Réxime. Ponse en relación a figura do novo académico coa de Ramón Otero Pedrayo e Francisco Río Barja.

Monteagudo, Henrique, “Un poema inédito de Rosalía de Castro”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 200, Tomo LI, “O rego da cultura”, outubro, novembro e decembro 2013, p. 12-13.

Dáse conta da conservación de autógrafos de Rosalía de Castro no Arquivo Municipal da Coruña. Sinálase que algúns deses autógrafos recollen cantares populares, entre eles varios dos glosados en *Cantares Gallegos*. Apúntase que nun destes figura un folio cun poema en galego da autora que pasou desapercibido ás persoas coma Manuel Murguía, que posuíron ou analizaron eses papeis e que deron ao prelo textos inéditos de Rosalía. Recóllese que o poema é probabelmente o esbozo dunha composición máis ampla, pero que pode ser lido coma unha composición completa ao constar dunha estrofa na que fala o namorado e outra na que a amada responde. Destácase que o estilo é o dos textos de *Cantares Gallegos* e aventúrase a súa datación arredor de 1870. Sinálase que o texto foi presentado na Real Academia Galega e pode ser consultado na súa web, antes de ofrecer o facsímil e a transcripción directa do mesmo co gallo do sesquicentenario de *Cantares Gallegos* e o cincuenta aniversario de *Grial*.

Muñoz Carrobbles, Diego, “Palacios González, Manuela (ed.) (2012): *Forked Tongues: Galician, Basque and Catalan women's poetry in translations by Irish Writers...*”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, “Recensións”, 2013, pp. 238-240.

Faise unha recensión do volume *Tongues: Galician, Basque and Catalan women's poetry in translations by Irish Writers* (Shearsman Books, 2012), no que se traducen as voces dalgunhas autoras de poesía galegas, vascas e catalás ao inglés. Destácase a aproximación da obra ao bilingüismo, xa dende o título “Forked tongue”, lingua bífida, pero tamén lingua viperina. Saliéntase que a escolma dá cabida a voces minoritarias e reflexiónase sobre o papel da tradución na distribución internacional dos textos. No que atinxe á Literatura galega, selecciónanse textos poéticos de Pilar Pallarés (1957, traducida por Maurice Harmon), Chus Pato (1955, traducida por Lorna Shaughnessy), Lupe Gómez (1972, traducida por Anne Le Marquand Hartigan), Yolanda Castaño (1977, traducida por Máoghréad Medbh) e María do Cebreiro (1976, traducida por Mary O'Donnell).

Noia, Camiño, “As escritoras canónicas na *Festa da Palabra Silenciada*”, *Festa da Palabra Silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 29, “Monográfico”, 2013, pp. 13-18.

Descríbense sete monográficos dedicados á vida e a obra das escritoras Rosalía de Castro (números dous e vinte e seis), Francisca Herrera Garrido, María Mariño (números tres e vinteún), Xohana Torres (número catro), Emilia Pardo Bazán (número seis) Dora Vázquez e Pura Vázquez (número doce). Sinálanse as características máis relevantes da produción de cada autora e as súas obras máis salientábeis incluíndo notas biográficas, históricas e sociais. Cítanse as colaboracións que integran cada monografía. No caso de Rosalía de Castro e Emilia Pardo Bazán unicamente se describen as liñas de estudo das colaboracións.

O'Rivas, Manuel, “Somos aldea abandonada”, *Tempos Novos*, n.º 193, “Bengalas Canadenses”, xuño 2013, p. 74.

Preséntase un conxunto de pequenos textos que levan por título: “Os bebés mecánicos”,

“La Straniera”, “A aldea abandonada”, “O Oeste que vén”, “Os pés de Deus”, “Teorema da chuva” e “Día de descanso”. No segundo, “La Straniera”, recóllese o poema de *Follas novas* “Aqueles doces cantares...”, no que Rosalía de Castro fai referencia á fame de 1853.

O’Rivas, Manuel, “U-los patos silvestres da literatura?”, *Tempos Novos*, n.º 197, “Bengalas Canadenses”, outubro 2013, p. 82.

Despois dunha breve referencia ao desenvolvemento da novela de serie negra nos países nórdicos e en México, alúdese a Diego Ameixeiras e a Domingo Villar como autores galegos que desenvolven este xénero. Ademais, salientase a necesidade de cultivar novelas de serie negra en galego.

Otero Varela, Inma, “As fendas da arte”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 105-106.

Resalta a importancia da colección “Polimnia” de Axóuxere Editora por publicar textos ensaísticos nun período en que pechan as coleccións ou editoriais especializadas. Coméntase que *Indeterminacións* (2012), de Carlos Lema, reúne varios textos parcialmente publicados e que ofrecen unha visión de conxunto dentro dun abano temático, aínda que domine a literatura. Considera como un dos puntos clave da obra o xogo de poderes que se establece entre lector e autor e confesa a densidade da proposta filosófica e literaria do autor.

Outeiriño, Manuel, “Sobre *Fisterras Atlánticas*”, *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 95, “Publicacións”, agosto, setembro e outubro 2013, pp. 421-429.

Recensión da colección de ensaios *Fisterras Atlánticas* (Galaxia, 2012), de Santiago Lamas. Analízase cada un dos ensaios por separado, dende o primeiro dedicado á raíz galega da figura de Don Xoán, no que se tratan diversos estudos sobre este mito, incluíndo a Vicente Risco ou Herbert Marcuse; o segundo, *Fisterras Atlánticas*, composto por textos de diversa índole, nos que se sinalan as semellanzas entre nacións sen estado como Galicia, Gales, Irlanda ou Escocia e salientase, dentro deste apartado, o texto que trata sobre falsificación e mistificación; o terceiro, *Paisaxes*, dise que trata sobre a procura da “verdadeira paixase” dun país, aínda que tamén fala das viaxes a pé. Neste contexto, menciona a Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Pondal, Rosalía de Castro e un estudo sobre paisaxe emocional de Francisco Fernández del Riego; e o último, *Detectives: Galicia negra*, no que se apuntan algunhas características da novela negra galega, tendo en conta obras como *Crime en Compostela*, *A praia dos afogados* ou *Unha historia que non vou contar*.

Pascual, Roberto, “Discurso e retórica da imaxe. Roberto Vidal Bolaño, escenógrafo”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas. Dossier Día das Letras Galegas”, maio 2013, pp. 75-78.

Reflexiona sobre a dimensión como escenógrafo de Roberto Vidal Bolaño desde a súa primeira etapa de Antroido, de Abrente ribadaviense, onde destaca a parateatralidade e o grotesco até a chegada de Teatro do Aquí, marcada pola posta en escena de *Saxo tenor*. Conclúe indicando que ler o teatro de Roberto Vidal Bolaño é ler a dramaturxia dun escenógrafo, dun artesán teatral.

Pascual, Roberto, “(Con) texto e espectáculo. Recepción crítica de Vidal Bolaño”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 200, outubro, novembro e decembro 2013, “O espello das letras”, pp. 108-109.

Comentario da obra divulgativa *Dez obras na vida de Roberto Vidal Bolaño* (Biblios, 2012), de Camilo Franco. Descríbese a obra como unha reflexión sobre dúas etapas, “antes e despois de *Saxo tenor*”, que pasa do teatro máis popular e de tradición propia ao teatro do realismo sucio. Indícase que a elección “persoal” das dez obras considérase un intento por representar cada treito desa evolución e destácase o tratamento da triloxía formada por *Anxeliños*, *Criaturas* e *Animaliños*, así como de *Rastros*. Considérase que o libro é “unha boa obra para entender a globalidade cívica e artística” de Roberto Vidal Bolaño.

Pena Santiago, Manuela, “A palabra crítica desde a FdPs”, *Festa da Palabra Silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 29, “Monográfico”, 2013, pp. 42-45.

Ofrécese un percorrido cronolóxico e xenérico polas críticas literarias da *Festa da Palabra Silenciada* en cinco apartados “Poesía”, “Ensaio”, “Narrativa”, “Teatro” e “Outras artes”. Sinálase o predominio das recensións de poesía e de ensaio, a importante presenza da Literatura Infantil e Xuvenil, a carencia inicial de novelas en galego que se resolve en detrimento das obras infantoxuvenís e a escasa presenza do teatro. Indícanse outras manifestacións artísticas recollidas na revista, coma o cinema a arte e a pintura.

Pérez Rodríguez, M^a Antonia, “Análise da correspondencia entre Maruja Mallo e Alfonso Reyes (1938-1945)”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, 2013, pp. 73-86.

Preséntase unha análise da correspondencia entre a pintora Maruja Mallo e o escritor mexicano Alfonso Reyes, centrándose nas referencias á actividade politicocultural no seu epistolario. Nas cartas de Maruja Mallo atópanse breves alusións a figuras da Literatura galega, como Eduardo Blanco Amor, Lorenzo Varela ou Luís Seoane.

Pichel Gotérrez, Ricardo, “As Letras Galegas desde a Complutense (curso 2012-2013)”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, “Crónica”, 2013, pp. 157-162.

Crónica das actividades levadas a cabo polo Centro de Estudos Galegos da Universidade Complutense de Madrid, dirixido por Carmen Mejía Ruíz, con motivo das Letras Galegas. Recóllense eventos moi diversos, como a presenza do galego na “Semana Complutense de las Letras”, a través da lección do poeta Isaac Xubín sobre gastronomía e identidade na obra de Álvaro Cunqueiro, unha sesión sobre a narración

oral a cargo de Pepa Martín Santiago, e un coloquio-recital no que participaron Vicente Araguas e Luz Pichel, presentando o primeiro a tradución ao español do libro de relatos *Xuvia-Neda* (Xerais, 2010), e a segunda, a súa reescritura poética *Casa pechada / Cativeiro en su lugar* (Ed. Progresele, 2013). Alude á celebración do XV aniversario da revista *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, coa participación dos escritores Manuel Pereira Valcárcel (que participou cunha escolma poética de Gonzalo Bouza-Brey, Yolanda Castaño, Román Raña e Estevo Creus), Xavier Frías, Paulo Martínez Lema (co poema “Delirio fundacional”), e Vanessa Rodríguez Tembrás (co relato “Axiña, é para onte”). Fíxose tamén unha lectura de textos de José Luis Sampedro traducidos ao galego na voz de José Manuel Lucía Megías e Vicente Araguas. Nos actos de celebracións das Letras Galegas 2013 recóllese a organización dun Seminario Interuniversitario, cun amplo programa de actos culturais. Cítase a organización dun coloquio con Xosé Manuel Fernández Castro, autor d’*A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño* (Laiovento, 2011); e a visita de Roberto Pascual, autor do ensaio *Roberto Vidal Bolaño e os oficios do teatro* (Xerais, 2013). Recóllese a representación dun fragmento de *Criaturas*, de Roberto Vidal Bolaño. Por outra banda, dáse conta doutras actividades relacionadas coa Literatura galega como o coloquio co escritor Lois Diéguez sobre a súa obra *A poutada do oso* (Laiovento, 2011); a presentación da escolma de microficción *Hipnotopía en doses pequenas* (Lastura, 2013), na que participan integrantes do Grupo Bilbao como Vicente Araguas, Xavier Frías, Manuel Pereira, Luz Pichel, Begoña Regueiro, Marga Vázquez e Rafa Yáñez; o relanzamento da colección poética “Cadernos do Roibén” (Lastura, 2013), na que colaboran Beatriz Hernanz, Verónica Martínez, Pili Mera e Mila Villanueva. Por último, relátanse actividades adicadas á difusión da lingua, coma o lanzamento dos blogues *O reino dos contos* e *Microstórias*, de Xavier Frías Conde; ou un recital poético-musical organizado pola Escola Superior de Canto de Madrid, con cancións baseadas en textos de Eduardo Blanco Amor, Ramón Cabanillas, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro e Vicente Risco. Fóra dos meses de abril e maio, recóllense actividades coma unha homenaxe a Isaac Díaz Pardo, na que participaron, entre outros, os poetas Fermín Bouza, Manuel Pereira, Luz Pichel e Rafa Yáñez, e o músico Amancio Prada, que interpretou dúas pezas musicadas de Celso Emilio Ferreiro e Federico García Lorca. Relátase tamén a presentación do libro *Interior con froiteiro e feridas*, de Manuel Pereira Valcárcel, con ilustracións de Ana Cristina Lapiedra, nun acto no que participou a poeta Begoña Regueiro Salgado. Alúdese a unha homenaxe realizada a Celso Emilio Ferreiro, fundador da *Aula de Cultura Galega* do Ateneo en 1974; nela participaron Xesús Alonso Montero, Vicente Araguas, Manuel Pereira, Luz Pichel e Begoña Regueiro. Por último, no que atinxe á Literatura Infantil e Xuvenil, menciónase a presentación de *20 historias para nenos cansos* (2012), e *O caso máis estraño do detective Marschen* (Galaxia, 2012), de Xavier Frías Conde, na que participou Francisco Castro.

Pichel Gotérrez, Ricardo, “Mariño Paz, Ramón / Margarita Sánchez Yáñez / Damián Suárez Vázquez (2012): *O romance da urca de Santo Antón (1777)...*”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, “Recensións”, 2013, pp. 232-235.

Faise unha recensión d’*O romance da urca de Santo Antón. Poesía en galego no Ferrol do século XVIII* (Fundación Barrié, 2012). Descríbese a obra, que consiste nunha edición crítica e un estudo histórico e lingüístico dun romance bilingüe galego-castelán. Explícase que o libro está dividido en tres bloques, a “Edición do texto”, un estudo

histórico e, por último, un estudo sociolingüístico. Saliéntanse o rigor da obra e a metodoloxía interdisciplinar.

Piñeiro, Ramón, “A revista GRIAL, vontade de afirmación”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º. 200, outubro, novembro e decembro 2013, “50 anos de *Grial*”, pp. 28-31.

Reprodúcese un texto elaborado para o Coloquio de Tréveris, que se celebrou no ano 1980 e foi publicado en *Tradición, actualidade e futuro do galego. Actas do Coloquio de Tréveris* (1982), editado por Dieter Kremer e Ramón Lorenzo. Trátase a asimilación política e cultural de Galicia ao estado español, así como o “reencontro coa Galicia galega”, é dicir, o nacemento da reivindicación política a partir da identificación coa realidade de Galicia. Pásase a falar da revista *Grial* como parte do proceso de afirmación da cultura galega. Identifícase o nacemento de *Grial* co obxectivo de contactar coas novas xeracións para impedir que a súa identidade galega seguisse sendo anulada. Lémbrese o tema do primeiro número, o “Significado metafísico da saudade”, así como o título do caderno, “*Presencia de Galicia*”, Saliéntase que o éxito da publicación foi tal que Juan Aparicio, Director General de Información, prohibiuna en 1952, polo que non volveu publicarse até 1963. Resúmense os obxectivos da revista: ser vehículo da actividade cultural galega e da incorporación de Galicia á cultura universal e europea, facer presente fóra de Galicia a imaxe da cultura galega e contribuír ao prestixio cultural da lingua galega. Conclúese comparando *Grial* coa revista *Nós*, que se considera o seu antecedente directo e gabando a labor cultural de *Grial*.

Portas Ferro, Xesús, “Sombras e pouquidade na dramaturxia de Vidal Bolaño”, *Encrucillada*, n.º 182, marzo-abril 2013, pp. 66-85.

Estúdase a dramaturxia de Roberto Vidal Bolaño centrándose en aspectos da súa obra coma a “pouquidade” e a innovación formal. Divido en cinco apartados, no primeiro, “Un dramaturgo para as Letras”, preséntase a figura de Vidal Bolaño, enuméranse algunhas das súas obras e concrétnanse características delas, como a singularidade do mundo recreado, a innovación formal e a creación dun teatro popular galego de vangarda. O segundo apartado, “Un teatro popular galego de vangarda”, fai un repaso polo teatro galego até chegar ao teatro vangardista do “Grupo Abrente”. Menciónanse como precursores a Rafael Dieste, Eduardo Blanco Amor, Álvaro Cunqueiro, Daniel R. Castelao e Ramón Otero Pedrayo; así coma as achegas menores dos Carré Alvarellós, Lugrís Freire, Cotarelo e Varela Buxán. Sinálase o obxectivo de Vidal Bolaño, compartido con Otero Pedrayo e Castelao, de crear un teatro con elementos populares e innovadores e compáranse os recursos empregados por estes autores. No terceiro apartado, “Sombras e espectros: a innovación formal”, analízase a presenza de sombras e espíritos nas obras *Agasallo de sombras*, seguindo a Manuel Quintáns, aínda que tamén se mencionan brevemente outras obras como *A burla do galo*, *Bailadela da morte ditosa*, *Días sen gloria*, *Doentes* e *As actas escuras*. O cuarto apartado, “Un mundo de pouquidad”, trátase o mundo da crueza presentado por Vidal Bolaño que se identifica co mundo “da pouquidade”, no que abundan o grotesco e o escatolóxico. Considérase a relación das obras de Vidal Bolaño co “dirty realism” e co teatro de Bertolt Brecht e Valle-Inclán. No último apartado, “E Santiago, unha rexión dese mundo”, analízase o papel da cidade de Santiago e a súa caracterización nun conxunto de dramas históricos: *Xubileu*, *Días sen gloria*, *As actas escuras*, *A burla do galo*,

Doentes, Agasallo de sombras e Rastros. Conclúese coa explicación pormenorizada as cinco primeiras.

Pozo Garza, Luz, “Congreso Rosalía de Castro 2013”, *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 261, “Nordés”, febreiro 2013, p. 72.

Reprodúcese un poema da obra *Vida secreta de Rosalía* (1996), de Luz Pozo Garza, intitulado “A Rosa que dá tempero a alma”. Tamén se informa, nunha nota a pé de páxina que este poemario vai ser traducido ao xaponés.

Pozo Garza, Luz, “Congreso Rosalía de Castro 2013”, *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 263, “Nordés”, abril 2013, p. 72.

Reprodúcese un poema da obra *Vida secreta de Rosalía* (1996), de Luz Pozo Garza, intitulado “Filla de incógnitos silencios”. Tamén se informa, nunha nota o pé de páxina que este poemario vai ser traducido ao xaponés.

Pozo Garza, Luz, “Congreso Rosalía de Castro 2013”, *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 265, “Nordés”, xuño 2013, p. 72.

Reprodúcese un poema da obra *Vida secreta de Rosalía* (1996), de Luz Pozo Garza, intitulado “E abres unha fiestra nas orelas do Sar e ves o mundo en sombra e desamparo”. Tamén se informa, nunha nota o pé de páxina que este poemario vén de ser traducido ao xaponés.

Pozo Garza, Luz, “Congreso Rosalía de Castro 2013”, *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 266, “Nordés”, xullo 2013, p. 72.

Reprodúcese un fragmento dun poema da obra *Vida secreta de Rosalía* (1996), de Luz Pozo Garza, intitulado “miña Sombra miña amiga” e dedícase ao tradutor ao xaponés desta obra.

Pozo Garza, Luz, “Congreso Rosalía-2013”, *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 267, “Nordés”, agosto 2013, p. 72.

Reprodúcese un poema da obra *Vida secreta de Rosalía* (1996), de Luz Pozo Garza, intitulado “Rosalía en vento lento”. Tamén se informa, nunha nota o pé de páxina que este poemario vén de ser traducido ao xaponés.

Pozo Garza, Luz, “Cantares gallegos’ en xaponés”, *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 269, “Nordés”, outubro 2013, pp. 70-71.

Recóllese o agradecemento, en castelán, a Shozo Nakanishi pola tradución ao xaponés da obra *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro.

Pozo Garza, Luz, “Feliz aniversario Querida Susa (23 de decembro de 1923)”, *Eco. Revista do Eixo Atlántico*, n.º 270, “Nordés”, novembro 2013, pp. 70-71.

Recóllese a felicitación a Susa Abadín polo seu noventa aniversario e achéganse lembranzas da súa infancia.

Puentes, Hixinio, “Naufraxios literarios e reais”, *Escrita contemporánea. Actas da IV xornada de literatura e tradición oral*, letra U, 2013, pp. 53-75.

Reflexiónase sobre a presenza na escrita do tema dos naufraxios. Entre os escritores mencionados atópanse algúns da Literatura galega, como Xosé Luís Méndez Ferrín, con “Quai des Brumes”, no seu poemario *Estirpe* (1994); os irmáns Xosé Manuel e Ramón Trigo, co cómic *O buraco do inferno* (Faktoria K – Kalandraka, 2010); Álvaro Cunqueiro, con *Si o vello Simbad volvese ás illas*; X. M. Fernández Pazos, con *Sálvora. Memoria dun naufraxio. A traxedia do Santa Isabel* (Editorial Coordenadas, 1998); Rafael Lema, con *Crónicas Corsarias* (Editorial Tambre) e *Costa da Morte, un país de soños e naufraxios*; Alfonso Pexegueiro, co poemario *Mar e naufraxio. Cies. Pontevedra* (1978); Carlos G. Reigosa, con *O misterio do barco perdido* (Xerais 2005); Hixinio Puentes, coas obras *Aguillóns de Ortegá, A do vinte e un e Winnipeg*; Jacobo Barros, con *Os ausentes de Casteltón* (Sotelo Blanco, 2005); e Xosé Antonio Pet Posse, con *O Náufrago* (Sotelo Blanco, 2009). Recóllense, ademais, lendas, mitos e cancións sobre o mar.

Queizán, María Xosé “Trinta anos de Festa da Palabra”, *Festa da Palabra Silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 29, “Editorial”, 2013, pp. 3-6.

Ofrécese unha síntese da historia do feminismo galego desde unha perspectiva autobiográfica para xustificar o nacemento da publicación e reivindicase o seu obxectivo fundacional de dar voz ás mulleres. Alúdese ao contido dos seis primeiros monográficos adicados a Rosalía de Castro, Francisca Herrera Garrido, Xohana Torres e á literatura infantil, este último coa colaboración de María do Cebreiro Rábade. Sinálanse os temas que abarca a publicación. Achégase unha síntese autobiográfica do labor directivo. Finalízase cun agradecemento aos colaboradores e un recoñecemento do galego como lingua da publicación.

Queizán, María Xosé, “Ricardo Carballo Calero”, *Festa da Palabra Silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 29, “Actualidade”, 2013, pp. 52-55.

Recóllese a entrevista realizada a Ricardo Carballo Calero co gallo da publicación do monográfico dedicado a Francisca Herrera Garrido. Apúntanse as características da obra da autora e a súa relación coa obra de Rosalía de Castro. Destácase a ideoloxía conservadora e conformista de Herrera e sinálanse os trazos máis representativas da súa produción e da súa obra *Néveda*.

Quintáns, Belén, “Vidal Bolaño Sempre!!!”, *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 94, “Crónica”, abril, maio e xuño 2013, pp. 287-289.

Recóllese unha intervención no acto en honra a Roberto Vidal Bolaño celebrado o 16 de maio de 2013 no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Faise unha análise das actividades ao redor do Día das Letras Galegas adicado a Vidal Bolaño.

Regueira, Belén, “Onde están agora os intelectuais”, *Luzes*, n.º 1, decembro 2013, “Entrevista”, pp. 21-25.

Entrevista a Saleta Goi, viúva de Manuel María, que abriu a librería Xistral en 1970. Trátanse temas diversos, como a política, a súa relación co poeta e o feminismo. Alúdese á Literatura galega cunha reflexión sobre a obra de Manuel María, que Saleta Goi describe como “honrada”. Menciónanse as liñas marcadas por Ramón Piñeiro para a Literatura galega: Álvaro Cunqueiro en narrativa e Uxío Novoneyra en poesía.

Regueira, Mario, “O encontro de Cunqueiro con Kafka: 55 anos de Percival e outras historias”, *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 96, “Acoutacións”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 523-530.

Co gallo da reedición de *Percival e outras historias*, primeira obra narrativa de Xosé Luís Méndez Ferrín, cincuenta e cinco anos despois da súa primeira publicación, repásanse as condicións nas que naceu e apareceu o libro. Faise un percorrido polo panorama literario daquel tempo, no que se destaca a Ánxel Fole e Álvaro Cunqueiro como buques insignia da editorial Galaxia. Entre os narradores desa época faise tamén referencia a Daniel Cortezón, con *As covas do rei Cintolo* (1956); Rodríguez Mourullo, autor de *Nasce unha árbore* e *Memorias de Tains*; e Xosé Luís Franco Grande, con *Vieiro choído*. Explicase que *Percival e outras historias* se sitúa entre a tradición representada por Cunqueiro e o rupturismo de influencia kafkiana presente na obra de Rodríguez Mourullo. Tras explicar o concepto de opresión en Kafka, sitúase a obra no contexto de opresión política en que os seus textos foron escritos. Saliéntase a resignificación que atinxe aos dous polos de influencia, Cunqueiro e Kafka, coa intención dunha implicación política. Por último, respecto á reedición publicada por Xerais, destácase que respecta moitas incorreccións do galego da época, que Ferrín utiliza como elemento diferenciador.

Regueiro Salgado, Begoña, “Do outono preciso á primavera adeus. Unha lembranza das *Estacións poéticas* de Vicente Araguas e Alfonso S. Palomares”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, 2013, pp. 143-149.

Faise unha repaso polas actividades desenvoltas nas *Estacións poéticas* organizadas pola Casa de Galicia en Madrid, ideadas e organizadas por Alfonso S. Palomares e Vicente Araguas. Explicase a organización en “triloxías”, nas que participaban un poeta galego, un poeta español e un poeta luso ou catalán; ou en “diloxías”, cun poeta galego e outro español. Proporcionanse dúas táboas, unha na que poden verso o título dos eventos e os seus participantes, e outra na que se amosan os poetas clasificados por lingua e xeración. Entre os poetas galegos recorrentes cítase a Miguel Anxo Fernán-

Vello, Yolanda Castaño, Manuel Pereira Valcárcel, Manuel Vilanova, Manuel Rivas, Maite Dono, Luz Pichel, Luísa Castro e María Lado. Menciónase tamén a outros poetas galegos participantes como Xulio Valcárcel, Antón Reixa (representante de Rompente), Fran Alonso, Chus Pato, Estíbaliz Espinosa, Fermín Bouza Álvarez, Arcadio López Casanova, Luz Pozo Garza, Xosé Álvarez Cáccamo, Alfonso Armada, Xavier Frías, Xosé Carlos Caneiro, Manuel Álvarez Torneiro, Xosé Fariña Jamardo, Fátima Rodríguez, Verónica Martínez Delgado e Marilar Aleixandre. Destácase a obra bilingüe de moitos destes autores, entre os que se citan as obras de Manuel Pereira Valcárcel *Tatuaxes* (2012) e *Interior con froiteiro e feridas* (2012). Conclúese falando da multiculturalidade e a mesturanza de estéticas, correntes e xeracións que tivo lugar nestes eventos.

Requeixo, Armando, “Pegadas literarias”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 20, “proPostas”, “Crónica”, inverno 2013, p. 20.

Anota que nos últimos anos se ten dado na literatura de noso unha decidida aposta polo que se denomina “literatura do eu”, na que insire *O rastro que deixamos* (2012), de Agustín Fernández Paz, que define como “sobranceira achega a ese híbrido do memorialístico-ensaístico que tan adoito anda a burlar as delgadas fronteiras do creativo e o non ficcional. Esmiúza os diferentes apartados deste volume que acolle arredor dunha vintena de textos, nos que os recordos da infancia e as reflexións sobre o propio proceso escritural constitúen os eixes fundamentais e que se acompañan duns relatos que completan o sentido da obra.

Reyna Muniain, Facundo, “150 aniversario de *Cantares gallegos*”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O rego da cultura”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, p. 11.

Recóllense os actos conmemorativos á figura de Rosalía de Castro polo aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. Dáse noticia de varias manifestacións artísticas destinadas a difundir a figura e a obra da autora a cargo de diferentes organismos culturais, entre os que se salienta a organización do congreso internacional “Rosalía no século XXI” a cargo do Consello da Cultura Galega, e recóllense os contidos da primeira xornada. Tamén se dá noticia doutros actos conmemorativos fóra de Galicia.

R. H., “O espírito de Verines”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O rego da cultura”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 8-9.

Dáse conta do encontro de escritores nas catro linguas do Estado español na casona de Verines (Asturias) para estudar a posibilidade de retomar unha iniciativa da política cultural española dos anos 80 e 90. Sinálase a necesidade de encontro e coñecemento entre literaturas. Ofrécese un breve percorrido polo nacemento e a historia dos encontros en Verines, salientando que a iniciativa xurdiu da Universidade de Salamanca no ano 1983, cando coincidiron nesa cidade varias personalidades representativas das distintas linguas do Estado, entre eles e por Galicia, Ramón Piñeiro e Carlos Casares. Sinálase que a raíz de dito encontro xurdiu a necesidade de artellar un espazo para favorecer o coñecemento mutuo de autores e literaturas. Destácase que en 1984 tivo

lugar a primeira xuntanza, dedicada aos novos poetas e que na actualidade se procura recuperar a vitalidade da casona de Verines.

Ribera Llopis, Juan M., e Mariano **Rodríguez González**, “Mariano Tudela (A Coruña, 1925-Madrid, 2001). *In memoriam*”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, 2013, pp. 163-165.

Co gallo da presentación dun libro póstumo de Mariano Tudela, faise unha breve achega á traxectoria vital do autor, dividida en dúas partes, cada unha delas escrita por un dos asinantes. Na primeira parte, “Del homenaje a un escritor a su libro póstumo”, asinada por Ribera Llopis, recóllese a presentación do libro póstumo *Una vida de literatura. Obra periodística recuperada, 1948-2000*. No que atinxe á Literatura galega, alúdese á fundación da revista coruñesa *Atlántida*. Entre os artigos de Mariano Tudela que se recollen no apartado “Crítica literaria y crónica personal”, atópanse referencias a autores como Xavier Bóveda, Marcial Suárez, Manuel María, Eduardo Blanco Amor, Luís Seoane, Vicente Risco, Ben-Cho-Sey, Urbano Lugrís e Wenceslao Fernández Flórez. Na segunda parte, “Reflexión sobre (el libro de) Mariano Tudela”, asinada por Rodríguez González, faise unha reflexión sobre a utilidade da literatura, á vez que se achega á vida e obra de Mariano Tudela.

Riobó, Pedro P., “Presenza de Roberto Vidal Bolaño”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “RVB: Furia e razón”, primavera 2013, pp. 13-18.

Coméntase que, con motivo da produción en 2003 de *Daquel Abrente* por parte do Centro Dramático Galego, encomendáraselle a Pedro P. Riobó un estudo sobre Roberto Vidal Bolaño e Francisco Taxes. Indícase que, naquela época, xa se contaba cun conxunto de traballos sobre Vidal Bolaño, algúns deles incluídos en libros dos espectáculos do Centro Dramático Galego. A continuación, realízase un repaso polas principais obras que analizan a figura deste persoeiro, desde *Do novo teatro á nova dramaturxia* (1988), editado por Manuel Vieites; até a publicación da súa obra completa por Edicións Positivas, pasando por *Un Abrente teatral. As Mostras e o Concurso de Ribadavia* (2002), de Inma López Silva e Dolores Vilavedra; *A obra dramática de Roberto Vidal Bolaño* (2011), de Xosé Manuel Fernández Castro; *Dez obras na vida de Vidal Bolaño* (2012), de Camilo Franco; *Roberto Vidal Bolaño e o xogo do teatro* (2013), de Afonso Becerra; e *Roberto Vidal Bolaño. Unha vida para o teatro* (2013), de Laura Tato. Asemade, menciónanse as numerosas iniciativas para a posta en escena das súas obras, entre as que se destaca *Días sen gloria*, do Centro Dramático Galego; *Criaturas*, de Teatro do Aquí; *Bailadelas*, de Teatro Antroido; *Animaliños*, da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela-Compañía de Teatro do Campus de Lugo; e *A burla do galo*, da Aula de Teatro da Universidade da Coruña-Compañía Teatro Normal. Finalmente, faise referencia ao ciclo “Vidal Bolaño recuperado: citas audiovisuais”, organizado polo Centro Dramático Galego, creador tamén do Premio Roberto Vidal Bolaño ao Espectador; á fundación en 2012 da Asociación Roberto Vidal Bolaño ou as biografías dispoñíbeis para a súa consulta nas páxinas en liña da Real Academia Galega e da AGADIC, entre outros proxectos.

Rivas, Manuel, “Rosalía de Castro e a revolución ‘queer’”, *Luzes*, n.º 1, decembro 2013,

“Episodios galegos”, pp. 8-9.

Trátase a historia de Galicia dende a perspectiva dunha loita entre Eros e Tánatos, asociando Galicia con Eros e co xénero feminino. Alúdese ás representacións desta historia na obra de Rosalía de Castro, da que se citan uns versos; en Daniel R. Castela, Eduardo Blanco Amor, Eirín Moure, Chus Pato, Antón Lopo e Iolanda Zúñiga.

Rivero Grandoso, Javier, “De *Trece badaladas* a *Trece campanadas*, ou de como dun argumento xurdiron unha novela e unha película (II)”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, 2013, pp. 87-93.

Indícase en nota á rodapé que se trata da segunda parte dun artigo publicado no número 15 (2012) da revista. Analízase o proceso creativo da novela de Suso de Toro, *Trece badaladas*, e da película de Xavier Villaverde, *Trece campanadas*. Consta de cinco apartados, dende unha introdución, pasando pola comparación entre o filme e a novela e o tratamento do mito fáustico até a presenza da cidade de Santiago de Compostela en ambas as obras. Analízase detidamente a personaxe feminina máis relevante da obra, chamada Celia na novela, e convertida en María na versión cinematográfica, e salientase o paralelismo entre o personaxe de Celia e o proceso creativo de Suso de Toro. Dos personaxes masculinos, céntrase en Miguel Ramírez, o confrade, que ten gran relevancia na novela, pero non está presente na versión filmica. Ademais chámase a atención sobre a localización na cidade de Santiago como o principal punto de unión entre a obra literaria e a cinematográfica. Recóllese a explicación de Suso de Toro do espazo, pois contempla a cidade como labirinto que ten no centro unha tumba, a catedral, e contrástase a visión da novela coa da película, así como o significado das “trece badaladas” dende a visión relixiosa e a máxica que se dá na novela, fronte á racional que se achega no filme. Conclúese que a versión cinematográfica non é unha adaptación senón outro produto artístico que xorde da mesma idea.

Rivero Grandoso, Javier, “Ameixeiras, Diego (2011): *Historias de Oregón...*”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, “Recensións”, 2013, pp. 224-225.

Comentario da obra narrativa *Historias de Oregón* (Xerais, 2011), de Diego Ameixeiras. Tras facer unha breve referencia a outras obras do autor, como *Tres segundos de memoria* (Premio Xerais 2006) e *Dime algo sucio*, pásase a tratar esta novela gañadora do Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia*. Saliéntase a importancia da cidade de Oregón, topónimo que agocha Ourense, como elemento que permite unificar as historias dos distintos personaxes. Alúdese ao parecido da obra coas crónicas de sucesos, debido ás referencias aos personaxes co nome e as iniciais, o que acentúa o seu carácter de novela negra. Por último, destácase a trabazón e harmonía conseguidas, malia as restricións do certame.

Rodríguez, Francisco, “33 anos defendendo unha Rosalía verdadeira”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 57, “O tema”, novembro 2013, pp. 18-21.

Parte da publicación, no número 106 do semanario *A Nosa Terra* (1980) do artigo “Rosalía, cen anos de loita contra a hipocrisía burguesa” para reflexionar sobre a vixencia das súas afirmacións. Sinala que un dos aspectos máis silenciados sobre a autora foi a súa aspiración á profesionalidade. Menciona tamén o carácter filosófico da súa poesía e o compromiso que supuña a escrita en galego dentro da súa identificación co seu país, un patriotismo galego e popular.

Rodríguez, Francisco, “Concepción Arenal con Rosalía de Castro ao fondo”, *Ferrolanálisis*, n.º 28, “Curso Gurméndez”, 2013, pp. 297-307.

Faise unha comparativa entre as perspectivas sobre Galiza de tres mulleres do século XIX: Rosalía de Castro, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal. Divídese en catro apartados: “A consideración e valoración de Concepción Arenal polos seus coetáneos”, “Dúas concepcións poéticas e un mesmo destinatario”, “A posición verbo de Galiza: dous textos sintomáticos” e “Aproximar posturas e subliñar a diferenza”. Tras un breve apartado introdutorio no que se dan algúns apuntes biográficos e se traza moi sucintamente o ideario de cada unha, compárase a valoración de Concepción Arenal coa de Rosalía de Castro e Pardo Bazán, aludindo á reivindicación da primeira por parte de Antonio Sánchez Moguel. No segundo apartado confróntanse dous poemas dirixidos a Salustiano de Olózaga, un poema de Arenal co gallo da morte da filla deste, e un poema que Rosalía lle escribe como salutación. Céntrase nas distanciadas perspectivas das composicións e na súa referencia á “patria”, que para Arenal é España, pero para Rosalía é Galiza. No terceiro apartado repásase a xénese de *Cantares gallegos*, para pasar a un novo paralelismo, esta vez entre *Follas novas*, de Rosalía, e “Hay Irlanda, pero no Cobden”, artigo de Concepción Arenal. Os dous textos reflicten a problemática da fame que afectou a Galiza en 1880. Contrástanse as visións ideolóxicas das dúas autoras. No último apartado, conclúese cunha nova referencia ao recoñecemento de Rosalía de Castro e Concepción Arenal, subliñando as diferenzas no seu ideario.

Rodríguez Louredo, Eduardo, “Un romance de 1777 en galego e castelán”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 106-107.

Descríbese o contido da obra *O Romance da urca de Santo Antón* (1777), subtitulada *Poesía en galego no Ferrol do século XVIII* (2012), de Ramón Mariño Paz, Margarita Sánchez Yáñez e Damián Suárez Vázquez. Indícase que o volume inclúe un romance escrito en galego e castelán en Ferrol en 1777, achégase a localización da composición orixinal e descríbese o argumento mais o estilo. Sínálase a estrutura tripartita do libro, que recolle unha análise do contido do romance e do seu soporte, un achegamento á figura do autor e a edición do texto, un estudo histórico da composición e do contexto social da época e, finalmente, un estudo sociolingüístico. Saliéntanse as principais achegas destes estudos.

Rodríguez Tembrás, Vanesa, “Nicolás, Ramón (2012): *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro...*”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, “Recensións”, 2013, pp. 235-236.

Comentario da biografía *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* (Xerais, 2012), escrita por Ramón Nicolás e publicada no centenario do nacemento do autor. Saliéntase a profundidade investigadora da obra, que se cualifica de “monumental”. Descríbese como unha biografía non canónica, na que as vivencias se mesturan con pasaxes fabuladas e un rico epistolario de Celso Emilio Ferreiro.

Rodríguez Tembrás, Vanesa, “Solleiro, Samuel (2012): *Gran tiburón branco...*”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, “Recensiones”, 2013, pp. 240-241.

Coméntase *Gran tiburón branco* (Xerais, 2012), volume de relatos curtos de Samuel Solleiro. Refírense outras obras do autor, como *Elexías a Deus e ao Diaño* (2001) e *DZ ou o libro do esperma* (2006). Explicase que a obra comentada contén cinco relatos de cinco narradores, dos que se salienta a posmodernidade e a trabazón formal entre todos eles. Destácase o último dos textos, titulado “Guerra Civil”, pola súa presentación dunha visión desacougante e morbosa, característica da posmodernidade.

Rodríguez Vázquez, Virxilio, “Dous meses de cinema, libros e arte contemporánea”, *Tempos Novos*, n.º 194, “Entreculturas”, “Crónica de Bos Aires”, xullo 2013, pp. 60-67.

Despois de dar conta da celebración do festival internacional de cinema independente e da XXXIX Feira Internacional do Libro, alúdese á presentación na mesma da figura de Roberto Vidal Bolaño a través das intervencións de Camilo Franco, autor de *Dez obras na vida de Roberto Vidal Bolaño* (2012), Luís González Tosar, Víctor Fernández Freixanes e Manuel Guede Oliva. Destácase que Camilo Franco fixo un repaso polas etapas do teatro de Vidal Bolaño, advertindo que seguen a historia de Galicia, mentres Manuel Guede Oliva apuntou que o autor gañou o Premio Abrente de teatro no ano 1976 coa obra *Laudamuco, señor de ningures* e posteriormente en 1978 e 1980. Por último, dáse conta da celebración da vixésimo segunda edición da feira de arte contemporánea.

Romero López, Alicia, “Ogando González, Iolanda / Laura Tato Fontaiña (eds.) (2012): *Textos recuperados. De Galo Salinas a Castelao...*”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, “Recensiones”, 2013, pp. 236-238.

Faise unha recesión do volume *Textos recuperados. De Galo Salinas a Castelao* (2012), do que se sinala que é unha recompilación de textos publicados dende 1903 até 1923, que versan sobre o teatro galego. Explicase que tras unha nota das autoras, segue un estudo introdutorio sobre os textos e os seus creadores, que se abre con Castelao, por ser o autor máis relevante para a Historia do Teatro. Tras a carta de Castelao co título “Proieuto do teatro galego ô xeito do da «chave souris»”, aparecen textos de Galo Salinas, varias pezas de Alfredo Nan de Allariz, de Emiliano Balás Silva, José M. López Castiñeiras e Salvador Cabeza León. Sinálase que a obra recolle tamén o teatro didáctico de Manuel Pose Rodríguez, o teatro popular de Euxenio Charlón Arias e Manuel Sánchez Hermida, así como unha peza de Xosé Ares Miramonte, Manuel Vidal Rodríguez e Manuel Rei Pose. Conclúese chamando a atención sobre a importancia desta compilación para os investigadores do teatro galego.

Rozados, Lara, “A linguaxe das sombras”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 20, “proPostas”, “Narrativa”, inverno 2013, p. 5.

Achégase á segunda novela de Rexina Vega, *Dark Butterfly* (2012), na que explora a construción social da loucura neste mundo onde o código establecido é a “cordura”. Comenta que a protagonista está en loita cos mecanismos da representación e que chega un momento no que as palabras non lle valen e se ampara no simbólico. Apunta que a novela recolle toda a brutalidade que se exerce dende o discurso da “normalidade”, a través da voz narrativa en primeira persoa, das cartas da súa dobre e de textos coma os informes de ingreso no psiquiátrico, que reflicten os mecanismos que desposúen o suxeito da súa propia identidade. Conclúe sinalando que esta narración nos sitúa no abismo de recoñecernos nesa dor e de sermos conscientes da inconsistencia da liña que divide a humanidade en seres admisíbeis e inadaptados.

Ruibal, Rubén, “A propio intento”, *A Xanela. Revista cultural das Mariñas*, n.º 35, primavera 2013, pp. 21-22.

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 2013 subliña que aínda non pasou tempo abondo como para ser consciente da dimensión de Roberto Vidal Bolaño. Recalca que ao estudarmos “como é debido” a Roberto Vidal Bolaño teremos todos os recursos para “producir un teatro de calidade” e remata subliñando que é un dos autores literarios galegos do máis alto nivel.

Salgado, Ana, “A ansiedade dos significados”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 97-98.

Achéganse as características do libro *Gran tiburón branco* (Xerais, 2012), de Samuel Solleiro. Despois de sinalar os principais trazos doutra obra do autor *dz ou libro do esperma*, lévase a cabo unha análise comparativa na que se poñen en relación o estilo e o contido deste libro con *Gran tiburón branco*. Destácase en ambas as dúas obras a presenza da autoficción e da metafiction, a preeminencia dos temas do amor e a morte, o achegamento ao íntimo, o desafío aos mandatos da corrección política, a ollada cínica e os trazos humorísticos.

Salgado, Ana, “Alberto Lema ‘Sigo o mandato de retratar poder no cotián e relación entre clases’”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 20, “proTagonista”, inverno 2013, pp. 12-15.

Entrevista na que comeza sinalando que concorda coa idea de que a escrita ten que ver coa propiedade e anuncia que o seu próximo libro de poesía será *Crónica do chan*. Explica o sentido que lle dá ás conexións que hai entre os seus libros e especifica que as novelas comparten unha vontade de entender o que sucede, así como comenta de onde parte a súa escolla pola escrita de xénero. Sinala que é contrario a buscar unha homologación cunha cultura normalizada e pensa que a súa novela *Sidocar* é a que conta con máis recoñecemento por encaixar coa onda de moda da egonáutica. Indica que *A Máquina* (2011) entra no “xénero terrorístico” e refire as razóns polas que lle

interesou incluír na novela a irrupción perversa da ficción no discurso informativo, ademais de aludir á escolla da estratexia revolucionaria. Fala da súa recepción no campo literario castelán e, volvendo á novela, estima que quere ser unha apocalipse para os malos e un libro do xénese para os bos. Atende ao vencello que nela se dá entre o sentimento e a acción e ao desvelamento de mecanismos de poder que rexen as nosas vidas. Apunta as escritas que ve próximas á súa (Huxley e Méndez Ferrín) e nomea aqueles escritores galegos que lle interesan (Cabido, Borrazás, Solleiro, Bieito Iglesias...). Di que os personaxes das súas narracións teñen inquiredanzas analíticas para explicarse o que sucede e ten a esperanza de que iso sexa unha consecuencia coherente. Tamén fala de que traballar coa conciencia de país que intenta construír un campo literario autónomo supón certas limitacións á hora de representar a realidade fotograficamente, para por último incidir en que agora no cine ou no documentalismo hai máis atrevemento ca na literatura.

Salgado, Xosé M., “*Breves reflexións sobre os escritores e os xornalistas*. Discurso de ingreso na RAG de Xosé Fernández Ferreiro. Resposta de Manuel Rivas”, *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 93, “Publicacións”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 105-109.

Comentario do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Xosé Fernández Ferreiro, *Breves reflexións sobre os escritores e os xornalistas*. Resúmese o tema do discurso, a diferenciación entre a profesión de escritor e a de xornalista, e salientase o apoio na autoridade doutras voces, que están glosadas no texto. Na reposta de Manuel Rivas, destácase a mención ao compromiso coa nación de Fernández Ferreiro.

Salgueiro, María, “Microteatro por casa: Unha experiencia en Cangas do Morrazo”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 76, “Temas”, outono 2013, pp. 10-13.

Coméntase o proceso de xestación de “Microteatro por casa”, dende a escolla do espazo de representación até as primeiras obras, *Paus de cego*, de Santiago Cortegoso, e *Terapia exposta*, de Mario Iglesias. Incídese na concepción do microteatro como un “salto ao baleiro sen rede” no que se pon a proba a verdade no traballo. Faise referencia tamén ao proxecto de “nanoteatro” e indícase que tivo moi boa acollida. Finalmente, sinálase que “Microteatro por Casa” xa non segue no seu espazo orixinal, no Manancial.

Sánchez, Mariela, “Memoria individual e memoria coral”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 95-96.

Dáse noticia da publicación da obra de Manuel Rivas *As voces baixas* (Xerais, 2012). Indícase que o libro ten a súa orixe na serie “Storyboard” publicada no suplemento cultural “*Luces de Galicia*” do xornal *El País*. Recóllese que revisa anécdotas presentadas noutras obras do autor coma *Os libros arden mal* (2006) e *A corpo aberto* (2008). Destácase o seu carácter autobiográfico, a influencia oral e poética da escrita, a superposición entre o autor e o narrador, o estilo irónico e humorístico e tamén se achegan os nodos narrativos, centrados en descubertas, perdas e dores irremediábeis.

Sínálase a autonomía da figura correspondente á irmá do autor contra a cantidade de espazos, situacións e suxeitos cotiáns que se recollen na obra.

Sánchez Aríns, Susana, “Textos poéticos”, *Aulas libres. Revista de pensamento, información e debate do STEG*, n.º 1, novembro 2013, p. 32.

Reprodúcense os poemas “Lírica adolescente”, “Timbre” e mais “A rara” de Susana Sánchez Aríns e que teñen como temática o mundo do ensino visto desde a perspectiva do alumnado de hoxe en día.

Santidrián Arias, Víctor M., “A derrota do monolítico”, *Tempos Novos*, “Protexta”, n.º 20, “proPostas”, “Ensaio”, inverno 2013, p. 20.

Sinala que coas palabras “Espello dunha xeración”, Xurxo Martínez acerta a describir a Luís Soto en *A xeira pola unidade galega* (2011), xa que a vida do seu biografado cobre unha boa parte do século XX e comparte trazos vitais con moitos coetáneos. Refírese á participación de Soto no bulir asociativo republicano e ao seu compromiso coa comunidade galega no exilio en México, así como o sitúa entre os fundadores da Unión do Pobo Galego. Cita as ideas que lle provoca a lectura deste libro e detense no comentario das súas posicións políticas sen deixar de nomear o labor desempeñado á fronte da revista *Vieiros*, que foi prohibida en 1966 grazas á “liberalizante Lei de prensa” de Manuel Fraga.

Sobrino Freire, Iria, “Literatura galega para lectores en lingua inglesa”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, pp. 93-94.

Recensión da obra *Anthology of Galician Literature [1981-2011]*. *Antoloxía de Literatura galega* (Galaxia-Xerais-Xunta de Galicia, 2012), escolma realizada polo editor e tradutor Jonathan Dunne. Contrastándoo coa *Anthology of Galician Literature [1196-1981]*, salientase o criterio de ordenación puramente autorial. Dubídase sobre a suficiencia do limiar, que se ben é informativo, resulta breve. Saliéntase a modernidade da antoloxía, na que se inclúen todos os xéneros e que se elaborou con criterios de seleccións alleos a Dunne, coa colaboración de escritores e profesores galegos, aínda que tamén se tiveron en conta premios literarios e outras antoloxías. Conclúese cunha reflexión sobre o capital simbólico que adquiren os autores e autoras cando son traducidos ao inglés.

Solleiros, Xoaquín, “30 aniversario do Consello da Cultura”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O rego da cultura”, xullo, agosto e setembro 2013, p. 10.

Dáse noticia do trinta aniversario da creación do Consello da Cultura Galega e da celebración dun acto conmemorativo desta efeméride. Saliéntase que durante o acto Víctor F. Freixanes reivindicou a independencia desta institución respecto do poder político; Helena Villar destacou o respecto pola pluralidade; Domingo Docampo resaltou a apertura da institución cara á ciencia e a tecnoloxía, seguindo a orientación de Carlos Casares, máis a importancia da cultura e da educación; e Ramón Villares valorou

o Consello como a iniciativa institucional máis ambiciosa para a cultura galega e os retos desta última. Por último, sinálase que no acto foron evocadas as figuras dos sucesivos presidentes da institución: Ramón Piñeiro, Xosé Filgueira Valverde, Carlos Casares e Alfonso Zulueta.

Souto, Xurxo, “O acordeón de Antuerpe. Xeografía xeral do mar de Galiza”, *Escrita contemporánea. Actas da IV xornada de literatura e tradición oral*, letra U, 2013, pp. 87-99.

A xeito de introdución dun texto que trata sobre a xeografía do mar galego, alúdese a varios autores. Cítanse a “Carta Gnómica” que Avilés de Taramancos escribiu a Urbano Lugrís no ano 1959; algúns versos de Luís Amado Carballo; un fragmento de *Arredor de Si*, de Otero Pedrayo; e o conto “O Taberneiro tamén era galego”, de Castelao.

Stratan, Sebastian, “Intertextualidad aristotélica entre *A Esmorga* y *Bodas de sangre* en la representación del *fatum malus* español”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, 2013, pp. 113-120.

Analízanse as semellanzas e diferenzas entre *A Esmorga* de Eduardo Blanco Amor e *Bodas de sangre* de Federico García Lorca, atendendo aos principios aristotélicos sobre a traxedia. Está dividido en seis apartados. No primeiro, “1. Introducción”, preséntanse as ideas aristotélicas sobre a traxedia e o vínculo entre Blanco Amor e García Lorca. O segundo apartado, “2. Similitudes y diferencias entre los dos autores”, confróntanse os *corpora* de ambos os dous autores para sinalar as similitudes nas súas preocupacións. No terceiro apartado, “3. Manipulación del paradigma aristotélico”, explícanse os modelos da traxedia expostos na *Poética* de Aristóteles, para pasar a contrastalos coa organización das dúas obras estudadas, enumerando as rupturas que os autores fan das regras aristotélicas. Céntrase na figura do heroe e na representación da sociedade. O cuarto apartado adícase á “4. Representación española del *fatum malus*” e nel desenvólvese a análise dos símbolos grotescos que se empregan nas dúas obras. No apartado “5. Conclusiones” utilízanse exemplos de cada obra para xustificar o seu seguimento do paradigma aristotélico en *Bodas de sangre* e as variacións d'*A esmorga*.

Stratan, Sebastian, “Dunne, Jonathan (ed. e trad.) (2010): *Anthology of Galician literature* (1981-2011) / *Antoloxía de Literatura galega* (1981-2011)...”, *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, “Recensións”, 2013, pp. 226-228.

Explícase que *Anthology of Galician literature* (1981-2011) / *Antoloxía de Literatura galega* (1981-2011) é unha selección preparada por Jonathan Dunne e editada por Xerais e Galaxia. Descríbense os apartados do libro: una introdución na que se presenta brevemente a historia de Galicia e a escolma poética. Explícase o contido de cada apartado, dende os textos datados en 1196, unha cantiga de amigo de Mendinho até o ano 1981, marcado polo Estatuto de Autonomía. Explícase que o criterio de selección é cronolóxico e dáse conta dos autores escolmados. Por último, resáltanse os criterios ben establecidos da obra, que non vai dirixida a especialistas, senón que pretende permitir a familiarización coa Literatura galega.

Teijeiro Fraga, Ángel, “Una etapa apasionante”, *Atenea*, n.º 45 I, “Artigos expresidentes do Ateneo”, pp. 40-41.

Repásase a historia do Ateneo ferrolán na década dos 80, dende o seu cambio de local até as súas actividades, nas que se incluíron un ciclo da memoria histórica, varias homenaxes, o tratamento de temas políticos e sociais, temas da realidade galega e temas locais, e varios eventos relacionados coas artes. No que atinxe á Literatura galega, menciónase, dentro do ciclo sobre a memoria histórica, a conferencia “Sembrando a Rosalía” de Marina Mayoral. Recóllese unha homenaxe a Rafael Dieste, quen presentou a súa obra “O cabaliño de Xadrez”, e outra homenaxe a Luís Seoane e Lorenzo Varela, que reuniu a varios intelectuais galegos, entre eles Isaac Díaz Pardo e Domingo García-Sabell.

Torres Queiruga, Andrés, “O campo inesgotable da saudade galego-portuguesa. A propósito dun libro de Luís G. Soto”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, pp. 106-109.

Coméntase *O laberinto da saudade* (Laiovento, 2012), de Luís G. Soto, do que se analizan as seccións, atendendo especialmente ás lecturas que o autor menciona, dende o portugués Eduardo Lourenzo, pasando por Ramón Piñeiro até Eduardo Pondal. Destácase a confluencia deste libro coa obra *Nova aproximación a unha filosofía da saudade*, de Andrés Torres Queiruga. Sinala que, a partir do capítulo doce, comeza unha parte “máis puramente especulativa”, na que se tenta comprender a saudade dende os seus mecanismos máis profundos. Aínda que os capítulos son “breves como apuntamentos”, considérase que a análise do tema é “longa e demorada”. Saliéntase a intención ética que se lle dá ao tratamento do tema, que se identifica cunha proposta da “fenomenoloxía sociolóxica”. Críticase que non se fagan expresas dous tipos de consideración sobre a saudade: a saudade como elemento “metafísico” e as “saudades como formas concretas”, o que se considera confuso. Conclúese indicando a novidade e ganancia do libro, a pesar dos defectos comentados.

Varela, Aurora V. e Eva **Ocampo**, “A gastronomía na Literatura galega”, *Galegos*, n.º 19, II, 2013, pp. 121-132.

Preséntase unha recompilación de textos que poñen de manifesto os cambios na cociña galega a través da literatura. Para iso, organízanse a partir dos ingredientes dun menú, dende os diferentes pratos, os viños, as sobremesas e mesmo os licores, polo que se recrean entre diversas receitas parágrafos de obras literarias que fan referencia a estes ingredientes, dende a *Historia de Galiza*, de Ramón Otero Pedrayo; ou *A Cociña Galega* e o artigo “Las cazas” do libro *Viajes y yantares por Galicia*, de Álvaro Cunqueiro, pasando por *O tío Marcos da Portela*, de Valentín Lamas Carvajal; *A poesía popular de Galicia*, de Domingo Blanco Pérez; o *Refraneiro Galego Básico*, de Xesús Ferrol Ruibal; *Os europeos en Abrantes* e *O porco de pé*, de Vicente Risco; *Vendimia*, de Luís Amado Carballo; e *Recolleita*, de Darío Xohán Cabana, así como cancións de diversas procedencias, dende *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, ao *Cancioneiro popular galego*; as *Coplas galegas*, do Padre Sarmiento.

Vázquez Matos, Dania, “Carta de Curros Enríquez a Dihigo y Mestre en favor de Amor Ruibal: Un manuscrito que atrapa no tempo a pegada de tres ilustres das letras hispanas”, *A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico*, n.º 94, “Acoutacións”, abril, maio e xuño 2013, pp. 235-246.

Dáse noticia da aparición dunha carta inédita de Manuel Curros Enríquez ao lingüista cubano Dihigo y Mestre, datada o 23 de outubro de 1906. Tras a breve introdución, proporciónase a transcripción do manuscrito. Na carta, Curros Enríquez reivindica a figura de Amor Ruibal. Despois da carta, láméntase a ausencia de máis documentos da correspondencia entre Curros Enríquez e Dihigo e menciónanse circunstancias biográficas do lingüista que indican o seu achegamento á figura de Amor Ruibal. A continuación, reproducése o escrito de Dihigo “El doctor A. Amor Ruibal”, e reflexiónase sobre a súa obra filolóxico-lingüística. Conclúese coa noticia da restauración da carta.

Vidal, Roi, “Ascensión, caída e resurrección de Antroido”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “RVB: Furia e razón”, primavera 2013, pp. 19-21.

Comeza indicando que Antroido parte do contacto de Roberto Vidal Bolaño co Equipo Lupa. Sinala que, xunto con Xaquín García Marcos, funda en 1974 o grupo, que parte dunha experiencia previa, o Grupo Obradoiro, posto en marcha por Lupa. Comenta que a primeira produción foi *Amor e crimes de Xan o Panteira* (1975), tomada do *Teatro para a xente*, de Eduardo Blanco-Amor, que compartía o estilo da farsa co Teatro Independente peninsular. Asemade, destaca que *Laudamuco, señor de ningures* (1976) foi o primeiro espectáculo de teatro profesional galego e que, a partir dese momento, a compañía comeza a explorar novos formatos, coma o teatro de rúa e o de monicreques. Pon de manifesto que, ao longo deses anos, vai configurando unha estética propia, baseada no grotesco, o metateatro, a investigación do teatro popular e o emprego de códigos teatrais e audiovisuais. Finalmente, fai referencia ao desencontro de Vidal Bolaño co conselleiro de cultura, Manuel Vázquez Portomeñe, e á resposta de Antroido en forma de peza teatral, *Caprice de Dieux* (1985), a derradeira da compañía; ao tempo que menciona a estrea de *Bailadelas (seis mulleres bolañesas)* como homenaxe a Vidal Bolaño.

Vidal Ponte, Roi, “Os teatros de Isaac”, *Protexa*, n.º 20, “Protagonista”, inverno 2013, p. 9.

Detense na análise da relación de Isaac Díaz Pardo co teatro, xa iniciada ao pé do seu pai, Camilo Díaz Baliño, que foi escenógrafo dos homes de Nós e tiña un obradoiro na rúa das Hortas, desde o que aprendeu a mirar o mundo a través dos ollos de Castelao, os Villar Ponte, Pedrayo ou Risco. Sinala que a súa primeira colaboración co teatro foi no espectáculo *Castelao e a súa época* (1969), que Ricard Salvat tería estreado en Portugal de non ser pola censura salazarista e para a que fixo con Luís Seoane o deseño da escenografía. Cita outras achegas de Díaz Pardo a este ámbito, entre as que destaca as súas dúas únicas pezas dramáticas: *O Ángulo de pedra* (1947) e *Midas* (1951). A través de diferentes referencias bibliográficas, apunta que o teatro de Díaz Pardo funciona como ponte entre os prantos da posguerra española e os berros da guerra fría. Explica

que o seu é un teatro acorde coas últimas tendencias, un teatro visual cheo de palabras, influenciado polo simbolismo que lle cede espazo á imaxe, anunciador do teatro de raíz antropolóxica dun Barba ou dun Grotowsky e portador do brechtianismo mediante o uso dun narrador que incita á reflexión e potencia a metatrealidade do texto.

Vieites, Manuel F., “Vidal Bolaño e os estudos escénicos en Galicia”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas. Dossier Día das Letras Galegas”, maio 2013, pp. 78-81.

Detense nas múltiples posibilidades de estudo e investigación da dramaturxia de Roberto Vidal Bolaño e indica que en Teatro do Antroido hai unha aposta pola cultura do país e tamén expón que sería interesante coñecer os procesos de traballo de Roberto Vidal Bolaño como director de escena.

Vieites, Manuel F., “Recordo de Aurelio Aguirre”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “Historia e memoria”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 65-67.

Co gallo da publicación da obra *Recuerdos de agosto y otros poemas* que recompila os versos de Aurelio Aguirre editados en vida, postumamente e inéditos, ofrécese un breve percorrido pola biografía deste autor, aludindo ás súas relacións con Manuel Murguía, Eduardo Pondal ou Manuel Curros Enríquez. Saliéntase a intertextualidade entre o poema “Negra Sombra” de Rosalía e “El murmullo de las olas” de Aguirre. Por último, preséntanse os poemas do escritor “A la Sta. D.ª J. García” e “El mendigo” acompañados da reprodución facsimilar.

Vieites, Manuel F., “A creación dramática en Nós”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “Historia e memoria”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 125-129.

Despois dun breve percorrido pola historia e os obxectivos da revista *Nós*, ofrécese unha panorámica moi sintética do tratamento que a creación dramática vai recibir na publicación. Sinálase que en *Nós* se difunde a necesaria renovación estética e a necesidade de utilizar o teatro para a intervención sociocultural. Dáse conta das valoracións feitas na publicación arredor de varias obras teatrais para amosar as tensións entre unha dramática rexional e popular e unha dramática nacional e culta. Sinálase a restrinxida produción teatral nacionalista. Saliéntase que a revista se ocupa da información dramática e teatral, do ensaio literario dramático e da edición de textos de autores galegos, destacando a obra *Noite de trunfo*, de Leandro Carré, que amosa as dificultades da literatura e do teatro galego para gañar visibilidade, así como a produción de Álvaro de las Casas. Por último, destácase que en *Nós* se apostou por unha creación dramática que impulsase a lingua e o teatro en galego tanto para a educación popular coma para o desenvolvemento dunha estética propia. Esta achega estrutúrase nos apartados “Imaxinando un teatro para un país”, “Liñas de edición, liñas de traballo”, “Conclusión: entre a educación popular e a renovación”.

Vilavedra, Dolores, “Día das Letras Galegas 2013. Roberto Vidal Bolaño”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O rego da cultura”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 8-9.

Trátase os actos culturais arredor da figura de Vidal Bolaño con motivo de que se lle adicara o Día das Letras Galegas 2013. Dase noticia da edición da súa *Obra completa*, en seis volumes coordinados por Xosé Manuel Fernández Castro. Recóllese a posta en escena de varias obras de Vidal Bolaño: *Animaliños*, realizada pola Aula de Teatro do Campus de Lugo da Universidade de Santiago; *Criaturas*, representada por Teatro do Aquí; *Bailadelas (seis mulleres bolañesas)*, montaxe de Roi Vidal e Laura Ponte; *Días sen gloria*, posta en marcha por Farao; e *Touporroutou da lúa e do sol*, que se está a preparar no Centro Dramático Galego. Recóllense tamén a preparación da edición facsímile do manuscrito de *Ruada das papas e do unto* e a convocatoria do I Premio Roberto Vidal Bolaño. Conclúese cunha mención á posta en marcha da Asociación Roberto Vidal Bolaño co obxectivo de promover a figura e obra do autor.

Vilavedra, Dolores, “Unha novela extraordinaria”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, pp. 87-88.

Comentario da novela *A noite branca* (Xerais, 2012), de Francisco X. Fernández Naval. Saliéntase o acordo da crítica respecto á calidade da novela. Relátase o curioso proceso de creación da obra, pois parte dunhas cartas escritas por un parente do escritor e atopadas setenta anos máis tarde. Simultaneamente, o autor creou un blog no que relatava a súa viaxe polas pegadas dos voluntarios galegos na División Azul, tema que trata a novela. Destácase a reflexión que presenta a obra sobre o carácter documental ou ficcional do texto. Descríbese a súa estrutura, na que cada capítulo se constrúe como elemento tripartito, con partes nas que varían o tempo e a enunciación. A recensión remata coa volta á reflexión sobre o carácter documental ou ficcional da novela.

Vilavedra, Dolores, “Dramaturgos, teatro, letras galegas”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas. Dossier Día das Letras Galegas”, maio 2013, pp. 73-75.

Debullia a relación entre o teatro galego e o Día das Letras Galegas e sinala que con Roberto Vidal Bolaño se lle dedica por primeira vez esta celebración a un home de teatro. Repasa as obras dramáticas escritas por membros da Real Academia Galega, subliñando a desvalorización da produción teatral destes autores, e de entre eles destaca a Lúgrís Freire. Finalmente reclama que nas institucións culturais galegas haxa unha meirande presenza do mundo teatral.

Vilavedra, Dolores, “A causa do teatro galego”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 200, Tomo LI, “O rego da cultura”, outubro, novembro e decembro 2013, pp. 8-9.

Co gallo da celebración do corenta aniversario da Mostra e o Concurso de Textos Teatrais Abrente, faise un sucinto percorrido pola historia da Agrupación Cultural Abrente e do concurso de textos convocado por este grupo, aludindo aos dramaturgos Manuel Lourenzo, Euloxio Ruibal e Roberto Vidal Bolaño que participaron no mesmo. Destácase a conversión de Abrente en Mostra Internacional de Teatro en 1984 e a súa consolidación coa convocatoria do Premio Abrente de Textos Teatrais dende 2006. Por último, dáse conta da publicación dun libro no que se recollen os dez textos gañadores das oito edicións do Concurso.

Vilavedra, Dolores, “Literatura galega. Un fenómeno proteico”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 200, outubro, novembro e decembro 2013, “50 anos de *Grial*”, pp. 103-111.

Comézase cun repaso da situación editorial en Galicia, que se divide en dous períodos: antes de 1980, e a partir desta data, marcada pola aprobación do Estatuto de Autonomía. Críticase o impulso editorial desta segunda época, posto que non se considera que todo o publicado fose de calidade. Indícase, seguindo un estudo de Manuel Bragado, que esta tendencia á alza da publicación en galego parálizase dende o ano 2004. A diminución na publicación asóciase á concentración na produción de obras de calidade e dirixidas a públicos moi delimitados, como o caso das editoriais Kalandraka, Morgante, El Patito Editorial ou Urco. Na primeira sección, “Algunhas mudanzas”, considéranse os cambios cara á profesionalización de sectores de produción e recepción literaria. No seguinte apartado, “Na procura dun público lector”, faise unha achega ao “todopoderoso lector”, cun repaso pola perda de relevancia do canon literario, que xa non se inclúe no *currículum* escolar. A continuación, na sección “De onde vimos, cara a onde imos?” trata a evolución das letras galegas nas últimas décadas. Segue en “Pero, houbo algunha vez “buenos tiempos para la lírica”?”, onde contempla a nova fase expansiva que está a experimentar a lírica galega. Pásase a tratar o caso do teatro en “(Sobre)vivimos do conto?”, facendo referencia ao labor do Centro Dramático Galego e ao cambio na concepción canónica do xénero, que relega o texto a un segundo plano e volve posuír unha natureza efímera. Por último, na sección “O que vale para un roto, vale para un descosido” recóllese o sucedido coa narrativa. Destácase a precocidade da Literatura galega, na que xéneros como a novela histórica gozaron de popularidade antes que na literatura española. Conclúese salientando a consolidación dun grupo estábel de narradores e narradoras, entre os que se atopan Marilar Aleixandre, primeira muller en gañar o Premio Xerais en 2001, Inma López Silva ou Rosa Aneiros. Considérase que a novela é o xenero privilexiado na edición en galego.

Villalaín, Damián, “Cinco notas sobre a dimisión de Ferrín”, *Tempos Novos*, n.º 190, “Arredores”, marzo 2013, pp. 78-79.

Despois de destacar a necesidade de transparencia nos orzamentos das institucións públicas, apúntanse as causas subxacentes á dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín como presidente da Real Academia Galega. Saliéntase o seu labor na elección de Lois Pereiro para a homenaxe das Letras Galegas, a súa actitude ante a defensa do galego, a conversión das tradicións locais do Samaín e o Apalpador en signos de identidade nacional e cuestiónanse o seu apoio á candidatura dun filólogo do Bierzo fronte a Vidal Bolaño para a homenaxe das Letras Galegas, a súa actitude ante a polémica sobre a menor presenza de mulleres académicas e a súa falta de concesión ás propostas reintegracionistas.

Villalaín, Damián, “Roberto Vidal Bolaño, un escritor de teatro”, *Tempos Novos*, n.º 192, “Entreculturas. Dossier Día das Letras Galegas”, maio 2013, pp. 64-65.

Fai un repaso polas características dos artigos que integran o monográfico centrado en Roberto Vidal Bolaño e que publica a revista *Tempos Novos* no seu número 192. Sinala que os seus diferentes artigos brindan moitas pistas do quefacer de Roberto Vidal Bolaño e sobre todo salientan a peculiar condición desde a que o mundo teatral se relaciona co mundo das letras galegas.

Villamor, Luís, “Hoxe os rapaces saben o galego, pero nas cidades e nas vilas xogan e ligan en castelán”, *Tempos Novos*, n.º 193, “Entrevista”, xuño 2013, pp. 22-29.

Entrevístase a Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega. Trátanse temas como a historia da Real Academia Galega, a dimisión de Méndez Ferrín e a escolla de Alonso Montero como presidente, ou a situación actual do galego. No que atinxe á Literatura galega, menciónase a polémica entre Pardo Bazán, presidenta honoraria da RAG e Manuel Murguía, despois de que Pardo Bazán resaltase *Cantares gallegos*, marxinando *Follas novas*. Ao falar da situación da lingua galega, cítanse como lecturas dos máis novos a Rosalía de Castro, Manoel Antonio, X. L. Méndez Ferrín, Xosé Neira Vilas, Eduardo Pondal, Manuel Curros Enríquez e Ramón Otero Pedrayo.

Villanueva Gesteira, María Dolores, “200 números para a historia”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º. *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 200, outubro, novembro e decembro 2013, “50 anos de *Grial*”, pp. 31-39.

Co gallo do cincuenta aniversario da revista *Grial*, faise un repaso pola creación e historia do proxecto. Proporcionáanse algunhas pinceladas sobre a actividade editorial durante a época franquista e contextualízase o nacemento dos *Cadernos Grial* como proxecto de publicación periódica da Editorial Galaxia, fundada en 1950. Destácase a súa prohibición despois do cuarto número. Faise referencia ao primeiro caderno, que levaba por título “Siñificado metafísico da saudade (Notas para unha filosofía galaico-portuguesa)”. Relátanse os trámites legais para conseguir a autorización, levados a cabo por Ben-Cho-Sey, Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego despois da prohibición dos *Cadernos* en 1952. No ano 1963, reapareceu *Grial*, co engadido subtítulo de *Revista Galega de Cultura*. Explicase que o modelo da revista era a *Revista de Occidente*, coa que coincide no seu formato sinxelo e a súa distribución. Descríbese o primeiro número, que na sección de creación acollía o texto teatral de Ricardo Carballo Calero *Farsa das zocas*. Por último, faise un repaso das seccións da revista e dos cambios de deseño e de equipo editorial que sufriu ao longo do tempo.

Villar, Miro, “Ler os nosos clásicos”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 101-102.

Descríbese o contido dos libros publicados na colección “Clásicos” de Galaxia *Vida e obra de Francisco Añón. Antoloxía poética* (2012), a cargo de Ramón Blanco, e *Vida e obra de Manuel Leiras Pulpeiro. Antoloxía poética* (2012), responsabilidade de Xurxo Martínez González e Armando Requeixo. Saliéntase a consideración das obras destes autores como clásicos da Literatura galega. Indícase que os libros inclúen un limiar que

contextualiza e ofrece propostas de lectura da produción poética recollida. Sinálanse os principais datos que inclúen as antoloxías sobre a vida e a obra dos autores.

Villar, Miro, “Un retrato lonxe da haxiografía”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 109-111.

Descríbese o contido da obra *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* (Xerais, 2012), de Ramón Nicolás. Sinálase que constitúe unha tentativa parcial de biografía novelada estruturada en bloques cronolóxicos centrados nos planos vital, literario e político. Indícase que a obra está integrada por unha serie de prosas baseadas en datos reais que converten en ficción os aspectos máis relevantes da personalidade do poeta. Ofrecense os eixes temáticos dos capítulos que integran a obra, titulados “Sete de sete”, “Celanova”, “O neno louro, entre a Callariba e Acevedo do Río”, “Era tempo de grandes esperanzas” (no que se salienta a obra *Cartafol de poesía*), “Destrución”, “Atila en Galiza”, “Pontevedra”, “Vigo” (no que se destacan as obras *O soño sulagado* e *Longa Noite de Pedra*), “Unha terra para vivir. O banquete do Hotel Roma”, “Vésperas”, “No Santa María”, “Caracas” (no que se salientan as obras *Viaxe ao país dos ananos* e *A fronteira infinda*), “Madrid. Supervivencia dun naufrago” (no que se destaca a obra *Onde o mundo se chama Celanova*), “San Breixo”, “As amizades”, “Non omnis moriar”, “Epílogo” e “Apéndice fotográfico e documental”.

Villares, Ramón, “Benxamín Casal”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O rego da cultura”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 12-13.

Con motivo do pasamento de Benxamín Casal ofrécese un breve percorrido pola súa biografía persoal, académica e política, salientando as súas facetas de agrónomo e economista, da que xorde o seu ensaio *A Galicia campesina* (1984). Apúntase que formou parte da dirección de obras colectivas coma a edición en lingua galega dos corenta volumes da *Gran Enciclopedia Galega* e que participou na xestión e dirección de diversas entidades vinculadas co grupo editorial Galaxia.

Viveiro Mogo, Prudencio, “Transición ou transformación?”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, pp. 103-104.

Faise unha recensión da obra *Franquismo seródio e transiçom democrática na Galiza (1960-1981)* (Laiovento, 2012), de Carlos F. Velasco Souto. Esta obra, que se considera unha “completa síntese” do proceso da Transición en Galicia, encádrase na liña de traballos que se cuestionan o carácter ideal do proceso. Sinálanse as dúas partes do libro, unha análise da derradeira parte do franquismo, na que se achan as chaves do avance cara á democracia, e unha análise da Transición en Galicia, para pasar a facer un breve resumo argumental.

Z. V. e F. F., “Diálogo entre culturas en Allariz”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O rego da cultura”, xullo, agosto e setembro 2013, p. 11.

Dáse conta da celebración das xornadas “Diálogo entre culturas” organizadas pola Fundación Vicente Risco en Allariz. Apúntase a temática da conferencia anterior dedicada ás conexións entre Galicia e Cataluña. Sínálase que en 2013 tivo lugar o “Diálogo entre culturas Galiza-Scotland”, que se inaugurou cunha exposición de fotografías, seguida das conferencias “Galicia e Escocia: similitudes culturais, artísticas e lingüísticas”, na que se destacaron as semellanzas culturais entre ambas desde os asentamentos celtas, e “A lingua, a literatura e a cultura galegas no sistema educativo universitario escocés”, na que se puxo de manifesto o interese dos escoceses polo galego. Destácase a importancia da cultura galega no eido da investigación universitaria en Escocia. Apúntase que tamén tivo lugar a proxección do documental *O legado celta en Galicia*, sobre os vínculos celtas entre Galicia e outras rexións atlánticas, que pechou o acto.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Alonso Montero, Xesús, “Cen anos de Eduardo Jorge Bosco”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 543, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 26 outubro 2013, p. 11.

Con motivo do primeiro centenario do nacemento de Eduardo Jorge Bosco faise un percorrido pola súa vida e obra. Dáse conta dalgúns dos seus títulos publicados, entre os que se destacan os de temática gauchesca. Fálase do seu matrimonio coa arousá Pepita Sabor, grazas a quen, supostamente, aprendeu o idioma galego e foi quen de escribir oito poemas nesta lingua en 1939. Coméntase que Bosco tratou a Lorca en Bos Aires; admirador da súa obra e coñecedor dos *Seis poemas galegos*, puido servir de aliciente para a súa incursión poética en galego. Conclúese o artigo co desexo de saber se a obra de Eduardo José Bosco sería reeditada e estudada na Arxentina no ano do seu centenario.

Alonso Montero, Xesús, “Homenaxe a un libro de Fernández del Riego”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 547, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 23 novembro 2013, p. 10.

Homenaxéase a Francisco Fernández del Riego no primeiro centenario do seu nacemento e sinálase a escaseza de efemérides a un persoeiro tan relevante para a Literatura galega. Destácase a importancia do seu libro *Historia de la literatura gallega* publicado por Galaxia en 1951, un dos primeiros que publicou a editorial ao ser creada, que apostou pola lingua galega como lingua de cultura. Apúntase que foi o primeiro manual que abordou o período da historia da Literatura galega entre o século XIII e o XX como un acontecer cultural formulado en idioma galego. Explicase que os motivos da publicación do libro en castelán foron as esixencias da censura franquista. Infórmase de que no Arquivo Fernández del Riego hai dous mecanoscritos titulados *Historia da Literatura galega*, de xaneiro de 1947, onde figura unha nota de Fernández del Riego na que indica que ese foi o texto que serviu para a primeira edición do manual traducido ao castelán.

Ameixeiras, Diego, “O equilibrio dos extremos”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 545, “Letras en galego”, 9 novembro 2013, p. 8.

Faise unha revisión pola traxectoria da escritora e tradutora Xela Arias (Lugo, 1962-Vigo, 2003), cando se cumpre unha década da súa morte. Defínese como melancólica e algo fráxil, cunha voz singular e independente, que deixou plasmada en catro libros. Lémbrase que estaba a preparar con Fernando Abreu o espectáculo *Vencerse é cousa de se tratar* cando se produciu o seu pasamento. Tamén se alude ao seu labor de tradutora de James Joyce e Bram Stoker, ademais de recordar que formou parte do equipo de Xerais como editora e correctora de estilo até 1996, ano en que pasou á docencia.

Anúnciase que a profesora María Xesús Nogueira está a traballar na agardada edición da súa poesía completa.

Araguas, Vicente, “Furacán García”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 30/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 758, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 758, p. 30, “máis Libros”, 6 xaneiro 2014.

Destácase a figura de Xosé Lois García (Lugo, 1945), un escritor residente en Barcelona que segue activo nas letras de nós. Sinálase que as súas últimas obras son *Tedempo* (2012) e *No vértice dos cervos* (2012) e que ambas as obras contan con ilustracións de Héitor Picallo. Dise que *Tedempo* é un libro no que podemos revisitara realidade vital, mentres que en *No vértice dos cervos* percibimos un contido máis ambicioso, condicionado por unha poesía escorada ao narrativo.

Araguas, Vicente, “Voltar de andaravías”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 20/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 759, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 759, p. 30, “máis Libros”, 13 xaneiro 2014.

Lóase a figura de Medos Romero que vén de publicar *A ansia do lóstrego* (2012) que raia o sentimento lírico e a radicalidade épica. Explicase que cobran gran protagonismo as ilustracións nun libro con tinturas pedagóxicas, logra achegarse ás súas orixes e globaliza o discurso até fundir a contorna “con esa marcha continua dos que se negan a ser papados por eses amos de rostro invisible”.

Araguas, Vicente, “Entrevistas ao día”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 760, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 760, p. 30, “máis Libros”, 20 xaneiro 2014.

Fálase do libro *Ferroláns de seu* (2012), de Nicolás Vidal e José Gómez Fandiño, que amosa entrevistas con corenta e tres ferroláns ou personalidades moi achegadas a Ferrol, polo que conta coa presenza de Carlos Castilla, María Manuela, Medos Romero, Eva Veiga, Manuela Santalla, Lola Beccaria ou Mabel Rivera. Un volume que se cualifica como ameno e rigoroso e que consegue abrirse a todas as disciplinas.

Araguas, Vicente, “Almanaque zaragozano”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 761, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 761, p. 30, “máis Libros”, 27 xaneiro 2014.

Araguas fala de *Interior con froiteiro e feridas* (2012), de Manuel Pereira Valcárcel, poeta estradense e residente en Madrid. Sinala que esta obra conta cunha poesía espida, aberta e entregada. Pereira poetiza os momentos máis duros da súa infancia, mais tamén aqueles que conformaron a súa personalidade. O estilo depurado e coidado, o afastamento das situacións extremas e os esbozos suaves son outras das características que posúe este poemario intimista.

Araguas, Vicente, “Pasan moitas cousas”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 763, p. 30, “máis Libros”, 10 febreiro 2013.

Fálase da novela *A forma das nubes* (2012), escrita por María López Sánchez, publicada por Galaxia en 2012 e galardoada co Premio de Narrativa Breve Repsol. Explica que é unha obra breve, na que se combinan técnicas e maneiras para construír unha historia protagonizada por unha muller que se reinventa a partir do desamor. Sinala tamén que son continuas as evocacións á adolescencia e á infancia da personaxe principal, que nos levan a ser partícipes dun percorrido vital onde impera a autodestrución.

Araguas, Vicente, “Polo labirinto adiante”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 766, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 766, p. 30, “máis Libros”, 3 marzo 2013.

Trátase a obra *O labirinto da saudade* (2012), do profesor de Filosofía Moral da USC Luís Soto. Fálase da nostalxia do autor na infancia, da que lembra as paisaxes e as experiencias da mocidade. Explica que cobran grande importancia a cultura galega e a portuguesa, que van entrando aos poucos nas vivencias de Soto, e que no libro se ven reflectidas as figuras de Carolina Michaëlis de Vasconcelos, Ricardo Carballo Calero e Rosalía de Castro.

Araguas, Vicente, “Unha fervenza sentimental”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 767, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 767, p. 30, “máis Libros”, 10 marzo 2013.

Descríbese a Marta Dacosta como a unha poeta espida, que amosa diferentes cuestións familiares e pegadas do que denomina “memoria histórica”. Subliña a linguaxe de contención e mesura nunha obra que se achegaá loita feminista, como é o poemario *Acuática alma* (2011).

Araguas, Vicente, “Luz Pichel, poesía multilingüe”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 20 / *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 769, p. 30 / *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 769, “máis Libros”, p. 30, 24 marzo 2013.

Gábase a poética de Luz Pichel e reclámase un maior recoñecemento da súa relevancia nas letras galegas contemporáneas, á par que se afirma que a “radicalidade da proposta” de empregar o castrapo neste poemario, *Cativa en su lughar/Casa pechada*, pode ser unha causa da que non se chegue a producir tal recoñecemento.

Araguas, Vicente, “Escribir haikus como quen bota un quiqui”, *Diario de Ferrol*, “Nordesia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 773, “máis Libros”, 21 abril 2013, p. 30.

Informa que esta obra de Elvira Riveiro, *Carnia haikai* (2012) recibiu o VI Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas e detense nas composicións xaponesas haiku, que reflicten sensualidade, erotismo, paixón e musicalidade a partes iguais.

Araguas, Vicente, “Como se fose un dietario”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 774, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 774, p. 30, “máis Libros”, 28 abril 2013.

Fala das peripecias do autor no Brasil, país ao que se mudou entre os anos 2006 e 2009 e que deu pé a este *Brasil no centro* (2011), de Xavier Rodríguez Baixeras. Escribe apuntamentos de axenda, anotacións de dietario, xantares, música, viaxes etc. En verbas de Araguas, o libro conta cunha “prosa desatada pero racionalísima”.

Araguas, Vicente, “Dominio da brevidade”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 775, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 775, p. 30, “máis Libros”, 5 maio 2013.

Fálase do último libro de Ricardo Martínez, *Música antiga* (2012), publicado na editora Follas Novas. Araguas contrástao cos volumes de Elvira Riveiro onde están presentes os haikus, composicións tamén presentes na obra de Martínez. No libro, o poeta atópase coa natureza convencional, mais tamén a que xorde no sentimento namorado ou a que se reinventa nas partes do día viaxando cara á noite.

Araguas, Vicente, “Aquilo era un premio”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 777, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 777, p. 30, “máis Libros”, 19 maio 2013.

Destaca as dificultades existentes no pasado á hora de publicar no país e na lingua propia e critica a non existencia pretérita de premios literarios, grande eiva para a innovación literaria. Salienta a figura de José Trebolle Díaz, quen do seu peto orzaba un premio de poesía chamado “Marina”, feito que deu orixe á publicación do libro *Premios Marina (1958-1969)* (2001), editado pola Deputación Provincial de Ourense. Trátase da edición facsimilar dos libros que obtiveron o galardón. Entre eles, destacan as figuras de Antón Tovar ou Aquilino Iglesia Alvariño, premiado por *Lanza de soledá*.

Araguas, Vicente, “Unha novela diferente”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 26/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 778, p. 30, “máis Libros”, 26 maio 2013.

Fala do estilo coidado da historia dun enfermo que debe pasar a súa vida nun hospital galego, polo que agocha a un ser humano da ollada do exterior. Aos poucos, o enfermo irá facendo unha serie de descubertas que mudarán a súa vida. Considera que esta obra de Xosé Monteagudo, titulada *O curioso mundo das persoas normais* (2012), aseméllase aos relatos máis desacougantes de Edgar Allan Poe.

Araguas, Vicente, “Tempo universal coordinado”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 779, p. 34/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 779, p. 30, “máis Libros”, 2 xuño 2013.

Breve comentario de *Hora zulú* (2012), a novela de Santiago Lopo publicada por Galaxia e galardoada co XXIV Premio Manuel García Barros de Novela. Explicase que Lopo achega unha historia que lembra, moi na distancia, á máxica *Rayuela* de Cortázar. Destaca do libro as historias de amor, a presenza da soidade e mesmo da comicidade, nunha obra que considera un caixón de xastre, xa que as historias van acontecendo simultaneamente.

Araguas, Vicente, “Como en Irlanda”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “máisLibros”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 785, “máisLibros”, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 785, p. 30, 14 xullo 2013.

Comeza recoñecendo a súa admiración por Plácido Castro, antes de centrarse n’*Un galego en Irlanda* (2013) e no folleto que o acompaña, “101 Máximas e Reflexións de Plácido Castro”. Explica que neste libro se recolle a viaxe a Irlanda de Plácido Castro en 1928, viaxe que plasmara de forma literaria de agosto a setembro dese ano en artigos publicados en *El Pueblo Gallego*. Precisa que no opúsculo se reproducen fotografías en branco e negro tomadas polo propio Plácido Castro e que a Vicente Araguas lle lembran o documental “Man of Aran”, de Robert Flaherty, porque rexistran “persoas isleiras, de illas” onde “mellor fican salvados idiomas e costumes”. Salienta, respecto ás illas de Blasket, que “Plácido Castro, outro que soñaba cos ollos abertos e a pluma (a cámara fotográfica) na man deu conta dese universo que se esvaía” e que o fixo “cos ollos e a mente de hoxe, cheos de saudade por todo aquilo que se foi perdendo”.

Araguas, Vicente, “Apple to de core”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, n.º 790, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 790, “máis Libros”, p. 30, 18 agosto 2013.

Insírese a obra *Ata o corazón da mazá* (Espiral Maior, 2013), de Marisol Gándara no espazo creador da “caste de poesía rachada ou rompedora” feita por mulleres tales como Rosalía de Castro, Xohana Torres, Xela Arias ou Chus Pato. Destácase a dureza poética do libro, o ton agre, que a autora concibe o exercicio poético como un “aliviadeiro de tensións” e o uso “libérrimo moitas veces arraiano na prosa poética” do verso.

Araguas, Vicente, “Filografías”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 800/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 800, “máis Libros”, 27 outubro 2013, p. 30.

Sinala que *Esferografías* é unha escolma poética de nove autores nados en Galicia publicada por Lastrura, proxecto editorial cunha vieira como logo e que atende á fermosura dos libros que ofrece ao público. Informa de que o editor, Xavier Frías, elixiu nove poetas que “fan por manter aceso o facho da lingua galega”. Indica que os autores, que escriben en galego, en castelán ou en castrapo, son Verónica Martínez, Manuel Pereira Valcárcel, Rafa Yáñez, Begoña Regueiro, Luís Luna, Luz Pichel, Yolanda López, o propio Xavier Frías e Vicente Araguas. Este último, que asina a recensión, fai saber que o destinatario dunha das súas composicións, “Un blues de Bragança” é o tamén poeta Manuel Patinha.

Araguas, Vicente, “Poesía ferida e ferinte”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 807, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 807, p. 30, “Más libros”, 15 decembro 2013.

Fálase da produción de Verónica Martínez con motivo da recompilación da súa obra nun volume bilingüe prologado por Luís Luna que se titula *Obra reunida, 1994-2008*, publicado por Ediciones Amargord (Madrid). Coméntase a temática do libro e a obra da poeta. A edición descríbese como coidada e economicamente expresiva, así como manexable.

Araguas, Vicente, “Os fillos de Lastura”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 809, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 809, p. 30, “Más libros”, 29 decembro 2013.

Fálase dos últimos catro libros de poesía publicados pola editora Lastura na súa Colección “O Roiben”, entre os que se sitúa *Axóuxeres de melancolía* (2013), de Rafa Yáñez.

Bernárdez, Carlos L., “Na xeira de Nova”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 478, “Arte/ Exposicións”, 21 novembro 2013, p. III.

Infórmase de que a Fundación Luís Seoane presenta unha mostra centrada no labor do artista como editor no seu exilio na Arxentina. Explicase que a exposición, comisariada pola profesora da Universidade da Coruña María Antonia Pérez Rodríguez, atende aos libros de Nova, unha das empresas editoriais que Seoane puxo en marcha nos anos corenta. Anótanse algúns dos trazos estilísticos da obra que o artista traballa neste período: iniciais influencias picassianas, unha constante evocación da terra deixada alén mar, o universo feminino e a influencia das vangardas históricas e da realidade cultural americana sempre en diálogo coa tradición.

Blanco Casás, Laura, “A través da Historia”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 461, “Libros”, 6 xuño 2013, p. VII/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 414, “Letras galegas”, 15 xuño 2013, p. 10.

Comenta *Viaxe a Lánsbrica* (2012), de Mosquera Panas, na cal podemos ver un percorrido pola historia de Galicia desde os seus inicios. Dise que esta novela de ficción histórica intenta dar a coñecer a todos os públicos os acontecementos vividos no pasado da terra, tendo de fondo unha evidente intención didáctica. Así mesmo tamén se indica que trata elementos claves da nosa historia, como a invasión romana ou as revoltas irmandiñas.

Blanco Casás, Laura, “Mundo perturbador”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 475, “Libros”, 31 outubro de 2013, p. VI.

Preséntase a tradución publicada por Urco Editoria do poemario *Fungos de Yuggoth* (2011), do americano Lovecraft, un dos autores máis destacados no ámbito da literatura

de terror. Explicase a estrutura do libro, a trama e a temática: trinta e seis sonetos que conteñen visións horripilantes de mundos desapracíbeis, criaturas estrañas e cadáveres mutilados.

Castro Soliño, Dorinda, “Anticipacións de London”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 483, “Libros”, 19 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 434, “Letras galegas”, 28 decembro 2013, p. 10.

Infórmase da publicación da tradución de *The Iron Heel*, a novela que Jack London aparecida en 1908 e que, baixo o título de *O talón de ferro* (2012), presenta Urco Editora na súa sección de ciencia-ficción. Apúntase como Tuula Ahola verte ao galego esta novela de anticipación social na que se describen os acontecementos que deron lugar á chegada dos fascismos. Explicase a trama da novela : o relato autobiográfico da personaxe presenta ao lectorado os aconteceres vividos entre 1912 e 1932 en América e no mundo coa instauración da plutocracia, que constituída polos oligarcas, chegou a controlar a sociedade no eido político, económico e social.

Dopico, Montse, “Novas voces na dramaturxia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 443, “Reportaxe”, 31 xaneiro 2013, p. VII.

Achégase unha pequena crónica da escena galega actual, na que se salientan as dificultades polas que pasaron as artes escénicas galegas no ano 2012, onde os recortes orzamentarios e as mudanzas de prioridades políticas foron o denominador común. Infórmase de que malia todo iso, varios autores do país foron galardoados pola publicación de diferentes obras, como é o caso de Rubén Ruibal, Marcos Abalde ou Fernando Epelde e de que a pesar dos atrancos que sofre o teatro galego, están xurdindo novas voces dunha considerábel calidade, encabezadas por Olivia Pena ou Roi Vidal, que achegan un enfoque distinto ao dado polas distintas xeracións anteriores, como a de Abrente ou as figuras de Manuel Lourenzo, Millán Picouto ou Manuel Guede. Por último, destácase a participación das mulleres dentro da dramaturxia do país, con voces tan interesantes como Teresa Moure, Xohana Torres ou Paula Carballeira.

Dopico, Montse, “Cantares e follas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 447, “Reportaxe”, 28 febreiro 2013, p. VII.

Comeza informando da realización do congreso “Rosalía no século XXI. Unha nova ollada”, que enlaza co anterior simposio sobre a padronesa, celebrado trinta anos atrás. Amósanse as novas achegas sobre a figura da poeta, entre as que se sitúa a das profesoras Helena González e María do Cebreiro *Canon y subversión* (2012), que afonda na análise de novelas como *El caballero de las botas azules*. Amais, coméntanse as teorías que a encadran como unha autora romántica, anticapitalista, feminista ou rexionalista. A reinterpretación da obra rosaliana tamén serviu para obter unha visión máis completa de *Cantares gallegos* (1863), da cal se salienta a finura retórica e se lle dá menos importancia ao valor folclórico, podendo así superar a visión costumista da obra. Por último, destacan as peticións de Anxo Angueira, escritor e presidente da Fundación Rosalía, nas que reclama a elaboración dunha edición anotada e comentada de toda a obra rosaliana.

Dopico, Montse, “Na cerna do labirinto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 450, “Reportaxe”, 21 marzo 2013, p. VII.

Fálase d’*O labirinto da saudade* (2012), de Luís G. Soto, libro co que gañou o premio Ricardo Carvalho Calero. Saudade podería definirse como converter a dor en desexo, transformar algo negativo en positivo. Dise que a obra mestura a análise dalgúns dos principais autores que trataron a saudade coa visión propia de Soto, condicionada polas súas vivencias persoais, e que foi concibida pensando en como lle explicaría o tema da saudade a un público interesado. Explicase tamén que na obra se ve como se establece un diálogo con varios autores portugueses, como Paulo Borges ou Teixeira de Pascoaes. Por último, dáse conta das diferenzas entre a morriña galega e a saudade lusa. Considera que no primeiro caso o sufrimento impera sobre a idea de vencer esa dor.

Dopico, Montse, “Feridas abertas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 451, “Reportaxe”, 28 marzo 2013, p. IV.

Faise un repaso das novelas cuxa trama fala da Guerra Civil e de como a violencia destrúe as sociedades. Comeza con *A vitoria do perdedor*, de Carlos Reigosa, novela protagonizada por un anarquista que se mergulla nunha historia de vinganzas. Do mesmo autor son *Fuxidos de sona* ou *O regreso dos maquis*, que falan das consecuencias do golpe de 1936. Do autor Hixinio Puentes salienta *Winnipeg* (2013), cuxa trama mestura as ditaduras chilena e española. Segundo a profesora e crítica Dolores Vilavedra, a temática sobre a Guerra Civil incorporouse nas nosas letras grazas a tres exiliados: Ramón de Valenzuela *Non agardei por ninguén* (1957), Silvio Santiago con *O silencio redimido* e Antón Alonso Ríos, autor de *O señor Afranio*. Rematada a guerra e coa censura presente, xorden títulos como *Terra coutada*, de Antonio Fernández Pérez ou *O cego de Pumardedón*, da autoría de Francisco Fernández del Riego. Sinálase que se deu un paso adiante afastándose do memorialismo con obras como *Os mortos daquel verán*, de Carlos Casares, ou *Visperas de Claudia*, de Manuel Guede. Despois virían obras de autores como Manuel Rivas, Suso de Toro, Anxo Angueira ou Antón Riveiro Coello. En palabras da crítica, o discurso literario sobre a guerra acada a súa madurez cando os protagonistas deixan de pertencer, por norma, ao bando dos vencidos.

Dopico, Montse, “Novas voces na dramaturxia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 455, “Vicente Risco: 50 anos”, 25 abril 2013, p. II.

Achégase unha análise da vida e obra de Vicente Risco con motivo do seu 50 cabodano do ourensán, que foi o introdutor das vangardas en Galicia e impulsor da Xeración Nós. Risco, en palabras do profesor Anxo Tarrío, imprimiulle un impulso cara á modernidade á narrativa galega. Anúnciase que a fundación que leva o seu nome ten previsto realizar un ciclo de conferencias e reedicións da escolma de artigos e do volume de entrevistas co seu fillo. Tamén se ten en conta a controversia sobre a tendencia política de Risco, xa que del se afirmaba que era tradicionalista. Explicase que a actitude do intelectual foi a de non resignarse ante o modelo político clasista que marxina a maior parte da poboación e que hai que ter en conta que o seu pensamento foi evolucionando. Por

último, reflíctense as tres etapas na evolución das ideas políticas de Risco, sendo a primeira de populismo elitista pero con acentos modernos, unha segunda que constituiría unha breve paréntese liberal e unha terceira na que se decanta pola extrema dereita.

Dopico, Montse, “Libros na encrucillada”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Reportaxe”, n.º 456, 2 maio 2013, p. IV.

Coincidindo coa celebración do día do libro infórmase das dificultades que atravesas o sector editorial galego, cunha redución na edición de libros que se traduce en perdas económicas, segundo aseguran o Comercio Interior do Libro en Galicia ou a Asociación Galega de Editores.

Dopico, Montse, “Versos en vivo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Reportaxe”, n.º 460, 30 maio 2013, p. VII.

Dáse conta da actualidade que viven os recitais poéticos en Galicia, que contan cun pequeno formato, o que se considera como unha posíbel vantaxe para a súa supervivencia. Refírense algúns destes recitais como o *Picaversos* en Compostela, o *Círculo Poético Aberto* en Vigo, o *Poetas Di(n)versos* na Coruña ou o nómade *Poetas da Hostia*.

Dopico, Montse, “Libros para un mundo global”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 462, “Reportaxe”, 13 xuño 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 414, “En galego”, 15 xuño 2013, p. 11.

Infórmase sobre a actualidade da tradución editorial galega, sinalando que este tema é analizado na monografía *Traducción de una cultura emergente, La literatura gallega contemporánea en el exterior*. Fálase tamén dos proxectos empresariais dalgunhas editoriais galegas.

Dopico, Montse, “A escena na encrucillada”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 466, “Reportaxe”, 11 xullo 2013, p. VII.

Fálase sobre a situación actual do teatro galego debido aos recortes nas axudas e nos orzamentos e coméntanse algunhas propostas para conseguir a mellora do sector.

Dopico, Montse, “Cantarte hei”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 473, “Reportaxe”, 17 outubro 2013, p. VIII.

Fala das achegas musicais baseadas nos versos de Rosalía de Castro, dos compositores Narf e Najla. Afonda en como ditas composicións axudan a construír un retrato máis profundo da poeta galega de referencia.

García, MV, “Do inexorable... E do medo á liberdade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 476, “Teatro”, 7 novembro 2013, p. 8.

Dá conta da saída do prelo da peza de Raúl Dans, *Unha corrente salvaxe* (2013), no volume número 75 da *Revista Galega de Teatro*. Menciona en primeiro lugar o ensaio de Kant, *Que é a Ilustración?* (1784), e o volume de Terry Eagleton *Doce violencia* (2011), para introducir o concepto de traxedia, que salienta despois como xénero no que se insire a presente peza. Indica asemade a presenza da temática trágica noutros traballos do escritor coma *Matalobos* (1993) ou *Estrema derrota* (1999), e series da TVG nas que colabora como guionista, coma *Terra de Miranda* ou *As leis de Celavella*. Doutra banda, destaca seu texto *Derrota* (1997), merecente do premio Born e posto en escena por Argos Teatro en 2011, así como a semellanza entre esta nova peza e as de Eugene O’Neill, *Á Electra acáelle o loito* (2009), traducida ao galego por Laura Sáez Fernández, e *Desire under the elms* (1924). Remata cunha referencia ao Premio Born de Teatro 2012 que Dans acadou grazas á presente peza. Nun epígrafe á parte intitulado “Polo salvaxe” describe o fío argumental e a trama desta peza.

García, Rodri, “Inconformista e descrido”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 504, “En portada”, 2 febreiro, pp. 2-3.

Fálase do último número de *Cadernos Ramón Piñeiro* (2012), volume que conta cun prólogo de Xosé Ramón Fandiño e recolle trinta e un artigos de Isaac Díaz Pardo, onde o intelectual vai construíndo a súa autobiografía. No número fálase da infancia, da Guerra Civil, do asasinato do seu pai e das lembranzas de compañeiros e amigos como Daniel R. Castelao, Rafael Dieste ou Luís Seoane. O artigo recolle declaracións de Tino Fraga, Xavier Seoane e do propio Díaz Pardo, nas que se tratan diferentes vivencias e se achegan datos sobre o seu percorrer literario.

Gestoso Álvarez, Maruxa, “Recuperar a luz”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 443, “Libros”, 31 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 396, “Letras galegas”, 2 febreiro 2013, p. 6.

Fala d’*Un canto e unha luz na noite* (2012), volume coordinado por Ricardo Gurriarán, que leva ao lector sesenta anos atrás, nun contexto onde a censura asestaba golpes mortais a calquera iniciativa que propuxera a defensa da identidade cultural. Explicase que nesa situación xurdiron a Editorial Galaxia e diferentes asociacións entre, as que destaca O Galo ou O Facho, organizacións que traballaron a prol da lingua e do país.

González Couso, David, “Esculturas de luz e tempo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 542, “Letras en galego”, 10 outubro 2013, p. 8.

Fálase, a propósito do pasamento de Xoán Fuentes do seu traballo de tradución practicamente inédito, unha figura que se reivindica como humanista da cultura galega. Saliéntanse as súas traducións ao galego de clásicos coma Virxilio e autores contemporáneos coma Sartre. Destácase a súa preocupación por focalizar os seus traballos en eidos practicamente ermos en lingua galega como a Música ou a Filosofía.

González Tosar, Luís, “Escéptico, leal e fantasioso”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 548, “Letras en galego”, “Retrato en sepia”, 30 novembro 2013, p. 8.

Homenaxéase a Antón Martínez-Risco Fernández con motivo do aniversario do seu pasamento. Valórase a súa traxectoria profesional no mundo académico no estranxeiro e recoméndase a lectura de dous libros ao lectorado interesado no fantástico-marabilloso: *Literatura y fantasía* e *Antoloxía da literatura fantástica en lingua galega*. Destácanse como trazos fundamentais das obras a imaxinación e o pensamento de noso, a proxección no Alén, en particular o mundo de ultratumba mesturado co humor, as relacións entre os mortos e os vivos, o culto aos santos con eco de remotos politeísmos, mitos do celtismo e Materia de Bretaña. Ponse en valor a súa figura de intelectual exiliado que moito fixo por Galicia e que reivindicou sen complexos a figura do seu pai, Vicente Risco.

Grandín, Tere, “Na casa do poeta”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 467, “Museos”, 5 setembro 2013, p. IV.

Preséntase a Casa-Museo Ramón Cabanillas: descríbese a súa estrutura arquitectónica, así como o legado do poeta que se conserva. Conclúese cun percorrido pola traxectoria vital e literaria de Cabanillas, tanto en Galicia coma en Cuba: os faladoiros nos cafés coa inmigración galega dos primeiros anos do século XX e a publicación dos seus primeiros poemarios, vinculados ao movemento agrario; a volta a Vilagarcía e as publicacións máis combativas, na liña reivindicativa do agrarismo galego e das Irmandades da Fala; e o seu ingreso na Real Academia Galega e na Real Academia Española nos anos vinte.

Jaureguizar, “Terramare”, *El Progreso*, “deVerano”, “Culturetadas”, 12 agosto 2013, p. 35.

Fálase de *Montedidio* (2006), unha obra editada por Rinoceronte que ten como protagonista a un adolescente napolitano que vive na época de posguerra mundial. Dise que na obra se reflicte o drama e a traxedia que provocou a guerra no seu barrio, onde as persoas que viven alí teñen interiorizado que forman unha sociedade distinta desa que hai a tan só unhas rúas de distancia, lugar ao que nunca van porque falan italiano e ninguén os vai respectar. A partir de aí, vanse contraponendo os idiomas italiano e napolitano, salientando as súas diferenzas.

Lamas, Jorge, “A morriña galega, un mito nacido no XIX”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, 13 novembro 2013, p. 30.

Apunta que *Galicia, a sentimental nation* (2013) “traza a historia cultural e política dos estereotipos sentimentais da identidade galega” e que “foran planificados polo Estado español para frear un nacionalismo que proclamaba a idea de Galicia como un pobo belixerante e fero, que tiña un instinto de independencia”. Recolle que a autora refire que isto tivo como efecto “desmobilizar politicamente a unha corrente que tiña a vontade de acabar con séculos de sometemento”, que mesmo se difundiu unha “visión

chorosa e lacrimóxena' de Rosalía de Castro" e que as Irmandades da Fala pularon por facer desaparecer ese estereotipo. Remata comentando que durante a ditadura franquista se volveu a el por "pura supervivencia" e que esta idea a herdou a Galicia actual.

López Silva, Xosé Antonio, "A incursión narrativa de Julian Barnes", *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 764, "Doutra volta", 17 febreiro 2013, p. 29.

Coméntase que Rinoceronte vén de publicar en galego a obra *O sentido dun final* (2011), de Julian Barnes. Dise que a novela ten como protagonista a Anthony Webster, un profesor xubilado que asiste ao desvelamento dun doloroso episodio de mocidade, condicionado polo paso do tempo e a falsidade das lembranzas. Explica que o texto vai presentando sucesivos interrogantes arredor da existencia, mentres o lector vai asistindo a un espectáculo narrativo de certa confusión, o cal logrará que unha historia relativamente breve acade unha densidade complexa e dificultosa. Por último, sinala que a tradución de Xesús Fraga ofrece un marabilloso achegamento a unha das voces máis consolidadas da narrativa británica.

López Silva, Xosé Antonio, "Novo traballo da que fora premio de ensaio R. Piñeiro", *Diario de Ferrol*, "Nordesía", n.º 766, "Viaxe Inconstante", 3 marzo 2013, p. 29.

Fálase da obra vencedora do Premio de Narrativa Breve Repsol, *A forma das nubes* (2012), de María López Sánchez, editada por Galaxia. Dise que esta novela curta narra as relacións dunha muller co seu pasado e co seu presente, onde o desamor é un elemento nuclear. Saliéntase que se prescinde de elementos contextuais cotiáns, como o espazo o tempo ou incluso o nome dos personaxes principais, o cal achega á obra dunha enorme forza suxestiva. Tamén sinala que a trama avanza a través da revelación de cuestións íntimas, onde ademais do desamor, tamén terán presenza a maternidade ou as relacións perturbadoras. Por último, *A forma das nubes* clasifícase como un discurso de gran riqueza intertextual e de lectura fluída.

M. S., "Rivas ou Rexina Vega", *La Voz de Galicia*, "Culturas", n.º 524, 29 xuño 2013, p. 9.

Preséntanse, a modo de dilema de verán, dúas novelas a un tempo. Por unha banda, *Dark Butterfly* (2012), de Rexina Vega, considerada excelente na andamiaxe, arriscada e intelixente, por máis que pasase inadvertida nos premios da AELG. Por outra banda, p xornalista semella inclinarse máis cara a un libro de memorias de infancia e xuventude que gañou altura de novela, *As voces baixas* (2012), de Manuel Rivas.

Marante, Antía, "Da necesidade da poesía", *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, "O espello das letras", xullo, agosto e setembro 2013, pp. 88-89.

Coméntanse as obras *Ata o corazón da mazá*, de Marisol Gándara, gañadora do XXV Premio Nacional de Poesía Xosemaría Pérez Parallé, e *Abecedario póstumo*, de Cristina Ferreiro Real, gañadora do XII Premio de Poesía Fiz Vergara Vilariño. Destácase que a primeira é un poemario, cun total de once composicións, que xorde da homenaxe e do

diálogo coa poeta Eva Veiga e que se concibe coma un proceso de aprendizaxe. Apúntase que os versos apelan a rachar as convencións para avanzar cara á contemplación do esencial da realidade. Saliéntase que o segundo poemario se sitúa nos límites dunha casa dende onde se contempla o mundo en decadencia, constituíndo un diario da inacción a través do illamento do eu poético interior.

Martínez Bouzas, Francisco, “Mr. Gwyn”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 18 xaneiro 2013, p. 42.

Coméntase brevemente a novela *Mr. Gwyn* (2012) do escritor italiano Alessandro Barico, subliñando que é un dos mellores estilistas actuais, ocupado nun “thriller poético” metaliterario, sobre o oficio de escribir.

Martínez Bouzas, Francisco, “Novelistas novelados”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 443, 31 xaneiro 2013, p. IV.

Revisase o proceder cinematográfico no que á adaptación de textos literarios se refire e sinálase que, polo xeral, os escritores se converten en personaxes protagónicos, pero esta tendencia pode ramificarse entre a novelación dun escritor ficticio, como en *A noite do oráculo*, de Paul Auster; *O animal moribundo*, de Philip Roth; *Ravelstein*, de Saul Bellow, a narrativa de X. C. Caneiro...; e a novelación de escritores reais, como en *O mestre de Pertersburgo*, de J. M. Coetzee con Dostoyevski; *Tres rosas amarelas*, de R. Carver con Chejov; ou *As horas*, de Michael Cunningham con Virginia Woolf.

Martínez Bouzas, Francisco, “Provocadora e entretida”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 442, “Libros”, 24 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 395, “Letras galegas”, 26 xaneiro 2013, p. 6.

Infórmase da publicación d’*A cea* (2012), de Herman Koch, que chega á nosa lingua grazas á tradución de María Alonso Seisdedos. Dise que a obra, narrada en primeira persoa e datada nun presente, achega un retrato da sociedade contemporánea e reflicte os problemas sociais e morais. Explicase que, situada en Holanda, a historia comeza cunha cea nun restaurante de luxo do país, onde se van revelar datos escabrosos que farán que xurdan diferentes cuestións que deberá resolver o lector.

Martínez Bouzas, Francisco, “Precursor e epifánico”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 445, “Libros”, 14 xaneiro 2013, p. VII/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 399, “Letras galegas”, 23 febreiro 2013, p. 6.

Fálase de *Locus Solus* (2012), de Raymond Roussel, da que se di que é unha obra extravagante e que ten unha estilística achegada ao surrealismo. Explica que a trama presenta un día na vida dun inventor que convida a un grupo de amigos a visitar a súa finca parisina e que o libro está considerado un experimento sobre as fronteiras da literatura.

Martínez Bouzas, Francisco, “Atrapados e derrotados”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 447, “Libros”, 28 febreiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 401, “Letras galegas”, 9 marzo 2013, p. 6.

Informa que, como acontecera con outras obras recentes do panorama galego, o narcotráfico volve ter un papel esencial nas nosas letras. Neste caso, en mans de Diego Ameixeiras, con *Todo ok* (2012), onde o autor nos sitúa na Ría de Vigo e fai que nos mergullemos nunha historia de indefensión e desesperanza, onde os personaxes son seres superviventes ou derrotados que reflicten as penurias que sufriron na vida.

Martínez Bouzas, Francisco, “Da catarse ao drama”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 451, “Libros”, 28 marzo 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 406, “Letras galegas”, 20 abril 2013, p. 10.

Indícase que Isabel Soto vén de traducir a obra *Elias Portolu*, da escritora sarda Grazia Deledda. Explicase que o libro conta cunha gran pegada do rexionalismo e naturalismo e amosa unha historia onde decote se ve presente a loita entre a vida e a moral, mais o tema principal é o adulterio, que condicionará as vivencias dos personaxes e desembocará na catarse que remata en drama.

Martínez Bouzas, Francisco, “A creba do soño”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 461, “Libros”, 6 xuño 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 414, “Letras galegas”, 15 xuño 2013, p. 10.

Celébrase a aparición de *Pastoral americana*, de Philip Roth, a cargo de F. Moreiras, no selo Faktoría K. Explicase que se trata da primeira novela da “Triloxía americana” dun dos grandes escritores norteamericanos vivos, que xira ao redor do soño americano, como a gran saga da construción dese mundo e a trágica fenda no seu dunha familia xudía americana. Indícase que é unha metáfora clara e dura do fatuo eslogan de seren os Estados Unidos un país de triunfadores.

Martínez González, Xurxo, “Noticia de Juan Compañel”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 471, 3 de outubro 2013, cuberta.

Faise un percorrido pola traxectoria vital e literaria de Juan Compañel, editor de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. Infórmase de que naceu en Compostela, onde tivo que facerse cargo do negocio familiar da imprenta dende moi novo pola temperá morte de seu pai. Relátase que minguas económicas levaron a Compañel a Madrid onde tivo imprenta ao cargo e traballou en xornais de liña republicana. Cóntase que á súa volta de Madrid aceptou encargarse da imprenta por petición de Chao e deu ao prelo títulos esenciais da Literatura galega, como a primeira novela de Rosalía de Castro, *La hija del mar*, ou o *Diccionario de escritores gallegos*, de Manuel Murguía.

Martínez González, Xurxo, “Entre *La Oliva* e *El Miño*”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 474, 24 outubro 2013, cuberta.

Continúase co relato da vida de Compañel iniciado no *Faro da Cultura* n.º 471. Sinálase que despois da publicación de *Cantares Gallegos* en 1863 desenvolveu dúas facetas: os negocios e tipografía. Explicase que Compañel prologou *El Álbum de El Miño*, que recolle escritos da pléiade do Rexurdimento, e *La primera luz*, a obra para as escolas de Galicia que asinaba Manuel Murguía. Saliéntase o seu traballo de dirección do xornal *El Miño*, que abandona en 1873 para ocupar posto de delegado en Ourense do Ministerio de Fomento. Remátase lembrando que, morta a República, Campañel marcha a Cuba onde fundou diversos xornais, ocupou cargos institucionais e foi homenaxeado polos galegos de Cárdenas nomeándoo presidente da sociedade dos Naturais de Galicia.

Martínez González, Xurxo, “Memoria de Alejandro Chao”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 480, 5 decembro 2013, cuberta.

Faise un percorrido pola traxectoria de Alejandro Chao, editor que publicou *Follas Novas* de Rosalía de Castro na Habana. Cóntase que se educou nos ambientes progresistas e republicanos e que participou nos anos universitarios da vida bohemia nos cafés burgueses do Madrid do Bienio Progresista. Explicase que Chao volve a Vigo contra 1855 e participa na configuración do xornal *La Oliva*, onde exerceu como redactor-xefe. Sinálase que catro anos despois marcha a Cuba e traballa na imprenta e no xornalismo: funda a casa editorial “La Propaganda Literaria”, a súa gran contribución á historia do libro cubano, de cuxo prelo sairá o poemario rosaliano, xunto a textos de Curros Enríquez, Castelar ou Álvarez Insua.

Martínez Torres, Dolores, “Ben asentado mosaico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 444, “Libros”, 7 febreiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 397, “Letras galegas”, 9 febreiro 2013, p. 6.

Fálase de *Hora zulú* (2012), de Santiago Lopo, da que se sinala que presenta unha historia de misterio onde destacan as pescudas sobre as vivencias do Profesor, un home desmemoriado que viviu nun psiquiátrico. Explicase que os escritos deixados polo protagonista cobran especial importancia, xa que serven de escusa para sabermos quen era realmente o Profesor. Amais, a través deles a historia avanza e achega as pezas que o lector deberá construír para coñecer o pensamento do protagonista.

Martínez Torres, Dolores, “Amable escepticismo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 441, “Libros”, 17 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 394, “Letras galegas”, 19 febreiro 2013, p. 6.

Fala d’*O curioso mundo das persoas normais* (2012), de Xosé Monteagudo, que ten como personaxe principal a Tomás, unha persoa sen familia, doente e con carencias psicolóxicas. O protagonista, que sempre viviu no hospital, vai tecendo na súa imaxinación como sería a realidade que el non pode percibir. Escrita en terceira persoa, a obra conta cun ton coloquial a cunha inocente ironía. Dise que o libro está baseado nunha historia real, xa que Monteagudo se inspirou na vida dun home que foi abandonado ás portas do hospital cando tiña sete anos e que chegou a vivir alí máis de cincuenta anos.

Martínez Torres, Dolores, “Ben afinado cuarteto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 446, “Libros”, 21 febreiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 400, “Letras galegas”, 2 marzo 2013, p. 6.

Fálase d’*A noite branca* (2012), de Francisco X. Fernández Naval, que trata da vida de Alfredo Nadal e de Marcos, o seu sobriño, o cal atopa cartas escritas polo seu tío varias décadas atrás. Dise que a novela reconstrúe acontecementos familiares e históricos, que lograrán traer á memoria recordos da guerra e da emigración.

Mato, Mar, “150 años del libro que dignificó a Galicia”, *Faro de Vigo*, “*Sociedad*”, 6 xaneiro 2013, p. 44.

Infórmase do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos* (1863), considerada a obra inaugural do Rexurdimento que deu orixe ao que é Galicia como cultura e literatura, e que será neste ano revisada. Saliéntanse tres particularidades da obra: un limiar, un glosario de termos galegos escrito por Manuel Murguía e unha dedicatoria a Fernán Caballero, ademais de estar dirixido a lectores de fóra do país. Considérase que a misión da obra para Rosalía de Castro era loar a terra e as súas xentes, para amosar, lonxe do país, a súa valía, polo que a transcendencia da padronesa vai moito máis alá de Galicia. Sinálase que a figura de Rosalía suscitou un enorme interese nos Estados Unidos e Reino Unido, especialmente grazas a estudosas como a británica Annette Meakin. Por último, amósase unha ruta para coñecer mellor á autora, a cal ten como paradas imprescindíbeis Ortoño, onde pasou a súa infancia, Lestrove, lugar no cal escribiu a maior parte da súa obra, ou a igrexa de San Domingos de Bonaval, onde repousan os seus restos.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, “Filla da Revolución”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 458, “Letras Galegas 2013”, p. II/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 410, contracuberta, 17 maio 2013.

Comeza falando da mocidade da escritora Rosalía de Castro, centrándose especialmente na súa actividade cultural, na que destaca a súa participación no Liceo da Xuventude xunto aos intelectuais composteláns. Sinálase que Manuel Murguía achega en *Los Precursores* unha idea das características da xeración da que formaban parte el e Rosalía e na que se integran intelectuais que asistiron de nenos á revolución galega de 1846. Saliéntase que a única muller activa da xeración foi Rosalía de Castro. Por último, noméase o Banquete de Conxo de 1856, do que non se sabe se a padronesa estivo alí.

Mera, Héitor, “Sublimes contido e forma”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 441, “Libros”, 17 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 394, “Letras galegas”, 19 xaneiro 2013, p. 6.

Infórmase que a editorial Rinoceronte publicou no 2012 *O sentido dun final*, de Julian Barnes, e con tradución de Xesús Fraga. Explicase que o libro se estrutura en dúas partes: a primeira encádrase na mocidade do protagonista, mentres que a segunda

achégase á súa etapa adulta. Considera que a historia fai que comece un proceso de reflexión sobre o pasado que desembocará en interesantes conclusións.

Mera, Héitor, “Gozosa lectura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 445, “Libros”, 14 xaneiro 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 399, “Letras galegas”, 23 febreiro 2013, p. 6.

Fálase de *31 noites* (2012), de Ignacio Escolar, unha novela negra que fala de prostitución e narcotráfico, e está protagonizada por personaxes cunha excelente caracterización. Destaca que é unha obra de lectura rápida, que conta cunha fabulosa estilística que fai da súa lectura un exercicio gozoso e tremendamente rápido.

Mera, Héitor, “Valor seguro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 451, “Libros”, 28 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 405, “Letras galegas”, 13 abril 2013, p. 10.

Infórmase de que a editora Rinoceronte publicou *O asasino que hai en min* (2012), unha obra de Jim Thompson, traducida por Eva Almazán. Dise que se encadra nunha cidade texana onde Lou Ford, o axudante do sheriff, goza dunha excelente percepción social, mais garda un escabroso segredo que os seus veciños non coñecen.

Mera, Héitor, “Corrección formal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 452, “Libros”, 4 abril 2013, p. VI.

Fálase de *O maletín do mestre* (2012), de Hiromi Kawakami, traducida por Mona Imai. Dise que a historia está protagonizada por unha muller que, anos despois, recoñece ao seu vello profesor nun bar de vila. A partir do primeiro encontro, irán compartindo diferentes inquiredanzas e actitudes. Mera destaca a corrección formal e estilística, mais cualifica o libro como “aburrido” e non recomenda a súa lectura.

Montaña, Estro, “Con excelentes gags”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 444, “Libros”, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 397, “Letras galegas”, p. 6, 7 febreiro 2013.

Coméntase a tradución do relato titulado *Kikuriyo e Saki* (2012), do escritor nipón Takeshi Kitano, impreso por Rinoceronte. Dise que se trata dunha obra autobiográfica cun estilo sinxelo centrada na vida familiar de Kikujiro e da súa dona Saki, quen loita por sacar adiante aos seus fillos ante as continuas liortas co seu home. Destácase o recurso ao humor e á tenrura.

Montaña, Estro, “Intelixencia analítica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 469, “Libros”, 19 febreiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 397, “Letras galegas”, 9 febreiro 2013, p. 6.

Dáse conta da publicación en Rinoceronte de *Kikujiro e Saki*, do escritor Takeshi Kitano e traducida por Mona Imai. Sinálase que se trata dun libro autobiográfico, que narra a

vida familiar dun autor, onde a figura do seu pai ten especial relevancia. Refléctese a dureza da violencia de xénero, polo que impera un ambiente de carencias e liortas, o cal non impide que no libro teñan presenza o humor e a tenrura.

Montaña, Estro, “Fantasía Conan”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 455, “Libros”, 25 abril 2013, p. VII.

Achégase un comentario da segunda entrega de Urco editora, *Conan 2* (2011), escrita por Robert Ervin Howard. Explicase que o libro ten catro historias e continúa a trama que se comezou no volume anterior, que narra como Conan, un individuo salvaxe, que vive en contacto coa natureza, se mergulla a miúdo en liortas.

Mosquera, Javier, “O grande poeta social de Galicia”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Vidas de calle”, 13 xaneiro 2013, p. 10.

Faise un repaso pola biografía de Celso Emilio Ferreiro, considerado o gran poeta social de Galicia. Lembra que nos anos trinta fundou as Mocidades Galeguistas, aínda que a súa actividade política e cultural se vería truncada pola sublevación militar de 1936; que foi detido por amosar a súa opinión contraria ao réxime e que pasou varias noites encarcerado no mosteiro de Celanova, o que lle valeu para crear a súa obra máis transcendental, *Longa noite de pedra* (1962). Sinala tamén que nos anos cincuenta colaborou na primeira editorial que publicou libros en galego; que a mediados dos anos sesenta, logo de participar na creación da UPG, se viu obrigado a emigrar a Caracas, onde fundou o Patronato da Cultura Galega; e que regresou a Madrid na década de setenta.

Mosquera, Javier, “De las más destacadas autoras gallegas de posguerra”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Vidas de calle”, 8 setembro 2013, p. 10.

Faise un percorrido pola vida e obra da poeta María do Carme Kruckenberg no que se destaca a súa culta formación musical e literaria. Destácase o seu estilo de vida rupturista, as súas relacións con grandes escritores das letras españolas e hispanoamericanas da segunda metade do século XX e salientase que foi visitadora dunha casa de produtos farmacéuticos, o que lle deixou tempo libre dabondo para dedicarse á literatura e á lectura. Conclúese co dato de que é autora dunhas trinta publicacións e membro de diferentes institucións e asociacións da cultura galega.

Nicolás, Ramón, “Dez anos de letras galegas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 500, “Libros”, 5 xaneiro 2013, p. 2.

Breve revisión do acontecido nas letras galegas na última década. Principiando co pasamento de Carlos Casares, Roberto Vidal Bolaño, Marcos Valcárcel, Fernández del Riego, Isaac Díaz Pardo, Luísa Villalta e Xela Arias, fálase da solidez que o talento e as iniciativas culturais foron asegurando e de necesidades, como a da fidelización do lectorado.

Nicolás, Ramón, “Sobre literatura e vida”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 503, “Letras en galego”, 26 xaneiro 2013, p. 8.

Preséntase *O sentido dun final* (2011), de Julian Barnes, traducido por Xesús Fraga. Explícase que o libro está protagonizado por Tony Webster, un rapaz descrido, pouco convencional e cheo de contradicións que narra as súas vivencias da mocidade, especialmente grazas ao recordo de Adrian Finn. Sinálase que o amor, o sexo, a moral, a amizade, o sufrimento, o adulterio, o poder, a xustiza e a ambición teñen unha presenza fundamental nesta novela, na que se dilúen as fronteiras xenéricas ao alimentarse de recursos propios do diario confesional e do memorialístico.

Nicolás, Ramón, “O tempo que existe e que pasa”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 506, “Letras en galego”, 16 febreiro 2013, p. 9.

Dáse conta da obra *Hora zulú* (2012), de Santiago Lopo que resultou gañadora do premio García Barros e na que reflexiona sobre a propia existencia do tempo. Dise que o punto de partida do libro é a aparición dunha persoa descoñecida nunha praia e a posterior descuberta da súa identidade. Sobrancéase a variada tipoloxía textual, como a reprodución de entrevistas, correos electrónicos ou fragmentos poéticos. Tamén se destaca a intriga, fragmentariedade e mesmo o humor.

Nicolás, Ramón, “Un compendio da nosa poesía”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 509, “Letras en galego”, 9 marzo 2013, p. 9.

Trata da publicación da obra *Sinfonía atlántica* (2012) na editorial Eneida. Explica que se trata dunha antoloxía bilingüe galego-inglés que recolle mostras de poesía galega desde a época medieval até os anos oitenta. Dise que o responsábel do proxecto foi Carlos Clementson, un prolífico estudoso da nosa literatura, e que na obra se amosa o orgullo pola existencia dunha tradición poética vizosa, perdurábel no tempo e, felizmente, viva. Finalmente, criticase a ausencia dalgunha das figuras clave das nosas letras, como é o caso de María Xosé Queizán.

Nicolás, Ramón, “A memoria nunha caixa de marmelo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 515, “Letras en galego”, 27 abril 2013, p. 9.

Dáse conta d’*A noite branca* (2012), de Francisco X. Fernández Naval, que nos mergulla nunha viaxe literaria que vai das ribeiras do Miño até as terras rusas, e que ten como pano de fondo os acontecementos derivados da guerra civil, como xa acontecera con obras pretéritas do autor. Explícase que ten como elemento nuclear o rescate dunhas cartas que un voluntario alistado na División Azul enviou a seus pais e que a obra foi galardoada co premio Irmandade do Libro ao mellor libro publicado en 2012. Por último, Nicolás fai unha loanza da obra e recomenda encarecidamente a súa lectura.

Nicolás, Ramón, “Ilustres de Ourense e Galicia”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 528, “Letras en galego”, 27 xullo 2013, p. 8.

Comeza apuntando que *Galegos en Ourense* (2012) se inspirou nos relatorios defendidos en catro cursos de extensión universitaria organizados pola Universidade de Vigo e celebrados en Celanova sobre personaxes nados nesa vila ourensá. Nomea os coordinadores do volume e apunta que supera as previsións iniciais cun “excelente e envexable tratamento estético e ao preciso rigor científico”. Explica que se compón de vinte e sete colaboracións que se estruturan segundo a data de falecemento do personaxe que se analiza. Precisa que os personaxes estudados destacaron en diferentes actividades de carácter social, cultural ou profesional e que se ofrecen análises biográficas e achegamentos xerais deles. Puntualiza a necesidade de que, como se apunta na presentación, se publique unha nova achega para dar cabida a autoras e autores como os que nomea xa que “no ámbito da cultura hai un gran número de ausencias con méritos abondo para estar”. Remata afirmando que, pese ás “ausencias” sinaladas, “esta publicación cumpre unha función de divulgación e actualización importante”.

Nicolás, Ramón, “A porta a outros mundos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 542, “Letras en galego”, 19 outubro 2013, p. 8.

Dáse conta da celebración da segunda edición do obradoiro “Con barqueira e remador”, no que participaron varios poetas na Illa de San Simón, baixo a organización de Yolanda Castaño. Dise que as conclusións do I Obradoiro Internacional de Tradución Poética foron impresas nun volume titulado *Con barqueira e remador* e que inclúe poemas de distintos escritores internacionais. O autor destaca a importancia da circulación da literatura galega no exterior e recepción de obras internacionais na nosa lingua. Por outra parte, tamén se fala do volume *Babelia en galego*, coordinado por Yolanda Castaño, e que recolle a experiencia da escritora nun obradoiro celebrado en Eslovenia en 2010.

Nicolás, Ramón, “Escolla básica de Álvarez Torneiro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 542, 19 outubro 2013, pp. 2-3.

Destaca que a primeira achega de Álvarez Torneiro á Literatura galega é tardía, do ano 1982 con *Memoria dun silencio*, pero a súa produción posterior xa tivo maior continuidade, aínda que a distribución sexa pouco convencional e o coñecemento non sexa extensivo. O autor do artigo reclama unha antoloxía actualizada co gallo da concesión do Premio Nacional de Poesía deste ano 2013. Posteriormente, analiza un por un os poemarios escritos en lingua galega, que van dende o citado ano 1982 até *Os ángulos da brasa* de 2012.

Nogueira, María Xesús, “A rosa de cen follas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, p. 84/ *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, p. 67, 3 febreiro 2013.

Realízase unha revisión persoal do rendemento e da recepción popular de Rosalía de Castro ao longo dos anos, para vir a concluír que a súa figura, lonxe de esgotarse, semella cobrar forza con novos volumes como *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria*, de Francisco Rodríguez; *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro, ensaio e feminismo*, de M^a Pilar García Negro, ou *Canon y subversión. La narrativa de Rosalía*

de Castro, de Helena González e M^a do Cebreiro Rábade. Igualmente revelador se intúe o congreso internacional *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*.

Pena, Xosé Ramón, “Nunca ti seques...”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 440, “Libros”, 10 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 393, “Letras galegas”, 12 xaneiro 2013, p. 6.

Coméntase que Xurxo Martínez González e Armando Requeixo fan un percorrido pola vida e a traxectoria literaria do intelectual Manuel Leiras Pulpeiro no volume *Vida e obra de Manuel Leiras Pulpeiro* (2012), editado por Galaxia. Destácase da produción literaria do biografado o lirismo costumista, a poesía social, os versos morais, a poesía identitaria e a intimista. Ademais, salientase a amizade que este mantiña con Noriega Varela. Por último, felicítase os estudosos que levaron adiante este “axeitado percorrido polo roteiro vital e intelectual dunha figura de peso no ronsel das letras redactadas en lingua galega”.

Pena Presas, Montse, “Mestura de emocións”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 445, “Libros”, 14 xaneiro 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 399, “Letras galegas”, 23 febreiro, 2013, p. 6.

Coméntase *A forma das nubes* (2012), escrita por María López Sánchez e vencedora do Premio Repsol YPF de narrativa breve. Explicase que a obra está protagonizada por unha fotografía de éxito que vai desvelando diferentes aspectos da súa vida: o desamor, o paso á idade adulta ou a maternidade. Cualifícase como un libro de estilo evocador e suxestivo, que mantén habilmente a tensión argumental a través de saltos temporais.

Pena Presas, Montse, “Mirar a vida”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 442, “Libros”, 24 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 395, 26 xaneiro 2013, p. 6.

Faise un breve percorrido pola vida e a traxectoria literaria de Alessandro Baricco, facendo fincapé na última obra que foi traducida á nosa lingua: *Mr Gwyn* (2012). Sinálase que é unha novela de estilo delicado, protagonizada por un escritor que decide poñer punto e final ao seu percorrido literario. Cualifica a obra de Baricco como unha proposta que permite gozar dunha escrita que se recrea en si mesma.

Pena Presas, Montse, “Imprescindible Pamuk”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 443, “Libros”, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 396, “Letras galegas”, p. 6, 31 xaneiro 2013.

Conta que a Editorial Galaxia vén de publicar *Chámome vermello* (2012), obra de Orhan Pamuk traducida por María Alonso Seisdedos e Bartug Aykan. Explicase que é unha novela de misterio, onde o amor e os cantos aos libros tamén teñen presenza. Sinala como elemento destacado o feito de que o libro se abre coa voz dun cadáver que narra detalles sobre a súa morte. Destaca a excelsa combinación de voces narrativas e sinala que, en ocasións, *Chámome vermello* recorda a *O nome da rosa*, de Umberto Eco.

Ponte, Pilar, “Antes dos hobbits”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 423, “Letras galegas”, 12 outubro 2013, p. 10.

Fálase da tradución d’*O clan dos lupercos* (2012), de William Morris, a cargo de Manuel do Río Rodríguez para Urco Editora. Saliéntase a labor do tradutor por ser quen de recrear o ton de seu das lendas de tempos antigos e destácase o rico universo onomástico da obra, que se define como fermoso e suxestivo.

Ponte, Pilar, “Entre o medo e o terror”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 473, “Libros”, 17 outubro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 425, “Letras galegas”, 26 de outubro 2013, p. 10.

Dáse conta da publicación do libro de relatos de Ariza Piñeiro que Urco Editoria suma á súa colección “Alcaían”. Pertencentes, na súa maioría ao xénero de terror, sinálase que os relatos converxen arredor do motivo do soño que engarza varias das historias que se contan. Destácase coma acerto creativo do autor o seu aproveitamento da cultura cinematográfica de terror compartida co seu potencial lectorado que lle permite suxerir imaxes sen necesidade de describilas. Saliéntase tamén o diálogo rápido que sustenta o peso da trama e leva cara a finais fatais.

Raña, Román, “Berro expresionista”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 440, “Libros”, 10 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 393, “Letras galegas”, 12 xaneiro 2013, p. 6.

Coméntase a obra titulada *Atlas de Chaguán* (2012), de Rosa Enríquez, onde nos achega un discurso que trata sobre a opresión que sofren os desvalidos do mundo e a asfixia que produce a vida. Por outra banda, o libro amosa os afectos e a loita contra todo o que nos derrota. Conta coa presenza de territorios míticos como o Saor de Xohán Cabana ou o Serenou de Manuel Guede.

Raña, Román, “Estradas contrapostas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 445, “Libros”, 14 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 398, “Letras galegas”, 16 febreiro 2013, p. 6.

Trata da obra *Emily on the road* (2012), de Ramón Blanco, da que sinala que posúe unha estrutura tripartida ao longo da que se conta unha viaxe fantasmagórica entre dúas figuras literarias. Sinala tamén que amosa as transformacións que sofren os personaxes e o contraste existente entre ambos, nunha obra na que a metaliteratura ten un papel fundamental.

Raña, Román, “Literatura de urxencia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 449, “Libros”, 14 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 403, “Letras galegas”, 23 marzo 2013, p. 6.

Achégase a *Pedras de Plastilina* (2012), de Iglesias Mígues, publicada pola editorial Toxosoutos. Explica que a obra aborda as consecuencias dos feitos máis devastadores da guerra, denuncia a dor do pobo palestino e se aproxima ás figuras dos desfavorecidos. Sinálase tamén que as fotos que acompañan a cadanseu poema reafirman a violencia e a barbarie da que fala o eu poético.

Raña, Román, “Ósos do oficio”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 450, “Libros”, 21 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 404, “Letras galegas”, 6 abril 2013, p. 10.

Comenta a *Antoloxía da Literatura galega 1981-2011* (2012), efectuada por Jonathan Dunne en texto bilingüe inglés-galego que vén de publicarse co triplo patrocinio da Xunta de Galicia, Edicións Xerais de Galicia e Galaxia. Sinálase que é unha continuación do primeiro volume, a *Antoloxía da Literatura galega 1196-1981* e nesta segunda entrega existe un elemento novidoso: os criterios de escolla son máis tenues e están cargados dunha maior subxectividade.

Raña, Román, “Notoria gravidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 451, “Libros”, 28 marzo 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 406, “Letras galegas”, 20 abril 2013, p. 10.

Descríbese o poemario *Tríptico* (2013), escrito polo poeta catalán Antoni Marí e traducido por Xavier Rodríguez Baixeras. O tema principal da obra é a morte, vista como un camiño ateigado de desolacións e sorpresas, e son frecuentes as referencias á música e aos grandes compositores.

Raña, Román, “Poesía do íntimo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 452, “Libros”, 4 abril 2013, p. VI.

Incídese na condición intimista do poemario *Interior con froiteiro e feridas*, de Manuel Pereira Valcárcel (2012), sinalando que un dos temas principais é a nostalxia polo tempo ido. Cítanse uns versos do libro e remátase afirmando que a verdadeira función do verbo é a de servir como espazo de recuperación.

Raña, Román, “Univocamente amoroso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 455, “Libros”, 25 abril 2013, p. VIII.

Trata do poemario *Coas pálpebras baixas* (2012), de Monserrat Yoldi. Dise que conta cun prólogo de Xavier Seoane e que na obra se mestura o amor con outros sentimentos menos positivos, como a ausencia, a disolución do que amamos ou a perda. Da estrutura explícase que se divide en catro partes e na terceira destaca o erotismo presente nos poemas, mentres que na cuarta se amosa o amargor da existencia. Saliéntase a figura do mito de Penélope, novamente revivida.

Raña, Román, “Con fino olfacto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 459, “Libros”, 23 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 411, “Letras galegas”, 25 maio 2013, p. 10.

Fálase de *Sinfonía Atlántica, antología general de la poesía gallega* (2012), volume impulsado polo editor Luís Sotuela e levado a cabo por Carlos Clementson. Destácase que na obra se recompilan desde composicións medievais até outras escritas por poetas nados nos anos cincuenta e que hai unha análise pormenorizada de cada período literario e mesmo traducións ao castelán de cada composición.

Raña, Román, “O cerne do erotismo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 469, “Libros”, 19 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 421, “Letras galegas”, 28 setembro 2013, p. 10.

Comeza sinalando o premio recibido por *Ata o corazón da mazá*, de Marisol Gándara, e destaca o predominio do erotismo, relacionado co símbolo bíblico da mazá de Eva. Dá conta de que as composicións atenden ó dualismo do erotismo: “a exaltación orgasmática e a consciencia da soidade ontolóxica que se desexa romper”, así como inclúen reflexións sobre o papel da muller na sociedade, na que é explotada sexual, laboral e domesticamente.

Reigosa, Carlos G., “Novelas de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 546, “A Outra Mirada”, “Vagalume”, 16 novembro 2013, p. 10.

Aténdese á discusión sobre a idoneidade de considerar a novela de Rosalía de Castro como prescindíbel na historia da Literatura galega. Deféndese a posta en valor da faceta prosista da autora por representar a realidade social da muller nun tempo de concienciación e cambio. Saliéntase o carácter de rebeldía, a súa lúcida ironía de perdedora e o resentimento polo que se deixa levar. Arguméntase que a narrativa da autora é imprescindible no canon da Literatura galega polo ben que traduce literariamente esa visión dura e directa da realidade que viviu. Recoñécense as limitacións formais das súas cinco novelas, déficit que compensa co acerto da denuncia dos males sociais e a idea-forza do cambio necesario. Considérase que só polas súas mensaxes de protesta e liberdade, a súa prosa merece un lugar no noso presente.

Requeixo, Armando, “Letras douradas”, *Diario de Arousa*, “*letras Atlánticas*”, n.º 759, p. 23/ *Diario de Ferrol*, “*letras Atlánticas*”, n.º 759, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*letras Atlánticas*”, n.º 759, p. 33, 13 xaneiro 2013.

Semblanza vital e intelectual de Luís Alonso Girgado como profesor, investigador, poeta e crítico literario. Saliéntase a súa entrega á escrita mediante recuperación e análise de cabeceiras de prensa históricas ou textos fundamentais de autores galegos, as escolmas realizadas e o seu labor como articulista, entre outros aspectos.

Requeixo, Armando, “O primeiro Valente”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 445, “Libros”, 14 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 398, “Letras galegas”, 16 xaneiro 2013, p. 6.

Dáse conta de *Valente vital* (2012), volume coordinado polo profesor e escritor Claudio Rodríguez Fer, que se achega á traxectoria vital e literaria do ourensán José Ángel Valente. Explicase que a obra está dividida en tres partes, nas que se achega, en primeiro lugar, ás vivencias de Valente durante a súa infancia e mocidade, para continuar cos seus anos universitarios en Madrid e rematar coa súa estadía como lector na Universidade de Oxford. Amais, son moitas e variadas as referencias a outros escritores que condicionaron enormemente o seu periplo literario.

Requeixo, Armando, “Identitaria biblia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 441, “Libros”, 17 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 394, “Letras galegas”, 19 xaneiro 2013, p. 6.

Fálase da versión bilingüe galego-árabe de *Carné de identidade* (2012), obra de Mahmud Darwix traducida por Moncho Iglesias e Samar Sabat. Explicase que esta é unha escrita que fala dos exiliados, dos expatriados e que canta ao sentir da patria, á memoria dos mártires e a dor da guerra. A obra non se esquece do conflito xudeu que está presente nos poemas.

Requeixo, Armando, “Anormalmente anormais”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 761, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 761, p. 33, “letras Atlánticas”, 27 xaneiro 2013.

Refírese á novela *O curioso mundo das persoas normais* (2012), de Xosé Monteagudo, que ten como protagonista un discapacitado psíquico que botou case oitenta anos recluído no Hospital de Pontevedra. Tomás, como así se chama, reflexiona desde o complexo hospitalario sobre o transcorrer da vida. Coméntase que Monteagudo nos achega a historia a través dunha prosa escrita con aparente sinxeleza, na que todo encaixa grazas a un labor de pulido previo. Infórmase de que a novela é un dos poucos exemplos existentes na Literatura galega que falan de personaxes con doenzas intelectuais.

Requeixo, Armando, “Rosalía e Díaz Castro”, *Diario de Pontevedra*, “*Vivir aquí*”, p. 51/ *El Progreso*, “*Cultura*” “*Vivir*”, p. 59, 12 febreiro 2013.

Analízase, de modo documentado e breve, o influxo que a autora de *Cantares gallegos*, Rosalía de Castro, exerceu sobre o poeta guitiricense Xosé María Díaz Castro (1914-1990), con extensas citas textuais e recorrencia a poemas.

Requeixo, Armando, “Voces na noite”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 23/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 765, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 765, p. 33, “letras Atlánticas”, 24 febreiro 2013.

Coméntase a novela *A noite branca* (2012), de Francisco X. Fernández Naval, que mergulla aos lectores nunha historia familiar con proxección social que se retrotrae ao pasado século, situándose en territorios como as ribeiras do Miño, a fronte do Leste na II Guerra Mundial ou a Habana. Infórmase de que existen na obra catro narradores diferentes que se van entrelazando para configurar a historia. Anúnciase que é un libro que se pode considerar como un exercicio de perdón polas feridas abertas a causa da guerra, e mesmo como unha ferramenta útil para entender os seus porqués.

Requeixo, Armando, “A prosa eléctrica de Ignacio Escolar”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 766, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 766, p. 32, “*letras Atlánticas*”, 3 marzo 2013.

Infórmase de que Edicións Morgante vén de traducir a obra *31 noites* (2012) do ensaísta e xornalista Ignacio Escolar. Coméntase que se podería encadrar dentro do xénero da novela negra e que está protagonizado por personaxes á marxe da lei: matóns, mafiosos, policía corruptos etc. Todos forman parte dunha historia na que a acción ten un papel principal e que pode recordar, en ocasións, a un guión cinematográfico, en parte grazas ao ritmo vertixinoso que o autor imprime á obra.

Requeixo, Armando, “A narrativa sureña de Jim Thompson”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 767, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 767, p. 33, “*letras Atlánticas*”, 10 marzo 2013.

Coméntase a novela tirada do prelo por Rinoceronte Editora *O asasino que hai en min* (2012), tradución de Eva Almazán de *The killer inside me*, escrita por Jim Thompson e publicada no ano 1952. Achégase unha breve biografía do autor, na que se destacan as vivencias da mocidade que acabarían por condicionar a temática das súas obras.

Infórmase de que a narración remite a unha pequena vila de Texas onde un mozo de vinte anos dá renda solta ao seu instinto asasino e que, no fondo, agocha a un psicópata enfermo de esquizofrenia. Por último, destácase a versión cinematográfica da obra, *O demo baixo da pel*, dirixida por Michael Winterbottom.

Requeixo, Armando, “A traxedia xeolóxica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 449, “*Libros*”, 14 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 403, “*Letras galegas*”, 23 marzo 2013, p. 6.

Describe *A ansia do lóstrego* (2012) da escritora Medos Romero como un “alegado ecolóxico” onde se defende a natureza fronte á explotación industrial desta, dende as térmicas das Pontes até a Amazonia. O libro inclúe fotografías, en branco e negro, de Antonio López Fernández.

Requeixo, Armando, “Asombrados con Novoneyra”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 33, n.º 775, “*letras Atlánticas*”, 12 maio 2013.

Infórmase da publicación do audiolibro *O asombro* (2012), que é un dos primeiros produtos da Fundación Uxío Novoneyra e que ademais inaugura a serie Libros do Vento

da colección “Valumbo”. Explicase que se trata dunha produción sonora onde o grupo Fantoques Baj lle puxo voz e música aos textos do lucense Uxío Novoneyra. Sinálase que o resultado foi a publicación dun volume acompañado dun cd no que a composición textual, a voz e as ilustracións correron a cargo de Álvaro Negro, Benxa Otero, Elva Rey, Niko Alvarellos e Ignacio Vilariño.

Requeixo, Armando, “Díaz Castro 2014. De *Nimbos* e moito máis”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 464, 27 xuño 2013, p. I.

Infórmase de que Xosé María Díaz Castro será o homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2014. Sinálase que este feito favorecerá a popularización da súa obra máis alá de *Nimbos* e será a ocasión de divulgar o material poético inédito do autor e de aclarar algúns erros sobre a súa figura. Destácanse as facetas de Díaz Castro como narrador, xornalista literario, tradutor e lexicógrafo.

Requeixo, Armando, “Fiando nas palabras de Amancio Liñares” *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, p. 33, “letras Atlánticas”, n.º 780, 13 outubro 2013.

Faise un breve percorrido pola biografía e a produción literaria de Xosé Amancio Liñares, en verbas de Requeixo, un escritor “laborioso e versátil”. Achégase á última obra escrita polo autor do que se está a tratar: *O fiadeiro* (2012), un volume que unifica escritos sobre literatura, pedagogía, teatro, etnografía, deporte, lingua, economía etc. Amais, nel podemos observar instantáneas alusivas aos textos, da autoría de Paco Rodríguez.

Requeixo, Armando, “Esplendor Torneiro”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 473, 17 outubro 2013, cuberta.

Cóntase a formación e traxectoria poética de Manuel Álvarez Torneiro, dende as vivencias da súa infancia e adolescencia até a publicación dos seus últimos poemarios. Sinálase a súa participación nos faladoiros con González Garcés ou Avilés de Taramancos e na fundación do grupo poético Amencer na Coruña nos anos da posguerra. Enuméranse os libros e premios recibidos máis destacados e remátase cualificando a súa poesía de intimista e existencial, na que a dor e a crueldade se ve amornada por unha fe na esperanza; unha poesía de léxico exuberante e vizoso simbolismo que afonda na reflexión sobre a existencia, a dialóxica individuo/sociedades e a memoria.

Requeixo, Armando, “Mester de Vida”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 477, 14 novembro 2013, cuberta.

Infórmase do ingreso de Arcadio López-Casanova na Real Academia Galega. Coméntase a traxectoria poética e académica do escritor e enuméranse os seus poemarios, dáse conta da súa fortuna literaria e explícanse os trazos máis salientábeis da súa poesía: unha escrita dorida e transparente, dominio da verba para a creación dunha

estilística dúctil, xeométrica e lizgaira, celmosa no semántico e de ferinte clarividencia na mensaxe, comprometida co tempo, o amor, a terra e a memoria.

Requeixo, Armando, “Audioliteratura”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 774, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 774, p. 33, “letras Atlánticas”, 17 novembro 2013.

Explica que a trama da obra é unha historia protagonizada pola raíña Isabel II, onde a literatura cobra un papel vital, condicionando á protagonista en todos os aspectos da súa existencia, os cales desembocarán nun final inesperado. Sinala tamén que o humor e a ironía deste libro titulado *Unha lectura fóra do común* (2010) serán os aspectos máis importantes da obra de Bennett, onde a lectura é o fío condutor de todas as tramas que o compoñen.

Requeixo, Armando, “Elena Poniatowska galega”, *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, p. 34/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, p. 33, n.º 804, “letras Atlánticas”, 24 novembro 2013.

Explicase a relación da escritora Elena Poniatowska con Galicia, baseada na súa admiración pola cultura galega. Cóntase que a Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega a distinguiu en maio de 2009 como “Escritora Galega Universal”. Enuméranse as traducións dos seus libros ao galego e explícanse os trazos formais e temáticos da súa obra: unha particular mestura de sensibilidade polo social e a clarividencia no relato das historias íntimas e delicadas, unha prosa límpida e sonora de grande sutiliza. Conclúese coa celebración da concesión do premio Cervantes á autora e o desexo que a súa obra estea máis presente entre o lectorado galego.

Requeixo, Armando, “Poesía Tribadista”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 23/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 769, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 769, p. 33, “letras Atlánticas”, 8 decembro 2013.

Fala da achega a unha poesía tribadista, sensorial e rebelde, onde cobra enorme importancia a estrutura do volume titulado *Carnia haikai* (2012). Por último, destaca as ilustracións que acompañan a escrita de Tobío, realizadas por Héitor Picallo.

Requeixo, Armando, “Dezasete poetas do 21”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 807, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 807, p. 32, “letras Atlánticas”, 15 decembro 2013.

Infórmase sobre a publicación de *Novas_de poesía. 17 poetas*, unha antoloxía na que se compendia o máis destacado do momento poético actual. Achégase información sobre o volume, editado por Ana Gorría para a colección “Valumbo” da Fundación Uxío Novoneyra. Cítanse os autores escolmados, considérase unha mostra representativa de gran valor textual e salientanse o coidado da edición tanto na ilustración coma na maquetación e xogo tipográfico.

Rozas, Mercedes, “Pintor de quimeras sobre un lenzo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 504, “En Portada”, 2 febreiro 2013, p. 3.

Revísase a figura de Isaac Díaz Pardo logo do seu pasamento en xaneiro do 2012, presentando ao mesmo tempo a recompilación de artigos que Xosé Ramón Fandiño realizou, *A luminosa mirada dos ollos de Isaac* (2012), que vén de ser publicada.

Rozas, Ramón, “Suturando feridas”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 16 marzo 2013, p. 55.

Comézase salientando a presenza da novela negra na Literatura galega, cuxo maior expoñente é Diego Ameixeiras. Sinálase que a derradeira obra do autor é *Todo OK* (2012), unha obra breve, na que o narcotráfico é o pano de fondo. Explicase tamén que a súa protagonista é Inés Landeira, unha muller falta de esperanza no futuro, que tenta refacer a súa vida e evitar a entrada no cárcere. Dise que a trama parte dun suceso real, no que as desconfianzas e os medos forman parte de cada unha das páxinas. Ameixeiras amósanos un estilo depurado, que elimina con total brillantez o superfluo e que deixa ver unha maior profundidade na achega dos personaxes.

Sande, Miguel, “Urxen voces firmes, transgresoras”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 500, 5 xaneiro 2013, pp. 4-5.

Desde a perspectiva dun lector de poesía “crónico”, bótase unha ollada ao panorama poético galego contemporáneo, acusando a necesidade dunha poesía de intervención, crítica, unha vez consolidada a presenza das mulleres poetas e unha expansión da poesía máis nova na rede.

Sande, Miguel, “Coma bichiños devorados pola ‘Elsa’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 504, “Letras en galego”, 2 febreiro 2013, p. 5.

Comeza explicando a vivencia persoal que o levou á lectura de *Ruído de fondo* (2012), de Daniel Salgado. Explica que é unha obra editada por Xerais na que se reúnen poemas que tratan sobre o sentir, a sociedade, o sistema, a literatura ou a vida. Destácase que cunha linguaxe rota e acaída, o autor procura que sexamos activos no medio de poemas e recomenda a súa lectura, afirmando que canto máis se volve ao poemario, máis se goza.

Sande, M., “A poesía de Mario Regueira”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 512, “Letras en galego”, 6 abril 2013, p. 10.

Descríbese o poemario *O silencio* (2012), de Mario Regueira, finalista do premio da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e gañador do Lueiro Rei. Explicase que trata sobre os conflitos sociais e o silencio existente entre eles. O silencio que segue ás palabras e aquel no que toman forma as ideas.

Sande, M., “Cadernos de viaxe”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 524, “Letras en galego”, 29 xuño 2013.

Comeza coa recomendación da lectura de *New York, New York* (2007), de Inma López Silva, e de *Brasil no centro* (2012), de Xavier Rodríguez Baixeiras, ambas obras editadas por Galaxia. Desta última céntrase especialmente no seu autor, o cal situou o país americano como o elemento nuclear da súa obra. Sinálase que presenta unha escrita fonda e lúcida e reflicte a caótica forma de vivir o cotián na cidade. Finaliza o artigo recomendando de novo a súa lectura e definindo estas obras como “grandes libros”.

Sertal, Carolina, “Roberto Blanco Torres, o rebelde intelixente con ética xornalística”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 20 marzo 2013, pp. 4-5.

Amósanos un percorrido pola vida e traxectoria literario-cultural do poeta e xornalista Roberto Blanco Torres, co gallo do 122 aniversario do nacemento. Lémbrase que con quince anos decidiu emigrar a Cuba, onde continuou co seu labor xornalístico e literario e co enorme compromiso político e social que sempre amosou. Dise que foi un home que vivía ao día, sempre lle pedía cartos aos seus compañeiros e vivía soamente dos que gañaba coa escrita. Repásase as localidades galegas nas que traballou e algúns dos pseudónimos que empregou, como o de Cirilo de Crespo, Manrique de Crespo, Frai Roblanto, Bachiller de Lores, Ariel etc. Destácase que na creación literaria a súa obra máis sobranceira é *Orballo de media noite*, un amplo poemario de carácter unamuniano cunha enorme carga política e social.

Varela, Lourdes, “A lóxica da *normalidade* é reducionista e, a miúdo, perigosa”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 443, “Entrevista”, 31 xaneiro 2013, p. V/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 396, “Letras galegas”, 2 febreiro 2013, p. 7.

Entrevístase a Xosé Monteagudo co gallo da publicación da súa última obra, *O curioso mundo das persoas normais* (2012), unha historia protagonizada por un doente que pasou toda a súa vida entre as paredes dun hospital, e que, desde alí, dá conta da súa particular visión sobre o mundo exterior. Segundo o autor, para el reuniu especial interese a análise da realidade feita polo protagonista ao reconstruír a vida e a sociedade.

Vélez Latorre, Xosé Manuel, “Lecturas de ‘Penélope’”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 472, “Literatura”, 10 outubro 2013, p. IV.

Reivindícase o acerto de dedicar a Xosé María Díaz Castro o Día das Letras Galegas. Arguméntase a súa idoneidade polo silencio que pesaba sobre a súa obra e porque supón homenaxear a toda a “Escola dos Poetas do Norte de Lugo”, un grupo de autores de orixes xeográficas próximas que comparten o coñecemento e uso da tradición grecolatina, unha visión humanística da cultura e do ser humano, a creación e recreación dunha paisaxe poética e unha unión telúrica entre Terra, traballo agrario e conciencia da comunidade e da nación. Explicase que son poetas cun fondo traballo de creación lingüística que comprende variantes locais centrais e orientais da zona luguesa. Reflexiónase sobre os diferentes significados do coñecido poema de Díaz Castro,

“Penélope”, e propóñense tres niveis de lectura: o da personaxe de Penélope, o nivel identitario-nacional e o relixioso-existencial.

Ventura, Joaquim, “Aquel primeiro Proust”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 483, “Literatura”, 19 decembro 2013, p. II.

Destácase o labor literario de Proust que, seguindo a estela de Thomas Mann, coa publicación da súa primeira novela, *Polo lado de Swan* (a primeira parte de *Á procura do tempo perdido*) soubo como poucos tratar o tempo na novela. Coméntase que, a partires das lembranzas da infancia e da adolescencia fixo, sen narcisismos nin antropoloxías, unha reflexión sobre a pluralidade da condición humana.

Vieites, MF, “Banqueiros / Teatro”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 392, “Letras galegas”, 5 xaneiro 2013, p. 7.

Fálase de *Banqueiros* (2012), un volume no que están presentes varias tendencias e estilos da creación dramática en Galicia, onde o tema principal é a crise económica e as consecuencias que provoca no país. Explica que nel se poden ler textos de Vicente Araguas, Afonso Becerra, María Xosé Queizán, Santiago Cortegoso, Xosé Manuel Pazos, Vanesa Sotelo, Gustavo Pernas ou Roi Vidal. Amais, reclámase para o teatro un maior papel no tocante á denuncia social, xa que se considera que perdeu un lugar central na esfera pública.

Vieites, MF, “Vedrañas escenas esquecidas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 447, “Teatro”, 28 febreiro 2013, p. VIII.

Informa que a Universidade da Coruña vén de publicar un volume titulado *Textos recuperados: de Galo Salinas a Castelao* (2012) que recolle unha morea de textos pertencentes á escena galega, situados entre 1903 e 1923, e precedidos dunha introdución da profesora Laura Tato. Sínálase que o teatro foi o espazo onde o galego se puido converter en lingua de creación e comunicación cultural e artística como se reflicte no ano 1882 coa estrea de *A fonte do xuramento*. Destaca que estes textos escolmados foron os que, na súa época, contribuíron á causa da lingua e reflectiron o seu total compromiso co idioma. Salienta os autores Galo Salinas Rodríguez con *Sabela e Copas e bastos*, ademais de Alfredo Fernández, Euxenio Charlón, Manuel Sánchez Hermida, Emiliano Balas Silva, José Manuel López ou Salvador Cabeza. Do conxunto destaca o documento titulado “Proieuto de teatro galego ó xeito do Chauve Souris” de Castelao, onde se ofrece a visión dun teatro aínda por facer. Por último, destácase o xénero dos monólogos e as figuras máis importantes que se especializaron neles, como Nan de Allariz ou o Tío Mingos.

Vieites, MF, “O drama da nación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 451, “Teatro”, 28 marzo 2013, p. VIII.

Comézase loando a figura da poeta Rosalía de Castro, centrándose especialmente nun dos textos que tiña como referencia a súa figura. Estase a falar de *Rosalía* (1985), unha

peza sublime escrita por Ramón Otero Pedrayo e publicada pola Editorial Galaxia. Dise que recrea momentos transcendentais da vida da padronesa, na que aparecen figuras como Manuel Murguía, Gustavo Adolfo Bécquer ou Aurelio Aguirre, e faino botando man de todo ripo de recursos literarios e apostando por formas novas. Considera que constitúe un auténtico monumento literario, mais foi unha composición difícil de catalogar, tanto en materia literaria como na do seu tratamento. Lembra que en 2001 os profesores Xosé María Dobarro e Luciano Rodríguez ofreceron unha primeira aproximación ao texto, onde xogaron cos límites dos xéneros, xa que consideraban que o escrito era difícil de encadrar nun deles.

Vieites, MF, “A razón instrumental”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 455, “Vicente Risco: 50 anos”, 25 abril 2013, p. VIII.

Faise un repaso da traxectoria dramática de Vicente Risco (1884-1963) e reflíctese o papel fundamental que tivo o ourensán no proceso de recuperación da identidade colectiva, onde o teatro foi unha das ferramentas máis importantes á hora de recuperar a lingua e situala no centro da esfera cultural. Sinálase que Risco, vangardista nas formas e tradicional no fondo, foi fundamental na xeira renovadora que asolou as nosas letras. Amais, deixou páxinas relevantes na construción dunha idea de Galicia que quere asentada nunha tradición milenaria, como se pode ver en *Historia de Galiza* (1962). Por último, fállase de *O bufón d’El Rei* (1928), texto de clara filiación simbolista que volve os ollos ao mundo medieval.

Villanueva, Malores, “Unha vida entregada a Galicia”, *La Opinión*, “*El domingo*”, n.º 614, 13 xaneiro 2014, pp. 8-9.

Co gallo do centenario do nacemento de Francisco Fernández del Riego, Villanueva fai un percorrido pola súa traxectoria vital e cultural, dende o nacemento en 1913 en Lourenzá (Lugo). Detense nunha serie de fitos que consolidaron o pensamento patriótico do lucense, como a lectura de *Teoría do nacionalismo galego*, de Risco, os seus anos composteláns no Seminario de Estudos Galegos, a dirección de *A Nosa Terra* ata a sublevación militar do 36, que condicionou enormemente a súa vida. Repásase o seu papel na fundación da Editorial Galaxia, o seu labor como mentor das novas xeracións galeguistas e a constitución de novas entidades culturais, como a Casa-Museo de Rosalía de Castro ou a Fundación Otero Pedrayo, ademais da súa presidencia da Real Academia Galega desde o ano 1997 até o 2000.

Villar Janeiro, Helena, “No sesquicentenario de ‘Cantares gallegos’ (1863-2013)”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 27 xaneiro 2013, p. 86.

Alude, co gallo da celebración dos 150 anos, á obra dos *Cantares gallegos* e algúns poemas en concreto, como “Adiós ríos, adiós fontes”, que adoita ser recitado na figueira da casa da Matanza (hoxe museo). Anota algúns detalles sobre o proceso de publicación deste libro e sitúao como unha obra chave para a afirmación de Galicia, dos “nosos sinais de identidade”.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓ E COLABORACIÓNS FIXAS

Acuña, Ramón Luís, “Un novo poema de Manuel Luís Acuña”, *La Región*, “Opinión”, 1 marzo 2013, p. 23.

Indícase que hoxe e mañá se celebra o V Congreso Manuel Luís Acuña en Trives. Dáse as grazas pola organización destes congresos e por ter rescatado a súa obra, converténdoo nun poeta de culto para o cal bastou un único poemario, *Firgoas*. Sinálase que este congreso é unha cita bianual de relevancia dentro do ensino galego que ofrece relatorios de grande interese tanto pedagóxico coma cultural. Adiántase que este ano na clausura estará presente Xesús Alonso Montero.

Agís Villaverde, Marcelino, “Cultura galega”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al Sur”, 4 marzo 2013, p. 2.

Fálase da xeración Galaxia dicindo que entregaron o mellor da súa vida para promover a lingua e cultura galegas porque eran conscientes de que a cultura é un dos medios para cambiar o mundo. Non obtiveron nada a cambio máis que a súa propia satisfacción. Recórdase que había xente que se mofaba deles e que, grazas ao seu traballo, todo foi máis doado na transición. Por último destácase que a súa fe e integridade moral deberían ser o noso mellor patrimonio.

Agís Villaverde, Marcelino, “Palabras galegas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 9 setembro 2013, p. 2.

Lista unha serie de palabras galegas en canto tesouros da nosa lingua e explica os seus significados: “tarambaina”, “verballoeiro”, “badocas” e “carrapito”. Sinala asemade que algunhas delas se poden ler nas escritas de Eduardo Blanco Amor e Celso Emilio Ferreiro, *Viaxe ao país dos ananos* (1968).

Agís Villaverde, Marcelino, “Sucedeu na Estrada”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 18 novembro 2013, p. 2.

Dá conta da inauguración da segunda edición do Seminario de Estudos Locais da Estrada (SELE), que leva por título “A Estrada na historia”. Subliña primeiramente as orixes destas xornadas en 2010 no seo do Foro Galicia Milenio, para despois lembrar a figura homenaxeada na primeira edición do SELE, Manuel Reimón Portela, co gallo do vixésimo aniversario da saída ao prelo de seu volume *Un médico na aldea* (1992). Conclúe cunha referencia a Pepa Varela Pazo, Daniel García Ramos, Gonzalo Varela e Ramiro Cimadevila en canto persoeiros homenaxeados na presente edición, e á participación nela de Noni Araújo e Xesús Palmou.

Agís Villaverde, Marcelino, “Os amigos de Penzol”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Al sur”, 25 novembro 2013, p. 2.

Comenta o acto de entrega da Medalla de Galicia á Fundación Penzol, celebrado na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. Sinala a pegada que persoeiros coma Ramón Otero Pedrayo, Xaime Isla, Paco del Riego, Ramón Piñeiro, Blanquita Penzol, Quico Domínguez e Alfonso Zulueta deixaron na obra de Fermín Penzol.

Aguinaga, Magdalena, “De cuando Murguía escribió sobre Rosalía”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 818, 27. xullo 2013, p. 2.

Explica que Rosalía atopou no seu home a un enorme promotor da súa obra. Lembra que Murguía enviou á imprenta o primeiro prototipo de *Cantares gallegos* sen o consentimento da autora, aludindo ao contexto de soidade no que o escribiu. Destaca de Rosalía o enfoque optimista que tiña da terra galega e a visión negativa sobre o foráneo. Tamén, salienta o sentimento de ausencia da Galicia natal existente na obra rosaliana. Refírese a que a obra, publicada 1863, contou cunha segunda edición en 1872, na que se incluíron catro poemas máis, entre o que destaca “Miña Santiña”.

Alcalá, Xavier, “Dúas señoras novelas”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “A voo de tecla”, 22 marzo 2013, p. 16.

Co gallo da publicación dun abano de títulos sobre o nazismo no suplemento “Cultura” de *La Voz de Galicia*, preséntanse outras dúas propostas: *La bibliotecaria de Auschwitz* e *Laura no deserto*. O primeiro caso é unha reportaxe novelada sobre unha biblioteca clandestina en Auschwitz, escrita por Toni Iturbe. A segunda, unha novela de Antón Riveiro Coello na que Dita, unha bibliotecaria xudía, e Laura, unha fotógrafa libertaria, fan que o lector sinta o noxo da vida infrahumana e a forza descoñecida que leva a sobrevivir.

Alcalá, Xavier, “Rosalía, perdón”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “A voo de tecla”, 11 outubro 2013, p. 17.

Refírese á relación de Rosalía de Castro con Manuel Murguía, promotor excelente da súa obra e responsábel de enviar á imprenta o primeiro prototipo de *Cantares gallegos* sen o consentimento da autora. Ademais lembra que vaticinou o éxito da obra no artigo “Rosalía”. Destaca de Rosalía o enfoque optimista que tiña da terra, o sentimento de ausencia da Galicia natal e lembra as diferentes edicións da obra. Remata referíndose á versión musicada dalgúns poemas por parte de Andrés do Barro que, segundo Vicente Araguas, a poesía rosaliana foi un punto basal da música deste cantautor.

Aldán, Clara, “El plantón de Zarzuela a Crespo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “A praza da verdura”, 17 setembro 2013, p. 23.

Coméntanse algúns dos actos da inauguración do Consistorio de Lalín, entre os que cita a participación do cantautor Amancio Prada que entoará versos de Rosalía.

Alonso, Julio, “Ferrín”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 28 febreiro 2013, p. 24.

Abórdase a renuncia de Xosé Luís Méndez Ferrín á presidencia da Real Academia Galega, sinalando a conmoción que causou no ámbito cultural e político de Galicia. Indícase que se fala de posíbel nepotismo e de falta de apoios ao seu traballo, pero tamén dunha campaña orquestrada para apartalo do posto. Recórdase a súa figura como profesor que se valora positivamente e dáselle apoio nestes momentos, sinalando que é a máxima figura da cultura galega actualmente e que isto é un motivo polo que debería seguir sendo o presidente da Real Academia Galega. Sinálase que Ferrín é unha persoa independente e non manexábel polo que a campaña orquestrada pode responder ao interese por abrírlle as portas da presidencia a alguén que si o sexa. Por último dise que debe ser respectado e recoñecido polas súas extraordinarias achegas a Galicia.

Alonso, Julio, “O Vigo de Rosalía de Castro”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Opinión”, 13 abril 2013, p. 13.

Dánselle os parabéns ao Departamento de Normalización Lingüística do Concello de Vigo tanto polo labor de normalización coma polas actividades que desenvolven. Sinálase que actualmente están facendo diversas actividades que teñen como fio condutor a Rosalía de Castro, como son un maratón musical de cantigas e poemas da autora e uns contacontos dramatizados sobre a vida da poeta. Sinálase que as actividades continuarán ata o próximo 18 de abril e que haberá lecturas, regueifas, unha charla de Xurxo Martínez sobre o Vigo da época de Rosalía e o rexurdimento do galego. Por último destácase a presenza da autora en Vigo e que a súa obra *Cantares gallegos* foi impresa nesta cidade.

Alonso, Rodolfo, “Trovadores: lenguaje y nación”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 764, “Enfiando”, 17 febreiro 2013, p. 43.

Comézase dicindo que cando Rosalía de Castro publicou *Cantares gallegos* probabelmente non tivera conciencia da importancia desa obra, de que ía comezar o Rexurdimento da literatura, da identidade social e cultural do pobo galego nin de que o 17 de maio ía converterse no Día das Letras Galegas. Para continuar salientase o acerto en dedicar o Día das Letras Galegas de 1998 a Martín Codax, Mendiño e Xoan de Cangas, xa que os autores antigos foron moi importantes no desenvolvemento da nosa literatura, como sinalan investigadores de fóra das nosas fronteiras, que remarcen a importancia da lingua galega na lírica medieval. Infórmase tamén de que un grupo de estudantes do Brasil gravaron un disco chamado *Cánticos de amor e louvor* no que recollen as composicións de Martín Codax. Saliéntase que a riqueza da lingua galega se atopa nos fundamentos da cultura portuguesa, polo que é estudada nos países lusófonos. Para rematar reproduce unhas declaracións de José Augusto Seabra, poeta portugués, que afirma o mesmo que o autor do artigo.

Alonso Montero, Xesús, “Isaac Díaz Pardo, antologado”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 502, “Beatus qui legit”, 19 xaneiro 2013, p. 11.

Dáse conta da publicación dun volume dos Cadernos Ramón Piñeiro (Xunta de Galicia) titulado *A luminosa mirada dos ollos de Isaac Díaz Pardo. Obra dispersa* (2012). Explica que se trata dnha biografía do autor estruturada en oito apartados, que acolle tanto relato vital como reflexións políticas, estéticas ou económicas.

Alonso Montero, Xesús, “Doce poetas lugueses de 1963: ubi sunt?”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 503, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 26 xaneiro 2013, p. 9.

Recórdase o que é considerado como o acontecemento cultural máis importante de 1963: a mostra bibliográfica “Cen Anos de Literatura galega”, exposta no salón rexio do Círculo das Artes de Lugo. A mostra tivo como concepción expoñer os libros de poesía, ensaio, teatro... escritos en galego entre 1863 e 1963, así como ofrecer todos os traballos que trataban temas de lingüística galega e a problemática social e literaria da lingua galega. Sinálase que na segunda sección da mostra, *Traballos dos alumnos de ensino medio de Lugo sobre Rosalía de Castro*, se acolleron textos literarios e plásticos dalgúns rapaces que na actualidade son moi coñecidos como Fernando Ónega, Clara Fernández Marín, Ignacio Pardo Pedrosa e Manuel Vázquez Alemán. Porén, non se sabe da actividade literaria de persoas que se estrearon como poetas nesa mostra.

Alonso Montero, Xesús, “Virxinia Pereira de Castelao: epistológrafa”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 504, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 2 febreiro 2013, p. 12.

Recórdase a figura de Virxinia Pereira de Castelao, salientando que tras o falecemento de Castelao é unha muller que quere e sabe estar á altura do papel que lle impoñen as circunstancias. Sinala que de lerse as cartas posteriores a esa data se ve unha muller desolada pola perda, pero moi consciente do que representa, ademais de atopar unha brillante epistológrafa. Sinálase que nas cartas enviadas a Ramón Otero Pedrayo, Virxinia Pereira escribe as páxinas máis auténticas e confidenciais, pasando de tratalo de vostede na primeira a chamarlle “irmanciño Ramón” desde a segunda. Dise que é unha mágoa que non se coñezan as cartas que lle escribiu don Ramón a Virxinia desde o comezo da enfermidade de Castelao e que, actualmente, na Fundación Penzol dispoñen das de Virxinia e que deberían ser todas editadas canto antes, xa que algunhas ofrecen noticias que os historiadores estimarán. Por último, tamén se dá conta da publicación por parte do autor do artigo dalgunhas cartas escritas a Otero, asinadas por Juan Andrés Fernández Castro e Juan Blanco Valdés no número 15 da revista *A Estrada*.

Alonso Montero, Xesús, “Rosalía na primeira antoloxía (1868)”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 507, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 23 febreiro 2013, p. 9.

Achéganse datos bibliográficos sobre a figura de Rosalía de Castro e a súa presenza nas antoloxías poéticas. Sinala que foi antologada por primeira vez no ano 1868, no apéndice “Poesías escogidas” que Saco Arce ofreceu na súa *Gramática Gallega*,

cualificada como unha antoloxía rica en autores e na que se escolman dous poemas de Rosalía, “Miña santa margarida” e “Adiós ríos, adiós fontes”.

Alonso Montero, Xesús, “Santiago Álvarez e ‘A Virxe do Cristal’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 508, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 2 marzo 2013, p. 10.

Fálase dos anos que Santiago Álvarez pasou incomunicado no cárcere de Logroño. Dise que neses anos, 1945-1953, leu moitas obras dos clásicos antigos e modernos que había no penal logroñés e que na súa relación de autores non figura Manuel Curros Enríquez. A pesar disto sinálase que, grazas ao mesmo Santiago Álvarez, sabemos que un poema de Curros estivo nas súas mans: “A Virxe do Cristal”. Indícase que nos anos no cárcere leu boa parte dos libros da biblioteca e bastantes que foron adquiridos fóra. Infórmase de que naquela época se relacionou co doutor Garrido, casado con Angelina Lorenzo, unha galega moi católica a quen Santiago Álvarez lle deu unha copia a man do devandito poema de Curros. Para rematar sinálase que dous membros da comisión organizadora das celebracións do centenario de Santiago Álvarez viaxarán a Logroño para buscar este manuscrito.

Alonso Montero, Xesús, “Carta aberta a Manuel Rivas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Crise na Academia”, 6 marzo 2013, p. 32.

Carta aberta dirixida a Manuel Rivas na que lle pide que non dimita no caso de que Xosé Luís Méndez Ferrín ratifique a súa dimisión. Afirmar que el non cre que haxa unha conspiración de dereitas contra ninguén e que, nas actuais circunstancias, ninguén aspira a ser presidente. Di tamén que no caso de que el e outros académicos numerarios presenten a súa dimisión, a sociedade pode pensar que os que non o fan son académicos menos puros e que non están alleos a unha campaña política orquestrada para cuestionar o presidente, polo que sería complicado atopar a xente que ocupase as vacantes deixadas por eles. No caso dunha fractura da Academia sinala que poden xurdir outras iniciativas que significarían unha desfeita para a institución e para a causa da lingua galega. Di que a Academia, no caso de que Ferrín non dimita, terá que dedicar un grande esforzo para recuperar o predicamento do que gozaba na sociedade galega. Para rematar sinala que o Presidente non debería ratificar a súa dimisión polo ben da Academia e por si mesmo, aínda que nese caso tería que dedicarlle parte do seguinte plenario á dilucidación de certos temas administrativos.

Alonso Montero, Xesús, “Rosalía, antologada por segunda vez”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 509, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 9 marzo 2013, p. 10.

Indícase que, despois de que dous poemas de Rosalía aparecesen nunha escolma de 1868, as súas composicións non foron recollidas nunha antoloxía antes de 1877, ano no que Teófilo Braga publicou *Parnaso português moderno precedido de um estudo da poesia moderna portuguesa*. Indícase que se recollen catro composicións de Rosalía que encabezan a terceira sección, *Os líricos galegos* (III), na que tamén se recollen cinco poemas de Valentín Lamas Carvajal e un de Alberto Camino. Indícase que a presenza de Rosalía nesta escolma vai máis alá destas catro composicións, pois tamén se inclúen vinte e tres coplas de Ventura Ruíz Aguilera, aínda que non se indica que Rosalía foi a

tradutora, e dez cantos populares que están na base de *Cantares gallegos*. Sinálase que é importante reflexionar sobre o feito de que un ilustre polígrafo portugués lle dedique un capítulo á nosa poesía.

Alonso Montero, Xesús, “Ramón Otero antologa a Rosalía (1867)”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 511, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 23 marzo 2013, p. 10.

Sinálase que Ramón Otero Acuña, gaditano aveciñado en Santiago, fixo varios tratados profesionais entre os que salienta *Apuntes para servir al estudio de la geografía médica de Santiago* (1867), no que inclúe un capítulo dedicado á Filoloxía cunha breve antoloxía en prosa e verso. Di que esta antoloxía constitúe, que se saiba, a primeira do século XIX. Indícase que os poetas escollidos foron Alberto Camino, Francisco Añón e Eduardo Pondal, salientando que é raro que non haxa ningún poema de Rosalía de Castro e que escollera da súa obra o limiar de *Cantares gallegos*, primeira vez que se reproduce este texto en prosa. Sinálase que no ano seguinte Cuveiro Piñol tamén omite a Rosalía e que é Saco Arce o primeiro en incluír dous poemas de Rosalía na súa antoloxía.

Alonso Montero, Xesús, “Rosalía, Madame Roland e a revolución”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 513, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 13 abril 2013, p. 9.

Infórmase de que Rosalía de Castro cita a Madame Roland no prólogo de *La hija del mar*. Pregúntase se a devandita autora tiña coñecemento de que Madame Roland fora vítima de camaradas pero que, en calquera caso, Rosalía manifestou nese prólogo a adhesión aos principios teóricos da Revolución francesa coas palabras que lle dedica á ilustrada francesa.

Alonso Montero, Xesús, “Rosalía, con acento xaponés, en Santa Comba”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 515, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 20 abril 2013, p. 10.

Sinálase que neste primeiro trimestre do ano do sesquicentenario de *Cantares gallegos* houbo moitos actos en homenaxe á autora. Entre todos destácase o que tivo lugar en Santa Comba o 24 de marzo, protagonizado por dúas xaponesas: a pianista Haruka Tekebe e Miki Mori. Indícase que nese acto foron interpretados once textos de Rosalía e que soou a *Chanson espagnole* de Maurice Ravel, onde nun fragmento fai unha incursión nuns versos populares que inspiraron a Rosalía. Dise tamén que o director do instituto de Santa Comba fixo unha introdución moi didáctica ao acto e que Alonso Montero explicou o significado do aural libro de Rosalía.

Alonso Montero, Xesús, “Salvador Espriu e Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 516, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 4 maio 2013, p. 10.

Co gallo do primeiro centenario do escritor catalán Salvador Espriu, fálase da súa relación persoal ou epistolar con escritores galegos. Dise que era un admirador de Rosalía e que en 1967 escribiu un poema titulado “Cançó tónica de les dones gallegues a Rosalía”. Infórmase de que Fermín Penzol adquiriu un exemplar do volume das *Obras*

Completa do escritor catalán, no que se encontra esta canção e que llo enviou ao autor para que llo dedicara. Sinala que o volume se pode consultar na Biblioteca Penzol e sinalase que no volume figura tamén un poema sobre Ramón María del Valle-Inclán.

Alonso Montero, Xesús, “Rosanigra, personaxe de Rosalía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 458, “*Letras Galegas 2013*”, 17 maio 2013, p. III/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 410, 18 maio 2013, p. 11.

Fálase do poema “A xusticia pola man”, publicado no libro II (“Do íntimo”) de *Follas novas* (1880). Explicase que se trata dun relato lírico de vinte e oito versos, onde Rosalía conta unha historia desacougante, onde se rouba a dignidade, a inocencia e a bondade. O suxeito lírico do poema, en verbas de Alonso Montero, pódese denominar Rosanigra. Ela non é Rosalía de Castro, senón que se trata dunha muller pertencente ás clases subalternas, de aldea, con conciencia de clase e que cuestiona as instancias divinas.

Alonso Montero, Xesús, “Sobre Airiños e Dorothé Schubarth”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 520, “A outra mirada”, “*Beatus qui legit*”, 1 xuño 2013, p. 10.

Fálase do grupo de teatro Airiños e Dorothé Schubart, galardoados co Pedrón de Ouro e o Pedrón de Honra, respectivamente. De Airiños dise que é un grupo de teatro de Asados (Rianxo) que comezou a súa actividade en 1933 e que desafiou atrancos e censuras ao longo da súa historia, mesmo nos primeiros anos da posguerra. Sobre Dorothé Schubart infórmase de que é unha musicóloga que investigou a música tradicional en varios países de Europa, recorrendo Galicia a partir de 1978 para recoller cantares tradicionais e posteriormente facer a súa transcripción e clasificación.

Alonso Montero, Xesús, “Resposta a Víctor F. Freixanes”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 523, “A outra mirada”, “*Beatus qui legit*”, 22 xuño 2013, p. 10.

Responde a un artigo de Víctor F. Freixanes que abría un debate sobre as responsabilidades dos dirixentes e das figuras comprometidas coa lingua na situación actual do galego. Destaca a necesidade deste debate e afirma que a Galicia posfranquista nunca estivo gobernada por persoas o suficientemente comprometidas coa causa da potenciación do galego.

Alonso Montero, Xesús, “Tres voces na Insua dos Poetas”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 529, “A outra mirada”, “*Beatus qui legit*”, 3 agosto 2013, p. 10.

Comenta a existencia da Ínsua dos Poetas no concello de Irixo dende hai catro anos, a iniciativa de Luís González Tosar. Explica que consta de varios monumentos e que neles se escribiron versos do poema “Irmaus” de Celso Emilio Ferreiro; de “Penélope”, de Xosé María Díaz Castro; e outros sobre a lingua de Rosalía de Castro, de Eduardo Pondal e de Manuel Curros Enríquez. Refíre que na súa alocución aconsellou que para entender ben o Rexurdimento galego hai que engadir “á beira da ilustre tríada” citada a Valentín Lamas Carvajal e que agarda que este autor teña un recuncho nesa Ínsua.

Remata precisando que no ano 2013 esas tres voces do Rexurdimento foron cantadas polos “grandes” poetas Víctor Campio, Salvador García-Bodaño e Arcadio López-Casanova.

Alonso Montero, Xesús, “De Majadahonda a Angrois”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 531, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 17 agosto 2013, p. 10.

Reflexiónase sobre a tendencia a identificar os núcleos rurais próximos a cidades consideradas cultas e refinadas coa rudeza, partindo dun fragmento dun poema costumista de Rosalía de Castro e dunha cita do *Quixote*. Alúdese igualmente á poesía de Luís González Tosar.

Alonso Montero, Xesús, “Filandón (fiadeiro) no Courel”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 533, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 31 agosto 2013, p. 11.

Trae á memoria as sesións de fiadeiros na Galicia rural dende o século XVIII. Destaca en particular a que tivo lugar na Ferrería, en Seoane do Courel, en agosto de 2013, convocada por Xosé Lois Foxo, e no que o asinante desta noticia e máis Amancio Prada presentaron o *Cancioneiro de Oencia*, que recolle gran número de textos en verso pertencentes á tradición oral galega e castelá.

Alonso Montero, Xesús, “Chamábase Chonchiña”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 4 setembro 2013, p. 14.

Dedica unhas verbas de lembranza a Ascensión Concheiro (Chonchiña), muller de Francisco Comesaña, co gallo do seu pasamento en México. Enumera os familiares máis achegados á poeta e indica a decisión de acompañar a seu home no exilio a México en 1943, xunto á anécdota do seu centésimo aniversario, relatada por Marita Vázquez de la Cruz.

Alonso Montero, Xesús, “Un obreiro que foi poeta”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 7 setembro 2013, p. 11.

Comenta a homenaxe ao escritor Manuel Rodríguez López, finado en 1990. Menciona os prólogos que o asinante desta noticia lle realizou aos seus volumes *Reencontro coa aldea* (1983), e o premiado na décimo cuarta edición do Certame de Poesía e Narrativa Manuel Rodríguez López, convocado polo Concello de Paradelá, cun estudo sobre a tradución ao galego do poema *L'Atlantida* [sic] (1877), de Verdaguer, por parte do escritor, e subliña o acto de inauguración dunha mostra sobre a súa vida, organizada por Xulio e Antonio Xiz e Santiago Rodríguez. Destaca asemade a presenza e participación no evento de Luís González Tosar, Yolanda Díaz Gallego e Alfredo González Vilela. Subliña por último as súas obras *Poemas populares* (1968), *Saudade no bulleiro* (1970), *Soldada mínima* (1979) e *Onte e hoxe vivencial* (1995), xunto á edición de Darío Xohán Cabana, *Poesía Completa* (2009), tirada do prelo por Edicións Espiral Maior.

Alonso Montero, Xesús, “Xosé María Díaz Castro en francés (1968)”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 21 setembro 2013, p. 9.

Dá conta dos contidos da primeira antoloxía poética grafada en formato bilingüe francés-galego. Destaca, así pois, a escolma, tradución e limiar a cargo de Françoise Pechère e as fontes bibliográficas nas que se baseou: *Floresta lírica española* (1957), de José Manuel Blecua, e *Antología de la poesía gallega contemporánea* (1959), de Ramón González Alegre. Sinal que na obra foron escolmados os poemas “Penélope”, de Díaz Castro e de creadores como Mendiño, Fermín Bouza-Brey, Aquilino Iglesia Alvariño e Celso Emilio Ferreiro.

Alonso Montero, Xesús, “No centenario de Salvador Espriu”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 537, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 11 outubro 2013, p. 10.

Trae á memoria a saída do prelo do poemario *A pel de touro* (1963) [*La pell de brau* (1960)], de Salvador Espriu, co gallo do centenario do seu nacemento. Indica os contidos e salienta algúns deles, coma por exemplo, o poema “Falando de Sepharad”, ademais da tradución ao castelán de José Agustín Goytisolo, a “Nota crítica” de María Aurèlia Capmany e a cuberta de Antoni Tàpies. Doutra banda, sinala a edición facsimilar deste volume de 1995 a cargo de Ediciós do Castro, da que destaca o limiar de Ricard Salvat, o apuntamento informativo de Díaz Pardo e a reprodución dunha epístola de Espriu con data de 1975.

Alonso Montero, Xesús, “Rosalía, de novo, en ruso”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 538, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 12 outubro 2013, p. 10.

Dá conta da presentación da tradución de *Cantares Gallegos* en ruso, por parte de Elena Zernova, na Fundación Rosalía de Castro o 26 de setembro. Refíre que se trata da primeira edición que aparece como edición non bilingüe na colección que dirixe esta profesora e que acolle transvases ao ruso de autores galegos. Indica que o estudo introdutorio o asina María Xesús Lama e que Elena Zernova agasallou os asistentes á presentación cunha antoloxía intitulada *Poesía de Galicia*, publicada só en ruso, que abrangue dende a lírica trobadoresca até 1936 e cuxo estudo introdutorio asinou Elena Gólubeva. Apunta que Elena Zernova descubrira a Rosalía de Castro a través da *Antoloxía da poesía europea* (1977) e que anos despois se incrementou a súa “paixón” pola autora de Herbón ao asistir a unhas aulas de Alonso Montero dos Cursos de verán para estranxeiros, de aí que el prologara para esta colección de autores galegos verquidos ao ruso o primeiro número (unha antoloxía da lírica medieval) e o décimo (unha escolma da poesía de Rosalía de Castro). Remata agardando que dentro dun ano Elena Zernova dea noticia da acollida de *Cantares Gallegos* en ruso.

Alonso Montero, Xesús, “Cultura e economía: desde a Academia”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Tribuna”, 21 outubro 2013, p. 12.

Comenta a cuestión dos orzamentos públicos do goberno no tocante á Real Academia Galega e as súas actividades. Destaca, así pois, o traballo non remunerado dos

académicos, coma por exemplo a elaboración dunha gramática da lingua galega, das normas ortográficas e morfolóxicas ou de dicionarios e critica os recortes orzamentarios que afectan ao labor da Real Academia Galega de promoción e defensa da lingua galega.

Alonso Montero, Xesús, “Rúa da Paz: ad maiorem verborum gloriam”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 21 decembro 2013, p. 12.

Informa da publicación do opúsculo de Camilo Fernández Valdehorras, *Que ten a Rúa da Paz ourensá que non teñan as demais?* (2013), subtitulado *Elucidario da ilustre rúa da Paz, Rúa Maior das Letras de Galicia e Álbum-guía para un paseo pola súa intrahistoria e biodiversidade social, intelectual e comercial*. Describe a seguir e brevemente os contidos do volume, entre os que destaca a listaxe de intelectuais que viviron na devandita rúa entre 1829 e 1989. Remata cun apuntamento sobre o continuo labor e proxectos do autor, coma por exemplo o seu estudo da Xeración Nós ou a organización de encontros e publicacións sobre tal xeración.

Alonso Montero, Xesús, “Dicionario de Arcadio”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 544, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 2 novembro 2013, p. 9.

Con motivo do ingreso na Real Academia Galega de Arcadio López-Casanova faise un repaso á súa vida intelectual e literaria. Como poeta destácase a obra *Palabra de honor* e como estudoso dáselle moito recoñecemento ao seu *Diccionario metodolóxico de análise literaria. I. A poesía. Textos líricos galegos da Idade Media ós nosos días*, publicado en Galaxia.

Alonso Montero, Xesús, “Rosalía na Real Academia Galega”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 545, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 9 novembro 2013, p. 9.

Dá conta da entrada na Real Academia Galega de Arcadio López-Casanova como académico de honra. Explica que no seu discurso interpretará a modernidade da poesía de Rosalía de Castro, autora que estudara noutras ocasións, mais á que agora se achega como a súa dimensión de poeta. Fai un percorrido polos sete discursos de entrada na Real Academia Galega, nos seus cento sete anos de historia, nos que se estudou a Rosalía de Castro. Nomea os sete autores deses discursos (José Antonio Parga Sanjurjo, Ramón Cabanillas, Ramón Otero Pedrayo, Victoriano Taibo, José Luis Bugallal Marchesi, Ricardo Carballo Calero e Luz Pozo Garza) e indica en qué aspectos analizan a biobibliografía de Rosalía de Castro.

Alonso Montero, Xesús, “Rosalía na prisión de Teixeiro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 546, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 16 novembro 2013, p. 10.

Comenta varias escritas e actos de homenaxe rosalianos, como a celebración dunha aula pedagóxica no Centro Penitenciario de Teixeiro ao redor da súa figura. Destaca a seguir o volume de María Xesús Amado Silvar, *Parlamento de las letras gallegas* (1995), tirado do prelo por Edicións do Castro, prologado polo asinante desta noticia e publicado

coma resposta a unha enquisa de Ánxel Fole aparecida no xornal *El Progreso* en 1961. Menciona doutra banda o número da revista *ANOCA (Aprender no cárcere)*, dedicado a Roberto Vidal Bolaño e da que salienta o poema “Para mi gran amor desconocido” (“Mi primera poesía en castellano”), de Renata Soskey, en inglés coa versión galega, e remata cunha alusión aos versos de Isaac Freiría Veiro sobre o pasamento de Isaac Díaz Pardo.

Alonso Montero, Xesús, “Con, por, sobre... Eduardo Blanco-Amor”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 550, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 14 decembro 2013, p. 10.

Trata da décima edición do acto de homenaxe a Eduardo Blanco Amor celebrado en Ourense por parte dos estudantes dos IES Eduardo Blanco Amor e As Lagoas, e organizado polo PEN Club Galicia, en colaboración coa Deputación de Ourense e a Real Academia Galega. Destaca a presenza e participación no evento de Luís González Tosar, Soedade do Muíño e Afonso Monxardín, así como o regalo recibido polos asistentes ao acto, consistente nunha carpeta con cincuenta láminas das cubertas das obras de Blanco Amor editada por González Tosar. Conclúe cunha referencia á vindeira edición da homenaxe, da que salienta as mostras organizadas sobre súa vida e obra, unha escultura de Acisclo Manzano e unha sesión solemne por parte da Real Academia Galega.

Alvarellos, Quique, “Pobo hidrófilo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Crónicas invisibles”, 5 febreiro 2013, p. 41.

Reflexiónase, en clave literaria e cultural, sobre a proximidade e importancia da chuvia para o pobo galego, intercalando citas de Ánxel Fole, Suso de Toro, García Lorca, Luís Pimentel, Juan Rulfo, Álvaro Cunqueiro ou Antón Tovar.

Alvarellos, Quique, “Arredor de Vicente Risco”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Crónicas invisibles”, 30 abril 2013, p. 42.

Infórmase de que se cumpre medio século do falecemento de Vicente Risco, de quen se di que foi o teórico máis importante do nacionalismo de preguerra. Dise que a relixión é unha das claves para entender o comportamento do autor e que na ditadura foi esquecido e apartado por case todos os seus coetáneos agás por Ramón Otero Pedrayo e Francisco Fernández Del Riego. Porén, a pesar de aceptar o franquismo como un mal menor, Justo Berramendi di que Risco non tirou proveito del, senón que se retirou en Ourense, onde se dedicou á literatura. Finalmente indícase que a día de hoxe aínda segue a ser obxecto de polémicas polo seu cambio de bando, pero que debe ser reivindicado como un dos piares da nosa construción nacional.

Alvarellos, Quique, “Letras que aboian”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Crónicas invisibles”, 7 maio 2013, p. 43.

Infórmase da aparición en abril dun manuscrito inédito do ano 1857 de Aurelio Aguirre, que estaba nos fondos do Museo de Pontevedra. Tamén se di que Francisco Rodríguez

deu noticia duns versos descoñecidos de Rosalía de Castro: un poema que fora publicado en *La Soberanía Nacional* en 1866 e que estaba dedicado a Salustiano Olózaga, escritor e político liberal. Infórmase tamén da edición dun novo poemario con vinte e tres composicións inéditas do cancionero de Afonso Paez, volume considerado polos expertos como o epílogo da lírica medieval galego-portuguesa e datado arredor de 1380-1430, entre outras cousas.

Alvarellos, Quique, “Un novo banquete para Conxo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Crónicas invisibles”, 17 setembro 2013, p. 41.

Trata da vixésimo oitava edición da Semana Cultural do Centro Sociocultural Aurelio Aguirre de Conxo. Indica primeiramente o Banquete de Conxo celebrado en 1856 en “A carballeira de Conxo” durante o décimo aniversario dos Mártires de Carral e baixo o lema “Orden y fraternidad”, coma punto de partida desta serie de edicións e fito da revitalización galega no dobre aspecto político e cultural. Comenta a seguir as actividades do programa da Semana Cultural, entre as que destaca o recital de poemas inéditos de Aguirre a cargo de María Inés Cuadrado e súa vindeira publicación en formato libro grazas á colaboración do Consorcio de Santiago.

Alvarellos, Quique, “Máis poesía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Crónicas invisibles”, 15 outubro 2013, p. 41

Investiga os novos roles da poesía en canto xénero e salienta o congreso “Poesía e edición” celebrado en Coimbra; a décima edición do programa “Cosmopoética. Poetas del mundo”, en Córdoba; o Obradoiro Internacional de Creación Poética na Illa de San Simón, en Vigo; a entrega do Premio Nacional de Poesía a Álvarez Torneiro e as opinións de Ramón Nicolás e Armando Requeixo ao respecto da creación poética actual. Remata cunha alusión ao poema de Luz Pozo Garza, “Volver a Lugo cando sosega o tempo”.

Álvarez, Aser, “A Galicia caníbal”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 13 marzo 2013, p. 25.

Fálase de Xosé Luís Méndez Ferrín, de quen se di que é o mellor escritor galego e a quen se lle quere mostrar apoio nas circunstancias actuais. Dise que a situación que está vivindo o presidente da Real Academia Galega é inxusta e exemplificadora do que é este país incivilizado.

Álvarez Ruíz de Ojeda, Victoria, “Achados documentais”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 458, “Letras Galegas 2013”, 17 maio 2013, p.VII.

Critica a ausencia dunha biografía contemporánea sobre Rosalía de Castro, aínda que admite que nas últimas dúas décadas se produciron avances significativos no coñecemento das fontes documentais. Sinala que a investigación nos arquivos galegos públicos e privados deu como resultado o achado de textos e documentos tremendamente válidos para reconstruír o periplo vital e literario de Rosalía.

Ameixeiras, Diego, “O cronista insurxente”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 505, “1280 almas”, 9 febreiro 2013, p. 9.

Infórmase do percorrido artístico do García Mc, que logo de Dios Ke Te Crew, sacou o seu primeiro disco en solitario, *Abaixo e de pé*, no que se atopan “Amor e sangue en Chiapas” (poema de Lois Pereiro) ou unha versión de “Deitado fronte ao mar” de Celso Emilio Ferreiro, entre outras cancións nacidas das súas viaxes a México nos últimos anos.

Ameixeiras, Diego, “Cen paxaros sobre Changchun”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 509, “Letras en galego”, “1280 almas”, 9 marzo 2013, p. 9.

Infórmase de que botou a andar A Segá, unha plataforma de crítica feminista en Vigo que busca rescatar da invisibilidade obras escritas por mulleres ademais de emprender novas interpretacións do capital literario escrito en galego. Fálase de Andrea Nunes Brións, unha das mulleres que forman parte deste proxecto e faise un breve percorrido pola súa traxectoria, na que se salienta a súa participación no documental *A memoria da lingua* e o conxunto de curtametraxes *Do mar e outros ladrillos*. Dise que no 2007 publicou o seu primeiro libro, *Corrente de esquecemento* e que no 2011 apostou por un proxecto colaborativo: *Todas as mulleres que fun*. Para rematar sinálase que actualmente reside en Changchun (China), onde dá clases na Universidade Normal e que pronto poderemos ver en A Segá a súa visión sobre a poeta exipcia Iman Mersal.

Ameixeiras, Diego, “Mutantes desencadeados”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 513, “Letras en galego”, “1280 almas”, 13 abril 2013, p. 8.

Fálase sobre Tomás González Ahola, fundador de Urco Editora xunto con outros tres socios. Dise que esta editorial foi medrando e conseguiu un ritmo de publicación duns vinte títulos ao ano, ademais de crear Sacauntos, a súa propia imprenta dixital. Infórmase de que no 2011 decidiu embarcarse nun novo proxecto xunto con Fernando M. Cimadevila: *Contos Estraños*, unha aposta polo *pulp* que se converteu nun altofalante para os afeccionados á literatura popular.

Ameixeiras, Diego, “O editor que xurdiu do frío”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 518, “Letras en galego”, “1280 almas”, 18 maio 2013, p. 8.

Fálase sobre Alejandro Tobar, creador de Hugin e Munin a finais do 2011, editora especializada na tradución ao galego de narrativa de ficción. Destácanse algúns títulos publicados nesta editora como *Servizo de correos*, de Charles Bukowski; *Angel Esquire*, de Edgar Wallace; e *A asasina*, de Alexandros Papadiamandis, entre outros. Infórmase de que o seu obxectivo é seguir diversificando linguas, estilos, xéneros e épocas. Para rematar dise que o seu labor tradutor vai máis alá de Hugin e Munin, ao estar a traballar nunha antoloxía de relatos de Wilde e nunha selección de narracións negrocriminais.

Ameixeiras, Diego, “Todas as festas do mañá”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 522, “Letras en galego”, “1280 almas”, 15 xuño 2013, p. 9.

Comenta a traxectoria creativa da parella de poetas María Lado e Lucía Aldao, que dende o ano 2005 percorren Galicia recitando, cantando e escribindo en directo. Afirmo que elas conciben a poesía “coma un tiroteo lúdico no que as palabras piden atmosfera cargada de bar” e que dan un espectáculo digno de ver.

Ameixeiras, Diego, “Poesía sobre a pel do mundo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 548, “1280 almas”, 30 novembro 2013, p. 9.

Repasa a traxectoria dos recitais poéticos en Santiago de Compostela dende a década dos noventa até a actualidade. Menciona primeiramente a Lupe Gómez e seu poemario *Pornografía* (1995), para despois sinalar as iniciativas de autoxestión editorial, coma Edicións do Dragón ou Letras de Cal, xunto a Picaversos, o programa de lecturas e recitais organizado por Branca Novoneyra e Olalla Cociña. Remata cunha breve descrición do contido deste programa.

Ameixeiras, Diego, “O derradeiro refuxio está no bosque”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 552, “Letras en galego”, “1280 almas”, 28 decembro 2013, p. 11.

Percorrido pola traxectoria literaria de Manuel Darriba, na que salienta os seus volumes de narrativa *Paf Xarope* (1997), *Outonos espectaculares* (1998), *Velada do billarista* (2001), *Accidental* (2003), *Experimentos coa mentira* (2005), *Branco* (2009) e *O bosque é grande e profundo* (2013), novela da que describe o fío argumental e subliña a estética suxestiva. Doutra banda, gaba a súa escrita poética a partir de *Calor* (1997), *Vostede non sabe con quen está a falar* (2005) e *Os indios deixaron os verdes prados* (2010). Alude finalmente aos documentais *Tolos por Xapón* (2007), *Prodixiosos* (2008) e *Pacios. As fotos da memoria* (2011); á crónica política *AGE. A emerxencia da Alternativa Galega de Esquerdas* (2013), de autoría conxunta con Daniel Salgado, e ao Premio de Xornalismo Fernández del Riego do que foi merecente.

Angueira, Anxo, “*Cantares gallegos* 150 anos despois”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 85/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 66, “Cultura”, 10 febreiro 2013.

Faise unha aproximación a *Cantares gallegos* 150 anos despois da súa publicación. Dise que é unha obra que mostra un gran traballo de recollida e un profundo coñecemento do cancionero popular. Subliña que o feminismo é un dos seus principais argumentos, estando a obra protagonizada estrutural, discursiva e politicamente. Sinálase que Rosalía usa as cántigas e outros repertorios populares como trincheira desde a que lanza o seu pensamento crítico e, a partir deles, elaborar unha alegoría nacional de Galicia, na que se condensa un proxecto, o Rexurdimento. Dise que esta alegoría queda clara no prólogo; en que a dignidade de Galicia xira arredor da fala, o pobo e a terra; e no escenario dialéctico da obra (oposición Galicia / España). Finalmente, indícase que é un libro vivo porque o proxecto de dignidade e liberdade continúa.

Angueira, Anxo, “De Sarmiento a Rosalía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 458, “Letras galegas 2013”, 17 maio 2013, p. VIII.

Fala da importancia de *Cantares gallegos* co gallo do sesquicentenario da súa publicación. Relaciona este libro de Rosalía co *Coloquio* de Sarmiento e analiza a teoría de Murguía sobre a Literatura galega moi unida ás teses de Herder e do *volksgeist*. Finalmente, defende a relevancia para a historia da Literatura galega da obra de Rosalía.

Araguas, Vicente, “Peores tempos sen Carlos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 3 febreiro 2013, p. 41.

Lémbrase a Carlos Casares, rememorando os encontros entre ambos.

Araguas, Vicente, “Rosalía en Madrid”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 3 marzo 2013, p. 41.

Dáse conta dunha homenaxe a Rosalía de Castro o 23 de febreiro en Madrid. Infórmase de que Mariví Villaverde leu un manifesto, seguido dun recital poético e da actuación de Marta Beceiro, quen cantou *Negra sombra*.

Araguas, Vicente, “Trátase de Ferrín”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 10 marzo 2013, p. 40.

Sínálase que o labor de Xosé Luís Méndez Ferrín como presidente da Real Academia Galega merece unha loanza e que estes non son bos tempos para enredar con institucións que velan polo galego. Sublíñase que o autor renunciou a un premio económico institucional por entender que era incompatíbel coa súa ética e que se Ferrín trasacordara na súa decisión de deixar a presidencia sería unha boa noticia.

Araguas, Vicente, “Un mundo que alá vai”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 11 agosto 2013, p. 41.

Elóxiase a capacidade de Xosé Neira Vilas para describir a vida no rural galego nos anos da guerra e da posguerra, destacando as obras *Memorias dun neno labrego* e *Aquel neno*, último libro do autor no que retoma esta temática.

Araguas, Vicente, “Con Heaney e Hughes”, *El Correo Gallego*, “Agora xa foi”, 8 setembro 2013, p. 43.

Trata da cuestión dos tradutores da obra de Seamus Heaney, entre os que destaca a Brian Hughes, Ramiro Fonte, con *Adeus Norte* (1991), [*North*, 1975]; Vicente Araguas coas súas traducións na revista *Nó*, da AELG, en 1986 e *Traballo de campo* (1996), na colección “Ablativo Absoluto” de Edicións Xerais. Remata cunha reprodución do colofón do volume antedito, no que se cita a Álvaro Cunqueiro coma tradutor do poema de William Butler Yeats ao galego, “As aves brancas”.

Araguas, Vicente, “Porque a vida non abonda”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 24 novembro 2013, p. 49.

Loanza de Manuel Álvarez Torneiro a nivel persoal (educado e xeneroso) e profesional (excelencia literaria) tras serlle concedido o Premio Nacional de Literatura.

Baliñas, Carlos, “Sumar e non restar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna Libre”, 1 marzo 2013, p. 37.

Infórmase de que co gallo do cento setenta e seis aniversario do nacemento de Rosalía de Castro e de que en maio se cumprirán os cento cincuenta anos da publicación de *Cantares Gallegos*, a Fundación Rosalía de Castro propuxo que en varios concellos se comezase o día cunha gaita tocando a *alborada de Veiga*. Esta Fundación realizou tamén un acto na Casa-Museo de Rosalía en Padrón no que se pronunciaron palabras optimistas. Por outra banda dise que, o mesmo día e á mesma hora, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega foi ao panteón da poeta e reclamaron que os seus restos mortais sexan trasladados a un cemiterio público. Sinálase que foi o seu propio viúvo quen escolleu o lugar onde enterrala e que é unha decisión que debe ser respectada e non buscar confrontacións. Sublíñase que isto suporía desfacer o Panteón dos Galegos Ilustres e con iso borrar unha parte da nosa historia.

Baltar, Ramón, “Sempre con Galicia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Desde otra ventana”, 4 marzo 2013, p. 2.

Fálase de Carlos Mella Villar, novo presidente da Fundación Castelao. Dise que ten acreditadas todas as condicións necesarias que se lle deben pedir a quen se preste a presidir esta institución.

Baltar, Ramón, “Con que xente ronca o mar”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Desde otra ventana”, 5 abril 2013, p. 2.

Dise que os últimos acontecementos na Real Academia Galega ameazan con mermar o pouco creto que lle queda de cara á opinión pública. O autor cre que a decisión de Xosé Luís Méndez Ferrín é a correcta pero que se equivocou ao falar de conspiración externa con axuda de xente de dentro da Real Academia Galega. Tamén se di que o feito de que existan diversos centros oficiais que traballan no estudo do galego é negativo.

Barreiro Rivas, Xosé Luís, “Crisis en la RAG: un drama en cuatro tiempos”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “A torre vixía”, 9 marzo 2013, p. 15.

Fálase da crise da Real Academia Galega, marcando catro tempos dentro dela. Dise que o primeiro foi en xaneiro, cando o pleno da Academia presenta críticas sobre a súa organización interna, a política de persoal, o cumprimento das súas funcións e a información orzamentaria. Sinálase tamén que é unha institución perdida nun elitismo

cultural extemporáneo que non conecta coa nosa realidade social e que, ademais, non puido evitar que se fundaran outras institucións que minaron a súa autoridade. O terceiro tempo que se sinala é a ausencia dun debate con conclusións que se orienten á reforma. Por último sinálase como cuarto tempo as peticións a Xosé Luís Méndez Ferrín de que reconsidere a súa dimisión.

Bello, Xaime, “Olla meu irmau”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Cabo Prior”, 2 xaneiro 2013, p. 20.

Dise que é contradictorio que o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, pronuncie o seu discurso institucional de Fin de Ano desde a Casa de Rosalía de Castro, gabando o seu legado para o noso idioma e cultura, ao mesmo tempo que aproba un Decreto no ensino que ataca a presenza do galego no sistema educativo.

Bello, Xaime, “Para Medos”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Cabo Prior”, 16 xaneiro 2013, p. 21.

Afirma que acredita o que Medos Romero comentou sobre o seu libro *Do corpo e a súa ausencia*: a marabilla que é vivir.

Bello, Xaime. “O carballo de Novoneyra”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Cabo Prior”, 30 outubro 2013, p. 24.

Aproveitando o aniversario da morte de Uxío Novoneyra, fálase do carballo traído do Courel plantado no seu honor no 2000. Ademais faise referencia ao libro de Xulio L. Valcárcel *O escano baleiro. No courel con Uxío Novoneyra* (2011).

Bello Costa, Xaime, “Rosalía co naval”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Cabo Prior”, 27 febreiro 2013, p. 21.

Infórmase de que Medos Romero no manifesto en defensa do sector naval fixo unha adecuada referencia a Rosalía de Castro, quen sempre denunciou a inxustiza social e o desleixo e explotación que Galicia recibía do poder central. Sinálase que as denuncias desta autora seguen estando vixentes.

Bello Costa, Xaime, “Iniciativa Paz Andrade”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Cabo Prior”, 13 marzo 2013, p. 22.

Fálase sobre a Iniciativa Paz Andrade, sinalando que é unha proposta que promove a recepción aberta en Galicia das televisión e radios portuguesas.

Bello Costa, Xaime, “Cantares gallegos”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Cabo Prior”, 16 outubro 2013, p. 21.

Fala sobre os *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro polo seu sesquicentenario e cita a importancia do seu prólogo, a relevancia que lle deu Ricardo Carvalho Calero e o significado que ten para o pobo galego.

Bermejo Barrera, José Carlos, “Ortografía e loita de clases”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Firma invitada”, 29 abril 2013, p. 12.

Fálase do nacemento das Reais Academias, dicindo que ao contrario doutras Academias a galega naceu como froito dunha reivindicación da dignidade da lingua e o pobo galego. Pásase a falar dos problemas que tivo a Real Academia Galega, comezando polas diferentes posicións no proceso de normalización ortográfica, léxica e gramatical. Dise que o maior problema ao que se enfrontou foi a creación dun mundo peculiar no que os partidos gobernantes financiaron algo no que non crían. Finalmente fálase da saída de Xosé Luís Méndez Ferrín da presidencia da Academia dicindo que os controladores e acumuladores do prestixio lle deron unha puñalada ao que era unha das bases dese mesmo prestixio, utilizando as armas sucias do loita política.

Bermúdez, Alfredo, “Os escritores galegos”, *La Región*, “Opinión”, 15 maio 2013, p. 24.

Dise que a Literatura galega sería unha referencia mundial se todos os escritores galegos tiveran escrito a súa obra en galego.

Blanco, Xabier R., “Guerra de letras”, *La Región*, “Galicia”, “Clave Galicia”, 26 febreiro 2013, p. 24.

Fálase dos últimos acontecementos da Real Academia Galega, sinalando que non está ben contratar a familiares, non responder a algunhas preguntas ou aceptar regalos da Xunta de Galicia.

Blanco Valdés, Juan L., “X. A. M. presidente”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Bágoas de crocodilo”, 6 abril 2013, p. 42.

Co gallo do seu nomeamento como novo presidente da Real Academia Galega, fálase de Xesús Alonso Montero dicindo que este feito é algo natural e xusto pois non hai nova dun humanista comparábel a el.

Blas, Ceferino de, “La hora de Ferrín”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 14 xaneiro 2013, p. 15.

Fálase de Xosé Luís Méndez Ferrín como patriarca do galeguismo cultural, indicando que non se percibe na actualidade outra figura que poida selo. Sinálase que é a súa hora e que non é necesario facer abstracción para ver nel as tres características que teñen as persoas que mereceron ese título: erudición, talento e memoria.

Blas, Ceferino de, “El monumento de Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 25 marzo 2013, p. 13.

Reflexión sobre Vigo e o seu carácter cosmopolita, fronte á súa condición de vila galega, pois houbo un tempo en que a propia cidade se consideraba máis cosmopolita e galega. Indícase que un dos documentos en que se sinala este aspecto é nunha crónica da reunión que houbo na cidade co gallo da construción dun monumento a Rosalía de Castro, idea concibida por Fraiz Andón. A falta de implicación desta cidade retrasou a súa execución e non se uniu ata 1995 ás poboacións que honran a poeta cun monumento.

Blas, Ceferino de, “Esos libros del fondo de biblioteca”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 6 maio 2013, p. 13.

Refírese ao libro *Cartas a Murguía*, preparado e revisado por Xosé Ramón Barreiro e Xosé Luís Axeitos, como libro de fondo de biblioteca que supón unha fonte de datos sobre a biografía de Rosalía de Castro.

Blas, Ceferino de, “Los secretos de la RAG”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 20 maio 2013, p. 14.

Fálase da exposición polo 150 aniversario de *Cantares Gallegos* dicindo que nela se poden descubrir varios datos, como que existe un volume encadernado do xornal *La Oliva*. Ademais sinálase que podemos ver algunhas cartas a Murguía, fotografías e outros secretos da Real Academia Galega relacionados coas súas vidas.

Blas, Ceferino de, “La foto de Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 18 xullo 2013, p. 27.

Dáse conta do descubrimento dunha fotografía inédita de Rosalía de Castro atopada nunha primeira edición de *Cantares Gallegos* que fora propiedade de Ramón Segade Campoamor. Sinálase que o exemplar tamén contén unha copia autógrafa dos primeiros versos da obra e unha reprodución da carta de Fernán Caballero en resposta a Rosalía por terlle dedicado a súa obra.

Botrán, Cristina, “Rosalía sigue sin tener hueco en Padrón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 560, “Cruce de caminos”, 18 maio 2013, p. 3.

Díse que Rosalía de Castro non ten un espazo en Padrón á marxe da fundación que leva o seu nome e outras institución alleas ao municipio. Sinálase que tras a morte doutros persoeiros, como Camilo José Cela ou Maruxa Villanueva, o Concello creou premios sufragados polas arcas municipais pero que Rosalía segue sen ter un premio padronés co seu nome.

Bragado, Manuel, “Os alicerces de don Paco”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 14 xaneiro 2013, p. 14.

Co gallo do centenario do nacemento de Francisco Fernández del Riego, fálase da chegada a Vigo e da actividade que desenvolveu nesta cidade.

Bragado, Manuel, “Día do libro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 22 abril 2013, p. 13.

Refírese ao Día do libro e aos dereitos de autor que se celebrará mañá, 23 de abril. Sinálase que o sector do libro é a primeiro industria cultural en Europa e en España, onde é a que menos achegas públicas recibe. Infórmase de que, con motivo desta efeméride, os editores galegos fixeron un chamamento aos poderes públicos e á cidadanía a prol dunha política estratéxica para o libro e a lectura en galego. Fálase tamén sobre as transformacións que está vivindo o libro, un tránsito entre a edición impresa e a dixital.

Bragado, Manuel, “A luz de Díaz Castro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 24 xuño 2013, p. 14.

Fai un repaso da vida e da obra de Xosé María Díaz Castro, elixido para a conmemoración do Día das Letras Galegas 2014. Resalta que *Nimbos* foi o “fito fulcral da súa traxectoria literaria”, que considera “extraordinario”, salientando algúns poemas do conxunto lírico como o “Monumento á ausencia” ou o mesmo “Penélope”, do que reproduce uns coñecidos versos. Por último, indica que haberá tempo para afondar na “traxectoria humana e literaria” do poeta de Guitiriz.

Bragado, Manuel, “Iniciativa Paz Andrade”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 15 outubro 2013, p. 26.

Describe en detalle a proposta de lei de iniciativa lexislativa popular Valentín Paz-Andrade de vínculo coa lusofonía, presentada perante a Comisión de Educación e Cultura do Parlamento de Galicia por Xosé Carlos Morell González. Indica primeiramente os obxectivos da lei proposta, baseados nas teorías de Paz-Andrade no seu ensaio *Galicia como tarefa* (1959), para despois comentar o enunciado do primeiro artigo, sobre a incorporación da lingua portuguesa no ensino regrado galego. Remata cunha alusión á posíbel aprobación da lei e recuperación de iniciativas coma o Eixo Atlántico ou a presenza de Galicia en canto Observador Asociado da Comunidade dos Países de Lingua Portuguesa (CPLP).

Bragado, Manuel, “Cartografías de Xela Arias”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 5 novembro 2013, p. 29.

Rememora a Xela Arias no seu décimo cabodano como poeta, tradutora, editora e profesora, e subliña a obra *Darío a diario* (1996) feita a partir da súa experiencia como nai. Despois lembra varias homenaxes realizadas na súa memoria pero que contrasta co

baleiro que existe logo de 2004. Remata reclamando a edición da poesía completa (édita e inédita) e que se promovan estudos de investigación nas disciplinas de Filoloxía galega das tres universidades.

Braxe, Lino, “Cantares Gallegos’ e Pilar García Negro”, *La Opinión*, “Opinión”, 3 xuño 2013, p. 13.

Fálase sobre *Cantares gallegos*, sinalando que Rosalía no prólogo deixa claras as súas premisas e fai unha defensa social e poética de Galicia. Menciónase a Pilar García Negro para dicir que grazas ao seu traballo coñecemos moitos aspectos sobre a poeta e a súa obra.

Braxe, Lino, “Xaime Cabanas”, *La Opinión*, “Opinión”, 5 agosto 2013, p. 14.

Loa o pintor Xaime Cabanas e, para rememorar os gravados que fixeron xuntos, reproduce un poema seu que ía ser o proemio deses gravados. Remata afirmando que cos seus amigos Antonio Simón e Manuel Manquiña tomará unha cunca de viño á súa honra.

Burgoa, Juan J., “Personaxes esquecidos da cidade ensimesmada”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 23 outubro 2013, p. 18.

Leva a cabo unha relación de persoeiros que, malia non ser orixinarios de Ferrol, tiveron grande influencia na historia da cidade. Enumera, así pois, na época da Ilustración, a Jorge Juan, Julián Sanchez Bort, Dionisio Sánchez de Aguilera, Francisco Cornejo e Álvarez Caballero; artistas e pintores coma Alonso Canto, Agustín Robles, Ramón Buch, Eduardo de la Vega, Rodolfo Ucha e Gregorio Baudot; Leandro de Saralegui, Andrés Comerma, Manuel Masdías, Wenceslao Fernández Flórez, os doutores Xaime Quintanilla, Agustín Sixto Seco e Santiago de la Iglesia; e xa en tempos máis recentes, Carlos Casares e a editorial EnBroma.

Cabrera, María Dolores, “Cantarlle os Reis a Fernández del Riego”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Tribuna”, 7 xaneiro 2013, p. 10.

Recórdase que hoxe se cumpren cen anos do nacemento de Francisco Fernández del Riego, histórico galeguista que no seu derradeiro aniversario recibiu unha homenaxe ao pé da súa casa. Fálase brevemente sobre a súa figura e dise que a Fundación Penzol, dirixida por el entre 1963 e 2009, quere conmemorar o seu centenario animando a todos os organismos, institucións, colectivos, medios de comunicación e á cidadanía a sumarse a esta efeméride para celebrar a un dos persoeiros máis importantes do século pasado.

Calaza, Juan José R., “Ferrín”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 3 marzo 2013, p. 34.

Fálase sobre a Xosé Luís Méndez Ferrín con motivo da polémica arredor da súa dimisión como presidente da Real Academia Galega.

Campo, Marica, “Algo que celebrar”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 29, “A tecelá en outono”, 22 febreiro 2013.

Dise que o 150 aniversario de *Cantares gallegos* é algo que debemos celebrar máis que nunca tendo en conta o contexto actual, pois nunca poderán roubarnos o que somos. Infórmase de que este xornal publica todos os domingos artigos sobre a obra e de que hoxe, ás 12 da mañá, os centros de ensino lugueses farán unha homenaxe para recoñecer a figura da autora. Adiántase que no acto se van recitar poemas de Rosalía e que se lerá un manifesto da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega.

Campo, Marica, “Trasnos na cabeza”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 29/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 27, “A tecelá en outono”, 1 marzo 2013.

Fálase de que para poder visitar a tumba de Rosalía, no Panteón de Galegos Ilustres, é necesario pedir permiso. Crese que este lugar debería estar aberto ao público. Tamén se fai referencia a un erro na data de nacemento de Rosalía publicada no seu artigo anterior.

Campo, Marica, “Tres mulleres”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 29, “A tecelá en outono”, 6 setembro 2013.

Lembra as figuras de Herminia Estoa Bouso, Teresa Losada Campo e Ascensión Concheiro, das que sinala aspectos vitais como a amizade entre Estoa Bouso e Ramón Otero Pedrayo, Moncho Valcárcel e outros grandes da posguerra, a fundación da Casa da Cultura en 1974, o merecemento da Cruz de Sant Jordi en 2002 e a homenaxe a Cassià Just en 2012 no caso de Losada Campos; ou o rol de Concheiro en canto viúva de Francisco Comesaña, protagonista na novela de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro* (1998).

Campo Freire, Xaquín, “Meditación hermenéutica sobre Díaz Castro (I)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 22 outubro 2013, p. 16.

Trae á memoria o poemario de Xosé María Díaz Castro, *Nimbos* (1961), editado por Galaxia. Relaciona a temática e seus contidos coa época da posguerra en Galicia e salienta o ton de desacougo presente nos versos, xunto á simplicidade da estética e á denuncia lírica da terríbel realidade bélica daquela.

Campo Freire, Xaquín, “Meditación hermenéutica sobre Díaz Castro (e II)”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 31 outubro 2013, p. 18.

Volve sobre a figura de Xosé María Díaz Castro en relación ao seu poemario *Nimbos* (1961). Destaca súa liña temática en contra da ditadura franquista e reproduce algúns dos versos sobre a traxedia que lle tocou vivir á Galicia da posguerra.

Caneiro, Xosé Carlos, “Os novos novísimos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 500, “As 10 promesas dos XXI”, “Club dandi”, 5 xaneiro 2013, pp. 12-13.

Sinálase que o maior patrimonio de Galicia é a cultura e que a obra de novos creadores (de literatura, cine, música, da fotografía, etc.) así o certifica. Resáltanse as figuras de Lorena Souto, Adelaida Vidal, Darío Mariño, Pela del Álamo, Diana Touceda, Álex Cal, Vanesa Sotelo, Jorge Perianes e Victoria Diehl.

Caneiro, Xosé Carlos, “Trío peculiar”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 504, “A outra mirada”, “Club dandi”, 2 febreiro 2013, p. 12.

Recoméndanse obras de tres autores galegos: *Hora zulú*, de Santiago Lopo; *O curioso mundo das persoas normais*, de Xosé Monteagudo; e *El último amante de Marilyn*, asinado por Xavier Navaza.

Caneiro, Xosé Carlos, “E Rosalía...”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 512, “A outra mirada”, “Club dandi”, 6 abril 2013, p. 11.

Con motivo do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, convida a “profundar” na súa poesía para non “terxiversar, adoutrinar ou manipular”, pois Rosalía de Castro é de todos e non pode ser “só duns poucos, tan *independentes*, minimalistas e dogmáticos, soberanos e soberanistas”.

Caneiro, Xosé Carlos, “Teatro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 525, “A outra mirada”, “Club dandi”, 6 xullo 2013, p. 10.

Comeza amosando a tristeza que sentiu pola morte do actor Xosé Manuel Olveira, *Pico*, xa que “cando morre un actor, todos morremos un pouco”. Indica que era un “home de talento que fixo rir, chorar, gozar, sentir a miles de persoas sensibles” e apunta que “a mellor das nosas industrias” é “a factoría dos sonhos”, xa que “somos o que soñamos” e que “o teatro galego forma parte das moitas excelencias deste país”. Comenta que está reler a reedición de *Matalobos*, de Raúl Dans, así como as traducións *A gaivota* e *O tío Vania*, de Chékhov e tamén pezas de Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste e Ramón Otero Pedrayo, entre outros autores galegos. Remata cunha chamada a reclamar a presenza de representacións teatrais “nas súas vilas. Griten polo teatro”.

Cardalda F., Teo, “Xesús Alonso Montero”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Desde o preguntoiro”, 15 maio 2013, p. 25.

Fálase sobre as palabras que dixo Xavier Vence, voceiro do BNG, sobre Xesús Alonso Montero, criticándoo polo seu carácter insultante e pola falta de argumentos. Dise que os verdadeiros problemas aos que nos enfrontamos só se resolven sumando forzas.

Carreño, Antonio, “Donde la piedra es piedra”, *La Región*, “Opinión”, “Crónicas desde la Ribeira Sacra”, 29 maio 2013, p. 27.

Faise unha breve análise da obra *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro.

Carreño, Antonio, “Por los *camíños* de Cangas”, *La Región*, “Opinión”, “Crónicas desde la Ribeira Sacra”, 13 xuño 2013, p. 25.

Refírese á figura de Celso Emilio Ferreiro como clave na tradición da lírica galega de carácter testemuñal. Apunta que se sitúa na liña social doutros poetas españois como Blas de Otero, Gabriel Celaya ou José Hierro. Dáse conta das múltiples lecturas que pode ter a súa obra e comenta o poema “Ti e mais eu”, de *Longa noite de pedra*, aínda que finalmente se centra no dedicado a María Soliña, do que lembra o feito ao que fai referencia, concluíndo que é un “exemplar” testemuño do recoñecido poeta de Celanova.

Castelo Agra, Miguel, “A escena como ‘Leitmotiv’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 506, “Nomes propios”, “Obituario”, 16 febreiro 2013, p. 11.

Fálase sobre Xosé Redondo Santos, director de teatro e actor. Faise un pequeno perfil del sinalando que foi un profesional do teatro que traballou con menos medios dos precisos e que obtivo uns resultados escénicos interesantes. Ademais de dedicarse ao teatro, Xosé Redondo traballaba como empregado da banca e fixo algunha incursión no mundo do cinema.

Castiñeira, Francisco X., “Adeus Ferrín”, *Diario de Arousa*, p. 24/ *Diario de Ferrol*, p. 17/ *El Ideal Gallego*, p. 23, “Opinión”, “Tirando bandeiras”, 5 marzo 2013.

Alúdese ao abandono da presidencia da Real Academia Galega por parte de Xosé Luís Méndez Ferrín. Sinalase que o recoñecemento á institución era menor antes da chegada deste escritor e que, coa súa saída, seguramente a Academia volverá á escuridade. Indícase tamén que a presenza virtual da institución chegou co mandato de Ferrín.

Castro Cajaraville, José, “Viveiro de cultura”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 487, “Desde Padrón”, 5 marzo 2013, p. 3.

Indícase que Padrón é un exemplo de intensa vida cultural e pónense como exemplo os seguintes feitos: a celebración do 176 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro e o do 150 da publicación de *Cantares gallegos*; unha mostra do pintor Carlos Bóveda na Casa de Galicia en Madrid; os premios que consegue o xornalista Pepe Domingo Castaño; a presentación de *Tonas de Laranxa*, de María e Manuel Lorenzo; a obra

Galicia Salmonera, de Alberto Torres e o cesureño-padronés Miguel Piñeiro. Tamén se nomea o premio literario entregado na Fundación Cela, así como o XII premio Maruxa Villanueva e a festa da Irmandade de Fillos e Amigos de Padrón.

Castro Cajaraville, José, “O novo presidente da Fundación Rosalía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 556, “Desde Padrón”, 14 maio 2013, p. 3.

Fálase do nomeamento de Anxo Angueira como presidente da Fundación Rosalía.

Castro Ratón, Xosé, “Bóveda, memoria da dignidade”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, “Outra ollada”, 17 agosto 2013, p. 25.

Lembra a figura de Alexandre Bóveda con motivo do aniversario do seu fusilamento e o proceso xudicial previo. Apunta que Castelao publicara que “non enterran cadáveres, senón semente” e que o Consello de Galicia, anos máis tarde, instaurou o Día da Galiza Mártir nesa data.

Cochón, Luís, “Escoitando a César Cunqueiro falar de seu pai”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 marzo 2013, p. 42.

Fálase de César Cunqueiro de quen se di que conta xa con catro poemarios publicados e tres novelas.

Conde, Alfredo, “Nomes e apelidos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 4 marzo 2013, p. 4.

Faise unha reflexión tras a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín á presidencia da Real Academia Galega, dicindo que o diñeiro público ten que estar controlado e que debemos coñecer, por exemplo, o custe que supón a asistencia a unha comisión da Real Academia Galega. Tamén se fai referencia á cuestión de se un familiar dun representante público ten que ver restrinxidos aos seus dereitos cidadáns debido ao seu parentesco.

Conde, Alfredo, “Figura controvertida”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 5 marzo 2013, p. 4.

Fálase da necesidade dunha lei do mecenado. Dise tamén que non é sorprendente o acontecido na Real Academia Galega debido a que Xosé Luís Méndez Ferrín era unha figura presidencial controvertida.

Conde, Alfredo, “Silencios sepulcrales”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Los otros días”, 6 marzo 2013, p. 4.

Dáse conta do silencio dalgunhas persoas tras a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín á presidencia da Academia, dicindo ademais que se a versión do acontecido que conta Víctor F. Freixanes é certa, o comentario de Henrique Monteagudo sinalando a escaseza de reflexos democráticos de Ferrín é acertado. Dise tamén que os xornais poden e deben denunciar os feitos. Finalmente exprésase o desexo de que todo o acontecido sirva de lección para o futuro.

Conde, Alfredo, “Poñer orde na sentimentalidade”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 9 marzo 2013, p. 4.

Trátase a figura de Xosé Luís Méndez Ferrín e a polémica en torno á Real Academia Galega. Dise que debe ser o uso da razón o que nos leve a condenar ou enxalzar actitudes.

Conde, Alfredo, “ILG, CdaCG, CRP e RAG”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 3 abril 2013, p. 4.

Faise unha reflexión sobre o Consello da Cultura Galega, falando sobre a intención que levou á súa creación. Faise referencia á opinión dalgunhas persoas sobre necesidade de fusionar esta institución co Centro Ramón Piñeiro, a Real Academia Galega e o Instituto da Lingua Galega.

Conde, Alfredo, “A RAG está ben como está”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 4 abril 2013, p. 4.

Dise que a Real Academia Galega non debe ser integrada en ningún outro ente e que o Consello da Cultura Galega debe ser repensado e reformulado, dándolle a condición de consello que estaba prevista na intención de Piñeiro. Opínase que sobran editoras nacionais e que necesitamos unha industria editorial que sustente o noso sistema literario sen subvencións.

Conde, Alfredo, “Estocaxe editorial”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 13 abril 2013, p. 4.

Dáse conta do excedente de centos de miles de libros nalgunhas editoras. Dise que en lugar de destruílos, sería mellor vender estes libros a prezo de saldo ou regalalos. Pregúntase para que serviu o gasto público en tantos libros publicados sen outro mérito literario que o de estar escritos en galego.

Conde, Alfredo. “Literatura, vino y política”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Los otros días”, 21 setembro 2013, p. 4.

Coméntanse os artigos reeditados recentemente por Follas Novas asinados por Álvaro Cunqueiro e publicados polo autor entre 1956 e 1983 na revista *Sábado Gráfico*, nos

que se deixan entrever a súa obra literaria, o seu gusto polas tabernas e a súa actividade política.

Cora, José de, “Morte e sentenza”, *El Progreso*, “Opinión”, “O bufete do Dr. Castro”, 17 agosto 2013, p. 19.

Fálase da intoxicación por consumir aceite de colza como posíbel causa da morte de Lois Pereiro, centrándose nas distintas opinións dos médicos que o atenderon.

Dacosta, Henrique, “Letras que fan país”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La Ventana”, 14 febreiro 2013, p. 14.

Comenta dúas obras que xurdiron no ermo de 2012: *A ansia do lóstrego*, de Medos Romero, e *Ferroláns de seu. 43 entrevistas en Diario de Ferrol*, asinada por Nicolás Vidal e J. Gómez Fandiño.

Dacosta, Henrique, “Non hai mal que por ben non veña”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 12 setembro 2013, p. 12.

Comenta o importante achado de dous textos da Literatura galega: “En cadea sen prijon. Cancioneiro de Afonso Paez” (finais do s. XIV/inicios do s. XV) e “O romance da urca de Santo Antón” (1777), nunha biblioteca privada e no Arquivo Histórico Nacional de Madrid, respectivamente. Tras describir brevemente os seus contidos, comenta a cuestión da diáspora galega a Cuba, Bos Aires, Montevideo ou México a partir de casos coma os de Fontenla Leal, impulsor da creación da Real Academia Galega, o Centro Galego e a *Revista de Galicia* na Habana. Máis adiante menciona a Adrián Solovio, protagonista da novela de Otero Pedrayo *Arredor de si* (1930), e a escrita de J. Cercas sobre a emigración en canto exemplos de vantaxes da diáspora.

Díaz, Yolanda, “Castelao prosoviético”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “O debate”, 20 abril 2013, p. 27.

Infórmase de que este luns, na feira do libro, poderemos aprender sobre as relacións entre Castelao e o comunismo da man do autor *Castelao na Unión Soviética en 1938*, Xesús Alonso Montero.

Dobarro, Xosé María, “Animaliños”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Estrebillando”, 1 marzo 2013, p. 21.

Menciónanse as portadas do xornal ABC sobre a Real Academia Galega. Dise que nos últimos anos esta institución se fixo presencial grazas ao traballo comezado por Xosé Ramón Barreiro e continuado por Xosé Luís Méndez Ferrín.

Dobarro, Xosé María, “Parabéns, amigo e camarada”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Outra volta”, 21 abril 2013, p. 20.

Con motivo do seu nomeamento como novo presidente da Real Academia Galega, fálase sobre Xesús Alonso Montero e da súa obra *Castelao na Unión Soviética en 1938*.

Doktor Pseudonimus, “Rosalía. Un resplandor en el corazón de la noche”, *La Voz de Galicia*, “Sociedad”, “El zaguán del sábado”, 18 maio 2013, p. 26.

Co gallo da celebración do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos* ofrécese unha hipótese sobre a identificación do pobo con Rosalía e á inversa.

Dopico, Montse, “Músculo e pulmón”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 441, “Reportaxe”, 17 xaneiro 2014, p. II.

Faise un achegamento á figura de Francisco Fernández del Riego dicindo que hai moito máis que dicir sobre el que a popular imaxe do vello intelectual galeguista que fundou Galaxia e foi director da Fundación Penzol. Valórase a súa dimensión como escritor e noméanse obras como *Historia da Literatura galega* (1951) ou o *Diccionario de escritores en lingua galega*. Indícase tamén que o seu labor favoreceu a renovación da Real Academia Galega. Finalmente fálase sobre a súa personalidade, salientando a súa facilidade de trato e o seu carácter aberto.

Dopico Vale, Julia M^a, “Rosas a Rosalía”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Crónica cultural”, 24 febreiro 2013, p. 11.

Fálase sobre Rosalía de Castro con motivo do cento setenta e seis aniversario do seu nacemento. Dise que o seu universo e as súas rimas seguen estando vixentes por elas mesmas ou feitas cancións.

Eiré, Afonso, “Conflito lingüístico e na Academia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Enfiando”, 23 marzo 2013, p. 2.

Fálase sobre o conflito lingüístico e na Real Academia Galega, sinalando que algúns comentaristas políticos situaron o conflito interno da institución no plano social.

Enríquez, Rosa, “Poemas on the road”, *La Región*, “Opinión”, 24 xaneiro 2013, p. 22.

Faise unha reflexión sobre a poesía chegando á conclusión de que a poesía é escribir o imaxinado, amar o que se vive e ofrecelo. Ler poesía é buscar o que de nós habita nos poemas.

Enríquez, Rosa, “Dimisión de Ferrín”, *La Región*, “Opinión”, 28 febreiro 2013, p. 21.

Trátase a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín á presidencia da Real Academia Galega. Dise que o ex-presidente cometeu un erro que resultou moi rendíbel para un sector da cultura.

Enríquez, Rosa, “Día das Letras”, *La Región*, “Opinión”, 20 xuño 2013, p. 21.

Recolle como nomes que se barallan, “dende hai anos”, para lle dedicar o Día das Letras os de Ricardo Carvalho Calero, Fiz Vergara Vilariño e Xosé Filgueira Valverde, e engade que Carlos Casares tamén conta “cunha morea de defensores/as”. Lamenta que “case ninguén” se lembre de Luísa Villalta e Xela Arias, pese “á imprescindíbel visibilización das mulleres na literatura” e agarda que se faga “xustiza e renderlle unha humilde homenaxe ao talento impresionante de Ricardo Carvalho Calero”, sobre cuxo “olvido” sentenciara Miguel Anxo Fernán-Vello: “un país que non reconece aos seus intelectuais é un país condenado á desaparición”.

Fernández Albor, Gerardo, “Fundación Penzol – Fundación Castelao”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Comentarios y recuerdos”, 2 xuño 2013, p. 3.

Refírese ao aniversario da Fundación Penzol e á homenaxe a Francisco Fernández del Riego. Tamén se fala sobre a elección de Carlos Mella como presidente da Fundación Castelao.

Fernández Morgade, J. Ramón, “Poesía para coñecernos mellor”, *La Región*, “Opinión”, 4 outubro 2013, p. 23.

Escribe sobre a cuarta edición do Encontro Internacional de Poesía, organizado polo Círculo Poético de Ourense. Sinala o obxectivo principal de achegar o lectorado á poesía e describe as vantaxes da poesía en xeral.

Fraga, Manolo, “Misa no Gaiás”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 30 maio 2013, p. 46.

Infórmase dunha homenaxe a Rosalía de Castro e Roberto Vidal Bolaño no Gaiás. Dise que hai unha exposición bibliográfica sobre *Cantares gallegos*; que Manquiña interpretou *Días sen gloria*, de Vidal Bolaño; e que o grupo Resonet interpretou a poesía de Rosalía.

Franco, Camilo, “Os anos gastados”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 500, “Teatro”, 5 xaneiro 2013, pp. 22-23.

Infórmase de que os últimos dez anos acaban para o teatro galego peor do que comezaron. Tamén se di que estes dez anos serven para conmemorar o pasamento dun dos impulsores definitivos para o teatro galego, Roberto Vidal Bolaño, aínda que o teatro actual é substancialmente diferente do que o autor esperaba que se conseguise. Sínálase que estes anos supoñen a demostración da estreita relación entre o teatro e as

institucións encargadas do seu coidado, subliñando que o CDG non foi capaz de marcar o camiño a seguir. Para rematar fálase da crise como un dos aspectos que afectou ao teatro galego.

Franco, Camilo, “Pico, desde a retranca de Shakespeare”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Obituario”, 14 xuño 2013, p. 35.

Homenaxe ao falecido actor Xosé Manuel Olveira, coñecido como “Pico”, de quen destaca que representou, en comedias televisivas, a “personaxes *repugnantes* pero simpáticos”. Traza unha breve síntese da súa traxectoria teatral e como actor de series televisivas. Remata definíndoo como “un tráxico agachado dentro dun cómico” e afirmando que “quizais non se poida ser actor dos grandes doutro xeito”.

Franco, Fernando, “De vino y cultura gallega”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 9 maio 2012, p. 12.

Infórmase de que hoxe, na Cafetería Luces de Bohemia, terá lugar a segunda xornada sobre Viño e Cultura Galega dirixidas por Francisco Javier Castro. Nesta ocasión vincularase a Rosalía de Castro co mundo vitícola e intervirán Uxía Blanco e María Outes.

Franco, Fernando, “El santo de Kruckenberg”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 19 xullo 2013, p. 11.

Coméntase que con motivo do santo da escritora María do Carme Kruckenberg, o xornal *Faro de Vigo* reuniuse coa poeta para agasallala e visitar as dúas placas que recordan a súa figura en Vigo.

Franco, Fernando, “El UF vuelve a la poesía”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 2 agosto 2013, p. 11.

Anúnciase a celebración no café UF dun recital-performance de Esther F. Carrodeagua&Cía, destacando que foi a gañadora do Poetry Slam de Vigo e finalista do Slam nacional.

Franco, Fernando, “Dorothy la del Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 2 agosto 2013, p. 11.

Faise unha referencia a unha reportaxe dedicada a Antía Cal, fundadora da escola Rosalía Castro, e sinalase a importancia da mestra Dorothy Combee nese proxecto.

Franco, Fernando, “Un francés con Meendinho”, *Faro de Vigo*, “Mira Vigo”, “Vigo”, 17 setembro 2013, p. 8.

Dá conta do acontecido na illa de San Simón, onde Xesús Alonso Montero fixo unha homenaxe ao poeta Meendinho. Informa de que a este acto acudiron diferentes persoas, entre outros, Amancio Prada ou Jean-Jacques Beules.

Franco, Fernando. “Aser, Nuria y la tortilla”, *Faro de Vigo*, “Mira Vigo”, “Vigo”, 31 outubro 2013, p. 12.

Anuncia a celebración de varios concertos gratuítos en Vigo, un deles celebrarase en Espacio Sirvent, onde o grupo Xardín Desordenado tocará swing, blues e boleros con letras de Pepe Cácamo, Uxío Novoneyra, Manuel María e tamén de autoras como Yolanda Castaño, Carmen Kruckenberg ou Marta Dacosta.

Franco Grande, X. L., “No país do resentimento”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Soleira”, 25 febreiro 2013, p. 13.

Sínálase o resentimento como unha das notas negativas máis importantes do país, tomando como exemplo os escritores cuxas obras son refugadas polas editoriais. Indícase que non se lembra un caso en que o autor intentase saber por que a súa obra non fora aceptada.

Freixanes, Víctor F., “Camelias para Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 24 febreiro 2013, p. 21.

No aniversario do nacemento de Rosalía de Castro recórdase que aínda non hai ningunha biografía da autora, máis alá de pequenas achegas. Proponse que todos os anos se enchan as rúas con camelias e poemas de Rosalía para homenaxeala.

Freixanes, Víctor F., “Vellas prácticas que volven”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 17 marzo 2013, p. 20.

Fálase do cambio que se está a vivir no mundo da lectura debido ao libro dixital. Dise que nun encontro do Consello da Cultura Galega sobre este tema se propuxo a creación de métodos de fidelización nas librarías, como os bonos de lectura. Sínálase a celebración en Vigo da festa anual do libro, na que participaron corenta e cinco editoras, e que se están a producir cambios estruturais no mundo do libro.

Freixanes, Víctor F., “Anacos de primeira man”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 519, “En portada”, “Opinión”, 25 maio 2013, p. 3.

Recórdase que no século XIX e a primeira metade do XX o xénero epistolar era unha das vías de relación, de información e de reflexión máis importantes. Dise que un dos patrimonios máis ricos da nosa cultura o atopamos nos fondos da Real Academia Galega e na casa da Cultura de Vigo (Fundación Penzol), sen esquecer as cartas que están presentes en arquivos familiares. Dise que as cartas de Ramón Otero Pedrayo

están depositadas na Fundación Penzol e nos fondos dos seus destinatarios, lembrando as edicións que delas se teñen feito.

Freixanes, Víctor F., “A árbore dos avós”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 25 agosto 2013, p. 14.

Con motivo do premio Fernández Latorre concedido á Editorial Galaxia, reflexiona sobre o labor desta empresa, afirmando que “unha editorial é unha plataforma de xestión de información, creación e coñecemento, lanzadeira de ideas e, ao mesm o tempo, espazo aberto para debater, para discutir o mundo. Un territorio de relacións e de concertación”. Alude ás dificultades existentes, tanto no momento de creación desta editorial en 1950 coma na actualidade, e afirma que os avós “chantaron a árbore” e que “a nosa obriga (o desafío) é facela medrar, ben calcada nas raíces, para que dea froitos novos cada ano”. Remata apuntando como os desafíos máis inmediatos de cara ao futuro “a incorporación da cultura galega (non só o libro) ás tecnoloxías da dixitalización, e a proxección exterior do noso discurso” para eviar acabar “acurrunchados nunha especie de reserva temática” ou resignados “á condición (subvencionable) das pezas de museo”.

Freixanes, Víctor F., “Benxamín Casal”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 1 setembro 2013, p. 19.

Loa a figura de Benxamín Casal en relación co seu labor na Editorial Galaxia, da que era presidente dende 2012, e como integrante da “xeración-ponte” entre os denominados “históricos” e os máis novos. Salienta o seu talento, fundamentado “na experiencia e no coñecemento, no consello prudente, cando había que dalo, e nunha fe inquebrantable no país (Galicia)” e a “súa confianza no futuro” a partir de dous presupostos: “a conciliación de vontades (todo o mundo que poida achegar algo, ideas ou traballo, debe ser escoitado) e a lealdade” a “un país noso, moderno, instalado na contemporaneidade, aberto ás ideas que nos fan máis libres e máis donos de nós”.

García Iglesias, José Manuel, “Vino y cultura en Galicia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidad”, 16 maio 2013, p. 2.

Fálase sobre unhas xornadas en Vigo e Santiago nas que se relacionan o viño e a cultura. Dise que as figuras que xa foron tratadas son Maruja Mallo e Rosalía de Castro, nas próximas sesións será o momento de falar sobre Julio Camba, Ramón del Valle-Inclán e Álvaro Cunqueiro.

García López, Xoán A., “Negra sombra”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La Ventana”, 5 marzo 2013, p. 14.

Co gallo da celebración do cento cincuenta aniversario do nacemento de Rosalía de Castro o pasado 24 de febreiro, fálase sobre a poeta e faise unha breve reflexión sobre a poesía.

García Negro, Pilar, “Os ‘Cantares’ ... de Rosalía de Castro: Cando a poesía é revelación e rebelión”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, p. 84/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 66, 20 xaneiro 2013.

Sinala que o ano 2013 contará con multitude de achegas á obra rosaliana, as cales xurdirán da revisión da lectura da obra da autora padronesa. Dálle especial relevancia a aquelas novidades que xirarán ao redor de *Cantares gallegos*, obra que inaugurou unha nova épica, a que tiña selo feminino, colectivo, dignificador do país e elevador da patria galega, o que supón unha antítese co xénero dominante.

García Negro, María Pilar, “Oasis Juan Durán”, *La Opinión*, “Opinión”, 27 xuño 2013, p. 24.

Dá conta dun concerto de ópera e rememora que escoitou posteriormente un DVD que contén esa alborada de Juan Durán, xunto á *Cantata Finisterrae para múltiples voces de luz*, que se basea nun poema, que reproduce, de Miguel Anxo Fernán-Vello, de quen destaca a súa “pericia, paixón e exactitude poética”.

Gil Gómez, “La carne de caballo y la Academia”, *La Opinión*, “Opinión”, “La feliz gobernación”, 5 marzo 2013, p. 28.

Fálase brevemente sobre a polémica na Real Academia Galega e Xosé Luís Méndez Ferrín.

González Macías, Fernando, “Ferrín tira la toalla”, *La Opinión*, “Opinión”, “Al trasluz”, 26 febreiro 2013, p. 21.

Trátase a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín á presidencia da Real Academia Galega, recordando toda a polémica que propiciou esta decisión.

González Macías, Fernando, “La Real Academia después de Ferrín”, *La Opinión*, “Opinión”, “Al trasluz”, 26 marzo 2013, p. 24.

Fálase sobre a crise que provocou na Real Academia Galega a saída de Xosé Luís Méndez Ferrín. Dise que se quere elixir canto antes un novo presidente para que no Día das Letras Galegas non se continúe en situación de sede vacante.

González Macías, Fernando, “Una Academia gravemente fracturada”, *La Opinión*, “Opinión”, “Al trasluz”, 18 abril 2013, p. 23.

Fálase do proceso de elección do novo presidente da Real Academia Galega, sinalando que parece ser que a Academia quedará dividida en dous grupos. Dise que as últimas declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín fan que o ambiente se enrareza un pouco máis

e que o seu apoio tan explícito a Manuel González, un dos dous candidatos á presidencia, pode ser contraproducente.

González Martínez, Xosé, “Don Paco del Riego”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí” 7 xaneiro 2013, p. 43/ *El Progreso*, “Vivir”, 2 xaneiro 2013, p. 34.

Fálase de Francisco Fernández del Riego, rememorando os tempos que o autor viviu con el.

González Martínez, Xosé, “Academia Galega”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 17 xuño 2013, p. 17/ “Academia Galega”, *El Progreso*, “Opinión”, 17 xuño 2013, p. 23/ “Real Academia Galega”, *La Región*, “Opinión”, p. 22, 18 xuño 2013.

Opina que a escolla dun poeta ou novelista polo Día das Letras Galegas sería unha nova equivocación da Real Academia Galega. O autor considera necesario homenaxear a persoas da ciencia, investigación ou empresa porque a lingua galega reside alén do mundo exclusivamente literario. Pon os exemplos de Rof Carballo, Isidro Parga Pondal, Lois Porteiro Garea ou Xesús Canabal. Por último, pensa que fai falla introducir o galego noutros ámbitos distintos ao literario e que esta é unha función dos académicos.

González Martínez, Xosé, “Real Academia Galega”, *Faro de Vigo*, “Esquelas/Cierre”, “Tribuna del lector”, 20 xuño 2013, p. 57.

Coa próxima elección do homenaxeado no Día das Letras 2014, lembra a historia desta festa dende o seu comezo no ano 1963, coincidindo coa conmemoración da publicación de *Cantares Gallegos*. Acode ao PXNL (Plan Xeral de Normalización Lingüística) para sinalar que a RAG debe innovar o seu discurso e non desaproveitar as propostas deste plan para, desa maneira, avanzar no proceso de normalización, sinalando que “a ciencia, investigación e empresa ten (...) cualificados protagonistas de inequívoco discurso galeguista”, nomeando algunha destas figuras que, ao seu modo de ver, son merecentes da homenaxe no Día das Letras Galegas. Finalmente remata afirmando que “A galeguización de Galicia só será posible na medida que fagamos incursións noutros ámbitos distintos do literario”.

González Martínez, Xosé, “Luís Soto”, *El Progreso*, “Opinión”, 14 agosto 2013, p. 22.

Coméntase que o Concello de Celanova decidiu darlle o nome de Luís Soto a un rueiro e fará posíbel a organización de varios actos nas localidades relacionadas coas súas actividades políticas. Fálase da vida de Soto, destacando a súa dedicación á liberación social e nacional que o levou, entre outras cousas, a participar na organización do Partido Comunista, a acompañar a Castela por varios países para conseguir apoio para a República, a poñer en marcha a revista *Vieiros* e a fundar a UPG.

González Martínez, Xosé, “Luís Soto. Vieiros da memoria”, *El Progreso*, “Opinión”, 9 outubro 2013, p. 30.

Informa da creación dun programa de rutas en diversos concellos de Galicia e Portugal organizado pola fundación Lois Peña Novo e o colectivo Galeguizargalicia, co gallo do cabodano do pasamento de Luís Soto Fernández. Repasa a seguir a súa traxectoria vital e destaca feitos como a súa amizade con Manuel Curros Enríquez, o seu labor de cofundador e presidente da Asociación de Traballadores do Ensino (ATEO) en 1934 ou o seu exilio en Tourém e México.

González Tosar, Luís, “Na insua dos poetas”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 500, “Poesía”, “O milagre do mundo”, 5 xaneiro 2013, p. 5.

Dise que a lírica europea xurdiu ao redor do ano 1100 con Guilhem de Peitieu, conde de Poitiers e duque de Aquitania, e que na primeira metade do século XII xurdiron tamén voces que trobaban en galego. Sinálase que os poetas e poesía van marcando os tempos e as reviravoltas da historia, protagonizando de maneira activa os cambios e transformacións: do Rexurdimento ás Irmandades da Fala, da xeración Nós ás vangardas, do exilio á posguerra...

González Tosar, Luís, “Cando Luís foi Claudio”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 501, “Letras en galego”, “Retrato en sepia” 12 xaneiro 2013, p. 8.

Fálase de Luís Seoane recordando unha historia que el mesmo lle contara ao autor.

González Tosar, Luís, “Ribeirana do Sil, non me aplaudas”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 510, “Letras en galego”, “Retrato en sepia”, 16 marzo 2013, p. 10.

Descríbese o que podería estar pensando Xosé Fernández Ferreiro no acto de ingreso á Real Academia Galega. Sinálanse algúns momentos deste acto e fálase moi brevemente sobre o novo académico.

González Tosar, Luís, “Sementador de libros con alegría”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 514, “Letras en galego”, “Retrato en sepia”, 20 abril 2013, p. 8.

Refírese ao acto cultural que reuniu a Xesús Alonso Montero, Modesto Hermida, Antón Pulido, Víctor Campio Pereira, Luís Ferreiro e Luís González Tosar no Carballiño. Dise que se botou en falta a Bieito Ledo e fálase sobre el.

González Tosar, Luís, “Fraterna sempre, facendo país”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 521, “Letras en galego”, “Retrato en sepia”, 8 xuño 2013, p. 9.

Comenta unha anécdota de Úrsula Heinze na “cónclave mundial dos poetas, ensaístas e novelistas” celebrada no Centro de Congresos e Exposicións de Maastricht. Informa de que nel, Úrsula defende a Literatura galega coa que sempre estivo comprometida a

pesares de ser unha escritora alemá. Afirmar que o pobo galego lle debe moito a esta “irrepetible e querida amiga”.

González Tosar, Luís, “Agalloupando contra o vento”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 526, “A outra mirada”, “Retrato en sepia”, 13 xullo 2013, p. 9.

Rememora unha vivencia súa na que tivo parte activa Rodolfo López-Veiga Ponte, secretario do Padroado Rosalía de Castro. Loa o seu talante e achega unha breve semblanza bibliográfica, vinculada ao eido teatral, como actor e director.

González Tosar, Luís, “Esperanza emigrante, dor do arrabaldo”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 530, “Letras en galego”, 10 agosto 2013, p. 8.

Fálase dun acto celebrado en Paradela para homenaxear ao poeta Manuel Oreste Rodríguez López no que participou Xesús Alonso Montero. Hai referencias a dúas obras, *Soldada mínima* e *Manuel Rodríguez López. Poesía Completa* e cítanse uns versos dun poema desta última.

González Tosar, Luís, “Políglota poeta de caste mariñeira”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 535, “Letras en galego”, “Retrato en sepia”, 21 setembro 2013, p. 8.

Faise unha loanza dun galego de Cangas do Morrazo de trinta e dous anos establecido en Reykjavík: Elías, tradutor e escritor en galego (Elías Portela) e en islandés (baixo o nome de Elías Knörr). Sinala que se presentou o poemario *O mariñeiro con cabalos matutinos baixo o vestido* (2012) na librería Couceiro, traducido por Elías Portela do islandés, que el mesmo escribiu asinando como Elías Knörr. Lémbrese que o autor realizara unha “procura atenta da palabra” na súa obra anterior.

González Tosar, Luís, “Iluminador de mestres”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 537, “Retrato en sepia”, 5 outubro 2013, p. 8.

Co motivo do ingreso de Arcadio López-Casanova na Real Academia Galega faise unha breve achega ao seu labor profesional.

González Tosar, Luís, “Chea a copa da amizade...”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 546, “Letras en galego”, “Retrato en sepia”, 16 novembro 2013, p. 8.

Trae á memoria a introdución “Palabras para *A caneiño cheo*” que Ramiro Fonte elaborou para o volume de Luís González Tosar, *A caneiño cheo* (1986), a raíz da súa amizade co poeta.

González Tosar, Luís, “Queda a patria da palabra”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 552, “Letras en galego”, 28 decembro 2013, p. 10.

Realiza unha viaxe pola traxectoria literaria do escritor Miro Villar e destaca os seus volumes *Ausencias pretéritas* (1992), *42 décimas de febre* (1994), *O abecedario da desolación* (1997), *Equinoccio de primavera* (1998), *Gameleiros* (2002), *As crebas* (2011) e *Breizh* (2012).

Gutiérrez, Eduardo, “No centenario de Del Riego”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “Da Capo”, 9 xaneiro 2013.

Infórmase de que o 7 de xaneiro se cumpriron cen anos do nacemento de Francisco Fernández del Riego e faise unha descrición deste persoeiro.

Gutiérrez, Eduardo, “Pendellos”, *El Progreso*, “Opinión”, p. 23/ *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27, “Da capo”, 7 agosto 2013.

Cítase un poema de Rosalía de Castro pertencente a *Follas novas* para dar conta a continuación da transformación que se produciu na paisaxe rural no último século.

Gutiérrez, Eduardo, “Diferenzas no averno”, *El Progreso*, “Opinión”, p. 23/ *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25, “Da capo”, 14 agosto 2013.

Coméntase que o motivo que levou a Fermín Penzol a crear a súa Fundación foi unha conversa cun libreiro que mercara unha parte da biblioteca de Cotarelo Valledor, malvendida polos seus herdeiros. Sinálase que é habitual atopar documentos de grande importancia nestas librarías e céntrase nunha destas pezas, que ten interese histórico.

Gutiérrez, Eduardo, “Tirando do fío”, *El Progreso*, “Opinión”, “Da Capo”, 21 agosto 2013, p. 23.

Comenta a entrevista feita a Fermín Penzol que saíu na publicación da VI Feira do Libro Galego de Ribadeo, que levaba portada de Luís Seoane e outra entrevista a Carlos Casares. Tamén alude a dúas obras: unha de Aquilino Iglesia Ferreirós (fillo de Aquilino Iglesia Alvariño) titulada *Historia de la traición. La traición regia en León y Castilla*; e a outra de Eduardo Menéndez-Valdés, *Separatismo e unidade. Unha mitificación histórica*.

Gutiérrez, Eduardo, “De esguello”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”/ *El Progreso*, “Opinión”, “Da capo”, 4 setembro 2013, p. 25.

Comenta algúns dos temas tratados no programa emitido na segunda cadea de TVE, *Os anos do NO-DO*, coma por exemplo a actuación da Coral Polifónica de Pontevedra, da que salienta a participación de Alexandre Bóveda. Trae á memoria a este respecto o Coro Cantigas da Mariña de Ribadeo, xunto ao labor de fundación e dirección de Amando Suárez Couto en 1924. Subliña ademais o uso durante a actuación dun pano de fondo pintado por Camilo Díaz Baliño, pai de Isaac Díaz Pardo, e o labor de presidencia

do Coro por parte de Claudio Pérez Prieto en 1934. Finalmente, alude ao volume dedicado a este home, *As covas do rei Centolo* (1956), da autoría de Daniel Cortezón.

Gutiérrez, Eduardo, “Na preamar”, *El Progreso*, “Opinión”, 23 outubro 2013, p. 33.

Cítanse algúns aspectos da biografía de Castelao que pasaron desapercibidos por diversas razóns, comentándose algunhas etapas relevantes, coma o período no que o deputado galeguista permaneceu en París.

Iglesias, Bieito, “Crónica de nós”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Pan e coitelo”, 28 febreiro 2013, p. 42.

Fala da renuncia e dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín como presidente da Real Academia Galega. Cita as causas que o levaron a tomar esta decisión e loa o xesto de orgullo con que se despediu. Para concluír, considera que a obra literaria de Ferrín sobrevivirá ao paso do tempo e por iso non precisa de ningunha “cadeira académica”.

Jaureguizar, “Francisco Fernández del Riego”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Un século dunha figura fulcral”, 7 xaneiro 2013, p. 42.

Faise un repaso de toda a vida do intelectual lucense Francisco Fernández del Riego. Destácase o seu compromiso coa lingua, o seu activismo en contra da desgaleguización e o seu amor polo idioma propio. Amais, salientanse as súas virtudes académicas e intelectuais, encabezadas polas súas investigacións lingüísticas. Por último, noméase a súa intervención no Seminario de Estudos Galegos, na revista *Grial* e no Partido Galeguista.

Jaureguizar, “Últimas escaramuzas no corazón do Parnaso galego”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 28/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 33, 2 marzo 2013.

Comenta algúns datos da vida interna da Real Academia Galega como o “ambiente familiar” nos contratos dos traballadores dende o ascenso á presidencia de Xosé Luís Méndez Ferrín e a posíbel candidatura de Víctor Freixanes como xeito de pechar a polémica entre Xosé Luís Axeitos e Manuel González. Considera que os avances vividos na RAG baixo a presidencia de Ferrín son contrarrestados pola opacidade. Fai unha crónica dos casos de enchufismo na Real Academia Galega e as consecuencias posteriores.

Jaureguizar, “Letra que non se entende”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, “Libros”, 29 xuño 2013, p. 54.

Irónica crítica aos personaxes de don Julio e don José Luis, dos que afirma que semellaban “Marlow contra a fin de ‘Corazón da escuridade’”, obra da que achega a liña xeral da acción levada a cabo por Marlow.

Lamas, Jorge, “O home que pensou en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 501, “En portada”, 12 xaneiro 2013, pp. 2-3.

Faise un repaso da traxectoria vital e cultural de Francisco Fernández del Riego co gallo do centenario do seu nacemento. Lémbrese que estudou Dereito na universidade de Santiago de Compostela, época na que entrou en contacto con grandes figuras do galeguismo, como Castelao, Otero ou Risco. Co tempo, Del Riego foi quen de asumir a secretaría xeral da Mocidade Galeguista e frecuentar as dependencias do Seminario de Estudos Galegos. Sinálase que a sublevación militar foi un atranco na súa vida, que lle quitou todo, agás os ideais e a vida, e que nos anos corenta chegou a Vigo, onde puido retomar a súa vida ata a creación, no ano 1950, da Editorial Galaxia. Saliéntase o seu labor bibliográfico, o seu traballo coa Real Academia Galega, da que foi membro desde finais de 1960, e a participación na posta en marcha da Fundación Penzol, a cal dirixiu durante corenta anos, ata que se retirou tempo antes de morrer.

Lizancos, Plácido, “O pensamento socioeconómico de Paz-Andrade exposto polo sociólogo galego Dr. Carlos Ramos Aguirre”, *La Opinión*, “Opinión”, 27 marzo 2013, p. 25.

Fálase sobre a conferencia “Paz-Andrade ou a racionalidade disidente: por unha idea activa de Galicia”, do sociólogo Carlos Ramos Aguirre, exposta no marco do Congreso Valentín Paz-Andrade, organizado pola Real Academia Galega.

López Silva, Inma, “Profesor, presidente”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 25 abril 2013, p. 15.

Fai unha semblanza da relación que ten co novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero e amosa a súa devoción por el. Reflexiona sobre os retos que ten por diante durante o seu mandato.

López Silva, Xosé A., “Cafés, cultura e camiño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “De profundis”, 7 agosto 2013, p. 37.

Comenta o papel dos cafés no mundo intelectual dun país, a partir dunha afirmación do filósofo George Steiner. Explica que cando viaxa inclúe nos seus roteiros tres espazos que visitar nunha cidade: parques, cemiterios e cafés. O autor demanda un libro que percorra a historia cultural europea feita dende os cafés (cita algúns europeos e outros galegos) e propón o nome de Fernando Franjo.

López Silva, Xosé Antonio, “Grazas Mr. Higgins”, *El Correo Gallego*, “Tendencias / Esquelas”, “De profundis”, 29 agosto 2013, p. 35.

Dá conta de novidades literarias, entre as que atende a *Leabhar Ghabala*, o *Libro das Invasións de Irlanda*, do que destaca que contén “lendas que son nosas dende Eduardo Pondal e Manuel Murguía”. Remata afirmando que o presidente de Irlanda concordaría

con el “en que ao final, o que máis une a galegos e irlandeses, non é a xenética, senón a literatura”.

López Silva, Xosé Antonio, “As galletas de Guto’r Glyn”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “De profundis”, 21 setembro 2013, p. 43.

Explica que que, nunha homenaxe a Craig Patterson, se chegou a falar das galletas de Guto’r Glyn das que nos falara Xesús Fraga, fabricadas en Gales en forma de cuncha de vieira e que, segundo di, manteñen un vencello único con Santiago. Detalla tamén a súa receita.

Maneiro, Arturo, “Montero, cheo de razón”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “A xanela”, 15 maio 2013, p. 15.

Concorda coas declaracións de Xesús Alonso Montero, como presidente da Real Academia Galega, á actitude do BNG co galego e propón que a cuestión do idioma fique fóra da loita política.

Manteiga, Marcos, “Ardeiro, días de saudade cubana e viño”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 573, “Trasquilator”, 31 maio 2013, p. 3.

Recórdase a Pepe Ardeiro, de quen se di que escoitaba coa mesma atención a un catedrático que a un labrego e que sentía paixón por Cuba. Sinálase que Ardeiro animou a Marcos Manteiga a botarlle unha man a un grupo de rapazas unidas pola poesía e pola admiración a Ardeiro, do que saíu o colectivo Novas Verbas.

Martínez Bouzas, Francisco, “O trevo da sorte”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 19 febreiro 2013, p. 42.

Fálase do libro *O trevo da sorte* (2003), de Medos Romero. Dise que é un libro de relatos fermosos e paralizantes, con moitos protagonistas, sendo a maioría mulleres heroínas dende a súa condición de vítimas. Sinálase que as prosas deste libro son fortes e nelas a violencia non é allea á condición humana cando está presa polos sentimentos.

Mayorál, Marina, “O renacer do galego”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Páxinas soltas”, 3 marzo 2013, p. 18.

Lémbrese que en 1863 e grazas á obra *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, a lingua galega rexorde para volver a ser unha lingua de cultura. Dise que Galicia segue en débeda con esta escritora e que con *Follas Novas* (1880) rompeu todas as barreiras que naquel momento limitaban a escritura das mulleres.

Méndez Ferrín, X. L., “Repíte: os carballos”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, n.º 790, “No fondo dos espellos”, 5 xaneiro 2013, p. 4.

Realízase unha comparanza libre e nutricia do poema “Os carballos” (“Die Eichbäume”) de Hölderlin con “Los Robles” de Rosalía de Castro en *En las orillas del Sar*; e entre “Der Zeitgeist” do alemán e a “negra sombra” rosaliana. Pásase tamén por Álvaro Cunqueiro, Aquilino Iglesia Alvariño ou Ramón Otero Pedrayo na súa relación con Hölderlin.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, “Del Riego”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 395, “No fondo dos espellos”, 26 xaneiro 2013, contracuberta.

Faise unha aproximación á figura de Francisco Fernández del Riego e á súa traxectoria. Fálase do Del Riego activista, militante e intelectual.

Méndez Ferrín, X.L., “Ollos abertos de nenos mortos cravados nas salas do pazo”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 810, p. 4./*La Opinión*, “Saberes”, n.º 412, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 1 xuño 2013.

Dáse conta da exposición que acolle a sede viguesa da Fundación Barrié titulada “No principio foi o verso”, que ten lugar polo cento cincuenta aniversario de *Cantares gallegos*. Así mesmo aprovéitase para facer unha breve reflexión sobre as obras de Rosalía de Castro e a súa importancia.

Méndez Ferrín, X. L., “Duelo de Penélopes”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, n.º 814, p. 4./*La Opinión*, “Saberes”, n.º 416, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 29 xuño 2013.

Con motivo da elección de Xosé María Díaz Castro como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2014, fálase da súa aparición e asentamento na Literatura galega, afirmando que é un dos mellores poetas do século XX. Coméntase que comezou a ser coñecido polas súas publicacións na revista *Alba* e, especialmente, a partir das antoloxías de Ramón González Alegre e Francisco Fernández del Riego, sinalando que este último foi o responsábel da publicación de *Nimbos*. Finalmente indícase que na antoloxía de Del Riego, xunto ao poema “Penélope” de Díaz Castro, se incluía un poema inédito de Álvaro Cunqueiro que tamén facía alusión a este personaxe.

Méndez Ferrín, X. L., “Da Gallaecia orixinal”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, n.º 815, p. 4./*La Opinión*, “Saberes”, n.º 417, contracuberta, “No fondo dos espellos”, 6 xullo 2013.

Reflexiónase sobre o feito de que a denominación de *Gallaecia* conseguiu pasar á Idade Media sen ser modificada, mentres que os nomes das restantes provincias romanas desapareceron.

Méndez Ferrín, X. L., “No Espolón do Sar”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, n.º 818, “No fondo dos espellos”, 27 xullo 2013, p. 4.

Fálase da celebración dun recente acto en Padrón para conmemorar a inauguración da estatua de Rosalía de Castro en 1957 e a homenaxe nacional a Ramón Cabanillas en 1958, celebrados no Espolón da vila. Destácase que Ramón Otero Pedrayo fora o encargado de pronunciar o discurso central de ámbolos dous acontecementos e lémbrese a presenza de Aquilino Iglesia Alvariño, Borobó e Camilo Agrasar Vidal.

Méndez Ferrín, X. L., “Albariñas uvas”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 822, “No fondo dos espellos”, 24 agosto 2013, p. 4.

Trata a cuestión das orixes das famosas uvas albariñas a partir de certas referencias literarias de antigo, coma por exemplo o poema “Diante dunha cunca de viño espadeiro”, de Ramón Cabanillas. Tras apuntar algunhas denominacións deste tipo de uva, alude aos inicios da Festa do Albariño en Cambados a mediados do século XX. Sinala a presenza e participación na primeira edición da Festa de persoeiros coma Álvaro Cunqueiro, Xosé M. e Emilio Álvarez Blázquez, Celso Emilio Ferreiro, Xosé M. Castroviejo ou Ramón Otero Pedrayo, entre outros, xunto ao apoio mostrado polo xornal *Faro de Vigo*, dirixido daquela polo poeta Leal Ínsua. Conclúe cunha referencia á lenda cunqueiriana sobre os xermolos bieitos desta caste de uva.

Méndez Ferrín, X. L., “Estirpe e ósos: na memoria de Heaney”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 824, “No fondo dos espellos”, 7 setembro 2013, p. 4.

Trae á memoria a figura do escritor irlandés Seamus Heaney, merecente do premio Nobel de Literatura, co gallo do aniversario do seu pasamento. Comeza cunha referencia ás verbas de Manuel Outeiriño sobre súa obra n’*A Trabe de Ouro* e ao prefacio no volume de Yeats, *The Orford [sic] Book of Modern Verse* (1936), para continuar coa mención de *Catuxa de Houlilan [sic]* (1977), vertida ao galego por Plácido Castro, e *A experiencia [sic] inglesa* (1998), de Paulino Vázquez. A seguir, trata as orixes da simboloxía en Heaney e destaca o poema “Bone Dreams” [“Soños de óso”], recollido no volume *North* (1975). Remata cunha alusión a uns versos de Cunqueiro e ao canto de Lorenzo Varela a Roi Xordo.

Méndez Ferrín, X. L., “Pobre e xeneroso”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 828, 5 outubro 2013, p. 4/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 423, 12 outubro 2013, contracuberta, “No fondo dos espellos”.

Comenta algunhas das cartas de Ramón María del Valle-Inclán a coñecidos escritores amigos seus, coma Tanis de la Riva ou Ramón Cabanillas. Trata asemade as cuestións da amizade entre Valle-Inclán e os nacionalistas galegos, o rexeitamento da RAE de incluílo como membro, as diversas biografías sobre Valle-Inclán e a amizade que lle profesaron Filgueira Valverde e Pousada Curros nos seus derradeiros anos de vida. Remata coa reprodución duns versos do seu poema “La pipa de Kiff”.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, “Palabras maiores”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Segunda feira”, 4 novembro 2013, p. 13.

Achégase á obra literaria de Darío Xohán Cabana, que describe como augusta, e fai referencia á súa faceta como poeta, novelista e ensaísta. Tamén destaca deste autor a súa vertente tradutora (Dante ou Petrarca) e pono en relación con outro poeta tradutor como foi Álvaro Cunqueiro.

Méndez Ferrín, X. L., “Sen premios nacionais”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 novembro 2013, p. 13.

Dá conta da situación actual dos escritores e escritoras galegos en canto á súa valoración nos galardóns nacionais convocados na actualidade. Comeza cunha referencia ao Premio Nacional do Ministerio de Cultura de España outorgado a Álvarez Torneiro e Miguelanxo Prado nas categorías de Poesía e Cómic, respectivamente. Prosegue cunha alusión ao feito de os Premios Reina Sofía, Príncipe de Asturias ou Cervantes non recaer nunca en escritores ou escritoras galegos, para despois criticar a falta de dotación económica dos Premios de Cultura da Xunta de Galicia.

Méndez Ferrín, X. L., “A torgueira galega de Farruco Sesto”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 429, “No fondo dos espellos”, 23 novembro 2013, contracuberta.

Realiza un percorrido pola traxectoria vital do galego Farruco Sesto Novás, actual ministro venezolano. Indica en primeiro lugar súa descendencia de Xosé Sesto López, escritor galego, para despois comentar a súa infancia, da que subliña as conversas entre seu pai e Plácido Castro, Francisco Fernández Del Riego, Celso Emilio Ferreiro, Xosé María Álvarez Blázquez ou Remixio G. Gándara. Sinala asemade a súa emigración a Caracas, a amizade con Celso Emilio, a súa condición de membro da UPG e a súa entrada na Real Academia Galega en 2011 coma correspondente, como os feitos de maior relevancia da súa vida. Indica, finalmente, a saída ao prelo da tradución ao galego por Xurxo Martiz Crespo do volume de Sesto, *Por que son chavista?* (2013), editado pola CIG.

Méndez Ferrín, X. L., “Rúa da Paz 21, Ourense”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 838, “No fondo dos espellos”, 14 decembro 2013, p. 4.

Traza un percorrido no tempo pola historia da casa auriense da Rúa da Paz, lugar de nacemento de Ramón Otero Pedrayo e Vicente Martínez-Risco e Agüero. Salienta a sona daquela área coñecida coma Rúa dos Zapateiros, o ingreso dos dous escritores anteditos no Instituto Otero Pedrayo, as tendas desa rúa coma por exemplo La Tropical, Los Serranillos, La Gardenia, a taberna do Orellas, e os paseos que o asinante desta noticia adoitaba dar nas proximidades da dita rúa.

Méndez Ferrín, Xosé Luís, “Casarès, Camus connosco”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 432, “No fondo dos espellos”, 14 decembro 2013, contracuberta.

Conmemora o centenario do nacemento de Albert Camus e comenta a situación da Galicia de 1950. Destaca o seu relato *L'Étranger* (1942), o artigo necrolóxico publicado na revista *Les Temps Modernes*, o volume *Noces* (1938), *La Chute* (1956), o epistolario

Letres á un ami allemand (1945), a traxedia *Calígula* (1938), *Le Mythe de Sisyphe* (1942), e as lecturas de *Les Nourritures Terrestres* (1897), de André Gide, e de Antoine de Saint-Exupéry. Salienta, doutra banda, as *Cartas a un amigo emigrado* (inéditas), de Ramón Lugrís; *Memorias de Tains* (1956), de Gonzalo R. Mourullo; a versión de Méndez Ferrín e Del Riego de *Les Justes* (1949), de Camus, e a figura da galega María Casares.

Molares do Val, Manuel, “Rosalía, españolista”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Crónicas bárbaras”, 4 xaneiro 2013, p. 22.

Dise que Rosalía de Castro non tiña ningunha veleidade separatista e que foi transformada polo nacionalismo nunha heroína do independentismo, feito alleo á súa personalidade. Sinálase que debido ás críticas recibidas tras a publicación dun artigo en “El Imparcial”, a autora decidiu deixar de escribir en galego.

Moralejo, José Luís, “Abelardo Moralejo, promotor de la primera cátedra de gallego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Tribuna”, 4 abril 2013, p. 34.

En resposta ao artigo publicado o pasado 16 de marzo por Xesús Alonso Montero no que presentaba a Abelardo Moralejo como un represor do galego e do seu uso na Universidade compostelá, o seu fillo recorda que foi o profesor Moralejo quen promoveu e mesmo creou a primeiro cátedra de Lingua e Literatura galega nos anos 60. Tamén se recorda que coa creación desta cátedra trouxo a Ricardo Carballo Calero que, debido aos seus antecedentes políticos, estaba marxinado en Lugo.

Neira Vilas, Xosé, “Un ano sen Isaac”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Arco Iris”, 6 xaneiro 2013, p. 2.

Recórdase a Isaac Díaz Pardo no primeiro aniversario do seu pasamento. Sinálase que o vínculo entre el e Neira Vilas naceu na capital arxentina e continuou en Galicia, ademais menciónanse algúns dos encontros entre estes dous persoeiros da nosa cultura.

Neira Vilas, Xosé, “Escritos de Isaac”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Arco Iris”, 3 febreiro 2013, p. 2.

Refírese á publicación do Caderno XXIV do Centro Ramón Piñeiro, edición a cargo de Xosé Ramón Fandiño que leva por título *A luminosa mirada dos ollos de Isaac* (2012) e que é unha escolma dos escritos de Isaac Díaz Pardo.

Neira Vilas, Xosé, “Emigración e celtismo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Arco Iris”, 10 febreiro 2013, p. 2.

Fálase sobre a emigración, facendo referencia á emigración de hai sesenta anos e á actual. Tamén se di que non se está de acordo coa teoría de que os galegos emigran por espírito aventureiro, levados polo celtismo.

Neira Vilas, Xosé, “Os ‘Cantares’ en Cuba”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Arco Iris”, 3 marzo 2013, p. 2.

Fálase das homenaxes que recibiu Rosalía de Castro en Cuba tras o seu falecemento. Sinálase que cando se publicou *Cantares gallegos*, en 1863, aínda non había unha emigración galega masiva a Cuba pero que na cuberta da primeira edición xa ía marcado o prezo que tería nese país.

Neira Vilas, Xosé, “Cincuenta anos de labor editorial”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Arco Iris”, 13 marzo 2013, p. 2.

Lémbrese que Ediciós do Castro foi fundada en 1963 por Díaz Pardo. Fálase brevemente sobre a historia desta editorial, salientando que comezou publicando algunha monografía de arte e que coa publicación de *Memorias dun neno labrego* cambiou de rumbo e que se multiplicaron as coleccións de todas as ramas do saber. Entre as coleccións da editorial destácase “Documentos para a historia contemporánea de Galicia”.

Neira Vilas, Xosé, “Xosé Luna e o teatro na escola”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Arco Iris”, 17 marzo 2013, p. 2.

Dise que Xosé Luna, profesor e escritor, leva a cabo diversas actividades relacionadas coa literatura no colexio estradense do Foxo. Destácase a creación da colección “A Pinguela”, na editorial Fervenza, de teatro escolar, pois é consciente da importancia que ten o exercicio teatral nos primeiros anos.

Neira Vilas, Xosé, “Aquela xuventude”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 6 outubro 2013, p. 2.

Trae á memoria a creación da asociación Mocedades Galeguistas no Centro Ourensán de Buenos Aires en 1953 por parte dun grupo de mozos e mozas galegos e arxentinos. Sinala o feito da asociación constituír unha rama da Irmandade Galega de Castelao, xunto ao labor de mentor de Lois Ares. Destaca a seguir as actividades da asociación, coma o estudo de *Sempre en Galiza* (1944), de Castelao; a publicación da primeira entrega do xornal *Adiante* en 1954 ou a reactivación de Galeuzca.

Neira Vilas, Xosé, “Espantallos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 24 novembro 2013, p. 2.

Dá conta da posta en marcha da iniciativa de Manuel Estévez de recuperar na Literatura galega a figura do espantalho ou “home de farrapos”, nun acto de presentación a cargo de Luís Penabade e o grupo brionés Os Quinquilláns. Tras rescatar do esquecemento a súa propia noveliña *Espantalho amigo* (1971), destaca a colaboración no evento do colectivo Vagalume, a Asociación de Mulleres Rurais e o grupo Cimadevila. Sinala

algunhas das actividades que se levaron a cabo coma obradoiros infantís en colexios ou exposicións de fotografía. Alude finalmente á mostra de espantallos e bustos esculturais da autoría de Xesús Chao no mosteiro de Carboeiro.

Neira Vilas, Xosé, “O primeiro dicionario galego”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 1 decembro 2013, p. 2.

Trae á memoria a saída ao prelo do primeiro dicionario de lingua galega elaborado por Francisco Xavier Rodríguez, *Diccionario gallego-castellano* (1863), co gallo da súa coincidencia co sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos* (1863). Realiza asemade un breve percorrido pola traxectoria vital deste autor e subliña finalmente as orixes de dito dicionario na figura do Padre Martín Sarmiento, así como a saída ao prelo en 1884 do *Diccionario* de Marcial Valladares.

Neira Vilas, Xosé, “Centenario de ‘No desterro’”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 8 decembro 2013, p. 2.

Trae á memoria o primeiro poemario de Ramón Cabanillas, *No desterro* (1913), co gallo do centenario da súa saída ao prelo en Cuba. Tras aludir á versión por el composta do poema de Verdaguer, “Morrerei no meu niño” (1907), e ao consello de Fontenla Leal de escribir en lingua galega, salienta os poemas “Lonxe”, “Amor de neno” e seu poemario *Vento mareiro* (1915). Remata cunha referencia ás conversas sobre Cabanillas entre o asinante desta noticia e seu amigo Anxo Pérez Cosme.

Nicolás, Ramón, “O V Congreso Manuel Luís Acuña”, *La Región*, “Provincia”, “Tribuna”, 5 marzo 2013, p. 20.

Refírese á celebración en Trives do V Congreso Manuel Luís Acuña, un encontro intelectual no que houbo discursos moi documentados xunto con música e poesía.

Nogueira, María Xesús, “Mareas da cultura”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “Un falar”, 2 marzo 2013.

Refírese ao día 24 de febreiro, aniversario do nacemento de Rosalía de Castro no marco dos cento cincuenta anos da publicación de *Cantares Gallegos*. Chámase a atención sobre a solidez desta figura en canto “símbolo identitario, cultural e feminista”, e afirmase que, a relectura da obra de Rosalía, sempre “acende un facho no horizonte, e tamén nas consciencias”.

Nogueira, María Xesús, “Narrativa para despois dunha crise”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 35/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 25, “Un falar”, 13 abril 2013.

Comenta que o momento político que se está a vivir dá para infinidade de argumentos novelescos, como poden ser, por exemplo, a corrupción inmobiliaria e os “narcos”. Lembra que esta última liña xa foi explotada por Carlos G. Reigosa, Ramón Caride ou

Manuel Rivas, este último en *Todo é silencio*. Sinala que tal vez quede aínda un ciclo de importancia dentro da narrativa posterior á crise.

Nogueira, María Xesús, “Banqueiros”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 35, “Un falar”, 4 maio 2013.

Afirma que as creaci3ns literarias non poden abstraerse das preocupacións do seu tempo e informa de que o eido da creaci3n teatral non permanece ao marxe. Sinala a publicaci3n de *Banqueiros* (2012), volume no que Francisco Pillado recolle unha serie de textos teatrais de varios autores que teñen como denominador com3n a temática da responsabilidade da banca nesta crise económica.

Nogueira, María Xesús, “Angrois”, “, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 23/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 27 “Un falar”, 3 agosto 2013.

Fala da toponimia de Compostela, en concreto de Angrois, que sae citada na obra de Marcial Valladares *Maxina ou a filla espúrea*, da cal fala a autora do artigo. Deseguido establece a relaci3n entre o mundo rural e o urbano lonxe de prexuízos.

Nogueira, María Xesús, “Chonchiña e a memoria”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 29/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 31, “Un falar”, 7 setembro 2013.

Dedica unhas verbas de lembranza á figura de Ascensi3n Concheiro, Chonchiña, con motivo do seu pasamento. Destaca en primeiro lugar o seu enlace con Francisco Comesaña e súa condici3n de exiliados, para despois sinalar o seu rol de personaxes principais na novela de Manuel Rivas, *O lapis do carpinteiro* (1998), baixo os nomes de Daniel da Barca e Marisa Mallo. Tras describir o fío argumental desta narrativa, indica o éxito da versi3n cinematográfica dirixida por Ant3n Reixa. Salienta tamén a homenaxe da que foi protagonista no congreso “O exilio galego” celebrado en 1999 e remata coa reproduci3n duns versos de Manuel Curros Enríquez sobre a desmemoria na que esta muller foi caendo co paso do tempo.

Nogueira, María Xesús, “Unha lembranza máis de Xela Arias”, *Diario de Pontevedra*, “Opini3n&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opini3n”, p. 29, “Un falar”, 9 novembro 2013.

Comeza cunha achega á produci3n de Xela Arias (Lugo, 1962-Vigo, 2003) até o seu falecemento, antes de centrarse nas contadas homenaxes das que foi obxecto. Refíre que o seu nome non adoita ser incluído no “canon contemporáneo” pese ao seu recoñecido carácter innovador. Apunta como claves desta ausencia a “cronoloxía”, xa que existía “distancia estética entre a súa poesía e a maioritaria”, ao que se sumaba que “era unha das poucas voces femininas” e tamén pola “radicalidade” da súa poesía. Precisa que, ao se cumprir dez anos da súa morte, algunhas voces pediron “a reedici3n da súa produci3n, a restituci3n da súa figura, e tamén a consideraci3n como candidata –e o xénero é aquí relevante- para o Día das Letras Galegas”. Remata afirmando que “os

canons son conservadores de seu” mais que a súa voz “resulta imprescindíbel para entender algunhas das derivas da poesía contemporánea”.

Nogueira, María Xesús, “Negra sombra”, *El Progreso*, “Opinión”, “Un falar”, 16 novembro 2013, p. 37.

Critica o fallo xudicial ao respecto da traxedia do *Prestige* en Galicia. Menciona algúns versos do poema “Mirando ao chau”, de Manuel Curros Enríquez, xunto ao de Rosalía de Castro “A xustiza pola man”.

Nogueira, María Xesús, “Trabucos e préstamos”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 17/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 27, “Un falar”, 7 decembro 2013.

Dá conta da representación da pobreza de Galicia e seu sistema tributario ao longo produción literaria galega do século XIX. Comenta os casos de Manuel Curros Enríquez cos poemas “O Maio” e “Nouturnio”, dos que sinala as súas temáticas; Valentín Lamas Carvajal con *O catecismo do labrego* (1889); ou o relato *A crus*, de Manuel Lugrís Freire.

Noguerol, Jaime, “De ‘Nós’ a la Generación 0”, *La Región*, “Ourense”, “El ángulo inverso”, 19 maio 2013, p. 13.

Reflexiona sobre a figura de Vicente Risco, aludindo á súa amizade con Castelao, lembrando os seus anos mozos e ao seu biógrafo Carlos Casares. Repasa os méritos do autor, entre os que salienta a creación d’*O porco de pé* e do grupo Nós.

Outeiro, Mario, “A Casa Museo de Manuel María”, *El Progreso*, “Opinión”, 20 setembro 2013, p. 40.

Dá conta da apertura da Casa Museo de Manuel María en Outeiro de Rei, en Lugo. Menciona primeiramente o seu poema “Sonetos á Casa de Hortas”, para despois agradecer a colaboración da Fundación Manuel María, xunto á da área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo, na iniciativa de abrir ao público a casa do poeta. Remata cunha recomendación da lectura da súa poesía.

Pazo, Xosé Manuel, “Carvalho”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “O pinguelo, 19 marzo 2013, p. 20.

Considérase unha inxustiza que a Real Academia Galega non lle dedique o Día das Letras Galegas 2014 ao nomeado Fillo Ilustre de Galicia Ricardo Carvalho Calero.

Pena, Xosé Ramón, “Nin bos nin xenerosos”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 19/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 44, 26 febreiro 2013.

Considérase un grave erro a decisión de Xosé Luís Méndez Ferrín de abandonar a presidencia e a súa cadeira na Real Academia Galega.

Pérez Lema, Xoán Antón, “Novo rumbo da Academia Galega”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 3 marzo 2013, p. 9.

Sínálase que a presidencia de Xosé Luís Méndez Ferrín non chegou a supoñer unha xestión moderna e profesionalizada da Real Academia Galega, malia ser “o noso primeiro valor literario e un exemplo de patriota”.

Philippot, Alfonso, “Os Eoas”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 14 novembro 2013, p. 26.

Comeza aludindo á primeira edición da Fundación Barrié de la Maza d’*Os Eoas*, de Eduardo Pondal, á primeira revisión oficial encomendada a Carré Aldao e Lugrís Freire, á segunda comisión encargada da revisión, ás opinións de Fermín Bouza Brey en 1970 sobre a imposibilidade de ordenar as follas manuscritas, á ordenación realizada por Amado Ricón. Remata sorprendéndose de que nin Domingo García-Sabell na presentación, nin Ricón Viruleg na introdución fagan causa común da “galleguidad de Colón”, se ben numerosos autores “de renombre universal”, como os que cita, si o fixeron.

Philippot, Alfonso, “Os Eoas’ (2)”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 28 novembro 2013, p. 23.

Comenta a entrevista entre Horta y Pardo e Celso García de La Riega sobre a correspondencia que o primeiro mantivo con Eduardo Pondal ao respecto das supostas orixes galegas de Cristóbal Colón. Destaca o fragmento dunha epístola na que Pondal lle responde que o seu poema *Os Eoas* (1858) retrata a Colón como persoeiro galego de pura cepa. Doutra banda, sinala os intentos da censura en 1936 para impedir a publicación do poema e dous feitos históricos relacionados con esa cuestión, como a destitución e o pasamento de Manuel Lugrís Freire e a sinatura de seu fillo, o pintor Urbano Lugrís González, no manifesto de intelectuais e artistas favorábel á República en 1930. Remata cunha alusión á poesía escrita polo pai, *Soidades* (1894), ao seu labor de cofundador do xornal *A gaita galega*, e ao seu ingreso no Seminario de Estudos Gallegos en 1923.

Pinto Antón, Juan Antonio, “Mil voces para Celso Emilio Ferreiro”, *El Progreso*, “Opinión”, 17 xaneiro 2013, p. 31.

Fai un repaso da obra do poeta de Celanova ao pecharse o centenario do seu nacemento. Informa de que Radio Lugo aproveitou a ocasión para reunir mil voces arredor dun tema con pouca convocatoria como é a poesía, iniciativa inédita con moito éxito.

Piñeiro, Antonio, “Tres ourensáns na RAG”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 5 marzo 2013, p. 23.

Infórmase do abandono da presidencia da Real Academia Galega de Xosé Luís Méndez Ferrín e apróvéitase para comentar o número de ourensáns que ocupan unha cadeira da mesma.

Piñeiro, Antonio, “Desterrados”, *La Región*, “Opinión”, “Ourensalia”, 10 outubro 2013, p. 23.

Describe os contidos da carta enviada por Castelao a Luís Soto o 18 de decembro de 1939, conservada no Arquivo Histórico Provincial de Ourense. Subliña o apartado da epístola no que Castelao lle pide a Soto que lle axude a saír de Nova York e remata cunha referencia á condición de emigrante do propio Soto.

Piñeiro, Xosé M., “Visita á Fundación Vicente Risco”, *Atlántico Diario*, p. 53/ *La Región*, p. 52, “Sociedad”, “Neurovisión”, 5 outubro 2013.

Informa de que a Fundación Vicente Risco fará unha mediametraxe da adaptación do relato do autor *Do caso que lle aconteceu ao Doutor Alveiros*. Será levado a cabo por Xosé Luís Quintana e colaborará Xosé M. Piñeiro.

Pousa, Luís, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Farrapos de gaita”, 1 marzo 2013, p. 15.

Coméntase a decisión firme de Xosé Luís Méndez Ferrín de abandonar a Real Academia Galega e infórmase de que Manuel Rivas e Darío Xohán Cabana queren saír pola porta con el.

Prieto, Lourenzo F., “Vigor e serenidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 agosto 2013, p. 37.

Apuntamento elexíaco sobre Benxamín Casal co gallo do seu pasamento en 2013. Salienta o seu labor de presidente á fronte da editorial Galaxia dende 2003, de dirección da Gran Enciclopedia Galega, de profesor da Escola de Peritos e a Universidade de Santiago, de conselleiro na Xunta preautonómica de Galicia, de deputado no primeiro Parlamento galego e, por último, a calidade do seu volume *A Galicia campesiña* (1984).

Prieto Casares, Eduardo, “A terra onde me criei”, *La Región*, “Provincia”, “Contos da Ribeira Sacra”, 9 decembro 2013, p. 16.

Describe as orixes galegas na Ribeira Sacra de emigrantes que abandonan a súa terra galega en favor da madrileña, lembrando o famoso poema de Rosalía de Castro “Adiós ríos, adiós fontes”. Menciona, así pois, os mosteiros de Santa Cristina, San Adrián, Santo Estevo, San Pedro de Rocas e a ribeira do Sil, como puntos de partida da inmigración.

Ramos, Manuel Román, “Centenario”, *El Progreso*, “A Mariña”, “Firma invitada”, 18 febreiro 2013, p. 17.

Loanza a Francisco Fernández del Riego como veciño ilustre de Lourenzá. Lembra o seu discurso o 25 de xullo de 1931, coa II República acabada de nacer, dende a balconada do concello. Enumera a súa participación en distintas actividades galeguistas: Xeración Nós, Editorial Galaxia, Fundación Penzol ou Real Academia Galega. Remata o artigo co dito: “Non cae? Logo vostede non é da terra irmán. Que de Galicia en leguas mil á redonda, con dicir don Paco abonda”.

Reigosa, Carlos G., “Humor de Cunqueiro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 501, “A outra mirada”, “Vagalume”, 12 xaneiro 2013, p.

Refírese ao humor que singulariza a Álvaro Cunqueiro; coméntase o seu estilo e a “exuberancia literaria” que destilan os seus textos e, sobre todo, salientase a súa sensibilidade.

Reigosa, Carlos G., “Recitadores”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 524, “A outra mirada”, “Vagalume”, 29 xuño 2013, p. 12.

Fálase da fin dos grandes declamadores de poesía, salientando de entre os recitadores xa falecidos a Francisco Fernández del Riego pola súa declamación do poema “A campana de Anllóns” e a Urbano Lugrís. Sinálanse como mellores recitadores contemporáneos a Xesús Alonso Montero e a Carlos Oroza.

Reigosa, Carlos G., “Cincuentenario de Wenceslao”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 535, “A outra mirada”, “Vagalume”, 21 setembro 2013, p. 9.

Repasa a traxectoria vital de Wenceslao Fernández Flórez co gallo do quincuaxésimo aniversario do seu pasamento. Indica en primeiro lugar súa condición de galeguista e o labor de Francisco Fernández del Riego, Xaime Illa Couto e Carlos Casares ao respecto de descubrir a verdade histórica sobre a súa figura. Salienta asemade feitos de relevancia, coma por exemplo a vitoria conxunta con Camilo José Cela acadada na RAE porque o galego tivese a categoría de lingua, ou a adaptación dos seus textos sobre a corrupción no franquismo para o filme de Rafael Gil, *Camarote de lujo* (1957).

Reigosa, Carlos G., “Tamén son nosos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 537, “A outra mirada”, “Vagalume”, 11 outubro 2013, p. 10.

Trae á memoria a saída ao prelo do poemario *A pel de touro* (1963) [*La pell de brau* (1960)], de Salvador Espriu, co gallo do centenario do seu nacemento. Indica os seus contidos e salienta algúns deles, coma por exemplo o poema “Falando de Sepharad”, ademais da tradución ao castelán de José Agustín Goytisolo, a “Nota crítica” de María Aurèlia Capmany e a cuberta de Antoni Tàpies. Doutra banda, sinala a edición

facsimilar deste volume de 1995 a cargo de Edicións do Castro, da que destaca o limiar de Ricard Salvat, o apuntamento informativo de Díaz Pardo e a reprodución dunha epístola de Espriu con data de 1975.

Reimunde, Ramón, “Arcadio en Arcadia”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 21 novembro 2013, p. 49.

Repaso á traxectoria de Arcadio López Casanova, membro da xeración poética das Festas Minervais ou Xeración de la Noche, dos anos 1950. Menciona a diferenza entre el e o resto dos integrantes desa xeración a partires dos seus poemas “Palabra de honor” (1967) e “Mesteres” (1976), da ausencia do social-realista nos seus versos e a influencia na súa obra de *Herba aquí ou acolá* (1980), de Álvaro Cunqueiro. Conclúe cunha referencia aos volumes de X. L. Méndez Ferrín e Alfonso Pexegueiro, *Con pólvora e magnolias* (1976) e *Seraogna* (1976), respectivamente, como marcadores do cambio de estética na poesía da época.

Requeixo, Armando, “Poliedro Risco”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 455, “Vicente Risco: 50 anos”, 25 abril 2013, p. IV.

Lembra o pasamento, hai xa medio século, de Vicente Risco e informa do aluvián de publicacións que sobre a súa figura e obra se sucederon nestes últimos anos, afirmando o interese que suscita. Pero lamenta que aínda non existan edicións críticas dos seus textos e bota de menos unhas xornadas que reactúalicen a súa figura. Salienta a súa condición de personaxe poliédrico, complexo e polémico.

Reza, Xosé Benito, “Amigo Ferrín”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 23/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 53, 7 marzo 2013.

Trasládaselle a Xosé Luís Méndez Ferrín cariño e apoio polo difícil momento que lle toca vivir ao dimitir como presidente da Real Academia Galega. Lánzase un berro de indignación e chámase “ruíns” a aqueles que conseguiron que abandonase.

Rivas, Manuel, “Coa esperanza nos dentes”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 marzo 2013, p. 32.

Resposta a unha carta de Xesús Alonso Montero na que Manuel Rivas afirma que seguirá na Academia, por responsabilidade, a pesar de que dixerá que se abandonaba Xosé Luís Méndez Ferrín el faríao ao seu lado. Confirma que houbo problemas na xestión durante o seu mandato, pero afirma que eran de fácil resolución.

Rivera, Javier, “Que foi dos irmáns? (Carta inédita)”, *El Progreso*, “Opinión”, “Descodificando”, 9 novembro 2013, p. 31.

Reflexiona, a partir da perda do legado de Álvaro Gil, depositado no Museo de Lugo, sobre a importancia dos contidos, entre o que figuraba material inédito como unha carta

do día de Reis de 1940 que Ramón Piñeiro remitira dende Lugo a Ben-Cho-Shey na que amosaba a súa estratexia: “defender o factor cultural como elemento identitario do galeguismo e a restauración monárquica como saída á ditadura”. Detalla que na carta lle conta aspectos da vida de varios compañeiros de ambos os dous, caso de Ánxel Fole, Milucho Gil, o boticario Antón Figueroa, Servando Gómez Aller de la Vallina, Ramón Varela, Francisco Fernández del Riego, Filgueira Valverde, Castelao, e así mesmo atende a iniciativas culturais como a primeira reunión da Academia galega tras o final da Guerra civil, o mantemento do peche do Seminario de Estudos Galegos e a edición do *Cancioneiro Musical de Galicia* por parte das deputacións. Remata recollendo reflexións de Piñeiro sobre o regreso da monarquía como “único desenlace posible desta situación” e afirmando que no momento en que saíu do cárcere “tiña forxado dende un principio o seu ideario baseado na democracia, galeguismo e europeísmo”.

Rodríguez, Carlos Luís, “Ferrín e familia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “A bordo”, 28 febreiro 2013, p. 2.

Manifesta a súa posición en contra da presidencia de Xosé Luís Méndez Ferrín na Real Academia Galega. Afirmar que unha cousa é defender e reivindicar a lingua galega e outra moi diferente é vivir a conta dela, suxerindo que isto último é o que pretende facer Ferrín.

Rodríguez, Carlos Luís, “Un adiós de ficción”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “A bordo”, 15 marzo 2013, p. 2.

Afirmar que Xosé Luís Méndez Ferrín é coma un “papa” na Real Academia Galega e que tal cousa podería ser o argumento dunha novela. Opina que a este persoeiro lle perdoaron o que a outros lles supón un escándalo.

Rodríguez, Carlos Luís, “Desprivatizar la Academia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “A bordo”, 19 abril 2013, p. 2.

Sinala que Xosé Luís Méndez Ferrín opina que como Xesús Alonso Montero non é nacionalista non debería ocupar a cadeira presidencial da Real Academia Galega. Di que, debido a estas declaracións, entre outras cousas, debería pedir perdón polo seu “nepotismo ilustrado”.

Rodríguez, Francisco, “Cantares Gallegos, após 150 anos”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 11 febreiro 2014, p. 6.

Entre outras cousas, comenta que no cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos* o país segue nunha fase aínda moi agresiva da globalización, ademais de analizar polo miúdo a obra e todo o que trouxo consigo no seu momento.

Rodríguez, Francisco, “Libro anacrónico?”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 77/*El Progreso*, “Vivir”, p. 52, “Cultura”, 24 febreiro 2013.

Reflexiona sobre a importancia dos *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, que contrapón á lectura parcial que se ten feito da súa obra. Co gallo do sesquicentenario desta obra considera que existen dúas concepcións: a da reivindicación do pobo galego (a máis achegada á intención da autora) e a do paternalismo que engade unha visión ruralista e folclórica. Defende que Rosalía non renunciou a exercer como galega e a defender a identidade de Galicia.

Rodríguez González, Olivia, “Actualidade de Vicente Risco”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 30 abril 2013, p. 15.

Reivindica a figura de Vicente Risco alén das paredes escolares e considera necesario continuar no traballo de descifrar a obra e o pensamento deste ourensán. Pon o exemplo d’*O porco de pé* en que se “revela un autor que fala do seu tempo dirixíndose tamén aos lectores futuros”. Cre que neste relato Risco analiza a ditadura de Primo de Rivera, que pasa polo inicial colaboracionismo do propio Risco (canda Losada Diéguez e Antón Villar Ponte) e chega á crítica ao capitalismo encarnado na figura do alcalde.

Rozas, Ramón, “O lapis vermello”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “A vida nun fío”, 3 setembro 2013, contracuberta.

Dedica unhas palabras de lembranza a Chonchiña Comesaña co gallo do seu pasamento, coas que salienta o seu rol inspirador na novela de Manuel Rivas, *As voces baixas* (2012).

Salgado, Fernando, “No cabodano de Isaac Díaz Pardo”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 5 xaneiro 2013, p. 17.

Lembra o primeiro cabodano e a dor que aínda produce a ausencia de Isaac Díaz Pardo, a quen define como un “compoñedor dos ósos dislocados de Galicia” e exalta a súa tarefa de recomposición da historia, dende un punto de vista galego pero con vocación universal.

Salgado, Fernando, “Don Xesús, o mestre”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 abril 2013, p. 43.

Lembra o tempo en que coñeceu a Xesús Alonso Montero e recrea o ambiente que se vivía entón na cidade de Lugo. Relata a impresión que tivo como alumno de Alonso Montero e a escolla e uso da lingua galega nas aulas.

Sanmartín, Israel, “Estratos de la realidad”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 16 outubro 2013, p. 27.

Alude á obra *Crime en Compostela*, de Carlos Reigosa, co gallo do asasinato dunha nena na capital galega, e fai unha digresión ao redor do concepto do real e o imaxinario, da “realidade racional” e a “realidade pensada”.

Sarille, Xosé Manuel, “Necio compadreo”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Pan e coitelo”, 12 marzo 2013, p. 2.

Trata a polémica acontecida no seo da Real Academia Galega coa dimisión do seu presidente, Xosé Luís Méndez Ferrín. Critica os erros cometidos pola institución, tanto á hora de publicar traballos cheos de erros, como a contratación discrecional. Denuncia que a verdadeira traxedia non é a liorta interna senón a situación da lingua galega. Cita a posibilidade de que o substituto de Ferrín sexa o escritor Manuel Rivas.

Sarille, Xosé Manuel, “A Academia é unha traca”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Pan e coitelo”, 14 maio 2013, p. 2.

Comenta as polémicas declaracións do novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, dedicadas ao BNG nas cales comparaba “a práctica lingüística do Bloque coa nai que non deixa respirar ao fillo”. Sarille sae na defensa do BNG como defensor da lingua galega, aínda que unhas veces o fixese ben e outras mal. Finalmente critica os continuos despropósitos da Real Academia Galega.

Sarille, Xosé Manuel, “Alonso Montero”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Pan e coitelo”, 21 maio 2013, p. 2.

Referencia ao enfrontamento entre Xavier Vence, como portavoz do BNG, e Xesús Alonso Montero, como presidente da Real Academia Galega, sobre a posición da organización política con respecto ao idioma. Rexeita a postura do BNG de cargar as culpas da situación do galego a Alonso Montero e critica a falta de iniciativas deste partido no tema lingüístico. Por último, engade algúns exemplos da falta de coherencia por parte dos militantes nacionalistas.

Senén, Felipe, “xeneraisdaulla.com”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 3 febreiro 2014, p. 29.

Trata o entroido galego e a variedade que existe no territorio, que precisan de mellores estudos. Describe algúns costumes practicados en distintos entroidos do país e céntrase no caso dos xenerais do Ulla. Lembra que a estampa do río Ulla valeu para a literatura de Xosé Neira Vilas ou de Marcial Valladares, de Rosalía de Castro ou de Manuel Antonio. Finalmente, indica a web dos xenerais do Ulla que recolle todo tipo de información en canto a mito e a historia.

Senén, Felipe, “Castelao sempre en Galiza”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 4 agosto 2013, p. 28.

Comenta algúns datos sobre o manuscrito do *Sempre en Galiza* de Castelao, custodiado no Museo de Pontevedra, e que foi exposto na *Ex libris Gallaecia* organizada na Cidade da Cultura. Destaca a tarefa de Xosé Filgueira Valverde á fronte do citado museo durante a súa etapa de director e os fondos que garda do intelectual rianxeiro. Lembra a represión sufrida pola familia de Castelao logo do estoupido da guerra en 1936 e cita a obra de F. X. Redondo Abal titulada *Proceso a unha biblioteca: a persecución de Castelao a través da incautación da súa biblioteca* (2010), publicada por Laiovento.

Senén, Felipe, “A Casa Museo de Manuel María en Outeiro de Rei”, *La Opinión*, “Opinión”, “O labirinto do alquimista”, 1 setembro 2013, p. 23.

Dá conta da inauguración da Casa Museo de Manuel María, na súa casa natal, ao tempo que achega datos da construción da casa e das vivencias dos irmáns nela, ao tempo que destaca a importancia da casa “como principio e fin, memoria, identidade intransferible, parte esencial da Patria”.

Senén, Felipe, “Nogueira e noces”, *La Opinión*, “Opinión”; “O labirinto do alquimista”, 8 decembro 2013, p. 30.

Leva a cabo un percorrido pola historia da noz, froito da nogueira, destacando as súas orixes, usos, supersticións e referencias literarias, coma por exemplo as atopadas en Plinio, o poeta Manuel María ou Uxío Novoneyra.

Serantes, Arantxa, “Rosalía 2.0”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 6 marzo 2013, p. 42.

Trata o 150 aniversario de *Cantares gallegos* e as asociacións que realizan eventos co gallo desta efeméride. Salienta que para axudar a divulgar a obra e figura de Rosalía de Castro se botou man das redes sociais que acabaron por tornarse “en el mejor aliado para divulgarla”.

Soto, Juan, “La otra mesa camilla”, *ABC*, “Galicia”, “El garabato del torreón”, 28 abril 2013, p. 73.

Lembra a estadia como profesor en Lugo de Xesús Alonso Montero, novo presidente da Real Academia Galega. Compara a mesa braseiro de Ramón Piñeiro en Compostela co piso que Alonso Montero tiña en Lugo preto do parque Rosalía de Castro. Afirmar que unha xeración de mozos lucenses pasaron horas por alí e descubriron a Lingua e Literatura galegas.

Tosar, Luís G., “Esquecidas epopeas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 abril 2013, p. 34.

Rememora a historia que José García Antón lle contou sobre os últimos días en Cuba do P. Rubinos, quen fora último presidente da Asociación Iniciadora y Protectora de la

Real Academia Gallega. Relata que o P. Rubinos foi quen afeccionou á lectura a Fidel Castro.

Tosar, Luís G., “De heterónimo, Xornalista”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “Letras en galego”, “Retrato en sepia”, 7 setembro 2013, p. 10.

Repasa a súa amizade con Raimundo García Domínguez, coñecido baixo o pseudónimo de Borobó, e destaca eventos como a ocasión na que acompañou a Maximino Castiñeiras, o Poeta da Maía, ou as visitas a Aquilino Iglesia Alvariño a Vilagarcía ou a Aurora e Manuela a Calo. Menciona finalmente o traballo *El lagar de Borobó* (1996), de Blanco Vila, do cal recomenda a súa lectura.

Trigo, Xosé Manuel G., “Corazón”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Á beira do Sar”, 4 outubro 2013, p. 39.

Céntrase na novela de Álvaro Cunqueiro, *Merlín e familia* (1955), para tratar a cuestión da dureza e frialdade da xente na sociedade actual. Resume o fío argumental da historia prestando especial atención á figura da protagonista, a princesa Simona de Aquitania, e o caso do seu corazón invisíbel.

Varela, Froilán, “O trasmundo de Cunqueiro”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 23, “Retorno a Ítaca”, 15 agosto 2013.

Comenta a publicación en dous volumes, por parte de Biblioteca Castro, da obra en castelán de Álvaro Cunqueiro que acolle novelas, relatos ou poesía. Comenta algunhas das características que definen a obra do escritor mindoniense: a maxia, o talento literario, o humor ou a creatividade. Dedicar uns parágrafos a falar das obras en galego *Merlín e familia* ou *Se o vello Simbad volveuse ás illas*.

Varela, Froilán. “Da soidade”, *El Progreso*, “De re varia”, 30 setembro 2013, contracuberta.

Rememorando o falecemento de Álvaro Mutis, amigo de García Márquez, fálase do realismo máxico que está presente en Galicia en obras como as de Álvaro Cunqueiro, Wenceslao Fernández Flórez ou Torrente Ballester.

Varela Durán, Alfonso, “Rosalía de Castro e Victoriano García Martí”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 6 maio 2013, p. 43.

Repasa a celebración dos 150 anos de *Cantares gallegos*, o Rexurdimento e os precedentes de Antolín Faraldo e Xoán Manuel Pintos. Aproveita a ocasión para lembrar a súa relación con Victoriano García Martí e as conversas mantidas arredor da figura de Rosalía de Castro. Realiza un percorrido biográfico sobre García Martí, dende os anos da II República até os seus últimos días en Compostela.

Vázquez Abad, Xesús, “O legado de Rosalía de Castro 176 anos despois”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Tribuna”, 24 febreiro 2013, p. 21.

Pon en relación a data do nacemento de Rosalía de Castro coa traxectoria vivida polo idioma galego deica converterse en lingua cooficial da Comunidade Autónoma de Galicia. Considera que quedan retos por afrontar para mellorar a situación da lingua pero que hai datos positivos como as actitudes e o seu uso maioritario.

Vázquez Gil, Lalo, “Lembranza de don Xosé María Álvarez Blázquez”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 21 marzo 2014, p. 20.

Fai unha semblanza de quen fora cronista oficial de Vigo. Lembra o monumento que se lle erixiu no Castro na súa memoria, promovido polo Instituto de Estudos Vigueses.

Vázquez Gil, Lalo, “Un resumen do Reino de Galicia (2)”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 6 agosto 2013, p. 16.

Alude a un soneto de Xoán de Tasis, Conde de Villamediana, e reproduce uns versos en galego de autor descoñecido dedicados a este, nos cales se fai burla.

Vázquez Gil, Lalo, “E os poetas, qué?”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, 28 novembro 2013, p. 24.

Fálase sobre o feito de ser Vigo terra de poetas. Lista un total de sesenta poetas dende Martín Codax e concluindo con Xiao Roel.

Vázquez-Monxardín, Afonso, “Núñez, Rosalía e os símbolos”, *La Región*, “Opinión”, 8 xaneiro 2013, p. 20.

Alude á equivocación do presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijoo, ao considerar a casa da Matanza de Padrón como o lugar natal de Rosalía de Castro. Considera que o erro amosa a distancia do mundo cultural co político. Lembra e cita algunhas persoas que dende a cultura mantiveron un compromiso político.

Vázquez-Monxardín, Afonso, “O tema da RAG”, *La Región*, “Opinión”, 9 marzo 2013, p. 21.

Trata o asunto da dimisión e renuncia da Real Academia Galega de Xosé Luís Méndez Ferrín. Acusa o baixo nivel literario do comunicado do escritor e de carecer de argumentos. Con distintas notas de humor esmiúza o texto e remata por criticar duramente a opacidade que existía durante a presidencia de Ferrín.

Vázquez-Monxardín, Afonso, “Fumata branca académica”, *La Región*, “Opinión”, 27 abril 2013, p. 22.

Reflexiona sobre a escolla do novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero. Considera que é unha boa escolla e abre boas perspectivas para a institución centenaria. Por último, cre que a Real Academia Galega soubo mesturarse entre a xente, sobre todo grazas á internet, pero que debe mellorar as regras de funcionamento interno.

Vázquez Monxardín, Afonso, “Ben-Cho-Shey”, *La Región*, “Opinión”, 3 agosto 2013, p. 19.

Dá conta da mostra dedicada a Ben-Cho-Shey no Centro Cultural Marcos Varcárcel da Deputación de Ourense, rememorando en primeiro lugar as colaboracións que aparecían na contracuberta de *La Región* nos anos sesenta asinadas por Ben-Cho-Shey, cando el era un rapaz, e explicando a escolla dese pseudónimo. Apunta que se trata “dunha magnífica mostra, audaz no estético, riquísima nos fondos, ben estruturada na secuenciación cronolóxica e temática”. Detalla o labor desenvolvido por Ben-Cho-Shey e reproduce o texto da súa lápida mortuoria, indicando que en 1996 Xesús Alonso Montero quixo organizar actos de homenaxe mais que a súa filla non o permitiu, para respectar o texto da lápida. Remata afirmando que esta exposición “debe servir para que o coñezamos e valoremos mellor. Meréceo. Merecémolos”.

Vázquez-Monxardín, Afonso, “O sorriso de Cunqueiro”, *La Región*, “Opinión”, 24 setembro 2013, p. 19.

A partir da operación do rei Juan Carlos e a orixe mindoniense do médico que o tratou, o autor alude a Álvaro Cunqueiro e a súa obra titulada *Escola de menciñeiros* xa que o citado médico tamén é sobriño do escritor. Destaca deste a súa relación con Mondoñedo e o feito de non esquecer as súas raíces.

Ventura, Joaquim, “Acordanza dun imprescindible”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 441, 17 xaneiro 2013, cuberta.

Loa polo centenario do nacemento de Francisco Fernández del Riego. Destaca que estivo en toda canta actividade cultural o reclamaba e a súa tarefa pola reconstrución do galeguismo de posguerra. Valora, por último, a solidez de criterio ao longo da súa vida.

Ventura, Joaquim, “O comodín do galeguismo”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 455, 25 abril 2013, cuberta.

Fala do esquecemento da figura de Vicente Risco logo de medio século morto. Considera que a súa contribución aínda chega até os nosos días e que a ela se acollen uns e outros. Considera que o coñecemento de Risco segue a ser superficial e existe un gran desinterese por unha figura que tanto fixo pola cultura galega. Cita os artigos publicados en *Euskadi*, revista do PNV, e que seguen a ser inéditos en Galicia.

Vidal, Miguel Carlos, “Luz Pozo Garza”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “La ventana”, 15 novembro 2013, p. 12.

Trata do acto de presentación do poemario de Luz Pozo Garza *Sol de medianoche* (2013), tirado do prelo pola editorial ourensá Eurisaces. Tras indicar o seu coñecemento dos autores clásicos e as vangardas europeas dos anos vinte e como influíron na súa creación poética, recorda as súas primeiras recompilacións de poemas como *Ánfora* (1948), *O paxaro na boca* (1952), *El vagabundo* (1952), e o xeito en que evolucionaron os seus versos en *Concerto de outono* (1981), *Códice calixtino* (1986), ou *Prometo a flor de loto* (1992). Conclúe cun resumo das modificacións na súa poesía, entre as que subliña unha temática de carácter máis discursivo e transcendente e unha maior gravidade no ton dos seus versos.

Vidal Villaverde, Manuel, “A RAG: bosquejo para a historia”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 29 abril 2013, p. 14.

Aborda a situación da Real Academia Galega logo da renuncia e dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín a seguir sendo presidente. Acusa a un sector galeguista de querer botar a Ferrín logo de condutas insidiosas. Repasa brevemente a historia da Real Academia Galega, defende un modelo de inmersión lingüística e rexeita calquera tipo de bilingüismo.

Vidal Villaverde, Manuel, “Despois do San Xoán e lúa chea”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 26 xuño 2013, p. 18.

Partindo dunha reflexión sobre o progreso e o capitalismo, alúdese a un poema de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, que reflicte as condicións de vida do rural galego na época. Tamén hai unha referencia á obra de Uxío Novoneyra.

Vidal Villaverde, Manuel, “Decurso e tránsito do tempo”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 7 agosto 2013, p. 16.

Logo de facer alusión a uns versos de Federico García Lorca, o autor céntrase na actualidade política española e dedica unhas liñas finais para citar a obra de Bautista Álvarez titulada *Retallos daquela infancia*.

Vidal Villaverde, Manuel, “As guerras”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 14 agosto 2013, p. 18.

Fálase sobre as guerras, a Igrexa e a política, aludindo a unhas verbas de Celso Emilio Ferreiro tiradas de *Viaxe ao País dos Ananos*.

Vidal Villaverde, Manuel, “Días de agosto”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 24 agosto 2013, p. 28.

Comenta a súa lectura de *Retallos daquela infancia*, de Bautista Álvarez, da que afirma que en certa forma fai rememorar *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, e engade que un amigo lle advertira que non había citas de autores galegos “para iluminar algún dos seus asertos” e si menciona a Edgard Allan Poe, cando o que aparece n’*O cadaleito branco* é semellante ao que narrara Rafael Dieste en *Dos arquivos do trasno*. Lembra unhas críticas de Basilio Losada sobre que Ánxel Fole cualificara de “afidalgados ou señoritos” aos cazadores e sobre que os labregos “leven carabina no ombreiro”, ás que responde coa afirmación de que “cada un ten e vive a súa realidade, e dela escribe, chegado o caso”.

Vidal Villaverde, Manuel, “Talidomida”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 16 outubro 2013, p. 21.

Cita a Emilia Pardo Bazán, Rosalía de Castro e Manuel Murguía nunha recreación feita a partir do Pazo de Meirás, en propiedade da familia Franco.

Vidal Villaverde, Manuel, “Estado da nación negada”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 19 outubro 2013, p. 22.

Comenta a solicitude de colaboración ás diversas representacións políticas minoritarias no Parlamento por parte de Xosé Cuíña Crespo, coa fin de secundar as súas propostas con respecto á mellora da nación galega. Repasa asemade o estado de Galicia en canto comunidade española dende a época de Manuel Fraga Iribarne e conclúe cunha referencia ao faladoiro sobre Galeusca entre Manuel María, Bernardino Graña e o asinante desta noticia.

Vidal Villaverde, Manuel, “Certeza doutro outono”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 30 outubro 2013, p. 22.

Cita os versos de Celso Emilio Ferreiro da *Longa noite de pedra* e deseguido encaixa unha serie de referencias soltas a outros escritores como Kafka, Ovidio ou Xosé María Álvarez Blázquez.

Vidal Villaverde, Manuel, “Que podemos agardar?”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 20 novembro 2013, p. 20.

Trata a cuestión da ruína económica e medioambiental provocada polo naufraxio do *Prestige* nas costas galegas, a partir de alusións a representantes políticos; alude tamén á homenaxe o Aquilino Iglesia Alvariño no Día das Letras Galegas e á solicitude desa mesma homenaxe para Xela Arias e Luísa Villalta.

Vidal Villaverde, Manuel, “No feliz retorno de Antón Pulido”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 29 novembro 2013, p. 24.

Comenta o regreso á pintura de Antón Pulido, de quen destaca o seu labor de retratista de Ramón Otero Pedrayo no seu tempo, co gallo dunha nova exposición no Museo de Pontevedra.

Vidal Villaverde, Manuel, “De que podemos falar?”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 7 decembro 2013, p. 22.

Trata cuestións diversas, como o consumismo ao que convida a publicidade ou o apartheid e Nelson Mandela, entre referencias a versos de Celso Emilio Ferreiro e verbas de Xulio Fontes.

Vidal Villaverde, Manuel, “Do abrupto da memoria”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 14 decembro 2013, p. 20.

Trae á memoria a figura da pintora Julia Minguillón, muller do poeta Francisco Leal Ínsua. Destaca o traballo de investigación de Araceli Herrero Figueroa para a *Obra Completa* sobre Luís Pimentel, co gallo da visita deste escritor ao obradoiro da pintora. Menciona por último o seu volume *Sombra do aire na herba* (1959), xunto a lenzos da artista como *A escola de Doloriñas* ou *A nena e a bolboreta*.

Villares, Ramón, “Benxamín Casal, elegancia e compromiso”, *El Progreso*, “Lugo”, “Adeus a un galeguista histórico”, 31 agosto 2013, p. 11.

Dedica unhas verbas á memoria de Benxamín Casal co gallo do seu pasamento. Salienta a súa amizade cos Brais Pinto, Ben-Cho-Sey ou Ramón Piñeiro e a firmeza das súas ideas; o seu labor político en diferentes institucións, a presidencia do Círculo das Artes e da Editorial Galaxia, e de dirección da versión en galego da *Gran Enciclopedia Galega*; o volume *A Galicia campesina* (1982), editado por Galaxia e, xa por último, a tradución ao galego de *La Galice*, de Abel Bouhier.

Villar Janeiro, Helena, “O cabodano de Isaac”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 11 xaneiro 2013, p. 3.

Fai unha lembranza de Isaac Díaz Pardo no seu primeiro cabodano. Lembra a figura do defunto e describe o acto que se fixo no seu recordo. Incita a estudar e difundir o seu material gráfico e textual.

Villar Janeiro, Helena, “No bico un cantar”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 25 xaneiro 2013, p. 3.

Alude á riqueza musical galega dende a Idade Media até os nosos días e céntrase na relación entre a literatura e a composición musical. Dedica as liñas a falar do programa televisivo “No bico un cantar”.

Villar Janeiro, Helena, “No sesquicentenario de ‘Cantares Gallegos’ (1863-2013)”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 27 xaneiro 2013, p. 73.

Fala dalgúns dos poemas de *Cantares gallegos* e da casa da Matanza onde faleceu Rosalía de Castro. Realiza unha análise da importancia literaria, identitaria e lingüística do poemario e exalta o valor que tivo para a afirmación e valoración do noso.

Villar Janeiro, Helena, “176 aniversario de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 22 febreiro 2013, p. 3.

Fala sobre o 176 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro e cita algunhas outras datas importantes na vida e na creación literaria da poeta. Alégrase de que se celebre a data de nacemento con varias actividades promovidas por diversas asociación, e non só a da morte, logo de distintas iniciativas sobre o asunto.

Villar Janeiro, Helena, “Academia Real ‘Isaac Díaz Pardo’”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 1 marzo 2013, p. 3.

Informa sobre a creación no Monte da Condesa de Santiago de Compostela da Real Academia “Isaac Díaz Pardo” que ten como obxectivo honrar a memoria do destacado galeguista. Informa sobre a composición da mesma (presidida por Xesús Alonso Montero) e a primeira actividade da institución.

Villar Janeiro, Helena, “Rosalía, muller traballadora”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 8 marzo 2013, p. 3.

Co gallo do sesquicentenario dos *Cantares gallegos*, a autora considera oportuno poñer como exemplo do Día da Muller Traballadora a Rosalía de Castro. Conta algunhas das vicisitudes vitais, as dificultades que pasou e destaca o marcado carácter de reivindicación feminista da poeta.

Villar Janeiro, Helena, “Música no sesquicentenario de ‘Cantares’”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 22 marzo 2013, p. 3.

Fai referencia ao congreso que o Consello da Cultura Galega celebra ao redor de Rosalía de Castro co gallo dos 150 anos de *Cantares gallegos*. Informa da iniciativa “No bico un cantar. Nenos e nenas cantan a Rosalía” e que supón unha homenaxe cantada a Rosalía na Praza da Quitanan compostelá. Cita composicións líricas rosalianas que foron musicadas como “Negra sombra” ou “Maio longo”.

Villar Janeiro, Helena, “Vivat Academia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 26 abril 2013, p. 3.

Fala sobre o novo período da Real Academia Galega con Xesús Alonso Montero á fronte e alégrase de que as mulleres ocupen cargos de responsabilidade dentro da

institución centenaria. Fala da súa relación laboral con Alonso Montero e o esforzo conxunto para conmemorar os *Cantares gallegos* de Rosalía por parte das institucións galegas.

Xesteira, “As liortas na RAG”, *La Región*, “Opinión”, 20 marzo 2013, p. 24.

Critica a actual situación e dirección da Real Academia Galega que se preocupa máis por “rancios eventos” que pola elaboración dunha gramática e dicionario galegos. En canto ás liortas fala das acontecidas arredor da normativización e do lusismo. Finalmente alude á dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín, á mala situación do galego e a aqueles que pretenden que sexa idioma vehicular no ensino.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.8. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Abelenda, Ana, “Diana Varela Puñal: ‘A poesía é unha forma de expresión. O estilo tamén’”, *La Voz de Galicia*, “Extra”, “El personaje”, “Entrevista”, 6 xaneiro 2013, p. 4.

Conversa coa poeta e avogada Diana Varela Puñal sobre o actual momento convulso da xustiza, sobre a vocación política de servizo público, sobre cinema e música, sobre a poesía como forma peculiar de expresión, a necesidade de autoesixencia por parte dos autores e sobre o estilo como parte da personalidade propia, como “unha maneira de ir polo mundo”.

Abelenda, Ana, “Fillas do mesmo soño”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “En portada”, 7 setembro 2013, pp. 2-3.

Entrevístase a Dores Tembrás, Yolanda Castaño e Estíbaliz Espinosa na casa da tamén poeta Luz Pozo Garza co gallo da publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro. As catro autoras son interrogadas sobre a importancia e significación da obra rosaliana e o papel da muller na literatura e na sociedade.

Abelenda, Ana, “¿E elas como nos ven?”, *La Voz de Galicia*, “Extra”, n.º 145, “En portada”, 20 outubro 2013, p. 6.

Entrevístase a Olalla Cociña, Antía Otero e Dores Tembrás sobre a igualdade entre mulleres e homes. Son interrogadas por diversos temas: como mira a sociedade aos homes e ás mulleres, as repercusión dos feminismos, como loitan as mulleres por seren libres, o corpo da muller como arma política, a evolución da loita pola igualdade, as cotas en organismos de poder ou como aman as mulleres.

Abelenda, Ana, “Antía Otero: ‘Escribir é pararse, poñer o zoom sobre algo’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 543, “A escritora do mes”, 26 outubro 2013, p. 9.

Conversa con Antía Otero sobre o proceso dificultoso da escrita, a necesidade de convivir co pasado, sobre a xénese d’*O son da xordeira* (2003), sobre as preguntas concretas que a perseguen, sobre a súa vocación de escritora, sobre a lentitude do proceso de escritura na madurez, sobre a obsesión polos lugares vividos e sobre a necesidade de logar chegar a poesía á xente.

Abet, Patricia, “A González no le interesaba un acuerdo con las voces críticas”, *ABC*, “Galicia”, 28 abril 2013, pp. 72-73.

Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, fala do novo plan de contratacións que quere promover, das primeiras críticas –sobre todo provenientes do

bando dos lusistas- e da partida orzamentaria, pola que di que vai pelexar para que o goberno autonómico aumente.

Arias, Cristina “Unha pontesa denuncia nun libro o expolio dos recursos naturais do mundo”, *El Progreso*, “A Chaira”, 23 xaneiro 2013, p. 13.

Acóllese unha entrevista a Medos Romero arredor da publicación do seu novo poemario, *Ansia de lóstrego*, no que fala da experiencia que motiva o proceso de escrita e a vinculación do texto coas vivencias súas persoais vencelladas á contorna d’As Pontes.

Baena, Ana, “Con 84 anos non me presenteí por política ou currículo, senón por servizo público”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 22 abril 2013, p. 7.

O día despois de saír elixido presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero fala nesta entrevista das motivacións que tivo para afrontar este cargo, sobre a axustada votación e as medidas máis inmediatas que se van tomar. Por último, fai unhas declaracións sobre a situación da lingua galega.

Baena, Ana, “Coa crise do libro e das librerías, as feiras convértense case nun lugar de resistencia”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 xullo 2013, p. 8.

Entrevístase a Manuel Rivas aproveitando o seu paso pola Feira do Libro de Vigo, onde presentou *As voces baixas* (2012) e compartiu conversas co seu lectorado.

Becerra, Javier, “Fago un humor moi barato, de todo a cen”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, 6 setembro 2013, p. 6.

Dáse noticia do espectáculo “Noites de retranca” dos humoristas Carlos Blanco, Federico Pérez e Luís Zahera, a quen se entrevista e se lle pregunta polo éxito do espectáculo en Madrid, sobre o humor e a crise actual e pola súa vocación de actor.

Beotas, Enrique, “La lengua es como un almeiro donde se crían los seres del mar”, *El Correo Gallego*, “P2”, “Galicia, sexta provincia”, 8 xuño 2013, pp. 8-9.

Enrique Beotas mantén unha longa conversa con Manuel Rivas na que afirma que o escritor resulta incómodo para o poder por avivar as conciencias, entre outras cousas. Tamén falan de política e da loita pola lingua. En referencia ao idioma Rivas deixa claro que a lingua que el escolle é o galego. Repasan igualmente a súa ampla traxectoria e pechan a entrevista cunha serie de preguntas máis persoais sobre a liberdade, os seus proxenitores, a memoria e a morte.

Blanco, Patricia, “Francisco Castro: ‘Á literatura pídlle que me sacuda, que me revolva as tripas’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 526, “O escritor do mes”, 13 xullo 2013, p. 12.

Conversa con Francisco Castro sobre a literatura e os proxectos nos que participa. Recolle que se considera, en primeiro lugar, escritor porque concibe a literatura como comunicación. Explica o seu labor de coordinador dos novos formatos de edición na Editorial Galaxia; a súa visión das redes sociais como “o medio de comunicación do momento”; a necesidade de que as editoras se esforcen na elaboración de novas liñas de promoción e comunicación a través da rede Internet; a moi reducida presenza de libros en galego nas librerías fronte á rede Internet; a consideración de “boa literatura”; o libro *O neno can*, que escribiu en coautoría con Fina Casalderrey; a realidade que non lle gusta como fonte de inspiración para a súa escrita; o compoñente de crítica social da súa produción literaria; e a contribución dos escritores en lingua galega á supervivencia desta lingua minorizada.

Botrán, Cristina, “Euloxio R. Ruibal: ‘Seguimos sen ter un público comprometido co teatro galego’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 530, 18 abril 2013, p. 4.

Conversa con Euloxio R. Ruibal sobre a xénese do seu poemario *Caderno de Ordes*, sobre a importancia de que a literatura dramática deixe de estar esquecida, sobre a homenaxe a Roberto Vidal Bolaño, “un dos grandes dramaturgos do século pasado” no Día das Letras Galegas, da necesidade de que exista unha tradición e un público formado e comprometido co teatro galego como hai en Cataluña, sobre a crise interna e as eleccións na Real Academia Galega.

Bragado, María, “Comencé a escribir una mañana tras la repentina muerte de mi padre y no paré”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 xullo 2013, p. 43.

Entrevista a Eduardo Atanes Álvarez, na que fala da vinculación do libro *O sentir dos adentros* coa súa experiencia vital e polas diferenzas existentes entre este e o primeiro poemario, ao que confesa ter comezado a escribir poesía tras a morte do seu pai.

Caño, X. M. del, “Francisco Fernández Rei: É unha desgracia pensar que el non está, non o concibo, e pásame pola cabeza marchar”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 20/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 54, 28 febreiro 2013.

Conversa con Francisco Fernández Rei a raíz da dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín. Refire que “case non concibo unha Academia agora sen Ferrín”, que teme que se produzan “dimisións en cascada”, que as contas presentadas estaban pouco detalladas mais que “iso non sirva para presentar acusacións veladas” á directiva, que non houbo accións propias do nepotismo, que Méndez Ferrín fixo uso dun Audi vello co que agasallara a Consellería de Presidencia á Real Academia Galega “para facer unha academia en contacto coa sociedade”, que o número de mulleres tamén é moi inferior noutras academias e institucións e que Méndez Ferrín “en ningún momento baixou a garda contra o famoso decreto de bilingüismo”.

Caño, X. M. del, “Manuel Rivas: Fixo un papel moi digno e a Academia non poder ser un ring de combate polo poder”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, pp. 20-21/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 55, 28 febreiro 2013.

Conversa con Manuel Rivas sobre a problemática interna na Real Academia Galega, na que destaca que Xosé Luís Méndez Ferrín “foi leal á institución. Foi humilde”, que a Real Academia Galega ten que ser “exemplar” e ser “un hábitat de defensa e promoción da cultura e da lingu galega” e non un “ring de combate polo poder”, que esta institución está a ter un papel máis vivo que anteriormente e que se non se arranxa o clima de división “reconsiderarei a miña permanencia na Real Academia”.

Caño, X. M. del, “Yo he respaldado a Méndez Ferrín y considero que debe terminar su mandato”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 23/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 54, 2 marzo 2013.

A presidenta do Instituto da Lingua Galega, Rosario Álvarez Blanco, comenta o paso de Méndez Ferrín pola Academia. Explica que ela o apoiou, comenta os acertos e erros da súa xestión e afirma que algunhas das súas actuacións son cuestionábeis, considerando que fixo ben en dar por rematado o seu mandato.

Carrera, Rosé, “Rosalía fixo a muller suxeito literario”, *La Región*, “Día das Letras Galegas 2013”, p. 22/ “Rosalía dá voz á muller e ao pobo”, *Atlántico Diario*, “Letras Galegas”, p. 38, “*Día das Letras Galegas*”, 17 maio 2013.

Acóllese unha entrevista a Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro, con motivo do 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, na que se fala do transcurso da conmemoración, da obra de Rosalía e da súa actual vixencia e da defensa da lingua que facía a escritora na súa obra.

Corbelle, Sabela, “Publicarase o diario antes de que a mostra remate”, *El Progreso*, “Lugo”, “Emergentes”, 17 febreiro 2013, p. 12.

Conversa con Xoán Ramiro Cuba sobre a exposición sobre Ben-Cho-Shey que está no Museo Provincial de Lugo e da que é comisario. Explica que se amosa documentación recompilada na biblioteca da Deputación de Ourense e detalla as catro partes nas que se estrutura. Remata aludindo que na cuarta parte se expón un diario que recolle os primeiros meses da Guerra civil española e que verá a luz antes da finalización da mostra.

Corbelle, Sabela, “Xoán Ramiro Cuba Rodríguez: Editaremos o diario de Ben-Cho-Shey do primeiro mes en Lugo tralo alzamento”, *El Progreso*, “Lugo”, 29 marzo 2013, p. 4.

Conversa co comisario da exposición sobre Ben-Cho-Shey que se acolheu no Museo Provincial de Lugo até o 20 de maio. Explica o contido do diario que Ben-Cho-Shey escribiu nos primeiros días do alzamento de 1936, a súa vida en Estremadura, o seu

labor como inspector de Educación en Cáceres e o proceso de recompilación de documentación para montar a exposición, na que se expón mesmo material inédito. Nun á parte, intitulado “Polémica”, alude a que no seu epitafio indicaba que non quería homenaxes, á orixe do seudónimo Ben-Cho-Shey e refire que tentan converter a mostra en itinerante.

Doval, Laura, “Rosalía é a poeta radical de todas as palabras e de todos os tempos”, *El Progreso*, “Domingo das Mozas”, “Especial día do traxe tradicional galego”, 6 de outubro 2013, p. 6.

Entrevístase a Olga Novo por ser a encargada de ler a ofrenda a Rosalía de Castro no Domingo das Mozas en Lugo. Faise un percorrido pola traxectoria académica e literaria da poeta. Preguntada pola súa obra, fala da súa admiración por Rosalía, da vida como inspiración no seu proceso creativo e do papel da muller na Galicia rural e no eido da cultura.

E. O., “Manuel González: O día que a Academia perda a súa independencia, eu tamén dimito”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 24 marzo 2013, p. 29.

Conversa con Manuel González sobre o programa da súa candidatura á presidencia da Real Academia Galega, sobre os apoios cos que conta, sobre a independencia da institución e a súa dimisión se iso se perde, sobre a posibilidade de patrocinio desta institución e de contar cun orzamento estábel do Parlamento e así mesmo sobre a data das próximas eleccións á Real Academia Galega.

E. O., “Xesús Alonso Montero. Académico”, *La Opinión*, “Sociedad. Cultura y Ocio”, 27 marzo 2013, p. 29.

Xesús Alonso Montero contesta a unha serie de preguntas, entre as que aparecen as referidas ao seu discurso sobre a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín e sobre o seu mandato na Academia. Tamén manifesta que a academia ten que ser contraria ao decreto do galego e que se o seu equipo chega a bo porto a Academia non correrá perigo algún.

Fernández, Laura, “Celso Emilio Ferreiro influyó en mi conciencia social como persona”, *La Región*, “Celanova”, 14 novembro 2013, p. 16.

Entrevístase a Baldomero Moreiras, pintor e artista celanovés, autor da obra cúbica que recreou en 2012 inspirada no poema “Longa noite de pedra”. Infórmase de que con motivo do acto de homenaxe a Celso Emilio Ferreiro na Casa dos Poetas da vila de San Rosendo se proxectará unha curtametraxe que plasma o proceso de composición da peza do artista, que fala sobre a pegada de Celso Emilio na súa conciencia.

Fernández, M., “A miña obra é, ou quere ser, un conxunto unitario, un artefacto”, *La Región*, “Ourense”, “A entrevista”, 6 marzo 2013, p. 6.

Tras a versión en castelán da súa última obra, *Xuvia-Neda*, Vicente Araguas responde ás cuestións abertas por este libro: motivos, achegas, vivencias persoais, escolla polo relato curto etc. Contra o final lembra a experiencia de Voces Ceibes.

Fraga, Xesús, “A obra de Rosalía ten un valor poético no mundo de hoxe”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 febreiro 2013, p. 39.

A canadense Erín Moure, que vén de traducir ao inglés *Cantares gallegos*, comenta as razóns que a levaron a facer esta tradución, as dificultades lingüísticas ou o interese que pode xerar Rosalía de Castro no mundo anglosaxón.

Fraga, Xesús, “A poesía axúdanos a construír o noso proxecto existencial”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 novembro 2013, p. 37.

Entrevista a Arcadio López-Casanova, profesor de literatura en Valencia, con motivo da súa recepción como membro de honra na Real Academia Galega. Indícase que expoñerá un discurso sobre Rosalía, ao que responderá Xesús Alonso Montero. Afirmar que o Mediterráneo lle supuxo outra visión da terra e lle proporcionou elementos simbólicos para a súa obra. Di que entende a poesía como unha axuda na construción do proxecto da vida, e preocúpase polo “abandono lector”, ante o auxe do protagonismo de máquinas e imaxes.

Franco, Camilo, “Vanessa Sotelo: ‘É difícil o relevo nun sector sen normalizar’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 500, “Teatro”, 5 xaneiro 2013, p. 23.

Conversa con Vanessa Sotelo sobre os cambios experimentados no teatro galego na última década, sobre as novas linguaxes escénicas, a falta de relevo xeracional nas compañías veteranas e sobre a necesidade dos actores de coñecer todos os oficios escénicos.

Franco, Camilo, “Bieito Iglesias: ‘Síntome máis cómodo sendo un mediodondista da narrativa’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 512, “O escritor do mes”, 6 abril 2013, p. 12.

Conversa con Bieito Iglesias sobre a súa preferencia como narrador e como lector pola narrativa curta fronte á novela estensa, sobre a posibilidade de maior experimentación e liberdade formal no relato, sobre o maior éxito do seu personaxe o inspector Nespereira entre os lectores que eran á súa vez escritores e sobre a súa decisión de seguir a escribir en galego en lugar de en castelán, por máis que a crítica valorase a lingua empregada en *Bajo las más bellas estrellas*, obra pola que mereceu o premio Salamanca de novela.

Franco, Camilo, “Agora temos que aprender ben cal é o estado da institución”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 abril 2013, p. 43.

Xesús Alonso Montero, que vén de ser elixido novo presidente da Real Academia Galega, fala sobre o seu nomeamento, votación e campaña levada a cabo neste período. Sitúa as primeiras accións do seu equipo e reflexiona sobre o Día das Letras Galegas e a figura homenaxeada, Roberto Vidal Bolaño.

Franco, Camilo, “Podemos descartar a posibilidade de pactar unha candidatura única”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 abril 2013, p. 37.

O candidato a presidir a Real Academia Galega, Manuel González, opina que será difícil acadar unha candidatura única para a elección de novo presidente e explica que posturas vai tomar para promocionar a súa elección.

Franco, Camilo, “A Agadic debe reducir os danos que a crise causa na cultura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 xuño 2013, p. 39.

O novo director de Agadic, Jacobo Sutil, fala sobre as reaccións ao seu nomeamento, a idea que ten da cultura galega, as demandas dos profesionais do sector e a difícil situación pola que pasa. Por último, adianta algunhas das propostas que pretende levar a cabo.

García, Francisco, “O teatro pode axudar a cambiar a sociedade”, *El Progreso*, “A Ulloa”, “Municipio a municipio: Antas de Ulla”, 11 marzo 2013, p. 16.

O director de Metátese, Afonso García, fala sobre as orixes e primeiros pasos da compañía Metátese Teatro, sobre aquelas experiencias que o marcaron como persoa e a función social que realiza en Palas de Rei.

García, Francisco, “Entendo que a biblioteca ten que estar viva”, *El Progreso*, “A Ulloa”, “Municipio a municipio: Antas de Ulla”, 25 marzo 2013, p. 17.

Entrevista a Teresa Batán, directora da biblioteca municipal de Antas de Ulla, sobre a que fai unha pequena crónica histórica e uns comentarios sobre o estado actual. Reivindica a creación dos grupos de teatro ligados á biblioteca e a dinamización cultural promovida dende este lugar.

García, Rodri, “Sinto moito a marcha de Ferrín”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 marzo 2013, p. 27.

Xosé Fernández Ferreiro, que lerá en pouco tempo o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, valora a saída de Xosé Luís Méndez Ferrín da presidencia da institución académica. Despois analiza parte da súa traxectoria literaria e cultural, como Brais Pinto ou a novela de vaqueiros *A morte de Fran González*.

García, Rodri, “Manuel Álvarez Torneiro: ‘Os recordos son como musas que veñen a axudarme á hora de escribir’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 528, “Entrevista”, 18 maio 2013, p. 12.

Conversa con Manuel Álvarez Torneiro sobre o acento rigorosamente humano do seu poemario *Os ángulos da brasa* (2012) e os tres premios que mereceu en dous meses; sobre a memoria como temática central da súa poesía; sobre o carácter emotivo e reflexivo que Eyré salientou deste poemario; sobre a evolución da súa poética dende *Luz de facer memoria* (1998), que tamén merecera o Premio da Crítica Española en 1999; sobre a importancia de que a poesía sexa sempre “un xénero de rango superior. Digno e libre”; sobre a necesidade dos amigos que o empurran a escribir; sobre a influencia na súa poética de Pablo Neruda, Francisco de Quevedo, Luis de Góngora, Fray Luis de León, Walt Withman, César Vallejo e Octavio Paz, así como do barroco, o surrealismo, os místicos e “os problemas sociais que nos afectan”; sobre a poesía como “ética destinada a aqueles que rexeitan unha moral imposta, plana e convencional que non lles sirve”; e sobre o inmenso poder da palabra.

García Márquez, Marta, “Estou seguro que dentro duns días tomaremos xuntos un vaso de ribeiro”, *Diario de Arousa*, “Galicia”, p. 28/ *Diario de Ferrol*, “Provincia”, p. 28/ *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, p. 12, 20 abril 2013.

Xesús Alonso Montero, candidato a presidir a Real Academia Galega, di nesta entrevista que aportará experiencia pero que precisa que os membros da súa lista lle boten unha man. Comenta igualmente o mandato de Xosé Luís Méndez Ferrín, do que di que houbo nepotismo e que, nalgunha ocasión, se fixo mala contratación, aínda que sinala que tamén existiron cousas boas.

García Márquez, Marta, “Non hai un xornalista tan perverso capaz de inventar que a directiva ten un soldo”, *Diario de Arousa*, “Galicia”, p. 29/ *Diario de Ferrol*, “Provincia”, p. 29/ *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, p. 13, 20 abril 2013.

Manuel González, extesoureiro da Academia e candidato á presidencia xunto a Xesús Alonso Montero, conversa nesta entrevista sobre o seu contrincante, insistindo que na etapa anterior de Xosé Luís Méndez Ferrín houbo transparencia, aínda que non houbo “a suficiente comunicación” e comentando o que el opina que conseguiu e o que lle faltou por facer ao anterior presidente.

Gay, Gonzalo, “Hoy día es muy difícil editar un libro, gracias al premio podré hacerlo”, *La Región*, “Ourense”, 6 decembro 2013, p. 6.

Fálase con Rubén Martínez Alonso con motivo da concesión do premio Vicente Risco de creación literaria pola súa obra *As escaleiras do gran hotel*. Preguntado pola recepción persoal do premio e polas características da novela, confesa que o que máis lle aleda é a posibilidade de publicar o libro. Aclara que o xurado premiou a atención á documentación da obra e conta que o argumento se basea nunha intriga política a finais da ditadura de Primo de Rivera, co balneario de Mondariz como escenario da historia.

Gómez, Chus, “Teño a sensación de levar saúde á xente”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 385, 6 novembro 2013, contracuberta.

O humorista Carlos Blanco fala dos seus proxectos creativos en marcha (monólogos, películas etc.) e en concreto da proposta que comparte co debuxante Luís Davila. Considera importante cada actuación ante o público, facelo rir para dalgún xeito tamén lle dar saúde e analiza o importante papel das redes sociais para o seu traballo.

Gómez, J., “Coa poesía trato de subverter os modelos en moitos ámbitos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 14 xuño 2013, p. L2.

Entrevista a Marisol Gándara con motivo da publicación do poemario *Ata o corazón da mazá* (Espiral Maior, 2013) no que se lle pregunta polo sentido último do libro, o símbolo da mazá e sobre o conxuntura actual da poesía galega e os seus novos proxectos.

Gómez, Joel, “Luís G. Soto: Para min a saudade tamén é unha plenitude incompleta”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 5 xuño 2013, p. L2.

Conversa con Luís G. Soto con motivo da concesión do Premio Carvalho Calero pola súa obra *O labirinto da saudade* (2012), na que define a saudade como “unha plenitude incompleta”, explica o contido da obra galardoada, indica que repara na saudade na obra de Rosalía de Castro e Eduardo Pondal, salienta como filósofos da saudade os galegos Ramón Piñeiro, Andrés Torres Queiruga e Ricardo Carvalho Calero e os portugueses Teixeira de Pascoaes, António Sérgio ou Carolina Michäelis de Vasconcelos.

Gómez, Joel, “Castelao ten un enorme atractivo no exterior”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 20 agosto 2013, L2.

Entrevístase ao escritor e profesor Carlos Quiroga, coordinador do libro *O cráneo de Castelao*, no que participan once autores de catro continentes evidenciando o interese da perspectiva lusófona para Galicia, cun volume que comezou a escribirse no festexo da capitalidade europea da cultura en Santiago de Compostela.

Gómez, Joel, “Regresei da emigración para dar futuro aos fillos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 6 novembro 2013, p. L2.

Entrevístase a Mario Franco, que vén de publicar en Sevilla a súa cuarta obra de narrativa en galego, tras obter galardóns como o Premio Antón Avilés de Taramancos de Relato de Aventuras e veren a luz obras como *Terranova. Memorias dun mariñeiro*, *A derradeira campaña do Capitán Samuel* ou *A Capela Maldita*. A obra que nos ocupa, *A liberdade perigosa*, recolle as vivencias da década que pasou en Venezuela, aínda que non a considera unha obra biográfica. Fálase da vida, das diferenzas con Venezuela, dos seus proxectos literarios e das súas lecturas.

Jaureguizar, “A cultura está vinculada ao poder, sempre hai quen lle tire da levita ao conde de Lemos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, p. 82/ *El Progreso*, “Vivir”, p. 65, “Cultura”, 13 xaneiro 2013.

Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, afirma nesta conversa que as entidades culturais do país precisan dun novo xeito de actuar e informa dos orzamentos dos que dispón. Pon en valor as palabras “compromiso” e “responsabilidade”.

Jaureguizar, “Ferrín dixo que eu ía en malas compañías. Iso significa que son parvo ou vou con elas sabéndoo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 2 maio 2013, p. 44/ *El Progreso*, “Vivir”, 29 abril 2013, p. 72, “Cultura”.

Acóllese unha entrevista a Xesús Alonso Montero ao vir de ser elixido presidente da Real Academia Galega, asumindo a obriga de recompoñer a estrutura e a concordia da institución. Nela comenta como o deron convencido para presidila, e falan do futuro económico e dunha nova política de comunicación que pretende instaurar.

L. C., “Francisco Piñeiro. Director de Teatro”, *El Progreso*, “A Mariña”, “Municipio a municipio. Cervo”, 21 xaneiro 2013, p. 13.

Nesta entrevista a Francisco Piñeiro reflexiónase sobre como foron os seus inicios dentro do mundo do teatro, como lle foi na Mariña seguindo a desenvolver o seu labor cultural nun momento sen precedentes na comarca. Saliéntase que o teatro foi un gran promotor da cultura dentro do rural. Fálase do labor de Francisco Patiño como membro de Bordelo, unhas das formacións máis exitosas dende hai máis de trinta anos e tamén como escritor, director e actor en máis dunha vintena de obras. Remátase a entrevista coa pregunta de onde saca o tempo?

López, Ana, “José Manuel Ledo. Escritor”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura” “Vivir Aquí”, 26 marzo 2013, p. 77.

Entrevista ao mestre e pedagogo con motivo da publicación do seu libro *As pontes do ego sum*, que leva un prólogo de Moncho Borrajo. O entrevistado responde a preguntas sobre o contido da obra, reflexiona sobre aspectos como a autoaxuda, o autobiográfico, a quen se dirixe, se o lectorado se sentirá identificado con algún relato. Pregúntaselle canto tempo tardou en escribir o libro e cal é o seu relato favorito.

López, Ana, “A poesía está a experimentar un novo rexurdir”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, 1 maio 2013, p. 22.

Entrevista á escritora Rosalía Fernández Rial, encargada de darlle a benvinda ao Maio na Ferrería pontevedresa sobre a cal fala. Tamén comenta a situación da Literatura galega e os seus novos proxectos artísticos.

López, Belén, “A cultura non é ningún sucedáneo: é algo fundamental e hai que protexela”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 17 maio 2013, p. 81.

Alfonso Zulueta, presidente da Fundación Penzol e galardoado co Premio Pontevedreses de Honra en 2013, explica que sensacións lle provocou este recoñecemento así como a súa tarefa cultural en Pontevedra. Tamén fala sobre a Fundación Sálvora, da cal é presidente, e realiza unha valoración sobre o estado actual do Consello da Cultura Galega.

Losada, Óscar, “Lorca consideraba a Rosalía de Castro como a súa irmá en tristura”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 27 xuño 2013, p. 10.

Amancio Prada responde sobre a relación e influencia de Rosalía de Castro en Federico García Lorca co gallo da súa actuación no Teatro Colón da Coruña. Tamén fala da propia posta en escena do concerto e do impacto da crise no sector da música.

Losada, Óscar, “Os poemas de Rosalía acáenlle ben á linguaxe eléctrica do rock”, *La Opinión*, “Saberes, n.º 424”, “Música de raíz”, 19 outubro 2013, p. 9.

Entrevístase a Narf (Fran Pérez) co gallo da publicación do libro-disco *Nas tardes escuras* que a editora El Patio Editorial vén de sacar ao mercado. O cantautor colabora con doce cancións baseadas en versos de Rosalía de Castro, aos que lle imprime un ar rockeiro. Apúntase que os poemas elixidos pertencen maioritariamente a *Follas Novas* por seren textos sintéticos con forma libre na métrica que encaixaron ben coa idea que o cantautor tiña, quen opina que é normal versionar os versos de Rosalía con estilos musicais diferentes pois a obra de Rosalía é patrimonio da sociedade galega.

M. V., “A poesía como modo de escape”, *La Región*, “Vida”, “En confianza”, 28 xullo 2013, p. 2.

Conversa con Rochi Nóvoa Vázquez sobre sobre o nacemento da súa vocación de escritora, sobre o contido dos seus poemarios, sobre onde atopa inspiración, sobre o que tenta expresar, sobre as dificultades para se facer oco como poeta e sobre os consellos aos escritores que comezan.

Martínez, Koro, “A obra ten un gran valor literario e etnográfico”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 23 agosto 2013, p. 36.

O antropólogo e tradutor Tadashi Yamamoto, quen levou ao xaponés *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas, explica que o levou a traducir esta obra galega, o seu contacto con Neira Vilas e a súa relación persoal con Galicia.

Mauleón, Amaia, “Os que están na candidatura de Alonso Montero planean retirar o recurso contra o decreto do galego”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 25/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 30, 17 abril 2013.

Entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín co gallo da súa dimisión da Real Academia Galega e o proceso de escolla do novo presidente. O entrevistado fala sobre as posicións adoptadas dentro da institución académica que deron pé á súa renuncia, como a cuestión do recurso contra o Decreto da Xunta, a polémica sobre o uso dun coche oficial ou a acusación de enchufismo. Finalmente, valora as distintas candidaturas (Manuel González e Xesús Alonso Montero) que optan a sucedelo.

Montero, Tamara, “O futuro do papel é un debate co que levamos moito tempo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 2 decembro 2013, p. L2.

Entrevista a Fernando M. Cimadevila, quen vén de inaugurar a librería “O fogar das palabras”, onde se tenta conxugar o labor da librería e a formación.

Nicolás, Ramón, “Miguel Anxo Fernán-vello. Poeta e editor”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, nº 500, “Poesía”, 3 xaneiro 2013, p. 5.

Coméntase que este traballo ía ser unha entrevista e rematou sendo unha conversa sobre a poesía deste novo milenio. O motivo é a próxima publicación do poemario do autor *Habitación do asombro*, na editorial Espiral Maior que el mesmo dirixe. Coméntase que nos últimos anos a poesía se caracteriza pola diversidade de expresións, de temáticas, de formas, de propostas, pero obsérvase tamén un regreso a certas formas de vangarda; ofrécese características e destácase a presenza da muller na poesía galega, especialmente na década dos 90. Remátase coa consideración de que “a poesía ten que ser conciencia crítica e moral neste momento”.

N. V., “A División Azul era un tema da nosa historia e alguén tiña que contar o que sucedeu”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 26 febreiro 2013, p. 13.

Acóllese unha entrevista a Francisco X. Fernández Naval, autor de *A noite branca* (2012), na que se refire a temas como a División Azul –punto de partida da novela- e ás dúas liñas principias da narración –a crónica familiar e mais a bélica-. Tamén comenta a conexión que esta novela ten coa súa obra máis coñecida até o día de hoxe, *O bosque das antas*, e afirma que a novela está tendo unha moi boa crítica. Dise tamén que xa vai pola segunda edición.

Ocampo, Elena, “Manuel González. Candidato a presidente da RAG”, *La Opinión*, “Cultura”, 24 marzo 2013, p. 53.

O entrevistado fala dos puntos programáticos da súa candidatura, das razóns que o levaron a se presentar, da independencia, da alarma sobre a posíbel fusión da Academia con outras institucións, da supervivencia a pesar dun orzamento cativo que se debe mellorar con patrocinios e das datas da elección.

Ocampo, E., “Alonso Montero: ‘A postura da Academia ten que ser contraria ao decreto do galego’”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 27 marzo 2013, p. 24.

Conversa con Xesús Alonso Montero na que aposta pola coordinación á hora de publicar traballos sobre a mesma temática para evitar duplicidades, ademais de tratar da súa petición a Xosé Luís Méndez Ferrín para que non dimitira como presidente da Real Academia Galega, do labor desenvolvido pola anterior directiva e da polémica sobre a posíbel fusión no futuro das institucións que traballan en aspectos da lingua galega.

Ocampo, E., “Aser Álvarez. Director documental 100% CEF”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 29 marzo 2013, p. 34.

Fálase con Aser Álvarez sobre o documental que trata a vida de Celso Emilio Ferreiro que mereceu unha nominación nos Premios Mestre Mateo. Coméntase que este traballo, se poderá ver en festivais de cine de Venezuela, Cuba e mesmo EUA. O celanovés sinala tamén que a obra consta de testemuñas de familiares do autor e dos fillos que gustaron moito da obra. Remata a entrevista con comentarios sobre o futuro profesional do autor deste documental.

Ocampo, E., “Ferrín e o seu equipo fixeron milagres e case diría que Feijoo e Vázquez, esforzos”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 29/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 39, 14 abril 2013.

Xesús Alonso Montero, candidato a presidir a Real Academia Galega, responde sobre cuestións arredor da súa candidatura e que tipo de accións quere levar á práctica dentro da academia. Fala tamén sobre distintos asuntos polémicos na anterior directiva presidida por Xosé Luís Méndez Ferrín e valora o traballo feito, aínda que tamén lles achaca algúns erros.

Ocampo, E., “Sería unha fractura grave non aproveitar o saber da outra lista; por nós non será”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 23/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 33, 21 abril 2013.

O novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, fai unhas declaracións sobre o resultado e as novas medidas que quere levar a cabo. Entre outras fala de recuperar a unidade da institución e a creación dun “Consultorio do idioma”.

Oliva, M., “Amancio Prada cantautor llega con ‘A Rosalía de Federico’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 18 xuño 2013, p. 9.

Despois duns datos biográficos sobre o cantautor, salientase que volve aos escenarios co espectáculo “De Rosalía a Federico”, fala da súa traxectoria desde que comezou a cantar poemas de Rosalía ao que lle seguiron poetas clásicos da literatura como Lorca, San Juan de la Cruz etc.

P. A., “Soy un galleguista y nada lusitanista”, *ABC*, “Galicia”, 28 abril 2013, p. 73.

Comeza falando do novo plan de contratacións para a Academia para logo centrarse nas reticencias de Xesús Alonso Montero sobre a última normativa do galego e sobre a polémica que propiciou. Tamén se alude a outras cuestións, como os desprazamentos que fai de Vigo á Coruña.

Palacios, Xosé María, “Alfonso Blanco. Coordinador da Asociación Xermolos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 xuño 2013, p. 49.

Despois duns datos biográficos do entrevistado, reflexiónase sobre que supón achegarse á obra de Díaz Castro, sobre os trazos que caracterizan a súa poesía e a dificultade de achegarse á súa obra, que non se axusta á poesía social, como pode ser a de Celso Emilio Ferreiro. Remátase referíndose á importancia de que se lle dedique o Día das Letras Galegas.

Pazos, Ángeles, “A muller que saca versos de Marín”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 4 agosto 2013, p. 15.

Conversa con Josefa Area Moreira, “a poetisa de Marín”, na que fala dos seus comezos na poesía e dos temas que inspiran as súas composicións, asegurando que vai publicar un poemario. Coméntanse tamén os recoñecementos que recibiu pola súa obra.

Pedrouzo, José Carlos, “Fran Rei: ‘Para ser clown só hai que atopar o noso ridículo e deixalo aflorar’”, *El Progreso*, “de verano”, 22 xullo 2013, p. 36.

Conversa co actor lucense Fran Rei sobre a definición do clown, o emprego actual da palabra pallaso, os seus inicios na mocidade, a capacidade de se rir dun mesmo, o poder transformador da arte, o traballo dun clown, a súa coordinación do proxecto “Sete magníficos máis un”, a importancia de deixar aflorar o propio ridículo, os proxectos futuros e actuacións programadas para ese verán.

Pereiro, Xosé Manuel, “Se ha logrado que la sustitución del gallego por el castellano sea menor”, *El País*, “Galicia”, 2 maio 2013, p. 23.

Xa elixido presidente da Academia dende o día anterior a esta entrevista, Xesús Alonso Montero fala da situación do idioma galego e do futuro inmediato do mesmo. Tamén se posiciona en contra do modelo lusista e informa de que se creará un consultorio para resolver dúbidas lingüísticas e que se valorarán as materias pendentes da Academia.

Pérez, Cristina, “Díaz Castro era profundamente chairego, presumía de onde viña”, *El Progreso*, “A Chaira”, 7 decembro 2013, p. 12.

Entrevístase a Marcos Nine, director do documental sobre o poeta Xosé María Díaz Castro en colaboración coa Uned Sénior. Cóntase que o proxecto ten que ver cos contidos das materias que o alumnado estuda, como pór en valor a zona na que viven. Co gallo de homenaxe a Díaz Castro polo Día das Letras Galegas, Luís Rodríguez Patiño pensou en facer algo sobre a súa figura. Explicase que se trata dun traballo de carácter didáctico e leva por título ‘A aldea de poeta’ co obxectivo de dignificar o rural.

Piñeiro, Carolina A., “Roberto Pascual. Presidente da Asociación de Festivais de Teatro de Galicia”, *La Región*, “Ourense”, 20 xaneiro 2013, p. 12.

Danse unhas breves notas biográficas e recóllense frases do entrevistado. Logo coméntase a travesía no deserto pola que está a pasar o teatro; criticase a pouca axuda da Xunta de Galicia e das institucións que se encargan de organizar festivais etc. E como director da MIT de Ribadavia reflexiona sobre as claves para que un certame perdure no tempo.

Piñeiro, Carolina A., “Xosé Fernández Ferreiro. Novo membro da Real Academia Galega”, *La Región*, “Ourense”, 10 marzo 2013, p. 4.

Primeiro faise un breve percorrido por datos biográficos de Xosé Fernández Ferreiro, para logo comezar unha conversa sobre a súa sensación de se converter en académico, sobre a súa obra e sobre a situación da Academia neste momento, despois da marcha de Xosé Luís Méndez Ferrín. Ofrecense unha serie de frases que caracterizan ao autor.

Pousa, Luís, “Xosé Luís Axeitos. Secretario da Real Academia galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 febreiro 2013, p. 26.

Nesta entrevista o secretario da Real Academia analiza o labor da actual executiva que remata o seu mandato no ano 2014. Fai un balance positivo. Logo comenta problemas da institución sobre contratos que se consideran indebidos, sobre o coche oficial entre outras cousas que saltaron con motivo do cambio na Academia.

Pousa, Luís, “Xesús Alonso Montero. Candidato á presidencia da RAG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 marzo 2013, p. 33.

Faise eco da presentación da candidatura de Alonso Montero a presidir a Academia. Saliéntase a idade do novo presidente (84 anos) e el afirma que non é o mellor momento para emprender este novo camiño pois tiña varios libros por facer, pero como marxista antepón o interese social ao individual; fálase da polémica que xurdiu pola dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín, se quedou danada a institución, se corre o perigo de ser absorbida por outra institución e das posturas continuistas e críticos.

Pousa, Luís, “Xesús Alonso Montero. Presidente da Real Academia Galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 abril 2013, p. 42.

Alonso Montero nesta entrevista informa de cómo foi tomando contacto coa institución; que tendeu pontes para conciliar os dous bando, que se vai desprazar en tren, que vai saír máis económico que conservar o coche oficial; reflexiona sobre o orzamento e a relación coa Xunta, sobre a non absorción da academia por outra institución; salienta que haxa dúas académicas na institución; reflexiónase sobre o decreto do plurilingüismo e sobre se estamos mellor que cando el publicou o *Informe dramático sobre a lingua galega*, para rematar respondendo á pregunta que lle diría aos que cren que un presidente da RAG non debería insistir no seu marxismo?

Pousa, Luís, “Novo presidente da Academia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 abril 2013, p. 43.

Despois de destacar que o relevo da presidencia se realiza a unhas poucas semanas do Día das Letras Galegas, reflexiónase sobre se este feito escurecerá a celebración; sobre o reintegracionismo e as normativas.

Pousa, Luís, “Rosalía es nuestro Cervantes”, *La Voz de Galicia*, 22 xullo 2013, contracuberta.

O director xeral da Fundación Barrié, Javier López, explica o papel de mecenado desta institución, en concreto coa figura e obra de Rosalía de Castro, e a función social e educativa.

Pousa, Luís, “O proxecto máis grande que pode ter o país é a súa cultura”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 25 xullo 2013, p. 15.

Entrevista co histórico galeguista Benxamín Casal, presidente da Editorial Galaxia, por motivo da entrega do 55º Premio Fernández Latorre á devandita editora. O entrevistado fai unha reivindicación da cultura galega, un repaso pola historia da propia editorial, un estado da situación presente e adianta a proposta de Mar Maior para publicar libros en castelán, inglés e portugués.

Pousa, Luís, “Para decilo pronto: a economía galega é a historia dun suicidio”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 29 decembro 2013, p. 16.

Entrevístase a Xosé Carlos Mella Villa, presidente da Fundación Castelao, que fala sobre o funcionamento da institución, o contido dos cursos que celebran coa Universidade de Santiago e o financiamento co que contan.

R. N., “Manuel Bragado: ‘O conformismo é incompatible co oficio de editor’”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 500, “Libros”, 5 xaneiro 2013, p. 3.

Conversa con Manuel Bragado sobre as mudanzas cuantitativas e cualitativas na edición de obras en galego na última década, que supuxeron gañar dimensión e internacionalización pese á fragilidade empresarial, así como presenza nos soportes

dixitais e redes sociais, promoción da lectura e dixitalización de contidos textuais e hipertextuais; e sobre as medidas a adoptar de cara ao futuro, entre as que salienta a necesidade de incorporar a lectura na axenda pública das administracións e medios de comunicación, de recuperar o consenso no sistema educativo e noutros ámbitos sociais, proxectar autores e obras no exterior, consolidar modelos de distribución dixital que sexan sostíbeis, reforzar as librarías de proximidade e darlle visibilidade e prestixio aos autores, entre outras.

Ramos, José M., “O máis importante é o recoñecemento e o afecto da túa xente”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 496, 14 marzo 2013, contracuberta.

Entrevista ao catedrático de Filoloxía Románica e académico, Manuel González González, con motivo do seu nomeamento como Fillo Predilecto de Mazaricos. Coméntanse aspectos vitais do galardoadado, da situación da lingua galega, etc.

Rodríguez, Susana, “Dediqueille un poema ao meu coche de segunda man: é un benditiño!”, *El Progreso*, “Xente de aquí”, “Moi persoal”, 8 decembro 2013, p. 16.

Fáiselle un cuestionario de preguntas curtas á poeta Yolanda Castaño para interrogala sobre diversos aspectos relacionados cos seus gustos e afeccións e co seu traballo, literario como significación da recepción de premios ou a interrelación entre diversas artes.

Sánchez, Monchi, “Tito Asorey: É difícil sobrevivir na profesión”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*La Revista*”, nº 64, 31 marzo 2013, p. 2.

Conversa co actor Tito Asorey sobre o nacemento da súa vocación interpretativa, sobre o talento unido á formación continua ao longo da vida, sobre a súa necesidade de actuar máis que de dirixir, sobre a escasa valoración do teatro escolar, sobre a súa experiencia como director do Grupo de Teatro Muxicas da ONCE e sobre as consecuencias da subida do IVE no eido teatral.

Sánchez, Monchi, “Non sei canto sobrevivirá a cultura”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*La Revista*”, nº 97, 27 outubro 2013, p. 2.

Adelaida Vidal fala da súa relación e contacto co mundo artístico, tanto o teatro coma a literatura, que confesa lle veñen dende cativa. A entrevista céntrase despois na súa obra *Olladas* (XII Premio Risco de Narrativa) e o presente da Literatura galega.

Sola, Nora, “Alfonso Míguez: Mi profesión me ayuda a ser auténtico”, *Atlántico Diario/ La Región*, “*La Revista*”, nº 91, 15 setembro 2013, p. 2.

Conversa con Alfonso Míguez sobre a súa vocación teatral, o seu traballo na aula de teatro Maricastaña, a posta en funcionamento da súa propia compañía teatral Trécola

Teatro, as súas actuacións en filmes e series web e os seus últimos traballos interpretativos.

Varela, Lourdes, “Diego Ameixeiras: A clave da novela negra é saber dosificar ben a información”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 442, “Entrevista”, 24 xaneiro 2013, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 396, 26 xaneiro 2013, p. 7.

Conversa con Diego Ameixeiras sobre a súa novela *Todo OK* (2012) e *Asasinato no Consello Nacional* (2010), sobre o narcotráfico en Galicia, sobre o espazo ambiental nas súas obras, os feitos reais que inseriu en *Todo OK*, sobre o cualificativo de “referente da novela negra” que lle aplican, sobre a súa admiración por Dennis Lehane e Petros Márkaris, sobre como conseguir manter o suspense no lector e a diferenza entre escribir guións cinematográficos e obras literarias.

Varela, Lourdes, “Xavier Castro Pérez. Coordinador das xornadas sobre viño e cultura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 457, “Entrevista”, 9 maio 2013, p. V.

Coméntase, no marco destas xornadas, que *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro están cheos de mencións a esta bebida tradicional, así como as obras doutros escritores como Álvaro Cunqueiro, Ramón María Valle Inclán etc.

Varela, Lourdes, “O escritor non debe renunciar a ningunha fonte histórica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 463, 20 xuño 2013, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 813, “Entrevista”, 22 xuño 2013, p. 11.

Entrevístase a Francisco X. Fernández Naval, conversando sobre a súa última novela, *A noite branca* (2012), editada en Xerais, sobre os personaxes, a escrita de poesía, a tradución etc.

Varela, Lourdes, “Para ser un país pequeno, Galicia ten un panorama cultural moi rico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 468, “Entrevista”, 12 setembro de 2013, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 420, “Entrevista”, 21 setembro 2013, p. 11.

Entrevístase a José Colmeiro, autor do e-book *Galeg@s sen fronteiras*, explica a orixe, os criterios de selección dos entrevistados e o proceso de elaboración deste seu libro electrónico en formato e-book, que compila conversas con diversos galegos que “rachan fronteiras”.

Varela, Lourdes, “Nesta profesión somos moi autocríticos, ata autodestrutivos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 473, “Entrevistas”, 17 outubro 2013, p. V.

Entrevístase a Avelino González con motivo da súa elección como presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia. Preguntado polos retos máis importantes da nova directa, apunta como obxectivos fundamentais que a Asociación sexa un lugar de encontro e fonte de recursos para actrices e actores, manter unha relación fluída coas institucións e que haxa máis e mellor traballo. En relación á atracción de público por

parte da profesión, González afirma que é en quen se pensa á hora de traballar e que se precisa dos medios de comunicación para visibilizar o seu traballo.

Varela, Lourdes, “Nesta profesión somos moi autocríticos, ata autodestrutivos”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 425, “Entrevista”, 26 outubro 2013, p. 11.

O actor Avelino González, acabado de ser escollido novo presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia, fala sobre o proxecto que pretende poñer en marcha dentro deste colectivo e os retos que deben afrontar (a irregularidade da profesión, abertura de teatros todas as fins de semana, a propia crise do sector etc.).

Varela, Lourdes, “En teoría, resulta posible poñerlle música incluso a textos en prosa”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 479, “Entrevista”, 28 novembro 2013, p. V.

Entrevístase a Carmen Penim, integrante do dúo poético-musical 2naFronteira, co gallo da publicación do seu disco *Alma* no que se musican poemas de autoras e autores galegos como Rosalía de Castro, Valentín Paz Andrade, Manuel Curros Enríquez, Manuel Rivas ou Celso Emilio Ferreiro.

Varela, Manuel, “Moitas veces non prestamos atención aos nosos tesouros”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 10 xuño 2013, p. 7.

Pedro Feijoo fala da súa novela *Os fillos do mar* (2012), un libro que se creou conscientemente “con moitos elementos de *best seller*”. Celebra que temos atraccións suficientes en Galicia –como a Batalla de Rande, na que sitúa a novela– como para ir buscar as de fóra e informa do traballo intenso de documentación de historia e arquitectura que tivo que facer para escribila. Finalmente e dando resposta á pregunta de se “asistimos ao xurdimento dunha nova narrativa galega coa súa voz e a doutros autores como Diego Ameixeiras e Domingo Villar”, Feijoo confirma que é verdade que “hai un grupo de xente que estamos facendo cousas un pouco diferentes”. Pecha a entrevista anunciando a publicación da súa segunda novela.

Varela, María, “Ramón Blanco: Escribindo sobre a peste crin comezar a padecer os síntomas”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta”, n.º 653, “Entrevista”, 20 xaneiro 2013, pp. 4-5.

Conversa con Ramón Blanco sobre a presentación en Pontevedra do seu poema narrativo *Emiliy on the road* (2012), na que explica o título e os protagonistas norteamericanos, a historia que plasma, a estrutura tripartita da obra, a significación da viaxe, a presenza do mito de Orfeo na súa produción literaria, as alusións ao jazz e a falta de puntuación nesta obra, o seu longo proceso creativo, a dedicatoria, o respecto polo inicial guión planificado da historia de cada obra, a documentación e inmersión na historia que está a crear, a decisión de escribir primeiro a man, a posmodernidade literaria, os inicios da súa escrita e os seus proxectos futuros. Complementase con dous á partes: un no que se lle cualifica como “nacido para ler (e escribir)” e outro de preguntas sobre “pecados confesables”.

Varela, María, “Manuel Bragado: ‘O que está a suceder vai máis alá de ler nunha pantalla’”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta”, n.º 662, “Entrevista”, 24 marzo 2013, pp. 6-7.

Conversa con Manuel Bragado sobre a visualización da lectura nos espazos públicos, os lugares onde lle gusta e acostuma ler, as preferencias lectoras dos galegos, sobre a situación actual do sector editorial, sobre as posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías ao sector editorial, a súa convivencia e hibridismo do libro en papel e do dixital, o contido e escolla do nome do seu blog, a piratería dixital, a súa presidencia da Asociación Galega de Editores, a Lei do Libro, os criterios que debe posuír un libro para que acepte publicalo Edicións Xerais de Galicia e sobre a influencia da época actual na literatura. Complementéntase con dous á partes: un dedicado a un breve perfil biográfico de Manuel Bragado como “editor educativo” e outro conformado por preguntas sobre “pecados confesables”.

Varela, María, “Uxía&Fina, man a man”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta”, n.º 670, “Entrevista”, 19 maio 2013, pp. 2-3.

Conversa coa actriz Uxía Blanco e a escritora e académica Fina Casalderrey sobre a curtametraxe baseada en *Querido Tomás* (1980), de Xosé Neira Vilas, que dirixe e protagonizada Uxía Blanco a partir da adaptación de Fina Casalderrey. Explican como xurdiu o proxecto da curtametraxe, as localizacións onde gravaron, a participación de Neira Vilas e de Fina Casalderrey como actores na curtametraxe, a interpretación de Uxía Blanco do personaxe de Sara, a rodaxe na casa natal de Uxía Blanco en Loxo, o labor anterior de Uxía Blanco como directora e de Fina Casalderrey como guionista, a obra *Dúas letras* (2012), de Fina Casalderrey sobre a emigración e doutros proxectos que teñen ambas as dúas na actualidade. Complementéntase cun á parte sobre *Querido Tomás*, no que sintetiza o argumento da obra de Neira Vilas e comenta a curtametraxe.

Vidal, Nicolás, “O castrismo mitificou Sierra Maestra sendo moito máis decisiva a loita urbana”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 9 xaneiro 2013, p. 17.

Acóllese unha conversa con Xavier Alcalá con motivo da publicación da súa última novela *Verde oliva* (2012), na que fala da importancia da historia na trama da narración, das dedicatorias da obra, da loita urbana contra a Cuba de Batista –xerme da novela–, da súa profesión de enxeñeiro e da recepción da obra, que de momento está a ser, como confirma o autor, extraordinaria.

Vidal, Nicolás, “Medos Romero. Poeta”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 20 xaneiro 2013, p. 11.

Con motivo da publicación do poemario *A ansia do lóstrego* (2012), falan da obra para reflexionar sobre se o libro é o máis explicitamente político; cómo xurdiu este traballo, o porque de comezar a obra con dúas citas de Gamoneda e Sampedro; sobre a posibilidade de que acusen á poeta de ir contra o progreso; e se o que busca é que o

lector reflexione sobre a crítica económica e moral. Rematan referíndose á edición e se vai seguir escribindo sobre esta liña social.

Villar, Carmen, “Sería gravísimo que se acentuase unha división entre dous grupos na Academia”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 28/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 38, 14 abril 2014.

O candidato a ser presidente da Real Academia Galega, Manuel González, fala sobre a súa candidatura e sobre os problemas acontecidos dentro do seo da centenaria institución. Valora positivamente o traballo feito pola anterior directiva, da cal formaba parte, e presenta algunhas ideas para desenvolver en caso de saír elixido. Por último, reflexiona sobre a relación e posíbel solapamento entre as institucións culturais galegas, como a RAG co Consello da Cultura Galega.

Villar, Soraia, “El teatro pervive a pesar de la crisis y las tecnologías”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, 3 de setembro 2013, p. 22.

Pregúntase a José Manuel Ogando, director da Escola Municipal de Teatro de Lalín, pola pervivencia da afección polo teatro e polo funcionamento da escola. Ogando explica que a escola cumpre dezaseis anos de actividade, que as obras que se interpretan son na súa maior parte de creación propia e que se compaxinan grupos de idades diferentes que interactúan.

V. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

V.9. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. B., “Neira Vilas presidirá mañana en Nauta la entrega del Premio Luís Cuadrado”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 21 agosto 2013, p. 15.

Anúnciase a entrega do Premio Luís Cuadrado, convocado pola Librería Nós, a José Manuel Abel Expósito polo seu traballo sobre a igrexa de San Xínés de Padriñán. Destácase que Xosé Neira Vilas será un dos convidados ao acto.

A. B., “Abel Expósito recibe el Luís Cuadrado de manos de Marita Romay y Xaime Corral”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 23 agosto 2013, p. 14.

Coméntase a entrega do Premio Luís Cuadrado a José Manuel Abel Expósito e salientase a participación de Xosé Neira Vilas no acto.

Abelanda, Ana, “A honestidade como Áncora”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “En portada”, 7 setembro 2013, p. 3.

Recolle as verbas de tres poetas galegas de referencia, Yolanda Castaño, Estíbaliz Espinosa e Dores Tembrás, nas súas reflexións sobre a conciliación familiar coa escritura ou a honestidade necesaria no proceso creador.

Abet, P., “Cuenta atrás en la Academia”, *ABC*, “Galicia”, 14 abril 2013, p. 74.

Infórmase da situación da Real Academia Galega, xa que o seu presidente X. L. Méndez Ferrín abandona o posto nunha semana. Indícase que non hai unha candidatura de consenso e que Xesús Alonso Montero e Manuel González se disputan o posto.

Abet, P., “Los dos candidatos variarán las políticas de contratación”, *ABC*, “Galicia”, 14 abril 2013, p. 74.

Dáse conta de que tanto Xesús Alonso Montero como Manuel González pretenden variar as políticas de contratación da Real Academia Galega. Dise que o primeiro aposta por unha comisión que se encargue de elaborar un protocolo de colaboración e que o segundo propón a transparencia total da RAG e abrir a xestión económica a todos os membros do plenario.

A. C. V., “Los comerciantes de Samos piden las Letras Galegas para Fiz Vergara”, *El Progreso*, “Sarria”, 23 xullo 2013, p. 13.

Infórmase de que a Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos solicita que se dedique o Día das Letras Galegas ao poeta Fiz Vergara Vilariño. Coméntase o premio literario en memoria deste autor, que na súa última edición tivo como gañadora a obra *A distancia do tambor* de Eva Veiga.

A. C. V., “La Granxa de Barreiros acogerá un homenaje a Pousa y Arias”, *El Progreso*, “Sarria”, 9 setembro 2013, p. 18.

Dá conta da homenaxe póstuma aos mestres da Granxa Escola de Barreiros, Avelino Pousa e Valentín Arias, dentro dos actos organizados por Nova Escola Galega sobre o medio rural.

A. D., “Manuel González ultima su candidatura a presidir la RAG”, *La Región*, “Sociedad”, 24 marzo 2013, p. 61.

Recóllense os comentarios e declaracións do até o momento único candidato a presidir a RAG, o lingüista Manuel González González, baixo as claves de continuismo no funcionamento, transparencia e independencia da institución. Á súa vez, o escritor e catedrático Xesús Alonso Montero autodescártase como postulante.

AD, “Aparece unha primeira edición inédita de ‘Cantares gallegos’”, *La Región*, “Sociedad”, p. 60/ *Atlántico Diario*, “Vigo”, 13 xullo 2013, p. 11.

Dáse conta da presentación dunha primeira edición de *Cantares gallegos*, que fora propiedade de Ramón Segade Campoamor, descuberta en Vigo no marco da exposición “No principio foi o verso”. Destácase que o exemplar contén unha fotografía descoñecida de Rosalía, un poema autógrafo e un manuscrito de Segade que reproduce a carta de Fernán Caballero en resposta a Rosalía por terlle dedicado a obra.

Agulla, A., “O BNG prepara un novo acto de homenaxe e recoñecemento a Rosalía de Castro”, *Diario de Pontevedra*, “Marín/O Morrazo”, 24 xaneiro 2013, p. 14.

Anúnciase a celebración dunha homenaxe a Rosalía de Castro con motivo dos 150 anos da publicación de *Cantares gallegos*, volume do que se destaca a vixencia da identificación coas clases populares explotadas ou a emigración. O acto organízao o BNG de Marín, que realiza un chamamento a grupos e individuais que queiran participar activamente.

Agulla, A., “O BNG celebrará o domingo unha homenaxe a Rosalía de Castro”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo/Marín”, 2 maio 2013, p. 11.

Refírese á celebración dunha homenaxe a Rosalía de Castro por parte do BNG de Marín. Indícase que o motivo é o 150 aniversario do seu libro *Cantares gallegos* e que o responsábel de dar a conferencia sobre a vida e figura de Rosalía vai ser o doutor Francisco Rodríguez.

A. I. S., “A Regadeira de Adela estrena nuevo escenario”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 febreiro 2013, p. 27.

Anúnciase que o Baño de Adela se suma aos espazos xa existentes e utilizados na microcasa de artes A Regadeira de Adela, que ofrece pezas teatrais de quince minutos para un público de quince persoas, e estréase con Roberto Leal e Xosé Luís Bernal, Farruco. Dise que nos tres meses de andadura acolleron tráilers de diferentes compañías e apostas de Clara Gayo, Camila Bossa, Isla LeTriska ou José Carlos Illanes.

A. I. S., “Artur Alonso Novelhe presenta su ‘Adelaida’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 maio 2013, p. 30.

Infórmase da presentación do novo libro de Artur Alonso Novelhe titulado *Adelaida* (2011) na librería Ciranda-Lila de Lilith.

A. J. P., “Vigo será o epicentro do 150 aniversario de Cantares gallegos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 2 febreiro 2013, p. 10.

Coméntase a organización dun intenso programa de actividades a cargo da Universidade de Vigo, a Real Academia Galega e a Fundación Rosalía de Castro para conmemorar o 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos* en Vigo. Recóllense declaracións de Anxo Angueira sobre a centralidade da autora e da cidade como capital do proxecto do Rexurdimento e da industria editorial galega.

Albisu, Javier, “Lectura de poemas de Helena Villar na homenaxe dos galegos de Buenos Aires a Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/ Esquelas”, 24 febreiro 2013, p. 44.

No Xardín dos Poetas en Palermo, os galegos na Arxentina súmanse aos actos en homenaxe ao 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. Engádense datos sobre o xardín citado, e dise que a artista Luz Darriba lerá textos de Helena Villar Janeiro e unha descrición da súa obra e traballo promovendo o legado rosaliano.

Alcalá, Pablo, “Sesenta y tres días de pólvora y magnolias”, *ABC*, “Galicia”, 17 marzo 2013, pp. 60-61.

Relátase o clima de polémica que rodeou a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín como presidente da Real Academia Galega, lémbrese a entrevista radiofónica con Kiko Novoa, discrepancias internas na Academia e o propio plenario de aclaración de contas e toma desta decisión, con considerábeis doses de recreación retórica.

Alcalá, Pablo, “Alonso Montero devuelve a la Xunta el Audi al servicio de Méndez Ferrín”, *ABC*, “Galicia”, 2 xuño 2013, p. 81.

Dáse conta do inicio de Xesús Alonso Montero como presidente da Real Academia Galega. Como asunto destacábel fábase da acción simbólica de devolver á Xunta o coche cedido á Academia durante a presidencia de Xosé Luís Méndez Ferrín, cumprindo con este xesto unha das súas promesas.

Aldán, Clara, “21 días de oreja, caldo y fabada”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, 9 marzo 2013, p. 27.

Faise un repaso polas citas festivas gastronómicas pontevedresas, anunciando que a escritora Fina Casalderrey será a pregoeira da Festa do Caldo Galego, mentres o actor Miro Magariños se encargará da inauguración da Festa da Fabada.

Aldán, Clara, “De libros y plenos”, *Diario de Pontevedra*, “Y además”, “Pontevedra”, “A praza da verdura”, 29 outubro 2013, p. 23.

Dá conta da presentación do libro *Medrar nas mans*, de Asun Estévez no Morrazo.

Aldán, Clara, “Cuestión de parecidos”, *Diario de Pontevedra*, “Y además”, “Pontevedra”, “A praza da verdura”, 2 decembro 2013, p. 11.

Destaca a intervención de Manolo Rivas en el Cultural.

Alonso, Charo, “Sempre se pode cambiar de opinión”, di un Ferrín irónico sobre a súa marcha”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 31/ *La Opinión*, “Cultura”, pp. 61-62, 10 marzo 2013.

Recóllese a irónica resposta do presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, ao preguntárenlle se reconsideraría a súa dimisión na celebración do ingreso como académico de Xosé Fernández Ferreiro. Incorpóranse á nova as palabras textuais, de apoio, de diferentes académicos, como Manuel Rivas.

Alonso, Charo, “A Academia pide a ‘anulación total’ do decreto do plurilingüismo ante o Supremo”, *La Opinión*, “Cultura”, p. 53/ “La RAG pide la ‘anulación total’ del decreto del plurilingüismo ante el Tribunal Supremo” *Faro de Vigo*, “Galicia”, 12 marzo 2013, p. 23.

Anúnciase o recurso presentado pola Real Academia Galega o 4 de marzo ante o Tribunal Supremo contra o decreto do plurilingüismo. O recurso trata de impugnar a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que anula parte de dous artigos, sobre a consulta aos pais e a libre elección de idioma polos alumnos de infantil.

Alonso, Ch./ X. del Caño, “Ferrín marcha da RAG e advirte de que ‘está en perigo a súa razón de ser: a defensa do idioma’”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 14 marzo 2013, p. 20.

Relátase o acontecido no plenario no que Xosé Luís Méndez Ferrín abandonou a presidencia da Real Academia Galega, explícase que o plenario lamenta a saída e non cubrirá a súa cadeira vacante e recóllense os comentarios de Manuel Rivas, Manuel González González ou Xosé Fernández Ferreiro.

Alonso, Charo/ X. del **Caño**, “Ferrín marcha da Academia e advirte que ‘a defensa do idioma está en perigo”, *La Opinión*, “Cultura”, 14 marzo 2013, p. 54.

Confírmase a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín como presidente da Real Academia Galega, recollendo afirmacións deste en canto á situación da Real Academia Galega, ameazada, e en canto á defensa do idioma. Varios académicos lamentan o triunfo desta campaña de acoso persoal.

Alonso Montero, Xesús, “Faro de emocións e lembranzas”, *Faro de Vigo*, “160 años en Galicia: 1853-2013”, “Sociedad y Cultura”, 3 novembro 2013, p. 22.

O presidente da Real Academia Galega conta nestas liñas o seu vínculo coa publicación do *Faro de Vigo*, e destaca as seccións nas que colaborou “A eira das palabras” e “No eido da palabra”.

Álvarez, E., “O Consello da Cultura celebra 30 anos nun país ‘nunca tan vivo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 setembro 2013, p. 44.

Informa que o Consello da Cultura Galega celebra os seus 30 anos nun acto presentado por Rosa Aneiros no que participaron Víctor Freixanes, Helena Villar Janeiro e Domingo Docampo, entre outros.

Álvarez, Elisa, “Pase y lean por la Alameda”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 28 abril 2013, p. 6.

Refírese á celebración da trinta e dúas edición da Feira do Libro en Santiago de Compostela. Apúntase que os responsábeis de inaugurala foron o alcalde e a presidenta dos libeiros de Galicia, Pilar Rodríguez. Saliéntase que tamén estivo Carlos Blanco quen aproveitou para facer unha pequena homenaxe a Roberto Vidal Bolaño.

Álvarez, María J., “O ‘realismo fantástico’ de Álvaro Cunqueiro reeditase nun dobre CD”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 19 agosto 2013, p. 37.

Sinala que a Xunta de Galicia, en colaboración coa USC e o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, publican un dobre CD cunha entrevista realizada a Álvaro Cunqueiro en 1980 e mais cunha homenaxe feita dez anos despois da súa morte, o ano que se lle dedicou o Día das Letras Galegas.

Álvarez, Mario, “Alonso Montero di que non vai retirar o recurso da RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 abril 2013, p. 43.

Infórmase de que o novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, non vai retirar o recurso contra o decreto do galego presentado polo anterior presidente, que descarta facer cambios, malia ser partidario da anterior normativa de lingua, e que insiste en cambiar o protocolo de contratacións da Real Academia Galega.

Álvarez, Mario, “Apuesta por un clima distendido en la RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 abril 2013, p. 43.

Refírese á nova aposta da Real Academia Galega despois da vitoria axustada de Xesús Alonso Montero. Recóllese que tanto Manuel González como Henrique Monteagudo falan de recuperar o clima distendido que existía e traballar xuntos polo país e a lingua.

Álvarez, Mario, “Cultura promociona o libro galego na Feria de Bos Aires”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 maio 2013, p. 45.

Dáse conta de que o Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Xesús Vázquez Abad, promocionou o libro galego e o patrimonio cultural de Luís Seoane en Bos Aires coa axuda de diversas editoriais galegas, da escritora Claudia Piñeiro e de diversos responsábeis da Fundación El Libro.

Álvarez, Mario, “Vilar y Galaxia llevan al cine ‘A esmorga’ de Eduardo Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 novembro 2013, p. 41.

Con motivo da rodaxe d’*A esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, fálase da presentación do proxecto nun acto público nas rúas de Ourense.

Alvite, Sandra, “Xosé Luna: ‘E para min unha honra recibir este galardón’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 665, 31 agosto 2013, p. 6.

Comenta que Xosé Luna Sanmartín, recibiu o XVIII Premio Xornalístico Manuel Reimóndez Portela.

Alvite, Valentín, “A clínica”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 14 agosto 2013, p. 33.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Valentín Alvite, intitulado “A clínica”.

Alvite, X., “O tesoureiro Manuel González recibe o título de fillo predilecto de Mazaricos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 marzo 2013, p. 37.

Infórmase do acto público que se celebrará no centro sociocultural de Mazaricos nomeando a Manuel González, tesoureiro da Real Academia Galega, fillo predilecto deste, o seu municipio natal. Incídese na situación da Real Academia Galega, logo da dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín.

A. M., “Cunqueiro, un experto en palabras y vinos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 xuño 2013, p. 43.

Dáse conta do remate das Xornadas sobre Viño e Cultura, que no seu último día estiveron centradas na obra de Álvaro Cunqueiro e na súa relación coa cultura popular.

A. M., “Yolanda Castaño retrató la ciudad coruñesa como faro cultural gallego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 agosto 2013, p. 38.

Infórmase de que Yolanda Castaño foi a encargada de ler o pregón da Feira do Libro da Coruña, no que destacou a vinculación desta cidade coa cultura galega e recordou algúns dos escritores galegos máis destacados.

A. M., “Ferrín deja la presidencia de la RAG en medio de gran polémica y le sustituye Alonso Montero”, *Faro de Vigo*, “Estela”, “Resumen 2013”, “Sociedad”, 29 decembro 2013, p. X

Sinala os motivos que levaron a Xosé Luís Méndez Ferrín a abandonar a presidencia da Real Academia Galega, e explica, tamén, que o escritor terminou o ano recibindo o XXXVI Premio Otero Pedrayo.

A. M., “Galicia celebra con FARO DE VIGO su 160 aniversario”, *Faro de Vigo*, “Estela”, “Sociedad”, “Resumen 2013”, 29 decembro 2013, p. 27.

Dá conta dos diferentes actos e publicacións realizadas para conmemorar o 160 aniversario da saída ao prelo do primeiro número do xornal *Faro de Vigo*.

A. M./ M. M., “O Apóstolo’ e ‘Invasor’ consiguen nominaciones a los Goya para Galicia”, *La Opinión*, “Cultura”, 9 xaneiro 2013, p. 46.

Explicase que o anuncio dos finalistas dos Premios Goya implica varios finalistas galegos: *O Apóstolo*, que opta ao premio de mellor película de animación; *Invasor*, que competirá por cinco premios; e Javier Barreira e Manuel Rivas, que aspiran ao recoñecemento de mellor guión adaptado, o segundo deles polos personaxes e historias de *Todo es silencio*, novela de Manuel Rivas levada ao cine polo director José Luís Cuerda.

A. M./ E. G., “Alumnos de toda Galicia entonan los ‘Cantares’ de Rosalía en su 150 aniversario”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 febreiro 2013, p. 35.

Revísanse algúns dos actos celebrados con motivo do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, como a lectura en quince linguas dos poemas de Rosalía de Castro levada a cabo no colexio ourensán Cardenal Cisneros, os recitais noutros centros educativos ou a conferencia de Francisco Rodríguez sobre a autora, entre outros.

Andaluz, C., “O Carballiño será uno de los escenarios de ‘A esmorga’”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 20 decembro 2013, p. 10.

Comenta que a residencia de Tempo Libre do Carballiño será o “campamento base”, de xaneiro a marzo de 2014, para a gravación da longametraxe *A esmorga* que contará coa rodaxe de numerosas escenas na vila e nos seus arredores.

Andrade, Alfonso, “El FBI espíó a Castelao en Sudamérica”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 decembro 2013, p. 46.

Dá conta dos documentos da axencia do FBI nos que se revela a investigación a Daniel R. Castelao por parte da mesma, nos anos corenta no intento por reflotar Galeusca.

André, O, “Filipe, o Créquenas”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 29 xullo 2013, p. 33.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por O André, intitulado “Filipe, o Créquenas”.

Aneiros, María, “Ferrol solicitará á RAG o Día das Letras Galegas 2014 para Carvalho Calero”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 marzo 2013, p. 50.

Fálase da proposición feita polo Concello de Ferrol á Real Academia Galega sobre a candidatura de Ricardo Carvalho Calero para ser homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2014.

Aneiros, María, “Arranca en Ferrol la primera Feria del Libro de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 abril 2013, p. 51.

Infórmase do inicio da vinte e catro edición da Feira do Libro de Galicia que arrinca en Ferrol, este ano dedicada a Ricardo Carvalho Calero. Apúntase que a feira contou con numerosas actividades infantís e coa participación do Real Coro Toxos e Froles, ademais de numerosos persoeiros relacionados co mundo do libro.

A. P., “Un año sin Isaac”, *La Opinión*, “Sada/ Betanzos”, 11 xaneiro 2013, p. 15.

Recóllese información do acto en recordo de Isaac Díaz Pardo celebrado na Casa da Cultura de Sada no primeiro aniversario da súa morte, organizado pola Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, onde se presentou *A luminosa mirada de Isaac* (2012), volume coordinado por Xosé Ramón Fandiño, a reedición de *Isaac Díaz Pardo y las cerámicas de Castro* e un número extraordinario dos cadernos que edita a asociación, titulado *Isaac en Sada*.

A. P., “Fantasía para non esquecer”, *La Opinión*, “la gran coruña”, 5 maio 2013, p. 15.

Refírese á presentación de *Ninguén lembra* (2012), da autora sadense Vanesa Santiago. Saliéntase que esta novela ten de novidoso o ser de xénero fantástico e darlle o protagonismo a unha moza, Daia Dalúa.

A. P., “Catro escritores abordan a parte vilaboesa da súa obra en Vilaboa Comunicación”, *Diario de Pontevedra*, “Comarca”, “Pontevedra”, 12 decembro 2013, p. 34.

Dá conta do plantel de comunicadores que participarán na mesa redonda da serie de relatorios Vilaboa Comunicación, no que os escritores explicarán a presenza do municipio nas súas obras.

A. R., “Alonso Montero: ‘Este españolista vai defender a lingua galega’”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 15 maio 2013, p. 35.

Dáse conta das palabras dedicadas por Xesús Alonso Montero á integrante do BNG da Coruña, Pilar García Negro, despois de que o nomease como “españolista extremista”.

Araguas, Vicente, “Ferroláns de seu”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Agora xa foi”, 20 xaneiro 2013, p. 41.

Realízase unha concisa presentación e loanza do volume *Ferroláns de seu* (2012), de Edicións Embora, con corenta e tres persoas vencelladas á cidade (do ámbito das artes, da antropoloxía, da empresa, da psiquiatría) e entrevistadas por Nico Vidal e José Gómez Fandiño, con paridade entre galego e español.

Arca, A., “Lalín recupera o nomeamento unánime de Varela Buxán como Fillo Adoptivo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 611, 8 xullo 2013, p. 6.

Infórmase de que o Concello de Lalín dixitalizou o expediente do nomeamento do pobo lalinense a Manuel Daniel Varela Buxán como Fillo Adoptivo desa vila en 1977.

Arca, A., “Amplíase o taller de poesía narrativa”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 757, 2 decembro 2013, p. 6.

Anuncia a ampliación da duración dos obradoiros de poesía narrativa impartidos polo escritor Luís González Tosar.

Ares Sarceda, José María, “Noite de San Lourenzo”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 28 agosto 2013, p. 32.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por José María Ares Sarceda, intitulado “Noite de San Lourenzo”.

Arias, Cristina, “O pintor e escultor Anxo Lamas inicia a súa carreira poética con ‘Tebras’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 7 xaneiro 2013, p. 12.

Refírese o acto de presentación do primeiro poemario do polifacético artista Anxo Lamas en Castro de Rei, acompañado do prologuista do libro, Xosé Otero Canto, e de Luís Veiga. O volume retrata experiencias vitais do artista, e cada poema acompáñase dunha ilustración deseñada por el mesmo.

Arias, Cristina, “Xermolos inicia na RAG os actos do centenario do poeta Díaz Castro”, *El Progreso*, “Comarcas”, 11 xuño 2013, p. 14.

Comenta que o IES de Guitiriz e mais a Asociación Cultural Xermolos presentaron onte na Real Academia Galega os actos para celebrar en 2014 o centenario do nacemento de Antón Díaz Castro entre os que están a inauguración da páxina web www.poetadiazcastro.com.

Arias, Cristina, “Café con leche y letras”, *El Progreso*, “A Chaira”, 10 xullo 2013, p. 14.

Infórmase de que a biblioteca dAs Pontes está a desenvolver unha campaña para promover a lectura e achegar a biblioteca á xente, trasladando os libros aos bares unha vez ao mes e entregándolles aos clientes folletos con recomendacións literarias.

Arnáiz, Ángel, “Casa-museo para el poeta Manuel María”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 xuño 2013, p. 35.

Anúnciase a apertura da casa-museo de Manuel María no concello de Outeiro de Rei. Destácase que a casa acollerá a biblioteca privada do autor, que estará aberta ao público.

A. S., “Aguiño recuerda a Lorenzo Mariño, al autor rianxeiro Manuel Dourado y a «Mariscal»”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 21 xaneiro 2013, p. 10.

Relátanse as xornadas Francisco Lorenzo Mariño e os actos de homenaxe delas derivados: a Lorenzo Mariño, cura fundador da parroquia de Aguiño; a José Manuel Pérez Sampedro “Mariscal”, e ao escritor rianxeiro Manuel Dourado.

A. S., “Rianxo recuerda a Castelao por su aniversario”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 24 xaneiro 2013, p. 22.

Preséntase o programa de actos que conmemoran en Rianxo o aniversario do nacemento de Daniel R. Castelao. Entre eles, destaca a presentación de libros como *María Teresa Alvajar López. Memorias dunha republicana*, *Inflamable*, de Samuel L. Paris; a representación da peza “Anacos de Castelao” baixo a dirección de Esther F. Carrodeaguas; un concerto de Roi Casal ou a asemblea anual da Fundación Castelao.

A. S., “Veinticinco artistas actuales ilustran la obra de Rosalía de Castro”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, 8 maio 2013, p. 24.

Infórmase da exposición, dentro da programación do Maio Cultural de Riveira, “Rosalía Ilustrada” na que se exhiben creacións gráficas da man de vinte e cinco artistas que ilustran os coñecidos poemas da poeta padronesa.

Baena, Ana, “Ardalén”, el último cómic de Miguelanxo, en Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 14 xaneiro 2013, p. 7.

Anúnciase a visita a Vigo do ilustrador galego Miguelanxo Prado co gallo da presentación de *Ardalén*, tanto en Banda Deseñada como en Norma. O volume traza unha historia en torno á memoria persoal e a identidade.

Baena, Ana, “A sorte de escoitar aos libros falaren”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 20 xaneiro 2013, p. 11.

Infórmase da terceira edición da Biblioteca Vivente no Verbum de Vigo, organizado por Normalización Lingüística do Concello de Vigo. Ofrecense doce títulos, historias con faciana propia que procuran a recuperación do patrimonio inmaterial vigués e a superación dos prexuízos aos que se somete o idioma galego. Participan Telmo Comesaña, Xabier Mugardos, Sor Ana Fernández del Riego ou Antonio Monroy, entre outros.

Baena, Ana, “Nace la asociación gallega de titulados en Arte Dramático”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 25 xaneiro 2013, p. 12.

Infórmase da aparición da Atesad (Asociación de Titulados en Estudos Superiores de Arte Dramática), colectivo formado polas primeiras xeracións de titulados, que se presentará oficialmente coa festa de teatro emerxente “Teatro á Feira”, no auditorio municipal.

Baena, Ana, “As pontes do Ego Sum’, 26 contos para facer pensar”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 30 xaneiro 2013, p. 8.

Dáse conta da presentación do libro de José Manuel Ledo *As pontes do Ego Sum* (2012) e editado por Ir Indo. Explicase que está prologado por Moncho Borrajo, que conta con vinte e seis relatos que tratan a drogadicción, a vellez en soidade ou a demencia. Inclúense comentarios do prologuista sobre este volume.

Baena, Ana, “A RAG era o pasaporte e Don Paco era a chave que abría todo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 24 marzo 2013, p. 11.

Dáse conta da celebración do centenario de Francisco Fernández del Riego por parte da Real Academia Galega na sede da Fundación Penzol, que cumpre tamén cincuenta anos. Explicase que Ramón Barreiro, Ramón Lorenzo e Xesús Alonso Montero tomaron a palabra para achegar anécdotas persoais e reflexións neste pleno extraordinario en homenaxe ao insigne galeguista.

Baena, Ana, “Publicar ‘Cantares gallegos’ foi o salto definitivo á modernidade”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 17 abril 2013, p. 14.

Coméntase a investigación de Xurxo Martínez sobre a publicación de *Cantares gallegos* en Vigo hai cento cincuenta anos. Recóllese que o investigador da Universidade de Vigo afirma que a publicación nesta cidade non foi casualidade, senón produto do ambiente progresista e da protección que a familia Chao daba á xeración do Rexurdimento.

Baena, Ana, “Las librería esperan triplicar las ventas en el Día del Libro”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 abril 2013, p. 11.

Infórmase do valor positivo da campaña do Día do Libro en Vigo que triplicará as vendas cun desconto do dez por cento. Noméanse as librarías de Vigo que saíran beneficiadas e faise un repaso polos libros que adoitan ser os máis vendidos, facendo fincapé nas obras galegas, como *Fillos do Mar*, de Pedro Feijóo; *Monicreques*, de Daniel Costas; as obras completas de Roberto Vidal Bolaño; *Unha nena a quen non deixaban ser feliz*, de Miguel Ángel Alonso; e *Ardalén*, de Miguelanxo Prado .

Baena, Ana, “Unha obra para un país’, 50 anos de Penzol”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 27 abril 2013, p. 13.

Dáse conta do acto celebrado na Casa Galega da Cultura, presentado por Henrique Monteagudo e Dolores Cabrera con motivo da exposición da historia de Fermín Penzol e a importancia do seu legado, do que se cumpre medio século.

Baena, Ana, “Rosalía tan só fala unha vez en ‘Cantares gallegos’”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 5 maio 2013, p. 9.

Refírese á nova visión do poemario *Cantares gallegos* ofrecido en Vigo por Xesús Alonso Montero no cento cincuenta aniversario da súa publicación. O presidente da Real Academia Galega di que “Rosalía tan só fala unha vez en ‘Cantares gallegos’”, e faíno no poema “Como chove miudiño”.

Baena, A., “Amancio Prada cantará a Rosalía en el año de su musa”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 7 maio 2013, p. 11.

Refírese á presentación do concerto “A Rosalía de Federico” na cidade de Vigo, con motivo do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. Coméntase que, da man de Amancio Prada, no escenario se fundirán musicadas as composicións máis destacadas de Rosalía coas de Federico García Lorca.

Baena, Ana, “150 anos despois a casa de Rosalía converteuse en pub”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 14 maio 2013, p. 8.

Infórmase de que Vigo celebra o aniversario cento cincuenta da publicación de *Cantares gallegos*, pero non o fai na mesma localización que coñeceu Rosalía. No baixo do número doce da Rúa Real atopábase o obradoiro, e no primeiro a vivenda do editor desta obra, onde pasou uns meses Rosalía ata a súa publicación. Hoxe no seu lugar atópase un pub con vocación sociocultural.

Baena, Ana, “O visto e o descoñecido de Rosalía”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 16 maio 2013, p. 8.

Dáse conta da exposición con motivo do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. Infórmase que a exposición “No principio foi o verso: Rosalía de Castro” se atopa na sede viguesa da Fundación Barrié e que na súa inauguración estiveron presentes, entre outros persoeiros, o presidente da Real Academia Galega ou a Secretaria Xeral da Universidade de Vigo.

Baena, Ana, “Bertold Brecht, inspiración contra os desafuzamentos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 29 maio 2013, p. 15.

Refírese á gala solidaria ao redor da figura de Bertold Brecht e que se celebra no teatro García Barbón de Vigo para recadar fondos contra a perda de vivendas. Infórmase que no acto estará presente o presidente da Real Academia Galega e o director de escena Julián Rodríguez e que conta con artistas profesionais, músicos, técnicos, directores, escenógrafos e profesores da Escola Superior de Arte Dramático e do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Baena, A., “Rosalía e Vidal Bolaño, entre imaxes, teatro e lembranzas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 30 maio 2013, p. 8.

Dáse conta da homenaxe a Rosalía de Castro e Roberto Vidal Bolaño acontecida no Marco, baixo o nome “O calexón do gato”. Dise que o acto foi levado a cabo pola actriz Uxía Blanco e o escritor Xabier Castro, no que tamén tivo lugar unha conferencia.

Baena, Ana, “A casa de Rosalía en Vigo converteuse en pub 150 anos despois”, *La Región*, “Sociedad”, 13 xuño 2013, p. 58.

Fálase de distintos lugares do Casco Vello de Vigo relacionados con Rosalía de Castro, centrándose no edificio no que se atopaban a imprenta de Juan Compañel, na que foi editada *Cantares gallegos*, e a súa vivenda, onde a autora residiu algúns meses en 1863.

Baena, Ana, “La Semana Grande comenzó con el grueso de la programación”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 6 agosto 2013, p. 12.

Dáse noticia do comezo da Semana Grande de Vigo que vai acoller as Terrazas Literarias cos escritores Domingo Villar e Francisco Castro, organizadas pola Biblioteca Neira Vilas.

Baena, Ana, “Carmelo Gómez será el encargado de meterse en la piel de Leo Caldas”, *La Región*, “Sociedad”, 9 agosto 2013, p. 53.

Infórmase de que o actor Carmelo Gómez vai participar na película *La playa de los ahogados* interpretando ao inspector Leo Caldas, personaxe creado polo escritor Domingo Villar e protagonista das súas dúas novelas, *Ollos de auga* e *A praia dos afogados*. Reprodúcense unhas declaracións de Villar sobre a película e sobre os seus futuros proxectos.

Baena, Ana, “Un estudiante de bacharelato leva ao cine a Suso de Toro”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 19 novembro 2013, p. 12.

Comenta que Chema Montero estreou na rede a súa primeira película titulada *Polaroid* baseada nun relato do escritor Suso de Toro.

Baena, Ana, “As mil facianas de Don Paco”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 27 novembro 2013, p. 11.

Comenta que a Fundación Penzol homenaxea a Francisco Fernández del Riego cunha exposición que repasa a súa vida e o seu legado.

Balo, Marta, “Lo que regalan los libros”, *Diario de Pontevedra*, “Revista”, n.º 666, “Reportaje”, “Mil primaveras máis”, 21 abril 2013, pp. 6-7.

Dáse conta, co motivo do Día Mundial do Libro, da enriquecedora literatura galega coa que se conta. Faise un pequeno repaso polas obras dalgúns autores contemporáneos como Manuel Rivas e de autores anteriores como Álvaro Cunqueiro ou Ramón Otero Pedrayo, entre moitos outros. Así mesmo, a modo de notas pegadas nun taboleiro de cortiza, destácanse algunhas frases de escritores, profesores e artistas galegos e españois sobre a literatura como tema central.

Balo, Marta, “Nos mundos de Xosé Neira Vilas”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, n.º 678, “Reportaxe”, 14 xullo 2013, pp. 2-4.

Abre Xosé Neira Vilas as portas da súa casa e da súa fundación para falar da súa vida e obra. Destaca algúns dos seus libros máis queridos e recorda a súa infancia en Gres e a súa chegada a Bos Aires. Fala tamén da súa estancia na Habana e do retorno a Galicia e salienta que ten aínda moitos proxectos de futuro. Finalmente amosa a súa fundación, que acolle un Museo Etnográfico e a Biblioteca Pública de Gres.

Bañón Goiriz, Alicia, “Instantes”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 28 agosto 2013, p. 31.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Alicia Bañón Goiriz, intitulado “Instantes”.

Barral, Cristina, “Alonso Montero: ‘O que desde sempre suscita entusiasmo é a causa da lingua’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 abril 2013, p. 34.

Infórmase das palabras coas que o novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, animou os estudantes do Campus de Pontevedra da Universidade de Vigo, quen ademais aproveitou para falar de cuestións sobre a xestión da Real Academia Galega.

Barrena, Juan Carlos, “A fundación dunha gran conversación”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 24 agosto 2013, p. 39.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Juan Carlos Barrena, intitulado “A fundación dunha gran conversación”.

Bascoy, I. e E. **Ocampo**, “Montero promete mantener el recurso del decreto del gallego pero González teme ‘maniobras para retirarlo’”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 24/ “Alonso Montero promete mantener el recurso del decreto del gallego”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 30, 18 abril 2013.

Refírese ao debate aberto logo da chegada do novo presidente á Real Academia Galega. Apúntase que, segundo as declaracións de Xesús Alonso Montero, non vai retirarse o decreto do galego, presentado polo anterior presidente, X. L. Méndez Ferrín; e reprochou a Manuel González a falta de transparencia nos anos pasados a na institución.

Becerra, Marta, “Música y poesía a favor de la paz”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 31 xaneiro 2013, p. 10.

Infórmase do recital de poesía musicada celebrado no instituto Leiras Pulpeiro en homenaxe ao creador que dá nome ao centro.

Becerra, Marta, “Aquellos viejos camaradas”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 31 xaneiro 2013, p. 11.

Coméntase o acto de homenaxe do PCG (Partido Comunista de Galicia), celebrado no centro sociocultural Uxío Novoneyra e que contou coa intervención de Xesús Alonso Montero.

Becerra, Marta, “Una jornada para arrimar el hombro”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 5 febreiro 2013, p. 6.

Entre diversas programacións culturais, coméntase a Biblioteca Nodal de Lugo, cunha mostra bibliográfica sobre Rosalía de Castro, outra sobre o Antroido, unha exposición fotográfica de Román Montesinos, un café filosófico e a actuación do contacontos Anxo Moure.

Becerra, Marta, “Destripando el final”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 2 abril 2013, p. 8.

Coméntase o inicio das xornadas sobre a morte organizadas polo centro de maiores Abrite, co desexo de formular unha aproximación antropolóxica a esta realidade. Sinálase que as ponencias iniciais foron as de José de Cora, Waleed Saled, Darío Xohán Cabana, que reparou na morte na tradición oral, e Xabier P. Docampo, que fixo o propio coa morte na literatura galega.

Becerra, Marta, “Entre la vida y la muerte”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 4 abril 2013, pp. 10-11.

Dáse conta no apartado “Puesta de largo de un libro y cine en humanidades” da presentación na Facultade de Humanidades de Lugo do novo libro *Valente vital (Galicia, Oxford, Madrid)* (2012) coordinado por Claudio Rodríguez Fer e no que colaboraron os investigadores Marta Agudo e Manuel Fernández.

Becerra, Marta, “Rosalía merece más que un busto”, *El Progreso*, “Lugo”, 10 abril 2013, p. 13.

Infórmase da unión de sete asociacións e cinco promotoras na cidade de Lugo para facer un novo monumento á poeta padronesa con motivo do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*.

Becerra, Marta, “La literatura viaja a los institutos”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 12 novembro 2013, p. 8.

Entre outras cousas, dáse conta dos encontros que mantivo o alumnado de segundo de bacharelato e da ESO do IES Lucus Augusti cos escritores Arcadio López Casanova e Adela Figueroa.

Becerra, Marta, “Una fiesta para Rosalía”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 28 novembro 2013, p. 11.

Dá conta da clausura da mostra “Terra e papel” dedicada a *Cantares gallegos* no seu 150 aniversario.

Bello Costa, Xaime, “Ferroláns nós”, *Diario de Ferrol*, “Opinión”, “Cabo Prior”, 9 xaneiro 2013, p. 21.

Coméntase a publicación de *Ferroláns de seu* (2012) e explícase que son corenta e tres entrevistas a cargo de Nicolás Vidal e José Gómez Fandiño, ambos xornalistas do *Diario de Ferrol*. Celébrase a habelencia de entrevistadores e entrevistados deste volume con ilustracións de Juan Veiga e edición en Nordesía.

Bermúdez Salinas, José Luís, “O falar dunha pedra”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 20 agosto 2013, p. 31.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por José Luís Bermúdez Salinas, intitulado “O falar dunha pedra”.

Besteiro, Nuno, “Rosalía renace no seu Día coma luz e antídoto dos males da sociedade galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 febreiro 2013, p. 42.

Revísanse os máis de cincuenta actos organizados na conmemoración do 176 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, a partir da iniciativa “Alborada para Rosalía”, idea da Fundación Rosalía de Castro, da Real Academia Galega, da Universidade de Vigo e da Asociación de Gaiteiros Galegos. Santiago e Padrón acolleron os actos centrais, e a rede tamén ferveu con *hashtags* rosalianos.

Besteiro, Nuno, “Principia no Gaiás a bienal ‘De pedra e de palabra’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 marzo 2013, p. 45.

Achégase información da V Bienal Literaria Internacional *De pedra e de palabra*, celebrada en Santiago de Compostela e organizada polo PEN galego, co desexo de fomentar o intercambio entre autoras e autores do sistema literario galego (Ramón Nicolás, Román Raña, Manuel Outeiriño, Manuel Forcadela...) e doutros (Clara Usón, Massimo Saltafuso, Carlos Clementson...).

Besteiro, Nuno, “O PEN reúne na súa V Bienal á xeración poética dos oitenta”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 marzo 2013, p. 49.

Infórmase da clausura da V Bienal do PEN de Galicia “De pedra e de palabra” no Gaiás cun recital de poesía galega. Dise que se conta coa presenza de Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Marica Campo, Manuel Forcadela, Luís González Tosar, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xulio L. Valcárcel e Xavier Seoane, que presentarán *Sinfonía Atlántica* (2012), antoloxía xeral da poesía galega.

Besteiro, Nuno, “A RAG le hoxe o seu futuro nunha presada de votos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 20 abril 2013, pp. 48-49.

Dáse conta da votación da Real Academia Galega para elixir un novo presidente. Fálase da igualdade das eleccións ás que se presentan por unha banda Xesús Alonso Montero, apoiado por Bieito Ledo, Henrique Monteagudo, Andrés Torres Queiruga e Rosario Álvarez; e pola outra, o extesoureiro da Real Academia Galega, Manuel González, que ten da súa parte a Francisco Fernández Rei, Xosé Luís Regueira, Xosé Luís Axeitos e Darío Xohán Cabana.

B. L., “Anxo Angueira analizará en Pontevedra o traballo de Plácido Castro sobre Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 24 xaneiro 2013, p. 59.

Anúnciase a disertación de Anxo Angueira como relator da XIV Conferencia Anual Plácido Castro, e que versará sobre o traballo que este último realizou nos anos 50 sobre *Cantares gallegos*, revisando as afinidades entre Rosalía de Castro (1837-1885) e Christina Rossetti (1830-1894), obra inédita.

B. L., “Fernández Naval novela a participación de voluntarios na División Azul en ‘A noite branca’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 1 marzo 2013, p. 74.

Infórmase do acto de presentación d’*A noite branca* (2012), de Francisco Fernández Naval, en Pontevedra, da que se sinala que é unha novela sobre a memoria familiar e colectiva dun grupo de galegos da División Azul. Dise que o autor estivo acompañado de Manuel Bragado, Ramón Caride, Antón Sobral e Abdoulaye Bilal Traoré.

B. L., “O Campus de Vigo réndelle homenaxe a Francisco Fernández del Riego”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 5 marzo 2013, p. 76.

Coméntase a colocación dunha placa en homenaxe a Francisco Fernández del Riego nos xardíns do Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación do Campus de Vigo, e a carón da árbore plantada con motivo da súa morte no 2010, idea da asociación Trabalingua. Infórmase tamén das visitas de estudantes a Trasalba no 125 aniversario do nacemento de Otero Pedrayo.

B.L., “Pontevedra declárase capital do verso libre”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 21 abril 2013, p. 83.

Coméntase o Festival Ponte-poética que tivo lugar en Pontevedra e ao que asistiron dez poetas. Dise que contou cun total de seis recitais no Teatro Principal, que coordinadora do evento foi Yolanda Castaño e os poetas asistentes: Marta Dacosta, Claudio Rodríguez Fer e María do Cebreiro, entre outros.

B.L., “Luís Bará revisa a figura de Rosalía no Mercantil”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 7 maio 2013, p. 75.

Infórmase da segunda conferencia do ciclo “Maio Longo” organizado polo Concello de Pontevedra co gallo do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*.

B.L., “O Conservatorio réndelle homenaxe a Rosalía a través dos seus contemporáneos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 15 maio 2013, p. 66.

Dáse conta dunha homenaxe a Rosalía de Castro polo cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos* a cargo do Conservatorio Profesional de Música de Pontevedra. Sinálase que o recital, titulado “Linguas a Rosalía”, contou cun programa conformado por obras orixinais de compositores galegos sobre textos de poetas europeos contemporáneos de Rosalía traducidos ao galego.

B. L., “Galaxia busca hacerse un hueco en el mercado en castellano a través de Liber”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 2 outubro 2013, p. 59.

Explica que a Editorial Galaxia, aproveitando a súa presenza na Feira Liber do 2013, presentará a súa colección “Sueños del Gatipetro” co que pretende abrirse mercado na literatura infantil en castelán.

Blanch, Raquel, “Sobresaliente en ortografía y química”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 3 abril 2013, contracuberta.

Entre outras novas, dáse conta do obradoiro que ofrecerá Teresa Moure na Biblioteca Pública Ánxel Casal de Santiago de Compostela, promovido pola Agrupación Cultural O Galo, que se centrará na creación literaria.

Blanco, Jesús, “Maruxa Villanueva, la reina del... alalá”, *La Voz de Galicia*, “Extra”, “Historias de la emigración”, 29 decembro 2013, p. 21.

Repasa a biografía de Maruxa Villanueva, unha figura da canción e da escena galega.

Blanco Casás, Laura, “Investigando nas nosas letras”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, nº 442, 24 xaneiro 2013, p. VIII.

Realízase un percorrido pola orixe (1993) e proxectos sobre a lingua e literatura galegas realizados ao abeiro do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH): desde a BILEGA ou o CORGA, de ámbito lingüístico, até os *Informes de Literatura*, “observatorio imprescindible” da produción anual de e sobre literatura galega ou o *Diccionario de Termos Literarios* (DiTerLi). Coméntase tamén a atención á Literatura Infantil e Xuvenil cun informe específico, proxecto que virá da man da tamén directora dos “Informes de Literatura”, Blanca-Ana Roig Rechou.

Blanco Saavedra, Xosé Manoel, “Medo a escribir”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 26 agosto 2013, p. 28.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Xosé Manoel Blanco Saavedra, intitulado “Medo a escribir”.

Blas, Ceferino de, “¿Vivió Rosalía de Castro en Vigo?”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 798, 2 marzo 2013, pp. 1-2.

Revísanse as opinións dalgúns persoeiros sobre a vinculación de Rosalía de Castro con Vigo, na que se mantén permanente a referida á bibliografía, dado que tanto *La hija del mar*, a súa primeira novela de 1859, como *A mi madre e Cantares gallegos*, de 1863, foron editados na imprenta de Juan Compañel, situada na Cidade Olívica.

Blasco, A., “El Casco Vello reaviva el espíritu rosaliano”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 27 maio 2013, p. 4.

Infórmase da homenaxe a Rosalía de Castro polo cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos* que tivo lugar na Rúa Real de Vigo, onde se imprimiu a primeira edición da obra. Sinálase que na conmemoración tamén se contou coa presenza de diversos poetas, que recitaron algúns textos, e cantos e bailes tradicionais que tiveron lugar por todo o Casco Vello.

Botrán, C., “Has de cantar’, homenaxe sentida e sinxela a Rosalía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 559, 17 maio 2013, p. 3.

Dáse conta da homenaxe ofrecida a Rosalía de Castro en Padrón, un recital poético inspirado en poemas de *Cantares gallegos* e enmarcado no programa arredor das Letras Galegas. Dise que o acto tivo lugar no escenario do auditorio do Souto e foi organizado pola Tertulia Literaria Tapal de Noia, baixo a dirección da vicepresidenta da Fundación Rosalía de Castro.

Botrán, C., “Padrón lembra hoxe aos artífices da estatua a Rosalía no Espolón e do acto galeguista do 59”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 623, 20 xullo 2013, p. 7.

Anúnciase que a Fundación Rosalía de Castro e o Concello de Padrón van celebrar un acto en homenaxe aos organizadores da inauguración da estatua de Rosalía de Castro no Espolón e do coroamento de Ramón Cabanillas como Poeta da Raza. Destácase a participación de Luís González Tosar, Xosé Luís Axeitos e X. L. Méndez Ferrín, entre outros.

Botrán, C., “Rosalía e o ‘espertar’ reivindicativo do galego”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 624, 21 xullo 2013, p. 5.

Dáse conta da homenaxe celebrada en Padrón na honra dos organizadores da inauguración da estatua de Rosalía de Castro e do coroamento de Ramón Cabanillas como Poeta da Raza. Sinálase que no acto participaron Luís González Tosar, Xosé Luís Axeitos e X. L. Méndez Ferrín, entre outros.

Botrán, C., “Padrón: espacio vital y literario de Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 651, 17 agosto 2013, contracuberta.

Faise un percorrido por algúns lugares de Padrón e dos arredores vinculados a Rosalía de Castro, entre os que destaca a Casa Museo da Matanza. Alúdese ao 150 aniversario de *Cantares gallegos*.

Botrán, C., “Moncho Valcarce, o místico de esquerdas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 660, 26 agosto 2013, p. 5.

Comenta que a Irmandade Moncho Valcarce liderará os actos levados a cabo para homenaxear os vinte anos do pasamento do párroco e ademais comenta que dita Irmandade entregará os premios pola defensa e promoción da terra.

Botrán, C., “Homenaje coral desde Madrid para Rosalía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 759, 4 decembro 2013, p. 7.

Comenta que o grupo Accento, dirixido por Alfo Cano, se sumará ao cento cincuenta aniversario de *Cantares gallegos*, ofrecendo un concerto poético musical dedicado á autora.

Botrán, C., “A Festa da Poesía é tamén unha cita gastronómica: saboreas versos e poemas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 763, “Entrevista en 50 líneas”, 8 decembro 2013, p. 6.

Versa sobre os motivos que impulsaron a iniciativa de organizar A Festa da Poesía na Estrada hai xa oito anos.

Botrán, Cristina, “Unha viaxe por Terras en ‘Cantares gallegos’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 559, 17 maio 2013, p. 4.

Lémbrese a obra *Cantares gallegos* no seu cento cincuenta aniversario. Fálase dela como o libro piar da nosa literatura e proporciónanse fragmentos de poemas con referencias paisaxísticas que Rosalía de Castro ofrecía da súa comarca.

Botrán, Cristina, “Lembran ao republicano de Cabanelas cunha placa”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 585, 12 xuño 2013, p. 7.

Dáse noticia do acto celebrado en Cabanelas en homenaxe ao republicano Alfredo García Caramés, que rematou coa presentación da obra *Castelao na Unión Soviética en 1938*, de Xesús Alonso Montero.

Botrán, Cristina, “El teatro como crecimiento personal a través de los cinco sentidos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 596, 23 xuño 2013, p. 5.

Fálase da apertura de Artefonía, a primeira escola de actores do concello de Ames, que oferta actividades culturais para todos os públicos.

Botrán, Cristina, “Padrón siente a Rosalía con la lírica del coro Accento”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 762, 7 decembro 2013, p. 7.

Explica que o grupo madrileño Accento interpretou pezas musicais de *Cantares gallegos* en Padrón.

Botrán, Cristina, “La casa de A Matanza presenta renovados espacios interiores”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, 18 decembro 2013, p. 5.

Describe as diferentes fases da renovación da Casa de Rosalía de Castro en Padrón.

Bouso, Fran, “O pícaro do pano”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 4 agosto 2013, p. 42.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Fran Bouso, intitulado “O pícaro do pano”.

Bugallal, Isabel, “Sobre la fecha de ‘Cantares gallegos’”, *La Opinión*, 26 maio 2013, contracuberta.

Infórmase sobre o estudo do académico Julio Rodríguez Yordi, do ano 1963, que trata de esclarecer a data de publicación de *Cantares gallegos* e que acabou coa disparidade de datas e fixo que a Real Academia Galega admitise como día oficial da celebración do Día das Letras Galegas o 17 de maio.

Bugallal, Isabel, “Leer a Joyce en gallego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 50/ *La Opinión*, 16 xuño 2013, contracuberta.

Dáse noticia da finalización da primeira tradución ao galego do *Ulises* de James Joyce no día da celebración do Bloomsday, logo de superar diferentes obstáculos económicos e legais. Coméntase que o obxectivo dos tradutores era que a obra chegase a un público amplo.

Bugallal, Isabel, “El primer periodista coruñés”, *La Opinión*, “A Coruña”, 15 decembro 2013, contracuberta.

Explica que a Real Academia Galega conmemora cun congreso a bicentenario da publicación de *Rogos d’un gallego*, de Manuel Pardo de Andrade fundador do *Diario de La Coruña*.

Burgoa, Juan J., “Victorino Novo García, escritor e xornalista ferrolán”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 788, “Enfiando Historia”, “Galería de esquecidos”, 11 agosto 2013, p. 36.

Fálase do xornalista, escritor e político ferrolán Victorino Novo García, do que se ofrecen datos sobre a súa biografía e a súa actividade profesional. Coméntase que a súa produción inclúe obras dramáticas, históricas e poéticas e sinálanse algúns dos seus traballos e premios máis importantes.

C. A., “El Iescha presenta el último libro poético de Xosé Otero Canto”, *El Progreso*, “A Chaira”, 6 febreiro 2013, p. 12.

Anúnciase a presentación de *Poética da viaxe (Doce horas de poesía)* (2012), de Xosé Otero Canto, editada polo Instituto de Estudios Chairegos (Iescha) con apoio da

Deputación. Incluído na Biblioteca Chairega, divídese en tres capítulos que se corresponden con diferentes medios de transporte e paisaxes.

C. A., “Ferrín: ‘Hai filtracións e deslealdades que van ao terreo das cloacas’”, *La Opinión*, “Cultura”, 12 marzo 2013, p. 53.

Recóllense citas do presidente da Real Academia Galega criticando as “filtracións” aos medios de comunicación sobre o contido do plenario próximo, que versará sobre a súa posíbel dimisión, os presupostos e a política de contratacións da Real Academia Galega. Recóllense opinións de Carlos G. Reigosa e coméntanse as mostras de apoio a Xosé Luís Méndez Ferrín para que non dimita da presidencia da Academia.

C. A., “Mouriño Cuba presenta su libro de Lousada en las novenas Xornadas Rurais”, *El Progreso*, “A Chaira”, 1 xuño 2013, p. 14.

Dáse conta da presentación do libro de Mouriño Cuba titulado *Lousada. Un berce de lecer* (2012), que terá lugar durante as novenas Xornadas Rurais de Cabeiros.

Campo, E., “Rosalía ‘habla’ 150 años después”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 13 xullo 2013, p. 30.

Dáse noticia do descubrimento e da presentación dun exemplar da primeira edición de *Cantares gallegos* que contén unha fotografía inédita de Rosalía de Castro, versos autógrafos e a reprodución dunha carta de Fernán Caballero, a quen Rosalía lle dedicou a obra. Sinálase que o descubrimento tivo lugar no marco da exposición “No principio foi o verso. Rosalía de Castro”, organizada pola Fundación Barrié en Vigo.

Campo, Marica, “Para soñarmos Galiza”, *Diario de Pontevedra*, “Día de Galicia”, p. 10/*El Progreso*, “Día de Galicia”, 25 xullo 2013, p. 48.

Recórdase o discurso de Castelao *Alba de Groria* para concluír que é necesario coñecer os acontecementos e as persoas máis destacábeis da historia de Galicia para poder valorarse como pobo. Reivindícase tamén a restauración do nome “Día da Patria Galega” para referirse á celebración do 25 de xullo.

Campo, Marica, “De amores e amadores”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión & Análisis”, p. 27/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 31, “A tecelá en outono”, 13 decembro 2013.

Homenaxe xornalística ao grupo de teatro Achádego no seu vixésimo quinto aniversario.

Canedo, Cibrán, “Emoción y descaro”, *El Correo Gallego*, “Terras de santiago”, n.º 762, “cara y cruz”, 7 decembro 2013, contracuberta.

Comenta que en Padrón o grupo coral Accento interpretou poemas de Rosalía de Castro, como “Negra Sombra” e “Airiños, airiños, aires”.

Caño, X. M. del, “La Universidad de Vigo se une a académicos y escritores e insta a Ferrín a seguir en la RAG”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 8 marzo 2013, p. 27.

Coméntase a adhesión, mediante un escrito formal, da Universidade de Vigo á corrente de académicos e escritores que instan a Ferrín a continuar á fronte da Real Academia Galega e esgotar o seu mandato. Recóllese tamén a indignación de académicos como Francisco Fernández Rey ou Darío Xohán Cabana ante a filtración da orde do día do vindeiro pleno.

Caño, X. M. del, “La Academia Galega afronta con división el pleno decisivo sobre Ferrín”, *La Opinión*, “Cultura”, 8 marzo 2013, p. 54.

Proporcionáanse datos sobre a vindeira sesión plenaria da Real Academia Galega, onde o presidente actual, Xosé Luís Méndez Ferrín, confirmará a súa decisión final, ratificando ou non a súa dimisión, sen esgotar mandato. Recompílanse algúns comentarios de apoio e maniféstase o malestar interno ante as “filtracións” e “traizóns” dalgúns membros.

Caño, X. M. del, “Académicos mostrarán hoy apoyo a Ferrín para que no se vaya de la RAG”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 30/ “Académicos mostrarán hoy apoyo a Ferrín para que no deje la RAG” *La Opinión*, “Cultura”, p. 54, 9 marzo 2013.

Recóllese a resposta dunha mancha de membros numerarios da Real Academia Galega que, xunto a outras entidades, aproveitarán o acto da cerimonia de ingreso de Xosé Fernández Ferreiro para pedirlle a Xosé Luís Méndez Ferrín que non abandone a academia. O homenaxeado súmase ao clamor.

Caño, X. M. del, “Los académicos protagonizan hoy el último intento para frenar la marcha de Ferrín de la RAG”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 13 marzo 2013, p. 25.

Infórmase do estado das cuestións en curso na Real Academia Galega o mesmo día en que se celebra o pleno decisivo para o abandono de Xosé Luís Méndez Ferrín. Dise que o escritor Manuel Rivas tomará a palabra para frear o abandono de Ferrín, seguindo de Darío Xohán Cabana e outros, que procurarán que, cando menos, prosiga como académico o “mellor escritor vivo en galego”.

Caño, X. M. del, “La dimisión de Ferrín deja la Academia fracturada”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 23/ “A dimisión de Méndez Ferrín deixa a Real Academia Galega fracturada”, *La Opinión*, “Cultura”, p. 54, 15 marzo 2013.

Realízase unha revisión do estado da Real Academia Galega logo da dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín como presidente e numerario, con dous sectores visibelmente

enfrentados, o sector afín ao expresidente e o sector crítico. Mentres uns falan dunha “mancha histórica” e se senten avergoñados ante as traizóns ou preocupados pola “cacería” á que asistiron, outros ven “o futuro con confianza”.

Caño, X. M. del, “Ferrín alerta de que los ‘conspiradores’ alientan la fusión de la RAG con otros entes”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 25/ “Ferrín alerta de “conspiraciones” para la fusión de la RAG con otras entidades”, *La Opinión*, “Cultura”, p. 46, 22 marzo 2013.

Recóllense varios asertos de Xosé Luís Méndez Ferrín, xa expresidente da Real Academia Galega, sobre as dificultades que a institución terá para garantir a súa “independencia” e interpoñer recursos necesarios, coma o pasado contra o decreto do plurilingüismo, se desde o sector coñecido como o “novo piñeirismo” se alenta a fusión da Real Academia Galega con outros entes. Pola súa banda, os “críticos” apúranse a barallar posíbeis candidatos substitutos.

Caño, X. M. del, “Monteagudo defiende que la RAG se coordine con otras entidades antes de que la obligue la Xunta”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 24/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 54, 23 marzo 2013.

Ao abeiro das críticas anteriores do expresidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, recóllese a resposta de Henrique Monteagudo, dicindo que é preciso que a Real Academia Galega se coordine xa con organismos coma o Instituto da Lingua Galega ou o Consello da Cultura Galega, pero sen unha fusión real, como propuña Xosé Luís Franco Grande.

Caño, X. M. del, “Monteagudo coincide con Ferrín en que hay que actualizar la obra de Otero Pedrayo”, *Faro de Vigo*, p. 39/ “Monteagudo cree que hay que actualizar la obra de Otero Pedrayo”, *La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 30, “Sociedad”, 1 outubro 2013.

Coméntase que Henrique Monteagudo e Xosé Luís Méndez Ferrín están dacordo na revisión das obras de Ramón Otero Pedrayo e doutros autores importantes da lingua galega como Rosalía de Castro, Álvaro Cunqueiro, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Eduardo Blanco Amor.

Caño, X. M. del, “Editoriales piden dar a conocer el testamento de Otero Pedrayo”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 2 outubro 2013, p. 31/ “Editoriales gallegas piden que se dé a conocer el testamento de Otero Pedrayo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 outubro 2013, p. 39.

Explica que varias editoriais galegas piden que se dea a coñecer o testamento de Ramón Otero Pedrayo coa intención de publicar as súas obras.

Caño, X. M. del/ **I. Bascoy**, “Ferrín deja la RAG porque ‘académicos y personas externas’ le hicieron ‘sentir que no tenía sitio’”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 26 febreiro 2013, p. 18/ *La Opinión*, “Cultura”, 6 febreiro 2013, p. 43.

Confírmase o abandono da presidencia da Real Academia Galega e do posto como membro numerario de Xosé Luís Méndez Ferrín, consignando as razóns da súa marcha e incluíndo a súa carta de despedida. Fálase dun precedente de abandono en 1990, Jenaro Marinhas.

Caño, X. M. del/ I. **Bascoy**, “Todos pendientes de Méndez Ferrín”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 23/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 53, 7 marzo 2013.

Recompíllase os apoios de Xosé Luís Méndez Ferrín, isto é, os pronunciamentos públicos para que o escritor non abandone a presidencia da Real Academia Galega. A Asociación de Escritores en Lingua Galega e o PEN Clube de Galicia únense a académicos como Darío Xohán Cabana, Manuel Rivas, Manuel González, Salvador García Bodaño, Xosé Luís Neira Vilas, Luz Pozo, Xosé Luís Regueira etc.

Caño, X. M del/ E. **Ocampo**, “Montero ofrece la secretaría de la RAG a González, que mantiene su lista”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 25./ “Xesús Alonso Montero ofrece la secretaría de la RAG a González”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, p. 30, 9 abril 2013.

Refírese ao feito histórico de que a once días para a elección do novo presidente da Real Academia Galega, o candidato Xesús Alonso Montero ofrezca a secretaría a Manuel González co fin de lograr a integración das dúas listas existentes. Os partidarios de Manuel González defenden que sexa candidato á presidencia coa súa propia lista.

Caño, X. M. del/ S. **Otero**, “Académicos se movilizan para pedir a Ferrín que agote el mandato en la RAG”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 20-21/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 54, 28 febreiro 2013.

Infórmase das últimas declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín, que prefire informar cando chegue o momento da súa decisión final.

Caño, X. M. del/ S. **Otero**, “Seis académicos se suman a la corriente de apoyos para que Ferrín no abandone la RAG”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 12/ “Seis académicos se suman a los apoyos para que Ferrín continúe en la RAG”, *La Opinión*, “Cultura”, p. 43, 4 marzo 2013.

Infórmase dos seis novos apoios públicos cos que Xosé Luís Méndez Ferrín conta (Ramón Lorenzo, Margarita Ledo, Torres Queiruga, Salvador García Bodaño, Luz Pozo Garza, Xosé Neira Vilas), e que se unen a académicos que anteriormente pediran que non deixase a institución da que é presidente, a Real Academia Galega.

Caño, X. M. del/ S. **Otero**, “La dimisión de Ferrín deja la Academia fracturada”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 23/ *La Opinión*, “Cultura”, 15 marzo 2013, p. 54.

Recóllese o desexo dunha mancha de académicos de levar ao pleno unha proposta formal para evitar a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín. Cando menos tres numerarios valoran abandonar se o actual presidente o fai, comezando por Darío Xohán Cabana e seguindo por Manuel Rivas e Francisco Fernández Rei. Un nutrido grupo de intelectuais e persoas das letras únense á petición formulada.

Cardiel, Mateo Sancho, “La muda ‘Blancanieves’ y ‘Grupo 7’, las grandes favoritas para los Goya”, *La Región*, “Sociedad”, 9 xaneiro 2013, p. 47.

Coméntanse as nominacións para os próximos premios Goya, facendo un á parte para as galegas. No apartado de guión adaptado, estas recaen en Manuel Rivas, por *Todo es silencio*, baseado na súa obra homónima; e en Jorge Guerríachevarría e Sergio G. Sánchez, por *Fin*, adaptación da novela do lucense David Monteagudo. Os filmes *Invasor* e *O Apóstolo* destácanse tamén con nominacións.

Cardiel, Mateo Sancho/ Belén **López**, “O Apóstolo’, Manuel Rivas e ‘Invasor’ competirán por los Premios Goya”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 9 xaneiro 2013, p. 56.

Infórmase de que tres producións galegas contan con sete candidaturas para os próximos galardóns da Academia de Cine. Trátase de *Todo es silencio*, *Invasor* e *O Apóstolo*. Incídese, por outra banda, nas favoritas para esta edición.

Carrera, Rosé, “Arte y placer en el libro de papel”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 29 xullo 2013, p. 10.

Fálase da Feira do Libro Antigo e de Ocasión de Vigo, sinalando que o público busca maioritariamente obras de autores galegos, entre os que destacan Daniel R. Castelao e Rosalía de Castro.

Casal, C., “Galicia, Galaxia y La Voz se encuentran en la casa de las palabras del museo”, *La Voz de Galicia*, “Premios Fernández Latorre”, 22 novembro 2013, p. 15.

Dá conta da entrega do Galardón Fernández Latorre á Editorial Galaxia.

Casal, J., “Adina no olvida a ‘su’ escritor”, *Diario de Pontevedra*, “Sanxenxo”, “O Salnés”, 10 novembro 2013, p. 17.

Sinala que a Asociación de Veciños de Adina San Miguel solicitou ao Concello de Sanxenxo que a vía que une a estrada EP-9206 coa rúa Poleiros leve o nome de Ramón de Valenzuela, moi vencellado á localidade, na cal pasou longos períodos de tempo.

Casal Vilanova, Yasmina, “Cun abrir e pechar de ollos”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 24 agosto 2013, p. 36.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducécese o realizado por Yasmina Casal Vilanova, intitulado “Cun abrir e pechar de ollos”.

Casal Villares, Xacobo, “De María, o misterio do eu”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 9 agosto 2013, p. 30.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducécese o escrito por Xacobo Casal Villares, intitulado “De María, o misterio do eu”.

Castelo Martínez, Antía, “O faro”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 15 agosto 2013, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducécese o realizado por Antía Castelo Martínez, intitulado “O faro”.

Castelo Toba, Charo, “Presente”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 29 agosto 2013, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducécese o realizado por Charo Castelo Toba, intitulado “Presente”.

Castro, Jorge, “Literatura, entre Bárcenas y Larpeiros”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 30 xuño 2013, p. 8.

Fálase da Feira do Libro de Vigo destacando que hai sesións de contacontos e firmas de autores nas que participan Moncho Iglesias, Miguel Otero e Puri Ameixide, entre outros. Sinálanse algunhas obras recomendadas polos vendedores como *Rapoemas* e destácase que os libros máis vendidos son *A cociña de Cunqueiro* e *As Lamberetadas dos Larpeiros*.

Castro, Víctor, “Os Viqueiras se sumaron al homenaje a Rosalía de Castro”, *El Ideal Gallego*, “Oleiros”, “Atalaya mariñana”, 26 febreiro 2013, p. 20.

Infórmase de que o grupo de gaitas de Ordes “Os Viqueiras” acudiu ao chamamento realizado pola Fundación Rosalía de Castro, en colaboración coa Asociación de Gaiteiros Galegos, interpretando a “Alborada de Rosalía” na Alameda.

Castro, Víctor, “Reunión de confraternidad de la Asociación OtiSopa”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 23 abril 2013, p. 20.

Entre outras novas, infórmase da inauguración dunha rúa en Ordes que levará o nome do dramaturgo Euloxio Ruibal. Dise que á inauguración asistirá o propio homenaxeado, quen ofrecerá unha sesión de contacontos aos máis pequenos na biblioteca municipal.

Castro, Víctor, “Escolares de Frades asisten a un taller dedicado a Rosalía”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, 28 maio 2013, p. 20.

Entre outras novas, recóllese que, con motivo do Foro María Pita 2013, haberá una conferencia a cargo de José María Paz Gago que abordará o tema do cento cincuenta aniversario de *Cantares gallegos*.

Castro, Víctor, “Marisol Gándara presentó en La Coruña su última obra poética”, *El Ideal Gallego*, “Culleredo”, “Atalaya mariñana”, 23 outubro 2013, p. 20.

Fai referencia á presentación do poemario *Ata o corazón da mazá* (2013), gañador do XXV Premio Nacional de Poesía Xosé María Parallé. Sinala que o acto tivo lugar na sede da Agrupación Alexandre Bóveda, na cidade da Coruña, e que entre os asistentes se atopaba Miguel Anxo Fernán-Vello, director de Edicións Espiral Maior.

Castro Pumares, Cruz, “Tareladas”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 17 agosto 2013, p. 31.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Cruz Castro Pumares, intitulado “Tareladas”.

C. B., “Angueira lleva a Rosalía al instituto nº 1 estradense”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 480, 26 febreiro 2013, p. 7.

Anúnciase que o escritor e presidente da Fundación Rosalía de Castro Anxo Angueira falará hoxe sobre esta última aos alumnos do IES nº 1 de A Estrada, dentro do programa posto en marcha polo centro “f de R a m de M (febreiro de Rosalía a marzo da Muller)”.

C. B., “Documental sobre Celso E. Ferreiro en el MOME”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 503, 21 marzo 2013, p. 7.

Anúnciase que o MOME da Estrada acollerá o documental de Aser Álvarez sobre a vida de Celso Emilio Ferreiro titulado *100% CEF*.

C. B., “A Estrada homenaxe a Marcial Valladares”, *El Correo Gallego*, 18 maio 2013, p. 8.

Refírese á homenaxe celebrada na Estrada polo Día das Letras Galegas a Marcial Valladares, na que estaban entre os presentes os seus fillos, a súa irmá e Cándido Pazó, que deu o pregón da lingua de Tabeirós e colocou ante o monumento de Valladares unha coroa floral.

C. B., “Roteiro cultural polo Pico Sacro para lembrar o ‘Alba de Gloria’ de Castelao”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 621, 18 xullo 2013, p. 7.

Infórmase de que a Asociación Cultural Vagalumes de Tabeirós-Terra de Montes vai organizar no Pico Sacro un acto literario-musical para recordar o discurso *Alba de Gloria* de Castelao. Sinálase que no acto, no que participará a escritora Marga do Val, tamén se lembrará a Lois Tobío.

C. B., “O ‘Alba de Gloria’ de Castelao e a defensa da lingua sentíronse de novo no cumio do Pico Sacro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 624, 21 xullo 2013, p. 5.

Coméntase que se celebrou un roteiro polo Pico Sacro para lembrar a figura de Castelao e reivindicar a lingua galega. Infórmase de que no acto tivo lugar a lectura do discurso *Alba de Gloria* e outras actividades literario-musicais, entre elas unha lembranza a Lois Tobío.

C. B., “Homenaxe en Teo a Ánxel Casal e Avelino Pousa Antelo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 645, 11 agosto 2013, p. 5.

Anúnciase que o concello de Teo vai homenaxear as figuras de Ánxel Casal e de Avelino Pousa Antelo, así como doutras vítimas da Guerra Civil. Na homenaxe presentarase unha revista-libro monográfica sobre a figura deste último.

C. B., “Una flor para Avelino Pousa Antelo en el primer año de su fallecimiento”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 652, 18 agosto 2013, p. 6.

Infórmase de que o Concello de Teo, xunto con outros colectivos, vai homenaxear ao galeguista Avelino Pousa Antelo con motivo do seu cabodano. Coméntase que nos actos participarán Antón Costa, Xabier P. Docampo, Fina Casalderrey e Mini e Mero, entre outros, e terá lugar a presentación dunha revista-libro monográfica sobre a figura do falecido.

C. B., “Ánxel Casal, ou a lembranza sentida dende Teo en prol da cultura e da lingua galega”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 654, 20 agosto 2013, p. 5.

Fálase do acto celebrado en Montouto para lembrar a Ánxel Casal e a todas as vítimas represaliadas en Teo.

C. B., “La Casa Museo Rosalía cierra sus puertas un mes y medio por reformas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 705, 11 outubro 2013, p. 6.

Explica que se levará a cabo o peche de A Casa Museo de Rosalía co motivo do comezo da segunda fase das obras de acondicionamento do inmovible.

C. B., “La Casa Museo Rosalía reabre el 17”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 754, 29 novembro 2013, p. 6.

Dá conta da reapertura da Casa Museo Rosalía.

C. C., “Ofrenda floral ante o monolito á poetisa do Sar”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 559, 17 maio 2013, p. 3.

Infórmase da ofrenda floral acontecida onte en Lalín ante o monolito de Rosalía de Castro, co gallo da conmemoración dos cento cincuenta anos de *Cantares gallegos*. Dise que o acto, que se desenvolveu ao son de *Negra Sombra* interpretada polo gaiteiro Plácido Rozas, estivo presidido pola concelleira de Cultura lalinense, María Álvarez.

Cedrón Vilar, Beatriz, “Por moitos anos, Lila”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 10 agosto 2013, p. 51.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducese o escrito por Beatriz Cedrón Vilar, intitulado “Por moitos anos, Lila”.

C. F., “A Agadic ten previsto reabrir o Centro de Documentación Teatral”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xuño 2013, p. 32.

Anúnciase que a Axencia Galega das Industrias Culturais vai recuperar o Centro de Documentación Teatral, que estará localizado no Gaiás.

C. F., e **J. M. P.**, “Falece Benxamín Casal, presidente da editorial Galaxia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 31 agosto 2013, p. 37.

Breve repaso pola traxectoria profesional de Benxamín Casal destacando o seu labor como economista, político e ensaísta. Ademais comenta as consecuencias que o se falecemento terá para a Editorial Galaxia, da que era presidente.

C. G., “Teresa Moure hablará hoy sobre creación en literatura”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 abril 2013, p. 27.

Dáse conta do obradoiro de creación literaria que terá lugar na biblioteca pública Ánxel Casal de Santiago. Dise que este obradoiro será dirixido pola escritora Teresa Moure e está organizado pola Agrupación Cultural O Galo.

C. G., “A obra ‘Tonas de Laranxa’, hoxe no clube de lectura”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 537, 25 abril 2013, p. 8.

Refírese á presentación da obra gañadora do Premio Xerais de Novela 2012, escrita por María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón, titulada *Tonas de Laranxa* (2012). A presentación terá lugar na biblioteca municipal de Silleda.

C. G., “Charla sobre Rosalía e recital poético”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 537, 18 maio 2013, p. 6.

Recóllese a celebración dunha conferencia no Museo Municipal Ramón M^a Aller de Lalín, co gallo do cento cincuenta aniversario de *Cantares gallegos*. O acto finalizou cun recital poético a cargo de María Lado e Lucía Aldao.

C. G., “Concierto homenaje a García Abril con textos de grandes de las letras gallegas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 11 xullo 2013, p. 25.

Anúnciase a celebración dun concerto en homenaxe ao compositor Antón García Abril con motivo do seu aniversario. Sinálase que se van interpretar varias composicións do homenaxeado, algunhas alusivas a textos de autores galegos como Ramón Cabanillas ou Rosalía de Castro.

C. G., “Taller de creación literaria, onte na Fundación Granell”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 outubro 2013, p. 26.

Comenta que a Fundación Granell está impartindo o curso de creación literaria “Da memoria ao poema”.

Coira Luaces, Ramón, “Amor prohibido”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 14 agosto 2013, p. 31.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Ramón Coira Luaces, intitulado “Amor prohibido”.

Coira Luaces, Ramón, “Galahad e a aventura do Grial”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 19 agosto 2013, p. 35.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Ramón Coira Luaces, intitulado “Galahad e a aventura do Grial”.

Conde, María, “Manuel Rivas: ‘Unha candidatura de consenso á Real Academia sería exemplar’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 abril 2013, p. 33.

Achégase a opinión do escritor e periodista Manuel Rivas en canto ao tema da presidencia da Real Academia Galega. Defende a necesidade de unir nunha candidatura de consenso as listas lideradas por Xesús Alonso Montero e Manuel González.

Corbelle, Sabela, “Os Resentidos y Festicultores tocarán en la ciudad el día del San Froilán”, *El Progreso*, “Lugo”, 24 agosto 2013, p. 4.

Coméntase, entre outras cousas, que a escritora Olga Novo será a encargada de facer a ofrenda a Rosalía de Castro nas festas de San Froilán.

Corbelle, Sabela, “La palabra de Olga Novo y la saudade de Rosa Cedrón protagonizaron la ofrenda a Rosalía”, *El Progreso*, “Lugo”, “San Froilán 2013”, 7 outubro 2013, p. 7.

Explica que como cada Domingo das Mozas tivo lugar o tributo anual a Rosalía de Castro onde destacaron a poeta Olga Novo e a cantante Rosa Cedrón, quen presentou unha versión musicada de *Negra sombra*.

Corbelle, Sabela e Lucía **López**, “Morre Benxamín Casal, alicerce do sentimento cultural e social galego”, *El Progreso*, “Lugo”, “Adeus a un galeguista histórico”, 31 agosto 2013, pp. 10-11// “Morre Benxamín Casal tras estar varios días ingresado no HULA”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 31 agosto 2013, p. 52.

Resume o paso de Benxamín Casal pola Editorial Galaxia co gallo do seu falecemento.

C. P. R., “Rábade Paredes y Helena Villar Janeiro entran en el Paseo dos Soños de Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 19 outubro 2013, p. 26.

Expón que os escritores Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro son os elixidos pola Irmandade Manuel María e a Asociación Xermolos como protagonistas do octavo Hectómetro Literario do Paseo dos Soños de Vilalba.

C. P. R., “Xermolos propón crear rutas cos lugares favoritos de Díaz Castro”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 outubro 2013, p. 20.

Coméntase que a Asociación Cultural Xermolos traballa na creación dun itinerario de rutas no Concello de Guitiriz que poñan en valor espazos relacionados coa vida e obra de Xosé María Díaz Castro.

C. R., “Investigadoras de Vigo sacan á luz traducións inéditas de Casares”, *Atlántico Diario/ La Región*, “Universitas”, “Opinión”, 12 setembro 2013, cuberta.

Expón que, grazas á estreita colaboración do grupo de investigación BitReal Academia Galega e a Fundación Carlos Casares, se descubriron novas traducións de Carlos Casares.

C. R., “Homenaxe a Rosalía de Castro no campus de Ourense”, *Atlántico Diario*, p. 35/*La Región*, “Universitas”, 7 novembro 2013, p. 7.

Dáse noticia de que cando se cumpren cento cincuenta anos da publicación de *Cantares gallegos* a Universidade de Vigo brinda homenaxe a Rosalía de Castro e ponlle o seu nome á Biblioteca Central.

Creo, C. “Querido Balbino’ chega a Boqueixón”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 345, 30 outubro 2013, p. 7.

Comenta que a exposición “Querido Balbino” feita en base a *Memorias dun neno labrego* (1961) de Xosé Neira Vilas se expón no centro de interpretación Pico Sacro de Boqueixón.

Creo, Carmiña. “Homenaxe á muller ‘que se entregou ás persoas desvalidas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 novembro 2013, p. 45

Informa dunha homenaxe a Anisia Miranda, muller de Xosé Neira Vilas, polo aniversario do seu pasamento, nun acto que tivo lugar en Gres por medio da fundación que leva o nome deste e onde tomaron parte autores como Olga Barreiro, Loli Beloso, Rosalía Morlán e o propio Neira Vilas.

Crisanto, S., “El rap se acerca a Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 xullo 2013, p. 44.

Coméntase que a rapeira Aíd impartiu un taller de rap-poesía sobre a figura de Rosalía de Castro. Sínálase que a actividade se desenvolveu no marco da exposición “No principio foi o verso. Rosalía de Castro”, organizada pola Fundación Barrié con motivo da celebración do 150 aniversario de *Cantares gallegos*.

C. S., “Amancio Prada pone música a los poemas de Rosalía y Lorca”, *La Región*, “Sociedad”, “Galicia: agenda cultural”, “Teatro”, 20 xuño 2013, p. 48.

Anúnciase a chegada ao Teatro Principal de Ourense do espectáculo “A Rosalía de Federico”, no que o cantautor Amancio Prada interpreta algúns dos poemas de Rosalía de Castro e Federico García Lorca.

Cuadrado, María, “Galicia lembra a Fernández del Riego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 xaneiro 2013, p. 35.

Dáse conta dos actos de homenaxe a Francisco Fernández del Riego en Lourenzá, a súa localidade natal e da que é fillo predilecto desde 2001, consistentes nunha misa en homenaxe, unha ofrenda floral ante o seu busto e a proxección do documental *Pegadas na memoria*. Anúncianse outros recoñecementos.

Cuadrado, María, “O ano Ben-Cho-Shey” *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 516, 4 maio 2013, p. 6.

Co gallo da exposición no Museo Provincial de Lugo dedicada á figura do intelectual Xosé Ramón Fernández-Oxea, máis coñecido como Ben-Cho-Shey, faise un repaso pola vida do autor e o seu legado.

Cuññas, Teresa, “El rastro obstinado de Rosalía”, *El País*, “Galicia”, 13 xullo 2013, p. 20.

Dáse noticia do descubrimento dun exemplar da primeira edición de *Cantares gallegos* que pertencera ao escritor Ramón Segade e que contén unha fotografía inédita de Rosalía de Castro, uns versos autógrafos e un manuscrito de Segade que reproduce a carta de agradecemento que Fernán Caballero lle enviou a Rosalía por terlle dedicado a súa obra. Sinálase que a descuberta tivo lugar no marco da exposición “No principio foi o verso”, organizada pola Fundación Barrié en Vigo.

D. A., “Música y la poesía de Lueiro Rey en el Acollemento Civil del pequeño Jairo”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 24 xuño 2013, p. 8.

Fálase do primeiro Acollemento Civil celebrado na comarca do Salnés destacando que a cerimonia se converteu nunha manifestación cultural coa lectura de poemas de Lueiro Rey como “Bicando o ceo” ou “O nenito neno”.

D. A., “Porenarte’ ofrece ocho semanas de actividades de ocio y cultura en Portonovo”, *Diario de Arousa*, “Sanxenxo”, 9 xullo 2013, p. 15.

Anúnciase o comezo do programa de actividades organizado pola Asociación Portonovo Encontros Artesáns, que vai acoller sesións de bibliopraia, proxeccións de cine, representacións teatrais, música e outras actividades para todos os públicos.

Dapena, Sonia, “Ferrín siembra dudas sobre su renuncia: ‘Sempre se pode cambiar de opinión’”, *Diario de Ferrol*, “Provincia”, p. 21/ *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, p. 13, 10 marzo 2013.

Recóllese o acontecido no acto de nomeamento do xornalista e escritor Xosé Fernández Ferreiro como numerario da Real Academia Galega, tomando conta das últimas e escasas explicacións de Xosé Luís Méndez Ferrín, actual presidente, sobre a súa permanencia á fronte da institución.

Deaño, Carlos “Agustín Magán ya cuenta con una sala en Santa Marta”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 novembro 2013, p. 29.

Informa do acto de inauguración da sala Agustín Magán no centro sociocultural de Santa Marta, o que supón un recoñecemento ao actor e director teatral. Destaca a apertura da exposición “O mundo de Ditea” e o obradoiro para nenos sobre a figura de Magán e a traxectoria de Ditea.

Díaz, Bruno, “El pasado lleno de presente de Fermín Penzol”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 9 xullo 2013, contracuberta.

Dáse conta da inauguración, con motivo do 50 aniversario da Fundación Penzol, da exposición “Unha obra para un país”, centrada na vida deste persoeiro e da súa fundación. Sinálase que no acto estiveron presentes Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, e Francisco Domínguez, director da Fundación Penzol.

Dopico Valle, Julia M^a, “Música para seis poemas”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Crónica cultural”, 10 febreiro 2013, p. 10.

Infórmase da publicación musical promovida pola Academia Galega da Lingoa Portuguesa e a cargo de Isabel Sanmartín, Juan Luís do Pico Orjais e Joám Trillo, homenaxe ao poeta ferrolán Ernesto Guerra da Cal, de quen se toman os versos para idear as partituras de “seis poemas universais”.

Dopico Valle, Julia M^a, “Premios de la SAF”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Crónica Cultural”, 20 outubro 2013, p. 11.

Explica que o colectivo musical Rosas, recibiu da SAF o Premio Gregorio Baudor.

Doval, L., “Un novo monumento para Rosalía”, *El Progreso*, “Domingo das Mozas”, “Día do traxe tradicional galego”, 6 outubro 2013, p. 8.

Dáse conta da iniciativa de varios colectivos lucenses interesados en buscar fondos para construír un novo monumento a Rosalía de Castro no parque que leva o seu nome.

D. R., “La Asociación Suárez Picallo homenaxea a Díaz Pardo tras un año de su muerte”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 10 xaneiro 2013, p. 22.

Coméntanse os actos en homenaxe a Isaac Díaz Pardo desenvolvidos pola Asociación Suárez Picallo, con mesa redonda a cargo de Felipe Senén e Xosé Luís Axeitos, proxección de *Isaac* de Xosé Abad, presentación do libro *A luminosa mirada dos ollos de Isaac* (2012), de Xosé Ramón Fandiño, e da reedición dos Cadernos de Estudos Locais, con *Isaac Díaz Pardo e as Cerámicas do Castro*, de Xosé Díaz e co novo número *Isaac en Sada: documentos*.

D. R., “La Capela de San Roque continúa con su muestra sobre Manuel Lugrís Freire”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 27 febreiro 2013, p. 19.

Lémbrese que a Capela de San Roque acolle a exposición dedicada ao polifacético Manuel Lugrís Freire no 150 aniversario do seu nacemento, no marco dos actos do Ano Lugrís 2013.

D. V., “Uxía canta versos de Manuel María”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Agenda”, “Música”, 13 setembro 2013, p. 4.

Comenta que para celebrar o Día da Cultura Chairega, cobrará protagonismo o traballo musical *Andando a terra*, de Uxía.

ECG, “Cándido Pazó preinaugura con una narración el Festival Atlántica”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 febreiro 2013, p. 31.

Anúnciase que o narrador galego Cándido Pazó preinaugurará o Festival Internacional Atlántica 2013 que promove o local Atlántico no seu 25 aniversario, facendo honra a todas as *Noites de Contos e Lendas* que alí se sucederon desde 1995.

ECG, “Barreiro e Davies subliñan a dimensión libre e transgresora de Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 marzo 2013, p. 37.

Explicase que o historiador Xosé Ramón Barreiro Fernández e a profesora da Universidade de Nottingham, Catherine Davies, subliñaron a dimensión transgresora de Rosalía de Castro na primeira sesión do congreso internacional *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*, organizado polo Consello da Cultura Galega. Dise tamén que interviron María do Cebreiro Rábade, Rosario Álvarez e Anxo Angueira.

ECG, “A Casa Cultural de Trives acolle a celebración do V Congreso Manuel Luís Acuña, poeta e mestre ourensán”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 marzo 2013, p. 39.

Recóllense algúns dos agradecementos que Ramón Acuña, fillo de Manuel Luís Acuña, mestre e poeta ourensán, pronunciou con motivo da celebración do V Congreso en

homenaxe ao seu pai na Casa Cultural de Trives. Anúnciase que pechará o congreso Xesús Alonso Montero coa conferencia “Lingua e literatura galega entre dous séculos”.

ECG, “Presentación en la librería Lila de Lilith”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 marzo 2013, p. 31.

Anúnciase a presentación na Librería de Mulleres Lila de Lilith en Santiago do caderno *Rachando Inercias* (2012) de once autoras menores de trinta anos, promovido polo CIM de Ribadeo e a plataforma cultural Sonda Norte, coa colaboración de Marica Campo.

ECG, “La Xunta homenajeará a Rosalía de Castro como defensora de los derechos femeninos”, *El Correo Gallego*, “Primer plano”, 6 marzo 2013, p. 7.

Anúnciase a celebración dun acto institucional o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, para o que a Xunta de Galicia escolleu como protagonista a Rosalía de Castro, “defensora dos dereitos femininos”, sumándose ao mesmo tempo á conmemoración do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. Dise que se empregará o mesmo lema que na derradeira campaña de sensibilización, “Sen mulleres, non hai Galicia”.

ECG, “A relación de Galicia coas literaturas europeas, en ‘De pedra e de palabra’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 marzo 2013, p. 42.

Anúnciase a V Bienal Literaria “De pedra e de palabra”, os días 15 e 16 de marzo no Museo Centro Gaiás, a cargo do Centro PEN de Galicia. Relacionando Galicia con literaturas de diferentes rexións de Europa, dise que participarán autoras e autores como Ramón Nicolás, Diego Ameixeiras, Luz Pozo ou Luís Mateo Díez, Clara Usón ou Massimo Saltafuso.

ECG, “García Lorca y la autora de ‘Negra Sombra’, unidos gracias a Amancio Prada”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 maio 2013, p. 42.

Dáse noticia do recital que vai ser presentado en Santiago de Compostela por Amancio Prada titulado *A Rosalía de Federico*, un diálogo escénico das dúas voces poéticas coas que Prada quere render homenaxe a Rosalía de Castro.

ECG., “A USC e o CGAC propoñen xornadas para unir o mundo do viño e a literatura galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 maio 2013, p. 41.

Infórmase de que a cafetaría CGAC (Centro Galego de Arte Contemporánea), coa colaboración da USC, organizou as *Xornadas sobre viño e cultura galega*, co obxectivo de buscar un punto de unión entre os dous mundos. A iniciativa, que conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia, desenvolverase tamén en Vigo. Dise que estas xornadas estarán dedicadas a Maruja Mallo, Rosalía de Castro ou Julio Camba.

E. C. G., “Muestra ‘Longa vida de pedra’ en el CSC Ensanche”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 8 setembro 2013, p. 23.

Explica que no “Centro Sociocultural y Juvenil del Ensanche”, se presentará a mostra “Longa vida de pedra” que recolle obras dos alumnos da Escola de Arte Maceira.

E. C. G., “Nove bolseiros completarán a súa formación no centro Ramón Piñeiro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 novembro 2013, p. 42.

Comenta que a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia incorporará nove bolseiros ao Centro Ramón Piñeiro, onde completarán a súa formación ata o ano 2015.

E. G., “El Teatro Municipal de Tui figura en el primer circuito teatral entre Galicia y Portugal”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 21 xuño 2013, p. 16.

Coméntase que o Teatro Municipal de Tui é un dos oito espazos que acollerán as trinta e dúas representacións que ofrece o programa “Troco x Troco”, o primeiro circuito de intercambio teatral entre Galicia e Portugal.

E. G., “Recital de Ana Romaní y Elvira Ribeiro en el aniversario de los Xogos Florais”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 23 xuño 2013, p. 18.

Anúnciase que con motivo do 122 aniversario dos Xogos Florais vaise celebrar en Tui un recital poético no que participarán Ana Romaní e Elvira Ribeiro.

E. G., “Arranque de humor para la Festa da Langosta”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 6 xullo 2013, p. 16.

Infórmase de que a compañía “Fulano, Mengano e Citano” foi a encargada de dar comezo á XXIII Festa da Langosta e da Cociña Mariñeira de A Guarda cun pregón cheo de humor e referencias históricas. Sinálase que o alcalde lles impuxo a insignia de ouro do Concello aos actores.

E. G., “Tui apuesta en su programa cultural por actividades de cine, teatro, música y magia”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 14 xullo 2013, p. 15.

Dáse noticia da presentación do programa cultural do Concello de Tui, que inclúe espectáculos de música, cine, teatro e maxia, varios deles destinados ao público infantil. Destácase que a programación inclúe dous espectáculos portugueses dentro do programa “Troco x Troco”.

E. G., “Aplausos de A Guarda para ‘A voz da memoria’”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 20 outubro 2013, p. 18.

Dá conta do espectáculo do cantautor Tino Baz no Centro Cultural da Guarda, baixo o título “A voz da memoria”.

Eijo Balseiro, Ramón, “Xan e Toxo”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 29 agosto 2013, p. 32.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Ramón Eijo Balseiro, intitulado “Xan e Toxo”.

Eiroa, Eduardo e Luís **Pousa**, “Alonso Montero: ‘Este españolista vai defender a lingua galega’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 maio 2013 p. 34.

Recóllense as palabras de Xesús Alonso Montero dirixidas á integrante do BNG da Coruña, Pilar García Negro, despois da visita do secretario xeral do PsdeG á Real Academia Galega. Isto sucedeu logo de que a representante do BNG o nomease como “españolista extremista” ao que el respondeu: “este españolista vai defender a lingua galega”.

Elvira, Sol, “Medio cento de amienses se adentran na ruta Rosaliana”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 543, 5 maio 2013, p. 6.

Refírese á ruta organizada polo Concello de Ames a través da Concellaría de Cultura para dar a coñecer a vida e obra de Rosalía de Castro. Dise que a ruta incluíu a Casa da Tarroeira e as igrexas de San Xoán de Ortoño e San Xulián de Bastavales.

Elvira, Sol, “Rodríguez di que na poesía de Rosalía xa se atopan as claves deste tempo de crise”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, 2 xuño 2013, p. 6.

Infórmase do acto que tivo lugar en Padrón co gallo do cento cincuenta aniversario de *Cantares gallegos*, organizado polo BNG. Sinálase que Francisco Rodríguez reivindicou que as verbas de Rosalía, nestes tempos de crise, están máis vivas ca nunca e desvelou que *Alborada* foi escrito para a partitura dun gaiteiro de Iria Flavia.

Enríquez, Andrea, “Xesús Alonso Montero dice ser una ‘ganga’ para la Real Academia”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 61./ *La Región*, “Sociedad”, p. 53/ “Yo soy una ganga para la Real Academia Gallega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, p. 41, 2 maio 2013.

Coméntanse as declaracións de Xesús Alonso Montero ao afirmar que é un “chollo” para a Real Academia Galega, referíndose ao aforro de ata trece mil euros ao renegar do vehículo oficial para utilizar o transporte público.

E. O., “A RAG escolle a quinta muller que entrará no seu plenario”, *La Opinión*, “Cultura”, 18 xaneiro 2013, p. 55.

Infórmase de que a Real Academia Galega escollerá hoxe mediante votación á quinta autora galega que ocupará a cadeira que Xaime Illa Couto deixou vacante, entre dúas produtoras de perfís moi diferenciados: da transgresión poética de Chus Pato, á Literatura Infantil e Xuvenil de Fina Casalderrey. Recóllense comentarios de ambas.

E. O., “Académicos prevén una elección reñida del nuevo presidente de la RAG y barajan una segunda vuelta”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 25./ *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, p. 33, 6 abril 2013.

Recóllese a posibilidade de que sexa necesaria unha segunda votación a causa de que os dous candidatos para presidir a Real Academia Galega, Alonso Montero e Manuel González non contan cunha maioría folgada.

E. O., “Montero y González apuran los contactos para ganar apoyos al prever una votación ‘ajustada’ en la RAG”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 25./ *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, p. 36, 19 abril 2013.

Infórmase da situación das eleccións á presidencia da Real Academia Galega despois da dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín. Explicase que é a primeira vez na historia que dúas listaxes concorren á presidencia e tanto Xesús Alonso Montero, coma Manuel González prevén unha votación axustada.

E. O., “Una conferencia del poeta Luís García Montero abre los actos por Rosalía en Madrid”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 outubro 2013, p. 40.

Con motivo do cento cincuenta aniversario de *Cantares gallegos*, coméntase que Luís García Montero inaugura o ciclo “Rosalía de Castro: la tradición y la modernidad”. Infórmase de que entre as actividades están incluídas unha conferencia de Arcadio López Casanova e a presenza de autores como Marina Mayoral, Carlos Reigosa ou Luís Alberto de Cuenca

E. P., “El Ágora acogerá desde el miércoles la segunda edición de Coruña Mayúscula”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 marzo 2013, p. 43.

Comunícase o inicio da segunda edición do festival Coruña Mayúscula no centro sociocultural Ágora, con obradoiros gratuítos de relato (Ángel Zapata) e poesía (Gonzalo Escarpa), sesións de teatro, cine e performance. Anúnciase tamén que participarán Yolanda Castaño, Manuel Rivas, Ada Salas, Kepa Murua ou Jordi Corominas lendo textos para o alumnado de institutos da cidade, entre outras actividades.

E. P., “Las redes de Agadic programarán 159 funciones teatrales de abril a agosto”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 marzo 2013, p. 42.

Infórmase de que a Consellería de Cultura programará cento cincuenta e nove funcións entre abril e agosto a través da Rede Galega de Teatros e Auditorios e da Rede Galega de Salas, os dous circuitos de distribución escénica que xestiona a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

E. P., “Alonso Montero niega una fractura entre los académicos de la RAG”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 5 maio 2013, p. 46.

Dáse conta de que o pleno da Real Academia Galega acordou que este ano o Día das Letras Galegas fose dedicado a Roberto Vidal Bolaño. Sinálase que este feito coincide cos primeiros pasos do novo presidente, Xesús Alonso Montero, quen ademais negou unha fractura no seo da Real Academia Galega.

E. P., “Padrón retoma la romería con una actuación teatral”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 626, 23 xullo 2013, p. 6.

Coméntase que a romaría do Santiaguíño do Monte se retoma cunha actuación de Teatro do Andamio.

E. P., “Entrega del ‘importante’ legado Rodríguez Yordi”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 agosto 2013, p. 41.

Coméntase que a familia do escritor Julio Rodríguez Yordi lle fixo entrega á Real Academia Galega dun fondo de manuscritos do arquivo persoal do autor. Sinálase que no acto Xesús Alonso Montero destacou a importancia do legado literario de Rodríguez Yordi e subliñou que o autor deixou material inédito.

E. P., “O poeta Arcadio López-Casanova, novo membro honorario da RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 novembro 2013, p. 41.

Dá noticia do ingreso na Real Academia Galega como membro honorario do poeta e investigador Arcadio López-Casanova. Informa de que o seu discurso, contestado polo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, se titulou “A modernidade poética de Rosalía: unha interpretación” e versou sobre a importancia da autora e da súa obra innovadora *Follas Novas*.

E.P., “Más de 400 representantes de la cultura gallega exigen la retirada de la Lomce”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 19 novembro 2013, p. 38.

Explica que máis de catrocentos representantes do panorama cultural galego, entre os que se atopan Suso de Toro, Agustín Fernández Paz e Isabel Risco, firmaron un

manifesto impulsado pola Plataforma Galega do Ensino Público para esixir a retirada da LOMCE.

Estévez, Iván, “Sutil chega a Agadic coa oferta de ‘diálogo e de transparencia’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 marzo 2013, p. 43.

Comúnicase a toma de posesión do cargo de director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) por parte de Jacobo Sutil, recollendo as súas intencións e algún comentario sobre a situación actual das industrias culturais de Galicia.

Félix, M., “El IEB rescata a González Alegre”, *Diario de León*, “El Bierzo”, 7 abril 2013, p. 18.

Destaca que o poeta Ramón González Alegre será o protagonista das VIII Xornadas de Autor do Instituto de Estudos Bercianos (IEB) que se desenvolverán en Vilafranca do Bierzo e mais en Ponferrada entre o 14 e o 17 de abril de 2013. Tamén se indica que contarán coa presenza da directora do IEB, Mar Palacio, así como de X. L. Méndez Ferrín e de X. H. Costas.

Fernández, J., “El hockey sobre hielo llega a Compostela”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 20 xaneiro 2013, contracuberta.

Dáse conta da presentación do volume *Perspectivas sobre Bóveda: ensaios e poemas polo seu 75 aniversario* (2012) no centro sociocultural de Sigüeiro. Sinálase que o libro acolle ensaios de sete autores galegos en torno á figura de Alexandre Bóveda.

Fernández, J., “Cuando el surrealismo alcanzó al pop”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, 31 maio 2013, contracuberta.

Entre outras novas, refírese á presentación en Santiago de Compostela do segundo volume de *Anthology of Galician Literature. 1981-2011* (2012), de Jonathan Dunne. Explicase que o libro foi publicado por Galaxia e Xerais e ofrece obras de autores galegos traducidos ao inglés.

Fernández, J., “O Curro da Parra amplía al Pazo de Altamira”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 20 novembro 2013, contracuberta.

Dá conta da apertura do Hotel Literario San Bieito, inmobile que serviu de morada a Manuel Murguía no século XIX.

Fernández, José, “Tacho González contagia su buen humor”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 20 marzo 2013, contracuberta.

Anúnciase a conmemoración do Día da Poesía co espectáculo *Despois de ti, a chuvia* na

Cidade da Cultura, actuación de Xosé Carlos Caneiro con música de Emilio Rúa, na que se di que estarán acompañados polo músico José Gayoso.

Fernández, Laura, “O Ano Celso Emilio remata coa súa consolidación como ‘poeta do pobo’”, *La Región*, “Provincia”, “Celanova”, 5 xaneiro 2013, p. 13.

Coméntanse os diferentes actos en honra de Celso Emilio Ferreiro que a súa vila natal acolleu no 101 aniversario do seu nacemento, comezando polo recitado dos seus versos no interior do Mosteiro celanovés e no salón de plenos, e continuando pola presentación da carpeta de gravados *Sen límites*, con textos de Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio e Xosé Luís Méndez Ferrín ou o borrado simbólico da pintura que Picasso dedicou a Celso Emilio.

Fernández, Laura, “Leopolda Ferreiro e os presos”, *La Región*, “Celanova”, 12 abril 2013, p. 19.

Infórmase da xornada de portas abertas, que tivo lugar na biblioteca do instituto de San Rosendo, en recordo á familia Ferreiro. Dise que nesta xornada, que foi levada a cabo polo profesor Xoán Carlos Domínguez, presentouse o novo logotipo do instituto que leva por nome “IES Celanova Celso Emilio Ferreiro”.

Fernández, Laura, “La Fundación Curros asumirá la gestión turística municipal”, *La Región*, “Celanova”, 22 decembro 2013, p. 22.

Explica que a comisión executiva da Fundación Curros Enríquez asinou un convenio co Concello para xestionar os servizos turísticos do municipio de Celanova.

Fernández, Xurxo, “Flores raras”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 7 xaneiro 2013, p. 56.

A carón doutras presentacións de orde musical, dáse conta, por unha banda, da aparición de *Música antiga*, de Ricardo Martínez Conde en Libros da Frouma, na estela do seu apostolado co haiku en Galicia e, pola outra, a de *Caderno de Ordes* (2012) en Toxosoutos, de Euloxio R. Ruibal, dramaturgo e novelista.

Fernández Blanco, Beatriz, “O pacto”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 29 agosto 2013, p. 33.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Beatriz Fernández Blanco, intitulado “O pacto”.

Fernández Braña, Alba, “En pé por un futuro”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 29 agosto 2013, p. 48.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Alba Fernández Braña, intitulado “En pé por un futuro”.

Fernández Cabaleiro, M^a del Rosario, “A lanchiña da esperanza”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 25 agosto 2013, p. 38.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducéase o realizado por M^a del Rosario Fernández Cabaleiro, intitulado “A lanchiña da esperanza”.

Fernández Martínez, Isolina, “Treboada na casa”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 28 agosto 2013, p. 33.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Isolina Fernández Martínez, intitulado “Treboada na casa”.

Ferreira, A., “El Teatro tudense recibió 21.000 usuarios en el 2012”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana. Baixo Miño”, 16 xaneiro 2013, p. 16.

Infórmase, por medio de cifras, da actividade da sala municipal de teatro de Tui, que acolleu un total de setenta e unha actividades culturais, das cales dezaioito corresponden á programación oficial organizada polo Concello coa axuda da Agadic.

Ferreira, Antón, “El Teatro Municipal de Tui celebra 10 años de actividad”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana. Baixo Miño”, 24 marzo 2013, p. 20.

Comunícase que o día 11 de abril o Teatro Municipal de Tui cumprirá dez anos de actividade, celebrados cunha programación que abarcará até finais de maio con teatro, cine, títeres, música e actividades que se farán coincidir coas festas de San Telmo e as feiras de Artesanía e do Libro.

Ferreira, Antón, “Aniversario de los Xogos Florais de Galicia, en Tui”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana/Baixo Miño”, 23 xuño 2013, p. 18.

Infórmase de que o Concello de Tui vai conmemorar o CXXXII aniversario dos Xogos Florais coa celebración dun recital poético no que participarán Ana Romaní e Elvira Ribeiro.

Ferreiro, Mariluz, “Millones de páginas de ficción y realidad”, *La Voz de Galicia*, “Premios Fernández Latorre”, 22 novembro 2013, p. 15.

Explica o labor de *La Voz de Galicia* e a editorial Galaxia na publicación de páxinas sobre Galicia e os galegos, co gallo da entrega de Premios Fernández Latorre.

F. G., “Villares y Alonso Montero, en el homenaje a Díaz Pardo en Monterroso”, *El Progreso*, “A Ulloa”, 23 maio 2013, p. 23.

Dáse conta da homenaxe a Isaac Díaz Pardo que terá lugar no centro sociocultural de Monterroso e na que intervirán Ramón Villares e Xesús Alonso Montero, ademais do cantautor Miro Casabella.

F. G., “El Concello de Monterroso homenaja al artista Isaac Díaz Pardo”, *El Progreso*, “Comarcas”, 25 maio 2013, p. 19.

Refírese aos actos que terán lugar no centro sociocultural de Monterroso para a homenaxe a Isaac Díaz Pardo, nos que intervirán Ramón Villares e Xesús Alonso Montero.

Fidalgo, Carlos, “Un escritor entre dos lenguas”, *Diario de León*, “El Bierzo”, 15 abril 2013, p. 17.

Co gallo da celebración no Bierzo das VIII Xornadas de Autor do Instituto de Estudos Bercianos, nesta edición en homenaxe a Ramón González Alegre, recálcase o rol clave de González Alegre no rexurdimento da poesía galega despois da guerra civil e asemade apúntase que estas xornadas contarán coa presenza de Xosé Luís Méndez Ferrín e Xosé Henrique Costas.

Flowers, Margarito, “Recital de la poetisa egipcia Iman Mersal en el hotel Araganey”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 16 xaneiro 2013, p. 56.

Anúnciase o recital poético da autora exipcia Iman Mersal que o hotel Eurostars Araganey de Santiago de Compostela acollerá. Dise que a poeta, da vangarda poética árabe dos 90, con importante presenza do poema en prosa, estará acompañada por Yolanda Castaño e a cantante Najla Shami.

Fraga, Xesús, “Creación galega sen fronteiras”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 500, “As 10 promesas do s. XXI”, 5 xaneiro 2013, p. 12-13.

Bótase unha ollada ás novas xeracións de creadoras e creadores galegos, salientando a cantidade de información e referentes cos que parten, aspirando a crear coa maior liberdade. No ámbito literario, salientase a Lorena Souto (O Páramo, 1983), Adelaida Vidal (A Coruña, 1986) e Marcos Abalde (Vigo, 1982). Noutros, a Darío Mariño, Aíd, Pela del Álamo, Álex Cal, Diana Toucedo, Jorge Perianes e Victoria Diehl.

Fraga, Xesús, “Fallece el editor gallego Gonzalo Canedo, director de Libros del Silencio”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 xaneiro 2013, p. 33.

Comunícase o falecemento de Gonzalo Canedo (Cerceda, 1955), director de Libros del Silencio desde 2009, centrada na publicación de novela, poesía e ensaio de humanidades, cun catálogo de case cincuenta títulos até o momento.

Fraga, Xesús, “Achado un libro inédito do poeta romántico Aurelio Aguirre”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 abril 2013, p. 34.

Infórmase da publicación dun libro de poemas inéditos de Aurelio Aguirre na editorial Alvarellos. Explicase que o propio editor Henrique Alvarellos achou a obra entre os fondos do Museo de Pontevedra no Arquivo da Deputación.

Fraga, Xesús, “A colección poética de Espiral Maior supera xa os 250 títulos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xuño 2013, p. 25.

Infórmase das novidades editoriais de Espiral Maior, que chega aos douscnetos cincuenta títulos publicados coa aparición de *Ata o corazón da mazá* (2013).

Fraga, Xesús, “Joaquín Pixán canta a Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 xuño 2013, p. 28.

Coméntase que o tenor Joaquín Pixán, a soprano Teresa Novoa e o pianista Alejandro Zabala veñen de gravar o disco “15 canciones”, no que lle poñen voz a quince composicións do poemario *Cantares gallegos* valéndose da música de compositores de diversas épocas.

Fraga, Xesús, “El canon de las letras hispánicas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 xullo 2013, p. 27.

Coméntase que a colección Letras Hispánicas da editorial Cátedra cumpre corenta anos. Sínálase que a colección se inaugurou cun volume que recollía catro obras de Castelao editadas por Xesús Alonso Montero e que acaba de chegar aos setecentos vinte e cinco títulos. Destácase que o catálogo inclúe obras de máis dunha decena de autores galegos como Alfonso X, Rosalía de Castro ou Rafael Dieste, entre outros.

Fraga, Xesús, “A literatura galega ábrese paso en Bulgaria”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 outubro 2013, p. 41.

Dá a coñecer as obras de Xosé Neira Vilas, Agustín Fernández Paz, Manuel Rivas e Lois Pereiro que foron traducidas ao búlgaro.

Fraga, Xesús/ **Lucía Rey**, “A Agadic desbloquea as axudas culturais dos anos 2012 e 2013”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 febreiro 2013, p. 40.

Explícase que o Diario Oficial de Galicia publicou onte a convocatoria de subvencións ás industrias culturais de Agadic, que se reducen de 740.000 euros a 550.000, coas conseguíntes reivindicacións e peches de representantes da escena galega.

Fraguela Vale, Raúl, “Cara ou cruz”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 16 agosto 2013, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducíase o realizado por Raúl Fraguela Vale, intitulado “Cara ou cruz”.

Franco, C., “O Premio Voz da Liberdade do Pen Galicia reconece a obra de Salvador García-Bodaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 xuño 2013, p. 37.

Dáse conta do recoñecemento co “Premio Voz da Liberdade” do Pen Galicia ao poeta e académico da Real Academia Galega Salvador García Bodaño. O xurado concedeu o premio por unanimidade e salientou o compromiso do autor na loita pola democracia.

Franco, Camilo, “O baleiro de Isaac Díaz Pardo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 xaneiro 2013, p. 44.

Coméntase a xornada de lembranza de Isaac Díaz Pardo no seu cabodano, en Boisaca. Sinálase que, coincidindo co 75 aniversario da morte de Ramón María del Valle-Inclán, se cruzaron himnos, palabras, pombas e mazás, dando a coñecer tamén os primeiros pasos dunha Academia Real Isaac Díaz Pardo que dea a coñecer a súa figura e obra. Reclámase tamén a catalogación do seu fondo documental.

Franco, Camilo, “Galicia perdeu mil funcións de teatro entre os anos 2009 e 2011”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 xaneiro 2013, p. 33.

Explicitábase que un informe do Consello da Cultura Galega describe o panorama dramático desde a “precarización” actual do sector, con liñas de traballo a curto prazo, fragilidade nas empresas teatrais, falta de visibilidade e de políticas de promoción e comunicación ou falta de profesionais especializados na xestión de compañías.

Franco, Camilo, “Las editoras españolas publicaron 7.000 títulos menos que en el 2011”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xaneiro 2013, p. 40.

Analízanse esquematicamente, grazas ao informe do ISBN que a Federación do Gremio de Editores Españois fixo público, a baixada da edición nun 8% no conxunto do país. Sinálase que a edición galega é a sexta en importancia do conxunto do estado, supondo

un 2,48 do total. Remátase sinalando que os libros de ficción, os de Literatura Infantil e Xuvenil e os de medicina son os máis editados.

Franco, Camilo, “As artes escénicas reclaman un plan para saír da parálise”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 xaneiro 2013, p. 38.

Infórmase da mobilización realizada pola Plataforma das artes escénicas que reuniu onte ás portas do Salón Teatro de Santiago a douscentos integrantes do sector, reclamando un plan que poña en marcha a rede da Agadic e o cese dos recortes da Xunta de Galicia en materia de cultura.

Franco, Camilo, “A elegancia dos malos tempos”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, “Vai por aí”, 31 xaneiro 2013, p. L6.

Anúnciase a festa de circo cabaré que se celebra por riba das Cancelas, en Santiago de Compostela, animando a asistir.

Franco, Camilo, “Alborada para o inicio da Galicia contemporánea”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 febreiro 2013, p. 33.

Infórmase da escolla do día 24 de febreiro, Día de Rosalía, para a convocatoria da Alborada para Rosalía. Trátase dunha celebración estendida á que están chamados os gaiteiros de toda Galicia para interpretar nas súas localidades a Alborada, último texto de *Cantares gallegos*. Recóllense palabras de Anxo Angueira, presidente da fundación rosaliana, e de Xosé Luís Méndez Ferrín animando á participación.

Franco, Camilo, “O mundo cultural entende a dimisión de Ferrín como ‘desproporcionada’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 febreiro 2013, p. 32.

Recóllense declaracións de tres académicos: Euloxio R. Ruibal, que forma parte da executiva da Real Academia Galega; Víctor Freixanes, editor e escritor; e de Salvador G. Bodaño, poeta, considerando que as polémicas non xustifican unha renuncia que ninguén pediu. Pola contra, Darío Xohán Cabana e Manuel Rivas reconsideran a súa permanencia na institución tras o “cainismo” observado.

Franco, Camilo, “Cadaval senta a escribir”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, 28 febreiro 2013, p. L2.

Explícase o proceso de escrita ao vivo durante quince horas de Quico Cadaval no Bar O Trece de Santiago de Compostela, tentando poñer peche a vinte e dous romances inconclusos, o seu primeiro libro, formado por vinte e dous inicios de novelas. En tres semanas, Edicións do Trece convertirá en libro a experiencia.

Franco, Camilo, “Todos os contos e todos os contistas xúntanse en Atlántica”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Narración oral”, 1 marzo 2013, p. 8.

Preséntase a nova edición de Atlántica, o Festival Internacional de Narración Oral, dirixido por Soledad Felloza. Anúnciase que contarán historias Cándido Pazó, Quico Cadaval, Paula Carballeira, Celso Fernández Sanmartín ou José Campanari, entre outros; mentres que disertarán sobre as características do xénero Manuel Rivas, Xabier P. Docampo ou Antonio Reigosa, entre outros.

Franco, Camilo/ Luís Pousa, “Villares: ‘A tensión créana os mesmos que a denuncian’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 marzo 2013, p. 35.

Recóllense as opinións de Ramón Villares como presidente do Consello da Cultura Galega sobre a delicada posición na que se atopa a Real Academia Galega tras a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín, as acusacións ao CCG ou o ambiente dentro da Real Academia Galega.

Franco, Camilo, “O oficio de escoitar”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, “Vai por aí”, 7 marzo 2013, p. L6.

Explícase, cun estilo literario e libre, a chegada de Atlántica, o festival de narración oral de Santiago de Compostela. Sínálase que o “instinto” da narrativa oral será practicado por Quico Cadaval, Paula Carballeira, Pedro Brandariz ou Raquel Queizás, entre outros.

Franco, Camilo, “O sector escénico non logra compromisos en Cultura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 marzo 2013, p. 36.

Coméntase que a reunión da Plataforma das Artes Escénicas co titular da Consellería de Cultura e Educación, Xesús Vázquez Abad, non deu froitos nin compromisos de ningún tipo e que segue a estar practicamente descartado que haxa axudas á produción ou distribución para o ano en curso.

Franco, Camilo, “O sector acolle con críticas ao novo director da Agadic”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 marzo 2013, p. 34.

Recóllense as reaccións de sorpresa e perplexidade ante o nomeamento de Jacobo Sutil como novo director da Agadic por parte da Xunta de Galicia, ao considerar que o economista non ten ningunha experiencia en industrias culturais.

Franco, Camilo, “O novo director da Agadic promete «rigor e pluralidade»”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 marzo 2013, p. 39.

Preséntanse as primeiras declaracións de Jacobo Sutil, novo director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), tras tomar posesión do cargo e tralas críticas que suscitou como persoa allea ao mundo da xestión cultural.

Franco, Camilo, “Bichos que se arrastran”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, “Vai por aí”, 14 marzo 2013, p. L7.

Recórdase a actividade en microfuncións na sala de microteatro A Regadeira de Adela, en “fragmentos de quince minutos, es espazos de moito menos de quince metros cadrados, con moitas menos de quince persoas e por moito, moito menos de quince euros”.

Franco, Camilo, “Sen lugar para a indiferenza”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 marzo 2013, p. 44.

Realízase un balance do paso de Xosé Luís Méndez Ferrín pola Real Academia Galega, salientando a súa insistencia na necesaria lealdade institucional, as actividades postas en marcha, a presenza da Real Academia Galega na sociedade, a dinamización do dicionario en rede ou a designación de Lois Pereiro como autor do Día das Letras Galegas. Revísanse tamén algúns temas que causaron molestia entre as e os membros da Academia.

Franco, Camilo, “Mateo Díez: ‘No he hecho otra cosa que contar la vida’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 marzo 2013, p. 38.

Exponse a intervención do escritor leonés Mateo Díez na bienal *De pedra e de palabra* organizada polo Centro Pen de Galicia. Dise que o autor disertou sobre a experiencia infantil, a necesidade de contar, o achado de Celama como territorio xeográfico para as historias ou o seu interese pola literatura italiana do século XX.

Franco, Camilo, “Alonso Montero, disposto a falar de todo ‘menos da presidencia’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 abril 2013, p. 32.

Recóllense algunhas das afirmacións de Xesús Alonso Montero tras rexistrar a súa candidatura para a presidencia da Real Academia Galega (con Rosario Álvarez e Andrés Torres Queiruga) e máis as firmas que avalan a súa lista, como Xesús Ferro Ruibal, Margarita Ledo, Henrique Monteagudo e Francisco Díaz Fierros.

Franco, Camilo, “González rexeita a última oferta de integración de Alonso Montero”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 abril 2013, p. 34.

Refírese á oferta de integración realizada polo candidato Xesús Alonso Montero á lista de Manuel González, quen rexeitou a oferta argumentando que as condicións propostas non son aceptábeis e que os académicos que apoian a súa candidatura desaconselláronlle a integración.

Franco, Camilo, “Outros xeitos de contar”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 514, “En portada”, 20 abril 2013, pp. 2-3.

Desenvólvese o pensamento das directoras de arte escénico Marta Pazós, María Torres, Fefa Noia e Vanesa Sotelo sobre as cuestións de sexo no ambiente profesional no que se moven, cuestións que aínda seguen a ser desvantaxosas para as mulleres. Consideran que hai unha necesidade de garantir o teatro para as vindeiras xeracións. Cada unha fala de como desenvolve o seu traballo e reflexionan sobre as relacións que o teatro mantén co público, unha relación máis preta que noutros xéneros.

Franco, Camilo, “Rosalía y Vidal Bolaño pasean por la Feria del libro de Buenos Aires”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 maio 2013, p. 32.

Dáse conta da presenza das imaxes dos autores Rosalía de Castro, Roberto Vidal Bolaño e Francisco Fernández del Riego que se expoñen estes días na Feira do Libro de Bos Aires. Sinálase que son as figuras representativas do espazo que comparten a Xunta de Galicia e o Centro Dramático Galego na feira. Explicase que Vidal Bolaño está presente por ser o protagonista do Día das Letras Galegas e Rosalía, polo cumprimento do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. Ademais, Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego ofreceu unha charla arredor da figura de Vidal Bolaño.

Franco, Camilo, “Culturgal reducirá o seu programa, para asumir os recortes económicos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 maio 2013, p. 41.

Refírese á convocatoria da feira Culturgal do ano 2013, promovida pola Asociación Culturgal, que este ano será na mesma localización e nas mesmas datas, pero debido aos recortes en cultura será máis pequena.

Franco, Camilo, “A Man que definiu a Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 maio 2013, p. 50.

Infórmase de que o retrato máis famoso, coñecido e utilizado de Rosalía de Castro foi realizado polo fotógrafo Antonio Portela Paradela. Esta imaxe está exposta na Fundación Barrié de Vigo, dentro da exposición que ten por nome *No principio foi o verso*.

Franco, Camilo, “Galician Songs’ leva a poesía de Rosalía ao mercado anglófono”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 maio 2013, p. 38.

Dáse conta da publicación en versión inglesa dos poemas de *Cantares gallegos*, aproveitando o cento cincuenta aniversario da súa publicación. Dise que, publicada polo editor inglés Jonathan Dunne co título *Galician Songs*, conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura.

Franco, Camilo, “A RAG será ‘máis rigorosa’ para escoller ao autor do Día das Letras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 xuño 2013, p. 24.

Comenta que a Real Academia Galega quere aplicar un sistema máis organizado e rigoroso para escoller o homenaxeado no Día das Letras Galegas e dá conta da presentación na sede da Real Academia Galega dos actos que se celebrarán na honra de Xosé María Díaz Castro.

Franco, Camilo, “Catro nomes para o Día das Letras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 xuño 2013, p. 33.

Indica que os catro candidatos para ser homenaxeados no Día das Letras Galegas de 2014 son Xosé M.^a Díaz Castro, Ricardo Carvalho Calero, Xosé Filgueira Valverde e mais Fiz Vergara Vilariño.

Franco, Camilo, “Díaz Castro podería saír elixido como autor para as Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 xuño 2013, p. 39.

Infórmase de que a Real Academia Galega vai celebrar o acto de elección do homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2014. Coméntanse os motivos que levaron á escolla dos catro finalistas: Ricardo Carvalho Calero, Xosé María Díaz Castro, Xosé Filgueira Valverde e Fiz Vergara Vilariño. Sinálase que, dos catro candidatos, Díaz Castro é o que parece suscitar un maior acordo.

Franco, Camilo, “O retrato interpretativo de Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 523, “En portada”, 22 xuño 2013, pp. 2-3.

Fálase da exposición “No principio foi o verso: Rosalía de Castro”, organizada con motivo do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, co obxectivo de retratar o contexto no que foi escrita a obra. Sinálase que a mostra lle presta especial importancia ao contorno vigués no que se publicou o libro e á capacidade da obra para adaptarse á modernidade, converténdose nun símbolo de identidade, así como ao imaxinario, co fin de mostrar as distintas interpretacións da autora que se fixeron ao longo da historia e o seu proceso de mitificación.

Franco, Camilo, “Día das Letras para Díaz Castro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xuño 2013, p. 53.

Infórmase de que Xosé María Díaz Castro foi elixido pola Real Academia Galega como autor homenaxeado no Día das Letras Galegas do 2014. Coméntase que Alonso Montero destacou a importancia de *Nimbos* e fixo referencia ao poema “Penélope”. Tamén se sinala que Fiz Vergara Vilariño foi o segundo candidato máis votado.

Franco, Camilo, “O territorio natural da xente”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 523, “Teatro”, 22 xuño 2013, p. 6.

Fálase da traxectoria do actor Xosé Manuel Olveira, “Pico”, destacando a súa gran versatilidade e a súa capacidade para captar a esencia dos personaxes. Sinálase que foi un dos actores máis recorrentes nos elencos do Centro Dramático Galego e coméntase que actuou tanto en dramas como en comedias, sendo os personaxes de clase traballadora o seu territorio natural.

Franco, Camilo. “A Agadic destinará 1,2 millóns de euros ao sector audiovisual”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 agosto 2013, p. 34.

Infórmase de que a Agadic destinará 1,2 millóns de euros ao sector audiovisual que serán repartidos entre as artes escénicas e as salas de teatro.

Franco, Camilo, “A casa de Manuel María reunirá todo o legado do poeta chairego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 setembro 2013, p. 32.

Explica que a Casa de Hortas reabrirá as súas portas despois da súa rehabilitación no que se reunirá a biblioteca do autor que se atopaba na Universidade da Coruña, o patrimonio artístico que se atopaba no Museo de Lugo e o literario que estaba a disposición da Real Academia Galega.

Franco, Camilo/ Mar **Gil**, “Ferrín reitera que hai ameazas contra a independencia da RAG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 marzo 2013, p. 3.

Comúnanse algunhas das afirmacións realizadas por Xosé Luís Méndez Ferrín en canto aos perigos da Real Academiga Galega, como a súa supervivencia e independencia, recollidas na Ínsua dos Poetas, no Día da Poesía. Sinálase que, en boa medida, son afirmacións en resposta a un artigo de Xosé Luís Franco Grande.

Franco, Camilo/ Luís **Pousa**, “Méndez Ferrín: «Fixéronme sentir que eu non teño sitio na Academia»”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 febreiro 2013, p. 36.

Explicanse polo miúdo os problemas internos da Real Academia Galega e o debate público creado que levaron á dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín como presidente e tamén como numerario. Recóllense declaracións súas, a carta de dimisión e palabras doutros académicos, como o actual secretario, Xosé Luís Axeitos.

Franco, Camilo/ Luís **Pousa**, “O Consello da Cultura nega «interferencias» na Academia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 febreiro 2013, p. 3.

Mentres a AELG, o Centro Pen de Galicia ou o reitor da Universidade da Coruña piden que Xosé Luís Méndez Ferrín continúe á fronte da Real Academia Galega, sinálase que o Consello da Cultura Galega desmentiu subrepticamente unha das últimas acusacións que sobre el se verquera.

Franco, Camilo/ Luís **Pousa**, “Un sector de académicos cre que a polémica xa avanza cara á reconciliación na RAG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 marzo 2013, p. 32.

Infórmase da opinión de Manuel Rivas, interceptado antes da charla inaugural do Festival Internacional Atlántica de narración oral, que ve a situación interna da Real Academia Galega máis relaxada. Anuncia que na vindeira sesión do plenario se revisarán detalladamente as contas, aínda que isto xa se presentou cando cumpría, segundo o vicesecretario da Real Academia Galega, Francisco Fernández Rei.

Franco, Fernando, “Los cuentos de Bea”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 23 xaneiro 2013, p. 10.

Anúnciase a sesión de contos para adultos ás nove da noite, no restaurante de comida vexetariana Gálgala. Coméntase que “Contos na faldriqueira” é un espectáculo de Bea Campos, con David González ao acordeón e un repertorio de historias de taberna.

Franco, Fernando, “De poetas, esos tipos raros”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 6 febreiro 2013, p. 9.

Coméntase que o sábado o colectivo “Sétimo Andar” presentou en A Cova dos Ratos o número 7 dos *Q de Vian Cadernos*, con nomes como Iolanda Aldrei, Rosa Enríquez, Manolo Pipas, Ramiro Vidal, Verónica Martínez, Alberte Momán etc. Pola súa banda, tamén se sinala que o colectivo Penúltimo Acto recitará no café UF con poetas como Nolim González, Raquel Pazos, Alexandre Ínsua, Rosanegra etc.

Franco, Fernando, “La placa de Paco del Riego”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 6 marzo 2013, p. 12.

Anúnciase a colocación, en maio, dunha placa a Francisco Fernández del Riego no seu domicilio vigués, da man da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Fundación Peña Novo.

Franco, Fernando, “En 1980 me detectaron un cáncer y me dieron tres meses de vida”, *Faro de Vigo*, “Estela”, n.º 569, “Memorias”, 14 abril 2013, pp. 14-15.

Refírese á vida do escritor, editor e promotor inmobiliario Olegario Sotelo Blanco. Faise un repaso da súa traxectoria vital e do seu traballo como editor e escritor. Por último, salientase o seu regreso a Galicia e a superación dun cancro.

Franco, Fernando, “De un escrache teatral”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 25 abril 2013, p. 10.

Infórmase da pouca visibilidade dos libros galegos de teatro, que se acentúa cando son revolucionarios como *Banqueiros* (2012). Explicase que por esta razón se vai presentar a obra na Biblioteca de EMAO de Vigo. Dise que os encargados serán os seus

responsábeis: M^a Xosé Queizán, Vanesa Sotelo, Xosé M^a Álvarez Cácamo, Alfonso Becerra, Santiago Cortegoso e Xosé Manuel Pazos.

Frieiro, F., “A Mesa das Verbas xira este venres arredor da obra de Gonzalo Bouza-Brey”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 9 xaneiro 2013, p. 9.

Coméntase que a vindeira Mesa das Verbas no Liceo arousán reservará unha parte para a homenaxe e lembranza de Gonzalo Bouza-Brey, intelectual vilagarcían finado recentemente. Explicanse tamén as actividades que a Mesa das Verbas organiza.

Frieiro, F., “Carril, a terra na que Rosalía se despediu do mar”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 25 febreiro 2013, p. 3.

Relátase o desenvolvemento da alborada en honra á autora de *Cantares gallegos* en Carril, ao facérense anos da publicación do volume, realizando o traxecto desde o busto de Rosalía de Castro até a “casa da parra”, onde contemplou o mar días antes de morrer. Sinálase que en Cambados, Riveira e Boiro se realizaron tamén alboradas.

García, Francisco, “A Ulloa, algo más que puro teatro”, *El Progreso*, “A Ulloa”, 10 febreiro 2013, p. 22-23.

Coméntase a potencia do drama escénico na comarca da Ulloa, con catro grupos teatrais moi activos nun total de menos de doce mil veciños e unha experiencia social pioneira: o espectáculo Son D’Aldea, que na parroquia de Albá (Palas de Rei) recrea a finais do verán unha ruta de escenas cotiás no medio rural galego de hai medio século.

García, Francisco, “La casa-museo de Manuel María será inaugurada el día 7 de septiembre”, *El Progreso*, “Comarcas”, 27 maio 2013, p. 21.

Dáse conta de que a Fundación Manuel María inaugurará o vindeiro mes de setembro un museo dedicado ao autor na súa terra: Outeiro de Rei. Explicase que a decisión da data elixida é a conmemoración do falecemento, fai nove anos, do poeta.

García, Francisco, “El legado de un poeta chairego”, *El Progreso*, “Comarca de Lugo”, “Municipio a municipio: Outeiro de Rei”, 8 xullo 2013, p. 10.

Coméntase que a Fundación Manuel María está levando a cabo os últimos preparativos para a apertura do museo do autor na casa natal de Outeiro de Rei. Sinálase que a casa-museo contará cunha biblioteca que acollerá a obra de Manuel María e a súa colección particular de libros, un salón de actos e unha exposición da súa colección de arte, así coma un arquivo documental que recolle a correspondencia de Manuel María con outros escritores galegos.

García, J., “La edición en gallego se cifró en 1340 títulos durante 2012”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 xaneiro 2013, p. 41.

Desagreganse e explícanse as cifras globais estimadas da edición en España no último ano, cunha baixada dun 8%, salientando a cifra de títulos rexistrados en Galicia, 2,190 (dos cales 1.340 se editaron en galego) e prestando atención aos xéneros e aos soportes.

García, J., “Rosalía vertebrará o programa do CCG para este exercicio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 xaneiro 2013, p. 41.

Saliéntase parte da información ofrecida por Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, no curso da súa comparecencia na comisión III do Parlamento de Galicia. Faise revisión ao traballo da institución en 2012, e aínda que cun orzamento inferior en 2013, anuncia que a institución concentrará o seu programa no congreso dedicado a Rosalía de Castro.

García, Javier, “As feiras do libro galegas mudan de cara á busca de novos lectores”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 febreiro 2013, p. 42.

Anúnciase que a Federación de Libreiros de Galicia, en colaboración coa Consellería de Cultura, programará once feiras do libro, catro máis có ano anterior, con novo deseño de espazos, máis dinamismo e “outlets”.

García, Javier, “Méndez Ferrín pide apoio económico para a RAG e que o deixen traballar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 febreiro 2013, p. 41.

Recóllense as afirmacións do presidente da Real Academia Galega nunha entrevista coa Radio Galega, agradecendo a “coherencia e lucidez” do plenario, cualificando de “excelentes” e necesarias as relacións que mantén coa Xunta de Galicia e eludindo responder ao ser preguntado pola contratación da súa filla e xenro na institución.

García, Javier, “O sesquicentenario de ‘Cantares’ une as institucións culturais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 marzo 2013, p. 41.

Pásase revista aos actos que a Real Academia Galega, a Xunta de Galicia, a Fundación Rosalía de Castro e o Consello da Cultura Galega impulsan para festexar os 150 anos da publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, entre os que haberá exposicións, actuacións musicais, ciclos audiovisuais, congresos, webs de recursos e edicións conmemorativas.

García, Javier, “En Galicia se editaron 2660 títulos en 2012, en 45% de ellos en gallego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 marzo 2013, p. 40.

Analízanse os datos que o Instituto Nacional de Estadística (INE) ofreceu sobre as publicacións do ano 2012. Entre eles, explíctase que o galego supón un 2% do total editado en España e que o 45% dos títulos procedentes de Galicia editáronse en galego.

García, Javier, “Ferrín critica a Franco Grande por dar voz ‘ás forzas que conspiran’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 marzo 2013, p. 41.

Recóllense declaracións do expresidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, tras participar nun acto na Ínsua dos Poetas. Nelas, responde ao artigo de Xosé Luís Franco Grande, considerándoo reprodutor das voces “que conspiran” e avogan pola fusión da Real Academia Galega con outras institucións.

García, Javier, “O cara a cara de Alonso e González afasta o acordo a dous días do pleno”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 18 abril 2013, p. 40.

Refírese ao debate dos candidatos á presidencia da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero e Manuel González, que tivo lugar nun programa da TVG. Despois da proposta de Alonso Montero para pactar, no debate queda claro que Manuel González renega de tal proposta, a dous días do pleno. Así mesmo, aproveitaron para expoñer as súas ideas de cara a ocupar o cargo da Real Academia Galega.

García, Javier, “Xesús Alonso Montero apela á concordia á fronte da RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 21 abril 2013, p. 40.

Infórmase da elección de Xesús Alonso Montero como novo presidente da Real Academia Galega. Explicase que despois da súa elección o presidente deu un discurso dirixido a promover un clima de concordia. Ademais propón unha visión marxista do financiamento da academia e fala dos cambios que van acontecer para o bo funcionamento da institución.

García, Javier, “O ‘best-seller’ rosaliano, no Gaiás”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 4 maio 2013, p. 41.

Refírese á exposición que terá lugar na Biblioteca da Cidade da Cultura pola conmemoración do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, na que se poderán ver edicións, antoloxías, traducións e diversos materiais relacionados coa obra de Rosalía de Castro.

García, Javier, “A poeta Erin Moure traduce ao inglés ‘Cantares gallegos’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 maio 2013, p. 43.

Dáse conta da publicación en versión inglesa dos poemas de *Cantares gallegos*, co gallo do cento cincuenta aniversario da súa publicación. Explicase que a encargada da tradución é a poeta Erin Moure, nunha edición realizada por Jonathan Dunne que leva

por título *Galician Songs*. Sinálase tamén que esta edición conta coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura.

García, Lucía, “Buxiganga ofrece nueve cursos de formación teatral para aficionados”, *El Progreso*, “Comarcas”, 9 xullo 2013, p. 18.

Dáse noticia da presentación dos cursos de Buxiganga dirixidos a actores de teatro afeccionados, ofrecendo información sobre cada un deles. Sinálase que na presentación houbo unha pequena homenaxe a Roberto Vidal Bolaño e unha demostración por parte do grupo “Microefectos Dramatúrgicos”, xurdido dos cursos de Buxiganga.

García, MV, “Puro teatro?”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 468, “Teatro”, 12 setembro 2013, p. VIII.

Partindo do símil da canción “Puro teatro” no que se presenta a vida como unha obra de teatro, especifica as características que definen a arte dramática.

García, Rodri, “Homenaxe ao académico e xesuíta impulsor da RAG José Rubinos Ramos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 abril 2013, p. 34.

Infórmase da homenaxe a José Rubinos Ramos, impulsor da Real Academia Galega. Sinálase que o presidente en funcións da Real Academia Galega explicou que se cumprían cento quince anos do nacemento deste xesuíta coruñés, que entrara na academia o día 8 de Nadal de 1940.

García, Rodri, “Lírica en mandarín en el encuentro poetas di(n)versos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 outubro 2013, p. 35.

Refírese que Xi Chuan, poeta mandarín, participou no ciclo de recitais “Poetas di(n)versos” que reúne poetas galegos amais doutros foráneos.

García, Rodri, “O primeiro ‘Quixote’ galego é obra dun xeneral ferrolán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 novembro 2013, p. 38.

Infórmase que o fillo de Juan Beceiro Amado doou á Real Academia Galega libros de seu pai, entre os que figuran a tradución ao galego do *Quixote*, realizada en 1970.

García Bernardo, J., “Poesía no Incio”, *El Progreso*, “Sarria”, “Punto de vista”, 17 febreiro 2013, p. 16.

Dáse noticia da presentación na Cruz do Incio do primeiro volume da colección literaria “Memoria do Incio” e que leva por título *Poesía no Incio* (2012). Explicase que o músico Xosé Maceda Galego é o promotor de tal iniciativa, para que con formato acordeonado e multitude de fotografías, autores como Ánxel Fole, Uxío Novoneyra,

Lois Pereiro, Manuel Rivas, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer e Olga Novo homenaxeen aquela que Ánxel Fole chamou “Terra Brava”.

García López, Xoán A., “O Mundo, unha historia nos libros e na memoria”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 804, “En detalle”, “Palabras, poesía, libros”, 24 novembro 2013, pp. 42-43.

Coma unha homenaxe ás palabras, á poesía e aos libros, destácanse as diferentes obras e autores galegos de grande relevancia no panorama literario.

García Márquez, Marta, “A gaita vístese de domingo para Rosalía”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 25 febreiro 2013, p. 7.

Descríbense os actos coruñeses en celebración do 150 aniversario de *Cantares gallegos* coa “alborada” que resoou en centos de puntos de toda Galicia e parte do estranxeiro, con lecturas de poemas e unha ofrenda diante da casa de Rosalía de Castro.

García Márquez, Marta, “O laboratorio foi todo moi Frankenstein”, di Espinosa”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 17 marzo 2013, p. 17.

Dáse conta da segunda obra que saca o Laboratorio Teatral á luz: *Serán!*, obra que mestura temas, poemas e motivos, e que se representará no Teatro Colón. Explícase que con esta obra Estívaliz Espinosa reúne doce actores que conformarán doce voces que se perderon pola súa condición de periféricas.

García Márquez, Marta, “Nun balcón atlántico ao que se asoman os poemas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 2 agosto 2013, p. 17.

Infórmase do comezo da cuadraxésima segunda Feira do Libro da Coruña, destacando que a poeta Yolanda Castaño foi a encargada de ler o pregón, no que lembro algúns dos principais autores galegos e loou o traballo das librarías e doutros axentes. Sinálase que na Feira participarán varios escritores asinando exemplares e Ramón Nicolás presentará unha publicación sobre Celso Emilio Ferreiro.

Gasalla, Rubén, “Larralde”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 31 agosto 2013, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Rubén Gasalla, intitulado “Larralde”.

Gayarre, J. J., “Poesía e música lembran a Rosalía 128 anos despois do seu pasamento”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 16 xullo 2013, p. 34.

Infórmase de que a Fundación Rosalía de Castro celebrou un acto poético e musical con motivo do 128 aniversario da morte da autora. Sinálase que no acto tivo lugar a entrega de premios do Concurso de Poesía Rosalía de Castro e os recitados de Ana Blanco, Belén Rico, Olalla Cociña e Daniel Salgado. Destácase tamén a participación de Xosé Luís Axeitos, Pilar García Negro e Anxo Angueira.

Gil, M., “Esteiro volve volcarse para render homenaxe ao escritor Pepe Agreló”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 564, 22 maio 2013, p. 5.

Recóllese o acto de homenaxe a Pepe Agreló, coincidindo co mes das letras galegas, en Muros, do que se sinala que foi dirixido polo actor Rodrigo Molinos e que contou coa asistencia da súa viúva Soledad Romero, ademais de que incluíu unha ofrenda floral ante o seu busto na Alameda

Gil, Mar, “Aprendendo a abrir os ollos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, “Entre pupitres”, 8 abril 2013, p. 12.

Repásase a relación académica entre Xosé Luís Méndez Ferrín e Luís González Tosar desde que Ferrín fora profesor de Tosar no IES Santa Irene de Vigo en 1969.

Gimeno, Maite, “Penzol exhibe sus joyas literarias en su cincuenta aniversario”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 27 abril 2013, p. 46.

Infórmase de que co gallo do cincuenta aniversario da Biblioteca Penzol haberá na Casa Galega da Cultura unha exposición que levará por título: “Fermín Penzol. Unha obra para un país”. Adiántase que na exposición se exhibirán algunhas das pezas máis importantes recompiladas polo bibliófilo galego.

Gómez, Chus, “O Fervedoiro lembra a Castelao e programa o III Roteiro da Memoria”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir en Caldas”, 4 decembro 2013, p. 3.

Presenta os diferentes actos incluídos no programa “Decembro é memoria” que pon en marcha o colectivo O Fervedoiro.

Gómez, Joel, “Un grupo de la USC redescubre a Rosalía a partir de su narrativa”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 3 xaneiro 2013, L6.

Infórmase de que María do Cebreiro Rábade coordina un grupo dedicado ao estudo da narrativa de Rosalía de Castro na USC, formado por Fernando Cabo Aseguinolaza, María López Sánchez, Dolores Vilavedra, Manus O’Duibhir, Helena Miguélez, Kirsty Hooper, Margarita García e Mirta Suquet. Explicase que reivindicán a súa obra en prosa como pioneira na literatura peninsular e que se vén de publicar *Canon y subversión. La obra narrativa de Rosalía de Castro*.

Gómez, Joel, “Os ‘Cantares’ de Rosalía dan vida cultural ao galego en todo o mundo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 maio 2013, p. 34.

Dáse conta de que con motivo do cento cincuenta aniversario de *Cantares gallegos* terá lugar unha exposición na Biblioteca da Cidade da Cultura sobre numerosos materiais inspirados no poemario e que moitos deles amosan o interese internacional e a canonicidade da obra de Rosalía de Castro.

Gómez, Joel, “La literapia avanza en santiago” *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, “Literatura y salud”, 5 novembro 2013, p. L5.

Refírese que *Estudiantes sen Fronteiras* inicia un proxecto de literapia que gozou de enorme fortuna, contando coa adhesión de escritores como Paco Martín, Fina Casalderrey, Andrea Maceiras, Paula Carballeira e Celso Fernández Sanmartín.

González, Eva, “Tui: alma lírica de los Xogos Florais”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 25 xuño 2013, p. 11.

Dáse noticia da celebración dun acto na igrexa de San Domingos de Tui para conmemorar o 122 aniversario dos Xogos Florais, que contou cun recital no que participaron Elvira Ribeiro, Ana Romaní e Alba Rodríguez.

González, Eva, “La catedral de Tui repite como escenario de ‘Música no claustro’ con grandes maestros”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 31 xullo 2013, p. 15.

Sínalase que, no marco do IX Ciclo de Concertos “Música no Claustro”, se vai celebrar unha homenaxe a Rosalía de Castro co concerto “A Rosa de Adina” de aCadaCanto. Coméntase que tamén terá lugar o concerto “Rosalías do XXI”, con Silvia Penas e Aid.

González, J., “Concierto el jueves sobre los poemas de ‘Cantares gallegos’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 maio 2013, p. 42.

Dáse conta dunha homenaxe, co gallo dos cento cincuenta anos da publicación de *Cantares gallegos*, a Rosalía de Castro nun concerto que terá lugar no parque de San Domingos de Bonaval en Santiago de Compostela.

González, María, “La Semana Santa da el primer paso”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 17 marzo 2013, contracuberta.

Coméntase o recital que clausurou a quinta edición da Bienal da pedra e da palabra, organizada polo Pen Clube galego, no que participaron Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Marica Campo, Manuel Forcadela, Xulio L. Valcárcel, Cesáreo Sánchez e Xavier Seoane, ademais de dar a coñecer a antoloxía *Sinfonía Atlántica*.

González, Yolanda, “Satisfacción con la Feria del Libro pese al calor y la ubicación”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 9 xullo 2013, p. 8.

Infórmase do remate da Feira do Libro de Vigo, destacando a boa acollida do festival de música infantil. Entre os títulos máis vendidos sinálanse *Bícame*, *Frank*, *As lambetadas de Larpeiros* e *Rosalía pequeniña*.

González Campos, Lucía, “Follas, historias. Un soño”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 25 agosto 2013, p. 33.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Lucía González Campos, intitulado “Follas, historias. Un soño”.

González Carballo, Bernardo, “O neno”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 1 agosto 2013, p. 36.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Bernardo González Carballo, intitulado “O neno”.

González López, Luís Miguel, “Ensalada mixta”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 30 agosto 2013, p. 35.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Luís Miguel González López, intitulado “Ensalada mixta”.

Grandío, Jessica, “Bóveda é un facho que segue iluminando”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 18 agosto 2013, p. 4.

Infórmase de que, con motivo do Día da Galicia Mártir, o BNG lle rendeu unha homenaxe á figura de Alexandre Bóveda e dos represaliados na Guerra Civil na que participaron, entre outros, Xavier Vence e Marta Costa. Sinálase que tamén se realizou unha homenaxe civil no cemiterio de Santo Amaro á que asistiu Xosé Manuel Beiras.

H. D., Fabuena, “De romería con famosos coruñeses”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 18 agosto 2013, pp. 30-31.

Acóllese a opinión de diversos artistas coruñeses que revelan cal é a súa festa favorita, entre os que están Manuel Rivas e Yolanda Castaño, que explican que a festa preferida deles é Os Caneiros e San Xoán, respectivamente.

Hermida, Patricia, “As feiras do libro terán postos de outlet para enderezar as vendas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 11 abril 2013, p. 40.

Refírese aos cebos lanzados pola Federación de Libreiros de Galicia, que tendo en conta os tempos difíciles polos que pasa o sector do libro, decide actuar contra a crise. Así, este ano, nas feiras do libro haberá zonas outlet. Infórmase tamén da inauguración da Festa da Lectura, o Libro e a Palabra en Ferrol.

Hermida, Patricia, “Ferrol inicia a súa rebelión poética: manifestación de versos no asfalto”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 25 abril 2013, p. 36.

Infórmase da chegada da VI semana de Poesía Salvaxe a Ferrol, certame autofinanciado na defensa da alegría, contra a usura e con un toque bohemio. Dise que conta coa presenza de Karlotti, Guillermo Fernández, Felipe Zapata e Víctor M. Díez.

Hermida, Patricia, “Unha xoia na biblioteca de Ferrol: a escolma dos xornais da diáspora”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 xuño 2013, p. 43.

Anúnciase que a biblioteca municipal de Ferrol acolle unha colección do Centro Ramón Piñeiro composta por unha escolma de documentos, xornais e revistas escritos durante os anos da emigración en América. Sinálase que Luís Alonso Girgado é o organizador da colección, que contén documentos como os dous volumes de *La Tierra Gallega* dirixidos por Manuel Curros Enríquez ou o discurso de entrada na Real Academia Galega de Ramón Cabanillas en braille.

Hermida, Xosé, “Ferrín dimite de la Academia en medio de una fuerte división interna”, *El País*, “Galicia”, 26 febreiro 2013, p. 20.

Confírmase a renuncia de Xosé Luís Méndez Ferrín á presidencia da Real Academia Galega tras as acusacións de nepotismo e as traizóns que asegura ter sufrido no seo da institución. Recóllense detalles do conflito e diferentes opinións.

Huerta, María de la, “O léxico galego, nun clic”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 39/ *La Opinión*, “Sociedad”, p. 32, 14 xuño 2013.

Fala, entre outras cousas, de que o vindeiro 21 de xuño se coñecerá a persoa homenaxeada no Día das Letras Galegas de 2014, entre as que se cita a Ricardo Carvalho Calero.

I. C., “Galicia festeja con setenta alboradas el Día de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 febreiro 2013, p. 27.

Infórmase de que a efeméride do 176 aniversario do nacemento da poeta e os 150 anos e *Cantares gallegos* se celebrou en setenta lugares ao longo da xeografía galega e puntos

do estranxeiro cunha “alborada” interpretada por grupos de gaitas. Infórmase tamén do desenvolvemento de diferentes actos e inclúense opinións significativas.

Iglesias, A., “Matarile se sumará el próximo curso al Aula de Teatro USC”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 xullo 2013, p. 30.

Coméntase que a Aula de Teatro da USC incorpora a Compañía Residente, que permitirá que os alumnos traballen cun grupo de teatro profesional cada curso. Sinálase que a primeira compañía invitada será Matarile Teatro que, ademais de traballar cos alumnos, creará e exhibirá unha produción teatral na sala Roberto Vidal Bolaño.

Iglesias, Ana, “Cartel de lujo para poner voz y música a la solidaridad”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 xaneiro 2013, p. 28.

Anúnciase a próxima celebración da Gala Implicate 2013, coincidindo co XV aniversario da ONG Implicadas/os no Desenvolvemento. Anúnciase que conducirán o acto Yolanda Castaño e Luís Tosar, cun cartel que acollerá a Carlos Negro, Eva Veiga e María Canosa, entre outros.

Iglesias, Ana, “Microespectáculos para público reducido en A Regadeira de Adela”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 xaneiro 2013, p. 27.

Infórmase do funcionamento da “microcasa de artes” A Regadeira de Adela, un piso destinado ao microteatro. As pezas dramáticas, de danza, maxia, circo ou performance duran un cuarto de hora, e realízanse tres pases por día. Antón Coucheiro, Olalla Tesouro e Alfonso Medina son os artífices desta iniciativa.

Iglesias, Ana, “El Via Stellae rindió ayer homenaje a los ‘Cantares gallegos’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 xullo, 2013, p. 25.

Dáse conta da celebración, no marco do festival “Via Stellae”, dun concerto en homenaxe a Rosalía de Castro no que se interpretaron algúns dos seus versos con motivo do 150 aniversario de *Cantares gallegos*.

Iglesias, Jesús, “Pontevedra acoge la XIV Conferencia Anual Plácido Castro”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 24 xaneiro 2013, p. 10.

Anúnciase que o Concello de Pontevedra colabora na organización da XIV Conferencia Anual Plácido Castro, en honra do galeguista escritor, xornalista e tradutor nado en Concurbión e falecido en Vilagarcía en 1967. Anúnciase que participará Anxo Angueira cunha conferencia titulada “Rosalía, Plácido Castro e os *Cantares gallegos*”.

Iglesias, Jesús, “El ciclo de visitas teatralizadas ‘Paseo Máxico por Pontevedra’ finalizará el próximo fin de semana”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 20 agosto, p. 9.

Anúnciase a finalización do ciclo “Paseo Máxico por Pontevedra”, organizado pola compañía Migallas Teatro en colaboración con outros colectivos. Coméntase que o ciclo acolle visitas teatralizadas pola zona vella da cidade nas que se combina a información cultural coas representación teatrais.

Iglesias, Mar, “Recuperando a González Alegre”, *Bierzo* 7, n.º 1486, “La Cultura”, 14 abril 2013, p. 18.

Dáse conta do comezo das xornadas en homenaxe a Ramón González Alegre que terán lugar en Vilafranca do Bierzo e mais en Ponferrada e infórmase de que contarán coa presenza de Xosé Luís Méndez Ferrín e Xosé Henrique Costas. Asemade sublíñase a amizade de Ramón González Alegre con Ferrín e coméntase que a lingua galega estivo moi presente na produción literaria deste autor homenaxeado.

Iglesias Maseda, Mila, “O guerreiro en chamas”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 16 agosto 2013, p. 73.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Mila Iglesias Maseda, intitulado “O guerreiro en chamas”.

Iglesias Nanín, Manuel, “Esperanza”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 6 agosto 2013, p. 31.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Manuel Nanín Iglesias, intitulado “Esperanza”.

I. R., “Participar na gala ‘Implicate’ é dar unha lección de responsabilidade”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “A pie de calle”, 12 xaneiro 2013, contracuberta.

Lémbrese a celebración da gala solidaria Implicate 2013, organizada pola ONG Implicadas/os no Desenvolvemento, nun acto que conducirá Yolanda Castaño e Luís Tosar, no Teatro Principal de Santiago, dando paso a actores, músicos e xente das letras, como María Canosa, Eva Veiga e Anxo Angueira.

J. A., “Teo homenajeará las figuras de Ánxel Casal y Avelino Pousa Antelo”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Área Metropolitana”, 11 agosto 2013, p. L7.

Infórmase de que o Concello de Teo vai celebrar varios actos para homenaxear as figuras de Ánxel Casal, con motivo do septuaxésimo sétimo aniversario do seu asasinato, e de Avelino Pousa Antelo, coincidindo co primeiro aniversario do seu falecemento. Sinálase que na xornada de homenaxe a Pousa Antelo haberá intervencións poéticas.

Jaureguizar, “Del Riego, o home que non soubo reinar”, *El Progreso*, “Vivir”, 2 xaneiro 2013, pp. 32-33.

Realízase unha semblaza de Francisco Fernández del Riego entre o anecdótico e o biográfico, con motivo do centenario do seu nacemento, comezando polos partidos da infancia e continuando no Madrid de 1931, no traballo intelectual e lingüístico e na revista *Grial* que dirixiu desde 1963, entre outros aspectos.

Jaureguizar, “Oito días no noso clima”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 2 febreiro 2013, p. 64.

Móstrase, partindo do experiencial e persoal, un pequeno apuntamento sobre *Mr. Gwyn*, novela de Alessandro Baricco (2012) editada por Galaxia, na que un metereólogo realiza un estudo para determinar o tempo que fixo en Dinamarca cada día dos últimos 64 anos entrevistando a xente.

Jaureguizar, “Méndez Ferrín presenta a dimisión á fronte da RAG”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 26 febreiro 2013, p. 37.

Anúnciase a renuncia ao cargo presidencial de Xosé Luís Méndez Ferrín fronte á Real Academia Galega, realizado mediante carta. Sinálase que Xosé Luís Axeitos, o secretario, despediu e exculpou ao presidente, arremetendo contra o Instituto da Lingua Galega (ILG) e o Consello da Cultura Galega (CCG) polo seu afán colonizador da institución.

Jaureguizar, “A dimisión de Méndez Ferrín na RAG debaterase o mércores”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 8 marzo 2013, p. 57.

Infórmase do pleno convocado pola Real Academia Galega para tratar orzamentos e debater a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín, que anunciou o 25 de febreiro o seu desexo de abandonar o cargo. Anúnciase que no mesmo acto terá lugar o ingreso de Xosé Fernández Ferreiro.

Jaureguizar, “LugoPatrimonio exalta a poesía desesperada de Sabela Rodríguez Oxea”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 31 maio 2013, p. 58.

Recóllese o acto que LugoPatrimonio desenvolveu para lembrar e dar a coñecer como poeta a Sabela Rodríguez Oxea. Sinálase que o acto tivo lugar no Pazo de San Marcos

en Lugo e nel falaron Lois Diéguez, presidente de LugoPatrimonio, e Xosé Manuel Pereiro, amigo da poeta.

Jaureguizar, “Un ‘oulet’ oferta mil libros galegos dende o sábado no Museo de Lugo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 5 xuño 2013, p. 61.

Infórmase do Oulet do Libro Galego que oferta máis de mil libros galegos e que terá lugar no Museo Provincial de Lugo. Dise que a feira recuperará títulos cun prezo entre os tres e os quince euros e que a Asociación Galega de Editores é a promotora da feira na que participan en total dezasete editoriais.

Jaureguizar, “Os suecos volven amolar”, *El Progreso*, “Vivir”, “Libros”, 12 outubro 2013, p. 46.

Con motivo de comentar as candidaturas ao Premio Nobel de Literatura, fai referencia a esta obra de Philip Roth, *Pastoral americana*, editada por Faktoria K.

Jaureguizar, “Pisando táboas dende 1988”, *El Progreso*, “Vivir”, 4 novembro 2013, pp. 28-29.

Faise un repaso pola historia do grupo de teatro chairego Achádego desde o seu nacemento até os nosos días, onde se subliñan as dificultades de manter un grupo de teatro estábel durante vinte e cinco anos e se anuncia que están preparando unha montaxe propia para celebralo.

Jaureguizar, “Casanova ingresará como membro de honra da RAG cun discurso de Rosalía” *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 5 novembro 2013, p. 43.

Infórmase de que Arcadio López-Casanova fará unha defensa da modernidade poética de Rosalía de Castro no seu discurso de ingreso como membro de honra da Real Academia Galega.

Jaureguizar, “Xosé Lois García escolma obras de sete poetas da Escola Labrega Luguesa”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 27 novembro 2013, p. 46.

Fálase da *Antoloxía poética da Escola Labrega luguesa. De Leiras Pulpeiro a Uxío Novoneyra* (2013), en que Xosé Lois García compilou a obra lírica de sete poetas lucenses aos que relaciona coa súa pertenza á Escola Labrega Luguesa. Menciónanse os poetas presentes na antoloxía: Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Díaz Castro, Manuel María e Uxío Novoneyra, e coméntanse o particular elo existente entre todos eles coa sociedade labrega.

Jaureguizar, “O teatro lucense recoñece o ‘camiño aberto’ por Achádego na escea local”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 13 decembro 2013, p. 79.

Explica que diferentes representantes de compañías analizaron nunha mesa redonda a evolución do sector teatral lucense, na celebración dos vinte e cinco anos de historia do grupo dramático Achádego.

J. G., “Materializamos un proxecto na Internet nun espazo físico”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 1 febreiro 2013, contracuberta.

Anúnciase, con aperitivos e música, a apertura da Ciranda, unha librería especializada en libro portugués, que compartirá espazo no 7 da rúa Travesa coa librería de mulleres Lila de Lilith. Explicase que Xurxo Novoa, Loira Martínez, Carme Saborido e Iria Mayer son os promotores da idea, materializando www.imperdivel.net.

J. G., “O Consello da Cultura honra a Rosalía e proxecta para o mundo a súa obra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 febreiro 2013, p. 39.

Anúnciase a programación á volta de Rosalía de Castro polo 150 aniversario de *Cantares gallegos*, na que se sinala a presentación dun congreso internacional, con cinco sesións presenciais e medio cento de especialistas de varios países e campos do coñecemento, ao tempo que se disponibilizan na rede un facsímil de *Cantares gallegos*, un roteiro por espazos rosalianos etc.

J. G., “Compostela reivindica a figura de Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 24 febreiro 2013, L6.

Repásanse algunhas das iniciativas que, na cidade de Santiago de Compostela, rememoran á figura principal do Rexurdimento o 24 de febreiro, aniversario do seu nacemento: a gravación dun vídeo recitado polos escolares do Pío XII, o roteiro organizado pola asociación O Galo, o acto da librería Couceiro con Anxo Angueira, o da Lila de Lilith ou o congreso organizado polo Consello da Cultura Galega.

Jiménez, I., “Galicia organizará este ano once feiras do libro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/ Esquelas”, 27 febreiro 2013, p. 44.

Anúnciase que a Federación de Libreiros de Galicia, en colaboración coa Consellería de Cultura, programará once feiras do libro ao longo deste ano (Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ourense, Vigo, Rianxo, A Coruña, Viveiro, Foz, Monforte), catro máis que no ano anterior. Proponse un novo deseño de caseta e distribución de libreiras e libreiros, con lugares para a lectura.

Jiménez, Irene, “José Luís Teófilo, galardonado con el premio Gallegos del Año”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 xaneiro 2013, p. 38.

Explicase que o arousán José Luís Teófilo foi galardoado co premio Gallegos del Año. Ao realizar unha revisión pola súa biografía, destácase a súa empresa, Teófilo Comunicación e tamén a división editorial Teófilo Edicións, que xa suma douscentos títulos publicados.

Jiménez, Irene, “Luís Emilio Batallán, en ‘No bico un cantar’”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 19 febreiro 2013, p. 53.

Infórmase de que o espazo da TVG *No bico un cantar* falará esta semana do poema de Álvaro Cunqueiro de inspiración trobadoresca feito canción por Luís Emilio Batallán: *Quen poidera namoralá*. Incluído no disco *Aí vén o maio*, canda poemas de Álvaro Cunqueiro, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Ramón Cabanillas e Celso Emilio Ferreiro, dise que o programa explorará a historia detrás do poema musicado.

Jiménez, Irene, “Os poemas de Curros en ‘No bico un cantar’”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 5 marzo 2013, p. 53.

Infórmase de que o espazo da TVG *No bico un cantar* falará esta semana do poema de Manuel Curros Enríquez “Unha noite na eira do trigo”, musicado primeiro por Alonso Salgado, logo por Xoán Montes e finalmente polo mestre José Castro Chané. Explicase que o poema, inicialmente titulado “Cántiga”, que fala dun amor truncado pola emigración, se popularizou en Cuba e non tardou en facelo en terras galegas.

Jiménez, Irene, “Troco x Troco’, o intercambio teatral entre Galicia e Portugal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 xuño 2013, p. 41.

Dáse noticia da presentación do programa “Troco x Troco”, destacando que é o primeiro circuito organizado de intercambio teatral entre Galicia e Portugal. Sinalase que na iniciativa participan catro espazos galegos e catro portugueses, así como oito compañías dos dous países e coméntase que o obxectivo é normalizar as relacións entre as escenas galega e portuguesa e promover o diálogo teatral.

Jiménez, Irene, “As editoriais conseguen manter a facturación na situación de crise”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 28 novembro 2013, p. 39.

Comenta que as editoriais galegas conseguiron aumentar levemente a súa facturación e destaca que aínda que se publican menos libros en galego, o seu prezo é máis alto.

J. M., “El cantautor Xoan Eiriz amenizará el VII Solpor Poético en la villa laxenxe”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 657, 23 agosto 2013, p. 6.

Anuncia que se iniciará o VII Solpor Poético amenizado porlo cantautor Xoan Eiriz que interpretará poemas musicados.

J. M. R., “Día de Rosalía de Castro con teatro y lectura pública”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, 16 febreiro 2013, p. 7.

Anúnciase, da man da Concellería de Cultura de Fisterra, unha interpretación teatral, acompañada de poesía e música, e unha lectura pública da obra de Rosalía de Castro o 24 de febreiro.

J. M. R., “Manuel González pule su candidatura para una RAG ‘continuista’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 marzo 2013, p. 40.

Exponse a postura “continuista”, transparente e “de absoluta independencia” dunha institución como a Real Academia Galega coa que Manuel González presenta a súa candidatura á presidencia, recollida antes da celebración dun plenario en homaxe a Francisco Fernández del Riego, mentres que Xesús Alonso Montero se autodescarta.

J. M. R., “Ariza presentará en Carnota sus ‘Contos de Soños’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 711, 17 outubro 2013, p. 6.

Dáse conta da presentación de *Contos de Soños e sombras* (2012) na Costa da Morte por parte do seu autor, Ariza Piñeiro.

J. M. R., “O Outono Pondaliano’13 arranca con el espectáculo poético infantil Acuario”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 728, 3 novembro 2013, p. 7.

Coméntase que a Fundación Eduardo Pondal ofrece no Outono Pondaliano’13, en Ponteceso, distintas actividades entre as que salientan a inauguración das exposicións “Miña terra, my land” de Xesús Búa e “Novos Horizontes” de Teresa Búa, o espectáculo *Acuario*, baseado nos poemas de María Canosa ou un recital da poeta Yolanda Castaño.

J. M. R., “Recital de versos ‘comarea’ en la villa de la Barca”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 752, 27 novembro 2013, p. 7.

Anuncia que terá lugar o VI Recital de Poetas da Costa da Morte baixo o lema “Versos Comarea”.

J. R., “Os irmáns lugueses de Ben-Cho-Shey”, *El Progreso*, “Lugo”, 14 febreiro 2013, p. 4.

Informa da exposición “Ben-Cho-Shey: 50 anos de maxisterio cultural (1918-1968)”, enmarcada nas actividades do Ano Ben-Cho-Shey. Indica que percorrer o seu legado “serve de nexo de unión entre o vello galeguismo das Irmandades da Fala e do Seminario de Estudos Galegos e o moderno nacionalismo” e que esta mostra homenaxea tanto a Ben-Cho-Shey coma aos seus “irmáns lugueses”, os vellos galeguistas, cuxos nomes aparecen nun panel da exposición e aos que se refire polo

miúdo. Precisa os catro apartados nos que se estrutura a exposición e, no á parte “Lectura do ‘Diario de Lugo’ e música de Mini e Mero”, informa da lectura dramatizada deste Diario por parte de Tareixa Campo e Paloma Lugilde, á actuación musical de Mini e Mero e a razón da escolla do Museo Provincial de Lugo para acoller a exposición.

J. T., “Muxía rende homenaxe a López Abente”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 624, 21 xullo 2013, p. 5.

Coméntase que a Fundación López Abente homenaxeou ao poeta coa presentación dun volume da súa obra.

Lamas, Jorge, “Lembran o «traballo infatigable» de Fernández del Riego”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 febreiro 2013, p. 44.

Coméntase a conmemoración do centenario do nacemento de Francisco Fernández del Riego, do que se subliñan virtudes como a “constancia, dignidade e lealdade”. Explicase que houbo actos como unha solta de pombas mensaxeiras ou un pequeno concerto do grupo A Roda.

Lamas, Jorge, “A Fundación Penzol lembra ao seu fundador no seu 50.º aniversario”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 abril 2013, p. 38.

Dáse conta do acto celebrado na Casa Galega da Cultura, presentado por Henrique Monteagudo e M^a Dolores Cabrera con motivo da exposición da historia de Fermín Penzol e a importancia do seu legado, do que se cumpre medio século.

Lamas, Jorge, “Coleccionismo sin inventario”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xullo 2013, p. 27.

Fálase dun coleccionista galego, Francisco Vidal, que lle reclama á Xunta de Galicia a creación dun arquivo para catalogar os coleccionistas de pezas relacionadas co patrimonio cultural galego co fin de que os investigadores teñan acceso a elas. Infórmase sobre algunhas das pezas que posúe Vidal.

Lamas, Josefina, “A última viaxe”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 27 agosto 2013, p. 33.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Josefina Lamas, intitulado “A última viaxe”.

Larios, Lucía, “Libros de ocasión para todo bolsillo”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Fiestas María Pita 13”, 20 agosto 2013, pp. 8-9.

Dáse conta do comezo da XXII Feira do libro antigo e de ocasión da Coruña, destacando que entre os libros ofertados se atopan primeiras edicións de case un século de antigüidade, entre elas un exemplar de *As cruces de pedra na Galiza*, de Castelao.

Lázare López, Benigno, “Os mortos do padriño”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 25 agosto 2013, p. 42.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Benigno Lázare López, intitulado “Os mortos do padriño”.

Lema, X. M., “Rosalía centra o primeiro dos concertos do Xallas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, 25 marzo 2013, p. 5.

Infórmase de que o primeiro concerto da Primavera musical de Xallas –que contou cunha soprano e unha pianista xaponesas– se fixo acompañar dunha conferencia do catedrático Xesús Alonso Montero sobre os poemas de *Cantares gallegos*.

Linla, Antón, “Xesús Alonso encabezarán una candidatura para presidir la RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 marzo 2013, p. 39.

Anúnciase que o ensaísta e estudoso Xesús Alonso Montero encabezarán unha candidatura á presidencia da Real Academia Galega que incluírá a Rosario Álvarez e Andrés Torres Queiruga. Comenta as circunstancias e anuncia unha posíbel roda de prensa para aclarar a filosofía e liñas programáticas da candidatura.

Llano, Juan, “2014, el año de Blanco Amor”, *La Región*, “Ourense”, “Crónica”, 3 decembro 2013, p. 8.

Explica que as autoridades deron conta na homenaxe anual dedicada a Eduardo Blanco Amor, das actividades e actos que se levarán a cabo durante o ano 2014 ao cumprirse trinta e cinco anos dende o falecemento do autor.

Llera, Luís Carlos, “Colocan un televisor en la cabeza de una estatua de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, 27 agosto 2013, p. 8.

Coméntase a colocación dun televisor sobre a cabeza dunha estatua de Daniel A. Rodríguez Castelao en Redondela, explicando que o autor da obra afirmou que se trata dunha “intervención artística” que ten por obxectivo convidar a reflexionar sobre a mitificación de certas personaxes públicas.

Lobato Martínez, Xosé M., “Murmurios do espírito moura”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 11 agosto 2013, p. 63.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Xosé M. Lobato Martínez, intitulado “Murmurios do espírito moura”.

López, Ana, “As gaitas tocan por Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 25 febreiro 2013, contracuberta.

Descríbese un domingo especial, “a golpe de música”, no que agrupacións folclóricas de toda Galicia e do estranxeiro celebraron nas rúas os 150 anos de *Cantares gallegos* executando unha “Alborada para Rosalía”. Explicase tamén o movemento nas redes sociais e os actos centrais.

López, Ana, “Rosalía e nós’ adicará tres xornadas á escritora no Casino Mercantil”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 20 abril 2013, p. 61.

Refírese ao acto que tivo lugar no Casino Mercantil de Pontevedra, coa presenza do concelleiro de Normalización Lingüística e a asociación Maio Longo, no que se tratou sobre Rosalía de Castro. Preséntase o ciclo ‘Rosalía e nós’, que constará de tres charlas a cargo de Francisco Rodríguez, Luís Bará e Pilar García Negro.

López, Ana, “Alonso Montero estréase en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 abril 2013, p. 75.

Infórmase do primeiro acto público do novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, en Pontevedra. Dise que se tratou dunha conferencia dada no Campus de Pontevedra na que falou do Día das Letras Galegas e describiu o idioma galego como fala antiburguesa. Así mesmo, destacou o papel das mulleres, como Rosario Álvarez e Margarita Ledo, na directiva da Real Academia Galega.

López, Ana, “A familia de Modesto Bará sacará á luz un libro inédito sobre o Colón galego”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 26 xuño 2013, p. 61.

Dáse noticia da presentación dunha conferencia en lembranza do traballo de Modesto Bará, defensor da tese sobre a orixe galega de Cristóbal Colón. Infórmase de que a familia do escritor vai publicar a obra *Sí. La patria de Colón: España*, que non puidera publicar o propio M. Bará, e ofrécense tamén datos sobre a biografía do autor.

López, Ana, “Sete poetas de tres continentes participarán no II obradoiro de tradución na Illa de San Simón”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 1 outubro 2013, p. 59.

Coméntase que haberá unha segunda edición do obradoiro de Tradución Poética de San Simón, no que participarán sete poetas europeos, que contará de novo coa colaboración de Yolanda Castaño e onde se presentará *Con barqueira e remador*, colofón do primeiro

López, Ana, “Cantares con versos de Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, 11 decembro 2013, p. 57.

Comenta que a XI edición do Cantos na Maré estará dedicada aos poetas e en especial a Rosalía de Castro pola homenaxe aos 150 anos da publicación de *Cantares gallegos*.

López, Belén, “Pontevedra 2013 en clave cultural”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 2 xaneiro 2013, p. 34.

Procúrase realizar unha análise das citas culturais máis significativas do ano que inicia en Pontevedra, entre elas, unha novela de Manuel Loureiro, o Salón do Libro Infantil e Xuvenil na súa XIV edición, a Feira das Industrias Culturais Culturgal ou as actividades do Liceo Mutante, verdadeiro referente da cultura *underground*.

López, Belén, “Fallece Gonzalo Canedo, editor de la obra completa de Lois Pereiro en español”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 16 xaneiro 2013, p. 58.

Infórmase do falecemento do director da editorial Libros del Silencio, Gonzalo Canedo, de quen se di que tivo unha vida ligada ao mundo do libro, que fundara en 2009 a editorial mentada co desexo de facer un selo non guiado por propósitos exclusivamente comerciais e que desde esa mesma plataforma publicara a Carlos Casares ou a obra completa de Lois Pereiro en español, no volume bilingüe traducido por Daniel Salgado e prologado por Pere Gimferrer e Xosé Manuel Pereiro.

López, Belén, “Rosalía une a todos os galegos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 26 xaneiro 2013, p. 61.

Extráctanse algúns fragmentos ou liñas de forza da conferencia que Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro, impartiu en Pontevedra, na XIV Conferencia Anual Plácido Castro. Salientou, entre outras cousas, a evolución no coñecemento que da autora temos e revisou as ideas de Plácido Castro sobre *Cantares gallegos*.

López, Belén, “Anxo Angueira asegura que o que falta por coñecer de Rosalía ‘son os matices’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 26 xaneiro 2013, p. 66.

Recóllense parte das afirmacións de Anxo Angueira en Pontevedra no curso da súa intervención na XIV Conferencia Anual Plácido Castro, co gallo do 150 aniversario de *Cantares gallegos*. Dise que o presidente da fundación Rosalía de Castro reflexionou sobre a evolución do coñecemento en torno a Rosalía e a idea que Plácido Castro tiña dela.

López, Belén, “Pontevedra invoca a Rosalía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 23 febreiro 2013, p. 61.

Infórmase do desenvolvemento das celebracións polo aniversario do nacemento de Rosalía de Castro en Pontevedra, que reuniu a Sés, Aíd, Elvira Riveiro, Rosalía Fernández Rial, Marga do Val e Anxo Angueira e foi conducido pola actriz Comba Campoy. Anúncianse outras actividades, como a “Alboradade Rosalía”.

López, Belén, “Pontevedra salva o Galeusca”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 21 marzo 2013, p. 61.

Explícase que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega se ve obrigada a reducir o encontro anual de escritoras e escritores en galego, vasco e catalán a unha única xornada, contando cunha “axuda económica mínima imprescindible” para que poida celebrarse, segundo comenta Cesáreo Sánchez Iglesias e a concelleira de Cultura.

López, Belén, “Kirmen Uribe e Roger Wolfe, estrelas do festival de poesía Pontepoética”, *Diario de Pontevedra*, “Viviraquí”, “Cultura”, 10 abril 2013, p. 59.

Dáse conta da terceira edición do festival de poesía Pontepoética e sinálase que Yolanda Castaño, coordinadora do evento, foi a encargada de presentar a programación, que conta coa asistencia de Kirmen Uribe e Roger Wolfe.

López, Belén, “Alvarellos localiza un libro inédito de Aurelio Aguirre en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 abril 2013, p. 75.

Refírese á publicación, na editorial Alvarellos, dun libro de poemas inéditos de Aurelio Aguirre, achados por Henrique Alvarellos entre os fondos do Museo de Pontevedra no Arquivo da Deputación

López, Belén, “Os libros volven á rúa en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 22 maio 2013, p. 56-57.

Infórmase que segundo prometera a Federación de Libreiros de Galicia a Feira do Libro Novo volverá celebrarse nas rúas de Pontevedra, nos arredores da Ferrería. Entre as actividades destácase a presentación de obras de Pedro Feijoo, Fina Casalderrey, Ramón Caride e Elena Gallego Abad. Ademais salientase a participación nunha actividade de Laura Ponte, muller de Vidal Bolaño, autor ao que este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas.

López, Belén, “Morre Xosé Manuel Oliveira ‘Pico’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí!”, 14 xuño 2013, contracuberta.

Dáse noticia da morte do actor Xosé Manuel Oliveira, “Pico”, comentando que a enfermidade que sufría lle impediu protagonizar a revisión de *Días sen gloria*, peza coa

que se conmemora o ano dedicado a Roberto Vidal Bolaño. Destácase que o actor tivo unha extensa carreira no cine e no teatro e que actuou en varias series da TVG que o popularizaron. Sinálanse algunhas das montaxes teatrais nas que participou e os premios recibidos.

López, Belén, “Un mundo sen Chonchiña”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí!”, 3 setembro 2013, contracuberta.

Dá conta do falecemento de Ascensión Concheiro García, a muller que inspirou *O lapis do carpinteiro*, de Manuel Rivas.

López, Belén, “Manuel Guede, o nós diante do eu”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Sociedad”, 27 novembro 2013, p. 59.

Conta que o IES Valle-Inclán e o grupo Avelaíña Teatro lle renderon unha homenaxe ao mestre e activista Manuel Guede.

López, Belén, “O Culturgal que é de todos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 30 novembro 2013, p. 58.

Dá conta da inauguración da Feira das Industrias Culturais, Culturgal.

López, Melina, “Perigosa dialéctica”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 30 agosto 2013, p. 36.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Melina López, intitulado “Perigosa dialéctica”.

López, Ruth, “Centos de gaiteiros tocarán hoxe a Alborada de Rosalía en toda Galicia”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 24 febreiro 2013, p. 53.

Descríbese a iniciativa “Alborada de Rosalía”, unha multitudinaria celebración gaitreira deseñada para celebrar o aniversario do nacemento de Rosalía de Castro. Tamén se sinala que o Museo de Lugo acolleu xa un acto de homenaxe cun recital de poemas e música.

López, Sergio, “O libro é liberdade’, dice Patiño en el ferial monfortino”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 22 agosto 2013, p. 18.

Infórmase de que o pintor e escritor Antón Patiño foi o encargado de inaugurar a Feira do Libro de Monforte coa lectura dun pregón no que recordou a seu pai, Antón Patiño Regueira, por ser un dos impulsores das feiras do libro e introducir en Galicia obras prohibidas durante a ditadura coma *Sempre en Galiza*.

López, Uxía, “A Casa-Museo de Rosalía de Castro seguirá en obras ata o mes de marzo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Comarcas”, 30 xaneiro 2013, L9.

Anúnciase que a Casa-Museo Rosalía de Castro situada na Matanza, en Padrón, segue pechada ao público por obras para eliminar humidades, instalar calefacción, instalación eléctrica e cableado para o soporte audiovisual. Anúnciase tamén que na segunda fase se renovarán os contidos e a museográfica do conxunto, segundo informa Anxo Angueira.

López, Uxía, “A Casa Museo de Rosalía de Castro en Padrón reabre hoxe ao público”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 marzo 2013, p. 39.

Descríbese o acto celebrado na Casa Museo de Rosalía de Castro na Matanza, logo de tres meses pechada por mor de obras de acondicionamento. Tamén se sinala que a Fundación Rosalía de Castro asinou dous convenios coa Xunta de Galicia por 60.000 euros.

López, Uxía, “O ano de Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, “Especial Pascua de Padrón”, “Cultura”, 29 marzo 2013, p. 8.

Recóllense algunhas das afirmacións de Anxo Angueira, presidente da Fundación Rosalía de Castro, sobre a celebración dos 150 anos da publicación de *Cantares gallegos*. Fálase da significación de Rosalía, das axudas institucionais e do horario de apertura ao público da recentemente reaberta Casa-Museo da Matanza.

López, Uxía, “Rosalía y Castelao unen a Padrón y Rianxo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Comarcas”, 3 abril 2013, p. L8.

Dáse conta da celebración que ten lugar todos os anos o martes de Pascua pola cal Padrón e Rianxo renovan a súa amizade. Explicase que se depositou unha coroa de loureiro ante a estatua de Rosalía de Castro e salientase que ambas as vilas están unidas polas figuras de Rosalía e Castelao.

López, Uxía, “Galicia reivindica a Rosalía aos 128 anos do seu pasamento”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 xullo 2013, p. 34.

Dáse noticia da celebración dun acto na Casa Museo da Matanza con motivo do 128 cabodano de Rosalía de Castro no que tivo lugar a presentación do primeiro Premio Escolar Rosalía de Castro e a lectura dos poemas gañadores por parte das súas autoras. Sínálase que ao acto acudiron personalidades da cultura e da política autonómica e local, destacando a participación de Pilar García Negro, que falou da vixencia de *Cantares gallegos* na actualidade, e Xosé Luís Axeitos, que aludiu á descuberta dun primeiro exemplar desta obra en Vigo.

López, Uxía, “Rosalía volveu sentir o mar”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Comarcas”, 26 xullo 2013, p. L9.

Refírese á homenaxe que a cultura marítima e fluvial galega lle rendeu a Rosalía de Castro inspirándose no poema “Que inchadiña branca vela” de *Cantares gallegos*. Destácase que o acto foi organizado pola Fundación Rosalía de Castro, en colaboración coa asociación cultural A Dorna, para cumprir os desexos da escritora que, pouco antes de falecer, pedira ver o mar.

López, Uxía, “Una imagen de Rosalía ‘feliz’ irá por todo el mundo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Comarcas”, 15 setembro 2013, p. L9.

Anúnciase que a empresa Reino de Celtas seleccionou a imaxe de Rosalía de Castro presentada por M^a Jesús López Filgueira para que sexa a que figure nos seus produtos, entre os que destacan camisetas que promocionarán por todo o mundo a figura de Rosalía e o Concello de Padrón.

López, Uxía, “Cantares gallegos’, de Rosalía de Castro, xa ten edición en ruso”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 setembro 2013, p. 46.

Comenta que coincidindo co Día Europeo das Linguas, se presentou na Casa Museo da Coruña, a tradución ao ruso de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, no 150 aniversario da súa publicación.

López, Uxía, “A Fundación Rosalía renovará o perfil museográfico da casa de A Matanza”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 outubro 2013, p. 39.

Explica que o plenario da Fundación Rosalía de Castro se reuniu para aprobar a proposta de renovación do perfil museográfico da casa da Matanza.

López, Uxía, “A fundación Rosalía abre as portas ao futuro”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 537, 5 outubro 2013, pp. 2-3.

Infórmase de que a casa de Rosalía de Castro en Padrón abrirá a súas portas ao público despois das obras levadas a cabo dende finais do 2012 e de que o seu interior quedará irrecoñecíbel despois da renovación do perfil museístico da mesma, que prescinde totalmente da concepción de vivenda.

López, Uxía, “A casa de Rosalía de Castro reabrirá o 30 de novembro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 13 outubro 2013, p. L11.

Infórmase de que a casa de Rosalía de Castro en Padrón abrirá a súas portas ao público despois das obras levadas a cabo dende finais do 2012.

López, Uxía, “A Casa de Rosalía reabre con importantes melloras”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Comarcas”, 18 decembro 2013, p. L9.

Fala das melloras levadas a cabo na Casa de Rosalía tralo seu peche por obras.

López Dorado, Beatriz, “Bicos Carmiña”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 28 xullo 2013, p. 40.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Beatriz López Dorado, intitulado “Bicos Carmiña”.

López Dorado, Beatriz, “O último verán da escola de Virxinia”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 21 agosto 2013, p. 32.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Beatriz López Dorado, intitulado “O último verán da escola de Virxinia”.

López Dorado, Beatriz, “O balancé do silencio”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 23 agosto 2013, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Beatriz López Dorado, intitulado “O balancé do silencio”.

López Fernández, José, “Desaparece o planeta Terra?”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 3 agosto 2013, p. 38.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por José López Fernández, intitulado “Desaparece o planeta Terra?”.

López Fernández, María Sandra, “Notas a pé de páxina”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 22 agosto 2013, p. 32.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por María Sandra López Fernández, intitulado “Notas a pé de páxina”.

López González, María Onelia, “O asasino do castiñeiro”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 27 agosto 2013, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por María Onelia López González, intitulado “O asasino do castiñeiro”.

Lorenzo, F. P./ A. **Martínez**, “Alonso Montero prevé un consenso feble, sen renuncias á presidencia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 2 abril 2013, p. 40.

Infórmase de que Xesús Alonso Montero formalizou onte a súa candidatura ás eleccións da presidencia da Real Academia Galega, avalado por Henrique Monteagudo, Margarida Ledo, Xesús Ferro Ruibal e Díaz Fierros. Recóllense afirmacións sobre esta decisión e sobre o outro concorrente, Manuel González.

Lorenzo, Fran P., “Morre en Barcelona aos 57 anos o editor de Libros del Silencio, Gonzalo Canedo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 xaneiro 2013, p. 41.

Recóllese a nova do finamento de Gonzalo Canedo, cunha vida dedicada ao mundo editorial e con selo propio, Libros del Silencio, que actuou como unha sorte de consulado da cultura galega, levando ao español a obra completa de Lois Pereiro en edición bilingüe a cargo de Daniel Salgado, con limiar de Pere Gimferrer e Xosé M. Pereiro, ou a narrativa de Celso Castro, Carlos Casares etc.

Lorenzo, Fran P., “Ábrese o trámite para declarar BIC a fábrica de Sargadelos en Cervo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 febreiro 2013, p. 40.

Anúnciase que a Fábrica de Cerámica de Sargadelos, ligada ao Laboratorio de Formas, o centro de produción de cerámica símbolo da factoría industrial e cultural ideada por Luís Seoane e Isaac Díaz Pardo, vai camiño de ser declarada Ben de Interese Cultural (BIC).

Lorenzo, Fran P., “Unha acción musical fará revivir, o 24 de febreiro, a poética audaz de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 febreiro 2013, p. 44.

Anúnciase que o 176 aniversario do nacemento de Rosalía de Castro, no ano en que *Cantares gallegos* cumpre 150 anos, se celebrará cunha alborada global de gaitas nas rúas galegas. Páxinas web, traducións, exposicións e actos cívicos completarán o programa.

Lorenzo, Fran P., “Toda Galicia festexa nesta fin de semana a Rosalía ‘que non entende de donos’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 febreiro 2013, p. 47.

Recóllense actos de variado carácter para lembrar, o 24 de febreiro, a figura de Rosalía de Castro, entre eles unha creación videográfica colectiva da AELG, recitais poéticos, roteiros e conferencias.

Lorenzo, Fran P., “Roteiro da Agrupación Cultural O Galo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 febreiro 2013, p. 47.

Anúnciase que a profesora de lingua e literatura Mercedes Espiño guiará o roteiro co que a Agrupación Cultural O Galo se suma á celebración do Día de Rosalía, no sesquicentenario de *Cantares gallegos*. Dise tamén que en Padrón se desenvolverán os actos centrais da festividade.

Lorenzo, Fran P., “As escritoras reclaman a faceta máis política e actual de Rosalía e piden para ela un Panteón laico e aberto”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 febreiro 2013, p. 43.

Reitérase, por parte da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, a demanda dun panteón laico, de acceso público e de titularidade pública para renderlle homenaxe a Rosalía de Castro, “poeta nacional”.

Lorenzo, Fran P., “A Xunta opta por un perfil empresarial para dirixir Agadic”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 marzo 2013, p. 43.

Anúnciase o recente nomeamento do pontevedrés Jacobo Sutil Nesto como novo director da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) e recóllese a sorpresa derivada do seu perfil, ao estar este vencellado ao mundo da construción.

Lorenzo, Fran P., “Ferrín deixa unha RAG ‘en perigo’ malia o apoio unánime do plenario”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 marzo 2013, p. 48.

Descríbese o pleno de dúas horas no que Xosé Luís Méndez Ferrín fixo efectiva a súa saída como académico e presidente da Real Academia Galega. Cunha primeira parte na que Manuel Rivas encarnou as voces de académicos e institucións que demandaban a permanencia do escritor, Méndez Ferrín acabou saíndo con Xosé Luís Axeitos, Manuel González e Darío Xohán Cabana, avisando sobre os perigos que sobre a Real Academia Galega se cernen.

Lorenzo, Fran P., “O futuro da muller-casa-Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 marzo 2013, p. 39.

Con motivo da reapertura ao público da Casa-Museo de Rosalía de Castro na Matanza, realízase unha revisión histórica pola historia da propiedade, tecendo ligazóns coa figura da femme-maison de Louise Bourgeois e concretando as fases da rehabilitación e a limpeza do espazo expositivo, en prol da consecución dun novo proxecto museográfico.

Lorenzo, Fran P., “Novas olladas destecen os tópicos e os mitos do discurso do rosalianismo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 marzo 2013, p. 41.

Dáse conta das intervencións no congreso do Consello da Cultura Galega dedicado a Rosalía de Castro de Helena Miguélez sobre a proxección da Casa-Museo de Rosalía como emblema de certos tópicos e mitos do rosalianismo histórico; de Arantxa Serantes trazando os paralelismos entre o pensamento filosófico da autora e a “razón poética” de María Zambrano; e de Fernando Pereira, cun percorrido historiográfico pola iconografía de Rosalía.

Lorenzo, Fran P., “Cerne rescata nun facsímile a segunda edición de ‘Cantares’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 maio 2013, p. 43.

Refírese á publicación dun facsímile da segunda edición de *Cantares gallegos* por parte da compostelá Edicións do Cerne. A editorial súmase así á vaga editorial que recorda o cento cincuenta aniversario da publicación do libro de Rosalía de Castro.

Lorezo, Fran P., “Dunne amósalle ao lector foráneo o retrato da literatura galega de hoxe”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 maio 2013, p. 40.

Dáse conta de que o tradutor e editor Jonathan Dunne recompila e amosa ao público inglés a maioría dos textos dunha antoloxía bilingüe, publicada por Xerais, Galaxia e a Xunta de Galicia. O título da obra, que saíu do prelo en 2012, é *Anthology of Galicia Literature/ Antoloxía da Literatura Galega(1981-2011)*.

Lorezo, Fran P., “O PEN outórgalle o ‘Voz de Liberdade’ a García Bodaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 xuño 2013, p. 44.

Infórmase da concesión do premio do PEN “Voz de Liberdade” a Salvador García Bodaño. Dise que o xurado que o decidiu estaba formado por Luís González Tosar, Xabier Castro, Miro Villar, Marilar Aleixandre, Bieito Iglesias, Manuel Guede e Inma López Silva.

Lorenzo, Fran P., “Adeus a ‘Pico’, gran emblema do teatro e do cinema galegos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 xuño 2013, p. 41.

Dáse conta da morte de Xosé Manuel Olveira, destacando que foi un dos emblemas do teatro e do audiovisual galegos contemporáneos. Enuméranse as películas e series televisivas nas que participou, salientando o seu papel en *Doentes*, e resáltase a súa faceta como actor de teatro, sinalando as compañías e directores cos que traballou e as obras coas que foi premiado. Finalmente, recóllense uns comentarios de ‘Morris’ e Cándizo Pazó loando a súa figura.

Lorenzo, Fran P., “Manoele de Felisa, cancións de autor con selo poético”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 xullo 2013, p. 43.

Coméntase que o cantautor Manoel de Felisa alterna nas súas gravacións entre temas propios e composicións de autores da Literatura galega contemporánea coma S. García-

Bodaño, X. Neira Vilas, María Mariño, Rosalía de Castro ou Celso Emilio Ferreiro, entre outros.

Lorenzo, Fran P., “Unha mostra dobre documenta o labor de Del Riego e Penzol”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 9 xullo 2013, p. 40.

Infórmase da inauguración no Pazo de Fonseca da exposición “Cos ollos do seu espírito”, organizada con motivo do centenario do nacemento de Francisco Fernández del Riego. Coméntase que a exposición retrata a vida e a actividade profesional do intelectual, así como a súa vontade de preservar o legado galeguista. Sinálase que o Pazo de Fonseca acolle tamén a exposición “Unha obra para un país”, que conmemora o cincuentenario da Fundación Penzol.

Lorenzo, Fran P., “Unha primeira edición ‘customizada’ de ‘Cantares’ remove o rosalianismo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 13 xullo 2013, p. 40.

Dáse conta do achado dun primeiro exemplar modificado de *Cantares gallegos* que contén unha fotografía inédita de Rosalía de Castro, un autógrafo da autora e a transcripción dunha carta que Fernán Caballero enviou a Rosalía. Coméntase que, segundo Anxo Angueira, é probábel que a fotografía sexa obra de Maria Cardarely e que o propietario inicial do libro fose Ramón Segade Campoamor.

Lorenzo, Fran P., “Memoria de Galicia en construción”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 27 setembro 2013, pp. 36-37.

Destaca o labor arquivístico do Consello da Cultura Galega ao cumprir trinta anos desde a súa constitución.

Lorenzo, Fran P., “aCadaCanto cédelle a súa pureza musical á poesía de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 30 decembro 2013, p. 33.

Fala da publicación do álbum *A rosa d’Adina* por parte do grupo aCadaCanto no que se versiona e homenaxea a obra *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

L. R., “El Concello pretende trasladar el legado de Cabanillas a Exposalnés”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 9 xaneiro 2013, p. 10.

Coméntase que o concello de Cambos estuda coa familia de Ramón Cabanillas o traslado do seu legado a Exposalnés, debido á falta de espazo na casa natal. No entanto, tamén se sinala que non se descarta ubicar outros servizos nese inmovible, aproveitando o céntrico da súa situación.

Malvido, Gemma, “Música e poemas para honrar a Rosalía”, *La Opinión*, “A Coruña”, 25 febreiro 2013, p. 6.

Descríbense os actos coruñeses en homenaxe ao 176 aniversario do nacemento da autora de *Cantares gallegos*, con recitais e coa interpretación da “Alborada” e do “Himno do Antergo Reino de Galicia” por parte de gaiteiros no monte de San Pedro e na rúa da Gaiteira.

Malvido, Gemma, “Rosalía cantada”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 16 maio 2013, p. 33.

Refírese ao feito de que o tenor Joaquín Pixán e o pianista Alejandro Zabala gravaran no auditorio da Fundación Barrié de la Maza un libro-disco con quince poemas de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, obra da que se cumpre este ano o cento cincuenta aniversario da publicación.

Manteiga, M., “López Sánchez, en el Encontro coas escritoras de Negreira”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 540, 2 abril 2013, p. 5.

Infórmase do acto celebrado no IES Xulián Magariños, dentro do Encontro coas escritoras de Negreira, ao que asistiu María López Sánchez, gañadora do Premio Repsol 2013 de novela.

Manteiga, M., “Música, ofrenda e premios en Cerceda polos vinte anos da morte de Valcarce”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 662, 28 agosto 2013, p. 2.

Anúnciase a celebración en Cerceda dunha homenaxe a Moncho Valcarce con motivo do vixésimo cabodano da súa morte. Sinálase que no acto terá lugar un recital poético-musical no que participarán Pilar Pallarés, Manuel Lugo, Xosé Fraga, Xulio L. Valcarce, Ramón Vilar, Xosé Elías Ramil, Baldomero Iglesias, Luís Liñares, Xosé Taboada e Xosé M. Ares.

Manteiga, M., “Cultura supervisa as melloras da Casa Museo de Rosalía, xa na súa recta final”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 769, 14 decembro 2013, p. 5.

Informa da visita do secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, á Fundación Rosalía de Castro para coñecer de preto o estado das obras de acondicionamento do inmobile.

Manteiga, Marcos, “Pereira leva ó seu Ouzande natal un novo libro de poesía”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 427, 4 xaneiro 2013, p. 6.

Dáse conta da presentación de *Interior con froiteiro e feridas* (2012), libro bilingüe editado por Aqua do autor galego Manuel Pereira Valcárcel radicado na capital aragonesa.

Martiarena, Amaia, “Vázquez participa na lembranza en Bos Aires a Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 maio 2013, p. 44.

Dáse conta da participación do concelleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria nun acto de conmemoración a Rosalía de Castro que tivo lugar no colexio galego-arxentino Santiago Apóstolo con motivo do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*.

Martín, Toni, “Una placa para recordar los ‘Cantares gallegos’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 maio 2013, p. 27.

Refírese ao acto de homenaxe para lembrar *Cantares gallegos* no seu cento cincuenta aniversario que levaron ao cabo os alumnos do IES Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. Dise que no acto participaron o alcalde da cidade, o secretario xeral de Política Lingüística e o presidente da Fundación Rosalía de Castro, entre outros.

Martín, Toni, “Actividades en torno a la figura de Agustín Magán y su trabajo en Ditea”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 novembro 2013, p. 29.

Dáse noticia de diversas actividades que en homenaxe ao dramaturgo Agustín Magán acolle o Centro sociocultural de Santa Marta, en Santiago de Compostela.

Martínez, A./ L. **Montero**, “Méndez Ferrín mantense hermético sobre a súa dimisión á fronte da RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 marzo 2013, p. 36.

Infórmase de que Xosé Luís Méndez Ferrín rexeitou con suma corrección as preguntas sobre a súa dimisión de cargo presidencial e cadeira na Real Academia Galega durante a presentación do *Diccionario de alimentación e restauración*. Dise tamén que o Instituto da Lingua Galega desmentiu categoricamente as acusacións de interferencias.

Martínez, Alberto, “A rosa das cen follas’ de Cabanillas xa está na Real Academia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 xaneiro 2013, p. 41.

Faise saber que o manuscrito da obra *A rosa das cen follas*, de Ramón Cabanillas, así como outros documentos, foron entregados á Real Academia Galega por Jorge Parga Peinador, fillo do insigne xeólogo Isidro Parga Pondal, vixilante e custodio dos documentos de Eduardo Pondal Abente e outros galeguistas.

Martínez, Alberto, “González, o candidato avalado polo seu traballo na Academia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 abril 2013, p. 41.

Infórmase de que o aspirante á presidencia da Real Academia Galega, Manuel González, fixo un chamamento á transparencia e independencia da entidade. Estas

declaracións fixoas a poucos días da elección entre el e Xesús Alonso Montero. Sinálase a ausencia de acordo para un pacto entre listas proposto por Alonso Montero.

Martínez, Alberto, “Este xoves, ‘Lúas de Outono’, a homenaxe anual a Manuel María”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 setembro 2013, p. 45.

Infórmase de que, coincidindo co aniversario do falecemento do autor, Lúas de Outono, espectáculo imprescindíbel en recordo de Manuel María, estará todos os xoves no teatro Colón, coma todos os anos. Ademais estrearase o audiovisual *Andei todos os camiños*.

Martínez, Cecilia, “Una editorial asturiana crea un sello con el nombre de Bueu para editar en Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, “Cangas”, 26 febreiro 2013, p. 16.

Infórmase de que a editorial La Cruz del Grado, con sede en Asturias, vén de crear un selo co nome da vila bueuense, a través do cal publicará distintos traballos en Galicia. Coméntase a orixe desta iniciativa, o seu logo e a próxima publicación dunha revista.

Martínez, Juan Carlos, “Letra impresa que vertebra un país”, *La Voz de Galicia*, “Premios Fernández Latorre”, 22 novembro 2013, pp. 8-9.

Con motivo da entrega dos Premios Fernández Latorre, destácase o labor da Editorial Galaxia nos últimos sesenta anos.

Martínez, Koro, “Aposta por manter viva a figura de Díaz Pardo, ‘patrimonio da humanidade’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 xaneiro 2013, pp. 38-39.

Descríbese o acto en homenaxe a Isaac Díaz Pardo no compostelán cemiterio de Boisaca, coincidindo co seu primeiro cabodano e sinálase que interviñeron Xesús Alonso Montero, Xosé Ramón Fandiño (coordinador da homenaxe), Carmen Blanco, Luz Pozo, Helena Villar, Claudio Rodríguez e Xosé Luís Axeitos, entre outros.

Martínez, Koro, “O periplo vital de Díaz Pardo, a través de 31 dos seus escritos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 xaneiro 2013, p. 40.

Descríbese a multitudinaria presentación do volume *A luminosa mirada dos ollos de Isaac. Isaac Díaz Pardo. Obra dispersa* celebrada no Museo do Pobo Galego. Este XXIV volume dos Cadernos Ramón Piñeiro, editado e prologado por Xosé Ramón Fandiño, recolle escritos do intelectual galeguista agrupados en oito capítulos.

Martínez, Koro, “Sorpresa e respecto á renuncia de Méndez Ferrín á presidencia da RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 febreiro 2013, p. 40.

Recóllese o clima de sorpresa e respecto ante a carta na que Xosé Luís Méndez Ferrín anuncia que causará baixa na presidencia e como membro da institución, subliñando que unha parte dos académicos lle fixeron sentir que “non tiña sitio” alí. Recóllense comentarios de X. R. Barreiro e H. Monteagudo.

Martínez, Koro, “Homenaxe a Rosalía con poemas de Helena Villar dos galegos de Bos Aires”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 febreiro 2013, p. 41.

Explícase a homenaxe que a asociación O Terzo da Fala rende a Rosalía de Castro en Bos Aires, coincidindo co sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos* e o 176 aniversario do nacemento da autora. Anúnciase que a artista Luz Darriba fará lectura dunha selección de poemas da escritora Helena Villar Janeiro, tirados da escolma *Rosalía no espello* (1984).

Martínez, Koro, “O Día das Letras 2014 reivindicará ao poeta Xosé María Díaz Castro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 xuño 2013, p. 42.

Infórmase de que Xosé María Díaz Castro foi elixido como homenaxeado no Día das Letras Galegas 2014, quedando como finalista o poeta Fiz Vergara Vilariño. Recóllense as declaracións ao respecto de Luís González Tosar, que sinalou que o 2014 será o ano de dar a coñecer a Díaz Castro a través dunha nova edición de *Nimbo*s coa que se conseguirá tamén mellorar a calidade da lingua galega. Finalmente incorpóranse unhas indicacións sobre a biografía do homenaxeado, destacando que foi moi admirado por autores coma X. L. Franco Grande, Manuel María ou X. L. Méndez Ferrín, entre outros.

Martínez, Koro, “Galaxia perde coa morte de Benxamín Casal a gran ponte entre tradición e renovación”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 31 agosto 2013, p. 42.

Destaca o papel e o labor de Benxamín Casal na Editorial Galaxia co motivo do seu falecemento.

Martínez González, Xurxo, “Bruar dos rumorosos. O Banquete de Conxo na prensa viguesa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, nº 449, 14 marzo 2013, CUBERTA.

Lémbrase o desenvolvemento do Banquete de Conxo do 2 de marzo de 1856 como unha comida de fraternidade entre artesáns e estudantes e a súa recepción na prensa viguesa da época, co temor a un pronunciamento popular e críticas.

Martínez González, Xurxo, “Da musa libre”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 460, 30 maio 2013, p. 1.

Dáse conta da vida e traxectoria de Aurelio Aguirre, non só como participante no Banquete de Conxo e outros feitos, senón que se destaca a súa figura como poeta romántico. Compárase artisticamente con autores da súa xeración cos que mantivo

relación de amizade como Rosalía de Castro ou Eduardo Pondal. Así mesmo, sinálanse as diferenzas e semellanzas fundamentais con estes.

Márquez, B., “O obradoiro de Tradución Poética de San Simón ábrese a tres continentes”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 1 outubro 2013, p. 39.

Dáse noticia de que o Día Internacional da Tradución se presenta *Con barqueira e remador* (2013), resultado do obradoiro de Tradución Poética de San Simón do ano anterior. Infórmase de que haberá unha segunda edición na que participarán sete poetas europeos, que contará coa colaboración de Yolanda Castaño, a súa ideóloga.

Matilde, “Sólo gráficos”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Escaparate”, 17 febreiro 2013, p. 11.

Dáse conta do acto na memoria do intelectual Fernández del Riego na Alameda de Vigo, con asistentes como Luís García Mañá, Xosé Luís Méndez Ferrín ou os integrantes de A Roda, que actuaron ao remate dos discursos de rigor. Críticase o anuncio do acto por parte da Xunta de Galicia.

Matilde, “Todo un día festivo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Escaparate”, 13 outubro 2013, p. 13.

Entre outras cousas destácanse diversos acontecementos que tiveron lugar o día 12 de outubro, entre os que salienta a presenza do escritor Xavier Queipo, Premio Xerais, nunha exposición do Marco, en Vigo.

Mato, M., “Editores critican a la Xunta por frenar su apoyo al libro gallego en el extranjero”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 37./**Mato, M.**, “Editores critican la falta de apoyo de la Xunta en el exterior”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, p. 30, 23 abril 2013.

Recóllese á situación que denuncia a Asociación de Editores Galegos sobre as exportacións de obras ao estranxeiro, que caeu nun 30%, segundo o Consello da Cultura Galega. Dise que a Asociación de Editores Galegos asocia esta caída coa perda do apoio que antes ofrecía a Xunta de Galicia para promocionar o libro galego no estranxeiro.

Mato, M./ E. P., “Agadic inaugura un programa teatral de intercambio de obras con Portugal”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 marzo 2013, p. 44.

Infórmase de que a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) decidiu abrir a billa para que os espectáculos de teatro e música retornen ás redes de espectáculos paralizadas desde hai meses, ao tempo que o sector denuncia un presuposto reducido nun 50%.

Mato, Mar, “La precariedad se alza en Galicia como el problema clave del teatro”, *Faro de Vigo*, “Tv/ Espectáculos”, 9 xaneiro 2013, p. 59.

Analízase a situación das compañías de artes escénicas en Galicia a partir dun informe dado a coñecer polo Consello da Cultura Galega. Sinálase que os resultados demostran que as compañías realizan menos de dez funcións ao ano –tres as de danza– e que varias compañías manteñen un nivel de actividade baixo ou practicamente nulo, co malestar que isto xera. Propóñense liñas estratéxicas.

Mato, Mar, “Las editoriales gallegas reducen la publicación de libros en papel y aumentan su oferta en internet”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 37/ “Los editores gallegos reducen la publicación en papel y aumentan su oferta en internet”, *La Opinión*, “Cultura”, p. 46, 17 xaneiro 2013.

Dáse conta dos principais cambios no mercado editorial galego, subliñando que se editaron 800 títulos menos na comunidade e que as empresas optan por ampliar a súa presenza na rede ou por conseguir convenios públicos.

Mato, Mar, “Un congreso, una exposición y varios actos de lectura de poemas centran el Año Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 46/ “Un congreso y una exposición centran los actos del Año Rosalía”, *La Opinión*, “Cultura”, p. 54, 2 febreiro 2013.

Recóllense algunhas das actividades do programa do Ano Rosalía, prestando especial atención ás radicadas en Vigo. Da reapertura da Casa-Museo de Rosalía de Castro á exposición na Fundación Barrié de Vigo ou ao Congreso Internacional “Rosalía de Castro no século XXI”, que acollerá o Consello da Cultura Galega.

Mato, Mar, “Las donaciones oxigenan a la RAG”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 38/ *La Opinión*, “Cultura”, 7 febreiro 2013, p. 53.

Revísase a situación e orixe dos fondos da Real Academia Galega, salientando que os máis importantes proceden de cesións gratuítas de socios ou familiares, e que no pasado xaneiro aínda se recibiron dous legados.

Mato, Mar, “El vuelo libre de cien palomas y palabras sentidas evocan a Fernández del Riego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 17 febreiro 2013, p. 46.

Recóllese o desenvolvemento do acto en recordo a Francisco Fernández del Riego na Alameda de Vigo, coa solta de cen pombas e coa intervención de Xosé Luís Méndez Ferrín, Xesús Alonso Montero, Xosé González, Gonzalo Amoedo ou Ana Fernández del Riego, entre outras persoas.

Mato, Mar, “El epistolario con Álvaro Cunqueiro revela la excelencia literaria de Alberto Casal”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 19 febreiro 2013, p. 37.

Dáse conta da presentación do *Epistolario Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal (1955-1961)* (2012), editado polo Centro Ramón Piñeiro, na Fundación Sales de Vigo. Explicase que o libro revela a excelencia literaria de Alberto Casal, como subliñou César Cunqueiro, acompañado de Xosé Luís Méndez Ferrín, Alfonso Paz-Andrade e outros.

Mato, Mar, “Editoriales gallegas celebran con varios libros los 150 años de ‘Cantares gallegos’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 febreiro 2013, p. 42/ *La Opinión*, “Cultura”, 22 febreiro 2013, p. 34.

Informa de distintas obras que verán a luz para conmemorar o cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, salientando as da Editorial Galaxia, Edicións Xerais de Galicia e El Patito Editorial. Explica que Galaxia dará a lume en marzo unha biografía elaborada por Chus Lama; Xerais publicará en abril unha edición de *Cantares gallegos* con estudo e anotacións de Anxo Angueira e en maio a obra *Rosalía de Castro. Imaxe e realidade*, de Fernando Pereira, na que analizará a evolución da imaxe rosaliana no imaxinario colectivo; e El Patito Editorial unha versión de *Cantares gallegos* ilustrada por Pepe Barro, que se presentará ao día seguinte nunha festa cultural en Allariz. Refíre que a versión de El Patito Editorial se sitúa no camiño iniciado en 2011 coa edición de *La flor. A mi madre*, ilustrada por Fausto e en 2012 pola versión de *Follas Novas* ilustrada por Álvaro de la Vega. Matiza que as ilustracións de Pepe Barro se basean en fotografías de elementos vexetais, de labranza e de instrumentos galegos para crear un poema visual da obra rosaliana xa que a propia autora de Herbón alude no prólogo e nos poemas a unha vexetación “vizosa”.

Mato, Mar, “A guerra de Celso Emilio Ferreiro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 febreiro 2013, p. 42/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 53, 22 febreiro 2013.

Dáse conta da presentación en Compostela da biografía que o profesor vigués Ramón Nicolás publica para Xerais baixo o título *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* (2012), onde revela novos detalles do poeta.

Mato, Mar, “Investigaciones derriban la leyenda de que Rosalía de Castro fuese abandonada por su madre”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 40/ “Derriban la leyenda de que Rosalía de Castro fuese abandonada por su madre”, *La Opinión*, “Cultura”, 22 marzo 2013, p. 47.

Coméntase algunha das novidades escoitadas na segunda xornada do congreso “Rosalía de Castro no século XXI”, como a mentira do abandonamento de Rosalía, a cal segundo Victoria Álvarez puido ser difundida pola familia paterna do cura Martínez Viojo. Sinalase que tamén se celebrou un recital de nove poetas: Ana Romaní, Luz Pozo, Lupe Gómez, María Xosé Queizán, Yolanda Castaño, Olalla Cociña, Xiana Arias, Estíbaliz Espinosa e Lorena Souto.

Mato, Mar, “Rosalía de reinventa como mito ‘pop’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 19 abril 2013, p. 39.

Infórmase da presentación dun proxecto na Facultade de Tradución da Universidade de Vigo titulado “Rosalía é mundial” e que pretende traducir os poemas da autora a quince linguas. Sinálase que no acto de presentación se contou coa opinión de Yolanda Castaño, Elvira Riveiro e Leo de Arremecaghona que opinan que debemos reinterpretar os poemas de Rosalía.

Mato, Mar, “Las artes escénicas gallegas retroceden a la situación de precariedad de los años 70”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 43./ “Las artes escénicas gallegas retroceden a la situación de los 70”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, p. 29, 1 maio 2013.

Dáse conta da situación de precariedade que denuncian os profesionais do sector das artes escénicas galegas. Por esta razón expertos e traballadores reclaman chegar a un acordo coa Xunta de Galicia para un plan que asegure un futuro produtivo, como explicaba o director da Escola de Arte Dramático de Galicia, Manuel Vieites.

Mato, Mar, “Más de 90 artistas se unen contra los desahucios en un homenaje a Brecht”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 29 maio 2013, p. 67.

Refírese á gala solidaria, que xirará ao redor da figura de Bertold Brecht, e que foi presentada na Escola Superior de Arte Dramático para recadar fondos contras as perdas de vivenda. O proxecto está acollido polo presidente da Real Academia Galega e polo director de escena Julián Rodríguez. Anúnciase tamén que a gala terá lugar no Salón Teatro de Santiago e no teatro Nova Caixa Galicia e contará con artistas profesionais, músicos, técnicos, directores, escenógrafos e profesores da Escola Superior de Arte Dramático e do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

Mato, Mar, “Amancio Prada llega a Vigo con su canto en directo a Rosalía de Castro y a Lorca”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 27 xuño 2013, p. 59.

Infórmase de que, con motivo do 150 aniversario de *Cantares gallegos*, Amancio Prada vai presentar o espectáculo “A Rosalía de Federico”, no que musica versos de Rosalía de Castro e Federico García Lorca. Alúdese ao poema “Salutación elegíaca a Rosalía de Castro”, composto por Lorca para mostrar a súa admiración pola poeta galega.

Mato, Mar, “La literatura de Fernández del Riego se amplía con nuevas obras inéditas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 novembro 2013, p. 40.

Describe a homenaxe realizada na Casa da Cultura Galega con motivo do centenario do nacemento de Francisco Fernández del Riego, inaugurando a exposición “Cos ollos do espírito”.

Mato, Mar, “Homenaje de la Real Academia Galega a Del Riego en enero”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 decembro 2013, p. 44.

Comenta que a Real Academia Galega renderá homenaxe a Francisco Fernández del Riego no día no que cumpriría 101 anos.

Mato, Mar, “La Fundación Rosalía recaba apoyos para impulsar el museo de la Casa da Matanza”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 42/ *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 29 decembro 2013, p. 34.

Fala das obras que se levarán a cabo para emprender as obras de mellora da Casa da Matanza.

Mato, Mar/ **A. Moledo**, “La precariedad se alza en Galicia como problema clave del teatro”, *La Opinión*, “Cultura”, 9 xaneiro 2013, p. 47.

Analízase a situación do sector dramático en Galicia tras o peche das salas Nasa, Yago e Galán, a desaparición de programas específicos e o ritmo das compañías, con apenas unha función por mes e só un espectáculo ao ano.

Mauleón, A., “Rosalía, libre y transgresora en el siglo XXI”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 1 marzo 2013, p. 47.

Explícase o programa do congreso “Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada”, organizado polo Consello da Cultura Galega (CCG) e anúnciase que contará con cinco xornadas –unha sesión por mes– nas que diferentes expertos reflexionarán sobre a súa figura e obra.

Mauleón, Amaia, “Fallece Xosé Manuel Olveira ‘Pico’, uno de los maestros de la escena gallega”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, p. 59/*La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, p. 33, 14 xuño 2013.

Dáse noticia do falecemento de Xosé Manuel Olveira, destacando que foi un dos actores galegos máis coñecidos do cine, da televisión e do teatro. Ofrecense indicacións sobre a súa vida persoal e profesional, sinalando algunhas das obras nas que participou e os galardóns que recibiu, e recóllense as declaracións dalgúns compañeiros de profesión.

Mauleón, Amaia, “El espacio vital del mundo literario, ayer y hoy”, *Faro de Vigo*, “160 años en Galicia: 1853-2013”, “Sociedad y Cultura”, 3 novembro 2013, p. 110.

Fala do papel de Francisco Fernández del Riego e de Álvaro Cunqueiro no xornal *Faro de Vigo* e a súa influencia á hora de converter as súas páxinas nun espazo de recuperación dos escritores galegos.

Mauleón, Amaia, “Homenaje a los 150 años de ‘Cantares’”, *Faro de Vigo*, “Estela”, “Sociedad”, 29 decembro 2013, p. 26.

Fai referencia a diferentes actos culturais. Por unha banda, os referentes ao 150 aniversario da publicación *Cantares gallegos*; e pola outra, os actos que tiveron lugar no 2013 no Día das Letras Galegas dedicadas a Roberto Vidal Bolaño.

M. B., “A figura de Rosalía de Castro lémbrese este ano pola súa importancia cultural e histórica”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, pp. 22-23/*Diario de Ferrol*, “*Nordesiá*”, n.º 781, pp. 28-29/*El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 781, pp. 28-29, “En detalle”, 16 xuño 2013.

Anúnciase que se van celebrar durante todo o ano numerosos actos, actividades e concursos escolares en lembranza de Rosalía de Castro con motivo do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. Coméntase que se van organizar iniciativas para o estudo e a divulgación da obra rosaliana, entre elas a exposición “No principio foi o verso. O cantar dos cantares”, e que se publicarán tamén edicións conmemorativas. Sinálase que a primeira data destacábel do ano foi o 24 de febreiro, no que se conmemorou o nacemento da autora.

Menán, Marta, “A morte alegre para exaltar a vida”, *El Progreso*, “*Revista*”, 12 outubro 2013, p. 10.

Comenta que Yolanda Castaño fala das oportunidades de viaxar que lle ofrece a súa condición de autora poética, o que considera un agasallo. Sinálase, por exemplo, a súa participación nun festival de poesía en Armenia e a atracción provocada pola morte como exaltación da vida.

Menayo, Nagore, “El pleno de la RAG se reunirá el próximo sábado para elegir a su nuevo presidente”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 13 abril 2013, p. 17.

Infórmase da próxima reunión da Real Academia Galega na que se elixirá ao novo presidente, cargao ao que aspiran Xesús Alonso Montero e o extesoureiro Manuel González e sinálanse os apoios cos que conta cada candidato.

Menayo, Nagore, “Música, magia y poesía darán forma a un gran espectáculo que ‘planta cara’ a la ley educativa”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 12 novembro 2013, p. 15.

Indica que terá lugar unha festa da cultura con música, maxia e poesía no auditorio Andrés Gaos para amosar a oposición á LOMCE, nova lei educativa. Sinala que haberá unha recollida de sinaturas que apoian persoeiros como Manuel Álvarez Torneiro, Premio Nacional de Poesía.

Mendoza, Amaia, “Culturgal propón o pagamento voluntario da entrada á feira”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 6 novembro 2013, p. 40.

Anúnciase que a edición do Culturgal deste ano en Pontevedra propón o pagamento voluntario da entrada á feira, na que estarán presentes, entre outros, autores como Manolo Rivas, con proxectos como a *Revista Luzes*.

M. G., “Carlos Mella é o novo presidente da Fundación Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 febreiro 2013, p. 27.

Anúnciase a escolla por consenso de Carlos Mella como presidente da Fundación Castelao, tras o pasamento de Avelino Pousa Antelo. Sinálase tamén que se aceptou o ofrecemento realizado polo concello para que a sede da entidade se instale en Rianxo e realizouse unha ofrenda floral.

M. G., “Recital poético da Tertulia Literaria Tapal e Ana Blanco”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 541, 29 abril 2013, p. 7.

Refírese ao recital poético da Tertulia Literaria Tapal e Ana Blanco na casa de cultura de Porto do Son. Coméntase que o recital, dedicado a Rosalía de Castro co título “Has de cantar”, foi organizado pola Consellería de Cultura para celebrar o Día do Libro.

M. G., “Alonso Montero ve en ‘Cantares gallegos’ una obra extraordinaria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 maio 2013, p. 41.

Infórmase da conferencia dada polo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, na Casa Galega da Cultura, organizada pola Fundación Premios da Crítica de Galicia. Na conferencia, titulada “Cantares gallegos”, Alonso Montero destacou as peculiaridades da obra coa que comparte o nome.

M. G., “El Liceo acogió un recital poético en torno a ‘Cantares gallegos’ de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 556, 14 maio 2013, p. 6.

Dáse conta de que o Liceo de Noia acolleu un recital poético sobre *Cantares gallegos* dirixido por Ana Blanco. Coméntase que no acto tamén recitaron Loli Rama, Juan López, Concha Roura, Isabel Veiras, José Martínez, José Carreto e Manoli Iglesias.

M. G. M., “La programación cultural del IMCE ‘adelgaza’ en el primer mes de 2013”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 5 xaneiro 2013, p. 17.

Explícase que a programación cultural do IMCE redúcese no comezo do 2013, mentres o concello asegura que a situación é circunstancial e que a actividade aumentará segundo avance o ano. Fálase da próxima edición de “Poetas di(n)versos”, dun espectáculo de Lino Braxe e doutras escenificacións.

M. G. M., “O fillo de Parga Pondal doa á RAG o mecanoscrito de ‘A rosa de cen follas’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 9 xaneiro 2013, p. 14.

Infórmase da vindeira presentación que a Real Academia Galega fará dunha nova xoia dos seus arquivos: o mecanoscrito orixinal d’*A rosa de cen follas* de Ramón Cabanillas (1927), con dedicatoria a Enrique Peinador, o avó de quen ten a ben trasladar en calidade de doazón a peza, Jorge Parra Peinador.

M. G. M., “Gaiteiros coruñeses tocaranlle a Rosalía polos 150 anos de ‘Cantares gallegos’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 23 febreiro 2013, p. 14.

Anúnciase que a Asociación de Gaiteiros Galegos convoca a todos os músicos solistas e grupos a interpretar a “Alborada de Rosalía”, como celebración do sesquicentenario de *Cantares gallegos*. A convocatoria parte da Real Academia Galega e a Fundación Rosalía.

M. G. M., “O Grupo Eulen convoca un cásting para participar no proxecto de formación ‘Laboratorio Teatral’”, *El Ideal Gallego*, 23 febreiro 2013, p. 15.

Fálase da iniciativa “Laboratorio Teatral”, do Grupo Eulen. Explicase en que consiste a experiencia e as actividades nas que participarán os aspirantes seleccionados e cítanse algunhas obras que terán a oportunidade de gozar.

M. G. M., “Ferrín informará sobre a súa decisión definitiva ‘no seu debido tempo’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 1 marzo 2013, p. 17.

Recóllense as declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín no curso da presentación do *Diccionario de alimentación e restauración*, coordinado por Manuel González, sinalando que informará cando cumpra da súa marcha da institución.

M. G. M., “Ferrín abandona por completo a RAG ‘por forzas que atentan contra o idioma’”, *Diario de Arousa*, “Galicia”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “Galicia”, 14 marzo 2013, p. 25.

Confírmase a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín como presidente e numerario da Real Academia Galega, describindo o último pleno e a saída da institución, na que o pleno decidiu por unanimidade deixar baleira a súa cadeira.

M. G. M., “Alonso Montero aspira a presidir a RAG polo consenso ao deixar dúas vacantes”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 2 abril 2013, p. 15.

Faise pública a candidatura de Xesús Alonso Montero á presidencia da Real Academia Galega, arroupado por Henrique Monteagudo, Rosario Álvarez, Xesús Ferro Ruibal, Margarita Ledo, Francisco Díaz e Andrés Torres Queiruga.

M. G. M., “A RAG lembra o feito por José Rubinos desde Cuba no seu 115 aniversario”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 4 abril 2013, p. 17.

Refírese ao acto que acolleu a Real Academia Galega no cal o alcalde de Negreira lembraba ao xesuíta José Rubinos. O intelectual coruñés foi parte esencial na creación da Real Academia Galega, impulsando a nosa lingua e mandando cartos dende Cuba á institución cada mes.

M. G. M., “Manuel González asegura non ter o respaldo da maioría dos académicos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 16 abril 2013, p. 13.

Infórmase de que en poucos días Manuel González presentárase ao plenario como candidato a presidir a Real Academia Galega, á que tamén aspira Xesús Alonso Montero. Manuel González sinala a perda de apoios por parte dos académicos e cre non contar cunha maioría.

M. G. M., “O Colón será un ‘after’ na semana das Letras Galegas para recibir ás criaturas de Vidal Bolaño”, *El Ideal Gallego*, 17 abril 2013, p. 13.

Fálase da programación do Teatro Colón para o mes de maio. Anúncianse algunhas das representacións que se levarán a cabo, como *Desgrazas*, *As marxas da desgraza* e *Serán!*, entre outras.

M. G. M., “Poetas di(n)versos’ unirá a lírica con outras disciplinas”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 17 abril 2013, p. 13.

Dáse conta do novo ciclo de “Poetas di(n)versos”, que nesta ocasión mesturará a poesía con outros xéneros como a música, a performance ou a danza. Así no novo modelo deste recital, participarán Branca Novoneyra, acompañada do brasileiro Marció André, ou o italiano que poñerá música ao recital de Manuel Forcadela: Claudio Pozzani.

M. G. M., “A nova directiva terá que rematar o proceso contra o Decreto do Plurilingüismo”, *Diario de Arousa*, “Galicia”, p. 41./ *Diario de Ferrol*, “Galicia”, p. 25/ *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, p. 5, 21 abril 2013.

Dáse conta de que coa elección do novo presidente da Real Academia Galega, tamén cambia a actual directiva e que a substituta será a encargada de rematar o proceso do recurso presentado pola entidade contra o Decreto do Plurilingüismo.

M. G. M., “Será o segundo con máis idade despois de Fernández del Riego”, *Diario de Arousa*, “Galicia”, p. 41./ *Diario de Ferrol*, “Galicia”, p. 25./ *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, p. 5, 21 abril 2013.

Infórmase de que o novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, será o segundo con máis idade despois de Francisco Fernández del Riego,

concretamente con oitenta e catro anos. Ademais disto sábese que o catedrático pediu a colaboración da Xunta de todos os académicos.

M. G. M., “Xesús Alonso Montero converterase no décimo terceiro presidente da RAG”, *Diario de Arousa*, Galicia”, p. 41/ *Diario de Ferrol*, Galicia”, p. 25/ *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, p. 5, 21 abril 2013.

Refírese a que Xesús Alosa Montero foi elixido como novo presidente da Real Academia Galega, fronte ao outro candidato Manuel González, despois dunha segunda volta por doce votos a dez. Ademais o novo presidente fixo un chamamento a traballar xuntos pola institución.

M. G. M., “Dores Tembrás dirixirá un taller de poesía coa intención de convertelo en cita anual”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 30 abril 2013, p. 16.

Refírese ao taller de poesía dirixido por Dores Tembrás e promovido pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega que terá lugar na Coruña, iniciativa que pretende, ademais, converterse nunha cita anual.

M. G. M., “Marcio-Andre e Branca Novoreyra farán bailar o luns aos versos no Ágora”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 1 xuño 2013, p. 13.

Infórmase do novo ciclo de “Poetas di(n)versos” que terá lugar no Ágora da Coruña. Anúnciase que a poesía se mesturará con outros xéneros, como a música, a performance ou a danza, e que neste novo modelo de recital participarán Branca Novoneyra acompañada do brasileiro Marció André ou o italiano Claudio Pozzani.

M.G.M., “Los comerciantes locales rechazan la unión de las ferias del libro y el cómic”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 20 xuño 2013, p. 12.

Anúncianse as datas nas que se celebrarán as feiras do libro e do cómic da Coruña e sinalase que Miguelanxo Prado denunciou a mala situación dos creadores de cómic galegos por teren poucas posibilidades de mostrar as súas obras.

M.G.M., “A familia de Julio Rodríguez Yordi doa os seus manuscritos á Real Academia”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 24 agosto 2013, p. 14.

Infórmase de que a familia do escritor e académico Julio Rodríguez Yordi lle entregou á Real Academia Galega os manuscritos coas creacións literarias do autor. Coméntase que no acto de entrega X. Alonso Montero lembrou a figura de Eladio Rodríguez, pai de Rodríguez Yordi, e sinalou a importancia dos manuscritos para o estudo da evolución do xornalismo en Galicia por conteren artigos da xornalista María Luísa Durán, esposa do escritor.

M. G. M., “La Feria del Libro recibió más de 100.000 visitas en sus once días”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 15 agosto 2013, p. 11.

Dá a coñecer as numerosas visitas recibidas na cuadraxésima segunda edición da Feira do Libro da Coruña.

Miguel Ángel, “A Esmorga’, un libro para una ciudad”, *La Región*, “Ourense”, 15 decembro 2013, pp. 16-17.

Describe o roteiro que se pode vincular entre a cidade de Ourense e a obra de Eduardo Blanco Amor, *A Esmorga*.

Millares Santos, Héctor, “Fobiófagos”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 15 agosto 2013, p. 33.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Héctor Millares Santos, intitulado “Fobiófagos”.

M. L., “Unha mostra ilustrará sobre Ben-Cho-Shey e a súa época”, *El Progreso*, “Lugo”, 8 febreiro 2013, p. 9.

Informa da presentación da exposición fotográfica sobre Ben-Cho-Shey que se abrirá ao público, dende a seguinte semana ao 20 de maio, no Museo Provincial lucense neste Ano Ben-Cho-Shey. Recolle palabras do comisario da exposición, Ramiro Cuba, e do delegado provincial de cultura, salientando a figura do homenaxeado e detallando a estruturación da mostra. Remata apuntando que o comisario referiu que se publicará o diario que Ben-Cho-Shey escribiu en Lugo antes de que se peche a exposición.

M. M., “Blancanieves’, la favorita a los Goya”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 xaneiro 2013, p. 37.

Revísanse as nominacións coñecidas para a vindeira edición dos premios Goya, salientando as nominacións galegas de Javier Barreira e Manuel Rivas na categoría de guión cinematográfico e “O Apóstolo” na categoría de mellor película de animación.

M. M., “Encierro en el Salón Teatro de miembros de la Plataforma de Artes Escénicas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 4 febreiro 2013, p. L3.

Comunícase que un grupo de integrantes da Plataforma de Artes Escénicas se pechou durante tres horas no Salón Teatro para chamar a atención sobre a paralización das actividades e da programación de Agadic (Axencia Galega das Industrias Culturais), denunciando a falta de axudas económicas por parte da Xunta de Galicia.

M. M., “Tradutores de todo o mundo plasmarán en 50 linguas poemas de Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 febreiro 2013, p. 41.

Descríbese outra das actividades de festexo do sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos*: a tradución dos versos de Rosalía de Castro a cincuenta idiomas, iniciativa da Universidade de Vigo e do Concello. Coméntanse outras iniciativas, como a “Alborada de Rosalía”, que interpretarán uns dous mil gaiteiros.

M. M., “El libro recobra protagonismo en Vigo para convivir en 60 actos con la música y el teatro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 28 xuño 2013, p. 48.

Dáse noticia do comezo da Feira do Libro de Vigo, destacando a participación de autores como Manuel Rivas, Agustín Fernández Paz, Suso de Toro, ou Francisco Castro, entre outros, que falarán das súas obras e asinarán exemplares. Tamén se informa da presentación da revista de creación e investigación artística *Plastic Crowds*.

M. M., “El congreso sobre Rosalía de Castro resalta su papel ‘intelectual’ más allá de la poesía”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 28 xuño 2013, p. 48.

Infórmase do remate do congreso “Rosalía de Castro no século XXI” destacando que, segundo Anxo Angueira, serviu para demostrar que a autora era “unha intelectual do seu tempo” e que *Cantares gallegos* é unha obra “de primeira magnitude” e “esteticamente redonda”.

M. M., “Outeiro de Rei acolle o día 8 un acto en memoria do poeta Manuel María”, *El Progreso*, “A Chaira”, 5 setembro 2013, p. 20.

Dá conta dos actos de homenaxe que organizará a Irmandade Manuel María, por noveno ano consecutivo, en memoria do poeta.

M. M., “As ‘Lúas de Outono’ de Manuel María iluminarán a noite do xoves”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 17 setembro 2013, p. 14.

Indica que no teatro Colón da Coruña ten lugar unha homenaxe ao poeta Manuel María, titulada “Lúas de outono” e a estrea do documental *Andei todos os camiños*, coincidindo co aniversario do falecemento do autor.

M. M., “Un repaso a la obra de Nélida Piñón”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 14 novembro 2013, contracuberta.

Dáse noticia, entre outras cuestións, do encontro que a Cátedra Unesco e o Grupo Galabra realizou coa escritora Nélida Piñón, e tamén do acto que se celebrou na Biblioteca Ánxel Casal contra a Lei de Educación, na que participaron, entre outros, o actor Federico Pérez Rey e os escritores Berta Dávila e Suso de Toro.

M. M., “Alta joyería para deslumbrar y acertar”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, “Recital poético”, 24 novembro 2013, contracuberta.

Entre as diferentes actividades das que fala, fai referencia ao recital poético protagonizado polos alumnos do obradoiro de creación literaria “Da memoria ao poema”.

M. N., “Alonso Montero alarmó con la falsa muerte de Neira Vilas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, p. 8./ “Alonso Montero anuncia por error la muerte de Xosé Neira Vilas”, *La Región*, “Sociedad”, p. 58, 1 xuño 2013.

Dáse conta do erro cometido por Xesús Alonso Montero ao anunciar a falsa noticia da morte de Xosé Neira Vilas, que foi desmentida media hora despois. O feito aconteceu durante a gala homenaxe a Bertold Brecht no teatro García Barbón de Vigo.

M. N., “Y el cielo de Bouzas ardió”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 22 xullo 2013, p. 8.

Coméntase que os versos de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro estiveron presentes na celebración das festas do Cristo dos Aflixidos.

M. N., “Carme Kruckenberg, toda una vida de literatura, encuentros y experiencias”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 23 outubro 2013, p. 10.

Reprodúcense as declaracións da escritora Carme Kruckenberg, entrevistada por Mercedes Querizas no acto “Historias vividas... e contadas polas súas protagonistas”, organizado polo Centro de Documentación e Recursos Feministas de Vigo.

Mogo, Arturo, “O meniño que crea fantasías”, *El Progreso*, “El retrato”, 18 novembro 2013, contracuberta.

Retrato xornalístico de Manuel Lourenzo, escritor e dramaturgo galego, no que se destaca a súa relevancia na escena dramática galega.

Moledo, A. e E., **Ocampo**, “Alonso Montero releva a Ferrín na RAG tras o cambio de voto dun académico na segunda volta”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 22./ “Alonso Montero releva a Ferrín na RAG tras o cambio de voto na segunda volta”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, p. 32, 21 abril 2013.

Refírese que Xesús Alonso Montero foi elixido novo presidente da Real Academia Galega, fronte ao candidato Manuel González, por doce votos a dez na segunda volta. Sinálase tamén que o novo presidente fixo un chamamento a traballar xuntos pola institución.

Moledo, Alexandra, “Un trimestre de literatura y educación”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 25 xaneiro 2013, p. 10.

Descríbese a programación do Museo de Arte Contemporánea (MAC) da Coruña para os vindeiros meses, na que se sinala a celebración dun obradoiro sobre literatura norteamericana, un curso de escrita poética, coordinado por Yolanda Castaño, e charlas para mellorar a comunicación entre pais e fillos.

Molezún, F. e, **R. Martínez**, “Xavier Vence critica o ‘discurso disparatado’ de Alonso Montero”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 maio 2013, p. 41.

Infórmase de que o portavoz nacional do BNG, Xavier Vence, cargou contra o novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, respondendo ás declaracións do académico en V Televisión, nas que criticaba a actitude do BNG coa lingua.

Monteagudo, Alaitz, “Boisaca acollerá un acto de homenaxe a Isaac Díaz Pardo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 xaneiro 2013, p. 43.

Anúnciase o acto cívico de homenaxe ao intelectual galeguista Isaac Díaz Pardo no cemiterio de Boisaca, coincidindo co seu primeiro cabodano. Anúnciase que enel intervirán Xesús Alonso Montero, Xosé L. Axeitos, Inma López Silva e Fernando Salgado, entre outros.

Monteagudo, Alaitz, “A luminosa mirada dos ollos de Isaac’ nos Cadernos Ramón Piñeiro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 xaneiro 2013, p. 39.

Infórmase da presentación no Museo do Pobo Galego do novo número dos “Cadernos Ramón Piñeiro” titulado *A luminosa mirada dos ollos de Isaac* (2012), unha publicación que compila unha mostra da obra escrita do intelectual galego.

Monteagudo, Alaitz, “A dimisión de Ferrín acentúa a división na RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 febreiro 2013, p. 36.

Explórase o ambiente na Real Academia Galega, especificando que algúns académicos falan dunha campaña de derrubamento mentres outros só vén especulacións. Ademais sinalase que a Mesa pola Normalización Lingüística desexa saber se houbo presións desde o CCG ou o ILG para que o recurso contra o decreto do galego no ensino non fose presentado.

Monteagudo, Alaitz, “O sector do libro resiste en Galicia cunha menor edición e tiraxes”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 23 abril 2013, p. 40.

Infórmase da crise que afronta o sector do libro en Galicia ao contar con menos edicións e tiraxes máis pequenas. Sinalase que, segundo as estatísticas feitas polo Observatorio

da Cultura Galega, a caída da produción presenta unha variación de até dezanove con sete puntos porcentuais. Apúntase que a Asociación Galega de Editores informa da situación e critica as duras políticas de recortes dos últimos anos.

Montero, Luís, “Clausura do Ano Celso Emilio Ferreiro na súa terra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 xaneiro 2013, p. 40.

Descríbense os actos de clausura do Ano Celso Emilio Ferreiro en Celanova. Dise que, alén dun recital, se instalou un roteiro literario polas rúas da vila e que se presentaron os gravados *As linguaxes da poesía*, referidos aos poetas celanoveses.

Montero, Luís, “A Xunta pon en valor o legado de Del Riego no seu centenario”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 xaneiro 2013, p. 40.

Confírmase a colaboración da Consellería de Cultura coa Fundación Penzol, da que Francisco Fernández del Riego foi director desde a súa creación, en 1963, até 2009. Alén diso, anúnciase que se apoiarán as actuacións programadas polo concello de Lourenzá en 2013 para homenaxear o seu fillo predilecto.

Montero, Luís, “O CCG rexeita as acusacións de intromisión na RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 febreiro 2013, p. 42.

Recóllese nun comunicado e en declaracións de Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega, a independencia da entidade respecto dos poderes públicos, en resposta á polémica suscitada desde a Real Academia Galega. Dáse resposta a outras preguntas, como a posición do CCG ante o decreto do plurilingüismo, e sinálanse que a AELG lle solicitou a Xosé Luís Méndez Ferrín que non dimitise.

Montero, Luís, “Amancio Prada interpretará a Lorca e Rosalía nunha xira galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 19 xuño 2013, p. 40.

Infórmase de que o cantautor Amancio Prada vai conmemorar os 150 anos da publicación de *Cantares gallegos* co espectáculo “A Rosalía de Federico”, no que interpretará composicións de Rosalía de Castro e de Federico García Lorca, entre as que se atopan o poema “Salutación elegíaca a Rosalía de Castro”, que Lorca lle dedicou a Rosalía, e os “Seis poemas galegos” do autor andaluz.

Montero, Luís, “Poniatowska: ‘Escribo porque es mi manera de estar sobre la tierra’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 novembro 2013, p. 41.

Entrevista á escritora mexicana tras recibir o premio Cervantes. Ademais comenta que a xornalista presentou unha tradución ao galego dunha selección de relatos seus no libro *A filla do filósofo* (2009).

Montero, M., “Hoxe este españolista vai defender o galego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 18 maio 2013, p. 41.

Dáse conta das palabras dirixidas por Xesús Alonso Montero á integrante do BNG da Coruña, Pilar García Negro. Indícase que isto sucedeu logo de que a representante do BNG o cualificase de “españolista extremista”, ao que o académico respondeu: “este españolista vai defender a lingua galega”.

Montero, T./ U. **López**, “Mil y una Rosalías cada día construyen Galicia”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 9 marzo 2013, contracuberta.

Infórmase de que a Xunta de Galicia escolleu a Casa-Museo de Rosalía de Castro para conmemorar o Día Internacional da Muller, acto no que Marta Rivera leu extractos de *Cantares gallegos* e Rosa Cedrón cantou *Negra Sombra*.

Mosquera, Javier, “Don Paco, ante su centenario”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Vidas de calle”, 6 xaneiro 2013, p. 10.

Realízase unha semblanza biográfica de Francisco Fernández del Riego, aproveitando que no día seguinte cumpriría cen anos. Pertencente á serie de artigos “Vidas de calle”, descríbense as actividades e logros dun dos referentes da cultura galega do último século, como a “invención” do día das Letras Galegas ou o seu paso pola presidencia da Real Academia Galega.

Mosquera, Javier, “Experto bibliófilo y creador de la Biblioteca Penzol”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Vidas de calle”, 20 xaneiro 2013, p. 12.

Realízase unha semblanza biográfica de Fermín Penzol, na que se fala da súa ligazón coa organización Mocidade Céltiga, vinculada ás Irmandades da Fala, e da súa biblioteca “Penzol” sobre a historia de Galicia e o galeguismo, entre outros aspectos.

Mosquera, Javier, “Pionera en la literatura feminista gallega”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Vidas de calle”, 10 marzo 2013, p. 12.

Realízase unha semblanza biográfica de María Xosé Queizán, na que se comenta a súa produción, con máis de trinta volumes teatrais, narrativos, ensaísticos e poéticos, así como o seu traballo como profesora e a súa actividade á fronte da revista *A Festa da palabra Silenciada*, da Asociación Galega da Muller e da FIGA.

Mosquera, Javier, “Álvaro Cunqueiro, académico”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “1963. Fue noticia en *Faro de Vigo*”, 21 abril 2013, p. 8.

Refírese ao recordo da xornada histórica desenvolvida en Mondoñedo con motivo do ingreso na Real Academia Galega de Álvaro Cunqueiro, o 21 de abril de 1963. Indícase

que este evento provocou no *Faro de Vigo* un despregue informativo especial dous días despois do acto.

Mosquera, Javier, “Todo listo para La Penzol”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “1963. Fue noticia en *Faro de Vigo*”, 4 maio 2013, p. 11.

Infórmase de que o 4 de maio de 1963, fai cincuenta anos, abría a Biblioteca Penzol no primeiro piso situado en Policarpo Sanz da Caixa de Aforros, en Vigo. Sinálase que hoxe, e dende 1995, a Biblioteca Penzol está na Casa Galega da Cultura e que os seus libros, coleccións de periódicos e manuscritos son moi superiores aos de aquela época.

Mosquera, Javier, “Se vende la Casa de Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “1928. Fue noticia en *Faro de Vigo*”, 20 xullo 2013, p. 9.

Recórdase que en xullo de 1928 aparecía no xornal o anuncio da venda da Casa da Matanza dende Madrid, que deu pé a un artigo que reflexionaba sobre o feito de que ninguén en Galicia se ocupaba deste asunto. Faise referencia tamén a unha entrevista de 1953 a Gala Murguía, filla de Rosalía, e coméntase a historia da restauración da casa para convertela en museo.

Mosteiro, Marga, “Santa Marta tendrá un programa estable de cine y teatro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 6 agosto 2013, p. L6.

Anúnciase que o centro sociocultural de Santa Marta contará cunha programación teatral estábel xestionada polo grupo Ditea e centrada no teatro afeccionado. Coméntase que tamén se desenvolverán cursos de teatro no centro da cidade.

M. R., “Xermolos celebra un homenaje a Rosalía de Castro este domingo por las calles de Parga”, *El Progreso*, “A Chaira”, 21 febreiro 2013, p. 16.

Anúnciase que a asociación cultural Xermolos de Guitiriz organiza unha homenaxe musical e poética a Rosalía de Castro en Parga, localidade onde a autora pasou algúns veráns da súa xuventude. Dise que as homenaxes coinciden co aniversario do nacemento da autora e o sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos*.

M. T., “Presentan en Sigüeiro o libro ‘Perspectivas sobre Bóveda’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, 19 xaneiro 2013, p. 7.

Recóllese a nova da presentación no centro cultural de Sigüeiro do libro *Perspectivas sobre Bóveda: ensaios e poemas polo seu 75º aniversario* (2012), que recolle textos de Xosé Manuel Sánchez, María Pilar García, Xosé Antón Pena, Victorino Pérez, Justo Beramendi, Engracia Vidal, Uxío-Breogán Diéguez Cequiel e David Otero.

M. T., “La Xunta rinde homenaje a Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 8 marzo 2013, p. 20.

Infórmase de que a Xunta de Galicia escolleu a figura de Rosalía de Castro para a celebración do Día Internacional da Muller, mantendo o lema da pasada edición: “Sen mulleres, non hai Galicia”. Anúnciase que Rosa Cedrón e Marta Rivera de la Cruz participarán nos actos centrais.

M.T., “O Concello de Ordes inaugura hoxe unha rúa en honor ao dramaturgo Euloxio Ruibal”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 535, 23 abril 2013, p. 6.

Dáse conta do acto de inauguración dunha rúa en Ordes na honra do dramaturgo Euloxio Ruibal. Sinálase que o acto estará presidido polo alcalde Manuel Regos e que previamente Ruibal ofrecerá unha sesión de contos para os máis pequenos na biblioteca municipal da vila.

M. T., “Muere en México Chonchiña, la mujer que inspiró ‘O lapis do carpinteiro’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 setembro 2013, p. 27.

Infórmase da morte de Ascensión Concheiro, a muller do doutor Francisco Comesaña, que inspirou *O lapis do carpinteiro*.

M. T., “A poeta ordense Marisol Gándara presenta hoxe ‘Ata o corazón da mazá’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 711, 17 outubro 2013, p. 6.

Informa da presentación do poemario *Ata o corazón da mazá* (2013), de Marisol Gándara, gañador do XXV Premio Nacional de Poesía Xosé María Pallaré, na que participarán a poeta Eva Veiga e Miguel Anxo Fernán-Vello, director de Edicións Espiral Maior.

Navaza, Xavier, “Castelao: de la Chacarita a San Domigos de Bonaval”, *El Correo Gallego*, “2domingo”, 12 maio 2013, p. 2.

Refírese o acontecido en maio de 1983, cando Rianxo pechou o trato que fixo posíbel o regreso dos restos de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao a Galicia. Sinálase que cando se coñeceu a noticia comezou o debate sobre a pertinencia deste traslado e apúntase que en Bos Aires se lle fixo unha despedida na basílica de Santa Rosa de Lima, mentres que e Galicia, a Xunta creou a Medalla de Ouro de Galicia, sendo Castelao o primeiro en recibila. Tamén se dá conta das protestas e incidentes acontecidos polo suposto manexo ideolóxico de Castelao.

Nóvoa, Rubén, “Una ‘esmorga’ de película”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Ourense”, 7 novembro 2013, p. 6.

Infórmase de que até o mes de marzo de 2014 terá lugar en Ourense a rodaxe da versión cinematográfica en lingua galega da novela *A esmorga* e indícase que estará producida por Vía Láctea e dirixida por Ignacio Villar.

Núñez Canda, Ana Isabel, “Os ollos da Mosqueira”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 5 agosto 2013, p. 31.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Ana Isabel Núñez Canda, intitulado “Os ollos da Mosqueira”.

N. B., “Máis de cincuenta alboradas en toda Galicia e máis alá”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 febreiro 2013, p. 43.

Pásase revista aos enclaves nos que diferentes grupos de gaitas executaron a “Alborada de Rosalía”. En concreto, máis de setenta eventos ao longo da xeografía galega e no estranxeiro.

N. B., “Comeza o festexo do 150 aniversario de ‘Cantares’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 febreiro 2013, p. 43.

Confírmase o inicio dos actos do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, entre os que se citan as alboradas do 24 de febreiro, exposicións, ciclos de conferencias, concertos, publicacións e eventos a pé de rúa.

N. M., “Rosalía foi unha figura diferente nos espazos español e europeo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 29 xuño 2013, contracuberta.

Fálase da clausura do congreso “Rosalía de Castro no Século XXI. Unha nova ollada”, destacando a participación de Francisco Rodríguez, que afirmou que Rosalía foi unha figura diferente nos espazos español e europeo e fixo referencia á formación cultural e literaria da autora e ao seu compromiso. Sinálase que na clausura tamén participaron María Reimóndez e Carmen Blanco, entre outros.

O.B., “Un documental sobre Xosé María Díaz Castro repasará sus años en León XIII”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 16 agosto 2013, p. 4.

Fálase do documental “O instante eterno”, realizado con motivo do centenario do nacemento de X. M. Díaz Castro co obxectivo de difundir a súa figura e a súa obra. Coméntase que o documental está centrado na vida do autor e na pegada estética da súa obra e sinálase que tamén é unha mostra da Galicia da época.

Obelleiro, P., “La Academia elige presidente hoy en una reñida pugna”, *El País*, “Galicia”, 20 abril 2013, p. 23.

Infórmase da elección do substituto de Xosé Luís Méndez Ferrín para a presidencia da Real Academia Galega e indícase que a votación vai estar moi igualada entre os novos candidatos: Xesús Alonso Montero e Manuel González. Sinálase que non hai consenso posíbel e que o prioritario é recuperar un clima de concordia. Tamén se fai referencia ás acusacións cruzadas entre os candidatos pola falta de transparencia da Academia.

Obelleiro, Paola, “Alonso espera ‘altura intelectual’ de los que no le apoyaron”, *El País*, “Galicia”, 21 abril 2013, p. 25.

Dáse conta de que o novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, elixido onte nun sufraxio moi axustado, pide restabelecer un clima de concordia. Tamén se informa de que dirixirá a academia coa axuda de Margarita Ledo, Henrique Monteagudo, Andrés Torres Queiruga e Rosario Álvarez.

Ocampo, Carlos, “Os ‘Cantares gallegos’ cumplen 150 anos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1075, 20 novembro 2013, p. 6.

Céntrase na creación da obra *Cantares gallegos* ao cumprirse 150 dende a súa publicación.

Ocampo, E., “La Penzol cataloga 115 documentos que incluyen cartas desde Cachamuña hasta Castelao o Cela”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 36/ “La Penzol cataloga documentos que incluyen cartas de Castelao o Cela”, *La Opinión*, “Cultura”, 29 xaneiro 2013, p. 46.

Infórmase de que a Fundación Penzol vén de catalogar e dixitalizar para a súa Biblioteca un fondo de máis de cen manuscritos que revela detalles de capítulos históricos como a Reconquista ou o exilio de Alexandre Bóveda e permite ler cartas de Manuel Murguía, Laxeiro ou Álvaro Cunqueiro.

Ocampo, E., “El primer gran acto de Axeitos al frente de la RAG será en la Penzol en Vigo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 37/ “El homenaje a Del Riego, primer gran acto presidido por Axeitos”, *La Opinión*, “Cultura”, 19 marzo 2013, p. 47.

Infórmase de que o primeiro acto da Real Academia Galega logo da dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín será na Fundación Penzol de Vigo, en homenaxe a Francisco Fernández del Riego, que fora presidente da Real Academia Galega, no centenario do seu nacemento.

Ocampo, E., “Aquel don Paco celtista que aborrecía a tortilla con cebola”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 28/ “Lembranza dun galeguista exemplar”, *La Opinión*, “Cultura”, p. 54, 24 marzo 2013.

Descríbese o desenvolvemento da homenaxe a Francisco Fernández del Riego na Fundación Penzol, coincidindo co centenario do seu nacemento. Explicase que académicos e amigos lembraron a súa figura, anécdotas e pequenas obsesións persoais, con intervencións de Ramón Lorenzo e Xosé Ramón Barreiro Fernández, entre outros.

Ocampo, E., “Los académicos afrontan que por primera vez puede haber dos listas a la RAG”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 11/ “La RAG afronta que por primera vez puede haber dos candidaturas”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 25 marzo 2013, p. 19.

Faise patente a división interna da Real Academia Galega ao concorreren, moi probablemente, dúas listas á presidencia da institución: a de Manuel González (que se presenta como o candidato dos académicos máis próximos a Xosé Luís Méndez Ferrín) e a de Xesús Alonso Montero (que representaría ao sector “crítico” coa xestión da actual directiva).

Ocampo, E., “González y el sector crítico se lanzan a buscar apoyos para la presidencia a la RAG”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 25/ “González y el sector crítico se lanzan a buscar apoyos para la presidencia de la RAG” *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 26 marzo 2013, p. 31.

Revísanse as posíbeis alianzas de forzas no proceso de relevo de Xosé Luís Méndez Ferrín á fronte da Real Academia Galega. Sinálase que o secretario, Francisco Fernández Rei, e o profesor Xosé Luís Regueira se unen á lista de Manuel González, a única presentada polo momento.

Ocampo, E., “Montero opta a presidir la RAG en una lista con Torres Queiruga y Rosario Álvarez”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 27 marzo 2013, p. 24.

Confírmase a candidatura de Xesús Alonso Montero para a presidencia da Real Academia Galega, cunha lista na que se inclúen Rosario Álvarez e Andrés Torres Queiruga. En concorrència coa outra opción, encabezada polo tesoureiro en funcións, Manuel González, Xesús Alonso Montero érguese como o candidato do “sector crítico”.

Ocampo, E., “Montero opta á presidencia da RAG nunha lista con Torres Queiruga”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 27 marzo 2013, p. 29.

Confírmase que Xesús Alonso Montero se postula á presidencia da Real Academia Galega, da man do teólogo e académico Andrés Torres Queiruga e da exmandataria do ILG e vicepresidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez. Sinálase que os obxectivos do programa están aínda en borrador.

Ocampo, E., “Montero ve ‘innegociable’ encabezar su lista a la RAG, pero ofrece a González ‘consenso”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 2 abril 2013, p. 24.

Recóllense algúns matices da candidatura, xa rexistrada, de Xesús Alonso Montero, que inclúe a Andrés Torres Queiruga e a Rosario Álvarez pero ofrece a Manuel González a posibilidade de “negociar” os dous postos vacantes. Este último, que encabeza a outra lista, interpreta como “máis retórico que real” este ofrecemento.

Ocampo, E., “La elección de presidente de la RAG será dentro de dos semanas”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 24./ “Las elecciones a la RAG se perfilan para la tercera semana de abril”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 31, 3 abril 2013.

Dáse noticia do pleno que será celebrado dentro de dúas semanas para elixir o sucesor de Méndez Ferrín na presidencia da Real Academia Galega. Infórmase de que as dúas listas están oficiadas e os candidatos son, por unha banda Xesús Alonso Montero e por outra Manuel González.

Ocampo, E., “La RAG elige hoy al sucesor de Ferrín con el reto de superar la fractura de la institución”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 23./ “La RAG elige hoy al sucesor de Ferrín con el reto de superar su fractura interna”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 32, 20 abril 2013.

Infórmase da elección do presidente número doce da Real Academia Galega. Fálase da igualdade das eleccións ás que se presentan por unha banda Xesús Alonso Montero, e pola outra, o extesoureiro da Real Academia Galega, Manuel González. Sinálanse os apoios de cada un dos candidatos.

Ocampo, E., “González pide ao presidente ‘que ilusione aos académicos cun proxecto común”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 23/ “González pídelles ‘que ilusione aos académicos cun proxecto común”, *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 33, 21 abril 2013.

Dáse conta de que, despois de saír elixido novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero debe conseguir a concordia entre os académicos e ilusionalos cun proxecto común, como pide Manuel González, tendo en conta que a elección do novo presidente se produciu despois dunha segunda volta, na que resultou elixido por un voto máis.

Ocampo, E., “Rosalía de Castro ‘habla’ 150 años después”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 xullo 2013, p. 36.

Dáse noticia do descubrimento e da presentación dun exemplar da primeira edición de *Cantares gallegos* que contén unha fotografía inédita de Rosalía de Castro, os primeiros versos autógrafos da obra e un manuscrito que reproduce a carta de Fernán Caballero en resposta a Rosalía por terlla dedicado. Sinálase que o descubrimento tivo lugar no marco da exposición “No principio foi o verso. Rosalía de Castro” e coméntase que, segundo un estudo realizado por Anxo Angueira, o exemplar debeu pertencer a Ramón Segade Campoamor.

Ocampo, E., “La viguesa ‘Avento’, premiada en el Certamen Nacional de Cantabria”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 15 xullo 2013, p. 17.

Infórmase de que a compañía viguesa de teatro amateur “Avento” gañou o primeiro premio do XVIII Certamen Nacional de Teatro para Aficionados Ciudad de Reinosa.

Ocampo, E., “Solo una de cada mil lápidas y dos de cada cien esquelas, escritas en gallego”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 31 outubro 2013, p. 36.

Anúnciase a decisión de entidades políticas e sindicais para restaurar a memoria lingüística e faise un repaso polos epitafios dalgúns escritores ilustres galegos como Rosalía de Castro ou Álvaro Cunqueiro.

Ocampo, Elena, “El tesorero de la RAG opta a suceder a Ferrín y Alonso Montero lo sopesa”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 24 marzo 2013, p. 29.

Anúnciase que Manuel González, tesoureiro dos dous últimos mandatos e un dos académicos con máis anos de traxectoria na institución, se presenta como candidato a suceder a Xosé Luís Méndez Ferrín logo da súa dimisión. Sínálase que o “sector crítico” rexeita esta candidatura, que cualifica de “continuísta” e insta a Xesús Alonso Montero a presentarse.

Ocampo, Elena, “El instante eterno de Díaz Castro”, *Faro de Vigo*, 13 agosto 2013, p. 31/ “Instante eterno de Díaz Castro”, *La Opinión*, “Cultura y ocio”, 15 agosto 2013, p. 34, “Sociedad”.

Partindo da reprodución dos primeiros versos do poema “Penélope”, fálase do documental *O instante eterno*, que retrata a vida de X. M. Díaz Castro e dá conta da pegada estética da súa obra nos autores posteriores. Sínálase que a elaboración do documental comezou hai tres anos co obxectivo de difundir a figura do poeta para conmemorar o centenario do seu nacemento.

Ocampo, Elena, “La edición en gallego se desploma”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 28 novembro 2013, p. 42.

Explica que a edición en galego tivo unha gran diminución, xa que se publicaron menos títulos e menos exemplares por edición. Porén explica que se mantén a facturación.

Ónega Quintela, Beni, “Din”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 29 agosto 2013, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Beni Ónega Quintela, intitulado “Din”.

Otero, María, “Rosalía todavía atrae muchas lecturas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de Vecinos”, 23 outubro 2013, contracuberta.

Infórmase dunha lectura colectiva no paraninfo da Facultade de Educación Social da USC debida ao aniversario número cento cincuenta da obra dos *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro.

Otero, Marta, “Para a RAG a palabra é sagrada”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 538, “En Portada”, 12 outubro 2013, pp. 2-3.

Dáse conta do perigo que corre parte da financiación coa que se sustenta a Real Academia Galega debido á crise, segundo o seu presidente Xesús Alonso Montero. Achéganse datos da riqueza bibliográfica e documental dos seus fondos, dos que falan Mercedes Fernández-Couto Tella, directora do arquivo, e Ana Mª Menéndez Rodríguez, directora da biblioteca.

Otero, S., “La traición del silencio”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 19/ *La Opinión*, “Cultura”, 27 febreiro 2013, p. 53.

Revísanse os posíbeis motivos da dimisión como presidente e numerario da Real Academia Galega de Xosé Luís Méndez Ferrín, quen afirmou sentirse canso de presións, triste e traizoado “por quen pediu explicacións por medias verdades” e polo silencio doutras persoas. Faise revista dos conflitos abertos.

Otero, S., “Fieles a Ferrín sostienen que los críticos van a por el control de la RAG y ya buscan relevo”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 19/ “Fieles a Ferrín sostienen que los críticos van a por el control de la Academia” *La Opinión*, “Cultura”, p. 53, 27 febreiro 2013.

Recóllense algunhas das opinións cruzadas dos académicos logo da dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín. Víctor Freixanes e Henrique Monteagudo subliñan que marcha “sen aclarar” as acusacións de nepotismo, e o sector continuísta ve en movementos coma este, do sector crítico, desexo de poder.

Otero, S., “El Consello da Cultura Galega rechaza ‘intromisións’ en la Real Academia”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 21/ “El Consello da Cultura Galega rechaza las ‘insinuacións de intromisións’ en la Academia” *La Opinión*, “Cultura”, p. 55, 28 febreiro 2013.

Formálizanse por medio dun comunicado as negacións do Consello da Cultura Galega ante as acusacións de “intromisión” desta institución noutras, como a Real Academia Galega. Explicase que se fixo tamén un chamamento á actuación responsábel.

Otero, S., “Monteagudo reclama ‘explicacións públicas’ sobre las contrataciones”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 21/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 55, 28 febreiro 2013.

Recóllese a petición de aclaracións sobre o sistema de contratacións na Real Academia Galega efectuada por Henrique Monteagudo, profesor da USC e membro da Real Academia Galega e do ILG. El mesmo lamenta as acusacións de “deslealdade á institución” perceptíbeis na carta de dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín e nas palabras do actual secretario.

Otero, S./ X. M. del Caño, “Temporal en Tabernas, 11”, *La Opinión*, “Cultura”, p. 61/ “Temporal en la ‘Rúa Tabernas, 11’”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 30, 3 marzo 2013.

Analízase a crise interna da Real Academia Galega tras as acusacións de “enchufismo” e “nepotismo” ante a política de contratacións tras as declaracións do secretario, X. L. Axeitos, sobre o desexo colonizador do Instituto da Lingua Galega e do Consello da Cultura Galega e tras o anuncio da dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín. Revisase pormenorizadamente a orixe das disputas.

Otero, S./ X. M. del Caño, “Tres años de ‘aperturismo’”, *La Opinión*, “Cultura”, 3 marzo 2013, p. 62/ “Tres años de ‘aperturismo’ y ‘proximidad’ en la RAG”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 3 marzo 2013, p. 31.

Revísanse os puntos fortes dos anos de presidencia de Xosé Luís Méndez Ferrín, como a defensa nítida da lingua, a renovada presenza virtual, a apertura a visitas, os seminarios en funcionamento, a iniciativa das Letras Galegas para Lois Pereiro e Roberto Vidal Bolaño ou a “estabilidade económica” conseguida.

Otero, S./ M. Mato/ Del Caño, “Cabana advierte de una ‘conspiración’ de académicos para forzar la salida de Ferrín”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 19/ “Darío Xohán Cabana avisa de una ‘conspiración’ para forzar su salida” *La Opinión*, “Cultura”, p. 44, 26 febreiro 2013.

Realízase unha compilación de opinións diversas dos académicos ante a posíbel saída da Real Academia Galega de Xosé Luís Méndez Ferrín. Darío Xohán Cabana, Francisco Fernández Rei ou Xosé Ramón Barreiro lamentan as acusacións infundadas e as deslealdades; Manuel Bragado valora a modernización da RAG no seu mandato; Henrique Monteagudo considera desexábel que finalice o seu mandato; e García Bodaño cre que a polémica das contratacións se aclarou demasiado tarde.

Otero, Selina, “Los ecos del ‘piñeirismo’”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 3 marzo 2013, p. 31.

Pásase revista ás luces e sombras da Real Academia Galega como institución centenaria, coas diferentes sensibilidades do galeguismo que foron marcando a súa historia, e coa consciencia de que as afinidades políticas se fan sentir no seu seo, por máis que exista a consciencia de que todas as institucións (Real Academia Galega, Instituto da Lingua Galega e Consello da Cultura Galega) deben convivir.

Otero Pereira, Eduardo, “Ramón González Alegre y su ‘Alba’ de Gloria”, *Bierzo* 7, n.º 1486, “*La Tronera*”, n.º 158, 14 abril 2013, p. 27.

Recalca os vencellos de Ramón González Alegre coa lingua galega e céntrase nas súas achegas como director da revista de poesía *Alba* e indicase que nela aparecen textos de Celso Emilio Ferreiro, Manuel Curros Enríquez, Castelao ou Álvaro Cunqueiro.

Outeiriño, Maribel, “La etapa gloriosa del Cómic Orensano”, *La Región*, “Hemeroteca”, “Historia en 4 tiempos”, 1 xullo 2013, p. 14.

Coméntase que no ano 1988 un grupo de mozos comezaron a traballar en Ourense na elaboración de cómics en galego ao abeiro da Casa da Xuventude e do seu director, Benito Losada, que lles facilitou a publicación da revista *Os graxos da Burga*, pioneira no cómic galego.

Palacios, Xosé María, “A luz de Penélope brilla dende a Terra Chá”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xuño 2013, p. 53.

Fálase da presenza da luz e as alusións ó espazo natal como elementos característicos da obra de X. M. Díaz Castro e exemplifícase isto con versos tomados de *Nimbos*.

Pardo Rodríguez, Raquel, “Esperta”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 26 agosto 2013, p. 32.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Raquel Pardo Rodríguez, intitulado “Esperta”.

Pavón, Lalo, “El gran templo de la inquietud juvenil”, *La Región*, “Ourense”, 19 setembro 2013, p. 8.

Percorre a historia das instalacións da Casa da Xuventude-Espazo Xove de Ourense.

Paz, José, “Entre el racionamiento y los cafés cantante, así se inspiró Arturo Baltar”, *La Región*, “Ourense”, 3 marzo 2013, p. 8.

Realízase unha reportaxe con Arturo Baltar, “artista intemporal”, falando dun Ourense pasado e máxico anterior aos anos sesenta, cun anecdotario propio de naturais desta cidade e coa feliz memoria das tertulias e os seis cafés cantantes, ou do paseo con Eduardo Blanco Amor polos locais “propicios para o pecado” da rúa Cervantes e arredores.

Paz, José, “Escenarios cotiás”, *Atlántico Diario*, “*La Revista*”, nº 64, p. 3/ *La Región*, “*La Revista*”, nº 64, p. 3, 31 marzo 2013.

Revísase a traxectoria e proxectos actuais de Tito Asorey, actor do entorno de Sarabela, axudante de dirección na Compañía Nacional de Arte Clásico e director da compañía Il Maquinario.

Paz, José, “Vicente Risco, “lembianza” del cronista universal de lo cotidiano”, *La región*, “Ourense”, 30 abril 2013, p. 10.

Refírese ao acto “Lembranzas de Vicente Risco” que tivo lugar no Centro Cultural da Deputación de Ourense. Sinálase que no acto se glosa a figura do escritor no cincuentenario do seu falecemento. Ademais fálase de *El libro de las horas*, que reúne artigos do escritor, recompilados polos seus compañeiros e amigos.

Paz, José, “Miradas moi íntimas”, *La Región*, “*La Revista*”, “Su book”, 27 outubro 2013, p. 3.

Breve presentación de Adelaida Vidal, autora de *Olladas*, libro que gañou o premio Risco de literatura fantástica o pasado 2012.

Pazos, Ángeles, “La Alameda se vuelve poesía”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 3 xaneiro 2013, p. 13.

Infórmase do gran relevo de bronce colocado na Alameda de Marín, ao tempo que se informa da polémica ocasionada ao retirar o seu nome do rueiro mariñense para repoñer o do capitán Jaime Janer e a petición de renomear na súa honra a antedita Alameda.

Pazos, Ángeles, “El Concello y Ó Abeiro y Queremos Galego homenajean a Rosalía de Castro”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 20 marzo 2013, p. 14.

Infórmase da iniciativa do Concello de Marín, canda Ó Abeiro e Queremos Galego para homenaxear a Rosalía de Castro no sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos*. “Poemas con maiúscula” é o nome do espectáculo poético-musical previsto.

Pazos, Ángeles, “Rosalía sempre viva. Viva Rosalía!”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Morrazo*”, n.º 245, 23 marzo 2013, contracuberta.

Descríbese a exposición “Rosalía sempre viva. Viva Rosalía!” e a conferencia “A poesía rosaliana como símbolo da identidade galega” a cargo do profesor Santiago Losada Carregal organizadas por Queremos Galego e a asociación de mulleres Ó Abeiro en homenaxe da poeta.

Pena, Xosé Ramón, “Vigo, capital da cultura”, *Faro de Vigo*, “160 años en Galicia: 1853-2013”, “Sociedad y Cultura”, 3 novembro 2013, p. 111.

Comenta o poderío cultural da cidade de Vigo co gallo do 160 aniversario da saída ao prelo do *Faro de Vigo*.

Peña, Isidoro, “Marí”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 18 febreiro 2014, p. 56.

Revísanse os últimos títulos editados pola colección “Tambo” de Faktoría K de Libros, desde *Os ángulos da brasa* de Manuel Álvarez Torneiro até a selección de poetas vascos (*Alén da fronteira*) organizada por Luís Rei Núñez e seguindo, na actualidade, con *Tríptico*, tres obras do poeta ibicenco Antoni Marí en tradución de Xavier Rodríguez Baixeras.

Peña, Isidoro, “Clásicos”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 13 maio 2013, p. 56.

Infórmase, con ton de celebración, das últimas traducións de clásicos –contemporáneos ou non– ao galego. Saliéntase a actividade de Kalandraka, na que veñen de saír do prelo volumes de Cormac McCarthy, Philip Roth, Boris Vian, Joseph Conrad, Charles Bukowski ou Mark Twain, da man de tradutores como Eva Almazán, David Gippini, Fernando Moreiras ou Carlos Azevedo. Cítanse, como exemplos, as traducións de Dante e Petrarca de Darío Xohán Cabano ou o *Fausto* de Goethe, por Lois Tobío.

Penedo, Javi T., “Oito pétalos”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 26 agosto 2013, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Javi T. Penedo, intitulado “Oito pétalos”.

Pereira, Nonito, “Homenaje de Amancio Prada a Rosalía”, *Diario de Arousa*, “todoMúsica”, “OsalnésSiradella”, 5 maio 2013, p. 25.

Infórmase do concerto recital de Amancio Prada en Teatro Colón da Coruña, co que comeza a súa nova xira, inspirada en Federico García Lorca e en Rosalía de Castro, con motivo do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*.

Pereira, Nonito, “ACadaCanto, A Rosa d’Adina”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siraidella”, “Todo música”, 29 decembro 2013, p. 25.

Dá conta da publicación do sexto disco do grupo ACadaCanto titulado “A Rosa d’Adina”, no que se recollen seis poemas de Rosalía de Castro.

Pereiro, Sonia, “Xermolos pide para Díaz Castro o Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 xuño 2013, p. 42.

Anúncianse os diferentes actos que organizarán a Asociación Cultural Xermolos co gallo de impulsar a figura do poeta Antón Díaz Castro co fin de que en 2014 se lle dedique o Día das Letras Galegas.

Pereiro, X. M., “Ferrín tardará semanas en deixar la Academia”, *El País*, “Galicia”, 1 marzo 2013, p. 21.

Recóllense as declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín no transcurso da presentación do *Diccionario da alimentación e da restauración*, deixando claro que se comunicará “ao seu debido tempo” se el abandona finalmente a Real Academia Galega. Fontes próximas ao presidente cren que só falta colocar unha data para o plenario no que se presentará a dimisión.

Pereiro, X. M., “La RAG pide al Supremo que anule el decreto del gallego”, *El País*, “Galicia”, 12 marzo 2013, p. 24.

Anúnciase que a Real Academia Galega recorreu, xusto no límite do prazo legal, ante o Supremo a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que lles dera a razón en contra do “decreto do plurilingüismo”.

Pereiro, X. M., “González opta a la academia reivindicando a Ferrín y con una oferta de transparencia”, *El País*, “Galicia”, 16 abril 2013, p. 23.

Dáse conta da próxima elección de presidente da Real Academia Galega. Apúntase que os candidatos á presidencia son Manuel González e Xesús Alonso Montero que defenden o diálogo, a transparencia da xestión e a independencia da institución. Ademais anótase que González reivindicou que a súa é unha candidatura de continuidade da xestión de Méndez Ferrín.

Pereiro, Xosé M., “En busca de un porqué”, *El País*, “Galicia”, 26 febreiro 2013, p. 20.

Recóllense algunhas das respostas de Xosé Ramón Barreiro analizando a tensión e as posíbeis razóns da dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín. Barreiro non ten moi claro cal das fronte pesou máis na decisión de Ferrín e non deixa de valorar as vantaxes dos anos do seu mandato e a tristura que lle provoca que “o mellor escritor galego” non estea na Academia.

Pereiro, Xosé M., “Alonso Montero aboga por una lista unitaria a la Academia”, *El País*, “Galicia”, 27 marzo 2013, p. 20.

Anúnciase a candidatura, acabada de confirmar, do catedrático e escritor Xesús Alonso Montero á presidencia da Real Academia Galega, que se enfronta á candidatura

continuísta de Manuel González González. Eles mesmos e outros catedráticos cren, no entanto, que unha lista común e consensuada sería o máis conveniente.

Pereiro, Xosé Manuel, “El ‘afilador’ Xosé Fernández Ferreiro entra en la Academia”, *El País*, “Galicia”, 10 marzo 2013, p. 29.

Descríbese o pleno de aollida na Real Academia Galega do xornalista e escritor Xosé Fernández Ferreiro, que entra na cadeira que deixaron vacante Francisco Fernández del Riego e Florentino López Cuevillas. Recóllense unhas irónicas declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín ao ser preguntado pola súa próxima dimisión.

Pereiro, Xosé Manuel, “La Academia está en peligro’ advierte Ferrín tras confirmar su dimisión”, *El País*, “Galicia”, 14 marzo 2013, p. 33.

Concrétase a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín como presidente e numerario da Real Academia Galega, tal e como anunciara semanas atrás. Sinálase que os académicos decidiron por consenso non ocupar a súa vacante, aprobar as contas de 2012 e os presupostos e convocar novas eleccións nun prazo de tres meses. O xa expresidente afirma que a independencia da institución corre perigo.

Pereiro, Xosé Manuel, “Semana de pasión en la Academia”, *El País*, “Galicia”, 25 marzo 2013, p. 21.

Bótase unha ollada ao clima actual no seo da Real Academia Galega, onde se xestan dúas candidaturas á presidencia antes do 20 de abril: a continuísta de Manuel González e unha posíbel candidatura do “sector crítico”, encabezada por Xesús Alonso Montero.

Pereiro, Xosé Manuel, “Alonso Montero ofrece consenso en la Academia con él como presidente”, *El País*, “Galicia”, 2 abril 2013, p. 23.

Confírmase a presentación da candidatura de Xesús Alonso Montero como presidente da Real Academia Galega, cos avais de Rosario Álvarez Blanco, Andrés Torres Queiruga, Henrique Monteagudo, Margarita Ledo Andión e Xesús Ferro Ruibal. Como candidato dos “críticos”, advirte ao seu concorrente de que o cargo é innegociábel.

Pérez, Cristina, “O festival de Pardiñas, unha cuestión de bo ambiente”, *El Progreso*, “De Verano”, “Territorio folk”, 4 agosto 2013, pp. 38-39.

Fálase do comezo do Festival de Pardiñas, no que terá lugar a presentación do libro *Lusofonías* de Xosé Lois García. Sinálase que o escritor Xosé Vazquez Pintor será o encargado da lectura do pregón, que será seguido da entrega de premios do certame de literatura e debuxo infantil.

Pérez, Cristina, “Pardiñas, unha rede de música e arte ao pé do balneario”, *El Progreso*, “*De Verano*”, “Onde manda a tradición”, 5 agosto 2013, pp. 24-25.

Coméntase que o escritor Xosé Vázquez Pintor foi o encargado de ler o pregón do Festival de Pardiñas, no que lembrou a X.M. Díaz Castro e a Fiz Vergara Vilariño. Sinálase que os cantautores Mini e Mero interpretaron o poema “Penélope” e a peza “Alén do recordo”, con letra de Marica Campos, dedicada á memoria de Avelino Pousa Antelo. Coméntase tamén que o poeta Manolo Pipas recitou uns versos en memoria do patriarca Seivane e que tivo lugar a entrega de premios do certame de literatura e debuxo infantil.

Pérez Fernández, Abraham, “Simetría”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 28 agosto 2013, p. 30.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducécese o escrito por Abraham Pérez Fernández, intitulado “Simetría”.

Pérez Pérez, Tito, “O creador de ondas”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 3 agosto 2013, p. 37.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducécese o realizado por Tito Pérez Pérez, intitulado “O creador de ondas”.

Permuy Montecelos, Mercedes, “Imaxes oníricas”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 30 agosto 2013, p. 35.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducécese o escrito por Mercedes Permuy Montecelos, intitulado “Imaxes oníricas”.

Picallo Fuentes, Héitor, “Ceferino Díaz, Lêdo Ivo e Gonzalo Bouza-Brei”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “En Detalle”, 17 febreiro 2013, p. 27.

Revísanse algúns dos últimos decesos no eido da cultura: Ceferino Díaz, o poeta Lêdo Ivo e Gonzalo Bouza-Brei, con quen o xornalista que redacta a nova compartía tamén amizade.

Pichel, C., “Un lema desde la fría Escandinavia”, *ABC*, “Galicia”, 21 abril 2013, p. 67.

Refírese á elección de novo presidente da Real Academia Galega. Sinálase que o elixido foi Xesús Alonso Montero, quen recuperou no seu discurso o leimotiv que recibiu Manuel Murguía en forma de telegrama: “Vivat, floreat natio galaica”. Tamén se

comenta a evasión do presidente en funcións Xosé Luís Axeitos para contestar preguntas á prensa.

Pichel, Cristina, “Montero se impoñe por dos votos pese al ataque personal del sector de Ferrín”, *ABC*, “Galicia”, 21 abril 2013, p. 66.

Infórmase de que, logo da segunda volta das votación para a elección do presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero saíu elixido por un voto. Apúntase os membros da nova directiva e as declaracións do novo presidente, nas que sinala que loitará por restabelecer o clima de concordia.

Pichucho, “Catro toffees”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 27 agosto 2013, p. 32.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Pichucho, intitulado “Catro toffees”.

Pinal, Martiño, “Una biblioteca llamada Rosalía” *La Región*, “Ciudadanos”, “Ourense 24 horas”, 31 outubro 2013, p. 10.

Aproveitando a conmemoración do Día Internacional da Violencia de Xénero, infórmase de que o reitor da Universidade de Vigo, Salustino Mato, asistiu ao “bautizo” da biblioteca do Campus Rosalía de Castro, onde se presentou un exemplar único da primeira edición de *Cantares gallegos*, á vez que Anxo Angueira deu unha conferencia.

Pinal, Sabela, “Homenaxe á palabra e á natureza”, *La Región*, “Carballiño”, 22 marzo 2013, p. 17.

Descríbese a xornada de homenaxe ás letras e á natureza vivida na Ínsua dos Poetas, o espazo que o poeta e presidente do Pen Clube, Luís González Tosar, ergueu na Esgueva do Carballiño. Polo escenario escollido para a celebración dos días internacionais da árbore e da poesía pasou, desta volta, o escritor Xosé Luís Méndez Ferrín como mantedor.

Piñeiro, Carolina A., “A vida de Ben-Cho-Shey é digna de exposición”, *La Región*, “Ourense”, 26 febreiro 2013, p. 8.

Anúnciase que o Museo Provincial de Lugo acolle ata o 20 de maio unha exposición antolóxica que percorre a figura do mestre ourensán Xosé Ramón Fernández-Oxea (1896-1988), alcumado Ben-Cho-Shey, que chegou a ser académico e conselleiro do Partido Galeguista na zona de Lugo.

Piñeiro, Carolina A., “A literatura sae de festa”, *La Región*, “Ourense”, 5 xuño 2013, p. 6.

Dáse conta da vinte e nove edición da Feira do Libro na Alameda de Ourense. Sinálase que a inauguración correu a cargo do presidente de libbreiros ourensáns, José Manuel García, quen informou de que haberá unha ampla variedade literaria e actividades de lecer diversas, entre elas a presentación dos gañadores do certames literarios da cidade Anxo Fernán Vello e Alberto Ramos.

Piñeiro, Xosé M., “Neurovisión”, *Atlántico Diario*, 27 decembro 2013, p. 37/ *La Región*, 28 decembro 2013, p. 58, “Sociedad”:

Comenta a estrea da mediametraxe baseada nunha obra de Vicente Risco, *Do caso que lle aconteceu ao Dr. Alveiros*, na Casa da Cultura de Allariz.

Piñeiro Acción, Ángela, “36 céntimos”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 12 agosto 2013, p. 34.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Ángela Piñeiro Acción, intitulado “36 céntimos”.

Platero, M. J., “Conchiña y Paquiño: del amor a la inmortalidad”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 25 setembro 2013, p. 42.

Fai un pequeno repaso pola vida de Ascensión Concheiro e Francisco Comesaña, no que se detallan acontecementos importantes da súa vida, con motivo das palabras dedicadas por Manuel Rivas a Chonchiña nunha homenaxe en Tui.

Plaza, V., “González cre que o ideal sería unha candidatura única á RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 marzo 2013, p. 41.

Recóllense as últimas declaracións de Manuel González, candidato á presidencia da Real Academia Galega, ao confirmarse que Xesús Alonso Montero tamén se presentará como candidato representando ao “sector crítico”. Manuel González lembra que o ideal sería unha “candidatura única” para transmitir “idea de unidade, serenidade e futuro”.

Plaza, V., “Exposición en Vigo sobre os 150 anos da publicación de ‘Cantares gallegos’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 maio 2013, p. 42.

Dáse conta da exposición que ten lugar estes días na Fundación Barrié de Vigo, titulada *No principio foi o verso*, a cal conmemora os cento cincuenta anos da publicación de *Cantares gallegos*. Sinálase que na inauguración estiveron o presidente da Xunta, o alcalde de Vigo, a secretaria xeral da Universidade de Vigo, o presidente da Real Academia Galega, o director xeral da Fundación Barrié e o presidente da Fundación Rosalía de Castro.

Plaza, V., “La familia de Julio Rodríguez Yordi entrega hoy un manuscrito a la RAG”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 agosto 2013, p. 38.

Dáse noticia da entrega dun fondo de manuscritos do arquivo persoal do escritor Julio Rodríguez Yordi á Real Academia Galega por parte da súa familia. Ofrécese tamén datos sobre a vida e a actividade profesional do autor.

Plaza, Vicente, “Manuel María ya tiene su Casa Museo abierta en la Terra Chá”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 8 setembro 2013, p. 41.

Comenta que a Fundación Manuel María de Estudos Galegos inaugurou a Casa Museo dedicada ao autor, na que se inclúe a Biblioteca ao completo do escritor lucense.

P. O., “Alonso Montero replica al BNG: ‘Soy un gallego en España’”, *El País*, “Galicia”, 15 maio 2013, p. 24.

Infórmase das declaracións de Xesús Alonso Montero en resposta aos reproches do BNG cara ao novo presidente da Real Academia Galega, ao que acusan de afogar o galego. Sinálase que Alonso Montero contestou “Soy un gallego en España” e “Este españolista va a defender el gallego”.

Pousa, L., “Fernández Ferreiro reivindica a vixencia do vello xornalismo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 marzo 2013, p. 42.

Recóllese a nova do ingreso de Xosé Fernández Ferreiro na Real Academia Galega, onde tomou posesión cunhas *Breves reflexións sobre os escritores e os xornalistas*.

Pousa, Luís, “A Academia suma á súa biblioteca inéditos de Cabanillas e Arjona”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 xaneiro 2013, p. 38.

Anúnciase a entrega á Real Academia Galega, de mans de Natalia Gómez, viúva do intelectual galeguista Xosé Antón Arjona de Santiago, un marxista da xeración dos anos trinta, de sesenta caixas co seu arquivo completo. Sinálase que noutra das doazóns recentes, a Real Academia Galega conseguiu o mecanoscrito orixinal de *A rosa de cen follas*.

Pousa, Luís, “A pegada do gran heterodoxo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 febreiro 2013, p. 37.

Realízase unha semblanza biográfica de Xosé Luís Méndez Ferrín, con motivo da súa posíbel renuncia á presidencia da Real Academia Galega. Presentándoo como un personaxe heterodoxo e poliédrico, salientáanse tamén as principais iniciativas renovadoras que impulsou desde a presidencia, como a posta en marcha da web e o dicionario en liña.

Pousa, Luís, “Fendas no epicentro da cultura”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 febreiro 2013, p. 33.

Analízanse de modo esquemático os procedementos, conflitos internos, posíbeis presións, causas e consecuencias do abandono da presidencia da Real Academia por parte de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Pousa, Luís, “Sede vacante na Academia Galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 marzo 2013, p. 42.

Realízase unha cronoloxía moi esquemática da polémica desatada na Real Academia Galega que levou á dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín. Á súa vez, revísanse os vinte e sete rostros da institución actual, salientando a súa ocupación, idade e procedencia.

Pousa, Luís, “Ferrín formalizará o día 13 a súa renuncia á presidencia e á RAG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 marzo 2013, p. 33.

Confírmase que o último acto público de Xosé Luís Méndez Ferrín á fronte da Real Academia Galega será a cerimonia de ingreso de Xosé Fernández Ferreiro na corporación. Adiántase que o día 13 de marzo o presidente formalizará a súa renuncia e debateranse as contas e a política de contratacións da institución.

Pousa, Luís, “Rivas pedirá no plenario que Ferrín siga á fronte da Academia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 marzo 2013, p. 41.

Recóllense algunhas das afirmacións de Xosé Luís Méndez Ferrín ao longo do último acto que presidiu, aquel que deu entrada a Xosé Fernández Ferreiro. Anúnciase que Manuel Rivas tomará a palabra no próximo plenario para facerse eco de todas as institucións que desexan a continuidade de Ferrín á fronte da Real Academia Galega.

Pousa, Luís, “Méndez Ferrín sitúa no «terreo das cloacas» as deslealdades na RAG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 marzo 2013, p. 38.

Compílanse algunhas das últimas afirmacións do aínda presidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, sobre as filtracións continuas aos medios de cuestións internas, xesto nefasto e desleal.

Pousa, Luís, “Os perigos que denunciou Ferrín”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 marzo 2013, p. 37.

Explícase que os académicos afíns ao expresidente cren que se pretende fusionar ou integrar a Real Academia Galega noutra institución, mentres o sector crítico rexeita tal suposición. Recóllense as discrepancias, polémias internas e detonantes da situación actual.

Pousa, Luís, “Manuel González anuncia a súa candidatura á presidencia da RAG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 marzo 2013, p. 39.

Infórmase de que o filólogo Manuel González, actual tesoureiro, foi o primeiro en dar un paso á fronte para presentar a súa candidatura á presidencia da Real Academia Galega. Revísase a súa traxectoria e recóllense as súas afirmacións, como a de querer contar con “absolutamente todos os académicos”.

Pousa, Luís, “O cambio no ILG abre o proceso de relevo nas institucións culturais”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 marzo 2013, p. 30.

Coméntanse algunhas das mudanzas no Instituto da Lingua Galega, con Ernesto González Seoane como novo director, relevando a Rosario Álvarez Blanco. Revísase a situación do Consello da Cultura Galega, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e a Real Academia Galega.

Pousa, Luís, “A Academia afrontará fracturada a elección do seu novo presidente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 abril 2013, p. 34.

Refírese a situación da Real Academia Galega e anótase que as declaracións do escritor Manuel Rivas sobre a necesidade dunha conciliación e de que as dúas candidaturas á presidencia da Real Academia Galega converxan nunha lista non foron escoitadas. Sinálase que os dous candidatos, Manuel González e Xesús Alonso Montero decidiron que é imposible o acordo.

Pousa, Luís, “A Real Academia Galega terá novo presidente o 20 de abril”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 abril 2013, p. 38.

Infórmase da elección do novo presidente da Real Academia Galega despois da dimisión de Méndez Ferrín. Sinálase que as votacións para a elección do novo presidente terán lugar o día 20 de abril, sendo os candidatos Xesús Alonso Montero e Manuel González. Apúntanse os apoios cos que conta cada un.

Pousa, Luís, “Manuel González reivindica o legado de Ferrín na Academia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 16 abril 2013, p. 33.

Dáse conta de que, logo do fracaso de que as dúas candidaturas á presidencia da Real Academia Galega converxes en nunha lista, o candidato Manuel González presentou o programa co que aspira a ser elixido, presentándose coma o continuador de Xosé Luís Méndez Ferrín. Fálase tamén da necesidade de apoios de González que parece non contar coa maioría.

Pousa, Luís, “O sector continuísta admite que os críticos teñen a maioría”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 abril 2013, p. 34.

Realízase unha análise dos apoios dos dous candidatos á presidencia da Real Academia Galega, sinalando que Xesús Alonso Montero conta con máis apoios no seo da corporación, como admite o propio candidato Manuel González. Apúntase que o plenario está fracturado en dous bloques.

Pousa, Luís, “Unha RAG dividida elixe presidente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 abril 2013, p. 32.

Infórmase de que hai unha división interna na Real Academia Galega en torno á elección do novo presidente entre os candidatos Xesús Alonso Montero e Manuel González. Explícase o proceso temporalmente sinalando os momentos nos que se foron afondando as divisións internas.

Pousa, Luís, “A Xunta acusa a Axeitos de tapar co recurso ‘as augas revoltas na RAG’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 abril 2013, p. 33.

Dáse conta da acusación da Xunta de Galicia á Real Academia Galega, pois interpreta que a presentación do Decreto de Plurilingüismo é unha tapadeira á situación desestabilizada que hai dentro da academia. Ademais sinálase que, a pouco tempo para a elección do novo presidente da Real Academia Galega, este decreto é clave, e que tanto Manuel González como Xesús Alonso Montero prometeron manter o recurso.

Pousa, Luís, “O inminentes retos da Academia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 abril 2013, p. 27.

Dáse conta das prioridades inmediatas da Real Academia Galega, despois da elección de Xesús Alonso Montero como presidente. Sinálase que o primeiro é recuperar a paz interna, asignar o Día das Letras Galegas, mellorar os recursos tecnolóxicos, a transparencia e o financiamento da institución, levar diante do Tribunal Supremo o recurso ao Decreto de Plurilingüismo e, por último, poñer en marcha un novo protocolo de contratación.

Pousa, Luís, “El epistolario inédito de Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 maio 2013, p. 37.

Refírese a recuperación de trinta cartas que Ramón Otero Pedrayo mandou a Abelardo Moralejo, decano na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago. Explícase o motivo do envío das cartas, apúntanse as datas das mesmas e infórmase sobre o contido de dúas delas.

Pousa, Luís, “Un sector da RAG, molesto pola ‘estéril polémica’ co Bloque”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 10 maio 2013, p. 40.

Infórmase de que o portavoz nacional do BNG, Xavier Vence, cargou contra o novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, a raíz das declaracións do académico en V televisión criticando a actitude do BNG coa lingua. Sinálase que só un sector da Real Academia Galega se ve afectado polas declaracións e que os académicos, entre os que se atopan os numerarios próximos á pasada candidatura de Manuel González, afirman crer que é unha polémica innecesaria creada por Alonso Montero.

Pousa, Luís, “A Academia devolve a NCG a casa de Rosalía e Murguía na Coruña”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 maio 2013, p. 42.

Dáse conta de que, debido á falta de fondos necesarios, a Real Academia Galega se ve obrigada a devolver a casa de Rosalía e Murguía situada na zona vella da Coruña, que pretendía converter en segunda sede. Sinálase que a súa devolución se produciu a cambio de cincuenta e un mil euros.

Pousa, Luís, “Don Ramón escribe a su decano”, *La Voz de Galicia*, “En Portada”, “Culturas”, n.º 519, 25 maio 2013, pp. 2-3.

Refírese a noticia da recuperación de trinta cartas que Ramón Otero Pedrayo mandou a Abelardo Moralejo, decano na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago. Explícase o motivo do envío das cartas e infórmase das datas das mesmas, ademais de reproducir o contido dalgunha delas.

Pousa, Luís, “A RAG convoca aos académicos para elixir presidente o día 20”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 abril 2013, p. 34.

Infórmase do día da elección do novo presidente da Real Academia Galega e sinálase que as votacións para a elección terán lugar o día 20 de abril. Apúntase tamén o contido da última xuntanza, na que Manuel González aproveitou para expoñer o seu programa, un acto ao que non asistiron Xesús Alonso Montero nin a maioría dos seus afíns.

Pousa, Luís, “Promesas clónicas na Academia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 abril 2013, p. 33.

Dáse conta dos programas presentados por ambos candidatos á presidencia da Real Academia Galega, Manuel González e Xesús Alonso Montero, destacando que presentan grande igualdade. Sinálase que os dous candidatos queren garantir a independencia da Academia, así como manter o recurso contra o decreto do galego. Tamén se salienta que hai acordo no que se refire ao traballo a desenvolver na Real Academia Galega e á transparencia da entidade.

Pousa, Luís, “Alonso Montero é presidente da RAG por só dous votos de marxe”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 abril 2013, p. 42.

Dáse conta de que, despois de saír elixido novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero debe conseguir a concordia entre os académicos e ilusionalos cun proxecto común de recuperar o traballo perdido, como pide Manuel Rivas. Sinálase que a elección do novo presidente se produciu despois dunha segunda volta, na que saíu elixido por só dous votos de marxe. Apúntase que con esta nova presidencia Margarita Ledo e Rosario Álvarez son as primeiras académicas en entrar na executiva da Real Academia Galega.

Pousa, Luís/ C. Franco, “Ferrín dirá «ao seu debido tempo» se repensa a súa dimisión da RAG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 marzo 2013, p. 34.

Recóllense as evasivas de Xosé Luís Méndez Ferrín na presentación do *Diccionario de alimentación e restauración*, ao ser preguntado pola súa posíbel renuncia como presidente, e sinálase que o tema será tratado en plenario, entre peticións para que continúe mandato.

Pousa, Luís/ C. Franco, “O último acto público de Ferrín como presidente será o 9 de marzo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 marzo 2013, p. 39.

Coméntase que a cerimonia de ingreso na Real Academia Galega do escritor e xornalista Xosé Fernández Ferreiro será o último acto público presidido por Xosé Luís Méndez Ferrín, ante o seu anuncio de abandonar a institución. Recóllense impresións de Henrique Monteagudo, culpando á actual executiva da Real Academia Galega da situación.

Pousa, Luís/ C. Franco, “Ferrín abandona hoxe a RAG entre peticións para que siga no cargo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 marzo 2013, p. 32.

Confírmase o abandono do cargo de presidente e da cadeira de Xosé Luís Méndez Ferrín ante o plenario da Real Academia Galega. Sinálase que a xuntanza servirá tamén para analizar os orzamentos e a política de contratación.

Pousa, Luís/ C. Franco, “Os académicos buscan vías para restaurar o consenso na RAG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 marzo 2013, p. 32.

Coméntase a situación da Real Academia Galega tras o plenario de dimisión do expresidente Xosé Luís Méndez Ferrín, facendo balance do seu paso pola institución e valorando como mellor opción presente a unidade e o silencio.

Pousa, Luís/ C. Franco, “A Academia terá novo presidente antes do Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 marzo 2013, p. 33.

Anúnciase o punto no que os dous sectores enfrontados no seo da Real Academia Galega tras a dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín coinciden: non esgotar o prazo de

tres meses para nomear novo presidente. Coméntase igualmente o vindeiro plenario en homenaxe a Francisco Fernández del Riego polo seu centenario.

Pousa, Luís e Camilo **Franco**, “Os candidatos garanten a ‘independencia absoluta’ da Academia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 abril 2013, p. 32-33.

Dáse conta dos programas presentados polos dous candidatos á presidencia da Real Academia Galega, Manuel González e Xesús Alonso Montero. Sinálase que ambos os dous queren garantir a independencia da academia, así como manter o recurso contra o decreto do galego, aínda que manifestan discrepancias no tocante á xestión da entidade. Apúntase que hai acordo respecto ao traballo a desenvolver na Real Academia Galega, pero que non se acadou o consenso de fundir as dúas listas nunha única candidatura para a presidencia. Engádese a reflexión de Alonso Montero sobre a necesidade de que toda a executiva anterior dimita, entre outros asuntos.

Pousa, L./ C. **Franco**/ X. **Fraga**, “Académicos piden que se reconduza a polémica para non danar á RAG”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 marzo 2013, p. 33.

Recóllense as declaracións de diferentes académicas e académicos para reconducir a situación da Real Academia Galega, acoutando a polémica vivida nos últimos días a raíz da dimisión do seu presidente. Un bo grupo solicita que Xosé Luís Méndez Ferrín continúe como membro da institución.

Pousa, Luís/ Rodri **García**, “Ferrín consuma a súa dimisión e denuncia que a RAG está en perigo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 marzo 2013, p. 43.

Confirmase a dimisión definitiva de Xosé Luís Méndez Ferrín á fronte da Real Academia Galega. Recóllense afirmacións do escritor sobre as súas próximas ocupacións e sobre a institución, que sente ameazada por forzas internas e externas. O plenario, á súa vez, decide non ocupar a cadeira á que el renuncia.

Pozo Garza, Luz, “Nacemento de Eva”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 516, “Arte”, “Poesía”, 4 maio 2013, p. 11.

Acóllese unha composición poética de Luz Pozo Garza intitulada “Nacemento de Eva” e dedicada a Felipe Criado.

P. R., “Música y poesía, en la apertura del museo dedicado a Manuel María”, *El Progreso*, “Comarcas”, 3 setembro 2013, p. 11.

Explica a programación dos actos que se levarán a cabo co motivo da inauguración da Casa Museo de Manuel María, onde a poesía e a música teñen un papel destacado.

Precedo, A./ I. C., “Cantares gallegos para honrar a Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 17 xullo 2013, contracuberta.

Dáse noticia da celebración dun concerto no marco do Festival Via Stellae en honra de Rosalía de Castro con motivo dos 150 anos da publicación de *Cantares gallegos*.

Precedo, Alba e I. C., “A correspondencia de Rubia Barcia e Granell reflexiona sobre o exilio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 12 setembro 2013, contracuberta.

Explica que a historiadora Teresa Blanco Uzal, ofreceu unha charla titulada “O exilio a través da correspondencia entre Eugenio Granell e Rubis Barcia”.

Prego, C., “Rosalía enciende la noche de Bouzas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 xullo 2013, p. 17.

Coméntase que, con motivo do 150 aniversario de *Cantares gallegos*, tivo lugar un recital de poemas de Rosalía de Castro por parte do dramaturgo Maximino Queizán na noite grande das festas do Cristo dos Aflixidos.

P. T., “Ferrín, «maybe o perhaps» reconsiderará su dimisión”, *ABC*, “Galicia”, 10 marzo 2013, p. 76.

Recóllense as últimas declaracións de Xosé Luís Méndez Ferrín, que ao preguntárenlle pola súa posíbel e inminente dimisión, xoga respondendo en inglés ou engadindo que sempre se pode mudar de opinión. Manuel Rivas afirma que tomará a palabra no próximo plenario para solicitarlle que reconsidere a súa baixa.

Quintela Julián, José Luís, “Rosalía”, *La Opinión*, “Opinión”, 17 agosto 2013, p. 21.

Con motivo da morte de Rosalía Mera lémbrense uns versos de Rosalía de Castro.

Ramil, Ana, “González: ‘Nestas semanas houbo na RAG moita demagogia baseada en medias verdades’”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 23/ “González: ‘A RAG non ten nada do que avergoñarse no seu pasado próximo’” *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 30, 16 abril 2013.

Dáse conta das declaracións de Manuel González, candidato á presidencia da Real Academia Galega, quen informa de que, se gaña, intentará cumprir coa liña de traballo de Xosé Luís Méndez Ferrín e de que segue aberto o prazo para negociar con Xesús Alonso Montero, aínda que non é “optimista” neste senso. Apúntase que o candidato reconece, ademais, non contar coa maioría dos apoios dos académicos e que lembrou que a Academia seguirá adiante co proceso do recurso contra o Decreto do Plurilingüismo.

Ramil, Ana, “A estrea de Alonso Montero na RAG”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 25./*La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, 24 abril 2013, p. 38, 24 abril 2013.

Refírense as tarefas do elixido novo presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, destacando entre os primeiros asuntos pendentes a asignación do Día das Letras Galegas, para a que afirma ter algunhas ideas. Sinálase que, malia ser o Día do Libro, debido ao seu recente nomeamento, o presidente non puido asistir a ningún acto.

Ramil, Ana, “A RAG adicará ao poeta Xosé María Díaz Castro as Letras Galegas do ano 2014”, *Faro de Vigo*, p. 40/*La Opinión*, “Cultura y ocio”, p. 41, “Sociedad”, 22 xuño 2013.

Anúnciase que Xosé María Díaz Castro será o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas 2014. Destácase que o poeta é considerado pola Real Academia Galega unha das figuras máis importantes da poesía contemporánea a pesar da brevidade da súa obra e sinálase a importancia do poemario *Nimbos*, no que sobresaí o poema “Penélope”. Coméntase que dende a Real Academia Galega tamén se eloxiou o papel do autor como tradutor

Ramil, Ana, “Polémica y renovación en la Real Academia Galega”, *La Opinión*, “Especial, resumen del año”, 29 decembro 2013, p. 19.

Explica que Xesús Alonso Montero se converteu no duodécimo presidente da Real Academia Galega tras a polémica dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Ramil, Ana/ E. **Ocampo**, “Alonso Montero pide consenso, pero sen renunciar a presidir a lista á RAG”, *La Opinión*, “Sociedad”, 2 abril 2013, p. 30.

Anúnciase a formalización da candidatura de Xesús Alonso Montero á presidencia da Real Academia Galega, comentando cuestións como o posíbel consenso con Manuel González ou os seus apoios principais: Henrique Monteagudo, Margarita Ledo, Rosario Álvarez ou Xesús Ferro Ruibal.

Ramírez, Cristóbal, “Ruta literaria por el mar de Arousa”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Viajes”, “Itinerarios culturales”, 19 xullo 2013, pp. 12-13.

Fálase dos lugares que compoñen a ruta literaria do mar de Arousa e Ulla, destacando o Pazo de Hermida, onde viviron Rosalía de Castro e Manuel Murguía; a vila de Rianxo, berce de autores como Castelao, Rafael Dieste, Manuel Antonio ou Paio Gómez Chariño; e o Pazo da Torre da Xunqueira, onde Ramón del Valle-Inclán localizou a súa *Sonata de otoño*.

Ramis, Iñaki, “La memoria inmortal de Díaz Pardo”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 10 xaneiro 2013, contracuberta.

Recóllese a presentación do volume número vinte e catro dos “Cadernos Ramón Piñeiro”, co título *A luminosa mirada dos ollos de Isaac* (2012), que recompila unha mostra de artigos xornalísticos, ensaios e prólogos de libros de Isaac Díaz Pardo, figura fundamental para comprender o século XX galego.

Ramis, Iñaki, “La vida en 205 miradas periodísticas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 24 xaneiro 2013, contracuberta.

Dáse conta da presentación na librería Follas Novas do volume *O Fiadeiro* (3C3 editores, 2012), que recolle as colaboracións de Xosé Amancio Liñares Giraut para a edición compostelana de *La Voz de Galicia* entre decembro do 2001 e novembro do 2005.

Ramos, J. M., “Recital poético, conferencias y una placa en honor a Rosalía en Muxía”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 482, 28 febreiro 2013, p. 6.

Infórmase da homenaxe que a Fundación López Abente rende a Rosalía de Castro en Muxía, coincidindo coa celebración dos cento cincuenta anos da publicación de *Cantares gallegos*, na que se descubrirá unha placa, se ofrecerán conferencias e se lerán poemas da autora.

Ramos, J. M., “Concha Blanco y Fernández Naval en la feria del libro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 651, 17 agosto 2013, p. 6.

Infórmase que a Feira do Libro de Cee recibe a visita de Francisco X. Fernández Naval, que presentou *A noite branca* (2012), e Concha Blanco, que fixo o mesmo co seu libro *Luces, bicos e cores* (2011).

Ramos, J. M., “Fernández Naval presentó ‘A noite branca’ en la feria literaria de Cee”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 652, 18 agosto 2013, p. 6.

Dáse conta de que Francisco X. Fernández Naval e Concha Blanco, entre outros autores, presentaron as obras *A noite branca* (2012) e *Luces, bicos e cores* (2011), respectivamente, na Feira do libro de Cee.

Ramos, J. M., “Conferencias, presentaciones literarias y exposiciones darán vida al Outono Pondaliano’ 13”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 717, 23 outubro 2013, p. 7.

Infórmase de multitude de actos que organizará a Fundación Eduardo Pondal e o Concello Pontecesano polo Outono Pondaliano 2013. Destácase a participación de

escritores como María Canosa, Pedro Brandariz e a poeta Yolanda Castaño, ademais de diversas presentacións literarias e a entrega dos premios Bos e Xenerosos.

Regueira, Carolina, “Pardo Bazán recibe como agasallo no seu aniversario á Queizán máis crítica”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 17 setembro 2013, p. 15.

Dáse noticia da homenaxe a Emilia Pardo Bazán na Real Academia Galega polo seu cento sesenta e dous aniversario, acto ao que acudiu a escritora M^a Xosé Queizán, que foi especialmente crítica coa homenaxeada.

Rey, Noemí/ **D. Besadío** (DUVI), “Un pradairo e unha placa na memoria de Fernández del Riego”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 marzo 2013, p. 45.

Anúnciase a plantación dun pradairo nos xardíns do Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación da Uvigo e da colocación dunha placa conmemorativa a Francisco Fernández del Riego, galeguista e tamén primeiro Doutor *Honoris Causa* da Universidade de Vigo.

R. G., “Homenaje a Felipe Criado de los poetas ‘los más finos para la crítica del arte’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 maio 2013, p. 33.

Dáse conta da homenaxe que unha decena de poetas galegos ofreceron ao pintor Felipe Criado, sinalando que tivo lugar no Museo de Arte Contemporáneo Gas Natural Fenosa da Coruña e que o acto foi presentado por Antón Castro, que levou a cabo unha pequena presentación da obra do pintor.

R. G., “Guitiriz pide as Letras Galegas para Díaz Castro e ultima o seu centenario”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 11 xuño 2013, p. 34.

Informa de que o IES Poeta Díaz Castro e mais a Asociación Cultural Xermolos presentaron onte na Real Academia Galega os actos para celebrar en 2014 o centenario do nacemento de Xosé María Díaz Castro.

Rico, M. J., “Alberte Momán: ‘Vattene!’ é unha metáfora da desaparición da clase media”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 18 xuño 2013, p. 15.

Infórmase da presentación da obra *Vattene!* (2012), de Alberte Momán, destacando que a novela reflicte a desaparición da clase media e ten influencias do surrealismo de Eugenio Granell. Ofrécese datos sobre a traxectoria do autor, salientando o seu proxecto editorial, O Figurante.

Riobó, Iria, “Aid, la universitaria que pone los ‘Cantares gallegos’ de Rosalía de Castro a ritmo de música ‘hip hop’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, p. 41/ “Cantares gallegos’ a ritmo de hip hop con la viguesa Aid”, *Diario de Pontevedra*, “Sociedad”,

“Vivir Aquí”, p. 60/ “Aid acerca a los adolescentes la poesía de Rosalía a través del rap”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Música”, p. 52, 18 xullo 2013.

Fálase da rapeira Aid, destacando que o seu gusto por musicar a poesía tradicional galega a ritmo de rap levouna a publicar o libro-disco *Rapoemas*, no que versiona composicións de Rosalía de Castro, e a impartir un taller de rap que toma como base os versos da poeta.

Rivera, Javier, “Historia y sueños escritos en piedra”, *El Progreso*, “De Verano”, “Viaje personal”, “Mondoñedo”, 6 agosto 2013, p. 33.

Fálase de Mondoñedo, salientando a importancia desta cidade para as Letras galegas grazas ao seu Seminario. Destácase a vinculación de Mondoñedo coa literatura de Manuel Leiras Pulpeiro e Álvaro Cunqueiro, sinalando que este último elevou a cidade á categoría de símbolo literario.

Rivera, Javier, “O Consello da Mocidade marcou hai 50 anos o devir do nacionalismo galego”, *El Progreso*, “Comarcas”, “Medio século do Consello da Mocidade”, 17 novembro 2013, pp. 24-25.

Percorrido pola historia da constitución do Consello da Mocidade, con motivo do cincuenta aniversario da súa creación.

R. L., “Cultura homenaxe a Díaz Pardo, ‘home de luminosa mirada’, no seu cabodano”, *El Progreso*, 10 xaneiro 2013, p. 57.

Coméntase a presentación do volume número vinte e catro dos “Cadernos Ramón Piñeiro”, co título *A luminosa mirada dos ollos de Isaac* (2012), que con motivo do cabodano do pasamento do intelectual, recompila artigos, ensaios e prólogos de libros de Isaac Díaz Pardo.

R. L., “Medos Romero retorna á literatura con ‘Ansia do lóstrego’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 xaneiro 2013, p. 27.

Recóllese a noticia da publicación do poemario *Ansia do lóstrego* (2012) e infórmase da traxectoria literaria anterior da súa autora, a pontesa Medos Romero.

R. L., “Cultura homenaxe a Carlos Casares na casa na que pasou a súa infancia”, *El Progreso*, “Cultura” “Vivir”, 10 marzo 2013, p. 43.

Sínálase que numerosas autoridades homenaxean a Carlos Casares na súa casa natal de Xinzo de Limia, inaugurando á vez unha nova aula na casa de cultura da vila, en recoñecemento do autor.

R. L., “La Real Academia se vuelca con Risco y su ensayo de Romasanta”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 2 outubro 2013, p. 14.

Comenta que para conmemorar o cincuenta aniversario da morte de Vicente Risco, a Real Academia Galega recuperou o seu discurso “Un caso de lycantropía”, co que ingresou na Real Academia Galega no ano 1929.

R. L., “Homenaxe á muller galega”, *El Progreso*, “Domingo das Mozas”, “Día do traxe tradicional galego”, 6 outubro 2013, pp. 6-7.

Comenta as diferentes actividades levadas a cabo no Domingo das Mozas para homenaxear a Rosalía de Castro, destacando o papel da poeta Olga Novo e a cantante Rosa Cedrón.

Roca, C., “El Santiaguíño tiene un marcado carácter cultural”, *El Correo Gallego*, “Especial”, 24 xullo 2013, p. 26.

Coméntase que as festas do Santiaguíño do Monte outórganlle un gran protagonismo á figura de Rosalía de Castro con motivo do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. Destácanse entre as actividades programadas o acto de entrega á Fundación Rosalía de Castro da bandeira de Galicia que presidiu a inauguración da estatua da poeta no paseo do Espolón e unha homenaxe á autora por parte das embarcacións tradicionais.

Roca, María, “Paseo de amor e compromiso”, *El Progreso*, “A Chaira”, 27 outubro 2013, p. 24.

Informa dunha homenaxe a Xesús Rábade Parede e a Helena Villar Janeiro da man da Irmandade Manuel María e a asociación cultural Xermolos.

Rodil, Juan, “Alonso Montero: ‘¿quién me iba a decir que con 84 años y cuatro meses presidiría la RAG?’”, *Diario de Arousa*, “Galicia”, p. 42/*Diario de Ferrol*, “Galicia”, p. 24/*El Ideal Gallego*, “Galicia”, p. 26, 12 maio 2013.

Refírese a noticia da ocupación do posto de presidente da Real Academia Galega por parte de Xesús Alonso Montero. Sinálase que aceptou a petición de presidir a institución pola súa condición de marxista e que alude a que as culpas da situación anómala da Real Academia Galega son consecuencia da dimisión de Xosé Luís Méndez Ferrín. Por último, apúntase que o presidente afirma seguir coa mesma liña en canto ao que ao decreto do galego se refire.

Rodríguez, J., “Alonso Montero asistirá en Boiro al homenaje a Borobó”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 657, 23 agosto 2013, p. 5.

Infórmase da homenaxe organizada en Boiro a Raimundo García Domínguez, Borobó, con motivo do décimo aniversario do seu pasamento. Coméntanse os diferentes actos que se celebrarán e cítanse algúns dos asistentes ao acto.

Rodríguez, Lorena, “Un Culturgal colaborativo reactiva até mañá o sector da cultura galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultural, ocio”, 30 novembro 2013, p. 47.

Fala da inauguración de Culturgal, a feira máis importante do sector en Galicia.

Rodríguez, Miguel, “Ler na lingua de Pessoa e Rosalía”, *La Opinión*, “A Coruña”, 24 xaneiro 2013, p. 12.

Anúnciase a inauguración da Livraria Suévia no barrio da Agra do Orzán como librería especializada en literatura galega e portuguesa. Sinalase que Ermitas Valencia, concelleira do BNG, está á fronte dela, pretendendo ser un espazo de divulgación cultural na zona e tender pontes cara á lusofonía.

Rodríguez, Miguel, “Outro retrato da Coruña”, *La Opinión*, “A Coruña”, 18 abril 2013, p. 9.

Infórmase da presentación do novo libro de Francisco Antonio Vidal, *As deusas do Calvario* (2010) na Livraria Suévia da Coruña. Saliéntase que o libro é unha novela social ambientada nos barrios dos arredores da cidade herculina e que, entre outras cousas, fai unha loanza do papel da muller dende os anos setenta.

Rodríguez, Sergio, “Una muestra sobre Manuel Rodríguez recorrerá Galicia”, *El Progreso*, “Sarria”, 7 agosto 2013, p. 14.

Dáse conta da inauguración dunha exposición sobre a vida e obra do poeta Manuel Rodríguez López que vai percorrer varias localidades galegas, sinalando que a mostra acolle textos e fotografías do autor e algunha correspondencia que mantivo con escritores galegos coma Ramón Cabanillas ou Celso Emilio Ferreiro. Coméntase que Xesús Alonso Montero asistiu á inauguración, na que o cantautor Alfredo González Vilela interpretou o poema “O muíño da Fervedoira”, de Rodríguez López.

Rodríguez, Sergio, “Pousa Antelo y Valentín Arias recibieron un homenaje en su escuela”, *El Progreso*, “Sarria”, 28 setembro 2013, p. 17.

Refírese que Avelino Pousa Antelo e Valentín Arias López foron homenaxeados postumamente en Sarria, nun acto no que tomaron a palabra autores como David Otero Fernández, Agustín Fernández Paz ou Asunción Fernández Puentes.

Rodríguez, Xosé Manoel, “Unha sesión da Real Academia lembrará a Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 3 decembro 2013, p. 1.

Comenta o acto que tivo lugar no cemiterio ourensán de San Francisco no que se homenaxeou a Eduardo Blanco Amor e indica que a Deputación de Ourense declarará o ano 2014 como “Ano Blanco Amor” e mais que a Real Academia Galega celebrará unha sesión extraordinaria en Ourense na súa honra.

Rodríguez, Xosé M., “Fundación EBA”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 5 decembro 2013, p. 12.

Reflexiona sobre todos os actos que teñen lugar na cidade de Ourense para homenaxear a Eduardo Blanco Amor e comenta que sería interesante garantir a presenza futura deste creador en Ourense mediante unha fundación, arquivo, padroado ou calquera outra denominación.

Rodríguez Cabanas, M^a Francisca, “Carta ós meus pais”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 31 agosto 2013, p. 36.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por M^a Francisca Rodríguez Cabanas, intitulado “Carta ós meus pais”.

Rodríguez Casal, Francisco, “A promesa”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 25 agosto 2013, p. 40.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducése o escrito por Francisco Rodríguez Casal, intitulado “A promesa”.

Rodríguez Rodríguez, José, “A muller sufrida”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 22 agosto 2013, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por José Rodríguez Rodríguez, intitulado “A muller sufrida”.

Romero, Daniel, “Ofrendas, exposiciones y recitales componen el programa del Año Lugrís”, *El Ideal Gallego*, “Sada”, 10 febreiro 2013, p. 21.

Anúnciase o programa de actos que o concello natal de Manuel Lugrís Freire, Sada, prepara para homenaxear ao autor, recoñecido no Día das Letras Galegas do ano 2006.

Anúnciase que, con motivo dos 150 anos do seu nacemento, se sucederán ofrendas, exposicións e recitais.

Romero, Santiago, “Un académico sen pelos na lingua”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, p. 20/*La Opinión*, “Cultura”, p. 45, 26 de febreiro de 2013.

Realízase unha semblanza vital e intelectual de Xosé Luís Méndez Ferrín, unha vez confirmado o seu abandono da presidencia da Real Academia Galega. Repásase a súa vida como profesor, erudito e escritor de sona, a súa xuventude en Compostela, Madrid ou Londres ou o seu paso polo cárcere de El Dueso.

Romero, Santiago, “Xoias Galegas nos estantes do mundo”, *La Opinión*, “A Coruña”, 17 maio 2013, contracuberta.

Dáse conta dos fondos da Biblioteca do Congreso dos Estados Unidos en Washington, salientando que se trata da maior do mundo e que atesoura xoias da literatura universal, entre elas, unha edición de luxo de *El Quijote* en galego, a primeira edición da *Historia de Galicia*, de Manuel Murguía, ou unha colección do *Proxecto Galicia* da Editorial Hércules.

Rosende, Rubén de, “Apoyo masivo a la figura de Manuel María en la inauguración de su museo”, *El Progreso*, “Comarcas”, 8 setembro 2013, p. 13.

Dá conta da inauguración da Casa Museo de Manuel María.

R. R., Vicente, “Xosé Carlos Gómez Alfaro sigue en la memoria de los guardeses”, *Faro de Vigo*, “Especial”, 25 maio 2013, p. 7.

Refírese á proposta de Xesús Alonso Montero de nomear como Fillo Predilecto da Guarda a Xosé Carlos Gómez Alfaro. Sinálase que a proposta foi feita debido á súa vinculación á poboación e ao cumprimento de cinco anos da súa morte e que se complementaba coa creación dun certame poético. Tamén se destaca o prestixio poético do autor e a homenaxe que tivera lugar, por iniciativa da asociación InfoMAXE, no ano 2009.

R. S., “O mundo da cultura lembra a Paco del Riego”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 17 febreiro 2013, p. 7.

Dáse conta do emotivo acto celebrado na Praza de Compostela de Vigo, ao pé da casa de Francisco Fernández del Riego, na súa honra. Organizado pola Fundación Luís Peña Novo para conmemorar o centenario do nacemento do galeguista, sinálase que no evento participou unha ampla representación social e contou cunha solta de cen pombas.

R.S., “Alfombra floral, poemas y gaitas reviven a Rosalía en Casco Vello”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 27 maio 2013, p. 7.

Refírese a homenaxe que tivo lugar no casco Vello de Vigo a Rosalía de Castro polo cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, organizado pola Universidade de Vigo e a Fundación Rosalía de Castro. Sinálase que foi un espectáculo tradicional galego con pandeireteiras, gaiteiros e bailes, incluso cun recital poético dentro da “Festa das Letras Floridas”. Apúntase ademais que uns douscentos cruceiristas levaron os poemas de *Cantares gallegos* traducidos ao inglés.

Salgado, Fernando, “El legado de Ramón Cabanillas será expuesto en el edificio de Exposalnés”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés”, 9 xaneiro 2013, p. 20.

Anúnciase o traslado do legado de Ramón Cabanillas ao edificio de Exposalnés, para estar máis accesíbel ao público, dado que a súa musealizada casa natal é reducida e non permite albergar actos na súa memoria.

Salgado, Fernando, “Las tres visitas del Meco a O Grove”, *Diario de Pontevedra*, “O Salnés” “Vilagarcía”, 26 xaneiro 2013, p. 16.

Exponse a lenda negra que rodea a obra de teatro *O señor feudal ou quen matou ao Meco*, que recadou seis mortes relacionadas cos protagonistas e un susto entre os anos 1931 e 1969 na localidade do Grove.

Sampedro, D., “El BNG lleva al Parlamento la parálisis en la contratación cultural del 2013”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xaneiro 2013, p. 40.

Recóllense os datos fundamentais da denuncia elevada ao Parlamento de Galicia pola deputada do BNG Ana Pontón polas contratacións de actividades de teatro, danza, circo ou maxia que a Agadic mantén pechadas para o primeiro semestre do 2013.

Sánchez, Rebeca, “La pasión granítica de Manuel María”, *El Progreso*, “De Verano”, “Con un par”, 5 agosto 2013, p. 29.

Dáse conta do pregón da romaría de Penas de Rodas, do que se encargou o museólogo Felipe Senén López e no que salientou, entre outras cousas, a influencia que tivo Manuel María, nacido en Outeiro de Rei, no descubrimento desta singular paisaxe. Coméntase tamén que Manuel María deixou constancia escrita das lendas sobre Penas de Rodas e lle dedicou un poema a este lugar.

Sánchez, Sandra, “Os poderes públicos teñen a obriga de promover a cultura en Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Viviraquí”, “Cultura”, p. 53/ “Los editores lamentan la ‘reducción’ de ayudas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/esquelas”, p. 44, 29 abril 2013.

Dáse conta do escaso apoio das administracións ás librarías e á promoción da Literatura galega, situación que denuncia Manuel Bragado, presidente da Asociación Galega de Editores. Tamén se sinala que o uso da lingua galega diminuíu despois do Decreto do Plurilingüismo, afectando tamén á literatura.

Sangiao, “Charla sobre Rosalía en A Estrada”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 481, 27 febreiro 2013, p. 7.

Infórmase de que o alumnado do IES n.º1 da Estrada participou nunha charla sobre a vida e obra de Rosalía de Castro, impartida polo presidente da fundación do mesmo nome, Anxo Angueira.

Sangiao, “Libros de aquí” recolle as obras de vinte e tres autores nados ou residentes en Teo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 536, 24 abril 2013, p. 6.

Refírese a inauguración da mostra “Libros de aquí” na Mediateca do Grilo de Santiago, sinalando que a mostra está organizada polo Concello e coordinada pola edil de Cultura Carme Hermida.

Sanmartín C., Xabier, “Cuenta atrás del Congreso ‘Rosalía no século XXI’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 22 febreiro 2013, p. 41.

Coméntase a presentación do “Congreso Internacional Rosalía no século XXI: unha nova ollada”, que se celebrará en Santiago con máis de cincuenta especialistas para tratar a obra rosaliana e unha sección paralela en internet “aberta a comunicacións libres” e multidisciplinares.

Sanmartín Cuevas, Xabier, “A Casa Museo de Manuel María abre unificando o seu legado”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 3 setembro 2013, p. 40.

Dá conta da próxima inauguración da Casa Museo de Manuel María.

Santos, A. de, “Edición de lujo para Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 novembro 2013, p. 16.

Fala da publicación dun disco-libro no que se conmemora os 150 anos do aniversario de *Cantares gallegos*, con poemas musicados por Joaquín Pixán e Alejandro Zabala.

Santos, Ágata de, “De la estantería al comedor de casa”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 10 febreiro 2013, pp. 44-45.

Realízase unha revisión polo concepto de biblioteca dos nosos días, un lugar destinado non só ao almacenamento de coñecemento e tranquilidade, con prestacións como zona

cinematográfica, zona wifi e actividades para grandes ou pequenos, senón tamén con volumes como os *best-seller*, os cursos de idiomas ou os DVD que son reclamados polos usuarios.

Santos, Ágata de, “Xosé Ramón Pena se pasa al ‘thriller’ de acción en ‘Como en Alxeria’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 febreiro 2013, p. 41.

Coméntase a presentación da nova novela de Xosé Ramón Pena, *Como en Alxeria* (2012), editada en Xerais, que toma o galeguismo dos sesenta como pano de fondo para crear un *thriller* de acción. Recóllense algunhas intervencións do propio autor.

Santos, Ágata de, “Galicia honra sus ‘Cantares gallegos’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 25 febreiro 2013, p. 16.

Coméntanse os actos realizados para festexar o sesquicentenario do nacemento de Rosalía de Castro, entre os que se cita unha interpretación da “Alborada para Rosalía” da man de grupos de gaitas por toda Galicia e o estranxeiro abriu o programa de actos, que contou con ofrendas, recitais, etc.

Santos, Ágata de, “La música de ‘Cantares gallegos’”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, p. 63/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 55, 2 marzo 2013.

Infórmase de que o tenor Joaquín Pixán e o pianista Alejandro Zabala grabarán un disco sobre *Cantares gallegos*, con composicións de Antón García Abril ou Joaquín Rodrigo, no 150 aniversario da edición desta obra.

Santos, Ágata de, “Rosalía, pionera y universal”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 maio 2013, p. 40.

Informase da exposición “No principio foi o verso. Rosalía de Castro” que ten lugar en Vigo na Fundación Barrié con motivo do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. Sinálase que a exposición está organizada pola Fundación Rosalía de Castro, a Fundación Barrié, a Real Academia Galega e a Universidade de Vigo e que conta co patrocinio da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo.

Santos, Ágata de, “Un concierto sube al escenario lo versos musicados de ‘Cantares gallegos’”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 16 outubro 2013, p. 59.

Dáse noticia de que, con motivo do cento cincuenta aniversario de *Cantares gallegos*, o tenor Joaquín Puxán e o pianista Alejandro Zabala recuperan algúns temas feitos sobre os poemas desta obra.

S. E., “Lalín abre os actos de Celso Emilio Ferreiro cunha mostra”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, nº 428, 5 xaneiro 2013, p. 7.

Confírmase que o concello de Lalín abre os actos en homenaxe ao escritor celanovés Celso Emilio Ferreiro cunha exposición multimedia, que percorrerá a vida e obra do poeta, e que contará na súa inauguración coa presenza do fillo do escritor. Tamén se anuncia que o 1 de marzo se proxectará o documental *100% CEF*.

S. E., “Ames lembra a Rosalía cun concerto e a lectura de poemas da escritora”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 473, 19 febreiro 2013, p. 7.

Anúnciase a celebración do Día de Rosalía do concello de Ames, como cada 24 de febreiro, cunha lectura de poemas seus e un concerto. Menciónase a institución da data, que honra a singular vinculación da escritora con Ames.

S. E., “A praza de Macías de Padrón énchese mañá de poesía coa lectura de escritos de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 573, 31 maio 2013, p. 6.

Dáse conta do acto organizado polo BNG en Padrón que conmemora o cento cincuenta aniversario de “Cantares gallegos”. Sinálase que o acto terá lugar na praza de Macías da cidade e asistirán Paco Rodríguez e Pili Pampín, que xunto cos veciños leerán uns pormas de Rosalía.

S. E., “Taller de narrativa y poesía en la biblioteca de Lalín”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 578, 5 xuño 2013, p. 7.

Dáse noticia do taller de narrativa e poesía gratuíto que impartirá o escritor Luís González Tosar na biblioteca Varela Jácome de Lalín.

S. E., “El club de lectura de Silleda analiza a obra de Ferreiro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 751, 26 novembro 2013, p. 7.

Comenta que o club de lectura da biblioteca Daniel Castelao de Silleda se reúne coa obra biográfica de Celso Emilio Ferreiro *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* (2012), de Ramón Nicolás Rodríguez.

Seoane, Álvaro, “Villares sinala que o CCG se basea máis ‘no facer que no ser’”, *El Correo Gallego*, “*Tendencias*”, 28 setembro 2013, p. 43.

Con motivo do trinta aniversario do Consello da Cultura Galega glósase a traxectoria de diversos membros, como Víctor Freixanes, e lémbrese por medio de Rosa Aneiros escritoras como Helena Villar Janeiro e outros.

Seoane, Ana, “Eugene O’Neill, no trinta aniversario do Centro Dramático”, *El Correo Gallego*, “*Tendencias*”, 28 setembro 2013, p. 51.

Informa da programación do Centro Dramático Galego para o 2014, presentada nun acto que contou co director do CDG, o director da Agadic e o secretario xeral de Cultura da Xunta de Galicia. Destaca, entre as actividades, a presenza de obras da dramaturxia norteamericana, caso de *Longa viaxe cara á noite*, de Eugene O'Neill; e galegas como *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), de Carlos Casares; e *O Refugallo*, de Paula Carballeira.

Sertal, Carolina, “Títeres que queman rueda”, *Diario de Pontevedra*, “Caldas. Deza. Tabeirós”, 17 febreiro 2013, p. 19.

Coméntase a promoción do Vespalacón en Cuntis, no marco da que tivo lugar a sesión de monicreques Zequiel e Milincho, creación de Damián Cortés e Xoán Diéguez, ambos os dous veciños de Cuntis e actores de dobreaxe.

Sertal, Carolina, “Do ‘boom’ do 99 a un paulatino esmorecemento”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, nº 354, “Vivir en Caldas”, 20 marzo 2013, p. 5.

Coméntase o esmorecemento paulatino do interese ante a obra de Roberto Blanco Torres logo de dedicárselle o Día das Letras Galegas en 1999, até o feito de ser imposible atopar en ningunha librería de Cuntis a obra *Orballo da media noite*. Recóllense explicacións de Marcos Seixo e Héitor Picallo.

S. F., “Ken Keirades’ retorna á Estrada na lembranza do seu 40 pasamento”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, 19 xaneiro 2013, contracuberta.

Coméntase o acto que o Recreo Cultural Estradense celebrou en lembranza de Manuel García Barros, coñecido polo alcume Ken Keirades e nado na parroquia de Callobre en 1876. Dise que Gonzalo Valcárcel e Juan Ruibal dramatizaron algúns dos relatos de *Contiños da Terra* e unha sobriña do autor participou na sesión.

S. F., “Xosé Neira Vilas será o novo Fillo Adoptivo do concello de Boqueixón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 725, 31 outubro 2013, p. 6.

Infórmase de que o presidente da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio de Lestredo pedía na inauguración da exposición “Querido Balbino” que Xosé Neira Vilas fora o novo Fillo Adoptivo do concello de Boqueixón e confírmase a noticia por parte do alcalde deste concello, quen sinala a data en que a proposta se levará ao pleno.

Silveira Cancela, Manuel, “Un neno algo diferente”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 11 agosto 2013, p. 37.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Manuel Silveira Cancela, intitulado “Un neno algo diferente”.

Silvosa, Noelia, “A RAG recibe material inédito da familia de Rodríguez Yordi”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 agosto 2013, p. 37.

Coméntase que o fillo do escritor e académico Julio Rodríguez Yordi fixolle entrega á Real Academia Galega duns manuscritos inéditos do autor. Sinálase que no acto de entrega o presidente da institución, Xesús Alonso Montero, recordou a Eladio Rodríguez González, pai de Rodríguez Yordi e expresidente da Real Academia Galega, e enxalzou o seu labor como lexicógrafo pola elaboración do *Diccionario enciclopédico galego-castelán*.

S. J., “Empatizaba con Otero Pedrayo por seren gozadores”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 7 xaneiro 2013, p. 43/ “Empatizaba con Otero Pedrayo por ser gozadores”, *El Progreso*, “Vivir”, 2 xaneiro 2013, p. 33.

Realízase un percorrido pola vida de Francisco Fernández del Riego apoiado inicialmente na memoria da súa irmá Ana María e punteado con anécdotas sobre o seu traballo político, na editorial Galaxia, na fundación Penzol ou na súa proximidade a Ramón Otero Pedrayo.

S. O., “Los ecos del ‘piñeirismo’”, *La Opinión*, “Cultura”, 3 marzo 2013, p. 62.

Revísase a disparidade de sensibilidades que a Real Academia Galega ten acollido historicamente, dada a situación de actual crise na institución, e intentando explicar algunhas das tensións presentes desde as súas raíces.

Sol, Elvira, “Diseño que difunde la obra y figura de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 678, 13 setembro 2013, p. 6.

Explica que terá lugar o ditame dun concurso organizado pola empresa “Reino de Celtas S.L.”, para a realización dunha camiseta sobre Rosalía de Castro.

Sotelino, B. R., “Un sector da RAG pídelo a Alonso Montero que loite pola presidencia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 marzo 2013, p. 36.

Analízase a tesitura na que o catedrático Xesús Alonso Montero se atopa, impelido por unha parte dos académicos a postularse á presidencia da Real Academia Galega, nunha proposta de executiva na que poderían figurar Rosario Álvarez ou Henrique Monteagudo, algunhas das voces máis críticas coa xestión de Xosé Luís Méndez Ferrín.

Sotelino, B. R., “Rosalía tiene ‘flow’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xullo 2013, p. 40.

Coméntase que a rapeira viguesa Aid foi a encargada de impartir un taller de hip hop no marco da exposición “No principio foi o verso”, centrada na figura de Rosalía de Castro. Indícase que Aid é autora do disco *Rapoemas*, no que musica composicións de poetas galegos.

Sotelino, Begoña R., “Aparece en Vigo un exemplar único de ‘Cantares gallegos’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 xullo 2013, p. 39.

Dáse noticia da aparición, no marco da mostra “No principio foi o verso. Rosalía de Castro”, dun exemplar da primeira edición de *Cantares gallegos* que contén unha fotografía inédita de Rosalía de Castro, un poema autógrafo e unha copia manuscrita da carta que Fernán Caballero lle escribiu a Rosalía. Coméntase que na presentación da obra Anxo Angueira indicou que o propietario inicial do exemplar probablemente foi Ramón Segade e sinalou o importante valor histórico do achado.

Souto, Suso, “Rianxo acogerá recitales y un concurso sobre poesía erótica”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, nº 467, 13 febreiro 2013, p. 7.

Anúncianse as seguintes actividades no concello de Rianxo: o obradoiro de creación de poesía erótica “Cando o corpo se fai verba”, a cargo de Antía Otero; o Slam de Poesía Erótica; unha mañá de contacontos e o I Certame Galego de Poesía Erótica Recitada, que contará con cinco finalistas e un gañador.

Souto, Suso, “El Concello quiere adquirir la casa donde vivió Castelao con cargo al 1% Cultural”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, nº 467, 13 febreiro 2013, p. 7.

Analízase o patrimonio cultural da vila de Rianxo, que conta coas casas de Manuel Antonio (museo desde 2010), Rafael Dieste (ben municipal desde 2007) e Castelao nuns cen metros, comentando que se intensificaron as negociacións para adquirir esta última e algún dos impedimentos atopados.

Souto, Suso, “Cifran en 849.000 euros la compra y la musealización”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, nº 467, 13 febreiro 2013, p. 7.

Coméntanse as cifras dun anteproxecto, que taxou en 849.000 euros a compra, reforma e musealización da vivenda de Daniel R. Castelao en Rianxo, mentres o concello da vila negocia co actual propietario, Javier Baltar.

Souto, Suso, “Tras reformarse la fachada se hará la mejora del interior”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, nº 467, 13 febreiro 2013, p. 7.

Analízase a situación da casa museo de Rafael Dieste, que o concello de Rianxo mercou en 2007 por 300.000 euros. Explicase que inicialmente, rehabilitaron a cuberta e a fachada, e agora acondicionarán o interior.

Souto, Suso, “El museo dedicado al poeta del mar se abrió hace 3 años”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 467, 13 febreiro 2013, p. 7.

Coméntase a historia recente do Museo Manuel Antonio, na casa na que o poeta do mar naceu en 1900. Comprada en 2006 por 270.000 euros, abriuse ao público no 2010 co desexo de crear unha rede museística dedicada aos tres escritores da vila: Rafael Dieste, Daniel R. Castelao e o citado Manuel Antonio.

Souto, Suso, “La esencia de la villa de Rianxo: Casas do Remo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 479, 25 febreiro 2013, p. 6.

Revísanse algunhas das particularidades arquitectónicas da vila de Rianxo, reparando en que na Rúa Cabo da Vila está a verdadeira casa natal de Daniel R. Castelao, onde o seu tío avó tiña unha carpintería, e falando tamén da casa na que viviu, que se atopa na mesma rúa cá de Rafael Dieste e a de Manuel Antonio, a Rúa de Abaixo.

Souto, Suso, “Cuatro autores participarán este mes en los Xoves Literarios”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 515, 3 abril 2013, p. 5.

Infórmase do inicio dos Xoves Literarios que terá lugar na biblioteca de Ribeira, que este ano contará coa participación de catro autores: Antón Riveiro, Francisco Godón, Pastor Rodríguez e Ana Roig.

Souto, Suso, “Antón Riveiro Coello inaugurou o ciclo dos Xoves Literarios”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 519, 7 abril 2013, p. 6.

Dáse conta da inauguración, por parte do escritor Antón Riveiro Coello, dos Xoves Literarios na biblioteca de Ribeira e sinálase que o próximo xoves asistirá Francisco Godón.

Souto, Suso, “Veinticinco artistas ilustran en Ribeira los poemas de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 550, 8 maio 2013, p. 7.

Refírese á exposición “Rosalía Ilustrada” que ten lugar no auditorio municipal de Ribeira, salientando que exhibe as creacións gráficas de vinte e cinco coñecidos artistas para ilustrar os poemas de Rosalía de Castro pertencentes a *En las orillas del Sar*, *Cantares gallegos* e *Follas Novas*. Sinálase que a exposición se celebra con motivo do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*.

Souto, Suso, “La Feira do Libro reunirá a seis librerías y una editorial”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 628, 29 xullo 2013, p. 7.

Indica que ese día e o seguinte terá lugar a Feira do Libro en Rianxo. Precisa os participantes, o horario e actividades do programa, entre as que cita que o venres Xosé

Neira Vilas presentará as súas monografías *Aquel neno* e *Cancela aberta*, e que Antón Riveiro, Xerardo Agrafoxo e Chisco Fernández intervirán nun acto literario.

Souto, Suso, “La cuna rianxeira de Castelao, Dieste y Manuel Antonio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 654, 20 agosto 2013, contracuberta.

Fálase do proxecto de converter en museos as casas nas que viviron Daniel R. Castelao, Rafael Dieste e Manuel Antonio co obxectivo de crear a Academia Literaria de Rianxo. Sinálase que a única das tres casas xa convertida en museo é a de Manuel Antonio.

Souto, Suso, “A voz de Borobó presideu onte en Boiro a homenaxe ó escritor e xornalista”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 659, 25 agosto 2013, p. 6.

Dá conta das diferentes actividades planificadas polo colectivo cultural Raimundo García Domínguez, para homenaxear o escritor e xornalista.

Souto, Suso, “Anxo Angueira vai presentar o venres a súa obra ‘Iria’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 693, 29 setembro 2013, p. 6.

Anuncia a presentación da obra *Iria* (2012), de Anxo Angueira e publicada por Edicións Xerais de Galicia.

S. R., “Esplendor de las letras”, *Faro de Vigo*, “*160 años con Galicia: 1853- 2013*”, “Grandes Firmas”, 3 novembro 2013, pp. 36-38.

Con motivo do 160 aniversario da saída ao prelo do primeiro número do xornal *Faro de Vigo*, lémbrese o seu labor impulsando a creación literaria e destaca diferentes autores protagonistas das súas páxinas.

S. S., “Presentan un libro con ensaios e poemas sobre Bóveda”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 443, 20 xaneiro 2013, p. 6.

Dáse conta da publicación do volume *Perspectivas sobre Bóveda: ensaios e poemas* (2012), editado con motivo do setenta e cinco aniversario do pasamento do autor no centro cultural de Sigüeiro. Explicase que a obra acolle os traballos de sete autores galegos sobre a figura homenaxeada.

S. S., “O concurso poético Slam-arousa volve a Rianxo o día 22”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 471, 17 febreiro 2013, p. 7.

Anúnciase a vindeira edición do slam itinerante en Rianxo o 22 de febreiro dedicado desta volta á poesía erótica. Explicase que a persoa gañadora competirá na Illa e optará á final estatal, en Madrid.

S. S., “Preparan en Noia un recital poético dedicado a Rosalía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 494, 12 marzo 2013, p. 6.

Anúnciase o recital poético dramatizado *Has de cantar*, que se celebrará na casa da cultura de Noia o 15 de marzo con motivo do sesquicentenario da publicación de *Cantares gallegos*.

S. S., “Quince rianxeiros participaron en el obradoiro Poetizando”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 543, 1 maio 2013, p. 7.

Infórmase da participación de quince persoas no obradoiro “Poetizando”, que tivo lugar en Rianxo. Sinálase que o obradoiro foi impartido por Esther Carrodegua sobre as fotografías de Marga P. Días.

S. S., “Andaina Poética de Catoira a Rianxo sobre Rey Romero”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 545, 3 maio 2013, p. 5.

Dáse conta da Andaina Poética de Catoira a Rianxo, na que os participantes foron lendo textos de Faustino Rey Romero. Sinálase que foi organizada pola Plataforma Cultural Galega e o Concello de Rianxo.

S. S., “Recital de Yolanda Castaño en Ribeira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 578, 5 xuño 2013, p. 6.

Dáse noticia do recital poético de Yolanda Castaño titulado “A poesía non morde”, que tivo lugar na biblioteca de Ribeira.

S. S., “Orixinal función de microteatro na que se mezclarán público e actores”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 639, 5 agosto 2013, p. 7.

Anúnciase unha actividade de microteatro na casa da cultura de Boiro, na que se representarán cinco obras.

S. S., “Boiro acollerá dúas homenaxes a Borobó no décimo aniversario do seu pasamento”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 652, 18 agosto 2013, p. 5.

Dáse conta dunha homenaxe en Boiro a Raimundo García Domínguez, *Borobó*, despois de dez anos da súa morte. Infórmase de que ao acto asistirá o catedrático a USC Claudio Rodríguez Fer, o historiador Xoán Guitián e o director do grupo de teatro Airiños de Rianxo, Xesús Santos.

S. S., “Poesía en la presentación de ‘Antítese nativa’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 710, 16 outubro 2013, p. 7.

Informa da presentación de *Antítese nativa* (2010), de Manuel L. Rodrigues, obra gañadora do XIV Premio de Poesía Suso Vaamonde. Apunta que no acto, que se celebrará no centro cultural Lustres Rivas de Ribeira, o autor recitará o poemario, acompañado do guitarrista Manuel M. Reino.

Taboada López, Raúl, “O escano baleiro”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 14 xuño 2013, p. 63.

Comeza sinalando que o agasallaron cun exemplar d’*O escano baleiro* (2011), de Xulio López Valcárcel, no que sinala que se transmiten amplos coñecementos sobre Uxío Novoneyra, a súa unión coa terra, paisaxe, animais, ríos, árbores e “o pensar das xentes” do seu Caurel natal.

Tébar, R., “Recordando a Rosalía con flores y versos”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado”, 23 febreiro 2013, p. 21.

Indícase que se celebrou en Ponteareas o Día de Rosalía con actos diversos, como unha lectura das obras rosalianas, á que asistiron todos os colexios e institutos ponteareáns, e anúnciase que a asociación Floralba realizará unha ofrenda floral e unha lectura colectiva conmemorando o nacemento da autora hai 176 anos.

Tébar, Roma, “Francisco Rodríguez y su libro sobre Rosalía”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado / Louriñá”, 13 outubro 2013, p. 16.

Informa da presentación de *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria* (2011), na que se recrean aspectos biográficos de Rosalía de Castro, cuxa obra e figura “trascienden el campo de la literatura y reivindica el derecho a existir del pueblo gallego”. Indica que se trata dunha obra de texto fácil e lectura entretida e suxestiva que, en palabras do autor, é o resultado de moitas horas de traballo e investigación, escrito desde una perspectiva esclarecedora, con rigor analítico e manexando moitas fontes históricas, polo que vai lograr lectores que lerán por vez primeira ou relerán a produción de Rosalía.

Timoneda, Mariano, “Alonso Montero di que o Día das Letras Galegas é o mellor invento Galego”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 1 xuño 2013, p. 53.

Infórmase da asistencia de Xesús Alonso Montero á mesa “O galego e os medios de comunicación”, que tivo lugar na Facultade de Ciencias da Comunicación de Santiago e na que Montero fixo unha revisión histórica da evolución do Día das Letras Galegas. Sínálase que Xosé Pereiro e Rosario Álvarez tamén participaron no debate e que a sesión continuou cunha mesa sobre “Cinema, xornalismo, televisión: a produción cultural en V.O”.

T. M., “Reconocimiento público a la labor de Magán en el teatro aficionado”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 novembro 2013, p. 28.

Refírese a homenaxe ao falecido Agustín Magán, director da compañía de teatro Ditea, no Centro Sociocultural de Santa Marta.

Toledo, M., “Gándara presentou o seu libro *Ata o corazón da mazá*, gañador do premio Pérez Pallaré”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 587, 14 xuño 2013, p. 6.

Recóllese a noticia da presentación do poemario *Ata o corazón da mazá* (Espiral Maior, 2013), de Marisol Gándara, na Librería Couceiro de Santiago de Compostela e infórmase da participación no acto dos tamén poetas Lorena Souto e Miguel Anxo Fernán Vello, en calidade de editor. Recóllense tamén as verbas da autora nas que sinala a influencia da escritora Eva Veiga.

Toledo, Mar, “Euloxio Ruibal deixa pegada na súa ‘pequena patria’ cunha rúa”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 536, 24 abril 2013, contracuberta.

Dáse conta da inauguración dunha rúa en Ordes co nome de Euloxio Ruibal, na que o dramaturgo estivo presente. Sinálase que tamén pasou a tarde cos cativos na biblioteca municipal da cidade e ofreceu unha sesión de contacontos.

Toledo, Mar, “Lembran a Paco Comesaña no centenario do seu nacemento”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 620, 17 xullo 2013, contracuberta.

Anúnciase unha conferencia coloquio en homenaxe ao médico Francisco Comesaña, destacando a participación no acto de Xosé Neira Vilas e Manuel Pazos. Sinálase que a historia de Comesaña foi a que inspirou a Manuel Rivas para crear *O lapis do carpinteiro*.

Toledo, Mar, “A xente do mar achégase a Rosalía remontando o Ulla”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 628, 25 xullo 2013, contracuberta.

Dáse conta da homenaxe que a Fundación Rosalía de Castro lle rendeu á poeta para conmemorar o seu aprezo pola cultura marítima galega, que aparece reflectido no poema “Que inchadiña branca vela”.

Toledo, Mar, “Fermosas verbas soaron para Valcarce nas Encrobas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 666, 1 setembro 2013, p. 5.

Refírese unha homenaxe ao cura Ramón Valcarce na que participaron, entre outros, a poeta Pilar Pallarés e Manuel Lugo, quen recibiu un galardón xunto co Museo do Pobo Galego.

Toubes, Natalia/ **A. C.**, “Las ferias del libro buscan fórmulas para captar lectores”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 agosto 2013, p. 28.

Fálase da Feira do Libro da Coruña, indicando que nesta edición estrea unha caseta *outlet* con edicións antigas e libros descatalogados e outra destinada ao público infantil.

Trillo, J., “Muxía rende homenaxe á poetisa Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 486, 4 marzo 2013, p. 7.

Descríbense os actos celebrados no concello de Muxía en homenaxe a Rosalía de Castro: lectura de poemas, conferencias de Manuel Vilar e Anxo Angueira e, por parte da Fundación Gonzalo López Abente, a descuberta dunha placa na Rúa A Marina, lugar da vila onde se aloxou a autora para gozar da romería da Barca.

Trillo, J., “Múltiples actos culturais nos distintos pobos da Costa da Morte”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 556, 14 maio 2013, p. 7.

Refírense os distintos actos culturais ofrecidos nos diversos pobos da Costa da Morte con motivo da celebración da Semana das Letras Galegas: a entrega dos premios da biblioteca de Cee, a ofrenda floral a Gonzalo López en Muxía, pandeireta, gaita e percusión na Casa da Cultura de Vimianzo, un taller de musicoterapia en Fisterra e teatro nos colexios de Zas con Os Sete Magníficos.

Trillo, J., “Ofrenda floral a Gonzalo López Abente”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 560, 18 maio 2013, p. 6.

Infórmase da ofrenda floral a Gonzalo López en Muxía fronte ao monumento do poeta. Sinálase que máis tarde ofreceu un concerto a Coral Polifónica da Virxe Branca.

Trillo, J., “Muxía rendeu homenaxe a Gonzalo López Abente”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 617, 14 xullo 2013, p. 4.

Fálase da homenaxe celebrada en Muxía ao poeta Gonzalo López Abente con motivo do quincuaxésimo aniversario da súa morte. Coméntase que entre os actos celebrados tivo lugar a estrea dunha partitura sobre o seu poema “O meu mar” e a inauguración dunha exposición co mesmo nome.

Trillo, Jesús, “Muxía homenaxea a Rosalía de Castro e a López Abente”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, nº 446, 23 xaneiro 2013, p. 7.

Coméntanse as actividades acordadas pola Fundación Gonzalo López Abente de Muxía, entre as que figuran unha homenaxe á poeta Rosalía de Castro con descuberta de placa na casa na que se aloxou na vila, lectura de poemas e conferencias de Manuel Vilar e Anxo Angueira. Prepáranse tamén os actos do cincuentenario da morte de López Abente, con conferencias, música e a presentación da Obra Poética Completa, da man do escritor ceense Miro Villar.

Trillo, Jesús, “Mazaricos nomea fillo predilecto ó profesor Manuel González”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, nº 499, 17 marzo 2013, p. 5.

Coméntase o acto de nomeamento do catedrático de Filoloxía Románica da USC e académico Manuel González como fillo predilecto de Mazaricos, do que se recollen as palabras do académico Xesús Ferro Ruibal e do propio homenaxeado.

U. L., “A Casa Museo de Rosalía, en Padrón, reabre hoxe ao público tralas obras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 decembro 2013, p. 44.

Dá conta da reapertura da Casa Museo de Rosalía en Padrón e explica brevemente as etapas das obras de reconstrución.

Uriza, André, “Vigo vai acoller, a partir do 15 de maio, a exposición ‘O cantar dos cantares’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 abril 2013, p. 49.

Dáse conta da próxima exposición que terá lugar na Fundación Barrié de Vigo con motivo do cento cincuenta aniversario de *Cantares gallegos*. Sinálase que a mostra mestura a exposición de documentos singulares, fotografías, mobles, obxectos, obras de arte e montaxes audiovisuais.

Uriza, André, “Rosalía é mundial” proxecta no mundo os versos da poeta”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 abril 2013, p. 43.

Refírese ao “Rosalía é mundial” que propón traducir versos de *Cantares gallegos* con motivo do cento cincuenta aniversario desta obra. Sinálase que o proxecto nace da Fundación Rosalía e da Uvigo, sendo os coordinadores das traducións Xosé-Henrique Costas e Malores Villanueva.

Valenzuela, A., “Díaz Pardo foi pioneiro no eido cultura-empresa”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Esquelas”, 16 xuño 2013, p. 44.

Fálase da inauguración do “I Foro Isaac Díaz Pardo. Empresa e Cultura” e coméntase que o Conselleiro de Cultura recordou a figura de Díaz Pardo como un dos pioneiros en recoñecer o valor do patrimonio cultural galego no mercado empresarial.

Valiña, Xosé, “Ensalzamiento poético en el Gaiás”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 22 marzo 2013, contracuberta.

Infórmase do espectáculo *Despois de ti, a chuvia*, protagonizado polo escritor Xosé Carlos Caneiro e o músico Emilio Rúa na Cidade da Cultura, dentro dos actos do Día Mundial da Poesía.

Varela, Froilán, “Vicepresidencia da Deputación recupera a revista galega máis antiga”, *El Progreso*, “Comarcas”, 16 xaneiro 2013, p. 13.

Coméntase a publicación d’*O Gaiteiro de Lugo*, a publicación da cabeceira máis antiga de Galicia, nada en 1857 e vencellada ao Rexurdimento e a Manuel Soto Freire.

Destácase que a incidencia da publicación na súa altura se pode intuír pola tiraxe: máis de 50.000 exemplares a mediados do século XX.

Varela, Manuel, “As táboas do Colón ábrense a futuros artistas no Día das Letras Galegas”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 23 febreiro 2013, p. 11.

Fálase da iniciativa “Laboratorio Teatral”, do grupo Eulen, que pretende ofrecer formación a dez interesados no teatro, seleccionados nun cásting aberto. Explicanse as bases da iniciativa e as vantaxes dos seleccionados.

Varela, Manuel, “Un ágora de creación literaria”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 30 abril 2013, p. 12.

Infórmase de que o centro sociocultural Ágora acollerá un obradoiro de escritura no centro do Ventorillo na Coruña. Sinálase que a encargada de impartilo é Dores Tembrás e que o obradoiro, organizado pola Asociación de Escritoras e Escritores en Galego, se titula “A escrita do poema: dende a reflexión ao sen alento”.

Varela, Manuel, “O poeta que andou Galicia”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 17 setembro 2013, p. 11.

Infórmase de que o teatro Colón da Coruña fai unha homenaxe ao poeta Manuel María e estrea o documental *Andei todos o camiños*.

Varela, Suso, “O Museo de Lugo reivindica ao Ben-Cho-Shey máis comprometido”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 febreiro 2013, p. 38.

Dáse conta da exposición no museo lucense sobre Ben-Cho-Shey, na que se repasa a biografía do intelectual e que permite “coñecer a travesía que tiveron os galeguistas ao longo de seis décadas”. Precisa que os textos nos que relatou en primeira persoa “a barbarie tras o 18 de xullo” e que son coñecidos como *Diario de Lugo*, se publicarán grazas a esta exposición.

Varela Caabeiro, Aurora, “Ola, guapa! Adeus, guapa!”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 28 agosto 2013, p. 32.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducese o realizado por Aurora Varela Caabeiro, intitulado “Ola, guapa! Adeus, guapa!”.

Vázquez, M., “El campus reivindica a Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 31 outubro 2013, p. 1.

Dá conta do acto de homenaxe a Rosalía de Castro en Ourense no que se anunciou que a biblioteca central do Campus de Ourense levará o nome da autora.

Vázquez Barro, Isaac, “Bolsas de plástico”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 24 agosto 2013, p. 36.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Isaac Vázquez Barro, intitulado “Bolsas de plástico”.

Veiga, Marta, “María Reimóndez achega a palabra combativa de Gaia á súa raíz luguesa”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, 14 febreiro 2013, p. 49.

Descríbese o acto de presentación da última obra de María Reimóndez, *En vías de extinción* (2012), na librería Trama de Lugo e explícase que a autora estivo acompañada do actor Luís Tosar e o editor de Xerais, Manuel Bragado, que faláron, entre outros aspectos, da radicalidade da novela e da construción de Gaia, a súa protagonista.

Veiga, Marta, “Un día para achegarse á señora da Matanza”, *El Progreso*, “*d_finde*”, 17 maio 2013, p. 2/ *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 20 maio 2013, p. 50.

Con motivo do cento cincuenta aniversario de *Cantares gallegos* faise un percorrido pola casa de Rosalía de Castro situada na Matanza. Primeiro fálase das encargadas da casa, Fina e Patricia, e do seu labor, tamén se di que foi obxecto de reformas fai pouco e que o novo presidente da Fundación Rosalía de Castro é Anxo Angueira. Sinálanse os contidos e as distintas partes da casa e finalmente infórmase dos prezos e os horarios de visita segundo a época do ano.

Veiga, Marta, “Darío Xohán Cabana reeditarán a súa versión en galego da ‘Divina Comedia’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 24 outubro 2013, p. 51.

Infórmase da homenaxe celebrada en Lugo ao autor Darío Xohán Cabana, a cargo da Asociación Galega de Tradutores, anunciando que o ano vindeiro se publicará unha revisión da súa versión en galego da *Divina Comedia*, de Dante Alighieri. Explícase que o autor galego verqueu tamén ao galego a outros autores clásicos, como Petrarca ou Dumas.

Vidal, “Réplica a unha mensaxe de desamor”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Contos de verán”, 8 agosto 2013, p. 30.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Vidal, intitulado “Réplica a unha mensaxe de desamor”.

Vidal, Nicolás, “Arturo Regueiro: ‘Ferrol é a cidade máis ‘cajún’ de Galicia, cae e sempre se ergue”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 18 xaneiro 2013, p. 14.

Anúnciase a presentación do último poemario de Arturo Regueiro –finalista do premio Esquíu– na galería Sargadelos. Trátase de *Curriculum oculto* (2012), que vai acompañado dun cedé, parte do proxecto global “Galicia Cajún”, que o propio Regueiro explica como concepto.

Vidal, Nicolás, “O recordo a Rosalía segue vivo no 176 aniversario do seu nacemento e no 150 de ‘Cantares gallegos’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 24 febreiro 2013, p. 11.

Descríbense os actos realizados pola asociación cultural Medulio e polo Concello de Fene en homenaxe a Rosalía de Castro, como os agasallos de libros e flores ou a lectura dun manifesto da AELG.

Vidal Villaverde, Manuel, “De Rosalía a Emily: vidas paralelas”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 23 febreiro 2013, p. 60.

Realízase unha sucinta comparativa da vida e obra de Rosalía de Castro e Emily Dickinson, no alén-mar. Fillas ambas de atmosferas desoladoras, coinciden na intensa percepción da soidade e na reflexión. A listaxe de paridades incorpora opinións de autoras como Marina Mayoral ou Margarita Ardanaz.

Vila, Sara, “A Rosalía combativa loita contra a poeta chorona”, *Diario de Pontevedra*, “Reportaxe”, “Revista”, n.º 669, 12 maio 2013, pp. 6-7.

Infórmase de que, con motivo do cento cincuenta aniversario de *Cantares gallegos*, quere romperse co estereotipo de chorona da autora. Para isto faise un repaso por todas as denuncias que levou a cabo na súa obra, baseándose nos estudos feitos por Francisco Rodríguez. Sinálase que nos seus poemas reclamaba a terra para os labregos, os que a traballaban realmente, fálase da súa condición de pioneira no uso do galego e salientase que tamén reivindicaba o dereito á supervivencia como pobo de Galicia e o seu tratamento da emigración. En canto ás mulleres, apúntase que Rosalía nos seus poemas fala delas, ademais de escribir como tal e que critica os abusos de poder, así como os desafuzamentos e recortes sociais. Por último, anótase que, sempre cun toque de retranca, a autora entende o cristianismo dende un punto de vista máis popular, e non escapa ao erotismo expresado en boca da muller.

Villadóniga Gómez, Jesús, “In hac lacrimorum vale”, *El Progreso*, “deVerano”, “Contos de verán”, 7 agosto 2013, p. 33.

Sección que acolle relatos presentados ao concurso “Contos de verán” do xornal *El Progreso*. Neste caso reproducéase o escrito por Jesús Villadóniga Gómez, intitulado “In hac lacrimorum vale”.

Villanueva Gesteira, Malores, “Unha vida entregada a Galicia”, *Faro de Vigo*, “*Estela*”, nº 555, 6 xaneiro 2014, pp. 14-15.

Realízase unha semblanza vital de Francisco Fernández del Riego, desde o seu nacemento en Lourenzá en 1913, pasando polas primeiras lecturas, os acontecementos sociopolíticos que cambiaron a súa vida ou as súas teimas vitais, que o converteron nun dos persoeiros máis destacados da cultura galega do último século.

Villar, C./ X. M. **del Caño**, “La mitad de los académicos de la RAG hacen público su apoyo a Ferrín y avalan su gestión”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 5 marzo 2013, p. 25/ “La mitad de los académicos hacen público su apoyo a Méndez Ferrín”, *La Opinión*, “Cultura”, 5 marzo 2013, p. 53.

Explicítanse algúns dos apoios que Xosé Luís Méndez Ferrín gaña na Real Academia Galega, pedíndolle que reconsidere a súa posíbel marcha e esgote o mandato, entre eles Manuel González e Xosé Luís Regueira.

Villar, Soraia, “Marisa Soto, a actriz que forxou a nova canteira da interpretación galega”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Verano”, 29 xullo 2013, p. 40.

Coméntase que o Concello de Silleda extraviou o legado da actriz de teatro Marisa Soto, que fora doado pola súa familia ao consistorio e que contiña o último proxecto da actriz, unha dramaturxia de *Cantares gallegos* coa que pretendía renderlle unha homenaxe a Rosalía de Castro. Hai tamén unha referencia á obra *Marisa Soto. A voz humana*, escrita por Anxo Rey Ballesteros, Rosa Álvarez e Mabel Rivera.

Villares, Ramón, “Galeguismo e democracia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Adeus a un galeguista histórico”, 31 agosto 2013, p. 38.

Homenaxe a Benxamín Casal tras o seu falecemento, onde se achega unha breve biografía sobre el.

Villares, Ramón, “Benxamín Casal, elegancia e compromiso”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 1 setembro 2013, p. 77.

Destaca a figura de Benxamín Casal tras o seu falecemento dende a perspectiva laboral e persoal.

Viñas, María L., “Rosalía é un nome de alborada”, *El Progreso*, “Vivir”, 25 febreiro 2013, p. 71.

Coméntase o desenvolvemento de varias iniciativas en torno a Rosalía de Castro, como a “Alborada para Rosalía”, executada por centos de gaiteiros de todo o mundo en honra do 150 aniversario de *Cantares gallegos* ou as homenaxes realizadas en Lugo.

Viñas, María L., “Fonso Castro homenaxea a Rosalía na mostra ‘Terra e papel’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Arte”, 4 outubro 2013, p. 66.

Fala da mostra “Terra e papel” na que Fonso Castro homenaxea o 150 aniversario da publicación da obra de Rosalía de Castro *Cantares gallegos*.

Viñas, María L., “Requeixo: «Leiras Pulpeiro foi un extraterrestre do século XIX”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 28 decembro 2013, p. 54.

Preséntase un novo número da revista oral O Pazo das Musas no Museo Provincial de Lugo, que versou nesta ocasión sobre as figuras de Manuel Leiras Pulpeiro e Celso Emilio Ferreiro, da man do profesor, crítico e investigador Armando Requeixo. Explicase que este realizou un percorrido pola vida e obra de ambos persoeiros.

Xan, “Homenaje a la Guadalupe”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 678, 13 setembro 2013, p. 11.

Reprodución do poema-homenaxe de Juan García Domínguez á Virxe de Guadalupe.

X. C./ E. P., “A cultura carga contra o profesor homófobo na homenaxe Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 3 decembro 2013, p. 14.

Comenta que a homenaxe a Eduardo Blanco Amor se converteu nun espazo de crítica ao profesor da USC Domingo Neira e ademais explica que a Deputación de Ourense avanzou que o ano 2014 será o “Ano Blanco Amor”.

X. C. V., “El premio Entre Mulleres reconoce a las escritoras Marica y Tareixa Campo”, *El Progreso*, “Lugo”, 2 marzo 2013, p. 7.

Infórmase da próxima recepción do premio “Entre Mulleres” concedido polo Concello de Lugo a Marica e Tareixa Campo. Ao mesmo tempo, explícase que se celebrará unha homenaxe póstuma a Concepción Basanta e terá lugar o ciclo “Mulleres de Cine”.

X. F., “Poesía e teatro nun mesmo volume”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 abril 2013, p. 38.

Dáse conta da publicación dun libro baixo o selo QueQueres, o cal contén o poemario *Primaveira de navallas* (2012), de Xurxo Chapela, e unha peza teatral de Xosé Manuel García titulada *Solpor en Waterloo* (2012). Sinálase que o responsábel da edición é Xabier Graña, fundador do festival Xiria Pop.

X. F., “Recuperan un poema inédito de Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 abril 2013, p. 40.

Refírese ao poema publicado no xornal madrileño *La Soberanía Nacional*, un poema inédito de Rosalía de Castro dedicado a Salustiano de Olózaga. Sinálase que os versos foron recuperados por Francisco Rodríguez da hemeroteca da Biblioteca Nacional e adxúntase o poema en cuestión.

X. F., “A Insua dos Poetas dedicará a Blanco Amor a Festa da Palabra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 26 agosto 2013, p. 22.

Infórmase de que o padroado da Fundación Insua dos Poetas acordou dedicarlle a vindeira Festa da Palabra a Eduardo Blanco Amor, coincidindo co trixésimo quinto aniversario do seu pasamento. Sinálase que tamén se vai alzar un monumento alusivo á súa obra.

X. M. R., “Ferrín será o mantedor da celebración do Día da Poesía na Insua dos Poetas”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 marzo 2013, p. 34.

Anúnciase que o escritor e expresidente da Real Academia Galega exercerá de mantedor no acto que conmemora o Día da Poesía na Insua dos Poetas do Carballiño, promovido polo Pen Clube de Galicia.

X. M. R., “Comercio y cultura en la Rúa da Paz”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Ourense”, 30 outubro 2013, p. 12.

Informa que de na rúa da Paz de Ourense segue a xornada de portas abertas para poder visitar a casa na que naceu Vicente Risco e na que viviu Ramón Otero Pedrayo.

X. M. R., “Roteiro y poesía para el Día de Nós”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Ourense”, 31 outubro 2013, p. 12.

Detalla os actos de homenaxe á revista *Nós* que tiveron lugar en Ourense e que incluíron o proxecto “O feitizo da ruína”, que é unha xornada de portas abertas para poder visitar a casa na que naceron Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo, un recital poético na tetería Grândola e mais un roteiro no cemiterio de San Francisco.

X. M. R., “A Academia lembra o traballo de Blanco Amor como tradutor”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Ourense”, 5 decembro 2013, p. 6.

Dá conta de diferentes actos que tiveron lugar en Ourense para homenaxear a Eduardo Blanco Amor e anúnciase que a Real Academia Galega celebrará un congreso en 2014 no que se analizará a faceta de Eduardo Blanco Amor como tradutor.

X. M. R., “Vicente Risco entra na universidade”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 5 decembro 2013, p. 12.

Anuncia que o salón de graos do Edificio de Ferro do campus de Ourense levará o nome de Vicente Risco e engade que neste campus terá lugar unha mostra e mais unha conferencia de Xosé Fernández centradas na figura do intelectual ourensán.

X. V., “La innovación deja su sello en seis empresas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 30 outubro 2013, contracuberta.

Entre outras cousas, dáse noticia da homenaxe que Boqueixón fai a Xosé Neira Vilas, creador de Balbino.

X. V., “Hombres sabios con cosas que enseñar”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de Vecinos”, 7 novembro 2013, contracuberta.

Con motivo da celebración da Semana da Ciencia e da Tecnoloxía faise unha homenaxe a Isaac Díaz Pardo no instituto Xelmírez e infórmase de que no acto interviñeron Valentín Arias, Miguel Ánxel Ríos e Xosé Neira Vilas.

VI. CLÁSICOS GRECO-LATINOS TRADUCIDOS

VI. 1. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Virxilio Marón, Publio, *Eneida*, edición bilingüe latín-galego Xoán Fuentes Castro, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Esmorga, 2013, 327 pp. (ISBN: 978-84-15400-77-6).

Tradución e estudo do poema épico *Eneida* de Publio Virxilio Marón (Andes, 70 a. C. - Brundisium, 19 a. C.) realizados por Xoán Fuentes Castro (O Grove, Pontevedra, 1932- Pontevedra, 2013). O volume abre cunha introdución en que o editor analiza unha das obras mestras da literatura universal dende diversas perspectivas: mítica-histórica (os mitos eran moi importantes na sociedade romana durante a época de Virxilio), política-patriótica e estilística-literaria. Salienta a complexidade do seu traballo debido a que se enfronta a “un produto que naceu hai máis de dous mil anos e que, durante séculos, foi admirado, comentado, analizado, imitado, peneirado, denigrado, etc.”. Outros aspectos que acrecentan a dificultade da tradución son o traslado a un novo idioma do contido e a forma dun texto creado nunhas coordenadas históricas diferentes, así como o intento de axustarse o máximo posíbel ao orixinal e aos problemas ocasionados pola liberdade sintáctica da lingua latina. O poema consta de nove mil oitocentos oitenta versos repartidos en doce libros que corresponden a cadanseu capítulo, nos que se conta a busca dun novo emprazamento para Troia, tras ser esta destruída. O heroe Eneas, os penates troianos e outros superviventes levan a cabo unha longa viaxe pola zona mediterránea oriental co obxectivo de atopar un lugar idóneo para refundar a súa cidade. A parte derradeira do libro contén un “Índice non exhaustivo de nomes que figuran na *Eneida*”.

Recensións:

- Xosé Feixó, “Inxente traballo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 457, “Libros”, 9 maio 2013, p. 6/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 409, “Letras galegas”, 11 maio 2013, p. 10.

Dá conta da reedición da *Eneida* de Virxilio en galego, a cargo de Xoán Fuentes Castro, na colección de poesía “Esmorga” da editorial Toxosoutos. Destaca o estudo introdutorio e o índice onomástico incluídos no volume, así como a ilustración da cuberta por parte de Xosé Poldras. Salienta tamén as anotacións ao longo da tradución e os puntos de vista mítico-histórico, político-patriótico e estilístico-literario tidos en conta.

VI. 2. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Alonso Montero, Xesús, “Horacio en Lugo (1868, 1963)”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 528, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 27 xullo 2013, p. 10.

Trae á memoria a tradución de José García Mosquera, *Gramática Gallega de Juan Antonio Saco Arce* (1868), editada por Soto Freire, co gallo da súa aparición na mostra “Cen anos de Literatura Galega” hai cincuenta anos, na sección “Textos doutras linguas en galego”.

VII. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

VII. NARRATIVA

VII. 1. NARRADORES GALEGOS

Abad Varela, José Antonio, *O carnaval dos animais*, ilust. João Vaz de Carvalho, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Música clásica, [lectorado autónomo], xuño 2013, [38] pp. (ISBN: 978-84-8464-823-9). Inclúe CD.

Álbum narrativo, de José Antonio Abad Varela (A Coruña, 1940), no que se narran os acontecementos que rodean a festa de aniversario de León, o rei dos animais. Un narrador en terceira persoa conta a chegada dos diferentes animais, dende os animais de corral aos felinos, pasando polos seres acuáticos e voadores, e describe cada un deles a través das súas características físicas e da súa forma de ser. A historia, de estrutura circular, aborda os temas da amizade, da natureza e da variedade e diversidade no mundo, tirando elementos da obra musical *O carnaval dos animais*, *Gran fantasía zoolóxica*, de Camille Saint-Saëns (París, 1835- Arxelia, 1921), que acompaña cada unha das partes do conto, complementando as características peculiares de cada grupo de animais. Na cuberta preséntase a imaxe dun león que é un fragmento dunha ilustración do interior. No interior, as ilustracións figurativas de João Vaz de Carvalho (Fundão, Portugal, 1958) ofrecen imaxes dos animais cun aspecto moi parecido. Nelas destacan os ollos saltóns que teñen todos os personaxes independentemente da súa especie. As composicións seguen a mesma pauta en todo o libro: unha páxina de texto cun pequeno debuxo e unha páxina enteira ilustrada que recrea a explicación dos textos. Sobre un fondo uniforme de cor verde, sen case referencias espaciais, os animais protagonistas elévanse do plano grazas a pequenos trazos de sombra que semella que flotan ou bailan sobre a páxina

Recensións:

- María Navarro, “Contos con música”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 473, “Libros”, 17 outubro 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “*Letras galegas*”, n.º 425, 26 outubro 2013, p. 10.

Apunta que *Contos con música*, de José Antonio Abad Varela, conforma para o mundo infantil unha trepidante aventura pola natureza a través das emocións, da imaxinación e dun simultáneo acompañamento musical. Ofrece un breve resumo do argumento e fai alusión ás características ilustracións de João Vaz de Carvalho.

Referencias varias:

- Amalia Mauleón, “Música clásica que habla a los niños”, *Faro de Vigo*, “*Sociedad*”, 27 xullo 2013, p. 43.

Fala sobre a recente publicación deste libro-disco de música clásica para nenos. Comenta que inclúe un CD coa música descritiva de Charles Camille Saint Saens

acompañada da narración dunha historia protagonizada por animais. Salienta que o libro é moi útil para os pais e nais que queiran introducir os seus fillos na música clásica e que se interesen por ela, pero tamén o é para os profesores de música nas escolas e para as bibliotecas escolares.

Alfaya, An, *O recendo das clementinas*, ilust. Laura Catalán, Vigo: Editorial Tambre, col. Ala Delta. Serie verde, n.º 30, a partir dos 10 anos, 2013, 169 pp. (ISBN: 978-84-9046-030-6).

Novela de An Alfaya (Vigo, 1964), dedicada “Para Abril”, na que se conta o que lle acontece á protagonista, unha rapaza de dez anos alcumada Arandela polo seu gusto pola mecánica, despois de descubrir unha estraña foto no faiado da súa casa que a levará, xunto co seu amigo Vitaminas, a descubrir un pasado que seus pais lle tiñan ocultado. Por petición do pai, Arandelas e Vitaminas entrarán en contacto con don Claudio e a súa muller, unha parella de anciáns que rexeron unha xoguetería e que perderon un fillo no mesmo accidente aéreo no que Arandela perdeu a súa tía, a quen, nalgún momento, por causa do escurantismo de seus pais, a rapaza cre que era súa nai. Na cuberta preséntase, en cores cálidas e cun certo volume, destaca o cor vermello das clementinas. No interior, as ilustracións, de estilo xuvenil e gran carga expresiva, de Laura Catalán, están realizadas co lapis de grafito e correspóndense con imaxes sinxelas con pequenos matices de decoración para enriquecer a textura da escena. A composición do texto e da imaxe relaciónase entre si, aplazando o texto para que non se entorpeza coa imaxe.

Alonso Diz, Miguel Ángel, *A nena á que non deixaban ser feliz*, ilust. Luz Beloso, Vigo: A porta verde do sétimo andar, col. Q de Vian Cadernos, n.º 14, [lectorado autónomo], 2013, [74] pp. (ISBN: 978-84-15164-81-4).

Narración de Miguel Ángel Alonso Diz (Madrid, 1976), dedicada a María del Carmen Kruckenberg (Chuchi) e a todos os que apoiaron este libro en Verkami e iniciada cunha cita de John Lennon. Por medio dun narrador en terceira persoa e a voz dos personaxes cóntase a historia dunha nena que é feliz. Para cambiar esta actitude prohibida por lei na sociedade na que vive Sabela é sometida a un exame que irá facendo en distintas salas que levan por nome: “A tecnoloxía faranos libres”, “Todo o que desexes pódese mercar”, “Comer é a única fonte do saber” e “Homoxeneización e orde”. Pola man de Maoz a protagonista recórreas todas atopándose con personaxes anoxados e furiosos que non conseguen que Sabela cambie de parecer. Péchase a obra cun epílogo en forma de poema. Na cuberta preséntase á protagonista nun plano máis alto que os personaxes infelices, xogando cunha diagonal da composición do título para fusionalo coa imaxe. No interior, a ilustradora Luz Beloso emprega unha técnica que mestura unha ampla variedade de materiais (grafito, pasteis, acuarela e colaxe). Trátase de ilustracións realistas, e de cores maioritariamente frías, nas que tamén destaca a utilización de estampados florais no fondo, a modo de transparencia, e na vestimenta dos personaxes. A narración visual emprega diferentes planos (xerais da escena, primeiros planos dos personaxes e planos picados para xerarquizar o papel do inimigo e dos edificios) e imaxes simples, moi gráficas, que imitan os trazos infantís e transmiten as diferentes emocións que se están a representar no texto. A protagonista represéntase cun corazón de cor vermella, a diferenza dos demais personaxes cuxo corazón é negro para

representar o lado maligno controlado polo egoísmo, polo mundo das máquinas e a electrónica.

Referencias varias:

- J. G., “Os dous libros que publiquei son fillos meus e tamén de Luz Beloso”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 1 xuño 2013, contracuberta.

Comeza informando que este relato é a segunda obra do autor que con anterioridade deu ao prelo o poemario *O cullarapo croque*. Recolle as palabras do autor sobre a estreita colaboración que tivo con Luz Beloso, a ilustradora, en ambos os dous libros. Apunta que o autor e a ilustradora estiveron na librería Lila de Lilith para o lanzamento de ambas as dúas propostas literarias. Indica que están orientadas a un público xuvenil e infantil moi amplo, xa que “non están pensados para quen son só nenos só por idade, tamén para o neno que toda persoa leva dentro”. Remata referindo que Montse Pena e Iolanda Aldrei acompañaron o autor e a ilustradora no acto de presentación en Compostela.

Ameixide, Puri, *Nada se esquece*, deseño cuberta Xosé Rodríguez Lois, Vigo: Edicións Redelibros, col. Autores independentes, [lectorado mozo], marzo 2013, 204 pp. (ISBN: 978-84-940538-1-8).

Novela de Puri Meixide (Monforte) que se inicia cunha cita tirada d'*Ao leste do Edén*, de John Steinbeck. Por medio de trinta e nove capítulos, relátase, en primeira persoa, a historia de Laura Souto, unha nena de dez anos que vive nunha vila pequena de Galicia. Toda a obra transcorre a mediados da década dos setenta. Nárrase o seu paso precoz da infancia á adolescencia, as vivencias coas que vai construindo a súa identidade e a súa visión do mundo. Trátase dunha historia de crecemento persoal, do descubrimento do mundo dos adultos e sobre todo dos cambios que ela mesma elixe para abandonar o mundo que coñece e camiñar cara á súa maduración. O deseño da cuberta de Xosé Rodríguez Lois presenta unha fotografía esvaecida que remite ao esquecemento co que se loita no relato.

Referencias varias:

- Marta Veiga, “Puri Ameixide novela o espertar ‘agridoce’ dunha rapaza de 10 anos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 20 maio 2013, p. 66.

Comeza achegando trazos característicos da protagonista de *Nada se esquece*, novela de Puri Ameixide presentada na Feira do Libro de Lugo. Recolle as palabras da autora sobre a vida de Laura Souto, protagonista da novela, nena de aldea cuxa vida non é sinxela e que terá descubertas marabillosas, aínda que non sempre boas, e achegas á sexualidade. Reproduce tamén declaracións da autora sobre que este é un relato de crecemento persoal que emprega “diálogos espatarrantes” para facer achegas dos xuízos dos maiores e do que acontece ao seu redor. Indica que na obra hai unha situación autobiográfica da autora con respecto ao espazo e ao tempo, dado que transcorre en Monforte. Remata referindo que a presentación deste novela tivo lugar na derradeira

xornada da Feira do Libro de Lugo, na cal Xesús Bermúdez Tellado e José Estévez López estiveron tamén presentados as súas obras e asinando exemplares.

Aneiros, Rosa, *Ámote Leo A. Destino xalundes*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Milmanda, setembro 2013, 309 pp. (ISBN: 978-84-9914-558-7).

Primeira entrega da triloxía narrativa “Ámote Leo A.”, de Rosa Aneiros (Meirás-Valdoviño-A Coruña, 1976), composta por novelas de aventuras e viaxes e de formación para un lectorado de fronteiras entre a Literatura Infantil e Xuvenil e a Literatura de adultos. Dedicada “A Xulio, encrucillada de camiños. Para Mariña, quen inicia a súa viaxe”, estrutúrase en cincuenta capítulos, iniciados polos tweets cos que a protagonista, Leo (Leonor), dá conta da ansiada viaxe que comezou por distintos países, ao finalizar os seus estudos universitarios e tras traballar arreo para custearse os desprazamentos e mantenza. Leo cumpre así un soño ansiado e planificado antes de comezar a estudar na universidade ela e os seus tres mellores amigos, compañeiros nun grupo teatral. A protagonista emprende en solitario a súa “viaxe ao fin de mundo en cento oitenta e un días” o 8 de xaneiro de 2011 pese ao medo da súa familia, sobre todo da nai, e a envexa do seu irmán menor. Axudada por amigos e coñecidos e outras persoas que vai atopando no camiño, Leo vai percorrendo cidades que ansiaban coñecer os catro amigos que idearan a viaxe, na que se combinan rutas turísticas cun contacto coa xente e cultura de cada cidade e país que visita. Ao mesmo tempo madura, descobre que sente morriña polos seus familiares e amigos e le obras de recoñecidos autores da literatura universal e da literatura galega que abordan a temática da viaxe: *O libro das viaxes imaxinarias*, de Xabier P. Docampo e Xosé Cobas; *As cidades invisibles*, de Italo Calvino; *O libro das marabillas*; *Makbara*, de Juan Goytisolo; e *Istanbul*, de Orhan Pamuk. De forma casual observa pintadas en todos os lugares que visita coa mensaxe que dá título á triloxía, “Ámote Leo A.”, ante a súa sorpresa e inqueda por saber da súa autoría. Esta primeira entrega remata cun final aberto cando Leo se atopa con alguén coñecido e que nunca imaxinaría ver no edificio Pera Palas de Istanbul o 19 de marzo, once días antes do proxecto de regreso á casa, tras visitar Lisboa, Barcelona, Granada, Córdoba, Sevilla, Cádiz, Marrakech e O Cairo. O deseño da cuberta é de Desoños. Amosa unha imaxe dun rapaz que voa e se afasta do planeta Terra; o globo terráqueo preséntase cos países de cores coma un mundo multicolor cheo de posibilidades.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Leo non é Barbie”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 481, “Libros”, 12 decembro 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 433, “Letras galegas”, 21 decembro 2013, p. 10.

Comeza indicando que esta obra conforma a primeira entrega dunha triloxía. A continuación, ofrece un breve resumo do argumento, facendo fincapé na viaxe iniciática que emprende a protagonista, quen non se asemella “a unha Barbie colgada dun Kent”. Para rematar, convida vehementemente á súa lectura.

Referencias varias:

- M. M., “La mirada al mundo de César Taboada”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, “Presentación de libro”, 21 novembro 2013, contracuberta.

Dá conta da presentación desta obra na librería compostelá Couceiro, nun acto no que participaron Manuel Bragado e a autora, Rosa Aneiros. Indica que contaron coa colaboración do alumnado do IES Eduardo Pondal de Compostela e da súa profesora Mercedes Espiño.

- Xosé Carlos Caneiro, “A diferencia”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 547, “A outra mirada”, “Club dandi”, 23 novembro 2013, p. 10.

Entre outras obras coméntase brevemente *Ámote Leo*, novela xuvenil, de Rosa Aneiros, “que será triloxía”.

- Montse Dopico, “E entón houbo país”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 480, “Reportaxe”, 5 decembro 2013, p. VII.

Fálase da sexta edición do Culturgal, no que se presentaron, entre outras obras, *Ámote Leo A*, de Rosa Aneiros, e *Todos somos*, de Marcos Calveiro. Tamén se engade que foron representadas *Snakizados*, de Áncora, *O país do pato Donald*, de Lagarta Lagarta, e *Happy end*, de Voadora.

Blanco, Concha, *Cos ollos do avó*, ilust. Xosé Tomás, Ferrol: Edicións Embora, [lectorado mozo], decembro 2013, 106 pp. (ISBN: 978-84-92664-71-1).

Novela fantástico realista, de Concha Blanco (Lires, Cee, A Coruña, 1950), dedicada á súa neta Aníña “por encher de ledicia as nosas vidas”. Por medio dun narrador en terceira persoa e a voz dos propios personaxes nárrese unha historia protagonizada por un avó e a súa neta que demostran unha gran complicidade, malia a diferenza de idade e sabeduría. Chea de sentimento e amor, amor non só polas persoas, senón tamén pola terra na que un naceu e se criou, na novela relátase a desaparición de poboacións enteiras por culpa dos encoros e o gran sentimento de nostalxia que esa perda provoca nas xentes deses lugares. Péchase cun epílogo no que a neta resume a historia, a que prometeu escribir coa pluma estilográfica de seu avó. Na cuberta emprégase un cromatismo de tons fríos (por exemplo, gamas de azuis) para representar un pequeno pobo sumerxido debaixo do mar. As imaxes, tanto da cuberta coma do interior, están contorneadas con liña negra, característica do cómic. As ilustracións de páxina enteira, cunha perspectiva xeral da escena, están realizadas por Xosé Tomás (Betanzos, A Coruña, 1971) e fan uso dun trazo moi característico da técnica do grafito e “plumilla” con tinta chinesa ou bolígrafo. O sombreado das imaxes realízase mediante o trazo entrecruzado e en diagonal, ofrecendo unha imaxe fresca coma un bosquejo. Pola súa banda, os personaxes son moi expresivos.

Blanco, Magín, *A nena e o grilo nun barquiño*, ilust. Leandro Lamas, Cangas do Morrazo: Fol Música, [lectorado autónomo], 2013, [40] pp. (ISBN: 978-84-940993-0-4). Inclúe CD.

Relato fantástico de Magín Blanco no que se contan as aventuras vividas por unha nena e un grilo cando deciden ir dar a volta ao mundo nun barquiño a través dun río. Dividido en varias partes, en cada unha das cales se narra unha aventura diferente que lle ocorre aos protagonistas, o relato trata o tema da amizade e os valores. Despois de cada aventura recóllese unha canción, que se reproduce no CD, e unha ilustración sen colorear para que o lectorado poida facelo. As ilustracións son da autoría de Leandro Lamas (Ferrol, 1973).

Recensións:

- Paula Fernández, “Ganas de coñecer”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 453, “Libros”, 11 abril 2013, p. VI.

Dá conta da saída do prelo na editorial Fol Música da segunda parte do conto *A nena e o grilo*, de Magín Blanco, intitulada *A nena e o grilo nun barquiño*. Tras indicar o fío argumental, destaca a inclusión de actividades de estimulación da curiosidade ao longo deste álbum ilustrado e máis dun CD que axuda á comprensión das actividades. Salienta finalmente o labor ilustrativo de Leandro Lamas e musical de Segundo Grandío e Isaac Palacín, entre outros e outras.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Hai verdadeiras obras mestras da pintura nos contos ilustrados”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 449, “Entrevista”, 14 marzo 2013, p. V.

Conversa con Maxín Blanco e Leandro Lamas co gallo da saída do prelo do álbum ilustrado *A nena e o grilo nun barquiño*. Destácase a poética de tipo circense da obra e o feito de que o volume veña acompañado dun CD.

- M. M., “La biblioteca de Xermade acoge la presentación de una obra de Magín Blanco”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 abril 2013, p. 14.

Menciona o acto de presentación na biblioteca de Xermade do conto infantil *A nena e o grilo nun barquiño*.

- C. B., “A nena e o grilo nun barquiño’ conquistou Rois”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 549, 7 maio 2013, p. 7.

Comeza referindo que Magín Blanco levou *A nena e o grilo nun barquiño* a Rois, dándolle así continuidade ao musical que percorreu Galicia en 2010. Indica que os personaxes da nena e do grilo viviron unha historia de aventuras onde fixeron participar e gozar a nenez de Rois.

- Camilo Franco, “Historias de viaxe con música Pop”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Agenda”, 31 maio 2013, p. 3.

Comézase falando do sinxelo que é facer unha viaxe e da volta de Magín Blanco coa continuación d'*A nena e o grilo*. Apúntase que o primeiro disco-libro é o comezo dunha viaxe con distintos destinos e que o segundo ten carácter marítimo. Indícase que a obra é un disco, un libro e un espectáculo no que a viaxe é unha aventura. Recóllese que son dous intérpretes e catro músicos os que sosteñen esta historia, que non só está destinada aos cativos senón que tamén os adultos son capaces de entendelo xa que esta é unha combinación de historias sinxelas con música pop. Remátase informando que o importante dunha canción é a melodía e esta segunda entrega do autor é unha demostración de melodías das cales “quedas prendido”.

Calveiro, Marcos, *Raro*, ilust. Ana Pez, Vigo: Editorial Tambre, col. Ala Delta, serie vermella, n.º 21, a partir dos 5 anos, 2013, [40] pp. (ISBN: 978-84-9046-028-3).

Volume que se abre coas dedicatorias “Para Lucas e Zoe, os meus dous nenos raros”, da autoría de Marcos Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968), e “Para a lúa lueira, que estivo un tempinho asomada á fiestra”, da ilustradora Ana Pez, e no que se aborda o medo ao descoñecido, así como o xeito de afrontalo e de procurar no encontro co outro as alianzas precisas para facelo con éxito. Está protagonizado por Tomás, un neno con medo a todo o que o agarda detrás da fiestra ou das portas da casa que van dar á cidade. Pechado no seu cuarto, vai construíndo un universo no que os estímulos externos chegan a el atravesados polo temor e a ansiedade. Mais a curiosidade de Tomás e o ritmo enérxico da vida, que se coa polas fendas da persiana da ventá, fáino albiscar unha tarde, casualmente, a presenza de Ana, unha nena de personalidade firme e decidida que, dende a súa cadeira de rodas, remata por ser a causante do desenlace; un influxo este, o de Ana, que provoca en Tomás a necesidade de actuar apartando os seus pánicos. As ilustracións figurativas de Ana Pez complementan a narración textual. Trátase de sinxelos debuxos a toda cor que amosan os medos do neno protagonista. Neles empréganse as cores vermellas, que simbolizan o perigo, frágmentanse as figuras, ocultando o seu rostro ou amósanse contrastes de luz e sombra para focalizar o interese da composición.

Recensións:

- Berta Dávila, “Un mundo para os raros”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 30 outubro 2013, p. 49.

Despois de sinalar a temática na que se centra *Raro*, a nova proposta de Marcos Calveiro, e de informar do público ao que vai dirixido, así como da editorial que o publica, analízase o seu argumento. Berta Dávila comenta a perspectiva que emprega o autor para falar do tema (a focaxe da diferenza non a do déficit), fala da narrativa empregada, que cualifica de “desafectada, intelixente e de aguda ironía”, e dá conta dos temas que aborda. A articulista, despois de analizar as ilustracións de Ana Pez, remata cualificando a obra como “achega de gran atractivo” que se suma a outras “propostas extraordinarias e pouco convencionais de Marcos Calveiro para o lectorado infantil e xuvenil e para todo tipo de lector que aprecie o diferente”.

Referencias varias:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 12 outubro 2013, p. 41.

Con motivo do aniversario de Marcos Calveiro, anúncianse *Todos somos* e *Raro*, apuntando as liñas temáticas.

- Montse Dopico, “E entón houbo país”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 480, “Reportaxe”, 5 decembro 2013, p. VII.

Fálase da sexta edición do Culturgal, no que se presentaron entre outras obras: *Todos somos*, de Marcos Calveiro, e *Ámote Leo A*, de Rosa Aneiros. Tamén se fala da representación teatral de *Snakizados*, de Áncora; *O país do pato Donald*, de Lagarta Lagarta, e *Happy end*, de Voadora.

- ELOS, “Selección ELOS para Nadal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 31 decembro 2013, p. 41.

Recoméndase a lectura de catro obras galegas e tres traducidas, comentadas dende xaneiro a decembro nesta sección, das que se apuntan as súas liñas temáticas: *Todos somos*, de Marcos Calveiro, relato da desaparición dunha moza; *Raro*, de Marcos Calveiro, sobre a diferenza e a amizade; *Desde unha estrela distante*, de Agustín Fernández Paz, que fala das novas tecnoloxías da información; *Flor de area*, de Manuel Lourenzo González, novela sobre a supervivencia e a identidade; *Soños de fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly, retrato crítico da vida no continente africano; *Niños*, escrito por Pepe Márquez e ilustrado por Natalia Colombo, álbum sobre a biodiversidade e os modelos familiares; e *Grazas*, de Isabel Minhós Martins con ilustracións de Bernardo Carvalho, álbum que recrea a realidade cotiá dende a visión infantil e inxenua dun neno.

Calveiro, Marcos, *Todos somos*, montaxe fotográfica da cuberta Antonio Seijas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 150, [mocidade], xullo 2013, 151 pp. (ISBN: 978-84-9914-536-5).

Proposta de Marcos Calveiro (Vilagarcía de Arousa, 1968), dedicada “Ás nais e pais de todas as Natalias” e precedida da cita “Demos a nova que todo xornalista quereda dar”, que ten como punto de partida a desaparición de Natalia, unha rapaza de doce anos que desaparece nun día normal, na praza dun barrio como tantos outros, nunha cidade que podería ser calquera. Dende diferentes perspectivas vanse debullando as novidades sobre a falta de Natalia e pormenores dunha vida anódina, así como a constatación da falta de razóns que expliquen o porqué da desaparición. Trátase dun relato que revela en realidade o eco que o suceso ten na sociedade e no que os medios de comunicación teñen cabida a través dos ollos da xornalista Belén Soliño. Nel o narrador cóidase de non xulgar os personaxes para que se ispan a si propios e para que o lectorado interprete as súas reaccións e comentarios segundo o seu criterio. O medo que se espalla sobre a veciñanza e a mirada do neno Antón cara á desaparición de Natalia e cara á reacción protectora e inestábel dos adultos, supón outro dos vértices no libro. Así mesmo, o relato amosa a perspectiva da inspectora Lina Souto que, malia estar atravesada polo seu pasado, non responde ao arquetipo de detective torturada nin descrida. O pragmatismo e a capacidade de aproximarse ao outro fan de Lina Souto unha profesional que se amosa competente e confiábel para Antón. Na cuberta unha montaxe fotográfica, realizada por

Antonio Seijas, amosa unha manifestación pola desaparición dunha rapaza. Trátase dunha imaxe manipulada a partir de filtros dixitais que recordan unha atmosfera da técnica da acuarela. As cores destacan polo seu contraste, creando a ambientación temporal da noite, onde o fondo se compón de cores frías e claras e o plano xeral da escena de cores moi escuras, salientando a cor negra. Hai un xogo visual a partir da composición de paxaros voando polo ceo e o mobiliario que pertence a unha cidade. Este conxunto de obxectos crea o efecto visual dun rostro no ceo. A imaxe complementa o título, a partir da mensaxe que aparece nela transmitida nunha pancarta, adiantando os acontecementos do libro (todos con Natalia).

Recensións:

- Vicente Araguas, “Máis de vagar, por favor”, *Diario de Ferrol*, “*Nordésia*”, n.º 799, “máis Libros”/ *El Ideal Gallego*, “*la Galería*”, n.º 799, 20 outubro 2013, p. 30.

Primeiramente indica que ten como temática principal a desaparición de menores e que se dirixe ao alumnado de secundaria. A seguir, fala da importancia do tratamento de temas actuais, mais opina que “a maneira que acompaña a idea é un pouco precipitada de máis”. Tamén ofrece un breve resumo do argumento ao tempo que describe os trazos máis característicos dos personaxes. Para rematar expresa a súa crenza de que Marcos Calveiro posúe unha calidade literaria maior da que fai uso neste libro.

- Berta Dávila, “Radiografía de claroscuros”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 24 novembro 2013, p. 50.

Como punto de partida de *Todos somos*, a última proposta de Marcos Calveiro para o lectorado mozo, dise que está a desaparición de Natalia, unha rapaza de doce anos que se perde para o seu mundo e para o de todos os que a rodean nun día normal, na praza dun barrio como tantos outros, nunha cidade que podería ser calquera. Sinálase que dende o hábil xogo de perspectivas que o autor escolle para esta novela, vanse debullando as novidades sobre a falta de Natalia: os poucos feitos, xa sexan reais, inventados ou reconstruídos.

- María Navarro, “Atractivos fondo e forma”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 479, “Libros”, 28 novembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 430, “Letras galegas”, 30 novembro 2013, p. 10.

Comeza enumerando outros títulos da autoría de Marcos Calveiro e apunta que *Todos somos* ten como temática principal as frustracións do pasado e a fragilidade das relacións humanas. A continuación ofrece un breve resumo do argumento e fai eco da crítica sobre determinados comportamentos que subxace no decorrer da trama. Para rematar alude ao final do relato, que convida o lectorado a reflexionar sobre o que lle rodea.

Referencias varias:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 12 outubro 2013, p. 41.

Con motivo do aniversario de Marcos Calveiro, anúncianse *Todos somos* e *Raro*, apuntando as liñas temáticas.

- Montse Dopico, “E entón houbo país”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 480, “Reportaxe”, 5 decembro 2013, p. VII.

Fálase da sexta edición do Culturgal, no que se presentaron, entre outras obras, *Todos somos*, de Marcos Calveiro, e *Ámote Leo A*, de Rosa Aneiros. Tamén se fala da representación teatral de *Snakizados*, de Áncora; *O país do pato Donald*, de Lagarta Lagarta, e *Happy end*, de Voadora.

- ELOS, “Selección ELOS para Nadal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 31 decembro 2013, p. 41.

Recoméndase a lectura de catro obras galegas e tres traducidas, comentadas dende xaneiro a decembro nesta sección, das que se apuntan as súas liñas temáticas: *Todos somos*, de Marcos Calveiro, relato da desaparición dunha moza; *Raro*, de Marcos Calveiro, sobre a diferenza e a amizade; *Desde unha estrela distante*, de Agustín Fernández Paz, que fala das novas tecnoloxías da información; *Flor de area*, de Manuel Lourenzo González, novela sobre a supervivencia e a identidade; *Soños de fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly, retrato crítico da vida no continente africano; *Niños*, escrito por Pepe Márquez e ilustrado por Natalia Colombo, álbum sobre a biodiversidade e os modelos familiares; e *Grazas*, de Isabel Minhós Martins con ilustracións de Bernardo Carvalho, álbum que recrea a realidade cotiá dende a visión infantil e inxenua dun neno.

- María Jesús Fernández,, “Todos somos”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, “Libros de 12 a 14 años”, n.º 256, novembro-decembro 2014, p. 66.

Despois de dar unhas sobre o argumento, destaca que de maneira moi crítica o autor dirixe a súa atención ao tratamento das noticias nos medios de comunicación. Cualifícase de “novela muy recomendable” que une o talento narrativo do autor e as oportunas reflexións sobre as reaccións sociais.

Cameselle, Roque, *O pequeno mago*, ilust. interiores Xevi Benítez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Deboura Cinema, [lectorado mozo], setembro 2013, [49] pp. (ISBN: 978-84-9914-509-9).

Narración fantástico realista de Roque Cameselle Capón (Tui, Pontevedra, 1981) na que se mesturan elementos históricos con temas como a maxia, o amor e a amizade. Nela relátase a historia dun pequeno mago, chamado Bieito Dubidoso, un mozo intrépido de nove anos nacido no século XII. O protagonista vive de xeito acomodado porque a súa familia se dedica ao comercio marítimo até que, un día, unha incursión de viquingos normandos chegan á cidade e asaltan o barco de seu pai, Pedro Cabaledo. Grazas á maxia de Bieito foxen asustados e todos os habitantes agradecen a súa fazaña, se ben esperta o interese do ambicioso, tirano e todopoderoso Bispo Juan, dono e señor da cidade, por descubrir se esas habilidades súas son unha mostra de miragres divinos, maxia, bruxaría ou trucos. Coa axuda da súa amiga Destreza e a súa familia o protagonista loita por librar a Tui da tiranía dese bispo. O relato remata cun pequeno comentario no que o escritor advirte de que, aínda que no libro se contan

acontecementos históricos que ocorreron en Galicia, este non é un manual exacto na reprodución de personaxes e feitos. Na cuberta preséntanse os protagonistas voando polos tellados da cidade medieval de Tui e o título está escrito cunha tipografía de estilo medieval. No interior, o texto acompáñase das ilustracións de Xevi Benítez Pons (Girona, 1988). Trátase de imaxes realistas, que se representan en planos xerais, cunha perspectiva plana e apenas sen profundidade, realizadas coa técnica da montaxe dixital e con cores planas e saturadas (salientan as cores vermellas, as marróns e as verdes), con sombras degradadas e estampados para crear texturas que recordan o estilo medieval.

Recensións:

- María Navarro, “Cautivante narración”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 475, “Libros”, 31 outubro 2013, p. VI.

Infórmase da saída do prelo d’*O pequeno mago*, de Roque Cameselle, na colección “Deboura Cinema”. Saliéntase a atracción que o relato produce no lectorado dende o inicio e alúdese á súa significativa base histórica. Asemade, enfatízase a presenza da maxia como un elemento clave na obra co propósito de situar a trama na Idade Media, na cal múltiples feitos descoñecidos se fundamentaban na existencia de diversos entes sobrenaturais.

Referencias varias:

- J. R. S., “Un pequeno mago medieval en Tui”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 30 outubro 2013, contracuberta.

Faise eco da chegada aos cinemas dunha película de animación inspirada na obra infantil *O pequeno mago*, de Roque Cameselle. Coméntase brevemente o argumento e alúdese á publicación por parte da editorial Xerais deste libro ilustrado da película.

Canosa, María, *Papá, que son os sorrisos?*, ilust. Dani Padrón, [A Coruña]: Edicións Galebook S. L., [lectorado autónomo], 2013, [46] pp. (ISBN: 978-84-940735-8-8). Contén CD.

Álbum fantástico, de María Canosa (Cee, A Coruña, 1978), dedicado a “Ale e Ana, pai e filla que rin xuntos e me agasallan sorrisos cada día”. Nel un narrador en terceira persoa e a voz dos personaxes dan a coñecer unha historia chea de valores, na que un mundo triste, no que xa non existen os sorrisos, é a única forma de vida que coñece o protagonista. Mais o pequeno Miguel demostra que querer é poder e que con traballo, ilusión e dedicación se poden cambiar as cousas. As ilustracións, de Dani Padrón (Ourense, 1983), complementan o relato, nun inicio con cores máis frías e apagadas para matizar a tristeza da obra e, cara ao final, con cores máis alegres, amosando o cambio e alegría dos personaxes do relato. Trátase de imaxes simples, sen profundidade, enriquecidas a partir de diferentes texturas para acadar volume. Todos os personaxes, caracterizados con corpos e narices alongados, visten de cores escuras menos o protagonista, que destaca pola cor do cabelo, louro. As técnicas empregadas para crear as diferentes texturas da paisaxe son o grafito, os lápis de cores e a fotomontaxe. Hai

unha gradación cromática perceptíbel que evoluciona dende cores frías e tristes até cálidas, vivas e alegres, sempre saturadas e en papel satinado. O volume vén acompañado dun CD que contén un Ebook do texto lido así como exercicios didácticos, organizados en catro bloques: léxico, gramática, comprensión lectora e expresión.

Canosa, María, *Viaxes de Inverno*, ilust. Dani Padrón, A Coruña: Everest Galicia, col. Rañaceos, a partir dos 8 anos, 2013, [42] pp. (ISBN: 978-84-403-1223-5).

Álbum de María Canosa (Cee, A Coruña, 1978) dedicado pola autora e o ilustrador “A todos os que nos axudaron a conseguir os nosos soños”. Presenta unha estrutura que recorda á poesía e nalgúns páxinas as liñas de palabras debuxan ondas, como tentando reproducir as do mar ou debuxar o vento. Un narrador en terceira persoa conta a historia de Inverno, a pinga de chuvia protagonista, e todas as aventuras polas que vai pasando ao longo das estacións do ano. Así mesmo, tamén narra como esa pinguiña forma parte do ciclo da auga, nace nunha nube durante unha treboada de verán, vive aventuras no chan nas que participan diversos animais, evapórase e ascende outra vez ás nubes esperando pacientemente volver precipitarse sobre a terra. Trátanse temáticas como a curiosidade polo mundo, a auga, a formación da chuvia, a familia, a escola, o afán por viaxar, o vento, os animais, a amizade... Na cuberta preséntase o título con letras que ofrecen a textura do xeo e, na parte inferior, a ilustración da gota protagonista extrañada e observando o mundo que a rodea. No interior as ilustracións figurativas de Daniel Iglesias Padrón (Ourense, 1983) están realizadas coa técnica de montaxe dixital e a combinación de texturas. Nelas empréganse cores frías, para ambientar o momento no que transcorre a acción, cun cromatismo saturado onde os fondos aparecen cunha textura moi suave. Destaca a xerarquización dos personaxes e os detalles e a estampación reiterada dun mesmo elemento. O texto xoga coa imaxe: nalgúns casos a tipografía recrea a forma da onda representando o que está escrito; noutros, xógase co texto dentro dunha pizarra dun colexio escrito a xiz, como unha maneira de fusionar imaxe e texto.

Recensións:

- María Navarro, “O ciclo da auga”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 469, “Libros”, 19 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “*Letras galegas*”, n.º 421, 28 setembro 2013, p. 10.

Fala da historia de *Viaxes de inverno*, de María Canosa. Considera que o máis salientábel é o xeito no que a autora conxuga o coñecemento científico relacionado co ciclo da auga coa creación literaria. Tamén opina que a lectura deste volume resulta recomendábel para aqueles lectores que comezan a estudar diversos fenómenos naturais.

Carballeira, Paula, *Chímpate, Pepa!*, ilust. e deseño Xoana Almar e Miguel Peralta, Vigo: Triqueta Verde, [lectorado autónomo], outubro 2013, [29] pp. (ISBN: 978-84-938252-9-4).

Conto de carácter realista de Paula Carballeira (Fene, A Coruña, 1972) que xira ao redor das illas Cíes onde vive Pepa, a máis nova dunha familia de corvos mariños. Nárrase

que un día Pepa lanzouse a voar cara a lúa e non cara ao océano Atlántico, e todos os seus irmáns, todas as gaivotas, os araos brancos e o resto de animais berraban: “Chímpate, Pepa!”. Ponse en valor o patrimonio natural e cultural do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia entre o público infantil a través da lectura, a expresión oral e bonecos artesanais. Abórdase o coñecemento da fauna e flora das Illas Atlánticas. Na cuberta preséntase a protagonista como primeiro plano dunha postal de viaxe, co mataselo da Lúa, e xógase co título, cambiando algunhas letras de cor e do estilo da tipografía manual con cambio de grosor. As ilustracións interiores de Xoana Almar e Miguel Peralta representan a flora e a fauna que se atopa nas illas Cíes. Nelas úsase a técnica da pintura acrílica, de maneira moi saturada, con cores moi alegres (salienta o azul e o verde). Os animais están personalizados e son representados de maneira moi expresiva e cómica (a protagonista, por exemplo, leva un casco e unhas gafas de piloto, colares ou bufandas). As imaxes ofrecen unha certa profundidade, cun grafismo *naif* onde se asiluetan algúns obxectos ou personaxes que aparecen na escena. Para o texto déixanse espazos en branco xogando coa imaxe, como, por exemplo, o ángulo da luz do faro.

Carballeira, Paula, *A burra Ramona*, ilustr. Xosé Tomás, A Coruña: Baía Edicións, [prelectorado], decembro 2013, [38] pp. (ISBN: 978-84-9995-080-8).

Conto fantástico realista de Paula Carballeira (Fene, A Coruña, 1972) no que, por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes, se relata como os soños poden chegar a parecer tan reais como a vida mesma. Abórdase a unión por un fin común e como un ser se pode opoñer ás ordes do propio rei só por cumprir un soño. Na cuberta o título vai en branco para destacar sobre a imaxe da protagonista, a burra Ramona, que está realizada coa técnica do trazo do lápis. No interior Xosé Tomás (Betanzos, A Coruña, 1971) emprega lápis de cores que se combinan con texturas dixitais, realizadas coma raiazos diagonais que nun plano xeral destacan coma unha textura vexetal. A textura do trazo do lápis déixase remarcábel, ao igual que as sombras, ofrecendo así o volume dos personaxes e dos elementos que pertencen á escena. As cores son alegres e saturadas (destacan os tons azulados), creando unha paisaxe vexetal con certa perspectiva. Nelas combínanse diferentes planos (picado, panorámico e detalles para destacar o máis importante) e os personaxes expresan de maneira caricaturesca emocións alegres e cómicas. O texto colócase no fondo de cada escena ou en partes da imaxe máis claras.

Caride, Ramón, *Endogamia. 0.2*, ilustr. Manuel Busto, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 145, serie Aktual, [lectorado mozo], maio 2013, 103 pp. (ISBN: 978-84-9914-494-8).

Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) reúne neste volume tres relatos longos que teñen como elo a visión crítica e mordaz sobre problemas acuciantes da sociedade actual e nos que se denuncia a violencia de xénero exercida sobre as mulleres, a contaminación ambiental e a xestión das catástrofes en beneficio dos grandes capitais, as consecuencias da enfermidade do alzheimer e as loitas intestinas nas multinacionais farmacéuticas. En “Tan lonxe, tan preto” confróntase o maltrato ás mulleres a través de diferentes situacións vitais e en lugares do mundo moi distantes, denunciando a visión parcial que os medios de comunicación propagan, ao presentar agresións na sociedade

islámica, como as sufridas por unha moza de catorce anos, condenada a cen azoutes cunha cana de bambú por manter relacións sexuais cun primo, mentres silencian a de mulleres galegas como Esther, maltratada física e psicolóxicamente polo marido; Laura, despedida do traballo por quedar embarazada e reivindicar os seus dereitos á baixa maternal; e Mayra, unha adolescente que é coaccionada e maltratada verbalmente polo seu noivo, nunha relación desigual e na que se recrean os roles patriarcais. En “Mecánica da apocalipse” recrease a situación provocada por un terremoto que produce unha fuga radiactiva, ante a que se desvelan as actitudes dos representantes políticos e das grandes empresas que controlan o mercado da enerxía, que non dubidan en manipular a opinión pública con discursos ocos, falsos e amañados para tirar rendemento da desgraza e sen pensar nas vítimas. Por último, en “Alto rendemento” abórdase con ironía os intereses farmacéuticos que defende Xoel, un rico e ben relacionado home de negocios, que consegue que os apoios institucionais se empreguen nun medicamento para deportistas e non nos aplicados a enfermos de alzheimer, malia que o seu propio sogro padece esta enfermidade. Trátase de tres relatos entre o literario e a crónica que centran a ollada escrutadora na hipocrisía social e na impotencia dos máis febles. Na cuberta, que recolle unha escena dun dos relatos do libro, amósase unha rapaza iluminada por unha luz verdosa, mentres que unha figura totalmente cuberta por un mono illante comproba que non ten radiacións perigosas. No interior as ilustracións figurativas en branco e negro de Manuel Busto (Pontevedra, 1957) recrean escenas do narrado. Son debuxos a lapis, traballados dixitalmente, que ocupan unha páxina enteira e nos que se presenta escenas relevantes para completar visualmente o texto e incidir naqueles momentos dos relatos máis significativos.

Recensións:

- Paula Fernández, “Narrativa de fondo social”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 423, “Letras galegas”, 12 outubro 2013, p. 10.

Comeza apuntando que o autor desta obra, Ramón Caride, iniciou con *Exogamia 0.3* (2011) unha escrita marcada polo seu carácter social. A seguir informa que os temas centrais de *Endogamia 0.2* son a violencia de xénero, a enerxía nuclear e o alzhéimer. Di que o volume se compón de tres relatos nos que se combinan axeitadamente elementos coloquiais cunha linguaxe científica. Para rematar, recomenda vehementemente a súa lectura para o alumnado de secundaria e para aquel que busque unha obra das que “remove a conciencia”.

Caride, Ramón, *O Capitán Aspanitas e o misterio das Burgas*, ilust. Jaime Asensi, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 45, a partir de 8 anos, xaneiro 2013, 93 pp. (ISBN: 978-84-9914-461-0).

Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) crea un relato de aventuras grupais a partir dos personaxes deseñados por persoas con discapacidade do Centro Especial de Emprego Aspanas Termal, promovido pola Asociación ASPANAS de Ourense, cuxa finalidade é difundir a actividade sociolaboral desta asociación. Os protagonistas son o Equipo Aspanitas, formado por Sabela, Martiño, Lois e Raia, con características particulares, que son axudados polo Capitán Aspanitas, un neno inconformista que loita

contra as inxustizas e as agresións ao medio. Nesta ocasión, o grupo ten que enfrontarse a unha organización de malfeitores que queren facerse co control das augas termais de Ourense, cidade que serve de marco ás súas aventuras, mentres loitan por descubrir que está a pasar cos mananciais de augas quentes e quen son os responsábeis das súas sabotaxes. A obra péchase co apartado “Escribiron e debuxaron...” no que se reproduce unha breve entrevista con Ramón Caride na que fala de como se xestou a obra e cales son as súas inquietudes como creador. Tamén cunha breve nota biográfica do ilustrador Jaime Asensi (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra, 1957), responsábel dos debuxos de carácter figurativo nos que se recrean escenas do narrado.

Recensións:

- María Navarro, “Cara á igualdade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 453, “Libros”, 11 abril 2013, p. VI.

Céntrase na nova proposta editorial de Ramón Caride, *O Capitán Aspanitas e o misterio das Burgas*. Despois de resumir brevemente seu contido argumental, apunta o xénero de aventuras no que se insire o volume así como a colección á que pertence, “Sopa de libros”. Conclúe cunha referencia á colaboración entre o Centro Especial de Emprego Aspanas Termal, promovido pola Asociación ASPANAS de Ourense, e o Equipo Aspanitas na redacción da historia.

Referencias varias:

- Ramón Caride, “O Capitán Aspanitas e o misterio das Burgas”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 2 marzo 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O Capitán Aspanitas e o misterio das Burgas*, escrita por Ramón Caride e ilustrada por Jaime Asensi.

Caride Ogando, Ramón, *O castelo do asombro*, ilust. Dani Padrón, Vigo: Tambre, col. Ala Delta, n.º 27, serie azul, a partir dos 8 anos, 2013, 94 pp. (ISBN: 978-84-9046-029-0).

Relato de Ramón Caride Ogando (Cea, Ourense, 1957) no que se fai unha reescrita dos contos clásicos. Está dedicado a Juan Rodríguez Pastor, ao que o autor trata de amigo e un excelente contador de contos. A obra está estruturada en catorce capítulos titulados e nela cóntase a historia de dous irmáns xemelgos, Francisco e Luciano, máis coñecidos como Fusco e Lusco, que deciden simular a morte dun deles para non ser chamados ambos os dous á guerra e garantir así o sustento da súa anciá nai. A partir deste momento cada un segue unha sorte ben diferente, pois mentres o fillo que permanece retoma ao cabo do tempo a súa vida de pobre, traballando a terra e formando unha familia, o irmán que marcha á guerra acaba gañando unha fortuna coa súa habelencia, facéndose dono dun castelo e señor de moitas terras, aínda que vive só e sen familia. Pasado o tempo e morto o irmán da casa, manda chamar á descendente do seu irmán, única familia que lle queda, unha rapaza chamada Anuska que se presenta ante el disfrazada de home, obrigada polos emisarios para cumprir o soño de seu tío de ter un sobriño. Logo dun tempo e malia a boa vontade e bo facer que demostra Anuska,

convertida en André, seu tío decide expulsala por ter mercado un mozo que era vendido como escravo sen consultar con ninguén. Namorada deste rapaz que é mudo e ao que decide chamar Lusquiño, en lembranza de seu pai morto, regresa á casa paterna e casa con el, até que un día chegan uns homes que tentan matala e levan con eles a Lusquiño. Anuska, desesperada, marcha cun ambulante ao non ter nada que a reteña na casa, até que un día chegan a un castelo, onde de novo atopa a Lusquiño, que en realidade é o príncipe Leonardo que fora secuestrado de neno e coa impresión quedara mudo. O seu reencontro fai que recupere a voz e poidan vivir felices, malia algúns atrancos que xuntos son quen de superar.

Carreiro, Abraham, *Estudios Tex. O mundo dos debuxos animados*, Vigo: Edicións Moito Conto, ilust.do autor, [lectorado autónomo], 2013, 63 pp. (ISBN: 978-84-616-5825-1).

Relato fantástico, con grandes trazos de ficción científica, de Abraham Carreiro (Vigo, 1981). Nel, por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes, relátase unha historia chea de fantasía na que un rapaz gaña unha visita a uns estudos nos que se crean debuxos animados. O protagonista e a súa inseparábel mascota soñan con ser superheroes e viven unha historia na que coñecen o valor da amizade. Na cuberta, na que destaca o título en cor amarela e cunha tipografía moi empregada no cómic, aparecen os protagonistas principais da historia coa mesma estética que as ilustracións do interior. Nestas imaxes, nas que se emprega a montaxe dixital e cores saturadas, alegres e planas, mestúranse a narración textual e diferentes xogos (o das sete diferenzas, outros de creación para debuxar un personaxe propio, recortábeis ou trucos para crear un *stop motion* en 2D). Os personaxes, nos que destacan os seres fantásticos, están realizados de maneira sinxela e son moi expresivos e o ilustrador emprega a xerarquía de algún deles para enfatizar a súa ferocidade. En cada unha das páxinas preséntase un sinxelo *stop motion* 2D no que se representa a mascota do protagonista desprazándose ao longo da páxina, dende o extremo inferior ao superior.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas fan unha banda*, ilust. do autor, Santiago de Compostela: Ediciones Bolanda, para nenos de 2 a 11 anos, 2013, 24 pp. (ISBN: 978-84-616-6863-2). Contén CD.

Conto de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) no que se aborda a amizade e o traballo en equipo. Nesta ocasión os irmáns protagonistas tratan de facer unha banda con moita ilusión e ganas pero as cousas non sempre poden saír ben e o exceso de protagonismo de dous dos compoñentes estragan todo o traballo. O libro complementase cun CD que acolle cancións feitas exclusivamente para o proxecto de artistas galegos. As ilustracións figurativas, realizadas con tintas planas e con formas remarcadas por unha liña grosa, representan os irmáns protagonistas debuxados con formas redondeadas e con cores fortes sen pretensión volumétrica.

Referencias varias:

- Serxio Pena, “Os Bolechas’ máis musicais chegan ás librarías polo Nadal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 13 novembro 2013, p. 42.

Alude á presentación desta obra no Teatro García Barbón. Destaca a participación de múltiples grupos e intérpretes galegos no CD que acompaña o libro.

- R. García, “Os Bolechas, de la pantalla a la educación musical de los niños”, *La Voz de Galicia*, “Alta definición”, 14 novembro 2013, p. 73.

Infórmase da presentación na Fundación Novacaixagalicia deste libro-cedé, cuxo obxectivo consiste en fomentar a educación musical.

- Rosa Peteiro, “Chega o día 30 a Santiago a xira de ‘Os Bolechas’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias” 11 decembro 2013, p. 42.

Faise eco do espectáculo *Os Bolechas cantan con Lady Vina* que percorrerá Galicia na época do Nadal. Saliéntase que se poderán escoitar cancións pertencentes ao disco *Os Bolechas fan unha banda* e engade información sobre as entradas.

- T. J., “Os Bolechas toman o teatro”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, “Crónica”, p. 37/ *La Región*, “Sociedad”, “Crónica”, p. 57, 11 decembro 2013.

Dá conta da xira que realizarán os Bolechas no Nadal co espectáculo que leva por nome *Os Bolechas cantan con Lady Vina*, no que se poderán escoitar as cancións do CD de *Os Bolechas fan unha banda*.

- F. Frieiro, “Os Bolechas’ chegan ao Auditorio coas últimas novidades da música en galego”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 12 decembro 2013, p. 10.

Comenta a chegada a Vilagarcía dun espectáculo a cargo dos Bolechas, no que se interpretarán diversos temas pertencentes ao libro-disco *Os Bolechas fan unha banda*. Tamén engade información sobre as entradas.

- T. Rodríguez Sas, “Os Bolechas vanse de xira”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 21 decembro 2013, p. 38.

Anúnciase a xira do musical que percorrerá Galicia *Os Bolechas cantan con Lady Vina* no que se poderán escoitar cancións do disco *Os Bolechas fan unha banda*, no que participaron diversos intérpretes galegos.

- A. Baena, “Os Bolechas venceron a Lady Vina”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 27 decembro 2013, p. 15.

Alude á representación dos Bolechas no Teatro García Borbón de Vigo. Salienta que no espectáculo se interpretaron temas pertencentes a *Os Bolechas fan unha banda*, no que colaboraron diversos grupos galegos.

Carreiro, Pepe, *Os Bolechas educan a Pepiño Chispa*, ilustr. do autor, Santiago de Compostela: Ediciones Bolanda, col. Os Bolechas, Fácil lectura, a partir dos 8 anos, 2013, 32 pp. (ISBN: 978-84- 616-7781-8).

Conto de Pepe Carreiro (Vigo, 1954) no que un narrador en terceira persoa relata como os irmáns protagonistas tratan a Pepiño Chispa, un can, coma se de un neno se tratase. Ao longo do conto insírense toda clase de consellos saudábeis con respecto á comida, á necesidade de facer exercicio, ao risco de ser obeso na idade adulta se se dorme menos de cinco horas ao día, ás normas da casa, á hixiene ou á importancia da organización no día a día. Ao final do conto inclúese unha serie de preguntas a modo de autorreflexión xunto cunha pirámide alimenticia. A pé de paxina aparecen pictogramas de fácil lectura de M^a Cruz da Silva Rubio enfocados cara a nenos con dificultades lectoras e a lectores noveis. As ilustracións figurativas, realizadas con tintas planas e con formas remarcadas por unha liña grosa, representan os irmáns protagonistas debuxados con formas redondeadas e con cores fortes sen pretensión volumétrica

Castro, Juan (coord.), *Elexía para un rapaz louro. XL edición dos Premios Literarios “Minerva” 2012*, Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro/Revista Vamos/Editorial Galaxia, [lectorado mozo], 2013, [110] pp. (ISBN: 978-84-616-2004-3). ■

Recóllense os relatos e poemas gañadores dos XL Premios Literarios “Minerva” 2012. Logo de sinalar os membros do xurado desta edición, aparecen os diversos textos gañadores, distribuídos nas dúas modalidades, a de poesía e a de narración. Ao final do volume, insírese unha fotografía do grupo de premiados na presente edición. A maqueta e o deseño vai a cargo dos alumnos de Educación Plástica e visual de 4º ESO do Colexio Manuel Peleteiro. En canto á modalidade de narrativa, inclúense os seguintes relatos:

- Ismael Ramos Castelo, “Beirarrúa sueca”, Primeiro Premio de Narración, pp. 65-[74].
- M^a Elena López González, “Oribio”, Segundo Premio de Narración, pp. 75-[82].
- Laura Cordeiro Sobrin, “Viaxes imaxinarias”, Terceiro Premio de Narración, pp. 83-[90].
- M^a Elena López González, “Os centauros de Whitman”, Primeiro Accésit de Narración, pp. 91-[98].
- Elena Vázquez Sarandeses, “Aurora Borealis”, Segundo Accésit de Narración, pp. 99-[110].

Tamén está descrito no apartado *VII.2. Poesía* deste *Informe*.

Castro Lima, Manuel, *Pepiña Maruxiña quere voar*, ilust. Francisco Ameixeiras Sánchez, Vigo: Barafunda editorial, [prelectorado], novembro 2013, [32] pp. (ISBN: 978-84-941985-0-2).

Relato baseado nunha idea orixinal de M^a Mar Ameixeiras Sánchez e Manuel Castro Lima que tomaron como punto de partida unha das cantigas da lírica popular que se emprega para axudar a voar á xoaniña. A partir destes referentes, Manuel Castro Lima

articulou a historia de Pepiña Maruxiña, unha xoaniña que vivía alegre cos seus amigos nun curruncho dun fermoso xardín e tiña como maior desexo poder voar. Despois de o sol indicarlle que era a raíña das flores quen a podía axudar, comezou a busca por todo o xardín. Preguntoulle ao saltón, á bolboreta, á formiga voadora, ao cabaliño do demo, á xirafa etc., pero só o neno lle daría a resposta certa para atopala. Para que a súa chamada se escoite, todos os seus novos amigos berran ao unísono o nome da raíña, que nun pétalo lle ofrece as verbas máxicas que non son outras que a da cantiga: “Maruxiña, voa, voa / que hei che dar pan e cebola, / Maruxiña voa, voa / Maruxiña voa axiña!!”. Toda unha manifestación de solidariedade exemplificada a través duns animalíños, que se asenta nun texto debedor dos recursos da literatura popular e que tamén se recolle nas imaxes coloristas de Francisco Ameixeiras. Péchase o volume cunhas actividades didácticas, así como coa reprodución doutras cantigas que se empregan en Galicia e noutras xeografías para axudar a voar a xoaniña.

Daporta, Mon, *Chicho Chicharra* (ISBN: 978-84-9995-063-1)/ *O galo Ernesto* (ISBN: 978-84-9995-064-8)/ *O sapoconcho Andrés* (ISBN: 978-84-9995-066-2), ilustr. do autor, A Coruña: Baía Edicións, col. Fabulando, 2013, [prelectorado], [22] pp.

Contos fantástico realistas de Mon Daporta Padín (Cambados, Pontevedra, 1952) protagonizados por animais que, a xeito de fábula, transmiten distintas ensinanzas e nalgún dos cales mesmo se reescribe algún conto popular. En *Chicho Chicharra* preséntase a historia dunha chicharra que foi moi rica, malgastou os cartos e despois non tiña nin onde vivir. N’*O galo Ernesto*, o vello galo protagonista ensínalles aos máis novos a convivir entre eles, con outros animais e cos humanos. N’*O sapoconcho Andrés* nárrese que o que máis lle gusta a Andrés é contarlles historias aos máis novos sobre o que facía el cando era pequeno, sobre todo a de cando lle gañou a unha lebre nunha carreira. As narracións textuais acompañanse das ilustracións do autor, sinxelas e moi coloridas, que ilustran o contido do texto. Trátase de debuxos figurativos dos animais, que manteñen as súas características máis significativas, aínda que están feitos cunha grande economía de liñas e con cores planas sen intención volumétrica. As follas do libro son duras e a composición abrangue dúas páxinas.

Referencias varias:

- Juan José Lage e Ana Abelenda, “Agasallos en edicións singulares”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.079, “Literatura”, 18 decembro 2013, p. 2.

Recoméndase como agasallo de Nadal unha serie de libros en castelán e en galego que consideran “poden servir de estímulo para incentivar a lectura e o amor aos libros, ademais de polos seus interesantes contidos”. Saliéntase a idade do lectorado ao que van dirixidos e ofrécese un breve descritor de varios libros en galego, entre eles *Chicho chicharra*, de Mon Daporta, recomendado a partir de dous anos.

DoCampo, Xabier P., *Un burro, dous gatos e máis cousas*, ilustr. DNL, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, a partir de 8 anos, 2013, [92 pp.]. (ISBN: 978-84-403-1225-9).

Volume de doce microrrelatos de Xabier P. DoCampo (Rábade, Lugo, 1946), dedicados aos netos e ás netas dalgúns dos seus amigos e amigas. Están protagonizados por animais personificados: un gato, un burro, un paxaro e a propia natureza, representada por unha rosa sen cor. Neles resáltase o valor da amizade e o respecto pola natureza e pola orixe dun mesmo. Tamén se reivindica a importancia do rural. Nos relatos propónse unha viaxe guiada pola imaxinación das relacións e do ambiente que rodea a acción. Na cuberta preséntase unha fotografía en branco e negro, cun gran contraste, para destacar o primeiro plano dun gato. Ao fondo pódense apreciar as ramas dunha árbore ou unha paisaxe natural. O título vai enmarcado nun recadro verde, onde se emprega unha tipografía contemporánea de carácter xuvenil. No interior, cada microrrelato vai acompañado dunha fotografía de DNL (Daniel Puente Bello) onde se representa un dos elementos máis importantes da historia. O ilustrador fai un percorrido fotográfico a través de detalles e imaxes en movemento. A gama cromática é modificada nas fotomontaxes dixitais, que ocupan unha parte da páxina ou unha páxina enteira e que se sitúan dunha maneira estratéxica para crear un percorrido visual e poético. Tamén se empregan diferentes veladuras nas fotografías, para modificar as cores ou para expresar unha idea máis abstracta.

Recensións:

- Paula Fernández, “Atraentes historias”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 481, “Libros”, 12 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 432, “Letras galegas”, 14 decembro 2013, p. 10.

En primeiro lugar sinala que Xabier P. Docampo rende homenaxe con *Un burro, dous gatos e máis cousas* a un proxecto que pretendía evitar a marxinación dos nenos do rural. A continuación salienta a tarefa notábel do autor no que se refire á literatura de tradición oral e indica que o volume se compón de doce relatos cunha temática variada. Remata salientando o valor cualitativo da prosa empregada polo escritor.

DoCampo, Xabier P., *A illa de todas as illas*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Milmanda, [lectorado mozo], novembro 2013, 165 pp. (ISBN: 978-84-9914-591-4).

Novela de Xabier P. Docampo (Rábade, Lugo, 1946) na que se recrean as aventuras de Simón, Serafín e Sara durante a súa estadia na Illa Navalleira, onde chegan acompañando a seus pais, biólogos de profesión, que van tomar unhas mostras. Os tres rapaces deambulan sós por esta illa en forma de pé e durante o percorrido unha mesta néboa impídelles saber en que lugar se atopan, polo que deciden seguir a súa intuición para chegar ao embarcadoiro, onde quedaran con pais para regresar a terra. Durante esta camiñada comezan a oír voces, atopan obxectos persoais en pequenas construcións, as follas dun manuscrito en inglés datado no século XVII, foxen do ataque dun home que os expulsa da súa cabana e atopan cunha moza de longa cabeleira que lles conta a súa historia e os acompaña para que atopen o embarcadoiro, ao que chegan despois de ver como negocian uns piratas. A medida que avanza a trama os protagonistas decátanse de que os personaxes que atopan na illa son os mesmos que protagonizan novelas de aventuras da literatura universal, concretamente d’*A illa das voces* e *A illa do tesouro*, de R. L. Stevenson; *O Señor das moscas*, de William Golding; *Robinson Crusoe*, de

Daniel Defoe; *A illa misteriosa*, de Xulio Verne; *Venres ou a vida salvaxe*, de Michel Tournier; e *A illa dos golfiños azuis*, de Scott O'Dell. Deste modo, compréndese que a viaxe física pola illa non é senón unha viaxe simbólica polas obras que teñen como escenario este espazo, nunha homenaxe á novela de aventuras de todos os tempos, á valoración da lectura como modo de coñecemento e á descuberta como forma de avance na formación de lectores. No colofón indícase que se rematou de publicar o “13 de novembro de 2013, o mesmo día no que, 163 anos antes, naceu en Edimburgo (Escocia) Robert Louis Stevenson”. A cuberta presenta unha imaxe tenue onde destaca o medio de transporte (barco-monumento) co que se realiza a aventura. O monumento sobresa polo emprego de cores cálidas (vermellos, laranxas e amarelos). No interior, as ilustracións de Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953) combinan varias técnicas: grafito, bolígrafo ou plumilla, pastel, acuarela e colaxe, creando unha imaxe atmosférica, esfumada, onde se realiza o detalle a partir do lápis. A colaxe preséntase a partir do recorte doutra imaxe, realizada con bolígrafo ou plumilla combinada con texto de fondo, que se superpón á imaxe máis tenue. Os personaxes teñen unha forte carga expresiva e combínanse diferentes planos, dende o panorámico á ilustración en viñeta, recortando a escena en dúas partes. As cores máis destacábeis seguen unha tonalidade fría, caso de azuis, grises ou verdes que sobresaen das ocre e vermellas. Na segunda parte do libro preséntase unha pequena bibliografía do autor, onde se mostran os diferentes libros e mapas que o axudaron a crear a súa propia aventura.

Esmorís, Érica, *O poder de Amabel*, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Intermedio, [lectorado autónomo], 2013, 155 pp. (ISBN: 978-84-15920-00-7).

Relato de Érica Esmorís (A Coruña, 1977) no que se narra, en primeira persoa, a historia de Amabel, unha nena que vive cos seus pais, a súa avoa e o seu irmán maior, Bal. Trátanse os conflitos familiares desatados principalmente polo desemprego do seu pai, que transforma a contorna familiar. A protagonista asigna unha serie de poderes aos integrantes da súa familia, sen atopar até o fin cal é o seu poder especial. Esta nena, que fai judo e é a mais alta da súa clase, buscará insistentemente o poder que lle corresponda, e para iso meterase co seu amigo Roi en líos ben distintos e anécdotas impredecíbeis. O texto acompáñase só dunha ilustración na cuberta realizada por Pirusca que presenta a protagonista, unha meniña, cunha tiritita no queixo, na que se intúe a súa personalidade un pouco rebelde e que pensa que ten superpoderes, xa que leva un antifaz nos ollos para que non a recoñezan. A imaxe está realizada a partir de cores planas e saturadas empregando a técnica da montaxe dixital. Créase un estampado estelar de fondo e o título está posto enriba da rapaza, onde se combina a cor do título coa camiseta que leva Amabel. No interior só aparece nalgunha páxina a imaxe de anotacións onde se representa unha listaxe dos poderes que podería ter a protagonista.

Referencias varias:

- M. B., “No outono, sopa e moitas letras!”, *Diario de Pontevedra*, “MiniDiario”, “Reportaxe”, 6 outubro 2013, p. 2.

Propón algunhas lecturas como *Xildas*, de Antonio Manuel Fraga; *O poder de Amabel*, de Érica Esmorís; *Gato vermello*, *Gato azul*, de Jenni Desmond, ou *Cocorico!* (2009), de Marisa Núñez.

Fernández Lorenzo, Rafael, *As carriolas do mencer*, ilust. Ramón Trigo, Vigo: Ir Indo Edicións, col. O Parrulo, n.º 29, [lectorado autónomo], 2013, 29 pp. (ISBN 978-84-7680-709-5).

Relato de Rafael Fernández Lorenzo (Cangas do Morrazo, Pontevedra), dedicado “Para Breixo e a súa irmá Lía que vén de camiño. Sen me esquecer de Brais, Ander, Lucía, Clara e Greta, milagres do presente e esperanza dun futuro incerto”. Nárrase a historia de amizade entre Andrea e Breixo, dous rapaces que se coñecen nas carriolas dun parque e que viaxan até as estrelas cada vez que se mecen neste xogo animados pola nai da rapariga. Relátase como o paso do tempo fai que estes nenos sintan certa empatía e comecen a soñar coas estrelas e cun posíbel reencontro entre ambos os dous. Ademais cando parecía que non se ían volver ver, o destino fai que este reencontro sexa posíbel e xurda o amor entre eles. Na cuberta represéntase un sol ao mencer, enmarcado nun recadro, sobre un fondo no que se sitúa o título, de textura de cores en cera. No interior, as ilustracións de Ramón Trigo (Vigo, 1965) complementan a narración textual e representan graficamente cada un dos personaxes, as súas emocións e os seus soños, sobre un fondo branco no que vai situado o texto. A técnica utilizada é basicamente a cera de cor que nalgúns zonas aparece diluída en auga. As cores son alegres e saturadas, orientadas a transmitir a atmosfera nocturna.

Fernández Paz, Agustín, *Desde unha estrela distante*, ilust. David Pintor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 48, a partir de 8 anos, 2013, 162 pp. (ISBN: 978-84-9914-492-4).

Nova entrega narrativa de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) na que se recollen moitas das claves da súa escrita, entre as que sobresaie a combinación do real e o fantástico cun propósito formativo. Por motivos de traballo, a familia de Daniela ten que establecer a súa residencia en Vigo, polo que, mentres os pais e irmán preparan a mudanza, esta nena de case nove anos pasa uns días en Mondoñedo, onde vive súa avoa e uns tíos que se dedican a deseñar programacións e aplicacións informáticas. Na procura das vellas lecturas da nai, sobe ao faiado e é sorprendida por un rato que fala varios idiomas, muda de imaxe e incluso ten a capacidade de facerse invisíbel. Trátase dun rato procedente de “A Cerna do Universo” que visita a terra para estudar como é a vida dos seus habitantes e localizar outros extraterrestres. A nena ponlle por nome EDU quen, coa súa axuda e as novas tecnoloxías, recada a información necesaria para elaborar o informe sobre a Terra, aínda que tamén debe investigar como funciona a imaxinación dos humanos para soñar novas realidades. Xa en Vigo, acompaña a Daniela á escola, na que é obxecto das burlas duns rapaces que reciben un bo escarmento de EDU. A través das redes sociais, tamén contacta cos da súa mesma especie, que lle expresan o seu desexo de permanecer na Terra porque admiran a capacidade dos humanos de soñar e inventar novas historias, para axudar a corrixir as malas prácticas que agreden o planeta e por sentirse amado por alguén que non repara no aspecto físico. A misión de EDU está a piques de rematar e ten que regresar ao seu planeta, mais son moitas as vivencias que o anoan a Daniela. O fío da narración esténdese ao longo de oito capítulos, nos que as ilustracións de David Pintor (A Coruña, 1975) representan escenas a partir de cores planas, saturadas e alegres, ofrecendo unha imaxe gráfica a partir do trazo da plumilla ou bolígrafo. A técnica empregada é a acuarela sen apenas

volume pero obtén unha certa profundidade a partir do trazo máis leve canto máis se vai alonxando o fondo da imaxe que ocupa tanto unha páxina coma dúas ou represéntase nunha parte da páxina algún personaxe cómico. Na cuberta aparece a protagonista da historia, Daniela, coa súa dobre, un extraterrestre que se transforma en diferentes personaxes, sentadas nunha colcha estampada de corazóns na que están presentes as cores saturadas e planas.

Recensións:

- Paula Fernández, “Atraente e amena”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 462, “Libros”, 13 xuño 2013, p. VI.

Apunta que *Desde unha estrela distante* é unha novela infantil moi característica do autor onde se aceptan as cousas máis abraiante sen estrañamento e o argumento ten a súa orixe nos libros. Indica o seu argumento e salienta que é unha narración atraente e amena especialmente para a nenez de oito anos onde os protagonistas son próximos e fantásticos, cun humor adaptado para esa idade e utilizando a maxia. Inclúe diferentes referencias a centros de interese dos cativos. Remata apuntando que a lectura se describe como “cativadora e engaiolante”.

- Eulalia Agrelo, “A ollada sobre o mundo de Agustín Fernández Paz”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 12 novembro 2013, p. 41.

Comentario sobre a nova entrega narrativa de Agustín Fernández Paz, *Desde unha estrela distante*, na que se reúnen moitas das claves que caracterizan a escrita deste autor. Ao mesmo tempo que se desanobela o seu argumento, anótanse os fíos que a unen a outras obras do autor, caso de *Fantasmas de luz* (2011), *O meu nome é Skywalker* (2003) e *Avenida do parque, 17* (1996). Tamén se apunta que, a través desta historia de amizade entre Daniela e un rato extraterrestre e cun notorio protagonismo das novas tecnoloxías, se proxecta a imaxe que outros teñen de nós, así como se advirte da necesidade de coidar o medio natural e se exalta a relevancia dos soños e da imaxinación nun mundo no que prime o interior das persoas fronte ao seu aspecto físico.

Referencias varias:

- ELOS, “Selección ELOS para Nadal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 31 decembro 2013, p. 41.

Recoméndase a lectura de catro obras galegas e tres traducidas, comentadas dende xaneiro a decembro nesta sección, das que se apuntan as súas liñas temáticas: *Desde unha estrela distante*, de Agustín Fernández Paz, que fala das novas tecnoloxías da información; *Todos somos*, de Marcos Calveiro, relato da desaparición dunha moza; *Raro*, de Marcos Calveiro, sobre a diferenza e a amizade; *Flor de area*, de Manuel Lourenzo González, novela sobre a supervivencia e a identidade; *Soños de fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly, retrato crítico da vida no continente africano; *Niños*, escrito por Pepe Márquez e ilustrado por Natalia Colombo, álbum sobre a biodiversidade e os modelos familiares; e *Grazas*, de Isabel Minhós Martins con ilustracións de Bernardo Carvalho, álbum que recrea a realidade cotiá dende a visión infantil e inxenua dun neno.

Fernández Rei, Ángela, *Por que está triste Miañas?*, X Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Pura e Dora Vázquez, ilust. Javier Pastor Díaz, Ourense: Deputación de Ourense, [lectorado autónomo], 2013, 46 pp. (ISBN: 978-84-92554-68-3). ◆

Relato de Ángela Fernández Rey (Ourense, 1969) protagonizado por un gato chamado Miañas que está triste pola perda do seu colar. Grazas aos seus amigos, un paporrubio, un ratiño e un can, descubrirá o poder da amizade atopando con éxito o seu prezado colar. Esta narración exemplifica o compañeirismo, a amizade e a solidariedade empregando animais para fomentar estes valores. As ilustracións sobre fondo branco de Javier Pastor Díaz (Barcelona, 1974), realizadas con montaxe dixital, xogan coas degradacións de cores para crear textura de acuarela. As cores son saturadas e alegres e, a partir das diferentes tonalidades graduais, crean unha harmonía cromática infantil para imaxes sinxelas e con formas xeométricas, coma o círculo e o cadrado. O conxunto da imaxe recorda unha colaxe de diferentes elementos, pois cada personaxe obtén unha textura diferente sen sombras e nas que é importante a graduación cromática da pintura. A decoración vexetal recorda as formas de Matisse, a partir da colaxe e as cores planas. Os personaxes teñen un carácter alegre sen variación cromática nos momentos de tristura. A cuberta presenta o gato Miañas triste coa mesma estética que no interior do libro e o título dispónse no fondo branco en negriña cunha tipografía redonda.

Fraga, Antonio Manuel, *O Castañeiro de Abril*, Premio Merlín de Literatura Infantil 2013, ilust. Antonio Seijas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 231, de 11 anos en diante, outubro 2013, 149 pp. (ISBN: 978-84-9914-574-7).

Relato, dividido en quince capítulos, de Antonio Manuel Fraga (Pontedeume, 1976), e dedicado a Paula “que me le cos ollos fechados”. Nel Buto, o zapateiro da vila, narra unha historia protagonizada por Baltasar, un rapaz cego, orfo de nai e co pai lonxe que se acompaña do seu can Barriga Branca e está ao cargo das súas malvadas tías, Olegaria e Berenguela, que o maltratan continuamente. Na Praza dos Zoqueiros vende soldadiños e bailarinas de madeira para conseguir cartos e poder xuntarse co seu pai. Todo lle vai mal até que irrompe na súa vida un personaxe máxico, o castañeiro, que provoca que o rapaz dubide da realidade porque o ve en pleno mes de abril á vez que lle revela acontecementos futuros nos que a actuación de Baltasar será decisiva. Isto provoca que os habitantes e os medios de comunicación reparen nas supostas dotes visionarias do rapaz e que se produza un grande interese mediático. O reencontro de Baltasar co seu pai porá ao descuberto as malas accións das tías no pasado coa familia e a usurpación da propiedade da casa. Na cuberta represéntase o protagonista cunha expresión de serenidade. No interior, as ilustracións realizadas por Antonio Seijas (Ares, 1976), cun certo carácter infantil e tonalidades cálidas, empregan a mesma técnica da cuberta, a da acuarela ou da témpera, conseguindo cores saturadas e contrastadas, e reflicten escenas tranquilas e serenas a través dunha atmosfera aguada de trazos suaves e harmoniosos. Nelas a expresión vai guiada polas cores empregadas, así, para destacar a bondade dos personaxes, utilízanse cores alegres e vivas, e para a maldade dos personaxes, as cores teñen tons máis escuros, mesmo se emprega a cor negra.

Recensións:

- Ramón Rozas, “As cousas sinxelas”, *El Progreso*, “Café Pombo”, “Vivir”, “Cultura”, 23 novembro 2013, p. 59.

En primeiro lugar comenta que o mundo da nenez actual nada ten que ver co de fai uns anos, temática que se pode apreciar na obra de Antonio Manuel Fraga. A seguir ofrece un breve resumo do argumento, no que subxace a idea de que as cousas miúdas son a base das nosas vidas. Tamén indica que o volume inclúe ilustracións de Antonio Seijas e que acadou o premio Merlín. Remata aludindo á reflexión que provoca a lectura desta obra.

- María Navarro, “Dignidade e valentía”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 483, “Libros”, 19 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 434, “Letras galegas”, 28 decembro 2013, p. 10.

Comeza sinalando que *O Castañeiro de Abril* acadou o premio Merlín de Literatura Infantil 2013. A continuación considera que a estrutura do relato, así como o tratamento de diversos temas, carece notabelmente de credibilidade. Tamén engade que a historia se narra en terceira persoa e fala dos personaxes principais. Para rematar recomenda que sexa o propio lector o que opine sobre esta obra.

Fraga, Antonio Manuel, *Xildas*, ilust. da cuberta Pirusca, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Intermedio, [lectorado mozo], 2013, 209 pp. (ISBN: 978-84-15920-01-4).

Relato fantástico realista de Antonio Manuel Fraga (Pontedeume, 1976) pensado como agasallo de benvida para a súa sobriña Icía e inspirado no propio Pontedeume e nas vivencias de infancia do autor. Divídese en dez capítulos titulados (“O outono”, “A quella”, “Xildas”, “Uxía entra na lea”, “A historia de Xildas”, “Os chourizos”, “Os preparativos”, “O camiño”, “A fraga” e “A volta”) nos que, por medio dun narrador en terceira persoa e da voz dos personaxes, se conta unha historia de amizade. Está protagonizado por una nena, Catuxa, e os seus compañeiros, Ulises, Uxía e Vicente, quen, xuntos, axudarán o trasno que dá nome ao libro, Xildas, a regresar á fraga da que procede. Como cabo, ademais do epílogo, aparece unha imaxe dunha nota dun neno de 11 anos onde resume e valora o conto. Na cuberta, de Pirusca, represéntase o trasno Xildas con trazos dun ser fantástico, amistoso e simpático, enmarcado nun óvalo, coma se fose unha cova ou unha ponte, creando unha perspectiva de profundidade na que aparece en primeiro plano o personaxe coa súa mascota, un gato negro. A imaxe emprega a técnica da montaxe dixital, con sombras moi suaves e cores saturadas e planas en tons sienas e tostados. No interior *Xildas* non ten ilustracións.

Referencias varias:

- M. B., “No outono, sopa e moitas letras!”, *Diario de Pontevedra*, “miniDiario”, “Reportaxe”, 6 outubro 2013, p. 2.

Propón algunhas lecturas como *Xildas*, de Antonio Manuel Fraga; *O poder de Amabel*, de Érica Esmoris; *Gato vermello*, *Gato azul*, de Jenni Desmond, ou *Cocorico!* (2009), de Marisa Núñez.

Fraga, Xesús, *O elefante branco*, fotografía da cuberta Thinkstock, Vigo: Editorial Luis Vives/Tambre, col. Catavento, n.º 32, [mocidade], 2013, 170 pp. (ISBN: 978-84-9046-031-3).

Novela de Xesús Fraga (Londres, 1971) dedicada “Aos amigos do Colectivo Máxico Waldemar”. A historia divídese en catorce capítulos, dos cales os trece primeiros contan a estadía do protagonista en Lugo durante o verán e o capítulo catorce revela a importancia dos acontecementos que viviu esas vacacións. Á trama principal únense diversas “pequenas historias” referidas a un acontecemento da Segunda Guerra Mundial, un divorcio, unha historia de amor na distancia e as aventuras dun famoso mago, entre outras. Durante a estadía do rapaz protagonista na fonda dos seus avós en Lugo durante o verán atópase cun mago chamado Waldemar, que lle conta a historia de como coñeceu a unha muller cun colgante que tiña unha figura pequecha dun elefante branco. Mentres tanto o rapaz bota en falta a Clara, unha nena coa que coincidía no verán na costa, e ten que aturar as mentiras de seu curmán, Víctor, sobre a vida de seus pais en Londres. Falando co seu avó descobre a historia de como o mago Waldemar salvou á muller do colgante e de como o seu propio avó serviu na Segunda Guerra Mundial. Cara ao final da narración o protagonista narra como descobre que seus pais van divorciarse e que por iso pasou o verán en Lugo. Por último, o avó morre e déixalle ao protagonista, que se fai mozo de Clara, a figura do elefante branco, que se atopaba dentro da maleta do mago na fonda. Na cuberta aparece unha fotografía de Thinkstock que presenta unha pia de maletas cun sombreiro de copa enriba nun andén dunha estación, elementos que se tratan no libro. O tratamento en sepia da fotografía rómpese para destacar a cinta vermella do sombreiro de mago. No interior o volume non presenta ilustracións.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Maxia, literatura e sentimentos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 531, “Letras en galego”, 17 agosto 2013, p. 8.

Comenta a presenza de múltiples liñas argumentais na trama desta obra e afirma que se trata dunha “proposta moi atinada” xa que presenta diversos niveis de lectura para xeracións diferentes de lectores. Ofrece un resumo do argumento, no que se abordan diversos temas como, por exemplo, as lembranzas do protagonista, a emigración, o eido dos sentimentos ou as relacións familiares. Remata recomendando a súa lectura.

Freire, Carlos, *O misterio do lixo mutante*, ilustr. Alfonso Martínez e Pedro Pablo Montero, Cangas do Morrazo: Sushi Books, col. Intermedio, [lectorado mozo], 2013, 79 pp. (ISBN: 978-84-15920-02-1)

Carlos Freire (Moaña, 1970) dedica esta obra “Á miña filla Ada, con amor”. Nela, por medio dun narrador en terceira persoa, preséntase a temática da reciclaxe e da comida sá a través das aventuras vividas por uns gatos despois da desaparición dalgún membro do seu grupo e dunha misteriosa mensaxe xeroglífica nunha botella. O texto, que se acompaña de gran cantidade de actividades (xeroglíficos, labirintos, etc) empregadas

para introducir a interacción entre o lectorado e a historia, está ilustrado por Alfonso Martínez (Cartaxena, 1976) e Pedro Pablo Moreno (Madrid, 1973).

Freire Cordeiro, Santiago, *Venres*, ilust. Daniel Iglesias Padrón, Cangas: Sushi Books, [lectorado autónomo], 2013, 45 pp. (ISBN: 978-84-15920-03-8).

Relato de Santiago Freire Cordeiro (Moaña, 1972) que permite achegarse a un título da literatura clásica dende unha óptica diferente ao situar como protagonista a un personaxe secundario, un indíxena que atopa un español nunha illa lonxana. Os temas que trata son a amizade e valores como a igualdade xunto á convivencia entre distintas culturas. Na cuberta amósase o título no centro, a cor negra, e de maneira moi sinxela, e os personaxes da historia, de perfil, nun primeiro plano. As gardas ofrecen bosquexos dos personaxes da historia, destacando a cor siena e as expresións emocionais dos personaxes. No interior, as ilustracións de Daniel Iglesias Padrón (Ourense, 1983) están realizadas coa técnica da montaxe dixital a partir de texturas que recordan o medio natural (a terra, as rochas ou a área) con cores escuras e saturadas. O ilustrador xoga co volume dos obxectos ou persoas en primeiro plano, imaxes que contrastan cun fondo plano ou degradados suaves. Os personaxes diferéncianse pola cor da pel, a estrutura corporal e as vestimentas e amosan unha forte expresión emocional. O texto combínase coa imaxe e aparece ocupando unha páxina nun fondo branco ou incorporado dentro da ilustración (salienta a xerarquía dalgunhas frases sobre o resto do texto).

Galego Gen, Ana María, *Un bo día para pasear, Scott!*, XII Certame Literario de Relato de Aventuras “Antón Avilés de Taramancos”, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2013, 62 pp. (ISBN: 978-84-15400-95-0).

Relato de aventuras, de Ana María Galego Gen (Ferrol, 1970), dedicado a Emilio Salgado, Ricardo Celentano e Teresa Ruíz de Azúa. Nel, a xeito de diario que abrangue dende o “20 de decembro” até o “12 de xaneiro”, Dani conta a historia a través del e dos seus amigos que teñen intención de ir á Antártida. Para practicar van a Villablino, en Castela e León, onde, malia o seu afán de aventura, non fan nada, só falar e falar. As ilustracións da cuberta e do interior son de Isabel Pintado Palacio (Coruña, 1964). No interior a ilustradora emprega debuxos complementarios á narración, moi expresivos, realizados con carbonciño en branco e negro e manchas que crean unha atmósfera inquiredante. Na cuberta presenta unhas cores azuis moi rechamantes.

Referencias varias:

- E. P., “La ferrolana Ana Galego recibió ayer en Noia el premio de relatos Avilés”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 665, 31 agosto 2013, p. 6.

Sinala que Ana Galego resultou gañadora no XII certamen literario Avilés de Taramancos con esta obra.

Gándara, Lola, *Smerling: na tea da araña*, ilust. Anthony Garner, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tucán verde, n.º 5, a partir de 10 anos, marzo 2013, 194 pp. (ISBN: 978-84-8349-364-9).

Novela de aventuras de Lola Gándara, seudónimo literario de Dores González Lorenzo (Celanova, 1942), dedicada “Para Olivia”. Nela mestúranse a fantasía e a realidade, de xeito que o real e o fantástico actúan como universos paralelos nas andainas dos seus protagonistas, catro rapaces que, xa dende os anos de escola, comezan a ser vistos como “especiais” ou problemáticos. Nárrase que tras pasar o verán nun campamento que eles senten como un castigo volven á casa. A choiva e a tormenta do día que regresan fan que o seu destino faga un xiro que os leve directos cara á dimensión do arquetípico. O mundo dos contos de aventuras e de fantasía comeza entón a abrirse paso no mundo dos nenos. Eles descubren que os lazos que os unen son fortes e que cada un complementa ao outro formando un gran equipo que, sen medo e cunha grande dose de intelixencia, terá que desenmarañar o fío que une o mundo real co mundo de Aracne. O estilo da novela é limpo aínda que non exento de complexidade e de xiros case poéticos. As ilustracións de Anthony Garner (Hereford, Inglaterra, 1968) caracterízanse por un estilo solto e case descoidado, a través dunha serie de imaxes en branco e negro (agás a da cuberta a cor).

García, Xosé Lois, *O furtador de auga*, ilust. María Lires, A Coruña: Everest Galicia, col. Ler é vivir, a partir de 8 anos, 2013, 47 pp. (ISBN: 978-84-403-1220-4).

Relato fantástico realista de Xosé Lois García (Lugo, 1945) que ten como protagonista unha aldea, Cotarelo, cos seus regatos, pontes, muíños, lavadeiros, tradicións, paxaros, peixes, flores ..., toda a natureza dun espazo onde o máis respectado e querido é unha antiga e esvelta árbore, o amieiro. Ao redor desta árbore misteriosa xira unha contorna natural que a Tomiño, un rapaz da aldea, non lle pasa desapercibida. A figura do home egoísta que envexa a vida comunitaria desa aldea aparece e consume a auga do regato acabando coa felicidade das xentes da aldea até que se consegue recuperar esa paz no desenlace da trama. Na cuberta represéntase unha fonte situada nun ambiente natural, encadrando nun marco o título, o autor e a ilustradora. No interior, as ilustracións de María Lires (A Coruña, 1973) contribúen a resaltar os valores do medio social e natural para lograr o respecto e a convivencia en harmonía. Teñen un carácter sinxelo sobre fondo branco, destacando a técnica da pintura acrílica e o cromatismo saturado de cores vivas, onde a propia pintura xera unha textura empregada pola súa abundancia. Nalgunhas ilustracións xógase coa composición da imaxe para complementar o texto; noutros casos a imaxe é independente ao texto, ofrecéndose noutra páxina. As imaxes constrúense a partir da composición de formas xeométricas que en moitos casos crea a aparencia dunha imaxe recortada coma se fose unha colaxe, combinando a figura plana con algúns elementos con volume.

García Ferro, Laura M. e Víctor A. **Castro Martínez**, *Tambo*, ilust. Laura M. García Ferro, Ponte Caldelas-Pontevedra: Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], novembro 2013, 61 pp. (ISBN: 978-84-8289-470-6). Contén CD e DVD.

Proxecto multiformato que integra aspectos musicais, audiovisuais, literarios e de expresión corporal. No que á cuestión literaria se refire unha pequena introdución, que ten como protagonistas unha mestra e o seu alumnado do colexio Carballal de Marín, serve de marco para as seguintes historias. Así, o lectorado descobre como unha tartaruga chamada Tambo se transformou en illa; a historia da serea Cristal; a da medusa Augamar; o que lle aconteceu aos dous golfinhos xemelgos Sandro e Uxía; as actividades do pirata Pedro Chosco; unha paraxe preciosa coidada polos animais mariños; como o polbo Pápirus pasou a vivir nunha biblioteca; a banda musical creada pola lura Pilar e mesmo a don Trebón, personaxes todos eles dos relatos de Laura García Ferro e Víctor Castro Martínez. Na cuberta a ilustración de Suevia Sobral Santiago amosa unha tartaruga transformada en illa. No interior, os textos acompañanse das ilustracións de Laura M. García Ferro e o alumnado de Primeiro de Primaria do Colexio de O Carballal de Marín (Pontevedra).

González, Sabela, *As crónicas de Landereina. Bágoa de lúa*, ilustrada pola autora, Vigo: Editorial Galaxia, [mocidade], xuño 2013, 229 pp. (ISBN: 978-84-9865-487-5).

Primeira entrega da triloxía titulada xenericamente *As crónicas de Landereina* de Sabela González (Burela, 1981). Trátase dunha novela épica que recrea un espazo mítico e as vivencias e segredos da familia real dos Gheiroez en dous momentos históricos diferentes, os anos 1164 e 1178 no século XII, e 1227, no XIII. A partir destas datas a trama avanza de xeito alterno e vai desvelando as claves da vida da moza Berenguela, descendente da amazona Siasia, pero tamén herdeira dun importante legado familiar que pon a súa vida en perigo: custodiar a Pedra da Lúa, un potente mineral máxico que outorga a capacidade de controlar o mundo a quen o posúe e unha ambición desmedida aos corazóns malvados. De marcado carácter tolkiano, a novela comeza cun mapa de situación de Landereina, territorio no que conviven humanos, meigos, elfos e centauros, ademais de terribes “kaihunn”, seres malvados que durante anos devastaron os pobos e os someteron á tiranía. Ao longo dun prólogo e cinco partes estruturadas en capítulos, nállanse as vivencias da moza dende que súa nai decide arredala da aldea das amazonas para resgardala baixo a protección dun matrimonio amigo até que chega ao claro de Etlual, onde se desvelará a misión da herdeira dos Gheiroez. Por outra parte, recréase o pasado da familia dende que recuperan do poder de Wiasman a Pedra da Lúa e como os diferentes reis loitan por manter oculto este poderoso mineral máxico. Este pasado váiselle desvelando a Berenguela despois de coñecer a morte de súa nai e a necesidade de viaxar a Etlual, onde, coa axuda dun meigo, terá que destruír a Pedra para evitar que sexa empregada de novo para someter Landereina. É unha viaxe iniciática na que a protagonista loita e é protexida das intrigas e traizóns que xorden ao seu redor por facerse co poder da Pedra, mentres ela e os seus amigos resisten para defender a paz e harmonía do seu pobo.

Recensións:

- María Navarro, “Con aire mitolóxico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 471, “Libros”, 3 outubro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “*Letras galegas*”, n.º 423, 12 outubro 2013, p. 10.

Apunta que *Bágoa de Lúa* conforma a primeira novela de Sabela González e que supón o primeiro libro da triloxía “As crónicas de Landereina” da editorial Galaxia. A continuación alude á súa idoneidade para o eido cinematográfico e describe brevemente o argumento no que salienta unha lingua propia, un segredo e personaxes que van dende os humanos até os centauros, entre outros. Comenta que o volume se estrutura en cinco partes, nas cales a narración se alterna entre dous momentos históricos diferentes co gallo de espertar no lectorado a curiosidade pola seguinte entrega.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “A miña protagonista é muller se cadra por estar vendo ‘Xena, la princesa guerrera’”, *El Progreso*, “*deVerano*”, 14 agosto 2013, p. 36.

Entrevista a Sabela González, con motivo da promoción da súa obra *Bágoa de Lúa*, primeiro libro da triloxía “As Crónicas de Landereina” na que explica de onde xurdiu a idea da triloxía, o porqué de que a protagonista sexa unha muller e as razóns da escolla do xénero fantástico. Tamén comenta a estrutura da súa obra. En relación co xénero fantástico en Galicia opina que é o que máis lle gusta á rapazada e que nos últimos tempos novas editoras se están achegando a el. Así mesmo, dá a súa opinión sobre as eivas da triloxía “Dragal”, de Elena Gallego. Finaliza a entrevista comentando os seus plans para o verán entre os que se atopan facer os debuxos do seu libro e mesmo unha parte dun alfabeto.

Gracián, Ánxela, *As palabras do silencio*, ilust. Dani Padrón, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 229, de 7 anos en diante, marzo 2013, 53 pp. (ISBN: 978-84-9914-490-0).

Relato fantástico, de Ánxela Gracián (Castroverde, Lugo, 1968), dedicado “Para a moza Eot Wang, que me falou por primeira vez do Quixi chinés. Para ela e para todas as nenas chinesas que viñeron a Galicia e hoxe a poden contar en galego”, en referencia á Noite de San Valentín Chinesa, tamén coñecida como a Noite dos Sete ou o Festival da Pega. Nel nárrese o amor entre a Princesa Tecedora, un ser máxico, e o Home das vacas, tan só un mortal, simbolizando esa tradición amorosa a través dun paxaro concreto, a Rula. Conta que nesa noite os namorados contemplan xuntos o ceo para divisar dúas estrelas, Vega e Altair, que representan os amantes desta antiga lenda da dinastía Han. Na cuberta preséntase o Home das Vacas, protagonista da historia e ser humilde que toca a frauta, nunha escena nocturna. O título vai remarcado cunha tipografía sinxela, prevalecendo a ilustración sobre o texto. No interior as ilustracións de Dani Padrón (Ourense, 1983) están realizadas coa técnica da montaxe dixital a partir de diferentes texturas para crear volume e ofrecer un conto máxico e de soños. O ilustrador emprega multitude de estampados, sobre todo para a vestimenta dos personaxes e para os fondos, e mesmo ofrece textura rochosa que recorda os cadros puntillistas. Os personaxes represéntanse sen boca e búscase representar as emocións a partir da mirada e do xesto. A Rula como símbolo galego tamén aparece reflectida. As sombras remarcen cada elemento da escena que, ao comporse, engloban o personaxe ou obxecto enteiro. Nas ilustracións combínanse cores moi saturadas e escuras dirixidas a tonalidades azuis, grisáceas, pero tamén avermelladas. O texto aparece nas páxinas en branco, aínda que nalgúns casos forma parte da imaxe, pasando o texto á escribirse en cor branca. Cómpre

destacar o Arco da Vella que se constrúe cunha degradación tonal das cores que se aplica tamén ao texto.

Recensións:

- Paula Fernández, “Simbólica emotividade”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 416, “Letras galegas”, 29 xuño 2013, p. 10.

Indica que esta obra conta coas ilustracións de Dani Padrón, quen consegue erixir unha ponte mediante a linguaxe do amor entre o mortal e o inmortal, o mundo exótico e lonxano de oriente co cotiá do rural galego. Comenta que a autora reinterpreta a lenda tradicional chinesa de Qixi da orixe da noite de San Valentín, dotando o ancestro dunha nova vida onde o home das vacas e a princesa tecedora ensinan que o amor é inmutábel e a súa historia se mantén a través do tempo. Refire que as rulas, o tecer como metáfora romántica ou a vía láctea como símbolo dun vínculo eterno constitúen os núcleos temáticos dende os que se artella a historia.

Referencias varias:

- Ánxela Gracián, “As palabras do silencio”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 21 setembro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *As palabras do silencio*, escrita por Ánxela Gracián e ilustrada por Dani Padrón.

Graña, Bernardino, *¡Medre o mar!*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, col. Mudanzas, n.º 26, [lectorado mozo], 2013, 113 pp. (ISBN: 978-84-15166-48-1). Novela de Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) que contén vinte capítulos narrados en primeira persoa e nos cales se relata a historia dos descubrimentos e experiencias vitais dun mozo da vila de Cangas durante a guerra de 1936. Orfo, e titorizado pola súa tía e o seu avó, descubrirá a través do seu irmán o amor polo cine, gozará da compañía de Serafín Graña, coñecido como o poeta ladrón, e mesmo chegará até Vigo co fillo do xastre da vila.

Recensións:

- María Varela, “O poeta ladrón”, *Diario de Pontevedra*, “reviSta!”, n.º 677, “Mil primaveras máis”, “Reportaxe”, 7 xullo 2013, pp. 6-7.

Infórmase da presentación en Cangas desta novela de Bernardino Graña na que recrea a vila en 1936 e tamén a historia do seu pai, Serafín Graña. Dise que o acto transcorreu na compañía do seu biógrafo oficial, Héitor Mera, de amigos, de persoas da editorial Morgante e de personaxes do libro. Indícase que se trata dunha compilación de recordos da nenez e da propia vila. A seguir, ofrécese unha concisa biografía sobre o autor, considerado un dos grandes das letras galegas contemporáneas, presente na creación do grupo Brais Pinto en Madrid e impulsor e primeiro presidente da AELG, entre moitas outras ocupacións.

- Héitor Mera, “Cangas, paraíso vital”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 468, “Libros”, 12 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 420, “Letras galegas”, 21 setembro 2013, p. 10.

Saúdase este conto de Bernardino Graña, que se describe como obra suave de ler e idónea para o lectorado cangueiro ou morracense, que recoñecerá aspectos da vida e das xentes desas terras. Coméntase tamén o debate que este conto ou novela breve abriu polo seu pouso biográfico e algúns recursos narratolóxicos que invitan ao desconcerto, como os múltiples anacronismos que o autor quixo introducir e o “universo modelizado narrativamente”. Remátase dicindo que Bernardino Graña presenta un universo modalizado, máis o Cangas ideal de 1936 que o vital.

Jaureguizar, *Amor de serea. Un misterio para Tintimán en Vigo*, ilustr. José Matalobos, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 3, [lectorado mozo], febreiro 2013, 123 pp. (ISBN: 978-84-9914-485-6).

Novela xuvenil, dentro da serie *Un misterio para Tintimán*, do xornalista e escritor Santiago Jaureguizar Ruiz de Zárate (Bilbao, 1965), dedicada “A Manuel Bragado, por ser o primeiro (e o derradeiro, espero) en crer nas sete vidas de Tintimán” e que se inicia cunha cita de *Vinte mil leguas de viaxe submarina* de Xulio Verne. Esta saga detectivesca de trazos fantástico realistas trata temas como a aventura, o amor e a amizade. Ten como protagonista a Tintimán, un mozo repoteiro de Galicia ao que lle gusta especialmente desenvolver a súa faceta heroica. A entrega *Amor de Serea*, que consta de once capítulos, conta a historia do misterio que se cerne sobre a ría de Vigo: todos os galeóns desapareceron e o Amor de Serea esperta a ambición de persoas de dubidosa reputación que non rexeitarán por calquera medio que sexa necesario para facerse con el. Tintimán, xunto coa súa compañeira e o gato Señor Grozni, porá todo o seu empeño e coraxe para deter a estes individuos. A narración de Tintimán acompáñase dun mapa da zona onde ten lugar a acción. As ilustracións figurativas interiores, de José Matalobos (1969), correspóndense con debuxos a tinta, con liñas grosas, de carácter expresivo, e planos con texturas visuais ou grises e apoian momentos significativos da narración textual. A cuberta é unha fotomontaxe dun debuxo do protagonista, que olla un mapa do tesouro nun submarino, sobre unha fotografía da ría de Vigo coa ponte de Rande na que priman as cores cálidas (vermello e amarelo) que fan contraste cunha banda de cor fría (azul).

Recensións:

- María Navarro, “Un pasado romántico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 448, “Libros”, 7 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 402, “Letras galegas”, 16 marzo 2013, p. 6.

Dá conta da publicación do volume *Amor de serea*, terceira entrega da colección “Un misterio para Tintimán”, da autoría de Jaureguizar en Edicións Xerais de Galicia. Menciona primeiramente os outros dous títulos, *Corazón de chocolate* e *A coroa de Napoleón*, para continuar cunha breve descrición do fio argumental e salientar as referencias de carácter histórico que se atopan nel.

- Vicente Araguas, “E os novos len isto?”, *Diario de Arousa*, “O Salnés-Siradella”, “máisLibros”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “Nordesia”, n.º 770, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 770, p. 30, 31 marzo 2013.

Comenta a saída do prelo da novela *Amor de serea*, de Jaureguizar. Destaca, tras unhas verbas dedicadas ao concepto de literatura infantil e xuvenil, o protagonismo de Tintimán neste volume e a cuestión das brincadeiras de carácter privado con persoeiros como Marcos Calveiro, Cid Cabido, Lamazares ou o concelleiro Xesús Vázquez.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “As elites culturais de Galicia non representan a realidade do país”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 445, “Entrevista”, 14 xaneiro 2013, p. V/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 398, “Entrevista”, 16 febreiro 2013, p. 7.

Conversa co escritor e xornalista Santiago Jaureguizar con motivo da saída do prelo do seu volume *Amor de serea* en Edicións Xerais de Galicia.

- Marta Veiga, “O Tintimán de Jaureguizar chega a Vigo cun ollo posto en Lugo”, *El Progreso*, “Cultura”, “Vivir”, p. 39/ “O reporteiro adolescente Tintimán chega a Vigo coa aventura ‘Amor de serea’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, p.37, 5 marzo 2013.

Dá conta da saída do prelo da terceira entrega da colección “Un misterio para Tintimán”, intitulada *Amor de serea. Un misterio para Tintimán en Vigo*, en Edicións Xerais de Galicia.

Jaureguizar, *Os Sabuxos entran na casa do pé esquerdo*, ilustr. Matalobos, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 47, a partir de 10 anos, febreiro 2013, 145 pp. (ISBN: 978-84-9914-491-7).

Novela fantástico realista, de Santiago Jaureguizar (Bilbao, 1965), dedicada “Para Sara e Antón, que me están descubrindo un mundo: o mundo”. Está contada pola voz protagonista, Nica, quen relata en primeira persoa as aventuras dos Sabuxos, un grupo de amigos conformado por ela, súa irmá, Sam (o rapaz que lle gusta), Norman e mascosta Malivú. Nica narra como o Mangallón lles axuda a construír unha cabana nunha árbore a cambio de que os rapaces lles axuden a coller as pelotas de golf que caen ao redor da súa casa. Un día desaparecen das ventás dos veciños todos os zapatos do pé esquerdo e todos lle botan a culpa ao Mangallón razón pola que os Sabuxos, non contentos, deciden pescudar en procura da súa inocencia. Finalmente descubren que foi a veciña Olivia a culpábel dos feitos para conseguir que destrúisen a casa do Mangallón e facer así un centro comercial. A novela, que se caracteriza polo suspense ao relatar as pescudas, o emprego do humor e algún trazo de ficción científica, trata, entre outros temas, a amizade e o amor e presenta, na cuberta, os diferentes personaxes da historia como se fosen posar para unha fotografía ou saudar a unha persoa adulta, posto que se observa un leve plano picado. No interior, Matalobos emprega unha técnica mixta a partir da acuarela, do acrílico, de rotuladores e de ceras plásticas. Os personaxes e os diferentes elementos que pertencen á escena van contorneados cunha liña negra de xeito

que se consegue unha imaxe de carácter cómico e moi expresivo. As cores empregadas son saturadas e alegres. O plano do fondo non obtén importancia senón que interesa o primeiro plano do que está a ocorrer. Cómpre destacar o plano dunha ilustración onde se invertiron as dúas partes cortadas: a parte superior pasa a estar na inferior e viceversa. As imaxes ofrecen un certo volume a partir da aplicación das cores, saturando nas zonas de sombra.

Recensións:

- María Navarro, “Toda unha lección”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 457, “Libros”, 9 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 409, “Letras galegas”, 11 maio 2013, p. 10.

Afirma que Jaureguizar utiliza as súas lembranzas de neno para intentar divertir os nenos de hoxe en día e que fai uso de personaxes realmente estafalarios que atrapan a atención do lectorado dende o primeiro momento. Indica que, nesta obra, un grupo de nenos dirixidos por Nica quere descubrir o que está a acontecer en Chacote, poboación un tanto disparatada. Comenta que esta poboación se mostra como unha reivindicación ao automatismo da sociedade actual. Informa que tamén outros personaxes son presentados a través do bar do pai de Nica, onde eles se reúnen antes de comezar o día. Refire que estes nenos, alcumados os Sabuxos, planean no seu cuartel xeneral como descubrir a realidade do misterio do roubo dos zapatos do pé esquerdo. Engade ademais que se propoñen axudar a un veciño que se ve afectado por certas especulacións urbanísticas e que está relacionado co misterio.

Justo, Cristina e Paloma **Rodríguez**, *Iriña bailarina*, ilustr. Špela Trobec, Ferrol: Edicións Embora, col. A igualdade conta, [lectorado autónomo], febreiro 2013, [28] pp. (ISBN: 978-84-92644-52-0).

Álbum fantástico realista, de Cristina Justo Suárez (1977) e Paloma Rodríguez Vázquez (Ferrol, 1956), no que o tema principal é a rotura de estereotipos entre os homes e mulleres. Nel cóntase a historia de Iriña, unha bailarina dunha caixa de música da que non pode saír, que soña con poder comer pasteis, nadar e xogar ao fútbol coma fan o resto dos xoguetes. Na cuberta preséntase unha pequena figura bailando sobre as letras do título, mentres que nas gardas aparecen moitos debuxos de pequenas mazás intercaladas de pasteis en clara alusión a temática do libro. No interior, as ilustracións figurativas, de Špela Trobec (Eslovenia, 1974), correspóndense con imaxes abstractas que empregan tanto cores cálidas (laranxas, amarelos, vermellos) como frías (azuis, verdes, violetas) e que recrean o estilo dos debuxos infantís, combinando trazos de pintura, debuxos de liña e colaxes con recortes de papeis, tecidos e puntillas. A ilustradora emprega composicións esquemáticas que precisan a axuda dos textos para seguir a narración e imaxes moi contrastadas. Na composición das páxinas téñense en conta diferentes cores, tamaños e tipografías para dispor os textos que nalgunha páxina funcionan como ilustración.

Justo, Cristina e Paloma **Rodríguez**, *Teño dúas casas*, ilustr. Špela Trobec, Ferrol: Edicións Embora, col. A igualdade conta, [lectorado autónomo], xaneiro 2013, [30] pp. (ISBN: 978-84-92644-51-3).

Álbum realista de Cristina Justo Suárez (1977) e Paloma Rodríguez Vázquez (Ferrol, 1956) no que o tema principal é a familia, os tipos de familias e a separación dos pais e nais. Conta cunha dedicatoria inicial: “A Inés e Félix que teñen a súa casa no meu corazón” e nel un narrador en primeira persoa, unha nena de cinco anos chamada Ada, conta como é a súa vida agora que os seus pais xa non viven xuntos, que ten dúas casas e todo o que fai nelas cos seus familiares. Así mesmo, narra que hai moitos tipos de familia pero a mensaxe que transmite é que o máis importante é que se queiran entre eles. Na cuberta amósase a imaxe dunha nena situada, no centro, entre dúas casas. No interior, as ilustracións figurativas de Špela Trobec (Eslovenia, 1974) empregan un estilo moi próximo ás imaxes do debuxo infantil, combinando trazos de pintura e recortes de papeis. As figuras son de aspecto simpático e as imaxes serven para simbolizar as relacións nunha familia de pais separados, empregando composicións descritivas pero tamén composicións esquemáticas. Na composición das páxinas téñense en conta diferentes cores, tamaños e tipografías para dispor os textos.

Leira, Rocío, *Universo Pitágoras*, ilustr. Xosé Tomás, pról. da autora, Cesuras: Biblos Clube de lectores, [lectorado mozo], 2013, [70] pp. (ISBN: 978-84-15086-33-8).

Novela fantástica de Rocío Leira Castro (Pereiriña, Cee, A Coruña, 1973) cuxo tema principal é a educación, xa que trata de expresar a importancia que teñen as matemáticas na vida. No prólogo a autora matiza que o libro está embruxado por un trasgo matemático quen desordenou todos os capítulos e que os encargados de ordenalos son os lectores. Deste xeito, ao final de cada capítulo aparece unha adiviña que leva o lectorado ao seguinte capítulo. Na obra nárrase a historia de Xiana, unha rapaza que non soporta as matemáticas. Unha noite, dunha forma fantástica, adéntrase nun mundo matemático. A súa misión alí é responder unhas adiviñas que lle van formulando uns seres fantásticos para conseguir as chaves de oito portas e desta forma poder regresar ao seu mundo. Despois da última proba Xiana esperta na súa cama e pensa que foi todo un pesadelo. Cando chega á escola o mestre de matemáticas dálle unha chave e iso faille pensar que en realidade non foi todo un pesadelo, senón que pasou de verdade. Na cuberta preséntase a protagonista no mundo fantástico cun cromatismo saturado e cores alegres. Nela emprégase unha leve transparencia no fondo de números para adentrarse no universo Pitágoras, que lembra os acontecementos de *Alicia no país das maravillas*. No interior, as ilustracións de Xosé Tomás (Betanzos, A Coruña, 1971) están impresas en branco e negro, destacando o claroscuro coa técnica da montaxe dixital. O volume xoga coas diferentes texturas dos elementos e a aplicación da cor. As imaxes seguen un estilo surrealistas e presentan seres fantásticos e animais personalizados, en xerarquía, para enfatizar o medo. Os personaxes son moi cómicos e expresivos cunha estética de cómic polo aliñado en negro das escenas. Destaca o plano principal dos personaxes para describir o que acontece sen necesidade de ofrecer un fondo ou un plano panorámico.

Referencias varias:

- Ángel Palmou, “Un salto literario avalado por un cento de premios”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 marzo 2013, p. 34.

Dá conta da publicación de *Universo Pitágoras*, de Rocío Leira, ilustrado por Xosé Tomás e de carácter didáctico.

López d’a Silva, Francesca, *Dragóns no Courel*, ilust. da mesma autora, Vigo: Editorial Elvira, [lectorado autónomo], maio 2013, [21] pp. (ISBN: 978-84-939564-6-2).

Conto escrito e ilustrado por Francesca López da Silva no que por medio dun narrador en terceira persoa e a voz dos personaxes se presenta a historia de Maruxa, unha nena que veranea e vive coa súa avoa no Courel. A narración introduce o lectorado agardado no mundo máxico de criaturas do bosque e dragóns dado que Maruxa ten como teima diaria tratar de ver un dragón e, ao xeito da Alicia de Lewis Carrol, accede a un mundo máxico no que consigo velo. Na cuberta, con cores cálidas e vivas, amósanse diminutas criaturas máxicas e colas de dragóns acabadas en puntas de frecha. Nela aparece o título cunha tipografía fantástica, imitando os movementos da cola do dragón con aparencia de frechas que sinalan unha dirección. Os debuxos da portada sitúan a acción en Galicia, cun mapa que sinala a cidade de Lugo, o municipio de Quiroga e a Serra do Courel. No interior as ilustracións, de cores vistosas e tons alegres, acompañan a narración textual combinando páxinas de texto con páxinas ilustradas e mesmo con ilustracións a dúas páxinas. Nelas destaca o emprego dun pequeno trasgo como símbolo que leva o lectorado ao pé de páxina para explicar o significado dalgunha palabra; tamén a tipografía manual como se fose un diario ou un libro de artista. A contracuberta reproduce, a menor escala, a imaxe da cuberta e o símbolo da editorial. O conto preséntase dentro dunha funda do cor tella claro e coas letras do título, nome da autora e símbolo da editorial en branco.

Referencias varias:

- Ana Baena, “Comprendín no Courel que os sonhos e a maxia nunca morren”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 2 agosto 2013, p. 8.

Entrevístase a Francesca López Dasilva con motivo da presentación desta obra, coa que se abre a colección infantil da editorial Elvira. Saliéntase a combinación entre a mitoloxía celta irlandesa e as lembranzas infantís da autora nas terras lucenses.

López López, Xavier, *Son un can!*, ilust. Manuel Uhía, A Coruña: Edebé-Rodeira, col. Tren azul. Os meus contos favoritos, a partir de 5 anos, abril 2013, [38] pp. (ISBN: 978-84-8349-363-2).

Conto de Xabier López López (Bergondo, 1974), dedicado “Aos meus gatiños (ou serán cans?) Emma Alexandra e Román André”, que ten como protagonista principal un gatiño e, como protagonistas secundarios, outros animalíños. Un narrador en terceira persoa conta a historia dun gatiño que se considera un can e que terá que pasar por diversas fazañas para poder demostrarllelo a todos. Na cuberta preséntanse os protagonistas que cren ser animais diferentes do que son. No interior, Manuel Uhía

(Portonovo, 1944) emprega a técnica da acuarela e os seus deseños caracterízanse polo uso de sombras e de cores moi escuras que evolucionan cara a tons máis claros. O ilustrador consegue crear volume co tratamento da pintura e as veladuras, mentres que o texto se dispón nos fondos para obter bo contraste e, polo tanto, visibilidade.

Lourenzo González, M., *Flor de area*, deseño cuberta Miguel A. Vigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 148, [mociidade], maio 2013, 293 pp. (ISBN: 978-84-9914-493-1).

Novela de Manuel Lourenzo González (Vilaboa, Pontevedra, 1955) na que retoma e continúa a historia recreada en *Irmán do vento* (2003), coa que gañara o Premio Merlín nese mesmo ano. Está dedicada “A aquelas mulleres, fillas, nais, esposas, solteiras, separadas, viúvas e de calquera outra condición que sofren de maneira especial o peso dunha historia planificada sen o seu consenso” e encabezada por dúas citas: “O inicio da guerra é unha porfía, o seu transcurso é imprevisíbel e o seu final, unha desgraza”, ademais dun texto en árabe. *Flor de Area* sitúase en pleno conflito bélico de Iraq, narrada por Amrah, moza de Khaleb, quen a través das súas vivencias persoais en vinte e cinco capítulos retrata a vida da familia e da convulsa sociedade iraquí, nunha loita constante pola supervivencia por ter rexeitado unha vida acomodada. A novela comeza *in media res*, no momento en que a moza protagonista, convertida en muller soldado, se cuestiona unha realidade na que non é capaz de tomar as rendas do seu destino, instalada nun campamento militar nas montañas e preguntándose polo sentido da súa vida, a súa propia identidade e a necesidade de atopar unha saída. Para iso recorre ás lembranzas, e converte o exercicio da escrita nunhas memorias nas que se revelan conflitos que a levaron a verse separada da familia, como o seu enfrontamento co pai, o rexeitamento ao prometido, a perda do pai do seu fillo nun bombardeo etc. A perspectiva desta muller contribúe a romper algúns tópicos sobre a cultura musulmá e o papel das mulleres, os cambios experimentados pola caída do réxime de Saddam Husein e a bonanza económica dunha nova clase social que aproveita o conflito bélico para beneficiarse, amasar grandes fortunas e vivir unha vida disoluta, lonxe do ideal dunha sociedade igualitaria, na que pola contra se perpetúan as desigualdades, se acentúa a radicalización dos usos e costumes e se manipulan valores fundamentais para utilizar ás persoas en prol duns intereses particulares. A imaxe da cuberta está deseñada por Miguel A. Vigo e ofrece unha fotografía da rapaza protagonista cunha paisaxe do deserto detrás en cores cálidas, onde a iluminación na cabeza da muller simboliza o amencer das mulleres doutras latitudes.

Recensións:

- Paula Fernández, “Guión trepidante”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 470, “Libros”, 26 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “*Letras galegas*”, n.º 422, 5 outubro 2013, p. 10.

Comeza apuntando que esta novela é a continuación de *Irmán do vento*, coa que Manuel Lourenzo González acadou o Premio Merlín no ano 2003. A seguir, ofrece un resumo do argumento, que toma como eixo a loita dunha muller iraquí por fuxir dun xeito de vida no que non ten opción a decidir polo feito de ser muller. Remata valorando o interese que suscita a lectura deste volume, mais entendéndoa como “unha especie de

crónica ficticia que non quere ser real”.

- Isabel Mociño González, “A escrita contra a loucura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 21 decembro 2013, p. 46.

Comeza sinalando que unha década despois da publicación de *Irmán do vento* (2003), Manuel Lourenzo González publicou *Flor de area*, na que continúa recreando o conflito bélico en Iraq a través da vida de Amrah, unha moza que loita pola supervivencia e por un futuro mellor. Explicase que a novela comeza *in media res* e responde á inquietude da protagonista por entender o sentido da súa vida e descubrir a súa propia identidade, nun exercicio de memoria e autodescuberta. Saliéntase que é unha novela dedicada a todas as mulleres que sofren o peso da historia e na que se aproveita a perspectiva de xénero para romper moitos dos tópicos sobre a cultura musulmá e o papel das mulleres, á vez que se critican as posturas máis radicais e conservadoras. Cualifícase como unha novela trepidante na que Manuel Lourenzo demostra o seu oficio de escritor e a capacidade para arrastrar o lectorado, mozo ou adulto, a unha dura reflexión sobre as complexas relacións oriente-occidente, a manipulación, a brutalidade e o dominio, aínda que tamén a enorme capacidade de superación e de sobrevivencia que dá a esperanza nun futuro mellor.

Referencias varias:

- ELOS, “Selección ELOS para Nadal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 31 decembro 2013, p. 41.

Recoméndase a lectura de catro obras galegas e tres traducidas, comentadas dende xaneiro a decembro nesta sección, das que se apuntan as súas liñas temáticas: *Flor de area*, de Manuel Lourenzo González, novela sobre a supervivencia e a identidade; *Todos somos*, de Marcos Calveiro, relato da desaparición dunha moza; *Raro*, de Marcos Calveiro, sobre a diferenza e a amizade; *Desde unha estrela distante*, de Agustín Fernández Paz, que fala das novas tecnoloxías da información; *Soños de fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly, retrato crítico da vida no continente africano; *Niños*, escrito por Pepe Márquez e ilustrado por Natalia Colombo, álbum sobre a biodiversidade e os modelos familiares; e *Grazas*, de Isabel Minhós Martins con ilustracións de Bernardo Carvalho, álbum que recrea a realidade cotiá dende a visión infantil e inxenua dun neno.

Maceiras, Andrea, *Nubes de evolución*, deseño cuberta Miguel A. Vigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 147, [lectorado mozo], xaneiro 2013, 186 pp. (ISBN: 978-84-9914-463-4).

Novela realista de Andrea Maceiras (A Coruña, 1987) na que se abordan o amor, a amizade entre persoas moi distintas e a importancia da familia. Comeza cun prólogo no que se narra unha parte da historia que pertence ao nó da narración. Distribúese en catro capítulos (“Sempre vai frío na estación”, “Angie era unha canción”, “Nubes de evolución” e “Non podes dicir que non o intentamos”) nos que se conta, en primeira persoa, a historia de tres personaxes principais, que se desenvolve nunha estación de autobuses: Amanda, a protagonista principal da historia; Uxío, un rapaz que coñece na estación e que acaba sendo o seu mozo; e Luís, un home maior, mestre de instituto.

Relátanse as tres historias paralelas de cada un dos personaxes, tres persoas descoñecidas ao comezo da historia e con vidas completamente distintas pero que, por cousas do destino, se unen para sempre pola frase “When will those clouds all disappear?” e acaban establecendo unha amizade e decatándose de que tiñan máis en común do que pensaban. Entre capítulo e capítulo a autora intercala breves diálogos de persoas alleas á historia, que rematan por pertencer á mesma. A única ilustración é a fotomontaxe da cuberta de Antonio Seijas que mostra a imaxe transparente dunha rapaza pedindo silencio. Ao fondo vese un ceo cheo de nubes que resulta inquedante á vez que intrigante e invita a ler este libro no que a protagonista convida a calar. A frase escrita na meixela da rapaza remite ao comezo da verdadeira aventura na que o silencio non axudaba a solucionar os problemas.

Recensións:

- Vicente Araguas, “Na estación de autobuses”, *Diario de Arousa*, “O Salnés-Siradella”, “máisLibros”, p. 28/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 768, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “laGalería”, n.º 768, p. 30, 17 marzo 2013.

Recensiona a novela xuvenil *Nubes de evolución*, de Andrea Maceiras. Salienta o realismo da súa escrita e apunta unhas liñas descritivas de cada un dos personaxes principais.

- Laura Blanco Casás, “Emocionante historia”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 450, “Libros”, 21 marzo 2013, p. 6/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 404, “Letras galegas”, 6 abril 2013, p. 10.

Dá conta da saída a lume da novela *Nubes de evolución*, de Andrea Maceiras Lafuente, finalista do Premio da Fundación Caixa Galicia, da que achega unha breve descrición dos personaxes e fío argumental tras indicar o título da súa primeira novela, *Proxecto Bolboreta* (2007), co gallo de resultar gañadora no I Certame de Micronovela do Concello de Soutomaior.

Moure, Anxo, *A xacia Luviñas*, ilust. Cristina Ouro, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, [prelectorado], 2013, 24 pp. (ISBN: 978-84-7824-631-1).

Conto infantil de Anxo Moure que se inicia coa cita duns versos de de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro: “Durmo na beira das fontes,/ durmo na beira dos regos,/ durmo na punta dos montes”. Narrado en primeira persoa, cóntase o que lle acontece a un neno barqueiro e a unha xacia. Certo día o barqueiro sae na procura de quen acariñar e atopa unha xacia triste. Pregúntalle que lle acontece e ela responde que está triste porque alguén ensuciou o río e queimou o monte. O neno limpa o río e planta o bosque e a xacia queda moi agradecida. Nese momento confésalle que é ela quen dá os agarimos, atopando o neno os aloumiños que buscaba. Na cuberta preséntase á triste protagonista. No interior, Cristina Ouro emprega lápis acuarelábeis en cores saturadas e alegres e os trazos dos personaxes son moi sinxelos. Nas imaxes case non hai volume e os fondos non adoitan ser planos, algo moi característico das imaxes infantís.

Neira, Xerardo, *O capador de boinas*, ilust. Dani Padrón, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 189, serie azul, a partir dos 10 anos, 19 novembro 2013, 102 pp. (ISBN: 978-84-9865-510-0).

Relato detectivesco con tintes humorísticos de Xerardo Neira (Santiago de Compostela, 1978) no que un narrador omnisciente conta unha historia que sucede en Torrevedra, unha aldea galega na que ocorre un estraño suceso. Un día comezan a aparecer capadas as boinas de todos os veciños e cando tamén aparece capada a do cura da parroquia, este comeza unha investigación cautelosa para tratar de descubrir quen é o delincente que anda a estragar as boinas. A historia resúmese nos títulos das cinco partes: “Conmoción na Torrevedra”, “Unha praga bíblica”, “Caer na trampa”, “Un sospeitoso máis” e “Vinganza e penitencia”. Na primeira parte preséntase o lugar, o protagonista e os feitos que acontecen; na segunda, descríbese como todos os veciños da aldea sofren o ataque do capador de boinas; na terceira, recóllense as pescudas do cura e a axuda do fotógrafo da aldea cunha idea para tentar coller o delincente; na cuarta, a ocorrencia do cura para descubrir quen é o misterioso capador coa axuda do zoqueiro da aldea, e, na quinta, o desenlace da historia grazas ao plan que argalla o cura para confirmar e descubrir que o capador de boinas é o boticario. Tamén se descubren os motivos que levan o boticario a facer tal cousa e o castigo que lle impón o cura, quen chega a comprendelos cando comproba que un veciño da aldea esquece sacar a súa boina na igrexa, momento no que o cura se lamenta pola falta de educación do veciño, invocando a Deus para que lle dea paciencia ou unhas tesoiras. No epílogo móstrase a volta da tranquilidade a Torrevedra e as boinas de todos os veciños arranxadas. A descrición dos feitos complementase coas ilustracións de Dani Padrón (Ourense, 1983), quen capta a esencia do texto nos debuxos case monocromáticos, creando un ambiente misterioso e caracterizando a algún dos protagonistas.

Núñez Singala, Sabela, *O agasallo de Anya*, ilust. Xosé Tomás, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/galaxia, n.º 190, serie azul, a partir dos 10 anos, 19 novembro 2013, 109 pp. (ISBN: 978-84-9865-509-4).

Relato, de Sabela Núñez Singala (Lugo), dedicado “A Carlos e ás nosas fillas e fillos: Rosalía, Paulo, Ánxela e Iago. A todas as persoas sensibilizadas coa infancia máis desfavorecida”. Estrutúrase nunha introdución e trece capítulos que se corresponden coas follas dos diarios das dúas nenas protagonistas, Xiana e Anya, onde anotan en primeira persoa a realidade que viven, separadas unha da outra e cunha situación familiar moi distinta. Ambas as dúas comparten as mesmas ilusións, ganas de vivir e ser felices pero Xiana escribe un diario público a través dun blog, mentres que Anya utiliza un caderno para plasmar os seus pensamentos. As súas vidas crúzanse a través dunha profesora en común que se chama Icíá, quen primeiro traballa nun programa educativo que a leva a Ucraína onde coñece a Anya e, rematado o programa, se reincorpora ao sistema educativo en Galicia, sendo mestra de Xiana. Icíá cóntalle ao seu alumnado a situación que vivían os nenos aos que ensinaba en Ucraína, confidencias que provocan unha reflexión en Xiana, quen termina organizando un proxecto solidario coa finalidade de conseguir enviar axuda e recursos a eses nenos. Péchase co agradecemento de Anya cara a Xiana polo súa axuda e afeito. As ilustracións figurativas, en branco e negro, de Xosé Tomás (Betanzos, A Coruña, 1971) acompañan a historia creando un ambiente agradábel e animado. A cuberta, cunha gama de cores ocre, presenta a unha das protagonistas da historia co seu irmán. As ilustracións do interior están impresas en

gamas de grises a páxina enteira e amosan algúns momentos destacados da narración. As imaxes axudan o lectorado a coñecer as dúas rapazas, unha morena e outra loira, que protagonizan esta historia.

Oliveira, Ruth, *O corazón tecido de Catarina*, ilust. Alba Castillo, Vigo: Editorial Elvira, decembro 2013, [lectorado autónomo], [35] pp. (ISBN: 978-84-942124-1-3).

Álbum narrativo, de Ruth Oliveira, dedicado “Ao meu afillado Martín. Á miña avoa Irene”, no que un narrador onisciente conta a soidade que sente a protagonista, Catarina, e a súa inseguridade para facer amigas. Cando esta nena orfa lle conta o seu problema á súa avoa Águeda, coa que vive, ela técelle un fermoso corazón de la vermella que Catarina sempre leva consigo e que simboliza a seguridade e felicidade que precisa. O corazón de la rómpese e a nena volve sentirse soa e insegura e comeza a chorar. Nese momento aparece unha araña que logra convencer a Catarina de que se unha araña tan pequena ten corazón é porque todos, até ela mesma, posúen un corazón verdadeiro co que pode ser feliz sen necesidade de ningún outro corazón. A cuberta está construída coma un sobre no cal se forma un encadre estampado floral e onde aparecen representados diferentes obxectos de costura (tesoiras, botóns, fíos, dedais etc.) serigrafados en cor negra. O título vai unido a partir da liña cosida da agulla cara a unha imaxe serigrafada na que se representa o corazón de la de Catarina de cor vermella intensa. Pola súa parte, na contracuberta aparece a protagonista dentro dun marco composto de novo con elementos de costura. No interior, as ilustracións en tons escuros e debuxos fríos de Alba Carrillo mesturan diferentes técnicas (o grafismo do lapis, a acuarela e a serigrafía) que empregan unha tonalidade saturada de cor, creando os volumes da escena a partir de trazos de lapis. As páxinas ilustradas están tinguidas de sienas tostados en acuarela cunha aparencia de papel antigo. A narración visual presenta os personaxes nunha atmosfera calma que destacan polo seu grafismo e esaxeración dalgún trazo facial, tales como os ollos, o naris ou a boca, diferenciando as emocións a partir das cores empregadas (frías para a tristeza, cálidas para a ledicia). As escenas que reflicten as imaxes son de carácter plano, aínda que nalgunha se xera unha pequena perspectiva a partir da paisaxe natural co plano principal marcado polo grafismo, mentres que o fondo vai difuminado a acuarela. O texto vai marcado nos ocos da imaxe co fondo da mancha da acuarela. Nunha das ilustracións o texto forma parte da imaxe, empregando caligrafía manual.

Referencias varias:

- Julio Alonso, “Dos autoras viguesas”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Opinión”, 28 decembro 2013, p. 15.

Recomenda vehementemente o libro *O corazón tecido de Catarina*, de Ruth Olivera e ilustrado por Alba Castillo.

O’Rivas, Manuel, *O raposo e a mestra*, ilust. Jacobo Fernández Serrano, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, n.º 49, serie vermella, de 8 anos en diante, novembro 2013, 82 pp. (ISBN: 978-84-9914-576-1).

Conto, de Manuel O'Rivas (A Coruña, 1957), narrado en terceira persoa e protagonizado por un raposo chamado Pindo, fillo do lobo Petiso e da raposa Meiga. Pindo é un raposo solitario, diferente, divertido e algo máxico porque ten o poder de hipnotizar a calquera cos seus ollos de lanterna. Un raposo moi fantasioso porque sempre anda a soñar; ademais é moi coñecido na vila onde incluso as mulleres lle dedican un cantar. A acción comeza cando Serafín, un amigo mariñeiro de Pindo, lle conta da chegada á escola de Val de Mil dunha nova mestra, Rosa, que non come nin carne nin peixe. O interese de Pindo medra cando lle di que a mestra ten un galiñeiro tan fermoso e axeitado que as galiñas son tan felices que até poñen ovos de cores. Rosa ten que defender o galiñeiro do raposo Pindo e cando parece que este vai gañar a loita a mestra triunfa. O volume presenta un apartado final intitulado "Escribiron e debuxaron..." onde se reproducen unhas breves entrevistas ao autor e mais ao ilustrador. No que ás ilustracións se refire, a narración textual complementase coas ilustracións de Jacobo Fernández Serrano (Vigo, 1971), en cores alegres e cálidas, que lle proporcionan dinamismo e expresividade.

Referencias varias:

- María Conde, "Rivas segue a pegada de Vicente Ferrer no seu novo libro", *La Voz de Galicia*, "Cultura", 1 decembro 2013, p. 49.

Informa de que tivo lugar a presentación en Culturgal en Pontevedra d'*O raposo e a mestra*, de Manuel Rivas.

- María Varela, "O xornalismo caeu debaixo da terra", *Diario de Pontevedra*, "Revista", n.º 698, "Mil primaveras máis", "Entrevista", 1 decembro 2013, pp. 6-7.

Entrevístase a Manuel Rivas con motivo do contacontos *O raposo e a mestra* e do nacemento da revista *Luzes*. Fala, entre outros, da situación actual do eido xornalístico e do compromiso do autor coa natureza.

- Manuel O'Rivas, "O raposo e a mestra", *El Progreso*, "Pícaros", "O conto", 21 decembro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O raposo e a mestra*, escrita por Manuel O'Rivas e ilustrada por Jacobo Fernández Serrano.

Pereledi, *Ouro negro*, ilust. Andrés Meixide, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de encontro, [lectorado mozo], 2013, 110 pp. (ISBN: 978-84-403-1219-8).

Novela de Pereledi, nome literario de Pere Tobaruela (Barcelona, 1966) e Leticia Costas (Vigo, 1979), na que un narrador externo conta a historia de Nola, quem polo seu traballo inicia unha investigación sobre as causas dunha explosión dun túnel petrolífero. As súas pesquisas lévana cara á acusación dunha empresa de petróleo que para deter a iniciativa da muller secuestra a súa familia. Nola comeza a seguir pistas a partir dunha mensaxe de móbil, restos do rotulador da súa filla, o nome do aluguer dun coche e a súa intuición. Finalmente logra chegar ao edificio de explotación de petróleo da empresa para rescatar os seus tras unha fuxida, unha pelexa e a morte do seu gato. Na

cuberta represéntanse, en cores frías (azul), cálidas (laranja, verde) e en negro e branco, os elementos principais: Nola, o gato caendo, as escaleiras que comunican o mar coa plataforma petrolífera, a mancha negra no mar de petróleo e o barco co que a protagonista viaxa polo mar. A narración textual complementábase con gran variedade de ilustracións figurativas, de Andrés Meixide (Vigo, 1970), en cores cálidas en harmonía coa cor laranja do pelo da protagonista. Son imaxes que se centran en escenas relevantes para a narración textual, algunhas de páxina enteira e outras pequenos debuxos. O estilo recorda as figuras de tipo cómic (tintas planas, liña negra de contorno e composicións de corte cinematográfico).

Recensións:

- María Navarro, “Divertido texto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 465, 4 xullo 2013, p. VI.

Indícase que *Ouro Negro* é a continuación dunha obra anterior dos autores e dáse conta do seu argumento. María Navarro salienta o carácter desenfadado da obra e a relación entre os personaxes, que converten a lectura nun exercicio ameno de reflexión.

Pinto&Chinto, *Nicomedes o pelado*, ilustr. dos autores, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [lectorado autónomo], maio 2013, [44] pp. (ISBN: 978-84-8464-697-6).

Álbum fantástico realista do dúo de creadores Pinto&Chinto, nome artístico de David Pintor (A Coruña, 1975) e Carlos López (A Coruña, 1967), no que se conta a historia de Nicomedes, un home que foi perdendo a súa fermosa cabeleira até quedar completamente calvo. Ante esta situación, o protagonista proba diversas alternativas (unha perruca, un anaco de céspede, serpentinas, espaguete...) para solventar a situación, pero ningunha resulta ser a axeitada. Finalmente, ocórreselle poñer unha espiña de sardiña na cabeza para que así se lle suba o seu gato e semella ter pelo outra vez. Narrado en terceira persoa, caracterízase polo humor e grandes doses de imaxinación, por oracións curtas e un vocabulario sinxelo e fácil de entender. A cuberta presenta o protagonista coa súa cabeleira antes de ser calvo e a contracuberta a Nicomedes de costas co seu gato asomando. Nas gardas ofrécese o xogo entre a cabeleira, na parte anterior, e a cabeza calva, na parte posterior, sempre co gato asomando. No interior as ilustracións correspóndense con imaxes moi sinxelas, realizadas a partir dun trazo fino a rotulador ou bolígrafo para representar as siluetas dos protagonistas, que son recubertas de cores planas e saturadas dando unha textura de serigrafía. Unha sombra moi suave é empregada para diferenciar os diferentes trazos da cara de Nicomedes, cuxos trazos están exaxerados cunha cara alongada, un nariz grande e un pescozo ancho. A figura do gato represéntase de maneira moi cómica e expresiva. Os fondos son planos, de cor crema, para inserir o texto que describe cada obxecto que vai colocando Nicomedes na súa cabeza.

Recensións:

- M. Otero, “Para nenos (e pais con calvicie incipiente)”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 520, “Letras en galego”, 1 de xuño 2013, p. 9.

Comenta que o protagonista desta narración de Pinto & Chinto foi chegando á calvicie, como boa parte da sociedade. Destaca a imaxinación dos autores da obra, xa que leva o lectorado por unha viaxe de fantasía a través da realidade máis cotiá. Salienta as coloridas ilustracións e o orixinal formato do libro, que fan del unha obra de arte, así como o imprevisto e disparatado final co que Nicomedes acada unha solución feliz ao problema. Apunta que se trata dunha obra recomendábel para a idade infantil.

Referencias varias:

- Margarito Flowers, “Pinto&Chinto dejan ‘pelao’ a Nicomedes”, *El Correo Gallego*, “Gente”, 21 maio 2013, p. 64.

Comenta que *Nicomedes o pelado* é a última publicación dos ilustradores gráficos Pinto&Chinto que voltan cunha historia, editada por Kalandraka, dun tipo cunha lustrosa cabeleira que irá perdendo pouco a pouco con risco de converterse nun total “calvorota”. Indica os personaxes estraños que van subindo á cabeza do protagonista, que lle irán comendo a moral mentres Nicomedes vai quedando pelado. Precisa que Pinto&Chinto levan anos colaborando como ilustradores en xornais galegos e que, despois da publicación de máis de vinte libros deste estilo, están a se converter nuns dos autores máis prolíferos e laureados de Galicia. Apunta que contan xa con premios coma o Merlín, o Raíña Lupa ou o Martín Sarmiento. Recomenda non esperar a quedarnos calvos para ler a historia de Nicomedes.

- X. F., “Pinto&Chinto derrochan humor en ‘Nicomedes o pelao’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 maio 2013, p. 33.

Comenta que a parella de humoristas gráficos David Pintor e Carlos López tiran da imaxinación para publicar, baixo a denominación de Pinto&Chinto, o álbum ilustrado *Nicomedes o pelado*, que Kalandraka edita en galego, castelán e portugués. Apunta que na obra se recolle o repertorio imaxinativo que este personaxe de espléndida cabeleira, Nicomedes, desprega para facer fronte á súa nova situación de calvicie prematura. Recolle palabras de Carlos López nas que afirma que “ao estar pensada para primeiros lectores a historia é sinxela e directa, vai ao miolo para achegala aos máis pequenos” e “amósalles que os problemas da vida hai que tomarlos con humor e buscarlles solucións creativas”. Remata indicando que Pinto&Chinto non descartan novas entregas de Nicomedes aínda que de momento presentarano nas feiras do libro de Lisboa e Madrid.

- Pinto&Chinto, “Nicomedes o pelado”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 1 xuño 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Nicomedes o pelado*, escrita e ilustrada por Pinto&Chinto.

- Natalia Toubes, “Pinto&Chinto presenta su ‘Nicomedes’ en la Feria del Libro de A Coruña”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 agosto 2013, p. 45.

Informa que este dúo literario presentou o día anterior na Feira do Libro da Coruña o seu novo libro, *Nicomedes o pelado*, publicado por Kalandraka. Indica que durante a

presentación estiveron acompañados polo escritor e profesor Xosé Manuel González, Oli, quen considerou a obra como “case perfecta, porque precisamente o máis sinxelo non sempre é o máis fácil”. Matiza que, aínda que o volume está destinado nun principio para un lectorado infantil, os creadores explican que “se non gusta entre os adultos non é un bo libro”.

Plaza Miranda, Fabián. *Magumba*, ilust. Ivan Valladares González, Vigo: Contos Estraños Editora, xaneiro 2013, [228] pp. (ISBN: 978-84-939712-3-6).

Novela fantástica de Fabián Plaza Miranda (Madrid, 1973) na que se narra, cun toque de humor surrealista, a aventura de Yuyu e Gayumbo, chamán e aprendiz na tribu dos Pigmentos, en África. O obxectivo é recuperar o seu ídolo sagrado roubado polo escravista Hardy Stern e así frear os seus malévolos plans coa axuda de Jane, unha exploradora chegada de terras de home branco, e Frank N. Stein, pensador da cidade de Sakrabita. Nárranse todas as situacións disparatadas que viven os protagonistas e cunha gran descrición tanto do ambiente, flora e fauna africanas, como dos personaxes, todos eles fantásticos como, por exemplo, Tartán “O home mono”; Ping Pong “O chimpancé xigante” e as bruxas de Masayás. A ilustración da cuberta, de Iván Valladares González, é unha montaxe dixital con tintas planas e saturadas que representa unha imaxe cargada de aventura e exploración e ofrece unha idea de onde transcorre a narración, nunha illa ou un país tropical e salvaxe. Représéntanse os protagonistas no centro rodeados de vexetación e, ao fondo, unha caverna con forma de caveira, destacando a cor verde da paisaxe onde acontece a historia. O título vai na parte superior e destaca polas cores e pola textura, que crea unha aparencia de arte urbana con spray, ofrecendo unha tipografía xuvenil e agresiva. Segue a mesma tipografía o nome do autor na parte inferior da cuberta.

Reigosa, Antonio, *O aprendiz de home do saco*, ilust. Marta Álvarez Miguéns, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [lectorado autónomo], marzo 2013, [38] pp. (ISBN: 978-84-9914-484-9).

Álbum de Antonio Reigosa (Zoñán, Mondoñedo, 1958), dedicado “A quen pecha os ollos para soñar”, no que se relata en terceira persoa como un mozo nugallán e folgazán ten que traballar de home do saco porque seu pai enferma. Tras adestrarse no manexo do saco e nos trucos para cazar os pícaros, sae contento na procura de nenos gordechos e repoludos e no camiño vai pensando que mercará cos cartos que gañe. Mais cando está a esperar polos nenos á saída do colexio queda durmido e recibe as burlas e insultos dos cativos, caendo dentro do seu saco. Na cuberta móstrase o protagonista durante a acción da historia e o título destaca a partir dunha cor avermellada. As gardas presentan a simetría dunha mesma imaxe na que se crea unha serie de trazos que imitan as pegadas dun gato, que remata dentro dun saco. As ilustracións interiores de Marta Álvarez Miguéns (Vilagarcía de Arousa, 1976) mesturan a técnica do lápis de cores coa técnica do pastel e empregan cores saturadas e contrastadas, destacando un cromatismo frío e planos de cores con diferentes texturas. Nelas os personaxes reflicten caracteres faciais moi marcados e o texto, que complementa a imaxe, cambia a cor da tipografía ao branco nos fondos moi escuros.

Recensións:

- María Navarro, “Tradición e modernidade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 446, “Libros”, 11 xullo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 418, “Letras galegas”, 13 xullo 2013, p. 6.

Indica que *O aprendiz do home do saco* é unha obra inspirada no sacaúntos, un pai de familia que para procurarse o sustento vaga polas rúas en busca de nenos e nenas. Dáse conta do argumento da obra e matízase que nel se bota man dun conto popular, *A leiteira*, no que se confunde o desexo coa realidade. Apunta que as ilustracións de Marta Álvarez Miguéns achegan figuras e detalles para a realización da proposta plástica. Remata afirmando que esta obra mestura a tradición coa modernidade.

Referencias varias:

- Antonio Reigosa, “O aprendiz do home do saco”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 27 abril 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O aprendiz do home do saco*, escrita por Antonio Reigosa e ilustrada por Marta Álvarez Miguéns.

- María L. Viñas, “A forma de que os mitos non desaparezan é humanizalos”, *El Progreso*, “*Vivir*”, 18 maio 2013, p.41.

Apunta que Antonio Reigosa trata de humanizar o mito do “home do saco” a través dunha presentación na feira do libro de Lugo. Indica que expón a idea que se ten dese mito e trata de cambiar a maneira de ver a este personaxe “actualizándoo”, é dicir, levándoo á vida real, a través dun rapaz que tras enfermar o seu pai, ten que herdar o oficio deste. Recomenda o seu libro a todo o público, pois nel achega a súa experiencia e trata de encher a lectura de matices.

Rodríguez, Paloma e Cristina **Justo**, *Canto te quero, profe!*, ilust. Špela Trobec, Ferrol: Edicións Embora, col. A igualdade conta, [lectorado autónomo], febreiro 2013, [30] pp. (ISBN: 978-84-92644-50-6).

Álbum narrativo da dobre autoría textual de Paloma Rodríguez Vázquez (Ferrol, 1956) e Cristina Justo Suárez (1977) no que o pequeno Nicolás conta en primeira persoa as súas sensacións e inquedanzas no seu primeiro día no colexio dos maiores. O pequeno relata como grazas aos coidados, atencións e ensinanzas que lle proporciona o seu mestre lle vai collendo cada vez máis cariño e afecto, mostrándolle con tenrura o seu agradecemento e consideración. Exponse unha visión integradora, antidiscriminatoria e socializadora na que se defende a educación en valores e a superación dos estereotipos de xénero, camiñando así cara a unha total igualdade de xénero ao mesmo tempo que se dignifica o oficio de docente. As ilustracións de Špela Trobec (Eslovaquia, 1974), sobre fondo branco, empregan un deseño que combina trazos de pintura, debuxos de liña e recortes de papeis, con predominio da acuarela, cun estilo moi próximo ás imaxes do debuxo infantil, que presentan un aspecto simpático e nun universo infantil. Nas variadas composicións, que xogan coa cor, tamaño e tipografía dos textos, a ilustradora

combina a abstracción con elementos figurativos. Nelas preséntase o que ocorre dun xeito global, pero tamén o punto de vista privilexiado do neno pequeno.

Santiago, Eduardo, *A teoría do tempo imaxinario*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Alcaían, [mocidade], 2013, 192 pp. (ISBN: 978-84-15699-38-5).

Segunda novela de Eduardo Santiago (O Casal, Salcedo, Pontevedra, 1964), composta por vinte capítulos acompañados dun prólogo e dun epílogo, onde recupera dúas personaxes da súa anterior novela, *2044*, e que sitúa nesta ocasión no ano 2050, nunha hipotética era do matriarcado en que as mulleres gobernan o mundo. Como froito desta ambientación úsase o feminino como xenérico, feito que o autor nos explica na nota preliminar. A protagonista é Mara Peleteiro, unha muller moi intelixente que é invitada a probar un novo sistema de seguridade virtual no Smithsonian, lugar onde coñecerá a dous estudantes que farán cambalear a súa vida, namorándose do mesmo rapaz que a súa irmá. Trátase duha novela de ficción científica debido a que a realidade se mestura coa realidade virtual, pero tamén presenta unha trama de misterio, espionaxe e amor. Ademais salienta a presenza doutros temas como a función das novas tecnoloxías, a defensa da diversidade lingüística e a crítica ao sistema capitalista.

Souto, Xurxo (texto e narración oral), *A Terra Queima*, ilustr. María José Barreiro, fotografías Xulio Rey, música de Lalo Carnota, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], outubro 2013, 45 pp. (ISBN: 978-84-9914-560-0). Inclúe CD.

Volume no que se relata un misterio e no que están presentes a narración, a música e a fotografía dando lugar a unha visión máis profunda e viva da natureza. Xurxo Souto (A Coruña, 1966) é o responsábel do texto e da narración oral na que se conta en terceira persoa a historia de Antón, un rapaz das Lagoas que é o encargado de resolver un enigma que dende o primeiro momento non ten moito sentido. Todo comeza na primavera, na aldea dos seus avós, Lardeiros. Un corvo chamado Roque pídelles axuda a Antón para resolver un enigma. Os protagonistas teñan certas claves para iniciar a súa busca pero non lle atopan moito sentido. Esas claves esconden o lugar onde se atopa o Conde Cachuzas, o responsábel de controlar a temperatura da terra que dende hai cen anos non para de medrar (é un segredo que ningún humano máis pode coñecer). As alas de Roque Pequeno comezan a viaxar polos currunchos dos mapas, seguindo as pistas, pero non atopa nada. Dous días antes da noite de San Xoán, o día que caduca a termóstato mariño do Conde Cachuzas, Antón baixa á praia das Amoras e encóntrase cun home mariño. Estes recítalle o enigma e dille que o lugar que busca esta máis preto do que el pensa, nas rochas percebeiras da Torre de Hércules. Ao día seguinte, despois do instituto, Antón vai en busca do sabio percebeiro Milucho, quen coñece mellor que ninguén os recunchos da Torre e quen lle conta a historia que ten cada lugar. Antón descobre o lugar onde se atopa o Conde Cachuzas e, horas máis tarde, indícallo ao corvo. Roque vai até o lugar indicado, a Forna dos Touciños e atópase co Conde quen lle di: “Quedei durmido un par de décadas e volveu subir un chisco a temperatura do mar. Tranquilo que aperto a caravilla. Solucionado!!”. O volume, que na última páxina recolle a dedicatoria do autor da música, Lalo Carnota, a seus pais, á familia e a todas aquelas persoas que nalgún momento o axudaron na súa carreira, conta coas ilustracións de María José Barreiro, quen emprega diferente variedade de rexistros con fotografías. Algunhas imaxes mostran un grao de realismo moi alto, mentres que outras son simples

siluetas. En xeral a autora busca lograr efectos de forte espacialidade, mediante vistas aéreas moi chamativas e mesmo cartografías, mentres que noutros mostra obxectos en primeiro plano. Este contraste deliberado leva o lectorado de sorpresa en sorpresa, volvendo as ilustracións imprevisíbeis e logrando efectos de gran sutileza para suxerir un ambiente nocturno, chuvioso, brumoso etc.

Referencias varias:

- Xurxo Souto, “A terra queima”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 7 decembro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A terra queima*, escrita por Xurxo Souto, ilustrada por María Xosé Barreiro, con fotografías de Xulio Rey e con música de Lalo Carnota.

Tobaruela, Pere, *O códice do Santo Lugar*, deseño cuberta Miguel A. Vigo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, n.º 146, [lectorado mozo], xaneiro 2013, 161 pp. (ISBN: 978-84-9914-462-7).

Novela de Pere Tobaruela (Barcelona, 1965) na que, a xeito de novela histórica, mais con trazos de ficción, se conta, por medio dun narrador en terceira persoa, as aventuras de Diego Xelmírez para poder recuperar o Códice da Catedral de Santiago de Compostela: dende viaxar a Toledo para buscalo até voltar á cidade pertencendo ao bando contrario. Os vinte e tres capítulos que conforman o volume preséntanse divididos en catro apartados: “Roubo”, “Derrota”, “Traizón” e “Fuxida” nos que teñen protagonismo a amizade e a fidelidade, así como o amor que sente Diego Xelmírez por Azenda e Roberto de Lara, outro dos protagonistas da historia, por Belida, unha muller de campo que lle cura as feridas e da que queda namorado dende o primeiro momento que a viu. A novela péchase cun Epílogo, intitulado “O Códice do Santo Lugar”, no que se relata onde quedou o Códice e en mans de quen. O deseño da cuberta de Miguel A. Vigo é unha montaxe de imaxes significativas para situar o relato. Unha espada, unhas pingas de sangue e, de fondo, unha páxina dun códice miniado evocan a aventura, a Idade Media, os cabaleiros e o misterio presentes na historia.

Recensións:

- Laura Caveiro, “Atracción e sedución”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 447, “Libros”, 28 febreiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 401, “Letras galegas”, 9 marzo 2013, p. 6.

Comenta a saída do prelo da novela de corte histórico *O códice do Santo Lugar* (2013), de Pere Tobaruela en Edicións Xerais. Salienta o carácter cinematográfico do texto e enumera as diversas liñas argumentais que o conforman, así como as características dos personaxes principais.

Referencias varias:

- X. M. R., “A Cámara de Amarante intégrase no padroado da Fundación Risco”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Ourense*”, 13 marzo 2013, p. 9.

Comenta que o 7 de marzo de 2013 tivo lugar a sinatura oficial do acordo no que o concello portugués de Amarante se integra no padroado da Fundación Risco e anúnciase que esta fundación presentará o 15 de marzo o libro de Pere Tobaruela *O códice do Santo Lugar* e mais que no mes de abril celebrará o curso “A creación da vangarda en Galicia no século XXI”.

Toro, Xelís de, *O gato fantasma*, ilust. Almudena Aparicio Andión, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 228, de 9 anos en diante, marzo 2013, 64 pp. (ISBN: 978-84-9914-489-4).

Conto fantástico realista, de Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962), dedicado aos chispiñas Sabela e Breixo e no que están presentes a amizade e o amor, con certos toques de humor. Nel relátanse as aventuras de Rolo, xunto á súa mellor amiga Pestiña, cando aparece un gato fantasma no pobo no que viven debido aos debuxos que fai o neno pola noite cando está durmido. Este gato pasa de ser un personaxe bo a se converter no malo da obra. Entre estes dous amigos deben encontrar a maneira de solucionalo e facelo desaparecer. Na cuberta preséntase a repetición da cara do gato na que se aplican múltiples cores, ofrecendo unha estampación da mesma imaxe en toda a páxina. Aparece unha veladura rosa nun extremo da cuberta onde se atopa co paxariño, tamén protagonista da historia. O título vai encadrado nun fondo branco unha tipografía redonda. No interior o texto complementase coas ilustracións, de cores alegres e que mesturan a montaxe dixital e a colaxe, de Almudena Aparicio Andión (Vigo, 1978). Nelas represéntanse os acontecementos que lle ocorren a Rolo e Pestiña dende que se atopan co gato fantasma. Para obter o fondo de cada ilustración Almudena Aparicio Andión recorre a estampados sinxelos, coma formas xeométricas ou ao simple colaxe de diferentes papeis con texturas. A ilustradora consegue obter o volume nas imaxes a partir da saturación de cor de cada unha das formas que conxuntamente crean un personaxe ou un elemento, realizados de maneira moi sinxela e con expresión alegre. Son imaxes que acostuman ocupar unha folla enteira, aínda que tamén se atopan casos de dúas páxinas enteiras. Cómpre destacar que en cada unha das páxinas, represéntase un gatiño ou un paxaro de maneira cómica.

Referencias varias:

- Jaureguizar, “Os gatos ausentes”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 4 maio 2013, p. 56.

Aborda o seu gusto pola literatura con presenza de gatos, de aí que lera a obra de Natsume Soseki e as novelas de Haruki Murakami. Céntrase n’*O gato fantasma*, de Xelís de Toro, da que indica que é apta para a comprensión de todas as persoas maiores de nove anos. Refire que o autor lle reforza que a mellor literatura galega é a Literatura Infantil e Xuvenil e o que lle fascina del é a súa alma de gato, xa que “de cando en vez aparece e entrega algunha das súas marabillas e volve desaparecer nas rúas de Londres, onde reside”. Apunta que esta narración aborda o inxusto que somos cos outros cando nos indignamos por un malentendido, e incide sobre “a velocidade coa que este país esquece aos seus ausentes”, que non cre que fose a pretendida por Xelís del Toro, xa que segue unha actitude despectiva máis sangrante agora que cada vez máis a Galicia

viva e creadora reside máis ausente do territorio. Remata cunha reflexión sobre o final desta narración, onde Rolo acaba recuperando a amizade de Pestiña, “mentres que na realidade, poida que nunca recuperemos aos nosos Xelís de Toro”.

Vázquez Freire, Miguel, *Fadita fosca*, ilustr. Xosé Tomás, A Coruña: Baía Edicións, col. Mar de letras, n.º 9, [lectorado autónomo], xuño 2013, 46 pp. (ISBN: 978-84-9995-074-7).

Relato de Miguel Vázquez Freire (Corcubión-A Coruña, 1951) dedicado á súa sobriña Saletiña. Nel relátanse as aventuras de Ela, o avó e o maldito moscón. O narrador en terceira persoa conta como coa chegada da calor aparecen as moscas e a Saletiña isto non lle gusta nada. Dende o seu lugar preferido, o azucreiro, o moscón observa e voa por riba de toda a familia. Un día cando Saletiña e o avó quedan sós deciden ir na caza da maldita mosca cunha indumentaria do máis orixinal. Malia o desastre montado na casa, da reprimenda da avoa e do fracasado intento de captura do moscón, Saletiña non se rende. A cuberta presenta o título remarcado nun rectángulo gris e, na parte inferior, a protagonista máis pequena da familia, Saleta, tratando de cazar o moscón. No interior, as ilustracións de carácter cómico de Xosé Tomás (Betanzos-A Coruña, 1971) manteñen coherencia co texto, amosando personaxes con trazos caricaturescos e expresivos. Todas elas explican as escenas, con cores cálidas e alegres, e constitúen imaxes realistas, realizadas coa técnica do debuxo a lapis a través do computador, onde se traballa con cores saturadas e manipulando as sombras e volumes a partir dos pinceis dixitais. Trátase dunhas imaxes que informan sobre o contido da historia e outras que complementan, a maiores, a información textual con diferentes planos na escena (escorzos, planos xerais que ocupan a dobre páxina e detalles). Os fondos onde vai engadido o texto son planos, nalgúns casos en cor branca e noutros en cores vivas.

- J. M. Ramos, “Una semana de literatura con la Feira do Libro 2013”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 647, 13 agosto 2013, p. 9.

Infórmase da celebración da Feira do Libro na localidade de Cee que contará, entre outras actividades, coa presentación de *Fadita Fosca*, de Miguel Vázquez Freire. Indícase tamén que terá lugar a sesión de contacontos con Ana María Martínez, Jesús Toba e María José Rey con *O corvo de Roque*.

VII. 1. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Blanco, Concha, *Quero que veñan meus pais*, ilust. Xosé Tomás, Ferrol: Edicións Embora, decembro 2013, 108 pp. (ISBN: 978-84-92644-72-8).

Reedición da obra publicada por Concha Blanco (Lires, Cee, 1950) na colección “O trolebús”, da editorial Casals, no ano 2000 e descrita no *Informe* correspondente. Presenta, respecto á edición orixinal, a adaptación da lingua galega á norma vixente dende o ano 2003, pequenas diferenzas no texto e o cambio das ilustracións, que en 2000 realizou Marisa Irimia e que agora son da autoría de Xosé Tomás Betanzos (A Coruña, 1971). Nesta nova edición na cuberta emprégase a cor a partir da montaxe dixital e o grafismo do lápis para presentar o protagonista observando un mapa. O personaxe carece de boca coa que enfatiza a expresión da cara a partir da sinxeleza dos ollos. O fondo no que se sitúa o título é branco. No interior, as ilustracións en branco e negro e a páxina enteira de Tomás representan diferentes momentos da vida dos protagonistas, algúns nostálgicos, con aparencia de fotografía. Nelas non se emprega o volume, simplemente o grafismo e os trazos escuros do lapis para amosar os personaxes moi expresivos que ofrecen a ledicia que senten nos momentos que se atopan xuntos.

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Llega a las librerías ‘Juego de máscaras’ de Concha Blanco”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, 13 marzo 2013, p. 7.

Comenta a saída ao prelo da versión da novela *Coa carouta posta* (2009), traducida ao castelán como *Juego de máscaras* (2013), da autoría de Concha Blanco. Destaca doutra banda a publicación da súa novela infantil *A camioneta da media risa* editada por Bruño, o álbum ilustrado *Catuxa quere saber*, ilustrado por Dani Padrón, e a próxima reedición de *Quero que veñan meus pais*.

Cortizas, Antón, *O merlo de ferro*, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, n.º 227, de 9 anos en diante, marzo 2013, 48 pp. (ISBN: 978-84-9914-488-7).

Nova edición do conto fantástico de Antón Cortizas (Ferrol, 1954) publicado por vez primeira en 1995 na colección “O Barco de Vapor” da editorial SM e descrito no *Informe* correspondente. Presenta, respecto á edición orixinal, a adaptación da lingua galega á norma vixente dende o ano 2003, pequenas diferenzas na distribución espacial dos textos e cambio das ilustracións, que en 1995 realizou Irene Fra e que nesta edición realiza Xosé Cobas (Logrosa-Negreira, A Coruña, 1953). Na cuberta preséntaselle ao lectorado agardado o merlo ao lado do ferreiro, simbolizando tranquilidade a partir das cores e da técnica empregada. Pola súa banda, o título vai encadrado na parte superior da ilustración. No interior, o ilustrador emprega a técnica mixta de acuarela, lapis de cores e pasteis, así como cores de maneira saturada, con diferentes veladuras, que se conseguen a partir do pastel e a acuarela, dirixidas cara a unha tonalidade cálida. Trátase

de imaxes moi metafóricas e poéticas de elementos moi sinxelos que expresan soidade e á vez liberdade e fortaleza. Ademais, salienta o grafismo sinxelo das imaxes a partir dos trazos do lapis. As ilustracións aparecen normalmente nunha páxina enteira mais tamén destaca en cada unha das páxinas o detalle no borde superior do merlo dirixíndose a unha dirección.

Recensións:

- María Navarro, “Na maxia dos sons”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 468, “Libros”, 12 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “*Letras galegas*”, n.º 420, 21 setembro 2013, p. 10.

Comenta *O merlo de ferro*, de Antón Cortizas, reparando na recreación dun “universo ateigado de recordos”, no cal os sentidos xogan un papel de suma importancia. Alude ao bo facer do protagonista e á relevancia de introducir os cativos no mundo poético. Para rematar, repara nas ilustracións do volume, da autoría de Xosé Cobas.

Referencias varias:

- Antón Cortizas, “O merlo de ferro”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 13 xuño 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O merlo de ferro*, escrita por Antón Cortizas e ilustrada por Xosé Cobas.

Fariña, Anxo, *Os megatoxos e os templarios da luz*, ilust. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de Libros, serie Os Megatoxos, n.º 3, [lectorado mozo], xullo 2013, 144 pp. (ISBN: 978-84-9914-533-4).

Nova edición desta entrega da serie “Os Megatoxos” publicada en Edicións a Nosa Terra no ano 2009 e descrita no *Informe* correspondente. Presenta, respecto á primeira, algunhas pequenas diferenzas. Así, iníciase cunha breve presentación, tanto gráfica como textual, dos diferentes personaxes, e cun “Capítulo 0. Día de sorte”, inexistente na primeira edición, que sitúa a acción en París de 1885. As ilustracións mantéñense as mesmas, mais nun caso varía a súa colocación respecto á edición de 2009.

Recensións:

- Paula Fernández, “Engaiolante lectura”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 427, “*Letras galegas*”, 9 novembro 2013, p. 10.

Indícase que *Os Megatoxos e os templarios da luz*, de Anxo Fariña, é unha reedición ampliada polo autor. Ofrécese o argumento e alúdese á súa idoneidade para o lectorado preadolescente. Sinálase que se trata dunha historia atractiva na que se conxugan o idealismo e rexistro lingüístico propio deste rango de idade, a acción e as reflexións sobre a vida e a morte. Para rematar, exprésase que a serie dos Megatoxos “non ten nada que lle envexar” a outras series de orixe estranxeira con características similares.

VII. 1. 3. ADAPTACIÓNS

Pinto&Chinto (adapt.), *O estrambótico Principiño*, texto de Carlos López, ilust. de David Pintor, A Coruña: Editorial Bululú, [lectorado autónomo], novembro 2013, 30 pp. (ISBN: 978-84-941411-7-1).

Adaptación de *Le Petit Prince*, de Antoine de Saint-Exupéry (Lion, Francia, 1900-Mar Mediterráneo, 1944), realizada por Carlos López (Boimorto, A Coruña 1967), na narrativa textual, e David Pintor (A Coruña, 1975), na visual. Comeza cunha introdución, a modo de historia, na que se afirma que este libro o escribiu o propio Principiño, cando xa era Rei, para falar da súa xuventude. Un narrador en primeira persoa, o aviador, relata a vida do Principiño e a súa propia. Reitera, con leves cambios respecto á obra orixinal na que se basea, a viaxe emprendida polo protagonista a través das galaxias na procura de axuda para frear o seu pequeno planeta, xa que xira incesantemente por culpa dun volcán en erupción. A razón pola que o Principiño precisa frealo é para deixar de envellecer tan axiña. Grazas á axuda de tres seres procedentes da Terra (un aviador, un raposo e unha serpe), o protagonista logra poñer fin ao seu problema. As ilustracións ofrecen unha alternativa ás ilustracións clásicas, sen deixar de manter un eco coas mesmas. As imaxes, a gran escala, combinan unha factura lineal sumamente delicada con grandes manchas de cor que a miúdo desbordan os límites marcados polo debuxo, creando un efecto dinámico. Destaca o papel dos raiados para suxerir con eficacia sombreados, volumes e texturas. Noutras ocasións os fondos trátanse cun goteo aleatorio de salpicaduras. As figuras resultan sumarias pero ben caracterizadas, xogando con elementos como as diferenzas de escala entre os membros do corpo ou a vestimenta, fronte á continuidade do pequeno protagonista.

Recensións:

- Ramón Loureiro, “Pinto & Chinto, no ceo iluminado”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 548, 30 novembro 2013, p. 9.

En primeiro lugar salienta a importancia da poesía, xénero que subxace neste volume dos astistas gañadores do Premio Mingote. A seguir sinala a súa pertenza á editorial Bululú e comenta a impresión inicial que provoca esta obra que define como unha das que “franquean as sempre escasas portas da eternidade”. Remata aludindo á fantasía que impregna a obra.

Referencias varias:

- M. Otero, “Especialistas en soños ilustrados”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 548, 30 novembro 2013, p. 9.

Alude ao labor ilustrativo de Carlos López e David Pintor n’*O estrambótico principiño*, facendo fincapé no seu talento e nas doses cargadas de imaxinación que impregnan o volume.

- Juan José Lage e Ana Abelenda, “Agasallos en edicións singulares”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.079, “Literatura”, 18 decembro 2013, p. 2.

Recoméndase como agasallo de Nadal unha serie de libros en castelán e en galego que consideran “poden servir de estímulo para incentivar a lectura e o amor aos libros, ademais de polos seus interesantes contidos”. Saliéntase a idade do lectorado ao que van dirixidos e ofrécese un breve descritor de varios libros en galego, entre eles *O estrambótico Principiño*, de Pinto&Chinto, recomendado a partir de cinco anos.

VII. 1. 4. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS E REEDICIÓNS

Alberdi, Uxue, *Cando sexades pequenos. Conto para contarlles aos maiores antes de durmir* (Txikitzen zaretenean, 2013), ilustr. Aitziber Akerreta, trad. M. Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [lectorado autónomo], marzo 2013, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-816-1)

Álbum fantástico realista, de Uxue Alberdi (Elgoibar, Guipúscoa, 1984), que se centra no mundo dos adultos visto dende a perspectiva infantil. Nel emprégase de maneira reiterada “cando sexades pequenos” para contar todas as accións que os adultos realizarían se retornasen á nenez. Así, no canto de estaren obsesionados con traballar e ocupar o seu tempo facendo plans de futuro, cumprindo convencións sociais ou discutindo, atoparía máis divertido recoller amoras, brincar nas pozas, xogar a ser personaxes fantásticos ou aprender cos avós escoitando as súas historias. Na cuberta pódese observar un conxunto de nenos-adultos expresando ledicia e posando cara a cámara. Esta imaxe está realizada a cor sobre un fondo branco onde se aprecian diferentes árbores de maneira simplificada, ao xeito no que os faría un neno. O título aparece na parte inferior da cuberta, ofrecendo maior importancia á ilustración. No interior, as ilustracións de Aitziber Akerreta (Pamplona, 1979) acompañan o narrado e amosan a vida dos adultos en branco e negro e o mundo de cores en que vive a nenez. Os debuxos empregan a técnica do grafito e do claroscuro, destacando sempre os personaxes protagonistas, os nenos.

Recensións:

- María Navarro, “Defensa da ternura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 463, “Libros”, 20 xuño 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 813, “Letras galegas”, 22 xuño 2013, p. 10.

Apúntase que *Cando sexades pequenos* amosa un universo onde certos valores que caracterizan a nenez acaban perdéndose co paso do tempo, cambiando os seus centros de interese e esquecendo o verdadeiramente importante para poder acadar o benestar. Sinálase que nesta narración se antepón o desexo, a utopía e a fantasía á discusión, ao materialismo e á crúa realidade. Destácase a presenza de actividades para os maiores, aínda que facendo alusión ao título, *Cando sexamos pequenos*. Dise que a imaxinación é a que toma o papel máis importante, xa que fisicamente non poden volver ao pasado. Matízase que non falta a fantasía e a inversión de roles dirixido “aos pequenos para que non deixen de selo e aos maiores para que recuperen (...) riscos da súa infancia que os faga felices”.

Albo, Pablo, *O cascabel da gata* (*El cascabel de la gata*, OQO, 2013), ilustr. Raúl Nieto Guridi, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], marzo 2013, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-447-0).

Conto fantástico realista, de Pablo Albo (Alicante, 1971), dedicado á biblioteca Iniesta, onde contou por primeira vez esta historia o 7 de novembro de 2007. Un narrador omnisciente relata a busca dun cascabel por parte da súa dona, a gata Benita,

protagonista da trama. Recuperar o cascabel é fundamental para a gata xa que, sen el, a súa dona non lle dará as sardiñas que tanto lle gustan. Noméanse diferentes elementos da casa, aos que o autor dá vida nos frecuentes diálogos (como ocorre co sofá), e nos que a gatiña confiará para chegar até o seu cascabel. Na cuberta obsérvase a Benita, a gata protagonista, que reflicte sorpresa ou atención pousada nun mantel a cadros. No interior, o texto complementase coas ilustracións de Raúl Nieto Guridi (Sevilla, 1970) que se adaptan perfectamente ao expresado na narración textual se ben engaden novos personaxes, inexistentes no texto. Nelas predominan as imaxes limpas a partir dun forte contraste entre o branco e o negro. Trátase de debuxos de liñas simplificadas, aínda que atractivas e simpáticas, nos que se dá máis importancia ás expresións faciais que ao fondo e á contorna, que aparece maioritariamente en branco. Neles emprégase a técnica do lapis e á vez a montaxe dixital utilizada da mesma maneira que unha imaxe serigrafiada a partir de cores planas.

Recensións:

- María Navarro, “Divertido relato”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 467, “Libros”, 5 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “*Letras galegas*”, n.º 419, 14 setembro 2013, p. 10.

Ofrécese o argumento d’*O cascabel da gata* e indícase que se trata dun relato divertido no que se conxugan agudeza, valores solidarios, inxenuidade e un aceno notábel ao clásico *Le avventure di Pinocchio*, de Carlo Collodi. Finalmente, destácanse as ilustracións realizadas por Raúl Nieto Guridi, das que se apunta que van “máis alá do propio texto”.

Alderson, Brian (adapt.), *O corcovado e outros contos de «As mil e unha noites»*, ilustr. Michael Foreman, trad. Isabel Soto, actividades Agustín Sánchez Aguilar, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Cucaina, n.º 11, [lectorado autónomo], 2013, 128 pp. (ISBN: 978-84-682-1302-6).

Volume no que se reúnen dez relatos pertencentes á recompilación de contos orientais *As mil e unha noites*, seleccionados e adaptados para o público infantil por Brian Alderson (1930). A selección principia co relato de ton cómico “O corcovado”, ategado de deducións erróneas dos personaxes –o xastre, o médico, o cocinheiro e o administrador– e de esforzos por se desfaceren do cadáver do corcovado tras a súa suposta morte por accidente. “Un prezo xusto” e “O burricán e o seu burro” son relatos humorísticos e de ton picaresco de extrema brevidade que se achegan ao chiste ou á anécdota, no primeiro caso recorrendo ao escatolóxico, e no segundo a través do retrato dun individuo sen intelixencia ningunha. O mesmo acontece cos máis extensos e disparatados “A taleiga sen fondo”, no que dous personaxes se disputan a propiedade dunha taleiga, para o cal van esaxerando cada vez máis o seu contido, e “As babuchas fatídicas”, onde o obxecto que aparece no título é o responsábel dunha chea de desgrazas para o protagonista. “O lobo e a raposa” é unha fábula na que os protagonistas son animais aos que se lles atribúen facultades humanas –e onde a raposa queda caracterizada pola súa astucia, mentres que o lobo cae en todas as trampas que lle pon a súa contrincante–, igual ca “Cuestión de orellas”, onde se presentan as artimañas dun boi e dun asno para se libraren do traballo. Ao relato de finalidade moral responde “O

papagaio fiel”, que condena o vicio da ingratidade cun papagaio a través da conduta dun marido celoso e do retrato da muller infiel. De carácter visionario é “O home arruinado e o seu soño”, onde o heroe coñece a través dun soño onde está a súa fortuna. Pecha o volume “Alí Babá e os corenta ladróns”, un conto de crimes que presenta dous irmáns radicalmente opostos, Alí Babá –curioso, prudente e xeneroso– e Kásim –malvado, avaro e indiscreto– e que se centra na transgresión dunha prohibición. O bondadoso Alí Babá resulta ao final recompensado, mentres que o seu irmán ten un castigo pola súa cobiza. O libro conta con numerosas ilustracións realizadas por Michael Foreman (Londres, 1938). Complétase con notas aclaratorias e un apéndice de actividades realizadas por Agustín Sánchez Aguilar que inclúen cuestións relacionadas coa temática e a expresión dos relatos.

Recensións:

- Paula Fernández, “Exóticos espazos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 473, “Libros”, 17 outubro 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “*Letras galegas*”, n.º 425, 26 outubro 2013, p. 10.

Comeza comentando esta tradución ao galego dos relatos d’*As mil e unha noites*, de Brian Alderson. Explica que esta adaptación se dirixe ao segundo ciclo do Ensino Secundario Obrigatorio (ESO) e que opta por manter a esencia da obra orixinal. A continuación, ofrece un resumo breve do argumento e subliña o interese que suscitan os espazos exóticos nos que ten lugar a acción, así como a temática das historias. Para rematar, indica a relevancia desta obra dentro da literatura universal.

Alderson, Brian (sel.), *As mil e unha noites*, ilust. Michael Foreman, trad. Isabel Soto, notas e propostas de traballo Agustín Sánchez Aguilar, Barcelona: Ediciones Vicens Vives, col. Aula das Letras, n.º 7, 2013, XX pp. (ISBN: 978-84-682-1306-4).

Volume no que se reúnen unha selección dezoito relatos pertencentes á recompilación de contos orientais *As mil e unha noites* realizada polos escritor inglés Brian Alderson (1930), que asina tamén a introdución. Nesta abórdanse aspectos como a chegada do libro árabe a Europa da man do orientalista francés Jean Antoine Galland (1645-1715) entre os anos 1703 e 1717, as orixes e historia desta recompilación de contos e os seus temas e xéneros. A selección principia co relato que serve de marco a todas as historias, “O rei Sahriyar, o seu irmán Sah Zamán e Sahrazad, a filla do visir”, no que se refire a historia do rei Sahriyar, quen unha noite descobre por azar que a súa esposa lle é infiel. Convencido de que todas as mulleres utilizan a súa astucia para enganar os homes e decidido a non tolerar unha nova traizón, Sahriyar xura que de alí en diante casará cada noite cunha muller virxe e que ordenará a súa execución co abrente do día. O ritual repítese durante varios anos, até que o rei casa coa nova e axuizada Sahrazad, quen non acepta o destino que lles foi imposto ás mulleres do reino e para eludir a condena a morte válese dun enxeñoso método: na noite de vodas, relátalle ao rei un conto que non chega a concluír. Deste xeito, o sultán decide perdoarlle a vida, pois arela sempre que Sahrazad lle revele o final da historia. Na noite que segue, a rapaza remata o conto interrompido, pero dá comezo a un novo que a chegada da alba lle impide concluír, o cal provoca decontino o atraso da condena a morte. Tras deste marco inclúense historias de gran variedade temática e xenérica. Ao conto marabilloso adscribíse “O pescador e o

xenio”, cuxo protagonista bota un día as redes ao mar e vese asaltado pola presenza dun xenio terrorífico que emerxe dunha botella de bronce e o ameaza de morte. No interior deste conto aparecen outros relatos como “Historia do sabio Ruyán”, “O falcón leal” e “O papagaio fiel”, unidos polo mesmo propósito moral: a condena do vicio da ingratidade. Tamén aparece un obxecto marabilloso de virtudes máxicas no coñecido “Aladino e a lámpada marabillosa”, que satisfai os desexos de quen a freta e que a piques está de acabar coa boa fortuna de Aladino por lle esixir máis do debido. O motivo da viaxe é o elemento temático central do conto marabilloso “Historia da Cidade de Bronce”, onde os expedicionarios baten cunha cidade de bronce ategada de tesouros pero convertida nun lugar de maleficio e de morte. A andanza dun pícaro é o trazo salientábel de “O miñaxoia e o seu asno”, no que un ladrón logra convencer un campesiño de poucas luces de que o asno que o axuda no seu traballo foi xacando un home, a quen Alá transformou en animal para que expiase os seus pecados. A asombrosa historia só é unha invención do ladrón para lle arrebatat o asno ao labrego, pero o inxenuo campesiño dálle creto e permite o roubo. O crime e a angustia artellan “Alí Babá e os corenta ladróns”, onde ao final se recompensa os virtuosos e se castiga os malvados, e “As tres mazás”, onde o achado dun cadáver dunha muller encerrado nunha arca dá pé ao relato do asasino, o seu home celoso. O volume inclúe tamén varias fábulas de propósito moral: “A fábula do león e o carpinteiro”, “A fábula do lobo e a raposa” e “A fábula do rato e a donicela”, para adoutrinar contra os vicios dos homes, enmascarados tras o comportamento dos animais. A pretensión didáctica asoma tamén en relatos sinxelos, boa parte deles para provocar a curiosidade ou a risa do lectorado, como “O home arruinado e o seu soño”, arredor do achado dun tesouro; “Conto que Alí o persa contou para divertir a Harún al-Rasid”, no que dous homes se disputan a posesión dunha taleiga e van enumerando os obxectos que contén dicindo cada vez maiores desatinos, ou “Conto de Yafar o barmequí e o beduíno enfermo”, no que un peido perturba o silencio do deserto. De intención cómica é tamén “O corcovado”, ategado de deducións erróneas dos personaxes –o xastre, o médico, o cociñeiro e o administrador– e de esforzos por se desfaceren do cadáver do corcovado tras a súa suposta morte por accidente. O libro conta con numerosas ilustracións realizadas por Michael Foreman (Londres, 1938). Complétase con notas aclaratorias e un apéndice de actividades realizadas por Agustín Sánchez Aguilar que inclúen cuestións relacionadas coa temática e a expresión dos relatos.

Arnal, Txabi, *Mago Rosa*, ilust. Rashin Kheiriyeh, trad. do castelán Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], marzo 2013, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-446-3).

Álbum narrativo, de tendencia fantástica, de Txabi Arnal (Ermuna, 1967), dedicado á súa sobriña Eider e protagonizado por un mago. O tema principal da obra é a avaricia, tratada con humor por medio de Mago Rosa que, axudándose dunha palabra máxica, consegue meter na súa bolsa de coiro todo o que desexa. O narrador en terceira persoa conta todos os pasos e todo o que colle Mago Rosa dende que comeza por tragarse a Mago Amarelo e pasa polo mercado, pola xastrería e polo banco até que fai seu un pazo e a súa princesa, deixando en pouco tempo as rúas baleiras. Como é tan grande o seu afán por ter todo o que mira, ao non ser capaz de coller un paxaro, comeza a atacar unha maceira que quixo axudalo. Quítalle todas as follas, os niños e os froitos, quedando así a árbore espida e con dificultade para pasar o frío inverno. Antes de que enferme, aparece unha nube de aves que se aniñan nas súas pólas e lle dan moita calor para sobrevivir ese

inverno. A cuberta presenta o Mago Rosa coa súa mascota, un can, que o acompaña a todos os recunchos, dentro dun escenario, ofrecendo os cortinóns de lado, para ofrecer a presentación do conto. No interior, as gardas empregan un fondo rosa, a cor do protagonista, e presentan diferentes símbolos ou imaxes illadas de personaxes como a árbore. As ilustracións interiores, de cores alegres, cálidas e con tons moi chamativos, están realizadas por Rashin Kheiriyeh (Irán, 1979) e cobran moita forza e máis importancia que o texto. Nelas emprégase a pintura acrílica, coa que se consegue a textura das veas da pintura, ao esmagar a pintura contra outro papel, creando efectos florais ou vexetais. A ilustradora tamén emprega a estampación de formas xeométricas para adornar. Así mesmo, pódese apreciar o xogo coa textura do “dripping”, pingas ou derramamentos de pintura para crear efectos. O fondo é plano, sen aplicar pintura, pero consérvase a textura do papel onde se realizou a ilustración. Os personaxes son moi expresivos e destacan neles algúns trazos das caras, sobre todo, o nariz.

Recensións:

- María Navarro, “Sabor tradicional. Un final aberto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 462, “Libros”, 13 xuño 2013, p. VI.

Apunta que esta narración se centra no valor da solidariedade e da xenerosidade, amosando o desexo dun mago que, tras crear unha bolsa que todo o come, se queda coas pertenzas da xente sen importarlle a dor que causa iso. Comenta que se trata dun conto de sabor tradicional onde os indefensos adoitan, ao final, saír ben parados de situacións negativas. Precisa que conta cun final aberto e correspóndelle a cada lector crear o seu propio fin, aínda que estes demanden unha continuación do conto. Remata indicando que se complementa coas ilustracións cálidas e detalladas de Trani Rasnin Kheiriyeh, quen achega ao texto unhas pingas de diversión.

Arranz, Clara, *Hércules e a caixa máxica de Ana María Matute* (*Hércules y la caja mágica de Ana María Matute*, 2013), ilust. Higinia Garay, trad. M^a Isabel Carballo Rodríguez, A Coruña: Hércules Ediciones, col. As amizades de Hércules, [lectorado autónomo], 2013, 30 pp. (ISBN: 978-84-92715-57-2).

Relato, a xeito de biografía, de Clara Arranz sobre Ana María Matute (Barcelona, 1926-2014) e unha caixa máxica. A raíz dunha das viaxes de Hércules pola historia, para visitar personalidades que coñeceu a través da lectura, o heroe lembra a ocasión que tivo de coñecer, na primavera de 2011, á escritora Ana María Matute e o seu boneco Gorogó, que cobra vida e xuntos dan un paseo aventureiro pola vida desta escritora. Estructurado en seis capítulos, “Dous encontros inesperados”, “O cuarto escuro, as señoras de negro e o bosque”, “Unha nena arrepiada”, “Un soño moito tempo acariñado e unha difícil decisión”, “As alegrías e as cicatrices que deixa a vida” e “Adeus Gorogó...”, contados polo boneco, que acompañou a autora durante toda a súa vida, nárrese a historia de vida da escritora, dende que era unha rapariga rebelde, con ansias de escribir historias, até un momento actual, onde despois de moitas trabas, sufrimentos, desamor, se converteu nunha escritora consagrada á que lle outorgaron o Premio Cervantes e que defendeu a Literatura Infantil e Xuvenil, os contos e a felicidade. Na cuberta represéntase a Ana María Matute cando era pequena, co seu amigo imaxinario Gorogó e a caixa máxica, nun ambiente no que se crean os recordos a partir das

fotografías da infancia da protagonista. O título vai escrito nunha franxa de cor vermella, para destacar sobre a imaxe. No interior, Higinia Garay (Bilbao) emprega nas ilustracións a técnica da acuarela e un grafismo sinxelo para as siluetas dos personaxes, que visten con estampados, con influencia da ilustración xaponesa, da novela gráfica e da arte popular. As imaxes planas, de carácter infantil, que combinan as cores saturadas e alegres, amosan algunhas escenas en fondo branco que representan imaxes da prensa ou fotografías antigas con cores sienas ou grises. As ilustracións están guiadas por detalles da escena e engaden detalles que complementan e aumentan o texto.

Bowley, Tim, *Teño medo!*, ilust. Alicia Baladan, trad. do castelán Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], febreiro 2013, [34] pp. (ISBN: 978-84-9871-444-9).

Conto de Tim Bowley (Londres, 1945), dedicado a “Nirmal, que non ten medo de nada”, no que aparece un neno co seu avó sentados nunha rocha mirando cara ao mar. A medida que pasa o tempo o neno mostra certos medos por estar nesa rocha, cousas que poderían pasar se permanecesen nela. O avó, con moita tranquilidade, dálle unha resposta rápida para que non teña medo. A pesar disto, o rapaz pensa en máis posibilidades que o fan tremer de medo. O avó entra no xogo do neno e segue na mesma liña solucionando as cuestións dunha forma divertida, sen facer burla do neto e con moita paciencia. As respostas que lle dá están en harmonía coa imaxinación do neno até conseguir que o rapaz non teña medo e se sinta cómodo estando sentado nesa rocha e mirando cara ao mar. Na cuberta preséntase o neno protagonista agochado tras seu avó, identificándoo desta maneira coma o seu protector cara os perigos que poden atopar. O título aparece na parte superior con textura de xiz negra asemellándose ao trazo da ilustración. No interior, as ilustracións de Alicia Baladan, realizadas a “plumilla” e a tinta chinesa ou bolígrafo, presentan unha forte carga realista. Nelas cobra forza unha paisaxe marítima na que destacan as diferentes especies que viven no mar. As cores que se empregan, azuladas con sienas, recordan as ilustracións antigas das postais.

Recensións:

- María Navarro, “Seguirmos soñando”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 460, “Libros”, 30 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 412, “Letras galegas”, 1 xuño 2013, p. 10.

Comenta que esta obra favorece o desenvolvemento da imaxinación, que mestura a irrealidade coa realidade onde un avó e o seu neto dan en filosofar. Salienta que o título da obra pon o lectorado sobre a pista de que algo vai suceder e diante dunha serie de cuestións que propón o rapaz e que o avó responde constantemente. Explica que iso dá lugar a unha serie de historias que tanto lles gusta aos máis pequenos e nas cales se narra a aventura dun cangrexo xigante e un tiburón nun barco pirata que surcan os mares dende unha rocha. Comenta que o emprego dunha estrutura repetitiva recolle o desexo e preludia o que pode suceder converténdose nun recurso valioso para a historia e que fai posíbel que a reflexión/diálogo que manteñen os protagonistas adopten tintes metafísicos moi interesantes. Afonda no espírito do conto que trata con naturalidade e fantasía o sentimento do medo que transmite o neno, proporcionando tranquilidade para seguir soñando.

Browne, Anthony, *Un paseo polo parque* (*A Walk in the Park*, Brun Limited, 1977), ilustr. do autor, trad. Sandra e Óscar Senra Gómez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [prelectorado e lectorado autónomo], agosto 2013, [36] pp. (ISBN: 978-84-8464-687-7).

Álbum, de Anthony Browne (Sheffield, 1946), que xira ao redor de catro personaxes pertencentes a dúas familias social e economicamente distintas, acompañados polos seus respectivos cans, que se atopan no parque, lugar que funciona como espazo de liberdade e de igualdade. Os cans son os primeiros en procurar a compañía un do outro. Deseguida, de forma gradual, son os nenos, Mancha e Carlos, os que se aproximan para xogar e divertírense, mentres que os adultos optan por ignorarse. O contido gráfico imponse con imaxes a dobre páxina fronte á mínima presenza do texto. A nivel de estilo salienta o grao de detallismo cun tratamento minucioso de elementos como a vestimenta, as fachadas dos edificios ou a follaxe dos parques. A linealidade marca o conxunto, onde os fondos cobran grande importancia, mediante a súa verticalización para lograr efectos de planitude ou, máis raramente, unha sucesión en profundidade. As cores baséanse no xogo de matices delicados, propios da acuarela. Incorpora apuntamentos de cariz surrealista, convocando personaxes como o Papá Noel, o Rato Mickey ou Tarzán, ou incluíndo pormenores con vista a causar sorpresa.

Recensións:

- Ana Margarida Ramos, “Fermoso himno á amizade”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 9 novembro 2013, p. 41.

Comeza lembrando a data de publicación do título orixinal e o argumento do álbum *Un paseo polo parque*. Fala do valor que ten o espazo no que transcorre a acción, o parque, que “funciona como espazo de liberdade e de igualdade” entre humanos e cans, e sinala que incorpora moitos apontamentos visuais de cariz surrealista con informacións paralelas. Relaciona este álbum con *Voces no parque* (1988) que considera “un dos exemplos máis relevantes do álbum contemporáneo posmoderno”.

- Paula Fernández, “Arredor da incomunicación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 479, “Libros”, 28 novembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 430, “Letras galegas”, 30 novembro 2013, p. 10.

En primeiro lugar salienta a fondura e complexidade temática propia da escrita de Antony Browne. A seguir, comenta que o eixo do relato xira ao redor da facilidade que posúen os máis cativos para relacionarse en contraposición coa dificultade de comunicación do mundo adulto. Remata aludindo á dualidade de lecturas que suscita a obra e subliñando a importancia do labor ilustrativo.

Referencias varias:

- Anthony Browne, “Un paseo polo parque”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 5 outubro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Un paseo polo parque*, escrita e ilustrada por Anthony Browne.

- María Jesús Fernández, "Un paseo polo parque", *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, "Libros de 6 a 8", n.º 256, novembro-décembro 2014, p. 63.

Dá noticia da recuperación en galego por parte da Editorial Kalandraka deste álbum. Despois dun breve argumento, destaca sobre todo "el valor simbólico de algunas imágenes; los divertidos elementos surrealistas que enriquecen sus paisajes, o la referencia a imágenes que son iconos de la cultura popular".

Bruno, Pep, *Demo de dente!*, ilust. Amrei Fiedler, trad. do castelán Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [prelectorado e lectorado autónomo], xullo 2013, [36] pp. (ISBN: 978-84-9871-467-8).

Conto realista de Pep Bruno (Barcelona, 1971) no que se aborda a perda dos dentes de leite. A través dun narrador en terceira persoa preséntase unha listaxe de propostas divertidas, imaxinativas e un pouco surrealistas para desfacerse dun dente que anda a amolar. Cada unha das propostas é máis estafalaria ca anterior, e sen ter a garantía do cen por cen de que o dente acabe por caer. Móstrase cada técnica ou caso en dúas páxinas con consellos e probas reais dos métodos utilizados, cos riscos que implican, a través dun cadro no que aparecen as vantaxes, inconvenientes e consellos, dende unha ollada humorística na narrativa textual e visual de Amrei Fiedler (Hamburgo, 1984). A cuberta presenta un xogo horizontal de liñas que centra a atención cara ao título: ao lado esquerdo, os protagonistas do álbum, os nenos, que dirixen a mirada cara ao centro, axudándose das liñas dos fíos que amarran os seus dentes. Este xogo lineal continúa nas gardas até chegar ao dente arrincado. Nas ilustracións interiores, de expresión infantil e graciosa que crean unha harmonía cara á lectura, salientan os animais de compañía e salvaxes que acompañan os nenos. A técnica empregada é a pintura acrílica ou témpera de cores moi saturadas, alegres e planas. O texto introdúcese nos ocos do fondo, onde se remarca dentro dun recadro os avisos (vantaxe, inconveniente e consello) á hora de realizar os métodos que se describen. Atópanse trazas de obras de artistas plásticos coma Salvador Dalí, coma os reloxos brandos.

Recensións:

- Paula Fernández, "Humor surrealista", *Faro de Vigo*, "*Faro da Cultura*", n.º 480, "Libros", 5 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, "*Saberes*", n.º 431, "Letras galegas", 7 decembro 2013, p. 10.

Comeza definindo este volume como unha proposta orixinal, no cal se presentan diversas opcións para forzar a caída dos dentes de leite "que se moven cando se lles toca coa lingua". A continuación di que se presenta como un peculiar libro de consulta e subliña a presenza do humor que o impregna. Tamén alude a que a ensinanza final convida os lectores a deixar caer de forma natural os dentes. Remata facendo eco do notábel labor ilustrativo da autoría de Amrei Fiedler.

Calvino, Italo, *Marcovaldo ou as estacións na cidade* (*Marcovaldo, ovvero le stagioni in città*), ilust. cuberta Javi Montes, trad. e notas Silvia Gaspar, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabaráil, n.º 12, [mocidade], febreiro 2013, 208 pp. (ISBN: 978-84-9914-480-1).

Reedición desta novela de Italo Calvino (Santiago de las Vegas, Cuba, 1923-Siena, Italia, 1985) que fora publicada por Edicións Xerais de Galicia en 1987 na antiga colección “Xabaráil”. Nela relátase a vida dun pai de familia numerosa, Marcovaldo, a través de vinte contos que teñen como peculiaridade que cada un deles se corresponde cunha estación do ano. Comezando pola primavera, repítese o ciclo anual das estacións até cinco veces, mostrando a vida que o protagonista leva na gran cidade e a morriña que experimenta todos os días polo rural e a natureza, de aí que se sinta fóra de lugar nese mundo de asfalto que habita. Neses relatos reflíctense a tristeza e melancolía deste obreiro non cualificado, se ben tamén aparece un toque de humor e tenrura. Un narrador omnisciente amosa situacións cotiás deste personaxe de baixos recursos e mesmo recolle a diferente perspectiva que teñen os seus fillos (proprios da cidade) respecto á natureza. A ilustración da cuberta, de Javi Montes (A Coruña, 1975), mostra as dúas caras desta historia, un gris edificio propio da cidade sobre un bo leito de follas secas, de cor marrón, e cogomelos, cores frías e cálidos xuntas.

Recensións:

- Paula Fernández, “Vixencia temática”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, n.º 455, 25 abril 2013, p. VI.

Dá conta da estrutura da obra e comenta o seu argumento. A seguir, apunta que o achegamento á vida do campo ao comezo se produce dun xeito inocente e que segundo avanza a narración se volve máis irónico. Refíre que os primeiros textos son surrealistas acompañados de certo humor que poden chegar a ser absurdos e que neles o protagonista sente moita nostalxia polo medio natural e isto lévao a tentar durmir na rúa para evitar a calor da casa, coller cogomelos en xardíns ou cubrir o corpo de area para aliviar o seu reuma. Precisa que ao avanzar na lectura se mostra a cara amarga da cidade e a crítica máis dura e evidente. Destaca que temas como a destrución da natureza, as desigualdades, o consumismo ou a publicidade industrial se tratan por unha banda cun ton ético que fai que esta obra sexa moi interesante para o alumnado de secundaria e, por outra, sen xuízos nin moralina. Remata afirmando que, á súa vixencia temática, tamén se suma a calidade literaria de Italo Calvino, “sen dúbida un dos clásicos do século XX”.

Referencias varias:

- ELOS, “Italo Calvino (Santiago de las Vegas, Cuba, 15 outubro 1923-Siena, 19 setembro 1985)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 19 outubro 2013, p. 41.

Faise protagonista este escritor italiano do que se traduciron, dende a década dos anos oitenta, catro obras para o lectorado xuvenil galego: *Marcovaldo ou as estacións na*

cidade (1987; 2013), *O barón rampante* (1988), *O cabaleiro inexistente* (1988) e *O vizconde demediado* (1988).

Carbonell, Paula (adapt.), *Galiño pelado (Mig pollastre)*, ilust. Philip Giordano, trad. do castelán Ana Belén García, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [lectorado autónomo], xaneiro 2013, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-426-5).

Adaptación de Paula Carbonell (Valencia, 1970) na que por medio dun narrador en terceira persoa se narran as aventuras dun galo, que pasa o día comendo todo o que pode, de camiño a palacio pois atopou un papel no que se di que o rei recompensará cun saco de ouro ao que leve esa nota ao palacio. De camiño vai comendo todo o que se lle pon por medio, xa sexa o mar, un formigueiro ou unha cabana con leñador e todo. Na cuberta preséntase ao galo protagonista dunha maneira simple, con diferentes símbolos que recordan á natureza e rodeado de nubes de textura estampada que contrastan coas cores planas do galo. No interior, as ilustracións de Philip Giordano (Savona, Italia, 1980), nas que, malia a cor negra do galo, predominan as cores vivas (o vermello, o laranxa e o amarelo), empréganse formas simples e xeométricas e texturas creadas con ceras blandas ou estampacións de texturas con tinta de gravado. Nelas salienta a técnica da montaxe dixital polos planos de cores dispostos uns enriba de outros e a aplicación de formas ou trazos limpos.

Recensións:

- Paula Carbonel, “Galiño pelado”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 457, “Libros”, 9 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 409, “Letras galegas”, 11 maio 2013, p. 10.

Indica que Paula Carbonell adapta un conto valenciano e dáse conta e analízase o seu argumento.

Conan Doyle, Arthur, *O misterio dos bailaríns. Penca de Prata* (“The Adventure of the Dancing Men”, *The Return of Sherlock Holmes*, 1903; “Silver Blaze”, *The Memoirs of Sherlock Holmes*, 1894), ilust. Tha, trad. Alejandro Tobar, actividades Jesús Jiménez Reinaldo, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Cucaina, n.º 12, [lectorado autónomo], 2013, 125 pp. (ISBN: 978-84-682-1300-2).

Volume con dous relatos de intriga policial de Arthur Conan Doyle (Edimburgo, 1859-Crowborough, Sussex, 1930): “O misterio dos bailaríns”, publicado orixinariamente en *The Return of Sherlock Homes* en 1903; e “Penca de prata”, publicado en *The Memoirs of Sherlock Holmes* en 1894, que contan co detective Sherlock Holmes e co seu axudante Watson como personaxes principais. En “O misterio dos bailaríns”, o afamado detective Sherlock Holmes debe descifrar unhas peculiares mensaxes baseadas nun estraño código de debuxos que ocultan o pasado de Elsie Patrick, unha moza americana casada co fidalgo inglés Hilton Cubitt, malia non evitaren a trágica morte do matrimonio. En “Penca de prata” ten que resolver a desaparición dun famoso cabalo de carreiras chamado “Penca de Prata”, tras a morte do seu adestrador John Straker, o responsábel da desaparición e os motivos. Malia que todas as probas parecen incriminar

un home sospeitoso de asasinato, inesperadamente o culpábel é quen menos se espera. O día da carreira aparece o cabalo en óptimas condicións físicas, gaña a Copa Wessex e Holmes, leal á súa palabra, non revela o culpábel. O texto acompáñase das ilustracións Tha, nome artístico de August Tharrats. Na cuberta preséntanse os personaxes coa vestimenta e o espazo na época na que transcorre a narración. No interior, as imaxes realistas, realizadas a partir dun trazo a plumilla con tinta china e pintada a partir da acuarela, ocupan un espazo panorámico na parte superior das páxinas, dúas páxinas enteiras ou acompañan o texto coma se se tratase da presentación dos diferentes personaxes.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Os enigmas de Sherlock Holmes”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “letras Atlánticas”, p. 27/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 782, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 782, p. 33, 27 xuño 2013.

Armando Requeixo opina que con *O misterio dos bailaríns*. *Penca de Prata* o autor Arthur Conan Doyle adquiriu gran recoñecemento e deixou o coñecido personaxe Sherlock Holmes nun segundo plano. Indica que os contos van complementados con cadernos didácticos de traballo para tirarlle un maior partido á lectura. Matiza que o autor facilita a comprensión da obra con notas aclaratorias e pés de páxina e que as ilustracións dan apoio visual ao texto. Considera que esta obra destaca sobre outras protagonizadas por Sherlock Holmes e remata indicando que esta tradución ao galego de Alejandro Tobar é unha boa opción para achegarse á narrativa de Arthur Conan Doyle.

- Carmen Ferreira Boo, “A recuperación dun clásico”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 12 outubro 2013, p. 41.

Salienta a importancia de Arthur Conan Doyle para o desenvolvemento da novela policial na literatura universal que se manifesta no interese pola tradución das súas obras en coleccións dirixidas á mocidade. Indica que este volume ofrece dous relatos, “O misterio dos bailaríns” e “Penca de prata”, dos que se resumen os seus argumentos, nos que se demostra a habelencia e a análise dedutiva do sagaz detective Sherlock Holmes para resolver as intrigas. Salienta a “gran calidade literaria”, o misterio, o suspense e a intriga dos relatos, así como as ilustracións realizadas por Tha.

- Paula Fernández, “Sempre Holmes”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 476, “Libros”, 7 novembro 2013, p. VI.

Comeza sinalando que *O misterio dos bailaríns* e *Penca de Prata* conforman dous relatos cuxo protagonista é Sherlock Holmes. A seguir, apunta que no primeiro deles o detective fai uso da súa agudeza para resolver un misterio relacionado cunha serie de debuxos. Do segundo salienta que o eixo da trama xira ao redor das sorpresas que entrañan as aparencias iniciais. Tamén di que as dúas historias foron publicadas no xornal *The Strand* en 1898 e 1892 e que despois pasaron a formar parte de *The Return of Sherlock Holmes* e *The Memoirs of Sherlock Holmes*. Para rematar, comenta que o

volume se acompaña de diversas actividades dirixidas ao alumnado de secundaria e recalca a relevancia de que as obras mestras universais cheguen ás aulas.

Referencias varias:

- ELOS, “Arthur Conan Doyle”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 22 maio 2013, p. 42.

Fálase de Arthur Conan Doyle pola celebración do aniversario do seu nacemento e por crear o personaxe de Sherlock Holmes. Indícase que algunhas das súas obras poden lerse en galego grazas a Edicións Xerais de Galicia dende os anos oitenta; á editorial Galaxia, coa colección “Biblioteca Sherlock Holmes”; e á editorial Vicens Vives, que acaba de sacar do prelo *O misterio dos bailaríns. Penca de Prata*.

Conan Doyle, Arthur, *Sherlock Holmes, detective (The Musgrave Ritual, Silver Blaze, The Boscombe Valley Mystery, The Greek Interpreter, The Yellow Face)*, deseño cuberta Miguel Vigo, ilust. cuberta Javi Montes, trads. Gonzalo Navaza e Francisco Bedoya, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarlil, n.º 13, [lectorado mozo], febreiro 2013, 186 pp. (ISBN: 978-84-9914-481-8).

Reedición do volume publicado por vez primeira en galego na colección “Xabarlil”, de Edicións Xerais de Galicia, en 1985. Acolle algún dos relatos máis emblemáticos do detective Sherlock Holmes, personaxe creado polo escritor británico Sir Arthur Conan Doyle (Edimburgo, 1859-Crowborough, 1930). Nesta ocasión o doutor Watson transcribe as memorias do célebre detective de Baker Street relatando cinco dos seus casos máis extraordinarios: “O ritual Musgrave”, “Silver Blaze”, “O misterio do val de Boscombe”, “O intérprete grego” e “O rostro amarelo”, relatos de ficción detectivesca publicados inicialmente en *The Strand Magazine* e posteriormente incluídos nos volumes recompilatorios *The Adventures of Sherlock Holmes* (1892) e *Memories of Sherlock Holmes* (1893). No primeiro deles, “O ritual Musgrave”, nárrese a investigación da desaparición do mordomo dun compañeiro do detective. En “Silver Blaze” invéstase a desaparición dun famoso xinete. En “O misterio do val de Boscombe” o detective descobre que condearon inxustamente un inocente. No titulado “O intérprete grego” sábese que a desaparición que se investiga foi resultado do secuestro do irmán dunha rapaza grega, mentres que no último, “O rostro amarelo”, a sospeitosa é unha muller. O volume presenta na cuberta unha ilustración de Javi Montes realizada coa técnica da montaxe dixital. Nela emprégase un xogo de colaxe, recortando partes da ilustración para aplicar o recorte fotográfico, creando o volume da capa e do sombreiro do protagonista a partir de pezas de puzzle que destacan sobre o fondo. Preséntase unha ambientación nocturna e, ao fondo, a néboa e a escuridade en tons azuis no que se contemplan os tellados de estilo londinense. En primeiro plano represéntase o protagonista, fumando na pipa e vestido cun traxe formal. A figura do detective destaca remarcando o xogo do encaixe de pezas. O título vai situado nun recadro na parte superior da cuberta.

Recensións:

- Paula Fernández, “En divertida desorde”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 458, “Libros”, 17 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 410, “Letras galegas”, 18 maio 2013, p. 10.

Apunta que *Sherlock Holmes, detective* é unha obra que volve ás librarías traducido por Francisco Bedoya e Gonzálo Navaza. Indica que contén cinco relatos que se caracterizan polo ironía e o enxeño e dá conta do argumento de cada un deles. Precisa que son cinco relatos moi representativos da obra de Doyle.

Defoe, Daniel, *Robinson Crusoe*, adaptación e notas de Eduardo Alonso, ilust. Robert Ingpen, trad. Isabel Soto, actividades Joan Manuel Soldevilla, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Cucaina, n.º 10, [lectorado mozo], 2013, 144 pp. (ISBN: 978-84-682-1299-9).

Adaptación do clásico de Daniel Defoe (Londres, 1660-1731) realizada polo escritor Eduardo Alonso (Murias de Aller, 1944) e ilustrada polo artista australiano Robert Ingpen (Geelong, Victoria, 1936). Robinson Crusoe aborda o relato en primeira persoa da súa vida e das súas extraordinarias aventuras ao longo da mesma cando chega a vello. Sendo moi novo, marcha da casa sen ter en conta as advertencias do seu pai sobre os perigos dunha ambición desmedida, e embárcase para coñecer mundo e vivir aventuras. Malia que as súas primeiras experiencias no mar non resultan moi alentadoras, pois o inexperto Robinson maréase, naufraga e acaba apresado por uns piratas marroquís, chega ao Brasil e emprende novas actividades: convértese en terratenente e dedícase á plantación de cana de azucre e de tabaco, co cal consegue unha gran prosperidade económica. Mais non se contenta con ser un rico propietario e, levado pola cobiza e pola súa paixón de percorrer o mundo, participa nunha viaxe clandestina á Guinea para traer escravos de África. A data do embarque, o 1 de setembro de 1659, o mesmo día e mes que escapara da casa dos pais, resulta ser funesta, pois o seu barco naufraga e el resulta ser o único supervivente nunha illa deserta. Dende entón, a súa preocupación é a subsistencia, para o cal terá que se enfrontar a unha natureza hostil, desenvolver destrezas que nin sequera soñara posuír e botar man do enxeño, agoniado pola soidade e as duras condicións de vida. A súa existencia cotiá experimenta unha mudanza substancial cando descobre unhas pegadas humanas na praia que resultan ser duns caníbales que ameazan uns homes, un dos cales escapa. A partir dese momento Crusoe gozará da compañía dun home ao que chama Venres, por ser este o día do seu encontro, a primeira voz humana que oe en vinte e cinco anos, co cal vai desenvolvendo unha relación e, ao seu ver, logra “civilizalo”. O seu deozo de fuxir da illa chega a ser obsesivo, e será por fin grazas ao desembarco na illa duns compatriotas como consiga regresar a Inglaterra, aos cincuenta e seis anos. A edición vai acompañada dunha breve biografía do autor, de notas aclaratorias e dun apéndice de actividades realizadas por Joan Manuel Soldevilla quen inclúen cuestións que pretenden afianzar a comprensión do relato e estimular a reflexión e a creación do lectorado.

Denchfield, Nick e Ant **Parker**, *O polo Pepe (Charlie the Chicken)*, Macmillan Children’s Books, 1997), ilust. Ant Parker, trad. Marta Gallas, Vigo: SM/Xerme, [prelectorado], 2013, [14] pp. (D. L.: M-14042-2013).

Álbum ilustrado, de Nick Denchfield e Ant Parker, no que por medio dunha voz en terceira persoa se invita a coñecer a Pepe, un poliño que come moita cebada, trigo e millo para medrar. O pouco texto, que xoga co tipo e tamaño da letra, acompaña as ilustracións figurativas que representan o protagonista.

Dickens, Charles, *Canción de Nadal*, introdución Secundino Villoria, Juan José Lanero e Gabriel Casas, notas Gabriel Casas, ilust. P. J. Lynch, trad. Iolanda Mato, actividades Gabriel Casas e Emilio Sales, Barcelona: Ediciones Vicens Vives, col. Aula das Letras, n.º 5, [lectorado mozo], 2013, 196 pp. (ISBN: 978-84-682-1304-0).

Edición deste clásico de Charles Dickens (Portsmouth, 1812-Gads Hill Place, 1870) que conta cunha ampla introdución redactada por Secundino Villoria, Juan José Lanero e Gabriel Casas na que se detalla a biografía do autor inglés e se apuntan trazos sobre a súa obra, considerándoo como o cronista da época vitoriana e un gran creador de ambientes e personaxes. Debúllanse tamén as intencións de Dickens cando escribiu esta novela publicada a finais de 1843: denunciar a situación de miseria dos pobres e desamparados situando o relato nun tempo proclive á ilusión e os bos sentimentos como o Nadal. A novela estrutúrase en cinco estrofas, consonte a estrutura dunha panxoliña, o que explica a escolla desa denominación para os capítulos. A primeira funciona a modo de introdución e serve para pintar o personaxe principal, Ebenezer Scrooge, o prototipo do avaro. Coa división ternaria propia dos contos populares, tres personaxes van onda Scrooge para lle desexar bo Nadal e para lle facer unha petición –o seu sobriño Fred, que o convida a cear; os caritativos cabaleiros, que acoden na busca de axuda para os necesitados; e o rapaz, que desexa pedirlle o aguinaldo–; e tres son tamén as veces que o vello cre ver o rostro do seu antigo socio Jacob Marley antes de que se lle apareza, pois morreu hai un tempo. Tamén son tres as pantasma que, segundo lle vaticina Marley, o han visitar en tres noites sucesivas, feitos que se concentran nas estrofas segunda, terceira e cuarta. Nelas, Scrooge ten a oportunidade de se contemplar a si mesmo en diversas etapas da súa existencia até que comprende que, co decorrer do tempo, se converteu nunha especie de monstro polo seu comportamento coa súa antiga moza Belle e o seu empregado Bob Cratchit, entre outros. Estas tres estrofas centrais desenvolven viaxes imaxinarias, dirixidas por cadanseu espírito, ao pasado, a varios escenarios do presente e a un hipotético pero probábel futuro no que Scrooge contempla a súa morte en soidade. A quinta estrofa supón o epílogo da obra e mostra o cambio de actitude de Scrooge cando atopa os mesmos personaxes que o foron visitar ao seu despacho, pero agora lles concede, amábel e riseiro, as súas peticións. A edición vai acompañada de notas aclaratorias de Gabriel Casas e mais dun apéndice de actividades no que se analiza o libro deste o punto de vista literario, histórico e ético. As ilustracións son obra do irlandés P. J. Lynch (1962).

Recensións:

- Paula Fernández, “Obra de referencia”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 478, “Libros”, 21 novembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 429, “Letras galegas”, 23 novembro 2013, p. 10.

Comeza salientando a universalidade desta obra, cuxa lectura se converteu nun referente no que ó tempo de Nadal se refire. Ofrece un breve resumo do argumento e indica que

esta adaptación é “fíel ao orixinal”. Tamén comenta a súa inclusión dentro da colección “Cucaína”, na que se acompañan as obras dunha serie de actividades para traballar diversos aspectos, especialmente dirixidas ao segundo ciclo de educación secundaria.

Dickens, Charles, *Oliver Twist*, adaptación, notas e actividades Pablo Antón Pascual, ilustr. Christian Birmingham, trad. Isabel Soto, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Cucaína, n.º 14, [lectorado mozo], 2013, 168 pp. (ISBN: 978-84-682-1298-2).

Adaptación da famosa novela de Charles Dickens (Portsmouth, 1812-Gads Hill Place, 1870) que vai acompañada das ilustracións do artista británico Christian Birmingham. Estruturada en vinte e catro capítulos intitolados máis un epílogo, un narrador onisciente conta a vida de Oliver Twist dende o seu nacemento, que ten lugar nun hospicio, onde se cría tras a morte da nai no parto sen recibir cariño ningún. De feito, aos nove anos xa sabe o que é pasar fame, sufrir malos tratos e traballar arreo –primeiro co señor Sowerberry, o dono dunha funeraria, e despois nunha fábrica–, con que un día decide escapar a Londres coa esperanza de comezar unha nova vida. Porén, na gran cidade coñece uns rapaces que viven na casa dun vello chamado Fagin e forman unha banda de garduños, por culpa dos cales acaba perante o xuíz Fang, quen está a piques de castigalo a tres meses de traballos forzados. Sálvase grazas á intervención do señor Brownlow, un benfeitor con quen vive unha tempada até que de novo Fagin o separa das súas malas artes. Pouco despois, ferido tras ser obrigado a participar nun roubo, Oliver recibe a axuda de dúas damas, Rose e a señora Maylie, e mais do doutor Losberne, e comeza a levar unha vida apracíbel e unha educación axeitada, ao tempo que se descobre que sobre as súas orixes pende un gran misterio que podería mudar o seu destino. Mais Oliver sofre o axexco do sinistro Monks, que trata de ocultar como sexa ese feito. Ao cabo, non o conseguirá, e no epílogo dáse conta de como os bos son recompensados e os malvados reciben o seu castigo. A edición inclúe unha nota biográfica do autor e un apéndice de actividades preparadas tamén polo responsable da adaptación, Pablo Antón Pascual, que inclúen cuestións relacionadas co argumento, a temática e a expresión do relato.

Doyle, Malachy, *O castelo do barallete* (*The Great Castle of Marshmangle*, 1999), ilustr. Paul Hess, trad. Alejandro Tobar, actividades Gabriel Casas, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Pillota, n.º 10, 2013, 40 pp. (ISBN: 978-84-682-1438-2).

O avó de Miguel, un rapaz de cinco anos, chámase Fantasio Bardalleiro e non é nada convencional. Ademais de vestir con chistera, pantalóns de cadros de moitas cores e peúgos de lunares, vive no castelo do Barallete, ten moita imaxinación e emprega unha lingua que el mesmo inventou. Ás botas chámalles “cachadedas”; ao sombreiro, “chafacholas”; ao lume, “queimaquepela”; á auga, “pingaconpinga”; á esqueira, “outeiro dos madeiros”; á cama, “a cabina dos corenta pestanexos”... Miguel pasa unha noite na casa do avó e axiña depreda a falar coma el. A experiencia resulta tan divertida e insólita, que a Miguel xa lle tarda volver. Malachy Doyle (Carrickfergus, Irlanda do Norte, 1954) e Paul Hess (Sydney, Australia, 1961) conxugan o seu facer na escrita e na ilustración para construír este relato narrado en primeira persoa por Miguel e que aposta polo suxestivo poder da imaxinación para mudar a realidade. O volume complétase cun apartado con actividades de comprensión realizadas por Gabriel Casas para asegurar a comprensión dos lectores e estimular a súa creatividade.

Recensións:

- María Navarro, “Reflexión sobre o idioma”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 470, “Libros”, 26 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “*Letras galegas*”, n.º 422, 5 outubro 2013, p. 10.

Apunta que esta obra se dirixe a primeiros lectores e que se caracteriza pola extravagancia notábel dun dos personaxes principais, o avó Fantasio Barlladeiro, o cal incita o seu neto Miguel, e o lectorado, a facer unha reflexión sobre as bases dun idioma. Tamén indica que a estrutura do relato non é complexa e menciona que o labor ilustrativo é da autoría de Paul Hess.

Falconi, María Inés, *Caídos do mapa 1. O comezo* (Ediciones Quipu, 1995)/*Caídos do mapa 2. Cun pé no autobús* (Ediciones Quipu, 1995)/ *Caídos do mapa 3. A viaxe de fin de curso* (Ediciones Quipu, 1997)/ *Caídos do mapa 4. Adeus, sétimo* (Ediciones Quipu, 2001), ilust. da cuberta David Rubín, trad. Rafael Salgueiro, Cangas do Morrazo: Sushi Books. Rinoceronte Editora, [mocidade], 2013, 134 pp./ 187 pp./ 207 pp./ 201 pp. (ISBN: 978-84-15920-07-6)/ (ISBN: 978-84-15920-08-3)/ (ISBN: 978-84-15920-09-0)/ (ISBN: 978-84-15920-10-6). ■

Conxunto de catro volumes que conforman a serie “Caídos do Mapa”, da autora María Inés Falconi (Bos Aires, 1954) que ten como protagonistas a catro adolescentes que viven diferentes aventuras. N’*O comezo* Graciela, Paula, Fabián e Fede foxen da clase de Xeografía e agóchanse no soto da escola. Aínda que teñen un bo plan son sorprendidos por unha compañeira de clase, Miriam, a acusona da clase, coa que terán algún enfrontamento, pero do que saíran vencedores. En *Cun pé no autobús*, os enredantes protagonistas preparan a viaxe de fin de curso que durante tanto tempo levan agardando. Ven amolados que os acompañará a profesora máis repelente do colexio, a Foca, mais aínda así argallan os seus plans. N’*A viaxe de fin de curso*, a acción céntrase nas situacións disparatas que viven na viaxe de fin de curso por causa dun tripulante agochado no autobús e a Foca que os acompaña. Finalmente, en *Adeus. Sétimo*, a banda de rapazas, que ao longo das diferentes entregas da serie o lectorado vai coñecendo mellor, enfróntase ao final da etapa da Primaria. Malia a pena por separarse dos compañeiros e os seus novos intereses, prevalece a amizade que os une.

Funke, Cornelia, *Reckless. Vida nas sombras* (*Reckless. Lebendige Schatten*), ilust. da autora, trad. María Xesús Bello Rivas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Milmanda, [mocidade], marzo 2013, 443 pp. (ISBN: 978-84-9914- 499-3).

Segunda entrega da triloxía fantástica “Reckless”, de Cornelia Funke (Dorsten-Westfalia, Alemaña, 1958). Dedicada “Para Ben, que é Jacob e mais Will ao mesmo tempo”, nesta novela retómanse os personaxes principais e secundarios da primeira entrega se ben cun protagonismo absoluto de Jacob e cunha maior relevancia na historia de Fox. A acción principal ten o punto de partida nun feito acontecido na primeira entrega da triloxía. Nesta segunda parte, Jacob, coa axuda de Celeste/Foz, leva a cabo a busca temerosa, e en loita contra o paso do tempo, do único antídoto existente para

evitar a súa morte antes de que a trilla trabe seis veces o seu peito e regrese xunto á Fada Escura. Na súa aventura persoal e segreda, Jacob debe competir co goyl Nerron, quen, para superar a Jacob e converterse no mellor dos buscadores de tesouros do Mundo do Espello, tamén tenta reunir os tres elementos aos que se alude na cripta do Destripabrujas Guisando e capturar o Bastardo. Toda a historia transcorre no mundo de fantasía detrás do espello e as referencias ao mundo real limitáanse ás mensaxes de Earkill sobre Will a través da súa tarxeta de visita, a personaxes con poderes máxicos que Jacob coñecera anos atrás, a elementos máxicos que gañara nas súas aventuras como buscador de tesouros e ao retorno final de Jacob canda Fox ao mundo real. Nas páxinas finais alúdese a dous aspectos que non se desenvolven e anticipan a continuación da serie na terceira entrega: a descuberta dunha nova conexión entre os mundos que están a un lado e ao outro do espello que lle permitiu a Jacob salvar a súa vida e a promesa de Jacob a Fox de quen han regresar ao Mundo do Espello axiña, despois de saber como se atopa Will. Na cuberta preséntase unha montaxe dixital cun marco con elementos florais en branco e negro, destacando nun primeiro plano unha bolboreta de cores vermellas e laranxas con caveiras nas ás que dan idea do mundo dos mortos. Ao fondo conséguese unha textura agretada de parede de cor verde esmeralda. No interior, cada capítulo iníciase cunha ilustración nun pequeno recadro situado na parte superior, realizada a “grafito” e con carácter de bosquejo da autora. Trátase de imaxes realistas de personaxes, detalles ou monumentos onde o claroscuro destaca ao longo de toda a narración. Na portada preséntanse dous personaxes con gabardina paseando por unha cidade.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “Escaparate de aventuras”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 473, “Libros”, 17 outubro 2013, p. VII.

Primeiramente comenta que esta obra supón a segunda entrega da triloxía “Mundo de Tinta”, de Cornelia Funke. A continuación ofrece un breve resumo do argumento, no que a autora tenta amosar a cara máis descoñecida dos contos clásicos pertencentes a diversas culturas. Tamén indica que as ilustracións son da propia escritora e fala da súa lectura para o público xuvenil ou, mesmo, adulto.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Excelentes novelas tamén en galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 526, “Letras en galego”, 13 xullo 2013, p. 8.

Dá conta de, entre outras, as seguintes lecturas para o verán: *Reckless. A vida nas sombras*, de Cornelia Funke; *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly; e *Soños de fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly.

Galliez, Roxane Marie, *A Terra acatarrouse (La Terre s’est enrhumée*, Éditions Philippe Auzou, París, 2009), ilust. Sandrine Lhomme, trad. Marica Campo, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2013, [25] pp. (ISBN: 978-84-9995-068-6).

Un narrador en primeira persoa é o encargado de contarlle ao lectorado agardado as razóns polas que a Terra está acatarrada nese álbum de temática ecoloxista de Roxane Marie Galiez e Sandrine Lhomme. Nel explícase que os tremores da Terra se deben á súa tose; que a temperatura do mar aumentou por causa da febre; que as ondas xigantes que se crean no mar e destrúen as casas son provocados polos seus esbirros ou que a chuvia son os seus mocos. O narrador diríxese ao lectorado en diferentes ocasións preguntándolle se non se deu conta da enfermidade da Terra, quen, tampouco sería de estrañar, pode acabar botando a lava fóra. A voz narrativa afirma que os humanos abusaron moito e que a polución non é boa e dá consellos para que melloren na súa actitude: gastar menos auga, por exemplo. Finalmente será un rapaciño quen decida protexer a Terra e grazas á petición de silencio que realiza todos a oen chorar. Todos xuntos conseguen que volva ao seu, pois “Nunca é demasiado tarde para comezar de novo”. O texto acompáñase das ilustracións de Sandrine Lhomme nas que a Terra se ve representada como unha muller vestida de cor vermello, cor que simboliza o sufrimento e mesmo a morte.

Gay, Marie-Louise, *Caramba* (*Caramba*, Groundwood Books, 2005), ilust. da autora, trad. Rafa Salgueiro, Madrid: Lata de Sal Editorial, col. Gatos, [lectorado autónomo], 2013, [38] pp. (ISBN: 978-84-941136-0-4).

Conto fantástico de Marie-Louise Gay (Quebec, Canadá, 1952), dedicado “A Chapinouche, Ronron, Paul Pigeon, Loupiot e Mirò”. Nel nárranse as aventuras de Caramba, un gato que, a diferenza de todos os demais gatos, non sabe voar. Pola contra, Caramba descobre que sabe facer outras cousas que ningún outro gato pode facer: nadar e bucear! Na cuberta preséntase o protagonista debuxado cunha liña áxil e expresiva e con cores cálidas que o fan próximo e amigábel. As gardas xogan conceptualmente cos dous mundos onde se moven os gatos: a dianteira, co aire, e a traseira, co mar. No interior, as ilustracións figurativas da autora, que emprega a técnica do debuxo e da acuarela de cores suaves en composicións variadas (dobres páxinas, pequenos debuxos e páxinas enteiras), permiten seguir o decurso da narración e tamén presentan a posibilidade dunha lectura paralela buscando detalles e imaxes que conviven coa lectura máis tradicional. Estas ilustracións representan uns animais simpáticos, con actitudes antropomorfas: empregan utensilios, como canas de pescar ou pas de remar; len libros; sentan en cadeiras etc.

Referencias varias:

- Marie-Louise Gay, “Caramba”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 8 xuño 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Caramba*, escrita e ilustrada por Marie-Louise Gay.

Gil, Bea e Silvia, *Sementes de papel* (*Semillas de papel*, Ediciones Bromera, Alzira, novembro 2013), ilust. das autoras, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], novembro 2013, [44] pp. (ISBN: 978-84-9995-077-8).

Álbum de Bea e Silvia Gil no que, por medio dun narrador en terceira persoa e, puntualmente, a través das voces das personaxes, se conta unha historia que trata o respecto cara o medio ambiente. A acción sitúase nun bosque, unha mañá de outono na que a tranquilidade se ve alterada polo funcionamento dunha fábrica de papel en mans de Eyla quen, sobre o seu escaravello, tala as árbores de xeito indiscriminado para fornecerse de papel. Eyla quere crear unha obra literaria, pero pola falta de inspiración estraga moitas follas. Os outros animais foxen asustados, agás o ratiño Ierboa, quen pide axuda á rapaza Naia. A lombos do seu caracol, Naia vai descubrir o acontecido e, á vista dos feitos, decide coller o papel que Eyla malgasta e volver darlle vida en forma de animais de *origami* que repoboarán o bosque. Ao ver isto, Eyla é consciente do seu erro e para reparalo decide, por unha banda, escribir e ilustrar a súa historia e, por outra, sementar esas follas de papel estragadas que medrarán no bosque en forma de árbores de *origami*. Esta narración, de temática ecolóxica, acompáñase das ilustracións das propias autoras.

Hartnett, Sonya, *Baixa, gata! (Come Doen, Cat)*, ilust. Lucia Masciullo, trad. Rafa Salgueiro, Madrid: Lata de Sal Editorial, col. “Lata de Sal gatos”, de cero a cinco anos e pico e máis gatos, 2013, 36 pp. (ISBN: 978-84-941136-3-5).

Álbum de Sonya Hartnett (Australia, 1968) no que por medio dun narrador en terceira persoa se conta a preocupación de Nicolao pola súa gata, animal que á hora de se deitar non baixa do tellado. O protagonista intenta por todos os medios ao seu alcance que a gata descenda, prevíndoa dos perigos que asoman pola noite, pero a gata miaña e queda lambendo as patas no tellado. O pequeno queda durmido pensando nos bechos, pantasmas e monstros que a asustarán. Co son da chuvia Nicolao esperta e, sen preocuparse polas criaturas da noite, comeza a chamar pola gata e sobe por unha escada treméndolle as pernas. A gata salta nos seus brazos e é levada polo seu dono á cociña, onde Nicolao a seca. Na seguridade da súa cama, o neno pensa no valente que debe ser a súa gata e a súa gata no valente que debe ser Nicolao. O texto acompáñase das ilustracións de Lucia Masciullo.

Referencias varias:

- Sonya Hartnett, “Baixa, gata!”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 20 xullo 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Baixa, gata!*, escrita por Sonya Hartnett e ilustrada por Lucia Masciullo.

Hidalgo, Manolo, *Renato (Renato, 2004)*, ilust. do autor, trad. G. Tolentino, Pontevedra: Kalandraka Editora, [prelectorado e lectorado autónomo], 2013, [24] pp. (ISBN: 978-84-8464-836-9).

Segunda edición deste álbum publicado por Kalandraka por vez primeira no ano 2000 na colección “Demademora” e descrito no *Informe* correspondente. Presenta, respecto á primeira edición variacións no tamaño do formato (aínda que segue a ser cadrado agora é máis pequeno) e pastas de cartoné (na primeira edición as pastas eran duras). As

ilustracións e os textos sofren pequenas modificacións respecto á edición anterior, aínda que a esencia do texto segue manténdose.

Hutchins, Pat, *Boas noites, Bufo! (Good-Night, Owl!, 1972)*, ilustr. do autor, trad. Sandra e Óscar Senra Gómez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [prelectorado], 2013, [29] pp. (ISBN: 978-84-8464-825-3).

Logo dunha dedicatoria “Para o avó de Morgán”, iníciase o relato que ten como protagonista a Bufo, un moucho que tenta durmir polo día pero que non o consegue por causa de diferentes animais: as abellas, que zoan; o esquío, que creba as noces; os corvos, que grallan; o picapau, que peteira; os estorniños, que chían; os gaios, que berran; o cuco, que chama “cucú, cucú”; o paporroibo, que pía; os pardais, que chirilan, e as pombas, que arrolan. Ao chegar a noite, saír a lúa e quedar todo en silencio, é Bufo quen oulea e esperta a todos os demais animais. Trátase dun texto de Pat Hutchins que se acompaña das ilustracións do propio autor nas que, sobre un fondo branco nun inicio e azul contra o final da obra, se observa a árbore na que está o moucho protagonista e os demais animais.

Referencias varias:

- Pat Hutchins, “Boas noites, Bufo”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 23 novembro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Boas noites, Bufo!*, escrita e ilustrada por Pat Hutchins.

Isern, Susanna, *Ondes estás, CARACOL?*, ilustr. Leire Salaberria, trad. do castelán Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [prelectorado e lectorado autónomo], xullo 2013, [44] pp. (ISBN: 978-84-9871-465-4).

Álbum narrativo, de tendencia fantástica, que se inicia con dúas dedicatorias: “Para Yves, porque sempre está ao meu lado”, da autora Susana Isern, e “Para dous pequenos caracoliños, Oier e Telmo”, da ilustradora Leire Salaberria. Un narrador en terceira persoa conta a historia que ten como protagonistas a Lagartiña e a Caracol. Lagartiña quere pasar tempo xunto a Caracol e todas as mañás cando o sol brilla vai buscalo, pero nunca o atopaba esperto de xeito que marcha cando a chuvia ameaza deixando ao seu carón un agasallo. Caracol esperta cando comeza a chover e atopa o que Lagartiña lle deixa e vai na súa busca até que sae o sol. Un día por fin logran coincidir, pero a causa do mal tempo Lagartiña enferma e volven perder o contacto por un tempo. Cando Lagartiña se recupera descobre que Caracol construíu unha casa para os dous para así poder pasar todo o tempo xuntos. As ilustracións de Leire Salaberria (Gipuzkoa, 1983), que empregan cores planas, alegres, vivas e cálidas e que están feitas con pintura acrílica ou ténpera sen contrastes de cor entre momentos de preocupación ou de tristura, complementan a narración textual. Trátase de imaxes sinxelas que presentan unha narración visual normalmente de forma panorámica, sen profundidade, destacando a natureza e os personaxes cun carácter alegre, realizados de maneira asiluetada con pequenos trazados, para crear unha textura moi lixeira. A ilustradora emprega un patrón

repetitivo que ofrece unha atmósfera natural que crea a sensación dunha serigrafía. O texto vai incrustado na imaxe dentro da superficie plana da paisaxe, e normalmente, créase unha contorna ao redor del a través dos vexetais.

Recensións:

- María Navarro, “Xogo de adiviñas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 481, “Libros”, 12 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 432, “Letras galegas”, 14 decembro 2013, p. 10.

Primeiramente describe a relación entre os dous personaxes principais desta obra: Caracol e Lagartiña. A seguir fala da interrelación entre individualismo e socialización como base da trama. Tamén alude á presenza dunha multiplicidade de adiviñas, que permite ao lectorado converterse nunha parte activa do relato. Finalmente valora dun xeito positivo o labor ilustrativo.

Ishihara, Akiko, *O meu marabilloso sombreiro*, ilust. e trad. Suevia Sobral Santiago, piano Sayo Sugioka, Pontevedra: Edicións do Cumio, [lectorado autónomo], setembro 2013, 39 pp. (ISBN: 978-84-8289-468-3). Inclúe CD.

Libro-CD que acolle o relato de Akiko Ishihara no que un narrador en primeira persoa conta como fixo un sombreiro marabilloso e pensou en regalárllelo a diferentes personaxes. En primeiro, pensou na formiga, que non llo quixo porque a molestaría no seu traballo; logo na Cabra Negra, que tamén o rexeitou por causa dos seus cornos e porque estaba escribindo unha carta; no Can Policía, que xa tiña un e estaba ocupado buscando un gatiño perdido; na abella, que tiña que recoller mel, e no señor Poliño, que os odiaba e quería unha crista coma a do seu pai. Só accede a poñer o sombreiro o elefante pequeno, pero como o narrador non pode velo polo seu tamaño, finalmente é o elefante o que lle pon o sombreiro ao narrador, a quen lle queda perfectamente. A narración textual en galego acompáñase do texto en xaponés, así como das partituras das diferentes cancións que integran o CD. O volume acolle tamén no apartado “O xaponés e a súa pronuncia” unha comparación das principais características do xaponés comparándoo co galego.

Janosch, *Imos buscar un tesouro. A historia de cómo oso pequeño e tigre pequeño buscan a mellor cousa do mundo* (*Komm, wir finden einen Schatz*, Beltz & Gelberg, in der Verlagsgruppe Beltz, Weinheim Basel, 1979), ilust. do autor, trad. Dolores Romay, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], abril 2013, [50] pp. (ISBN: 978-84-8464-720-1).

Reedición deste relato de viaxes do alemán Janosch (Silenia del Norte-Polonia, 1931) que foi publicado na colección “Seteleguas”, da editorial Kalandraka, no ano 2001 e descrita no *Informe de Literatura* correspondente. Publícase agora na colección “Tras os Montes” da mesma editorial. Trátase dunha edición moi coidada, con tapas duras e follas de papel groso. As ilustracións figurativas do autor empregan a tinta iluminada por manchas de cor con acuarela e correspóndense con algunha escena significativa do texto. As composicións son variadas e mesmo hai pequenos debuxos e páxinas enteiras

cheas de imaxe. Presentan aos animais figurativos con actitudes antropomórficas: levan chapeu e pantalóns, empregan ferramentas, viven en casas etc.

Recensións:

- Paula Fernández, “Doce e tenra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 461, “Libros”, 6 xuño 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 413, “Letras galegas”, 8 de xuño de 2013, p. 10.

Comenta que uns animalíños buscan un tesouro esquecéndose da maneira de gozar a vida até que se dan conta da importancia das cousas pequenas. Indica que o autor fai unha crítica ao capitalismo e ao abuso, e que trata as desigualdades, a amizade e o fácil que esta se pode romper se hai demasiada avaricia. Considera que este autor é un dos “imprescindibles na literatura para cativos”.

- Carina Rodrigues, “Feliz na simplicidade da vida”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 7 decembro 2013, p. 42.

Tras un percorrido pola carreira literaria de Janosch, Carina Rodrigues salienta as obras dirixidas aos lectorado máis novo nas que trata a amizade e a tolerancia cunha sutil ironía e crítica sobre o mundo real. Indica que *Imos buscar un tesouro* incide na amizade e na simplicidade das cousas “cun rexistro accesible e afectuoso” e con ilustracións coloristas realizadas con trazos simples que promoven “a identificación dos lectores co universo afetivo/intimista retratado”.

Referencias varias:

- Janosch, “Imos buscar un tesouro”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 18 maio 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Imos buscar un tesouro*, escrita e ilustrada por Janosch.

Jonhston, Annie Fellows, *A coroneliña*, ilust. Paula Mayor Agrelo, trad. M.^a Isabel Carballo Rodríguez, A Coruña: Hércules de Ediciones, col. Os imperdibles de Hércules, [lectorado autónomo], 2013, 77 pp. (ISBN: 978-84-92715-55-8).

Obra en dez capítulos de Annie Fellows Jonston (Indiana, 1863–1931) que relata en terceira persoa a vida da Coroneliña (Lloyd Sherman), unha cativa revoltosa e fermosa que vive no estado norteamericano de Kentucky coa súa nai e un can chamado Fritz e que toma ese alcume por semellarse no carácter a seu avó, o coronel Lloyd. Un día Lloyd infiltra-se na casa dun vello arisco coronel, que finalmente resulta ser seu avó, iniciando unha intensa relación que neta e avó vivirán despois deste primeiro encontro. Sábese que o avó da Coroneliña, tras opoñerse ao casamento da súa única filla, Elisabeth, cun home de cor, levou anos sen coñecer a súa neta. Paulatinamente, e por motivos graves de saúde, tanto de Tom Sherman, o pai da protagonista, como do coronel Lloyd, a relación entre o avó e a neta toma un ton de doce complicidade que une o mundo da infancia co mundo da vellez. Ao final da época estival, cando o pai da

cativa chega moi enfermo á vila, e xunto ás escasas posibilidades económicas polas que está a pasar a familia da protagonista, esta vese na obriga de vivir unha semana na casa do avó, onde cada día anela máis e máis a figura materna que deixara atrás. Coa nena na casa, o avó supera os prexuízos que ten contra a xente de cor. Cara o final da historia, Tom, o pai da nena, empeora e finalmente o avó retoma a relación perdida entre pai e filla. As ilustracións figurativas de Paula Mayor Agrelo ocupan unha páxina enteira e parte da páxina onde se dispón o texto. Son composicións moi variadas, que empregan a veces puntos de vista moi acusados, cunha gama de cor suave e pouco contrastada que se apaga coas escenas máis tristes. Son unhas imaxes delicadas que achegan información ao lector sobre as vestimentas da época dos protagonistas, dos seus costumes e dos ambientes nos que acontece o relato. O estilo coidado amosa detalles das escenas escollidas e describe as emocións que adoptan os personaxes.

Recensións:

- Iria Míguez Seoane, “A coroneliña: netos e avós”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 6 agosto 2013, p. 35.

Coméntase a tradución ao galego e castelán d'*A coroneliña* na colección “Os imperdibles de Hércules”. Resúmese o seu argumento e indícase que “a infancia co seu cativo poder logra enlazar a familia e abolir certos prexuízos”. Salienta as ilustracións de Paula Mayor Agrelo que reflicten a natureza e a relación entre a Coroneliña e o seu can Fritz; e repara na gama cromática que xoga coas cores máis fortes para as escenas felices e os tons cincentos para um “ambiente máis negativo”.

Keats, Ezra Jack, *Un día de neve* (*The Snowy Day*, Viking Penguin Inc. 1962), ilust. do autor, trad. Rafa Salgueiro, Madrid: Lata de Sal Editorial, col. Vintage, [lectorado autónomo], 2013, [38] pp. (ISBN: 978-84-940584-7-9).

Álbum narrativo, de tendencia realista, de Ezra Jack Keats (Brooklyn, Nova York, 1916-1983), dedicado “A Tick, John e Rosalie”. Nel cóntase en terceira persoa como Peter, un día no que amenceu todo nevado, se diverte xogando coa neve e como, esa mesma noite, se pon moi triste pensando que a neve se derreterá. Esa tristeza pouco dura xa que ao día seguinte continua nevando e Peter pode seguir xogando coa neve. Na cuberta preséntase o título nun recadro vermello, combinando coa roupa que leva o protagonista, quen observa as súas pegadas na neve (a textura desta aparece de maneira multicolor como as pintadas augadas dunha acuarela). No interior, o texto acompaña a imaxe dentro dos espazos planos de cada escena. Trátase de ilustracións, de cores moi alegres nas que salienta a saturación cromática, que combinan técnicas coma a colaxe de teas estampadas e planos de cores, o “dripping” que ofrece o cepillo de dentes ao salpicar pintura na folla e a textura da pintura acrílica. Os personaxes son realizados de maneira moi sinxela, que recorda ao estilo gráfico de Matisse a partir de cores planas con rasgos moi esquemáticos. O libro ofrece unha sobrecuberta que, no seu interior, se converte nun pequeno obradoiro para aprender a técnica da colaxe.

Kelly, Jacqueline, *A evolución de Calpurnia Tate* (*The Evolution of Calpurnia Tate*, 2009), ilust. e deseño cuberta Marc Taeger, trad. Carlos Acevedo, Pontevedra: Factoría K de Libros, [lectorado mozo], 2013, 300 pp. (ISBN: 978-84-15250-45-6). ■

Jacqueline Kelly (Nova Zelanda, 1964) dedica este relato realista a Noeline Kelly, Brian Kelly e Robert Duncan. Ao longo de vinte e oito capítulos, a protagonista, Calpurnia Tate, unha nena de once anos que vive en Texas cos seus pais, os seus seis irmáns e o seu avó, con quen comparte o seu gusto polas ciencias, vai narrando a súa vida dende o ano 1899 até o comezo do ano 1900. No relato, no que están presentes o amor, a amizade ou as relacións entre familia, Calpurnia dá conta, como o título anticipa, da súa evolución física e persoal e de aspectos que van marcar a súa vida nunha época na que o que se espera das mulleres é que casen axiña e que queden na casa a coidar da familia, destino que a protagonista non quere asumir. A obra só conta cunha ilustración na cuberta de Marc Taeger (Berna-Suíza, 1963). Nela preséntase unha imaxe realizada con montaxe dixital, con cores saturadas e tintas planas, sobre un fondo de cor amarela cun degradado central. O seu estilo lembra as sombras chinesas, presentando a protagonista e o título como siluetas rodeadas de elementos vexetais, pequenos animais e outros elementos clave da narrativa. As ramas que rodean a protagonista crean unha estampación floral que destaca polo seu tratamento plastificado coma se fose un vinilo. O título sitúase na parte superior da cuberta.

Recensións:

- María Navaro, “Fermoso percorrido”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 461, “Libros”, 8 xuño 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 413, “Letras galegas”, 8 xullo 2013, p. 10.

Indica que *A evolución de Capurnia Tate* ten en conta as teorías de Charles Darwin. Apunta que tamén se atopa nel o papel da muller na sociedade e os roles de comportamento que outorga a familia. Comenta que se narra a historia dunha rapaza, e o seu avó, que amosa un gusto especial pola observación da natureza. Precisa que a historia trata o método científico, os conflitos da vida cotiá e o amor en forma de logros e desenganos, onde triunfan os ideais.

- Ramón Nicolás, “Novela sen fronteiras”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 537, “Letras en galego”, 5 outubro 2013, p. 8.

Comeza destacando que esta obra é a primeira novela de Jacqueline Kelly, traducida ao galego por Carlos Acevedo. Salienta a simbiose entre algúns elementos históricos e actuais no que se refire á trama do relato e á posibilidade dunha lectura con múltiples niveis. Comenta o argumento facendo fincapé na personaxe principal, da que refire que experimentará un cambio persoal e, paralelamente, o dunha época determinada. Finalmente, cualifica esta narración como “unha proposta literaria redonda” e recomenda a súa lectura.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Excelentes novelas tamén en galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 526, “Letras en galego”, 13 xullo 2013, p. 8.

Dá conta de, entre outras, as seguintes lecturas para o verán: *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly; *Reckless. A vida nas sombras*, de Cornelia Funke; e *Soños de fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly.

Lionni, Leo, *O soño de Matías* (*Matthew's Dream*, 1991), ilustr. do autor, trad. Xosé Manuel González, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os Montes, [lectorado autónomo], 2013, [38] pp. (ISBN: 978-84-8464-794-2).

Álbum infantil de Leo Lionni (Ámsterdam, 1910-Toscana, 1999), dedicado “Para Madeline e Luca”. Nel faise uso da estrutura fabulística para ofrecer a historia de Matías, un pequeno rato que soña con ver o mundo. Cando visita por primeira vez un museo, Matías descobre os segredos e os misterios da obra artística e decide abandonar o soto humilde que habita e tornarse pintor. O autor transmite e apoia nas ilustracións a dobre páxina a vocación de pintor. Nelas emprégase de maneira mixta a pintura e a colaxe e utilízanse papeis de distintas cores e de texturas moi diversas que a veces mesmo engurra. As cores son moi saturadas e achegan sensacións de alegría e optimismo e, aínda que a forma de deseñar os ratos protagonistas é simple, non resta eficacia representativa, pois amosa información suficiente acerca das accións que realizan e dos sentimentos que queren transmitir. Con estas ilustracións o autor achégalle a arte contemporánea (clasicismo, impresionismo, cubismo ou surrealismo) aos rapaces pequenos.

Recensións:

- Paula Fernández, “Inxección estimulativa”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 454, “Libros”, 10 xaneiro 2013, p. VI.

Refírese á saída do prelo do volume de Leo Lionni, *O soño de Matías*, traducido e adaptado para o galego por Xosé Manuel González na Editorial Kalandraka. Salienta, por último, a diversidade cromática das ilustracións e o carácter fantástico do conto.

- Carina Rodrigues, “Ler o mundo a través da arte”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 19 xuño 2013, p. 42.

Anuncia a publicación dun “dos máis importantes clásicos do *álbum literario* para a infancia” e indica que conta cun cariz autobiográfico. Comenta que esta obra é a “que máis intimamente retrata a experiencia vivencial” de Leo Lionni. Resume o seu argumento e apunta as súas liñas temáticas (a diferenza, a individualidade humana, o proceso artístico e creativo, a valorización da arte e a importancia do universo onírico). Salienta que este álbum inicia os máis novos na educación estética e na perspectiva crítica da arte. Ademais analiza a técnica das ilustracións “cargadas de simbolismo e dunha alianza cun humor sutil” que amplían o sentido e subliñan a individualidade do pequeno heroe.

Referencias varias:

- Leo Lionni, “O soño de Matías”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 23 febreiro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O soño de Matías*, escrita e ilustrada por Leo Lionni.

London, Jack, *Contos de ciencia ficción. Vol. I (The Man with the Gash, A Relic from the Pliocene, The Shadow and the Flash, Planchette, A Curious Fragment)*, trad. e introd. David Cortizo Conde, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Ciencia Ficción, [lectorado mozo], xuño 2013, 165 pp. (ISBN: 978-84-15699-09-5).

Volume que reúne cinco contos de Jack London (San Francisco, 1876-Glen Ellen, 1916) traducidos por David Cortizo Conde, quen na introdución explica as fontes das que foron tirados os textos, adianta a súa liña argumental e xustifica a inclusión deste autor na colección de “Ciencia ficción”, malia que algúns dos relatos se afasten das características desta modalidade literaria. Os textos seleccionados levan por título: “O home da cicatriz” (pp. 11-31), que está inspirado na época da febre do ouro en Norteamérica e na desconfianza, a avaricia e a morte que provoca a obsesión por facerse co prezado metal; “Unha reliquia do Plioceno” (pp. 33-52), un relato en primeira persoa, de ton confesional, no que o protagonista relata como coñeceu a Thomas Stevens, quen lle desvela que el foi o responsábel da morte do último mamut vivo sobre a Terra, describindo con detalle a caza do animal; “A sombra e o fulgor” (pp. 53-79), no que se relata a amizade e rivalidade entre dous amigos, Paul e Lloyd, que se converte nunha obsesión que os levará á morte despois de descubrir como lograr a invisibilidade; “A prancha” (pp. 81-147) asenta nunha desconcertante relación de parella que debate sobre a imposibilidade de casar e como son premonitorias as mensaxes de ultratumba que advirten sobre o perigo que corren; e “Un curioso fragmento” (pp. 149-165), historia que se ambienta nun futuro moi distante, no que a poboación é escrava de grandes señores e vive analfabeta e ignorante. Entre eles xorde un contacontos que lles desvela a realidade das súas vidas e a historia da escravitude que padecen, animándoos a que aprendan a ler para seren libres.

Recensións:

- Lucía Seoane, “Sempre London”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 473, “Libros”, 17 outubro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 425, “Letras galegas”, 26 outubro 2013, p. 10.

Preséntase o autor Jack London e indícase que as súas narracións xiran ao redor da aventura e a natureza salvaxe, mostrando claras influencias de Kipling, Stevenson, Darwin, Nietzsche e Marx. Faise referencia a algúns datos biográficos do autor dende a militancia no socialismo até as incansábeis viaxes realizadas. Indícase que recentemente David Cortizo Conde traduciu ao galego este volume de cinco relatos, formado por “O home da cicatriz”, “Unha reliquia do plioceno”, “A sombra e o fulgor”, “A prancha” e “O curioso fragmento”.

Loureiro, Manuel, *Apocalypse Z. O comezo da fin* (*Apocalipsis Z. El principio del fin*, 2009), trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, [mocidade], novembro 2013, 386 pp. (ISBN: 978-84-15699-40-8).

Primeiro volume da triloxía “Apocalypse Z”, de Manuel Loureiro (Pontevedra, 1975), escrito en primeira persoa, a modo de blog e diario, no que se conta a historia apocalíptica protagonizada por un avogado que vive en Pontevedra cun instinto de supervivencia torpe e desordenado. Tras un accidente nunha central dun país caucásico, libérase unha enfermidade e vaise expandindo por todo o mundo. A persoa que contrae esta enfermidade morre pero ao pouco tempo volve espertar e ataca a todo aquel que non está afectado. O relato do protagonista narra o avance desta enfermidade, o caos en Galicia a medida que se vai achegando a ameaza e as etapas polas que pasa o protagonista: interese, preocupación, medo... Nun primeiro momento trata de manterse con vida e, despois, intenta buscar un lugar onde poida haber superviventes e non fora alcanzado por esta doenza. Así, abandona a súa casa xunto co seu gato na procura dun lugar seguro. A acción está moi presente ao longo da historia con momentos de gran tensión.

Referencias varias:

- Ana López, “O Culturgal e o Salón do Libro irmánanse”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 2 decembro 2013, p. 50.

Infórmase da celebración do Culturgal na cidade de Pontevedra. Dá conta ademais, da entrega do recoñecemento ao Salón de Libro e das novas publicacións como *Apocalypse Zombie*, de Manuel Loureiro; *Historia de Galicia*, de Anselmo López Carreira; *Vento e Chuvia*, de Manuel Gago e Manuel Craneo; e *Divina da morte*, de Jorge Emilio Bóveda.

Machado, Ana María, *Bisa Bea, Bisa Bel* (*Bisa Bea, Bisa Bel*, 1982), ilust. Almudena Aparicio, trad. Ramón Nicolás, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 188, a partir dos 10 anos, 2013, 140 pp. (ISBN: 978-84-9865-499-8). ■

Relato de Ana María Machado (Brasil, 1941), dividido en “No fondo dunha caixiña”, “Empanada bochechuda”, “Tatuaxe transparente”, “Conversas de outrora”, “Nenas que asubían”, “Un espirro e una traxedia”, “A dona da voz misteriosa”, “Trenza de persoas”; un pequeno prólogo e un epílogo, no que se narra unha historia na que se confunde o poder da imaxe co poder creativo da palabra e a imaxinación e na que o tema principal é o amor e os conflitos xeracionais. Narrado en primeira persoa por Isabel (Bel), a protagonista, quen, tras atopar unha fotografía da súa bisavoa (Bisa Bea), dá comezo a un diálogo con ela na que falan de obxectos antigos e modernos, da condición feminina e das relacións amorosas, como o namoro e o casamento. Tamén xorde unha terceira persoa que vén do futuro, a bisneta (Beta), quen lles presenta un mundo máis innovador e que instiga a Bel a actuar de forma menos conservadora que Bisa Bea, presentando diverxencias de ideas e opinións. Presenta o índice ao final, cunha pequena biografía da autora. As ilustracións de Almudena Aparicio (Vigo, 1978), realizadas a partir da montaxe dixital, empregan imaxes moi simples de carácter infantil con fondos brancos ou en planos de cores, algúns estampados con aparencia de parede, que ocupan a páxina enteira ou que forman un detalle, acompañando o título dos capítulos, que se

separan cunha páxina en cor siena. O cromatismo emprega cores sienas e grisáceas. As páxinas van numeradas cunha tipografía manual co mesmo cromatismo que as imaxes. A cuberta, cunha estética independente das imaxes interiores, representa un grupo de nenas con uso de cores alegres e un fondo estampado; e o título vai enmarcado nun fondo de cor avermellada.

Recensións:

- S. A. Barbosa Carrijo, “Como as matrioskas rusas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 30 novembro 2013, p. 49.

Saliéntase o lirismo e humor desta obra narrativa ao resumir o seu argumento no que dialogan tres xeracións de mulleres (bisavoa, avoa e neta) sobre a condición feminina e as configuracións das relacións amorosas como o namoramento e o casamento. Indícase que a “coidadosa tradución” de Ramón Nicolás para o galego mantén “a atmosfera poética e de humor”.

Madeira, Ângela, *Sopa verde*, ilust. Till Charlier, trad. Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, [lectorado autónomo], outubro 2013, [29] pp. (ISBN: 978-84-9871-473-9).

Álbum de Ângela Madeira e Till Charlier dedicado pola responsábel do texto “Para Simão, a quen, de pequeniño, non lle gustaba a sopa verde” e polo ilustrador “A Marlène, Jacques e Patate”. Ten como protagonista principal un coello ao que só lle gustaba o verde e repite o mesmo “Só me gusta o verde” a todas horas. Farta de oílo a formiga ofrécelle unha miga de chocolate; o rato, dous anacos de tomate; o pato, tres rebandas de pan; o gato, catro sardiñas; o porco, cinco berenxenas; o burro, seis cenorias, e a vaca, sete mazarocas de millo, alimentos todos eles rexeitados polo coello porque son, respectivamente, de cor marrón, vermello, branco, gris, morado, laranxa e amarelo, e non de cor verde, que é o que a el lle gusta. Ante tal situación e para arranxar o problema o moucho decide facer unha sopa con todos os alimentos que os animais lle ofreceron ao coello e mais con aqueles de cor verde que ao protagonista tanto lle gustan: leituga, brócoli, coles, espinacas, chícharos, alcachofas e pementos verdes. Malia nun primeiro momento non querer probalo, o coello finalmente é tentado polas “ cousas verdes aboiando na sopa” e come nela até que non queda nada e, farto, dorme unha soneca mentres os demais animais se mofan del por non querer tido probar antes nada que non fose de cor verde. A narración textual acompáñase da visual, da autoría de Charlier, en cuxas ilustracións se pode observar a actitude que vai tomando o protagonista conforme os seus amigos lle van ofrecendo os diferentes alimentos.

Márquez, Pepe, *Niños (Nidos)*, 2013), ilust. Natalia Colombro, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. MareMar, [prelectorado], febreiro 2013, [38] pp. (ISBN: 978-84-8464-698-3).

Álbum de Pepe Márquez (Bos Aires, 1970), grafado en letras maiúsculas e dedicado “A Theo e Nilo” e “A Juana e Ulises”, no que se trata a biodiversidade da natureza mediante unha galería de aves e os seus niños, metáfora da casa, para abordar tamén os diferentes modelos familiares, facendo uso da poeticidade e o humor sutil. A narrativa textual axúdase das ilustracións de Natalia Colombo (Bos Aires, 1971) que cunha técnica mixta

recorre á textura e a unha reducida paleta cromática para mostrar a parella de ave/niño. A técnica empregada é a pintura acrílica aplicada dunha maneira saturada e onde se poden observar certos trazos de lápis ou cera para crear un suave volume ou un detalle a liña. A cuberta presenta un xogo entre imaxe e título, onde o propio niño vai incrustado no texto dispóndose na letra “o”.

Recensións:

- Paula Fernández, “Fermosa metáfora”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 456, “Libros”, 2 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 408, 4 maio 2013, p. 10.

Indícase que o álbum *Niños* está orientado nun primeiro momento á presentación xeral dos seres vivos para centrarse máis adiante nos paxaros e nos seus niños, ensinando ao mesmo tempo distintas formas e tamaños semellantes e contrarios. Apúntase que se trata dunha obra protagonizada por seres vivos non racionais debido á popular preferencia do prelectorado polos libros de animais. Destácase que o libro está estruturado coma unha fermosa metáfora sobre a diversidade, dando a entender que todos somos diferentes, pero iguais. Refírese que malia a mensaxe ser complexa, a claridade conceptual, as frases curtas e as sinxelas ilustracións facilitan a comprensión do público ao que vai dirixida. Comenta que non só vai encamiñado a divulgar unha mensaxe de respecto, senón que tamén amosa un carácter lúdico. Finalmente, precisa que, deste xeito, o autor convida a interactuar coa lectura e a comezar xogos comparativos partindo dalgo corrente e insignificante para o ollo adulto, pero que dá lugar a cavilacións importantes por parte da nenez.

- Carina Rodrigues, “Todos diferentes mais iguais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 14 setembro 2013, p. 38.

Apúntase que no álbum *Niños*, escrito por Pepe Márquez e ilustrado por Natalia Colombo, se tratan os animais e a variedade das especies e da natureza. Coméntase a súa aparente simplicidade, o estilo que combina poeticidade e humor sutil e a metáfora do niño para presentar a diferenza nos modelos familiares. Saliéntase a orixinalidade plástica dos seres e niños retratados e a comicidade das asociacións propostas que acentúan o carácter lúdico nas ilustracións realizadas cunha técnica mixta e con trazos “esquemáticos e de perfís pouco definidos”. Conclúese que se trata dun “álbum metafórico e de impacto emotivo” que eloxia a diferenza e o respecto pola individualidade do ser cunha simplicidade no fondo e na forma que axuda á promoción de hábitos de lectura.

Referencias varias:

- Pepe Márquez, “Niños”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 16 marzo 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Niños*, escrita por Pepe Márquez e ilustrada por Natalia Colombo.

- ELOS, “Selección ELOS para Nadal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 31 decembro 2013, p. 41.

Recoméndase a lectura de catro obras galegas e tres traducidas, comentadas dende xaneiro a decembro nesta sección, das que se apuntan as súas liñas temáticas: *Niños*, escrito por Pepe Márquez e ilustrado por Natalia Colombo, álbum sobre a biodiversidade e os modelos familiares; *Todos somos*, de Marcos Calveiro, relato da desaparición dunha moza; *Raro*, de Marcos Calveiro, sobre a diferenza e a amizade; *Desde unha estrela distante*, de Agustín Fernández Paz, que fala das novas tecnoloxías da información; *Flor de area*, de Manuel Lourenzo González, novela sobre a supervivencia e a identidade; *Soños de fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly, retrato crítico da vida no continente africano; e *Grazas*, de Isabel Minhós Martins con ilustracións de Bernardo Carvalho, álbum que recrea a realidade cotiá dende a visión infantil e inxenua dun neno.

Marshall, Rita, *Non me gusta ler! (I Hate to Read!)*, ilust. Etienne Delessert, trad. Xela Fariña, actividades Gabriel Casas, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Pillota, n.º 13, 2013, 40 pp. (ISBN: 978-84-682-1441-2).

Neste relato escrito por Rita Marshall e ilustrado polo seu home Etienne Delessert (Lausanne, Suíza, 1941), con imaxes sinxelas, figuras arredondadas e cores suaves, un narrador onisciente conta a historia de Vítor Castelao, un bo rapaz que estuda Primaria, mais que padece unha estraña doenza chamanda “Non me gusta ler!” e utiliza os libros que lle mercan os seus parentes para facer unha pía e sentar seguido diante da televisión. Un día, dun libro que Vítor finxe ler para disimular diante dos pais saen un crocodilo cunha chaqueta branca, un rato que o convida a ir canda el na busca dun tesouro, un papagaio cunha pata de pau, un coello branco cunhas botas negras e un príncipe transformado en ra por mor dun encantamento. Todos eles convidan a Vítor a ir na busca dun tesouro agachado entre as páxinas dun libro, pero o rapaz despídeos con desprezo e repetindo sempre a súa frase favorita: “Non me gusta ler!”. Porén, cando para a pensalo, a súa imaxinación comeza a voar e daquela sente mágoa por todos os personaxes que coñeceu, e que talvez desaparezan para sempre se ninguén lles fai caso. É entón cando Vítor decide abrir un libro e, daquela, o que non lle gustou nada foi chegar ao final. A historia preséntase nun contexto realista para a seguir internarse no mundo da fantasía e procurar unha solución á aversión de Vítor polos libros e a lectura. O volume contén un apartado con actividades realizadas por Gabriel Casas para asegurar a comprensión dos lectores e estimular a súa creatividade.

Mas Marssenyac, Herminia, *O dinosauro e a sequoia (El dinosaure i la sequoia)*, ilust. Francesc Rovira, trad. Isabel Soto, La Garriga: Edicións do Carballo da Casa da Rocha, col. Barba roxa, n.º 2, para contar a partir dos 2 anos/para ler a partir dos 5 anos, 2013, 48 pp. (ISBN: 978-84-937475-3-4).

Conto de Herminia Mas Marssenyac no que un narrador onisciente e a voz dos personaxes contan a historia dun pequeno dinosauro chamado Mera que pretende derrubar todas as árbores que atopa no seu camiño porque as considera unhas covardes por non se defenderen. As árbores, que buscan o escarmento de Mera, convencen o dinosauro para que vaia onda a secuioia. A fortaleza desta árbore máis a axuda dos ventos fan que Mera escarmente e sexa consciente de que sempre pode haber alguén máis forte. O texto acompáñase das ilustracións de Francesc Rovira. Na cuberta preséntase unha composición do protagonista en primeiro plano que axuda a transmitir

sentimentos de temor cara o dinosauro que dirixe a súa mirada ao título, que aparece enmarcado nun recadro xogando coa mirada do dinosauro cara ao texto. No interior, as imaxes, de cores alegres, mostráanse en fondo branco, destacando a natureza e os personaxes, sobre todo o dinosauro.

McKee, David, *Os conquistadores (The Conquerors, 2004)*, ilustr. do autor, trad. Xiana Penelas, actividades Ramón Masnou, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Pillota, n.º 12, 2013, 40 pp. (ISBN: 978-84-682-1440-5).

Neste relato, escrito e ilustrado por David McKee (Devon, Reino Unido, 1935), un narrador omnisciente conta o que acontece cando un Xeneral moi poderoso, cun potente canón, que goberna nun país moi grande cuxos habitantes pensan que son os mellores do mundo, acorda invadir co seu exército todos os territorios veciños. El pensa que o fai polo ben dos seus homes e mulleres, para darlles unha vida mellor, mais os invadidos non pensan o mesmo. Un día, cando o Xeneral descobre que aínda lle queda un pequeno lugar por conquistar, fica pasmado ao comprobar que alí non teñen exército para se defenderen, senón que acollen os acabados de chegar con sorrisos, convidan os soldados aos seus fogares e apréndenlles a preparar as súas deliciosas comidas. Esta mudanza nos comportamentos ocasiona aos poucos unha gran mudanza no país dos conquistadores. Trátase dun relato que se apoia nas ilustracións e que defende a paz e a diferenza e pon de relevo o absurdo das guerras e de calquera enfrontamento. O volume complétase cun apartado con actividades de comprensión preparadas por Ramón Masnou para asegurar a comprensión dos lectores e estimular a súa creatividade.

Recensións:

- María Navarro, “Lección de pacifismo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 474, “Libros”, 24 outubro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 427, “Letras galegas”, 9 novembro 2013, p. 10.

Fala do argumento e da mensaxe didáctica subxacente a este volume dirixido aos primeiros lectores, no que elementos cotiás como a alegría ou a palabra conforman as armas de loita. Anima á reflexión sobre onde se pode atopar “a verdadeira felicidade dun pobo”.

Minhós Martins, Isabel, *Grazas (Obrigado a todos!, Planeta Tangerina, 2006)*, ilustr. Bernardo Carvalho, trad. Xosé Ballesteros, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Demademora, [prelectorado], xullo 2013, [30] pp. (ISBN: 978-84-8464-826-0). ■

Un dos primeiros álbums da autora portuguesa Isabel Minhós (Lisboa, 1974) que parte da visión infantil do mundo para recrear a realidade. Faino dende o punto de vista inxenuo e inocente dun neno que aprende coa observación e cos consellos das persoas máis influíntes na súa vida, adultos e nenos, que permiten crear unha imaxe multifacética da realidade, explorando un conxunto amplo de conceptos e valores abstractos, como o tempo, a amizade, o medo, a persistencia, a beleza, as regras, os sonhos, os divertimentos, os afectos ou o crecemento. As ilustracións de Bernardo Carvalho (Lisboa, 1973), delimitadas pola moldura da marxe branca, subliñan a

variedade de emocións que o protagonista experimenta e recrean variacións climáticas, horarias e cinéticas, á vez que suxiren efectos luminosos que, a través do xogo entre luz e sombra, recrean o día e a noite. As imaxes a gran escala dominan por completo as páxinas, relegando o texto a funcións de pé. Formalmente, posúen un forte carácter pictórico, a base de manchas superpostas e cores vivas que conxugan moi ben cunhas figuras de corte sumario e tratamento inxenuista. Tamén aparecen elementos máis elaborados, como os puntos de vista en picado, algúns contrastes abruptos entre o primeiro plano e o fondo, tratados sen transición, ou incluso espazos panorámicos curvos. Transmite unha atmosfera que conecta coa mentalidade infantil fronte ao punto de vista adulto. Esta obra foi apoiada pola Dirección-Geral do Libro, dos Arquivos e das Bibliotecas de Portugal.

Recensións:

- Ana Margarida Ramos, “Álbum para nenos e adultos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 19 outubro 2013, p. 41.

Salienta o bo criterio de Kalandraka por traducir ao galego o álbum *Grazas*, que ofrece a visión infantil do mundo “cunha arquitectura paralelística” e que explora conceptos e valores abstractos e promove o diálogo e a reflexión. Comenta a “aparente simplicidade”, claridade e coherencia do texto no que se destaca a compoñente afectiva, como elemento determinante no crecemento equilibrado e saudábel da nenez. Indica que as ilustracións son “moi expresivas e de elevada calidade”; que xogan coa luz e a sombra, para recrear variacións climáticas, horarias e cinéticas; e que amosan as variacións emocionais dos persoaxes.

- María Navarro, “Testemuño de agradecemento”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 476, “Libros”, 7 novembro 2013, p. VI.

Apunta que este volume se encadra dentro da colección “Demademora” da editora Kalandraka e salienta a carga emocional coa que Bernardo Carvalho dota ás ilustracións incluídas. A seguir, enumera distintos binomios conceptuais presentes na trama da historia e subliña a relevancia de optar por unha perspectiva determinada para afrontar diversos feitos cotiás. Remata aludindo á mensaxe de agradecemento que subxace a esta obra por medio das “aprendizaxes que os adultos se empeñan en transmitir”.

Referencias varias:

- Isabel Minhós Martins, “Grazas”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 7 setembro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Grazas*, escrita por Isabel Minhós Martins e ilustrada por Bernardo Carvalho.

- ELOS, “Selección ELOS para Nadal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 31 decembro 2013, p. 41.

Recoméndase a lectura de catro obras galegas e tres traducidas, comentadas dende xaneiro a decembro nesta sección, das que se apuntan as súas liñas temáticas: *Grazas*, de Isabel Minhós Martins con ilustracións de Bernardo Carvalho, álbum que recrea a realidade cotiá dende a visión infantil e inxenua dun neno; *Todos somos*, de Marcos Calveiro, relato da desaparición dunha moza; *Raro*, de Marcos Calveiro, sobre a diferenza e a amizade; *Desde unha estrela distante*, de Agustín Fernández Paz, que fala das novas tecnoloxías da información; *Flor de area*, de Manuel Lourenzo González, novela sobre a supervivencia e a identidade; *Soños de fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly, retrato crítico da vida no continente africano; e *Niños*, escrito por Pepe Márquez e ilustrado por Natalia Colombo, álbum sobre a biodiversidade e os modelos familiares.

Molina, María, *Montañas na cama*, ilust. Sonja Wimmer, trad. do castelán Paco Liván, Pontevedra: OQO Editora, col. Q, [lectorado autónomo], febreiro 2013, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-442-5).

Álbum fantástico realista de María Molina (Teruel) no que se trata o amor dende a inxenuidade dun neno. Narrado en terceira persoa, o protagonista é un rapaz chamado Martín que fai da realidade un mundo fantástico. Todo comeza polo medo que o rapaz ten á escuridade. A súa imaxinación dera cabida a uns bechos no seu cuarto e unha vez que os logrou despistar creou outro mundo fantástico cos mesmos bechos para explicar os sons que saían dende o cuarto de seus pais. Martín crea unha montaña nesta mesma habitación mentres el escoita como a soben os seus proxenitores. Entón, o rapaz decide construír a súa propia montaña con roupa amontoada. Todo remata ao día seguinte cando os pais lle explican que os ruídos que escoitara na véspera non eran porque estaban subindo unha montaña, senón que así era o amor e que só se mostraban o moito que se querían. As ilustracións figurativas de Sonja Wimmer (Munich) empregan o debuxo a lapis para as formas e os pasteis para aplicar a cor. Son ilustracións de cores pouco contrastadas, sen estridencias, que recrean a atmosfera tranquila da noite e a brandura da roupa da cama, puntillas, almofadas e edredóns. A cuberta presenta unha imaxe centrada do neno protagonista mergullado entre almofadas e as gardas tamén se centran nas roupas da cama, brandas e esponxosas.

Recensións:

- María Navarro, “Gozosa explosión”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 410, “Libros”, 17 maio 2013, p. X/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 410, “Letras galegas”, 18 maio 2013, p. 6.

Comenta o argumento de *Montañas na Cama* e salienta a naturalidade e a dose de humor que a autora, María Molina, emprega para que a esencia temática sexa entendida na súa xusta medida. Apunta que a historia achega o lectorado a ir descubrindo, pouco a pouco, detalles da situación, que entre realidade e fantasía, teñen a oportunidade de construír o seu propio universo. Puntualiza que, deste xeito, os medos se convirten nun valiosísimo recurso que propicia a exploración de mundos novos. Finalmente destaca o papel de Sonja Wimmer, quen, segundo María Navarro, presenta unhas ilustracións que afondan na naturalidade e na hilaridade do propio texto con xestos, expresións e cores delicadas que enriquecen a narración.

Osés, Beatriz, *Contos como pulgas* (*Cuentos como pulgas*, 2013), ilustr. Miguel Ángel Díez, trad. Ramón Nicolás, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Sete Leguas, [lectorado autónomo], 2013, [46] pp. (ISBN: 978-84-8464-824-6).

Beatriz Osés (Madrid, 1972) reúne neste volume de formato alongado e de apertura vertical unha serie de relatos moi breves que mereceron o Premio Lazarillo de Creación Literaria en 2006 e que agora se publican traducidos á lingua galega por Ramón Nicolás. Estructurado en catro apartados, que levan por título “Contos de auga”, “Contos de ceo”, “Contos de terra” e “Contos de noite”, os *Contos como pulgas* crean un suxestivo universo por veces próximo ao surrealismo e ao absurdo, no que o protagonismo recae na súa maior parte dos casos en animais e só nalgunha ocasión aparece Juan Luna interaccionando con eles. Así, por veces xógase co humor en situacións como a tartaruga que deixa a coiraza para bañarse espida no mar ou o elefante que se baña nunha cunca de consomé, pasando polo xogo con frases feitas para recrear o seu sentido literal, como facer galos cando se canta na ducha, até a explicación de enigmas como de onde veñen as cegoñas, cal é o segredo do león ou o voo dos elefantes. A cada conto correspóndelle unha ilustración de Miguel Ángel Díez (Aspe, Alacante, 1973) que recrea en imaxes o que conta o texto cunha liberdade creativa moi grande. Emprégase un código de cores para os distintos apartados: predominio de azuis para os contos de auga, marróns para os de terra e violeta para os de noite.

Recensións:

- Olalla Sánchez, “Para saborear a pequenos bocados”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 531, “Letras en galego”, 17 agosto 2013, p. 9.

Comenta que este volume consta de trinta microrrelatos marcados pola ironía, o humor, a imaxinación e o tratamento de diversos valores. A continuación, fala dos personaxes, que describe como animais “humanizados” e subliña a conexión que logran establecer, dende o momento inicial, co lectorado. Tamén recalca a presenza do absurdo, o uso de metáforas e uns desenlaces con carácter inesperado. Remata recalcando o labor expresivo das ilustracións, de Miguel Ángel Díez, e o compoñente educativo que subxace na obra e a súa idoneidade como recurso para se introducir na lectura.

- Paula Fernández, “Animais humanizados”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 475, “Libros”, 31 outubro 2013, p. VI.

Comeza salientando que Beatriz Osés, autora desta obra en castelán, obtivo o Premio Lazarillo de Creación Literaria no ano 2006. A seguir, comenta que o volume componse dunha multiplicidade de relatos que teñen como fío condutor unha escrita baseada no surrealismo. Remata felicitando a Ramón Nicolás pola súa “deliciosa” tradución ao galego e a Miguel Ángel Díez polo seu labor ilustrativo.

Referencias varias:

- Beatriz Osés, “Contos como pulgas”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 14 setembro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Contos como pulgas*, escrita por Beatriz Osés e ilustrada por Miguel Ángel Díez.

Pinguilly, Ives, *Soños de fútbol en Bangui*, ilust. Laurent Corvaisier, trad. do francés María González González, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 187, a partir dos 10 anos, 2013, 111 pp. (ISBN: 978-84-9865-483-7). ■

Primeira obra traducida ao galego do autor francés Ives Pinguilly (Brest, 1944). Ten como protagonista a Zangba, un rapaz de quince anos da República Centrafricana, que destaca no seu equipo de fútbol pola calidade técnica, fortaleza e resolución e ao que alcuman cariñosamente “O que ten un só pé” porque xoga cunha única bota, a do pé esquerdo, mentres leva descalzo o dereito, elemento que simboliza a miseria e falta de recursos dun neno orfo que sobrevive coa venda ambulante. A medida que avanza a narración o lectorado descobre aspectos da vida do protagonista, tales como a morte de súa nai pola SIDA e da súa única irmá nun hospital durante o parto por falta de diñeiro para pagarlle os médicos, pasando pola necesidade de abandonar a escola no terceiro ano para vender obxectos na rúa, até a súa exclusión da selección nacional por intereses económicos. No relato, que introduce palabras da lingua sango, faise ao longo de seis capítulos un crítico retrato da polarización da sociedade centrafricana, do capitalismo, da explotación salarial, da compra de vontades e dos luxos e excesos cos que viven uns poucos, mentres a gran masa loita por sobrevivir na miseria, soñando, como Zangba con poder mercar un par de botas. Acompáñase a narración textual das ilustracións figurativas de Laurent Corvaisier que seguen un estilo que recorda as obras dos “fauvistas” e que usan cores moi saturadas para a pintura e xogan con contrastes por saturación. As composicións de páxina completa reflicten escenas significativas do relato e as características étnicas dos protagonistas quedan manifestas nas imaxes, así como ambientes de África e do mundo do fútbol.

Recensións:

- María Navarro, “Soños contra a inxustiza”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 464, “Libros”, 27 xuño 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 416, 29 xuño 2013, p. 10.

Destaca que nesta obra se conta a historia de Zangba, un mozo que vive en Zangba e traballa duro durante todo o día para dedicar o seu tempo libre a xogar co balón e demostrar a súa valía no terreo de xogo todas as semanas.

- Isabel Mociño, “Fútbol, miseria e superación”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 17 agosto 2013, p. 35.

Recoméndase a lectura de *Soños de fútbol en Bangui*, do francés Yves Pinguilly, por considerar que é unha obra que provoca sentimentos encontrados, reflexións moi atinadas sobre a realidade incómoda á vez que deixa un pouco de esperanza na igualdade de oportunidades e no recoñecemento de valores nas persoas. Sinálase que este recoñecido e prolífico autor recrea un dos seus universos ficcionais recorrentes, que é a vida do continente africano e que o logra facer cunha prosa que conmove. Explícase brevemente a liña argumental da obra, que se considera moi axeitada para o lectorado

novo por confrontalo cunha realidade que o fará reflexionar sobre a vida e outras realidades distantes nun retrato crítico que o achega á polarización da sociedade centroafricana, pero tamén á loita pola sobrevivencia e o afán de superación.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Excelentes novelas tamén en galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 526, “Letras en galego”, 13 xullo 2013, p. 8.

Dá conta de, entre outras, as seguintes lecturas para o verán: *Soños de fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly; *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly; e *Reckless. A vida nas sombras*, de Cornelia Funke.

- ELOS, “Selección ELOS para Nadal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 31 decembro 2013, p. 41.

Recoméndase a lectura de catro obras galegas e tres traducidas, comentadas dende xaneiro a decembro nesta sección, das que se apuntan as súas liñas temáticas: *Soños de fútbol en Bangui*, de Yves Pinguilly, retrato crítico da vida no continente africano; *Todos somos*, de Marcos Calveiro, relato da desaparición dunha moza; *Raro*, de Marcos Calveiro, sobre a diferenza e a amizade; *Desde unha estrela distante*, de Agustín Fernández Paz, que fala das novas tecnoloxías da información; *Flor de area*, de Manuel Lourenzo González, novela sobre a supervivencia e a identidade; *Niños*, escrito por Pepe Márquez e ilustrado por Natalia Colombo, álbum sobre a biodiversidade e os modelos familiares; e *Grazas*, de Isabel Minhós Martins con ilustracións de Bernardo Carvalho, álbum que recrea a realidade cotiá dende a visión infantil e inxenua dun neno.

Prémonville, Marie de, *Cleopatra raíña do Nilo (Cleopatra. Reine du Nil*, Éditions Philippe Auzou, París, 2012), ilust. Daniela Volpari, trad. ao galego Ánxela Gracián, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2013, [34] pp. (ISBN: 978-84-9995-060-0).

Relato histórico de Marie de Prémonville (Francia, 1973) sobre Cleopatra, no que se presta especial importancia ao tema amoroso, ás súas relacións con Xulio César e Marco Antonio e á morte. Un narrador omnisciente en terceira persoa conta as lembranzas que Cleopatra rememora no seu último día de vida con detalladas descrições. Relata as historias das relacións amorosas que Cleopatra tivo con Xulio César e con Marco Antonio e a morte dos protagonistas. Na cuberta preséntase nun primeiro plano a imaxe da raíña cunha textura plastificada e, no fondo, unha paisaxe exipcia. No interior, o relato complementase coas ilustracións figurativas de Daniela Volpari (Roma, 1985) nas que se empregan combinacións de cores frías e cálidas, cun predominio do branco e o vermello, creando unha ambientación exipcia na que sobresaen tonalidades avermelladas, sienas e tostados. As imaxes, que combinan a técnica gráfica do lápis coa textura da acuarela para caracterizar sobre todo a beleza e a expresividade de Cleopatra, ofrecen unha narración visual a partir dun plano panorámico pero combinado con pequenas ilustracións que detallan aspectos da historia. Tamén aparecen ilustracións que funcionan como etiqueta ou esquema enmarcado co símbolo de recorte, para enfatizar as ideas principais da historia de maneira abosquexada.

Quintero, Armando, *Non fai falta a voz*, ilustr. Marco Somá, trad. Marisa Núñez, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [prelectorado e lectorado autónomo], setembro 2013, [36] pp. (ISBN: 978-84-9871-469-2).

Álbum dedicado polo autor do texto, Armando Quintero, “A meu avó do corazón que, entre tantas cousas, un día me falou das xirafas” e, polo autor das ilustracións, Marco Somá, “A Ery, a miña nai e a meu pai”, no que se tratan as diferentes maneiras en que se pode manifestar o cariño. Un narrador en terceira persoa dá conta de como os animais teñen a súa voz e, por medio dela, dinse cousas bonitas. Así, os cans ladran; os gatos miañan; a galiña cacarexa e os pitos pían; os paxaros cantan; a vaca e os becerros brúan; as ovellas e os cordeiros bean; os cabalos e os poldros rinchan; o lobo e os lobiños ouvean; os tigres roxen; os elefantes berran. Todos, agás a pequena xirafa, teñen a súa voz para expresarse. Porén a mamá xirafa ensínalle á súa cría que non é precisa a voz para expresar os sentimentos xa que coas caricias tamén se pode facer o mesmo. Deste xeito a xirafa pequena ensínalle ao elefante pequeno a aloumiñar e, en cadea, unhas crías de animal ás outras até que todos saben que non fai falta a voz para dicir “quérote”. A narración textual acompáñase das ilustracións figurativas de Marcos Somá que representan os animais humanizados, por exemplo, vestidos e xogan.

Ricart Leal, Raquel, *O caderno de Ánxela (El quadern d'Àngela*, Tándem Edicions, 2010), ilustr. Pablo Otero Rodríguez (Peixe), trad. Eva M^a Lozano Carpena, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia, n.º 186, a partir dos 10 anos, marzo 2013, 244 pp. (ISBN: 978-84-9865-476-9). ■

Novela realista de Raquel Ricart Leal (Bétera, Valencia, 1962) que se abre cun paratexto en forma de dedicatoria (“A Rosa J., pola faísca que acendeu o lume. Para o resto, o libro xa cai cheo de homenaxes”) e na que se trata principalmente o tema do amor entre a familia e das inquedanzas dunha nena que quere saber máis sobre ela e as súas orixes. Reproduce o caderno de Ánxela, unha nena china que é adoptada por unha parella española que, ao cumprir doce anos, lle regalan un caderno no que escribir todo o que lle apeteza, posto que ten unha enorme facilidade para trenzar historias. Así, a nena relata as súas vivencias e inquedanzas en primeira persoa e mesmo inserta relatos ou contos inventados por ela mesma. Na cuberta preséntase unha figura de muller rodeada de lapis. No interior, as ilustracións de Peixe, nome artístico de Pablo Otero Rodríguez (Ourense, 1970), conforman figuras con planos en grises e algunha mancha en violeta. A relación entre as imaxes e os textos é de tipo conceptual: unhas botas con letras ou un libro que voa coa protagonista enriba. No interior hai ilustracións de páxina enteira con imaxes relacionadas cos diferentes capítulos.

Recensións:

- Paula Fernández, “Caderno amigo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 483, 20 xuño 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 813, 22 xuño 2013, p. 10.

Indica que nesta narración se emprega un elemento recorrente na literatura infantil, un caderno novelado, no que se narran as diferentes vivencias e sentimentos que lle suceden á protagonista. Apunta que a narración está protagonizada por unha rapaza chinesa

adoptada, chamada Ánxela, que, polo seu aniversario, recibe de agasallo un caderno. Precisa que nel conta anécdotas, pensamentos e as súas reflexións sobre a súa adopción, ao mesmo tempo que a acepta. Remata cualificando esta narración de proposta “formativa en valores en temas como a integración e adopción cunha lectura amena, dinámica e divertida”.

Referencias varias:

- A. Linla, “Galaxia lleva a las librerías el lunes ‘O caderno de Ánxela’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 27 marzo 2013, p. 39.

Menciona a saída do prelo do volume de Raquel Ricart *O caderno de Ánxela* e salienta a súa inclusión na Lista *White Ravens* de 2012.

Roemmers, A.G., *A volta do Xove Príncipe (El regreso del Joven Príncipe)*, pról. Bruno D’Agay, ilust. Laurie Hastings, trad. Luís G. Tosar, Vigo: Editorial Galaxia, [mocidade], 2013, 92 pp. (ISBN: 978-84-9865-514-8).

Relato de Alejandro Guillermo Roemmers (Bos Aires, 1958) que se divide en vinte capítulos numerados en romanos e que intertextualiza con *O Principiño*, de Antoine de Saint-Exupéry. Nel un narrador en primeira persoa conta como, de viaxe pola Patagonia en coche, descubriu á beira da estrada un mozo, de aspecto singular, o Xove Príncipe, que recolle e co comparte durante tres días, reflexións e críticas diversas acerca da vida en si mesma e visións da Terra cunha perspectiva diferente. O volume ábrese cun “Prólogo” asinado por Bruno d’Agay, un familiar de Saint-Exupéry, no que comenta como entrou en contacto con Roemmers e coa súa obra, e “Unhas verbas limiáres”, nas que un narrador en primeira persoa se dirixe ao lectorado para compartir o que supuxo para el a lectura d’*O Principiño* e as súas reflexións e como ve cumprido o desexo de que, coas súas palabras, poidan seguirse as vivencias do Xove Príncipe. Péchase cun breve epílogo, dirixido ao “querido lector”, no que o narrador recolle a fin da súa viaxe e a súa actitude diferente ante a vida despois de entrar en contacto co estraño mozo, e coa “Dedicatoria” do autor.

Rosen, Michael, *Imos cazar un oso (We’re Going on a Bear Hunt)*, 1989), ilust. Helen Oxenbury, trads. Sara e Óscar Senra Gómez, Pontevedra: Kalandraka Editora, col. Tras os montes, [lectorado autónomo], xaneiro 2013, [38] pp. (ISBN: 978-84-8464-803-1).

Álbum fantástico realista, de Michael R. (Harrow, Middlesex, 1946), dedicado “Para Geraldine, Joe, Naomi, Eddie, Laura e Isaac” e no que se contan as aventuras dunha familia que vai cazar un oso porque non lle teñen medo. Polo camiño atópanse con certos imprevistos da natureza, representados con imaxes en tons grises, pero que resolven con éxito. Unha vez que atopan un oso, asustados, saen correndo cara a súa casa e sen pensar dúas veces nos inesperados “tropezos” que a natureza lles proporciona. O oso vai detrás deles e ao chegar á súa casa métense dentro da cama e confesan que nunca máis van intentar cazar un. Finalmente o oso volve á súa cova. Na cuberta preséntase unha familia relaxada, dando un paseo. As gardas teñen ilustracións moi completas que forman parte do relato, aínda que non teñen texto, sobre todo a do final na que aparece o oso triste volvendo á súa gorida. No interior, as ilustracións

figurativas de Helen Oxenbury (Ipswich, Suffolk, 1938), dedicadas “Para Amelia”, están realizadas a lápis e acuarela e ocupan maiormente a dobre páxina, agás no final, cando a narración adquire máis ritmo e as viñetas con escenas pequenas se suceden en cada páxina. Os debuxos, de estilo sinxelo e con poucos detalles nas figuras, alternan a cor e o branco e o negro e describen as contornas con detemento.

Recensións:

- María Navarro, “Narración optimista”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, n.º 455, 25 abril 2013, p. VI.

Dá conta dun novo texto versionado por Michael Rosen que vai acompañado por Helen Oxenbury no traballo de ilustración. Comenta que toda a obra xira ao redor dun propósito, cazar un oso. Explica o argumento e interprétalo como unha metáfora de vida, facendo un símil con certos momentos na vida das persoas, nos que se marcan metas que non son fáciles de acadar e que custa moito chegar a elas, intre no que comprobamos que ese xa non era o seu obxectivo e así mediante o método erro e acerto van pasando os días da vida. Salienta que o optimismo impregna a narración da mesma forma que as onomatopeas animan a historia e as repeticións de estruturas fixan o obxectivo dos protagonistas. Valora positivamente que a obra alterne páxinas a cor e páxinas en branco e negro xa que pensa que este feito promove unha lectura máis interesante e remata relacionando esa alternancia coas pasaxes positivas e negativas da vida.

Referencias varias:

- Michael Rosen, “Imos cazar un oso”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 9 marzo 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Imos cazar un oso*, escrita por Michael Rosen e ilustrada por Helen Oxenbury.

Sahinkanat, Sara, *Quen lle ten medo á Carapuchiña vermella? (Kim korkar kırmızı baslikli kız'dan?)*, Kir Cicegi Publishing, Turkey, 2009), ilustr. Ayse Inan Alican, trad. ao galego Manuel Ramos, Ourense: Ediciones Linteo, col. Linteo Infantil e Xuvenil, [prelectorado], 2013, [28] pp. (ISBN: 978-84-96067-84-4).

Este álbum fantástico, recoñecido como o Mellor libro ilustrado 2009 (IBBY Turkey Chapter), de Sara Sahinkanat, está dedicado pola autora á súa nai e pola ilustradora tamén á súa nai porque “coidou o meu neno mentres eu andaba ocupada co lobiño...”. Nel relátase a historia da Carapuchiña vermella dende o punto de vista dun lobiño. Un narrador en terceira persoa dá conta dunha conversa na que o lobiño lle explica á mamá loba as razóns polas que xa pode ir só ao bosque. As ilustracións realistas, de Ayse Inan Alican, en vivas cores, están cheas de detalles e describen a tobeira dos lobos como se dunha casa se tratase. O deseño dos lobos é amábel e presentan unhas caras simpáticas que amosan uns animais que parecen peluxes.

Sánchez Aguilar, Agustín (sel.), *Viaxe ao futuro. Relatos de ciencia ficción*, ilust. Enrique Breccia, trad. Alejandro Tobar, actividades Agustín Sánchez Aguilar, Barcelona: Ediciones Vicens Vives, col. Aula das Letras, n.º 12, [mocidade], 2013, 268 pp. (ISBN: 978-84-682-1448-1).

Compilación de sete relatos de ciencia ficción de coñecidos autores en lingua inglesa ilustrados por Enrique Breccia (Bos Aires, 1945). Como é habitual nesta colección da editorial Vicens Vives, os contos van precedidos dunha ampla introdución na que se realiza un percorrido pola historia da ciencia ficción, as súas modalidades e autores principais. Ao final do volume inclúese un apartado de actividades didácticas, neste caso preparadas por Agustín Sánchez Aguilar, con cuestións referidas ao argumento e á expresión dos textos para afondar na súa comprensión. A antoloxía abre con “Un son de tronido” (“A Sound of Thunder”, 1952), de Ray Bradbury (Waukegan, Chicago, 1920-Los Ángeles, 2012), unha fábula moral que aborda un clásico do xénero: as viaxes no tempo, algo que neste caso traerá consecuencias negativas e modificará o presente. Cabe pois destacar o manexo dos paradoxos e o exemplo de ucronía que supón. “Impostor” (“Impostor”, 1953), de Philip K. Dick (Chicago, 1928-Santa Ana, California, 1982), é un relato de corte psicolóxico no que está presente o suspense, cun protagonista, Spence Olham, do que até a conclusión non saberá o lector se é un home ou un sofisticado robot. “Deserción” (“Desertion”, 1944), de Clifford D. Simak (Millville, Wisconsin, 1904-Minneapolis, Minnesota), atesoura un notábel grao de lirismo, e nel o autor propón un misterio: o dunha serie de científicos da Terra que, un tras outro, viaxan en acto de servizo a Xúpiter e, por algún motivo descoñecido, nunca tornan. Concluída a lectura, o lector entenderá que o propósito de Simak era dismantelar a visión antropocéntrica do mundo. “Todos os problemas do mundo” (“All the Troubles of the World”, 1958) de Isaac Asimov (Petrovichi, 1920-Nova York, 1992), é un relato da saga dos robots, onde, a diferenza doutros escritores contemporáneos, o autor toma posicións en prol da infalibilidade dos robots e computadores e lonxe de promover o medo cara a eles, resalta a súa extrema fiabilidade. É tamén un dos varios relatos coa computadora Multivac como ente protagonista. O relato “Os fogos internos” (“The Fires Within”, 1947) do británico Arthur C. Clarke (Minehead, 1917-Colombo, Sri Lanka, 2008), ten un carácter científico, coa aparición, por exemplo, do sonar. A trama xira arredor dunha parella de científicos que atopan indicios da existencia dunha civilización intelixente na propia Terra, a quilómetros e quilómetros de profundidade. O final do relato resulta sorprendente, e cuestiona a primacía do ser humano fronte a outras formas de vida, non necesariamente alieníxenas. “Os reis da area” (“Sandkings”, 1979) de George R. R. Martin (Nova Jersey, 1948), o máis longo dos sete relatos da antoloxía, conta a historia de Simon Kress e a súas súas estrañas mascotas, entre as que están os chamados reis da area, similares a insectos pero de ben maior tamaño. O tema de fondo é o abuso de poder, pois a forza de manter Kress as súas mascotas esfameadas e aldraxadas, estas aumentan a súa agresividade, o que na fin de contas derivará nunha serie de tráxicos acontecementos. “A solución da mosca parasitaria” (“The Screwfly Solution”, 1977) relato que pecha o libro, é o único escrito por unha muller, Alice Bradley Sheldon (Chicago, 1915-1987), que neste caso asinou como Raccoona Sheldon. Está narrado cunha linguaxe coloquial e a trama queda artellada a partir dunha serie de cartas entre unha parella de namorados, que é como saberá o lector da existencia e o rápido espallamento por todo o planeta dunha epidemia que acaba coas mulleres. De xeito metafórico, o conto supón unha denuncia das condicións de submisión da muller e do maltrato que sofre a mans do home. Así mesmo, e en igual ou maior medida, retrata os perigos do fundamentalismo relixioso e o seu papel misóxino.

Saumande, Juliette (adapt.), *Oliver Twist, segundo a novela de Charles Dickens (Oliver Twist, d'après le roman de Charles Dickens*, Éditions Philippe Auzou, 2012), ilustr. Daniela Volpari, trad. ao galego Ánxela Gracián, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2013, [44] pp. (ISBN: 978-84-9995-061-7).

Álbum narrativo realista de Juliette Saumande (Francia, 1979) e Daniela Volpari (Roma, 1985) no que se adapta e se reducen as liñas xerais da obra *Oliver Twist* (1838), de Charles Dickens, nome literario de Charles John Huffam Dickens (Portsmouth, Inglaterra, 1812- Gads Hill Place, Inglaterra, 1870). Nel un narrador en primeira persoa relata a historia de Oliver Twist, un neno orfo de nove anos que é enviado a un orfanato tras a morte da súa nai. Despois de ser explotado e pasar fame e frío, comeza a traballar nunha funeraria até que decide marchar a Londres. Alí coñece a Jack Dawins, un neno da súa idade, integrante dunha banda de carteristas, liderada por Fagin. Son eles os que o conducen polo camiño da delincuencia até o día que coñece ao señor Brownlow, quen o acolle. Tras superar varias situacións difíciles, Oliver coñecerá o que é a felicidade. Na cuberta, cunha textura plastificada que ofrece tridimensionalidade á imaxe, preséntase un plano enmarcado dunha fiestra onde se atopa a estética inglesa dos teitos de Londres cun primeiro plano do protagonista e un coelliño. O título, centrado na fiestra, ofrece unha tipografía con estampación floral. As gardas seguen un patrón diferente, presentando unha imaxe saturada de elementos cun fondo siena de estética inglesa. No interior, as ilustracións de cores frías da autoría de Volpari complementan o narrado e amosan os sentimentos dos personaxes, nunha textura saturada e contrastada e xogando cos planos brancos, tanto rectos como diagonais. A autora mestura os trazos do lápis coa acuarela, creando unha atmosfera afumada e suave para os fondos sen profundidade e detallando o primeiro plano dos personaxes e os elementos que describen a historia. Nas imaxes faise unha comparación entre o que lle está a pasar a Oliver Twist e a imaxe dun coello branco, creando así imaxes metafóricas, combinando presentacións panorámicas con primeiros planos dos personaxes nos que salientan trazos caricaturescos.

Referencias varias:

- Juan José Lage e Ana Abelenda, “Agasallos en edicións singulares”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.079, “Literatura”, 18 decembro 2013, p. 2.

Recoméndase como agasallo de Nadal unha serie de libros en castelán e en galego que consideran “poden servir de estímulo para incentivar a lectura e o amor aos libros, ademais de polos seus interesantes contidos”. Saliéntase a idade do lectorado ao que van dirixidos e ofrécese un breve descritor de varios libros en galego, entre eles *Oliver Twist*, de Juliette Saumande, recomendado a partir de seis anos.

Schlieper, Birgit e Nina **Stahl**, *Ás veces quero morrer coa risa (Manchal möchte ich mich totlachen*, Bibliographisches Institut/Sauerländer, Mannheim, 2012), trad. Patricia Buján Otero, Vigo: Editorial Galaxia, col. Costa Oeste, [lectorado mozo], febreiro 2013, 181 pp. (ISBN: 978-84-9865-475-2). ■

Novela amorosa de Birgit Shilieper (Iserlohn, Alemaña, 1968) e Nina Stahl (Müster, Alemaña, 1977) encabezada por unha cita de Immanuel Kant. Narra a historia dun rapaz de sofre unha enfermidade e non entende por qué ten que morrer tan novo sen vivir moitas cousas propias dos rapaces da súa idade. Cando coñece a Helene, unha rapariga co mesmo problema, decide pasar o tempo que lle queda no hospital ao seu carón. Coa aparición do amor descobre o sentido para o tempo que lle queda. O deseño da cuberta débese a Fausto Isorna e presenta a temática difícil desta obra cunha imaxe esperpéntica acorde coa historia do rapaz que sobrepón ao debuxo dunha caveira uns lentes de cor vermella e uns beizos pintados e que contrasta co fondo amarelo intenso. Esta obra recibiu unha axuda da Consellería de Cultura e Turismo, Dirección Xeral do Libro, Bibliotecas e Arquivos, na convocatoria de axudas para a tradución do ano 2011.

Recensións:

- María Navarro, “Empatía cos que sofren”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 456, “Libros”, 2 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 408, “Letras galegas”, 4 maio 2013, p. 10.

Comenta o libro *Ás veces quero morrer coa risa* das autoras alemás Birgit Schlieper e Nina Stahl e traducido ao galego por Patricia Buján Otero. Apunta que narran as reflexións e reaccións dun rapaz ao que lle quedan poucos días de vida. Sinala que a obra trata con total naturalidade, con “desenfado”, “descaro” e rabia unha circunstancia tan hostil como pode ser a morte. Doutra banda afirma que ao longo das páxinas do libro se pode sentir solidariedade, empatía e complicidade con aquelas persoas que sofren, sen ser capaces de aceptar o que está a pasar ao seu arredor. Para rematar alega que a “literatura cumpre unha función social” e que “a de servir de comunicación dunha vida”.

Senís, Juan, *Diona*, ilust. Oscar Sabini, trad. do castelán Marcos López, Pontevedra: OQO Editora, col. Qontextos, [lectorado autónomo], xaneiro 2013, [38] pp. (ISBN: 978-84-9871-424-1).

Conto de Juan Senís (Oviedo, 1975) no que se narra a historia dun rapaz que é amigo dunha muller anciá chamada Diona e que padece o síndrome de Dióxenes. O neno é descoñecedor deste feito e mesmo para el é divertido que a muller teña tantos trebellos na casa, xa que desenvolve a súa imaxinación. Así por exemplo, os restos dun paraugas roto son para el unhas ás dun vampiro ou un mantel a capa dun príncipe. Finalmente a enfermidade desembocará na separación progresiva entre os dous amigos. Porén, este feito fai que a nai se preocupe máis polo seu fillo e acabe producíndose unha aproximación entre os dous que lle traerá moita felicidade ao rapaz. O ilustrador, Óscar Sabini (Venecia, 1972), describe o proceso que sigue unha persoa que padece a síndrome de Dióxenes, con composicións casi baleiras, con poucas formas, que se van sucedendo e doutras cada vez máis cheas de obxectos. A técnica da colaxe, con recortes de revistas e cartón, permite a acumulación de cousas nas páxinas centrais emulando a actividade da persoa enferma. O tratamento das imaxes presentan a Diona como unha figura amábel e cariñosa co rapaz protagonista ao que coida. Na cuberta aparecen os dous protagonistas e as gardas fan un xogo: a dianteira ten pequenos obxectos que case cubren as páxinas, mentres a traseira está completamente chea de obxectos, repetindo

visualmente o proceso que seguirá a muller. Na portada, un primeiro plano de Diona centra toda a atención na figura feminina.

Referencias varias:

- Belén López, “OQO cóntalle aos nenos o síndrome de Dióxenes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 8 febreiro 2013, p. 77.

Anuncia a saída ao prelo do álbum ilustrado *Diona*, de Juan Senís, como parte da colección “Qontextos” de OQO Editora. Destaca asemade o labor ilustrativo de Oscar Sabini.

Swift, Jonathan, *As viaxes de Gulliver*, adaptación Martin Jenkins, ilust. Chris Riddell, trad. Isabel Soto, actividades e notas Gabriel Casas, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Cucaina, n.º 18, 2013, 160 pp. (ISBN: 978-84-682-1643-0).

Martin Jenkins (Surrey, 1959) é o responsábel da adaptación para o lectorado a partir dos doce anos deste clásico da sátira social publicado por vez primeira en 1726 por Jonathan Swift (Dublín, 1667-1745). Lemuel Gulliver sente un deveso irrefreábel de percorrer o mundo e de coñecer outros países, e as súas viaxes, por raro que pareza, vanlle servir para coñecer mellor o seu propio país e poñer en cuestión os seus costumes e valores. É así como decide relatar as súas aventuras, a primeira das cales, tras se salvar dun naufraxio, o leva ao país de Liliput, cuxos habitantes, de reducido tamaño pero gran mesquindade, están enfrontados coa veciña Blefuscu polo absurdo motivo de que discrepan sobre o xeito adecuado de escachar os ovos. Gulliver axuda os liliputianos capturando a frota inimiga grazas ao seu enorme tamaño, mais négase a asoballar os habitantes de Blefuscu e isto provoca un conflito diplomático. Ao cabo, Gulliver marcha, pero logo de dous meses no seu país volve embarcar e emprende unha nova viaxe até que arriba a unha illa, Brobdingnag, unha terra de xigantes cos que convivirá dous anos e cos que aprende unha lección de humildade. O degoiro de aventuras leva de novo a Gulliver ao mar, e desta vez acaba na illa boiante de Laputa, cuxo rei é un tirano e onde uns sabios extravagantes traballan en insólitos proxectos, como desenvolver un idioma sen palabras ou amolecer o mármore para encher almofadas. Na súa última viaxe, a tripulación do mercante que guía Gulliver amotínase e abandona o seu capitán nunha illa, onde descobre unha especie de mundo ao revés, pois os *houyhnhnms*, os cabalos, son os que se comportan como seres humanos bondadosos e racionais, mentres que os *yahoos*, os homes, viven baixo o seu dominio e semellan bestas salvaxes. A adaptación mantén o retrato burlesco que Swift traza dos políticos, dos gobernantes, dos avogados e dos médicos, así como a condena da corrupción e da loita polo poder e a súa defensa da paz. O volume preséntase en formato apaisado, vai acompañado das ilustracións do británico Chris Riddell (1962) e contén un vocabulario e mais un apéndice de actividades preparadas por Gabriel Casas con preguntas que afondan no sentido e nos temas desta obra sobranceira.

Tichit, Laurence, *Rafa e a garza e Fonso o raposo* (*Gaspard le renard et Gaston le héron*, 2000), ilust. Éric Puybaret, trad. Isabel Soto, actividades Ramón Masnou,

Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Pillota, n.º 9, 2013, 40 pp. (ISBN: 978-84-682-1437-5).

Conto que combina a escrita de Laurence Tichit (Mende, Francia, 1972) coas ilustracións de Éric Puybaret (L'Allier, Francia, 1976) e que se centra no valor da diferenza entre as persoas como trazo positivo abordándoo dende unha perspectiva lúdica. A través de frases moi curtas e sinxelas, xogando coas grafías e as vogais nos nomes dos personaxes, un narrador en terceira persoa relata a historia de Rafa a garza e Fonso o raposo, dous veciños que non son amigos por causa das súas diferentes maneiras de vivir e dos seus gustos contrarios. Tula a tartaruga e Hugo o teixugo non entenden que Rafa e Fonso non se leven e se divirtan xuntos, e grazas a eles os veciños acaban considerando o absurdo da situación e principiando unha amizade a pesar das súas diferenzas. O volume contén un apartado con actividades realizadas por Ramón Masnou para asegurar a comprensión dos lectores e estimular a súa creatividade.

Turín, Adela, *A historia dos bonobos con lentes (La vera storia dei bonobo con gli occhiali*, Edit. Mottajunior, 2000), ilust. Nella Bosnia, trad. G. Tolentino, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], setembro 2013, [36] pp. (ISBN: 978-84-8464-832-1).

Álbum narrativo, sobre a igualdade, de Adela Turín (Italia, 1939), no que se narra a historia duns bonobos que viaxaron a Belfast para aprender inglés. Cando volveron ensináronlle o que aprenderon aos demais bonobos, aos que axiña lle realizaron un exame. Os que o superasen eran agasallados cunhas lentes, agás as bonobas, que non querían que estas aprendesen, porque se elas eran instruídas non poderían facer a recolleita de alimentos e nin eles nin os seus fillos poderían comer. Polo tanto, as bonobas decidiron cambiar de fraga e crearon un fermoso lugar para vivir onde poderían facer o que desexasen, mentres que os bonobos tiveron que buscarse a vida. Na cuberta pódese observar os monos protagonistas con lentes nunha imaxe que se corresponde cunha ilustración do interior, mentres que as gardas teñen un deseño de tipo étnico en cores cálidas. No interior, a historia acompáñase da narrativa visual de Nella Bosnia (Italia, 1946) que vai paralela ao texto. As composicións están centradas nos animais que están representados de forma realista, aínda que con algún elemento alleo, como as lentes, os panos das cabezas e as cousas que fan cando se independizan as femias. As cores empregadas son fundamentalmente os verdes da contorna e os marróns cálidos dos bonobos e serven para distinguir o ambiente dos machos e o das femias, sendo o destas últimas máis alegre e colorido.

Recensións:

- María Navarro, “Desexos de liberdade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 477, “Libros”, 14 novembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 428, “Letras galegas”, 16 novembro 2013, p. 10.

En primeiro lugar fai eco de que esta historia conforma un referente no que se refire á coeducación e á igualdade. A seguir ofrece un breve resumo do argumento, no que salienta valores como o esforzo, a perseveranza ou a capacidade de reiventarse. Para

rematar, alude á literaturización dos valores como unha canle axeitada para mellorar as relacións humanas.

Referencias varias:

- Adela Turín, “A historia dos bonobos con lentes”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 28 setembro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A historia dos bonobos con lentes*, escrita por Adela Turín e ilustrada por Nella Bosnia.

- Juan José Lage e Ana Abelenda, “Agasallos en edicións singulares”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.079, “Literatura”, 18 decembro 2013, p. 2.

Recoméndase como agasallo de Nadal unha serie de libros en castelán e en galego que consideran “poden servir de estímulo para incentivar a lectura e o amor aos libros, ademais de polos seus interesantes contidos”. Saliéntase a idade do lectorado ao que van dirixidos e ofrécese un breve descritor de varios libros en galego, entre eles *A historia dos bonobos*, de Adela Turín, recomendado a partir de cinco anos.

Vallat, Christelle, *As dúas casas de Alicia* (*Les deux maisons d’Alice*, Éditions Philippe Auzou, 2013), ilust. Martina Peluso, trad. Marica Campo, A Coruña: Baía Edicións, [lectorado autónomo], 2013, [27] pp. (ISBN: 978-84-9995-067-9).

Álbum realista, de Christelle Vallat, no que se aborda o tema da ruptura do núcleo familiar dende a perspectiva dun narrador en terceira persoa. Está protagonizado por Alicia, unha nena que se ve inmersa na separación dos seus pais. Por mor desta ruptura, ten que cambiar continuamente de casa para estar con cada un deles, o que provoca que sinta que lle falta algo en cada unha das súas dúas casas. A nena consegue ser feliz a partir do recordo dunha fotografía rachada e sente que ten os seus pais preto dela. As ilustracións de Martina Peluso (Nápoles, 1980) combinan o pastel para a textura coa acuarela en cores frías e saturadas, creando unha sombra suave usando un ton máis escuro. En cada unha das imaxes desenvólvese unha ambientación surrealista dos espazos, xogando coa perspectiva no tamaño das cousas nun primeiro plano e reducindo os obxectos para levalos ao fondo. Aparecen elementos florais ou plantas que acompañan sempre os personaxes, presentados cun estilo infantil, con moita carga sentimental e cunha face máis grande en proporción ás mans e máis os pés. Todos os elementos das escenas teñen unha pequena silueta remarcada en grafito. A cuberta cun fondo plano mostra a xerarquización da protagonista, Alicia, en contraste coas dúas casas pequenas que mantén en cada unha das súas mans; e os elementos florais. Tamén se emprega no vestido da personaxe unha pequena serigrafía de follas de árbore como estampado. Na contracuberta destaca a imaxe dun corazón rachado pola metade colgado nun tendal. As gardas presentan simetría entre a parte anterior e posterior cunha serie de elementos florais.

Weninger, Brigitte, *Todos para un e un para todos (Einer für alle-alle für einen!*, 2004), ilustr. Eve Tharlet, trad. Xela Fariña, actividades Ana Calpe, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Pillota, n.º 11, 2013, 40 pp. (ISBN: 978-84-682-1439-9).

A mestra e escritora Brigitte Weninger (Kufstein, Austria, 1960) e mais a ilustradora Eve Tharlet (Mulhouse, Alemaña, 1956) constrúen un relato no que os personaxes son animais para pór de relevo a importancia da colaboración entre todos á hora de superar calquera tipo de problema. A través dun narrador omnisciente coñécese o que lle acontece ao rato Torcuato a partir do momento no que emprende unha viaxe co dezo de descubrir cousas novas e coa convicción de que é moi especial e único. Malia afociñar e sufrir algún que outro contratempo non se rende e, polo camiño, bate coa toupá Gadoupa, que non ve moi ben pero ten un olfacto excelente; coa ra Isidra, que non oe, pero chouta que dá xenio; co habelencioso Birlo, o chirlo, e co medorento Carrizo, o cachourizo. Todos xuntos marchan de viaxe e conseguen sortear xuntos os perigos porque cadaquén sabe facer algo diferente dos demais e porque se complementan. O volume complétase cun apartado con actividades de comprensión realizadas por Ana Calpe para asegurar a comprensión dos lectores e estimular a súa creatividade.

Wilde, Oscar, *A pantasma de Canterville e outros contos* (“The Canterville Ghost”, 1891; “The Happy Prince”, 1888; “The Nightingale and the Rose”, 1888; “The Selfish Giant”, 1888; “The Devoted Friend”, 1888; “The Remarkable Rocket”, 1888; “The Young King”, 1891), introd. e notas Aránzazu Usandizaga, ilustr. Alicia Cañas, trad. Alejandro Tobar, actividades Joan Badia, Barcelona: Ediciones Vicens Vives, col. Aula das Letras, n.º 13, 2013, 174 pp. (ISBN: 978-84-682-1644-7).

Compilación de relatos do irlandés Oscar Wilde (1854-1900), traducidos ao galego dende os orixinais en lingua inglesa e acompañados das ilustracións de Alicia Cañas (Reinosa, 1957). O libro ábrese cunha introdución dedicada á biografía do autor e aos principais trazos da súa obra, destacando o seu talento para a construción de contos nos que inclúe trazos presentes noutras das súas creacións, como a fonda preocupación polas cuestións sociais, o abismo entre a sensibilidade do artista e o materialismo dos demais ou a súa convicción de que a crueldade humana supera a hostilidade do medio natural. En “A pantasma de Canterville”, o autor contrapón, cun ton humorístico, os estilos de vida norteamericano e inglés, ao artellar unha trama na que unha familia estadounidense de posíbeis adquire unha mansión vitoriana na campiña inglesa, habitada por unha pantasma, Sir Simon, quen lonxe de resultar temíbel, só é considerado unha molestia. Cabe salientar a actitude comprensiva e integradora da filla dos novos donos, que acaba por amigar coa malhumorada pantasma. En “O Xigante egoísta”, a intención de Wilde é moralizante, de raizame cristiá, cun cativo que simboliza a Xesucristo e un xigante redimido de pecados logo do seu arrepentimento. De feito, o conto recorre a unha linguaxe de ritmo bíblico para evocar unha parábola co obxectivo de pór de manifesto o amor ao próximo. “O Príncipe Feliz” ten como tema central o amor, cunha andoriña que principia unha relación de amizade coa estatua dun príncipe e que acaba por tornar íntima, comprendendo ademais a andoriña o volátil dunha vida materialista. En “O amigo fiel”, influído polos contos de Andersen, o escritor reflexiona sobre o abuso de confianza e a falsa amizade, para a que se vale da relación entre Hans e un muiñeiro, Hugo. “O ilustre foguete” é un conto protagonizado por un foguete con ínfulas de grandeza, como xa indica o irónico adxectivo do título.

Este exceso de orgullo faille concibir unha realidade oposta ao que en verdade sucede, produto da ansia de notoriedade. “O reiseñor e a rosa” de novo é un relato centrado no amor, romántico e sen condicións. Ten un final triste, ao non ser correspondido o amor do mozo pola moza, que conclúe co van sacrificio do reiseñor. A antoloxía remata con “O rei mozo”, no que un raparigo de orixe humilde, cuxa vida transcorre ao primeiro en plena natureza, e que está dotado dunha sensibilidade especial, descobre, tras a súa visita a palacio e tres reveladores soños, a falsidade e a impostura que alí reinan. O volume complétase con notas aclaratorias e un apéndice de actividades realizadas por Joan Badia que inclúen cuestións relacionadas coa temática e a expresión dos relatos.

Yoon-duck, Kwon, *O meu gato sempre me imita* (Changbi Publishers, 2005), ilustr. da autora, trad. Rafa Salgueiro, Lata de saL. [lectorado autónomo], 2013, [36] pp. (ISBN: 978-84-941784-2-9)

Relato de Kwon Yoon-Duck no que un narrador en primeira persoa, que polas ilustracións o lectorado pode identificar cunha nena, narra o que fai o seu gato cando o chama, o tenta abrazar, están un fronte ao autor ou cando ela se agocha baixo o xornal, tras da porta, baixo o escritorio, dentro do armario, cando tende a roupa, persegue unha mosca, ole as flores ou observa un becho. A voz narradora dá conta de todo o que fan xuntos e di que a partir dese momento vai ser ela quen o imite, actitude que se reflicte nas ilustracións figurativas do autor.

Zorn, Steven, *Relatos de pantasma*s, ilustr. John Bradley, trad. Isabel Soto, actividades Josep Santamaría e Pedro Alonso, Barcelona: Vicens Vives Primaria, col. Cucaina, n.º 13, [lectorado autónomo], 2013, 96 pp. (ISBN: 978-84-682-1301-9).

O escritor americano Steven Zorn é o responsábel da selección e adaptación destes oito relatos que comparten o feito de presentaren pantasma ou aparecidos como protagonistas e de se centraren nalgún episodio terrorífico ou misterioso para o que non se conta con explicación racional, ademais dos seus desenlaces sorprendentes en boa parte dos casos.. En “A liteira de enriba”, de Francis Marion Crawford (Bagni di Lucca, 1854-Sorrento, 1909), o personaxe relata en primeira persoa o que lle acontece no barco *Kamtschatka*, onde existe un camarote, o 105, rodeado dun estraño maleficio relacionado cun morto vivente de aparencia arrepiante que terá ocasión de ver. En “En mármore e a tamaño natural”, de Edith Nesbit (Kennington, Surrey, 1858-New Romney-Kent, 1924), un pintor conta como unha estraña lenda relacionada coa véspera de Todos os Santos e a igrexa dunha vila rural do sur de Inglaterra na que vive coa súa parella acaba causando a morte da súa dona malia as advertencias que recibe e considerala unha sinxela superstición. En “Na estrada de Brighton”, de Richard Middleton (Kent, 1882-Bruxelas, 1911), un narrador en terceira persoa refire a experiencia dun vagabundo cando esperta ao raiar o día logo de quedar durmido ao pé da estrada unha noite de intenso carouxo, e atopa varias veces co mesmo mozo, que está morto e reaparece seguido coma unha pantasma. “Corazóns perdidos”, de Montague Rhodes James (Goodnestone, 1862-Eton, 1936), propón a arrepiante aparición de dous nenos asasinados que tentan salvar o pequeno Stephen dunha morte segura a mans do seu curmán o señor Abney, obsesionado por acadar a vida eterna grazas ao sacrificio dos cativos. En “Rose Rose”, de Barry Pain (Cambridge, 1864-1928) preséntase a relación que existe entre o pintor Sefton e a súa modelo Rose Rose, a cal semella ser

estritamente profesional. Mais axiña descubrírase que, unha vez morta, a modelo seguiu acudindo puntual á súa cita co pintor e Sefton desapareceu sen deixar rastro. No relato “A lenda da Engroba Durmida”, de Washinton Irving (Manhattan, Nova York, 1783-Tarrytown, Wetschester, 1859) cóntanse os misteriosos acontecementos que sucederon na vila de Tarry Town, no lugar coñecido como a Engroba Durmida, relacionados coa presenza dun misterioso xinete descabezado e o seu ataque ao mestre Ichabod Crane por cousa dunha rivalidade amorosa. Dun ton máis humorístico resulta ser “Precísase pantasma”, de Arthur Conan Doyle (Edimburgo, 1859- Crowborough, 1930), no que o propietario dun castelo relata o que lle aconteceu tras se empeñar en dispor dunha pantasma sexa como for, e como resultou burlado por Abrahams, un ladrón ben astuto. Pecha o volume o breve relato intitulado “Unha criatura de costumes”, de Ambrose Bierce (Meigs, Ohio, 184-Chihuahua, 1914?), onde se narra a arrepiante resurrección dun enforcado, Harry Graham, en Montana, no ano 1868, pois bota a correr despois de morto emprendendo unha tola carreira que provocou o terror entre o xentío que asistía á execución. A edición complétase cun apéndice de actividades preparadas por Josep Santamaría e Pedro Alonso que inclúen cuestións relacionadas coa temática e os personaxes dos relatos. As ilustracións figurativas do británico John Bradley correspóndense con debuxos a tinta con trazos e manchas esbozadas que inundan as páxinas dunha atmosfera escura e misteriosa. Trátase de debuxos tratados dixitalmente para rematar os fondos e algúns recheos das formas. Neles os protagonistas son definidos con detalle e aparecen criaturas óseas, figuras que se esvaecen nunhas manchas transparentes, pantasmas grotescos cos ollos ou partes do corpo esaxeradas ou deformes. Todo cun aire burleiro que invita a deterse nas imaxes para detectar detalles e pormenores. Nalgunhas das páxinas os textos sobrepóñense á ilustración.

Recensións:

- Carmen Ferreira Boo, “Magnífica cita co medo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 25 setembro 2013, p. 42.

Salienta as coleccións “Pillota”, “Cucaina” e “Aula das Letras” da editorial Vicens Vives, dirixidas ao lectorado infantil e xuvenil galego, para traballar a educación literaria. De “Cucaina”, apunta que xa leva trece números publicados de escritores clásicos recoñecidos universalmente, como Charles Dickens, Óscar Wilde ou Arthur Conan Doyle, entre outros. Comenta que *Relatos de pantasmas* é unha selección de oito “magníficos e arrepiantes” contos de terror enfiados pola aparición de espectros fantasmais. A seguir, ofrece o argumento dos contos que salientan pola gran calidade literaria e polas doses de comicidade, misterio, suspense e medo.

- María Navarro, “Efectos sutís”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 472, “Libros”, 10 outubro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 424, “Letras galegas”, 19 outubro 2013, p. 10.

Comeza sinalando que esta obra abrangue oito relatos, cuxa autoría pertence a diversos escritores recoñecidos na literatura universal, e que se encadra dentro da colección “Cucaina” da editorial Vicens Vives. A seguir, indica que o eixo das diferentes historias é a aparición de determinados seres na vida dos personaxes co gallo de crear un enredo no que a imaxinación cobra auxe. Remata subliñando que o lector será quen de idear “esceas totalmente subrealistas”.

VII. 1. 5. ANTOLOXÍAS

Santamaria, J. e P. Alonso (sel.), *Antoloxía do relato policial*, ilustr. Tha, trad. Alejandro Tobar, actividades Gabriel Casas e Emilio Sales, Barcelona: Ediciones Vicens Vives, col. Aula das Letras, n.º 6, 2013, 302 pp. (ISBN: 978-84-682-1305-7).

Escolma de oito relatos escritos orixinalmente en lingua inglesa e ilustrados por Tha, nome artístico de August Tharrats (Barcelona, 1956), aos que precede unha ampla introdución acerca da historia do xénero e a súa evolución, sinalando como precursores a Edgar Allan Poe e Wilkie Collins e citando detectives famosos ao longo dos tempos que asentaron o modelo posterior, tales como Sherlock Holmes, Arsène Lupin ou Fu Manchú. Así mesmo, no cabo, o libro dispón dun apéndice con actividades orientadas ao ensino nos últimos cursos de bacharelato preparadas por Gabriel Casas e Emilio Sales. No relato “A banda pencada”, de Arthur Conan Doyle (Edimburgo, 1859-Crowborough, 1930), co detective Sherlock Holmes como protagonista, preséntase o enigma do suceso inexplicable dentro dun cuarto pechado, tema recorrente no xénero. En “O azar vingador”, de Anthony Berkeley Cox (Watford, 1893-1971), nárrese a historia dun crime na aparencia perfecto, pero que por cuestións azarosas acaba por non ser tal. “Home morto”, de James Mallahan Cain (Annapolis, Maryland, 1892-University Park, Maryland, 1977), inclínase por unha visión máis social e crítica, cun home que sofre as consecuencias dunha sociedade con desigualdades manifestas. “Só poden enforcalo unha vez” destaca como relato sarcástico, cheo de descrições obxectivas e diálogos breves e directos, habituais na pluma de Dashiell Hammet (Condado de St. Mary, Maryland, 1894-Nova York, 1961), considerado decote o pai da novela negra moderna. En “Se morrese denantes de acordar”, do autor británico William Irish (Cornell George Hopley-Woolrich, Nova York, 1903-1968), o texto máis xuvenil da escolma, mantense a tensión a partir do rapto dunha nena e a aventura que un rapaz emprende para atopala. “A aventura da acróbata aforcada” destaca polo intrincado dos diálogos e o humor, característico do prolífico tándem que asinaba como Ellery Queen, formado por dous curmáns: Frederic Dannay (Nova York, 1905-1982) e Manfred B. Lee (Nova York, 1905-1971). “Can adormecido” artella unha trama complexa a partir da morte dun can. O estilo literario deste conto, do escritor norteamericano de orixe canadense Ross MacDonald (pseudónimo de Kenneth Millar, Los Gatos, California, 1915-Santa Bárbara, California, 1983), presenta un alto grao de lirismo. A antoloxía péchase con “Non mires ás túas costas”, un texto de Fredric Brown (Cincinnati, 1906-1972), que é un divertimento raiano co terror, escrito precisamente con esa intención: a de lle pór o ramo a unha antoloxía de contos que presentan as diferentes modalidades que pode adoptar o relato policial.

VII. 2. POESÍA

VII. 2. 1. POETAS GALEGOS

Borrás Sanjurjo, Alicia, *O señor Corpo quere xogar*, ilust. Rodrigo Chao, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merliño, [lectorado autónomo], marzo 2013, [36] pp. (ISBN: 978-84-9914-483-2).

Conto en verso de Alicia Borrás Sanjurjo que xira ao redor do corpo. A voz poética vai enumerando, de forma realista e lúdica, as diferentes partes do corpo acompañadas dalgunha acción que realizan para finalizar sinalando que o corpo quere descansar. As ilustracións de Rodrigo Chao (Boiro, 1976) ofrecen unha narrativa visual e os trazos dos personaxes aseméllanse á pintura contemporánea de Botero, ademais de haber unha imaxe que recorda a escultura cubista de Brancusi, “O Bico”. Tamén cómpre destacar que todo o percorrido de cada unha das imaxes está centrado no estilo surrealista, o mundo dos sonhos. A técnica empregada é a pintura acrílica onde as cores son moi saturadas pero alegres e vivas. Empregan a xerarquía do corpo e dalgúns elementos para acentuar a descrición da parte do corpo da que se está a falar, tendo as imaxes un certo carácter duro e dinámico. O volume conséguese a partir da pintura e búscase a profundidade das paisaxes para achegar o maior detalle posible.

Recensións:

- Paula Fernández, “Axeitado texto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 460, “Libros”, 30 maio 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 412, “Letras galegas”, 1 xuño 2013, p. 10.

Destácase a “axeitadísima” adaptación desta obra aos primeiros lectores mediante estrofas e a rima dos versos que dinamizan e animan o texto e que conseguen que pareza un xogo que lle permite á nenez experimentar e descubrir o seu propio corpo: brincar, mirar, bocexar, bailar etc. Indícase que as ilustracións reflicten á perfección o texto e que son un agasallo para a vista.

Referencias varias:

- M. Mato, “Alicia Borrás, la viguesa que ganó el Lazarillo en 2010, publica nuevo libro”, *Faro de Vigo*, “*Sociedad*”, 2 maio 2013, p. 39.

Anúnciase a publicación desta obra literaria da autora Alicia Borrás, gañadora do premio Lazarillo no ano 2010. Indícase que esta obra está destinada á nenez, co obxectivo de que os máis pequenos descubran as partes do corpo e as súas funcións. Apúntase que as ilustracións corren a cargo de Rodrigo Chao.

Castro, Juan (coord.), *Elexía para un rapaz louro. XL edición dos Premios Literarios “Minerva” 2012*, Santiago de Compostela: Colexio M. Peleteiro/Revista Vamos/Editorial Galaxia, [lectorado mozo], 2013, [110] pp. (ISBN: 978-84-616-2004-3). ◆

Recóllense os poemas e relatos gañadores dos XL Premios Literarios “Minerva” 2012. Logo de sinalar os membros do xurado desta edición, aparecen os diversos textos gañadores, distribuídos nas dúas modalidades, a de poesía e a de narración. Ao final do volume, insírese unha fotografía do grupo de premiados na presente edición. A maqueta e o deseño vai a cargo dos alumnos de Educación Plástica e visual de 4º ESO do Colexio Manuel Peleteiro. En canto á modalidade de poesía, inclúense as seguintes composicións:

- Ismael Ramos Castelo, “Elexía para un rapaz louro”, Primeiro Premio de Poesía, pp. 7-[19].
- Alba Souto Rodríguez, “Lucy in the Sky with Diamonds”, Segundo Premio de Poesía, pp. 21-[27].
- M^a Luisa Iglesias Taboada, “Paraugas”, Terceiro Premio de Poesía, pp. 29-[37].
- José A. Parada Barcia, “Eterna monotonía”, Primeiro Accésit de Poesía, pp. 39-[45].
- Marcela Porto Mato, “No intre agre do café”, Segundo Accésit de Poesía, pp. 47-[53].
- Helena Salgueiro Golán, “Para isto serven os contos”, Terceiro Accésit de Poesía, pp. 55-[61].

Tamén está descrito no apartado VII.1. Narrativa deste *Informe*.

Corral Soilán, Cristina, *A historia fascinante da vaca rodante*, ilustr. Aurora Cascudo Román, Aurora e Miguel Noval Bouza, A Coruña: Editorial Evergráficas, col. Ler é vivir, a partir dos 5 anos, 2013, 32 pp. (ISBN:978-84-403-1221-1).

Relato fantástico-realista, en verso, de Cristina Corral Soilán (Lugo, 1976), que se inicia coa dedicatoria: “Para a xente do agro, polo seu esforzo cotián e por coidar, con tanto agarimo, as terras e os animais que nos alimentan cada día”. Nel cóntase a historia dunha vaca galega que quere explorar o lugar da Fonsagrada en busca do mar. Na súa aventura ten pequenos percances e leva algún golpe, pero todo iso élle recompensado ao atopar un lugar marabilloso, a seimeira de Vilagocende. No relato abórdanse temas relacionados coa amizade e coa teimosía dalgún personaxe, sempre facendo uso de rimas asonantes, de diálogos entre os persoaxes e a retranca. Complétase coas ilustracións de Aurora Cascudo Román (A Coruña), imaxes simpáticas que mesturan os debuxos das vacas e os demais personaxes en cores cálidas cuns fondos fotográficos, de Miguel Noval Bouza (A Coruña), de contornas do rural galego. Péchase o relato cunha páxina dobre con retratos dos personaxes principais da trama.

Recensións:

- Paula Fernández, “Atípicas vacas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 468, “Libros”, 12 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, “Letras galegas”, n.º 420, 21 setembro 2013, p. 10.

Comeza apuntando a orixinalidade da presentación deste relato en verso, o cal contén ilustracións de Aurora Cascudo e múltiples fotografías da montaña lucense. A seguir, comenta o argumento e destaca o mundo creado pola autora, no cal humanos e animais conviven dun xeito pacífico. Finalmente, asegura que os lectores disfrutarán coa escrita e dinamismo que caracterizan este volume.

Díaz, Pablo, *Toc Toc*, ilust. Núria Díaz, Vigo: Galaxia, col. Árbore/Galaxia, serie sonárbore [prelectorado], novembro 2013, 24 pp. (ISBN: 978-84-9865-505-0).

Poemario infantil de Pablo Díaz Carro (A Coruña, 1972) no que achega a música e a poesía aos máis novos. Componse de trece poemas, “Piratas”, “O Apalpador”, “Toc Toc”, “Mazarico”, “A Galaxia”, “O Rato e o Gato”, “Garavanciña”, “A Orquestra”, “O Piollo e a Pulga”, “Anticiclón”, “Teño un can de trapo”, “Ecoloxista” e “Pedro Chosco”, que se caracterizan polo humor, o surrealismo, e pola combinación de formas da transmisión oral con outras composicións marcadas polo tecnicismo formal. As cancións están cheas de ledicia, ilusión, amizade e compañeirismo, onde teñen cabida a defensa do medio ambiente, a protección dos animais e outros temas que contribúen a facer un mundo mellor. Complementábase coas ilustracións de Nuria Díaz que sorprenden polo papel concedido ao espazo en detrimento das figuras, con escenarios moi amplos, sexa unha rúa, un campo ou a galaxia. Emprega a verticalización do plano da terra, sobre o que insire as figuras até un horizonte bastante elevado. En cambio, as formas son sumarias e menos convincentes, sobre todo as humanas. O colorido evita calquera estridencia, con matices suaves para os fondos e con algunhas notas de maior viveza que animan os grises dominantes.

Referencias varias:

- Ana López, “O Culturgal e o Salón do Libro irmánanse”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 2 decembro 2013, p. 50.

Nomea que esta obra se presentou na edición de 2013 do Culturgal como unha das novidades editoriais.

- M. M., “Canciones para un mundo mejor de la mano del espectáculo infantil ‘Toc toc’ de Pablo Díaz”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 26 decembro 2013, p. 51.

Indica que este libro-disco é unha invitación a “cantar a la alegría, la amistad y la defensa del medioambiente” e que será presentada polos seus autores no auditorio do concello vigués. Explica que se compón de quince composicións orixinais e dúas, con letra tirada dos temas tradicionais “O piollo e a pulga” e “Mazarico”. Recolle as declaracións de Olga Kirk, quen acompañará nos coros a Pablo Díaz, sobre os concertos dirixidos á nenez. Remata apuntando que esta obra se presentou no Culturgal, antes de iniciar unha xira por cidades e vilas galegas.

Fernández, Ana María, *Mediomedo*, ilustr. Antonio Seijas, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos sonhos, [prelectorado], outubro 2013, [34] pp. (ISBN: 978-92644-65-0).

Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) desdramatiza o temor aos medos, a través dun conto de tons poéticos protagonizado por Mediomedo. “No país dos casos, / dos queixos e das casas diferentes”, vivía un medo pequeno que se sentía un tanto incomodado porque non era realmente asustante. Malia practicar e ir a clases particulares, non consegue o seu propósito, polo que decide visitar a vella e terríbel Fadabruxa Medrusa. Tras unha tentativa pouco exitosa, acaba por se transformar nun ser grande e peludo de terríbel aspecto que tiña o poder de mudar de imaxe en función de quen o mirase. Provoca o pánico entre a xente e as autoridades méteno na cadea, aínda que a súa extrema violencia fai que o sitúen nunha gaiola no exterior para que todos o contemplen e, de darse o caso, que o insulten. A súa furia é tremenda ata que unha nena se achega a el e lle agasalla un paxariño de xoguete. Co cariño da nena e dos seus amigos, Mediomedo abandona as súas temerosas ideas e decide converterse nun medo pequeno, xa que o oficio de asustar non era tan divertido como parecía. As ilustracións sinxelas de Antonio Seijas destacan polo carácter expresivo sobre o medo. A súa técnica aséntase no emprego da montaxe dixital, combinando cores saturadas e filtros fotográficos estampados para construír as diferentes texturas das escenas. Usa cores planas e trazos lineais para representar tanto a paisaxe coma os personaxes en planos xerais, sen perspectiva de fondo, ofrecendo unha imaxe naif. A tipografía é sinxela, destacando a xerarquía do texto para acentuar sentimentos ou emocións.

Merlán, Paula, *Moranda*, ilustr. Dani Padrón, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos sonhos, [prelectorado], outubro 2013, [36] pp. (ISBN: 978-92644-64-3).

Paula Merlán sèrvese dunha voz poética que describe Moranda como un país perfecto, que escorrenta os seus medos, no que hai corazóns que olen a chocolate, raios de sol da cor do pomelo, choiva de azucre e paraugas de mel, un ceo de flores e tules e millóns de pompas de xabón flotando. Dise que é un país no que se escoitan pandeiros de romaría e música que fala de Galicia e no que existe unha xirafa estampada con pequenas manchiñas; elefantes amigos que se tornan papaventos; panteras e leóns que recitan poemas; baleas xigantes que cantan a ritmo do bo reiseñor; belas estrelas e Lúa; ondas de palabras que transmiten ideas e mesmo ríos de tinta que levan plumas que pintan da cor da canela. Finalmente, dise que o plástico, sensual e ensoñado país de Moranda se esfuma cando se abren os ollos. Dani Padrón (Ourense, 1983) emprega nas súas ilustracións unha variedade de texturas, manipuladas a partir das formas e os volumes para crear unhas imaxes infantís enriquecidas coa montaxe dixital. A idea do surrealismo aparece en cada unha das escenas, onde os animais están humanizados, vestidos con traxe de noite e con poderes sobrenaturais. Os fondos combinan texturas de papel antigo con outras coma paredes desgastadas de edificios vellos. Intúese a representación das estacións do ano, a partir da neve, do sol e das flores, e das cores empregadas. Xérase ritmo musical a partir da disposicións de letras aleatorias, voando ao igual que notas musicais.

Recensións:

- Olalla Sánchez, “Viaxe a un país de fantasía”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 551, “Libros Infantil”, 21 decembro 2013, pp. 6-7.

Destaca que este “álbum delicado” que, conta cun “texto poético de gran beleza”, é a primeira obra en galego da súa autora, e a segunda para o lectorado infantil e xuvenil. Incide en que se plasma “un mundo onírico, de rebosante fantasía, onde non collen os medos infantís e onde todo é posible”.

Referencias varias:

- M. F., “Os traballos que supoñen un reto son máis útiles para afrontar os seguintes”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, “La entrevista”, p. 23/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 803, “La entrevista”, p. 36/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 803, p. 29, “La entrevista”, 17 novembro 2013.

Recóllese unha entrevista a Dani Padrón, na cal se abordan, entre outros, o selo que caracteriza o seu labor ilustrativo, a situación actual do mundo editorial e os seus plans futuros. Ademais anuncia a publicación deste álbum ilustrado.

Romero, Miguel Anxo, *Pompas de cores*, ilust. Leandro Lamas, Ferrol: Edicións Embora, col. Fardel dos soños, a partir de 6 anos, xuño 2013, 28 pp. (ISBN: 978-84-92644-61-2).

Poemario de Miguel Anxo Romero composto por unha ducia de poemas nos que trata as trasnadas, afeccións, xogos e cantos de nenos, con humor e picaresca infantil, así como sobresaen polo seu ritmo e rima e pola incorporación de recursos da literatura de transmisión oral. Acompañan os poemas as ilustracións de Leandro Lamas que plasman os motivos de cada un dos textos a través de debuxos figurativos e o emprego de cores cálidas e alegres.

Referencias varias:

- Nicolás Vildal, “Miguel Anxo Romero e Leandro Lamas apostan polos primeiros lectores en ‘Pompas de Xabón’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 11 xullo 2013, p. 18.

Informa da presentación do primeiro traballo conxunto entre o profesor Miguel Anxo Romero e o ilustrador e pintor Leandro Lamas. Apunta que a obra trata duns poemas dirixidos a lectores a partir dos seis anos. Recolle que o autor comenta que os seus poemas xurdiron debido á busca de poemas infantís, e como non os atopou decidiu escribilos el mesmo. Comenta tamén que o autor pensou que o ilustrador debería ser o pintor Lamas, quen aceptou encantado e con grande entusiasmo. Refíre que os doce poemas contan con ilustracións propias para cada un dos textos. Remata dando conta de que ambos os autores traballarán nun segundo libro, xa que o autor ten material para que o ilustrador forme parte doutra das súas obras.

VV. AA., *Poemas para Celanova*, Celanova: CEIP Curros Enríquez de Celanova, col. Canistrel, 2013, 103 pp. (DL: OU-66-2013). ♦

Libro colectivo resultado dun proxecto didáctico desenvolvido polo alumnado de terceiro ciclo de Educación Primaria do CEIP Curros Enríquez de Celanova no que se empregaron as novas tecnoloxías para a redacción, ilustración e deseño. Conta con edición electrónica que se pode consultar no enderezo <http://issuu.com/currosenriquez/docs/libro?workerAddress=ec2-107-20-119-200.compute-1.amazonaws.com>. Trátase dun conxunto de poemas, redactados en galego, español e inglés, que se organizan ao redor de dezaseis seccións, núcleos temáticos, centrados na vila de Celanova e na súa contorna. A seguir detállanse todas as seccións do libro, así como o título dos poemas en galego: “Terras de Celanova” (“Moitas cousas que contar”); “O mosteiro” (“Un mosteiro con mil cousas”); “Carballeira do mercado” (“Paseando...”); “A Virxe do Cristal” (“Un soneto celestial”); “Pontegrande” (“Augas cristalinas”); “Vilanova dos Infantes” (“Subín un día á torre”); “O río Ourille” (“Un río musical”); “A calle Abaixo” (“Unha antiga rúa”); “Castromao” (“De Castromao, que sabes?”); “A biblioteca do Mosteiro” (“O lugar onde dormen os libros”); “Ponte Freixo” (“Famosa ponte romana”); “A Casa dos Poetas” (“Unha casa entre as demais”); “Carballeira do Lavadeiro” (“Carballeira do Lavadeiro”); “O alcázar de Milmanda” (“Como é Milmanda”); “Lavadeiro da Rapela” (“Lavadeiro da Rapela”); e, finalmente, “Colexio Curros Enríquez”, co poema “Noso querido colexio”.

Villar, Miro, *A pantasma da casa da Matanza*, ilust. Xosé Cobas, Cesuras (A Coruña): Biblos Clube de lectores, [prelectorado], 2013, 40 pp. (ISBN: 978-84-15086-42-0).

Relato de tinturas poéticas de Miro Villar (Cee, 1965), no que a voz que desenfia o texto é a da Negra Sombra que acompañou a Rosalía de Castro ao longo da súa vida. O seu discurso cargado de sentimento xérase a través da referencia a diversos aspectos da súa biografía e ás súas experiencias conxuntas na casa da Matanza, así como alude ao seu labor como poetisa a partir do xogo cos símbolos dos seus versos e coas súas obras, das que se reproduce o texto no que Rosalía gabou a súa “amizade” coa negra sombra. A técnica empregada por Xosé Cobas (Logrosa, Negreira, 1953) é mixta de acuarela e pastel e salienta a cor vermella da rosa, elemento destacábel na maioría das páxinas. As imaxes son representadas en primeiro plano de maneira moi sinxela en fondos lisos combinando cores suaves coma amarelos, azuis, brancos e marróns. Cómpre destacar a figura de Rosalía nalgúns das páxinas e dalgún detalle feito a lapis como a insinuación da sombra.

VII. 2. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES. TEXTOS RECUPERADOS

Alonso, Fran, *Cidades*, ilustr. do autor, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Sopa de libros, n.º 46, a partir de 10 anos, xaneiro 2013, 70 pp. (ISBN: 978-84-9914-191-6).

Reedición de *Cidades*, no que Fran Alonso (Vigo, 1963) se serve do verso libre e dos recursos da poesía actual para afondar no urbano. Este poemario, que obtivera o IV Premio Rañolas de Literatura Infantil e Xuvenil e o Accésit Premio Lazarillo de Literatura Infantil, abandona a colección “Merlín”, na que Edicións Xerais de Galicia o incluía en 1997, para situarse en “Sopa de Libros” da mesma casa editorial. Nesta nova entrega, achégase unha revisión de *Cidades* e a reescritura de poemas como “A miña cidade pousa os beizos sobre o mar” ou “Cando a cidade enferma” (p. 33), nun proceso de axilización estilística, de condensación de imaxes poéticas e de actualización de escollos léxicos, así como se engaden dous textos máis. Tamén se producen cambios profundos noutros poemas que, se ben manteñen a semente inicial, mudan e perfeccionan a estrutura e o enfoque para multiplicaren o seu poder suxestivo, como ocorre en “Hai un enorme monstro azul”, convertido en xenial alegoría do influxo da televisión como medio de comunicación de masas en contraposición coa versión anterior menos sutil (“A televisión, para min”), pero tamén de grande potencia metafórica. As ilustracións son do mesmo Fran Alonso que emprega ferramentas de edición fotográfica sumadas ao recurso da colaxe para acadar unha proposta visual certamente dinámica, en íntimo diálogo cunha distribución dos textos pouco convencional e de grande atractivo.

Recensións:

- Paula Fernández, “Literario e plástico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 450, “Libros”, 21 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 404, “Letras galegas”, 6 abril 2013, p. 10.

Comenta a reedición do poemario de Fran Alonso, *Cidades*. Tras sinalar a súa primeira saída ao prelo en 1997, subliña a calidade das fotografías incluídas no volume, o ton melancólico dos versos e a variedade de recursos estilísticos presentes na súa poesía.

- Berta Dávila, “Poesía urbana e subversiva”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de Lectura”, 26 xuño 2013, p. 42.

Centra o seu comentario na reedición do poemario *Cidades*, de Fran Alonso, que publicara Edicións Xerais de Galicia na colección “Merlín” e que agora inclúe en “Sopa de Libros”. Sinala que continúa a ser un texto de enorme novidade dentro da poesía, así como se detén nas modificacións e incorporacións desta nova entrega, que tamén é ilustrada polo mesmo Fran Alonso. Considera que o tratamento intimista, sensorial e reflexivo que a voz poética fai de temas como as problemáticas contextuais da cidade (a desigualdade social observada na rúa, a incomunicación das persoas, a contaminación...) ou o sentimento de apego á propia orixe urbana, converten a obra nun poemario radicalmente contemporáneo, capaz de gañar lectores para a poesía actual.

Referencias varias:

- Fran Alonso, “Cidades”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 6 abril 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Cidades*, escrita e ilustrada por Fran Alonso.

VII. 2. 3. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS

Donaldson, Julia, *O grúfalo* (*The Gruffalo*, Macmillan Children's Books. Macmillan Publishers Limited, 1999), ilust. Axel Scheffler, trad. Piño Saéz, John Rutherford e Laura Sánchez, Pontevedra: Patasdepeixe Editora, [lectorado autónomo], 2013, [24] pp. (ISBN: 978-84-939350-4-7).

Relato rimado de Julia Donaldson (Londres, Inglaterra, 1948), dedicado á escola de primaria Auchterhouse e no que se aborda o poder da imaxinación e os efectos do medo. Unha voz en terceira persoa desenfia a historia do protagonista: un rato con moito enxeño, o que lle posibilita sobrevivir a múltiples devoradores existentes na escura fraga que habita. A estrutura baséase na repetición dunha mesma fórmula ao longo da historia e na inserción dun personaxe imaxinario, o grúfalo, que se converte nun ser real, provocando un xiro inesperado na historia. Axel Scheffler (Hamburgo, Alemaña, 1957) emprega lapis de cores vivas, cálidas e saturadas para representar personaxes que mostran emocións alegres e a paisaxe natural en diferentes tipos de planos: xeral, detalles e descrición da escena en viñetas. Os debuxos aparecen na folla enteira, no medio do texto ou como detalles dentro dun círculo que axudan e complementan a descrición. A cuberta presenta os personaxes principais, o rato e o grúfalo, no momento de coñecerse no bosque e o título no espazo azul do ceo.

Ruiz Johnson, Mariana, *Mamá*, VI Premio Internacional Compostela para álbums ilustrados, ilust. da autora, trad. Manuela Rodríguez, Pontevedra: Kalandraka Editora, [lectorado autónomo], 2013, [25] pp. (ISBN: 978-84-8464-841-3).

Álbum da artista arxentina Mariana Ruiz Johnson (Bos Aires, 1984), dedicado “A todas as mamás do mundo, en especial á miña, Sally Jonson”, que ofrece unha homenaxe á maternidade, *topos* universal particularmente próximo á infancia. Trátase dun poema sinxelo, cuxos versos sustentados na metáfora van desfilando ao longo das súas dobres páxinas, no que se fai, baixo a voz e o ollar da infancia, unha profunda reflexión sobre a maternidade en toda a súa extensión, descubrindo os segredos da relación entre nai e fillo, dende a xestación e a vida no útero, pasando polo parto e polo amamentamento, polas diferentes fases do crecemento até alcanzar a independencia vital. As imaxes a toda páxina, inspiradas no estilo ornamental da arte popular latino-americana con toques de orientalismo, están dominadas polo *horror vacui*, mediante elementos de recheo, en especial vexetais. O tratamento das formas, humanas, animais e vexetais é inxenuista, caracterizado pola planitude, a pose de perfil e as cores uniformes, sen sombras nin efectos de volume. A linealidade é dominante, para configurar as formas en patróns de diferente tipo. No tocante ás cores, os tons máis intensos das figuras insírense na modulación de matices que as envolven. Os fondos tenden a impoñerse e aprézase un decorativismo deliberado, que busca entreter a vista do lector, desentrañando a multitude de recursos que saturan cada páxina, en contraste co texto mínimo.

Recensións:

- Amaia Mauleón, “El fascinante mundo de una madre”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 novembro 2013, p. 39.

Saliéntase que o traballo galardoado co VI Premio Compostela de Álbums Ilustrados foi *Mamá*, de Mariana Ruiz Johnson. Coméntase que nel se aborda o tema do amor maternal a través de cores exuberantes e da presenza da natureza. Infórmase de que este volume publicouse en galego, castelán, catalán, éuscaro, portugués, inglés e italiano.

Referencias varias:

- Mar Mato, “Once editoriales gallegas dan a conocer sus novedades en México”, *La Opinión*, “Sociedad, “Cultura y ocio”, 4 decembro 2013, p. 32.

- Mariana Ruiz Johnson, “Mamá”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 14 decembro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Mamá*, escrita e ilustrada por Mariana Ruiz Johnson.

- Juan José Lage e Ana Abelenda, “Agasallos en edicións singulares”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de la Escuela*”, n.º 1.079, “Literatura”, 18 decembro 2013, p. 2.

Recoméndase como agasallo de Nadal unha serie de libros en castelán e en galego que consideran “poden servir de estímulo para incentivar a lectura e o amor aos libros, ademais de polos seus interesantes contidos”. Saliéntase a idade do lectorado ao que van dirixidos e ofrécese un breve descriptor de varios libros en galego, entre eles *Mamá*, de Mariana Ruiz Johnson, recomendado a partir de cinco anos.

Salas, Miguel, *Tonino*, ilust. Paolo Domeniconi, trad. do castelán Yolanda Castaño, Pontevedra: OQO Editora, col. O, [prelectorado e lectorado autónomo], xuño 2013, [36] pp. (ISBN: 978-84-9871-252-0).

Relato rimado de Miguel Salas e ilustrado por Paolo Domeniconi no que se presenta a Tonino, un pequeno pingüín que cumpre o seu soño de marchar para o deserto. Así, deixando atrás o seu país glacial, desembarca en Tunicia, onde compra un camelo para inserirse no deserto. Neste lugar sente morriña dos seus e da súa terra, polo que axiña regresa á casa nun submarino. No fogar é recibido polos seus familiares, a quen lles conta as súas aventuras. Cansado, queda durmido aloumiñado polas mostras de cariño de seus pais. A narración textual acompáñase das ilustracións figurativas de Domeniconi que acompañan a narración textual.

VII. 2. 4. ANTOLOXÍAS

García Teijeiro, Antonio, *Un rato díxolle á lúa*, limiar e sel. Fran Alonso, epíl. Antonio García-Fernández, ilust. Xosé Cobas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, maio 2013, [lectorado autónomo], 146 pp. (ISBN: 978-84-9914-505-1).

Antoloxía conmemorativa dos vinte e cinco anos de escrita para a infancia de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952). Nela recóllense máis dun cento de poemas escollidos de toda a produción do autor, ampla en número e en calidade, polo tamén poeta e editor Fran Alonso. “Un rato díxolle á lúa” apareceu por vez primeira como parte dunha cuarteta no libro *Aloumiños*, de 1988, sendo o verso que principia o relato dos despeitos do ratiño namorado da lúa, que haberá de regresar en *Á sombra do lueiro de papel*, de 2007, onde se desenvolve o poema con dúas estrofas máis, nas que o rato fica farto do desprezo e decide non estar xa nunca máis namorado. Deste xeito, o título da antoloxía completa un círculo poético que acolle dous motivos que caracterizan a poesía do autor: o rato, en alusión ao ser miúdo e insignificante que esculca, como o lector de curta idade, o cotián e o marabilloso dende os recunchos, o rato de biblioteca e, en definitiva, o rato poeta (que recibiu o nome de Honorato nese relato inesquecibel onde García Teijeiro nos conta a historia deste personaxe singular). E tamén a lúa, como representación do que non podemos chegar a tocar pero aínda así nos conmove, da intuición do posíbel, da maxia. Acompáñase o libro dun poema inédito e de tres textos en prosa asinados polo propio autor, polo seu fillo Antón García e por Fran Alonso, dun disco con recitados e poemas musicados por Paco Ibáñez e dun fato de fotografías que testemuñan a confección deste último.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Antonio García Teijeiro, poeta sinfónico”, *Diario de Arousa*, “Mas libros”, p. 26/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 786, “Mas Libros”, p. 33, 21 xullo 2013.

Sínálase que esta antoloxía está composta por máis de cen poemas que recollen a esencia dos 25 anos de traballo do poeta sinfónico dedicado a cativos e adultos. Destácase que se inclúe ademais como novidade o poema inédito “Papá Noel”. Menciónase a figura do poeta Fran Alonso como responsábel desta edición e da escolla destes textos de entre vinte e un dos libros de Antonio García Teijeiro, ademais de ser o autor do limiar introdutorio da mesma. Noméase tamén a Antón García Fernández, fillo de Antonio García Teijeiro, quen escribiu as palabras que poñen fin a esta escolma. Para finalizar faise referencia aos comentarios do autor recollidos na propia escolma en agradecemento á colaboración musical de Paco Ibáñez que se ofrece nun CD musicando tres das poesías.

- Berta Dávila, “O que o rato lle contou á lúa”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 7 setembro 2013, p. 50.

Achégase ao poemario *Un rato díxolle á lúa*, unha antoloxía coa que se conmemora os vinte e cinco anos de exercicio poético de Antonio García Teijeiro para a infancia. Sinala que recolle máis dun cento de poemas tomados da súa produción e alude ás

orixes do título desta colectánea, na que se reflicten dous motivos que caracterizan a súa escrita poética: o rato e a lúa. Anota que o volume se acompaña dun poema inédito e de tres textos en prosa asinados polo propio autor, o seu fillo Antón García e Fran Alonso, así como dun disco con recitados e poemas musicados por Paco Ibáñez e dun conxunto de fotografías. Tamén considera que *Un rato díxolle á lúa* constitúe unha alfaia para redescubrir e celebrar un universo poético revelador de símbolos universais, de resposta intertextual á tradición literaria, de contemporaneidade e de denuncia social da inxustiza ou do ecoloxismo, de silencios rachados por temas difíciles como a guerra e a paz.

- Paula Fernández, “Versos atemporais”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 469, “Libros”, 19 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 421, “Letras galegas”, 28 setembro 2013, p. 10.

Fálase desta antoloxía poética infantil de Antonio García Teijeiro que reúne unha escolma de poemas do autor, que reclaman coidado pola lingua e falan de música. Ademais indícase que aparecen animais humanizados e poemas paisaxísticos que amosan “unha natureza respectada que convive en igualdade co que a rodea”. Saliéntase a importancia do ritmo, rima, aliteracións, a musicalidade e o ton “que vai dende o máis melancólico e romántico até o máis festeiro”. Para rematar comenta que o libro se acompaña dun disco con poemas recitados e interpretados por Paco Ibáñez e recoméndase vehementemente a súa lectura.

Referencias varias:

- Amaia Mauleón, “La poesía ayuda a los niños a entender lo que les rodea y a veces no comprenden”, *Faro de Vigo*, “*Sociedad*”, 27 maio 2013, p. 16.

Entrevístase a Antonio García Teijeiro, autor, profesor, escritor e crítico da literatura infantil, con motivo da presentación da antoloxía da poesía en galego *Un rato díxolle á Lúa*, que publicou Edicións Xerais de Galicia, coincidindo co vinte e cinco aniversario do seu primeiro libro para a nenez. Resáltase a importancia da música para este autor, quen apunta que a selección de poemas para a antoloxía a levou a cabo Fran Alonso e aparecen por orde cronolóxica. Dáse conta dos libros publicados e os premios recibidos por este autor e apúntase o lugar e hora de presentación da citada antoloxía. Saliéntase a necesidade de mediadores para transmitir a importancia da poesía á nenez, que lles axudará a comprender a súa contorna. Remátase apuntando a importancia do blog “Versos e aloumiños”, clasificado un dos tres mellores blogs literarios, que axuda a reencontrarse coas palabras.

- Amaia Mauleón, “Teijeiro e Ibáñez, la fuerza de la poesía”, *Faro de Vigo*, “*Sociedad*”, 29 maio 2013, p. 43.

Dáse conta da pasada presentación da antoloxía de poemas *Un rato díxolle á Lúa*, de Antonio García Teijeiro co cantautor Paco Ibáñez, con quen comparte traballo e amizade. Infórmase dos tres temas que Ibáñez leva xa musicados e das ganas deste de publicar un disco para levar polo mundo. Apúntase que o libro vai acompañado dun CD cos tres temas musicados. Resáltase a asistencia de catro membros de Edicións Xerais de Galicia, que publicou a antoloxía. Indícase así mesmo que a presentación da obra foi como unha reivindicación pacífica do valor da poesía na actualidade e da importancia dos mediadores para fomentar a lectura.

- Antonio García Teijeiro, “Un rato díxolle á lúa”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 6 xullo 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Un rato díxolle á lúa*, escrita por Antonio García Teijeiro e ilustrada por Xosé Cobas.

Lastra Pernas, Xiana e Xosé **Lastra Muruais** (eds.), *A miña primeira Rosalía*, ilustrada e interiores María Manuela Díaz Orjales, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [lectorado autónomo], outubro 2013, 75 pp. (ISBN: 978-84-9914-559-4).

Poemario editado por Xiana Lastra Pernas (Ferrol, 1983) e Xosé Lastra Muruais (Ferrol, 1952) co que homenaxean a Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, A Coruña, 1885). Recompilan algúns dos poemas máis característicos que escribiu Rosalía ao longo da súa vida, reproducindo corenta e seis composicións tiradas de *Cantares gallegos* (1863) e *Follas Novas* (1880), nos que se abordan temáticas como o amor, os desenganos, a soidade, a morte, a emigración, a morriña, o amor pola terra e a pobreza. Os poemas están escritos en primeira persoa cunha composición baseada no ritmo, rima e escritura da época, tratando temas realistas, emocións e sentimentos postos na voz de Rosalía. Acompañan os poemas ilustracións de María Manuela Díaz (Ferrol, 1945) sobre o contido dos poemas realizadas en acuarela cun certo grafismo para representar os personaxes da historia. A composición das imaxes seguen unha representación realista onde predominan as paisaxes características galegas e os lugares onde Rosalía frecuentaba con predominio das cores frías, sobre todo nas ilustracións que acompañan os versos que presentan a tristura da protagonista. Ao mesmo tempo, os poemas cunha temática alegre están ilustrados con imaxes saturadas e cheas de cores cálidas e claras. As ilustracións van enmarcadas de xeito rectangular e alongadas, ocupando toda unha páxina, un extremo da páxina ou dúas páxinas. A imaxe de Rosalía aparece no extremo dereito e esquerdo superior acompañando o título do apartado. Tamén na introdución se ofrecen fotografías reais da autora e dos libros publicados e no final unha mostra fotográfica das persoas que participaron na creación musical dos poemas de Rosalía.

Referencias varias:

- Patricia Hermida, “A miña primeira Rosalía’: pequena xoia poética para escolares de Ferrol”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 outubro 2013, p. 42.

Destaca que un antigo mestre recompila en *A miña primeira Rosalía* libros, discos e concertos como homenaxe a Rosalía de Castro no 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*. Explica que o libro se repartirá en centros educativos ferroláns e que María Manuela, Mino, Mero e Xiana Lastra, algúns dos cantantes e músicos que colaboran na publicación, darán concertos no teatro Jofre de Ferrol. Apunta que tamén se realizarán obradoiros relacionados coa poeta de Padrón nos centros de ensino que os soliciten e unha xira de concertos por outras cidades galegas, como se fixera en 2012 para homenaxear a Manuel Curros Enríquez.

- Óscar Losada, “Catro voces para Rosalía”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 431, “Música”, 7 decembro 2013, p. 9.

Describe a publicación da obra *A miña primeira Rosalía*, na que se inclúe unha biografía da autora, unha antoloxía e máis un cd con poemas musicados.

Uxía, *Rosalía pequena*, pról. Begoña Caamaño, ilustr. Marina Seoane, Vigo: Editorial Galaxia, col. Árbore/Galaxia. Sonárbore, 2013, [lectorado autónomo], [28] pp. (ISBN: 978-84-9865-484-4). Inclúe CD.

Selección de poemas de Rosalía de Castro (Santiago de Compostela, 1837-Padrón, 1885) ou que teñen á poeta como destinataria musicados pola cantante Uxía (Sanguinieda, Mos, Pontevedra, 1962) e con arranxos de Sérgio Tannus. A obra comeza cun texto a modo de prólogo titulado “Rosalía pequena” de Begoña Caamaño, quen se dirixe ás lectoras potenciais para facerlles máis próxima a figura da poeta galega, á que humaniza a través da comparación coas actitudes e medos propios da infancia, convidando á escoita dos seus poemas musicados como un dos mellores modos de gozar da poesía. A seguir reproducense once poemas integrados nas ilustracións a toda páxina de Marina Seoane (Madrid, 1957), que comezan con “Rosalía pequena”, composición de Uxía que lle dá título á colectánea e no que se condensa o espírito rosaliano da obra, coa que reivindica a figura feminina, o seu estatus igualitario na sociedade e a necesidade de denunciar as inxustizas, como no seu momento fixo Rosalía de Castro nas súas obras. Os outros poemas musicados son: “Como chove miudiño”, “Xan”, “Has de cantar”, “Paseniño”, “Falares de amor”, “Miña Santiña, miña Santasa”, “Alborada”, “Maio longo”, “A grasia non era moita” e o poema de Manuel Curros Enríquez “A Rosalía (No bico un cantar)”.

Recensións:

- Paula Fernández, “Ritmos para Rosalía”, *Faro de Vigo*, “Libros”, “*Faro da Cultura*”, n.º 465, 4 xullo 2013, p. VI/*La Opinión*, “Letras galegas”, “Saberes”, n.º 417, 6 xullo 2013, p. 10.

Dáse a coñecer “Rosalía pequena”, unha selección de poemas de Rosalía de Castro feita por Uxía Senlle acompañada dun CD, coa colaboración do brasileiro Sérgio Tannus. Saliéntase que esta obra, presentada no ano de celebración do 150 aniversario de *Cantares Gallegos*, permite gozar dun xeito lúdico destes poemas a ritmo de blues, rock ou muiñeira interpretados por voces coma as de Uxía, Gaudi Galego ou Sés.

- Blanca Hermida, “Rosalía pequena”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 531, “Verano Cultural”, 17 agosto 2013, p. 7.

Anuncia a posta en escena do espectáculo *Rosalía pequena* en Betanzos, a cargo da compositora e cantante Uxía e do músico Sérgio Tannus. Salienta que o obxectivo desta actividade, enmarcada no programa FalaRedes 2013, consiste en achegarlles aos asistentes a obra coa que se iniciou o rexurdimento da lingua galega, *Cantares Gallegos*. Tamén engade que este volume conforma un material docente idóneo para

empregar cos cativos e enumera a diversos profesionais do eido musical que participaron neste proxecto.

- Vicente Araguas, “Rosalía e a cantante”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 24/ *Diario de Ferrol*, “Nordésia”, n.º 789, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 798, p. 30, 13 outubro 2013.

Comeza cunha reflexión sobre o significado do termo cantante. A seguir, salienta a publicación en auxo do formato libro-disco, como é o caso deste volume, no cal Uxía Senlle canta diversos poemas de Rosalía de Castro, ademais doutro da autoría de Manuel Curros Enríquez e outro dela mesma. Comenta que Uxía é unha “cantante de verdade popular” que sabe conectar coa xente a través da súa voz e duns repertorios coidados. Tamén alude ás ilustracións que acompañan á obra, de Marina Seoane, e ao prólogo de Begoña Caamaño. Remata establecendo un paralelismo entre o bo facer da poeta e o da cantante.

- Rosalía Fernández Rial, “Rosalía pequeniña. Uxía. Galaxia, Colección Sonárbore”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 57, “Outras lecturas”, novembro 2013, p. 98.

Comeza reflexionando sobre a necesidade de non concibir a creación dirixida aos máis novos dende unha perspectiva adulta e paternalista. Louva o prólogo de Begoña Caamaño para *Rosalía pequeniña*, do que sinala que é directo e atrevido, e as ilustracións a cargo de Marina Seoane, da que destaca a súa sutileza detallista e o seu estilo figurativo. Salienta tamén o acerto á hora de escoller as composicións e comenta que presentan diferentes graos de lectura, dende a recreación estética, o humor e o desamor até a denuncia social e a identidade nacional.

Referencias varias:

- M. Angueira, “Uxía achega a Pontecesures unha nova visión de Rosalía a ritmo de rock e blues”, *Diario de Arousa*, “Ulla- Umia”, 22 maio 2013, p. 8.

Informa dun evento organizado pola Editorial Galaxia e a Consellería de Cultura e encadrado dentro do programa de dinamización lingüística “FalaRedes 2013”, que se desenvolve con motivo do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro. Indica que a intérprete Uxía Senlle musicou nove poemas da escritora coruñesa, e unha composición propia chamada “Rosalía pequeniña”. Salienta a figura de Rosalía e nomea algunhas das súas obras, ademais de describir o tipo de música empregado por Uxía na súa interpretación.

- Uxía, “Rosalía pequeniña”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 25 maio 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Rosalía pequeniña*, ilustrada por Marina Seoane.

- O. L., “Uxía pon voz aos poemas de Rosalía”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 415, “Libros”, 22 xuño 2013, p. 9.

Fala sobre a publicación dun libro disco da editorial Galaxia para conmemorar os 150 anos da saída á venda de *Cantares Gallegos*. Comenta que a parte cantada correrá a cargo de Uxía, quen mesmo realizou *Rosalía Pequeniña*. Tamén sinala os demais colaboradores que terá este libro-disco: Sérgio Tánnus (director musical), Isaac Palacín (percusión) e os músicos Pablo Seoane e Raquel Domínguez. Recolle a opinión do director da editorial Galaxia sobre que os adultos poden gozar perfectamente desta obra, malia que nun principio está destinada a un público infantil.

- Ana Baena, “De la Alameda al Casco Vello”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 4 xullo 2013, p. 8.

Fálase da Feira do Libro de Vigo, na que se presentou a novela gráfica *Cartas de invierno*. Sínálase tamén que a cantante Uxía clausurará o festival infantil “Lemos, cantamos e gozamos” coa presentación das cancións de *Rosalía pequeniña*.

- S. Alvite, “A obra de ‘Rosalía Pequeniña’ estará en Val do Dubra”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 609, 6 xullo 2013, p. 6.

Comenta que a partir da organización do programa “FalaRedes” terá lugar o concerto de *Rosalía Pequeniña*. Refire que Sérgio Tánnus e Uxía achegaranlle a obra á nenez entre 6 e 11 anos para a conmemoración de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro. Tamén cita a Secretaría Xeral de Política Lingüística que fixo posíbel este concerto.

- Manuel Bragado, “Uxía, voz sen fronteiras”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de Granada”, 15 xullo 2013, p. 13.

Fai un percorrido pola vida artística de Uxía Senlle, dende os seus inicios até os traballos que está facendo na actualidade. Engade algún comentario da propia artista caso de “a voz é para ela a primeira expresión dunha música popular que non se pode perder”. Indica tamén que é unha muller comprometida coa sociedade galega e non está pechada ao mundo. Para finalizar, concédelle os parabéns polos traballos que leva feito até o de agora, como son algúns dos primeiros discos que gravou como é o caso d’*A estrela de maio* (1987). Tamén lle concede importancia a traballos como o do programa “Alalá” da Televisión de Galicia e a proxectos de música infantil que está desenvolvendo na actualidade, entre os que salienta a produción d’*A nena e o grilo* (2010), a colaboración en *María Fumaça* (2012) ou *Rosalía Pequeniña*.

- José M. Ramos, “Literatura, música y pan a pie de calle en Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 649, 15 agosto 2013, p. 6.

Infórmase da celebración en Carballo da Praza dos Libros onde se presentará, entre outras, a obra *Rosalía Pequeniña*.

- M. G. M., “La Feira do Libro recibió más de 100.000 visitas en sus once días”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 15 agosto 2013, p. 11.

Refírese ao elevado número de asistentes á 42ª edición da Feira do Libro da Coruña sobre novidades editoriais, celebrada durante once días do mes de agosto. En relación coa Literatura Infantil e Xuvenil, destaca a presenza de Agustín Fernández Paz e de

Manuel Rivas e salienta, como libro máis vendido, o libro-disco *Rosalía pequenaíña*, ilustrado por Marina Seoane e interpretado por Uxía.

- José M. Ramos, “Lo mejor de la literatura en Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 657, 23 agosto 2013, p. 5.

Infórmase da apertura da Praza dos Libros de Carballo. Menciónanse os actos que se levarán a cabo, entre eles a presentación do traballo de Uxía, *Rosalía Pequeniña*.

- Carlos Caneiro, “Bamville”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 533, “A outra mirada”, “Club dandi”, 31 agosto 2013, p. 11.

Comeza apuntando a necesidade de traducir ao galego obras de autores destacados da literatura universal, caso de Bamville, ao que considera un autor clásico, antes de centrarse en Uxía Senlle, a quen considera “outro clásico de Nós”. Alude á súa obra *Rosalía pequenaíña*, unha “pequena xoia” que plasma que “levar aos grandes escritores ao mundo da música engrandece, amplía o horizonte das nosas Letras”.

- Ramón Nicolás, “Rosalía: libros e música”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “Letras en galego”, 7 setembro 2013, p. 4.

Cítanse algunhas publicacións, de diverso carácter, relacionadas con Rosalía de Castro e xurdidas a raíz do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, entre elas *Rosalía, pequenaíña*, un álbum ilustrado por Marina Seoane que inclúe un CD con numerosas interpretacións musicais a cargo de Uxía Senlle.

- Rosalía Fernández Rial, “Conversa con-versos”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 57, “Entrevista”, novembro 2013, pp. 50-54.

Mini e Mero, Xosé e Xiana Lastra e María Manuela reflexionan sobre o estado actual da lingua e da cultura galegas e sobre as formas de achegar ao público os autores. Menciónanse proxectos como os libros discos *O meu primeiro Celso Emilio* (2012) e *A miña primeira Rosalía* (2013).

VII. 3. TEATRO

VII. 3. 1. DRAMATURGOS GALEGOS

Blanco, Carmen, *A fuga*, Premio de teatro infantil da Asociación Cultural O Facho 2012, Ferrol: Edicións Embora, col. Teatro. Tren das cores, [lectorado autónomo], decembro 2013, 50 pp. (ISBN: 978-84-92644-69-8).

Peza teatral de Carmen Blanco Sanjurjo (Ferrol, 1963), gañadora do Premio de Teatro Infantil da Asociación Cultural O Facho no ano 2012, na que se presenta a historia de dous animais, Pina e Monti. Monti vive nunha gaiola dende que naceu e un día atopa a Pina na súa casa. Foi recollida dun bosque, onde estaba ferida, e levada para alí. Pina é incapaz de vivir engaiolada e entre ela e o hámster organizan un plan de fuga que lle sae mal en varias ocasións, pois Monti non ten moitas ganas de abandonar o seu fogar e fai que as tentativas de fugas saian mal a propósito. Finalmente chegan a un acordo, os dous animalíños non queren separarse, por iso Pina irá ao bosque durante o día e regresará á gaiola pola noite.

Carballeira, Paula, *O refugallo*, ilust. Dani Padrón, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Axencia Galega das Industrias Culturais, col. Biblioteca Dramática Galega, n.º 17, outubro 2013, 71 pp. (ISBN Edicións Xerais de Galicia: 978-84-9914-573-0//ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-5111-6). ■

Obra dramática de Paula Carballeira (Maniños-Fene, Ferrol, 1972) que obtivo o VI Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2011. Os catro personaxes da peza habitan un espazo que, como indican as acoutacións, podería ser calquera que estivese cheo de refugallo, elemento ao que se dedica a obra. Cun ritmo moi dinámico, deambulan entre o refugallo, aquel lugar que cheira mal e mete medo, pero que para eles e, por extensión, para calquera que non teña a onde ir, é un refuxio. Isolda é unha nena cun libro de viaxes que se encarga de guiar a acción; Borboronte, un neno cunha tartaruga que, cando quedou sen casa, quixo ser el mesmo unha tartaruga para poder levala ás costas; Hipatia é unha nena misteriosa cun telescopio co que observa as estrelas e Lustucrí, un neno que só dispón dunha pata de pau, a roupa que leva e un pano no peto. Todos eles, a pesares de vivir no mundo escuro e gris do refugallo, demostran que ese pode ser un lugar onde exista tamén a diversión e a fantasía, convertíndoo nun mundo diferente. Tentan saír adiante construíndo un universo á súa maneira, facendo co refugallo un barco que lles permita viaxar a outro lugar e escapar da dura realidade. Carballeira deixa entrever, dete modo, o problema do consumismo da sociedade actual. As ilustracións de Dani Padrón, que complementan o texto e desenvolven unha narración visual, están realizadas cunha montaxe dixital creada a partir dunha aparencia de pintura acrílica e cunha técnica moi detallada onde cada elemento da imaxe contén uns volumes conseguidos a partir dos contrastes, das texturas e das sombras das cores. Aparecen algunhas imaxes na páxina enteira do lado dereito do libro onde se describen os diferentes personaxes que participan na acción que mostran un carácter infantil, cómico e aventureiro centrado na temática da historia. Tamén se observa a complicidade e o compañeirismo nas ilustracións. A imaxe non

reflicte profundidade e as cores empregadas son frías, saturadas e planas pero mostran matices e texturas para diferenciar as contraposicións dos obxectos e dos personaxes e crean a atmosfera nocturna na que transcorre a aventura. A cuberta avanza o contido da peza teatral ao presentar os protagonistas nun momento de xogo ou acontecemento, destacando o título en branco cunha tipografía sinxela.

Recensións:

- María Xesús Nogueira, “O refugallo do Nadal”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, “Un falar”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, “Un falar”, p. 35, 14 decembro 2013.

Sinala que *O refugallo*, de Paula Carballeira, recibiu o VI Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2001 e foi representada pola compañía Berrobambán. A seguir ofrece un breve resumo do argumento, facendo fincapé na necesidade do uso da imaxinación como “chave de supervivencia” nos tempos actuais. Asemade reflexiona sobre o consumismo que caracteriza a época do Nadal en contraposición coa idea de reciclaxe que subxace á obra.

Referencias varias:

- Paula Carballeira, “O refugallo”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 30 novembro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O refugallo*, escrita e ilustrada por Paula Carballeira.

- Irene Jiménez, “Editan catro obras dramáticas dos premios de Agadic”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 decembro 2013, p. 42.

Fálase da publicación das últimas catro obras galardoadas cos premios de literatura dramática convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través de Agadic, que foron presentadas na librería Couceiro: *Isóbaras*, de Gustavo Pernas Cora; *A cegueira*, de Marcos Abalde Covelo; *Un mosquito de nome Henri*, de Raúl Dans; e *O refugallo*, de Paula Carballeira. Cítanse os participantes no acto.

Dans, Raúl, *Un mosquito de nome Henri*, ilust. Jacobo Fernández Serrano, A Coruña: Baía Edicións/ Axencia Galega das Industrias Culturais, col. Barriga Verde, n.º 11, [lectorado autónomo], xullo 2013, 82 pp. (ISBN Baía: 978-84-9995-076-1//ISBN Xunta de Galicia: 978-84-453-5092-8). ■

Primeira achega de Raúl Dans (A Coruña, 1964) á literatura dramática para a infancia e a xuventude que foi merecente do X Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques no ano 2012, na súa modalidade de infantil. O elenco de personaxes é variado e confórmase por un grupo de insectos entre os que se atopan diversos mosquitos coma Henrique, o protagonista da peza, que conviven con escaravellos, formigas, moscóns, avespas, libélulas, cempés, arañas, lucecús e grilos, nun mundo

apracíbel, tranquilo e alegre, onde non todo é ledicia. Con diálogos breves, rápidos e unha carga cómica relevante, a través do personaxe de Henri, o lectorado asiste ás súas dúbidas e sufrimentos que xiran arredor dunha única obsesión: chegar a ser un piloto do CAES -Comando Aéreo Espacial de Mosquitos-, onde tan só teñen unha praza os mellores pilotos do mundo. Os días pasan mentres Henri se adestra para conseguilo, mais cando lle comunican que é miope, as súas ilusións estáncanse e unicamente atopa apoio na súa incondicional amiga Olivia, que xa non sabe o que facer para declararlle o seu amor. Os seus lentes tráenlle outro problema; Tulula, a cantante de *jazz* que tiña encandilados á maioría dos insectos -entre os que se sitúa o mesmo Henri-, nunca se fixaría nel. Mais a historia ten un final feliz, pois ademais de conseguir ser nomeado piloto honorífico do CAES, comeza unha bonita historia de amor con Olivia, esa amiga que sempre estivera nun segundo plano e que, de súpeto, suscitou nel unha paixón difícil de controlar.

Referencias varias:

- Irene Jiménez, “Editan catro obras dramáticas dos premios de Agadic”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 decembro 2013, p. 42.

Fálase da publicación das últimas catro obras galardoadas cos premios de literatura dramática convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través de Agadic, que foron presentadas na librería Couceiro: *Isóbaras*, de Gustavo Pernas Cora; *A cegueira*, de Marcos Abalde Covelo; *Un mosquito de nome Henri*, de Raúl Dans; e *O refugallo*, de Paula Carballeira. Cítanse os participantes no acto.

Labraña, Carlos, *A fraga das árbores das palabras*, Ferrol: Edicións Embora, col. Teatro. Tren das cores, [lectorado autónomo], decembro 2013, 59 pp. (ISBN: 978-84-92644-67-4).

Carlos Labraña (Cedeira, 1969) introduce o lectorado agardado na ficción científica coa chegada ao escenario dunha nave espacial, da que saen tres extraterrestres que afirman posuír os coñecementos necesarios para que ninguén pase dor nin fame, todos falen a mesma lingua... Dende a súa aparición, rapaces e rapazas de todo o mundo instalan no faiado dun edificio un cuartel de resistencia a esta invasión, xa que non queren a lingua e a cultura que ofrecen estes marcianos e loitarán pola súa propia. O primeiro problema preséntase cando nos seus ordenadores lles aparecen todas as mensaxes no idioma dos alieníxenas e non conseguen entender nada. Asústanse moito porque non queren perder a súa lingua e deciden emprender unha serie de accións para conservar os libros que poidan quedar escritos en galego. Para isto, van á biblioteca e unha vez alí atópanse coa sorpresa de que todos os andeis están baleiros porque os marcianos xa acabaran cos libros. O bibliotecario recoméndalle ir á Fraga das Árboreas, xa que é o único lugar onde poden recuperar a lingua. Para chegar a ela deberán pasar polo Buraco do Inferno, polo Labirinto sen Fin e polo río do Esquecemento. Os dous rapaces e a rapaza inician a aventura perseguidos en todo momento polos marcianos conseguindo finalmente gañarlles esta primeira batalla.

Miranda, Anisia, *A ra que perdeu o charco*, deseño cuberta e ilust. Manuel Frago, [Silleda]: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro Escolar. Para ler e representar, n.º 83, [lectorado autónomo], 2013, 23 pp. (ISBN: 978-84-939167-8-7).

Anisia Miranda (Cuba, 1932-Vila de Cruces, 2009) dedica esta peza teatral aos seus compañeiros do Círculo de Teatro Infantil “Manzanita” e a Pepe, quen lle regalou a idea. Antes de comezar a historia, faise unha descrición do escenario, no que se desenvolve a historia de amizade entre unha ra que non se move do seu charco e outros animais (o coello, a tartaruga, a pomba e o grilo), aos que non deixa entrar nel. O charco desaparece e, a pesar do mal que a ra tratou os animais, estes axúdana a atopar un lugar axeitado para ela: unha lagoa con outras ras. O narrador é o avó, que fai unha pequena presentación da obra como se fora un conto e intervén, en certas ocasións, ao longo do seu desenvolvemento. O texto acompáñase dunhas poucas e sinxelas ilustracións realizadas por Manuel Frago (Silleda), sobre cómo poden ser os disfraces dos personaxes. Finalmente, nas últimas páxinas, hai unha serie de fotografías da representación da obra na Habana, Cuba.

Pérez Pérez, Lois Antón, *Lembranzas dun tempo esquecido: Obra dramática*, estudo introdutorio X. C. D. A., Ramirás-Ourense: Edizer e Asociación Cultural e Xuvenil de Ramirás, xullo 2013, 132 pp. (ISBN: 978-84-15699-26-2).

Volume dramático de Lois Antón Pérez Pérez (Escudeiros-Ramirás-Ourense, 1931), que se inicia cun texto introdutorio de X. C. D. A., “O dramatismo da voz do pobo”, no que se presenta e analiza brevemente a obra do escritor. Divídese en dous grandes apartados: “Un escritor popular e comprometido”, no que amosa a súa visión como dramaturgo e o seu afán didáctico, mentres no segundo apartado, “A produción teatral”, analiza a estrutura dos catro textos que acolle este volume, bosquexando as claves do universo literario de Lois Antón Pérez Pérez e a súa preocupación cultural. A seguir reproducense as catro pezas, encabezadas por un breve limiar do autor onde sintetiza a súa intención: *Aquela néboa no eido*, *Unha vida por outra*, *Xeada na primavera* e *Corisco daquel frío inverno*. Todas as pezas diríxense a un público xuvenil, ao que se pretende dar a coñecer a situación de Galicia en diferentes períodos significativos do século XX. Están ambientadas na localidade de nacemento do autor e tratan temas relacionados coa cultura galega: a imposición da lingua castelá en *Aquela néboa*; a emigración como saída do mundo rural en *Xeada na primavera*; o desarraigo dos vellos na cidade en *Unha vida por outra*; e a crueldade humana na paz da aldea durante a Guerra civil española en *Corisco daquel frío inverno*.

Rozados, Francisco, “Rochi”, *O canteiro e o demo*, deseño cuberta Manuel Frago, [Silleda]: Edicións Fervenza, col. A Pinguela. Teatro Escolar. Para ler e representar, n.º 82, [lectorado autónomo], 2013, 25 pp. (ISBN: 978-84-939167-8-0).

Peza teatral para títeres de Francisco Rozados Rivas, Rochi” (Forcarei, Pontevedra, 1963), quen ademais a musicaliza. Dividida en cinco breves actos, está protagonizada por dous canteiros, cos que se pretende recuperar a memoria dos vellos arxinas e a súa fala. Trátanse temas como o compañeirismo, a astucia e o engano, este último representado tanto no demo coma no raposo, que pretendían enganar os canteiros sen saber que estes, coa axuda do sabio e da súa propia astucia, idearían un plan para

mandalos de volta ao inferno. Emprégase o humor, o surrealismo e as composicións rimadas. A ilustración da cuberta de Manuel Fragoso acena cara ao contido da peza e está realizada con técnicas básicas de debuxo a dúas cores.

Varela Puñal, Diana, *Arlequino Viceversa*, VII Premio Estornela de Teatro da Fundación Neira Vilas, pról. Xosé Neira Vilas, Ferrol: Edicións Embora, col. Teatro. Tren das cores, [lectorado autónomo], setembro 2013, 29 pp. (ISBN: 978-84-92644-68-1).

Peza dramática de Diana Varela Puñal (Corme) ambientada na época do Entroido e que ten como protagonistas a seis integrantes dunha mesma familia. A acción comeza situándose na cociña da casa onde a avoa e a neta elaboran filloas mentres falan entre elas. Os disfraces que a nai está cosendo para os seus tres fillos son a causa dos lamentos dos dous fillos xemelgos, pois non lles gusta o tema do disface que súa nai lles fixo. Pola contra, á filla encántalle o seu disface de arlequina e mesmo, despois de probalo, descóbrese tras del un novo ser, un Arlequino, un dos seus antepasados que sempre a estivo protexendo. Despois de acudir a todas as casas da aldea en busca de filloas e orellas disfrazados, os rapaces, a nena e o Arlequín acordan mellorar a súa técnica de arlequina para que o ano que vén sexa mais real a súa actuación. Trátase dunha peza que se aproxima á cultura popular, á vez que é portadora da transmisión de valores humanos.

VII. 3. 2. REEDICIÓNS COMENTADAS E FACSIMILES

Vidal Bolaño, Roberto, *Ruada das papas e o unto* por Roberto Vidal Bolaño. *Homenaxe do Consello da Cultura Galega*, limiar Ramón Villares, estudos Camilo Franco e Inmaculada López Silva, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, abril 2013, 63+[65] pp. (ISBN: 978-84-92923-48-9). ◆

Edición facsímile da peza *Ruada das papas e o unto*, de Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002), que se inicia con estudos introdutorios de Camilo Franco e Inmaculada López Silva. No primeiro deles, “Todo é transición” (pp. 13-31), Camilo Franco traslada a máxima do título á vida do mesmo Vidal Bolaño e explica o que este supuxo para o teatro nos anos setenta, cando todo aínda estaba por facer. Tamén comenta a fundación de Teatro Antroido, a decisión de empregar as fórmulas de representación popular e os cambios e oscilacións que vai sufrindo o seu teatro no tempo. Inmaculada López Silva, no segundo estudo, “O espectáculo total que nutre a literatura. Unha lectura da *Ruada das papas e o unto*” (pp. 33-63), desgaxa por completo esta peza para a infancia e a mocidade, fixándose nos elementos populares do teatro de Vidal Bolaño e na dobre vertente do texto dramático -lectura e representación. De seguido vén a reprodución facsímile da obra, na que Vidal Bolaño, no comezo, avisa os nenos lectores de que é unha obra de teatro cavilada “para facer na rúa con mómaros e con actores, con música e con cantigas”. Está escrita ao xeito dos contos, cunha salientábel compoñente narrativa que se mestura con ilustracións e ornamentacións en forma de letras capitais que adornan o texto e a converten nunha peza de carácter singular, marcada por unha estrutura complexa. Aparecen en escena os personaxes do demo, a beata, o bululú, o cego das coplas, Lola Flores, Luís Cochón e un caldeiro de auga sucia, entre moitos outros. Os seus parlamentos son xeralmente breves e danse en escenas violentas, nas que os monifates ou mómaros de rúa recorren a elementos un tanto groseiros, escatolóxicos e humorísticos.

Tamén está descrito no apartado IV. Día das Letras Galegas deste *Informe*.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, “Ruada das papas e o unto”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 12 decembro 2013, p. 42.

Saliéntase que Roberto Vidal Bolaño contribuíu a enriquecer o panorama do teatro galego do último cuarto de século cunha obra variada e extensa dunha calidade literaria elevada que trata múltiples temáticas, entre as que se destaca a crítica á modernidade e o forte compromiso coa lingua galega e co seu tempo. Sinálase que unha das súas pezas de teatro infantil, *Ruada das papas e o unto*, vén de ser publicada en edición facsímile polo Consello da Cultura Galega e que é unha peza para “facer na rúa con mómaros e con actores, con música e con cantigas”. Infórmase igualmente de que o elenco de personaxes é amplo e as súas intervencións pequenas, e de que ás veces recorre o autor a elementos un tanto groseiros e escatolóxicos que dan moi bo resultado escénico. Destácase sobre todo algo aplicábel a todas as súas pezas infantís, a influencia da tradición popular e o carácter narrativo das acoutacións do texto, así como as tinturas humorístico que impregnan a peza, entre outras cousas.

Referencias varias:

- Xurxo Fernández, “Donovan”, *El Correo Gallego*, “Crisol”, 20 maio 2013, p. 56.

Infórmase da edición de luxo que fixo o Consello da Cultura do texto de Roberto Vidal Bolaño, *Ruada das papas e o unto*, con motivo da conmemoración do Día das Letras Galegas.

- J.G., “O facsímile de ‘Ruada das papas e o unto’ amosa a escrita de Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 maio 2013, p. 40.

Fálase da edición facsimilar da obra de Roberto Vidal Bolaño, *Ruada das papas e o unto*, elaborada polo Consello da Cultura Galega, coa participación de Inma López Silva e Camilo Franco.

VII. 3. 3. POSTAS EN ESCENA

Neste apartado achégase a información recollida a partir das publicacións periódicas, ben sen asinar, ben asinadas, que son as que se describen en “referencias varias”.

VII. 3. 3. 1. CICLOS, ENCONTROS, FESTIVAIS, MOSTRAS, SALAS ALTERNATIVAS E SEMANAS

Arzúa, VIIº Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono

Organizado pola Concellería de Cultura de Arzúa. A edición de 2013 celebrouse os domingos 13, 20, 26 de outubro e o 3 de novembro en diferentes lugares do municipio. Representouse a peza para público infantil *Chincha Rabincha*, a cargo da compañía A Xanela do Maxín. Tamén houbo tres representacións para público adulto: *Café*, de O Aturuxo de Melpómene; *Para que serven os homes?*, de Ti e Mais Eu Teatro e *Menciñeiros*, de Volta e Dalle Teatro.

Referencias varias:

- J. Rodríguez, “La programación del mes en Arzúa ofrece ecología, artes escénicas y literatura”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 697, 3 outubro 2013, p. 6.

Dá noticia de que no mes de outubro no concello de Arzúa terá lugar, entre outras actividades culturais, a sétima edición deste ciclo e detalla as postas en escena que o conforman.

- C. B./ M. M./ M. T., “Acercan el mejor teatro hasta Ames, Arzúa, Brión y Tabeirós”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 718, 24 outubro 2013, p. 7.

Cómentase que o VII Ciclo de Teatro no Outono de Arzúa continúa a súa programación coa posta en escena de *Menciñeiros*, a cargo de Volta e Dalle, ademais doutras cuestións relacionadas con outras mostras teatrais do panorama galego.

- S. F., “El ciclo de teatro de Arzúa baja el telón tras registrar un gran éxito de público en las funciones”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 730, 5 novembro 2013, p. 7.

Comenta o éxito de público desta edición da mostra, aportando datos e declaracións do alcalde de Arzúa, José Luis García.

As Cancelas, I Festival de Títeres

Organizado polo centro comercial santiagués As Cancelas para un público familiar en horario de tarde. Celebrouse do 25 ao 28 de marzo e contou coas representacións de

Pinocho, baseado na obra de Carlo Collodi, de Títeres Cachirulo; *Alicia no país das maravillas*, recreando a obra de Lewis Carroll para a nenez de tres anos, e outros espectáculos como *Pedro e o lobo* e *El libro de la selva*.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Está todo listo para el Festival de Títeres en el centro As Cancelas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 marzo 2013, p. 27.

Describe a programación deste festival de títeres. Destaca, así pois, as montaxes *Pinochio*, de Títeres Cachirulo, *Alicia no país das maravillas*, *Pedro e o lobo* e *El libro de la selva*, e menciona outros obradoiros coma os de sombras chinesas, máscaras, elaboración de monicreques e teatriños.

- A. I., “Éxito de público en los espectáculos de títeres”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 marzo 2013, p. 23.

Comenta o éxito acadado na primeira edición deste festival celebrado na capital compostelá, por medio das montaxes *Alicia no país das maravillas* e *Pedro e o lobo*, esta última con música de Prokófiev.

- Isabel Miguel, “Semana Santa para la reflexión y el ocio”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 27 marzo 2013, contracuberta.

Dá conta de dous eventos que forman parte do calendario de ocio da Semana Santa compostelá: o Festival de Títeres organizado polo centro comercial As Cancelas e a V Edición do Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados. Do primeiro destaca os espectáculos que se levarán a escena.

Bande, XVIIIº Encontros de Teatro Escolar e Amateur de

Encontros organizados polo Concello de Bande, o IES Aquis Querquernis e o CEIP Xaquín Lourenzo, no que colaboran os centros de ensino da localidade. Na edición de 2013 participaron doce colexios de Ourense e provincia que representaron o mesmo número de obras dende o día trece até o dezaseis de maio. O CEIP Xoaquín Lourenzo levou a escena *O mago de Oz*; o CEIP do Xurés, *Ir á escola non amola*; o CEIP San Marcos de Cartelle, *Polas pólas*; o CEIP Manuel Sueiro de Ourense, *A castaña prodixiosa*; o CEIP O Ruxidoiro de A Valenzá, *Ao doutor Alonso Mariano*; o CEIP Plurilingüe dos Blancos, *Quen dixo bombóns?*; o IAE Santo Ángel de Ourense, *Cinsenta non se quere namorar*; o grupo amateur Caixa Desastre, *A historia de Peter*; o IES Aquis Querquernis, *Animaliños*; o CEIP Rogelio García Yáñez de Ramirás, *A moa*; o CEIP Emilia Pardo Bazán de Ourense, *Os animais no paraíso* e o IES Celso Emilio Ferreiro de Celanova, *Fobias*.

Bebés, Ciclo para

Ciclo de teatro que organiza o Departamento de Cultura do Concello de Santiago para bebés de seis meses a 3 anos. Na edición de 2013, celebrada na Zona C de Santiago de Compostela, representáronse as pezas *Ñam!*, *Glub Glub* e *Zapatos* de Caramuxo Teatro.

Referencias varias:

- ECG, “Espectáculos de teatro para bebés en la Zona C”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 xaneiro 2013, p. 23.

Fai referencia á montaxe para bebés *Glub, Glub*, de Caramuxo Teatro, na Zona C de Santiago, como parte deste ciclo de teatro para bebés. Indica asemade a representación de *Zapatos*, da mesma compañía.

- A. I. S., “Teatro para bebés en la Zona C con Caramuxo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 xaneiro 2013, p. 26.

Avisa da representación da montaxe *Glub, Glub*, da compañía Caramuxo, na Zona C de Santiago. Indica a autoría de Juan Rodríguez Santiago e a interpretación de Laura Sarasola Pontón, ademais da vindeira posta en escena das pezas *Zapatos* e *Ñam!*, da mesma compañía.

- A. I., “Teatro para bebés en la sala Zona C”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 xaneiro 2013, p. 28.

Anuncia a representación da montaxe *Ñam!*, de Caramuxo Teatro, na Zona C de Santiago.

- ECG, “El teatro para bebés vuelve a final de mes a la Zona C”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 8 xaneiro 2013, p. 24.

Indica o regreso do ciclo de teatro para bebés á cidade santiaguesa, con pezas como *Glub Glub*, *Zapatos* ou *Ñam!*, de Caramuxo Teatro.

- ECG, “Teatro para bebés, títeres y cuentos para los fines de semana en familia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 12 xaneiro 2013, p. 24.

Comenta a presentación da programación infantil de teatro da cidade santiaguesa por parte do edil de Cultura, Ángel Currás, a partir das montaxes de Caramuxo Teatro, *Glub, Glub*, *Zapatos* e *Ñam!*,

Bebescena

Ciclo de teatro para bebés de un a tres anos organizado pola Concellería de Cultura do Concello da Coruña e celebrado no Centro Ágora da cidade herculina. Ademais de postas en escena leváronse a cabo diversos talleres e conferencias familiares. Nesta primeira edición do ano 2013, representáronse as seguintes pezas teatrais: *Babs*, de Baobab Teatro; *Miau*, de Teatro del Andamio e *Almazuela (baixo as sabas)*, de Roberto

G. Alonso. Tamén participou a compañía foránea Teatro Paraíso, que levou a escena *Kubik*.

Referencias varias:

- Manuel Varela, “El ciclo de artes escénicas para toda a familia regresa con 16 espectáculos”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y cultura”, 11 setembro 2013, p. 8.

Entre outras cousas, infórmase da creación deste ciclo específico para bebés e das postas infantís que se representarán dentro del.

Ben veñas Maio, XVIIª Semana Teatral

Mostra teatral ofrecida polos alumnos dos Institutos de Ensino Secundario de Pontevedra na que se presentan pezas dos grupos de teatro dos centros de ensino da cidade. A edición de 2013 tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra dende o oito até o dez de maio. Participaron o grupo de teatro do IES A Xunqueira I, con *Memorias de Moliere*; o grupo de teatro Fiúncho do IES Luís Seoane, con *Commedia: un xoguete para Goldoni* e o grupo de teatro Aveláña do IES A Xunqueira II, con *Miña santiña e María Castaña*.

Referencias varias:

- Jesús Iglesias, “O talento dos institutos de Pontevedra ten unha nova cita co ‘Ben veñas, maio’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 1 marzo 2013, p. 9.

Describe a nova edición do certame teucro “Ben veñas, Maio”. Indica primeiramente a inauguración do acto por parte do concelleiro de Normalización Lingüística, Demetrio Gómez, e o coordinador do certame, Manuel Reboredo, pertencente ao Equipo de Normalización do IES A Xunqueira. Do programa de actividades destaca o cambio visual levado a cabo no cartel, o XII Certame de Fotografía, o XX Certame de Banda Deseñada, o XX Certame de Narración Curta, o XII Certame de Poesía e o XIV Certame Musical.

Brinca Gaiás

Ciclo de música, teatro e danza organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e celebrado no Centro de Innovación Cultural (CNIC), situado na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. Pretende inculcar o gusto polas artes escénicas dende idades temperás. A primeira edición de 2013 comezou o 17 de febreiro cun espectáculo de ópera e teatro, seguido doutro de flamenco e dun concerto para bebés. Retomouse en setembro coa chegada do curso. Participou a compañía Elefante Elegante con *Nuncabunga*.

Referencias varias:

- A. I. S., “Elegante Elefante en dos sesiones de ‘Brinca Gaiás’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 maio 2013, p. 34.

Dáse noticia da representación, por partida dobre, da peza infantil *Nuncabunga*, neste ciclo que ten lugar na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.

Begonte, Iº Ciclo de Teatro de

Levado a cabo por Castiñeiro Milenario en colaboración coa Asociación Cultural de Illán e dentro do proxecto Buxiganga da Deputación Provincial de Lugo. A primeira edición de 2013 tivo lugar entre os días 20 de agosto e 21 de setembro na Casa da Cultura de Pacios e na Escola de Illán. Contou coa representación d’*O capricho do teatro*, a cargo dos Quinquilláns. Tamén se representaron as pezas para público adulto *Radio Universo*, por Nostrum Cai e *Os miserables*, por Palimoco Teatro.

Referencias varias:

- M. M., “Castiñeiro Milenario organiza un ciclo de teatro en Begonte”, *El Progreso*, “A Chaira”, 28 agosto 2013, p. 12.

Infórmase da presentación deste ciclo de teatro do Concello de Begonte e noméanse as tres postas en escena que conforman esta primeira edición.

Brión, XVII Festival de Títeres de

Festival de monicreques organizado polo Concello de Brión. A edición de 2013 celebrouse os días 2, 3 e 4 de xaneiro no Centro Social Polivalente da vila. Contou coa participación das compañías A Xanela do Maxín, que levou a escena *Titeremusiconos* e Teatro Babaluva, con *Lume*. Tamén participou a compañía foránea Títeres sin cabeza.

Referencias varias:

- M. T., “Arrancó ayer el XVI Festival de Títeres de Brión”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 426, 3 xaneiro 2013, p. 5.

Anuncia a posta en marcha deste festival de monicreques a partires da montaxe de Títeres sin cabeza.

Buxiganga, Circuitos 2013

Ciclo de teatro afeccionado organizado dende o ano 2008 polo Consello da Cultura da Área de Cultura da Deputación de Lugo e coa cooperación do Consello Asesor de Teatro, co obxectivo de achegar a arte dramática aos diversos concellos da provincia e realizar tamén accións formativas. A edición de 2013 contou coas representacións das

obras *Terra e Lambetadas de fantasía*, de Alentía Teatro; *Véndese mula e A Pousada*, de Axóuxeres; *Unha historia con pau*, de Hipócrita Teatro; *Folie á trois (Paranoia Compartida)* de Mequetrefes; *Contos ben dispares*, de Teatro Monart e *Butaca 16*, de TeatroCrea. Tamén se levaron a escena as pezas para público adulto *As alegres comadres*, a cargo de Achádego Teatro; *Atoados*, do Grupo Teatral A Adala; *Acernos*, de Ardora; *Cambadelas*, de Batán; *A vida de Brian*, do Grupo de Teatro da Biblioteca Municipal de Antas de Ulla; *Fume de carozo*, do Bordelo de Cervo; *Crimes exemplares*, de Falcatrueiros; *Operación Voltarem*, de Faro-Miño; *As mañás das mozas*, de Teatro Lucho Hospital Xeral-Calde de Lugo; *Oniromancia e Avelaiñas*, de Metátese; *Non son d'acó (nin d'acolá)*, de O Miolo e Cía; *Radio Universo*, de Nostrum Cai; *2155*, a cargo do Grupo Nova Escena Teatro; *Os vellos non deben de namorarse*, de Ollomao; *Real... ou non?*, Palimoquiños; *A criada*, de Parápono; *Os perseguidores de soños*, de Pinchacarneiro; *Miña sogra é increíble*, de A Rabela; *Ruídos na casa*, de Raiolas; *Farsa plautina*, de Rebuldeira; *Os putativos*, do Grupo de Teatro de Ribadeo; *Falamos de cartos*, Os Trocos; *Érase unha vez*, de Xoldra e *Borralliña*, de Zampalladas.

Referencias varias:

- Francisco García, “Buxiganga espera superar este ano las casi 70 actuaciones teatrales del 2012”, *El Progreso*, “Comarcas”, 23 febreiro 2013, p. 15.

Anúnciase a apertura dun prazo de quince días para que grupos de teatro afeccionado se inscriban no programa “Buxiganga” da Deputación de Lugo e os concellos que o desexen poidan requirir as súas representacións. Sinálase que “Buxiganga” achega o teatro ao rural e a pequenas comunidades, impulsando a creación de novos grupos teatrais, ao mesmo tempo que proporciona opcións de formación.

- Hipócrita Teatro, “Mario Outeiro: ‘Buxiganga debería ser un programa que houbese en cada Deputación galega’”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “Entrevistas”, primavera 2013, pp. 58-60.

Con motivo da concesión do Premio FEGATEA ao Programa Buxiganga da Deputación Provincial de Lugo, Hipócrita Teatro entrevista a Mario Outeiro, responsábel político do programa. Nesta conversa reflexiónase sobre como xurdiu a idea, as múltiples ramificacións, a necesidade de implantar este proxecto noutras administracións e entidades públicas e sobre as accións previstas para os vindeiros anos.

- Francisco García, “Buxiganga contará con 30 grupos de teatro, ocho más que en la pasada edición”, *El Progreso*, “Comarcas”, 2 abril 2013, p. 12.

Infórmase de que “Buxiganga” levará este ano arredor de setenta representacións en concellos e asociacións culturais de toda a provincia de Lugo subvencionadas nun oitenta por cento pola Deputación. Coméntase que este programa promove a arte dramática galega, ao tempo que vai incrementando o número de compañías participantes. Sinálase que de forma paralela ás representacións, o programa inclúe cursos formativos en arte dramática.

- Pilar Cheda, “O circuito de teatro Buxiganga arranca esta semana coa participación de 30 grupos de Lugo”, *El Progreso*, “Comarcas”, 7 marzo 2013, p. 13.

Dá conta de que Mario Outeiro presentou unha nova edición destes circuítos teatrais nos que participaron trinta grupos que realizaron oitenta e unha representacións subvencionadas nun oitenta por cento pola Deputación de Lugo. Infórmase de que este ciclo teatral axuda a impulsar o teatro entre o público, que pode gozar de obras de temática variada. Ademais, achégase o programa detallado das representacións que terán lugar en cada localidade.

- Marta Becerra, “Buxiganga levanta el telón en Lugo”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 22 xuño 2013, pp. 14-15.

Dáse noticia, entre outras cousas, do comezo da quinta edición de “Buxiganga”, sinalando que a actividade arrincou cun circuítu de actuacións teatrais na rúa por grupos de teatro afeccionado. Coméntase tamén que nesta primeira sesión tivo lugar a posta en escena da peza *Perseguidores de sueños*, polo grupo Pinchacarneiro.

- Sergio López, “El teatro aficionado toma las calles”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 6 xullo 2013, p. 23.

Coméntase que, no marco deste proxecto, nove grupos teatrais levaron a cabo breves representacións nas rúas de Monforte para presentar as obras que executarán durante a mostra.

- Sergio Rodríguez, “Los asistentes al curso de teatro representan en Sarria mañana la obra ‘Antígona’”, *El Progreso*, “Sarria”, 20 xullo 2013, p. 19.

Indica que este proxecto teatral educativo da Deputación de Lugo levará a Sarria a obra de teatro *Antígona*, que será representada polos asistentes ao curso de interpretación que impartirá Evaristo Calvo.

- Jose Carlos Pedrouzo, “Teatro de Vidal, música y compromiso”, *El Progreso*, “De verano”, 3 agosto 2013, p. 38.

Indica que dentro do programa cultural Cultura Aberta será homenaxeado Roberto Vidal Bolaño grazas aos grupos integrados dentro do proxecto teatral Buxiganga.

Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Ciclo de teatro realizado no Auditorio da Xuventude de Cambados. Na edición de 2013, celebrada entre o 10 e o 17 de novembro, representáronse as pezas *Uxío no país de Patadecabra*, de Expresións Produccións; *O Crebanoces*, de Marta Larraitz; e *Nuncabunga*, de Elefante Elegante.

Candilejas Don Bosco, XVIº Certame de Teatro Escolar e Afeccionado

Certame de teatro escolar e afeccionado organizado polo colexio Calvo Sotelo da Coruña. Na edición de 2013, que tivo lugar dende o 12 de abril até o 15 de xuño, representáronse as pezas infantís *Enleando os contos*, do alumnado do CEIP Sanjurjo de Carricarte; *Recobrou o sorriso o Eleuterio* e *Unha cousa pola outra*, do Colexio Nosa

Señora dos Remedios; *O caso da rúa de Lourcine*, de Raiola Escola Compañía de María; *Zapping*, do Grupo de Teatro do Clube de Campo de Ferrol; *O merlo branco e A vía fantástica*, de Casahamlet; *A comedia dos erros*, do Grupo Teatro do Ar do CPI de Panxón; *On air*, do IES Elviña; *O punto da escarola*, do Colexio Labarta Pose de Baio; *Parella 2.0*, do IES Maximino Romero Lema de Baio; *Rosiña caramelo*, do CEIP Novo Arteixo; *Tonucci*, do CEIP Raquel Camacho; *Polgariño*, do colexio Ramón de la Sagra; *O club anti-machotes* e *Monsters Vs. Addams*, do Grupo de Teatro Vagalume Animación e *O crebanoces*, do CEIP Emilia Pardo Bazán. Tamén se levaron a escena pezas para o público adulto as pezas *Mesa para dous*, do Grupo FAS-QUE-FAS da Fundación Wenceslao Fernández Flórez; *Kalinka, conflito na embaixada*, de Vinde Ver Producións; *O anel máximo*, do Grupo Valverde Teatro de Cedeira e d'A Fiestra Teatro; *Cena de 5 crímenes* e *Cóncavo-convexo*, do Grupo de Teatro Ateaco; *Sánatos*, da Asociación Teatral Paso de Valverde; *Con premeditación e alevosía*, do Grupo de Teatro ASCM; *Inés, desapercibida*, de Caruncho Teatro; *A cea dos idiotas*, do Liceo de Noia; *¡Aquí non paga ningún!*, de Porta Aberta; *Hamster*, de Triatrerros; *Facer o sueco*, de Teatro Badius e *A ópera do patacón*, do Grupo de Teatro Alexandre Bóveda. Ademais representaron as súas pezas, en castelán, o alumnado de distintos centros educativos, a través dos seus grupos teatrais, como foi o caso do CEIP Curros Enríquez –Grupo Currantes–, do IES Salvador de Madariaga –Grupo Talía–, do CPR Jorge Juan, do Centro Social Sagrada Familia, do Fogar de Santa Margarida, do grupo Papaventos do CEIP Zalaeta, da Agrupación Fuera de Serie, do Colexio Hijas de Jesús, do Centro Liceo La Paz, do CEIP Ponte dos Brozos, do grupo Arjé Teatro do Instituto Breamo, do Colexio María Barbeito, do CEIP Novo Arteixo, da Asociación Melandrainas-Grupo COMEDY2–, do Grupo de Teatro Aspronaga, el Biombo Teatro, do Colexio Ramón de la Sagra, do IES Urbano Lugrís -Grupo Ardora e o Grupo Pocholiños–, do CEIP Eusebio da Guarda, da Casa de Castilla-La Mancha–Grupo Los Cigarrales– e do CEIP Rosalía de Castro, entre outros.

Referencias varias:

- Manuel Gil, “El teatro del Liceo de Noia recibe un nuevo premio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 599, 26 xuño 2013, p. 5.

Informa que no XVI certame de teatro afeccionado “Candilejas Don Bosco” mereceu o terceiro premio *A cea dos idiotas*, unha peza dirixida por Ramón Carredano e interpretada polo grupo de teatro do Liceo de Noia. Apunta que a edición deste ano foi a máis numerosa en canto a participantes, xa que se presentaron sesenta e oito centros educativos e agrupacións, nas que participaron un total de mil catrocentos noventa e dous artistas.

Carballiño, V Festival de Títeres

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello ourensán de Carballiño. A quinta edición de 2013 celebrouse durante o mes de agosto. Representáronse as pezas infantís *Jiñol*, a cargo de Títeres Trompicallo; *Alicia no país das marabillas*, a cargo de Títeres Cachirulo; e outras pezas de Fantoques Baj, Títeres Tarabelos e Títeres Babaluva.

Colorín, Colorado

Ciclo de teatro infantil promovido pola concellería de Cultura da Estrada. A edición de 2013 celebrouse os primeiros sábados de cada mes dende febreiro até xuño e nela participaron as compañías O Retrete de Dorian Gray, con *Ne me quittes pas*; Caramuxo Teatro, con *Zapatos*; Baobab Teatro, con *Fíos* e Títeres Trompicallo, con *Osiños*.

Referencias varias:

- Sangiao, “A Estrada promove un ciclo de teatro para os cativos até xuño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 447, 24 xaneiro 2013, p. 6.

Comenta a posta en marcha deste ciclo de teatro infantil no concello da Estrada, detallando as compañías participantes.

- S. E., “Visitas didácticas, música, monólogos y teatro en el otoño cultural de A Estrada”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 694, 30 setembro 2013, p. 6.

Infórmase da programación do concello de A Estrada para o último trimestre, na que se contempla a representación d’*O Príncipe e o parrulo* dentro do ciclo “Colorín Colorado” e outros dous espectáculos enmarcados no Festival de Títeres Galicreques.

- C. B., “Arranca hoy en A Estrada el ciclo Colorín, Colorado”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 780, 26 decembro 2013, p. 6.

Informa que dentro do programa navideño organizado polo Concello da Estrada arranca o ciclo de teatro Colorín Colorado coa comedia de Talía Teatro *Xango*. Dá conta brevemente do seu argumento e di que o lugar no que terá lugar a representación, así como o seu prezo.

Cultura no Camiño

Programa escénico e musical organizado pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e da Axencia de Turismo de Galicia. Nesta edición de 2013 desenvólvese nos concellos das rutas xacobeas durante o mes de outubro como parte da programación conmemorativa do oitavo centenario da peregrinación de San Francisco de Asís a Santiago. As pezas infantís que se levaron a escena foron *A historia de Martín*, de Animar-T; *Maxia de aquí e de acolá* e *Onde está o mago Antón?*, de Creacións Máxicas Lirolai; *Contos ben dispaes*, de Teatro Monart; *A lingua a p(l)acer*, de A trastenda dos contos; *Dous pallasos en máis apuros* e *A historia de Brancaflor*, d’Os Sete Magníficos + 1; *O refugallo*, de Berrobambán; *Chapuzas a domicilio* e *Uxío no país de Patadecabra*, de Expresión Producións; *Trasno*, de Pistacatro Produtora de Soños; *Bicos de música*, de Mamá Cabra; *Na procura da canción perdida*, de Producións Dispersas; *Contacontos. Xan dos contos*, de Barafunda; *A nena e o grilo nun barquiño*, d’A nena e o grilo; *Xan Perillán e a maleta máxica* e *Contos do vento acatarrado*, d’Os monicreques de Kukas; *Cabaliño de pedra*, de Raquel Queizás; *Ensalada de instrumentos*, d’Os tres tenedores; *Zapatos*, de Caramuxo Teatro; *Titiristorietas do*

Camiño de Santiago, de Duende Sico; *Lume*, de Títeres Babaluva; *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, de Bandullo Azul; *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, de Títeres Cachirulo.

Referencias varias:

- Alberto Nova, “Cultura no Camiño’ lleva más de cien espectáculos a 42 municipios de la Ruta”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 4 outubro 2013, p. 27.

Dáse conta da presentación do programa escénico musical Cultura no Camiño e dise que ofrecerá un total de cento cinco actuacións de teatro, maxia, música e circo en corenta e dúas localidades galegas situadas nas distintas rutas xacobeas. Coméntase que conta coa colaboración de diferentes concellos e sinálanse as datas nas que os espectáculos terán lugar. Dise que contará, entre outras actividades, con vinte e catro representacións para público adulto e vinte e dúas para o infantil, todas elas de compañías galegas. Da programación do primeiro día dise que actuarán Animar-T, co espectáculo *A historia de Martín*, na Fonsagrada; Rober Bodegas, con *O umbral da estupidez humana*, de Abrapalabra Creacións Escénicas, en Fene; e Creacións Máxicas Lirorai, con *Maxia de aquí e acolá*, en Rodeiro. Finalmente nómeanse todos os concellos nos que se desenvolven as actividades de Cultura no Camiño.

Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Ciclo de teatro dirixido a un público familiar, que se vén organizando dende o ano 2000 como campaña teatral que parte da iniciativa do Concello de Pontevedra e do grupo Teatro Akatro, encargado, como especialista en teatro para a nenez, de seleccionar os espectáculos que cobren esta programación. Nas dúas primeiras edicións celebrouse durante os meses da primavera, pero a partir da de 2002 pasou a celebrarse no inverno. Na edición de 2013 participaron Baobab Teatro, con *Babs*; Caramuxo Teatro, con *Pío*; Ghazafellos Teatro, con *Bon appétit!* e as compañías foráneas Yllana con *Far West*; a compañía Marie de Jongh con *Humanos*; La Maquiné, con *El bosque de Grimm* e o grupo Borobil Teatros con *Alí Babá y los 40 ladrones*.

Referencias varias:

- Ana López, “Ábrese o telón: xa é domingo”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 28 xaneiro 2013, contracuberta.

Dá conta do comezo do ciclo de teatro “Domingos do Principal” en Pontevedra. Subliña, así pois, as representacións das pezas *Pío*, de Caramuxo Teatro, da que describe brevemente a súa trama e *Babs*, de Baobab Teatro, da que tamén sinala a súa liña temática, entre outras cousas.

- B. L., “Os cowboys de Yllana galopan por Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 4 marzo 2013, p. 53.

Comenta o programa de actividades deste ciclo celebrado na cidade teucra. Salienta a posta en escena da peza *Far West*, do grupo Yllana, e en particular a actuación de César Maroto e Ruben Hernández. Tras describir a súa trama, indica a representación desta peza no XIV Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, xunto a outros eventos como a animación á lectura por parte de Fantoques Baj ou o espectáculo de monicreques d'O Carballo con Botas. Destaca finalmente a homenaxe a Mercedes Vázquez por parte do alumnado do CEIP Campolongo a partir da súa peza *Cocorico*.

- B. L., “Alí Babá pecha Domingos do Principal”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 18 marzo 2013, p. 52.

Comenta a representación da peza *Alí Babá y los 40 ladrones*, do grupo Borobil Teatroa, como fecho do ciclo de teatro “Domingos do Principal”, celebrado en Pontevedra e organizado polo grupo Akatro en colaboración co Concello de Pontevedra. Indica a anterior representación desta mesma peza no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra e menciona a súa recomendación por parte da comisión de teatro e circo da Rede Española de Teatros e Auditorios. Conclúe cunha referencia a outras pezas que participaron neste ciclo, coma *Far West*, de Yllana, *Humanos*, de Marie de Jongh, *Pío*, de Caramuxo Teatro e *Babs*, de Baobab Teatro e subliña a estrea destas dúas últimas na feira Feten de Xixón.

Escena en Familia

Ciclo de teatro de longa duración protagonizado por teatro de títeres e de actor que se celebra na sala compostelá Arteria Noroeste, organizado pola SGAE-Fundación Autor Santiago. Na edición de 2013 participaron as compañías Miriñaque con *Cucu Kaiku*, para bebés de máis de 12 meses; A Xanela do Maxín, con *O murmurio do mar* e Títeres Cachirulo, con *Catro contos da China*.

Referencias varias:

- P. Calveiro, “Teatro para despertar los sentidos desde la cuna”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 21 decembro 2013, p. L6.

En primeiro lugar coméntase que as salas de espectáculos de Compostela abriron o pano para o teatro destinado aos bebés. Dise que a primeira proposta é a de *Viaxe a Dadá*, un espectáculo para público de 0 a 3 anos de Teatro da Semente. A seguir, noméase *Cucu Haiku*, espectáculo visual e poético da compañía Miriñaque para nenos de 12 meses en diante. Finalmente infórmase que tamén se vai representar *Babs*, de Baobab Teatro. Tamén se di que Paula Carballeira contará *Conto de Nadal*. De todas as obras dáse un resumo do seu argumento e dinse os lugares nos que terán lugar, así como o seu prezo.

Estrada, Festival de Teatro Escolar da

Certame organizado pola aula de teatro do IES Antón Losada Diéguez da Estrada, Avelaíñas Teatro, a biblioteca e o clube de lectura Retelladores do Galiñeiro. Na

primeira edición de 2013 representáronse os espectáculos creados por catro aulas de teatro dos municipios de Touro, A Estrada, Laxe e Palas de Rei.

FalaRedes

Ciclo de teatro familiar organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia para a dinamización lingüística. No ano 2013 representáronse as pezas *Acuario*, baseada no poemario homónimo de María Canosa do ano 2012, a cargo de Ghazafellos; *As pombas do Carboeiro*, a cargo de Fantoques Baj co acompañamento da Banda de Música Popular de Tui; *A nena e o grilo nun barquiño*, a cargo d'A nena e o grilo; e *A chungatrona* e *Peter Punk e o Neno Imperdible*, a cargo de Peter Punk.

Referencias varias:

- Blanca Hermida, “¿Quen se apunta a un chapuzón na lingua?”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 531, “Verano cultural”, 17 agosto 2013, pp. 6-7.

Fálase do programa da Rede de Dinamización Lingüística da Xunta denominado “Falaredes”, o cal proporciona diversas actividades en galego para nenos entre seis e doce anos na época estival. Noméanse os municipios participantes e salientase as novas actuacións de Peter Punk.

- C. P. R., “El San Ramón, entre todos”, *El Progreso*, “A Chaira”, 29 agosto 2013, p. 12.

Comenta que entre as actividades culturais programadas para celebrar as Festas de San Ramón e Santa María tivo lugar a actuación de Peter Punk, a cal se enmarca na programación da Rede de Dinamización Lingüística.

- Antón Ferreira, “FalaRedes lleva a Tui ‘As pombas do Carboeiro’”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 18 outubro 2013, p. 15.

Dise que *As pombas de Carboeiro*, de Fantoques Baj, é o espectáculo que o programa de Dinamización Lingüística FalaRedes levará ao Teatro Municipal de Tui en colaboración co concello. Dáse conta do argumento da obra e dise que Ignacio Vilariño e Benxamín Otero, en compañía dos membros da Banda de Música de Tui, serán os encargados de interpretar o espectáculo. Finalmente sinálase que o espectáculo vai dirixido a público familiar a partir de oito anos e indícase a hora da representación e o prezo.

- J. M. Ramos, “Teatro poético en A Laracha para fomentar la lectura”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 717, 23 outubro 2013, p. 6.

Anúnciase a representación do espectáculo *Acuario* en A Laracha dentro do programa “Falaredes” da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

- A. Piñeiro, “O IES de Tenorio acollerá a representaicón de ‘Acuario’ o domingo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra. Comarca”, 21 novembro 2013, p. 15.

Anúnciase que dentro do programa FalaRedes o concello de Cotobade acollerá o espectáculo *Acuario*. Despois de indicar o lugar no que se representará e o público ao que vai dirixido, dise que é un texto teatral baseado nun poemario de María Canosa. Dáse conta dos obxectivos que se pretenden con *Acuario* e destácase que neste espectáculo aparecen “vistosos monicreques”, actores que lles imprimen humor e música e escenografía sinxelas e atractivas.

- R. M., “Este espectáculo fai algo lúdico e divertido da poesía para os máis pequenos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 21 novembro 2013, contracuberta.

Informa que se representará *Acuario*, unha obra baseada no poemario homónimo de María Canosa do ano 2012 e que combinará “poesía, teatro y marionetas”. Apunta o ciclo no que se insire e recolle palabras da autora do citado poemario.

- M. M., “Cospeito e Castro de Ribeiras de Lea acollen a función ‘Acuario’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 23 novembro 2013, p. 19.

Dá conta de que, no marco do programa FalaRedes 2013, promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, se escenificará na comarca lucense da Chaira a peza *Acuario*. Precisa o horario das dúas representacións desta peza, por parte de María Canosa e os integrantes de Teatro dos Ghazafellos: unha, no centro sociocultural de Castro de Ribeiras de Lea; e outra, na Casa da Cultura de Feira do Monte (Cospeito, Lugo).

- M. B., “O espectáculo continúa en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “MiniDiario”, n.º 408, 24 novembro 2013, p. 2.

Coméntase que a seguinte cita na cidade de Pontevedra para os escolares no marco da programación da Fundación Novacaixagalicia é a representación d’*A nena e o grilo nun barquiño*. Anúncianse os días e horas nos que terán lugar as funcións e resúmese brevemente o seu argumento.

- A. Iglesias, “La riqueza marina a través de poemas, teatro y marionetas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 25 novembro 2013, p. 20.

Dise que o espectáculo *Acuario*, inspirado en poemas de María Canosa, chegou na véspera ao Auditorio de Galicia no marco do programa FalaRedes. Coméntase que no acto tamén participou a autora dos poemas e explícase en que consiste o espectáculo.

Festival de Clown de Lugo

Festival internacional de clown realizado en Lugo e organizado por Culturactiva e a Consellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua. Tivo lugar do 3 ao 7 de xullo e contou coa participación das compañías galegas Bandullo Azul, con *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres* e Peter Punk, con *Chugatrona*. Tamén estiveron presentes as compañías foráneas Good Idea Company, Wilbur, Capitán Maravilla, Ale Risorio e Kanbahiota Trup.

Referencias varias:

- C. F., “Os pallasos toman de novo as rúas de Lugo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, 28 xuño 2013, p.7.

Anúnciase o comezo do “Festiclown” en Lugo facendo un repaso polas compañías que compoñen o cartel da presente edición.

- Marta Becerra, “Cultura express en el centro de Lugo”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 5 xullo 2013, pp. 8-9.

Coméntase as actividades programadas para a terceira xornada deste festival, ademais de informar de que no marco da iniciativa Cultura Express celebrouse en Lugo un recital poético no que participaron, entre outros, Adela Figueroa, Xosé Estévez e Toño Núñez.

- Marta Becerra, “Las librerías de fondo salen a la calle”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 6 xullo 2013, pp. 8-9.

Fálase do “Festiclown” e anúncianse as actividades programadas para as súas dúas últimas xornadas. Dáse noticia, entre outras cousas, da inauguración da Feira do libro Antigo e de Ocasión en Lugo.

Festival de artistas de rúa

Organizado polo Departamento de Cultura do Concello de Redondela, celébrase na Alameda da vila. A XIV edición do 2013 tivo lugar os días 2 e 3 de agosto e ofreceu actividades para todos os públicos. Actuaron as compañías galegas Assircópatas e Mesa Máxia e outras foráneas (Cuba, Ecuador...) que levaron á rúa variados espectáculos non exclusivamente teatrais.

Referencias varias:

- Iván Leis, “El Festival de Artistas de Rúa reúne en la Alameda espectáculos de trece compañías”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, 2 agosto 2013, p. 12.

Explica que este festival contará coa presenza de magos, malabaristas, estatuas humanas e outros artistas de rúa provenientes de sete países e que apresentarán os seus espectáculos na Alameda de Redondela.

Fisterra, Outono Teatral de

Organizado polo Departamento de Cultura do Concello de Fisterra. Celebrouse este ano 2013 entre os días 18 de outubro e 28 de decembro. Leváronse a escena as obras para público infantil *Contos para escagharriñarse*, de Ghazafellos; *Ñam e Lazarillo*, de Caramuxo Teatro e *Dous pallasos en apuros*, de Teatro Clown. Tamén se representaron

para o público adulto as pezas teatrais *Curriculum vitae*, de Redrum Producciones e *Go on*, de Malasombra.

Referencias varias:

- J. M. R., “Misterio en forma de ‘Contos para escagarriñarse’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 752, 27 novembro 2013, p. 7.

Dá noticia da presentación, dentro deste ciclo, de *Contos para escagarriñarse* a cargo de Teatro Ghazafellos, espectáculo conformado por tres historias de misterio que antano contaban os avós aos netos.

- J. M. R., “Malasombra trae su obra ‘Go on’ a Fisterra el sábado”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 780, 26 decembro 2013, p. 6.

Dá noticia de que o Outono Teatral de Fisterra finalizará o sábado 28 coa representación *Go on*, da compañía Malasombra.

Fontevella, Ciclo de Teatro Afeccionado do Porriño

Con motivo dos dezaioito anos que cumpriu a agrupación teatral Fontevella de Porriño, a Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA) decidiu celebrar neste 2013 un pequeno ciclo teatral dende o 14 até o 17 de febreiro nesa localidade. Representouse a peza infantil *Unha historia con pau*, de Hipócrita Teatro. Tamén participaron as compañías Fontevella, coa peza *Prohibido casar*, e Trasno Novo Teatro, con *Consuelo*, dirixidas a un público adulto.

Referencias varias:

- V. P., “Porriño acoge un ciclo de teatro en el 18 aniversario de Fontevella”, *Faro de Vigo*, “Louriña”, “Condado”, 13 febreiro 2013, p. 17.

Infórmase de que a agrupación teatral Fontevella do Porriño celebra os seus dezaioito anos coa posta en marcha dun ciclo de teatro que se inaugura coa representación de *Prohibido casar*, obra á que seguirán *Consuelo* e *Unha historia con pau* de O Trasno Novo Teatro e Hipócrita, respectivamente.

Galicia Escena Pro

Mostra de artes escénicas organizada pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) en cinco espazos de Santiago de Compostela: o Salón Teatro, o Auditorio da Universidade, o Teatro Principal, a Fundación SGAE e o Auditorio Novacaixagalicia. Nesta primeira edición de 2013 representáronse *Bon appétit!*, a cargo de Ghazafellos Teatro; *Xan Perillán e a maleta máxica*, a cargo dos Monicreques de Kukas e *Xango: A moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*, a cargo de Talía Teatro. Dirixidas a un público adulto, tamén participaron as

compañías Matarile Teatro, con *Staying alive*; Sarabela Teatro, con *A idade da pavía*; Catro Cadeiras, con *O feo*; Obras públicas, con *Bye, Bye, Honey*; Producións Teatrais Excéntricas, con *Da Vinci tiña razón!* e Teatro Galileo, con *Desfeitos*.

Referencias varias:

- Irene Jiménez, “O espectáculo ‘Bon Appétit’ da saída a Galicia Escena Pro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 novembro 2013, p. 42.

Fala da inauguración da mostra “Galicia Escena Pro” co espectáculo infantil *Bon appétit!* da compañía Ghazafellos, ao que asistiu o conselleiro de Cultura Xesús Vázquez Abad e informa dos cinco espazos nos que se desenvolverá o festival. Anuncia que a mostra continuará coas últimas montaxes de Matarile Teatro e Sarabela Teatro.

Galicreques, XVIIº Festival Internacional de Títeres

Este festival vense organizando dende o ano 1996 en Santiago de Compostela pola Asociación Barriga Verde, baixo a dirección de Xurxo Rey. Dende o ano 1998 comezou a levar representacións a outras cidades galegas como Lugo, Betanzos e Pontevedra. Actualmente, o festival ten lugar en Lugo, Compostela e mais os concellos pertencentes ao Consorcio das Mariñas. A asociación organizadora contou co patrocinio de cada un dos Concellos nos que se celebrou e, dende a edición de 2000, co apoio do IGAEM (Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais), agora substituído pola AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais, e o INAEM (Instituto Nacional de Artes Escénicas y Musicales). O nome de “Galicreques” adoptouno no ano 2002. As representacións están divididas en dous apartados: Títeres nos Teatros, que teñen lugar nas diferentes salas; e Títeres na Rúa, que se desenvolven nas prazas e barrios dos concellos participantes. Na edición de 2013, que tivo lugar entre o 28 de setembro e o 6 de outubro, participaron as compañías galegas Títeres Cachirulo, con *Cu-cú, tas-tás*, *Alicia no país das marabillas* e *A figueira do demo*; Trompicallo, con *Jiñol* e *O día que chegou unha nube e choveu*; Títeres Alakrán, co *Pekeno Kabaret de tolos*. Tamén estiveron presentes as compañías nacionais e internacionais Los Claveles, con *Caperucita Roja*; La Canela, con *Nanas del mundo*; Os Titiritainas, con *Sopa de ladrones*; Rafael Rey e Olalla Suárez, con *Este juego es de adultos*; Manuela Varela, con *Frida*; e Javier Aranda, con *Los Miserables*, entre outras.

Referencias varias:

- A. Mauleón, “Diecisiete festivales gallegos se reparten los 360.000 euros de las ayudas de Agadic”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 13 setembro 2013, p. 55.

Dise que Axencia Galega das Industrias Culturais fixo pública a resolución das axudas que concede a festivais escénicos e musicais de carácter profesional. Coméntase que estas axudas cobren os eventos que se realizarán na comunidade dende o comezo de 2013 até o 31 de outubro, de maneira que a excepción do Festival Galicreques e da FIOT, todos os eventos xa se celebraron e coñecen agora a contía das axudas. Noméase a cantidade exacta que as partidas orzamentarias concederon nesta ocasión para nove

festivais de artes escénicas e oito de teatro. A seguir, dise que as citas escénicas máis favorecidas na convocatoria foron o XXII Festival Internacional Outro de Teatro de Carballo e a Mostra de Teatro de Ribadavia, seguidas da Mostra Internacional de teatro de Cangas e o Galicreques. Tamén recibiron o apoio económico da Xunta de Galicia a Alt de Vigo e Festival de Títeres de Redondela.

- R. M., “Galicreques llenará Compostela de títeres con más de veinte compañías y 64 pases”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 24 setembro 2013, p. L6.

Anúnciase a celebración deste festival en Santiago de Compostela. Infórmase da incorporación de dous espectáculos para bebés e de funcións de microteatro. Tamén se indican os lugares de actuación e os prezos das entradas.

- S. Cuiña, “Compañías extranjeras impulsan en Festival de Títeres Galicreques”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 setembro 2013, p. 27.

Infórmase de que o festival “Galicreques”, que se desenvolverá en Santiago de Compostela entre o 28 de setembro e o 6 de outubro de 2013, contará cun total de vinte e dúas compañías así como cunha programación especial para bebés.

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 25 setembro 2013, p. 42.

Lémbrese que até o próximo 6 de outubro se poderá asistir á XVIII edición do “Festival Internacional de Títeres Galicreques”.

- Ángela Ares, “El espectáculo aterriza en Compostela”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 setembro 2013, p. 27.

Fai referencia aos vinte e sete espectáculos que se ofrecerán en Santiago até fin de ano. Destaca o ciclo Infantil e Familiar, coas Xornadas de Música Contemporánea e o “Festival Internacional de Títeres Galicreques”, que acollerá a participación de Títeres Trompicallo, con *Jiñol* e *O día que chegou unha nube e choveu*.

- S. E., “Visitas didácticas, música, monólogos y teatro en el otoño cultural de A Estrada”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 694, 30 setembro 2013, p. 6.

Coméntase a programación do concello de A Estrada para o último trimestre, na cal se contemplan dous espectáculos enmarcados no “Galicreques”, entre outras cousas.

- M. Toledo, “El ciclo de títeres Galicreques aterriza este mes en A Estrada con un total de 5 espectáculos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 695, 1 outubro 2013, p. 7.

Dáse conta do próximo arranque deste certame na Estrada. Sinálase a interpretación de cinco obras, entre as que se atopa *Alicia no país das marabillas* a cargo da compañía galega Títeres Cachirulo.

- C. G., “Os Titiritainas representan hoxe ‘Sopa de ladrones’ no marco do ciclo Galicreques”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 outubro 2013, p. 31 .

Anúnciase, entre outras cousas, a representación da obra *Sopa de ladrones* en Santiago a cargo da compañía Os Titiritainas.

- X. Valiña, “Los títeres se adueñan de la ciudad”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 5 outubro 2013, contracuberta.

Di que o premio Galicreques desta edición foi para a compañía andaluza La Gotea de Lazotea e anuncia a data de clausura do festival.

Infantil & Familiar

Ciclo de espectáculos que organiza o Concello de Santiago de Compostela, dende o seu Departamento de Cultura, adicado a nenas, nenos e bebés e celebrado en distintos lugares da cidade, o Teatro Principal, a Zona C, o CGAC, a Sede SGAE/Fundación Autor e a Sala Agustín Magán do CSC de Santa Marta. As actividades, celebradas entre o 30 de novembro e o 29 de decembro, son de todo tipo: concertos, música clásica, teatro para bebés, contos musicais, cinema... Entre as postas en escena para público infantil, están *Jiñol*, *O día que chegou unha nube e choveu* e *Osiño*, a cargo de Títeres Trompicallo; *Viaxe a Dadá*, a cargo de Teatro da Semente; *Babs*, a cargo de Baobab Teatro; *Na procura da canción perdida*, de Producións Dispersas e *Mensaxe sen botella*, de Caramuxo.

Referencias varias:

- Ángela Ares, “El espectáculo aterriza en Compostela”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 setembro 2013, p. 27.

Fai referencia aos vinte e sete espectáculos que se ofrecerán en Santiago até fin de ano. Destaca o ciclo Infantil e Familiar, coas Xornadas de Música Contemporánea e o “Festival Internacional de Títeres Galicreques”, que acollerá a participación de Títeres Trompicallo, con *Jiñol* e *O día que chegou unha nube e choveu*.

Intercentros

Ciclo teatral que se celebra na cidade de Santiago de Compostela e galardoa a grupos de teatro de centros escolares. Na edición de 2013 celebrouse a comezos do mes de abril, durante unha semana. Representáronse no Teatro Principal *A Catedral*, a cargo do grupo teatral Bululú, dos centros Lamas de Abade e Pontepedriña; e *Non sei o meu móbil*, a cargo do grupo teatral do centro Lamas de Abade, entre outras moitas obras.

Referencias varias:

- J. Fernández, “Un certamen escolar con muchas tablas”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 13 abril 2013, contracuberta.

Fai referencia ao XVIII Certame de Teatro “Intercentros” celebrado na capital compostelá. Indica que a representación das pezas correu a cargo de diversos grupos de alumnos e alumnas de colexios públicos de Vite, López Ferreiro, Lamas de Abade e San Jorge.

- Tamara Montero, “Con mucho teatro”, *La Voz de Galicia*, “Educación”, 21 maio 2013, contracuberta.

Anúnciase que unha das obras gañadoras do certame de teatro intercentros foi posta en escena no Teatro Principal. Infórmase de que se trata d’*A Catedral*, do grupo Bululú, formado por alumnos de secundaria dos IES Lamas de Abade e Pontepedriña.

- ECG., “Éxito del XVIII Certamen de Teatro Intercentros”, *El Correo Gallego*. “Educación”, 29 maio 2013, p. 27.

Anúnciase que o Teatro Principal foi o escenario no que se entregaron os premios do XVIII Certame de Teatro Intercentros e onde se representou a obra gañadora “Non sen o meu móbil” do CEIP Lamas de Abade. Indícase que María Castelao, conselleira de Educación, foi a encargada de entregar os diferentes premios aos participantes gañadores. Apúntase que este certame comezou o 8 de abril e durou unha semana.

Itineranta

Programa de animación teatral de rúa organizado pola concellería de festas do concello de Pontevedra. A edición de 2013 celebrouse entre os días 6 e 8 de agosto ao solpor. Nela representáronse pezas como *La gran familia*, a cargo de Fadunito; *Muñecos*, por parte de Kull D’Sac; *La danza de la calle*, a cargo de Brincadeira; *Meganimals*, por parte de Maduixa Teatre; *Le Petit Cirque*, por parte de Fadunito; *Le Mascherate*, a cargo de Kull D’Sac; *Rompe Candela*, por parte de Palo Q’Sea; *Les Tambours de Feu*, a cargo de Deabru Belzak; *Rodafonio*, por parte de Factoría Circular; *Tam Tam Percusión*, a cargo de Maduixa Teatre e *Pachamama*, por parte de Troula Animación.

Referencias varias:

- Ana López, “A troula regresa a Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí!”, 25 xullo 2013, p. contraportada.

Comenta que o programa de animación itinerante levará ás rúas de Pontevedra once espectáculos de oito compañías entre os que están *Pachamama* de Troula Animación ou *Rodafonio* de Factoría Circular.

Laxe, VIIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Laxe, ten lugar durante os domingos do mes de outubro e novembro. Na edición de 2013 representáronse para público infantil *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e venres*, a cargo de Bandullo Azul; *Rosalía pequeniña*, a cargo de Uxía Senlle e *O anel máximo*, a cargo d’A

Fiesta Teatro. Para o público adulto contou coa presenza dos grupos Teatro Solidario As Ínsuas, coa peza *UniverSOS paraLELOS*; Teatro Badius, con *Facer o sueco* e Metátese Teatro, con *Oniromancia*.

Lugo, unha cidade de conto

Ciclo de teatro infantil e familiar creado a partir de contos tradicionais organizado polo concello de Lugo e a Universidade de Santiago de Compostela. Na edición de 2013 representouse *A rebelión do monicreque*, a cargo da compañía Matapiollos.

Maio Escénico

Ciclo organizado pola Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua en colaboración co Concello de Lugo, que abrangue postas en escena de obras teatrais e música e que se celebra no Auditorio Gustavo Freire entre o 16 e o 30 de maio. Acolleu para público infantil, *Contos do vento acatarrado*, d’Os Monicreques de Kukas. Tamén se representaron para un público adulto *O home almofada*, de Ilmaquinario; *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro; *Sexo, por que non?*, de Eme2.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Teatro, magia y música al alcance”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 19 maio 2013, p. 10.

Coméntase que o ciclo Maio Escénico acolleu unha sesión de teatro para nenos a cargo d’Os Monicreques de Kukas e anúnciase a posta en escena da obra *Viaxe a ningunha parte*, por Sarabela Teatro, no marco da mostra.

- Marta Becerra, “Una ciudad para los artistas”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 20 maio 2013, p. 7.

Entre outras actividades, dáse conta da presentación da obra *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro, dentro do ciclo “Maio Escénico”. Anúnciase tamén a estrea, no marco da mostra, da peza *O barco sen mariñeiro*, do grupo Achádego.

- Xoán C. Vidal, “Otra ayuda al Lugo”, *El Progreso*, “Lugo”, “La semana por delante”, 27 maio 2013, p. 5.

Anúnciase a clausura deste ciclo coa representación da obra *Sexo, por que non?*.

Manicómicos, Festival Internacional de Teatro Cómico

Organizado pola asociación cultural herculina Manicómicos, coa colaboración do Concello da Coruña, da Deputación Provincial da Coruña e Gadis, acolleu actuacións galegas e internacionais. No ano 2012, a Concellería de Cultura do Concello da Coruña eliminouno do programa das festas da cidade. No ano 2013 o colectivo Manicómicos

decidiu recuperar este festival e organizou a súa décimo terceira edición que se desenvolveu entre os días 4 e o 8 de setembro. Acolleu diversos espectáculos de teatro cómico en diferentes espazos da cidade, como o Fórum Metropolitano, o Teatro Rosalía, a Sala Garufa e as rúas. Participaron as compañías galegas Elefante Elegante, con *Nuncabunga* e con *Sobre Rodas*; e Pallasos en Acción, cunha representación polas rúas. Tamén participaron compañías foráneas como Confetti Brothers Productions.

Referencias varias:

- M. G. M., “El Festival Manicómicos regresa a la escena tras dos años en el desierto”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 17 xullo 2013, p. 13.

Informa sobre os días e os espazos de celebración deste festival e indica que contará con mesas redondas, mini espectáculos e coa presenza de Paiaos en Acción e de Elefante Elegante, que representarán *Nuncabunga* e *Sobre Rodas*.

- M. G. M., “Manicómicos resucita cun festival de trece espectáculos e Pepe Viyuela”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 22 agosto 2013, p. 16.

Dáse conta da presentación da decimoterceira edición do festival que a asociación cultural Manicómicos organiza. Despois de comentar que o festival pasou por un momento difícil e houbo desaparecer, infórmase dos eventos que terán lugar entre o 4 e o 8 de setembro. Entre outras participacións, como a de Pepe Viyuela, Confetti Brothers ou Yoni Mediograma, noméase a da compañía Elefante Elegante que o día 8 ofrecerá o espectáculo *Nunca Bunga*.

- Lucía Larios, “Vuelven los payasos más alocados”, *La Opinión*, “A Coruña”, 22 agosto 2013, p. 9.

Detalla toda a programación do XIII Festival de Manicómicos, que terá lugar na Coruña a comezos de setembro. Indica que asistirán, entre outros, Clowns en Acción e Os magníficos Confetti Brothers, e que secelebrará unha mesa redonda na que se debaterá sobre a situación dos escenarios alternativos.

María José Jove, IXº Festival de Títeres

Organizado pola Fundación María José Jove e o Concello da Coruña a través do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE). É unha continuación do Festival de Teatro e Cine infantil iniciado no ano 2003. Nesta edición de 2013, que se celebrou tanto na propia Fundación María José Jove como no Fórum Metropolitano, participaron as compañías galegas De Fábula con *Artello*; Fantoques Baj, con *Fábula galénica*; Eme2, con *O príncipe e o parrulo* e Títeres Babaluva con *Lume*. Tamén participaron as compañías foráneas Perifeira Teatro, El Retablo e La Canica.

MIT, XXIXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Mostra de teatro creada en 1973 baixo o nome Mostra de Teatro Abrente. Organizada pola Concellaría de Cultura do Concello de Ribadavia, está dirixida por Roberto Pascual e ten como marco a Praza Maior de Ribadavia, o Auditorio do Castelo dos Sarmientos e as rúas do barrio xudeu, así como a Igrexa da Madalena ou mesmo outras rúas e prazas da vila. Dende o ano 2000, ao longo do transcurso da Mostra, o público pode elixir a mellor obra representada, que é galardoada cunha figura representativa que se entrega o último día e que supón a invitación para participar na seguinte edición. A edición de 2013 celebrada entre os días 19 e 27 de xullo, que realizou unha homenaxe a Roberto Vidal Bolaño (figura homenaxeada polo Día das Letras Galegas), contou coa participación de compañías que levaron a escena obras para o público infantil, como *Romance dos figos de ouro*, por Títeres Cachirulo; *Fábula galénica* e *Rei, rei?* de Fantoques Baj. Ademais se representaron as obras para adultos de Teatro do Vilar, coa peza *Baixarse ao moro*; Teatro do Aquí, con *Criaturas*; Teatro Antroido, con *BailadELAS*; Talía Teatro, RTA e Voz Audiovisual, coa peza *Gaivotas subterráneas*; e Il Maquinario, con *O home almofada*. Tamén interviñeron as compañías foráneas Viaje inmóvil (Chile); Metaproducciones, Teatro Circo Murcia e Festival de Mérida (España); Xarxa Teatre (Valencia); arkeliñe (Euskadi); Timbre 4 (Arxentina); La Zaranda (Andalucía), El Patio (La Rioja); Teatro do Mar (Portugal); Les Ballets C de la B (Bélxica) e T de Teatre (Cataluña).

Referencias varias:

- Sabela Pinal, “La Mostra de Teatro reduce 35.000 euros su presupuesto”, *La Región*, “Ribeiro”, 28 maio 2013, p. 16.

Infórmase de que a organización da “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, ao dispor dun presuposto reducido, ten en mente ofrecer un festival centrado na estrea de obras de compañías galegas.

- Camilo Franco, “Todas as historias do mundo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Escena”, 18 xuño, p. 8.

Indica que na programación desta mostra terán cabida unha gran variedade de representacións entre as que subliña as de Abrapalabra con *As do peixe*, Teatro do Aquí con *Criaturas* e mais Teatro Antroido con *Bailadelas*.

- Sabela Pinal, “La Mostra de Teatro apuesta por obras de denuncia social”, *La Región*, “Ribeiro”, 22 xuño 2013, p. 18.

Dáse conta da presentación do programa da “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, sinalando que a edición deste ano ten como obxectivo reflectir a realidade actual, tratando temas como a crise ou a corrupción. Coméntase tamén que o festival acollerá a estrea de trece obras e achégase o programa da mostra.

- Cándida Andaluz, “La Mostra de Teatro de Ribadavia estrenará trece obras en Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 xuño 2013, p. 54.

Coméntase que este festival vai acoller a estrea en Galicia de trece obras. Sinálase tamén que a figura de Roberto Vidal Bolaño estará presente por ser un dos fundadores

da Mostra Abrente e que se celebrará un acto de homenaxe a esta mostra con motivo do seu corenta aniversario.

- Mar Mato, “Más de 48 actuacións de teatro en las dos ferias claves del verano en Galicia”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 26 xuño 2013, p. 59.

Anúnciase o comezo da Mostra de Teatro Cómico de Cangas e da “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, sinalando que entre as dúas acollerán un total de corenta e oito espectáculos. Dáse conta dalgunhas das obras que se van representar e destácase que a figura de Roberto Vidal Bolaño estará presente en ambas as dúas mostras coa posta en escena de varias obras escritas por el.

- S. N., “Comienza en Ribadavia la MIT más comprometida”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, 18 xullo 2013, p. 52.

Comenta que dentro desta mostra, que contará con Antón Reixa como pregoeiro, representaranse 13 espectáculos galegos e que haberá unha exposición centrada na figura de Roberto Vidal Bolaño.

- Xosé Manoel Rodríguez, “A Mostra Internacional de Teatro converte a Ribadavia na capital da escena galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 xullo 2013, p. 41.

Dá noticia da participación do conselleiro de Cultura na inauguración da “Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia”, onde salientou a importancia do evento para a promoción das artes escénicas galegas. Previamente, asisitiu á apertura dunha exposición sobre Vidal Bolaño, autor de dúas obras que se representarán na Mostra: *Criaturas*, de Teatro do Aquí e *Romance dos figos de ouro*, de Cachirulo. Sinálase que Antón Reixa foi o encargado do pregón co discurso *O valor engadido do teatro do século XXI*: unha defensa do teatro galego e unha crítica ás novas políticas culturais (elevado IVE e Lei de Propiedade Intelectual).

- Sabela Pinal, “La MIT llega a su ecuador con un total de 5.856 espectadores”, *La Región*, “Ribeiro”, 24 xullo 2013, p. 17.

Fala das boas perspectivas desta mostra e subliña que pasando o seu ecuador aínda fican sen representar as obras máis esperadas como son *As do peixe*, de Cándido Pazó ou *Aventura*, de T de Teatro.

- ECG, “A feira de Ribadavia pecha cunha recadación que chega a 30000€”, *El Correo gallego*, “Tendencias”, 29 xullo 2013, p. 27.

Anuncia de xeito satisfactorio o peche da XXIX edición da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia de 2013 e indica que a obra *As do peixe* é a gañadora do premio do público

- Belén López, “Cultura reparte 131.000 euros entre sete festivais pontevedreses”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 13 setembro 2013, p. 62.

Informa de que a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) fixo pública a resolución pola que subvenciona diferentes espectáculos galegos, sete na provincia de

Pontevedra. Con respecto ao ámbito escénico beneficianse de axudas a Mostra de Teatro Cómico de Cangas, o Festival de Títeres de Redondela, e o Alt 13 de Vigo. Noutras provincias, destacan o Festival de Teatro de Carballo e a Mostra de Ribadavia por obteren un alto financiamento.

- A. Mauleón, “Diecisiete festivales gallegos se reparten los 360. 000 euros de las ayudas de Agadic”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 13 setembro 2013, p. 55.

Dise que Axencia Galega das Industrias Culturais fixo pública a resolución das axudas que concede a festivais escénicos e musicais de carácter profesional. Coméntase que estas axudas cobren os eventos que se realizarán na comunidade dende o comezo de 2013 até o 31 de outubro, de maneira que a excepción do Festival Galicreques e da FIOT, todos os eventos xa se celebraron e coñecen agora a contía das axudas. Noméase a cantidade exacta que as partidas orzamentarias concederon nesta ocasión para nove festivais de artes escénicas e oito de teatro. A seguir, dise que as citas escénicas máis favorecidas na convocatoria foron o XXII Festival Internacional Outro de Teatro de Carballo e a Mostra de Teatro de Ribadavia, seguidas da Mostra Internacional de teatro de Cangas e o Galicreques. Tamén recibiron o apoio económico da Xunta de Galicia a Alt de Vigo e Festival de Títeres de Redondela.

Monforte, XXIIº Certame Municipal de Teatro para Centros de Ensino de

Certame de teatro organizado polo departamento de Cultura do Concello de Monforte de Lemos (Lugo) e representado no salón de actos da Casa da Cultura dese concello lucense a partir das oito da tarde. Na edición de 2013, celebrada entre os días 23 de abril e 15 de maio, participaron o alumnado do colexio Ferroviario con *A voda do Comecocos* (23 de abril); o alumnado do centro de educación especial Infanta Elena con *O fotógrafo Sisebuto fai fotos nun minuto* (7 de maio); o alumnado do colexio Novo con *o misterio dos reloxos de néboa* (8 maio); o alumnado do colexio A Gándara con *Animaliños* (9 de maio); o do IES A Pinguela de Monforte de Lemos con *A fábula da eco-no-mía* (13 de maio); e os mozos da asociación de apoio aos discapacitados intelectuais Prodeme de Monforte, que pecharon o certame coa escenificación da peza *¿Qué facemos cos fillos?*, á que seguiron a entrega de galardóns. Nesta edición asistiu como convidada a compañía Ghazafellos, que representou *Bon appétit!*

MOTECES, XIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario

Organizada por primeira vez no ano 2002 pola área de Educación, Universidade e Xuventude do Concello de Ourense en colaboración co Instituto Blanco Amor, naceu coa vontade de establecer un espazo na cidade para o teatro que nace nos centros de ensino, ao tempo que dar proxección e incentivar o labor desenvolvido por estes escolares. A edición de 2013 celebrouse entre os días 2 e 15 de maio en sesións matinais (agás a representación do día 6 de maio) no salón de actos da Escola Municipal de Artes Escénicas. Participaron os seguintes grupos teatrais de alumnado dos seguintes centros: o Caixadesastre do CPR Santo Ángel, con *Sonos...*; o do CPR Cardenal Cisneros, con *Descontando contos*; o Baralláns do IES Blanco Amor, con *O casamento*; o do IES Otero Pedrayo, con *O Chip experimental*; o do IES Lagoas, con *Zume de Escarabello*; o IAD-11 do IES Universidade Laboral, con *A boa persoa de Sezuán*; e Calpurnia.es do

IES Universidade Laboral, con *Anacos de lenda do tempo*. Tamén representaron as súas obras en castelán o grupo o Vedruna Teatro do CPR de Santa Teresa de Jesús, con *Mis queridos monstruos*; os Carrabouxos do IES Carballeira, con *Hoy es fiesta*; e Satyrius do Teatrío Grecolatino do CPR Maristas, con *Las metaformosis*.

MOTESMO, XVIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Conta co patrocinio da Deputación Provincial de Pontevedra, dos concellos de Marín, Bueu, Cangas e Moaña, así como de Caixanova. Colaboran tamén a APA do Colexio de San Narciso de Marín, Kalandraka Editora, Editorial Anaya, Edicións Xerais de Galicia e o Centro de Recursos de Bueu. Nela participan grupos de teatro de colexios e centros de bacharelato desta comarca e ao seu redor organízanse outro tipo de actividades como conferencias e actuacións teatrais fóra de concurso. A edición de 2013 contou coa participación do Colexio Eduardo Pondal, con *O soño da cidade*; a agrupación A Réplica, do IES de Rodeira, coa peza *Mórde-me*, escrita por Inma Antonio; a Aula de Drama de Cuarto da ESO, do IES María Soliño, con *Teatro para neófitos*; o IES Johán Carballeira con *Fuxan os contos*, de Frederick Engo Lacroix; o alumnado do IES As Barxas de Moaña con *Exercicio para debuxantes intrépidos*, de Roberto Vidal Bolaño; e da Asociación Juan XXIII con *O circo dos esquecidos*.

Referencias varias:

- J. Luís Martínez, “El teatro estudiantil del Morrazo llena el Pondal”, *Diario Atlántico*, “Área Metropolitana”, “Morrazo”, 23 abril 2013, p. 17.

Avisa do comezo da “XVII Mostra do Ensino Secundario do Morrazo” no Colexio Eduardo Pondal da localidade canguesa. Destaca a celebración dun foro de teatro e indica que a totalidade das pezas desta mostra tamén se representarán no Auditorio Municipal de Cangas como parte do Ciclo de Teatro Afeccionado, organizado polos grupos Entre Bambalinas e A Cepa. Salienta as pezas *Hamster*, dirixida por Fran Paredes; *O soño das cidades*, de Manuel Lourenzo; *Mórde-me*, de Inma António; *Teatro para Neófitos*, de Pedro Pablo Riobó; *Exercicio para debuxantes intrépidos*, de Roberto Vidal Bolaño; *Fuxan os contos*, de Frederick Engo Lacroix; e *O circo dos esquecidos*, da Asociación Juan XXIII do IES Johan Carballeira.

MOTI, Xª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Organizada polo concello, o Teatro Principal e a Universidade de Vigo (campus de Ourense), esta mostra naceu no ano 2004 co obxectivo de converterse nunha oferta cultural máis da cidade de Ourense para o público infantil nas datas de Nadal. Dirixida por Fernando Dacosta ten como escenarios o Teatro Principal, o Auditorio e a Universidade de Ourense. Parte da recadación destínase a UNICEF. A edición de 2013, celebrada entre o 25 e o 30 de decembro, contou coa participación das compañías Trécola Teatro coa representación de rúa *MOTI á vista!!!*; co clown Peter Punk, con *A Chungatrona*; Os Sete magníficos máis un, con *A historia de Brancaflor*; Caramuxo Teatro, con *Historia dunha Semente*; Arena en los Bolsillos (Andalucía), con *Afuera es un lugar*; de Geppetto. Aula de Teatro Infantil do Campus de Ourense, con *Os soños de*

Xulia, de Uroc Teatro/ Compañía Nacional de Teatro Clásico (Madrid), con *Otro Gran Teatro del Mundo*; e de Teatro Goraka (Euskadi), con *La Vuelta al Mundo*; de Editorial Galaxia/ Merlin Comunicación, con *O Señor das Dunas*; de Talía Teatro, con *Xango, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*; de Teatro de Malta (Castela-A Mancha), con *Alegría, Palabra de Gloria Fuertes*; de A Run Run Teatro con *Ulo swing?* e de Markeliñe (Euskadi), con *La Isla Desconocida*, o día 30 de decembro.

Referencias varias:

- C. R., “Éxito de Geppetto con ‘Pés de Cristal’, na Moti”, *Atlántico Diario*, “Universitas”, p. 35/ *La Región*, “Universitas”, p. 7, 10 xaneiro 2013.

Valora de xeito positivo a clausura da “IX Edición da Mostra de Teatro Infantil de Ourense” grazas ao éxito da peza *Pés de Cristal*, a cargo da Aula Universitaria de Teatro Infantil de Ourense Geppetto. Salienta finalmente o labor da directora Elena Seijo.

- Juan Llano, “Teatro infantil y belén de Baltar vuelven a Ourense por Navidad”, *La Región*, “Ciudad”, 13 decembro 2013, p. 13.

Dise que o inicio da programación cultural do concello terá lugar o día 20 de decembro. Entre outros eventos, dise que a Mostra de Teatro Infantil de Ourense (MOTI), que alcanza os dez anos, se celebrará entre os días 25 e 30.

- Cristina R., “Os soños ábreanse da man dunha nova MOTI”, *Atlántico Diario*, p. 35/ *La Región*, p. 7, “Universitas”, 19 decembro 2013.

Fálase da presentación da Mostra de Teatro Infantil de Ourense (MOTI) e dise que este ano celebra o seu décimo aniversario. Infórmase que do 25 ao 30 de decembro se representarán varios espectáculos no campus de Ourense. Destácase que, malia os recortes económicos, os encargados de presentar a mostra salientaron que a décima edición da MOTI mantivo o orzamento e unha programación de calidade a baixo prezo grazas ás entidades implicadas na iniciativa.

- Andrés H.-Cachalvite, “Actos para todos”, *La Región*, “Navidad en la Comarca de O Ribeiro”, “Carballeda de Avia”, “Programa”, 21 decembro 2013, p. 62.

Entre outras actividades do programa que ten preparado o Concello de Carballeda de Avia para os máis pequenos, dise que terá lugar a visita á MOTI e tamén que se representará a obra de teatro infantil *Alegría*, espectáculo que ten limitado o número de prazas.

- C. S., “Obras para los más pequeños”, *La Región*, “Nadal 2013”, “Ocio”, “Teatro Principal”, 24 decembro 2013, p. 8.

Infórmase de que o Teatro Principal acollerá tres obras de teatro e un espectáculo de maxia na nova edición da Mostra Ourensá de Teatro Infantil (MOTI). En relación coas tres obras de teatro, *Historia dunha semente*, de Juan Rodríguez; *Otro gran teatro del*

mundo e Alegría. Palabra de Gloria Fuertes, resúmese o seu argumento e indícase a data e lugar nas que se representarán e mais o prezo.

- C. S., “Concierto de Ruada y Cabalgata”, *La Región*, “Nadal 2013”, “Ocio”, “Concello”, 24 decembro 2013, p. 11.

Entre os eventos incluídos no programa de Nadal organizado polo Concello de Ourense, dise que se celebrará a décima edición da Mostra de Ourense de Teatro Infantil (MOTI), que se abre cun espectáculo de rúa a cargo de Trécola Teatro. Indícase que terán se representarán *Afuera es un lugar*, de Arena en los Bolsillos, e *Xango*, de Talía Teatro.

- S. F., “Arranca la MOTI en As Burgas con seis días de teatro infantil y 14 espectáculos”, *Faro de Vigo*, “Ourense”, 26 decembro 2013, p. 22.

Dise que a Mostra de Teatro Infantil (MOTI) chega este ano á súa décima edición. Infórmase de que nesta ocasión haberá catorce espectáculos durante os seis días que dura a mostra. Sinálanse os lugares nos que as actividades terán lugar e dise que para anunciar o comezo da MOTI Trécola Teatro, baixo a dirección de Leticia Álvarez, levou á rúa un espectáculo protagonizado por unha banda de piratas. Entre outros espectáculos que terán lugar, dise que a MOTI inclúe a posta en escena de *Os sonhos de Xulia*, do grupo universitario infantil de Ourense Geppetto, e *Ulo swing?*, de A Run Run Teatro.

Nadal, Antas de Ulla

Mostra de teatro e doutras actividades lúdicas para toda a familia organizadas polo concello lucense de Antas de Ulla para celebrar o Nadal. Na edición de 2013 representouse *Misión Sapiens*, de Malasombra Producións.

Nadal, As Pontes

Mostra de teatro e doutras actividades lúdicas para toda a familia organizadas polo concello coruñés de As Pontes para celebrar o Nadal. Na edición de 2013 representáronse *Ñam!*, de Caramuxo Teatro; *O día que chegou unha nube e choveu*, e *Osiño*, a cargo de Títeres Trompicallo.

Nadal, Gondomar

Mostra de teatro de títeres para toda a familia organizadas polo concello de Gondomar para celebrar o Nadal. Na edición de 2013 representáronse *Titiricircus*, a cargo de Tanxarina; *Pequena*, de Talía Teatro e *Laia, aprendiz de maga*, de Animar-T.

Nadal, Salceda de Caselas

Mostra de teatro e doutras actividades lúdicas para toda a familia organizadas polo Concello de Salceda de Caselas para celebrar o Nadal. Na edición de 2013

representáronse *Titeremusiconos*, a cargo de A Xanela de Maxín; *O bufón do reino*, a cargo de Pinga Teatro e *A historia do Apalpador*, de Títeres Cachirulo.

Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Organizada por primeira vez en 1998, quere achegar o teatro a miles de escolares do Concello de Narón durante o mes de novembro, á vez que recuperar a vella mostra infantil “Xeración Nós”, que celebraban dende 1984 os sete concellos da Mancomunidade. Durante os anos 2001 e 2002 sumouse á organización o Padroado de Cultura do Concello de Ferrol e contou coa colaboración do Instituto Galego de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), agora substituído pola Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), e da Deputación da Coruña. Na edición de 2013 representouse *O refugallo*, a cargo da compañía Berrobambán e *O príncipe e o parrulo*, de Eme2 Producións&Arte.

Núbebes, I Festival das

Organizado por primeira vez en 2013, entre os días 21 e 29 de setembro, por parte da Concellaría de Benestar Social e Cultura do Concello de Pontevedra. Preséntase como un festival de artes escénicas para bebés e familia, con teatro, contos, música, danza e obradoiros. Os espazos en que se representaron as obras foron o Teatro Principal, a Casa das Campás e a Casa Azul. Nesta edición participaron os grupos Caramuxo Teatro, con *Zapatos*; Celso Sanmartín, con *Nenos que escoitan avós*; Pavís Pavós, con *Contos para bebés* e Baobab Teatro, con *Contos con Roque*. Tamén participou a compañía foránea Teatro Paraíso.

Referencias varias:

- Ana López, “Chegou a hora dos bebés”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 22 setembro 2013, p. 75.

Comenta a apertura do I “Festival Núbebes” en Pontevedra e salienta o seu éxito. Tamén informa das actividades propostas para esta xornada.

- María Varela, “As Núbebes viñeron para quedar”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 30 setembro 2013, contracuberta

Fala da acollida favorábel deste festival na cidade de Pontevedra. Salienta a necesidade de actividades dirixidas aos menores de tres anos e, tamén, aos profesionais da ensinanza. Engade que o *Concerto da Chupeta* de Golfiños clausurou o festival e alude á intención dunha edición futura con maior duración.

Palas de Rei, XIVª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador de

Mostra de teatro afeccionado organizada polo Grupo Metátese Teatro e a sociedade cultural “Orden de donas e cabaleiros do priorado de Vilar de Donas: Os lobos”. Levada

a cabo a través do Centro de Documentación e Interpretación da Ulloa, esta mostra, que foi creada coa finalidade de achegar o traballo de grupos afeccionados galegos e foráneos, conta asemade coa colaboración do Concello, a Concellería de Cultura e a Deputación. No ano 2013 celebrouse entre os días 22 de agosto e 8 de setembro e representáronse para o público infantil as seguintes pezas: Gargallada, con *Non me chames cariño se non o sintes*; o grupo Navia Teatro, con *O meigo de Fisterra*; e Metátese Teatro, con *Oniromancia*. Para un público adulto actuaron os grupos do Obradoiro Municipal de Teatro de Palas de Rei con *Comedia bífida*; Ti e Máis Eu, con *Para que serven os homes*; Disfunción Continua Teatro, con *Eran outros tempos, ou non?*; Grupo de Teatro A Fiestra, con *O anel máximo*; Teatro Solidario As Insuas, con *UniverSOS paraLELOS*; Metátese Teatro, con *Oniromancia*; Grupo de Teatro Fas – Que-Fas, da Fundación Wenceslao Fernández Flórez, con *Mesa para dous*; Folerpas Teatro, con *A rainha de escuma*; Grupo de Teatro Ajidahna, con *Á deriva*; Ti e mais eu Teatro, con *Os seres míticos dos bosque*; Argalladas e con *A carreira do Manuel e Parellas*.

Referencias varias:

- Lucía García, “Más de 250 actores se reunirán en la muestra de teatro de Palas de Rei”, *El Progreso*, “Comarcas”, 17 agosto 2013, p. 9.

Dáse conta da presentación da “XIV Mostra Internacional de Teatro de Palas de Rei” e anúncianse as postas en escena e as compañías que compoñen o programa. Coméntase tamén que no marco da mostra terá lugar a entrega do VIII Premio Careón a Manuel Núñez Singala e do XIII Premio Mácara a Paula Carballeira.

- Francisco García, “Metátese interviene hoy en la XIV Mostra de Teatro de Palas”, *El Progreso*, “Comarcas”, 30 agosto 2013, p. 12.

Infórmase de que, no marco desta mostra, o grupo Metátese Teatro vai representar a obra *Oniromancia*. Anúnciase a posta en escena das restantes pezas que compoñen o programa e sinálase que a mostra tamén acollerá a entrega dos premios Mácara e Careón e a ruta teatralizada “Son d’aldea”.

- F. C., “Grupos de teatro aficionado actuarán en Palas los tres próximos domingos”, *El Progreso*, “A Ulloa”, 15 outubro 2013, p. 13.

Dá noticia de que o grupo Metátese Teatro organiza tres representacións en Palas de Rei dentro do Circuito Galego de Teatro Amador: *Para que serven os homes*, do grupo Ti e mais eu; *O meigo de Fisterra*, a cargo de Navia Teatro e *Oniromancia*, de Metátese Teatro. Ademais, a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) e a Xunta ofrecerán no mesmo concello o espectáculo *Camiño de ilusións*.

- F. G., “El grupo Navia Teatro representa ‘O meigo Merlín’ en la casa de la cultura de Palas de Rei”, *El Progreso*, “Comarcas”, 27 outubro 2013, p. 16.

Comenta a posta en escena de Navia Teatro *O meigo de Fisterra*, a cal se inclúe no programa do Circuito Galego de Teatro Amador organizado por Metátese Teatro en Palas de Rei. Tamén menciona outras obras que participaron como *Non me chames*

cariño se non o sintes, a cargo da compañía Gargallada, ou *Para que serven os homes*, da compañía Ti e Máis Eu.

Nadal Pequespectacular

Ciclo de espectáculos para un público familiar organizado polo concello de Carballo para as datas de Nadal. Na edición de 2013 celebrouse entre os días 26 e 28 de decembro e participaron as seguintes compañías: a galega Baobab Teatro, con *O soldadiño de chumbo*, e a madrileña Luna Teatro y Danza con *Cenicienta y las zapatillas de cristal*.

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Teatro, magia y danza en el Nadal Cultural de Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 768, 13 decembro 2013, p. 7.

Infórmase de que unha das actividades do Nadal Cultural do Concello de Carballo será o Nadal Pequespectacular, no marco do cal se anuncia a posta en escena de varios espectáculos, entre eles, *O soldadiño de chumbo*, a cargo de Baobab Teatro.

Poio Escena, IVº Ciclo de Teatro

Ciclo de teatro afeccionado organizado pola SCD de Raxó, a SCD de Samieira e a asociación Armadiña de Combarro, en colaboración co Concello de Poio. Nesta edición de 2013 cambiou o formato, pasando de celebrarse nun mes a ofrecer un programa ao longo de medio ano con representacións o último venres de cada mes. Leváronse a escena as obras para público infantil *Unha noite de medo*, do Grupo Miúdo e *O bufón do reino*, de Pinga Teatro. Para un público adulto actuaron o grupo Lúa Chea con *Como está o servizo!*; Orquídeas Pantasma con *Nataxa Retrankosky*; Teatro Carauta, con *Segredos de familia (e licor café)*; o grupo Tolemia, con *Soños dun sedutor* e O Tarabelo, con *Homes, mulleres e viceversa*.

Referencias varias:

- M. A. C., “Poio Escena amplía su oferta con una obra de teatro al mes gracias a la cooperación”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 24 xaneiro 2013, p. 11.

Infórmase de que o concello de Poio intenta achegar o teatro galego a todos os públicos durante todo o ano. Para isto, sinálase que promoverá unha representación teatral semanal que se poderá visualizar nunha parroquia do concello, previo pago dun prezo simbólico que permitirá sacar adiante o proxecto. Achégase a programación correspondente ao primeiro semestre do ano.

- M. A. C., “Teatro de Peto’ ofrece este viernes la obra ‘En té de guerra’”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 22 maio 2013, p. 11.

Anúnciase a posta en escena da obra *En té de guerra*, por Teatro de Peto, dentro do ciclo Poio Escena.

- M. A. C., “Teatro Carauta interpretará este domingo ‘Segredos de familia... e licor café’ en Combarro”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 26 setembro 2013, p. 12.

Informa da representación da comedia de intriga *Segredos de familia... e licor café* dentro do ciclo teatral “Poio Escena”.

- M. A. C., “Teatro O Tarabelo interpretará una obra en Poio el día 29”, *Diario de Pontevedra*, “Poio”, “Comarca”, 22 novembro 2013, p. 13.

Sinala que o ciclo de Teatro Poio Escena ofrecerá a representación de *Homes, mulleres... e viceversa*, a cargo da compañía Teatro O Tarabelo. A función será o vindeiro venres e celebrárase no Centro Cultural Xaime Illa de Raxó.

Ponteatro

Ciclo teatral organizado polo Concello de Pontevedra que se desenvolve nesta edición de 2013 no Teatro Principal e no Pazo da Cultura durante sete xoves de outono: 17 e 24 de outubro, 7, 21 e 28 de novembro e 12 e 19 de decembro. Participou a seguinte compañía coa peza dedicada ao público infantil: Fantoques Baj, con *As pombas de Carboeiro*. En cambio houbo máis representacións para público adulto: Voadora levou a escena *Tokio 3*; Chévere, *Eurozone*; Talía Teatro, *O método Grönholm*; Ilmaquinario Teatro, *O home almofada*; Espello Cóncavo, *Anxeliños*; e Redrum Producciones, *Curriculum Vitae*.

Referencias varias:

- Ana López, “A triunfadora dos María Casares de teatro, ‘Tokio 3’, chega a Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 13 setembro 2013, p. 61.

Dá noticia das obras que conforman a oferta teatral de outono do Concello de Pontevedra entre as que están, *Anxeliños*, de Espello Cóncavo e *As pombas de Carboeiro*, de Fantoques Baj.

Ponteceso, XXº Ciclo de Teatro

Organizado pola Concellaría de Cultura de Ponteceso, en colaboración coa Asociación Cultural Monte Branco. A edición de 2013 tivo lugar os sábados do mes de novembro no local desta Asociación. Ao tratarse da vixésima edición, o Concello e Monte Branco prantexaron un mes de teatro de calidade. Talía Teatro levou a escena dúas obras para público infantil, *Valentino Rufini* e *Mundos contados* e representáronse para un auditorio adulto as pezas: *O método Grönholm*, de Talía Teatro; *Operación comedia (misión sapiens)*, de Malasombra Producións e *Dous son parella*, de Producións Acontrabutaca.

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Carballo, Vimianzo y Brión apuestan por un otoño con teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 714, 20 outubro 2013, p. 5.

Entre outras cousas, dá noticia de que en Vimianzo Ditea Teatro leva ao escenario *Acto imprevisto*, e en Ponteceso celébrase o XX Ciclo de Teatro coas obras *O método Grönholm*, *Operación comedida*, *Dous sen parella*, *Mundos contados* e *Valentino Ruffini*. Finalmente, indica que en Brión continúan as actividades arredor da figura de Vidal Bolaño (*Anxeliños*, a cargo de Espello Cóncavo, e *Tres de Bolaño*, por Teatro O Manolo) e que o día 30 Bartoleta Teatro ofrece a obra *Macki o navallas*.

Quincena do Teatro do Concello de Touro

Organizado polo Concello de Touro na segunda metade do mes de outubro. Actuou Caramuxo Teatro con *Lazarillo*, entre outras compañías.

Referencias varias:

- A. A., “Caramuxo y ‘Lazarillo’ abren la quincena teatral de Touro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 717, 23 outubro 2013, p. 7.

Di que a obra *Lazarillo*, a cargo da compañía Caramuxo Teatro, iniciou a “Quincena de Teatro do Concello de Touro”.

Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Organizado por primeira vez no ano 2000 polo grupo Tanxarina e o colectivo Erre que erre, conta co patrocinio do Concello de Redondela, a Consellería de Cultura, a Deputación Provincial e a obra social de “La Caixa”, ademais dun grupo de cen pequenos empresarios. Dirixido por Miguel Borines co apoio dos compoñentes do colectivo Xente Titiriteira, ten como obxectivo fundamental o achegamento dos monicreques ao público infantil e amosa as distintas técnicas de manipulación que se empregan actualmente no teatro de marionetas, así como servir de homenaxe a Juanjo Amoedo, falecido en 1999 e promotor desta iniciativa. A edición de 2013 tivo lugar dende o catorce até o dezanove de maio e contou coa participación das compañías Viravolta Títeres, con *Barriga verde*; Títeres Babaluva, con *Lume*; A Xanela do Maxín, con *Caixa de Nuk*, Fantoques Baj coas pezas *As pombas do Carboeiro* e *O asombro*; Os Monicreques de Kukas, con *O Kikirixote*, *Xan Perillán e a maleta máxica* e *O Polo Pepe* e Bandullo Azul, con *A verdadeira historia de Robinson Crusoe* e *Venres*. Tamén representaron pezas as compañías foráneas Teloncillo e Teatro Corsario (Castela-León), David Zuazola (Chile); Pelmances (Cataluña); El Espejo Negro (Andalucía) e Teatro de la Luna (Madrid).

Referencias varias:

- A. P., “El festival de Títeres de Redondela ofrece 25 espectáculos de dieciséis compañías”, *Faro de Vigo*, “Área Metropolitana”, 9 maio 2013, p.16.

Dá conta da programación da décimo cuarta edición do Festival Internacional de Títeres “Memorial Juanjo Amoedo”, que terá lugar nas rúas e prazas de Redondela os días 14 e 19 de maio. Detalla as actividades que se levarán a cabo, o lugar onde se desenvolverán e o seu prezo.

- Antonio Pinacho, “El certamen de títeres amplía sus espacios al Museo de Rande con magia y teatro”, *Faro de Vigo*, “Área Metropolitana”, “Redondela.”, 10 maio 2013, p. 17.

Coméntase que se aproveitará este festival para promocionar o centro de interpretación da Batalla de Rande. Indícase que este certame titiriteiro, dirixido por Luis Crespo, conta superar os 35.000 espectadores e dise que haberá actividades de teatro, monicreques e maxia destinadas a todos os públicos. Anúnciase que se celebrará do 14 ao 19 de maio con profesionais de Francia, Italia, Bélxica, Chile e España que realizarán máis de 75 representacións dos 25 espectáculos que conforman o programa dividido en tres apartados. Finalízase comentando que a organización trasladará os espectadores dende a praza de Ribadavia até Rande para facilitar a visita e salientase a importancia deste festival como unha das citas culturais que máis público atrae.

- Antonio Pinacho e C. G. M. , “Los títeres se asoman al Museo de Rande”, *Faro de Vigo*, “Área metropolitana”, “Redondela”, 18 maio 2013, p. 14.

Comenta que os mellores titiriteiros do mundo se deron cita nas rúas e prazas de Redondela e tamén fóra da vila para facer promoción do centro de interpretación da Batalla de Rande. Indica que neste festival se levaron a cabo representacións teatrais, maxia, monicreques e unha visita teatral, no primeiro día. Apunta que a xente que non puido desprazarse até o “Meirande”, gozou de actividades artísticas dedicadas a públicos de diferentes idades pola vila. Remata precisando que os espectáculos se prolongarán durante toda a fin de semana.

- A.P., “Redondela se rinde a la magia de las marionetas”, *Faro de Vigo*, “Área Metropolitana”, “Redondela”, 19 maio 2013, p. 18.

Informa da representación de balde de varios espectáculos no Festival Internacional de Títeres “Memorial Juanjo Amoedo”, por parte de diversas compañías nacionais e internacionais, como Gaspere Nasuto ou Alauda Teatro, entre outras actividades culturais. Anuncia a existencia doutras alternativas para a xente que non guste das aglomeracións, como a representación por un módico prezo de “La venganza de don Medo” a cargo da compañía El Espejo Negro no Multiusos de A Xunqueira dende as 17.00 as 21.00 h, e da mostra fotográfica “Olladas dun festival”, nas que se poderán ver imaxes das últimas edicións desta mostra teatral.

- Carlos Alberto Vidal Puga, “XIV Festival de Títeres de Redondela”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 75, “Festivals”, verán 2013, pp. 55-57.

Faise referencia ao éxito de público nas representacións gratuítas deste festival e, ademais das compañías estranxeiras, coméntase a participación das galegas Viravolta Títeres (*Barriga verde*), A xanela do maxín (*Caixa de Nuk*), Fantoques Baj (*As pombas do Carboeiro*, *Verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres e O asombro*) e Os monicreques de Kukas (*O Kikirixote e O Polo Pepe*).

- Belén López, “Cultura reparte 131.000 euros entre sete festivais pontevedreses”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 13 setembro 2013, p. 62.

Informa de que a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) fixo pública a resolución pola que subvenciona diferentes espectáculos galegos, sete na provincia de Pontevedra. Con respecto ao ámbito escénico benefíciáanse de axudas a Mostra de Teatro Cómico de Cangas, o Festival de Títeres de Redondela, e o Alt 13 de Vigo. Noutras provincias, destacan o Festival de Teatro de Carballo e a Mostra de Ribadavia por obteren un alto financiamento.

- A. Mauleón, “Diecisiete festivales gallegos se reparten los 360. 000 euros de las ayudas de Agadic”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 13 setembro 2013, p. 55.

Dise que Axencia Galega das Industrias Culturais fixo pública a resolución das axudas que concede a festivais escénicos e musicais de carácter profesional. Coméntase que estas axudas cobren os eventos que se realizarán na comunidade dende o comezo de 2013 até o 31 de outubro, de maneira que a excepción do Festival Galicreques e da FIOT, todos os eventos xa se celebraron e coñecen agora a contía das axudas. Noméase a cantidade exacta que as partidas orzamentarias concederon nesta ocasión para nove festivais de artes escénicas e oito de teatro. A seguir, dise que as citas escénicas máis favorecidas na convocatoria foron o XXII Festival Internacional Outro de Teatro de Carballo e a Mostra de Teatro de Ribadavia, seguidas da Mostra Internacional de teatro de Cangas e o Galicreques. Tamén recibiron o apoio económico da Xunta de Galicia a Alt de Vigo e Festival de Títeres de Redondela.

Riveira, XVª Mostra de Teatro Infantil de

Mostra de teatro organizada pola Concellaría de Cultura, en colaboración coa Asociación Cultural Alfaia. Nela colaboran alumnos e ANPAs de diversos colexios de Galicia, ademais do Grupo Municipal Infantil de Teatro de Riveira. Na XVI edición de 2013, celebrada entre o 27 e o 31 de maio, participaron o grupo de teatro do colexio Bayón, con *El Mago de Oz*; a ANPA do colexio Galaxia, con *A estatua útil*; O Liceo Pueblense, con *Tengamos la guerra en paz*; e o colexio A Milagrosa, con *La estrella que había perdido su brillo*.

A Rúa é vosa, Festival Cómico Festivo

Certame organizado polo Concello de Monforte de Lemos, a Deputación de Lugo e Boneca Lareta Producións. A primeira edición de 2013 acolle unha serie de espectáculos de teatro, circo, música e cinema que se celebraron durante os días 12, 13, 14 e 16 de agosto, entre os que están un pasarrúas de Teatro de Ningures, Os cómicos

dell auto; espectáculos de maxia de Miguelillo, Don Gelati e Pablo Superstar Cool e un espectáculo de circo e música de Musicólogo.

Referencias varias:

- A. R., “O bo humor tomará a cidade durante 4 días cheos de actuacións”, *El Progreso*, “Cultura y comunicación”, 20 xaneiro 2013, p. 75.

Expón que o I Festival Cómico Festivo “A Rúa é Vosa” de Monforte de Lemos contará coas actuacións do mago Migueliño, dun circo ou do espectáculo Don Gelati conformando un festival do humor que durará catro días.

- Sofía Bermúdez, “Maxia, circo musical e teatro encherán as rúas monfortinas”, *El Correo Gallego*, “Galicia verano”, 11 agosto 2013, p. 19.

Repasa a programación deste festival cómico e festivo de Monforte de Lemos.

Sarria, Iª Mostra de Teatro Municipal

Organizada pola Consellería de Cultura de Sarria e producida pola compañía Teatro do Miolo. Con entrada gratuíta, celebrarase na casa da cultura do municipio. Conta cun mes dedicado ao teatro infantil. Nesta primeira edición de 2013, durante o mes de outubro, representáronse *Na procura da canción perdida*, de Producións Dispersas; *Aquí e agora, comedia máxica*, do grupo Manuel Arias López; *Xan Perillán e a maleta máxica*, d’Os Monicreques de Kukas; *Contos ben dispares*, de Hermanager Producións e *Os divertidos espíritos de Samaín*, de Barafunda Animación.

Referencias varias:

- L. P., “Cuatro escuelas participan en una muestra de teatro en Sarria”, *El Progreso*, “Sarria”, 23 febreiro 2013, p. 18.

Infórmase da organización desta primeira mostra de teatro municipal, na que participan un total de catro compañías diferentes. Sinálanse ademais as obras que representarán e a hora da posta en escena.

Semana dos Títeres e Teatro na Rúa (Cee)

Organizada pola Concellería de Cultura do Concello de Cee dentro do programa “Agostiño coa cultura”, celébrase do luns 26 de agosto ao venres 30 de agosto na Praza 8 de marzo. Representáronse as pezas para público infantil: *Do, Re, Mi Mozart xoga aquí*, de Títeres Cachirulo; *O bufón do Reino*, de Pinga Teatr; e *O murmurio do mar*, de A Xanela do Maxín

Referencias varias:

- J. Trillo, “A vila de Cee vive a Semana dos títeres e teatro na rúa”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 661, 27 agosto 2013, p. 6.

Fálase da celebración en Cee da Semana dos títeres e teatro na rúa, anunciando a representación das obras *Do, Re, Mi Mozart xoga aquí*, por Títeres Cachirulo; *O bufón do Reino*, por Pinga Teatro; e *O murmurio do mar*, por A Xanela do Maxín.

Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, XXIVª Xornadas de Teatro da

Ciclo escénico organizado pola Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega en colaboración co Concello de Mugardos, a Deputación da Coruña e Novacaixagalicia. Nesta edición de 2013, celebrada do 30 de novembro até o 8 de decembro, participou a compañía Ghazafellos, coa peza *Bon appeti!* Tamén participaron con pezas para público adulto as compañías Xábrega Teatro, coa peza *Filomeno búscame un neno*; o obradoiro municipal de teatro de Ares, Armelinda, con *Viva o duque noso amo!*; o grupo local Teruca Bouza, con *Fóra de lugar* e a agrupación Xosé María Pérez Parallé, con *Que facemos coa herdanza?*.

Teatro con G

Programa organizado polo Concello e a Coordinadora de Equipos de Normalización Lingüística de Ferrol e celebrado no centro cultural Torrente Ballester e no Teatro Jofre. No ano 2013 celebrouse entre os días quince e trinta de maio, o dezoito de xuño, e do 15 ao 30 de outubro, e contou coas representacións da compañía Ghazafellos con *Non é país para cabaleiros* (15 de maio) e *Contos de lobos* (28 de maio); o alumnado do terceiro ciclo de primaria do colexio Atios de Valdoviño representou *A herdanza da tía Rosalía* (28 de maio); o grupo de teatro do IES Ricardo Carballo Calero con *Quen somos?* (30 de maio); o alumnado do IES Concepción Arenal con *Annie, o musical* (18 de xuño); e a compañía Ghazafellos con *Frankenstein* (15 de outubro).

Teatrofilia, Xª Mostra de Teatro Amador

Festival de Teatro Amador organizado pola Asociación Cultural Papaventos, coa colaboración do concello de Vedra, FEGATEA e Ullán Teatro. Na edición de 2013, celebrada dende o 8 até o 24 de marzo, participou a compañía NNC Teatro, coa peza para público infantil *Pim, pam, clown*. Tamén participaron, con pezas para público adulto, as compañías Tira e Afloxa, con *Ao pé da lareira*; o grupo da Asociación Cultural San Campio, con *A tía Asunción vén da Arxentina*; Ullán Teatro, con *Ghrellos Crest*; Talía Teatro, con *Pelos na lingua*; Teatro Avento, con *Fantasticks*; Avelaiña Teatro, con *María Castaña* e a Aula de Teatro da USC, con *Agamenón. Volvín do supermercado e deille unha malleira a meu fillo*.

Referencias varias:

- J. R., “Andrea Valado, ganadora del concurso de carteles de la X Mostra Teatrofilia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 438, 15 xaneiro 2013, p. 7.

Dá conta do fallo do xurado do concurso de carteis da X Mostra Teatrofilia. A agraciada, que recibiu douscentos cincuenta euros, foi a ourensá Andrea Valado. Infórmase das novidades coas que contará esta edición deste festival, así como a súa duración e os días nos que terán lugar as representacións.

- S. Formoso, “Teatrofilia sube el telón el día 8 con las compañías de teatro locales”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 481, 27 febreiro 2013, p. 6.

Infórmase do comezo dunha nova edición desta mostra que terá lugar todos os venres e sábados até o 24 de marzo. Explicase que a diferenza doutros anos, nesta ocasión son as compañías locais as que inauguran o festival. Dáse conta tamén das compañías participantes e das obras que se representarán os tres primeiros días do mesmo.

- Susana Formoso, “Teatrofilia sube el telón con piezas cómicas vedresas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 493, 11 marzo 2013, p. 6.

Dáse conta da inauguración do ciclo Teatrofilia polas compañías locais, que se encargan da representación de obras cómicas adaptadas ou de creación propia. Infórmase das compañías participantes e dalgunhas obras representadas. Destácase especialmente a boa acollida que tivo entre o público a xornada do sábado. Como conclusión, tamén se sinala que a Estrada tivo ás artes escénicas como protagonistas esa fin de semana, na que Matrioshka Teatro levou a escena *C’est la vie*.

- M. T., “Continúa en Vedra a X edición da mostra de teatro amator”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 496, 14 marzo 2013, p. 7.

Infórmase da continuidade desta mostra da man de tres compañías que representarán cadansúa obra.

- Susana Formoso, “Gala dos Teatrofilias para celebrar a década do festival”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 504, 22 marzo 2013, contracuberta.

Infórmase de que a Mostra de teatro afeccionado de Vedra cumpre dez anos, apoiada pola asociación Papaventos. Indícase que, para celebralo, organizouse unha gala na que se premiarán as mellores obras que se representaron dentro da mostra durante esta década. Ademais, infórmase das dificultades ás que tivo que facer fronte o festival dende a súa creación.

- M. T., “Teatrofilia finaliza con unos originales premios que resumen sus diez años”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 507, 25 marzo 2013, p. 6.

Dáse conta do remate da Mostra Teatrofilia coa Gala X aniversario, na que, a imitación dos Óscar, pretendíase premiar o mellor drama, cartel, obra profesional, obra infantil, comedia e musical das dez edicións. Infórmase dos agraciados e das compañías e obras que clausuraron esta edición.

Mostra de **Teatro Xuvenil** de Riveira, Iª

Mostra teatral organizada en Riveira dende 2013 para dar a coñecer os traballos do grupo teatral deste municipio e do Liceo Pueblense. Nesta primeira edición de 2013 as representacións tiveron lugar os días 30 e 31 de agosto no auditorio riveirense. As pezas representadas foron *A consulta da doutora Casilda*, a cargo do grupo xuvenil de teatro do Liceo pobrense; *O achado do castro* e *Bailadela da morta ditosa* a cargo do grupo teatral xuvenil municipal de Riveira.

Referencias varias:

- Suso Souto, “Ribeira e A Pobra únense ca Mostra de Teatro Xuvenil”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 664, 30 agosto 2013, p. 5.

Anúnciase a primeira edición desta mostra, na cal grupos dos concellos de Ribeira e A Pobra poñerán en escena tres obras. Sinálase que as sesións son gratuítas até encher aforo.

Teo, VI Mes do Teatro de

Ciclo de teatro organizado pola Concellaría de Cultura do Concello de Teo, en colaboración coa Deputación Provincial da Coruña e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC). No ano 2013 tivo lugar a sexta edición desta mostra e estivo dedicada ao público familiar. Celebrouse entre o 5 e o 20 de outubro e contou coa participación das compañías Berrobambán, que levou a escena o *Refugallo*; Os Quinquilláns Teatro, coa peza *Merlín e Contos de Morgana e Artur* e Baobab Teatro, con *Bailando cos contos*. Tamén se representaron outras pezas adicadas ao público adulto, como a de Malasombra Teatro, *Go on!*; a do Cadro Artístico Airiños, *Cabaré dos 80 anos de Airiños* e a do grupo do Obradoiro Municipal de Teatro, *Farsa plautina*.

Referencias varias:

- C. B., “El Mes do Teatro de Teo apuesta en su oferta por el público familiar”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 700, 6 outubro 2013, p. 7.

Dá noticia de que Malasombra Teatro inaugurou a sexta edición do Mes do Teatro de Teo, centrado nesta ocasión no público familiar con obras como: *Refugallo*, de Berrobambán Teatro; *Merlín*, de Quinquilláns Teatro e *Bailando cos contos*, a cargo de Baobab Teatro. Tamén se inclúe a representación de *Contos de Morgana e Artur*, de Quinquilláns Teatro nos colexios teenses de Calo, A Ramallosa e Os Tilos. Sinala que ademais haberá espectáculos dirixidos ao público adulto: *Cabaré dos 80 anos de Airiños*, polo Cadro Artístico Airiños; *Farsa Paulina*, que ofrecerá o obradoiro municipal de Teatro e *Aneis*, de Branca Novo Neyra- Danza.

Titeremarín

Festival de monicreques organizado por Unima e que se celebra en Marín no mes de agosto. Na edición de 2013 tivo lugar entre os días 22 e 25 de agosto e representáronse

as pezas *Pinocho* e *Camiño de Aventuras*, a cargo de Títeres Cachirulo e *Cantos contos contos*, por parte de TítereacciÓs.

Referencias varias:

- P. Chapela Bamio, “Actuaciones de títeres en la Plaza do Reloxo en el festival ‘Titeremarín’”, *Diario de Pontevedra*, “Marín. O Morrazo”, 22 agosto 2013, p.13.

Informa do comezo do festival de monicreques en Marín, organizado por Unima e que durará tres días. Precisa que comezará coa representación de Títeres Cachirulo da peza *Pinocho* e, ao día seguinte, *Camiño de Aventuras*. Apunta que por último actuará TítereacciÓs con *Cantos contos contos*. Engade que tamén haberá unha exposición dedicada aos monicreques, aberta ao público até o 25 de agosto.

Titirideza

Festival de títeres organizado por Viravolta Títeres celebrado no auditorio Municipal da capital do Deza, Lalín, e nas rúas e prazas desta cidade, que conta ademais cunha edición específica celebrada durante os carnavais, o Titerentroido. Na edición de 2013 , celebrada entre os días trinta de agosto e un de setembro, participaron as compañías galegas Viravolta Títeres con *O horroroso crime de Xan Miñoca*; ademais das foráneas Tercero Izquierda (Albacete) con *Amor de Don Perlimplín con Belisa en su jardín*; Ángeles de Trapo (Uruguai) con *Viajeros del carrusel*; Associação Movimento Incritaivo (Portugal) con *iSpirador*; Guiñoleros UAS (México) con *Cazando cuentos*; e Mayalde (Salamanca) con *Cacharros y Tirinenes*.

Referencias varias:

- C. G., “Lalín volverá a ser capital de los guiñoles durante cuatro días con Titirideza”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 657, 23 agosto 2013, p. 6.

Anuncia que o Concello de Lalín se converterá do 19 de agosto ao 1 de setembro na capital dos monicreques. Dise que o programa de Titirideza, organizado por Viravolta, contará nesta ocasión con sete compañías tanto de Galicia coma fóra dela. Sinala o presuposto co que conta este evento e dise que este ano aposta polas sesións nocturnas. Finalmente coméntase que se iniciará co espectáculo *Crebanoces*, de Títeres Babaluva.

- Montse García, “Monicreques de todo o mundo para pequenos y maiores”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 30 agosto 2013, p. 9.

Comenta que a programación do Titirideza de Lalín contará con espectáculos de rúa así como coa actuación de Viravolta Títeres con *O horroroso crime de Xan Miñoca*.

Titirinoia

Ciclo de títeres organizado polo concello de Noia e pola distribuidora Urdime. Nesta primeira edición de 2013 celebrada do 20 ao 22 de agosto, representáronse distintos espectáculos integrados no programa “Rúas Vivas” que se desenvolve no verán: *Titirircus*, de Tanxarina; *O galo Quirico*, de Seisdedos; *Marusía*, de Babaluva; *Rei, Rei?* e *As pombas de Carboeiro*, de Fantoques Baj; *Vacacións no mar*, de Micromina; *Jiñol*, de Trompicallo e *A caixa de Nuk*, de A Xanela do Maxín.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “O festival da única manipulación aceptable”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “A la calle”, 16 agosto 2013, p. 8.

Fala da chegada do festival Titirinoia e menciona os títulos das representacións programadas a cargo das oito compañías participantes. Tamén indica que se ofrecerán tres funcións diarias xunto con diversas actividades paralelas.

- Camilo Franco, “Os fíos”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 16 agosto 2013, p. L7.

Reflexiona sobre os fíos invisíbeis que suxeitan os títeres, establecendo un paralelismo co que acontece coas persoas na sociedade actual.

- E. Pouso, “Arranca el primer festival de títeres en Noia con numerosas actuaciones”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 657, 20 agosto 2013, p. 7.

Presenta “Titirinoia”, o primeiro festival de títeres que se celebra en Noia. Inclúe a programación horaria cos diferentes espectáculos, un concerto, talleres e un documental. Explica que está organizado polo concello de Noia e pola distribuidora Urdime. Refíre que estas actividades forman parte do programa “Rúas Vivas” que se desenvolve no Concello de Noia durante o verán, e que este ano incluíu, como novidade, este festival de títeres, que ten como obxectivo converterse en tradición.

Troco X Troco, Intercambio Teatral Portugal-Galicia

Novo circuío de difusión teatral organizado pola Xunta de Galicia a través do que se busca potenciar o intercambio entre Galicia e Portugal, ao tempo que se favorece a comunicación intercultural e a proxección no ámbito da lusofonía. Consiste en traer o teatro portugués a Galicia e de levar o teatro galego a Portugal, onde se representou a peza para público infantil *Touporroutou da lúa e do sol*, de Teatro do Noroeste en coprodución co Centro Dramático Galego. Tamén se levaron a escena pezas para público adulto como *Os cantares das musas*, de Sarabela Teatro; *A charca inútil*, de Teatro do Atlántico e *A función do Tequila*, de Teatro do Morcego.

Vente a ver teatro

Ciclo de teatro promovido pola Concellaría de Cultura da Laracha e celebrado no centro sociocultural de Paiosaco. No ano 2013 tivo lugar a terceira edición na que actuaron Os

Sete Magníficos máis un, coa peza adicada ao público infantil *O gordo e o calvo van ao médico*. Tamén representaron pezas para público adulto Camila Bossa e Iolanda Muíños, con *Malos hábitos* e Isabel Risco, cun monólogo.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Isa Risco izará en Paiosaco el telón del ciclo teatral”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 515, 3 abril 2013, p. 5.

Dá conta da programación deste ciclo larachés así como da hora á que comezan as representacións.

- J. M. Ramos, “Isabel Risco llega con la Nabiza Girl”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 523, 11 abril 2013, p. 6.

Anúnciase o comezo do ciclo “Vente a ver teatro” coa representación do monólogo *Nabiza Girl* da humorista Isabel Risco. Dáse contado argumento da obra, da hora á que terá lugar a representación e da gratuidade das entradas para todos aqueles laracheses que queiran asistir.

Verán Cultural (Carballo)

Ciclo de teatro familiar organizado polo concello de Carballo (A Coruña), co apoio da Deputación da Coruña. A edición de 2013 tivo lugar no mes de agosto. Representáronse a peza *Non é país para cabaleiros*, a cargo da compañía Ghazafellos e *Catalina Lino Lina*, a cargo de Glup Glup Teatro, entre outros espectáculos.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Glup Glup Teatro traerá a Carballo ‘Catalina Lino Lina’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 345, 25 agosto 2013, p. 6.

Infórmase da representación da obra *Catalina Lino Lina*, de Glup Glup Teatro, en Carballo. Dise o lugar e a hora da representación e que o espectáculo forma parte da programación do verán cultural que o concello de Carballo realiza en colaboración coa Deputación da Coruña.

Verán Cultural (Ordes)

Ciclo de teatro familiar organizado polo concello de Ordes (A Coruña). A edición de 2013 tivo lugar entre o día 1 e o 17 do mes de agosto. Representáronse o espectáculo de clown interactivo *Non sabes quen eres*; o de monicreques *Elba e Marcos e os xoguetes encantados*; *Home orquestra*, de Cé, orquestra Pantasma; *A historia de Brancaflor*, de Os 7 magníficos; *Vaia circo*, de Kambahiota, entre outros.

Referencias varias:

- C.G., “Espectáculo de ‘clown’ interactivo ‘Non sabes quen eres’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 639, 5 agosto 2013, p. 7.

Dá conta dunha nova representación escénica no marco do programa “Verán Cultural”: *Non sabes quen eres*, un espectáculo de clown interactivo do que refire que “engatusou ao público” asistente ao auditorio do concello de Ordes.

- Sofía Bermúdez, “O Verán Cultural do Concello de Ordes enche agosto de actos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 648, 14 agosto 2013, p. 11.

Fala da programación do Verán Cultural de Ordes, na que se inclúen, entre outros, diversos espectáculos de maxia, clown, monicreques, teatro, circo e música.

Verán na rúa (Santiago de Compostela)

Ciclo teatral e circense para un público infantil e familiar que se celebra de xeito gratuíto nas rúas compostelás. A edición de 2013 tivo lugar durante o mes de agosto e a primeira quincena de setembro. Representáronse *As pombas do Carboeiro*, a cargo de Fantoques Baj; *Impreuna*, de Pistacatro, *O galo quirico e os seus amigos*, de Seisdados Marionetas e *Títeres a cielo abierto* por parte dos títeres de Manu Mansilla, entre outros espectáculos de rúa.

Referencias varias:

- Gustavo López, “O circo Kanbaiota abrirá o martes o ‘Verán na rúa’ 2013”, *El Correo Gallego*, “*Santiago*”, 3 agosto 2013, p. 26.

Alude a que nas rúas de Santiago de Compostela terán lugar actuacións de monicreques, malabaristas, acróbatas ou clowns dentro da nova edición de “Verán na rúa” que comezará o 6 de agosto de 2013.

- Alberto Nova, “Música, acrobacias y teatro desde hoy con Verán na rúa”, *El Correo Gallego*, “*Santiago*”, 6 agosto 2013, p. 24.

Indica que esta nova edición do Festival “Verán na rúa” contará con espectáculos circenses, con espectáculos de humor circense ou con monicreques, como a compañía Monicreques Babaluva coa peza *Crebanoces*, co fin de entreter especialmente ao público máis novo.

- ECG, “Verán na rúa’ llena de color las rúas y plazas santiaguesas”, *El Correo Gallego*, “*Santiago*”, 7 agosto 2013, p. 23.

Despois de anunciar que as rúas de Santiago se enchen de color con programacións para os máis novos, cítase a representación desta obra.

- ECG, “Títeres, maxia e clown noutra sesión máis do ‘Verán na Rúa’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 agosto 2013, p. 26.

Anuncia que a segunda edición do Festival “Verán na rúa” contará coa presenza, entre outros, de Titereficcións co espectáculo infantil *Cantos, contos, contos*.

- Cruz Negreira, “Clown’ y malabares al ritmo de la música con Pablo Trasno”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 agosto 2013, p. 25.

Coméntase que, no marco do programa “Verán na Rúa”, o artista Pablo Trasno ofreceu na Quintana un espectáculo que integra teatro, circo, música e danza.

- Cruz Negreira, “Impreuna’ estrena su versión de calle en el Verán na Rúa”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 agosto 2013, p. 24.

Coméntase que, no marco deste programa, Pistacatro executou por primeira vez ao aire libre o seu espectáculo circense *Impreuna*, logo de dous meses de funcións nas salas. Fálase do argumento da obra e faise un repaso polo seu elenco.

Vigo, IV Xornadas Municipais de Teatro Escolar

Xornadas organizadas polo concello de Vigo. Celébranse durante tres semanas do mes de maio. Na edición de 2013 representáronse *O que fai o meu Bieito sempre vai ben feito* e *Pedro e o lobo*, a cargo do alumnado do CEIP Carballal-Cabral; *Sorrisos e bágoas*, por parte do grupo de teatro do CEIP Belesar; *Palabras máxicas*, a cargo do CEIP Lope de Vega; *Cucho, Coco e o dilema do 6*, por parte do CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao; *Unha eiruga moi larpeira*, por parte de CEE Saladino Cortizo; *Xuansenmedo*, a cargo da Escola Municipal de Teatro; e *Sen ouro, nin prata, nin rabo de gata*, por parte do CEP Celso Emilio Ferreiro.

Vila de Sarria, IIIª Semana de Teatro Cómico

Xornada teatral celebrada na vila de Sarria, na Casa da Cultura, que contou na súa terceira edición, celebrada os días 3, 9, 10 e 11 de agosto de 2013, coas representacións das pezas *Dous pallasos en máis apuros*, de Os 7 Magníficos máis 1; e *Asasinato no parque de atraccións*, de Axóuxere Teatro.

Referencias varias:

- Sergio Rodríguez, “Seis compañías actuarán desde hoy en la Semana de Teatro Cómico de Sarria”, *El Progreso*, “Sarria”, 3 agosto 2013, p. 15.

Alude a que na “III Semana de Teatro Cómico de Sarria” actuarán Rebuldeira Teatro con *A pantofo do pazo Tumbiadoiro* xunto con outras compañías como Os Trocos, Andaravía ou Os sete magníficos máis un.

Vimianzo, Ciclo teatral de Outono de

Organizado polo Concello de Vimianzo, desenvólvese no auditorio municipal da localidade durante os meses de outubro e novembro. No ano 2013 participaron as compañías Talía Teatro, coa estrea do espectáculo infantil *Xango, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina* e coa representación de *Gaivotas subterráneas*; Teatro do Aquí, con *Criaturas*; e Teatro de Cámara Ditea, con *Acto imprevisto*, estas últimas para público adulto.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Teatro y música para amenizar el otoño cultural en Terra de Soneira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 701, 7 outubro 2013, p. 6.

Dá noticia de que, dentro do outono cultural de Vimianzo, Talía Teatro porá en escena o espectáculo infantil *Xango, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*, así como que o día 13 Teatro do Aquí ofrecerá a obra *Criaturas*, o día 20 será a quenda de Teatro de Cámara Ditea con *Acto Imprevisto* e o día 27 Talía Teatro representará *Gaivotas subterráneas*.

VII. 3. 3. 2. ESTREAS

VII.3. 3. 2. 1. GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

A nena e o grilo: *A nena e o grilo nun barquiño*, texto de Magín Blanco

Ver Cultura no Camiño

Ver FalaRedes

Referencias varias:

- C. F., “A viaxe musical da nena e o grilo coas melodías de Magín Blanco”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “A la calle”, 16 agosto 2013, p. 8.

Dise que *A nena e o grilo nun barquiño* é “un musical con viaxe fantástica que vai baixando as curvas coa música”. Coméntase que a segunda entrega da relación entre a nena e un grilo “vai ofrecendo ao público as etapas musicais de cancións que o mesmo proclaman o rock and roll como festa ou rap como modelo narrativo”.

Abrapalabra: *Memorias dun neno labrego*, monólogo a partir da narración homónima de Xosé Neira Vilas

Referencias varias:

- A. Ferreira, “Tomiño centra su oferta cultural de primavera en el teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana/Baixo Miño”, 4 abril 2013, p. 20.

Dáse conta da presentación da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que centrará a súa atención no teatro, xunto con dúas exposicións artísticas. Indícase que a programación ábrese coa representación d’*O libro máxico*, a cargo de Migallas Teatro e seguirá cun monólogo sobre *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra; *A venganza da Petra*, do grupo de teatro afeccionado Aloia; *Dous son parella*, de Acontrabutaca; *Gaivotas subterráneas*, do dúo Alfonso Vallejo; e *O pano da avoa* e *O nacemento do dragón*, da Escola Municipal de Teatro de Tomiño.

- E. G., “La afición al teatro se consolida en Tomiño con la actuación de seis grupos”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 4 abril 2013, p. 16.

Infórmase da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que acolle mostras de escultura, pintura e festival de cinema. Ademais de dar conta da programación teatral, a cargo das compañías Migallas, Abrapalabra, Aloia, Acontrabutaca, o dúo Alfonso Vallejo e a Escola Municipal de Teatro de Tomiño, comunícase o horario no que se poderán visitar as exposicións artísticas e dáse a coñecer a celebración do Festival Primavera de cine no que participan varios directores galegos, autores de filmes que participarán no festival.

Acontrabutaca: *Dous son parella*

Referencias varias:

- A. Ferreira, “Tomiño centra su oferta cultural de primavera en el teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana/Baixo Miño”, 4 abril 2013, p. 20.

Dáse conta da presentación da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que centrará a súa atención no teatro, xunto con dúas exposicións artísticas. Indícase que a programación ábrese coa representación d’*O libro máxico*, a cargo de Migallas Teatro e seguirá cun monólogo sobre *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra; *A venganza da Petra*, do grupo de teatro afeccionado Aloia; *Dous son parella*, de Acontrabutaca; *Gaivotas subterráneas*, do dúo Alfonso Vallejo; e *O pano da avoa* e *O nacemento do dragón*, da Escola Municipal de Teatro de Tomiño.

- E. G., “La afición al teatro se consolida en Tomiño con la actuación de seis grupos”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 4 abril 2013, p. 16.

Infórmase da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que acolle mostras de escultura, pintura e festival de cinema. Ademais de dar conta da programación teatral, a cargo das compañías Migallas, Abrapalabra, Aloia, Acontrabutaca, o dúo Alfonso Vallejo e a Escola Municipal de Teatro de Tomiño, comunícase o horario no que se poderán visitar as exposicións artísticas e dáse a coñecer a celebración do Festival Primavera de cine no que participan varios directores galegos, autores de filmes que participarán no festival.

Alentía Teatro (1): *Lambetadas de fantasía*, texto e dirección Afonso García

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Alentía Teatro (2): *Terra*, texto e dirección Afonso García

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Alfonso Vallejo e Talía Teatro: *Gaivotas subterráneas*

Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

Referencias varias:

- A. Ferreira, “Tomiño centra su oferta cultural de primavera en el teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana/Baixo Miño”, 4 abril 2013, p. 20.

Dáse conta da presentación da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que centrará a súa atención no teatro, xunto con dúas exposicións artísticas. Indícase que a programación ábrese coa representación d’*O libro máxico*, a cargo de Migallas Teatro e seguirá cun monólogo sobre *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra; *A venganza da Petra*, do grupo de teatro afeccionado Aloia; *Dous son parella*, de Acontrabutaca; *Gaivotas subterráneas*, do dúo Alfonso Vallejo; e *O pano da avoa* e *O nacemento do dragón*, da Escola Municipal de Teatro de Tomiño.

- E. G., “La afición al teatro se consolida en Tomiño con la actuación de seis grupos”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 4 abril 2013, p. 16.

Infórmase da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que acolle mostras de escultura, pintura e festival de cinema. Ademais de dar conta da programación teatral, a cargo das compañías Migallas, Abrapalabra, Aloia, Acontrabutaca, o dúo Alfonso Vallejo e a Escola Municipal de Teatro de Tomiño, comunícase o horario no que se poderán visitar as exposicións artísticas e dáse a coñecer a celebración do Festival Primavera de cine no que participan varios directores galegos, autores de filmes que participarán no festival.

Teatro del **Andamio** (1): *A verdadeira historia da cigarra e a formiga*, texto e dirección Álvaro Guevara.

Referencias varias:

- Cristina Botrán, “Programan un Santiaguíño cargado de espírito rosaliano”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, 18 xullo 2013, p. 7.

Comenta que as festas do Santiaguíño do Monte, en Padrón, contarán coa actuación da obra *A cigarra e a formiga* de Teatro do Andamio.

Teatro del **Andamio** (2): *A rebelión do monicreque*

Referencias varias:

- S. N., “Deporte, teatro e animación infantil”, *La Región*, “Navidad en la comarca de Valdeorras”, “A Rúa”, “Programa”, 21 decembro 2013, p. 82.

Dá conta da programación de Nadal na Rúa, entre a que informa da escenificación no Centro Cultural Avenida das pezas *A rebelión do monicreque* por parte do Teatro do Andamio, o 28 de decembro, e ao día seguinte d’Os vellos non deben de namorarse, de Castelao.

Teatro do **Andamio** (3): *Miau*, texto Álvaro Guevara, dirección Álvaro Guevara e Tatiana Likhacheva

Ver Bebesцена

Animar-T: *Laia, aprendiz de maga*, texto Xiada Sanlés e Miguel Strada, dirección Xiada Sanlés e Miguel Strada

Ver Nadal, Gondomar

Animar-T: *A historia de Martín*, texto Miguel Strada

Ver Cultura no Camiño

Teatro **Antroido**

Referencias varias:

- Suso Souto, “O centro cultural de Muros acolle durante este Nadal tres espectáculos teatrais”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 772, 17 decembro 2013, p. 5.

Dá noticia da representación de tres obras no concello de Muros que renden homenaxe a Vidal Bolaño: *O capricho do teatro. RVB*, d’Os Quinquilláns; o espectáculo infantil *Uxío no país de Patadecabra*, a cargo de Expresión producións; e *BailadELAS*, de Teatro Antroido. Infórmase que as dúas primeiras obras están incluídas na programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

A Run Run Teatro: *Ulo Swing?*

Ver MOTI, Xª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Teatro do **Atlántico**: *A charca inútil*

Ver Nadal, Santiago de Compostela

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Portugal e Galicia inician un novo intercambio escénico”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xuño 2013, p. 41.

Fálase do programa de intercambio teatral entre Galicia e Portugal Troco x Troco. Infórmase de que na iniciativa participan catro compañías teatrais de cada país e indícase que os grupos galegos seleccionados son: Sarabela Teatro, con *Os cantares das musas*; Teatro do Atlántico, con *A charca inútil*; Teatro do Morcego, con *A función do tequila*; e Teatro do Noroeste, con *Touporroutou da lúa e do sol*.

Atrezo Teatro: *Un conto real*, dirección Chelo Pampillón.

Axóuxere Teatro: *Asasinato no parque de atraccións*

Ver Vila de Sarria, IIIª Semana de Teatro Cómico

Títeres **Babaluva** (1): *O Crebanoces*, baseado na obra homónima de Hoffmann.

Referencias varias:

- Sandra Couso, “Circo, títeres, teatro, magia y música dentro del programa 'Verán na rúa’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 xullo 2013, p. 24.

Informa que o alcalde compostelá Ángel Curras, acompañado por Xosé Víctor Carou, director xerente do Auditorio de Galicia, presentou o programa cultural “Verán na rúa”. Explica que este proxecto está pensado para todo tipo de espectadores pero especialmente para a nenez e as familias. Precisa que o programa, que abarca o mes de agosto e parte de setembro, encherá as prazas de San Martín Pinario, Toural, Platerías, Quintana e Cervantes así coma o parque da Alameda de todo tipo de espectáculos. Remata aclarando que “Verán na rúa” integra acrobacias, títeres, maxia, contacontos e unha colaboración entre a Banda de Municipal de Música de Compostela e a compañía Monicreques Babaluva para representar *O crebanoces* o 13 de setembro na paraza da Quintana.

- R. M., “El casco histórico se llenará de circo y magia en agosto”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 24 xullo 2013, p. L6.

Informa da posta en escena da peza *O crebanoces* pola compañía galega Babaluva. Refire que esta e outras actividades, pensadas especialmente para o público infantil, terán lugar nos meses de agosto e setembro, dirixidas por compañías españolas e estranxeiras. Explica que se desenvolverán en diferentes espazos públicos do casco histórico da cidade compostelá. Apunta que o programa se pechará coa actuación da Banda Municipal de Música de Santiago.

- Ana Iglesias, “Espectáculos para animar calles y plazas durante agosto”, *El Correo Gallego*, 27 xullo 2013, p. 30.

Dá conta dunha iniciativa cultural que vai acontecer en Santiago de Compostela no mes de agosto e parte de setembro: a segunda edición de “Verán na rúa”, onde dezasete compañías levarán á rúa e ás prazas de Compostela os seus espectáculos de circo, monicreques, teatro, contacontos, etc. Explica que virán compañías chegadas de distintos lugares de España e outras de fóra, caso de Rudi Dudi (Bélxica) e Djuggledy (Alemaña). Precísase que comezará o 6 de agosto e que ofrece espectáculos todos os días en seis espazos abertos: a Alameda e as prazas de San Martiño Pinario, Toural, Praterías, Quintana e Cervantes. Apúntase que remata coa representación *Crebanoces*,

por parte de Monicreques Babaluva co acompañamento da Banda Municipal de Música, o 13 de setembro na praza da Quintana.

- S. N., “Teatro, cine y concierto de Nadal”, *La Región*, “Navidad en la comarca de Valdeorras”, “O Barco”, 21 decembro 2013, p. 85.

Na oferta teatral que terá lugar na programación navideña do Barco de Valdeorras, destácase *O Crebanoces*; *Osiño*, de Trompicallo Teatro, e *Vaya castaña*, do grupo Ris Ras Plas. Anúncianse as datas nas que terán lugar e os prezos das entradas.

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari*, *O Crebanoces*, 3, 2, 1... de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Cientificoso*, *Titiricleta*, *A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo*, *O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores*, *O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

Títeres **Babaluva** (2): *Lume*, texto Alberto Varela Ferreiro, dirección Mariza Basso.

Ver Brión, XVIIº Festival de Títeres de

Ver Cultura no Camiño

Ver Faranduleando, Festival de Artes de Calle

Ver María José Jove, IXº Festival de Títeres

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Referencias varias:

- M. G., “El espectáculo de *clown* ‘Bon appetit’ abre el programa cultural y de ocio en el Auditorio”, *Faro de Vigo*, “Arousa”, 2 xaneiro 2013, p. 22.

Sinala a inauguración do programa de actividades culturais e de ocio do Auditorio Municipal de Vilagarcía, a partir da representación do espectáculo de pallasos *Bon appetit!*, da compañía Ghazafellos; e anuncia a próxima representación, *Lume*.

- ECG, “Teatro para bebés, títeres y cuentos para los fines de semana en familia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 12 xaneiro 2013, p. 24.

Comenta a presentación da programación infantil de teatro da cidade santiaguesa, a partir das montaxes de Caramuxo Teatro, *Ghub*, *Ghub*, *Zapatos* e *Ñam!*, por parte do edil de Cultura, Ángel Currás. Remata cunha referencia ás montaxes *Lume*, da compañía Babaluva, e *A fábula galénica*, de Fantoques Baj.

Baobab Teatro (1): *O soldadiño de chumbo*

Ver Nadal Pequespectacular

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Teatro, magia y danza en el Nadal Cultural de Carballo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 768, 13 decembro 2013, p. 7.

Infórmase de que unha das actividades do Nadal Cultural do Concello de Carballo será o Nadal Pequespectacular, no marco do cal se anuncia a posta en escena de varios espectáculos, entre eles, *O soldadiño de chumbo*, a cargo de Baobab Teatro.

Baobab Teatro (2): *Bailando cos contos*, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Ver Teo, VI Mes do Teatro de

Barafunda Animación (1): *Preséntame un pallaso*

Referencias varias:

- Ana L. Gómez, “Charanga, música y teatro infantil protagonizan una nueva jornada de fiestas”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, “Pontevedra”, 12 agosto 2013, p. 5.

Con motivo das festas da Peregrina dáse noticia da representación da obra *Preséntame un pallaso*, da compañía Barafunda Animación.

- Rafa Estévez, “Pontevedra se llena de payasadas para el disfrute de los niños”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, “Vivir aquí”, “Actuación”, 13 agosto 2013, p. 55.

Anuncio de que na praza do Teucro se deu a benvida a esta obra de Barafunda Animación.

Barafunda Animación (2): *Antón o Apalpador*

Referencias varias:

- C. B., “Padrón abre mañana su programa navideño con el encendido de luces”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 722, 17 decembro 2013, p. 7.

Anúnciase que no apartado “espectáculos de animación” que o Concello de Padrón, a Asociación de Empresarios de Padrón, Rois e Dodro e o Centro Comercial Aberto deseñaron para as vacacións de Nadal están programadas as representacións de *Antón o Apalpador* e *A maxia de Xabi*.

Barafunda Animación (3): *Os divertidos espíritos do Samalín*

Ver Sarria, Iª Mostra de Teatro Municipal

Referencias varias:

- N. A., “Barrios y parroquias dan la bienvenida al ‘año nuevo celta’ celebrando el Samain”, *Faro de Vigo*, “*Vigo4costados*”, 22 outubro 2013, p. 3.

Entre outras actividades, salientase a posta en escena d’ *A lenda do espantalho*, a cargo da compañía Escola de Navia e *Os divertidos espíritos de Samain*, por parte de Barafunda Teatro.

Barafunda Animación (4): *KeTKjas*

Barafunda Animación (5): *Xan das ondas*

Referencias varias:

- R. V., “Xan das ondas”, en el auditorio de Rois”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 717, 23 outubro 2013, p. 6.

Dáse conta da posta en escena de *Xan das ondas*, a cargo de Barafunda Teatro no auditorio do multiusos de Rois e recálcase a interacción do público cos actores.

Berrobambán (2): *O refugallo*, texto de Paula Carballeira, dirección Chiqui Pereira.

Ver Cultura no Camiño

Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Ver Teo, VI Mes do Teatro de

Referencias varias:

- Camilo Franco, “As sobras pasaron de moda”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Vai por aí”, 17 xaneiro 2013, p. 7.

Sinala a representación de pezas das compañías Berrobambán e Bichakadela, escritas por Paula Carballeira e dirixidas por Chiqui Pereira, no Salón Teatro de Santiago de Compostela.

- Mario Álvarez, “O Salón Teatro acolle o espectáculo familiar ‘O Refugallo’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 xaneiro 2013, p. 43.

Dá conta da estrea da peza *O Refugallo*, escrita por Paula Carballeira e coproducida polas compañías Berrobambán e Bichakadela, no Salón Teatro da Concellería de

Cultura, Educación e Ordenación Universitaria de Santiago. Indica asemade o Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil convocado por AGADIC, do que foi merecente a autora en 2011 e salienta o labor de dirección de Chiqui Pereira, de composición de Nacho Sanz e de interpretación da propia autora xunto a Nuria Sanz e outros.

Títeres **Cachirulo** (1): *Camiño de Aventuras*

Ver Titeremarín

Referencias varias:

- P. Chapela Bamio, “Actuaciones de títeres en la Plaza do Reloxo en el festival ‘Titeremarín’”, *Diario de Pontevedra*, “Marín. O Morrazo”, 22 agosto 2013, p.13.

Informa do comezo do festival de monicreques en Marín, organizado por Unima e que durará tres días. Precisa que comezará coa representación de Títeres Cachirulo da peza *Pinocho* e, ao día seguinte, *Camiño de Aventuras*. Apunta que por último actuará TiteracciÓs con *Cantos contos contos*. Engade que tamén haberá unha exposición dedicada aos monicreques, aberta ao público até o 25 de agosto.

Títeres **Cachirulo** (2): *Così fan tutte*

Referencias varias:

- R. L., “Un elenco de títeres reinventa en el Ágora ‘Così fan tutte’ para abrir la ópera a nuevos públicos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 14 setembro 2013, p. 15.

Informa que Títeres Cachirulo, xunto con Zoar Ensemble, participa no Festival da Ópera co espectáculo *Così fan Tutte*, que se representará no Auditorio do Ágora. Di que se dirixe a un público novo e salienta que a produción leva o selo “made in Galicia”.

- Rodri García, “Los títeres acercan la ópera de Mozart al público infantil”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 setembro 2013, p. 38.

Anuncia que a versión de monicreques da ópera de Mozart *Così fan tutte* será levada ao centro Ágora da Coruña pola compañía Títeres Cachirulo.

Títeres **Cachirulo** (3): *Do, re, mi, Mozart xoga aquí*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Cultura no Camiño
Semana dos Títeres e Teatro na Rúa (Cee)

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Circo na rúa, música, títeres y teatro darán continuidade a la fiesta”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 647, 13 agosto 2013, p. 10.

Informa que o día 26 do mesmo mes comezará a Semana dos Títeres e Teatro na Rúa, cuxo programa inclúe: *Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí*, de Títeres Cachirulo; *O bufón do reino*, de Pinga Teatro; e *O murmurio do mar*, da Xanela do Maxín.

Títeres **Cachirulo** (4): *Catro contos da China*, texto e dirección Jorge Rey

Ver Escena en Familia

Títeres **Cachirulo** (5): *Romance dos figos de ouro*, adaptación da obra *Romance dos figos de ouro* de Roberto Vidal Bolaño, texto e dirección Jorge Rey

Ver Galicreques, XVIIº Festival Internacional de Títerese
Ver MIT, XXIXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Caramuxo Teatro (1): *Axóuxeres*

Referencias varias:

- M. G. M., “Os Axóuxeres’ fai descubrir aos cativos a beleza da lingua galega no centro Ágora”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 8 outubro 2013, p. 9.

Comenta a iniciativa “Os Axóuxeres” da Consellería de Cultura e da Secretaría Xeral de Política Lingüística para fomentar a lingua galega entre os menores de seis anos a través de xogos, música e experiencias sensoriais. Informa da representación que tivo lugar no centro Ágora e alude ao seu percorrido por diversas localidades galegas. Tamén explica o xeito de reservar a entrada e de descargar os diferentes contidos.

- Dolores Vázquez, “Diversión en galego para a xente”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 538, “Da lingua”, 12 outubro 2013, pp. 6-7

Comenta o programa de dinamización lingüística da Xunta “Os Axóuxeres” para fomentar a transmisión interxeneracional da lingua galega. Informa de que esta proposta corre a cargo da compañía Caramuxo Teatro e alude ao seu percorrido por diversas localidades galegas. Tamén explica o xeito de reservar a entrada e de descargar os diferentes contidos.

- T. M., “El espectáculo ‘Os Axóuxeres’ llega a O Grove”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 27 novembro 2013, p. 16.

Anúnciase que a Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey acollerá o espectáculo *Os Axóuxeres*, de Caramuxo Teatro. Dáse conta do argumento da obra e ofrécese outros datos da representación: prezo, duración, maneira de conseguir as entradas etc.

Caramuxo Teatro (2): *El Lazarillo de Tormes*

Ver Fistera, Outono Teatral de
Ver Quincena do Teatro do Concello de Touro

Referencias varias:

- F. D., “El grupo Caramuxo reinventa ‘El Lazarillo de Tormes’”, *La Región*, “Sociedad”, “Teatro”, 28 marzo 2013, p. 52.

Dá conta da representación da novela *El Lazarillo de Tormes* no Auditorio de Ourense, baseada nunha adaptación por parte de Caramuxo Teatro. Salienta o carácter cómico desta adaptación, así como a galeguización da novela.

Carmen Conde: *Colorín Colorado, Caperuchiña e Brancaneves*

Centro Dramático Galego (1): *Touporroutou da lúa e do sol*, texto Roberto Vidal Bolaño, coprodución con Teatro do Noroeste.

Ver Troco X Troco, Intercambio Teatral Portugal-Galicia

Referencias varias:

- C. F., “O retorno do clásico ao CDG”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 517, “Letras Galegas”, “Roberto Vidal Bolaño”, 11 maio 2013, p. 12.

Sínálase que con motivo do ano de Roberto Vidal Bolaño, as súas obras serán representadas nas principais vilas e cidades de Galicia. Destácase a representación de *Touporroutou da lúa e do sol*, obra que o CDG destina, especialmente, ao público infantil e que se basea nunha sucesión de fábulas.

- Camilo Franco, “Portugal e Galicia inician un novo intercambio escénico”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xuño 2013, p. 41.

Fálase do programa de intercambio teatral entre Galicia e Portugal Troco x Troco. Infórmase de que na iniciativa participan catro compañías teatrais de cada país e indícase que os grupos galegos seleccionados son: Sarabela Teatro, con *Os cantares das musas*; Teatro do Atlántico, con *A charca inútil*; Teatro do Morcego, con *A función do tequila*; e Teatro do Noroeste, con *Touporroutou da lúa e do sol*.

- R. L., “Os titiriteiros de Bolaño xa ‘ensaian’”, *El Progreso*, “deVerano”, “Culturetas”, 22 agosto 2013, p. 32.

Dise que Teatro do Noroeste e o Centro Dramático Galego comezan os ensaios do espectáculo *Touporrotou da lúa e do sol* que ambas compañías coproducen no marco da programación da Xunta de Galicia dedicada ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño. Indícase onde terán lugar os ensaios dirixidos por Eduardo Alonso, así como a data e espazo no que se representará. Finalmente, noméanse os integrantes do elenco e dos responsábeis do equipo artístico (música, vestiario etc). Remátase afirmando que se cualifica a obra como o “texto infantil de maior calidade escénica dos que Vidal Bolaño ideou” e dando conta do seu argumento.

- Joel Gómez, “Compostela pode ter unha sala permanente de teatro galego”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 1 setembro 2013, p. L2.

Entrevístase a Eduardo Alonso, director da posta en escena de *Touporrotou da lúa e do sol*, de Roberto Vidal Bolaño. Coméntase, entre outros, a influencia da crise no eido teatral e os diversos elementos do espectáculo, facendo fincapé nas lecturas diferentes que ofrece ao público.

- Ana Seoane, “Eugene O’Neill, no trinta aniversario do Centro Dramático”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 28 setembro 2013, p. 51.

Informa da programación do Centro Dramático Galego para o 2014, nomeando algunhas das obras que se van representar e anuncia a estrea en outubro de *Touporrotou da lúa e do sol*, de Roberto Vidal Bolaño.

- E. Álvarez, “O teatro norteamericano chega por primeira vez ao CDG con Eugene O’Neill”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 28 setembro 2013, p. L6.

Fai referencia á programación da nova tempada do CDG, que proximamente cumpre trinta anos. Indica que no campo da produción propia se achega ao teatro norteamericano coa obra *Longa viaxe cara á noite*, de Eugene O’Neill, e recupera *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares, xa estreada por esta compañía en 2004. Ademais, o CDG coproduce coa compañía do Noroeste *Touporrotou da lúa e do sol*, de Vidal Bolaño. A maiores, destaca a participación no proxecto internacional P-Stage e no circuito Troco por Troco, o cal tenta aproximar Galicia e Portugal. Dá noticia, finalmente, de que o Salón Teatro neste ano dedicado a Vidal Bolaño, inclúe representacións do autor.

- J. G., “En 50 minutos interpretamos máis de 22 personaxes de Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 3 outubro 2013, contracuberta.

Dáse conta da presentación do espectáculo *Touporrotou da Lúa e do Sol*, a cargo do Centro Dramático Galego e coa participación da actriz Victoria Pérez, da que se recollen algunhas declaracións, nas que alude á identificación dos cómicos coa proposta de Vidal Bolaño.

- J. Gómez, “El teatro divertido de Vidal Bolaño”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, “Teatro”, 11 outubro 2013, p. 7.

Infórmase de que *Touporrotou da Lúa e do Sol* (1996), de Roberto Vidal Bolaño volve

ao escenario no Salón Teatro de Santiago de Compostela. Coméntase que o texto foi adaptado co propósito de achegarse a un público “familiar”.

- García M. V., “Touporroutou da Lúa e do Sol”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 472, “Teatro”, 10 outubro 2013, p. VIII/ “Defensa do teatro popular”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 423, 12 outubro 2013, p. 9.

Despois de falar de autores de fóra de Galicia e galegos que abordaron a etnografía teatral e de lembrar que nos anos setenta o Teatro Circo e a Escola Dramática Galega puxeron en marcha un ambicioso proxecto de recollida de materias da dramaturxia popular, fábase de *Antroido*, de Roberto Vidal Bolaño, e de como se construíu ese espectáculo e o grupo homónimo. A seguir, infórmase de que o Centro Dramático Galego vén de representar *Touporroutou da Lúa e do Sol*, unha “mostra magnífica dese teatro popular, rudo e poético”. Destácase o traballo do director, Eduardo Alonso, do escenógrafo, Paco Conesa, e do creador da partitura musical, Bernardo Martínez. Tamén a “actuación excelente” do elenco de artistas que o levaron á escena. Remata afirmando que esta representación é unha das mellores homenaxes posíbeis ao autor. Nun recadro inferior dáse conta da decisión do Centro Dramático Galego de instituír o Premio Roberto Vidal Bolaño ao espectador e infórmase que recaeu en María Xesús Arias quen, xusto antes da representación de *Touporroutou* recolleu o premio.

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 19 outubro 2013, p. 41.

Apunta que dende o 4 ao 20 de outubro Teatro do Noroeste, en coprodución co Centro Dramático Galego, representou no Salón Teatro de Santiago de Compostela a obra infantil *Touporroutou da lúa e do sol*, do dramaturgo Roberto Vidal Bolaño, homenaxeado no Día das Letras Galegas.

Contacontos Científico: *As mellores vacacións do Rei Neptuno*

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari*, *O Crebanoces*, 3, 2, 1... de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Científico*, *Titiricleta*, *A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo*, *O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores*, *O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

Danthea Teatro: *Amadú*

Davide Salvado: *O ladrón de amorodos*, co trío musical de Davide Salvado co acordeonista Santi Cribeiro e o percusionista Cristian Silva.

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari, O Crebanoces, 3, 2, 1...* de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Cientifícoso, Titiricleta, A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo, O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores, O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

Dinamo Teatro (1): *Contacontos Cientifícoso*

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari, O Crebanoces, 3, 2, 1...* de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Cientifícoso, Titiricleta, A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo, O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores, O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

Dinamo Teatro (2): *A familia Pindirico*

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari, O Crebanoces, 3, 2, 1...* de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Cientifícoso, Titiricleta, A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo, O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores, O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

Dinamo Teatro (3): *Titiricleta*

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari*, *O Crebanoces*, 3, 2, 1... de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Cientificoso*, *Titiricleta*, *A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo*, *O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores*, *O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

Duende Sico (1): *Elías conta Calvi, o destrutor da natureza*

Duende Sico (2): *As andanzas de Elías*

Referencias varias:

- Cristina M. Carou/ J. C., “Juegos y estudio para terminar agosto”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 29 agosto 2013, contracuberta.

Dá conta de que dentro da Semana Cultural de Oroso se representou *As andanzas de Elías*, a cargo da compañía Duende Sico.

El Ruiseñor: *Érase unha vez... o Nadal*

En tránsito: *Zombie factoría*, texto Miguel Castro e José Torregrosa

Erica Esmorís: *O poder de Amabel*

Eme2 Produccións&Arte (1): *O príncipe e o parrulo*, guion de Javier Tirado e Jokin Oregi, tradución de Xocas López e Sandra Romarís, música de Fran Lasuen, dirección Álex Díaz.

Ver Culturgal

Ver María José Jove, IXº Festival de Títeres

Ver Narón e Ferrol, Mostra de Teatro Infantil e Xuvenil de

Referencias varias:

- Luis Montero, “Galicia, o grande escenario do último cuatrimestre con 368 actuacións”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 28 agosto 2013, p. 34.

Infórmase de que entre os meses de setembro e decembro se van representar en Galicia un total de trescentas sesenta e oito actuacións escénicas e musicais. Indícase que entre os espectáculos ofrecidos destacan as obras teatrais galegas e en galego, como é o caso de *O príncipe e o parrulo*.

- Sangiao, “Presentan la obra ‘O príncipe e o parrulo’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 697, 3 outubro 2013, p. 7.

Dá conta da presentación do espectáculo teatral *O príncipe e o parrulo* na Estrada, a cargo da compañía Eme 2.

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari, O Crebanoces*, 3, 2, 1... de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Científico*, *Titiricleta*, *A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo*, *O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores*, *O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

- C. F., “Importante presenza pontevedresa en Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Culturgal”, 29 novembro 2013, p. 2.

Informa de que diversas empresas pontevedresas teñen unha gran presenza no Culturgal, como Kalandraka, Edicións do Cumio e a Asociación Galega de Editores. Dá noticia tamén de que a programación infantil inclúe un encontro con Manuel Lourenzo González sobre o seu libro *Flor de Area*, así como a presentación do libro disco *O pan de millo*, de Migallas Teatro.

- Ana Iglesias, “Ocio para el público familiar”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 decembro 2013, p. 28.

Dise que os máis pequenos poderán gozar dos espectáculos de monicreques *A historia do Apalpador*, de Títeres Cachirulo, na Fundación Autor, e *O príncipe e o parrulo*, de Eme2Produccións&Arte, no Salón Teatro.

Editorial Galaxia/ Merlín Comunicación: *O Señor das Dunas*

Ver MOTI, Xª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Elefante Elegante: *Aurora*

Factoría Teatro: *Nora*

Factrúa: *O espírito do bosque*

Fantoques Baj (1): *Rodari Rodari (Contos do tranvía)*

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari, O Crebanoces, 3, 2, 1...* de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Cientifícoso, Titiricleta, A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo, O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores, O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

Fantoques Baj (2): *Burromaquia*

A **Fiestra Teatro**: *O anel máximo*, dirección Roberto Veira

Ver Laxe, VIIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Fantoques Baj (2): *O asombro*

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Referencias varias:

- Lara Eiré, “La compañía de Ignacio Vilariño se encarga este fin de semana de cerrar ‘Escenas poéticas’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 marzo 2013, p. 29.

Sínálase que a compañía Fantoques Baj, dirixida por Ignacio Vilariño, pecha o programa de poesía escénica organizado pola Consellería de Cultura coa obra *O asombro*. Precísase que se trata dunha montaxe inspirada en textos de Uxío Novoneyra que se acompañan de vídeo e música. Infórmase da traxectoria profesional do director e da posta en marcha dun taller literario en colaboración co instituto Rosalía de Castro que ten como finalidade traballar cos espectáculos. Tamén se dá conta da organización dunha mesa redonda sobre o imaxinario atlántico na biblioteca Ánxel Casal, incluída dentro do Festival Internacional de Narración Oral Atlántica, na ue participan Xabier Docampo, Antonio Reigosa e Paula Carballeira.

Geppetto. Aula de Teatro Infantil do Campus de Ourense (2): *Os soños de Xulia*

Ver MOTI, Xª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Teatro dos **Ghazafellos** (1): *Bon appétit!*, adaptación do libro de recetas *A cociña galega* de Álvaro Cunqueiro, dirección Pepablo Patinho.

Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Ver Galicia Escena Pro

Ver En Familia

Ver Sociedade de Amigos da Paisaxe Galega, XXIVª Xornadas de Teatro da

Referencias varias:

- M. G., “El espectáculo de *clown* ‘Bon appetit’ abre el programa cultural y de ocio en el Auditorio”, *Faro de Vigo*, “Arousa”, 2 xaneiro 2013, p. 22.

Sinala a inauguración do programa de actividades culturais e de ocio do Auditorio Municipal de Vilagarcía, a partir da representación do espectáculo de pallasos *Bon appétit!*, da compañía Ghazafellos. Describe brevemente súa trama e remata cunha referencia á próxima representación, *Lume*.

- J. M. Ramos, “Excéntricas y Mofa e Befaz izan los Venres Culturais de Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 345, 5 abril 2013, p. 7.

Infórmase da inauguración do ciclo Venres Culturais de Carballo coa representación de *Bon appétit!*, de Ghazafellos Teatro.

Teatro dos **Ghazafellos** (2): *O Crebanoces*, 3, 2, 1...

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari*, *O Crebanoces*, 3, 2, 1... de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Cientifico*, *Titiricleta*, *A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo*, *O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores*, *O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

Teatro dos **Ghazafellos** (3): *Acuario*, texto de María Canosa.

Ver FalaRedes

Referencias varias:

- Víctor Castro, “El espectáculo teatral ‘Acuario’ llega esta tarde a Ordes”, *El Ideal Gallego*, “Betanzos”, “Atalaya Mariñana”, 8 novembro 2013, p. 22.

Fala do espectáculo “Acuario”, que será representado no Auditorio da Casa da Cultura de Ordes. Comenta a súa inspiración no poemario de María Canosa e salienta que o obxectivo da produción consiste en achegar a lingua galega aos máis pequenos, sobre todo no que se refire aos nomes de peixes presentes en Galicia.

- J. E., “Éxito de la obra de teatro ‘Acuario’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 735, 10 novembro 2013, p. 7.

Infórmase de que na casa da cultura do Concello de Ordes se representou esta obra, baseada no libro de poemas de María Canosa, e alúdese ao éxito do evento.

- M. M., “Cospeito e Castro de Ribeiras de Lea acollen a función ‘Acuario’”, *El Progreso*, “A Chaira”, 23 novembro 2013, p. 19.

Dá conta de que, no marco do programa FalaRedes 2013, promovido pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, se escenificará na comarca lucense da Chaira a peza *Acuario*. Precisa o horario das dúas representacións desta peza, por parte de María Canosa e os integrantes de Teatro dos Ghazafellos: unha, no centro sociocultural de Castro de Ribeiras de Lea; e outra, na Casa da Cultura de Feira do Monte (Cospeito, Lugo).

- J. Trillo, “Cee ofreció el espectáculo ‘Acuario’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 758, 3 decembro 2013, p. 6.

Dá conta da representación da peza *Acuario*, baseada na obra homónima de María Canosa. Indica que esta posta en escea se enmarca no programa FalaRedes organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística.

Teatro dos **Ghazafellos** (4): *RodariRodari*

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari*, *O Crebanoces*, 3, 2, 1... de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Cientifícoso*, *Titiricleta*, *A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo*, *O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores*, *O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

Teatro dos **Ghazafellos** (5): *Contos de lobos*, texto e dirección Pepablo Patinho.

Ver Teatro con G

Teatro dos **Ghazafellos** (6): *Frankestein, treme o misterio*

Ver Teatro con G

Referencias varias:

- C. F., “Frankenstein perdido nun castelo”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, “Para a familia”, 19 abril 2013, p. 12.

Menciona a posta en escena da montaxe *Frankestein, treme o misterio*, da compañía Ghazafellos, no Teatro Principal de Santiago de Compostela e describe de xeito moi conciso a súa trama.

- ECG, “Frankenstein’ en el teatro Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 abril 2013, p. 27.

Indica a representación da montaxe infantil *Frankestein*, da compañía Teatro dos Ghazafellos, no Teatro Principal da capital compostelá.

Grupo de Manuel Arias López: *Aquí e agora, comedia máxica*

Ver Sarria, Iª Mostra de Teatro Municipal

Grupo de animación infantil **Illa dos Nenos** (1): *Chapuzas a domicilio*

Ver Cultura no Camiño

Grupo de animación infantil **Illa dos Nenos** (2): *Uxío no país de Patadecabra*, texto Marina López e Fran Otero, dirección Manuel Solla

Ver Cultura no Camiño

Katarsis: *Malas palabras*

Monicreques de **Kukas** (1): *Xan Perillán e a maleta máxica*, texto Marcelino de Santiago, dirección de Isabel Rey

Ver Cultura no Camiño

Ver Galicia Escena Pro

Ver Sarria, Iª Mostra de Teatro Municipal

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Ver Sarria, Iª Mostra de Teatro Municipal

Referencias varias:

- A. I., “Títeres, magia y clown con el 'Xan Perillán' de Kukas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 10 maio 2013, p. 29.

Anúnciase a chegada desta obra á Zona C e dáse unha nota do seu contido.

- A. Iglesias, “Juegos populares, títeres y Campeonato de Chave”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 11 maio 2013, p. 27.

Dáse a noticia da presentación desta obra na Zona C dentro da axenda festiva compostelá.

Monicreques de **Kukas** (2): *Contos do vento acatarrado*, texto Marcelino de Santiago, dirección Gena Baamonde, Kukas e Isabel Rey

Ver Cultura no Camiño
Ver Mario Escénico

Referencias varias:

- A. Piñeiro, “Os tres tenedores’ y ‘Contos do vento acatarrado’, a escena en Arcade este fin de semana”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 25 outubro 2013, p. 14.

Dise que o Multiusos de Arcade acollerá o espectáculo Ensalada de instrumentos da compañía Os tres tenedores. Dise a quen vai dirixida a obra, segundo os organizadores, e o seu contido. Tamén se dá conta da duración, lugar e hora da representación. Por outra parte, anúnciase a posta en escena de *Contos do vento acatarrado*, de Os monicreques de Kukas.

Monicreques de **Kukas** (3): *O Polo Pepe*

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Larraitz Urrozola, Marta (1): *Babacontos*

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Rivas y Neira Vilas visitan la Praza dos Libros de Carballo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 345, 25 agosto 2013, p. 6.

Ademais de comentar que na clausura da Praza dos Libros de Carballo estarán presentes Manuel Rivas e Xosé Neira Vilas, que, respectivamente, asinarán exemplares d’*As voces baixas* (2012) e *Aquel neno* (2013) e *Cancela aberta* (2013), lémbrese que na

véspera á clausura tivo lugar o espectáculo *Babacontos*, a cargo de Larraitz, no que se conxuga a manipulación de obxectos coas ferramentas tradicionais da narración oral.

Larraitz Urrozola, Marta (2): *O Quebranoces*

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Referencias varias:

- P. Calveiro, “O Quebranoces’ volta en Nadal cun espectáculo de monicreques”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 14 decembro 2013, p. L6.

Alude á representación d’*O Quebranoces*, unha obra de teatro baseada nun conto de Hoffmann, onde se emprega a música de Tchaikowsky e que está promovida pola Rede de Dinamización Lingüística e pola Deputación da Coruña. Destaca a intervención dunha soa actriz que manexa numerosos monicreques, os cales xunto coa escenografía e vestuario recibiron numerosos premios.

Limiar Teatro: *Verbum Farenheit*

Malasombra Produccións (1): *Smoke city. A cidade do fume*, texto José Luis Prieto, dirección Marcos Orsi

Referencias varias:

- M. M., M. Gil e J. M. Ramos, “Obras de teatro para Ames, Boiro, Rianxo y A Laracha”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 739, 14 novembro 2013, p. 7.

Dá noticia das seguintes representacións: en Ames a obra infantil *Titiricircus*, de Tanxarina; en Rianxo *A filla de Woody Allen*, de Ibuprofeno Teatro; en Outes *Smoke City*, de Malasombra Produccións e destinada a un público xuvenil; e en A Laracha *Operación comedia (Misión Sapiens)*, de Malasombra Produccións, protagonizada por Xoque Carbajal, Jouse García, Xabier Deive, Marcos Orsi e Luis Iglesias.

- J. M. Ramos, “Smoke City’ para estudantes en el Pazo da Cultura”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 744, 19 novembro 2013, p. 7. MAR

Informa que a compañía Malasombra Produccións representará esta peza dramática, que se centra no tabaquismo e nas súas consecuencias. Indica a hora da posta en escena e apunta que o público será o alumnado de terceiro curso de secundaria dos institutos Alfredo Brañas, Isidro Parga Pondal, Monte Neme e tamén do colexio Artal.

Malasombra Produccións (2): *Misión Sapiens*, texto José Luís Prieto, dirección Maros Orsi

Ver Nadal, Antas de Ulla

Magín Teatro: *O Gatuxo*

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari*, *O Crebanoces*, 3, 2, 1... de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Cientificoso*, *Titiricleta*, *A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo*, *O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores*, *O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

Malasombra Produccións (3): *Go on*, texto José Luis Prieto, dirección Marcos Orsi

Referencias varias:

- J. Trillo, “Títeres en Cee y música medieval en la villa de Muxía”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 779, 24 decembro 2013, p. 7.

Entre outras actividades integradas nos programas de Nadal dos distintos concellos da Costa da Morte infórmase que no Concello de Cee Títeres Duende Sico ofrecerá a obra *A casina de chocolate*. Tamén se informa que en Fisterra o grupo Malasombra porá en escena *Go On*, para público adulto.

Mamá Cabra (1): *Xa me tardan estes magos*

Referencias varias:

- C. B., “Mamá Cabra actuará hoy en la capital de Tabeirós”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 782, 28 decembro 2013, p. 6.

Informa da representación de *Xa me tardan eses magos*, a cargo da compañía Mamá Cabra no Teatro Principal da Estrada. Precisa que esta peza se dirixe “sobre todo al público infantil”.

Mamá Cabra (2): *Bicos de Música*

Referencias varias:

- C. B., “Mamá Cabra actuará hoy en la capital de Tabeirós”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 782, 28 decembro 2013, p. 6.

Informa da representación de *Bicos de Música*, a cargo da compañía Mamá Cabra no Milladoiro. Precisa o custo da entrada.

Micromina Títeres: *Vacacións no mar*

Ver Titirinoia

Migallas Teatro (1): *Pan de millo*

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “*Fugas*”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari, O Crebanoces, 3, 2, 1...* de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Científico*, *Titiricleta, A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo, O pan de millo* de Migallas Teatro; *Impreuna* de Pistacatro; *Os tres tenedores, O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

- C. F., “Importante presenza pontevedresa en Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “*Culturgal*”, 29 novembro 2013, p. 2.

Informa de que diversas empresas pontevedresas teñen unha gran presenza no Culturgal, como Kalandraka, Edicións do Cumio e a Asociación Galega de Editores. Dá noticia tamén de que a programación infantil inclúe un encontro con Manuel Lourenzo González sobre o seu libro *Flor de Area*, así como a presentación do libro disco *O pan de millo*, de Migallas Teatro.

Migallas Teatro (2): *O libro máxico*

Referencias varias:

- A. Ferreira, “Tomiño centra su oferta cultural de primavera en el teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana/Baixo Miño”, 4 abril 2013, p. 20.

Dáse conta da presentación da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que centrará a súa atención no teatro, xunto con dúas exposicións artísticas. Indícase que a programación ábrese coa representación d’*O libro máxico*, a cargo de Migallas Teatro e seguirá cun monólogo sobre *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra; *A venganza da Petra*, do grupo de teatro afeccionado Aloia; *Dous son*

parella, de Acontrabutaca; *Gaivotas subterráneas*, do dúo Alfonso Vallejo; e *O pano da avoa* e *O nacemento do dragón*, da Escola Municipal de Teatro de Tomiño.

- E. G., “La afición al teatro se consolida en Tomiño con la actuación de seis grupos”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 4 abril 2013, p. 16.

Infórmase da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que acolle mostras de escultura, pintura e festival de cinema. Ademais de dar conta da programación teatral, a cargo das compañías Migallas, Abrapalabra, Aloia, Acontrabutaca, o dúo Alfonso Vallejo e a Escola Municipal de Teatro de Tomiño, comunícase o horario no que se poderán visitar as exposicións artísticas e dáse a coñecer a celebración do Festival Primavera de cine no que participan varios directores galegos, autores de filmes que participarán no festival.

Miriñaque: *Cucu Kaiku*
Ver Escena en Familia

Mofa e Befá: *O peor de Mofa e Befá*

Referencias varias:

- Martín Fernández, “El dúo Mofa e Befá clausura los ‘Magostos no Gaiás’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 31 outubro 2013, p. 24.

Informa de que o espectáculo do dúo cómico Mofa e Befá *O peor de Mofa e Befá* pechará o programa do ciclo “Magostos no Gaiás 2013”.

Teatro do **Morcego**: *Fábulas: o rei e o xardiñeiro*

Compañía **Oquetiqueiras**: *Raiñas*, adaptación de Eva Castro do texto *Nin princesas nin escravas*, de Humberto Robles, dirección Luis G. Ramos.

Os Estorniños (1): *A ratiña presumida*

Os Estorniños (2): *Todo é un conto*

Peter Punk (1): *Chungo Ke Te Kagas*

Pinga Teatro (1): *Casting Tour*

Referencias varias:

- Á. P., “Poio se vuelca en el Festival de Canceira”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Provincia”, 21 outubro 2013, p. 9.

Entre as actividades a celebrar a favor da Canceira, destaca a actuación do grupo Pinga Teatro que representou a súa obra *Casting Tour*.

Pistacatro: *Impreuna*, dir. e actuación de Pablo Reboleiro

Ver Verán na rúa (Santiago de Compostela)

Referencias varias:

- A. Precedo/ T. M., “Música al aire libre y con altura de miras”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 21 agosto 2013, contracuberta.

Refírese á representación de *Impreuna, as emocións espertas* na praza santiaguesa da Quintana. Sinálase que se trata dun espectáculo apto para todos os públicos, no cal se combinan diversos ingredientes como a comedia, a acrobacia, a danza e unha serie de valores relacionados co xeito de vida circense.

- Cruz Negreira, “Impreuna’ estrena su versión de calle en el Verán na Rúa”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 agosto 2013, p. 24.

Coméntase que, no marco do programa Verán na Rúa, Pistacatro executou por primeira vez ao aire libre o seu espectáculo circense *Impreuna*, logo de dous meses de funcións nas salas. Fálase do argumento da obra e faise un repaso polo seu elenco.

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari, O Crebanoces, 3, 2, 1...* de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Científico*, *Titiricleta, A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo, O pan de millo* de Migallas Teatro; *Impreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores, O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

- ECG, “Estreno del circo ‘Impreuna’ en el Auditorio”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 decembro 2013, p. 29.

Dise que o circo, a danza o teatro e a comedia son os ingredientes do espectáculo circense de Pistacatro *Impreuna*. Coméntase que se estreará no Auditorio de Galicia e noméase o elenco que participa na obra. Finalmente dáse conta do horario e do prezo das representacións.

- Ana Iglesias, “Ocio para el público familiar”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 decembro 2013, p. 28.

Díse que os máis pequenos poderán gozar dos espectáculos de monicreques *A historia do Apalpador*, de Títeres Cachirulo, na Fundación Autor, e *O príncipe e o parrulo*, de Eme2Producións&Arte, no Salón Teatro.

Produccións dispersas: *Na procura da canción perdida*, dirección Diego Freire

Ver Cultura no Camiño

Ver Infantil & Familiar

Ver Sarria, Iª Mostra de Teatro Municipal

Referencias varias:

- S. N., “Música y actividades infantiles”, *La Región*, “Navidad en la comarca de Trives”, “Manzaneda”, 21 decembro 2013, p. 80.

Infórmase das diferentes actividades que o concello de Manzaneda ofrecerá ao longo das vacacións de Nadal dentro do programa “Outono-Inverno Manzaneda Cultural”, entre as que sobresaí a representación de *Na procura da canción perdida*.

Sarabela Teatro: *Camilo Comilón*, texto Ana María Machado, dirección Ánxeles Cuña.

Referencias varias:

- Patricia Chao, “Un telón de teatro ‘con mucho cuento’”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, “Reportaje”, p. 49/ *La Región*, “Ourense”, “Reportaje”, p. 7, 9 agosto 2013.

Dáse conta da dramatización que tivo lugar na biblioteca pública de Ourense de *Camilo Comilón*, un texto de Ana María Machado dramatizado por Sarabela Teatro.

Títeres **Seisdedos** e Quinteto **Pentafonía:** *Hansel e Gretel*

Serafín Marcos: *Unha vida de teatro*, texto Roberto Vidal Bolaño.

Referencias varias:

- M. G., “Serafín Marcos representa a Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 537, “Noia”, 25 abril 2013, p. 6.

Dá conta de que Serafín Marcos representou dúas veces o día anterior a peza *Unha vida de teatro*, de Roberto Vidal Bolaño, para alumnado do colexio Rodríguez Cadaso de A Barquiña.

Sergio Zearreta e Live Silhouette Animation: *O pozo na lúa*

Referencias varias:

- S. E., “La banda de Silleda incluye títeres y un narrador en el concierto de Nadal”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 722, 17 decembro 2013, p. 7.

Coméntase que Sergio Zearreta será o encargado de narrar en galego a obra *The well of the moon*, de Derek Bourgeois, baseada en textos sacados de rondallas mallorquinas. Dise que a compañía de títeres belga Live Silhouette Animation será a encargada da parte visual e as siluetas e que a banda de música de Silleda será a responsábel da interpretación da música.

Os **Sete Magníficos + 1** (4): *A historia de Blancaflor*.

Ver MOTI, Xª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Referencias varias:

- A. S., “El Día del Libro reúne en el Auditorio a casi 300 alumnos de cinco centros”, *Diario de Arousa*, “O Barbanza”, “Riveira”, “Reportaje”, 24 abril 2013, p. 23.

Dáse conta da celebración en Ribeira do Día Internacional do Libro que acolleu, entre outras actividades, a representación desta obra pola compañía Os sete magníficos.

- S. Souto, “O auditorio acollerá o sábado ‘A historia de Blancaflor’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º. 745, 20 novembro 2013, p. 7.

Informa que o sábado a compañía Os sete magníficos + 1 escenificarán *A historia de Blancaflor* no auditorio do centro cultural de Muros. Explica que esta peza, creada por Avelino González, mestura maxia e labor de contacontos. Remata apuntando onde se poden mercar as entradas.

Talía Teatro: *Xango, a moi extraordinaria historia do home que foi engulido por unha máquina*

Ver Galicia Escena Pro

Ver MOTI, Xª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Ver Vimianzo, Ciclo teatral de outono de

Referencias varias:

- J. M. R., “Talía estrenará ‘Xangó’ el domingo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 699, 5 outubro 2013, p. 7.

Dáse conta da próxima estrea en Vimianzo da obra *Xango, a moi extraordinaria historia do home que foi engullido por unha máquina*, a cargo da compañía Talía e dirixida ao público infantil e familiar.

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari, O Crebanoces, 3, 2, 1...* de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Cientifícoso, Titiricleta, A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo, O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores, O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

TeatroCrea: *Butaca 16*, adaptación libre a partir de textos de Chejov, Ibsen e García Lorca, dirección Lara Fernández Fernández

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Referencias varias:

- A. Piñeiro, “Os tres tenedores’ y ‘Contos do vento acatarrado’, a escena en Arcade este fin de semana”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 25 outubro 2013, p. 14.

Dise que o Multiusos de Arcade acollerá o espectáculo *Ensalada de instrumentos* da compañía Os tres tenedores. Dise a quen vai dirixida a obra, segundo os organizadores, e o seu contido. Tamén se dá conta da duración, lugar e hora da representación. Por outra parte, anúnciase a posta en escena de *Contos do vento acatarrado*, de Os monicreques de Kukas.

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari, O Crebanoces, 3, 2, 1...* de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Cientifícoso, Titiricleta, A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo, O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores, O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

Teatro do Aquí: Criaturas

Ver Vimianzo, Ciclo Teatral de Outono de

Titereficciós (2): *Cantos, contos, contas*, texto Sofía Espiñeira e Roberto C. Mouriño

Ver Titeremarin

Referencias varias:

- A. Precedo/ T. M., “El firmamento se viene abajo en el Gaiás”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, “Títeres en A Quintana”, 13 agosto 2013, contracuberta.

Comunícase a representación da praza da Quintana deste espectáculo.

- J. M. R., “Teatro y cuentos con Titerificciós en Zas y Baio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 771, 16 decembro 2013, p. 7.

Informa da representación de *Cantos, contos, contas* en dous pases para alumnado de Infantil e Primaria. Indica que o primeiro pase será no CPI de Zas e o segundo no auditorio de Baio.

Titirimaña Teatro: *Perico o Cangrexo*, texto Amparo Gómez.

Teatro **Totalites**: *A outra historia da Carrapuchiña Vermella*

Referencias varias:

- A. I. S., “Los profesores se suben al escenario”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Teatro”, 13 agosto 2013, p. 32.

Informa que un grupo de profesores, integrantes da compañía Teatro Totalites, representaron onte no colexio La Salle a versión do conto clásico *A outra historia da Carrapuchiña Vermella*.

Tragaleguas: *Aladino*

Referencias varias:

- Juan Llano, “Aladino’ cumplió todos los deseos”, *La Región*, “Ciudad”, 15 decembro 2013, p. 22.

Faise eco da interpretación da peza *Aladino* por parte da Compañía Tragaleguas. Salienta a súa conseguida escenografía e a modernidade coa que se presenta este clásico, así como se refire aos efectos especiais empregados.

A Trastenda dos Contos: *A lingua a p(l)acer*

Ver Cultura no Camiño

Trécola Teatro (1): *A verdadeira historia do corazón reloxo*

Referencias varias:

- María Rodríguez, “Para todos os públicos”, *La Región*, “*Vida. Suplemento de Sociedad*”, n.º 2072, “En confianza”, 3 marzo 2013, pp. 2-3.

Conversa con Alfonso Míguez, da compañía Trécola Teatro, co gallo da estrea en Covilha, Portugal, da súa montaxe *A verdadeira historia do corazón reloxo*. As cuestións xiraron en torno ao tempo de ensaio, ás diferenzas entre este e outros grupos teatrais, á selección das pezas, ao balance da última tempada e aos futuros proxectos. Nun epígrafe á parte enumera nove preguntas curtas a Míguez, coas correspondentes respostas. Subliña asemade as vindeiras representacións da peza *Un agasallo para papá*, como parte dunha campaña promovida pola OMIC, en diversos colexios portugueses. A conversa vén acompañada dunha serie de fotografías dos actores e actrices integrantes do grupo -María Díaz, Tegra Vázquez, Uxía Pérez, Alfonso Míguez e Leticia Álvarez-.

Trécola Teatro (2): *Un agasallo para papá*

Referencias varias:

- María Rodríguez, “Para todos os públicos”, *La Región*, “*Vida. Suplemento de Sociedad*”, n.º 2072, “En confianza”, 3 marzo 2013, pp. 2-3.

Conversa con Alfonso Míguez, da compañía Trécola Teatro, co gallo da estrea en Covilha, Portugal, da súa montaxe *A verdadeira historia do corazón reloxo*. As cuestións xiraron en torno ao tempo de ensaio, ás diferenzas entre este e outros grupos teatrais, á selección das pezas, ao balance da última tempada e aos futuros proxectos. Nun epígrafe á parte enumera nove preguntas curtas a Míguez, coas correspondentes respostas. Subliña asemade as vindeiras representacións da peza *Un agasallo para papá*, como parte dunha campaña promovida pola OMIC, en diversos colexios portugueses. A conversa vén acompañada dunha serie de fotografías dos actores e actrices integrantes do grupo -María Díaz, Tegra Vázquez, Uxía Pérez, Alfonso Míguez e Leticia Álvarez-.

Trécola Teatro (3): *MOTI á vistaaa!*

Ver MOTI, Xª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Compañía do **Trinke Trinke**: *Contos con trasnos*

Troula Animación (1): *O chou de Troula*

Troula Animación (2): *Pachamama*

Ver Itineranta

Valverde Teatro: *O anel máximo*, texto homónimo de Carlo Goldoni

Viravolta Títeres (1): *O horroroso crime de Xan Miñoca*

Ver Titirideza

Viravolta Títeres (3): *Barriga Verde*, texto tradicional e Viravolta Títeres, dirección Anxo García

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

A Xanela do Maxín (1): *O murmurio do mar*

Ver Escena en Familia

Semana dos Títeres e Teatro na Rúa (Cee)

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Circo na rúa, música, títeres y teatro darán continuidad a la fiesta”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 647, 13 agosto 2013, p. 10.

Informa que o día 26 do mesmo mes comezará a Semana dos Títeres e Teatro na Rúa, cuxo programa inclúe: *Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí*, de Títeres Cachirulo; *O bufón do reino*, de Pinga Teatro; e *O murmurio do mar*, da Xanela do Maxín.

A Xanela do Maxín (2): *Chincha Rabincha*, texto Celtia Figueiras, dirección Luis Vallecillo

Ver Arzúa, VIIº Ciclo de Teatro Afeccionado no Outono

A Xanela do Maxín (3): *Titeremusiconos*

Ver Brión, XVIIº Festival de Títeres de

Ver Nadal, Salceda de Caselas

Compañía Xarume: *Brincabolechas de verán*, dirección Carlos de Santiago

VII. 3. 3. 2. 2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIÓN E AGRUPACIÓN VARIAS

Aloia: *A venganza de Petra*

Referencias varias:

- A. Ferreira, “Tomiño centra su oferta cultural de primavera en el teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana/Baixo Miño”, 4 abril 2013, p. 20.

Dáse conta da presentación da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que centrará a súa atención no teatro, xunto con dúas exposicións artísticas. Indícase que a programación ábrese coa representación d’*O libro máxico*, a cargo de Migallas Teatro e seguirá cun monólogo sobre *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra; *A venganza da Petra*, do grupo de teatro afeccionado Aloia; *Dous son parella*, de Acontrabutaca; *Gaivotas subterráneas*, do dúo Alfonso Vallejo; e *O pano da avoa* e *O nacemento do dragón*, da Escola Municipal de Teatro de Tomiño.

Grupo teatral da biblioteca de **Antas de Ulla** (1): *Os antollos de Margarida*

Grupo teatral da biblioteca de **Antas de Ulla** (2): *O restaurante Farruco*

Grupo teatral **Arume** (1): *Contos que van para van para Feira*

Grupo teatral **Arume** (2): *Farsa de Bululú*

Alumnado de terceiro ciclo de primaria do colexio **Atios** de Valdoviño: *A herdanza da tía Rosalía*

Aula de Drama de Cuarto da ESO, do IES María Soliño de Vigo: *Teatro para neófitos*, dirección Pedro Riobó

Ver MOTESMO, XVIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Aula Xuvenil de Teatro Experimental de Barbadás: *Xaque ao cabalo*

Avelaiñas Teatro: *O bosque da poesía*

Referencias varias:

- Sangiao, “Avelaíñas Teatro puse en escena ‘O bosque da poesía’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, 20 decembro 2013, p. 4.

Informa da representación d’*O bosque da poesía*, a cargo de Avelaíñas Teatro, o grupo de teatro do IES Antón Losada Diéguez da Estrada, formado por alumnado entre 14 e 21 anos. Indica que nesta peza se abordan a solidariedade, a amizade e o respecto polo medio ambiente. Precisa que se levou á escena no Teatro Principal da Estrada.

Grupo **Bululú** do IES Lamas de Abade e Pontepedriña: *A catedral*

Ver Intercentros

Agrupación **Cibercaixa Mallos**: *Brancaleves e os oito roqueiros*

Coda, Escola de Música e Danza de Vilagarcía: *O Rei León*, dir. Olaya Bouzas

Referencias varias:

- M. Angueira, “A Chave, un pueblo que lucha por la libertad”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 13 novembro 2013, p. 19.

Anúnciase a estrea en Portas da versión galega do musical *O Rei León* por parte da escola Coda. Sinálase que esta adaptación fai uso da retransca e nótrese de diversos compoñentes propios da cultura galega.

Agrupación Teatral **Criaturas**: *O merlo branco*, texto de Cándido Pazó

Referencias varias:

- S. E., “O Merlo Branco’ represéntase hoxe na Paxareira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, 19 xaneiro 2013, p. 7.

Alude á representación da peza *O Merlo Branco*, da compañía Criaturas, no Salón de Actos de A Paxareira, no Concello de Dodro. Salienta por último a organización do evento por parte do Club de Lectura do CRA de Dodro e máis a ANPA da Escola Infantil Monte Balouta.

David Novas e Alba Bermúdez: *Hámster*, dirección de Fran Paredes e texto de Santiago Cortegoso

Ver MOTESMO, XVIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Colexio **Eduardo Pondal**: *O soño da cidade*, dirección Guiomar López e texto de Manuel Lourenzo

Ver MOTESMO, XVIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Escola de Artes Escénicas da Fundación Cultural **Estradense**: *Romeo e Xulieta*.

Referencias varias:

- Raquel Torres, “Amancio Prada actuará en las fiestas de A Estrada con entrada gratuita”, *Diario de Pontevedra*, “Deza. Tabeirós”, 11 xuño 2013, p. 22.

Narra as diversas actividades musicais, deportivas e teatrais que xiran arredor da celebración das festas de San Paio na Estrada, que teñen lugar no mes de xuño. Salienta entre estas actividades a representación por parte do grupo xuvenil da Escola de Artes Escénicas da Fundación Cultural Estradense de *Romeo e Xulieta* no Teatro Principal da Estrada. Remata apuntando que as festas acollen así mesmo xogos infantís e espectáculos de mimo e malabares.

Érase unha vez: *Fonda Lurditas*, texto e dirección Esther Otero

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Alumnado do grupo de teatro do IES A Xunqueira: *Memorias de Molière*, dirección Belén Herrero.

Ver Ben veñas Maio

Alumnado do IES Concepción Arenal: *Annie, o musical*

Ver Teatro con G

Alumnado do IES Johán Carballeira: *Fuxan os contos*, texto de Frederick Engo Lacroix

Ver MOTESMO, XVIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Grupo de teatro do IES Ricardo Carballo Calero: *Quen somos?*

Ver Teatro con G

Alumnado do **IES As Barxas de Moaña**: *Exercicio para debuxantes intrépidos*, texto de Roberto Vidal Bolaño

Ver MOTESMO, XVIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo
Ver Teatro con G

Instituto de A Maia: *Roberto Vidal Bolaño sempre aquí*

Referencias varias:

- M. M., “Obra teatral en el IES sobre Roberto Vidal Bolaño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º. 745, 20 novembro 2013, p. 7.

Dá noticia da escenificación da peza *Roberto Vidal Bolaño sempre aquí* por parte do alumnado do instituto da Maia.

Asociación **Juan XXIII**: *O circo dos esquecidos*

Ver MOTESMO, XVIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Grupo teatral do **Liceo Pueblense**: *A consulta da doutora Casilda*

Ver Mostra de Teatro Xuvenil de Riveira, Iª

Grupo de Teatro **Matituya** da Anpa do Vicedo: *Isto é un atraco*

Colexio **Mecos** de Baión: *O cazo de Lorenzo*

Grupo **Miúdo** da SCD de Samieira: *Unha noite de medo*

Ver Poio Escena, IVº Ciclo de Teatro

Teatro **Monart**: *Contos ben dispares*, texto Mónica García e Arturo Fernández

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Ver Cultura no Camiño

Ver Sarria, Iª Mostra de Teatro Municipal

Referencias varias:

- L. D., “Os máis cativos, os meirandes protagonistas do San Xoán de Becerreá”, *El Progreso*, “Especial”, “San Xoán. Becerreá”, 22 xuño 2013, p. 67.

Infórmase de que, no marco das festas de San Xoán de Becerreá, Teatro Monart vai representar a obra infantil *Contos ben dispare*s, entre outras actividades.

Grupo xuvenil **Os Remolóns**: *Tocando fondo*

Agrupación **A Réplica**, do IES de Rodeira: *Mórde-me*, texto Inma Antonio

Ver MOTESMO, XVIIª Mostra de Teatro de Ensino Secundario do Morrazo

Grupo teatral de **Riveira** (1): *Bailadela da morta ditosa*

Ver Mostra de Teatro Xuvenil de Riveira, Iª

Grupo teatral de **Riveira** (2): *O achado do castro*

Ver Mostra de Teatro Xuvenil de Riveira, Iª

Referencias varias:

- Suso Souto, “Representación teatral para 270 alumnos de Secundaria”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 519, 7 abril 2013, p. 7.

Subliña a asistencia de alumnado de educación secundaria dos IES N.º 1, A Milagrosa de Oleiros, Sagrado Corazón de Castiñeiras e Ambar á posta en escena da peza *O achado do castro* no Auditorio Municipal de Ribeira, a cargo do grupo xuvenil de teatro ribeirense.

Escola Municipal de Teatro de **Tomiño** (1): *O nacemento do dragón*

Referencias varias:

- A. Ferreira, “Tomiño centra su oferta cultural de primavera en el teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana/Baixo Miño”, 4 abril 2013, p. 20.

Dáse conta da presentación da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que centrará a súa atención no teatro, xunto con dúas exposicións artísticas. Indícase que a programación ábrese coa representación d’*O libro máximo*, a cargo de Migallas Teatro e seguirá cun monólogo sobre *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra; *A venganza da Petra*, do grupo de teatro afeccionado Aloia; *Dous son*

parella, de Acontrabutaca; *Gaivotas subterráneas*, do dúo Alfonso Vallejo; e *O pano da avoa* e *O nacemento do dragón*, da Escola Municipal de Teatro de Tomiño.

- E. G., “La afición al teatro se consolida en Tomiño con la actuación de seis grupos”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 4 abril 2013, p. 16.

Infórmase da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que acolle mostras de escultura, pintura e festival de cinema. Ademais de dar conta da programación teatral, a cargo das compañías Migallas, Abrapalabra, Aloia, Acontrabutaca, o dúo Alfonso Vallejo e a Escola Municipal de Teatro de Tomiño, comunícase o horario no que se poderán visitar as exposicións artísticas e dáse a coñecer a celebración do Festival Primavera de cine no que participan varios directores galegos, autores de filmes que participarán no festival.

Escola Municipal de Teatro de **Tomiño** (2): *O pano da avoa*

Referencias varias:

- A. Ferreira, “Tomiño centra su oferta cultural de primavera en el teatro”, *Atlántico Diario*, “Área Metropolitana/Baixo Miño”, 4 abril 2013, p. 20.

Dáse conta da presentación da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que centrará a súa atención no teatro, xunto con dúas exposicións artísticas. Indícase que a programación ábrese coa representación d’*O libro máxico*, a cargo de Migallas Teatro e seguirá cun monólogo sobre *Memorias dun neno labrego*, de Abrapalabra; *A venganza da Petra*, do grupo de teatro afeccionado Aloia; *Dous son parella*, de Acontrabutaca; *Gaivotas subterráneas*, do dúo Alfonso Vallejo; e *O pano da avoa* e *O nacemento do dragón*, da Escola Municipal de Teatro de Tomiño.

- E. G., “La afición al teatro se consolida en Tomiño con la actuación de seis grupos”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, 4 abril 2013, p. 16.

Infórmase da programación cultural de primavera do concello de Tomiño que acolle mostras de escultura, pintura e festival de cinema. Ademais de dar conta da programación teatral, a cargo das compañías Migallas, Abrapalabra, Aloia, Acontrabutaca, o dúo Alfonso Vallejo e a Escola Municipal de Teatro de Tomiño, comunícase o horario no que se poderán visitar as exposicións artísticas e dáse a coñecer a celebración do Festival Primavera de cine no que participan varios directores galegos, autores de filmes que participarán no festival.

Vacalouras, Grupo de Teatro Municipal de Rois (1): *A gata con botas*, dirección María Ordóñez

Referencias varias:

- Cristina Botrán, “Vacalouras, ou a arte de potenciar o talento xuvenil”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 586, 13 xuño 2013, p. 7.

Fálase do grupo de teatro xuvenil Vacalouras de Rois, destacando que a súa directora é a actriz María Ordóñez. Anúnciase que o grupo será o encargado de pechar a programación cultural “Rois, no Camiño das Letras “cunha adaptación da *Gata con botas* e a representación d’*A noite de Sabina*.

Vacalouras (2): *A noite de Sabina*, dirección María Ordóñez

Referencias varias:

- Cristina Botrán, “Vacalouras, ou a arte de potenciar o talento xuvenil”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 586, 13 xuño 2013, p. 7.

Fálase do grupo de teatro xuvenil Vacalouras de Rois, destacando que a súa directora é a actriz María Ordóñez. Anúnciase que o grupo será o encargado de pechar a programación cultural “Rois, no Camiño das Letras “cunha adaptación da *Gata con botas* e a representación d’*A noite de Sabina*.

Vilalba, Escola Municipal de Teatro: *Hamelin*

VII. 3. 3. 3. POSTAS EN ESCENA QUE CONTINUÁN EN CARTEL

VII. 3. 3. 3. 1. GRUPOS ESTÁBEIS E PROFESIONAIS

Títeres **Alakrán**: *Pekeno kabaret de tolos*,

Galicreques, XVIIº Festival Internacional de Títeres

Artestudio (1): *Contos no ar*, texto e dirección Ramiro Neira.

Axóuxeres (1): *Véndese mula*, dirección Benito García Bolaño

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Axóuxeres (2): *A pousada*, adaptación da obra *Hotel sin co-estrellas* de Román Sarmentero, dirección Benito García Bolaño

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Títeres **Babaluva** (1): *Cama e conto*

Títeres **Babaluva** (2): *Marusia*, dirección Tatán

Ver Titirinoia

Bandullo Azul: *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, dirección Evaristo Calvo.

Ver Cultura no Camiño

Ver Festival de Clown de Lugo

Ver Laxe, VIIª Mostra de Outono de Teatro do Concello de

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Referencias varias:

- S. F., “Música y teatro centran el cartel en el Principal de A Estrada”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 478, 24 febreiro 2013, p. 7.

Infórmase da presentación que o edil da Estrada fixo da programación musical e teatral para cinco meses. Entre as postas en escena noméanse, entre outras para público

infantil, *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*, da Compañía Bandullo Azul.

- S. V., “La música de Linho do Cuco y el teatro de Bandullo Azul llegarán a Silleda”, *Diario de Pontevedra*, “Deza. Tabeirós”, 25 setembro 2013, p. 20.

Destaca que, dentro do programa teatral Cultura no Camiño de Silleda, a compañía Bandullo Azul escenificará a peza *A verdadeira historia de Robinson Crusoe e Venres*.

Baobab Teatro (1): *Babs*, texto Andrea Bayer, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Ver Bebesena

Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Ver Infantil & Familiar

Referencias varias:

- Belén López, “Os grupos galegos Baobab e Caramuxo soben hoxe ao escenario de Feten 2013”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 27 febreiro 2013, p. 58.

Dá conta do comezo da XXII Edición da Feira Europea de Artes Escénicas para Nenos e Nenas de Xixón (FETEN), organizada pola Fundación Municipal de Cultura, Educación e Universidade Popular en colaboración co Concello de Xixón. Salienta a participación das compañías Baobab e Caramuxo, coas montaxes *Babs* e *Pío*, respectivamente. Destaca da primeira a súa nominación aos Premios Max pola peza *Fíos*, de Andrea Bayer, e da segunda a elaboración dos monicreques por parte de Óscar Villán, merecente do Premio Nacional de Ilustración.

- P. Calveiro, “Teatro para despertar los sentidos desde la cuna”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 21 decembro 2013, p. L6.

En primeiro lugar coméntase que as salas de espectáculos de Compostela abriron o pano para o teatro destinado aos bebés. Dise que a primeira proposta é a de *Viaxe a Dadá*, un espectáculo para público de 0 a 3 anos de Teatro da Semente. A seguir, noméase *Cucu Haiku*, espectáculo visual e poético da compañía Miriñaque para nenos de 12 meses en diante. Finalmente infórmase que tamén se vai representar *Babs*, de Baobab Teatro. Tamén se di que Paula Carballeira contará *Conto de Nadal*. De todas as obras dáse un resumo do seu argumento e dinse os lugares nos que terán lugar, así como o seu prezo.

- X. V., “Cocinando entre amigos en la Navidad”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 24 decembro 2013, contracuberta.

Dá conta da representación de *Babs*, a cargo de Baobab Teatro no compostelán Teatro Principal. Explica que foi “unha experiencia mágica para los bebés y para su familia”.

Baobab Teatro (2): *Fíos*, texto Andrea Bayer, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer

Ver Colorín, Colorado

Referencias varias:

- S. F., “Música y teatro centran el cartel en el Principal de A Estrada”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 478, 24 febreiro 2013, p. 7.

Infórmase da presentación que o edil da Estrada fixo da programación musical e teatral para cinco meses. Entre as postas en escena noméanse, entre outras para público infantil, *Fíos*, de Baobab Teatro.

- S. F., “Música, teatro y arte marcarán el inicio del programa cultural de abril en A Estrada”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 515, 3 abril 2013, p. 7.

Fai referencia ao comezo do ciclo cultural de abril do Concello de A Estrada a partir da inauguración da exposición itinerante “Sexo na pedra”, na sala de Novagalicia Banco. Destaca entre outras actividades a montaxe de Baobab Teatro, *Fíos*.

Baobab Teatro (3): *Contos para un caldiño*, texto Andrea Bayer, dirección Óscar Ferreira e Andrea Bayer.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Contacontos con Baobab Teatro no Pazo da Cultura”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 549, 7 maio 2013, p. 7.

Informa que a compañía Baobab Teatro realizará dúas actividades englobadas na VIII Semana do Libro e a Lectura: unha sesión de contacontos intitulada “O soldadiño de chumbo”, dirixida a alumnado de Infantil, CRA e escolas unitarias de Carballo; e a escenificación de *Contos para un caldiño*.

Berrobambán Teatro: *Bicharada*, texto Cris F. e Chiqui Pereira, dirección Evaristo Calvo.

Referencias varias:

- N. M., “Elegante Elefante invita a los más pequeños a descubrir la magia del teatro en el Colón”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 12 outubro 2013, p. 14.

Infórmase da representación no teatro Colón do espectáculo *O forno de flor de Lis*, da compañía Elefante Elegante, que, en palabras da súa directora, pretende “remover las conciencias del público”. Destácase que é unha obra dirixida a amplo público que permite diferentes interpretacións segundo a idade do receptor. Tamén se anuncia, entre outros espectáculos noutras linguas, que Caramuxo Teatro representará *Mensaxe sen botella* e que Berrobambán poñerá en escena a fábula *Bicharada*.

Títeres **Cachirulo** (1): *A historia do Apalpador*, texto e dirección Jorge Rey.

Ver Nadal, Salceda de Caselas

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Ocio para el público familiar”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 decembro 2013, p. 28.

Dise que os máis pequenos poderán gozar dos espectáculos de monicreques *A historia do Apalpador*, de Títeres Cachirulo, na Fundación Autor, e *O príncipe e o parrulo*, de Eme2Producións&Arte, no Salón Teatro.

Títeres **Cachirulo** (2): *Alicia no País das Marabillas*, adaptación da obra de Lewis Carroll, texto e dirección Jorge Rey

Ver As Cancelas, I Festival de Títeres

Ver Carballiño, V Festival de Títeres

Ver Galicreques, XVIIº Festival Internacional de Títeres

Títeres **Cachirulo** (3): *Cu-cú, tas-tás*, texto de Carmen Domech e Jorge Rey, dirección Jorge Rey

Ver Galicreques, XVIIº Festival Internacional de Títeres

Títeres **Cachirulo** (4): *Pinocho*, adaptación da obra de Carlo Collodi, texto e dirección Jorge Rey

Ver As Cancelas, I Festival de Títeres

Ver Titeremarin

Referencias varias:

- P. Chapela Bamio, “Actuaciones de títeres en la Plaza do Reloxo en el festival ‘Titeremarin’”, *Diario de Pontevedra*, “Marín”, “O Morrazo”, 22 agosto 2013, p.13.

Informa do comezo do festival de monicreques en Marín, organizado por Unima e que durará tres días. Precisa que comezará coa representación de Títeres Cachirulo da peza *Pinocho* e, ao día seguinte, *Camiño de Aventuras*. Apunta que por último actuará Titeremarin con *Cantos contos contos*. Engade que tamén haberá unha exposición dedicada aos monicreques, aberta ao público até o 25 de agosto.

Caramuxo Teatro (1): *Mensaxe sen botella*, dirección Olga Margallo

Ver Infantil & Familiar

Referencias varias:

- N. M., “Elegante Elefante invita a los más pequeños a descubrir la magia del teatro en el Colón”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 12 outubro 2013, p. 14.

Infórmase da representación no teatro Colón do espectáculo *O forno de flor de Lis*, da compañía Elefante Elegante, que, en palabras da súa directora, pretende “remover las conciencias del público”. Destácase que é unha obra dirixida a amplo público que permite diferentes interpretacións segundo a idade do receptor. Tamén se anuncia, entre outros espectáculos noutras linguas, que Caramuxo Teatro representará *Mensaxe sen botella* e que Berrobambán poñerá en escena a fábula *Bicharada*.

- Ana Iglesias, “Propuestas de cultura y ocio para los peques”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 decembro 2013, p. 29.

Dá conta da axenda e propostas de cultura e ocio que poderán gozar os máis pequenos na Biblioteca Ánxel Casal, no Teatro Principal e no Recinto Feiral de Amio. Entre as actividades, está o espectáculo *Mensaxe sen botella*.

Caramuxo Teatro (2): *Pío*, dirección Juan Rodríguez e Laura Sarasola

Ver Domingos do Principal, Ciclo de Teatro Infantil de Pontevedra

Referencias varias:

- M. G. M., “Caramuxo participa por segundo ano consecutivo no Feten de Xixón”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 15 xaneiro 2013, p. 13.

Describe o espectáculo *Pío*, de Caramuxo Teatro, co gallo da súa participación no Feten de Xixón. Tras mencionar a autoría de Juan Rodríguez e Laura Sarasola e a subvención que lles outorgou a AGADIC e máis o Concello da Coruña, salienta o labor estético de Oscar Villán, merecente do Premio Nacional de Ilustración por *O coelliño branco* e *A cebra Camila*, e sintetiza a trama da presente montaxe. Sinala asemade a participación desta compañía no ciclo valisoletano “El Calderón en pañales” coas montaxes *Zapatos e Ñam!*, da que achega brevemente a súa trama.

- S. F., “Música y teatro centran el cartel en el Principal de A Estrada”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 478, 24 febreiro 2013, p. 7.

Infórmase da presentación que o edil da Estrada fixo da programación musical e teatral para cinco meses. Entre as postas en escena noméanse, entre outras para público infantil, como *Pío*, de Caramuxo Teatro.

- Belén López, “Os grupos galegos Baobab e Caramuxo soben hoxe ao escenario de Feten 2013”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 27 febreiro 2013, p. 58.

Dá conta do comezo da XXII Edición da Feira Europea de Artes Escénicas para Nenos e Nenas de Xixón (FETEN), organizada pola Fundación Municipal de Cultura, Educación e Universidade Popular en colaboración co Concello de Xixón. Salienta a participación das compañías Baobab e Caramuxo, coas montaxes *Babs* e *Pío*, respectivamente. Destaca da primeira a súa nominación aos Premios Max pola peza *Fíos*, de Andrea Bayer, e da segunda a elaboración dos monicreques por parte de Óscar Villán, merecente do Premio Nacional de Ilustración.

- C. G., “A obra ‘Pío’ chega ao escenario de Bertamiráns”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 530, 18 abril 2013, p. 7.

Indica a representación da peza *Pío*, de Caramuxo Teatro, na Casa da Cultura de Bertamiráns, así como da montaxe anterior, *Ñam!*, da mesma compañía.

- M. G. M., “Las familias tienen una cita con la poesía visual en el Colón”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 27 outubro 2013, p. 16.

Infórmase de que a compañía Caramuxo Teatro vai representar *Mensaxe sen botella* no teatro Colón de A Coruña e ofrécese información sobre o argumento da obra.

Caramuxo Teatro (3): *Glub, glub*, texto e dirección Juan Rodríguez

Ver Bebés, Ciclo para

Caramuxo Teatro (4): *Ñam!*, texto e dirección Laura Sarasola e Juan Rodríguez

Ver Bebés, Ciclo para

Ver Fisterra, Outono Teatral

Ver Nadal, As Pontes

Referencias varias:

- M. G. M., “Caramuxo participa por segundo ano consecutivo no Feten de Xixón”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 15 xaneiro 2013, p. 13.

Describe o espectáculo *Pío*, de Caramuxo Teatro, co gallo da súa participación no Feten de Xixón. Tras mencionar a autoría de Juan Rodríguez e Laura Sarasola e a subvención que lles outorgou a AGADIC e máis o Concello da Coruña, salienta o labor estético de Oscar Villán, merecente do Premio Nacional de Ilustración por *O coelliño branco* e *A cebra Camila*, e sintetiza a trama da presente montaxe. Sinala asemade a participación desta compañía no ciclo valisoletano “El Calderón en pañales” coas montaxes *Zapatos* e *Ñam!*, da que achega brevemente a súa trama.

- ECG, “Caramuxo Teatro y ‘Ñam!’ para bebés en la Zona C”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 9 febreiro 2013, p. 29.

Fai referencia á montaxe *Ñam!* de Caramuxo Teatro na sala Zona C de Santiago, dirixida a bebés.

- C. G., “A obra ‘Pío’ chega ao escenario de Bertamiráns”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 530, 18 abril 2013, p. 7.

Indica a representación da peza *Pío*, de Caramuxo Teatro, na Casa da Cultura de Bertamiráns, así como da montaxe anterior, *Ñam!*, da mesma compañía.

Caramuxo Teatro (5): *Historia dunha semente*, texto e dirección Juan Rodríguez

Ver MOTI, Xª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Caramuxo Teatro (6): *Zapatos*, texto Juan Rodríguez Santiago, dirección Montse Piñón e Pepablo Patinho

Ver Bebés, Ciclo para

Ver Colorín, Colorado

Ver Núbeyes, I Festival das

Referencias varias:

- M. G. M., “Caramuxo participa por segundo ano consecutivo no Feten de Xixón”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 15 xaneiro 2013, p. 13.

Describe o espectáculo *Pío*, de Caramuxo Teatro, co gallo da súa participación no Feten de Xixón. Tras mencionar a autoría de Juan Rodríguez e Laura Sarasola e a subvención que lles outorgou a AGADIC e máis o Concello da Coruña, salienta o labor estético de Oscar Villán, merecente do Premio Nacional de Ilustración por *O coelliño branco* e *A cebra Camila*, e sintetiza a trama da presente montaxe. Sinala asemade a participación desta compañía no ciclo valisoletano “El Calderón en pañales” coas montaxes *Zapatos* e *Ñam!*, da que achega brevemente a súa trama.

- Camilo Franco, “As historias que contar aos bebés”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, “Vai por aí”, 31 xaneiro 2013, p. 6.

Alude á representación da montaxe *Zapatos*, de Caramuxo Teatro, na sala Zona C en Santiago de Compostela.

Circo Chosco: *Chosco voando!*

De Fábula: *Artello*, texto Rosa Hurtado e Santiago Montenegro, dirección Manuel Pombal

Ver María José Jove, IXº Festival de Títeres

Elefante Elegante (1): *Nuncabunga*, texto e dirección María Torres e Gonçalo Guerreiro.

Ver Brinca Gaiás

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Ver Manicómicos, XIIIº Festival Internacional de Teatro Cómico

Referencias varias:

- Camilo Franco, “As historias importantes”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Teatro”, “Crítica de teatro”, 5 abril 2013, p. 4.

Describe o espectáculo cómico *Nuncabunga*, da compañía Elefante Elegante, co gallo da súa posta en escena no teatro. Comenta as principais liñas temáticas da trama desta “comedia sen palabras” contada baixo os movementos dos pallasos e as actitudes pícaras e destaca a súa sinxeleza formal e naturalidade.

- A. I. S., “Elegante Elefante en dos sesiones de ‘Brinca Gaiás’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 maio 2013, p. 34.

Dáse noticia de que se celebra hoxe, na Cidade da Cultura, a presentación desta obra.

- MF Vieites, “Nuncabunga”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 452, “Teatro”, 4 abril 2013, p. VIII.

Dá conta da peza visual *Nuncabunga*, da compañía Elefante Elegante, co gallo de ser merecente dun galardón nos Premios María Casares 2013. Indica que é “teatro visual” dedicado a público familiar e reflexiona sobre as políticas teatrais, o teatro afeccionado, o teatro escolar e para a infancia e xuventude, a autonomía do público, a organización teatral dunha programación específica.

- M. B., “Unha historia á beira do mar”, *Diario de Pontevedra*, “MiniDiario”, n.º 408, “2. Reportaxe”, 24 novembro 2013, p. 2.

Infórmase da asistencia de case tres mil escolares de diferentes colexios de Pontevedra e a súa comarca á representación de *Nuncabunga*, da compañía Elefante Elegante, que mereceu o Premio María Casares ao mellor espectáculo. Destácase da representación a expectación dos asistentes, así como o feito de ser “unha obra sen palabras” coa que aprender “valores como o respecto e o saber compartir e convivir”.

Elefante Elegante (2): *O forno de flor de Lis*

Referencias varias:

- N. M., “Elegante Elefante invita a los más pequeños a descubrir la magia del teatro en el Colón”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 12 outubro 2013, p. 14.

Alude á programación infantil que se levou a cabo no teatro Colón na Coruña, entre a que se atopa a representación d’*O forno de flor de Lis*, coa que se pretende suscitar unha conciencia ambiental e dar lugar a diversas interpretacións dependendo da idade dos espectadores. Tamén destaca que Caramuxo Teatro presenta *Mensaxe sen botella*, ademais de sinalar que esta compañía ten preparadas para este outono pezas como *Bicharada*, que versa sobre a necesidade de aprender a convivir.

Elefante Elegante (3): *O aviador*, texto Gonçalo Guerreiro e María Torres

Elefante Elegante (4): *Tristán, cara de Can*, texto François Kah, Gonçalo Guerreiro, Helene Gilbert e María Torres; dirección Gonçalo Guerreiro.

Expresión Producións: *Uxío no país de Patadecabra*, dirección Marina López e Manuel Solla.

Ver Cambados, Ciclo de Teatro Infantil de

Referencias varias:

- Suso Souto, “O centro cultural de Muros acolle durante este Nadal tres espectáculos teatrais”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 772, 17 decembro 2013, p. 5.

Dáse noticia da representación de tres obras no concello de Muros que renden homenaxe a Vidal Bolaño: *O capricho do teatro. RVB*, d’Os Quinquilláns; o espectáculo infantil *Uxío no país de Patadecabra*, a cargo de Expresión producións; e *BailadELAS*, de Teatro Antroido. Infórmase que as dúas primeiras obras están incluídas na programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Títeres **Falcatrúa:** *O espírito do bosque*, texto e dirección Esteban Losada

Referencias varias:

- M. V., “Títeres para toda a familia”, *La Región*, “Ciudad”, “Festas de Ourense - 2013”, 23 xuño 2013, p. 16.

Anúnciase que, no marco das festas de Ourense, o grupo Falcatrúa vai ofrecer o espectáculo de títeres *O espírito do bosque*, destinado ao público infantil. Coméntase o argumento da obra, destacando a súa temática ecoloxista.

Fantoques Baj (1): *Rei, rei?*, texto de Karel Kapeck, dirección Inacio Vilariño

Ver MIT, XXIXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Ver Titirinoia

Fantoques Baj (2): *Fábula galénica*, texto e dirección Inacio Vilariño

Ver María José Jove, IXº Festival de Títeres

Ver MIT, XXIXª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

Referencias varias:

- ECG, “Teatro para bebés, títeres y cuentos para los fines de semana en familia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 12 xaneiro 2013, p. 24.

Comenta a presentación da programación infantil de teatro da cidade santiaguesa, a partir das montaxes de Caramuxo Teatro, *Glub, Glub, Zapatos* e *Ñam!*, por parte do edil de Cultura, Ángel Currás. Remata cunha referencia ás montaxes *Lume*, da compañía Babaluva, e *A fábula galénica*, de Fantoques Baj.

- S. C., “Títeres para os máis pequenos este domingo coa ‘Fábula galénica’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 abril 2013, p. 28.

Fai referencia á representación da peza infantil *Fabula galénica* no Teatro Principal de Santiago e comenta de xeito conciso os aspectos da narración e a trama.

- ECG, “Función de títeres en el Principal”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 8 abril 2013, p. 16.

Alude á representación da peza infantil *A fábula galénica*, de Fantoques Baj, no Teatro Principal de Santiago de Compostela e salienta o xeito en que a peza vén narrada.

Fantoques Baj (3): *As pombas do Carboeiro*, texto e dirección Inacio Vilariño

Ver FalaRedes

Ver Verán na rúa

Ver Ponteteatro

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Ver Titirinoia

Ver Verán na rúa (Santiago de Compostela)

Referencias varias:

- J. M. R./ S. F., “Teatro, música e poesía para enxalzar a lingua”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 518, 6 abril 2013, p. 7.

Dá conta da inauguración do programa “falaRedes” de Vedra a partires da presentación da xira oficial da peza *As pombas de Carboeiro*. Subliña a presenza no acto do secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, o alcalde Carlos Martínez Carrillo e o director da compañía Fantoques Bach, Inacio Vilariño. Doutra banda, comenta o lanzamento en Muxía do I Premio de Poesía Gonzalo López Abente.

- A. Ferreira, “Teatro en el auditorio municipal de O Rosal”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana/Redondela / Baixo Miño”, 2 maio 2013, p. 15.

Anúnciase a presentación desta obra no Auditorio do Rosal.

- Ana Iglesias, “Espectáculos para animar calles y plazas durante agosto”, *El Correo Gallego*, 27 xullo 2013, p. 30.

Informa dunha iniciativa cultural que vai acontecer en Santiago de Compostela no mes de agosto e parte de setembro: a segunda edición de “Verán na rúa”, onde dezasete compañías levarán á rúa e ás prazas de Compostela os seus espectáculos de circo, monicreques, teatro, contacontos etc Explica que virán compañías chegadas de distintos lugares de España e outras de fóra, caso de Rudi Dudi (Bélxica) e Djuggledy (Alemaña). Precísase que comezará o 6 de agosto e que ofrece espectáculos todos os días en seis espazos abertos: a Alameda e as prazas de San Martiño Pinario, Toural, Praterías, Quintana e Cervantes. Apúntase que remata coa representación *Crebanoces*, por parte de Monicreques Babaluva co acompañamento da Banda Municipal de Música, o 13 de setembro na praza da Quintana.

- ECG, “Verán na rúa’ llena de color las rúas y plazas santiaguesas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 agosto 2013, p. 23.

Despois de anunciar que as rúas de Santiago se enchen de color con programacións para os máis novos, cítase a representación desta obra.

- C. G., “As pombas de Carboeiro’ luceu en Brión”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 726, 1 novembro 2013, p. 6.

Di que a obra *As Pombas de Carboeiro*, a cargo da compañía Fantoques Baj, foi representada en Brión e salienta o seu uso da técnica xaponesa do Kamishibai.

- Antón Ferreira, “FalaRedes lleva a Tui ‘As pombas do Carboeiro’”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 18 outubro 2013, p. 15.

Dise que *As pombas de Carboeiro*, de Fantoques Baj, é o espectáculo que o programa de Dinamización Lingüística FalaRedes levará ao Teatro Municipal de Tui en colaboración co concello. Dáse conta do argumento da obra e dise que Ignacio Vilariño e Benxamín Otero, en compañía dos membros da Banda de Música de Tui, serán os encargados de interpretar o espectáculo. Finalmente sinálase que o espectáculo vai dirixido a público familiar a partir de oito anos e indícase a hora da representación e o prezo.

- B. L., “O Concello renovará a aposta por Ponteatro o ano que vén”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 6 decembro 2013, p. 70.

Infórmase que *As pombas do Carboeiro*, de Fantoques Baj e *Curriculum vitae*, de Redrum Producións pecharán esta edición de Ponteatro, ciclo de representacións de teatro galego que se celebrará novamente o vindeiro ano.

Galitooon (1): *Golulá*, texto e dirección Andrea Bayer.

Gargallada Teatro: *Non me chames cariño se non o sintes*, texto e dirección Manuel Caramés

Ver Palas de Rei, XVIª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador de

Teatro dos **Ghazafellos** (1): *Contos para escagharriñarse*

Ver Fisterra, Outono Teatral

Referencias varias:

- R. Estévez, “Animación para todos en el teatro infantil de la Praza do Teucro”, *Diario de Pontevedra*, “Gente a diario”, 17 agosto 2013, p. 62.

Comenta a actuación de *Contos para escagharriñarse*, a cargo da compañía Ghazafellos e salienta o humor que entraña.

- J. M. R., “Misterio en forma de ‘Contos para escagharriñarse’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 752, 27 novembro 2013, p. 7.

Dá noticia da presentación de *Contos para escagharriñarse* a cargo de Teatro Ghazafellos, espectáculo conformado por tres historias de misterio que antano contaban os avós aos netos.

Teatro dos **Ghazafellos** (3): *Non é país para cabaleiros*

Ver Verán Cultural (Carballo)

Ver Teatro con G

Ver Verán Cultural (Carballo)

Referencias varias:

- J. M. R., “Ghazafellos trae al jardín carballés su último espectáculo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 649, 15 agosto 2013, p. 6.

Informa de que, no marco do ciclo "Verán cultural" organizado polo concello de Carballo e co apoio da Deputación da Coruña, terá lugar a representación ás 20h do día seguinte desta peza “picaresca con acrobacias y malabarismos”.

Teatro dos **Ghazafellos** (4): *O país dos mandóns*, texto Paloma Rodríguez e Cristina Justo.

Referencias varias:

- C. A., “Os Gazafellos fomentan la igualdad a través del teatro con 220 escolares ponteses”, *El Progreso*, “A Chaira”, 14 marzo 2013, p. 16.

Dá conta da representación dos contos *A igualdade conta*, *O país dos mandóns*, *O segredo de Flora* e *Urna dos desexos* -de Edicións Embora- da man da compañía Os Gazafellos, como parte do programa de actividades do Concello de As Pontes para conmemorar o Día da Muller Traballadora. Indica a organización do evento a cargo da Concellería de Servizos Sociais e o CIM e o labor de interpretación de Pepablo Patinho, Jorge Casas e Montse Piñón.

Glup Glup Teatro: *Catalina Lino Lina*

Ver Verán Cultural (Carballo)

Matapiollos (1): *Mario*

Matapiollos (2): *A rebelión do monicreque*

Ver Lugo, unha cidade de conto

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Lugo escribe su propio cuento”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 20 xullo 2013, p. 9.

Dáse a nova de que esta compañía abriu o programa de actividades “Unha cidade de conto” de Lugo con esta obra que se representou na Casa do Saber.

MatresKa Teatro: *O guiso*, dirección Mónica Sueiro.

Migallas Teatro (1): *Un avó especial*

Teatro do **Miolo** (1): *O Apalpador, unha visita inesperada*

Monicreques de **Kukas** (1): *O Kikirixote, aventuras e desventuras dun galo de curral*

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de

Os **Palimoquiños**: *Os miserables*

Referencias varias:

- Marta Becerra, “El aprendizaje que nunca termina”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 29 xuño 2013, pp. 12-13.

Dáse conta da representación no Auditorio de Fingoy.

Peter Punk (1): *A Chungatrona*

Ver FalaRedes

Ver Festival de Clown de Lugo

Ver MOTI, Xª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Referencias varias:

- ECG, “Diversión con las reflexiones del clown Peter Punk”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 agosto 2013, p. 25.

Fai referencia á posta en escena dun espectáculo na Praza da Quintana de Santiago de Compostela protagonizado por Peter Punk, quen reflexionará sobre a súa vida cotiá e o seu labor como humorista.

- G., “Peter Punk abriu os encontros no Pazo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 613, 10 xullo 2013, p. 6.

Dá conta da actuación de Peter Punk na apertura do festival Encontros Culturais no Pazo en Bertamiráns.

Peter Punk (2): *Peter Punk e o neno imperdible*, director Walter Velázquez

Ver FalaRedes

Referencias varias:

- M. M., “Peter Punk es el plato fuerte de hoy, pero habrá muchas más sorpresas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 23 novembro 2013.

Infórmase de que na xornada que terá lugar no Museo do Pobo Galego organizada pola Asociación Arela terá acollida, entre outras actividades, o espectáculo *Peter Punk e o neno imperdible*.

Grupo de Teatro **Pinchacarneiro**: *Os perseguidores de sonhos*, texto Lois Pérez

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Referencias varias:

- Marta Becerra “Todas las caras de la creatividad”, *El Progreso*, “El despertador”, 21 xuño 2013, p.15.

Anúnciase a posta en escena da obrano Auditorio ás 20.00 horas. Recóllese que a función foi presentada pola concelleira Ana González Abelleira, o presidente da fundación Anade José Colmenero e a delegada en Galicia da fundación, Ángeles Fernández Maira.

Pinga Teatro (2): *O bufón do reino*, texto e dirección Miguel Condal

Ver Nadal, Salceda de Caselas

Ver Poio, IVº Ciclo de Teatro

Semana dos Títeres e Teatro na Rúa (Cee)

Referencias varias:

- José M. Ramos, “Circo na rúa, música, títeres y teatro darán continuidad a la fiesta”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 647, 13 agosto 2013, p. 10.

Informa que o día 26 do mesmo mes comezará a Semana dos Títeres e Teatro na Rúa, cuxo programa inclúe: *Do, Re, Mi, Mozart xoga aquí*, de Títeres Cachirulo; *O bufón do reino*, de Pinga Teatro; e *O murmurio do mar*, da Xanela do Maxín.

Compañía **Pista Catro** Productora de Sonos: *Ringo Rango*, texto Pablo Reboleiro, Xabier Mera e Aitor Garuz, dirección Marcos Orsi e Rolando San Martín

Ver Faranduleando, Festival de Artes de Rúa

Os **Quinquilláns** (1): *O capricho do teatro*, adaptación da obra de Roberto Vidal Bolaño, dirección de Tero Rodríguez e Lucho Penabade

Ver Begonte, Iº Ciclo de Teatro de

Referencias varias:

- J. M. R., “Terra e historia na fortaleza de Vimianzo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 648, “Terra de soneira”, 14 agosto 2013, p. 5.

Dáse conta da representación desta compañía no castelo de Vimianzo.

- Suso Souto, “O centro cultural de Muros acolle durante este Nadal tres espectáculos teatrais”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 772, 17 decembro 2013, p. 5.

Dáse noticia da representación de tres obras no concello de Muros que renden homenaxe a Vidal Bolaño: *O capricho do teatro*. RVB, d’Os Quinquilláns; o espectáculo infantil *Uxío no país de Patadecabra*, a cargo de Expresión Producións; e *BailadELAS*, de Teatro Antroido. Infórmase que as dúas primeiras obras están incluídas na programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

Os **Quinquilláns** (2): Contos de Morgana e Artur

Ver Teo, VI Mes do Teatro de

Os **Quinquilláns** (3): *Merlín*, texto Lucho Penabade, dirección Tero Rodríguez e Lucho Penabade

Ver Teo, VI Mes do Teatro de

Raquel Queizás: *Cabaliño de pedra*, texto e dirección Raquel Queizás

Ver Cultura no Camiño

Santi Prego: *O teatro máis pequeno do mundo*

Sarabela Teatro: *A voar!*, adaptación da novela *Mi padre es un hombre pájaro* de David Almond, dirección Fina Calleja.

Referencias varias:

- F. D., “Música e teatro para honrar ó Patrón”, *La Región*, “San Bieito en Allariz”, “Programa cultural”, 10 xullo 2013, p. 2.

Dáse conta da programación das festas de San Bieito en Allariz. Entre outras actividades, anúnciase a posta en escena da obra *A voar!*, por Sarabela Teatro.

Títeres **Seisdedos** (1): *Varietés*

Referencias varias:

- M. Angueira, “La Vikinga otorga protagonismo a Xelmírez y Rey Romero con la presentación de dos libros”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 19 xullo 2013, p. 21.

Explica a programación da Romería Vikinga, na que, entre outras cousas, ten lugar a representación de *Varietés*.

- C. V., “Una horda vikinga tiñe de rojo las Torres de Oeste”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 5 agosto 2013, p. 12.

Indica que co gallo da celebración do desembarco viquingo de Catoira a compañía Seisdedos levará a esta romaría obra de monicreques *Varietés*.

Títeres **Seisdedos** (2): *O galo Quirico e os seus amigos*

Ver Verán na rúa (Santiago de Compostela)

Teatro da **Semente**: *Viaxe a Dadá*

Ver Infantil & Familiar

Referencias varias:

- P. Calveiro, “Teatro para despertar los sentidos desde la cuna”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, “Para todos los públicos”, 21 decembro 2013, p. L6.

En primeiro lugar coméntase que as salas de espectáculos de Compostela abriron o pano para o teatro destinado aos bebés. Dise que a primeira proposta é a de *Viaxe a Dadá*, un espectáculo para público de 0 a 3 anos de Teatro da Semente. A seguir, noméase *Cucu Haiku*, espectáculo visual e poético da compañía Miriñaque para nenos de 12 meses en diante. Finalmente infórmase que tamén se vai representar *Babs*, de Baobab Teatro. Tamén se di que Paula Carballeira contará *Conto de Nadal*. De todas as obras dáse un resumo do seu argumento e dinse os lugares nos que terán lugar, así como o seu prezo.

Os **Sete Magníficos + 1** (1): *Dous pallasos en máis apuros*, texto e dirección Carlo Colombaioni e Iván Prado.

Ver Cultura no Camiño

Ver Fisterra, Outono Teatral de

Ver Vila de Sarria, IIIª Semana de Teatro Cómico

Os **Sete Magníficos + 1** (2): *A historia de Brancaflor*, dirección Avelino González

Ver Cultura no Camiño

Ver MOTI, Xª Mostra de Teatro Infantil de Ourense

Sobre Rodas: *Sobre rodas*

Ver Manicómicos, XIIIº Festival Internacional de Teatro Cómico

Talía Teatro (1): *Valentino Rufini*, texto e dirección Roberto Salgueiro

Ver Ponteceso, XXº Ciclo de Teatro

Talía Teatro (2): *Mundos contados*, texto Marta Ríos, dirección Paula Carballeira

Ver Ponteceso, XXº Ciclo de Teatro

Talía Teatro (3): *Pequena*, texto e dirección Paula Carballeira

Ver Nadal, Gondomar

Referencias varias:

- C. B., “Talía Teatro presenta en Rois 'Pequena’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 549, 7 maio 2013, p. 6.

Dáse a nova de que esta compañía levou este espectáculo á biblioteca de Rois.

- M. T., “O centro cultural de Sigüeiro acollerá a obra de teatro 'Pequena’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 557, 15 maio 2013, p. 7.

Dá noticia da representación desta obra no Centro Cultural de Sigüeiro.

- Víctor Castro, “El Centro Cultural de Sigüeiro acoge la obra de teatro 'Pequena’”, *El Ideal Gallego*, “Área metropolitana”, “Atalaya mariñana”, 15 maio 2013, p. 20.

Dá noticia da representación, no Centro Cultural de Sigüeiro, desta obra da autora Paula Carballeira e representada por Marta Ríos.

- M. T., “Actuación de Talía Teatro con Pequena’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 560, 18 maio 2013, p. 6.

Dáse conta da representación no Centro Cultural de Sigüeiro.

- S. Souto, “Teatro, música, magia y arte llenan el programa navideño en Ribeira”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 769, 14 decembro 2013, p. 7.

Refírese ao programa de actividades culturais a desenvolver no período das vacacións de Nadal no concello de Ribeira. Entre elas atópanse concertos como o de Roi Casal, a representación de *Pequena*, a cargo de Talía Teatro, e outras moitas actividades como espectáculos de maxia.

- C. B./ M. G., “Apuesta por el teatro en Padrón y Noia como plato fuerte de la programación de otoño”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, 7 novembro 2013, p. 7.

Anúnciase que en Padrón se vai a representar *Pequena*, por Talía Teatro, entre outras para a público adulto.

Tanxarina Títeres (2): *Os Narigudos*, texto Terry Jones, dirección Cándido Pazó

Tanxarina Títeres (3): *Titiricircus*, texto e dirección Tanxarina

Ver Nadal, Gondomar

Ver Titirinoia

Referencias varias:

- Eva González, “El Teatro de Tui se consolida como referente del sur de Galicia en su nueva temporada”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área Metropolitana”, “Tui-O Rosal-A Guarda-Tomiño-Salceda de Caselas”, 24 marzo 2013, p. 16.

Comenta o acto de presentación da Axenda Cultural Corredoira, elaborada por Beti Rey, co gallo do décimo aniversario do Teatro Municipal de Tui. Destaca a presenza de diferentes personalidades, o labor de dirección de Miguel Alfaya á fronte do Teatro, os vindeiros eventos da Axenda -Festas de San Telmo, Feiras de Artesanía e do Libro e as diversas actividades da Sala de Exposicións Municipal e a Biblioteca Municipal- e o espectáculo *Titiricircus*, de Tanxarina Títeres, co gallo do trixésimo aniversario desta compañía. Remata cunha referencia á representación d’*A louca historia de Galicia*, a cargo do grupo teatral Fulano, Mengano e Citano.

- M. M., M. Gil e J. M. Ramos, “Obras de teatro para Ames, Boiro, Rianxo y A Laracha”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 739, 14 novembro 2013, p. 7.

Dá noticia das seguintes representacións: en Ames a obra infantil *Titiricircus*, de Tanxarina; en Rianxo *A filla de Woody Allen*, de Ibuprofeno Teatro; en Outes *Smoke City*, de Malasombra Produccións e destinada a un público xuvenil; e en A Laracha *Operación comedia (Misión Sapiens)*, de Malasombra Produccións, protagonizada por Xoque Carbajal, Jouse García, Xabier Deive, Marcos Orsi e Luis Iglesias.

Tanxarina Títeres (4): *Trogloditas*, dirección Evaristo Calvo

Referencias varias:

- Dolores Vázquez, “Culturgal medra en Pontevedra”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 29 novembro 2013, p. 5.

Informa de que nesta edición do Culturgal se representarán, para o público infantil, *Trogloditas* de Tanxarina Teatro; *RodariRodari*, *O Crebanoces*, 3, 2, 1... de Teatro Ghazafellos; *Contacontos Cientifícoso*, *Titiricleta*, *A familia Pindirico* de Dinamo Teatro; *O príncipe e o parrulo*, *O pan de millo* de Migallas Teatro; *Ímpreun* de Pistacatro; *Os tres tenedores*, *O gatuxo* de Magín Blanco; e *Xango* de Talía Teatro.

Os tres **TENEDORES**: *Ensalada de instrumentos*

Ver Cultura no Camiño

Tropicallo Títeres (1): *Jiñol*, texto Marian e Luís González, dirección Beatriz Sánchez

Ver Carballiño, V Festival de Títeres
Galiceques, XVIIº Festival Internacional de Títeres
Ver Infantil & Familiar
Ver Titirinoia

Tropicallo Títeres (2): *Osiño*, texto Marian González, Luís González, Sabela Amado, e Kevin Stewart, dirección Kevin Stewart

Ver Colorín, Colorado
Ver Infantil & Familiar
Ver Nadal, As Pontes

Referencias varias:

- S. N., “Teatro, cine y concierto de Nadal”, *La Región*, “Navidad en la comarca de Valdeorras”, “O Barco”, 21 decembro 2013, p. 85.

Na oferta teatral que terá lugar na programación navideña do Barco de Valdeorras, destácase *O Crebanoces*; *Osiño*, de Tropicallo Teatro, e *Vaya castaña*, do grupo Ris Ras Plas. Anúncianse as datas nas que terán lugar e os prezos das entradas.

Títeres **Tropicallo** (2): *O día que chegou unha nube e choveu*, texto Marian González e Luís González, dirección Luís González.

Galicreques, XVIIº Festival Internacional de Títeres
Ver Infantil & Familiar
Ver Nadal, As Pontes

Viravolta Títeres (3): *O galo Quirico e os seus amigos*, texto Bernardino Graña, literatura tradicional e Seisdedos.

Ver Titirinoia

Referencias varias:

- Alfonso Loño, “Silleda, el paraíso infantil”, *Faro de Vigo*, “Deza/Tabeirós”, 1 xullo 2013, p. 12.

Despois de referirse á traxectoria deste evento en Silleda, dáse conta da representación d’*O galo Quirico*.

- ECG, “El gallo Quirico e os seus amigos, en San Martiño”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 25 agosto 2013, p. 25.

Dáse conta de que a compañía Seisdedos presentará na praza de San Martiño Pinario esta obra inspirada na tradición e na obra de Bernardino Graña.

- E. C. G., “Más marionetas antes de decir adiós al verano”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 8 setembro 2013, p. 24.

Díse que os máis pequenos poderán gozar en San Martiño Pinario do espectáculo de monicreques *O Galo Quirico*, da compañía Seisdedos. Coméntase que se trata dunha montaxe de monicreques e teatro de cartón con música interpretada polo acordeonista Carlos Quintá.

A Xanela do Maxín (1): *A Caixa de Nuk*

Ver Redondela, Memorial Juanjo Amoedo, XIIIº Festival Internacional de Títeres de Ver Titirinoia

A Xanela do Maxín (2): *A Pequena Lúa*, texto Celtia Figueiras de Luis Vallecillo, dirección Luis Vallecillo

VII. 3. 3. 3. 2. GRUPOS ESCOLARES, DE ASOCIACIONES E AGRUPACIONES VARIAS

Grupo **Atlántida** de Matamá: *Visións dun cego*

Hipócrita Teatro: *Unha historia con pau*, dirección Carlos Rebolo

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

Ver Fontevella, Ciclo de Teatro Afeccionado do Porriño

Mequetrefes: *Folie à trois (Paranoia Compartida)*,

Ver Buxiganga, Circuitos 2013

NNC Teatro: *Pim, pam, clown*, texto Tomás Afán, dirección Beatriz Méndez e Roi Méndez

Ver Teatrofilia, Xª Mostra de Teatro Amador

Navia Teatro Escola, *O meigo de Fisterra*, texto Paz Alonso, dirección Pablo Iriarte

Ver Palas de Rei, XIVª Mostra “Teatro no Camiño” de Teatro Amador de

Grupo **Teatro do Ar** do CPI de Panxón: *A comedia dos erros*, adaptación dunha obra de Shakespeare

Grupo **Teatro Vagalume** (1): *O club anti-machotes*

Grupo **Teatro Vagalume** (2): *Monsters Vs. Addams*

VII. 4. CÓMIC

VII. 4. 1. GALEGOS

Amil, Carlos (guión) e Manel **Cráneo** (debuxos), *A Fraga Milmañas*, A Coruña: Demo Editorial, [lectorado mozo], decembro 2013, 46 pp. (ISBN: 978-84-940349-7-8).

A Fraga Milmañas é unha serie de banda deseñada escrita por Carlos Amil (A Coruña, 1959) e debuxada por Manel Cráneo (A Coruña, 1973), que se publicou nas dúas etapas da revista *Golfinho* ao longo de cincuenta e tres entregas, das que agora se ofrece unha escolma. A serie arrinca dos contos e fábulas tradicionais ata chegar ao estilo das historietas autoconclusivas da “escola de Bruguera”, destacando o emprego exhaustivo da metalinguaxe, é dicir, “facer os personaxes conscientes de que viven nunha banda deseñada, e deixalos xogar cos recursos expresivos do medio”, tal e como se indica no mesmo volume. No espazo da Fraga Milmañas, os seus habitantes viven unha serie de aventuras nunha carreira permanente por cazar e comerse entre eles e incluso por papar as galiñas da granxa de Mingos. Entre eses habitantes, sobresaen a raposa Fonsa e a súa sombra, así como o lobo Ferocio, ao que todo lle acaba saíndo mal. No medio de tanta diversión e fantasía non se renuncia á crítica social e a capturar parte dos acontecementos dos últimos anos, entre os que sobresaen o afundimento do Prestige e a conseguinte marea negra. Toda esta serie de peripecias artéllanse en viñetas que varían a súa escala e que funcionan, ás veces, sen texto e prescindendo de bordos, fundíndose co branco da páxina. Empréganse recursos como os puntos de vista, encadres, onomatopeas, siluetas etc., aínda que o estilo é pouco sofisticado, tanto na sumaria caracterización dos personaxes e a conflitiva integración cos fondos, en ocasións, demasiado detallados, como na resolución das sucesivas escenas, salientando as oníricas pola súa maior orixinalidade formal e fantasía gráfica.

Fernández Serrano, Jacobo, *Marcopola a illa remeira 2. Os piratas da Lúa*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, [lectorado autónomo], maio 2013, 54 pp. (ISBN: 978-84-9914-508-2).

Nova entrega das aventuras da illa remeira Marcopola, deseñada por Jacobo Fernández Serrano (Vigo, 1971). Nesta ocasión Marcopola, en compañía do oso Libro, descobre nunha das súas praias o cofre dun tesouro que garda no interior unha carta cunhas directrices para iniciar unha nova aventura. Marcopola e Libro fan o que na carta, asinada por “A Lúa Pirata” se indica de xeito que se ven envoltos nunha aventura de piratas. E compañía de Lúa, a capitá do Noite Estrelecida, a tripulación deste barco (Rubio, Cairos, Anteface, Linguafora, Bigotudo e Mirón) e o tío de Lúa, o capitán Pistridín, terán que enfrontarse ao almirante Cobreguiña e á súa tripulación nunha loita que rematará coa vitoria de Marcopola, Libro e os seus novos amigos e cunha gran festa de celebración. Remata a historia co anuncio dunha próxima aventura, titulada *Dragoneta*, na que a serpe Demoneta, que aparecera na primeira entrega das aventuras de Marcopola, semella ser a protagonista. Na imaxe da cuberta xa se advirte a compoñente humorística deste cómic no que o autor debuxa unha lúa sorrinte cun parche pirata nun ollo. É unha historia fantástica na que se dotan a obxectos e animais

de vida e comportamentos humanos. Os debuxos son estilizados, teñen tintas planas de cores e sen intencións volumétricas. As viñetas seguen un estilo clásico de disposición ortogonal.

Recensións:

- Paula Fernández, “Atípicas correntes”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 467, “Libros”, 5 setembro 2013, p. VI/ “Atípicas, ocorrentes”, *La Opinión*, “Saberes”, “Letras galegas”, n.º 419, 14 setembro 2013, p. 10.

Fala do volume *Os piratas da lúa*, de Jacobo Fernández Serrano, o cal conforma a segunda entrega das peripecias da illa Marcopola coa que Xerais comezou a súa colección “Merlín cómic”. Indica a súa idoneidade para primeiros lectores de banda deseñada e comenta brevemente o argumento. Para rematar, salienta o estilo do seu autor, facendo fincapé na súa sinxeleza, humor, modernidade e, especialmente, no seu carácter sorprendente.

Referencias varias:

- Jacobo Fernández Serrano, “Os piratas da Lúa”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 29 xuño 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Marcopola a illa remeira 2. Os piratas da Lúa*, escrita e ilustrada por Jacobo Fernández Serrano.

López Poy, Manolo e Miguel **Fernández**, *Os días do cometa*. A Coruña: Demo Editorial, [mocidade e para adultos], 2013, 96 pp. (ISBN: 978-84-940349-4-7).

Novela gráfica de xénero negro con guión de Manolo López Poy e debuxos de Miguel Fernández, na que por vez primeira saen a relucir na banda deseñada os ambientes de tráfico de droga e clubs nocturnos dos ámbitos rural e periurbano galegos. A mediados dos anos oitenta, coincidindo co paso do cometa *Halley*, un grupo de amigos volve reencontrarse despois dun tempo, aínda que unha serie de sucesos violentos remata coas relacións destes amigos inmersos nun mundo de negocios turbios. Ninguén se libera de cumprir o seu papel nunha serie de acontecementos nos que a violencia, incluída a de xénero, o crime, tráfico de brancas, a corrupción, a drogadicción etc. asumen un protagonismo central. Esta historia de crime repleta de referencias á década dos oitenta, sen a mínima compoñente nostálgica, sobresa polas súas altas doses de verosimilitude, á vez que o grafismo claroescuro que transita entre o naturalismo e o expresionismo no tratamento da acción tamén se circunscribe aos límites do xénero.

Recensións:

- R. Santamarta, “Nunhas horas de violencia”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, “Cómic”, 29 xuño 2013, pp. 8-9.

Coméntase que a última obra de Manolo López Roy como guionista e Miguel Fernández como debuxante é unha historia de vinganza, drogas, clubs de alterne e un cometa. Apúntase que, ilustrada por un debuxo escuro e denso, conforma un relato negro que “obriga a estar en permanente alerta”.

Referencias varias:

- N. Mirás, “Xogamos cos *flashbacks* para enganchar e entreter ao lector”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 23 marzo 2013, contracuberta.

Alude á presentación na librería Komic de Santiago do álbum ilustrado *Os días do cometa*, da autoría de Manolo López Poy e Miguel Fernández, e editado por Manel Cráneo.

Sesar, Gemma (textos), Ramón **Marcos** (debuxos) e Jorge **Castelli** (cor), *Os perigos de Internet*, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado autónomo], 2013, 15 pp. (DL: C 1511-2013). ■

Cómic centrado no uso das redes sociais na actualidade e que se detén na difusión indiscriminada de imaxes persoais de nenos e nenas menores de idade sen autorización dos seus pais e nais, a desprotección da intimidade dos menores, os comportamentos case aditivos ás redes sociais e a importancia destas nas relacións entre a poboación adolescente e como elemento perturbador da convivencia familiar. Nel cóntase como un rapaz e unha rapaza adolescentes fan uso das redes sociais case vinte e catro horas ao día deixándose levar en numerosas ocasións polas opinións dos seus compañeiros da escola. Contactan, a través das redes, con persoas descoñecidas; envíanlles fotos espídeos e intercambian información persoal, mentíndolles aos seus proxenitores. Os propios protagonistas son enganados e acaban pagando as consecuencias dos seus actos. Para a resolución do conflito deben intervir finalmente tanto os pais e nais como a policía. Este volume pode descargarse en pdf dende <http://anpariotella.blogspot.com.es/2013/09/comic-os-perigos-de-internet.html>.

Referencias varias:

- C. V., “Traballo y Valedor promueven el uso seguro de las nuevas tecnologías con un cómic”, *Faro de Vigo*, “Galicia”, 10 setembro 2013, p. 20.

Detense no traballo realizado polo Valedor do Pobo xunto coa Consellería de Traballo e Benestar. Dise que realizaron un cómic dirixido aos adolescentes co fin de informalos e advertilos sobre os perigos de internet e as ameazas reais que existen. Tamén se comenta que pretenden implicar os pais nesta tarefa de concienciación.

- Concha Carrón, “Un cómic alerta a los jóvenes del mal uso de redes sociales”, *La Región*, “Sociedad”, 10 setembro 2013, p. 52.

Infórmase da publicación dun cómic educativo para informar a mocidade sobre os perigos de internet. Dise que é da autoría de Gemma Sesar e Ramón Marcos e que analiza o ciberacoso buscando que tanto os mozos e mozas coma os pais e nais se sintan identificados e así alertalos fronte este perigo. Coméntase que a editorial El Patito se

encargará de distribuír 30.000 exemplares nos centros de Educación Secundaria e na rede de entidades xuvenís da Xunta de Galicia.

- Rosa Dans, “Un cómic xuvenil que fomenta o bo uso de Internet e das redes sociais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 10 setembro 2013, p. 40.

Fálase do labor do Valedor do Pobo e da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia na prevención do uso de internet entre os adolescentes. Dise que se empregará nas escolas coa finalidade de concienciar os máis novos sobre os perigos de internet e o posíbel ciberacoso.

- P. L., “Os perigos de Internet”, *Diario de Pontevedra*, “viviraQuí!”, 10 setembro 2013, contracuberta.

Dá conta da aparición dun novo cómic que axuda os rapaces e rapazas a coñecer os perigos do uso de Internet sen ningún tipo de control. Lémbrense quen son os seus autores: Genma Sesar, Ramón Marcos e Jorge Castelli.

Silva, Kiko da, *Fiz. O neno máis porco do mundo*, Pontevedra: Retranca Editora, col. Cacola, n.º 1, [lectorado autónomo], 2013, 69 pp. (ISBN: 978-84-941632-1-0).

Cómic de Kiko da Silva (Vigo, 1979) que acolle varias historias relacionadas coas cacas e cos mocos dos protagonistas: o personaxe principal, Fiz, un neno de tres anos; Puri, a rapaza namorada del; Cano, o dono do quiosco, e Biosbardo, o amigo moco imaxinario de Fiz. As diferentes historias presentan con humor aspectos relacionados coa vida do pequeno protagonsita, tales como a caída dos dentes, a chegada de Papa Noel, o momento do baño, o namoramento, as enfermidades e as situacións imaxinarias. Todas as accións están relacionadas cos mocos e excrementos do personaxe principal, pois Fiz é un neno a quen lle gusta comer os mocos, facer carreiras con eles, pintar cadros... ademais de pisar as cacas da rúa e darlle de comer ao retrete.

Tobaruela, Pere, *O encanto da pedra chá*, ilustr. Daniel Xove, A Coruña: Everest Galicia, col. Rañaceos, a partir de 8 anos, febreiro 2013, [45] pp. (ISBN: 978-84-403-1222-8).

Cómic de ciencia ficción de Pere Tobaruela (Barcelona, 1965), dedicado A Rosalía e a todas as mulleres de Galicia que, dende o seu anonimato, son “os alicerces do noso país”. Nel faise referencia a un poema de Rosalía de Castro no que un nobre cabaleiro enfeitiza unha rapaza con riquezas terreaís. Os protagonistas do cómic, Luía, Xela e mais Bieito, son os que contan a historia por medio dos seus diálogos. Todo comeza cando os protagonistas visitan unha antiga posesión familiar cunha gran casa en desuso. Nun cuarto da vivenda atopan unha lápida cunha inscrición na que se pode ler un anaco do poema de Rosalía: “Coma ti, mal tesouro que aquí gardou o mouro e que a cobiza gaba, son os encantos todos terreaís. A tan grandes praceres, tan grandes males”. Ao carón da lápida, hai unha porta que agocha un mundo misterioso e aparentemente silandeiro. Cando atravesan a porta están mortos de medo e non saben onde se atopan. Un home engánaos e trata de que beban dunhas copas, pero todo é unha trampa para acabar con eles. Luía consegue escapar e atópase co seu avó e explícalle que Xela e

Bieito corren perigo. O avó dille que pode fuxir ou enfrontarse a el para axudar os seus amigos. Luía decide enfrontarse e remata bebendo da copa. Ao final resulta que a historia foi todo un soño. Péchase cun colofón no que se precisa que “inaugura a serie de banda deseñada” e que se rematouse de imprimir “o 24 de febreiro, Día de Rosalía”. As ilustracións da autoría de Daniel Xove ofrecen un ambiente onírico e a trama resulta complementada pola concepción gráfica. Xoga con todos os rexistros para crear unha atmosfera inqueda que remata con notas de pesadelo. Usa as cores branca, negra e gris nas escenas nocturnas, animándose con outras no clímax da acción, sempre mediante contrastes crus, a xogo co uso das onomatopeas. A articulación das viñetas é moi libre, tanto en escala como en relación aos fondos, chegando a ocupar unha páxina enteira ou incluso carecer de bordos, pero sempre xustificada no desenvolvemento da trama. En cambio, fronte a esta sofisticación de recursos, o trazado das figuras resulta máis ben parco, e a caracterización dos personaxes é sumaria.

Recensións:

- Paula Fernández, “B.D. Rosalía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 466, “Libros”, 11 xullo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, “*Letras galegas*”, n.º 418, 13 xullo 2013, p. 6.

Explica que este cómic de Pere Tobaruela e Daniel Xove nace dun poema de Rosalía de Castro. Apunta que, a través dunha viaxe fantástica, consegue unir o Rexurdimento galego coa banda deseñada cun resultado didáctico, divulgativo, divertido e agradábel que leva á autora de *Cantares Gallegos* á realidade social do século XXI e da banda deseñada.

Vilariño Sanmartín, Inacio (guión) e Iván **Suárez** (debuxos), *Máis alá!*, A Coruña: Demo Editorial, col. Castelao, n.º 3, [mocidade], maio 2013, 62 pp. (ISBN: 978-84-940349-5-4).

Despois da entrega d’*O pobre tolo e Titoán*, sae á luz o terceiro volume da serie “Castelao”, coa que se quere ofrecer unha aproximación máis humana que simbólica, mítica ou académica a Afonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950), asentada no rigor histórico e na riqueza contextual e sen esquecer a pulsión onírica e humorística do seu legado. A través do guión de Inacio (Lalín, 1974) e o debuxo en branco e negro de Iván (Santiago, 1973), neste terceiro volume titulado *Máis alá!*, refírese a estada de Castelao en París no ano 1921, por medio dunha bolsa de ampliación de estudos, que lle permitiu visitar museos e encontrarse co filósofo Bergson, o pintor Corredoira o músico Manuel Quiroga, entre outros. Foi este un momento moi importante para o seu ideario artístico e humano, pois na capital francesa entrou en contacto coa tradición cultural da vella Europa, así como con todo o máis anovador, especialmente, cunhas vangardas que el comprendeu máis alá do estético, na procura de mudanzas conceptuais de todo o establecido.

VV. AA., *A banda de Moebius*, Pontevedra: Retranca Editora, col. Cornelius, n.º 1, [mocidade e para adultos], agosto 2013, 56 pp. (ISBN: 978-84-941632-0-3). ■

Debaixo de “A banda de Moebius” están os nome de Ánxela López Pulpeiro, Alfonso Barreiro, Andrés Gil, Andrés Laxeira, Zé Nuno Fraga, Sabela Alonso, Álvaro Barrientos e Ángel Verísimo, alumnos do primeiro curso da Escola Profesional de Banda Deseñada e Ilustración O Garaxe Hermético. Neste volume recóllese o seu traballo fin de curso presentado en 2013 e supón os resultados dun exercicio que consistía na creación dun relato en banda deseñada a partir dunha idea común nacida da lectura do relato de Jorge Luis Borges, “O libro de Area”, pertencente á obra homónima. A partir de aí, cada un dos integrantes de “A banda de Moebius” produciu a súa creación apartándose do argumento borxiano e creando o seu propio argumento para ser contado na linguaxe da banda deseñada. O resultado concrétase en oito narracións, diversas é á vez homoxéneas, realizadas dende a concepción da trama, o seu desenvolvemento literario, o traslado a guión técnico, a concepción gráfica, o secuenciado, o viñetado, o story board, o debuxo, o entintado, o coloreado, os textos e a arte final.

VII. 4. 2. CÓMICS TRADUCIDOS OU VERSIONADOS

Ferri, Jean-Yves (guión), **Didier Conrad** (debuxos), **Thierry Mébarki**, **Murielle Leroi** e **Raphaël Delerue** (cor), *Astérix e os Pictos* (*Astérix chez les Pictes*, Les Éditions Albert René, 2013), n.º 35, trad. Isabel Soto e Xavier Senín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/Salvat, [lectorado mozo], outubro 2013, 48 pp. (ISBN: 978-84-9914-534-1 /DL: VG-567-2013).

Comeza co agradecemento de Albert Uderzo (Fismes, Marne, 1927), anterior debuxante dos álbums da colección clásica de Astérix, aos novos encargados desta nova entrega –Jean-Yves Ferri (1959) e Didier Conrad (Marsella, 1959)– por teren o valor e o talento de levar a cabo este novo álbum das aventuras de Astérix e Obélix. Tras nos situar no ano 50 a. C. e presentar a aldea gala, a única que resiste á ocupación romana da Galia, detállanse os elementos caracterizadores dos principais personaxes creados orixinariamente por René Goscinny (París, 1926-1977) e Albert Uderzo e que son: Astérix, Obélix, Panorámix, Asegurancetúrix e Abraracúrcix. En *Astérix e os Pictos* vemos como á praia da aldea gala chega accidentalmente e conxelado un picto chamado Mac Antela, procedente da distante Caledonia, a Escocia romana. Sabemos que Mac Antela fora traizoado por unha tribo rival, encabezada por Mac Abeo, co fin de controlar todas as tribos pictas. Daquela Astérix e Obélix viaxan xunto con Mac Antela ás terras pictas onde entran triunfalmente na aldea e alí Mac Antela reencontrárase coa súa familia. Durante a festa de reencontro descobre que Camomila, a namorada de Mac Antela, está en mans de Mac Abeo quen pronto se fará proclamar, co apoio dos romanos, rei dos pictos sendo Camomila a raíña. Entón Astérix e Obélix acompañan a Mac Antela e rescatan a Camomila e deteñen a proclamación de Mac Abeo como rei dos pictos. Así reencóntranse Mac Antela e Camomila e os pictos, grazas á axuda de Astérix e Obélix, derrotan os romanos.

Referencias varias:

- M. L., “Astérix y los pictos’ será el primer álbum sin dibujos de Uderzo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 outubro 2013, p. 33.

Fálase da última aventura da colección de Astérix, nesta ocasión a cargo de novos autores: o debuxante Didier Conrad e o guionista Jean-Yves Ferri.

Gallardo, Miguel e María, *María e mais eu* (*María y yo*, 2007), epílogo Amaia Hervas Zúñiga, trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado autónomo], Nadal 2013, [68] pp. (ISBN: 978-84-941109-9-3).

Cómic que relata unha das viaxes do propio ilustrador Miguel Gallardo (Barcelona), coa súa filla autista María, e interpreta os sentimentos da nena e o seu comportamento cara ás demais persoas. O autor explica cómo se comunica coa súa filla a partir dos seus debuxos, como unha maneira de entendela e que ela se sinta feliz coas aventuras que vive co seu pai. En toda a historia aparecen diferentes personaxes, que son presentados a partir da colocación do nome enriba do personaxe. O autor describe os pictogramas cos que María consegue ter unha estabilidade emocional e que emprega día tras día para a

estruturación e planificación das súas actividades. Tamén se presenta unha pequena guía moi sinxela ao final do cómic para recoñecer as características do comportamento de nenos con autismo. O estilo das imaxes é moi sinxelo e gráfico e presenta unha única cor, o vermello, así como recorda os trazos infantís mais cun certo realismo. O deseño das viñetas é múltiple e a narración visual é moi esquemática, mentres que a tipografía empregada está toda en maiúscula e é manual.

Giménez, Carlos, 36-39. *Malos tempos. Edición integral (36-39 Malos tiempos, 2007, 2008, 2009)*, trad. Isabel Soto, pról. Elena Vergara, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [mocidade e lectorado adulto], inverno 2013, 238 pp. (ISBN: 978-84-941109-0-0). ■

Ábrese o volume cun prólogo de Elena Vergara, quen destaca que, por vez primeira, se publican en galego os catro volumes que compoñen a serie completa de 36-39. *Malos tempos*, unha obra de Carlos Giménez, na que se documenta “de xeito excepcional” (p. 5) a vida cotiá da poboación española nos anos da Guerra Civil, “fixando para sempre na nosa memoria a tristura, a irracionalidade da guerra e a opresión, pero tamén a tenrura e a esperanza que sobreviven a pesar da escuridade que rodea os personaxes” (p. 6). A seguir reproducíase o texto que Giménez publicou como epílogo do terceiro volume de 36-39. *Malos Tempos*, no que, ademais de mostrarse agradecido ante aqueles que lle axudaron neste traballo, deixa manifesto que el non pode ser neutral ante a Guerra Civil como sinala ao dicir “Nestes álbums sobre a guerra de España -un conflito entre fascistas e demócratas, por dicilo rapidamente-, créanme, fixen tremendos esforzos por ser obxectivo, obxectivo! Que ninguén me pida que sexa neutral ante o fascismo” (p. 8). Nas catro entregas, a través do texto e as ilustracións figurativas de deseño clásico e estilo caricaturesco, recóllese unha crónica da realidade da España da Guerra Civil. Lonxe da visión de “guerra romántica”, amosa un retrato duns tempos convulsos mediante historias asentadas en feitos reais e poboadas polo medo, a fame, a crueldade dos bombardeos, o horror, a opresión... Mais alá do odio e fondas feridas que todo isto provoca, 36-39 *Malos tempos* é unha síntese da vida cotiá daqueles anos.

Sacco, Joe, *Palestina (Palestine)*, Fantagraphics Bookas, Seattle, 2001), prefacio do autor, trad. do inglés Rafael Salgueiro, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Novela gráfica, n.º 5, [lectorado mozo], 2013, 285 pp. (ISBN: 978-84-92866-48-9). ■

Esta banda deseñada de Joe Sacco (Malta, 1960) está realizada a tinta en branco e negro. As viñetas, as cartelas e os bocadillos cos textos non seguen unha disposición ortogonal senón que xogan con diferentes inclinacións achegando un maior dinamismo á composición das páxinas. A intensidade da historia narrada, de corte dramático, apréciase nas expresións dos personaxes, que reflicten dor, medo, decisión, amargura etc. complementando uns textos comprometidos coa causa palestina. Todo parte das vivencias de Sacco durante o inverno dos anos 1991 e 1992, con algunha volta atrás, na guerra do Golfo en Palestina. Os debuxos son figurativos e teñen moitos detalles dos escenarios, os obxectos, as roupas e os enseres das casas pero cun estilo sinxelo que se achega á caricatura.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Excelencia e compromiso en BD”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 519, “Letras en galego”, 25 maio 2013, p. 8.

Dá conta de dúas novelas gráficas en lingua galega, editadas pola editorial Rinoceronte en banda deseñada. Indícase que se trata de dúas pezas de Joe Sacco traducidas ao galego por Rafael Salgueiro. Apúntase que a obra de Sacco, “en harmonía entre a práctica literaria e a artística”, é unha mestura de crónica xornalista e libro de viaxes con altas doses de denuncia e de crítica. Explicase que a primeira das obras, *Palestina*, que nace das experiencias vividas por Sacco a principios dos anos noventa nos territorios ocupados, e que conta cun prólogo de Edward W. Said (profesor de Literatura inglesa e Literatura Contemporánea da Universidade de Columbia), é unha banda deseñada elaborada con rigor obxectivo e en clave biográfica que retrata a violencia e o sufrimento das vítimas e que foi galardoada co American Book Award no ano 1996. Na mesma liña preséntase *Gorazde, zona segura*, novela gráfica, con prólogo de Christopher Hitchens e galardoada co Will Eisner no ano 2001, que retrata a situación de asedio e de esperanza vivida pola poboación, maioritariamente musulmá, da vila de Gorazde, territorio situado no conflito dos Balcáns na década dos noventa. Precísase que se trata dunha poboación que decidiu non abandonar a súa vila mentres no resto da Bosnia oriental “se realizaba unha brutal e sanguinaria depuración da poboación que non era serbia”.

- Héitor Mera, “Sen proselitismos”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 465, “Libros”, 4 xullo 2013, p. X/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 417, “Letras galegas”, 6 xullo 2013, p. 10.

Infórmase da segunda das novelas gráficas de Joe Sacco editadas por Rinoceronte. *Palestina*, unha obra escrita en clave autobiográfica e obxectiva que expón, con certa distancia e sorpresa, a situación de israelís e palestinos sen intención polarizada. Unha lectura de denuncia e de crítica.

- Carlos Redondo Sánchez, “Dous fitos do cómic-xornalismo *freelance*”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 81-82.

Ofrécese unha recensión das obras do xornalista e debuxante Joe Sacco, *Palestina* e *Gorazde, zona segura*. Sinálase que na primeira o autor relata a súa visita a esta rexión, describindo as múltiples facetas do conflito israelopalestino a través dunha serie de testemuños. Apúntase que a estrutura da obra está a medio camiño entre o diario de viaxe e a crónica xornalística. Saliéntase que a segunda obra constitúe unha novela gráfica que recrea o asedio serbio a este enclave do oriente bosníaco, reconstruíndo o sufrimento da poboación a través dos testemuños das xentes do lugar. Por último, destácase a concorrencia do xornalismo, coa hibridación de xéneros e de formas, e a banda deseñada, para elaborar un discurso xornalístico alternativo ao tradicional e producir novelas gráficas de carácter divulgativo.

Sesar, Gemma (textos), Ramón **Marcos** (debuxos) e Jorge **Castelli** (cor), *Vida de nai. I: O inverno (Vida de madre, 2013)*, trad. Isabel Soto, Santiago de Compostela: El Patito Editorial, [lectorado mozo], agosto 2013, 69 pp. (ISBN: 978-84-941109-8-6).

Gemma Sesar (Santiago de Compostela, A Coruña) explica no prólogo os motivos para escribir esta obra, que tivo a súa orixe, en 2010, nun blog no que recollía as súas sensacións e sentimentos sobre a maternidade. Sinala tamén que, tras reunirse con outras persoas para que a axudasen, decidiu escribir este cómic sobre a súa vida tanto familiar coma profesional. A historia xira, pois, ao redor da vida diaria, na que priman as responsabilidades de ser nai de familia, sobre todo en épocas de crise no tocante ao ámbito laboral. Malia a gran responsabilidade que conleva ter que ocuparse dos seus nenos de curta idade e a situación económica difícil, trata de avanzar profesionalmente no seu traballo para poder saír adiante. Ramón Marcos Ferreiro (Lugo, 1962) e Jorge Castelli (Bos Aires, 1956) acometen un cómic book, superando claramente a concepción de historieta infantil, pola densidade da trama e o trazado dos personaxes. Sen ter un nivel de iconicidade moi elevado, o conxunto presenta unha gran riqueza de matices, explotados con competencia gráfica. Así, a articulación en viñetas resulta flexíbel e os puntos de vista alternanse cun dinamismo que lembra o cinematográfico e privilexia o nivel ocular infantil; e as caracterizacións resultan animadas e verosímiles, dando entidade a uns personaxes que espertan empatía e interese. A cor, sen ser moi chamativa, está empleada de maneira funcional de acordo ás diversas escenas. A relación entre os debuxos e o guión tamén se mostra cómoda, complementándose sen estorbos nin redundancias, pois imaxe e palabra repártense con equidade os seus roles, aínda que a primeira actúe soa con soltura. O contraste puntual con algúns debuxos infantís inseridos actúa de modo orixinal como elemento sorpresa.

Referencias varias:

- Rubén Santamarta, “Empotrados a una heroína doméstica”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 533, “Cómic”, “Otras sugerencias”, 31 agosto 2013, p. 12.

Fálase do cómic *Vida de Madre*, onde se contan as aventuras que teñen as mulleres día a día tendo que ir ao traballo, coidando os fillos e ocupándose das tarefas do fogar. Dise que é da autoría de Gemma Sesar e Ramón Marcos.

- C. G., “Un cómic de El Patito Editorial aborda la vida actual de las madres trabajadoras”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 8 setembro 2013, p. 23.

Dise que este cómic, que aborda un tema de actualidade, forma parte dun proxecto que inclúe un documental e unha páxina web. Coméntase que os responsábeis do proxecto son Gemma Sesar, Ramón Marcos e Jorge Castelli.

- Ana Martínez, “Un cómic con sello gallego refleja la dificultad para conciliar la vida laboral y personal”, *Diario de Ferrol*, “Galicia”, 8 setembro 2013, p. 24/ *El Ideal Gallego*, “Galicia”, 8 setembro 2013, p. 47.

Indica que este cómic amosa a dificultade que supón a conciliación da vida laboral e persoal. Di que a obra naceu a raíz dun blog no que a propia autora plasmaba as súas vivencias e engade que a considerou como unha canle axeitada para recordar, co paso do tempo, os obstáculos do pasado.

- Ana Martínez, “Una supermadre de cómic”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 8 setembro 2013, p. 52.

Fala deste cómic no Gemma Sesar reflicte a dificultade que entraña a conciliación da vida laboral coa familiar. Comenta que o volume xurdiu a partir dun diario virtual da propia escritora e di que as ilustracións son da autoría de Ramón Marcos.

- A. Precedo/ I.C., “Madres de hoy”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de Vecinos”, 14 setembro 2013, contracuberta.

Informa da presentación que tivo lugar na librería Couceiro en Santiago de Compostela do libro *Vida de nai*, de Gemma Sesar. Tamén comenta que o ilustrador é Ramón Marcos e o colorista Jorge Castelli.

- Ana López, “Un cómic para as ‘supernais’”, *Diario de Pontevedra*, 18 outubro 2013, contracuberta.

Coméntase que o comezo dun blog rematou coa realización do cómic e coa publicación dun documental nunha páxina *web*. Sínálase que *Vida de nai* destaca polo realismo da trama e polos seus personaxes, aínda que tamén é de salientar a ilustración.

- Mariano Timoneda, “Gemma Sesar, de El Patito Editorial, hoy en ‘El sábado libro’”, *El Correo Gallego*, 14 decembro 2013, p. 52.

Informa da visita de Gemma Sesar a un programa de radio co propósito de presentar a súa novela *Vida de Madre* publicado na súa propia editorial.

VII. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

VII. 5. 1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Álvarez, Sandra, Carmen Ferreira e Marta Neira (eds.), *De la Literatura Infantil a la Promoción de la Lectura*, Madrid: CEU Ediciones, n.º 32, 21 novembro 2013, 203 pp. libro + 248 pp. CD. (ISBN: 978-84-15949-28-2).

Monografía con estudos e traballos en castelán, galego e portugués que analiza a relación entre o desenvolvemento da competencia literaria, a promoción do hábito lector e a estimulación da lectura recreativa e a Literatura Infantil e Xuvenil. No formato libro acolle catro partes: “Estudios”, “Reflexiones de autores”, “Formación de mediadores: recursos” e “Literatura infantil y juvenil/Promoción de la lectura/Prácticas educativas en distintas áreas del conocimiento”, onde se recollen os resumos dos vinte e un traballos que se ofrecen no CD. Os traballos que interesan para este *Informe* son:

- Blanca-Ana Roig Rechou, “Educación literaria, saberes y enciclopedia del mediador”, “Estudios”, pp. 29-48.

Tras uns breves apuntamentos sobre a lectura, expón o que entende por Educación literaria e Historia da Literatura. Defende a importancia que teñen na formación lectora as Historias da Literatura Infantil e Xuvenil. Repasa as dificultades que tivo a Literatura Infantil e Xuvenil para lograr recoñecemento e asentamento como sistema literario e salienta as dificultades que perviven na actualidade. Explica que este conxunto de reflexións as realiza coa intención de lembrar qué enciclopedia, qué coñecementos, son precisos para que, a partir dunha boa educación literaria, o mediador realice con oficio as súas funcións para tentar incidir na competencia lectora.

- Antonio García Teijeiro, “Experiencias e ferramentas educativas coa poesía”, “Estudios”, pp. 49-65.

Chama a atención sobre a necesidade de que a poesía entre nas aulas. Salienta a importancia da formación do mediador da lectura no seu papel decisivo no proceso de formación lectora, en especial como potenciador que contaxia o gusto pola lectura literaria e a palabra poética. Tamén ofrece pistas para percorrer o camiño poético cara á construción do gusto pola lectura literaria, describindo diferentes actividades, que se exemplifican con poemarios como *Cando o rei por aquí pasou* (1997), de Palmira G. Boullosa; *Quen son?* (2006), de Alicia Borrás; *Dona e Don* (2004), de Helena Villar e Xesús Rábade; *Mouchiño Mou* (2007), de Xoán Babarro; *Á sombra do lueiro de papel* (2007), *Lueiro de papel* (1995), *As palabras están a mirarse arredor da mesa* (2009) e *Na fogueira dos versos* (1996), do propio García Teijeiro; *Miña casa, meu lar* (2012), de Elsa Baluja; *Historias e algún percance todas ditas en romance* (1996), de Antón Cortizas; e *Xardín de inverno* (2012), de Leticia Costas.

- Fina Casalderrey, “Lembranzas dunha mestra e escritora”, “Reflexiones de autores”, pp. 129-137.

Fala da súa experiencia como mestra durante corenta anos e a importancia da Literatura Infantil e Xuvenil nese camiño. Lembra cando empezou a escribir e publicar con *Mutacións xenéticas* e conseguiu o Premio Merlín 1991 por *Dúas bágoas por Máquina*. Apunta os temas que tratou nalgúñas das súas narrativas: a soidade dos maiores (*Quen me quere adoptar?*), o alzheimer (*Eu son eu*), a morte (*O estanque dos parrulos pobres*), a discapacidade (*Ás de mosca para Anxo*), a violencia de xénero (*Xela volveuse vampira* e *Ola estúpido monstro peludo*), o racismo (*A lagoa das nenas mudas*) e a obesidade (*Gordíño recheo*).

- José António Gomes, “*Malasartes-Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude*”, “Formación de mediadores: recursos”, pp. 157-161.

Preséntase a historia, estrutura directiva e redactora, comité científico e o contido das diferentes seccións desta revista científica e de investigación portuguesa como instrumento esencial de apoio aos mediadores da lectura, xa que ofrece información crítica e de reflexión sobre libros infantís e xuvenís, promoción da lectura e educación literaria.

- Isabel Mociño González, “Literatura Infantil e Xuvenil e promoción da lectura. A educación literaria dos mediadores”, “Formación dos mediadores: recursos”, pp. 163-180.

Ofrécese unha achega á investigación en Literatura Infantil e Xuvenil galega, unha materia que foi relegada durante moito tempo a perspectivas teóricas provenientes do ámbito da pedagogía, da didáctica e cun enfoque eminentemente instrumental dos produtos dirixidos ao lectorado infantil e xuvenil, pensados para o ensino e a adquisición de destrezas, pero non como produtos estéticos que o educador debe coñecer para unha planificación de calidade da educación literaria. É por iso que neste traballo se repasan algúns dos resultados máis significativos acadados en Galicia durante as dúas últimas décadas a través dos traballos daqueles grupos e colectivos de investigación que teñen contribuído á elaboración de materiais cara á educación literaria, ferramentas fundamentais para os mediadores entre o libro e a lectura

- Eulalia Agrelo Costas, “Dúas metáforas contra a invisibilidade: *O meu nome é Skywalker* e *Fantasmas de luz*, de Agustín Fernández Paz”, “Literatura Infantil y Juvenil”, p. 183 do libro e pp. 7-18 do CD.

Despois de referir as liñas temáticas trazadas por Agustín Fernández Paz nas súas narracións, céntrase no comentario de *O meu nome é Skywalker* e *Fantasmas de luz*, nas que se recrea o proceso de invisibilidade padecido por todas aquelas persoas, que se ven condenadas á alienación social por seren vítimas das nefastas consecuencias do neoliberalismo. Explícase a súa xénese e apúntanse os seus aspectos máis relevantes, ademais de aludirse á estrutura e elementos compositivos da súa diéxese, remarcándose aqueles que adoitan incluírse no catálogo de “marcas da casa” que definen a escrita de Fernández Paz. Para levar a cabo esta análise, séguese, en certo modo, o fio argumental, o que permite apreciar a magnífica construción das súas tramas, nas que sobresaie o uso do binomio realidade e fantasía e a correcta administración da tensión. Tamén se apunta que nestas críticas a respecto das actitudes pouco éticas da sociedade actual, hai lugar para os soños e a esperanza.

- Mar Fernández Vázquez, “Los protagonistas supervivientes republicanos necesitan contar su testimonio de la Guerra Civil española”, “Literatura Infantil y Juvenil”, p. 186 do libro e pp. 47-56 do CD.

Comeza apuntando que este traballo é resultado do seu labor como colaboradora contratada no proxecto de investigación “La Guerra Civil española en la narrativa infantil y juvenil (1975-2008)”, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou da Universidade de Santiago de Compostela e financiado pola Xunta de Galicia (PGIDIT-INCITE09 214 089 PR). Aborda a representación do citado conflito bélico español, unha temática da que apunta que foi considerada tabú dende a ditadura franquista até hai poucos anos, por mor do medo e o temor que levaron ao silencio da poboación, “a causa de las trabas de la censura estatal y de las represiones sufridas por los partidarios de la República”. Incide na imaxe amosada da actuación do bando republicano durante a guerra e a posguerra en dúas novelas publicadas no ano 2008: *Zara y el librero de Bagdad*, de Fernando Marías, e *Duke*, de Manuel Quinto. Contrasta a actuación do bando republicano nestas novelas coa amosada noutras, tanto nas centradas no bando vencedor coma noutras, nas que os supervivientes republicanos lembran as súas vivencias. Remata apuntando que estas obras serven para traballar, nas aulas de ensino secundario e bacharelato, principalmente nas materias de Lengua y Literatura Castellana, Ciencias Sociais e Historia, valores como a tolerancia e o respecto á liberdade de pensamento.

- M^a del Carmen Ferreira Boo, “La reescritura ideológica de los cuentos de transmisión oral en la Literatura Infantil y Juvenil gallega (2000-2009)”, “Literatura Infantil y Juvenil”, pp. 57-69 CD-ROM.

Incide no valor pedagóxico dos contos de transmisión oral para a infancia e a xuventude e analiza algunhas reescrituras ideolóxicas destes contos publicadas entre 2000-2009 coas que se poden transmitir, inculcar e fomentar certos valores sociais positivos como a defensa do medio n’ *O sorriso de Claudia* (2007), de X. H. Ribadulla Corcón, e *Os gardiáns do bosque* (2006), de Agustín Fernández Paz; a igualdade de xéneros en *Vanesa non quere ser princesa* (2004), de Xosé A. Perozo, e *Nera, a ferreira* (2009), de Imelda Barrio Santamaría; os hábitos saudábeis en *No castelo de Marbel* (2009), de Bernardino Graña; a solidariedade en *¿Es ti o meu amigo?* (2007), de Magda Soldado e *Velliñas* (2009), de Charo Pita; e o respecto polas diferenzas e *Baldras, o xigante* (2009), de Iolanda Eiras.

- Vanessa Ferreira da Silva, “Un contar de histórias: a narrativa juvenil de Marcos Calveiro”, “Literatura Infantil y Juvenil”, p. 188 do libro e pp. 71-82 do CD.

Tras uns breves apuntamentos biográficos deste escritor, aborda os procedementos formais que emprega Calveiro na creación das súas obras xuvenís, *Sari, soñador de mares* (2006), *Rinocerontes e quimeras* (2007), *O carteiro de Bagdad* (2007) e *O cantos dos peixes* (2008), salientando a presenza constante do narrador de historias e o propio acto de contalas, que inciden na organización e desenvolvemento da trama ficcional e que analiza en *Sari, soñador de mares* (2006) e *O cantos dos peixes* (2008).

- Marta Neira Rodríguez, “A sombra descalza, de An Alfaya: unha práctica para a consideración de xénero”, “Prácticas educativas en distintas áreas del conocimiento”, p. 198 do libro e pp. 181-185 do CD.

Despois de lembrar a importancia de educar na igualdade de xénero e non discriminación nos diferentes niveis educativos, céntrase na novela publicada por Edicións Xerais de Galicia *A sombra descalza*, de An Alfanya. Considérase un bo exemplo para unha práctica cara a consideración de xénero e sinálanse algunhas das cuestións que, neste sentido, se poden abodar.

Beloso Neira, Loli, *Isaac Díaz Pardo para os nenos e as nenas*, limiar Xosé Neira Vilas, Finis Terrae Ediciones, ilustr. Rubén Calles Lijo, [lectorado autónomo], maio 2013, 15 pp. (ISBN: 978-84-941281-5-8).

Loli Beloso Neira é a responsábel desta biografía de Isaac Díaz Pardo (Santiago de Compostela, 1920-A Coruña, 2012) adaptada para a nenez galega e que dedica “Aos traballadores e traballadoras do Complexo Sargadelos que malia perder o seu traballo apoiaron e foron fieis a Isaac en todo momento. E un agarimo especial a Mimira, os seus fillos, María Xosé Castro, Teresita Reimúndez e moitas outras persoas que sempre, sempre, estiveron ao seu carón”. Despois da reprodución dun poema que o pai de Isaac escribiu para el no cárcere e dun texto de Xosé Neira Vilas, datado en abril de 2013, no que baixo o título “Loliña e Isaac” fala da relación deste con Dolores Beloso, faise un repaso polos aspectos máis destacados da vida e obra do polifacético artista nos breves capítulos titulados “A vida de Isaac Díaz Pardo. O seu nacemento”, “Toda a familia trasládase a Madrid”, “Comeza a Guerra Civil”, “Isaac quería ser arquitecto”, “De pintor a ceramista”, “Unha marabillosa compañeira para Isaac”, “Isaac editor”, “Isaac deseñador”, “Ilustrador”, “Revive Sargadelos”, “Galerías”, “O Museo Galego de Arte Contemporánea Carlos Maside”, “A proposta de Lorenzo Varela”, “Morre Luís Seoane”, “Outras facetas de Isaac” (entre estas atópase a de escritor), “Premios e distincións”, “Anos tristes e amargos” e “Bibliografía”. O volume péchase cunha breve biografía de Loli Beloso Neira e acompáñase de fotos do protagonista en diferentes momentos da súa vida (varias delas con familiares e amigos), debuxos e pinturas.

Referencias varias:

- Xosé Neira Vilas, “Isaac para nenos e nenas”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Un pouco de todo”, 23 xuño 2013, contracuberta.

Comenta a presentación a cargo de María Díaz no colexio teucro de Marcón do volume de Dolores (Loliña) Beloso, *Isaac Díaz Pardo para nenas e nenos galegos*. Salienta a amizade da autora e seu home, Xesús Chan, con Díaz Pardo, así como a presenza no acto de Antía Cal, Valentina García, Dolores Gálvez, Xaime Falcón, Arturo Cifuentes e Mimina xunto o seu fillo Camilo e á muller deste, Adriana. Destaca por último o labor ilustrativo de Rubén Calles.

- Francisco Martínez Bouzas, “O Isaac dos nenos galegos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Tribuna libre”, 19 setembro 2013, p. 41.

Apunta que nesta publicación da editorial Finis Terrae Ediciones, Loli Beloso tenta achegar os cativos á traxectoria vital, artística, empresarial e humana de Isaac Díaz Pardo. Engade que o labor ilustrativo é da autoría de Rubén Calles Lijo e o limiar de Xosé Neira Vilas.

Casalderrey, Fina e Rosario **Álvarez**, *Viaxe á semente: dende os refacho do corazón ata onde habita o imaxinario*, A Coruña: Real Academia Galega, 2013, 62 pp. (ISBN: 978-84-87987-89-2). ◆

Discurso de ingreso na Real Academia Galega de Fina Casalderrey (Xeve, Pontevedra, 1951) o 22 de novembro de 2013 e a resposta de Rosario Álvarez Blanco. No seu discurso, a nova académica fai un eloxio da infancia e un alegato en defensa da literatura infantil e xuvenil, dicindo que a Academia debe prestarlle especial atención xa que esta literatura ten un alto poder normalizador. Comeza a súa intervención recordando as mulleres que foron pioneiras en darnos a coñecer outras maneiras de ler o mundo, como Rosalía de Castro, en abrir as portas da universidade, como Concepción Arenal, ou que procuraron un cambio de mentalidade como María Xosé Queizán. Tamén homenaxea a xente da escola e evoca o seu descubrimento da cultura galega e como foi o seu inicio na defensa da lingua galega na Universidade de Santiago nos anos setenta, feito no que tivo unha grande influencia Avelino Pousa Antelo. Posteriormente fai unha homenaxe a Xaime Isla Couto, antecesor na súa cadeira da Academia, a través do recordo de momentos vividos con el. Remata a súa intervención cunha análise do tratamento da infancia en diversos autores da literatura galega, tales como Rosalía con *La hija del mar*, Ramón Otero Pedrayo, Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor, Xosé Neira Vilas con *Memorias dun neno labrego* ou María Xosé Queizán, entre outros. A nova membro da RAG afirma que a Literatura Infantil e Xuvenil ten máis temas e preocupacións comúns aos da concibida para os adultos dos que adoitamos pensar. En nome da Academia respondeulle Rosario Álvarez Blanco, quen rememorou momentos compartidos con Fina Casalderrey, coa que coincidiu no Instituto nacional de Enseñanza Media de Pontevedra nos anos sesenta e que dirixía Filgueira Valverde. No seu discurso, Rosario Álvarez fai unha breve biografía de Fina Casalderrey, na que subliña o seu compromiso co uso da lingua galega no ensino e coa creación de ferramentas pedagóxicas. Tamén analiza o traballo literario da nova académica, sinalando que foi traducida a varias linguas (catalán, castelán, portugués, inglés, francés, bretón, coreano...) e incluso algunhas das súas obras foron editadas en braille. Subliña tamén que foi galardoada con diversos premios como a Medalla Castelao, o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil e o Merlín, entre outros. Para rematar subliña que a autora sempre quixo acabar co límite entre a literatura para os máis novos e a literatura para adultos.

Cortizas, Antón, *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais e uso lúdico da natureza*, ilustr. David Sierra Martínez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Edicións singulares, 2013, 1077 pp. (ISBN: 978-84-9914-486-3).

Antón Cortizas (Ferrol, 1954) ofrece con este extenso, ilustrado e versátil volume unha enciclopedia dos xogos e xoguetes tradicionais galegos. Ademais de reconstruír os máis dos brinquedos descritos na enciclopedia, o autor procedeu a un honesto traballo etnográfico e pesquisador, para procurar as conexións de cada un destes enredos coa literatura, a música, as tradicións... sen esquecer facer referencia, de ser o caso, á universalidade de cada un dos entretementos. O volume ábrese con cinco pequenas introducións, asinadas por diferentes especialistas ou grupos: o primeiro é “O Tastarabás de Brinquedia”, que asina a mesma Brinquedia, Rede galega do xogo

tradicional; o segundo é “O Tastarabás de João Amado”, que asina este estudoso da Universidade de Coimbra; o terceiro é “O Tastarabás de Guy Jaouen”, escrito por este investigador independente, Presidente da Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais; o cuarto é “O Tastarabás de Pere Lavega”, asinado por este profesor e membro da Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais e o quinto e último, “O Tastarabás de Pepe Veiga”, da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. Estas cinco achegas funcionan a modo de cinco limiares e cinco presentacións persoais, dende perspectivas cun fío común, pero ben dispaes, do que un volume destas características pode significar. E o seguinte chanzo, logo de deixar que outros falen de Tastarabás, é o dedicado ás consideracións do autor. “Tastarabás, algunhas explicacións necesarias” comeza por xustificar a catalogación dos brinquedos tradicionais, que se fíxo de acordo á súa natureza (enredos co mundo vexetal, co mundo animal, co mundo inanimado e co mundo da fantasía) e de acordo coa súa finalidade principal (de movemento, de imitación, de emisión de son, e para xogos individuais ou colectivos), subdivididos á súa vez en categorías. Aproveita, tamén, para contar a orixe e prehistoria deste proxecto, que pode remontarse ao “oco baleiro” que o autor percibirá en *Chirlosmirlos, enciclopedia dos xogos populares* (Xerais, 2011). O vocabulario para expresar sensacións lúdicas, o inventario, as decisións tomadas respecto aos nomes, as marcas de perigosidade e dificultade de construción que se engadiron ao carón dos brinquedos explícanse tamén aquí. O mesmo se fai coa procedencia das informacións, coas e cos informantes e cun longo etcétera de detalles. Por veces, as entradas inclúen textos complementarios (de carácter literario ou non) de lembranza, extensos e descritivos ou pequenos, aqueles que só citan o brinquedo en cuestión. Baixo o rótulo “Sirvan tamén de introdución os seguintes textos que refiren e resaltan especificamente o xogo tradicional”, xusto antes dos “Agradecementos” e do primeiro grande epígrafe do volume, preséntanse textos de Xoán Manuel Pintos, Francisco Añón, Tomás López, Manuel Antonio e Emilio Santos Martínez. Máis adiante, ao ir demorándose en cada unha das entradas, atoparanse ou non este tipo de enriquecementos literarios, como acontece en “Grilos”, onde figuran textos d’*O Tío Marcos da Portela*, Manuel María, Pura e Dora Vázquez, Bouza Brey, Ramiro Fonte ou Luz Pozo Garza, entre outros. É esta unha investigación sistemática e rigorosa, que se intúe calmada, resultado de longos anos de traballo, e proba da vitalidade dun patrimonio inmaterial; e funciona como un legado desta cultura material tradicional, recollendo as conexións lúdicas e motrices que se establecen entre as cativas e cativos e os obxectos ou a natureza. Cómpre citar, así mesmo, o luxo de fotografías e ilustracións, que en casos coma o da grileira de xuncos, describen o proceso de fabricación (invitando a imitalo), ou os xogos. Tamén se dan avisos “actualizados”, como aqueles que advirten da brutalidade (como acontece no vello costume de xunguir grilos).

Referencias varias:

- Rodri García, “A tenrura está metida nas cousas que escribo, necesítoa, como todos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 505, “Asociación de Escritores en Lingua Galega”, “O escritor do mes”, 9 febreiro 2013, p. 12.

Conversa co escritor Antón Cortizas co gallo da saída ao prelo do seu volume enciclopédico *Tastarabás* da man de Edicións Xerais de Galicia. Nun epígrafe introdutorio menciona algunhas das súas anteriores escritas, *O merlo de ferro* (1995) e *A merla de trapo* (2001), galardoada esta última co Premio Merlín. A seguir, fai

referencia ao contido do volume, ás referencias humorísticas, de maxia e de tenrura presentes nos seus textos e á súa ligazón coa terra que o veu nacer. Remata cun comentario sobre o feito de Fina Casalderrey entrar na RAG e o que iso supón para o eido da Literatura Infantil e Xuvenil.

- Ramón Nicolás, “Máis que un catálogo de xoguetes”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 512, “Letras en galego”, 6 abril 2013, p. 9.

Dá conta da saída ao prelo do volume *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais e uso lúdico da natureza*, da autoría de Antón Cortizas, en Edicións Xerais de Galicia. Salienta o limiar de Brinquedia -Rede galega do xogo tradicional-, as colaboracións de João Amado, Guy Jaouen, Pere Lavega e Paco Veiga e o labor ilustrativo de David Sierra e de edición de Ramón Domínguez. Describe, por último, a estrutura da enciclopedia e o seu carácter didáctico.

Gago, Manuel, *Vento e chuvia. Mitoloxía da antiga Gallaecia*, posfacio de Marco Virgilio García Quintela, deseño e ilust. da cuberta e interiores Manel Cráneo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, [mocidade], 2013, 149 pp. (ISBN: 978-84-9914-575-4).

O historiador e xornalista Manuel Gago (Ribeira, 1976) asina esta obra que combina pedagogía e erudición arredor da mitoloxía da antiga Gallaecia e que acompaña con ilustracións de Manel Cráneo. O libro ábrese con dúas dedicatorias: “A Sole. Por sentar e escoitar comigo o bruar da furna”, de Manuel Gago; e “A Roque. Por axudarme a entender mellor o milagre da vida”, de Manel Cráneo. Deseguido vén unha cita en inglés do escritor Rudyard Kipling, que precede a “O adro”, un texto que non ten sinatura e no cal se reflexiona sobre a Gallaecia e a Idade do Ferro que deixaron as súas pegadas na cultura galega. Nestas liñas prologais confésase que o proxecto nacera vinte anos atrás pois “foi redactándose a partir dun interrogatorio a unha testemuña derrotada e durmida”. O libro divídese en dez capítulos (que levan por título o nome dun deus) nos cales se mestura a literatura, a mitoloxía e a maxia e, a partir dos cales, se narran escenas da tradición mitolóxica da antiga Galicia. Contra a parte final (a partir da páxina 111) atopamos un texto ensaístico (“Os pobos do Ferro”) e un posfacio asinado polo catedrático de Historia Antiga, Marco V. García Quintela (“Da relixión ao mito e do mito a literatura”). O libro remata cunha xenealoxía das divinidades galegas e un índice onomástico e toponímico.

Recensións:

- Ramón Nicolás, “E cómo eramos na Idade de Ferro?”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 551, “Letras en galego”, 21 decembro 2013, p. 5.

Salienta que a maior parte da obra resulta un “apreixoamento do pasado, proxectándoo no presente dunha maneira imaxinativa e áxil”. Resalta que o autor soubo incorporar “os últimos saberes que se desvelaron do noso pasado encaixándoo nun discurso áxil, coma se viñese da man dun antropólogo-xornalista”. Remata apuntando que esta obra se completa cun texto divulgativo do autor, co posfacio do profesor Marco García Quintela e con material extra nunha páxina en liña (ventoechuvia.com).

Referencias varias:

- Ana Baena, “Non somos creadores, somos ensambladores, pois existía un baleiro na mitoloxía galega”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 30 novembro 2013, p. 16.

Entrevístase a Manuel Gago con motivo da presentación en Andel en Vigo da súa obra *Vento e Chuvia*.

- Ana López, “O Culturgal e o Salón do Libro irmánanse”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 2 decembro 2013, p. 50.

Nomea que esta obra se presentou na edición de 2013 do Culturgal como unha das novidades editoriais.

- Rosa Peteiro, “Homenaje a los autores del Día de las Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 2 decembro 2013, p. 42.

Alude que entre as novidades editoriais que foron presentadas na edición de 2013 do Culturgal se atopaba esta obra.

- Xosé Antonio López Silva, “Un Nadal de libros”, *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 806, “viaxe Inconstante”, 8 decembro 2013, p. 29.

Entre outras cuestión, recomenda a lectura desta obra de Manuel Gago.

- Salvador Rodríguez, “Cuando todos los dioses eran gallegos”, *La Opinión*, “El Domingo”, n.º 661, 8 decembro 2013, pp. 8-9.

Comeza reproducindo un fragmento do posfacio do profesor Marco Virgilio García Quintela, antes de reparar no contido dos relatos, salientando o proceso de romanización dos deuses que levaron a cabo os colonizadores imperiais, do que dá conta polo miúdo con numerosos exemplos.

- Jaureguizar, “Manuel Gago: ‘Tratamos de darlle cor ao mundo de Galicia na Idade de Ferro’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 14 decembro 2013, p. 55.

Recolle parte das declaracións do autor durante a presentación da obra en Lugo o día anterior, referidas ao descoñecemento a nivel popular da cultura castrexa, da vida na Idade de Ferro, do contexto do tempo e a época, do sistema de deuses galaico, de que as poboacións dos castros non estaban illadas senón que compartían cultura e de que “os galaicos tamén tiñan unha memoria como pobo”.

- Manuel Varela, “Punta Langosteira foi das grandes desfeitas da arqueoloxía galega”, *La Opinión*, “A Coruña”, 21 decembro 2013, p. 12.

Conversa co autor da obra, quen comeza precisando que as palabras da antiga Gallaecia quedaron “secas, baleiradas e esquecidas. Ata agora”. Destaca os estreitos vínculos de Galicia coa Idade de Ferro e que “os grandes autores do galeguismo viron un referente mítico na Idade de Ferro sobre o que apoiar Galicia para o futuro”. Apunta o dificultoso proceso de elaboración da investigación arqueolóxica, a variedade de fontes que

manexou e o destacado papel das figuras femininas na mitoloxía. Remata afirmando que que Punta Langosteira foi “unha das grandes desfeitas da arqueoloxía galega contemporánea”.

- Ramón Nicolás, “E cómo eramos na Idade de Ferro?”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 551, “Letras en galego”, 21 decembro 2013, p. 5.

Salienta que a maior parte da obra resulta un “apreixoamento do pasado, proxectándoo no presente dunha maneira imaxinativa e áxil”. Resalta que o autor soubo incorporar “os últimos saberes que se desvelaron do noso pasado encaixándoo nun discurso áxil, coma se viñese da man dun antropólogo-xornalista”. Remata apuntando que esta obra se completa cun texto divulgativo do autor, co posfacio do profesor Marco García Quintela e con material extra nunha páxina en liña (ventoechuvia.com).

Mosquera Carregal, Xesús M. (ed.), *Lingua e Tradución. IX Xornadas sobre Lingua e Usos*, A Coruña: Universidade da Coruña. Servizo de Normalización Lingüística. Servizo de Publicacións/ Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, col. Cursos_Congresos_Simposios, n.º 134, 291 pp. (ISBN: 978-84-9749-557-8). ◆■

Monografía na que se reproducen os textos presentados nas IX Xornadas sobre Lingua e Usos. Lingua e Tradución, celebradas na Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña en novembro de 2012. Ademais dos traballos descritos no apartado de V. Ensaio. Teoría Xeral. Crítica, dáse conta aquí do contido do único traballo centrado na Literatura Infantil e Xuvenil:

- Eva Mejuto, “OQO editora: un camiño de ida e volta”, pp. 227-231.

Explica a creación desta editora a partir da premisa inicial de que “os contos acompañan o ser humano desde que ten palabra”. Precisa que as dificultades para chegar a outros mercados radican no texto e variante lingüística elixida, na técnica e cores das ilustracións e así mesmo na representación dos personaxes. Matiza o proceso de edición propia que realiza en OQO editora noutras linguas que implica que deban “seleccionar e acompañar o texto e a imaxe en todo o seu proceso”, o que supón “máis traballo e un custo maior”, como exemplifica en relación co portugués de Brasil, co inglés e co francés. Como terceiro camiño emprendido por OQO editora refire as coedicións e venda de dereitos, que realizan así: en lugar de “editar directamente, xuntámonos cunha editora local que asume no seu catálogo o noso traballo de edición”, de forma que OQO editora asume en Pontevedra a edición, mentres que as editoras estranxeiras se encargan da tradución e comercialización. Engade que ademais venden dereitos de edición e tradución a editoras de China, Xapón, Corea, Turquía ou Rusia, o que supón que esas empresas se encargan de traducir, publicar e comercializar as obras de OQO editora.

Muleiro, Avelino (coord.), *Homenaxe a Neira Vilas e a Balbino*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Crónica 2013, 393 pp. (ISBN: 978-84-7680-708-8).

Ensaio coordinado por Avelino Muleiro en homenaxe ao escritor Xosé Neira Vilas e a unha das personaxes máis coñecidas que creou, Balbino, protagonista de *Memorias dun neno labrego* (1961). Iníciase coas “Notas do coordinador”, que dan conta da estrutura

e estilo das colaboracións, e co texto de Dolores Vilavedra, “Todos queremos tanto a Balbino”, no que fala da presenza da figura de Balbino ao longo de todas as colaboracións. Xosé Neira Vilas tamén se refire ao seu personaxe en “Carta a Balbino”. Logo ofrécese oitenta e cinco colaboracións de diferentes persoeiros coñecedores do autor e da súa obra e dezasete testemuños de fóra escritos nas linguas foráneas correspondentes. Remata con cinco apéndices nos que aparecen cubertas de *Memorias dun neno labrego* en diferentes edicións e linguas, e os outros catro, “Estudo, ensinos e traducións a outras linguas”, “Balbino no audiovisual e na escena”, “Exposición ‘Querido Balbino’” e “Bibliografía de Xosé Neira Vilas”, falan da figura de Balbino e do seu creador. Ao longo de todas as colaboracións sucédense imaxes e ilustracións de varios autores.

Roig Rechou, Blanca-Ana, *Educação Literária e Literatura Infantojuvenil/ Educación Literaria e Literatura Infantil e Xuvenil*, prefacio Ana Margarida Ramos, intr. da autora, Porto: Tropelias & Companhia, col. “Percurso da Literatura Infantojuvenil”, n.º 11, decembro 2013, 172 pp. (ISBN: 978-989-8582-33-1).

Ábrese esta monografía de Blanca-Ana Roig Rechou (Portosín, Porto do Son, A Coruña, 1949) cun prefacio da profesora da Universidade de Aveiro, Ana Margarida Ramos, no que se refire ás actividades de investigación lideradas por esta catedrática da Universidade de Santiago de Compostela, das que salienta o “estudo específico da literatura infantil e xuvenil galega, en termos diacrónicos e sincrónicos, tendo sido una das pioneiras na súa divulgación e reconecimento institucional e académico, pelos estudos comparados entre producións literarias de distintas orixens, mas tamén pelas cuestións da educación literaria e da formación de lectores, área na qual exerce igualmente actividade docente como formadora de educadores e profesores”. Destaca a utilidade dos traballos reunidos e sintetiza a estrutura da monografía e os seus contidos, ademais de incidir no coñecemento que ten da Literatura Infantil e Xuvenil portuguesa. A seguir insírese a introdución da propia autora, onde apunta que acolle actualizacións de artigos seus publicados entre 1989 e 2013 e puntualiza que indica a versión orixinal e as matizacións achegadas para “dar a coñecer como se modificou o meu discurso así como ía afondando nesta liña de investigación que exemplicarei, sobre todo, coa Literatura Infantil e Xuvenil galega”. Os traballos estrutúranse en tres grandes bloques: “Literatura Infantil e Xuvenil. Educación Literaria”, “Canonización. Premios literarios” e “O valor social da lectura literaria” (pp. 135-166), aos que se engade un índice onomástico final. O primeiro bloque está conformado por tres artigos: “A Literatura Infantil e Xuvenil: consideracións xerais” (pp. 21-48), no que ofrece unha panorámica das definicións desta literatura por parte de distintos estudiosos antes de engadir unha inicial proposta súa, do ano 1995, que matizou co tempo; “Educación literaria. Historia literaria. Literatura Infantil e Xuvenil” (pp. 49-82), onde repara na lectura e no labor a realizar polos mediadores para formar lectores competentes, antes de definir os tres conceptos que dan título ao artigo e incidir na importancia dos estudos sectoriais e repertoriais, así como de insistir nos atrancos que lastraron a consideración da Literatura Infantil e Xuvenil; e “A investigación en Galicia” (pp. 83-102), no que lembra “a dependencia da investigación dos saberes e modelos teóricos que se ofrecen dende as Universidades e Centros de Investigación” e as razóns polas que a Literatura Infantil e Xuvenil foi “pouco frecuentada na Comunidade Interliteraria Específica Ibérica (CIEI)”, antes de centrarse na investigación realizada en e dende Galicia e lanzar unha serie de reflexións sobre a promoción da Literatura Infantil e Xuvenil. No segundo bloque acóllense dous

traballos: “Literatura Infantil e canon literario escolar” (pp. 105-118), que inicia cunhas consideracións previas sobre o “canon” e a “canonización”, a historia literaria e a escola, antes de centrarse en *quen* e *como* se encarga de seleccionar os textos da Literatura Infantil e Xuvenil; e “Os premios literarios infantís e xuvenís no marco Ibérico: Tradición e innovación” (pp. 119-134), que comeza cunha reflexión sobre os obxectivos dos premios literarios, os motivos dos autores para concorrer a eles e un percorrido polos galardóns máis relevantes no Marco Ibérico, antes de realizar unha comparativa de dúas obras galardoadaas no século XXI: *Comandante Hussi* (2003), de Jorge Araújo e Pedro Sousa Pereira, Grande Premio Calouste Gulbenkian de Literatura para Crianças 2004 na modalidade “Texto literário” e *En un lugar llamado guerra* (2002), de Jordi Sierra i Fabra, Premio Abril 2002. E o terceiro bloque conforma tres artigos: “Necesidade e transcendencia do libro infantil” (pp. 137-144), onde salienta o papel que desenvolve o libro infantil e xuvenil “na preparación e desenvolvemento” da nenez e mocidade; traza un percorrido polo incremento cualitativo e cuantitativo da produción de Literatura Infantil e Xuvenil galega e aposta pola promoción desta literatura; “A Literatura Infantil e Xuvenil ao servizo da sociedade” (pp. 145-156), no que se centra na “lectura literaria” no eido da Literatura Infantil e Xuvenil e tamén na mediación, para xustificar o valor social desta literatura; e “Proxecto Literapia” (pp. 157-166), no que explica a xénese deste proxecto, detallando as fases previas para poñelo en funcionamento: selección, destinatarios e características obxectivas do lector, situacións de lectura, infraestrutura e persoal, antes de precisar as dúas fases de investigación, literaria e médica, que puxeron en marcha co protocolo exposto anteriormente.

Roig Rechou, Blanca-Ana, Lourdes **Lorenzo** e Veljka **Ruzicka** (coords.), *La familia en la literatura infantil y juvenil/ A familia na literatura infantil e juvenil*, edición de Ana Margarida Ramos e Carmen Ferreira Boo, Vigo/Braga: ANILIJ. Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil/ELOS. Asociación Galego-portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil/CIEC- Centro de Investigação em Estudos da Criança (Instituto de Educação-Universidade do Minho), col. Estudos, n.º 4, 2013, 60+437 pp. Inclúe CD-Rom/E-book. (ISBN: 978-972-8952-26-6). ◆

Nesta nova entrega da serie “Estudios” de libros CD recóllense traballos sobre Literatura Infantil e Xuvenil que abordan a temática da familia e as súas representacións e parten das reflexións feitas nas II Jornadas Internacionais de Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil, celebradas na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo en maio de 2012 co título “La familia en la Literatura Infantil y Juvenil”. Trátase de trinta estudos pertencentes a ámbitos lingüísticos do marco ibérico, iberoamericano, inglés, italiano e alemán e que se poden adscribir ao campo da literatura, tradución e didáctica, e dos que son de interese para este *Informe* os seguintes:

- Mar Fernández Vázquez, “Rupturas familiares a causa de la Guerra Civil española en las novelas juveniles en gallego de Marina Mayoral”, pp. 113-123.

Indícase que este traballo forma parte do labor que realizou como colaboradora contratada no proxecto de investigación “La Guerra Civil española en la narrativa infantil y juvenil”, coordinado por Blanca-Ana Roig Rechou (Universidade de Santiago de Compostela-USC). Refírese que nel se analizan as rupturas familiares sufridas, a

causa da Guerra Civil española, polos personaxes das novelas xuvenís de Marina Mayoral, publicadas na colección “Fóra de Xogo”, de Edicións Xerais de Galicia: *Chamábase Luís* (1989, 1999), *Tristes armas* (1994) e *Quen matou a Inmaculada de Silva?* (2009). Apúntanse as posturas enfrontadas dos personaxes e cómo repercuten na escisión do núcleo familiar, e establécense as semellanzas e diferenzas na representación desta temática nas novelas citadas. Perfilanse así mesmo características da produción narrativa xuvenil de Marina Mayoral que definen a súa poética.

- María del Carmen Ferreira Boo, “La representación de la familia en dos obras juveniles de Marilar Aleixandre: *Rúa Carbón* y *A Cabeza de Medusa*”, pp. 125-142.

Sitúa as novelas xuvenís *Rúa Carbón* (2005) e *A cabeza de Medusa* (2008), de Marilar Aleixandre, dentro da poética e a produción de Literatura Xuvenil da autora. Despois trata brevemente a estrutura, argumento e temas tratados. Por último, describe os diferentes tipos de familias que aparecen, a súa importancia e proxección na trama narrativa e as relacións interpersoais. Conclúe sinalando a preferencia polo protagonismo feminino, o diálogo intertextual e a abordaxe de temáticas de actualidade innovadoras, con escasa tradición na Literatura Xuvenil galega, como o tema da violación e o terrorismo vasco, vividos por protagonistas adolescentes.

- Iria Míguez, “La figura de los abuelos en la narrativa infantil de Fina Casalderrey”, pp. 239-246.

Primeiramente faise unha achega pola biografía e os premios alcanzados por Fina Casalderrey e despois apúntanse as liñas temáticas da súa produción dirixida á infancia, que ten como constante a representación da familia e as súas relacións. Analízanse *O estanque dos parrulos pobres* (1996); *Podesvir* (1997); a serie *A avoa ten unha menciña* (2002), *A avoa non quere comer* (2002), *O avó sae de paseo* (2002) e *O avó é sabio* (2002); *Eu son eu* (2004); e *O meu avó é unha gata* (2005). Conclúese que a complicidade na relación entre netos e avós é un aspecto relevante no tratamento da familia e no tratamento de cuestións como a soidade, a falta de diálogo e atención entre as diferentes xeracións; e que Fina presenta a figura do avó como transmisor do coñecemento.

- Isabel Mociño González e Blanca-Ana Roig Rechou, “Los Abuelos de Chema Heras”, pp. 265-274.

Analizan o álbum *Avós*, de Chema Heras e Rosa Osuna, publicado pola Editorial Kalandraka en 2002 e que mereceu o Premi Llibreter 2003. Destacan as características que o definen como álbum literario, a perspectiva de ambos os creadores e as estratexias que empregan para lograr dirixirse a varios destinatarios. Explican cómo abordan, con tenrura, humor e gran sensibilidade, a figura dos anciáns, a percepción do paso do tempo e a deconstrución dalgúns aspectos do sistema social, sobre todo o asentado en valores estéticos e en roles de xénero tradicionais. Comentan as técnicas formais que o converte nun texto narrativo de carácter poético, axeitado para que a nenez respete aos anciáns e os consideren persoas que, pese á súa idade, manteñen a ilusión de ser felices.

- Vanessa Regina Ferreira da Silva, “Estudo comparado da familia em *Corda bamba* (1979), de Lygia Bojunga Nunes e *A filla do ladrón de bicicletas* (2010), de Teresa González Costa”, pp. 381-388.

Realiza unha análise comparativa entre *Corda bamba* (1979), de Lygia Bojunga Nunes e *A filla do ladrón de bicicletas* (2010), de Teresa González Costa, dúas obras xuvenís nas que destaca a familia como elemento central no desenvolvemento da trama e na constitución das protagonistas adolescentes. Salienta que ofrecen unha nova representación da familia, pois as dúas protagonistas teñen que buscar un novo espazo familiar no que reprimen os desexos das adolescentes.

- Ana Margarida Ramos, “As familias não tradicionais na literatura para a infância e a juventude: a representação da homoparentalidade”, pp. 301-317.

Dá conta da representación da homoparentalidade nun *corpus* de textos literarios para a infancia, sobre todo no álbum dirixido a prelectores e lectores iniciais, no que se recrean distintos modelos familiares coa finalidade de buscar a aceptación e inclusión da diferenza, valorando a compoñente afectiva nas relacións interpersoais e cuestionando preconceptos e comportamentos homofóbicos. Entre eles repara en *Titiritesa* (2009), de Xerardo Quintiá que parte da estrutura tradicional e os motivos dos contos de fadas para construír unha narrativa alternativa, subversiva e antidogmática que trata a homosexualidade feminina de maneira desmitificada. E en *Un Segredo do Bosque* (2009), de Javier Sobrino, que reflicte a descuberta do amor entre especies distintas.

Recensións:

- Mónica Álvarez Pérez, “Estudo sobre a familia na literatura infantil e xuvenil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 21 setembro 2013, p. 42.

Cómentase a importancia da temática da familia na Literatura Infantil e Xuvenil que se aborda neste volume con trinta textos, resultado das reflexións realizadas sobre este tema nas “II Jornadas Internacionales de Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil”. Indícase que os traballos proceden de diferentes ámbitos culturais, literarios e lingüísticos e que afondan nos estereotipos de xénero, os novos modelos familiares, a evolución do concepto de familia ou na figura dos avós. Saliéntanse os traballos de Mar Fernández Vázquez, M^a del Carmen Ferreira Boo, Isabel Mociño González e Blanca-Ana Roig Rechou, e Vanessa Regina Ferreira da Silva, dos que se ofrecen as liñas xerais.

Referencias varias:

- ELOS, “Monografías”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 31 decembro 2013, p. 41.

Lémbrense as monografías comentadas nesta páxina: *Literatura Infantil y Juvenil e identidades* (2012) e *La familia en la Literatura Infantil y Juvenil* (2013), n.ºs 3 e 4 da col. “Estudios”; o *Rastro que deixamos* (2012); *Tendências contemporâneas da Literatura portuguesa para a infância e juventude*, de Ana Margarida Ramos; *Presença e significado de Manuel António Pina na Literatura portuguesa para a infância e a juventude*, de Sara Reis da Silva; a monografía temática *La Guerra Civil española en la narrativa infantil y juvenil (1936-2008)* e *Premios literarios e de ilustración na LIX*.

Roig Rechou, Blanca-Ana, Isabel **Soto López** e Marta **Neira Rodríguez** (coords.), *Premios literarios e de ilustración na LIX*, ilust. da cuberta e interiores Luis Beizán, Javier Sande e Daniel Vilas, Vigo: Edicións Xerais de Galicia/LIJMI, 2013, 297 pp. (ISBN: 978-84-9914-528-0).

Volume colectivo que ten como temática obxecto de análise os premios literarios e de ilustración, “un dos factores sistémicos que máis inflúen no *mercado* literario e na canonización de obras e autores”. Iníciase cun artigo teórico, a modo de introdución, “Os premios literarios” (pp. 15-34), a cargo do profesor Anxo Tarrío Varela, no que se achega aos premios literarios dende algunha das teorías de inspiración sistémico-sociolóxica xurdidas no século XX. Relaciona os premios literarios cos conceptos de *autor*, *best-seller*, *canonización*, *campo literario*, *campo de poder*, *esfera pública*, *institución literaria* e *institutional criticism* para dar conta das razóns polas que os premios literarios se consideran elementos fundamentais do mercado en que se converteu a literatura durante o século XX. Remata afirmando que a canonización e lexitimación dun autor, xénero, título ou tendencia “teñen poucas posibilidades de coroarse se non media un galardón de calquera tipo que leve implícito un valor económico ou calquera outro con peso específico de seu, como unha bolsa prestixiosa de investigación ou de creación”.

No que á Literatura Infantil e Xuvenil galega se refire acóllense os seguintes traballos:

- María Victoria Sotomayor Sáez e Jesús Díaz Armas, “Los premios Lazarillo y Nacional de Literatura Infantil y Juvenil”, pp. 59-87.

Comentan que ambos os dous galardóns son os máis “significados del país (por repercusión y por cuantía) y, por tanto, los que mayor influencia pueden tener para mantener vivo el interés de editores, mediadores y críticos sobre los autores y las obras premiadas” á vista da súa pervivencia no mercado editorial e do eco que espertan sobre os medios informativos, as estruturas educativas e a investigación. Indican que Agustín Fernández Paz recibiu ambos os galardóns e sinalan, como indicios de ter gañado “cierto grado de posteridad literaria”, que se está a realizar unha tese sobre a súa figura. Apuntan que no Premio Lazarillo se inclúe, dende 1991, especificamente o xénero ao que pertencen as obras presentadas e que *Cidades*, de Fran Alonso, mereceu un accésit en 1996; e que no século XXI conviven obras poéticas, como *Amar e outros versos*, de Ana María Fernández, galardoada en 2001; teatrais, como *A noite da raíña Berenguela*, galardoada en 2004; e narrativas como *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro, galardoada en 2009, entre outras obras galegas. Refíren que co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil se galardoaron, na súa maioría, “novela juvenil o narrativa para adolescentes (incluyendo bajo este rótulo libros de relatos como los de Docampo o Fernández Paz)”. Afirman que “la mayoría de los autores premiados, dende su primera convocatoria, han permanecido sin demasiado altibajos en el mercado editorial, pero también evidentemente, en la estimación de la crítica”, como Agustín Fernández Paz, entre outros. Rematan inserindo dous anexos cos autores e obras galardoados.

- Blanca-Ana Roig Rechou e Isabel Soto, “Os premios literarios e de ilustración na Literatura Infantil e Xuvenil galega”, pp. 153-178.

Comezan indicando que este traballo bebe do proxecto de investigación *Informes de literatura*, que se realiza no Centro Ramón Piñeiro dende 1995. Realizan unha panorámica dos premios nos que mereceron galardóns creadores galegos coa finalidade de reflexionar sobre a influencia que teñen os premios na canonización. Salientan os creadores que se converteron en referentes e mesmo en clásicos contemporáneos. Conclúen afirmando que “os premios literarios, malia ser unha plataforma adoita para se institucionalizar e canonizar, non sempre logran estes obxectivos. A última palabra téñena os lectores e o resto de axentes que participan na comunicación literaria e que, contra a puxanza do mercado, fan valer a calidade sobre outros factores”.

Recensións:

- Laura Blanco Casás, “Último monográfico da Rede temática Lixmi”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 23 xullo 2013, p. 35.

Centra a súa atención no volume *Premios literarios e de ilustración da LIX*, que vén de publicar Edicións Xerais. Sinala que o seu apartado introdutorio está asinado por Anxo Tarrío Varela, que nos introduce de cheo no debate sobre o papel que os premios literarios desenvolven na sociedade de hoxe, constituíndo un “elemento fundamental do mercado no que se converteu a literatura”. A seguir, detense no contido dos seus catro apartados, nos que se analizan polo miúdo os galardóns de Literatura Infantil e Xuvenil máis relevantes a escala nacional e internacional e a práctica totalidade dos premios literarios e de ilustración no ámbito ibérico e iberoamericano. Remata anotando que se trata de análises e panorámicas sobre esta literatura cun obxectivo común: dar conta da multitude de recoñecementos existentes e valorar cómo inciden na canonización e lexitimación do sistema literario.

- Laura Blanco Casás, “B.A. Roig Rechou, I. Soto López y M. Neira Rodríguez (coords.) (2013). *Premios literarios e de ilustración na LIX* Vigo/Santiago de Compostela: Edicións Xerais de Galicia/LIJMI/Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades”, *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 11, 2013, pp. 201-204.

Dáse noticia da publicación deste traballo coordinado por Blanca Ana Roig, que se suma a unha serie de monográficos que a Rede Temática LIXMI se propuxo publicar anualmente dende o momento da súa creación. Coméntase que estes volumes adoitan vir precedidos dunha achega teórica sobre o tema en cuestión, que neste caso asina o profesor da Universidade de Santiago de Compostela Anxo Tarrío Varela e que nos introduce de cheo no debate sobre o papel que os premios literarios desenvolven na sociedade de hoxe, todo isto ao abeiro das principais liñas teóricas sistémico-sociolóxicas xurdidas no século XX. Explica que son catro os apartados nos que, polo miúdo, se analizan os galardóns de LIX máis relevantes a escala nacional e internacional e conclúe que as contribucións son análises e panorámicas sobre a Literatura Infantil e Xuvenil cun obxectivo común, “dar conta da multitude de recoñecementos existentes e valorar cómo inciden na canonización e lexitimación do sistema literario”.

Referencias varias:

- ELOS, “Edicións Xerais de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 4 xullo 2013, p. 42.

Saliéntase a colección de Edicións Xerais de Galicia que acolle as investigacións anuais da Rede Temática LIJMI. Noméanse diferentes volumes, entre eles, o máis recente: *Premios literarios e de ilustración*.

Sardinha, Maria Graça e Fernando **Azevedo** (orgs.), *Didáctica e Práticas. A Língua e a Educação Literária*, Guimarães: Opera Omnia, col. “Educação Literária”, marzo 2013, 222 pp. (ISBN: 978-989-8309-47-1).

Monográfico de autoría colectiva que inclúe traballos didácticos e prácticos sobre lingua e Educación literaria. En relación coa Literatura Infantil e Xuvenil galega, insírese o seguinte traballo:

- Blanca-Ana Roig Rechou, “A educación literaria no Estado español”, pp. 185-208.

Antes de reflexionar sobre cómo se foi desenvolvendo a educación literaria no Estado español, comeza lembrando o que se entende por “educación literaria” xa que é “a mellor axuda para a formación lectora e para a fixación do hábito lector e é imprescindible para abastecer aos mediadores dos saberes que os capacitan para realizar con eficacia a función mediadora dende calquera ámbito da sociedade actual”. Apunta o obxectivo que ten a educación literaria e as funcións dos mediadores para conseguir logralo. Lembra a conexión íntima entre a consolidación institucional da historia literaria e o desenvolvemento do concepto de nación nos últimos douscentos anos. Destaca que proliferaron proxectos de investigación con propostas inscritas no eido do comparatismo, nos que evitan nas Historias da Literatura as ordenacións cronolóxicas rutineiras e enfatizan a dimensión sociolóxica e espacial mediante o recurso da xeografía literaria. Considera que, para educar literariamente e axudar á formación lectora e á creación do hábito lector, os mediadores deben así mesmo beber doutras obras que tamén institucionalizan e canonizan caso de Antoloxías, Escolmas, Seleccións, Recompilacións subxectivas de fragmentos de obras literarias e libros de lecturas. Apunta a vía docente como unha das distintas vías para chegar a educar literariamente e que aínda no século XXI se constata que a maioría dos mediadores “non coñecen aínda hoxe suficientemente como se xestaron as Literaturas Infantís e Xuvenís das súas propias nacións” polo que estudosos como Gemma Lluch e outros integrantes da Rede temática de investigación LIXMI ofrezan traballos que podan usarse no exercicio mediador. Explica que logrou pasarse deixarse atrás a primacía da función pedagóxica educativa dos produtos literarios dirixidos á infancia e á xuventude pola primacía da calidade literaria. Remata afirmando que é necesario considerar a Literatura Infantil e Xuvenil de xeito diferente nos distintos sectores do ensino, sobre todo no universitario, xa que nel se forman os futuros docentes, e que teña o mesmo lugar na investigación que calquera outra literatura “para que así sexa coñecida e recoñecida polo mediador”.

Teixeira da Silva, María Madalena Carlos e Isabel **Mociño González** (coords.), *Literatura para a Infância e a Juventude e Educação Literária*, ilust. da capa Manuela São Simão, Porto: Deriva Editores, n.º 16, xuño 2013, 262 pp. (ISBN: 978-972-9250-96-5). ■

Volume monográfico organizado por Maria Madalena Marcos Teixeira da Silva e Isabel Mociño González que se centra na análise e reflexión sobre a relación entre Literatura e Ensino, un debate tradicional en diversos ámbitos educativos, aínda que agora abordado dende novas perspectivas e tendo en conta que estes dous universos manteñen unha relación marcada pola continua evolución dende o punto de vista conceptual, histórico e social, o que obriga á súa revisión/actualización constante. Os traballos reunidos tiveron a súa orixe nos Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil celebrados en 2012 e, despois de incorporar os debates e reflexións xurdidas durante a presentación neste evento, foron incluídos nesta monografía, que non obstante mantén o carácter diverso dos Encontros, polo que se estrutura en: estudos, entrevistas, experiencias e propostas de carácter didáctico e recensións de obras críticas. Conta cunha presentación do profesor José António Gomes, quen sinala que esta publicación vén coincidir coa recente aprobación das *Metas Curriculares do Português* no ensino básico no ano 2012, feito que sen dúbida repercute no escenario académico ao consagrar un concepto xa consolidado, como é o de *educación literaria*, aínda que agora recoñecido nun documento oficial do Ministério da Educação e Ciência. Son de interese para este *Informe* os traballos que seguen:

- Blanca-Ana Roig Rechou, “Educación literaria, historia literaria e Literatura Infantil e Xuvenil”, “Estudos”, pp. 12-31.

Comeza situando o debate das implicacións esenciais para levar a cabo unha educación literaria de calidade, para a que defende unha renovación pedagóxica do uso da Literatura Infantil e Xuvenil, na que é preciso que os textos literarios dirixidos a este lectorado non sexan empregados de forma instrumental para a lectura e a escritura, senón como textos de ficción. Unha pedagogización que considera que repercute, e segue a repercutir, no distanciamento do lector ao verse transfigurado en instrumento de aprendizaxe o universo estético e lúdico. Propón tamén a revitalización dunha educación literaria no ámbito escolar a través da planificación da lectura e da non transgresión do universo literario. Un aspecto que se poderá conseguir a través da formación dos mediadores, que teñen que adquirir coñecementos básicos da Historia da literatura, atender os estudos sectoriais, nos que se encadra a crítica literaria, e os estudos repertoriais, con traballos de divulgación como os dos catálogos. Tamén se abordan outras cuestións como a duplicidade dos destinatarios da Literatura Infantil e Xuvenil e os prexuízos derivados da súa adxectivación, da presión editorial ou da pouca atención académica sobre esta produción.

- Berta Dávila, “Dúas novas coleccións veñen enriquecer a Literatura Infantil e Xuvenil en lingua castelá e galega: Hércules de Ediciones para a infancia e mocidade”, “Estudos”, pp. 128-133.

Presenta coleccións que poden axudar os mediadores na planificación da educación literaria, neste caso concreto, as de Hércules de Ediciones. Salienta as súas seleccións e o interese do proxecto para o mediador, tanto pais coma docentes, que deben

desenvolver un importante labor na educación literaria dos lectores infantís e adolescentes.

- Marta Neira Rodríguez, “O Premio Merlín e o 25 aniversario da colección Merlín”, “Estudos”, pp. 134-145.

Percórrese a traxectoria da colección e o Premio Merlín, salientando a capacidade dos responsábeis editoriais para se adaptaren aos tempos e contribuíren á constitución dunha Literatura Infantil e Xuvenil galega normalizada. Destácase tamén a calidade literaria e a innovación formal que presentan moitos dos títulos galardoados polo premio e publicados na colección homónima que fixeron de ambos unha plataforma fundamental para a renovación da produción galega.

- Isabel Mociño González, “Fina Casalderrey, Ramón Caride Ogando, Antonio García Teijeiro e Marcos Calveiro: a importancia do Premio Merlín nas súas traxectorias”, “Entrevistas”, pp. 149-166.

Testemuños de Fina Casalderrey, Ramón Caride Ogando, Antonio García Teijeiro e Marcos Calveiro sobre a relevancia que para as súas traxectorias tivo o seren recoñecidos co Premio Merlín. Fina Casalderrey, gañadora en 1991 con *Dúas bágoas por Máquina* (1992), conta que conseguir este galardón foi sentirse recoñecida como escritora. Evoca os seus inicios como creadora, lembra o pulo da renovación pedagóxica e o labor no que se involucrou durante a década dos noventa, o afán por superar a diglosia, o rexeitamento e descoñecemento da lingua e cultura galegas. Tamén se refire á necesidade de escribir obras en lingua galega para restituíla, normalizala e cambiar o ensino, aspectos nos que a colección “Merlín” é un referente. Do momento no que lle entregaron o Premio lembra a emoción do acto, incide no seu afán por escribir para nenos e mozos e critica a infravaloración que aínda existe da Literatura Infantil e Xuvenil nalgúns medios, polo que agradece o labor dos que visualizan esta literatura, entre eles o Premio Merlín, que considera que lle abriu as portas aos lectores dun xeito solemne. Ramón Caride Ogando, galardoado en 1995 por *Perigo vexetal* (1995), lembra que recibiu o premio nun momento no que acadou outros galardóns, como o Cidade de Ourense de poesía e o Café Dublín. Sinala que *Perigo Vexetal* era a súa primeira obra para lectores novos e o premio foi a confirmación de que debía seguir escribindo para eles. Considera que un premio para unha obra é garantía de pervivencia e visibilidade e no seu caso permitiulle continuar unha serie, que polo de agora ten catro títulos. Ademais considera que o Premio Merlín lle posibilitou publicar outras obras infantís e xuvenís, un público que considera moi esixente. Antonio García Teijeiro, premiado en 1996 polo poemario *Na fogueira dos versos* (1996), lembra que foi en 1996 cando recibiu o premio, momento no que tiveron lugar outras circunstancias familiares e persoais dolorosas, como a morte do pai ou o remate da obra gañadora na última visita ao poeta Rafael Alberti. Lembra que o Merlín xa era daquela un premio prestixioso pola limpeza do xurado, pola honestidade, pola liberdade nas decisións e por todo o que o rodeaba, do mesmo xeito que a colección se estaba a converter nunha guía indiscutíbel do mellor que se estaba a publicar naquel tempo. Explica que *Na fogueira dos versos*, obra gañadora, é un diálogo cos grandes poetas galegos de sempre, na que lle contesta con poemas, polo que gañar o Merlín significou que a poesía acadase un primeiro plano, que se consolidase a súa obra poética e a porta cara a outros galardóns, como a Lista de Honra do IBBY no ano 1998 e o Premio Europeo Pier Paolo Vergerio ao ano seguinte, en 1999, ademais da confianza en si mesmo que lle deu e o permitirlle coñecerse moito

mellor, querer máis a xente que está preto del, abrir ocos a prol da poesía e continuar rexeitando demos e falsos deuses persoais, entre outros aspectos. Salienta tamén que este galardón lle permitiu reafirmarse en que aos cativos lles gusta a poesía, ademais das múltiples posibilidades que encerra a palabra poética, polo que foi entón cando comprendeu a necesidade de seguir loitando por unha normalización da poesía dende as primeiras idades. Finalmente, Marcos Calveiro, gañador na edición de 2012 con *Palabras de auga* (2012), fai un símil coa táboa redonda do rei Artur, ante a que el, cabaleiro que acaba de chegar, se sente un “simple escudeiro” ao que lle queda moito camiño por facer, pero onde ten damas e cabaleiros que lle serven de exemplo para seguir adiante.

- Eulalia Agrelo Costas, “Unha experiencia lectora que convida ao coñecemento e á reflexión. Propostas de lectura a partir da obra de Agustín Fernández Paz”, “Formação leitora. Experiências e propostas”, pp. 181-195.

Desenvólvese unha experiencia sobre a escrita de Agustín Fernández Paz dirixida ao lectorado adolescente e na que se parte da súa obra traducida ao portugués. A través dela preténdese dar a coñecer as claves da súa poética, así como estimular o gusto pola lectura. As actividades propostas tamén ofrecen a posibilidade de traballar as catro habilidades comunicativas básicas e certas cuestións literarias, á vez que abren portas cara ao coñecemento, á reflexión e á formación integral.

- Carmen Ferreira Boo, “Reescritas dos contos populares dos irmáns Grimm en formato álbum. Propostas de lectura para traballar na aula”, “Formação leitora. Experiências e propostas”, pp. 196-215.

Enuméranse e descríbense as principais características dos contos da transmisión oral e do formato álbum; e noméanse os tipos de reescrituras, apuntando a súa aplicabilidade didáctica na Educación Infantil e Primaria. Despois, a modo de exemplo, analízase o conto *Os sete cabritos*, dos irmáns J. e W. Grimm, comentando e comparando os cambios paratextuais e textuais máis significativos que se aprecian entre as distintas propostas deste conto que foron publicadas en lingua galega en formato álbum dende finais da década dos anos 90 ata a actualidade: *Os sete cabritos* (Kalandraka, 1998), ilustrado polas mestras Sofía F. Rodríguez e Ana Míguez e adaptado por Xosé Ballesteros; *O lobo e os sete cabuxos* (Xerais, 2003) con ilustracións de Elisa Arguilé e traducido por Carmen Torres París; *Os sete cabritos* (OQO, 2008), ilustrada por Teresa Lima e adaptado por Tareixa Alonso; e *Os sete cabuxos* (Galaxia, 2009), adaptado por Xesús Carballo Soliño e ilustrado por Federico Fernández. Por último, seguindo as directrices das *Metas curriculares de português* (agosto 2012), ofrécense unha serie de actividades didácticas para traballar nas aulas de Educación Infantil e Primaria con este conto que axudan á educación literaria e a desenvolver o intertexto lector, á vez que estimulan a imaxinación, a fantasía e a creatividade artística e literaria.

- Mar Fernández Vázquez, “Traducións de clásicos: *Le Petit Prince*, de Antoine de Saint-Exupéry. Propostas de lectura para traballar na aula”, “Formação leitora. Experiências e propostas”, pp. 216-222.

Amosa as liñas principais do *atelier* presentado nos 18º Encontros Luso-Galaico-Franceses de 2012 dedicados á “Literatura para a Infância e a Juventude e Educação Literária”, que se pensou como un recurso práctico para os mediadores á hora de

traballar na aula obras clásicas universais. Optouse por exemplificalo con *Le Petit Prince*, de Antoine de Saint-Exupéry, obra de gran relevancia na Literatura e que ademais é a máis lida e coñecida da literatura francesa, e a terceira obra máis vendida no mundo, tras *A Biblia* e *Das Kapital*, de Karl Marx. Propúxose a súa análise e estudo a partir das traducións realizadas dende o texto de orixe, *Le Petit Prince*, a tres linguas meta: castelán, galego e portugués.

- Paula Cruz, “Propostas de lectura en aula das narrativas juvenis de Ramón Caride traducidas para portugués: algumas notas”, “Formação leitora. Experiências e propostas”, pp. 223-229.

Preséntanse unha serie de propostas para desenvolver na aula sobre as novelas de Ramón Caride Ogando traducidas á lingua portuguesa, *Perigo vegetal*, *Ameaça na Antártida* e *Futuro roubado*, nas que se exploran as potencialidades intertextuais e as pontes de contacto coa actualidade, en especial con temáticas como a ecoloxía, a sustentabilidade, a economía e a igualdade de xénero, entre outras.

- Iria Míguez Seoane, “*O álbum na Literatura Infantil e Xuvenil (2000-2010)*”, “Recensões críticas”, pp. 240-245.

Comentario da monografía *O álbum na Literatura Infantil e Xuvenil* (2011), no que comeza referíndose á rica bibliografía que se está a producir na investigación ao redor da literatura para os máis novos e a importancia destes materiais. A seguir detense con detalle nos contidos da obra, dende a introdución, que considera moi clarificadora, ata os artigos teóricos que afondan nas peculiaridades do álbum e na especial interrelación entre texto e ilustración. Explicase que estes estudos se apoian nunha selección de doce álbums clásicos, publicados antes da consolidación desta modalidade literaria en todas as literaturas dos ámbitos da Rede e outra de obras publicadas no período estudado, tanto do marco ibérico e iberoamericano, coma doutros ámbitos lingüísticos, coas que se dan a coñecer obras que destacan pola súa calidade. Tamén se refire ao carácter máis práctico dos trinta comentarios pormenorizados que recolle a obra, os cales teñen como finalidade facilitarlles aos mediadores algunhas claves de aproximación a álbums de solvencia garantida para o seu uso na educación literaria, mentres que do apartado final, a selección bibliográfica sobre o álbum, salienta que reúne estudos de interese, dos que se ofrecen unhas breves notas descritivas sobre os contidos e as ideas principais que se desenvolven neles, moi interesante para coñecer máis sobre a temática e facilitadora duns materiais dispersos e pouco accesíbeis.

- Isabel Mociño González, “*A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)*”, “Recensões críticas”, pp. 246-249.

Comentario sobre a monografía *A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)* (2012), obra considerada esencial para aproximarse á narrativa para a mocidade nos primeiros anos do século XXI e responsabilidade dos membros da rede temática LIXMI, da que repasa as propostas anteriores. A seguir explícase pormenorizadamente cada un dos apartados deste traballo que centra a atención na produción narrativa dirixida á franxa de idade entre a infancia e a madureza, por veces considerada unha literatura que responde a fórmulas simplificadas. Dise que a través das obras seleccionadas e analizadas de cada ámbito lingüístico no período delimitado se demostra que é unha literatura que responde a criterios de calidade e profundidade temática, ao abordar con seriedade e unha gran

calidade literaria múltiples cuestións coas que os creadores e creadoras tratan de construír a personalidade e valores da xuventude, ademais de buscar a súa fidelización como lectores.

- Ana Belén Moreda Rodríguez, “*Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude e Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*”. Dúas revistas especializadas na Literatura Infantil e Xuvenil”, “Recensões críticas”, pp. 250-254.

Pártese da constatación de que a falta de revistas especializadas en Literatura Infantil e Xuvenil é unha das debilidades que se veñen denunciando dende hai anos, polo que se felicita pola continuidade destas dúas cabeceiras e salienta o seu valor no ámbito portugués e galego. Explicase a traxectoria, contidos e obxectivos de cada unha delas, polo que de *Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude* salienta o coidado e atractivo deseño, a existencia de dúas etapas dende a súa creación en 1999. Explicase que dende 2007 iniciou unha segunda serie, na que acentuou o carácter científico, abrangue diferentes ámbitos lingüísticos, aumentou significativamente o número de páxinas e deu cabida á colaboración de institucións de apoio, o que demostra o interese dunha publicación de calidade e rigor coa que sustentar a mediación e formación entre docentes e discentes. Do *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)* salientase o seu marcado carácter científico, a súa indexación en importantes bases de datos e o obxectivo de difundir a investigación que se vén realizando no campo da literatura para nenos e mozos no ámbito nacional e internacional, así como fomentar a investigación de carácter interdisciplinar e contribuír á difusión do coñecemento, ofrecendo un foro de reflexión sobre todas as cuestións que ligan esta literatura coa sociedade e a cultura. Detense na estrutura dos seus contidos, que xiran ao redor de estudos e recensións, que lles achegan aos interesados nesta literatura información sobre as publicacións máis relevantes que se están a ofrecer tanto no marco ibérico coma noutros ámbitos lingüísticos. Conclúese que son dúas revistas especializadas na Literatura Infantil e Xuvenil fundamentais para paliar a deficiente formación e coñecemento que os mediadores posúen respecto ao desenvolvemento desta literatura e ás novidades que van aparecendo, polo que son dúas ferramentas imprescindíbeis para facilitar este labor e realizar unha mellor escolla a partir das recensións e informacións sobre as diferentes obras, feitas con rigor por un grupo de investigadores e investigadoras especialistas na materia.

- Rui Ramos, “*Literatura Infantil y Juvenil e Identidades/Literatura para Infância e Juventude e Identidades*”, “Recensões críticas”, pp. 255-258.

Dáse conta da publicación de *Literatura Infantil y Juvenil e Identidades/Literatura para Infância e Juventude e Identidades* (2012) da man de ANILIJ (Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil), ELOS (Asociación Galego-Portuguesa de Investigación en Literatura Infantil e X/Juvenil) e CIEC (Centro de Investigação em Estudos da Criança da Universidade do Minho), institucións que veñen colaborando na edición dunha serie de monografías na que se integra este volume. Explicanse as características da serie, cunha parte impresa dos resumos en diferentes linguas e os traballos completos en CD-ROM, e céntrase nos contidos desta última entrega, da que sinala que está composta por corenta e cinco traballos de investigadores de Bélxica, Brasil, Costa Rica, España, Francia, Nixeria, Portugal e Reino Unido, que se organizan en tres liñas complementarias: a análise de obras de Literatura Infantil e Xuvenil, as

virtualidades didácticas e as cuestións de tradución, edición e recepción de obras estranxeiras. Describense as liñas xerais de cada grupo de traballo e salientase a gran diversidade, o interese polo contexto escolar e as potencialidades da lectura e da escrita para os máis novos, os hábitos de lectura, a competencia literaria ou a aprendizaxe dunha lingua estranxeira. Conclúe que o elo que pretende unir todos os estudos é o tratamento dado pola Literatura Infantil e Xuvenil das cuestións da construción da identidade, individual e colectiva, así como a multiculturalidade/interculturalidade, a abertura á novidade ou a confrontación cos cambios, desafíos aos que se enfrontan os especialistas na literatura para os máis novos na actualidade.

- Carina Rodrigues, “*Literatura Infantil y Juvenil y Diversidad Cultural/ Literatura para a Infância e Juventude e Diversidade Cultural*”, “Recensões críticas”, pp. 259-262.

Despois de sinalar que o multiculturalismo ou o diálogo de/entre culturas é unha cuestión de plena actualidade, céntrase nos contidos de *Literatura Infantil y Juvenil y Diversidad Cultural/ Literatura para a Infância e Juventude e Diversidade Cultural* (2012), do que sinala que se sitúa na liña de traballos anteriores da Rede Temática LIXMI, como *Multiculturalismo e Identidades Permeáveis na Literatura Infantil e Xuvenil* (2006). Explica que esta monografía presenta unha selección heteroxénea e multidisciplinar de estudos que teñen a súa orixe no 19.º Congreso Bienal da International Research Society for Children’s Literature (IRSCL), organizado en 2009 pola Universidade Johann Wolfgang Goethe (Frankfurt-Alemanha). Explicase que reúne trinta e cinco estudos de diferentes ámbitos lingüísticos, cuxo denominador común é o concepto de *diversidade cultural* en obras dirixidas ao público infantil e xuvenil, analizadas dende diferentes paradigmas teóricos dos Estudos Literarios e que convidan á reflexión sobre un universo plural de materias e temáticas. Salienta que se trata dunha coherente compilación de olladas que contribúe ao coñecemento da Literatura Infantil e Xuvenil e un instrumento de grande utilidade para investigadores, mediadores e demais interesados nesta área do saber.

Recensións:

- Vanessa Regina Ferreira, “Profundo debate sobre a educación literaria da LIX”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 31 agosto 2013, p. 43.

Coméntase que o monográfico recolle unha colectánea plural de artigos que tratan da educación literaria vinculada coa Literatura Infantil e Xuvenil. Indícase que os estudos teóricos fan unha abordaxe actualizada e variada sobre esta relación, mentres que outros analizan escritores, coleccións e efemérides importantes para o recoñecemento desta literatura, como as dúas novas coleccións editadas pola editorial Hércules de Ediciones e a conmemoración dos 25 anos da colección “Merlín”. Apúntase que se complementa con catro achegas didácticas e o apartado “Recensões críticas” de monografías e revistas actuais galegas e portuguesas que abordan a LIX.

Referencias varias:

- ELOS, “Deriva Editores”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 17 agosto 2013, p. 35.

Anúnciase a publicación da monografía *Literatura para a Infância e a Juventude e Educação Literaria*, coordinada por Maria Madalena Teixeira da Silva e Isabel Mociño González. Saliéntase a importancia para a educación literaria, a combinación de enfoques teóricos e as propostas de experiencias didácticas, ademais do apartado de recensións críticas.

VII. 5. 2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

VV.AA., *Anuario Iberoamericano sobre el Libro Infantil y Juvenil 2013*, Madrid: Fundación SM, 237 pp. (ISBN: 978-84-675-6152-4).

Balance anual da Fundación SM sobre a Literatura Infantil e Xuvenil no marco iberoamericano co obxectivo de ofrecer unha ollada global do estado actual desta literatura, reparando en cuestións de Crítica literaria como tendencias e correntes ou a importancia canonizadora dos premios, sen esquecerse da parte máis comercial desta produción, en canto a cifras de venda, novidades ou evolución do lectorado. No contexto español, en relación coa literatura galega, insírese o seguinte traballo:

- Isabel Soto e Xavier Senín, “Contra viento y marea”, pp. 145-153.

Expoñen en dez subapartados diversos aspectos da produción infantil e xuvenil galega, inaugurándose cunha reflexión ao redor do descenso nas axudas e do dinamismo de redes sociais e blogs. Reparar na obra máis recente e os recoñecementos de Agustín Fernández Paz; e enumeran os galardóns do ano 2012 e as actividades encamiñadas á formación e investigación. Despois seleccionan unha listaxe de novidades e propostas editoriais de álbum, narrativa, poesía e teatro, acompañadas por comentarios técnicos e críticos, dirixidas a distintas franxas de idade. Por último, inciden na diminución de vendas e traducións, na posta en marcha de novas iniciativas editoriais e na diversidade e calidade da Literatura Infantil e Xuvenil en lingua galega cun espírito esperanzador.

Recensións:

- Carmen Ferreira Boo, “Facendo balance xeral da Literatura Infantil e Xuvenil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 5 outubro 2013, p. 41.

Indícase que no *Anuario Iberoamericano sobre el Libro Infantil y Juvenil 2013* participan quince profesionais e estudosos no marco iberoamericano que ofrecen unha ollada global do estado actual da produción e mercado da Literatura Infantil e Xuvenil. Refírese á panorámica xeral de Antonio Orlando Rodríguez e ao artigo monográfico de Lenin Monak. Saliéntase a síntese que Isabel Soto e Xavier Senín fan sobre a produción de Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia co título “Contra viento y marea”, na que reparan no descenso nas axudas e vendas e o dinamismo de redes sociais e blogs e analizan a produción diversa e de calidade de álbum, narrativa, poesía e teatro; os diferentes galardóns e as actividades de formación e investigación.

VII. 5. 3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Abelenda, Ana e Manuela **Rodríguez**, “Animar a ler na escola infantil”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 56, “O tema”, xuño 2013, pp. 42-45.

Comézase reflexionando sobre a importancia da lectura para o desenvolvemento integral dos nenos e nenas. Considérase que o percorrido debe partir do folclore infantil e da tradición oral para dotar os máis novos das ferramentas axeitadas para decodificar os primeiros libros. Faise referencia tamén aos “prelibros”, aos primeiros contos e ao álbum ilustrado. Deste último sinálase a súa utilidade para a educación non só literaria, senón tamén visual e estética, ao tempo que se diferencia entre contos tradicionais e contos de autor. Remátase con suxestións para a elaboración dos programas de animación á lectura dentro do recinto escolar.

Arbor Aldea, Mariña, “Lecturas canónicas y lecturas emergentes: notas para un debate actual”, *Anuario de investigación en literatura infantil y juvenil*, n.º 11, 2013, pp. 9-42.

Achéganse os resultados do proxecto “University and School for a European Literary Canon (ELiCa)”. No primeiro apartado faise unha breve introdución sobre a selección de textos que se utilizan na escola, mentres que no segundo se resumen os seus obxectivos e métodos, destacando que mediante o uso de cuestionarios se pretendía elaborar un canon europeo. A terceira sección, “La muestra y su análisis”, se dedica a explicar cales foron os centros educativos participantes e as súas características. Esta sección divídese en varios apartados, “La literatura nacional. Autores y obras”, “La literatura europea. Autores y obras” e “Las preferencias de los estudiantes. Autores y obras”. Nestas subseccións preséntanse os resultados dos cuestionarios acompañados de gráficas tanto globais coma separadas por sexos. Segue un apartado cuarto, “A la luz de los datos. Algunas consideraciones”, no que se salientan os cambios no feito cultural, reflectidos pola literatura que consomen os mozos. Na última sección, “A modo de conclusión”, salientase a necesidade de repensar qué e cómo ensinar. Nun apéndice tamén se proporcionan os cuestionarios utilizados para o proxecto.

Bar Cendón, Mónica “*Xardín de inverno*, de Leticia Costas”, *Festa da Palabra Silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 29, “Actualidade”, 2013, pp. 101-103.

Ofrécese un breve percorrido pola traxectoria literaria de Leticia Costas, destacando a publicación da súa primeira novela xuvenil *Unha estrela no vento* (2000), ata outros títulos como *O Corazón de Xúpiter* (2012), un retrato sociolóxico das preocupacións da xuventude. Dáse conta da publicación da súa última obra poética, *Xardín de Inverno* (2012) e sinálase as claves para a súa interpretación: a combinación de conto e poesía, a reflexión sobre a vida e a morte que a voz poética dunha nena ofrece ao tratar de mitigar o baleiro tras a morte da súa avoa, a refundación da patria da autora, o retorno aos lugares de acubillo da infancia, a dor reflectida nos espazos e obxectos cotiáns do pasado e na perda de rutinas e a salvación da voz poética cando se fai dona da obra creadora ou pola consolidación de novos vínculos amorosos que a reinsiren no mundo.

Por último, destácase o impresionismo do poemario, a alternancia entre o mundo físico e o mundo dos sonhos, a redacción sen pausas e a clasificación dicotómica dos capítulos.

Bernárdez Vilar, Xoán, “8 de marzo. Día internacional da muller”, *Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián*, n.º 182, marzo-abril 2013, pp. 107-117.

Faise unha “Rolda da cultura” na que se repasan diferentes manifestacións artísticas. Nun repaso a personaxes históricas femininas, con motivo do Día Internacional da Muller, menciónanse figuras literarias como Concepción Arenal, Rosalía de Castro ou Emilia Pardo Bazán. No apartado “As letras” cítase a concesión do Premio Nacional de Mellor Labor Editorial e Cultural á Editorial Kalandraka; e a celebración de recitais de *Cantares gallegos* con motivo dos cincuenta anos da súa publicación. Na sección “Premios” recóllense os gañadores de diversos certames, entre os que están o Premio Cartas de Amor, que foi para Víctor Iglesias Viqueira; o Premio Fernández del Riego á Difusión do Ámbito Editorial e Cultural, que foi para a Fundación Penzol; os Premios Ánxel Casal, que na modalidade de Edición Histórica foron para Edicións Toxosoutsos, Edicións do Cumio e Teófilo Edicións, e na modalidade de ficción para *Morgana en Esmelle* (2012), de Begoña Caamaño Rodríguez e *O rastro que deixamos* (2012), de Agustín Fernández Paz; o Premio Díaz Pardo ao Mellor Libro Ilustrado, que foi para *Cartas de inverno* (2012), de Antonio Seixas; o Premio do Libro Infantil, que gañou Leticia Costas; o Premio X. M. Álvarez Blázquez, outorgado a Fina Casalderrey; e o Premio da Mellor Iniciativa Editorial para OQO films. Dentro da sección “Varia”, no que atinxe á Literatura galega, faise referencia á presentación no Centro Ramón Piñeiro do libro Epistolario de *Álvaro Cunqueiro e Alberto Casal* (2012).

Bragado, Manuel, “O sector do libro, na UCI”, *Tempos Novos*, n.º 191, “En foco. Informe”, abril 2013, pp. 10-20.

Preséntanse unha radiografía do sector editorial galego e “Un plan estratéxico para o sector do libro”. A primeira parte está dividida nas seguintes seccións: “Un crecemento interrompido”, “Os datos da produción editorial”, “Os datos da produción editorial por tipo de edición”, “A edición en galego e noutras linguas oficiais”, “Os datos de vendas do sector”, “Os datos de edición e venda por ámbitos temáticos”, “Os datos da edición literaria”, “As axudas públicas ao sector” e “O emprego no sector”. Nesta parte, achéganse datos estatísticos que atinxen á produción e venda do libro en galego, tanto xeral coma por tipo de edición, contrastando os distintos xéneros entre si e contrastando a edición en galego coa edición noutros libros oficiais. Trátanse tamén as cuestións das axudas públicas e o emprego no sector. A segunda parte está composta por “Un plan estratéxico para o sector do libro”, documento de traballo da Asociación Galega de Editores, que se divide en tres eixos estratéxicos: o afianzamento sectorial, a cohesión social e a proxección. Cada un destes eixos preséntase con varias liñas de actuación e as súas medidas correspondentes.

CLIJ, “Lista de Honor de CLIJ 2012. Los 100 mejores libros del año”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 253, “Lista de Honor”, maio-xuño 2013, pp. 6-10.

Preséntase a Lista de Honor de CLIJ elaborada a partir de máis de 300 títulos que foron recensionados na revista durante o ano 2012. Entre os galegos e traducidos ao galego, destácanse nas diferentes franxas de idade os seguintes: “De 0 a 5 años”, *Mans* (2011), de Xabier P. Docampo; “De 6 a 8 años”, *A coelliña Marcela* (2011), de Esther Tusquets; “De 8 a 10 años”, *Rosa Caramelo* (2012), de Adela Turin; “De 10 a 12 años”, *Minimaladas* (2011), de Pinto&Chinto, *A nena de auga e o príncipe de lume* (2012), de Xabier P. Docampo, e *Robinson contado polas alimarias* (2011), de Marilar Aleixandre; “De 12 a 14 años”, *Canción de Nadal* (2011), de Charles Dickens; “Más de 14 años”, *Fantasmas de luz* (2011), de Agustín Fernández Paz; e “De regalo”, *Almanaque musical* (2012), de Antonio Rubio.

CLIJ, “Los Premios de 2012-2013 (I)”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 253, “Informe”, maio-xuño 2013, pp. 11-35.

Neste “Informe”, despois de facer unha listaxe dos premios e dos galardoados nos diferentes xéneros no ano que se describe, pásanse a facer uns breves comentarios sobre o creador galardoado, cítanse os outros galardóns alcanzados e achégase unha biobibliografía seleccionada e un descriptor da obra premiada. Dise que o autor galego que mereceu algún galardón este ano foi: Xan López Domínguez, Premio CCEI (Comisión Católica Española para la Infancia) de Ilustración 2012, por *La noche del Marramiáu*. Así mesmo indícase que o Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados 2012 recaeu en *Bandada* (2012), de David Daniel Álvarez e Julia Díaz.

CLIJ, “Informe. Los Premios de 2012-2013 (I)”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 254, Xullo-agosto 2013, pp.7-24

Neste Informe anual os responsábeis de Cluj, seguindo a estrutura de sempre, é dicir, Biobibliografía do autor e un breve resumo da obra galardoada nos diferentes premios que se convoca, acolle o premio Lazarillo o premio concedido a Ramón Trigo, como ilustrador do álbum *Laviatán*; o premio Merlín, do que foi gañador Marcos Calveiro coa obra *Palabras de Auga*.

DoCampo, Xavier P., “Espírito de Nadal”, *Tempos Novos*, “Protexa”, n.º 20, “proPostas”, “LiX”, inverno 2013, p. 6.

Recolle o argumento de *Conto de Nadal*, de Charles Dickens, así como cita outras obras deste autor sobre o Nadal. A seguir refírese con detalle ás ilustracións que Roberto Innocenti fixo para a edición que Kalandraka publicou en 2011, nas que compensa as imaxes do deprimente ambiente da pobreza londinense de mediados do XIX con imaxes da alegría do Nadal. Explica tamén que este artista florentino é un ilustrador de peculiar realismo, que na súa faceta de recreador de obras clásicas ten un extremo coidado na documentación.

Fernández, M^a Jesús, “Bandada. María Julia Díaz Garrido”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 251, “Libros”, “de 8 a 10 años”, xaneiro-febreiro 2013, p. 47.

Indica que *Bandada* (Kalandraka, 2012), de M^a Julia Díaz Garrido, é unha “fábula moral”, protagonizada por aves que representan simbolicamente os seres humanos, na que se explicita en imaxes realizadas cun “gran virtuosismo”, a súa evolución e decadencia cunha mistura de “fantasía y lirismo”.

Fernández, M^a Jesús, “*Ay, Filomena, Filomena! e outros contos*. Miquel Obiols”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 251, “Libros”, “de 10 a 12 años”, xaneiro-febreiro 2013, p. 48.

Comenta que *Ai, Filomena, Filomena! e outros contos* (Kalandraka, 2012), de Miquel Obiols, é un dos libros fundacionais da moderna literatura infantil española no que se achega unha nova fantasía “inspirada en técnicas vanguardistas” cun toque de nonsense. Apunta que se trata de oito historias breves ilustradas por Miguel Calatayud.

Fernández, M^a Jesús, “*O corazón de Xúpiter*. Leticia Costas”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 251, “Libros”, “más de 14 años”, xaneiro-febreiro 2013, p. 50.

Resume o argumento d’*O corazón de Xúpiter* (Xerais, 2012), de Leticia Costas, que considera un “relato de instituto” con elementos habituais como o acoso, a amizade, os problemas familiares e o amor, e outros máis singulares, como a homosexualidade e o dramatismo do “sorprendente” final.

Fernández, M^a Jesús, “*Ovos duros*. Marisa Núñez”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 252, “Libros”, “de 8 a 10 años”, marzo-abril 2013, p. 57.

Apúntase o argumento da reedición de *Ovos duros* (OQO, 2012), unha versión dun conto da tradición oral realizada por Marisa Núñez e protagonizada por mulleres sabias. Indícase que as ilustracións de Teresa Lima, coas que mereceu a mención White Ravens 2008, resultan “muy personales y de una gran delicadeza”.

Fernández, M^a Jesús, “*Descenso a Esquela*. Jack Mircala”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 252, “Libros”, “de 12 a 14 años”, marzo-abril 2013, p. 59.

Preséntase *Descenso a Esquela* (El Patito Editorial, 2012), de Jack Mircala, segundo título da serie “O baúl das sombras” no que se narra a trágica, “fantástica, exagerada y muy gótica” historia de amor de Dante e Corintia, a morte de Dante, o secuestro do seu espírito e a aventura de Corintia no submundo na súa busca.

Fernández, M^a Jesús, “*Cartas de invierno*. Agustín Fernández Paz”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 252, “Libros”, “más de 14 años”, marzo-abril 2013, p. 60.

Coméntase a adaptación a novela gráfica realizada por Antonio Seijas, *Cartas de inverno* (Xerais, 2012), da novela homónima de Agustín Fernández Paz. Indícase que Seijas conserva todo o atractivo do relato cun “guión bien elaborado” e imaxes que reforzan o contido semántico.

Fernández, M^a Jesús, “*O aroma do liquidámbar*. An Alfaya”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 253, “Libros”, “De 10 a 12 años”, maio-xuño 2013, p. 66.

Indícase que *O aroma do liquidámbar* (Xerais, 2012), de An Alfaya reflicte o mundo familiar dos dous nenos protagonistas, Miro e Daniel, alternando as partes narrativas coas cartas de Miro á súa nai que está no cárcere, nas que se achegan as súas vivencias e sentimentos.

Fernández, María Jesús, “Páxaro de mar e vento”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, “Libros de 0 a 5”, n.º 254, Xullo-agosto 2013, p. 54

Despois de relatar o argumento do álbum *Paxaro de mar e vento* (2012) cualifícao de texto poético e salienta a valía das ilustracións para rematar dicindo que “el álbum es muy bello, muy cuidado en todos los detalles y pertenece a ese grupo de publicaciones que no tienen unicamente un destinatario infantil”.

Fernández, M^a Jesús, “Galicia: capeando el temporal”, *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 255, “Panorama. Galicia”, setembro-outubro 2013, pp. 41-48.

Repaso anual á produción máis salientábel que viu a luz en Galicia durante o ano 2013, na que se dá conta brevemente da liña argumental das obras sinaladas e organizadas segundo modalida literarias e bandas de idade ás que van dirixidas. Comeza cunhas palabras de queixa en relación á crise que afectou tamén a esta literatura. A seguir repasa a literatura xuvenil baixo a denominación de “realismo e fantasía”, na que destaca as obras de Ramón Caride, *Endogamia.02*; Fran Alonso, *A punta de pistola*, que cualifica de “novela de carretera”; Manuel Lourenzo González, *Flor de area*, unha continuidade da súa obra *Irmán do vento* e primeiro *ebook* de Edicións Xerais de Galicia; Leticia Costas, *O corazón de Xúpiter*; Andrea Maceiras, *Nubes de evolución*, finalista do premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil 2011, isto no referente a obras que considera realistas. En canto ás que encadra en “fantasía”, salienta: *Bágoa de Lúa*, inicio da triloxía “Las crónicas de Landereira”, de Sabela González; *Eu, pel*, de Teresa González; *O código do Santo Lugar*, de Pere Tobaruela, de tema histórico; *Cando Artur non era rei*, de Xabier López; *A costureira das ánimas*, de Ana Prado e Suso Cubeiro, e a tradución *Reckless*, de Cornelia Funke. No apartado “Entre los 12 y los 14 años: aventuras y misterio” destaca: *A espada esmeralda*, da serie “Os Megatoxos”, de Anxo Fariña; *Amor de serea*, de Jaureguizar; *Ouro negro e Letras de xeo*, de Pereledi; *Rugando*, de Celia Díaz; *O caso máis estrano do detective Marschen*, de Xaviar Frias; *Palabras de auga*, de Marcos Calveiro e a tradución *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly. No seguinte apartado “Entre los 10 y los 8 años: pandillas, animales y familias”, cita: *Os Sabuxos entran na casa do pé esquerdo*, de Jaureguizar; *Smerling: na tea de araña*, de Lola Gándara; *O capitán Aspanitas* e *O*

misterio das burgas, de Ramón Caride; *A verdadeira historia da mosca da tele*, de María Solar; *A vaca canival* de Marilar Aleixandre;. Baio o título "Cosas que pasan en familia" acolle: *O aroma do liquidámbar*, de Ann Alfaya; *Señor Meco*, de Mar Guerra; *Misterio resolto*, de Concha Blanco e *Desde unha estrela distante*, de Agustín Fernández Paz. En "Tres acertadas reediciones" destaca *Un burro dous gatos e máis cousas*, de Xabier p. Docampo; *Zeralda e o dragón*, de Agustín Fernández Paz; *O merlo de ferro*, de Antón Cortizas. En "Menores de 8 años: imaginación ilustrada", acolle As estrambóticas viaxes de Gulliver, de Pinto&Chinto; De profesión inventor, de Kike Gómez e Irene Sajuan e O gato fantasma, de Xelís de Toro; "Álbumes y libros ilustrados", destaca: *Nicomedes o pelado*, de Pinto & Chinto; *O paxaro de mar e vento*, de Tucho Calvo; *Palabras*, de Xaquín Marín; *Titiricursus*, de Miguel Borines e Tatán; *Un fogar para estrela*, de Ánxeles Ferrer; *Viaxes de inverno*, de Dani Padrón; a reedición de *Ovos duros*, de Marisa Núñez e Teresa Lima; *Son un can!* de Xabier López; *O señor corpo quere xogar*, de Alicia Borrás e *O aprendiz de home do saco*, de Antonio Reigosa. En "Clásicos de la ilustración", realiza unha síntese dos máis destacados que traduciron ao galego as editorias Kalandraka, Oqo editorial e Faktoria K de libros; "Libros de poesía", entre as novas publicacións destaca *Patente de corso*, de Rafa Villar; *Verdades*, de Yolanda Castaño e varias antoloxías de autores clásicos da literatura galega e a dedicada a Antonio García Teijeiro, para finalizar coa reedición de *Cidades*, de Fran Alonso. En "El cómic gallego", un sector que cualifica de moi activo en Galicia, destaca *Ardalen*, de Miguelanxo Prado; *Cartas de inverno*, de Antonio Seijas, sobre a obra de Agustín Fernández Paz e o labor de editoras como Demo e Edicións Xerais de Galicia que deu a lume a serie protagonizada por Marcopola. Reamata esta panorámica cunhas referencia a "Libros-disco" citando os que considera máis salientábeis: *Bicos de música*; *María Fumaça*; *Rosalía pequeniña*; *De roda en roda* e *A nena e o grilo nun barquiño*.

Fernández, M^a Jesús, "Marcopola a Illa Remeira. As orixes de Marcopola", *CLIJ (Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil)*, n.º 255, "Libros. De 8 a 10 anos", setembro-outubro 2013, p. 69.

Coméntase que esta obra é o primeiro título dunha colección de cómics protagonizada por un singular personaxe, como Marcopola. Cualifica o autor como un dos máis orixinais do panorama da Literatura infantil galega e destaca a súa "capacidad de crear mundos de fantasía donde tienen cabida las situaciones más inverosímiles".

Fernández Rodríguez, Áurea, "A tradución literaria en Galicia na ditadura (1936-1975), un desafío á lóxica dominante. A primeira tradución de *Platero e mais eu* ao galego", *Madrygal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, 2013, pp. 31-41.

Estudo sobre a tradución literaria ao galego, no que se emprega como exemplo *Platero e mais eu* (1966), de Juan Ramón Jiménez. Nos cinco apartados dos que consta trátase: "1. Introducción e estado da cuestión", no que se sinalan os motivos da tradución, asociados á globalización e ao mercado internacional do libro e se describen os obxectivos do artigo. Cítanse traballos precursores sobre a tradución ao galego, de Xesús Alonso Montero, Andrés Pociña e Fernández Rodríguez. Menciónanse tamén revistas locais nas que apareceron as primeiras traducións, como *Posío* (Ourense 1945-1946), *Alba* (A Coruña 1948-Vigo 1950), *La Noche. Suplemento del Sábado* (1949-

1950) e *Grial*. Alúdese á pegada destas traducións na obra de Aquilino Iglesia, Chao Ledo, Ramón Cabanillas ou Díaz Castro. No apartado “2. O proceso da tradución literaria no seu contexto”, explícanse os actantes que funcionan no proceso da tradución, e expónse o nacemento do proxecto de tradución de *Platero e mais eu*. Cítanse os autores da tradución: Ramón Otero Pedrayo, Sebastián M. Risco, Celso Emilio Ferreiro, Xesús Alonso Montero, Xosé L. Méndez Ferrín, Camilo G. Suárez Llanos, Ánxel Fole, Albino Núñez Domínguez, Arcadio López Casanova, María Xosé Queizán, Antía Cal, José Ramón Fernández Oxea, Xohana Torres e Ricardo Carballo Calero. Alúdese tamén á lista de debuxantes, que prepararon as ilustracións para o almanaque das empresas Cartonaxes Anmi no que se distribuíu a tradución. No terceiro apartado, “3. Estudo de caso: a tradución de *Platero e mais eu* (1966)”, analízase a recepción de *Platero e mais eu*, que se supón un éxito, debido á cantidade de exemplares distribuídos. Explícanse os factores determinantes da boa acollida: o prestixio do autor, que recibira o Premio Nobel de Literatura; a presenza de versos de Curros Enríquez, traducidos ao castelán por Juan Ramón Jiménez, na obra orixinal; e a estrutura da obra, que respecta o ciclo do ano completo, acorde á estrutura do almanaque. Descríbese a organización do traballo, de xeito que cada capítulo lle foi asignado a un dos participantes. Faise tamén unha breve comparativa entre a tradución de 1966, incompleta, e a versión galega completa que editou Manuel Beiras en 1990, na que se pon de relevo a importancia destas traducións á hora de analizar movementos sociais e correntes ideolóxicas en Galicia. No apartado de “4. Conclusións”, recóllese o papel da tradución como práctica ideolóxica e da actividade cultural como proceso de dinamización lingüística. O quinto apartado está constituído polas referencias bibliográficas.

Gracián, Ánxela, “Galope polo azul”, *Tempos Novos*, “Protexta”, n.º 20, “proPostas”, “LiX”, inverno 2013, p. 7.

Prolixo comentario sobre a proposta ilustrativa feita por Eric Carle n’ *O artista que pintou un cabalo azul* (2012) publicado por Kalandraka. Sinala que se trata dunha autoafirmación do oficio do artista e da liberdade subxectiva de toda obra, así como dunha constante homenaxe ao expresionista alemán Franz Marc, con quen establece un diálogo intertextual, ao individualizar e humanizar algún dos animais máis querido por el, ao tempo que amosa o mundo a través dos seus ollos, nesa unidade entre criaturas e cosmos. Explica como se logra ese efecto e remata sinalando que este álbum é unha lección impagábel de arte e educación visual que dialoga coa historia da pintura e demostra que a realidade pode ser vista de múltiples cores.

Ínsua, Emilio Xosé, “Un gran poeta infantil”, *Aulas libres. Revista de pensamento, información e debate do STEG*, n.º 1, novembro 2013, p. 31.

Faise un percorrido biobibliográfico sobre Xoán Neira e recálcase que é “unha das voces máis prolíficas e relevantes do panorama da poesía infantil”. Faise unha análise do seu poemario *Un niño no xardín* (2012) do que se sinala que está composto por trinta poemas que se aproximan aos mellores moldes da poesía folclórica pero con acenos na propia tradición literaria culta galega.

Míguez Seoane, Iria, “Roig Rechou, B. A., V. Ruzicka Kenfel y A. M. Ramos (Eds.) (2012), *La Guerra Civil española en la narrativa infantil y juvenil (1936-2008)* Porto: Tropelías & Compañía; Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico”, *Anuario de investigación en literatura infantil y juvenil*, n.º. 11, 2013, pp. 197-200.

Comézase situando a obra no contexto das tendencias críticas actuais que abordan a relación entre literatura e sociedade. Describense os eixes vertebradores do libro, entre os que se destacan o dobre papel do texto artístico, o seu vínculo coa institución escolar e a súa influencia na formación da opinión de lectores en desenvolvemento. Analízase brevemente cada unha das partes da monografía, que se divide en períodos cronolóxicos. Saliéntanse a orixinalidade do enfoque e as reflexións cruciais sobre a funcionalidade da arte en períodos de ditadura.

Monteagudo, Henrique, “Arcadio López-Casanova e Fina Casalderrey”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 200, Tomo LI, “O rego da cultura”, outubro, novembro e decembro 2013, p. 10.

Dáse conta do ingreso na Real Academia Galega de Arcadio López-Casanova (Lugo, 1942) e Fina Casalderrey (Xeive-Pontevedra, 1995). Ofrécese un sucinto percorrido pola traxectoria literaria de Arcadio López-Casanova, destacando obras de creación dende *Palabra de honor* (1965), *Liturxia do corpo* (1983), *Noite do degaro* (1994) ata *Herdo do canto* (2006) e obras de crítica literaria como *Luís Pimentel e Sombra do aire na herba* (1990), *Álvaro Cunqueiro e a vangarda poética* (1994) e o *Diccionario metodolóxico de análise literaria. I. A poesía* (2003). Alúdese ao discurso de López-Casanova titulado *A modernidade poética de Rosalía: unha interpretación* e á resposta de Xesús Alonso Montero. A seguir céntrase no discurso de Fina Casalderrey titulado *Viaxe á semente. Dende os refachos do corazón ata onde habita o imaxinario* e destácase que con esta autora entra na institución a Literatura Infantil e Xuvenil galega. Saliéntanse entre as súas obras *Mutacións xenéticas* (1991), *Dúas bágoas por Máquina* (1991), gañadora do Premio Merlín, *O misterio dos fillos de Lúa* (1994), gañadora do Premio O Barco de Vapor e do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, e *Dúas letras* (2012).

Pena Presas, Montse, “Feminismo e xénero na literatura infantil e xuvenil galega: unha análise a partir dos personaxes de mulleres”, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, n.º 17, “Estudos”, outono 2013, pp. 55-66.

Destaca a importancia das primeiras lecturas infantoxuvenís á hora de marcar prexuízos sobre a feminidade e masculinidade e o perigo de que os estereotipos de xénero sigan aboando na Literatura Infantil e Xuvenil. Considera que o impacto do feminismo neste campo literario está aínda sen estudar na súa globalidade por mor de distintos motivos. Analiza os e as personaxes que representan a tensión xenérica dende unha perspectiva máis centrada nos elementos cualitativos ca nos cuantitativos. Estabelece unha cronoloxía que vai dende 1975 a 1985, xa que nos anos anteriores a publicación de Literatura Infantil e Xuvenil foi irregular, e argumenta esta escollo polas mudanzas lexislativas que favoreceron o idioma galego. A seguinte etapa abrangue dende 1986 até 1998 e defínea como a de “consolidación”, xa que se acadou o recoñecemento (en

forma de premios e de lectores) da literatura galega infantil e xuvenil tanto dentro de Galicia como alén fronteiras. Por último, estaría a etapa de “tempo de espera, que acolle dende 1999 a 2010, onde destaca o aumento do protagonismo das rapazas alleas aos estereotipos tradicionais.

Pena Presas, Montse, “Algunhas tendencias do teatro infantil e xuvenil galego actual”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 57, “Recensións”, novembro 2013, pp. 94-97.

Comeza reflexionando sobre o empeoramento da situación da literatura dramática e das representacións teatrais para os máis novos nos últimos tempos como consecuencia da crise económica. A continuación, logo de centrar a súa análise no período 2008-2011, sinala que a saída do prelo de pezas teatrais infantís e xuvenís en galego dependeu, sobre todo, da convocatoria de premios específicos. Destaca que son as editoras máis modestas as que máis apostaron por este xénero literario. Comenta que o humor se consolida como recurso fundamental, ao que se unen, nalgúns casos, unha lixeira crítica social e o didactismo. Menciona a continuación certos autores comprometidos co xénero, como Paula Carballeira, Carlos Labraña ou Teresa González Costa, entre outros. Censura o esquecemento dos mozos e mozas xa que os textos adoitan dirixirse a unha franxa de idade que non supera os doce anos, ao igual que as montaxes. Finalmente, propón que deberían implicarse máis as editoras na publicación deste tipo de textos, promover o diálogo entre creadores textuais e espectaculares, formar os mestres e mestras nas posibilidades da literatura dramática infantil, elaborar guías didácticas de clásicos universais en lingua galega e fomentar a posta en escena a partir das bases dos premios máis importantes.

Redondo Sánchez, Carlos, “As mudanzas da memoria”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, pp. 90-91.

Faise unha recensión da novela gráfica *Ardalén* (2012), de Miguelanxo Prado, galardoada co Premio de Mellor Obra de Autor en 2012. A obra contéplase como un relato ambicioso que experimenta coas posibilidades artísticas e narrativas do seu medio “cunha liberdade inédita”. Contextualízase dentro da obra de Miguelanxo Prado, entre as que se atopan *Trazo de xiz* ou *De Profundis*, para sinalar a trabazón que existe nos seus universos.

Rodríguez Marcuño, Marga, “Fina Casalderrey, académica”, *Festa da Palabra Silenciada (Publicación Galega Feminista)*, n.º 29, “Actualidade”, 2013, p. 114.

Co gallo do ingreso na Real Academia Galega de Fina Casalderrey, faise un breve repaso pola súa traxectoria literaria, destacando a súa vinculación á Literatura Infantil e Xuvenil e a publicación das novelas xuvenís *Mutacións xenéticas* en 1991, coa que se deu a coñecer, e *O misterio dos fillos de Lúa* en 1996, pola que lle foi concedido o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil. Tamén se destaca o seu labor na promoción da literatura para os máis novos, potenciada polos premios.

Sáiz Ripoll, Anabel, “Cuando la enfermedad no es un cuento”, *CLIJ. Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil*, n.º 252, “Estudios”, marzo-abril 2013, pp. 6-15.

Analízase a presenza de temas tabú, como a enfermidade e a morte, en obras da Literatura Infantil e Xuvenil, que se presentan de forma realista. Primeiro, diferencia a literatura infantil, na que se trata a curación, da literatura xuvenil, na que de forma directa e dramática se achega ás consecuencias da enfermidade ou incluso á morte. A seguir, sistematízanse temas relacionados coa enfermidade e o seu tratamento, como a dor e a impotencia; a hipocondría; os síntomas da enfermidade; as enfermidades frecuentes, como a tos, variola, sarampelo ou hepatite; as enfermidades relacionadas cos trastornos alimentarios, como a anorexia e bulimia; a sida, o cancro e o alzhéimer; as enfermidades mentais, como a tolemia; as inxeccións, medicinas, convalecencia e recuperación. Tamén se comentan os personaxes recorrentes (médicos e enfermeiras) e o léxico que se emprega con tecnicismos e termos médicos. Por último, alúdese ao crecemento persoal do enfermo ou dos seres queridos; e conclúese que estes temas axudan ao enriquecemento persoal do lector, á vez que lle permite aceptar as súas posíbeis enfermidades. De todas estas cuestións achéganse exemplos tomados de, entre outras, *Trece anos de Branca*, *Tres pasos polo misterio* e *Aire negro*, de Agustín Fernández Paz; e *Chamábase Luis*, de Marina Mayoral.

Sobrinho Freire, Iria, “Titiricircus”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 55, “Outras lecturas”, febreiro 2013, p. 93.

Infórmase da saída do prelo en 2012 de *Titiricircus*, o álbum co que Tanxerina Títeres conmemoraba o vinte e cinco aniversario da peza teatral homónima. Coméntase que as ilustracións de Pablo Pastor recrean a estética retro do circo clásico, coa que conviven outros estilos, como sombras chinesas, elementos icónicos da cultura pop e elementos realistas e surrealistas. Considérase que a obra se estrutura en dous niveis diexéticos: o protagonizado polos pallasos humanos e o que conta con marionetas como personaxes principais. Destácase o tema do teatro dentro do teatro e indícase que os personaxes circenses están marcadamente estereotipados a través dun xogo intertextual máis ben dirixido ao lectorado adulto. Finalmente, ponse de manifesto o seu interese, a pesar de ser un produto derivado.

Soto, Isabel, “Visión do futuro”, *Tempos Novos*, “Protexta”, n.º 20, “proPostas”, “LiX”, inverno 2013, p. 6.

Alude con detalle aos elementos compositivos da novela de ficción científica *2044* (2011), de Eduardo Santiago. Sinala que se trata dun relato ambicioso e de coidada ambientación, aínda que retarde o arrinque, se perciba algún trasacordo e solapamento de información ou se renuncie a calquera crítica, como non sexa o confronto coa contemporaneidade ou a postura final de Lena sobre o proceder de seu pai ou a alusión á mentira governamental.

Vázquez Freire, Miguel, “O Principiño ou a infancia como alegoría”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 55, “Recensións”, febreiro 2013, pp. 88-90.

Logo dun repaso polos principais fitos na biografía de Antoine de Saint-Exupéry, coméntase que unha lectura superficial da súa obra máis coñecida e traducida, *O Principiño* (1943), situaríaa na corrente do *peterpanismo*, ou loanza da infancia e desprezo da adultez. Porén, considérase que a imaxe dunha nenez de fantasía e aventuras é imposible na obra de Saint-Exupéry e que esta representa a desesperanza fronte ao materialismo da sociedade industrial. Reflexiónase sobre o feito de que as viaxes do protagonista polos seis asteroides ofrecen outras tantas metáforas dos principais males da sociedade contemporánea. Destácase a tradución de Carlos Casares ao galego, da que se di que seguramente precisaría dalgunhas actualizacións. Finalmente, dáse conta doutras versións deste texto.

Vázquez Freire, Miguel, “Manuel António Pina ou de cando os xigantes se disfrazan de (falsos) ananos”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 56, “Recensións”, xuño 2013, pp. 107-109.

Realízase un repaso polos inicios do labor literario de Manuel António Pina, con motivo do seu pasamento. Considérase que a irrupción deste autor supuxo unha ruptura co modelo dominante no ámbito da Literatura Infantil portuguesa, de marcado carácter didáctico e moralista. Coméntase que as súas estratexias de subversión da linguaxe constrúen unha concepción irónica e descrida da realidade. Finalmente, faise referencia a diferentes versións musicais e teatrais das súas obras e á súa única obra traducida ao galego por Margarita Ledo Andión e con ilustracións de María Xosé Fernández, *Xiganos e anantes*, da que se di que recompila breves relatos tomados de *Gigões e anantes* e *O Tepluquê*.

VII. 5. 4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Agrelo Costas, Eulalia, “Entre princesas e dragóns”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 15 xaneiro 2013, p. 42.

Refírese á reescrita de *O tesouro do dragón Smaug* (1992), que Agustín Fernández Paz publicou en 2012 co título de *Zeralda e o dragón*. Sinala que este relato é unha mostra dese exercicio de reelaboración, ao que Fernández Paz está a someter as súas primeiras obras, o que o converte nun paradigma do “proceso de reelaboración textual” da literatura galega. Refírese ás mudanzas que introduce no corpo textual do relato e que desembocan nunha escrita máis cohesionada, nunha prosa máis limpa, nunhas descrições máis demoradas e nun maior ritmo narrativo.

Agrelo Costas, Eulalia, “Literatura Xuvenil. Novelas de pandas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 22 xaneiro 2013, p. 42.

Saliéntase o pulo renovador das novelas de pandas que saen do prelo no século XXI, á vez que conservan trazos xa abordados como o motivo da casa abandonada, a transmisión de valores ou o estímulo pola lectura. Destácanse títulos como *A casa da luz* (2002), de Xavier P. Docampo; *Xenaro e o misterio da mochila verde* (2008) e *Xenaro e a hucha do indiano* (2010), de Mar Guerra; e *Os megatoxos e o aprendiz de druída* (2007), *Os megatoxos e a espada esmeralda* (2008) e *Os megatoxos e os templarios da luz* (2009), de Anxo Fariña. De todas elas coméntase de xeito sucinto as principais liñas temáticas.

Agrelo Costas, Eulalia, “Crónica dun ‘eu’ e dun tempo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 17 abril 2013, p. 42.

Achégase ao exercicio memorialístico realizado por Agustín Fernández Paz n’*O rastro que deixamos* (Xerais, 2012), no que arremuíña un monllo de textos que aluden á súa experiencia vital e quefacer literario. Sinala que estes traballos abranguen un abano temporal, que se inicia en 1994 e se desprega ata o ano 2011, e que case todos eles, agás o intitulado “O cesto do Beti”, xa foran publicados ou presentados en medios e foros do máis diverso, aínda que na súa práctica totalidade se retocaron para esta ocasión. Explica que no primeiro dos bloques, “As paisaxes da memoria”, Fernández Paz regresa á patria da infancia e chega ao discurso da súa xubilación como docente, mentres que no segundo, “O oficio de escribir”, se apoia nunha perspectiva reflexiva e se ampara nos seus autores e títulos de cabeceira para escudriñar con máis minuciosidade na súa obra que, deliberadamente, decidiu encadrar no ámbito da Literatura Infantil e Xuvenil. Tamén sinala que os bloques se pechan cuns relatos, nos que Fernández Paz retoma os fíos da vida e da súa escrita para ficcionalizar cuestións previamente abordadas.

Agrelo Costas, Eulalia, “Literatura xuvenil. Novelas relacionadas co respecto ao medio natural”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 9 maio 2013, p. 42.

Indica que as cuestións ecolóxicas continuaron a ser centro de interese en narracións xuvenís publicadas no século XXI e que un dos escenarios máis socorrido foi o mariño, como testemuñan as obras de Rafael Lema *Mareas Negras* (2003) e *O Club do Corvo Mariño* (2005), nas que trata a catástrofe do Prestige e a espoliación dos barcos afundidos, sobresaíe o coñecemento do autor sobre o mar e as referencias intertextuais das novelas de aventuras clásicas. Tamén salienta *O canto dos peixes* (2008), de Marcos Calveiro onde recrea a amizade entre o mozo Ismael e o vello mariñeiro Xacobe.

Agrelo Costas, Eulalia, “Poesía. Antoloxías poéticas. Clásicos e LIX”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 6 agosto 2013, p. 35.

Apunta que a comezos do século XXI seguiron a publicarse escolmas da obra dos autores clásicos da literatura institucionalizada, á vez que saían do prelo seleccións mellor orientadas e cuns paratextos máis axeitados para a nenez e mocidade. Entre estas últimas, destaca *O libro dos cen poemas. Antoloxía da poesía infantil galega* (2002), de Xosé María Álvarez Cáccamo e Marisa Núñez e *Poetízate* (2005), de Fran Alonso.

Agrelo Costas, Eulalia, “Literatura dramática infantil. Teatro de monicreques”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 7 setembro 2013, p. 50.

Saliéntase o Premio Internacional Barriga Verde de Textos de Teatro para Monicreques como animador da escrita de textos para o teatro de monicreques para o lectorado infantil no século XXI. Dise que son pezas nas que predomina o humor e a caricatura de personaxes do cinema e da música, citando como exemplos *O afundimento do Tiránic* (2007), de Breogán Riveiro; *Cucho, Coco e o dilema do 6* (2008), de Tino Antelo; e *Cataventos e Cía ou A Verdadeira historia de Amanda, a Princesa, e Leonardo, o Poeta* (2008), de Celia Díaz Núñez.

Aguinaga, Magdalena, “Gallegos y digitales”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 805, 27 abril 2013, p. I.

Informa de que o primeiro libro electrónico da Deputación de Pontevedra, *Cuentos gallegos* (2012), xa se pode descargar gratuitamente na rede. Explica que se trata dunha colección de quince contos de autores e autoras do país, como Rosalía de Castro, Ramón del Valle-Inclán, Carlos Casares, Luz Pozo Garza ou Manuel Rivas. Sinala que estas composicións, escritas algunhas orixinalmente en galego (traducidas ao castelán) e outras en castelán, están dirixidas á mocidade. Só hai un conto, o de Maruxa Olavide, que está escrito en galego. Entre os distintos relatos, destaca “El cadiceño”, de Rosalía de Castro, un conto costumista protagonizado por emigrantes galegos.

Álvarez Pérez, Mónica, “A illa que non ten nome”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 6 febreiro 2013, p. 42.

Preséntase a obra de Antonio Yáñez Casal, *Vento Galerno* (2012), galardoada na última edición do Premio Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín de Literatura Xuvenil 2011. Explica que a novela retoma a trama do naufraxio nunha illa, xa iniciado por autores como Dafoe e Swift, para narrar as aventuras de Miro na súa chegada a unha illa onde a “falta de lóxica” é a lóxica imperante.

Álvarez Pérez, Mónica, “Literatura Xuvenil. Novelas da vida cotiá. Relacións interxeracionais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 20 febreiro 2013, p. 42.

Dáse a coñecer o conxunto de obras publicadas nos primeiros anos do século XXI, que teñen en común o tratamento das relacións interxeracionais entre pais e fillos, avós e netos etc. Destácanse obras como *Voa Cascuda* (2001), de Leticia Dotras; e *O canto dos peixes* (2008, Premio O Barco de Vapor 2008), de Marcos Calveiro.

Álvarez Pérez, Mónica, “Literatura xuvenil. Novelas de carácter memorialístico (crónicas, biografías, memoria...)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 2 abril 2013, p. 42.

Ofrécese un repaso pola Literatura xuvenil publicada na primeira década do século XXI e céntrase naquelas obras que afondan nos episodios históricos, nas biografías ou crónicas de personaxes. Destácanse obras como *Xograres dun tempo novo* (2009), de Pepe Carballude; e biografías literarias como *Castelao segundo Rañolas: vida e obra de Castelao* (2000), de Marilar Aleixandre, e *Folerpas de Novoneyra. Biografía e antoloxía* (2010), de Fran Alonso.

Álvarez Pérez, Mónica, “Literatura xuvenil. Narrativa de fronteira”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 5 xuño 2013, p. 42.

Facendo un repaso pola literatura xuvenil na década do 2000, detense nas obras definidas como “narrativa de fronteiras” e destácasen obras como *A sombra descalza* (2006), de An Alfaya; *O único que queda é o amor* (2007) e *Aire Negro* (2012), de Agustín Fernández Paz; e *Chamábase Luis* (2007), de Marina Mayoral.

Álvarez, Mónica, “Rafiki quere dicir amigo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 12 xuño 2013, p. 42.

Dáse a coñecer a última obra publicada pola escritora Mar Guerra, *Señor Meco* (2012). Explica que a obra conta a historia de dous xemelgos, Manu e Xan, tras irromper nas súas vidas un adolescente emigrante que se dedica á venda ambulante, o Señor Meco. Destaca ademais aspectos da obra como o tratamento da amizade, a busca da identidade dos protagonistas, o emprego do humor ou o xogo constante coa linguaxe.

Álvarez Pérez, Mónica, “A invisible ladroa de bágoas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 10 xullo 2013, p. 43.

Analízase a obra da autora británica Carol Ann Duffy, *A ladroa de Bágoas* (2012) e resume o relato no que unha invisíbel ladroa de bágoas visita cada noite aquelas casas onde os nenos están chorando para roubarlles as súas bágoas que despois verte sobre a lúa.

Álvarez Perez, Mónica, “Literatura dramática infantil e recuperación e recreación de símbolos, ambientes populares e literarios”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 24 agosto 2013, p. 42.

Alude á recreación dos elementos de tradición popular e literaria na literatura dramática do século XXI, en obras como *Tres mulleres do seu tempo*, de Heidi Kühn-Bode, que se achega á vida da pintora Brigantia, da neneira Xoana de Vega e da actriz María Casares; e *A noite da raíña Berenguela* (2005), Premio Lazarillo de Literatura Xuvenil 2004, de Xosé A. Neira Cruz.

Araguas, Vicente, “Literatura de quiosco”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 762, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 762, p. 30, 3 febreiro 2013.

Comenta a saída ao prelo da novela de Fran Alonso, *A punta de pistola* (2012), en Edicións Xerais de Galicia. Destaca o XII Premio de Novela por Entregas *La Voz de Galicia* do que foi merecente, así como a credibilidade dos personaxes que a compoñen.

Araguas, Vicente, “Navegando a Granellandia”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “Nordesía”, n.º 764, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 764, p. 30, 17 febreiro 2013.

Achégase ao conto *Os tesouros da illa de Granellandia* (2012), de Paco López-Barxas e ilustrado por Eugenio Granell, tirado do prelo por El Patito Editorial. Sinala a reinterpretación da obra de Granell, foco central do conto, a mans de Fausto Deseños Asociados, a introdución biográfica que o abre e o impacto estético das ilustracións.

Blanco Casás, Laura, “Misterio, aventura”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 464, “Libros”, 27 xuño 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 416, 29 xuño 2013, p. 10.

Valora o labor conxunto de Fernando M. Cimadevilla e Iván Valladares, que se encargan da escrita e ilustración, respectivamente, da saga “O mundo secreto de Basilius Hoffman”. Apunta que o primeiro libro da saga, *O ladrón de soños*, tivo moitísimo éxito, de aí que a través da páxina www.basiliushoffman.com se poida completar a obra. Comenta, en relación á temática dos libros, que no primeiro se amosa unha serie de enigmas e misterios que se desenvolven na segunda parte, *O faro da*

escuridade, incorporando elementos de ficción científica que non se atopaban no primeiro. Precisa que nesta última entrega aparece de novo o profesor de historia e arqueoloxía de mundos ocultos, Basilius e o seu sobriño Peter, co cal se aventurará na busca do lendario Diario do Cartógrafo percorrendo lugares coma a Cidade dos Tellados, a Torre de Babel, a Secreta Irmandade de Avalón... Remata afirmando que nesta segunda entrega as aventuras e a tensión están garantidas para os lectores xuvenís e adultos e convidando a seguir atentamente as futuras entregas.

Dávila, Berta, “Un feixe de versos vexetais”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 5 marzo 2013, p. 42.

Refírese á nova achega de Yolanda Castaño, que recunca na poesía infantil con *Verdades*. Sinala que nesta entrega, á diferenza das súas obras anteriores, non se ofrece un fío narrativo condutor. Apunta que está composto de cincuenta e tres cuartetas octosilábicas de rima frecuentemente asonante, coas que recupera un modelo estrófico popular que lembra as coplas e adiviñas do acervo oral. Así mesmo, explica que as pequenas estrofas van formando un catálogo de elementos da natureza tratados en relación aos usos e costumes tradicionalmente asociados a eles, ofrecendo unha invitación a coñecer máis sobre a flora autóctona a través da combinación ben medida de humor, emoción e ritmo. En relación ás ilustracións a toda páxina de Xosé Tomás, sinala que completan eficazmente o poema achegándonos, ademais, algunha representación dos personaxes (anunciados, mais non descritos na parte textual) da familia que convive e interactúa cos elementos naturais protagonistas.

Dávila Fernández, Berta, “Viaxes dun heroe anovado”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 9 maio 2013, p. 42.

Detense no comentario da colección formativo-literaria “As amizades de Hércules” e doutra que acolle traducións, “Os imperdibles de Hércules”, que a editorial Hércules de Ediciones sacou do prelo a finais de 2012. Sinala que “As amizades de Hércules” inclúe o volume *Hércules e a máquina do tempo*, da autoría de Clara Arranz e Matilde María Varela Ben e ilustrado por Kika Hernández. Achega o seu argumento e recomenda aproximarse a esta nova proposta de actualización do mito. Anota que con esta colección, a editorial quere dar a coñecer personalidades de todo o mundo que destacaron polo seu esforzo e traballo en diferentes profesións, ademais de considerar que o gusto de Hércules pola lectura será o pretexto que lle permita recomendar obras de calquera ámbito lingüístico, que aínda non se publicaron en galego e castelán, pero que tiveron éxito nos seus países de orixe e que hoxe manteñen interese para o lectorado do século XXI. Tamén especifica que estas lecturas serán as que se publicarán na outra colección, “Os imperdibles de Hércules”, que ofrecerá ao lectorado galego e castelán, simultaneamente, obras esquecidas.

Fernández, Paula, “Alén das diferenzas”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 440, “Libros”, 10 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 393, “Letras galegas”, 12 xaneiro 2013, p. 6.

Presenta a nova historia de Joel Franz Rosell, *Gatiño e a neve* (2012), ilustrada por Constance V. Kitzing e tirada do prelo por Kalandraka Editora. Tras mencionar a súa outra historia previa, *Gatiño e o balón*, describe o fío argumental e a mensaxe moral nela implícita.

Fernández, Paula, “Continuo dinamismo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 441, “Libros”, 17 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 394, “Letras galegas”, 19 xaneiro 2013, p. 6.

Comenta a saída ao prelo da primeira entrega de Banda Deseñada de Jacobo Fernández Serrano, *Marcopola. A illa remeira* (2012), que inaugura a colección “Merlín Cómics” de Edicións Xerais de Galicia. Describe o seu argumento e salienta a presenza do humor e de múltiples personaxes ao longo do texto.

Fernández, Paula, “Fondura lírica”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 442, “Libros”, 24 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 395, “Letras galegas”, 26 xaneiro 2013, p. 6.

Aproximación ao poemario de Leticia Costas, *Xardín de inverno* (2012), tirado do prelo por Edicións Everest-Galicia no seo da colección “Punto de encontro” e ilustrado por Daniel Puente Bello. Tras mencionar a súa primeira novela, *Unha estrela no vento* (2000), e a súa condición de membro do colectivo Poetas da Hostia, sinala a súa liña temática e voz poética, así como a mestura entre poesía e fotografía presente ao longo do volume.

Fernández, Paula, “No mellor circo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 443, “Libros”, 31 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 396, “Letras galegas”, 2 febreiro 2013, p. 6.

Dá conta da saída do volume *Titiricircus* (2012), de Miguel e Tatán Borintes, integrantes da compañía Tanxarina Títeres, en homenaxe ao vixésimo quinto aniversario da súa fundación. Destaca o carácter practicamente autobiográfico da escrita e describe o seu fío argumental, enumerando tamén os personaxes principais. Sinala finalmente o labor ilustrativo de Pablo Pastor e o esmerado da edición.

Fernández, Paula, “Das sensacións do corpo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 444, “Libros”, 7 febreiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 397, “Letras galegas”, 9 febreiro 2013, p. 6.

Comenta o álbum ilustrado *Que tal estás?* (2012), da autoría de Anthony Browne e traducido ao galego por Silvia Pérez Tato. Describe o argumento e liñas temáticas e salienta o intento de promover a interacción co lectorado agardado.

Fernández, Paula, “Achegamento á Natureza”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 445, “Libros”, 14 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 398, “Letras galegas”, 16 febreiro 2013, p. 6.

Dá conta da recompilación de poemas de Xosé Lois García, *Animalario* (2012), un volume tirado do prelo por Edicións Everest-Galicia e ilustrado por Suso Cubeiro. Despois de describir a forma e o contido deste poemario, salienta a expresividade das ilustracións e a temática popular agochada nos versos.

Fernández, Paula, “Sonoro e musical”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 447, “Libros”, 28 febreiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 401, “Letras galegas”, 9 marzo 2013, p. 6.

Comenta a saída ao prelo do poemario de María José Ferrada, *O baile diminuto* (2012), en Kalandraka Editora. Describe a estrutura do volume así como o contido temático dos poemas que o compoñen e salienta o labor ilustrativo de Sole Poirot, por medio da colaxe e o cromatismo, xunto á presenza do humor ao longo dos versos.

Fernández, Paula, “Teatro e poesía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 448, “Libros”, 7 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 402, “Letras galegas”, 16 marzo 2013, p. 6.

Refírese á publicación da peza *Os poemas do río* (2012), en Edicións Everest-Galicia, ilustrada por Aurora Cascudo Román. Tras apuntar que o obxectivo do volume é ser lido e representado por alumnado de Educación Primaria, describe a estrutura formal e o contido dos versos que o conforman e salienta a mestura entre poesía fundamental e nova creación, xunto ao labor ilustrativo de Cascudo Román.

Fernández, Paula, “Gorentoso pracer”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 449, “Libros”, 14 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 403, “Letras galegas”, 23 marzo 2013, p. 6.

Faise eco da aparición da historia *Zeralda e o dragón* (2012), da autoría de Agustín Fernández Paz e ilustrada por Fran Jaraba. Describe o seu fío argumental e salienta a presenza da fantasía ao longo do relato, así como o carácter lineal e activo da escrita.

Fernández, Paula, “Arredor das desigualdades”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 451, “Libros”, 28 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 405, “Letras galegas”, 13 abril 2013, p. 6.

Dá conta da saída ao prelo da novela teatral *A visita do inspector* (2012), da autoría de J.B Priestley, en Edicións Vicens-Vives, na súa versión galega traducida do inglés por Lourdes E. Salgado Viñal. Describe, por último, o seu fío argumental e liñas temáticas, deitando énfase nos problemas de carácter social implícitos na acción da peza.

Fernández, Paula, “Oral e universal”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 452, “Libros”, 4 abril 2013, p. VI.

Reseña a compilación de relatos intitulada *A voz dos soños e outros contos prodixiosos* (2012), de Hugh Lupton e ilustrada por Niamh Sharkey, tirada do prelo pola Editorial Vicens-Vives como parte da colección “Cucaña”. Tras mencionar o obxectivo desta colección, traducir e achegar títulos da literatura universal a alumnado de Educación Primaria, destaca o estilo popular e dinámico deste volume e resume as temáticas de cada un dos contos.

Fdez. Santomé, Cristina, “Trala tempestade, a calma?”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 5 xuño 2013, p. 42.

Comeza sinalando que o ano 2012 foi moi prolífico en adaptacións de obras de Literatura Infantil estranxeiras ao galego. Sinala que Isabel Soto se encargou de traducir a esta lingua *Gretchen, miña nena*, de Christine Nöstlinger. Comenta que, se nas dúas primeiras entregas da triloxía (*Unha familia normal* e *Gretchen preocúpase*) se trataban situacións como as crises familiares, os divorcios, as reconciliacións e a experiencia que deles teñen os fillos, *Gretchen, miña nena* céntrase nun conflito persoal da protagonista. Destaca o estilo áxil, sinxelo e directo da autora, así como a estética minimalista escollida para a cuberta da edición galega. Finalmente, salienta a presenza da ironía, do distanciamento e dun fino sentido do humor como trazos máis característicos da escrita de Nöstlinger, así como a mestría da tradución ao galego e recomenda a súa lectura.

Fernández Vázquez, Mar, “Literatura xuvenil. Novelas de piratas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 15 xaneiro 2013, p. 42.

Afirmase que na Literatura Xuvenil galega a temática das aventuras de piratas non interesou aos autores até finais dos anos noventa. Saliéntase que no século XXI saíu do prelo a triloxía de Rafael Lema, conformada por *Capitán Araña* (2000), *Crónicas corsarias* (2008) e *O tesouro da corsaria* (2010). Dáse conta das súas principais liñas temáticas e remátase sinalando que, grazas a este tipo de obras, o lectorado mozo coñece feitos históricos e a peripecia real dos personaxes citados nelas.

Fernández Vázquez, Mar, “Unha carreira desesperada”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 30 xaneiro 2013, p. 40.

Laméntase de que “no século XXI a igualdade entre mulleres e homes aínda non sexa unha realidade, sobre todo nalgúñas profesións”, entre as que cita a de camioneira, exercida dende 1932 por Celia Rivas, en quen se inspira a trama de *A punta de pistola* (2012), de Fran Alonso. Indícase que esta obra mereceu o XII Premio de Novela por Entregas La Voz de Galicia e que viu a luz neste xornal coruñés en agosto de 2012 antes de inserirse na colección para lectorado mozo, “Fóra de Xogo”, de Edicións Xerais de Galicia. Destácanse as facetas literarias realizadas por Fran Alonso antes de precisar que nesta novela recupera a profesión exercida polos personaxes da súa primeira obra,

Tráiler (1991, Premio Blanco Amor). Detense na relevancia da moza camioneira, da que apunta que “gaña protagonismo segundo avanza a novela ata se converter no personaxe principal que dá sentido á existencia do resto de personaxes”. Salienta d’*A punta de pistola* a “acción desordenada, intuitiva e decidida” que caracteriza á parella protagonista da segunda historia principal. Sintetízase que nesta novela o autor non só “aprehende aspectos que o desagradan” da sociedade actual, senón que resalta o emprego das redes sociais e os blogs. Remátase matizando que tamén salienta “a capacidade de soñar”, que Fran Alonso entende como unha forma de superación á que contribúe ler poesía.

Fernández Vázquez, Mar, “Variedade de persoas e casas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 20 febreiro 2013, p. 42.

Comeza indicando que Paula Carballeira, na dedicatoria de *Casas* (2012), lembra casos límite de persoas que no século XXI non poden cumprir o soño de posuír casa de seu: “Para as persoas que non teñen casa, senón camiños”. Resume brevemente a traxectoria cultural e literaria de Paula Carballeira, antes de se centrar en *Casas*, unha obra en prosa e verso dirixida a un lectorado de máis de oito anos en primeira instancia. Precisa que no capítulo inicial, “A miña casa”, a autora expón que “as casas non son de ninguén” e “para as casas só somos xente”, ademais de recoller as características de distintos tipos de casas personificadas e as vantaxes e desvantaxes de vivir nunhas e noutras. Matiza que para cualificar as casas, Paula Carballeira emprega na maior parte dos exemplos o sintagma nominal “a casa” seguido dun guión e o adxectivo que a define, e noutros frases preposicionais. Considera que “moitas das historias poderían ser relatos ou narracións máis amplas”, xa que son “pequenos microrrelatos que beben de simbólicas historias da transmisión oral”. Remata apuntando que esta obra reflicte o lirismo, musicalidade e bo dominio da escrita de Paula Carballeira, así como “o seu profundo coñecemento da riqueza da transmisión oral, á vez que permite ao lectorado soñar con lograr unha perfecta simbiose coa casa na que vive”.

Fernández Vázquez, Mar, “Literatura xuvenil. Novelas da vida cotiá. A familia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 5 marzo 2013, p. 42.

Detense en novelas xuvenís que amosan o núcleo familiar dende a óptica da vida cotiá e as súas problemáticas. Indica que nunhas novelas se abordan actitudes dos personaxes ante unha separación dos pais e a morte dun avó, caso d’*A Pomba e o Degolado* (2007), de Fina Casallerrey. Precisa que noutras novelas se mostran familias extensas e reorganizadas, como acontece en *Rúa Carbón* (2005, finalista Premio Nacional de Literatura Infantil y Juvenil 2006), de Marilar Aleixandre, autora da que tamén se salienta *A cabeza de Medusa* (2008, III Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil e Premio Frei Martín Sarmiento 2010).

Fernández Vázquez, Mar, “Humor e intertextualidade, claves da obra de M. A. Pina”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 24 agosto 2013, p. 42.

Comézase afirmando que “a calidade e variedade temática e formal da produción de Literatura Infantil e Xuvenil nos distintos ámbitos lingüísticos explica o incremento nas últimas décadas de proxectos, redes, grupos e traballos de investigación que visualizan e reflexionan sobre este sistema literario desde distintos enfoques teóricos”. Detense en analizar a monografía *Presença e significado de Manuel Antonio Pina na literatura portuguesa para a infancia e a juventude*, de Sara Reis, profesora da Universidade do Minho e investigadora da Rede temática “As literaturas infantís e xuvenís do Marco Ibérico e Iberoamericano” (LIXMI) e do Centro de Investigación en Estudos da Criança (CIEC). Explicase que Sara Reis se doutorou en 20019 con esta tese e que é autora de libros individuais e colectivos, e publicacións periódicas, entre os que salienta a monografía *Entre textos. Perspectivas sobre a Literatura para a Infancia e Juventude* (2011), que foi recensionado na páxina de Literatura Infantil e Xuvenil en *El Correo Gallego* o 16 de agosto de 2012. Saliéntase a profunda ollada inquisitiva e reflexiva da profesora Reis, quen é “consciente da necesidade de estudar a produción de Literatura Infantil e Xuvenil dende un enfoque que combine a Historia literaria, a Crítica literaria, a Teoría da Literatura e a Literatura Comparada”. Apúntase que na introdución se definen os tres presupostos metodolóxicos nos que a profesora Reis asenta a súa análise literaria (competencia literaria, intertextualidade e humor) e sintetiza brevemente a estrutura da monografía e os aspectos nos que centra a análise da “plurixenérica, recoñecida e galardoada produción” de Manuel António Pina (Sabugal, Portugal, 1943-Porto, 2012). Indícase que este autor autotraduciu ao galego a súa obra *Gigões & Anantes* (1974, 1977) como *Xiganos e Anantes* (1991), que tamén foi recensionado por esta profesora na páxina de Literatura Infantil e Xuvenil de *El Correo Gallego* do 8 de xuño de 2010. Remátase apuntando as constantes do autor luso salientadas pola profesora Sara Reis na análise textual e icónica que leva a cabo na monografía.

Ferreira Boo, Carmen, “Literatura Xuvenil. Novelas policiais, detectivescas ou negras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 6 febreiro 2013, p. 42.

Coméntase que as primeiras obras deste tipo publicáronse nos anos oitenta e que no século XXI se retoman a partir de series literarias, como *Suso Espada. O misterio do Grial* (2002), *Suso Espada, Istanbul e o cabaliño de ouro* (2008) e *Suso Espada. “Nota Roja”* (2010), de Francisco Fernández Naval e *Un misterio para Tintimán en Compostela. Corazón de chocolate* (2010) e *Un misterio para Tintimán na Coruña. A coroa de Napoleón* (2010), de Santiago Jaureguizar. Menciónanse outros títulos como *A procura do falso Grial* (2005), de Manuel Forcadela e *O lobishome de Candeán* (2009), de Paula Carballeira.

Ferreira Boo, Carmen, “Literatura Xuvenil. Novelas e relatos de crítica social”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 19 marzo 2013, p. 43.

Explicase que a crítica social é unha temática tratada polos autores clásicos contemporáneos e por novas voces literarias. Saliéntanse a modo de exemplo as cuestións sociais tratadas en *Auga para encher un cesto* (2002) e *Das novas cousas de Ramón Lamote* (2008), de Paco Martín; *Trala liña do horizonte* (2002), de Antonio

García Teijeiro; *Fantasma de luz* (2011), de Agustín Fernández Paz; *Un bosque cheo de faias* (2004) e *O ceo dos afogados* (2007), de Francisco Castro e *Rinocerontes e quimeras* (2007), de Marcos Calveiro.

Ferreira Boo, Carmen, “O ‘Bela e Besta’ anovado”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 11 abril 2013, p. 42.

Saliéntase a creación de coleccións específicas para prelectores e primeiros lectores nas que se achegan adaptacións de contos populares e canónicos da Literatura Infantil e Xuvenil universal, entre elas “Árbore/Galaxia. Audicontos” da editorial viguesa Galaxia que acompaña o libro cun CD-ROM con música adaptada ao conto escollido.

Coméntase *Bela e Besta* (2012), historia coñecida a partir das versións escritas por Charles Perrault e polas damas francesas Gabrielle-Suzanne Barbot de Villeneuve e Jeanne-Marie Leprince de Beaumont. Fálase de que é un texto que procede da tradición oral europea que adapta ao galego Xavier Senín, a partir da versión de Perrault. Indícase que nel se representa a parte animal da condición humana, a chegada á madurez e o despertar ao amor da moza, ademais de certa crítica implícita aos matrimonios de conveniencia. Destácase na narrativa visual de Marina Seoane a escolla da figura da Besta para a cuberta; o motivo da rosa para as gardas do álbum; o estilo barroco das ilustracións; o emprego de diferentes planos e texturas e o xogo cromático co que reflicten as distintas sensacións e emocións que envolven a narrativa textual.

Ferreira Boo, Carmen, “Literatura Xuvenil. Novelas históricas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 17 abril 2013, p. 42.

Apúntase un aumento de novelas e relatos que ficcionalizan acontecementos da historia de Galicia e universal no século XXI que abranguen dende a época romana, a Idade Media ata o século XIX. Coméntanse brevemente os argumentos de *O armiño dorme* (2003), de Xosé A. Neira Cruz; *O ouro de Agrícola* (2004) e *Sansón Trolleyro*. *Estudante de pan e sardiña* (2009), de Enrique Vázquez Pita; *Memorial do infortunio* (2003) e *O segredo de Marco Polo* (2010), de Francisco Castro; *O sangue dos Cortiña* (2004), de Miguel Anxo Fernández e *A unlla da águia* (2004), de Ramón Carredano Cobas.

Ferreira Boo, Carmen, “Poesía. Cancioneiro infantil e reescritura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 19 xuño 2013, p. 42.

Saliéntanse entre os poemarios publicados no século XXI que acollen composicións do Cancioneiro infantil, dentro da denominada “Poesía é música” e “Poesía é xogo” cun uso instrumental e lúdico: *Adiviñas para xogar* (2000), de Sabela Álvarez Núñez; *Adiviñas de animais* (2004) e *Adiviñas monstruosas* (2006), de Gloria Sánchez; *Xogando ás adiviñas* (2005), de Carmen Baz; *Quen son?* (2006), de Alicia Borrás; e *Mentiras. Textos populares; Arrollos e Rodas. Textos populares* (2008) e *Pandas: textos populares e Trabalinguas: textos populares* (2008), de Begoña Varela Vázquez. Finalmente coméntase o uso da fabulística en *Tres vellas fábulas novas* (2006), de

Bernardino Graña Villar quen, cunha intención máis ideolóxica, trata o coidado do medio ambiente.

Ferreira Boo, Carmen, “Poesía infantil e series literarias”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 4 xullo 2013, p. 42.

Entre os poemarios do século XXI que narran en verso as aventuras de personaxes pertencentes, en xeral, ao mundo animal, salientáanse a serie protagonizada pola marmota Carlota, formada polos títulos *Carlota, a marmota* (2000), *Carlota e a bota perdida* (2002) e *Carlota e a gaivota patiamarela* (2006), de Miro Villar, e a protagonizada polo coello Federico, constituída por *O coello Federico e os morodos* (2000) e *Federico na silveira* (2006), de Xosé Miranda. Tamén se comentan os títulos *Punver* (2006) e *Punver de volta* (2009), de Yolanda Castaño.

Ferreira Boo, Carmen, “Literatura dramática infantil. Recreación da transmisión oral e da tradición literaria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 17 agosto 2013, p. 35.

Salienta a reescritura lúdica da transmisión oral na literatura dramática infantil do século XXI, con títulos nos que se xogan cos personaxes como *A princesa e o dragón* (2000), de Xan López Domínguez; *A estrela volarina na torre coralina* (2001), de An Alfaya; e *¡Cázame ese pensamento!* (2001), de Antón Cortizas Amado; *Teatro para contistas. Xogos infantís no escenario* (2003), de Heide Kühn-Bode; *Boas noites* (2007), I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2006, e *O lobishome* (2007), de Paula Carballeira. Por último, coméntase que *Larpancia saborosa do Lobo e a Raposa* (2010), V Premio Estornela de Teatro para nenos 2008, de Bernardino Graña, é unha farsa a modo de fábula.

Ferreira Boo, Carmen, “Literatura dramática xuvenil. Recreación da transmisión oral e da tradición literaria”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 21 setembro 2013, p. 42.

Coméntase que na primeira década do século XXI os escritores continuaron esta liña produtiva, tirando proveito dos materiais da transmisión oral, sobre todo, das lendas, e da tradición literaria artúrica, como acontece n’*A boca do inferno* (2004), de Carlos Freire, quen actualiza e recrea personaxes da picaresca; *A serea. Lenda dos Mariños ou de cando se redimiu ás sereas* (2006), de Francisco Antonio Vidal Blanco; e *Labyrinthus* (2010), de Xosé Lois García que emprega personaxes literarios da materia de Bretaña.

Ferreira da Silva, Vanessa, “Cara á liberdade de expresión”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 30 xullo 2013, p. 42.

Anuncia a publicación da monografía *La Guerra Civil española en la narrativa infantil y juvenil (1936-2008)* (2012), organizada por Blanca Ana Roig Rechou, Veljka Ruzicka

Kenfel e Ana Margarida Ramos, na que se realiza unha abordaxe historiográfica onde se presentan as medidas lexislativas e feitos que afectaron a educación e a literatura dese período. Resume o contido dos dous primeiros capítulos que se dividen en dúas franxas cronolóxicas, 1936-1975 e 1975-2008, e do capítulo, “Estudio comparado”, que presenta unha análise conclusiva das obras estudadas.

Franco, Carmen, “O imaxinario dun surrealista galego nun álbum ilustrado”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 22 maio 2013, p. 42.

Comenta o álbum *Os tesouros da illa de Granellandia*, de Paco López-Barxas, no que achega á nenez a traxectoria vital do pintor Eugenio F. Granell (A Coruña, 1912-Madrid, 2001). Salienta as súas ilustracións, de Fausto Deseño Asociados “de estilo infantil e feitos con xiz” e apunta que a narración vital se inicia na infancia ata o asentamento en Santiago de Compostela, onde deixa as súas pertenzas, pinturas, coleccións, esculturas, libros etc. Indica que “a confluencia de textos e imaxes crean unhas páxinas comprensibles e atractivas que conseguen cativar o lector mergullándose no mundo surrealista de Granell” e que se complementa cunha pequena biografía acompañada do seu autorretrato, ademais dunha relación das obras pictóricas que serviron de inspiración.

Loureiro, Ramón, “Con todas as maxias da vida”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 529, “Letras en galego”, 3 agosto 2013, p. 8.

Comeza indicando que “habería que buscarlles un nome” ás narracións que van dirixidas á nenez e tamén aos que “tamén o foron algunha vez”, antes de recensionar *Paxaro de mar e veno* (2012), de Tucho Calvo, ilustrado por Xosé Cobas. Salienta que esta obra debe considerarse “poesía” porque nela habita “unha forma superior da verdade”. Resalta que se trata dun “canto á vida”, ao “milagre de existir” e a grandeza que “se reflicte nas cousas máis pequenas, a auténtica dimensión do universo”. Remata destacando o polifacetismo do autor textual, Tucho Calvo, e apuntando que coa lectura desta obra se poderá soñar con “novos paxaros á beira do mar”.

Méndez Ferrín, X. L., “Miguelanxo Prado”, *Faro de Vigo*, “El sábado”, n.º 833, “No fondo dos espellos”, 9 novembro 2013, p. 4.

En primeiro lugar, fala de que Miguelanxo Prado gañou o Premio Nacional de Cómic pola súa obra *Ardalén*. A seguir, salienta a aparición inicial deste volume en lingua galega e di que, posteriormente, foi editado noutras linguas. Comenta a faceta artística e literaria do autor e salienta a “habelencia do xogo secuencial” no volume. Tamén destaca a simbiose entre o elemento fantástico e o real e un final insospeitábel. Para rematar, cualifica a lectura deste libro como “unha experiencia de culminación”.

Mera, Héitor “Traxedia hipócrita”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 461, “Libros”, 6 xuño 2013, p. VII/ *La Opinión*, “Letras galegas”, 15 xuño 2013, p. 7.

Sínálase que a obra do escritor Joe Sacco é unha novela gráfica enmarcada na guerra de Bosnia na década dos anos noventa. Coméntase que se trata dunha crónica chea de dramatismo, de medos e de penurias, de obxectividade, de desesperación e da crueldade cotiá dunha vila ubicada no corazón do conflito armado.

Moar Quintela, Rocío, “Fábula con ton épico”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 445, “Libros”, 14 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 398, “Letras galegas”, 16 febreiro 2013, p. 6.

Comenta a saída ao prelo da novela centrada no mito artúrico *Cando Artur non era rei* (2012), de Xabier López López na editorial Galaxia. Despois de mencionar outras novelas súas coma *O mono no espello* (2002), *A vida que nos mata* (2003) ou *Trinta e dous dentes* (2007), co gallo de ter sido merecentes de premios literarios, analiza brevemente o fío argumental do presente volume e salienta o ton épico presente na narración e o glosario de termos incluído ao final.

Mociño González, Isabel, “Literatura xuvenil. Novelas de aventuras exóticas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 8 xaneiro 2013, p. 42.

Sínálase que, como en décadas anteriores, se continuaron publicando novelas e relatos de aventuras exóticas, entre as que se sinalan as obras de Santiago Jaureguizar *¡Balea morta ou lancha a pique!* (2002), na que continúa as aventuras iniciadas n’*A rutina corsaria* (1998); Xosé Agreló Hermo, *Rumbo ao Maluco* (1º Premio *ex aequo* II Certame literario de relato de aventuras “Antón Avilés de Taramancos” 2003), na que se narran as aventuras do Grumete Antón Varela; e de Marcos Calveiro, *Sari, soñador de mares* (2006), da que se salienta o diálogo intertextual co universo literario de Álvaro Cunqueiro.

Mociño González, Isabel, “Memorias da vaca caníbal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 22 xaneiro 2013, p. 42.

Dáse conta da publicación d’*A vaca caníbal* (2012), de Marilar Aleixandre, da que se salienta que é unha lectura pracenteira baseada no relato dunha vaca rebelde, crítica e moi divertida, dirixida ao lectorado adolescente. Dáse conta do argumento da obra, que se concibe como unhas memorias de infancia do animal totémico de Galicia, aspecto pouco ficcionalizado na Literatura Infantil e Xuvenil galega. Sobrancéase na obra a presenza dalgunhas das constantes da narrativa de Aleixandre, entre as que se sinalan as preocupacións de carácter ecoloxista, as reivindicacións ligadas aos roles de xénero, a intertextualidade cos clásicos universais e a literatura contemporánea ou o compromiso coa cultura e a tradición galegas. Considérase que a obra reflicte unha ollada crítica e atenta á sociedade, denuncia o abandono das explotacións tradicionais e demostra a habelencia da autora ao introducir elementos paralelos á historia central, que a enriquecen e lle imprimen unha maior dimensión argumental, como son os capítulos titulados “Vacac exemplares”, nos que recrea explicacións literaturizadas de ditos e

frases feitas e referencias a obras literarias, entre elas *Memorias dunha vaca*, de Bernardo Atxaga.

Mociño González, Isabel, “Literatura Xuvenil. Novelas de ficción científica”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 30 xaneiro 2013, p. 40.

Sínálase que durante esta década continuaron proliferando as novleas e relatos con trazos de ficción científica, nas que tamén se deixa sentir a defensa ecoloxista, o antibelicismo e a crítica social. Entre todas elas salientase a serie literaria de Ramón Caride Ogando protagonizada polos irmáns Said e Sheila e a de Anxo Fariña “Os Megatoxos”, ademais de novelas de fronteiras como *Valdamor* (2001), de Beatriz García Turnes, Premio “Lecturas” 2002; *Ariadna* (2002), de Xosé Miranda, que salienta pola concepción moderna do hibridismo entre os trazos de ficción científica e do relato mitolóxico; e *Experimentos coa mentira* (2005), de Manuel Darriba; *O ceo dos afogados* (2007), de Francisco Castro; e *2044* (2011), de Eduardo Santiago.

Mociño González, Isabel, “Literatura xuvenil. Novelas da vida cotiá”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 14 marzo 2013, p. 50.

Dáse conta dalgunhas novelas que ficcionalizan aspectos da vida cotiá durante a década do ano 2000, neste caso as que reflicten a situación de grupos pouco visíbeis, como ocorre n’*O cero escuro* (2003), de An Alfaya, que aborda a existencia de tramas organizadas para captar mozas para a súa explotación sexual e o tráfico de órganos; *As de bolboreta* (2010), de Rosa Aneiros, na que se reflicte a intolerancia, a soidade ou a violencia sobre as mulleres; e *O aliado inesperado* (2005) e *Cacaborro* (2009), de Xabier López Rodríguez, nas que se tratan as consecuencias do abandono do rural, en especial a soidade dos anciáns que se resisten a abandonar os seus fogares.

Mociño, Isabel, “A materia artúrica ás voltas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 19 marzo 2013, p. 43.

Comentario da novela *Cando Artur non era rei* (2012), de Xabier López López. Dise que é unha novela de aventuras de tipo cabaleiresco, na que se recrean as vivencias de xuventude do rei Artur, durante o seu proceso de maduración. Saliéntase a importancia dos elementos peritextuais, como o “Limiar”, no que o autor reconece a débeda coa literatura artúrica, cita outros referentes literarios anteriores e chama a atención sobre a mestizaxe da historia que serve de base á novela. Tamén se destaca a importancia do “Glosario (non só) artúrico”, no que se ofrece información relevante sobre personaxes e lugares, un recurso no que se adiviña a homenaxe a Álvaro Cunqueiro. Sínálase que a través da lectura desta novela se convida a se achegar a outras narrativas, ao propiciar o impulso de buscar información que aparece elidida, polo que se combina a revelación das fontes das que bebe o autor e un itinerario de lecturas para o lectorado mozo.

Mociño González, Isabel, “Literatura xuvenil. Novelas de terror e misterio”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 1 maio 2013, p. 43.

Saliéntase, na primeira década do século XXI, entre as novelas de terror e misterio dirixidas á mocidade *Aire negro* (2000), de Agustín Fernández Paz, Premio Protagonista Jove 2002, e as obras de Xosé Miranda *Pel de lobo* (2002), gañadora do Premio Merlín, *As mans do medo* (2007) e *Vestio* (2008), así como as propostas de Paula Carballeira *A era de Lázaro* (2004) e *O lobishome de Candeán* (2009).

Mociño González, Isabel, “Literatura Xuvenil. Conflitos bélicos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 15 maio 2013, p. 43.

Noméanse, entre as novelas dirixidas á xuventude que fan memoria histórica, as que integran o “Ciclo das sombras”, de Agustín Fernández Paz, *A sombra descalza* (2006), de An Alfaya, e *Quen matou a Inmaculada de Silva?* (2009), de Marina Mayoral, ás que se engaden outras que tratan conflitos en diferentes lugares do mundo, como é o caso de *Trala liña do horizonte* (2002), de Antonio García Teijeiro, e *Irmán do vento* (2003), de Manuel Lourenzo González e que mereceu o Premio Merlín.

Mociño González, Isabel, “Literatura xuvenil. A marxinalidade”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 22 maio 2013, p. 42.

Entre as novelas xuvenís que trataron a marxinalidade durante a primeira década do século XXI, saliéntanse *Illa soidade* (2007), de An Alfaya, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil; *Lixo* (2009), de Xabier López Rodríguez, e *Rinocerontes e quimeras* (2007), de Marcos Calveiro, das que se ofrece unha breve liña argumental.

Mociño González, Isabel, “Bandeiras negras’: piratas, escravas e moitas aventuras”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 29 maio 2013, p. 42.

Comentario da novela *Bandeiras negras* (2012), de Ana María Galego Gen, merecedora do V Premio Meiga Moira, no que se sinala que se trata dunha novela de aventuras na que dialoga co clásico de Robert Louis Stevenson, *A Illa do Tesouro*, ao tratarse dun relato ao estilo clásico, no que están presentes algúns dos personaxes máis coñecidos das novelas de piratas. Saliéntase que se adopta unha perspectiva feminina e se fai unha relectura, na que se priorizan as experiencias vitais da moza protagonista, a través da que se focaliza a percepción do mundo e de personaxes literarios xa coñecidos polos lectores, nunha achega que se considera orixinal e moi acaída para os máis novos. Tamén se sinala a importancia do retrato social da época e a posta en valor de cuestións como o afán de supervivencia, a asunción dunha nova identidade e a loita dunha muller nun mundo de homes, no que finalmente xorde o amor e a esperanza. Conclúe que se trata dunha relectura, que vai da narración de aventuras ás memorias de infancia, a reivindicación da liberdade e a denuncia da escravitude.

Mociño González, Isabel, “Poesía Infantil. Actualización de temáticas e formas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 10 xullo 2013, p. 43.

Saliéntase que durante esta década, ademais da publicación de textos poéticos ligados á lírica tradicional, tamén se publicaron poemarios de autor que renovaron este xénero, entre os que se destaca a Antonio García Teijeiro con títulos como *Aire sonoro* (2001), *Paseniño, paseniño* (2003) ou *Bolboretas no papel* (2008). Tamén se citan outros creadores como Pepe Álvarez Cáccamo, Gloria Sánchez ou Elvira Riveiro.

Mociño González, Isabel, “Literatura dramática infantil. Mundos máxicos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 31 agosto 2013, p. 43.

Indícase que esta corrente temática, iniciada por Carlos Casares con *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973), foi continuada e renovada no século XXI por autores como Teresa González, quen publicou tres pezas nas que recorre ao absurdo e a trazos surrealistas: *Unha noite de medo... tricolor* (2005), *Quen dixo bombóns* (2005) e *Pingueiras e tarteiras* (2009), Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2008; e por Xavier Lama con *Os reloxos preguiceiros de Néboa* (2011), Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2010.

Mociño González, Isabel, “Literatura dramática xuvenil. Crítica social”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 25 setembro 2013, p. 42.

Saliéntanse na produción de literatura dramática xuvenil da primeira década do século XXI pezas que abordaron problemáticas sociais, caso de *Casa durmida* (2006), de Xosé María Álvarez Cáccamo, homenaxe aos represaliados da guerra civil; e das sátiras humorísticas, *Con Franco nun armario* (2009), de Bernardino Graña; e *Comedia bífida* (2007), de Manuel Núñez Singala, sobre o conflito lingüístico que vive a lingua galega. Ademais tamén comenta a innovación de *Unha primavera para Aldara* (2009), de Teresa Moure, Premio Rafael Dieste 2007, Premio María Casares ao mellor texto orixinal 2009 e Premio AELG 2009, na que se “rompe cos códigos de xénero e sexo socialmente establecidos”.

Navarro, María, “Inconformista rumiante”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 440, “Libros”, 10 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 393, “Letras galegas”, 12 xaneiro 2013, p. 6.

Comenta o novo conto de Marilar Aleixandre, *A vaca caníbal* (2012), tirado do prelo pola Editorial Galaxia e centrado na crítica da irracionalidade de certos actos levados a cabo polo ser humano. Unha vez descrito o seu fío argumental e personaxe principal, a vaca Brensa, salienta o carácter lúdico do texto e o convite á reflexión filosófica que lle presenta ao lectorado agardado.

Navarro, María, “Apaixonante díptero”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 445, “Libros”, 14 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 398, “Letras galegas”, 16 febreiro 2013, p. 6.

Presenta o novo conto de María Solar, *A verdadeira historia da mosca da tele* (2012), tirado do prelo pola Editorial Galaxia no seo da colección “Árbore”. Tras sinalar algúns datos sobre a biografía da autora, comenta o obxectivo do conto de achegar aos rapaces e rapazas o mundo da fauna por medio dunha mestura entre realidade e ficción, e salienta o carácter didáctico e lúdico da escrita.

Navarro, María, “Xeneroso acto”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 441, “Libros”, 17 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 394, “Letras galegas”, 19 xaneiro 2013, p. 6.

Trata da saída ao prelo do conto *Un fogar para Estrela* (2012), escrito e ilustrado por Ánxeles Ferrer na colección “Rañaceos” da Editorial Everest-Galicia. Describe primeiramente o fío argumental e temático e remata cunha gabanza ao valor da palabra literaria que conforma o texto.

Navarro, María, “Canto á liberdade”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 442, “Libros”, 24 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 395, “Letras galegas”, 26 xaneiro 2013, p. 6.

Fai referencia á saída ao prelo do conto *Rosa caramelo* (2012), escrito por Adela Turín e con ilustracións de Nella Bosnia, en Kalandraka Editora. Describe o fío argumental polo miúdo e subliña finalmente o concepto de igualdade como principal liña temática.

Navarro, María, “Riqueza emocional”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 443, “Libros”, 31 xaneiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 396, “Letras galegas”, 2 febreiro 2013, p. 6.

Dá conta da historia de Mar Guerra e ilustrada por Evaristo Pereira, *Señor Meco*, tirada do prelo por Edicións Xerais en 2012. Despois de sinalar o lectorado agardado, describe o fío argumental e destaca a calidade emocional do texto xunto ao coloquialismo da linguaxe.

Navarro, María, “Marabilloso cotián”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 444, “Libros”, 7 febreiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 397, “Letras galegas”, 9 febreiro 2013, p. 6.

Comenta a novela *Misterio resolto* (2012), de Concha Blanco e con ilustracións de A. Meixide, que publicou Edicións Everest-Galicia. Describe o argumento dende unha perspectiva crítica e salienta a combinación de realidade e ficción presente ao longo da escrita, así como a interacción co lectorado.

Navarro, María, “Presenza do que aconteceu”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 446, “Libros”, 21 febreiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 400, “Letras galegas”, 2 marzo 2013, p. 6.

Refire a saída ao prelo do conto *A costureira das ánimas* (2012), de Suso Cubeiro e Ana Prado, con ilustracións do autor, en Edicións Everest-Galicia. Describe o fío argumental, alude aos personaxes e destaca a riqueza do léxico empregado.

Navarro, María, “Falsas aparencias”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 447, “Libros”, 28 febreiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 401, “Letras galegas”, 9 marzo 2013, p. 6.

Comenta o volume de Mar Pavón, *Seis barbudos* (2012), ilustrado por Vitali Konstantinov e tirado do prelo por OQO Editora. Despois de indicar a trama argumental, salienta a tensión narrativa do plano textual e o final ledado da historia, que axuda o lectorado agardado a comprender a mensaxe implícita da escrita.

Navarro, María, “O prezo da recompensa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 449, “Libros”, 14 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 403, “Letras galegas”, 23 marzo 2013, p. 6.

Alude á adaptación dun conto tradicional anglófono realizada por Pilar Martínez n’*A galiña roxa* (2012), salientando o “contundente final” que reflicte o valor do esforzo cotinuado e a paciencia. Resume o argumento que aborda o sistema agrario tradicional e o ciclo da natureza, apunta a nivel formal a estrutura repetitiva e repara nas ilustracións “cálidas e minuciosas” que amenizan o texto.

Navarro, María, “Cotián ensoñación”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 450, “Libros”, 21 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 404, “Letras galegas”, 6 abril 2013, p. 6.

Dá conta da aparición da obra escrita por Pereledi (Pere Tobaruela e Leticia Costas) e ilustrada por Andrés Meixide, *Letras de xeo* (2012), en Edicións Everest-Galicia. Introduce primeiramente o argumento e un perfil dos personaxes, para despois destacar a combinación de misterio e aventura que presenta a historia, xunto a unha serie de referencias históricas que marcan un leve carácter didáctico no volume.

Navarro, María, “Fantasía e boas intencións”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 451, “Libros”, 28 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 405, “Letras galegas”, 13 abril 2013, p. 6.

Fai referencia ao volume de Margarita del Mazo, *Carabuñas* (2012), tirado do prelo por OQO Editora no seo da colección “O”. Tras presentar o personaxe principal, describe o

argumento e salienta finalmente o labor ilustrativo de Charlotte Pardi quen recolle o sentido “máis primitivo” do texto e transporta o lector “ao mundo da fantasía”.

Navarro, María, “Con tensa ironía”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 452, “Libros”, 4 abril 2013, p. VI.

Refírese a saída ao prelo da compilación de contos de Xabier Frías Conde, *O caso máis estraño do detective Marschen* (2012), da man da Editorial Galaxia. Indica primeiramente o conxunto de temas que ofrece o volume, para despois destacar o coidado do léxico empregado e o labor ilustrativo de Enrique Carballeira.

Navarro, María, “Divertido e sobrecollectedor”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 480, “Libros”, 5 decembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 431, “Letras galegas”, 7 decembro 2013, p. 10.

Comeza apuntando que *O curioso incidente do can a media noite*, publicado en 2008 por Rinoceronte Editora e reeditado en 2013 pola mesma editorial, de Mark Haddon, acadou premios como o Whitbread ou o da Commonwealth. A seguir, fala sobre o personaxe principal, quen padece un trastorno de desenvolvemento, e fai fincapé na lingua e estilo que este emprega no decorrer do relato. Remata convidando o lectorado a emitir a súa opinión sobre a obra.

Neira Rodríguez, Marta, “Literatura Xuvenil. Novelas de iniciación”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 13 febreiro 2013, p. 42.

Indícase que nos primeiros anos do século XXI cobran relevancia as novelas, nas que o paso da nenez e adolescencia á madurez é provocado pola descuberta de segredos do pasado relacionados con feitos acontecidos durante a guerra civil española ou derivados dela. Menciónanse como exemplos as obras de Agustín Fernández Paz inseridas no “Ciclo das sombras” ou “Triloxía da memoria”, *Noite de voraces sombras* (2002), *Tres pasos polo misterio* (2004) e *Corredores de sombras* (2006); e *Quen matou a Inmaculada de Silva?* (2009), de Marina Mayoral. Finalmente, sinálanse as principais liñas temáticas presentes en todas elas.

Neira Rodríguez, Marta, “Literatura Xuvenil. Novelas de multiculturalidade”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 11 abril 2013, p. 42.

Achégase a relatos e novelas destinadas á preadolescencia e adolescencia que tratan a multiculturalidade, presentando a relación entre diferentes culturas e ofrecendo información útil sobre culturas alleas. Saliéntanse varias obras de autoría feminina publicadas no ano 2006: *Isha, nacida do corazón* (2006), de Fina Casalderrey; *Smara* (2006), de Paula Carballeira; e *Usha* (2006), de María Reimóndez.

Neira Rodríguez, Marta, “Literatura xuvenil. Novelas que recrean lendas, mitos e elementos identitarios”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 29 maio 2013, p. 42.

Destaca autores e autoras que no século XXI seguiron preocupándose por recuperar e recrear o pasado lendario e mítico galego para ofrecérllelo á adolescencia e á mocidade, como son Suso de Toro, con *Morgún (Lobo Máxico)* (2003); Xesús Manuel Marcos con *O brindo de ouro. I. A chamada do Brindo* (2004) e *O esconxurador* (2010), nas que recrea a mitoloxía popular e os saberes tradicionais galegos; e Elena Gallego coa triloxía “Dragal” que comezou con *A herdanza do dragón* (2010).

Neira, Marta, “A poesía no século XXI”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 12 xuño 2013, p. 42.

Saliéntase o incremento de poemarios na primeira década do século XXI debido á aparición dalgún novo premio e á saída a lume dalgunha colección específica. Indícase que a produción poética se caracteriza polo emprego de “fórmulas e temáticas inherentes ao Cancioneiro infantil, especialmente naquelas obras dirixidas ao lectorado máis novo” e de novas formas, ademais de tratar “temas recorrentes como a natureza ou os elementos relacionados co mundo infantil (agora non só rural, senón tamén urbano) e tamén problemáticas sociais e medioambientais actuais”. Destácase como novidade o tímido avance da poesía xuvenil e o aumento das antoloxías publicadas, que non só acollen autores canonizados da literatura de adultos.

Neira, Marta, “Poesía xuvenil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 23 xullo 2013, p. 35.

Tras apuntar o “tímido avance cuantitativo e cualitativo” da produción poética xuvenil no século XXI, salienta as achegas de Antonio García Teijeiro con obras que presentan “moitas intertextualidades literarias e musicais”; Ana María Fernández con *Amar e outros verbos* (2002) e *O país de amarnos* (2004), nas que trata “a natureza e o amor ou a reflexión sobre a existencia humana”; e Carlos Negro Romero con *Makinaria* (2009), poemario “ateigado de referencias musicais, cinematográficas e literarias” no que a morte está presente.

Neira, Marta, “Teatro no século XXI”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 30 xullo 2013, p. 42.

Apunta o avance da produción dramática cara á normalización no século XXI grazas á aparición de novos premios, caso do Premio Estornela de Teatro para Nenos ou dos premios Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques e Manuel María de Literatura Dramática Infantil; e da colección “A Pinguela. Teatro escolar para ler e representar” de Edicións Fervenza. Nomea as correntes temáticas e formais frecuentadas, destacando o teatro para monicreques. Por último, salienta que “por vez primeira a Escola Dramática Galega baixo a dirección de José Caldas” escenificou unha obra infantil: *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas*, de Carlos Casares.

Neira, Marta, “Literatura dramática infantil e temática ecolóxica”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 14 setembro 2013, p. 38.

Dise que a temática ecolóxica tamén está presente na literatura dramática infantil do século XXI. Saliéntase a obra gañadora do primeiro Premio Estornela de Teatro para Nenos, *A música da noite* (2001), de Manuel Lourenzo González e ofrécese o seu argumento. Finalmente destácase que combina a tradición coas consecuencias da modernización e a defensa do medio natural.

Nicolás, Ramón, “Excelencia e compromiso en BD”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 519, “Letras en galego”, 25 maio 2013, p. 8.

Dá conta de dúas novelas gráficas en lingua galega, editadas pola editorial Rinoceronte en banda deseñada. Indícase que se trata de dúas pezas de Joe Sacco traducidas ao galego por Rafael Salgueiro. Apúntase que a obra de Sacco, “en harmonía entre a práctica literaria e a artística”, é unha mestura de crónica xornalista e libro de viaxes con altas doses de denuncia e de crítica. Explicase que a primeira das obras, *Palestina*, que nace das experiencias vividas por Sacco a principios dos anos noventa nos territorios ocupados, e que conta cun prólogo de Edward W. Said (profesor de Literatura inglesa e Literatura Contemporánea da Universidade de Columbia), é unha banda deseñada elaborada con rigor obxectivo e en clave biográfica que retrata a violencia e o sufrimento das vítimas e que foi galardoada co American Book Award no ano 1996. Na mesma liña preséntase *Gorazde, zona segura*, novela gráfica, con prólogo de Christopher Hitchens e galardoada co Will Eisner no ano 2001, que retrata a situación de asedio e de esperanza vivida pola poboación, maioritariamente musulmá, da vila de Gorazde, territorio situado no conflito dos Balcáns na década dos noventa. Precísase que se trata dunha poboación que decidiu non abandonar a súa vila mentres no resto da Bosnia oriental “se realizaba unha brutal e sanguinaria depuración da poboación que non era serbia”.

Ramos, Ana Margarida, “Bandada’, unha historia de aves?”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 8 xaneiro 2013, p. 42.

Analiza *Bandada* (2012), Premio Internacional Compostela para Álbums Ilustrados 2012, da autoría de María Julia Díaz Garrido e David Daniel Álvarez Hernández. Indica que conta “cunha elaboradísima compoñente visual que completa un texto mínimo, de resonancia lírica, que apela a unha lectura metafórica e particularmente crítica da civilización humana”. Comenta os temas que trata de xeito metafórico, como son a ambición, a evolución e o progreso, aínda que deixa lugar para a felicidade e a esperanza. Salienta nas ilustracións a personificación dos personaxes, a simboloxía do voo, o recurso ao deseño a carbón e o grafismo que privilexia a liña textura. Por último, apunta que este álbum “promove a reflexión sobre a existencia humana e sobre o lugar e a actitude do home no planeta, apelando á valorización das cousas máis sinxelas e orixinais”.

Ramos, Rui, “Nova achega crítica da LIX”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 13 febreiro 2013, p. 42.

Comenta o volume colectivo *Literatura Infantil y Juvenil e Identidades/Literatura para a Infancia e Juventude e Identidades* (2012), que agrupa corenta e cinco textos de case seis decenas de investigadores de Bélxica, Brasil, Costa Rica, España, Francia, Nixeria, Portugal e Reino Unido, sobre a temática da(s) Identidade(s). Apunta que se organizan en tres liñas: a análise de obras de Literatura Infantil e Xuvenil (LIX), as súas virtualidades didácticas e cuestións sobre a tradución, edición e recepción de obras estranxeiras. A seguir, comenta o contido temático dos tres grupos: no primeiro analízanse obras de escritores recoñecidos, como as do galego Manuel María, as do vasco Bernardo Atxaga ou as de Luísa Ducla Soares; o segundo céntrase nas virtualidades da LIX para o ensino da lectura e da escritura, a creación do hábito lector e o desenvolvemento da competencia literaria; e o terceiro agrupa estudos que tratan casos concretos de tradución e de edición de obras estranxeiras e súa influencia na produción nacional e tamén o subtítulado de obras audiovisuais para a nenez (nomeadamente, as deficientes auditivas).

Reis da Silva, Sara, “Rosa Caramelo”, a igualdade de oportunidades e dereitos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 14 marzo 2013, p. 50.

Indícase que Adela Turín promove representacións anti-sexistas en *Rosa Caramelo* (2012) que é unha “apoloxía da igualdade de dereitos e de oportunidades entre nenas e nenos”, concretizada na vida diferenciada imposta ás elefantiñas que deben manter a súa cor de pel. Saliéntase o estilo sinxelo e accesíbel, a reiteración da cor rosa na compoñente ilustrativa e “a recreación antinómica de comportamentos femininos e masculinos”. Coméntase que a compoñente visual de Nella Bosnia “corroborar, simbólica e metaforicamente, as liñas ideotemáticas fundamentais da narrativa” e dá conta do escenario naturalista e da personificación dos personaxes animais.

Rodrigues, Carina, “Entre cores e sentimentos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 1 maio 2013, p. 43.

Coméntase *Que tal estás?* (2012), de Anthony Browne, salientando a brevidade e simplicidade expresiva, a estrutura repetitiva e o rexistro que conxuga humor e sensibilidade deste álbum que trata os sentimentos dun “simpático simio personificado” cun final cuestionador e interactivo sobre o coñecemento/aceptación do Eu e a súa observación máis alá das aparencias. Ademais indícase que a “compoñente plástica contida” reforza os conceptos recreados e inclúe intertextualidades, cunha “primorosa variación de planos e perspectivas, xogos cromáticos, de luces e sombras, e ata o propio *lettering*”.

Roig Rechou, Blanca-Ana, “O mundo desde a piratería”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 2 abril 2013, p. 42.

Comeza explicando o significado de “patente de corso” antes de recensionar o poemario homónimo de Rafa Vilar, polo que mereceu o Premio Arume de Poesía 2011. Refire polo miúdo os trazos característicos dos piratas deste poemario de 2012, composto por poemas independentes e cun “tratamento complexo e ben articulado de símbolos, motivos e temas, entre os que destaca o valor da camaradería e a lealdade”, abordados dende a identidade persoal e o dereito a un estilo de vida propio, no que tamén salienta a importancia da aventura, a amizade e o goce como principios piratas para loitar polo “dereito a seren diferentes e o dereito a seren quen son” nunha vertente identitaria onde aparecen como referentes piratas da propia tradición, “Benito Soto e o seu barco Burla Negra”. Repara a nivel formal na ordenación segundo as letras do abecedario, no uso da rima, no leixaprén, nos xogos de palabras, nas repeticións e nos retrousos, “adoptando unha perspectiva lúdica da poesía e introducíndose por veces no verso libre”. Remata afirmando que se trata dun “ideario vital e poético, cargado de ideas para o futuro: un pasaporte pirata ‘de Galiza ao alén’”.

Sánchez, Olalla, “Un novo agasallo musical”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 551, “Libros Infantil”, 21 decembro 2013, pp. 6-7.

Comeza precisando que *Cartas que veñen e van* viu a luz en 2006 como libro-disco cando este formato “comezaba a afianzarse” en lingua galega. Matiza que daquela contaba co texto de Susa Herrera e arranxos musicais de Mamá Cabra, e destaca que os cambios na reedición atinxen ás “vivas, efusivas e cálidas ilustracións de María Lires”. Salienta que esta obra se compón de dez textos líricos encadeados, algúns deles “moi estendidos como O Polo Pepe”. Remata reparando nas cancións, “nas que cobran vida cores e animais humanizados”.

Santamarta, Rubén, “Una joya del Atlántico esbozada a orillas de Seúl”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 545, “En portada”, 9 novembro 2013, pp.2-3.

Comeza aludindo a que Miguelanxo Prado se fixo co Premio Nacional de Cómic pola súa obra *Ardalén*. A continuación comenta que se trata do proxecto máis pretensioso do autor, a quen define como o debuxante máis relevante que tivo Galicia. Tamén apunta que a idea inicial xurdiu en Seúl e fala da estrutura, dos personaxes e do papel fundamental do uso da cor no relato. Finalmente, opina que a edición idónea sería nun tamaño maior e recomenda vehementemente a súa lectura.

Soto López, Isabel, “Banda deseñada. Os comezos da consolidación”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 5 outubro 2013, p. 41.

Malia a debilidade da infraestrutura industrial e a falta de lectorado, salienta o afianzamento da banda deseñada galega no século XXI coa atención prestada en diferentes medios, como as publicacións vasca *Tos* ou a andaluza *Dos Veces Breve*, o monográfico *Olladas do cómic ibérico* do *Boletín Galego de Literatura* (n.º 35, 2006); a organización de xornadas ou a presenza no Salón do Cómic de Barcelona.

Soto López, Isabel, “Banda deseñada. Tempo de mudanzas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 12 outubro 2013, p. 41.

Salienta no auxe da banda deseñada galega a continuación das Xornadas de Ourense e do salón coruñés Viñetas desde o Atlántico, o nacemento de premios, concursos, novos colectivos, editoriais, axudas ao sector, fanzines e revistas. Ademais indica que conviven escritores de longa traxectoria con xeracións máis novas.

Soto López, Isabel, “A banda deseñada e a rede”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 19 outubro 2013, p. 41.

Comenta o proceso de autoorganización da banda deseñada galega, grazas á Internet e ás tecnoloxías de información que permiten a renovación de técnicas e estilos gráficos, os foros de discusión e crítica e a venda e promoción. Salienta o labor desenvolvido polo Consello da Cultura Galega, dende febreiro de 2001, co soportal dedicado á banda deseñada galega (www.culturagalega.org/bd); e o documental *35 anos de historieta galega* (El Patito Editorial/TVG/TVSiete, 2008).

Soto López, Isabel, “Banda deseñada. A primeira xeira de ‘Golfillo’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 19 outubro 2013, p. 41.

Faise eco da primeira época da revista *Golfiño*, dirixida por Miguel Vázquez Freire e Fausto Isorna, referente da banda deseñada. Indícase que editou 14 números mensuais con historietas; reportaxes monográficas, sección literarias e didácticas, concursos e pasatempos; e que o seu fracaso se debeu aos altos custos de produción, á falta de subscrición e a problemas de distribución e divulgación.

Soto López, Isabel, “Banda deseñada. A segunda xeira de Golfiño e a súa desaparición”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 9 novembro 2013, p. 41.

Analiza a segunda etapa da revista *Golfiño* editada semanalmente por *La Voz de Galicia*, mantendo a dirección de Miguel Vázquez Freire e Fausto Isorna. Comenta o éxito acadado, até xaneiro de 2004, con 89 números publicados e a nómina de creadores que colaboraron con historietas por entregas, tiras curtas e páxinas autoconclusivas.

Soto López, Isabel, “Banda deseñada-cómic. Outras revistas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 12 novembro 2013, p. 41.

Comenta as dúas etapas de *BD Banda*, premio ao mellor fanzine do Salón do Cómic de Barcelona de 2005; a colección de álbums deste colectivo coa editorial Faktoría K; a presentación do volume *Mmmh!* (2001), do colectivo coruñés Polaquia; e a creación da

revista *Barsowia*, Premio do Público ao Mellor Fanzine de España 2005, Premio do Salón Internacional do Cómic de Barcelona 2006 e 2007 e Premio Ourense 2007.

Soto López, Isabel, “Banda deseñada. O dinamismo dos colectivos e as revistas e fanzines”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 24 novembro 2013, p. 50.

Fala do nacemento do Colectivo Chapapote, impulsado por Manel Cráneo e Kike Benlloch, que deu lugar a *H2Oil* (2003) e á web chapapote.org.; da reactivación, a partir de 2003, da Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI), baixo a presidencia de Cráneo, que dende agosto de 2004 edita o boletín anual *agpirina* e coordina os catálogos *10 anos de BD galega* (2007) e *Galicia 2009, tempo de BD* (2009). Tamén salienta algúns fanzines e revistas, entre eles *Galimatías*, revista quincenal gratuíta para lectorado xuvenil, que naceu en 2009 baixo a dirección de Gemma Sesar e Fausto Isorna e que se distribúe con *El Correo Gallego*.

Soto López, Isabel, “Certames de banda deseñada”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 30 novembro 2013, p. 49.

Faise un repaso polos certames de banda deseñada, entre os que salienta o Premio de Banda deseñada Castela, creado en 2005 pola Deputación da Coruña, reparando no apoio institucional a través da presenza en salóns e feiras internacionais, traballos de divulgación, dotación de fondos bibliográficos e a convocatoria de bolsas de apoio á creación.

Soto López, Isabel, “Banda deseñada. Edición e produción”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 7 decembro 2013, p. 42.

Saliéntase a aparición de editoriais especializadas como El Patito Editorial, Demo Editorial e Cerditos de Guinea. Indícase que destaca a liña temática histórica, como a triloxía de Fran Jaraba, entre outras.

Soto López, Isabel, “Banda deseñada infantil e xuvenil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 12 decembro 2013, p. 42.

Apúntanse entre os títulos de banda deseñada para o lectorado infantil e xuvenil a adaptación ao cómic de “Os Bolechas” de Pepe Carreiro, as recompilacións en álbum de historietas dadas a coñecer en *Golfiño* e a continuación da veterana serie “Un misterio para Simón”, creada por Fausto Isorna, que se ampliou coas “Novas aventuras de Simón Martel”.

Soto López, Isabel, “Banda deseñada: historietas de autor e recuperación de títulos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 21 decembro 2013, p. 46.

Destaca na historieta de autor as obras galardoadas co Premio Castelao e o interese historiográfico da colección “Clásicos de la Historieta Gallega” de El Patito Editorial, que recupera obras inéditas ou descoñecidas, entre elas *As dúas viaxes* (2010), de Xaquín Marín.

VII. 5. 5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN OU COLABORACIÓNS FIXAS

Ameixeiras, Diego, “Queríamos tanto a Violet”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 507, “Letras en galego”, 23 febreiro 2013, p. 8.

Dá conta da traxectoria literaria de María Vilar, dende os seus inicios como debuxante en 2012 a partir da serie “Ga” para a revista *Golfiño*, até o seu actual proxecto xunto a David Braña, que combina texto e ilustracións. Salienta o seu obxectivo de formar parte do equipo de Kiss Comix en 2007, a súa presenza na vixésimo sexta edición do Saló Internacional del Còmic e o recoñecemento acadado a nivel nacional no Salón Imaginamála de 2011 como mellor debuxante erótica. Subliña finalmente o éxito das series *Violet*, *Sofía* e *La Herencia*, asinadas baixo o pseudónimo “Violeta” e grafadas en colaboración coa guionista Eva Lance.

Bermúdez de Castro, I., “Literatura infantil”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, 25 novembro 2013, p. 12.

Despois de lembrar que Fina Casalderrey leu recentemente o seu discurso de ingreso na Real Academia Galega, salienta a importancia que supón que esa institución nomee como académica unha autora de Literatura Infantil e Xuvenil, pois precisa recoñecerse o labor daqueles que escriben para nenos e nenas. Bernárdez de Castro afirma que para que os máis pequenos e pequenas lean e se afeccionen á lectura é preciso achegalos a esta con obras adaptadas a eles e non con lecturas como *Ulises* ou *Guerra e paz*. Remata facendo fincapé en que grazas á lectura se converterán en “ciudadanos con criterio y opinión a los que los políticos jamás lograrán hacer comulgar con ruedas de molino”.

Fernández, Xurxo, “Cuentos crueles. *O neno can*: una denuncia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 10 febreiro 2013, p. 2.

Comenta a decisión do Centro IBBY de Documentación para Nenos con Dificultades Especiais de Oslo, de incluír na súa listaxe “Outstanding Books 2013” o conto intitulado *O neno can* (2013), de Fina Casalderrey e Francisco Castro. Tras salientar o feito de estar editado por Galaxia, repasa brevemente a traxectoria literaria de ambos os dous autores, da que destaca títulos coma *O misterio dos fillos de Lúa* (1995) -galardoado co Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil- e *¿Quen me quere adoptar?* (2005) -seleccionado na lista *The White Ravens* 2006-; e *Chamádeme Simbad* (2009) -merecente do Premio Frei Martín Sarmiento e incluído na Lista de Honra do IBBY- e *O segredo de Marco Polo* (2010), respectivamente. Nun epígrafe á parte describe a temática e fío argumental do presente volume e sinala o seu obxectivo primordial de apoiar a UNICEF na loita polas liberdades fundamentais de todos os nenos e nenas do mundo.

Freixanes, Víctor F., “Fina Casalderrey”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 20 xaneiro 2013, p. 18.

Fálase sobre Fina Casalderrey e a súa traxectoria por mor da súa elección como nova académica da Real Academia Galega. Sinálase que a escaseza de mulleres nesta institución é algo que hai que corrixir e que os académicos son conscientes diso. Subliñase que coa entrada de Casalderrey na Academia entra tamén outra materia pendente: a Literatura Infantil e Xuvenil.

González Tosar, Luís, “Sementadora de soños”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 504, “Letras en galego”, 2 febreiro 2013, p. 8.

Gaba a traxectoria literaria da escritora Fina Casalderrey dende a amizade e a admiración, con motivo do seu nomeamento como académica numeraria da Real Academia Galega.

López Silva, Inma, “Fina”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Caleidoscopio”, 26 xaneiro 2013, p. 16.

Sinálase que a Literatura Infantil e Xuvenil estaba ausente na Real Academia Galega ata o ingreso nesta institución de Fina Casalderrey. Indícase tamén que a escritora fixo moito pola normalización da lingua galega nos sectores máis castelanizados da nosa sociedade. Para rematar dise que Casalderrey nunca esqueceu a súa condición feminina dende a que humanizou e enriqueceu a súa obra literaria.

López Silva, Xosé Antonio, “Intrépidas corsarias”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “De Profundis”, 27 novembro 2013, p. 42.

Comenta o acto de entrada na Real Academia Galega da escritora Fina Casalderrey como académica numeraria. Destaca o feito de ser ela a quinta muller académica da Real Academia Galega e subliña as verbas que Álvaro Cunqueiro enunciou en 1970 ao respecto da falta de académicas galegas.

Neira Vilas, Xosé, “Surrealismo para nenos”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 27 xaneiro 2013, p. 2.

Dá conta da saída ao prelo do conto *Os tesouros da illa de Granellandia* (2012), da autoría de Paco López-Barxas, como parte da colección infantil de Edicións Galaxia. Enxalza finalmente o carácter lírico e imaxinativo do texto.

Neira Vilas, Xosé, “Sobre literatura infantil e xuvenil”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 26 maio 2013, p. 2.

Fala sobre o comezo da literatura para nenos e adolescentes en Galicia, que considera se iniciou coa súa obra *Memorias dun neno labrego* (1961) e coa carta enviada a Francisco Fernández del Riego hai corenta anos. Afirma que “se non se le en galego dende a infancia de pouco vale ter libros só para adultos”. Comenta que a partir das súas publicacións multiplicáronse as edicións e apareceron novos creadores. Salienta que, a

pesar dalgunhas dificultades, é moito o que se leva andado e cita a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil e a Editorial Kalandraka como mostras das melloras.

Neira Vilas, Xosé, “O consello de Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 7 xullo 2013, p. 2.

Fala sobre o consello que Eduardo Blanco Amor lle deu: “Nunca profesionalices a túa vocación”, o que o levou a rexeitar traballos nos medios de comunicación. Afirmo que agora, despois de trinta anos, traizoou a Blanco Amor, pois dirixiu e escribiu para a revista infantil *Zunzún*, naquel tempo a mellor publicación en castelán para nenos. Salienta que facían “edicións” en vivo nos colexios e que escribir para nenos era unha ledicia, por iso Blanco Amor seguro que non lle diría que “violaba o seu consello”. Finalmente comenta que escribían sobre o que quixeran, xa que “todo tema é válido para os nenos; só depende da arte de abordalo”.

Nogueira, María Xosé, “O principiño”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 33 “Un falar”, 2 febreiro 2013.

Infórmase de que a tradución de Carlos Casares de *O Principiño*, realizada en 1972, chegou á vixésima edición. Dise que o autor estaba sentando piares importantes na tradución literaria e que tamén o fixo na Literatura Infantil e Xuvenil. Sinálase que a editorial Galaxia, onde se publicou a tradución, convocou en Twitter un concurso no que hai que explicar en cento corenta caracteres porque nos gusta esta obra.

Nogueira, María Xesús, “Ardalén”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 25/ *El Progreso*, “Opinión”, 16 febreiro 2013, p. 31.

Comenta a saída simultánea ao prelo en edición galega (El Patito Editorial) e castelá (Norma), da novela gráfica de Miguelanxo Prado, *Ardalén* (2012). Salienta a calidade do texto e imaxes e apunta o fío argumental.

Nogueira, María Xesús, “Mortadelo e Filemón”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, “Un falar”, p. 21/ *El Progreso*, “Opinión”, “Un falar”, p. 23, 2 novembro 2013.

Comenta que os personaxes de cómic Mortadelo e Filemón, que traballaban como axentes secretos, sêrvenlle de pretexto para reflexionar sobre a situación actual da espionaxe e o papel dos medios no que a protección de datos se refire.

Rozas, Ramón, “Chove prata en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Viviraquí”, 23 novembro 2013, p. 59.

Lembra o discurso que Fina Casalderrey pronunciou na entrega dos Premios Xerais de 2010, ao cumprirse vinte e cinco anos do Premio Merlín de Literatura Infantil e Xuvenil. A continuación salienta o seu compromiso cos máis cativos a través da súa

escrita coa que “abrolla o xermolo dun futuro de liberdade”. Para rematar expresa o seu contento polo ingreso da autora na Real Academia Galega.

Sartier, Bernardo, “Y se posó Fina”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 3 febreiro 2013, p. 30.

Dedica unhas palabras de admiración e parabén á escritora Fina Casalderrey pola súa aceptación na Real Academia Galega como académica numeraria.

Suárez Abel, Miguel, “Académica Fina”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”/ *El Progreso*, “Opinión”, 25 xaneiro 2013, p. 26.

Alude ao nomeamento de Fina Casalderrey como nova académica da Real Academia Galega e fala sobre a relación que tivo con ela. Considera positivo a súa entrada por varias causas como o feito de ser muller, polo seu dote literario ou pola súa experiencia na vangarda pedagóxica. Polo tanto, amosa e reitera a súa ledicia polo seu nomeamento.

Suárez Abel, Miguel, “Kalandraka”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, p. 30/ *El Progreso*, “Opinión”, p. 28, 22 febreiro 2013.

Enxalza a traxectoria literaria do equipo editorial de Kalandraka a partir da figura do seu director, Xosé Ballesteros. Enumera e destaca primeiramente o seu labor de edición de volumes en lingua galega e de tradución a outros idiomas, así como a presenza en diversas feiras do libro internacionais, para despois mencionar a entrega do galardón que lle foi concedido polo Príncipe en persoa polo seu compromiso coa Literatura Infantil e Xuvenil e a calidade e orixinalidade da ilustración nos volumes que tira do prelo.

VII. 5. 6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Corbelle, Sabela, “A muralla é protagonista porque encerra historias”, *El Progreso*, “Lugo”, “Emergentes”, 30 xaneiro 2013, p. 10.

Breve conversa con Adela Figueroa Panisse co gallo da presentación na galería Sargadelos de Lugo da peza *O misterio da escada interior* (2012). Despois de indicar a trama, salienta o feito de incluír referencias históricas na obra grazas á colaboración do arqueólogo Enrique Alcorta e ao labor ilustrativo de María Celsa Sánchez.

Estévez, José, “Actúo nunha curtametraxe coa actriz Uxía Blanco”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Y además”, “En 3 minutos”, 1 marzo 2013, p. 27.

Conversa coa escritora Fina Casalderrey con motivo da súa entrada como membro na RAG. Comenta asemade algúns dos proxectos actuais que está a levar a cabo, como por exemplo a adaptación cinematográfica do volume de narrativa de Xosé Neira Vilas, *Querido Tomás* (1980), xunto a Uxía Blanco.

Estévez, J., “Es un honor que una academia de la lengua gallega resida en Lérez”, *Diario de Pontevedra*, “Ciudad”, 22 maio 2013, p. 10.

Dá conta da homenaxe que se lle vai facer á escritora e académica galega Fina Casalderrey por parte da Asociación Amigos de Lérez. Indica que a xuntanza terá lugar na nova Casa da Cultura desta parroquia pontevedresa. Recolle unha entrevista a Manuel Piñeiro, presidente deste colectivo parroquial, onde salienta diferentes aspectos como o número de edición da xuntanza, o seu cambio de denominación orixinal, o número de persoas que asistirán etc. e remata contando o porqué da homenaxe a Fina Casalderrey, entre outros motivos, porque a homenaxeada reside na parroquia de Lérez e porque no apartado literario reúne uns méritos enormes, estando os seus paisanos moi orgullosos de convivir con esta gran figura literaria.

Fraga, Xesús, “O premio nacional axuda a vencer os prexuízos arredor do cómic”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 novembro 2013, p. 38.

Entrevístase a Miguelanxo Prado con motivo de ser galardoado co Premio Nacional de Cómic por *Ardalén*. Fálase, entre outros, da visibilidade que outorga un premio deste tipo e do volume no que está a traballar neste momento.

Fraga, Xesús, “El tópico de que el cómic es el cine de los pobres es falso”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 decembro 2013, p. 45.

Conversa con Paco Roca, quen logrou dar “un vuelco a la novela gráfica con una obra ambientada en una residencia geriátrica”, *Engurras*. Detense sobre todo na súa última obra, *Los surcos del azar*, mais tamén salienta que “el cómic te da unas posibilidades que no tienen los otros medios”, que “te permite pasar de un lenguaje a otro sin que

chirríe, del pasado al presente”, xa que ten unha “gran flexibilidad” e porque o debuxo “evoca muchas imágenes en la cabeza del lector, funcionando casi como un ideograma”, que prefire que as súas obras se convertan en animacións, coma ocorreu con *Engurras*, en lugar de en filmes; e que o produtor de *Engurras* lle referiu que “un proyecto basado en un cómic resulta más fácil de vender que uno para el que presentas un guión”, xa que “es más fácil imaginárselo como película”.

Franco Camilo e Rodri García, “Gustaríame recuperar o fervedoiro do comezo da normalización”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 xaneiro 2013, p. 34.

Entrevista á escritora Fina Casalderrey co gallo do seu nomeamento como académica da Real Academia Galega (RAG). Trata cuestións como as novas responsabilidades como académica electa, os proxectos que levará a cabo no seo da RAG e o status de institución da RAG.

García Márquez, M., “Se a situación do cómic galego se prolonga, vai conlevar a súa desaparición”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 abril 2013, p. 12.

Dá conta do premio que se lle outorgou ao debuxante coruñés Miguelanxo Prado no Salón do Cómic de Barcelona á Mellor Obra de Autor Español por *Ardalén* (2012). Recolle unha entrevista onde o artista comenta a súa boa experiencia de ser galardoado por segunda vez, xa que o foi tamén fai vinte anos por *Trazo de tiza* (1992), e ademais responde a se cre que o seu libro pode ter filme, como é capaz de que os seus cómics parezan pinturas, que supuxo o proceso de *Ardalén* na súa vida e que importancia terá o papel da banda deseñada na vindeira arte galega.

Jaureguizar, “A cultura está vinculada ao poder, sempre hai quen lle tire da levita ao conde de Lemos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, p. 82/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, p. 65, 13 xaneiro 2013.

Comeza a conversa afirmando que “a cultura ten unha lexitimidade moral na Transición pola importancia dos galeguistas históricos, tanto do interior como do exilio, e do novo galeguismo”. Refírese á evolución que experimentou o Consello da Cultura Galega e fala da necesidade de que mude a xestión da cultura. Finaliza incidindo na falta do “intelectual que guiaba o pobo” na actualidade como o foron Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco e Castelao, xa que “hoxe os referentes son de contexto, non individuais”.

Jaureguizar, “Ferrín dixo que eu ía en malas compañías. Iso significa que son parvo ou vou con elas sabéndoo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 29 abril 2013, pp. 72-73/ *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “Cultura”, 2 maio 2013, pp. 44-45.

Conversa con Xesús Alonso Montero co gallo da súa elección como presidente da Real Academia Galega. Refírese á escolla da plural directiva, á súa aceptación como candidato e á difícil relación coas persoas que non o votaron, se ben afirma que “no acontecer da cultura galega imos ter todos o mesmo comportamento”. Tamén alude ás declaracións equivocadas de Xosé Luís Méndez Ferrín e Xosé Luís Axeitos, ás súas

tentativas para “levar o pobo á Academia”, a través dun opúsculo no que se detalle o labor realizado dende esta institución, e á creación dunha sección de comunicación e dunha oficina de comunicación nas que participará Víctor Freixanes. Fala da posta en marcha dun consultorio *on line* de dúbidas sobre a lingua galega e do interesante labor que se realiza na Casa Museo Emilia Pardo Bazán. Remata precisando que está a rematar cinco libros, tres deles en lingua galega: un sobre republicanos que non puideron fuxir en 1937, outro sobre un soneto en Galicia e o terceiro sobre o *Beatus ille* horaciano en lingua galega.

Larriba, Elena, “Os pequenos lectores son máis novos ca nós, non menos listos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 novembro 2013, p. 52.

Conversa con Fina Casalderrey, con motivo da lectura do discurso da súa entrada na Real Academia Galega, quen salienta que a “Literatura infantil foi ese parente invisíbel durante moito tempo”. Refírese ao feito de que os Premios Nacionais de Literatura Infantil que hai en Galicia son mestres e de que se impartan aulas desta literatura nas universidades grazas á loita dalgúns docentes. Tamén sinala que a literatura ten propiedades terapéuticas e que a nenez debe aprender “a gozar da palabra, da forza dabondo que ten para trasladalos a outros mundos descoñecidos”. Considera que os valores reais que mellor podes transmitir cando escribes son “os que ti tes de verdade gravados, tatuados na alma”. Fala dos inicios da Literatura Infantil e Xuvenil moi vinculado coa necesidade de textos para que se puidese ler “con palabras claras”, ademais de apuntar que os pequenos lectores son “agradecidos e crueis”, xa que se non lles gusta un libro “non lles doen prendas en dicilo”. Remata lembrando os problemas que tivo ao inicio do proceso da normalización lingüística para “facer teatro na aula e facelo en galego”.

López, Belén, “Se eu estou aquí é porque outras máis grandes pisaron as silveiras”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 24 xaneiro 2013, p. 58/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Literatura”, 25 xaneiro 2013, p. 62.

Conversa coa escritora Fina Casalderrey co gallo da súa entrada como membro na Real Academia Galega (RAG). As cuestións tratadas xiraron ao redor dos prexuízos existentes no mundo da Literatura Infantil e Xuvenil, aos contidos e á situación física do seu discurso de ingreso na RAG e ao feito de ser unha das sete mulleres académicas electas, así como a primeira representante da Literatura Infantil e Xuvenil nesa institución. Tamén se refire ao prestixio e crise económicas da RAG, á reivindicación da literatura popular a partir do artigo de Marcos Calveiro e ao éxito acadado coa curtametraxe *Dúas letras*, realizado en colaboración con Eloy Varela e merecente de varios premios nos festivais de Cans, Bueu e Vigo. Remata cunha referencia ao proxecto audiovisual que está a preparar xunto a Uxía Blanco.

Martínez, Nuria, “O maior premio é ver aos nenos de calquera parte do mundo lendo os nosos libros”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 21 maio 2013, p. 75.

Entrevista a Xosé Ballesteros, director da editorial Kalandraka, sobre o Premio Nacional ao Mellor Labor Editorial. Tamén se refire á internacionalidade e variedade de idiomas

das súas publicacións, á universalidade dos títulos e á importancia das ilustracións que considera outra forma de ler. Fala do Nadal como época de máis venda de libros e á venda de roupa con ilustracións de Kalandraka. Salienta a importancia de contidos educativos nos libros e o fomento de valores como o respecto. Finaliza asegurando que os novos soportes non son unha ameaza para o papel e que o mellor premio que pode recibir é ver os nenos de calquera parte do mundo ler as súas obras.

M. F., “Os libros son o mellor alimento da imaxinación e espertan a curiosidade”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 763, “*laEntrevista*”, p. 29/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 763, “*laEntrevista*”, p. 29, 10 febreiro 2013.

Conversa co director do departamento comercial da Editorial Kalandraka, Xosé Pérez Balesteros, co gallo da súa nova campaña de animación á lectura entre o lectorado máis cativo. As cuestións trataron sobre os obxectivos da campaña, os obradoiros de escrita e ilustración infantil como a actividade de maior demanda, os hábitos lectores de rapaces e rapazas, o tipo de contos que esta editorial tira do prelo, a escolleita dos centros que toman parte na campaña e a valoración da traxectoria profesional do labor editorial durante os últimos quince anos.

Mirás, N., “O libro é unha crítica ao sistema educativo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “*Santiago*”, 21 febreiro 2013, p. L6.

Convérsase co catedrático de Historia antiga, José Carlos Bermejo Barrera, con motivo da presentación en Bendaña do seu volume *Contos para nenos un pouquiño modernos* (2012), editado por Enxebrebooks. Destaca o feito de dirixir o volume a un lectorado autónomo e comenta brevemente os inicios da antedita editorial, así como a venda completa dunha primeira tiraxe de douscentos exemplares.

Moledo, A., “Espero que sea unha porta para facer a literatura infantil máis visible”, *Faro de Vigo*, “*Sociedad*”, p. 39/ *La Opinión*, “*Cultura*”, p. 53, 19 xaneiro 2013.

Conversa coa escritora Fina Casalderrey con motivo da súa elección como académica da Real Academia Galega. As cuestións xiraron ao redor da paridade e aos proxectos que ten pensado realizar dentro da RAG.

Ocampo, Elena, “Ferrín e o seu equipo fixeron milagres e case diría que Feijóo e Vázquez, esforzos”, *Faro de Vigo*, “*Galicia*”, p. 29/ *La Opinión*, “*Sociedad*”, “*Cultura y ocio*”, p. 39, 14 abril 2013.

Conversa con Xesús Alonso Montero co gallo da súa candidatura a presidir a Real Academia Galega. Explica as razóns das súas dúbidas a se presentar e matiza que o consideren o candidato do “neopiñeirismo”, afirmando que “antes da ideoloxía, Piñeiro foi un home que entregou a súa vida á causa”. Considera que a Real Academia Galega é “un instrumento da vida pública, cultural e lingüística do país da que non debe prescindir ningún goberno” e que os membros da súa directiva “non somos un partido político, estamos ao servizo da lingua”. Apunta que Xosé Luís Méndez Ferrín e Xosé

Luís Axeitos fixeron cousas moi ben, se ben “non deron as explicacións debidas sobre a política de emprego” e explica o seu compromiso coa lingua galega. Aborda o rumor infundado sobre a fusión da Real Academia Galega co Instituto da Lingua Galega, co Consello da Cultura Galega e co Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, aínda que apoia que “se poñan de acordo para facer monografías” para “non despilfarrar fondos” .

Otero, M., “Queren cambiar educación por adestramento”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 506, “Adianto editorial”, 16 febreiro 2013, p. 8.

Breve conversa co historiador José Carlos Bermejo Barrera, con motivo da saída ao prelo do seu novo volume de relatos de Literatura Infantil e Xuvenil. Trata aspectos como o actual exceso de tecnoloxía na ensinanza dos máis cativos, o futuro universitario que lles agarda e os recursos existentes para facer algo a ese respecto.

Pedrouzo, José Carlos, “As marionetas antes eran acedas, criticaban os poderes establecidos”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, “Vivir Aquí”, 20 agosto 2013, p. 53.

Con motivo da produción dun documental e dun libro sobre a figura de Barriga Verde, faise unha entrevista á actriz e investigadora Comba Campoy, na que se tratan temas como os motivos que provocaron o final do espectáculo de Barriga Verde, a situación actual dos monicreques, os proxectos profesionais de Campoy e o futuro da comunicación comunitaria.

Sánchez, Olalla, “Que xurdan cada ano voces novas é algo moi enriquecedor”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 500, “Infantil”, 5 xaneiro 2013, p. 5.

Conversa co profesor compostelán Xosé A. Neira Cruz sobre a súa traxectoria literaria. Tras apuntar a saída ao prelo do seu primeiro volume de Literatura Infantil e Xuvenil en 1989 e os galardóns recibidos -Premio Merlín, Premio Barco de Vapor e Premio Lazarillo-, trata as cuestións da consolidación desta literatura en Galicia, o xurdimento de novas editoriais, a recente contención argumental da narrativa galega contemporánea e a presenza de formatos dixitais na literatura para as primeiras idades.

Toledo, Mar, “Tengo la ilusión de hacer un poemario todo de Santiago”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 473, 19 febreiro 2013, contracuberta.

Conversa coa escritora Rosalía Morlán Vieites co gallo do Premio Hernán Esquíu de Poesía da Sociedade Artística de Ferrol, do que foi merecente polo seu poema *Mientras el tiempo se escapa* (2013). Fala de cuestións coma a influencia das orixes desta escritora na produción da súa poesía, as principais liñas temáticas dos seus versos, a elección das linguas galega e castelá para a súa lírica, a candidatura ao Premio Arume da Fundación Xosé Neira Vilas co seu poema *A coitada lúa* e a saída ao prelo do seu poemario *Estrelas de azucre*. Remata cunha alusión a futuros proxectos.

Varela, Lourdes, “Os nosos espectáculos xorden e desenvólvense en función do público”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 447, “Entrevista”, 28 febreiro 2013, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 400, “Entrevista”, 2 marzo 2013, p. 7.

Conversa cos fundadores da compañía Tanxarina, Tatán e Miguel Borines, ao conmemorarse o trixésimo aniversario da súa creación. Nela faláron das orixes e duración da compañía, así como dos segredos do seu éxito e das consecuencias da crise económica para o seu grupo. Tamén anotan o que supuxo este grupo con respecto ao resto de compañías similares xa existentes e o recoñecemento por parte dos outros sectores artísticos profesionais de Galicia.

Varela, Lourdes, “Antes, as editoriais non nos recoñecían autoría nos libros aos ilustradores”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 448, “Entrevista”, 7 marzo 2013, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 401, “Entrevista”, 9 marzo 2013, p. 7.

Conversa co ilustrador Suso Cubeiro ao publicarse *A costureira das ánimas* (2012), escrito pola súa dona Ana Prado. Trata aspectos relativos ás orixes do texto e ilustracións, ademais de falar da transformación do panorama ilustrativo co paso do tempo. Refírese á natureza como temática e á admiración que sente por pintores coma Tomás Barros, e fala da ilustración doutros volumes, como *A volta ao mundo en 80 días*, e do interese da banda deseñada. Conclúe cunha referencia á novela *Las ratas* (1962), de Miguel Delibes, por ser a que lle gustaría ter ilustrado.

Varela, Lourdes, “Os gatos son os animais máis achegados a literatura”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 453, “Entrevista”, 11 abril 2013, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 406, “Entrevista”, 20 abril 2013, p. 11.

Conversa con Irene Álvarez e Juan Blanco por mor da posta en marcha da editorial que dirixen, Lata de Sal, en Madrid. As cuestións xiraron ao redor do primeiro libro que tiraron do prelo e ao feito de establecer a sede da editorial na cidade madrileña no canto de en Galicia. Faláron da súa “Colección Vintage” de álbums ilustrados e da “Colección Gatos”, así como referíronse á edición de cada volume en lingua galega e castelán e ao lanzamento do I Premio Anual ao mellor Álbum Ilustrado de Gatos para volumes inéditos. Tamén aludiron aos futuros proxectos da editorial.

Varela, Manuel, “O ‘Viñetas’ pretende amosar a madurez do cómic nos últimos anos”, *La Opinión*, “Fiestas”, “A Coruña”, 4 agosto 2013, p. 10.

Entrevista a Miguelanxo Prado, debuxante e director de Viñetas desde o Atlántico, que inaugura a súa décimo sexta edición no Kiosko Alfonso e o Palexco. Refírese á utilización plena do cómic como linguaxe de expresión e comunicación e á presentación da revista do Xabarín Club, así como ao suspenso da produción infantil que leva a que non haxa herdeiros da liña de Ibáñez, Vázquez ou Jan. Salienta que son a cantidade de propostas na banda deseñada as que permiten que sobreviva a pesar das dificultades que hai, e que o sector está resistindo favorablemente.

Vidal Villaverde, Manuel, “Sigo a crer que facer literatura é dicir as cousas coas palabras máis fermosas”, *Atlántico Diario*, “Pontevedra”, “Entrevista”, 27 xaneiro 2013, p. 19.

Conversa coa escritora Fina Casalderrey ao entrar como académica na Real Academia Galega. Considera en primeiro lugar o seu volume *O misterio do Faro Vello* (2012), para despois abordar o seu futuro labor na RAG, o contido do seu discurso de ingreso e a linguaxe que emprega na súa escrita.

VII. 5. 7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. D., “Miro Villar ofreceu o seu espectáculo”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 556, 14 maio 2013, p. 6.

Alude á presenza de máis de medio cento de nenos no espectáculo ofrecido por Miro Villar na Biblioteca Municipal de Ribeira.

Agulla, Álvaro, “É marabilloso estar ao lado de Neira Vilas e Fernández Paz”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 12 decembro 2013, p. 59.

Dáse conta de como transcorreu o acto no que lle foi entregada a Fina Casalderrey a distinción de Socia de Honra da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix). Dise que se realizou no IES Illa de Tambo (Marín), centro no que a escritora desenvolveu anos atrás o seu labor docente, e que nel Fina Casalderrey afirmou que nunca imaxinara chegar a ser escritora nin acadar tal éxito, así como que se sentía moi agradecida de ter recibido o recoñecemento desta asociación, á que tamén pertencen Xosé Neira Vilas e Agustín Fernández Paz. Sinálase que este último eloxiou durante a lectura da “laudatio” a escritora e o seu labor literario.

A. I., “Taller del cómic de la mano de ‘Marcopola’ y show musical con el grupo Mamá Cabra”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 14 maio 2013, p. 28.

Dá conta brevemente das actuacións marcadas no Centro Comercial Compostela para o Día das Letras Galegas. Dise que as actividades están dirixidas a nenos de entre seis e once anos e que entre elas se encontran un taller de cómic e o concerto de Mamá Cabra.

A. I. S., “Disfraces, libros y cuentos en Área Central”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 5 febreiro 2013, p. 28.

Sinala as diferentes actividades de ocio no centro comercial santiagués Área Central, entre as que destaca a posta en escena da peza *Trebellos e outros contos*, da compañía Xandobela.

A. I. S., “ ‘Os Bolechas’ llegan a la Escola Camilo José Cela”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 maio 2013, p. 28.

Refírese ao inicio da nova historia dos Bolechas, *Os Bolechas van ao hospital* (2012). Comenta que foron creados por Pepe Carreiro e que a publicación destes cambiou de patrocinador pasando agora á Fundación La Rosaleda e á Secretaría Xeral de Política Lingüística. Recolle que todos os ingresos están destinados á Escola Infantil Camilo José Cela, a cal traballa con nenos con necesidades educativas especiais. Informa que ao acto de presentación do novo libro acudiron, entre outros, o presidente da Fundación La Rosaleda, o Secretario Xeral de Política Lingüística e Pepe Carreiro. Remata dicindo

que os nenos tiveron a oportunidade de coñecer o proceso de creación e que foron obsequiados cun libro dedicado.

Alonso, Tareixa, “O anano saltareiro”, *El Progreso*, “*Pícaros*”, “O conto”, 9 novembro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *O anano saltareiro* (1998), escrita por Tareixa Alonso sobre un conto tradicional recollido polos irmáns Grimm e ilustrada por Fernando L. Juárez.

Álvarez, E., “O teatro norteamericano chega por primeira vez ao CDG con Eugene O’Neill”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 28 setembro 2013, p. L6.

Fai referencia á programación da nova tempada do CDG, que proximamente cumpre trinta anos. Indica que no campo da produción propia se achega ao teatro norteamericano coa obra *Longa viaxe cara á noite*, de Eugene O’Neill, e recupera *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, de Carlos Casares, xa estreada por esta compañía en 2004. Ademais, o CDG coproduce coa compañía do Noroeste *Touporroutou da lúa e do sol*, de Vidal Bolaño. A maiores, destaca a participación no proxecto internacional P-Stage e no circuito Troco por Troco, o cal tenta aproximar Galicia e Portugal. Dá noticia, finalmente, de que o Salón Teatro neste ano dedicado a Vidal Bolaño, inclúe representacións do autor.

Álvarez, Mario, “La creadora de ‘Esther’ dibujará hasta que se muera”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 15 abril 2013, p. 45.

Comenta a entrega de premios do Salón do Cómic de Barcelona. Destaca os recibidos por Purita Campos con *Esther y su mundo*, saída ao prelo na revista *Lily* até 1988; Miguelanxo Prado con *Ardalén* (2012), publicado por Norma Editorial e xa na súa segunda edición; Cyril Pedrosa con *Portugal* (2011) e Oriol Hernández con *La piel del oso* (2012), con guión de Zidrou. Alude tamén á rolda de prensa de Campos e Prado, que contou coa presenza do director de Norma Editorial, Óscar Valiente, e nun epígrafe á parte reproduce algúns dos comentarios de Prado sobre a súa traxectoria artística.

Álvarez, Mario, “El programa de ferias del libro incluirá cuatro nuevas citas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 xuño 2013, p. 41.

Informa das novidades da feira do libro en Galicia e da súa transformación a “festas” que se iniciarán en Ferrol e se celebrarán despois tamén noutros lugares. Salienta os nomes das persoas relacionadas coa organización do evento, caso do Conselleiro de Cultura, o presidente da Deputación e o responsábel provincial do sector libreiro. Refire algúns lugares e datas vinculadas coa celebración desas feiras: Rianxo, os días 25 e 27 de xullo, e Foz, entre o 17 e o 20 de agosto.

Ameixeiras, Diego, “A palabra na boca”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 511, “Letras en galego”, 23 marzo 2013, p. 8.

Realiza un percorrido pola traxectoria artística de Raquel Queizás, da que salienta o seu labor nas compañías Berrobambán, Os Monicreques de Kukas, A Xanela do Maxín, Galitoon e o Centro Dramático Galego, así como a creación xunto a Chus Álvarez do grupo Teatro da Semente. Destaca a montaxe para bebés *Viaxe a Dadá*, as pezas *Contos pícaros*, *Soñadora das árbores*, *Contos no tendal*, *Contos do cestiño* e o volume de relatos *Caso pechado*. Remata cunha referencia á vindeira estrea do seu espectáculo infantil *Toin Toin*.

Angueira, M., “El Progreso le canta a Rosalía en el Día del Libro”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, 24 abril 2013, p. 19.

Dáse conta dos actos levados a cabo no Día das Letras Galegas no colexio Progreso de Catoira. Sinálase que o centro homenaxeou a escritora Rosalía de Castro, coincidindo co aniversario da publicación de *Cantares gallegos*, e que nos actos participou o cantautor Manoel de Felisa, quen recitou algún poemas. Tamén se explica en que consistiu outra das actividades realizadas nese colexio, “Os libros tamén alimentan”.

A. P., “El muelle de Trasatlánticos acoge una sardiñada con un espectáculo para niños”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 20 xuño 2013, p. 5.

Informa sobre varias actividades dedicadas aos nenos dentro do programa das festas. Dise que a rapazada poderá gozar dun espectáculo de títeres e de correrúas con cabezudos. Tamén se fai mención a unha lectura dun panfleto que recolle as tradicións do San Xoán.

A. P., “Viñetas de historia betanceira”, *La Opinión*, “Sada/Betanzos”, 27 decembro 2013, p. 17.

Nova centrada na realización do cómic *Historia de Betanzos*. Dise que ten unhas determinadas actividades de traballo dirixidas para os máis novos.

Araújo, Jorge, “Comandante Hussi”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 20 abril 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Comandante Hussi* (2007), escrita por Jorge Araújo e ilustrada por Pedro Sousa Pereira.

Asensio, Carlos, “Cangas da la salida a su decimosexto ‘Salón do Cómic e da ilustración’”, *Faro de Vigo*, “Redondela- O Morrazo”, “Área Metropolitana”, 23 xullo 2013, p. 14.

Infórmase sobre a inauguración desta exposición no Auditorio Municipal de Cangas e da axenda de actividades que ofrecerá entre o martes e o sábado. Indícase que o salón ofrecerá talleres de debuxo cada mañá, impartidos por José A. Calvo, e proxección de películas de estrea, así como que o venres terán lugar varias charlas coloquio e unha firma de exemplares da man dos debuxantes David Lafuente, Manel Cráneo e María Seoane. Coméntase que, para finalizar, o sábado, os debuxantes farán unha revisión dos portafolios dos novos artistas e que pechará o salón a cantante Uxía ofrecendo un concerto con letras de Rosalía de Castro.

Baena, Ana, “Un viaje de arte y naturaleza con un guía de lujo, ‘Man’”, *Diario Atlántico*, “Vigo”, 10 marzo 2013, p. 9.

Comenta a presentación no Marco, en Vigo, do volume escrito por Beatriz Maceda e ilustrado por Laura Veleiro, *Man. O Alemán de Camelle*, editado por Galebook. Tamén subliña a exposición do décimo aniversario “A balea negra”.

Baena, Ana, “Una autoproducción despierta el interés del sector editorial”, *Diario Atlántico*, “Vigo”, 21 abril 2013, p. 12.

Anuncia a reedición, tradución ao castelán e adaptación a un lectorado autista do conto *O cullarapo Croque* (2012), de Miguel Ángel Alonso e con ilustracións de Luz Beloso, tirado do prelo por Nova Galicia Edicións. Sinala o feito de ser o libro máis vendido na Feira do Libro de Vigo en 2012 e menciona o seu novo volume, *A nena á que non deixaban ser feliz* (2013), así como a colaboración do portal aragonés de pictogramas Comunicación Aumentativa y Alternativa Arasaac no proxecto de adaptación.

Beares, Octavio, “El regreso de un gigante de la banda deseñada galega”, *Faro de Vigo*, “Visado”, n.º 559, “Cómics”, 8 febreiro 2013, p. 6.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria artística de Miguelanxo Prado, co gallo da saída ao prelo do seu álbum ilustrado *Ardalén* (2012). Salienta a cofundación do fanzine *Xofre* en 1979 e as colaboracións nas revistas *Cairo*, *CIMOC*, *El Jueves*, *DC* etc, ademais do seu labor na TVG e na serie *Men in Black*. Tamén se refire ás súas publicacións *Stratos* (1984), *Trazo de tiza* (1992) e *A mansión dos Pampín* (2005), así como ao labor de dirección do filme de animación *De Profundis* (2006) e do salón do cómic Viñetas desde o Atlántico dende 1998. Describe a seguir o fío argumental do volume *Ardalén* (2012) e menciona a súa edición en castelán a cargo de Norma Editorial e en galego de El Patito Editorial.

Becerra, M., “Un cuentacuentos en el Encontro das Culturas”, *El Progreso*, 23 maio 2013, p. 10.

Sinala que o Encontro das Culturas organizado polo Concello contou coa presenza dun contacontos, que ofreceu un relato en formato musical que serve como unha viaxe entre O Courel e Bangladés.

Becerra, Marta, “Orgullosos de su barrio”, *El Progreso*, “Lugo”, “El Despertador”, 2 febreiro 2013, p. 11.

Alude a diversos actos infantís organizados e desenvolvidos na Biblioteca Provincial de Lugo, como as sesións de contacontos de Cucarandainas con *Un ratiño de campo*, a de Anxo Moure con *A música das árbores* e a de Raquel Queizás, con *Nanocontos*.

Becerra, Marta, “Una jornada para arrimar el hombro”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 5 febreiro 2013, p. 6.

Á carón doutra programación cultural, coméntase a programación da Biblioteca Nodal de Lugo, cunha mostra bibliográfica sobre Rosalía de Castro, outra sobre o Carnaval, unha exposición fotográfica de Román Montesinos, un café filosófico e a actuación do contacontos Anxo Moure.

Becerra, Marta, “Los libros piden libertad”, *El Progreso*, “Lugo”, “El Despertador”, 16 febreiro 2013, p. 10.

Fai referencia á sesión de animación á lectura entre os máis cativos desenvolvida na Biblioteca Nodal lucense, a cargo de Anxo Moure con *A música das árbores*.

Becerra, Marta, “Versos para una poetisa”, *El Progreso*, “Lugo”, “El Despertador”, 23 febreiro 2013, p. 8.

Alude ao recital de poesía celebrado en Lugo co gallo da conmemoración do 150 aniversario da saída ao prelo de *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro. Menciona o labor organizativo do evento por parte do colexio Divino Maestro e o Concello de Lugo, así como a asistencia de Marica Campo e Darío Xohán Cabana. Conclúe cunha referencia á vindeira lectura de textos da poetisa no refectorio do Museo Provincial, organizada pola AELG.

Becerra, Marta, “Peces tropicales para el Hula”, *El Progreso*, “Lugo”, “El Despertador”, 9 marzo 2013, p. 13.

Alude á sesión de contacontos de Sherezade Bardaji, *Píntame un soño*, celebrada na Biblioteca Nodal de Lugo e dirixida aos máis cativos. Anuncia a vindeira sesión dedicada ao escritor finlandés Arto Paasilinna e a mostra do artista Xulio Leira Sanmartín.

Becerra, Marta, “Talleres para documentados”, *El Progreso*, “Lugo”, “El Despertador”, 28 marzo 2013, p. 8.

Alude á posta en escena no Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL), dos espectáculos infantís *A nena e o grilo*, de Magín Blanco, e *Burromáquina*, de Ignacio Vilariño, do grupo Fantoques Baj, como parte do programa “Ponte en Lugo”.

Becerra, Marta, “Un nuevo amigo en el tablero bicolor”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 23 maio 2013, p. 10.

Faise eco do VI Encontro das Culturas que organiza o Concello de Lugo, no que se presentou “A música das árbores”, un conto que é á súa vez unha viaxe musical do Courel a Bangladés.

Becerra, Marta, “En As Termas hay mucho cuento”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 23 agosto 2013, p. 9.

Fálase da presentación levada a cabo no centro comercial de As Termas, en Lugo, de “Érase una vez”, catro zonas de xogo dirixidas a nenos entre os dous e os doce anos de idade. Infórmase de que cada unha destas zonas de xogo está decorada cunha temática diferente, dende a Sereíña ata Alicia no País das Marabillas, pasando por Hansel e Gretel e Aladino. Cita as diferentes actividades que se poderán levar a cabo en cada unha delas, así como se fai eco dun taller realizado na Biblioteca Provincial.

Becerra, Marta, “Sabela Arias presentó el libro ‘Historias de Icí e avoa’”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 27 novembro 2013, p. 13.

Infórmase brevemente da presentación na Galería Sargadelos de Lugo do libro *Historias de Icí e avoa*, de Sabela Arias Castro. Dise que está editado pola editorial Eira Vella de Betanzos e que recolle viñetas, algunhas xa publicadas en prensa.

B. L., “Todos os cativos queren aos Bolechas”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 17 marzo 2013, p. 76.

Comenta a clausura do ciclo de teatro infantil “Domingos do Principal”, como parte do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Menciona o éxito acadado no Salón polos Bolechas, de Pepe Carreiro, e a achega musical por parte da Orquestra Filharmónica Cidade de Pontevedra ao conto inédito de Óscar González Soto, con Eva Diz como narradora. Remata cunha referencia á representación da compañía Barobil Teatroa.

B. L., “Kalandraka cumple 15 anos abrindo unha tenda online a nivel mundial”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 2 abril 2013, p. 53.

Fai referencia ao décimo quinto aniversario da creación da editorial teucra Kalandraka. Salienta a presentación da plataforma dixital de comercio electrónico onde poder adquirir os exemplares á venda, o Premio Nacional á [sic] Labor Editorial do que foi merecente, a súa participación na L Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de

Boloña, a vindeira participación no Book Expo América de Nova York e a inclusión do volume *Bandada* na lista The White Ravens.

B. L., “Kalandraka e Marcos Calveiro, candidatos á lista de honra da IBBY”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 29 agosto 2013, p. 53.

Informa de que *Contos por teléfono* (2011), de Carlos Acevedo e *Palabras de auga* (2013), de Marcos Calveiro son as dúas obras galegas candidatas en 2013 a entrar na Lista de Honra da Organización Internacional do Libro Xuvenil (IBBY).

Blake, Quentin, “Os petos de Loreto”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 4 maio 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Os petos de Loreto* (2010), escrita e ilustrada por Quentin Blake.

Blanch, Raquel, “Balbino triunfó a la tercera”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 15 febreiro 2013, contracuberta.

Fai referencia á inauguración da mostra “Querido Balbino, 1961-2011. 50 anos de *Memorias dun neno labrego*” na Baña. Destaca a presenza do autor, Xosé Neira Vilas e de autoridades políticas. Tras subliñar os obxectivos da mostra, alude á súa estruturación ao redor de dous eixos, un fotográfico e outro documental, e remata coa mención do coloquio mantido entre o escritor e o alumnado do colexio de San Vicente.

Blanch, Raquel, “Fina Casalderrey en su medio natural”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 19 marzo 2013, contracuberta.

Dá noticia da charla sobre a súa obra impartida pola escritora Fina Casalderrey na biblioteca Ramón Cabanillas da capital compostelá. Sinala que o acto estivo organizado polo departamento de Normalización.

Blanch, Raquel, “Poesía y arte para homenajear a Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, 4 xuño 2013, contracuberta.

Refírese á exposición que presentou o alumnado de bacharelato artístico do IES de Sar na biblioteca Ánxel Casal, que está inspirada en *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro. Tamén sinala que Marta Dacosta foi a encargada de poñer punto e final ao curso sobre creación literaria organizado pola Agrupación Cultura O Galego.

Blanco Casás, Laura, “Investigando nas nosas letras”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 442, 24 xaneiro 2013, p. VIII.

Realízase un percorrido pola orixe (1993) e proxectos sobre a lingua e literatura galegas realizados ao abeiro do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (CRPIH): dende a BILEGA ou o CORGA, de ámbito lingüístico, até os Informes de Literatura, “observatorio imprescindible” da produción anual de e sobre literatura galega ou o Dicionario de Termos Literarios (DiTerLi). Coméntase tamén a atención á literatura infantil e xuvenil cun informe específico, proxecto que virá da man da tamén directora dos Informes de Literatura, Blanca-Ana Roig Rechou.

Botrán, C., “Os ‘balbinos’ de Dodro, unidos a Neira polo Ulla”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 535, 23 abril 2013, p. 6.

Dá conta da clausura da mostra itinerante “Querido Balbino, 1961-2011. 50 anos de *Memorias dun neno labrego*” no CEIP Eusebio Lorenzo Baleirón no concello de Dodro. Tras indicar a presenza no acto de Xosé Neira Vilas e de cargos institucionais, destaca a realización dun faladoiro mantido entre Neira Vilas e o alumnado do centro, así como o agasallo que este lle entregou ao autor.

Botrán, C., “Rosalía volve ás terras de Iria da man de Política Lingüística”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 568, 26 maio 2013, contracuberta.

Preséntase a proposta da Consellería de Cultura, a través da Rede de Dinamización Lingüística, na que as actividades xiran arredor de Rosalía de Castro, por mor da conmemoración do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*.

Bragado, María, “Las lecturas del verano”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 xullo 2013, p. 40.

Realízase un repaso dos libros máis vendidos e populares da época estival en Galicia, preguntando aos libeiros vigueses. Saliéntanse, ofrecendo un breve argumento, *Os fillos do mar*, de Pedro Feijóo; *Bícame, Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Inmateriais*, de Suso de Toro; *A evolución de Calpurnia Tate*, de Jacqueline Kelly (editado en Faktoria K); *Rosalía pequeniña*, de Uxía; e *María Fumaça...*, de varios autores.

B. Y., “Os Bolechas chegan á Pousada de Ribadumia”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, 22 febreiro 2013, p. 15.

Reportaxe sobre a visita de Pepe Carreiro ao colexio Julia Becerra Malvar de Ribadumia co gallo da saída ao prelo do volume *Os Bolechas na Ruta da Pedra e da Auga*.

Calvo, Cristina R., “El Peque Coro viajó a Santiago para cantar a Rosalía”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 11 xuño 2013, p. 15.

Dise que o Peque Coro do Conservatorio Xan Viaño de Ferrol participa en Santiago de Compostela na homenaxe a Rosalía de Castro, con motivo da celebración do cento

cincuenta aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*. Dise que o acto forma parte do proxecto “No bico un cantar. Nenos e nenas cantan”, organizado pola Consellería de Educación e que nel participaron rapaces e rapazas de toda Galicia.

Caneiro, Xosé Carlos, “Delicias”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 502, “A outra mirada”, 19 xaneiro 2013, p. 11.

Propón algúns exemplos de lectura como a novela gráfica *Cartas de inverno* (2012), de Agustín Fernández Paz, con ilustracións de Antonio Seijas; *Dúas letras* (2012), de Eloy Varela e Fina Casalderrey, tirado do prelo por Editorial Galaxia nunha edición de Francisco Castro, e *Os tesouros da illa de Granellandia* (2012), de Paco López-Barxas en El Patito Editorial. De todos eles indica brevemente o fío argumental e as características de maior relevancia.

Carreiro, Pepe, “Os Bolechas fan un carro”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 2 novembro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Os Bolechas fan un carro* (2002), escrita e ilustrada por Pepe Carreiro.

Castro, Víctor, “Tardes de contos e lendas’, esta tarde en la Biblioteca de Ordes”, *El Ideal Gallego*, “Abegondo/Bergondo”, “Atalaya Mariñana”, 25 xaneiro 2013, p. 20.

Fai referencia ao programa de animación á lectura entre os máis cativos, “Tardes de contos e lendas”, da Biblioteca Municipal de Ordes, da que destaca a representación de *Lola e a súa caixiña*, do grupo Duendecillo.

C. B., “O Cullarapo Croque’ chegará hoy al colegio de Pontecesures”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 482, 28 febreiro 2013, p. 7.

Alude á presentación do álbum ilustrado *O Cullarapo Croque* (2012), de Miguel Ángel Alonso, no colexio Infesta no Concello de Pontecesures.

C. B., “O Cullarapo Croque’ e o seu universo máxico viaxan a Pontecesures e Vedra”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 483, 1 marzo 2013, p. 6.

Faise eco da presentación do álbum ilustrado *O Cullarapo Croque* (2012), da man do seu autor, Miguel Ángel Alonso, nos CPI de Pontecesures e Vedra. Menciona o labor ilustrativo de Luz Beloso e a boa acollida do volume entre o alumnado dos centros.

C. B., “Querido Balbino’ estará exposta no municipio de Dodro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 528, 16 abril 2013, p. 7.

Alude á chegada da mostra itinerante “Querido Balbino, 1961-2011. 50 anos de *Memorias dun neno labrego*” ao CIP Eusebio Lorenzo Baleirón, no Concello de Dodro. Tamén se refire á promoción desta mostra por parte da Secretaría Xeral de Política Lingüística e á presenza do seu secretario xeral no acto de clausura da mostra.

C. B., “Talleres de gomaespuma, cuentacuentos y ‘Querido Balbino’, citas culturales en Rois”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 529, 17 abril 2013, p. 6.

Destaca algunhas das actividades do programa organizado polo Departamento de Cultura do Concello de Rois, como a sesión de contacontos da compañía Casahamlet, co espectáculo *As Formigas*, ou a mostra itinerante “Querido Balbino, 1961-2011. 50 anos de *Memorias dun neno labrego*”, que inclúe a presenza do autor, Xosé Neira Vilas.

C. B., “Ler conta moito’ oferta aos nenos cesureños títeres, maxia e contos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 550, 8 maio 2013, p. 7.

Dise que o programa de lectura “Ler conta moito” ofrece animación a nenos de terceiro e cuarto de Educación Primaria no concello de Pontecesures.

C. B., “Ofrecen leite por comprar un libro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 551, 9 maio 2013, p. 7.

Infórmase da celebración da feira do libro levada a cabo no concello da Estrada. Dise que participan librarías locais e dáse conta dos horarios de apertura e das presentacións de libros que terán lugar.

C. B., “Clausuran ‘Querido Balbino’ en Padrón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 552, 10 maio 2013, p. 6.

Dá conta do acto de clausura levado a cabo en Padrón co gallo dos 50 anos de *Memorias dun neno labrego*. Sinala que o acto pon fin a unha mostra itinerante chamada “Querido Balbino”.

C. B., “A Feira do Libro baixa o seu telón na estrada con boa acollida de público”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 553, 11 maio 2013, p. 6.

Informa da feira do libro celebrada na praza do concello da Estrada. Dise que á cita anual asistiron cinco librarías locais e sinálase que nela foron presentados dous libros de Rosalía Morlán e Francisco Rozados.

C. B., “Alonso Montero lembrará en Lalín a Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 555, 13 maio 2013, p. 6.

Dise que o presidente da Real Academia Galega visitará os institutos de Lalín para falar de Rosalía de Castro e, en concreto, da súa obra *Cantares Gallegos*.

C. B., “Taller sobre Rosalía de Castro en Frades”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 568, 28 maio 2013, p. 6.

Informa do obradoiro que se realizou no CPI de Pontecarreira dedicado á figura de Rosalía de Castro.

C. B., “Homenaxe cultural a Rosalía en Dodro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 586, 13 xuño 2013, p. 6.
Coméntase que o Concello de Dodro acolleu o espectáculo *Rosalía pequeniña*.

Cheda, Pilar, “La Diputación sufraga talleres para niños sobre Manuel María”, *El Progreso*, “Comarcas”, 19 novembro 2013, p. 11.

Dise que a Deputación Provincial de Lugo vai subvencionar talleres para amosar a obra de Manuel María de maneira que todo o alumnado de Lugo teña a posibilidade de coñecer este autor. Explica como se vai proceder neses talleres e que centros educativos comezarán con estas actividades.

C. F., “Ficción converterá o ‘Dragal’ de Elena Gallego en cine e videoxogos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 21 marzo 2013, p. 33.

Dá conta da creación de diversos soportes dixitais por parte de Ficción Producciones para a triloxía *Dragal* (2010, 2011, 2012), de Elena Gallego Abad, tirada do prelo por Edicións Xerais de Galicia. Sinala os comentarios ao respecto dos directores de Ficción Producciones e a editorial, Julio Casal e Manuel Bragado, respectivamente.

C. F., “Importante presenza pontevedresa en Culturgal”, *Diario de Pontevedra*, “Culturgal”, 29 novembro 2013, p. 2.

Informa de que diversas empresas pontevedresas teñen unha gran presenza no Culturgal, como Kalandraka, Edicións do Cumio e a Asociación Galega de Editores. Dá noticia tamén de que a programación infantil inclúe un encontro con Manuel Lourenzo González sobre o seu libro *Flor de Area*, así como a presentación do libro disco *O pan de millo*, de Migallas Teatro.

C. G., “Primer libro de cuentos de José Carlos Bermejo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 febreiro 2013, p. 27.

Fai referencia á presentación do primeiro conto infantil de José Carlos Bermejo, catedrático de Historia Antiga da USC, *Contos para nenos un pouquiño modernos* (2012), editado por Alicia Romero en Enxebrebooks, na Fundación Eugenio Granell en

Santiago de Compostela. Subliña a presenza no acto da editora e o poeta Claudio Rodríguez Fer e remata cunha alusión ao labor ilustrativo de Santi Jiménez.

C. G., “Querido Balbino’ chega a Melide”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 516, 4 abril 2013, p. 7.

Alusión á inauguración en Melide da mostra itinerante “Querido Balbino, 1961-2011. 50 anos de *Memorias dun neno labrego*”, na que estivo presente Xosé Neira Vilas.

C. G., “Arranca en Área Central a oitava Feira do Libro Infantil e Xuvenil Galego”, *El Correo Gallego*, “*Santiago*”, 4 abril 2013, p. 26.

Alude á inauguración da oitava edición da Feira do Libro Infantil e Xuvenil Galego no centro comercial compostelán Área Central, co gallo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Menciona o labor organizativo do Consorcio Editorial Galego e a participación na Feira de editoriais coma Toxosoutos, OQO, Kalandraka, Espiral Maior, Embora, Laiovento, Alvarellós, Baía Edicións, Sotelo Blanco Edicións ou Biblos, entre outras. Anuncia finalmente a sesión de contacontos de Anxo Moure, *O carballo con botas: a música das árbores*.

C. G., “Voltan os relatos e as merendas á biblioteca da Silva”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 530, 18 abril 2013, p. 7.

Fai referencia á programación das bibliotecas municipais do Concello de Cerceda, baixo o título de “Merendas e Contos”, e en particular á da Biblioteca da Silva.

C. G., “Libros de aquí’ estréase na Mediateca de O Grilo, en Teo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 535, 23 abril 2013, p. 6.

Avisa da inauguración da mostra “Libros de aquí” na Mediateca do Grilo, no concello compostelán de Teo. Indica tamén o seu obxectivo primordial de recompilar as obras de escritores e escritoras de Teo.

C. G., “Querido Balbino’ chegou onte a Rois”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 537, 25 abril 2013, p. 6.

Infórmase da conmemoración do cincuenta aniversario da publicación de *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas, e dise que a exposición “Querido Balbino” foi inaugurada no concello de Rois.

C. G., “Querido Balbino’ recala en Silleda”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 698, 4 outubro 2013, p. 6.

Informa da inauguración da exposición “Querido Balbino” no centro Vista Alegre de Silleda.

Constela, Tereixa, “Premio de cómic para el arte de Miguelanxo Prado”, *El País*, “Vida & Artes”, “Cultura”, 1 novembro 2013, p. 42.

Comenta que Miguelanxo Prado gañou o Premio Nacional de Cómic 2012 pola súa obra *Ardalén*, na cal se combinan certas doses de realismo e imaxinación. Di que o autor precisou de tres anos e medio para rematar o volume e fala da súa traxectoria profesional.

C. P. R., “A historia de dúas nenas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 27 decembro 2013, p. 17.

Dise que Sabela Núñez Singala compartiu as experiencias e sensacións da súa primeira obra *O agasallo de Anya* coa veciñanza de Muimenta. Coméntase que se trata dunha novela infantil na que se narran as experiencias de dúas rapazas, unha galega e unha ucráina, que pese, ás súas realidades distintas, teñen moito en común. Afirmase que o espírito desta novela é crear lazos entre a infancia galega e a ucráina.

Creo, C., “Animada xornada infantil cos Bolechas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 536, 24 abril 2013, p. 6.

Informa que, para conmemorar o Día do Libro, Pepe Carreiro achegoulles aos cativos de Lalín a banda deseñada da man dos seus personaxes Os Bolechas.

Creo, C., “Medio cento de cativos participaron nunha xornada de contacontos”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 537, 25 abril 2013, p. 5.

Fálase da xornada que houbo na Biblioteca Municipal, na que participaron varios colexios de Silleda. Dise que foi unha actividade de animación a lectura con motivo do Día do Libro.

C. S., “Titiritadas, obradoiros e bibliotecas animadas”, *La Región*, “Nadal 2013”, “Ocio”, “O Couto”, 24 decembro 2013, p. 18.

Explicase que a Biblioteca Provincial de Ourense ten como obxectivo no Nadal de 2013 proporcionar aos rapaces e as rapazas que se acheguen unha serie de actividades para o seu entretemento. Entre elas dise que se atopan un obradoiro de títeres, un de banda deseñada para elaborar un cómic, a elaboración dunha curtametraxe e actividades animadas. Sinálase que as actividades están dirixidas á rapazada de a partir de seis anos para que os asistentes frecuenten e se familiaricen coa biblioteca.

D. A., “La Biblioteca celebra el Mes das Letras con actividades a favor de la lectura”, *Diario de Arousa*, “O Salnés”, “Meaño”, 4 maio 2013, p. 14.

Cóntase que na biblioteca de Meaño, dentro do programa “Ler conta moito”, se celebra o “Mes da Lectura” con diferentes actividades.

Dans, R., “O escritor Xosé Neira Vilas xa é Arraiano Maior”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 setembro 2013, p.42.

Faise eco do nomeamento de Arraiano Maior 2013 ao escritor Xosé Neira Vilas en recoñecemento á súa traxectoria vital e literaria. Sinálase que o acto tivo lugar na sede da Fundación do autor e dáse conta da autoridades que asistiron, entre as que estaba o presidente da Real Academia Galega e o secretario xeral de Política Lingüística.

Díaz, Bruno, “El 1906 Jazz baja el telón y Digón lo sube”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 20 xuño 2013, contracuberta.

Descríbese como foi a xornada de peche do curso da rede de centros que participan no proxecto “Escolas na nube”, ademais de sinalarse quen acudiu.

Díaz Garrido, María Julia, “Bandada”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 19 xaneiro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Bandada* (2012), escrita por María Julia Díaz Garrido e ilustrada por David Daniel Álvarez Hernández.

Dopico, Montse, “Cara a cara”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 483, “Reportaxe”, 19 decembro 2013, p. VII/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 433, “Banda deseñada”, 21 decembro 2013, p. 9.

Fai un repaso das publicacións de banda deseñada no ano 2013 resaltando que, pese ás dificultades “para toda a cultura”, “o talento volveu gañar a partida”. Repara en primeiro lugar na concesión de galardóns en Expocomic para *Ardalén*, de Miguelanxo Prado, á que considera a mellor obra, e para *El Héroe*, de David Rubín, mellor guión. Nomea a publicación de *Beowulf*, con ilustracións tamén de David Rubín, unha obra que aparece na listaxe de preseleccións para a votación de Komix Favorito 2013, xunto a outras obras como *Máis alá*, a terceira entrega da serie de Inacio Vilariño e Iván Suárez sobre Castelao. Apunta que a guerra civil española é o cerne de 36-39. *Malos Tempos*, de Carlos Giménez, e que en 2013 tamén viron a luz dúas obras que se desenvolven entre o presente e o futuro: *Operario*, de Jano; e *Alleos*, unha autoedición de Idoia de Luxán. No á parte, “Da serie á sátira da crise”, detense nas novidades de Demo Editorial: *Os días do cometa*, de Manolo López e Miguel Fernández; *A Fraga Milmañas*, de Manuel Cráneo e Carlos Amil; e tamén *Vento e chuvia*, de Manuel Gago. Remata matizando outras novidades de 2013: a concesión do Premio Castelao de BD a Fran Bueno e a publicación do segundo volume de Jacobo F. Serrano sobre Marcopola;

Vida de nai, de Gemma Sesar; o nacemento da revista *Oink!*; a creación da editora Pintamonas e de proxectos como os de Emma Ríos.

E. Á., “Cuatrocientos escolares cantarán a Rosalía en A Quintana el 7 de junio”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Crónica”, 19 marzo 2013, p. 5.

Describe un dos actos conmemorativos do 150 aniversario da saída ao prelo do volume rosaliano *Cantares Gallegos* (1863), celebrado na Praza da Quintana en Santiago de Compostela. Menciona a presentación do acto a cargo da Concellería de Educación e sinala algúns dos poemas cantados por un gran número de escolares composteláns, como “Maio longo”, “Rosa de abril”, “En Cornes” ou “Negra sombra”, musicados por Xosé Baldomir, Andrés Gaos, Octavio Vázquez e Xoán Montes, respectivamente. Alude finalmente á participación do grupo musical Hércules Brass.

E. C. G., “Nuevo libro del catedrático Bermejo Barrera en la Granell”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 febreiro 2013, p. 28.

Fai referencia á presentación na Fundación Eugenio Granell do volume infantil da autoría do catedrático José Carlos Bermejo Barrera, *Contos para nenos un pouquiño modernos* (2012), editado por Enxebrebooks, e sinala a presenza no acto do poeta Claudio Rodríguez Fer.

E. C. G., “La editorial compostelana El Patito hará un homenaje a Rosalía el día 23”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 20 febreiro 2013, p. 43.

Alude á celebración do acto conmemorativo “Día de Rosalía” ao redor da figura rosaliana e subliña a presenza nel de todos os autores e autoras da colección “Rosalía de Castro. Poesía Completa Ilustrada”.

E. C. G., “Galardón internacional para un libro de Kalandraka”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 marzo 2013, p. 21.

Anúnciase a inclusión na selección *The White Ravens 2013* da Biblioteca Internacional da Xuventude de Munich de *Bandada*, gañador do V Premio Internacional Compostela de Álbumes Ilustrados que convoca Kalandraka e a Concellería de Educación.

E.C.G., “A punto la Feira do Libro Infantil en Área Central”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 abril 2013, p. 28.

Avisa da inauguración da oitava edición da Feira do Libro Infantil e Xuvenil Galego no centro comercial compostelán Área Central. Salienta o labor organizativo do Consorcio Editorial Galego e a participación de editoriais coma Toxosoutos, OQO, Kalandraka, Espiral Maior, Embora, Laiovento, Alvarellos, Baía Edicións, Sotelo Blanco ou Biblos, entre outras.

E.C.G., “Sesión de cuentos con The Pinga Teatro en la SGAE”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 abril 2013, p. 32.

Fai referencia á posta en escena na Fundación Autor en Santiago de Compostela da montaxe *O recuncho dos contos*, a cargo da compañía The Pinga Teatro, como parte do ciclo “Escena en Familia”.

E.C.G., “Os Bolechas’ llegan hoy a la Feira do Libro en la Alameda”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 abril 2013, p. 18.

Descríbese o programa e horario das actividades da Feira do Libro.

E. C. G., “Contacontos poéticos bajo la carpa de la Alameda”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 maio 2013, p. 22.

Sínálanse as actividades realizadas na alameda de Santiago de Compostela durante a feira do libro e noméanse algúns dos colaboradores que participaron.

E. C. G., “Cuentos y rimas para bebés en la galería Sargadelos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 11 maio 2013, p. 24.

Fálase sobre a campaña municipal de animación á lectura realizada na galería Sargadelos de Santiago de Compostela. Menciónanse os horarios de realización desta actividade ademais do obxectivo que se pretende cumprir.

E. C. G., “Seis traballos premiados no ‘Imaxina cantares!’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 19 xuño 2013, p. 40.

Infórmase dos resultados do concurso “Imaxina Cantares!”, curtas fundamentadas no poemario *Cantares gallegos*, de Rosalía de Castro, realizadas polos Equipos de Dinamización da Lingua Galega (EDLG).

E. C. G., “Seminario sobre Literatura juvenil en el siglo XXI”, *El Correo Gallego*, 8 xullo 2013, p. 29.

Faise eco da presenza de máis de corenta especialistas de sete países no Seminario Internacional Inmigración/Emigración e Identidade na Literatura Infantil e Xuvenil, ao pé do cal se celebra a reunión anual da Rede temática de investigación LIJMI.

E. C. G., “BrincaGaiás regresa con su ciclo infantil en septiembre”, *El Correo Gallego*, 24 agosto 2013, p. 31.

Alude ao regreso do BrincaGaiás que, entre as súas actividades, inclúe “Cucú Haiku”, un espectáculo visual e poético pensado para nenos de entre un a seis anos, que contribúe a axudar a entender as transformacións e cambios que se experimentan ao longo da vida.

E. C. G., “Concurso de Novagalicia e Os Bolechas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 12 novembro 2013, p. 43.

Informa que Novagalicia Banco e Os Bolechas convocan o concurso Debuxa o teu cole, cuxo obxectivo consiste en recalcar a importancia do eido escolar na vida dos nenos.

E. C. G., “Os Bolechas se estrena en la cabalgata de Reyes”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 21 decembro 2013, p. 30.

Exponse que a tradicional cabalgata de Reis contará cuns convidados especiais, os Bolechas. Dise que estes personaxes se encargarán de animar a praza do Obradoiro mentres a rapazada agarda para falar coas súas maxestades.

E. C. G., “La gira de Os Bolechas llega a la capital gallega”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 decembro 2013, p. 28.

Informa que terá lugar, ao día seguinte, no auditorio de Nova Galicia Banco, unha representación teatral dos personaxes Os Bolechas, creados por Pepe Carreiro, que están de xira por localidades galegas. Explica que se trata dun musical para os máis novos no que Os Bolechas cantarán, con Lady Vina, cancións do seu disco. Remata apuntando brevemente o argumento da representación.

E. F., “A Baña acolle a montaxe ‘Rosalía pequeniña’, da cantante Uxía”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 18 setembro 2013, p. L8.

Anuncia a actuación *Rosalía pequeniña* na Baña, a cargo da compositora e cantante Uxía. Salienta que o obxectivo desta actividade, enmarcada no programa FalaRedes da Secretaría Xeral de Política Lingüística, consiste en achegarlles aos asistentes a obra coa que se iniciou o rexurdimento da lingua galega, *Cantares Gallegos*.

Eiré, Lara, “El Gaiás toca techo con los festivales para toda la familia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 agosto 2013, p. 22.

Salienta o éxito da última edición do festival Cidade Imaxinaria en Santiago de Compostela e fala das actividades celebradas.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 2 xaneiro 2013, p. 35.

No marco do balance de Nadal, salientáanse, do ano 2012, efemérides, actividades e revistas vinculadas coa literatura para as primeiras idades, así como se ofrece unha selección para revisitar autores clásicos galegos e doustros ámbitos lingüísticos.

ELOS, “Selección ELOS para Nadal”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “ELOS de lectura”, 2 xaneiro 2013, p. 35.

Recoméndase a lectura de distintas obras de autores galegos e universais, reeditadas en 2012 e que foron obxecto de comentario nesta páxina. Menciónanse, seguindo a orde cronolóxica da publicación orixinal, as seguintes obras galegas, acompañadas dun breve comentario dos principais cambios con respecto ás edicións anteriores: *A nena de auga e o príncipe de lume* (1989, 2012) e *O país adormentado* (2012), de Xavier P. Docampo; *Malos tempos para os fantasmas* (2012), de Agustín Fernández Paz; *Os nosos versos* (1997, 2003, 2012), de Antonio García Teijeiro e *O misterio do Faro Vello* (2012), de Fina Casalderrey. Con respecto ás obras traducidas, salientáanse as liñas temáticas d’*A illa do tesouro* (1984, 2012), de R. L. Stevenson; *Relatos de terror* (1999, 2012), de Howard Phillips Lovecraft; *A perla* (1990, 2012), de John Steinbeck; *Artur e Clementina* (2012), de Adela Turín; e *O artista que pintou un cabalo azul* (2012), de Eric Carle.

ELOS, “Revistas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Para coñecela +. 2000”, 2 xaneiro 2013, p. 35.

Recóllense as revistas comentadas nesta páxina ao longo de 2012 e que trataron algún aspecto da Literatura Infantil e Xuvenil: o número duplo 21-22 de *Malasartes*; o monográfico Q de *Escrita contemporánea* (decembro 2011), da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega; e o *Anuario Iberoamericano sobre el Libro Infantil y Juvenil 2012* (2012), que acolle un artigo sobre a Literatura Infantil e Xuvenil galega, asinado por Xavier Senín e Isabel Soto.

ELOS, “Protagonistas eLIXidos en 2012”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 2 xaneiro 2013, p. 35.

Dáse conta dalgunha das efemérides e de distintos dinamizadores que promocionan e visualizan a Literatura Infantil e Xuvenil, como o Congreso do IBBY, a Escola de banda deseñada “O Garaxe Hermético”, Titiricircus e as editoriais Kalandraka e El Patito Editorial. Coméntase que tamén se lembrou a J. R. R. Tolkien, R. Kipling, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, Charles Dickens, Astrid Lindgren, H. C. Andersen, William Shakespeare, Charles Perrault, Arnold Lobel, Juan Ramón Jiménez, J. M. Barrie, Pura Vázquez, Emilio Salgari, Roald Dahl, James Fenimore Cooper, Gianni Rodari; os aniversarios de Suso de Toro, Gloria Sánchez, Paco Martín, Manuel Lourenzo, David Pintor, Xosé María Álvarez Cáccamo, Miguelanxo Prado, Pepe Carballude, Helena Villar Janeiro, Ramón Caride, Antón Cortizas e Tomi Ungerer; e as homenaxes a Celso Emilio Ferreiro e aos irmáns Grimm. Por último, menciónanse as despedidas á Isaac Díaz Pardo, Germán Sánchez Ruipérez, Maurice Sendak e Manuel Antón Pina.

ELOS, “Hércules de Ediciones”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 8 xaneiro 2013, p. 42.

Faise eco da saída do prelo de dúas novas coleccións de Hércules de Ediciones, “As amizades de Hércules” e “Os Imperdibles de Hércules”, nas que se dan a coñecer de modo ficcionalizado escritores e profesionais de prestixio, así como traducións de obras doutros sistemas literarios. Sinálase que as primeiras obras publicadas a finais de 2012 foron *Hércules e a máquina do tempo*, na que se presenta ao protagonista; *Hércules visita a Álvaro Cunqueiro*, unha biografía do escritor de Mondoñedo; *O león e o pastor*, adaptación dunha fábula de Fedro; e *Chama tres veces!*, de Marion Webb, traducida por Lourdes Salgado.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 15 xaneiro 2013, p. 42.

Lémbrese que acaba de saír do prelo o número 03 da colección “Estudos”, publicada pola Universidade de Minho e ANILIJ co título *Literatura Infantil y Juvenil e Identidades*, editado por Sara Reis e Beatriz Rodríguez. Infórmase de xeito sucinto dos seus contidos.

ELOS, “José María Sánchez-Silva”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 15 xaneiro 2013, p. 42.

Saliéntase a figura do escritor e xornalista José María Sánchez-Silva, autor da obra *Marcelino pan y vino* (1952), coa que gañou o Premio Nacional de Literatura en 1957 e o Premio Andersen en 1968. Realízase un breve repaso pola súa produción literaria e menciónase que se pode ler en galego *Marcelino pan e viño* (1993), traducida por Valentín Arias.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 22 xaneiro 2013, p. 42.

Lémbrese a publicación en xaneiro de 1958, no número 1394 da revista *Pulgarcito*, da primeira aventura da parella de detectives Mortadelo e Filemón, creada por Francisco Ibáñez. Laméntase que só se poida ler en galego *Mortadelo e Filemón. ¡O estrelato!* (2002).

ELOS, “Antoniorrobles (Madrid, 1895-1983)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 22 xaneiro 2013, p. 42.

Saliéntase a figura do escritor Antoniorrobles con motivo do trixésimo aniversario do seu pasamento. Realízase un repaso pola súa produción literaria e indícase que se poden ler en galego dúas obras súas: *A meiga dona Paz* (1980) e *O dragón das catro cabezas* (1985).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 30 xaneiro 2013, p. 40.

Faise eco das homenaxes que ao longo do ano 2012 se lle tributaron ao escritor norteamericano Jerome David Salinger (Nova York, 1919-2010), do que recomendan a lectura da súa novela *O vixía no centeo* (1990, 1999), traducida ao galego por Xosé Ramón Fernández Rodríguez.

ELOS, “Lewis Carroll”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 30 xaneiro 2013, p. 40.

Con motivo do aniversario do nacemento de Lewis Carroll (Daresbury, 1832-Guildford, 1898), lémbrense algunhas das súas obras máis coñecidas e recoméndase a lectura dos títulos traducidos á lingua galega, entre eles *As aventuras de Alicia no País das Maravillas* (1984), galardoada co Premio Nacional de Tradución en 1985, e *Do outro lado do espello e o que Alicia atopou aló* (1985).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 6 febreiro 2013, p. 42.

Lémbrese o aniversario de nacemento do guionista e escritor Jacques Prévert. Indícase que se poden ler en galego as súas obras *Contos para rapaces pillabáns* (1992), *Cartas das illas Bailarinas* (1996) e *Para facer o retrato dun paxaro* (2011).

ELOS, “Fina Casalderrey”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 6 febreiro 2013, p. 42.

Saliéntase a figura de Fina Casalderrey con motivo do seu nomeamento como membro numerario da Real Academia Galega. Coméntase que pode ser considerada unha das autoras clásicas contemporáneas da Literatura Infantil e Xuvenil galega e faise un repaso polos galardóns dos que foi merecedora.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 13 febreiro 2013, p. 42.

Sinálase que xa se pode consultar na web Fervenzas literarias “Os mellores libros de 2012”. Infórmase de que a Literatura Infantil e Xuvenil está representada nas categorías “Mellor libro de Infantil”, “Mellor libro de Xuvenil”, “Mellor libro de LIX traducida”, “Autor/a 2012” ou “Mellor Portada de Literatura Infantil e Xuvenil”.

ELOS, “Editorial Vicens Vives”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 13 febreiro 2013, p. 42.

Saliéntase que a Editorial Vicens Vives vén de poñer en marcha as coleccións “Pillota”, “Cucaína” e “Aula das Letras”, que reúnen lecturas destinadas ás etapas de Primaria, Secundaria e Bacharelato, respectivamente. Realízase un repaso dos principais autores e liñas temáticas presentes nelas e indícase que teñen como obxectivo fomentar o pracer da lectura.

ELOS, “Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 20 febreiro 2013, p. 42.

Saliéntase o 176 aniversario de nacemento de Rosalía de Castro e apúntase que a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) realizará actividades varias para conmemorar esta efeméride. A seguir noméanse os últimos títulos publicados, incluídos en coleccións de Literatura Infantil e xuvenil, que acollen a obra de Rosalía, como as antoloxías *Rosalía de Castro. Poesía completa ilustrada. Follas Novas* (2012); *Miña casiña, meu lar. Antoloxía poética galega* (2012), de Elsa Baluja; e *Antoloxía para a infancia. 175 aniversario do seu nacemento* (2012).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 5 marzo 2013, p. 42.

Lémbrese o prazo de inscrición, lugar e datas das III Jornadas Internacionais de Crítica e Investigación en Literatura Infantil y Juvenil, da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ), a súa sección ELOS e a Universidade de Boloña.

ELOS, “8 de marzo. Día Internacional da Muller”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 5 marzo 2013, p. 42.

Conmemórase o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, salientando o labor das mulleres escritoras que, ao longo da historia da Literatura Infantil e Xuvenil galega, “contribuíron á súa configuración, visibilización e innovación temática e formal, así como á promoción, difusión e estudo deste sistema literario”.

ELOS, “Anne Frank (12 xuño 1929-12 marzo 1945)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 14 marzo 2013, p. 50.

Lémbrese a Anne Frank (12 xuño 1929-12 marzo 1945) con motivo do aniversario do seu nacemento, autora dunha das obras máis lidas sobre a II Guerra Mundial. Recórdase brevemente a súa trágica historia e sinálase que a súa obra foi publicada postumamente en 1947 e traducida á lingua galega en 2004 co título *O diario de Ana Frank*.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 19 marzo 2013, p. 43.

Con motivo do aniversario de Lois Lowry, apúntanse os títulos da súas obras traducidas ao galego, *O Dador* (1997) e *Conta as estrelas* (2008).

ELOS, “XIV Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 19 marzo 2013, p. 43.

Coméntanse as datas de celebración e a temática do XIV Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra que ten como protagonistas as máquinas e apúntanse que se pode gozar de diferentes espectáculos teatrais, presentacións de libros ou obradoiros de escrita e ilustración etc. Indícase que nesta edición a autora homenaxeada é Marilar Aleixandre.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 2 abril 2013, p. 42.

Lémbrase a conmemoración o 2 de abril do Día Internacional do Libro Infantil en homenaxe ao escritor danés Hans Christian Andersen e anúncianse as diferentes actividades que se van realizar.

ELOS, “Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 2 abril 2013, p. 42.

Saliéntase o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades por incorporar o proxecto de investigación “Literatura Infantil e Xuvenil” que acollerá o “Informe de Literatura Infantil e Xuvenil”, a investigación realizada pola rede temática “As literaturas infantís e xuvenís do marco ibérico e iberoamericano” (LIXMI) como o seminario/workshop, a publicación do seu monográfico anual e a participación en encontros e congresos, entre outras accións.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 11 abril 2013, p. 42.

Rectifícase a autoría da recensión titulada “O mundo desde a piratería” sobre a obra *Patente de corso*, de Rafa Vilar, publicada o día 2 de abril, na sección “ELOS de Lectura”, asinada por Blanca-Ana Roig Rechou no canto de Berta Dávila Fernández.

ELOS, “11º Astrid Lindgren Memorial Award (ALMA)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 11 abril 2013, p. 42.

Infórmase de que o pasado día 26 de marzo na Feira Internacional do Libro Infantil de Boloña se deu a coñecer o gañador do ano 2013 do 11º Astrid Lindgren Memorial Award (ALMA), a escritora e ilustradora Isol, nome literario de Marisol Misenta

(Arxentina, 1972). Apúntase tamén que entre os candidatos estaba Agustín Fernández Paz polo seu labor a prol da Literatura Infantil e Xuvenil e tamén pola defensa dos dereitos dos nenos.

ELOS, “Darío Xohán Cabana (Roás-Cospeito, 1952)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 17 abril 2013, p. 42.

Saliéntase a Darío Xohán Cabana por estar de aniversario e por ser autor de referencia da Literatura Infantil e Xuvenil. Indícase que as súas narracións destacan a mitoloxía, o universo artúrico, os trazos autobiográficos, as alusións literarias e o humor. Cítanse *As aventuras de Breogán Folgueira* (1990), *O castrón de ouro* (1994, Premio Barco de Vapor 1993), *O avión de Cangas* (1992), *As viaxes do príncipe azul* (1993); *O milagre das estrelas* (1993); *Cinco lendas* (1993); *Chucho Cacho* (1994) e *Inés e a cadela* (2000).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 1 maio 2013, p. 43.

Lémbrese que xa está dispoñíbel na páxina en liña do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades o *Informe de Literatura 2011*, proxecto que dirixe dende 1995 a profesora Blanca-Ana Roig Rechou e que anualmente dá conta de todo o que se publica de e sobre Literatura galega, cun apartado específico dirixido á Literatura Infantil e Xuvenil.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 9 maio 2013, p. 42.

Saliéntase a 14ª edición da Campaña de Animación á Lectura de Kalandraka que se está a realizar en douscentos centros galegos coa finalidade de axudar á formación lectora a partir da educación literaria.

ELOS, “Porto Editora”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 9 maio 2013, p. 42.

Descríbese o labor editorial de Porto Editora, salientando o especial interese pola Literatura Infantil e Xuvenil coa publicación de libros que acollen crítica e reflexión sobre a promoción da lectura e educación literaria. Ademais destácase a revista *Malasartes (Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude)*, “unha das poucas publicacións científicas sobre Literatura Infantil e Xuvenil escrita na actualidade en castelán, galego e portugués”.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 15 maio 2013, p. 43.

Anúnciase que o 31 de maio remata o prazo para matricularse no X Curso de Formación Continua “As Literaturas Infantís e Xuvenís ibéricas e iberoamericanas. A súa influencia na formación lectora” que, nesta edición, abordará o tema dos “Premios literarios e de ilustración”, así como anótanse as datas de realización da súa parte virtual e presencial.

ELOS, “Roberto Vidal Bolaño (Santiago, 1950-2002)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 15 maio 2013, p. 43.

Faise eco da homenaxe no Día das Letras Galegas 2013 ao dramaturgo Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950-2002) e lémbrense as catro pezas teatrais que estreou co seu grupo Teatro Antroido para a infancia e mocidade, como foron *Xáxara*, *Peituda*, *Paniogas*, *Tarelo, o Rapaz e o Cachamón, ou como trocar un rato pequeno ao meirande xigante* (1979), *Romance dos figos de ouro* (1983), *Ruada das papas e do unto* (1981) e *Touporroutou da lúa e do sol* (1982).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 22 maio 2013, p. 42.

Realízase unha lembranza, polo aniversario de nacemento, de Hergé (nome literario de Georges Prosper Remi, Etterbeek, Bélxica, 21 maio de 1907), creador do personaxe de banda deseñada Tintín. Indícase que en 1983 viron a luz as primeiras entregas en galego, traducidas por Valentín Arias López e publicadas pola Editorial Juventud.

ELOS, “Arthur Conan Doyle”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 22 maio 2013, p. 42.

Homenaxéase a Arthur Conan Doyle (Edimburgo, 22 maio 1859-1930) por celebrarse o aniversario do seu nacemento e por crear o personaxe de Sherlock Holmes. Indícase que algunhas das súas obras poden lerse en galego grazas a Edicións Xerais de Galicia dende os anos oitenta; á editorial Galaxia coa colección “Biblioteca Sherlock Holmes”; e á editorial Vicens Vives que acaba de sacar do prelo *O misterio dos bailaríns. Penca de Prata* (2013).

ELOS, “Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 29 maio 2013, p. 42.

Ademais de sinalar que Agustín Fernández Paz é un dos autores máis representativos da Literatura Infantil e Xuvenil galega, apunta o número de obras que ten publicadas e achega os trazos polos que se caracteriza a súa escrita. Tamén se refire á cálida acollida dos seus textos narrativos, tal e como o testemuñan os premios, a crítica e as numerosas reedicións e traducións dos que son obxecto.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 5 xuño 2013, p. 42.

Apunta que o álbum *Bandada* (2012) foi incluído en The White Ravens 2013 e presentado na Feira do Libro Infantil de Boloña.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 12 xuño 2013, p. 42.

Faise unha pequena lembranza de Gonzalo Moure polo seu aniversario, salientando algunhas das obras traducidas ao galego: *O bocexo do puma* (2000), *Maíto Panduro* (2004), *Eu, que matei de melancolía ao pirata Francis Drake* (2004) e *A noite d’O Risón* (2007).

ELOS, “Heinrich Hoffmann”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 12 xuño 2013, p. 42.

Indícase que Heinrich Hoffmann (Fráncfort del Meno, 13 xuño 1809-20 setembro 1894) escribiu *Der Struwwelpeter* (1845) como regalo de Nadal para o seu fillo e que enseguida foi moi ben recibido polos nenos e mediadores e traducido a case todas as linguas do mundo, entre elas o galego co título *Pedro Guedellas* (2001), que é unha reprodución facsimilar do manuscrito de 1858 conservado na Biblioteca da Universidade de Frankfurt am Main.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 19 xuño 2013, p. 42.

Coméntase que o álbum *Jack e a morte* (2012), escrito por Tim Bowley e ilustrado por Natalie Pudalov, recibiu unha mención honorífica do xurado de bibliotecarios de “Los Mejores Libros para niños y jóvenes 2013” do Banco do Libro de Venezuela.

ELOS, “Úrsula Heinze de Lorenzo”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 19 xuño 2013, p. 42.

Lémbrase a contribución de Úrsula Heinze de Lorenzo nos anos oitenta e noventa á constitución da Literatura Infantil e Xuvenil galega con motivo de merecer unha das Medallas Castelao da Xunta de Galicia. Coméntase que se iniciou con *O buzón dos nenos* (1985) e que foi a primeira en gañar o Premio Merlín con *A casa abandonada* (1987, 1993, 2010). Tamén se mencionan *Sempre Cristina* (1986, 1993), *Xente coma min* (1989) *Máis alá de Galicia* (1989), *A nena de ouro* (1991), *Nace un campión* (1992) e *Quérote* (1994) “nas que salientan o protagonismo feminino, o realismo cotián, a linguaxe sinxela e a crítica a valores tradicionais”.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 26 xuño 2013, p. 42.

Infórmase dos vinte e cinco anos da publicación *La rosa de Sant Jordi* (1988), de Joles Sennel (pseudónimo de Josep Albanell), Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1990, traducido ao galego como *A rosa de San Xorxe* (1991).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 4 xullo 2013, p. 42.

Infórmase do seminario/workshop internacional “Inmigración/emigración e identidade na Literatura Infantil e Xuvenil. Século XXI” da Rede Temática LIJMI os días 8 e 9 de xullo no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades e na Biblioteca Novacaixagalicia.

ELOS, “Edicións Xerais de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 4 xullo 2013, p. 42.

Saliéntase a colección de Edicións Xerais de Galicia que acolle as investigacións anuais da Rede Temática LIJMI. Noméanse os volumes: *Hans Christian Andersen, Jules Verne e El Quijote na Literatura Infantil e Xuvenil do marco ibérico* (2005); *Multiculturalismo e identidades permeábeis na Literatura Infantil e Xuvenil* (2006); *Teatro infantil. Do texto á representación* (2007); *A guerra civil española na narrativa infantil e xuvenil* (2008); *A poesía infantil no século XXI (2000-2008)* (2009); *Reescrituras do conto popular 2000-2009* (2010); *O álbum na literatura infantil e xuvenil (2000-2010)* (2011); e *A narrativa xuvenil a debate (2000-2011)* (2012); e o máis recente, *Premios literarios e de ilustración* (2013).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 10 xullo 2013, p. 43.

Lémbrase que do 25 ao 27 de setembro se vai celebrar o III Simposio Internacional sobre Perspectivas de Investigación e Innovación Didáctica en Formación Receptora que terá como temática as redes hipertextuais na aula e a educación literaria e a e-literatura dende a minificción.

ELOS, “Roald Dahl (Llandaff, Gales, 1916-1990)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 10 xullo 2013, p. 43.

Rememóranse os vinte e cinco anos da publicación de *Matilda* (1988), de Roald Dahl (Llandaff, Gales, 1916-1990). Coméntase que salienta “polo humor, a fina ironía e a capacidade para conectar co lectorado” e indícase que se pode ler en lingua galega dende 1990 na colección “Xuvenil Alfaguara”, traducida por X. Miguel Barros Taboada.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 23 xullo 2013, p. 35.

Coméntase o vinte e cinco aniversario da publicación *Els ulls del drac* (1988), de Maria Àngels Gardella i Quer que dende o ano 1989 conta coa tradución ao galego, *Os ollos do dragón*, a cargo de María Victoria Moreno, grazas á editorial Galaxia na súa colección “Árbore”.

ELOS, “Tropelías&Companhia e servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 23 xullo 2013, p. 35.

Anúnciase a saída do prelo de *La guerra civil española en la narrativa infantil y juvenil (1936-2008)*, editado por Blanca-Ana Roig, Veljka Ruzicka Kenfel e Ana Margarida Ramos baixo o selo de Tropelias&Companhia e o Servizo de Publicacións e Intercambio Científico da USC. Indícase que é resultado dun proxecto de investigación sobre a guerra civil española no que participaron investigadores da Literatura Infantil e Xuvenil de diferentes áreas lingüísticas (alemá, castelá, catalá, croata, francesa, galega, inglesa, neerlandesa, portuguesa e vasca).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 30 xullo 2013, p. 42.

Dáse conta dos setenta anos de *Le Petit Prince* (1943), de Antoine de Saint-Exupéry (Lyon, 1900-31 xullo 1934), traducida ao galego por Carlos Casares (Ourense, 1941-Nigrán, 2002) para a editorial Galaxia en 1972 co título *O Principiño*.

ELOS, “La Galera”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 30 xullo 2013, p. 42.

Coméntase, con motivo do cincuentenario, a historia da editorial catalá la Galera que se creou en 1963 vinculada aos movementos de renovación pedagóxica de Cataluña. Saliéntase a posta en marcha a finais dos anos sesenta, xunto á editorial Galaxia, de varias coedicións para fomentar a visualización das literaturas infantís e xuvenís periféricas. Indícase que se publicaron en galego varios volumes das coleccións “A Galea de ouro” e “desplegavelas”: en 1966 *O abeto valente* e *O globo de papel*, e en 1967, *Polo mar van as sardiñas*, *Todos os nenos do mundo seremos amigos* e *Unha nova terra*. Tamén se noema a colección “A Galea. Contos populares” a partir de 1979.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 6 agosto 2013, p. 35.

Infórmase de que a editorial pontevedresa OQO, xunto coa portuguesa O Bichinho de Conto e a polaca Tako, teñen aberto o prazo para o premio europeo “Cociña de contos” á mellor proposta de ilustración para o álbum ilustrado *Hansel e Gretel*.

ELOS, “Fundação Calouste Gulbenkian. Fundação para a Ciência e a Tecnoloxía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 6 agosto 2013, p. 35.

Saliéntase a publicación por parte da Fundación Calouste Gulbenkian de *Presença e significado de Manuel António Pina na Literatura Portuguesa para a Infância e a Juventude*, de Sara Reis da Silva na súa colección “Textos Universitários de Ciências Sociais e Humanas”, no que se analiza en profundidade a poética dun clásico da Literatura Infantil e Xuvenil portuguesa que foi traducido ao galego.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 17 agosto 2013, p. 35.

Lémbrese o centenario da publicación da novela *Le Grand Meaulnes* (1913), de Alain-Fournier (pseudónimo de Henri Alban Fournier, La Chapelle d’Angillon, 1886-Saint-Rémy, 1914), transvasado ao galego co título *O Gran Meaulnes* (1988).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 24 agosto 2013, p. 42.

Faise unha homenaxe a Ray Bradbury (Waukegan, Illinois, 1920- Os Ánxeles, 2012), autor das obras de ficción científica *Crónicas marcianas* e *Fahrenheit 451*, traducidas á lingua galega para a colección “Fóra de xogo” de Edicións Xerais de Galicia en 2004 e 2005, respectivamente.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 31 agosto 2013, p. 43.

Saliéntase o aniversario de nacemento Lygia Bojunga, escritora brasileira recoñecida co Premio Jabuti 1973, o Premio Hans Christian Andersen 1982 e o Premio Astrid Lindgren Memorial Award 2004.

ELOS, “Gianni Rodari (Omegna-Italia, 1920-1980)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 7 setembro 2013, p. 50.

Por cumprírense corenta anos da publicación de *Grammatica della fantasia* (1973), de Gianni Rodari, lémbrese esta “extraordinaria poética da imaxinación”, na que propón un abano de estratexias narrativas para estimular a imaxinación a partir do uso lúdico e creativo da linguaxe.

ELOS, “Oliver Twist (1838), de Charles Dickens”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 14 setembro 2013, p. 38.

Destácase a novela *Oliver Twist* (1837), de Charles Dickens, por cumprirse cento setenta e cinco anos dende a súa publicación. Coméntase ademais que se caracteriza por ser a primeira novela inglesa cun neno como protagonista.

ELOS, “OQO Editora”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 21 setembro 2013, p. 42.

Saliéntase a editorial pontevedresa OQO por ser elixida para organizar o proxecto europeo *Cociña de contos. Europa á carta*, no que tamén participan a portuguesa o Bichinho do Conto e a polaca Tako, así como o Concello de Pontevedra. Apúntase que ademais se convocarán un concurso europeo de narración oral e outro de ilustración coa temática do conto popular *A casina de chocolate*.

ELOS, “Miguelanxo Prado (A Coruña, 1958)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 25 setembro 2013, p. 42.

Faise protagonista ao creador gráfico Miguelanxo Prado por recibir os galardóns “Mellor obra nacional” do Premio da Crítica da revista *Dolmen*, dentro do marco das Xornadas de Cómic de Avilés e “Mellor obra de autor español” do Salón do Cómic de Barcelona con *Ardalén* (2012). Repásanse tamén algunhas das súas producións e actividades no eido da banda deseñada.

ELOS, “Manuel María (Outeiro de Rei, 1929-A Coruña, 2004)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 5 outubro 2013, p. 41.

Lémbrese a Manuel María, escritor pioneiro da poesía infantil na que tratou o binomio rural/urbano e o nacionalismo, en títulos como *Os soños na gaiola* (1968) e *As rúas do vento ceibe* (1979). Ademais noméanse os títulos de narrativa xuvenil e infantil nos que salienta a “preocupación pola entidade galega, a vocación didáctica para espertar o amor á terra, á súa historia e aos seus personaxes arquetípicos”.

ELOS, “25 aniversario da colección ‘Merlín’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 12 outubro 2013, p. 41.

Homenaxe a esta colección de Edicións Xerais que naceu a finais dos anos oitenta, dirixida por Agustín Fernández Paz e Miguel Vázquez Freire, e que acolle as obras gañadoras do premio homónimo e outros textos de calidade galegos e traducidos. Apunta as series coas que conta segundo o lectorado agardado e salienta que axudou á conformación da Literatura Infantil e Xuvenil como sistema literario.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 9 novembro 2013, p. 41.

Infórmase da celebración da novena edición dos Encontros Luso-Galaico-Franceses do Livro Infantil e Juvenil, nos que se tratará o tema específico “Formación lectora. Obras imprescindibles”.

ELOS, “Nexos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 5 novembro 2013, p. 41.

Preséntase o ciclo da Cidade da Cultura que acolle, ademais de relatorios e debates, unha sesión infantil para nenos de entre os cinco e doce anos, na que se combina a lectura coa realización de actividades lúdicas e didácticas. Indícase que a última sesión tratará o humor na literatura.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 12 novembro 2013, p. 41.

Lémbrese a escritora sueca Astrid Lindgren (nome literario de Astrid Anna Emilia Ericsson, Näs-Vimmerby, Småland, 1907-Estocolmo, 2002), recoñecida mundialmente polo personaxe de Pippi, a quen o goberno sueco dedicou o premio Astrid Lindgren Memorial Award (ALMA). Dise que á Literatura Infantil e Xuvenil galega só se traduciu *Os irmáns Corazón de León* (2003).

ELOS, “Robert Louis Stevenson (Edimburgo, 1850-Samoa, 1894)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 12 novembro 2013, p. 41.

Con motivo do aniversario de nacemento, apúntanse as obras traducidas ao galego de Robert Louis Stevenson: *A illa do tesouro* (1984, 2003), novela de aventuras coa que creou o estereotipo do pirata; *As aventuras de David Balfour* (1986); e *Dr. Jekyll e Mr. Hyde* (1986).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 24 novembro 2013, p. 50.

Faise eco da celebración do Día Internacional da Infancia, que partiu da Declaración sobre os Dereitos do Neno, no ano 1959, e a celebración da I Convención sobre os Dereitos do Neno en 1989, realizadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 30 novembro 2013, p. 49.

Lémbrese o aniversario de nacemento de Jonathan Swift, autor d’*As viaxes de Gulliver*, traducida ao galego por primeira vez en 1987 para a colección “Xabarán” de Edicións Xerais de Galicia.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 7 decembro 2013, p. 42.

Apúntase a celebración das III Xornadas de Literatura e Ensino “Versos pintados no pupitre”, organizadas pola AELG e a AS-PG, nas que se tratará o achegamento da linguaxe poética á infancia e mocidade.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 12 decembro 2013, p. 42.

Infórmase da saída do prelo do n.º 11 do *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)*.

ELOS, “Jean de Brunhoff (París, 9 decembro 1899-16 outubro 1937)”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 12 decembro 2013, p. 42.

Indícase que Jean de Brunhoff creou en 1931 unha das series de álbums infantís máis exitosa da Literatura universal, protagonizada polo elefantiño Babar, nacida das historias que a súa muller Cécile de Brunhoff creaba e lles relataba aos seus fillos antes de se deitar.

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 21 decembro 2013, p. 46.

Refírese á celebración do aniversario de Quentin Blake, escritor e debuxante británico, merecente do Hans Christian Andersen na modalidade de ilustración. Tamén se apunta que é recoñecido sobre todo polas ilustracións feitas para as obras de autores como Roald Dahl, algunhas das cales se ponde ler en galego.

ELOS, “Agrupación Cultural O Facho”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 21 decembro 2013, p. 46.

Alude á celebración do cincuenta aniversario da fundación da Agrupación Cultural O Facho, que desenvolveu un papel moi relevante na defensa da lingua e cultura galega nos últimos anos da etapa franquista e primeiros anos da Democracia. Entre as súas actividades, destaca os diferentes premios que convocou de literatura infantil e xuvenil, aos que se presentaron moitos dos autores máis importantes dese ámbito e do que saíron obras xa clásicas como *A galiña azul* (1968) e *As laranxas máis laranxas de tódalas laranxas* (1973), de Carlos Casares (Ourense, 1941-Nigrán, 2002).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 31 decembro 2013, p. 41.

Indícase que se ofrece nesta páxina semanal, a xeito de balance, unha selección de protagonistas galardoados deste anos e de monografías e de obras actuais galegas e traducidas, publicadas en 2013 e que foron obxecto de comentario.

ELOS, “Galardoados en 2013”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 29 decembro 2013, p. 41.

Cítanse os autores e obras destacados nesta páxina semanal en 2013 por mereceren premios convocados en Galicia e fóra dela durante ese mesmo ano: Isol, nome literario de Marisol Misenta (11º Astrid Lingren Memorial Award); Mariana Ruíz Johnson con *Mamá* (VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado); Antonio Manuel Fraga Allegue con *O castañeiro de abril* (XXVIII Premio Merlín); Xesús Fraga con *Reo* (IX Premio de Literatura Infantil e Xuvenil Raíña Lupa); Miguelanxo Prado con *Ardalén* (“Mellor obra nacional” do Premio da Crítica da revista *Dolmen* e Premio Nacional de Cómic); a revista *Oink!* (Premio Ourense á Mellor Iniciativa da banda deseñada) e os galardoados no II Certame Benito Losada de Banda deseñada; César Mallorquí con *La Isla de Bowen* (Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil); e Fran Bueno con *Catálogo oneroso de beleza gratuíta* (Premio de banda deseñada Castela).

ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 31 decembro 2013, p. 41.

Indícase que se ofrece nesta páxina semanal, a xeito de balance de 2013, unha selección de protagonistas galardoados así como de monografías e de obras actuais galegas e traducidas que foron obxecto de comentario.

Elvira, Sol, “Pedagogía ‘non curricular’ que achega a Brión o teatro de Bolaño”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 574, 1 xuño 2013, contracuberta.

Comenta que unha ducia do alumnado do IES de Brión, dirixidos polo grupo Os Quinquilláns, porán en escena tres sketches baseados en tres obras de Roberto Vidal Bolaño: *Sin ir máis lonxe*, *Cochos* e *mais Rastros*.

E. P., “La Universidade de Vigo nombrará doctor honoris causa a Agustín Fernández Paz y a Julio Casado”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/ esquelos”, 18 xaneiro 2013, p. 44.

Confírmase que a Universidade de Vigo outorgará o título de doutor *honoris causa* ao escritor Agustín Fernández Paz, recoñecendo así a traxectoria dun dos escritores máis destacados da Literatura Infantil e Xuvenil, a transcendencia das súas obras e as súas achegas nos eidos da dinamización e normalización lingüística e a pedagogía.

E.P., “Arranca el XIV Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/Esquelos”, 3 marzo 2013, p. 44.

Avisa da inauguración do XIV Salón do Libro Infantil e Xuvenil no Pazo da Cultura de Pontevedra. Menciona o lema do Salón, “A toda máquina”, e a presenza no acto da Aula Folque Infantil e o alcalde de Pontevedra.

E. S., “Bolaño para escolares”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, 12 outubro 2013, p. 3.

Detállase que máis de 1.300 alumnos galegos asistirán ao espectáculo *Touporroutou da lúa de do sol*, baseado nunha obra de Roberto Vidal Bolaño, dentro dunha campaña da Xunta de Galicia e que inclúe representacións en Bos Aires.

Estévez, José, “Lérez rinde homenaje a Fina Casalderrey y honra al Santísimo Cristo del Consuelo”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 26 maio 2013, p. 6.

Dáse conta da homenaxe que o concello de Lérez lle fixo á escritora Fina Casalderrey.

Feixó, Xosé, “Con perspectiva actual”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, “Libros”, 6 xuño 2013, p. VI.

Fala da inauguración dunha colección de relatos chamada “O rei portador e outras historias”, da autoría de Beatriz Fraga e publicados pola viguesa editorial Euseino no ano 2012. Explica que esta colección parte da temática clásica grega, facendo unha reescritura das vellas lendas case esquecidas cun estilo persoal e unha escrita anovada, lírica e orixinal.

Fernández, X., “Área Central se prepara para otros veinte”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 26 outubro 2013, contracuberta.

Anuncia a sesión de títeres *Elba e Marcos e os xoguetes encantados* no centro comercial Área Central en Santiago de Compostela.

F. G., “Una exposición sobre ‘Memorias dun neno labrego’ visita Melide y Palas”, *El Progreso*, “Comarcas”, 4 abril 2013, p. 14.

Dá conta da inauguración en Melide da mostra itinerante “Querido Balbino, 1961-2011. 50 anos de *Memorias dun neno labrego*”. Explica a estruturación da mostra ao redor de dous eixos, un fotográfico e outro documental, e indica finalmente a vindeira presenza da mostra en Palas de Rei, así como se refire ao faladoiro mantido entre Neira Vilas e o alumnado do Instituto de Melide.

Fonseca, Diego, “Cuentos ambulantes y solidarios”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 1 agosto 2013, p. 41.

Informa da volta a Vigo das “Ciclobibliotecas”, bicicletas cheas de libros que profesionais levan por distintas cidades, pobos e colexios coa finalidade de fomentar hábitos como a lectura e o respecto cara ao medio. Tamén se anota que os beneficios obtidos a partir deste proxecto serán destinados a países de África e América.

Fraga, Xesús, “El cómic gallego busca en Angulema ampliar su mercado foráneo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 febreiro 2013, p. 39.

Comenta a inauguración dunha nova edición do Festival Internacional do Cómic de Angulema. Subliña a presenza de David Rubín, autor de *O heroe* (2013), José Domingo, autor da novela gráfica *Aventuras de un oficinista japonés* (2011), editada en Nobrow, e a saída ao prelo en francés de *Ardalén* (2012), de Miguelanxo Prado, cunha versión en galego a cargo de El Patito Editorial. Doutra banda, enumera algúns dos autores que publican nesa editorial, como por exemplo Fausto, Víctor Mora, Miguel Calatayud, Alfons Figueras, Ramón Marcos ou JackMircala, entre outros e outras. Nun epígrafe á parte describe a visita do debuxante Kiko da Silva a Angulema e destaca o seu labor fundacional da primeira escola do cómic en Galicia, O Garaxe Hermético.

Fraga, Xesús, “Desembarco del cómic gallego en el Salón de Barcelona”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 abril 2013, p. 33.

Dá conta da trixésimo primeira edición do Salón do Cómic de Barcelona. Subliña os nomeados ao galardón de mellor obra de autoría española, Miguelanxo Prado con *Ardalén* (2012) e David Rubín con *El Héroe* (2013), e destaca aqueles xa merecentes do premio como Prado, por *Trazo de tiza* (1993) e *A mansión dos Pampín* (2005), Rubín – autor revelación en 2006-, Lola Lorente, por *Sangre de mi sangre* (2011), e José Domingo por *Aventuras de un oficinista japonés* (2011). Remata cunha referencia aos autores convidados a esta edición: Manu Larcenet, Ralf König ou Liniers, entre outros e outras.

Fraga, Xesús, “Miguelanxo Prado gana el premio a la mejor obra en el Salón de Barcelona”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 abril 2013, p. 38.

Comenta o premio do que foi merecente Miguelanxo Prado no Salón do Cómic de Barcelona, grazas ao seu volume *Ardalén* (2012). Indica a súa saída ao prelo de xeito simultáneo en galego en El Patito Editorial e en castelán en Norma Editorial e describe o contido temático. Menciona por último dous dos seus traballos anteriores, *A mansión dos Pampín* (2005) e *Trazo de tiza* (1993), e sinala a David Rubín como o principal competidor polo galardón con *El héroe II* (2013).

Fraga, Xesús, “Nace en Santiago a escola privada de ilustración O neno amarelo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 outubro 2013, p. 34.

Infórmase da apertura da escola privada de ilustración O neno amarelo en Santiago de Compostela. Saliéntanse as futuras visitas do escritor Xabier P. Docampo e do

ilustrador Xosé Cobas. Tamén se alude á primeira escola privada galega orientada á ilustración, O garaxe hermético, iniciada por Kiko Da Silva en Pontevedra.

Franco, Camilo, “A RAG escolle entre a poesía de Pato e a narrativa de Casalderrey”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 17 xaneiro 2013, p. 41

Infórmase da celebración do plenario da Real Academia Galega que escollerá a nova académica para ocupar a vacante de Xaime Isla Couto. Explicase que elixirá entre Chus Pato, cunha traxectoria poética transgresora, e Fina Casalderrey, cunha escrita dedicada ao público infantil e xuvenil. Tamén se enumeran os recoñecementos e actividades principais de ambas as candidatas.

Franco, Camilo, “Cincocentos nenos cantan a Rosalía en Compostela”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 xuño 2013, p. 40.

Informa de que case cincocentos alumnos dos conservatorios e das escolas de música galega interpretaron en Compostela algunha das pezas máis coñecidas de Rosalía de Castro para conmemorar a publicación de *Cantares gallegos*.

Franco, Camilo, “Xente que fai moitas pallasadas en plena rúa”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, “Circo”, 9 agosto 2013, p. 9.

Coméntase que se está a desenvolver en Santiago de Compostela un programa que leva o circo á rúa no que participan, entre outros, Circo Chosco, Rudi Dudi ou Peter Punk.

Freyman, Saxton e Joost **Elffers**, “Un cabaliño de mar soño”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 19 outubro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Un cabaliño de mar soño* (2011), escrita e ilustrada por Saxton Freyman e Joost Elffers.

Frieiro, F., “Escola e Banda poñen a música e contos máis emblemáticos na rúa Castelao”, *Diario de Arousa*, “Vilagarcía”, 25 xullo 2013, p. 9.

Dá conta de que a Escola de Música e a Banda Municipal teñen a intención de facer concertos de contos musicais, dirixidos aos máis pequenos da casa. Sinala que a primeira obra en ser teatralizada é a de *Xan e Antía* e o seu escenario serán as inmediacións da rúa Catelao.

Gago, M., “Pontevedra celebra la literatura infantil y juvenil”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 abril 2013, p. 38.

Comenta a nova edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil celebrada no Pazo da Cultura en Pontevedra. Indica primeiramente a inauguración por parte do alcalde

Miguel Anxo Fernández Lores e o lema do Salón, “¡A toda máquina!”, para despois sinalar a Marilar Aleixandre como escritora homenaxeada nesta edición.

García, Marta, “Académicos, políticos e xentes da cultura”, *Diario de Pontevedra*, 23 novembro 2013, p. 59.

Alude ao ingreso de Fina Casalderrey na Real Academia Galega, sen a presenza do expresidente nin das dúas académicas.

García, R., “Un país de premios nacionais”, *La Voz de Galicia*, 7 decembro 2013.

Sinala que os autores galegos veñen sendo recoñecidos polo seu traballo cos Premios Nacionais de Literatura, especialmente, no ámbito da Literatura Infantil e Xuvenil desde 1985.

García, J. e E.P., “Casalderrey: ‘A LIX galega débelle moito aos profesionais do ensino’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, Ciencia, Cultura, Ocio”, 20 xaneiro 2013, p. 40.

Comenta o nomeamento da escritora Fina Casalderrey como académica numeraria da Real Academia Galega. Destaca o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil do que foi merecente pola súa novela *O misterio dos fillos de Lúa* (1995), a súa candidatura ao Premio Astrid Lindgren en 2009 e 2011 e, nun epígrafe á parte intitulado “Literatura e cine”, a actual adaptación cinematográfica da novela de Xosé Neira Vilas, *Querido Tomás* (1980), que está a preparar xunto a Uxía Blanco. Salienta o seu volume-DVD *Dúas letras* (2012), con guión de Eloy Varela e galardoado no Festival de Cans e o Festival Primavera do Cine de Vigo. Remata cunha referencia á personaxe principal da novela de Antonio G. Iturbe, *A bibliotecaria de Auschwitz* (2012), como parte do seu discurso de ingreso na RAG.

García, Javier, “‘Ler conta moito’ animará á lectura nas bibliotecas”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 febreiro 2013, p. 42.

Dá conta da presentación da nova campaña de animación á lectura en Santiago, “Ler conta moito”, organizada pola Concellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en colaboración coa Rede de Bibliotecas de Galicia. Subliña a presenza no acto de Anxo Lourenzo, Daniel Buján, Consuelo Meiriño e Carina Fernández e remata cunha referencia, nun epígrafe á parte intitulado “Un catálogo definitivo”, á situación actual de Galicia en canto ao servizo bibliotecario segundo o último informe da Federación Gremio de Editores de España.

García, R., “Viñetas. Superhéroes en el salón”, *La Voz de Galicia*, “Especial Fiestas de María Pita 2013”, pp. 34-35.

Informa da celebración de Viñetas desde o Atlántico. Polo que se refire á participación galega, sinala que haberá unha exposición de Fausto Isorna e unha panorámica da banda deseñada galega. Cita outros creadores galegos participantes e sinala que Jacobo Fernández será o encargado de facer os murais.

García, Rodri, “Los libros salen en busca de lectores”, *La Voz de Galicia*, “Especial Fiestas de María Pita 2013”, pp. 28-29.

Anúnciase o inicio da Feira do Libro da Coruña, que se celebrará durante once días nos xardíns de Méndez Núñez, tras o pregón da poeta Yolanda Castaño. Presentaranse volumes como *Noite branca*, de Francisco Fernández Naval; *Laura no deserto*, de Antón Riveiro Coello; *Bícame, Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Cancela aberta e Aquel neno*, de Xosé Neira Vilas; *Nicomedes o pelado*, de Pinto&Chinto; *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* (2012), de Ramón Nicolás; ou *Fadita Fosca*, de Miguel Vázquez Freire.

García Márquez, Marta, “Lata de sal ‘envasa’ cuentos perdidos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 3 maio 2013, p. 15.

Coméntase que a editorial Lata de Sal, afincada na Coruña, rescatou xoias estranxeiras non editadas na literatura infantil para poñelas en circulación traducidas ao galego, catalán e castelán.

García Márquez, Marta, “Diez años desde el andamio fue un buen lugar para que los niños vieran teatro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 9 outubro 2013, p. 11.

Dise que o primeiro teatro infantil da Coruña celebra o seu décimo aniversario. Coméntase que agora tamén porá en escena obras para o público adulto.

Gayarre, J., “400 nenos cantarán en xuño os poemas de Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 marzo 2013, p. 45.

Alude ao concerto homenaxe levado a cabo por catrocentos nenos e nenas na Praza da Quintana en Santiago de Compostela co gallo do 150 aniversario da saída ao prelo de *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro. Destaca primeiramente a promoción do evento polo Consello da Cultura Galega xunto á Concellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, dentro do programa “No bico un cantar. Nenos e nenas cantan a Rosalía”, para despois salientar a interpretación musicada dos poemas “Maio longo”, a cargo de José Baldomir; “Rosa de Abril”, de Andrés Gaos; “En Cornes”, de Octavio Vázquez e “Negra Sombra”, de Juan Montes. Resume a seguir algúns dos comentarios dos participantes na rolda de prensa sobre este acto.

Gil, M., “Un centenar de escolares celebran el Día del Libro Infantil en Noia”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 515, 3 abril 2013, p. 6.

Comenta o acto de homenaxe a Hans Christian Andersen a cargo dun centenar de escolares noieiros na Casa da Cultura de Avilés de Taramancos co gallo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, que coincide co aniversario do seu nacemento. Destaca o apoio da Concellería de Cultura, así como as postas en escena dos espectáculos *A Cinsenta non quere que a saquen a bailar*, de Ana Carreira, e *Fabula Galénica*, de Fantoques Baj.

Gómez, Chus, “Os Bolechas, de turismo por Cuntis”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 376, “Vivir en Caldas”, 4 setembro 2013, p. 2.

Informa de que dentro da programación da II Festa da Belle Époque de Cuntis, atópase a presentación do libro *Os Bolechas van a Cuntis*, de Pepe Carreiro. Salienta que neste volume os nenos descubrirán diversos lugares emblemáticos da vila e alude ao encargo, por parte do concello, de múltiples exemplares para distribuír por diferentes puntos da localidade.

Gómez, J., “Cuatro opciones para formarse con gusto”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, “Un lobo lector”, 23 febreiro 2013, contracuberta.

Informa do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, así como da homenaxe a Rosalía de Castro por parte do colexio Pío XII, consistente nunha gravación en vídeo do poema “Roxiña cal sol dourado”, organizada pola Asociación de Escritores baixo a coordinación de Adela Maroño.

Gómez, J., “No Principiño está o contraste entre o mundo dos nenos e o dos adultos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 5 decembro 2012.

Infórmase da exposición, organizada pola profesora Carmen Alonso do IES Rosalía de Castro, sobre *O Principiño*, de Antoine de Saint-Exupéry, que terá lugar na sede do propio centro educativo. Dise que coincide co setenta aniversario da edición da obra e infórmase do seu contido. Tamén se sinalanse os lugares nos que estará exposta.

González, Eva, “Amor por los libros en Tui”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, 24 abril 2013, p. 18.

Fálase do aumento do número de lectores na biblioteca municipal de Tui. Preséntase a opinión dos nenos e nenas, quen indican cales son os seus libros favoritos.

González Liste, Ana, “Con los libros a la playa”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 7 xullo 2013, p. 48.

Anúnciase o remate da Feira do Libro de Vigo e con ela, preguntando ás librerías e libeiros, propóñense algúns posíbeis títulos para gozar da lectura nos meses de verán, como as novelas *Bícame*, *Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Faneca Brava*, de Manuel Portas; *As vidas de Nito*, de Xabier Paz; *En vías de extinción*, de María Reimóndez; *Os*

xornalistas utópicos, de Manuel Veiga; e de Literatura Infantil e Xuvenil a antoloxía *Un rato díxolle á Lúa*, de Antonio García Teijeiro e *A nena á que non deixaban ser feliz*, de Miguel Ángel Alonso Díez.

Grau, Abel, “Viñetas con mil lecturas”, *El País*, “Babelia”, “Libros”, “Reportaje”, 6 xullo 2013, p. 12.

Fala sobre o cómic, que está en pleno auxe en España, feito que levou a bastantes críticos e artistas a realizar numerosos ensaios, moitos deles expostos no volume *Supercómic*. Apunta que estes revelan algunhas das claves políticas, históricas e culturais do fenómeno artístico, dende os seus comezos até a actualidade. Salienta que o cómic sufriu un gran cambio en España, dende o soporte, a forma de produci-lo até os lectores aos que vai dirixido, dando lugar así á novela gráfica. Cita tamén que nos tebeos a miúdo subxace unha sutil carga crítica. Indica que títulos como *Arrugas*, de Paco Roca, e *María y yo*, de Miguel Gallardo, son un reflexo que os cómics poden servir para tratar grandes temas.

Herrero, Elena, “Las acrobacias de Os Bolechas pusieron fin a un divertido día”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 14 agosto 2013, p. 4.

Coméntase a actuación de Os Bolechas en Pontevedra e fálase da enorme afluencia que tivo o espectáculo de Brincablechas de verán e Brincablechas. Circo de Nadal.

Iglesias, A., “La literatura infantil y juvenil centra un curso de formación”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 11 xullo 2013.

Faise eco da programación do Curso de Formación Continua que se celebra na Biblioteca da Fundación Novacaixagalicia, dedicado aos premios literarios e de ilustración. Sinálase que a súa pretensión é formar e informar na literatura para os máis novos de diferentes ámbitos lingüísticos, así como se refire ao público asistente.

Iglesias, A., “Cuenta atrás para ver a Os Bolechas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 26 decembro 2013, p. 27.

Informa da xira musical dos Bolechas que chegará a Santiago de Compostela o 30 de decembro, no que se poderán ver os títeres dos personaxes creados por Pepe Carreiro, xunto ás persoas que os manipulan e aos actores que lles acompañan para crear “una historia divertida para todos los públicos”. Explica que durante a escenificación se interpretarán algunhas cancións do disco dos Bolechas, que cantan con Lady Vina. Remata indicando como adquirir as entradas e precisa que na sala da representación se poderán mercar produtos sobre estes personaxes.

Iglesias, Ana, “Primeras ediciones y joyas literarias en el Gran Outlet do Libro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 31 xaneiro 2013, p. 25.

Comenta o mercado de libros organizado polo compostelán centro comercial Área Central en colaboración co Consorcio Editorial Galego. Fai referencia tamén á posta en escena do espectáculo infantil de Xandobela, *Trebellos e outros contos* e á sesión de monicreques *A rebelión dos monstros*.

Iglesias, Ana, “Tarde de diversión con ‘Os Bolechas’ en la Feira do Libro”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 30 abril 2013, p. 30.

Fálase da presentación do novo libro de Pepe Carreiro na Feira do Libro, onde tamén participaron outros escritores.

Iglesias, Ana, “Una agenda lúdica para divertirse el fin de semana en familia”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 29 decembro 2013, p. 28.

Cóntase cal vai ser a axenda cultural do Concello de Compostela para a fin de semana. Dise que entre as actividades se inclúen varias montaxes teatrais, talleres creativos, xogos e deportes. Destaca o espectáculo de maxia do mago Romarís e o espectáculo de monicreques, da compañía Cachirulo, “A historia do Apalpador”, para nenos e nenas a partir de tres anos.

Iglesias, Jesús, “Máis de 500 nenos participarán en ‘O Cartafol do Lérez’”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 17 abril 2013, p. 10.

Dá conta da cuarta edición do programa municipal pontevedrés de animación á lectura, “O Cartafol do Lérez”, organizado pola Concellería de Educación en colaboración co Colexio de Vilaverde en Mourente. Nun epígrafe á parte, alude ao labor de Kalandraka Editora na elaboración do xornal en papel e o blog www.ocartafoldolerez.org.

Jandl, Ernst, “Cada vez máis alto”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 5 xaneiro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Cada vez máis alto* (2012), escrita por Jandl Ernst e ilustrada por Norman Junge.

Jaureguizar, “Os 125 anos do nacemento de Otero Pedrayo cúmprense hoxe sen actos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 5 marzo 2013, p. 40.

Describe a homenaxe a Ramón Otero Pedrayo no Pazo de Trasalba en Ourense por parte de 125 estudantes de Ourense, Amoeiro e Vilagarcía de Arousa, co gallo do aniversario do seu nacemento. Destaca a promoción do acto da Fundación Otero Pedrayo, así como as verbas de Xaquín Lorenzo ao respecto, e leva a cabo un percorrido pola traxectoria vital do escritor, da que salienta a súa participación nas Irmandades da Fala e no Seminario de Estudos Galegos; o seu labor no seo do Partido Galeguista e á fronte da Editorial Galaxia; a saída ao prelo das novelas *Pantelas*, *home libre* (1925), *Os camiños*

da vida (1928), *Arredor da vida* [sic] (1930) e *A romaría de Xelmírez* (1934); e a tradución do *Ulysses* (1921) de James Joyce.

Jiménez, Irene, “A LIX ingresa na Rag da man da escritora e mestra Fina Casalderrey”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 23 novembro 2013, p. 39.

Coméntase que Fina Casalderrey ingresou oficialmente na Real Academia Galega (RAG) nun acto que tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra. Resúmese brevemente o contido do seu discurso de ingreso no que subliñou a importancia da Literatura Infantil e Xuvenil na educación e cultura. Tamén se destaca que esta é a quinta muller que forma parte da institución. Por último, faise un repaso da ampla obra da autora, na que se atopan títulos como *Dúas bágoas por Máquina* e *Os misterios dos fillos de Lúa*, entre outros.

Jiménez, Irene, “A caravana dos Bolechas comeza mañá a súa xira”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 decembro 2013, p. 43.

Céntrase nas actividades nas que intervirán os Bolechas. Por unha banda, na nova xira que estes monicreques van dar por Galicia no Nadal. Pola outra, faise un breve resumo do argumento do novo espectáculo, así como das novidades que este agocha. Finalmente destaca a xente e os organismos grazas aos cales se levou a cabo o espectáculo. Remata informando onde se poden conseguir as entradas.

J. M., “Man y ‘Belamuxía’ en la feria de Cee”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 654, 20 agosto 2013, p. 5.

Informa de que na última xornada da Feira do Libro de Cee tiveron lugar as presentacións das obras *Man. O alemán de Camelle*, de Beatriz Maceda e *Belamuxía. O albergue como espazo identitario*, de Antón Castro.

J. M. R., “Más de 30 actividades en la VIII Semana da Lectura”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 543, 1 maio 2013, p. 7.

Dise que na oitava semana do libro celebrada no concello de Carballo se realizarán diferentes actividades entre as que se atopan contacontos ou talleres de creación de historias etc.

J. M. R., “Talleres literarios e astronomía na Semana do Libro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 550, 8 maio 2013, p. 7.

Coméntase que con motivo da VIII Semana do Libro se levaron a cabo tres obradoiros para nenos e nenas. Sínálase que presentaron as súas creacións Tegra A. Gómez (*Machinola*), Martín Pawley (*O ceo é para tod@s*) e Fiz López (*O lobo Perico que por non saber ler quedou sen un bico*).

J. R., “Alumnos del IES n.º 1 participaron en una jornada literaria”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 592, 19 xuño 2013, p. 6.

Breve nota que dá conta de que David Otero falará sobre Roberto Vidal Bolaño ao alumnado do IES da Estrada no Recreo Cultural Estradense.

Larios, Lucía, “El arte de la narrativa”, *La Opinión*, “A Coruña”, 9 agosto 2013, pp. 10-11.

Coméntase que a Feira do Libro anual dedicará especial atención ao público infantil e dáse conta das actividades máis vinculadas con este.

Limia de Gardón, Xabier, “Ilustradores de cómic en escena”, *La Región*, “Ourense”, 21 outubro 2013, p. 8.

Detense nas XXV Xornadas de Banda Deseñada que se están a celebrar en Ourense no marco do Outono Cultural. Fálase das actividades máis importantes, entre elas, a exposición das obras dos finalistas e gañadores do Primeiro Certame Benito Losada, da exposición de fanzines e visita dalgúns autores de cómic.

López, A., “Kalandraka e ‘Gústame o galego’, premiadas co Xoán Manuel Pintos 2013”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 9 novembro 2013, p. 60.

Faise eco de que a editorial Kalandraka e a campaña “Gústame o galego”, da Coordinadora de Traballadores de Normalización da Lingua (CTNL), son as gañadoras dos premios Xoán Manuel Pintos.

López, Ana, “Fina Casalderrey entra na RAG”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 19 xaneiro 2013, p. 58.

Comenta a entrada na Real Academia Galega da escritora Fina Casalderrey como académica numeraria. Destaca, así pois, a ocupación da cadeira do finado Xaime Isla Couto, a presenza doutra muller académica na RAG, Rosario Álvarez, e as intencións de Casalderrey no seo desta institución. Nun epígrafe á parte indica os nomeamentos de Xosé Antón Fraga Vázquez e Xosé Luís Regueira como membros da RAG e realiza, finalmente, un repaso pola traxectoria literaria da escritora, da que salienta o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil, do que foi merecente pola súa novela *O misterio dos fillos de Lúa* (1995), e o Premio Edebé de Literatura Infantil e Xuvenil por *O estanque dos parrulos pobres* (1995), así como seu actual proxecto xunto a Eloy Varela, un volume-DVD galardoado co Premio á Mellor Curtametraxe de Ficción no Festival de Cans no Porriño.

López, Ana, “Dos contos á pasarela de moda”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí!”, 25 xaneiro 2013, contracuberta.

Alude ao desfile celebrado na 76 Feira Internacional de Moda Infantil e Xuvenil en Valencia por parte dos personaxes protagonistas de *O Coelliño Branco* e *A Cebra Camila*, de Óscar Villán en Kalandraka Editora, con roupa de Casa K. Conclúe cunha referencia ao Premio Nacional de Ilustración do que foi merecente en 1999 o primeiro dos contos anteditos.

López, Ana, “O Salón do Libro Infantil e Xuvenil comeza hoxe no Pazo da Cultura ‘A toda máquina!’”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 2 marzo 2013, p. 67.

Fai referencia á inauguración da XIV Edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil no Pazo da Cultura de Pontevedra, intitulado “A toda máquina!”. Subliña a representación do espectáculo de Aula Folque Infantil, *Desenchufad@s*, así como as sesións de contacontos de Pavís Pavós e *Burro-Máquina*, de Fantoques Baj, xunto aos obradoiros da Editorial Patas de Peixe, “O trenciño rebuldeiro”, e de Galileo Nenos, “A cidade de Cenorio”. Remata cunha mención á posta en escena da peza *Far West*, de Yllana, como parte do ciclo “Domingos do Principal”.

López, Ana, “Mercedes Vázquez e Rosalía de Castro ‘visitan’ o Salón do Libro 2013”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 6 marzo 2013, p. 58.

Comenta a dupla homenaxe a Rosalía de Castro e á profesora do CEIP San Martiño de Salcedo, Mercedes Vázquez, impulsora do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, como parte da XIV Edición do Salón de 2013, intitulada “A toda máquina!”, co gallo do 150 aniversario da saída ao prelo de *Cantares Gallegos* (1863) e a lembranza da mestra, finada en 2011. Destaca a representación do conto *Cocorico* por parte do alumnado do CEIP Campolongo, o obradoiro de xoguetes “O trenciño rebuldeiro”, da Editorial Patas de Peixe, o de banda deseñada “A debuxar con Marcopola” e a posta en escena do espectáculo de monicreques *Titiricircus*. Nun epígrafe á parte indica a presentación da páxina en liña “Galaxia Tales”, editada por Francisco Castro, a partir das historias *Unha sorpresa para Goruk*, de Daniel Landesa e María Longa, e *Así comezaron as aventuras da Rosa dos Ventos e Xan Pericán*, de Joel Franz Rosell e Luís Castro, ambas as dúas disponíbeis en castelán, galego e inglés.

López, Ana, “A máquina apágase por este ano”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 24 marzo 2013, p. 74.

Dá conta do acto de clausura no Pazo da Cultura de Pontevedra da XIV Edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, a partir da homenaxe á escritora Marilar Aleixandre. Reproduce algúns dos comentarios de Fina Casalderrey no seu discurso de clausura con respecto á traxectoria literaria de Aleixandre e destaca a presenza de Anxos Riveiro e Agustín Fernández Paz no evento. Remata cunha referencia ao obradoiro “Títere Hop”, do grupo Viravolta, e ao concerto “Ollos de mel”, de Pirilampo.

López, Ana, “Música no Café e son de Contos, novas propostas de Cultura para maio”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 4 maio 2013, p. 59.

Fala sobre as iniciativas “Músicas no café” e “Son de Contos” da Concellería de Cultura, idea da Banda de Música de Pontevedra. Sinálanse os lugares e días nos que terán lugar, así como as bandas que participarán (Rubato, Tootjazz, Perkuka, Saxos Beteri ou Brass Metal). Coméntase que o 12 de maio no Teatro Principal se interpretarán contos escritos por Fina Casalderrey, Xoan Babarro, Ana Fernández e Manuel Lourenzo, con música de Julius Andrejevas, Carlos M. Cambeiro e Fernando Ruibal.

López, Ana, “Este recoñecemento é unha mostra de afectos dese mundo que rodea ao libro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 10 decembro 2013, p. 77.

Infórmase de que Fina Casalderrey recibirá a distinción de Socia de Honra da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil. Coméntase que a autora afirma sentirse privilexia por recibir este recoñecemento, que é para ela unha mostra de afectos e que ademais a pon ao carón de Xosé Neira Vilas e Agustín Fernández Paz. Dise que o acto terá lugar no IES Illa de Tambo, centro no que exerceu de mestra antes de xubilarse. De Fernández Paz, encargado de ler a “laudatio” no evento, afirma Casalderrey que o sente como un clásico vivo e que o considera un compañeiro de xeración co que loita por cambiar o mundo coas palabras. Finalmente, Casalderrey recoñece que este acto serve para dar a coñecer a Literatura Infantil e Xuvenil que durante anos permaneceu invisíbel aínda que agora xa se recolle nos créditos dalgunhas facultades.

López, Belén, “Páxinas para un ano en negro sobre branco”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “Letras en 2013”, 4 xaneiro 2013, p. 52.

Sinala as publicacións previstas para o ano 2013 por parte de diversas editoriais. Entre outras, destaca as seguintes: *Cidades*, de Fran Alonso; *Cantares de Manuela de Barro*, de Carlos Solla; *Flor de area*, de Manuel Lourenzo; *Medre o mar*, de Bernardino Graña; *Columnas de papel*, de Xosé Vázquez Pintor; unha edición anotada e traducida das novelas e contos de Sherlock Holmes ao cargo de Bieito Iglesias e Manuel Vázquez; *Todo se esfarela*, de Chinua Achebe; *Gorazde* e *Palestina*, ambas as dúas de Joe Sacco; *Amor de serea. Un misterio para Tintimán en Vigo*, de Jaureguizar; *Desde unha estrela distante*, de Agustín Fernández Paz; *A vitoria do perdedor*, de Carlos Reigosa; *Costa do solpor*, de Xosé María Lema e *O gardián invisible*, de Dolores Redondo.

López, Belén, “Bóveda a cadriños”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 11 xaneiro 2013, p. 67.

Indica a presentación no Centro de Interpretación das Torres Arcebispaís (CITA) en Pontevedra, da novela gráfica *Bóveda, un alegato pacifista contra a inxustiza*, da autoría de Carlos Sardiña e Pitusa Arias. Salienta asemade o labor organizativo do acto por parte da Fundación Alexandre Bóveda.

López, Belén, “O IBBY recoñece o libro ‘O neno can’ polo seu tratamento da discapacidade”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 12 xaneiro 2013, p. 61.

Dáse conta do importante recoñecemento internacional que a obra *O neno can*, de Fina Casalderrey e Francisco Castro vén de conseguir, como é que o IBBY o incluía na súa listaxe de Outstanding Books 2013 polo seu tratamento da discapacidade.

López, Belén, “Elemental, querida Peregrina”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 23 xaneiro 2013, p. 56.

Comenta a traxectoria de Enrique Mauricio e Carlos Taboada -Mau e Pin- dende a súa proposta “Os misterios de Pontevedra”, sesións de contacontos celebradas na Biblioteca Pública de Pontevedra. Tras enumerar os principais personaxes desta serie, indican o esquema das súas representacións e adiantan os seus vindeiros proxectos, como a publicación dun cómic para lectorado adulto e a ampliación das sesións anteditas.

López, Belén, “Maquinando no Salón do Libro”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 22 febreiro 2013, p. 65.

Dá conta da XIV Edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra. Tras sinalar o lema do Salón, “A toda máquina!”, e a presenza da mascota desta edición, o lobo Orbil, comenta o recorte sufrido no orzamento inicial e indica a homenaxe á escritora Marilar Aleixandre, así como o labor de Anxos Riveiro na presentación da edición. A seguir, enumera as compañías convidadas ao evento: Os Bolechas, Fantoques Baj, Baobab Teatro, Andrea Bayer, Mofa e Befá, Yllana, Tanxarina, María Lado e Lucía Aldao. Nun epígrafe á parte indica as actividades programadas para esta edición do Salón. Conclúe cunha referencia ás novidades do Salón, entre as que destaca a súa promoción por toda Galicia.

López, Belén, “Desenchufados contra telembobados”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 3 marzo 2013, pp. 74-75.

Trata da inauguración oficial da XIV Edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, por parte da Concelleira de Cultura, Anxos Riveiro. Tras sinalar o lema desta edición, “A toda máquina!”, informa do espectáculo inaugural *Desenchufados*, de Aula Folque Infantil de Pontevedra e alude á mascota do Salón, o lobo Orbil. Describe a trama da primeira parte, “Desenchufados das máquinas”, así como da segunda, “Telembobados”, e nun epígrafe á parte comenta o labor de Marilar Aleixandre en canto madriña do evento, xunto ás sesións de contacontos de Pavís Pavós, as actividades de animación á lectura de Fantoques Baj e o obradoiro da editorial Patas de Peixe. Noutro epígrafe á parte indica as actividades programadas do Salón.

López, Belén, “Que os nenos se acheguen a Don Ramón”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 6 marzo 2013, p. 57.

Faise eco do acto homenaxe convocado pola Fundación Otero Pedrayo na Casa Grande de Trasalba e que renderon 125 escolares galegos ao celebrarse 125 aniversario do nacemento do persoeiro. Destaca primeiramente a participación do alumnado do IES

Fermín Bouza Brey e dos CEIP Mestre Vide de Ourense e Ramón Otero Pedrayo de Amoeiro, para despois reproducir parte dos comentarios de Susana Reboredo e Patricia Arias Chachero. Indica por último as actividades que conformaron o evento, como a presentación de *Arredor de sí* (1930) ou a lectura de poemas e fragmentos da súa narrativa.

López, Belén, “O Salón do Libro infantil déixase barba”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 20 marzo 2013, p. 59.

Sinala a posta en escena no Pazo da Cultura de Pontevedra da peza de OQO Editora, *Seis barbudos*, producida polo Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, e destaca o labor de interpretación de Lucía Aldao e María Lado coa axuda do Seminario Permanente de Jazz.

López, Belén, “Los alumnos de O Garaxe Hermético viajan al Salón del Cómic de Barcelona”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 13 abril 2013, p. 58.

Comenta a viaxe didáctica de Kiko da Silva e o seu alumnado da escola por el dirixida, O Garaxe Hermético, ao Salón do Cómic de Barcelona. Doutra banda, indica a participación deste autor na mostra colectiva do Salón dedicada ao wéstern, xunto a outros coma Miguelanxo Prado, David Rubín, José Domingo e Norberto Fernández y Xermánico.

López, Belén, “Oqo pon o mandil”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 13 xuño 2013, p. 60.

Infórmase da presentación, por parte da editorial Oqo, do proxecto “Cociña de contos”, que mestura a gastronomía coa literatura. Dise que unha representante de Oqo e a concelleira de Cultura pontevedresa se reuniron para aclarar os contidos desta iniciativa que será levada a cabo no Salón do libro Infantil e Xuvenil no ano 2014. Tamén se informa doutras iniciativas nas que tamén colabora o concello e nas que mesmo se outorgan premios de ilustración e de narración oral.

López, Belén, “Por que queremos tanto a Fina?”, *Diario de Pontevedra*, p. 69/ *El Progreso*, p. 54, “Vivir aquí”, “Cultura”, “Literatura”, 22 novembro 2013.

Saliéntase a importancia do ingreso de Fina Casalderrey na Real Academia Galega tanto por ser muller (a quinta na institución) coma por ser a primeira representante da Literatura Infantil e Xuvenil. Tamén explica algunhas das claves da traxectoria persoal e profesional da escritora.

López, Belén, “Toda a literatura abrolla na infancia”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 23 novembro 2013, pp. 58-59/ *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 23 novembro 2013, p. 55.

Indícase que Fina Casalderrey ingresou na Real Academia Galega nun acto que tivo lugar en Pontevedra e no que a autora estivo rodeada de amigos, familiares e alumnado da escola que leva o seu nome. Coméntase que no discurso a mestra e escritora fixo fincapé en varias ocasións na transcendencia da Literatura Infantil e Xuvenil ao longo da historia, sinalando como responsabilidade da academia a de prestar especial atención a esta literatura. Tamén se afirma que mencionou algúns autores tanto da literatura galega como doutras literaturas de adultos. Dise que Rosario Álvarez foi a encargada de dar resposta ao discurso da pontevedresa nun discurso no que loou a Casalderrey como mestra e escritora e destacou o labor dos mestres galegos. Coméntase finalmente que o discurso de ingreso da autora levouna a reflexionar sobre a súa experiencia persoal, na que recordou o seu rexeitamento cara ao galego na súa adolescencia, homenaxeando tras isto o seu pai e a súa escola.

López, Belén e Ramón **Rozas**, “Elena Gallego, Fina Casalderrey e OQO déixanse ver na FIL”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 6 decembro 2013, p. 69.

Fálase da visita de dúas escritoras galegas, Elena Gallego e Fina Casalderrey, á Feira Internacional de Libro en México. Tamén se menciona a presenza, con *stand* propio, de varias editoras galegas na feira como é o caso de OQO Editora, que aproveitou a feira para presentar un programa de fomento á lectura e á educación audiovisual “Contos en movemento”.

López Silva, Xosé Antonio, “Intrépidas corsarias”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “De Profundis”, 27 novembro 2013, p. 42.

Comenta o acto de entrada na Real Academia Galega da escritora Fina Casalderrey como académica numeraria. Destaca o feito de ser ela a quinta muller académica e subliña as verbas que Álvaro Cunqueiro pronunciara en 1970 ao respecto da falta de académicas galegas.

Lorenzo, Fran P., “A LIX entra na Academia da man de Fina Casalderrey”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 xaneiro 2013, p. 42.

Destaca a entrada na Real Academia Galega da escritora Fina Casalderrey Fraga como académica numeraria e en representación da Literatura Infantil e Xuvenil. Repasa a seguir a súa traxectoria literaria e salienta textos como *O libro da empanada*, *Festas gastronómicas de Galicia*, *Repostería en Galicia*, *Mutacións xenéticas* (1991), *O misterio dos fillos de Lúa* (1996) –merecente do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil-, *O estanque dos parrulos pobres* (1995) –galardoadado co Premio Edebé de Literatura Infantil e Xuvenil-, *Quen me quere adoptar?* (2005) –incluído na listaxe de 2006 da Biblioteca Internacional da Xuventude de Munich, The White Ravens-, e *O neno can* (2012), así como atende ao seu vindeiro proxecto en colaboración con Eloy Varela, a curtametraxe *Dúas letras*. Nunhas liñas á parte menciona o nomeamento de Xosé Antón Fraga Vázquez como académico da RAG.

Lorenzo, Fran P., “Nenas e nenos préstalle voz ao futuro da lingua de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 xuño 2013, p. 41.

Dáse a coñecer o que aconteceu no parque de Bonaval no que un grupo de escolares lle rendeu homenaxe á poeta Rosalía de Castro.

Losada, Andrea, “Rosalía para niños y con un guía de excepción”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 4 setembro 2013, p. 6.

Informa sobre o desenvolvemento dunha xornada dedicada a Rosalía de Castro enmarcada dentro dunha semana chea de actividades vinculadas á poesía. Dise que neste evento, denominado “No principio foi o verso. Rosalía de Castro”, o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, quixo achegar á nenez, de entre 6 e 12 anos, a figura da poeta. Coméntase que os asistentes puideron ver algúns documentos inéditos, como un exemplar da primeira edición de *Cantares gallegos*, así como escoitar as explicacións do presidente da RAG sobre a temática vinculada aos poemas da padronesa ou cuestións máis persoais. Para finalizar a xornada, sinálase que os rapaces tiveron a posibilidade de entrevistar a Alonso Montero, xirando as preguntas ao redor da literatura poética, principalmente.

L. P., “La ruta de Fiz Vergara se acerca a los escolares a través de fichas didácticas”, *El Progreso*, “Sarria”, 17 xaneiro 2013, p. 21.

Anúnciase que a agrupación cultural Ergueitos de Sarria editou un catálogo con unidades didácticas sobre a ruta literaria do poeta Fiz Vergara Vilariño de Lóuzara (Samos) para dar a coñecer as trece esculturas nel instaladas e a súa obra.

L. R., “Los niños también se quedan sin teatro en enero por el retraso en el nombramiento del director de Agadic”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 11 xaneiro 2013, p. 10.

Anuncia a cancelación do ciclo de teatro infantil cambadés por mor da ausencia de director á fronte de AGADIC. Indica asemade a dependencia de AGADIC por parte da RGTA (Rede Galega de Teatros e Auditorios) e a dimisión do anterior director, Juan Carlos Fernández Fasero en 2012.

L. R., “Las actividades infantiles prosiguen con más talleres y un cuentacuentos en Fraga”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 26 marzo 2013, p. 10.

Sinala o comezo do programa de actividades infantís organizado pola Cultura do Concello na biblioteca cambadesa Casa dos Fraga. Destaca, así pois, o Teatro de Títeres, o obradoiro de monicreques e a sesión de contacontos *Vito e Mosquito*, de Tatana Teatro co gallo do Día da Poesía.

L. T., “Casi doscientos niños participan en el programa de actividades del Día del Libro”, *El Ideal Gallego*, “Betanzos”, 25 abril 2013, p. 22.

Dáse conta das actividades para pequenos e mozos levadas a cabo en Betanzos o 23 de abril con motivo do Día Internacional do Libro.

M. A. C., “Alumnos do IES de Poio lembran a Rosalía no 150 aniversario da súa obra Cantares gallegos”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Poio”, 26 febreiro 2013, p. 12.

Súmase o IES de Poio á celebración do sesquicentenario de *Cantares gallegos* cun festival de poesía e música centrado na autora.

Maira, Ángeles F., “Outro xeito de contar un conto”, *El Progreso*, “Pícaros”, “Lecer”, “Reportaxe”, 2 febreiro 2013, pp. 1-2.

Comenta o obradoiro de contacontos impartido por Laura Lence celebrado na Casa da Xuventude de Lugo e organizado polo colectivo Medrando en Lugo. Destaca primeiramente o conto da autoría de Michael Grejmić, *A que sabe a Lúa?* (2007), así como o seu recitado a partires dun sistema de comunicación bimodal. Explica a seguir en que consiste dito sistema e describe brevemente o fío argumental do conto. Salienta por último a presenza de música e pictogramas no recitado da historia.

Maira, Ángeles F., “¿E cando haberá máis piratas?”, *El Progreso*, “Pícaros”, 15 xuño 2013, cuberta.

Co gallo da celebración do Día das Letras Galegas detállase a iniciativa do concello da Pastoriza mediante a que os meniños de Bretoña e A Pastoriza tiñan que buscar contos da súa idade a partir da adaptación da obra *A illa do tesouro*.

Malvido, Gemma, “Llegan los superhéroes”, *La Opinión*, “A Coruña”, 12 xullo 2013, p. 10.

Faise eco da celebración do Salón do Cómic, do 5 ao 11 de agosto, no Aquarium Finisterrae. Entre os participantes está Fausto Isorna, director artístico da revista *Golfiño*.

Malvido, Gemma, “O galego Miguelanxo Prado gaña o Premio Nacional de Cómic, con Ardalén”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p.44/ “O coruñés Miguelanxo Prado gaña o Premio Nacional de Cómic con ‘Ardalén’”, *La Opinión*, “A Coruña”, p.11, 1 novembro 2013.

Apunta que Miguelanxo Prado foi galardoado co Premio Nacional de Cómic por *Ardalén*, da que o xurado salientou o seu “carácter poético” e a súa “mestría técnica” no uso das cores. Di que o autor considera que, grazas ao premio, a súa obra poderá chegar

a máis lectores e lamenta que a crise económica poida prexudicar o auxe do formato cómic.

Manteiga, M., “Contacontos con Ler de Santa Comba”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 446, “Xallas”, 23 xaneiro 2013, p. 6.

Indica a sesión de contacontos impartida por Asunción Carracedo xunto aos seus personaxes Oto e Oli na librería Ler de Santa Comba e destaca a colaboración da editorial Amigos do Papel.

Manteiga, M., “Conferencia sobre Díaz Pardo no instituto negreirés”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 450, “A Barcala”, 27 xaneiro 2013, p. 7.

Sinala a conferencia de Xosé Ramón Fandiño Veiga ao redor de Isaac Díaz Pardo impartida ao alumnado do Instituto de Negreira. Destaca a colaboración dos departamentos de Artes Plásticas, Xeografía e Historia-CC SS e a Vicedirección.

Manteiga, M., “Un recuperado Neira Vilas presentó su muestra en A Baña”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 469, “Cultura”, 15 febreiro 2013, p. 6.

Fai referencia á presentación da mostra “Querido Balbino” exposta no centro social da Baña e destaca a presenza de Xosé Neira Vilas, así como a asistencia de escolares e veciños do lugar.

Manteiga, M., “Iglesias Turnes disertará en el IES de Negreira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 470, “Lingua”, 16 febreiro 2013, p. 7.

Avisa da vindeira conferencia a cargo de Manuel Iglesias Turnes como parte do programa “Encontros cos Escritores”, organizado polo Departamento de Lingua Galega do Instituto Xulián Magariños de Negreira.

Manteiga, M., “María Lado recitó en el IES negreirés”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 488, “A Barcala”, 6 marzo 2013, p. 6.

Informa do recital de poesía de María Lado e Lucía Aldao no IES de Negreira, así como da conferencia do historiador Alfredo Iglesias, ambas as dúas como parte dos actos do Día da Muller.

Manteiga, Marcos, “Rosalía, cómplice de los chaveles con FalaRedes”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 569, 27 maio 2013, p. 6.

Dáse conta do programa “Rosalía Pequeniña” que ten lugar en Pontecesures. Dise que percorrerá diferentes municipios e que nel participarán Uxía Senlle, Sérgio Tannus e Santiago Cribeiro, os cales cantan poesías de Rosalía de Castro. Resáltase que é un

espectáculo en galego para gozar en familia e crear espazos de aprendizaxe e uso desta lingua.

Martín, Pablo, “El cómic, un arma para luchar contra la pobreza”, *Atlántico Diario*, p. 60/ *La Región*, p. 67, “Sociedad”, 15 decembro 2013.

Faise eco do proxecto “Viñetas de vida: dibujantes on tour”, organizado pola ONG Oxfam Intermón, que se está a presentar no Expocómic 2013 celebrado en Madrid durante estas datas. Dise que o proxecto ten como obxectivo concienciar da importancia da loita contra a pobreza utilizando o cómic como principal recurso. Destácase que nel participan Paco Roca e David Rubín.

Martínez, Cecilia, “Vestidos como en un cuento”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu, Cangas, Moaña”, 16 xuño 2013, p. 19.

Dá conta da inauguración da nova tenda de roupa infantil “Casa K” en Bueu, na que se levarán a cabo talleres infantís periódicos relacionados coas artes plásticas e a animación á lectura. Dise que o encargado de protagonizar o primeiro taller foi o ilustrador suízo Marc Taeger, autor da maior parte dos motivos que ilustran as camisetas da colección de verán da marca e dalgún dos contos de Kalandraka. Coméntase que neste primeiro taller se elaborou un mural con debuxos dos asistentes, entre os que tamén se sorteou unha prenda da marca e un debuxo de Taeger.

Martínez, Cecilia, “Cangas ya vive el XVI Salón do Cómic e Ilustración”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, 23 xullo 2013, p.17.

Alude á celebración do XVI Salón do Cómic e Ilustración de Cangas, no que se levaron a cabo diferentes talleres para nenos relacionados coa banda deseñada. Tamén apunta que contou coa presenza de debuxantes de distintas partes de Galiza e co ilustrador Horacio Altuna.

Martínez, Nuria, “É hora de contar contos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 26 maio 2013, p. 74.

Informa dos actos que tiveron lugar na Feira do Libro de Pontevedra o día anterior á publicación: un obradoiro de maxia a cargo da compañía Cucarandainas, a firma de libros por parte de Pedro Feijoó da súa novela *Os fillos do mar* e unha tarde de contacontos. Dise que os actos da xornada remataron coas firmas de libros a cargo de Elena Gallego Abad e María Reimóndez, ademais da presenza de Valentina Formoso e Kiko da Silva. Nesta nova tamén se fai referencia a que as principais actividades da última xornada están dirixidas aos máis pequenos, ao tempo que, en palabras dalgúns dos libreiros, se informa de que a feira non acadou o éxito esperado.

Martínez, Nuria, “A literatura infanto-xuvenil achégase a Pontevedra da man do Galeusca”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 22 outubro 2013, p. 77.

Informa da celebración do Encontro Literario da Federación Galeusca do ano 2013. Preséntase o programa que se levará a cabo ao longo da fin de semana (mesas redondas sobre narrativa, onde participarán diversos escritores en diferentes linguas; sobre poesía e teatro, ademais dun roteiro literario pola cidade do Lérez, lugar onde se di que ten lugar o encontro). Finalmente lémbrese que a celebración rematará coa asemblea xeral de escritores galegos, cataláns e vascos e coa exposición das conclusións das diferentes xornadas. Saliéntase que serán actividades de carácter público e gratuíto, a excepción da asemblea xeral que só acollerá aos membros da Federación.

Martínez, Pilar, “A galiña roxa”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 12 xaneiro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *A galiña roxa* (2012), escrita por Pilar Martínez a partir dun conto tradicional e ilustrada por Marco Somá.

Mato, Mar, “El autor Miguelanxo Prado publicará en nueve idiomas su obra ‘Ardalén’”, *La Opinión*, “Cultura”, 22 xaneiro 2013, p. 46.

Dá conta da tradución da novela gráfica de Miguelanxo prado, *Ardalén* (2012), ás linguas alemá, holandesa, portuguesa, francesa, inglesa, italiana, danesa, finlandesa e turca. Comenta a seguir a metáfora poética agochada no título e remata cunha descrición do fio argumental da historia, no que salienta a presenza do *flash-back* e a mestura de realidade e soño.

Mato, Mar, “El gallego Miguelanxo Prado publicará su último cómic, ‘Ardalén’, en nueve idiomas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 19 xaneiro 2013, p. 41.

Comenta o faladoiro entre Miguelanxo Prado e o seu lectorado, co gallo da tradución da súa novela gráfica *Ardalén* (2012), a nove linguas europeas. Indica primeiramente a saída ao prelo da novela en castelán e galego grazas a El Patito Editorial, para despois rememorar as orixes do título e describir o fio argumental e o labor ilustrativo, do que salienta a mestura cromática e de planos, xunto á presenza de saltos atrás no tempo. Nun pé de foto sinálase o filme de animación realizado por Prado, *De Profundis* (2007), e o seu labor como director do festival anual Viñetas desde o Atlántico.

Mato, Mar, “Miguelanxo Prado: ‘Si algo temo del futuro es poder perder la memoria’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 xaneiro 2013, p. 47.

Alude ao acto de sinatura de exemplares de *Ardalén* (2012), de Miguelanxo Prado, na tenda viguesa Banda Deseñada e describe brevemente o seu fio argumental.

Mato, Mar, “Dos cómics de autores gallegos figuran entre los mejores del año en España”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 26 febreiro 2013, p. 44.

Alude á entrega de premios da XXXI Edición do Salón Internacional do Cómic de Barcelona (FICOMIC). Fai referencia á listaxe de mellores obras españolas do ano, da que salienta as novelas gráficas galegas *El héroe 2* (2012), de David Rubín e *Ardalén* (2012), de Miguelanxo Prado. Remata cunha mención dos cómics nomeados ao galardón de Mellor Obra de Autor Español publicada en España, así como dos nomeados ao premio de Mellor Obra de Autor Estranxeiro.

Mato, Mar, “Los últimos cómics del gallego David Rubín asaltarán este año el mercado italiano y francés”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 4 marzo 2013, p. 21.

Repasa a traxectoria artística de David Rubín ao saíren do prelo en Italia e Francia as súas novelas gráficas *El héroe 1* e *2*. Destaca o feito de *El héroe 1* ter sido incluída na listaxe do Salón do Cómic de Barcelona dos dez mellores cómics do ano 2011 e *El héroe 2*, na mesma listaxe de 2012. Apunta o seu vindeiro proxecto, *Beowulf*, con guión de Santiago García, e remata cunha referencia á novela gráfica de Miguelanxo Prado, *Ardalén* (2012), finalista coma el. Nun epígrafe á parte reúne as cubertas dos dez mellores cómics españois de 2012, acompañadas dunha concisa descrición de cadanseu fío argumental.

Mato, Mar, “Una poeta en el aula”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 marzo 2013, p. 52.

Comenta o recital de poesía ofrecido por Yolanda Castaño no IES de Teis en Vigo. Destaca a proxección da curtametraxe dirixida e protagonizada pola poeta, *O libro da egoísta* (2003), así como a presenza no acto de Anxo Pintos e Xosé Manuel Lorenzo.

Mato, Mar, “La lista de los mejores libros para niños del mundo incluye 42 obras gallegas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 1 abril 2013, p. 16.

Leva a cabo un percorrido pola traxectoria da listaxe The White Ravens elaborada anualmente pola Biblioteca Xuvenil Internacional de Múnic. Comeza sinalando os dezasete anos de vida desta listaxe, publicada por vez primeira en 1996, e destaca a presenza nela dun total de 168 obras españolas, trinta e tres das cales son galegas. Así, salienta a primeira historia galega aparecida na listaxe, *Cando petan na porta pola noite* (1997), de Xabier Docampo e Fran Jaraba; as distincións logradas polas editoriais Galaxia, Kalandraka, OQO e Xerais; *Freda* (2004), de Alberto Vázquez e Kike Benlloch e *Bandada* (2013), de autoría mexicana e edición de Kalandraka. Nun epígrafe á parte describe os xermolos da Biblioteca Xuvenil Internacional de Múnic nunha mostra de Jella Lepman no castelo Blutenburg do século XV. Remata con outro epígrafe á parte no que comenta a celebración do Día Internacional do Libro Infantil en trinta e seis bibliotecas de Galicia.

Mato, Mar, “El libro infantil y juvenil resiste en Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 36/“El libro infantil resiste en Galicia”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 2 abril 2013, p. 33.

Dá conta da traxectoria do libro en lingua galega dirixido a nenos e nenas con motivo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Destaca o fomento das campañas de animación á lectura e a organización de actividades en bibliotecas como sesións de contacontos, *bookcrossing* ou lecturas animadas por parte da Concellería de Cultura e a Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (GALIX), coa fin de mellorar resultados de venda de libros de Literatura Infantil e Xuvenil en Galicia. Doutra banda, comenta a Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña e, nun epígrafe á parte, celebra o décimo quinto aniversario da editorial teucra Kalandraka, merecente do Premio Nacional ao Mellor Labor Editorial Cultural en 2012, e sinala a súa estrea en vendas en liña.

Mato, Mar, “Miguel Anxo Prado se pasa a la historieta de aventuras”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 17 xuño 2013, p. 20.

Dise que tras a publicación de *Ardalén*, Premio ao Mellor Cómic do ano de España outorgado no Salón do Cómic en Barcelona, Miguel Anxo Prado xa cavila nunha nova historia de aventuras ou novela negra e policíaca. Porén, sinala que esta nova obra non se comezará ata que remate a historia que ten entre mans, unha obra de corte fantástico cun trasfondo de aventuras. Dise que a curto prazo se poderá atopar no mercado unha nova entrega do autor, da man da editorial galega El Patito, unha obra que versa sobre as illas atlánticas e da que xa se poden atopar un avance no seu blog “Papeles dispersos”.

Mato, Mar, “Los ilustradores gallegos buscan su medicina”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 23 xuño 2013, p. 47.

Dise que recentemente se celebrou o primeiro debate sobre o estado da ilustración na cidade de Santiago de Compostela. Recóllense as palabras de José Domingo e Manel Cráneo en relación á situación actual da industria literaria tanto do cómic coma da ilustración en xeral. Destácanse as debilidades e fortalezas que vive o sector, tales como o bo momento a nivel de produción ou a mala retribución polos traballos debida, por exemplo, a que a maioría dos beneficios queda en mans de intermediarios, distribuidores, editores e libreiros. Tamén se anuncia a publicación en galego, da man de Edicións Xerais, de *División azul*, de Fran Jaraba, obra xa publicada por Edicións de Ponent en castelán e que se achega á II Guerra Mundial. Así mesmo, noméase *Paseo astral*, de Max Francesc de Capdevila, autor que estivo asinando en Vigo exemplares de *Vapor*, obra na que trata o tema da orixe do ser humano facendo burla de si mesmo como escritor, e *Paseo astral*, obra que axiña sairá a lume.

Mato, Mar, “Terror, comedia e historia en las nuevas obras del cómic gallego en el salón Viñetas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 8 agosto 2013, p. 35.

Fálase da inauguración da nova edición da feira de banda deseñada Viñetas desde o Atlántico, que se leva a cabo na cidade da Coruña. Faise referencia a varias declaracións de distintos membros da organización, ao tempo que se destacan as novidades editoriais galegas que serán presentadas na feira.

Mato, Mar, “Once editoriales gallegas dan a conocer sus novedades en México”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 4 decembro 2013, p. 32.

Informa sobre o inicio da Feira Internacional del Libro de Guadalajara, en México. Dise que á cita acoden varias editoras galegas nun mesmo *stand*, entre elas OQO, El Patito Editorial ou Postitivas e, no caso de Kalandraka e Nova Galicia Edicións, ambas as dúas con *stand* propio.

Mato, Mar, “Galicia tende pontes co mercado literario de América na feira de Guadalajara”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 decembro 2013, p. 18.

Faise eco da celebración da Feria Internacional del Libro de Guadalajara (FIL) en México. Dise que se trata do certame literario máis importante de Iberoamérica e que permite anualmente o intercambio de autores e obras entre países, ademais de dar a coñecer as novidades literarias. Coméntase que á cita acudiron once editoriais galegas así como dúas escritoras convidadas, Fina casalderrey e Elena Gallego. Dáse conta dos actos nos que participaron cada unha delas.

Mauleón, A., “Los Príncipes entregan a Kalandraka el Premio Nacional a la Mejor Labor Editorial”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 37/ “Los Príncipes entregan a Kalandraka el premio a la mejor labor editorial”, *La Opinión*, “Cultura”, 20 febreiro 2013, p. 46.

Informa da entrega do Premio Nacional ao Mellor Labor Editorial Cultural 2012 a Kalandraka Editora por parte dos Príncipes de Asturias nunha cerimonia no Palacio de El Pardo en Madrid. Destaca a presenza de certas autoridades, así como de diferentes membros da editorial, entre os que sobresaí o seu director, Xosé Ballesteros. Menciona asemade outros dos galardoados.

Mauleón, Amaya, “Una ventana abierta al interior de las marionetas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 29 decembro 2013, p. 45.

Dise que o grupo redondelán Taranxina decidiu achegar o mundo dos títeres a cativos de 5 a 10 anos, neste caso no Museo Verbum de Vigo. Coméntase que este grupo levou a cabo diversas actividades coas que explicaba á rapazada de que estaban feitos os títeres ou as técnicas para o seu emprego e os segredos das sombras chinesas.

Menayo, Nagore, “El sector del cómic reclama más ayudas para poder realizar grandes proyectos”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 10 agosto 2013, p. 11.

Recóllense diferentes declaracións realizadas no marco da feira de banda deseñada Viñetas desde o Atlántico por tres expertos do sector: Susana Martín, David Aja e Enrique Fernández. Os tres coinciden en sinalar a falta de axudas e de financiación pública no sector e a necesidade de ampliar temáticas dentro da banda deseñada.

M. B., “No outono, sopa e moitas letras!”, *Diario de Pontevedra*, “miniDiario”, “Reportaxe”, 6 outubro 2013, p. 2.

Propón para a lectura as obras *Xildas*, de Antonio Manuel Fraga; *O poder de Amabel*, de Érica Esmorís; *Gato vermello*, *Gato azul*, de Jenni Desmond, e *Cocorico!* (2009), de Marisa Núñez.

M. C., “Fina Casalderrey pide á Academia Galega máis atención para a literatura infantil”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 novembro 2013, p. 38.

Breve noticia que informa do contido do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Fina Casalderrey. Dise que foi un “alegato en defensa da LIX” e que nel a autora resaltou que a Academia deber ter “especial atención” por esta literatura posto que “non renuncia a explorar os corazóns adultos”. Finalmente, coméntanse as palabras da autora en relación coa infancia e a súa importancia.

M. G., “Muestra sobre Rosalía del Virxe do Mar”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 488, “Noia”, 6 marzo 2013, p. 7.

Fai referencia á inauguración da mostra “Rosalía Ilustrada” na Casa da Cultura de Noia por parte do IES Virxe do Mar e destaca a participación e o apoio da Fundación Rosalía de Castro e o concello noiés.

M. G., “A mostra Querido Balbino chega a Outes”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 556, 14 maio 2013, p. 5.

Dá noticia da inauguración da mostra “Querido Balbino, 1961-2011. 50 anos de *Memorias dun neno labrego*” na Casa da Cultura da Serra de Outes coa presenza do Secretario Xeral de Política Lingüística.

M. G. M., “O Colón cantaralle mañá a Celso Emilio Ferreiro no seu centenario”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 5 marzo 2013, p. 12.

Anúnciase o próximo concerto no Teatro Colón da man de Xiana Lastra, María Manuela, Mini e Mero, dando voz a *O meu primeiro Celso Emilio*, libro didáctico editado por Xerais. Adiántase que imaxes, vídeo e poemas irán entrecruzándose con pequenas pinceladas da súa vida.

M. G. M., “Cultura confirma la celebración a la vez de las ferias del cómic y del libro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 4 xullo 2013, p. 17.

Recóllese a polémica xurdida pola decisión de facer coincidir a feira do libro coa feira do cómic coruñesas nas mesmas datas. Dise que a decisión foi tomada pola Concellería

conxuntamente coa Federación de Libreiros de Galicia e sinálase que a proposta foi recibida con sorpresa pola Agrupación de Libreiros, posto que é esta agrupación a que levaba tempo solicitando que non coincidiran as dúas feiras.

M. G. M., “Viñetas desde o Atlántico se reforzará con juegos, karaoke, trivial, firmas y presentaciones”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 31 xullo 2013, p. 12.

Informa da programación da Feira do Cómic que se levará a cabo do 5 ao 11 de agosto na cidade coruñesa. Indica que no ano 2013 se incorporan novas actividades para facer o festival máis ameno e para que os amantes do cómic teñan unha estadia máis activa dentro do Festival. Precisa que a Feira do Cómic, presentada co nome Viñetas desde o Atlántico e cun cartel deseñado por Bartolomé Seguí, remarca as actividades de xogos de rol, trivial temático ambientado na serie “Juego de Tronos”, concurso de Cosplays individuais, mesas redondas de debates e karaokes para a noite. Engade que tamén disporá dun photocall durante todos os días.

M. G. M., “El cómic irrumpirá cinco días antes en una feria conjunta con el libro del 1 al 11 de agosto”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 13 xullo 2013, p. 14.

Infórmase de que a Feira do Cómic se fará coincidir coa Feira do Libro, celebrándose do 1 ao 11 de agosto nos xardíns de Méndez Núñez. Menciónase que o obxectivo que persegue a Federación de Libreiros de Galicia (organizadora de ambas as actividades) é integrar o cómic no conxunto. Faise referencia aos posíbeis problemas e indícase que a novidade deste ano é destinar unha parcela aos fanzines e publicacións independentes. Destácase tamén que se pretende ampliar o programa da Feira do Cómic para que os torneos, os talleres de debuxo e os xogos de taboleiro teñan continuidade durante os once días. Finalízase cunha referencia ao cartel publicado por Viñetas desde o Atlántico e realizado por Bartolomé Seguí para invitar a esta decimosexta edición na que se celebrarán os corenta anos de Superlópez e á cal acudirá o seu creador e outros referentes do xénero. Complementábase anunciando que Viñetas busca tradutores e colaboradores para facilitar a estancia dos invitados a esta feira.

M. G. M., “Os superhéroes tocarán en los barrios coruñeses las mejores bandas sonoras”, *Diario de Ferrol*, 3 agosto 2013, p. 22.

Faise eco das diferentes actividades e intervencións que terán lugar durante a celebración de Viñetas desde o Atlántico, así como fai certos comentarios relativos á súa organización.

M. G. M., “Viñetas desde o Atlántico ventila parte del repertorio que hace rico al cómic”, *El Ideal Gallego*, 6 agosto 2013, p. 31.

Informa de que na cidade da Coruña o pasado 5 de agosto de 2013 comezou un salón sobre o tebeo en distintos espazos coa finalidade de dar a coñecer a variedade de propostas que hai neste sector para o diferente público. Apunta que este festival contará con diferentes representacións de grande importancia.

M. M., “Teatro para Ames e inauguración bañesa a la espera”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 455, 1 febreiro 2013, p. 4.

Avisa da posta en escena do musical *Viaxe no tempo* no IES de Bertamiráns e da esperanza de recuperación do escritor Neira Vilas para poder presentar a súa mostra na Baña.

M. M., “Más de 120 estudiantes homenajean a Otero Pedrayo en su 125 aniversario”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 5 marzo 2013, p. 41.

Comenta o acto de celebración do 125 aniversario do nacemento do escritor ourensán, Ramón Otero Pedrayo, na Fundación Pedrayo no Pazo de Trasalba ou Casa Grande de Cimadevila. Destaca a participación do alumnado do CEIP Mestre Vide de Ourense e do IES Fermín Bouza Brey de Vilagarcía de Arousa, a presenza no evento de Susana Reboreda, a homenaxe ao escritor no Día das Letras Galegas de 1988 e a exposición da súa biblioteca persoal no Pazo antedito e na Fundación Penzol de Vigo.

M. M., “Diez editoriales gallegas acuden con sus libros a la prestigiosa Feria de Bolonia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 37/ “Diez editoriales gallegas llevan sus libros a la Feria de Bolonia”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y Ocio”, 26 marzo 2013, p. 31.

Trata da quincuaxésima edición da Feira Internacional do libro Infantil e Xuvenil de Boloña, da que destaca a presenza de Kalandraka Editora na listaxe *The White Ravens* da Biblioteca Internacional da Xuventude de Múnic coa novela gráfica *Bandada* (2012), de Julia Díaz e David Álvarez, merecente do Premio Internacional Compostela. Sinala asemade a presenza dun posto da Xunta de Galicia e a Asociación Galega de Editores (SGAE) na Feira, que presenta obras editadas por Ouvirmos, Baía Edicións, OQO, Hércules, Galaxia, Everest Galicia, Trifolium, Biblos Clube de Lectores, Kalandraka e Nova Galicia Edicións.

M. M., “Yolanda Castaño abrió el curso para Cacheiras”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 683, 18 setembro 2013, p. 2.

Comenta que Yolanda Castaño participou na inauguración do curso académico no IES de Cacheiras a través dunha charla sobre o eido lírico e dando pulo ao desenvolvemento das capacidades persoais.

M. M., “La escuela de teatro de Castro de Rei inicia un nuevo curso el día 4”, *El Progreso*, “A Chaira”, 12 outubro 2013, p. 20.

Dá conta do inicio da terceira edición dun curso de interpretación en Castro de Rei. Dise que por quen estará dirixido e ofrécense datos relevantes de a quen vai dirixido, os prezos e os horarios, así como as actuacións previstas.

M. M. G., “Uxía vai cantar a Rosalía de Castro na Baña o día 22”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 683, 19 setembro 2013, p. 7.

Informa da actuación *Rosalía pequeniña* nas escolas vellas de San Vicenzo, a cargo da compositora e cantante Uxía. Salienta a calidade artística do evento cuxo propósito consiste en enaltecer a figura de Rosalía de Castro.

M. M. O., “Mostra da obra de Neira Vilas dende hoxe para A Baña”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 447, 24 xaneiro 2013, p. 6.

Infórmase de que a mostra *Querido Balbino, 1961-2011. 50 anos de Memorias dun neno labrego*, que conmemora o medio século da obra de Xosé Neira Vilas vén de abrir no centro social da Baña. Anúnciase, á súa vez, o día e hora da inauguración.

M.M.O., “Xosé Neira Vilas acudirá á mostra bañesa o día 31”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 448, “A Barcala”, 25 xaneiro 2013, p. 6.

Sinala o aviso da Concelleira de Cultura Alicia Blanco sobre a posposición da presentación na Baña da mostra “50 anos de *Memorias dun neno labrego*”, de Xosé Neira Vilas, por mor do estado de saúde do escritor.

M. N., “A aposta polas novas xeracións da Feira do Libro”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 2 xullo 2013, p. 10.

Fálase da iniciativa que tiveron as editoriais e librarías na Feria do Libro en Santiago de Compostela de organizar actividades para a nenez, así como marionetas e contacontos.

M. O., “Teo y La Voz recuerdan a Rosalía”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 18 maio 2013, p. L6.

Descríbese o evento que se celebrará no centro sociocultural da Ramallosa, Teo, con motivo do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro. Coméntase que está organizado por La Voz de Galicia, o concello de Teo e a Deputación da Coruña e contará con numerosas actividades, tales como un contacontos que parte dende a infancia de Rosalía, un taller de deseño e pintado de camisetas ou unha actuación musical a cargo do grupo Os d’Abaixo interpretando pezas tradicionais e a versión musicalizada do poema de Rosalía “As campás de Bastavales”. Ademais sinálase que, dende o lugar do evento, se emitirá un programa de radio con entrada libre. Finaliza afirmando que con todas estas actividades se pretende divertir aos asistentes ao mesmo tempo que os máis cativos aprenden cousas sobre a figura de Rosalía de Castro.

Moledo, Alexandra, “Fina Casalderrey será a quinta muller en ingresar na Real Academia Galega”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 39/ *La Opinión*, “Cultura”, 19 xaneiro 2013, p. 53.

Comenta a elección da escritora Fina Casalderrey como quinta muller académica numeraria da Real Ademcia Galega, xunto a Xohana Torres, Luz Pozo Garza, Rosario Álvarez e Margarita Ledo. Sinala a ocupación da cadeira do finado Xaime Isla Couto e os nomeamentos dos académicos Xosé Fernández Ferreiro e Pegerto Saavedra. Remata cunha mención á escrita de Casalderrey, con traballos coma *Mutacións xenéticas* (1991), *Dúas bágoas por máquina* (1992), *A noite dos coroides* (1993), *Chamizo* (1994), *¡Asústate, Merche!* (1994), *O misterio dos fillos de Lúa* (1995) –merecente do Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil e o Premio El Barco de Vapor-, *O estanque dos parrulos pobres* (1995) –galardoadado co Premio Edebé de Literatura Infantil e Xuvenil-, *¡Prohibido cazar, papá!* (1996), *Ás de mosca para Anxo* (1998), *Bicos de prata* (1999), *Eu son eu* (2004), *Un misterio na mochila de Alba* (2005) e *Quen me quere adoptar?* (2005).

Molezún, Fernando, “Superlópez y Peter Punk se dan cita en Viñetas desde o Atlántico”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 agosto 2013, p. 14.

Faise referencia á apertura do Salón Viñetas desde o Atlántico e indica quen serán os creadores participantes, entre os que se atopan Fausto Isorna.

Molezún, Fernando, “Arranca la edición más plural de ‘Viñetas desde o Atlántico’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 6 agosto 2013, p. 34.

Infórmase da celebración na Coruña, no Kiosco Alfonso, da décimo sexta edición de Viñetas desde o Atlántico, onde se acollen exposicións de dous creadores foráneos, Baru e Frank Le Gall, e de nativos como Enrique Fernández, Fausto Isorna e Susanna Martín. Indícase que todos eles mostran, a través das súas obras, a gran riqueza do medio, como afirma o director do Salón do cómic, Miguelanxo Prado. Dáse conta de varios sitios da Coruña onde visitar máis cómics e apunta que, antes de rematar a exposición o 4 de setembro, existe unha ampla programación de eventos, conferencias, sesión de firmas e dedicatorias para goce do público. Recóllese a programación do día, que se inicia co comezo do ciclo de conferencias por parte de Max.

Monteagudo, Alaitz, “Os Bolechas: o gran éxito da edición infantil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 9 maio 2013, p. 42.

Cóntase o grande éxito dos Bolechas dende que chegaron hai doce anos e revolucionaron o mundo editorial en Galicia. Dise que en todos estes anos publicaron 250 títulos, distribuíron 1.200.000 exemplares e en setembro de 2012 saltaron á TVG dentro da Xabarán Club. Infórmase de que contan tamén co espectáculo BrincaBolechas, co que percorreron os teatros máis importantes de toda a comunidade e recentemente presentaron novas aventuras en formato libro. Dise que o seu creador, Pepe Carreiro, afirma que o éxito se debe a que os protagonistas viven aventuras en situacións e realidades cotiás da nenez na escola, na casa, no parque...

Montero, Luís, “O libro dos Reis Magos’ impulsa o uso do galego entre os máis cativos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 xaneiro 2013, p. 40.

Como parte das actividades do programa “Nadal en Rede”, fala da presentación do volume *O libro dos Reis Magos* (2012), froito do labor conxunto dun grupo de escritoras galegas e ilustrado por María Seoane. Doutra banda, recolle os comentarios de Freixanes sobre o fecho da lingua galega nun “gueto do ensino”.

Montero, Luis, “O sector editorial galego, o gran protagonista na Feira mexicana”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia, Cultura, Ocio”, 9 decembro 2013, p. 42.

Informa da presenza de numerosas editoriais galegas na Feira do Libro Internacional celebrada en Guadalajara (México), a cal é unha das xuntanzas máis importantes a nivel mundial. Salienta que OQO editora tivo gran protagonismo, pois levou a cabo a presentación dun programa pensado para fomentar a lectura e ensinar contidos de carácter audiovisual, amosando traballos realizados polo alumnado galego: curtametraxes a partires de álbums ilustrados, e mesmo unha das súas obras foi o libro recomendado polo país máis importante do evento. Indica que ao evento tamén acudiron Fina Casalderrey e Elena Gallego, autoras que achegaron a literatura galega no seu conxunto global, pero fundamentalmente aquela máis recente, aos rapaces do país sudamericano co fin de fomentar o interese polas nosas letras. Para concluír, explica a importancia de acudir a estas feiras, posto que son un marco incomparábel para chegar a acordos, darse a coñecer e incluso levar a propia cultura a outros países.

Montero, Tamara, “Vinte e seis autoras galegas escriben a súa carta de Reis”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 xaneiro 2013, p. 35.

Trata do acto de presentación do volume elaborado por vinte e seis escritoras galegas, *O Libro dos Reis Magos*, editado por Galaxia e a Xunta de Galicia. Refírese á presenza no evento de autoridades e das autoras desta publicación.

Montero, Tamara, “Raxoi devuelve la corona a Manuel Formoso”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, “Balbino en Dubra”, 16 xaneiro 2013, contracuberta.

Informa da chegada da mostra “Querido Balbino, 1961-2011. 50 anos de *Memorias dun neno labrego*”, referente ao escritor Xosé Neira Vilas, ao Val do Dubra, e sinala os seus contidos, entre os que destaca as achegas de Paco Lareo, Chema Pazos, Rofer, Siro López, Damián Paio, Esperanza Lema, Antón Pulido, Xoán Domato, Xaquín Marín e Sabela Arias etc.

Montero, Tamara, “La integración se construye paso a paso”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, “Los dulces 15 años”, 2 abril 2013, contracuberta.

Faise eco do XV aniversario da creación da editorial Kalandraka, coincidente co Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Destaca a posta en marcha da súa páxina de venda en liña e a entrega do sexto Premio Compostela de Álbum Ilustrado. Menciona, por último, os nomes de anteriores galardoados e galardoadas, coma Julia Díaz e David Álvarez, Martín León, Pep Bruno e Mariona Cabassa, Felipe Ugalde e Natalia Colombo.

Montero, Tamara, “Cantares gallegos’ resurge en las manos de los niños de Teo”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Área metropolitana”, 18 maio 2013, p. L11.

Refírese á celebración dun conxunto de actividades organizadas por La Voz coa colaboración da Deputación e o Concello de Teo con motivo do Día das Letras Galegas. Sinala que Rosalía de Castro foi o centro común de todas elas.

Montero, Tamara, “Tres días con un intenso programa de actividades para los más pequeños”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 25 outubro 2013, p. L2.

Dentro da programación do centro comercial Área Central para celebrar o seu vixésimo aniversario, salientase a sesión de títeres *Elba e Marcos e os xoguetes encantados e A casinha de chocolate*.

Mosteiro, Marga, “Nuevos letrados y veteranos de oro”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, “Manel Cráneo”, 19 xaneiro 2013, contracuberta.

Indica a presentación e sinatura dos volumes de Manel Cráneo, *Cousas de Mortos* (2012), *A Torre dos Mouros* (2012) e a segunda edición de *Os Lobos de Moeche* (2012), na santiaguesa Kómic Librería.

Mosteiro, Santy, “Andersen dalle vida á literatura”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí!”, 2 abril 2013, contracuberta.

Trata das actividades e eventos organizados en Pontevedra coa finalidade de conmemorar o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. Alude aos obradoiros de *bookcrossing*, mostras bibliográficas, sesións de contacontos ou visitas guiadas ás bibliotecas. Destaca a exposición “Andersen ilustrado”, que acolle a Biblioteca Pública Antonio Odriozola, a mostra de carácter bibliográfico “A pirámide dos contos”, da Biblioteca Nodal de Lugo e a liberación de libros organizada pola Biblioteca Pública da Coruña Miguel González Garcés.

M. T., “Inauguran hoy en Dubra la muestra de Neira Vilas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 438, “Val do Dubra”, 15 xaneiro 2013, p. 7.

Menciona o acto de inauguración da mostra “Querido Balbino, 1961-2011. 50 anos de *Memorias dun neno labrego*” no Val do Dubra, a cargo do concello, co gallo da conmemoración do quincuaxésimo aniversario da súa saída ao prelo. Destaca a presenza do escritor no evento e sinala o contido da mostra.

M. T., “A Rebotica dos contos xirará sobre as fábulas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 448, “Oroso”, 25 xaneiro 2013, p. 7.

Infórmase de que a aula infantil do Centro Cultural de Sigüeiro contará cunha sesión da “Rebotica dos Contos” e cunha proposta que xira ao redor do mundo das fábulas, así como de que procuran que os nenos se convertan en protagonistas e estimular a súa creatividade.

M. T., “Nova sesión de contacontos para os nenos de Oroso”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 445, “Oroso”, 26 xaneiro 2013, p. 7.

Faise eco da sesión de contacontos organizada no Centro Cultural de Sigüeiro a cargo do Concello de Oroso e indica o desenvolvemento previo do programa de animación á lectura “Rebotica dos contos”.

M. T., “Nova edición das Tardes de contos e lendas en Ordes”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 470, “Ordes”, 16 febreiro 2013, p. 7.

Anuncia a vindeira edición do programa “Tardes de contos e lendas”, organizado polo Concello de Ordes e que, baixo o título de “O Políño Manoliño”, ten lugar na Biblioteca Municipal de Ordes.

M. T., “Cerca de cien chavales en las Tardes de contos e lendas”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 479, “Ordes”, 25 febreiro 2013, p. 6.

Informa do programa “Tardes de contos e lendas” celebrado na Biblioteca Municipal de Ordes, do que salienta a representación de *O poliño Manoliño*, do grupo Duendecico.

M. T., “Contos de viaxes para os nenos de Ordes”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 541, 29 abril 2013, p. 6.

Dá conta da sesión das “Tardes de contos e lendas” da Biblioteca Municipal de Ordes, dedicada o venres anterior a contos de viaxes polo Sahara, Guatemala e Senegal.

M. T., “Os rapaces de Frades lembran a Rosalía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 570, 28 maio 2013, p. 6.

Informa da asistencia dunha vintena de alumnado de 10 a 11 anos do CPI Pontecarreira de Frades ao obradoiro “Rosalía Stop Motion”.

M. T., “Nova cita de Tardes de contos en Ordes”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 575, 4 xuño 2013, p. 7.

Sinala que ao redor do conto “Sele Felloza conta todo o que le” xirou a nova edición das “Tardes de contos e lendas” de Ordes.

M. T., “Os nenos tratan a igualdade en Ordes”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 597, 6 xullo 2013, p. 6.

Faise eco da realización do taller “Contiños para compartir”, que se celebrou na Biblioteca Municipal de Ordes, onde se traballaron cos nenos os valores da igualdade e da capacidade creativa.

M. T., “Dubra estrea o curso con maxia”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 678, 13 setembro 2013, p. 23.

Infórmase da representación da obra *Don Gelati* no auditorio municipal de Val do Dubra, na cal se combina o circo, a música, o humor e a maxia.

M. T., “Arias presenta hoxe o libro de Icíá e Avoa en Ordes”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 772, 17 decembro 2013, p. 5.

Infórmase do lugar e hora da presentación do libro de Sabela Arias, *Historias de Icíá e Avoa*. Ofrécese algúns datos biobibliográficos da autora e lémbrese brevemente o seu argumento.

M. V., “Pasen e vean’ o camiño das letras”, *La Opinión*, “A Coruña”, 2 agosto 2013, p. 9.

Dá conta da inauguración da XLII edición da Feira do Libro da Coruña co lema “Pasen e vean’”, coa música da Banda Municipal e co pregón de Yolanda Castaño, de quen apunta que estivo escoltada por Luz Pozo Garza e Cesáreo Sánchez. Refire que o seu discurso supuxo un eloxio á relación entre a literatura e A Coruña, á que Yolanda Castaño cualificou como “a cidade na que ningunha novela é foránea”, ademais de indicar que esta feira é un dos acontecementos máis importantes de España. Recolle que rematou o seu discurso citando a varias personalidades da literatura galega que pasearon “baixo a luz do faro das letras” da Coruña, caso de Murguía, Pardo Bazán, Concepción Arenal, Castelao, Pondal e Rosalía de Castro. Finaliza informando que abriron até trinta e sete casetas, onde se ofrecen descontos de até un 10% en libros e un *outlet* co fondo de armario das librarías, onde se inclúen edicións que datan de comezos do século XX.

M. V., “Viñetas’ cierra el ciclo de charlas con Efepé y el dibujante Baru”, *La Opinión*, “A Coruña”, 10 agosto 2013, p. 8.

Informa do peche do ciclo de charlas no salón do Cómic da Coruña da man do guionista Francisco Pérez Navarro e o debuxante Barú.

Negreira, Cruz, “La Cidade da Cultura será para los niños ‘Imaxinaria’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 agosto 2013, p. 31.

Faise eco dunha serie de actividades que se realizan na Cidade da Cultura e que levan o nome de “Cidade Imaxinaria”. Entre elas atópanse espectáculos de maxia, de circo, monicreques, marionetas de carne e óso etc. Dise, ademais, que haberá diversos obradoiros nos que a nenez poderá participar.

N. R. N., “Neira Vilas conversa con alumnos do IES”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Comarcas”, “Melide”, 4 abril 2013, p. 8.

Fai referencia ao faladoiro mantido entre o escritor Xosé Neira Vilas e o alumnado do IES de Melide, ao redor da súa novela *Memorias dun neno labrego* (1961), co gallo do quincuaxésimo aniversario da súa saída ao prelo. Indica asemade a simultaneidade do faladoiro coa mostra “Querido Balbino” no multiusos melidense.

Ocampo, E., “La trilogía ‘Dragal’ saltará a las pantallas”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 5 marzo 2013, p. 59/“La trilogía ‘Dragal’ y su salto al cine”, *La Opinión*, “Cultura”, 6 marzo 2013, p. 53.

Comenta a adaptación ao cinema da triloxía fantástica de Elena Gallego Abad, *Dragal I. A herdanza do dragón* (2010), *Dragal II. A metamorfose do dragón* (2011) e *Dragal III* (2012). Reproduce a seguir certos comentarios da escritora, nos que compara a súa novela coa saga inglesa de Harry Potter e salienta o feito de o terceiro tomo da triloxía ser o primeiro en vendas segundo o blog “Caderno da crítica”, de Ramón Nicolás. Sinala tamén o proxecto dunha tradución da novela ao castelán, a decisión de dirixir a novela a un determinado lectorado e a presentación da triloxía en Madrid no Espacio de las Lenguas Ibéricas do Auditorio Ambrosio Morales.

Oliva, M., “Las librerías de cómic sortean la crisis con juegos y talleres”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 8 agosto 2013, p. 8.

Recóllense as diferentes actividades realizadas por catro librerías especializadas no sector da banda deseñada, en Vigo, para atraer e dinamizar todo tipo de público. Apúntase tamén que dúas destas librerías acudirán ao salón Viñetas desde o Atlántico.

Ordóñez, María, “Dan Brown y Joël Dicker, dos de los autores preferidos del verano”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 xullo 2013, p. 35.

Revísanse as listaxes de libros máis vendidos das librarías santiaguesas, entre os que figuran en galego *Bícame*, *Frank*, de Miguel Anxo Fernández; *Raíz da fenda*, de Berta Dávila ou *Rosalía pequeniña*, de Uxía.

Orosa, Pablo L., “Superlópez cumple 40 años”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 8 agosto 2013, contracuberta.

Sinala que o carismático personaxe de Superlópez, que naceu en 1973 como unha parodia de Supermán, é un dos reclamos da XVI edición do salón internacional de cómic Viñetas desde o Atlántico.

Orosa, Pablo L., “Superlópez celebra su 40 cumpleaños en el ‘Viñetas’ coruñés”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 agosto 2013, p. 34.

Refírese á evolución de Superlópez dende a súa creación en 1973, ao converterse nun dos creclamos da XVI edición do salón Viñetas desde o Atlántico.

Otero González, Alicia, “Un verán increíble”, *La Voz de Galicia*, “Relatos de verán”, “Relato”, 3 agosto 2013, p. 37.

Sección que acolle relatos que durante o mes de agosto ofreceu *La Voz de Galicia* para, ao rematar o mes, dar a coñecer o gañador das dúas categorías: menores de quince anos e adultos. Neste caso reproducése o realizado por Alicia Otero González (12 anos), intitulado “Un verán increíble”.

Oya, Milagros, “Onk, un ourive nas estrelas”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 13 abril 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Onk, un ourive nas estrelas* (2005), escrita por Milagros Oya e ilustrada por Xan López Domínguez.

Palleiro, Verónica, “Héroes de cómic visitan As Neves”, *Faro de Vigo*, “Área metropolitana”, “Condado-Paradanta”, 16 xuño 2013, p. 15.

Informa do segundo “Salón do cómic do Condado” celebrado o pasado 15 de xuño nas Neves, iniciativa de dous afeccionados a este xénero. Dise que no acto participaron varios creadores galegos de cómic de gran recoñecemento e gañadores de múltiples premios que aproveitaron para promover as súas obras. Ademais, sinálase que este festival tamén incluíu un apartado literario, no que se presentou o proxecto de converter a triloxía *Dragal* en cine e videoxogo, diferentes xogos, unha demostración de esgrima inspirada en *Star Wars*, un espectáculo de esgrima medieval, unha conferencia sobre “A espada no cómic e no cine” e un concurso de disfraces de personaxes de cómic.

Pazos, A., “II Feira de Libros Usados con dos cuentacuentos mañana en la Alameda”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 29 xuño 2013, p. 2.

Fálase da realización da II Feira do Libro organizada polo IES Mestre Landín e que conta coa participación e o apoio do concello e os centros educativos do municipio. Dise que a cita terá lugar o día 30 dende as 11.00 ata as 14.00 horas e contará con contacontos a cargo das compañías “ Tarabelos” e “Polo”.

Pazos, Ángeles, “Rosalía de Castro, morracense”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario do Morrazo*”, n.º 239, 9 febreiro 2013, contracuberta.

Da conta da iniciativa do IES María Soliño e a Federación de Comerciantes e Industriais do Morrazo (FECIMO), de elaborar un mosaico do rostro de Rosalía de Castro a partir dos logotipos de certas empresas de Cangas, Bueu e Moaña, co gallo do 150 aniversario da saída ao prelo de *Cantares Gallegos* (1863).

Pedrouzo, José Carlos, “María Fumaça saca el billete para la estación de la alegría”, *El Progreso*, “de verao”, 18 xullo 2013, p. 36.

Sinala que o espectáculo para toda a familia liderado por Uxía e Magín Blanco foi do gusto de todos, a través dunha receita feita a base de humor e cancións.

Pereira, Sonia, “A Quintana acolle a homenaxe de nenas e nenos a Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 5 xuño 2013, p. 41.

Fálase da homeaxe a Rosalía de Castro que terá lugar na praza da Quintana. Dise que forma parte dunha serie de actos conmemorativos do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos*. Sinálase que os nenos e nenas que participen visitarán a Cidade da Cultura e alí ensaiarán os poemas que na tarde cantarán xunto cunha orquestra. Finalmente indícase que na Biblioteca de Galicia se encontra exposta unha mostra centrada neste poemario e na súa evolución nas publicacións até a actualidade.

Pérez, Cristina, “A lus do mundo”, *El Progreso*, “A Chaira”, 7 xuño 2013, p. 24.

Dá conta da iniciativa levada a cabo no IES Poeta Díaz Castro de Guitiriz en homenaxe ao autor que lle dá nome: o documental “A lus do mundo. Redescubriendo a Díaz Castro”. Dise que é unha pequena peza de quince minutos presentada por alumnado e profesorado dese centro educativo que busca poñer en valor a figura do escritor e loitar porque se lle dedique o Día das Letras Galegas. Coméntase que este proxecto lle serviu ao alumnado e ao profesorado e profesores para aprender a utilizar mellor as ferramentas audiovisuais, usándoas para difundir o seu proxecto que xa se pode ver en Youtube.

Piñeiro, A., “Soutomaior celebra el Día do Libro Infantil con una visita escolar a la Biblioteca”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 3 abril 2013, p. 13.

Comenta a celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil en diversos municipios da comarca pontevedresa de Soutomaior. Salienta, así pois, a visita do

alumnado dos centros Padín Truiteiro e Santiago Apóstol á Biblioteca, xunto ás actividades organizadas pola Biblioteca de Arcade, como por exemplo a nova edición de “Xoves de Conto”, co recitado do conto *Príncipas e princesos* a cargo de Pablísimo.

Piñeiro, Á., “Fiesta del libro en Soutomaior y Caldelas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Comarca”, 24 abril 2013, p. 12.

Informa das actividades que se levaron a cabo en Soutomaior e Ponte Caldelas durante o Día do Libro. Coméntase que no caso de Soutomaior se realizou un taller de ilustración impartido polo ilustrador Manuel Uhía e que tamén se realizará a lectura de contos de medo para maiores de doce anos e unha sesión de relatos para adultos. Pola súa banda, na Biblioteca Municipal de Ponte Caldelas o alumnado do colexio Manuel Cordo Boullosa asistiu á exposición dos seus propios traballos e que, pola tarde, o público en xeral puido acudir á lectura de poesías acompañadas de música.

Piñeiro A., Carolina, “Os Bolechas brincan polo Nadal”, *La Región*, “Ciudad”, 3 xaneiro 2013, p. 8.

Comenta a representación de *Brincabolechas*, de Pepe Carreiro, no Auditorio Municipal de Ourense. Salienta o labor interpretativo de Pepa Yáñez, Víctor Mosqueira e os integrantes da compañía Xarume, e conclúe cunha referencia á produción do espectáculo por parte de Edicións Bolanda.

Plaza, V., “O sector editorial galego xa participa na feira de Boloña”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 marzo 2013, p. 42.

Dá conta da participación de diversas editoriais galegas na Feira Internacional do Libro Infantil e Xuvenil de Boloña. Destaca primeiramente o apoio mostrado pola Concellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Xunta de Galicia e a Asociación Galega de Editores (SGAE), para despois enumerar as editoriais galegas con presenza na Feira: Ouvirmos, Baía Edicións, OQO, Hércules, Editorial Galaxia, Everest Galicia, Editorial Trifolium, Biblos Clube de Lectores, Kalandraka e Nova Galicia Edicións. Conclúe cunha referencia á presenza de editoriais galegas na Feira Internacional do Libro de Frankfurt, Alemaña.

Pousa, Luís, “El Salón del Cómic barcelonés se va al Oeste”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 12 abril 2013, p. 33.

Comenta as xornadas do Salón do Cómic de Barcelona a partir da mostra que reúne as versións orixinais de cómics coma *Blueberry* (1965), de Jean-Michel Charlier e Jean Giraud; *Lucky Luke* (1946), de Morris; *Coyote* (1944), de José Mallorquí e Francisco Batet; *Sunday* (1968), de Víctor Mora e Víctor de la Fuente; *Gringo* (2009), de Manuel Medina e Carlos Giménez; *Cuttlas* (1983), de Calpurnio Pisón; *Ardalén* (2012), de Miguelanxo Prado; *El Héroe 2* (2012), de David Rubín; *Sangre de mi sangre* (2012), de Lola Lorente –merecente do Premio á Autora Revelación–; *Aventuras de un oficinista japonés* (2012), de José Tomás -galardoado co Premio ao Mellor Álbum.

Salvado, Inés, “Quero darlles aos rapaces utensilios para deconstruír a realidade”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 7 agosto 2013, p. 5.

Refírese ao taller infantil de improvisación teatral que se desenvolverá no Centro Galego de Arte Contemporánea baixo o título de “O que pensa perde”.

Precedo, A. /T. M., “Fonseca colecciona mundos de ficción”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 13 setembro 2013, contracuberta.

Informa da inauguración da exposición *En-Clave diversa: coleccionando mundos de ficción* no Colexio de Fonseca, na cal se presentan diversas pezas sobre *Tintín*, *O principião* e *Alicia no País das Marabillas*.

Ramis, Iñaki, “Nadando en un mar de libros”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de Vecinos”, maio 2013, contracuberta.

Faise referencia á celebración da Feira do Libro na Alameda de Santiago de Compostela, á que asistiron Servando Barreiro, Yolanda Castaño e Pedro Feijoo. Sinálase que proximamente visitará a feira Xosé Duncan, autor d’*As crónicas de Bran, volume I*. Ademais dáse conta de que tivo lugar a presentación do libro dedicado a Roberto Vidal Bolaño, con motivo da conmemoración deste autor polo día das Letras Galegas, intitulado *Un chapeu Negro e un nariz de paiaso. Tras os pasos de Roberto Vidal Bolaño* publicado por Editorial Galaxia. Infórmase de que terá lugar o taller “Lendas na corda” que impartirá Larraitz Urruzola e que presentarán as súas obras: Xavier Vence, Antón Cortizas e Valentina Formoso.

Ramis, Iñaki, “Compostela con los ojos de Hevia”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 22 maio 2013, contracuberta.

Comeza indicando que *Os Bolechas van ao hospital* (2012), obra creada por Pepe Carreiro e editada por Bolanda, foi presentada na Escola Camilo José Cela do Hospital Clínico.

Ramos, J. M., “Pondal ‘revive’ 178 anos despois do seu nacemento en Ponteceso”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 461, 7 febreiro 2013, contracuberta.

Describe os actos conmemorativos en Ponteceso do 178 aniversario do nacemento de Eduardo Pondal. Destaca, así pois, a recreación por parte do alumnado do Colexio Eduardo Pondal, xunto ás actrices Tamara Lema e Alba Costa, de escenas da vida do poeta e salienta, doutra banda, a presenza de autoridades.

Ramos, J.M., “María Pontraghá presenta ‘Contos do que non hai’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 492, “Vimianzo”, 10 marzo 2013, p. 7.

Informa do espectáculo de María da Pontragha, *Contos do que non hai*, no Auditorio da Casa da Cultura de Vimianzo e sinala as representacións de Avelino González, *Contos de contrabando*, e Celso Fernández.

Ramos, J. M., “Contos nas orellas’ de Beatriz Campos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 551, 9 maio 2013, p. 7.

Dá noticia, no marco da VIII Semana do Libro e a Lectura, da escenificación de *Contos nas orellas*, a cargo da actriz Beatriz Campos, de Migallas Teatro. Precisa que esta representación terá lugar no Pazo da Cultura de Carballo.

Ramos, J. M., “Cuentos en pro de la igualdad en la agencia de lectura”, *El Correo Gallego*, 6 agosto 2013, p. 4.

Informa dunha sesión de contos planificada para facer reflexionar aos asistentes sobre a igualdade de xénero.

Ramos, J. M., “Concha Blanco y Fernández Naval en la feria del libro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 651, 17 agosto 2013, p. 6.

Infórmase de que a Feira do Libro de Cee recibe a visita de Francisco X. Fernández Naval que presentou *A noite branca* (2012) e Concha Blanco que fixo o mesmo co seu libro *Luces, bicos e cores* (2011).

Ramos, J. M., “Fernández Naval presentó ‘A noite branca’ en la feria literaria de Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 652, 18 agosto 2013, p. 6.

Dáse conta de que Francisco X. Fernández Naval e Carmen Blanco, entre outros autores, presentaron as obras *A noite branca* e *Luces, bicos e cores*, respectivamente, na feira do libro de Cee.

Ramos, José M., “Neira Vilas y ‘Balbino’ en el finisterrae”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 573, 31 maio 2013, p. 6.

Sinala que o escritor Xosé Neira Vilas mantivo un encontro con alumnado de Fisterra que acudiu á exposición “Querido Balbino” que está aberta na lonxa.

Regueira, Susana, “Casalderrey reivindica a infancia no seu ingreso na RAG: ‘A vida enteira cabe nela’”, *Faro de Vigo/ La Opinión*, “Sociedad”, 23 novembro 2013, p. 39.

Recóllense algunhas das palabras do discurso de ingreso de Fina Casalderrey na Real Academia Galega nun acto que tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra, así como se citan algúns dos persoeiros que asistiron ao acto. Dise que a autora tamén se referiu

ao seu predecesor no cargo, Xaime Illa Couto, e que rematou sinalando que toda literatura “abrolla da infancia”.

R. G., “Patricia Blanco gaña o certame de Galaxia sobre a obra ‘O Principiño’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 8 febreiro 2013, p. 34.

Refírese ao resultado do certame convocado por Galaxia ao redor da novela *O Principiño* (1943), de A. Saint-Exupéry. Indica o nome da gañadora, Patricia Blanco, así como o premio conseguido, consistente nun exemplar da novela antedita e outro de cada obra de Carlos Casares, por ser el quen traducira ao galego a novela de Saint-Exupéry en 1972.

Rivas, Manuel, “Milu”, *El Progreso*, “Pícaros”, “O conto”, 12 outubro 2013, p. 3.

Insírese nesta sección fixa un fragmento da obra *Milu* (2010), escrita por Manuel Rivas e ilustrada por Aitana Carrasco.

R. L., “Un documental hecho por adolescentes redescubre la figura del poeta Díaz Castro”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 4 xuño 2013, p. 15.

Dise que un documental sobre Díaz Castro se estreará no Ágora. Sinálase que foi realizado polo alumnado do Instituto de Guitiriz, que contou co apoio dos docentes e dunha periodista. Coméntase que se trata dunha peza curta que incorpora entrevistas e enquisas e tamén un apartado musical con versos de Díaz Castro. Dáse a coñecer a data de estrea do documental, quen o realizou ou como foi feito.

R. L., “Voces blancas cantan a Rosalía”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 8 xuño 2013, p. 56.

Fálase do concerto celebrado en Santiago de Compostela por mor da conmemoración do aniversario da publicación de *Cantares Gallegos* (1863). Dise que nel participaron rapaces de toda Galicia que interpretaron poemas musicados de Rosalía. Coméntase que realizaron un ensaio xeral na Cidade da Cultura e, pola tarde, un concerto en Bonaval. Dise que no acto participaron, entre outros, Fina Casalderrey.

R. M., “O señor das dunas’ ten un efecto de feitizo, é sorprendente”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “A pie de calle”, 17 xaneiro 2013, contracuberta.

Comenta a nova actividade do programa de Merlín Comunicación, “FalaRedes”, presentado por Francisco Castro e organizado pola Xunta de Galicia, centrada no contacontos *O señor das dunas*, baseado na literatura oral galega.

Rodríguez, Susana, “Cando os contos cobran vida”, *El Progreso*, “Pícaros”, “Aula verde-azul”, 2 novembro 2013, p. 6.

Anúnciase que a librería Biblos da capital lucense acolle un contacontos interactivo que presenta aos máis pequenos os personaxes d' *A cebra Camila* (1999).

Rodríguez Sas, T., “Os Bolechas vanse de xira”, *La Región*, “Sociedad”, 21 decembro 2013, p. 57.

Dise que os irmáns Bolechas iniciarán a súa xira o 22 de decembro en Vilagarcía de Arousa e que percorrerán unha morea de vilas da xeografía galega presentando o espectáculo “Os Bolechas cantan con Lady Vina”. Sinálase tamén que a xira rematará o 8 de xaneiro en Vilalba.

Rojas, Victoria, “O presidente da RAG achega a figura de Rosalía aos nenos”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 setembro 2013, p. 37.

Fala da visita de Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, ao campamento de verán organizado pola Fundación Barrié, no cal se promove unha achega dos nenos á figura de Rosalía de Castro. Comenta o descontento de Alonso Montero debido ao escaso coñecemento que as novas xeracións posúen sobre esta autora pioneira.

Rozas, Ramón, “Pintando desde los sueños”, *Diario de Pontevedra*, “Revista”, n.º 695, “Artes”, 10 novembro 2013, p. 15.

Fala da exposición de Beatriz López, quen presenta a través de imaxes a súa propia interpretación de certos contos infantís inéditos. Salienta o ambiente da mostra marcado por un carácter suxestivo e a destreza da súa autora. Remata recomendando vehementemente a súa visita.

Rozas, Ramón, “Cabellos blancos”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir Aquí”, “La vida en un hilo”, 23 novembro 2013, contracuberta.

Destaca o premio Cervantes outorgado a escritora Elena Poniatowska e a colación desta entrega, explica os diferentes recoñecemento que lle foron outorgados a mulleres, entre elas a Final Casaderrey, nomeada membro da Real Academia Galega.

R. S., “Las Cíes atraen al público infantil con un cuento”, *Diario Atlántico*, “Vigo”, 18 marzo 2013, p. 9.

Dá conta da posta en escena da peza *Gaivota Antón*, a cargo dos artistas Codia e Miolo, no edificio Cambón do centro de visitantes do Parque Nacional Illas Atlánticas de Galicia, en Vigo. Salienta o apoio da Concellería de Medio Ambiente e a edición da peza, escrita e ilustrada por Pilar Yturbe e Álvaro Castro, a cargo do propio Parque Nacional. Describe por último o fío argumental do conto.

R. T., “Rosalía Pequeniña’ de Uxía Senlle chega a Ponteareas”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana/Condado/Louriña”, 24 setembro 2013, p. 14.

Anuncia a chegada a Ponteareas do espectáculo musical *Rosalía Pequeniña*, a cargo de Uxía Senlle, co cal se conmemora o 150º aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro.

Sánchez, Olalla, “O esplendor do álbum ilustrado”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 500, “Infantil”, 5 xaneiro 2013, pp. 6-7.

Comenta o éxito alcanzado nos últimos anos polo xénero do álbum ilustrado no sector da Literatura Infantil e Xuvenil. Así, comeza por destacar a aparición da editorial teucra Kalandraka, da que sinala os dous premios nacionais de ilustración que conseguiu cos volumes *O coelliño branco* (1998) e *Onde perdeu Lúa a risa?* (2001), ademais de aludirse a OQO Editora, Everest-Galicia, Baía Edicións, Editorial Galaxia e Xerais. Remata cunha referencia ás máis recentes editoriais que proseguen co labor de promoción do xénero antedito, a saber, El Patito Editorial, Bululú, ou a colección “Árbore Musicontos” de Galaxia.

Sangiao, “Charlas literarias no CEIP Figueroa e no IES Antón Losada”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 536, 24 abril 2013, p. 6.

Informa de que o escritor Francisco Castro mantivo no CEIP Figueroa da Estrada un encontro co alumnado. Matiza que no IES Antón Losada Diéguez se realizaron actividades de animación lectora, Komandos poéticos, talleres e mesmo outra intitulada “Ler ten un premio”.

Sangiao, “Morlán presenta ‘Estrelas de azucre’ o día 10”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 543, 1 maio 2013, p. 7.

Refírese ao programa “Letras galegas” da Estrada, no que a escritora Rosalía Morlán presentará o seu libro *Estrelas de azucre*.

Santamaría, R., “Desparpajo, talento, veteranía y juventud en Viñetas 2013”, *La Voz de Galicia*, 3 agosto de 2013, p. 2.

Destaca os creadores invitados a este evento, así como describe brevemente o seu estilo. Tamén recolle o programa de Viñetas desde o Atlántico e salienta a súa diversidade.

Sanmartín Cuevas, Xabier, “Alicia, O Principiño e Tintín van vivir en Santiago tres meses”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 setembro 2013, p. 33.

Comenta a inauguración da exposición *Enclave Diversa* no Colexio de Fonseca de Santiago de Compostela. Di que Alicia, Tintín e O Principiño son os protagonistas desta mostra, cuxa parte de libros despregábeis é considerada como “unha das mellores

coleccións do mundo”. Tamén informa sobre a data de clausura e a gratuidade da entrada.

Sanmartín Cuevas, Xabier, “Carreiro: Os Bolechas de las joyas incluyen detalles de glamur”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 outubro 2013, p. 41.

Coméntase que o autor e ilustrador Pepe Carreiro, creador dos Bolechas, deseñou unha serie de xoias que inclúen estes personaxes, os cales levan algún toque distintivo de glamour. Dise que desta maneira se explota o éxito das historias máis aló do seu habitual campo que é o dos debuxos en papel.

Santamarta, Rubén, “Da invisibilidade á eclosión por talento e perseveranza”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 500, “Cómic”, 5 xaneiro 2013, pp. 8-9.

Leva a cabo un percorrido pola historia da banda deseñada galega dende as súas orixes hai xa dez anos. Destaca primeiramente o xurdimento do Premio Castela, os festivais da Coruña e Ourense, as editoriais con volumes publicados en lingua galega, como El Patito Editorial, Demo, Cerditos de Guinea, Faktoría K ou Rinoceronte, a escola profesional O Garaxe Hermético, bibliotecas con seccións especializadas neste xénero, administracións como *culturagalega.org*, ou os Salóns do Cómic de Barcelona ou Angulema, todos eles coa función de promover a banda deseñada galega. Menciona finalmente os nomes dos autores e autoras de cómics de maior relevancia na actualidade, como Kiko da Silva, David Rubín, José Domingo, Alberto Guitián, Xurxo Penalta, Manel Cráneo, Alberto Vázquez, Álex Cal, Bernal, Mariano Casas, Sergio e Hugo Covelo, Fran Bueno, Martín Romero, Miguel Porto, Kike Benlloch, Dani Montero, Miguelanxo Prado, Das Pastoras, Fran Jaraba, Xan López, Lola Lorente ou Emma Ríos.

Santamarta, Rubén, “Os dez últimos anos foron sementar, agora recolleemos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 500, “Cómic”, 5 xaneiro 2013, p. 9.

Repasa a traxectoria do cómic galego ao longo da última década. Comeza por mencionar a creación do Colectivo Chapapote, con Manel Cráneo e David Rubín como membros, co obxectivo de impulsar o desenvolvemento do álbum ilustrado. Destaca as primeiras revistas de cómic saídas ao prelo, *Barsowia* e *BD Banda*, e reproduce algúns dos comentarios dos autores anteditos ao respecto da evolución do xénero.

Santamarta, Rubén, “Simplemente mágico”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 551, “De cómic”, 21 decembro 2013, p. 9.

Considera que no ano 2013 Miguel Anxo Prado viu recompensado o seu esforzo de tantos anos, xa que *Ardalén* (2012), ao que define como o seu mellor traballo dende *Trazo de tinta*, recibiu premios de crítica e público e editouse en media Europa. Resalta que é “unha obra mayúscula, magia narrativa al servicio del cómic” e que “merece ser degustada con calma”. Precisa a temática que se aborda nel e a mestura “entre realidad y ficción”.

Santos, Ágatha de, “Lectura con pan y Cunqueiro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 decembro 2013, p. 43.

Recóllese o plan que realizou un centro de Vigo para fomentar a lectura entre o seu alumnado. Explica tamén que grazas a esta iniciativa, que se inspirou nunha frase de Álvaro Cunqueiro, o centro levou o premio Nacional de Educación no ano 2013.

S. C. R., “Uns 5.000 escolares participarán na Campaña de Animación á Lectura”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 marzo 2013, p. 23.

Trata da aprobación por parte da Xunta de Goberno Local de Santiago da XIII Campaña Municipal de Animación á Lectura. Menciona os comentarios ao respecto da Vicevoceira da Xunta de Goberno e Concelleira de Educación, María Castelao, así como o lema da campaña, “Unha bandada de contos”. Subliña por último as orixes do lema no título merecente do Premio Internacional Compostela de Álbums Ilustrados, *Bandada* (2012), de María Julia Díaz Garrido e David Daniel Álvarez Hernández.

S. E., “Lectura, contos e merenda nas bibliotecas”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 473, 19 febreiro 2013, p. 7.

Sinala a promoción da lectura no Concello de Cerceda mediante o programa “Merendas e Contos”, desenvolvido cada ano nas bibliotecas municipais da localidade.

S. E., “A mostra ‘Querido Balbino’ verase no centro de Bandeira”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 691, 27 setembro 2013, p. 11.

Anuncia a chegada da mostra “Querido Balbino, 1961-2011. 50 anos de Memorias dun neno labrego” ao centro Vista Alegre de Silleda.

Sertal, Carolina, “Menos contos de bruxas e madrastas”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Provincia”, 11 marzo 2013, p. 9.

Trata a celebración en Caldas do Día Internacional da Muller, a partir dunha sesión de contacontos da man de Paula Carballeira, organizada pola Concellería de Benestar Social do Concello de Caldas e o Centro de Información á Muller (CIM). Resume a opinión de Carballeira ao redor dos diferentes roles asumidos pola muller nos contos de carácter tradicional e indica o obxectivo desta actividade de reforzar o concepto de igualdade entre os escolares dos centros A Encarnación, CPI Alfonso VII, San Fermín e San Clemente.

Sertal, Carolina, “Cuentacuentos y micrófonos abiertos en la biblioteca de Caldas de Reis”, *Diario de Pontevedra*, “Diario de Caldas”, n.º 358, “Vivir en Caldas”, 17 abril 2013, p. 5.

Informa do calendario de actividades organizado no Concello de Caldas co gallo do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil 2013. Destaca, entre as propostas, o programa “Ler conta”, da Xunta de Galicia, que inclúe unha sesión de contacontos na Biblioteca Pública Municipal de Caldas de Reis, por parte de Pavís Pavós, con *Tres contos e pico* e o programa radiofónico “A Biblioteca nas Ondas”, da Biblioteca de Caldas en colaboración con Radio Caldas.

Sertal, Carolina, “Literatura a través das ondas e da palabra”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 359, “Vivir en Caldas”, 24 abril 2013, p. 6.

Dá conta das actividades desenvolvidas nas bibliotecas da comarca para conmemorar o Día do Libro, entre as que destaca un programa radiofónico en directo no que se recomendaron as lecturas preferidas. Así mesmo recolle que na biblioteca de Moraña se escenificou *Antía*, *Wamba e o regato pequeno* por parte de Tropa de Trapo, e que na de Caldas tivo lugar a sesión de contacontos “Tres contos e pico” por parte de Pavís Pavós, dirixida á nenez de máis de catro anos e cofinanciada a través do programa “Ler Conta” da Xunta de Galicia.

Sertal, Carolina, “De país en país a través dos libros”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, 24 xullo 2013, p. 6.

Fala da visita dos nenos da contorna á Biblioteca de Caldas, na que, a través de diferentes contos, se lles deron a coñecer costumes e tradicións de diferentes continentes.

S. J., “A Feira do Libro de Lugo busca o futuro na especialización”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 10 maio 2013, p. 58.

Comeza referindo que o excoordinador da Federación de libeiros, Antonio Fernández Maira, a pesar de ter deixado a organización, segue prestando axuda. Indica que os dous eixos sobre os que se sustentará o certame serán a dixitalización e a audiencia infantil. Sinala que esta feira terá como protagonista a Roberto Vidal Bolaño, que será homenaxeado por membros da familia e poetas lucenses. Destaca que a apertura oficial será por medio de “Con dez poemas por Barba”, a cargo de María Lado e Lucía Aldao, ademais de informar da participación doutros moitos autores (Xosé Duncan, Antonio Reigosa, María Reimóndez, Ramón Nicolás etc.).

Souto, Suso, “Abuín, la vieja aldea maldita donde sólo habita una leyenda”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 471, 17 febreiro 2013, pp. 4-5.

Dá conta da saída ao prelo do volume *O alento nas costas* (2012), de Natalia Carou Figueira, baseado na lenda da aldea maldita de Abuín, na localidade de Leiro, en Rianxo. Tras sinalar o inicio da peste negra na aldea en 1598 e o seu conseguente abandono, refírese aos xermolos da enfermidade e remata cos reflexos literarios desa

parte da súa historia na novela antedita e no relato “Camiño esquecido”, dentro do volume *Cousas* (1934), de Castelao.

Souto, Suso, “Nove colexios homenaxearon a Rosalía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 345, 23 febreiro 2013, p. 4.

Indica a participación de 250 escolares de diferentes colexios de Ribeira na homenaxe a Rosalía de Castro celebrada no Auditorio Municipal, por medio do recitado de poemas de *Cantares Gallegos* (1863).

Souto, Suso, “Cuentacuentos el viernes en Boiro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 521, 9 abril 2013, p. 6.

Alude á sesión de contacontos “O can que non sabía ladrar”, de Marta Ríos, xunto á proxección do documental *Con etiqueta*, da Asociación A Creba, organizadas ambas as dúas na biblioteca da Casa da Cultura de Boiro.

Souto, Suso, “El IES Leliadoura iniciará su Semana Cultural con teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 540, 28 abril 2013, p. 5.

Dá conta da programación da Semana Cultural do IES Leliadoura de Ribeira, que arrinca cun curso de iniciación teatral. Informa que continuará cunha charla de Serafin Marcos sobre Roberto Vidal Bolaño; con xogos populares para o alumnado; coa final do concurso Cifras e Letras e actividades de animación lectora; e cun monólogo de Quico Cadaval sobre Álvaro Cunqueiro. Remata precisando que esta programación se pechará con escenificacións teatrais.

Souto, Suso, “Blanca Roig pechou os Xoves Literarios”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 541, 29 abril 2013, p. 6.

Informa que Blanca-Ana Roig, profesora e investigadora da Universidade de Santiago de Compostela, impartiu a conferencia “Educación literaria, saberes e enciclopedia do mediador” como peche do ciclo “Xoves Literarios” de Ribeira.

Souto, Suso, “Espectáculo-recital de Fran Alonso en la biblioteca municipal”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 549, 7 maio 2013, p. 6.

Comenta que trinta alumnos de Ribeira acudiron, no marco do programa “Sábados na Biblioteca”, a un espectáculo-recital intitulado *A poesía é un globo*, a cargo do autor Fran Alonso.

Souto, Suso, “O IES Leliadoura de Ribeira inaugura unha mostra sobre o universo literario de Cunqueiro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 547, 5 maio 2013, p. 7.

Dá noticia da exposición “Universo Cunqueiro”, resultado do labor conxunto do profesorado e alumnado do IES Leliadoura de Ribeira e do de Educación Infantil da Escola de Vilariño da Pobra. Informa que nesta exposición, que estará aberta ao público entre o 6 e o 16 de maio, se acolle o traballo sobre diferentes obras cunqueirianas: *Merlín e familia*, *As Crónicas do sochantre*, *Se o vello Sinbad volvese ás illas*, *Escola de menciñeiros* e *El año del cometa*. Precisa que dende hai tres anos ambos centros educativos traballan en proxectos conxuntos referidos a un autor e a súa obra para tentar de recrear plasticamente “un diálogo creativo co mencionado autor”. Matiza que nos cursos anteriores o proxecto común se centrou en Julio Cortázar e Antoine de Saint-Exupéry. Remata salientando a importancia de Álvaro Cunqueiro, quen “devolveu a imaxinación ao lugar que lle corresponde, convertendo en literatura o mundo máxico da súa infancia”.

Souto, S., “La Feira do Libro concluyó ayer con talleres musicales”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, 29 xullo 2013, p. 4.

Alude ás actividades que se levaron a cabo durante os días da celebración da Feira do Libro de Rianxo e dos stands participantes, entre os que se atopan varias librerías, unha editorial e unha biblioteca infantil.

Souto, Suso, “La escritora María Canosa impartió un obradoiro infantil”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 592, 19 xuño 2013, p. 7.

Dá noticia da numerosa asistencia ao taller infantil “Creamos historias” impartido pola autora María Canosa na biblioteca municipal de Ribeira.

S. S., “Éxito del programa ‘Abril, mes dos libros’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 537, 25 abril 2013, p. 6.

Informa da numerosa participación do alumnado dos centros educativos de Ribeira nos actos desenvolvidos en “Abril, mes dos libros”. Explica que este programa cultural contou con representacións teatrais, cinema e outros espectáculos infantís.

T. J., “O Nadal chega cos Bolechas”, *La Región*, “Sociedad”, 28 novemmbro 2013, p. 53.

Dise que a xira de Nadal dos irmáns Bolechas e a cadela Chispa levará esta familia a dez cidades galegas. Coméntase que ademais do espectáculo musical se ofrecerán todo tipo de produtos relacionados cos Bolechas e que os participantes mesmo se poderán inscribir no concurso, dirixido a todos os nenos e nenas de infantil e primaria de Galicia, “Debuxa o teu cole”, premio do que se indican as súas características (contía, agasallos etc.).

T. M., “El Premio María Moliner reconoce el trabajo de la biblioteca grovense”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 17 abril 2013, p. 16.

Comenta o nomeamento do programa “Sorprendendo desde a biblioteca”, da Biblioteca Meca, ao Premio María Moliner de Animación á Lectura. Tras indicar os obxectivos do programa, así como as orixes do seu nome, sinala o feito desta biblioteca acadar este mesmo Premio na súa anterior edición.

Toledo, M., “Dubra acogerá la muestra de los 50 años de ‘Memorias dun neno labrego’”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 432, 9 xaneiro 2013, p. 7.

Dá conta da inauguración no Auditorio da Casa Consistorial do Concello do Val do Dubra da mostra de Neira Vilas, “Querido Balbino. 1961-2011. Cincuenta anos de *Memorias dun neno labrego*”, co gallo do quincuaxésimo aniversario da saída ao prelo desta novela. Subliña a participación na mostra de ilustradores como Antón Pulido, Paco Lareo, Xaquín Marín, Chema Pazos ou Sabela Arias. Detalla o contido da exposición e fai referencia aos comentarios do autor durante a inauguración da mostra en Santiago de Compostela.

Toledo, M., “Tardes de contos e lendas para os máis cativos de Ordes”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 445, 26 xaneiro 2013, p. 7.

Faise eco da nova edición do programa “Tardes de contos e lendas” que acolle a Biblioteca Municipal de Ordes, a partir do relato orientado a nenos entre tres e oito anos *Lola e a súa caixiña*, a cargo do grupo Duendecico. Sinálase que o obxectivo do programa é o de promover a lectura entre os máis cativos.

Toledo, M., “Nova edición das Tardes de contos e lendas para os nenos de Ordes”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 474, 20 febreiro 2013, p. 4.

Fai referencia á nova edición do programa “Tardes de contos e lendas” da Biblioteca Municipal de Ordes, a partir do relato *O poliño Manoliño* do grupo Duendecico. Indica asemade o obxectivo do programa de animación á lectura dos máis cativos.

Toledo, M., “Una veintena de niños en la Rebotica dos contos de Oroso”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 478, 24 febreiro 2013, p. 6.

Alude á nova edición do programa “A Rebotica dos contos”, celebrado na Biblioteca de Oroso, a partir da sesión intitulada *Unha volta polo mundo adiante a través da música*.

Toledo, Mar, “A mostra do medio século de Balbino chega a Dubra”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 439, 16 xaneiro 2013, p. 7.

Comenta a inauguración da mostra de Xosé Neira Vilas, “Querido Balbino. 1961-2011. 50 anos de *Memorias dun neno labrego*”, no Auditorio Municipal do Val do Dubra.

Sinala o faladoiro mantido entre o autor e o alumnado do CEIP Xacinto Amigo Leira de Portomouro e o CPI de Bemibre, así como a homenaxe que lle renderon, e conclúe cunha referencia ao catálogo explicativo da mostra, que recolle a *Carta a Balbino*, elaborada polo escritor e dirixida ao protagonista da súa novela.

Toledo, Mar, “A biblioteca dos máis pequenos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 457, 3 febreiro 2013, p. 5.

Informa da celebración do décimo aniversario da Biblioteca Municipal de Oroso, que habilitou dúas salas para o lectorado infantil. Salienta que o Premio María Moliner de Animación á Lectura, convocado polo Ministerio de Cultura, a Federación Española de Municipios e Provincias e a Fundación Coca-Cola, recaese en dúas ocasións nesta biblioteca. Tamén alude á campaña de animación á lectura levada a cabo pola Biblioteca de Vimianzo, baixo o lema “Compartimos a biblioteca coas crianzas”. Destaca tamén a posta en escena do espectáculo *Que traballo dan os pequenos*, da compañía Trinke Trinke, e menciona as temáticas das actividades que terán lugar na biblioteca cada mes.

Toledo, Mar, “Arias condensa nun libro as viñetas de Icí e Avoa”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 703, 9 outubro 2013, p. 7.

Céntrase no cómic de Sabela Arias, *Historias de Icí e Avoa*, no que se achegan as aventuras das súas protagonistas.

Torres, Raquel, “Aventura literaria en el Pazo de Oca y Carboeiro”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 386, 13 novembro 2013, contracuberta.

Comenta que os integrantes dos clubs de lectura dos colexios Aurelio Rey de Cuntis, Domingo Fontán de Portas e do IES Losada Diéguez da Estada participaron nunha saída marcada polo seu carácter de intercambio literario.

Trillo, J., “Un obradoiro para lembrar a obra de Man de Camelle”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 523, 11 abril 2013, p. 4.

Alude ao obradoiro homenaxe a Manfred, o alemán de Camelle, organizado na librería Á lus do candil, de Arteixo, na Costa da Morte. Destaca a presenza no acto da autora e ilustradora do volume *Man, o alemán de Camelle* (2012), Beatriz Maceda e Laura Veleiro, respectivamente, así como a edición do mesmo por parte de Galebook.

Trillo, J., “Espectáculo ‘Rosalía Pequeniña’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 730, 5 novembro 2013, p. 6.

Anuncia o espectáculo musical *Rosalía Pequeniña*, a cargo de Uxía Senlle, en Carnota.

U. L., “O certame audiovisual sobre Rosalía tivo máis de 120 propostas escolares”, *La Voz de Galicia*, “Comarcas”, 5 decembro 2013, L9.

Dise que o auditorio da Casa-Museo de Rosalía de Castro acolheu os escolares que participaron no certame audiovisual de dinamización lingüística Imaxina Cantares, convocado pola Consellería de Educación e Cultura, por mor do cento cincuenta aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*, e dirixido aos equipos de dinamización lingüística galega dos centros educativos públicos de Galicia. Sinálase o número de traballos, as distincións e os premios recibidos, así como os centros educativos participantes.

Valiña, Xosé, “Voadora estrena ‘Waltz’ en Compostela”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 9 febreiro 2013, contracuberta.

Entre outras noticias, dáse conta da presentación que Miguelanxo Prado fixo da súa obra *Ardalén* (2012), editada en galego por El Patito e en castelán por Norma Editorial, na librería Komic Librería e explícase o sentido do título.

Varela, Lucía, “A Coruña converterase un agosto máis na capital da banda deseñada”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 agosto 2013, p. 34.

Faise eco da programación de Viñetas desde o Atlántico. Entre a participación galega, destaca a intervención de Fausto Isorna, Nuria Díaz, Jacobo Fernández etc.

Varela, F., “Balbino pastorea o gando en Palas”, *El Progreso*, “Comarcas”, 10 abril 2013, p. 16.

Dá conta da inauguración da mostra “Querido Balbino, 1961-2011. 50 anos de *Memorias dun neno labrego*”, de Xosé Neira Vilas, no Concello de Palas de Rei. Tras sinalar o faladoiro mantido entre escolares e o escritor sobre a súa obra, indica o labor de promoción da novela que Neira Vilas leva realizando dende 1992 nos centros de ensino de toda Galicia, así como o contido e articulación desta mostra. Salienta as achegas de Paco Lareo, Chema Pazos, Rofer, Siro López, Damián Paio, Esperanza Lema, Antón Pulido, Xoán Domato, Xaquín Marín ou Sabela Arias, entre outros e outras, xunto á “Carta a Balbino”, documento elaborado por Neira Vilas e incluído tamén na mostra.

Varela, M., “Una ciudad abierta al cómic”, *La Opinión*, “A Coruña”, 6 agosto 2013, p. 8.

Alude á celebración da décimosexta edición de Viñetas desde o Atlántico na cidade da Coruña durante unha semana, na que se poderán visitar exposicións relacionadas co mundo da banda deseñada. Infórmase da localización dos principais focos de actividade, nos que terán lugar mostras de cómics tanto de autores galegos coma de nacionais e de internacionais. Destácase a programación, composta por conferencias dos diferentes artistas convidados (destacando a presenza de “Jan”, autor de *Superlópez* e “Efepé”),

charlas e exposicións. Apúntase que tamén se organizarán obradoiros ligados ao mundo da viñeta para os máis novos, impartidos polos propios autores locais. Remátase mencionando as exposicións programadas en cada sala.

Varela, Manuel, “Viñetas para ensinar a Bóveda”, *La Opinión*, “A Coruña”, 27 abril 2013, p. 11.

Infórmase da presentación do libro de banda deseñada, *Bóveda, un alegato pacifista contra a inxustiza*, na Agrupación Cultural Alexandre Bóveda por parte dos seus autores, a historiadora Pitusa Arias e o debuxante Carlos Sardiña. Trátase dunha obra divulgativa, dirixida principalmente ao público xuvenil, que enlaza as ideas galeguistas, políticas e éticas de Bóveda coa actualidade máis recente.

Varela, Manuel, “Superpluralidad’ toma el ‘Viñetas’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 3 agosto 2013, p. 9.

Faise eco de toda a programación a desenvolver durante o salón Viñetas desde o Atlántico.

Varela, Manuel, “SuperJan' ya vuela en el 'Viñetas’”, *La Opinión*, “A Coruña”, 8 agosto 2013, p. 9.

Aproveitando que vai ter lugar o salón do cómic Viñetas desde o Atlántico, faise repaso á traxectoria do superheroe de tebeos Superlópez, dende as súas orixes até a actualidade, contada dende o punto de vista do seu creador, Jan.

Varela, Manuel, “Deuda saldada con el cómic gallego”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Fiestas de María Pita”, 8 agosto 2013, p. 8.

Sínálase que, tras dezaseis anos de vida, o salón Viñetas desde o Atlántico vén de saldar unha das súas contas, en palabras de Miguelanxo Prado, ao contar coa intervención de Fausto Isorna, de quen se recollen parte das súas declaracións, entre as que se atopan aquelas referidas á experiencia de *Golfiño*.

Varela, Manuel, “Os máis ‘ilustrados’ da ilustración”, *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 20 novembro 2013, p. 12.

Infórmase da presentación e publicación do catálogo “100% Ilustración” na librería Cascanueces. Dise que foi editado por Bululú e que contou coa participación de ilustradores de relevancia no panorama español, como Pinto, Villán, Prado, Jordi Labanda, Violeta Lópiz etc. Opínase que con esta publicación se reivindica o nivel ilustrativo galego e español e destácase a importancia da industria, empresa e institucións galegas que fixeron posíbel a publicación do catálogo. Ademais, infórmase de que conta cun prólogo de Siro López e cunha tirada inicial de 400 unidades en

galego, 1100 en español e 150 exemplares distribuídos pola Rede de Bibliotecas Galega.

Varela, María, “Un lugar para deixarse levar pola lectura”, *Diario de Pontevedra*, “*miniDiario*”, n.º 37, “Pasatempos”, 31 marzo 2013, pp. 7-8.

A partir dunhas liñas sobre as actividades rutineiras de María, Raquel, Tania, Lois e Xosé, alude á celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil nas bibliotecas galegas, co obxectivo da promoción da lectura entre os máis cativos. Refírese tamén á coincidencia entre o nacemento de Hans Christian Andersen e o Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil.

Vázquez, D., “Guerrillas del verso”, *Faro de Vigo*, “Área metropolitana”, “Val Miñor”, “Baiona-Gondomar-Nigrán-Oia”, 27 xaneiro 2013, p. 14.

Comenta a celebración do quinto aniversario da entidade gondomareña Espazo Cultural. Reproduce primeiramente algunhas verbas da presidenta da entidade, Concha Costas, para despois sinalar as actividades levadas a cabo durante a xornada, entre as que destaca a lectura da poesía de Antonio García Teijeiro, Ana María Fernández, Xan Dobarro, Gloria Sánchez, Paula Carballeira, Marita Campo, Antón Cortizas e Elvira Riveiro, como parte do club de lectura “Lendo contigo”. Tamén fala do obradoiro para bebés *Contos en cueiros* e a apertura da páxina en liña www.espazolectura.org, que inclúe información sobre as actividades realizadas na entidade.

Vidal, Nicolás, “Charo Pita: ‘A clave para captar a atención é que a historia sexa boa’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 23 xaneiro 2013, p. 15.

Alude á sesión de contacontos *A sombra do conto*, a cargo de Charo Pita na Biblioteca Central de Ferrol, como parte da campaña de animación á lectura “A hora do conto”. Tras comentar brevemente a súa traxectoria como narradora oral, indica a vindeira saída ao prelo de tres volumes infantís en OQO Editora e La Fregatina, xunto á posta en escena do espectáculo *Palabras percuditas*, xunto a Javier Fernández. Tamén destaca as sesións de contacontos de Soledad Felloza, Trinke-Trinke e Pablo Pablísimo.

Villar, Carmen, “Dragal’ saltará del libro al cine, al cómic y al videojuego gracias a Ficción”, *La Opinión*, “Cultura”, 21 marzo 2013, p. 47/ “Dragal’ saltará del libro al cine, al cómic, a la red y al videojuego gracias a Ficción”, *Faro de Vigo*, “TV/Espectáculos”, 22 marzo 2013, p. 67.

Trata da presentación da adaptación ao cinema da triloxía de literatura xuvenil de Elena Gallego, *Dragal. A herdanza do dragón* (2010), grazas a Ficción Producciones. Sinala finalmente a existencia da páxina en liña “Fraternidade do dragón”.

X. F., “Rosalía encabeza as novidades das editoras galegas para o 2013”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 20 xaneiro 2013, p. 42.

Enumera as publicacións editoriais de maior relevancia no 2013: *Cantares gallegos*, ilustrado por Pepe Barro; *Adiós ríos, adiós fontes*; unha biografía de Rosalía a cargo de María Xesús Lama, outra de Roberto Vidal Bolaño a cargo de Camilo Franco e unha última de Manuel Lugo Freire a cargo de Xosé Manuel Fernández Costas; *As crónicas inéditas de América*, de Valentín Paz Andrade, editadas por Emilia García; *Amada liberdade*, de Fernando Pérez-Barreiro Nolla; *Antonio López Ferreiro. Canónigo compostelano, historiador y novelista*, de Carlos Santos Fernández; *Á marxe*, de Carlos Casares; *Carlos Casares, o amigo das palabras*, de Rafael Laso; o volume de artigos da Editorial Galaxia, *Álvaro Cunqueiro. O mundo que teño de meu*; *Medre o mar*, de Bernardino Graña; *A máscara de Ulises*, de Xosé Carlos Caneiro; *A vitoria do perdedor*, de Carlos G. Reigosa; *Desde unha estrela distante*, de Agustín Fernández Paz; *Costa do solpor*, de Xosé María Lema; *O gardián invisible*, de Dolores Redondo; *Amor de serea*, de Jaureguizar; *O caderno de Anxela*, de Ángel Ricart Leal; *Carapuchiña vermella*, de Roberto Innocenti; *O soño de Matías*, de Leo Lionni; *A mordiscos*, de Moni Pérez; *Imos cazar un oso*, de Rosen e Oxenbury; *Cidades*, de Fran Alonso; *O capitán Aspanitas e o misterio das Burgas*, de Ramón Caride; *O códice do Santo Lugar*, de Pere Tobaruela; *Nubes de evolución*, de Andrea Maceiras; *Flor de area*, de Manuel Lourenzo González; unha edición anotada das novelas e os contos de Sherlock Holmes ao cargo da editorial Morgante; *O asasino que hai en min* e *Os caloteiros*, ambas as dúas de Jim Thompson; *O capador de boinas*, de Xerardo Neira; a triloxía *Infancia*, *Xuventude* e *Verán*, de Coetzee; *Todo se esfarella*, de Chinua Achebe; *Ninfas e calaveras e outras lucubracións*, de Ramón Gómez de la Serna; 36-39. *Malos tempos*, de Carlos Giménez; *María e máis eu*, de Miguel Gallardo e, finalmente, *Gorazde e Palestina*, de Joe Sacco.

X. L. Q., “Merienda y teatro en la biblioteca”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 16 marzo 2013, p. 22.

Comenta o éxito do programa de animación á lectura “Merendas con contos”, organizado pola Biblioteca Municipal de Sober. Recolle uns comentarios da bibliotecaria Julia Fernández Garza ao respecto e refírese á posta en escena da peza de Paula Vázquez, *Pita Mazarica*, así como á colaboración da animadora sociocultural Dunia Rodríguez Vázquez nas actividades da Biblioteca. Tamén menciona outras actividades levadas a cabo en anos anteriores.

VIII. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

VIII. 1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Castro Santamariña, Manuel, *Cancioneiro das terras de Aranga*, limiar Xosé M. Felpeto, A Coruña/Aranga: Deputación da Coruña/Concello de Aranga, xuño 2013, 121 pp. (ISBN: 978-84-9812-210-7). ◆

Recompilación de coplas e romances no Concello de Aranga por iniciativa de Manuel Castro Santamariña (Guitiriz, 1958). Comeza coa dedicatoria “A meus pais, dos que herdei un dos meus bens máis prezados: a miña, a nosa fala. Aos meus alumnos” e cunha fotografía dos discentes do CEIP A Castellana que recolleron os materiais ao longo dos cursos escolares 1984-1985, 1985-1986 e 1986-1987. Conta cun prólogo asinado polo alcalde do Concello de Aranga, un dos nenos participantes anquel entón, no que sinala que o libro contén “boa parte da riqueza da tradición oral de Aranga”. A continuación, acolle un limiar de Xosé M. Felpeto, que se inicia cunha cita de Ortega y Gasset (“O pobo que esquece a súa historia, perde a súa identidade como pobo”), inclúe un breve estudo sobre a importancia da literatura de transmisión oral, ademais de destacar as súas características, e finaliza cunha gabanza do proxecto. Na introdución, Manuel Castro Santamariña explica a organización dos textos e salienta a relevancia do labor levado a cabo polo seu alumnado. As coplas estrutúranse en capítulos, acompañados por cadanseu debuxo feito polo propio autor, segundo a temática: “Sentimentos amorosos”, “Arredor do adro”, “Cregos e santuarios”, “Consellos e refráns”, “Oficios (costureiras)”, “Coitas e burlas”, “Do camiño”, “Vellos e sogras”, “Casados e nais”, “Mozos e mozas”, “Adeuses”, “Animais” e “Locais”. Engádense en último lugar un grupo de romances.

Cortizas, Antón, *Tastarabás. Enciclopedia de brinquedos tradicionais e uso lúdico da natureza*, ilust. David Sierra Martínez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Edicións singulares, 2013, 1077 pp. (ISBN: 978-84-9914-486-3).

Antón Cortizas (Ferrol, 1954) ofrécenos neste extenso, ilustrado e versátil volume unha enciclopedia dos xogos e xoguetes tradicionais galegos. Ademais de reconstruír os brinquedos descritos na enciclopedia, o autor procedeu a un honesto traballo etnográfico e investigador, para procurar as conexións de cada un destes enredos coa literatura, a música, as tradicións... sen esquecer facer referencia, de ser o caso, á universalidade de cada un dos entretementos. O volume ábrese con cinco pequenas introducións, asinadas por diferentes especialistas ou grupos: o primeiro é “O Tastarabás de Brinquedia”, que asina a mesma Brinquedia, Rede galega do xogo tradicional; o segundo é “O Tastarabás de João Amado”, que asina este estudoso da Universidade de Coimbra; o terceiro é “O Tastarabás de Guy Jaouen”, escrito por este investigador independente, Presidente da Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais; o cuarto é “O Tastarabás de Pere Lavega”, asinado por este profesor e membro da Asociación Europea de Xogos e Deportes Tradicionais; e o quinto e último, “O Tastarabás de Pepe Veiga”, da Asociación Galega do Xogo Popular e Tradicional. Estas cinco achegas funcionan a modo de cinco limiares e cinco presentación persoais, dende perspectivas cun fío

común, pero ben dispares, do que un volume destas características pode significar. E o seguinte chanzo, logo de deixar que outros falen de Tastarabás, é o dedicado ás consideracións do autor. “Tastarabás, algunhas explicacións necesarias” comeza por xustificar a catalogación dos brinquedos tradicionais, que se fixo de acordo á súa natureza (enredos co mundo vexetal, co mundo animal, co mundo inanimado e co mundo da fantasía) e de acordo coa súa finalidade principal (de movemento, de imitación, de emisión de son e para xogos individuais ou colectivos), subdivididos á súa vez en categorías. Aproveita, tamén, para contarnos a orixe e prehistoria deste proxecto, que pode remontarse ao “oco baleiro” que o autor percibira en *Chirlosmirlos*, *enciclopedia dos xogos populares* (Xerais, 2011). O vocabulario para expresar sensacións lúdicas, o inventario, as decisións tomadas respecto aos nomes, as marcas de perigosidade e dificultade de construción que se engadiron ao carón dos brinquedos explícanse tamén aquí. O mesmo se fai coa procedencia das informacións, coas e cos informantes e cun longo etcétera de detalles. Por veces, as entradas inclúen textos complementarios (de carácter literario ou non) de lembranza, extensos e descritivos ou pequenos, aqueles que só citan o brinquedo en cuestión. Baixo o rótulo “Sirvan tamén de introdución os seguintes textos que refiren e resaltan especificamente o xogo tradicional”, xusto antes dos “Agradecementos” e da primeira grande epígrafe do volume, preséntanse textos de Xoán Manuel Pintos, Francisco Añón, Tomás López, Manuel Antonio e Emilio Santos Martínez. Máis adiante, ao ir demorándonos en cada unha das entradas, atoparemos ou non este tipo de enriquecementos literarios, como acontece en “Grilos”, onde figuran textos de O Tío Marcos da Portela, Manuel María, Pura e Dora Vázquez, Bouza Brey, Ramiro Fonte ou Luz Pozo Garza, entre outros. É esta unha investigación sistemática e rigorosa, que se intúe calmada, resultado de longos anos de traballo; é proba da vitalidade dun patrimonio inmaterial, e funciona como un legado desta cultura material tradicional, recollendo as conexións lúdicas e motrices que se establecen entre as cativas e cativos e os obxectos ou a natureza. Cómpre citar, así mesmo, o luxo de fotografías e ilustracións, que en casos coma o da grileira de xuncos, describen o proceso de fabricación (invitando a imitalo), ou os xogos. Tamén se dan avisos “actualizados”, como aqueles que advirten da brutalidade (como acontece no vello costume de xunguir grilos).

Tamén está descrito no apartado VII.5.1. Literatura Infantil e Xuvenil deste *Informe*.

Referencias varias:

- Rodri García, “A tenrura está metida nas cousas que escribo, necesítoa, como todos”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 505, “Asociación de Escritores en Lingua Galega”, “O escritor do mes”, 9 febreiro 2013, p. 12.

Conversa co escritor Antón Cortizas co gallo da saída ao prelo do seu volume enciclopédico *Tastarabás* da man de Edicións Xerais de Galicia. Nun epígrafe introdutorio menciona algunhas das súas anteriores escritas, *O merlo de ferro* (1995) e *A merla de trapo* (2001), galardoada esta última co Premio Merlín. A seguir, fai referencia ao contido do volume, ás referencias humorísticas, de maxia e de tenrura presentes nos seus textos e á súa ligazón coa terra que o veu nacer.

- M. J. Rico, “Antón Cortizas ‘A natureza é como un gran comercio, a gran xoguetería’”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 20 febreiro 2013, p. 17.

Recóllese unha entrevista a Antón Cortizas co gallo da publicación desta obra, na que se detén en comentar o seu interese polos xogos tradicionais e a necesidade que viu de recompilar toda esa cultura lúdica para que non se perda.

- Ramón Nicolás, “Máis que un catálogo de xoguetes”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 512, “Letras en galego”, 6 abril 2013, p. 9.

Salienta o limiar de Brinquedia -rede galega do xogo tradicional-, as colaboracións de João Amado, Guy Jaouen, Pere Lavega e Paco Veiga e o labor ilustrativo de David Sierra e de edición de Ramón Domínguez. Describe, por último, a estrutura da enciclopedia e seu carácter didáctico.

- Xosé Carlos Caneiro, “Nariz de pallaso”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 516, “A outra mirada”, 4 maio 2013, p. 10.

Comenta esta novidade editorial salientando as marabillas que encerra, pois é unha obra “froito do amor, vocación”, unha “alfaia preciosa” e agradece enormemente a Cortizas a publicación desta obra.

- J. G., “Dediquei dez anos a estudar uns mil enredos tradicionais do noso país”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 30 maio 2013, contracuberta.

Dáse conta da presentación deste inxente volume no Museo Pedagógico de Galicia, na que o autor afirma que gozou co traballo que lle supuxo.

- Rodri García, “Os xogos: anacos da historia dun pobo”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 521, “En portada”, 8 xuño 2013, pp. 2-3.

Informa de que Antón Cortizas recupera máis de mil enredos e xoguetes nesta enciclopedia de xogos populares galegos e comenta cuestións que Paco Veiga, investigador do patrimonio lúdico galego e encargado do prólogo do volume, afirma nesa introdución. Lembra igualmente as experiencias cos alumnos do autor.

Eiré, Afonso, *Belesar, orgullo de España*, A Coruña: Hércules de Ediciones, 2013, 195 pp. (ISBN: 978-84-92715-71-8).

Obra de Afonso Eiré (Chantada, 1955) que trata sobre distintos aspectos históricos da construción do encoro de Belesar durante a época do franquismo. Entre os distintos capítulos hai un titulado “O Monte Medulio” que recolle a lenda sobre a posíbel localización deste monte en Castro Candaz, na parroquia de Pedrafita (Chantada), que hoxe está asolagada polo encoro, e que se basea fundamentalmente nos escritos dos autores clásicos.

Referencias varias:

- Ana Rodil, “O salto de Belesar foi un símbolo para o franquismo”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 21 agosto 2013, p. 16.

Entrevístase o xornalista e escritor Afonso Eiré, con motivo da publicación do volume *Belesar, orgullo de España*, no que aborda a construción do encoro máis importante de Europa na súa época e que presentará no Círculo Recreativo Casino de Chantada.

- X. L. Q., “Eiré rescata en contos ‘a realidade esquecida’ do encoro de Belesar”, *El Progreso*, “Vivir”, 23 agosto 2013, p. 42.

Infórmase da presentación nas festas de Chantada desta obra na que se recolle a construción da presa e a enchedura do encoro.

- Juan Llano, “Belesar é a catedral gótica da era moderna”, *La Región*, “Ciudad”, “Entrevista”, 20 setembro 2013, p. 8.

Dá conta da presentación desta obra de Afonso Eiré López na librería La Región de Ourense. Entrevístase ao autor que sinala a repercusión que tivo a construción da presa na vila de Belesar e indica que se perderon moitas cousas valiosas, pero que hai que “pór en valor esa nova paisaxe que xerou”.

- Fernando Franco, “Eiré, secretos de pantano”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, “Mira Vigo”, 15 outubro 2013, p. 10.

Salienta a importancia da publicación desta obra, de Afonso Eiré, editada por Hércules Ediciones, como forma de lembrar o pasado.

Foxo, Xosé Lois, *O cancionero de Oencia e contorna*, vol. I, Ourense: Xosé Lois Foxo Rivas, 2013, 448 pp. (ISMN: 979-0-69200-866-8/DL: VG-353-2013). ♦ Contén tres CDs e un DVD.

Neste libro -patrocinado pola Xunta de Galicia, Junta de Castilla y León, Deputación de Ourense, Deputación de Lugo, Diputación de León e mais Consejo Comarcal del Bierzo- recóllese parte do patrimonio lírico conservado no Bierzo de lingua e cultura galegas, e é o resultado dunha investigación etnográfica e musical centrada nos cantares populares do Bierzo occidental iniciada por Xosé Lois Foxo Rivas (Romeor do Caurel, Lugo, 1950) na década dos oitenta do século XX. Esta escolma de cantares está xebrada, segundo a súa temática, do seguinte xeito: 51 rondas, 100 cantares varios, 96 romances, 10 cantares da Milicia, 6 cantares de cregos, 3 cantares da seitura, 5 cantares de berce, 10 parrafeos —desafíos poéticos—, 4 cantares de voda, 7 cantares de pastores, 16 cantares de Reis, 15 cantares de Ramos, 20 pezas de gaita e asemade presenta contos e relatos onde sobresaen as reunións festivas denominadas no Bierzo como filandón. Entre as numerosísimas persoas que transmitiron a X. L. Foxo este patrimonio lírico e musical sobresaen as figuras da cantareira Manuela Álvarez Prieto (Arnado, O Bierzo, 1928) e mais do gaiteiro de Oencia Francisco Terrado Farelo (Oencia, O Bierzo, 1918-2009). Recóllese a transcripción lingüística e musical, con escala de Re, de todos os cantares e tamén se sinala o lugar e mais a persoa da que foi recollida. Esta recompilación de cantares conta con abondoso apoio fotográfico e péchase con numerosos agradecementos, coa “Relación de melodías”, co “Índice de audio” dos tres CDs e mais co currículo de Xosé Lois Foxo.

Referencias varias:

- María Ordóñez, “Foxo recupera del olvido el cancionero popular de Oencia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 agosto 2013, p. 42.

Comenta a saída ao prelo desta monografía. Subliña a recompilación de trescentos cincuenta cantares, as achegas de Manuela Álvarez Prieto, a fidelidade das transcripcións e os tres CDs e un DVD incluídos no volume, así como as fotografías recollidas dende 1890 e as gravacións con magnetófonos, que rematan de dar xeito ao cancionero.

- Rosa Peteiro, “El Cancionero de Oencia’ de Foxo gana repercusión”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 outubro 2013, p. 41.

Dá conta da presentación deste volume da man de Isabel Carrasco e José Manuel Baltar, presidentes das Deputacións de León e Ourense respectivamente. Tras sinalar os obxectivos do volume e o feito de incluír tres CDs e un DVD, destaca as achegas de Manuel Álvarez, así como a colaboración das aldeas próximas a Oencia na configuración do cancionero.

- C. Andaluz, “Memorias de los cantares de Valdeorras”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Ourense”, 3 outubro 2013, p. 9.

Co gallo da presentación deste volume na Diputación de León descríbese este acto, que contou coa presenza de X. L. Foxo e dos presidentes das deputacións de Ourense e León, e indícanse algunhas das características de *O cancionero de Oencia e contorna*. Indícase que nel se recollen documentos de artistas anónimos no Bierzo de lingua galega.

- J. Gómez, “La emoción de cantar con el corazón”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Ourense”, “De paseo”, 23 novembro 2013, p. 12.

Breve nota na que se dá conta da presentación deste libro en Santiago de Compostela nun acto que contou coa presenza da cantareira de Oencia Rosario García e con X. L. Foxo.

González Lamelas, José Flaminio, *Chandrexa de Queixa. Patrimonio artístico e tradición oral*, trad. Carolina A. Domínguez Castro, Ourense: Deputación de Ourense, 2012, 126 pp. (ISBN: 978-84-92554-65-2). ◆

Estudo das vinte e oito igrexas do concello de Chandrexa de Queixa e recompilación do patrimonio de tradición oral a elas vinculado, da man de José Flaminio González Lamelas (Chandrexa de Queixa, Ourense). O volume comeza cunha presentación de José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación de Ourense, e segue cun índice, que dá paso a un prólogo do autor, con data do verán de 2008 e que se centra nos propios recordos da infancia relacionados coa igrexa de Chandrexa, tanto no que respecta ao compoñente relixioso como ao social. Lembra, tamén, a Xaquín Lorenzo Fernández, *Xocas*, o seu profesor de Historia no Colexio Cardenal Cisneros de Ourense, a quen se lle dedicou o Día das Letras Galegas en 2004. A continuación aparecen as

dedicatorias: “Ao meu irmán Javier, porque faría este traballo mellor ca min” e “Á xente de Chandrexa de Queixa, con especial gratitude aos que abriron para min o tesouro das súas lembranzas”. Deseguido, González Lamelas dá inicio á introdución cos versos “...e cando eu non poida xa vir, traédeme;/ traédeme a esta casa miña da aldea/ porque quero ser nela terra negra,/ auga de fervenza ou aire de serra” e pasa a expoñer que os motivos familiares e a conciencia de que o seu municipio non fora valorado orixinaron a elaboración do presente traballo. Posteriormente, establécense unhas consideracións xerais sobre o estudo, clasifica as igrexas por dioceses (Ourense ou Astorga) e por tamaño, e enumera as campás coas que contan os templos. Tras isto, céntrase nas igrexas de maneira individual e indica, entre outros aspectos: as poboacións que as teñen como propias, as características das fachadas, advocacións, dimensións, orientación, peculiaridades e estado de conservación. En todos os casos inclúense historias e lendas de tradición oral, vencelladas coas edificacións sagradas, e faise referencia aos informantes que ofreceron os seus recordos sobre os acontecementos e contos do lugar. O texto complementase con fotografías das igrexas. Pechan o libro un poema en castelán titulado “Como antes”, un mapa do concello e un glosario.

Iglesias González, Xaime, *José Silvent Martínez, o mítico Barriga Verde*, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Biblioteca Niké, 2013, 235 pp. (ISBN: 978-84-15699-28-6). ■

Volume sobre a figura de José Silvent Martínez, o bonequeiro máis popular de Galicia durante o século XX, que lle deu vida ao monicreque de Barriga Verde. A obra, subvencionada polo Concello de Pontevedra, abre cunha dedicatoria do autor. A continuación preséntase o “Prólogo” de Jorge Rey, director de *Títeres Cachirulo*, onde se eloxia este traballo. Séguelle a sección “Unhas verbas de obriga”, na que o autor presenta a obra e dálles as grazas a todos os que a fixeron posíbel. A continuación hai unha “Introdución” que dá paso aos nove capítulos dos que se compón o estudo. O capítulo “1. O persoeiro” céntrase na figura de José Silvent, un estremeño que marchou da casa sendo un adolescente e chegou a Pontevedra co seu teatro de bonecos a comezos do século XX, logo de pasar un tempo en Portugal. En “2. A familia”, fálase da esposa, Emerenciana, e dos fillos de Silvent, así como doutros familiares e veciños de Lérez, lugar no que viviron. O capítulo “3. O Bonequeiro”, céntrase nos primeiros anos de actividade de Silvent, nos que era un artista ambulante. Ofrecense detalles sobre o espectáculo e o seu personaxe principal: Barriga Verde. En “4. O empresario” fálase do segundo período de actividade, no que o bonequeiro mercou unha barraca e se converteu en empresario. Destácase que se trataba dun espectáculo familiar e ofrécense datos sobre como eran as barracas e sobre o transporte que empregaba a familia para ir por toda Galicia. O capítulo “5. O espectáculo” céntrase na estrutura das funcións, que contiñan unha primeira parte de “variétés” seguida do teatro de bonecos. Dáse conta dalgunhas pezas representadas, das que se ofrecen os posíbeis diálogos. Tamén se comentan os métodos empregados para publicitar o espectáculo e para esquivar a censura. No capítulo “6. Os precedentes” fálase dos inicios do teatro de bonecos en Galicia e da influencia que tiveron os monicreques portugueses e a *commedia dell'arte* italiana no espectáculo de Silvent. En “7. Os circuítos de verán” dáse conta das festas e romarías ás que a familia acudía co seu espectáculo, así como da competencia. O capítulo “8. O cine” céntrase na activade durante a tempada de inverno, cando a familia ía polas aldeas e vilas cun espectáculo que ofrecía proxeccións de cine, monicreques e baile. O último capítulo, “9. A relevancia”, céntrase na popularidade que acadou o

espectáculo da familia Silvent. Dáselle unha especial importancia ao feito de que nunca deixaron de representar as obras en galego, nun momento no que estaba perseguido. A continuación inclúense o “Apéndice A: Despois de Barriga Verde”, no que se fala da situación do teatro de bonecos galego dende a retirada de José Silvent en 1964 até a actualidade e o “Apéndice B: Fotografías”, que ofrece imaxes dos monicreques, dos instrumentos e da barraca da familia. Finalmente incorpóranse as seccións “Bibliografía”, “Ilustracións” e “Notas”.

Pérez Leirós, Puri e Elena de Frutos Martínez, *Bouzas, olladas salgadas*, Vigo: Edicións do Cumio, 2013, 172 pp. (ISBN: 9788482894836).

Esta obra de Puri Pérez Leirós e Elena de Frutos Martínez é un percorrido polo patrimonio arquitectónico e antropolóxico de Bouzas, parroquia situada en Vigo. Ambas autoras inclúen unha nota de agradecementos ao inicio do libro cuxo contido toma dous camiños: o itinerario da costa e o mar de bouzas, ligado ao traballo marítimo e as conserveiras; e o do casco histórico, que explica a arquitectura dos edificios e a súa historia. Ambos percorridos constrúense con información moi detallada e exhaustiva, que inclúe a reprodución de citas de testemuñas de persoas que participaron da historia desta parroquia e que se acompaña de multitude fotografías sobre os lugares de Bouzas e os seus edificios históricos, coma igrexas, rúas ou casas, así como de un bo número de bocetos ou debuxos que explican, por exemplo, o proceder das artes da pesca nos peiraos. A segunda parte do libro é unha compilación de traballos de diversos autores e autoras coma Ubaldino Leirós, Lucía Novas ou Xurxo Pérez Pintos que inclúe ensaios, poemas, ilustracións e relatos de experiencias propias relacionados con Bouzas: os barcos, a pesca, o mar etc. O libro remata co relato de Luísa Postigo Sastre, a perspectiva que tivo deste barrio cando o visitou por primeira vez, e cun apéndice das relación de citas bibliográficas que hai ao longo do libro e da bibliografía e fotografías incluídas.

Referencias varias:

- Ana Rodríguez, “Un libro para amar e defender o legado de Bouzas”, *Faro de Vigo*, “*Vigo 4 costados*”, 3 decembro 2013, p. 4.

Trae á memoria a presentación no Liceo Marítimo de Bouzas en Vigo deste traballo, e describe o seu contido, do que destaca a achega de documentación, ilustración, poesía e fotografía sobre a vila mariñeira viguesa, particularmente dende finais do século XIX até mediados do XX. Salienta asemade as ilustracións de Antía Sánchez Alonso, o *haiku* de Waldo Leirós, o carácter reivindicativo da obra e o apoio da asociación de mulleres de Bouzas, Praia do Adro.

Pumar, Xosé, *Viaxe polo corazón de Bergantiños*, pról. Xosé Manuel Varela, Ferrol: Edicións Embora, xuño 2013, 155 pp. (ISBN: 978-84-92644-48-3).

Ensaio de Xosé Pumar Gándara (Val do Dubra, 1931) que comeza cunha pequena cita do autor e os agradecementos a Edicións Embora, ao encargado do prólogo, dos pés de foto e de moitas outras ideas presentes no libro. Tamén ao Instituto de Estudos de

Bergantiños polas fotografías, a Xosé María Arán Rodríguez polo arquivo fotográfico e a Xosé Vázquez Lamas polo traballo de mecanografado. No prólogo faise un percorrido pola historia e a cultura bergantiñá así como referencias ao autor quen coa súa obra realiza unha traxectoria pola identidade cultural desta terra. Acolle cincuenta e catro apartados dos cales cincuenta e un corresponden a parroquias da zona de Bergantiños. En cada unha das parroquias fálase de arquitectura, sociedade, persoeiros emblemáticos da zona e algo de historia acompañada por numerosas fotografías dos lugares correspondentes. Os outros catro apartados están dedicados aos panadeiros, aos camiños e pontes bergantiñáns e ás xurisdicións que había na comarca durante o Antigo Réxime. A obra está contada xeralmente en primeira persoa do plural habendo dende intertextualidades, anécdotas da parroquia até pequenos poemas de varios persoeiros.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “El sacerdote carballés Xosé Pumar presenta hoy su ‘Viaxe polo corazón de Bergantiños’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 658, 24 agosto 2013, p. 4.

Alude á presentación deste volume, salientando a presenza no evento do editor Miguel Toval e os integrantes do Instituto de Estudos Bergantiñáns, Evaristo Domínguez e Xosé Manuel Varela. Subliña, doutra banda, a presentación por parte de Antón Borrazás e Miguel Queipo da escolma e do concerto poético e musical de Versus, entre outras cousas.

Prieto Casares, Eduardo, *Folliñas que levou o tempo: contos da Ribeira Sacra*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, novembro 2012, 240 pp. (ISBN: 978-84-92554-66-9). ◆

Recompilación de contos que principia cunha loanza do traballo de Eduardo Prieto Casares (Viana de Parada de Sil, 1947) e unha explicación do sentido da obra realizadas ambas por José Manuel Baltar Blanco. Deseguido, Francisco Magide Bizarro, alcalde de Parada de Sil, expresa a ledicia que lle ocasiona a publicación desta antoloxía, que loita contra o esquecemento das tradicións. No limiar que segue, Antonio Carreño expón o argumento dos contos, as súas características e destaca a súa localización común na Ribeira Sacra. Os sesenta e dou relatos que constitúen a obra agrúpanse en nove grupos temáticos, motivados pola procedencia xeográfica dos relatos e neles distinguimos diversas temática e motivos como a morte, os traballos agrícolas (a vendima, a castañeira...), o mal de ollo, o lobishome, a crise, os roubos para sobrevivir, o enfeitado do pan, a aventura de viaxar nos primeiros autobuses, as actuacións lúdicas, a envexa, as aparicións sobrenaturais, o outono, a culpa, as desgrazas, os antigos costumes ou a relixión. Entre os protagonistas atopamos labradores, barquilleiros, ninfas, pícaros, animais parlantes, afiadores, capadores, enfermos, artesáns ou serradores, entre outros. Algunhas das historias conteñen explicacións etimolóxicas e inclúen elementos contemporáneos que contrastan cos contidos tradicionais dos relatos.

Quintía Pereira, Rafael, *Alicornio: o poder do corno de unicornio na medicina tradicional galega*, Ourense: Sociedade Antropolóxica Galega, 2013, 370 pp. (ISBN: 978-84-616-5814-5). (D. L.: OU 153-2013) ◆

Monografía de Rafael Quintía Pereira (Vigo, 1971) sobre os poderes que se lle atribúen ao corno de unicornio na medicina tradicional galega, aberta cun paratexto en forma de adicatoria. “Á miña filla Saínza e aos meus sobriños / Pablo, Laura e Raquel. / Herdeiros da maxia desta terra / milenaria que os viu nacer”. Despois dun prólogo e dunha introdución, o groso do volume divídese en tres partes: “O unicornio, un mito universal”, “O corno do unicornio ou Alicornio” e o “Alicornio na tradición galega”. Por último, salientase o apartado de “Lendas e contos”, no que se recollen as lendas de tradición oral, galegas ou non, que teñen que ver co elemento obxecto de estudo nesta obra e que son as seguintes: “A Besta Branca do Monte do Seixo”, “O cabalo negro da fraga do Eume”, “Os cornos de Regodauga”, “Os ulicornios”, “O Gatipetro”, “Os Carbuncos”, “San Genadio e o unicornio”, “O unicornio de Torres de Carrizal”, “Giomar e o unicornio”, “O Escornau”, “O Oricuerno”, “O Bosque do Rei”, “O unicornio e a serpe” e “O unicornio e o dragón”. Péchase a obra cunha miscelánea final, seguida da bibliografía e dos agradecementos.

Recensións:

- C. F., “O amuleto máis famoso de Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, n.º 695, “Anaquel dos libros”, “mpm”, 10 novembro 2013, p. 9.

Comenta a saída ao prelo desta monografía de Rafael Quintía e salienta as investigacións de carácter histórico que conforman o volume, así como a súa estrutura tripartita, na que describe a reconstrución da chegada deste amuleto a Galicia, a partir da información ao respecto obtida nas parroquias pontevedresas.

Ripalda, Xosé Lois, *A cultura do viño*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Raigame, n.º 17, 2013, 173 pp. (ISBN: 978-84-7680-705-7).

Monografía de Xosé Lois Ripalda (Erbedeiro, Carballo, 1940) sobre a cultura tradicional do viño que se inicia cunha dedicatoria do autor e que vai seguida duns versos de Ramón Cabanillas. A continuación reproducése a “Introdución”, na que Ripalda destaca a relación dos viños galegos cos ríos e cos mosteiros e dá conta da metodoloxía seguida para a realización deste traballo. Seguidamente preséntase o núcleo da obra, estruturada en vinte e dúas seccións. En primeiro lugar fálase das orixes da produción vinícola, para continuar cun percorrido polos viñedos galegos, distribuídos nas seguintes zonas: Rías Baixas, Ribeiro, Ribeira Sacra, Monterrei e Valdeorras. Sinálanse os concellos que compoñen cada unha destas zonas e ofrécese información sobre a variedade de viño cultivada en cada unha delas, así como sobre a súa historia e denominacións de orixe. Seguidamente, fálase do cultivo da viña e explícase como se realiza o traballo da vendima e o transporte das uvas, destacando que é unha actividade que une á comunidade. Coméntanse tamén cales son as condicións que debe reunir unha adega e, a continuación, recóllense varias seccións dedicadas aos diferentes recipientes empregados para a conservación do viño: cubas e toneis, botellas, xerras e cuncas, embudes, barcais e “pelexos”. Fálase de cada un destes utensilios, explicando o seu uso

e fabricación, e incorpóranse fotografías e ilustracións de cada un deles. Deseguido, dáse conta dos distintos traballos de elaboración do viño que se levan a cabo nas adegas, explicando como era o xeito tradicional de realizalos. A continuación, a obra céntrase noutros aspectos relacionados coa cultura do viño, como os oficios de arrieiro e augardenteiro e os locais de consumo desta bebida, as baiucas e as tabernas, destacando a súa función de lugar de encontro. A parte final da obra está centrada na literatura popular e nestas seccións ofrécese unha escolma de refráns, cantigas, ditos, adiviñas e contos sobre o viño. Recóllense tamén frases célebres que lle dedicaron a esta bebida algúns personaxes coñecidos e incorpórase un receitairo con pratos nos que o viño é un dos ingredientes principais. Finalmente ofrécese un comentario sobre os viños galegos na actualidade e unha “Bibliografía”.

Recensións:

- Estro Montaña, “In vino veritas”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 427, “Letras galegas”, 9 novembro 2013, p. 10.

Comenta a saída ao prelo deste volume etnográfico de Xosé Lois Ripalda e, en primeiro lugar trae á memoria seu traballo anterior, *A cultura do pan* (2008), para despois sinalar os aspectos que recolle do proceso do viño dende os seus inicios. Remata cunha referencia ás fotografías e debuxos incluídos no volume.

Taboada Montoto, Ramón, *Mámoas de Oirós: lendas possíveis*, ilust. Carlota Salgado, Santiago de Compostela: Edizer SCP, col. Os libros de rastalavras, 2013, 26 pp. (ISBN: 98-84-940366-9-9).

Recompilación de lendas que Ramón Taboada Montoto (Vila de Cruces) xuntou neste volume, resultado dun proxecto do Clube da Lingua IES Marco do Camballón e a Asociación Novo Cruceiro Rock de Vila de Cruces. Ábrese cunha cita de *Herdeiros pola forza*, de Manuel Gago e Xurxo Ayán, que precede ao prólogo do autor, intitulado “O valor do esencial”, en que, escrito empregando a norma reintegracionista –como o resto da obra–, Taboada reflexiona sobre o valor do patrimonio inmaterial galego en que se sustenta a obra. As oito lendas que contén son transcritas despois do traballo de campo realizado polo autor; principalmente falan de mouros, animais e tesouros: “Galos nas branhas do Cambalhom”, “A chaira e o sublime”, “Os poldros do vento”, “A galinha dos pitos de ouro”, “A trave de ouro e a trave de alcatrám”, “A mourindade”, “Saber escolher” e “A curva do tesouro”.

Valcarce, Antón, *O que non che contaron de Monforte*, pról. Manola Porto Arias, Monforte de Lemos: Agrasar Editores, decembro 2013, 71 pp. (ISBN: 978-84-9404-552-3).

Este volume de Antón Valcarce (Monforte de Lemos, 1952), que ofrece a recompilación de catro lendas da súa vila, ábrese cunha nota do autor na que indica que o libro foi elaborado a carón dunha mesa braseiro na tasca Troula, de Beti e Estrela. A nota inclúe a dedicatoria (“A vós Manola Callejo Toño Xulia Marta Emi Paulino Suso Quique Mario grazas e bicos por darlle voz e vida ós meus sonhos”) e pide desculpas aos veciños

por inventar a realidade. Segue un prólogo de Manola Porto Arias escrito nese mesmo concello en marzo de 2012, no que define ao seu compañeiro de profesión Antón Valcarce como un “home de múltiples inquedanzas, que fai as cousas porque lle divirten, que leva a gala o seu monfortinismo e reivindica alí onde pode, a posta en valor da riqueza do seu pobo”. Tamén destaca as súas facetas poética e musical e salienta que as lendas que compoñen a obra mesturan acontecementos verdadeiros con “engadidos populares”. O texto estrutúrase en catro partes, que corresponden con cadansúa lenda: “Os milagreiros Ovos de San Lázaro”, “Estraperlo a Vapor”, “A Pantasma de Ramberde” e “A Honra do Lobo”. Os contos presentan un narrador en terceira ou en primeira persoa, acompañanse dun debuxo ou dunha fotografía e neles rexístranse algúns dialectalismos. Recollen catro historias do lugar: o engano do párroco San Xusto aos seus fregueses; a carta e o regalo recibidos polo maquinista Raimundo en agradecemento por facer pitar a Mikado 027 e tirar café; a aparición dunha pantasma ás irmás Sara e Flora, de Ramberde; e o lobo que agardou máis dun século até que puido amosar que non era culpable do crime do que o responsabilizaron.

VV. AA., *Historias, mitos e monstros do mar de Galicia. Actas da VI Xornada de Literatura de Tradición Oral*, A Coruña: Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), decembro 2013, 149 pp. (DL: VG-1293-2005). ◆

Volume de autoría conxunta que recolle os traballos de investigación presentados na VI Xornada de Literatura de Tradición Oral en Lugo, organizadas pola Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) en colaboración coa Asociación Socio- Pedagóxica Galega (AS-PG). Tras dúas reproducións en cor dos óleos de Urbano Lugrís, *Galicia* (1953) e *Anticuário de porto* (1946), aparece un primeiro limiar de Mario Outeiro Iglesias, deputado delegado da Área de Cultura e Turismo da Deputación Provincial de Lugo. A seguir, tras a reprodución doutro óleo de Lugo, *Serea alada* (1946), aparece un segundo limiar asinado por Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, no que salienta a saída ao prelo do monográfico *Escrita contemporánea* (2013), editado pola Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG xunto a Antonio Reigosa e Isidro Novo, que recolle as actas da xornada antedita. Menciona asemade o *Ensaio histórico sobre a cultura galega* (1930), de Ramón Otero Pedrayo e as lendas de Cunqueiro relacionadas co mar en canto tema central tanto das xornadas coma do citado volume. Nun terceiro limiar, precedido pola reprodución dun óleo máis de Lugo, *Fogos de San Telmo* (1947), Isidro Novo e Antonio Reigosa, coordinadores destas xornadas, subliñan os ensaios presentados por cada un dos especialistas convidados ás xornadas, en especial os de Xosé Lois Vilar Pedreira, Hixinio X. Puentes Novo, Xurxo Souto e Rosa García-Orellán; as mesas redondas “A memoria naufragada” e “Andar o mar. As pegadas do salitre”; e o recital de poesía de Xosé Iglesias, *Transfusión oceánica*, e agradecen o patrocinio de Mauro Outeiro, así coma o labor da oficina técnica da AELG e Ollo de Vidro, ademais do apoio dos membros do Consello Directivo da AELG. A reprodución doutro óleo de Lugo, *Lenda mariña* (1946), dá paso ao programa das Xornadas, e unha nova mostra da arte lugresiana con *Fondo mariño con peixe*, ao primeiro dos ensaios presentados nelas:

- Xosé Lois Vilar Pedreira, “Aceite, madeira e boinas. Talasonimia dos naufraxios do mar dos galegos”, pp. 13-51.

Estruturado ao redor de varios eixes, dá conta de certas causas de naufraxios presentes en diversos libros coma *Iria* (2012), de Anxo Angueira; os primeiros naufraxios mencionados na historia da navegación galega; as fontes arquivísticas, xornalísticas, de tradición oral, as publicacións en papel ou en liña e os cadernos dos mariñeiros, imprescindíbeis todas elas para o estudo dos naufraxios; as consecuencias dos naufraxios, coma por exemplo as ereccións de monumentos espirituais e conmemorativos de certos afundimentos ou as publicacións e conferencias sobre os mesmos, entre as que destaca as d' *A Praia dos Afogados* (2009), de Domingo Villar; *O burato do inferno* (2010), de José Manuel e Ramón Trigo ou *Acordes náufragos* (2013), de Antón Riveiro Coello; o concepto de talasonimia e os elementos que comprende; os naufraxios que deron nome ao lugar onde acaeceron. Séguelle unha serie de anexos nos que afonda na novela antedita de Angueira, nos cadernos de marcas de José Antonio Selegante Pérez e Fernando Acevedo do Burgo, na creación de cantigas de cego e outras a resultas dos naufraxios, das que reproduce un cantar recollido por Esperanza Fernández Vernet de boca do mariñeiro Urbano Vasconcellos Otero en 1998, “La Tragedia del ‘María Juana’”, recollida por Rivas Cruz e Iglesias Dobarrío en *Cantos, coplas e romances de cego (II). Recopilación de Mini e Mero* (2000). O derradeiro anexo trata a talasonimia catalá a partir da tese de doutoramento de Maria-Teresa Montaña i Martí, *Els noms dels llocs sotaiguats de la mar sitgetana a la rapitenca* (1991).

- Hixinio Puentes, “Naufraxios literarios e reais”, pp. 53-75.

Realiza unha singradura pola historia de naufraxios tanto reais coma literarios a través de varias seccións. Comenta en primeiro lugar as posíbeis razóns ou causas dos naufraxios a partir da existencia de cruces de pedra nas ribeiras galegas, tomando como base o estudo de Estanislau Fernández de La Cigoña, *Cruces mariñas e de mala morte das costas galegas* (1990), o volume de Xosé Baña Heim, *Viaje a la Costa de la Muerte. Historia y anecdotario de sus naufragios* (1980), a novela *Costa da Morte* (1928), de José Mas, ou o poemario *Estirpe* (1994), de Méndez Ferrín, para despois dar conta da cuestión das lendas e mitos relacionados co mar. Salienta así pois, “Xandomar”, recollida na obra *Antiga dorna polbeira de Castiñeiras* (2009), de Juan Pérez Martínez, e Álvaro Cunqueiro con *Fábulas y leyendas de la mar* (1982). Comenta a seguir os autores na temática de naufraxios, entre quen subliña a Homero, Luciano de Samosata, Gonzalo de Berceo, Boccaccio, Miguel de Cervantes, Alvar Núñez Cabeza de Vaca, Shakespeare, John Byron, Xulio Verne, Melville, Jack London, Joseph Conrad, Edgar Allan Poe, Pío Baroja, José María de Pereda, Gabriel García Márquez, Gonzalo Fernández de Oviedo, Daniel Defoe, Cesáreo Fernández Duro, Josefa Estévez de García del Canto, Humberto Ballesteros Rodríguez. Na literatura galega destaca X. M. Fernández Pazo, con *Sálvora. Memoria dun naufraxio. A traxedia do Santa Isabel* (1998); Rafael Lema, con *Crónicas Corsarias* (2008); Alfonso Pexegueiro, con *Mar e naufraxio. Cies. Pontevedra* (1978) -Premio da Crítica Galicia-; Carlos G. Reigosa, con *O misterio do barco perdido* (2005); Camilo José Cela con *Madera de boj* (1999); Hixinio Puentes, con *Aguillóns de Ortegal* (2005), *A do vinte e un* (2010) e *Winnipeg* (2013); Jacobo Barros, con *Os ausentes de Casteltón* (2005); Xosé Antonio Pet Posse, con *O Náufrago* (2009); Francisco Leal Ínsua, con *Pastor Díaz, príncipe del Romanticismo* (1943); Antón Zapata García, cos poemas “Responso galego ô Serpent” (1935) e “O afogado do City Agra” (1951); Xesús Costa Lago, co seu canto “Alá, no medio do mar” (1952); Xosé de Torea, Rafael Amor, Víctor Manuel, Luar na Lubre, Leilía e José Afonso.

- Xosé Lois Vilar Pedreira, Hixinio Puentes e Antonio Reigosa (moderador), “A memoria naufragada (mesa redonda)”, pp. 77-85.

Reproduce os contidos tratados na mesa redonda e salienta as intervencións dende o público, como as de Xosé Iglesias, Xurxo Souto, entre outros, xunto ás respostas dos especialistas e o moderador. A conversa xirou en torno a cuestións coma a talasonimia galega, o cargueiro noruegués Tyra Norte, a pedra Xan Rei da Torre de Hércules, os raqueiros, o embarrancamento de Camelle, o sexismo nos mariñeiros e os viradores.

-Xurxo Souto, “O acordeón de Antuerpe. Xeografía xeral do Mar de Galiza”, pp. 87-99.

Comenta varias cuestións como a de Galicia en canto espazo mariño; a dimensión oceánica do traballo dos galegos; a xeografía do Mar de Galiza, coa rexión que vai dende mar de María Antonia até a coñecida como Cona da Vella ou Cono de Velle, e alude ás obras de Manuel Rivas, Luís Amado Carballo, con *Proel* (1927), Otero Pedrayo con *Arredor de si* (1930), Castelao, co conto “O taberneiro tamén era galego” (1926) e ao programa da Radio Galega, *Mil Ribeiras*.

-Rosa García-Orellán, “Imaxinarios da flota bacallaeira nos grandes Bancos de Terranova”, pp. 101- 126.

Dá conta da actividade da pesca industrial da frota bacallaeira nos Grandes Bancos de Terranova dende 2001 até a actualidade, a partir dos relatos orais que recolleu, entre os que destaca os de Miguel Ciriza, Andrés Lourido, Aquilino Sotelo, Juan María Benito, Luís Alzuguren, Francisco Lasa, José Loira, José Abal ou Leopoldo Abal. Así, ao longo de varias seccións, trata a cuestión das orixes das primeiras parellas que chegaron a Terranova; a construción das parellas e o auxe da produción pesqueira; a tripulación e embarque dos armadores; os *baserritarras* mariñeiros; os mozos galegos e o embarque; as condicións de habitabilidade e víveres de que dispuñan as parellas; a evolución dos barcos; a etapa de 1956 a 1960; os transbordos da pescas ao mercante; o Gran Banco e a pesca; as bancadas de xeo; os *icebergs* e os *growlers* nos Grandes Bancos de Terranova; os medios técnicos cos que contaban daquela, como as redes ou a falta de radares; a saturación do mercado en 1967; a derradeira xeración de mozos en Terranova; a trama da escritura etnográfica entre 2001 e 2003; os retos cos que se atopou durante esta investigación e, xa por último, o proceso de rexistro das entrevistas.

-Xurxo Souto, Rosa García-Orellán e Isidro Novo (moderador), “Andar o mar. As pegadas do salitre” (mesa redonda)”, pp. 127-132.

Reproduce os contidos da segunda mesa redonda destas xornadas. O faladoiro, que contou con intervencións do público asistente, tratou de cuestións coma o mundo mariño e mariñeiro en xeral; o volume de García-Orellán, *Mujer pasaitarra en el pasado siglo XX* (2011); Trintxerpe; a pesca do bacallau no século XVIII; o traballo de mariñeiro fronte ao de labrador; a gastronomía do mar e a burocracia marítima.

- Xosé Iglesias, “Transfusión Oceánica”, pp. 133- 136.

Reproduce os poemas que formaron parte deste recital poético: “Non hai silencio no Gran Sol”, “Nove metros”, “Vinte millas” e “Meu avó, lobo de mar”, centrados en temas coma o naufraxio e a soidade, o barco en canto creador de liberdade, a navegación ou a vida dun lobo de mar. Cada un dos anteriores ensaios vén precedido pola reprodución dos seguintes óleos de Luguís: *Retablo mariño* (1946), *Lenda mariña* (1944), *Mar dos argazos* (1946), *Reflexo ilusionado dun amigo* (1946), *Serpe de mar* (1946), *Templo somerxido* (1946) e *Cara a onde iría?* (1944).

Pechan o volume uns apuntamentos biobibliográficos sobre os relatores e relatoras, o poeta e os coordinadores que participaron nestas xornadas, unhas fotografías das comunicacións, unha bibliografía e un índice cos contidos das Actas.

VIII. 2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Risco, Vicente, *Vicente Risco. Un caso de lycantropía. (O home-lobo)*, Ourense: Fundación Vicente Risco, abril 2013, 47 pp. (ISBN: 978-84-939378-4-3). ◆

A presente edición do discurso de ingreso de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963) na Real Academia Galega (RAG), lido o 23 de febreiro de 1929, xa fora publicado por esta institución en 1971 e agora, o 30 de abril de 2013, a Fundación Vicente Risco reeditao co gallo do medio século do pasamento do seu autor. Este ensaio céntrase, como se di na introdución, nun tema folclórico, o da lycantropía, e particularmente no caso de Manuel Blanco Romasanta, repasando feitos e doutrinas que tocan moitas ramas do saber e, singularmente, a etnografía. Esta análise totalizadora do mito do lobishome tamén se centra no ámbito xudicial, nas derivacións científicas, nas tradicións populares, nas diversas interpretacións deste mito, na súa orixe etnográfica e histórica e mais na lycantropía, na metafísica e no ocultismo. Esta reedición complementase con dous estudos: “O xuízo a Manuel Blanco Romasanta”, de Antonio Roma Valdés, e mais “Trascendencia do discurso de Vicente Risco nos estudos sobre Manuel Blanco Romasanta (MBR)”, de Castor e Félix Castro Vicente. A primeira achega detense na repercusión xurídica do caso Romasanta, revisada polo xurista Antonio Roma, mentres que a segunda debulla diversos aspectos do discurso de Vicente Risco, chegando a afirmar que “supón un fito importante no estudo do caso de Manuel Blanco Romasanta, por canto é o primeiro estudo sistemático e científico que se fai do caso”.

Referencias varias:

- Mar Mato, “Reedición de una obra de Vicente Risco”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 outubro 2013, p. 37.

Fai referencia á presentación da reedición do discurso de ingreso na RAG de Vicente Risco, titulado *Un caso de lycantropía (O home-lobo)* (1929), a cargo de Arturo Lezcano, Alonso Montero e Martínez Risco. Describe, por último, as cuestións nel recollidas, entre as que destaca a homenaxe a Francisco Tettamancy ou o caso do asasino Manuel Blanco Romasanta.

- Mar Mato, “El Gobierno recorta el presupuesto de la RAG, que en 2014 recibirá un 20% menos”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 outubro 2014, p. 37.

Informa da presentación da reedición desta obra de Vicente Risco na Real Academia Galega, coa participación de Xesús Alonso Montero (presidente da RAG), Arturo Lezcano e Martínez Risco.

- Mar Mato, “El Gobierno recorta casi un 20% el presupuesto de la RAG para 2014”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 2 outubro 2013, p. 31.

Fálase do acto público de presentación desta reedición acontecida no salón da Real Academia Galega e que contou coa presenza de Xesús Alonso Montero (presidente da RAG), Arturo Lezcano e Martínez Risco.

VIII. 3. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Castro Soliño, Dorinda, “Centos de protagonistas”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 455, “Libros”, 25 abril 2013, p. VI.

Preséntase o volume *PNO! Na ponte* (2012), explicando que o libro-disco dvd recolle o traballo que a Asociación Sociopedagóxica PNO fixo no eido da pedagogía, lingüística e etnografía e o que supuxo esta tarefa. Coméntase que o Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués posúe abundantes exemplos espallados por todo o territorio que vén recollendo a asociación, e que avalaron a presentación da candidatura do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués á UNESCO.

Montaña, Estro, “Reafirmar o grupo”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 451, “Libros”, 28 marzo 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 406, “Letras galegas”, 20 abril 2013, p. 10.

Explica o que son as lendas orixinariamente e a importancia das mesmas baseándose en afirmacións de Manuel Murguía. Coméntase a diferenza entre as mesmas e os contos, estas máis utilitarias e vencelladas ao folclore dun país, para informar sobre a publicación de *Galicia, leyendas desde el confín del mundo* (2012), de Miguel Mosquera Paans, recompilación de lendas que completan as doutros compiladores como Bouza Brey, Otero Pedrayo ou Cuevillas.

Seoane, Lucía, “Máxicos e enigmáticos”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 453, “Libros”, 11 abril 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 407, “Letras galegas”, 27 abril 2013, p. 10.

Descríbese a obra *Mouros e mouras. Na procura de nós mesmos* (2012), un volume que se centra na antropoloxía social galega, en seres marabillosos e en paisaxes míticas. Para a súa confección, contouse coa colaboración da Sección de Literatura de Tradición Oral da AELG.

Seoane, Lucía, “Máxicos e enigmáticos”, *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 407, “Letras galegas”, 27 abril 2013, p. 10.

Acóllese unha recensión sobre as Actas das V Xornadas de Literatura de Transmisión Oral da AELG, *Os mouros e as mouras: máxicos enigmáticos da mitoloxía popular* (2012). Coméntase que son interesantes para os amantes da antropoloxía social galega e para o público curioso e noméanse os títulos das contribucións.

VIII. 4. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Ameixeiras, Diego, “O espello branco”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 525, “Letras en galego”, “1280 almas”, 6 xullo 2013, p. 9.

Loa o oficio de contador de historias de Celso F. Sanmartín, precisando o labor previo e numeroso de documentación e recolleita de historias, o que demostra que “a substancia do seu oficio non só reside nas competencias naturais que presenta o dicidor para o relato oral”. Matiza que neste oficio é preciso “atrapar a esencia da narración, romper o seu espírito e retornalo coa indumentaria máis acaída ao momento”. Precisa que “o seu enxeño, herdado da pericia popular, parrafea cun cosmos pretelevisivo do que aínda sobreviven retallos relucentes”. Remata afirmando que Celso F. Sanmartín “reitégranos a unha época onde o fogo cruzado da palabra era un pracer moi serio, sen aditivos nin inxerencias”.

VIII. 5 PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ENTREVISTAS

Montero, Tamara, “Creo que o realismo máxico inventárono os galegos”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 27 febreiro 2013, p. L2.

Acóllese unha entrevista a Soledad Felloza, directora do Festival Atlántica de Narración Oral, que celebra a súa primeira edición. Nesta entrevista comenta como xorde a iniciativa, o naturais que son os contacontos galegos, as actividades que comprende o festival e a vocación de continuidade do mesmo.

Troitiño López, M^a José, “Unha escolma de literatura popular de tradición oral no universo de Terra de Montes (I)”, *Madrigal. Revista de Estudios Gallegos*, n.º 16, 2013, pp. 121-128.

Ofrécese unha escolma de textos da literatura de tradición oral e os criterios para clasificalos. Conta con catro apartados: no primeiro, “1. Introducción” expónse o obxectivo do traballo, e explícanse as funcións da literatura popular: social, pedagóxica e simbólica; no segundo apartado, “2. Criterios metodolóxicos”, relátase o proceso de recollida dos contos, levado a cabo na aldea de Quintela (concello de Forcarei), mediante a entrevista coas persoas de máis idade, e encádranse os xogos recollidos dentro da perspectiva evolutiva, seguindo a Paco Veiga en *Xogo popular e apropiación do mundo*; o terceiro apartado “3. Arrollos” contén unha breve explicación sobre os arrollos e os textos recollidos para esta categoría; no cuarto apartado “4. Xogos iniciáticos” recompílanse os textos desta índole, con sucintas explicacións sobre os xogos nos que se utilizan; e o último apartado corresponde ás referencias bibliográficas.

VIII. 6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

Becerra, Marta, “Destripando el final”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 2 abril 2013, p. 8.

Coméntase o inicio das xornadas sobre a morte organizadas polo centro de maiores Abrite, co desexo de formular unha aproximación antropolóxica a esta realidade. Os relatorios iniciais foron as de José de Cora, Waleed Saled, Darío Xohán Cabana –que reparou na morte na tradición oral– e Francisco Xabier Docampo –que fixo o propio coa morte na literatura galega–.

Cortés, Carlos, “Alonso Montero e Amancio Prada reivindicán a canción popular”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 agosto 2013, p. 27.

Informa da participación e recolle as declaracións sobre a cultura popular de Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, e do músico Amancio Prada no Filandón de Músicas do Courel, organizado dende 1997 por Xosé Luís Foxo. Neste mesmo escenario, o propio Foxo presentaría a súa obra *Cancioneiro de Oencia*.

C. P. R., “Un libro recogerá la historia de la parroquia de Os Vilares”, *El Progreso*, “A Chaira”, 25 novembro 2013, p. 11.

Comenta a próxima saída ao prelo do volume de Pastora Veres, *Os Vilares: Lareira de Soños*. Sinala a orixe dupla deste traballo: no Día das Letras Galegas dedicado a Xosé María Díaz Castro e no encargo que o poeta Manuel María lle fixera á autora en 1993 durante a súa comisión da Romaría Labrega da Chaira. Doutra banda menciona o complemento audiovisual en formato DVD que acompaña o volume, centrado na parroquia de Guitiriz e dirixido por Cibrán Tenreiro.

E. G., “Salceda de Caselas divulgará entre la población escolar su patrimonio inmaterial”, *Faro de Vigo*, “Baixo Miño”, “Área metropolitana”, 15 xaneiro 2013, p. 14.

Infórmase de que a Consellería de Cultura pretende que os máis novos conserven o Serán e o Rancho de Reis para asegurar a súa continuidade.

F. G., “A Fonte de Merlán recuperó los Cantos de Reises en Palas de Rei”, *El Progreso*, “A Ulloa”, 8 xaneiro 2013, p. 11.

Sínálase que esta asociación cultural percorreu as aldeas da parroquia palense o día de Reis para recuperar a tradición dos Cantos de Reises.

L. A. R., “Un brindis por un ‘brindeiro’”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 4 febreiro 2014, p. 12.

Refírese a homenaxe a Xosé Veloso, máis coñecido como Xosé de Forgas, ao ser o último “brindeiro” da zona e desta maneira contribuír ao mantemento do patrimonio oral da cultura galega. Infórmase do que eran os “brindos”, cantos elaborados polos veciños da zona ao modo dos vellos romances medievais.

López, Belén, “Os nenos dos Chichisos cántanlle aos Reis polas rúas de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, 5 xaneiro 2013, p. 50.

Anuncia que cativos con idades comprendidas entre tres e trece anos interpretaron panxoliñas propias do día de Reis polo centro histórico de Pontevedra, recuperando así a tradición dos “reiseiros”.

Mauleón, A., “La radio, al alcance de los niños”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 5 xaneiro 2013, p. 42.

Informa de que a asociación Ponte... nas ondas! mostrou en Vigo o funcionamento da radio, acto no que deu a coñecer o libro-disco dvd *PNO! Na Ponte* (2012).

Rodicio Cimadevila, Guillermo, “Risco e o conto que fala de nós”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, n.º 807, 11 maio 2013, p. 3.

Lémbrese o campo ao que Vicente Risco dedicou un trato especial, que non é outro que as creacións anónimas recollidas no noso patrimonio oral; contos que enlazaban co pasado real ou mítico que interesaban especialmente ao autor.

Rodil, Ana, “Tributo aos últimos brindeiros”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 23 xaneiro 2013, p. 19.

Infórmase da homenaxe a Xosé Veloso, máis coñecido como Xosé de Forgas, ao ser o último “brindeiro” da zona, veciño da Pobra do Brollón. Sínálase o que eran os “brindos” orixinariamente, coplas de catro versos con rima que se cantaban nas vodas, e recóllense declaracións do homenaxeado.

Rodil, Ana, “Alonso Montero y Amancio Prada, téseras de O Courel”, *El Progreso*, “Ribeira Sacra”, 23 xullo 2013, p. 11.

Comenta o acto de entrega da Tésera de Hospitalidade por parte do Filandón de O Courel a Alonso Montero e Amancio Prada polo seu labor de apoio á cultura e lingua galegas. Define o concepto de tésera da hospitalidade e trae á memoria as téseras da Torre de Cabreira e a do Courel, achadas en 1959 e 1919 respectivamente. Remata cunha referencia aos galardoados en edicións anteriores, coma por exemplo Alfredo

González, Uxía Senlle ou José Gil. Nun epígrafe á parte sinala a presentación do *Cancioneiro de Oencia* a cargo de Xosé Luís Foxo.

Sánchez, Sandra, “Esperanza para as regueifas, nunha difícil situación”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, p. 36/ *Atlántico Diario*, “El arte de la ironía sobrevive en Galicia con las 'regueifas”, “Sociedad”, p.52/ “El arte de la ironía sobrevive en Galicia con las 'regueifas”, *La Región*, “Sociedad”, p.51, 20 agosto 2013.

Infórmase do que son as regueifas empregando as verbas de Carlos Alonso, o presidente da Asociación Oral de Galicia, e dáse conta de que tan só oito persoas son as que manteñen vivas esta tradición oral, catro deles mozos. Explicase o que son e coméntanse as súas particularidades, entre elas o escarnio, sen o que as regueifas non se poden entender en Galicia.

Sánchez Santiago, Sandra, “Las regueifas están en una situación complicada, pero esperanzadora”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 26/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 803, p. 33, “en Detalle”, “Cultura”, 17 novembro 2013.

Leva a cabo un recorrido pola historia da regueifa en Galicia a partir da definición de Carlos Alonso, presidente da Asociación Oral de Galicia. En tres epígrafes á parte trata a temática, o recoñecemento e as conexións deste arte con Portugal, Euskadi e América Latina. Destaca, doutra banda, a IV Edición do Premio Rosalía de Castro da Deputación de A Coruña, na que resultaron gañadores os regueifeiros de Bergantiños; a celebración de obradoiros e campionatos escolares, e a preparación dun volume en papel sobre a regueifa.

Tébar, Roma, “Los Ranchos de Reis cierran los festejos de Nadal en Salceda”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Condado”, “Louriña”, 15 xaneiro 2013, p. 16.

Dáse conta de que as agrupacións de Riofrío, Guláns e Santa Mª de Salceda escenificaron os tradicionais e singulares “Cantos de Reis” no recinto da igrexa de Santa María de Salceda.

Trillo, Jesús, “Un blog para recoger todo el patrimonio inmaterial de Muxía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 528, 19 xaneiro 2013, p. 2.

Dáse noticia da presentación do blog Proxectobuserana, que recolle todo o patrimonio inmaterial de Muxía e que está aberto ás aportacións do público.

Trillo, Jesús, “Recuperación da arte da regueifa”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 621, 18 xullo 2013, p. 2.

Coméntase a resposta dos responsábeis políticos á petición de Suso de Xornas que tivo lugar no acto de entrega do Premio Rosalía de Castro aos regueifeiros de Bergantiños, onde solicitou que se debe manter viva a tradición da regueifa.

Trillo, Jesús, “Los ‘romeiros’ vivieron ayer el sábado da Barca”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 680, 15 setembro 2013, p. 6.

Dá conta da xornada de romaría da Barca, en Muxía e menciona os comentarios dalgúns dos romeiros coma Álvaro Fiuza, Nuria Saleta ou Iván Castelo, e destaca os concertos das orquestras Atenas, Metrópolis e Tekila, xunto á celebración da misa a cargo do párroco Manuel Liñeiro, e a procesión da Virxe.

Valiña, Marta, “El arte de ‘guerrear’ en verso”, *La Voz de Galicia*, “1 hora...”, 18 xullo 2013, contracuberta.

Refírense declaracións do garda civil Suso de Xornes, quen vén de recoller o premio Rosalía de Castro aos regueifeiros de Bergantiños. Reclámase a posta en marcha de obradoiros de regueifa, entre outras cousas.

Vázquez, Dolores, “A volta dos cantos de Nadal”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 552, “Nadal en rede”, 28 decembro 2013, pp. 6-7.

Dá conta da actividade “Cantámosche os Reis”, encadrada na Rede de Dinamización Lingüística da Consellaría de Cultura, coa que se tenta recuperar e potenciar a tradición oral en lingua galega. Di que os músicos Pablo Díaz e Olga Kirk son os encargados de levar a cabo os obradoiros cos que percorren diversos lugares da xeografía galega. Salienta que os cantos de Nadal persistiron ao paso do tempo por conformar “unha das formas máis representativas e diferenciadas do noso folclore”.

Veiga, Marta, “Os reises ármanse contra a dictadura do Nadal insulso”, *El Progreso*, “*d_finde*”, 4 xaneiro 2013, pp. 2-3.

Comenta que por vez primeira en vinte anos os cantos de Reis non animarán os albores de xaneiro na cidade de Lugo. Sinala que existen colectivos coma Buxaina, de Palas, que recuperan a tradición da Ulloa

Vila, Sara, “Cantos populares para dar a nota de taberna en taberna”, *Diario de Pontevedra*, “*Festas da Peregrina*”, 10 agosto 2013, pp. 26-27.

Coméntanse os concertos que organiza a Asociación Cultural Maravallada de Pontevedra, que cada vez teñen máis éxito e que se centran nos Cantos de Taberna, cuxas letras falan da vida cotiá dos galegos.

X. L. Q., “O Courel revive cando canta”, *El Progreso*, “*deVerano*”, “Resón da montaña”, 5 agosto 2013, p. 31.

Comenta a XVI Edición de Filandón de Músicas do Courel, da que destaca a presenza de Amancio Prada e Xesús Alonso Montero, así como a presentación a cargo de Manola Porto e a música de cornamusa de Marco Foxo e Iago Alonso.

IX. REVISTAS

Neste apartado acollemos as revistas con ISSN e as edicións facsimilares, das demais só se describen os traballos relacionados coa literatura galega no apartado “Publicacións en revistas” deste *Informe*.

AILIJ (Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil)
(ISSN: 1578-6072) (D.L:VG-978-2001).

Anuario editado pola Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ), cuxa sede se atopa na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, publicado por dita universidade e dirixido até o ano 2011 por Celia Vázquez García. Asemade conta coa axuda da Dirección Xeral de Investigación, desenvolvemento e innovación da Xunta de Galicia. Trátase dunha publicación científica, dirixida a un público nacional e internacional especializado, que acepta colaboracións de investigadores procedentes de calquera institución ou país, sempre que se trate de traballos de investigación orixinais (non publicados con anterioridade) e que o contido do artigo ou da recensión estea relacionado coa investigación que se vén realizando no campo da literatura para a nenez e a mocidade con carácter nacional ou internacional. O seu primeiro número, o número 0, saíu a lume o ano 2001 e dende o ano 2003 no que se publicou o número 1 ten periodicidade anual. As editoras foron Veljka Ruzicka Kenfel, Celia Vázquez García e Lourdes Lorenzo García. O comité de redacción estivo integrado até o número 9 por Margarita Carretero (Universidade de Granada), Pedro Cerrillo (Universidade de Castilla-La Mancha), Teresa Colomer (Universidade Autónoma de Barcelona), Marisa Fernández López (Universidade de León), Cristina García de Toro (Universidade de Castellón), Esther Laso y León (Universidade de Alcalá de Henares), Manuel López Gaseni (Universidade do País Vasco), Lourdes Lorenzo García (Universidade de Vigo), Antonio Moreno Verdulla (Universidade de Cádiz), M^a José Olaziregi (Universidade do País Vasco), Isabel Pascua (Universidade das Palmas de Gran Canaria), Blanca-Ana Roig Rechou (Universidade de Santiago de Compostela), Veljka Ruzicka Kenfel (Universidade de Vigo), Victoria Sotomayor (Universidade Autónoma de Madrid), M^a del Carmen Valero Garcés (Universidade de Alcalá de Henares), Celia Vázquez García (Universidade de Vigo) e Manuel Vieites (Universidade de Vigo). Esta publicación, que se estrutura en “Artículos” e “Reseñas/Reviews”, publicou no ano 2011 o número 9, que se anovou cun cambio na presentación da revista, un novo consello de dirección, composto por Blanca-Ana Roig Rechou, Veljka Ruzicka Kenfel e Lourdes Lorenzo García e un novo consello de redacción formado por Eulalia Agrelo Costa, M^a Jesús Barsanti Vigo, Margarita Carretero González, M^a José Corvo Sánchez, Xabier Etxaniz Erle, Mar Fernández Vázquez, Carmen Ferreira Boo, Cristina García del Toro, Esther Laso y León, Ana María Margallo González, Isabel Mociño González, Sara Reis da Silva, Carina Rodrigues, Beatriz Rodríguez Rodríguez e M^a del Carmen Valero Garcés. No ano 2012 saíu do prelo o número 10, no que Isabel Mociño González cede o seu posto no consello de redacción a Manuel Vieites García. No ano 2013 viu a luz o número 11 cunha ilustración de cuberta realizada por Antonia Bonell Solsona. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 17 abril 2013, p. 42.

Apúntase os contidos e a saída do prelo do n.º 10 do *Anuario de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (AILIJ)* da Asociación Nacional de Investigación en Literatura Infantil y Juvenil (ANILIJ).

Atenea

(ISSN: 1575-9679) (DL: C-1937/99).

Revista trimestral, fundada no ano 1879 e publicada polo Ateneo Ferrolán, que conta co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia. A publicación periódica non ten unha estrutura estábel pero entre as súas seccións salientáanse pola súa frecuente aparición: “Editorial”, “Servizos”, “Falamos de..”, “Programación”, “Artigos”, “Breves”, “Muller” e “O Parnaso”, sección que acolle creacións poéticas. No ano 2012 publicáronse os números 43 e 44, que se poden consultar na rede. No ano 2013 publicouse o número 45, no que se salientan as seguintes seccións: “Editorial”, “Cousas da Biblioteca-Hemeroteca”, “Espazo ateneísta”, “Pola defensa do Ateneo ferrolán e a nosa sede”, “Artigos defensa do Ateneo”, “Artigos expresidentes do Ateneo”, “Programación”. A sección “Espazo ateneísta” acolle o texto narrativo “O ladrón de libros”, de Beatriz Guerra; os textos poéticos “Ventres insaciables”, “O gran carrusel” e “Latexos escondidos”, de Chicha Cerecedo; e “A coleccionista de cicatrices”, de Cruz Martínez; os textos narrativos “É moi aburrido estar só”, de Irene Quinteiro Blanco e “O apolíneo emocional”, de Javier Maseda Rodríguez. Tamén os textos poéticos “Os ratos da vida...”, de Jorge Miguel Gago Chao; “Unha mirada de Ferrol”, de Rocio Ledesma Cobelo; “Senteza trece” de Tito Pérez Pérez e texto narrativo “Somos lumpen”, de Mario Marcos Pardo.

Aulas Libres. Revista de Pensamento, Información e Debate do STEG

(ISSN: 2340-8618 / DL: C-2092-2013).

Revista editada polo Sindicato de Traballadores do Ensino de Galiza (STEG) que naceu en novembro de 2013, ao tirar do prelo o seu primeiro número, como plataforma impresa para a información, o debate e o pensamento sobre temas relacionados co ensino e mais co obxectivo de aglutinar vontades, suscitar reflexións e arroupar loitas xustas. A súa periodicidade é semestral e repártese de xeito gratuíto. Está dirixida pola Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG, coordinada por Emilio Xosé Ínsua López e Sonia Fernández Casal, e mais presenta a Rosa Herraiz como deseñadora e maquetadora. Ao longo de 2013 publicouse unicamente o primeiro número desta revista, cuxa confección se pechou o 24 de outubro de 2013; presenta un “Editorial” seguido de variados artigos centrados no ensino, na lingua e literatura galega con recensións, estudos literarios e creación poética. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Barbantia. Anuario de Estudos do Barbanza

(ISSN: 1889-0946) (DL: C-2792-05).

Publicación anual inaugurada no ano 2005, editada pola Asociación Cultural Barbantia e coordinada por Antón Riveiro Coello en compañía, sucesivamente, de Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, Lola Arxóns e Manuel Cartea. No número 4 do ano 2008 pasou a estar coordinada en solitario por Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. No número 5 os encargados da coordinación foron Manuel Cartea, M^a Xesús Armada, Antón Riveiro Coello e Alberto Piñeiro. Até o n.º 5 constaba dun “Limiar” de X. Ricardo Losada; varios artigos referidos á comarca do Barbanza sobre arte, xeografía, patrimonio, etnografía ou literatura; a sección “Aires de fóra”, dedicada a acoller textos traducidos de autores estranxeiros; “Cuarto acto”, que informa das actividades realizadas pola asociación e que no número 5 denominouse “O alustro dun lustro”, e “Publicacións no Barbanza”. No ano 2013 publicouse o número 9, no que figuran na coordinación Manuel Cartea e Xoán Pastor Rodríguez Santamaría. Este número estrutúrase nas seccións “Limiar”, “Aires de fóra” e “Barbantia, ano VII”. A sección “Publicacións no Barbanza” (pp. 333-388), a cargo de Román Arén e Xoán Pastor Rodríguez Santamaría, acolle un repertorio bibliográfico sobre libros, folletos, separatas, revistas, artigos e reedicións de autores do Barbanza dende o 1 de novembro de 2012 até o 30 de outubro de 2013, dividido en: “Poesía”, “Narrativa”, “Teatro”, “Ensaio”, “Literatura. Ensaos, artigos, recensións e notas”, “Historia”, “Xeografía”, “Medio ambiente”, “Biografía”, “Bibliografía”, “Etnografía e antropoloxía”, “Enasio relixioso. Teoloxía”, “Arte”, “Revistas e xornais”, “Tradución”, “Entrevistas”, “Ciencias”, “Lingua”, “Deportes”, “Viaxes”, “Cómic”, “Artigos de opinión”, “Noticias culturais” e “Varia”. Na sección “Aires de fóra” (pp. 287-329) reproducése a tradución de “Gaspar da Noite” de Louis Bertrand, realizada por Emea Cartea, xunto cos orixinais en francés e un “Prólogo” a cargo de Román Arén; tamén se recolle a tradución ao galego de “Pequeno Caderno Catalán”, realizada por Luciano Rodríguez, acompañada do orixinal en catalán. Todos os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Cátedra. Revista Eumesa de Estudios

(ISSN: 1133-9608) (DL: C-1702/93).

Revista anual editada polo Concello de Pontedeume que recolle artigos de investigación dedicados á antropoloxía, o pensamento, a arte e a historia da bisbarra do Eume. Publica, ademais, os traballos galardoados co Premio de Investigación Etnográfica Concello de Pontedeume, dende que foi creado no 1998. Botou a andar en 1994 e conta co apoio, a través de subvencións, da Fundación Caixa Galicia e a Deputación Provincial da Coruña. No seu consello de redacción figuran Alexandre Caínzos Corbeira, Carlos de Castro Álvarez, Andrés López Calvo e Sindo Vilariño Gómez. Acolle dúas seccións fixas: “Premio de Investigación Concello de Pontedeume” e “Escolma da nosa historia” (esta última dende o ano 2000). No ano 2012 publicouse o número 19 e pasou a formar parte do consello de redacción Rocío Pena Pena. No ano 2013 publicouse o número 20.

Dorna. Expresión Poética Galega

(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Publicación xeralmente de periodicidade anual que comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981, baixo a coordinación de Luís González Tosar “Che”, Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Henrique Monteagudo, Dolores Vilavedra, Xosé Manuel Salgado, Miro Villar, M^a Xesús Nogueira e, dende o ano 2001, Inmaculada López Silva, no lugar de Iris Cochón, compoñían o comité de redacción, mentres que Ramón Lourenzo ocupaba o posto de director. Dende o número 31, o comité de redacción está constituído por David Pérez González, Lorena López López, Mario Regueira e Xosé Manuel Salgado, actuando como secretario Miro Villar. Tamén se incorporou un comité asesor constituído polo reitor da USC, a Secretaría Xeral de Política Lingüística de Galicia, o decano da Facultade de Filoloxía Galega, o director do Departamento de Filoloxía Galega e o escritor Luís González Tosar. Asemade, a revista pasou a ser coeditada pola USC e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. Dende o número 32, o comité de redacción está constituído por Alba Cid, David Pérez González, Lorena López López e Mario Regueira. Estrutura os seus contidos en tres grandes apartados: “Creación”, “Voces de fóra” e “Poéticas”. En 2013 saíu do prelo o número 36, que acolle na sección de “Creación” os textos poéticos “[Poderíase titular “Bonny & Clide”]”, “o corpo todo é un ollo para recibir a luz...”, “Fuches ofrecida ao Cebreiro...” de Agustín Delicias; “o movemento”, “zona 4”, “percusión e nácara” e “o museo da ribeira sur” de Alba Cid; “A princesa de Asrir”, “Nocturno”, “O piano e a campesiña” de Alfonso Pexegueiro; “A batalla dos...”, “Gas mostaza”, “Sentinela”, “Veneno”, de Antón Blanco Casas; “Vertical e cinza” de Baldo Ramos; “Contracampo”, de Celia Parra; “Da serie *Ensaíos*” de Daniel Salgado; “Patients”, “a diagonal dos sons...”, “falsificarme...”, de Dores Tembrás; “o que tes nas mans desiste xa da épica...”, “o poema abrirá pola cerna...”, “de sermos algo de aquí en diante...”, de Elvira Riveiro Tobío; “Lévedas horas agardando a ser...”, “eu...”, “Volverá nunca...”, de Eva Veiga; “*Cantares gallegos*” de Gonzalo Hermo; “Agonía”, “Procesos escuros...”, de Gustavo Harvey; “día II”, “día cero”, “día XXI”, de Helena Salgueiro; “Frédéric”, de Ismael Ramos; “Cinco Cancións”, de Jesús Castro Yáñez; “Tres poemas”, de Luís Valle; “Santiago blues (ou chámanlle verán)”, de Marco Paone; “Cando o leite é un iglú”, “Fixéchesme lingua”, de Marison Gándara; “humildade”, de Marta Dacosta; “Era por Santa Mariña...”, “Non se me pode esquecer...”, “Agoa sóbralle o tempo...”, de Matilde Castro; “Lírico”, de Miguel Anxo Fernán Vello; “abres os ollos e ole a palla húmida...”, de Olalla Tuñas; “Coma unha serpe silandeira...”, “Estraugóusenos o lavalouza no segundo día...”, “Deulle por chover aquela tarde. Dun recuncho...”, de Óscar Antón; “Confesión”, de Xavier Queipo; “Na barriga do vento”, de Alfredo Ferreiro; “Crónica de Teguz”, de David Pobra; “No lugar de sempre”, de Juan Tallón e “Deportista de elite”, de Moncho Iglesias. Na sección “Voces de fóra” preséntase unha escolma bilingüe alemán-galego de poemas de Andreas Altmann realizada por Alba Viñas, xunto cunha breve nota biobibliográfica do autor. Os poemas que se ofrecen son: “selten genug/abondo estraño”, “das eisfell/o pelexo do xeo”, “fabrik gelände/o perímetro da fábrica”, “eine geschichte vom leben/unha historia da vida”, “für immer/para sempre”, “landgasthaus/pousada no campo”, “zurück/regreso”, “STIMMEN der hohen kiefen brechen den wind an.../AS VOCES dos altos piñeiros rachan o vento...”, “IM GROSSEN RAUM mit den angelehnten särgen.../NA GRANDE SALA cos cadaleitos contra a parede”, “am hafen/no porto”. Na sección “Poéticas” recóllese unha carta de María do Cebreiro a Anxo Angueira e a resposta deste último.

Encrucillada. Revista Galega de Pensamento Cristián

(ISSN: 1131-6519) (DL: C-80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. Actúan como vicepresidente Pedro Fernández Castelao, como secretaria Engracia Vidal Estévez e como tesoureiro Xosé Manuel Pensado. Consta das seguintes seccións fixas: “Guieiro”, “Estudos”, “Achegas”, “Crónicas”, “Recensións”, “Libros chegados á redacción” e “Ilustracións”, porén, outras, como “Rostros”, “In memoriam”, “Experiencias”, “Documentos” ou “Editorial” (que desapareceu a partir do número 132, pero reapareceu no 156), son de aparición ocasional, porque son substituídas por monográficos de congresos ou romaxes, cartas ou entrevistas. No ano 2013, apareceron os números 181 (xaneiro-febreiro), 182 (marzo-abril), 183 (maio-xuño), 184 (setembro-outubro) e 185 (novembro-décembro). Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Escrita Contemporánea

(ISSN: 1889-9579) (DL: VG-1293-2005).

Revista da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) que naceu no ano 2005 coa intención de ser instrumento de normalización cultural e literaria para que tamén os escritores e escritoras participen na construción dunha literatura nacional. A súa coordinación e estrutura é diferente en cada número, pois xeralmente ten carácter monográfico. No ano 2013 editouse o número 19 U que contén a sección “Transfusión Oceánica” na que se inclúe un recital poético de Xosé Iglesias integrado polos textos “Non hai silencio no Gran Sol”, “Nove metros”, “Vinte millas” e “Meu avó, lobo de mar”. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Ferrolanálisis. Revista de Pensamiento y Cultura

(ISSN: 1576-4540) (DL: C-1106-1990// C-1873-03).

Revista que botou a andar en setembro de 1990. Recibe o patrocinio do Concello de Ferrol, Navantia, Unión Fenosa, Xunta de Galicia, Cámara de Ferrol, Puertos de Ferrol y San Cibrao, Asociación Clúster del Naval Gallego e Deputación Provincial da Coruña. Está editada polo Clube de Prensa da cidade ferrolá. Na presentación desta iniciativa editorial afirmábase que os temas tratados se ían centrar na comarca de Ferrol e que a súa periodicidade había de ser trimestral, mais este obxectivo truncouse de seguido debido á falta de apoio financeiro. Deste xeito, o número 2 saíu en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. A partir das entregas 4 e 5, de 1993, aparecen as primeiras referencias á literatura galega. A revista pasou a ser de periodicidade anual. O seu director foi Germán Castro Tomé dende os inicios até o ano 2000, cando pasou a ocupar a Presidencia de Honra, deixando a dirección en mans de Xulia Díaz Sixto. O consello de redacción estivo composto por Luís Mera Naveiras, Xosé A. Ponte Far, Enrique Sanfíz Raposo, María Ares Sanmartín, Esperanza Piñeiro de San Miguel, Fernando Bores Gamundi e Xosé María Dobarro Paz. No ano 2006 quedou a dirección en mans de María Ares Sanmartín e o consello de redacción pasou a estar composto por

Fernando Bores Gamundi, Xosé María Dobarro Paz, Hermenegildo Franco y Suanzes, Luis Mera Naveiras, Esperanza Piñeiro de San Miguel e Xosé Antonio Ponte Far. No ano 2009 a dirección pasou a Xosé Antonio Ponte Far e María Ares Sanmartín volveu ao consello de redacción. A revista conta coas seguintes seccións: “Ferrolterra”, “Separata Especial”, “Galicia”, “Internacional”, “Creación” e “Portafolio”. No ano 2007 aumentaron con “Cartulario” e “Documentación”, e “Separata especial” pasou a denominarse “Estudio Monográfico”. No ano 2013 a revista recibiu o patrocinio do Concello de Ferrol e da Deputación da Coruña, a dirección quedou en mans de María Ares Sanmartín e no consello de redacción María Jesús Rico pasou a ocupar o lugar de Fernando Bores Gamundi. Publicouse o número 28, que contou coas seguintes seccións: “Pensamento e política”, “Comunicación”, “Historia”, “Literatura”, “Curso Gurméndez”, “Ferrolterra-Perfiles”, “Defensa e seguridade”, “Ciencia e tecnoloxía” e “Currícula”. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- Julia Mª Dopico Vale, “Música en Ferrol Análisis”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 17 marzo 2013, p. 13.

Dáse conta da publicación do número 27 da revista *Ferrol Análisis*, prestando atención aos traballos relativos á música. Así, coméntanse os seguintes artigos: “Referencias a Ferrol nas gravacións da música galega”, asinado por Xaime Estévez Villa, quen analiza as gravacións onde aparece o topónimo “Ferrol”; a exposición de Xoán Rubia onde expón a súa experiencia no mundo da canción dende o seu encontro con “Voces Ceibes” e Celso Emilio Ferreiro; “Las Orquestas Sinfónicas e os centros de excelencia musical en Galicia”, asinado por Maximino Zumalave, Oriol Roch e Juan Durán; “Reflexiones y percepciones en torno a la creación musical de “De Profundis”, un traballo de Nani García e, finalmente, “La música del Concordato. La joya española que perdió el Vaticano”.

Festa da Palabra Silenciada. Publicación Galega Feminista (ISSN:1139-4854) (DL:VG-241-1983).

Revista feminista de pensamento e creación editada por FIGA (Feministas Independentes Galegas), subvencionada pola Concellería de Igualdade e Xuventude do Concello de Vigo, que empezou a súa andaina en 1983. Dirixida por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión, contou até o número 23 (2007) cun consello de redacción integrado por Mónica Bar Cendón e Marga R. Marcuño, ademais da directora. A revista ten unha nómina de colaboradores habituais entre os que se contan Xesús Alonso Montero, María Xesús Nogueira, Camiño Noia, Teresa Seara, Miro Villar, Euloxio R. Ruibal ou María do Carme Kruckenberg. A historia da publicación coñeceu tres etapas. Dende 1983 até 1995 a súa periodicidade foi variábel. De 1995 a 1999 tirou un volume anual até chegar ao número 15. No ano 2000 non se publicou ningún exemplar. No ano 2001 (número 16) a revista reapareceu e seguiu editando anualmente até a actualidade. Nesta terceira etapa, os apartados habituais “Monográfico”, “Temas Varios”, “Crítica” e “Creación” foron substituídos por dúas únicas seccións, “Monográfico” e “Actualidade”. No ano 2013 saíu do prelo o número

29, no que se conmemoraron os trinta anos desta publicación.

Referencias varias:

- Xesús Alonso Montero, “Clara Zetkin no feminismo galego”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 512, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 6 abril 2013, p. 11.

Infórmase da publicación do número vinte e oito da revista *Festa da palabra silenciada* onde se lle dedica un monográfico á pensadora e activista alemá Clara Zetkin. Indícase que a esta figura achéganse seis escritoras galegas: Blanca Fernández González, Marta Estévez Grossi, Noelia Sumbas Díaz, María Xosé Porteiro, María Reimóndez e María Xosé Queizán. Posteriormente sinálase que a sección *Actualidade* está dedicada a temas fundamentalmente literarios, algún dedicado a Rosalía como o traballo de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda no que se dá noticia da tradución castelá de *Follas novas* por parte de Micaela Mutuberría. Coméntase que esta sección complétana reseñas de libros e do documental *Mulleres na guerrilla antifranquista galega*, ademais do artigo “Feminismo ou barbarie” da directora da publicación.

Galegos

(ISSN: 1889-2590) (DL: VG 549-2008).

Publicación trimestral de gran formato aparecida no ano 2008. Está dirixida por Alejandro Diéguez e conta cun amplo número de colaboradores. O seu contido divídese nas seguintes seccións: “Entrevistas”, “Crónicas”, “Noticias”, “Artigos”, “Humor”, un “Caderno” monográfico dedicado a diferentes intelectuais do eido da pintura, literatura, arquitectura etc. e “Encarte”, onde se acollen obras ou fragmentos de textos de creación, sobre todo de ensaio. A partir do número 4 (IV trimestre 2008) contou con ISSN. No ano 2013 publicáronse os números 18 e 19. Os artigos referidos á literatura e cultura galegas aparecen descritos nas seccións correspondentes deste *Informe*.

Grial. Revista Galega de Cultura

(ISSN: 0213-3806) (DL: C-94-1982).

Apareceu por primeira vez en 1951, pero foi silenciada máis de dez anos. Reapareceu en 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego, e dende entón non se deixou de publicar. Na primeira etapa publicáronse cen números subtitulados *Revista Galega de Cultura*. A partir do número cen, asumiu a súa dirección Carlos Casares e pasou a denominarse simplemente *Grial*. Nesta segunda etapa continuou a periodicidade trimestral. No ano 2003, co número 157, iniciouse a terceira etapa desta revista que recuperou o subtítulo da primeira etapa, *Revista Galega de Cultura*, dirixida agora por Víctor F. Freixanes e codirixida por Henrique Monteagudo, debido á morte prematura de Carlos Casares. Esta nova etapa conlevou un cambio que afectou ao deseño en xeral, dende o formato á inclusión da cor nas súas páxinas interiores, pero tamén aos contidos, que se repartiron en seccións como “Carta do editor”, “O rego da cultura”, “Entrevista” ou “Conversa con”, “Documentos”, “Creación”, “Crónica”, “O espello das letras”, “Cine, teatro e artes escénicas”, “Ciencia e tecnoloxía” ou “Comunicación e novas tecnoloxías”, “Arquitectura e artes plásticas”.

Ademais de acoller artigos relacionados coas disciplinas humanísticas, a revista deu cabida a achegas procedentes do mundo das artes, das novas tecnoloxías, da creación plástica e dos xéneros xornalísticos. Cómpre sinalar, así mesmo, que cada número acolle un tema monográfico concreto, que se especifica xa dende a portada. No ano 2013 saíron á rúa os números: 197 (xaneiro, febreiro, marzo), 198 (abril, maio, xuño), 199 (xullo, agosto, setembro) e 200 (outubro, novembro, decembro). O número 197, intitulado “50 anos coa Fundación Penzol”, recolle na sección “Creación” unha selección de poemas intitulada de Eduardo Estévez e fotografías de Ignacio Castro “Nachok” intitulada “cartografías da casa” (pp. 87-89) e un texto narrativo de Adolfo Caamaño intitulado “Ten ollos o mar” (pp. 91-93). No número 198, intitulado “Cinco ensaios arredor da crise”, reproducense na sección de “Creación” unha selección de poemas de Ismael Ramos intitulada “Interferencias” (pp. 78-81) e un texto narrativo de Samuel Solleiro intitulado “Despois” (pp. 83-85). O número 199, intitulado “Como mellorar a capacidade forestal en Galicia”, acolle na sección de “Creación” un texto poético de Alfonso Pexegueiro intitulado “Días lentos” (pp. 69-73) e un texto narrativo de Antonio Piñeiro intitulado “Free Fallin” (pp. 75-77). O número 200, intitulado “50 anos de Grial”, acolle na sección de “Creación” un ensaio intitulado “Gabanza dos escritores” de Domingo García-Sabell (pp. 81-83) e o texto poético “Rosalía” de Xohana Torres (p. 85). Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Nova entrega de *Grial*”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 455, “Libros”, 25 abril 2013, p. VI.

Refírese ao número de *Grial* correspondente ao derradeiro trimestre do 2012. Infórmase de que Dolores Vilavedra foi a encargada de coordinar “Carlos Casares nun país de palabras”, onde a través de diferentes estudos clarifícase a traxectoria do escritor ourensán. Ademais, sinálase que a coordinadora desta sección achega un documento con correspondencia entre Xoán González Millán e Casares. No tocante á análise de temas da actualidade, dise que Antón Baamonde fai unha crítica da crise actual a partir da comparación de Galicia con Euskadi e Cataluña, subliñando que non ten voz propia e sinalando que a única saída é que os poderes galegos afronten a nova problemática para evitar un maior empobrecemento da idiosincrasia, economía e lingua galegas.

Posteriormente sinálase que a sección de “Historia e memoria” se dedica a Diego Fontán e á vitalidade e independencia das mulleres na Idade Media. Finalmente, dise que en “Creación” aparecen versos de Luís L. Alonso e unha composición narrativa de Manuel Pereira Valcárcel.

- Ramón Nicolás, “Rosalía: libros e música”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 534, “Letras en galego”, 7 setembro de 2013, p. 4.

Faise un percorrido pola bibliografía e algúns traballos musicais que permiten recordar a Rosalía. Infórmase da nova entrega da revista *Grial*, que baixo o subtítulo *Novas olladas sobre Rosalía de Castro*, acolle propostas ensaísticas novidasas que tentan “salientar aspectos particulares da estética rosaliana suscitados polas lecturas de mocidade da autora.

Referencias varias:

- X. M. R., “Galaxia pecha o Ano Casares coa homenaxe da revista ‘Grial’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 18 xaneiro 2013, p. 33.

Indícase que a editorial Galaxia levou a cabo diversas actividades en 2012 para homenaxear e reivindicar a figura de Casares no décimo aniversario do seu falecemento e estas actividades remataron co homenaxe en *Grial* (n.º196). Sinálase que a súa presentación tivo lugar o día anterior no Liceo de Ourense nun acto no que estiveron presentes Víctor Freixanes, responsábel da editorial e da publicación; Henrique Monteagudo, codirector da revista; Dolores Vilavedra, coordinadora do curso sobre Casares na UIMP e dos contidos deste número da revista e Xavier Casares, irmán do homenaxeado e membro da Fundación Carlos Casares. Dise que nel, Monteagudo lembrou a etapa na que Casares se fixera cargo da revista e que Freixanes sinalou que Galaxia, ademais de promover a edición dixital de once títulos do autor homenaxeado, mantivo aberto e en renovación constante o blog Casares.

- C. F., “A versión galega de ‘O Principiño’ chega á súa vixésima edición”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 25 xaneiro 2013, p. 33.

Dáse noticia de que, case ao mesmo tempo que a revista *Grial* presentaba en Compostela o seu número dedicado á figura de Carlos Casares, publicábase a vixésima edición da versión galega de *O Principiño*, da que este autor foi tradutor e que foi publicada por primeira vez en 1972. Sinálase que dende Galaxia, editorial que o publica, subliñan o seu papel normalizador e que responde ao obxectivo de incorporar ao galego os títulos máis importantes da literatura universal.

- E. P., “Galaxia presenta mañá en Vigo o número de ‘Grial’ dedicado ao 50 aniversario da Fundación Penzol”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/Esquelas”, 25 abril 2013, p. 40.

Indícase que a editorial Galaxia presentará en Vigo o número 197 da revista *Grial*, que se dedica ao 50 aniversario da Fundación Penzol. Refírese que neste número María Dolores Cabrera publica un traballo sobre a súa constitución e a da súa biblioteca e que o director da Fundación reflexiona sobre o seu presente en “Presente e porvir da Fundación Penzol”; Concha Varela fala sobre o valor patrimonial dos seus fondos e José Afonso Furtado escribe “O mito da biblioteca universal”. Infórmase de que tamén se recollen, entre outros traballos, unha conversa de Monteagudo e Villares con Fernando Bouza e unha sección de documentos nos que Monteagudo ofrece unha mostra dos fondos documentais da fundación.

Lycensia. Miscelánea de Cultura e Investigación
(ISSN: 01130-6831) (DL: LU 885-1990).

Publicación semestral editada dende 1990 pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Actualmente forman o consello de redacción, ademais do director citado, Manuel Castro Gay, Nicandro Ares Vázquez, M^a Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez, Daniel García García, David Gil Mato, David Varela Vázquez e Argimiro López Rivas, que actúa de secretario. A revista consta de catro seccións intituladas “Estudios”, “Comentarios”, “Texto” e

“Libros”, onde se recollen traballos dedicados a diversas materias como historia, toponimia ou antropoloxía, en xeral relacionados coa historia de Lugo. En “Libros” ofrécense comentarios centrados nas novidades editoriais. No ano 2013 saíron os números 46 e 47. Os artigos relacionados coa literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Luzes

(DL: C 2260-2013).

Publicación mensual editada dende decembro do 2013, dirixida por Manuel Rivas e Xosé Manuel Pereiro e coordinada por Iago Martínez, que xorde como resposta contra a crise dos medios de comunicación. Conta cun suplemento cultural no interior, “República”, e coas seguintes seccións variábeis “Manifesto”, “Cartafol”, “Episodios galegos”, “Aquí un amigo”, “Entrevista”, “Ás ceibas”, “Reportaxe”, “Diario dun repunante”, “Debates intrépidos”, “Seres míticos”, “7 Estralos”, “En portada”, “Profundidade de campo”, “Perfil”, “Mundo papel: Teima”, “Creación”, “Retrovisor”, “Así somos”, “Caixa postal” e “A franquear en destino”. A sección “Creación” acolle o texto de Agustín Fernández Paz “A viaxe de Gagarin”. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Referencias varias:

- María Varela, “O xornalismo caeu debaixo da terra”, *Diario de Pontevedra*, “Revista!”, n.º 698, “Mil primaveras máis”, “Entrevista”, 1 decembro 2013, pp. 6-7.

Entrevista a Manuel Rivas por mor da presentación da revista *Luzes*, na que se fala das características da publicación, sinalando que se trata dunha reacción fronte á crise que sofre o xornalismo actual e que se move no librepensamento, tendo un espírito crítico. Faise tamén referencia ao seu compromiso co medioambiente nomeando casos como o do Prestige ou o monte Pindo. A continuación fálase da literatura infantil e xuvenil tomando como exemplo o seu conto “O raposo e a mestra”. Para rematar refírese ao libro *Vicente Ferrer, rumbo a las estrellas con dificultades* no que se achega á figura de Vicente Ferrer e a algunhas persoas coas que este traballou.

- Marta Veiga, “A revista Luzes achega o xornalismo ‘slow’ fronte á ‘sobredose da rede’”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 19 decembro 2013, p. 57.

Infórmase da presentación en Lugo da revista *Luzes* por parte de Iago Martínez, Xosé Manuel Pereiro e María Yáñez, algúns dos seus promotores. Sínálase que Yáñez cre que é necesario un produto en papel e de calidade como contrapunto á velocidade imposta por internet. Por último dise que buscan unha retroalimentación a través das redes sociais.

Madrygal. Revista de Estudios Gallegos

(ISSN:1138-9664) (ISSN electrónico: 1988-3258) (DL: M 15892-1987).

Publicación realizada no Centro de Estudios Gallegos da Facultade de Filoloxía da

Universidade Complutense de Madrid, subvencionada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, que comezou a súa andaina en 1998 cunha periodicidade anual. Actualmente o seu equipo directivo está formado polo finado Alonso Zamora Vicente como director honorífico, Carmen Mejía Ruiz (anteriormente subdirectora) como directora, e Asunción Canal Covelo e Javier Rivero Grandoso como secretarios, ademais dun amplo consello de redacción conformado por persoas relacionadas coa propia Universidade Complutense e de diversas procedencias: Ana Acuña Trabazo, Alejandro Alonso, Diana Bianchi, Denis Canellas de Castro Duarte, Xavier Frías Conde, Miguel Louzao, M^a Victoria Navas Sánchez-Élez, M^a Carmen Parafita, Roberto Pascual, Olivia Rodríguez, Claudio Rodríguez Fer e Rosario Suárez Albán. Contén as seccións “Artigos”, “Varia”, “Crónica”, “Creación”, “Tradución”, “Entrevista” e “Recensións”. No ano 2013 aparece como secretario Ricardo Pichel Gotérrez no lugar de Asunción Canal Covelo que se incorpora ao consello de redacción no lugar de M^a Carmen Parafita. No ano 2013 saíu do prelo o número 16 que na sección de “Creación” acolle en “Lírica” os textos poéticos “Poema do corpo” e “Poema da noite” de María do Cebreiro; “Poemas” de José Cereijo; “Haikus”, de Monstserrat Doucet, traducidos por Pura Salceda; “O elo de Mac Cumail”, de Rho Dourado; “Ladaíñas”, de Alejandro Guillén; “O zoolóxico errante”, de Yolanda López López; “Retratos”, de Manuel Pereira Valcárcel; e “As calexas do que sobe e baixa”, de Reyes Xourdón; en “Narrativa” os textos narrativos “Corenta e cinco minutos de vida”, de Patricia García Rodríguez; “Contradición” de Marta González Suárez; “O bico” de M^a Ángeles Martínez García; “Cartas a un estraño” de Alba Quintáns; “A gran novela” de Samuel Solleiro; e en “Teatro” un fragmento da peza dramática “Criaturas”, de Roberto Vidal Bolaño. Na sección de “Tradución” recolle en gaélico escocés e en galego os poemas populares “Dh'aidh céo stúc m aodann Chuilinn... /A néboa dos montes cobre o rostro do Cuillin...” e “Gura mise tha fo éisleann... /Que triste me encontro...” e a canción composta por Iain Mac Neaill de Tiree “Hi horò 's na horò eile.../ *Hi horo 's na horo eile...*”, traducidos por Paulo Martínez Lema; e en ruso e galego a composición “Alento lixeiro”, de Iván Bunin, traducida por Daria Sinitsyna. Os artigos relacionados coa literatura galega son descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Malasartes. Cadernos de Literatura para a Infância e a Juventude
(ISSN: 0874-7296) (DL: 144641/99).

Revista de investigación en literatura infantil coa que se pretende, segundo o seu “Editorial”, “levar aos mediadores da lectura (educadores, profesores e pais, bibliotecarios e investigadores, entre outros) estudos críticos abalizados sobre literatura para a infancia e juventude”. Dende o número 15 (II serie. Decembro 2007) a revista, de periodicidade semestral, foi publicada por Porto Editora, baixo a dirección de José António Gómez, a subdirección de Blanca-Ana Roig Rechou, a dirección artística de António Modesto e a coordinación xeral de María Elisa Sousa. Amparada por un comité científico formado por investigadores e investigadoras de Galicia e Portugal, conta cunha comisión de redacción/colaboración permanente composta por Ana Vasconcelos, Ana Isabel Pinto, Ana Luísa Ferreri, Eulalia Agrelo Costas, Isabel Mociño González, Leonor Riscado, Maria do Sameiro Pedro, Marta Neira Rodríguez, Miguel Ramalheite Gomes e Sara Reis da Silva. Contou coa subvención de Caixanova até o ano 2011. Consta das seguintes seccións fixas: “Actual”, “Estudos”, “Referências”, “Perfil”, “Práticas”, “Reler”, “Recensões e notas críticas”, “Estudos e revistas-recensões e notas

críticas” e “Normas editoriais”. Dende o ano 2012 inclusive non se publicaron máis números.

Revista de Neda. Anuario Cultural do Concello de Neda
(ISSN: 1139-1154) (DL: C-837/98).

Revista de periodicidade anual, editada polo Concello de Neda e dirixida por Manuel Pérez Grueiro, que pretende dar a coñecer a historia, a etnografía e a cultura deste concello. Conta cun grupo numeroso e heteroxéneo de colaboradores, denominado Colectivo Libunca, ademais doutras firmas individuais entre as que se atopan Manuel Pérez Grueiro, Xosé Neira Vilas, Vicente Araguas ou Fernando Dopico Blanco, entre outros. Consta das seguintes seccións: “Homenaxes e lembranzas”, “Ciencia e técnica” e “Humanidades”. No ano 2012 publicouse o número 14, relativo ao ano 2011. No ano 2013 publicouse o número 15, relativo ao ano 2012 que consta das seguintes seccións: “Homenaxes e lembranzas” e “Humanidades” (e non aparecen as colaboracións nin de Xosé Neira Vilas nin de Dopico Blanco).

Revista Galega de Educación
(ISSN: 1132-8932) (DL: C-22/1986).

Revista de periodicidade irregular, de carácter educativo e interdisciplinar, que comezou a súa andaina no ano 1986 e que interrompeu a súa edición no ano 2002. É unha publicación da Nova Escola Galega, dirixida por Manuel Bragado Rodríguez, na súa primeira xeira, e editada por Edicións Xerais de Galicia. Na segunda xeira, que comezou no ano 2006, está dirixida por Suso Rodríguez e conta cun consello de redacción composto por Antón Costa Rico, Carmen Díaz Simón, Manuel González Seoane, Xulio Pérez Pérez, Ana M^a Pose Blanco, Xosé Ramos Rodríguez, Miguel Vázquez Freire, Francisco Veiga García e M^a Helena Zapico Barbeito. Cunha periodicidade de tres números anuais publícase coa intención de constituír un material de axuda para os profesionais da educación e ser expoñente das súas necesidades e problemas, ademais de promover a actividade docente. Nela participan profesores das tres universidades galegas de Ciencias da Educación, xunto cun amplo grupo de profesionais do ensino. A revista conta con numerosas seccións, entre as que salientan: “O tema”, parte monográfica que trata unha temática diferente en cada número, “Entrevista”, “Novas tecnoloxías”, “A escola rural”, “Experiencias”, “Recursos do contorno”, “Pais e nais”, “Xoguetainas e brinquetainas”, “Estudos e informes”, “Panoraula” e “Recensións” ou “Reseñas”. No ano 2012 publicáronse os números 52, 53 e 54.

Revista Galega de Filoloxía
(ISSN: 1576-2661) (DL: C-584-2000).

Publicación de periodicidade anual que iniciou a súa andaina no ano 2000. O seu director é Xosé Ramón Freixeiro Mato, o subdirector Manuel Ferreiro e o secretario Xosé Manuel Sánchez Rei. O consello de redacción está formado por Manuel Fernández Ferreiro, María Pilar García Negro, Xoán Carlos Lagares, María Aldina Marques, Elisardo López Varela, Xoán López Viñas, Anxo M. Lorenzo Suárez, Goretti

Sanmartín Rei, Xavier Varela Barreiro e Roger Wright. Como membros do comité científico aparecen Evanildo Bechara, Ataliba T. de Castilho, José Luiz Fiorin, Rafael Lluís Ninyoles, Andrés Pociña, Álvaro Porto Dapena, José Luís Rodríguez, Sebastià Serrano, Telmo Verdelho e Mário Augusto do Quinteiro Vilela. No ano 2008 Elisardo López Varela xa non figuraba no consello de redacción ao igual que Roger Wright, que pasou a formar parte do comité científico. No ao 2012, pasaron a formar parte do consello de redacción Iolanda Galanes, Pär Larson e Ana Maria Martins e do comité científico Manuel Ferreiro e Juan Carlos Moreno Cabrera. No ano 2013, aparece como subdirector Xosé Manuel Sánchez Rei e como secretario Xoán López Viñas. O consello de redacción está formado por Carlos Caetano, Biscainho Fernandes, Manuel Fernández Ferreiro, Xosé Ramón Freixeiro Mato, Iolanda Galanes Santos, Xoán Carlos Lagares Díez, Pär Larson, Xoán López Viñas, Estefanía Mosquera Castro, Goretti Sanmartín Rei, María Olinda Rodrigues Santana, Xosé Manuel Sánchez Rei e Xavier Varela Barreiro. Pasaron a formar parte do comité científico María Pilar García Negro, María Aldina Marques e Ana María Martins. A revista divídese nos apartados “Artigos” e “Recensións”. No apartado final aparecen as normas para a presentación de traballos e apúntase que se consagra “á publicación de traballos de investigación que desenvolveren algún aspecto lingüístico ou filolóxico do ámbito galego-portugués, como tamén á promoción e coñecemento da lingua no seo da sociedade. Do mesmo xeito, recensións de obras que trataren algún tema relacionado coa lingüística en xeral, ou coa galega e portuguesa en particular, serán obxecto de consideración para seren publicadas”. No ano 2008 publicouse o número 9, que contiña unha nova sección intitulada “Notas”. No ano 2012 saíu do prelo o número 13, que contou tamén cunha sección de “Contidos dos números anteriores da Revista Galega de Filoloxía”. No ano 2013 saíu do prelo o número 14.

Revista Galega de Teatro

(ISSN: 113-956 X/1888-2412) (DL: Vg-21-1994).

Revista de información teatral fundada en 1985 e editada pola Asociación Cultural “Entre Bambalinas”, que recibiu a Medalla ADE no ano 2006. É membro fundador da Rede de Publicacións do Instituto Internacional do Teatro do Mediterráneo e recibe o apoio da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia e de AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais). A súa periodicidade, inicialmente semestral, na actualidade é trimestral. No número 22 iniciou unha segunda época, dirixida por Antón Lamapereira, cun consello de redacción formado por Iria Méndez, Xosé M. Pazos, Pedro P. Riobó, Manuel F. Vieites e Lourdes Vega e actuando como secretarios Che Mariño; dende o número 28 M^a José Vilas Rodas, relevada por Vanesa M. Sotelo a partir do número 55. Dende o número 54 aprecíase un cambio de ISSN que se consigna na entrada e constan como membros do consello de redacción Afonso Becerra de Becerreá, Casilda García, Antón Lamapereira, Inma López Silva, María Lourdes Vega Alonso, Manuel F. Vieites, Pedro P. Riobó, Ricardo Solveira, Vanesa Sotelo, Xosé M. Pazos, Roberto Pascual, Gonzalo Rodríguez e, a partir do número 57, tamén Che Mariño. Ademais de reportaxes de actualidade sobre actividades teatrais, presentaba as seguintes seccións: “Editorial”, “Opinións desde a butaca”, “IGAEM”, “Libros”, “Revistas”, “Axenda”, “En cartel” e “Ficheiro”. No número 54 aprecíase un cambio nas seccións, que pasaron a ser: “Cómico”, “Editorial”, “Espazos”, “Festivais”, “Críticas”, “Libros”, “Revistas”, “Ficheiro”, “Axenda”, “Temas”, “En danza”, “Documentos” e “Espectáculos”, sen unha estrutura estábel e variando a súa aparición.

Todos os números inclúen un caderno numerado, co título de “Textos teatrais”, no que a revista dá a coñecer distintas pezas teatrais, con frecuencia traducións ao galego. No ano 2013 apareceron os números 74, 75, 76 e 77. O número 74 ofrece na sección “Textos teatrais” a peza “Caixa negra”, de Fernando Epelde. O número 75 acolle nesta mesma sección un texto de Raúl Dans, “Unha corrente salvaxe”. No número 76 inclúense as micropezas “A última festa”, de Marcos Abalde; “Casta Blue”, de María Armesto; “Shifters”, de Afonso Becerra de Becerreá; “Resposta para R. C.”, de Ana Carreira; “Pon a man aquí”, de Santiago Cortegoso; “Camila de a conciencia”, de Antón Coucheiro; “Sol de inverno”, de Daniel Currás; “Irene (Unha peza teatral para un actor e un programa de intelixencia artificial público)”, de Fernando Epelde; “S/T micro teatro”, de Eva F. Ferreira; “Screenplay”, de Clara Gayo; “Un nó non nu”, de Joan Giralt; “Apocalypse”, de Fran Godón; “A importancia do acento”, de Manuel Lourenzo; “Luxuria”, de Jacobo Paz; “I.N.R.I. (INiciativa polos Recortes no Idioma)”, de Xosé Manuel Pazos Varela; “15 segundos para o orgasmo”, de Olivia Pena e Carlos Mendes; “Adán apple”, de Xavier Picallo; “Tania” e “2009”, de Xesús Pisón; “Monólogo da aprendiz”, de Pedro P. Riobó; e “Delicada”, de Vanesa Sotelo.

Recensións:

- MV García, “Trinta anos con nós”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 478, “Teatro”, 21 novembro 2013, p. VIII.

Faise un percorrido pola historia da *Revista Galega de Teatro*, que naceu no ano 1983 en Vigo como *Boletín de Información Teatral* da Escola Dramática Galega cando Antón Lamapereira quixo crear en Vigo unha sección da EDG. No seu quinto número a publicación cambiou de nome, pasando a ser coñecida como *Información Teatral* e no número once pasa ter o nome actual. Destácanse dous aspectos no traballo desta publicación: o feito de ter ofrecido unha completa panorámica do teatro galego, mantendo unha atención especial a danza, dende unha perspectiva plural e aberta ás renovacións; e o labor de promoción na creación teatral, prestando especial atención a novos autores. Todos os textos publicados están en lingua galega: ben sexa porque están orixinalmente escritos na nosa lingua, ben sexa porque son traducións. Sinálase tamén que é nesta revista onde se publicaron algunhas das iniciativas para mudar a estrutura escénica de Galicia, dando conta das posibilidades e potencialidades das compañías e teatros residentes. Ademais, a RGT sempre soubo combinar a promoción dos creadores galegos coa información sobre outros sistemas teatrais. Para rematar sinálase que a RGT é un símbolo da capacidade de resistencia do sector dramático e que cada número é unha confirmación da súa existencia.

Referencias varias:

- Armando Requeixo, , “A escrita salvaxe de Raúl Dans”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 25/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesía*”, n.º 798, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 798, p. 33, “*Letras Atlánticas*”, 13 outubro 2013.

Comenta a saída do prelo no número 75 da *Revista Galega de Teatro* da peza trágica *Unha corrente salvaxe* (2013), de Raúl Dans, merecente do XXXVII Premi Born de Teatre. Salienta a metateatralidade da escrita, a tensión diexética e modulación verbal, a

evolución dos personaxes ao longo da trama, e conclúe cunha recomendación da súa lectura.

- M. Sande, “Coa aparente sinxeleza e á vez complexidade dunha arañeira”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 537, “Letras en galego”, 5 outubro 2013, p. 9.

Alude á peza de Raúl Dans, *Unha corrente salvaxe* (2013), tirada do prelo na *Revista Galega de Teatro* e merecente do Premio Born de Teatro. Salienta o esmero da linguaxe empregada, o factor sorpresa dentro da trama e a dosificación dos datos ao longo da acción.

Suroeste. Revista de Literaturas Ibéricas
(ISBN: 978-84-9852-287-7).

Revista estremeña de periodicidade anual dirixida por Antonio Sáez Delgado. Naceu como punto de encontro entre as diferentes literaturas peninsulares, con especial atención ao diálogo entre Portugal e España. Outorga un papel fundamental á creación literaria. O consello de redacción está formado por Antonio Franco Domínguez, Luis Manuel Gaspar, Gabriel Magalhães e Javier Rodríguez Marcos e o consello asesor por Miguel Á. Lama, Álvaro Valverde, Eloísa Álvarez, Fernando Pinto do Amaral, Juan Manuel Bonet, Perfecto Cuadrado, António Cândido Franco, Martín López-Vega, João de Melo y Eduardo Pitta. Parte da publicación *Espacio/Espaço Escrito*, editada polo Departamento de Publicacións da Deputación Provincial de Badaxoz e a Editora Rexional de Extremadura, organismos encargados así mesmo desta nova publicación que saíu do prelo por vez primeira en xaneiro de 2011. Está estruturada en catro seccións fixas: “Poesía”, “Narrativa”, “Ensayo” e “Escaparate de libros”. No ano 2013 publicouse o terceiro número, editado por a Editoria Regional de Extremadura, a Consejería de Educación y Cultura e pola Fundación Godofredo Ortega Muñoz e está estruturada nas sección “Poesía”, “Relato”, “Ensayo” e “Galería”.

Tempos Novos. Revista Mensual de Información para o Debate
(ISSN: 1137-6945) (DL: C-588/97).

Revista fundada en abril de 1997 e editada polo Grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia S.A. con periodicidade mensual. No primeiro editorial consignábanse os seguintes obxectivos: a creación dun medio de comunicación alternativo e de calidade que permitise artellar un movemento orixinal de desafío á mundialización tecnolóxica e á defensa e reforzo dunha identidade colectiva galega. O director da revista é Luís Álvarez Pousa. Conta cun comité de redacción e con colaboradores habituais, entre os que se contan José Manuel Lens (Arte), Xurxo González (Cinema), Armando Requeixo e Teresa Seara (Libros), Alexandre Cancelo (Música) e Inma López Silva (Teatro), así como cunha nómina máis ampla de colaboradores eventuais. A revista consta das seccións estábeis “Opinión”, “Cataventos”, “A Contratempo”, “Horizontes” e “Voces e culturas”. En cada número de decembro faise un balance crítico do ano nas áreas de política, sociedade, economía e cultura. No ano 2007 a revista cambiou de formato e ampliou as seccións: “Obertura”, “Días Soltos”, “Todo é peixe”, “Editoriais”, “En Foco”, “Carta de axuste”, “Entrevista”, “As claves”, “Tres en raia”, “¡Guau Guau!”, “Debate”, “Entreculturas”, “Crítica”,

“Redes cívicas”, “Espiral innovadora” e “Sen corsé”. Engadiu ademais a sección “Dossier TN”. *Tempos Novos* vén acompañada dende o inverno 2006/07 do suplemento *Protexa*, de periodicidade cuadrimestral, que tamén se distribúe cos xornais *El Ideal Gallego*, *Diario de Ferrol*, *Diario de Arousa* e *Diario de Bergantiños*. O seu director é Luis Álvarez Pousa e a presidenta Ana Fernández Puentes. Os nomes das distintas seccións, maioritariamente estábeis, son: “proVisión” (dedicada a un tema de actualidade da literatura galega), “proTagonista” (entrevistas), “proPostas” (recomendación de obras), “proLogo” (centrada nun autor), “proNtuario” (os libros dos lectores), “proNome” (entrevistas), “proPulsión” (producción literaria dun país), “proXectil” (achegas literarias de internet) e “proCura” (novidades editoriais). No ano 2012 a revista sacou do prelo doce números, do 176 ao 187. Neste mesmo ano o suplemento *Protexa*, coordinado por Ana Salgado, publicou o número 19. No ano 2013 a revista sacou do prelo doce números, do 188 ao 199, coas seccións habituais: “Obertura”, “Días Soltos”, “Todo é peixe”, “Editorial”, “Dossier TN”, “En Foco”, “Carta do director”, “Entrevista”, “E digo eu...”, “As claves”, “Entreculturas”, “Arredores”, “Altermundo”, “Crítica”, “Bengalas canadenses”. Os artigos referidos á literatura galega atópanse descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Trabe de Ouro, A. Publicación Galega de Pensamento Crítico
(ISSN: 1130-2674) (DL: C-351-1994).

Revista de pensamento crítico, editada por Sotelo Blanco Edicións, de periodicidade trimestral. Foi fundada en 1990. O seu director é Xosé Luís Méndez Ferrín. Conta cun consello de redacción formado por Miguel Anxo Seixas, Francisco Sampedro, Antón Figueroa, Marcial Gondar Portasany, Xavier Vence, Margarita Ledo Andión, Paco Martín, Darío Xohán Cabana, Xosé Cid Cabido, X. M. García Crego, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela, Manuel Outeiriño, X. M. Salgado, X. Antón L. Dobao, Antón Reixa, J. Viale Moutinho e Carlos García Martínez. A partir do número 62 xa non figuraron no consello Xosé Cid Cabido, Manuel Cidrás, Manuel Forcadela e Antón Reixa. Exercen como secretarios Rosa López Fernández e Francisco Fernández Rei. A revista estrutúrase en cinco apartados: “Cuestións”, “Acoutacións”, “Textos”, “Publicacións” e “Crónica”. En 2013 viron a luz os seguintes números trimestrais: o 93 (xaneiro-febreiro-marzo), o 94 (abril-maio-xuño), o 95 (xullo-agosto-setembro) e o 96 (outubro-novembro-décembro). O número 93, na sección de “Textos”, acolle o texto poético “*Poema inacabado*” de Gabriel Ferrater, traducido por Manuel Outeiriño. O número 94 presenta na mesma sección a tradución dos textos poéticos “A maneira máis salvaxe e outros poemas” de Enric Casasses, traducido por Manuel Outeiriño. O número 95 acolle nesta sección o texto narrativo “O jazz na boca” de Ildefonso Rodríguez, traducido igualmente por Manuel Outeiriño. O número 96 presenta nesta sección o texto narrativo “A Veceira” de Vidal Estévez. Todos os artigos referidos á literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións:

- Pilar Ponte, “A gran lupa”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 454, “Libros”, 10 xaneiro 2013, p. VI.

Dá conta da publicación do número noventa e dous desta revista. Alude aos seguintes traballos que aparecen no apartado “Cuestións”: “A urxente subxectivación política” de F. Sampedro quen rele a situación do capitalismo e cal é o lugar que nel ten que ocupar o marxismo; “A confesión do filósofo”, unha autobiografía de Alain Badiou; “Identidade feminina, amor, violencia e feminicidio na actualidade” onde, tomando como base a distinción identitaria dos dous sexos, M. Fernández Blanco explica como a reformulación desta diferenza na actualidade pode resultar na violencia de xénero; por último está a segunda parte do traballo de Xosé Ramón Pena, “A occidentalización o cantar trobadoresco”, no que revisa as características da primeira xeración de trobadores e fala do papel da muller na sociedade feudal. Indica que no apartado de acoutacións comenta diversos temas como a novela policial; a relación entre poder, comunicación e realidade; a actualidade de Machiavelli; as mulleres pianistas de fins do XIX en Vigo; os límites entre o público e o privado e o papel do individuo na sociedade dos mass media. Para rematar indica que Xoán Anllo publica o poema “Eixo” de José Ángel Valente, que estaba inédito en galego e que o número finaliza cunha homenaxe a X. González Millán.

- Lucía Seoane, “De novo A trabe”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 466, “Libros”, 11 xullo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 418, “Letras galegas”, 13 xullo 2013, p. 6.

Dáse conta da publicación do número noventa e tres da revista *A trabe de ouro*, destacando algunhas achegas que nel aparecen. Tal é o caso do traballo “Sobre Margot Sponer” asinado por Antón Figueroa; “Míreme ben... báixese ben. Do enfermo como autor ao médico como crítico literario” de Emilio González Fernández; “Poema inacabado” de Gabriel Ferrater ou un traballo de Xosé M. Salgado sobre o discurso de ingreso na RAG de X. Fernández Ferreiro, entre outros.

- Armando Requeixo, “Letras de ouro por trabes”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”, n.º 797, p. 32/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 797, p. 33, “Letras atlánticas”, 6 outubro 2013.

Fálase da último número da revista *A Trabe de Ouro*, indicando que nela aparecen diversos e valiosos traballos que van dende o ámbito psichumanista (Emilio González Fernández) até análises de discursos académicos (Xosé Manuel Salgado). De entre todos os traballos presentes neste número da revista, destácanse dous: a investigación de Antón Figueroa sobre a hispanista alemá Margot Sponer, a primeira estudosa que presentou unha tese sobre o galego no mundo (en 1935 na Facultade de Filosofía da Friederich-Wilhelms Universität de Berlín); e a tradución de Manuel Outeiriño do “Poema inacabat” de Gabriel Ferrater, aínda que se lamenta a ausencia de notas aclaratorias ás alusións e implicacións do poema. Remátase sinalando que este número contribúe a consolidar esta publicación que se aproxima aos cen números editados, un gran logro xa que este tipo de empresas deben superar diversos obstáculos.

Unión Libre. Cadernos de Vida e Culturas
(ISSN: 1137-1250) (DL: C-1668-1996).

Revista cultural publicada por Edicións do Castro, de periodicidade anual. Fundada en 1996, e coordinada por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, o seu propósito é dar

cabida a diversas manifestacións creativas, preferentemente literarias, dende unha perspectiva “radicalmente aberta, crítica, independente e libertaria”. O comité de redacción está integrado por Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno (San Petesburgo), Diana Conchado (Nova York), María Lopo (Bretaña), Carme Junyet (Barcelona), Lily Litvak (Texas), Katheleen N. March (Maine) e Olga Novo (Santiago de Compostela). No ano 2013 publicouse o número 18, co subtítulo *Visións*. Este número acolle o texto “*Walking Around*. Caminar y fotografiar Austin/Camiñar e fotografiar Austin” de Lily Litvak.

Xistral. Revista Lucense de Creación Poética

(ISSN: 1576-9488) (DL: LU-344-2000).

Revista de poesía editada pola Concellería de Cultura e Turismo do Concello de Lugo, con periodicidade anual. Foi fundada no ano 1998. O coordinador é Camilo Gómez Torres. O seu primeiro consello de redacción estaba integrado por Luz Pozo Garza, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo, Manuel María e Ignacio Rodríguez. No ano 2008 publicouse o número 11 (primavera 2008), no que se aprecia un cambio no D. L. que se consigna na entrada. Actualmente o seu consello de redacción está integrado por Luz Pozo, Marica Campo, Claudio Rodríguez Fer, Olga Novo e Carmen Basadre Vázquez. No ano 2013 editouse o número 16, que na sección de “Creación” contou coas seguintes achegas poéticas: “Oquedades” e “Todos e cada un”, de Natalia Alonso Ramos (Foz, 1983); “Heracles” e “Ítaca esperaba”, de Diana Aradas Blanco (Sada, 1977); “Au toir de toi” e “Primeira contemplación da Arcadia”, de Carlos Arias Iglesias (Lugo, 1959); “Estrelecendo mágoas”, de Ana Arias Saavedra (Guntín, 1951); “Do tempo sinxelo” e “Universo paralelo”, de Lupe Bao Reixa (Lugo, 1978); “Sosteoño” e “Sendeiro”, de José Blázquez (Lugo, 1959); “Oración”, “Sentenza”, “Nocturno”, “Reencontro”, “Completa”, “Crepúsculo” e “Evocación”, de Joaquín Carballido Parra (Ponferrada, 1962); “Rosalía”, de Marina Cillero (Madrid, 1940); “De invernos” e “Itinerario escolar”, de Cristina Corral Soilán (Lugo, 1976); “*Totum revolutum*” e “Bico de Xudas”, de Jesús Corredoira (Portomarín, 1993); “Comeza” e “Inicio”, de Soraya Cortiñas Ansoar (Chantada, 1985); “De noite e de día (...)”, de Alicia Chao Penela (Torrallo, Becerreá, 1975); “Banho de escuma” e “Censura da tristeza”, de Eva de la Torre Conde (Lugo, 1986); “Sentimental (...)”, “Colaboro (...)”, “Desde (...)”, “Asumo as (...)”, “De como o luciferino”, “En (...)” e “Abro (...)”, de José Estévez López (Pradeda, Guntín, 1954); “Síntomas de destrución” e “O amor condensa moito fósforo”, de Euloxio Fernández (Lugo, 1964); “Xénese” e “Mulleres”, de M^a Sara Fernández (Burela, 1964); “A Xohán Xesús González” e “A Valentín Paz Andrade”, de Xoán Xosé Fernández Abella (Monforte, 1933); “Pola rendixa da porta (...)” e “O novo traxe (...)”, de Susana Ferreiro Mediante (Lugo, 1976); “No camiño do deserto” e “Santuario”, de Antón Fortes (Sarria, 1957); “Vello Labrador” e “Terra Chá”, de Ana Mar Fraga Rábade (Cospeito, 1961); “O poema na vereas” e “O corpo no corpo”, de Xosé Lois García (Lugo, 1945); “Desexos”, de Germán García Mera (Portomarín, 1959); “Cae a noite”, de Teresa Gómez Senra (Lugo, 1966); “Conxugación artística” e “Fúmega paisaxe”, de Eva González Álvarez (Navia de Suarna, 1994); “Os novos emigrantes”, de Baldomero Iglesias (Mero) (Vilalba, 1951); “Uns días” e “Outros días”, de Emilio Xosé Ínsua (Viveiro, 1967); “Máscara cotiá” e “A vida é arte á túa beira”, de M^a Xosé Lamas (Vilalba, 1961); “Canta o galo no poleiro”, “Levádeme ó surreal” e “A carricanta”, de Ángel Lamas Muinelo (Bazar, 1943); “Nostálgia romana”, de Jacobo Llamas; “Pingas de choiva” e “Nadela”, de Miguel Anxo Macía (Lugo, 1955); “Que resta en min (...)” e

“De novo atrapado nesta confusión (...)”, de Martiño Maseda (Vilalba, 1970); “A lot of people”, de Manuel Celso Matalobos (Lugo, 1959); “Eidos nus” e “Rúas durmidas”, de Enrique Mora Morandeira (Friol, 1942); “Montale II”, de Manuel Xosé Neira (Meilán, Lugo, 1964); “Silencio” e “Acougo”, de Isidro Novo (Lugo, 1951); “Muralla” e “Castelo de Pambre”, de Toño Núñez (Navia de Suarna, 1959); “Nenias chairegas”, de Xosé Otero Canto (Castro de Rei, 1951); “A sementeira da Nabarega”, de Jesús Alfonso Parada Jato (O Courel, 1967); “Rosíñas para a miña mestra” e “Como diría miña nai”, de Pepa (Lugo, 1938); “Cinco” e “Contra a tristura”, de Melania Pérez Cruz (Lugo, 1983); “Eu teño en carne viva...”, “E os cregos diciannos aos nenos que o demo nos pillaba polos pés cun lazo desde o inferno” e “Na maxistratura de traballo en Lugo”, de Vicente Piñeiro González (Lugo, 1954); “Filla de Breogán”, de Pepe Pol (Alcalá de los Gazules, 1953); “Astrolabio”, de Luz Pozo Garza (Ribadeo, 1922); “Nada que celebrar”, de Xesús Rábade Paredes (Seixas, Cospeito, 1949); “Compañeiro ancestral Isaac Díaz Pardo”, de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956); “A Maite”, de Margarita Rodríguez Otero (Monforte, 1934); “Marilyn Monroe”, de Jacobo Sánchez Quintela (A Coruña, 1972); “Recuperando o tempo perdido”, “Falta la vida, asiste lo vivido” e “Y un es cansado”, de Saturnino Valladares (Lugo, 1978); “Hoxe en día”, de Lois Vázquez Fernández (Chavaga, Monforte, 1938); “Caricias no aire”, de Antonio Vázquez Tierra (Monforte, 1960); “O Camiño de Santiago”, de Elvira Veloso (Monforte, 1942); e “Tristia”, de Helena Villar Janeiro (Becerreá, 1940).

Recensións:

- Vicente Araguas “Que non se deteña”, *Diario de Arousa*, “O Salnés Siradella”, p. 22/*Diario de Ferrol*, “Nordesia”/ *El Ideal Gallego*, “La Galería”, n.º 771, p. 30, “Máis libros”, 7 abril 2013.

Destácase que nun contexto económico que non favorece este tipo de publicacións, a revista Xistral segue publicándose. Sinálase que é unha revista dirixida por Camilo Gómez Torres e que conta con unha boa ringleira de poetas (gran parte lugueses) entre os que se poden destacar a Claudio Rodríguez Fer, Helena Villar Janeiro, Emilio Ínsua, Xerardo Quintiá, Daniel Salgado ou Diana Varela. Infórmase tamén que é editada pola Concellería de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua de Lugo.

X. PREMIOS

X. 1. NARRATIVA

Premio de Narración Curta *Álvaro Paradela*

A Sociedade Artística Ferrolana convoca dende 1993 este premio coa finalidade de render homenaxe ao escritor, columnista e poeta *Álvaro Paradela*. Para participar, hai que enviar textos inéditos de temática libre, en lingua castelá ou galega, cunha extensión máxima de tres folios ao apartado de correos 339 (15480, Ferrol) ou ao correo electrónico info@sociedadeferrolana.es. O premio é simbólico, sen dotación económica, e consiste nunha placa conmemorativa e nun artigo sobre o gañador na revista *Poesía Galicia*. No ano 2013 declarouse deserto o premio correspondente á XVI edición, convocado en 2012. O xurado estivo composto polo presidente da SAF, Ricardo Díaz-Casteleiro; Carlos Barcón; Francisco Vila; José Ramón Vázquez Martínez; Rosa M^a Martín Vaquero e Juana Corsina; e actuou como secretario Carlos Cristóbal.

Certame Literario de Relato de Aventuras *Antón Avilés de Taramancos*

O Concello de Noia e a revista *Casa da Gramática* do IES Virxe do Mar, coa colaboración da Deputación da Coruña, convocan este certame, ao que poden concorrer escritores de calquera nacionalidade, cun único traballo en galego de temática libre que sexa inédito, encadrado no relato de aventuras. Comezou a súa andaina cunha dotación económica de 1.800 €; porén a partir da segunda edición o galardón pasou a ser de 3.000 € e unha escultura conmemorativa realizada polo artista local Alfonso Costa e a publicación da obra gañadora por parte do Concello de Noia. Os orixinais, cunha extensión entre setenta mil e cen mil caracteres, por cuádruplicado, mecanografados por unha soa cara, debidamente grampados, cosidos ou encadernados, sen firma e cun lema baixo plica, debían remitirse ao Concello de Noia (Rosalía de Castro, n.º 2, 15200, Noia-A Coruña). Nesta edición, a duodécima, o prazo de entrega de orixinais rematou o 19 de abril, e o xurado, decidiu por unanimidade conceder o galardón a Ana Galego Gen polo relato *Un bo día para pasear, Scott!* (Editorial Toxosoutos, 2013).

Referencias varias:

- M. G., “Certame literario Avilés de Taramancos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 448, 25 xaneiro 2013, p. 6.

Infórmase da presentación do XII Certame Literario de Relato de Aventuras Avilés de Taramancos, convocado polo Concello de Noia.

- Manuel Gil, “Ana Galego gana en Noia el premio de relatos Avilés”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 567, 25 maio 2013, p. 7.

Infórmase da gañadora deste certame convocado polo Concello de Noia, a ferrolá Ana María Galego por *Un bo día para pasear, Scott!* un relato moi irónico, con moito sentido do humor e un alto dominio da lingua.

- E. P., “La ferrolana Ana Galego recibió ayer en Noia el premio de relatos Avilés”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 665, 31 agosto 2013, p. 6.

Infórmase de que Ana Galego resultou a vencedora por unanimidade no XII certame literario Avilés de Taramancos coa obra *Un bo día para pasear, Scott!* O certame está dotado con 3.000 €, unha escultura de Alfonso Costa e a publicación da obra.

Certame de Narración Curta **Ánxel Fole**

Organizado polo Concello de Lugo co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997, dedicado a Ánxel Fole. Até esta edición premiaba relatos curtos e constaba de dous primeiros premios de 900 € e dous segundos de 450 €, que a partir da convocatoria de 2008 ascenderan a 1.000 € e 500 € en cada premio e modalidade: lingua galega ou castelá. Dende o ano 2011 só se convocaba a modalidade de textos escritos en galego e outorgábanse tres premios de 1.500 €, 1.000 € e 500 €. No ano 2013, o Concello de Lugo decidiu transformalo nun certame de novela curta ou conxunto de relatos e premiar un único traballo con 4.000 €, ademais da publicación en Edicións Xerais de Galicia. Poden concorrer obras orixinais e inéditas de tema libre, escritas en galego segundo a normativa oficial vixente. A extensión debe situarse entre os cincuenta e os cen folios, equivalentes respectivamente a 90.000 e 180.000 caracteres, espazos incluídos. Os traballos deben presentarse mecanografados por unha soa cara, por triplicado, no Departamento de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo (Concello de Lugo, Praza Maior, 1) en sobre pechado, baixo un pseudónimo ou lema na parte exterior. Na edición XVI, correspondente ao ano 2013, o prazo de presentación pechouse o día 31 de decembro e o xurado debía resolver o premio antes do 15 de marzo de 2014. Na edición XV, do ano 2012, e resolta no mes de marzo de 2013, o xurado, formado por Lupe Bao Reixa; Cristina Corral Soilán; Xerardo Quintiá; a concelleira de cultura, como presidenta, con voz e sen voto; e Darío Xohán Cabana, como Coordinador de Publicacións do Concello de Lugo, declarou deserto o primeiro premio e outorgou o segundo premio, de 1.000 €, a Ismael Ramos Castelo, polo relato “Trasnoitar de nenos”, e o terceiro premio, de 500 €, a Xosé Farruco Lama Graña, polo relato “Campanas de Anllóns”.

Referencias varias:

- Francisco Rivera Cela, “Xa soan campanas de Nadal”, *El Progreso*, “*Xente de aquí*”, “O blog de Paco Rivera”, 17 novembro 2013, p. 14.

No apartado do mércores 13 fálase sobre a transformación do galardón Ánxel Fole de relatos curtos en premio de novela curta. Dise que na convocatoria se sinala que “Como sempre, a obra deberá estar escrita en lingua galega”, pero que noutras etapas tamén se podían presentar en castelán e que até se chegaron a realizar dúas convocatorias: unha para obras en galego e a outra para obras en castelán.

Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente

Baixo o patrocinio de distintas entidades nas diferentes edicións, o IES Rosalía de Castro crea no ano 1995 este premio literario, cunha dotación de 3.000 € para cada unha das modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ao castelán. O galardón, co que se busca fomentar a lectura entre o alumnado, comporta, ademais, unha estatuíña conmemorativa e un diploma. O xurado confórmase por estudantes de Secundaria do instituto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e de catro institutos máis de Galicia, elixidos ao chou. No mes de marzo, no Salón de Actos do Instituto Rosalía de Castro, tivo lugar a entrega dos galardóns da XVIII edición, correspondente ao ano 2012. Na XIX edición (2013) os institutos escollidos para formar o xurado foron: A Pobra do Caramiñal, San Paio de Tui, Manuel Chamoso do Carballiño, As Mercedes de Lugo e Rosalía de Castro de Santiago de Compostela. O 18 de xuño déronse a coñecer as obras galardoadas: en lingua galega, a novela *Os fillos do mar* (2012), de Pedro Feijoo (Vigo, 1975); en lingua castelá, *El tango de la guardia vieja* (2012), de Arturo Pérez Reverte (Cartagena, 1951) e en lingua estranxeira *Liquidación final* (2012), de Petros Márkaris (Estambul, 1937). Xunto ás gañadoras, as outras obras finalistas foron *Da máquina*, de Alberto Lema, e *Tonas de laranxa*, de María Lorenzo e Manuel Lorenzo, en lingua galega; *Ahogada en llamas*, de Jesús Ruiz Mantilla, e *El río del Edén*, de José M^a Merino, en lingua castelá; e *Antigua luz*, de John Banville, e *Los desorientados*, de Amin Maalouf, en lingua estranxeira. O acto de entrega dos premios da XIX edición do Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente, ao que asistirán os escritores galardoados, como é tradición, está previsto para o último trimestre do ano 2013 ou o primeiro de 2014.

Referencias varias:

- J. G., “Banville, María e Manuel Lorenzo, e Pérez-Reverte, finalistas do San Clemente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 febreiro 2013, p. 39.

Anúncianse os finalistas para o Premio San Clemente nas modalidades de lingua estranxeira, española e galega, entre eles Banville, María e Manuel Lorenzo, Pedro Feijoo, Alberto Lema, Amin Maalouf e Pérez-Reverte.

- ECG., “Próxima entrega de los premios San Clemente”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 7 marzo 2013, p. 27.

Anúnciase a entrega dos premios San Clemente no Instituto Rosalía de Castro o día 14 de marzo de 2013.

- Ángela Ares, “El Rosalía concede los San Clemente a Marina Mayoral, Queipo y Stamm”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 12 marzo 2013, p. 29.

Noméanse os premiados na XVIII edición do Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente: Xabier Queipo, por *Extramunde*; Marina Mayoral, por *Deseos* e Peter Stam, por *Siete años*. Saliéntase a importancia do alumnado como xurado do Premio.

- Elva Otero, “Ós escritores encántalles que o xurado do San Clemente sexan rapaces”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 14 marzo 2013, p. 38.

Fálase do valor que conceden os escritores ao Premio San Clemente por se tratar dun premio cun xurado libre formado por estudantes. Cítanse algúns dos galardoados en edicións anteriores. Anúnciase unha exposición conmemorativa da XVIII edición do premio, chamada *Maioría de idade do Premio San Clemente*, situada no IES Rosalía de Castro.

- Tamara Montero, “El Rosalía tiene los críticos más feroces”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Santiago”, 14 marzo 2013, p. L6.

Fálase da exposición organizada no IES Rosalía de Castro con motivo da XVIII edición do Premio Arcebispo Juan de San Clemente. Cítanse os tres gañadores deste ano: Xabier Queipo, por *Extramunde*; Marina Mayoral, por *Deseos* e Peter Stam, por *Siete años*. Nárranse algunhas anécdotas que aconteceron ao longo da traxectoria do certame.

- Elva Otero, “O libro desaparecerá, como desaparecerá Venecia e outras tantas cousas máis”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 15 marzo 2013, p. 28.

Os tres autores premiados na XVIII edición dos premios San Clemente falan das previsións de que o e-book e os libros en papel convivan en próximos anos e da necesidade de reformular o plan de estudos da materia de Literatura que, na súa opinión, debería comezar na literatura contemporánea e ir cara ao pasado. Figuran os argumentos das tres obras premiadas.

- Joel Gómez, “El premio San Clemente sorprende a los autores”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 15 marzo 2013, p. 33.

Coméntase que os tres premiados co Premio San Clemente falan da sorpresa de seren galardoados co premio, cando as súas obras non estaban destinadas para un público adolescente. Cítase a coincidencia dos tres autores en que o estudo da literatura debería comezarse con textos contemporáneos e ir cara ao pasado.

Premio Relato Curto da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago

Certame convocado pola Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da Universidade de Santiago de Compostela sobre tema libre e escrito en galego ou castelán, ao que poden concorrer todos os membros desta asociación. O relato debía ter un máximo de sete folios, presentarse por triplicado, mecanografado a dobre espazo en DIN-A4 e a unha cara, con tipo 12 de Times New Roman. Os traballos, con pseudónimo, acompañados dun sobre pechado, en cuxo exterior figura o pseudónimo e no interior unha folla co nome e apelidos, enderezo, número de teléfono e dirección de correo electrónico do autor, envíanse por correo certificado á sede da Asociación de Antigos Alumnos: Casa da Concha, rúa da Conga, n.º 1, 15704, Santiago de Compostela. A Asociación resérvase a facultade de editar as narracións, que quedarán en poder da institución convocante, sen que os autores teñan dereito a compensación económica ningunha. O xurado está composto por persoas entendidas na materia e pode declarar deserto o

premio, sendo a súa decisión inapelábel a todos os efectos. O galardón é unha figura da colección Alba da Groria de Castela, realizada por Sargadelos, e un premio en metálico de 300 €. O 21 de outubro de 2013 reuniuse na sede da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC o xurado do VIII Premio de Relato Curto para decidir o relato gañador. O presidente do xurado, don Ángel Álvarez Prechous; a vicepresidenta, Blanca-Ana Roig Rechou; a secretaria, Isabel Vilariño Vilariño; e as vogais Concepción Díaz-Fierros Tabernero e M^a del Mar Fernández Vázquez, decidiron por unanimidade outorgar o galardón ao relato “Os animais non son seres libres, senón determinados”, presentado baixo o pseudónimo Adela Andrade, que correspondía a Víctor G. García Dopico. O relato gañador reproducíuse no número 35 da revista *Fonseca*, que edita a propia asociación en galego e castelán, en concreto nas páxinas 25-27 (a versión en galego) e 28-30 (a versión en castelán).

Concurso Literario de Relato curto da **Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago** (AGACS)

Organizado pola Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (AGACS) e o Grupo Correo, está dirixido a escritores de calquera nacionalidade con obras inéditas e non premiadas, escritas en calquera lingua sobre un tema relacionado co Camiño de Santiago, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de cinco. Os traballos deben entregarse baixo lema xunto cun sobre cos datos persoais na Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (Rúa Costa Nova de Abaixo, n.º 17, 15705, Santiago de Compostela). Estabelécense tres premios, de 300 €, 200 € e 100 €, concedidos por un xurado composto por persoeiros de recoñecida solvencia no mundo da crítica literaria. Na XII edición, correspondente ao ano 2012, o prazo de entrega dos orixinais rematou o 31 de decembro.

Premio **Biblos-Pazos** de Galicia

Premio creado pola editora Biblos no ano 2005, aberto á participación de menores de 25 anos que presenten unha memoria de entre 30 e 40 folios das súas respectivas novelas á editora Biblos (Quintá, n.º 8-Mandaio, 15391, Cesuras-A Coruña) (www.biblosclube.com), na que se inclúan unha exposición das características da súa futura obra, así como un capítulo ou fragmento para valorar o seu estilo. As persoas finalistas seleccionadas teñen que presentar nun segundo prazo un borrador das súas novelas. Esta editora designa todos os anos un titor que axuda ao gañador a completar e perfilar a obra durante unha estadía no mes de outubro na Casa Grande do Bachao. O galardón comporta, ademais da estadía na Casa Grande do Bachao, un ordenador portátil, a escultura creada para o premio, deseñada polo artista lugués Luís Loureira e a publicación da súa obra. Nas edicións anteriores resultaron galardoados: en 2005, Iria López por *Meniña de cristal* (2005); en 2006, Alberto Ramos por *Dor pantasma* (2006); en 2007, Patricia Casas por *Vidas entrelazadas*, publicada como *Teselas de cidade* (2008); en 2008, Berta Dávila por *Bailarei sobre a túa tumba* (2008); en 2009, Pablo García por *Relato dun estalido sordo* (2010); en 2010, Elena Veiga por *Morto en fucsia* (2011); e en 2011, Iria Morgade Valcárcel por *Verbas no ar* (2011). No ano 2012 quedou deserto o premio e no ano 2013, correspondente á novena edición, o prazo de recepción de orixinais rematou o 18 de marzo. Os autores finalistas debían presentar antes do 13 de xuño do 2013 as súas novelas cunha extensión non superior aos 150

folios no estado máis avanzado posíbel de acabado. O xurado elixe a obra gañadora, que se dá a coñecer a semana previa á do Día da Patria Galega. O autor gañador dedica o mes de outubro a traballar na súa novela, seguindo un plan que acorda co titor e comprométese a entregala totalmente finalizada antes de rematar o ano 2013 para a súa publicación por Biblos. Os outros autores finalistas reciben como premio unha fin de semana para dúas persoas en habitación dobre na Casa Grande do Bachao. Nesta edición resultaron finalistas Adriana Grela del Río e Lidia Gómez Martínez, quen finalmente resultou gañadora. A titora encargada de axudar a completar a escrita da novela foi María Xosé Queizán.

Referencias varias:

- María Ordóñez, “Los recursos del escritor novel para cumplir su sueño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias, ciencia, cultura, ocio”, 7 outubro 2013, p. 42.

Recóllense declaracións de varios autores (Ignacio Silva Regueira, Berta Dávila, Ana Manrique Sala e Lidia Gómez) sobre a súa experiencia como escritores noveles. Algúns deles, Ignacio Silva e Berta Dávila, destacan a importancia dos concursos literarios ao contrario que Ana Manrique Sala quen non cre moito neles. Sinálase tamén que Lidia Gómez acadou o premio Biblos 2013 con *Os pantalóns nunca foron cousa boa*.

Premio **Blanco Amor de Novela Longa**

Por iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 este premio promovido e financiado por un consorcio de concellos que participaban con 300 € cada un, e que cada ano foi sendo máis numeroso, até chegar á actual contía de 12.020 €. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con todos os actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra gañadora. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de cento cincuenta folios mecanografados por unha cara e a dobre espazo (tamaño de fonte 12). Poden participar nel todos os autores, de calquera nacionalidade, que presenten unha ou varias obras escritas en lingua galega, segundo a normativa oficial vixente. Os interesados deben enviar cinco copias das súas obras por correo, sen remite e baixo lema ao Excmo. Concello organizador, facendo constar no exterior “Para o Premio Blanco Amor”. Nun sobre anexo, pechado e baixo o mesmo lema, indicárase o nome e enderezo do autor ou autora e, de ser posíbel, o seu teléfono e enderezo electrónico. O xurado do premio está composto por cinco membros, que deberán ser escritores ou críticos literarios da literatura galega. Os galardóns en edicións anteriores foron para Daniel Cortezón en 1981 por *A vila sulagada* (1981); Víctor Fernández Freixanes en 1982 por *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982); Xosé Manuel Martínez Oca en 1983 por *Beiramar* (1983); Alfredo Conde en 1984 por *Xa vai o griffon no vento* (1984); Xoán Manuel Casado en 1985 por *O inverno do lobo* (1985); Lois Diéguez en 1986 por *A canción do vagamundo* (1987); Isaac Otero en 1987 por *O sorriso de Gardel* (1987); Miguel Suárez Abel en 1988 por *Turbo* (1988); Román Raña en 1989 por *O crime da rúa da Moeda Vella* (1989); Valentín Carrera en 1990 por *Río Sil* (1990); Fran Alonso en 1991 por *Tráiler* (1991); Ramón Caride Ogando en 1992 por *Soños eléctricos* (1992); Úrsula Heinze en 1993 por *Culpable de asasinato* (1993); Xosé Cid Cabido en 1994 por *Panificadora* (1994); (no ano 1995 non se convocou);

Xavier Lorenzo Tomé en 1996 por *O paxaro que canta un nome* (1996); Suso de Toro en 1997 por *Calzados Lola* (1997); Xavier Alcalá en 1998 por *Alén da desventura* (1998); Xosé Cid Cabido en 1999 por *Grupo abeliano* (1999); Xosé Carlos Caneiro en 2000 por *Ébora* (2000); Xosé Antonio Perozo en 2001 por *Martázul* (2001); Xosé Monteagudo en 2002 por *As voces da noticia* (2002); Séchu Sende en 2003 por *Orixe* (2004); Dolores Ruiz Gestoso en 2004 por *Dentro da illa* (2005); Francisco Castro en 2005 por *Spam* (2006); Xesús Rábade Paredes en 2006 por *Mentres a herba medra* (2007); Inma López Silva en 2007 por *Memorias de cidades sen luz* (2008); (no ano 2008 non se convocou); Luís Rei Núñez en 2009 por *Monte Louro* (2009); Iván García Campos en 2010 por *O imposible de desatar* (2010); Manuel Lourenzo González en 2011 por *ATL* (2012); e Ignacio Vidal Portabales en 2012 por *Dióxenes en Dolorida* (2013). Na edición de 2013, a organización correu a cargo do Concello de Ferrol. O prazo de entrega de orixinais rematou o 15 de xuño e o xurado do XXXI Premio Blanco Amor de novela, composto por Laura Tato, Medos Romero, Xabier P. Docampo e Manuel Forcadela, decidiu conceder o galardón ao pintor e narrador ferrolán Jorge Llorca, autor de *O violín de Rembrandt*, que competiu con vinte e un orixinais. A entrega do galardón tivo lugar o 2 de novembro no Teatro Jofre en presenza das autoridades institucionais que o patrocinan como a Deputación Provincial da Coruña e representantes de municipios colaboradores da comarca.

Referencias varias:

- M. Aneiros, “Jorge Llorca Freire gana el XXXI Premio de novela larga Blanco Amor”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 7 setembro 2013, p. 51.

Sínálase que Jorge Llorca Freire gañou o XXXI Premio de novela larga Blanco Amor, dotado con 12.020 €, coa obra *O violín de Rembrandt*.

- Camilo Franco, “Todos somos incorruptibles ata que chega a oportunidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 setembro 2013, p. 37.

Entrevista a Jorge Llorca, gañador do premio de novela Blanco Amor 2013.

- Nicolás Vidal, “Llorca reivindica o libro e a literatura na entrega do Premio Blanco Amor”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 3 novembro 2013, p. 10.

Nun acto organizado polo Concello de Ferrol, Jorge Llorca (Ferrol, 1952) recibiu o XXXI Premio Blanco Amor pola súa novela *O violín de Rembrandt*. O autor fixo una apoloxía sobre o libro e a influencia da literatura na vida dos lectores. Amais, destacou aos autores que conformaron o seu gusto literario, como Cunqueiro, Cortázar ou Borges.

- Víctor F. Freixanes, “25 anos de novela”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 22 decembro 2013, p. 23.

Refírese aos 25 anos do premio García Barros e menciona que a gañadora deste ano é Anxos Sumai por *A lúa da colleita*. Sinala ademais que as mulleres protagonizan dun xeito especialmente brillante a produción literaria galega. Posteriormente fai referencia

a outros premios (o Premio Xerais, que cumpre 30 anos, o Premio Blanco Amor e o Premio Merlín), sinalando que o difícil é manter unha iniciativa e non poñela a andar.

Concurso de Narración Curta **Boca de la ría**

A Sociedad Artística Ferrolana (SAF) convoca dende o ano 2006 este concurso para premiar narracións curtas, escritas en galego ou en castelán, relacionadas co mar. Para participar débense enviar orixinais mecanografados dun máximo de tres folios, acompañados dunha fotocopia do DNI do autor ou da autora, ao apartado de correos 339 de Ferrol. No ano 2013, fallouse o premio convocado no ano 2011, que foi entregado a Rocío Leira Castro polo traballo *No berce da apocalipse*. O xurado estivo composto polo presidente da SAF, Ricardo Díaz-Casteleiro; Carlos Barcón; Francisco Vila; José Ramón Vázquez Martínez; Rosa M^a Martín Vaquero e Juana Corsina; e actuou como secretario Carlos Cristóbal.

Premio Literario **Camilo José Cela de Narrativa**

O Concello de Padrón convoca este certame dende o ano 1989 para homenaxear a “figura humana e literaria do egrexio escritor”. Premia relatos de tema libre, escritos en castelán ou en galego, inéditos e orixinais, cunha extensión de doce a vinte e cinco folios, mecanografados a dobre espazo en formato *word* e tipo de letra Arial tamaño doce. Hai que envialos por quintuplicado, con lema e plica, ao rexistro do Concello de Padrón (Rúa Longa, n.º 27, 15900, Padrón-A Coruña). O premio está dotado de 7.500 € e unha estatuíña do escritor Camilo José Cela. No ano 2013, o xurado integrado por Antonio Pérez Gómez, Almudena Arteaga del Alcázar e María Lara Martínez, tras examinar as 124 obras presentadas a esta convocatoria acordou declarar deserto o premio.

Premio de Microrrelato **Carlos Casares**

Convocado polo Liceo de Ourense, leva o nome dun dos seus socios máis ilustres, Carlos Casares, e céntrase na modalidade de microrrelato. Contaba con dúas categorías, unha para maiores e outra para menores de vinte e cinco anos, cunha dotación económica de 600 € para cada unha delas, que na convocatoria do ano 2007 aumentou a 1.500 € para o primeiro premio. Nesta XI edición de 2012 centrouse por primeira vez nunha temática concreta: “a gastronomía” e contou co patrocinio do Grupo Cuevas. Podía concorrer calquera persoa con tres traballos inéditos da súa autoría como máximo, redactados en galego ou castelán vinculados ao ámbito da gastronomía, a cociña ou calquera das súas manifestacións, a alimentación en xeral ou a referencias culinarias. Quedaban excluídos os recetarios ou guías. Os orixinais non podían superar unha extensión máxima de mil cincocentos caracteres, debendo ser presentados por quintuplicado, antes do 11 de maio, na secretaría do Liceo de Ourense (Rúa Valentín Lamas Carbajal, n.º 5, 32005. Ourense). Cada orixinal tiña que ir baixo lema e acompañado dun sobre pechado co nome completo, enderezo, teléfono do autor e o título definitivo da obra.

Concurso de Poesía do **Casino de Ferrol**

Convocado polo Casino de Ferrol, poden participar concursantes que presenten tres poemas inéditos, de temática libre, en galego ou en castelán, que non excedan os noventa versos en total, distribuídos libremente entre as tres composicións. Os orixinais deben enviarse baixo plica e por quintuplicado ao Casino (Rúa Real, n.º 100, CP: 15402, Ferrol). Estabelécense tres premios de 600 €, 300 € e 200 €. No ano 2013 tivo lugar a cuarta edición deste certame. O prazo de presentación dos poemas rematou o 10 de febreiro e resultou gañador Andrés Rodríguez Blanco.

Premio de Novela Europea **Casino de Santiago**

O Casino de Santiago e o IES Rosalía de Castro, coa axuda de El Corte Inglés, convocan este premio, dotado con 3.000 €, dende 2003, co obxectivo de fomentar a lectura entre a poboación compostelá. Unha comisión seleccionadora elixe un grupo de novelas publicadas nalgún país da Unión Europea e ábrese un prazo de votación para que o lectorado emita o seu voto, ben no Casino de Santiago, onde se ofrecen en préstamo as novelas finalistas, ben no Centro Comercial Compostela de El Corte Inglés. Un trinta por cento da resolución do xurado é o resultado da votación de residentes ou persoas que traballan na cidade de Santiago, que tamén levan un premio. A porcentaxe restante cóbrese cos socios do Casino (un vinte por cento) e as votacións de dez representantes de varias institucións da cidade (un cincuenta por cento). Nas edicións anteriores resultaron galardoadas *Expiación*, de Ian Mc Ewan, en 2004; *A Menulara*, de Simonetta Agnello, en 2005; *Xuntos e mais nada*, de Ana Gavalda, en 2006; *Nunca me abandones*, de Kazuo Ishiguro, en 2007; *Sobre a beleza*, de Zadie Smith, en 2008; *A rolda nocturna*, de Sarah Waters, en 2009; *Caos Calmo*, de Sandro Varonesi, en 2010; *La extraña desaparición de Esme Lennox*, de Maggie O'Farrell, en 2011; *La cena*, de Herman Koch, en 2012. Na undécima edición de 2013 os finalistas foron *De vidas ajenas*, de Emmanuel Carrère; *Con el agua al cuello*, de Petros Márkaris; *La acabadora*, de Michela Murgia; *Los enamoramientos*, de Javier Marías, e *Laura no deserto*, de Antón Riveiro. Resultou gañadora *De vidas ajenas*, de Emmanuel Carrère.

Referencias varias:

- X. F., “En pista la 10ª edición del premio Novela del Casino”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 22 abril 2013, p. 15.

Coméntase a composición do xurado da décima edición do Premio Novela Europea Casino de Santiago.

- Ana Iglesias, “Última semana para votar a la mejor Novela Europea del año”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 24 abril 2013, p. 28.

Noméanse os cinco finalistas desta edición do certame e infórmase da composición do xurado.

- J. Fernández, “El mejor libro de Europa se decide aquí”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 24 abril 2013, contracuberta.

Cítanse os cinco libros aos que se pode votar até o día 30 para a resolución deste certame: *Dos vidas ajenas*, *Con el agua al cuello*, *La acabadora*, *Los enamoramientos* e *Laura no deserto*.

- E.C.G., “Reunión del jurado del Premio Novela Europea”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 maio 2013, p. 27.

Anúnciase a reunión do xurado do Premio de Novela Europea Casino de Santiago, que procederá ao reconto de votos e anunciará o gañador deste ano.

- A. I., “Premio Novela Europea para Emmanuel Carrère”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 maio 2013, p. 29.

Anúnciase o gañador do X Premio Novela Europea Casino de Santiago: Emmanuel Carrère, coa obra *De vidas ajenas*.

- J. Gómez, “Emmanuel Carrère, autor de culto en Francia, gaña o premio Casino de Santiago”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 3 maio 2013, p. 39.

Anúnciase o gañador do premio deste ano, Emmanuel Carrère. Saliéntase o agrado co que os autores reciben este premio debido á importancia dos lectores na votación.

- Ana Iglesias, “Manuel Rivas, único autor gallego seleccionado para los Premios del Casino”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 decembro 2013, p. 32.

Infórmase de que a obra *As voces baixas* (2012), de Manuel Rivas, é a única creación de autoría galega seleccionada para os Premios del Casino. A obra que resulte gañadora será traducida ao galego, editada por Galaxia e formará parte da Biblioteca Compostela de Narrativa Europea.

Concurso Internacional de Novela Curta **Cidade Centenaria de Ribeira**

Organizado pola área de Cultura do Concello de Ribeira cos obxectivos de potenciar, apoiar e difundir a literatura en lingua galega e conmemorar a concesión de título de cidade. É un certame literario en lingua galega de ámbito internacional e de carácter bienal, no que pode participar calquera persoa, maior de idade e de calquera nacionalidade, sempre que presente un traballo escrito en galego segundo a normativa ortográfica e morfolóxica aprobada pola Real Academia Galega en 2003, orixinal e inédito, de temática libre, cunha extensión mínima de oitenta mil caracteres e máxima de cento corenta mil. O premio conleva unha contía de 3.000 €, un diploma e a publicación da obra por Edicións Xerais de Galicia. Os traballos, mecanografados e nun CD cunha copia dixital do texto, débense entregar por quintuplicado, baixo lema e mediante o sistema de plica, na Área de Cultura do Concello de Ribeira (Praza do Concello s/n, 15960, Ribeira-A Coruña). Na primeira edición de 2007 gañou a novela *As mellores intencións* (2008), da coruñesa Begoña Paz; na segunda edición de 2009, *Vertixes*, do carballés José Ignacio Silva Regueira; e en 2011, terceira edición, Edicións Xerais de Galicia tamén formou parte da organización e o xurado resolveu conceder o galardón a María Goretti Fariña Caamaño (San Xoán de Baión, Vilanova de Arousa,

1965) pola novela *Orlando pendurado* (Xerais, 2012). No ano 2012 convocouse a IV edición, cuxo prazo de entrega de orixinais rematou o 23 de marzo de 2013. O concurso resolveuse no mes de maio deste ano e o xurado composto por María Goretti Fariña, gañadora da última edición do premio, Cipriano Fernández, escritor e profesor, Manuel Bragado, editor de Xerais, Alicia Padín, responsábel do Servizo de Normalización Lingüística de Ribeira, e José Antonio Otero, arquivista municipal, que actuou como secretario, decidiu outorgar o galardón a David Pobra, nome literario de David Pérez González (A Pobra do Caramiñal, 1981), pola novela *A liña azul*. A publicación e a presentación da obra gañadora terá lugar entre marzo e maio de 2014 e, no mesmo acto, anunciarase a convocatoria da V edición do certame.

Referencias varias:

- Suso Souto, “23 obras no certame de novela de Ribeira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 521, 9 abril 2013, p. 7.

Coméntase a cuarta convocatoria do certame de novela curta Cidade Centenaria de Ribeira. Preséntase o xurado e cítanse os gañadores das últimas edicións.

Certame nacional de microrrelatos Cidade da Coruña

Convocado pola Asociación de Estudos Universitarios por primeira vez en 2013, poden presentarse persoas sen límite de idade e de calquera país de procedencia. Os microrrelatos teñen que ser orixinais, inéditos e non premiados noutro certame, e poden estar escritos en galego ou en español. Cada persoa pode presentar catro microrrelatos, dos cales só poderá ser escollido un, se reúne a calidade suficiente. Deben ter unha extensión de entre cen e trescentas palabras en Times New Roman tamaño 12 e interliñado de 1,5 liñas e enviarse por correo electrónico ao enderezo asociación.estudios@gmail.com en formato doc ou en odt. Envíanse dous arquivos: un denominado “Datos”, no que aparecen os datos persoais do autor, nome e apelidos, pseudónimo, DNI, enderezo postal, correo electrónico e teléfono; outro denominado Microrrelato, no que se inclúe o/os microrrelatos, o título e o pseudónimo. O xurado, formado por filólogos e escritores, selecciona un os microrrelatos finalistas (un por autor) e designa entre eles o gañador e o mellor microrrelato local, se for o caso. O premio para o gañador do certame é de 300 €. O microrrelato premiado é publicado, xunto co mellor microrrelato local e cos finalistas nun libro colectivo, propiedade da entidade organizadora, polo que os autores aceptan ceder todos os dereitos. Nesta primeira edición de 2013, o prazo de entrega de orixinais rematou o 15 de abril ás 23h e o xurado deu a coñecer o seu fallo na segunda quincena dese mes. O premiado foi José Manuel Fernández González por “Un amigo maldito”.

Concurso de relatos Ciencia que conta

Organízao o profesorado do Departamento de Física Aplicada da Universidade de Vigo para concienciar sobre a importancia da ciencia no desenvolvemento económico e o benestar social. Está aberto ao alumnado de educación Primaria e Secundaria e ao público en xeral. En 2013 convocouse a sexta edición, e o xurado, composto por

Agustín Fernández Paz, Cristina Trillo Yáñez e Xose Lois González Vázquez, reunido na cidade de Vigo o día 5 de decembro de 2013, decidiu galardoar os seguintes traballos: na categoría Alumnado de Educación Primaria outorgáronse dous accésits aos relatos: “Historia dun mexillón”, de Andrea Castro Parada, do CEIP Escultor Acuña (Vigo) e “A verdadeira historia de carapuchiña”, de Candela Ramos Rey do CEIP Ponte dos Brozos (Arteixo, A Coruña); o Terceiro Premio ao relato titulado “Os irmáns Wright e o pánico no garaxe”, de Carlos Seijo Fernández do CEIP Escultor Acuña (Vigo); o Segundo Premio ao relato titulado “A vida no oído”, de Lucía Rey Gómez, do CEIP Escultor Acuña (Vigo); e o Primeiro Premio ao relato titulado “Experimento: Morris II”, de María López Gabián, do CEIP Plurilingüe *Ría de Vigo* (Vigo); na categoría Alumnado de Educación Secundaria obrigatoria, outorgáronse dous accésits aos relatos: “O garfo dos Pérez”, de Antón Alexandre Pérez Vázquez, do IES CAMPO San Alberto (Noia, A Coruña), e “A grandeza de Carolina”, de Marta López Gabián, do IES “Alexandre Bóveda” (Vigo); o Terceiro Premio ao relato titulado “A curiosidade factor fundamental no progreso humano. Un exemplo prehistórico”, de Roi Millán Míguez, do IES Monte Carrasco (Cangas do Morrazo); o Segundo Premio ao relato titulado “A cores do gris”, de Claudia Rivas Guisande, do IES Chapela (Chapela, Redondela); e o Primeiro Premio ao relato titulado “O gris das fedoras”, de Nuria Vilariño Lema, do IES Maximino Romero de Lema (Baio, A Coruña); na categoría Alumnado de Bacharelato e Ciclos FP, outorgouse o Terceiro Premio ao relato titulado “A través do espello”, de Adrián De Matos Alonso, do IES A Paralaia (Moaña, Pontevedra); o Segundo Premio ao relato titulado “Stella clarissima”, de Diego Markwalder Gato, do IES Lauro Olmo (O Barco de Valdeorras, Ourense); e o Primeiro Premio ao relato titulado “O dos ollos bonitos”, de Lucía Díaz Nicolino, do IES Xesús Taboada Chivite (Verín, Ourense); na categoría Público en Xeral outorgouse o Terceiro Premio ao relato titulado “A viaxe de Wong a través do mundo”, de Noé Ferreira Rodríguez; o Segundo Premio ao relato titulado “A avoa”, de Luís Jar Pereira; e o Primeiro Premio ao relato titulado “Crónica dunha ascensión”, de Óscar García Ramos.

Certame Internacional de Microrrelatos Primavera Cultural do **Concello de Arbo**

Convocado dende o ano 2013, poden presentarse todos os autores sen límite de idade sexa cal sexa o seu país de procedencia. Os microrrelatos poden estar escritos en castelán ou galego e deben ser orixinais e inéditos. Cada autor pode presentar un máximo de catro microrrelatos de temática libre en cada idioma, dos cales se selecciona un en galego e outro en castelán como un dos 90 finalistas. Non poden levar sinatura ou sinal que indique a súa autoría. As obras teñen que ter unha extensión mínima de 100 palabras e máxima de 300 en letra tipo Times New Roman a 12 pt e a dobre espazo. A obra preséntase por triplicado, mecanografada por unha soa cara e en tamaño DIN A-4. O orixinal e as súas copias deben remitirse nun sobre pechado por correo ordinario ou entregado en man, indicando no sobre: Certame Internacional de Microrrelatos Primavera Cultural Arbo. O enderezo para a recepción dos traballos é: Concello de Arbo, Praza Consistorio, 1, 36430 Arbo- Pontevedra. Nun sobre á parte, en cuxo exterior debe constar o título da obra, hai que achegar o nome, enderezo, teléfono e enderezo electrónico (no caso de telo), así como un breve currículo do autor e unha declaración xurada que acredite que a obra non foi premiada en calquera outro concurso con anterioridade. Pódense presentar tamén a través de correo electrónico ao seguinte enderezo: concellodearbo@concellodearbo.es. Neste caso, hai que enviar dous arquivos, un denominado “Datos” no que figuran os datos do participante (nome e apelidos, DNI,

correo electrónico, teléfono, enderezo, código postal e un breve currículo con fotografía, que, de ser seleccionado como finalista, aparecerá no libro que se publicará) e outro arquivo denominado “Microrrelato” coa obra, na que figura o título e pseudónimo utilizado. Os formatos admitidos para o envío de arquivos son: doc e pdf. A comisión avaliadora está formada polo alcalde ou persoa en quen delegue, que presidirá a devandita comisión; o concelleiro de Cultura; o traballador municipal encargado da biblioteca; un membro do profesorado do CEIP Antonio Carpintero; unha persoa en representación das asociacións culturais de Arbo; unha persoa en representación da ANPA do CEIP Antonio Carpintero; e un membro do persoal traballador do Concello que actuará como secretario. Esta Comisión selecciona 90 microrrelatos finalistas en cada lingua, galego e castelán de 90 autores diferentes entre todos os participantes. Os devanditos finalistas danse a coñecer entre a primeira e a segunda quincena de maio. O premio pode quedar deserto se así o considera o xurado. O gañador é elixido entre un dos microrrelatos finalistas e hai tamén un gañador local. Publícase unha obra colectiva publicada polo Excmo. Concello de Arbo a través dunha editorial co microrrelato gañador e unha selección dos finalistas. Cada un dos autores recibe tres exemplares da obra e un diploma acreditativo da mención. Os autores premiados non perciben dereitos económicos e ceden a propiedade intelectual dos seus traballos. O Concello dispón dos dereitos de reprodución da obra gañadora en todos os formatos actualmente dispoñíbeis, incluíndo o libro electrónico, así como o dereito de cesión a terceiros para a tradución e adaptación da obra, contando sempre coa aprobación dos autores neste último caso. Transcorridos cinco anos dende a data do fallo, os autores teñen tamén a libre disposición da súa obra. A cada finalista seleccionado envíaselle a notificación ao enderezo de correo achegado, debendo aboar a cantidade de 20 € en concepto de contribución para os gastos de edición, publicación e envío da obra. Nesta primeira edición, o prazo de entrega de traballos rematou o 26 de abril ás 23h. Presentáronse 260 microrrelatos, chegados de 15 países diferentes (Estados Unidos, Honduras, Arxentina, Brasil, Romanía, Xamaica, Cuba...). Máis de 170 foron enviados dende 37 provincias de toda España. A comisión avaliadora do certame reuniuse o 5 de xuño e acordou entregar o 1º premio en galego a Francisco Freire Vila por “Novos Inzos”. Resultaron finalistas nesta lingua Patricia Fernández Araújo por “Na procura das Raíñas”, Eva Vila Melero por “Fuga frustrada”; Victorino Cores Liste por “Un velorio a medio”; Ana Marques Parrilla por “Capicúa”; Josep Manuel Segarra Bellés por “Reunión de pensamentos”; Ruth Oliveira Martínez por “Esperanza”; Mª Concepción Pérez Cerdeira por “Unha casa con luz propia”; Mª Jesús González Rodríguez por “Cabeza de Anduriña”; e Alejandro Sande Corral por “A vella Otero”. O premiado local foi José Manuel Fernández González por “Amigo dos sonhos”.

Certame Internacional de Relatos curtos e contos Primavera Cultural do Concello de Arbo

Convocado dende o ano 2013, poden presentarse todos os autores sen límite de idade sexa cal sexa o seu país de procedencia. Os relatos ou contos poden estar escritos en castelán ou galego e deben ser orixinais e inéditos. Cada autor pode presentar un máximo de catro relatos ou contos de temática libre en cada idioma, dos cales se selecciona un en galego e outro en castelán como finalistas. Non poden levar sinatura ou sinal que indique a súa autoría. As obras teñen que ter unha extensión mínima de 2 páxinas e máxima de 8 en letra tipo Times New Roman a 12 pt e a dobre espazo. A obra preséntase por triplicado, mecanografada por unha soa cara e en tamaño DIN A-4. O

orixinal e as súas copias deben remitirse nun sobre pechado por correo ordinario ou entregado en man, indicando no sobre: Certame Internacional de Relatos Curtos e Contos Primavera Cultural Arbo. O enderezo para a recepción dos traballos é: Concello de Arbo, Praza Consistorio, 1, 36430 Arbo- Pontevedra. Nun sobre á parte, en cuxo exterior debe constar o título da obra, hai que achegar o nome, enderezo, teléfono e enderezo electrónico (no caso de telo), así como un breve currículo do autor e unha declaración xurada que acredite que a obra non foi premiada en calquera outro concurso con anterioridade. Pódense presentar tamén a través de correo electrónico ao seguinte enderezo: concellodearbo@concellodearbo.es. Neste caso, hai que enviar dous arquivos, un denominado “Datos” no que figuran os datos do participante (nome e apelidos, DNI, correo electrónico, teléfono, enderezo, código postal e un breve currículo con fotografía, que, de ser seleccionado como finalista, aparecerá no libro que se publicará) e outro arquivo denominado “Relato” coa obra, na que figura o título e pseudónimo utilizado. Os formatos admitidos para o envío de arquivos son: doc e pdf. A comisión avaliadora está formada polo alcalde ou persoa en quen delegue, que presidirá a devandita comisión; o concelleiro de Cultura; o traballador municipal encargado da biblioteca; un membro do profesorado do CEIP Antonio Carpintero; unha persoa en representación das asociacións culturais de Arbo; unha persoa en representación da ANPA do CEIP Antonio Carpintero; e un membro do persoal traballador do Concello que actuará como secretario. Esta Comisión selecciona 30 relatos ou contos finalistas en cada lingua, galego e castelán de 30 autores diferentes entre todos os participantes. Os devanditos finalistas danse a coñecer entre a primeira e a segunda quincena de xuño. O premio pode quedar deserto se así o considera o xurado. O gañador é elixido entre un dos relatos finalistas e hai tamén un gañador local. Publícase unha obra colectiva publicada polo Excmo. Concello de Arbo a través dunha editorial co relato ou conto gañador e 30 relatos ou contos finalistas. Cada un dos autores recibe seis exemplares da obra e un diploma acreditativo da mención. Os autores premiados non perciben dereitos económicos e ceden a propiedade intelectual dos seus traballos. O Concello dispón dos dereitos de reprodución da obra gañadora en todos os formatos actualmente dispoñíbeis, incluíndo o libro electrónico, así como o dereito de cesión a terceiros para a tradución e adaptación da obra, contando sempre coa aprobación dos autores neste último caso. Transcorridos cinco anos dende a data do fallo, os autores teñen tamén a libre disposición da súa obra. A cada finalista seleccionado envíaselle a notificación ao enderezo de correo achegado, debendo aboar a cantidade de 40 € en concepto de contribución para os gastos de edición, publicación e envío da obra. Nesta primeira edición, o prazo de envío dos textos finalizou o 24 de maio de 2013 ás 23 h. A comisión avaliadora do certame reuniuse o 12 de xullo e acordou entregar o 1º premio en galego a José Manuel Ramos González por “Dúas bágoas pola lingua”. Resultou finalista nesta lingua Antía Sousa Álvarez por “O mozo que non foi a guerra” e “A meniña que trouxeron uns cabaleiros”. A premiada local foi Concepcion Perez Cerdeira por “A pedra da Moura”. Estes relatos foron editados no libro *Ríos de letras*.

II Certame de Relato Curto de Nadal do **Concello de Cambre**

O departamento de Cultura do Concello de Cambre convoca por primeira vez en 2012 este certame, que concede ao seu gañador un premio de 300 €. Os relatos, sobre o Nadal, en castelán ou galego, deben ser orixinais e inéditos, e non premiados en calquera outro certame. Valórase especialmente a exaltación dos valores tradicionais do Nadal. A extensión non pode ser superior a oito páxinas, tamaño DIN-A4, nin inferior a

catro e admítase tan só un relato por autor, mecanografado a dobre espazo, letra de corpo 12 tipo Estafes New Roman, en formato DIN-A4, por unha soa cara e debidamente grampado. O relato debe presentarse, por triplicado, nun sobre no que se especifique o título da obra e pseudónimo do autor dirixido ao Concello de Cambre. Área de Cultura e Turismo, Urbanización A Barcala, Rúa Río Barcés 8, 15660 Cambre. Nesta segunda edición de 2013, o prazo de presentación de traballos rematou o 16 de decembro. O xurado compuxérono Alicia Longueira Moris (directora da Fundación Wenceslao Fernández Flórez de Cecebre); Ana Belén Losada Rumbo (licenciada en Filoloxía) e M^a Ángeles Roca López (Bibliotecaria-Arquiveira do Concello de Cambre). A gañadora foi Sofia Rodríguez Suárez co relato “Sopa de piedra”.

Premio de Narración Curta do **Concello de Curtis HAPPY CURTIS**

O Concello de Curtis convoca este certame para textos inéditos en lingua galega, non premiados en ningún outro certame, cuxa extensión comprenda entre os tres mil e cinco mil caracteres (espazos incluídos), que deben enviarse á dirección de correo electrónico happycurtis@concellodecurtis.org. Estabelécense dúas categorías: A (dos doce aos dezaioito anos) e B (dos dezanove anos en diante), con dous premios dotados con 200 € e 100 €, para a categoría A, e 350 € e 150 €, para a B. No ano 2012 convocouse a IX edición do concurso e fixéronse públicos os galardóns da VIII edición do ano 2011. No ano 2012 convocouse a IX edición do concurso e fixéronse públicos os galardóns da VIII edición do ano 2011. Na categoría A, o primeiro premio foi para Ana Uhía Pérez, de Portonovo e o segundo premio estivo compartido entre Marta Pita Vidal, de Teo, e Sara Martínez García, de Sanxenxo; na categoría B, o primeiro premio foi para Daniel Landesa, de Vigo, e o segundo premio para Ana María Galego, de Ferrol. A velada da entrega dos galardóns estivo conducida por Lucía Aldao.

Premio de Narración Curta **Concello de Marín**

A Concellería de Cultura do Concello de Marín convoca este premio cunha dotación de 1.000 € para conmemorar o Día das Letras Galegas. A este certame poden concorrer todos os autores que entreguen catro copias dun traballo en lingua galega (orixinais e inéditos), cunha extensión limitada entre cinco e dez páxinas tamaño DIN-A4 mecanografadas a dobre espazo por unha soa cara, cun tipo de letra Times New Roman ou semellante de tamaño 12. Os relatos remitiranse sen nome do autor, acompañados dunha plica en que se indique na súa parte exterior un lema que tamén figurará na primeira folla e no interior o nome de autor, DNI, enderezo postal, teléfono e demais datos de contacto. En 2013 non se convocou.

Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Certame de relato curto en galego que convoca a Concellería de Cultura do Concello de Mugardos, conta coas modalidades de maiores de 18 anos e menores de idade. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega, cunha extensión máxima de dez páxinas, e poden presentarse até un máximo de tres traballos por participante, que deben enviarse á Concellaría de Política Lingüística do Concello de Mugardos (Avda. de Galicia, 45, 15620, Mugardos). Existen tres categorías: unha até os

doce anos, que terá como premio un bono de 100 € para mercar libros en galego; outra entre os 13 e os 17 anos (incluídos), na que se opta a un vale de 200 €; e unha para maiores de 18 anos, que pode gañar un bono de 400 €. No ano 2013 tivo lugar a undécima edición. O prazo de entrega de orixinais rematou o 15 de abril e o fallo do xurado fíxose público o 17 de maio.

Certame de Relato Curto do **Concello de Quiroga**

A oficina de xuventude do Concello de Quiroga organiza este certame, no que poden participar todas as persoas que o desexen con relatos curtos de tema libre escritos en castelán ou en galego, cunha extensión máxima de vinte folios e mínima de dous, mecanografados ou a ordenador por unha soa cara, por duplicado e sen sinatura. Os datos da autoría, dirección e teléfono deben presentarse dentro dun sobre pechado en cuxo exterior figure o título do relato e a categoría na que participa, xuvenil ou para persoas adultas (a partir de dezoito anos). Os traballos pódense enviar por correo ou entregarse persoalmente na Casa de Cultura de Quiroga ou na Oficina de Información Xuvenil. Prémianse os tres mellores relatos de cada categoría e o galardón consiste nun lector de libros electrónicos para o primeiro premio, un libro de relatos para o segundo e unha placa conmemorativa para o terceiro. No ano 2013 tivo lugar a novena edición e dentro da categoría xuvenil, as participantes gañadoras foron: 3º premio, Marta Campos Mateo con “As voltas da vida”; 2º premio, Ánxela Jorge Vidal con “O trasno Tiburcio”; e 1º premio, Sabela Jorge Vidal con “Resonancia”. Dentro da categoría de adultos, os participantes gañadores foron: 3º premio, Juan Sánchez González con “El sendero de felices desencantos”; 2º premio, Xulio Romero Suárez con “Sae o sol”; e 1º premio, Pedro Naveira Pedreira con “Unha aposta ousada”. A entrega dos premios tivo lugar no Auditorio Municipal de Quiroga o 21 de decembro a partir das 19:00 horas dentro dos actos do Festival de Nadal.

Concurso de conto ilustrado **Contando historias**

Creado no ano 2012 polo Museo de Pontevedra para achegar esta institución á poboación da provincia, consta de dúas categorías: creadores infantís, na que poden participar todos os ciclos de Primaria dos colexios da provincia, e creadores adultos. Os participantes deben tecer, en lingua galega, unha historia novelada e ilustrada que terá como protagonista unha peza, unha colección, un personaxe ou un dos edificios do museo. A categoría de participación para persoas adultas está dirixida a maiores de 16 anos e poden concorrer de maneira individual ou en parella (o autor das ilustracións máis o autor do texto). Neste último caso, ambos os dous contan como unha unidade de participación. Cada participante pode presentar un único conto infantil, orixinal e inédito, redactado en lingua galega e anónimo. A súa extensión non pode superar os vinte folios escritos e/ou ilustrados por unha soa cara, e o seu formato é libre. O texto e as ilustracións son complementarios, e as ilustracións poden realizarse coa técnica pictórica que os debuxantes estimen oportuno. Os participantes deben remitir cinco copias, en soporte papel, de cada conto, nas que unicamente conste o título da obra e o pseudónimo. Cada relato ten que remitirse coa correspondente instancia, que pode descargarse tanto da páxina web da Deputación como da do Museo de Pontevedra. Na instancia deben constar os datos do autor ou autores, o título da obra e o pseudónimo co que participan. Os premios para a categoría adulta consisten nun 1º premio, dotado con

1.000 € e un 2º premio, dotado con 600 €. Ambos os contos publicaraos e distribuíraos a deputación, e os autores premiados recibirán dez copias do seu conto publicado. As instancias para tomar parte no concurso en calquera das categorías hai que dirixilas ao presidente da Deputación de Pontevedra e preséntanse no rexistro xeral desta institución, na sede de Pontevedra: avda. Montero Ríos, s/n (de luns a sábado) ou na sede de Vigo: rúa Oporto, 3 (de luns a venres), nos rexistros da Administración Xeral do Estado, da Comunidade Autónoma así como nos demais establecidos no art. 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Na categoría infantil, enténdese como participante unha clase completa e hai tres subcategorías: primeiro ciclo de Primaria, segundo ciclo de Primaria e terceiro ciclo de Primaria. Cada colexio pode participar cun máximo de dous contos por subcategoría. Cada participante/clase pode presentar un único conto ilustrado, orixinal, inédito, redactado en lingua galega e anónimo. A súa extensión non pode superar os dez folios, con formato DIN-A4 ou A3, escrito e/ou ilustrado por unha soa cara. O texto e as ilustracións deben ser complementarios, e as ilustracións realizarse coa técnica pictórica que os debuxantes estimen oportuno. Os colexios interesados deben remitir cinco copias, en soporte papel, de cada conto, nas que unicamente consten o título da obra, o pseudónimo da clase participante e a categoría á que se presenta, xunto coa correspondente instancia, que pode descargarse tanto da páxina web da Deputación como da do Museo de Pontevedra. Nas correspondentes instancias deben constar: os datos do centro (denominación, enderezo e teléfono), o título da obra, o pseudónimo da clase, a categoría á que optan, o nome do profesor responsábel da clase e o nome completo dos alumnos participantes. En cada conto unicamente deben aparecer o título, o pseudónimo da clase participante e a categoría á que se presenta. A selección e a proposta de concesión dos premios encoméndaselle a un xurado integrado polo titular da deputación ou deputado en quen delegue, que actúa como presidente; tres vogais: expertos na materia; e o titular da corporación ou funcionario en quen delegue, que actúa como secretario. Valórase de maneira conxunta a calidade literaria e plástica dos contos. O premio para calquera das categorías do concurso pode ser declarado deserto se o xurado así o estima. Os premios da modalidade infantil consisten na publicación conxunta dos tres contos gañadores, un de cada categoría, que serán distribuídos pola deputación, e un obsequio para cada estudante premiado. O colexio dos gañadores recibirá un premio por importe de 500 €, que deberá ser investido no material escolar que o centro considere oportuno. Os colexios xustificarán, con facturas, as compras realizadas con esta cantidade nun prazo máximo de seis meses inmediatamente posterior á recepción do premio. En 2013 non se convocou.

Contos de verán

Certame de contos que organiza o xornal *El Progreso*. Pódense presentar traballos de temática libre, inéditos na súa totalidade e escritos en lingua galega segundo a normativa oficial vixente. A extensión dos relatos non pode ser inferior aos tres mil caracteres nin superior aos catro mil, incluídos os espazos. Os contos elixidos por un xurado designado para o efecto publicanse no xornal durante os meses de xullo e agosto. Pódense enviar cantos contos se queiran, se ben só se publica un por persoa. Os orixinais envíanse ao enderezo electrónico contosdeveran@elprogreso.es ou por correo postal ao diario *El Progreso*, rúa Ribadeo, n.º 5, CP: 27002, Lugo. Pódense acompañar dunha fotografía da autora ou autor, que se publica xunto ao relato. Estabelécense dous

premios: un primeiro dotado con 1.000 € e un segundo con 500; os impostos correspondentes corren a cargo das persoas gañadoras. O xurado cualificador componse dun xornalista representante d' *El Progreso* e por outras dúas persoas relacionadas co ámbito da literatura galega e do xornalismo. Nesta primeira edición de 2013, o prazo de admisión rematou o 15 de agosto e o xurado, encabezado polo escritor e presidente do Pen Club de Galicia, Luís González Tosar, e integrado polo subdirector d' *El Progreso*, Tito Diéguez, e os xornalistas Santiago Jaureguizar e Marta Veiga, acordou concederlle o primeiro galardón ao conto titulado “Larralde”, enviado dende Trabada por Rubén Gasalla, e o segundo premio ao texto “36 céntimos”, composto por Ángela Piñeiro Acción, de Lugo.

Certame de Relatos Contos na Lareira da Asociación cultural O Arrieiro de Moraña

Concurso organizado pola Asociación Cultural O Arrieiro de Moraña que pretende premiar a tradición oral dos contos. Estabelécense tres categorías: A, até dezaseis anos; B, para mozos de nove a quince anos e C, para maiores desta idade. A temática é libre e o texto debe estar elaborado integramente en galego. Deben ser textos orixinais dun mínimo de dous folios manuscritos ou mecanografados, en forma de pequena historia ou conto, que poidan ser relatados do xeito en que o facían os devanceiros nas noites invernaís a carón da lareira. Preséntanse baixo pseudónimo cos datos persoais nun sobre pechado no Concello de Moraña ou na Casa da Cultura ADR Castela (Rúa, n.º 3, 36660 Moraña). Concédense dous premios en cada categoría: un lote de libros e un diploma honorífico acreditativo. O xurado valora o contido literario e a presentación e inclusión de ilustracións. A resolución dáse a coñecer nun acto o Día das Letras galegas.

Concurso de Relatos Curtos contra a Violencia de Xénero

A Universidade de Santiago de Compostela, a través da Oficina de Igualdade de Xénero, crea en 2012 este certame con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Nesta primeira edición presentáronse cento cinco relatos e o xurado, composto por Teresa Moure Pereiro, Manuel Núñez Singala e Manuela Palacios González decidiu outorgar o primeiro premio a Ismael Ramos Castelo por “A muller do escritor” e accésits a Adriana Grela del Río por “Presentimento”, a Ignacio Nicolás Fernández por “O príncipe herdeiro e o medio dragón” e a Julia Ammerman Yebra por “Trocando a realidade”. O acto de entrega dos premios e diplomas acreditativos celebrouse o 11 de decembro de 2012 na Sala de Profesorado da Facultade de Xeografía e Historia. No ano 2013, a USC conmemorou o 25 de novembro coa publicación do libro que acolle o relato gañador, os tres accésits e as tres obras finalistas: *7 Relatos curtos contra a violencia de xénero*.

Certame de Microrrelatos Unha dorna de libros, un mar de ilusións

Convocado dende o ano 2012 polo Bloque Nacionalista Galego de Marín, ten lugar dentro do conxunto de actividades arredor do libro e da lectura que realiza esta formación política. Os microrrelatos non poden sobrepasar as 150 palabras. Conta con catro categorías en función da idade: de 6 a 8 anos, de 9 a 12 anos, de 13 a 17 anos e

adultos a partir de 18 anos. Distínguense dous finalistas por categoría e un premiado entre eles. No ano 2013 tivo lugar a II edición e o prazo para presentar os relatos, que debían comezar coas palabras “Aquela noite de novembro o mar...”, rematou o día 30 de novembro. O xurado, formado por Ana Acuña e Josecho de la Torre, decidiu, o 3 de decembro, seleccionar os seguintes premiados: na 1ª categoría, o microrrelato gañador foi “Encomenda de neptuno”, de Carlos Estévez Suárez, e o finalista “O mar enfadado”, de Lucía Estévez Suárez; na 2ª categoría, o gañador foi “Mar pequeno queda sen pilas”, de Eloy Álvarez Santos, e o finalista “A mensaxe do mar”, de Ana Barros Fernández; na 3ª categoría, o gañador foi “A raíña dos piratas”, de Virginia Estévez Suárez, e o finalista quedou deserto; e na 4ª categoría, o gañador foi “Definitivamente”, de Eva María Gutiérrez Alonso, e o finalista “En novembro, no meu mar...”, de Elena L. González Otero. Dada a calidade e a igualdade dos traballos nesta categoría o xurado quixo facer unha mención tamén ao relato “O sono do celta”, de Mª Antonia de Gregorio Juan.

Referencias varias:

- Ángeles Pazos, “Intercambio de libros usados no Multiusos”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 7 decembro 2013, p. 4.

Infórmase de que o BNG organizou en Marín unha feira de libros, “Unha dorna de libros, un mar de ilusións”, na que tivo lugar a presentación do libro *Arcadia* de Alberte Blanco Casal e a entrega de premios do concurso de microrrelatos para nenos e adultos, que debían comezar coa frase “Aquela noite de novembro o mar...”. Na categoría Infantil resultou gañadora a obra “Encomenda a Neptuno” e finalista “O mar enfadado”. Na segunda categoría o primeiro premio recibíuno “Mar pequeno queda sen pilas” e a finalista foi “A mensaxe do mar”. Na terceira categoría só houbo un premiado: “A raíña dos piratas”. Os gañadores recibiron libros e lambonadas e o resto un detalle por ter participado.

Concurso Literario de Microrrelatos para a **Erradicación da Violencia de Xénero**

Convocado pola Asociación Fins dentro da súa programación de actividades en torno ao 25 de novembro, Día pola Erradicación da Violencia de Xénero, co obxectivo de sensibilizar a sociedade sobre as diferentes formas de violencia exercidas contra as mulleres. Contou co apoio da Deputación de Pontevedra. Podían presentarse todas as persoas maiores de catorce anos que o desexasen con microrrelatos en formato dixital de entre 1.300 e 1.500 caracteres, en letra Arial tamaño 11, interliñado 1,5. Debían entregarse no enderezo electrónico asociacionfins@gmail.com. O prazo de entrega rematou o 16 de novembro. O xurado estivo formado por persoas do ámbito literario e da igualdade de xénero. O acto de entrega dos premios tivo lugar o 23 de novembro no Sexto Edificio do Museo de Pontevedra. O 1º premio foi para o relato “Sen título”, de Jaime Barreiros Santos; o 2º premio foi para “A casa na gaiola”, de Xavier Alfonso Cornes; e o 3º premio para “La mujer salvaje”, de María Díaz García. Os dous primeiros premios recibiron un agasallo.

Certame de narrativa **Gonzalo Torrente Ballester**

Certame instituído pola Deputación Provincial da Coruña no ano 1989 como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester e coa intención de contribuír ao reforzamento da calidade creativa dos escritores. Está dotado dende a décimo cuarta convocatoria con 25.000 € e a publicación da obra. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán, de tema e extensión libres, en forma de novelas, relatos e conxunto de relatos. As obras deben presentarse preferentemente en formato dixital en Word ou OpenOffice. No caso de optar pola presentación en papel, os orixinais deben enviarse por duplicado, numerados e en tamaño DIN-A4, escritos por unha cara a dobre espazo e acompañados de plica, na que conste o nome, apelidos e nacionalidade do autor. Os orixinais envíanse á Deputación Provincial (Avda. Alférez Provisional, n.º 2, 15006, A Coruña). En edicións anteriores recibiron os galardóns as seguintes obras en lingua galega: *A cidade dos Césares* (1993), de Victor F. Freixanes, en 1992; *¿Que me queres, amor?* (1996), de Manuel Rivas, en 1995; *Un xogo de apócrifos* (1998), de Xosé Carlos Caneiro Pérez, en 1996; *A memoria do boi* (2001), de Xosé Vázquez Pintor, en 2000; *As humanas proporcións* (2004), de Xesús Constela Doce, en 2003; *A choiva do mundo* (2008), de Xosé Manuel Pacho Blanco, en 2007; e *A vida do outro* (2009), de Carlos González Reigosa, en 2008. Na XXV edición, correspondente ao ano 2013, recibíronse cincocentas noventa e sete obras e o xurado, composto por Ángel Basanta, Amalia Iglesias, José Antonio Ponte Far, José María Pozuelo, Rosario Canal, Mercedes Monmany e Ernesto Pérez Zúñiga, gañador da última edición, fixo pública a súa decisión de outorgar o galardón a Jorge Eduardo Benavides por *El enigma del convento*.

Referencias varias:

- M. G. M., “Os 25 anos do Torrente Ballester levan á Deputación a preparar ‘algo especial’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 febreiro 2013, p. 15.

Fálase das dotacións económicas que a Deputación da Coruña repartirá entre nove certames literarios.

- E. P., “La Diputación de A Coruña presenta la obra ganadora del Torrente Ballester”, *El Correo Gallego*, “Tendencias” 21 setembro 2013, p. 41.

Dáse conta da presentación do libro *La fuga del maestro Tartini*, obra escrita por Ernesto Pérez Zúñiga que recibiu o premio Torrente Ballester do ano 2012 co que logrou a súa edición e unha dotación económica de 25.000 €.

- José A. Ponte Far, “El premio y el escritor”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 549, “A outra mirada”, “Viéndolas pasar”, 7 decembro 2013, p. 12.

Fálase da importancia do premio de narrativa Torrente Ballester, ao cal poden presentarse obras en galego e castelán. Indícase que é un premio importante por catro motivos: polo número de concursantes, que vai en aumento e este ano alcanzou os 593; pola calidade das obras xa que adoitan presentarse escritores de primeira liña; porque foi un trampolín para escritores novos e pouco coñecidos no momento en que gañaron o premio; e porque serve para que unha institución oficial entendera que se pode axudar

ao mundo da cultura empregando cartos públicos con seriedade. Ademais sinálase que é un premio importante porque serve para recordar a Torrente Ballester.

Concurso **Hipercurtos Contos**

Organizado pola Federación de Centros Xuveníns Don Bosco de Galicia, coa colaboración da Deputación da Coruña. Consta de tres categorías segundo a idade que teña a persoa que participa o 1 de maio de 2013: a) nenos e nenas até 13 anos; b) mozos e mozas entre 14 e 30 anos; e c) maiores de 30 anos. Os hipercurtos contos deben estar escritos en galego, ser orixinais e inéditos e ter unha extensión máxima de 175 palabras. A temática é libre. Os hipercurtos contos deben presentarse sen identificación, facendo constar o seu título e acompañando á obra, nun sobre pechado, envíanse os datos completos do autor ou autora (nome, apelidos, idade, enderezo, teléfono e unha fotocopia do DNI). No exterior do sobre debe estar escrito o título do hipercurto conto entregado e a data de nacemento do autor ou autora. Cada participante pode presentar o número de hipercurtos contos que desexe. Os premios (consistentes en vales que se poderán cambiar por libros, discos ou outros produtos galegos nos establecementos que se indicarán aos premiados) quedan establecidos por categorías do seguinte xeito: a) 70 €; b) 130 €; e c) 100 €. Hai tamén un accésit de 60 € para o membro da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia mellor clasificado. Os premios son únicos e indivisíbeis. A xuízo do xurado, e segundo a calidade das obras, pódese declarar deserto algún premio. Todos os hipercurtos contos deben ser entregados na secretaría técnica da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia (na rúa Belvís, nº 2; CP: 15703, Compostela; tfno.: 981 582 243), en man ou por correo (mellor certificado), facendo constar no exterior do sobre ‘Concurso de hipercurtos contos’. Os textos enviados ao concurso pasan a ser propiedade da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia, renunciando os seus autores e autoras aos seus dereitos como tales. O xurado está composto polos membros da Federación de Centros Xuvenís Don Bosco de Galicia que designe a comisión Galiza. No ano 2013 o prazo de entrega dos orixinais rematou o 1 de maio. O 17 de maio déronse a coñecer os textos gañadores, que foron publicados nun caderno no que quedaron recollidos estes e outros textos, seleccionados entre todos os presentados. Os galardóns foron parar na categoría a): a ourensá Silvia Fraga Abelleira co hipercurto conto titulado “Un saltón con anteollos de sol”; na categoría b): o coruñés Manuel Sánchez Domato, co hipercurto conto titulado “Cero absoluto”; e na categoría c): o coruñés Sergio Iturriaga Eras, co hipercurto conto titulado “Quen dixo medo?”. En total entregáronse 497 hipercurtos contos das catro provincias galegas.

Concurso de relatos **Inspiraciencia**

O Consello Superior de Investigacións Científicas convoca dende 2010 este concurso que relaciona a ciencia e a literatura dunha forma lúdica e participativa. Pode participar calquera persoa que presente un relato orixinal en calquera das dúas modalidades do concurso (relatos curtos, cunha extensión mínima de 800 palabras e máxima de 1.500; microrrelatos, cunha extensión máxima de 500 palabras) que estivera inspirado nunha temática científica en calquera xénero literario (narración, poesía, teatro). Os orixinais, escritos en catalán, español ou galego, deben ser inéditos e non premiados en ningunha outra convocatoria, certame ou premio literario, nin ser publicados en ningún outro medio ou blog persoal. Estabelécense dúas categorías: público adulto (a partir de 18

anos) e xuvenil (de 12 a 17 anos). Os participantes deben rexistrarse nunha das dúas categorías e enviar como máximo un relato para cada modalidade competitiva. Os orixinais deben publicarse no sitio web do concurso. Previamente hai que rexistrarse a través dun formulario dispoñíbel no mesmo sitio web. Pódese acceder co nome de usuario e un contrasinal e o pseudónimo é o nome co que se asinan os relatos. Estabelécense un premio institucional e un premio do público para cada modalidade e categoría. Os galardóns consisten en dispositivos electrónicos, libros de divulgación, cursos de escritura e obradoiros semellantes. A organización do concurso resérvase o dereito de declarar deserta a convocatoria se considera que os orixinais presentados non alcanzan a calidade mínima necesaria. Para o premio institucional désígnase un xurado formado por figuras recoñecidas dentro do mundo da cultura en sentido amplo (ciencia, literatura, arte, divulgación) que valora as contribucións e propón os gañadores. Existe un equipo de moderación que se encarga de facer a preselección dos relatos que pasan ao xurado. Téñense en conta a adecuación á temática, a calidade literaria, a orixinalidade do enfoque, ademais da creatividade e a imaxinación. O premio do público decídese a través dunha votación en liña dos participantes previamente rexistrados e prémianse os relatos máis votados de cada categoría e modalidade, con independencia da lingua na que se escribiron. Nesta edición, o prazo de presentación pechouse o 10 de marzo de 2013.

Concurso de contos **Liceo de Noia**

Certame convocado pola Sociedade do Liceo de Noia dende 2004 co gallo da celebración do Día das Letras Galegas. O tema da narración é libre e pode concorrer calquera persoa, con independencia da súa nacionalidade. Os traballos, inéditos, redactados en galego, cunha extensión mínima de tres folios e máxima de seis, deben presentarse por cuadriplicado, mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo. Nos orixinais teñen que figurar o título da obra e un lema, que debe aparecer tamén no exterior dun sobre sen remite, no que se introducen o nome, enderezo e teléfono do autor. Os orixinais envíanse á Sociedade do Liceo de Noia. O xurado está formado por tres personalidades da literatura galega e un membro da directiva da Sociedade do Liceo, que actuará como secretario, sen voz nin voto, e dá a coñecer o seu fallo o día 17 de maio. O premio está dotado con 1.000 € e a obra gañadora publícase na revista *Alameda* do Liceo. Dende a súa creación recibiron o galardón: en 2004, Beatriz Dacosta, por “Goodbye, my friend”; en 2005, Enma Pedreira, por “Cabare vermello feridor”; en 2006, Xosé Francisco Pais López, por “Borisov 61”, e Ricardo Losada, por “Rianxo é meu”; en 2007, Cristina Ferreiro Leal, por “Arredor de Marta”; en 2008, M^a Cristina Pavón Mauriz, por “A braga fantástica”, e Xosé Francisco Pais López, por “Coctel La Chapelle”; en 2009, Luis Miguel Martínez Agulleiro, por “Cada vez que atravesas a porta...”; en 2010, Agustín Agra, por “Círculo Lítico”; e en 2011, María Xesús Blanco, por “Naia” e Carlos Mosteiro Fraga, por “Vladimir”. Na edición de 2012, a novena, o prazo de presentación de orixinais rematou o 1 de abril.

Referencias varias:

- M. G., “X Concurso de Relatos del Liceo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 488, 6 marzo 2013, p. 7.

Infórmase da presentación do concurso e da dotación do premio.

Certame de Microrrelatos **Lonxa Literaria**

Organizado polo colectivo moañés Lonxa Literaria, conta coa subvención da Consellería de Educación da Xunta de Galicia e a colaboración do Concello de Moaña. Os microrrelatos presentados teñen que estar escritos en galego segundo a normativa oficial, cunha extensión máxima de quince liñas a dobre espazo. En cada convocatoria os relatos deben introducir unha palabra obrigada. Hai que remitir tres copias á Lonxa Literaria (Centro Cultural Daniel Castelao, rúa Quintela, s/n, 36950, Moaña-Pontevedra). Convócase unha única categoría dotada co premio dun lote de conservas da ría e pódense conceder até dous accésits. Na XI edición de 2013 a palabra obrigada foi “rizón” e a gañadora foi Antía Yáñez, co microrrelato “Quen”. Mónica Rey conseguiu un accésit co texto “O achado”.

Certame de relatos **O lugar onde vivo**

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza, ADEGA, coa colaboración da Área de Cultura e Turismo da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo, convoca dende o ano 2011 este certame de relatos, xunto a un de fotografía e outro de curtametraxes (este último dende 2012), que en conxunto se denominan Premios polo Territorio e que se enmarcan dentro da campaña “Ponte no medio. Móvete polo territorio”, co obxectivo de que a sociedade retrate o estado actual do territorio galego a través da imaxe e da palabra. Estes concursos pretenden facer participativa á cidadanía galega na reivindicación dunha ordenación territorial sustentábel na que se freen as ansias especulativas dos poderes privados sobre o territorio en convivencia coa administración pública, e na que se propoñan alternativas máis coherentes coa defensa ambiental, coa cohesión social e coa posta en valor do patrimonio cultural galego. Os relatos curtos poden ser historias fantásticas, feitos reais ou experiencias propias, sempre e cando o eixe do relato xire arredor das visións que a poboación galega ten sobre o lugar no que vive: como é, como foi, como quixera que fose, a importancia da súa conservación, as agresións sufridas por este etc. Cada participante pode presentar un máximo de dous relatos inéditos en lingua galega, que hai que enviar por correo postal ao enderezo de ADEGA Lugo. Existen dúas categorías: xuvenil e persoas adultas. Os premios consisten nun diploma e 250 € na categoría adulta e nun diploma e 200 € na xuvenil. O xurado valora a orixinalidade, a calidade literaria, a coherencia do código lingüístico empregado e que o territorio galego figure no relato. No ano 2013 tivo lugar a terceira edición deste certame e o prazo de presentación de traballos rematou o 1 de novembro. O 7 de xaneiro de 2013 tivo lugar o acto de entrega dos premios da segunda edición, na que participaron máis de 40 relatos. Os premiados foron Francisco Castro (Ribeira) por “Ribeira”, na categoría de adultos; e Daniel Duque (Barcela, Arbo) por “A cadeira da moura”, na categoría xuvenil. Foron nomeadas finalistas: Marisa Otero (Vedra), Sonia Nogueiras (Vilar de Santos) e Sandra Lorenzo (Ourense) entre os adultos participantes, e Sara Azidane (Pontecesures), Sheila Guille (As Neves) e Ana Souto (Brión), entre os rapaces.

Premio de Novela **Manuel García Barros (Ken Keirades)**

Convocado dende 1989 polo Concello da Estrada, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Deputación de Pontevedra e a Editorial Galaxia, a contía económica deste galardón é de 9.000 € e, dende a duodécima convocatoria, a obra gañadora é publicada pola citada casa editora. Os orixinais e inéditos en galego normativo teñan que ser enviados por sextuplicado á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución, n.º 1, 36680, A Estrada-Pontevedra), quen se reserva durante un ano os dereitos de publicar a obra premiada en todas as linguas do Estado, en formato físico e dixital. O xurado está composto por cinco membros escollidos entre recoñecidas figuras do mundo da cultura e o acto de entrega do galardón conta con representación do Concello, da Xunta de Galicia e da Editorial Galaxia. Dende a súa creación recibiron o galardón: en 1989, Manuel Forcadela por *Paisaxe con muller e barco* (1990); en 1990, Xosé Miranda por *Historia dun paraugas azul* (1991); en 1992, Manuel Riveiro Loureiro por *Corpo canso* (1993); en 1993, Xosé Ballesteros por *Talego* (1993); en 1994, Aníbal Malvar por *A man dereita* (1994); en 1995, Manuel Lourenzo González por *Arqueofaxia* (1995) e concedeuse un accésit a Xavier Alcalá por *Memorias do Algarve*; en 1996, *ex aequo* Alfonso Álvarez Cáccamo, por *O espírito de Broustenac* (1996), e Xavier Queipo por *O paso do Noroeste* (1996); en 1997, María Gándara por *Magog* (1997), e un accésit Antón Riveiro Coello por *A historia de Chicho Antela* (1997); en 1998, quedou deserto e concedéronse dous accésits a Anxo Franco Bañobre por *Unha esquina no fondo da memoria*, e a Juan Ignacio Pérez Méndez por *A xustiza pola man*; en 1999, Xosé Carlos Caneiro por *Talvez melancolía* (1999); en 2000, Antón Riveiro Coello por *As rulas de Bakunin* (2000); en 2001, Bieito Iglesias por *A historia escríbese de noite* (2001); en 2002, Miguel Anxo Fernández por *Un nicho para Marilyn* (2002); en 2003, Xabier López López por *A vida que nos mata* (2003); en 2004, Xerardo Agrafoxo por *Unha viaxe no Ford T* (2004); en 2005, Santiago Jaureguizar por *Cabaret Voltaire* (2005); en 2006, Manuel Veiga por *Lois e Helena buscándose un día de tormenta* (2006); en 2007, Francisco Castro por *As palabras da néboa* (2007); en 2008, Xesús Constela por *Shakespeare destilado* (2008); en 2009, Xosé Monteagudo por *Un tipo listo* (2010); en 2010, Antón Lopo por *Obediencia* (2010); en 2011, Manuel Antonio Piñeiro Fernández por *As fiandeiras* (2011); e en 2012, Santiago Lopo por *Hora Zulú* (2012). Na XXV edición de 2013, o prazo de presentación das obras rematou o 30 de abril e presentáronse vinte e un textos. O xurado, formado por Inmaculada Otero Varela, Armando Requeixo Cuba, Luís Alonso Girgado, Carlos González de Lema Malvar e Carlos Loureiro Rodríguez, que actuou como secretario, concedeu por unanimidade o galardón a Anxos Sumai (Catoira, 1960) por *A lúa da colleita*. Para conmemorar os vinte e cinco anos do premio, organizáronse diversas iniciativas, como a creación dunha páxina web www.premiosgarciabarros.com, que recrea a historia do concurso e alberga información sobre os gañadores, ademais da celebración dun acto solemne o 16 de novembro na Cidade da Cultura cos premiados de todas as edicións, así como un libro sobre a vida e a obra do literato estradense.

Referencias varias:

- C. B., “Convocados los premios literarios García Barros y Avelina Valladares”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 494, 12 marzo 2013, p. 7.

Anúncianse as convocatorias do premio de novela García Barros e do premio de poesía Avelina Valladares. Preséntanse brevemente as bases dos concursos.

- Raquel Torres, “Anxos Sumai se hace con el XXV Premio de Novela García Barros entre 21 autores”, *Diario de Pontevedra*, “Cultura”, 20 xullo 2013, p. 60.

Anxos Sumai (Catoira, 1960) vén de gañar o XXV premio de Novela García Barros pola súa obra *A luz da colleita*, protagonizada por unha muller duns trinta anos cunha inquietante personalidade, a cal condicionará o trato cos diferentes personaxes que conforman a novela. O xurado destacou a prosa depurada de Sumai e a “arquitectura perfecta, de carácter moi visual”. A escritora recollerá o premio no mes de decembro.

- C. Botrán, “A lúa da colleita, de María dos Anxos Sumai, gaña o Manuel García Barros”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 623, 20 xullo 2013, p. 5.

Dise que o Teatro Principal da Estrada foi o escenario da entrega do XXV Premio de Novela Manuel García Barros. Este ano a premiada foi María dos Anxos Sumai, autora de *A lúa da colleita* quen defendeu o papel da educación pública, a cultura e o respecto polo medio ambiente.

- Sol Elvira, “O García Barros xuntará gañadores e editores no acto do XXV aniversario”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 676, 11 setembro 2013, p. 4.

Infórmase de que a Xunta e o Concello da Estrada poñen en marcha algunhas iniciativas para conmemorar o XXV aniversario do Premio García Barros: unha web do premio (www.premiosgarcíabarros.com), un perfil en Twitter e Facebook, e que farán un evento conmemorativo en outubro onde xuntarán os gañadores e editores. Estas iniciativas foron anunciadas onte polo secretario xeral de Política Lingüística nun acto que contou coa participación de Carlos Lema, membro de Galaxia, e do estradense.

- J. Fernández, “Encuentro de culturas en la Catedral”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, contracuberta.

Refírese ao acto de entrega do premio García Barros que tivo lugar onte no Gaiás. A gañadora do premio foi Anxos Sumai con *A lúa da colleita*.

- C. Botrán, “Lembran cun solemne acto o cuarto de século do Manuel García Barros”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 731, 6 novembro 2013, p. 7.

Sínálase que se celebrará na Cidade da Cultura un acto conmemorativo do vixésimo quinto aniversario do Premio Manuel García Barros, considerado un dos premios máis importantes de narrativa galega. Está previsto que neste acto, conducido por Mireia García, se reúnan a meirande parte dos gañadores do concurso.

- Ana Martínez, “O premio García Barros celebra os 25 anos cun recado para o Día das Letras”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 17 novembro 2013, p. 48.

Infórmase do acto de celebración dos 25 anos do premio García Barros na Cidade da Cultura. Nesta celebración o alcalde da Estrada, municipio do que procedía o escritor,

sinalou que hai unha débeda histórica con esta figura e que tería que ser homenaxeado o Día das Letras Galegas. Ao acto acudiron Víctor Freixanes, director de Galaxia; Xesús Alonso Montero, presidente da RAG; Xavier Queipo, un dos gañadores do premio, estivo presente por vídeo; o conselleiro de Cultura, Xesús Vázquez Abad; Anxo Lorenzo, secretario xeral de Cultura; e Valentín García, secretario Xeral de Política Lingüística, entre outros. Nesta última edición a premiada resultou ser Anxos Sumai pola súa obra *A lúa da colleita*.

- Cristina Botrán, “Recopilan en un libro ponencias de 1992 sobre García Barros”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 745, 20 novembro 2013, p. 7.

Dáse conta da recollida dos relatorios presentados no congreso de 1992 arredor de Manuel García Barros co gallo da celebración dos 25 anos da convocatoria do premio que leva o seu nome. Os relatorios, gravados en audio, foron transcritos polo alumnado do IES García Barros da Estrada e deu como resultado un libro editado pola Consellería de Cultura baixo o título *Encontros para un estudo. Vida, obra e pensamento*

- C. Botrán, “María dos Anxos Sumai recibe o García Barros máis senlleiro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 776, 21 decembro 2013, contracuberta.

Dise que o Teatro Principal da Estrada foi o escenario da entrega do XXV Premio de Novela Manuel García Barros. Este ano a premiada foi María dos Anxos Sumai, autora de *A lúa da colleita* quen defendeu o papel da educación pública, a cultura e o respecto polo medio ambiente.

- Víctor F. Freixanes, “25 anos de novela”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 22 decembro 2013, p. 23.

Refírese aos 25 anos do premio García Barros e menciona que a gañadora deste ano é Anxos Sumai por *A lúa da colleita*. Sinala ademais que as mulleres protagonizan dun xeito especialmente brillante a produción literaria galega. Posteriormente fai referencia a outros premios (o Premio Xerais, que cumpre 30 anos, o Premio Blanco Amor e o Premio Merlín), sinalando que o difícil é manter unha iniciativa e non poñela a andar.

- G. N., “El regreso de Bowie o el talento de cine gallego, entre lo mejor del 2013”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 decembro 2013, p. 33.

Infórmase, dentro da columna que se titula “De Álvarez Torneiro a Chirbes”, sobre a relevancia das letras galegas co gallo da entrega do Premio Nacional a Álvarez Torneiro. Tamén se alude a celebración dos 30 anos do Premio Xerais de Novela e dos 25 anos do Premio García Barros.

Certame Literario **Manuel Lueiro Rey** de Novela Curta

Convocado polo Concello do Grove dende o ano 1992, en colaboración con Sotelo Blanco Edicións, para honrar a figura do galeguista que lle dá nome e promover a literatura galega e os seus autores. Nun principio era un certame literario que prevía dúas modalidades: narración curta (para maiores de 18 anos) e narración xuvenil, mais na V convocatoria o certame pasou a ser monolingüe en galego e reduciuse a unha única

modalidade, sen requisitos de idade. Na VII edición mudou a súa especialización substituíndo a de narración curta pola de novela curta. Os traballos deben remitirse á Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey (Rúa Monte da Vila, 11, 36980 O Grove-Pontevedra) por quintuplicado en papel e unha copia en soporte dixital e precedidos polo título e un lema. Hai que entregalos nun sobre pechado no que figure por fóra o título e o lema e dentro os datos do autor. Deben ser orixinais e inéditos e aterse á normativa vixente, ademais de ter unha extensión mínima de cincuenta folios e máxima de cen. O galardón consiste en 3.000 € e a publicación por parte da editora Sotelo Blanco da obra gañadora. O xurado dáse a coñecer antes da concesión do premio e está formado por cinco membros relacionados co mundo da literatura, un deles o gañador da edición anterior do premio, dous nomeados polo comité organizador e outros dous representantes de Sotelo Blanco Edicións. Nas edicións anteriores foron merecedores deste galardón: en 1992, Manoel Riveiro Loureiro por *O encerro*; en 1993, Mariano J. M. Cabrero Figueiro por *Historia de Zeltia*; en 1994, Xoán Xosé Piñeiro Cochón por *Reciclador*; en 1996, Rosa Aneiros con *Xogo de espellos*; en 1997, Francisco Castro con *Play-back* (2000); en 1998, Inmaculada López Silva por *Canción de amor india*; en 1999, José Luis Álvarez Pérez por *De maxia e de obras*; en 2000, Manuel Darriba con *Velada do billarista* (2000); en 2001, Santiago Jaureguizar con *Breve crónica universal da clase obreira* (2001); en 2002, Xabier López López con *O mono no espello* (2002); en 2003, Pilar Buela con *Ácaros verdes* (2005); en 2004, Teresa Moure con *A xeira das árbores* (2007); en 2005, Manuel Riveiro Loureiro con *Xullo-Agosto* (2006); en 2006, Mariña Pérez Rey con *Canícula* (2007); en 2007, Ramón Caride Ogando con *O frío azul* (2008); en 2008 An Alfaya con *Areaquente* (2009); en 2010 Chelo Suárez Muíños por *As horas rotas* (2010); en 2011, Mario Regueira por *Outono aquí* (2012); e en 2012, Juan Tallón, pola súa novela *Fin de Poema* (2013). Na XX edición, presentáronse 17 traballos e o xurado, presidido polo escritor e profesor Manuel Quintáns e formado polos críticos literarios Armando Requeixo e Francisco Martínez Bouzas, a autora Ánxela Gracián, en representación da editorial Sotelo Blanco, e o escritor Juan Tallón, gañador da edición anterior, decidiu declarar deserto o premio por considerar que ningunha das obras reunía a calidade suficiente. No ano 2013 tamén tivo lugar o acto de entrega do galardón da XIX edición a Juan Tallón, pola súa novela *Fin de Poema*, evento que tivo lugar o 11 de maio como unha das actividades coas que o Concello do Grove festexou o Día das Letras Galegas.

Referencias varias:

- T. M., “El Concello convoca la edición número veinte del Premio de Novela Corta Manuel Lueiro Rey”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 17 marzo 2013, p. 18.

Anúnciase a convocatoria da vixésima edición deste certame e preséntanse as súas bases.

- A. B., “La entrega del Lueiro Rey será el inicio de la celebración de las Letras Galegas”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 8 maio 2013, p. 16.

Fálase dos actos que terán lugar no concello do Grove con motivo da celebración das Letras Galegas, que comezarán coa entrega do premio de novela curta Manuel Lueiro Rey ao escritor Juan Tallón.

- Teresa Miñán, “El Premio Lueiro Rey se fallará el 23 de noviembre”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 17 novembro 2013, p. 16.

Infórmase de que o próximo sábado 23 de novembro ditaminarase cal será a obra gañadora do Premio Lueiro Rey. O xurado terá que decidir entre 18 obras que se presentaron a este certame literario e o premiado recibirá 3.000 €. O premio pode declararse deserto en caso de que o xurado así o estime. Sinálase tamén que a editorial Sotelo Blanco resérvase o dereito de publicación da obra gañadora, sen limitación de exemplares da primeira edición nin das reimpresións.

- L. R., “El Premio Lueiro Rey queda desierto por primera vez en sus 20 años de historia”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 24 novembro 2013, p. 14.

Infórmase de que o XX Premio Manuel Lueiro Rey de novela curta en galego quedou deserto por primeira vez na súa historia. O xurado declarou que non atoparon os puntos de encontro necesarios nin a calidade suficiente para elixir un gañador entre as 17 obras presentadas.

Certame de Narracións Breves **Manuel Murguía**

O Concello de Arteixo convoca este premio dende 1991 para contribuír ao desenvolvemento da narrativa galega e honrar Manuel Murguía. Está dotado con 3.700 € e poden concorrer todas as persoas que o desexen cunha única obra de temática libre e escrita en lingua galega, cunha extensión entre quince e trinta folios mecanografados a dobre espazo por unha soa cara. Os traballos, orixinais e inéditos, deben entregarse por cuadruplicado, xunto cunha copia nun CD en formato PDF, ao concello convocante (Praza do Alcalde R. Dopico, n.º 1, 15142, Arteixo-A Coruña), nun sobre onde figure só o título da obra e un lema. Así mesmo, nun sobre pechado debe constar o título, lema, nome, enderezo, teléfono e currículo de quen se presente. En anteriores edicións concedéronse os seguintes galardóns: *ex aequo* para Xesús Manuel Marcos con “Fuxidos” en 1992 e para Joel Gómez con “Para un clima supremo”; *ex aequo* para Xavier Alcalá con “Relación de feitos de sangue” e José Antonio Lozano con “Retrato antigo: pinturas e superficies” en 1993; Xesús Manuel Marcos con “A cela de arame” en 1994; Isidro Novo con “Cabalos do demo” en 1995; Antón Riveiro Coello con “O nome do espello” en 1996; Marilar Aleixandre con “Desaforados muños” en 1997; *ex aequo* para Alfonso Álvarez Cáccamo con “Cannis fugit” e Xosé Luís Álvarez con “Amencer” en 1998; *ex aequo* para Manoel Riveiro Loureiro con “O río da tristura” e David Pérez Iglesias con “Sámago fascismo” en 1999; *ex aequo* para Xosé Luís Vázquez Somoza, por “A ferverza” e Xosé Carlos Caneiro por “As flores en Irlanda” en 2000; *ex aequo* para Rosa Aneiros con “Mares de Xabre” e Xosé Luís Martínez Pereiro por “Palamades e a Bestia Ladradora” en 2001; *ex aequo* para Emma Pedreira por “A flor perfecta” e Daniel Asorey por “Soñar pedras con fútbol” en 2002; *ex aequo* para Bieito Iglesias con “Comentario ó Apocalipse” e para Paula Sano Vicente por “As idades dela” en 2003; *ex aequo* para Xosé Luís Álvarez con “Detrás dos meus ollos” e Xaime Domínguez Tojo por “A casa dos alicerces mariños” en 2004; Inma López Silva con “Aqueles que retratan o vento” en 2005; Xesús Manuel Marcos con “A caída da folla” en 2006; Miriam Rodríguez Debasa con “Mentras espero” en 2007; Alva Martínez Teixeira por “Un domingo amarelo para dentro” en 2008; Samuel Solleiro con “Caída de Abraham Rosenblath” en 2009; Andrés Pociña Pérez con “As dúas vellas do Iguasú” en 2010; en

2011, co motivo do XX aniversario, outorgáronse tres galardóns: o primeiro premio ao relato “A muller que deu a volta arredor de si mesma”, de Clara Isabel Rodríguez Giraldez; o segundo premio a “Unha viaxe de inverno”, de Xaime Domínguez Toxo; e o terceiro premio a “Eu xogo a que se crean que lles creo”, de Antom Labranha; en 2012 o galardón foi para Roberto A. Rodrigues por “O home que falaba na lingua do océano”. No ano 2013, na XXII edición, debían presentarse os orixinais antes do 1 de marzo e concorreron sesenta e dous relatos. O 16 de maio deuse a coñecer o ditame do xurado, composto por María Canosa, membro da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega; Isabel Rodríguez profesora do IES M. Murguía; e Roberto A. Rodrigues, gañador da última edición, decidiu entregar o premio a Juan Tallón (Vilardevós, 1975) polo texto “Consanguíneo”. Os outros dous relatos finalistas foron: “Vidros”, de David Pérez Iglesias, e “Duelos”, de Xosé Alfredo Naz Fernández. A entrega dos galardóns tivo lugar ese día no Centro Cívico Cultural de Arteixo. Neste ano tamén se convocou a XXIII edición.

Referencias varias:

- M. R. N., “Tallón recibe o premio Manuel Murguía ‘encantado de pertencer a súa historia”, *El Ideal Gallego*, “Arteixo”, 17 maio 2013, p. 18.

Fálase da entrega do Premio Manuel Murguía a Juan Tallón polo seu relato *Consanguíneos*. Noméanse os outros finalistas: Xosé Alfredo Naz, polo relato *Duelos*, e David Pérez Iglesias, por *Vidros*.

Concurso de Microrrelatos en Lingua Galega da USC

Convocado pola Biblioteca Concepción Arenal, en colaboración co Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela, para conmemorar o Día das Letras Galegas. Ten como obxectivo despertar a imaxinación de todas aquelas persoas da USC interesadas na escritura e na promoción do uso do galego no ámbito universitario. Poden participar todos os membros e colectivos da USC (alumnado, PAS, PDI). Os textos terán unha extensión máxima de 200 palabras e enviaranse por correo electrónico a derprest@usc.es, indicando no asunto I Concurso de Relatos Curtos, co título do relato e o pseudónimo do autor en arquivo adxunto. Nesta primeira edición do 2013. A data límite de presentación dos relatos foi o 5 de maio de 2013. O xurado estivo composto por Manuel Núñez Singala e Manuel Bermúdez Blanco, do Servizo de Normalización Lingüística da USC, que otorgou o primeiro premio, galardoado cun lote de libros de Edicións Xerais, a Alberto Gómez Aneiros, por *Unha muller de principios*, e un accésit a Francisco Castro Alvaredo, por *O arrabalde*.

Referencias varias:

- Marga Mosteiro, “Devoción por el vino en Praterías”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 17 maio 2013, contracuberta.

Infórmase do gañador e do accésit da primeira edición deste concurso convocado pola USC: Alberto G. Aneiros, coa obra *Unha muller de principios* e Paco Castro, coa obra *No arrabalde*, respectivamente.

Certame de **Minicontos de Outono**

Convocado dende o ano 2010 polo Centro Pen de Galicia e o xornal gratuíto *LV. De Luns a Venres* do Grupo El Progreso, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, co obxectivo de impulsar a presenza da lingua e a literatura galegas nos medios e achegar a obra dos autores que escriben en galego. Conta cunha contía de 600 € para o primeiro premio, 300 € para o segundo e 100 € para o terceiro. Ademais, as tres pezas premiadas son publicadas nas edicións, tanto impresa como dixital, do xornal gratuíto *LV. De Luns a Venres*. Poden presentarse tres traballos inéditos por autor, escritos en lingua galega, segundo a normativa vixente, de libre temática, cunha extensión máxima de 1.200 caracteres (sen contar os espazos) e enviar ao enderezo electrónico minicontosoutono@pen-galicia.org ou ao LV (Rúa Salvadas, n.º 27, 15705, Santiago de Compostela). No ano 2013 tivo lugar a terceira edición e o xurado, composto polo presidente do Centro PEN Galicia, Luís G. Tosar; o director de *LV*, Alfonso Riveiro; o xornalista e escritor Diego de Cora; o director do Centro PEN, Xabier Castro, e o xornalista Juan Méndez, que actuou como secretario, declarou gañadores a Marco Viturro, por “Axuste de cornos”, co primeiro premio; a Alberto Ramos, por “Liquidación total”, co segundo premio; e a Pedro Naveira, por “De seu”, co terceiro. Participaron 244 traballos. O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 31 de maio na sede de *El Progreso*, en Lugo.

Referencias varias:

- L. V., “Marcos Viturro gaña o certame Minicontos de Outono”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 5 marzo 2013, p. 76.

Infórmase dos premiados na terceira edición deste certame, promovido polo Pen Clube e o semanario *LV*. O primeiro premio foi outorgado a Marcos Viturro, pola obra “Axuste de cornos”, o segundo a Alberto Ramos, por “Liquidación total” e o terceiro a Pedro Naveira, por “De seu”.

Certame Nacional Galego de Narracións Breves **Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro**

Convocado dende o ano 1974 pola Fundación do Padroado do Pedrón de Ouro, é o decano dos premios literarios galegos para promover a literatura narrativa en lingua galega e homenaxear Xaquín Lorenzo “Xocas”. Poden participar persoas de calquera nacionalidade cunha ou máis obras escritas en galego e inéditas, que nunca se presentaran a ningún certame literario. Os orixinais deben presentarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara e debían contar cunha extensión mínima de cinco folios e máxima de trinta. Os traballos envíanse sen remite ou outra forma de identificación e baixo o sistema de plica á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 627, 15780, Santiago de Compostela)

ou ao Concello de Vilagarcía de Arousa (Concellería de Cultura-Auditorio, Avda. da Mariña, n.º 27, 36600, Vilagarcía de Arousa-Pontevedra). O tema é libre, pero téñense en conta o tratamento e as técnicas narrativas empregadas, así como a pureza lingüística e a altura literaria. Outórgase un primeiro premio de 1.000 € e dous accésits de 400 € cada un. Se así se estima, poden recomendarse algunhas narracións para a súa publicación nun tomo bianual coas obras premiadas, até hai pouco editados por Edicións do Castro e na actualidade pola Editorial Toxosoutos. O xurado está formado por catro especialistas en crítica literaria designados pola Fundación co asesoramento e a colaboración da Asociación de Escritores e o Concello de Ourense, reservando a Fundación os postos de presidente, secretario e moderador (estes dous últimos con voz pero sen voto). En anteriores edicións resultaron galardoados co primeiro premio: en 1975, Xoán Ignacio Taibo, por *A enquisa*; en 1976, Xavier Alcalá, por *A fundición*; en 1977, João Guisán Seixas, por *Número de patente*; en 1978, *ex aequo* Xosé Manuel Martínez Oca, por *A negra*, e Víctor Fernández Freixanes, por *A caza das cascudas*; en 1979, Xoán Ignacio Taibo, por *Pacífico sul*; en 1980, Lourenzo Álvarez Ruíz, por *RATP*; en 1981, *ex aequo* Tucho Calvo, por *A gran novela*, e Xosé Manuel Martínez Oca, por *Noite de luar*; en 1982, Miguel Suárez Abel, por *O quiquiriquí*; en 1983, Antón Castro, por *Vida infame de Tristán Fortesende*; en 1984 *ex aequo* Amancio Liñares Giraut por *Nun cuarto para agardar*, e Román Raña, por *O último hexagrama*; en 1985, Miro Villar, por *Augas de silencio*; en 1986, Antón Rodríguez Castro, por *O xardín despois da chuvia*; en 1987, Miro Villar, por *Verbas cruzadas con Amaranta*; en 1988, *ex aequo* Bieito Iglesias, por *Luanda*, e Xosé Miranda, por *Na terra sombría*; en 1989, *ex aequo* Manuel Riveiro Loureiro, por *Vindo de volta*, e Xan Frenla, por *Conto do diluvio*; en 1990, Xoán Piñeiro Cochón, por *A liga dos Lambetas*; en 1991, Helena Villar Janeiro, por *O cadro*; en 1992, Isidro Novo, por *A pin up de Beautiful Street*; en 1993, Xosé Luís Santos Cabanas, por *Ahoulouuuu...!*; en 1994, Manuel Riveiro Loureiro, por *O coxo da Gamboa*; en 1995, Antón Riveiro Coello, por *Bruca Manigua*; en 1996, Xosé Antón Moreno, por *As xeirás de don Xoán*; en 1997, Antón Riveiro Coello, por *Sete traxes*; en 1998, *ex aequo* Rosa Aneiros, por *A eidosas que izaron as bandeiras*, e Luís González Tosar, por *Catro dedos por debaixo do embigo*; en 1999, Xosé Luís Álvarez Pérez, por *Marisol de outono*; en 2000, Beatriz Dacosta, por *Na sombra da lúa*; en 2001, Álvaro Lago, por *O crime de Pombal*; en 2002, Emma Pedreira, por *Os doces devorados*; en 2003, Xosé L. Vázquez Pérez, por *De noite non reces aos ídolos*; en 2004, Agustín Agra, por *Os límites do inimaxinable*; en 2005, Francisco Castro, por *Ningún fascista morreu inxustamente*; en 2006, María Esther Fernández Carrodegua, por *Subir o telón*; en 2007, Rubén Ceide Martínez, por *A caixa da costureira*; en 2008, Iván García Campos, por *Unha casa chea de xanelas*; en 2009, Juan Tallón, por *Era el*; en 2010, Xosé Alfredo Naz, por *O Mal*; en 2011, Xosé Amancio Liñares Giraut, por *Corografía Obama*; e en 2012, Miguel Anxo Martínez, coa obra *As casas baratas*. Este certame conta co apoio dun concello diferente cada ano e na XXXIX edición, do ano 2013, o Padroado da Fundación Pedrón de Ouro elixiu o Concello de Maside para a organización da convocatoria. Presentáronse sesenta e un orixinais e o xurado, formado por Gonzalo Navaza, profesor da Universidade de Vigo, escritor e filólogo; Luis González Tosar, profesor de Lingua galega, escritor e presidente do Pen Clube galego; Cesáreo Sánchez, escritor e presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega; Isidro Novo, escritor; e David Otero, secretario do Padroado da Fundación Pedrón de Ouro, decidiu conceder o galardón a María Cristina Pavón Mauriz pola obra *Cara a Tiananmen Square*, e conceder dous accésits, un a Clara Isabel Rodríguez Giráldez pola obra *Art de Có*, e outro a Rubén

Anido Regueiro por *O cabaleiro, a dama, e o dragón*. O acto de entrega tivo lugar o 28 de decembro na Casa da Cultura de Maside.

Premio de Microrrelatos **Mulleres Progresistas**

A Asociación de Mulleres Progresistas de Vigo crea este premio en 2012. Esta asociación convocaba anteriormente un premio de novela, que dende 2006 pasara a ser substituído pola modalidade de relatos. No ano 2011 chegouse a publicar unha obra que reunía os contos galardoados, editada por Baía Edicións co título *Obras breves de imaxinación [Premios de Relatos “Mulleres Progresistas” 2007-2011]*. Neste premio poden participar todas as mulleres que o desexen, de calquera nacionalidade ou cultura e maiores de 16 anos. Cada participante pode presentar un máximo de tres microrrelatos, en galego normativo, cuxo tema será o empoderamento das mulleres, entendido consonte á estratexia definida na IV Conferencia Mundial das Mulleres de Beijing nos seus tres niveis de transformación: o individual, posibilitador de cambios orientados á consecución dun maior autorrespecto e confianza, así como de poder de negociación dos propios intereses; o colectivo, posibilitador dos cambios encamiñados á promoción de vínculos, apoios e recoñecemento mutuo para a defensa dos intereses comúns e, por último, a transformación social que proporciona cambios dirixidos a visibilizar e valorar as mulleres na sociedade e a eliminar as discriminacións de xénero existentes. Enlazando o carácter reivindicativo coa vertente literaria, o microrrelato ten que ter unha natureza narrativa e non de mera proclama. Son valorados aspectos como a calidade literaria e a orixinalidade das obras, así como de adecuación ao tema central do concurso. Os microrrelatos deben levar título e ter un máximo de cen palabras (excluído o propio título). As obras, orixinais e inéditas, non difundidas por ningún tipo de medio, nin en papel, nin electrónico, non deben atentar contra os dereitos á intimidade, á honra e á propia imaxe de terceiros/as ou ter connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias. As autoras responden ante a organización da autoría e orixinalidade do microrrelato. Segundo o número e calidade dos orixinais recibidos désígnanse entre cinco e dez finalistas, entre as que se elixen os premios do certame: 1º Premio: 300 €, figura e diploma, 2º Premio: 200 € e diploma, e 3º Premio: 100 €. Os traballos preséntanse no formulario que consta na *web* da asociación, apuntando tamén o nome, apelidos, DNI, data de nacemento, enderezo postal, enderezo electrónico e teléfono de contacto. No caso de participantes menores de idade, teñen que estar asistidas por quen ostente a súa tutela legal, quen debe encher os apartados correspondentes do formulario de envío dando o seu consentimento. O fallo do xurado publícase o 8 de marzo do ano seguinte, Día Internacional dos Dereitos das Mulleres, podendo quedar desertos calquera ou todos os premios se as obras presentadas non reúnen unha calidade mínima. O xurado está formado por mulleres do mundo do asociacionismo feminino, as Letras e a Cultura, sendo inapelábel a súa decisión. Dentro do xurado está unha representante de Mulleres Progresistas. Os microrrelatos premiados e finalistas, así como aqueles que o xurado estima dignos de difusión, son colgados na web da Asociación Mulleres Progresistas, polo que as autoras ceden gratuitamente os seus dereitos editoriais sobre estes á entidade organizadora. No ano 2013 entregáronse os premios da primeira convocatoria e presentouse a segunda.

Premio **Nacional de Narrativa**

Ver apartado X.5. deste *Informe*.

Concurso de **Narracións Curtas sobre a Violencia de Xénero** da Asociación Madoan

A Asociación Madoan “mulleres en igualdade” da Pobra do Caramiñal convocou en 2013 a primeira edición deste concurso, que premia os relatos curtos co tema do Día Internacional contra a Violencia de Xénero. Poden concorrer as persoas a partir de quince anos con orixinais en lingua galega, dunha extensión máxima de dez folios, que presenten cinco copias mecanografadas a dobre espazo dentro dun sobre fechado, que especificará no exterior o pseudónimo e o nome do concurso. Dentro do sobre debe incluírse un folio cos datos persoais do autor ou da autora. Os textos deben remitirse a un dos seguintes enderezos: Asociación Madoan, Apartado de correos 14, 15940, A Pobra do Caramiñal, A Coruña, ou a asociacion@madoan.org. Consta de tres premios (125 €, 75 € e 50 €). O xurado estivo formado por: Agustín, director do IES de Pobra; Ana Bueno, vicedirectora do IES Pobra; Charo Otero, xornalista; María José Castillo, asistente social; Rosana Viturro, psicóloga; e María José, asesora xurídica. O prazo de presentación dos relatos rematou o 22 de novembro e o acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 5 de decembro no Auditorio do Museo Valle-Inclán. O primeiro premio de 150 € e diploma de participación foi para Sara Fernández Prado polo seu traballo “Non sei”; o segundo premio de 75 € e diploma de participación entregouse a Antía Varela Torres pola narración “O reflexo da coraxe”; e o terceiro premio quedou deserto.

Referencias varias:

- M. G., “Entregan los premios de los relatos contra el machismo”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, 8 decembro 2013, p. 7.

Infórmase da entrega de premios do primeiro concurso de relatos curtos contra a violencia de xénero por parte da Asociación Madoan. O primeiro premio obtívoo Sandra Fernández Prado por *Non sei*, e o segundo recaeu en *O reflexo da coraxe*, de Antía Varela Torres. Os premios foron 150 € e 75 € respectivamente, acompañados por un diploma. O terceiro premio quedou deserto pois as outras obras non respondían aos criterios das bases.

- S. S., “El colectivo Madoan premió dos relatos”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 769, 14 decembro 2013, p. 6.

Indícanse as gañadoras do concurso de relatos sobre a violencia de xénero convocado polo colectivo Madoan da Pobra. O primeiro premio, dotado con 150 €, foi para Sandra Fernández; o segundo, de 75 €, gañouno Antía Varela.

Premio de Literatura Erótica **Narrativas Quentes**

Convocado por Edicións Positivas dende 2002 e de carácter bienal. Pode concorrer calquera obra narrativa inédita, sexa novela ou relato, escrita en galego, cunha extensión mínima de sesenta folios e máxima de douscentos cincuenta, mecanografados a dobre espazo. Os traballos presentáronse por triplicado con pseudónimo ou lema e cun sobre

cos datos persoais en Edicións Positivas (Rúa Xeneral Pardiñas, n.º 15-17, local 10, 15701, Santiago de Compostela). O premio consistiu na publicación da obra en Edicións Positivas. O galardón en edicións anteriores foi para Manuel Lourenzo González por *Infidelidades* en 2002; Alberte Momán por *O Lobo da xente* en 2004; Chelo Suárez por *Os Milagres de Cristamar* en 2008; e Eva Moreda por *Organoloxías* en 2010. No ano 2012 convocouse a VIª edición e o xurado decidiu declarar deserto o premio por non considerar suficiente a calidade dos traballos recibidos.

Premio de Novela por entregas

La Voz de Galicia e Canal Voz, co patrocinio do Ámbito Cultural de El Corte Inglés, convocan este premio dende 2001. Nel poden participar todas as persoas que presenten unha novela inédita, en galego, dividida necesariamente en trinta e un capítulos da mesma extensión (tres mil cincocentos caracteres, con espazos incluídos), e que non opten a outros concursos. As obras teñen que presentarse en catro copias impresas a dobre espazo por unha soa cara, ademais dunha copia en formato PDF gravada nun CD dirixidas ao Premio de Novela por entregas de *La Voz de Galicia*. Avenida da Prensa, parcelas 84 e 85 no Polígono Industrial de Sabón (15142, Arteixo-A Coruña) polo sistema de plica pechada. Estabelécese un único premio dotado con 6.000 € e a publicación da novela na sección de “Páxinas Literarias” de *La Voz de Galicia* ao longo do mes de agosto e simultaneamente na súa páxina web (www.lavozdegalicia.es). Ademais, existe a posibilidade de edición da obra gañadora en formato libro, dentro do ano, e nas condicións habituais de devengo de dereitos de autor. Trátase dun galardón paralelo ao de narrativa curta “Relatos de verán”, que comezou no ano 2000. Na primeira edición, o xornal convocante publicou, por fascículos e fóra de concurso, a novela *O xabaril branco* (2000), de Tucho Calvo; a partir de entón, as obras sométense a concurso. En anteriores edicións resultaron gañadores Marilar Aleixandre, en 2001, por *Unha presa de terra* (2001); Miguel Suárez Abel, en 2002, por *O repenique de Beatriz Goldar* (2003); Xosé Antonio Perozo, en 2003, por *Caderno de Riparia* (2004); Ángel de la Cruz, en 2004, por *O descenso do derradeiro ocase* (2005); Carlos Freire Cordeiro, en 2005, por *Acio sanguento* (2005); Santiago Lopo, en 2006, por *Game over* (2007); Concha Blanco, en 2007, por *Habitación 202* (2008); Emilio Alonso, en 2008, por *Mercurio* (2009); Alberto Ramos, en 2009, por *Con acuse de recibo* (2010); An Alfaya, en 2010, por *Vía Secundaria* (2011); Diego Ameixeiras, en 2011, por *Historias de Oregón* (2011); e Fran Alonso, en 2012, por *A punta de pistola* (2012). Na décima terceira edición do ano 2013, o prazo de presentación de orixinais estivo aberto até o 14 de xuño e o galardón foi para a novela *O corazón de Branca de Neve* (2013), de Francisco Castro (Vigo, 1966). O fallo do xurado deuse a coñecer o 11 de xullo no transcurso da tradicional cea literaria no coruñés Museo Santiago Rey Fernández-Latorre.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Escritores para os 3500 caracteres de cada día de agosto”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, 27 xullo 2013, pp. 2-3.

Doce dos catorce gañadores do premio de novela por entregas de La Voz de Galicia (Santiago Lopo, Xosé Antonio Perozo, Francisco Castro, Marilar Aleixandre, Alberto

Ramos, Concha Blanco, An Alfaya, Tucho Calvo, Miguel Suárez Abel, Diego Ameixeiras, Carlos Freire, Fran Alonso) reflexionan sobre as circunstancias que rodean á publicación deste tipo de obras. Todos eles afirman que a trama debe atrapar ao lector e manter o seu interese. Tamén salientan as posibilidades que proporciona este tipo de formato, xa que a súa difusión chega a un maior número de lectores. Como parte negativa, algúns dos autores manifestaron a dificultade que supuxo afacerse ás ditaduras do espazo (3500 caracteres por entrega).

Concurso de Relatos Curtos **Redes de Letras**

Certame convocado pola Agrupación Instrutiva de Caamouco dende o ano 2012 para potenciar o hábito da lectura e fomentar o uso do galego. Conta coa colaboración de CaamoucoNET e a librería Carpe Diem de Ares. Existen dúas categorías: infantil-xuvenil (até 16 anos) e adulta (a partir de 17 anos). Outórgase un premio ao gañador ou gañadora da edición infantil-xuvenil e da edición para adultos, que reciben un lote de libros en galego, en colaboración coa librería Carpe Diem de Ares. Poden participar todas as persoas que o desexen, con relatos curtos cunha extensión máxima de 1.000 palabras, sempre que os seus traballos sexan inéditos e escritos en galego. A organización respecta o estilo propio e de autor e non modifica a estrutura global do texto nin o xeito no que este foi escrito, tanto en cuestións ortográficas como lingüísticas. A temática é libre. A organización resérvase o dereito a eliminar do certame aqueles relatos que poidan ferir a sensibilidade dos lectores, con contidos sexistas, discriminatorios ou que arremetan contra a integridade das persoas. Os textos deben presentarse cun título. No caso de que este non se remita, a organización resérvase o dereito de crear un para unha mellor identificación e localización dentro da web. O feito de participar no certame implica aceptar a cesión de dereitos para a publicación do relato na web www.caamouco.net. Ao mesmo tempo, a Agrupación Instrutiva de Caamouco resérvase o dereito para reproducir total ou parcialmente os textos presentados a concurso, resulten ou non gañadores, en calquer formato. Pode presentarse un único relato por participante. O arquivo no que se envíe o relato debe permitir a extracción do texto. Non pode incluír imaxes, nin ser un texto escaneado. Entre os formatos preferentes nos que enviar o texto suxírese .txt .doc .odt e .pdf. Os relatos envíanse, xunto cos datos persoais, por correo electrónico á dirección redesdeletras@caamouco.net tamén a través da páxina web www.caamouco.net. Todos os textos poden ser consultados na páxina www.caamouco.net. a medida que son enviados polos participantes. Unha vez enviado o relato xunto cos datos persoais, remíteselle ao autor ou autora unha confirmación da recepción do relato mediante un correo electrónico, indicándose a súa aceptación no concurso ou as razóns do seu rexeitamento. O xurado está formado por tres persoas cualificadas, relativas ao mundo da cultura. Na II edición, correspondente ao ano 2013, o prazo para a recepción dos textos comezou o 15 de xullo e remataba o 30 de setembro, ás 23:59 horas, mais foi ampliado até o 20 de outubro. A gañadora na categoría de adultos foi Rocío Portela, co relato “A miña Manoliña”. Na modalidade infantil, a gañadora foi Saray Díaz, co conto “O regreso”. O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 23 de novembro.

Concurso **Relatos de Verán. La Voz de Galicia**

No ano 2000, por vez primeira, *La Voz de Galicia* convidou os escritores afeccionados a que enviasen os seus relatos para seren publicados durante todos os días do mes de agosto na sección “Páxinas literarias”. Estas páxinas incluíron fóra de concurso unha sección dedicada a escritores coñecidos, para daren cabida tamén á publicación por capítulos da obra que resultara gañadora do premio “Novela por entregas”. Dende ese ano, *La Voz de Galicia* e Canal Voz convocan este concurso dirixido a persoas de todas as idades con textos inéditos, de tema libre, escritos en galego ou castelán, que deben ser enviados xunto a unha pequena biografía con fotografía tamaño carné e os datos persoais, a *La Voz de Galicia* (Avda. da Prensa, n.º 84-85, Polígono de Sabón, 15142, Arteixo-A Coruña) ou ao correo electrónico relatos@lavo.es. Os orixinais non poden exceder as vinte e cinco liñas mecanografadas de corpo once (uns 2.100 caracteres). Un xurado encárgase de seleccionar os relatos para ser publicados ao longo do mes de agosto no xornal e na súa páxina en liña. O lectorado de *La Voz de Galicia* é o encargado de elixir cada semana o mellor conto dos autores e autoras noveis que se publicaron durante ese período emitindo o seu voto por medio duns cupóns diarios que aparecen no xornal. Polo feito de participar na votación, entran nun sorteo semanal dunha selección de libros da editorial Biblos Clube de Lectores. Existen dúas modalidades: menores de 15 anos e maiores de 15 anos. Os premios na XIV convocatoria de 2013 consistiron nun libro electrónico Papyre 601 6” para a modalidade de menores de 15 anos en un iPad mini 16 GB+4G na modalidade de maiores de 15 anos. O prazo de entrega dos relatos rematou o 15 de xullo. Os galardóns foron para María del Rosario Fernández, funcionaria da Xunta de Galicia, polo relato “A lanchiña da esperanza” e, na categoría infantil, para Candela Bedoya, de oito anos, por “Salvavidas”. O acto de entrega tivo lugar o 27 de setembro no Museo Santiago Rey Fernández-Latorre.

Referencias varias:

- Lidia Torres Cannon e L. P., “Entregados los galardones de la 14º edición de los Relatos de Verán”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 setembro 2013, p. 45.

No museo Santiago Rey Fernández-Latorre entregouse o premio da 14º edición Relatos de Verán a Candela Bedoya, ganadora na categoría de menores de 15 anos. A nena impúxose cunha narración curta chamada “Salvavidas”. Por outra banda, na delegación de *Faro de Vigo* recibiu o seu premio Rosario Fernández. “A lanchiña da esperanza”, cuxo eixo principal é a emigración, foi o relato que se impuxo na categoría de maiores de 15 anos.

- Lidia Torres Cannon e L. P., “Los premios de Relatos de Verán de La Voz ya tienen ganadoras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 setembro 2013, p. 28.

“A lanchiña da esperanza”, de María Rosario Fernández, e “Salvavidas”, de Candela Bedoya foron os textos vencedores da última edición dos Relatos de Verán. O primeiro texto dá conta das vivencias dunha nai que emigra na procura dun futuro próspero. Pola súa parte, “Salvavidas” narra a historia dun can que rescata a uns bañantes dunha morte segura.

Premio Narrativa Breve **Repsol YPF**

Premio convocado dende o ano 2006 polo complexo Repsol-YPF e dende 2010 pola Fundación Repsol, en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co fin de contribuír ao desenvolvemento da literatura galega. Conta co apoio da Real Academia Galega, a Asociación Galega de Editores e a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e coa colaboración da Editorial Galaxia. Anteriormente estaba dotado cun premio de 6.000 €, na terceira edición a contía aumentou até os 9.000 € e no ano 2013 até os 12.000 €, ademais da publicación da obra na Editorial Galaxia. Poden concorrer todos os autores e todas as autoras que o desexen, agás a persoa gañadora da edición anterior. Os traballos, orixinais e inéditos, escritos en lingua galega seguindo a normativa vixente, cunha extensión entre cincuenta e cento vinte folios deben presentarse encadernados en seis copias, mecanografados a dobre espazo, nas que figure o título da obra e o lema xunto a un sobre pechado no que se inclúan os datos persoais do autor ou autora e dirixirse ao Complexo Industrial Repsol YPF (Apartado 700, 15080, A Coruña). O xurado está conformado por un representante da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura; outro da Fundación Repsol, un da Real Academia Galega, outro da Asociación de escritores en Lingua Galega e un da Editorial Galaxia. En edicións anteriores o galardón recaeu en *Se algún día esta muller morta*, do xornalista Miguel Sande, en 2006; *Así nacen as baleas*, de Anxos Sumai, en 2007; *A verdade como mal menor*, de Xosé Luís Martínez Pereiro, en 2008; *Os Fíos*, de Xurxo Sierra Veloso, en 2010; *Microbios e outros paquidermos*, de Fernando Díaz-Castroverde Gómez, en 2011; e *A forma das nubes*, de María López Sánchez, en 2012. No ano 2013 tivo lugar a sétima edición, e o prazo de presentación de obras abrangueu até o 19 de xullo. Presentáronse trinta e un traballos e o xurado decidiu galardoar a Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987) pola súa obra *O derradeiro libro de Emma Olsen* (2013). O acto de entrega do galardón tivo lugar na refinería que a compañía ten na cidade da Coruña e estivo presidido polo vicepresidente da Fundación Repsol, o secretario xeral de Política Lingüística e o portavoz do xurado, Xavier Alcalá.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, “Esta é a historia dos que nada fixeron para ter unha historia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/Esquelas”, 18 setembro 2013, p. 43.

Recóllense algunhas declaracións de Berta Dávila sobre a súa novela *O derradeiro libro de Emma Olsen*, obra coa que gañou o Premio Narrativa Breve de Repsol.

- “Berta Dávila gaña o premio de Narrativa Breve de Repsol cunha obra intimista”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 18 de setembro de 2013, p. 12.

A obra “O derradeiro libro de Emma Olsen”, de Berta Dávila, vén de gañar a sétima edición do premio de Narrativa Breve Repsol. A historia, protagonizada por unha muller norteamericana de 40 anos, aseméllase ao subxénero literario típico da escrita inglesa denominado “interiors”. O xurado que premiou a obra destacou a madurez literaria da autora e o xogo metaliterario creado por Dávila.

- ECG, “Berta Dávila recibe o Premio de Narrativa Breve Repsol, dotado con doce mil euros”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 3 decembro 2013, p. 43.

Infórmase de que Berta Dávila recolleu onte o VII Premio de Narrativa Breve Repsol, dotado con 12.000 € e a publicación do libro, pola súa obra *O derradeiro libro de Emma Olsen*.

Premio **Rosalía de Castro do Pen Clube**

Nacido en 1988 a iniciativa de Carlos Casares foi convocado por primeira vez en 1996 polo Pen Clube galego. De edición bienal, patrocinado pola Consellería de Cultura e coa colaboración da Universidade de Santiago, entrégase a un escritor representante das outras catro linguas das literaturas peninsulares, para “desde Galicia establecer lazos coas nosas literaturas veciñas”. O galardón consiste nunha placa de esmalte cun texto da autora galega. En anteriores ocasións, foron galardoados José Saramago, Gonzalo Torrente Ballester, Joan Perucho, Bernardo Atxaga, Manuel Vázquez Montalbán, Juan Mari Lekuona, Miquel de Palol, António Lobo Antunes, José Ángel Valente, Sophia de Mello, Pere Gimferrer, Anjel Lertxundi, Ernesto Sábató, Nélida Piñón, Ricard Salvat, Felipe Juaristi, Francisco Brines, Rubem Fonseca, Carmen Riera, Ramón Saizarbitoria, Isabel Allende, Agustina Bessa Luís, Josep Palu i Fabre, Arantxa Urretabizkaia, Álvaro Mutis, Joan Margarit, Mía Couto e Jon Kortazar, Antonio Gamoneda, Ledo Ivo, Francesc Parcesisas, Itxaro Borda, María Esther Vázquez, José Viale Moutinho, Enric Casasses e Miren Agur Meabe. No ano 2013 os galardoados foron María Esther Vázquez, Enric Casasses, Miren Agur Meabe e José Viale Moutinho.

Referencias varias:

Martínez, Cristina e Lucía **Montenegro** (Grupo Galabra), “O Pen Clube entrega os premios Rosalía”, *Tempos Novos*, “*Protexta*”, n.º 20, “proTagonista”, “proPostas”, inverno 2013, pp. 16-17.

Faise eco da novena entrega dos Premios Rosalía de Castro, instituídos pola sección galega do Pen Club. Sitúanse as orixes desta entidade no ano 1977 e refírese como, en 1989, cun segundo impulso da man de Carlos Casares, Alfredo Conde, Luís González Tosar e Úrsula Heinze, foi aceptada na institución internacional fundada en 1921. Fálase do seu estado actual e do reparto de competencias que mantén coa Asociación de Escritores en Lingua Galega no mundo da escrita no espazo social galego. Considérase que o principal valor do PEN Galicia está na creación dunha rede internacional de contactos con escritoras e escritores que contribúen á visualización da “nossa naçom literária”. Menciónanse as actividades que promove e nas que participa o PEN Galicia e destaca, de entre elas, o Premio Rosalía de Castro co que se galardoa, desde a Literatura galega, os sistemas literarios máis próximos. Apunta que, nesta edición, os gañadores foron a xornalista e escritora arxentina de ascendencia galega, M^a Esther Vázquez; o poeta, dramaturgo e tradutor catalán Enric Casasses; a escritora vasca Miren Agur Meabe; e o escritor e xornalista portugués José Viale Moutinho. Deste último, nomeado o “embaixador da Galiza em Portugal”, esmiúzase o seu labor cultural e político en Portugal, así como a súa relación e participación activa no sistema cultural galego.

Certame Literario de Relatos Curtos Os **Viadutos**

Organizado pola Concellaría de Xuventude do Concello de Redondela, o certame está dirixido a persoas con idades comprendidas entre os 18 e os 35 anos que presenten orixinais, inéditos escritos en galego, de tema libre e cunha extensión mínima de dez folios e máxima de quince. Os orixinais preséntanse no rexistro de entrada do concello ou por correo certificado á Concellaría de Xuventude (Rúa Reveriano Soutullo, n.º 1, 36800, Redondela). No interior deben incluírse catro copias sen asinar e encabezadas polo título do relato e pseudónimo, e nun sobre pechado, os datos do autor e unha fotocopia do DNI. Estabéllese un primeiro premio de 1.200 € e un segundo de 600. Na XIV edición de 2013, o prazo de recepción de orixinais rematou o 2 de decembro.

Premio **Vicente Risco de Creación Literaria**, anteriormente coñecido como Premio Risco de Literatura Fantástica

En 1999 o Concello de Ourense, a Fundación Vicente Risco e a Editorial Sotelo Blanco convocaron por primeira vez este premio, concibido como homenaxe á memoria de Vicente Martínez-Risco e do seu fillo Antón Martínez-Risco, para premiar a mellor obra de literatura fantástica do ámbito galego. Dende o ano 2006, este galardón pasou a denominarse Premio Vicente Risco de Creación Literaria e a el poden presentarse todo tipo de obras de carácter literario. A súa dotación é de 6.000 € e a publicación do texto. A extensión dos traballos, inéditos e redactados na normativa vixente, pode variar entre os 150 e os 300 folios. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, en soporte papel (tamaño DIN-A4), mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo, baixo lema, e adxuntar nun sobre pechado o nome completo, enderezo e teléfono da persoa que concorre ao premio, así como o título definitivo da súa obra. Os traballos envíanse ao Rexistro Municipal do Concello de Ourense. O xurado componse de cinco persoas escollidas entre personalidades recoñecidas do mundo da literatura, unha das cales é elixida polo concello para presidilo. En anteriores edicións foron premiadas *A rosa de Borges* (2000), de Xosé Carlos Caneiro, no ano 2000; *O caderno* (2001), de Xabier López López, en 2001; *A embaixada do vinagre* (2002), de Xosé Luís Martínez Pereiro, en 2002; *O sangue dos camiños* (2003), de Ramón Caride Ogando, en 2003; *Un escuro rumor tralo silencio* (2005), de Isidro Novo, en 2005; *Os mércores de Fra* (2006), de Xurxo Sierra Veloso, en 2006; *Para dicir abril* (2008), de Xosé Vázquez Pintor, en 2007; *A do vinte e un* (2010), de Hixinio Puentes Novo, en 2009; *Deus xogando aos dados*, de Fernando Méndez, en 2010; *Olladas* (2012), de Adelaida Vidal Vizcaya, en 2011; e *Todos os días*, de Alberto Manuel Ramos Ríos, en 2012. No ano 2013, XIV edición, o prazo de entrega de orixinais rematou o 1 de outubro e presentáronse trece orixinais ante un xurado, composto por Ana Garrido, Xoán Carlos Feixoo Mirón, Serafin Alonso Pintos, Ánxela Gracián e Alberto Ramos, e que concedeu o galardón o 4 de decembro á novela *As escaleiras do gran hotel*, do historiador Rubén Martínez Alonso (Santiago de Compostela, 1986).

Referencias varias:

- X. M. R., “Rubén Martínez gaña o Risco de literatura por ‘As escaleiras do gran hotel’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 decembro 2013, p. 45.

Infórmase da concesión do XIV Premio Risco de Creación Literaria, dotado con 6.000 € e a publicación da obra, á obra *As escaleiras do gran hotel* de Rubén Martínez Alonso. Esta obra compón una trama de intrigas políticas e ideolóxicas previa á Segunda República e está protagonizada por una feminista adiantada ao seu tempo.

Certame de novela curta **Vila de Negreira**

A Concellería de Cultura de Negreira organiza este certame, dirixido a mozas e mozos galegos ou residentes maiores de quince anos que presenten unha novela curta orixinal, inédita, escrita en galego e non premiada noutro certame. Deben dirixirse á Delegación de Cultura (Casa da Cultura, 1º andar, CP: 15830, Negreira) tres copias do orixinal, de entre quince e corenta folios, escrito a máquina ou a ordenador, con tipo de letra Times New Roman, a dobre espazo e por unha soa cara, e con soporte informático (diskette ou CD). Cada orixinal debe levar o seu título e o pseudónimo do autor e irá acompañado dun sobre pechado que conteña os seus datos persoais (nome, apelidos, fotocopia do DNI, un breve currículo, enderezo e teléfono) e leve escrito por fóra o título ou o pseudónimo do autor. Este certame consta dos seguintes premios: un galardón de 500 € e un accésit de 100 €. No ano 2013 tivo lugar a cuarta edición e prazo de presentación de traballos estivo aberto do 24 de maio ao 14 de novembro, mais finalmente foi ampliado até o 12 de decembro. O acto de entrega tivo lugar no Centro Sociocultural o 21 de decembro e a novela gañadora foi *Cita con Lola*, de Rocío Leira Castro. Na mesma xornada literaria fallouse e entregouse o premio de poesía Xosé M. López Ardeiro.

Referencias varias:

- ECG, “Amplíase o prazo para o concurso de novela e pintura en Negreira”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 748, 23 novembro 2013, p. 5.

Infórmase de que a Concellería de Educación e Cultura ampliou o prazo para os certames de novela curta Vila de Negreira e de Pintura Negreira. O prazo queda aberto até o 12 de decembro e o fallo darase a coñecer o 21 de decembro, día en que se entregarán os premios no Auditorio.

Premio **Xerais de Novela**

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984, os orixinais teñen que se presentar por sextuplicado e mecanografados a dobre espazo nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (Rúa Dr. Marañón, n.º 12, 36211, Vigo), baixo lema e plica. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudosos da literatura, pero a partir de 1988, coa introdución do lema “A forza dos lectores”, fíxose unha selección de cinco membros entre lectores en xeral, que xunto a un secretario con voz e sen voto, que representa á editorial compoñen o xurado. Poden concorrer persoas de calquera nacionalidade que presenten os textos inéditos e orixinais en lingua galega, seguindo a normativa vixente. Edicións Xerais de Galicia resérvase os dereitos de edición sobre a novela premiada en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos están libres

do pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, dotado con 15.000 €, ten que comprometerse a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibindo cincuenta exemplares da obra publicada. En edicións anteriores os galardóns foron para as seguintes obras: *Crime en Compostela* (1984), de Carlos González Reigosa, en 1984; *As horas de cartón* (1985), de Lois Xosé Pereira, en 1985; *No ano do cometa* (1987), de Xoán Bernárdez Vilar, en 1986; *Para despois do adeus* (1987), de Xosé Ramón Pena, en 1987; *O bosque das antas* (1988), de Francisco X. Fernández Naval, en 1988; *Galván en Saor* (1989), de Darío Xohán Cabana, en 1989; *As baleas de Eduardo Reinoso* (1990), de Alfonso A. Cáccamo, en 1990; *Agosto do 36* (1991), de Xosé Fernández Ferreiro, en 1991; *O infortunio da soidade* (1992), de Xosé Carlos Caneiro Pérez, en 1992; *O cervo na torre* (1994), de Darío Xohán Cabana, en 1994; *Unha noite con Carla* (1995), de Aníbal Calvo Malvar, en 1995; *A velocidade do frío* (1996), de Manuel García Seixas, en 1996; *Manancial* (1997), de Xavier Manteiga, en 1997; *Morning Star* (1998), de Xosé Miranda Ruíz, en 1998; *Pensa nao* (1999), de Anxo Angueira Viturro, en 1999; *Expediente Artieda* (2000), de Luís Rei Núñez, en 2000; *Teoría do caos* (2011), de Marilar Aleixandre, en 2001; *Concubinas* (2002), de Inma López Silva, en 2002; *Casa Skylab* (2003), de Santiago Jaureguizar, en 2003; *O exiliado e a primavera* (2004), de Manuel Veiga, en 2004; *Herba moura* (2005), de Teresa Moure, en 2005; *Tres segundos de memoria* (2006), de Diego Ameixeiras, en 2006; *Cardume* (2007), de Rexina Rodríguez Vega, en 2007; *O xardín das pedras flotantes* (2008), de Manuel Lourenzo González, en 2008; *Sol de inverno* (2009), de Rosa Aneiros, en 2009; *Periferia* (2010), de Iolanda Zúñiga, en 2010; *Extramunde* (2011), de Xavier Queipo, en 2011; e *Tonas de laranxa* (2012), de María Lorenzo Miguéns e Manuel Lorenzo Baleirón, en 2012. No ano 2013 tivo lugar a XXX edición e o prazo de presentación rematou o 8 de abril. Resultaron finalistas, de entre as corenta e unha obras presentadas, “Amor en alpargatas”, “Bela Czarda” e “Cadeas”. O ditame e a entrega do galardón desenvolvéronse o 8 de xuño na illa de San Simón na Festa Xerais e o xurado, composto por Cristina Domínguez Baños (xornalista), Elisa Iglesias GI (licenciada en tradución e interpretación), Ramón Rozas (xornalista), Iago Martínez (xornalista), Raquel Feijoo Casas (xornalista) e Fran Alonso en representación de Edicións Xerais, como secretario, con voz e sen voto, decidiu galardoar a Xabier López López (Bergondo, 1974) pola novela *Cadeas* (2013).

Referencias varias:

- E. Ocampo, “Xabier López y Antonio Fraga, premios Xerais y Merlín 2013”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 xuño 2013, p. 44.

Nun acto celebrado na illa de San Simón coñecéronse aos gañadores dos premios Xerais 2013. Xabier López e Antonio Fraga foron os agraciados. López foi premiado por *Cadeas*, novela ateigada de referencias culturais. Fraga, pola súa parte, recibiu o Merlín por *O castañeiro de abril*, unha creación que trata sobre a dignidade humana. Por último, os escritores son entrevistados e dan conta das circunstancias que rodearon a escrita das súas obras.

- Sonia Pereira, “Xabier López López gaña o Premio Xerais de Novela na súa 30ª edición”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 9 xuño 2013, p. 40.

A novela *Cadeas*, de Xabier López, vence na trixésima edición dos Premios Xerais. O escritor, autor de obras como *Doutor Deus* ou *O caderno*, fíxose co galardón ao

presentar a concurso unha obra con diferentes atmosferas, rexistros e historias. Pola súa parte, Antonio Fraga recibiu o Premio Merlín por *O castiñeiro de abril*, novela protagonizada por un neno cego que malvive nun dos barrios máis perigosos da cidade.

- Camilo Franco, “Xabier López gaña cunha novela de novelas o Xerais dos 30 anos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 xuño 2013, p. 38.

Cadeas, de Xabier López foi a obra galardoada na trixésima edición dos premios Xerais. A historia iníciase coa presenza dun escritor que tropeza nunha praia cunha lectora dos seus libros. *O castaño en abril*, de Antonio Fraga, fíxose co Premio Merlín ao presentar unha novela que, segundo o xurado, “reúne todas as virtudes que se poden esperar nun libro para rapaces”. Finalízase cunha entrevista aos autores na que reflicten as súas sensacións ao vencer nun dos premios máis prestixiosos do país.

- Ramón Nicolás, “Trinta primaveras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 xuño 2013, p. 38.

Ramón Nicolás destaca a importancia dos Premios Xerais dentro do sistema cultural galego, aos que chega a cualificar como “unha illa-faro”, xa que considera que ilumina o coñecemento de quen se achegue á literatura de Nós. Por último, o autor invita a facer un percorrido polas obras premiadas, xa que achegan a posibilidade de ver como evolucionou a narrativa galega nos últimos anos.

- Xosé Castro Ratón, “Unha illa na literatura galega”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, 20 xuño 2013, p. 25.

Reflexiona sobre a presenza da illa de San Simón na historia da literatura galega. Salienta as cantigas de Meendinho, moitas delas dedicadas á Ría de Vigo e a San Simón, lugar no que se entregan os Premios Xerais e Merlín.

- Ramón Rozas, “Mil primaveras máis”, *Diario de Pontevedra*, “ReviSta”, n.º 675, 23 xuño 2013, pp. 6-7.

Entrevista a Xabier López, o recente gañador no Premio Xerais de Novela. O escritor pronúnciase sobre diferentes cuestións, como o nacemento de *Cadeas*, a obra premiada, o seu sentir polo fallo do xurado dos Premios Xerais, e a súa visión sobre a actualidade da literatura galega.

- Víctor F. Freixanes, “25 anos de novela”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 22 decembro 2013, p. 23.

Refírese aos 25 anos do premio García Barros e menciona que a gañadora deste ano é Anxos Sumai por *A lúa da colleita*. Sinala ademais que as mulleres protagonizan dun xeito especialmente brillante a produción literaria galega. Posteriormente fai referencia a outros premios (o Premio Xerais, que cumpre 30 anos, o Premio Blanco Amor e o Premio Merlín), sinalando que o difícil é manter unha iniciativa e non poñela a andar.

- G. N., “El regreso de Bowie o el talento de cine gallego, entre lo mejor del 2013”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 decembro 2013, p. 33.

Infórmase, dentro da columna que se titula “De Álvarez Torneiro a Chirbes”, sobre a relevancia das letras galegas co gallo da entrega do Premio Nacional a Álvarez Torneiro. Tamén se alude a celebración dos 30 anos do Premio Xerais de Novela e dos 25 anos do Premio García Barros.

X. 2. POESÍA

Concurso de poesía **Anomar**

A Asociación Recreativa e Cultural Os Tilos, de Teo, convoca este galardón coa intencionalidade de unir a experiencia, o coñecemento e a importante transmisión cultural das persoas maiores coa ilusión e a creatividade dos máis mozos. O nome do concurso fai alusión a unha persoa que simboliza a experiencia, a forza e a ilusión por aprender, de superarse día a día, a señora Ramona, a persoa máis vella da asociación. Anomar é Ramona ao revés, a cal representa a todas as persoas vellas que, coma ela, están convencidas de que na vida se aprende cada día e que a creación literaria é unha forma máis de expresividade e coñecemento. O concurso está dividido en tres categorías segundo a idade: a 1ª, de nove a catorce anos; a 2ª, de quince a dezaioito; e a 3ª para maiores de dezaioito. A temática dos poemas é libre e deben ocupar entre vinte e cen versos en galego. Pódense enviar por correo postal nun sobre grande sen remite, co nome da categoría á que se presenta, onde se introduce o poema sen o nome do autor ou da autora e un sobre pequeno onde conste o título do poema, nome da persoa, enderezo e número de teléfono ao enderezo da asociación (rúa Ameneiro, n.º 8, baixos parroquiais, 15894, Os Tilos, Teo). Tamén se poden entregar por correo electrónico enviando o poema en arquivo adxunto sen o nome da persoa a arcostilos@arcostilos.org. No email deberán constar o título do poema, o nome da persoa, o enderezo e o teléfono e no asunto escribírase “Concurso de poesía Anomar”. O xurado está composto por tres persoas do mundo da literatura, que seleccionarán unha obra para cada categoría e entregarán os galardóns, un lote de libros.

Certame de Poesía **Antón Zapata García**

A Concellaría de Cultura e Benestar do Concello de Laxe convoca este certame na honra do poeta laxense. Poden participar todas as persoas que o desexen, de calquera procedencia, con composicións en galego ou en castelán. A extensión e temática dos traballos é libre, pero deben estar inéditos. Os poetas poden inscribirse en tres categorías segundo a súa idade: infantil, até 11 anos; xuvenil, dos 12 aos 25 anos; e adultos, a partir dos 25 anos. Todas as obras deben enviarse baixo un pseudónimo ás oficinas da Concellaría de Cultura do Concello de Laxe, preferentemente por correo postal, ao enderezo: Avda. Cesáreo Pondal, nº 26, 15117 Laxe. No sobre debe figurar tan só o pseudónimo e a categoría na que se inscribe. Nun sobre lacrado no interior deben figurar os datos persoais do autor: nome e apelidos, data de nacemento, enderezo e teléfono de contacto. No ano 2013 tivo lugar a VII edición do concurso e o prazo para presentar orixinais estivo aberto até o 19 de agosto ás 11h da mañá. O fallo do xurado deuse a coñecer o 24 de agosto, coincidindo co Solpor Poético.

Premio de Poesía **Avelina Valladares**

Convocado anualmente polo Concello da Estrada, xunto coa Asociación de Amas de Casa e Consumidores, para contribuír á difusión da lírica galega, valorar o traballo dos poetas, descubrir novos valores, preservar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra do poeta

estradense Avelina Valladares, precursora, xunto ao seu irmán Marcial Valladares, do cultivo literario da lingua galega no século XIX. Os textos, en galego e inéditos, son dirixidos, baixo lema, por cuadriplicado, con liberdade de tema e forma, cun mínimo de trescentos versos e un máximo de oitocentos, ao Concello da Estrada (Praza da Constitución, s/n, 36680, A Estrada-Pontevedra) xunto cun sobre pechado co nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio aumentou en 2008 a súa contía a 2.000 €. Este galardón foi acadado en edicións anteriores por poetas como María Lado, Berta Dávila, María Canosa, Olalla Cociña Xosé Luna Sanmartín ou Helena Salgueiro Golán, entre outros. Na XVII edición do ano 2013, o prazo para remitir orixinais rematou o 3 de maio e o xurado, formado por María Xesús Nogueira, David Otero Fernández, Xosé Luna Sanmartín e Dolores Araujo Arias, que actuou como secretaria, seleccionou por unanimidade, como gañadora a obra *Corpos transitivos* (2013), de Elvira Riveiro Tobío (Pontevedra, 1971). O acto de entrega do galardón tivo lugar o 13 de decembro no Teatro Principal da Estrada durante a celebración da Festa da Poesía.

Referencias varias:

- C. B., “Convocados los premios literarios García Barros y Avelina Valladares”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 494, 12 marzo 2013, p. 7.

Anúncianse as convocatorias do premio de poesía Avelina Valladares e do premio de novela García Barros. Preséntanse brevemente as bases dos concursos.

- Susana Formoso, “Preto de 200 voces unidas na Festa da Poesía de A Estrada”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 769, 14 decembro 2013, p. 5.

Sínálase que a vencedora do Premio Avelina Valladares de Poesía foi Elvira Riveiro Tobío pola súa obra *Corpos transitivos*.

Premio de Poesía sobre la Mar **Brisa marina**

Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana, co patrocinio de Gauzón Ibérica, premia poemas de temática relacionada co mar. No ano 2013 entregáronse os galardóns relativos aos anos 2011 e 2012. En lingua galega, recibiu o premio da VI edición do certame, que tivo lugar no ano 2011, Rosalía Morlán Vieites, polo poema “Solamente ti, meu mar”.

Premio de Poesía **Cidade de Ourense**

Premio convocado pola Concellaría de Cultura do Concello de Ourense dende 1980 no que poden participar persoas de calquera nacionalidade, sempre que os traballos, orixinais e inéditos, se presenten en galego ou en portugués, e teñan un mínimo de seiscentos versos. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo por unha soa cara en exemplar sextuplicado, grampados, cosidos ou encadernados, baixo lema. Ademais, débese incluír un sobre pechado e lacrado no que figuren o nome, apelidos, número de DNI e enderezo do autor, e entregarse no Rexistro do Concello de Ourense directamente ou por correo certificado, facendo constar no sobre que se trata dunha obra dirixida ao

certame. Os concursantes de orixe portuguesa poden entregar as súas obras na Cámara Municipal de Vila Real nos mesmos prazos que indica a convocatoria. O concurso está dotado dun único galardón de 6.000 €, unha placa de prata e a publicación da obra. Entre os escritores gañadores deste certame, atópanse, entre outros Millán Picouto, Darío Xoán Cabana, Xosé Gómez Alfaro, Xosé Carlos Caneiro, Xavier Rodríguez Barrio ou Miguel Anxo Fernán-Vello. No ano 2013, na XXIX edición, o prazo de entrega de orixinais rematou o 30 de abril ás 14h. O xurado, composto por Fernando de Castro Branco, como representante do Grémio Literário-Vilarense, Margarita Seara Pazo, Edelmiro Vázquez Naval, Eva Moreira Fontán, Miguel Anxo Fernán Vello, como gañador da anterior edición do certame, Mónica Fernández Valencia, técnica de normalización lingüística do Concello de Ourense, que actuou como secretaria, e Ana Garrido González, quen presidiu o Xurado como a Concelleira de Cultura (sen voz nin voto), concedeu o premio Amadeu Baptista (O Porto, 1953) polo seu traballo *Un pouco acima da miseria*.

Certame Internacional de Poesía do **Concello de Arbo**

Poden presentarse todos os autores sen límite de idade sexa cal sexa o seu país de procedencia. Os poemas poden estar escritos en castelán ou galego e deben ser orixinais e inéditos. Cada autor pode presentar un máximo de catro obras de temática libre en cada idioma, das cales se selecciona unha en galego e outra en castelán como finalistas. Non poden levar sinatura ou sinal que indique a súa autoría. Poden presentarse en forma de peza poética ou colección de poemas e teñen que ter unha extensión mínima de 60 versos e máxima de 200 e para ocupar como máximo 8 páxinas en letra tipo Times New Roman a 12 pt e a dobre espazo. A obra preséntase por triplicado, mecanografada por unha soa cara e en tamaño DIN A-4. O orixinal e as súas copias deben remitirse nun sobre pechado por correo ordinario ou entregado en man, indicando no sobre: “Certame Internacional de Poesía Primavera Cultural Arbo”. O enderezo para a recepción dos traballos é: Concello de Arbo, Praza Consistorio, 1, 36430 Arbo- Pontevedra. Nun sobre á parte, en cuxo exterior debe constar o título da obra, hai que achegar o nome, enderezo, teléfono e enderezo electrónico (no caso de telo), así como un breve currículo do autor e unha declaración xurada que acredite que a obra non foi premiada en calquera outro concurso con anterioridade. Pódense presentar tamén a través de correo electrónico ao seguinte enderezo: concellodearbo@concellodearbo.es. Neste caso, hai que enviar dous arquivos, un denominado “Datos” no que figuran os datos do participante (nome e apelidos, DNI, correo electrónico, teléfono, enderezo, código postal e un breve currículo con fotografía, que, de ser seleccionado como finalista, aparecerá no libro que se publicará) e outro arquivo denominado “Poesía” coa obra, na que figura o título e pseudónimo utilizado. Os formatos admitidos para o envío de arquivos son.doc e .pdf. A comisión avaliadora está formada polo alcalde ou persoa en quen delegue, que presidirá a dita Comisión; o concelleiro de Cultura; o traballador municipal encargado da biblioteca; un membro do profesorado do CEIP Antonio Carpintero; unha persoa en representación das Asociacións culturais de Arbo; unha persoa en representación da ANPA do CEIP Antonio Carpintero; e un membro do persoal traballador do concello que actuará como secretario. Esta comisión selecciona 30 traballos finalistas en cada lingua, galego e castelán de 30 autores diferentes entre todos os participantes. Os devanditos finalistas danse a coñecer na segunda quincena de xullo. O premio pode quedar deserto se así o considera o xurado. O gañador é elixido entre un dos finalistas e hai tamén un gañador local. Publícase unha obra colectiva

publicada polo Excmo. Concello de Arbo a través dunha editorial co traballo gañador e 30 finalistas. Cada un dos autores recibe 6 exemplares da obra e un diploma acreditativo da mención. Os autores premiados non perciben dereitos económicos e ceden a propiedade intelectual dos seus traballos. O Concello dispón dos dereitos de reprodución da obra gañadora en todos os formatos actualmente dispoñíbeis, incluíndo o libro electrónico, así como o dereito de cesión a terceiros para a tradución e adaptación da obra, contando sempre coa aprobación dos autores neste último caso. Transcorridos cinco anos dende a data do fallo, os autores teñen tamén a libre disposición da súa obra. A cada finalista seleccionado envíaselle a notificación ao enderezo de correo achegado, debendo aboar a cantidade de 40 € en concepto de contribución para os gastos de edición, publicación e envío da obra. Nesta primeira edición, non resultou galardoada ningunha poesía en galego.

Certame de Poesía sobre o Nadal do **Concello de Begonte**

Convocado polo Concello de Begonte dentro da programación cultural de Nadal. Poden participar todos os poetas que o desexen, con textos en galego ou en castelán. O tema dos traballos ha ser o de o Nadal, dende calquera punto de vista. Valóranse os textos que fagan referencia a Begonte e ao seu Belén. É libre a construción dos poemas e a medida dos versos. Concédense os seguintes premios: o Premio Begonte de Poesía, dotado con 600 € e estatuíña de Sargadelos, e un segundo premio dotado con 300 € e estatuíña de Sargadelos. A remisión de orixinais faise por triplicado ao Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado. Todos os traballos deben presentarse con plica, facendo constar dentro dela os datos persoais da autora ou autor. No ano 2013 resolveuse a convocatoria correspondente á XXXVII edición, correspondente ao Nadal 2012 e o primeiro premio foi ara Xosé Otero Canto, o segundo para Pablo Núñez e Isolina Fernández recibiu unha mención de honra. Neste ano tamén se convocou a XXXVIII edición, cuxo prazo de entrega remata ás doce horas do día seis de xaneiro do ano 2014.

Referencias varias:

- Cristina Pérez, “O que enche o corazón das persoas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 27 xaneiro 2013, p. 17.

Coméntanse os premiados das catro modalidades deste certame.

Concurso de Poesía **Concello de Carral**

Concurso de poesía organizado polo Concello de Carral dende 1997 ao que poden concorrer autores e autoras maiores de idade, con traballos orixinais e inéditos, cunha extensión mínima de cincocentos versos, escritos en galego e baixo un lema, dotado cun único galardón de 1.200 €, que na edición do ano 2008 ascendeu a 2.000 €, e a posibilidade de publicación da obra gañadora na colección de poesía da editora Espiral Maior. Os traballos entréganse por triplicado, mecanografados a dobre espazo por unha soa cara, debidamente grampados ou encadernados, e coas páxinas numeradas. Cada copia dos traballos preséntase na Biblioteca Pública Municipal de Carral (Casa da

Cultura, Rúa de Paleo, n.º 17, 15175, Carral-A Coruña) cunha portada na que figuren o título da obra e o lema ou alcume do autor, coincidindo no exterior co sobre pechado que debe acompañar á obra, e que conterá no interior o nome e apelidos do autor, DNI, enderezo, número de teléfono, correo electrónico e un breve curriculum. En anteriores edicións foron premiados: en 1997, Fernando Díaz-Castroverde por *Camiño de píntegas*; en 1998, Rafael Lema por *Atlántica*; en 1999, Rafa Villar por *Días de Sherezade*; en 2000, Lucía Novas por *Epiderme de estío*; en 2001, Baldo Ramos por *A árbore da cegueira*; en 2002, Eduardo Estévez por *Derrotas*; en 2004, Xurxo Alonso por *Breviario de Aldemunde*; en 2005, Marcos S. Calveiro por *Cartas do terceiro día*; en 2006, Isidro Novo por *Esteiro de noites falecidas*; en 2007, Xosé Luís Mosquera Camba por *Nadja c'est moi*; en 2008, Paulino Peña Álvarez por *Gramática da afirmación*; en 2009, Eli Ríos por *Nós escoitando o badalo de marienplatz*; en 2010, Miro Villar por *As crebas*; en 2011, Emma Pedreira por *Libro das mentiras*; e en 2012, Roi Vidal Ponte por *Teatro*. Na XVI edición de 2013, o prazo para remitir orixinais rematou o 6 de abril. Presentáronse trinta e oito orixinais e o xurado, formado por Mercedes Queixas Zas, Francisco Fernández Naval e Roi Vidal, baixo a presidencia da Concelleira de Cultura, Isabel López Pérez, e asistidos en calidade de secretario, polo técnico municipal de Cultura e coordinador do premio, Carlos Lorenzo Pérez acordou elixir como gañador o poemario titulado *Cronoloxía da urxencia*, de Dores Tembrás (Bergondíño, 1979). O acto de entrega do premio tivo lugar o 31 de maio na Casa da Cultura de Carral.

Certame de Poesía do **Concello de Mugardos**

A Concellería de Cultura do Concello de Mugardos convoca este certame de poesía en galego con motivo do Día da Poesía (21 de marzo). Contaba coas modalidades de maiores de 18 anos e menores de idade e no ano 2013 pasou a ter tres categorías: até os 12 anos, de 13 a 17 e maiores de idade. Os traballos deben ser orixinais, inéditos e estar escritos en lingua galega, cunha extensión máxima dun folio de DIN-A4 por unha cara e o corpo de letra 14 a dobre espazo. Dirixense por duplicado e baixo plica a esta concellaría do Concello de Mugardos (Avda. de Galicia, n.º 45, 15620, Mugardos-A Coruña) durante o mes de febreiro. O galardón consiste en vales para mercar libros por valor de 40 €, 60 € e 100 € segundo a categoría. No ano 2013 celebrouse a VI edición e o xurado, composto polo concelleiro de Cultura Xosé Antón Bouza Rey, a bibliotecaria municipal Fátima García Cendán, Marisol Gándara Sánchez, gañadora da V edición do certame, Consuelo Gundín Rey, profesora de Secundaria e a escritora Aurora Varela, decidiu conceder o premio da categoría até 12 anos a Sara Rodríguez Vilaboa por “Para a miña amiga Alicia”; da categoría de 12 a 17 a Sabela Rodríguez Reino por “A calma das escumas”; e da categoría de maiores de idade a Rocío Leira Castro por “O veneno da memoria”. Recibiu unha mención especial, dentro da categoría de até 12 anos, Noa Miguens Plana por “Todo por ti”. No ano 2013 tamén se convocou a VII edición.

Certame Literario do Excelentísimo **Concello de Vilalba**

Co fin de estimular e potenciar a creación poética galega, o Concello de Vilalba convoca este certame no que se conceden dous premios dotados con 3.000 € e 1.000 €, xunto cunha flor natural e un diploma. Ademais, a obra gañadora é publicada por Alvarellos Editora. Poden concorrer todos os autores de calquera nacionalidade e

condición que presenten orixinais e inéditos, de extensión mínima de cincocentos versos e tema libre, escritos en galego. Os orixinais preséntanse por quintuplicado mecanografados a dobre espazo e envíanse, xunto cun sobre cos datos persoais do autor e unha breve biografía, ao Concello de Vilalba (Praza da Constitución n.º 1, 27800, Vilalba). Na XXXIX edición de 2013 o prazo de inscrición rematou o 19 de xullo, o fallo do xurado difundíuse nos medios de comunicación o 24 de agosto e o acto de entrega tivo lugar o 30 de agosto, coincidindo co comezo das festas de San Ramón e Santa María. O xurado concedeu o galardón a Pablo Bouza polo libro de poemas *Os privilexios dos sonámbulos*. É a quinta vez que este autor gaña este certame. O segundo premio foi para Rafael Catoira Rey por *Navegando cara a Ítaca*.

Referencias varias:

- C. P. R., “O prazo para presentar obras al Certame Literario de Vilalba pecha o 19”, *El Progreso*, “A Chaira”, 1 xullo 2013, p. 10.

O concello de Vilalba convoca a XXXIX edición do Certame Literario da localidade. Cada autor debe presentar as súas creacións no Concello. O ditame do xurado darase a coñecer no auditorio Carmen Estévez durante o mes de agosto, coincidindo coas festas patronais.

- M. M., “El certamen literario vilalbés repartirá 4.000 € entre los premiados”, *El Progreso*, “A chaira”, 12 xuño 2013, p. 19.

O concello de Vilalba convoca unha nova edición do certame literario da vila. Os autores que participen deberán entregar poemas en galego e inéditos, mentres que a temática será libre.

- Lara Lozano, “Alvarellos Editora publicará catro obras do certame de poesía vilalbés”, *El Progreso*, “A Chaira”, 5 xullo 2013, p. 18.

As obras premiadas no Certame Literario de Vilalba verán a luz grazas a un acordo de coedición do concello con Alvarellos Editora. *Río Alzheimer*, de Carlos Pereira e *Entre as paredes do silencio*, de Martiño Maseda venceron na edición de 2011, mentres que *Quenda da catividade*, de Xoán Xosé Piñeiro Cochón e *Nenias chairegas*, de Xosé Otero, foron as vencedoras da edición do ano 2012.

- C. A., “El Concello de Vilalba presenta las obras premiadas del Certamen Literario”, *El Progreso*, “A Chaira”, “Vilalba”, 22 agosto 2013, p. 13.

Indícase que mañá o Concello de Vilalba e Alvarellos Editora presentarán as obras galardoadas nas dúas últimas edicións do concurso. O encargado da presentación será Xulio Xiz e nela estarán os catro autores premiados, representantes da Editora Alvarellos e membros do goberno local. As obras presentadas serán: *Río Alzheimer*, de Carlos Pereira, e *Entre as paredes do silencio*, de Martiño Maseda, gañadora e segundo premio en 2011; e *Quenda de catividade*, de Xoán Xosé Piñeiro Cochón e primeiro premio en 2012, e *Nenias chairegas*, de Xosé Otero Canto, segundo premio do ano pasado.

- Cristina Arias, “Pablo Bouza e Rafael Catoira gañan o XXXIX Certame Literario de Vilalba”, *El Progreso*, “A Chaira”, 24 agosto 2013, p. 17.

Indícase que os galardoados no XXXIX Certame Literario de Vilalba se fixeron públicos na presentación dos libros premiados no 2011 e 2012. Os gañadores recibirán o seu premio - 3.000 €, unha estatuíña e diploma no primeiro premio e 1.000 € para o segundo- o próximo venres 30.

- C. Méndez, “O certame literario marca en versos o inicio das festas vilalbesas”, *El Progreso*, “Especial”, “Festas de San Ramón e Santa María”, “Vilalba”, 29 agosto 2013, p. 45.

O XXXIX certame literario Terra Chá xa ten vencedores. Pablo Bouza, con *Privilexios dos sonámbulos* recibirá o primeiro premio, e Rafael Catoira, con “Navegando cara a Ítaca” o segundo. Ambos os dous verán publicadas as súas obras pola editorial Alvarellos. A entrega dos premios supón a clausura da edición do certame literario.

- C. P. R., “O conto do ‘indignado’ San Ramón”, *El Progreso*, “A Chaira”, 31 agosto 2013, p. 13.

Fálase do pregón de Alfonso Hermida nas festas do San Ramón e dise que este pregón e a interpretación do Himno Galego serviron para pechar o actos de clausura do XXXIX Certame Literario da Terra Chá. Nesta ocasións os premiados foron Pablo Bouza e Rafael Catoira, quenes recibiron 3.000 € e 1.000 € ademais dunha flor natural e un diploma.

- Ramón Nicolás, “Poesía galardoada”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “Letras galegas”, 28 setembro 2013, p. 9.

Infórmase da publicación de dous poemarios premiados: *As uñas crecen* asinado por Silvia Penas, que recibiu o premio Lueiro Rey; e *Río Alzheimer* de Carlos Pereira, premiado no XXXVII Certame Literario do Concello de Vilalba.

Certame Cores con palabras

Convócase este certame poético-pictórico por iniciativa do Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños coa colaboración da Xunta de Galicia. Poden concorrer todas aquelas persoas maiores de 55 anos que presenten obras pictóricas ou poéticas orixinais. Cada participante pode presentar un máximo de dúas obras por categoría, inéditas e de temática libre. Os poemas, en lingua galega, con tema, rima e métrica libres, deben ter unha extensión máxima de 30 versos. Xunto coas obras, achegarase o boletín de inscrición debidamente cuberto, cos datos identificativos do autor, título da obra etc. así como unha fotocopia do carné de identidade do autor. As obras poden entregarse ben mediante mensaxeiro, ben persoalmente en horario de 9:00 a 14:00 horas no: Centro de Animación e Artes Plásticas Togariños (Avenida de Vigo, 25, baixo, 36680, A Estrada, Pontevedra). Entre todas as obras presentadas, lévase a cabo unha selección en cada categoría das cincuenta obras de maior calidade, técnica e orixinalidade, que pasan á fase final do certame e formarán parte, ademais, do libro *Cores con palabras*, que se publicará con motivo dunha exposición final nunha sala reservada para o efecto. A

composición do xurado dáse a coñecer o día da entrega de premios e está composto por destacados persoeiros do mundo da plástica e da poética galega, así como por membros da organización. Estabelécense tres premios por categoría (1.º, 2.º e 3.º), que serán entregados o día da inauguración da exposición e que consistirán nunha placa conmemorativa e diploma acreditativo, así como unha reprodución do *Códice Calixtino*.

Premio de Poesía Romántica **Cristina Amenedo**

Premio internacional de poesía creado pola Sociedad Artística Ferrolana (SAF) no ano 2012 co obxectivo de lembrar a profesora e escritora cabanesa Cristina Amenedo (Cabanas, 1925-A Coruña, 2011), persoa moi vinculada coa entidade cultural ferrolá. Poden presentarse poemas de temática romántica entre os trinta e os setenta versos, en galego e castelán remitidos por correo a “Concurso Cristina Amenedo”, Apartado de Correos 339, 15480, Ferrol. Os premios consisten nunha placa de prata ao mellor poema ou conxunto de poemas, tanto en idioma galego como en castelán. A entidade resérvase a publicación dos traballos gañadores dentro da súa revista literaria *Poesía Galicia*. No ano 2013 tivo lugar o acto de entrega dos galardóns da edición de 2012 e, na modalidade de lingua galega, foi para Conchi Sedano González, natural de Peñalver (Guadalajara), con residencia en Vigo, polo seu poema “Na revolta do carreiro”. O xurado estivo composto polo presidente da SAF, Ricardo Díaz-Casteleiro; Carlos Barcón; Francisco Vila; José Ramón Vázquez Martínez; Rosa Mª Martín Vaquero, Juana Corsina e actuou como secretario Carlos Cristóbal.

Premio de Poesía **Díaz Jácome para Novos Creadores**

Convócao o Concello de Mondoñedo, en colaboración coa Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, co afán de estimular a creación poética entre a mocidade. Poden optar a este premio todas as persoas, de idade non superior a trinta anos, que presenten poemas orixinais e inéditos non premiados, escritos en galego, de tema e metro libre e cunha extensión máxima de cento cincuenta versos. Os orixinais deben enviarse en DIN-A4 mecanografados a dobre espazo cun lema e plica en sobre pechado, onde conste o lema, o título da obra, os datos persoais e unha breve nota biográfica do autor. A entrega dos traballos realízase no Concello de Mondoñedo (Praza do Concello, n.º 1, 27740, Mondoñedo-Lugo). Conta cos seguintes galardóns: un primeiro premio de 1.500 €, un segundo de 600 € e un terceiro de 300 €, ademais dunha placa e diploma para todas as persoas galardoadas. Na XIV edición de 2013 o prazo de admisión rematou o 8 de xullo e resultou gañador do primeiro premio Rafael Lobelle con “A retranca dos teus ollos”; o segundo foi para José Manuel Castiñeira con “Petan na alma silencios”; e o terceiro premio para Andrea Maceiras con “Auga lonxincua”. O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 21 de decembro.

Referencias varias:

- Fran Moar, “O premio Díaz Jácome é moi importante xa que é un camiño para que aos novos nos coñezan”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 24 decembro 2013, p. 17.

Entrevista a Andrea Maceiras Lafuente co gallo da consecución do terceiro posto no premio Díaz Jácome, organizado polo Concello de Mondoñedo. Andrea Maceiras, que escribe literatura infantil e xuvenil, afirma que o Díaz Jácome é unha vía para que os novos escritores se poidan dar a coñecer. Nesta entrevista fai referencia a dúas das súas obras: *Auga lonxincua*, pola que conseguiu o terceiro posto neste premio, e *Nubes de evolución*.

Premio de Poesía **Eusebio Lorenzo Baleirón**

Convocado anualmente polo Concello de Dodro, coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña, dende 1988 para contribuír á reafirmación da lírica galega, tan importante na historia cultural de Galicia, e honrar a memoria do poeta que lle dá nome ao certame. Poden concorrer todas as persoas que o desexen, sempre que as obras coas que participen estean escritas en lingua galega, sexan orixinais, de temática libre e teñan un mínimo de cincocentos versos e un máximo de oitocentos. Así mesmo, as obras deben ir cun lema no exterior da plica, onde se inclúen os datos persoais do autor. Remítense catro exemplares ao Concello de Dodro (Rúa Tallós, n.º 32, 15981, Dodro-A Coruña). Estabelécese un único e indivisíbel premio de 2.300 € e a publicación da obra pola editorial Sotelo Blanco, sendo publicada anteriormente na colección de poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón” de Edicións do Castro. O Concello de Dodro resérvase os dereitos desta primeira edición e, a partir da segunda, a obra pasa a ser propiedade do seu autor, quen, en sucesivas edicións, debe facer constar a condición de ser premiada con este galardón. O xurado é designado polo Concello de Dodro entre personalidades de Galicia vinculadas á poesía e á crítica literaria. En anteriores convocatorias os galardóns foron para Xosé Manuel López Ardeiro en 1988 por *O matiz esmeralda na sombra*; Gonzalo Navaza en 1989 por *Fábrica íntima*; Xavier Rodríguez Barrio en 1990 por *Alba no muro*; Helena Villar Janeiro en 1991 por *Nas hedras da clepsidra*; Palmira González Boullosa en 1992 por *Asoladamente, o teu nome*; Xabier Cordal en 1993 por *Fruto do teixo*; Xosé Manuel Millán Otero en 1994 por *As palabras no espello*; Xosé Miranda en 1995 por *Amantes e viaxeiros*; Isidro Novo en 1996 por *Dende unha nada núa*; Emma Couceiro en 1997 por *As entrañas horas*; Estevo Creus en 1998 por *Teoría do lugar*; Emma Pedreira en 1999 por *Grimorio*; Carlos Penela en 2000 por *Acaso o inverno*; Xosé Lois Rúa en 2001 por *O tránsito da auga*; Eduardo Estévez en 2002 por *Caderno apócrifo da pequena defunta*; María Comesaña Besteiros en 2003 por *Zoonose*; Lupe Gómez en 2004 por *Azul estranxeira*; Mariña Pérez Rei en 2005 por *Fanerógama*; Rafa Villar en 2006 por *Escoración dos días*; Nieves Soutelo en 2007 por *Código poético*; Xabier Xil Xardón en 2008 por *Cando menos, a derrota*; Xosé Daniel Costas Currás en 2009 por *Conservas*; Luís Valle Regueiro en 2010 por *Palabras, palabras e palabras*; Isaac Fernández Fernández en 2011 por *Con gume de folla húmida*; e Serxio Iglesias (Bos Aires, 1966) en 2012 por *Viaxe ao interior da fenda*. No ano 2012 conmemoráronse os vinte e cinco anos de historia do premio cunha exposición e coa publicación do libro *XXV Aniversario do Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, 1988-2012*. No ano 2013 tivo lugar a XXVI edición, na que participaron corenta e dúas obras, e o xurado, composto por Xiana Arias Rego, Alba Cid Fernández, María Solar Núñez e Mariña Pérez Rei baixo a coordinación de Xabier Castro, director do Centro PEN Galicia, decidiu conceder o galardón a Cristina Ferreiro (Lugo, 1983) por *As paisaxes eléctricas*. A gala de entrega tivo lugar o 14 de decembro na casa da cultura de Dodro. Neste ano editouse a obra conmemorativa dos vinte e cinco anos do premio:

XXV Aniversario do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón 1988-2012 (vid. Apartado II.4 deste Informe).

Referencias varias:

- Cristina Botrán, “Dodro, un cuarto de século apostando pola lírica galega”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 607, 4 xullo 2013, p. 6.

O alcalde de Dodro, Valentín Alfonsín, amosou o seu apoio á literatura galega co mantemento do premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón nun acto que tiña como obxectivo presentar o libro gañador da 25ª edición. Por último, o coordinador do premio destacou a importancia do mesmo, xa que considera que os tempos actuais non son propicios para a cultura galega.

- C. Botrán, “El Eusebio Lorenzo o la radiografía de un premio”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 699, 5 outubro 2013, p. 7.

Dá noticia da inauguración na Biblioteca González Garcés da Coruña dunha mostra que conmemora os vinte e cinco anos do premio Eusebio Lorenzo Baleirón, así como a figura do propio autor, xa falecido.

- C. B., “Un total de 42 obras optan al premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 745, 20 novembro 2013, p. 7.

Infórmase de que este ano optan 42 obras ao premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, dotado con 2.300 €. Indícase que o fallo se dará a coñecer o 7 de decembro e que este ano o xurado está composto integramente por mulleres (Mariña Pérez Rey, Xiana Arias, Alba Cid e María Solar). A entrega oficial do premio terá lugar o 21 de decembro.

- C. Botrán, “A Estrada entrega mañana el premio de teatro Manuel Varela Buxán”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 758, 3 decembro 2013, p. 7.

Sínálase que Dodro fará público este sábado o fallo do xurado do XXVI Premio de Poesía Lorenzo Baleirón ao que se presentaron 42 obras.

- S. E., “El ganador del Lorenzo Baleirón se conocerá hoy”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 769, 14 decembro 2013, p. 5.

Infórmase de que esta tarde se dará a coñecer o gañador do XXVI Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, dotado con 2.300 €, e que se lle renderá un tributo poético ademais de facer unha ofrenda ante a súa tumba. Nesta ocasión o xurado estivo formado integramente por mulleres. Tamén se indica que está en marcha unha exposición itinerante sobre o 25 aniversario do premio.

- Sol Elvira, “A lucense Cristina Ferreiro álzase co Lorenzo Baleirón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 770, 15 decembro 2013, p. 7.

Dáse conta da concesión do XXVI Premio de Poesía Lorenzo Baleirón a Cristina Ferreiro pola súa obra *As paisaxes eléctricas*. O xurado subliña a fluidez e coherencia

do poemario. No artigo sinálanse outros premios gañados pola autora e dise que a exposición que conmemora os 25 anos do premio chegará mañá a Santiago.

- Cristina Botrán, “La muestra sobre Eusebio Lorenzo llega a Santiago”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 772, 17 decembro 2013, p. 5.

Infórmase de que o Pazo de Fonseca acolle dende onte unha exposición sobre a historia do premio Eusebio Lorenzo Baleirón, que inclúe poemas, fotos e biografías dos finalistas.

- X. V., “Agradecimiento a los funcionarios jubilados”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 17 decembro 2013, contracuberta.

Dáse conta da representación de *Estado de gracia*, obra de Fernando Epelde, no XVIII Ciclo SGAE e que hoxe será o momento de Santiago Cortegoso. Indícase que a exposición da conmemoración dos 25 anos do Premio Lorenzo Baleirón pode verse dende onte no Pazo de Fonseca.

- Cristina Botrán, “Cristina Ferreiro agradece dende Granada o Lorenzo Baleirón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 777, 22 decembro 2013, contracuberta.

Infórmase da entrega do premio Lorenzo Baleirón a Cristina Ferreiro, quen agradecía a distinción dende Granada (está traballando alí) mediante unha carta lida polo coordinador do premio, Xabier Castro.

Certame de Poesía Dez Palabras

Certame convocado polo departamento de Cultura de Cuntis, dentro da programación da “Primavera de las letras”, ao que poden concurrir persoas empadroadas no municipio que teñan de dezaioito anos en diante. Cada autor pode enviar só unha obra, orixinal e inédita, que poderá estar escrita en español, galego, francés, inglés ou alemán. Os poemas, de estilo libre, deberán incluír dez palabras que se especifican nas bases da convocatoria. Os traballos deberán introducirse nun buzón instalado na biblioteca municipal, nun sobre que indique “Concurso de poesía Dez Palabras. Concellos de Cuntis”, asinados cun pseudónimo, e con outro pequeno sobre que conteña os datos persoais do autor. Tamén poden enviarse á dirección de correo electrónico cultura@cuntis.es. O prazo de presentación remata o 11 de maio e establécese un premio ao mellor traballo e unha mención honorífica.

Referencias varias:

- M. Angueira, “Convocan un concurso sobre tradiciones y otro de poesía dentro del mes de las letras”, *Diario de Arousa*, “Ulla-Umia”, “Cuntis”, 25 abril 2013, p. 21.

Ofrécese información sobre o certame de poesía “Dez Palabras” e sobre o certame de investigación Roberto Blanco Torres sobre “Lendas e tradicións da miña aldea”, convocados os dous polo Concello de Cuntis. Explicanse as bases para participar en ambos os certames.

Premio de Poesía **Dublín Literario**

Certame convocado polo pub Dublín, co que se pretende incentivar aos autores en tempos de crise. Os poemarios deben estar en galego e non superar os douscentos versos. As obras poderán enviarse á dirección Calle de Panaderas 50, baixo, A Coruña, por triplicado e baixo un lema. Estabelécese como premio ao mellor poemario a publicación da obra e unha comida.

Referencias varias:

- Marta García Márquez, “El pub Dublín busca los doscientos mejores versos para publicarlos y ‘darles de comer’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 29 xaneiro 2013, p. 15.

Infórmase da creación do premio Dublín literario, convocado polo pub Dublín para incentivar os autores en tempos de crise. Coméntanse as bases do certame e menciónanse diferentes actividades que levou a cabo o pub.

Certame **Francisco Añón de Poesía**

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola Oficina de Información Xuvenil deste concello coa intención de fomentar os valores da creación literaria en galego da xente nova e promover aspectos vinculados co pensamento do ilustre escritor. No ano 2008 estableceéronse cinco categorías: A) para nenos de seis a sete anos cun premio dun vale de 90,15 € en libros e a publicación da obra; B) para os de oito a nove anos cun premio dun vale de 120 € en libros e publicación do poema; C) para os nenos de dez a once anos cun premio dun vale de 150 € en libros e publicación do poema; D) para os mozos de doce a catorce anos cun premio dun vale de 180 € en libros e publicación do poemario; E) para mozos de quince a dezasete anos cun vale de 230 € e publicación da obra; e F) para os maiores de dezaioito anos cun cheque por valor de 1.000 € e publicación da obra. En todas as categorías considerouse a posibilidade de conceder un accésit. Nas modalidades E e F estableceuse unha extensión mínima de cento cincuenta versos. Os orixinais debían presentarse en sobre pechado no que constase o título da obra, a categoría e o lema ou pseudónimo do autor e, dentro, outro sobre, que tivese os datos persoais e a fotocopia do DNI ou CIF. Os traballos entregáronse na Casa da Cultura (Avda. de San Campio, s/n, 15230 Outes).

Referencias varias:

- M. Gil, “Arancha Rodríguez gaña o XVII Certame Francisco Añón de poesía coa obra ‘Andar descalza’”, *El Correo Gallego*, “Camariñas”, “Outes”, 18 maio 2013, p. 8.

Anúnciase a gañadora do XVII Certame Francisco Añón de Poesía, convocado polo Concello de Outes: Arancha Rodríguez Fernández, polo traballo *Andar descalza*. Noméanse tamén o gañador do accésit e os gañadores das diferentes categorías escolares.

- J. G., “Este libro trata sobre o inevitable, e tamén sobre a perda da inocencia”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, 12 xuño 2013, contracuberta.

Ismael Ramos presentou na Fundación Granell o seu poemario *Hábitat/Interferencias*, co que gañou o Premio Francisco Añón de poesía. Segundo o autor, a obra trata sobre o paso do tempo e o inevitábel, e está escrita con verso e rima libre.

Premio de Poesía **Feliciano Rolán**

Certame convocado pola Agrupación Cultural Guardesa e patrocinado polo Concello da Guarda, ao que poden presentarse poetas de calquera nacionalidade, con poemas orixinais e inéditos de temática e forma libre, escritos en galego ou castelán. Cada concursante pode enviar un máximo de dous poemas por quintuplicado ao Apartado de Correos 69, 36780, A Guarda-Pontevedra. Estabelécense tres premios dotados con 360, 120 e 60 € respectivamente e unha placa conmemorativa, ademais da concesión dun accésit. Na XXVII edición de 2013, o xurado, composto por Chuny Vázquez, poetisa e pintora; Marisol Diz Amil, licenciada en Xeografía e Historia; Tini Andrés Álvarez, doutora en Ciencias Políticas e Relacións Internacionais; M.^a del Pilar Álvarez Moreno, licenciada en Xeografía e Historia e Psicoloxía; e Fátima Pérez Sobrino, licenciada en Filoloxía Hispánica, acordou premiar os seguintes autores: co 1º premio, Jacobo Llamas, de Lugo, polo poema “Dido nas marismas”; co 2º, Amancio García, de Madrid, por “Manual de retornos”; e co 3º, Jonathan Rodríguez, de Ponferrada, por “Dono da verba muda”. O accésit foi para Germán Torres, de Vilagarcía de Arousa, por “Homenaxe artístico”. A entrega dos galardóns tivo lugar o 6 de agosto no Centro Cultural da Guarda

Referencias varias:

- A. Ferreira, “El Feliciano Rolán premia a los mejores poetas en A Guarda”, *Atlántico Diario*, “Área metropolitana”, “Baixo Miño”, 8 agosto 2013, p. 19.

O Centro Cultural de A Guarda convocou aos gañadores do Certame literario Feliciano Rolán. No acto, léronse diferentes poemas do poeta vigués e premiouse aos vencedores da última edición. Por último, solicitáronse apoios ao concello para incrementar a dotación económica do certame.

Festa do Aquelarre Poético

A Comisión promotora das Fogueiras de San Xoán da Coruña convoca este certame, no que pode participar calquera persoa non premiada en edicións anteriores con até tres composicións poéticas orixinais e inéditas por lingua, en castelán ou galego, sobre a noite de San Xoán e a súa aparición no folclore. Cada poema, cun mínimo de cen versos, debe presentarse mecanografado nun sobre baixo lema e nun sobre a parte a plica cos datos persoais do autor, ou a través do correo electrónico info@hoguerassanjuan.com. Concédense dous galardóns: un primeiro premio

consistente nunha flor natural e 1.000 € e un segundo premio, cunha flor natural e 500 € en efectivo. No ano 2013 o prazo de admisión de traballos rematou o 10 de maio ás 24 h. O fallo do xurado deuse a coñecer nos medios de comunicación o 17 de maio e a entrega dos galardóns tivo lugar, para o primeiro premio, o 21 de maio no Teatro Rosalía de Castro, durante a Festa do Aquelarre Poético, e o o segundo premio, durante a Festa do Solsticio Poético o 25 de maio.

Premio de Poesía **Fiz Vergara Vilariño**

Este certame naceu no ano 2000 para homenaxear o poeta de Lóuzara, Fiz Vergara Vilariño, co obxectivo de que figure entre os primeiros de Galicia dedicados á poesía. Está organizado pola Agrupación Cultural Ergueitos e o Concello de Sarria. Até 2007 este premio estaba dotado con 3.000 €, que se aumentaron na edición 2008 até 6.000 €, a publicación da obra en Espiral Maior e unha obra plástica inédita de Marta Prieto. Os traballos, orixinais, inéditos e non premiados noutro certame, en galego, cunha extensión mínima de catrocentos versos, deben dirixirse, por quintuplicado, mecanografados a dous espazos e baixo plica, en sobre pechado e baixo pseudónimo ao Concello de Sarria (Rúa Maior, 14, 27600 Sarria). En anteriores edicións recibiron o galardón: Marica Campo en 2001 por *Pedinche luz prestada*; Xesús Pereiras en 2002 por *Cantos da seiva*; Estevo Creus en 2003 por *Decrúa*; Miguel Mato Fondo en 2004 por *O whiskey na barrica*; Emma Pedreira en 2005 por *Cantos de orfas*; Martín Veiga en 2006 por *Fundaxes*; Xosé Antonio Neira Cruz en 2007 por *É oco habitado*; Olalla Cociña en 2008 por *Libro de Alicia* e Baldo Ramos en 2009 por *Palabras para un baleiro*; Francisco X. Fernández Naval en 2010 por *Bater de sombras*; Xerardo Quintiá en 2011 por *Fornelos&Fornelos*; e Cristina Ferreiro en 2012 por *Abecedario póstumo*. Na XIII edición, o prazo de recepción de traballos rematou o 31 de xaneiro de 2013. Presentáronse noventa e oito poemarios e o xurado, formado por Xerardo Quintiá, Alfredo Ferreiro e Rosa Enríquez, acordou outorgar o galardón a Eva Veiga (Pontedeume, 1961) pola súa obra *A distancia do tambor*. O acto de entrega tivo lugar o 14 de setembro na Casa da Cultura de Sarria. A galardoada deste edición, recibiu tamén unha obra de arte do pintor e escultor lucense Miguel Ángel Macía.

Referencias varias:

- A.C.V., “La poeta y periodista Eva Veiga se alza con el premio Fiz Vergara Vilariño”, *El Progreso*, “Sarria”, 21 abril 2013, p. 23.

Infórmase da gañadora da décimo terceira edición do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño, convocado polo Concello de Sarria e a Agrupación Cultural Ergueitos: Eva Veiga Torre, pola obra *A distancia do tambor*. Menciónase o xurado e os motivos deste para premiar a obra.

- L. P., “Publicar é o premio do Fiz porque é difícil facelo”, *El Progreso*, “Sarria”, 28 abril 2013, p. 17.

Trátase dunha entrevista a Eva Veiga Torre, gañadora do XIII premio de poesía Fiz Vergara Vilariño pola obra *A distancia do tambor*. A gañadora comenta os temas presentes no poemario e salienta a importancia que supón publicar.

- A. C. V., “El artista plástico Miguel Anxo Macía crea la obra para el premio Fiz Vergara”, *El Progreso*, “Sarria”, 5 xuño 2013, p. 14.

O profesor, pintor e escultor Anxo Macía colaborará co premio de poesía Fiz Vergara ao crear a peza que lle será entregada á gañadora, Eva Veiga. O galardón, chamado “Tres do mar”, evoca á orixe marítima da gañadora e a de todos aqueles que fan Galicia. Veiga recollerá o premio tras vencer co seu poemario *A distancia do tambor*.

Premio de Poesía **Gonzalo López Abente**

Convocado por primeira vez no ano 2013 pola Fundación Gonzalo López Abente, en colaboración coa Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Poden concorrer ao autoras e autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. Os textos presentados deben ser inéditos, condición que se estende ao soporte dixital, e non poden estar premiados en ningún outro concurso de poesía. A extensión dos textos presentados non pode ser inferior a 400 versos. De cada orixinal deben presentarse en sobre pechado sen remite catro copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas ou grampadas, na sede da fundación: Fundación Gonzalo López Abente, Rúa Virxe da Barca, 49. Casa das Beiras 15124 Muxía (A Coruña). No sobre ten que escribirse “Premio de Poesía Gonzalo López Abente”. Os orixinais preséntanse baixo lema e xunto coas copias hai que achegar un sobre pechado, identificado co mesmo lema, que conteña o nome e os apelidos do autor ou da autora, enderezo postal, número de teléfono e enderezo electrónico. O xurado está composto por tres poetas de recoñecido prestixio no ámbito da literatura galega e como secretario/a actúa un representante da fundación. O premio ten unha dotación única de 2.000 €, suxeito á normativa fiscal vixente, e mais unha peza escultórica conmemorativa. A obra premiada é propiedade do seu autor ou autora, agás a primeira edición, que será publicada por Edicións Xerais de Galicia. En posteriores edicións, ao igual que na primeira, farase constar a condición de premiada no Premio de Poesía Gonzalo López Abente. Nesta primeira edición o prazo de presentación de orixinais rematou o 25 de maio e o xurado, composto polos poetas Marilar Aleixandre, Miro Villar, X. H. Rivadulla Corcón e por Viki Rivadulla como secretaria, decidiu declarar por unanimidade gañador o orixinal titulado *Dos tempos sombrizos (Diario)*, que resultou ser da autoría de Daniel Salgado (Monterroso, 1981). O premio foi entregado o 20 de xullo dentro dos actos levados a cabo para conmemorar os 50 anos da morte de Gonzalo López Abente.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “O primeiro Premio de Poesía Gonzalo López Abente foi para Daniel Salgado”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 607, 4 xullo 2013, p. 6.

Dos tempos sombrizos (diario) de Daniel Salgado é o poemario vencedor do I premio de poesía López Abente. O xurado, composto por consagrados escritores como Marilar Aleixandre ou Miro Villar, destacou o compromiso anticapitalista do diálogo e a intertextualidade da poesía coa música. O premio será entregado no marco dun

programa de actos que conmemorarán os cincuenta anos da morte do poeta Gonzalo López Abente.

Certame de Poesía Erótica **Illas Sisargas**

Convocado tanto pola Asociación Caldeirón como polo Concello de Malpica e que ademais da dotación económica de 500 €, que na actualidade ascende a 1.000 €, o premio inclúe a edición da obra gañadora na colección “Caldeirón” e a entrega de 30 exemplares ao gañador. Poden optar ao premio todos os autores de calquera nacionalidade, excepto os que xa foran premiados en anteriores edicións, que presenten obras inéditas de temática erótica e non premiadas con anterioridade, escritas en galego. As obras, dunha extensión inferior a seiscentos versos, deben presentarse por triplicado, en exemplares separados, tamaño DIN-A4, por unha soa cara e grampados, baixo título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor. Os participantes teñen que enviar os seus traballos ao Concello de Malpica (Avenida Emilio González López, 15113, Malpica-A Coruña). Os galardóns entréganse durante a Cea das Letras, un acto no que tamén se presenta a obra premiada o ano anterior. En edicións anteriores obtiveron o galardón: o poemario *Arredor do teu corpo*, do vigués Antonio García Teixeiro; Alberte Momán con *Baile Átha Cliath*; Emma Pedreira con *Xoguetes póstumos*; Eduardo Estévez e Eli Ríos con *Rúa da cancela*; María Lado por *Amantes*; en 2011, Elvira Riveiro Tobío, por *Carnia haikai*; e Mercedes Leobalde García, por *Chamádeme Eva*. Na VIII edición de 2013, o prazo de admisión de orixinais pechouse o 30 de setembro. Presentáronse 15 obras e o 9 de novembro o xurado, composto por Mercedes Leobalde García, gañadora da VII edición do certame, o animador sociocultural do concello Antón Lois Noceda Carballo, e o presidente da AC Caldeirón, Francisco Quiroga López, deu a coñecer nos distintos medios de comunicación, no marco da Cea das Letras, a súa decisión de conceder o galardón ao poemario *Dominio Público*, de Ramón Nieto (Illa de Arousa, 1975). O xurado propuxo igualmente unha mención para o poemario presentado co título *Ode à Madison Ivy e outras coisas de meter*, da escritora Verónica Martínez Delgado.

Premio de Poesía **Johán Carballeira**

Organizado polo Concello de Bueu dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johán Carballeira, dende inicios de 2000 simultanéase este premio co homónimo de xornalismo. Poden concorrer a este certame todos os autores que presenten textos inéditos, en lingua galega e cunha extensión superior aos catrocentos versos. O premio ten unha dotación única de 1.500 € e a publicación da obra polo Concello de Bueu. Deben remitirse tres copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espazo e asinadas con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado cos datos persoais do participante, ao Concello de Bueu (Rúa Eduardo Vicenti, n.º 8, 36930, Bueu-Pontevedra) coa indicación “Premio de Poesía Johán Carballeira”. O Concello de Bueu reserva durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en todas as linguas do Estado. En anteriores edicións foron premiados: Xosé Carlos Caneiro en 1996 por *A valga do triste amor* (1997); Yolanda Castaño en 1997 por *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998); Emma Pedreira en 1998 por *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999); Adolfo Caamaño en 1999 por *Poemario irlandés* (2000); Emma Pedreira en 2000 por *Velenarias* (2001); Xurxo Alonso en 2001 por *Onde viven os saqueadores*

de naufraxios (2002); Carlos Negro *ex aequo* en 2002 por *Héleris* (2003) e Alexandre Nerium por *Vogar de couse* (2003); Lupe Gómez en 2003 por *O útero dos cabalos* (2005); Diego Cousillas en 2005 por *Faltas de ortografía* (2008); Francisco Souto en 2006 por *As horas de María* (2006); Carlos Lema en 2007 por *O xeito de Freud* (2008); Mario Regueira en 2008 por *Blues da Crecente* (2009); Lucía Novas Garrido en 2010 por *Neve* (2010); Calros Solla en 2011 por *MazinGZ* (2011); e Berta Dávila Fernández en 2012 por *Raíz da fenda* (2013). Na XVI edición correspondente ao ano 2013, os orixinais debían entregarse antes do 10 de xaneiro de 2013 e o acto de entrega tivo lugar durante a Semana das Letras Galegas do Concello de Bueu. O xurado, constituído por Daniel Costas, Berta Dávila e Armando Requeixo seleccionou como gañador o libro presentado por Marta Dacosta (Vigo, 1966), co título provisional de *Un lago escuro*.

Premio de Poesía **Manuel Leiras Pulpeiro**

O Concello de Mondoñedo, co patrocinio da Área de Cultura da Deputación Provincial de Lugo, coa finalidade de honrar a memoria do escritor mindoniense Manuel Leiras Pulpeiro e, asemade, colaborar na promoción da escrita poética en lingua galega e na divulgación das súas autoras e autores, crea este certame en 2012. Pode concorrer ao premio calquera persoa física que presente a súa obra en lingua galega, conforme ás normas ortográficas vixentes e sancionadas pola Real Academia Galega. Os poemas, orixinais e inéditos, de tema libre, tanto en soporte impreso como dixital, non poderán ter sido premiados noutros concursos en data anterior ao fallo do xurado e teñen que ter unha extensión máxima de 150 versos. Deben presentarse catro copias en tamaño DIN-A4 impresas a dobre espazo. Os orixinais non poden ir asinados nin levar inscrición ningunha que poida suxerir o nome do autor ou autora, sendo presentados cun lema e título. En sobre a parte e cerrado constará o lema e o título no exterior e, no interior, o nome e apelidos do autor, domicilio, teléfono e fotocopia do DNI polas dúas caras ou, de ser menor, fotocopia do libro de familia na folla correspondente á persoa que se presenta a concurso. O xurado está composto por tres persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario e mais un representante do concello con voz e sen voto que actuará como secretario. A decisión do xurado dáse a coñecer nos distintos medios de comunicación e é comunicada aos autores seleccionados mediante correo certificado. A entrega do premio ten lugar nun acto público organizado polo Concello de Mondoñedo no outono. Este concurso consta de tres premios: o primeiro, 1.500 €, placa e diploma; o segundo, 600 €, placa e diploma; e o terceiro premio: 300 €, placa e diploma. No caso de que as obras presentadas non acaden o nivel esixíbel, poden declararse desertos. Os orixinais que obteñen premio pasan a integrar o fondo do patrimonio da Biblioteca Pública Municipal Pena Trapero de Mondoñedo, podendo ser editados por esta ou polo Concello de Mondoñedo. Neste sentido, o autor ou autora renuncia a favor do Concello de Mondoñedo, para a primeira edición da obra, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor. Nesta edición de 2013, o prazo de recepción de orixinais rematou o 8 de xullo e o xurado emitíu o seu fallo no mes de setembro. O primeiro premio foi para Carmen Pereiras pola obra *De esmagar descalfa*; o segundo foi para Paulino Peña Pérez, por *Nas dárseas do estío*; e o terceiro premio foi para Jacobo Lamas Martínez, por *Fame nas vértebras*.

Premio de Poesía **Manuel Lueiro Rey**

O Concello de Fornelos de Montes e a asociación veciñal O Cruceiro da Laxe convocaron en 2012 a I edición deste premio, que pretende honrar a memoria do poeta, oriundo deste concello, e contribuír á promoción da poesía galega. Poden concorrer todas persoas que o desexen con poemas orixinais e inéditos escritos en lingua galega segundo a normativa vixente, de tema e forma libres e cunha extensión mínima de cincocentos versos e máxima de oitocentos. Débense enviar catro exemplares da obra, mecanografados, sen remite identificador, ao enderezo: Premio de Poesía Manuel Lueiro Rey. Concello de Fornelos de Montes. Praza da Igrexa, 1, 36847, Fornelos de Montes (Pontevedra). As persoas concursantes teñen que presentar un título e un lema, que tamén ten que figurar no exterior dun sobre que conteña a fotocopia do DNI, o teléfono e enderezo, así como un breve currículo literario no caso de que teña obra publicada. A dotación do premio, único e indivisíbel, é de 2.500 €. O xurado pode declarar deserto o premio ou designar un ou máis accésits sen dotación económica, que se recomendan á editora para a súa posíbel publicación. A obra galardoada publícase dentro da colección “Manuel Lueiro Rey”, da Editorial Sotelo Blanco. O Concello de Fornelos de Montes resérvase o dereito de publicación, sen limitación de número de exemplares nin de edicións, da obra gañadora, reservándose tamén os dereitos de edición desta en todas as linguas, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros. O prazo de presentación de orixinais da primeira edición rematou o 31 de decembro de 2012 e o premio entregouse en 2013. Formaron parte do xurado Luis Cochón, Mercedes Queixas Zas, Armando Requeixo e Carmen Carreiro Monteiro actuou como secretaria con voz, pero sen voto. O galardón foi outorgado a Silvia Penas polo seu libro de poemas *As uñas crecen*.

Referencias varias:

- Ramón Nicolás, “Poesía galardoada”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 534, “Letras en galego”, 28 setembro 2013, p. 9.

Infórmase da publicación de dous poemarios premiados: *As uñas crecen* asinado por Silvia Penas, que recibiu o premio Lueiro Rey, e *Río Alzheimer* de Carlos Pereira, premiado no XXXVII Certame Literario do Concello de Vilalba.

- Belén López, “A viguesa Silvia Penas gaña o I Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 1 marzo 2013, p. 74.

Infórmase da gañadora do I Premio Manuel Lueiro Rey de Poesía, convocado pola asociación de veciños Cruceiro da Laxe, o Concello de Fornelos de Montes e a editorial Sotelo Blanco: Silvia Penas, coa obra *As uñas crecen*. Menciónase o xurado e os motivos deste para premiar a obra. Coméntase tamén que o xurado concedeu un accésit á obra presentada baixo o lema *Sobol*.

Premio de Poesía **María Mariño**

Organizado pola Asociación Teenses pola Igualdade de Teo dende o ano 2007, está dirixido a todas as persoas maiores de idade que participan cun só poema. A súa convocatoria é bienal. Os poemas que se presenten teñen que ser orixinais, inéditos, de tema e forma libres, e escritos en lingua galega, cun máximo de cen versos. O galardón

contaba con dous premios, un de 500 € e outro de 300 €, mais no ano 2013 viu reducida a súa contía a 300 e 200 €, respectivamente. Os poemas débense presentar baixo lema por quintuplicado, cun sobre cos datos persoais do autor, á Asociación Teenses Pola Igualdade (Escola de Vilanova, 1º andar, Recesende, 15895, Teo-A Coruña). En edicións anteriores resultaron galardoados: en 2007, “Elexía dos aléns”, de Adolfo Caamaño Vázquez; en 2009, “De novo a náusea”, de Celia Parra Díaz; e en 2011 María Lado. No ano 2013 tivo lugar a IV edición do certame e o prazo de entrega de poemas rematou o 16 de abril. O acto de entrega dos galardóns celebrouse durante a Semana das Letras Galegas. O xurado decidiu conceder o galardón do primeiro premio a Berta Roca Abuín polo seu poema “Gume de coitelo”, e o segundo premio a María López Correa por “Ad Verbum”.

Referencias varias:

- C. Botrán, “A coruñesa Berta Roca gaña o María Mariño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 552, 10 maio 2013, p. 6.

Infórmase da gañadora do premio de poesía María Mariño, convocado pola Asociación Teenses pola Igualdade: Berta Roca, coa obra *Gume de coitelo*. Coméntase a biografía da escritora e o argumento da obra. Menciónase o segundo traballo premiado: *Ad verbum*, de María López.

- C. Botrán, , “Berta Roca se revela en Teo como una poetisa de vocación y devoción”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, núm. 568, 28 maio 2013, p. 5.

Infórmase da gala de entrega de premios de Teenses pola Igualdade, cuxo obxecto era facer entrega dos premios de poesía María Mariño. Menciónase a gañadora desta edición (Berta Roca, con *Co gume de coitelo*), así como algúns asistentes á gala.

Premio de Poesía **Miguel González Garcés**

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña, cunha convocatoria bienal dende o ano 2000, as bases recollen que os traballos, orixinais e inéditos, deben estar escritos en galego e a súa extensión non pode ser inferior aos trescentos versos. Requírese que a presentación sexa feita, preferentemente, en formato dixital, en *Word* ou *OpenOffice* por medio dun CD que inclúa na carátula a inscrición: Premio de poesía “Miguel González Garcés”, título da obra e lema ou pseudónimo. No caso de optar pola presentación en papel, as obras teñen que entregarse por duplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A 4, e impresos polas dúas caras, ademais de estar numerados, grampados ou encadernados. Hai que presentar as obras baixo o sistema de plica, por quintuplicado, mecanografadas a dobre espazo. Envíanse á Deputación Provincial da Coruña (Rúa Alférez Provisional n.º 2, 15006, A Coruña). O premio está dotado de 6.500 € e a publicación da obra por parte da Deputación, quen se reserva, durante un prazo de dezaioito meses, os dereitos de editala, e entrega ao gañador trinta exemplares. Os poemarios galardoados nas edicións anteriores foron: *Visitantes* (1991), de Xavier R. Baixeras en 1991; *Prometo a flor de loto* (1992), de Luz Pozo Garza en 1992; *Memoria de agosto* (1993), de Xulio L. Valcárcel en 1993; *Un áspero tempo de caliza* (1994), de Paulino Vázquez Vázquez en 1994; *Pel de ameixa* (1996), de Marta Dacosta Alonso en

1995; *Areados* (1997), de Estevo Creus Andrade en 1996; *Mínima moralidade* (1998), de Ramiro Fonte en 1997; *Luz de facer memoria* (1999), de Manuel Álvarez Torneiro en 1998; *Vocabulario das orixes* (2000), de Xosé M^a Álvarez Cáccamo en 1999; *Campo segado* (2001), de Manuel Álvarez Torneiro en 2000; *Eloxio da desorde* (2002), de Román Raña Lama en 2002; *Capital do corpo* (2004), de Miguel Anxo Fernán Vello en 2004; *O pozo da ferida* (2006), de Medos Romero en 2006; *Cabalos do alén* (2009), de Xavier Lama López en 2008; *Os indios deixaron os verdes prados* (2011), de Manuel Darriba en 2010; e *As lavandas adaptanse a todo erro de navegación*, de Ramón Neto en 2011. No ano 2013 non lle correspondeu convocatoria.

Certame de Poesía **Mulleres do noso tempo**

A Delegación de Benestar e Igualdade, en colaboración co Centro de Información á Muller do Concello de Cee, convoca este certame co gallo da celebración do Día Internacional da Muller, para fomentar a igualdade entre homes e mulleres, a orixinalidade e a transversalidade na transmisión de valores de convivencia. Poden participar todas as persoas, maiores de idade, cun tema que reflicta a situación actual das mulleres e cun máximo de tres poemas inéditos escritos en galego, cun mínimo de vinte versos e un máximo de cen. Deben remitirse nun sobre á rúa Domingo Antonio de Andrade, s/n, 15270, Cee. Estabelécense tres premios de 295 €, 200 € e 100 €. No ano 2013 tivo lugar a VI edición deste certame e o prazo de presentación rematou o día 5 de marzo, excepto para aquelas persoas que enviaron as poesías por correo ou mensaxería que se prolongou 7 días máis, sempre que a autora ou autor o notificara por fax antes das 13:30h do día 5 de marzo. O 1º premio foi para a poesía “Ti es”, de Rocío Leira Castro; o 2º premio para “Baixo tellas de cristal”, de Cristina Rodríguez Fraga; e o 3º premio para “Amencer de equidade”, de Rosa Lorena Leira López. A entrega de premios tivo lugar o 26 de marzo.

Referencias varias:

- J. Trillo, “Cee entregó ayer los premios ‘Mulleres do noso tempo 2013’”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 509, 27 marzo 2013, p. 11.

Infórmase das gañadoras do VI Certame de Poesía Mulleres do Noso Tempo: en primeiro lugar Rocío Leira, coa obra *Ti es*; en segundo lugar Cristina Rodríguez, con *Baixo tellas de cristal*, e o terceiro para Lorena Leira, con *Amencer de equidade*.

Premio **Nacional de Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Poesía Fundación **Novacaixagalicia**

Naceu, froito dun convenio entre a entidade bancaria e o PEN Clube de Galicia, no ano 2002 co obxectivo de impulsar a edición de poesía en galego. No ano 2010, debido á fusión de Caixanova e Caixa Galicia, pasou a denominarse Novacaixagalicia. Conta coa

colaboración da Xunta de Galicia e poden concorrer todos os poetas que o desexen, presentando unha soa obra escrita en lingua galega segundo a normativa vixente e non menor a seiscentos versos. O premio é indivisíbel e até agora estaba dotado con 12.000 €, que na edición actual pasaron a ser 6.000 €. Ademais implica a publicación da obra gañadora na colección “Arte de Trobar”, editada polo PEN Clube de Galicia e a Fundación Novacaixagalicia. Os traballos presentados teñen que ser inéditos, cunha extensión mínima de seiscentos versos e enviarse por quintuplicado, mecanografados a dobre espazo e baixo lema e plica ao Departamento de Obras Sociais de Caixanova (Centro Social Caixanova, Avda. Policarpo Sanz, 24-26, 36201 Vigo). En anteriores edicións resultaron galardoados: en 2002 Xavier Seoane, por *Dársenas do ocase*; en 2003 María do Cebreiro, por *Non queres que o poema te coñeza*; en 2004 Román Raña, por *As metamorfoses do túnel*; en 2005 Arcadio López-Casanova, por *Herdo do canto*; en 2006 Marilar Aleixandre, por *Mudanzas*; en 2007 Carlos Penela por *Sombras, rosas, sombras*; en 2008 Luís Valle por *A caída*; en 2009 Xabier Rodríguez Baixeras por *Deserto diamantino*; en 2010 Emma Pedreira Lombardía por *Antítese da ruína*; en 2011 Xosé Daniel Costa Currás por *Monicreques*; e en 2012 Xosé Daniel Costa Currás por *Monicreques*. No ano 2013 tivo lugar a undécima edición deste certame e o o prazo de entrega de orixinais rematou o 5 de setembro. Participaron cincuenta e dúas obras e o xurado, integrado por Luís González Tosar, presidente do Centro Pen de Galicia, como presidente; Óscar Javier Castro Martínez; Armando Requeixo; Luis Pousa e Fina Casalderrey, decidiu outorgar o galardón a Yolanda Castaño pola obra *A segunda lingua*.

Referencias varias:

- ECG., “XI Premio de Poesía NCG para libros escritos en galego”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 marzo 2013, p. 29.

Anúnciase a décimo primeira edición do Premio de Poesía organizado por Novacaixagalicia en colaboración coa Xunta e o Centro Pen de Galicia. Preséntanse brevemente as bases.

- Mario Álvarez, “Convócase a X edición do Premio Novacaixagalicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 marzo 2013, p. 42.

Fálase da presentación da décimo primeira edición do Premio de Poesía Novacaixagalicia. Menciónanse brevemente as bases do certame. Infórmase tamén do acto que a Fundación Insua dos Poetas organiza con motivo de tres efemérides mundiais: o Día da auga, o Día da árbore e o Día da poesía.

- Fran P. Lorenzo, “Yolanda Castaño, XI Premio de Poesía Novacaixagalicia”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 13 novembro 2013, p. 43.

Dá noticia de que o XI Premio de Poesía Fundación Novacaixagalicia foi concedido a Yolanda Castaño polo traballo titulado *A segunda lingua*. Sinala que o xurado emitiu o fallo por unanimidade e recoñeceu cambios con respecto á produción anterior da autora.

- Joel Gómez, “Yolanda Castaño gaña o premio Novacaixagalicia de poesía”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 novembro 2013, p. 39.

Informa que Yolanda Castaño gañou a undécima edición do premio de poesía Fundación Novacaixagalicia co seu sexto poemario, *A segunda lingua*, obra que o xurado considerou dun estilo diferente con respecto á produción anterior da autora. Realiza unha entrevista á autora, na que esta reconece un ton diferente no novo poemario e explica que nel se pode facer unha lectura máis persoal e outra social, de reflexión sobre a lingua, e na que opina sobre a situación do galego e sobre a comunicación mediante a poesía.

Premio de Poesía **O poeta azul. Xosé María Pérez Parallé**

Convocado pola Sociedade Artística Ferrolana (SAF) e patrocinado polo Real Coro Toxos e Froles, o premio consiste nunha placa e a publicación do poema gañador na revista *Poesía Galicia* da SAF. Pódese enviar un poema por autor, orixinal ou inédito, escrito en galego e con tema libre. O poema escrito a máquina ten que remitirse ao apartado de Correos 339, 15480, Ferrol, cos datos do autor antes do 31 de decembro. No ano 2013 entregáronse os galardóns das edicións dos anos 2011 e 2012, que foron para María Isabel Vázquez Rodríguez polo poema “Xardíns de aceiro” e para Juan Jesús Beiro Caamaño, con domicilio en Arrecife-Las Palmas, polo seu poema, titulado “Os nosos poetas mortos”. O xurado estivo composto polo presidente da SAF, Ricardo Díaz-Casteleiro; Carlos Barcón; Francisco Vila; José Ramón Vázquez Martínez; Rosa M^a Martín Vaquero e Juana Corsina; e actuou como secretario Carlos Cristóbal.

Premio de Poesía **Slam Arousa**

Torneo entre poetas que se celebra en distintas localidades da Ría de Arousa, dende outubro até marzo. Consta de cinco “torneos- base” nos que se enfrentan seis poetas e unha final á que acceden os gañadores. Pódense recitar textos que non duren máis de tres minutos. Os tres mellores participantes, que son elixidos por votación popular, volven recitar outro texto, tras o que se selecciona ao gañador. O gañador terá á posibilidade de viaxar fóra de Galicia a outras competicións de ‘slam’.

Referencias varias:

- S.S., “Éxito del concurso de poesía erótica”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 482, “Rianxo”, 28 febreiro 2013, p. 6.

Infórmase da gañadora do concurso de poesía erótica do Slam Arousa: Mercedes R. Pimentel, do grupo Airiños.

Premio de Poesía **Victoriano Taibo**

Convocado por primeira vez no ano 2008 pola Entidade Local de Morgadáns de Gondomar e o Instituto de Estudios Miñoranos (IEM), diríxese a calquera persoa cun poemario inédito de tema libre, escrito en galego e cunha extensión mínima de trescentos versos. Os traballos deben enviarse por cuadruplicado á Aula de Cultura

Ponte das Rosas (Avenida da Feira, n.º 10, baixo, apartado de correos 30, 36380, Gondomar). O premio consiste nunha dotación de 3.000 €, unha escultura conmemorativa, realizada polo artista miñorán Fino Lorenzo, e a edición da obra nunha colección de poesía do IEM “Victoriano Taibo”. Nas edicións anteriores resultaron galardoados: en 2008, Carlos Negro, con *Cultivos transxénicos*; en 2009, *ex aequo* para M^a Carmen Caramés, con *Cuarto Minguante*, e Elvira Riveiro e Silvia Penas con *Biografía da Multitude*; en 2010, M^a Goretti Fariña Caamaño con *Devastacións dispoñibles*; en 2011 Carlos Solla con *Holocausto Zaoe*; e en 2012 M^a Concepción Álvarez Lebreo con *Distancias e Simetrías*. O prazo de admisión da VI edición, correspondente ao ano 2013, rematou o 31 de xullo e presentáronse trinta e tres traballos. O xurado acordou outorgar o galardón a *Territorios estraños*, do que é autor o poeta Ramón Sandoval.

Xogos Florais María Pita

Premios organizados dende 1992 pola Orde de Cabaleiros de María Pita, co obxectivo de lembrar os Xogos Florais de Galicia, celebrados na Coruña no ano 1861. Cada convocatoria está dedicada a unha personalidade histórica coruñesa (dende María Pita a Concepción Arenal, pasando por Manuel Murguía ou Cornide). Poden presentarse, cun máximo de dous poemas de até cen versos en galego e castelán, todas as persoas que o desexen, excepto as gañadoras do ano anterior. As composicións deben estar impresas en A4 a dobre espazo e por unha soa cara e remitirse orixinal e copia, co seu lema, á Orde de Cabaleiros de María Pita (Rúa San Andrés, 121 – 8º 15003 A Coruña), xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Conta con dúas categorías: sénior (maiores de 18 anos) cun premio composto de Tizona de Ouro, Flor Natural e 1.000 €; e xuvenil (menores de 18 anos) cun premio de Tizona de Ouro, Flor Natural e 500 €. Na XXII edición do ano 2013, a figura homenaxeada foi Rosalía de Castro e o prazo para presentarse rematou o 30 de setembro. Os premios fixéronse públicos durante os actos das Festas do Rosario 2013. O xurado decidiu conceder o galardón na categoría xuvenil a Laura Martín Rodríguez, por “Dos palabras”, e na categoría sénior a Ángela Fernández, por “Rosalía de Castro y las pequeñas cosas”.

Certame de Poesía Xosé María López “Ardeiro”

Convocado polo Concello de Negreira en homenaxe ao poeta Xosé Manuel López “Ardeiro”, poden concorrer todas as persoas que o desexen cunha única obra, escrita en lingua galega. Os traballos deben ser orixinais, inéditos, non ter sido premiados con anterioridade en calquera outro concurso ou certame, e ter unha extensión entre 350 e 700 versos, escritos con tipografía de imprenta (tipo Arial 12 ou similar), a dobre espazo, con absoluta liberdade en canto a estrofas, medida e rima. Preséntanse por triplicado, sen firma, constatando neles soamente o título e o lema. Nun sobre pechado deben figurar o lema xunto co nome, dous apelidos, fotocopia do DNI e teléfono, e no exterior o lema e o nome do certame ao que se presenta. Así mesmo, debe acompañarse dunha declaración xurada de cumprir o requisito de tratarse dun texto inédito e non premiado noutros concursos, certames ou premios, que debe ir introducida no sobre cos datos persoais. As obras entréganse na Delegación de Cultura e Deportes Casa de Cultura - 1ª Planta 15830 Negreira (A Coruña). O premio consiste na publicación do poemario gañador por parte da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Política

Lingüística e da Dirección Xeral do Libro, e a entrega ao autor de 150 exemplares. O xurado está formado por tres membros de prestixio no campo da literatura, e como secretario, con voz pero sen voto, o representante do concello que designe o alcalde. Na primeira edición o galardoado foi Rafael Lema coa obra *Alturas do monte Pindo* (2013). No ano 2013 tivo lugar a segunda edición do certame e o prazo de entrega de orixinais tivo lugar entre o 24 de maio e o 14 de novembro. A entrega de premios foi o 20 de decembro de 2013, no sexto aniversario do falecemento de Xosé M. López Ardeiro e resultou gañadora Yolanda López López (Ourense, 1976), coa obra *Paisaxes subterráneas*.

Referencias varias:

- M. M, “Posponen hasta mañana el premio para Rafael Lema”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 571, 29 maio 2013, p. 7.

O gañador do Ardeiro de poesía, Rafael Lema, confirma o cambio de data na entrega do seu premio. O autor recibirá o galardón na casa da cultura de Negreira.

- M. Manteiga, “Lema anima a seguir la huella lírica de Ardeiro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 573, 31 maio 2013, p. 6.

A obra *Alturas do Monte Pindo*, de Rafael Lema, recibiu o I Premio de Poesía Xosé Manuel López Ardeiro. Trátase, segundo palabras do comisario do certame, dun poemario rítmico e sonoro, e lingüisticamente moderno. Por último, fíxose unha pequena homenaxe á figura de Ardeiro.

- M. Manteiga, “Rafael e Xosé Manuel Lema presentan obras”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 693, 29 setembro 2013, p. 7.

Fálase de dúas presentacións de libros que acollerá a librería Ler de Santa Comba: *Alturas do Monte Pindo*, de Rafael Lema, e *Cartafol de Néboas*, de Xosé Manuel Lema.

- M. Manteiga, “Negreira mantiene sus galardones de lírica, novela y pintura pese a la crisis”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 703, 9 outubro 2013, p. 6.

Indícase que, a pesar da crise, a Concellería de Cultura de Negreira continuará celebrando os seus certames de pintura, poesía e narrativa. O prazo de aceptación vai até o 14 de novembro e os premios serán entregados o 21 de decembro. O certame de poesía recibe o nome de Xosé M. Ardeiro e a obra gañadora será publicada por Política Lingüística. Os maiores de 15 anos poden optar ao galardón Vila de Negreira de novela curta, cun primeiro premio de 500 € e accésit de 100 ou ao certame de pintura Negreira en Cor, cos mesmos premios que o anterior.

Certame Nacional de Poesía **Xosé María Pérez Parallé**

Convocado polo Círculo Mercantil e Industrial-Unidade de Fene, coa colaboración do Concello de Fene, a Editorial Espiral Maior e a Deputación da Coruña, dende o ano 1987 para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, está dirixido a novas voces que non publicaran ningún libro individual. Neste certame galardóanse

poemas (catro como máximo) inéditos, escritos en galego, cunha extensión mínima de trescentos versos. Os orixinais teñen que se enviar por triplicado e cun pseudónimo ou lema á sede do Círculo (Rúa Porto do Río, n.º 21, San Paio-Fene, A Coruña) e deben entregarse mecanografados por unha soa cara e baixo o sistema de plica. O galardón consiste na publicación da obra pola Editorial Espiral Maior cunha tiraxe de seiscentos exemplares, 600 € e unha peza de cerámica deseñada por Francisco Pérez Porto, fillo de Xose María Pérez Parallé. Na XXVI edición, correspondente ao ano 2013, o prazo de admisión rematou o 30 de setembro e o xurado, formado por Ramón Blanco, Olalla Cociña e Marisol Gándara Sánchez, gañadora da pasada edición, concedeu o galardón a Francisco Cortegoso polo seu poemario *Memorial & danza*. A entrega tivo lugar o 16 de novembro no Círculo Industrial e Mercantil de Fene.

X. 3. TEATRO

Premio **Abrente para Textos Teatrais**

Coa intención de incentivar a creatividade no ámbito teatral e en lembranza dos “Concursos de textos teatrais” da Asociación Cultural Abrente (1969-1983), o Concello de Ribadavia e a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a través da Mostra Internacional de Teatro, convocan este premio dende o ano 2006. Poden optar a el todos os autores de calquera nacionalidade que presenten obras inéditas e non premiadas, escritas en lingua galega segundo a normativa oficial. Estabelécese un premio único e indivisíbel, dotado con 3.000 €, unha estatuíña de Manuel Rodríguez Alonso e a entrega de vinte e cinco exemplares, reservando o concello, durante un prazo de doce meses, os dereitos de editala e de representala. As obras, de tema e extensión libres, preséntanse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, numerados, grampados ou encadernados baixo un título e lema, acompañados dun sobre cos datos persoais do autor, dirixidas ao Concello de Ribadavia (Praza Maior, s/n, 32400, Ribadavia-Ourense). Na oitava edición do ano 2013, o xurado, formado por Anxo Abuín, profesor da Universidade de Santiago de Compostela; María Armesto, directora teatral e dramaturga; Fran Peleteiro, actor; e Roberto Pascual, director da MIT; concedeu o galardón a Fran Godón pola obra *Diante do espello*. Ademais, concedéronse os Premios de Honra Abrente 2013 ao programa Diario Cultural da Radio Galega e á Revista Galega de Teatro. O acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 21 de xullo durante a celebración da XXIX edición da Mostra de Teatro Internacional de Ribadavia.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “O máis divertido é ser actor, pero é o que peor se me dá”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 xullo 2013, p. 41.

Fran Godón, o último gañador do Premio Abrente de teatro, concede unha entrevista na que mostra o seu parecer sobre este xénero literario. Amais, describe a obra coa que acadou o premio, *Diante do espello*, unha peza protagonizada por dúas mulleres que conversan sobre ao mundano da vida.

- X. M. R., “Ribadavia acollerá en decembro os actos do 40 aniversario da mostra teatral Abrente”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Ourense”, 23 novembro 2013, p. 9.

Anúnciase que os días 13 e 14 de decembro de 2013 terán lugar en Ribadavia unha serie de actos (mesas redondas, encontros, publicacións, documentais e teatro) para conmemorar o corenta aniversario da primeira convocatoria dos premios Abrente e que contarán coa presenza de Jose Luís Chao, Camilo Fernández Valdehorras, Cándido Pazó, Júlio Cardoso ou Luís Álvarez Pousa.

Concurso de teatro afeccionado da sociedade **Agarimo**

Creado no ano 2013 pola sociedade cultural Agarimo de Sillobre (Fene), co obxectivo de apoiar o teatro afeccionado. Conta cos seguintes galardóns: 600 € para a mellor obra;

150 para a mellor actriz ou o mellor actor principal; 150 € para a mellor actriz ou actor de reparto; ademais, as compañías de fóra reciben 250 € en concepto de gastos de desprazamento. O xurado estivo formado por sete persoas relacionadas co teatro. Seleccionáronse as seguintes compañías para participar, despois de difundir as bases entre unha trintena delas: Quemaisten teatro das Pontes; a compañía coruñesa Teatro Ateaco coa peza *Cóncavo-covexo*; A Pombiña de Pedroso co espectáculo *As feas tamén casan*; o grupo Arruallo Teatro, de Miño, con *Historias dun banco*; e o grupo Xosé Mª Pérez Parallé do CMI Unidade de Fene coa obra *Qué facemos coa herdanza?*. O ciclo desenvolveuse entre o 19 de outubro e o 7 de decembro. O xurado, composto polo alcalde de Fene, Gumersindo Galego, Valentín García Modrón, Andrés Picallo, Mª Carmen Martínez, Juan López Allegue e Pitusa Arias, deu a coñecer o fallo, o día da clausura.

Premio Alexandre Bóveda de Teatro Amador

Outorgado pola Agrupación Cultural Alexandre Bóveda da Coruña. Entrégase no marco do Memorial de Teatro Ibán Toxeiro. No ano 2013 tivo lugar a sexta edición do premio que foi para Flor Maceiras.

Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais

Premio instituído no ano 1988 polo Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e actualmente organizado por AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, para promover o ámbito da literatura teatral galega contemporánea e incentivar a creatividade na dramaturxia. Convócase xunto co Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. As persoas interesadas deben remitir ou entregar nas oficinas de AGADIC (Rúa da Vesada s/n, San Lázaro, 15703, Santiago de Compostela) os seus textos inéditos, escritos en galego conforme a normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos, de temática libre e sen límite de extensión, quedando excluídas as obras de teatro breve e os textos para teatro de monicreques. Tampouco se teñen en conta os orixinais de autores premiados nas dúas convocatorias inmediatamente anteriores. Os textos deben ser presentados por sextuplicado en DIN A-4, mecanografados a dobre espazo co título e lema do premio na portada, xunto cun sobre pechado cos datos persoais do autor. O premio está dotado de 6.000 € e a obra premiada pode ser publicada nas coleccións de AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e no coidado da lingua. Nas edicións anteriores foron galardoados: en 1988 *O arce do xardín* (1989), de Roberto Salgueiro; en 1989 *Azos de esguello* (1990), de Euloxio R. Ruibal; en 1990 *Os rebertes* (1993), de Agustín Magán; en 1991 *Saxo Tenor* (1993), de Roberto Vidal Bolaño; en 1992 *Copenhague* (1993), de Andrés A. Vila e Xosé Cid Cabido; en 1993 *O prazo* (1994), de Manoel Riveiro; en 1994 *Lugar* (1995), de Raúl Dans; en 2000 *Eliana en ardentía ou Bernardo destemplado* (2001), de Roberto Salgueiro; en 2001 *Agnus patris* (2002), de Afonso Becerra de Becerreá; en 2002 *Molière final* (2003), de Roberto Salgueiro; en 2003 *Hai que confiar na esperanza* (2004), de Siro López; en 2004 *Os homes só contan até tres* (2006), de Antón Lopo; en

2005 *Limpeza de sangue* (2006), de Rubén Ruibal; en 2006 *Ocaso Otero* (2007), de Manuel Guede; en 2007 *Historia da chuvia que cae todos os días* (2008), de Roberto Salgueiro; en 2008 *Sempre quixen bailar un tango* (2009), de Teresa González Costa; en 2009 *Flores de Dunsinane* (2010), de Manuel Lourenzo; en 2010 *Chegamos despois a unha terra gris* (2011), de Raúl Dans Mayor; en 2011 *A cegueira*, de Marcos Abalde Covelo; e en 2012 *Isobaras*, de Gustavo Pernas Cora. A convocatoria da XXII edición foi publicada o 31 de decembro de 2013 e o prazo de presentación de orixinais remata o 30 de maio de 2014.

Referencias varias:

- Camilo Franco, “O premio Álvaro Cunqueiro pasará a ser bienal”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 2 xullo 2013, p. 35.

O premio Álvaro Cunqueiro de teatro, organizado pola Axencia Galega das Industrias Culturais e até agora convocado anualmente, pasará a entregarse cada dous anos. Segundo os promotores do galardón, “é o xeito de mantelos en época de restricións”. O ano en branco aproveitárase para editar as obras dos gañadores.

Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques**

Convocado polo IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais) da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o Manuel María de Literatura Dramática Infantil. É o primeiro en España creado especificamente para textos destinados a obras representadas con monicreques. Divídese en dous apartados, dotados con 3.000 € cada un: textos dirixidos ao público infantil e textos escritos para o público adulto, que na convocatoria de 2009 ascendeu a 6.000 € en cada modalidade. As obras poden ter tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. A obra premiada pode ser publicada nas coleccións da AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, mecanografados a dobre espazo baixo lema e un sobre pechado cos datos persoais do autor a AGADIC (Rúa da Vesada, s/n, San Lázaro, 15703, Santiago de Compostela). Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e na calidade da lingua. En anteriores edicións resultaron galardoadas na modalidade infantil as seguintes pezas dramáticas: en 2003 *Cucho, Coco e o dilema do 6*, de Tino Antelo; *Cataventos e Cía. Ou a verdadeira historia de Amanda, a princesa, e Leonardo, o poeta*, de Celia Díaz Núñez; en 2006 *O afundimento do Titanic*, de Breogán Riveiro; en 2008 *O punto da escarola*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2009 *Bon appétit*, de Begoña García Ferreira; e en 2012 *Un mosquito de nome Henri*, de Raúl Dans. E na categoría de adultos: en 2003 *O Soñador. Pezas de títeres para adultos*, de Gabriel Castilla Raspa; en 2005 *Misterio en Guernica*, de Xosé Manuel Fernández Castro; e en 2009 *Auga que non vas beber...*, de Ignacio Vilariño Sanmartín; en 2010 *Pedra sobre pedra*, de Xosé Antonio Neira Cruz; e en 2011 e en 2012 o premio quedou deserto. A convocatoria da

XI edición foi publicada o 31 de decembro de 2013 e o prazo de presentación de orixinais remata o 30 de maio de 2014.

Premio **Diario Cultural de Teatro Radiofónico**

Convócanos a Radio Galega e o Centro Dramático Galego, co patrocinio da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), coa intención de fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e recuperar o xénero de teatro radiofónico mediante o incentivo á creación de guións radiofónicos dramáticos. Conta con dous galardóns, o Premio do Xurado, cunha dotación de 3.000 €, e o Premio da Audiencia, de idéntica contía. As obras seleccionadas polo xurado emítense na Radio Galega e editase un libro-CD cos textos finalistas. Poden participar todos os escritores e as escritoras que o desexen sempre e cando non manteñan unha relación laboral coa Compañía de Radio/Televisión de Galicia e calquera das sociedades que comprende (Televisión de Galicia e Radio Galega). Os traballos presentados deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e non poden ser adaptacións. Deben estar libres de todo compromiso anterior con emisoras de radio, televisións, editoriais ou entidades semellantes. Os traballos, co formato de guión radiofónico dramático, non poden exceder os dez minutos de duración en antena. As obras teñen que presentar un reparto de cinco personaxes como máximo. Os autores poden utilizar, coas indicacións pertinentes, cantos recursos radiofónicos consideren necesarios para que o texto sexa realizado de maneira axeitada: música, planos sonoros, efectos etc. O director das dramatizacións radiofónicas pode facer as adaptacións necesarias para a súa realización e emisión. Non se admiten máis de dous guións por autor e de cada obra preséntanse o orixinal e cinco copias. Os autores concursan polo sistema de plica e os traballos fanse chegar por correo ao seguinte enderezo: Radio Galega, Diario Cultural “Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico”, San Marcos, 15820, Santiago de Compostela. Consérvanse durante un mes a partir da data na que se fai pública a resolución do xurado e logo destrúense os que non foran solicitados polos seus autores. Os argumentos das obras son de temática libre. O xurado estivo integrado por profesionais de recoñecido prestixio do ámbito da escena galega e un representante do Diario Cultural da Radio Galega, que valoraron especialmente a calidade literaria e dramática das obras e a súa adaptación ao medio radiofónico. Os autores comprométese a autorizar a dramatización e emisión pola Radio Galega das obras presentadas, de seren estas seleccionadas, así como a súa edición en libro-CD. Para tal fin os autores premiados e finalistas entenden cedidos a favor da Radio Galega os dereitos de comunicación pública, reprodución e distribución precisos para a posta en antena da obra e a súa primeira edición en libro e disco compacto. Os autores que o desexen poden enviar co texto as gravacións das dramatizacións en soporte CD, que non son tidas en conta na valoración dos textos teatrais, pero si serán emitidas, de seren finalistas os textos, pola Radio Galega para a votación da audiencia, en lugar da dramatización realizada polo equipo artístico coordinado polo Centro Dramático Galego. En anteriores edicións os galardóns foron para *O Bambán*, de David Rodríguez en 2007; *O mal da vaca*, de Begoña García Ferreira en 2008; *Peter Buckley*, de Rubén Ruibal e César Candelas en 2009; *O vento da Illa*, de Begoña García Ferreira en 2010; *Paraísos*, de Xosé Manuel Pacho Blanco en 2011; e *Poema sinestésico para tres voces e un can*, de Eva F. Ferreira en 2012. Na sétima edición do ano 2013, o prazo de recepción de orixinais rematou o 3 de maio. O xurado, composto por Eva F. Ferreira, gañadora do Premio do Xurado na 6ª edición pola obra *Poema sinestésico para tres voces e un can*; a directora, actriz e docente na

Escola Superior de Arte Dramática Mariana Carballal; o crítico de teatro Camilo Franco; o director do Centro Dramático Galego, Manuel Guede; por designación da Secretaría Xeral de Cultura, Gloria Ferreiro, xefa de Programas da Radio Galega; e Ana Romaní, directora do Diario Cultural da Radio Galega, acordou concederlle o premio do xurado á obra intitulada *Choven cartos*, de Raquel Marco, mentres que o premio da audiencia recaeu en Suso Lista por *O demo nunca dorme*. A entrega de premios tivo lugar o 9 de xullo durante o programa Diario Cultural da Radio Galega.

Referencias varias:

- Irene Jiménez, “Emisión das obras finalistas do Premio Teatro Radiofónico”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 18 xuño 2013, p. 53.

As catro obras finalistas do VII Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico emitíranse ao longo de dúas semanas en espazos da Radio Galega. Para a interpretación hai oito actores (como Xosé Barato, César Cambeiro ou Mela Casal) baixo a dirección de Mariana Carballal. A existencia deste premio pretende facilitar o diálogo entre dramaturxia e o medio radiofónico.

- ECG., “O certame da RG Diario Cultural de Teatro xa elixiu os catro finalistas”, *El Correo Gallego*, “Medios”, 22 maio 2013, p. 53.

Cítanse as catro obras finalistas da sétima edición do certame organizado pola Radio Galega coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura: *Choven cartos*, *Despois do sinal*, *Suite en 3 movementos para unha época de noxo, carraxe e indignación* e *O demo nunca dorme*. Saliéntase o número de obras presentadas nesta edición, un total de 66.

Premios do Festival de Teato Galego (FETEGA)

Outorgados pola Asociación Cultural Fetega durante a celebración do Festival de Teatro Galego. No ano 2013 tivo lugar a XXIV edición deste festival e os premios deste ano recaeron en Luís Iglesias, como Mellor Actor, polo seu papel en *Gaivotas subterráneas*, obra que tamén levou o premio ao Mellor Espectáculo, e o premio Honorífico Fetega foi para Eduardo Alonso.

Referencias varias:

- F. I. “O Carballiño entrega os premios”, *La Voz de Galicia*, “Fugas”, 6 setembro 2013, pp. 6-7.

Sínálase que o Festival do Teatro Galego do Carballiño chega ao seu final e que se fará unha entrega de premios en cada modalidade.

Premio de teatro A Guerra da Independencia en Valga

Convócao o Concello de Valga dende o ano 2009 para obras inéditas en galego nas que o autor presenta un texto que será representado ao aire libre por actores e actrices afeccionados. O tema debe gardar relación coa Guerra da Independencia e centrarse no episodio da revolta popular dos veciños de Casal do Eirigo contra as tropas francesas. O escenario de representación é o recinto da Capela da Saúde. Os orixinais deben presentarse mecanografados, por quintuplicado, sen asinar, co título da obra e o pseudónimo do autor, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo, xunto a un sobre cos datos persoais e enviarse ao Concello de Valga (Avda. Coruña, 14, 36645 Valga-Pontevedra). Estabelécese un único premio de 600 € que implica a obriga de colaborar coa dirección da obra para a súa posta en escena. Ademais da calidade das obras, valórase a viabilidade da súa posta en escena. O 19 de xaneiro de 2013 pechouse o prazo de entrega de obras para participar na cuarta edición do certame, correspondente á convocatoria de 2012. O xurado, composto polo director da Escola Municipal de Teatro, Manuel Solla Barragán, outros dous integrantes do seu equipo e o traballador do concello José Ramón Rial Becerra, que exerceu de secretario, tiveron que recorrer a consultar máis opinión debido ao empate entre dúas das tres obras presentadas. Finalmente resultou merecedora do premio Isaura Abril Magariños, dos Vilares, coa obra *Non pasarán*, que se representou a finais de abril durante os actos do 204º aniversario da Batalla do Casal do Eirigo.

Premios **María Casares**

De carácter anual, foron creados en 1997 pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) para serviren de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolto pola profesión teatral galega. O nome dos premios foi decidido por considerar que o prestixio desta actriz galega, ademais de merecer unha homenaxe, podería servir de promoción para o teatro galego. A organización corre a cargo da Asociación de Actores e Actrices, coa que colabora o Concello da Coruña (cidade na que se realiza a gala de entrega dos premios, por ser María Casares filla predilecta desta cidade). Optan a estes galardóns todas as producións feitas en lingua galega estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á concesión dos premios, así como todos os profesionais que participaron nas montaxes comprendidas nese período de tempo. Os premios concédense nos seguintes apartados: Maquillaxe, Vestiario, Iluminación, Música orixinal, Adaptación/Tradución, Texto orixinal, Escenografía, Actor secundario, Actriz Secundaria, Actor protagonista, Actriz protagonista, Dirección, Espectáculo e Premio de Honra Marisa Soto á traxectoria persoal ou labor de promoción do teatro. O galardón consiste nunha xerra coa efixie da actriz María Casares e decídense nun proceso que se desenvolve durante o primeiro trimestre do ano. Nesta XVII edición de 2013 a resolución dos premios coñeceuse o día 27 de marzo, nunha gala celebrada no Teatro Rosalía de Castro da Coruña. Os galardóns foron para *Nuncabunga*, do grupo Elefante Elegante, que obtivo o premio de Mellor espectáculo; *Tokio 3*, de Voadora, gañou o galardón de Mellor dirección e Mellor escenografía para Marta Pazos, Mellor Música Orixinal para José Díaz e Hugo Torres, Mellor Iluminación, para Baltasar Patiño e Mellor Vestiario para Uxía P. Vaello; *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro, levou os premios de Mellor Maquillaxe para Raquel Fidalgo, Mellor Vestiario, para Uxía P. Vaello, compartido con *Tokio 3*, e Mellor Adaptación para Ánxeles Cuña; Xosé Manuel Oliveira “Pico” levou o galardón a Mellor Actor Protagonista de Kafka e a boneca viaxeira; Marian Bañobre, acadou a distinción de Mellor Actriz Protagonista polo seu traballo en *Pequenos actos pseudorevolucionarios*, obra que tamén levou o

recoñecemento de Mellor Texto Orixinal para Santiago Cortegoso; Luisa Merelas gañou o premio de Mellor Actriz Secundaria en *A función do tequila*; e o galardón de Mellor Actor Secundario foi para Víctor Mosquera por *Galicia Canibal*. O Premio de Honra Marisa Soto 2013 foi para Pilar Pereira.

Referencias varias:

- Lourdes Varela, “Todo o teatro galego, incluído o CDG, atravesa un momento crítico”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 444, 7 febreiro 2013, p. V/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 397, p. 7, 9 febreiro 2013, “Entrevista”.

Trátase dunha entrevista a Toño Casais, presidente da Asociación de Actores e Actrices de Galicia na cal fala da asociación e da difícil situación actual do teatro.

-J. Gayarre., “Sarabela y Voadora, las más nominadas en los María Casares”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Santiago”, 28 febreiro 2013, p. 45.

Infórmase dos dezasete espectáculos finalistas nos XVII Premios María Casares. Saliéntanse as montaxes máis nominadas: *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro, con dez nominacións; *Tokio 3*, de Voadora, con nove; *O método Grönholm*, de Talía Teatro, con cinco; *Galicia Canibal*, de Filmanova Invest S.A., con tres. Cítanse tamén as obras que lograron dúas e unha nominacións.

- R. L., “La asociación de actores elige los 17 espectáculos finalistas de los María Casares”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 febreiro 2013, p. 15.

Infórmase dos dezasete espectáculos finalistas aos XVII Premios María Casares. As obras máis nominadas foron: *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro, con dez nominacións; *Tokio 3*, de Voadora, con nove; *O método Grönholm*, de Talía Teatro, con cinco; *Galicia Canibal*, de Filmanova Invest S.A., con tres.

- Ana López, “Ahora no hay cita con Pontevedra, pero me haría mucha ilusión”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 5 marzo 2013, p. 77.

Trátase dunha entrevista a Marta Pazos, directora e protagonista da obra teatral *Tokio 3*, da compañía Voadora. Fálase da obra, que conta con dez nominacións aos premios María Casares e Max de teatro, da intérprete e da obra coa que compite, *Viaxe a ningunha parte*, de Sarabela Teatro.

- P. C. C., “Iolanda Muíños, ‘Muller do ano de Narón 2013’ por su trayectoria artística”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, “Narón”, 6 marzo 2013, p. 15.

Infórmase do nomeamento da actriz Iolanda Muíños como “Muller do ano de Narón 2013”. Menciónanse os motivos polos que o Concello de Narón decidiu elixir a actriz como muller do ano. Inclúense os comentarios da actriz no momento de recibir a mención.

- Nuno Besteiro, “Literatura e escena danse a man no Día Mundial do Teatro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 marzo 2013, p. 41.

Fálase de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG, con motivo da lectura do Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro durante a cerimonia dos XVII Premios María Casares. Cítase o encargado da lectura o ano anterior: Xosé Luís Méndez Ferrín.

- M. G. M., “Os superheroes Ratman e Bobyn serán os condutores da gala dos María Casares”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 22 marzo 2013, p. 15.

Fálase da celebración que terá lugar no Teatro Rosalía con motivo da entrega dos Premios María Casares de Teatro. Cítanse algúns dos participantes e salientase o carácter reivindicativo co que contará a cerimonia.

- Nuno Besteiro,, “Os María Casares acoden ao humor na gala da crise teatral”, *El Correo Gallego*, “Tendencias/Esquelas”, 22 marzo 2013, p. 43.

Fálase de cómo será a gala de entrega dos XVII Premios María Casares de Teatro. E salientase o carácter irónico e reivindicativo da cerimonia.

- Camilo Franco, “Nuncabunga”, teatro infantil para os María Casares”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 23 marzo 2013, p. 41.

Fálase da obra infantil *Nuncabunga*, da compañía Elefante Elegante, nominada aos premios María Casares. Reflicítese opinións de María Torres, actriz e codirectora da compañía. Coméntase un novo espectáculo desta compañía destinado aos cativos: *Aurora*.

- Lourdes Varela, “Sempre me gustou arriscalo todo: na vida e na escena”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 450, 21 marzo 2013, p. V/ “Sempre gostei de arriscalo todo: na vida e no teatro”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 403, 23 marzo 2013, p. 7, “Entrevista”.

Trátase dunha entrevista a Pilar Pereira, elixida Premio de Honra Marisa Soto pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia. A actriz narra as súas vivencias ao longo dos anos na profesión e destaca a situación actual do teatro.

- Nuno Besteiro, “A biografía do teatro galego é a biografía da cultura galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 24 marzo 2013, p. 42.

Fálase do Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro, escrito este ano por Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG, que será lido na gala de entrega dos María Casares. Menciónase a galardoada co Premio de Honra Marisa Soto, Pilar Pereira, e as obras favoritas, *Viaxe a ningunha parte* e *Tokio 3*.

- Manuel Bragado, “Día mundial do teatro”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, “Campo de granada”, 25 marzo 2013, p. 14.

Fálase do Día Mundial de Teatro, creado en 1961 polo Instituto Internacional do Teatro (ITI). Cítase a Darío Fo, premio nobel de literatura, o cal escribiu a mensaxe de 2013. Coméntase este día a nivel Galicia e cítase neste senso a Cesáreo Sánchez Iglesias, quen

lerá o “Manifesto galego do día mundial do teatro”. Saliéntase a situación actual do teatro galego.

- Ana López, “Marta Pazos e ‘Tokio 3’, grandes triunfadoras dos XVII Premios María Casares”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 28 marzo 2013, p. 53.

Fálase das obras galardoadas na gala dos XVII Premios María Casares, entres as que se salienta *Tokio 3*, da compañía Voadora, dirixida e protagonizada pola actriz e escenógrafa Marta Pazos. Coméntase o Premio de Honra entregado a Pilar Pereira e a lectura do Manifesto Galego do Día Mundial do Teatro por parte de Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG.

- Débora García, “Ficción e acción para ‘salvar’ a dona María”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 marzo 2013, p. 13.

Fálase da gala de entrega dos XVII Premios María Casares de Teatro no Teatro Rosalía da Coruña. Dáse información sobre os premios á mellor actriz (Marián Bañobre por *Pequenos actos pseudorrevolucionarios*) e ao mellor actor (Xosé Manuel Oliveira “Pico” por *Kafka e a boneca viaxeira*), á mellor dirección (Marta pazos por *Tokio 3*) e ao mellor espectáculo (*Nuncabunga*, de Elefante Elegante).

- Manuel Varela, “Cultura contra a mentira”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, p. 59 / *La Opinión*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, pp. 10-11, 28 marzo 2013.

Nárrase a gala dos XVII Premios María Casares. Saliéntanse as obras *Tokio 3*, da compañía Voadora, a cal obtivo cinco galardóns, e *Nuncabunga*, de Elefante Elegante SC, escollido como mellor espectáculo. Cítanse os restantes premiados, entre eles Marián Bañobre, premio á mellor actriz, e Xosé Manuel Oliveira Pico, premio ao mellor actor.

- Vicente Plaza, “Tensos mensajes en la ceremonia de entrega de los premios María Casares”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 28 marzo 2013, p. 42.

Nárrase a cerimonia de entrega dos XVII Premios María Casares de Teatro. Noméanse os gañadores das distintas categorías e menciónase o Premio de Honra Marisa Soto outorgado á actriz Pilar Pereira.

- Camilo Franco, “En Voadora somos xente de suar moito a camiseta”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 marzo 2013, p. 32.

Trátase dunha entrevista a Marta Pazos, gañadora do María Casares á mellor dirección pola obra *Tokio3*, da compañía Voadora. A galardoadada fala do que supón o premio e reivindica que se poida ver a obra en toda Galicia.

- Camilo Franco, “Querer ou non querer” *La Voz de Galicia*, “Cultura”, “Análise premios María Casares”, 29 marzo 2013, p. 32.

Fálase da situación actual do teatro e das reivindicacións das compañías fronte a esta. Saliéntase a necesidade de aproveitar os galardóns obtidos polas distintas compañías nos María Casares para encher os teatros galegos.

- Lourdes Varela, “O glamour... para Hollywood! O teatro galego non está para traxes de luxo”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 452, 4 abril 2013, p. V/ *La Opinión A Coruña*, “Saberes”, n.º 405, 13 abril 2013, p. 11, “Entrevista”.

Trátase dunha entrevista a Marián Bañobre, galardoada co premio María Casares á mellor actriz principal pola súa interpretación na obra *Pequenos actos pseudorrevolucionarios*, da compañía Ibuprofeno Teatro. A entrevistada fala do seu premio, da obra pola que foi premiada e da situación actual que atravesamos o teatro.

- J. Luis Martínez, “O teatro pide manter as axudas, non un rescate”, *Diario Atlántico*, “Área metropolitana”, “Morrazo”, 12 abril 2013, p. 17.

Fálase da obra teatral *A filla de Woody Allen*, con motivo da representación do espectáculo no Auditorio Municipal de Cangas. Dáse información acerca da obra, galardoada con dous premios María Casares (mellor texto orixinal para Santiago Cortegoso e mellor actriz protagonista para Marián Bañobre). Coméntase a situación actual do teatro.

- Vanesa Sotelo, “Marta Pazos: ‘Desde Voadora facemos teatro para os sentidos’”, *Revista Galega de Teatro*, n.º 74, “Entrevistas”, primavera 2013, pp. 61-66.

Con motivo da consecución de cinco premios María Casares por parte de Voadora e da estrea da súa nova proposta, *Waltz*, reproducese unha conversa con Marta Pazos na que reflexiona sobre as claves do proceso de traballo da compañía, a influencia da súa formación como pintora á hora de escribir, o papel da música en Voadora ou o gusto pola posta en valor do cotián, entre outros asuntos.

- Ana López, “A triunfadora dos María Casares de teatro, ‘Tokio 3’, chega a Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 13 setembro 2013, p. 61.

Dá noticia das obras que conforman a oferta teatral de outono do Concello de Pontevedra: *Tokio 3*, da compañía Voadora (gañadora de cinco premios María Casares e finalista nos galardóns Max); *Eurozone*, do Grupo Chévere; *O método Grönholm*, de Talía Teatro; *O home alfofado*, de Ilmaquinario Teatro; *Anxeliños* e *As pombas de carboeiro*, de Fantoques Baj e Banda de Música de Pontevedra e *Curriculum Vitae*, de Redrum Producciones.

- Ana Baena, “El teatro de la generación ‘link’ llega con Voadora”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 20 novembro 2013, p. 9.

Dá noticia da representación de *Waltz*, de Voadora, dentro da programación cultural da Universidade de Santiago de Compostela. A compañía santiaguesa, premiada recentemente co María Casares e co Premio da Crítica, presentará o mércores a obra de temática amorosa. Destaca que a directora Marta Pazos asegurou a relación do teatro cos “link”, os cales conteñen grande información.

Premio de Interpretación Teatral **Maruxa Villanueva**

O Concello de Padrón convoca dende o ano 2001 este premio en homenaxe a Maruxa Villanueva, que foi case tres décadas guardesa da Casa-Museo de Rosalía de Castro e tamén recoñecida actriz de teatro. Poden concorrer aqueles actores e actrices que, durante o ano, participasen nun espectáculo teatral en galego, ademais de ser extensivo a un artista de recoñecida traxectoria neste ámbito. Conta cunha contía de 1.200 €, diploma acreditativo e estatuíña de bronce do busto de Maruxa Villanueva. No ano 2013 o xurado do certame decidiu outorgar o galardón da XII edición, referente ao ano 2012, a Gustavo Pernas Cora (Viveiro, 1959), tanto pola súa traxectoria como pola súa interpretación no espectáculo *Snakizados*.

Referencias varias:

- Sol Elvira, “O actor Gustavo Pernas gaña o Maruxa Villanueva”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 476, 22 febreiro 2013, p. 6.

Fálase do gañador do XII Premio Teatral Maruxa Villanueva, organizado polo Concello de Padrón: Gustavo Pernas Cora, pola súa interpretación en *Snakizados*. Menciónase o xurado e explícanse as razóns deste á hora de entregar o galardón. Relátase unha pequena biografía do premiado.

- C. Botrán, “Doce años premiando el genio teatral en Padrón”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 345, 2 novembro 2013, p. 7.

O premio de teatro Maruxa Villanueva entrégase a Gustavo Pernas pola súa obra *Snakizados*. É un drama que, con humor, trata sobre a fin do mundo. O xurado destacou a traxectoria teatral e a resistencia do autor en tempos difíciles.

- Cristina Botrán, “O Maruxa Villanueva, premio de ‘resistencia’ para o teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 728, 3 novembro 2013, p. 7.

Gustavo Pernas foi o gañador do XII Premio de Interpretación Teatral Maruxa Villanueva. No acto de entrega do galardón salientouse a traxectoria e o esforzo do autor. Para Pernas é un premio de resistencia, xa que “reafirmase a identidade teatral nun momento moi delicado para as artes escénicas”.

Premios **MAX de las Artes Escénicas**

En 1998 naceron os premios Max das Artes Escénicas, organizados pola Fundación Autor da Sociedade Xeral de Autores e Editores (SGAE), co propósito de estimular e premiar o talento de artistas e profesionais das artes escénicas. A este premio concorren todos os espectáculos estreados ou en xira na temporada anterior. Os premios concédense en vinte e tres apartados distintos, como autoría, tradución, adaptación, composición, escenografía, iluminación etc., elixidos mediante os votos dos seus compañeiros. Dentro do apartado do premio ao mellor autor teatral, nas primeiras convocatorias só se contemplaba a escrita en castelán, pero máis tarde tivéronse tamén

en conta as outras linguas do estado. Nesta XVI edición de 2013, na categoría de Mellor Autor Teatral en Galego o galardón foi para Eduardo Alonso, por *Último cowboy*. O acto de entrega celebrouse o 13 de marzo.

Referencias varias:

- Belén López, “O meu medo é non poder seguir adicándome a isto”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 21 febreiro 2013, p. 61.

Trátase dunha breve entrevista á actriz Andrea Bayer, con motivo da súa nominación ao premio Max. Andrea Bayer fala da súa nominación e das protestas do sector escénico galego contra a paralización da Agadic e da Rede de Teatros de Galicia.

- Concha Barrigós e Belén López, “Miguel del Arco copa las candidaturas a los Max con tres montajes teatrales”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, 21 febrero 2013, p. 61.

Fálase de Miguel del Arco, favorito da edición 2013 dos Premios Max. Coméntanse os finalistas galegos na categoría de mellor autor teatral: Eduardo Alonso por *Último cowboy* (Teatro do Noroeste) e Andrea Bayer por *Fíos* (Baobab). Noméanse os candidatos ás diferentes nominacións e cítanse os finalistas ao premio Valle-Inclán na súa edición de 2012.

-Javier García, “Alonso e Andrea Bayer, finalistas galegos aos premios Max de Teatro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 21 febrero 2013, p. 45.

Noméanse algúns dos finalistas dos XVI Premios Max das Artes Escénicas. Saliéntanse os finalistas ao premio Mellor Autoría Teatral en Galego: Eduardo Alonso por *Último cowboy* (Teatro do Noroeste) e Andrea Bayer por *Fíos* (Baobab).

- Mar Mato, “Galicia sueña con la manzana de los Max”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 9 maio 2013, p. 67.

Saliéntase a nominación de Eduardo Alonso por *Último cowboy* (Teatro do Noroeste) e Andrea Bayer por *Fíos* (Baobab) ao premio Mellor Autoría Teatral en Galego; e da compañía Voadora, ao espectáculo revelación. Preséntanse os argumentos das obras e cítanse opinións e comentarios dos nominados.

- Concha Barrigós, “Mario Gas, con ‘Follies’ se alza con seis premios Max de Teatro”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, p. 59/ “El musical de Mario Gas ‘Follies’, vencedor de los Max con seis premios”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, p. 32, 14 maio 2013.

Coméntase a tónica da cerimonia de entrega dos Premios Max e cítanse algúns dos gañadores, entres os que está Eduardo Alonso co premio ao mellor autor teatral en galego coa obra *Último cowboy*.

- Elena Ocampo, “Estos son los tiempos peores, después de tanto trabajar para que fuesen mejores”, *Faro de Vigo*, “Tv/Espectáculos”, 15 maio 2013, p. 55.

Trátase dunha entrevista a Eduardo Alonso, director teatral galardoado co Premio Max como mellor autor en galego pola obra *Último cowboy*, protagonizada por Miguel Pernas e Luma Gómez con Teatro do Noroeste. O entrevistado fala do seu premio e dos problemas actuais do teatro.

- Elena Ocampo, “El teatro en Galicia, además de la crisis, tiene el problema de la desidia política”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 14 maio 2013, p. 36.

Trátase dunha entrevista ao director teatral Eduardo Alonso, galardoado co Premio Max Mellor Autoría Teatral en Galego pola obra *Último cowboy*, protagonizada por Miguel Pernas e Luma Gómez (Teatro do Noroeste). O entrevistado amósase moi crítico coa actual falta de recursos referente ao mundo teatral.

Premio Nacional de Teatro

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Teatro Rafael Dieste

Este premio, creado no ano 1988 pola Deputación Provincial da Coruña para incentivar a creatividade no ámbito do teatro por ser unha das formas artísticas de maior incidencia social, e en lembranza do autor rianxeiro que lle dá nome, ten dende 1999 unha periodicidade bienal. Dende o ano 2001, poden optar todos os autores de calquera nacionalidade, que presenten obras inéditas e non premiadas con anterioridade, escritas en lingua galega. Concédese un premio único e indivisíbel dotado con 6.500 €. A Deputación publica a obra premiada, reservándose durante un prazo de dezoito meses os dereitos de editala e de representala, e entrega ao gañador trinta exemplares. Ademais, poderá contratar unha compañía teatral galega para realizar a montaxe e a representación da obra premiada. Os traballos, de tema e extensión libres, deben presentarse por quintuplicado, en exemplares separados, mecanografados a dobre espazo, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados, grampados ou encadernados, baixo un título e un lema, constando na plica o título e o lema no seu exterior e no interior o nome e apelidos do autor, o seu enderezo, nacionalidade e número de teléfono. Os participantes teñen a obriga de comunicar á deputación a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento en que esta situación se produza, o que dá lugar á súa exclusión do concurso. O xurado actúa en pleno, en sesión a ser posíbel única, sendo necesaria a asistencia dos dous terzos dos seus membros. As deliberacións son secretas. Sendo un dos obxectivos deste concurso a posta en escena da obra premiada, estímase positivamente os factores que inciden na súa viabilidade escénica: número de personaxes, condicións técnicas etc. O xurado non pode declarar deserto o galardón e a súa proposta é obxecto de resolución da Presidencia desta Deputación, órgano competente para resolver o premio. Os textos envíanse á Deputación da Coruña, Avda. Alférez Provisional, s/n, 15006 A Coruña, indicando no sobre “Premio de Teatro Rafael Dieste”. En anteriores edicións resultaron premiadas as seguintes obras dramáticas: *Ei*, *Feldmühle*, de Xesús Pisón en 1991; *Días sen gloria*, de Roberto Vidal Bolaño en 1992; *Matalobos*, de Raúl Dans en 1993; *Velenos*, de Xesús Pisón en 1994; *O serodio remordemento do amor*, de Xavier Lama en 1995;

Magnetismo, de Manuel Lourenzo en 1996; *Doentes*, de Roberto Vidal Bolaño en 1997; *Ninguén chorou por nós*, de Miguel Sande en 1998; *Últimas faíscas de setembro*, de Manuel Lorenzo Pérez en 1999; *Footing*, de Gustavo Pernas Cora en 2001; *A ciencia dos anxos*, de Inma Antonio en 2003; *Final de película*, de Gustavo Pernas en 2005; *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure en 2007; e *0,7% Molotov*, de Santiago Cortegoso en 2009; e *A función do tequila*, de Manuel Guede Oliva en 2011. No ano 2013 tivo lugar a XVI edición deste certame e presentáronse 22 obras. O xurado decidiu entregar o galardón á obra *Teatro ou xeitos de cargar unha arma*, escrita por Zé Paredes e Xosé Manuel Pacho Blanco.

Referencias varias:

- M. G. M., “Os 25 anos do Torrente Ballester levan á Deputación a preparar ‘algo especial’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 febreiro 2013, p. 15.

Fálase das dotacións económicas que a Deputación da Coruña repartirá entre nove certames literarios.

- M. G. M., “Pacho Blanco e Zé Paredes gañan o Rafael Dieste da Deputación cun guiño que busca a provocación”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 xuño 2013, p. 12.

Pacho Blanco e Zé Paredes, con *Teatro ou xeitos de cargar unha arma*, gañaron o premio Rafael Dieste de teatro. A obra, protagonizada por dous desafortunados amigos, é unha metáfora do mundo cotiá. Ateigada de simbolismo, procúrase a reflexión do lector.

- C. F., “Pacho Blanco e Zé Paredes gañan o premio Rafael Dieste de teatro”, *La Voz de Galicia*, “Santiago”, 28 xuño 2013, p. L7.

Teatro ou xeitos de cargar unha arma, de Paredes e Blanco, vén de gañar o premio Rafael Dieste de teatro. Esta obra, escrita a catro mans, trata argumentos do presente, mesturados cun punto de ironía e sarcasmo.

- Camilo Franco, “O panorama cultural galego alimentou mentiras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 xuño 2013, p. 41.

O dramaturgo Zé Paredes (Guimaraes, 1972) analiza as circunstancias que atinxen á dramaturxia galega, considerando a súa situación como positiva. Paredes critica a non convocatoria dos premios teatrais Agadic, xa que, dende o seu punto de vista, pecha portas aos autores.

- Xosé Manoel Rodríguez, “A obra é a metáfora da rebelión dos cidadáns”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 29 xuño 2013, p. 41.

Xosé Manuel Pacho, gañador do Rafael Dieste de teatro xunto co portugués Zé Paredes, analiza a obra que os levou a conseguir o prezado premio. *Teatro, ou xeitos de cargar unha arma* reflexiona sobre os problemas da actualidade dende un punto de vista reivindicativo. Segundo verbas de Pacho, o seu obxectivo foi achegarse ao teatro social.

Premio de Teatro **Romarfa Vikinga**

Organízano o Concello de Catoira e a Universidade de Santiago de Compostela como medio de sensibilización das culturas vikinga e galega e co desexo de contribuír á creación teatral. As obras presentadas deben ser inéditas, escritas en galego e cun tema relacionado coas incursións vikingas e a defensa contra elas, lendas, costumes, personaxes e símbolos, valores e sensibilidades propios do tema en Galicia. O autor debe ter en conta que se trata dunha representación popular na que participan actores e actrices afeccionados en gran número, nados ou residentes en Catoira. A dirección da obra corre a cargo do autor. A presentación ao concurso esixe a presentación de dous sobres (A e B) adxuntos e pechados que conteñen: o sobre A, orixinais, mecanografados e por quintuplicado sen asinar, co título da obra e o pseudónimo da persoa que presenta o texto e que permite a súa posterior identificación, así como un precaderno de dirección no que se describa a posta en escena do espectáculo; o sobre B, o nome, teléfono e enderezo, xunto coa fotocopia do DNI, indicando por fóra o título da obra e o pseudónimo. Os residentes do concello deben escribir “Catoira” no exterior deste. Os dous sobres deben ir pechados para enviar ao enderezo: Concello de Catoira (Rúa do Concello, 6, 36612, Catoira, Pontevedra). Estabelécese un único premio de 4.808 €, que na convocatoria do ano 2009 ascendeu a 5.000 €, coa obriga de dirixir ensaios, ambientación, escenografía, atrezzo e os seis días de escenificación nas Torres de Oeste. Se o autor propón a outra persoa para a dirección será baixo a súa responsabilidade artística e económica. Ademais da calidade das obras valórase a visibilidade da súa posta en escena, así como a innovación no libreto e que os autores non representasen as obras en anos anteriores. A organización e composición do xurado corresponde á Universidade de Santiago de Compostela e ao Concello de Catoira e formaron parte del dous representantes do Concello de Catoira, tres persoeiros do mundo do teatro, un representante da USC e un da Consellería de Cultura e Turismo. O xurado pode declarar deserto o premio se non reúne as condicións artísticas e de calidade. O autor da obra premiada cede en exclusiva ao Concello os dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación da obra, en todo o territorio da Unión Europea, para a súa explotación e execución teatral, edición e produción. Dado que a convocatoria é bienal, unha das obras é elixida para a representación do ano seguinte ao da convocatoria. Teñen preferencia as persoas residentes en Catoira. No ano 2012 escolleuse a obra *A saga de Iacobsland*, de Marcos Abalde Covelo, para ser representada no ano 2013 e declarouse deserto o premio para a representación do ano 2014.

Premio **Valle-Inclán de Teatro**

Organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa e cunha dotación de 24.000 €. Foi constituído inicialmente no ano 2004 coa modalidade de investigación, co obxectivo de difundir e promover a obra do creador do “esperpento” e para profundar, a través de estudos rigorosos e de prestixio académico, en distintos traballos da súa biografía e do seu traballo literario. Na VIIª edición do ano 2011 este premio anovouse convocando con carácter bienal dúas modalidades, teatro e ensaio, alternativamente. Nesta edición convocouse a modalidade de teatro, na que se podían premiar compañías de teatro, directores, produtores, guións adaptados, mellor interpretación masculina e feminina e outros aspectos relacionados coa representación

teatral. O prazo de presentación da documentación necesaria (datos persoais, historial, dossier da obra, ficha de reparto, materiais gráficos, etc) rematou o 31 de xullo. O xurado estivo composto por Xosé María García Palmeiro do Consello da Cultura Galega; Alfonso Zulueta da Fundación Penzol; Francisco López Rodríguez, director xeral do libro; Blanca Brage Cendán da Consellería de Cultura; Consuelo Pampillón de Fegateira e José Antonio Ponte Far da Fundación Valle-Inclán. Decidiu conceder o galardón *ex aequo* ás compañías Escola de Teatro Valle-Innova, de Vilanova de Arousa, a Atalaya Teatro e a Teatro del Temple. No ano 2012 non houbo convocatoria.

Premio Mome de Teatro **Varela Buxán**

Creado en 2011 polo Museo do Moble e da Madeira da Estrada (MOME) cos obxectivos de pór en valor o MOME como centro neurálxico para o coñecemento e promoción da madeira así como referente na vida cultural galega, perseverar o cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e principal patrimonio cultural, contribuír á difusión do teatro galego e colaborar na divulgación da vida e obra do dramaturgo estradense Manuel Daniel Varela Buxán. Poden concorrer todas as persoas, de calquera nacionalidade, con textos inéditos en lingua galega que teñan como eixe temático o mundo da árbore, a madeira e/ou do móbel. Os orixinais deben presentarse baixo lema por triplicado, xunto cunha copia do texto en CD en formato .pdf e un sobre cos datos persoais na Fundación Cultural da Estrada (Avda. Benito Vigo, 104, 36680, A Estrada), indicando no sobre Premio MOME de Teatro “Varela Buxán”. A dotación económica é de 1.000 € para un único premio, diploma acreditativo e unha escultura en madeira deseñada polo artista estradense Manuel Fragoso. A entrega de premios ten lugar nun acto público que se celebra o 25 de setembro, en conmemoración do aniversario do pasamento de Manuel D. Varela Buxán. En anteriores edicións, os galardóns foron para: Teresa González Costa en 2011 por Madeira de gañador; e Xosé Lois García en 2012 por *A cerna*. Na terceira edición de 2013 o prazo de admisión de orixinais rematou o 23 de agosto e o xurado, composto polos directores de escena Marta Pazos e Xúlio Lago e o dramaturgo e director da Aula de Teatro Universitaria de Santiago de Compostela, Roberto Salgueiro acordou por unanimidade conceder o premio de teatro á obra *Smoke on the water*, da autoría de Santiago Cortegoso Calvar (Domaio, Moaña, 1974).

Referencias varias:

- C. B., “Convocan el tercer premio de teatro Varela Buxán”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 607, 4 xullo 2013, p. 6.

Achéganse as pautas para presentarse ao terceiro premio de teatro Varela Buxán, convocado polo Museo do Moble e a Madeira de A Estrada. O obxectivo do premio é axudar á difusión da nova dramaturxia galega.

- C. G., “Resolven o martes o premio Varela Buxán de teatro”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 707, 13 outubro 2013, p. 5.

Anúnciase que o xurado do premio de teatro Varela Buxán dará a coñecer a obra vencedora.

- Sol Elvira, “O escritor moañés Santiago Cortegoso gaña o premio de teatro Varela Buxán”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 710, 16 outubro 2013, p. 7.

A obra *Smoke on the water*, de Santiago Cortegoso (Moaña, 1974) gaña o premio de teatro Varela Buxán. O xurado salientou a gran variedade temática e o complexo mundo interior dos personaxes dunha obra que achega unha visión crítica do presente.

- C. Botrán, “A Estrada entrega mañana el premio de teatro Manuel Varela Buxán”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 758, 3 decembro 2013, p. 7.

Sínálase que Dodro fará público este sábado o fallo do xurado do XXVI Premio de Poesía Lorenzo Baleirón ao que se presentaron 42 obras.

X. 4. INVESTIGACIÓN

Premio Literario **Ánxel Fole**

Premio convocado pola Fundación Novacaixagalicia e o xornal *El Progreso* dende 1986 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade lucense da cultura galega. Os orixinais teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, á sede da Fundación Caixa Galicia en Lugo (Praza Maior, 16, 27001, Lugo) ou ao xornal *El Progreso* (Rúa Ribadeo, 5, 27002, Lugo). O premio está dotado con 6.000 €, ademais da publicación da obra. A primeira edición deste premio estivo dedicada ao propio Ánxel Fole e a gañadora foi Tareixa Castro Rodríguez, con *O trasmundo de Ánxel Fole*. As seguintes edicións centráronse na vida e na obra de intelectuais como Celestino Fernández de la Vega, Álvaro Cunqueiro, Ramón Piñeiro, Ricardo Carballo Calero, Antonio Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Díaz Castro, José Antonio Trapero Pardo, Correa Calderón, Uxío Novoneyra, Manuel María, Juan Rof Carballo ou Purificación de Cora y Más-Villafuerte. Gañaron o premio estudosos e estudosas como Aurora Marco, que traballou sobre Ricardo Carballo Calero; Xosé Ramón Freixeiro Mato, que analizou as emocións de Antonio Noriega Varela; Román Raña, que falou do período formativo de Aquilino Iglesia Alvariño; ou Lois Celeiro, que traballou a poética de Fiz Vergara Vilariño. Tras vinte e cinco edicións de traxectoria do premio, Novacaixagalicia e *El Progreso* decidiron darlle unha nova dimensión ao galardón, ademais de revisar os seus obxectivos, polo que acordaron o adiamento temporal dunha próxima convocatoria.

Premio de Investigación **Concello de Pontedeume**

Dirixido a traballos inéditos escritos en galego que traten sobre aspectos etnográficos de Pontedeume ou da súa comarca. conta cun único galardón dotado con 1.140 €, ademais da súa publicación na revista de investigación local *Cátedra. Revista eumesa de estudos*. A extensión dos traballos debe ser dun mínimo de 50 folios e dun máximo de 100, incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros elementos que o ilustren. Hai que entregar catro copias, mecanografadas a dobre espazo, no rexistro xeral da Secretaría da Casa do Concello de Pontedeume (Rúa Real, 17-15600 Pontedeume, A Coruña) baixo lema e acompañadas dun sobre cos datos persoais do autor. Na XVI edición de 2013 o prazo de presentación rematou o 21 de xuño.

Premio **Condado de Pallares**

A asociación Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares convoca dende o ano 2007 este certame, que está patrocinado pola Deputación Provincial de Lugo, a Secretaría Xeral de Política Lingüística, a fundación Caixa Galicia e os concellos de Guntín e Taboada. Recibe traballos, cunha extensión mínima de cen páxinas, escritos en galego sobre lingüística, historia, arte, arqueoloxía, etnografía e folclore do antigo Condado de Pallares. O galardón consite en 3.000 €, ademais da publicación polo Departamento de Cultura da Deputación Provincial de Lugo. En edicións anteriores foron galardoados Almudena Figueiras; Juan Manuel Sobrado Vázquez; Xosé Luís Vázquez Somoza e José Luis Díaz Castroverde Lodeiro. Na súa sétima edición de 2013 o prazo de entrega

de orixinais rematou o 23 de novembro e o xurado premiou *A Chantada fabril. Os curtidoiros do Asma na idade contemporánea*, de Claudio Otero Eiriz.

Referencias varias:

- Pilar Cheda, “Chantada súmase á convocatoria do certame Condado de Pallares”, *El Progreso*, “Comarcas”, 12 xuño 2013, p. 16.

Convocouse o VII Certame de Investigación Condado de Pallares, o cal promove a investigación no territorio deste condado. Os estudos poden tratar sobre cuestións arqueolóxicas, artísticas, históricas, lingüísticas, antropolóxicas, etnográficas e folclóricas. Un dos obxectivos do premio é dar a coñecer o patrimonio cultural noutras zonas de Galicia.

Premio de Investigación Fermín Bouza Brey

O Concello de Ponteareas convoca este premio para lembrar o nacemento nesta vila do ilustre poeta e polígrafo, co fin de honrar a súa memoria e o seu traballo de investigación sobre a cultura de Galicia, así como para promover a investigación científica sobre Ponteareas e a comarca do Condado. Poden presentarse memorias de proxectos de investigación científica inéditas en lingua galega sobre historia, arte, arqueoloxía, etnografía, literatura ou ciencias sociais, que necesariamente deben ter como referente o municipio de Ponteareas e complementariamente a comarca do Condado. Deben entregarse por quintuplicado cunha plica onde figuren os datos persoais do autor no Museo Municipal de Ponteareas (Rúa A Perillana, 9-11- 36860 Ponteareas). Conta cun galardón de 3.000 €. No ano 2012 entregouse o premio correspondente á V edición, convocada en 2011, a Sofía Rodríguez, pola obra *A vida e as xentes do Concello de Ponteareas a través de El Tea*.

Premio de Investigación Manuel Iglesias

A Academia Auriense Mindoniense de San Rosendo convoca este premio de investigación, co obxectivo de manter o legado intelectual, cultural e relixioso de Manuel Iglesias. Poderán presentarse traballos de investigación que traten sobre a figura de San Rosendo, a Idade Media galega en xeral, a diocese de Mondoñedo ou o Mosteiro de Celanova. O prazo de presentación dos traballos finalizará o 15 de novembro. Estabelécese un único premio, dotado con 1.500 €. Considérase a posibilidade de establecer outra modalidade na que se recoñeza a unha personalidade ou institución polo seu labor nas áreas mencionadas.

Premio Manuel Murguía de Ensaio

Convocado dende 1998 pola Deputación Provincial da Coruña co obxecto de enxalzar a vida e obra “dunha figura das letras galegas, un precursor do galeguismo, político, literato e historiador”, está dotado cun premio de 6.500 € e a publicación da obra gañadora. Poden concorrer todo tipo de ensaios de carácter histórico referidos a

calquera aspecto da Comunidade Autónoma de Galicia non premiados nas tres edicións anteriores. A presentación debe ser feita, preferentemente, en formato dixital, por medio dun CD que inclúa na carátula a seguinte inscrición: Premio de ensaio “Manuel Murguía”, título da obra e lema ou pseudónimo; o tratamento de texto pode ser Word, OpenOffice ou PDF. No caso de optar pola presentación en papel, as obras deben entregarse por duplicado, en exemplares separados, tamaño DIN A 4, e impresos polas dúas caras, numerados, grampados ou encadernados. A obra preséntase baixo o sistema de plica, polo que debe achegarse un sobre aparte en cuxo exterior figure o título da obra e o lema ou pseudónimo do seu autor e no interior unha copia do NIF, o enderezo, teléfono de contacto e correo electrónico e, ademais, unha declaración expresa de que a obra é inédita e que non foi premiada, até a data da súa presentación, en ningún outro certame ou premio. Hai que dirixilos á sede da Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional s/n, 15006 A Coruña). En edicións anteriores recibiron o galardón *La insurrección de Ferrol de 1872*, de Alfonso Gomis Rodríguez en 1998; *El patrimonio histórico y la representación de la memoria*, de Marcelino Abuín Duro en 1999; *Raza e alteridade: A reflexión sobre a diversidade humana na Galicia do século XIX*, de Fernando Pereira González en 2000; *As cartas do destino*, de Raúl Soutelo Vázquez e Xosé Manoel Núñez Seixas en 2002; *A raíña Lupa. As orixes pagás de Santiago*, de Antonio Balboa Sagado en 2004; *Medios de comunicación comarcal en Negreira, A Baña e Brión no século XX*, de X. Amancio Liñares Giraut e Omayra Lista Liñares en 2006; *Una familia gallega y un océano de por medio. Vínculo y experiencia a través de la memoria fotográfica y epistolar*, de María Liliana da Orden en 2008; e *E fíxose nación. A idea de nación española: liberais versus absolutistas na prensa galega da Guerra da Independencia*, de Sabela Taboada en 2010. Nos anos 2011 e 2012 non houbo convocatoria. No ano 2013 o prazo de presentación de orixinais rematou o 20 de agosto. Recibíronse 24 obras e o xurado, formado por Diego Calvo Pouso, como presidente, María Padín Fernández, Gonzalo de la Huerza Fidalgo, Xosé Ramón Freixeiro Mato e Rosario Sarmiento Escalona, como vogais e Luis Álvarez Freijido, como secretario, decidiu conceder o galardón a Diego Conde Gómez polo traballo *Canto val unha vaca? Da cuestión agraria á cuestión pecuaria en Galicia*.

Referencias varias:

- M. G. M., “Os 25 anos do Torrente Ballester levan á Deputación a preparar ‘algo especial’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 febreiro 2013, p. 15.

Fálase das dotacións económicas que a Deputación da Coruña repartirá entre nove certames literarios.

- M. G. M., “Diego Conde acada o premio Manuel Murguía cun ensaio sobre a gandería”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 26 novembro 2013, p. 15.

Infórmase de que o ourensán Diego Conde conseguiu o noveno premio de ensaio Manuel Murguía cun ensaio no que, ademais da historia, fala da economía e de todo o manto verde que envolve o país. Nel sitúa á vaca como motor de innovación agora que outros modelos fallaron e cre que é necesario un maior apoio administrativo ao sector.

Premio Nacional de Ensaio

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Ensaio **Ramón Piñeiro**

A Editorial Galaxia convocou por primeira vez este premio no ano 2000 con motivo do seu cincuentenario e do décimo cabodano de Ramón Piñeiro. En edicións posteriores sumouse á convocatoria o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades coa colaboración do grupo Gas Natural. Con el preténdese contribuír á difusión do ensaio breve en lingua galega, xénero que Ramón Piñeiro cultivou con asiduidade e ao que fixo importantes contribucións. Pode participar calquera persoa interesada, a excepción do persoal pertencente ao Centro Ramón Piñeiro, con traballos orixinais e inéditos, en lingua galega, axustados á normativa oficial do idioma, que versen sobre o ámbito xeral do pensamento humanístico (lingua, literatura, antropoloxía, filosofía, historia). O tema dos ensaios é libre e os traballos deben evitar o enfoque de investigación especializada ou de carácter estritamente académico. Os traballos, asinados cun lema ou pseudónimo, cunha extensión entre douscentos mil e trescentos mil caracteres, incluídos espazos, deben ser presentados por quintuplicado, en formato DIN-A4, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara, e dirixirse por correo certificado, baixo plica, á Editorial Galaxia (Avenida de Madrid, 44, 36204, Vigo). Estabelécese un único premio, consistente en 3.000 €, outorgado ao ensaio que posúa maior fondura e orixinalidade e reúna suficientes méritos estilísticos e literarios. Este galardón é único e indivisíbel e o xurado, formado por personalidades de relevo da vida cultural galega, pode declaralo deserto, así como tamén pode recomendar a publicación de traballos presentados ao certame que sexan de interese e non resultasen premiados. A contía do premio inclúe os dereitos de autor pola primeira edición do texto gañador, que será publicado pola Editorial Galaxia na súa colección “Ensaio”. En edicións anteriores recibiron o galardón *A submisión das masas. Do poder do progreso ó progreso do poder*, de Basilio Lourenço Fondevilla en 2001; *Tempo e vinganza*, de Anxo A. Rei Ballesteros en 2002; *A terra quere pobo*, de Xosé Luís Barreiro Rivas en 2003; *Outro idioma é posible*, de Teresa Moure en 2004; *O suxeito posmoderno. Entre a estética e o consumo*, de Rebeca Baceiredo en 2005; *Psicopatoloxía do retorno*, de Ramón Area Carracedo e Alexandre García-Caballero en 2006; *Paisaxe e nación (A creación discursiva do territorio)*, de María López Sánchez en 2007; *Un longo e tortuoso camiño: adaptación, crise e cambio no Bloque Nacionalista Galego (1982-2008)*, de Xosé Ramón Quintana Garrido en 2008; *Retrato da xeración de 1950. Microhistoria do cambio social na Galicia contemporánea*, de Manuel Pérez Rúa en 2009; *A arte do imposible*, de Ramón Máiz Suárez en 2010; *Queer.emos un mundo novo. Sobre cápsulas, xéneros e falsas clasificacións*, de Teresa Moure en 2011; e *Para que nos serve Galiza?*, de Xaime Subiela en 2012. Na XIII edición do ano 2013 o prazo de presentación de orixinais rematou o 31 de outubro.

Premio **Valle-Inclán de Ensaio**

Organizado pola Deputación Provincial de Pontevedra e o Concello de Vilanova de Arousa e cunha dotación de 24.000 €. Foi constituído no ano 2004 co obxectivo de difundir e promover a obra do creador do “esperpento” e para profundar, a través de estudos rigorosos e de prestixio académico, en distintos traballos da súa biografía e do

seu traballo literario. Poden concorrer traballos orixinais e inéditos, escritos en calquera das linguas oficiais de Galicia, dos que se deben presentar cinco exemplares mecanografados a dobre espazo, baixo lema ou pseudónimo, caso no que se achega a correspondente identificación do autor nun sobre á parte. A presentación das solicitudes por parte dos candidatos faise no rexistro xeral desta deputación a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Nas edicións anteriores recaeu en Xaquín Núñez Sabarís, por *Valle-Inclán en el fin de siglo. Estudio crítico de “Femeninas”* en 2005; Euloxio Ruibal, polo estudo *Valle-Inclán e o teatro galego* en 2006; *ex aequo* para Anxo Abuín González, por *La palabra en los ojos o el alfabeto en movimiento: una aproximación a la dramaturgia de Valle-Inclán desde la estética del silencio*, e Elianne Lavaud-Fage, por *Valle-Inclán ¿un sistema literario?* en 2007; *Todo Valle-Inclán en Roma*, do Grupo de Investigación Cátedra Valle-Inclán da USC en 2008; e *ex aequo* para Ramón del Valle-Inclán: *Luces de bohemia, una revolución dramática con una carta autógrafa inédita de C. Rivas Cherif*, de Jean Marie Lavaud; e *Josefina Blanco y Ramón del Valle-Inclán: pedestal de los sueños*, de Antonio Deaño Gamallo e Jesús Rubio Jiménez en 2009. Na VIIª edición do ano 2011 este premio anovouse convocando con carácter bienal dúas modalidades, teatro e ensaio, alternativamente. Nese ano convocouse a modalidade de teatro, na que se podían premiar compañías de teatro, directores, produtores, guións adaptados, mellor interpretación masculina e feminina e outros aspectos relacionados coa representación teatral. No ano 2012 non houbo convocatoria.

Premio Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais

Convocado dende 1994 polos concellos de Castro Caldelas e Allariz en colaboración coas fundacións Vicente Risco e Sotelo Blanco, estaba dotado con 6.000 €, que na convocatoria de 2013 se viron reducidos a 4.000 €, ademais da publicación da obra por Sotelo Blanco Edicións. Poden concorrer obras orixinais e inéditas, escritas en galego normativo, sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (historia, economía, socioloxía, literatura etc.). Os textos, cunha extensión mínima de cento cincuenta e máxima de trescentos folios a dobre espazo, teñen que ser presentados, por quintuplicado, na Fundación Sotelo Blanco (San Marcos, 77, 15820 Santiago de Compostela) baixo lema ou título e acompañados dun sobre pechado no que consten os datos persoais e enderezo do autor. O xurado está composto por cinco membros relacionados co mundo da cultura, actuando un deles de secretario. Nas edicións anteriores premiouse a Santiago González Avión en 1999 por *Abrente incerto*; a Rosa Brañas en 2001 por *Deuses, heroes e lugares sagrados*; a Anxo Fernández Ocampo en 2002 por *A esperanza Bretona*; a Elixio Villaverde en 2003 por *Galegos en México (1878-1936)*; a Julia Varela en 2004 por *A Ulfe, socioloxía dunha comunidade rural galega*; a María Montserrat Varela Vázquez en 2005 por *Trazos da escolma da cultura do pobo galego*; a Santiago Prado Conde en 2007 por *Poboacións non pertinentes nas institucións educativas. O alumnado con procedencia rural na terra de Melide*, publicado co título *Novas minorías nas institucións educativas*; a Xosé Lois Ladra Fernández en 2008 por *A pesca fluvial tradicional en Galicia. Caneiros, pescos e pesqueiras*; a María Pilar García Negro en 2010 por *O clamor da rebeldía. O nacemento do ensaio na literatura galega contemporánea, simultánea ao nacemento da conciencia do xénero rosaliano*; a Carlos Callón Torres en 2011 polo seu ensaio *Amigos e sodomitas. A configuración da homosexualidade na Idade Media*; e a Xosé Manuel González Reboredo en 2012 por *Os santos titulares de parroquia en Galiza. Pasado,*

presente e perspectivas de futuro. Na XVIII edición de 2013, os orixinais debían entregarse antes do 28 de febreiro e o xurado, composto por Fernando Acuña Castroviejo (en representación do Concello de Castro Caldelas), Teresa Devesa Graña (en representación do Concello de Allariz), Antonio Blanco Rodríguez (en representación da Fundación Vicente Risco), Xosé María Eguileta Franco (en representación da Fundación Vicente Risco) e Francisco Fernández Rei (en representación da Fundación Sotelo Blanco) acordou por maioría entregar o galardón a Laura Tato Fontaiña (Vigo, 1951) polo traballo *Do teatro ao cinema*.

Premio de Xornalismo Literario Luso-Galego Teixeira de Pascoaes e Vicente Risco

Coa finalidade de destacar a importancia que tiveron as relacións entre intelectuais galegos e portugueses nas primeiras décadas do século XX, a Fundación Vicente Risco e a Cámara Municipal de Amarante, co respaldo científico das universidades de Santiago de Compostela, Porto, Minho, A Coruña, Vigo, e Trás-os-Montes-e-Alto-Douro, promoven o Premio de Xornalismo Literario Luso-Galego Teixeira de Pascoaes e Vicente Risco. Este premio procura homenaxear os dous intelectuais (representantes, respectivamente, do saudosismo/universalismo portugués e do nacionalismo galego da Época Nós), mais tamén todos aqueles que, a través da prensa escrita, traballaron e traballan a prol da aproximación e encontro de Galicia e de Portugal, e da construción da cidadanía europea. Son admitidos a concurso textos de xornalismo literario, publicados en xornais ou outros periódicos en papel, escritos en lingua galega ou portuguesa, independentemente do país en que fosen publicados. Por “xornalismo literario” enténdese o conxunto de textos curtos de variábel extensión, publicados na prensa periódica, cos obxectivos de informar e formar os cidadáns e cun criterio estético de excelencia literaria. Cada concorrente debe enviar a concurso: a) tres textos en reprodución facsímile (cada un deles terá entre dous mil e seis mil caracteres), agrupados nun único dossier, publicados entre 1 de xaneiro e 31 de decembro do ano inmediatamente anterior ao da atribución do premio; b) un documento fechado con identificación do concorrente (nome completo, NIF) e contactos persoais (teléfono e e-mail), ao que se deben engadir os datos da publicación dos artigos enviados a concurso (nome do periódico e data) e, caso de que o autor use pseudónimo, unha declaración do periódico que permita garantir a súa autoría. Os textos a concurso deben ser enviados no ano de convocatoria do premio, entre o 1 de xaneiro e o 30 de abril, aniversario do pasamento de Vicente Risco. O envío, identificado como Premio de Xornalismo Literario Luso-Galego Teixeira de Pascoaes e Vicente Risco, debe ser feito para o seguinte enderezo electrónico: secretaria@fundacionvicenterisco.com. O xurado componse de sete persoas singulares, propostas polas seguintes institucións: tres polas universidades galegas e tres polas universidades portuguesas (enriba referidas), ás que se deberá xuntar unha figura de prestixio do mundo das letras e das artes (a designar alternativamente pola Cámara de Amarante e pola Fundación Vicente Risco). O valor do premio é de 6.000 €. A presentación dos textos ao premio presupón a aceptación destas bases e a cesión dos dereitos de autor para unha eventual publicación. O xurado reúne-se antes do 2 de novembro, aniversario do nacemento de Teixeira de Pascoaes. A entrega do premio ten lugar, alternativamente, en Galicia e en Portugal, durante unha sesión cuxa data se anuncia. Na edición de 2013, e excepcionalmente, a entrega dos textos a concurso foi extensiva a 30 de maio. O xurado, formado por Anxo Tarrío, Camiño Noia Campos, Carmen Fernández Pérez-Sanjulián, Isabel de Brito Pintos,

María Celeste Lopes e Luis Martínez-Risco, elixiu por unanimidade os traballos da portuguesa Silvia Canseco como gañadores do concurso.

X. 5. MIXTOS (VARIAS MODALIDADES)

Premio Antón Losada Diéguez

A Fundación Antón Losada Diéguez Creado organiza dende o ano 1986 este certame, en colaboración cos concellos do Carballiño e Boborás e coa Deputación Provincial de Ourense. O seu obxectivo é o de premiar as dúas mellores obras publicadas en galego entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior nos campos da investigación e da creación literaria. Ten unha dotación económica de 6.000 € para cada un dos gañadores, ademais dun diploma e dunha escultura conmemorativa. En edicións anteriores os galardóns concedéronse, na modalidade de “Creación literaria”, a Ramiro Fonte por *Designium* en 1985; Luís González Tosar en 1986 por *A caneiro cheo*; Carlos Casares en 1987 por *Os mortos daquel verán*; Xosé Ramón Pena en 1988 por *Para despois do adeus*; Marina Mayoral en 1989 por *Chamábase Luís*; Antón Tovar en 1990 por *Berros en voz baixa*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1991 por *Arraianos*; Anxo Rei Ballesteros en 1993 por *Loaira*; Úrsula Heinze en 1994 por *Culpable de asasinato*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1995 por *Estirpe*; Marina Mayoral en 1996 por *Querida amiga*; Chus Pato en 1997 por *Nínive*; Olga Novo en 1998 por *Nós nus*; Fran Alonso en 1999 por *Territorio ocupado*; Xosé Fernández Ferreiro en 2000 por *O atentado*; Xurxo Borrazás en 2001 por *Na maleta*; Xavier Rodríguez Baixeras en 2002 por *Eclipse*; Xabier Quiroga en 2003 por *Atuado na Braña*; Ramiro Fonte en 2004 por *Os meus ollos*; Rosa Aneiros en 2005 por *Veu visitarme o mar*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 2006 por *Contra Maquieiro*; Manuel Rivas en 2007 por *Os libros arden mal*; Miguel Anxo Murado en 2008 por *O soño da febre*; Chus Pato en 2009 por *Hordas de escritura*; Domingo Villar en 2010 por *A praia dos afogados*; Xulia Alonso en 2011 por *Futuro imperfecto*; e Agustín Fernández Paz por *Non hai noite tan longa* en 2012. Na modalidade de “Investigación”, en edicións anteriores concedéronse os galardóns a Claudio Rodríguez Fer en 1990 por *Poesía galega*; Francisco Fernández Rei en 1991 por *Dialectoloxía da lingua galega*; Lourenzo Fernández Prieto en 1993 por *Labregos con ciencia*; Xosé María Lema Suárez en 1994 por *A arte relixiosa na Terra de Soneira*; Claudio Rodríguez Fer en 1995 por *A literatura galega durante a guerra civil*; Andrés Torres Queiruga en 1997 por *Recupera-la creación. Por unha relixión humanizadora*; Henrique Monteagudo en 2000 por *Historia social da lingua galega*; José Carlos Bermejo en 2001 por *Pensa-la historia*; Narciso de Gabriel en 2002 por *Escolantes e escolas de ferrado*; Domingo Docampo en 2003 por *Tecnoloxías da información e as comunicacións: unha visión desde Galicia*; Manuel Caamaño en 2004 por *As construcións da arquitectura popular, patrimonio etnográfico de Galicia*; Antón Costa en 2005 por *Historia da educación e da cultura de Galicia*; Manuel Ferreiro en 2006 pola edición d’*Os Eoas* de Eduardo Pondal; Gonzalo Navaza en 2007 por *Fitotoponimia galega*; Xusto Beramendi en 2008 por *De provincia a nación: Historia do galeguismo político*; Camilo Nogueira en 2009 por *Europa, o continente pensado*; Pablo Carpintero Arias por *Os instrumentos musicais na tradición galega* en 2010; Francisco Calo Lourido por *Os celtas. Unha revisión dende Galicia* en 2011; e Xesús Alonso Montero por *Aníbal Otero. Lingüística e política en España na Guerra Civil e no franquismo* en 2012. Nesta XXVIII edición de 2013, o xurado estivo presidido polo alcalde do Carballiño, e composto por representantes da Real Academia Galega, do Consello da Cultura, das tres universidades, da Deputación Provincial de Ourense, do Museo do Pobo Galego e do alcalde do Concello de Boborás. Na modalidade de creación literaria o galardón foi para Begoña Caamaño por *Morgana en Esmelle* e na modalidade de

investigación levou o galardón Ramón Nicolás por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*. O acto de entrega dos premios tivo lugar o 15 de xuño no Pazo dos Losada, no Carballiño.

Referencias varias:

- Sabela Pinal, “Os Losada Diéguez para Ramón Nicolás e Begoña Caamaño”, *La Región*, “Provincia”, “Carballiño”, 28 abril 2013, p. 17.

Infórmase dos gañadores da XXVIII edición do Premio Antón Losada Diéguez: Begoña Caamaño por *Morgana en Esmelle*, na modalidade de Creación Literaria, e Ramón Nicolás por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*, na de Investigación e Ensaio. Coméntanse as razóns do xurado para outorgar os galardóns.

- Lourdes Varela, “A miña é unha ollada feminista consciente, militante, esixente e irreverente”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 456, 2 maio 2013, p. V/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 408, 4 maio 2013, p. 11, “Entrevista”.

Trátase dunha entrevista á escritora Begoña Caamaño, con motivo dos tres prestixiosos premios acadados pola súa obra *Morgana en Esmelle*: Premio da Crítica, Premio Losada Diéguez e Premio da Asociación Galega de Editores. A escritora fala das súas obras, da ollada feminista coa que escribe e da súa profesión como xornalista.

Concurso **Artellando coa lingua**

Convocado polo colectivo cultural Artellando, de San Sadurniño, dende o ano 2012. Inclúe un certame de relato curto de 1.000 palabras como máximo; outro de poesía, cun máximo de 500 palabras; e un de banda deseñada, para obras de entre 50 e 250 palabras. En cada unha destas modalidades, establécense tres categorías segundo a idade: un premio infantil para nenas e nenos de até 12 anos; un xuvenil para mozas e mozos de entre 13 e 18 anos; e un dirixido a persoas maiores de idade. En todos os casos o galardón consiste nun libro electrónico. As obras entréganse a través do correo electrónico artelladas@gmail.com, na biblioteca de San Sadurniño ou a calquera compoñente da entidade. É unha convocatoria anónima, polo que os datos deben presentarse nun sobre pechado grampado á obra. O xurado está formado por membros de Artellando e persoas do mundo das letras. No ano 2013 tivo lugar a segunda edición do concurso e o prazo para a recepción dos traballos rematou o 13 de maio. O xurado estivo composto pola bibliotecaria municipal Anabel Gavín, o exmestre do CPI Xosé Pantín e a xornalista Patricia Hermida. Os premios entregáronse ás 13.30h do día 17 de maio, dentro dos actos programados polo concello co gallo das Letras Galegas.

Premio da **Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)**

A Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega organiza este premio, que recoñece os mellores libros publicados o ano anterior. Non ten dotación económica e entrégase un galardón simbólico consistente nunha pluma estilográfica. Os escritores socios son os que elixen a obra literaria premiada. No ano 2006 creouse o I Premio

Internacional AELG, baixo o lema “Escritor Galego Universal”. Na edición de 2007 aumentaron as categorías, e pasáronse a premiar obras de Literatura infantil e xuvenil, Teatro, Narrativa, Poesía, Tradución, Ensaio, e Traxectoria xornalística cultural co obxectivo de ofrecer unha visión máis ampla do panorama literario galego. No ano 2009 contou coa novidade do galardón da categoría de “Blog literario”. Na edición de 2013, concedéronse os seguintes premios: na categoría de Literatura infantil e xuvenil, a *O corazón de Xúpiter*, de Leticia Costas; en Narrativa, a *Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño; en Poesía, *ex-aequo* a *Os ángulos da brasa*, de Manuel Álvarez Torneiro, e *Boca da cobra*, de Francisco Salinas Portugal; en Teatro, *Banqueiros*, (VV. AA.), con Francisco Pillado como coordinador; en Ensaio, a Ramón Nicolás por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*; en Tradución, a *Cancioneiro, seguido das Rimas dispersas*, de Petrarca, traducido por Darío Xohán Cabana; en Blog literario a *Caderno da crítica*, de Ramón Nicolás; e na categoría de Traxectoria xornalística cultural a Ana Romaní. Finalmente, o premio da categoría Institucións foi para as asociacións culturais das décadas dos setenta e oitenta O Galo, de Santiago de Compostela (1961), Agrupación Cultural O Facho, da Coruña (1963), Clube Cultural Valle Inclán, de Lugo (1966), Agrupación Cultural Auriense, de Ourense (1967), Asociación Cultural Amig@s da Cultura de Pontevedra (1967), Agrupación Cultural Francisco Lanza, de Ribadeo (1972), Agrupación Cultural Avantar, do Carballiño (1974), Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, da Coruña (1976), Agrupación Cultural Lumieira, de Carballo (1976), e a Sociedade Cultural Medulio, de Ferrol (1979); e o Premio Escritora Galega Universal foi para a portuguesa Lúcia Jorge. O acto de entrega tivo lugar o 4 de maio no auditorio do Centro Ágora da Coruña durante a Cea das Letras.

Referencias varias:

- Rodri García, “Non temos a Verdi, temos a Zeca”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 4 maio 2013, p. 33.

Trátase dunha entrevista a Lúcia Jorge, galardoada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) co premio Escritora Galega Universal.

- Rodri García, “Ramón Nicolás gaña os premios da AELG de ensaio e blog”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 5 maio 2013, p. 38.

Nárrase a Gala das Letras, cerimonia na que a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) entrega os premios anuais ás mellores obras literarias publicadas durante os últimos doce meses. Cítanse as obras galardoadas, entre elas: *Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño, premio á mellor obra narrativa; *Caderno da crítica*, de Ramón Nicolás, premio ó mellor blog literario; *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*, de Ramón Nicolás, premio de ensaio; *Os ángulos da brasa* e *Boca da cobra*, de Manuel Álvarez Torneiro e Francisco Salinas Portugal respectivamente, premios de poesía; *Eu, pel*, de Teresa González Costa, mellor obra de literatura infanto-xuvenil.

- Tania Suárez, “Begoña Caamaño, Ramón Nicolás e Leticia Costas, Premios AELG 2013”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 5 maio 2013, p. 46.

Menciónanse as obras premiadas pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), entre as que se encontran: *Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño, premio

á mellor obra narrativa; *Caderno da crítica*, de Ramón Nicolás, premio ó mellor blog literario; *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*, de Ramón Nicolás, premio de ensaio; *O corazón de Xúpiter*, de Leticia Costas, premio de literatura infanto-xuvenil; *Caderno da crítica*, de Ramón Nicolás, premio ó mellor blog literario.

- Tania Suárez, “Festa da literatura galega”, *La Opinión de A Coruña*, “A Coruña”, “Ciudad y Cultura”, 5 maio 2013, p. 8.

Menciónanse as obras premiadas pola Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), entre as que se encontran: *Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño, premio á mellor obra narrativa; *Caderno da crítica*, de Ramón Nicolás, premio ó mellor blog literario; *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*, de Ramón Nicolás, premio de ensaio; *O corazón de Xúpiter*, de Leticia Costas, premio de literatura infanto-xuvenil; *Caderno da crítica*, de Ramón Nicolás, premio ó mellor blog literario.

- Xesús Fraga, “O Día das Letras non debe limitarse a un ano”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 7 maio 2013, p. 33.

Trátase dunha entrevista ao crítico literario Ramón Nicolás, con motivo dos premios recibidos da AELG: premio ó mellor blog literario por *Caderno da crítica* e premio de ensaio por *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro*. Reflicítese a opinión do crítico de que o 17 de maio non debería circunscribirse a un só ano.

- Pablo Yáñez, “Medio século de cultura en Ribadeo”, *El Progreso*, “A Mariña”, 3 xuño 2013, p. 13.

Infórmase de que a agrupación cultural Francisco Lanza de Ribadeo foi premiada co premio “Institucións” concedido pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Sinálase que o premio reconece o traballo de dinamización da agrupación e tamén se fai un pequeno resumo da historia deste colectivo.

- M. S., “Poesía sempre e teatro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 524, “Letras en galego”, 29 xuño 2013, p. 11.

Banqueiros foi a peza gañadora do premio da AELG no apartado teatral. Esta obra reúne a diferentes autores que comparten perspectivas e opinións sobre un tema de actualidade: a crise. O libro foi editado por Laiovento e apadriñado por Francisco Pillado.

Certame Literario **Concello de Ames de Narrativa e Poesía**

O Concello de Ames convoca este certame literario de narrativa e poesía para textos inéditos de tema libre escritos en galego, con tres categorías en cada modalidade: primeira categoría para nenos e nenas até 13 anos, segunda categoría dirixida a rapaces de 14 a 18 anos e a terceira para persoas de máis de 18 anos. Hai tres premios en metálico en cada categoría: 150 €, 120 € e 90 € na primeira categoría; 180 €, 150 € e 120 € na segunda; e 260 €, 210 € e 180 € na terceira. Ademais, o Concello de Ames publica os traballos premiados nunha antoloxía creada para tal efecto. Todas as persoas que desexen participar no certame deben enviar catro exemplares do seu texto, en folios

mecanografados por unha soa cara e a dobre espazo ao Concello de Ames. Servizo de Normalización Lingüística (Avda. de Azcárraga, n.º 5, Bertamirás, 15220, Ames, A Coruña) acompañados dun sobre cos datos persoais. A extensión mínima é de dúas páxinas en narrativa e de vinte versos en poesía, mentres que a máxima é de seis páxinas en narrativa e de cincuenta versos en poesía. O tema é libre e só se pode presentar un traballo por persoa en cada unha das modalidades. No ano 2013, X edición, o prazo de entrega de orixinais rematou o 20 de abril e o 14 de maio o xurado, composto pola poeta e narradora amiense Mariña Pérez Rei, o ensaísta e tradutor santiagués radicado en Bertamirás Xosé Antonio López Silva e mais Armando Requeixo, actuando como secretaria con voz e sen voto Rosa Moreiras Cuñarro, técnica de normalización do concello convocante, fixo pública a súa decisión de outorgar os seguintes galardóns: na modalidade de narrativa, a Ana López Martínez con “Cousas de rapaza”, Xíán Pazos González con “O dragón Felipe” e Blanca Barros Rubines con “A miña viaxe”, na primeira categoría; a Sara Riveiro Capeáns, con “Monstros de tinta”, Nerea Pérez Cerquides con “Contos de medo ao atardecer?” e Daniel Santos López, na segunda categoría; e a Mario Caneiro Ameneiros con “Un bolso chic”, Luz Cures Vázquez con “Sinestesia” e Rocío Leira Castro con “Fetichismo”, na terceira categoría; na modalidade de poesía, a María López Gabián con “As amigas”, Irene Rico Gómez con “Dereito a soñar” e Iria Freire Agra con “A fada, o reiseñor e unha canción de amor”, na primeira categoría; a Claudia María Cives con “Nihil”, Marcela Porto Mato con “Imaxes” e Ana Souto Villanustre con “Cárcere dos pesadelos”, na segunda; e a Alba Cid Fernández con “O teu nome é Éufrates”, Luís Rodríguez Rivera con “O anxo breve” e Ismael Ramos Castelo con “Fragmentos para C”, na terceira. A entrega de premios tivo lugar o 16 de maio na Casa da Cultura de Milladoiro.

Referencias varias:

- S. E., “Os novos creadores teñen outra oportunidade no certame poético de Ames”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 494, 12 marzo 2013, p. 7.

Infórmase da décima edición do certame literario de narrativa e poesía que convoca anualmente o Concello de Ames e coméntanse brevemente as bases e os premios.

- S. E., “Literatura e música danse a man este sábado en Ames”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 531, 19 abril 2013, p. 6.

Infórmase das actividades organizadas polo Concello de Ames para conmemorar o Día do Libro, entre as que está a presentación dos traballos premiados no IX Certame Literario Concello de Ames.

Certame Literario de poesía e narración breve Concello de Cambre

A Concellería de Cultura e Turismo de Cambre, as Asociacións de Nais e Pais, os Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística e os Departamentos de Lingua Galega e Literatura dos dous institutos cambreses convocan este certame co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre a mocidade. Conta con tres categorías: A, de 12 a 14 anos; B, de 15 a 18 anos e C, de 19 a 26 anos; e dúas modalidades: poesía e narración breve, dotadas con dous galardóns cunha contía de 173

€ e 128 €; 218 € e 150 €; e, por último, 300 € e 173 € en cada categoría. Cada participante pode presentar unha proposta a calquera das dúas modalidades. Na modalidade de poesía debe presentar tres poemas como mínimo, de tema e forma libres. Na modalidade de narración breve a extensión máxima é de cinco páxinas DIN-A4 e o tema libre. Os traballos, escritos en lingua galega, deben ser orixinais, inéditos e non premiados, e teñen que estar escritos con ordenador, en papel de tamaño DIN-A4, espazamento entre liñas simple e tamaño de letra 12, por unha soa cara; paxinados e sen asinar. Entrégase o orixinal e catro copias nun sobre no que figure “Certame literario”, o lema ou pseudónimo do autor ou autora, a categoría (A, B ou C) e a modalidade (narración ou poesía). Cada traballo presentado debe ir acompañado dun sobre pechado no que, por fóra, figuren os mesmos datos, e no interior, unha fotocopia do DNI, e a ficha de inscrición cuberta e asinada, que contén ademais os datos de teléfono, correo electrónico e nome do centro no que estuda ou traballa. Os traballos poden entregarse persoalmente nas administracións dos institutos ou ben seren enviados por correo ordinario a: Rúa Río Barcés, 8, 15660, Cambre. A organización do certame resérvase o dereito a publicar os traballos premiados. Neste sentido os autores renuncian a calquera tipo de remuneración polos dereitos de autoría. Nesta XX edición de 2013 o prazo de entrega de orixinais rematou o 12 de abril e o acto de entrega dos premios celebrouse o 31 de maio no Instituto de Educación Secundaria David Buján. Presentáronse un total de 62 propostas, 37 de narración breve e 25 de poesía. O xurado, composto por dous profesores do IES David Buján, dous profesores do IES Afonso X de Cambre e a directora da Fundación Wenceslao Fernández Flórez, Alicia Longueira, actuando como secretaria dona Pilar Paz, dinamizadora cultural do Concello de Cambre, concedeu o primeiro premio na modalidade de poesía a Lucía Mesías do IES David Buján, Alicia Sánchez Iglesias (UDC) e Diego Pazos (USAL); e na modalidade de narrativa a Lucía Mesías e Paula Gómez do IES David Buján. O primeiro premio da categoría C na modalidade de narrativa quedou deserto.

Certame de Relato Breve e Poesía do Concello de Rois

Convocado polo Concello de Rois, poderán presentarse todas as persoas que o desexen, sen límite de idade. Os concursantes deben presentar un único texto en lingua galega, orixinal e inédito, cunha extensión máxima de dez folios para as obras narrativas, e unha extensión entre os dez e os sesenta versos para os textos poéticos. Os traballos deberán incorporar algún elemento característico de Rois. Conta con seis categorías: até os seis anos, entre sete e oito anos, entre nove e once anos, entre doce e catorce anos, entre quince e dezasete anos, e maiores de dezoito anos. Os traballos serán entregados no Concello de Rois, Samil, n.º1 ou no edificio multiusos de Rois.

Referencias varias:

- C. Botrán, “Rois convoca outra edición del certamen literario”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, “Rois”, 17 marzo 2013, p. 5.

Preséntanse as bases do certame artístico e literario, relato breve e poesía do Concello de Rois.

Certame Literario Feminista do **Condado**

Convocado pola Assembleia de Mulheres do Condado, poden participar todas as mulleres que o desexen sen límite de idade. A temática é libre, se ben relacionada directa ou indirectamente coa situación de opresión, dominación e explotación que padecen as mulleres no actual sistema patriarcal. Os traballos presentados, exclusivamente en lingua galega, deben ser inéditos. O certame está aberto a calquera xénero literario. Os textos de narrativa, teatro e ensaio deben ter unha extensión mínima de 20.000 caracteres e os de poesía, un mínimo de seis poemas. O xurado está formado por tres mulleres representativas da comarca. O premio está dotado con 300 €, e o xurado pode declaralo deserto ou dividir a cantidade citada en accésits na súa totalidade ou en parte. O prazo de presentación de traballos finaliza o 30 de setembro e deben entregarse por triplicado nun sobre en cuxo exterior conste o título e un pseudónimo da autora e, en sobre diferente, identificado co título do traballo e co seu pseudónimo, deben aparecer os datos persoais (nome e apelidos, DNI, enderezo e teléfono de contacto). Os sobres teñen que enviarse por correo certificado dirixidos a Ilduara Medranho-AMC, Rúa Ciclista Emilio Rodrigues, n.º 6, 2.º C, 36860, Ponteareas. O traballo ou traballos premiados son propiedade da Asemblea de Mulleres do Condado. Porén a autora ou autoras manteñen os seus dereitos sobre segundas ou posteriores edicións, de ser publicada a obra premiada. Na X edición, correspondente a 2013, o xurado, formado por Maria Xesús Suárez Nuñez (profesora de Secundaria no IES Val do Tea de Ponte Areas), Luisa Bel Ortega (profesora do IES Pedra de Auga de Ponte Areas) e Lorena Alonso Pinheiro (en representación da Assembleia de Mulheres do Condado), acordou declarar deserto o premio.

Premio de **Creación Literaria e Ensaio** da Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña

Organizado pola Facultade de Filoloxía, e coa colaboración da librería Xiada, está dirixido ao alumnado da Universidade da Coruña. Conta con catro modalidades: poesía, narrativa, teatro e ensaio, en lingua galega e castelá. Na modalidade de poesía prémíase un poema ou un breve grupo de poemas con unidade temática; en narrativa e ensaio, un traballo dun máximo de quince folios, mecanografados a dobre espazo; e en teatro, un traballo dun máximo de trinta folios, mecanografado a dobre espazo. O xurado está integrado por profesorado da Facultade de Filoloxía e personalidades de recoñecido prestixio cultural. Os textos deben entregarse baixo plica na secretaría do Decanato ou por correo postal. Deben ir nun sobre en cuxo exterior conste a modalidade á que se presenta e o nome do premi e se entregará tamén unha copia en soporte electrónico. Os premios poden declararse desertos ou pode outorgarse un accésit en cada modalidade. Os premios consisten na publicación, en libro conxunto, dos traballos gañadores e dos accésits concedidos en cada modalidade e ademais un vale cambiábel por libros, cortesía da librería Xiada. No ano 2013 tivo lugar a XX edición e o acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 30 de maio no Salón de Graos da Facultade coa presenza de María Reimóndez, presidenta do xurado, e coa celebración dun recital de fragmentos dos traballos gañadores. Ademais, presentouse o libro *XX Inéditos*, edición conmemorativa do XX aniversario do Premio de Creación Literaria e Ensaio da Facultade de Filoloxía, con vinte textos inéditos de diferentes autores que participaron como xurado nas vinte edicións do Premio.

Premios da Crítica de Galicia

Estes premios foron creados polo Círculo Ourenán-Vigués no ano 1978 e continuados polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Instituíronse co fin de facer público o recoñecemento que, dentro do marco xeral da cultura galega, merecen os labores individuais ou colectivos que cristalizan en achegas relevantes para o desenvolvemento do eido particular no que xurdan. Os criterios para a avaliación dos traballos concorrentes en cada modalidade (calidade, incidencia social, oportunidade ou outros) son da competencia exclusiva de cada xurado, tendo en conta o interese concreto para a cultura galega. A periodicidade dos premios é anual e atinxe a produción xurdida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior. En cada modalidade concédese un premio indivisíbel que pode quedar deserto. As producións candidatas aos galardóns teñen que ser presentadas á Fundación dos Premios da Crítica Galicia antes do 1 de marzo. O xurado, que pode incluír traballos non presentados polos seus autores, por terceiras persoas ou por entidades, componse de sete membros para cada unha das modalidades, un deles o gañador da edición anterior. A Fundación designa un presidente que ten a misión de dirixir os debates e resolver, co seu voto de calidade, en caso de empate. O secretario auxilia o presidente e demais membros do xurado, redacta e le a acta na entrega dos premios. Os membros de cada xurado son persoas de recoñecida competencia no campo da modalidade do premio e non deben ter relacións de autoría ou dirección cos traballos concorrentes. Todos os xurados son nomeados cun mínimo de dous meses de antelación respecto da data da decisión. Os seus membros teñen que ter coñecemento de todas e cada unha das achegas que se cualifican e correspóndelles aos secretarios o labor de faceren circular entre aqueles toda a información pertinente que se vaia producindo. As decisións finais son inapelábeis e tómanse nunha sesión de traballo que se celebra o mesmo día da entrega do premio e permanecen secretas mentres os secretarios non dan lectura pública ás correspondentes actas. Até a convocatoria de 2011 os Premios da “Crítica Galicia” abranguían as seguintes modalidades: I) Creación literaria; II) Ensaio e pensamento; III) Investigación; IV) Música; V) Artes escénicas e Audiovisuais e VI) Iniciativas culturais. Na convocatoria de 2011 fixéronse as seguintes modalidades: I) Creación Literaria, para premiar obras de narrativa, poesía, ensaio, textos dramáticos, guións, xornalismo de opinión, incluíndo a creación literaria infantil e xuvenil, editadas en lingua galega no ano anterior; II) Investigación, para galardoar obras que sexan resultado dunha investigación contrastada e rigorosa e que contén con recoñecemento por parte de especialistas no ámbito da súa disciplina, con repercusión dentro e fóra de Galicia durante o ano anterior, así como con algunha manifestación en lingua galega; III) Música, para aqueles traballos de composición, interpretación ou compilación musical editados en formato de partituras, discos ou comunicados publicamente en Internet no ano anterior; composicións e obras musicais estreadas nese período; labores interpretativos nos que concorran características que lles confiran unha recoñecida proxección ao longo do mesmo período; todas aquelas iniciativas que ao longo do ano contribuísen de xeito relevante á promoción da música na sociedade galega; e todos aqueles músicos que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecen dentro e fóra de Galicia un fito destacado durante o período; IV) Iniciativas Culturais, para aqueles feitos ou labores emprendidos por persoas, asociacións, entidades ou todo tipo de institucións que destacasen na defensa, pulo ou espallamento da cultura galega no ano anterior; V) Artes Plásticas e Visuais, para todos aqueles traballos de pintura, escultura, fotografía, videocreación artística, arquitectura e deseño que fosen realizados,

presentados en exposicións ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual no ano anterior; ou todos aqueles artistas plásticos, arquitectos e deseñadores que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecen dentro e fóra de Galicia un fito destacado durante ese período; e VI) Artes Escénicas e Audiovisuais, para aqueles traballos de teatro, danza, maxia, circo, cine, vídeo e televisión, estreados ou comunicados publicamente de forma presencial ou virtual no ano anterior e todos aqueles artistas do eido das artes escénicas e audiovisuais que, tendo unha traxectoria iniciada con anterioridade, ofrecen dentro e fóra de Galicia un fito destacado nese período. A Fundación dos Premios da Crítica de Galicia nomea, ademais, dende 1993, “Galego Egrexio” a aquela personalidade que pola súa traxectoria de entrega a Galicia se considere merecente dela. O galardón consiste nunha estatuíña, deseñada por Isaac Díaz Pardo, que representa a Martín Codax. Dende a súa primeira edición, na modalidade de “Creación literaria”, foron galardoados Alfonso Pexegueiro en 1978 por *Mar e naufraxio*; Álvaro Cunqueiro en 1979 por *Os outros feirantes*; Carlos Casares en 1980 por *Os escuros soños de Clío*; Antón Tovar en 1981 por *Calados esconxuros*; Alfredo Conde en 1982 por *Breixo*; Víctor Fernández Freixanes en 1983 por *O triángulo inscrito na circunferencia*; Arcadio López-Casanova en 1984; Ramiro Fonte en 1985 por *Designium*; Manuel Vilanova en 1986 por *A lenda das árbores de prata*; Suso de Toro en 1987 por *Polaroid*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1988 por *Breña Esmeraldina*; Víctor Fernández Freixanes en 1989 por *O enxoval da noiva*; Antón Risco en 1990 por *As metamorfoses de Proteo*; Fiz Vergara Vilariño en 1991 por *Nos eidos da bremanza*; Xosé Luís Méndez Ferrín en 1992 por *Arraianos*; Antón Avilés de Taramancos en 1993 por *Obra viva*; Manuel Rivas en 1994 por *En salvaxe compañía*; Marilar Aleixandre en 1995 por *A expedición do Pacífico*; Xavier Rodríguez Baixeras en 1996 por *Nadador*; Pilar Pallarés en 1997 por *Livro das devoracións*; Xosé María Álvarez Cáccamo en 1998; Carlos Casares en 1999; Bieito Iglesias en 2000 por *O mellor francés de Barcelona*; Xosé Manuel Villanueva en 2001 por *Adeus India, adeus*; Manuel María en 2002 por *Obra completa*; Carlos Casares en 2003 por *O sol do verán*; Anxos Sumai en 2004 por *Anxos de garda*; Luísa Villalta en 2005 por *En concreto*; Xavier Alcalá en 2006 por *Nas catacumbas*; Manuel Rivas en 2007 por *Os libros arden mal*; Miguel Anxo Murado en 2008 por *O soño da febre*; Luís González Tosar en 2009 por *Estúrdiga materia*; Suso de Toro en 2010 por *Sete palabras*; Ana Romaní en 2011 por *Estremas*; e Agustín Fernández Paz en 2012 por *Fantasmas de luz*. A XXXVI edición, correspondente ao ano 2013, tivo como lema “Auga limpa en fresca fonte”. O xurado da modalidade de Creación literaria, composto por Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Marta Neira, María Xesús Nogueira, Chus Pato, Cesáreo Sánchez e María do Cebreiro Rábade Villar, que actuou como secretaria, acordou declarar finalistas as obras *A noite branca* de Francisco Fernández Naval (Xerais), *Morgana en Esmelle* de Begoña Caamaño (Galaxia) e *Transmuta* de Xabier Cordal (Xerais). Tras as derradeiras deliberacións acordou outorgar por maioría o premio a *Transmuta* de Xabier Cordal editada por Edicións Xerais de Galicia. O xurado da modalidade de Investigación, formado por Patricia Fra López, Eulalia Agrelo Costas, Xosé Luís Axeitos, Francisco Campos Freire, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, María Pilar García Negro e María López Sánchez que actuou como secretaria, acordou declarar como finalistas as obras *Murguía* de Xosé Ramón Barreiro Fernández (Galaxia), *Onde o mundo se chama Celso Emilio Ferreiro* de Ramón Nicolás (Xerais) e *Artigos sobre Rosalía de Castro* de Francisco Rodríguez. Tras as derradeiras deliberacións acordou outorgar por maioría o premio a *Murguía* de Xosé Ramón Barreiro Fernández editada pola Editorial Galaxia. Os demais galardóns foron, na modalidade de Música, para Taller Atlántico Contemporáneo; o Premio de Iniciativas Culturais foi para o Culturgal;

en Artes escénicas e Audiovisuais, para a compañía Voadora; e en Artes plásticas e Visuais, para Xulio Gil. O fallo fíxose público o 19 de outubro no Hotel Os Escudos de Vigo.

Referencias varias:

- R. L., “Os Premios da Crítica Galicia fallaranse o 19 de outubro nun xantar en Vigo”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 22 setembro 2013, p. 50.

Sinala que os XXXVI Premios da Crítica Galicia se darán a coñecer o 19 de outubro nun xantar no hotel vigués Os Escudos. Comenta que os seis galardóns, que decidirá cadanseu xurado conformado por sete membros, corresponden a seis modalidades (creación literaria, investigación, iniciativas culturais, música, artes plásticas de visuais e artes escénicas e audiovisuais). Lembra que o lema dos premios, “Auga limpa en fresca fonte”, rememora o sesquicentenario da publicación de *Cantares Gallegos*.

- R. S., “Os Premios da Crítica reloca en Vigo”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, p. 6/ “Vigo acolleu o acto de entrega dos Premios da Crítica 2013”, *La Región*, “Sociedad”, p. 57, 20 outubro 2013.

Dáse conta da entrega dos Premios da Crítica en Vigo, acto ao que asistiron preto de 400 persoas. Os galardoados este ano foron: na categoría de Creación literaria Xabier Cordal con *Transmuta*; o Premio de Investigación recaeu en *Murguía* de Xosé Ramón Barreiro; o Premio de Música acadouno “Taller Atlántico Contemporáneo”; Culturgal conseguiu o Premio de Iniciativas culturais; Xulio Xil o de Artes plásticas; e, finalmente, Voadora conseguiu o de Artes escénicas e audiovisuais por *Waltz* e *Tokio 3*.

- Ágatha de Santos, “Xabier Cordal, Xosé Ramón Barreiro, Xulio Xil y Culturgal, entre los premios da Crítica Galicia”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 20 outubro 2013, p. 43.

Dáse conta da entrega dos Premios da Crítica Galicia. Os premiados foron: Xabier Cordal, que obtivo o Premio de Creación literaria por *Transmuta* (2012); Xosé Ramón Barreiro acadou o Premio de Investigación por *Murguía* (2012); Taller Atlántico Contemporáneo recibiu o Premio de Música; Culturgal foi galardoado co Premio ás Iniciativas culturais; na categoría de Artes escénicas e Audiovisuais o premio recaeu na compañía Voadora polos seus traballos *Tokio 3* e *Walz*; por último, o Premio de Artes plásticas foi para Xulio Xil.

- Manuel Bragado, “Culturgal”, *Faro de Vigo*, “Opinión”, 21 outubro 2013, p. 18.

Refírese ao xantar organizado pola Fundación Premios da Crítica Galicia no que se deron a coñecer os galardoados correspondentes á produción cultural do 2012. Subliña o premio a *Transmuta* de Xabier Cordal na categoría de Creación literaria e a Culturgal na de Iniciativas culturais. Sinalase que non foi fácil para Culturgal chegar até este recoñecemento e fálase da súa creación e desenvolvemento, facendo referencia ás dificultades coas que se atopan

- José Manuel García Iglesias, “Los Premios da Crítica”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 24 outubro 2013, p. 2.

O catedrático de arte García Iglesias loa os Premios da Crítica, aos que considera clave no recoñecemento da cultura do país. Os galardóns entréganse anualmente na cidade de Vigo. Este ano, os recoñecementos foron para Xavier Cordal, Xosé Ramón Barreiro ou Xulio Gil.

- María Varela, “Se non sentise bolboretas non faría teatro”, *Diario de Pontevedra*, “Revista”, n.º 694, “Mil primaveras máis”, “Entrevista”, 3 novembro 2013, pp. 6-7.

Entrevista a Marta Pazos despois de que Voadora, a compañía que dirixe, quedase finalista do Premio Max, gañase cinco Premios María Casares, o Premio da Crítica Galega e acadase o terceiro Premio Nacional de Directoras Teatrais. A directora (tamén actriz e escenógrafa) fala da súa traxectoria profesional e vital, así como opina sobre o traballo noutros medios (cine e televisión) e sobre a situación actual do teatro e o audiovisual galegos.

- Ana Baena, “El teatro de la generación ‘link’ llega con Voadora”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 20 novembro 2013, p. 9.

Dá noticia da representación de *Waltz*, de Voadora, dentro da programación cultural da Universidade de Santiago de Compostela. A compañía santiaguesa, premiada recentemente co María Casares e co Premio da Crítica, presentará o mércores a obra de temática amorosa. Destaca que a directora Marta Pazos asegurou a relación do teatro cos “link”, os cales conteñen grande información.

Premios da Crítica Española

Creados no ano 1956, dende 1978 concedéronse aos mellores libros de narrativa e poesía publicados en España ao longo do ano anterior, en calquera das catro linguas do Estado español. A modalidade de literatura galega creouse no ano 1976. O xurado está formado normalmente por vinte e dous membros da Asociación Española de Críticos Literarios. É un galardón sen dotación económica. En anteriores edicións os premios foron para: na modalidade de narrativa, en 1976 para Carlos Casares por *Xoquetes para un tempo prohibido*; en 1978 para Xoán Ignacio Taibo, por *Homes de ningures*; en 1979 para Álvaro Cunqueiro, por *Os outros feirantes*; en 1980 para Xavier Alcalá, por *Fábula*; en 1981 para Alfredo Conde, por *Breixo*, en 1982 para Víctor Fernández Freixanes, por *O triángulo inscrito na circunferencia*; en 1983 para Camilo Gonsar, por *Desfeita*; en 1984 para Alfredo Conde, por *Xa vai o grifón no vento*; en 1985 para Lois Xosé Pereira, por *As horas de cartón*; en 1986 para Antón Risco, por *Memoria dun emigrante*; en 1987 para Ricardo Carballo Calero, por *Scorpio*; en 1988 para Víctor Fernández Freixanes, por *O enxoval da noiva*; en 1989 para Manuel Rivas, por *Un millón de vacas*; en 1990 para Xavier Queipo, por *Ártico*; en 1991 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *Arraianos*; en 1992 para Salvador García Bodaño, por *Os misterios de monsieur d'Allier*; en 1993 para Suso de Toro, por *Tic-tac*; en 1994 para Xurxo Borrazás, por *Criminal*; en 1995 para Xesús Manuel Valcárcel, por *O capitán Lobo Negro*; en 1996 para Carlos Casares, por *Deus sentado nun sillón azul*; en 1997 para Xosé Carlos Caneiro, por *Un xogo de apócrifos*; en 1998 para Manuel Rivas, por *O lapis do carpinteiro*; en 1999 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *No ventre do silencio*; en 2000 para Suso de Toro, por *Non volvas*; en 2001 para Xosé Vázquez Pintor, por *A*

memoria do boi; en 2002 para Carlos Casares, por *O sol do verán*; en 2003 para Xabier López López, por *A vida que nos mata*; en 2004 para Xesús Constela, por *As humanas proporcións*; en 2005 para Teresa Moure, por *Herba moura*; en 2006 para Manuel Rivas, por *Os libros arden mal*; en 2007 para Luís Rei Núñez, por *O señor Lúgrís e a negra sombra*; en 2008 para Marcos S. Calveiro, por *Festina lente*; Xabier Quiroga en 2009 por *O cabo do mundo*; Víctor Freixanes en 2010 por *Cabalo de Ouros*; e Antón Riveiro en 2011 por *Laura no deserto*. E na modalidade de poesía: en 1976 para Celso Emilio Ferreiro, por *Onde o mundo se chama Celanova*; en 1978 para Salvador García-Bodaño, por *Tempo de Compostela*; en 1979 para Eduardo Moreiras, por *O libro dos mortos*; en 1980 para Xohana Torres, por *Estacións ao mar*; en 1981 para Claudio Rodríguez Fer, por *Tigres de tenrura*; en 1982 para Xoán Manuel Casado, por *O libro de Caldelas*; en 1983 para Vitor Vaqueiro, por *A fraga prateada*; en 1984 para Miguel Anxo Fernán-Vello, por *Seivas de amor e tránsito*; en 1985 para Antón Avilés de Taramancos, por *Cantos caucanos*; en 1986 para Xosé María Álvarez Cáccamo, por *Os documentos da sombra*; en 1987 para Xavier Rodríguez Baixeras, por *A gándara da noite*; en 1988 para Ramiro Fonte, por *Pasa un segredo*; en 1989 para Luís González Tosar, por *Remol das travesías*; en 1990 para Fermín Bouza Álvarez, por *Labirinto de inverno*; en 1991 para Gonzalo Navaza, por *Fábrica íntima*, en 1992 para Xavier Rodríguez Barrio, por *Antiga claridade*; en 1993 para Xulio López Valcárcel, por *Memoria de agosto*; en 1994 para Xosé Luís Méndez Ferrín, por *Estirpe*; en 1995 para Ramiro Fonte, por *Luz de mediodía*, en 1996 para Pilar Pallarés, por *Livro das devoracións*; en 1997 para Xavier Rodríguez Baixeras, por *Beira norte*; en 1998 para Yolanda Castaño, por *Vivimos no ciclo das erofanías*; en 1999 para Manuel Álvarez Torneiro, por *Luz de facer memoria*; en 2000 para Gonzalo Navaza, por *Libra*; en 2001 para Manuel Forcadela, por *Refutación da musa*; en 2002 para Xavier Seoane, por *Dársenas do ocase*; en 2003 para Xulio López Valcárcel, por *Casa última*; en 2004 para Miguel Anxo Fernán-Vello, por *Territorio da desaparición*; en 2005 para Román Raña, por *As metamorfoses do túnel*; en 2006 para Manuel Vilanova, por *A Esmeralda Branca*; en 2007 para Helena de Carlos, por *Vigo*; en 2008 para Chus Pato, por *Hordas de escritura*; en 2009 para Luz Pozo Garza por *Deter o día cunha flor*; en 2010 para Marga do Val por *A cidade sen roupa ao sol*; e Olga Novo por *Cráter*. No ano 2013 outorgouse o Premio Nacional de Crítica 2012 na modalidade de literatura galega a Begoña Caamaño (Vigo, 1964) por *Morgana en Esmelle* en narrativa e a Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) por *Os ángulos da brasa*, en poesía.

Referencias varias:

- A. Mauleón, “Begoña Caamaño y Manuel Álvarez ganan los Premios de la Crítica en gallego”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 14 abril 2013, p. 46.

Infórmase dos gañadores dos Premios da Crítica en galego: Manuel Álvarez Torneiro, por *Os ángulos da brasa*, e Begoña Caamaño, por *Morgana en Esmelle*. Coméntanse os argumentos das obras premiadas. Menciónanse os premiados en castelán: Clara Usón, por *La Hija del Este*, e Juan Carlos Mestre, por *La bicicleta del panadero*.

- Mario Álvarez e E. P., “Premios de la Crítica para Torneiro y Caamaño”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 abril 2013, p. 41.

Infórmase dos galardoados co Premio da Crítica Española nas modalidades de poesía e narrativa en galego: Manuel Álvarez Torneiro, por *Os ángulos da brasa*, e Begoña Caamaño, por *Morgana en Esmelle*, respectivamente. Coméntase que estas obras foron galardoadas pola Asociación Galega de Editores co Premio Ánxel Casal nas categorías de poesía e ficción, respectivamente.

- Ana Baena, “Begoña Caamaño: ‘Sería Morgana, se puidese’”, *Diario Atlántico*, “Vigo”, 16 abril 2013, p. 15.

Trátase dunha entrevista á escritora Begoña Caamaño, gañadora do Premio da Crítica española pola súa última obra, *Morgana en Esmelle*.

Premios da **Cultura Galega**, anteriormente Premios Nacionais da Cultura Galega

Entregados por primeira vez, co nome de Premios Nacionais da Cultura Galega, en xuño de 2008 pola Consellería de Cultura e Deporte no Pazo de Congresos, a dotación dos galardóns era de 15.000 € en cada categoría, de carácter indivisíbel. O xurado, único para todas as categorías, conta con representantes de todos os sectores da cultura galega e está composto de quince membros, diferentes en cada edición. O premio, na súa primeira edición, contou con dez categorías: Literatura, Arquitectura e espazos públicos, Artes visuais, Artes escénicas, Música, Cine e audiovisual, Pensamento e cultura científica, Iniciativas culturais, Cultura tradicional e de base e Patrimonio cultural. No ano 2010, 2ª edición, reformuláronse, pasando a denominarse Premios da Cultura Galega. Reducíronse a sete as categorías (Letras, Artes plásticas, Artes escénicas, Patrimonio cultural, Promoción da cultura exterior, Música e Creación audiovisual) e cambiou a dotación económica por unha escultura conmemorativa e un diploma acreditativo. No ano 2013 creouse o Premio Cultura Galega de Lingua. Nesta 5ª edición, o xurado estivo presidido polo conselleiro de Cultura, Xesús Vázquez, e formado polo secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo; Henrique Monteagudo, por parte da Real Academia Galega; Ramón Durán Villa, en representación do reitor da Universidade de Santiago de Compostela; Francisco Díaz Fierros, en representación do Consello da Cultura Galega; e Ramón Yzquierdo Perrín, en representación da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. Completaron o xurado o catedrático e secretario da Real Academia Española, Darío Villanueva; a crítica de arte Fátima Otero Bouza; a catedrática de Historia da Arte Victoria Carballo Calero Ramos; e o actor de dobraxe Antonio Mourelos. Presentáronse 51 candidaturas. O 12 de decembro, na Cidade da Cultura, tivo lugar o acto de entrega dos galardóns, que foron para Luz Pozo Garza, na categoría de Premio da Cultura Galega das Letras; a Fundación Eugenio Granell, no apartado das Artes plásticas; a Mostra de Teatro de Ribadavia, na categoría de Artes escénicas; o Museo Castro de Viladonga, na categoría de iniciativas en prol do Patrimonio cultural; o Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol de Bos Aires, no apartado da Proxección exterior de Galicia; Juan Durán, na categoría de Música; PuntoGal, no apartado de Lingua; e Bambú Producciones, na categoría de Creación audiovisual. Nesta edición, o premio consistiu nunha serigrafía sobre lenzo do pintor Alexandro titulada “Cabeza”.

Referencias varias:

- M. M., “La Asociación de Estudos Galegos renuncia a recoger su Premio da Cultura”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 21 febreiro 2013, p. 42.

Infórmase da renuncia por parte da Asociación de Estudos Galegos a recoller o seu Premio da Cultura. Expóñense as razóns polas que renuncian ao galardón: o seu apoio ás artes escénicas fronte ao trato da Xunta de Galicia.

- Fran P. Lorenzo, “O malestar do sector non se filtrou na entrega dos Premios da Cultura”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, “Santiago”, 22 febreiro 2013, p. 40.

Nárrase a gala de entrega dos Premios da Cultura Galega, presentada por Yolanda Castaño. Menciónanse algúns dos gañadores, entre eles o pintor Manuel Quintana Martelo, o crítico de cine Miguel Anxo Fernández, o músico Manuel Rodeiro e o escritor Salvador García-Bodaño. Coméntase a ausencia de dous dos galardoados a modo de protesta.

- J. Gómez, “Reclaman nos premios da Cultura ‘consenso’ para a lingua galega, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 febreiro 2013, p. 39.

Nárrase a cerimonia de entrega dos Premios da Cultura Galega, celebrado no Gaiás. Saliéntase a reclamación do poeta Salvador García Bodaño á hora de recoller o seu premio: “consenso para que a nosa lingua permaneza no século XXI e se cumpra o soño dos nosos devanceiros”. Menciónanse algúns dos restantes gañadores, entre eles o pintor Manuel Quintana Martelo, o crítico de cine Miguel Anxo Fernández e o músico Manuel Rodeiro. Coméntase a ausencia de dous dos galardoados a modo de protesta.

- Carmen Villar, “Feijóo se compromete a preservar la cultura como ‘lugar de encuentro’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 22 febreiro 2013, p. 40/ *La Opinión*, “Cultura”, 23 febreiro 2013, p. 53.

Nárrase a gala de entrega dos Premios da Cultura Galega. Menciónanse algúns dos gañadores, entre eles o pintor Manuel Quintana Martelo, o crítico de cine Miguel Anxo Fernández e o escritor de Teis Salvador García-Bodaño.

- Mario Álvarez, “A fundación Granell, PuntoGal e Luz Pozo, Premios da Cultura Galega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 29 outubro 2013, p. 39.

Luz Pozo, na categoría de Letras, a Fundación Granell na modalidade de Artes plásticas, Juan Durán en Música ou a Asociación PuntoGal en Lingua son algúns dos gañadores dos Premios da Cultura Galega 2013. Luz Pozo, membro da Real Academia Galega dende o ano 1996, foi premiada pola súa traxectoria literaria e polo seu labor editorial. A Asociación PuntoGal, pola súa parte, foi recoñecida pola aprobación do dominio .gal na internet. O xurado estivo integrado por personalidades como Darío Villanueva, Henrique Monteagudo ou Ramón Durán.

- E. S., “Premios da Cultura Galega 2013”, *Faro de Vigo*, “El sábado” n.º 832, 2 novembro 2013, p. 3.

Un xurado presidido polo conselleiro de Cultura e Educación, Xesús Vázquez, determinou aos gañadores do Premio da Cultura Galega. Entre os galardoados atópanse Luz Pozo Garza, a Fundación Granell, a Asociación Cultural Abrente, o Castro de Viladonga, o Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires, Juan Durán, Bambú Produccións e a Asociación PuntoGal. Os gañadores recibirán unha serigrafía do pintor Alejandro González.

- A. M., “Creación e difusión con premio”, *La Opinión*, “Saberes” n.º 426, 2 novembro 2013, p. 11.

Os Premios da Cultura Galega, convocados pola Xunta de Galicia, teñen como obxectivo recoñecer o labor de persoas e institucións dentro do eido cultural galego. Os gañadores deste ano son: Luz Pozo Garza, pola súa extensa traxectoria literaria; a Fundación Granell, polo estudo das vangardas históricas artísticas; a Mostra de Teatro de Ribadavia, grazas ao seu traballo renovador; o Castro de Viladonga, polo seu labor de difusión; o Colexio Santiago Apóstol de Bos Aires, grazas á súa promoción exterior; Juan Durán, por contar cunha excelente traxectoria; Bambú Producciones, pola súa promoción dos profesionais galegos; e a Asociación PuntoGal, pola aprobación do dominio .gal nas páxinas web.

- Mar Torres, “Os loureiros da cultura galega”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 545, “De premios”, 9 novembro 2013, p. 11.

Indica que os gañadores dos Premios da Cultura Galega que convoca a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria recaeron, nesta edición, en Luz Pozo Garza (Letras), na Fundación Granell (Artes plásticas), na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia (Artes escénicas), no Castro de Viladonga (Patrimonio cultural), en Bambú Producciones (Creación audiovisual), no colexio Santiago Apóstol de Bos Aires (Proxección exterior) e na Asociación PuntoGal (Lingua). Sinala que os galardóns recoñecen a creación, a conservación e a valoración do patrimonio cultural galego, así como a súa difusión.

- Fran P, Lorenzo, “Un ‘inmenso exército pacífico’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 13 decembro 2013, p. 39.

Dáse conta da entrega dos Premios da Cultura Galega no Gaiás nunha gala na que tan poucos premiados fixeron referencia á situación do sector. Roberto Pascual, director da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, lembroulle á administración galega que é necesario incrementar o investimento público en cultura e poñer en marcha medidas que reduzan os efectos do IVE cultural. Os premiados foron os seguintes: na categoría de Patrimonio Cultural o premio recaeu no Castro de Viladonga; o premio de Artes plásticas foi para a Fundación Granell; Bambú Producciones foi galardoada co premio de Audiovisual; o premio de Lingua foi recollido por Manuel González en nome da Asociación PuntoGal; Juan Durán recolleu o premio de Música; Luz Pozo Garza foi recoñecida co Premio de Letras e, finalmente, o Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol (de Bos Aires).

- C. Villar, “Los premios da Cultura piden medidas para combatir la subida del IVA en el teatro”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 13 decembro 2013, p. 48.

Infórmase da entrega dos Premios da Cultura de Galicia, dicindo que o director da MIT dirixiuse ao presidente da Xunta para pedirlle medidas para combater o impacto da subida do IVE no teatro. Pola súa banda o cofundador de Bambú Producciones, Premio de Audiovisual, tamén advertiu sobre a situación actual do sector. Manuel González, que recolleu o Premio da Lingua en nome de PuntoGal, sinalou a necesidade de preservar a lingua e cultura galegas. Os outros premiados foron o Castro de Viladonga, premio do Patrimonio cultural; a Fundación Granell, premio de Artes plásticas; Juan Durán recolleu o premio de Música; Luz Pozo Garza foi recoñecida co Premio de Letras e, finalmente, o Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol (de Bos Aires).

- C. Villar, “Premios da Cultura reivindicativos”, *La Opinión*, “Sociedad”, “Cultura y ocio”, 13 decembro 2013, p. 38.

Dáse conta da entrega dos Premios da Cultura de Galicia, sinalando que o director da MIT de Ribadavia aproveitou a gala para pedirlle á Xunta que tome medidas para combater os efectos do IVE no teatro. O presidente de PuntoGal, Manuel González, defendeu a necesidade de preservar a lingua galega para futuras xeracións e dixo que é unha terríbel desgraza perder unha lingua e unha cultura milenarias. Pola súa banda o cofundador de Bambú Producciones, Premio de Audiovisual, advertiu sobre a situación actual do sector audiovisual. O presidente da Xunta, Núñez Feijóo, sinalou que ningunha cultura ten seguro de vida, pero afirma que o galego vive un novo rexurdimento. Os outros premiados foron o Castro de Viladonga, premio do Patrimonio Cultural; a Fundación Granell, premio de Artes plásticas; Juan Durán recolleu o premio de Música; Luz Pozo Garza foi recoñecida co Premio de Letras e, finalmente, o Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstol (de Bos Aires).

- E. Á., “A miña vida reflíctese toda na miña obra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 decembro 2013, p. 44.

Entrevista á escritora Luz Pozo Garza con motivo da concesión do Premio das Letras. Nela declara que a cultura galega goza de moi boa saúde e que a súa vida se reflicte na súa obra, xa que vida e obra é practicamente o mesmo. Tamén di que o poemario *Sol de medianoche* é unha dedicatoria á súa neta falecida.

- Elisa Álvarez, “Os premios da Cultura Galega recoñecen o traballo a prol do país”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 13 decembro 2013, p. 44.

Refírese á entrega dos Premios da Cultura por parte da Xunta que tivo lugar no Gaiás. Sinalase que foi unha noite menos reivindicativa que a do ano pasado a pesar de que o director da Mostra de Ribadavia lembroulle á Xunta que é necesario tomar medidas que palién a subida do IVE.

Premios da **Edición**

Convocados por primeira vez no ano 2005 pola Asociación Galega de Editores (AGE) e patrocinados polo Centro Español de Dereitos Reprográficos (Cedro), preténdese recoñecer con eles a excelencia no ámbito editorial. Os galardóns teñen dez categorías: Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Autor ou Autora do Ano; Premio Ánxel Casal ao Libro de ficción; Premio Ánxel Casal ao Libro de poesía ou teatro; Premio Ánxel

Casal ao Libro de non ficción; Premio Lois Tobío ao Libro traducido, Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro ilustrado; Premio Xosé Neira Vilas ao Mellor Libro infantil e xuvenil; Premio Xosefa Iglesias Vilarelle ao Mellor Libro educativo; Premio Rosalía de Castro á Mellor Iniciativa editorial; e o Premio Francisco Fernández del Riego á difusión do ámbito editorial e cultural. No ano 2013 concéderonse os VIII Premios da Edición 2012: Fina Casalderrey recibiu o Premio Xosé María Álvarez Blázquez ao Autor do ano 2012 pola súa traxectoria; a Fundación Penzol, o Premio Francisco Fernández del Riego; *Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño, publicado pola Editorial Galaxia, o Premio Ánxel Casal ao Libro de ficción 2012; *O rastro que deixamos*, de Agustín Fernández Paz, o Premio Ánxel Casal ao Libro de non ficción 2012; *Os ángulos da brasa*, de Manuel Torneiro, editado por Kalandraka, o Premio Ánxel Casal ao Libro de poesía e teatro 2012; *O corazón de Xúpiter*, de Leticia Costas, o Premio Xosé Neira Vilas ao Libro infantil e xuvenil; *Alén das fronteiras: sete poetas vascos*, de Isaac Xuvín, o Premio Lois Tobío ao Libro traducido; *Cartas de inverno*, de Antonio Seijas, o Premio Isaac Díaz Pardo ao Libro ilustrado; *Peixe. Cociña infantil*, o Premio Xosefa Vilarelle ao Libro educativo de 2012; e a produtora pontevedresa OQO Films, o Premio Rosalía de Castro á Mellor Iniciativa editorial. No apartado da Edición Histórica foron homenaxeados os editores que cumpriron 25 anos como empresas do sector: Teófilo Edicións, Edicións do Cumio e a Editorial Toxosoutos. Os galardóns entregáronse na gala da Noite da Edición celebrada o 15 de marzo no Auditorio do Mar, en Vigo.

Referencias varias:

- A. M., “Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz y Leticia Costas, Premios Ánxel Casal”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 marzo 2013, p. 48.

Fálase dos gañadores do VIII Edición dos Premios Ánxel Casal. Coméntanse as diferentes editoriais premiadas. Menciónanse algúns títulos que obtiveron galardón, entre eles: *Morgana en Esmelle*, de Begoña Caamaño; *O rastro que deixamos*, de Agustín Fernández Paz; *Os ángulos da brasa*, de Manuel Torneiro; e *O corazón de Xúpiter*, de Leticia Costas.

Premio **Fernando Arenas Quintela** de narrativa e ensaio

A librería coruñesa Arenas convoca este premio co fin de favorecer a creatividade da mocidade e promover un mellor ambiente cultural. Pode concorrer a esta decimoterceira edición calquera persoa cun traballo libre e inédito referido á cidade da Coruña, a Galicia ou a España, en lingua galega ou castelá, cunha extensión entre 150 e 350 páxinas. Debe presentarse por triplicado na propia librería (Cantón Pequeno, 25) baixo lema e cun sobre cos datos persoais do autor. O premio consiste na publicación da obra gañadora e 1.500 €. No ano 2013, décima terceira edición, o xurado, presidido por José Manuel Liaño Flores, avogado e ex-alcalde, e formado por Javier Ozores, escritor; José María Paz Gago, catedrático de Literatura comparada na Universidade da Coruña; Carlos Fernández Santander, xornalista e autor de numerosas obras; e Ezequiel Pérez Montes, deu a coñecer, o 21 de abril, a súa decisión de entregar o galardón a Ignacio Bermúdez de Castro Olavide pola obra *Librería Macondo*.

Certame literario da Asociación **Francisco Lorenzo Mariño**

Concurso de poesía e relato curto organizado pola Asociación Francisco Lorenzo Mariño de Aguiño, Ribeira. Está dirixido a persoas de calquera nacionalidade que presenten textos inéditos en lingua galega. Estabelécense dúas categorías segundo a idade: categoría A (de 6 a 15 anos) e categoría B (a partir de 16 anos) e dúas modalidades para cada categoría: poesía e relato curto. Para a categoría A, os galardóns, para cada modalidade, consisten nun primeiro premio de diploma e lote de libros e/ou material didáctico e un accésit que recibe un diploma, ademais da posibilidade de publicación das obras seleccionadas. Para a categoría B, os galardóns consisten, para cada modalidade, nun primeiro premio de 180 €, diploma e publicación da obra nun accésit ao que se lle outorga un diploma e a publicación da obra. Para a categoría A a extensión debe ser de 20 a 60 versos en poesía e de 1 a 3 folios en relato (admítense ilustracións orixinais). Para a categoría B a extensión ten que ser de 100 a 250 versos en poesía e de 5 a 12, DIN-A4 e en letra Times 12 para relato. Os traballos preséntanse nun sobre pechado, orixinal e tres copias, figurando no seu exterior “Certame Literario Francisco Lorenzo Mariño - Aguiño, 50 anos de Parroquia”. No interior hai que achegar un sobre pequeno, tamén pechado, figurando no exterior o título da obra, a categoría e modalidade na que participa e o lema ou pseudónimo do autor ou autora; e no interior os datos persoais (nome, idade, enderezo, teléfono de contacto, centro de estudos para categoría A, título da obra e lema ou pseudónimo) e fotocopia do DNI. Estes traballos recóllense nas oficinas do Auditorio Municipal (P/Mariñeiros, s/n, 15960, Ribeira). Tamén se poden enviar por correo a ACRV Francisco Lorenzo Mariño, R/Mestre Xosé Sans, nº 21, 15965, Aguiño, Ribeira, A Coruña. Na edición de 2013 os galardoados en poesía foron Borja Muñiz, Gabriel Arráez, Alejandro Ayaso, Daniel Alfonso Martís e Ramón Núñez. No concurso de prosa os premios foron para Pablo Villasanta, Mariña Valeiras, Emma Pérez, Rubén Martínez e Ana Suárez.

Referencias varias:

- S. S., “Entregados los premios del certamen Lorenzo Mariño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 564, 22 maio 2013, p. 7.

Noméanse os gañadores dos premios outorgados polo colectivo Francisco Lorenzo Mariño de Aguiño (Ribeira).

Premio Frei Martín Sarmiento

Convocado dende o ano 2005 pola Federación Española de Religiosos de Enseñanza-Centros Católicos en Galicia (FERE-CECA Galicia) reconece, a partir do lectorado de Primaria e ESO, as mellores obras da Literatura Infantil e Xuvenil. Estabelece cinco categorías a partir da sétima edición: 1º e 2º de Educación Primaria; 3º, 4º de Primaria; 5º e 6º de Primaria; 1º e 2º de ESO; 3º e 4º de ESO; e 1º de Bacharelato. A dinámica de selección das obras que entran a concurso ten tres fases: unha primeira escolla por parte das editoras; unha segunda selección por parte dun grupo formado por profesorado e alumnado que determina os tres finalistas; e, por último, a votación do alumnado nunha escala de cero a dez. Na primeira edición (2005) había tres categorías: de 8 a 10 anos;

de 11 a 13 anos ; e a partir de 14 anos e os gañadores foron: na primeira categoría Ánxela Loureiro, por *Ota quere voar*; na segunda categoría Xosé Miranda e Antonio Reigosa, por *Cantos de parvos e pillos*; e na terceira categoría Lourenzo González, por *Irmán do vento*. Na segunda edición (2006) os gañadores foron: na primeira categoría Xosé Henrique Rivadulla Corcón, por *O elefante dunha soa orella*; na segunda categoría Ramón Caride, por *A negrura do mar*; e na terceira categoría Francisco Castro, por *Un bosque cheo de faias*. Na terceira edición (2007) había catro categorías: 1º e 2º de Primaria; 3º a 5º de Primaria; 6º de Primaria a 2º da ESO; e 3º da ESO a 1º de Bacharelato. Os gañadores foron: na primeira categoría Pinto e Chinto, por *O pequeno da familia fantasma*; na segunda categoría Eva Peydro, por *As vacacións de Saida*; na terceira categoría Breogán Riveiro Vázquez, por *Tonecho de Rebordechao*; e na cuarta categoría Agustín Fernández Paz, por *Corredores de sombra*. Na cuarta edición (2008), os gañadores foron: na primeira categoría Concha Blanco, por *Poemas para pintar*; na segunda categoría Gloria Sánchez, por *Dez piratas*; na terceira categoría An Alfaya, por *Zoa e Azor*; e na cuarta categoría Domingo Villar, por *Ollos de auga*. Na quinta edición (2009) os gañadores foron: na primeira categoría Xosé Henrique Rivadulla Corcón, por *O sorriso de Claudia*; na segunda categoría Fina Casalderrey, por *A lagoa das nenas mudas*; na terceira categoría Francisco Castro, por *O ceo dos afogados*; e na cuarta categoría Agustín Fernández Paz, por *O único que queda é o amor*. Na sexta edición (2010) incluíuse unha nova quinta categoría (adultos) e os gañadores foron: na primeira categoría Manolo Uhía, por *O autobús da selva*; na segunda categoría María Reimóndez, por *Lía e as zapatillas de deporte*; na terceira categoría Xosé Henrique Rivadulla Corcón, por *Os piratas da Illa de esperanza*; na cuarta categoría Marilar Aleixandre, por *Cabeza de medusa*; e na quinta categoría Miguel Anxo Murado, por *Fin de século en Palestina*. Na sétima edición (2011) hai unha nova mudanza nas categorías que quedarían en seis: 1º e 2º de Primaria, 3º e 4º de Primaria, 5º e 6º de Primaria, 1º e 2º da ESO, 3º e 4º da ESO máis Bacharelato, e adultos. Os gañadores foron: na primeira categoría Xoán Babarro, por *A tea de Araña que todo o apaña*; na segunda categoría Ramón Caride, por *Andanzas de Xan Farrapeiro*; na terceira categoría An Alfaya, por *A ánfora exipcia*; na cuarta categoría Francisco Castro, por *Chámademe Simbad*; na quinta categoría Carlos Vila Sexto, por *As sete mortes*; e na sexta categoría Domingo Villar, por *A praia dos afogados*. Na oitava edición (2012) os gañadores foron: na primeira categoría Abraham Carreiro, por *As espiñas do porco espiño*; na segunda categoría Antonio Yáñez Casal, por *Xoa*; na terceira categoría Teresa González Costa, por *A filla do ladrón de bicicletas*; na cuarta categoría Elena Gallego, por *Dragal*; na quinta categoría Manuel Núñez Singala, por *Menú de enganos*; e na sexta categoría Xulia Alonso, por *Futuro imperfecto*. Na novena edición (2013) gañaron na 1ª categoría *Vou ter un irmán*, de María Solar e Xosé Tomás (como ilustrador); na 2ª categoría *Ti non xogas*, de Xurxo Silvestre Gómez; na 3ª categoría *A chave da Atlántida*, de Anxo Fariña, e *Xoeliki*, de Abraham Carreiro; na 4ª categoría *Mortos de ningures*, de Leticia Costas e Pere Tobaruela; e na 5ª categoría *O noso amor será eterno*, de Xosé Henrique Rivadulla Corcón. O fallo do xurado deuse a coñecer na Festa da Lingua celebrada o 17 de abril no Pazo da Cultura de Pontevedra, 8 de maio no colexio La Salle de Santiago de Compostela, o 15 de maio no Palacio da música da Coruña e o 14 de xuño no colexio N. S. do Carme de Betanzos.

Referencias varias:

- E. Á., “O Día das Letras debería ser laborable como en Cataluña”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 28 abril 2013, p. L6.

Entrevístase a Pere Tobaruela con motivo da presentación da súa obra, *O Códice do Santo Lugar*.

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 29 maio 2013, p. 42.

Noméanse os gañadores da 1ª (1º e 2º EP), 4ª (1º e 2º ESO) e 5ª categorías (3º, 4º ESO e Bacharelato) da IX Edición do Premio Frei Martín Sarmiento, *Vou ter un irmán*, de María Solar; *Mortos de ningures*, de Leticia Costas e Pere Tobaruela e *O noso amor será eterno*, de X. Ribadulla Corcón, respectivamente.

Premios Irmandade do Libro

Están organizados pola Federación de Libreiros de Galicia e foron creados en 1992 para recoñecer anualmente o labor en favor da cultura literaria galega realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. Na edición do ano 2007 engadiuse un premio para o mellor libro en galego e na edición do ano 2009 creouse unha nova modalidade, Fomento da Lectura. As propostas de participación poden ser presentadas na Federación de Libreiros de Galicia (R/ República del Salvador, 28 entrecán B, 15701, Santiago de Compostela). O galardón, para cada unha das modalidades (centros de ensino, libro, autor, obra editorial, fomento da lectura e librerías), consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e as categorías de Centros de Ensino e Fomento da Lectura, únicas con dotacións económicas, contan con 2.000 € para a adquisición de libros en calquera das librerías integradas na Agrupación de Libreiros á que pertenza a localidade do colexio gañador. O xurado está integrado por tres membros da Federación de Libreiros, un representante da Consellería de Educación, un bibliotecario, un profesor de Lingua e literatura galegas e un escritor. Na XXII edición de 2013, o xurado, integrado pola escritora Helena Villar Janeiro, o profesor Carlos Arias e catro representantes da Federación de Libreiros e da Consellería de Cultura, acordou outorgar os seguintes galardóns: na modalidade de Fomento da Lectura ao proxecto Galicia Encantada; na de Libro do ano 2012 , para *A noite branca*, de Francisco Fernández Naval; na de Obra editorial do ano 2012 para a colección *Guías da natureza*, de Baía Edicións; na de Librería á Librería Kómic, de Santiago de Compostela; na de Centro de Ensino para o CEIP Quintela, de Moaña (Pontevedra); na de Autor/autora do ano a Mª Xosé Queizán e o Premio especial foi para Antonio Fernández Maira. O acto de entrega tivo lugar o 20 de abril en Monforte.

Referencias varias:

- Helena Villar Janeiro, “XXII Premios Irmandade do Libro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 19 abril 2013, p. 3.

Fálase dos XXII Premios Irmandade do Libro, creados pola Federación de Libreiros de Galicia e coméntase o motivo da creación destes galardóns: recoñecer e premiar o traballo de promoción e divulgación do libro en galego.

- Ruth López, “A web Galicia Encantada, de Antonio Reigosa, premio Irmandade do Libro”, *El Progreso de Lugo*, “Cultura”, “Vivir”, 21 abril 2013, p. 51.

Nárrase a cerimonia de entrega dos XXII Premios Irmandade do Libro, organizados pola Federación Galega de Libreiros. Cítanse algúns dos gañadores, entre eles: o portal web Galicia Encantada, xestionado polo escritor Antonio Reigosa, premio ao fomento da lectura; María Xosé Queizán, premio á autora do ano; e *A noite branca*, de Francisco Fernández Naval, premio ao libro do ano 2012.

- F. A., “Os libreiros premian a novela ‘A noite branca’, de Francisco Fernández Naval”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 22 abril 2013, p. 27.

Infórmase do gañador do premio ao mellor libro galego de 2012 nos premios Irmandade do Libro, outorgados pola Federación de Libreiros de Galicia: *A noite branca*, de Francisco Fernández Naval. Sinálanse as razóns do xurado á hora de outorgar o premio e menciónanse outros premios: *Guías da natureza* de Baía Edicións como obra editorial de 2012; premio mellor librería para Kómic e galardón de fomento da lectura para a web Galicia Encantada.

- M. Manteiga, “Premio Irmandade do Libro a la mejor librería para Kómic, del nicrariense Xosé Barreiro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 541, 29 abril 2013, p. 4.

Infórmase dun dos galardoados na XXII edición do Premio Irmandade do Libro: Xosé Pío Barreiro, co premio ao mellor establecemento polo labor da súa librería Kómic, situada en Santiago de Compostela, unha das mecas de referencia da banda deseñada a nivel galego.

- Sara Vila, “Ser nai non é fundamental para as mulleres”, *Diario de Pontevedra*, “*revista!*”, n.º 668, “Mil primaveras máis”, “Entrevista”, 5 maio 2013, pp. 6-7.

Trátase dunha entrevista á escritora María Xosé Queizán, con motivo da obtención do galardón Irmandade do Libro. A escritora fala do premio recibido, da súa obra, da lingua galega, da situación das mulleres e do galego, do feminismo e da política, entre outros temas.

- A. P., “Algún día pode que retrate a fauna política, polo momento collo apuntes”, *La Opinión*, “La gran Coruña”, 30 xuño 2013, p. 17.

O sadense Carlos Silvar é o autor de *Guías da natureza*, publicado por Baía Verde. A obra recibiu o premio Irmandade do Libro na categoría de Mellor Obra Editorial. O recoñecemento coincide coa publicación da súa última obra, *O carballo*, dedicada ao público infantil e xuvenil, ao cal pretende achegar o entorno natural á mocidade.

Premio aos **Libros Mellor Editados** do Ministerio de Cultura do Estado español

Convocado polo Ministerio de Cultura dende o ano 2005, este premio recoñece os libros mellor editados ao longo do ano anterior. Estes galardóns, sen dotación económica,

consisten na exposición das obras gañadoras nas principais feiras internacionais do libro. Clasifícanse en cinco grupos temáticos: arte, libros de bibliofilia, facsímiles, infantís e xuvenís e obras xerais e de divulgación. O premio ás mellores ilustracións infantís e xuvenís en edicións anteriores recaeron nos seguintes ilustradores galegos: Óscar Villán con *O coelliño branco* en 1999; Federico Fernández con *¿Onde perdeu Lúa a risa?* en 2002; e Pablo Amargo con *O monstro da chuvia* en 2004. *Pancho*, de Antonio Santos, foi segundo premio en 2003; *Pucho, o habitador dos tellados*, terceiro premio na categoría de libro infantil en 2006; en 2010 o segundo e terceiro galardóns foron para *Cantas pingas na cidade!*, escrito e ilustrado por Eva Montanari, e *Os mil brancos dos esquimós*, de Isabel Minhós Martins; en 2011 o terceiro premio foi para *Diógenes*, de Pablo Albo, editado por Kalandraka; e en 2012 o primeiro premio foi para a obra *Kipling ilustrado*, de Rudyard Kipling, con ilustracións de Ajubel, Pablo Amargo, Isidro Ferrer, Pep Monserrat, Pablo Auladell, Paco Giménez e Arnal Ballester, editado por Kalandraka Editora. Na edición de 2012, o primeiro premio na categoría de obras facsímiles foi para *Cantigas de Santa María de Alfonso X el Sabio*, editada por Testimonio Compañía Editorial, coeditado con Patrimonio Nacional. No ano 2013 desenvolveuse a edición relativa ás obras publicadas en 2012 e o terceiro premio da categoría Obras xerais e de divulgación foi para *Ocultos*, de Xulio Gutiérrez e Nicolás Fernández, editado por Kalandraka.

Certame Literario **Manuel Oreste Rodríguez López**

Convocado polo Concello de Paradela para honrar a figura de Manuel Oreste Rodríguez López, poden presentarse ao certame obras orixinais, inéditas e non premiadas, en galego ou en castelán. Consta de dúas modalidades, unha de narrativa e outra de poesía, cunha extensión máxima de vinte folios na modalidade de narrativa e de cen versos en poesía. As obras deben enviarse mecanografadas (ou a ordenador) a dobre espazo, por sextuplicado, sen firma e con lema, ao Concello de Paradela (Rúa Cabaleiros de Santiago, n.º 15, 27611 ou a concello.paradela@eidolocal.es). Está dotado con 600 € para cada unha das modalidades. No ano 2013, celebrouse a entrega de premios da XVIII edición. Presentáronse, en conxunto, un total de 963 obras procedentes de todo o Estado español: 442 en poesía e 526 en narrativa. As obras gañadoras foron, na categoría de poesía *Conta atrás*, de Ramón Sandoval Pérez, de Vigo. Na modalidade de narrativa, o premio foi para o escritor de Salvaterra de Miño Manrique Fernández Vázquez, polo seu traballo *Mar Maior*. Neste ano tamén se convocou a XIX edición, cuxo prazo de entrega de orixinais rematou o 30 de novembro.

Referencias varias:

- L. P., “El certamen literario Manuel Oreste premia a dos pontevedreses”, *El Progreso*, “Sarria”, 10 maio 2013, p. 21.

Infórmase dos gañadores do XVIII certame literario Manuel Oreste Rodríguez, convocado polo Concello de Paradela: Ramón Sandoval Pérez na categoría de poesía con *Conta atrás*, e Manrique Fernández Vázquez na categoría de narrativa con *Mar maior*. Menciónanse os gañadores dos accésits e os membros do xurado. Saliéntase a alta participación no certame: 968 obras (442 de poesía e 526 de narrativa).

Certame Literario **Mariano**

A Asociación Cultural “Santuario Virxe da Armada”, dentro do seu obxectivo de traballar pola promoción, coidado e desenvolvemento do santuario da parroquia de San Salvador de Rabal (Concello de Celanova), convoca este certame. Poden presentarse traballos en prosa, cunha extensión mínima de cinco folios, ou en verso, cunha extensión mínima de corenta versos, en castelán ou galego, sobre un tema mariano en xeral ou sobre a virxe. Conta con tres galardóns de 600 €, 300 € e 150 € e o prazo para a presentación dos traballos, que deben enviarse ao reitor do Santuario da Armada de Rabal dentro dun sobre baixo lema e pseudónimo, finaliza o 31 de maio. O ditame do xurado dáse a coñecer o 15 de agosto e a entrega dos premios ten lugar na semana do novenario (antes do 9 de setembro). No ano 2013, os textos gañadores foron: “Para siempre”, de José Luis Martín Cea, de Valladolid; “María, la Madre más amada”, de Miguel Barreto Quiroga, de Ourense; e “Retrato húmedo”, de Ricardo Cid Paz, de Ourense.

Premios **Nacionais de Literatura**

Creados en 1984 polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte para premiar as mellores obras publicadas ao longo do ano anterior, nas modalidades de Narrativa, Poesía, Ensaio, Literatura dramática e Literatura infantil e xuvenil, en calquera das linguas do Estado español e están dotados con 20.000 €. En edicións anteriores recibiron o Premio Nacional na modalidade de Narrativa: en 1986 Alfredo Conde por *Xa vai o griffón no vento*; en 1996 Manuel Rivas por *¿Qué me quieres, amor?*; en 2003 Suso de Toro por *Trece badaladas*; na modalidade de Ensaio en 2008 Xusto Beramendi González por *De provincia a nación. Historia do galeguismo político*; na modalidade de Literatura dramática en 2007 Rubén Ruibal por *Limpeza de sangue*; e na modalidade de Literatura infantil e xuvenil: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín en 1986; *Cando petan na porta pola noite*, de Xabier P. Docampo en 1995; *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey en 1996; e *O único que queda é o amor*, de Agustín Fernández Paz en 2008. Na edición de 2013 recibiu o Premio Nacional de Poesía Manuel Álvarez Torneiro pola obra *Os ángulos da brasa* (2012).

Referencias varias:

- Fina Casalderrey, “Manuel Álvarez Torneiro: un silencio sonoro”, *Diario de Pontevedra*, “Opinión&Análisis”, 9 outubro 2013, p. 24.

Co gallo da concesión do Premio Nacional de Poesía a Álvarez Torneiro por *Os ángulos da brasa*, Fina Casalderrey conta como chegou até a súa poesía e tamén fala da súa amizade. Sobre o Álvarez Torneiro poeta négase a dicir que é un poeta serodio xa que, aínda que a súa primeira obra publicouna con 50 anos, afirma que el leva escribindo poesía dende os 20 anos.

- Ramón Rozas, “Alma espida de poeta”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Cultura”, “Café pombo”, 9 outubro 2013, p. 59.

Fálase de Álvarez Torneiro e da súa poesía con motivo da concesión do Premio Nacional de Poesía á súa obra *Os ángulos da brasa*. Tamén se fai referencia á edición de poesía e á editorial Kalandraka, editora da obra premiada, da que se di que é un motivo de orgullo para a cidade de Pontevedra. Sinálase tamén outra obra publicada por este selo: *Espital de sombras*, de Xavier Seoane que ten un nivel alto.

- Ana López, “O premio”, *Diario de Pontevedra*, “A vista gorda”, 9 outubro 2013, contracuberta.

Dise que Álvarez Torneiro fai historia coa consecución do Premio Nacional de Poesía e a máis grande das homenaxes ao galego, lingua que ama.

- Xabier Sanmartín Cuevas, “El Nacional de Poesía 2013, para Álvarez Torneiro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 9 outubro 2013, p. 41.

Recóllense algunhas declaracións de Álvarez Torneiro tras a consecución do Premio Nacional de Poesía e faise unha breve aproximación a esta figura da literatura galega. Ademais tamén se inclúen declaracións do conselleiro de Cultura, do secretario xeral de Cultura así como do presidente de AELG.

- Montse Dopico, “El Nacional de Poesía, en gallego”, *El Mundo*, “Cultura/EM”, “Premio”, 9 outubro 2013, p. 45.

Lémbrase que é a primeira vez que unha obra escrita en galego consegue o Premio Nacional de Poesía. O seu autor, Álvarez Torneiro, afirma estar moi contento non só polo seu traballo senón porque tamén se premia a unha lingua que está comezando a recuperarse. Sinálase que, no aspecto formal, podería considerarse un poeta clásico e que el mesmo recoñece a influencia de autores como Góngora ou Quevedo. Ademais dise que a crítica destaca, xunto ao profundo humanismo da súas creacións, o seu preciosismo. Para rematar dáse conta dos premios que recibira anteriormente: o Premio Esquíu en 1995, o Premio González Garcés en 1999 e o Premio de la Crítica Española.

- M. H./S. R., “Álvarez Torneiro gaña o Premio Nacional de Poesía por ‘Os ángulos da brasa’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 37/ *La Opinión*, “Sociedad, cultura y ocio”, p. 28, 9 outubro 2013.

Infórmase de que é a primeira vez que o Ministerio de Cultura lle concede o Premio Nacional de Poesía a unha obra escrita en galego, lingua que o autor galardoadado recoñece amar intensamente. Sinálase que Álvarez Torneiro declarou estar emocionado e incrédulo ante este galardón porque é inusual que unha obra en galego sexa premiada.

- Miguel Sande, “Torneiro, o trunfo da humildade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 outubro 2013, p. 39.

Infórmase de que en Galicia non houbera anteriormente un Premio Nacional de Poesía por unha obra escrita inicialmente en galego. Dise que Torneiro, no poemario premiado, *Os ángulos da brasa*, bota man de dous elementos que non fallan: a memoria e a denuncia, aos que lles engadiu idade e confianza na palabra.

- Ramón Nicolás, “A brase que non esmorece”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 outubro 2013, p. 39.

Fálase de Álvarez Torneiro e o seu poemario *Os ángulos da brasa* con motivo da concesión do Premio Nacional de Poesía.

- Rodri García, “Este premio cementa o idioma , reconece o valor dunha lingua”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 outubro 2013, p. 38.

Entrevista a Manuel Álvarez Torneiro pola concesión do Premio Nacional de Poesía. Nela o autor sinala que o poemario premiado, *Os ángulos da brasa*, xa recibiu catro premios. Di tamén que se trata dun libro de memoria, tema moi presente na súa obra e que ser premiado con Premio Nacional de Poesía serve para recoñecer o valor do galego.

- Xesús Fraga, “Unha voz singular con vocación existencial e de gran coidado formal”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 outubro 2013, p. 38.

Faise un breve percorrido pola traxectoria de Manuel Álvarez Torneiro con motivo da consecución de Premio Nacional de Poesía 2013.

- Alfredo Conde, “Torneiro, ave senlleira”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, 10 outubro 2013.

Recórdase que as letras galegas aínda non recibiran ningún Premio Nacional de Poesía até que este ano o gañador fora Álvarez Torneiro con *Os ángulos da brasa*. Fálase deste autor como un gran poeta e unha persoa humilde porque está lonxe da vaidade.

- Quique Alvarellos, “Máis poesía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Crónicas invisibles”, 15 outubro 2013, p. 41.

Columna de opinión na cal destaca o novo florecer da poesía tanto en Galicia coma noutros territorios do Estado español. Fala do vindeiro encontro de editores españois e portugueses en Coímbra para trata a poesía e a edición e do obradoiro internacional de creación poética que se celebra na illa de San Simón. Todo isto sucede, indica o autor, co pano de fondo do Premio Nacional de Poesía para Álvarez Torneiro.

- Xosé Luis Méndez Ferrín, “Na Coruña do mozo Torneiro”, *La Opinión*, “Saberes”, n.º 424, “No fondo dos espellos”, 19 outubro 2013, contracuberta.

Faise un percorrido pola traxectoria de Álvarez Torneiro debido á concesión do Premio Nacional de Poesía. Tamén se lembran outros nomes importantes da nosa literatura tales como Avilés de Taramancos ou Xohán Casal, entre outros, ou artistas como a pintora María Cremaes. Ademais Méndez Ferrín tamén lamenta que en Galicia non exista un premio nacional de literatura propio, como os que hai en Cataluña ou Euskadi.

- Luís González Tosar, “Amor/paixón/memoria”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 542, “En portada”, 19 outubro 2013, pp. 2-3.

O autor deste artigo considera que Álvarez Torneiro é un poeta que cre na utopía e por iso escribe contra o mundo e a favor da vida. Ademais sinálase que non se debe falar de heteroxeneidade xeracional porque Torneiro é inclasificábel.

- Marta Otero, “A inspiración non existe”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 542, “En portada”, 19 outubro 2013, pp. 2-3.

Con motivo da concesión do Premio Nacional de Poesía a *Os ángulos da brasa*, Marta Otero dedícalle un artigo ao autor no que recolle as súas declaracións. Álvarez Torneiro di, entre outras cousas, que se considera en certa medida pesimista pero sen derrota total e que a inspiración non existe, só o traballo duro.

- Ramón Nicolás, “Escolla básica de Álvarez Torneiro”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 542, 19 outubro 2013, pp. 2-3.

Pequena achega á obra literaria de Álvarez Torneiro co gallo da concesión do Premio Nacional de Poesía ao seu último libro, *Os ángulos da brasa*. Nel faise unha breve reseña a seis dos seus libros: *Memoria dun silencio* (1982), *As voces consagradas* (1992), *As doazóns do incendio* (1993), *Habitante único* (1997), *Epicentro* (2003) e do poemario premiado, *Os ángulos da brasa* (2012). Ademais destas obras, cítanse as outras sete que completan a súa obra.

- Alfredo Conde, “Desaparecida en combate”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Os outros días”, 24 outubro 2013, p. 4.

Alfredo Conde reflexiona sobre a hexemonía da narrativa sobre a lírica. Por mor diso, congratúlase pola recente vitoria de *Os ángulos da brasa* no Premio Nacional de Poesía. Finalmente, fai unha apoloxía da nosa lírica, a cal, baixo o seu criterio, está desprazada por outros xéneros literarios.

- José Luís Quintela Julián, “Tres eran tres”, *La Opinión*, “Opinión”, 2 novembro 2013, p. 15.

Comenta a entrega dos Premios Nacionais de Cómic, Poesía e Narrativa a Miguelanxo Prado, por *Ardalén* (2012), Manuel Álvarez Torneiro, por *Os ángulos da brasa* (2012) – galardoado tamén co Premio Ánxel Casal e o Premio da Crítica de Poesía en Lingua Galega- e José María Merino, por *El libro[sic] del Edén* (2013), respectivamente. Enumera a seguir as publicacións de cada un deles, destacando títulos coma *Rigorosamente humano* (1995) –Premio Esquío-, *Habitante único* (1997), *Luz de facer memoria* (1999) –Premio González Garcés e Premio da Crítica-, *Campo segado* (2001), *Epicentro* (2003), *Setembro Stradivarius* (2004) e *Parábola do incrédulo* (2006), no caso de Álvarez Torneiro; e *Trazo de tiza* (1993), *Quotidianía delirante* (1988, 1990, 1996) –Mellor Obra nacional no Salón do Cómic de Barcelona-, e *De Profundis* (2007) no de Prado.

- Xosé Neira Vilas, “Premio para Torneiro”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “De todo un pouco”, 10 novembro 2013, p. 2.

Alégrase pola concesión a Manuel Álvarez Torneiro do Premio Nacional de Poesía, e fai un breve repaso da traxectoria do autor. Destaca a súa participación nunha proposta

de José Batlló, quen solicitou a autores galegos, casteláns, vascos e cataláns composicións dedicadas ao Che, despois de que o asasinasen en Bolivia.

- X. L. Méndez Ferrín, “Sen premios nacionais”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 18 novembro 2013, p. 13.

Dá conta da situación actual dos escritores e escritoras galegos en canto á súa valoración nos galardóns nacionais convocados na actualidade. Comeza cunha referencia ao Premio Nacional do Ministerio de Cultura de España outorgado a Álvarez Torneiro e Miguelanxo Prado nas categorías de Poesía e Cómic, respectivamente. Prosegue cunha alusión ao feito de que os Premios Reina Sofía, Príncipe de Asturias ou Cervantes non recaen nunca en escritores ou escritoras galegos, para despois criticar a substitución dos premios promovidos pola ex-conselleira Ánxela Bugallo polos Premios de Cultura, sen dotación económica, por parte do PP á súa chegada ao goberno.

- Lorena Rodríguez, “La cantante Luz Casal, Premio Nacional de Músicas Actuales 2013”. *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura, Ocio”, 20 novembro 2013, p. 40.

Indícase que a cantante Luz Casal foi galardoada co Premio Nacional de Músicas Actuales 2013, dotado con 30.000 €. Trátase do cuarto Premio Nacional que recae nun galego nesta edición xunto con Álvarez Torneiro, José María Merino e Miguelanxo Prado.

- Rodri García, “Un país de premios nacionais”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 549, “En portada”, 7 decembro 2013, pp. 2-3.

Co gallo da concesión de catro Premios Nacionais a figuras galegas, recórdase que con eles xa son máis de vinte recoñecementos. O suplemento “*Culturas*” reuniu no Museo de Belas Artes da Coruña –polo que M. Gallego Jorreto recibiu en 1997 o Premio Nacional de Arquitectura - á maioría de gañadores que abarcan diversas categorías que van da fotografía á arquitectura pasando pola edición, a música, a literatura ou o cómic.

- Jaureguizar, “O poeta que teima en ser humano”, *El Progreso*, “Personajes del año”, “Cultura”, 26 decembro 2013, p. 8.

Co gallo da concesión do Premio Nacional de Poesía a *Os ángulos da brasa* faise unha breve aproximación á figura do seu autor, Manuel Álvarez Torneiro.

- A. M., “Cuatro premios nacionales para Galicia en cómic, artesanía, poesía y narrativa”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 29 decembro 2013.

Entre outros premios que outorgou o Ministerio de Cultura lémbrese que o Premio Nacional de Cómic recaeu en Miguelanxo Prado por *Ardalén*, que tamén logrou o galardón ao mellor cómic do ano; que a distinción á mellor obra narrativa foi para a novela *O río do Edén*, de José María Merino, e a distinción á mellor obra de poesía para *Os ángulos da brasa*, de Manuel Álvarez Torneiro.

- G. N., “El regreso de Bowie o el talento de cine gallego, entre lo mejor del 2013”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 decembro 2013, p. 33.

Infórmase, dentro da columna que se titula “De Álvarez Torneiro a Chirbes”, sobre a relevancia das letras galegas co gallo da entrega do Premio Nacional a Álvarez Torneiro. Tamén se alude a celebración dos 30 anos do Premio Xerais de Novela e dos 25 anos do Premio García Barros.

Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

A Asociación Xuvenil Cultural A Pipa de Becerreá, coa colaboración das delegacións provinciais de Cultura e Vicepresidencia, a Deputación Provincial e o Concello de Becerreá, convoca este certame, que conta coas modalidades de poesía, relato e dramaturxia breve (esta última dende o ano 2013), cun máximo de cincuenta versos na primeira e de cinco folios na segunda, conforme ás bases. Cada participante pode presentar un ou máis traballos escritos en lingua galega, que deben ser enviados á sede da entidade organizadora (Rúa Ancares, número 57, 27640, Becerreá-Lugo). O certame establece tres categorías en función da idade: infantil, dos oito aos catorce anos; xuvenil, de catorce a dezaioito; e de adultos, a partir dos dezaioito anos, aínda que para a modalidade de dramaturxia breve só poden participar maiores de idade. Para cada categoría establécense dous premios (dende a convocatoria de 2013, antes eran tres) e os accésits que o xurado considere oportunos. O premio consiste nunha estatua de Sargadelos, un lote de libros e un título acreditativo. O xurado está composto pola xunta directiva da entidade convocante. Nesta XXII edición de 2013, o prazo de entrega de orixinais rematou o 16 de decembro. A gala de entrega dos premios de poesía e relato tivo lugar o 27 de decembro na Casa da Cultura de Becerreá, seguida da XXII Noite Poética. Os galardóns de dramaturxia breve foron entregados o 28 de decembro na Casa da Cultura de Becerreá coincidindo cun acto sobre Roberto Vidal Bolaño.

Referencias varias:

- Pilar Cheda, “A Pipa honra a Vidal Bolaño y concede su premio de teatro”, *El Progreso*, “Comarcas”, 28 decembro 2013, p. 24.

Informa do peche da celebración do 25 aniversario desta asociación cultural lucense cun evento teatral na Casa da Cultura de Becerreá para homenaxear a Roberto Vidal Bolaño, no que se entregará o galardón da primeira edición de dramaturxia desta asociación a Rubén Pérez Pombo. Explica que tamén se celebrou un evento e se precisa o número de traballos presentados e os lugares de procedencia dos seus autores. Recolle os nomes dos gañadores de relatos infantís e os dous accésits; os xuvenís e os maiores de 18 anos; e así mesmo os galardoados en poesía. Apunta que o día anterior foi de homenaxe a Helena Villar Janeiro, nun evento no que a entrevistaron Marta de Sinllán e Afonso Becerra, e ademais Laura Cuervo escenificou a súa peza *O enterro da galiña de Domitila Rois*.

Premio de Tradución **Plácido Castro**

A Fundación Plácido Castro convoca este certame para reivindicar a figura, a obra e o pensamento de Plácido Ramón Castro del Río (1902-1967), especialmente no campo da

tradución, do pensamento e xornalismo. Está destinado a promover entre todos os tradutores de Galicia versións en lingua galega das grandes obras da literatura universal e diríxese a todas as persoas que publicasen na Biblioteca Virtual algunha tradución ao galego de obras da literatura universal. Estaba dotado con 3.000 €, que na convocatoria da XII edición pasaron a 2.000, unha peza escultórica de Xaquín Chaves e un diploma, ademais da publicación da obra por Rinoceronte Editora. O xurado do premio componse de cinco membros pertencentes ou designados por cada unha das seguintes institucións: Asociación de Tradutores Galegos (ATG), Fundación Plácido Castro, Real Academia Galega, Departamento de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo e Xunta de Galicia. Nesta XII edición de 2013, o prazo de entrega de candidaturas rematou o 1 de maio e o 2 de xullo o xurado, composto por Xavier Senín (Fundación Plácido Castro), Carlos Arias Iglesias (Xunta de Galicia), Moisés Barcia (Asociación de Tradutores Galegos, quen compareceu por escrito), Xosé María Gómez Clemente (Departamento de Tradución da Universidade de Vigo), Xosé Antonio Palacio (Real Academia Galega) e Xulio Ríos Paredes (Director do IGADI), en calidade de Secretario do xurado, con voz pero sen voto, decidiu declarar deserto o premio por non cumprir as obras presentadas as bases establecidas.

Certame literario **Ramón Martínez López**

O Concello de Boiro e a Biblioteca Pública Municipal co obxecto de fomentar a creación literaria entre o alumnado do concello convocan este certame nas modalidades de conto, relato e poesía para salientar a figura deste fillo predilecto boirense. Diríxese ao alumnado dos centros de ensino primario e secundario do Concello de Boiro e aos nados ou residentes en Boiro. As obras deben ser inéditas, escritas en lingua galega, e de tema libre. Cada participante pode presentar un único traballo. Estabelécense seis categorías na modalidade de narrativa: A (3º e 4º de Primaria) cunha extensión máxima de 2 folios; B (5º e 6º de Primaria) cun máximo de 4 folios; C (1º e 2º de ESO), cun máximo de 8 folios; D (3º e 4º de ESO), cun máximo de 12 folios; E (Bacharelato e Formación Profesional) cun máximo de 20 folios; e F (poboación en xeral), cun máximo de 20 folios. En poesía existía unha categoría única (calquera persoa maior de 13 anos), cunha extensión máxima de setenta versos, mais no ano 2010 ampliouse a tres: primeira, para alumnos de primeiro, segundo, terceiro e cuarto de ESO, cun máximo de setenta versos; segunda, para Bacharelato e Formación Profesional, cun máximo de noventa versos; e terceira, para poboación en xeral, cun máximo de cento dez versos. Os primeiros clasificados das categorías A, B e C de narrativa reciben un vale de 80 €, os segundos clasificados, un vale de 50 €, e os terceiros clasificados un vale de 30 €, para mercar en calquera comercio de Boiro; na Categoría D e E a contía ascende a 120 € para o primeiro premio e 80 € para o segundo; e na Categoría F hai un 1º premio de 145 €. Na modalidade de poesía o galardón é de 80 € para cada unha das categorías. O xurado pode declarar deserto algún premio ou concedelos *ex aequo*. Os traballos deben presentarse na Biblioteca Pública Municipal de Boiro (1ª planta da Casa da Cultura “Ramón Martínez López”). Na sexta edición de 2013, o prazo de entrega de orixinais rematou o 30 de novembro.

Premio **Ricardo Carvalho Calero** de Investigación Lingüística e Creación Literaria

Premio bienal en lingua galega organizado polo Concello de Ferrol coa colaboración da Asociación Cultural Medulio en memoria deste profesor licenciado en Dereito e Filosofía e Letras pola Universidade de Santiago. Admite liberdade en canto á escolla da normativa ortográfica empregada. Conta coas modalidades de investigación lingüística e creación literaria. Na modalidade de ensaio os traballos presentados deben ter unha extensión mínima de cen folios e máxima de douscentos cincuenta. Ao premio de creación literaria poden concorrer narracións curtas ou conxunto de contos cunha extensión mínima de cincuenta folios. Deben presentarse en documento informático acompañado de cinco copias impresas. Noutro sobre teñen que constatare os datos persoais e un breve currículo da persoa autora da obra. Cada un dos premios consiste en 3.700 € e a publicación na editorial Laiovento. No ano 2013 non lle correspondeu convocatoria.

Referencias varias:

- María Aneiros, “Luís García Soto recogió el premio de su maestro: Ricardo Carvalho Calero”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 xaneiro 2013, p. 41.

Infórmase do gañador da XIX edición do premio Ricardo Carvalho Calero: Luís García Soto, por *O labirinto da saudade*. Noméase o gañador do accésit na modalidade de investigación lingüística: Xosé Díaz Díaz, por *Dos arquivos xeométricos de Rafael Dieste*.

- Nicolás Vidal, “García Soto recibe o Premio Carvalho Calero e reivindica a figura do ferrolán”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 25 xaneiro 2013, p. 13.

Infórmase do gañador do premio Carvalho Calero na categoría de ensaio: Luís García Soto, con *O labirinto da saudade* e coméntase o acto de entrega do premio.

- R. L., “Luís García Soto: ‘Na Galicia de hoxe tamén hai moito de saudade’”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 xaneiro 2013, p. 27.

Infórmase da publicación, na editorial Laiovento, d’*O labirinto da saudade*, ensaio gañador de Premio Carvalho Calero que concede o Concello de Ferrol e a Sociedade Cultural Medulio, autoría de Luís García Soto. Reflicten opinións persoais do autor sobre a saudade.

Certame literario **Rosa de Cen Follas** do Colexio Oficial de Psicoloxía

Creado en 2008 polo Colexio Oficial de Psicoloxía, en homenaxe a Rosalía de Castro, conta con dúas modalidades, prosa e verso, cun galardón de 250 € para o mellor traballo de cada xénero en lingua galega, de temática libre, con dúas páxinas como extensión máxima. Deben enviarse catro exemplares á sede da institución (rúa Espiñeira, 10, baixo, Santiago). Na sexta convocatoria, correspondente ao ano 2013, os premios foron entregados o 10 de decembro na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a: Azucena Arias Correa na modalidade de poesía coa obra “Silencio cómplice” e a Carlos Méndez Leiz na modalidade de narrativa coa obra “Cobiza”.

Certame Literario **Terras de Chamoso**

Premio convocado pola Asociación Cultural Arumes do Corgo, coa colaboración da Área de Cultura da Deputación de Lugo, para premiar todos os autores que expresen no papel os seus sentimentos empregando como ferramenta a lingua galega co obxectivo de incentivar a imaxinación e a creación de textos en galego nos concellos que formaban o antigo “comitatus Flammusus”, é dicir, O Corgo, Castroverde, parte de Láncara e Baralla e un anaco de Becerreá e Lugo. A única norma é que a obra se redacte en lingua galega e presenta dúas modalidades, poesía e narrativa, e tres categorías: infantil (dos 10 aos 14 anos), xuvenil (dos 14 aos 18 anos) e adultos (maiores de 18 anos). Na modalidade de poesía a extensión é de trinta a sesenta versos mentres que en relato curto é de tres a seis folios escritos a dobre espazo, excepto a categoría infantil que non ten límite de espazo inferior, pero si superior. Cada participante pode presentar varios traballos, non premiados noutros certames literarios, mecanografados, achegando nun sobre pechado a información persoal na Asociación Cultural Arumes do Corgo (Antigas Escolas do Corgo s/n, 27163, O Corgo-Lugo). Concédense dous premios en cada modalidade que consisten nunha figuriña de cerámica do país, un lote de libros e o correspondente diploma. O xurado está composto por membros da Xunta Directiva da Asociación, profesores de lingua galega e por profesionais de recoñecido prestixio do mundo das letras. Na sétima edición de 2013, o prazo de entrega de traballos rematou o 15 de novembro e o xurado, composto por Xurxo Xosé Rodríguez Lozano, Xosé Manuel Castro Castedo, Adela Figueroa Panisse, Carlos Callón Torres e Xaime López Arias, decidiu outorgar os seguintes galardóns: na categoría infantil, na modalidade de poesía, o 1º premio foi para Carla Castedo Pereira de Francelos (Castroverde), pola obra “Soñar”; o 2º premio foi para Lara Domínguez Chantres, do Cádavo (Baleira), pola obra “A choiva”; na modalidade de relato, o 1º premio, foi para Alicia García Cabaleiro, de Laxe (O Corgo), pola obra “O ladrón de personaxes”; o 2º premio, foi para Unai Celeiro Díaz, de Touville (Láncara), pola obra “O castiñeiro ledó”; na categoría xuvenil, na modalidade de poesía, o 1º premio foi para Cristina Pernas Pereiro, de Paradela (O Corgo), pola obra “Saudade dun piano de guerra”; o 2º premio foi para Sabela Rodríguez Reino, da Coruña, pola obra “A música vai por dentro”; na modalidade de relato, o 1º premio foi para Antón Vázquez Arias, de Zolle (Guntín) pola obra “Beleza inerte”; o 2º premio foi para Lucía González Campos, de Montecubeiro (Castroverde) pola obra “Témoste aquí, queridiña”; na categoría de adultos, na modalidade de poesía, o 1º premio foi para Rocío Leira Castro, de Pereira (Cee, A Coruña), por “Mensaxes Cifradas”; o 2º premio foi para Xosé Otero Canto, de Lugo, pola obra “Perdida Vaga”; na modalidade de relato; o 1º premio foi para José A. Castro Ferreiro, de Lugo, pola obra “Berce de sonhos”, e o 2º premio foi Beatriz López Dorado, de Lugo, pola obra “Bicos Carmiña”. O acto de entrega tivo lugar o 21 de decembro no Centro Sociocultural do Corgo.

Referencias varias:

- Pablo Rodríguez, “Hai que frear esa inercia de copiar a cultura allea”, *El Progreso*, “Comarca de Lugo”, “Municipio a municipio: O Corgo”, 17 xuño 2013, p. 10.

Entrevista con Xurxo Rodríguez, presidente da asociación Arumes do Corgo que convoca o premio literario. Fala das orixes do colectivo, as primeiras actividades, os

atrancos e a proposta de creación do certame “Terras de Chamoso”, coa intención de defender a lingua e dinamizar o galego entre a mocidade.

- X. C. V., “Emergentes”, *El Progreso*, “Lugo”, 30 decembro 2013, p. 8.

Entrevista a Cristina Pernas Pereiro, estudante de segundo de Bacharelato, que gañou por sexto ano o concurso literario Terras do Chamoso. Nela comenta as razóns polas que se presentou ao concurso; sinala que non rexeita concorrer a outros certames nun futuro, aínda que de momento non pensa en publicar; afirma que lle gustaría escribir como hobby e fala do xénero no que máis cómoda se sente, así como das súas lecturas predilectas.

Premios de Relato, Poesía e Tradución da **Universidade de Vigo**

A Universidade de Vigo, a través da Área de Normalización Lingüística, convoca estes premios co patrocinio da Secretaría Xeral de Política Lingüística. Consta de tres modalidades: poesía, relato curto e tradución literaria. Poden participar todos os membros da Universidade de Vigo, agás para a modalidade de tradución literaria, do cal queda excluído o profesorado que imparte docencia na titulación de Tradución e Interpretación. Os orixinais, ineditos e non premiados noutro certame, deben estar escritos en lingua galega e axustarse á normativa que recolle os cambios aprobados pola Real Academia Galega en xullo 2003. Estabéllese un premio de 700 € e dous accésits de 250 € para cada unha das modalidades. Todos eles poden ser declarados desertos a xuízo do xurado. Na modalidade de poesía o tema é libre, cun mínimo de cen versos e máximo de cento cincuenta. Na modalidade de relato curto o mínimo é de oito folios e o máximo de doce. Na modalidade de tradución literaria, o texto fonte debe ser un texto literario en calquera idioma, cun mínimo de oito páxinas e un máximo de vinte, e é necesaria a entrega dunha copia deste, indicando claramente o seu autor, a lingua de publicación e a editorial. Os traballos deben dirixirse, por quintuplicado e mecanografados a dobre espazo, cun lema elixido polo autor e os seus datos persoais, á Área de Normalización Lingüística e poden entregarse en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo. O xurado, presidido polo reitor ou persoa en quen delegue, está integrado por persoas de recoñecida traxectoria nos ámbitos de creación poética e narrativa, da crítica literaria e mais da tradución. No ano 2013, XVI edición, outorgáronse os seguintes galardóns: en poesía: o 1.º premio foi para Xurxo Martínez González, polo poemario *Río Miño* e houbo dous accésits para María Fiúza Lago, polo poemario *Dani* e para Genaro Dasilva Méndez por *Notas dispersas para un prólogo imposible*; en relato curto, o 1.º premio foi para Ana María Rodríguez González, polo relato *Cativa*; o 1.º accésit levouno Raquel Fernández González, polo relato *Algunhas cousas é mellor non dicilas*; e o 2.º accésit foi para Lorena Salgado Costa, polo relato *Chove*; así mesmo decidiuse recomendar a publicación do relato de Xandra Táboas Martínez *Un día na radio*. En Tradución literaria o 1.º premio foi para Belén Poutón Reboredo pola tradución dun texto de Zadie Smith; o 1.º accésit foi para Antía Veres Gesto, pola tradución dun texto de Paul Auster; e o 2.º accésit foi para Martina Miguel Ángel Alonso García, pola tradución dun texto de Peter Reich. Así mesmo decidiuse recomendar a publicación da tradución de María Rosales Fernández, dun texto de J. M. Coetze. O acto de entrega dos galardóns celebrouse o 29 de maio.

Concurso Literario **Xaime Isla Couto**

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Poio coa colaboración das Sociedades Culturais Deportivas de Raxó e Samieira, o Ateneo Corredoira de Combarro, a Asociación Boureante da Seara e a Asociación Vides Novas de San Salvador. Anteriormente podía participar todo o alumnado dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e dezaioito anos; a partir do ano 2006, tamén calquera persoa de entre dezaioito e vinte e cinco anos; e no ano 2013 abriuse a participación a persoas de todas as idades. Cada participante pode presentar un único traballo individual e inédito, escrito en lingua galega para cada modalidade. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía de temática libre, cunha extensión máxima de tres folios para o relato curto ou conto e un folio para poesía. Os traballos deben presentarse nas oficinas municipais, nos centros educativos de Poio e nos locais das asociacións colaboradoras nun sobre pechado xunto cos datos persoais do autor. Conta con seis categorías: categoría A (de 6 a 8 anos); categoría B (de 9 a 11), categoría C (de 12 a 13), categoría D (de 14 a 15), categoría E (16 a 18) e F (a partir de 18 anos). Os galardóns nas categorías A, B, C e D consisten nun agasallo, nun diploma e un vale de 70 € para a compra de material escolar; na categoría E nun diploma e un vale de 90 € para a compra de material escolar; e na categoría F nun diploma e 300 €, en cada modalidade. O xurado está composto por unha representación do Consello Municipal de Cultura. No ano 2013 tivo lugar a XXI edición. O prazo de entrega de orixinais rematou o 24 de abril, o xurado fallou os premios o 7 de maio e o acto de entrega dos galardóns tivo lugar o 17 de maio no Centro Cultural Xaime Illa Couto, no transcurso dos eventos organizados pola Sociedade Cultural e Deportiva Raxó para festexar o Día das Letras Galegas.

Premios **Xohán de Cangas**

Concedidos pola Concellería de Cultura do Concello de Cangas co obxectivo de recoñecer o labor de que desenvolven numerosas persoas a prol da cultura. No ano 2013 resultaron vencedores: Marisa Núñez Álvarez, na categoría de Creación literaria; Camilo Caamaño Xestido, na categoría de Artes gráficas; Antonio González Molanes, na categoría de Música; e Celso Parada, na categoría de Artes escénicas e audiovisuais.

Referencias varias:

- Celia Martínez, “Camilo Caamaño y Celso Parada, entre los ganadores de los Premios Xohán de Cangas”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu”, “Cangas”, 17 maio 2013, p. 18.

Infórmase do acto que terá lugar no Auditorio Municipal de Cangas con motivo da celebración da Gala da Cultura 2013. Coméntanse os diferentes galardoados nos Premios Xohán de Cangas, entre eles: Marisa Núñez Álvarez, na categoría de Creación literaria; Camilo Caamaño Xestido, na categoría de Artes gráficas; Antonio González Molanes, na categoría musical; Celso Parada, na categoría de Artes escénicas e audiovisuais, e Carmen Pérez Alonso, na categoría de Labor cultural. Menciónase tamén o Premio Ignacio Cerviño, concedido a Xosé Menduíña Bastón.

Premios **Xuventude Crea**, anteriormente coñecidos como GZCrea

Convoca este certame galego a Consellería de Traballo e Benestar, a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia e está dirixido a creadores novos, cunha idade comprendida entre os dezaseis e os trinta anos. Vén substituír o anteriormente coñecido como GZCrea. Inclúe as modalidades de Teatro, Artes plásticas, Moda, Música, Relato breve, Poesía, Videocreación, Banda deseñada, Graffiti, Carteis, Deseño de xoias e Monólogos. Nas modalidades de Relato, Poesía e Banda deseñada, os textos deben ser orixinais, inéditos e en galego, de temática libre, e deben ser presentados en formato papel, un único exemplar, e en CD. En poesía, as obras deben estar feitas a ordenador e ter unha extensión mínima de 50 versos e máxima de 100, a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño 12, con follas numeradas e encadernadas. Na modalidade de relato breve, as obras deben estar feitas a ordenador e ter unha extensión mínima de 5 páxinas e máxima de 10, mecanografadas a dobre espazo e por unha soa cara, en DIN-A4 e en tamaño 12, coas follas numeradas e encadernadas. Na modalidade de banda deseñada, a técnica pode ser calquera, feita en branco e negro ou en cor. O formato debe ser en DIN-A4 ou DIN-A3 e a extensión mínima de 10 páxinas. En caso de que a obra fose feita en formato dixital, á parte dunha versión impresa deberá xuntarse un CD ou DVD cos arquivos orixinais. Cada obra debe levar pseudónimo e título. Na modalidade de teatro, poden concorrer grupos teatrais, non profesionais, compostos por mozos ou mozas galegas ou residentes en Galicia, con idades comprendidas entre os 16 e os 30 anos de idade cumpridos no ano 2013.

Admítese que até un 25 % dos compoñentes do grupo supere os 30 anos ou teña entre os 14 e 16 anos. Os grupos participantes deben presentar unha listaxe dos compoñentes do grupo, indicando a idade e a función; unha síntese da obra (título, autor e adaptación dos diálogos, de ser o caso) e da posta en escena (número de personaxes, tipo de decorado, vestuario, espazo que se precisa...); e un DVD dunha representación da obra presentada a concurso ou dun ensaio xeral, feito con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2012, cuxa gravación debe estar feita a velocidade normal para que a súa duración corresponda coa duración real da representación, e ten que estar en boas condicións, tanto de imaxe coma de son, para o seu correcto visionamento. As representacións deben ser en lingua galega e as obras poden ser de autores ou autoras galegos, españois ou estranxeiros. Poden presentarse obras orixinais e a duración da representación de cada obra non pode exceder dunha hora e trinta minutos. Para cada modalidade establécense tres premios: 3.000 € para o primeiro, 1.500 € para o segundo e 1.000 € para o terceiro, podendo outorgarse mencións de honra sen dotación económica. Para calquera información adicional, pode consultarse a páxina web da Consellería de Traballo e Benestar e de Xuventude. No ano 2013 o prazo de presentación das candidaturas rematou o 31 de xullo. Na modalidade de poesía, o xurado, integrado por Yolanda Otero Balsa, como presidenta; Guadalupe Gómez Arto; Xosé Luna Sanmartín; Luis González Tosar; Victor Manuel Furelos Guillén; e Pilar Tamerón Montesinos, como secretaria, acordou conceder os seguintes galardóns: 1º premio (compartido) a Alba Cid Fernández, coa obra “O corpo e as bestas” e a Olalla Tuñas Martínez, coa obra “Cidade libre”; 2º premio (compartido) a Tito Pérez Pérez, coa obra “Cardiograma de silencios opacos” e a Brais Lamela Gómez, coa obra “Casa tomada” e 3º premio (compartido) a Rafael Lobelle González, coa obra “Deus Fratesque Gallaecia. Tríptico aberto” e a Mónica Sánchez Rodríguez, coa obra “Alimento poeta branco”. Na modalidade de relato breve, o xurado, composto por Yolanda Otero Balsa, como presidenta; Henrique Alvarellos Casas, Anxos Sumai, Francisco Castro Veloso e Mario Caneiro Ameneiros, como

vogais, e Ana Martínez González, como secretaria, decidiu entregar os seguintes premios: 1º premio a Esther Gómez López, coa obra “Area na boca”; 2º premio (compartido) a Elena Dopico López, coa obra “Incontable” e a Nerea Pallares Vilar, coa obra “Cork e as burbullas”; e 3º premio (compartido) a Iago Fernández Pérez, coa obra “1100 quilómetros” (que por expreso desexo do gañador, renuncia ao premio) e Francisco Lorenzo Parada, coa obra “A muller dos meus soños”. Nesta modalidade tamén houbo as seguintes mencións de honra: a Ana M^a. Rodríguez González, coa obra “Vinca” e a Tito Pérez Pérez, coa obra “No contorno da sombra”. Na modalidade de teatro, o xurado, conformado por Yolanda Otero Balsa, como presidenta; Manuel Guede Oliva, Inma López Silva, María Mera Constenla, Camilo Franco Iglesias e Artur Trillo Sendón, como vogais; e Ángela Fernández Rey, como secretaria, decidiu conceder os seguintes galardóns: 1º premio á Asociación Cultural A Panadaría, coa obra “Bang, bang, bang”; 2º premio, á Asociación Cultural Pinchacarneiro Teatro, coa obra “Proxecto 45”; e 3º premio á Asociación Cultural Tolemia Teatro, coa obra “Soños dun sedutor”. Na modalidade de Banda Deseñada, o xurado, formado por Yolanda Otero Balsa, como presidenta; Idoia de Luxán Vázquez, Miguel Ángel Fernández Robledo, David Rubín Miguélez, Cosme Fernández González e Miguel Anxo Carballo Conde, como vogais; e Mercedes Valeiras González, como secretaria, concedeu os seguintes premios: 1º premio a Diego Campos Omil, coa obra “Comezo, medio e fin”; 2º premio, a Juan Silva Cabral, coa obra “Polos pelos”; e 3º premio a José Nuno Martins Pinto Fraga, coa obra “A orixe”.

X. 6. PREMIOS A UNHA VIDA

Premio Alecrín Dourado

A Federación de Entidades Galegas en Cataluña (Fegalcatal) convoca este premio en recoñecemento das persoas que sobresaen na promoción da cultura galega no exterior. A primeira edición celebrouse no ano 2010 e neste ano 2013 os galardoados foron Xosé Neira Vilas, Fundación Carlos Casares, Helena Villar Janeiro e María do Ceo, nun acto celebrado na Seara do Courel.

Referencias:

- Helena Villar Janeiro, “Premios Alecrín dourado”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 16 agosto 2013, p. 3.

Fálase da entrega dos premios Alecrín dourado, indicando que os galardoados foron Xosé Neira Vilas, a Fundación Carlos Casares, Helena Villar Janeiro e a cantante María do Ceo. Sinálase que María do Ceo ofreceu durante o acto un concerto que finalizou con “Negra sombra”.

Premio Arraiano Maior

A Asociación Arraianos entrega dende o ano 2009 esta distinción, que premia o labor das persoas que traballaron a favor da cultura da raia galaico-portuguesa. No ano 2013 o galardoado foi Xosé Neira Vilas, en recoñecemento á súa traxectoria vital e literaria. A entrega do premio tivo lugar o 7 de setembro na sede da Fundación Neira Vilas en Gres, Vila de Cruces (Pontevedra) e neste acto estiveron presentes o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero; e o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Valentín García.

Referencias varias:

- Rosa Dans, “O escritor Xosé Neira Vilas xa é ‘Arraiano Maior’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 setembro 2013, p. 42.

Dáse conta do nomeamento de Neira Vilas como Arraiano Maior 2013 en recoñecemento da súa traxectoria vital e literaria. O acto tivo lugar na sede da Fundación Neira Vilas en Gres, Vila de Cruces, e contou coa presenza do presidente da RAG e do secretario xeral de Política Lingüística. No acto leuse o Manifesto Arraiano, visitáronse as instalacións da Fundación, houbo un recital de poemas e textos do premiado, unha comida e a entrega do diploma, boina e aguilloada a Neira Vilas por parte de Alonso Montero, galardoado o ano pasado.

Premios Barbantia da Cultura

Os Premios Barbantia da Cultura creáronse no ano 2007 pola Asociación Cultural Barbantia co propósito de recoñecer de xeito público a traxectoria cultural de persoeiros tanto galegos como da comarca da Barbanza. Existen tres modalidades: un premio Barbantia da Cultura, outro á Traxectoria Cultural no Barbanza e un á Iniciativa Cultural. Mentres que os dous primeiros están destinados a particulares, o terceiro diríxese a institucións. O galardón consiste nunha escultura de bronce feita polo artista e membro de Barbantia, Manuel Teira, que reproduce un sereo, símbolo do colectivo cultural, e inspirado no gravado do artista Fran Blanco Alcaide. Nesta sétima edición de 2013, o premio Traxectoria Cultural no Barbanza foi para Manuel Mariño del Río, mestre e investigador de Porto do Son; o premio Iniciativa Cultural no Barbanza destinouse á Asociación de Discapacitados Ámbar; e o premio Barbantia da Cultura Galega foi para Aurora Marco, profesora premiada polas súas investigacións e publicacións máis alá do ámbito comarcal.

Premio Bos e Xenerosos

Creado en 2004 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG), quere homenaxear persoas ou institucións que traballasen a prol da lingua, literatura ou cultura galega. En anteriores edicións este recoñecemento foi para Avelino Pousa Antelo (2004), o Museo do Pobo Galego (2005), a Asociación Cultural e Pedagóxica Ponte... nas ondas! (2006), o Laboratorio de Formas de Galiza e Isaac Díaz Pardo (2007), a Asociación Socio-Pedagóxica Galega (2008), Mariví Villaverde (2009), os Concellos organizadores do Premio Blanco Amor (2010), Francisco Fernández del Riego (2011) e Francisco Carballo (2012). Na décima edición de 2013 homenaxeáronse cinco humoristas gráficos: Siro, Gogue, Pepe Carreiro, O Carrabouxo e Xaquín Marín.

Referencias varias:

- J. M. R., “Bos e Xenerosos”, en la villa de Pondal”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 757, 2 decembro 2013, p. 6.

Dáse a coñecer que a Fundación Eduardo Pondal, no marco do Outono Pondaliano, fixo entrega dos Premios Bos e Xenerosos á cantante Mercedes Peón, ao escritor Víctor Freixanes e ao ceramista Xosé Vizoso.

Premio Celanova. Casa dos Poetas

Creouno en 1985 o Padroado Curros Enríquez e patrocinao o Concello de Celanova. O premio tenta recoñecer cada ano unha persoa ou entidade que, ao longo da súa existencia, se teña significado especialmente por desenvolver un intenso labor a prol da cultura galega en todas as súas facetas, ou da propia Galicia. O galardón non ten dotación económica e consiste nunha medalla de prata, obra do escultor Acisclo Manzano, que reproduce por unha cara a casa de Curros Enríquez e pola outra cinco “C” concéntricas, que simbolizan a letra pola que comezan os elementos identificativos deste premio “Casa, Curros, Celanova, Castor e Celso”. Cabe destacar que o nome de Castor se refire a Castor Elices, poeta romántico contemporáneo de Curros, que naceu tamén en Celanova, e o de Celso identifica a Celso Emilio Ferreiro. Así mesmo, o

galardoado recibe tamén unha placa de prata na que se recolle un extracto da acta do acordo, co fin de dar fe da concesión do premio e asina no libro de honra do premio. O xurado está composto exclusivamente pola Xunta Directiva do Padroado Curros Enríquez, presidido polo alcalde, e da que forman parte xentes de diversos ámbitos culturais de Celanova, tendo como figura máis salientábel no seu seo ao escritor orixinario de Vilanova dos Infantes, Xosé Luís Méndez Ferrín. Todos os galardoados co premio convértense en Patróns de Honra, con dereito a asistir ás reunións da Fundación, con voz pero sen voto. Nesta edición de 2013 a Fundación Curros Enríquez decidiu conceder o XXIX galardón ao Grupo R de Comunicación polo seu labor a prol da lingua galega. O acto de entrega tivo lugar o 8 de setembro.

Referencias varias:

- S. de la Fuente, “El operador R se convierte en la primera empresa premiada con el ‘Casa dos Poetas’”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 24 febreiro 2013, p. 44.

Fálase das últimas iniciativas desenvolvidas pola Fundación Curros Enríquez, como a entrega deste premio ao Grupo R de telecomunicacións, e a creación da Asociación de Amigos e Protectora da Real Academia Galega. Saliéntase a importancia que ten para o futuro do galego que unha empresa de novas tecnoloxías opte polo uso desta lingua.

- Maite Rodríguez, “Impulsan a Asociación Protectora da Academia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 24 febreiro 2013, p. 44.

Anúnciase unha das últimas iniciativas da Fundación Curros Enríquez: a entrega do “Premio Celanova, Casa dos Poetas”, ao Grupo R de telecomunicacións, entre outras cousas.

- Vicente Álvarez, “O grupo R recibirá o Celanova Casa dos Poetas o día 8”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 setembro 2013, p. 41.

O XXIX Premio Celanova, Casa dos Poetas comezará cun acto onde se fará unha entrega floral e un recitado de versos a Celso Emilio e Curros Enríquez. Posteriormente entregarase o galardón, unha medalla de prata e un diploma, a Arturo Dopico, en representación do Grupo R. O acto pecharase unha visita á Casa dos Poetas.

- A Rodríguez, “Dopico reafirmase no galego ó recinir o ‘Casa dos Poetas’”, *Atlántico Diario*, “Sociedad”, p. 52/ *La Región*, “Provincia”, p. 12, 9 setembro 2013.

Refírese á entrega do galardón “Celanova, Casa dos Poetas”, outorgado pola Fundación Curros Enríquez, á empresa de telecomunicacións R pola súa defensa do idioma e cultura galegas. Sinálase que esta é a primeira vez que o galardón se concede a unha empresa. O galardón está conformado por unha medalla de prata coas letras “C”, obra do escultor Acisclo Manzano, e un diploma realizado polo pintor Baldo Ramos.

- M. R., “R recibe o premio Casa dos Poetas pola súa aposta polo uso do galego”, *La Voz de Galicia*, “Alta definición”, 9 setembro 2013, p. 54.

Refírese á entrega do premio Casa dos Poetas á empresa R pola súa aposta de usar o galego na comunicación cos clientes e na publicidade. Indícase que por primeira vez en 29 anos o premio foi concedido a unha empresa e non a unha persoa do mundo da cultura galega.

Chairego de Honra

Galardón concedido pola Fundación Manuel María e a Asociación Cultural Xermolos, de Guitiriz, co obxectivo de recoñecer a traxectoria cultural e social de persoas relacionadas coa comarca da Terra Chá que non naceran nela. En anos anteriores premiouse a Xosé Neira Vilas e Anisia Miranda, Marica Campo, Avelino Pousa Antelo, Bernardino Graña, Paco Martín, Fiz Vergara Vilariño, Antía Cal e Uxío García Amor. Na edición de 2013 obtivo esta distinción a Asociación de Gaiteros Galegos polo seu labor de conservación e difusión da música tradicional dende hai 25 anos. Co motivo da entrega do galardón realizóuselle unha homenaxe o 22 de xuño na Casa da Cultura da Pastoriza.

Referencias varias:

- Cristina Pérez, “A Asociación de Gaiteros Galegos, Chairaga de Honra”, *El Progreso*, “A Chaira”, 23 xuño 2013, p. 18.

Xermolos e a Fundación Manuel María entregaron na Pastoriza a distinción de Chairago de Honra. Neste caso, os agraciados foron A Asociación de Gaiteros Galegos. O galardón recoñece a entrega pola música tradicional e a contribución á normalización da cultura do país. Segundo os premiados, nos 25 anos de vida da entidade vivíronse importantes avances, en parte, grazas ao maior número de grupos, estudos e profesionais da gaita.

Premio O Facho de Ouro

Convocado pola Asociación Cultural O Facho para galardoar a traxectoria vital de persoeiros galegos comprometidos coa lingua e a cultura galegas. No ano 2012 concedéuselle ao teólogo e dinamizador cultural Francisco Carballo Carballo polo seu labor a prol da cultura galega dende os anos 70. A entrega do galardón tivo lugar durante o transcurso dunha cea o último sábado do mes de xaneiro de 2012.

Premio Fernández Latorre

O 22 de maio de 1959 o Consello de Administración de *La Voz de Galicia* acordou instituír un premio de xornalismo para honrar a memoria do seu fundador, Juan Fernández Latorre. Dende ese ano, o galardón concédese con carácter anual o 25 de xullo, Día de Galicia, co obxectivo de premiar artigos referidos a Galicia publicados en calquera medio de comunicación, tanto nacional como estranxeiro. A dotación do premio pasou das 8.000 pesetas iniciais aos 10.000 € concedidos na edición de 2003. No ano 2013, o xurado da LV edición do Premio Fernández Latorre, constituído por:

Santiago Rey Fernández-Latorre, presidente da fundación; Lois Blanco Penas, Roberto L. Blanco Valdés, Sergio Cancelo Mallo, Luciano Vidán Martínez, vogais; José Francisco Sánchez Sánchez, vogal e director da fundación; Xosé Luís Vilela Conde, director de *La Voz de Galicia*, e Manuel Areán Lalín, vicepresidente da Fundación, que actuou tamén como secretario, acordou conceder por unanimidade o galardón a Editorial Galaxia. O xurado valorou especialmente a contribución da editorial á recuperación e fomento da lingua e a cultura galegas e o seu compromiso inquebrantábel co patrimonio cultural de Galicia, que se ten concretado na publicación dos autores máis destacados da comunidade até formar un catálogo vivo de mil títulos. Destacou así mesmo o seu papel dinamizador da vida intelectual galega e a posta en marcha de proxectos tan ambiciosos e fundamentais para a comunidade como a Fundación Penzol e a revista *Grial*. O premio entregouse nunha gala que se celebrou no Museo Santiago Rey Fernández-Latorre o 21 de novembro.

Premio **Laxeiro**

Convocado dende o ano 2004 pola Fundación Laxeiro co propósito de recoñecer o labor en prol da cultura galega de diferentes persoeiros ou institucións, en anteriores edicións galardooou ao intelectual Francisco Fernández del Riego (2004), Julio Fernández Gayoso (2005), Xaime Isla Couto (2006), Isaac Díaz Pardo (2007), ao poeta Carlos Oroza (2008); ao pintor Antón Lamazares (2009), a Xosé Neira Vilas (2010), a María do Carme Kruckenberg (2011) e a Luis Caruncho (2012). No ano 2013, na décima edición, o Padroado da Fundación concedeulle o galardón a Jorge Castillo.

Homenaxe **Letra E**. Escritor na súa terra

Creado en 1995 pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe. Organízase baixo o lema “O escritor na súa terra”. Non ten dotación económica e consiste na plantación dunha árbore en homenaxe ao escritor, na inauguración dunha pedra que leva gravado un texto do autor e un xantar de confraternización. Dende a entidade convocante realízanse as xestións institucionais oportunas para que se lle dedique unha rúa ao galardoado. Ao mesmo tempo, entrégaselle unha escultura feita por Acisclo Manzano coa letra “E”, de escritor. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. Na XIX edición de 2013 concedéuselle o galardón a Marica Campo.

Referencias varias:

- A. C. V., “Un souto do Incio levará o nome de Marica Campo en homenaxe á escritora”, *El Progreso*, “Sarria”, 3 abril 2013, p. 19.

Coméntanse os actos que terán lugar con motivo da entrega deste galardón a Marica Campo no souto do Val do Mao, no municipio do Incio.

- Jaureguizar, “Dende que deixei de fumar hai cinco meses non volvíñ escribir”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, “Entrevista”, 28 abril 2013, p. 46.

Trátase dunha entrevista á escritora Marica Campo, con motivo do seu nomeamento como Autora do Ano por parte da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). A escritora comenta sobre como acolleu a homenaxe. Saliéntase o tipo de personaxe sobre o que máis escribe Marica Campo: as mulleres.

ELOS, “Marica Campo. Letra E”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 5 xuño 2013, p. 42.

Explica que a autora Marica Campo foi elixida autora do ano pola Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e comenta que por iso se lle outorgará a letra E o 15 de xuño e se lle poñerá o seu nome ao Souto do Val do Mao. Despois nomea as achegas á literatura infantil e xuvenil galega, con *Abracadabras* (2006), *Xoel aprendeu a voar* (2009) e *Noutra dimensión* (2011).

- L. P., “Marica Campo reivindica a lingua galega nunha homenaxe na súa terra”, *El Progreso*, “Sarria”, 16 xuño 2013, p. 13.

A escritora Marica Campo, homenaxeada polos seus compañeiros da AELG, recibiu na súa terra o premio Letra E. No acto, Campo reivindicou o uso da lingua galega en todos os ámbitos. Ademais, aproveitou para facer un percorrido pola súa extensa traxectoria literaria, o cal pechou coa descuberta ao público dun monolito conmemorativo cuns versos da autora lucense.

Medallas de Ouro de Galicia e Medallas Castelao

A Xunta de Galicia concede as Medallas de Galicia para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguen polo seu mérito ao servizo da comunidade galega en calquera aspecto social, cultural e económico. Consisten nunha medalla de ouro, quince de prata e trece de bronce. Dende o ano 2006, a entrega de medallas ten un único protagonista. Así mesmo, concede as Medallas Castelao, galardón creado en 1984 para conmemorar o retorno a Galicia dos restos de Castelao o 28 de xuño daquel ano, para distinguir a aqueles galegos que sexan autores dunha obra merecedora do recoñecemento do seu pobo no campo artístico, literario, doutrinal ou de calquera faceta da actividade humana. Na edición de 2013 concedéronse as Medallas de Ouro de Galicia á Fundación Penzol, á Organización Nacional de Cegos Españoles (ONCE) e ao político socialista Ceferino Díaz, a título póstumo. As Medallas Castelao foron outorgadas á Coral de Ruada, á empresa Hijos de Rivera, ao gaiteiro Carlos Núñez, á banda irlandesa The Chieftains, á escritora Úrsula Heinze e á atleta paralímpica Hilda Rodríguez. O acto de entrega das Medallas Castelao tivo lugar o 28 de xuño na igrexa de San Domingos de Bonaval; e o das Medallas de Ouro o 25 de xullo na Cidade da Cultura.

Referencias varias:

- X. A. Taboada, “Legítimo orgullo de un pueblo”, *Faro de Vigo*, p. 22/ *La Opinión*, p. 19, “Galicia”, 29 xuño 2013.

A Xunta vén de entregar as Medallas Castelao a Carlos Núñez, Ursula Heinze, Hijos de Rivera, Hilda Rodríguez e Coral de Ruada. Unha das querenzas foi a de proxectar Galicia internacionalmente. O acto pechouse cos agradecementos dos galardoados e coa interpretación dunha peza musical por parte de Carlos Núñez e Paddy Moloney.

- Martín G. Piñeiro, “Hijos de Rivera y el músico vigués Carlos Núñez recibirán la medalla Castelao 2013”, *Diario de Pontevedra*, p. 32/ “Hijos de Rivera y la atleta de Portomarín Hilda Rodríguez, Medallas Castelao 2013”, *El Progreso*, “Galicia”, 31 maio 2013, p. 28.

A Xunta de Galicia concede a Medalla Castelao a diferentes personalidades que teñen en común o seu papel de embaixador de Galicia no exterior. Hijos de Rivera, Úrsula Heize, Hilda Rodríguez, Coral de Ruada e Carlos Núñez. O acto de entrega das medallas, que simbolizan a cruz deseñada por Castelao para *As cruces de pedra na Galiza*, celebrárase no Panteón de Galegos Ilustres de Santiago de Compostela.

- Amaia Mauleón, “Vigo está en plena adolescencia en el mostrar al mundo sus posibilidades”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 2 xuño 2013, p. 41.

Carlos Núñez, gañador da Medalla Castelao 2013, confesa nunha entrevista o seu sentir tras o recoñecemento que lle foi dado. Por último, aborda cuestións referentes á súa cidade, Vigo, e achéganse datos sobre a súa traxectoria musical.

- Ana Baena, “Había que demostrar a Chieftains que o seu amor por Galicia é correspondido”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 3 xuño 2013, p. 5/ *La Región*, “Sociedad”, 21 xuño 2013, p. 51.

Carlos Núñez (Vigo, 1971), recente gañador da Medalla Castelao xunto cos Chieftains, concede unha entrevista na que aborda cuestións sobre o recente recoñecemento. Para Núñez, o galardón dálle folgos para continuar co seu traballo arredor do mundo. Por último, fala dos seus proxectos vindeiros, nos que destaca a participación na sintonía de La Vuelta a España.

- Xaime Leiro, “Feijóo mantiene que no hay supervivencia cultural, económica o política ‘no illamento’”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 29 xuño 2013, p. 16.

No Panteón de Galegos Ilustres levouse a cabo o acto onde os músicos Carlos Núñez e The Chieftains, a empresa Hijos de Rivera, a escritora Ursula Heinze, a Coral de Ruada e a atleta paralímpica Hilda Rodríguez recibiron a Medalla Castelao. Alí, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, avogou pola internacionalidade de Galicia e da cultura propia, onde el cre que se atopa o futuro do país.

- Xaime Leiro, “Un mosaico de la Galicia diversa arroja a los premiados”, *El Correo Gallego*, “Galicia”, 29 xuño 2013, p. 17.

As Medallas Castelao, entregadas en Bonaval, contaron con diversas personalidades pertencentes á política e á cultura do país. A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, o delegado do Goberno, Samuel Juárez, o alcalde de Santiago, Ángel Currás, ou o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, déronse cita no Panteón

de Galegos Ilustres para arroupar aos gañadores do 2013: Carlos Núñez e The Chieftains, Úrsula Heinze, Hilda Rodríguez, Hijos de Rivera e a Coral de Ruada.

- Ana Baena, “A Penzol recibe a Medalla de Galicia pola súa traxectoria”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 12 xullo 2013, p. 13.

A Xunta de Galicia entregará a medalla de ouro á Fundación Penzol grazas á súa defensa da nosa terra e ao feito de seren o centro de referencia na documentación sobre lingua e literatura. O galardón será entregado o 25 de xullo, coincidindo co día da autonomía.

- Martín G, Piñeiro, “Ceferino Díaz, la Once y la fundación Penzol, Medallas de Galicia 2013”, *Diario de Pontevedra/ El Progreso*, “Galicia”, 12 xullo 2013, p. 25.

A Xunta vai outorgar a súa máxima distinción, a Medalla de ouro de Galicia, á fundación Penzol, á ONCE, e ao histórico socialista lucense Ceferino Díaz. A este último recoñéceselle o seu compromiso co país. Da Fundación Penzol destácase a longa traxectoria dedicada ao estudo documental sobre a lingua e literatura galegas. Por último, a ONCE é galardoada polo seu labor de inclusión social.

- X. A. T., “Medalla de Oro de Galicia para Ceferino Díaz a título póstumo”, *La Opinión*, “Galicia”, 12 xullo 2013, p. 19.

O Consello da Xunta concedeu a Medalla de Ouro á ONCE, á Fundación Penzol e ao histórico socialista Ceferino Díaz. Destacouse o galeguismo de Díaz, considerado un exemplo de entrega cara ao país e de defensa á terra. As condecoracións entregáronse o 25 de xullo.

- Alfonso Zulueta de Haz,, “Ao servizo de Galicia”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 13 xullo 2013, p. 10.

O presidente da Fundación Penzol, Alfonso Zulueta, agradece o recoñecemento outorgado pola Xunta de Galicia, a Medalla de Ouro, máxima condecoración. Repasa os acontecementos vividos pola fundación ao longo da súa existencia: os fondos achegados por grandes personalidades, o traslado de local e o labor de dixitalización. Amais, fai unha homenaxe da figura de Fermín Penzol.

- Alfredo Conde, “Medallas de Galicia”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Los otros días”, 25 julio 2013, p. 4.

Refírese á entrega das medallas de ouro de Galicia e, en concreto, da medalla concedida postumamente a Ceferino Díaz, sinalando que é un recoñecemento moi merecido xa que participou activa e determinantemente na construción da Galicia autonómica. Laméntase que a decisión de outorgarlle esta medalla non chegara un ano antes para que o premiado puidese recollela e puidese saber que, en sentido persoal, o seu esforzo pagou a pena. Remátase expresando o desexo de que nunha próxima edición das medallas de Galicia se recoñeza a Xosé Luis Barreiro.

- M. Cheda, “Medallistas sin medallas”, *La Voz de Galicia*, “Galicia”, “Galardones aplazados”, 11 setembro 2013, p. 7.

Infórmase de que a Xunta aínda non sabe cando, onde nin como se entregarán este ano as Medallas de Ouro de Galicia, acto previsto para o 25 de xullo e que tivo que ser suspendido por causa do trágico accidente ferroviario acontecido o día 24 de xullo.

Navalla de Manuel María

Premio que outorgan a Irmandade Manuel María da Terra Chá e a Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz dentro dos actos do Día Nacional Manuel María que realizan anualmente para conmemorar o pasamento deste escritor. A entrega da Navalla ten lugar cada 8 de setembro dende o ano 2005 na Carballeira de Santa Isabel, en Outeiro de Rei, espazo de devoción do poeta da Terra Chá. No ano 2013 concedeuse ao escritor Paco Martín.

Premio Otero Pedrayo

Convócanos cada ano, dende o 1976, as deputacións provinciais para perpetuar e honrar a memoria do egrexio home de letras, premiar un labor que constituía unha achega eminente á cultura galega, fomentar os valores propios de Galicia e as obras que leven ao esclarecemento e á mellora dos seus homes e institucións. Poden optar ao premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura, pola Xunta de Galicia, oída a consellería correspondente, e polo propio xurado. A presentación da candidatura ten que enviarse ao presidente da deputación convocante, no prazo de tres meses a partir da convocatoria, e deben achegarse os seguintes documentos: descrición biográfica breve da persoa que aspira ao premio e documentos e antecedentes, que se consideren de interese para o coñecemento da dimensión literaria ou científica da persoa que se propón. Deben entregarse cinco exemplares, mecanografiados a dobre espazo, do traballo co que se opta ao premio, no caso de que a proposta estea baseada nunha obra ou produción singular concreta. No caso de personalidades e institucións, un exemplar do regulamento ou estatutos polos que se rexen e unha relación de tarefas levadas a cabo en relación co obxecto do premio. Está dotado con 30.050,61 € e conta cun xurado constituído polo presidente da Xunta de Galicia e os das catro deputacións provinciais e polos representantes das universidades de Vigo, da Coruña e de Santiago de Compostela, xunto con algún membro da Real Academia Galega e do Instituto Padre Sarmiento de Estudos Galegos. Nas edicións anteriores resultaron galardoados os seguintes grupos, entidades, institucións e personalidades: Carlos Casares Mouriño (1977); a sección de arqueoloxía do Instituto Padre Sarmiento (1979); Eligio Rivas Quintas (1980); a Fundación Otero Pedrayo (1981); Xaquín Lorenzo Fernández e José Fariña Jamardo (1982); o grupo Marcelo Macías (1983), Antonio Fidalgo Santamariña (1984); José López Calo (1985); Xosé Filgueira Valverde (1986); Emilio Duro Peña e Darío Xohán Cabana (1988); o Instituto da Lingua Galega (1989); Isaac Díaz Pardo (1990); Xosé Trapero Pardo (1991); Antonio Fraguas (1992); o Museo de Pontevedra (1993); a Asociación de Amigos del Museo Arqueológico Castelo de San Antón (1994); Francisco Fernández del Riego (1995); Julio Francisco Ogando Vázquez (1996); a Comunidade del Monasterio de Oseira (1997); o Museo do Pobo Galego (1998); Manuel María Fernández Teixeiro e Uxío Novoneyra (1999); Miguel Anxo Araújo Iglesias

(2000); Fundación Pedro Barrié de la Maza (2001); o Centro Gallego de Buenos Aires (2002); o Centro Galego de Montevideo (2003); a Irmandade Galega de Venezuela (2004); A Real Sociedade Benéfico Española-Hospital Espanhol de Brasil (2005); a Real Academia Galega e o Laboratorio de Formas (2006); Darío Xohán Cabana (2007); Marcos Valcárcel López (2008); Manuel Fraga Iribarne (2009); a escola e compañía de teatro Casahamlet, dirixida por Manuel Lourenzo e Santiago Fernández (2010); e Basilio Losada Castro en 2012. No ano 2013 o galardón foi entregado a Xosé Luís Méndez Ferrín nun acto celebrado o 26 de outubro.

Referencias varias:

- X. M. Del Caño, “Méndez Ferrín, premio Otero Pedrayo, de las cuatro diputaciones gallegas”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 37/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 47, 19 marzo 2013.

Refírese a Xosé Luís Méndez Ferrín que foi galardoado co “Premio Ramón Otero Pedrayo” nesta edición de 2013. Coméntase tamén a súa candidatura ao Pen Clube e ao Premio Nobel de Literatura por sétimo ano consecutivo.

- X. M. C., “Si no le concedieron el Nobel a Otero cómo me lo van a dar a mí”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, p. 37/ *La Opinión*, “Cultura”, p. 47, 19 marzo 2013.

Achégase unha breve entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín, na que o escritor comenta a importancia que Otero Pedrayo tivo na súa vida.

- Xosé Manoel Rodríguez, “Xosé Luís Méndez Ferrín gaña o Premio Ramón Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 marzo 2013, p. 35.

Saliéntase á traxectoria profesional do novo galardoado con este premio, como homenaxe a toda unha vida de creación de literatura comprometida.

- Camilo Franco, “A ameaza da Academia é de absorción, estrangulación e perda de identidade”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 19 marzo 2013, p. 35.

Acóllese unha breve entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín, con motivo deste galardón, na que fala da importancia de conservar un premio institucional para as catro provincias.

- E. P., “Méndez Ferrín recibirá o premio Otero Pedrayo en Ourense o día 26 de outubro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 29 setembro, p. 45.

Infórmase de que o próximo 26 de outubro terá lugar a entrega do premio Otero Pedrayo en Ourense a Méndez Ferrín. A Deputación de Ourense considéao como o recoñecemento institucional de máis relevancia debido a que nel participan as catro deputacións, a Xunta, as tres universidades galegas, o Instituto de Estudos Padre Sarmiento e a RAG. Outros galardoados foron Manuel María, Casares, Díaz Pardo, Fernández del Riego, Trapero Pardo, Novoneyra e Fraga, ademais de institucións como a RAG.

- X. M. del Caño, “Ferrín: ‘Galaxia y la Fundación Trasalba son desleales con la

memoria de Otero Pedrayo”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 29 setembro 2013, p. 42.

Recóllense as declaracións de Méndez Ferrín nas cales afirma que Galaxia e a Fundación Trasalba, dirixidas por Víctor Freixanes, son desleais con Otero Pedrayo porque non repoñen as súas obras e non fan unha edición crítica sobre a súa produción literaria. Infórmase de que fixo estas declaracións ao coñecer que recibirá o premio Otero Pedrayo o próximo 26 de outubro no Centro Cultural Marcos Valcárcel de Ourense. Con respecto a este galardón, Ferrín declarou estar moi honrado por recibilo debido á grande admiración que sente polo autor e que o recollerá con máis emoción porque o acto terá lugar a 50 metros da casa na que naceu.

- Gonzalo Gay, “Ferrín, feliz ‘co premio máis importante do país”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, p. 47/*La Región*, “Ourense”, p. 12, 27 outubro 2013.

Indica que a entrega do Premio Otero Pedrayo a Xosé Luís Méndez Ferrín tivo lugar no Centro Cultural Marcos Valcárcel, en Ourense. Di que o acto comezou cunha interpretación musical, á que seguiu a gravación dun discurso de Otero Pedrayo en Bos Aires. Posteriormente, comenta que Ferrín indicou que se atopaba moi satisfeito co recoñecemento, recordou a súa nenez na cidade ourensá e destacou a influencia que exerceu sobre el o persoeiro que dá nome ao galardón recibido. Tamén falou da necesidade de crear uns premios nacionais que se estendesen a todos os ámbitos do saber.

- Lorena R. de la Torre, “Ferrín lamenta que a literatura galega careza do seu propio Premio Cervantes”, *Diario de Pontevedra*, “Vivir aquí”, “Sociedad”, 27 outubro 2013, p. 84.

Dá noticia de que ao recoller o premio Otero Pedrayo, Xosé Luís Méndez Ferrín afirmou que se trataba dun dos momentos máis relevantes da súa vida. Indica que no acto tamén fixo referencia á necesidade de crear uns premios nacionais en Galicia, á polémica orixinada polo decreto do plurilingüismo, á Real Academia Galega e á situación da lingua, así como lembrou a súa nenez en Ourense.

- S. de la Fuente, “Ferrín cree que la RAG ‘está paralizada’ bajo la dirección de Alonso Montero”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 27 outubro 2013, p. 42.

O XXXVI Premio Otero Pedrayo concedido polas catro diputacións galegas e a Xunta de Galicia foille entregado a Ferrín nun acto que lle serviu ao ourensán para criticar a situación actual da Real Academia, a cal vive tempos de cambios. Por último, o escritor de “Arraianos” demandou un maior protagonismo a nivel nacional da literatura galega.

- Lorena R. de la Torre, “Méndez Ferrín defende crear premios nacionais en Galicia e dotalos de cartos”, *El Progreso*, “Vivir”, “Cultura”, 27 outubro 2013, p. 56.

O expresidente da Real Academia Galega, Xosé Luís Méndez Ferrín, recolleu en Ourense o premio Otero Pedrayo, o cal gañou na súa XXXVI edición. Ferrín solicitou a creacións de premios nacionais en Galicia dedicados á literatura, ás ciencias e ás artes. Amais, repasou a situación da lingua galega, a que considera como “agredida” polas institucións. Por último, opinou sobre a situación da Real Academia Galega.

- X. M. R., “Méndez Ferrín pide a creación duns ‘premios nacionais’ para Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 27 outubro 2013, p. 47.

Informa que Xosé Luís Méndez Ferrín recibiu en Ourense o Premio Otero Pedrayo e que amosou a súa satisfacción no momento de recollelo. Comenta que o autor fixo referencia á carencia duns premios nacionais en Galicia, lembrou que a xustiza lle dera a razón no tocante ao decreto do plurilingüismo e afirmou que a Real Academia Galega se atopa “paralizada”. Indica que Manuel Baltar recoñeceu a relevancia de Ferrín e Anxo Lorenzo destacou o seu compromiso.

Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro dende 1964, nun acto que se celebra o domingo seguinte ao Día das Letras Galegas. Concédense dous premios: o “Pedrón de Ouro”, que trata de destacar aquela personalidade ou entidade viva residente en Galicia que sobresaia na defensa da cultura galega, e o “Pedrón de Honra”, que distingue aquelas persoas vivas ou entidades, galegas ou non galegas, que engrandecen a nación e cultura galegas. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. En edicións anteriores, recibiron o Pedrón de Ouro Isidro Parga Pondal, Xohana Torres, Xosé Filgueira Valverde, Isaac Díaz Pardo, Ánxel Fole, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Antón Fraguas, Xosé Manuel Beiras, Francisco Xavier Río Barja, Xusto G. Beramendi, Camilo Nogueira, Lidia Senra e Nova Escola Galega. No ano 2013, o “Pedrón de Ouro” recaeu no grupo de teatro Airiños, de Rianxo, e o “Pedrón de Honra” na musicóloga Dorothé Schubarth. O acto de entrega tivo lugar o 19 de maio na Casa Museo de Rosalía en Padrón.

Referencias varias:

- Javier García, “Os premios do Pedrón, para Airiños e Dorothé Schubarth”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 6 abril 2013, p. 43.

Anúncianse os premiados pola Fundación Pedrón de Ouro nesta edición: o colectivo teatral Airiños e a investigadora musical Dorothé Schubarth. Coméntase a traxectoria dos gañadores e a razón pola que recibiron o premio.

- Vicente Plaza, “El grupo de teatro Airiños recibe hoy el Pedrón de Ouro”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 19 maio 2013, p. 42.

Dáse conta da entrega dos premios Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra no Museo Rosalía de Castro de Padrón. Preséntase brevemente aos premiados, que non son outros que o colectivo teatral Airiños e a investigadora musical Dorothé Schubarth.

- Vicente Plaza, “Pedrón de Ouro para ‘Airiños’ y Schubarth”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 20 maio 2013, p. 42.

Refírense os premiados con este galardón, explicando a importancia do grupo de teatro Airiños para a pervivencia do teatro en galego e comentando o *Cancioneiro Popular Galego*, froito da investigación de Dorothe Schubarth.

Premio Pen Clube Voz de Liberdade

O Pen Clube concede este premio, de convocatoria bianual, a unha personalidade da literatura galega que destaque na defensa dos dereitos de expresión e opinión recollidos na Carta Fundacional do International PEN. O galardón, sen dotación económica, consiste nunha peza artística única e irrepetíbel dun artista galego. No ano 2013 tivo lugar a sexta edición e o xurado, composto por Marilar Aleixandre, Miro Villar, Bieito Iglesias, Manuel Guede e Inma López Silva, actuando como presidente Luís G. Tosar - presidente do Pen de Galicia e Xabier Castro, como secretario, decidiu outorgarlle o premio ao poeta Salvador García Bodaño, en recoñecemento da súa dilatada traxectoria de autor de artigos xornalísticos en defensa da liberdade.

Referencias varias:

- Fran P. Lorenzo, “O ‘intérprete do seu tempo e da súa terra’, premio Voz de Liberdade”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 15 xuño 2013, p. 37.

Salvador García-Bodaño (Teis, 1936), fíxose co VI Premio Voz de Liberdade, o cal recoñece a liberdade de expresión dun autor da literatura do país. No acto, o profesor López-Casanova loou a figura e traxectoria literaria do galardoado. Na segunda parte do acto houbo un recitado poético a cinco voces, que contou coa presenza, entre outros, de Ana Romaní ou Xavier Seoane.

Premio Ramón Cabanillas da Asociación de Libreiros de Pontevedra

Convoca este premio a Asociación de Libreiros de Pontevedra, en colaboración coa Asociación Unha Grande Chea e o Concello de Cambados. En edicións anteriores recibiron os galardóns os escritores M^a Victoria Moreno, Adela Leiro, Ramón Caride, Xosé Vázquez Pintor, Fina Casalderrey, Francisco Fernández Rei, Emilio Ínsua e Maribel Iglesias. Na décima edición do ano 2013 recibiu o galardón Xesús Alonso Montero. O acto de entrega do premio tivo lugar no Auditorio da Xuventude de Cambados o 16 de maio.

Referencias varias:

- L. R., “As librarías conceden o X Premio Ramón Cabanillas ao académico e escritor Xesús Alonso Montero”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 10 abril 2013, p. 12.

Anúnciase a entrega deste premio e relátase a traxectoria profesional do homenaxeado, Xesús Alonso Montero.

- L. R., “As Letras Galegas escribíense con nome propio na vila”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 17 maio 2013, p. 12.

Coméntanse os actos celebrados con motivo da entrega a Xesús Alonso Montero do X Premio Ramón Cabanillas, entre os que houbo unha ofrenda floral e poética diante do monumento ao “poeta da raza” en Cambados.

Premio Ramón Piñeiro. Facer País

Premio convocado pola Asociación Cultural Val de Láncara, en colaboración con outros colectivos, co que se pretende enxalzar a vida e obra de persoas e institucións que no día a día loitaron por facer país. Non posúe dotación económica e consiste nunha obra de arte. O primeiro persoeiro que recibiu este premio foi o empresario e artista Isaac Díaz Pardo e nas seguintes edicións recaeu no actor Luis Tosar; no grupo de música folk Milladoiro; no político Xosé Manuel Beiras; no escritor Xosé Neira Vilas; no semanario *A Nosa Terra*; en Avelino Pousa Antelo; na escritora Luz Pozo Garza; na Real Academia Galega; nos músicos Xosé Luís Rivas Cruz e Baldomero Iglesias Dobarrío, coñecidos como Mini e Mero; e en Agustín Fernández Paz. No ano 2013, na XII edición, o prazo para presentar candidaturas rematou o 20 de agosto e o xurado, formado por máis de vinte colectivos culturais dos concellos de Láncara, Sarria e O Corgo, ademais de persoal do colexio Ramón Piñeiro da Pobra de San Xiao, concedeu o galardón á Mesa pola Normalización Lingüística. A decisión fíxose pública o 13 de setembro nun acto celebrado na biblioteca do Consello da Cultura Galega.

Referencias varias:

- Sergio Rodríguez, “El fallo del premio Ramón Piñeiro se hará público el día 27 de agosto”, *El Progreso*, “Sarria”, 2 agosto 2013, p. 13.

A Asociación Cultural Val de Láncara convocou a XII edición do premio Ramón Piñeiro. Un recoñecemento que destaca a persoas ou institucións que se distinguen pola súa defensa da terra. Entre os vencedores atópanse Díaz Pardo, Neira Vilas, Luís Tosar, o grupo Milladoiro ou Luz Pozo Garza. O premio consiste nunha obra de arte dalgún artista galego.

- Vicente Plaza, “A Mesa consegue o novo premio Ramón Piñeiro ‘Facer país’”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 setembro 2013, p. 40.

A Mesa pola Normalización Lingüística fíxose co XII Premio Ramón Piñeiro. Esta plataforma destaca polo seu compromiso coa lingua en todos os ámbitos sociais. O xurado estivo constituído por membros de máis de vinte asociacións da comarca.

- Sergio Rodríguez, “El premio Ramón Piñeiro recae en la Mesa pola Normalización Lingüística”, *El Progreso*, “Sarria”, 14 setembro 2013, p. 21.

Faise eco do acto celebrado na biblioteca do Consello da Cultura Galega no que se deu a coñecer o fallo da décimo segunda edición do Premio Ramón Piñeiro Facer País. Sinálase que o galardón recaeu na Mesa pola Normalización Lingüística, debido á

promoción do galego en todos os ámbitos sociais, e indícase que a institución recibirá unha obra doada pola Escola de Arte Superior e de Deseño Ramón Falcón.

- A. C. V., “Doce anos Facendo País”, *El Progreso*, “Sarria”, 26 outubro 2013, p. 14.

Informa da entrega do décimo segundo premio Facer País á Mesa pola Normalización Lingüística, que promociona a lingua galega na sociedade dende 1986. Di que diversos escritores, políticos, músicos, actores e institucións recibiron con anterioridade o galardón do concello de Láncara, que leva o nome de Ramón Piñeiro, intelectual nacido no municipio.

Premio Roberto Vidal Bolaño das Redes Escarlatas

Creado polo colectivo Redes Escarlata en 2004, este premio está destinado ao recoñecemento público daquelas persoas ou entidades comprometidas coa lingua e a cultura galega e coa emancipación de Galicia. No ano 2013, o xurado acordou entregar o X Premio Roberto Vidal Bolaño ás persoas que manteñen o blog De volta para Loureda, de apoio ao preso independentista Carlo Calvo, no que teñen colaborado unha gran pluralidade de sinaturas. O premio, que non ten dotación económica, consistiu nun cadro do artista Xoán Pardiñas.

Premios Setecarballas

Convocados pola Fundación Ínsua dos Poetas, entréganse durante a celebración da Festa da Palabra, que se celebra anualmente no lugar denominado Ínsua dos Poetas, próximo ao Carballiño. No ano 2013 tivo lugar a quinta edición e o xurado, presidido por Luís González Tosar e composto por Manuel Calvelo, Xabier Castro, Antón Pulido, Antonio Piñeiro, Víctor Campio e Celso Sánchez, decidiu recoñecer con estas distincións a sección de Cultura de *La Voz de Galicia* pola histórica vinculación coa literatura galega, dende 1885, a través da Biblioteca Gallega dirixida por Juan Fernández Latorre e Andrés Martínez Salazar; a Fundación Premios da Crítica Galicia pola promoción da lingua e da cultura galegas; ao pintor e activista cultural Antón Sobral; a Asociación Ridimoas polo seu ecoloxismo comprometido; o Instituto Santiago Apóstol de Bos Aires; a empresa ourensá Aceites Abril; e a asociación antidroga Renacer Ribeira.

Premio Trasalba

Premio creado no ano 1980 pola Fundación Ramón Otero Pedrayo que se outorga todos os anos, segundo o criterio do seu Consello Reitor, para conmemorar o pasamento de Ramón Otero Pedrayo. É un galardón de carácter honorífico, que recompensa o labor cultural e galeguista de distintos persoeiros vivos e que se entrega na casa-museo do escritor en Trasalba (Amoeiro-Ourense). O galardón consistía nunha placa, nun libro dos amigos conmemorativo do acto e nun debuxo dedicado de Isaac Díaz Pardo. Dende o ano 2012, coa ausencia do falecido Isaac Díaz Pardo, o agasallo consiste nunha figura de bronce de Ramón Otero Pedrayo realizada polo escultor Manuel Buciños. No ano 2013 tivo lugar a XXXI edición e o galardón foi entregado na Casa Grande de

Cimadevila (Amoeiro) a Cristina Pato pola súa proxección internacional, a súa condición de representante dunha nova xeración de artistas comprometidos coa difusión da cultura galega polo mundo e a calidade obxectiva e a súa actividade artística e profesional.

Referencias varias:

- V. Plaza, “Cristina Pato recibirá en junio el Premio Trasalba 2013”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 14 maio 2013, p. 41.

Dáse noticia do labor realizado por Cristina Pato como embaixadora da cultura galega por todo o mundo, con motivo do “Premio Trasalba” que outorga a Fundación Otero Pedrayo.

- Xosé Manoel Rodríguez, “A Fundación Otero Pedrayo premia á gaiteira Cristina Pato”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 14 maio 2013, p. 40.

Destácase o labor realizado por Cristina Pato, que vén de facerse con este premio a unha vida, recoñecéndoselle desta maneira a súa proxección internacional.

- X. M. Del Caño, “Cristina Pato se reinventa en Trasalba”, *Faro de Vigo*, “Ourense”, 1 xullo 2013, p. 13.

O presidente da RAG, Alonso Montero, entregoulle a Cristina Pato unha escultura de bronce que a acredita como a gañadora do XXXII premio Trasalba. No acto, a premiada fixo un repaso da súa traxectoria e recordou a súa familia, que foi partícipe dos seus éxitos.

- Luis Montero, “Cristina Pato, premio Trasalba por su excelencia y proyección artística”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 1 xullo 2013, p. 34.

A gaiteira Cristina Pato recibiu o XXXII premio Trasalba grazas ao seu papel na difusión da cultura galega. Alí, estiveron presentes, entre outros, o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o secretario xeral de Cultura. Pato pasa a formar parte dunha lista de premiados nas que se atopan ilustres personaxes como Díaz Pardo, Pura Vázquez ou Paz Andrade.

- Brais Lorenzo, “Cristina Pato recibe el premio Trasalba de la fundación Otero Pedrayo”, *El Progreso*, “Vivir”, 1 xullo 2013, p. 31.

Cristina Pato recibiu o premio Trasalba de mans do presidente da RAG, Alonso Montero. A promotora do galardón, a Fundación Otero Pedrayo, vén de editar o libro *Cristina Pato. Galicia no fol.*

- Jesús Manuel García, “Cristina Pato entra co Trasalba na galaxia de Otero Pedrayo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 xullo 2013, p. 26.

A ourensá Cristina Pato recibiu o 31º premio Trasalba nun acto celebrado no municipio de Amoeiro. Alí a premiada fixo referencia ao seu papel de emigrante, o cal condiciona

a súa música e produce que a entenda dun xeito diferente. Amais, Pato aproveitou o acto para subliñar os valores da familia e a figura da muller galega.

- Antonio Piñeiro, “O aleteo da bolboreta”, *La Región*, “Opinión”, 2 xullo 2013, p. 23.

Opina sobre a recente entrega do premio Trasalba a Cristina Pato. Fai unha loanza das súas calidades e felicítala pola obtención de tan prezado galardón.

Premio Xiria ao labor teatral

Outorgado pola Asociación Cultural Xiria e a Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas. No ano 2013 entregouse este galardón á empresa Frigoríficos do Morrazo pola súa aposta pola cultura e as artes escénicas.

Referencias varias:

- A. Agulla, “Frigoríficos del Morrazo recibirá o ‘Premio Xiria ao Labor Teatral’”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Bueu. Cangas. Moaña”, 22 xuño 2013, p. 6.

O XXX Premio Xiria ao Labor Teatral será outorgado á empresa Frigoríficos Morrazo polo seu apoio, dende a súa creación, a diferentes asociacións culturais. Recoñécese a súa aposta polas artes escénicas nun momento crucial para a cultura do país. Por último, destácase a Mostra Internacional de Teatro Cómico Festivo de Cangas, nacida no ano 1984.

X. 7. LITERATURA INFANTIL E XUVENIL

Premio **Ala Delta de Literatura Infantil**

O Grupo Editorial Luis Vives (Edelvives), consciente da importancia da calidade nas obras literarias destinadas ás nenas e aos nenos, convoca a vixésimo cuarta edición do Premio Ala Delta de Literatura Infantil, coa finalidade de promover a creación literaria para este lectorado e espertar o gusto pola lectura, estimular a súa fantasía e ofrecer unha visión ampla e coherente da realidade. Estabelécese un premio único, dotado con 12.100 € e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección “Ala Delta”. A extensión das obras, mecanografadas a dobre espazo, é dun mínimo de cincuenta folios e un máximo de cento vinte. Os orixinais deben ser inéditos e estar escritos en castelán ou en calquera lingua do Estado. O tema dos orixinais é libre, igual que o xénero literario, e enviáanse baixo plica dous exemplares cos datos da autoría a Edelvives “Premio Ala Delta” (Xaudaró, 25, 28034 Madrid). O xurado, nomeado por Edelvives, está formado por especialistas en literatura e educación. En anteriores edicións obtivo este galardón en galego *O carteiro de Bagdad*, de Marcos S. Calveiro, en 2007. En xaneiro do ano 2013 fíxose público o veredicto do xurado, que foi para o escritor Ignacio Sanz, pola obra *El hombre que abrazaba a los árboles*.

Premio **Alandar de Narrativa Juvenil**

Convocado por primeira vez no ano 2001 polo Grupo Editorial Luis Vives, este premio pretende animar a crear bos textos literarios para mozos e mozas a partir de doce anos, dirixidos a consolidar o gusto pola lectura, a ampliar a visión do mundo, a estar en contacto coa realidade e ofrecer claves para interpretala. Consta dun premio único, dotado con 12.100 € e a publicación, por parte de Edelvives, da obra premiada na colección “Alandar”. Pódense presentar novelas de tema libre, inéditas e escritas en castelán ou en calquera lingua do Estado español, cunha extensión máxima de cento cincuenta folios e mínima de cento vinte, mecanografados a dobre espazo. Deben enviarse baixo plica dous exemplares cos datos da autoría a Edelvives “Premio Alandar” (Xaudaró, 25, 28034 Madrid). O xurado, nomeado por Edelvives, está formado por especialistas en literatura e educación. No ano 2012 tivo lugar a XII edición e no mes de xaneiro fíxose pública a resolución do xurado, que decidiu outorgar o galardón a Francisco Díaz Valladares (Villamanrique, Sevilla, 1950) pola obra *Antares*. Neste ano abriuse a convocatoria da XIII edición, cun prazo de presentación de orixinais até o 4 de novembro de 2012.

Concurso de poesía **Anomar**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Certame Literario de Relato de Aventuras **Antón Avilés de Taramancos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Poesía Antón Zapata García

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premio Arraiano Maior

Ver o apartado X.6. deste *Informe*.

Concurso Artellando coa lingua

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio Arume de Poesía para Nenos

Convocado por vez primeira en 2001 pola Fundación Xosé Neira Vilas, é o único premio específico de poesía para crianzas e con el téntase estimular a creación poética e achegar o mundo da lírica aos máis pequenos. Complementábase co Premio Estornela de Teatro, que foi convocado por vez primeira no ano 2002, alternándose ambas as modalidades en anos sucesivos. Ao Premio Arume poden concorrer persoas de calquera nacionalidade que envíen un poemario inédito dun mínimo de trescentos cincuenta versos, escritos en galego, acompañado de dúas copias, á Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 36587 Pontevedra). As obras deben levar un título que tamén ten que constar nun sobre pechado e separado onde figuren os datos do autor. O premio consta dunha dotación de 1.000 € e a publicación da obra en Edicións Embora. En anteriores edicións, resultaron gañadores: en 2001 Xosé M^a Álvarez Cáccamo con *Lúa de pan*; en 2003 Helena Villar Janeiro con *Na praia dos lagartos*; en 2005 Marica Campo con *Abracadabras*; en 2007 Concha Blanco con *Cantos da rula*; en 2009 Xoán Babarro con *A princesa de Taramundi*; e en 2011 Rafa Vilar con *Patente de corso (pequeno diccionario pirata)*. Ao ano 2012 non lle correspondeu convocatoria. Na VII edición de 2013, o prazo de admisión de orixinais rematou o 31 de outubro. O xurado, composto por Xosé Neira Vilas, presidente da Fundación homónima; Juan Andrés Fernández Castro; Rosalía Morlán; e Xosé Luís Reimóndez, vicepresidente da Fundación, outorgaron o galardón á lucense María Xosé Lamas Fernández por *Cantigas para aprender a soñar*. Ademais outorgaron mencións de honra a Antón Cortizas, por “Cando as follas voan”; a María Canosa, por “O libro dos medos que non o son”; e a Xosé Luna Sanmartín, por “Versos e bicos”. A entrega dos galardóns e mencións de honra foi o 15 de decembro na sede da Fundación, coa asistencia do Secretario Xeral de Política Lingüística, de Xosé Neira Vilas, do director xeral de Medio Rural, Antonio Crespo; e do rexedor cruceño Jesús Otero.

Referencias varias:

- S. M., “A Fundación Neira Vilas convoca o Premio Arume”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 11 outubro 2013, p. 40.

Anúnciase a convocatoria da VII edición do Premio Arume de Poesía para nenos. Dise o lugar no que tivo lugar a presentación do certame e a finalidade do galardón. Finalmente sinálase a contía do premio e que a obra gañadora será publicada por Edicións Embora.

- Javier Pousada, “María Xosé Lamas recolleu o VII premio Arume de poesía”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 16 decembro 2013, p. 43.

Infórmase que na véspera tivo lugar a entrega da VII edición do Premio Arume de Poesía á lucense María Xosé Lamas pola obra *Cantigas para aprender a soñar*. Indícase dende cando se convoca o certame, dise quen participou no acto de entrega do premio e coméntase que tamén recibiron cadansúa mención de honra Antón Cortizas por *Cando as follas voan* e María Canosa por *O libro dos medos que non o son*. Recóllense tamén quen foron os integrantes do xurado e o que este salientou do poemario gañador. Finalmente faise un repaso á biobibliografía de María Xosé Lamas e achégase algunha información sobre o Premio Arume de poesía e o Estornela de teatro.

Premio da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG)

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Certame de Banda Deseñada sobre Teatro

Convocado pola Asociación Cultural Entrebambalinas, editora da *Revista Galega de Teatro*, A IV Edición estivo adicada ao texto *2132* de Roberto Vidal Bolaño. Poderán presentarse adaptacións do capítulo III da obra, cunha extensión máxima dunha páxina. O gañador recibirá o encargo de adaptar o texto completo.

Referencias varias:

- Mar Mato, “El cómic resucitado de Vidal Bolaño”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 16 agosto 2013, p. 34.

Diego Blanco (Viveiro, 1981) gaña o IV Certame de Banda Deseada sobre Teatro grazas á súa reformulación da obra *2132*, de Vidal Bolaño. Blanco achegou unha páxina de cómic baseada no terceiro capítulo da obra, que trata sobre a eliminación das identidades culturais do país. Tras recibir o premio, o autor terá que crear un cómic de doce páxinas que será publicado pola Revista Galega de Teatro.

Concurso do Libro Infantil O Barco de Vapor

Convocado pola Fundación SM dende o ano 1978 xunto ao Premio Gran Angular, a convocatoria en lingua galega comezou en 1984 para promover “a creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno”. Poden presentarse novelas orixinais, inéditas,

escritas en galego, de autores vivos, cunha extensión mínima de cincuenta páxinas, mecanografadas a dobre espazo, que non fosen premiadas noutro concurso. Deben enviarse por triplicado xunto cunha versión en soporte informático (disquette ou CD), a Ediciones SM (Impresores, 2, Urbanización Prado del Espino, 28660 Boadilla del Monte, Madrid), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor. O xurado é nomeado pola Fundación Santa María e está constituído por especialistas en literatura, pedagogía e educación e un representante da entidade patrocinadora. Contaba cunha dotación económica de 6.000 € e a publicación da obra en SM Xerme até o ano 2007, no que aumentou a contía do galardón a 10.000 € para potenciar a creación de Literatura Infantil e Xuvenil en galego. En 2010 a contía volveu reducirse a 6.000 €. Nas edicións anteriores resultaron galardoadas as seguintes obras: *Das cousas de Ramón Lamote*, de Paco Martín (1984); *Primeiro libro con Malola*, de Xoán Babarro e Ana M^a Fernández (1985); *Aventuras de Sol*, de Alberto Avendaño (1986); *O globo máxico*, de Andrés García Vilariño (1987); *Memorias dun río*, de Antón Cortizas Amado (1988); *Barrigaverde e o dragón Achís*, de Xoán Babarro e Ana M^a Fernández (1989); *O deus desaparecido*, de Pepe Carballude (1990); *O conto dos sete medos*, de Antón Cortizas (1991); *Os náufragos de Malakadula*, de Alberto Avendaño (1992); *O castrón de ouro*, de Darío Xohán Cabana (1993); *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey (1994); *Os gritos das Illas Lobeiras*, de Antón Cortizas (1995); *A pirata Penamoura*, de Daniel Buján (1996); *Valdemuller*, de Xosé A. Neira Cruz (1997); *A lenda do capitán Miñoca*, de Dolores Ruiz (1998); *Os ollos do tangaleirón*, de Xosé A. Neira Cruz (1999); *Alén das estrelamares*, de Xoán Xosé Lago Pereira (2000); *De como o santo dos croques se fai peregrino*, de Pepe Carballude (2002); *O meu nome é Skywalker*, de Agustín Fernández Paz (2003); *Unha bruxa ben rara*, de Carlos Mosteiro (2006); *O canto dos peixes*, de Marcos S. Calveiro (2008); e *Mundo Arb*, de Manuel Lourenzo González (2011). No ano 2011 tivo lugar a XXVI edición e a partir de aquí pasou a ser de convocatoria bienal. En 2013 convocouse a XXVII edición, na que resultou gañadora a obra *O detective de Nullarbor*, de Antonio Yáñez Casal.

Referencias varias:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 8 xaneiro 2013, p. 42.

Lémbrese que está aberto o prazo para a presentación de orixinais ao Premio de Literatura Infantil Barco de Vapor 2013 convocado pola Fundación SM. Sinálanse algunhas das bases do Premio, a dotación e o recórdase o gañador da última edición.

Premio Internacional de Teatro para Títeres **Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques**

Ver o apartado X.3. deste *Informe*.

Certame **Benito Losada de Banda Deseñada**

Este certame nace no ano 2012 no marco das XXIV Xornadas de Banda Deseñada de Ourense como unha maneira de honrar e agradecer o importante labor do ideador e mantedor destas xornadas durante 22 anos. A esta primeira convocatoria concorreron 15 autoras e autores con vinte traballos analizados e avaliados por un xurado composto por David Rubín, Óscar Iglesias e Simón Blanco, e por Xavier Paz como secretario sen voto, en nome do Proxecto Fundación Benito Losada. Na primeira edición resultaron gañadores Cristian Caruncho, Giovanna Lopalco e Xulia Vicente. Na edición de 2013, a segunda, con dúas categorías (menores de 17 anos e maiores desta idade) os galardoados foron Cristián Fojón e Xulia Vicente.

Referencias varias:

- Xabier Limia de Gardón, “Ilustradores de cómic en escena”, *La Región*, “Ourense”, 21 outubro 2013, p. 8.

Dáse noticia de que o Museo Municipal de Ourense acolle, entre outras exposicións, a das obras premiadas na primeira convocatoria do Certame Benito Losada.

IV Concurso BD Vigo

A Biblioteca Pública Central de Vigo convoca este premio de banda deseñada dende o ano 2010. Conta coas seguintes categorías: Infantil (nenos até 11 anos), Júnior (mozos entre 12 e 17 anos); Sénior (mozos de entre 18 e 30). Poden presentarse obras orixinais non premiadas, de tema, estilo e tratamento libres, en galego, cunha extensión mínima de dúas páxinas e máxima de catro, a cor ou branco e negro, con técnica libre e de autoría individual ou dun equipo debuxante/guionista/colorista. Os traballos deben presentarse en sobre pechado baixo lema e con outro sobre cos datos persoais na Biblioteca Pública Central de Vigo (Joaquín Yáñez, 6, Vigo). Concédense dous premios por categoría e consisten nun lote de produtos relacionados co mundo da banda deseñada e un diploma acreditativo. As obras premiadas formarán parte dunha exposición na biblioteca. Ademais o xurado pode realizar Mencións Especiais. Na edición de 2013, que modificou a categoría Sénior (agora será de 18 en adiante) o prazo de entrega rematou o 23 de marzo.

Premio Biblos-Pazos de Galicia

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premio de Microrrelato Carlos Casares

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

VIII Premio de Banda Deseñada Castela

Certame convocado pola Deputación da Coruña, dende o ano 2005, co obxectivo de incentivar a lingua galega e que vén completar a serie de premios tanto literarios coma

artísticos, organizados pola citada entidade. O premio está vinculado ao certame do cómic que se celebra todos os veráns, no que se dá a coñecer o ditame do xurado. Poden participar persoas maiores de idade, con narracións en banda deseñada inéditas e escritas en galego, cun máximo de dous autores por obra. A dotación é de 6.500 € ademais da publicación do libro con textos en galego. As bases do concurso poden consultarse no Boletín Oficial da Provincia. A temática das obras é libre cunha extensión entre corenta e oito e sesenta e catro páxinas. Deben presentarse por duplicado en exemplares separados, numerados, grampados ou encadernados á Deputación da Coruña (Avda. Alférez Provisional, 2, 15006, A Coruña). Nas anteriores edicións foron galardoados David Rubín Miguélez con *Onde ninguén pode chegar* (2005); Antonio Seijas Cruz con *Un home feliz* (2006); Jacobo Fernández Serrano con *Aventuras de Cacahuequi* (2007); Mariano Casas Gil con *Mensaxes* (2008); Daniel Montero Coira con *Sen mirar atrás* (2009); Brais Rodríguez Verde con *A man do diaño* (2010); e Iván Suárez e Ignacio Vilariño con *Titoán* (2011). Na oitava edición, correspondente ao ano 2012, o xurado decidiu outorgar o galardón a Francisco Bueno Capeáns por *Catálogo de beleza gratuíta* e nomear finalista a Rafael Saldaña López por *O misterio do Pico Sacro*.

Referencias varias:

- M. G. M., “Os 25 anos do Torrente Ballester levan á Deputación a preparar ‘algo especial’”, *El Ideal Gallego*, “A Coruña”, 28 febreiro 2013, p. 15.

Fálase das dotacións económicas que a Deputación da Coruña repartirá entre nove certames literarios.

- Diego Ameixeiras, “A simple arte de mirar”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 543, “Letras en galego”, 26 outubro 2013, p. 10.

Anuncia que Fran Bueno gañou a última edición do Premio Castelao de Banda Deseñada con *Catálogo oneroso de beleza gratuíta*, no cal convida aos lectores a unha reflexión sobre os elementos que compoñen a realidade na que estamos inmersos.

- M. Varela, “Hai unha xeración de autores galegos facendo cousas moi distintas”, *La Opinión*, “A Coruña”, 12 decembro 2013, p. 12.

Entrevista a Fran Bueno, oitavo gañador do Premio Banda Deseñada Castelao, convocado pola Deputación da Coruña, coa obra *Catálogo Oneroso de Beleza Gratuíta*. Nela resume o contido do cómic e dá conta das súas pretensións en relación ao traballo futuro; opina sobre a situación do mercado de BD en Galicia; fala dunha “xeración” de autores de BD galegos, da situación da industria do cómic en Galicia e do papel das editoriais e das institucións nestas.

Certame nacional de microrrelatos **Cidade da Coruña**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premio Internacional **Compostela para Álbums Ilustrados**

Convocado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela e a editorial Kalandraka dende o ano 2007, encádrase dentro da Campaña de Animación á Lectura, co obxectivo de estimular os creadores de calquera nacionalidade. Nas bases do premio defínese álbum ilustrado como un “libro no que o relato se conta a través de imaxes e textos, de tal xeito que ambos se complementen”. O premio estaba dotado de 12.000 €, mais na convocatoria do ano 2012 pasou a ser de 9.000 € en concepto de adianto dos dereitos autorais. Poden presentarse orixinais inéditos, con lema ou pseudónimo, realizados polo creador ou creadores do texto e da ilustración, en calquera das linguas oficiais da Península Ibérica, con exclusión dos empregados de Kalandraka, e en calquera tamaño, técnica e formato. A súa extensión non pode superar as corenta páxinas interiores e deben presentarse cinco copias do texto, escrito en calquera das linguas oficiais do Estado español, tres ilustracións orixinais e cinco fotocopias en cor de cada unha das ilustracións, así como unha maqueta co deseño. Deben enviarse en sobre pechado ao Rexistro Xeral do Concello de Santiago (Rúa do Presidente Salvador Allende, 4, 15705, Santiago de Compostela). O xurado está formado por persoas de recoñecido prestixio na área da literatura e ilustración infantil. A obra premiada editase en todas as linguas oficiais pola Editorial Kalandraka. En anteriores edicións resultaron galardoados *Cerca*, de Natalia Colombo, en 2008; *Una gran soño*, de Felipe Ugalde, en 2009; *La familia C*, con texto de Pep Bruno e ilustracións de Mariona Cabassa, en 2010; *El camino de Olaj*, de Martín León-Barreto Johnson, en 2011; e *Bandada*, de David Daniel Álvarez Hernández e Julia Díaz Garrido, en 2012. No ano 2013 tivo lugar a VI edición do certame e o prazo de presentación de candidaturas rematou o 1 de marzo. Presentáronse 374 traballos procedentes de 21 países e o xurado, formado polo ilustrador Emilio Urberuaga (Premio Nacional de Ilustración 2011), a escritora chilena María José Ferrada, a profesora Juana Vázquez, Manuela Rodríguez en representación de Kalandraka, o xefe do Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela, Xosé Manuel Rodríguez Abella, e a concelleira de Educación, María Castela, decidiu por unanimidade conceder o galardón á arxentina Mariana Ruiz Johnson (Bos Aires, 1984) pola obra *Mamá*, presentada baixo o lema *Parvada*. Ademais concedéronse dúas mencións especiais a “Panda”, de Marcos Guardiola Martín (Madrid) e “Un día cualquiera”, de Cristina Martín Recaséns (Tarragona). O fallo do xurado deuse a coñecer o 2 de abril, no marco do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil e das actividades da XIII Campaña de Animación á Lectura do Concello de Santiago e o acto de entrega do premio tivo lugar o 8 de novembro no Pazo de Raxoi.

Referencias varias:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 20 febreiro 2013, p. 42.

Dáse conta do prazo de presentación de orixinais e da contía do VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado, convocado polo Departamento de Educación do Concello de Santiago de Compostela, en colaboración coa Editorial Kalandraka.

- ECG., “Una argentina gana el Premio de Álbum Ilustrado”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 6 abril 2013, p. 25.

Anúnciase a gañadora da sexta edición do Concurso Internacional Compostela de Álbum Ilustrado: *Mamá*, de Mariana Ruiz Johnson.

- Tamara Montero, “Para ser ilustrador saber dibujar no es lo fundamental”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 5 abril 2013, p. L2.

Entrevístase a Emilio Urberuaga, xurado do Premio Álbum Ilustrado Compostela e ilustrador de *Manolito gafotas*.

- Tamara Montero, “Compostela escoge a su gente ilustrada”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 6 abril 2013, contracuberta.

Fálase do sexto Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado. Cítase o xurado e noméase a vencedora, Mariana Ruiz Johnson, por *Mamá*, e as mencións especiais: Marcos Guardiola, por *Panda*, e Cristina Martín, por *Un día cualquiera*.

- ECG., “‘Mamá’ gana el VI Premio Álbums Ilustrados”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Internacional”, 9 abril 2013, p. 28.

Anúnciase a gañadora do VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado: *Mamá*, de Mariana Ruiz Johnson.

- ELOS, “VI Premio Internacional Compostela de Álbum Ilustrado”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas elixidos”, 1 maio 2013, p. 43.

Saliéntase á ilustradora Mariana Ruíz Jonhson por ter gañado o VI Premio Internacional de Álbum Ilustrado coa obra *Mamá*. Explicase que a esta edición concorreron traballos de vinte e un países, que esta ilustradora se formou en diferentes escolas e que ten colaborado con numerosas editoriais. Do traballo gañador sinálase que o xurado destacou a habelencia no tratamento da cor, a temática universal e a homenaxe a grandes figuras da pintura.

Certame Literario **Concello de Ames de Narrativa e Poesía**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

II Certame de Relato Curto de Nadal do **Concello de Cambre**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame Literario de poesía e narración breve **Concello de Cambre**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Narración Curta do **Concello de Curtis HAPPY CURTIS**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Relato Curto do **Concello de Quiroga**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de Relato Breve e Poesía do **Concello de Rois**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Concurso de conto infantil ilustrado **Contando historias**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

X Certame de Relatos **Contos na Lareira da Asociación cultural O Arrieiro de Moraña**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premios da **Crítica de Galicia**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Poesía **Díaz Jácome para Novos Creadores**. Concello de Mondoñedo

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Concurso de Contos **Durmo... se me contas un conto**

Certame que convocou en 2013 a súa segunda edición. Organizado polo concello de Muxía, dentro do seu programa de dinamización lingüística. Establécese un primeiro premio composto por un ordenador e un libro en galego; un segundo premio dotado cun lote de libros en galego, e un terceiro premio que consta dun xogo e un libro en galego. O premio está dirixido a nenos e nenas de até nove anos, en colaboración cos seus titores. No ano 2013 foron vencedores Erik Castro Graíño, Camilo Pablo Rodríguez Espasandín e Laura Castro Tedín.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Entrega de premios literarios en Muxía”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 606, 3 xullo 2014, p. 6.

Relatase a entrega dos premios do certame.

Premio **Edebé** de Literatura Infantil e Xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas novas e diferentes, sorprendentes e imaxinativas, en castelán ou en calquera das linguas do Estado español. Foron dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas ao lectorado de entre sete e doce anos, dotada con 25.000 €; e a xuvenil, para obras dirixidas ao lectorado de máis de 12 anos, dotada con 30.000 €. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de vinte páxinas e un máximo de oitenta para a modalidade infantil, e de oitenta a dúascentas para a xuvenil. Deben presentarse mecanografados a dobre espazo e enviarse por triplicado, baixo plica, á Editorial Edebé (Paseo San Juan Bosco, 62, 08017 Barcelona), con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado está formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición dáse a coñecer no momento da realización do ditame do premio, fixado para finais de xaneiro. Nas edicións anteriores recibiron este galardón as seguintes obras en lingua galega: *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez en 1995; *O estanque dos parrulos pobres*, de Fina Casalderrey en 1996, e *A escola de piratas*, de Agustín Fernández Paz en 2005 na modalidade infantil; e *Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz en 1994 na modalidade xuvenil. Nesta vixésima edición resultaron gañadores David Nel·lo (Barcelona, 1959) con *La nueva vida del señor Rutin*, escrita orixinariamente en catalán; e Pedro Riera (Barcelona, 1965) con *La tumba de Aurora K*.

Premio Internacional de Álbum Ilustrado **Edelvives**

Creado no ano 2012 pola editorial Edelvives, poden optar a este premio todos os escritores e ilustradores de calquera nacionalidade que presenten proxectos de álbums ilustrados en lingua castelá, inglesa, francesa ou en calquera das linguas do Estado español. Os participantes deben ser maiores de idade e poden enviar un máximo de dous proxectos, orixinais, inéditos, e que non fosen presentados a outro concurso. O premio, dotado con 12.000 €, concédese ao mellor proxecto editorial de álbum ilustrado presentado, non a unha obra fechada. Valóranse aspectos como mellor proposta ou idea orixinal de proxecto, mellor texto adaptado, mellor ilustración, mellor proposta de escenarios, mellor *storyboard* e mellor proposta de gardas. O formato é libre, pero non pode ser inferior a 21 x 18,5 cm nin superior a 30 x 39 cm. A extensión debe ser de 32 páxinas (gardas incluídas). O texto debe ser unha reescritura ou reinterpretación dun conto clásico, lenda, ou pode estar baseado nun mito ou personaxe coñecido. A extensión non pode ser superior a 6.000 matrices. Os concursantes deben entregar un documento onde describan en que consiste o proxecto, ademais do texto da obra, o *storyboard*, dous orixinais de ilustración completamente acabados que mostren o protagonista en diferentes escenarios, e unha proposta de gardas. Todos os datos

persoais envíanse baixo plica, que debe conter o nome, a dirección, o número de teléfono e a dirección de correo electrónico do autor ou autores e unha breve nota biográfica dos participantes. Ademais, hai que remitir mostras de dúas ilustracións orixinais a cor (ou un CD coas ilustracións orixinais presentadas en alta definición se a ilustración se realizou con ordenador), unha proposta de gardas e tres copias en papel coa seguinte información: descrición do proxecto, orixinal do texto, *storyboard* e copias a cor de cada unha das ilustracións orixinais presentadas a: Edelvives (Premio Álbum Ilustrado) Xaudaró, 25 - 28034 Madrid. A concesión do premio leva incluída a edición do proxecto por parte de Edelvives e a súa posterior publicación nun prazo máximo de oito meses a partir do fallo. O xurado é nomeado por Edelvives e está formado por especialistas de diferentes ámbitos da cultura e da creación artística. En 2012 resultou gañadora a obra titulada *El hombre que quiso conocer a la luna*, de Elena Muñoz Sacristán. Nesta segunda edición de 2013 gañou o álbum titulado *El barco volante y los personajes estafalarios*, con ilustracións de Lucie Müllerova e texto de Serenella Quarello.

Premios da **Edición**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Concurso Literario de Microrrelatos para a **Erradicación da Violencia de Xénero**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premio de Teatro para Nenos **Estornela**

Coa finalidade de estimular a creación teatral e de proporcionarlles a nenas e nenos obras que poidan representar, a Fundación Xosé Neira Vilas convoca este premio, que alterna anualmente co Premio Arume de Poesía para Nenos. Poden concorrer todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega. Cada orixinal pode conter unha ou varias pezas teatrais. Os orixinais deben enviarse, acompañados de dúas copias, á sede da Fundación Xosé Neira Vilas (Gres, 36587 Vila de Cruces, Pontevedra). A Fundación escolle un xurado de recoñecido prestixio e o galardón consiste na publicación do traballo premiado e nunha dotación económica de 600 €, que antes da edición de 2012 era de 1.000 €. En edicións anteriores os galardóns foron para *Música na noite*, de Manuel Lourenzo en 2000; *Os mundiños*, de Heidi Kühn-Bode en 2002; *O ensaio*, de Xosé Agreló, *O porco que perdera a cabeza*, de Ana María Galego Gen e *Xoguetes*, de Fran Peleteiro en 2004; *O filibusteiro do mar da Marola*, de Antonio Cordero Álvarez en 2006; *Larpancia saborosa do lobo e a raposa*, de Bernardino Graña en 2008; *Teatro de Xoguete*, de Carlos Labraña en 2010; *Arlequino Viceversa*, de Diana Varela Puñal, en 2012. En 2013 non lle correspondía.

Premio literario **Fernando Arenas Quintela** de narrativa e ensaio

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Certame **Francisco Añón de Poesía**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Certame literario da Asociación **Francisco Lorenzo Mariño**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio **Frei Martín Sarmiento**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio **Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín de Literatura Xuvenil**, anteriormente coñecido como Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil

Convocado por Edicións Xerais de Galicia e a Fundación Novacaixagalicia dende o ano 2006, está dotado con 10.000 € coa finalidade de promover a produción literaria en lingua galega. Poden presentarse, baixo lema, orixinais escritos en lingua galega por sextuplicado, conforme á normativa vixente. Os orixinais envíanse até primeiros de abril aos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, S.A. (Doutor Maraño, 12, 36211 Vigo). O xurado, que se dá a coñecer no mes de maio, componse de lectores mozos e de recoñecidos profesionais da cultura. Edicións Xerais resérvase os dereitos de edición da obra gañadora. O premio resólvese no transcurso da Cea Xerais xunto cos premios Merlín e Xerais de Novela (vid. apartado X.1. deste *Informe*). Nas edicións anteriores concedéronse os galardóns ás obras *A cova das vacas mortas*, de Jaureguizar (2006); *Illa Soidade*, de An Alfaya (2007); *A cabeza de Medusa*, de Marilar Aleixandre (2008), e *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros (2009). No ano 2011 tivo lugar a última convocatoria celebrada até o momento e o premio cambiou o seu nome a Premio Fundación Novacaixagalicia-Claudio San Martín de Literatura Xuvenil; concorreron vinte e tres obras e o xurado acordou outorgar o galardón á obra titulada *Febre*, do escritor e director de cine coruñés, Héctor Carré Menéndez. No ano 2012 e 2013 non houbo convocatoria.

Premio **Iberoamericano SM** de Literatura Infantil y Juvenil

Convocado por Ediciones SM coa colaboración da Feira Internacional do Libro de Guadalajara en México, en cuxo marco se entrega o premio. Poden candidatar-se os autores vivos que contan cunha valiosa obra de creación para o público infantil e xuvenil publicada e escrita en calquera das linguas que se falan en Iberoamérica. As candidaturas poden ser presentadas até o 31 de maio por calquera institución cultural ou educativa, editorial, asociación ou grupo de persoas relacionadas coa literatura infantil e xuvenil, enviando seis copias impresas da seguinte documentación: carta de que explique os méritos do autor, o seu curriculum vitae, os datos da entidade que presenta a candidatura e un portafolio que xustifique a traxectoria do autor postulado, xunto con seis exemplares de tres títulos publicados, representativos da súa obra. Conta cunha

dotación económica de 30.000 euros. Entre os gañadores do certame están o galego Juan Farias, galardoado na primeira convocatoria, e Agustín Fernández Paz, que levou o galardón no ano 2011. Na novena convocatoria, correspondente ao ano 2013, o premio foi para o escritor catalán Jordi Sierra i Fabra.

Concurso de relatos **Inspiraciencia**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premios **Irmandade do Libro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Concurso Literario **Xaime Isla Couto**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Lazarillo**

Este galardón, o máis antigo na Literatura infantil e xuvenil española, foi convocado polo INLE (Instituto Nacional do Libro Español) no ano 1958 co fin de estimular a literatura para a infancia e mocidade a través da produción de bos libros infantís e xuvenís. Dende o ano 1986 convócao a Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI), anualmente, co patrocinio do Ministerio de Educación e Cultura. Nun principio, tiña tres modalidades: Creación literaria, Ilustración e Labor editorial. Esta última, de carácter honorífico, quedou deserta a partir de 1971 e deixouse de convocar en 1975. O premio sufriu sucesivas modificacións, entre elas o incremento das dotacións económicas e a posibilidade de presentar orixinais en calquera das linguas oficiais do Estado español. Na convocatoria de creación literaria, dende 1997, contempláronse dúas categorías que van alternando cada ano, unha infantil (obras destinadas a un lectorado menor de 12 anos) e outra xuvenil (obras destinadas a un lectorado maior de 12 anos). Existen dúas modalidades: creación literaria e álbum ilustrado. Os textos que optan ao premio (que poden comprender unha ou varias obras) teñen que ter un mínimo de oitenta páxinas (dous mil cen caracteres cada unha), no caso de narrativa e teatro, e un mínimo de cento cincuenta versos para obras de poesía. O xurado está presidido por quen ocupe a Presidencia da Organización Española para o Libro Infantil e Xuvenil; serán vogais un representante da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix), do Consejo General del Libro Infantil y Juvenil, del Consell Catalá del Llibre Infantil i Juvenil (CliiCAT) e de Galtzagorri Ekartea, como seccións de OEPLI, e actuará como secretaria, con voz pero sen voto, a persoa que ocupe a Secretaría Técnica de OEPLI. As persoas que concursen deben remitir á Secretaría da OEPLI (Santiago Rusiñol, 8, 28040 Madrid) catro exemplares de cada unha das obras coas que desexen concorrer. Os orixinais deben presentarse baixo lema, xunto cun sobre pechado co lema identificador e o título antes do 30 de maio. En anteriores edicións recibiron o galardón as seguintes obras en galego: en 1990 *Contos por palabras*, de Agustín Fernández Paz; en 1999 *A banda sen futuro*, de Marilar Aleixandre; en 2001

Amar e outros verbos, de Ana María Fernández Martínez; en 2005 *A sombra descalza*, de An Alfaya; en 2004 *A noite da raíña Berenguela*, de Xosé Antonio Neira Cruz; en 2009 *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos S. Calveiro; e en 2012 *Leviatán*, de Ramón Trigo. Na edición de 2013 resultaron gañadores Manel Ballart Piqué, por *Cada gra de raím*, e na categoría de álbum ilustrado Pablo Albo e Iratxe López de Munáin, por *La mujer más alta del mundo*.

Homenaxe **Letra E**. Escritor na súa terra

Ver o apartado X.6. deste *Informe*.

Premio aos **Libros Mellor Editados** do Ministerio de Cultura do Estado español

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Poesía **Manuel Lueiro Rey**

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premio **Manuel María** de Literatura Dramática Infantil

Convócao o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM), actualmente AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), pertencente á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, conxuntamente co Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais e o Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (ver o apartado X.3 do *Informe*). Poden optar textos teatrais inéditos en galego dirixidos especificamente ao público infantil, quedando excluídas as obras de teatro breve e os textos para teatro de monicreques. A contía era de 4.000 €, e na convocatoria do ano 2009 ascendeu a 6.000 €. As obras deben ser de tema e extensión libres, tendo en conta o principio de duración normal dun espectáculo completo. A obra premiada pode ser publicada nas coleccións de AGADIC, que se reserva durante un prazo de dous anos o dereito a editalas. Os orixinais deben presentarse por sextuplicado, mecanografados a dobre espazo baixo lema e un sobre pechado cos datos persoais do autor a AGADIC (Rúa da Vesada s/n, San Lázaro, 15703 Santiago de Compostela). Segundo as bases da convocatoria, complementariamente á calidade literaria e dramática das obras, o xurado valora positivamente aqueles factores que inciden na súa viabilidade escénica e na calidade da lingua. Nas edicións anteriores concedeuse o galardón en 2006 a *Boas noites*, de Paula Carballeira; en 2007 a *Game over*, de Carlos Losada; en 2008 a *Pingueiras e tarteiras*, de Teresa González Costa; en 2009 a *Sopa de xarope de amora*, de Xosé A. Neira Cruz; en 2010 a *Os reloxos preguiceiros de Néboa*, de Francisco Xavier Lama López; en 2011 a *O refugallo*, de Paula Carballeira; e en 2012 quedo deserto.

Premio de Literatura Infantil e Xuvenil **Meiga Moira**

Convocado por primeira vez no ano 2004 por Baía Edicións. Está dotado cun único premio de 2.500 € e a publicación da obra na colección “Meiga Moira” de Baía Edicións. A súa convocatoria é bienal. Está dirixido a obras inéditas de creación literaria, en galego, sen límite de páxinas, dirixidas a nenas e nenos de 8 a 16 anos. Da obra inédita e non premiada deben enviarse cinco copias baixo lema nun sobre pechado cos datos persoais do autor antes do 17 de maio a Baía Edicións (Polígono Pocomaco, 2ª avda., parcela G-18, nave Posterior, 15190 A Coruña). O xurado está composto por cinco persoas de recoñecido prestixio, unha delas da editorial, que actúa como secretaria. En edicións anteriores recibiron o galardón *O lume dos soños*, de Cibrán Ulloa (2004); *Lóbez*, de Antonio Yáñez Casal (2006); *Globos de andar*, de Xavier López Rodríguez (2008); *Violeta Tamurana*, de Andrea Maceiras (2010); e *Bandeiras negras*, de Ana María Gallego Gen. No 2013 non tocaba convocatoria.

Premio Merlín de Literatura Infantil

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega. Dotado con 10.000 €, poden participar todos aqueles autores de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente. De cada orixinal hai que presentar seis copias en papel, mecanografadas a dobre espazo e debidamente encadernadas, nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (rúa Dr. Marañón 12, 36211, Vigo). Co orixinal, presentado baixo lema, debe acompañarse, baixo plica, o nome completo, enderezo e teléfono do autor, así como o título do libro, indicando no sobre: para o Premio Merlín de Literatura Infantil. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia pero, dende 1988, é constituído por cinco membros, escolleitos, para cada edición, entre lectores, algúns recoñecidos profesionais da cultura e un secretario con voz e sen voto nomeado pola editorial. Por outra parte, Edicións Xerais de Galicia, que reserva os dereitos de edición sobre a obra premiada en todas as linguas do Estado español, coa posibilidade de ceder tales dereitos a terceiros, pode publicar esta sen limitación do número de exemplares nin de edicións. Os cinco mil primeiros exemplares vendidos están libres de pagamento de dereitos de autor e o beneficiario do premio, que se compromete a renunciar expresamente a calquera pretensión sobre os devanditos dereitos, recibe gratuitamente cincuenta exemplares da obra publicada. En edicións anteriores o galardón foi para: *A casa abandonada* (1987), de Úrsula Heinze, en 1986; *A princesa Lúa e o enigma de Kian* (1988), de Palmira González Boullosa, en 1987; *Ó outro lado do sumidoiro* (1989), de Xosé A. Neira Cruz, en 1988; *As flores radiactivas* (1990), de Agustín Fernández Paz, en 1989; *Fafarraios* (1991), de Gloria Sánchez García, en 1990; *Dúas bágoas por Máquina* (1992), de Fina Casalderrey Fraga, en 1991; *Os Mornias* (2005), de Dolores González Lorenzo, en 1992; *O gaitero e o Rato Pérez* (1994), de Bernardino Graña, en 1993; *A expedición do Pacífico* (1994), de Marilar Aleixandre, en 1994; *Perigo vexetal* (1995), de Ramón Caride Ogando, en 1995; *Na fogueira dos versos* (1996), de Antonio García Teijeiro, en 1996; *¡Sireno, Sireno!* (1997), de An Alfaya, en 1997; *A noite das cabras do aire* (1999), de Bieito Iglesias, en 1999; *As cousas claras* (2000), de Xosé A. Neira Cruz, en 2000; *A merla de trapo* (2003), de Antón Cortizas Amado, en 2001; *Pel de lobo* (2002), de Xosé Miranda Ruíz, en 2002; *Irmán do vento* (2003), de Manuel Lourenzo González, en 2003; *O Brindo de Ouro* (2004), de Xesús Manuel Marcos López, en 2004; *Unha branca de cobre para Martiño* (2005), de Ramón Carredano Cobas, en 2005; *O tesouro da lagoa de Reid'Is* (2006), de Agustín Agra Barreiro, en 2006; *Minimaladas* (2007), de Carlos

López Gómez, en 2007; *Xenaro e o misterio da mochila verde* (2009), de Mar Guerra Cid, en 2008; *Mil cousas poden pasar. Libro I* (2010), de Jacobo Fernández Serrano, en 2009; *A filla do ladrón de bicicletas* (2011), de Teresa González Costa, en 2010; *A chave da Atlántida* (2012), de Anxo Fariña, en 2011; e *Palabras de auga* (2013), de Marcos Calveiro. O xurado da XXVIII edición do premio (2013), formado pola profesora Rocío Carballeda Alonso; a licenciada en Filoloxía Hispánica e bibliotecaria Mar García Pérez; a doutora en Filoloxía Galega e docente na Universidade de Vigo Isabel Mociño González; a licenciada en Filoloxía Galega e profesora na Universidade de Santiago de Compostela Montse Pena Presas; o ilustrador e deseñador Antonio Seijas Cruz; e Helena Pérez Fernández, en representación de Xerais, actuando como secretaria, con voz e sen voto, o día 9 de xuño nun acto na illa de San Simón na Festa Xerais, no que actuou como mantedor literario o escritor Xabier P. Docampo, acordou outorgar o galardón á obra intitulada *O Castañeiro de Abril*, de Antonio Manuel Fraga Allegue (Pontedeume, A Coruña, 1976).

Referencias varias:

- ELOS, “Para lembrar”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, 14 marzo 2013, p. 50.

Recórdase que está aberto o prazo para enviar orixinais á XVIII edición do Premio Merlín de Literatura Infantil, convocatoria da que se lembran as bases e a contía do premio.

- M. J. R. e N. V., “O eumés Antonio Fraga gaña o Premio Merlín coa súa primeira obra”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 9 xuño 2013, p. 13.

O escritor Antonio Fraga gaña o premio Merlín con *O castañeiro de abril*. A obra, que evoca o lugar onde el vive, está protagonizada por un neno cego que, a pesar das súas doenzas, consegue facerlle fronte á adversidade. A historia tamén conta cunha compoñente máxica, personificada na figura do castiñeiro. Tamén se destaca ao vencedor do Premio Xerais, Xabier López, e ás raíces que este ten coa cidade de Ferrol.

- E. Ocampo, “Xabier López y Antonio Fraga, premios Xerais y Merlín 2013”, *Faro de Vigo*, “Sociedad”, 9 xuño 2013, p. 44.

Nun acto celebrado na illa de San Simón coñecéronse aos gañadores dos premios Xerais 2013. Xabier López e Antonio Fraga foron os agraciados. López foi premiado por *Cadeas*, novela ateigada de referencias culturais. Fraga, pola súa parte, recibiu o Merlín por *O castañeiro de abril*, unha creación que trata sobre a dignidade humana. Por último, os escritores son entrevistados e dan conta das circunstancias que rodearon a escrita das súas obras.

- Sonia Pereira, “Xabier López gaña o Premio Xerais de Novela na súa 30ª edición”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 9 xuño 2013, p.40.

A novela *Cadeas*, de Xabier López, vence na trixésima edición dos Premios Xerais. O escritor, autor de obras como *Doutor Deus* ou *O caderno*, fíxose co galardón ao presentar a concurso unha obra con diferentes atmosferas, rexistros e historias. Pola súa

parte, Antonio Fraga recibiu o Premio Merlín por *O castiñeiro de abril*, novela protagonizada por un neno cego que malvive nun dos barrios máis perigosos da cidade.

- Camilo Franco, “Xabier López gaña cunha novela de novelas o Xerais dos 30 anos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 xuño 2013, p.38.

Cadeas, de Xabier López foi a obra galardoada na trixésima edición dos premios Xerais. A historia iníciase coa presenza dun escritor que tropeza nunha praia cunha lectora dos seus libros. *O castaño en abril*, de Antonio Fraga, fíxose co Premio Merlín ao presentar unha novela que, segundo o xurado, “reúne todas as virtudes que se poden esperar nun libro para rapaces”. Finalízase cunha entrevista aos autores na que reflicten as súas sensacións ao vencer nun dos premios máis prestixiosos do país.

- Ramón Nicolás, “Trinta primaveras”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 9 xuño 2013, p. 38.

Destaca a importancia dos Premios Xerais dentro do sistema cultural galego, aos que chega a cualificar como “unha illa-faro”, xa que considera que ilumina o coñecemento de quen se achegue á literatura de nós. Por último, o autor invita a facer un percorrido polas obras premiadas, xa que achegan a posibilidade de ver como evolucionou a narrativa galega nos últimos anos.

- M. J. Rico, “Baltasar é un neno que o ten todo para dar pena pero que se impón ás circunstancias”, *Diario de Ferrol*, “Ferrol”, 11 xuño 2013, p. 17.

O gañador do XXVIII Premio Merlín concede unha entrevista onde dá conta das circunstancias que rodearon á escrita de *O castaño de abril*, a obra gañadora. Cobra especial importancia Baltasar, o protagonista. Trátase dun neno cego orfo de nai e desprazado polo seu pai que consegue vencer á adversidade e levar unha vida feliz. O autor tamén fala de *Xildas*, unha novela curta con pegadas autobiográficas.

- Manuel Varela, “Escribir foi o mellor fármaco contra a ansiedade e a depresión do paro”, *La Opinión*, “A Coruña”, 16 xuño 2013, p. 13.

O escritor Antonio Fraga, recente gañador do Premio Merlín, narra os seus inicios no mundo literario, así como os motivos que o levaron a escribir *O castaño de abril*, a obra coa que acadou o prezado galardón. Amais, Fraga desvela os seus desexos de seguir ligado á escrita galega.

- Xosé, Castro Ratón, “Unha illa na literatura galega”, *Diario de Arousa*, “Opinión”, 20 xuño 2013, p. 25.

Xosé Castro Ratón reflexiona sobre a presenza da illa de San Simón na historia da literatura galega. Salienta as cantigas de Meendinho, moitas delas dedicadas á ría de Vigo e a San Simón, lugar no que se entregan os Premios Xerais e Merlín.

- ELOS, “XXVIII Premio Merlín de Literatura Infantil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, “Literatura Infantil e Xuvenil”, “Protagonistas eLIXidos”, 26 xuño 2013, p. 42.

Coméntase o XXVIII Premio Merlín de Literatura Infantil recibido pola obra *O castañeiro de abril*, de Antonio Manuel Fraga Allegue. Saliéntase que o xurado destacou a influencia dos clásicos da LIX galegos e universais, o finísimo tratamento da diversidade, o cuestionamento dos valores e a pegada poética, ademais do interese da trama e a escollla de dous personaxes inesquecíveis, o neno cego Baltasar e o seu amigo, o vello zapateiro e narrador.

- Víctor F. Freixanes, “25 anos de novela”, *La Voz de Galicia*, “Opinión”, “Vento nas velas”, 22 decembro 2013, p. 23.

Rememora os inicios do premio García Barros, cando en 1989 o gañara Manuel Forcadela con *Paisaxe con muller e barco*. Recensiona a última novela gañadora, *A lúa da colleita*, de Anxos Sumai, e valora a continuidade do premio, que cumpre un cuarto de século xa que o difícil non é iniciar comezar unha iniciativa senón mantela viva ao longo do tempo.

Certame de Banda Deseñada de **Mesía**

Concurso convocado dende 2012 polo Concello de Mesía (A Coruña) e o CPI de Xanceda para conmemorar o Día das Letras Galegas. Poderá concorrer o alumnado de todos os centros educativos deste concello cunha creación individual de dúas páxinas e temática libre que se axuste ao modelo que deben recoller nos centros educativos ou na Casa da Cultura. As creacións entregaranse nos propios centros educativos, acompañadas dun título e alí asignaráselle un número. O prazo de entrega remata o 30 de abril, e no mes de maio expóranse no CPI e no blogue bdmesia.blogspot.com. O xurado está composto pola Comisión de Biblioteca do Consello Escolar do CPI de Xanceda e presidido por un ilustrador galego, quen colabora co certame e ilustrou o cartel promocional. Valorárase o uso correcto e creativo da lingua, a orixinalidade, a lexibilidade, a presentación, e a historia. En cada categoría dos niveis de ensino concederanse tres premios e dúas mencións especiais (unha para a creación máis valorada no blogue e outra para a mellor que teña como tema a figura á que se dedica nesa edición o Día das Letras Galegas) e os galardóns entregaranse na Semana das Letras Galegas. Na segunda edición de 2013, o xurado, presidido polo ilustrador Xosé Tomás e reunido o 14 de maio, acordou conceder os seguintes galardóns: na categoría de Educación Infantil, o primeiro premio ao traballo co número 55, o segundo ao número 147, e o terceiro ao 148; na categoría de Educación Primaria, o primeiro premio ao traballo co número 164, o segundo ao 130 e o terceiro ao 119; na categoría de Educación Secundaria Obrigatoria, o primeiro premio ao traballo co número 189, o segundo ao número 193 e o terceiro ao número 191. A Mención Especial para a Banda Deseñada baseada na vida de Roberto Vidal Bolaño recaeu no número 171, e para a Mención Especial para a Banda Deseñada máis votada no blogue, marcouse como prazo o 20 de xuño se ben non se indica no blogue cal foi o traballo gañador.

Premio “**Muíño do Vento**” de Textos de Contraportada

Creado en 2013 pola Asociación Cultural Muíño do Vento, do barrio de Canido (Ferrol) para galardoar os textos de contracuberta e lapelas de libros de Literatura infantil e xuvenil publicados en galego no ano 2012 nos diferentes xéneros. O galardón consiste

nun cadro do pintor ferrolán Poldo Rapela que se entregará ao autor do libro, con independencia de quen sexa o autor do texto da contracuberta e lapelas. Na primeira edición de 2013 debían entregarse copias da capa e contracapa da obra e os datos persoais na sé desta Asociación (Pintor Máximo Ramos, 7-9, 2º C, 15401 Ferrol) ou envialas como arquivo adxunto de pdf ao correo electrónico directiva@muinhodovento.es antes do 15 de febreiro. O xurado, composto por Sari Alabau Albors, Carmen Cuesta García, Candela Lobeiras Barro, Marisol Soto Prieto e Antonio Yáñez Casal, que actúa en calidade de secretario, con voz e sen voto, deron a coñecer as obras finalistas na primeira quincena de marzo na páxina en liña da Asociación www.muinhodovento.es, data a partir da que os autores seleccionados tiñan un prazo máximo de 15 días para enviar un exemplar en papel da obra. Os exemplares que os autores non reclamasesen, unha vez fallado o premio, enviáronse ás bibliotecas dos centros educativos do barrio de Canido. Esas obras finalistas foron: *Bandeiras negras*, de Ana María Galego Gen; *O mundo secreto de Basilius Hoffman: Un faro na escuridade*, de Fernando M. Cimadevila; e *Verdades*, de Yolanda Castaño. O xurado acordou, por maioría, o 25 de abril, conceder o galardón a Fernando M. Cimadevila, autor da entrega *Un faro na escuridade* da serie “O mundo secreto de Basilius Hoffman”. A entrega do galardón realizouse nun acto músico-festivo celebrado o 4 de maio, no marco das festas dos Maíos deste barrio ferrolán.

Premio de Microrrelatos **Mulleres Progresistas**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premios **Nacionais de Literatura**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio **Nacional de Cómic**

Galardón outorgado polo Ministerio de Cultura de España dentro dos Premios Nacionais, creado en 2007 a fin de recoñecer o mellor cómic publicado en España en calquera das linguas cooficiais, ao longo do ano anterior á entrega do premio. Está dotado cunha contía de 20.000 €. No ano 2009 o premio para a mellor obra foi para o álbum *As serpes cegas* (2008), editado polo colectivo galego BD Banda, con guión do madrileño Felipe Hernández Cava e con debuxos do mallorquín Bartolomé Seguí. No ano 2011 o galardón foi para Santiago Valenzuela por *Plaza Elíptica*. No ano 2012, o galardón concedéuselle a *Dublinés*, de Alfonso Zapico, publicado por Astiberri Ediciones. No ano 2013, o premio foi para Miguelanxo Prado por *Ardalén*.

Referencias varias:

- Lorena Rodríguez, “La cantante Luz Casal, Premio Nacional de Músicas Actuales 2013”, *El Correo Gallego*, “Tendencias. Ciencia. Cultura. Ocio”, 20 novembro 2013, p. 40.

Informa do fallo do xurado que considerou a Luza Casal merecente deste premio pola “calidez” da súa voz e por ter chegado a diferentes e numerosos públicos. Recolle as declaracións da propia premiada e insíerese unha breve biografía.

- Octavio Beares, “Un Premio Nacional para encumbrar a la historieta”, *Faro de Vigo*, “Visado”, n.º 598, “Cómics”, 19 novembro 2013, p. 6.

Comenta que a orixe do Premio Nacional de Cómic sitúase no ano 2007 e salienta que nesta edición o galardado foi Miguelanxo Prado pola súa obra *Ardalén*.

Concurso de **Narracións Curtas sobre a Violencia de Xénero** da Asociación Madoan

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de relatos **O lugar onde vivo**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame Literario de Relatos Curtos **Os Viadutos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premio **Ourense de Banda Deseñada**

Convocado pola Casa da Xuventude de Ourense xunto coa Concellaría de Cultura do Concello de Ourense, premia as Mellores Iniciativas na Banda Deseñada Galega, que pode recaer tanto en persoeiros como en institucións. O certame ten lugar dentro da celebración das Xornadas de Banda Deseñada convocadas por esta institución. O galardón consiste nunha estatuíña deseñada e realizada expresamente para a ocasión polo artista plástico Manolo Figueiras. O premio decídese segundo as propostas que os afeccionados de toda Galicia poden enviar á Casa da Xuventude (Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004 Ourense).

Certame Literario da Asociación Cultural A **Pipa de Becerreá**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premio de Ilustración e Narración Infantil e Xuvenil **Pura e Dora Vázquez**

Convocado pola Deputación de Ourense dende o ano 2003 e dotado con 3.000 € para cada modalidade, ilustración e narración, e a publicación do libro. Na modalidade de narración os textos en lingua galega, orixinais e inéditos deben presentarse en seis copias no rexistro da Deputación de Ourense (Rúa Progreso, 32, 32.003, Ourense) antes do día 12 de setembro. Na modalidade de ilustración diríxese a ilustradores de calquera

nacionalidade que presenten as súas ilustracións inéditas e orixinais, non menos de dez, tomando como base o texto premiado, no Rexistro Xeral antes do 20 de decembro. En anteriores edicións recibiron o galardón: *Adeliña*, de Celia Díaz no ano 2003, ilustrado por Luís Sendón; *Alende*, de Antón Cabaleiro en 2004, ilustrado por Jacobo Muñiz; *Por que Baldomero Quintáns*, de Raquel Laso Lorenzo en 2005, ilustrado por María Puertas; *A historia máis increíble que nunca liches*, de Breogán Riveiro en 2006, ilustrado por Alberto Vázquez; *O nariz de Fiz*, de Miro Villar en 2007, ilustrado por Lola Lorente; *Encontros ás agachadas*, de Concha Blanco en 2008, ilustrado por David Pintor; *Palabra era un universo paralelo*, de Xoán Babarro en 2009, ilustrado por Nuria Díaz; *O papaventos de Laura*, de María Canosa en 2010, ilustrado por Daniel Iglesias Padrón; *Rugando*, de Celia Díaz Núñez en 2011, ilustrado por Pilar Marcó; *Por qué está triste o miñás?*, de Ángela Fernández Rey en 2012. O 7 de xaneiro de 2013 fallouse o premio Pura e Dora Vázquez de ilustración correspondente ao ano 2012 e ao que se presentaran 60 propostas ilustrativas, das que resultou gañadora a de Javier Pastor Díaz (Barcelona, 1974). Na XI edición de 2013 o prazo de presentación de traballos na modalidade de narración rematou o 31 de decembro.

Referencias varias:

- A Arnáiz., “Fallado el Pura y Dora Vázquez de ilustración infantil”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 17 xaneiro 2013, p. 43.

Anúnciase o gañador do Premio Pura e Dora Vázquez de Ilustración Infantil e Xuvenil da Deputación de Ourense: Javier Pastor Díaz.

Certame literario **Ramón Martínez López**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Concurso de Relatos Curtos **Redes de Letras**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Premio **Raíña Lupa de Literatura Infantil e Xuvenil**

Convocado dende 1998 pola Deputación da Coruña cunha dotación de 6.500 €, ademais da edición da obra gañadora a través do Servizo Provincial de Publicacións ou doutra editorial. Dende o ano 2000, a súa convocatoria pasou a ser bienal. Segundo as bases, ao premio poden presentarse autores de calquera nacionalidade con obras en galego, con estrutura literaria de conto ou narración breve, orientadas ao mundo infantil ou xuvenil, inéditos e non premiados con anterioridade. A extensión é libre e pódense incluír ilustracións que fagan alusión ao argumento. Os orixinais deben presentarse por duplicado, en tamaño DIN-A4, por unha soa cara, numerados e grampados ou encadernados, baixo título e un lema, provistos de plica en que se faga constar o título e o lema no seu exterior e no seu interior os datos persoais do autor. A entrega de orixinais debe facerse na Deputación Provincial da Coruña (Avenida Alférez

Provisional, 2, 15006 A Coruña), indicando no sobre “Premio de Literatura Infantil Raíña Lupa”. En edicións anteriores foron galardoadas *Cos pés no aire*, de Agustín Fernández Paz en 1998; *Velaí vai o verme*, de Mario Pereira Fernández en 1999; *Resalgario en Trasgalicia*, de Antonio Reigosa Carreiras en 2000; *O armiño dorme*, de Xosé A. Neira Cruz en 2002; *Tonecho de Rebordechao*, de Breogán Riveiro Vázquez en 2004; *Viaxe a Libunca*, de Antonio Yáñez Casal en 2006; *A peripecia de Roi*, de Carlos López Gómez en 2008; e *Centauros do norte*, de Marcos Calveiro en 2010. En 2011 e 2012 non houbo convocatoria. Na IX edición de 2013 presentáronse 34 traballos e o xurado, formado por Pedro Ramos (comisariado do premio), Mercedes Uriá, Begoña Llamosas, Javier Pintor, Paz Castro e Fernando Molezún, concedeulle á novela *Reo*, do xornalista, escritor e tradutor Xesús Fraga (Londres, 1971).

Referencias varias:

- Camilo Franco, “Xesús Fraga gaña o Raíña Lupa co relato dun grafitreiro”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 30 xullo 2013, p.41.

Xesús Fraga fíxose co premio Raíña Lupa de literatura infantil e xuvenil fallado pola Deputación da Coruña. *Reo*, un grafitreiro adolescente, protagoniza a obra que leva o seu mesmo nome. A historia, en palabras do autor, evoca a súa propia adolescencia e ao xeito de vivir que levaba cando tiña o tempo do protagonista. Destacan os resumos en versión rap ao remate de cada capítulo e as homenaxes que o autor fai a outros compañeiros de profesión, como Salinger ou Neira Vilas.

Concurso **Relatos de Verán. La Voz de Galicia**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

XIV Concurso **Teatro Infantil O Facho**

No ano 2008 a Asociación Cultural O Facho recuperou este concurso no que poden participar obras inéditas en lingua galega non representadas, nin premiadas noutros certames cun máximo de oitenta folios, presentadas por quintuplicado a dobre espazo, baixo lema, e acompañadas dun sobre cos datos persoais do autor. Estabéllese un galardón único de 500 €, a edición da obra e un mínimo do 40% da edición. Os orixinais deben enviarse por correo á sede da Asociación Cultural O Facho (R/ Federico Tapia n.º 12-1º, 15005, A Coruña) ou á Caixa de Correos n.º 46, Oficina Principal da Coruña, até o 31 de marzo. Os premiados en edicións anteriores foron: Carlos Casares, por *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas*, en 1973; Euloxio Ruibal, por *O roubo do aparello*, en 1974; Manuel Lourenzo, por *Viaxe ao país de ningues*, en 1975; Dora Vázquez, por *Cascabel, o cabaliño do circo*, en 1976; Manuel Lourenzo, por *Todos os fillos de Galaad*, en 1979; Manuel Lourenzo, por *Viva Lanzarote*, en 1981; Manuel Lourenzo, por *O soño das cidades*, en 1986; Manuel Lourenzo, por *O bosque máxico de Xabarín*, en 1988; Carmen Blanco Sanjurjo, por *A fuga*, en 2012. Na edición de 2013 o gañador foi Carlos Labraña por *Espantallo*.

Referencias varias:

- Víctor Castro, “Sada clausuró los cursillos ‘Pintura y restauración’”, *El Ideal Gallego*, “Área Metropolitana”, 8 xuño 2013, p.20.

Entre outras novas, coméntase que a obra “Espantallo” vén de gañar a XIV edición do Premio de Teatro Infantil outorgado pola Asociación Cultural O Facho. Este galardón, vital para a literatura dramática galega, foi entregado por primeira vez no ano 1973. O vencedor desa edición foi Carlos Casares.

Certame Literario **Terras de Chamoso**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

The White Ravens Galegos

A Internationale Jugendbibliothek de Munich publica anualmente unha selección das mellores obras de Literatura Infantil e Xuvenil. En 2006 foi escollido *A cousa que máis doe do mundo*, de Paco Liván e Roger Olmos; en 2007 *A princesa do Caurel*, de Patacrúa e Javier Solchaga; en 2008 *Ovos duros*, de Marisa Núñez e ilustrado por Teresa Lima; *Ás de bolboreta*, de Rosa Aneiros e *O último canto*, de Pablo Albo e Miguel Ángel Díez, en 2010; *O pintor do sombreiro de malvas*, de Marcos Calveiro e *Contos para nenos que dormen deseguida*, de Pinto&Chinto, en 2011; e *A viaxe de Olaf*, de Martín León Barreto, editado por Kalandraka, e *Zimbo*, de Arturo Abad e Joanna Concejo, editado por OQO, en 2012. Na edición do ano 2013 obtivo o premio a obra galega *Bandada*, de Manuel Rodríguez e con ilustracións de David Daniel Álvarez Hernández e María Julia Díaz Garrido.

Certame de Microrrelatos **Unha dorna de libros, un mar de ilusións**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Certame de novela curta **Vila de Negreira**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Xogos Florais María Pita

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

Premios **Xuventude Crea**, anteriormente coñecidos como GZCrea

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

X. 8. PREMIOS ESCOLARES E XUVENÍS

XXII Concurso Literario **Achegamento ao Libro**

Coa finalidade de animar os escolares a ocupar o seu lecer na creación literaria e propiciar neles unha reflexión sobre o mundo dos libros e a lectura como fonte irrenunciábel de pracer e de coñecemento, a Biblioteca Pública Municipal Don Francisco Mayán e a Delegación de Educación e Cultura do Concello de Cee, coa colaboración de Caixanova, convocan este concurso. Nel pode participar todo o alumnado de calquera dos centros educativos da bisbarra. Os traballos, en galego, deben ser orixinais e inéditos e ter unha extensión máxima de dous folios. Así mesmo, o seu tema debe estar relacionado co achegamento ao libro, buscando sempre fomentar o hábito de lectura da poboación. Entréganse, sen asinar, cos datos do autor nun sobre á parte, na Biblioteca Pública Municipal. Existen cinco premios de diferente contía (que vai en vales dos 50 € aos 90 €) para os distintos ciclos de Primaria e Secundaria, que se entregan en vales para material didáctico e libros, unha parte dos cales é doada pola entidade Caixanova. O xurado ten facultade para outorgar accésits ou declarar deserto o premio.

Referencias varias:

- J. M. Ramos, “Convocados tres nuevos concursos literarios en Cee”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 483, 1 marzo 2013, p. 6.

Infórmase dos tres novos concursos convocados pola biblioteca Francisco Mayán: XXII Concurso Literario de Achegamento ó Libro, o XIV Concurso Literario de Achegamento ó Teatro e o certame Na Procura do Noso IX Marcapáxinas. Menciónanse brevemente as bases.

XIX Certame Literario **Alberto Romasanta**

Certame convocado polos IES Campo de San Alberto e o IES do Mar, de Noia. Pode participar o alumnado matriculado en calquera dos dous centros. Consta de dúas modalidades (relato e poesía), e de tres niveis: nivel 1, 1º ciclo da ESO; nivel 2, 2º ciclo da ESO; e nivel 3, Bacharelato e Ciclos Formativos. Os traballos teñen que ser orixinais, escritos en galego, de tema e extensión libres. Deben presentarse o orixinal e tres copias dentro dun sobre pechado no que tan só se escribe o lema ou pseudónimo, o nivel de participación e a modalidade (relato ou poesía). Dentro del debe ir outro sobre en que se inclúan os datos do autor: pseudónimo, nome, apelidos, curso e centro. Os traballos (orixinal e copias) preséntanse na secretaría de calquera dos centros. Establécense os seguintes premios: un primeiro premio (60 €) e un segundo premio (30 €) para cada nivel e modalidade. O xurado, que pode deixar deserto algún dos premios, é nomeado polos Equipos de Dinamización da Lingua Galega e o seu fallo será inapelábel. No ano 2013 tivo lugar a XIX edición do certame e o prazo de entrega de orixinais rematou o día 30 de abril. A entrega de premios realizouse o 16 de maio nun acto celebrado no IES Virxe do Mar. Os gañadores foron Uxía Rita Romero, Pablo

Romeu e Carlota Dix de 2º ESO; Aitor Alonso de 4º ESO; Claudia Cives de 1º de Bacharelato; e Rebeca Sánchez de 2º de Bacharelato.

V Certame literario e artístico da rede de centros educativos de Amio

Convocado pola rede de centros educativos do municipio de Amio e dirixido ao alumnado de segundo e terceiro ciclo de Primaria que presenten un texto ilustrado dun conto ou poesía escrito en galego. Os traballos poden presentarse de forma individual ou por parellas. Os centros educativos encargaranse de elaborar unha primeira selección, que enviarán ao concello amiense. A temática a tratar son as vantaxes e oportunidades que supón falar e coñecer a lingua galega. Os gañadores recibirán vales para mercar libros. Na quinta edición de 2013 o prazo de presentación rematou o 15 de abril e os galardóns entregáronse nun acto público celebrado na Casa da Cultura de Milladoiro a véspera da celebración do Día das Letras Galegas.

Certame relato curto **Antonio Fernández Pérez**

Convocado, dende o ano 2009, polo Concello de Verín, está dirixido a fomentar a creatividade literaria dos estudantes de terceiro ciclo de Primaria e da ESO dos centros de ensino desa comarca. O relato ten que ser orixinal, inédito, con temática e o estilo totalmente libre, escrito en galego, en texto mecanizado ou en letra manuscrita lexíbel, cunha extensión que non supere dous folios e asinado cun lema. Os traballos preseleccionados reciben como premio un lote de libros e establécense tres premios de 90 €, 60 € e 30 € por cada un dos catro niveis nos que se pode concursar. O ditame dos galardóns tivo lugar na Casa da Cultura de Verín con motivo do Día das Letras Galegas. Na edición de 2013 participaron os centros CEIP de Oímbra, CEIP de Castrelo do Val, o Centro Plurilingüe María Inmaculada, IES Castro de Baronceli, IES Xesús Taboada Chivite e o Colexio Apostólico Mercedario. Na categoría de Primaria os gañadores foron: Brais Franco Salgado, por *O dragón máximo* (primeiro premio); Xosé Fernández Serrano, por *A peste azul* (segundo premio); e Nerea Domínguez Pérez, por *As dúas irmás* (terceiro premio). Na categoría de 1º Ciclo da ESO: Natalia Salgueiro López, por *Un día máis* (primeiro premio); Iria Vázquez Arcos, por *Un misterio por descubrir* (segundo premio); e Ana Fidalgo do Nacemento, por *A vida de Xulia* (terceiro premio). En 2º Ciclo da ESO: Miguel Franco Álvarez, por *A lóxica insurreccional* (primeiro premio), Andrea Domínguez Arias, por *Volver a ti* (segundo premio); e Ana María Añel Prieto, por *O outeiro do aforcado* (terceiro premio).

XXIV Certame Literario da **Asociación de Pais de Alumnos de Peleteiro**

Convocado polo colexio Manuel Peleteiro, no 2013 celebrouse a súa XXIV edición. Resultaron galardoados: en terceiro de Primaria, na categoría de narrativa, “Un día de acampada”, de Antonio Mosquera Bacariza “A nena que quería subir ás estrelas”, de María de Abreu Ferreira e “Unha visita inesperada”, de Rosalía Rey-Couso; e na categoría de poesía María Fontán Álvarez, Lucía Morales Perdomo e Goretti Arosa Ferreira. En cuarto de Primaria, foron premiados, na categoría de narrativa: “Un amigo moi especial”, de Miriam Sánchez Milmanda; “Con iso non se xoga”, de Leopoldo Fernández Sánchez; e “Un día inolvidable” de Alicia Piñón Guerra; con accésits para

Sofía Rosende Carro e Elena Saborido Fernández; mentres que na categoría de poesía venceron Ernesto González Seijo, Carolina Varela López e Jacobo Ramil Vázquez. Na sección de quinto de Primaria foron gañadores, na categoría de narrativa, “Trala porta”, de Nalú Rodríguez Cabrera; “Os vagalumes do noso xardín”, de Aloia Iglesias Román e “O cero desapareceu da numeración”, de Juan Cueva Ares; e na de poesía Noelis Domínguez Mouriño, Candela Mosquera Cerqueiro e Claudia Vedo Fernández, así como un accésit para Antón Moure Rodríguez.

Referencias varias:

- Ana Iglesias, “Los escolares se reafirman como excelentes escritores”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 16 maio 2013, p. 29.

Anúncianse os gañadores da 24 edición do certame literario do colexio Manuel Peleteiro para os cursos de 3º, 4º e 5º de Primaria nas categorías de narrativa e poesía.

- Ana Iglesias, “Los padres valoran los mejores relatos y trabajos poéticos”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 17 maio 2013, p. 27.

Anúncianse os gañadores da 24 edición do certame literario do colexio Manuel Peleteiro para os cursos de 6º de Primaria e 1º e 2º de Secundaria nas categorías de narrativa e poesía.

- J. Fernández, “El Xelmírez I acaba la ESO en Londres”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 18 maio 2013, contracuberta.

Entre outras novas, infórmase dos gañadores en Primaria e Secundaria do 24 concurso literario de narración e poesía en galego, organizado polo colexio Peleteiro.

VI Certame literario As Boliqueiras

Convocado pola Mesa pola Normalización Lingüística das Pontes. A temática na súa sexta edición foi o teatro galego, con motivo do homenaxeado nas Letras Galegas, Roberto Vidal Bolaño. Os traballos deberán entregarse en papel, sen exceder os dez folios, na biblioteca municipal ou no enderezo electrónico boliqueiras@gmail.com. Na categoría infantil, repartiranse premios dende os 30 até os 80 €; na categoría de Primaria, oscilarán entre os 40 e os 70 € e na categoría de Secundaria, os mellores traballos poderán levar até 150 €. O Premio Especial Endesa, ao que poden presentarse persoas de calquera idade, estará dotado con cincocentos euros. Na edición do ano 2013 entregáronse catorce premios. Na categoría de cero a tres anos, foi galardoado o traballo “As vellas no deben namorarse” da escola infantil Barosa. No apartado de tres a seis anos, resultou vencedor o grupo Os Teatros do centro Monte Caxado, quedando en segundo lugar Clase dos Peixes e, concedéndose o terceiro *ex aequo* a Os Bulebules, Os Teatros e Os Titiriteiros de A Madalena. No primeiro ciclo de Primaria, foi premiado Bolipeques Solestrelas, do CPI Santa María, quedando en segundo lugar a Compañía de Teatro Desdentados Chuperchónicos de Monte Caxado e, en terceira posición, Os Nenos Artistas. Na categoría do segundo ciclo de Primaria, houbo un empate no primeiro lugar entre AEIMP de Monte Caxado e Os Teatros Fantásticos de Santa

María. O segundo lugar foi para As Fadas de Azucre e o terceiro, para Os Soldados. No terceiro ciclo, a primeira posición acadárona os alumnos de sexto de A Magdalena, seguidos de Os Teatros de Santa María e quedando en terceiro lugar Pitufina de A Fraga. O Premio Especial Endesa concedéuselle a Xosé Cendán Montero.

Referencias varias:

- M. M., “O certame literario pontés As Boliqueiras centrarase no teatro galego”, *El Progreso*, “A Chaira”, 13 abril 2013, p. 20.

Infórmase da convocatoria da sexta edición do certame literario As Boliqueiras, organizado pola Mesa pola Normalización Lingüística das Pontes. Coméntase a temática e as bases do concurso. Fálase tamén da convocatoria do premio especial Endesa.

- M. R., “Premiados 14 trabajos sobre el teatro gallego en el certamen de As Boliqueiras”, *El Progreso*, “A Chaira”, 17 maio 2013, p. 13.

Anúncianse os premiados na sexta edición do certame As Boliqueiras, organizado pola Mesa pola Normalización Lingüística das Pontes.

X Premios Buero de Teatro Joven

Denominado até 2007 Premio Candilejas, que organizaban o Ministerio de Cultura, o Ministerio de Educación e Ciencia e a Fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña, para promover o gusto e a afección polo teatro e estimular a creatividade artística da mocidade. Naceron en honra do insigne académico español Antonio Buero Vallejo, considerado un dos dramaturgos máis importantes da segunda metade do século XX. Contan con dúas categorías, a fase autonómica e a fase nacional, e diríxese a mozos entre 14 e 21 anos de centros escolares ou non escolares como asociacións ou centros culturais. Na fase autonómica existen as seguintes categorías: Centro Escolar, Finalista Autonómico, Centros Culturais e Mencións Especiais. Os premios consisten para o grupo teatral gañador da categoría de Centro Escolar e o grupo teatral pertencente a Centros Culturais, nun lote de material para a actividade teatral, unha copia da gravación da súa montaxe teatral e un lote de material didáctico sobre teatro; para o Finalista Autonómico, nun galardón acreditativo e un lote de material didáctico sobre teatro; e as Mencións Especiais, nun diploma acreditativo. Pola súa banda, na fase nacional, establécense premios para os catro grupos finalistas: primeiro, segundo e terceiro clasificado na categoría de Centros Escolares e gañador na categoría de Centros Culturais. O galardón consiste nunha invitación pola organización, con todos os gastos pagos, para representar as súas obras no Teatro Nacional de Madrid no transcurso dunha gala na que se coñecen os gañadores e se entregan os galardóns. Ademais, son invitados todos os compoñentes de cada grupo a asistir, con todos os gastos pagos, a unha das feiras ou festivais nacionais durante cinco días, mentres os gañadores das Mencións Especiais reciben un galardón acreditativo. No ano 2013, décima edición, tamén se incluíu un premio votado polo público a través dunha aplicación on-line. En Galicia recibiron o galardón da fase autonómica o grupo do IES Rosalía de Castro, na categoría de teatro escolar, polo espectáculo *Disparate*, unha adaptación de dous textos de

Fernando Arrabal: *El triciclo* e *Pic-Nic*; e na categoría non escolar Pasapadentro da Escola de Teatro Melandrainas da Coruña, con *Comedia bífida*.

Referencias varias:

- ECG, “El grupo del IES Rosalía de Castro y el Melandrainas, ganadores del Buero”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 4 xuño 2013, p. 41.

O grupo de teatro do IES santiagués Rosalía de Castro e o grupo de Pasapadentro da Escola de Teatro Melandrainas de A Coruña impuxéronse na décima edición do premio Buero coa representación da obra “Comedia bífida” no apartado de teatro xoven escolar e non escolar, respectivamente. Os premios están organizados pola fundación Coca-Cola Juan Manuel Sáinz de Vicuña. Outras formacións tamén recibiron o seu galardón, como o premio ao mellor traballo corporal e con obxectos, que foi para o grupo Palimoquiños, pertencente a Palimoco Teatro.

Concurso de Contos de Nenos para Nenos **Carlos Casares**. Asociación Cultural O Facho

No ano 2008 a Asociación Cultural O Facho convocou este certame en homenaxe ao primeiro gañador do Certame de Literatura Infantil no ano 1968 coa obra *A galiña azul*. Está dirixido a rapaces e rapazas que presenten os seus relatos orixinais e inéditos en lingua galega. Os orixinais cos datos persoais do autor deben enviarse por duplicado por correo á sede da Asociación Cultural O Facho (R/ Frederico Tápia n.º 12-1º, 15005, A Coruña) ou entregarse no seu centro escolar. Consta de dúas categorías: A, para nenos e nenas de 6 a 12 anos, cun máximo de cinco folios e dous premios; e B, para rapaces e rapazas de 13 a 16 anos, cun máximo de dez folios e dous premios. Os galardóns contan cunha dotación de 100 € e un lote de libros doados pola Editorial Galaxia para ambas categorías. No ano 2013, o xurado decidiu outorgar os seguintes galardóns: na categoría A, o primeiro premio foi para “A nube samaritana”, de Lucía González López, e o segundo premio para “A miña pequena gran historia”, de Camila Mosquera Filak; na categoría B, o primeiro premio foi para “A viaxe das fotos?”, de Ricardo Pazos do Muíño, e o segundo premio quedou deserto.

Certame poético **Carme de Xinzal**

Concurso convocado dende 2012 no CIP Aurelio Marcelino Rey García de Cuntis (Pontevedra). En 2013 non se convocou.

XXV Certame de relato curto e poesía **Celso Emilio Ferreiro**

Convocado polo IES Celanova Celso Emilio Ferreiro para o alumnado de ensino medio de Galicia. Os interesados poderán presentar as súas obras, inéditas en lingua galega e con alusións ao mundo fantástico, nas modalidades de relato curto (cunha extensión máxima de dous folios) ou poesía (extensión máxima catorce versos). Deberán enviar ao correo electrónico ies.celanova@edu.xunta.es dous arquivos en pdf: un co traballo e

un pseudónimo, e outro co pseudónimo, os datos persoais e o colexio onde estuda. O premio de ambas as modalidades consiste en 100 €, un diploma acreditativo e a publicación dos traballos nos medios escritos e electrónicos do instituto celanovés. O xurado, composto por membros da comunidade escolar, dará a coñecer o fallo durante a celebración dos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas. Na edición de 2013 o prazo de presentación dos traballos rematou o 12 de maio.

Concurso de relatos **Ciencia que conta**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

III Concurso de Poesía do **Círculo Poético de Ourense**

Organizado polo Círculo Poético de Ourense para premiar composicións poéticas de alumnado de Primaria dos colexios da cidade de Ourense e de San Luis Potosí. Na edición de 2013 o traballos xiraron arredor do tema “A miña cidade, Ourense de pedra e de auga”. A extensión máxima será de corenta versos, en folla tamaño carta, por unha soa cara, a duplo espazo e en letra Arial 12. A obra presentarse baixo pseudónimo ou lema, que figurará na primeira páxina así como no exterior da plica, como única identificación. No interior da devandita plica achegaranse os seguintes datos: nome e apelidos, enderezo e correo electrónico, teléfono, breve nota biográfica e colexio ao que pertence. O prazo de entrega rematou o día 15 de maio. Haber catro premios: 1º Premio, trofeo, cinco libros de poesía asinados e dedicados polo seus autores; 2º Premio, trofeo, tres libros de poesía tamén asinados; 3º Premio, trofeo e dous libros de poesía asinados; e 4º Premio, diploma. Presentáronse 168 traballos e o xurado seleccionou 20 poesías que se publicarán no libro *San Luís de Potosí y Ourense, semblanza de dos ciudades*, que editarán conxuntamente o colectivo ourensán e outro da localidade mexicana. A entrega dos galardóns foi o 22 de xuño.

Certame Internacional de Microrrelatos Primavera Cultural do **Concello de Arbo**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

XII Premio de Narración Curta para Escolares **Concello de Marín**

A Concellería de Cultura do Concello de Marín convoca este premio para conmemorar o Día das Letras Galegas. As bases establecen que pode participar todo o alumnado de centros de ensino do Concello de Marín. Os traballos deben ser inéditos, de temática libre e realizados en lingua galega cunha extensión máxima de tres páxinas tamaño DIN-A4 e escritos por unha soa cara. O prazo de admisión pechouse o día 25 de abril de 2014 e cada centro escolar poderá presentar como máximo tres traballos por categoría. Hai catro: 1º Categoría corresponde a primeiro e segundo de Educación Primaria; 2º Categoría a 3º e 4º de Educación Primaria; 3º Categoría, 5º e 6º de Educación Primaria; e 4º Categoría, 1º e 2º da ESO. O premio consiste en material escolar e unha placa para o primeiro gañador de cada categoría. A dirección de cada centro de ensino acompañará os traballos que presenten dentro dun sobre pechado cunha plica onde se indique nome e

apelidos de cada participante, título do traballo, idade e curso ao que pertence. O xurado compóñeno: un representante de cada centro escolar que presente traballos e que sexa mestre de Literatura ou lingua galegas; a concelleira de Cultura ou persoa en quen delegue; a directora-bibliotecaria do Padroado Municipal de Cultura e un secretario. En 2013 non se convocou.

Certame de Relato Curto do **Concello de Mugardos**

Ver o apartado X.1. deste *Informe*.

Concurso de Microrrelatos do **Concello de Silleda**

A Concellería de Normalización Lingüística do Concello de Silleda convoca por primeira vez no ano 2012 este certame, no marco do plan de Dinamización Lingüística do Concello, que recibiu unha subvención do goberno autonómico para levar a cabo numerosas actividades que contemplan actuacións en varios eidos e entre diferentes franxas de idade. As obras presentadas deben estar integramente feitas en lingua galega, e poden concursar todas as persoas censadas en Silleda segundo dúas categorías: de 6 a 12 anos (categoría A) e de 13 anos en adiante (categoría B). A temática desta edición serán as tradicións galegas e valorarase a orixinalidade e a creatividade. Os microrrelatos non poden superar os cincocentos caracteres de extensión a ordenador ou de 100 palabras a man, e a temática é libre. Deben presentarse no Concello, ou ben en rexistro ou ben a través do correo postal, impresos en DIN-A4 e firmados cun pseudónimo, acompañados dun sobre pechado onde por fóra estea escrito o pseudónimo e no interior unha tarxeta cos datos persoais. O galardón consiste nun e-book para o participante valorado en 100 € e nun lote de libros en galego para o centro educativo ao que pertenza, valorado en 50 €. Nesta primeira edición do ano 2013, o prazo para presentar os traballos comezou o día 22 de abril e rematou o 16 de maio. O xurado, formado pola concelleira Margarita Campos, por un xornalista de *Faro de Vigo* e outro de *La Voz de Galicia*, decidiu premiar: na categoría A a Gala Sánchez García, por *O magosto*; e na categoría B a Ana Colmeiro Pérez, por *O ambicioso*.

XI Premio Literario **Don Diego Sarmiento de Acuña**, Conde de Gondomar

Dende a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Gondomar (Pontevedra) convócase anualmente este premio literario para contribuír a potenciar a creatividade literaria da mocidade en lingua galega. Na XI edición do ano 2013 establécense dúas modalidades: poesía e relato curto. Poderán participar todos os autores de 3º Ciclo de Educación Primaria (1º categoría), de 1º a 3º da ESO (2º Categoría) e 4º da ESO e Bacharelato (3º Categoría) que residan no Val Miñor e non superen os vinte anos. Poderán enviar unha única obra por cada unha das modalidades, de tema libre, antes do 13 de abril e dirixido ás oficinas do Concello de Gondomar (rexistro). Presentáronse un total de 115 obras e resultaron gañadoras: na 1º categoría Kevin Alonso Alonso, por *O cabalo*, e Uxía Chamorro García, por *Mentiras*; na 2º categoría Rafael Areses Elizalde, por *Atardecer*; e na 3º categoría Antía Iglesias Fernández, por *Na lente do telescopio*.

Concurso Escolar **Emilia Estévez Villaverde**

Organizado polo Museo de Pontevedra dende 1987 e dirixido ao alumnado do ensino primario da Comunidade Autónoma de Galicia e das escolas da emigración. Debe entregarse na Secretaría do Museo (Rúa Pasantería 2-12, 36002, Pontevedra) unha composición poética cun máximo de dous folios ou un conto cun máximo de seis folios, preferentemente escritos en lingua galega. O galardón consiste nun diploma e unha viaxe cultural á Casa-Museo Rosalía de Castro de Padrón e á Casa Museo Valle-Inclán de Vilanova de Arousa, ademais dun vale para a adquisición de libros ou de material escolar por importe de 90 € os primeiros premios e de 60 € para os accésits.

Certame de Narrativa Xuvenil **Entre Iguais**

Convocado polo Concello de Lugo, co obxectivo de promover o valor da igualdade entre mulleres e homes. No ano 2013, na categoría de doce a catorce anos resultaron vencedores “Azkar Prone”, de Anxo López Sánchez, que quedou en primeiro lugar, seguido por “Malos tempos para as mulleres”, de Adrián Pérez Prado e “Cristais rotos” de Ánxela Jorge Vidal. “Luna”, de Mauro García Lorenzoa acadou unha mención especial do xurado. Na categoría de quince a dezoito anos quedou en primeiro lugar “A dama do lapis”, de Aitana Iglesias Márquez, seguida de “A historia de Lucía”, de Iván Fontenla García e “O respecto, o máis importante”, de Alejandro Martín Aisa.

Referencias varias:

- Marta Becerra, “Tributo sindical a Cordido y Couso”, *El Progreso*, “El despertador”, 21 xuño 2013, p. 14.

O concello lucense acolleu a entrega dos premios Entre iguais, que contou con diferentes gañadores: Anxo López con “Azkar Prone” na categoría de doce a catorce anos, Aitana Iglesias con “A dama do lapis” na categoría de quince a dezoito anos. O segundo posto foi para relatos como “Malos tempos para as mulleres”, de Adrián Pérez e “A historia de Lucía” de Iván Fontela.

Certame de Poesía da biblioteca municipal de **Escairón**

Certame convocado pola biblioteca municipal de Escairón (Lugo) dirixido aos máis novos, en que se establecen tres categorías: até 8 anos, de 9 a 11 anos e de 12 a 16 anos. As obras galardoadas expóñense publicamente na propia biblioteca. Na edición de 2013, por mor da gran calidade dos traballos, outorgáronse tamén accésits nalgúns das categorías. Os galardoados nas tres categorías foron: até 8 anos, Raúl (primeiro premio), Rubén (segundo) e Antía (terceiro) e outorgáronse dous accésits a Brayan e Manuel; de 9 a 11 anos, Manuel (primeiro premio), Brais (segundo) e David (terceiro) e outorgáronse dous accésits a Manuel e Céline; e de 12 a 16 anos, só se concedeu un galardón a Andrea. A entrega dos galardóns tivo lugar o 25 de febreiro nun acto celebrado na sesión mensual de contacontos, a previa ao comezo das actividades do Entroido.

II Certame Literario **Esther Dourado**

Premio convocado por primeira vez no ano 2012 polo centro de ensino CEP Pilar Maestú Sierra para rendir homenaxe a unha profesora que dedicou máis de vinte anos a formar estudantes de distintas xeracións. Está dirixido a alumnado de Primaria e ESO do Concello da Pobra do Caramiñal. Hai dúas modalidades: narrativa e debuxo (só para Infantil) En narrativa hai varias categorías: categoría B (1º e 2º Primaria, máximo dous folios), categoría C (3º e 4º de Primaria, máximo tres folios), categoría D (4º e 5º de Primaria, máximo cinco folios) e categoría E (ESO, máximo dez folios). Os premios consisten en vales de compra nas librarías e tendas de deportes da localidade. En debuxo os tres primeiros clasificados recibirán material escolar. Os primeiros clasificados nas categorías B, C e D recibirán un vale por 60 €, os segundos un vale por 50 € e os terceiros un vale por 30 € para mercar en calquera librería ou tenda de deportes do concello. Na categoría E o primeiro premio vale por 100 € e o segundo por 60 €. Os gañadores foron Xairo Otero, Sara Tomé, Roque Carmona, Sara Dieste, Lucía González, Helena Boullón, Álvaro Piñeiro, Brais Paisal, Natalia García, Iria Picos, Iria Vázquez e Marta Guerrica-Echevarría.

XX Premio de Creación Literaria e Ensaio da **Facultade de Filoloxía** da Universidade da Coruña

Premios de narrativa, poesía, ensaio e teatro, en lingua castelá e galega, dirixido ao estudantado da institución académica herculina. O prazo de presentación de orixinais estivo aberto até o 6 de maio ás dúas da tarde. Os traballos deberán entregarse na Facultade de Filoloxía ou envialos por correo postal. Na modalidade de poesía prémíase un poema ou breve grupo de poemas con unidade temática; e en narrativa, teatro e ensaio, traballos dun máximo de trinta páxinas, mecanografadas a dobre espazo. O fallo do xurado deuse a coñecer o 30 de maio nun acto que contou coa presenza de María Reimóndez, presidenta do xurado. Algúns dos gañadores foron Juan Arias, David Díaz e Clara Vidal.

Premios literarios da **Facultade de Humanidades** en Ferrol

Premios de relato curto e poesía creados en 2013 cunha partida orzamentaria de 950 € da Universidade da Coruña. Están dirixidos a alumnado do 4º curso da ESO e de 1º e 2º de Bacharelato. Na primeira edición do ano 2013, os galardoados nas distintas categorías foron: en relato curto, o primeiro premio, Amara Chao Durán (IES Monte Castelo de Burela, Lugo), por “Verea intanxíbel”; o segundo premio, Marisol Mejuto Prego (Maristas Cristo Rey, A Coruña), por “¿Por qué?”; o terceiro premio, ex aequo para Andrea Romero Salazar (Maristas Cristo Rey, A Coruña) e Sara Pazos Martínez (IES Xunqueira de Pontevedra), por “A grandeza do home”. Na categoría de poesía, foron de novo galardoadas Andrea Romero Salazar (Maristas Cristo Rey, A Coruña), co poema “Hai mil anos”, e Marisol Mejuto Prego (Maristas Cristo Rey, A Coruña), con “XIII”.

Certame de Relato Curto da Federación Provincial de ANPA (**FANPA**) de Centros Públicos de Pontevedra

Creado en 2013 pola Federación Provincial de ANPA de Centros Públicos de Pontevedra, coa colaboración do Concello de Pontevedra, a Deputación de Pontevedra e A Lingua Latexa. Pode concorrer o alumnado de Primaria, Secundaria e Bacharelato dos centros públicos de Pontevedra, así como os adultos que convivan con eles, con relatos en lingua galega e de temática libre, orixinais, inéditos, non galardoados noutros certames. Cada autor poderá presentar un máximo de dous relatos e o xurado só poderá seleccionar un deles. A extensión do relato terá un mínimo de 200 palabras e un máximo de 300, en fonte Times New Roman, de tamaño 12 puntos e interliñado de 1,5 liñas. Enviaranse ao enderezo de correo info@nontedurmas.org en formato doc, docx ou odt, dous arquivos (un denominado datos, onde consten a seguinte información do autor: pseudónimo, nome e apelidos, curso, colexio ou instituto onde estuda, correo electrónico, enderezo postal e teléfono; e outro nomeado relato, onde se incluírá o/os relato/s presentado/s, o/os título/s, o pseudónimo e a categoría (Primaria, Secundaria, Bacharelato ou adultos). O prazo de presentación remata o 30 de abril de 2013 ás 23 h. O xurado, composto por filólogos, escritores e/ou profesores, seleccionará os finalistas e catro relatos gañadores, un por cada categoría (Primaria, Secundaria, Bacharelato e adultos). O fallo do xurado darase a coñecer no mes de maio de 2013 na páxina en liña da FANPA: www.nontedurmas.org. O gañador do primeiro premio en cada unha das catro categorías recibirá 200 € en vales. Ademais a entidade organizadora do certame publicará un libro colectivo cos relatos dos gañadores e finalistas de cada categoría. Na primeira edición do ano 2013 os gañadores foron: na categoría de Primaria, Mariña Vázquez Mosquera; na de Secundaria, Baltar Morgade Lores; na de Bacharelato, Guadalupe Castro González; e na de adultos, María Luisa Costas Rial. E publicouse un libro titulado *Concurso Literario FANPA 2013. I Certame Relato Curto*, co que se agasallou aos gañadores e finalistas, mentres que o resto de participantes recibiron unha revista.

Concurso de Relatos Curtos da Fundación **Fernando Blanco de Lema**

Creado en 2013 pola Fundación Fernando Blanco de Lema (Cee, A Coruña), coa colaboración da Deputación Provincial da Coruña e da Estación de Servicio Bazarra. Este concurso, centrado no tema da emigración, diríxese ao alumando dos centros escolares dos concellos de Carnota, Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas. Presentáronse un total de 229 relatos, nas dúas categorías: A (2º e 3º Ciclo de Primaria) e B (ESO), e os premios consisten nas dúas categorías en 150 € e un diploma para o primeiro premio; 100 € e un diploma, para o segundo; e 50 € e un diploma para o terceiro premio. Os galardoados foron: categoría A (2º e 3º Ciclo de Primaria), primeiro premio, Clara de Ramón Ayala (Colexio Manuela Rial de Cee); segundo premio, Teresa Cousillas Lema (CEIP Labarta Pose de Baio); e terceiro premio, Adrián Canosa Pérez (CEIP Ponte do Porto); e na categoría B (ESO), primeiro premio, Estela Areas Pérez (Colexio Manuela Rial de Cee); segundo premio, Nuria Vilariño Lema (IES Maximino Romero de Baio) e terceiro premio, Adela Dios Touriñán (IES Pedra da Aguia de Ponte do Porto). A entrega dos galardóns tivo lugar nun acto celebrado o 22 de xuño no Museo Fernando Blanco de Cee, ao que asistiron os membros do Padroado da Fundación, así como os encargados de entregar os premios:

Carlos Oliete, director das fábricas de Cee e Dumbría de FerroAtlántica, e Julio López Vázquez, xerente da Estación de Servicio Bazarra de Cee.

Referencias varias:

- J. M. R, “Primer concurso de relatos cortos Fernando Blanco”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 473, 19 febreiro 2013, p. 7.

Infórmase da convocatoria do I Concurso de Relatos Curtos, organizado pola Fundación Fernando Blanco de Lema xunto coa Deputación da Coruña e a E. S. Bazarra, e dirixido ao alumnado dos centros educativos de Carnota, Camariñas, Cee, Corcubión, Dumbría, Fisterra, Mazaricos, Muxía, Vimianzo e Zas.

- J. Trillo, “Premios literarios de la Fundación Fernando Blanco”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 596, 23 xuño 2013, p.5.

Os premios do I concurso de relato curto da Fundación Fernando Blanco foron entregados en Cee nun acto que contou coa presenza da alcaldesa ceense e da presidenta da fundación. No concurso, cuxo tema principal era a emigración, tivo unha participación de 229 estudantes.

XIV Concurso de debuxo e relato da Filloa

Organizado pola comisión organizadora da MOEXMU (Mostra Exposición de Muimenta), poden participar os estudantes de Educación Primaria e Secundaria de calquera centro público ou privado dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Meira, A Pastoriza, Rábade e Vilalba. Estabelécense tres categorías: até os sete anos, de oito a once e de doce a dezaioito e hai tres premios por categoría (gañador, finalista e semifinlista). O formato debe ser de dous folios como mínimo e cinco como máximo, manuscritos ou mecanografados, por unha soa cara. Os traballos deben entregarse sen asinar indicando no encabezamento o título e/ou lema adoptado polo autor, xunto dun sobre cos datos persoais do autor, na Mostra Exposición de Muimenta-MOEXMU (Asociación de Empresarios de Muimenta, Recinto Feiral “Manuel Vila López”, s/n, Muimenta, 27377, Cospeito). O xurado estará formado polo presidente e un membro da comisión organizadora da MOEXMU, o alcalde do Concello de Cospeito ou un representante deste, un membro da xunta directiva da Asociación de Comerciantes, Empresarios, Profesionais, Gandeiros e Autónomos de Muimenta; un representante da Universidade de Santiago de Compostela, un empregado da entidade financeira patrocinadora do concurso e dúas persoas independentes das anteditas organizacións. En 2013 tivo lugar a XIV edición e os premios foron entregados o 1 de maio de durante a celebración da XXI Festa da Filloa. Os gañadores foron Iago Vázquez, Carla Rodríguez, Antonio Rodríguez, Óscar Lozano Granda e Ariana Vázquez, todos do Ceip de Muimenta. En relato non se presentaron traballos.

Certame Francisco Añón de Poesía

Ver o apartado X.2. deste *Informe*.

VI Certame literario **IES Ferrol Vello**

Co obxectivo de estimular a creación literaria e fomentar a súa difusión entre a mocidade, os Departamentos de Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés e Francés do IES Ferrol Vello, convocan esta certame dirixido ao alumnado do IES Ferrol Vello e de 3º ciclo de Primaria dos centros adscritos CEIP Cruceiro de Canido e San Rosendo. Estabelecéronse tres categorías: A (5º e 6º de Primaria), B (1º e 2º de ESO) e C (3º e 4º de ESO) e dúas modalidades (Poesía e Relato Curto). Na modalidade de poesía debían presentarse dous poemas como mínimo, con tema e forma libres, e na modalidade de relato curto, a extensión máxima foi de tres folios impresos ou cinco manuscritos. Os traballos debían estar escritos en lingua castelá, galega, inglesa ou francesa, ser orixinais e inéditos e entregarse baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor. Concédense dous galardóns en cada categoría que consisten nun cheque regalo por valor de 60 € en material deportivo/roupa e un libro, o primeiro premio; un cheque regalo por valor de 30 € en material deportivo/roupa e un libro, o segundo premio; e os galardóns dos accésits son un cheque regalo por valor de 20 € en material deportivo/roupa e un libro. No ano 2013 tivo lugar a sexta edición. Os galardoados nas diferentes categorías foron: de 5º e 6º de Primaria, Martín Suárez (en linguas castelá e galega) e Uxío Merino (en lingua inglesa), e outorgáronse once accésits; de 1º e 2º de ESO, Elisa Esperante (en linguas galega e francesa), Eva Herrero (en lingua inglesa) e Juan Díaz (en lingua castelá) e outorgáronse tamén once accésits; de 3º e 4º da ESO, María Suárez (en linguas galega e inglesa), Lydia Lebrero (en lingua francesa) e Imam Bakari (en lingua castelá) e ademais outorgáronse tres accésits.

Premio de Narrativa do **IES Gregorio Fernández de Sarria**

Certame que, dende 2003, convoca o IES Gregorio Fernández de Sarria, coa colaboración dos concellos da comarca (Sarria, O Páramo, Paradela, Láncara, Samos e Triacastela), a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, Obra Social de Caixa Galicia e área de Cultura da Deputación de Lugo. Está dirixido a todos os seus centros educativos de Primaria, ESO, Bacharelato e ciclos formativos e ao colexio Paul Eluard da Bretaña francesa para fomentar a afección á escritura e á lectura entre os escolares. As obras deben ser inéditas e escritas en lingua galega (preferentemente) ou castelá, agás o alumnado francés, que poden presentar os seus traballos na lingua francesa ou bretoa. A extensión máxima dos traballos é de oito folios para Bacharelato e Ciclos Formativos, seis para 2º da ESO, cinco folios para 1º ciclo da ESO, tres folios para 3º ciclo de Primaria e dous folios para 2º ciclo de Primaria. A temática debe centrarse nos valores culturais da comarca e os traballos téñense que enviar por triplicado ao IES Gregorio Fernández (Rúa Castelao, Sarria). Estabelécense os seguintes premios, en metálico: na categoría Bacharelato e Ciclos formativos un premio de 300 €; nas categorías de segundo ciclo da ESO e primerio ciclo da ESO, un 1º premio de 300 € e un 2º premio de 150 €; e en 3º ciclo de Primaria un 1º premio de 300 €, un 2º premio de 150 € e un 3º premio de 100 €; en segundo ciclo de Primaria un premio único de 120 €, e para os traballos do Instituto Collège Paul Eluard un premio único de 120 €. Os traballos gañadores son publicados en formato libro, nunha edición na que colabora a Obra Social de Caixa Galicia. Na X edición de 2013 os galardoados foron: Cayetano Muñoz, David González, Belén Garañana, Ángela Balboa, Cristian Expósito, Teresa

López, Lucía Pombo, Carla López, Aicia García, Tamara Corral, Héctor Corujo, Carla Coto e Marta Saldanha. A entrega dos galardóns foi nun acto celebrado na Pobra de San Xiao (Láncara, Lugo) e no que actuou como mantedor o xornalista e director comercial d' *El Progreso* José María Álvarez Vilabril. No ano 2013 ademais a biblioteca Fiz Vergara Vilariño, ubicada no IES Gregorio Fernández de Sarria, convocou tamén un concurso de relato breve para o alumnado dese centro educativo co gallo da celebración do Día de San Valentín. Admitíronse microrrelatos orixinais e inéditos, dun máximo de 40 palabras e que tiveran por temática o amor ou a miazade. Podían presentarse en galego, castelán, inglés ou francés e ser da autoría dun ou dous estudantes dese centro. O prazo de presentación dos traballos foi entre o 24 de xaneiro e o 14 de febreiro, e o fallo do xurado, composto por membros da comunidade educativa dese centro, coñeceu a finais de febreiro.

Referencias varias:

- A. C. V., “Trece estudiantes de la comarca ganan los premios IES Gregorio Fernández”, *El Progreso*, “Sarria”, 4 xuño 2013, p. 19.

Trece alumnos de Sarria, O Incio, Triacastela e Láncara venceron na X edición do certame de narración Gregorio Fernández, convocado polo IES de mesmo nome. O acto terá lugar no campo da feira de A Pobra de San Xiao, e contará coa presenza do periodista José María Álvarez Vilabril. Os organizadores destacaron a alta participación, xa que o certame recibiu 127 traballos do alumnado da comarca de Sarria. Entre os vencedores repartíranse 2.140 € en metálico.

- A. C. V., “El premio Gregorio Fernández celebra diez años de trayectoria en A Pobra”, *El Progreso*, “Sarria”, 8 xuño 2013, p. 24.

Dase conta dos gañadores do certame literario IES Gregorio Fernández e do desenvolvemento do acto de entrega, que contou coa participación do delegado territorial da Consellería de Educación Jesús Ramos Ledo, o delegado de cultura da Deputación de Lugo, Mario Outeiro, o alcalde de Láncara, Eladio Capón, o director do instituto Fernando Díaz Copa e o periodista e director comercial de *El Progreso*, José María Álvarez Villaverde. Saliéntase a presentación ao certame de máis de cento vinte.

II Concurso de narración e ilustración sobre medo **IES Leliadoura**

A biblioteca e os departamentos de lingua galega, española, inglesa e francesa e de plástica do IES Leliadoura de Ribeira convocou por primeira vez no ano 2012 este concurso sobre o medo, dirixido a toda a comunidade escolar do centro e nas modalidades de relato e de ilustración. Presentan tres modalidades: narración curta con ilustración, narración curta e ilustración; e as categorías son: primeiro ciclo da ESO, segundo ciclo da ESO e PCPI, Bachalerato e Ciclos formativos e profesorado e persoal non docente. O tema será “Lendo a mares”, onde o medo é o tema central pero tendo en conta o medio mariño. Os textos deberán ter unha extensión máxima de vinte liñas, mecanografadas en letra Arial, tamaño 12 e a dobre espazo. As ilustracións, empregando a técnica libre, deberán presentarse en formato DIN-A4. Os traballos deberán ser enviados ao seguinte enderezo electrónico: bibliotecaleliadoura@gmail.com

asinados cun pseudónimo e os datos do autor (nome, apelidos e curso) deberán deixarse na biblioteca dentro dun sobre pechado e co pseudónimo escrito por fóra. As ilustracións, ademais de poder enviarse escaneadas por correo electrónico, tamén poderán ser entregadas na biblioteca dentro dun sobre co pseudónimo escrito por fóra. Os premios son sorpresa e non se anuncian até o propio día da entrega.

IX Certame literario **IES Sanxenxo**

Co obxectivo de fomentar a creatividade literaria e animar a ler e a escribir, o IES de Sanxenxo, a través da biblioteca do centro e en colaboración cos departamentos de galego, castelán, plástica e normalización lingüística convoca este certame. O traballo pode estar escrito en lingua galega ou castelá e en prosa ou verso, cunha extensión dun folio a dobre cara. Existen catro categorías: A (3º ciclo de Primaria), B (1º ciclo de ESO); C (2º ciclo de ESO) e D (Bacharelato) e dous premios de 100 € e 50 € en cada categoría, mediante vales canxeábeis nas librarías. O acto de entrega dos premios contou coa presenza do escritor Xosé Luís Méndez Ferrín.

Certame **Imaxina Cantares!**

Organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa. Está dirixido ao alumnado dos centros educativos de titularidade pública, coordinado por profesorado pertencente ao equipo de dinamización da lingua galega. Trátase de elaborar unha produción audiovisual baseada nalgún dos poemas de *Cantares gallegos* de Rosalía e que a súa duración non supere os dez minutos. A modalidade do traballo é libre: poemas dramatizados, musicados, anuncios publicitarios ou curtas que se pdeoe elaborar con distintas técnicas como *stopmotion* ou *lipdub*. Entre os obxectivos deste certame está dinamizar o uso do galego entre o alumando e promover o coñecemento de Rosalía e a súa obra. Establécense dous premios, un primeiro de 300 € e un segundo de 200 €, en cada unha das tres categorías contempladas: educación infantil e Primaria, educación Secundaria obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e ensinanzaes especiais. O profesorado coordinador dos traballos premiados recibirá unha certificación de innovación educativa e que equivalen a oito horas de formación permanente. Os traballos entregaranse ao enderezo electrónico imaxinacantares@gmail.com antes do 22 de abril de 2013. O xurado compóñeno o titular da Subdirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado ou a persoa en quen delegue; unha persoa asesora técnica da Secretaría Xeral de Política Lingüística e as catro persoas coordinadoras territoriais dos EDLG. Os gañadores da categoría Infantil e Primaria foron: 1º premio para CRA Nosa Señora do Faro (Ponteceso), por “Cociñamos con Rosalía”; 2º premio para EEI de Lañas (A Baña), por “Viches a Rosalía de Castro?”; as mencións de honra foron para o CEIP Mestre Valverde Mayo (Mos), por “Marchamos e a terra levamos”, e para o CEIP A Barqueira (Cerdido), por “Has de cantar”. Na categoría da ESO os galardoados foron: 1º premio para IES As Barxas (Moaña), por “Non che teño medo, moucho”; 2º premio para IES As Bizocas (O Grove), por “*Cantares* cen anos despois”; e mención de honra para CEE O Pedroso (Santiago), por “Que a gaita galega non canta que rapea”. Por último na categoría de Bacharelto e FP: 1º premio para IES Aquis Celenis (Caldas de Reis), por “Agora é outro cantar”; 2º

Premio para IES A Guía (Vigo), por “Eu ben vin estar o moucho”; e mención de honra para IES Francisco Daviña Rey (Monforte de Lemos), por “Rap Rosalía de Castro”.

Referencias varias:

- V. Plaza, “Imaxina Cantares’, a promoción de Rosalía a través do audiovisual”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 26 febreiro 2013, p. 41.

Preséntase Imaxina Cantares, unha iniciativa da Secretaría Xeral de Política Lingüística e da Dirección Xeral de Educación que ten por obxectivo a creación de obras audiovisuais baseadas na obra de Rosalía de Castro por parte dos alumnos dos centros galegos. Preséntanse as bases do proxecto.

V Certame Artístico-literario **Intercentros**. Concello de Ames

Convocado polo Concello de Ames e dirixido ao alumnado do segundo e terceiro ciclo de educación Primaria dos colexios do ámbito municipal, este certame pretende valorizar e fomentar o uso da lingua galega. Poden presentarse individualmente ou por equipos. Os galardóns consisten en 100 € para os primeiros premios, 80 € para os segundos e 50 € para cada un dos terceiros gañadores das dúas categorías: 1º categoría son 3º e 4º de Primaria; 2º categoría 5º e 6º de Primaria. Os gañadores foron: na primeira categoría: primeiro premio, Manuel Mosquera Dapena por *A historia da orixe do galego*; segundo premio, Nerea Sánchez Lens por *Xuntos*; e terceiro premio, Lara Piñeiro Blanco e Emma Soliño Martínez por *A viaxe ao futuro*. Na segunda categoría: primeiro premio, Iría Ces Gutiérrez e Cristina Boo Sanz por *Ímonos a Brasil*; segundo premio, Inés Vieiro Fernández e Eva Santamaría Criado por *O lápiz máximo*; e terceiro premio, Andrea Botana Carreira e Atáis Fernández Cacabelos por *As aventuras das xemelgas*.

I Concurso Literario Escolar “**Inventa unha flor**”

Certame literario escolar en lingua galega convocado pola Asociación Sociocultural Muíño do Vento, coa colaboración dos centros educativos do ferrolán barrio de Canido para promover a participación na festa dos Maios, de gran tradición nesa zona. A denominación do certame, “Inventa unha flor”, responde a unha tentativa para lembrar e estimular “os valores de cooperación, non violencia, beleza e respecto pola Natureza mediante a palabra e o mantemento dos costumes populares e da lingua” galega. O premio, de carácter simbólico, consiste na publicación conxunta dos textos gañadores nunha edición dixital e na semente dunha árbore. Cada centro educativo participante encargarase de organizar o certame segundo as súas posibilidades e idade do alumnado e de establecer as categorías que considere oportunas. Os textos presentaranse en tamaño 12 e a súa extensión non será superior a dúas páxinas DIN-A4, incluída a ilustración. O fallo do xurado coñecerase o 4 de maio.

Premios **Irmandade do Libro**

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

Premios Letras Galegas e Nadal

Son moitos os concellos, colexios (APAS), asociacións, centros culturais e comerciais etc., que, por medio das súas bibliotecas, concellerías de cultura, aulas de normalización, gabinetes e ámbitos culturais convocaron premios para animar a xente nova e adulta a participar con motivo do Nadal e do Día das Letras Galegas, ben con relatos, microrrelatos, redaccións, poesías ou debuxos, como é o caso dos concellos de Ames, A Pontenova, Baiona, Begonte, Carnota, Marín, Melide, Monforte, Negreira, Ordes, Oroso, Outeiro de Rei, Rois, Santa Comba, Sarria, Sober, Soutomaior, Taboada, Vedra, Vilalba e Xermade; de asociacións como as ANPAS de Catoira, Valga e Pontecesures, a ANPA do colexio Apóstol Santiago, a Coordinadora Comarcal Terras do Umia (integrada polos equipos de dinamización dos centros educativos de Barro, Caldas, Curtis, Moraña e Portas), a Asociación Cultural Andarela de Sanxenxo, a Asociación Cultural de Santomé (Marín), a Asociación Falcatrueiros, o Liceo Casino de Tui, a Obra Social de Novacaixagalicia e a Biblioteca Provincial de Lugo; e centros de ensino como o colexio Compañía de María e o CEIP A Carballeira (Lourizán).

Referencias varias:

- M. R., “Premiados nueve escolares en el certamen de poesía de la biblioteca”, *El Progreso*, “A Chaira”, 4 xaneiro 2013, p. 14.

Menciónanse os nomes dos nove escolares, de entre 5 e 15 anos, premiados no certame de poesía infantil Nadal 2012, convocado pola biblioteca municipal de Vilalba.

- M. R., “Premiados siete escolares de Xermade en el certamen poético de la biblioteca”, *El Progreso*, “A Chaira”, 10 xaneiro 2013, p. 19.

Infórmase dos sete gañadores do certame de poesía infantil Nadal 2012, convocado pola biblioteca municipal de Xermade.

- M. M., “El certamen vilalbés de las Letras Galegas admitirá trabajos hasta el 7 de mayo”, *El Progreso*, “A Chaira”, 10 abril 2013, p. 19.

Infórmase da convocatoria do tradicional certame literario das Letras Galegas, organizado polo departamento de Cultura do Concello de Vilalba. Coméntanse as bases para os premios Xosé Lois García Mato, de prosa, e García Hermida, de poesía. Menciónanse outros dous concursos: un de prosa e poesía para os menores de dez anos da localidade e outro de ámbito comarcal para chairegos de entre quince e dezaioito anos.

- M. R., “Premiado el plan de dinamización lectora de la biblioteca xermadesa”, *El Progreso*, “A Chaira”, 18 abril 2013, p. 20.

Infórmase do galardón a nivel nacional que acaba de recibir o proxecto de dinamización lectora “Tu biblioteca: leer, escuchar, conectar, escribir y compartir”, presentado pola

biblioteca municipal de Xermade. Coméntanse as actividades que celebra a biblioteca, entre elas a convocatoria do certame de narración e debuxo Letras Galegas 2013, que versou sobre o tema “A toda máquina”.

- Víctor Castro, “El Concello de Mesía convoca el II Certamen de Banda Deseñada”, *El Ideal Gallego*, “Oleiros”, “Atalaya Mariñana”, 19 abril 2013, p. 20.

Infórmase da convocatoria do II Certame de Banda Deseñada, organizado polo Concello de Mesía con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Coméntanse as bases do concurso.

- C. A., “Xermolos abre el XXXIV Certame Terra Chá de literatura y dibujo infantil”, *El Progreso*, “A Chaira”, 27 abril 2013, p. 23.

Infórmase das bases do XXXIV Certame Terra Chá, un concurso de literatura e debuxo infantil convocado por Xermolos.

- M. M., “El Certame das Letras Galegas de Vilalba cierra el plazo de entrega de obras el día 7”, *El Progreso*, “A Chaira”, 2 maio 2013, p. 17.

Infórmase do prazo de entrega dos traballos para o Certame das Letras Galegas. Menciónanse os distintos premios, entre eles o Premio Manuel Mato Vizoso de prosa e o Premio Xosé María Chao Ledo de poesía. Coméntanse os galardóns das diferentes categorías.

- S. S., “O Son convoca un concurso para todos los géneros literarios”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 547, 5 maio 2013, p. 6.

Infórmase da presentación do I Concurso de Redacción Día das Letras Galegas 2013, convocado polo Concello do Son. Menciónanse brevemente as bases do certame.

- María Roca, “Galardonados escolares cospeitenses y vilalbeses por las Letras Galegas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 15 maio 2013, p. 20.

Infórmase dos gañadores dos certames celebrados nos concellos de Vilalba e de Cospeito, con motivo das Letras Galegas 2013. Menciónanse os nomes dos diferentes gañadores nas diferentes categorías.

- M. T., J. T. e M. G., “Terras premia aos seus novos literatos”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 559, 17 maio 2013, p. 3.

Coméntanse os nomes dos gañadores dos concursos convocados polo Concello de Ames: V Certame Intercentros e X Certame Literario. Infórmase da entrega de premios dos tres certames que convoca de xeito anual a Biblioteca Francisco Mayán de Cee. Menciónanse os premiados no XIX Certame Literario Día das Letras Galegas *Alberto Romasanta*, convocado polo IES Virxe do Mar de Noia xunto co IES Campo de San Alberto.

- M. T., “Premios do certame de Cerceda”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 560, 18 maio 2013, p. 6.

Infórmase da visita das autoridades municipais de Cerceda aos distintos colexios con motivo da entrega de premios do certame Primavera das Letras, que engloba o concurso de postais, o de relatos curtos e Cerceda dá gusto.

- C. P. R., “El certamen de las Letras Galegas de la biblioteca de Xermade premia 8 trabajos”, *El Progreso*, “A Chaira”, 20 maio 2013, p. 11.

Infórmase dos gañadores do Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2013, convocado pola biblioteca pública municipal de Xermade.

- M. G., “O Son entrega os premios do certame das Letras”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 564, 22 maio 2013, p. 6.

Infórmase da entrega de premios do concurso das Letras Galegas 2013, convocado polo Concello do Son. Menciónanse os nomes dos galardoados.

- Marta Becerra, “Pequeños creadores con premio”, *El Progreso*, “El despertador”, 29 maio 2013, p. 14.

A Biblioteca Nodal de Lugo entrega os premios da fase local do certame de debuxo e narración convocado co gallo das Letras Galegas. No certame de narrativa, os vencedores foron, na primeira categoría, para Candela Ángela Neila Villares, Iria Rodríguez Ascariz e Martín Iglesias Pereiro. Na categoría de doce a dezaseis anos gañaron Pablo Rico Echegaray, Silvia Rouco Rodríguez e Jonathan Fariñas Bermúdez. O xurado estivo presidido por Marisol González Regal, directora da biblioteca, e integrado por Yolanda Gómez González, xefa de coordinación da área cultural da Consellería de Lugo; Jaime Santoalla Varela, inspector xefe de educación e Manuel Gulín Rodríguez, pintor.

- P. R., “La biblioteca de Outeiro de Rei falla los premios de sus concursos de relato y dibujo”, *El Progreso*, “Comarca de Lugo”, 29 maio 2013, p. 16.

Dáse conta dos vencedores dos certames de debuxo e narrativa da biblioteca municipal de Outeiro de Rei. No certame de narrativa, na categoría de até oito anos de idade, foi vencedor Manuel Fernández Seco. Entre os nenos de nove a once anos, resultaron gañadores Lucía Mayo Vázquez, Andrea Martínez Fraga e María Trashorras Cendán, con accésits para Blanca Luz Cacharrón Romero e Antía Parga Fra.

- Marta Becerra, “La cantera del dibujo y la narrativa”, “El despertador”, *El Progreso*, 15 xuño 2013, p. 9.

O premio do Día das Letras Galegas foi entregado a 34 escolares na biblioteca lucense Nodal. O xurado estivo presidido pola súa directora, Marisol González, pola xefa de coordinación da área cultural da Consellería de Cultura en Lugo, Yolanda Gómez, o inspector xefe de educación Jaime Santoalla e o pintor Manuel Gulín. En narración foron premiados, na categoría A, Aitana Gesto Rego, Paula Enríquez Barcia, Xavier Román Iriarte Álvarez, con accésits para Jerom Moirón, Sara Rodríguez Rodríguez e Héctor Fernández Otero. Na categoría B, resultaron vencedores Yago Montero Gradaílle, Javier Álvarez Méndez e Jorge Chaperó García, con accésits para Candela

Ángela Neira Villares e Antía Lillo Irimia. Finalmente, na categoría C gañaron Miguel Casariego Cao, Lucía Amaro Losada e Irene Rico Gómez, recaendo os accésits en Sara Canto González, Andrea Santiso Arias e Ánxela Jorge Vidal.

Concurso escolar de contos e poesía “Poeta **Lorenzo Varela**”

Creado pola asociación sociocultural Falcatrueiros de Monterroso (Lugo) para conmemorar o Día das Letras Galegas. Pode concorrer o alumnado de calquera centro educativo, público ou privado de Primaria, ESO e Bacharelato, cun traballo inédito en lingua galega, axustado á normativa vixente, e sobre un tema libre. Estabelécense catro categorías: A: nenos de seis a oito anos, cun máximo de dous folios DIN-A4 por conto, por unha cara e a dobre espazo; B: nenos de nove a once anos, cun máximo de catro folios DIN-A4 por conto e/ou dúas poesías de doce a dezaseis versos, por unha soa cara e a dobre espazo; C: nenos de doce a quince anos, cun máximo de catro folios DIN-A4 por conto e/ou tres poesías de doce a dezaioito versos, por unha soa cara e a dobre espazo; e D: mozos de dezaseis a dezaioito anos, cun máximo de cinco folios DIN-A4 por conto e/ou catro poesías de doce a dezaioito versos, por unha soa cara e a dobre espazo. Os traballos entregaranse na secretaría dos centros onde cursen os estudos, ou na Oficina de Falcatrueiros antes do 10 de maio de 2013, ou ben por correo a: Asociación Sociocultural Falcatrueiros, Rúa Mestre López Losada s/n, 27560 Monterroso (Lugo). Os traballos irán acompañados dun sobre pechado en que figuren os seguintes datos: nome e idade do participante, curso e centro onde estuda, e teléfono de contacto. Concédense tres premios por categoría; diploma, medalla e un lote de libros ou material escolar. Os gañadores daranse a coñecer na páxina en liña de Falcatrueiros así como nas redes sociais na que está presente, tamén nos taboleiros dos propios centros de estudo, así como na prensa a partir do día 15 de maio. Na XVII edición de 2013, a entrega dos premios tivo lugar o 19 de maio no Centro Sociocultural de Monterroso no transcurso do Festival Infantil de Danza. Aínda non se anunciaron na páxina en liña os gañadores das diferentes categorías.

Referencias varias:

- Francisco García, “Falcatrueiros organizará una decena de actividades socioculturales este año”, *El Progreso de Lugo*, “Comarcas”, “Monterroso”, 2 marzo 2013, p. 14.

Fálase da aprobación, por parte da Asociación Sociocultural Falcatrueiros de Monterroso, das actividades programadas para 2013, entre as que destaca a convocatoria do XVII Concurso de Contos e Poesía Lorenzo Varela.

X Certame literario **Luísa Villalta**

Convocado polo IES Isaac Díaz Pardo de Sada co obxectivo de homenaxear a poeta coruñesa e dirixido ao alumnado de Secundaria, conta con dúas categorías: poesía e relato curto e dous premios en cada categoría (1º premio de 200 € e lote de libros; 2º premio de 100 € e lote de libros). Os premiados tamén recibirán un diploma. O prazo remata o 30 de abril.

Certame literario **Maio Cultural de Aguiño**

A Asociación Cultural Francisco Lorenzo Mariño de Aguiño, de Ribeira, convoca este certame de prosa e poesía, dirixido ao alumnado de segundo e terceiro de Primaria de Aguiño, Carreira e Frións. Os textos, que deberán estar en galego, serán de temática orixinal e libre e presentaranse baixo pseudónimo. Poderán entregarse no Local Parroquial Francisco Lorenzo Mariño (R/ da Igrexa, s/n, Aguiño), na Casa da Cultura de Aguiño (Rúa Castelao, 49) ou no Auditorio Municipal de Riveira (P/ dos Mariñeiros, s/n); tamén se poderán enviar por correo a ACRV Francisco Lorenzo Mariño, R/ Mestre Xosé Sans, nº 21, 15965, Aguiño, Riveira, A Coruña, indicando que é para o “Certame literario Francisco Lorenzo Mariño – Maio Cultural de Aguiño 2013” do 1 de marzo ao 3 de maio de 2013.

Referencias varias:

- S. S., “Convocado el concurso de prosa y poesía Maio Cultural de Aguiño”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 481, 27 febreiro 2013, p. 6.

Infórmase da convocatoria do certame literario Maio Cultural de Aguiño – 2013, organizado pola asociación cultural Francisco Lorenzo Mariño de Aguiño (Ribeira) e dirixido a alumnos de 2º e 3º de Primaria de Aguiño, Carreira e Frións.

- S. Souto, “Jornada de premios a la creación literaria en Ribeira y A Pobra”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 565, “Ribeira – A Pobra”, 23 maio 2013, p. 7.

Infórmase dos gañadores dos premios dos certames celebrados en Ribeira e na Pobra do Caramiñal: Certame literario do Maio Cultural e Concurso de debuxo e pintura Esther Dourado, respectivamente.

Premio de poesía infantil e xuvenil **Manuel Masdías**

Convocado pola Sociedad Artística Ferrolana (SAF) e patrocinado por TV Ferrol Canal31 en lembranza deste mestre. Podían presentarse poetas novos menores de dezaioito anos con poemas orixinais e inéditos en galego ou castelán. Debían remitirse os traballos á SAF (apartado 339, 15480 Ferrol) antes do 31 de decembro. O galardón consiste nunha placa de prata. No ano 2012 convocouse a V edición e o premio quedou deserto, por decisión do xurado.

Certame de Banda Deseñada de **Mesía**

Concurso convocado dende 2012 polo Concello de Mesía (A Coruña) e o CPI de Xanceda para conmemorar o Día das Letras Galegas. Poderá concorrer o alumnado de todos os centros educativos deste concello cunha creación individual de dúas páxinas e temática libre que se axuste ao modelo que deben recoller nos centros educativos ou na Casa da Cultura. As creacións entregaranse nos propios centros educativos, acompañadas dun título e alí asignaráselle un número. O prazo de entrega remata o 30

de abril, e no mes de maio expóranse no CPI e no blogue bdmesia.blogspot.com. O xurado está composto pola Comisión de Biblioteca do Consello Escolar do CPI de Xanceda e presidido por un ilustrador galego, quen colabora co certame e ilustrou o cartel promocional. Valorárase o uso correcto e creativo da lingua, a orixinalidade, a lexibilidade, a presentación, e a historia. En cada categoría dos niveis de ensino concederanse tres premios e dúas mencións especiais (unha para a creación máis valorada no blogue e outra para a mellor que teña como tema a figura á que se dedica nesa edición o Día das Letras Galegas) e os galardóns entregáranse na Semana das Letras Galegas. Na segunda edición de 2013, o xurado, presidido polo ilustrador Xosé Tomás e reunido o 14 de maio, acordou conceder os seguintes galardóns: na categoría de Educación Infantil, o primeiro premio ao traballo co número 55, o segundo ao número 147, e o terceiro ao 148; na categoría de Educación Primaria, o primeiro premio ao traballo co número 164, o segundo ao 130 e o terceiro ao 119; na categoría de Educación Secundaria Obrigatoria, o primeiro premio ao traballo co número 189, o segundo ao número 193 e o terceiro ao número 191. A Mención Especial para a Banda Deseñada baseada na vida de Roberto Vidal Bolaño recaeu no número 171, e para a Mención Especial para a Banda Deseñada máis votada no blogue, marcouse como prazo o 20 de xuño se ben non se indica no blogue cal foi o traballo gañador.

XLI Certame Literario Minerva. Colexio Peleteiro de Santiago

Certame convocado polo Colexio Manuel Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 e conseguido por escritores consolidados hoxe en día como Lois Diéguez, Ánxeles Penas, Darío Xohán Cabana, Anxo Rei Ballesteros, Suso de Toro ou Xabier Queipo. Nel pode participar o alumnado de segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato, que curse os seus estudos en centros de Galicia e non teña cumpridos os vinte anos o 31 de decembro do ano en curso. Os traballos deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega e poden concorrer nas seguintes modalidades: poesía (un conxunto de tres poemas, de tema e formas libres) e narración (de tema libre e dunha extensión máxima de seis folios, mecanografados a dobre espazo). Envíanse cinco exemplares, con pseudónimo ou lema, xunto a un sobre pechado no que figuren os datos do autor, e deben vir selados polo Seminario de Galego para acreditar a súa condición de alumno ou alumna do centro. No exterior do sobre deben figurar o pseudónimo ou lema e o título da obra e deben remitirse ao Certame Literario Minerva (Colexio M. Peleteiro, San Pedro de Mezonzo, 27, 15701 Santiago de Compostela). Concédense tres galardóns en cada unha das dúas modalidades, de 750 €, 450 € e 300 € respectivamente, medalla de prata conmemorativa do certame e publicación das obras galardoadas nun libro editado polo centro que convoca o certame. O xurado, que está constituído por escritores e profesorado de lingua ou literatura de distintos centros de Galicia, dá a coñecer o seu ditame nos medios de comunicación e a entrega de premios celébrase no decorrer dun acto literario organizado no centro educativo. Durante o acto, os galardoados deben ler a súa obra total ou parcialmente. Na XLI edición do ano 2013 presentáronse cento cincuenta e cinco traballos (cento doce en narración e corenta e tres en poesía). O prazo de presentación dos traballos rematou o 8 de marzo e o fallo fíxose público na páxina en liña do Colexio Peleteiro e nos medios de comunicación o 20 de abril. O xurado, na modalidade de narración, estivo presidido por Manuel Quintáns Suárez e composto polos vogais Armando Requeixo Cuba, Francisco Martínez Bouzas, Montserrat Pena Presas e Montserrat Fraguela Fraguela. Nesta modalidade a gañadora foi María Elena López González, do IES Xograr Alfoso Gómez de Sarria, con “Tigres

azuis no mar de Andamán”; o segundo premio foi para Román Pérez Santalla, do Colexio Apóstol Santiago (Xesuitas) de Vigo, por “Moscova 2093”; o terceiro para Iria Iglesias Martínez, do IES Campo de San Alberto de Noia, por “Disturbia”; e recibiron accésits Alba Sofía Naseiro Lamas, do IES Basanta Silva de Vilalba, con “A Ratoeira”; María Elena López González, do IES Xograr Alfonso Gómez de Sarria, con “A Tránsfuga”; e Javier Rivas Rodríguez, do IES Carballo Calero de Ferrol, con “Habitación 202”. Na modalidade de poesía o xurado estivo presidido por Luis Alonso Girgado e composto polos vogais Isabel Morán Cabana, Carlos Solla, Xoán Tallón e Javier Ferreiro Lozano. Resultaron galardoados co primeiro premio Brais Lamela Gómez, de UWC Adriatic, con “Cadernos vermellos”; co segundo premio Afonso Francisco Traficante Fernández, do IES Antón Fraguas de Santiago de Compostela, por “Paxaros de altos voos”; e co terceiro María Elena López González, do IES Xograr Alfonso Gómez de Sarria por “Tres sombras”; e recibiron accésits Delgado Ferreiro, do Colexio Compañía de María da Coruña, por “Entartete Kunst”; e Marcela Porto Mato, do Colexio Manuel Peleteiro de Santiago de Compostela, por “Ti a Termonix e a Literatura”. O acto de entrega dos galardóns celebrouse o 2 de maio no colexio Peleteiro.

Referencias varias:

- E. C. G., “Abierto el plazo de presentación a los Premios Minerva”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 30 xaneiro 2013, p. 27.

Infórmase da convocatoria dos Premios Literarios Minerva, organizados polo colexio Manuel Peleteiro, dirixidos ao alumnado de centros galegos de 3º e 4º de ESO e Bacharelato. Indícase a data de pechamento do certame.

- Ana Iglesias, “Peleteiro abre el plazo de presentación para los 41 Premios Literarios Minerva”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 27 xaneiro 2013, p. 27.

Infórmase da apertura do prazo de presentación da 41 edición dos Premios Literarios Minerva, convocados polo colexio Manuel Peleteiro. Menciónanse as bases do certame. Lémbrense os inicios deste concurso e o seu padriño na primeira edición: Álvaro Cunqueiro.

- Ana Iglesias, “María Elena Lopez González, la gran triunfadora de los Minerva”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 20 abril 2013, p. 32.

Coméntase a gran gañadora dos Premios Literarios Minerva na súa XLI edición, organizados polo colexio Manuel Peleteiro: María Elena López González, estudante de 18 anos alumna de 2º de Bacharelato do IES Xograr Alfonso Gómez de Sarria. Menciónase o nome dos gañadores e dos accésits nas diferentes categorías. Saliéntase a alta participación nesta edición.

- A. I. S., “Entrega de los Minerva con Manuel Lourenzo”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 2 maio 2013, p. 27.

Infórmase da entrega dos Premios Literarios Minerva na súa XLI edición, que terá lugar no colexio Manuel Peleteiro e que ten como gran gañadora a María Elena López

González, estudante de 18 anos alumna de 2º de Bacharelato do IES Xograr Alfonso Gómez de Sarria. Coméntase a alta participación no certame e a presenza do dramaturgo Manuel Lourenzo na entrega dos premios.

- Ana Iglesias, “Los premios Minerva confirmaron el gran futuro de las letras gallegas”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 3 maio 2013, p. 28.

Coméntase a entrega dos Premios Literarios Minerva na súa XLI edición, que terá lugar no colexio Manuel Peleteiro e que ten como gran gañadora a María Elena López González, estudante de 18 anos alumna de 2º de Bacharelato do IES Xograr Alfonso Gómez de Sarria. Menciónase o nome dos gañadores nas diferentes categorías. Saliéntase a alta participación no certame e a presenza do dramaturgo Manuel Lourenzo na entrega dos premios.

- Tamara Montero, “Peleteiro invoca a la musa de la literatura”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, “Patio de vecinos”, 3 maio 2013, contracuberta.

Infórmase dos gañadores dos premios Minerva, convocados polo colexio Manuel Peleteiro dende 1963: Elena López González, Román Pérez Santalla e Iria Iglesias Martínez na modalidade de narración, e Brais Lamela, Afonso Francisco Traficante e Elena López, en poesía.

- Tamara Montero, “Ingenieros noveles con mucha química”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de Santiago”, 2 xuño 2013, contracuberta.

Alumnado da promoción do 63 do colexio Peleteiro regresou ao lugar no que compartiu aula cincuenta anos despois. Foron as persoas que, xunto con Avelino Abuín de Tembra, promoveron a creación do premio Minerva.

- Román Raña, “Espléndida colleita”, *Faro de Vigo*, “Faro da Cultura”, n.º 461, 6 xuño 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 413, 8 xuño 2013, p. 9.

Recolle os gañadores dos Premios literarios Minerva 2012, tanto de poesía como de narrativa. Expón o nome de cada un deles: no lado poético, Ismael Ramos, Alba Souto, Mª Luísa Iglesias, José A. Parada, Marcela Porto e Helena Salgueiro; e no campo narrativo, Ismael Ramos, Mª Elena López, Laura Cordeiro e Elena Vázquez. Ademais, fai unha breve recensión de cada unha das súas obras, dando unha pequena descrición sobre o máis característico e salientábel das mesmas. Por último, agradece e felicita a cada un deles “polo seu entusiasmo de letraferidos, polo frescor lírico e a habilidade narradora, pola diversidade temática e a riqueza ficcional que propagan”.

XIII Premios Muralla de Lugo de Debuxo e Redacción Infantís

Co motivo do aniversario da concesión do título de Patrimonio da Humanidade a favor do monumento, a Xunta de Galicia, o Excmo. Concello de Lugo, a Vicepresidencia Primeira da Excm. Deputación Provincial de Lugo, a Universidade de Santiago de Compostela, Telcelugo e *El Progreso*, convocan estes premios dirixidos a nenas e nenos até doce anos de idade. A temática debe referirse á muralla romana de Lugo, a paz, a solidariedade e o respecto ao medio ambiente ou todos aqueles valores que contribúan

manifestamente á concordia, á convivencia e o entendemento entre os pobos do mundo, sendo referencia obrigatoria a muralla romana de Lugo. O autor pode presentar un máximo de dous traballos por categoría (debuxo, cun formato que non supere o 30x30 cm.; e relato que non supere os tres folios DIN-A4) e debe remitilos nun sobre cos seus datos persoais, incluído o teléfono de contacto, ao diario *El Progreso* (Rúa Puro Cora 3, 27002 Lugo). Poden estar escritos tanto en galego como en castelán. O prazo de entrega remata o 22 de marzo e o xurado estivo conformado por un representante de cada un dos convocantes. O premio é o mesmo para ambas categorías: 500 € e unha viaxe cultural a París para tres persoas. Ademais dos gañadores, o xurado elixirá cinco finalistas en cada unha das categorías. Na categoría de debuxo gañou Carlos Viscol Cirpaci e no de redacción Sara Pérez Álvarez.

Premio Literario Escolar **Novacaixagalicia**

Convocado por primeira vez no ano 2008 coa intención de promocionar a creación literaria no ámbito escolar, poden presentarse alumnos dos niveis de ESO e Bacharelato, dos centros de Galicia e a partir do ano 2009 alumnos de terceiro ciclo de Primaria. Tras unha primeira selección no centro, poden enviarse un máximo de doce traballos en total, tres por cada nivel: 3º ciclo de Primaria, 1º ciclo de ESO, 2º ciclo de ESO e Bacharelato. Os traballos deben ser orixinais e inéditos, escritos en lingua galega ou castelá, de xénero poético ou narrativo. En poesía deben presentarse tres poemas de tema e forma libres, no caso de narración o texto ten que ter unha extensión máxima de cinco folios mecanografiados a dobre espazo e de tema libre. Os exemplares preséntanse por quintuplicado con título e o pseudónimo ou lema; e nun sobre pechado os datos persoais do autor, así como o nome do profesor que avalaba a presentación do orixinal. Os exemplares deben remitirse ao Centro Social Caixanova (Policarpo Sanz, 24-26, 36202 Vigo). Entrégase un premio por cada nivel e consiste nun equipo informático completo (ordenador portátil e impresora) para os estudantes e un ordenador portátil para os mestres. No ano 2013 non se convocou.

I Certame **No Verán: refréscate cos libros**

Creado en 2013 polo Concello de Marín para potenciar o emprego da lingua galega na escritura entre o alumnado de Primaria do municipio marinense. Estabelécense tres categorías: 1º e 2º (primeiro ciclo), 3º e 4º (segundo ciclo), e 5º e 6º (terceiro ciclo). O gañador de cada categoría recibirá un cheque polo valor da totalidade do custo dos libros de texto do próximo curso; o segundo, un cheque pola metade do custo dos libros; e o terceiro, un cheque polo valor da terceira parte do custo do material escolar. As narracións deberán tratar unha temática relacionada cos libros e o verán, ser inéditos e non galardoados con anterioridade. Poderán ter unha extensión máxima de dúas páxinas en formato DIN-A4, por unha soa cara. O concello ofrece a posibilidade de que cada centro educativo realice unha preselección dos traballos a presentar entre o seu alumnado. As narracións enviaranse nun sobre pechado onde se indique o nome e apelidos do alumno, idade, curso e centro no que estuda, e un teléfono de contacto. Na primeira edición de 2013 o prazo de entrega finalizou o 14 de xuño ás 13.00 horas. O punto de recollida dos traballos foi o Museo Manuel Torres. O fallo do xurado deuse a coñecer o 20 de xuño e a entrega dos galardóns tivo lugar ao día seguinte nun acto celebrado no salón de actos do Museo Torres. Na categoría de primeiro ciclo o gañador

foi Carlos Estévez Suárez, por “O libro máis especial do verán”, e o segundo premio foi para Lucía Estévez Suárez, por “Unha aventura na praia”. No segundo ciclo levou o primeiro premio Hugo Garrido Couñago, por “O libro da chuva”, o segundo premio Sofía Gutiérrez Pereira, por “O comezo do verán” e un terceiro premio foi para Carmen Pazos Lago, por “Makia, a bruxiña dos libros”.

V Concurso de relato curto **Novos Talentos de Coca-Cola**

Organízao a Fundación Coca-Cola para fomentar a escritura creativa entre os escolares de 2º ESO e conta co apoio institucional da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Consta de dúas modalidades: relato curto e vídeo-relato, e dunha convocatoria a nivel estatal en castelán e diferentes edicións do concurso a nivel autonómico, apostando polas distintas linguas oficiais (galego, éuscaro e catalán). A edición en galego ten varias fases: unha fase escolar, na que o docente seleccionou os alumnos que representan o centro escolar na fase provincial, celebrada no mes de abril nas principais cidades galegas, na que se escollen seis participantes, que reciben un obsequio e un lote de artigos marca Coca-Cola. Posteriormente, na fase autonómica participan o relato gañador de cada sector provincial que recibe unha viaxe de carácter cultural e de ocio, e na fase nacional participan os dezasete finalistas e un xurado estatal selecciona os seis mellores relatos, dos que sae o relato gañador. Os participantes teñen que escribir un relato curto en menos de dúas horas a partir de seis palabras que deben incluír no traballo, dunha extensión máxima de dúas follas. Na V edición do ano 2013, os gañadores dos seis sectores territoriais foron: na Coruña, David Vaamonde (IES Eusebio da Guarda); en Ferrol, Pablo Javier Rañales Pérez (IES de Mugardos); en Santiago de Compostela, David Cabaleiro Otero (IES Pintor Colmeiro de Silleda); en Lugo, Fátima Castro Franco (IES do Camiño de Palas de Rei); en Pontevedra-Ourense, Iago González García (IES Blanco-Amor de Ourense); e en Vigo, Sandra Souto Neira (IES Rosais 2 de Vigo).

Referencias varias:

- Marta Becerra, “El Lucus Augusti corre por una buena causa”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 13 abril 2013, pp. 14-15.

Entre outras novas, coméntase a celebración da cincuenta e tres edición do concurso Jóvenes Talentos de Coca-Cola en varios puntos de Galicia. Infórmase da convocatoria dunha nova edición do certame Jóvenes Talentos – Premio de Relato Corto, a través da modalidade de Premio de Vídeo-Relato.

- J. González, “Un alumno coruñés gaña o concurso de relatos de Coca Cola”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 25 maio 2013, p. 51.

Infórmase do gañador da quinta edición en galego do concurso de relato curto Coca-Cola e Begano S.A.: David Vaamonde López, do IES Eusebio da Guarda da Coruña. Menciónanse os nomes dos restantes gañadores e coméntase a elevada participación dos centros educativos.

- Marta Becerra, “Coca Cola premia las mejores letras”, *El Progreso*, “Lugo”, “El despertador”, 25 maio 2013, p. 12.

Fálase da entrega de premios de relato curto do certame Jóvenes Talentos de Coca Cola. Infórmase dos diferentes gañadores: Fátima Castro Blanco, por Lugo; David Vaamonde López, pola Coruña e gañador tamén da fase autonómica; Pablo Javier Rañales Pérez, por Ferrol; David Cabaleiro Otero, por Santiago; Iago González García, por Pontevedra e Ourense, e Sandra Souto Neira, por Vigo.

- Mario Álvarez, “Reconocimiento al talento joven gallego en relato corto”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 8 xuño 2013, p. 43.

Alumnos e alumnas de centros coruñeses foron proclamados vencedores provinciais da LII edición do concurso de relato curto Coca-Cola para novos talentos. Os participantes deberían crear relatos baseados na positividade. A entrega de premios realizouse no hotel compostelán NH Obradoiro e contou coa presenza do secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

- Soraia Villar, “Una talentosa autora de Lalín”, *Diario de Pontevedra*, “Deza. Tabeirós”, 13 setembro 2013, p. 21.

Anuncia que Elvira Fe Nercellas Rodríguez, alumna do IES Pintor Laxeiro de Lalín, obtivo o cuarto posto no Concurso Coca-Cola Jóvenes Talentos pola súa obra *La sonrisa de los caimanes*, na que se abordan temas actuais como a crise económica ou a crítica ao uso de armas.

Contos con **Olmiño**

Convocado pola Asociación de Nais e Pais Os Olmos do colexio San Tomé (Cambados) dende 2013. Os galardóns entregáronse no auditorio municipal o 20 de novembro, nun acto conmemorativo do Día Universal del Niño, no que se tamén houbo unha sesión de títeres.

Referencias varias:

- L. R. , “Títeres, premios y lecciones para conmemorar el Día Universal del Niño en la localidad”, *Diario de Arousa*, “Cambados”, 21 novembro 2013, p. 11.

Entre as actividades da Asociación de Nais e Pais Os Olmos, do colexio San Tomé, dise que nun acto no que se conmemorou o Día Universal do Neno se entregaron os premios da primeira edición de Contos con Olmiño.

II Certame Literario **O Noso Lar**

A Fundación O Noso Lar creou no ano 2012 este certame literario, que consta de tres categorías: nenos de até 14 anos, mozos de 15 a 18 e de 19 a 25 anos. O xurado compuxérono as mestras María Teresa Amado e Concepción Delgado e a membro do

Padroado Ángela Noguerol. Nesta segunda edición, concedéronse os seguintes premios: na modalidade de nenos de até 14 anos, resultou gañadora a obra “Viaxe de volta”, de Laura López Esteban; o segundo premio foi para “A maxia da natureza”, de Laura González Lemos; na segunda categoría, o xurado elixiu a María Nerea Capón; o segundo premio foi para Carlos Jesús Sánchez. Na terceira categoría, o primeiro premio quedou deserto e o segundo foi para Borja Díaz.

Referencias varias:

- L.P., “O Noso Lar repartirá 900 euros en el segundo premio literario sobre la zona rural”, *El Progreso*, “Sarria”, 10 marzo 2013, p. 22.

Infórmase da convocatoria do segundo concurso literario infantil e xuvenil sobre o medio rural. Preséntanse as bases do certame e fábase da entrega dos premios.

- L. P., “El concurso literario de la fundación O Noso Lar galardona a cinco jóvenes”, *El Progreso*, “Sarria”, 27 maio 2013, p. 10.

Anúncianse os premiados do concurso literario infantil e xuvenil da Fundación O Noso Lar de Samos. Menciónase o nome dos compoñentes do xurado e algúns comentarios sobre o acto.

Certame Literario da Asociación Cultural A Pipa de Becerreá

Ver o apartado X.5. deste *Informe*.

I Certame Poético en Galego

Convocado polo CPI Don Aurelio Marcelino Rey e a Asociación cuntese O Fervedoiro, ten como obxectivo impulsar e estimular o uso e defensa do galego entre as novas xeracións. Poderán presentarse textos, cun mínimo de dúas estrofas, nos que se responda á pregunta: “que supón para ti a lingua galega?”. Estabelécese un premio para cada un dos catro cursos da ESO. Nesta primeira edición concedéronse, ademais, cinco accésits. Os vencedores foron Andrea Fontán Fernández, de primeiro da ESO; Sabela Liñeira Chenlo, de segundo da ESO; Aarón Rey Blanco, de terceiro; e Iván Ferreiro Rodríguez, de cuarto. Acadaron os accésits Regina Touceda Rey, Yeray Bugallo Couso, Alba Martínez Castro, Cristian Suárez Aboy e Nerea Sanmartín Senín.

Referencias varias:

- C. Sertal, “Que supón para ti a lingua galega?”, *Diario de Pontevedra*, “*Diario de Caldas*”, n.º 364, “Vivir en Caldas”, 29 maio 2013, p. 6.

O I Certame Poético convocado pola asociación cuntese O Fervedoiro contou coa participación do alumnado do CPI Don Aurelio Marcelino Rey, da mesma localidade. As composicións deberían responder á cuestión de que supuña para eles a lingua galega.

No concurso participaron preto de sesenta rapaces e rapazas. O principal obxectivo da iniciativa foi impulsar entre as novas xeracións o uso e a defensa do galego.

VII Certame de recolla da tradición oral galego-portuguesa **Ponte nas ondas!**

Organizado pola Asociación Cultural e Pedagóxica “Ponte... nas ondas!” e a Cátedra de Eurorrexión da Universidade de Vigo, coa colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Dirección Regional de Educación do Norte (DERN), co obxectivo de que os centros escolares continúen co labor de conservación do Patrimonio Inmaterial Galego-Portugués, contribuíndo á promoción e transmisión das expresións desta tradición. Existen catro categorías de premios: ensino primario, secundario, Bacharelato e ciclos formativos. No ano 2009 engadiuse a categoría de ensino universitario. Cada un deles recibe un primeiro premio de 750 € e un segundo de 300 €. Os traballos poden ser de calquera das expresións da tradición oral, tanto en prosa como en verso, e deben remitirse á Asociación ponte nas ondas! (Rúa Rosalía de Castro, 67, 36450, Salvaterra do Miño). Na VII edición do ano 2013 os galardoados nas diferentes categorías foron: en ensino privado, o primeiro premio mereceuno o proxecto presentado polo Jardim de Infância de Boasvista-Aldreu, Agrupamento Vertical de Escolas de Fragoso, coordinado por Jorge Manuel da Fonseca Barbosa e intitulado “Um avó, um jogo, uma recreação”; o segundo premio, ex aequo para os proxectos das Escola Básica Integrada de Apúlia, coordinado por Maria Eiras Enes e intitulado “Os jogos da minha infância”; o da escola EB 2/3 Abel Varzim do concello de Barcelos, coordinado polos profesores Paulo Lisboa e Ana Cristina Silva e intitulado “Jogos tradicionais”; e o do CEIP San Martiño de Pontevedra, coordinado pola profesora María del Puerto Garrido Acuña e intitulado “Xogos de avós”. En Secundaria, o primeiro premio mereceuno o proxecto da Escola Profissional Infante Don Henrique de Porto do alumnado de 2º e 3º Curso Profissional de Técnico de Restauração, coordinado por Joana Maria R.F. Varajão Gonçalves Andrade e intitulado “Jogos tradicionais na escola”. Na categoría de Bacharelato o primeiro premio recaeu no proxecto presentado polo IES Aquis Querquennis do concello de Bande (Ourense), coordinado polo profesor Xoán Carlos Domínguez Alberte e intitulado “Brincando na Baixa Limia”.

XV Concurso **Reboraina**

Patrocinado por Novagalicia Banco, o Concello de Redondela (Gabinete de Normalización Lingüística), Exclusivas Ucha, a Xoiería Groba e a Editorial Anaya, está organizado polo CEIP Santo Paio de Abaixo de Reboreda. Premia relatos escritos en lingua galega cunha extensión mínima de dous medios folios por unha soa cara para a categoría A (alumnos de 3º, 4º, 5º e 6º de Primaria) e de catro medios folios por unha soa cara para a categoría B (ESO). Os textos deben presentarse baixo pseudónimo na secretaría. Os relatos premiados son publicados na revista escolar *Bolboreta*. Os galardóns consisten na categoría A nun cheque por valor de 150 € e lote de libros, e na B en 200 €, 150 € e 100 €. Na categoría A resultaron gañadores: primeiro premio, “A viaxe polas nubes”, de Raquel Martínez Gallego; primeiro accésit, “Terra prohibida”, de Diego Muíños Mígues; segundo accésit, “O tempo non é un xoguete”, de Alejandro Figueroa Rodríguez; terceiro accésit, “O país das fadas”, de Lidia Collazo Couñago; e o cuarto accésit, “Lúa e o misterio dos vampiros do dente de cristal”, de Aroa Rodríguez Mígues. Na categoría B resultaron gañadores: primeiro premio, “Xoel”, de

Uxía Martínez Lago; primeiro accésit, “A liberdade”, de Miguel Rancaño Míguez; segundo accésit, “Onde o día é noite”, de Inés Pérez Couñago.

I Certame de Relato Curto da Federación de Asociacións de Nais e Pais de Pontevedra

Convocado pro primeira vez en 2013, ten por obxectivo fomentar a creatividade dos alumnos de Primaria, ESO e Bacharelato, así como a comprensión e expresión escrita en lingua galega. Está organizado pola Federación de Asociacións de Nais e Pais de Pontevedra, en colaboración coa Concellería de Normalización Lingüística e a Deputación provincial. Os relatos contarán con entre dúascentas e trescentas palabras e deberán presentarse antes do 30 de abril. Os premiados recibirán vales para adquisición de material escolar na librería El Pueblo por valor de 200 €. Os gañadores e finalistas (máximo de 90) publicaranse un libro colectivo cos relatos.

Referencias varias:

- Jesús Iglesias, “El talento literario de los estudiantes brotará en el I Certame de Relato Curto”, *Diario de Pontevedra*, “Pontevedra”, “Ciudad”, 11 abril 2013, p. 10.

Anúnciase o I Certame de Relato Curto organizado pola Federación de Asociacións de Pais e Nais de Pontevedra. Faise referencia ás bases e aos obxectivos do concurso.

II Concurso de Relato Curto Concello do Grove

Convocado dende 2012 pola Concellería de Educación do Grove co obxectivo de fomentar a escrita creativa e o gusto pola lectura entre o alumnado matriculado nos centros educativos de segundo ciclo de Secundaria e de Bacharelato desa localidade pontevedresa. Estabelécense dúas modalidades: unha para Bacharelato e outra para o segundo ciclo da Educación Secundaria Obrigatoria. A temática é libre, a extensión será entre 400 e 600 palabras, escrito en ordenador, con letra Arial de 11 puntos, a dobre espazo e en folios de DIN-A4. O premio consiste nun cheque de 100 € para gastar no comercio local e un lote de libros, ademais da publicación do relato na revista local *Sustansia* do mes de abril, coincidindo coa celebración do Día do Libro e do Día do Libro Infantil. Na segunda edición de 2013, o prazo de presentación dos relatos curtos finalizou o 28 de febreiro e presentáronse arredor de corenta alumnos. O gañador foi o relato “Un café distinto”, de Sara Santaya Prieto, e o primeiro accésit foi para Carme Domínguez Prol.

Referencias varias:

- Teresa Miñán, “El Concello meco convoca el ‘II Concurso de Relato Curto’”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 11 xaneiro 2013, p. 15.

Falase do II Certame de Relato Curto organizado pola concellería de educación do Concello do Grove para os estudantes matriculados na localidade. Preséntanse as bases do concurso.

Concurso Escolar de Poesía “**Rosalía de Castro**”

A Fundación Rosalía de Castro e El Corte Inglés crearon en 2013 un concurso de poesía para o alumnado de Secundaria e de Bacharelato con motivo da conmemoración do 150 aniversario da publicación de *Cantares gallegos* e para difundir no mundo escolar a relevancia desta obra e da súa autora. Nas bases establecéronse tres niveis de participación: 1º ciclo da ESO, 2º ciclo da ESO e Bacharelato. As obras deberán ser orixinais e inéditas e estar redactadas en galego, sobre un tema e forma poética libres e cunha extensión máxima de 50 versos. Cada autor poderá concorrer cun máximo de dous traballos, que se presentarán nun sobre pechado, no exterior figurarán o título, o nivel educativo e o pseudónimo, e no interior unha nota cos seguintes datos: título da obra, nome e apelidos do autor, curso e centro educativo, enderezo postal e correo electrónico do autor. O prazo de admisión de orixinais remata o 17 de maio e remitiranse aos centros de El Corte Inglés en Galicia (localizados na Coruña, Santiago de Compostela e Vigo). En cada categoría concédense un premio e dous accésits: o primeiro premio recibirá un iPad 32GB; o primeiro accésit, unha tarxeta agasalho de El Corte Inglés por valor de 200 €, e o segundo outra tarxeta por valor de 100 €. Na primeira edición de 2013 ampliouse o prazo de admisión de traballos até o 24 de maio. O xurado, composto polos escritores Elvira Riveiro, Manuel Lorenzo e Anxo Angueira (presidente da Fundación Rosalía de Castro), e por José Manuel Blanco, director de Comunicación e Relacións Externas de El Corte Inglés Galicia, concederon os seguintes galardóns: Categoría 1º ciclo da ESO, gañadora: Fátima Barros (CPI Santa Lucía, Moraña); 1º accésit: Manuel González (IES Rosais 2, Vigo) e 2º accésit: Carlota López (Colexio Obradoiro, A Coruña); Categoría 2º ciclo da ESO: gañadora: Marcela Porto (Colexio Peleteiro), 1º accésit: Darío Miranda (IES Maximino Romero Lema, Zas) e 2º accésit: Manuel Fuentes (Liceo La Paz, A Coruña); e na categoría Bacharelato: gañadora: María Vilas (IES Macías O Namorado, Padrón), 1º accésit: Alba María Rodríguez (IES Santo Tomé do Freixeiro, Vigo) e 2º accésit: Daniel Amarelo (IES Terra de Trasmancos, Narón). O fallo deuse a coñecer o 8 de xuño na sección de “Novas” da páxina en liña da propia Fundación (rosaliadecastro.org) e a entrega dos galardóns foi na Casa-Museo Fundación Rosalía de Castro (Herbón-Padrón) o 15 de xuño durante un acto poético-musical ao que asisten tamén familiares, profesores e compañeiros dos gañadores.

Referencias varias:

- A. Baena., “Rosalía de Castro, inspiración para os poetas adolescentes”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 27 abril 2013, p. 12.

Anúncianse as bases do concurso escolar de poesía convocado pola Fundación Rosalía de Castro coa colaboración de El Corte Inglés, con motivo do 150 aniversario da publicación da primeira edición de *Cantares Gallegos*. Fálase tamén das razóns para celebrar este certame e doutros actos previstos para conmemorar este aniversario.

- A. I. S., “Certamen escolar con motivo del 150 aniversario de ‘Cantares Gallegos’”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 28 abril 2013, p. 27.

Con motivo do 150 aniversario da publicación da primeira edición de *Cantares Gallegos*, infórmase das bases do concurso escolar de poesía convocado pola Fundación Rosalía de Castro coa colaboración de El Corte Inglés. Fálase tamén dos motivos para celebrar este certame e doutros actos previstos para conmemorar este aniversario.

- C. Botrán, “Jóvenes de A Estrada y de Rois ganan el premio de poesía Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 582, 9 xuño 2013, p. 7.

A fundación Rosalía de Castro, presidida por Anxo Angueira, deu a coñecer os vencedores do concurso de poesía dirixido a nenos e nenas de Secundaria e Bacharelato. O xurado estivo composto polos escritores Manuel Lorenzo, Elvira Rivero e o propio Anxo Angueira. Os premios entregáranse na Casa Museo de Rosalía de Castro, en A Matanza, Padrón.

III Concurso Radiofónico de **Teatro Lido de Ames Desata a lingua!**

Convocado polo Concello de Ames pretende dinamizar o uso do galego entre a mocidade e fomentar o gusto polo teatro. Dirixido a grupos de 2-6 alumnos de 2º Ciclo da ESO e Bacharelato, os textos teñen que estar escritos en lingua galega e tratar a situación social do galego. A duración das pezas ten que oscilar entre os cinco e os dez minutos. Os grupos teñen que inscribirse no IES de Ames e as montaxes das pezas realízanse na Radio Municipal de Ames. A emisión das pezas ten lugar en Radio Ames. Existen cinco premios: o do público, mellor guión orixinal e mellor interpretación cunha contía de 200 €; e o do mellor interpretación masculina e feminina, que carece de dotación económica. A inscrición rematou o día 25 de outubro. A emisión das pezas produciuse entre o 25 de novembro e o 5 de decembro en Ames Radio (FM 107.2). A entrega de premios realizouse o 13 de decembro. Na III edición do ano 2013, o grupo As seis de sempre, recibiu o premio do público pola obra *Unha tarde coas Tornado*, mentres que o grupo Linguas libres, que elaborou a peza *Mitin*, obtivo o premio de mellor guión orixinal e o premio á mellor interpretación foi para o grupo Axóuxere coa obra “Ai mamasiña que medo!”. O xurado outorgou ademais os premios á mellor interpretación masculina e feminina a Javier Vila Besada e Laura Millet Capdevila.

XXII Certame de **Teatro Local** de Monforte de Lemos

Convocado pola delegación de cultura e educación do Concello de Monforte de Lemos para que participen todos os centros de ensino da localidade con representacións que terán lugar no salón de actos da Casa da Cultura monfortina. As obras deben ter unha duración mínima de media hora e estrearse nese certame. Os premios consisten nun diploma e unha placa conmemorativa para todos os centros participantes. Na edición de 2013 o prazo de inscrición rematou o 27 de febreiro e ao día seguinte houbo unha reunión cos participantes para determinar as datas das representacións teatrais.

XXXIV Certame **Terra Chá de Literatura e Debuxo Infantil**

Organizado pola Asociación Cultural Xermolos de Guitiriz, conta coas seguintes modalidades de participación: a) debuxos e pinturas, b) contos e c) poesías. Os contos e poesías deben ter unha extensión máxima de dous folios. Conta con dous grupos de premios, ca mesma calidade e cantidade: un para os traballos procedentes da Terra Chá, e outro para os traballos dos outros colexios, escolas e institutos galegos. Estabelécense tres premios (50 € para o primeiro, 40 € para o segundo e 30 € para o terceiro, investidos en libros, discos...) para cada nivel e especialidade: Educación Infantil, tres ciclos de Educación Primaria e dous Ciclos de Educación Secundaria e Bacharelato. Os traballos deben mandarse antes do 31 de maio nun sobre pechado cun lema e outro sobre cos datos persoais do autor a Asociación Cultural Xermolos (Apartado 4, 27300 Guitiriz, Lugo). Os premios fanse públicos a comezos do mes de xuño.

Referencias varias:

- C. C., “O IES N°1 da Estrada acadou oito galardóns no Certame Terra Chá”, *El Correo Gallego*, “*Terras de Santiago*”, n.º 595, 22 xuño 2013, p. 4.

O IES estradense acadou oito premios nas distintas modalidades do XXXIV certame Terra Chá de literatura e debuxo. Na modalidade de poesía acadaron premio Lucía Liste, Jennifer Calviño e Ana Iglesias, así como Laura Espiño e Tania Neira. Na categoría de narrativa venceron Raquel Clemente, Tamara Lorenzo e Nerea Iglesias.

- C. A., “El Certame Terra Chá escolar repartirá 85 premios en el Festival de Pardiñas”, *El Progreso*, “A Chaira”, 25 xuño 2013, p. 11.

O XXXIV Certame Terra Chá de literatura e debuxo, promovido por Xermolos, contou cunha convocatoria de 612 traballos de alumnos e alumnas de 74 colexios do país. Conformáronse dúas categorías, unha dirixida á mocidade chairega e outra para alumnado de fóra da comarca. En poesía algúns dos gañadores foron Vicente Castro, Irene Sanmartín ou Lara Novo, mentres que en narrativa venceron Carla Carballeira, Adrián López ou Uxía Rodríguez.

VI Concurso de microrrelatos e micropoemas **Terras do Umia**

Dirixido a todos os centros educativos que integran a Coordinadora Comarcal Terras do Umia, formada polos concellos de Barro, Caldas de Reis, Cuntis, Moraña e Portas. Os textos deben estar escritos en galego, de temática libre, pero conter obrigatoriamente a palabra lume. Conta con dúas modalidades: microrrelato, cun máximo de 100 palabras, e micropoema, de dous a catro versos. Os traballos deben presentarse no blog terrasdoumia.wordpress.com até o 21 de decembro. Conta coas seguintes categorías: A (infantil), B1 (1º ciclo de Primaria), B2 (2º ciclo de Primaria), B3 (3º ciclo de Primaria), C (Secundaria), D (Bacharelato) e E (profesorado, país e persoal non docente). O xurado, composto polos coordinadores dos equipos de dinamización da lingua dos centros participantes e unha persoa de recoñecido prestixio no mundo literario, concede un premio comarcal por categoría. O prazo de entrega remataba o 16 de xaneiro de 2014.

XIX Certame de Contos e Relatos Curtos **Trapero Pardo**. Concello de Lugo

Dende o ano 1995 o Concello de Lugo convoca para todos os alumnos e alumnas de entre doce e dezaioito anos de calquera centro público ou privado este certame de contos e relatos curtos que conta con dúas categorías: unha para rapaces entre doce e catorce anos e outra para mozos entre quince e dezaioito anos. Os contos deben ser de temática libre, escritos en lingua galega e cunha extensión máxima de dez páxinas e remitidos á Concellería de Educación (Centro Social Uxío Novoneyra 3º andar. Rúa Quiroga Ballesteros, n.º 1–27001 Lugo). Estabelécense tres premios en cada categoría. Na categoría de 12 a 14 anos, o primeiro premio foi para Manuel Francisco Lamela Gómez por “Insomnio”; o segundo premio foi para Belén Garañana Durán por “O recuncho dos contos perdidos”; e o terceiro premio foi para María Sonsoles Quiroga Gutiérrez por “A ignorancia da sabedoría”. Na categoría de 15 a 18 anos, o primeiro premio foi para Lorena Barrera López por “A historia mellor gardada”; o segundo premio foi para Amara Chao Durán por “Ad Portas”; e o terceiro premio foi para Sabela Jorge Vidal por “Faíscas”

XXIII Concurso de Contos **Vila de Pontedeume**

Convocado polo Concello de Pontedeume e dirixido ao alumnado de segundo ciclo de ESO, Bacharelato e ciclos formativos de grado medio e superior que non superen os vinte anos, que presenten un relato en galego, inédito, cunha extensión entre seis e dez folios, a dobre espazo e por unha cara, no rexistro do Concello (Rúa Real, n.º 13) ou o envíen por correo certificado para potenciar o uso do galego e o interese pola literatura. O galardón, que se falla o Día das Letras Galegas, consiste nun premio de 7509,50 € e a posibilidade de outorgar accésits. Cada cinco anos édítase un libro cos textos premiados e os finalistas. A data límite de entrega rematou o 15 de abril e o fallo deuse a coñecer o 17 de maio.

XXI Concurso Literario **Xaime Isla Couto**

Organizado pola Concellería de Cultura do Concello de Poio coa colaboración das Sociedades Culturais Deportivas de Raxó e Samieira, o Ateneo Corredoira de Combarro, a Asociación Boureante da Seara e a Asociación Vides Novas de San Salvador. Pode participar todo o alumnado dos distintos centros escolares do municipio de Poio en idades comprendidas entre seis e dezaioito anos e, a partir do ano 2006, tamén calquera persoa de entre dezaioito e vinte e cinco anos, cun só traballo individual e inédito, escrito en lingua galega para cada modalidade. As modalidades do concurso son relato curto ou conto e poesía de temática libre, cunha extensión máxima de tres folios para o relato curto e un folio para poesía. Os traballos deben presentarse nas oficinas municipais, nos centros educativos de Poio e nos locais das asociacións colaboradoras nun sobre pechado xunto cos datos persoais do autor. Conta con cinco categorías: categoría A (de 6 a 8 anos); categoría B (de 9 a 11), categoría C (de 12 a 13), categoría D (de 14 a 15), categoría E (16 a 18) e F (de 18 a 25 anos). Os galardóns nas categorías A, B, C e D consisten nun agasallo, nun diploma e un vale de 70 € para a compra de material escolar; na categoría E nun diploma e un vale de 90 € para a compra de material escolar; e na categoría F nun diploma e 300 €, en cada modalidade. O

xurado está presidido por Xaime Isla e composto por unha representación do Consello Municipal de Cultura. Os gañadores foron: na categoría A Merce Rodríguez Castro, en poesía, e Pablo Alonso González, en relato; na categoría B Miguel Villaverde Alonso, en poesía, e Javier Ibarra González de la Ballina, en relato; na categoría C Laura Abilleira Aboal, en poesía, e Uxía Tilve Iglesias, en relato; na categoría D Paula Crespo Rodríguez, en poesía, e Paula Andrés Padrín, en relato; na categoría E Cristina Carballa Rosales, en poesía e tamén en relato; e na categoría F Juan Carlos Carballa Rosales, en poesía, e Rocío Leira Castro, en relato.

VII Certame de poesía **Xela Arias**

Organizado polo Instituto da Sangriña da Guarda en homenaxe á escritora Xela Arias, dirixido ao alumnado de Ensino Secundario, Bacharelato e ciclos formativos con dúas modalidades: A (de 12 a 15 anos) e B (de 16 a 20 anos). Poden presentarse até o 27 de maio catro poemas inéditos, de tema e forma libres e escritos en galego baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor no IES A Sangriña (Avda. de Portugal, 21, 36780 A Guarda). Concédense dous premios en cada modalidade de 150 € e 100 € (modalidade A) e 200 € e 150 € (modalidade B). A data de entrega rematou o 15 de xuño e catro días despois fíxose o fallo do xurado. Os gañadores foron: na categoría A, o primeiro premio foi para Laura Espiño dos Santos, e o segundo premio para Daniel García Outón; na categoría B, o primeiro e segundo premios foron para Marcela Porto Mato, e o terceiro premio para Claudia Cives Caamaño.

VII Certame de poesía **Xosé A. Barral**

Organizado pola biblioteca e o departamento de música do IES As Bizocas do Grove, coa colaboración da concellería de Cultura do Grove, está dirixido ao alumnado de ESO e Bacharelato. Estabelécense dúas categorías: ESO e Bacharelato, cunha dotación de 125 € e diploma. Os textos teñen que ser orixinais, inéditos, escritos en galego cunha extensión mínima de vinte versos e máxima de vinte e cinco. Teñen que enviarse seis copias de cada poema baixo lema ou pseudónimo, xunto cun sobre cos datos persoais do autor á Biblioteca do IES As Bizocas (36988 San Vicente, O Grove). Os poemas gañadores son musicados e estreados no Festival Música nas túas Palabras, que ten lugar no mes de xuño, acto no que se entregan os premios. O poema gañador foi “Guía na noite”, de Iria Blanco Iglesias na categoría de ESO. A de Bacharelato quedou por unanimidade deserto.

Referencias varias:

- T. M., “As Bizocas convoca el certamen Xosé A. Barral”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 20 febreiro 2013, p. 17.

Anúncianse as bases da sétima edición do certame de poesía Xosé A. Barral que convoca o IES As Bizocas en colaboración co IES Monte da Vila e o Concello do Grove.

- D. A., “Iria Blanco gana el VII Certame de Poesía convocado por el IES As Bizocas”, *Diario de Arousa*, “O Grove”, 24 maio 2013, p. 20.

Infórmase da gañadora do VII Certame de Poesía convocado polo IES As Bizocas: Iria Blanco Iglesias, alumna de terceiro de ESO do IES As Bizocas, por *Guía na Noite*.
Menciónase a gañadora da Mención de Honra: Area María Guede Ramos, do IES As Barxas de Moaña, por *Eu Son*.

Certame de Poesía Xosé Carlos Caneiro Pérez

Convocado polo Concello de Verín, está dirixido a fomentar a creatividade literaria dos estudantes de terceiro ciclo de Primaria, e da ESO dos centros de ensino desa comarca. O poema ten que ser orixinal, inédito, con temática e o estilo totalmente libre, escrito en galego, en texto mecanizado ou en letra manuscrita lexíbel, cunha extensión que non supere os vinte e catro versos e asinado cun lema. Os traballos preseleccionados reciben como premio un lote de libros e existen tres premios de 90 €, 60 € e 30 € por cada un dos niveis nos que se pode concursar. O ditame dos galardóns tivo lugar na Casa da Cultura de Verín con motivo do Día das Letras Galegas.

XI. LITERATURA MEDIEVAL

XI. 1. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Brea López, Mercedes, Esther **Corral Díaz** e Miguel A. **Pousada Cruz** (eds.), *Parodia y debate metaliterarios en la Edad Media*, Alessandria (Italia): Edizioni dell'Orso, 2013, 485 pp. (ISBN: 978-88-6274-497-3).

Monografía que recolle traballos individuais vinculados coa parodia e o debate metaliterarios conservados nas distintas tradicións líricas románicas. Tal como se sinala na introdución, o volume nace coa vontade de tratar parodia e debate metaliterarios en conxunto, “no porque parodia y debate sean una misma y única cosa, sino porque la parodia posee en muchas ocasiones una dosis notable de debate con los modelos circundantes, y el debate puede tener una finalidad paródica” e porque ambas as modalidades acentúan o “carácter grupal de la actividade literaria” proporcionando, á súa vez, interesantes datos sobre o éxito dalgúns textos e as relacións entre autores, as tradicións literarias románicas etc. (p. IX). O libro está vinculado cos proxectos de investigación *El debate metaliterario en la Edad Media* (con referencia FFI2011-26785), dirixido pola profesora Esther Corral, e o proxecto *El sirventés literario en la lírica románica medieval* (FII2008-05481), dirixido pola profesora Mercedes Brea; ambas IPs pertencen ao grupo de investigación *GI-I350 Románicas (Filoloxía, Literatura medieval)* da USC. Acolle os seguintes artigos de interese para este *Informe*:

-Esther Corral Díaz, “A dialéctica do trobar na lírica románica medieval, con especial atención á lírica galego-portuguesa”, pp. 39-53.

Analiza a presenza do diálogo nas expresións líricas románicas, facendo fincapé na lírica profana galego-portuguesa (LPGP). Xunto ás composicións onde o diálogo é unha parte importante da estrutura da peza (por exemplo, nas cincuenta e unha cantigas de amigo onde o diálogo se insire en variados contextos), a autora fai un percorrido pola arte epistolar, a narrativa extensa, as formas narrativas breves ou o concepto de “dialéctica do trobar” de J. Gruber, e detense nos casos particulares dos xéneros propiamente dialogados: a *tençon*, o *partimen* ou o *tornejamen* (p. 41). Explica que dentro da LPGP, só un grupo reducido de textos pode ser incluído baixo a etiqueta de xéneros dialogados –trinta tençons e dous partimens, case o 2 % do total das composicións (1.691 cantigas)–. Comenta que esta tradición contrasta co resto das tradicións románicas onde foi conservado un maior número de composicións susceptibles de seren consideradas baixo esa etiqueta. Ademais de realizar este percorrido, a autora detense nas tipoloxías dialóxicas e analiza as relacións existentes con outros xéneros. En último lugar, analiza brevemente os autores galego-portugueses que compoñen esas trinta e dúas composicións.

-Vicenç Beltran, “Ay flores do verde pino”, pp. 213-232.

O investigador catalán trata neste traballo as distintas análises que foron feitas sobre a cantiga de amigo “Ai flores, ai flores do verde pino” (*MedDB* 25,2) atribuída a Don Denis, no relativo á presenza da “flor” desa árbore na composición. Ademais de acudir ás referencias bibliográficas, as interpretacións simbólicas e posíbeis explicacións xa

canónicas –como a que realizou Aurelio Roncaglia no seu momento–, Vicenç Beltran, baseándose nos datos que a crítica coñece sobre a biografía do rei portugués, pon en relación esa mención á flor do piñeiro desta cantiga cos capiteis da derruída igrexa de Santa Maria da Pena, erixida no interior do castelo da cidade de Leiria (Portugal), para algúns autores por Don Denis. Deste xeito, o capitel axudaría a comprender mellor a mención á flor do verde pino na cantiga referida e, en sentido inverso, o texto lírico engadiría máis probas á teoría que defende que a igrexa foi erixida por mandato deste rei e non doutro.

-Déborah González Martínez, “Ome que entençon furt’a seu amigo semelha ramo de deslealdade”, pp. 233-248.

Analiza o concepto de mímese no proceso de creación trobadoresca galego-portuguesa. Así como as cantigas de seguir aparecen, na *Arte de Trovar* que inicia B, claramente definidas e clasificadas baixo tres modalidades, os produtores da LPGP non aceptarían o *furtum carminum* nin “unha dependencia absoluta do modelo”; aqueles autores que concorreran nestas prácticas vetadas, unha vez descubertos, sufrirían as burlas e os ataques literarios dos outros autores (p. 247). A autora da contribución comeza facendo un percorrido polas poéticas clásicas que tratan o concepto da mímese –Lucio Anneo Seneca, Marco Fabio Quintiliano– para despois chegar a B. Gibert (1716). Fronte ás preceptivas, comenta a autora, “a prigitia invadiría algúns espíritos que non terían inconveniente en apartarse das recomendacións canónicas dos tratadistas, conformándose coa reprodución da obra allea” (p. 235). Dentro da LPGP, xunto aos contrafacta que seguen os ditames da *Arte de Trovar*, encontramos composicións onde se critica o exceso á hora de “seguir” (o sirventés de Gonçal’Eanes do Vinhal “Maestre, toddolos vossos cantares”, *MedDB* 60,5) e outros textos poéticos onde é tan explícito o roubo intelectual que mesmo aparece o verbo furtar: o sirventés de Alfonso X “Pero da Ponte á feito gran pecado” (*MedDB* 18,33), a cantiga “Jograr, tres cousas avedes mester” (*MedDB* 56,6) e a tenzón entre Johan Coelho e o xograr Lourenço “que se refire explicitamente ao furto de cantigas” “Quen ama Deus, Lourenç’, ama verdade” (*MedDB* 79,47). A investigadora detense pormenorizadamente na análise destes tres últimos textos. Ademais, repara na importancia das relacións interpersoais e intertextuais entre o xograr Lourenço e outros autores contra os que combate literariamente. Conclúe a autora que “nos testemuños da lírica profana galego-portuguesa, o *furtum carminum* condénase sobre todo por ser unha falta ética, unha práctica innobre e nada honrada [...]” (p. 248).

-Santiago Gutiérrez García, “Ingenio y arte en la lírica gallegoportuguesa. En torno a una cantiga de Gil Perez Conde y la retórica clásica”, pp. 249-263.

O autor abre a súa contribución facendo fincapé en certas afirmacións asentadas pola crítica que sinalan, dunha parte, que os trobadores galego-portugueses pouco reflectiron sobre os seus principios poéticos tanto no plano formal como no conceptual, e, por outro, que, fronte ao que acontece na lírica occitana, o trobadorismo peninsular centrou a atención, no ámbito da sátira, nas burlas persoais. Esas afirmacións, di o autor, condicionaron a comprensión que se ten do trobadorismo peninsular, xa que quen “tal sostiene obvia que la vehemencia con que ciertas cuestiones poetológicas prenden en el debate entre trovadores no podía deberse máis que a la viveza con que aquellas se mantenían entre los agentes del canto trobadoresco” (p. 249). Aclarado este punto de partida, o investigador pasa a analizar as diatribas entre xograres e trobadores –que

anegan as líricas románicas–, deténdose para o caso galego-portugués na cantiga “Jogar, tres cousas avedes mester” de Gil Perez Conde (*MedDB* 56,6), en que o trobador ataca un xograr anónimo e lle sinala que, para trovar precisa donaire, voz e adquirir coñecementos, tres cousas que non posúe. Gil Perez Conde marca así unha liña clara entre as funcións que han de ter os distintos axentes produtores da LPGP e delimita o espazo que ha de ter cada un deles. A pesar da existencia destas recriminacións no corpus lírico galego-portugués, o investigador indica que “mal que les pesase a estos últimos, [...] los juglares podían rivalizar con ellos en pericia artística” (p. 255). É por iso polo que Gil Perez Conde vai alén e sinala que, xunto a aquelas tres necesidades, para trovar ben cómpre ter bon sen, algo que supera xa os lindes da “simple aprendizaxe de una técnica” (p. 255). Esta última recomendación de Gil Perez Conde leva o autor a analizar un conxunto de reflexións poetolóxicas que foron tomadas das fontes clásicas –*ars* vs. *ingenium*, o autor como *artifex* etc.– e asimiladas no Medievo a través de diferentes vías –unha delas as artes poéticas occitanas–. Con isto, o autor conclúe que esta “cantiga de Gil Perez Conde se revela como parte de un dispositivo de legitimización social a través del cultivo literario, cuyo funcionamiento acompañaba al devenir de la propia escuela trovadoresca y que incluso ganaba intensidad en la medida en que esta relajaba sus peajes de acceso” (p. 262).

Cabana, Darío Xohán (ed. e trad.), *As floriñas de san Francisco*, Santiago de Compostela: Alvarellos Editora/ Xunta de Galicia, 2013, 147 pp. (ISBN: 978-84-89323-56-8). ■

Co gallo da conmemoración do oitocentos aniversario da peregrinación de San Francisco de Asís a Compostela, a Xunta de Galicia, en colaboración con Alvarellos Editora, ofrece a primeira tradución ao galego das anónimas *I fioretti di san Francesco*. O volume ábrese cunha completa introdución asinada polo tradutor e as ilustracións que decoran o libro veñen da man do artista de orixe vigués Darío Basso. É este un texto medieval toscano (datado entre 1370 e 1390 aproximadamente) onde se recollen milagres, episodios e anécdotas da vida de San Francisco e dos seus acólitos de orde, todos eles relatos de extensión breve e clara intención exemplarizante.

Monteagudo, Henrique (ed. e estudo), *En cadea sen prijon. Cancioneiro de Afonso Paez. Poesía galega postrobadoresca (1380-1430 ca.)*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, 2013, 207 pp. (ISBN: 978-84-453-5072-0). ◆

Volume que presenta a edición e estudo dun conxunto de vinte e tres composicións obra, segundo indica o editor, de Afonso Paez (ou Joan Garcia). O achado destes poemas, dos que nada antes se sabía, “supoñen unha extraordinaria revelación que deita un raio de luz nun recanto até o de agora descoñecido da traxectoria cultivada do noso idioma” (p. 9). As composicións, escritas en galego con moi pouco influxo da lingua castelá, parecen ter sido escritas en terras galegas entre as décadas finais do século XIV e as primeiras do século XV (1433-34), tal como indica a paleografía e os *instrumentos notariais* presentes nos folios do manuscrito. Isto permite ao autor afirmar que talvez non desaparecese das cortes nobiliarias galegas o gusto pola poesía despois da primeira metade do XIV (p. 10). O feito de que os documentos notariais estean subscritos por Lopo Garcia de Toar –escribán do rei e notario na vila de Ferrol– e unha referencia

marxinal a Diego de Andrade situarían a copia do manuscrito na contorna da actual comarca de Ferrolterra. Tal e como indica o editor as composicións son *dezires* de temática variada (poesía amatoria, unha composición extensa piadosa, poesía burlesca, unha *pergunta* de Afonso Paez e a *resposta* de Joan Garcia). Xunto ao estudo introdutorio, o elenco métrico-rimático, a edición dos textos (semidiplomática e crítica), o glosario e os apéndices (documentos notariais), recóllense unha reprodución facsimilar dos folios que conteñen as composicións e diferentes táboas. Un capítulo previo, asinado por M.^a Dolores Pereira Oliveira e Gabriel Quiroga Barro, dá conta do contexto arquivístico.

Recensións:

- Leticia Eirín García “O epílogo da lírica trobadoresca galego-portuguesa”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “O espello das letras”, pp. 95-96.

Dáse conta da saída do prelo de *En cadea sen prijon. Cancioneiro de Afonso Paez. Poesía galega postrobadoresca (1380-1430 ca.)*, cancionero descuberto no ano 2010 e editado e estudado por Henrique Monteagudo. O achado e publicación desta obra contéplase como unha achega de gran valor para o coñecemento da poesía postrobadoresca. Saliéntase que a edición realizada por Henrique Monteagudo é “excelente”, aínda que se xulga que o seu estudo introdutorio é demasiado amplo e ponse en dúbida a atribución da autoría, que só se basea nunha composición das denominadas “preguntas e respostas”. Destácase a singularidade dos textos, recollendo a afirmación do editor de que parecen “obras experimentais”, por estaren destinadas ao recitado e non ao canto.

Referencias varias:

- Víctor F. Freixanes, “A tormenta perfecta”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 198, abril, maio e xuño 2013, “Carta do editor”, pp. 5-7.

Trátanse diversos temas centrados arredor da crise e da situación política e cultural. Na descrición do número de *Grial*, entre os traballos que se achegan, alúdese á publicación de *En cadea sen prijon* (Xunta de Galicia, 2013), cancionero editado por Henrique Monteagudo, que puido ser escrito por Afonso Paez ou Joan García.

- J. Gayarre e E. P., “Un libro recopila 23 poemas inéditos de la lírica gallega”, *El Correo Gallego*, “Tendencias”, 1 maio 2013, p. 42.

Descríbese brevemente a presentación deste volume realizada polo autor na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

- Joel Gómez, “Un novo poemario enriquece a lírica medieval galega”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 1 maio 2013, p. 33.

Dá conta da presentación deste libro na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.

Novo, Olga, *Leda m'and'eu. Erótica medieval galaica*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Trivium, n.º 47, 2013, 164 pp. (ISBN: 978-84-15400-91-2). ■

Estudo centrado nos textos líricos eróticos da escola trobadoresca que foi distinguido como gañador o pasado 2012 do XII Premio Historia Medieval de Galicia e Portugal, fallado pola Editorial Toxosoutos. O tema abórdase dun xeito multidisciplinar, manexando instrumentos da historia social, do dereito e da antropoloxía histórica. Búscase coñecer a Galicia medieval, enmarcada no Occidente europeo, por medio da concepción do mundo erótico e da realidade das súas prácticas que aparecen retratadas nas cantigas medievais. Analízase, pois, a sexualidade da época, a súa repercusión socio-política e mental, as oposicións de xéneros nos diferentes grupos de poboación e a participación do pracer transgresor e das súas formas e códigos na cultura dun pobo, incluídas a marxinalidade e a obscenidade. Para ofrecer un estudo razoado, o traballo abrangue toda a Idade Media e articúlase en cinco partes. A primeira céntrase nos antecedentes da mentalidade sexual medieval e abrangue temporalmente dende a Idade de Ferro ás datas últimas da romanización. A segunda parte céntrase na etapa sueva e explica como o asentamento do catolicismo (fronte ás “herexías”, a arraiá, entre elas) influíu nos comportamentos sexuais e matrimoniais por mor da adecuación da lei civil á ortodoxia. O capítulo terceiro detense en considerar amplamente como se reflicten nos textos xurídicos (dende os códigos visigóticos ao *Fuero Juzgo* fernandino e ás *Siete Partidas* alfonsinas) os comportamentos sexuais e como se entende na época o concepto de tabú sexual. A cuarta parte, a máis longa e a central do traballo (as tres anteriores poderían considerarse estudo de antecedentes), analiza o Eros literario galego-portugués. Subdivídese esta parte en dous apartados; no primeiro rastrexáanse as orixes do erotismo literario europeo e as claves do simbolismo do código literario ao que chamamos “amor cortés”. No segundo, analízase o corpus lírico trobadoresco segundo os parámetros até aquí definidos. Por unha parte fábase da sexualidade feliz que impregna o discurso sexual das cantigas de amigo e escarnio, poñendo especial atención nas voces femininas que o enuncian e pola outra da vida erótica ás “marxes”, é dicir, todo o discurso erótico transgresor á norma que aparece nas cantigas de escarnio e maldicir (a prostitución, a homosexualidade feminina e masculina, o pecado, o adulterio, a ruptura dos votos de castidade, o incesto...). A quinta parte funciona a modo de conclusión. Péchase o traballo cunha bibliografía.

Recensións:

- Pilar Ponte, “Ler con ollos libres”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 466, “Libros”, 11 xullo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “Saberes”, n.º 418, “Letras galegas”, 13 xullo 2013, p. 6.

Dáse conta da publicación deste volume que foi merecedor do galardón do Premio Historia Medieval de Galicia e Portugal. Destácase o uso de todo tipo de fontes (históricas, xurídicas, médicas e literarias) usadas pola autora para levar a cabo a súa revisión da imaxe do Eros medieval que transmiten as cantigas galego-portuguesas.

- Ramón Nicolás, “Os códigos do eros medieval”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 534, “Letras en galego”, 7 setembro 2013, p. 10.

Dáse conta do fallo do XII Premio Historia Medieval de Galicia e Portugal, no que resultou premiada esta obra que afonda na concepción do mundo erótico e as súas realidades ao longo da Idade Media galega. Ponse en valor a investigación da autora sobre os comportamentos sociais exemplificados polos textos líricos da escola trobadoresca galego-potuguesa dende unha perspectiva interdisciplinar.

Rey Somoza, Antonio, *A historia da Doncela Teodor*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Trivium, n.º 46, 2013, 73 pp. (ISBN: 978-84-15400-84-4).

Primeira tradución ao galego do texto medieval sobre a Doncela Teodor, unha escrava que recupera o seu amo da ruína grazas aos seus coñecementos e á súa intelixencia. Enmarcada no xénero da literatura sapiencial, esta narración didáctica e moral (pero tamén lúdica) foi redactada en castelán a mediados do século XIII. A crítica divídese á hora de falar sobre as orixes da historia: ben puidera ser un texto da tradición árabe, ben puidera ser máis antigo, ligado á literatura grega ou bizantina. O que si é seguro é que a narración reformulouse ao longo dos séculos e en distintos dominios lingüísticos até chegar a ser vertida ao castelán. Dende o século XIII coñeceu varias reescrituras e interpolacións, amais de ter difusión noutros textos (o que dá idea do seu éxito e coñecemento xeral). Consérvanse dous textos árabes peninsulares (que son versións anterior da historia, que se reescriben ao traducir ao castelán), até cinco manuscritos medievais e numerosísimos textos impresos. Esta primeira edición galega baséase no texto crítico en castelán fixado por N. Baranda e V. Infantes (1995) pero engádelle (en cursiva) fragmentos que desapareceran na versión que aqueles utilizan coma texto base.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, “Literatura sapiencial”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 470, “Libros”, 26 setembro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 422, “Letras galegas”, 5 outubro 2013, p. 10.

Dáse conta deste texto medieval de Antonio Rey Somoza na Editorial Toxosoutos. Explicase que a tradución deste relato sapiencial de orixe árabe, mestura múltiples influencias e foi feito ao longo dos séculos para dar cabida a novos saberes, de aí que se resalte a pericia do editor e tradutor para dar conta no texto das sucesivas interpolacións.

Romay López, Manuel, *María Balteira. A soldadeira máis fermosa da Corte do Rei Sabio*, A Coruña: Deputación da Coruña, maio 2013, 276 pp. (ISBN: 978-84-9812-205-3). ◆

Esta biografía novelada ábrese cunha colaboración de Diego Calvo Pouso en que, ademais de felicitar ao autor, destaca a novidade que supón a visión positiva que Manuel Romay (San Martín de Ombreiro, 1941) transmite de María Balteira, axudándose das cantigas de dez trobadores que a mencionan. Estruturada en quince capítulos precedidos dunha introdución, a ambientación temporal sitúase na época de vellez da soldadeira María Balteira, quen desexa confesar os seus pecados e narra en primeira persoa toda a súa biografía perante o eclesiástico, comezando na súa infancia e

explicando paralelamente conflitos de sucesión, facendo alusión a costumes locais da época e incluíndo cantigas. Esta reflexión convértese nun monólogo que carece da resposta do interlocutor, apelado baixo a designación *capelan*. Conta que naceu preto de Betanzos, onde recibiu clases de Pero de Ambroa, interesándose pola lírica cortés dende moi nova. Sendo tan só unha nena, queda orfa e ten que trasladarse á casa dos seus tíos, que lle intentan cortar os seus goces poéticos e musicais e concertar un matrimonio non desexado. Debido a isto, argalla co seu antigo mestre e con Juana, a súa doncela de confianza, unha fuxida co fin de conseguir a súa disolución do compromiso. Pero e María troban na tenda do infante don Afonso e alí a Balteira foi eloxiada polas súas calidades líricas. Ademais, o infante, atraído pola súa beleza, aceptouna como a súa concubina até que tivo que contraer matrimonio con Violante, feito que obrigou a reducir os seus encontros. Converteuse así no primeiro dunha serie de amantes que María menciona ao longo da súa confesión: Fi de Escalholá, Pero de Ambroa..., entre outros, volvendo aos brazos de Afonso cando llo reclamou para cumprir o seu encargo de servilo como embaixadora rexia. Os cambios de amantes de María e a súa decisión de viaxar a Terra Santa co fin de redimir os pecados favoreceron que algúns trobadores e xogares, especialmente Afonso Eanes, compuxesen cantigas de escarnio ridiculizando á protagonista. Constituíuse deste modo un ciclo lírico no que María tivo que facer fronte aos distintos ataques, contando coa axuda de Pero de Ambroa, que lle profesaba un profundo amor. No epílogo unha voz narrativa en terceira persoa, coincidente coa voz autorial, amosa a súa incapacidade de precisar o lugar de falecemento da Balteira.

XI. 2. ACTAS

Álvarez, Rosario, Ana Maria **Martins**, Henrique **Monteagudo**, Maria Ana **Ramos** (eds.), *O sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), 2013, 560 pp. (ISBN 978-84-15876-15-1). ♦

Colectánea de traballos reunidos en homenaxe do profesor. Ivo Castro.

- Elsa Gonçalves, “Sintaxe e métrica na edición de uma cantiga de D. Denis (B1541, *Mui melhor ca m’eu governo*)”, pp. 181-194.

Analízase a cantiga “Mui melhor ca m’eu governo” de D. Denis (*MedDB* 25,49) atendendo ás peculiaridades métrico-sintácticas que non foran notadas polos editores da mesma (xa polos que se ocuparon do corpus do rei portugués, xa polos editores das edicións de conxunto) e que son importantes para unha correcta interpretación deste escarnio político. Proponse unha nova lectura da cantiga e resólvense os problemas de comprensión semántica, motivados pola *aequivocatio* e a ironía.

- Henrique Monteagudo, “A personalidade histórica do trovador Johan Soayrez Somesso”, pp. 421-452.

Despois dun exhaustivo estudo documental (do tombo de Fiães e da colección diplomática de Melón), e tendo en conta as achegas previas da investigación especializada (Michäelis, Resende de Oliveira, Ron Fernández) ademais das propias características temáticas e lingüísticas da poesía do trovador, delimita a biografía do poeta Johan Somesso (*MedDB* 78) e a súa identificación. Achegando numerosa documentación onde aparece citado o trovador, Monteagudo chega á conclusión de que Johan Soayrez Somesso foi don Johan Soares da Chapela, nobre terratenente finado en 1247, do que afirma que produciu a súa obra entre 1215 e 1240. Ofrece, ademais, numerosos exemplos de documentación notarial que apoian a teoría do profesor Monteagudo.

- Maria Ana Ramos, “Processos de reverência cultural? A adopção de <lh> e <nh> na escrita portuguesa”, pp. 481-514.

Reflexiona sobre a ausencia dos dígrafos <lh> e <nh> para representar a palatal lateral e a nasal, respectivamente, no Cancioneiro de Ajuda. Esta ausencia ten sido explicada como síntoma dunha influencia lingüística directa do provenzal no códice máis antigo da tradición galego-portuguesa. Porén, dende o punto de vista da historia da lingua, asegurar esta influencia é complexo. Numerosos rexistros documentais e, incluso a testemuña dos outros dous cancioneiros (Colocci Brancuti e Vaticana), mostran outras realizacións gráficas a mediados do século XIII. Dende esta data rastrexamos a utilización de <lh> e <nh>, aparición ligada á corte de Afonso III e á súa chancelaría, “coma un proceso de reverência cultural ao prestígio literario da Provença” (p. 506). Esta representación gráfica, variábel en forma, parece, segundo Ramos, non poder explicarse só por esa influencia provenzal. Para demostralo, estuda como se manifestaron graficamente esas realizacións sonoras no resto da Península Ibérica (especialmente na zona catalá, onde a influencia provenzal é máis clara), en Italia (Apulia, Calabria e

Sicilia), no dominio lingüístico do valón antigo e no dominio do propio occitano.

- Giuseppe Tavani, “Alla ricerca del canzonere del Conte. Prima tappa: le cantigas d'amor”, pp. 529-544.

Explica que a transmisión dos testemuños da nosa tradición trobadoresca é unha cuestión complexa e chea de interrogantes e que son moi poucos os cancioneros que se conservan das cantigas medievais, que poderíamos separar entre fontes medievais, como o *Cancioneiro da Ajuda* ou o *Pergamino Vindel*, e fontes apógrafas como o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional de Lisboa (B)* e o *Cancioneiro da Biblioteca Vaticana (V)*, que serán a base do estudo do profesor Tavani. Estes cancioneros apógrafos italianos, mandados copiar polo humanista Angelo Colocci no século XVI ofrecen moita información sobre a nosa literatura medieval, mais tamén moitas dúbidas. Reflexiona o profesor Tavani sobre o acto efectivo de copia dos apógrafos italianos, tomando coma base de comparación as cantigas de amor copiadas en *B* e *V*. Dadas as confluencias e diverxencias entre os testemuños manuscritos *B* e *V*, Tavani propón o *stemma* desta rama da tradición manuscrita, procurando identificar o antecedente de ambos: o “canzonere antico” presuntamente compilado por Don Pedro, Conde de Barcelos.

-Yara Frateschi Vieira, “Tornada en linguagem palavra per palavra”, pp. 545-560.

O florilexio de poesía que constitúe o *Cancioneiro Nacional da Biblioteca Nacional de Lisboa* (antigo *Colocci-Brancuti* e siglado como *B*) comeza con cinco composicións de marcada ambigüidade, os lais de Bretaña e que son estas composicións resultantes da adopción de temas artúricos ao campo do lirismo, sen autor coñecido. Mais unha delas (o segundo dos cinco) apunta cara a unha posíbel orixe, pois, na rúbrica que a precede infórmasenos de que a cantiga foi “tornada en linguagem palavra per palavra”, é dicir, traducido de maneira literal. É neste punto onde comeza o artigo de Yara Frateschi Vieira no que traza unha breve historia do termo e da expresión da rúbrica copiada polo humanista Colocci. Tendo coma pano de fondo as composicións que denominamos lais (únicas composicións lírico-narrativas que conservamos na tradición galego-portuguesas que foron traducidas doutra lingua) a autora reflexiona sobre que se entendía por “tradución” na Idade Media. Logo de glosar os significados do verbo “tradurre”, que se podía entender coma “traladar” ou “tornar” e así aparece reflectido no ámbito literario peninsular, a autora introdúcenos nos matices da tradución, xa sexa esta de sentido ou literal, en prosa ou verso.

Bartuschat, Johannes e **Carmen Cardelle de Hartmann** (eds.), *Formes et fonctions de la parodie dans les littératures médiévales. Actes du Colloque International (Zurich, 9-10 décembre 2010)*, Firenze: SISMEL / Edizioni del Galluzzo per la Fondazione Ezio Franceschini, 2013, 256 pp. (ISBN 978-88-8450-497-5).

Monografía que recolle as contribucións de diferentes autores que participaron neste coloquio internacional no marco das actividades da *Scuola di Dottorato europea in Filologia Romanza*.

- Pilar Lorenzo Gradín, “Irrisio Mortis en los trovadores gallego-portugueses”, pp. 59-78.

Analízanse aqueles textos da lírica galego-portugueses en que a metáfora da “morte por amor” foi sometida a un distanciamento paródico cara a mediados do século XIII. Os tópicos asociados da “morte por amor” e da “enfermidade amorosa” aparecen xa na poesía clásica (Safo, Catulo, Teócrito, Lucrecio, Horacio) e chegan até o imaxinario literario-cultural medieval (os escritos neoplatónicos, a lírica provenzal). A adaptación do tema na lírica galego-portuguesa insistiu nun dos *signa amoris* da patoloxía amorosa da tradición cortés occitana: a coita amorosa e a morte do amante como horizonte de expectativas desexábel para superala. O tópico tivo tanto éxito e a linguaxe a el asociada estaba tan tipificada que se converteu dende cedo nun cliché. Mostra diso é que se subverteu o código cunha intención xocosa. O artigo analiza exemplos da inversión do tópico con intención lúdica. En “Roy Queymado morreu con amor” de Pero Garcia Burgalês (*MedDB* 125,45), resáltase a intencionalidade do trovador de reprobar humoristicamente a insistencia de Roy Queimado en usar o tópico nas súas composicións. Lorenzo Gradín rastrea o xénero das cantigas de escarnio para atopar as seis cantigas (*MedDB* 127, 6; 116,16; 70,30; 56,8; 18,20; 30,7) que usan a transformación lúdica da metáfora da morte amorosa, a maioría delas compostas coetaneamente á vida de Afonso X (é dicir, na época de consolidación e expansión máxima da lírica profana).

- Mercedes Brea, “La parodia metaliteraria en la lírica gallego-portuguesa: el debate entre Abril Perez y Bernal de Bonaval [B1072, V663]”, pp. 79-104.

Analízanse os textos paródicos na lírica galego-portuguesa seguindo a definición de Genette, deslindando o lúdico, o cómico e o satírico dentro do espectro da parodia. A subversión das conveccións nas que se basea a parodia está especialmente representada nos contrafacta, onde as relacións de hipertextualidade e intratextualidade dentro dunha tradición literaria e dos seus códigos pactados eran usadas para facer parodia. Estes casos de parodia literaria atópanse na lírica galego-portuguesa en varios xéneros, no chamado “escarnio de amor”, nas cantigas de seguir ou nas *tensos*. Un exemplo desta última modalidade xenérica é analizado na busca do seu esquema paródico: a cantiga dialogada entre Bernal de Bonaval e Abril Pérez “Abril Pérez, mui' ei eu gran pesar” (*MedDB* 22,2; 1,1). O debate entre ambos os trovadores mostra, baixo a aparencia dunha discusión sobre un tópico amoroso (a maior excelencia da senhor, maior intensidade da coita amorosa), unha referencia constante a elementos paraliterarios da tradición poética que son usados cunha intención lúdica.

- Maria Ana Ramos, “A tentação da paródia na poesia galego-portuguesa”, pp. 105-131.

Reflexiónase sobre o xénero de escarnio da lírica galego-portuguesa e aqueles mecanismos retóricos que usaba para facer parodia. Descríbese as definicións de recursos retóricos usados para construír textos paródicos que aparecen no manual poético que é a *Arte de Trovar*. As referencias á *aequivocatio* resaltan a preferencia da lírica de escarnio por utilizar palabras que poden ter máis dun sentido. Do mesmo xeito, os *contrafacta*, entendidos como imitación dun topoi, prestábanse á subversión, á oposición paródica á norma. E na cantiga de seguir contéplanse varias formas de imitación directa dun texto (ben o *contrafacta* musical ou melódico, ben copiando o esquema rítmico, ben copiando directamente o léxico do texto de orixe) que tan ben se prestaba ao xogo paródico. Para exemplificar estes recursos, analízase no artigo a cantiga “Agora oí dña dona falar” de Fernan Rodriguez de Calheiros (*MedDB* 47,1).

Esta composición exemplifica a subversión de código da que fala a *Arte de Trovar* pois inclúe a utilización de léxico de dobre intención e a referencia paródica ao tópico da “muller gardada” e ao do “amor de oídas”.

Casanova Herrero, Emili e **Cesáreo Calvo Rigual** (eds.), *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románicas (6-11 de septiembre de 2010, Valencia)*, Berlin: De Gruyter, vol. VII, 2013. (ISBN do volume: 978-3-11-029985-4, ISBN da obra completa: 978-3-11-032738-0).

Volume que recolle os textos presentados por diferentes autores na “Sección 11” do XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románicas, adicada á “Filología y lingüística de los textos y de los diccionarios de las lenguas románicas. Variaciones diasistemáticas en época antigua”.

-Antonio Augusto Domínguez Carregal, “Doo no léxico do sufrimento amoroso da lírica profana galego-portuguesa”, pp. 115-124.

O autor analiza a presenza do substantivo “doo” e dos termos a el afíns (“doer”, “dor”), presentes dentro da esfera do léxico do sufrimento amoroso na LPGP. Deste xeito, parte da etimoloxía do termo, para despois analizar os contextos onde aparecen estas palabras. Conclúe que na LPGP hai unha clara separación entre os lexemas que portan o significado da dor física e aqueles outros vinculados co sufrimento psicolóxico.

-Ricardo Pichel Gotérrez, “Notas sobre braquigrafía galega medieval. Signos abreviativos especializados”, pp. 335-345.

Analiza os diferentes sinais braquigráficos presentes na sección galega da *Historia Troiana*, un manuscrito castelán da segunda metade do s. XIV (ca. 1365-1369) (p. 336). Unha vez explicada a tipoloxía abreviativa e o obxecto de estudo do traballo, describe o corpus empregado. Partindo dunha tipoloxía de tipo grafemático, o autor indaga no plano escriptolingüístico dos diferentes elementos que configuran o sistema abreviativo deste corpus concreto e que se caracterizan, como el mesmo conclúe, “pola súa notable polivalencia abreviativa” (p. 344). Este tipo de perspectivas poliédricas dende as que o autor se achega a esta obra é, segundo el, precisa para que un editor de textos medievais poida chegar a unha interpretación e a unha descodificación máis razoadas” (p. 344).

-Miguel Ángel Pousada Cruz, “*Ūa pergunta vos quero fazer*. Fórmulas metaliterarias para introducir os debates galego-portugueses”, pp. 347-357.

Explica as fórmulas metaliterarias coas que os trobadores e xograres galegos introducen os seus debates e contestan ás contendas literarias en que son implicados. Despois de presentar o corpus de traballo –as cantigas que poden ser incluídas baixo a categoría de xéneros dialogados (trinta e dúas das mil seiscentas noventa e unha composicións) e os seus respectivos autores–, analiza o vocabulario e as formas léxicas empregadas polos autores para introducir a discusión e lanzar o reto ao seu inimigo –*dizer*, *saber*, *preguntar*, *fazer* + *OD*. Conclúe que todos “estes recursos empregados dentro da cantiga, máis ou menos nun mesmo espazo e tempo, fan que cada texto sexa único dentro desa homoxeneidade temática” (p. 357) que comparten as pezas incluídas baixo a etiqueta de xéneros dialogados e que, en parte, vén imposta pola presenza dunha

estrutura común a estas pezas (introdución-resposta(contraataque-peche) que limita a liberdade compositiva dos autores.

López Martínez-Morás, Santiago, Marina **Meléndez Cabo** e Gerardo **Pérez Barcala** (eds.), *Identidad europea e intercambios culturales en el Camino de Santiago (Siglos XI-XV)*, Santiago de Compostela: Servizo de Publicacións e Intercambio Científico (USC), 2013, 417 pp. (ISBN 978-84-15-876-63-2). ◆

Monografía que recolle os traballos presentados por diferentes autores a este congreso internacional, que se enmarca nos proxectos de investigación *Textos literarios medievais no Camiño de Santiago* (PGIDIT08PXIB204038PR), financiado pola Xunta de Galicia, e *Santiago Apostol en la crisis bajomedieval de la Corona de Castilla* (FFI2012-37953), financiado polo Ministerio de Economía e Competitividade, ambos dirixidos polo profesor Santiago López Martínez-Morás do grupo *GI-1350 Románicas (Filoloxía, Literatura medieval)* da USC.

- Elvira Fidalgo, “Peregrinos en las Cantigas de Santa María”, pp. 207-223.

Propón, usando pasaxes das propias *Cantigas de Santa María*, exemplificar o que ela chama o “daily life” da vida do peregrino na Idade Media. Este *homo viator* medieval emprende a viaxe movido por varios intereses: en moitos casos como penitencia ou castigo; noutros polo desexo de ser socorrido, ou incluso en nome doutro devoto. De calquera xeito, enfróntase con moitos perigos na viaxe; con bandidos que queren facerse coas xoias, rosarios e medallas que porta en gratitude para a virxe, e outro tipo de continxencias. Finalmente, todo remata co regreso a casa, pero para iso tamén hai que salvar, de novo, unha morea de obstáculos.

XI. 3. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Anónimo, *Sir Gawain e o cabaleiro verde*, trad. Jorge Luis Bueno Alonso, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Vétera. 2013, 160 pp. (ISBN 978-84-92866-57-1).

O volume ábrese cunha introdución do tradutor onde presenta a obra dende o punto de vista temático, histórico e, tamén, métrico. O profesor Jorge Luis Bueno traduce por primeira vez ao galego *Sir Gawain e o cabaleiro verde*, romance rimado cume na literatura medieval inglesa. Conservado nun só manuscrito e datado arredor da segunda metade do século XIV e sen autor coñecido, a obra conta como un estraño cabaleiro de cor verde irrompe na Corte do rei Arturo coa intención de formular un insólito desafío que só levará a cabo o cabaleiro Gawain. O reto non é outro que ofrecer ao retado asestar o primeiro golpe en combate singular, coa condición de que permita recibir, acto seguido, ese mesmo ataque. Así o exótico cabaleiro verde acabará decapitado. Porén, por medio de artes máxicas, a cabeza volverá ao seu lugar, quedando Gawain convocado a cumprir o seu trato, é dicir, recibir o mesmo golpe. Así dará comezo unha serie de peripecias e aventuras até chegar ao punto álxido da trama, a cerimonia que probará se Gawain cumprirá a súa promesa, xogando a reputación de toda a Táboa Redonda. É esta unha obra chea de humor e estruturada tanto en forma como en ton, pois nela flutúan a fantasía, o simbolismo e a crítica.

Marcenaro, Simone, *Trovatori alla corte di Alfonso X. Mendez de Besteiros e Estevan Faian*, Roma: Aracne Editrice, 2013, 164 pp. (ISBN 978-88-548-6768-0).

Edición crítica e estudo retórico e literario das cantigas destes dous trovadores galego-portugueses relacionados coa contorna do magnate Afonso X. Tal e como indica o autor, os cancioneiros de ambos os autores, até este momento, nunca gozaron do privilexio de ter una edición monográfica individual que recollese o corpus completo da súa produción lírica (p. 57). Escrito en lingua italiana e vinculado cos proxectos de investigación *TraLiRo* –desenvolvido no seo do *Dipartimento di Studi Letterari, Filologici e Linguistici* da *Università degli Studi di Milano* (con referencia RBFR10102K_002)– e *La lírica gallego-portuguesa en la corte de Alfonso X. Autores y Textos (II)* (con referencia FFI2011-25899) –dirixido pola profesora Pilar Lorenzo Gradín do grupo *GI-1350 Rómanicas (Filoloxía, Literatura medieval)* da USC–, a monografía está organizada en cinco capítulos. Nos iniciais, dedicados, respectivamente, o primeiro a Afonso Mendez de Besteiros e o segundo a Estevan Faian, o investigador italiano analiza pormenorizadamente a biografía dos autores, a tradición manuscrita das cantigas a eles atribuídas e os seus textos dende o punto de vista temático, retórico, métrico e formal. O terceiro capítulo dá conta dos criterios de edición usados á hora de fixar os textos e da información presente nos capítulos cuarto e quinto, onde se recollen as presentacións críticas. Como é habitual neste campo de coñecemento, o autor reproduce a orde que presentan as cantigas nos testemuños; así mesmo, emprega un aparato crítico negativo dividido en dúas franxas que sinalan, por un lado, os erros nas leccións transmitidas e as variantes rexeitadas e, por outro, as variantes gráficas. O capítulo cuarto recolle os textos críticos de Afonso Mendez de Besteiros: oito cantigas de amor (*MedDB* 7,3, 7,14, 7,10, 7,9, 7,11, 7,2, 7,13 e 7,1), dúas

cantigas de amigo (*MedDB* 7,5 e 7,7) e tres cantigas de escarnho e maldizer (*MedDB* 7,4, 7,6 e 7,8). O capítulo quinto recolle o corpus lírico de Estevan Faian, composto por dúas cantigas de amor (*MedDB* 31,4 e 31,3) e unha cantiga de escarnho e maldizer (*MedDB* 31,1). Proporcióname para cada cantiga unha breve análise temática e argumental, unha paráfrase ao italiano moderno, unha análise das anotacións marxinais presentes nos cancioneros, algunha información métrico-formal dos textos e, por último, as notas aos versos. Ao final do quinto capítulo, o lector ten á súa disposición a táboa de concordancias das composicións. Un rimario, un glosario e o correspondente apartado bibliográfico pechan a edición.

XI. 4. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Eirín García, Leticia, “A xénese da lírica galego-portuguesa”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 199, Tomo LI, “O espello das letras”, xullo, agosto e setembro 2013, pp. 92-93.

Dáse conta da publicación da obra *O amor que eu levei de Santiago. Roteiro da lírica medieval galego-portuguesa. Área de Santiago de Compostela* (2012) e ofrécese unha recensión da obra de José Antonio Souto Cabo *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximação às origens socioculturais da lírica galego-portuguesa*. Sinálase que a obra responde ao propósito de evidenciar a emerxencia da poesía galego-portuguesa no noroeste ibérico dende 1170 até 1230. Apúntase que o estudo vai precedido por un prólogo e un estudo introdutorio no que o autor expón os motivos e liñas da súa investigación e anótase que a obra se estrutura en nove capítulos e dous anexos finais. Apúntase que o primeiro apéndice contén os esquemas xenealóxicos das principais familias examinadas na obra, en correspondencia coa reconstrución que o autor fai das relacións sociais dos mesmos. Sinálase que o segundo anexo ofrece a edición de textos notariais e a reprodución dun poema. Destácase que os nove capítulos do corpo do traballo recollen os resultados da investigación do autor que vai clarificando datos dos primeiros trobadores e da chegada do fenómeno trobadoresco ao noroeste peninsular.

Eirín García, Leticia, “Compostela trobadoresca”, *Grial. Revista Galega de Cultura*, n.º 197, Tomo LI, “O espello das letras”, xaneiro, febreiro e marzo 2013, pp. 100-101 .

Faise unha recensión do libro *O amor que eu levei de Santiago. Roteiro da lírica medieval galego-portuguesa. Área de Santiago de Compostela* (2012), de Yara Frateschi Vieira, M. Isabel Morán Cabanas e José António Souto Cabo. Saliéntase o carácter anovador da obra, porque se dirixe a un lector non especialista e porque permite seguir un roteiro pola Compostela dos séculos XIII a XV. Descríbese o volume, do que se destaca a coidada presentación das composicións, aínda que se bota en falta unha explicación máis pormenorizada sobre o fenómeno trobadoresco. Conclúe gabando o achegamento da lírica medieval galego-portuguesa cara ao “gran público”.

Ferreiro, Manuel, “Sobre a posibilidade de elisión vocálica na conxunción ‘se’ na poesía profana galego-portuguesa”, *Verba. Anuario de Filoloxía Galega*, vol. 40, 2013, pp. 453-470.

Estúdanse aqueles casos en que na “compilación do corpus da lírica profana galego-portuguesa” (p. 456), isto é, a edición de conxunto da lírica galego-portuguesa denominada por Ferreiro a “vulgata” (M. Brea (coord.): *Lírica Profana Galego-Portuguesa*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2 vols., 1996), aparecen supostas crases da conxunción coordinante “se”. Seguindo as teorías de Celso Ferreira de Cunha [1982] e Nobiling [2007 (1907)], afirmase que as conxuncións mostraban resistencia á crase e á sinalefa coa seguinte palabra no galego medieval. Para explicar a presenza destas supostas elisións na edición da “vulgata” distingue Ferreiro dúas causas: os erros de copista (que supoñen a aparición de crase nos manuscritos e que coma erros deben ser corrixidos) e os erros do editor (que establecen crases ausentes dos manuscritos por

motivos métricos). A revisión de todos os exemplos de suposta crase atopados na *LPGP* poden ser solucionados, segundo Ferreiro, facendo unha lectura distinta dos manuscritos e propoñendo solucións editoriais diferentes ás tradicionais. Deste xeito, partindo dunha interpretación diversa dos manuscritos, verifícase que non é necesaria a elisión vocálica para atinxir o correcto cómputo métrico e o perfecto sentido dos textos analizados, demostrando a validez da teoría de Cunha. Todos os casos estudados (máis de trinta neste traballo) de crase da conxunción “se” poden ser resoltos, segundo Ferreiro, aplicando lecturas que levan a crase a outros sectores vocálicos do verso e permiten manter a isometría. Só un dos loci critici da tradición fica irresoluto: o verso 24 da *tenson* entre Afonso X e Garcia Perez (*MedDB*, 18,44; 54,1), do que se ofrece unha posíbel lectura. Este traballo é continuación doutros que analizan a crase de conxuncións na lírica profana galego-portuguesa [Ferreiro, (2009), (2012)].

Gonçalves, Elsa, “Sintaxe e interpretario: Afonso X, Joan Rodriguiz foi esmar a Balteira”, *Cultura Neolatina*, 2013, pp. 13-24.

Propón unha nova edición da cantiga “Joan Rodriguiz foi esmar a Balteira” en que sinala as mudanzas coas edicións precedentes (de Lapa e Paredes). O seu obxectivo é realizar unha proposta de interpretación da cantiga analizando o sentido do léxico en torno ao artificio da “*hequivocatio*”, como é chamado este recurso na poética de B, tan rendíbel na sátira sexual. Un exemplo: casa de madeira, que a autora portuguesa interpreta como: casa “sexo da muller”, madeira “membro viril”.

González Martínez, Déborah, “Contribución ao estudo da cantiga de seguir nos cancioneros galego-portugueses: os escarnios V1003 e B1559”, *Crítica del testo*, vol. XV, nº 2, 2012, pp. 215-235.

Aproximación ao estudo do xénero da “cantiga de seguir” na lírica galego-portuguesa. Rastréxanse as definicións deste modelo compositivo, baseado na hipertextualidade entre textos de distintos trobadores e nos préstamos poético-melódicos, nas poéticas occitanas clásicas e na galego-portuguesa e inacabada *Arte de Trovar* que abre o cancionero B. Aplicando a tipoloxía de “seguir” descrita alí, analízanse os textos en tres categorías. A primeira contén aqueles textos que son tipificados como cantigas de seguir nas rúbricas que anteceden ao texto (*MedDB* 87,16; 66,7; 66,3; 48,1). A segunda inclúe o sirventés literario de Gonçal' Eanes do Vinhal (*MedDB* 60,5), que pode considerarse unha pequena poética porque inclúe referencias metaliterarias á modalidade de seguir. Na terceira, téntase identificar outros segures da lírica galego-portuguesa, tendo en conta a dificultade engadida da perda da notación musical da maioría das composicións, dificultade que pode ser superada atendendo á coincidencia a nivel métrico-estrófico entre os textos. Noméanse varios estudos nos que a crítica se centrou neste último grupo de cantigas e pásase a analizar dúas composicións por extenso: “Hunha dona foy de pram” de Gonçal' Eanes do Vinhal (*MedDB* 60,17) e “Já lhi nunca pedirán” de Afonso Mendez de Besteiros (*MedDB* 7,6). Ambas as cantigas de escarnio son postas en relación de contrafactura (atendendo ao seu esquema métrico, á súa formula rimática, e á repetición da mesma estrutura no refrán) e ofrécese unha proposta de edición para as mesmas.

Pena, Xosé Ramón, “A occidentalización do cantar trobadoresco (Parte I)”, *A Trabe de Ouro*, Tomo III, n.º 91, 2012/13, pp.351-369.

Primeira parte dun estudo presentado en dúas aparicións consecutivas n’*A Trabe de Ouro*. Esta primeira entrega serve de introdución histórica a cuestión que se tratará con posterioridade, as complexas orixes da lírica trobadoresca galego-portuguesa. Nestes preliminares Xosé Ramón Pena defende a estrutura interna da comunidade “galega” a través dos séculos e das diferentes circunstancias do territorio –dende a pertenza ao Imperio, pasando polo dominio suevo e visigótico; vivindo sen demasiada repercusión as invasións islámicas até chegar a creación dos reinos cristiás e o sistema feudal baixo o amparo do cristianismo e a ruptura co futuro reino de Portugal e a adhesión de Galicia baixo a coroa de Castela no século XIII– como xermolo da tradición lírica medieval que tanto prestixio deu a súa lingua vehicular, o galego-portugués.

Pena, Xosé Ramón, “A occidentalización do cantar trobadoresco (Parte II)”, *A Trabe de Ouro*, Tomo IV, n.º 92, 2013, pp. 531-553.

Segunda e última parte do artigo onde, tendo como base os traballos de Resende de Oliveira e J. C. Miranda, Pena abre novas hipóteses para a problemática que circunda as orixes –resumindo e revisando as teses clásicas sobre o tema, como son a folclórica, a medio latina e a litúrxica– do problema trobadoresco galego-portugués, tendo en conta os recentes traballos historiográficos e literarios dedicados a este período da Idade Media, sobre todo os do profesor Souto Cabo. Deste modo, o autor apunta que os estudos e teorías tradicionais que apuntaban a un florecemento poético na corte de León por parte de nobres casteláns pode non ser de todo certa, pois a etiqueta de leonés non ten por que negar a relevancia das liñaxes e familias galegas dentro do comezo da tradición trobadoresca e da adopción dos cantares e trobadores provenzais. Ten o artigo tamén a función de expor o papel da muller nesta eclosión poética, posto que a postura do feminino, tanto humana como tematicamente, non estaba afincada comodamente na Idade Media, suscitando o interrogante de por que a relevancia da cantiga de amigo dentro das nosas letras e que papel tivo no desenvolvemento da poética medieval galego-portuguesa.

Pena, Xosé Ramón, “*Os cavaleiros que fizeram as cantigas*”, *A Trabe de Ouro*, n.º 95, “Publicacións”, agosto, setembro e outubro de 2013, pp. 417-419.

Faise unha recensión da obra *Os cavaleiros que fizeram as cantigas. Aproximação às origens socio-culturais da lírica galego-portuguesa* (2012), de José Antonio Souto Cabo. Descríbese a obra, que sinala a existencia de personalidades, de biografía incerta até o momento, nas que xurdiron as primeiras manifestacións trobadorescas. Saliéntase a aportación de datos verdadeiros de poetas de entre 1170 e 1230. Destácase tamén o trazo de lazos de parentesco entre os autores, que se consideran fundamentais para o entendemento da difusión da canción trobadoresca.

XI. 5. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ESTUDOS E RECENSIÓNS

Gómez, J., “Novos tempos para a lírica medieval”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 516, “Letras en galego”, 4 maio 2013, p. 8.

Recensiónase o ensaio do profesor Souto Cabo *Os cavaleiros que fizeram as cantigas* (2012), traballo publicado en Brasil pola Universidade Federal Fluminense. Destácase a relevancia do ensaio pola enorme achega documental que ofrece para alumear as escuras orixes da lírica trobadoresca galego-portuguesa, asunto delicado que xa tiñan abordado estudosos de renome como Carolina Michäelis, Giuseppe Tavani ou Resende de Oliveira. No estudo, despois dunha minuciosa labor investigadora, dátanse os inicios da poesía trobadoresca galego-portuguesa nos comezos do reinado de Afonso IX, arredor dos Traba e das familias Vélaz e Celanova, quen principiaron a tradición poética cortés e o seu espallamento, causado principalmente polas unións matrimoniais entre a nobreza. Así, Souto Cabo sitúa ese primeiro trobador de noso, Joán Vélaz, cuxo nome aparece na Tavola Colocciana, a finais do século XII, ofrecendo unha nova cronoloxía para o fenómeno trobadoresco e unhas orixes para el moi apegadas as familias nobres de Galicia, especialmente aos Trava.

XI. 6. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: ARTIGOS DE OPINIÓN E COLABORACIÓNS FIXAS

Balado, Ramón G., “Farei um cantar”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, “Reseña musical”, 1 decembro 2013, p. 26.

“Letras e sons na lírica medieval galego-portuguesa” foi o primeiro dos actos enmarcados nas actividades do congreso “Poesía na música”. Neste marco ofrecéronse concertos con temática medieval en que se interpretaron diversas cantigas de Santa María, textos de Martín Codax ou Airas Nunes; así como tamén unha conferencia da profesora María Isabel Morán Cabanas, que realizou unha aproximación á lírica profana a través dos cancioneros do medievo.

Vidal Villaverde, Manuel, “Ondas que eu vin veer”, *Atlántico Diario*, “Opinión”, “Mar de fóra”, 6 novembro 2013, p. 21.

Fala das cantigas de Martín Codax e sobre a súa datación, que el considera anterior á que se lle ten dado, para logo referirse a outras composicións de Meendinho e Fernán de Esquío. Finalmente reproduce algúns versos da sétima cantiga de Martín Codax e explica a orixe do nome de Pergamiño Vindel.

Villar Janeiro, Helena, “Na illa do amor e a morte”, *El Correo Gallego*, “Opinión”, “Notas de actualidade”, 13 setembro 2013, p. 3.

Con motivo do acto literario-musical “Lembrando a Mendiño. Lírica medieval amorosa na Illa de San Simón”, a escritora Helena Villar Janeiro reflexiona sobre o papel da illa na poesía de Mendiño como “cárcel de amor” e sufrimento físico e moral, e outras funcións que posteriormente lle entregou o devir do tempo.

XI. 7. PUBLICACIÓNS EN XORNAIS: NOTAS, PRESENTACIÓNS E ESCRITOS VARIOS

A. I. S., “Ruta guiada por la lírica medieval gallego-portuguesa de Compostela”, *El Correo Gallego*, “Santiago”, 13 xaneiro 2013, p. 23.

A nova recolle a iniciativa da Asociación Cultural O Galo. Esta organizou o sábado 19 de xaneiro unha ruta, guiada polos profesores Isabel Morán e Jose Antonio Souto, pola cidade de Compostela; principal centro cultural e político da Idade Media. O itinerario estruturouse en torno ao libro *O amor que eu levei de Santiago* (2102), do que ambos son coautores.

Alonso Montero, Xesús, “O poeta esmoleiro de San Simón”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 535, “A outra mirada”, “Beatus qui legit”, 28 setembro 2013, p.10.

Comenta o acto homenaxe celebrado na honra do poeta Mendiño na illa de San Simón. Salienta a presentación a cargo de Yolanda Castaño, a participación de X. Rábade Paredes, L. González Tosar, Modesto Hermida, H. Villar Janeiro e o recitado dos poemas “Cantabile di Galicia”, de Luciana Stegagno Picchio e “Illa do amor, illa da morte”, de Valentín Paz Andrade, por parte de Stella G. Balbuena e Carmeliña, respectivamente.

Alonso Montero, Xesús, “Un monumento aos trovadores”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 500, “Libros”, 5 novembro 2013, p. 3.

Refírese ao libro de Darío Xohán Cabana: *Os trovadores de Occitania* (2011), que contén poemas de 87 autores –oito anónimos– dos 460 trovadores que nos séculos XII e XIII trobaron na lingua de oc. Dáse conta de que de cada texto occitano temos unha versión galega e unha poética explicativa, así como páxinas dedicadas á biografía e notas de edición.

Botrán, C., “Padrón y Arjonilla, unidos por el trovador Macías O Namorado”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, 8 xullo 2013, p. 5.

Os municipios de Padrón e Arjonilla (Jaén) uníronse para a realización de proxectos culturais comúns empregando como vínculo o trovador medieval Macías *O Namorado*, xa que o concello coruñés é o seu lugar de nacemento e a localidade andaluza o lugar onde faleceu.

Botrán, Cristina, “Macías ‘O Namorado’, el nexo histórico y cultural entre las villas de Padrón y Arjonilla”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 617, 14 xullo 2013, p. 7.

Infórmase de que o trovador medieval Macías *O Namorado* serviu de nexo entre os municipios de Padrón e Arjonilla (Jaén). Recóllese a visita do alcalde do concello

andaluz e salientase a posibilidade de colaborar institucionalmente na promoción turística de ambas as poboacións.

Gómez, J., “Música y literatura de ahora y con historia”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Patio de vecinos”, 25 abril 2013, contracuberta.

Preséntase na Facultade de Filoloxía o libro do docente da Universidade de Santiago de Compostela, José Antonio Souto: *Os cavaleiros que fizeram as cantigas* (2012). Infórmase de que os profesores Mercedes Brea, Henrique Monteagudo e Ermelindo Portela estiveron presentes e resaltaron esta investigación.

Gómez, Joel, “La epilepsia en las Cantigas de Santa María”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “Santiago”, 22 novembro 2013, p. L5.

Sínálase que o neurólogo compostelán Juan Pías presentou unha interpretación dunha cantiga de Santa María atribuída a un monxe do mosteiro de Armenteira que podería ter sufrido un tipo particular de epilepsia.

J. G., “De Cervantes a Bonaval hai espazos medievais moi interesantes”, *La Voz de Galicia*, “*La Voz de Santiago*”, “A pie de calle”, 18 xaneiro 2013, contracuberta.

Dáse a noticia do roteiro levado a cabo polos profesores Isabel Morán e José Antonio Souto, organizado pola Asociación Cultural O Galo, explicando que foron dúas horas de itinerario histórico- literario nas que percorreron os lugares de interese da nosa lírica medieval e que xira en torno á publicación: *O amor que eu levei de Santiago. Roteiro da lírica medieval galego-portuguesa* (2012).

Loureiro, Ramón, “Os namorados saben da actualidade de Petrarca”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, 28 xaneiro 2013, p. 27.

Acóllese unha entrevista que Ramón Loureiro lle fai a Darío Xohán Cabana, autor dunha tradución do *Cancioneiro* (2012) de Petrarca. Nela fálase desta nova obra como a necesidade que tivo de superar a súa primeira edición a finais dos 80; tamén de que Petrarca segue estando vixente e de proxectos pendentes como a tradución doutros poetas europeos do século XV.

Oliva, M., “Moleiro editará las diez Cantigas de Martín Codax”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, 15 novembro 2013, p. 15.

Dáse noticia de que Manuel Moleiro editará as Cantigas de Martin Codax que se atopan na Morgan Library & Museum de Nova York. Explicase que será unha homenaxe á cidade de Vigo e o primeiro incunábel en galego.

Ventura, Joaquim, “Da primavera ao paraíso”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 465, “Historia da Literatura”, 4 xullo 2013, p. II.

Dá conta da publicación do traballo que serviu de base para o discurso de ingreso de Jaume Vallcorba Plana na Real Academia de Doutores de Cataluña: *De la primavera al paraíso. El amor de los trovadores a Dante*. Vallcorba céntrase na figura feminina como personificación do novo fenómeno literario da Europa do século XII, na imposibilidade amorosa cun profundo estudo da psicoloxía e etoloxía humana e da melancolía como patoloxía do amor non correspondido. A partir de aí trata tamén o novo fenómeno do Dolce Stil Nuovo e a nova posición da muller, xa real e con calidades.

Pinacho, Antonio, “Alonso Montero propone San Simón como ‘capital de la lírica medieval’”, *Faro de Vigo*, “Redondela”, “Área metropolitana”, 13 setembro 2013, p. 13.

Dáse noticia de que o presidente da Real Academia Galega, Xesús Alonso Montero, propuxo en Redondela, durante as xornadas “Lembrando a Meendinho”, institucionalizar un acto literario anual na illa de San Simón. Infórmase de que a idea foi recollida polo secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo.

XII. APÉNDICE

Entradas non recollidas en informes anteriores.

XII. 1. NARRATIVA

XII. 1. 1. NARRADORES GALEGOS

Caneiro, Mario, *Homiños*, Cangas do Morrazo: Edicións Barbantesa, 2012, 101 pp. (ISBN:978-84-940302-0-8).

Obra de carácter realista asinada por Mario Caneiro (Narón, 1969) que se divide en dezanove capítulos nos cales conta as vidas dun grupo de homes e rapaces que residen nun barrio chamado a “Basca”, pola que transcorre unha vía de tren que funciona como fronteira xeográfica. Cada capítulo acolle a voz dun personaxe (Jorge, un rapaz do barrio; Toño, que atende un bar; Pacucho e Paco Cadáver; ou incluso personaxes sen identificar), destacado en primeira persoa homodixética e, ás veces, tamén hai lugar ao monólogo interior. En conxunto ofrece unha visión da difícil vida que levan estes homes e rapaces asentados nun barrio da periferia que se narra cun ritmo rápido. Non aparecen referencias claras nin ao espazo, que se pode referir á provincia da Coruña, nin ao tempo da historia e do discurso. A linguaxe utilizada é común e moldéase a cada un dos personaxes que toman a voz.

Martínez Alonso, Rubén, *A saudade do caracol*, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 2012, 230 pp. (ISBN: 978-84-15400-75-2).

Novela de Rubén Martínez (Vigo, 1980) na que un narrador en terceira persoa conta ao longo de trinta capítulos a historia dunha emigrante galega, Pilarina. O relato iniciase coa partida da súa protagonista, dende unha aldea galega até Lisboa, ao casar por poderes cun veciño seu que xa se atopaba na capital portuguesa traballando de camareiro no bar “O caracol”. A partir dese momento, nárranse as experiencias e vicisitudes da protagonista como emigrante galega na Lisboa de 1936 até a súa vellez e afóndase na historia familiar desta personaxe da que se traza o seu itinerario de vida dende a aldea a Lisboa, a súa volta ao fogar natal e os últimos tempos en Vigo e Ourense.

Recensións:

- Dorinda Castro Soliño, “Homenaxe ao cosmos rural”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 445, “Libros”, 14 xaneiro 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 399, “Letras galegas”, 23 febreiro 2013, p. 6.

Preséntase, a modo de recomendábel retrato, o volume *A saudade do caracol*, de Rubén Martínez Alonso, editado en Toxosoutos. A novela narra a historia de Pilarina, muller que emigra a Lisboa e retorna ao seu lugar de orixe en Meder, nas inmediacións de Salvaterra, para facer de nai adoptiva de certos pequenos, coma o narrador. Por medio

desta anécdota, técese o retrato de centos de familias galegas nos duros anos da posguerra, e ofrécese unha visión sociolóxica, homenaxeando o cosmos rural de Meder. Salientan a multiplicidade de narradores, os varios idiomas e rexistros lingüísticos (que inclúen lingua dialectal e localismos) e a tenrura e humor.

Morales Fernández, José Ramón, *As aventuras de Carmelo Cotón*, Palma de Mallorca: Novum Publishing, 2012, 114 pp. (ISBN: 978-84-9015-235-5).

Relato de José Ramón Morales Fernández (Vitoria) que conta a experiencia vital de Carmelo, un home nado en 1950 no concello de Monforte de Lemos. Narra as vivencias do protagonista, dende que é neno até a súa vida como adulto, reparando especialmente nas lembranzas da infancia e nas cuestións que rodean ao mundo académico e relixioso. Rememora cuestións como a matanza do porco, o día de San Xoán ou algunha enfermidade que o protagonista viviu preto, todo ateigado dun enorme sentimento cara ás súas amizades e familia. Destaca da obra a súa falta de corrección ortográfica, os seus castelanismos e, en xeral, o descoñecemento da normativa lingüística galega.

XII. 1. 2. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS

Achebe, Chinua, *Un home do pobo* (*A Man of the People*, William Heinemann Ltd., 1966), trad. do inglés Begoña R. Outeiro, Santiago de Compostela: Editorial Hugin e Munin, col. XX, n.º 9, 2012, 193 pp. (ISBN:978-84-939647-8-8).

Chinua Achebe (Ogidi, 1930-Boston, Massachusetts, 2013) narra en trece capítulos a historia de Odili a través dun narrador en primeira persoa homodiexético que se corresponde cun dos protagonistas da obra. Trátase dun libro que se abre cun paratexto en forma de cita ou dedicatoria, “Para J. P. e Chris”, e que se centra nun tema político social que deixa entrever a corrupción e a violencia dun país africano que está a sufrir un proceso de conformación política. Odili conta, dende o seu propio punto de vista subxectivo e persoal, a situación política do país, na cal el mesmo participa, e a súa relación cun dos ministros dese momento, o xefe Nanga, con todo o que isto provoca.

Recensións:

- Francisco Martínez Bouzas, “O aparato da corrupción”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 448, “Libros”, 7 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 402, “Letras galegas”, 16 marzo 2013, p. 6.

Saúdase un novo título do africano Chinua Achebe, *Un home do pobo* (2012), aparecido na editorial Hugin e Munin en tradución de Begoña R. Outeiro. Indícase que se a súa produción adoita describir a penetración da cultura occidental no mundo tradicional africano, xunto cos conflitos da sociedade postcolonial, a cerna desta obra é a corrupción e a falta de moralidade, as tentacións dos aparatos de poder, o ladroízo dos gobernantes. Saliéntase, tamén, a especial sensibilidade co plurilingüismo de Chinua Achebe, que insire no inglés da novela pasaxes en pidgin.

Balzac, Honoré de, *O curmán Pons*, limiar e trad. Ana María Galego Gen, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Esmorga, 2012, 305 pp. (ISBN: 978-84-15400-72-1).

Novela realista de Honoré de Balzac (Tours, 1799 – París, 1850) que se agrupa no conxunto das súas publicacións coñecidas co nome de *A comedia humana*. A novela relata en terceira persoa os últimos episodios da vida do Sr. Pons, home pobre, pouco agraciado e solteirón que sufrirá as mofas e abusos do resto dos membros da familia moito máis acaudalados. Cunha paixón desenfreada polo coleccionismo de obras de arte e de gustos refinados, tan só contará coa lealdade do seu amigo o profesor alemán Smucke. Ambos estará abocados a un triste final que os levará á morte, manipulados e enredados nunha loita de clases sociais onde aqueles que gozan dunha posesión acomodada contarán tamén co privilexio de sobrevivir.

Kipling, Rudyard, *O home que puido reinar e outros contos* (*The Phantom Rickshaw and other Eerie Tales*), trad. Tomás González Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, 2012, 271 pp. (ISBN: 978-84-15699-06-4).

Escolma de cinco contos escritos por Rudyard Kipling (Bombai, 1865-Londres, 1936) que recolle unha boa parte da súa obra fantasmal e terrorífica. O conto que lle dá nome á obra é un relato longo de aventuras situado na India a mediados do século XIX. Neste relato cóntasenos a historia de tres personaxes: o narrador, que é un xornalista, e dous aventureiros, Daniel Dravot e Peachey Carnehan, que lle piden axuda co seu plan de converterse en reis do reino de Kafiristán. Os outros contos son: “O carro fantasma”, no que un home relata o acoso ao que se viu sometido pola pantasma dunha muller coa que tivera unha relación; “A estraña cabalgata de Morrowbie Jukes”, narra a historia dun xinete perdido que chega a unha cidade habitada por mortos viventes; “A miña verdadeira historia de fantasmas”, un conto no que un xornalista decide investigar sobre un fantasma nun dâk-bungalow; e “O mellor conto do mundo” onde se trata a reencarnación e as vidas pasadas. Todos se sitúan na India e están narrados en primeira persoa por algún dos protagonistas; contando algúns cunha breve introdución na que un narrador presenta a historia que dalgunha maneira chegou a el.

London, Jack, *O talón de ferro* (*The Iron Heel*, 1908), trad. do inglés Tuula Ahola, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Ciencia Ficción, 2012, 305 pp. (ISBN: 978-84-939554-8-9).

Novela de ciencia ficción de Jack London (Estados Unidos, 1876-1916) que abre cun paratexto en forma de epígrafe: “Ao comezo esta Terra, unha fase tan escura e aflixida,/ Case te podía enfermar polas cambiantes escenas./ E aínda así había que ser paciente. O noso Dramaturgo pode mostrar,/ Nalgún quinto acto, o que este Drama Salvaxe significa”. Segue un prólogo asinado polo personaxe ficticio Anthony Meredith en “Ardos, 27 de novembro, 419 Fraternidade da Humanidade”, onde explica que a obra é un manuscrito que Avis Everhard elaborou sete séculos atrás e no que conta a situación de principios do século XX, cando o Talón de Ferro ou Oligarquía se fixo co poder da Humanidade. Advirte que Avis Everhard cometeu erros na interpretación dos feitos porque lle faltaba distancia con respecto a eles, así como indica que a perspectiva se puido ver alterada “debido á parcialidade causada polo amor” ao seu marido Ernest, un heroe da Revolución contra o Talón de Ferro que perseguíu os dereitos da clase obreira e que morreu na súa loita pola xustiza. O texto distribúese en vinte e cinco capítulos intitolados nos que un narrador en primeira persoa (Avis Everhard) relata polo miúdo os acontecementos adiantados no prólogo. O derradeiro capítulo do volume non está rematado porque posibelmente a autora se viu obrigada a fuxir, ameazada polo bando inimigo, aínda que si conseguiu agochar os seus escritos dentro dun carballo en Wake Robin Lodge. A novela complementase con notas ao pé que ofrecen información adicional.

London, Jack, *Antes de Adán* (*Before Adam*, Dominio Público), trad. David Cortizo Conde, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Ciencia ficción, 2012, 224 pp. (ISBN: 978-84-15699-10-1).

Novela fantástica de Jack London (Estados Unidos, 1876-1916), un escritor prolífico nos xéneros narrativos e no ensaio político, e especialmente coñecido pola súa contribución á narrativa de ficción científica da época. Atopámonos aquí ante a tradución dunha das súas obras clásicas (a carón de *White Fang* e *The Call of the Wild*), obra de David Cortizo Conde. Sen paratextos de ningunha clase esta edición, que

orixinariamente fora publicada entre 1906 e 1907 en *Everybody's Magazine*, publícase aquí dividida en dezaoto capítulos. *Antes de Adán* preséntanos a mente dun mozo estadounidense de cidade, que ten a capacidade de soñar e rememorar non os feitos do seu pasado, senón de instalarse no Pleistoceno Medio. Logo de relatarnos como sobrevive a un día a día marcado polo constante e sorprendente reecontro coas realidades que primeiro apreendeu mediante os sonhos, preséntanos ao seu “alter ego” no mundo dos Australopithecus, Dente Longo, un mozo homínido pertencente ao Pobo da Caverna, sorprendido e alerta ante a superioridade dos Homes do Lume. Sons primitivos, descrición precisa de ferramentas, o alcance do pensamento ou a descrición dos espazos naturais e da relación entre homínidos son unha constante ao longo da narración. Así, a amizade con Orella Caída, a paixón cara a Doce Alegría, os problemas con Chachalaca, os atavismos de Ollo Vermello, os tratos co tigre Dente de Sabre ou Tawny o león... van achegándonos claves para unha historia personalísima e animada da evolución, escrita de modo accesíbel, fluído e cun dinamismo notorio, que recorre ás escenas con frecuencia. Os conflitos de convivencia entre hordas de homínidos que acadaron diferentes graos de evolución convértense no motor fundamental do libro. Aquilo que o autor entende como “memoria racial”, posto en boca do mozo protagonista, móstráenos de modo orixinal e vívido, ao tempo que é sentido no plano do real con desorientación por parte do rapaz americano, debido á vacilación do elemento temporal nas súas memorias prehistóricas. Expoñendo a súa tese doutro xeito, todos os recordos de cousas que non vivimos non pertencerían a vidas pasadas, senón que serían vivencias alternas da personalidade, xa que como acontece en *Antes de Adán*, diferentes conciencias e tempos conflúen nunha soa persoa. Á súa vez, se iniciamos coa translación do home (o rapaz americano) en besta (por medio dos sonhos), pecharemos o ciclo coa translación da besta a humano, ao finalizar a obra co casamento de dous Homes do Lume.

Verne, Jules, *O amo do mundo (Maître du monde)*, trad. Rodrigo Vizcaíno Bravo, Santiago de Compostela: Urco Editora, col. Ciencia Ficción, 2012, 231 pp. (ISBN: 978-84-15699-00-2).

Novela de ciencia ficción de Jules Verne (Nantes, 1828-Amiens, 1905) que narra, empregando unha primeira persoa narrativa e en vinte e sete capítulos, as estrañas aparicións dunha misteriosa nave de alta velocidade que, por terra, mar e aire, elude de maneira continuada os esforzos que a policía fai para detela. O obxectivo policial era, pois, interrogar o seu inventor e así coñecer de primeira man ese invento fóra do común. Para conseguilo, percorren todo o territorio de Estados Unidos e após varios intentos baldíos por aproximarse a ela, o inspector de policía Stroke consegue ser secuestrado polos tripulantes. Desta maneira descobre que o enxeñeiro Robur o Conquistador é o que dirixe o misterioso invento.

XII. 1. 3. ANTOLOXÍAS

VV. AA., *Sete de Biblos*, Cesuras: Biblos-Clube de Lectores, col. Mandaio, n.º 50, 2012, 109 pp. (ISBN: 978-84-15086-26-0).

Volume co que Biblos Clube de Lectores pecha a súa colección Mandaio. Este derradeiro número reúne, segundo sinala o breve texto preliminar, cadanseu relato das cinco gañadoras e dous gañadores do Premio Biblos-Pazos de Galicia para menores de vinte e cinco anos. Os textos preséntanse segundo a orde de obtención do premio e son os seguintes: “Rosa de domingo” de Iria López Teijeiro (Fene, 1981), “Cheiros” de Alberto Ramos (Santiago de Compostela, 1986), “O señor White abandona a cidade” de Patricia Casas (A Coruña, 1983), “A primeira pedra” de Berta Dávila (Santiago de Compostela, 1987), “Exilio e as estancias isoladas” de Pablo García Martínez (Arzúa, 1985), “Carmela’s” de Elena Veiga Rilo (Guísamo, 1991) e “Nonsense” de Iria Morgade Valcárcel (Pontevedra, 1988).

XII. 2. POESÍA

XII. 2. 1. POETAS GALEGOS

Cibeira, Ana, *A morta*, ilustr. HAZ, Cangas do Morrazo: Edicións Barbantesa, febreiro 2012, 69 pp. (ISBN: 978-84-938859-8-4).

Este recompilación de poemas estruturados en estrofas de catro versos de Ana Cibeira (Venezuela, 1977) ábrese con tres citas de Ana Mendieta, Maz Ernst e Lydia Lunch, respectivamente, e que dan paso ás dúas partes en que se divide o poemario no que, a modo de bestiario lírico, o eu poético mergulla ao lector nun mundo difuso e impreciso cheo de desacougos, metamorfoses e descubrimentos. Trátase dunha “reflexión, esaxerada e hipnótica, sobre a pureza e o valor que lle damos”, que se detén na meditación sobre os cambios, coma o ocorrido no paso da adolescencia á idade adulta.

Fernández Rial, Rosalía, *Vinte en escena*, ilustr. Mon Lendoiro e María José Costa Valiño “Chiña”, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, 2012, 53 pp. (ISBN: 978-84-939812-3-5)

Coa cita de Bob Dylan, “When you got nothing, you got nothing to lose”, Rosalía Fernández Rial (Carballo, 1988) principia este poemario en verso libre que se centra nos arrabaldes da cidade e naquelas persoas que permanecen ocultas para a sociedade. A modo de peza teatral, a autora estrutura os seus versos en vinte escenas, interrompidas de cando en vez por didascalias que funcionan a modo de acoutacións teatrais. As persoas ás que non se lles dá voz na sociedade actual na que impera o consumismo (punkys, prostitutas, mendigos, drogaditos...) adquiren neste poemario todo o protagonismo.

Iglesias Míguez, Moncho, *Pedras de plastilina*, limiar Camilo Nogueira, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Letra inversa, 2012, 72 pp. (ISBN: 978-84-15400-76-9).

Obra poética de Moncho Iglesias Míguez (Vigo, 1974) composta por un único poema de máis de setecentos versos en verso libre que trata a situación actual do pobo palestino. Precedendo ao poema preséntase un limiar de Camilo Nogueira que leva por título “O futuro para devecelo”, no que recorda a visita realizada con outros europarlamentarios a Palestina e os encontros que tiveron co autor do poemario. O texto acompáñase dunha serie de fotografías, dispostas na páxina par do libro, nas que se retratan espazos e personaxes reais asociados ao conflito palestino-israelí.

Referencias varias:

- A. Baena, “A realidade de Palestina é dúctil e moldeable como a plastilina”, *Atlántico Diario*, “Vigo”, “Entrevista”, 9 xaneiro 2013, p. 12.

Acóllese unha entrevista ao autor con motivo da presentación deste poemario no que fala sobre a vida en Palestina e sobre como a súa experiencia cambiou o seu modo de ser.

Neto, Ramón, *As lavandas adaptación a todo erro de navegación*, Premio Miguel González Garcés 2012, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 2012, 76 pp. (ISBN: 978-84-9812-189-6). ◆

Poemario de Ramón Neto (Illa de Arousa, 1975) que comeza coa composición “Buguinas preñadas”, para dar paso a cinco partes con cadanseus poemas. Mestúranse poemas breves con poemas de certa extensión, todos eles en prosa e en verso libre, con frecuentes superposicións de imaxes, sendo estas, en gran medida, de carácter surrealista. En canto á temática, é variábel, reflectindo o desacougo do eu poético e amosando un ser que estraña a terra. Tamén dá conta da incompreensión que sofre ante todo o que o rodea e mesmo amosa os recordos que emanan da súa memoria.

Paz, Begoña, *A mala vida*, Palma de Mallorca: Ediciones La Baragana, col. Poesía/III 2012, 105 pp. (ISBN: 978-84-939319-3-3).

Libro bilingüe (castelán-galego) de poemas de Begoña Paz (A Coruña, 1965) que se inicia con dous textos a xeito de prólogo titulado un “Catro cousas que eu non sei sobre Begoña Paz”, de Xoán Abeleira, e outro “Unha vida exemplarmente mala” de Uxío Larvós. A cita de Anne Sexton dá inicio a un poemario dominado polo verso libre, o existencialismo e a frialdade do contacto entre as persoas dos nosos días. O libro péchase cun epílogo a xeito de poema de Ramiro Torres e titulado “Begoña Paz”.

Pereiras Gómez, Tomás Antón, *Coas ideas fervendo a borbollóns, doado será ser escritor*, Vigo: Editorial Galaxia, 2012, 123 pp. (ISBN: 978-84-9865-470-7).

Conxunto de vinte e catro poemas de Tomás Antón Pereiras Gómez (Vedra), que se acompaña dun glosario no que se aclara o significado dunhas serie de termos e expresións presentes nos textos. Os poemas, de extensión variábel (dende os cincuenta que ten o poema II até os case douscentos do XIII) e escritos en versos de arte maior, tratan principalmente a temática da lembranza da vida rural, asociada á gabanza dos valores morais que representa e dos personaxes que os encarnan (nomeadamente, a labrega e o gaiteiro).

Referencias varias:

- S. Formoso, “Tomás Pereiras retoma a súa faceta literaria cun quinto libro”, *El Correo Gallego*, “Terras de Santiago”, n.º 475, 21 febreiro 2013, contracuberta.

Anúnciase a presentación deste libro no Hostal dos Reis Católicos e faise referencia á recente traxectoria literaria do autor, que se completa cun repaso a aspectos biográficos que marcaron a súa vinculación coa literatura, tales como a condición de profesor do seu avó.

Soutelo, María N., *Diáspora*, ilustr. Aroa Martínez e María N. Sotuelo, pról. Rosa Enríquez, Noia: Acha Escrava Editora, n.º 2, 2012, 83 pp. (ISBN: 978-84-937986-1-1).

Este poemario ilustrado de María N. Soutelo (Pontevedra, 1982) principia cun prólogo da poeta Rosa Enríquez no que explica que os versos do mesmo provocan unha sensación inquietante que randea entre a negatividade e a positividade. Ábrese cunha dedicatoria “A Juan e Nieves, que me deron toda esta luz des que nacín; / ó meu corazón palpuxante, sangue, suor e bágoas sempre, / camisiña de diario. / Ás mulleres e homes na miña vida (tantos nomes...), / cos seus dons e defectos. / E ós lugares que me poboaron e que habito”, á que seguen citas de H. Murakami, B. Hrabal e The Smiths. Os poemas, estruturados en catro partes denominadas “DiÁspora”, “29 Dous Nove”, “Post-scriptum” e “Epítome”, constitúen un retrato da enfermidade, da dor e da violencia, baixo unha estética post-punk e *grunge* que transmite desidia, abandono e, ao mesmo tempo, enerxía.

XII. 2. 2. TRADUCIÓNS E VERSIÓNS

Huston, Nancy, *Marcas de nacemento (Lignes de faille*, Actes Sud, 2006), trad. do francés David Gippini Fournier, Cangas do Morrazo: Rinoceronte Editora, col. Contemporánea, n.º 38, 2012, 295 pp. (ISBN:978-84-92866-34-2).

Novela de Nancy Huston (Calgary, Canadá, 1953) que conta cunha dedicatoria, “para Tamia e o seu canto”, e unha cita de R. M. Rilke, ademais dunha pequena árbore xenealóxica da familia protagonista. Narra un acontecemento sucedido na infancia dunha muller e que terá consecuencias ao longo de xeracións. O texto estrutúrase en catro capítulos, titulados co nome do neno e un ano, e que se corresponden aos relatos en primeira persoa de catro nenos e nenas. A través deles irase descifrando a vida e a complexidade da historia familiar. O primeiro relato é o de Solomon, fillo de Randall e Tessa, neto de Aron e Sadie e bisneto de Kristina e Mortimer, que serve como introdución ou presentación da familia e mostra xa o vínculo común de todas as xeracións da familia do pai, un lunar (de aí o título do libro), que vai ser fundamental para o desenvolvemento dos acontecementos. Tamén se reflicte a conduta e os pensamentos dun neno superdotado que se cre o centro do mundo debido ao trato que a súa nai lle dá. O segundo relato é o de Randall e mostra porque dende pequeno ten unha particular relación coa súa nai Sadie ou incluso as razóns de porque traballa para o exército americano. No terceiro relato de Sadie descubrimos porque se fixo xudía e de onde procede a súa obsesión por coñecer a historia da nai, Kristina, que viviu a Segunda Guerra Mundial, amosando a relación que mantén con ela. Por último, o cuarto relato, o de Kristina/BA/Erra/Klarisa descobre os porqués de tantos nomes para unha soa persoa e relata a historia dunha nena na Segunda Guerra Mundial, que permite entender moitos detalles dos outros relatos. O espazo varía segundo o relato pero, basicamente, todo acontece en catro lugares: EE.UU., Israel, Alemaña e Canadá. O tempo vai dende o presente cara ao pasado, aproximadamente do ano 2004 até 1943, na Segunda Guerra Mundial. O ritmo narrativo adecúase a cada narrador pero adoita ser lento, ao igual que o tipo de linguaxe, que é en case todos os casos a linguaxe normal duns nenos ou nenas de seis anos, agás o primeiro relato, pola condición de superdotado de Solomon. Por último, a nota da autora explica algúns dos acontecementos nos que se baseou e as fontes informativas das que se valeu para completar os seus coñecementos; ademais de referencias das citas e un índice.

XII. 2. 3. ANTOLOXÍAS

Castro López, Eduardo Víctor, *Retellando II*, Pontevedra: El Taller del Poeta, 2012, 145 pp. (ISBN: 978-84-15144-82-3).

Segunda parte da antoloxía, que viu a luz en setembro de 2010, dos textos poéticos de Eduardo Víctor Castro López (Lomba, Vilagarcía de Arousa, 1940). As corenta e dúas composicións, metricamente heteroxéneas, aparecen distribuídas en catro partes ou libros: catorce en “Marfallada de poemas”, trece en “Micropoemario”, sete en “Cantigas e panxoliñas” e oito en “Morriñas e devalos”. O primeiro grupo contén poemas líricos e narrativos, odas (como, por exemplo, “Ao mexillón”) e, sobre todo, elixías (“In memoriam” ou “RIP”). O segundo conxunto de poemas está conformado por unha serie de composicións protagonizadas pola figura do poeta, que se dirixe a dous interlocutores preferentes: a amada e as xentes de Marín. O terceiro grupo, como o seu propio nome indica, recolle unha serie de cantigas nas que se fai referencia explícita á autoría da música que os acompaña (Francisco Gago Lubián, Luis Couselo e Carlos Álvarez), e de panxoliñas. O último libro componse un grupo de poemas de temática amorosa.

Referencias varias:

- Ángeles Pazos, “Retellando’ son poemas vividos, da miña experiencia persoal”, *Diario de Pontevedra*, “O Morrazo”, “Marín”, 15 maio 2013, p. 16.

Acóllese unha entrevista ao poeta para falar do seu novo libro na que explica que o título do volume fai referencia ao proceso de adaptación á actual normativa lingüística.

VV. AA., *Cartafol de soños. Homenaxe a Celso Emilio Ferreiro no seu centenario (1912-2012)*, limiar. Alberte Suras, ilustr. Felipe Senén, A Coruña: Agrupación Cultural Alexandre Bóveda, 2012, 85 pp. (ISBN: 978-84-616-0353-4). ◆

Abre o volume, após unha ilustración de Felipe Senén, un limiar de Alberte Suras que explica a xestión da obra e o por qué do título. Salienta o prologuista a vida “extraordinaria, chea de feitos e matices verosímiles e inverosímiles” de Celso Emilio Ferreiro, así como as súas fortes conviccións persoais, “o seu fundamento literario e poético”. Informa igualmente Suras de que este é un volume que recolle poemas dedicados ao vate de Celanova, froitos da inspiración de cada un dos autores, dos que se comentan brevemente vida e obra, entre os que están Isaac Alonso Estraviz, Xosé María Álvarez Cáccamo, Carmen Blanco, Vicente Araguas, Darío Xohán Cabana, Margarita Ledo Andión, Lois Diéguez, Xesús Rábade Paredes, Ánxeles Penas, Claudio Rodríguez Fer, Alberte Suras e Luz Pozo Garza.

VV. AA., *Versus: escolma poética*, Arteixo: Asociación Organización Literario-Pluricultural @mencer Arteixo (O.L.C.A.), pról. Juan Carlos García Hoyuelos, limiar Carlos Solla, edición. Isidro Rajo Parga, ilustr. Hugo Álvarez, setembro 2012, 109 pp. (ISBN: 978-84-616-0083-0). ◆

Recompilación de traballos poéticos de distintos autores tanto en galego como en castelán. Os autores que presentan textos unicamente en galego son Antón Borrazás e Óscar de Souto; en castelán e galego Miguel Ángel Queipo Salvande; e só en castelán Hugo Álvarez e Manuel García Pombo. A obra péchase cun “Colofón” a cargo do tamén poeta Ramiro Vidal Alvarinho. Os poemas comparten unha tónica común de loita e reivindicación aínda que cada autor tamén ofrece unha expresión propia que os distingue antre o resto.

XII. 3. DÍA DAS LETRAS GALEGAS: ROBERTO VIDAL BOLAÑO

XII. 3. 1. MONOGRAFÍAS, EDICIÓN CRÍTICAS E LIBROS COLECTIVOS. ANTOLOXÍAS

Becerra de Becerreá, Afonso, *Roberto Vidal Bolaño e o xogo do teatro*, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Ensaio, n.º 300, 2012, 191 pp. (ISBN: 978-84-8487-229-0).

Neste ensaio de Afonso Becerra de Becerreá (Becerreá, 1973) centrado na dramaturxia de Roberto Vidal Bolaño acolle unha escolma de textos do autor cos que se exemplifican algunhas das estratexias empregadas no teatro e as características da súa obra. Ábrese cunha dedicatoria, á que lle seguen os sete apartados nos que se estrutura. No primeiro deles, “Xogo”, fábase brevemente do teatro e das súas características, identificando esta arte cun xogo que axuda ao espectador a descubrirse a través da acción. Sinálase que o libro pretende achegarse á figura de Roberto Vidal Bolaño e á súa obra dende unha perspectiva lúdica. Na segunda sección, “Xogos de intriga”, coméntase que a intriga é un factor fundamental no teatro e que está presente en toda a produción dramática de Vidal Bolaño. Partindo dos textos do dramaturgo, analízanse os mecanismos que emprega para crear expectativas no espectador e dosificar a información e coméntanse os distintos recursos usados no teatro para conseguir intriga. En “Xogos co tempo” salientase a importancia do tempo no teatro e os recursos empregados para a posta en escena, os saltos temporais, exemplificados a partir dos textos de Vidal Bolaño. O cuarto capítulo, “Xogos ideolóxicos”, céntrase no tratamento das inxustizas sociais no teatro de Vidal Bolaño. Abórdanse temas como a opresión, a corrupción, a verdade ou o papel dos medios de comunicación para denunciar situacións de inxustiza. “Xogos de cine e teatro” céntrase na influencia do cine no teatro e, concretamente, na obra do dramaturgo que estamos a tratar, analizando as estruturas cinematográficas que emprega o autor nas súas obras. Reflexiónase tamén neste capítulo sobre dous dos grandes temas do teatro, o amor e a morte, nos que se afonda na seguinte sección, “Xogos de amor e morte”, a partir da análise dalgúns textos de Vidal Bolaño que amosan a maneira que ten o dramaturgo de abordalos. Remata coa sección “Un nariz de pallaso como punto vermello final”, centrada nos actores e na maneira que estes escollen para caracterizar e interpretar os personaxes. Ao longo de toda a obra propóñenselle tamén ao lector exercicios de creación de textos dramáticos propios e postas en escena, así como a análise dalgúns aspectos dos textos de Vidal Bolaño.

XII. 4. ENSAIO. TEORÍA XERAL. CRÍTICA

XII. 4. 1. MONOGRAFÍAS, BIOGRAFÍAS, CRÓNICAS E LIBROS COLECTIVOS

Blas, Ceferino de, *Paz Andrade y Faro de Vigo. Galicia ante todo*, Vigo: Faro de Vigo, maio 2012, 179 pp. (ISBN: 978-84-6158807-7). ■

Monografía de Ceferino de Blas (Cancienes, Corvera, Asturias 1943) dedicada a Valentín Paz Andrade co gallo da dedicatoria do Día das Letras Galegas á súa persoa e que se divide en dúas partes. A primeira, da autoría de Ceferino de Blas e escrita toda en castelán, dedícase a describir varios intres da vida (política, economía ou cultura) e a relación de Paz Andrade con Vigo e o xornal *Faro de Vigo*. Destaca sobre todo a súa faceta xornalística, como foi a época en que dirixiu *Galicia. Diario de Vigo*. A segunda parte, “Florilegio de artículos, un poema y algunas entrevistas”, xa recolle textos do propio Paz Andrade tanto en lingua castelá como en lingua galega como o poema “Ode as cinzas resgatadas” e entrevistas como as realizadas por José Luís Muñoz ou Xesús Franco. Todos os traballos están publicados nas páxinas de *Faro de Vigo*. O libro tamén inclúe distintas imaxes da traxectoria vital deste empresario, economista, xornalista e político galego.

Liñares Giraut, Xosé Amancio, *O Fiadeiro*, Santiago de Compostela: tresCtres Editores, col. Vilarnovo/ Ideas e realidades, 2012, 253 pp. (ISBN: 978-84-92727-26-1).

X. Amancio Liñares Giraut (Negreira, 1961), é catedrático de Xeografía e Historia, e ten publicado libros sobre temas históricos, agrarios, turísticos, biográficos e literarios. O presente volume recompila boa parte das súas columnas de prensa, tarefa que iniciou en 1981 na cabeceira *La Voz de Galicia*, aínda que aquí se recollen 205 colaboracións de catro anos próximos á contemporaneidade: aquelas publicadas entre decembro de 2001 e novembro de 2005, seguidas de algúns textos de maio de 2012. Están precedidos dun prólogo de Ignacio Carballo, delegado de *La Voz de Galicia* en Santiago de Compostela, titulado “Alento inconformista”, en que presenta o carácter das máis de dúascentas pezas expostas a continuación. Considera o xornalista que estamos ante “unha radiografía de vida colectiva en trazos de 1500 caracteres cada un”, e engade que a inqueda, o coñecemento da comarca barcalesa e da súa Negreira natal, as particularidades de Galicia e o pulso do día a día son unha constante no “xornalismo cívico” do autor. Ao debuzármolos na recompilación de columnas, atopamos artigos breves, que reflexionan sobre a máis pura inmediatez social ou cultural (a cadea de estudantado e profesorado en resposta á desfeita do Prestige en “Cadea”, o premio Afonso Eanes do Cotón a David Creus Andrade en “Premio”, o galardón Pedrón de Ouro do 2005 a Xosé Manuel Beiras Torrado en “Pedróns”, a escolla de Lorenzo Varela para as Letras Galegas de 2005 en “Lorenzos”...), presentan libros (*Castelao. Los ojos de Galicia* en “Ollos”, *A quen lle dou unha estrela?* en “Poetisa”...) ou reparañ – aproximándose ao ensaio breve ou ao apuntamento anecdótico desenvolto – no pasado e na historia (“República”, “Pose”...), na música (“Órgano”, “Xiradela”, “Pianista”...), na arte etc. O estilo de Liñares Giraut é preciso e sinxelo, honesto e ordenado, dunha fluidez sen artificios moi acorde coa extensión e o desexo comunicativo dos artigos.

Como Ignacio Carballo sinala xa no prólogo, acompañan os artigos varias galerías fotográficas de Paco Rodríguez, reporteiro gráfico de *La Voz de Galicia*.

Neira Vilas, Xosé, *Xosé Neira Vilas. Memoria gráfica*, Santiago de Compostela: Ediciones Bolanda, 2012, 199 pp. (ISBN: 978-84-615-9457-3).

Volume de fotografías dedicado a Xosé Neira Vilas (Gres, Val do Ulla, 1928) que se abre cun paratexto introdutor, chamado “Soleira” e escrito polo seu protagonista, no que se relata a chegada do cineasta Pablo Iglesias a Gres, de parte de Antonio Couto, director da editorial santiaguesa que edita o volume, moi vencellada ao mundo audiovisual e gráfico. Neira Vilas comenta brevemente o proceso de escolla de cen fotografías iniciais cos seus textos explicativos correspondentes, e nun segundo momento, a escrita dun resumo biográfico que serve como fio condutor das fotografías. Antes da sucesión de imaxes aparece a “Autobiografía Xosé Neira Vilas”, dividida en catro epígrafes fundamentais que dan conta do devir dos seus pasos: “Os primeiros vinte anos”, “Arxentina”, “Cuba” e “Retorno”. Rematada esta autopresentación na que o autor “baleira a memoria”, a selección fotográfica ábrese co emparrado da “Casa do Romano”, en Gres, o lugar onde Xosé Neira Vilas naceu un 3 de novembro de 1928. Non faltan as fotos familiares ou persoais con explicacións de corte socio-histórico (sobre axudas, sobre as vestimentas de moda na altura, sobre os bailes dos domingos do Centro Lucense de Olivos etc.) e as que testemuñan un sinfín de xuntanzas privadas, como as dunha noite de 24 de xullo na casa dun mecenas galego, ou públicas, con especial relevancia para quen queira trazar as pegadas da cultura galega na emigración, como o Primeiro Congreso da Emigración Galega en 1956, a Sección Galega do Instituto de Literatura e Lingüística da Habana ou algunhas das conferencias que Xosé Neira Vilas foi ofrecendo. Ao cabo, o álbum de fotos selecto dun axente cultural como o escritor que nos ocupa, acaba converténdose no álbum de fotos de varias xeracións ligadas á escrita e ao galeguismo: Isaac Díaz Pardo, Laxeiro, Lois Tobío, Ramón Suárez Picallo, Francisco Fernández del Riego, Rafael Dieste, Lorenzo Varela etc. Logo do álbum “vital” propiamente dito ofrécese a epígrafe “Gres”, que se abre cunha composición poética dedicada a Gres-Ponte Ledesma, a citada comarca natal do autor, e continúa con fotografías e fragmentos tomados de poemarios seus, especialmente de *Dende Gres*. A seguinte epígrafe dedícase aos “Libros publicados (entre 1960 e 2013)”, propios e sobre el e a súa obra ou memorias; a penúltima a algunhas das cubertas de libros de Xosé Neira Vilas, e a última a “Algúns recoñecementos”, que se pechan musicalmente coa “Muiñeira de Neira”, composta por Alejandro Piñeiro Rodríguez en agradecemento ao autor. Aproveitando as lapelas interiores do libro a modo de paratexto, sábese o que escritores como Salvador Espriu, Valentín Paz-Andrade ou Mario Benedetti comentaron sobre o autor.

Referencias varias:

- Xabier R. Blanco, “Cumprín o consello de Blanco Amor de non profesionalizar a miña vocación”, *Atlántico Diario*, “Galicia”, 26 decembro 2013, pp. 22-23/ *La Región*, “Galicia”, 22 decembro 2013, pp. 30-31.

Acóllese unha entrevista a Xosé Neira Vilas con motivo da publicación na editorial Bolanda desta obra, onde explica que supón un percorrido pola súa traxectoria vital e literaria e contén cen fotos, caricaturas, retratos e unha autobiografía.

Vázquez Pintor, Xosé, *Columnas de papel*, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, col. Mudanzas, n.º 25, 2012, 210 pp. (ISBN: 978-84-15166-45-0).

Xosé Vázquez Pintor (Melide, 1946) recolle en *Columnas de papel* boa parte dos artigos de opinión que produciu entre 1987 e 2012, durante 25 anos de xornalismo. Este volume completa e precisa o seu contido grazas ao subtítulo “Volume I. A lingua e outras vidas 1987-1993”. En efecto, as mostras xornalísticas que peneirou o autor van, neste libro, do 4 de febreiro de 1987 ao 19 de xullo de 1993. Nun volume destas características, que podería ser entendido como simple recompilatorio, os paratextos merecen unha atención redobrada. A dedicatoria realízase “in memoriam” a Carlos Blanco, por terlle pedido unha escolma de artigos de opinión ao autor para unha hipotética colección de Edicións do Cumio. Pola súa banda, o limiar beirea tamén as mesmas augas do agradecemento: preséntase, antes de máis, o carácter livián e fuxidío das columnas, ligadas por veces á utilidade informativa, para realizar despois un breve percorrido pola traxectoria xornalística do autor. Esta inicia en 1970 nas páxinas de *El Ideal Gallego*, continúa en Radio Galicia (Cadena SER-Santiago) e demórase en cabeceiras como *A Nosa Terra*, *Faro de Vigo*, *La Voz de Galicia*, *Diario de Ferrol*, *Vieiros*... Escritas de modo accesíbel, pero sen descoidar unha pulsión literaria –que chega a acadar matices poéticos–, turrando moitas veces de anécdotas persoais (a modo de exemplo, “Brigo” está dedicada ao seu cadelo e ás lecturas en curso). As columnas reflexionan sobre as vicisitudes da lingua propia (“Eva fala galego”), sobre persoeiros destacados (lembrar a morte de Cunqueiro entrecruzándoa coa de José Afonso, “Manoel Torres”, “Cela, con perdón”), sobre costumes e patrimonio cultural (o entroido entrefebrado coa crítica social e política en “A última cea”, igual que se revisan os actos arredor do día patrio introducindo a crítica e a parodia en “A Compostela unánime”; “Titiriteiros” comentando un convivio de barrigaverdes actuais,

Recensións:

- Ramón Nicolás, “Palabras do xornal recuperadas”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, n.º 508, “Letras en galego”, 2 marzo 2013, p. 9.

Comeza alundindo á existencia dunha “liña continua e coherente” de autores que, ademais de “facen ficción”, se proxectan na escrita de colaboracións xornalísticas, como é o caso de Xosé Vázquez Pintor nesta monografía, entre outros moitos galegos que nomea. Apunta que lle ten “querenza” a este tipo de monografías xa que nelas se dá “un proceso de revaloración, de dignificación mesmo ao poder analizarse con outra perspectiva que non sexa a que se deriva en moitas ocasións dunha lectura de xeito fugaz que os condena ao reino do efémero”. Explica que esta monografía reproduce “artigos de opinión que posibilita atravesarnos os campos da memoria, vemos pasar os días, as estacións e as paisaxes a través dunha prosa limpa e en tantas ocasións escintillante”. Refire que a atención recae en expectativas e vivencias vinculadas coa lingua galega, “experiencias concretas ou análises da percepción do universo da emigración”, a actualidade política, a promoción da literatura nas aulas e na sociedade

galega, o “catastro” da cultura galega, e homenaxes “literarias” a varios autores. Conclúe retomando dúas afirmacións de Vázquez Pintor: “Galicia é cousa de amor, máis que de citas e de números” e que, ao escribir, “estamos a vivir unha serie de secuestros íntimos: a palabra, o gozo, o tempo, a paisaxe...”.

- Héitor Mera, “Canteiro da palabra”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 447, “Libros”, 28 febreiro 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 401, “Letras galegas”, 9 marzo 2013, p. 6.

Destaca que a linguaxe xornalística de Xosé Vázquez Pintor “dista de ser aqueloutra elaboradísima e barroca que atopamos na súa obra narrativa, lírica ou ensaística”. Afirma que é un “autor xenuíno e auténtico, canteiro da palabra ao servizo dun finísimo lirismo fiel ao longo da súa obra”. Precisa que esta obra “nos leva de paseo pola historia contemporánea de Galicia baixo a peculiar ollada dun narrador por veces reivindicativo, por veces pillabán”. Remata calificando a Vázquez Pintor como “testemuña privilexiada da nosa historia e das nosas xentes”.

- Vicente Araguas, “As columnas de Vázquez Pintor”, *Diario de Arousa*, “*O Salnés Siradella*”, p. 22/ *Diario de Ferrol*, “*Nordesiá*”, n.º 783, p. 30/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 783, p. 30, “Máis libros”, 30 xuño 2013.

Comeza mencionando as múltiples facetas que desenvolve Xosé Vázquez Pintor, incidindo sobre todo na de columnista “de alcance”, da que se dá conta nesta monografía, na que se recollen as súas columnas publicadas no *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia* entre 1987 e 1993. Indica que nesta obra se amosan “todos os Vázquez Pintor coñecidos (e recoñecidos)” xa que é “testemuña dunha escrita de calidade que adorna un concepto ético de sete estalos” e porque, pese ao tempo transcorrido, hai asuntos que seguen a ter vixencia na actualidade.

XII. 4. 2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU NOUTRAS LINGUAS

Barreiro, Xosé Ramón, *Murguía y Mondariz*, Mondariz: Fundación Mondariz Balneario, 2012, 221 pp. (ISBN: 978-84-616-2100-2). ◆

Ensaio de Xosé Ramón Barreiro Fernández (Ribeira, 1936) dividido en dúas partes: a primeira trata a ligazón de Manuel Murguía coa vila de Mondariz grazas á relación entre este e a familia Peinador (Enrique e Ramón Peinador Vela e Enrique Peinador Lines); a segunda parte, moito máis extensa, recolle e analiza as colaboracións de Murguía na revista gratuíta *La Temporada de Mondariz* e, posteriormente, en *Mondariz*, que sae entón como suplemento do citado *La Temporada de Mondariz*. En ambas revistas recóllense un total de 105 artigos publicados entre os anos 1897 e 1920. Este volume incorpora unha escolma das colaboracións e pretende ser representativo da diversa temática tratada polo autor: historia, cultura, etnografía, arqueoloxía ou biografía. Tamén se inclúe algún exemplo de prosa de creación literaria. De entre todos os artigos, Barreiro Fernández destaca o titulado “Necesidad de la formación y publicación de un ‘Diccionario de la lengua gallega’” (18 de setembro de 1904) xa que tivo unha especial repercusión na idea de fundar unha Academia Galega.

XII. 4. 3. PUBLICACIÓNS EN REVISTAS

Espiño Amil, Mercedes, “Un dedo manchado de tinta. Manuel Portas. Edicións Xerais de Galicia, 2011”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 52, “Outras lecturas”, febreiro 2012, p. 101.

Indícase que a novela *Un dedo manchado de tinta* (2011), de Manuel Portas, vén acompañada dun CD de música do grupo Loaira, que contribúe á configuración de circunstancias e personaxes. Saliéntase que a obra, ao igual que a anterior novela do autor, *Denso recendo a salgado*, ofrece un mosaico de biografías nunha contorna común, Compostela. Coméntase que agás un deles, Chús, unha investigadora privada, o resto son seres comúns, coas súas tristuras e esperanzas. Finalmente, saliéntase que esta lectura deixa un pouso positivo e que o conxunto é moi recomendábel.

Pereira Martínez, Carlos, “A proxección social, cultural e educativa da masonería galega: unha panorámica con América ao fondo”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 53, “O tema”, xuño 2012, pp. 36-40.

Téntase reflectir como a masonería galega procurou proxectar en ámbitos sociais, culturais e educativos os valores desta institución. Coméntase que a Real Academia Galega naceu en boa medida grazas ao pulo de Manuel Curros Enríquez e José Fontenla Leal, que promoven en Cuba a Asociación Iniciadora e Protectora dea Real Academia Galega. Con respecto ao ámbito da literatura, a historia e a edición, menciónanse nomes como os de Manuel Leiras Pulpeiro e Ánxel Casal.

Ramos Rodríguez, Xosé e Antón **Costa Rico**, “Nomes”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 52, “Panoraula”, febreiro 2012, p. 94.

Lémbrese o pasamento de Isaac Díaz Pardo e o nomeamento de Xosé L. Franco Grande como fillo predilecto do Concello de Tomiño.

Ramos Rodríguez, Xosé e Antón **Costa Rico**, “Sen a súa presenza física. Máis eivados”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 54, “Recensións”, novembro 2012, p. 98.

Faise referencia ao pasamento de Avelino Pousa Antelo e á desaparición de Teatro do Noroeste.

Ramos Rodríguez, Xosé e Antón **Costa Rico**, “Premios e recoñecementos”, *Revista Galega de Educación. Publicación de Nova Escola Galega*, n.º 54, “Recensións”, novembro 2012, p. 98.

Menciónase que o labor Kalandraka Editora foi recoñecido co Premio Nacional ao Mellor Labor Editorial e que Antía Cal foi merecedora do Premio Trasalba.

XII. 5. LITERATURA DE TRANSMISIÓN ORAL

XII. 5. 1. RECOMPILACIÓNS, MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS

Castaña Dios, Pepe, *Aquela xente de Catoira 1880-1980, antropoloxía e memoria histórica*, Santiago de Compostela: Teófilo Edicións, 2012, 420 pp. (ISBN:978-84-940757-4-2).

Monografía de Pepe Castaña (Oeste, 1952) que recolle mostrás de antropoloxía e memoria histórica sobre a vila de Catoira. Tras uns escritos do alcalde de Catoira e do editor do libro, dáse paso a unha interesante introdución que contextualiza a obra que se achega á vida de Catoira de 1880 a 1980, destacando as persoas máis influíntes da época, como José de Guillán ou Dona Elisa Campillo. Tamén se salienta a vida relixiosa da vila, facendo un breve percorrido por todos os curas que formaron parte da parroquia. Os mitos e as lendas populares teñen cabida no volume, ao igual que as vivencias e as represalias ocasionadas pola guerra civil. Remata cunha extensa memoria fotográfica.

XII. 5. 2. REEDICIÓNS. TEXTOS RECUPERADOS

Solla, Calros, *Cantares de Manuela de Barro. Achegas ao cantigueiro de Cerdedo*, ilust. Paco Sutil, Cangas do Morrazo: Edicións Morgante, col. Cerdedo in the Voyager, n.º 7, 2012, 267 pp. (ISBN: 978-84-15166-44-3).

Terceira edición deste libro de Calros Solla (Pontevedra, 1971) que apenas introduce dúas modificacións con respecto á anterior edición de 2009 que se pode consultar no *Informe* dese ano. Unha delas é o aumento no tamaño da fonte ou, dito doutro xeito, o aumento do tamaño da letra como unha deferencia ás persoas máis vellas porque “os nosos maiores lle teñen ofertado ao libro unha acollida excepcional”. A outra novidade son a dúcia de ilustracións que se inclúe e que son autoría de Francisco Sutil Barbosa (Paco Sutil). No restante segue o mesmo esquema e contidos da edición de 2009.

Recensións:

- Maruxa Gestoso Álvarez, “Cantigueiro Popular”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 451, “Libros”, 28 marzo 2013, p. VII/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 406, “Letras galegas”, 20 abril 2013, p. 10.

Comenta a nova edición deste cancionero popular de Manuela Barro como resultado do éxito acadado nas anteriores edicións e sinala como as coplas populares nos levan a un mundo rural ao que lle restan pouco de vida.

XII. 6. LITERATURA MEDIEVAL

XII. 6. 1. ACTAS

Mongelli, Lênia Márcia (ed.), *De Cavaleiros e Cavalarias. Por terras de Europa e Américas. Congresso Internacional sobre Matéria Cavaleiresca. São Paulo, 9-10 maio, 2011*, São Paulo: Humanitas Editora. 2012. (ISBN 978-85-7732-186-5).

Volume que contén traballos baseados nas comunicacións presentadas no *Congresso Internacional sobre Matéria Cavaleiresca* celebrado en São Paulo en maio de 2011. En relación coa literatura medieval, acóllese o seguinte artigo:

- Yara Frateschi Vieira, “Os Lais de Bretanha: voltando á cuestión da autoria”, p. 655-668.

Neste artigo, a profesora Frateschi reflexiona sobre a autoría dos *Lais de Bretanha*, que introducen a produción trobadoresca do *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*. Estes teñen unha autoría atribuída a personaxes ficticias do *Tristan* e o *Merlin*; mais neste traballo analízanse en canto exordio do *Cancioneiro Geral* galego-portugués e tendo en conta os procedementos organizativos da compilación e a autoría dos xéneros medievais de maior relevancia.

XII. 6. 2. MONOGRAFÍAS E LIBROS COLECTIVOS TRADUCIDOS OU DOUTRAS LINGUAS

Petrarca, Francesco, *Cancioneiro seguido das Rimas dispersas. Nova tradución de Darío Xohán Cabana*, Lugo: Edicións da Curuxa, col. A nosa voz entenden, n.º 2, 2012 (ISBN: 978-84-938556-1-1).

Edición bilingüe (italiano-galego) do Cancioneiro de Petrarca realizada polo poeta e filólogo Darío Xohán Cabana (Roás, Cospeito, 1952). Nela temos información sobre a vida de Petrarca, sobre o propio cancionero e sobre esta nova tradución, xa que este título tivo unha primeira versión a finais dos anos 80. O groso do volume confórmao a escolma de poemas do Cancioneiro e as Rimas dispersas, acompañados da súa correspondente tradución.

Recensións:

- Armando Requeixo, “Ao lor de Petrarca de Darío Xohán Cabana”, *Diario de Ferrol*, “*Nordesia*”/ *El Ideal Gallego*, “*La Galería*”, n.º 764, “*Letras atlánticas*”, 17 febreiro 2013, p. 32.

Recomenda vivamente este cancionero, explicando que orixinariamente foi editado como *Rerum vulgarium fragmenta* e que nesta ocasión traduce ao galego Darío Xohán Cabana. Explica que o volume consta dun amplo limiar onde se repasa a biografía do autor e onde se analiza tamén a súa obra. Sinala que posúe unha extensa anotación de cada composición.

- Ramón Nicolás, “Petrarca en gozoso galego”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, n.º 507, “*Letras en galego*”, 23 febreiro 2013, p. 8.

Faise eco da publicación da tradución do *Cancioneiro* de Petrarca levada a cabo polo filólogo e poeta Darío Xohán Cabana. Explicase que é unha revisión do seu traballo de 1989, “anotado e editado con mimo e elegancia” que o xornalista xulga como unha regalía.

- Armando Requeixo, “Petrarca entre nós”, *Faro de Vigo*, “*Faro da Cultura*”, n.º 451, “*Libros*”, 28 marzo 2013, p. VI/ *La Opinión*, “*Saberes*”, n.º 405, “*Letras galegas*”, 13 abril 2013, p. 10.

Informa da edición bilingüe dos versos de Petrarca levada a cabo por Darío Xohán Cabana. Destaca o amplo estudo biobibliográfico, o apéndice, as notas e as aclaracións léxicas, que según el fan deste volume unha obra de referencia.